Dicionario do Galego de Asturias

DGA

Autor

Carlos Xesús Varela Aenlle

Servizo de Publicacións
Universidade Vigo



Edición
Universidade de Vigo
Servizo de Publicacións
Rúa de Leonardo da Vinci, s/n
36310 Vigo

Deseño gráfico
Área de Imaxe
Vicerreitoría de Comunicacións e Relacións Institucionais

Imaxe da portada
Adobe Stock

Maquetación e impresión
Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

ISBN (Libro impreso)
978-84-8158-897-2

Depósito legal
VG 305-2021

© Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2021
© Carlos Xesús Varela Aenlle

Sen o permiso escrito do Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, queda prohibida a reprodución ou a transmisión total e parcial deste libro a través de ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluídos a fotocopia, a gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación.

Ao ser esta editorial membro da UNE, garántense a difusión e a comercialización das súas publicacións no ámbito nacional e internacional.

Servizo de Publicacións
Universidade Vigo

Dicionario do Galego de Asturias

DGA

Autor

Carlos Xesús Varela Aenlle

INTRODUCIÓN 11

DICIONARIO DO GALEGO DE ASTURIAS (DGA) 19

APÉNDICE GRAMATICAL 779

AGRADECEMENTOS 819



Aos meus pais, Carlos e Sabela,
aos meus irmáns,
Ana, Iván, Miguel, Ramón e Xoán,
a Arturo,
polo seu apoio incondicional,
xa que sen eles este
dicionario non estaría feito.

Introdución

Este Dicionario do léxico da lingua galega da comarca do Eo-Navia, nace da necesidade vital de recoller un bo número de palabras referidas á nosa lingua, unhas aínda vixentes hoxe en día e outras xa practicamente desaparecidas e esquecidas. O **Dicionario do Galego de Asturias (DGA)** formouse da recolleita feita a un bo feixe de informantes e doutras dúas fontes importantes, unha, a proporcionada por aquelas obras escritas na lingua galega do Eo-Navia, e outra, a serie de vocabularios existentes da comarca.

Ademais da importancia da consulta do *Dicionario da Real Academia Galega* (edicións 1997 e 2012), o *Diccionario Xerais da Lingua* (1986) e mais o *Dicionario de Dicionarios* (2001-2011), a isto sumáronse as tres teses de doutoramento que trataron o galego eonaviego: *O galego exterior ás fronteiras administrativas* (1999) de Xavier Frías Conde, *Galego de Asturias* (2003) de Xoán Babarro González e *Contribución ao dicionario galego: O léxico do Galego de Asturias* (*LeGA*) de Carlos Xesús Varela Aenlle (2014).

No que respecta aos vocabularios consideramos fundamentais o de Bernardo Acevedo e Huelves e Marcelino Fernández e Fernández (1932), o de Boal por Ofelia Santamarina Fernández (1973), o de El Valledor por Celso Muñiz Gómez (1978), o de Castropol por Antón Meilán García (1980), o de El Franco por José García García (1983), o de Eilao por Xosé Carlos Álvarez Blanco (1983), o da Roda (Tapia de Casarego) por Jacinto Díaz López e Manuel García Sánchez (1996), o de Mántaras (Tapia de Casarego) por Xosé Miguel Suárez Fernández (1996), o da Veiga por José Antonio Fernández Vior (1997), os de Boal por María Teresa López García (2001) e Adelina Fernández López e Susina Pérez Sánchez (2001), o de Abres por Cándido Sanjurjo Fernández (2004), o de Ponticella (Villaión) de María Elena Suárez López e José García López (sen data), o de Castaedo e Monón (Allande) de Marcelino Lozano Sol (2014) e as contribucións lingüísticas de Dámaso Alonso (1941-59), José Luis Pérez de Castro (1955, 1968, 1987-88), María do Carme Ríos Panisse (1977, 1983), Emilio Barriuso Fernández (2002), María Concepción Álvarez Lebredo (2003) e Ramiro Xavier Barcia López (2007).

Do mesmo xeito, para resolver algunhas dúbidas foron indispensables outros vocabularios das comarcas próximas como os de Aníbal Otero Álvarez sobre San Xurxo de Piquín (A Ribeira de Piquín) do ano 1977, o de Gloria Baamonde Traveso sobre Arante e Cedofeita (Ribadeo) tamén de 1977, o de Joseph A. Fernández sobre A Estierna (Ibias) de 1960, o de Josefina Pérez Fernández sobre Tox (Navia) dos anos 1988-1990 ou o de Trinidad Larré Méndez del Río sobre Santa María e Vigu (Navia) de 2007.

O **Dicionario do Galego de Asturias (DGA)** inclúe o espazo xeográfico dos dezanove concellos de lingua galega da área dialectal eonaviega que son Allande, Boal, Castropol, Coaña, Eilao, El Franco, Grandas de Salime, Ibias, Navia, Negueira de Muñiz, Pezós, San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos, Santiso de Abres, Tapia de Casarego, Taramundi, A Veiga, Vilanova de Ozcos e Villaión.

Metodoloxía.

O dicionario componse de:

1. Definicións.

Tras a entrada, ordenada alfabeticamente e sempre en letra grosa, figura a explicación da palabra, podendo ir acompañada dalgún dato interesante, de frases indicativas en cursiva onde se inclúe dita palabra e/ou do lugar xeográfico onde se recolleu (estes últimos entre parénteses). Cada acepción dun mesmo termo vai separada por un número. Cando se trata dunha frase feita ou unha construción lingüística singular (dito, refrán ou locución) sepárase cunha dobre barra vertical e resáltase en letra grosa, engadindo moitas veces variantes dialectais entre parénteses (o, el...). Detrás de cada acepción vai unha abreviatura que explica a categoría gramatical da palabra ou remite a unha entrada sinónima de referencia, onde se atopará a definición común ás dúas.

peza. s. f. Cacho ou parte que forma un obxecto. **2.** Cada un dos obxectos dun conxunto. **3.** Obxecto en si, sen divisións. **4.** Leira, terra de labranza (Pezós, Os Ozcos, Eilao, Allande). **5.** Tira de tea. **6.** Estivada. **7.** Composición musical. **8.** Tira de madeira dun cesto, bringa (Pezós). **9.** Persoa de conduta dubidosa (*É unha boa peza*). **10.** Cacho que se xunta a outro. **11.** Porción de pan, manteiga etc. **12.** Tea (*Unha peza de lenzo*). // **Deixar dunha peza.** Sorprender. // **Quedar dunha peza.** Sorprenderse.

Do mesmo xeito, ademais dos sinónimos tamén se engaden variantes lingüísticas, separadas no seu conxunto por un punto e vírgula. Ao final pódense atopar certas observacións como información complementaria que se consideran oportunas ao final da entrada co sinalizador Obs. A entrada irá primeiro en masculino singular (agás aquelas entradas que se recolleron en plural) en substantivos e adxectivos, poñendo despois as diferentes formas en que se pode formar o feminino segundo os informantes ou as áreas dialectolóxicas (-a, -oa e -úa), e mesmo para unha aclaración ao lector a realización dalgúns plurais de carácter autóctono (*cordois*, *aguichois*, *mariñais*, *leises*, *reises*...), ou a fenómenos estraños sen correspondencia ningunha con outros do mesmo tipo (*uns* recollido nos Ozcos, *molíns* en Nafaría, *desdéns* na Veiga, *carvéns* en Campos), estes últimos sempre entre parénteses. Os verbos sempre estarán na entrada en infinitivo.

berrón, -a, -úa, -oa. adx. Aplícase á persoa que dá moitas voces. **2.** Dise da persoa que fala moi alto. **3.** Aplícase ao neno que chora moito.

barrumbiar. v. Presumir de xeito esaxerado dun mesmo ou dunha cousa que lle aconteceu.

un (pl. us, uhos, unhos, uis, uns). Artigo indeterminado masculino, que aparece como presentador inconcreto dun nome (*Un home taba alí*). **2.** adx. (f. uha, unha). Numeral cardinal (*Deu un millón pola leira*). **3.** Pronome indefinido masculino (*Taba aló un*). **4.** Unha persoa (*Un ten os sous caprichos*). **5.** Con valor impersoal (*E vai un fer eso*). **6.** Indica unha cantidade aproximada (*Entre todos nun farán un ferrado*).

O emprego da letra cursiva serve para a identificación e clasificación científica dos termos biolóxicos relacionados con plantas, árbores e animais. Tamén se introduce a cursiva no interior das acepcións para frases aclaratorias ou termos autóctonos eonaviegos que fan máis comprensible a súa explicación e que se apartan dos termos estándares galegos. As palabras tomadas doutras linguas escríbense tamén en cursiva dentro da descrición do termo, como algunhas procedentes do español (*zapatillas*) ou do asturiano (*gal.legu*, *L.lamas del Mouru*).

ceba[2]**.** s. f. Tipo de ouca que é empregada como fertilizante; corriola 3ª e 5ª acep. (Castropol). **2.** Planta marítima da familia *Zosteraceae*, que pode acadar o metro de lonxitude, con follas longas e verdes e flores en espiga (*Zostera marina*), (As Figueiras). // **Ceba verde.** Tipo de ouca; corriola 4ª acep.

piado, -a. adx. Débil, con pouca saúde. **2.** Encollido, dobrado (*Condo traballa parece que tá piado*).

Parte das palabras homógrafas teñen distinta entrada debido á súa procedencia de étimos diferentes ou, ás veces, pola súa distinta categoría gramatical; deste xeito, cada unha delas aparece numerada co seu determinado superíndice.

basto[1]**.** s. m. Chuvia intensa pero de pouca duración; bastón[1].

basto[2]**.** s. m. Naipe dun dos catro paus da baralla.

2. Sinonimia.

Cando se trata de termos sinonímicos ou semellantes estes fanse saber a través da abreviatura V. (Véxase) que enlazará coa palabra que podemos considerar como principal e na que aparecerá a descrición completa.

amollecer. V. amolecer.

3. Vulgarismos, incorreccións e algúns termos e fonemas alóctonos.

Seguindo a norma estándar da lingua galega dentro do Dicionario primáronse na vacilación das vogais e/i e o/u as primeiras ou a etimoloxía en e/a. Por outra banda, aqueles termos caracterizados por seren vulgarismos ou termos alóctonos están representados cun asterisco (*) e unha frecha que remite á forma que se pode considerar correcta. Tamén a través da abreviatura Obs. se fan observacións sobre termos considerados vulgarismos ou alóctonos. Recóllense termos que presentan fonemas alleos á nosa lingua como o asturiano che vaqueiro (l.l): *gal.legu*, *L.lamas del Mouru*, *El Sel.lón*; o iota (j): *cojinete*, *renacuajo*, *díjere*...; o i grego (y): *Catalunya*...; o ka (k): *forskali* ou o w: *kiweira*.

xeringuilla* → xiringa.

4. Diminutivos e aumentativos.

Introdúcense de cando en vez para unha maior comprensión do lector a familia tan rica de sufixos aumentativos, diminutivos, despectivos etc., existentes nas diferentes áreas xeográficas do Eo-Navia coas súas terminacións características: -aca, -aco, -ía, -iña, -elo, -ela, -ín, -ón, -ona, -oa, -úa, -ica, -ico, -lla, -uco, -uca etc. (*estelía*, *esquilía*, *navallía*, *telía*, *lameiriña*, *nogueiriña*, *campelín*, *campío* etc.), xa que por outra parte aparecen moi representados tradicionalmente na toponimia menor da comarca, e dada a súa consolidación e viveza na fala con palabras xa definitorias dunha acepción moi concreta e lexicalizada.

campelín. s. m. Campelo pequeno.

campellín. V. campelín.

campelo. s. m. Campo pequeno.

campelón. s. m. Campelo grande.

campín. s. m. (pl. campíos). Campo de pouca extensión. **2.** Choca, normalmente de cobre.

campío. s. m. Campo pequeno. **2.** Lugar do monte onde nace a herba espontaneamente (Boal).

5. Norma.

Loxicamente, por se tratar dunha variante lingüística galega, representarémola atendendo á ortografía oficial da lingua galega. Así deste xeito, escríbense certos termos con b: *abellana, abellaneira, baleirar, baleiro, beira, beirado, beiro, biso*, *bitola*, *bizcaína, chiba, debanadoira, debanar, esbeirar, marabilla, marabedí, nobelo, nobello, rebentar* etc., ou con v: *aceveda, acevo, acovardar, arvello, avogado, avolo, avultar, chuvasco, covarde, encorvatiado, enviscar, envizcado, envizcar, envolortar, envorcar, envrocado, envrocar, escaravellar, escarvar, esgaravellar, esgaravello, esvaciar, esvarar, esvazada, esvazar, garavanzal, garavanzo, resvaladoiro, resvalar, resvalén, resvalón, resvarar, trével, vacente, varanda, varón, varrer, vasadoiro, vascallo, vasura, vasureiro, vazcallo, vazo, veo, Verducedo, vermello, vermellón, verza, veta, viorto, voda, vulto, vurullón* etc., e respectándose certos grupos como o -vr: *acevreiral, acevro, acivreiro, avrespa, avrespeiro, cadavre, calavre, cavruñar, vraiego, vrao, vrincallo, vruita, vruite* etc., ou o -vl (*vlima*, *vlincallo*).

Seguindo igualmente a normativa galega, mantense a representación gráfica do "h" en termos como: *filharmónica, harmonía, harmónica, harmonio* etc., ou a súa elisión: *asta, baía, inchación, inchazón, inchado, inchar, ola!, ombro*, *umeiro* etc., e do "q": *quilo, quilómetro* etc.

Dentro dun léxico dialectolóxico pódese constatar o gran número de vacilacións que existen entre fonemas: o/u, e/i, a/e, f/c, ch/x, s/z, s/x etc. Téntanse recoller todos os termos, aínda que nalgún caso considerámolos como incorrectos ou microvariantes fonéticas e locais.

Elúdese a consideración do fenómeno do ieísmo, que as máis das veces non é de carácter histórico (aspecto que se constata na propia documentación medieval da comarca), quitado nas zonas palatalizadoras eonaviegas. Independentemente da súa pronuncia, a maioría dos termos posúe a súa forma correspondente nas áreas non palatalizadoras e os exemplos diferenciadores no significado son pouco numerosos: *caceio/cacello*, *caiado/callado, esfolado/esfoiado, esfolar/esfoiar, galleta*[1]*/gaieta, gallo*[2]*/gaio, ollada/oiada, pollo/poio, tallar/taiar* etc. Pola contra, respéctanse todos os termos que presentan palatalización inicial e interior: *llama, lleite, estella, martello, polla*...

Óbviase a elisión do "d" intervocálico nos termos rematados en -ado ou -edo conforme á norma do galego, sendo ademais constatables estas terminacións en falantes de moita idade, polo que as consideramos como a única forma válida.

No sistema verbal inclúense os verbos co mesmo ou exclusivo significado rematados en -ear e -iar, moi frecuentes, mesmo na área do galego oriental.

Nas palabras rematadas en -axe, -ixe ou -uxe, malia a influencia da lingua española, constátase que pertencen ao xénero feminino e así aínda se conserva naquelas cun forte matiz autóctono como *beberaxe*, *coraxe*, *estaxe*, *facundaxe*, *ferruxe*, *fogaxe*, *folaxe*, *forgaxe*, *friaxe*, *fruxe*, *laxe*, *mariaxe*, *orixe*, *ramaxe*, *rebaxe* ou *sufraxe*.

Outro dos aspectos comprobables entre os falantes é a existencia de termos lingüísticos rematados en -ero/a, produto, sen dúbida, da influencia da lingua española ou coincidentes co xénero feminino do asturiano occidental (**madera*, **carretera* etc.). En moitas ocasións estas solucións conviven coas autóctonas e propias do galego rematadas en -*eiro/eira*. Tamén é sobranceiro entre os falantes o fenómeno da desaparición do ditongo -ei perante "t" en formas como *dereto, estreto, peto, proveto, tolleto* etc., así como ante "x" fricativo: *pexe, carquexa* etc., ou no caso do ditongo -ai: *axola*, *baxo*, *caxa*, *debaxo* etc.

De igual xeito, inclúense termos que aparecen na literatura eonaviega de escritores relevantes como Antolín Santos Mediante, Conrado Villar Loza, Cándido Sanjurjo Fernández, Alejandro Sela García etc., para unha maior comprensión da obra destes autores, termos estes que en varias ocasións non aparecen coloquialmente nos falares do Eo-Navia.

Por último, somos conscientes da riqueza lingüística case ilimitada da lingua galega do Eo-Navia, o que nos leva a afirmar que a recolleita de termos sempre será un labor aberto a novas incorporacións, por iso pedimos que se saiban desculpar todas aquelas ausencias terminolóxicas.

ABREVIATURAS

acep. acepción
adv. adverbio, adverbial
adx. adxectivo
conx. conxunción
etc. etcétera
f. feminino
indef. indefinido
interx. interxección
loc. locución
m. masculino
n. neutro
Obs. observación
pl. plural
prep. preposición
prnl. pronominal
pron. pronome
s. substantivo
sp. especie
Subx. subxuntivo
subsp. subespecie
V. Véxase
v. verbo
xer. xerundio

Carlos Xesús Varela Aenlle,
(carlosva@gmx.com).

Área de lingua galega da comarca do Eo-Navia

A

a[1]. s. m. Primeira letra do alfabeto galego.

a[2]. Artigo determinado feminino singular. **2.** Emprégase xunto ao nome propio (*A María xa ten casa*), (Andés).

a[3]. (pl. as). Pronome persoal átono de terceira persoa, feminino singular (*Conózoa*, *Dáme a que seña peor*).

a[4]. prep. Sinala a dirección e o termo final dunha acción (*Mandou un paquete a Verducedo*). **2.** Indica o tempo ou lugar onde se está (*Chegaron ás sete*, *Nun me afaigo á capital*). **3.** Indica prezo ou cantidade (*El viño tá a tres perras*). **4.** Indica modo (*Labraron a terra a sucos*). **5.** Serve para formar numerosas locucións (*A tempo, A medias* etc.). **6.** Utilízase entre o verbo haber e o indefinido *naide* (*Aló nun había a naide*). **7.** Úsase con nomes da semana (*Al martes foi por alí*). **8.** Pódese utilizar no canto das preposicións con, de, en, por, *asta*. // **A que.** Introduce unha frase que expresa unha intención. // **A + infinitivo.** Perífrase verbal que indica simultaneidade (*Al comer nun se fala*). **2.** Con valor de xerundio (*Hanse rir ben con ouguirme a falar*), (Vilanova de Ozcos); (*Que parentesco vén a ter con usté?*), (Navia).

á. Contracción entre o artigo determinado feminino singular *a* e a preposición *a* (*Pedíronlle el dieiro á irmá*).

á[2]. Contracción entre o pronome persoal feminino singular *a* e a preposición *a* (*Esa fonte era á que íbamos pola mañá*).

ababeirado, -a. adx. Dise do peixe que está cerca da superficie para comer (El Franco).

ababorear. v. Secar ou branquear o froito como o trigo, o millo etc., normalmente por falta de auga.

ababoriado, -a. adx. Gastado, consumido (*Tar a madeira ababoriada*).

ababoriar. v. Gastar, consumir (Castropol). **2.** V. ababorear.

abadeixo. V. abadexo (Tapia de Casarego).

abadello. V. abadexo.

abadexo. s. m. Peixe teleóstomo, da familia dos gádidos, que non ten barba como o resto da especie. A mandíbula inferior é máis longa que a superior e as aletas ventrais son moi curtas. A pel é de color parda olivácea, amarela ou rosada no dorso, os lados son verde amarelo a gris, cun reticulado irregular de manchas dun ton de ferruxe a amarelo. O ventre é claro e a liña lateral escura. Vive en fondos altos, rochosos e arredor de illotes formando grupos. Os exemplares máis novos localízanse en ocasións nas rías. Ten importancia pesqueira (*Gadus pollachius*), (Castropol, Navia).

abafado, -a. adx. Asfixiado. **2.** Dise do cuarto onde vai moita calor (Santalla de Ozcos).

abafar. v. Asfixiar, dificultar ou impedir a respiración (Abres). **2.** Quentar con vapor algo, facendo que vaia moita calor (Os Ozcos).

abaionar. v. Mover unha embarcación cun remo (As Figueiras).

abaixo. adv. Na parte inferior. **2.** Parte baixa dunha casa. // **De abaixo.** Desde abaixo.

abaladeiro. s. m. Nun mazo, barra fixada na metade do teito ou a unha armazón, que move o *abalador*.

abalado, -a. adx. Movido, acaneado, sacudido.

abalador. s. m. Persoa encargada de avivar o lume nun mazo.

abalancear. V. abalanciar.

abalanciar. v. Moverse dun lado para outro ou cun *abalancio*. **2.** Moverse unha embarcación cara aos lados. **3.** prnl. V. abanicar 2ª acep.

abalancieiro. V. abalancio 1ª acep. (Mántaras).

abalancio. s. m. Madeiro colgado de dúas cordas que se engancha nunha viga, árbore etc., para xogar os nenos; canigueiro. **2.** Pau ou táboa de madeira que se coloca no medio dunha cousa para sentar nos cabos e subir e baixar de xeito alternativo.

abalar. v. Mover, como se fai coas fogazas no forno, co *abaladeiro* nos mazos, acaneando as árbores para que caian os froitos, un dente, unha pedra etc. **2.** Mover con certo ritmo unha cousa como o berce dun neno (Abres). **3.** Sacudir, mover a un e outro lado, axitar. **4.** Nun mazo ou nunha forxa, soprar co barquín (*Abalar el barquín*); tanxer. **5.** prnl. Esforzarse, apresurarse.

abalenciar* → abalanciar.

abalencio* → abalancio.

abalingar. V. abanigar.

abalingón. V. abalón 2ª acep.

aballadoira. adx. Que se move.

aballancio. V. abalancio.

aballar. V. abalar 1ª, 2ª, 3ª e 5ª acep. // ***Abállate!*** Date présa! // ***Nun aballar*** **uha palla.** Non facer nada (Boal).
aballicar. v. Mover (Allande). **2.** Sacudir, como a unha árbore (Allande).
aballincar. V. aballicar.
aballingar. V. abanigar.
aballingón. V. abalón 2ª acep.
aballón. V. abalón 1ª, 2ª, 4ª e 5ª acep. **2.** adx. Que se move.
abalocado, -a. adx. Que ten ou forma *balocos* (*Terra abalocada*), (Santalla de Ozcos).
abalocar. v. Formar grumos, como a fariña (Santalla de Ozcos). **2.** Facer que unha cousa estea menos espelida ou oca do que require para o seu uso (San Martín de Ozcos). **3.** Endurecer (San Martín de Ozcos).
abaloiro. V. abalancio 1ª acep. (Castropol).
abalón. s. m. Tempo de faena feita. **2.** Sacudida forte que se dá ás árbores para que caian os froitos delas. **3.** Empuxón forte que se dá a unha obra ou a un traballo. **4.** Sacudida forte que se dá a unha cousa. **5.** Diminución grande e repentina dunha cousa (*Os cuartos levaron un bon abalón*), (Eilao).
abanar. V. banar.
abandeirar. v. Poñer bandeiras, normalmente os días de festa.
abandonado, -a. adx. Desamparado. **2.** Dise da persoa que non se preocupa polo seu aspecto, descoidada.
abandonar. v. Deixar desamparada unha cousa ou unha persoa. **2.** Renunciar. **3.** Marchar dun lugar. **4.** prnl. Descoidar unha persoa o seu aspecto.
abandono. s. m. Acción e efecto de abandonar. **2.** Desamparo. **3.** Renuncia.
abanexar. v. Sacudir, mover (Castropol).
abangado, -a. adx. Torcido, curvado (Allande). **2.** Aplícase á ovella que levou un golpe na barriga que a deixou inmobilizada.
abangar. v. Torcer, curvarse (Allande).
abanguer. v. Alcanzar unha cousa que está alta ou lonxe. **2.** Poñer ao alcance de alguén.
abanicar. v. Mover un neno nun *canigueiro* (Villaión, Verducedo, Ibias, Navia). **2.** prnl. Moverse cara a adiante e cara a atrás, ou arriba ou abaixo no *canigueiro*.
abanico. s. m. Cartón que se usa para facer lume. **2.** Nunha embarcación, cada unha das partes finas de ensanche polas dúas bandas da amura xunto á roda.
abanigar. v. Mover, como se fai coas árbores froiteiras para que caian os seus froitos, unha cousa por si soa, un dente, un berce, unha mesa, un banco etc. **2.** Sacudir algo de xeito brusco; abalar 3ª acep., atanigar 1ª acep. **3.** Apurar con movementos bruscos (Abres). **4.** Moverse algo inclinándose alternativamente dun lado a outro (Santalla de Ozcos).
abanigón. V. atanigón.
abanisco. s. m. Pano de liño fino, que podía levar adornos e que se facía nos teares.
abantar. v. Andar ou moverse unha persoa irregularmente dun lado a otro como se fose caer, normalmente polo efecto da bebida (Eilao, Boal). **2.** Achegar (Boal).
abanter. V. abanguer (Boal).
abantismas (ás). V. sabatismas 3ª acep.
abanzuar. V. abenzuar.
abaratar. v. Baixar o prezo.
abarbar. v. Amontoarse as abellas na entrada do trobo. **2.** Xuntarse as abellas arredor dun trobo (San Martín de Ozcos).
abarbetar. v. Acumular, acaparar algo (Castropol).
abarca. s. f. Tipo de calzado de coiro parecido ao chanclo pero sen lingüeta. **2.** Por extensión, calquera tipo de calzado grande e rústico. **3.** V. pisoa.
abarcar. v. Rodear completamente cos brazos ou as mans. **2.** Facerse cargo de varias cousas a un tempo. **3.** Alcanzar coa vista.
abareque. V. bareque (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira, Navia).
abarloar. v. Colocar unha embarcación xunto a outra nun peirao de xeito que se tocan ou case.
abarqueiro. s. m. Chanclo (Allande).
abarquía. s. f. Respiración con dificultade e intensa.
abarquiar. v. Respirar con dificultade, referido normalmente ao gando vacún.
abarquinar. v. Dobrar a madeira (Navia). **2.** V. abarquiar (Navia, Allande).
abarquiñar. V. abarquiar (Abres).
abarrancar. v. Meter nun barranco.
abarrotado, -a. adx. Cheo. **2.** Cargado (*A figueira tá abarrotada de figos*).
abarrotar. v. Encher completamente algo.
abarruado, -a. adx. Referido a un monte ou a unha leira, queimados.
abarruar. v. Queimar os restos vexetais nas leiras ou no monte ou os terróns que se arrincaron cavando. **2.** Fumar moito ou botar moito fume cando se fuma. **3.** Botar algo fume cando se queima.
abarrueirar. V. abarruar 1ª acep.
abarruntar. V. barruntar 1ª acep.
abarullar. V. barullar 4ª acep.
abastar. v. Ser suficiente; bastar.

abastecer. v. Prover do necesario.
abasto. s. m. Provisión de víveres. // **Dar abasto.** Chegar, ser suficiente. **2.** Prover do necesario un peón ao mestre albanel nunha construción (Abres).
abatanar. v. Golpear os tecidos no batán para quitarlles as asperezas.
abatemento. s. m. Perda da forza física ou moral.
abater. v. Enfraquecer. **2.** Debilitar. **3.** Minguar, como a noite (*Abate a noite*). **4.** V. devalar.
abaxado, -a. adx. Dise da persoa hábil para un traballo.
abaxo. V. abaixo.
abaxón. adv. Moi abaixo (Allande).
abáscaro. V. abázcaro (Vilarmeirín).
abazbarrado, -a. adx. Amontoado (*As abellas tán abazbarradas na porta del trobo cuando chove*), (Santalla de Ozcos).
abázcaro. s. m. Abella macho (Allande, Boal, San Martín de Ozcos).
abea. V. abella (Allande).
abedueiro. V. bidueira (As Figueiras).
abeira, abeira! interx. Emprégase cando un rapaz ou unha persoa rouba froita, para tornalo.
abeirado, -a. adx. Resgardado, protexido (Boal).
abeirar. v. Achegarse á beira. **2.** Recoller, gardar (*Hai que abeirar leña*, *Abeirar el carro*). **3.** Resgardar alguén da chuvia (Eilao). **4.** Escapar, fuxir. **5.** Berrar para espantar un animal ou unha persoa. **6.** prnl. Resgardarse da chuvia, neve, frío, vento, sol etc. **7.** prnl. Poñerse baixo a protección doutra persoa.
abeirigo. s. m. Construción tradicional feita con muros de cachotería, salvo a parte frontal porticada con columnas, que servía para amarrar e gardar o gando, ou para instalar postos de venda de produtos. É destacable o exemplar existente en San Martín del Valledor (Allande), moi semellante a outras construcións feirais que tamén existiron en Ponticella (Villaión) e Boal. **2.** Espazo debaixo do hórreo (San Clemente). **3.** Refuxio.
abeiro. s. m. Lugar resgardado do vento, do frío, chuvia, neve etc. **2.** Protección (*Sempre tuvo al abeiro del pai*). **3.** Falcatruada. **4.** Alpendre (Ibias). **5.** Pórtico tradicional dunha capela (Ibias). // **A abeiro.** Resgardarse das inclemencias do tempo. // ***Fer* un abeiro.** Facer unha falcatruada. // **Poñerse al abeiro.** Defenderse un antes que alguén o acuse de algo.
abeirugo. s. m. Construción adxectiva á casa onde se gardan os apeiros e outras cousas do labrador (Grandas de Salime). **2.** V. abeirigo 1ª acep.
abelaneira. V. abellaneira 1ª acep. (San Martín de Ozcos).
abella. s. f. Insecto himenóptero da familia dos ápidos, duns quince milímetros de lonxitude, de color parda e ás transparentes. Presenta unha cabeza cun aparato bucal axeitado para lamber o néctar das flores, dous ollos compostos, tres ocelos e un par de antenas. Ten seis patas e o abdome dividido en seis segmentos nas femias cun aguillón no último e sete nos machos. É un animal gregario, produtor de cera e mel (*Apis mellifica*). // **Abella mestra.** A única femia fecunda que existe normalmente en cada enxame (Taramundi). // **En abellas i en ovellas, nunca metas *lo* que teñas, i *podendo* ser *nun* te quedes *sin ellas*.** Refrán que alude a que tanto ovellas como abellas non producen moito nunha economía familiar (Boal); Non metas o que teñas nin en ovellas nin en abellas.
abellana. s. f. Froito da abeleira (*abellaneira*), seco, con cuberta leñosa que no seu interior ten unha semente aceitosa de polpa branca e sabor agradable. A súa forma é case redonda.
abellaneira. s. f. Arbusto caducifolio da familia das betuláceas, que alcanza dos tres aos cinco metros de altura. As súas follas son anchas, acorazonadas na base e de bordos serrados. As flores, pequenas e nada vistosas, aparecen sobre as ramas formadas o ano anterior. O seu froito é a abelá (*abellana*), (*Corylus avellana*). **2.** Muller que nas festas vende abelás torradas.
abellaneiro. V. abellaneira 1ª acep. (A Veiga, Eilao, Tapia de Casarego).
abellano* → abellaneira 1ª acep.
abellao. V. abellaneira 1ª acep.
abellar. v. Entrar e saír constantemente as abellas do trobo (Eilao). **2.** Andar as abellas arredor dun trobo baleiro para ocupalo (Boal). **3.** Buscar casa alguén (Allande).
abelleira. V. herba abelleira.
abelleiro, -a. s. m. e f. Persoa que ten trobos con abellas. Para quitar o mel protexíase cunha chaqueta ou no concello de Boal (El Villar de San Pedro, Villanova, Ouria), cunha especie de careta feita de tea metálica fina. Noutros concellos eonaviegos esmelgábase sen protección. **2.** s. f. Cantidade grande de abellas.

abellista. V. abelleiro 1ª acep.

abellón, -úa. s. m. e f. (pl. abellois). Nome común que se aplica aos insectos da familia dos ápidos, pertencentes ao xénero *Bombus*, de dous a tres centímetros de lonxitude e corpo de varias colores, redondo e con pelos, que vive en niños feitos no chan, en furados das paredes ou debaixo das pedras. Ten unha gran trompa e caracterízase por facer un forte zunido ao voar. **2.** Abella grande. **3.** Por extensión, esta palabra refírese ás veces á mosca grande que fai moito ruído; moscón. **4.** Xogo infantil no que un xogador cos ollos tapados e a man debaixo da axila tiña que adiviñar quen lle dera unha palmada dun grupo de nenos que o sinalan co dedo furabolos da man dereita cara a enriba e imitando o ruído dun abellón (Abres, Grandas de Salime).

abelludo, -a. adx. Astuto, listo. **2.** Resabido.

abeluga. s. f. Momento en que deixa de chover (Castropol); albeluga.

abelugar. v. Deixar de chover (Castropol).

abentestate. V. albentestate.

abenzoar. V. abenzuar.

abenzuado, -a. adx. Ofrecido. **2.** Recomendado para a venda.

abenzuar. v. Louvar moito algo que se ofrece en venda. **2.** Ofrecer algo a unha persoa, prometer. **3.** Aceptar, dar por boa unha cousa.

aberbesado, -a. adx. Dise de algo complicado, como un nome difícil de dicir (San Martín de Ozcos).

aberbesarse. v. prnl. Enredarse (San Martín de Ozcos).

aberburar. v. Tremer de frío (Santalla de Ozcos); baborear.

abertal. s. m. Leira que non está zarrada. **2.** Monte comunal. // **En abertal.** Ao descuberto (Ibias).

aberto, -a. adx. Que non ten peche ningún. **2.** Claro. **3.** Plano. **4.** Tolerante. **5.** Descuberto. **6.** Dise da persoa inxenua ou franca (Eilao). **7.** Aplícase á femia que sufriu unha esgazadura muscular na natura durante o parto polo excesivo tamaño da cría (Eilao). **8.** s. m. Terreo que non está zarrado. // **Aberto del *pecho*.** Doenza leve que os curandeiros remediaban con vendas no tórax, con descanso e boa alimentación.

aberunto. s. m. Neno pequeno, que normalmente fai ruído (*Mira unde vén el aberunto!*).

abesoiro. V. abellón 1ª acep. (Boal, El Franco).

abesougo. s. m. Abella macho que non participa no traballo común.

abesouro. V. abellón 1ª acep. **2.** adx. Aplícase ao día con moita calor. **3.** Xogo infantil; abellón 4ª acep. (San Martín de Ozcos).

abetos. s. m. pl. Alboroto. **2.** Recriminación (Boal). **3.** Broma. **4.** Aloumiño, caricia.

abexorro. V. abellón 1ª acep.
Obs. Trátase dun castelanismo.

abianeiro. V. abellaneira 1ª acep. (Villaión).

abibeirar. v. Andar un peixe coa boca aberta comendo na superficie da auga (As Figueiras, Ortigueira). **2.** Manter dentro do mar un aparello de pesca de cerco para ter frescos os peixes.

abicada. adx. Dise da marca para orientarse no mar servíndose das estrelas ou dos accidentes xeográficos da costa como puntos de referencia (Castropol, Tapia de Casarego).

abicar. v. Mirar ás escondidas (*Abica polo furado da porta*). **2.** Asomar (Castropol).

abichado, -a. adx. Dise do que está comido por un bicho, como a madeira.

abichar. v. Comer un bicho a madeira. **2.** prnl. Encherse algo de bichos.

abicharado, -a. adx. Dise do que ten couza.

abicharar. V. abichar 1ª acep. (Allande).

abicornar. v. Atar unha res cunha corda desde a cabeza a unha pata para que non marche. **2.** Virarse unha poteira (Tapia de Casarego).

abidul. V. bidueira.

abidur. V. bidueira (Boal).

abillaa. V. abellana.

abillana* → abellana.

abillaneira. V. abellaneira (Boal, Allande).

abillaneiro. V. abellaneira 1ª acep. (Villaión).

abillao. V. abellaneira 1ª acep.

abinzuar* → abenzuar.

abisagrado, -a. adx. Con bisagras.

abisagrar. v. Poñer bisagras a algo.

abismado, -a. adx. Tolo.

abispo* → obispo.

abixolar. v. Darse importancia (Castropol).

ablaira. V. abellaneira 1ª acep. (Taramundi).

ablancazado*, -a → abrancazado.

ablancazar* → abrancazar.

ablandar* → abrandar.

abobado, -a. adx. Aparvado, apampado. **2.** Sorprendido.

abobar. v. Aparvar, apampar.

abobiar. v. Aparvar; abobar.

aboboriar. v. Queimar, abrasar.

aboiar[1]. v. Guiar e animar á vez os bois (Serandías).
aboiar[2]. v. Manterse na superficie dun líquido sen afundirse (Coaña).
abocar. v. Encaixar, meter algo nun furado como un ferro. **2.** Entrar en algo, como nunha porta. **3.** Dirixirse a un lugar, chegar a (*Aboucou por ese camín*). **4.** Aparecer, volver a un lugar.
abofé. adv. Certamente (Taramundi, Santiso de Abres).
abofellas. V. abofé (Taramundi).
abogadar. v. Lavar a roupa con auga quente e cinza na *dala*.
abogadiar. V. abogadar.
abolir. v. Derrogar.
abolladura. s. f. Acto e resultado de *abollar*.
Obs. Trátase dun castelanismo.
abollado, -a. adx. O que ten unha *abolladura*.
Obs. Trátase dun castelanismo.
abollar. v. Producir con un ou varios golpes unha depresión na superficie dunha cousa.
Obs. Trátase dun castelanismo.
abollón. s. m. Golpe dado na superficie dunha cousa.
Obs. Trátase dun castelanismo.
abombado, -a. adx. Aplícase cando unha persoa ten a cabeza atordada. **2.** Dise do que ten forma convexa.
abonar. v. Botar na terra materias primas que aumenten a súa fertilidade. Faise con cuito, guano ou outros fertilizantes.
Obs. Trátase dun castelanismo.
abondante. adx. Moito, suficiente. **2.** Que abunda.
abondar. v. Ser suficiente.
abondo, -a. adx. Moito. **2.** Suficiente. **3.** adv. Bastante. // **Ben abondo.** Bastante. // **El abondo *nun* ten fondo.** Refrán que alude a que nunca é suficiente (Boal, A Veiga). // ***Nun* ser abondo.** Non ser normal (*El fillo que tein nun é abondo*). // **Tenche abondo que ver.** Non se pode comparar unha cousa con outra (Boal).
abordar. v. Chocar de xeito violento dúas embarcacións.
abordelar. v. Poñer unha parella máis para reforzar o tiro dos animais do carro.
abordellar. V. abordelar.
abordelo. s. m. Cadea para enganchar a parella de bois ou vacas ao arado.
aborrachín* → borrachín 2ª acep.
aborrecido, -a. adx. Enfadado. **2.** Que sente noxo por algo.
aborrecer. v. Sentir odio, repugnancia etc. por algo ou alguén. **2.** Sentir noxo por unha comida que se toma moitas veces. **3.** Amolar, causar molestia.
aborregado. adx. Dise do ceo con moitas nubes que ameaza chuvia.
aborregar. v. Facer *borregos*.
aborreirar. V. abarruar 1ª acep.
aborrescer* → aborrecer.
aborronar. V. abarruar 1ª acep.
aborruar. V. abarruar 1ª acep.
abortar. v. Parir antes que o feto poida vivir. // ***Se nun lo* fai, aborta.** Expresión que se usa cando unha persoa se obsesiona en querer facer unha cousa do xeito que sexa.
abortelado, -a. adx. Dise do trigo sen farelo que se obtén despois de pasalo polo bortel.
abortelar. v. Pasar a fariña polo bortel para separala do farelo.
abortellar. V. abortelar.
aborto. s. m. Acto de abortar.
abortón, -a. adx. O que agarda a coller as cousas doutro. **2.** s. m. Cacho de parede que cae dun muro enteiro ou que parece que vai caer (Santalla de Ozcos). **3.** s. m. Desprendemento de terra; freita 3ª acep. (Santalla de Ozcos). **4.** adx. Dise do rapaz que xa fai labores de home (Allande).
abotoado, -a. adx. Abrochado cun botón.
abotoar. v. Abrochar un botón.
abotonar* → abotoar.
abotuado, -a. V. abotoado.
abotuar. V. abotoar.
abouriar. v. Marear, tolear, atordar, aparvar. **2.** Traballar con moito afán (Tapia de Casarego).
abozar. v. Dar de comer á forza, cebar (Boal). **2.** Suxeitar algo nunha embarcación cun cabo de poucas brazas de lonxitude.
abracar[1]. v. Alcanzar, comprender dentro duns límites.
abracar[2]. v. Bramar unha vaca ou un xato enfurecidos (San Martín de Ozcos).
abrancazado, -a. adx. Que tira ao branco.
abrancazar. v. Poñer unha cousa ou algo de color branca.
abraneiro. V. abellaneira 1ª acep.
abrandar. v. Poñer ou poñerse branda unha cousa.
abrasar. v. Perderse unha cousa, como unha colleita. **2.** Queimar. **3.** Molestar, doer unha ferida, queimadura etc. **4.** prnl. Mancarse moito. **5.** prnl. Queimarse.
abrazadeira. s. f. Peza de metal ou outro material que serve para asegurar unha cousa. **2.** No carro, cada unha das correas que aperta o *miolo* da roda na súa parte central e máis gorda. **3.** V. viorto. **4.** V. sello 9ª acep.

abrazado, -a. adx. Agarrado. **2.** Rodeado cos brazos.

abrazo. V. apreixo 2ª acep.

abrer* → abrir.

abrideiro, -a. adx. Que se abre con facilidade. **2.** Variedade de pexego (*pésigo*) que se abre de xeito doado.

abrigado, -a. adx. Protexido do frío. **2.** Lugar defendido do frío e do vento.

abrigadeiro. s. m. Lugar protexido ou defendido do vento que serve para resgardarse, especialmente o gando.

abrigar. v. Protexer ou protexerse do frío.

abrigo. s. m. Peza de vestir que se pon por riba de toda a outra roupa e que serve para abrigar. **2.** Lugar protexido dos ventos, da chuvia etc., refuxio. **3.** Fondeadoiro.

abrigueiro. V. abrigadeiro (Navia).

abril. s. m. Cuarto mes do ano. // **Abril, abril, cada mil anos *tías* que vir.** Refrán que alude á non querenza a este mes por ser excesivamente chuvioso. // **Abril *auguas* mil.** V. En abril, auguas (augas) mil. // **Abril, se por malas *quer* vir, as portas *nun* deixa abrir.** Refrán que indica que abril é un mes con mal tempo, especialmente chuvioso. // **Altas ou *baxas* en abril (son) as Pascuas.** Refrán que alude a que cando non caen neste mes as de Resurrección caen as de Pentecostés. // **A ovella i a abella en abril deixa a pelella.** Refrán que se refire a que, co bo tempo, os animais perden o pelo ou a capa que os protexe do frío do inverno. // **A *vardascada* de abril, mata el cocho nel cubil.** Refrán meteorolóxico. // **En abril, ábreme a porta e déixame ir.** Refrán que indica que nese mes xa se pode soltar o gando. // **En abril, *auguas* (augas) mil.** Refrán que alude a que o mes de abril é moi chuvioso. // **En abril, *auguas* mil, *nun* caben nun barril (i todas caben nun barril).** Refrán que indica que o mes de abril é moi chuvioso. // **En abril, cada espiga *val* por mil.** Refrán que indica que o mes de abril é chuvioso, o que axuda a ter despois unha boa colleita de cereais. // **En abril, espigas mil.** Refrán que indica que en abril xa florecen as espigas. // **En abril espigas mil, al entrar i non al *salir*, en maio todo espigado, en *xulín* dálle co foucín, en agosto dálle co trocho, en *setembre* mira como ascende, en *outubre soméntalle* i *acubre*.** Dito meteorolóxico relativo á colleita de cereal. // **En abril espigas mil, en maio todo espigado, en *xunio* pan maduro i en *xulín* ponlle el *foucín*.** Refrán meteorolóxico onde se describen distintos aspectos agrarios referidos a colleitas e recolleitas. // **En abril espigas mil, en maio todo espigado, en *xunio* ou en *xulín*, dálle *coel foucín*.** Refrán meteorolóxico onde se describen distintos aspectos agrarios referidos a colleitas e recolleitas. // **En abril espigas mil, en maio todo espigado, por San *Xuan* québralle a *reiz* al pan.** Refrán meteorolóxico onde se describen distintos aspectos agrarios referidos a colleitas e recolleitas. // **En abril espigas mil, en maio todo igualado i en San *Xuan* segado.** Refrán meteorolóxico onde se describen distintos aspectos agrarios referidos a colleitas e recolleitas (Villaión). // **En abril espigas mil, en maio *vei* espigado, en *xuio* todo maduro.** Refrán meteorolóxico onde se describen distintos aspectos agrarios referidos a colleitas e recolleitas (Villaión). // **O mes de abril e maio son a chave de todo o ano.** Refrán que indica que as chuvias caídas nos meses de abril e maio son as máis desexadas, pois aseguran a abundancia de colleitas (Taramundi). // **Por abril espigas mil i por maio todo espigado, el *bon* i el malo.** Refrán meteorolóxico onde se describen distintos aspectos agrarios referidos a colleitas e recolleitas (Allande). // **Que chova en abril e maio, aínda que non chova en todo o ano.** V. Que chova en abril i maio, máis que nun caia uha gota en todo el ano (Taramundi). // **Que chova en abril i maio, máis que *nun* caia uha gota en todo el ano.** Refrán que se refire á necesidade que chova en abril e maio e non durante o resto do ano para que haxa boas colleitas. // ***Si* cantan os sapos antes de abril, *tá* el inverno *sin* vir.** Refrán meteorolóxico.

abrilete. adx. Relativo a abril (Castropol).

abrir. v. Descubrir, facer que o que estaba oculto ou pechado, deixe de estalo. **2.** Quitar ou separar calquera cousa con que estea pechada unha abertura. **3.** Amencer. **4.** Desaparecer as nubes e a néboa. **5.** Regular a profundidade do labor do *vasadoiro*, introducindo máis ou menos os pechos ou cuñas entre a treitoira (*taleirúa*) e o *ápago* e entre este e a *cabeza*. **6.** Separar coas mans os cachos de la. **7.** Destapar un recipiente. **8.** Quitar a chave ou calquera outro instrumento que pecha algo. **9.** Tirar dun caixón dunha mesa ou doutro moble cara a fóra sen sacalo de todo. **10.** Deixar ao

descuberto unha cousa (*Abrir os ollos*). **11.** Separar as partes do corpo ou de cousas ou instrumentos (*Abrir as pernas*). **12.** Separar as follas dun libro. **13.** Rebentar, fender, como a madeira, un froito etc. **14.** Facer un corte vertical desde a traza superior á inferior no tronco dunha *sofreira* para quitarlle despois a cortiza. **15.** V. desatracar. **16.** Virar unha embarcación distanciándose de algo. **17.** Separarse unha embarcación doutra que está moi cerca. **18.** Estender as velas pregadas dunha embarcación (As Figueiras). **19.** Afastarse os peixes da costa indo para mar aberto. **20.** V. tender 6ª acep. **21.** prnl. Rachar unha superficie de madeira. // **Abrir a boca.** Bocexar. // **Abrir as *murocas*.** Estender os montóns de herba (Os Ozcos). // **Abrir el día.** Ao amencer. // **Abrir el mar.** Comezar unha tempestade no mar (Tapia de Casarego).

abrochado, -a. adx. Axustado, cerrado con botóns, broches etc.

abrochadura. s. f. Acto e resultado de abrochar.

abrochar. v. Axustar, cerrar con botóns, broches etc.

abrodo. V. amorolo 2ª acep. (Serandías).

abroldo. V. amorolo (Villaión).

abroncado, -a. adx. Dise do nordés moi forte (Coaña).

abruneiro. V. abruñeiro.

abruno. V. abruño.

abruón. s. m. Pequeno pau que se crava nos catro case extremos da parte interior do carro para rematar a atadura nel (Valdeferreiros).

abruñeira. V. abruñeiro (Tapia de Casarego).

abruñeiro. s. m. Arbusto espiñento da familia das rosáceas, de medio metro a tres de altura, con numerosas e pequenas ramas que se converten en espiñas, follas con pelo e flores brancas e pequenas. O seu froito é redondeado e de color azul moi escura (*Prunus spinosa*).

abruño. s. m. Froito do abruñeiro, de color negra ou azul escura, de tamaño pequeno, que pode ser doce ou áspero. **2.** Dise da cirola silvestre.

abrusar. v. Poñer voo a algunha peza de vestir.

abrutado, -a. adx. Bruto, torpe (Castropol).

absolto, -a. adx. Perdoado, libre.

absolución. s. f. (pl. absolucios). Acción de perdoar.

absorber. v. Tomar un líquido sorbéndoo.

abstinencia. s. f. Acción de absterse, privación de certos apetitos. **2.** Acto polo que se priva de comer carne para cumprir os preceptos da Igrexa católica.

abufandar. v. Abrigar con roupa arredor do pescozo ou diante da boca a unha persoa ou a un neno.

abufar. v. Soprar (Boal).

abufé* → abofé.

abulir* → abolir.

abundancia. V. abundanza. // **A abundancia causa baratura.** Refrán que alude a que cando un produto é moi abundante provoca a súa baratura.

abundante. V. abondante.

abundanza. s. f. Cantidade grande, superior ao necesario (Eilao, Allande).

abur! interx. Adeus.

aburado, -a. adx. Queimado. **2.** Quentado de máis.

aburar. v. Queimar. **2.** Quentar de máis. **3.** Proer de dolor pola calor (Santalla de Ozcos). **4.** Facer moita presión para lograr unha cousa. **5.** Proer unha ferida ou unha picadura. **6.** Doer moito algo. **7.** Ter moita calor polo sol (Boal). **8.** prnl. Ferir un insecto coa súa picadura ou unha persoa cun obxecto punzante.

aburremento* → aburrimento.

aburricar. v. Cargar algo nos ombros (Allande).

aburrido, -a. adx. Cansado, farto. **2.** Triste. **3.** Enfastiado.

aburrimento. s. m. Acto de non divertirse, non distraerse pola falta de ánimos ou estímulos.

aburrir. v. Cansar, fartar. **2.** Ter noxo ou repugnancia á comida por fastío ou empacho (Eilao). **3.** prnl. Non divertirse.

aburruar. V. abarruar 1ª e 2ª acep. (Villaión).

aburrueirar. V. abarruar 1ª acep. (Pezós, San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos).

aburullado, -a. adx. Revolto, desordenado.

aburullar. v. Espremer, esmagar (Boal).

abusar. v. Usar mal algunha cousa, con exceso. **2.** Aproveitarse doutra persoa máis débil.

abusón, -a, -oa. adx. Aplícase normalmente ao neno que se aproveita dos outros ou lles pega.

abutuar* → abotoar.

acabación. s. f. Fin, término.

acabado, -a. adx. Rematado, terminado. **2.** Vello. **3.** Esgotado. **4.** Con mala saúde ou aspecto.

acabador, -a. adx. Aplícase á persoa que gasta moito diñeiro sen sentido.

acabalar. v. Facer o acto sexual (Santiso de Abres). **2.** Poñer ou poñerse algo arriba doutra cousa.

acabalear. v. Subir unha vaca encima doutra por estar en celo (Os Ozcos).
acabalgar. v. Poñerse coas pernas abertas enriba de algo. **2.** V. acabalar 2ª acep. **3.** prnl. Torcer un tendón (Tapia de Casarego).
acaballado, -a. adx. Dise das cousas que están enriba doutras, como os dentes, os dedos dos pés etc. (Boal, El Franco, Villaión).
acaballar. V. acabalar 2ª acep. **2.** Montar a cabalo (*caballo*). **3.** Abusar dunha cabalería.
acabameno. s. m. Fin de algo (Boal).
acabamento. s. m. Perdición, desgraza. **2.** Fin de algo.
acabar. v. Terminar, rematar. **2.** Angustiar, molestar (*Acaban con el*). **3.** Matar. **4.** Morrer, ir faltando as forzas. **5.** Gastar, esgotar (*Acabou cos tenis*). // **Acabar con *daquén*.** Preocupar moito a unha persoa. // **Acabar en ben.** Rematar acordando ou resolvendo unha cousa (El Franco). // **Acabar + de + infinitivo.** Perífrase verbal terminativa (*Hai que acabar de facer eso*). // **Acabar + por + infinitivo.** Perífrase verbal terminativa (*Acabou por facer aquel traballo*).
acabicornar. V. abicornar 1ª acep. (Abres).
acabo. s. m. Final.
acabouse (el). loc. O último, o máximo.
acachentarse. v. prnl. Sentar (Tapia de Casarego).
acacia. s. f. Árbore da familia das papilionáceas, de 10-25 centímetros de altura, de cortiza con fendeduras e copa abondo densa, coas ramas novas provistas de espiñas e follas débiles con moitas puntas. As flores son brancas e olorosas (*Robinia pseudoacacia*). **2.** Madeira desta árbore.
acadiar. V. acadigar (Allande).
acadigar. v. Suxeitar os fueiros do carro cos cadigueiros ou co rello (Abres).
acadigueirar. V. acadigar (Abres).
acalandar* → acalendar.
acalcañar. v. Camiñar con rapidez (Allande).
acalendado, -a. adx. Referido ao muíño, ao mazo, aos regos, á auga dos prados, ao coidado das ovellas etc., cando se utilizan de xeito colectivo por quendas.
acalendar. v. Aquendar os veciños para o uso dun muíño, un mazo, para repartir a auga para regar, coidar o gando como as ovellas dunha aldea etc.
acalentar. v. Tranquilizar a un neno cando chora colléndoo no colo (Castropol, Santalla de Ozcos).
acallentar. V. acalentar.
acalmar. v. Tranquilizar. **2.** Abrandar, como algúns cereais cando están bravos (Tapia de Casarego). **3.** Deixar de ir vento, deterse unha tormenta, estar en calma o mar etc.
acalorado, -a. adx. Excitado, axitado nunha discusión.
acalorarse. v. prnl. Excitarse, axitarse nunha discusión.
acaloriarse. V. acalorarse.
acamallo. s. m. Cantidade en metálico, como nas arras, que o foreiro dá ao señor ao constituírse o foro.
acampaniado, -a. adx. Dise cando algo ten forma de campá (Boal).
acanalador. s. m. Ferramenta de carpinteiro semellante á garlopa que se utiliza para facer canles na madeira.
acancareñar. v. Deteriorar (Navia).
acandilar. v. Cabecear cando lle entra a unha persoa o sono (Ibias).
acangrenarse. v. prnl. Gangrenarse.
acangrexado, -a. adx. Aplícase á pel con manchas polo sol.
acanigadeiro. V. canigueiro.
acanigadoiro. V. canigueiro (Allande).
acanigar. V. abanicar 1ª acep. (Allande, Villaión, Navia). **2.** Mover alguén un berce de xeito repetido para que un neno durma ou se calme (Villaión).
acanigueiro. V. canigueiro.
acantaciar. v. Tirar cantos ou pedras, normalmente a paxaros, obxectos ou entre os nenos.
acantesar. V. cantesar.
acantilar. v. Xuntar dúas pezas de madeira.; machembrar.
acantuado, -a. adx. Posto nun recanto. **2.** Dise da res que se xunta a outras para protexerse do frío ou a chuvia (Boal).
acantuar. v. Poñer unha cousa ou unha persoa nun recanto. **2.** Xuntarse, arrimarse.
acaramelado, -a. adx. Dise do namorado que dá mostras de cariño. **2.** Cariñoso, moi tenro.
acarañado, -a. adx. Deteriorado.
acaravillar. v. Pechar cunha chavella (*chavilla*).
acarbonar. v. Facer carbón vexetal no monte; carbonar.
acarboneo. s. m. Acción de facer carbón vexetal.
acariñar. v. Facer caricias. **2.** Mimar.
acaroado, -a. adx. Aplícase ao pan moi cocido.
acaronchado, -a. adx. Cheo de *caroncho* ou roído por el.
acaronchar. v. Roer o *caroncho* a madeira. **2.** prnl. Encherse a madeira de *caroncho*.

acarranchar. v. Poñer *carranchas*.
acarrar. V. acarretar (Allande).
acarronchado, -a. V. acaronchado.
acarrear. V. acarretar.
Obs. Trátase dun castelanismo.
acarreirado, -a. adx. Aplícase á terra moi pisada, con carreiros. **2.** O que anda ou traballa con moita présa. **3.** Aplícase á pintura que cae pola parede ao pintar. **4.** Dise da persoa que traballa moito. **5.** Dise do mar moi axitado (*Mar acarreirado ou vento ou mallado*).
acarreirar. v. Facer correr ou andar ao gando (Coaña, Tapia de Casarego). **2.** Andar con moita présa. **3.** Facer carreiros o gando (Allande).
acarretar. v. Levar dun sitio a outro, como a herba seca, pedras, terra, cuito, peixe desde as lanchas ás fábricas etc., con calquera medio de transporte ou na man; acarrar, acarriar 1ª acep., carretar, acarrexar. **2.** Transportar en carro. **3.** Transportar a carga as persoas ou as cabalerías.
acarreto. s. m. Acción de carretar.
acarrexar. V. acarretar.
acarrexón. s. m. Home que carrexaba ás costas un *peselo* de castañas até a *corripa* (Ibias).
acarriar. V. acarretar. **2.** prnl. Facer curvas ao andar.
acarricar. v. prnl. Andar coxo. **2.** Acurruncharse un neno no colo (Allande).
acarrolarse. V. acarriar 2ª acep.
acarrollarse. V. acarriar 2ª acep.
acartonado, -a. adx. Que sufriu a tuberculose.
acarunchado*, -a → acaronchado.
acaso. adv. Se cadra. // **Se acaso.** Quizais.
acastellaniar. V. castellanear.
acazolado, -a. adx. Con forma de cazola.
acazoupar. v. Andar axudándose das mans e dos pés (Villaión).
accidente. s. m. Suceso fortuíto no que normalmente se produce un dano.
acción. s. f. (pl. acciois). Feito e resultado de levar algo a cabo.
accionar. v. Mover con frenesí os brazos e as pernas.
acea. s. f. Muíño con roda vertical; molín de mar.
acebache. s. m. Mineral de carbón utilizado normalmente en artesanía para facer xoias, de xeito especial figas.
acebadar. v. Dar cebada aos animais en gran cantidade, o que normalmente lles fai dano. **2.** Por extensión, dar de comer de máis a unha persoa.
acebatar. v. Desfacer os terróns dunha leira cunha especie de grade arrastrada por un cabalo (Navia, Coaña).
acebeche. V. acebache (San Martín de Ozcos).
acebillar. v. Abrochar cunha fibela (*cebilla*) un cinto, unha albarda etc. (Tapia de Casarego).
acechar. v. Observar algo ou a alguén con atención.
Obs. Trátase dun castelanismo.
aceda. s. f. Herba vivaz, dioica, da familia das poligonáceas, que pode alcanzar o metro de altura. Ten as follas algo carnosas e as flores pequenas e verdeais (*Rumex acetosa*). **2.** Herba dioica da familia das poligonáceas, de dez a trinta centímetros de altura, ás veces de color tirando a vermella, coas follas en forma de frecha e as flores pequenas (*Rumex acetosella*). **3.** V. acedía (As Figueiras).
acedado. adx. Dise cando o caldo está amargo (San Martín de Ozcos).
acedar. v. Poñerse aceda ou amarga unha cousa.
acedía. s. f. Peixe osteíctio pleuronectiforme, da familia dos soleidos, semellante ao linguado, de corpo plano, ollos na parte dereita e coloración apardazada ou agrisada (*Dicologoglossa cuneata*), (As Figueiras, Ortigueira).
ácedo, -a. adx. Amargo. **2.** Con sabor ao vinagre ou ao limón.
aceirado, -a. adx. Que se pode escachar, referido a un ferro ou unha ferramenta. **2.** Con características do aceiro. **3.** Dise da ferida colorada e que produce dolor. **4.** s. m. Acción e resultado de aceirar. **5.** Dise da peza á que se soldou aceiro.
aceirar. v. Nun mazo, unir dúas pezas de aceiro ou unha de ferro con outra de aceiro.
aceiro. s. m. Aliaxe de ferro e carbono. **2.** Barra para afiar. **3.** Coitelo de zapateiro. // **De aceiro *asta* a cota.** Dise da persoa forte ou severa.
aceiroso. adx. Dise cando a un non lle curan ben as feridas (San Martín de Ozcos).
aceirudo, -a. adx. Aplícase a aquelas cousas que teñen a color do aceiro. **2.** Dise da ferida que non cura (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos).
aceitar. v. Aplicar aceite a unha máquina, como a de coser.
aceite. s. m. Líquido graxo de color amarela verdeal que se extrae da oliva, doutros froitos, do corpo dalgúns animais ou de substancias minerais.

aceiteira. s. f. Recipiente que serve para conter aceite. **2.** Muller que vende aceite.
aceitón. s. m. Aceite escuro e con impurezas.
acelerado, -a. adx. Intranquilo, impaciente.
acelerar. v. Aumentar a velocidade. **2.** prnl. Turbarse, intranquilizarse.
acemillar. v. Abrochar os atavíos dos burros.
acena* → lacena.
acenar. v. Facer sinais. **2.** Ameazar coa man ou cun obxecto (Boal, Allande).
acender. v. Facer que unha cousa arda ou se poña incandescente; prender.
acepillar* → cepillar 1ª e 2ª acep.
aceptar. v. Admitir con vontade algunha cousa. **2.** Mostrarse conforme.
acequitar. v. Desbastar, afinar, especialmente a madeira (El Franco).
acerca. V. cerca[2].
acerca (de). loc. Respecto a.
acercamento. s. m. Aproximación, achegamento.
acercar. v. Achegar, aproximar.
acerico. s. m. Pequena almofada para cravar nela alfinetes e agullas; agulleiro 2ª acep.
Obs. Trátase dun castelanismo.
acernado, -a. adx. Aplícase a aquilo que non medrou e quedou raquítico (*Ten unhos xatos acernados*). **2.** Duro (Abres). **3.** Que ten mancaduras por rozarse con algo duro (Villaión).
acernar. v. Ferir unha árbore chegando á súa parte interior. **2.** Encher de traballo a unha persoa até debilitala. **3.** Ferirse as cabalerías pola rozadura dos aparellos (Boal); amatar. **4.** Cortar a casca a unha árbore (Allande).
acernellado, -a. adx. Moi pequeno, raquítico.
acerniscar. v. Provocar, acerriquitar (Seares).
aceroñado, -a. adx. Inflamado, como unha ferida (Boal).
aceroñar. v. Traballar sen ganas (Villaión).
acerriscar. v. Irritar a alguén, a un can, ás abellas etc. (Castropol).
acertado, -a. adx. Atinado. **2.** Adiviñado.
acertar. v. Atinar. **2.** Adiviñar. **3.** Facer algo con acerto. **4**. Suceder algo por casualidade. **5.** Investigar, indagar. **6.** Atopar (*Acertou coel asunto*).
acertixo. V. adiviñanza.
Obs. Trátase dun castelanismo.
acerto. s. m. Acción de acertar.
aceruñar. v. Meter os dedos onde non se debe (Boal).
aceso, -a. adx. Prendido (*A luz tá acesa*). **2.** Dise da luz prendida ou da máquina que está funcionando (Navia).
acetar* → aceptar.
acetona. s. f. Enfermidade do gando vacún, especialmente das vacas parideiras, caracterizada polo aumento de corpos cetónicos cun trastorno no metabolismo dos hidratos de carbono.
aceutar* → aceptar.
aceva. s. f. Acevo coas follas sen puntas (Ibias).
aceval. V. acevreiral (Ibias, Eilao).
aceveda. s. f. Lugar onde abundan os acevos (Vilanova de Ozcos).
aceveira. V. acevreiral (Santalla de Ozcos).
aceveiral. V. acevreiral (Santalla de Ozcos, Ibias).
aceveiro. V. acevro (Vilanova de Ozcos, Santalla de Ozcos, Villaión, Allande).
acevo. V. acevro (Eilao, Ibias).
acevreira. V. acevreiral (Taramundi).
acevreiral. s. m. Lugar onde abundan os acevos (Tapia de Casarego).
acevreiro. V. acevreiral (Boal).
acevro. s. m. Árbore ou arbusto perennifolio, da familia das aquifoliáceas, que pode alcanzar os dez metros de altura, con follas elípticas ou ovais, moi coriáceas, verde escuras por un lado e pálidas polo outro e provistas de dentes espiñentos. As flores son pequenas, brancas ou rosadas e o froito carnoso, de pequeno tamaño e de color vermella intensa. Medra en lugares escuros e a súa madeira é branca e moi dura, utilizada en carpintería e *tornería*. As follas son diuréticas e laxantes e a cortiza interna proporciona unha *liga* para cazar paxaros (*Ilex aquifolium*).
acevucho. s. m. Arbusto perenne que pode acadar desde os dez aos cen centímetros de altura, con follas moi pequenas, flores de color verde escura con manchas violáceas e froito en forma de bóla pequena de color vermella (*Ruscus aculeatus*), (Ibias).
acexo. V. asexo 2ª acep. // **Al acexo.** Vixiando (Tapia de Casarego).
achaar. V. achanar.
achádigo. s. m. Descubrimento de algo de pouco valor. **2.** Peza pescada de tamaño pequeno sen valor ningún (Abres).
achado, -a. adx. Encontrado, atopado. **2.** Aplícase ao neno orfo que se recolle nun hospicio, expósito. **3.** Neno adoptado.
achaflar* → achafrar.
achafrar. v. Quitar un ángulo a unha parte para que quede plano (A Veiga); chafranar.
achaiar. V. achanar 1ª acep. (Abres, San Martín de Ozcos, Vilanova de Ozcos). **2.** Subir ou baixar leña, patacas etc., até

onde se poida cargar un carro (San Martín de Ozcos).

achanado, -a. adx. O que queda ou se pon plano, chan.

achanar. v. Quitar a un terreo todo o que sobresae, facelo chan, como cando se sementa millo e despois se pasa unha pequena grade. **2.** Resolver un equívoco (Tapia de Casarego).

achantar. v. Amedrentar a unha persoa cun dito ou unha rifa. **2.** Enfastiarse, soportar, aturar. **3.** Parar, permanecer quieto.

achaparrado, -a. adx. Baixo, bazuncho.

achapurrado. V. chapurreado (Villaión, Tapia de Casarego).

achaque. s. m. Doenza habitual pouco importante.

achar. v. Atopar, encontrar. **2.** V. achanar 1ª acep. **3.** Pensar, reflexionar.

acharangar. V. charangar.

achatamento. s. m. Desgaste (Abres).

achatar. v. Rebaixar un saínte a unha cousa.

achegadeiro. s. m. Barra de ferro que empregan os ferreiros para remexer as brasas. **2.** Pau que se utiliza na lareira para achegar as estelas ao lume.

achegado, -a. adx. e s. m. e f. Parente próximo; chegado. **2.** Home ou muller que viven xuntos sen casar. **3.** Que está cerca. **4.** Apoiado, arrimado. **5.** Persoa que sen ser da familia ou dun grupo pasa a formar parte deles. **6.** Xunto. **7.** Dise do leite acedo.

achegar. v. Acercar, aproximar. **2.** Arrimar, apoiar. **3.** Chegar ou ir a un lugar (*Achegáronse á aldea*). **4.** Arrimar terra ás plantas co arado ou co gadaño para que teñan máis vigor. **5.** prnl. Axuntarse un home e unha muller sen casar. **6.** prnl. Poñerse acedo o leite (Boal, Allande, Villaión).

achego. s. m. Amparo, protección. **2.** Amancebamento, arrimo.

acheirar → cheirar.

acheite. s. m. Neno pequeno (Taramundi).

achicar. v. Botar fóra a auga que entrou nunha embarcación ou doutro lugar; chicar 1ª acep. **2.** Nalgúns xogos de cartas, botar os quince puntos malos no centro da mesa. **3.** Humillar, acovardar. **4.** prnl. Acovardarse. **5.** prnl. Debilitarse fisicamente.

achicharse. v. prnl. Abrasarse os cereais por ir moita calor.

achisbar. v. Avistar, ver algo que está lonxe pero non se distingue ben (Allande). **2.** Fisgar, osmar (Allande, Villaión); chisbar.

achoer. V. choer 1ª acep. (Seares, A Veiga).

achombar. v. Inclinarse co peso o trigo, o centeo etc., por ter as espigas moitos grans (Santalla de Ozcos). **2.** Poñer un peso enriba dunha cousa, como unha pedra encima dunha grade para que se afunde máis na terra (Santalla de Ozcos).

achorchado, -a. adx. Amodorrado (Allande).

achorentado, -a. adx. Choroso (Navia).

achorentar. v. Facer chorar (Navia).

achoupiar. v. Correr con dificultade (Serandías).

achouquecer. v. Tolear.

achucar. v. Apertarse unhas persoas contra as outras.

achuchado, -a. adx. Débil fisicamente.

achuchar. v. Debilitarse fisicamente. **2.** Apertarse coa parella nun baile (Abres). **3.** Apertar unha parte do corpo dunha persoa (San Martín de Ozcos). **4.** Arrimarse unha persoa a outra para non ter frío.

achuchón. s. m. Acto de abrazarse de xeito forte e con paixón. **2.** Enfermidade.

achumar. v. Pegar co puño a alguén ou a algo (Navia).

acía. V. molín de mar.

acial. s. m. Instrumento metálico ou de madeira con forma de compás, duns corenta centímetros, que se coloca no beizo superior, orella ou belfos das cabalerías, para que permanezan sen moverse.

acíbar. s. m. Amargura, aflición. **2.** Substancia resinosa e amarga do áloe.

acibilado. V. poutada 5ª acep. (Tapia de Casarego).

acicalarse. v. prnl. Prepararse para lucir o mellor aspecto posible; acicatarse.

acicatarse. v. prnl. Amañarse, acicalarse.

acidente* → accidente.

acidoso, -a. adx. Que tira a acedo.

acigarrado, -a. adx. Dise da folla da pataca ou do millo torcidos ou enrolados pola calor.

acigarrar. v. Torcer a folla da pataca ou do millo pola seca ou unha enfermidade (*Acigarrou el maiz coa seca*), (San Martín de Ozcos); rechozar. **2.** Secar o millo polos extremos das follas (Santalla de Ozcos).

aciguatado, -a. adx. Embruxado. **2.** Aparvado.

aciguatar. v. Aparvar (Navia).

aciguitar. v. Salpicar con forza un chorro dun líquido.

aciguitada. s. f. Acción de *aciguitar*, salpicadura.

acimar. v. Botar xermolos algunhas plantas como o nabo ou a remolacha (Eilao); cimar.
acimbrar. v. Poñer as cimbras a unha obra.
acimbre. V. cimbra.
acimprado, -a. adx. Parvo.
acimprallado, -a. adx. Parvo.
acincentado, -a. adx. Da color da cinza, como algún tipo de vaca.
acinchado, -a. adx. Dise do que está suxeito cunha cincha.
acinchar. v. Poñer as cinchas ás cabalerías. **2.** Axustar, apertar.
acinzado, -a. adx. Dise do que ten a color da cinza.
acio. s. m. Influencia. **2.** Desculpa, pretexto. // **Por *acio* (de).** Por mediación de.
acionar* → accionar.
acipotiado, -a. adx. Reprimido, cohibido, oprimido.
acipotiar. v. Reprimir (El Franco).
acipreste* → ciprés.
aciquilado, -a. adx. Dise da persoa que vai ben vestida e amañada.
aciquilarse. v. prnl. Amañarse, vestir ben, adornarse.
aciquitado, -a. adx. Lanzado, tirado (El Franco).
aciquitar. V. aciguitar. **2.** V. acequitar. **3.** Lanzar, tirar (El Franco).
aciugar. v. Tranquilizar.
acivreiro. V. acevro (Pezós).
acizañar. v. Envelenar, sementar discordia.
aclaración. s. f. (pl. aclaracios). Acción de aclarar. **2.** Explicación.
aclarar. v. Aumentar os espazos ou intervalos. **2.** Desaparecer as nubes ou a néboa. **3.** Volver lavar a roupa con auga até quitarlle o xabón. **4.** Amencer. **5.** Perder a roupa a color. **6.** Escampar, parar de chover. **7.** Aparecer a lúa nun momento pola noite. **8.** V. arranchar 3ª acep. (Tapia de Casarego). **9.** Desenredar.
aclareo. s. m. Aumento dos espazos ou intervalos. **2.** Acto de volver lavar a roupa con auga até quitarlle o xabón. **3.** Resultado de estender a roupa enxaboada ao sol.
aclariar. V. aclarar 2ª, 3ª, 4ª e 6ª.
aclarón. s. m. Momento do día no que deixa de chover (Allande).
aclisado, -a. adx. Asustado, pasmado (Allande).
aclisar. v. Provocar un astro a eclipse doutro (Allande).
acó. adv. Indica un lugar achegado ao que fala, pero máis impreciso que aquí. // **De pouco *pra* acó.** Desde hai pouco tempo. // **Tan acó.** Cerca. // **Máis acó.** Máis cerca. // ***Mui* acó.** Moi cerca. // ***Pra* acó de.** Para este lado de.
acoá. adv. En lugar distante ou oposto ao que fala; alá, aló.
acochuchar. v. Falar en voz baixa ou ao oído a unha persoa, de xeito que os outros non se enteren (San Martín de Ozcos).
acocorar. v. Cacarexar as galiñas cando están cos seus pitos. **2.** Gruñir as cochas cando dan de mamar ás súas crías ou cando se lles dá de comer. **3.** Facer ruídos ou carantoñas antes de chorar. **4.** Gruñir un cocho; cocorar. **5.** Facer aloumiños un mozo a unha moza (San Martín de Ozcos). **6.** Tapar ben a un neno coas mantas cando o deitan. **7.** Xuntar a galiña os seus pitos para protexelos.
acodalar. v. Poñer dúas regras no extremo da madeira para labrala a escuadro (San Martín de Ozcos).
acodir* → acudir.
acoitado, -a. adx. Aflixido, triste.
acoitelar. V. acuitelar 2ª acep.
acolá. adv. En lugar distante ou oposto ao que se fala, aló.
acolaión. V. acolá (Allande).
acolar. v. Achegar a terra ás plantas para que collan máis forza (Eilao).
acoleirar. v. Anainar (Eilao). **2.** Coller no colo un animal para acaricialo (Eilao).
acólito. s. m. Crego que recibiu a orde do acolitado, que é a superior das catro ordes menores do sacerdocio.
acollá. V. acolá.
acollar. v. Achegar a herba ou a leña á saída dun prado ou a un carro (Boal, Allande, Villaión).
acolleirar. V. acoleirar 1ª e 2ª acep.
acoller. v. Admitir na casa dunha persoa a outra. **2.** Protexer, refuxiar, socorrer, amparar. **3.** Axudar a muller que vai parir. **4.** Recoller. **5.** prnl. Ofrecer a muller un neno nunha igrexa ás tres ou catro semanas despois de parir, levando normalmente unha candea, como xeito de presentación ante Deus.
acollido, -a. adx. Protexido, refuxiado. **2.** Aplícase ao neno que se ofrece na igrexa varias semanas despois de nacer.
acolló. V. acoló.
acollonado, -a. adx. Acovardado. **2.** Mal cosido.
acollonar. v. Intimidar, amedrentar. **2.** Coser mal unha peza de roupa (Allande). **3.** prnl. Acovardarse.
acollú. V. acoló.

acoló. adv. Acolá. **2.** Máis aló. **3.** Ao lonxe.

acolofeito, -a. adx. Aplícase á persoa que traballa moito. **2.** Axeitado, disposto.

acolofer. v. Amañar, poñer orde nalgunha cousa. **2.** Superar problemas. **3.** Facer algo de pouca importancia, impreciso.
Obs. Trátase tamén dun verbo con significado indeterminado, ocasional, que se deduce polo contexto e que ás veces serve para disimular o pensamento.

acolorazado, -a. adx. Dise do que tira a colorado (Tapia de Casarego, Boal, El Franco).

acomao. adv. Cerca (*Taba ben acomao*).

acomau* → acomao.

acometer. v. Atacar con ímpeto. **2.** Arremeter contra.

acomodo. s. m. Tranquilidade, acougo.

acompangar. V. compangar 2ª e 4ª acep. // ***Acompangar* ben.** Coincidir en opinións, ser bos amigos.

acompañado, -a. adx. Que vai en compaña doutro.

acompañamento. s. m. Acción de acompañar. **2.** Xente ou persoas que acompañan.

acompañante. adx. O que vai en compaña doutro.

acompañar. v. Pretender unha muller. **2.** Estar ou ir en compaña doutro.

acompasado, -a. adx. Dise do que está moi xunto.

acompasar. v. Facer unha cousa despois doutra, alternar.

acomulado, -a → acumulado.

acomular* → acumular.

aconapado, -a. adx. Encollido. **2.** Acovardado.

aconchegado, -a. adx. Achegado.

acongoxado, -a. adx. Aflixido. **2.** Molesto por algo que pica.

acongoxar. v. Aflixir, angustiar. **2.** Molestar algo porque proe a pel.

aconsellado, -a. adx. Ao que se lle deu consellos.

aconsellar. v. Dar consello. **2.** prnl. Tomar consello de alguén.

acontecemento. s. m. Suceso, feito que acontece. **2.** Problema. **3.** Suceso importante.

acontecer. v. Suceder.

acontrar* → encontrar.

acoplado, -a. adx. Unido.

acoplar. v. Unir dúas pezas ou corpos do xeito que axusten perfectamente entre eles. **2.** Facer rimar.

acoquexado, -a. adx. Collido, envolto un neno cos brazos da mai (Navia).

acoquexar. v. Coller, envolver un neno cos brazos (*A mai acoquexou el neno*), (Navia).

acoquinado, -a. adx. Acurralado.

acoquinar. v. Acovardar. **2.** Acurralar, apertar.

acorar. v. Comezar a chorar; acotorar 3ª acep. **2.** Angustiar. **2.** Quedar parado.

acordanza. s. f. Recordo, memoria dunha cousa.

acordar. v. Decidir de común acordo. **2.** Resolver algo unha soa persoa. **3.** Recordar. **4.** Volver á consciencia despois dun desmaio. **5.** prnl. Traer á memoria. // **Acórdaste de Santa Bárbara *cuando* trona!** Refrán que aconsella que as cousas que se poden facer no día, non se deben aprazar para o seguinte. **2.** Recrimina a aquelas persoas que só piden favores cando precisan axuda de alguén.

acordeón. s. m. Instrumento musical de vento, formado por unha caixa como se fose un fol e con teclas para o son.
Obs. Ás veces no concello de El Franco utilízase con xénero feminino (*A acordeón*).

acordeonista. s. m. Persoa que toca o acordeón.

acordes. adv. Con sensatez, con lóxica (Navia).

acordión* → acordeón.

acordionista* → acordeonista.

acordo. s. m. Trato, unión para un determinado asunto ou cousa. **2.** Recordo, memoria dunha cousa; acordanza. **3.** Idea. **4.** Aviso que se dá dunha cousa pasada ou da que se falou antes. **5.** Consello, opinión. **6.** Decisión, determinación. **7.** Ocorrencia (Eilao). // **Poñer (*poer*, *puer*) el acordo.** Recordar algo a alguén. // ***Tar* dun acordo.** Pensar ou desexar o mesmo dúas persoas. // **Tras de acordo, acordo ben.** Refrán que recomenda a rectificación (Boal, Tapia de Casarego).

acordonar. v. Facer montóns redondos de herba coa empacadora.

acorrado, -a. adx. Coa forma dun círculo.

acorralar. v. Xuntar os peixes nun aparello de pesca para capturalos despois.
Obs. Trátase dun castelanismo.

acorrar. v. Facer un círculo.

acorripado, -a. adx. Dise da castaña metida nunha *corripa* para fermentar.

acorripar. v. Fermentar ou meter as castañas nunha *corripa*.

acorropico. V. empicado.

acortar. V. acortiar 1ª acep.

acortear. V. acortiar 1ª acep.

acortiar. v. Diminuír a cantidade, lonxitude ou duración de algo; reducir. **2.** Perder certa capacidade, como a vista. **3.** Encoller.

acoruxarse* → acuruxarse.

acosar* → acusar 2ª acep.
acostumbrado, -a. adx. Afeito. // **De *acostumbrado*.** Como era habitual (*Como era de acostumbrado*), (Santalla de Ozcos).
Obs. Trátase dun castelanismo.
acostumbrar. v. Facer adquirir un costume ou un hábito. **2.** Ter costume. **3.** prnl. Familiarizarse. **4.** prnl. Afacerse.
Obs. Trátase dun castelanismo.
acotar. v. Poñer límites. **2.** Botar na cara, reprochar. **3.** Asegurar algo. **4.** Prohibir a entrada a unha leira. **5.** Vedar a caza ou a pesca nun determinado espazo. **6.** Traballar axustando ou expresando as condicións con que se vai facer unha cousa (San Martín de Ozcos). **7.** Limar a cota dun obxecto cortante para que quede ben recta (Taramundi).
Obs. Trátase dun castelanismo nalgunhas destas acepcións.
acotexar. v. Xuntar algo e despois amontoalo (Navia).
acotío. adv. A diario, todos os días.
acotorado, -a. adx. Cansado, sen alento (Eilao, Boal).
acotorar. v. Gruñir o cocho de certo xeito. **2.** Deixar sen alento, cansar. **3.** Poñerse a chorar (Boal); acorar.
acoubar. V. acoubillar (Villaión). **2.** V. atotar 9ª acep. // **En febreiro, *acoubo* cedo, en marzo *apigarzo*.** Refrán que alude ao que se fai neses dous meses, recollerse pronto e durmir respectivamente (Allande).
acoubillar. v. Xuntar, reunir, recoller; acubillar, acoubar.
acoudillar. v. Controlar. **2.** Cargar cunha obrigación (Boal). **3.** Mandar, dirixir (Tapia de Casarego).
acougar. v. Tranquilizar, calmar, sosegar. **2.** Quedar quieto (Os Ozcos). **3.** prnl. Resgardarse, abrigarse dun axente atmosférico (Navia).
acougo. s. m. Tranquilidade, calma.
acoutivar. v. Atraer, encantar, seducir, exercer unha forte atracción sobre alguén.
acouxigamento. s. m. Acougo, tranquilidade.
acouxigar. v. Acougar.
acovardado, -a. adx. Cansado, rendido (Taramundi). **2.** Con medo, amedrentado.
acovardar. v. Amedrentar, causar medo. **2.** Avergonzar. **3.** prnl. Mostrar timidez ou vergonza.
acrarar* → aclarar.
acrariar* → aclarar.
actividá. s. f. Dinamismo, vitalidade.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
actuación. s. f. (pl. actuaciois). Acción e efecto de actuar.
actualidá. s. f. Calidade do que é actual.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
acuaderar. v. Chocar dúas embarcacións (As Figueiras). **2.** V. abarloar. **3.** V. atracar 3ª acep.
acualito* → eucalipto.
acuartiar* → cuartiar.
acuberto, -a. adx. Cuberto (Eilao).
acubilado, -a. adx. Deitado (Eilao).
acubilarse. v. prnl. Deitarse (Eilao).
acubillar. v. Xuntar algo ou a alguén protexéndoo ou resgardándoo.
acubixado, -a. adx. Protexido, resgardado.
acubixar. V. acubillar.
acubrir. v. Enterrar o esterco. **2.** Cubrir (Eilao, Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).
acuchuchar. V. acochuchar.
acudillar. V. acubillar.
acudir. v. Ir.
acuitelar. v. Cortar un obxecto cun coitelo. **2.** Desbastar a madeira cunha coitela, como cando se fan as galochas. **3.** Matar ou ferir cun coitelo ou unha navalla.
acuitellar. V. acuitelar.
aculá. V. acolá.
acular. v. Recuar, retroceder, ir cara a atrás.
acullá. V. acolá.
aculló. V. acoló.
acullofer. V. acolofer.
acullú. V. acoló.
acullufeito, -a. V. acolofeito.
acullufer. V. acolofer.
acullugar. V. aculugar.
aculó. V. acoló.
aculú. V. acoló.
aculufer. V. acolofer.
aculugar. v. Colocar ou colocarse no seu lugar.
aculumbrado, -a. adx. Visto, divisado ao lonxe (Castropol).
acumulado, -a. adx. Xuntado en gran número ou en gran cantidade.
acumular. v. Xuntar algo en gran número ou en gran cantidade.
acunar* → arrolar.
acunsellar* → aconsellar.
acuño* → alcuño.
acupado*, -a → ocupado.
acupar* → ocupar.
acurdión* → acordión.
acuridiar. v. Limpar ou amañar unha cousa con coidado.
acuriosar. v. Limpar os sucos. **2.** Ordenar. **3.** Facer algo con coidado. **4.** Limpar, arranxar. **5.** Poñer algo curioso. **6.** V. curiosear.

acuriosiar. V. acuriosar 2ª, 3ª e 5ª acep.; acuridiar.
acurripar* → acorripar.
acurrucado, -a. adx. Encollido.
acurrucarse. v. prnl. Encollerse.
acurrullar. v. Meter o gando no curral (Os Ozcos). **2.** prnl. Xuntarse (*As ovellas acurrúllanse*), (Santalla de Ozcos).
acurtiar. v. Encoller, reducir.
acuruxadín, -a. adx. Aplícase á persoa que encolle o corpo por algún motivo.
acuruxado, -a. adx. Encollido.
acuruxar. v. Emitir a súa voz a curuxa. **2.** prnl. Encoller o corpo para protexerse do frío ou doutra cousa. **3.** prnl. Poñerse de xeonllos. **4.** prnl. Agacharse unha galiña para que a cubra o galo.
acusar. v. Nos xogos de cartas como no tute, manifestar un no tempo oportuno que ten determinadas cartas coas que se gañan certos puntos. **2.** prnl. Confesar un as propias culpas.
acuto. s. m. Palabra que se emprega nos xogos infantís para deter o xogo nun momento e atender a outra cousa.
acuxicar. v. Coxear levemente (Allande).
adala. V. dala 1ª acep.
adaptar. v. Axeitar, acomodar.
adaquén. indef. Alguén (*Ei vén adaquén*), (Boal).
adarme. s. m. Pequena cantidade de calquera cousa. **2.** Medida antiga de peso que equivalía a 179 centigramos.
adatar* → adaptar.
adebanar* → debanar.
adecuñar* → alcuñar.
adefesio. s. m. Aplícase á persoa de mal aspecto (Seares).
adelantado, -a. adx. Aplícase á persoa que vai por diante doutra en calquera cousa. **2.** Aplícase á colleita que vén antes de tempo.
Obs. Trátase dun castelanismo.
adelantar. v. Pasar diante de alguén. **2.** Aumentar, mellorar. **3.** Andar as agullas do reloxo con máis velocidade da normal. **4.** prnl. Vir unha colleita antes de tempo.
Obs. Trátase dun castelanismo.
adelante* → adiante.
adelanto. s. m. Melloría nunha enfermidade. **2.** Progreso, mellora.
Obs. Trátase dun castelanismo.
adelantrar* → adelantar.
adelantre* → adiante.
adelgadar. v. Poñerse delgado. **2.** Diminuír.
adelía. V. avelía 4ª acep.
adelilla. V. avelía 4ª acep.
ademais. adv. A máis de, á parte de. // **Ademais de.** Tamén.
ademán. s. m. Acción, modo ou xesto.
adentro. adv. Dentro. **2.** s. m. Interior.
adeprender. V. aprender.
adestrar. v. Ensinar animais.
adevecer. V. devecer.
adeviar* → adiviñar.
adevín* → adivín.
adeviñar* → adiviñar.
adiante. adv. Máis alá, que está de fronte (Taramundi). **2.** Despois. // **Adiante!** Expresión que se utiliza para dar ánimo, valor. // ***Pra* adiante.** En cantidade (*Pescou truitas pra adiante*).
adiantre* → adiante.
adinamo* → dinamo.
adival. s. m. Corda grosa e longa usada para agarrar ben da carga do carro (Abres, Seares, A Veiga); rello. **2.** Por extensión, corda grosa.
adivía. V. adiviñanza.
adivianza. V. adiviñanza (Villaión).
adiviar. V. adiviñar.
adivín, -ía, -iña. s. m. e f. Persoa que adiviña, bruxo.
adivinancia. V. adiviñanza.
adivinanza. V. adiviñanza.
adivinar. V. adiviñar (Navia, Villaión).
adiviña. s. f. V. adivín, -ía. **2.** V. adiviñanza.
adiviñanza. s. f. Enigma de carácter informal, humorístico, proposto como pasatempo para ser atinado.
adiviñar. v. Predicir o futuro. **2.** Atinar un enigma, unha adiviñanza etc. **3.** Presentir por algunhas cousas algo.
adiviño, -a. V. adivín (Ibias).
adivío. V. adivín.
administrar. v. Gobernar, rexer. **2.** Aplicar os sacramentos.
admirado, -a. adx. Contemplado con asombro ou sorpresa.
admirar. v. Contemplar con emoción e asombro.
adobadeira. s. f. Acción e resultado de adobar.
adobar. v. Condimentar a carne ou o peixe para conservalos.
adobo. s. m. Carne de cocho preparada con allo e outras especias para fritila ou facer chourizos. **2.** Ingrediente para condimentar carnes.
adoecer. v. Aflixirse, doer. **2.** V. adolecer 1ª acep. (Abres).
adoitar. v. Facer unha cousa frecuentemente (*Nun adoito facer tal cousa*).
adoito, -a. adx. Afeito, acostumado. **2.** adv. Frecuentemente, por costume. **3.** s. m. Costume.
adoladeira. s. f. Brosa que se utiliza para facer pipas e cestas.

adolar. v. Labrar a madeira cunha *adoladeira*.
adolecer. v. Rabiar, adquirir a enfermidade da rabia ou hidrofobia. **2.** Enfurecerse, enfadarse.
adomar. v. Facer manso un animal. **2.** Deformarse unha cousa, como a dobra do carro. **3.** Facer brando un material.
adomesticar. v. Amansar un animal para que sexa válido para facer labores para o home.
adormecido, -a. adx. Dise da parte do corpo que non se sente (*El pé tíalo adormecido*).
adormecer. v. Facer durmir. **2.** Quedar durmido. **3.** Comezar a durmir. **4.** Non sentir unha parte do corpo (*Adormeceume o pé*).
adormentado, -a. adx. Cansado, aburrido (Eilao).
adormentar. v. Mover o berce dun neno (Eilao, Abres). **2.** Durmir a alguén; adormecer. **3.** Cansar, aburrir. **4.** Anestesiar.
adormer. V. adormecer.
adormideira. s. f. Planta anual da familia das papaveráceas, de talo oco, erecto, que pode alcanzar máis dun metro de altura. As súas follas son lobuladas e as flores de color rosada, violácea, branca etc., e o froito presenta unha cápsula grande, redondeada ou aplanada (*Papaver somniferum*).
adormigado, -a. adx. Durmido.
adormigar. v. Adormecer, durmir.
adormilar. V. adormigar.
adornado, -a. adx. Con adornos.
adornar. v. Embelecer algo con cousas que o fan máis bonito. **2.** Dicir algo aumentando e embelecendo o asunto do que se fala.
adorno. s. m. Ornamento, o que serve para adornar.
adosado, -a. adx. Dise do que está colocado xunto a outro lado con lado.
Obs. Trátase dun castelanismo.
adosca. s. f. Gando ovino nunha idade entre medio e un ano (Os Ozcos).
adquirido, -a. adx. Obtido. **2.** Comprado.
adquirir. v. Lograr, obter. **2.** Comprar.
adra. s. f. Relación que se facía antigamente dos lugares e da colleita que producían para que se pagasen os impostos.
adral. (pl. adrais, adraes, adrales). V. ladral (Santalla de Ozcos, Ibias). // **Hai que poñerlles *adrales* á tixela.** Expresión que se usa para dicir cando algo é máis grande que unha tixela.
adrede. adv. A propósito, con intención.
adrento* → adentro.
aduana. s. f. Oficina pública dunha fronteira ou porto onde se efectúa o rexistro da importación e exportación de mercancías e do cobro dos dereitos establecidos para a entrada dalgunha delas.
adubar. v. Nun mazo ou nunha forxa, facer un bordo tallado de xeito oblicuo no canto dunha prancha, como cando se fan as ferraduras.
adular. v. Louvar en exceso a alguén.
adulón, -a. adx. (pl. adulois). Que louva en exceso.
adurmecer* → adormecer.
adurmir. V. durmir 1ª acep.
advenimento. s. m. Chegada agardada e solemne, especialmente referida á de Xesucristo ao mundo. **2.** Acontecemento.
advento. s. m. Primeiro tempo do ano litúrxico cristián, como preparación á chegada de Cristo polo Nadal.
adversidá. s. f. Mala sorte. **2.** Situación desgraciada.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
advertencia. s. f. Acción e efecto de advertir.
advertir. v. Observar, notar. **2.** Aconsellar con ameaza para corrixir.
advocación. s. f. (pl. advocaciois). Título dado a unha igrexa, capela etc., por estar dedicada a un santo.
afacanado, -a. adx. Fatigado, cansado (Eilao). **2.** Apurado.
afacanar. v. Traballar con esforzo para conseguir algo (Boal). **2.** Cansar. **3.** prnl. Fatigarse (Eilao).
afacaniado, -a. V. afacanado.
afacedoiro. s. m. Torno (Castropol).
afacerse. v. prnl. Acostumarse, habituarse.
afaer. v. Suxeitar, amarrar (Allande). **2.** prnl. V. afacerse (Allande, Villaión).
afalado, -a. adx. Guiado, movido a facer algo.
afalador, -a. s. m. e f. Persoa que afala.
afalar. v. Animar con palabras ou darlles coa aguillada ás vacas ou aos bois para que tiren do carro ou do arado. **2.** Guiar os bois ou as vacas. **3.** Darlle con algo a unha cabalería para que ande. **4.** Mover, impulsar algo (*El aire afala as trabas del barquín*), (Santalla de Ozcos).
afaldar. v. Empuxar por atrás (Allande).
afamado, -a. adx. Que ten fame.
afamiado, -a. V. afamado.
afamiar. v. Facer pasar fame a alguén.
afamado, -a. adx. Famento.
afamar. V. afamiar (Eilao).
afán. s. m. Fervor, entusiasmo. **2.** Esforzo. **3.** Afección.

afanado, -a. adx. Cansado. **2.** Dise da persoa que ten moito traballo.
afanarse. v. prnl. Traballar sen descanso para conseguir algo.
afanoso, -a. adx. Ansioso, preocupado (*Afanoso de saber*).
afarfallar. v. Falar de xeito rápido sen que se entenda.
afarfullado, -a. adx. Feito con présa.
afarfullar. v. Facer con présa as cousas. **2.** V. farfullar.
afatado, -a. adx. Aplícase á persoa parva.
afatar. v. Aparvar. **2.** Facer a un parvo. // **Un afata, outro ten i outro mira *si vei* (vai) ben.** Dito referido ao xeito de aparellar unha cabalería (Boal).
afatigado, -a. adx. Cansado.
afatigar. v. Cansar.
afaxar. v. Poñer a canterla á galocha; encintar, apreixar. **2.** V. faixar.
afearse. v. prnl. Poñerse feo.
afectar. v. Causar padecemento ou impresión. **2.** Atinxir, concernir.
afecto. s. m. Sentimento de amor ou cariño.
afectuoso, -a. adx. Cariñoso.
afedeiro. V. queiro 2ª acep. (El Franco).
afeitado, -a. adx. Dise da persoa que corta o pelo de calquera parte do corpo.
afeitadora. s. f. Muller que repara as redes de pescar (Tapia de Casarego, Ortigueira).
afeitar. v. Quitar as *barbas* ao millo. **2.** Reparar as redes que se utilizan no mar (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira). **3.** Quitar os pelos, como aos cochos na matanza. **4.** Cortar unha persoa o pelo de calquera parte do corpo. **5.** Cortar algo ben á mesma altura (*Aquella gadaña afeitaba muito*), (El Franco). **6.** Estafar. **7.** Escarmentar.
afeito, -a. adx. Acostumado, habituado.
a feito. loc. Sen consideración, sen escolla. **2.** De principio a fin. // **De a feito.** A feito. **2.** Completamente. **3.** Sen interrupción.
afel* → fel.
afelén* → felén.
afeminado. adx. Dise do home que adopta maneiras de muller.
afer. v. Suxeitar a corda a un gancho do carro ou da albarda para atar a carga. **2.** prnl. Habituarse, acostumarse. **3.** prnl. Coller provisións.
aferras. s. f. pl. Ferraxes compostas de femia e macho que permiten xirar o temón e xuntalo á popa.
aferrar. v. Lanzar un barco a áncora ao fondo do mar para fixalo. **2.** Quedar preso un peixe pola boca cando morde o engado do anzol (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira, Navia). **3.** Pregar e atar as velas dunha embarcación.
aferrullarse. V. ferrullecer (Navia).
aferruñado, -a. adx. Oxidado.
aferruñar. V. ferrullecer (Allande). **2.** prnl. Aferrarse (Allande).
aferventado[1]. s. m. Medicina caseira feita con leite fervido con augardente e mel ou azucre, ou graxa con roxóns con viño ou ron etc., que se usa normalmente para curar as catarreiras.
aferventado[2], -a. adx. Mal fervido ou fervido á présa.
aferventar. v. Ferver á présa.
afetar* → afectar.
afeto* → afecto.
afeuto* → afecto.
afeutoso*, -a → afectuoso.
afiada. V. aguillada 1ª acep.
afiado[1], -a. adx. Que ten fío. **2.** Cortante. **3.** Aguzado, con punta. **4.** s. m. Proceso que fan os ferreiros ás ferramentas de corte despois de temperalas.
afiado[2], -a. V. afillado (Allande).
afiador. s. m. Persoa con oficio ambulante, que coa súa roda afiaba instrumentos cortantes. Normalmente eran galegos (de Ourense) e avisaban cun chifre de madeira de buxo da súa presenza.
afianzador. s. m. Peza metálica que serve para asegurar algo.
afiao. V. afillado (Allande).
afiar. v. Dar ou poñer fío a unha ferramenta ou obxecto cortante. **2.** Sacar punta a un obxecto. **3.** Delimitar os lindeiros dunha leira (Abres).
afición. s. f. (pl. aficiois). Inclinación cara a algo.
aficionado, -a. adx. Aplícase á persoa que ten afección por algo.
aficionarse. v. prnl. Tomar afección ou gusto por algunha cousa.
afilado, -a. V. afiado[1] 1ª, 2ª e 3ª acep.
afilador. V. afiador. // **Al *bon afilador afila* que *afila* pasoulle el sol.** Que un bo afiador con moito traballo pásalle rápido o día.
afilar. V. afiar 1ª e 2ª acep. **2.** V. filar 4ª acep.
afillado, -a. s. m. e f. Persoa que ten un padriño despois do bautizo. **2.** V. fillado. // **Da fogaza del compadre, *bon* pedazo al afillado.** Refrán que critica que se sexa xeneroso con cousas alleas. // **Da fogaza del compadre, *búa* tallada al afillado.** V. Da fogaza del compadre, bon pedazo al afillado. // **Da fogaza del compadre, un *bon* cacho al afillado.** V. Da fogaza del compadre, bon pedazo al

afillado. // **Del pan del meu (de *meo*) compadre, *bon* pedazo al afillado.** V. Da fogaza del compadre, bon pedazo al afillado.

afillar. v. Ser padriño dun neno nun bautizo. **2.** Botar novos brotes unha planta (Boal).

afinar. v. Facer algo con moito coidado. **2.** Perfeccionar unha cousa. **3.** Poñer un instrumento musical no ton xusto.

afincar. v. Chantar algo nunha superficie; fincar. **2.** Apoiar nun sitio para facer forza. **3.** Afirmar ben os pés nun terreo costo (Eilao). **4.** V. fincar 6ª acep. (Ortigueira). **5.** prnl. Apoiarse ao andar nun bastón ou outra cousa (Eilao). **6.** prnl. Quedar a vivir nun lugar.

afinidá. s. f. Relación. **2.** Simpatía. **3.** Semellanza.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

afirmación. s. f. (pl. afirmaciois). Acción e efecto de afirmar, confirmación.

afirmar. v. Asegurar. **2.** Apoiarse facendo forza no chan con algo, como cun bastón.

afisiante* → asfixiante.

afisiar* → asfixiar.

afitado, -a. adx. Adornado, con cintas. **2.** Desgastado. **3.** Dise da besta atada para que non poida pacer.

afitadoira. s. f. Rozadura (San Martín de Ozcos).

afitar. v. Atinar certeiramente no xogo da *bolicha*. **2.** Desbastar, como o liño. **3.** Desgastar. **4.** Subir a un sitio que está alto. **5.** Facer presión coas pernas e os brazos contra un obxecto escorregadizo (Abres). **6.** Tropezar unha cousa contra outra rascando (*A porta afita contra el marco*). **7.** Atar as bestas para que non poidan pacer. **8.** prnl. Tropezar un boi nos xarretes por ter as pernas tortas. **9.** prnl. Rozar unha cousa con outra. **10.** prnl. Rascarse unha res contra unha árbore, o presebe ou outra superficie (Boal, Os Ozcos). **11.** prnl. Adornarse a noiva (San Martín de Ozcos). **12.** prnl. Por extensión, rascarse calquera animal contra algo.

afite. s. m. Puntería no xogo da *bolicha*.

afitón. s. m. (pl. afitois). Instrumento con catro táboas a xeito de coitela para desbastar o liño (Grandas de Salime).

afixado, -a. adx. Asegurado, fixado.

afixar. v. Asegurar, fixar.

aflixido, -a. adx. Triste.

aflixir. v. Causar tristeza ou pena. **2.** prnl. Sentir pena.

aflaquecer* → afraquecer.

afloxar* → afroxar.

afocicar* → afucicar.

afofougar. v. Meter présa (Boal).

afogadizo, -a. adx. Aplícase ao lugar con pouca luz ou ventilación que dá sensación de afogo. **2.** Dise do día de moita calor no que se respira mal. **3.** Sufocante.

afogado, -a. adx. Que morreu por submersión na auga. **2.** Cansado, angustiado. **3.** Que lle falta o aire. **3.** s. m. Acción de somerxer en auga un coitelo, navalla etc., para que abrande a folla. **4.** Dise da peza metálica que somerxe en auga un ferreiro para que abrande a folla. **5.** Dise da nabiza tapada nunha pota para que non se lle vaia a auga cando se fai o caldo (Ibias). // **Calar (*callar*) como un afogado.** Non dicir absolutamente nada.

afogar. v. Matar ou morrer por submersión na auga. **2.** Facer morrer a alguén ou a un animal non deixando que respire. **3.** Apagar o lume. **4.** Somerxer en auga unha navalla, un coitelo etc., para que abrande a súa folla. **5.** Respirar con dificultade. **6.** prnl. Atascarse as moas do muíño ao parar por exceso de gran. **7.** prnl. Sufocarse por ir moita calor. **8.** prnl. Obstruír un obxecto a gorxa. **9.** prnl. Aforcarse (Taramundi). **10.** prnl. Angustiarse moito por algo (*Tá afogado con tantos problemas na casa*). // **Afógote como a un pito!** Expresión de ameaza.

afogonar. v. Botar leña no lume (Allande).

afogueirar. v. Poñerse as plantas murchas por ir moita calor (Boal).

afondado, -a. adx. Fondo, que ten profundidade. **2.** Que está no fondo.

afondar. v. Irse ao fondo, afundirse. **2.** Profundar. **3.** Facer algo máis fondo. **4.** Chegar na auga até o fondo.

afora. V. fóra. // **As aforas.** Lugar apartado do centro.

aforado, -a. adx. Dise do monte, terra etc., que estaban dados en foro.

aforar. v. Dar ou tomar a foro unha leira ou unha zona.

aforcado, -a. adx. Colgado polo pescozo.

aforcar. v. Colgar polo pescozo. **2.** prnl. Suicidarse colgándose polo pescozo.

aforfogado, -a. adx. Oprimido. **2.** Sufocado. **3.** Afrixido. **4.** Feito sen coidado e rapidamente.

aforfogar. v. Oprimir. **2.** Precipitarse, atropelarse, facer unha cousa rapidamente. **3.** Meter présa; afofougar. **4.** prnl. Perderse unha planta como o trigo ou as patacas, polo tempo quente, polo vento ou porque medra de máis.

aforfogón. s. m. Sufocación, irritación ao facer algo como un traballo difícil.

aforfoirado, -a. adx. Sufocado.
aforfugado, -a. V. aforfogado 4ª acep.
aforfugar. V. aforfogar 2ª acep.
aforfugón. V. aforfogón.
aforfullar. v. Facer as cousas á présa sen coidado ningún; afarfullar 1ª acep.
aformentar. V. formentar 1ª, 2ª e 3ª acep.
aformigado, -a. adx. Dise da parte do corpo que queda durmida.
aformigarse. V. formiguexar.
afornigarse. V. formiguexar.
afornigueXar. V. formiguexar.
aforrado, -a. adx. O que aforra.
aforrador, -a. adx. O que aforra.
aforrar. v. Reservar ou gardar algo no consumo ou gasto diarios (*Aforro de gastar*). **2.** Evitar un traballo, unha dificultade, algo. **3.** Coidar a alguén para que non traballe tanto, por mala saúde, protección, trato cariñoso etc. (*Aforra muito al home porque nun tá ben*). // **Aforrar *nun solo* é *guardar*, hai que saber gastar.** Refrán que alude a que de nada serve aforrar se logo non sabemos gastar con sentido.
aforro. s. m. Acción e efecto de aforrar.
aforrón, -a. adx. Agarrado, avaro.
afortunado, -a. adx. Que ten sorte.
afracar. v. Enfraquecer.
afraquecer. v. Perder o sentido, desmaiarse. **2.** Perder o ánimo.
afrescar. v. Refrescar, arrefriar o tempo.
afrixir* → aflixir.
afroxar. v. Diminuír a tensión ou a presión de algo. **2.** Perder forza algo ou unha persoa. **3.** Referido a fenómenos atmosféricos, diminuír en intensidade.
afucicar. v. Remexer ou empuxar a terra co fociño certos animais como o cocho ou o xabaril (Eilao, Allande).
afumacado, -a. adx. Lixeiramente afumado, como o pan no forno (Coaña).
afumada. s. f. Abadexo novo (Tapia de Casarego).
afumado, -a. adx. Cheo de fume. **2.** Anoxado.
afumadoiro. s. m. Caravilla de madeira que se utiliza para enganchar os rellos ao carro (A Veiga, Santalla de Ozcos); queiro 2ª acep. **2.** Enganche de madeira fixo na albarda.
afumador. s. m. Recipiente onde se queima herba seca e cachos de saco cun fol que produce fume para quitar as abellas do trobo, o mel ou castrar os trobos.
afumar. v. Encher de fume algo. **2.** Encher de fume algúns alimentos, como os chourizos, xamóns, lacóns etc. **3.** Encher de fume os trobos para que marchen as abellas. Isto facíase cun cacho de saco ou con trapos enrolados aos que se lle prendía lume e logo soprábase para que saíse o fume. **4.** Secar, curar algo ao lume. **5.** Poñerse da color do fume. **6.** Producir unha mazadura nos ollos. **7.** Como tradición vella, botarlle fume ás cabras e ás ovellas na noite de San Xoán até que esbirrasen. **8.** Poñerse un pouco alegre coa bebida (Tapia de Casarego). **9.** Encher de fume unha vaca despois de parir con follas de loureiro ou unha muller que ten dificultades para botar a placenta no parto con plumas de perdiz (Santalla de Ozcos). **10.** prnl. Anoxarse. // **Afumar as ovellas (cabras).** Costume de encher de fume con uz e toxo verde o rabaño na véspera de San Xoán até que esbirran (Boal). // **Afumarse *as* narices.** Anoxarse.
afumigar. V. fumigar.
afuracado, -a. adx. Con furados.
afuracar. v. Facer furados; afurallar, afurancar, furacar, furar.
afurallar. V. afuracar.
afurancado, -a. adx. Con furados.
afurancar. v. Abrir camiño entre a xente. **2.** V. afuracar.
afurfugado, -a. adx. O que fai as cousas á présa.
afurfugar. v. Facer as cousas á présa.
afuricar. V. furicar (Ibias).
afurquiñar. v. Insistir (Allande).
afusado, -a. adx. Dise do que ten forma de fuso (Allande).
afusar. v. Dar forma de fuso a unha cousa (Allande).
afusilar. v. Fusilar.
aga. V. agá[1] // ***Aga* que.** V. agá que.
agá[1]. prep. Excepto. **2.** A non ser que, a menos que. **3.** Senón que. // **Agá que.** E non, a non ser, pero non.
agá![2]. interx. Oxalá! (Eilao).
agabitar. V. abordelar. **2.** Remolcar algo para axudarlle a saír ou subir.
agachapado, -a. adx. Escondido, agachado.
agachado, -a. adx. Dise de quen está coa cabeza cara a abaixo ou o corpo dobrado pola cintura. // **Ás agachadas.** En segredo (Castropol).
agachar. v. Baixar, inclinarse. **2.** Referido a obxectos, aplanarse.
agacho. V. gacho (Abres).
agacgupado, -a. adx. Escondido (Allande).
agachuparse. v. prnl. Esconderse (Allande).
agadañar. v. Cortar a herba dun prado coa gadaña.

agadañeiro. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes do barrio de El Campillín, en Cecos (Ibias).
agafado, -a. adx. Cansado de algo, farto, como de comer papas (San Martín de Ozcos).
agafar. v. Cheirar. **2.** Marearse cun olor. **3.** Dificultar a respiración. **4.** Cansar de algo, como dunha comida (Boal, Navia). **4.** Quentar moito o sol (Allande).
agaldrapo. adx. Dise do animal moi fraco (Navia).
agalla. s. f. Órgano respiratorio dos peixes que funciona utilizando o osíxeno disolvido nas augas; galaxa 1ª acep.
Obs. Trátase dun castelanismo.
agallar. v. Afalar as vacas ou os bois. **2.** Animar, estimular. **3.** prnl. Traballar con satisfacción.
agallas. s. f. pl. Valor, valentía.
agallo. s. m. Forza, ánimo. **2.** Agrado, gusto, satisfacción.
agalloso, -a. adx. Aplícase á persoa que ten forza para facer cousas ou traballar. **2.** O que ten ánimo.
agamado. adx. Aplícase ao cocho que ten as sedas para atrás.
agancelar. v. Cortar a gancela (A Veiga).
agarabatado, -a. adx. Dise do que ten letras ou trazos mal feitos.
agarabatar. v. Coller a herba ou as oucas co *garabato*; garabatar, garabatiar.
agarabatiar. V. garabatar 1ª acep.
agardar. V. aguardar (Abres).
agarra. s. f. Pelexa (San Martín de Ozcos).
agarrada. s. f. Pelexa, disputa acalorada. **2.** Enfermidade sexual (Navia).
agarradeira. s. f. Parte saínte dun obxecto que serve para collelo ou levalo. **2.** Favor ou influencia con que un conta.
agarradeiro. V. agarradeira 1ª acep.
agarradella. s. f. Rifa, pelexa (Boal).
agarrado, -a. adx. Collido coa man. **2.** Avaro, ruín. **3.** Aplícase ao baile no que as parellas se moven collidas. **4.** Persistente, duradeiro (*Teño un catarro agarrado*, *Ten muita suciedá mui agarrada*). // **Ser máis agarrado que a bóla dun *pasamaos*.** Ser moi agarrado.
agarrador, -a. s. m. e f. Persoa que suxeitaba o cocho para poder matalo.
agarrar. v. Coller ou suxeitar coa man. **2.** Coller con forza algo. **3.** Coller unha enfermidade. **4.** Quedar unha femia preñada polo macho. **5.** Trabar un can (*Esos cais agarran*). **6.** Botar raíces unha planta. **7.** Medrar, coller altura algo. **8.** Abarcar, comprender. **9.** Considerar, pensar (*Agarróuol así*), (Negueira de Muñiz). **10.** prnl. Pelexar, rifar. **11.** prnl. Valerse de algo ou alguén.
agarre. V. agarradeira 2ª acep.
agarredeira* → agarradeira.
agasallar. v. Tratar con atención e cariño.
agasallo. s. m. Acción e efecto de agasallar. **2.** Regalo, obsequio.
agatar. v. Subir, gabear (Allande).
agatuado, -a. adx. Escondido, agachado.
agatuarse. v. prnl. Esconderse (Castropol).
agatuñar. v. Subir como os gatos ou as persoas ás árbores, paredes etc. (A Veiga, Allande). **2.** V. esgarduñar 3ª acep.
agazapado, -a. adx. Escondido.
agazapar. v. Coller algo á présa. **2.** Coller unha persoa algo de xeito rápido e pouco legal (Tapia de Casarego). **3.** Esconderse.
agazapiar. V. agazapar 1ª e 2ª acep.
agoa. s. f. Cacho de ferro que se pega ao mazo para reforzalo despois do desgaste que este sofre.
agobiar. v. Inclinar a parte superior do corpo cara á terra. **2.** Deprimir, abater.
agoirado, -a. adx. Dise da persoa superficial. **2.** Aplícase á persoa molesta, pesada. **3.** Adiviñado. **4.** Infeliz. **5.** Canso, aburrido.
agoirar. v. Cansar, aburrir, amolar, molestar. **2.** Adiviñar.
agoiro. s. m. Presaxio supersticioso, normalmente de carácter catastrófico. **2.** adx. Dise da persoa molesta pola súa forma de ser ou polo seu comportamento. **3.** Ser mitolóxico, pai de todas as repugnancias e antipatías (Boal). **4.** adx. V. alloiro (Coaña, Tapia de Casarego).
agoirón, -úa. V. alloiro.
agoitar. v. Ver, axexar.
agoitiar. V. agoitar.
agolsar. v. Vomitar (Allande).
agomar. V. agomiar.
agomiar. v. Andar as abellas en trobos ou troncos baleiros para poñer un novo enxame.
agomitar. V. gomitar.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
agonía. s. f. Dolor grave dun moribundo. **2.** Estado que precede á morte. **3.** Sufrimento.
agora. adv. Neste momento, nesta hora. **2.** adv. Hai pouco tempo. **3.** adv. Dentro de pouco. **4.** conx. Xa. **5.** conx. Pero. // **Agora ben.** Pero, tendo en conta. // **Agora que.** Pero.
agorar. v. Devecer, desexar. **2.** Botar as cartas, adiviñar.
Obs. Trátase dun castelanismo.
agordar* → aguardar.

agoreiro, -a. s. m. e f. Persoa que cre en agoiros ou atina con eles.
Obs. Trátase dun castelanismo.

agosto. s. m. Oitavo mes do ano. // **Agosto mollado, nabo furado.** Refrán que alude a que se chove en agosto se perde a colleita de nabos (Villaión). // **El que en agosto i *setembre nun* dá cebada, en *novembre* i *decembre* queima a albarda.** Refrán que indica que se neses meses non hai colleita de cebada, nos outros dous non se poden alimentar as cabalerías. // **En agosto, dálle co trocho.** Refírese a que é tempo de mallar o cereal. // **En agosto secan os montes, en *setembre* arden as fontes.** Refrán meteorolóxico. // **Facer el agosto.** Facer un bo negocio. // **Primeira noite de agosto, primeira noite de inverno.** Refrán que se refire a que no mes de agosto xa comezan a minguar os días. // **Primeiro día de agosto, primeiro día de inverno.** Refrán meteorolóxico. // **Se vén un agosto pardo, poucas castañas irán aos furados. Se vén un agosto claro, *bon* magosto i *bon* nabo.** Refrán que indica cal é o tempo axeitado que ten que facer en agosto, para que haxa despois unha boa colleita de castañas e nabos no outono. // **Tras el agosto vén el outono.** Refrán referido ao tempo.

agotar. v. Cansar. **2.** Consumir.

agra. s. f. Planta herbácea da familia das crucíferas, que pode acadar de vinte a noventa centímetros de altura, con follas formadas por outras pequenas lanceoladas e flores brancas e pequenas. Ten un sabor picante, tómandose crúa en ensalada e as súas follas que teñen iodo se consideran depurativas e antiescorbúticas. Medra nas beiras dos regueiros, ríos e lugares húmidos (*Nasturtium officinale*), (Boal).

agraciado, -a. adx. Dise do cabelo ondulado.

agradable. adx. Dise do que alegra, gusta, satisface.

agradabre. V. agradable.

agradar. v. Compracer, contentar.

agrado. s. m. Satisfacción, gusto.

agradecemento. s. m. Acción e efecto de agradecer. **2.** Gratitude.

agradecer. v. Mostrar ou sentir gratitude por alguén.

agradecido, -a. adx. Que sente gratitude por alguén.

agramadeira. s. f. Obxecto que serve para *agramar* ou mazar o liño.

agramar. v. Mallar o liño para separar o talo da cápsula.

agramiar. V. agramar.

agrandar. v. Facer máis grande unha cousa, aumentar.

agraria. s. f. Imposto que pagan os traballadores do campo.

agredir. v. Atacar. **2.** Ferir física ou espiritualmente a unha persoa.

agremán. s. m. Labor de pasamanería, en forma de cinta, usado para adornos e gornicións nas vestimentas.

agresario* → igresario.

agresión. s. f. (pl. agresiois). Acción e efecto de agredir.

agretado, -a. adx. Con gretas.

agria. V. agra (Boal).

agría. V. agrín.

agriar. v. Poñerse algo acedo.

agrio. V. agro. **2.** s. m. Acidez.

agrín. s. m. Acidez.

agrisado, -a. adx. De color tirando a gris.

agro, -a. adx. Acedo. **2.** Pesado, cansado. **3.** Dise da persoa con mal carácter.

agrobo. V. amorolo (Villaión).

agrumar. v. Botar grumos un líquido.

agruño. s. m. Cirola silvestre; cerollo.

agrura. s. f. Sabor acedo.

agua. V. augua (Allande).

agúa. V. agoa.

aguacento, -a. V. aguachento (Allande).

aguachento, -a. adx. Chea de auga, normalmente aplicado á froita.
Obs. Trátase dun castelanismo.

aguacil. V. auguacil 1ª e 2ª acep.

aguadeiro. V. auguadeiro.

agudo, -a. adx. Mordaz, ofensivo (Tapia de Casarego).

aguada. V. auguada (Allande).

aguadía. s. f. Pus (Allande).

aguamala. V. augamala.

aguantar. v. Resistir, soportar. **2.** Facer rápido un traballo. **3.** Tolerar algo molesto. **4.** Suxeitar (Castropol, Tapia de Casarego, Santiso de Abres). **5.** prnl. Reprimirse, conterse.

aguante. s. m. Acción e resultado de resistir, soportar.

aguapar. v. Poñerse guapa unha persoa ou poñer guapo algo; aguapecer, enguapecer. **2.** Rexuvenecer a cara dunha persoa co tempo.

aguapecer. V. aguapar 1ª acep.

aguardar. v. Esperar.

aguardente. V. auguardente.

aguardenteiro. s. m. Persoa que se dedica a facer augardente.

aguarón, -a. adx. Dise da persoa con avaricia e cobiza. **2.** V. peixe sapo (As Figueiras).

agucharse. v. Agacharse, encollerse (Navia).

agudo, -a. adx. Traballador, disposto (Tapia de Casarego).

agueira. adx. Aplícase á vaca coa parte traseira estreita.

agueiro. s. m. Conxunto de gotas de auga que quedan no beirado dun lousado; augueiro 7ª acep. **2.** V. augueiro 1ª acep. (Navia).

agüeiro. s. m. Presaxio; agoiro 1ª acep.

aguia. V. aigla (San Martín de Ozcos).

aguichón. s. m. No torno, pé grande que está encaixado na mesa, cunha parte que sobresae chamada o *cabizón* e que sostén a *intachada*. **2.** (pl. aguichois). No torno, cada un dos dous picos de ferro, un encaixado no cabo superior do *cabizón* e o outro no do pé do propio *aguichón*. Son os puntos de apoio que marcan ademais o eixe do xiro, e nos que encaixa a peza para tornear.

aguilete. s. m. Prisma de madeira que lle falta un lado e con dúas fendeduras, que serve para serrar cunha determinada medida (San Martín de Ozcos).

aguillada. s. f. Vara para afalar ou alindar os animais, feita normalmente de abeleira e rematada nunha púa de ferro. **2.** V. caxato.

agüillada. V. aguillada.

aguillado, -a. adx. Dise do que se pica coa punta dunha aguillada.

aguillar. v. Dar coa aguillada aos bois ou as vacas para que anden. **2.** Por extensión, estimular a alguén para que actúe.

aguilloleiro, -a. s. m. e f. Persoa que pesca ou vende *aguillolos*.

aguillolo. s. m. Molusco bivalbo da familia dos solénidos, de dez a quince centímetros de lonxitude e cuncha parda e curvada en forma de sabre. Vive en fondos de lama e area, onde fai galerías de até un metro de profundidade. É de carne moi apreciada (*Ensis ensis*). **2.** V. aguillolo negro (Tapia de Casarego). **3.** Lugar calizo e moi húmido onde se afunde unha persoa ou un animal de xeito doado. // ***Aguillolo* branco.** V. aguillolo (Tapia de Casarego). // ***Aguillolo* del penedo.** Molusco lamelibranquio, bivalvo, con cuncha oval, que pode acadar os quince centímetros de lonxitude, con coloración branca amarela ou branca agrisada. As súas valvas son iguais e lisas (*Pholas dactylus*), (As Figueiras). // ***Aguillolo* negro.** Molusco lamelibranquio bivalvo da familia dos solénidos, con cuncha duns doce centímetros de lonxitude, longa e estreita, con valvas moi semellantes e de color parda (*Solen marginatus*), (As Figueiras).

aguillón. s. m. (pl. aguillois). Punta metálica do pau con que se aguilla. **2.** Púa que teñen algúns animais como varios insectos, peixes ou arácnidos. **3.** Leira que se sitúa a contrapendente (Os Ozcos). **4.** Por extensión, aguillada. **5.** Lingua das cobras.

aguilluada. s. f. Golpe que se dá coa aguillada ou cun obxecto que ten unha púa nun dos seus extremos. **2.** Picadura dunha abella.

aguilluar. V. aguillar.

aguilón. s. m. (pl. aguilois). Viga de madeira que forma as arestas dos lousados a catro augas de hórreos, *paneras* e casas.

aguilote. s. m. Viga de madeira que forma as arestas do lousado dun hórreo (Santalla de Ozcos); aguilón.

aguinaldeiro. s. m. Cada un das persoas que nos Reis ou noutras festas van cantando en grupo de casa en casa para que lles dean un aguinaldo.

aguinaldo. s. m. Regalo. **2.** Canto de Reis ou doutras festas que se cantaba con careta e acordeón (Allande). **3.** Canto dos aguinaldeiros (San Martín de Ozcos).

aguinzadoiro. V. canigueiro (Ibias).

aguinzar. V. abanicar 1ª acep. (Ibias).

aguión. s. m. Pau grande que serve para coller as troitas que están nos furados dos ríos.

agüír. V. oír (Allande).

aguixa. V. guixa.

aguixar. v. Lanzar movendo o brazo coa intención de gañar terreo no xogo da *bolicha*. **2.** Facer caer os froitos das árbores coa punta dunha vara. **3.** Furar nun pozo do río cun pau baixo as pedras para que saian as troitas (Eilao, Abres). **4.** Remexer coas mans ou cun utensilio nalgún furado ou lugar para que saia un animal. **5.** V. aguillar 1ª e 2ª acep.

agulla. s. f. Peza metálica que serve para coser, bordar, tecer ou calcetar. **2.** Carne das costelas dianteiras do gando vacún. **3.** Peza metálica que se coloca no reloxo ou noutros instrumentos musicais para marcar. **4.** Peza metálica dunha xiringa. **5.** No carro, tipo de cravo de cabeza ancha e curvada con que se atravesan as cintas das rodas dos carros para suxeitalas á parte lateral das cambas. **6.** Nas ventás das casas tradicionais, son as dúas pedras que se sitúan aos lados dos marcos de madeira. **7.** Nun mazo,

peza de madeira que suxeita a *terula*. **8.** Brote das árbores ou das plantas (Allande). **9.** Parte anterior do lombo dunha res vacúa. **10.** Folla do piñeiro (Villaión). **11.** Peixe osteíctio beloniforme, de corpo alongado e estreito, que pode medir até uns setenta e cinco centímetros de lonxitude. As súas mandíbulas son alongadas e agudas. O dorso é de color azul escura ou verdeal, cos laterais prateados e o abdome de color pálida (*Belone belone*), (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco). **12.** Peixe osteíctio singnatiforme, da familia dos singnátidos, que pode acadar os corenta e cinco centímetros de lonxitude, co corpo alongado e delgado, boca pequena e color parda escura ou verdeal ou ás veces con bandas claras e ventre claro (*Syngnathus acus*), (As Figueiras). **13.** Peixe osteíctio singnatiforme, da familia dos singnátidos, que pode acadar os trinta centímetros de lonxitude, co corpo con placas óseas que forman aneis como na especie anterior, fociño moi comprimido e coloración moi variable, sendo normalmente de tons grises e verdes con manchas máis escuras (*Syngnatus typhle*), (As Figueiras). **14.** Peixe osteíctio singnatiforme, da familia dos singnátidos, que pode acadar os vinte e cinco centímetros de lonxitude, co corpo delgado, lixeiramente comprimido e cabeza pequena con fociño de igual lonxitude ao resto da cabeza. O corpo está formado por aneis óseos e ten unha única aleta, a dorsal. A súa coloración é parda verdeal co ventre máis pálido (*Nerophis ophidion*), (As Figueiras). **15.** Peixe osteíctio singnatiforme, da familia dos singnátidos, que pode acadar os quince centímetros de lonxitude, co corpo longo e delgado de sección redondeada, cabeza pequena e corpo formado por aneis óseos e unha única aleta, a dorsal. A súa coloración é parda verdeal co ventre máis pálido e manchas grises (*Nerophis lumbriciformis*), (As Figueiras). **16.** Peixe osteíctio singnatiforme, da familia dos singnátidos, que pode acadar os trinta centímetros de lonxitude, co corpo alongado e delgado con aneis, boca pequena e aleta dorsal única. A súa coloración é parda escura ou amarela con bandas claras ou vermellas e ventre claro (*Nerophis aequoreus*), (As Figueiras). // **Agulla de cego.** Agulla cun furado máis aberto para que enfíe mellor.

agullada. s. f. Conxunto de puntos que caben nunha agulla de calceta. **2.** Cantidade de fío que se pon a unha agulla. **3.** Ferida producida por unha agulla (Boal). **4.** Marca ou percorrido que vai deixando unha agulla ao coser. **3.** Puntada moi longa.

agullar. v. Calcetar ou tecer con agullas. **2.** Nacer a herba ou os cultivos en prados e terras sementadas (Eilao, Allande, Navia).

agulleiro. s. m. Peza de madeira con tapón, ás veces torneada, que serve para gardar as agullas e alfinetes. **2.** Pequena almofada onde se cravan as agullas e os alfinetes. **3.** adx. O que se estreita ou remata en punta. **4.** Verme de color marrón. **5.** Herba anual ou bienal da familia das xeraniáceas, de follas inferiores dispostas en roseta, talos moi glandulosos e ascendentes, flores liliáceas e pequenas, e froito rematado nun longo pico. Ten propiedades medicinais (*Erodium moschatum*). **6.** Peza de madeira cun furado que serve para apoiar a agulla de tecer (Allande).

agulleta. s. f. Cordón que servía para suxeitar pezas de roupa como o corpiño. **2.** Dolor muscular debida a un exercicio corporal violento, maniota. Na medicina tradicional eonaviega curábanse con leite quente con azucre antes de deitarse.

agulletado, -a. adx. Dise cando as follas de millo están enroscadas pola seca. **2.** Cosido con agullas. **3.** Suxeito con cordóns.

agulletar. v. Meter os cordóns do calzado ou o xustillo nos furados onde se atan. **2.** Enrolarse as follas da planta do millo pola calor.

agulleto. s. m. Furado dun calzado ou dun xustillo para meter os cordóns. **2.** Obxecto metálico con que se reforzan os furados das pezas de roupa nas que se atan os cordóns do xustillo, do calzado etc.

agumitar* → gomitar.

agurgullado, -a. adx. Que lle entrou o gurgullo.

agurgullar. v. Entrar o gurgullo nos froitos.

agurruñado, -a. adx. Encollido.

agustina. s. f. Marea viva de outono.

aguzado, -a. adx. Afiado, agudo.

aguzar. v. Sacar punta ou fío a algunha ferramenta ou utensilio (*Aguzar as galochas*). **2.** Poñer atención, entendemento ou sentido. **3.** Afiar o veo dun hórreo (Ibias, Vilanova de Ozcos).

ah! interx. Indica sorpresa, ameaza, admiración, alegría etc. **2.** Voz que se emprega para chamar a atención de alguén (*Ah! Ramón*).

ah, ho! interx. Voz que se emprega para chamar a atención dunha persoa.
ahomada. adx. Aplícase á muller que adopta comportamentos dun home.
ai[1]. s. m. Intre.
ai![2] interx. Expresa dolor ou queixa, ameaza, alegría, contrariedade etc. **2.** s. m. Laio. // ***Nun* ai.** En pouco tempo.
ai, ho! interx. Expresa sorpresa, admiración, chamada, ameaza, certa indiferenza etc.
aí. adv. Nese lugar; ei, eí. // **Aí *tá.*** Así é, esa é a cuestión.
aía. s. f. Peza de ferro do muíño que xunta o extremo superior do varón á pedra de enriba para que este rode (Serandías).
aier* → onte.
aición* → acción.
aiga. V. aigla (Os Coutos, El Valledor, San Martín de Ozcos). **2.** V. bixato 1ª acep. (Os Ozcos).
aigla. s. f. Nome xenérico que se aplica ás aves do xénero *Aquila*, da familia dos accipítridos ou dos falconiformes, caracterizadas por ser diúrnas, carnívoras, de distintos tamaños segundo a variedade, peteiro curto, ganchudo e agudo, co que esgazan as presas, patas musculosas de poutas arqueadas e afiadas e uns órganos moi desenvolvidos, especialmente a vista. Son grandes voadoras, con plumaxes pouco vistosas, as partes ventrais claras e os dorsais escuros, castaño ou negro. Entre elas temos *Aquila chrysaetos*, *Hieraaetus fasciatus*, *Hieraaetus pennatus*, *Circaetus gallicus*, *Pandion haliaetus* etc.
aiguela. V. aigla (Allande).
aiguelo. s. m. Nome común que se aplica a varias especies de aves da orde dos falconiformes, da familia dos accipítridos, pertencentes ao xénero *Circus*. Teñen o corpo e a cola alongados, ás ás tamén alongadas pero non agudas como os falcóns, e o seu voo é baixo (*Circus sp.*), (San Martín de Ozcos).
aiguelón. (pl. aiguelois). V. aguilón (El Valledor).
aiguila. V. aigla (Allande).
ailí. V. alí.
ailló. V. aló (Sarceda-Boal).
ainda. V. aínda.
aínda. adv. Indica que unha acción se está producindo e que pode continuar ou non no futuro. **2.** conx. De carácter concesivo. **3.** Mesmo, incluso. **4.** Case. **5.** Ademais. // **Aínda así.** A pesar diso. // **Aínda non ben.** Expresa temporalidade. // **Aínda que.** No caso de que.
aiquí. V. aquí.
aira. V. eira.
airada[1]. s. f. Conxunto de cereais que hai nunha eira.
airada[2]. s. f. Vento forte.
airado[1]. V. eirado.
airado[2], -a. adx. Cheo de ira, anoxado.
aire. s. m. Mestura de gases que compoñen a atmosfera terrestre. **2.** Vento. **3.** Semellante. **4.** Garbo, donaire. **5.** Presunción, orgullo. // **Aire de *baxo*.** Vendaval (Eilao). // **Aire de riba.** Aire do sur. // **Coller un aire.** Arrefriarse. // **Darse un aire.** Asemellarse, parecerse. // **El aire de San Martín chega *asta* el fin.** Refrán meteorolóxico de novembro. // **En aire.** Sen ter contacto co chan ou con pouco apoio nel. // **Fáltalle primeiro el *agua* al aire que el fillo á madre.** Refrán que indica figuradamente que despois do vento, vén a chuvia. // **Polo aire.** Rapidamente. // **Ser del tempo del aire.** Ser unha cousa ou un asunto moi vellos. // ***Tar* que *lo* lleva el aire.** Estar delgado (Boal).// **Tíralle del aire.** Expresión que se utiliza para dicirlle a alguén que non teña esperanzas en conseguir algo. **2.** Refírese á inutilidade de resolver unha cuestión. **3.** Expresa admiración diante de algo que é negativo, moi complicado ou sorprendente.
airear. v. Poñer algo ao aire, ventilar.
airiar. V. airear.
airín. s. m. Aire débil.
airón. s. m. Aire forte.
aixada. s. f. Ferramenta agrícola formada por unha pa de ferro colocada perpendicularmente nun dos extremos do mango (Taramundi).
aixado. s. m. Sacho con pa para cavar no monte.
aixadón. s. m. (pl. aixadois). Aixada de gran tamaño.
aixo. s. m. Dolor producida por unha mancadura.
aixó! interx. Expresa satisfacción.
aixola. s. f. Ferramenta propia dos carpinteiros que se utiliza para desbastar a madeira, composta por unha prancha de ferro aceirada e cortante e por un mango curto. // **Aixola (*axola*) de aplanar.** Ferramenta de mango curto con dúas *bocas*, unha con forma de martelo e outra de prancha, que se emprega para alisar a madeira e cravar puntas ou cravos. // **Aixola de *covar*.** V. aixola de galocheiro. // **Aixola (*axola*) de galocheiro.** Ferramenta con mango curto de madeira, con cabeza arqueada composta por un ollo no centro e dúas

bocas aceiradas nos dous lados, estreitas e alongadas, rematadas nun fío cortante, un recto e outro en forma de media lúa. // **Aixola de zoqueiro.** V. aixola de galocheiro.

aixola! interx. Expresa satisfacción cando unha persoa aterecida ten a sensación de calor.

al[1]. (pl. aos). Contracción da preposición *a* e o artigo masculino singular *el*. V. ao.

al[2]. Pronome persoal átono de terceira persoa, feminino singular (*Soltóual, Non sei se al tará golpiando*), (Os Coutos).

al[3]. Contracción entre a preposición *a* e o pronome persoal masculino singular *el* (*Ese era el cine al que íbamos*).

al[4]. Contracción entre a preposición *a* e o artigo neutro *el* (*Nun lle chamamos nada al que falamos*).

ala. s. f. Membro do corpo das aves e insectos para voar. **2.** Membro natatorio dos peixes; aleta 1ª acep. (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco). **3.** Cada unha das partes metálicas cortantes da cabeza dun tarabelo dispostas en forma helicoidal. **4.** Aleta dorsal dun peixe.

ala! interx. Usada para animar, chamar. **2.** Utilizada para facer andar ao gando vacún.

alá. adv. Naquel lugar, a aquel lugar. **2.** Noutro tempo, xa sexa pasado ou futuro.

alabancia. s. f. Loanza.

alabancioso, -a. adx. Presumido.

alabarinto. s. m. Alboroto, desorde (Abres).

alabasca. s. f. Carracha con forma aplanada (*Ixodes sp.*), (Boal).

alabear. v. Curvarse ou torcerse unha madeira, unha táboa, unha ventá etc. (Grandas de Salime); empenar.

alabeo. s. m. Curva ou torsión nunha madeira, nunha táboa etc. (Grandas de Salime).

alacarán. V. alacrán (Villaión).

alacenia. V. lacena (Coaña, Navia).

alaceno. V. lacena (Santalla de Ozcos); laceno.

alacrán. s. m. Nome xenérico que se dá a varias especies de animais que se consideran perniciosos para a agricultura ou que teñen veleno ou están en estado larvario. **2.** Insecto ortóptero da suborde dos ensíferos, da familia dos grilotálpidos, de 40-50 milímetros de lonxitude, co primeiro par de patas axeitado á escavación de galerías no chan, ocasionando danos nas raíces e nas patacas (*Gryllotalpa gryllotalpa*). **3.** Aplícase a varios vermes de insectos lepidópteros de varias colores (mouros, tirando a verdes e amarelos), grandes e con moitas pugas ou cun aguillón na parte de atrás. Entre eles está o *Heterogynis penella*. **4.** Nome común dos insectos hemípteros da familia dos népidos, do xénero *Nepa*. A súa forma recorda á dun escorpión, moi aplanado. Andan lentamente polo fondo da auga de regueiros e pozas, sendo doados de identificar polo tubo respiratorio que teñen ao final do corpo. A súa picadura, relativamente dolorosa, non ten efectos duradeiros. **5.** Persoa mala.

alador. s. m. Peza mecánica que permite izar as redes (Navia).

alagado, -a. adx. Inundado.

alagar. v. Encher ou encherse de auga unha terra (*A peza alagou*), (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos); anagar 2ª acep. **2.** Afogar (*A pouco máis alagamos*), (Santalla de Ozcos).

alagostado. V. lagostado 1ª e 2ª acep.

alairado, -a. adx. Algo tolo; alauriado. **2.** Con présa.

alambicado, -a. adx. Complexo, intricado (Eilao).

alambicar. v. Lamber unha cousa completamente. **2.** Acabar un asunto. **3.** Amañarse unha persoa moito.

alambique. s. m. Aparello para destilar líquidos, normalmente de cobre ou aceiro.

alambrar. v. Poñer un *alambre*.
Obs. Trátase dun castelanismo.

alambreira. s. f. Conxunto de fíos metálicos que pechan unha leira.
Obs. Trátase dun castelanismo.

alambre. s. m. Fío de calquera metal.
Obs. Trátase dun castelanismo.

álamo. s. m. Nome común de varias especies do xénero *Populus*, da familia das salicáceas. Son árbores caducifolias, con follas anchas, flores pequenas pouco vistosas e froito en cápsula (*Populus sp.*).

alampar. v. Ter moita sede. **2.** Desexar moito unha cousa.

alante* → adiante.

alantre* → adiante.

alantrón. adv. Lonxe (Allande).

alanzar. V. gomitar.

alapariar. v. Botar algo chamas de lume.

alar. v. Voar (Boal).

alargado, -a. adx. Estendido. **2.** Aumentado en lonxitude ou distancia.

alargamento. s. m. Acto e efecto de alongar.

alargar. v. Prolongar, estender. **2.** Aumentar a distancia ou a lonxitude. **3.** Retardar, demorar.

alargas. s. f. pl. Tea que se deixa nas pezas de vestir ao coselas e que permite despois alongalas.
alastrar. v. Tirar polo chan.
alauriado, -a. adx. Tolo, parvo (Tapia de Casarego).
alauriar. v. Aparvar (Castropol).
alaxa* → alhaxa.
alaxar. v. Sufocarse por causa dun esforzo (Taramundi).
alazán. adx. e s. m. (pl. alazais). Dise do cabalo que ten a pelaxe de color da canela.
alba. s. f. Primeira luz do día. // **Vir el alba.** Comezar a amencer.
albacora. s. f. Peixe osteíctio escómbrido, de corpo esvelto e fusiforme, aínda que algo máis gordo que o bonito común. A segunda aleta dorsal e a anal son iguais e simetricamente dispostas, mentres que a primeira dorsal é falciforme. Ten varias listas lonxitudinais por debaixo da liña lateral e a parte superior do corpo é de color azul verdeal (*Euthynnus pelamys*), (As Figueiras, El Franco). **2.** Peixe osteíctio perciforme da familia dos túnidos, duns sesenta centímetros de lonxitude, co corpo alongado, escamas que forman unha coiraza na parte dianteira, dúas aletas dorsais moi separadas e unha anal pequena. A súa coloración é azulada escura con bandas que tiran a negro (*Auxis thazard*), (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira). **3.** Peixe osteíctio perciforme da familia dos escómbridos, semellante ao atún, aínda que de menor tamaño (pouco máis dun metro) e co corpo sen escamas, agás a rexión anterior. O dorso é azul agrisado e os lados e o ventre prateados con algunhas manchas escuras entre as aletas peitorais e as abdominais (*Euthynnus alleteratus*), (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco).
albadiar. v. Clarexar o tempo despois dunha tormenta.
albadío. s. m. Tempo con vento quente e suave.
albadioso, -a. adx. Aplícase ao tempo seco e claro.
albanzar. v. Escampar (Allande).
albarda. s. f. Aparello de coiro que se pon as bestas de carga no lombo para poder montar nelas. **2.** Vestimenta humana.
albardado, -a. adx. Cuberto de neve (Allande).
albardar. v. Zurrar (Allande).
albardeiro, -a. s. m. e f. Persoa que facía, amañaba ou vendía albardas, *molidas*, selas ou estribeiras. **2.** adx. Aplícase á persoa que fai chapuzas. **3.** adx. e s. Alcume popular dos habitantes de Vilaboa (A Pontenova). // **El albardeiro mete palla i saca *dieiro*.** Refrán que alude a que te poden enganar nun asunto. // ***Pra* ser albardeiro, hai que nacer entre albardas.** Refrán que alude a que para coñecer ben un oficio hai que nacer nunha familia con esa tradición.
albardín. s. m. Aparello para montar unha cabalería ou para levar certas cargas.
albardón. s. m. Aparello máis alto que unha albarda e normalmente de mellor calidade. **2.** Albarda grande.
albaricoque. s. m. Froito da *albaricoqueira*, de color amarela laranxa ou algo vermella, drupa redondeada, pel con pelo e carne doce.
albaricoqueira. s. f. Árbore caducifolia da familia das rosáceas, de cinco a oito metros de altura, coa cortiza escura e a copa redondeada. As súas follas son cordiformes, algo coriáceas e de bordos denticulados. As flores, brancas ou rosadas, nacen illadas e aparecen antes que as follas (*Prunus armeniaca*).
albaricoqueiro. V. albaricoqueira (Navia).
albarín. s. m. Variedade de uva branca redonda (Eilao, Ibias).
albecer. V. albeicer (El Franco).
albedreiro. V. érbido (Santalla de Ozcos).
albedro. s. m. Froito do *érbido* (Santalla de Ozcos). **2.** V. érbido.
albeicer. v. Clarexar o ceo.
albeirada. s. f. Acto de facer *albeiros*.
albeirado, -a. adx. Dise da persoa que fai *albeiros* na noite de San Xoán. **2.** Dise do obxecto, gando etc. que se esconde na noite de San Xoán.
albeirar. v. Cambiar de lugar ou esconder os apeiros de labranza aos veciños na noite de San Xoán ou San Pedro. **2.** Facer trasnadas os nenos (El Franco).
albeiro. s. m. Estrago. **2.** Broma. **3.** Neno inquedo, que fai trasnadas. **4.** s. m. pl. Falcatrúas que se fan na noite de San Xoán ou San Pedro ou na Pascua cambiando de lugar ou escondendo apeiros, ceibando o gando, sacando as *carretas* dun *vasadoiro* e deixándoas colgadas dunha árbore, facendo espantallos etc. **5.** s. m. pl. Falcatrúas que fai o trasno. **6.** s. m. pl. Espaventos.
albeitar. V. albeite.
albeite. s. m. Persoa que cura as enfermidades dos animais sen ter titulación ningunha.
albeiter. V. albeite.
albeitra. V. albeite.

albeitrar. v. Facer de albeite.
albeitre. V. albeite. **2.** Por extensión, enfermidade repentina (Castropol).
albelo. s. m. Neno listo e astuto. // ***Tar albelo.*** Estar listo, vivo (Santalla de Ozcos).
albeluga. s. f. Espazo pequeno de tempo nun día nubrado no que desaparecen as nubes e clarexa; abeluga.
albencia. s. f. Claridade do ceo. **2.** Momento dun día chuvioso cando clarexa o ceo.
albenciar. v. Clarear o ceo despois de chover (Navia).
albentestate. loc. adv. Sen garantía ningunha, ao que saia. **2.** Que non fixo testamento. **3.** De calquera xeito. **4.** Ao aire libre.
albízoras. s. f. pl. Mostras de alegría. **2.** Recompensa que se dá por unha boa noticia.
alborada. s. f. Amencer (Navia). **2.** Composición musical que se toca ao abrir o día, como a *Alborada de Veiga* que se tocaba no concello de Tapia de Casarego a finais do século XIX e principios do XX nos festexos tradicionais.
albórigo. s. m. Mala herba de tamaño grande (Tapia de Casarego); alborio.
alborio. V. albórigo.
alborotado, -a. adx. Conmocionado, alterado.
alborotar. v. Facer ruído ou barullo.
albruño. s. m. Xogo de nenos en que un pon as mans pechadas e o outro ten que adiviñar en cal delas está unha pedra escondida, recitando "*albruño*, *abre el puño*" (Castropol).
alburgada. s. f. Mentira.
alburgueirada. s. f. Acto propio dunha persoa que conta mentiras.
alburgueiro, -a. adx. Aplícase á persoa que conta mentiras. **2.** Dise da persoa mala no seu oficio. **3.** Aplícase á persoa que anda con enredos e chismes. **4.** Dise da persoa que fai cousas sen sentido ou se mete en negocios sen futuro.
alcacel. s. m. Cereal que se labra xunto e se sega cando está verde, usándose como forraxe para o gando, sendo normalmente unha mestura de plantas gramíneas; alcacén, arcacel.
alcaceleira. s. f. Lugar onde se labra o *alcacel*.
alcacia* → acacia.
alcalde. s. m. Presidente dun concello municipal. // **Alcalde de barrio.** Pedáneo. // **Alcalde novo, todas son leis.** Refrán que se utiliza cando se considera que cun alcalde novo aparecen novas inxustizas (Castropol).
alcallaniar. v. Andar fóra da casa.
alcallanieiro, -a. V. alcallano.
alcallano, -a. adx. Dise da persoa que lle gusta estar fóra da casa.
alcance. s. m. Capacidade, talento, intelixencia.
alcacén. V. alcacel.
alcacer. V. alcacel.
alcanfor. s. m. Substancia sólida, cristalina, branca, de cheiro forte, que se usa como repelente contra algúns insectos.
alcantarilla* → sumideiro.
alcanzar. v. Percibir cos sentidos. **2.** Xuntar, igualar ou superar ao que está diante. **3.** Coller ou tocar algo que está separado dun. **4.** Entender, ser capaz de, pensar.
alcipreste* → ciprés.
alcoba. s. f. Cuarto da casa que se utiliza para durmir.
alcohol. s. m. Líquido incoloro, transparente, inflamable e de cheiro forte, que se obtén da destilación do viño e doutras substancias fermentables.
alcol. V. alcohol.
alcontradizo*, -a → encontradizo.
alcontrar* → encontrar.
alcordeón* → acordeón.
alcordión* → acordeón.
alcordionista* → acordeonista.
alcuñar. v. Poñer un alcume a unha persoa ou casa.
alcuño. s. m. Nome popular ou despectivo que se pon a unha persoa ou a unha casa.
alcurdión* → acordeón.
aldaba. s. f. Peza metálica que se colga na porta e serve para chamar petando con ela (Castropol); picaporte 1ª acep.
aldabarra. V. andabarra (Taramundi).
aldea. s. f. Conxunto de casas, máis pequeno que unha vila pero maior que un casarío, caracterizado por ter poucos habitantes. **2.** Conxunto de casas que forman unha parroquia. **3.** Ás veces, é sinónimo de lugar.
aldear. V. aldiar 1ª acep.
aldiadeiro. s. m. No trobo, furado por onde entran e saen as abellas.
aldiar. v. Saír e entrar frecuentemente as abellas do trobo. **2.** Orientarse as abellas cando saen do trobo. **3.** Moverse moito dun sitio a outro sen ver resultados nun traballo que se está facendo (Eilao). **4.** Moverse moito as abellas nas flores (San Martín de Ozcos).

aldio. s. m. Ruta que toman as abellas cando saen do trobo.
aldo. s. m. Brío intenso dunha colmea (*Ten muito aldo*). **2.** V. aldio.
aldromada. s. f. Conto, chisme. **2.** Mentira.
aldromeirada. s. f. Acción de dar, comprar ou vender cousas da casa sen dicilo.
aldromeirar. v. Gustar dos contos e chismes. **2.** Dar, comprar ou vender unha muller cousas sen dicir nada ao marido. **3.** Gobernar unha muller a casa sen que o saiba o seu marido.
aldromeiro, -a. adx. Aplícase á persoa mentireira e contista; andromeira. **2.** Dise da muller que goberna a casa sen que o saiba o seu marido; almetrueira, almotrueira.
aldromeironzúa. V. aldromeira.
aldromera* → aldromeiro.
aldromiar. V. aldromeirar 2ª acep.
alduño. s. m. Xogo de nenos por parellas, consistente en adiviñar en que man puidera ter o compañeiro un botón, unha moeda, unha pedra, fabas, castañas, abelás, alfinetes etc., dicindo: *"Alduño! / Abre el puño! / Sobre contas? / Sobre (número que se di) i dámas"*. Se acerta gaña o que hai dentro da man, pero se se fai con varios obxectos e non atina paga a diferenza.
ale! interx. Úsase para dar ánimo, présa, para rematar un asunto que xa non interesa etc. (*Ale, ídevos por ei!*).
alegrar. v. Producir alegría. **2.** Poñer ou poñerse alegre. **3.** Traballar cunha legra (Santalla de Ozcos); legrar.
alegre. adx. O que ten ou manifesta alegría. **2.** Divertido.
alegría. s. f. Sensación de gozo e contento.
aleirado, -a. V. alairado.
aleitar. v. Dar de mamar, dar leite (Eilao, Allande).
alello. s. m. Cana de bidueiro que se emprega para limpar o gran na eira (Allande).
alén. adv. Máis alá, do outro lado (Os Ozcos).
alentar. v. Respirar, normalmente de xeito forte.
alento. s. m. Aire expulsado ao respirar. **2.** Acción de respirar. // **Corta el alento!** Expresión que se usa cando algo é inhabitual.
aleño. adx. Alegre, ledo (El Franco). **2.** Fino (Boal).
aleta. s. f. Membro natatorio dos peixes (As Figueiras, Ortigueira). **2.** Cada un dos dous madeiros curvos que forman a popa dunha embarcación (Castropol, Tapia de Casarego, El Franco, Coaña). **3.** Parte dunhas tenaces.
alexar* → alonxar.
alezna* → lezna.
alfaia. s. f. Enxoval dunha casa, normalmente referido aos tecidos de moito valor e de adorno, como colchas, cortinas etc. ou as xoias.
alfaiate. s. m. Xastre.
alfalfa. s. f. Planta vivaz da familia das papilionáceas, duns trinta centímetros a un metro de altura e raíz penetrante, con talos delgados e erectos, follas trifolioladas e flores azuladas ou violáceas e froito en legume (*Medicago sativa*).
alfalfeira. s. f. Terreo sementado de alfalfa.
alfanfeira* → alfalfeira.
alferecía. s. f. Epilepsia (Grandas de Salime).
alfaremes. s. m. pl. Trastos, roupa vella, cousas sen importancia. **2.** Vestimentas que chaman moito a atención. **3.** Figuradamente, utensilios de traballo (*Vou aquí con todos os alfaremes*), (Santalla de Ozcos).
alferga. s. f. Dedal de coiro cunha parte metálica, aberto polos dous extremos, que se coloca no dedo para empuxar a agulla de coser.
alfergo. s. m. Copa pequena.
alfergo, -a. adx. De pouco valor, ruín.
alferguín. V. alfergo.
alfiler. s. m. Pequeno cravo metálico aguzado por un lado e con cabeza polo outro. // ***Alfiler* de *candado*.** Alfinete que se pode abrochar. // ***Alfiler* de *cul* mouro.** Alfinete que ten unha punta negra na cabeza. // ***Alfiler* de monxa.** Alfinete metálico que ten a cabeza pequena. // ***Alfiler* monxo.** V. Alfiler de monxa.
alfogar* → afogar 1ª acep.
alfolín. s. m. Barullo. **2.** adx. Aplícase á persoa que non acouga en ningún lugar.
alfonil. s. m. Almacén pequeno, normalmente desordenado.
alforga. V. alforxa.
alforxa. s. f. Bolsa dobre para levar cousas ao lombo ou enriba dun animal para transportar cousas. **2.** Peto. // **Sacar os pés das alforxas.** Expresión que se utiliza para indicar que unha persoa deixa unha postura discreta e di o que realmente pensa. // **Sete nuha alforxa i sete noutra, tanto pesan uha coma outra.** Refrán que explica que á hora dunha elección tanto dá unha cousa coma outra. // ***Si* vas a Penouta ou vas á Garganta nin deixes a alforxa nin**

deixes a manta. Expresión que indica que eses dous portos de montaña se caracterizan por ser moi fríos.

alforxada. s. f. Carga ou contido dunha alforxa. **2.** Cantidade grande de diñeiro.

alforxar. v. Meter algo nunha alforxa. **2.** Aforrar (Boal). **3.** prnl. Abrigarse (Navia).

alforxeiro, -a. s. m. e f. Persoa que facía ou vendía alforxas.

alforxois. s. m. pl. Tubérculo que medra espontaneamente en terreos rochosos (Grandas de Salime).

alforxón, -úa. s. m. e f. Alforxa grande.

algaramón. s. m. (pl. algaramois). Nome xenérico que se dá a varias plantas da familia das leguminosas, que medran entre os cereais (como o trigo) subindo por eles, ou nas beiras dos camiños, na bouza etc. Teñen follas pequenas, vaíñas delgadas, sementes negras e redondas e flores de variadas colores: violáceas, rosadas, brancas, amarelas etc. (*Vicia sp.*). **2.** Semente negra que aparece entre as lentellas (Castropol). **3.** Planta herbácea da familia das gramíneas, perenne e rastreira, de follas planas e espigas violáceas (*Cynodon dactylon*).

algaraván. s. m. Ave caradriforme da familia dos escolopácidos, que pode acadar case os sesenta centímetros de lonxitude, con tronco longo e forte, pescozo alongado e flexible, cabeza grosa e breve e peteiro moi longo e curvado cara a abaixo en forma de sabre. As ás son longas e estreitas, a cola ten forma de cuña e as patas son altas e finas. A plumaxe é agrisada ou parda, con listas (*Numenius arquata*), (El Franco, Coaña). **2.** Ave caradriforme da familia dos escolopácidos, duns corenta centímetros de lonxitude, coas partes superiores máis escuras e peteiro algo máis curto, máis torto que curvado e con listas (*Numenius phaeopus*), (El Franco, Coaña).

algarear. v. Andar sen traballar.

algareiro, -a. adx. Dise do que lle gusta falar.

algariar. V. algarear.

algarieiro, -a. adx. Aplícase ao neno revoltoso, inquedo. **2.** Dise da persoa que lle gusta folgar.

algazara. s. f. Alboroto, rebumbio.

algo. Indefinido que expresa unha cousa oculta ou descoñecida ou unha cantidade ou calidade imprecisa. **2.** adv. Un pouco. // **De algo.** Algo, algunha cousa.

algodón. s. m. (pl. algodois). Nome común de diversas especies do xénero *Gossypium*, da familia das malváceas, das que se obtén a fibra téxtil do mesmo nome. Trátase de plantas vivaces, herbáceas ou arbustivas, cunha altura que pode acadar os seis metros, con raíz longa, talo erecto e ramificado e follas lobuladas. As flores son amarelas e despois rosas e o froito ten o tamaño dun ovo de galiña con filamentos brancos, amarelos ou tirando a verde (*Gossypium sp.*). **2.** Produto ou tea feito con esta planta.

algueiro* → argueiro.

alguén. Indefinido que indica unha referencia a unha persoa indeterminada. // **De alguén.** Alguén.

algún. (f. algunha, alguha; pl. algús, alguhos, algunhos, algúis, algunhas, alguhas). Indefinido que como forma adxectiva fai referencia imprecisa do substantivo ao que acompaña. // **De algún.** Algún.

alhaxa. s. f. Xoia. **2.** Persoa ou animal con boas calidades. **3.** Mala persoa.
Obs. Trátase dun castelanismo.

alhaxar. v. Adornar con xoias.
Obs. Trátase dun castelanismo.

alí. adv. Naquel lugar. // **De alí a un *bocadín*.** En pouco tempo.

alicate. V. alicates.

alicates. s. m. pl. Ferramenta con forma de tenaces con puntas redondas ou chatas que serve para diversos labores.

alicornio. V. unicornio. // ***Augua* de *alicornio*.** Auga que empregaban as bruxas para desfacer *embruxos* ou facer conxuros, como nos partos (Coaña).

alicorno. s. m. Corno usado para facer unha bebida medicinal ou máxica para curar *embruxos*, mal de ollo ou trabaduras de cobras (Villaión).

alifafe. s. m. Chaga ou tumor das patas das bestas (Taramundi). **2.** Desgraza (Castropol).

alifaña. s. f. Ferida pequena.

alifaz. s. m. (pl. alifaces). Cobertor. **2.** Doenza habitual de pouca gravidade. **3.** Tumor ou vexiga das cabalerías nos xarretes (San Martín de Ozcos).

áliga. V. aigla (Villaión, Eilao).

aligote. V. pancho picudo 1ª acep. (Tapia de Casarego, Navia). **2.** Cría do *pancho picudo* (Tapia de Casarego).

alimentar. v. Dar ou proporcionar alimento.

alimento. s. m. Substancia nutritiva para o organismo.

alimoso. s. m. Peixe osteíctio muxiliforme, da familia dos muxílidos, duns corenta e cinco centímetros de lonxitude, coa boca pequena e os beizos grosos. Ten unha mancha dourada en cada opérculo e

dúas aletas dorsais abondo separadas (*Mugil auratus*), (As Figueiras).

alimpadoira. s. f. *Aventadora* mecánica (San Martín de Ozcos).

alimpar. v. Separar os grans da palla ao vento cun cribo (Vilanova de Ozcos). **2.** V. limpar 1ª acep.

alimpas. s. f. pl. Residuos de palla longa e grosa, espiga, gran sen quitarlle a casca etc., que quedan dos cereais que se criban (San Martín de Ozcos).

alindador. V. lavandeira 1ª acep. (Eilao). **2.** Home que coida o gando mentres pace.

alindadeiro. V. alindeiro.

alindar. v. Coidar o gando mentres pace. **2.** Educar. **3.** Procurar que o gando non pase dos lindeiros dunha propiedade a outra próxima (Boal). **4.** Coidar un neno. **5.** Pegar, golpear. **6.** Facer que o gando paste. **7.** Rifar. // **Alindar (*allindar*) (de) ceibe.** Coidar o gando, deixándoo solto. // **Alindar el cabrito.** Pasarlle a unha persoa un enfado. // **Alindar el monte.** Coidar o gando no monte. // **Alindar pola corda.** V. Alindar preso. // **Alindar (*allindar*) (de) preso.** Coidar o gando suxeitándoo cunha corda á cornamenta.

alindeiro. s. m. Sitio onde se alinda o gando.

alingadoiro. V. canigueiro (San Martín de Ozcos).

alingar. V. abalar 1ª acep. **2.** V. abanicar 1ª acep. (Verducedo, San Martín de Ozcos).

alingó-lingole. s. m. Xogo de nenos que consiste en coller entre dous a outro polas mans e os pés, abalándoo e dicindo: "alingó-lingole, / enterremos a este *probe*, / este *probe nun* ten (ou non vale) nada, / *enterrémoslo* nuha furada (ou na *corrada*)" ou "alingole, alingole, / al enterro da raposa, / que morreu por ser golosa", ou "alingore, gore, / enterremos este *probe*, xa que *nun* ten nada, / *enterrémosle* na *corrada*" ou "ingori, ingori / enterremos a este *probe*. / Este *probe nun* ten nada, / vaia, vaia *prá* furada".

alingole. V. alingó-lingole.

alingole-ingoli. V. alingó-lingole (Navia).

alingolin-gole. V. alingó-lingole.

alingón. V. abalón.

alingore. V. alingó-lingole. **2.** Acto de levar un obxecto colgado dun pau (Coaña, San Martín de Ozcos).

alingore-gore. V. alingó-lingole.

aliniación. s. f. Acción e efecto de aliñar ou aliñarse.
Obs. Trátase dun castelanismo.

aliñado, -a. adx. Que ten liñas (Os Ozcos).

aliñar. v. Ordenar, compoñer, amañar (Eilao).

aliñonar. v. Pasar un *liñón* por unha rede de pescar (Tapia de Casarego).

alisado, -a. adx. Parvo.

alistado. V. albacora 1ª acep. (As Figueiras, Tapia de Casarego, Ortigueira).

aliviadoira. s. f. No muíño, mecanismo consistente nunha panca de ferro ou madeira que, desde o interior do muíño, permite graduar a separación entre as moas, para moer o gran máis ou menos gordo.

alivio. s. m. Loito de color gris ou branca e negra xuntas, gardado normalmente por familiares non directos. **2.** V. aliviadoira. **3.** Diminución dun mal físico ou moral. **4.** Acción de empregar a *aliviadoira* no muíño (*Darlle alivio al molín*).

alixeirar. v. Quitar peso, descargar. **2.** Acelerar. **3.** Cagar.

allá. V. alá.

allabeira. s. f. Herba perenne da familia das ranunculáceas, de follas coriáceas, con flores pouco abertas, verdes e amarelas, e froito con sementes negras e ovoides. De carácter medicinal, serve para curar enfermidades epidémicas do gando, especialmente do cocho (*Helleborus foetidus*), (Grandas de Salime).

allacrán. V. alacrán.

allagostada. adx. Dise da pataca atacada por un tipo de vermes (Boal); lagostado 2ª acep.

allagostar. v. Resecar o sol, como as patacas (Coaña).

allalga. s. f. Obxecto que se atopa nun terreo, normalmente de importancia ou de restos dun naufraxio. **2.** Restos que deixa a marea na praia (Castropol). **3.** Persoa ou neno astutos ou maliciosos; pardelo.

allambicar. V. alambicar.

allambrar. v. Poñer un aro no fociño aos cochos para que non focen; anillar.
Obs. Trátase dun castelanismo.

allampar. V. alampar. **2.** Levar algo, roubar (*A raposa allampou cuha pita*).

allampriar. v. Quitar algo con forza.

allandés, -a. adx. e s. m. e f. Natural de Allande. **2.** Pertencente ou relativo ao concello de Allande.

allandino*, -a → allandés.

allangostado, -a. V. allagostada (Boal). **2.** Dise do terreo, terra, cultivo etc. cheo de langostas.

allantrón. adv. Moi lonxe (Villaión).

allanzar. V. alanzar.

allargado, -a. V. alargado.
allargamento. V. alargamento.
allargar. V. alargar.
allargaretado, -a. V. alargado (Boal, El Franco).
allargas. V. alargas.
allarido. s. m. Berro de dolor ou de alegría, normalmente moi agudo.
allastrado, -a. adx. Pisado, esmagado (Allande).
allastrar. v. Esmagar, pisar (Allande).
allegar. v. Citar algo como proba ou xustificación (Tapia de Casarego).
allegrar. V. alegrar 1ª e 2ª acep. (El Franco).
allegría. V. alegría (Navia, El Franco).
alleirar. v. Preparar a terra para facer leiras.
alleiro. s. m. Terra ou lugar sementados de allos. **2.** Persoa que cultiva allos (San Martín de Ozcos). **3.** Colleita de allos. // **Tantos días pasan de *xeneiro*, tantos allos perde el alleiro.** V. Tantos días van de xineiro, tantos nabos perde de alleiro. // **Tantos días van de *xineiro*, tantos nabos perde de alleiro.** Refrán que indica que para ter unha boa colleita de allos hai que plantalos en xaneiro.
alleitar. V. aleitar (Eilao, Boal, Villaión, Allande).
allén, -ía. adx. Pertencente a outro, non propio. // **El que *tá* en casa *allía*, se *tá* ben, que se *tía*.** Refrán que indica que o que está en casa allea e está a gusto, pois que quede.
alleo, -a. V. allén (Taramundi).
allí. V. alí.
alliado* → aollado.
allimpar. v. Separar o gran das impurezas cunha peneira.
allín. s. m. Diminutivo de allo.
allindadeiro. V. alindeiro.
allindadora. s. f. Muller que alinda o gando.
allindar. V. alindar 1ª, 3ª e 6ª acep.
allindeiro. V. alindeiro.
allingar. V. abalar 1ª acep.
allingón. V. abalón.
alliniación. (pl. alliniaciois). V. aliniación (El Franco).
Obs. Trátase dun castelanismo.
allixeirar. V. alixeirar.
allo. s. m. Planta da familia das liliáceas, que produce un bulbo redondeado, composto de varios dentes brancos ou algo rosados, envoltos por unha membrana fina. As follas son moi longas, lineais e planas. O talo mide de 20 a 50 centímetros de lonxitude e cando florece encórvase en círculo. As súas flores son brancas ou vermellas e utilízase para guisar, condimentar e para certos pratos (*Allium sativum*). **2.** Bulbo desta planta, que é comestible. // **Allo porro.** Allo silvestre. // **El allo profundo i a *cebolla vindo* el mundo.** Refrán que alude a que á hora de plantalos, o allo ten que estar máis profundo e a cebola cerca da superficie. // **El que se pica, allos come.** Refrán que indica que quen se sente ofendido por algo é porque está implicado nese asunto (Castropol).
alló[1]. V. aló.
alló![2] interx. Expresión que serve para chamar ao que está lonxe, indicar sorpresa, admiración ou lástima, como fórmula de cortesía etc.
alloiro, -a. adx. Dise da persoa que molesta a outra con ruído, coa voz, co xeito ou insistencia ao falar etc. (Coaña).
allombar. v. Levar algo no ombro (Allande).
allóme! V. alló!
allongar. V. alargar.
allonxar. V. alonxar (Boal, El Franco).
alloquecer. v. Volverse tolo de pena ou alegría; relloucar.
allou[1]. V. aló (Coaña).
allou![2] interx. Expresión que serve para chamar a alguén co que se ten confianza (Eilao).
alloumiñar. V. aloumiñar.
alloureado, -a. V. alouriado 1ª e 2ª acep.
allourear. V. alouriar (Navia).
allouriado, -a. V. alouriado 1ª, 2ª e 3ª acep.
allouriar. V. alouriar.
allourio. V. alloiro (Coaña).
alluada. V. aluada.
alluado, -a. V. aluado 3ª acep. (El Franco, Coaña).
allugar. V. alugar.
allumado, -a. V. alumado.
allumar. V. alumar 1ª, 2ª, 3ª e 4ª acep.
allustar. V. empalmar.
alma. s. f. Substancia espiritual. **2.** Principio vital dos seres vivos. **3.** Persoa. **4.** Táboa de pouco porte posta de xeito vertical que serve para tecer as varas dunha sebe. **5.** Parte principal dalgunha cousa. // **De *muita* alma.** De moitas cousas importantes (*Coa conversa entendéronse de muita alma*). // **Parecer un alma en pena.** Estar triste. // **Róncalle a alma!** Expresa sorpresa. // ***Si* é alma que *sía pra Dios*.** Refrán que alude á bondade. // **Zúmballe el alma!** Expresa sorpresa ou indignación.

almacén. s. m. (pl. almaceis). Construción que serve para gardar alimentos, utensilios etc. **2.** V. chabola 3ª acep.
almacenista. s. m. Persoa encargada de levar un almacén.
almanaque. s. m. Rexistro cos meses e días do ano e outros datos diversos (fases da lúa, santoral, ditos, refraneiro etc.).
almario* → armario.
almatroste* → armatoste.
almazarrón. s. m. Terra ou barro de color vermella, que servía para pintar paredes ou madeira, mollar as cordas das *falcas* para cortar coa *serra de aire* etc.
almestranzo. s. m. Desperdicio, resto de algo que non serve (Allande). **2.** Resto vexetal que non ten utilidade (Allande).
almetreira. V. almetrueiro 1ª acep.
almetrón, -úa. adx. Dise da persoa que lle gustan os chismes.
almetruada. s. f. Zarapallada, enredo, chisme (Seares).
almetruar. v. Negociar, vender, dar ou comprar algo escondéndose dos demais, normalmente referido a unha muller. **2.** Gobernar mal unha muller a casa ocultando cousas ao seu home. **3.** Andar unha muller con chismes ou enredos.
almetrueiro, -a. adx. Aplícase á muller que negocia sen que o saiba o marido, para gastar en beneficio propio, como en bebida, caprichos etc. **2.** Aplícase á muller que oculta cousas da casa ao seu home para facer o que lle peta. **3.** Persoa que anda con chismes e enredos; almotrueiro. **4.** Zarapalleira (Seares).
almexa. s. f. Órgano xenital feminino. **2.** Por extensión, órgano xenital da cocha.
Obs. Trátase dun castelanismo.
almídola* → amígdala.
almilla. s. f. Especie de chaleco de baeta amarela con mangas.
alministrar* → administrar.
almirado* → admirado.
almofía. V. palancana.
almohada. s. f. Especie de saco cheo dunha substancia mol, normalmente utilizado para recostar a cabeza ao durmir.
Obs. Trátase dun castelanismo.
almohadón. s. m. Almofada grande.
Obs. Trátase dun castelanismo.
almoñaco* → amoníaco.
almorranas. s. f. pl. Tumor sanguíneo na parte exterior do ano ou do recto.
Obs. Trátase dun castelanismo.
almorzar. v. Tomar a primeira comida do día. **2.** Comer ao mediodía, xantar (Añides, Boal, Eilao, Ibias).
almorzo. s. m. Primeira comida do día, normalmente era leite, cachelos, sopas de millo ou de pan de trigo. **2.** Comida do mediodía (Añides, Boal, Eilao, San Martín de Ozcos).
almotrar. V. almetruar 1ª acep.
almotroada. s. f. Negocio que se fai secretamente.
almotroeira. V. almetrueiro 1ª acep.
almotruar. V. almetruar 1ª acep.
almotrueiro, -a. V. almetrueiro 1ª e 3ª acep.
almuadillo. s. m. Carne picada e adobada para facer os chourizos (Pezós).
Obs. Trátase dun castelanismo.
almufía* → almofía.
almuhada. V. almohada.
almuhadón. V. almohadón.
aló. adv. Indica un lugar apartado ao que fala, pero máis impreciso que alí. // **Aló de.** Do outro lado de. // **De aló de.** Máis aló de. // **Máis aló.** Aínda máis lonxe. // **Volver aló (*alló*).** Reincidir.
alobado, -a. adx. Dise do animal que lle trabou un lobo (San Martín de Ozcos).
aloleado, -a. adx. Tolo. **2.** Mareado.
alolear. v. Perder por un momento as facultades mentais. **2.** Marearse despois de dar moitas voltas.
aloliado, -a. V. aloleado.
alolico. s. m. Froito da *aloliqueira*, de corpo esférico, granuloso, vermello por fóra e amarelo por dentro. É de sabor agradable, pero cando se comen moitos producen borracheira. **2.** V. aloliqueira.
alolién. s. m. Mareo.
aloliqueira. V. érbido.
alomar. V. enlomar.
alombar. v. Arar a terra deixando entre suco e suco un espazo maior que de xeito normal. **2.** Tomar unha cousa forma de lomba. **3.** Transportar algo ao lombo (Allande). **4.** Amontoar, cargar.
alomenos. adv. Polo menos.
alón! interx. Expresa conformidade e paciencia diante dunha desgraza (Allande, Villaión). **2.** Equivale a Que se vai facer! ou Non hai máis que dicir! (*Éche un milagre i alón*).
alondra* → calandra.
alóndrega* → lóndriga.
alóndriga* → lóndriga.
alongado, -a. adx. Estendido, prolongado.
alongar. V. alonxar.
alontriga* → calandra.
alonxar. v. Distanciar, apartar.
alorar. v. Xoncer unha vaca e unha xata de xeito que quede menos xugo desde el *cambón* á vaca que á xata porque tira máis a vaca (Castropol).

alorias. s. f. pl. Mentiras, enredos (*Déixate de alorias*). **2.** Pezas para colgar algo (Grandas de Salime). **3.** Contos, chismes (Eilao, Abres, Boal). **4.** Desculpas, queixas. **5.** adx. Dise do rapaz revoltoso (Allande).
alorico. V. alolico 1ª acep.
aloriqueira. V. érbido.
alouleado, -a. adx. Mareado.
aloulear. v. Marearse (*Aloulei hai un pouquín*), (Santalla de Ozcos).
alouliado, -a. V. alouleado.
aloumiñar. v. Mimar, acariciar.
aloumiño. s. m. Caricia.
alouriado, -a. adx. Aplícase á persoa que ten a cabeza afectada por un ruído ou barullo forte. **2.** Tolo, aparvado. **3.** Dise da persoa angustiada por ter moito traballo.
alouriar. v. Aparvar a un cun ruído ou barullo forte, molestar. **2.** Marearse.
alourias. adx. Dise da persoa molesta.
alouxado, -a. adx. Dise do material ou pedra coas características dunha lousa (San Martín de Ozcos).
aloxamento. s. m. Acción e efecto de aloxar ou aloxarse.
aloxar. v. Hospedar, dar pousada. **2.** prnl. Hospedarse.
alpaca. s. f. Paquete compacto e atado, especialmente de la, palla, herba ou algodón en rama prensados.
Obs. Trátase dun castelanismo.
alparagata. s. f. Tipo de calzado de tea e planta de cánabo.
alpargata. V. alparagata.
alpeirada. s. f. Conversa, parola (El Franco).
alpeirar. v. Relacionarse de xeito amigable cunha persoa. **2.** Coincidir cunha persoa.
alpeirate. s. m. Lugar alto para poñer os apeiros ou outras cousas.
alpeirato. V. alpeirate (Allande).
alpende. s. m. Armario vello ou que non se usa. **2.** V. alpendre.
alpendre. s. m. Construción adxectiva da casa que serve para gardar apeiros de labranza ou maquinaria agrícola. **2.** Armazón de madeira para poñer cousas como a comida (Seares).
alprende* → alpendre 1ª e 2ª acep.
alquitara. s. f. Alambique.
alquitareiro. s. m. Persoa que fai ou vende alambiques.
alrededor* → alredor.
alredor. adv. No espazo que rodea algo. **2.** Case, pouco máis ou menos. **3.** s. m. Contorna. // ***Alredor* da camada busca a fornada.** Refrán que indica que o cereal, especialmente o trigo, que queda dereito preto do que cae é o de mellor calidade. // ***Alredor* de.** Acerca de. // **Os *alredores* (arredores).** Cerca.
alsa! interx. Emprégase para expresar ánimo ou para acompañar o esforzo que se realiza ao erguer unha cousa de certo peso.
altafarra. V. atafal 1ª acep. (Villaión, Navia).
altalavela (a). V. altaravela (a).
altar. s. m. Ara sobre a que se celebra a misa. **2.** Mesa sobre a que se coloca a ara.
altaravela (a). loc. Berrando.
alteiro. s. m. Lugar elevado (El Franco).
alterarse. V. alteriarse.
alteriarse. v. prnl. Inquietarse, poñerse nervioso.
altexo, -a. adx. Bastante alto (Boal).
alto, -a. adx. Aplícase ao que está máis elevado que a terra ou outra cousa. **2.** De estatura elevada. **3.** s. m. Altura, montaña. // **Alto i al *baxo* (al).** s. m. Xogo infantil que consistía en que os nenos debían poñerse todos en alto fóra do chan e en sitios diferentes; pero o último tiña que poñerse en alto onde estaba outro, que, á súa vez, debía baixar e buscar outro lugar. O neno que estaba en alto era o que estaba perdendo e debía poñerse en alto o máis rápido posible.
altoallandés, -a. adx. e s. m. e f. Natural da zona da Serra ou Verducedo (Allande). **2.** Pertencente ou relativo a esta zona.
altomático* → alfiler.
altor. s. m. Altura.
altruán, -a. V. altruaneiro.
altruanar. V. algarear.
altruaneiro, -a. adx. Aplícase á persoa que está ociosa e non quere traballar.
altruar. V. algarear.
altrueiro, -a. v. altruaneiro.
altura. s. f. Elevación que ten algo sobre a terra ou outras cousas. **2.** Montaña, monte. **3.** Altitude. **4.** Estatura dunha persoa, animal etc. **5.** Profundidade. **6.** Parte do mar que está a moita distancia da costa.
aluada. s. f. Toleada.
aluado, -a. adx. Influenciado pola lúa. **2.** Maniático, raro. **3.** Que sofre loucura, tolo.
alugar. v. Poñerse nun lugar axeitado. **2.** Atopar un lugar para estar. **3.** Acougar.
alumado, -a. adx. Iluminado.
alumar. v. Dar luz, iluminar. **2.** Golpear, pegar. **3.** Estar embarazada unha muller.

4. Entregar diñeiro ou outra cousa a unha persoa por un favor que se lle pediu.

alumbreiro. V. manubreiro 1ª acep.

alumno. s. m. e f. Persoa que recibe ensino. **2.** Estudante.

alumón, -oa, -úa. adx. Que aluma.

alunar. V. aclarar 7ª acep.

aluno* → alumno.

aluxar. v. Mellorar dunha enfermidade.

alvarego, -a. adx. e s. m. e f. Natural de Álvare (Pastoriza). Eran coñecidos no Eo-Navia por ser vendedores ambulantes de navallas e outras ferramentas. **2.** Pertencente ou relativo a Álvare (Pastoriza).

alvertir* → advertir.

alxaba. s. f. Peto das chaquetas.

alxabada. s. f. Peto cheo dunha chaqueta.

alxamiar. v. Folgar.

alxamieiro, -a. adx. Aplícase á persoa que sempre está fóra da casa sen facer nada.

alxapeiro, -a. adx. Aplícase á persoa que murmura ou anda con chismes ou contos. **2.** Dise da persoa que está ociosa e non quere traballar.

alxapiar. V. algarear. **2.** Andar con contos, murmurar, criticar.

alxapieiro, -a. adx. Inquedo, revoltoso. **2.** V. alxapeiro 1ª e 2ª acep. **3.** Dise da persoa que lle gustan as festas (El Franco).

alza. s. f. Molde de madeira ou casca de sobreira (*sofreira*) que se engade a algúns trobos ao comezo da primavera para aproveitar ao máximo a súa produción (Eilao).

alzada. V. braña.

alzadamente. adv. Sen manuntención (Allande).

alzadeiro. s. m. Andel ou táboa colocada nunha parte alta da parede da cociña para poñer as cuncas, pratos, vasos etc. **2.** Taboleiro para ter ao aire certos produtos.

alzadura. s. f. Acción e efecto de erguer algo a un nivel máis alto.

alzapremiar. v. Erguer algunha cousa cunha panca (San Martín de Ozcos).

alzar. v. Levantar, erguer.

ama. s. f. A muller máis vella da casa, que podía ser a mai, a sogra ou a avoa. **2.** Dona. **3.** Muller que ten criados. **4.** Propietaria. // **Ama de cría.** Muller que dá de mamar a fillos doutras mulleres.

amabilidá. s. f. Calidade de ser amable. Obs. Trátase dun vulgarismo.

amaecer. V. ameicer.

amaecerín. s. m. Tempo anterior ao amencer (Allande).

amaecida. s. f. Momento en que sae o sol pola mañá.

amagar. v. Mostrar a intención ou disposición de facer algo inmediatamente.

amago. s. m. Intento.

amagorecerse. v. prnl. Encherse algo de mofo.

amagostar. v. Asar castañas ou facer magostos. Antigamente facíanse no mesmo souto. **2.** Secar un froito ou unha planta. **3.** Consumir (Castropol). **4.** Gañar cousas aproveitándose dos demais. **5.** Cociñar con moi pouco xeito (Villaión).

amagosto. V. magosto.

amaicer. V. ameicer.

amainar. v. Debilitarse o vento, unha tempestade etc.

amaiola. s. f. Castaña que se secaba e conservaba todo o ano; maiola. **2.** Castaña que se daba aos nenos o primeiro de maio; maiouca.

amaiolar. v. Abrandar e engurrarse as castañas cando aínda non se lles quitou a casca.

amais. V. ademais (Tapia de Casarego).

amalado, -a. adx. Aplícase á persoa ou animal que están enfermos, pero de pouca importancia.

amalar. v. Enfermar unha persoa ou un animal.

amaldizuado, -a. adx. Maldito, o que recibiu unha maldición (Boal).

amallolar. v. Atar con cordóns ou correas o calzado.

amallolo. s. m. Correa de coiro que se emprega para atar certas cousas; mallolo 1ª e 2ª acep.

amamantado, -a. adx. Que lle deron de mamar.

amamantar. V. amamentar 1ª acep.

amamentar. v. Dar de mamar. **2.** Dar de mamar a un cordeiro (Boal).

amanecerín. s. m. Comezo do amencer (Allande, Navia). // **Al *amanecerín*.** Ao comezo do amencer.

amangarado, -a. adx. Aplícase á planta atacada por unha enfermidade caracterizada por manchala ou que fai que se murchen os talos e as follas, como acontece coas patacas (Boal, Navia).

amangarar. v. Estragarse as patacas por unha enfermidade (El Franco, Navia).

amansado, -a. adx. Dise do monte cavado para transformalo en terra de labor. **2.** Dise do animal dócil. // **Amansadas a dúas *maos*.** Dise das vacas que traballan o mesmo xunguidas dun lado do xugo que do outro (Allande).

amansar. v. Facer manso a un animal, domesticar. **2.** Transformar un terreo inculto, normalmente monte, en terra de labor ou prado. **3.** Abrandar o carácter unha persoa. **4.** No xogo do *pincho en Roma*, golpear de xeito obrigatorio ao cravar o *pincho* propio, outro dos que xa estaban cravados no chan (El Franco). **5.** Estar o mar calmo.

amansiado. V. amansado (Anlleo).

amansiar. V. amansar 2ª acep. (Anlleo).

amansuñar. V. mansuñar.

amantado, -a. adx. Cuberto cunha manta.

amantar. v. Poñer unha manta. Faise coas vacas para que non collan frío, ás recentemente paridas ou para protexelas do sol. **2.** Por extensión, protexerse unha persoa do frío con mantas.

amañado, -a. adx. Preparado, composto, arranxado. **2.** Organizado. **3.** Cociñado. **4.** Afeito. **5.** Pactado. **6.** Aplícase ao que é axeitado para algo. **7.** Hábil, mañoso. // **Ser *mui* amañado.** Ser aforrador. // ***Tar* amañado.** Atoparse nunha situación difícil. **2.** Estar confundido, equivocado.

amañador. s. m. Persoa que se dedica a compoñer ósos que romperon ou se desconxuntaron.

amañadura. s. f. Acción e resultado de arranxar, compoñer etc., algo.

amañar. v. Compoñer, preparar, arranxar. **2.** Organizar. **3.** Cociñar. **4.** Pactar, acordar (*Amañaron el casamento*). **5.** Promover barullo ou rifa. **6.** Tramitar un documento ou un asunto. **7.** Decidir, resolver. **8.** Conseguir (*Amañou de ter paga*). **9.** Inventar, facer (*Que amañarán!*) **10.** Xuntar (*Nun momento amañou varios maragouzos*). **11.** Formar (*Amañouse uha tormenta no mar*). **12.** Curar un menciñeiro (Santalla de Ozcos). **13.** Ter (*Amañara cuatro nenos*). **14.** prnl. Afacerse, apañarse, ser suficiente. **15.** prnl. Facer as paces. // **Amañar ben.** Ter sorte, saír unha cousa ben. // **Amañar de.** Resolver. **2.** Conseguir.

amaño. s. m. Reparación, arranxo. **2.** Pacto, acordo. **3.** Medio axeitado para alcanzar un fin. **4.** Solución. // ***Lo* que *nun* ten amaño.** Moito, en gran cantidade.

amañoso, -a. adx. Axeitado.

amar. v. Ter amor a unha persoa ou cousa. **2.** Querer. // ***Nun* ames a quen amou, nin sirvas a quen serviu.** Refrán que alude ao cambio de ánimo dunha persoa que sufriu un cambio de estado ou fortuna. **2.** Refírese a que cando unha persoa pasa dunha posición baixa a unha superior, adoita ser máis esixente cos de abaixo; V. servir.

amaranfañado, -a. adx. Desamañado (Ibias).

amarañado, -a. adx. Enredado (Santalla de Ozcos).

amarañarse. v. prnl. Enredarse, como a la ou o fío (San Martín de Ozcos).

amarar. v. Quedar callado o sangue dun xamón, o que fai que podreza. **2.** Navegar unha embarcación internándose no mar (Tapia de Casarego). **3.** Quedar algo estancado como a auga (Castropol).

amaraxarse. v. prnl. Ir collendo un home aspectos femininos (Tapia de Casarego).

amarciar. v. Poñerse con mal aspecto o trigo ou o centeo polo efecto das xeadas saíndolle os picos brancos (Santalla de Ozcos).

amarelado, -a. adx. Tirando a amarelo.

amarellado, -a. V. amarelado.

amarello, -a. V. amarelo.

amarelo, -a. adx. e s. Aplícase ao que ten a color do ouro. **2.** Louro.

amargado, -a. adx. Aplícase ao que ten sabor desagradable. **2.** Desgustado. **3.** Resentido.

amargar. v. Facer amarga algunha cousa. **2.** Ter sabor amargo. **3.** Entristecer, atormentar, molestar.

amargo, -a. adx. Que produce unha sensación desagradable.

amargón, -oa. adx. Aplícase ao que ten sabor desagradable.

amargor. s. m. Sabor desagradable, amargo.

amargura. s. f. Pena, tristura.

amaricado. adx. Dise do home efeminado (Navia).

amariliar. v. Volverse algo de color amarela (Santalla de Ozcos).

amarmuriar. V. marmurar.

amaroufarse. v. prnl. Abrigarse moito con roupa.

amarra. s. f. Corda que serve para suxeitar unha embarcación a un fondeadoiro ou a un peirao. **2.** Por extensión, fondeadoiro. **3.** V. morrón. **4.** V. sisga (Ortigueira).

amarradeira. s. f. Pelexa. **2.** V. amarradeiro.

amarradeiro. s. m. Lugar ou obxecto onde se amarran os animais.

amarrado, -a. adx. Suxeito a algo. **2.** Pelexado.

amarrador. s. m. Persoa responsable de amarrar unha embarcación cando chega á terra.

amarramento. s. m. Pelexa, rifa.

amarrar. v. Suxeitar ou atar algo con cordas, cadeas etc. **2.** Atar. **3.** Levar unha

embarcación ao fondeadoiro para suxeitala. **4.** Atar un cabo de fondear a unha áncora, risón, pedra, poutada etc. **5.** prnl. Pelexar as persoas. **6.** prnl. Pelexar dúas vacas, dous bois ou outros animais entre si.

amarre. s. m. Corda para suxeitar unha embarcación.

amarrega. s. f. Pelexa (Tapia de Casarego, El Franco).

amarrexo. s. m. Pelexa (Boal, Villaión, Allande).

amarro. s. m. Pelexa (Coaña, Andés).

amarronado, -a. adx. Tirando a marrón.

amartelado, -a. adx. Namorado.

amaruar. v. Cubrir o carneiro a ovella (Santalla de Ozcos).

amás. V. ademais.

amasadeira. s. f. Acción e resultado de amasar.

amasadura. s. f. Cantidade de fariña amasada para facer o pan.

amasado, -a. adx. Feito masa. **2.** Acumulado.

amasal. s. m. Terreo baleiro que se cultiva por primeira vez.

amasar. v. Facer masa, como no pan, a zorza etc. **2.** Traballar a masa de barro, cemento, area etc. **3.** Acumular moito diñeiro (*Amasou uha fortuna*).

amasixo* → amasullo.

amasoiro. V. masoiro.

amasouñar. v. Apalpar. **2.** Sobar (Boal).

amastagar. v. Esmagar; amastragar.

amastragado, -a. adx. Pisado, esmagado.

amastragar. v. Machucar, pisar, esmagar.

amasullar. v. Amasar ou tocar fortemente algo coas mans; amasouñar, amasuñar, masuñar.

amasullo. s. m. Mestura desordenada de cousas.

amasuñar. V. amasullar.

amata. s. f. Ferida producida pola rozadura da albarda no lombo das cabalerías. **2.** Ferida producida pola rozadura das galochas no pé.

amatado, -a. adx. Ferido, rozado (Eilao).

amatadura. s. f. Rozadura na pel; matadura.

amatagado, -a. adx. Escondido.

amatagarse. v. prnl. Esconderse, normalmente nun mato, bouza etc. (Os Ozcos).

amatar. v. Rozar a pel con algo. **2.** Ferirse un cabalo ou un burro no lombo pola rozadura da albarda. **3.** Ferirse nun pé pola rozadura das galochas.

amategarse* → amatagarse.

amausado, -a. adx. Dise do sementado que naceu con certa desigualdade (San Martín de Ozcos); amelgado.

amaxinado, -a. adx. Preocupado.

amazcarar. v. Vestirse alguén cun disfrace.

amazocar. v. Apertar, calcar (Navia).

ambaxo* → embaxo.

amboceiro, -a. adx. Dise da persoa que lle gusta acumular e gardar cousas para si.

ambolia* → embolia.

ambos, -as. adx. ou pronome indefinido. Os dous / as dúas.

ambozada. V. embozada.

ambozadía. V. embozada.

ambozas. V. embozas.

ambriar. v. Desexar con forza unha cousa, apetecer (San Martín de Ozcos).

ambruño. V. abruño (Coaña).

ambucelo. V. anzolo (As Figueiras).

ambulanchín. s. m. Pequeno vendedor ambulante.

ambulante. s. m. e adx. Persoa que vai dun lado a outro, ás veces vendendo cousas.

amburar. V. queimar 9ª acep.

ambute* → embute (a).

amecedallo. s. m. Cacho pouco importante que se engade a outro maior; amecedario, amecedura 3ª acep.

amecedario. s. m. Cacho pequeno que se une a outro maior; amecedallo.

amecedura. s. f. Punto de unión entre dúas partes. **2.** Acción de amecer, xunta, unión. **3.** V. amecedallo.

amecer. v. Unir dúas cordas, cordeis etc. **2.** Mesturar, xuntar. **3.** Aumentar, ampliar. **4.** Remendar; amestar. **5.** Soldar, empalmar. **6.** Pegar, engadir. **7.** Dar, opinar (*Cada vecín amecía el sou remedio*). **8.** prnl. Quedar unidos o can e a cadela polos órganos xenitais cando o primeiro cobre á segunda.

amechar. v. Poñer a mecha a un candil. **2.** prnl. Enfastiarse, amolarse.

amecido, -a. adx. Unido, xunto. **2.** Soldado.

amedar. V. medar.

amedeirar. v. Facer medeiros co trigo segado e atado en mollos (Abres, Santiso de Abres).

amediado, -a. adx. Que ten ocupada aproximadamente a metade da súa capacidade.

amedoucar. v. Facer medeiros co trigo segado.

amedrentar. v. Meter medo, asustar.

ameiceirar. v. Sementar millo dous anos seguidos na mesma leira, deixando que descanse no inverno.

ameicer. v. Comezar o día. **2.** s. m. Comezo do día. // **Al *ameicer*.** Cando comeza o día.

ameiceirín. s. m. Comezo do día. // **Al *ameceirín*.** Cando comeza o día.

ameiciñar. v. Dar ou tomar menciñas (Santalla de Ozcos).

ameinar. v. Debilitarse o vento, unha tempestade etc.

ameixa. s. f. Froito da ameixeira, de forma e colores variadas, aínda que a máis frecuente é amarela. // **Ameixa brava.** Cirola silvestre.

ameixal. V. ameixeira (Ibias).

ameixeira. s. f. Árbore da familia das rosáceas, con tronco recto, con copa globosa, follas ovais, dentadas e agudas. As flores son solitarias ou emparelladas e o seu froito é a ameixa, normalmente de color amarela (*Prunus domestica*), (Vilanova de Ozcos, Eilao, Santiso de Abres).

ameixeiro. V. ameixeira (Tapia de Casarego).

ameixoleira. s. f. Muller que colle ou vende *ameixolas*.

ameixola. s. f. Nome común que se aplica a varias especies de moluscos bivalvos, lamelibranquios pertencentes ao xénero *Venerupis*, da familia dos venéridos ou eulamelibranquios, caracterizados por ter unha cuncha que mide uns corenta milímetros de anchura, de color agrisada e con valvas asimétricas. Son moi apreciados como alimento humano e comprenden varias especies como *Venerupis decussata*, *Venepuris pullastra*, *Venerupis aureus* etc. // ***Ameixola* brava.** Molusco bivalvo, lamelibranquio con cuncha moi fráxil, lisa e nacarada, de catro a cinco centímetros, con coloración violácea con bandas lonxitudinais anchas e pardas (*Mactra coralina*), (As Figueiras). **2.** Molusco bivalvo, da familia dos venéridos, con cunha grande de até oito centímetros de lonxitude. Valvas de bordo liso con liñas de crecemento concéntricas e outras radiais. A súa coloración é parda vermella ou rosada e brillante (*Callista chione*), (As Figueiras). // ***Ameixola* da lama.** Molusco bivalvo, lamelibranquio, de dúas valvas de forma oval, que pode acadar desde os doce ou trece centímetros de lonxitude e a metade de anchura, con estrías marcadas de crecemento. A súa coloración é branca e parda pálida tanto no interior como no exterior (*Lutraria lutraria*), (As Figueiras). // ***Ameixola* fina.** Molusco bivalvo, lamelibranquio, que pode acadar os tres e medio centímetros de lonxitude, con cuncha de color branca e parda (*Venus gallina*), (As Figueiras). **2.** V. ameixola (*Venerupis decussata*), (As Figueiras).

ameixoleiro, -a. s. m. e f. Persoa que se dedica a coller *ameixolas* (As Figueiras).

ameixueira. s. f. Lugar onde abundan as ameixeiras (Tapia de Casarego). **2.** V. ameixeira.

ameizar. V. ameiceirar.

amelado, -a. adx. Con sabor a mel (Allande).

amelecinar* → medicinar.

amelgado, -a. adx. Que medra xunto ou non, de xeito desigual (Santalla de Ozcos).

ameliciar* → medicar.

amén. s. m. Acordo, consentimento. // **Con tanto dicir amén, a misa *nun sale* ben.** Refrán que critica o exceso de aprobación e servilismo que chega a anoxar.

amenar. v. Golpear. **2.** V. afalar 1ª acep. **3.** Ameazar coa man. **4.** Empuxar.

amencer. V. ameicer (Santiso de Abres, Abres).

amencida. V. ameicer (Santiso de Abres).

amenistrar* → administrar.

amenizar. v. Facer que algo sexa grato (*Os músicos amenizaron a festa*).

amenta. V. menta.

amentación. s. f. Variante de responso que se rezaba antes da misa maior do domingo, nomeando os defuntos. Normalmente se celebraba nun lateral da igrexa e poñíanse varias velas polo defunto. Era de carácter anual.

amentón. (pl. amentois). V. herba abelleira. **2.** V. polego.

americano, -a. s. e adx. m. e f. Emigrante retornado de América; indiano. **2.** Variedade de vide (Boal). // **Americano del pote.** Dicíase do emigrante que volvía sen fortuna, pobre.

amerodeira. V. amorolo 1ª acep. (Eilao, Grandas de Salime).

amerodo. V. amorolo 2ª acep. (Eilao).

amerolo. V. amorolo.

amerucar. v. Poñer engado no anzol das canas de pescar.

amestar. v. Xuntar dúas cordas. **2.** Xuntar os extremos de dous madeiros ensamblándoos ou dous ferros ao soldalos. **3.** Xuntarse de novo dúas ou máis amizades que estaban rotas. **4.** V. mesturar 2ª acep. **5.** Remendar (Coaña). **6.** Engadir, pegar dúas cousas. **7.** Confluír dous ríos (Allande).

amesturado, -a. V. mesturado.

amesturar. V. mesturar 2ª acep.
ameter. v. Medrar ou aumentar o caudal dun río (Boal). **2.** Aumentar o caudal dunha fonte no outono ou no inverno, despois dun período de seca.
amicio. s. m. Efecto bo que produce unha bebida, unha substancia etc. (Santalla de Ozcos).
amieiral. s. m. Lugar onde abundan os amieiros.
amieiro. s. m. Árbore caducifolia da familia das betuláceas, que chega a alcanzar os trinta centímetros de altura, de cortiza pardo agrisada e copa algo cónica. As follas son verdes e escuras, moi viscosas cando son novas, redondeadas e con nervios moi marcados. As flores son pardo violáceas e os froitos moi pequenos (*Alnus glutinosa*); umeiro. **2.** Madeira desta árbore, que era moi utilizada polos galocheiros e carpinteiros.
amigallar. v. Facer madeixas de liño (Santalla de Ozcos).
amigar. v. Reconciliar as persoas que antes se levaban mal. **2.** Facer amigos. **3.** prnl. Volver relacionarse.
amígdala. s. f. Cada unha das dúas glándulas de tecido linfático situadas aos lados da entrada do esófago. **2.** Amigdalite.
amigo, -a. adx. e s. m. e f. Que está unido por unha amizade. **2.** Afeccionado a algo. **3.** s. m. Amante. // **Amigos *asta* os figos, *despós* a *cachetes* vivos.** Refírese ás amizades que adoitan ser só de conveniencia; V. figo. // **Amigos si, pero a vaca *pollo* que *valia*.** Refrán que explica que aínda sendo amigos, os negocios ou outras cousas de importancia deben ser xustos. // ***Si* un amigo *ques* conservar, nada lle debes pedir nin prestar.** Refrán que se refire ao xeito de como conservar as amizades.
amigolo, -a. V. amigo.
amigón. s. e adx. m. (pl. amigois). Aumentativo de amigo (Navia).
amiguete. s. m. Amigo.
amillarado. V. millarado (As Figueiras).
amillaramento. s. m. Relación numerada e por orde alfabética dos donos ou usufrutuarios das propiedades dunha área determinada, a efectos fiscais.
amillarar. v. Medir as leiras e inscribilas nun rexistro.
aministrar* → administrar.
amíspero* → niso.
amistá. s. f. Relación afectuosa entre persoas. **2.** Boas relacións. **3.** Amigo (*Sempre tuvo amistades*). // **Amistades que son certas, *mantein* as portas abertas.** Refrán que indica a acollida que debemos ter coas boas amizades.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
amitá* → metá.
amo. s. m. Dono dun casarío ou dunha casa. **2.** Home que ten criados. **3.** Propietario de terras e casas aforadas a caseiros. **4.** Home de máis idade da casa, que era o pai, o sogro ou o avó e nacera na casa. Normalmente era o primeiro fillo varón (San Martín de Ozcos).
amoado. s. m. Carne picada para embutir, que se utiliza normalmente para facer morcillas, empanadas etc. **2.** Parte do interior das morcillas doces, feita con miga de pan, sangue, azucre, graxa de roxóns e canela.
amoblar. v. Poñer os mobles a un edificio ou a un cuarto (Tapia de Casarego).
amocar. v. Enfastiar, molestar; amoucar.
amodo. adv. Pouco a pouco, lentamente, devagar (Navia).
amolado, -a. adx. Enfastiado. **2.** Molesto.
amolar. v. Enfastiar. **2.** Molestar. **3.** Afiar ferramentas nunha moa (*mola*), (Abres). **4.** prnl. Romper, estragarse (Coaña).
amolecer. v. Abrandar; amolentar.
amolecido, -a. adx. Brando.
amolentado, -a. adx. Abrandado. **2.** Malparado, maltreito, mallado (*A enfermedá deixoulle el corpo amolentado*).
amolentar. v. Poñer branda pouco a pouco unha cousa. **2.** Cansar, aburrir. **3.** Abrandar a sucidade da roupa deixándoa coa primeira enxaboadura (Castropol). **4.** Mazar unha parte do corpo por unha rozadura ou un golpe. **5.** Golpear.
amollecer. V. amolecer.
amollentado, -a. V. amolentado.
amollentar. V. amolentar 1ª acep.
amomiado, -a. adx. Aparvado.
amonestación. s. f. (pl. amonestaciois). Lectura que se fai durante a misa dos nomes dos que van casar; proclamas.
amoníaco. s. m. Goma resinosa empregada como medicamento expectorante. **2.** Gas incoloro máis lixeiro que o aire, composto de nitróxeno e hidróxeno.
amontado, -a. adx. Subido nun cabalo ou burro.
amontar. v. Montar ou andar a cabalo; montar 2ª acep. **2.** Poñer encima (*Amontoume el ás encima del tres*), (Castropol).
amontoado, -a. adx. Xunto, nun montón. **2.** Que vive cunha persoa sen casar.

amontoar. v. Facer montóns dalgunhas cousas, poñéndoas unhas encima doutras. **2.** Xuntar cousas. **3.** prnl. Xuntarse moitos asuntos ao mesmo tempo. (*Amontóuselle el traballo*). **4.** prnl. Xuntarse un home e unha muller sen casar. // **Amontoarse el *xuício*.** Perder a cabeza.

amontonado*, -a → amontoado.

amontonar* → amontoar.

amontuado*, -a → amontoado.

amontuar* → amontoar.

amor. s. m. Sentimento afectivo cara a alguén ou a algo. **2.** Atracción sexual. **3.** Persoa amada. // **As penas de amor, *quítalas* el licor.** Refrán que alude a que o alcohol fai esquecer as penas amorosas. // **Dar amor.** V. lascar 2ª acep. // **Del amor al odio, *solo* hai un paso.** Refrán que alude a que resulta doado pasar dun a outro cando unha relación rompeu sexa de amor ou amizade. // **El amor é cego.** Refrán que refire a que non se ven defectos na persoa amada ou no que se ama. // **El amor move montañas.** Refrán que alude á forza do amor para vencer certas dificultades. // **El amor ponse nun toxo, xa maliciaba eu.** Expresión que se usa cando máis ou menos xa se sabe a picardía feita por unha persoa. // **Facer o (el) amor.** Realizar o acto sexual. **2.** Cortexar.

amora. s. f. Froito da moreira e dalgunhas silvas, formado por grans pequenos de colores variadas, desde verde, vermella a negra violácea. Ten sabor doce e é comestible.

amoratado, -a. adx. De color morada.

amoratar. v. Producir unha ferida por un golpe.

amorear. v. Facer feixes cónicos dalgún tipo de cereal como o millo, trigo etc., despois de segar (Ibias); morenar, amorenar, enmorenar.

amoreira. V. moreira 1ª acep. (Ibias, Grandas de Salime, Eilao).

amorenar* → amorear.

amorentar. v. Madurecer (Castropol).

amorgallado, -a. adx. Engurrado, murcho (Castropol).

amorgueirado, -a. adx. Dise do que se vai apagando, esmorecendo (*El llume tá amorgueirado*), (Boal). **2.** Aplícase á persoa adormecida, con moito sono; amurgueirado.

amoricar. v. Facer montóns de herba seca.

amorío. s. m. Relación amorosa, normalmente non moi formal.

amormiado, -a. adx. Aburrido. **2.** Con catarreira. **3.** Aparvado. **4.** Triste. **5.** Débil, sen forzas.

amormiar. v. Debilitar, enfermar (Navia).

amorniado, -a. V. amormiado 4ª e 5ª acep.

amoroar. v. Estar en celo as ovellas.

amorodo. V. amorolo (Taramundi, Boal).

amorógano. V. amorolo (Allande).

amorogo. V. amorolo (Vilar de Cendias).

amorolo. s. m. Planta herbácea da familia das rosáceas, silvestre e rastreira, con follas trifolioladas e flores brancas e pequenas (*Fragaria vesca*), (Coaña, Tapia de Casarego, A Veiga). **2.** Por extensión, froito desta planta, pequeno, de sabor doce, granuloso e de color amarela ou vermella.

amoroso, -a. adx. Suave ao tocar algo (*Esta manta é amorosa*), (Taramundi, Allande). **2.** Dise do día apracible (Allande).

amorozo. V. amorolo 2ª acep. (Abres).

amorriñarse. v. prnl. Padecer morriña. **2.** Abaterse, entristecerse.

amortaxar. v. Vestir a un morto.
Obs. Trátase dun castelanismo.

amortecido, -a. adx. Que está morrendo.

amos* → ambos.

amosar. v. Ensinar algo oculto, mostrar.

amoscar. v. Descansar o gando á sombra cando vai moita calor.

amostrador. s. m. Mesa ou taboleiro sobre o que se expoñen os xéneros e mercancías aos que mercan.

amostrar. V. mostrar.

amoucar. V. amocar.

amounado, -a. adx. De color marrón.

amourazado, -a. adx. Aplícase ao que tira a color negra.

amouroar. v. Tirar os bois un contra o outro.

amouruado, -a. adx. Anoxado.

amouruarse. v. prnl. Anoxarse, non tratar coa xente.

amozcadura. s. f. Corte feito nun obxecto.

amozcar. V. mozcar 1ª acep.

amozcón. s. m. Fendedura que se fai ás castañas para que non salten cando se asan (A Veiga). **2.** Fendedura nun obxecto (Allande). **3.** Fendedura que se fai no pico das orellas a unha ovella para marcala (Eilao).

amozquellar. V. mozcar 1ª e 2ª acep.

amparado, -a. adx. Defendido, protexido.

amparar. v. Defender, protexer.

ampeña* → empeña.

ampola. s. f. Vexiga cutánea formada pola elevación da pel, chea de líquido. **2.** Capa dura que se forma nas feridas e chagas. // **Facer (*fer*) ampola.** Enfastiar.
Obs. Trátase dun castelanismo.

ampolla. V. ampola 1ª acep.
amprio, -a. adx. Xeneroso, dadivoso. **2.** Espazoso, extenso.
amprón (a, de). loc. De cheo. **2.** Sen coidado, de xeito bruto (Coaña). // **Caer (de) *amprón*.** Caer no chan ou noutro lugar quedando todo o corpo en sentido horizontal.
amucar* → amocar.
amucelo. V. anzolo (Tapia de Casarego).
amuleto. s. m. Obxecto ao que se atribúen certas propiedades contra os males, como os dentes de lobo, cornos de animais, pedras etc.
amullerado. adx. Aplícase ao home que fai cousas de muller.
amuntuado*, -a → amontoado.
amuntuar* → amontoar.
amuntuarse* → amontoar 4ª acep.
amura. s. f. Parte do costado dunha embarcación por onde empeza a estreitarse na proa (Tapia de Casarego, Castropol, Coaña). **2.** Cuarta liña na arte da cacea para pescar bonitos.
amurado, -a. adx. Anoxado. **2.** Dise do barco que navega co vento recibido de xeito oblicuo na proa (Coaña).
amuradoira. s. f. Barba do gato (Abres).
amurar[1]. v. Mirar sen que a persoa ou un animal sexan vistos. **2.** Asomar. **3.** Vixiar sixilosamente un gato cando vai cazar ratos (Abres, Boal). **4.** Observar con coidado, mirar. // ***Amurar* el *focico*.** Poñer os beizos cara a adiante sen despegalos.
amurar[2]. v. Suxeitar as velas dunha embarcación á amura para que estas queden ben orientadas á hora de navegar.
amurgueirar. v. Empezar a durmir, ir tendo sono.
amurgueirado, -a. adx. Aplícase á persoa que non está durmida completamente; amorgueirado, amusgueirado. **2.** Débil e con sono por unha enfermidade.
amuroar* → amoroar.
amurocar. v. Facer montóns coa herba segada (Os Ozcos).
amurolo* → amorolo.
amurriado, -a. adx. Baixo de moral, triste (Allande, Navia).
amurriar. v. Entristecerse.
amusgado, -a. adx. Desconfiado.
amusgar. v. Desanimarse, desgustarse. **2.** Calar, acovardarse, baixar a cabeza (Tapia de Casarego, Navia).
amusgueirado, -a. V. amurgueirado 1ª e 2ª acep. **2.** Anoxado.
anabado, -a. adx. Dise do ubre inflamado da vaca. **2.** Aplícase á pataca ou froito estragado pola xeada (Boal). **3.** Dise da pataca ou froita duras.
anabadura. s. f. Inflamación do ubre da vaca (Os Ozcos).
anabarse. v. prnl. Inflamarse o ubre da vaca, poñéndose duro. **2.** prnl. Perderse as patacas ou a froita polo sol ou pola xeada.
anabolena. V. nabolena.
anaboleniar. v. Andar unha muller con contos.
anada. s. f. Colleita, conxunto de froitos recollidos nun ano. **2.** Pouca cantidade dalgún froito. // **Ano de *búa* anada, ano de *búa* eirada.** Refrán que alude ao ano cunha boa colleita de cereal que despois se malla na eira. // **El anada dun mal ano, mállase nun airado (eirado).** Refrán que indica que a mala colleita dun ano se malla pronto.
anadar* → nadar.
anadizo, -a. adx. Con olor a humidade por falta de aire. **2.** Dise dun alimento estragado.
anafre. s. m. Pequeno forno que se pode transportar feito con ferro, barro, pedra, ladrillo ou xeso.
anagado, -a. adx. Con moita auga, inundado. // **Chorar como un *anagado*.** Chorar moito.
anagar. v. Mollar moito algo. **2.** Encher(se) de auga, inundarse unha terra, unha embarcación, os pés, o calzado etc. **3.** prnl. Empaparse unha persoa, mollarse por completo (Castropol).
anagazar. v. Mesturar auga e fariña cando se fai o pan (Eilao).
anagua* → enaugua.
anainar. v. Cantar nanas aos nenos que están no berce. **2.** Mimar. **3.** Calmar a un bebé. **4.** Abalar un neno pequeno no colo ou no berce para que durma.
analar* → enalar 1ª acep.
análese* → análise.
analís* → análise.
análise. s. f. (pl. análises). Exame das partes que constitúen un todo separadamente ou na súa relación con el.
anamorado*, -a → namorado.
anano, -a. adx. Aplícase ao que é máis pequeno que o normal nunha especie. **2.** s. m. e f. Persoa moi pequena.
anantes. V. enantias.
anantias. V. enantias (Pezós, Tapia de Casarego).
anar. v. Facer nós (*nougos*), (Santalla de Ozcos).
anaranxado, -a. adx. Da color da laranxa.
Obs. Trátase dun castelanismo.

anarigar. v. Poñer o narigón a un animal. **2.** Suxeitar a un animal polo fociño.
anarizar. V. anarigar 2ª acep. (Allande, Villaión).
anasado, -a. adx. Colocado nunha nasa.
anasar. v. Pescar con nasa.
anauga* → enagua.
anázcaro, -a. V. názcaro.
anca. s. f. Cada unha das metades laterais da parte posterior do lombo das cabalerías.
ancarao, -á. V. ancarés.
ancarense* → ancarés.
ancarés. adx. Natural dos Ancares. **2.** Pertencente ou relativo a esta comarca ou val. Antigamente os ancareses eran os naturais do Val de Ancares (Alto Bierzo), pero despois a palabra foise estendendo a outras localidades do Bierzo, a terras de Ibias e ás luguesas de Navia de Suarna e Cervantes.
ancaxe* → encaxe.
ancender* → acender.
anchar. v. Ampliar, dar máis ancho a unha cousa.
ancho, -a. adx. Que ten anchura. **2.** Que ten amplitude. **3.** s. m. Anchura. **4.** Satisfeito. // **Ás miñas anchas.** Comodamente, con enteira liberdade (Taramundi).
anchoa. V. bocarte.
anchura. s. f. Dimensión horizontal dos obxectos, sexa ou non maior que a altura.
ancina. s. f. Árbore perennifolia da familia das fagáceas, que pode alcanzar até os vinte metros de altura, de tronco forte coa casca escura e copa densa, oval ou redondeada. As súas follas son ovais, duras, de color verde brillante por un lado e polo outro tirando a branco, co bordo enteiro ou dentado. Aparece no Eo-Navia nas ladeiras do val do Navia, aínda que de xeito escaso (*Quercus ilex*).
ancioleiro, -a. V. anzoleiro 3ª acep.
ancla. s. f. Instrumento, normalmente de ferro, que se bota ao fondo do mar e serve para inmobilizar unha embarcación. Obs. Trátase dun castelanismo.
ancla* → anca.
ancliar. v. Botar as áncoras, fondear. Obs. Trátase dun castelanismo.
anclote. s. m. Áncora pesada unida a unha boia. **2.** Áncora pequena. Obs. Trátase dun castelanismo.
ancomao. V. acomao (Vilanova de Ozcos).
ancomau* → ancomao.
ancontradizo* → encontradizo.
ancontrar* → encontrar.
ancra. s. f. Parte dianteira do *fouzo* na que se mete o mango e que está a continuación da folla (O Viñal). **2.** Cada unha das dúas metades da parte posterior do corpo dos cabalos, das bestas de carga e doutros animais (San Martín de Ozcos).
áncrua. V. ancra 2ª acep. (Santalla de Ozcos).
ancudiamente. adv. De xeito innecesario.
anda! interx. Expresa obrigación (*Anda, marcha de ei!*).
andabarra. s. f. Peza do mazo sobre a que xira a *boga*.
andacio. s. f. Epidemia de pouca importancia.
andadeiras. V. andador. // **Ter *búas* andadeiras.** Ter as pernas longas.
andadeiro, -a. adx. Aplícase ao que é fácil de andar, como un camiño, un terreo etc.
andado, -a. adx. Usado. **2.** Traballado (*Leva muito andado*). **3.** Vello, de moita idade. // **Volver ás *andadas*.** Recaer nunha falta ou vicio.
andador. s. m. Aparello que serve para ensinar aos nenos a andar. Os máis tradicionais eran de madeira.
andaina. V. andacio. **2.** Golpe das ondas do mar (Coaña).
andalia* → sandalia.
andalucas. V. anducas.
andamiar. v. Poñer andamios.
andamio. s. m. Armazón metálica ou de madeira utilizada na construción.
andana. s. f. Conxunto de embarcacións postas de xeito paralelo ou en ringleira.
andancia. V. andacio.
andancio. V. andacio.
andania. V. andacio.
andanza. s. f. Acontecemento. **2.** Aventura.
andar. v. Trasladarse dun lugar a outro as persoas, animais ou cousas. **3.** Estar nun determinado estado. **4.** Moverse. **5.** Ir (*Andar dun lado pra outro*). **6.** Aproximar (*Anda polos dez anos*). **7.** Venderse, consumir, valer. (*A como andan as fabas?*) **8.** Traballar, dedicarse a unha profesión (*Anda de obreiro na fábrica del porto*). **9.** Tocar (*Nun me andedes nesas cousas*). **10.** s. m. Xeito de camiñar. **11.** Estar en celo algúns animais (*As ovellas andan al marón*). **12.** Percorrer un lugar. **13.** Funcionar (*Esta televisión nun anda*). **14.** Circular, correr (*Esos ditos que andan por aí*). **15.** Realizar unha actividade (*Teño andado todas*), (Os Coutos). // **A este (ese, aquel) andar.** Nese sentido. // **Al andar.** Na mesma dirección. // **Andar á pilla.** Tratar de coller unha cousa quitándoa das mans uns a outros, especialmente cando se lanza diñeiro ao aire (San Martín de Ozcos). // **Andar al**

marón. Estar as ovellas en celo (Santalla de Ozcos). // **Andar al *vorrón*.** Dise cando a cocha está excitada sexualmente. // **Andar al xato.** Estar a vaca excitada sexualmente. // **Andar al xornal.** Cobrar por día traballado. // **Andar aos corzos.** Seguir funcionando o mecanismo dun muíño sen moer gran, o que producía o desgaste das pedras. // **Andar ás (de, a) gatas.** Andar a catro patas. // **Andar de cacha.** Andar polo chan. // **Andar de cacho en cribo.** Andar dun lado para outro (Boal); de cacho en cribo. // **Andar de *catrimosca*.** Estar anoxado (As Figueiras). // **Andar de *paxo*.** Andar dun sitio para outro sen facer nada. // **Andar en *caballo* branco.** Ter poder unha persoa (Boal). // **Andar igual que un boi coa corda envolta aos cornos.** Andar de xeito irregular, como os borrachos. // **Andar na fura de diante.** Andar unha persoa con vantaxe con respecto a outros. // **Andar *pra* riba, ponse na barriga.** Refrán que explica a dificultade de andar en costa. // **A un andar.** Nun mesmo sentido. // **Andar + a.** Perífrase verbal que indica a duración dunha actividade (*Andar á faneca*). // **Andar + participio.** Perífrase verbal que indica resultado ou movemento (*Anda atolondrado*). // **Andar + xerundio.** Perífrase verbal que indica valor durativo (*Anda traballando de pintor*). // **El que *nun* anda *nun* tropeza dúas veces na *misma* pedra.** Refrán que alude a que polo menos hai que intentar facer as cousas aínda que saian mal. // ***Val más* andar a tempo que rondar un ano.** Refrán que alude a que hai que aproveitar as oportunidades no mellor momento.

andarego, -a. adx. Dise da persoa que lle gusta andar.

andarela. s. f. (pl. andarelas). Aparello para que anden os nenos.

andarica. V. nécora. **2.** V. cangrexo 3ª acep. (Tapia de Casarego).

andarín, -ía. V. andarego.

andarivel. s. m. Corda grosa que serve de pasamán nunha embarcación (El Franco, Tapia de Casarego, As Figueiras). **2.** Corda móbil que serve para botar e recoller a cacea.

andarríos. s. m. Nome común aplicado a varias especies de aves do xénero *Tringa*, da familia dos escolopácidos. Teñen arredor de vinte centímetros, co corpo esvelto, coas patas e peteiro longos e finos. Viven xunto aos ríos ou en zonas de lameiras (*Tringla ochropus*, *Tringla glareola*, *Tringla hypoleucos*). **2.** V. lavandeira 1ª acep. (Ibias, Grandas de Salime, Villaión).

andarucas. s. f. pl. Zancos (Castropol).

andas. s. f. pl. Taboleiro con dous paus para levar algo, como os santos nas procesións, os ataúdes ao camposanto etc.; mesa 9ª acep.

andesín, -a. adx. e s. m. e f. Natural de Andés (Navia). **2.** Pertencente ou relativo á localidade de Andés.

andias. V. andas.

andiocheiro, -a. V. andiocho 2ª acep.

andiocho, -a. adx. Aplícase á persoa que lle gusta máis folgar que traballar. **2.** Dise da persoa que lle gusta viaxar dun lado para outro. **3.** Aplícase á persoa que lle gusta andar.

andolear. V. andoliar 1ª acep.

andoleiro, -a. adx. Aplícase á persoa que lle gusta andar polos camiños e rúas e non estar na casa. **2.** Folgazán.

andolía. s. f. Ave paseriforme da familia dos hirundínidos, migratoria, duns dezanove centímetros de lonxitude, co peteiro curto, ancho e agudo, as ás moi afiadas e cola longa. O pescozo é pequeno e as patas pouco desenvolvidas pero ganchudas e axeitadas para agarrar. O seu voo é rápido e preciso (*Hirundo rustica*). **2.** Tamén se aplica este nome ao paxaro chamado avión. V. avión.

andoliar. v. Andar dun lado para outro sen rumbo (Eilao, Boal, Santalla de Ozcos). **2.** Levar unha vida ociosa, sen traballar.

andolín, -ía. adx. Dise do neno pequeno e traveso.

andolina. V. andolía (Navia, Eilao).

andoliña. V. andolía (Santalla de Ozcos).

andorga. s. f. Barriga (Tapia de Casarego).

andorina. V. andolía (Abres).

andornieiro, -a. adx. Dise da persoa que lle gusta contar mentiras (El Franco).

andosco, -a. s. m. e f. Cordeiro menor dun ano, dun ano ou de dous. **2.** Ovella de tres anos (Allande). **3.** Carneiro (Santalla de Ozcos). **4.** Persoa ou animal moi pequenos (Navia).

andrallo. V. farrapo 1ª acep. (Tapia de Casarego).

andrino* → abruñeiro.

androlla. s. f. Embutido feito con tripa gorda de cocho chea de zorza, curado normalmente con fume. Ás veces leva tamén puntas de costela e carne adobada.

andromeira. adx. Dise da muller que vende cousas en beneficio da casa sen que se entere o marido, ás escondidas

(Coaña). **2.** Dise da muller mentireira e que lle gustan os chismes; aldromeiro 1ª acep.

anducas. s. f. pl. Zancos pequenos que facían os nenos con botes e cordeis ou madeira, con apoios a unha altura de medio metro para poder poñer os pés e andar con eles sen caer.

anduleiro, -a. V. andoleiro.

andulía. V. andolía.

anduliar. V. andoliar.

andulieiro, -a. V. andoleiro.

andulín. V. andolín.

anduliña. V. andolía (Santiso de Abres).

anduño. V. alduño.

aneciar. v. Insistir nunha cousa, dicir necidades, ser testán (Eilao, Boal, El Franco).

anegouxo, -a. adx. Dise do bebé recentemente nacido (Boal).

aneinar. V. anainar.

aneipar. v. Coller no colo os animais para acaricialos (Eilao). **2.** Coller no colo un neno mentres está no berce (El Franco).

ánema* → ánima 1ª acep.

anemia. s. f. En moitas enfermidades, situación na que se produce unha diminución de hemoglobina, de cantidade de glóbulos vermellos etc. Na medicina tradicional eonaviega curábase con mel ou cun vaso pequeno de viño de quina antes de comer.

anenado, -a. adx. Que ten rostro ou modos de neno.

aneneirar. V. anainar 2ª acep. (El Franco).

aneninar. V. anainar.

anesgar. v. Cortar oblicuamente.

anezcla* → nezcla.

anga. s. f. Parte das tesoiras que vai desde os ollos até o remache, por onde se collen. **2.** Cada un dos dous brazos das tenaces que serven para collelas e facelas funcionar.

angaceira. adx. Aplícase á muller fea e de mal tipo pero atractiva (As Figueiras).

angaciar. v. Xuntar ou coller a herba ou a palla cun angazo.

angallada. V. enallada.

angarella. V. angareña 1ª acep. (Santalla de Ozcos).

angarelo. V. gamalleira.

angareña. s. f. Taboleiro feito con táboas transversais sobre andas, utilizado para transportar cousas na man ou para poñer por enriba das albardas das cabalerías para colocar ben os feixes. **2.** V. sarello 3ª acep.

angareñado, -a. adx. Dise do que se leva nunha *angareña*.

angaría. V. angareña 1ª acep. (Allande).

angariada. s. f. Chapuza (Allande).

angarilla. s. f. *Angareña* que se utilizaba na zona costeira para recoller a ouca ou o cuito. **2.** V. angareña 1ª acep.

angariña. V. angareña 1ª acep.

angas. V. tenazas.

angazada. s. f. Cantidade de ouca que se pode coller cun angazo.

angazado, -a. adx. Collido cun angazo.

angazar. v. Coller a ouca ou o esterco co angazo. **2.** V. angaciar (Santalla de Ozcos). **3.** Pasar o rastro a unha terra para aplanala (San Martín de Ozcos).

angazo. s. m. Instrumento agrícola con varios dentes que serve para xuntar palla, herba, toxos, ouca, quitar as castañas da *corripa*, quitar as cascas das noces etc.; cañadeira, apradeo, engazo.

angoite. adv. Onte.

angoites. adv. Onte.

angolema. s. f. Estupidez, parvada (Ibias). // **Non me andes con *angolemas*.** Non me molestes (Ibias).

angolo* → ángulo.

angonía* → agonía.

angriar. v. Desexar fortemente unha cousa (Castropol).

angueira. s. f. Labor, ocupación. **2.** Estorbo, atranco (Allande).

angueirada. s. f. Labor que ten que ver cun traballo.

angueirón. s. m. Terreo de mala calidade (Ibias).

anguereña. V. angareña 1ª acep.

anguía. s. f. Peixe osteíctio da familia dos angulidos, migratorio, coa cabeza subcónica e corpo longo e cilíndrico, de color negra ou parda, coas partes inferiores amarelas. Ten dúas aletas peitorais, unha dorsal e outra anal. A femia é maior que o macho e a súa carne é moi apreciada (*Anguilla anguilla*), (Abres).

anguila. V. anguía (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira).

anguilacho. s. m. Congro pequeno (Ortigueira).

anguiletar. v. Facer un carpinteiro nunha peza un ángulo de corenta e cinco graos.

anguilote. s. m. Madeiro que forman as arestas dos lousados a catro augas (Abres); aguilón. **2.** V. aguilón (Os Coutos).

angula. s. f. Cría da anguía.

anguleiro, -a. s. m. e f. Pescador de *angulas*.

ángulo. s. m. Recanto, esquina.

angulote. s. m. Cada unha das catro vigas que van desde o cume dunha casa ás catro esquinas que forman o soporte do

lousado (Santalla de Ozcos). **2.** V. vigueto (Santalla de Ozcos).

angustia. s. f. Pena, aflición.

anhoite. V. anoite.

anía. V. aía (Coaña, Eilao, El Franco).

aniada. V. anada. **2.** V. niada 2ª e 4ª acep.

anial. V. aía (El Franco).

aniar. v. Facer un niño. **2.** Fixarse nun lugar, residir.

aniciar. V. aneciar. **2.** Enraizar (Allande).

anidiar. v. Aplanar a terra (San Martín de Ozcos).

anierar. V. anainar.

anilina. s. f. Materia colorante que se obtén especialmente por transformación da bencina procedente do carbón de pedra.

anillado, -a. adx. Dise do animal que ten un aro no fociño.
Obs. Trátase dun castelanismo.

anillar. v. Poñer un aro no fociño aos cochos, xatos etc.
Obs. Trátase dun castelanismo.

anillo. s. m. Peza metálica con forma de aro que se pon nos dedos da man. **2.** Por extensión, peza con forma circular de moitos obxectos. **3.** No muíño, cada unha das cintas de ferro que oprimen o rodicio. **4.** Cada un dos círculos que ten unha árbore dentro do tronco.
Obs. Trátase dun castelanismo.

ánima. s. f. Alma que está no purgatorio. **2.** pl. Almas do purgatorio. **3.** pl. Peto de ánimas. **4.** pl. Toque de campás ao anoitecer para rezar polas almas do purgatorio. // **Ánima viva.** Aplícase á persoa que pide algo con submisión e humildade. **2.** Dise da persoa con pouco espírito. // **Bolo das ánimas.** Pan das ánimas. // **Mes das ánimas.** Mes de novembro. // **Pan das ánimas.** Pan que se daba aos pobres. // **Polas ánimas benditas.** Expresión que indica varias sensacións como sorpresa, cansazo etc. // **Vaia polas (*pollas*) ánimas!** Expresión que se utiliza para agradecer algo que se recibe. **2.** Expresión que se usa ao rematar de comer.

animado, -a. adx. Alegre, con ánimo.

animal. s. m. (pl. animais). Ser vivo, con movemento e sensibilidade normalmente. **2.** adx. Bruto.

animalada. s. f. Acción propia dun animal e non dunha persoa, burrada.

animar. v. Alegrar, divertir. **2.** Dar ánimo. **3.** Axudar (*Animaba que taba bon día*). **4.** prnl. Atreverse, decidirse. **5.** prnl. Cobrar valor.

ánimo. s. m. Forza, alento. **2.** Valor.

anís. s. m. Planta anual da familia das umbelíferas, de raíz fusiforme, talo erecto que pode acadar unha altura de corenta a sesenta centímetros, con follas redondeadas e dentadas e flores pequenas e brancas (*Pimpinella anisum*). **2.** Licor fabricado coa planta do mesmo nome.

anivelar. v. Poñer plano algo.

ano. s. m. Espazo de tempo que consta de 365 días, repartidos en 12 meses. // **Ano de herba, ano de merda**. Refrán que relaciona a abundancia de herba cunha mala colleita de cereais. // **Ano de *búas xeladas*, ano de *búas* anadas.** V. Ano de *muitas xeladas*, ano de *búas* anadas. // **Ano de *muitas xeladas*, ano de *búas* anadas.** Refrán que indica que un ano de moitas xeadas trae boas colleitas. // **Ano de *luto*.** V. luito 2ª acep. // **Entrado en anos.** Que vai vello. // **Nunca foi mal ano por *muito* trigo.** Refrán que expresa beneficio, aludindo a que a abundancia de cousas útiles non causa dano ningún. // **Polo ano arriba.** Ao longo do ano. // **Por *muitos* anos.** Expresión que indica felicitación e ánimo. // **Que *bon* ano, que mal ano, *cuatro* caben nel (nun) escano.** Refrán que se refire aos oficios de xustiza, que nas igrexas tiñan un banco sinalado, e eran catro: o alcalde, dous rexedores e o procurador síndico. // **Que *bon* ano, que mal ano, en maio bota os bois al prado.** Refrán referido á vida agrícola (Castropol). // **Tal día *fexo* un ano.** Expresa conformidade. **2.** Iso xa se sabía. // ***Tar* de *bon* ano.** Estar ben alimentado.

anobelado, -a. adx. Posto en nobelos.

anobelar. v. Poñer en nobelos.

anoitar. v. Prepararse unha persoa ou un animal para pasar a noite (*Anoitou na casa da avola*).

anoite. adv. Onte (El Franco, Boal, Navia, Allande). **2.** Na noite de onte. **3.** Á noite.

anoitecer. v. Chegar a noite ou facerse noite. **2**. Estar nun sitio ou situación ao chegar a noite (*Anoiteceu alló*), (Coaña). **3.** s. m. Espazo de tempo no que vai chegando a noite.

anoitecerín. V. anoitecer 1ª acep.

anollar. V. anuar (Ibias).

anonovo. s. m. O ano que está a piques de comezar ou o que empezou hai pouco.

anorai. V. muñón (Tapia de Casarego).

anotación. s. f. (pl. anotaciois). Nota que se fai ao pé ou á marxe dun texto.

anotado, -a. adx. Do que se toma nota por escrito.

anougado, -a. adx. Cun *nougo* (nó). **2.** Aplícase á madeira con moitos *nougos* (nós).

anougar. v. Facer un *nougo* (nó).

anovar. v. Converter unha terra de monte nunha terra de labradío. **2.** Poñer novo algo.
anoxadizo, -a. adx. Que se enfada con facilidade.
anoxado, -a. adx. Enfadado. **2.** Aplícase ao paxaro que deixa o niño porque notou que lle andaron nel.
anoxar. v. Causar noxo. **2.** Abandonar un paxaro o niño por andar nel ou outro animal as súas crías por andar tocándollas. **3.** Aborrecer a comida por fastío ou empacho (Eilao). **4.** Molestar. **5.** Cansar. **6.** prnl. Figuradamente, reproducirse unha planta en pouca cantidade nunha horta, como o perexil, cando de xeito habitual había moito (Boal). **7.** prnl. Enfadarse.
anoxo. s. m. Enfado.
anque. conx. Aínda que.
anriba* → enriba.
ansela. s. f. Argola que se utiliza para a arte da pesca do *borxel á vara*, substituíndo ás *cortizas* (Abres). **2.** Por extensión, outro tipo de argola (Abres).
ansiado, -a. adx. Famento. **2.** Avaro.
ansiar. v. Desexar, querer.
ansiedá. s. f. Inquietude, angustia.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
antachada* → intachada.
antaier* → antonte.
antangoite. V. antonte (Coaña).
antano. adv. No ano pasado. **2.** En tempo pasado.
antanoite. V. antonte (Allande, Navia).
antaonte. V. antonte (Ibias).
ante. prep. Diante. **2.** Perante.
anteaier* → antonte.
anteanoite. V. antonte (Allande).
antena. s. f. Órgano xenital masculino. **2.** Apéndice dérmico do peixe sapo que lle serve para capturar presas.
antecasa. s. f. Vestíbulo.
anteón. s. m. Especie de aparello cun só *motón*.
antepasado, -a. s. m. e f. Familiar que viviu nun tempo anterior.
antepoer. V. antepoñer.
antepoñer. v. Poñer diante. **2.** Preferir.
antepresa. V. repompa 2ª acep.
antepuer. V. antepoñer.
antes. adv. En tempo ou lugar anterior. // **Antes (de) que.** Expresa temporalidade. // **Os de antes.** Os antepasados.
antesdaier* → antonte.
antetuna. V. antituña.
antevíspora. s. f. Día que precede inmediatamente á véspera.
antias. V. antes. **2.** Cedo (*Máis antias*). // ***Antias* das.** Entre as. // ***Antias* que.** Expresa temporalidade como conxunción.
antier* → antonte.
anties* → antes.
antigo, -a. adx. Que existiu nunha época anterior. **2.** Vello.
antigualla. s. f. Cousa moi antiga ou en desuso.
Obs. Trátase dun castelanismo.
antigüedá. s. f. Calidade do antigo.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
antiguísimo*, -a → antigo.
antigüísimo*, -a → antigo.
antiguo, -a. V. antigo. **2.** Camiño ou sendeiro.
Obs. Trátase dun castelanismo.
antiollos. V. lentes.
antión* → anteón.
antiparas. s. f. pl. Polaina ou peza de vestir que cubría a perna e o pé só por diante, usada normalmente polos segadores.
antiparras. s. f. pl. Lentes.
antituna. V. antituña.
antituña. s. f. Peza dun batán (Vilanova de Ozcos); antituna, antetuna.
antoite. adv. Antonte.
ántola. s. f. Cada unha das dúas columnas de pedra da porta dunha *corripa* que teñen unha fendedura no medio para poñer as táboas de peche.
antón* → anteón.
antón pirulero. s. m. Xogo de nenos, consistente en adiviñar un xogador de quen son as prendas do resto dos xogadores. Existe un xurado ou unha *madre* que recita o de "*Antón, Antón, Antón Pirulero, / cada cual, cada cual / que atienda a su juego, / el que no lo atienda / pagará, pagará, / pagará una prenda*".
Obs. Trátase dun castelanismo.
antonte. adv. No día inmediatamente anterior a onte. // **El outro antonte.** No día anterior a antonte.
antontes. V. antonte.
antoxadizo, -a. adx. Aplícase á persoa que lle apetece algo de xeito pasaxeiro e caprichoso.
Obs. Trátase dun castelanismo.
antoxana. s. f. Escaleira que vai desde a corte ao piso da cociña (Boal).
antoxar. v. Apetecer, desexar.
Obs. Trátase dun castelanismo.
antoxo. s. m. Desexo, capricho pasaxeiro. **2.** Mancha na pel da que se pensa que sae polo incumprimento dos caprichos que tivo a mai durante o embarazo. // ***Tar* de *antoxo*.** Aplícase á muller cando ten caprichos durante o embarazo.
Obs. Trátase dun castelanismo.

antroidada. s. f. Momento de alegría. **2.** Enchente; antroirada.

antroidar. v. Desfrutar da comida os días de Entroido. **2.** Andar disfrazado no Entroido. **3.** Comer moito. **4.** Celebrar o Entroido. **5.** Alegrarse por algo que aconteceu. **6.** Desfrutar da comida.

antroido. s. m. Período de tempo que comprende os tres días antes da coresma; antroiro, entroiro. **2.** Dentro deste período de tempo, pode referirse só ao martes. **3.** Festa tradicional con máscaras, baile, música etc., que se celebra nese período de tempo. **4.** Por extensión, disfrace de carnaval. **5.** Dise da persoa desagradable, pesada.

antroio. V. antroido (Villaión).

antroirada. s. f. Enchente; antroiada.

antroirar. V. antroidar 3ª, 4ª e 6ª acep.

antroiro. V. antroido (Grandas de Salime, San Martín de Ozcos, Boal, Allande, Villaión). **2.** Boneco que facían os nenos antigamente na época do Entroido e que despois queimaban (Villaión). **3.** Bóla grande feita de palla e trapos que se queima neste período de tempo (Allande). **4.** Dise da persoa que come moito. **5.** Dise da persoa gorda.

antroxo. V. antroido (Villaión).

antuca. s. f. Instrumento semellante a un paraugas, que serve para protexerse do sol.

anuar. v. Facer nós (*nougos*), (Vilanova de Ozcos).

anúas (a). loc. Espido. **2.** En contacto coa pel (*Hai que poñer a cataplasma a anúas*).

anubarrado, -a. adx. Dise do ceo cheo de cúmulos (Castropol, Allande).

anubelar* → anobelar.

anublado, -a → anubrado.

anublar* → anubrar 1ª, 2ª e 3ª acep.

anubrado, -a. adx. Cuberto de nubes.

anubrar. v. Cubrir as nubes o ceo. **2.** prnl. Cubrirse de nubes, escurecer. **3.** prnl. Perder por un momento a vista.

anuca* → nuca.

anumarado, -a. adx. Dise do que ten números postos.

anunciar. v. Avisar, comunicar.

anviso, -a. adx. Sabio, prudente, discreto.

ánxel. s. m. Ser celestial creado por Deus. **2.** Persoa moi bondadosa.

ánxele. V. ánxel.

anxelín. s. m. Neno pequeno que morre. **2.** Anxo (*ánxel*) pequeno.

anxinas. s. f. pl. Amigdalite.

anxomías. s. f. pl. Xestos coa cara. **2.** adx. Aplícase á persoa moi divertida.

anxonia. s. f. Traballo mal feito e sen importancia (Eilao). **2.** Broma ou caricia que se fai a un neno, un can etc.

anxoniar. v. Facer mal calquera traballo (Eilao).

anxorniar. v. Enredar, argallar.

anzadeiro* → alzadeiro.

anzolada. s. f. Contido dun anzol. **2.** V. zátaro 9ª acep. (Ortigueira).

anzoleiro, -a. adx. Aplícase á muller que lle gusta murmurar e criticar. **2.** Muller de mala vida. **3.** Dise da persoa que non quere traballar.

anzoliar. v. Andar unha muller murmurando e criticando. **2.** Levar unha muller mala vida. **3.** Dedicarse unha persoa a divertirse sen querer traballar.

anzolieiro, -a. V. anzoleiro 3ª acep.

anzolo. s. m. Especie de gancho metálico, de tamaño pequeno, que se usa para pescar; amucelo, ambucelo.

anzuliar. V. anzoliar.

anzullar. v. Investigar o que se di para despois comentalo.

anzullón, -úa. adx. Curioso.

añada* → anada.

añadir. v. Agregar unha cousa.
Obs. Trátase dun castelanismo.

añidir* → añadir.

añil. s. m. Pasta de color azul escura, con trazos cobreados, que se obtén de mazar os talos e as follas da planta homónima.
Obs. Trátase dun castelanismo.

añilar. v. Pintar algo de color *añil*.
Obs. Trátase dun castelanismo.

año. s. m. Cría da ovella (Taramundi).

ao. (pl. aos). Contracción da preposición *a* e o artigo masculino singular *o*; ó.

ao[2]. Contracción entre a preposición *a* e o pronome persoal masculino singular *o* (*Ese era o cine ao que íbamos*).

ao[3]. Contracción entre a preposición *a* e o artigo neutro *o* (*Nun lle chamamos nada ao que falamos*).

aocar. v. Mazar no corte vertical que se fai no tronco dunha *sofreira* co revés dunha brosa para separar lixeiramente a *pana* do tronco.

aoite. s. m. Onte (Villaión).

aollado, -a. adx. Que ten mal de ollo.

aollar. v. Facer mal de ollo.

aontado, -a. adx. Deshonrado.

apaciguar. v. Calmar, tranquilizar (*Apacigüei al neno*).
Obs. Trátase dun castelanismo.

apadrinar* → apadriñar.

apadriñar. v. Facer de padriño. **2.** Protexer, defender.

apagado, -a. adx. Dise do cal mollado. **2.** Extinguido. **3.** Dise do son de pouca

intensidade, como nun instrumento musical.

apagar. v. Extinguir a luz ou o lume. **2.** Mollar o cal (Taramundi, El Franco).

ápago. s. m. Peza do *vasadoiro*, algo curva, que nun dos extremos encaixa a *cabeza* e no outro as *carretas* ou *rodelas*. **2.** Temón do arado.

apagón. s. m. Acto e resultado de apagar. **2.** Corte repentino de luz.

apaiolado, -a. adx. Aparvado.

apaiolar. v. Aparvar, non facer nada, estar parado (San Martín de Ozcos, Tapia de Casarego, Villaión).

apaisanado, -a. adx. Que ten maneiras, costumes etc. das persoas que viven no campo.

apalabrado, -a. adx. Dise do rapaz que xa está prometido (Navia).

apalabrar. V. apalabriar (Castropol).

apalabriado, -a. adx. Acordado.

apalabriar. v. Chegar de palabra a un acordo.

apalambrear. v. Estragarse unha colleita por falta de auga (Santalla de Ozcos). **2.** Desfalecer o gando de sede (Santalla de Ozcos).

apalancado, -a. adx. Acomodado.

apalancar. v. Mover algo cunha panca (Navia). **2.** prnl. Acomodarse.

apalandriarse. v. prnl. Murchar o millo polo aire (Coaña).

apalanquiar. v. Mover algunha cousa cunha panca.

apalar. v. Pegar, golpear a alguén repetidas veces (Allande).

apaleado, -a. adx. Golpeado.

apalear. V. apalar.

apaleirar. v. Esconderse os peixes entre as pedras, furados etc., dun río (Abres).

apaliado, -a. V. apaleado.

apaliar. V. apalar.

apallucar. v. Parar, deter (*Apallucou el vento*), (Castropol).

apalominado, -a. adx. Aparvado. **2.** Despistado.

apaluminado*, -a → apalominado.

apalpadas (ás). V. apalpadellas (ás), (Abres, Santalla de Ozcos).

apalpadellas (ás). loc. Ás escuras ou guiándose polo tacto.

apalpado, -a. adx. Tocado coa man.

apalpar. v. Tocar coa man (*Nun se deixa apalpar*). **2.** Andar ás escuras valéndose das mans. **3.** Tentear. **4.** Debilitar (*A enfermedá apalpoulo*).

apalpuñar. v. Sobar coas mans ou os dedos. **2.** Apertar ou tocar coas mans.

apampado, -a. adx. Aparvado.

apampanado, -a. adx. Aparvado; apampaniado.

apampanar. V. apampaniar 1ª acep. **2.** prnl. V. apalandriarse.

apampanear. v. Non prender ben as patacas por botarlles moito cuito.

apampaniado, -a. adx. Aparvado. **2.** Referido ás plantas, murcho, que non ten frescura ou viveza.

apampaniar. v. Aparvar. **2.** Murchar, perder a frescura ou viveza as plantas. **3.** Quentar moito o sol a unha persoa.

apampado, -a. adx. Aparvado.

apampar. v. Aparvar.

apandado, -a. adx. Cansado, debilitado. **2.** Dise da madeira torcida polo peso.

apandar. v. Nos xogos infantís, quedar ou tocarlle a un o papel menos agradable. **2.** Facerse cargo de algo ou alguén. **3.** Aturar, soportar, sufrir. **4.** Humillar. **5.** Amansar, formalizar. **6.** Colocar un xogador no chan o seu *pión* para que os demais xogadores fagan cos seus puntería sobre el. **7.** Levar a peor parte nun traballo, negocio, asunto etc. **8.** Debilitar, cansar. **9.** Tranquilizar, acougar. **10.** Mazar, golpear. **11.** No xogo da *remonta*, quedar debaixo. **12.** Baixar o volume de algo. **13.** V. apandiar (Allande). **14.** Saír xuntos un grupo de amigos. **15.** Torcer a madeira por un peso (Allande).

apandiar. v. Facerse amigo dunha persoa ou dun grupo de xente (Boal).

apanqueixar. v. Queixarse (Villaión).

apanxolado, -a. adx. Parvo.

apañado, -a. adx. Recollido. **2.** Axeitado. **3.** Que ten boa disposición. **4.** Agarrado. **5.** Alcanzado. **6.** Habilidoso, mañoso. **7.** Aforrador. **8.** Dise do óso que queda ben limpo despois de comer a carne que o recobre. **9.** Errado ou demasiado confiado (*Tás apañado*). // **Ser *mui* apañado.** Amañarse con calquera cousa.

apañador, -a. s. m. e f. Persoa que colle os ourizos das castañas con fustes; colledor.

apañar. v. Recoller algúns froitos ou herba, como mazás, castañas, fabas etc. **2.** Coller ou gardar algo. **3.** Agarrar. **4.** Alcanzar. **5.** Recibir unha tunda ou castigo. **6.** Segar, coller. **7.** Aproveitar ben a carne dos ósos mentres se comen até deixalos ben limpos. **8.** prnl. Amañarse.

apaño. s. m. Arranxo, acomodo. **2.** Trato.

apapellarse. v. prnl. Incharse os figos para madurecer.

apapexar. v. Engulir (Allande).

aparador. s. m. Moble de comedor para gardar pratos, vasos etc.

aparado, -a. adx. Dise do froito ou froita mondados. **2.** Preparado.
aparafusado, -a. adx. Tolo.
aparafuseado, -a. V. aparafusado.
aparar[1]. v. Mondar, como as patacas, as castañas ou as froitas. **2.** Deixar un óso ben limpo de carne ao comer.
aparar[2]. V. parar.
aparato. s. m. Conxunto de elementos dispostos ou organizados para un determinado fin. **2.** Calquera instrumento do que non se sabe verdadeiramente a súa función. **3.** Órgano xenital masculino.
aparaxolado, -a. adx. Que non está moi ben da cabeza.
aparazar. v. Quitar a casca dunha árbore (El Franco).
aparceirar. V. parceirar.
aparceiría. V. parceiría.
aparceiro, -a. V. parceiro.
aparcelamento. s. m. División de parcelas.
aparcelado, -a. adx. Dise da leira ou terreo resultado da concentración parcelaria (*Agora como tá aparcelado todo*).
aparcelar. v. Dividir unha leira en porcións máis pequenas. **2.** Xuntar e repartir as leiras nunha concentración parcelaria.
apareado, -a. V. aparexado.
aparecer. V. parecer 1ª, 3ª e 4ª acep. // **El que non aparece, *esqueice*.** Dito que indica ausencia.
aparecidamente. adv. De xeito semellante (El Franco).
aparecido, -a. adx. Semellante. **2.** s. m. Na mitoloxía tradicional, ser que se mostra visible.
apardazado, -a. adx. Tirando a pardo.
apardazar. v. Volverse algo de color parda. **2.** Anoitecer (*Apardazando el día*), (Boal).
aparella. s. f. Conxunto de fíos uns sobre outros que por un defecto de fabricación aparece nunha parte dunha tea.
aparellado, -a. adx. Dise da cabalería co aparello posto (Negueira de Muñiz, El Franco).
aparellar. v. Poñer o aparello ás cabalerías, a unha embarcación, a unha cana de pescar etc. **2.** Contar algo que aconteceu con esaxeración ou inventalo. **3.** Enganar. **4.** Sobrecargar de traballos ou obrigacións.
aparello. s. m. Arreo das cabalerías. **2.** Sedal da cana de pescar que vai desde o extremo da vara até o chumbo e onde se xunta co *rendal*. **3.** Conxunto de obxectos máis pequenos que pertencen a outro principal. **4.** Conxunto de elementos dunha embarcación para poder navegar. **5.** Rede (Castropol, Tapia de Casarego). **6.** Cada un dos métodos utilizados para a pesca. // **Aparello a *mao*.** Forma simple de pescar, onde o fío vai enroscado a un cacho de pau.
aparencia. s. f. Aspecto exterior co que se nos presenta unha persoa ou cousa. **2.** pl. Que só é aparente.
aparente. adx. Dise da persoa presumida.
aparexado, -a. adx. Con parella.
Obs. Trátase dun castelanismo.
aparexar. v. Formar parella. **2.** Poñer o aparello a unha cabalería; aparellar 1ª acep.
Obs. Trátase dun castelanismo.
aparexeñar. v. Preparar unha cousa de xeito rápido.
aparexo. V. aparello 1ª acep.
Obs. Trátase dun castelanismo.
aparición. s. f. (pl. apariciois). Acción e resultado de aparecer. **2.** Visión sobrenatural ou fantásica.
apariguarse. v. prnl. Achegarse dúas artes de pesca que están soltas (Tapia de Casarego).
aparisado, -a. adx. Tolo.
aparolada. adx. Aplícase á madeira vella.
aparrar. v. Xermolar.
apartar. v. Separar, dividir. **2.** Afastar, quitar dun sitio. **3.** Mediar.
apartexar. v. Asistir a unha femia nun parto (Boal).
apartixo. s. m. Lugar ou cousa apartada.
aparumar. v. Aumentar (Seares). **2.** Poñer unha cousa enriba doutra, amontoar (*Aparumar os estribos*), (A Veiga, Castropol, Ibias).
aparvado, -a. adx. Abobado, apampado (Abres).
aparzar. v. Emparellar; emparzar. **2.** Acordar os pescadores o uso temporal dunha zona para pescar, normalmente salmóns (Abres).
apastar. v. Pacer (San Martín de Ozcos).
apastoirar. v. Poñer a *pastoira* a unha vaca.
apastramar. v. Esmagar (Boal). **2.** Facer mal unha cousa (Navia).
apastramazar. V. apastramar 2ª acep. (Navia).
apaxado, -a. adx. Abrigado.
apaxar. v. Abrigarse, taparse, poñerse roupa, (*Apáxate ben!*), (San Martín de Ozcos).
apaxarado, -a. adx. Triste, despistado (Tapia de Casarego, Navia).
apazguatado, -a. adx. Aparvado.
apazguatar. v. Aparvar.
apazugado, -a. adx. Tranquilo, calmado.
apazugar. v. Tranquilizar (Seares, Santalla de Ozcos). **2.** Quedar quieto un neno (San Martín de Ozcos).

apeadeiro. s. m. Lugar da vía onde se detén o tren sen que teña as condicións dunha estación de ferrocarril.

apeadoira. s. f. Mecanismo dun muíño para que pare antes de acabar o gran (Abres, San Martín de Ozcos).

apear. v. Baixar, descender. **2.** Cortar árbores. **3.** Tocar o fondo cos pés nun río. **4.** Tocar o fondo dun río coa *botadoira* que impulsa unha embarcación (Abres).

apedrar. v. Caer sarabia, pedrazo. **2.** Acostumar mal a unha persoa, mimar excesivamente. **3.** Esmagar, desfacer. **4.** Tirar pedras a unha persoa ou cousa; apedrear 1ª acep. **5.** Malgastar, dilapidar (*Nun apedres os cuartos*). **6.** prnl. Estragarse, botarse a perder unha cousa, como as colleitas por fenómenos atmosféricos, alimentos ou cousas. // **El que apedra *lo* que *Dios* dá, non ten perdón de *Dios*.** Refrán que indica que o que bota a perder o que lle concedeu Deus, non ten perdón ningún. // **Esa xa *nun* se apedra.** Expresión que se utiliza para dicir que unha rapaza xa está vella (As Figueiras).
Obs. Na 6ª acep. pode tamén non ter uso pronominal (*A tormenta apedrou el fruto*).

apedrear. v. Tirar pedras a unha persoa ou a un animal. **2.** V. apedrar 1ª acep.

apedriar. V. apedrear.

apedro. s. m. Estrago, dano. **2.** Acción inmatura. **3.** V. pedrazo 3ª acep.

apegadizo, -a. adx. Que se pega.

apegado, -a. adx. Dise do que está unido con outra cousa. **2.** Arrimado.

apegadura. s. f. Acto e efecto de pegar algo.

apegar. v. Xuntar unha cousa con outra mediante unha substancia. **2.** Xuntar unha cousa con outra, atándoa, coséndoa etc. **3.** Arrimar ou estar arrimada unha cousa a outra. **4.** Suxeitar os animais ao carro. **5.** Contaxiar enfermidades, gustos, opinións, costumes, zunas etc. **6.** Nacer ou medrar ben as plantas ou as árbores (Eilao). **7.** prnl. Xuntarse a unha persoa ou un grupo. **8.** prnl. Xuntarse unha cousa a outra. **9.** prnl. Quedar fixa unha comida no fondo dun recipiente.

apegarado, -a. adx. Aplícase ao que ten manchas brancas e negras como color. **2.** Por extensión, todo o que ten manchas de color na pel ou na plumaxe. **3.** O que ten varias colores.

apego. s. m. Cariño, afecto.

apegois. V. namorado 2ª acep. (Grandas de Salime, Eilao).

apegollado, -a. adx. Aparvado (Castropol).

apegón. s. m. Nome común que se aplica aos celentéreos antozoos do xénero *Anemonia*, da orde dos actiniarios, que comprenden familias solitarias, de colores vivas e sen esqueleto. Teñen tentáculos alongados, dispostos en varias ringleiras, que o semellan a unha flor. Viven fixas nas rochas costeiras nas zonas de mareas (*Anemonia sp.*), (El Franco, Ortigueira). **2.** Lique que vive sobre as rochas e cunchas mariñas (Coaña). **3.** V. ortiga de mar (*Actinia equina*), (El Franco, Ortigueira).

apeiro. s. m. Utensilio para a labranza.

apeitar. v. Cargar con algo que a un non lle gusta. **2.** Cargar cun obxecto pesado. **3.** Afrontar decididamente un feito.

apeladoiro. s. m. Lugar onde se coloca a treitoira do carro (Vilarmeirín, Vilar de Cendias).

apelar. v. Ter igual color de pelo, aplicado normalmente a bois ou cabalos.

apellaourido. V. apelourido.

apellaurido. V. apelourido.

apellourido. V. apelourido.

apelourido. s. m. Ruído estridente. **2.** Berro. **3.** Moito ruído producido por xente ou animais.

apellidar. v. Ter un nome como apelido.
Obs. Trátase dun castelanismo.

apellido. s. m. Nome da familia co que se designan as persoas e que se transmite de pais a fillos.
Obs. Trátase dun castelanismo.

apenado, -a. adx. Triste.
Obs. Trátase dun castelanismo.

apenar. v. Entristecer.
Obs. Trátase dun castelanismo.

apencar. v. Afacerse a un lugar. **2.** Tolerar, aceptar.

apéndice. s. m. Segmento terminal de certos animais. **2.** Brote da pataca.

apendicitis. s. f. Inflamación do apéndice cecal ou vermicular. Na medicina tradicional eonaviega curábase botándolle xeo dentro dunha vexiga envolta nun pano de flanela sobre a parte afectada.
Obs. Trátase dun castelanismo.

apendis* → apéndice, apendicitis.

apéndiz* → apéndice 1ª e 2ª acep.

apeonar. v. Facer funcións de peón.

apercebemento. s. m. Acción e resultado de apercibir. **2.** Aviso.

apercibido, -a. adx. Aplicado a un comercio, provisto do necesario. **2.** Dise da terra ou terreo fertilizados con cuito (Santalla de Ozcos).

apercibir. v. Advertir, avisar. **2.** Decatarse. **3.** Preparar unha terra. **4.** Amontoar o cuito suficientemente na terra que se vai

fertilizar (*Carréxase el cuito asta apercibir a peza*), (Santalla de Ozcos). **5.** prnl. Coller provisións dalgunha cousa.

apertadeira. s. f. Tipo de faixa ou banda para abrigar o corpo, que se pon moi pegada a el.

apertado, -a. V. apretado.

apertamento. V. apretamento 4ª acep.

apertar. V. apretar.

aperto. V. apreto.

apertuxar. V. apretuxar.

apertuxón. V. apretuxón.

apestado, -a. adx. Que ten a peste.

apestañar. v. Mover as pestanas.

apestar. v. Ter a peste. **2.** Cheirar.

apetar. v. Aforrar, meter diñeiro no peto. **2.** Meter algo apertado.

apetecer. v. Desexar. **2.** Ter apetito de algo.

apetecido, -a. adx. Aplícase á persoa que lle apetece todo o que ve. **2.** Desexado.

apeteirado, -a. adx. Xunto, moi unido, como nace o trigo ou o millo ás veces. **2.** Por extensión, cando a xente se atopa moi xunta. **3.** V. amelgado.

apeteirar. v. Formar montóns dunha cousa como a herba. **2.** Xuntarse, reunirse (*Apeteirábase a xente*), (El Franco).

apetencia. s. f. Gana de satisfacer un desexo.

apetiguñado, -a. adx. Moi xunto.

apetiguñar. v. Xuntar moito algo, apertar, amontoar.

apetito. s. m. Desexo de satisfacer un gusto. **2.** Gana de comer.

apetotado, -a. adx. Amontoado, moi xunto (Castropol).

apetunar. V. apetuñar (El Franco).

apetuñado, -a. adx. Xunto, amontoado.

apetuñar. v. Xuntar, amontoar (Boal, Navia).

apetuxado, -a. adx. Amontoado, moi xunto (Allande).

apetuxar. v. Xuntar, amontoar (Allande).

apezar. v. Unir varias leiras nunha soa. **2.** Unir riquezas por un casamento.

apezquitar. v. Indagar, investigar (Tapia de Casarego). **2.** Sospeitar.

apiadero* → apeadeiro.

apiadoira* → apeadoira.

apicado, -a. adx. Cheo con exceso, saíndo polos bordos; empicado. **2.** Con pico, cheo até os bordos (*Esta meda tá mui apicada*), (San Martín de Ozcos).

apicañar. v. Quitar a punta aos nabos arrincados para quitarlles a terra que está pegada na raíz (San Martín de Ozcos).

apicar. v. Encher moito algo. **2.** Poñer pico a algo e enchelo até os bordos (*A meda hai que apicala para que saque ben el auga*), (Vilanova de Ozcos).

apicarzar. V. apigarzar.

apigarzado, -a. adx. Durmido, aínda que non totalmente.

apigarzar. v. Durmir, aínda que non totalmente. // **En marzo, *apigarzo* (*pigarzo*); en abril, déixame (quero) durmir; (i) en maio de sono (me) caio.** Refrán usado polos obreiros para que despois de marzo se lles deixe descansar máis ao mediodía. // **En marzo, *apigarzo*; en abril, espigas mil; en maio todo espigado; en *xunio*, todo maduro; en *xulín* dálle coel *foucín*; en agosto coel (mállase el) *xostro*; en *setembre* coel dente; en *outubre* todo *lo cubre*.** Refrán que se refire ao cultivo do trigo (Castropol). V. abril.

apilado, -a. adx. Amontoado.

apilar. v. Amontoar.

apileirado, -a. adx. Amontoado (Allande).

apileirar. v. Amontoar (Allande).

apillar. V. pillar 1ª acep.

apinadoiro. s. m. Lugar onde se coloca a treitoira do carro (Folgoso-Ibias); apeladoiro.

apinado. adx. Dise cando se pon o carro coa cabezoalla para enriba.

apinar. v. Golpear a roupa no lavadoiro. **2.** Xuntar, agrupar unhas cousas encima doutras. **3.** Poñer o carro coa cabezoalla para enriba. **4.** Ter un movemento de vaivén respecto dun punto de apoio, bascular.

apingallar. V. apingollar (Allande).

apingollar. v. Quedar medio durmido.

apinsado, -a. adx. Dise do que é resistente (*Dispoñía el carreteiro duha parexa de bois mui apinsados*), (El Franco).

apintarado, -a. adx. Con manchas de moitas colores.

apiñar* → apinar 2ª acep.

apiñolado, -a. adx. Amontoado (Boal).

apiñolar. v. Amontoar, reunir; apeteirar. **2.** Engurrar algo facendo unha bóla (Tapia de Casarego).

apio. s. m. Herba bienal da familia das umbelíferas, de talo moi estriado, que alcanza entre os sesenta e os oitenta centímetros de altura. Ten raíces superficiais, follas divididas en segmentos cuneiformes e flores pequenas de color branca. Emprégase para a alimentación humana (*Apium graveolens*). // ***Teis* el apio nel horto i el fillo morto.** Refrán que se utiliza para dicir o beneficioso que é o apio. **2.** Alude a aquela persoa que polo seu descoido deixa de pasar a ocasión de librarse

dalgún dano cando podía ela mesma remedialo.

apionar. v. Traballar como peón. **2.** Ulir o rastro un can de caza (Abres).

apistañar* → apestañar.

apituñado, -a. adx. Moi xunto (Allande).

apizquitar. V. apezquitar 2ª acep.

aplanado, -a. adx. Con perda do ánimo ou das forzas (Allande). **2.** O que está ou queda plano. **2.** s. m. Proceso no que os ferreiros alisan as chapas de ferro para empregalas despois noutros usos.

aplanar. v. Poñer algo plano.

aplanchar* → pranchar.

aplastar* → machucar, esmagar.

aplicado, -a. adx. Aplícase á persoa traballadora e económica. **2.** Dise do que mostra interese polo estudo. **3.** Agarrado, avaro. **4.** Mañoso, habilidoso.

aplicarse. v. prnl. Esforzarse polo ben dun. **2.** prnl. Esforzarse na execución dalgunha cousa.

apochinar. v. Nos xogos, quedar. **2.** Aturar.

apoderado, -a. adx. Que ten poder.

apodrecer. V. podrecer.

apodrentado, -a. adx. Podre, en descomposición (*Os cangos tán apodrentados*), (Taramundi).

apodrentar. v. Perderse un froito. **2.** Debilitar a saúde. **3.** Comezar a podrecer.

apoer. V. apoñer 1ª acep.

apoiar. v. Protexer, defender. **2.** Sustentar unha cousa sobre outra. **3.** Favorecer. **4.** Cargar.

apolavila* → polavila.

apoleirado, -a. adx. Que está subido a un poleiro. **2.** Dise da persoa que non sae da casa, que se deita axiña etc.

apoleirarse. v. prnl. Subir as galiñas ao poleiro; empoleirarse. **2.** Ter unha persoa costumes semellantes ás galiñas: non saír da casa, deitarse axiña etc.

apoliar. v. Subir ou baixar algo cunha polea.

apolillado, -a. adx. Deteriorado pola *polilla*.
Obs. Trátase dun castelanismo.

apolillar. v. Perderse certas cousas pola *polilla*.
Obs. Trátase dun castelanismo.

apolizado, -a. adx. Agudo, afiado.

apolizar. v. Traballar un pau cunha navalla até deixalo liso (*Apolizou un palo*), (Coaña).

apolleirado, -a. V. apoleirado.

apolleirarse. V. apoleirarse.

apollinar. v. Cargar, levar (*El mellor xeito de apollinar un feixe*), (El Franco).
Obs. Trátase dun castelanismo.

aponderar. V. ponderar.

apontigado, -a. adx. Que quedou con forma de ponte.

apontigar. v. Caer algo, como unha árbore, quedando coa forma dunha ponte (Abres).

apontonar. v. Colocar os pontóns para cravar por enriba o lousado.

apoñer. v. Deixar unha cousa lista para funcionar. **2.** Enganchar a parella de vacas ou bois ou unha cabalería ao carro ou ao outro apeiro. **3.** Dispoñer e limpar o muíño para a moenda. **4.** Comezar un traballo. **5.** Moer e amasar unha fornada. **6.** Botar un saco de gran na moxega e poñer o muíño a moer (San Martín de Ozcos). **7.** Poñer, engadir. **8.** Imputar, achacar, atribuír algo a alguén.

apoquinar. v. Pagar, normalmente de mala gana (Allande). **2.** No xogo da baralla, cargar cunha carta que non se quere (Allande).

aporondado, -a. V. emporondado.

aporondar. V. emporondar 4ª, 5ª, 6ª e 7ª acep.

aporruar. v. Queimarse ou secar un froito polo sol (Santalla de Ozcos).

aportuguesado, -a. adx. Semellante ao portugués. En Boal refírense aos galegos.

aposentado, -a. adx. Tranquilo. **2.** Sensato.

aposentar. v. Acougar, tranquilizar. **2.** Sentar a cabeza.

aposento. s. m. Cuarto.

aposiado. s. m. Terreo transitable.

aposta[1]. s. f. Acción e efecto de apostar. **2.** Cantidade apostada.

aposta[2]. adv. Adrede, expresamente. // **Facelo aposta.** Facelo adrede.

apostar. v. Facer apostas, xogar. **2.** Colocar, dispoñer.

aposto, -a. adx. Enganchada a parella de bois ou vacas ao carro. **2.** Aplícase á persoa que ten elegancia e graza.

apostura. s. f. Última peza alta da caderna dunha embarcación.

aposturarse. v. prnl. Adoptar co corpo unha determinada postura (Os Coutos).

apotear. v. Contrastar pesos e medidas, marcar (San Martín de Ozcos).

apotecar. v. Someter a unha hipoteca como garantía de pagamento dunha débeda ou préstamo.

apoucado, -a. adx. Deprimido, acovardado, tímido. **2.** Aplícase á persoa sen espírito. **3.** Torpe, de pouca intelixencia (Abres).

apoucar. v. Deprimir.

apoudigar. v. Tranquilizar, calmar (Abres).

apoullado, -a. adx. Encollido polo frío, por unha enfermidade etc.

apousa, apousa! V. pousa, pousa!

apousado, -a. adx. Pousado.
apousar. v. Perder un líquido as substancias estrañas ao depositarse estas no fondo dun recipiente. **4.** V. pousar 1ª, 2ª e 3ª acep. **3.** Acougar, tranquilizar.
apouso. V. pouso 4ª acep.
apradado, -a. adx. O que se pon a secar na herba dun prado, como a roupa (Grandas de Salime).
apradar. V. apradiar 1ª e 2ª acep. **2.** Poñer a roupa a secar na herba dun prado (Grandas de Salime).
apradeo. V. angazo.
apradiar. v. Recoller ou amontoar a herba co *apradeo*. **2.** Converter un terreo en prado. // ***Apradiar pra* casa.** Quitar todo o beneficio posible para si.
apranar. v. Nun mazo, alisar as pezas de ferro (Santalla de Ozcos).
apranchar* → pranchar.
apreciado, -a. adx. Estimado.
apreciar. v. Estimar, considerar, querer.
aprecio. s. m. Consideración, estima que se ten a unha persoa ou cousa.
apregonarse. V. pregonar 2ª acep.
apreguar. v. Andar contando cousas a todo o mundo. **2.** prnl. Proclamarse os noivos; apregonar, pregonar 2ª acep.
apreixar. v. Abrazar (Abres). **2.** Agarrarse fortemente a algo. **3.** Poñer a canterla a unha galocha. **4.** Suxeitar de xeito forte algo (*Apreixa ben ese feixe*), (San Martín de Ozcos). **5.** Apertar, arroupar, abrigar (*Apréixate ben*).
apreixo. s. m. Parte da galocha consistente nunha barra fina metálica que envolve a parte dianteira desde o primeiro talón até o empezo da *boca* e que serve para reforzar a galocha e que non rompa. **2.** Acción e resultado de abrazar (Abres); abrazo. **3.** Acción de suxeitar algo. **4.** V. suxeiro (San Martín de Ozcos).
apremio. s. m. Acción de apremar, dar présa, apurar. // **Pola vía de apremio.** Rapidamente.
aprendedeira. V. prendedeira.
aprender. v. Adquirir o coñecemento dalgunha cousa a través do estudo. **2.** Ensinar. **3.** Prender unha planta, unha árbore etc. // **Máis aprende o que cala que o que fala.** Refrán que eloxia a discreción (Abres). // ***Naide* aprende *polla* cabeza doutro.** Refrán que alude a que só se aprende dos propios erros ou desgrazas. // ***Texendo* i *destexendo*, vaise aprendendo.** Refrán que alude a que coa experiencia se van aprendendo as cousas.
aprender* → prender 6ª acep.
aprendido, -a. adx. Que se sabe ou se aprendeu.
aprendizaxe. s. f. Feito de aprender. **2.** Proceso de adquisición de coñecementos.
apreso, -a. adx. Aplícase á árbore, planta etc., que prenderon. **2.** Dise da persoa que sabe, que aprendeu.
apreso* → preso.
apretación. V. apretamento 4ª acep. (Grandas de Salime).
apretado, -a. adx. Oprimido algo contra outra cousa. **2.** Agarrado, avaro. **3.** Apurado. **4.** Moi axustado.
apretador. s. m. Peza de roupa interior da muller, suxeitador.
apretamento. s. m. Conxestión pulmonar. **2.** Apuro, necesidade económica. **3.** Acción e resultado de acovardar a unha persoa. **4.** Sensación de opresión no peito.
apretar. v. Facer presión unha cousa contra outra. **2.** Vir moi axustada unha peza de vestir. **3.** Facer un esforzo maior que nunha situación normal. **4.** Estorbar, impedir que algo avance (*Uha vaca apreta a outra*). **5.** Facer o amor. // **O (El) que (Quen) *muito* abarca, pouco *apreta*.** Refrán que se refire a quen, ao tratar de facer varias cousas a un tempo, non fai ben ningunha (Santiso de Abres).
apreto. s. m. Apuro, situación difícil.
apretón. s. m. (pl. apretois). Acto e resultado de apertar rápido e forte. **2.** Movemento forte do ventre que obriga a evacuar.
apretuñado, -a. adx. O que está moi xunto. **2.** Dise do froito moi abundante. **3.** Agarrado, avaro. **4.** Moi apertado.
apretuñar. v. Apertar moito. **2.** Xuntar moito.
apretura. s. f. Escaseza.
apretuxado, -a. adx. Amontoado, moi xunto (Allande), apetuxado.
apretuxar. v. Apertar moito ou reiteradamente. **2.** Oprimirse varias persoas nun recinto demasiado estreito para albergalas todas. **3.** Xuntar, amontoar (Allande); apetuxar.
apretuxón. s. m. Acto e efecto de *apretuxar*.
apricar* → aplicar.
aprobar. v. Dar aprobación. **2.** Xulgar boa unha cousa. **3.** Dar a cualificación de aprobado nun exame. **4.** Autorizar, admitir.
aprobio. s. m. Estrago (Santalla de Ozcos).
aprocamar* → aproclamar.
aproclamar. v. Publicar na igrexa os nomes das persoas que se van casar.

aprovecer. v. Aproveitar.
aproveitado, -a. adx. Que aproveita ou que se aproveitado de todo. **2.** Utilizado, empregado. **3.** Agarrado, avaro.
aproveitar. v. Sacar proveito e utilidade a algunha cousa ou persoa.
aprovetado, -a. V. aproveitado.
aprovetamento. s. m. Acción e resultado de aproveitar.
aprovetar. V. aproveitar.
apuer. V. apoñer 2ª acep.
apuchinar* → apochinar.
apuleirado, -a → apoleirado.
apulgado, -a. V. aparado 1ª acep. **2.** Dise do gran que se lle quita a casca.
apulgar. V. aparar[1].
apulillarse* → apolillarse.
apulleirado*, -a → apoleirado.
apulleirarse* → apoleirarse.
apullinar. v. Cargar nos ombros.
apuntar. v. Dirixir unha arma cara a un obxecto. **2.** Indicar, sinalar. **3.** Anotar, tomar notas. **4.** Brotar, saír (*Al rapaz xa lle apunta el bigote*), (Allande, Villaión). **5.** prnl. Incluírse nunha lista, relación etc. // **Apúntalo na (nuha) verza i tíralla (dálla) al (aos) cocho (cochos).** Refrán que se utiliza para referirse ás débedas que non se cobrarán nunca (Tapia de Casarego). // ***Si* al mozo lle empezou apuntar el bigote i a moza a teta, xa *tán* ben *pra faer parexa*.** Refrán que alude á madurez sexual (Allande).
apuñer. V. apoñer.
apuracar. v. Facer furados (San Martín de Ozcos).
apurado, -a. adx. Apresurado, acelerado.
apurar. v. Apresurar, acelerar. **2.** prnl. Entristecerse, preocuparse.
apuro. s. m. Présa, urxencia. **2.** Conflito, dificultade.
apurridor, -a. adx. O que lle alcanza algo a outro para darllo.
apurrir. v. Dar á man, como os colmos de trigo ao cebador para que os meta na *trilladora*. **2.** Alcanzar algo para darllo a outro, achegar. **3.** Apurar, dar présa. **4.** Dicir a hora (Tapia de Casarego). **5.** Pasar, levar (San Martín de Ozcos). **6.** Dar, coller, achegar, estender (*Tamén apurrimos herba ás vacas*). // **A *mao apurrida* (*purrida*).** Íntimos (*Eran amigos a mao apurrida*).
apursianado, -a. adx. Cos talóns xuntos e abertas as punteiras ao andar.
apursianar. v. Xuntar os talóns e abrir as punteiras ao andar.
apuslar. v. Abrirse unha cousa polo efecto dun impulso interior.
apuxado, -a. adx. Empuxado.
apuxar. V. empuxar 1ª e 3ª acep.
apuxón. V. empuxón 1ª acep.
aqueizar. v. Alisar a terra co *queizo*.
aquel[1]. (f. aquela, aquella; pl. aqueles, aquelos, aquellos, aquelas, aquellas). Demostrativo que designa cousas ou persoas que están lonxe da persoa que fala.
aquel[2]. s. m. Encanto, atractivo. **2.** Motivo, pretexto, oportunidade.
aquelar. v. Verbo con significado indeterminado que se deduce polo contexto (*Vou aquelar -sachar- as patacas*), (Abres).
aquello. V. aquelo. **2.** s. m. Pretexto, motivo, razón (*Xa que a cousa tía el sou aquello*), (El Franco); aquel[2] 2ª acep.
aquelo. Pronome demostrativo de terceira persoa, forma neutra. **2.** Voz indefinida, normalmente acompañada de *mui*, *muito* ou *más*, que pode expresar o que está ben feito, o que é axeitado, o comportamento correcto dunha persoa, unha calidade etc., pero que só se pode identificar polo contexto (*Quedoulle mui aquelo*, *Nun era el el más aquelo pra falar*).
aqueloutrado, -a. adx. Arranxado, preparado, posto en orde (A Veiga).
aquendado. V. acalendado.
aquendar. V. calendar (Taramundi, Abres).
aquese. adx. e pronome demostrativo. Ese (Tapia de Casarego).
aquí. adv. Neste lugar. **2.** Neste momento, ocasión ou punto. // **Como *asta* aquí.** Como até agora. // **De aquí a aló.** Até ese momento. // **De aquí a que.** Até que. // **Fomos, *vemos* i *tamos* aquí.** Xa pasou todo (Boal).
araba. s. f. Variedade de pataca procedente de Euskadi (Ibias, Eilao).
áraba. s. f. Calquera enfermidade ou epidemia de plantas ou animais (Castropol). **2.** Certo parasito do gando vacún (Tapia de Casarego).
Obs. Nalgún concello como Vilanova de Ozcos esta palabra pode ser masculina.
arabadín, -a. adx. Aplícase ao neno recentemente nacido e que é delgado.
arabadío, -a. V. arabadín.
arabía. s. f. Apeiro de labranza (Castropol, Boal, Tapia de Casarego, A Veiga). **2.** Enredo. **3.** Trasnada (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).
arabiado, -a. adx. Aplícase á froita ou planta danadas polo tempo ou por outros motivos. **2.** Danado.
arabiar. v. Encherse de pulgóns unha planta (Tapia de Casarego). **2.** Coller o gando vacún certos parasitos (Tapia de Casarego).

árabo. s. m. Calquera animal que roe unha planta (Santalla de Ozcos).

arado[1]. s. m. Instrumento agrícola para abrir regos na terra co fin de acondicionala para sementala. // **Arado de arrendar.** Arado que se alugaba a outro veciño. // **Arado de ferro.** Arado de veso totalmente de ferro. // **Arado de lata.** Variedade do arado común, sen *rodelas*, e con *ápago* máis longo e que chega directamente ás vacas. // **Arado de *pao* (pau).** Arado de madeira con ou sen orelleiras. // **Arado da veiga.** Tipo de arado existente no concello de El Franco. // **Arado de *vertedeira*.** Arado de ferro, máis moderno que o *vasadoiro*. // **Arado romano.** Arado de dúas pezas de madeira que forman ángulo agudo, forradas de ferro, e dous pasadores en cada lado do ángulo que servían de veso para levantar e remexer a terra. // **Arado *viar*.** Tipo de arado do concello de El Franco.

arado[2], -a. adx. Dise da terra ou terreo nos que se utilizou o arado.

arador. s. m. Infección aguda localizada nun dedo. **2.** Arácnido ácaro da familia dos sarcóptidos, de tamaño case microscópico, corpo globular e patas moi curtas. Ataca ao home e especialmente ao gando vacún e equino introducíndose nos pezuños (*Acarus siro Sarcoptes scabiei*). **3.** Enfermidade producida por este arácnido.

aradura. s. f. Acción e efecto de arar. // **Día de aradura.** Medida de superficie. V. día.

arameña. s. f. Fonte de madeira, moi fonda e de perfil semiesférico, co bordo engrosado e recto, que se utilizaba para servir a comida na mesa e adoitaba ser de madeira de castiñeiro ou pradairo.

arameño. V. arameña.

arameñón. adx. e s. (pl. arameñois). Alcume popular que se lles daba aos habitantes de Santa Comba (Ibias), porque empregaban arameñas, pratos e cuncas de madeira e comían moitos cachelos.

arancedao, á. adx. e s. m. e f. Natural de Arancedo (El Franco). **2.** Pertencente ou relativo a Arancedo (El Franco).

arandaneira* → arandeira.

arandeira. s. f. Planta da familia das ericáceas, duns sesenta centímetros, con follas de perfil en forma de ovo e bordos finamente serrados. As flores nacen illadas ou emparelladas e son de color viño rosada. Vive nos bosques ou na bouza (*Vaccinium myrtillus*). **2.** Por extensión, lugar poboado de arandeiras.

arandeiro. s. m. Utensilio en forma de caixa con pugas que serve para recoller arandos (Ibias).

arandela. s. f. Disco perforado no centro usado como reforzo dos parafusos. **2.** Na cociña de leña cada unha das pezas circulares de ferro cun furado no centro que serven para tapar os fogóns. **3.** No muíño, pezas circulares metálicas que se poñen no cabo do *tufo* para nivelar o volume de auga que baixa pola canle.

arando. s. m. Froito da arandeira, pequeno, con forma de bóla de sete a nove milímetros, de color verde azulada ou negra, con carne rica en vitamina C e sabor entre doce e acedo. Na medicina tradicional eonaviega, o licor de arandos utilizábase con augardente para combater a diarrea.

arantego, -a. adx. e s. m. e f. Natural de Arante (Ribadeo). **2.** Pertencente ou relativo á localidade de Arante (Ribadeo).

araña. s. f. Nome común que se aplica aos araneidos e outros arácnidos, caracterizados por ter un corpo formado por dúas partes, a anterior onde están as patas e a cabeza cos apéndices bucais e a posterior con aspecto globoso e non segmentado, separadas as dúas por unha fina cintura. Os apéndices bucais son utilizados para a alimentación, como inoculadores de veleno e con funcións sensoriais e reprodutoras. Teñen catro pares de patas e no extremo posterior dispoñen de pequenos apéndices segregadores de seda para facer as teas e os niños. **2.** Nome común dos equinodermos do xénero *Ophioderma*, caracterizados por un disco corporal central grande, duns tres centímetros de diámetro, e cinco brazos finos redondeados que semellan lisos, aínda que presentan numerosas espiñas moi curtas axuntadas ás partes laterais (*Ophioderma longicauda*), (As Figueiras). **3.** Nube solta no ceo. **4.** Crustáceo decápodo da familia dos malacostráceos, co corpo curto, cacho triangular pequeno cuberto dunha lixeira pilosidade, rostro longo con espiñas saíntes, patas moi desenvolvidas duns seis centímetros de longo e dúas pinzas. A súa coloración é amarela (*Macropodia longirostris*), (As Figueiras, Tapia de Casarego, Ortigueira). **5.** Crustáceo decápodo da familia *Homolidae*, con cacho de até dezanove centímetros de lonxitude, rectangular, máis longo que ancho, con sucos non moi marcados e cuberto de espiñas agudas na parte anterior e na

posterior, ollos móbiles e un primeiro par de patas con pinzas e un quinto par máis curto. A súa coloración é parda vermella con pinzas escuras (*Paromola cuvieri*), (As Figueiras, El Franco).

arañado. adx. Aplícase ao ceo coas nubes pequenas.

arañar. v. Causar rabuñadas. 2. prnl. Sufrir rabuñadas.
Obs. Trátase dun castelanismo.

arañón. s. m. (pl. arañois). Araña grande. **2.** V. araña 5ª acep. (Tapia de Casarego, Ortigueira).

arao. V. aro[2] (Tapia de Casarego, El Franco). **2.** V. araxo 2ª acep. (Tapia de Casarego, El Franco). **3.** V. neno gordo (Coaña).

arapallo. adx. De mala calidade.

arar. v. Labrar a terra removéndoa co arado. // **Arar de a feito.** Arar xunto, facendo sucos moi pequenos (Castropol). // **Arar de *chao*.** Arar sen deixar sucos (El Franco).

aravías. V. avío 1ª acep. (Allande).

araxo. V. aro[2] (As Figueiras). **2.** Ave alciforme, da familia dos álcidos, que mide uns corenta centímetros de lonxitude e ten a plumaxe negra na parte dorsal e branca na ventral. O peteiro está comprimido lateralmente e é de color negra cunha franxa branca (*Alca torda*), (As Figueiras).

araza. s. f. Cada unha das vigas de madeira, en número de tres ou catro, que suxeita o banzado dun mazo, por enriba dos *viguetos* (Os Ozcos).

arba. V. áraba.

arbancholo. V. arbolanzo 1ª acep. (Eilao); herbanzolo.

arbanzolo. V. arbolanzo 1ª acep.; herbanzolo.

arbedeiro. V. érbido (Villaión).

arbedo. V. érbido (Villaión).

arbitrio. s. m. Imposto destinado para financiar gastos públicos.

árbol. s. m. (pl. árboles). Planta leñosa que se ramifica a certa altura. **2.** Peza do mazo que recibe o movemento do rodicio e á súa vez comunícao ao mazo. **3.** Viga vertical que servía antigamente para poñer andamios. **4.** Peza do muíño unida ao rodicio e ás pelas (El Franco). **5.** Peza de madeira dun batán, duns corenta centímetros de diámetro e unha lonxitude duns tres metros, que vai apoiada polos *gorrois* ou eixes de xiro e que atravesa a roda e xira con ela (Vilanova de Ozcos). **6.** Nun mazo, tronco de madeira reforzado con *sellos*, que xira sobre un eixe de ferro, que forma parte do mecanismo de funcionamento dunha *barquiñeira*. // ***Árbol* caído, todos á leña.** Cando alguén se arruína e aínda así se aproveitan del. // **Parecer el *árbol* del desmaio.** Estar sen ánimos (Tapia de Casarego).

arboladura. s. f. Conxunto de paus e vergas dunha embarcación.

arbolancio. V. arbolanzo 1ª acep. (Navia, Allande); herbanzolo.

arbolanzo. s. m. Herba alta e dura que hai nos prados sen coidar e que non a come o gando, normalmente con flores entre rosa e violeta; herbanzolo. **2.** Herba seca que queda sen segar nos prados. **3.** V. ceba[2] 2ª acep. (Coaña). **4.** pl. V. cebadal. **5.** Conxunto de malas herbas.

arbolar. v. Poñer dereito o *árbol* para facer un andamio. **2.** Producirse unha onda grande ou alta no mar (Tapia de Casarego, El Franco). **3.** Erguerse unha onda no mar (As Figueiras). **4.** Erguer o pau dunha embarcación até poñelo de xeito vertical.

árbole. V. árbol 1ª acep. (Coaña).

arbolín. s. m. (pl. arbolíos). Árbore pequena.

arbolón. s. m. Árbore grande (Navia, Tapia de Casarego).

arbolorio. s. m. Armatoste. **2.** Palabra que se emprega para as plantas que medran nos *eiros* con flores en espiga (El Franco).

árbore. (pl. árbores). V. árbol 1ª acep. (A Veiga, Vilanova de Ozcos).

arbosa. s. f. Acantilado (Navia).

arca. s. f. Hucha. **2.** Tórax, peito, dunha persoa, do cocho ou doutros animais. **3.** Enfermidade caracterizada por ter dolor de cabeza e falta de apetito (Allande).

arcacel. V. alcacel.

arcacelada. s. f. Cantidade de *alcalcel* que ten unha leira.

arcaceleira. V. alcaceleira.

arcada. s. f. Contracción violenta do estómago que se produce cando se teñen ganas de vomitar.

arcea. s. f. Ave caradriforme da familia dos carádridos, duns 35 centímetros de lonxitude, coa plumaxe ocre e manchas grises e negras que lle serven para confundirse co terreo. A cabeza é grande e redonda, o peteiro moi longo e as patas tenas cubertas de plumas (*Scolopax rusticola*).

arcelo. s. m. Barba dun galo (Santalla de Ozcos); armelo 1ª acep.

arcil. V. engarzón.

arcipreste. s. m. Presbítero máis importante dunha Igrexa. **2.** Cura con xurisdición sobre outros.
arcipreste* → ciprés.
arco. s. m. Aro de madeira ou metal que sostén a rede e forma parte dunha *limaqueira* ou dun *esquileiro*. **2.** Elemento construtivo e suxeitador, derivado do arco de círculo, que cobre un espazo entre dous puntos fixos. // **Arco da vella.** Fenómeno meteorolóxico consistente na aparición de arcos de colores producidos pola refracción e reflexión das raiolas de sol nas pingas de chuvia. // **Arco da vella revolve na merda coel *dido monín*, que non chova por min.** Expresión que din os nenos para espantar a chuvia. // **Arco da vella, revolve na terra, coel *dido monín*, que *nun* chova por min, coel *dido pulgar*, que chova nel mar.** Expresión que din os nenos para espantar a chuvia (El Franco). // **Arco de xogar.** Aro feito co fondo dunha *tina* para xogar os nenos. // **Arco del Señor.** Arco da vella. // **Arco *feridoiro*.** Insulto que se dá a unha muller alta e mala (As Figueiras). // **Se o arco da vella se pon diante, pica os bois e tira *pra* diante**. Refrán que indica que cando se pon diante o arco da vella hai que aproveitar para seguir arando a terra porque é tempo aínda axeitado (Taramundi).
arcón. s. m. (pl. arcois). Hucha grande para gardar o trigo ou outro cereal.
arcoxar. v. Poñer o arcoxo a unha vaca.
arcoxo. s. m. Anela para suxeitar o temón do arado ao xugo. **2.** Aparello consistente nun ferro en forma de U e un pau que xunta os seus extremos ou por unha corda e un pau, que se pon ás vacas nunha das patas dianteiras para que non patexen cando se moxen. **3.** Colar de ferro que se pon no pescozo do gando vacún e sostén as chocas (Taramundi).
arcuña* → alcuño.
arcuñar* → alcuñar.
arcuño* → alcuño.
ardemento. s. m. Calor intensa que producen algunhas cousas como o viño (Tapia de Casarego).
arder. v. Estar acendido. **2.** Queimar. **3.** No xogo da *mariola*, quedar a pedra no medio das raias. **4.** Irritar ou molestar unha ferida, unha queimadura, un corte etc. (Eilao). **5.** Producirse unha fosforescencia nocturna no mar. // ***Tar* ardendo.** Coidar nunha mala nova, temer.
ardia. s. f. Estado de euforia. // ***Tar* nas *ardias*.** Estar moi excitado.
ardilla* → esquío.
ardiz. s. m. Habilidade.
ardor. s. m. Sensación de calor moi intensa. **2.** Fosforescencia nocturna no mar producida por un banco de peixes. // **Al ardor.** Xeito de pesca nocturna de cerco que se practica para capturar bancos de peixes aproveitando que producen fosforescencias ao moverse.
ardora. s. f. Fosforescencia do mar, que normalmente delata a presenza dun banco de peixes. **2.** Arte de pesca que se utiliza de noite para a captura do chicharro (As Figueiras).
ardubar. v. Queimarse o monte (Castropol, Boal). // ***Lo* que ardubo (ardeu), xa queimou.** Refrán que alude a que non hai que darlle voltas ao que xa aconteceu (Boal). **2.** A cousa inutilizada xa non ten amaño (Tapia de Casarego).
ardura. s. f. Ardor de estómago.
area. V. arena (Grandas de Salime, Abres, Os Ozcos).
areal. s. m. Lugar onde hai moita area (Abres, Negueira de Muñiz).
areixa. s. f. Planta herbácea da familia das crucíferas, de vinte a sesenta centímetros de altura, con flores amarelas e sementes duns dous milímetros de diámetro de color tirando a branca (*Sinapis alba*).
arela. s. f. Desexo, ansia.
arella. V. arela. // **Darlle a un a *arella* de algo.** Comezar a ter interese ou obsesión por algo.
arena. s. f. Conxunto de partículas granulosas procedentes dun mineral que, ás veces, ao refregalas se empregan para fregar cacharros, obxectos etc. // ***Arena* gorda.** Area con certo grosor, que pode acadar os dous milímetros de diámetro; arenón. // **Haber como *arena*.** Haber moito (Tapia de Casarego).
Obs. Trátase dun castelanismo.
arenal. s. m. Lugar onde abunda a area.
Obs. Trátase dun castelanismo.
arenego. V. ariego 1ª e 2ª acep. (El Franco, Ortigueira).
areneira. s. f. Lugar onde se quita a area. **2.** Terreo que ten moita area.
Obs. Trátase dun castelanismo.
arengar. v. Falar moito e de xeito imprudente.
arengo. V. ariego 1ª acep.
arengolas. s. f. Persoa que pasa o tempo en andar con contos.
arengue. s. m. Peixe osteíctio da orde dos clupeiformes, familia dos clupeidos, que mide como máximo uns corenta centímetros, co corpo alongado e comprimido lateralmente, cuberto de

escamas caducas pouco adheridas. O dorso é de color escura, que se atenúa nos laterais e no ventre (*Clupea harengus*).

arengueiro, -a. adx. Ao que lle gusta falar moito.

arenía. s. m. Diminutivo de area (*arena*). // **Bótalle unha *arenía* de sal.** Esquecerse dunha cousa que non vai ser devolta por unha persoa á que se lle deu (Tapia de Casarego).
Obs. Trátase dun castelanismo.

arenón. s. m. Area gorda.
Obs. Trátase dun castelanismo.

aresta. s. f. Apéndice ríxido e filiforme que envolve a espiga das gramíneas (Boal, Allande, Taramundi, Coaña). **2.** Espiña de peixe (Allande).

arestín. s. m. Enfermidade do gando equino, caracterizada pola perda de pel nas patas.

arete. s. m. Pendente con forma de aro.

arfolín. s. m. Barullo (Taramundi).

argadel. V. argadelo[1].

argalledar. v. Usar o argadelo (Allande).

argadello. V. argadelo[1]. **2.** V. argadelo[2].

argadelo[1]. s. m. Debandoira normalmente de madeira para debandar as madeixas que consiste nun utensilio composto por un pau central e outros dous en forma de cruz oposta; debanadoira.

argadelo[2], -a. adx. Aplícase ao neno inquedo.

argallada. s. f. Cousa ou ocupación de pouca importancia. **2.** Enredo. **3.** Restos de madeira, cortiza ou follas que quedan despois de rozar un monte. **4.** Restos de madeira que se atopan nas beiras dos ríos cando descenden as augas. **5.** Aparato que xa non serve. **6.** Restos de xuncos que quedan cando se ergue a marea e son aproveitados para o *mulido* (Coaña). **7.** Mestura desordenada de cousas (San Martín de Ozcos). **8.** Conto. **9.** Cousa disparatada (Os Ozcos). **10.** V. allalga 2ª acep. (Coaña).

argallar. v. Enredar, revolver. **2.** Andar dun lado a outro dun xeito inquedo. **3.** Facer un traballo de pouca importancia. **4.** Tratar de compoñer ou descompoñer un aparato ou unha cousa. **5.** Meterse onde a un non lle importa. **6.** Formar a chuvia sucos na terra (Allande).

argalleiro, -a. adx. Aplícase á persoa que fai traballos de pouco valor. **2.** Traste, inquedo. **3.** Aplícase á persoa que fala moito sen dicir nada importante e mentindo. **4.** Dise da persoa que lle gusta enredar, facer argalladas. **5.** Persoa que fala moito. **6.** Aplícase á persoa que ten habilidade e decisión (Castropol, El Franco).

argallo. s. m. Xoguete. **2.** adx. Inquedo. **3.** Partícula que se mete nun ollo; argueiro. **4.** Rama grande. **5.** Ánimo, forza; agallo 1ª acep. **6.** Desprendemento de terra (Allande).

argamanduxar. v. Inventar desculpas (Coaña).

argamanduxo. s. m. Conxunto de cousas ou obxectos de pouco valor. **2.** Parte pequena de algo (*Este leite ten un argamanduxo*).

argamasa. V. argamaso.

argamaso. s. m. Pasta empregada na construción que se fai con cal, area e auga (San Martín de Ozcos).

argana. s. f. Conxunto de fíos da mazaroca do trigo; argueiro 1ª acep. **2.** Restos de palla que quedan despois de mallar o trigo. **3.** Aresta das espigas de trigo, centeo, avea etc. **4.** Espiña dun peixe (As Figueiras).

argañón. s. m. Cría do oso (Valdebois).

argola. s. f. Aro groso, normalmente de ferro, que serve para amarrar. **2.** Parte superior de metal do mango dunha navalla, que pode ser de ferro doce, latón, aceiro, alpaca ou prata. **3.** Peza de ferro que suxeita a parte dianteira do carro (Ibias). **4.** Peza circular metálica que se utiliza para pescar co sistema de *borxel á vara* e que substitúe as cortizas. **5.** Aro de ferro que une o *estil* e a folla da gadaña (Vilanova de Ozcos). **6.** Aro groso que ten a grade na parte central de cada traveseiro para unir a corda ou a cadea aos animais de tiro.

argolar. v. Suxeitar algo con argolas.

argolla. V. argola 1ª acep. (Boal, Tapia de Casarego, Coaña, Allande, Villaión).

argollado. adx. Aplícase ao boi que lle colga moito a carne do pescozo (Serandías).

árgoma. s. f. Toxo. **2.** Vexetación dunha bouza (Abres).

argueirín. s. m. Diminutivo de *argueiro* 2ª acep.

argueiro. s. m. Conxunto de fíos da mazaroca. **2.** Partícula de diferentes materias que se mete nos ollos, cae nun líquido ou se pega á roupa. **3.** Partícula que cae na comida ou na bebida; gorbizo, pupizo 1ª acep., topizo. **4.** Por extensión, aplícase a todo o que é pequeno sen que teña vida. **5.** Neno que medrou pouco. **6.** Neno pequeno. **7.** Conxunto de partículas ou restos que leva a corrente dun río (Abres). // **Ver mellor o argueiro no ollo *allén***. Refrán

que indica que se ven con moita facilidade os defectos dos demais, cando os nosos poden ser maiores.

argüeiro. V. argueiro 2ª acep.

argüíz. s. m. Decisión, ánimo.

argullo. V. argalleiro 2ª acep. (Abres).

argullo* → orgullo.

argute. adx. Aplícase ao neno pequeno, persoa ou animal listos ou astutos. **2.** Dise do enfermo xa convalecente dunha crise (El Franco). **3.** Desperto, vivo.

ariceira. s. f. Lugar onde abundan os *arizos* (ourizos).

aría. V. area.

ariceiro. V. arizo 1ª acep. (Allande).

ariego. s. m. Peixe osteíctio perciforme, da familia dos traquínidos, con corpo longo lateralmente aplanado, duns corenta centímetros de lonxitude e cunha aleta dorsal e anal longas. A boca é grande e dispónse oblicuamente cara a enriba. Posúe glándulas velenosas e vive nos areais das praias onde se enterra agardando a súa presa, producindo ás veces picaduras moi dolorosas nas persoas (*Trachinus draco*), (As Figueiras). **2.** Peixe osteíctio perciforme, da familia dos traquínidos, duns vinte centímetros de lonxitude, con aleta caudal recta no seu bordo posterior e de color negra, e a primeira aleta dorsal é case negra. Ten o dorso gris amarelo e a parte do ventre tirando a branco (*Trachinus vipera*), (As Figueiras).

arigón* → narigón 1ª acep.

ariniego. V. ariego 1ª acep. (Tapia de Casarego, Navia).

arinoso. V. entrecanto.

ariñego. V. ariego 1ª e 2ª acep. (Tapia de Casarego).

ariscar. v. Erguerse os pelos a un animal (Tapia de Casarego).

arisco, -a. adx. Dise do animal cos pelos erguidos.

arizo. s. m. Envoltura ou casca con espiñas da castaña e outros froitos. **2.** Nome común dos equinodermos, de forma redonda, que teñen unha forte dentadura calcaria e cubertos de pugas grosas e ríxidas. A súa coloración pode ser negro azulada, negra, violácea ou tirando a vermella ou amarela. Vive tanto cerca da costa como nos fondos mariños, alimentándose de algas e prea fundamentalmente. Algunha das especies é moi apreciada como alimento humano (*Paracentrotus lividus*, *Spatangus purpureus*, *Psammechinus miliaris*, *Sphaerechinus granularis*, *Echinocardium cordatum* etc.). **3.** V. razcacheiro. **4.** adx. Persoa de carácter difícil.

arizolo. V. orizolo.

arma. s. f. Instrumento ou dispositivo que serve para atacar ou defenderse.

armación. V. armazón (Santiso de Abres).

armadilla. s. f. Instrumento cunha panca que serve para cazar paxaros, ratos ou outros animais. **2.** V. gancho 2ª acep. (Coaña). **3.** Corda con cinco anzois e unha pedra para que se afunda no mar, que se sinala cunha boia e serve para pescar congros (Tapia de Casarego).

armadillo. V. armadilla 1ª acep. (Santalla de Ozcos).

armado, -a. adx. Feito. **2.** Posto un aparello para coller troitas. **3.** Dise da situación ou acto que producen unha lea (*Tá xa armada*). **4.** Dise do que leva unha arma ou outra cousa para utilizalas (*Us cuantos iban armados con brosas pra cortar os lloureiros*). **5.** Dise do home ou animal que teñen un órgano xenital de tamaño grande (*El burro tá ben armado*).

armador. s. m. Persoa que no xogo dos *bólos* se encarga de pegalos con barro ou bosta á lousa. **2.** Propietario dunha embarcación que contrata a tripulación.

armadura. s. f. Cornamenta da vaca (Allande).

armar. v. Unir varias pezas dun moble ou outra cousa. **2.** No xogo dos *bólos*, pegalos con barro ou bosta de vaca á lousa. **3.** Poñer o *pesugo* para cazar paxaros. **4.** Rifar. **5.** Construír ou facer algo. **6.** Causar. **7.** Adaptarse ben unha peza de roupa ao corpo. **8.** Poñer o eixe a un carro (San Martín de Ozcos). **9.** Coller troitas nun río con determinados aparellos (*Armarlles as truitas*), (Grandas de Salime). **10.** Facer, organizar, causar (*Que animaladas armou!*). **11.** Preparar, dispoñer. // **Armar uha del demo.** Pelexar, rifar. **2.** Tramar. // **Armarse de paciencia.** Reunir certas condicións de ánimo precisas para conseguir algo ou resistir algunha contrariedade. // **Armarse de valor.** Facerse forte para conseguir algo. // **Armarse el mansío.** Reunirse un banco de peixes.

armario. s. m. Moble alto con portas e caixóns para gardar cousas ou roupa. **2.** Lacena, moble para gardar utensilios da cociña. // **Cada un ten el alma nel *sou* armario.** Cada un ten o espírito dentro do seu corpo.

armatoste. s. m. Calquera máquina, obxecto ou moble que resultan molestos ou de pouca utilidade.

armatroste* → armatoste.

armaxa. s. f. Conxunto de remos e remeiros dunha embarcación (Navia).
armazón. s. f. Peza ou conxunto de pezas que suxeitan doutra.
armela. s. f. Asa como a dos caldeiros e obxectos de cobre ou de ferro.
armello. s. m. Barba dunha galiña ou dunha cabra. **2.** Argola que se pon a algúns animais como os cochos.
armelo. s. m. Barba dun galo (San Martín de Ozcos); arcelo. **2.** Barba dunha cabra (Vilanova de Ozcos).
armitaño* → ermitaño.
arna. s. f. Casca das árbores, especialmente do carballo ou do castiñeiro. // **Al arna.** Variedade de enxerto. // **Ter el corpo todo nuha arna.** Ter todo o corpo con moito sarabullo (Boal).
arnal. adx. Aplícase a un lagarto de tamaño grande, color verde e gorxa azul (*Lacerta Schreiberi*). V. largato 2ª acep. **2.** Variedade de toxo, caracterizada por acadar dun metro a tres de altura e con pugas moi fortes (*Ulex europaeus subsp. latebracteatus*).
arnear. V. orniar (A Veiga).
arneiro. s. m. Recipiente de xeito cilíndrico feito con cortiza de tileiro, faia ou *capudre* (Grandas de Salime).
arnello. s. m. Persoa ou animal que medrou pouco (Tapia de Casarego). **2.** Animal máis débil dun conxunto.
arnexar. v. Respirar con dificultade facendo ruído.
arniallo, -a. adx. Que medrou pouco, raquítico. **2.** Dise da persoa inmadura, inexperta (El Franco).
aro[1]. s. m. Peza feita de metal ou madeira en forma de círculo, que serve, ás veces, de xogo para os nenos. **2.** Argola. **3.** No muíño, argola do rodicio. **4.** Bordo da boca dunha cesta (Coaña, Allande). **5.** Pendente que se pon nas orellas. **6.** Molde que serve para facer o queixo (San Martín de Ozcos). **7.** Parte central dunha caldeira. **8.** Peza circular metálica que sostén unha gramalleira. **9.** Marco de ferro dunha *trompa*, de forma ovada sen pechar con dous brazos paralelos. **10.** Aparato ao que se agarra un náufrago para evitar afogar no mar, salvavidas. // **Pasar polo aro.** Aceptar algo que non gusta ou que non se quere.
aro[2]. s. m. Ave alciforme da familia dos álcidos, co peteiro agudo, as partes superiores de color parda escura no verán e agrisada no inverno e cola curta. Vive nas rochas dos acantilados ao bordo do mar (*Uria aalge*), (Coaña); araxo 1ª acep. **2.** V. araxo 2ª acep. (Coaña).
aroa. s. m. Congro pequeno (Tapia de Casarego).
aromar. v. Dar aroma (*Al campo aromo i alegro*), (San Martín de Ozcos).
arón. s. m. Aumentativo de aro[1].
arouín. s. m. Fol que avivaba o lume (Seares).
aroxo, -a. adx. Aplícase á persoa que non lle gusta o trato cos demais. **2.** Áspero (Coaña, Tapia de Casarego).
aroza. s. m. Encargado ou capataz dunha ferrería.
arpilleira. s. f. Peza de tecido resistente e rudo feita de materiais vexetais, que se poñía ás veces no chan para mallar sobre ela ou que se utiliza como defensa contra o po e a auga nas embarcacións.
arpón. s. m. Instrumento de pesca en forma de lanza rematado nunha punta cun gancho.
arqueado, -a. adx. Dise da persoa que anda coas pernas moi abertas.
arqueiro. s. m. Proa dunha chalana (Abres).
arqueo. s. m. Capacidade dunha embarcación.
arquexar. v. Cansar, fatigarse, respirar con dificultade.
arquía. s. f. Arca pequena.
arquiado*, -a → arqueado.
arrabalde. s. m. Zona exterior dunha poboación.
arrabañar. v. Xuntar os restos da comida nun prato para aproveitalos mellor. **2.** Xuntar o último dunha colleita nunha leira (Abres). **3.** Xuntar algo, como o cuito. **4.** Xuntar o gando (Allande).
arrabentado*, -a → arrebentado.
arrabentar* → arrebentar.
arrabiar* → rabiar.
arrabicado, -a. adx. Aplícase á planta que se lle quitan as follas unha a unha.
arrabicar. v. Quitar coa man, unha a unha, as follas dunha planta, flor, rama, verza, hortaliza etc. **2.** Arrincar botóns (Allande).
arrabonar. v. Cortar o extremo dunha cousa (Santalla de Ozcos). **2.** V. abarruar (Navia).
arrabuar. v. Quitar todas as follas ás mazarocas.
arrabucar. v. Arrincar (*Arrabuqueille as rabizas*). **2.** V. rabucar.
arrabullada. s. f. Acantilado (Coaña).
arrabullar. v. Caer (Coaña).
arrabuñar. v. Ferir a pel coas uñas como fai o gato ou cun obxecto punzante; rabuñar 1ª acep. **2.** Escarvar na terra (A

Veiga). **3.** Quitar, roubar. **4.** V. rabuñar 4ª e 5ª acep.

arrabuñón. V. rabuñón 1ª acep.

arrachado, -a. adx. Aplícase ao vento que vén por golpes. **2.** Dise da persoa que non actúa con normalidade.

arradio* → radio.

arralado, -a. adx. Separado.

arralantar. V. arralar 2ª acep.

arralar. v. Separar unhas cousas doutras. **2.** Cortar ou arrincar plantas sementadas (millo, verzas, patacas etc.) ou árbores cando nacen moi xuntos. **3.** Separar as espigas do trigo ou millo para que medren mellor. **4.** Clarear, despexar. **5.** Deixar de realizar unha cousa que se facía. **6.** Apartar, distanciar (*Arralar demos de min*).

arralos. s. m. pl. Conxunto de plantas, como os nabos, que se arrinca por estar demasiado cerca unhas das outras (Santalla de Ozcos).

arramado, -a. adx. Tolo, maniático.

arramalar. v. Aprender a unha cabalería ou outro animal a ir tirada do ramal.

arramar. v. Espallar, derramar. **2.** prnl. Chorar moito e berrando.

arrampiñar. V. rapiñar.

arramplar. v. Levar dun sitio todo o que se pode. **2.** Desfacer, arrasar. **3.** Quitar. **4.** Quedar con algo dun xeito brusco.

arrampuxar. v. Empuxar (Navia).

arranca-nabos. V. arráncate-nabo.

arrancada. s. f. Brío, ímpeto.

arrancar. V. arrincar 1ª, 3ª e 6ª acep. **2.** Facer saír as mucosidades do nariz botándoas fóra (Allande).

arráncate-nabo. s. m. Xogo de nenos, no que un grupo deles sentan no chan, uns entre as pernas dos outros, mentres outros dous fan de comprador e vendedor; este último, ademais de compralos ten que arrincalos e vencer a resistencia que ofrecen os que están sentados. **2.** Xogo de nenos, que consiste en que se abrazan pola cintura dous bandos que se colocan fronte a fronte, dividíndoos só unha marca no chan. Os extremos dianteiros de cada bando cóllense das mans e tiran. O bando máis forte arrastra ao seu campo ao máis débil. **3.** Xogo de nenos, no que se poñen todos en ringleira e cada un colle ao de diante pola cintura, e senta no de detrás, menos o último, que senta nun banco. O que queda trata de arrincar o primeiro (chamado pé) dos nenos, retido pola forza do resto (San Martín de Ozcos).

arranchado, -a. adx. Amañado, preparado (Coaña, Castropol, Tapia de Casarego).

arranchar. v. Limpar, ordenar (Coaña, Castropol, Tapia de Casarego). **2.** Preparar, amañar (*Hai que arranchar el barco*). **3.** Ordenar os anzois con cebo dun palangre (As Figueiras).

arrandas. s. f. pl. Papas feitas con fariña de avea (Santalla de Ozcos).

arranfañar. v. Segar algo de xeito desigual (Allande).

arranque. s. m. Acción e resultado de arrincar. **2.** Brío, forza.

arransuado, -a. adx. Aplícase á persoa que quere pasar inadvertida.

arranxeiliar. v. Poñer en orde (Castropol).

arrapado, -a. adx. Cheo até o bordo. **2.** Plano. **3.** Igualado co rapón ou *raseiro*.

arrapañar. v. Xuntar ou coller cousas sen deixar nada. **2.** Aproveitar os restos dunha cousa. **3.** V. arrabañar 1ª acep. **4.** Apañar a comida ou algo que están pegados nun recipiente ou superficie. **5.** Roubar, quitar. **6.** Quedar con algo de xeito brusco; arramplar 4ª acep.

arrapar. v. Igualar co rapón ou *raseiro*. **2.** Encher algo até o bordo.

arrapiñar. V. rapiñar.

arraposado, -a. adx. Que medrou pouco. **2.** Precavido, cauto. **3.** Dise do tempo ou día con nubes e chuvia miúda.

arrapuñar* → rapuñar.

arrapuxar* → arrepuxar.

arrarar. V. arralar 1ª e 2ª acep. (Abres).

arras. s. f. pl. Moedas que dá o noivo á noiva nas vodas.

arrasado, -a. adx. Desfeito, destruído. **2.** Cheo até o bordo. **3.** Dise do gran medido despois de pasalo polo *raseiro*.

arrasar. v. Desfacer, destruír. **2.** Encher até o bordo. **3.** Medir o gran cun *raseiro* (Abres). **4.** prnl. Chorar.

arrascar. v. Rascar. **2.** Aturar algo desagradable.

arraso. s. m. Porción de herba que se dá aos animais (Navia).

arrastrado, -a. adx. Levado rozándoo co chan. **2.** Aflixido polas preocupacións ou polo traballo. **3.** Humillado. **4.** Cansado, fatigado.

arrastradoiro. s. m. Lugar en costa e sen vexetación polo que se arrastra algo (Allande).

arrastrar. v. Levar algo ou alguén rozando o chan. **2.** Soportar. **3.** Xeito de lanzar no xogo da *patefa*. **4.** Existir corrente no fondo do mar (Castropol). **5.** Utilizar no mar unha arte de pesca de arrastre. **6.** prnl. Humillarse. // **Andar arrastrando *el ala*.** Cortexar (Boal).

arrastre. s. m. Acción e efecto de arrastrar. // **Al arrastre.** Xeito de pesca que se realiza arrastrando unha rede de pescar desde unha embarcación polo fondo do mar. // **Quedar *pral* arrastre.** Estar cansado, sen forzas por traballar moito.
arrastrexar. V. rastrexar.
arrastro (de). loc. Xeito de pescar cunha soa lancha (Boal). **2.** Referido á lareira que está no chan (*Lume de arrastro*), (Ibias).
arratuado, -a. adx. Escondido.
arraxuntarse* → arrexuntarse.
arre! interx. Voz que se emprega para incitar as cabalerías a andar. // **Arre demo!** Expresión que indica admiración, sorpresa. // **Nin arre nin so (xo).** Nin unha cousa nin a outra.
arrea! interx. Expresa obrigación (*Arrea agora mesmo de eiquí!*).
arreado, -a. adx. Con présa.
arrear. v. Transportar, á casa a herba seca, os cereais á eira etc.; acarretar **2.** V. afalar 1ª acep. **3.** Levar consigo todo o que se poida. **3.** Dirixirse, ir. **5.** Golpear. **6.** Ter présa. **7.** Tirar (*Arrearon coa porta*), (Grandas de Salime). **8.** Levar mercancías en machos ou cabalos como facían os arrieiros (San Martín de Ozcos). **9.** Mover unha cousa (Santalla de Ozcos). // **Arrea!** Vaites!
arreatar. v. Levar as bestas atadas en ringleira (Santalla de Ozcos).
arrebañar. v. Coller os restos de comida que quedan nunha pota, nun prato etc.
arrebar. v. Transportar o cuito nos ombreiros desde a corte até as leiras (*Arrebar o cuito*), (Taramundi).
arrebatado, -a. adx. Roubado, collido.
arrebendado, -a. V. arrebentado 1ª acep.
arrebentado, -a. adx. Cansado, fatigado. **2.** Herniado.
arrebentar. v. Fatigar, cansar moito. **2.** V. rebentar 1ª acep. **3.** Estalar. **4.** Romper. **5.** Herniar. // **El que con *lleña arrebenta*, con *fougo* lle *fain* a festa.** Refrán que alude que aquel que recolle leña despois terá lume para que lle fagan unha boa comida.
arrebinado, -a. adx. Valente, atrevido.
arrebinar. v. Tomar unha determinación, ser valente (Boal).
arreboladeiro. V. arreboladoiro.
arreboladoiro. s. m. Lugar moi costo por onde pode rodar unha cousa, unha persoa ou un animal. **2.** Precipicio, barranca.
arrebolar. v. Levar rodando algo. **2.** Mentir. **3.** Tirar (*El oso arrebolou tres colmeas*), (Eilao). **4.** Lanzar calquera cousa con violencia (Taramundi). **5.** prnl. Dar voltas unha persoa sobre si mesma, un animal ou un obxecto. **6.** prnl. Caer (Castropol).
arrebolladeiro. V. arreboladoiro.
arrebolladoiro. V. arreboladoiro 1ª e 2ª acep.
arrebollar. V. arrebolar 1ª e 4ª acep.
arrebollón (al). V. rebolón (al, ao).
arrebullada. V. arrabullada.
arrebullarse. v. prnl. Dar voltas un obxecto até caer; arrebolar 4ª acep.
arrebuñar. V. arrabuñar.
arrebuxar. v. Cubrir unha cousa para tapala ou escondela. **2.** prnl. Cubrirse cunha manta ou un pano para protexerse do frío.
arrecachar. V. recachar.
arrecender. v. Ulir ben; recender.
arrechado, -a. adx. Valente, atrevido.
arrechar. v. Saír auga ou outro líquido con forza por un tubo ou un furado. **2.** Botar auga sobre alguén con forza, como fai o *ciscón* no Entroido (Abres). **3.** Golpear, pegar (Coaña, Villaión).
arrechegar. v. Achegar, aproximar. **2.** Golpear, pegar.
arrechinado, -a. adx. Atrevido, valente.
arrecho. s. m. Fonte, surtidor de auga. **2.** Chorro que cae desde o tubo da fonte. **3.** s. m. pl. Cousas pequenas. **4.** Cirola brava de tamaño pequeno, que cando madura ten color morada (Eilao). **5.** Por extensión, árbore que dá este tipo de cirolas.
arrechoer. V. rechoer (San Martín de Ozcos).
arrechuada. s. f. Chorro de leite que sae do ubre da vaca ao muxila. **2.** Chorro de líquido que sae con forza.
arreciar. v. Medrar, intensificar.
arreconchegarse. v. Achegarse.
arrecortiado, -a. adx. Cortado.
arrecruar. V. recruar 1ª acep.
arrecúa! interx. Voz que se emprega para que retroceda a parella de vacas.
arrecuar. v. Retroceder, como as vacas.
arrecular. V. arrecuar.
arrecurso* → recurso.
arreda! interx. Voz que se emprega para que se aparten as vacas (Castropol).
arredar. v. Apartar dun lugar, separar, afastar.
arredolado, -a. adx. Dise da cesta que está chea de herba só até o aro (Coaña).
arredondar. v. Poñer ou poñerse redonda unha cousa. **2.** Facer redonda a *boca* das galochas. **3.** Cortar o pelo arredor. **4.** Rematar o traballo de labrar unha leira arredor (Abres).
arredondo. V. contornada.

arredondiar. V. arredondar 1ª acep.
arredor. V. alredor.
arredrar. v. Non ter medo (Abres). **2.** V. arredar.
arregallar. V. regalar 2ª e 3ª acep.
arregañado, -a. adx. Que ten fendeduras, como algunhas froitas.
arregañar. v. Romper algunhas froitas ao madurar. **2.** Romper o pan ao cocelo.
arregarllar. V. regalar 2ª e 3ª acep.
arregazada. s. f. Contido que pode levar un mandil.
arregazado, -a. adx. Dise da persoa que sobe as mangas, o mandil etc.
arregazar. v. Recoller no mandil. **2.** Lear un cigarro. **3.** Subir as mangas, os pantalóns, as enaguas etc. (San Martín de Ozcos). // **Dado i *arregazado*.** Obtido sen esforzo (Abres).
arreglado. s. m. Nome común de diversas especies de aves paseriformes do xénero *Anthus*, da familia dos motacílidos. Son pequenos paxaros terrestres de color parda con listas, con partes brancas e uñas posteriores longas. No Eo-Navia están presentes a *Anthus pratensis* e a *Anthus trivialis*.
arreglar. v. Organizar. **2.** Amañar, compoñer. **3.** Ordenar. **4.** prnl. Acicalarse.
arreglo. s. m. Acción e efecto de *arreglar*. **2.** Conciliación, acordo. // **Con *arreglo* a.** Segundo.
arregueirado, -a. adx. Con regueiros (*Quedou a parede arregueirada ao pintala*).
arregueirar. v. Correr un líquido facendo regueiros.
arrelampar. V. relustrar (Allande).
arrelantado. adx. Dise do millo ou do trigo que se sementan separados para que medren mellor.
arrelantar. v. Arar a terra. **2.** V. arralar 2ª acep.
arrelar. V. arralar 2ª acep.
arrellantar. V. arrelantar 1ª acep.
arrellouriado, -a. adx. Aparvado.
arrellumado, -a. adx. Moi nervioso, tolo.
arrellumar. v. Poñerse nervioso, tolear (Allande). **2.** Deixar sen vista a alguén nun momento, normalmente por un exceso de luz nos ollos (Villaión).
arrellustrar. V. relustrar.
arremangar. v. Subir as mangas ou a roupa cara a enriba.
arrematado, -a. adx. Dise da persoa que non está ben da cabeza ou violenta.
arrematar. v. Rematar, acabar.
arremellar. v. Abrir moito os ollos unha persoa cando se anoxa, por medo ou por espanto.
arremello. s. m. Apéndice que colga do pescozo dalgúns animais como as cabras (Boal).
arremendar. V. arromendar.
arremeter. v. Atacar unha persoa ou un animal con ímpeto. **2.** Aparecer os primeiros síntomas dunha enfermidade (San Martín de Ozcos).
arremetón, -úa. adx. (pl. arremetois). Aplícase á vaca, boi ou carneiro que atacan. // **Al boi *arremetón*, nunca lle falta compañeiro.** Dito para os bois e as vacas que atacan.
arremetuada. s. f. Acción de arremeter.
arremexar. v. Botar algo auga, humidade (Eilao). **2.** V. remexar.
arremolcar. V. remolcar.
arremolinado. adx. Aplícase ao cocho co pelo con remuíños.
arremollar. v. Medrar o ubre da vaca ou doutra femia de mamífero cando se achega o parto; remollar 2ª acep. **2.** Por extensión, aumentar os peitos e o ventre a unha muller cando está embarazada. // ***Arremollar* de medio tempo.** Dise cando a vaca bota o *cerón*. // **Vaca que *arremolla muito*, pronto a parir.** Refrán que alude a que a vaca axiña parirá cando lle medra o ubre (As Figueiras).
arrempuxón. s. m. Empuxón.
arrendadeira. V. arrendadora.
arrendadeiro. V. arrendadora.
arrendadora. s. f. Especie de arado lixeiro de tracción animal, que ten unha rella especial que segundo avanza verque a terra sobre dúas *setas* de plantas (El Franco, Villaión).
arrendar[1]. v. Poñer á renda unha propiedade ou algo para ceder o seu aproveitamento. **2.** Facer méritos para levar unha tunda. // ***Nun* chas arrendo.** Non sei como che irá (Boal, Tapia de Casarego). // ***Nun* che arrendo as ganancias.** Expresión que dá a entender que alguén non se cambia pola situación doutra persoa, porque a considera aínda peor.
arrendar[2]. v. Atar e asegurar polas rendas unha cabalería. **2.** Afacer o cabalo ás rendas.
arrendar[3]. v. Xuntar terra ao pé das plantas ou árbores, despois de removela co sacho ou o arado. **2.** Remexer a terra coa rella do arado para certas colleitas.
arrendín. s. m. Apeiro de labranza que consiste nun pau que remata en forma de pa e que vai abrindo o rego na terra.
arrendo[1]. s. m. Acción e efecto de arrendar[1]. Antigamente os arrendos

facíanse a medias, ao terzo, ao cuarto e ao quiñón. **2.** Prezo no que se arrenda.

arrendo[2]. s. m. Labor de remexer e limpar unha terra cunha especie de arado lixeiro (*arrendadora*) que ten unha rella especial disposta para verter a terra sobre as dúas *setas* de plantas entre as que avanza (El Franco). **2.** Acción de xuntar terra ao pé de plantas e árbores (San Martín de Ozcos).

arrendondar. V. arredondar 2ª acep.

arredondiado, -a. V. redondiado.

arrenegado, -a. adx. Renegado. **2.** Aplícase á persoa que normalmente blasfema. **3.** Moi anoxado. **4.** Dise da persoa que todo lle parece mal. **5.** Dise da persoa desagradable ou que causa molestias.

arrenegar. v. Dicir blasfemias ou xuramentos, blasfemar. **2.** Quitar un conxuro. **3.** Renegar, aborrecer. // **Arrenego al demo (*diantre*)!** V. Arrenégote demo! // **Arrenego del demo!** V. Arrenégote demo! // **Arrenégote demo!** Expresa sorpresa, admiración, enfado ou contrariedade. **2.** Expresión que se usa para lanzar maldicións contra algo acontecido (Eilao).

arrenegón. V. arrenegado 2ª e 4ª acep.

arrenqueirar. v. Recoller co *garabato* a herba seca ou outro tipo de herbas (Tormaleo).

arreo[1]. adv. Continuamente, sen excepción. **2.** Ao mesmo tempo que.

arreo[2]. s. m. Conxunto de correas ou outros elementos para cargar, montar ou apoñer unha cabalería ou outro animal.

arreparar. v. Fixarse, advertir (Navia); reparar 1ª acep. // ***Arreparar* a.** Fixarse en (*Arreparei a Manuela*).

arrepatear. v. Molestar ou desgustar moitísimo (A Veiga).

arrepentido, -a. adx. Dise da persoa que sente pesar por algo que fixo ou deixou de facer.

arrepentimento. s. m. Acción e resultado de arrepentirse. **2.** Pesar, pena.

arrepentirse. v. prnl. Sentir pesar por algo que se fixo ou se deixou de facer.

arrepilado, -a. adx. Cos cabelos de punta polo medo. **2.** Con calafríos.

arrepilar. v. Facer que os cabelos se poñan de punta por efecto do medo. **2.** Sentir calafríos (Castropol).

arrepintirse* → arrepentirse.

arrepolar. v. Coller os adolescentes aspecto de adulto. **2.** Por extensión, medrar completamente unha leituga, un repolo etc. (Abres). **3.** Facerse maior.

arrepuxón. V. empuxón.

arrepuxar. V. empuxar.

arrequeixado, -a. adx. Escondido, nun recuncho.

arrés. s. f. Cabeza de gando lanar, vacún etc. **2.** Muller de mala vida.

arresgarse. V. arrisgarse.

arrestar. v. Prender a unha persoa.

arrestelar. V. restrelar. **2.** Caer as castañas maduras do castiñeiro.

arrestellar. V. arrestelar 2ª acep.

arrestrelar. V. arrestelar.

arrestrollar. v. Arrastrarse polo chan de risa ou dolor. **2.** Tirar o aire unha colleita. **3.** Esmagar a herba ou o que está sementado por pisalos as persoas ou os animais.

arretar. v. Incitar, provocar (San Martín de Ozcos).

arreu* → arreo[1].

arrevenar. v. Saír dun tronco de árbore (*El gañote arrevenáballe del tronco*), (Navia).

arrevenirse. v. prnl. Aceptar, acordar.
Obs. Trátase dun castelanismo.

arrevesado, -a. adx. Aplícase ao neno inquedo e desobediente. **2.** Complicado, difícil. **3.** V. perico 7ª acep.

arrevinarse. v. prnl. Decidirse.

arrevolcar. v. Caer os cereais ou a herba polo vento ou a chuvia.

arrexuntar. v. Xuntar. **2.** prnl. Xuntarse, achegarse. **3.** Convivir un home e unha muller sen casar. **4.** prnl. Arrimarse.

arrezgañado, -a. adx. Rabuñado, trabado (*A pera tá arrezgañada*).

arriado, -a. V. arreado.

arriar. V. arrear 1ª e 8ª acep. **2.** Aguantarse (*El que veña detrás que arríe*). **3.** Estar axitado o mar (Tapia de Casarego). **4.** Estar o mar calmo. **5.** Baixar ou afrouxar algo que estaba pendurado. **6.** V. largar 9ª acep. (Tapia de Casarego). **7.** V. lascar 2ª acep. **8.** Soltar, afrouxar un cabo ou un cable.

arriba. adv. Na parte alta. **2.** Na parte superior. **3.** Máis alá de.

arribación. V. arrimazón (Tapia de Casarego).

arribada. s. f. Acantilado na costa. **2.** Chegada dunha embarcación a un porto ou un destino. **3.** Acción de fondear unha embarcación nun lugar distinto do normal por un perigo ou necesidade. **4.** V. bancada 2ª acep. (A Veiga).

arribar. v. Fondear unha embarcación nalgún lugar para evitar un perigo ou por outra necesidade. **2.** Chegar unha embarcación a un porto. **3.** V. atracar 4ª acep. (Tapia de Casarego).

arribazón. s. m. (pl. arribazois). Chegada de ouca flotando na auga e cerca da terra pola forza das ondas do mar (Andés).

arribeirado. adx. Propio ou pertencente á ribeira, ou á localidade situada nunha vertente dunha montaña, cerca dun río ou dun val. **2.** Lugar baixo e protexido.

arribón. adv. Arriba (Allande).

arricaque. s. m. Cabalo ruín (Taramundi).

arrieiro. s. m. Persoa ambulante que levaba a mercancía en mulas ou cabalos. Foron famosos os da Arriería, zona entre Santalla de Ozcos e Vilanova de Ozcos, nos núcleos de Martul, Trabadelo, Salcedo, Cimadevila, San Mamede, A Veiga del Carro, Barcia, Quintá etc. No concello de Santiso de Abres consérvase o *Camín* dos Arrieiros, que procedía de León e por onde viñan os arrieiros percorrendo A Fonsagrada, Taramundi, Os Ozcos e A Pontenova. Eran moi coñecidos tamén no Eo-Navia os de Xudán (A Pontenova). // **Arrieiros somos i polo mundo andamos.** Refrán que advirte dos desagravios recibidos ou da actitude contraria de alguén, que pensamos que cando nos precise non lle faremos o favor por negarnos antes a súa axuda. // ***Nun* se sabe de quen é a *bestia asta* que morre el arrieiro.** Refrán que recrimina aos que fan alarde de riquezas que non teñen ou aparentan o que non teñen. // ***Pra* ser *bon* arrieiro hai que nacer entre as albardas.** Para ser bo arrieiro hai que nacer entre as cabalerías.

arriezo, -a. adx. Que ten moito frío.

arrigar. v. Arrincar, como se fai na recolleita do liño.

arrigueirar. v. Deteriorarse algo pola auga (Allande). **2.** Correr un líquido en abundancia.

arrimado, -a. adx. Achegado ou posto xunto a algo. **2.** Apoiado.

arrimar. v. Achegar ou poñer unha cousa pegada ou apoiada noutra. **2.** Irse un familiar ou unha persoa que precisa axuda cun parente ou coñecido. **3.** Facer o amor. **4.** Poñer terra ao pé dalgunhas plantas ou cultivos como o millo, aporcar (Allande). **5.** prnl. Apoiarse sobre algo para descansar ou sosterse. **6.** prnl. Xuntarse un home e unha muller sen casar. // **Arrimar el *filo*.** Achegar a dobra ao boi ou vaca máis potentes da parella.

arrimazón. s. f. Chegada de grupos de peixes emigrantes en certas épocas do ano (As Figueiras).

arriminarse. v. prnl. Decidirse dun xeito rápido.

arrimo. s. m. Amparo ou apoio dunha persoa. // **Al arrimo.** Ao mesmo momento que.

arrincador. s. m. Xogador que no xogo de *arráncate-nabo* é o encargado de comezar o xogo.

arrinca-nabos. V. arráncate-nabo.

arrincar. v. Quitar, sacar ou extraer de raíz o que está plantado na terra. **2.** Sacar unha cousa con violencia. **3.** Funcionar unha máquina ou poñerse en marcha un vehículo. **4.** Separar a alguén do seu lugar. **5.** Obter algo dunha persoa con astucia. **6.** Marchar, ir (*Arrincabas prá casa*).

arrincholar. v. Engurrarse pola calor ou pola seca (Coaña).

arriostar. v. Xuntar e asegurar con madeira, como as pezas que forman o leito do carro (Taramundi).

arripilado*, -a → arrepilado.

arriquitado, -a. adx. Aplícase á persoa, animal ou froito, delgados, raquíticos.

arrisar. v. Diminuír a superficie dunha vela collendo os *rizos*.

arriscado, -a. adx. Valente.

arrisgarse. v. prnl. Expoñerse a algo como un perigo, atreverse.

arrispiar. V. arrepilar (Castropol).

arroba. s. f. Medida de peso que no concello de Grandas de Salime equivalía a 14,3 quilos e no de Eilao a 11,5 quilos. // **Arroba galega.** Medida de peso que equivalía a 14,375 quilos ou a 25 libras.

arrodalado, -a. adx. Arrastrado co *rodalo* até a boca do forno.

arrodalar. v. Arrastrar co *rodalo* as cinzas para a boca do forno.

arrodallado, -a. V. arrodalado.

arrodallar. V. arrodalar.

arrodar. v. Mover as brasas (A Veiga).

arrodeado, -a. adx. Rodeado.

arrodear. v. Rodear. **2.** Evitar expresións e actitudes de xeito directo.

arrodeo. s. m. Rodeo.

arrodiada. V. rodeada.

arrodiado. V. arrodeado.

arrodiar. v. Rodear. **2.** Envolver. **3.** V. arrodear 2ª acep.

arrodiarse. V. arrodillarse (Allande).

arrodillado, -a. adx. Posto de xeonllos. Obs. Trátase dun castelanismo.

arrodillarse. v. prnl. Poñerse de xeonllos. Obs. Trátase dun castelanismo.

arrofriar. v. Refrescar. **2.** Debilitarse.

arrogancia. s. f. Xenerosidade.

arrogante. adx. Xeneroso. **2.** Valente.

arrogañar. v. Dar dentadas a algo, especialmente a froita ou a madeira certos animais. **2.** Roer os ratos ou outros

animais as patacas, remolachas etc. (Eilao).

arroiada. s. f. Chea, riada. **2.** Corremento de terras por un temporal.

arroiar. v. Formar a chuvia regos na terra. **2.** Chover moito. **3.** Formarse regos de auga sobre unha superficie, como nos cristais pola calor. **4.** Moverse as terras por un temporal. **5.** Inundar, asolagar. **6.** Caer a suor por algunha parte do corpo.

arroio. s. m. Pequena corrente de auga, normalmente non permanente.

arroitada. s. f. Fazaña, acción propia dun home en sentido positivo. **2.** Acción de xenerosidade. **3.** Labor forte e rápido.

arroitar. V. arruitar 1ª acep.; vociar 3ª acep.

arroitido. V. arruito.

arroito. V. arruito.

arroio. s. m. Suco de auga nun camiño. **2.** Gota de suor polo corpo dunha persoa. **3.** Regueiro temporal.

arroladeira. s. f. Pata curvada dun berce.

arrolar. v. Durmir un neno co movemento dun berce cantando suavemente ou no colo (Ibias, Os Ozcos, Castropol). **2.** Moverse dun lado para outro ao andar. **3.** Estirar a masa de facer o pan coas mans ou outra cousa. **4.** Rodar (Tapia de Casarego). **5.** Mover un berce dun lado a outro para durmir un neno. **6.** Arrastrar, levar algo por diante. **7.** V. balancear 3ª acep. (Tapia de Casarego). **8.** prnl. Perder o equilibrio ao moverse. **9.** prnl. Masturbarse as rapazas colocando obxectos arredondados baixo a súa saia, e sentadas sobre eles, procedendo a efectuar un movemento de vaivén. // **Mala serra te arrole.** Mal raio te parta.

arrolladeira. V. arroladeira.

arrollar. v. Pasar o gran pola peneira para separalo das impurezas. **2.** V. arrolar 1ª, 3ª e 6ª acep.

arrollizar. v. Alisar a masa que se pon a unha parede (Navia).

arrolo. s. m. Canción de berce. **2.** Acción de durmir un neno co movemento dun berce (Santalla de Ozcos).

arromanar. v. Pesar cunha romana. **2.** Por extensión, pesar calquera cousa.

arromaniar. V. arromanar.

arrombada. adx. Dise da muller que xa lle avulta o ventre cando está embarazada.

arrombar. v. Avultar o ventre dunha muller embarazada. **2.** Poñer algo nun recanto.

arromedar. V. arromendar.

arromendado, -a. adx. Dise do que se lle pon un remendo. **2.** Dise do que ten un remendo.

arromendar. v. Imitar, remendar. **2.** Provocar imitando. **3.** Poñer remendos a algo.

arrometer* → arremeter.

arromentón*, -úa. (pl. arrometois) → arrementón.

arrometuada* → arremetuada.

arromper. v. Converter unha terra brava en cultivable. **2.** Substituír nun terreo un cultivo por outro.

arrompido, -a. adx. Dise da terra brava convertida en cultivable.

arronchado, -a. adx. Dise do que evita facer algo sen que se decaten os demais.

arronchar. v. Facer ostentación de riqueza. **2.** prnl. Escapar para non facer algo, desentenderse. **3.** prnl. Encoller o corpo para ocultarse, protexerse etc.

arronsar. v. Xuntarse leña nun remanso dun río despois dunha chea (Abres).

arrostrollarse. v. prnl. Dar voltas rodando por unha costa ou un prado.

arroto. s. m. Terreo de cultivo, agro (Ibias). **2.** Terra brava preparada recentemente para cultivar (Eilao).

arrou (de). loc. Co pretexto de.

arroubar. v. Roubar. **2.** No xogo de nenos do *melás*, afastarse da raia de orixe. **3.** V. roubar 2ª acep.

arroubón, -a. adx. Dise da persoa que rouba.

arroupado, -a. adx. Abrigado con roupa.

arroupar. v. Cubrir ou abrigar con roupa. **2.** Protexer, coidar, atender.

arroutar. V. arruitar 1ª acep.

arrouto. V. arruito.

arroxado, -a. adx. De color tirando entre amarela e vermella.

arroxar. v. Vomitar. **2.** V. roxar.

arroxarado, -a. adx. De color parda, como o café (San Martín de Ozcos).

arroz. s. m. Nome común de varias especies anuais do xénero *Oryza*, da familia das gramíneas, aínda que a máis común é a *Oryza sativa*, con raíces fibrosas, talo en forma de cana que pode acadar un metro e medio de altura, follas longas e flores brancas de pequeno tamaño. **2.** Froito desta planta.

arrubiazado, -a. adx. Rubio (Allande).

arrucar. v. Arrolar un neno (Allande).

arruchuír. v. Volver unha porta cara a onde se pecha, sen acabar de pechala (San Martín de Ozcos); arrechoer, rechoer, ruchuír.

arrufado, -a. adx. Animado, decidido. **2.** Enfadado. **3.** Presuntuoso, orgulloso.

arrufarse. v. prnl. Poñerse enfadado. **2.** Causar soberbia nalgún.

arrufe. s. m. Curvatura lonxitudinal das táboas do casco dunha embarcación (As Figueiras).
arruga. s. f. Dobrez do ubre cando está baleiro.
arrugado, -a. adx. Que ten engurras.
Obs. Trátase dun castelanismo.
arrugarse. v. prnl. Encollerse, amosar unha persoa pouca valentía, ánimo etc.
Obs. Trátase dun castelanismo.
arruinar. v. Causar a ruína de algo ou alguén. **2.** Debilitarse, desmellorar.
arruitada. s. f. Fazaña, proeza (*Fexo uha arruitada soltándolle dieiro ao neto*).
arruitar. v. Expulsar ruidosamente pola boca os gases que estaban retidos no estómago. **2.** Louvarse, presumir. **3.** Ter refluxo esofáxico. // **A *mía* filla *arruita*, é que ten fame *muita*, a *mía* nora *vocía*, é que ten a barriga *chía*.** V. A mía filla arruita, (a) fame muita, a mía nora vocía (voucía), é de chía. // **A *mía* filla *arruita*, (a) fame muita, a *mía* nora *vocía* (*voucía*), é de *chía*.** Refrán que mostra a inimizade entre sogras e noras.
arruito. s. m. Expulsión ruidosa dos gases do estómago pola boca.
arrumbada. V. arrombada.
arrumbar. V. arrombar.
arrumbiar. V. arrombar 2ª acep.
arrutar. V. arruitar 1ª acep.
arruto. V. arruito.
arruxidado, -a. adx. Enxordecido.
arruxidar. v. Enxordecer a unha persoa por facer moito ruído outra ou algo (Tapia de Casarego, El Franco).
arsencal. s. m. Veleno (Allande).
artada. s. f. Ferida feita cunha silva (Navia). **2.** Conxunto de silvas xuntas (Navia).
artal. s. m. Lugar onde hai moitas silvas (*artos*).
artarse. v. prnl. Ferirse coas espiñas da silva (Navia).
artas. s. f. pl. Arredores.
arte. s. f. Habilidade especial para facer algo (*A arte máis fina pra restelar*), (Santalla de Ozcos).
artedal. V. artedo (Andés).
artedo. s. m. Lugar onde hai moitas silvas.
arteira. s. f. Lugar onde hai moitas silvas (Tapia de Casarego); artedo, artedal. **2.** V. silva 1ª acep.
arteiro, -a. adx. Aplícase á persoa habilidosa, con maña. **2.** Dise da persoa astuta, con malicia.
artemañeiro, -a. adx. Dise do que ten maña para facer as cousas.
artemisa. s. f. Planta herbácea da familia das compostas, de talo normalmente liso e redondeado, anguloso e con estrías, follas de color verde e negra por un lado e branca polo outro, divididas en partes profundas e agudas. As súas flores son ovoides e de color vermella. De xeito tradicional no Eo-Navia utilizábase para curar os cólicos de barriga (*Artemisia vulgaris*).
artesa. s. f. Arca de madeira na que se amasa o pan. **2.** Caixa grande que se usa para salgar a carne de cocho.
arteluxo* → artiluxio.
articulación. s. f. (pl. articulacios). Unión de dous ou máis ósos.
artiluxio. s. m. Mecanismo, máquina, aparello.
artiluxo* → artiluxio.
artimañeiro*, -a → artemañeiro.
artista. s. m. Persoa que cultiva algunha arte.
arto. V. silva 1ª acep. (Villaión, Navia, Grandas de Salime, Eilao, Boal, Tapia de Casarego, Coaña, Allande).
artrosis. s. f. Afección patolóxica crónica das articulacións, de proceso dexenerativo e que produce dolores moderadas. Na medicina tradicional eonaviega curábase tomando auga de ortigas cocidas ou refregándose con alcohol de romeiro.
Obs. Trátase dun castelanismo.
aruña (s). s. m. e f. Persoa folgazana. **2.** Persoa tranquila, que traballa ao seu ritmo (Seares).
aruñar. v. Traballar con calma, sen présa.
aruño, -a. adx. Dise da persoa arisca, difícil de tratar (A Veiga).
arvella. s. f. Mancha branca na pupila do ollo (Vilanova de Ozcos). **2.** Úlcera da córnea.
arvellaca. s. f. Herba anual da familia das papilionáceas, de follas pequenas e flores amarelas. É unha mala herba moi común nas terras sementadas (*Lathyrus aphaca*). **2.** Planta da familia das leguminosas, de entre trinta e cen centímetros de altura, follas pinnadas, flores de color rosa, azulada ou púrpura e froito en forma de legume de color negra con moitas sementes (*Vicia sepium*).
arvelleira. s. f. Planta herbácea, anual, da familia das papilionáceas, con talo máis ou menos longo, que pode alcanzar unha altura de 1,5 metros, ramificado, liso e de color verde clara ou verde azulada. As súas flores son de varias colores e o froito está dentro de vaíñas (*Pisum sativum*).
arvello. s. m. Froito da *arvelleira*, con forma circular e de color verde, que é comestible. **2.** V. arvelleira. **3.** Ás veces

esta palabra refírese ao garavanzo moi pequeno (Abres).

arvillaca* → arvellaca.

arxapiar. v. Levar e traer unha persoa chismes e contos dun lado para outro, normalmente referido á muller.

arxapieiro, -a. adx. Aplícase á persoa que lle gusta *arxapiar*; alxapieiro 3ª acep., alxapeiro 1ª acep.

Arxel i galeras! interx. Maldición que botaban antigamente os vellos. // **Vaias *tu* a Arxel!** Expresión que se utiliza para maldicir.

arzoleira. V. anzoleira.

arzolín. V. orizolo. **2.** V. reichín (Ibias).

arzolo. V. orizolo.

arzulín. V. orizolo. **2.** V. reichín (Ibias).

ás. s. m. Primeira carta marcada co número un, de cada un dos paus da baralla. // **Ás de guía.** Tipo de nó mariñeiro que se fai con varias voltas do chicote.

asa. s. f. Parte saínte por onde se colle unha cousa. **2.** Cada unha das partes saíntes do chedeiro dun carro (Abres). **3.** Parte saínte por onde se colle un tambor de asar castañas. **4.** Parte saínte por onde se colle unha caldeira. **5.** Mango de madeira por onde se colle un tarabelo. **6.** Parte saínte por onde se collen algúns trobos de *colar* (Santalla de Ozcos). // **A *unde* vai el asa, que vaia el caldeiro.** V. Por unde vei (vai) el asa que vaia el caldeiro. // **Por *unde vei* (vai) el asa que vaia el (o) caldeiro.** Refrán que alude a que determinadas cousas teñen que ir xuntas (Boal).

asado, -a. adx. Dise do alimento cociñado mediante a acción do lume ou da calor, mollándoo ás veces, con graxa ou outro líquido axeitado.

asador. s. m. Aparato que serve para poñer ao lume algo que se quere asar.

asadura. s. f. Conxunto de vísceras dun animal.

asalmuada. adx. Aplícase á vaca corpulenta (Serandías).

asañadizo, -a. adx. Que se infecta facilmente.

asañado, -a. adx. Infectado (Castropol, San Martín de Ozcos).

asañar. v. Infectarse unha ferida. **2.** prnl. Anoxarse os rapaces (Abres).

asapiado, -a. adx. Aplícase á terra ou terreo de labor furados polos sapos, toupas e outros animais.

asapiarse. v. prnl. Estragarse a terra ou un terreo pola presenza de sapos, toupas etc. (El Franco).

asar. v. Preparar os alimentos para comelos, quentándoos e mollándoos con graxa ou outro líquido. **2.** Tostar algo. **3.** prnl. Soportar moita calor.

ascalar. V. escalar 1ª acep. (As Figueiras).

ascape* → escape (a).

ascaso* → acaso.

ascender. v. Subir, elevarse.

ascotar* → escotar.

ascote* → escote.

aseado, -a. adx. Lavado. **2.** Que se caracteriza pola súa limpeza e orde.

asear. v. Lavar. **2.** Limpar unha cousa.

asedarse. v. prnl. Calmarse, acougar. **2.** V. sedar 1ª e 2ª acep.

asegún* → según.

asegundar. V. segundar.

asegurar. v. Quedar tranquilo, quieto. **2.** Asentarse. **3.** Afirmar algo como certo. **4.** Dar firmeza ou solidez a unha cousa. **5.** prnl. Adquirir seguridade sobre algo.

aseixo. V. asexo (As Figueiras).

asela. s. f. Lazada (A Veiga).

asemellar. V. asemeñar.

asemeñado, -a. adx. Parecido, semellante.

asemeñanza. s. f. Parecido entre dúas cousas, persoas, animais etc. **2.** Réplica.

asemeñar. v. Facer unha cousa semellante a outra. **2.** prnl. Parecerse unha persoa a outra.

asenrado, -a. adx. Dise do terreo que pertence a unha senra (Tapia de Casarego).

asenso. s. m. Feito e resultado de asentir. // **Dar asenso.** Facer caso, dar creto.

asentada. s. f. Vez. // **Duha *asentada*.** Dunha vez; dunha sentada.

asentadeira. s. f. Parte onde se coloca unha máquina dun xeito fixo e firme.

asentado, -a. adx. Colocado de xeito seguro. **2.** Inscrito no rexistro civil. **3.** Estabilizado o bo tempo. **4.** Responsable e con xuízo, serio. **5.** Tranquilo.

asentador. s. m. Aparello para suavizar as navallas de barbear.

asentar. v. Colocar algo dun xeito fixo e firme. **2.** Inscribir no rexistro civil. **3.** Axeitar ben unha cousa, como un traxe. **4.** Estabilizarse o bo tempo. **5.** Acougar, tranquilizar. **6.** Fixar a máquina e o motor de mallar na eira. **7.** Apoiar ben unha ferradura en toda a superficie do casco dunha cabalería. **8.** Resultar algo ben ou mal (*Parece que lle asentou ben a chaqueta*), (Allande).

asento. s. m. Obxecto ou moble que serve para sentar. **2.** Emprazamento dunha persoa ou dunha cousa. **3.** Planta vivaz da familia das compostas, de talo firme, follas de color branca nos dous lados e

con pelo, e flores de color amarela. Ten un aroma intenso e sabor moi amargo (*Artemisia absinthium*), (Santalla de Ozcos, Eilao, Grandas de Salime). **4.** Planta vivaz da familia das compostas, olorosa, de talos agrupados, de 0,40 a 1,20 metros de altura, con follas de segmentos estreitos e moi dentados, que é de carácter medicinal e serve, entre outras cousas, para quitar as lombrigas (*Tanacetum vulgare*), (Boal). **5.** V. artemisa. // **Asento da *dopra*.** Lugar do centro do xugo do carro onde se colga a dobra (El Franco). // ***Nun* ter asento.** Ser inquedo.

aseñalado, -a. adx. Especial, singular (Eilao).

aseñalar. v. Marcar as orellas das ovellas (San Martín de Ozcos, Castropol). // **Por Santa Cruz de maio, *aseñala* el tou rabaño.** Por Santa Cruz (3 de maio) hai que marcar as orellas das ovellas.

aserradeiro. s. m. Instalación de carácter industrial na que hai serras mecánicas para serrar a madeira.

aserrado, -a. adx. Serrado. **2.** Con forma de serra.

aserrador. s. m. Persoa que se encargaba de facer as vigas de pisos e teitos das casas tradicionais; serrador.

aserrar. V. serrar.

aserrín, aserrán. s. m. Xogo no que se pon a un neno sobre os xeonllos colléndoo polas mans e os brazos e movéndoo cara a atrás e cara a adiante recitando mentres unha estrofa.
Obs. Trátase dun castelanismo.

asesguiado, -a. adx. Cortado en oblicuo.

asestar. v. Determinar as cantidades de fariña, auga e fermento que intervirán na cocción dunha fornada de pan (Eilao). **2.** Golpear.

asetar. v. Estar observando (San Martín de Ozcos, Navia).

asexo. s. m. Acción e efecto de observar con precaución e cautela sen ser visto. **2.** Atardecer. // **Al asexo.** Atardecer. // **Hora del asexo (*aseixo*).** Momento axeitado para pescar mellor como o anoitecer ou para poder xuntarse os namorados.

asfixiante. adx. Que causa asfixia.

asfixiar. v. Sentir asfixia.

asgalla* → esgalla (a).

así. adv. Dun xeito determinado. **2.** Tanto. **3.** Tamén. **4.** conx. En consecuencia. // **Así así.** Máis ou menos. // **Así a todo.** A pesar diso, así e todo. // **Así (e) todo.** A pesar diso. // **Así eu medre!** De veras, en verdade. // **Así que.** No momento en que, tan pronto como. // **Así todo.** Así a todo. // **Así xa.** Medianamente.

asiar* → ansiar.

asignar. v. Determinar aquello que pertence a cada un.

asilo. s. m. Institución benéfica na que se recolle e asiste ás persoas necesitadas, especialmente as de idade avanzada.

asin* → así.

asina* → así.

asinar. v. Non pescar nada. **2.** Marcar, sinalar, dividir (*Asinar as partixas*).

asinar* → asignar.

asistir. v. Vivir, habitar (*A mía avola nun asistía con nosoutros*, *Deron os lobos en asistir pra abaxo*), (San Martín de Ozcos). **2.** Favorecer, axudar. **3.** En certos xogos da baralla, botar a carta do mesmo pau co daquela que se xogou primeiro (A Veiga). **4.** Servir, atender a alguén (A Veiga).

asixa. adv. Regular. **2.** Así. **3.** Máis ou menos.

asma. s. f. Enfermidade dos bronquios que se caracteriza por ataques de dificultade respiratoria. Na medicina tradicional eonaviega combatíase cunha infusión de *corriola* tomada dúas veces ao día.

asnal* → arnal.

asno, -a. s. m. e f. Mamífero perisodáctilo, da familia dos équidos, que mide máis dun metro de altura, de pelaxe pardo agrisada, normalmente cunha liña negra no pescozo, dorso e lombo e unha zona clara que rodea os ollos, a parte inferior da cabeza e o ventre (*Equus asinus*). // **Foi por asno i veu por burro.** Refrán que alude á pouca intelixencia dunha persoa (Boal).

so. V. asa 1ª acep. (Santalla de Ozcos).

asoallado, -a. adx. Ben seco (*El pan tá ben asoallado pra facer medeiros*).

asoallar. v. Estar ben seco.

asoballar. v. Desprezar. **2.** V. soballar. **3.** Someter, oprimir.

asoberbiado, -a. adx. Eclipsado, que non se lle deixa destacar como persoa. **2.** Dise da persoa chea de soberbia e orgullo.

asoberbiar. v. Impedir unha persoa que outra destaque, dominar. **2.** Non deixar medrar unha planta a outra.

asolagado, -a. adx. Oprimido, apertado.

asolagar. v. Esnaquizar as colleitas ao chover. **2.** Apertar a outra persoa, oprimir. **3.** Inundar, anegar (Abres). **4.** Pegar, golpear. **5.** Molestar (*As moscas asolagaron as vacas*).

asolallar. V. asolellar 1ª acep. (El Franco).

asolear. v. Poñer ao sol froitos para secar, roupa lavada a branquear etc.
asolellado, -a. adx. Posto ao sol.
asolellar. v. Poñer ao sol algunhas colleitas para que sequen, para despois trillalas e deste xeito quitarlles mellor os grans. **2.** Voar as abellas novas diante do trobo. **3.** Poñer ao sol.
asoliado, -a. adx. Estragado polo sol.
asoliar. V. asolear.
asolillado, -a. V. asolellado.
asolillar. V. asolellar 1ª acep.
asolombrar. v. Dar sombra.
asoma* (á) → soma (á).
asomado, -a. adx. Dise do que se comeza a ver.
asomar. v. Comezar a verse. **2.** V. salir 6ª acep.
asombrado, -a. adx. Con sombra (San Martín de Ozcos). **2.** Dise do que levou unha sorpresa.
asombrar. v. Dar unha sorpresa. **2.** prnl. Buscar a sombra protexéndose do sol (San Martín de Ozcos).
asombro. s. m. Sorpresa. **2.** Susto.
asomellar* → asemeñar.
asomeñado*, -a → asemeñado.
asomeñanza* → asemeñanza.
asomeñar* → asemeñar.
asonar. v. Limpar os mocos do nariz; sonar 3ª acep. **2.** Golpear, pegar.
Obs. Trátase dun castelanismo.
asonsado, -a. adx. Apampado.
asoprar. V. soprar 1ª e 2ª acep. (Os Coutos, Tapia de Casarego, Boal).
asorado, -a. adx. Asombrado.
asorar. v. Asombrar, sorprender. **2.** V. asouriar (Navia).
asorber* → absorber.
asosegar. v. Dar sosego, tranquilizar.
asoumar → asomar.
asourear. v. asouriar 3ª acep.
asouria. V. souria.
asouriado. adx. Dise do cereal como o millo, centeo ou trigo secos pola calor ou a falta de chuvia.
asouriar. v. Secar os froitos por moita calor. **2.** Padecer a calor do mediodía. **3.** Estragarse ou secar os cereais como o trigo ou o centeo pola calor do sol ou a falta de chuvia ou humidade.
asourión. adx. Con calor ou sol excesivos.
aspa. s. f. Figura ou signo en forma de X. **2.** V. pela 1ª acep. (El Franco).
aspacín* → despacín.
aspacio* → despacio.
aspado, -a. adx. Dise do que desexa con intensidade unha comida ou unha bebida. **2.** Que ten moita sede (Allande).
aspar. v. Desexar con intensidade unha comida ou unha bebida. **2.** Resultar difícil resistir a sede.
asparón. s. m. Esporón do galo (San Martín de Ozcos).
aspaventar* → espaventar.
aspavento* → espavento.
aspecto. s. m. Aparencia exterior das persoas ou cousas.
asperar* → esperar.
asperón. s. m. Pedra de gra de cemento silíceo, calizo, arxiloso ou ferruxinoso, que se usa na construción e como pedra de afiar.
aspeteira* → espeteira.
aspeuto* → aspecto.
aspiado, -a. V. aspado.
aspirar. v. Desexar, querer.
asque! interx. Voz que se usa para espantar o cocho (Allande).
asta. prep. Úsase para indicar un punto final nun desprazamento ou un límite. // ***Asta* logo (*lougo*, *llougo*).** Fórmula de despedida.
Obs. Trátase dun castelanismo.
astear. v. Aborrecer a comida.
astela. V. estela[1].
astella. V. estela[1].
astia. V. asta.
astiada. V. estiada.
astiar. V. estiar 1ª acep.
astil. V. estil (O Viñal).
astinencia* → abstinencia.
astoncias* → entós.
astoncies* → entós.
astoxar. v. Darlle náuseas a unha muller cando está embarazada.
astrado*, -a → estrado.
ástrago. s. m. Corredor de entrada das casas antigas, como nas pallozas.
astrar* → estrar.
astroloxo. s. m. Estorbo, atranco.
astroso, -a. adx. Dise da persoa que ten pouco coidado cando fai as cousas, cando se viste etc.
asturao. V. asturiano 1ª e 2ª acep.
asturiano, -a. adx. e s. m. e f. Natural de Asturias. **2.** Pertencente ou relativo a Asturias. **3.** Lingua románica falada en Asturias, excepto na comarca do Eo-Navia que é de lingua galega. **4.** Alcume popular que lles dan os habitantes da mariña de Navia aos do concello de Valdés.
astuto, -a. adx. Listo. // **Ser astuto como el *llobo*.** Ser moi astuto.
asubeirar. V. asoballar.
asucar* → sucar.
asulagado, -a. V. asolagado.

asulagar. v. Molestar, render (Castropol). **2.** V. asolagar 3ª acep.
asullagado, -a. V. asolagado.
asullagar. V. asolagar 3ª acep.
asunto. s. m. Tema, materia que se trata. **2.** Idea (*Non facía máis que maquinar sobre aquel asunto*). **3.** Figuradamente, o acto sexual. **4.** Figuradamente, órgano xenital masculino ou feminino (*Botoulle mao nel asunto*).
asús!* → xesús!
asustado, -a. adx. Espantado polo medo ou por un temor.
asustador, -a. adx. O que asusta.
asustar. v. Causar susto, medo. **2.** prnl. Recibir un susto.
asustavellas. s. m. Persoa que espanta (Eilao).
atabantado, -a. adx. Aplícase á planta ou ao froito que son desfeitos polos axentes atmosféricos. **2.** Debilitado por unha enfermidade. **3.** Dise do que se fai sen tempo (Boal).
atabantar. v. Deixar a terra removida e solta. **2.** Estragar, derramar (Abres). **3.** Debilitarse unha persoa por unha enfermidade. **4.** Mover, abalar.
atabasar. v. Encaixar a *tabasa* ao carro. **2.** Pasar a *tabasa* a unha porta.
atacado, -a. adx. Dise da árbore ou planta que están cheos de froitos ou flores (Eilao, Boal). **2.** Repleto.
atacañar. v. Ser agarrado, avaro.
atacaño* → tacaño.
atacar. v. Acometer. **2.** Apertar a unha persoa nalgún argumento ou sobre algunha pretensión. **3.** Vir de súpeto unha enfermidade. **4.** Obstruír un conduto con algunha cousa. **5.** Fartar de comida (Eilao). **6.** Encher completamente un espazo (Boal). **7.** Encher un obxecto completamente (*Atacou a cazola con herba seca*). **8.** Botar carbón ao forno e atizar o lume nunha embarcación de vapor (Tapia de Casarego).
atacoado, -a. adx. Remendado.
atacoar. v. Remendar (Coaña, A Veiga); tacoar.
atacuado, -a. V. atacoado.
atacuar. V. atacoar.
atacuñar. v. Aforrar con avaricia (Boal).
atadallo. s. m. Parte por onde se atan os cereais (Eilao).
atadeira. s. f. Cinta de la ou liño, tecida no tear, que servía antigamente para suxeitar as medias de homes e mulleres. **2.** Corda delgada, correa.
atadeiro. s. m. Lugar por onde se ata un saco. **2.** Cacho de corda, cinta ou outro material que serve para atar. **3.** Comportamento variable dunha persoa. **4.** Lugar axeitado para atar as cabalerías ou o gando vacún. // ***Nun* ter atadeiro.** Non ser de fiar.
atado[1]. s. m. Paquete pequeno atado cun cordel. **2.** Mollo unido cunha *garañola*. // **Atado al puño.** Faise coa presión que exercen as mans ao xirar a *garañola* e pasar o conxunto por debaixo do atado nun falso nó. // **Atado a *garrote*.** Faise coa axuda dun *garrote* que exerce presión sobre a palla do mollo.
atado[2], -a. adx. Unido con ataduras. **2.** Suxeitado. **3.** Agarrado, avaro. **4.** Persoa que se aflixe por calquera cousa. **5.** Indeciso.
atador, -a. s. m. e f. Persoa que ataba os mollos de cereal (Eilao).
atadura. s. f. Acción e efecto de atar.
atafagar. v. Afogar.
atafal. s. m. Cinta de coiro que vai por debaixo do rabo das cabalerías para que a albarda non se vaia para diante. **2.** Corda que vai por debaixo do rabo da vaca para poñerlle unha manta.
atafar. v. Poñer o *atafal* (Navia).
atafarrado, -a. adx. Cheo de algo (*El can tá atafarrado de pulgas*).
atafarrar. v. Estar cheo de algo, como un can de pulgas.
atafarrella. V. atafarrilla 1ª acep. (San Martín de Ozcos).
atafarrilla. s. f. Cinta de coiro disposta de xeito transversal que suxeita o *atafal* para que non baixe de máis (Abres); tafarrilla 1ª acep. **2.** pl. Maniotas de montar a cabalo (Os Ozcos).
atafoles. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Busto (Ibias).
ataguía. s. f. Porción maciza de terra arxilosa ou doutro material impermeable, para impedir o paso da auga durante a construción dunha obra hidráulica (Abres).
atalaia. s. f. Calquera lugar alto desde o que se divisa unha zona grande de terreo ou de mar. **2.** Torre construída normalmente nun lugar alto para poder vixiar un campo amplo.
atalancear. V. abanicar 1ª acep. (El Franco).
atalanceo. s. m. Acto e efecto de *atalancear*.
atalanciar. V. abanicar 1ª acep. (El Franco). **2.** V. abalar 1ª acep. (El Franco).
atalar. v. Afundirse en lama. **2.** Afundirse na neve coas galochas (San Martín de Ozcos). **3.** Atrancarse as vacas dun carro ou un *vasadoiro* por estar a terra demasiado húmida (Castropol, Santalla

de Ozcos). **4.** Atrancarse un cocho pequeno nunha cancela. **5.** Apertar calquera cousa encaixada nalgún sito de xeito que non se mova (San Martín de Ozcos).

atalingadoiro. V. canigueiro (Santalla de Ozcos).

atalingar. V. abanicar 1ª acep. (Os Ozcos).

atallar. v. Coller un atallo. **2.** Interromper unha intervención. **3.** Impedir o avance ou proceso dalgunha cousa. **4.** Facer algo máis breve, reducir.

atallo. s. m. Camiño máis curto que outro. **2.** Procedemento para facer algo en menos tempo. // ***Nun* hai atallo *sin* traballo.** Refrán que afirma que sen esforzo non se pode obter o que se desexa en pouco tempo.

atamañado, -a. adx. De tamaño medio. **2.** Dise da pataca lisa e de tamaño medio (Santalla de Ozcos). **3.** Dise do que é idóneo para algo.

atamañar. v. Poñer unha peza ou cousa do tamaño que se desexa, como cando se serra un taco de madeira de semellante tamaño á medida dun mango que se vai facer para unha navalla (Taramundi).

atanegar. V. atanigar 1ª acep. (Santiso de Abres).

atanguer. v. Conseguir, alcanzar unha cousa que está alta; abanguer.

ataniga. V. canigueiro (Navia, El Franco).

atanigado, -a. adx. Movido con brusquidade.

atanigadoiro. V. canigueiro (San Martín de Ozcos).

atanigamento. V. atanigón.

atanigar. v. Mover con brusquidade. **2.** V. abalar 1ª acep. (Castropol). **3.** V. abanigar 1ª, 2ª e 3ª acep. **4.** prnl. Moverse nun *canigueiro*; abalanciar 1ª acep.

atanigo. V. canigueiro (Coaña).

atanigón. s. m. (pl. atanigois). Sacudida, movemento brusco.

atanigueiro. V. canigueiro (Villaión).

atapuzado, -a. adx. Atascado.

atapuzar. v. Atascar, estorbar.

atar. v. Unir, xuntar con ataduras. **2.** Suxeitar. **3.** Dividir os chourizos cun *breimante* na matanza do cocho. // **Atala al *dido*.** Desafío que se dirixe a unha persoa manifestando o desexo que lle ocorra o mesmo que criticou a outros.

atarabelado, -a. adx. Tolo.

atarambicado, -a. adx. Que perdeu o equlibrio.

atarambicar. v. Perder o equilibrio.

ataravantar. v. Irse para adiante unha persoa perdendo o equilibrio (Ibias).

atarazado, -a. adx. Coagulado (San Martín de Ozcos).

atarazar. v. Coagular o sangue.

atardecer. s. m. Última parte do día, cando o sol se pon e a claridade desaparece. **2.** v. Comezar a poñerse o sol ou a debilitarse a luz do sol.

atardecerín (al). loc. Ao final do día.

atardecín (al). V. atardecerín (al).

atarecido*, -a → aterecido.

atariado, -a. adx. Que está facendo un traballo (Allande, Tapia de Casarego).

atarrecer. v. Dar preguiza facer algunha cousa. **2.** Dubidar en facer ou dicir algo, desconfiar. **3.** Sentir espanto, medo. **4.** Ter moito frío; aterecer.

atarrecido, -a. adx. Dise da persoa que sente espanto, medo (El Franco).

atascado, -a. adx. Obstruído.

atascar. v. Estorbar, dificultar. **2.** prnl. Obstruírse os condutos respiratorios.

atatabellar. v. Tatexar.

ataúl. V. caxa 2ª acep.

atavantar. v. Cansar a alguén. **2.** Aparvar a alguén. **3.** Facer unha cousa á présa. **4.** Apurar, apresurar.

atavío. s. m. Conxunto de ferramentas precisas para traballar; avío. **2.** Conxunto de cabezadas, atafais ou arreos dunha cabalería (A Veiga). **3.** Peza de roupa ou adorno.

atazado, -a. adx. Atascado.

atazar. v. Atascar. **2.** Pechar ou encaixar portas, ventás etc. **3.** Axustar fortemente algo (El Franco).

atechado, -a. adx. O que se zafa de algo.
Obs. Trátase dun asturianismo.

atechar. v. Protexer, abrigar. **2.** Librarse, zafarse.
Obs. Trátase dun asturianismo.

ateitar. v. Dar de mamar.

atelingadoiro. V. canigueiro (Santalla de Ozcos).

atencar. v. Poñer puntais a unha cousa, apuntalar (Allande).

atender. v. Prestar atención. **2.** Coidar a unha persoa ou a un animal. **3.** Agardar. **4.** Mirar por algo que hai que prestarlle atención, como unha comida cando se está facendo, un líquido que ferve etc.

atenguer. V. atanguer (Tapia de Casarego).

atento, -a. adx. Que presta atención ou pon interese. **2.** Educado, correcto (*Faláchelle ben atento*).

ater. v. Suxeitar a vaca para que o touro a cubra. **2.** Suxeitar as crías das reses para que mamen (Os Ozcos). **3.** prnl. Axustarse unha persoa a algo.

aterecer. v. Ter moito frío.

aterecido, -a. adx. Que ten moito frío.

aterido, -a. V. aterecido. // **Ir *aterido*.** Ter moito frío (As Figueiras).
aterir. V. aterecer.
ateriz* → ictericia.
aterrar* → terrar.
aterrado, -a. adx. Dise do barco que navega cerca da costa.
aterrecer. v. Sentir preguiza para facer unha acción (Eilao); atarrecer 1ª acep. **2.** Temer (Os Ozcos); atarrecer 3ª acep.
atesar. v. Pensar, dar unha opinión (Coaña, Tapia de Casarego). **2.** Poñer ríxido algo; tesar.
atestado, -a. adx. Cheo.
atestar. v. Concentrar un líquido para facelo espeso (Castropol). **2.** Encher até o bordo.
atestellar. v. Inmobilizar algo colléndoo pola cabeza (*Atestellaban el cocho contra uha parede*), (El Franco).
atestigar. v. Insistir nunha cousa con obstinación e insistencia (Eilao).
atibello. s. m. Aparello. **2.** Esquina, lugar indeterminado (*Tá tirado nun atibello*), (Allande).
atigrado, -a. adx. Da color dun tigre, con raias de varias colores.
atilingarse. v. prnl. Moverse cara a adiante e a atrás, arriba e abaixo, nun *canigueiro* (Santalla de Ozcos).
atinar. v. Acertar. **2.** Dar no branco.
atiriñar. v. Facer unha cousa con indecisión.
atisbar. v. Ver, divisar, observar.
atiseirado, -a. adx. Cortado dun golpe cunhas *tiseiras* (tesoiras).
atiseirar. v. Facer cortes dun golpe coas *tiseiras* (tesoiras).
atisoirar. V. atiseirar (Boal).
atisquillar. v. Cortar o pelo.
atixeirar. V. atiseirar.
atizado, -a. adx. Dise do lume cando se remexe para que arda máis.
atizadoira. s. f. Pau duns dous metros e medio de lonxitude que remataba nunha *forqueta* de dentes curtos que se utilizaba nos caleiros para meter leña para atizar o lume.
atizador, -a. s. m. e f. Persoa que remexe o lume para que arda máis.
atizar. v. Remexer o lume para que arda máis. **2.** Golpear.
atmosfera. s. f. Capa de aire que rodea o globo terrestre.
atoar. v. Remolcar unha embarcación. **2.** Cegar ou tapar algunha cousa os condutos de auga. **3.** Encher até o bordo un recipiente ou unha gabia.
atochecer. v. Volverse tolo.
atoladete. V. atolado.
atolado, -a. adx. Aplícase á persoa tola ou que parece que o é.
atolapado, -a. adx. Tolo.
atolapeirado, -a. adx. Tolo.
atolar. v. Volverse tola unha persoa (Eilao). **2.** Atascar, obturar (Castropol).
atolarado, -a. adx. Tolo.
atolecer. v. Volverse tolo (Castropol).
atoledar. v. Ter diferentes opinións un conxunto de xente, uns a favor e outros en contra.
atoleirado, -a. V. atolado.
atoliado, -a. adx. Tolo.
atoliar. V. atolar 1ª acep. (Tapia de Casarego, Castropol).
atollado, -a. V. atolado.
atollapado, -a. V. atolado.
atollar. V. atolar 1ª acep. (Boal, Villaión). // **El que nun atolla de novo, atolla de vello.** Refrán que indica que se unha persoa non fixo cousas fóra do común na xuventude, na vellez normalmente vai facelas.
atollarado, -a. V. atolado.
atollecer. V. entolear.
atolleirado, -a. V. atoleirado.
atollentado, -a. adx. O que queda impedido.
atollentar. v. Impedir ou dificultar unha enfermidade ou accidente o uso dalgún membro dun corpo. **2.** Volver tolo, aparvar. **3.** Estragarse un cereal, como o millo ou o trigo.
atolletar. v. Tocar a caramela ou utilizala para falar a distancia (Grandas de Salime).
atollorado, -a. V. atolorado.
atolondrado, -a. adx. Con perda dos sentidos. **2.** Parvo.
atolondrar. v. Facer perder os sentidos. **2.** Aparvar a un cun ruído forte ou con barullo.
atolorado, -a. adx. Tolo.
atomía. s. f. Trasnada, enredo.
atón. s. m. O que ata os mollos.
atontado, -a. adx. Que perdeu os sentidos. **2.** Dise da persoa que está adormecida ou parece indiferente a todo.
Obs. Trátase dun castelanismo.
atontar. v. Perder os sentidos.
Obs. Trátase dun castelanismo.
atopadizo, -a. adx. O que se encontra, normalmente de xeito fácil. **2.** Dise do lugar onde unha persoa se sente cómoda.
atopado, -a. adx. Encontrado. **2.** Parvo.
atopar. v. Encontrar o que se busca. **2.** Dar con algo ou alguén sen buscalo. **3.** prnl. Afacerse nun lugar. **4.** prnl. Tropezar con alguén. **5.** prnl. Sentirse en certo estado

ou disposición (*Atópome enfermo, Atopábase a gusto coel vecín*).

atorboado. adx. Aplícase cando o día, normalmente caloroso, o tempo ou o ceo presaxian treboada.

atorbonado, -a. V. atorboado.

atorbuado, -a. V. atorboado.

atormentado, -a. adx. Desgustado, entristecido.

atornigar. v. Asegurar unha madeira con outra por medio de tarugos ou cravos de madeira (San Martín de Ozcos).

atorolado, -a. adx. Dise do gran ou da fornada que saen moi gordos cando se moen (Santalla de Ozcos).

atorolar. v. Partir os grans dun cereal despois de secos e quitarlles a casca (San Martín de Ozcos).

atorpaxado, -a. adx. Torpe, falto de habilidades.

atorrante. adx. Aplícase á persoa folgazana. **2.** Gastador (Abres).

atorronado. adx. Terra ou campo recentemente cavados nos que se amontoan os terróns para queimalos.

atorteladoiro. s. m. Desfiladeiro (Ibias).

atortelar. v. Apertar a outra persoa; asolagar 2ª acep. **2.** Sentirse oprimida unha persoa entre un grupo de xente. **3.** Poñer unha cousa suxeita entre outras dúas (*Atortela aí eso*), (Santalla de Ozcos). **4.** prnl. Quedar unha persoa atascada entre dúas cousas (*Atorteleime entre dous penedos*), (Santalla de Ozcos).

atortellar. V. atortelar 2ª acep.

atortollado, -a. adx. Acurralado, sen saída (Tapia de Casarego).

atortorado, -a. adx. Suxeito. **2.** Apertado, oprimido.

atortorar. v. Poñer unha cousa nun recanto (Castropol). **2.** Apertar, acosar, oprimir fisicamente (Castropol, El Franco, Navia). **3.** V. atortelar 2ª acep. **4.** Mancar, ferir (Tapia de Casarego).

atosigar. v. Oprimir, molestar, cansar.

atotadín, -ía. adx. Axustado.

atotado, -a. adx. Apertado, xunto. **2.** Axustado, cinguido. **3.** Abrigado.

atotar. v. Xuntar terra ao pé das plantas. **2.** Cubrirse con roupa axustándoa ben ao corpo. **3.** Cubrirse ben coas mantas na cama. **4.** Apertar, meter ben unha cousa polas beiras. **5.** V. atoutar. **6.** Encaixar algo para protexerse do frío (*A porta nun atota ben*). **7.** Apertar algo contra un para protexelo do frío (*A rapaza atotaba el neno contra el sou corpo*). **8.** Poñer xunto, achegar. **9.** Acubillar unha galiña os seus pitos debaixo dela.

atoupar. V. atopar (Navia, Villaión).

atoupiar. v. Facer toupeiras as toupas (Villaión).

atoutar. v. Colocar cinza sobre as brasas para que non se apague (Coaña).

atouzar. v. Provocar os cans para que traben. **2.** Molestar, incomodar (Abres). **2.** Provocar a unha persoa (El Franco). **3.** Acosar, perseguir un animal.

atouzón, -úa. adx. O que molesta.

atrabada. adx. Aplícase á vaca que ten pouco ventre (Serandías).

atracadeiro. s. m. Lugar axeitado para embarcar e desembarcar persoas e cousas (Tapia de Casarego, Coaña).

atracar. v. Arrimar a terra unha embarcación. **2.** V. abarloar. **3.** Colocar dúas embarcacións xuntas nun peirao para protexerse mellor. **4.** Achegarse os peixes cerca da costa (As Figueiras). **5.** Achegar ao costado dunha embarcación a liña da cacea co peixe no anzol.

atragantar. v. Obstruírse algo na gorxa. **2.** Molestar, enfastiar (*Atragantóuseme el vecín que veu*).

atrancado, -a. adx. Atascado. **2.** Estrinxido, que non pode facer de ventre.

atrancar. v. Atascar, obstruír. **2.** Pechar unha porta ou unha ventá cunha tranca. **3.** prnl. Atascarse un aparello de pesca de cerco, quedando aberto e podendo os peixes escapar.

atranco. s. m. Estorbo, obstáculo.

atrangazado, -a. adx. Revolto, sen orde (Allande).

atrapazado, -a. adx. Atascado, atravesado.

atrapazamento. s. m. Acción de non poder tragar algo que se atravesou na gorxa.

atrapazar. v. Atravesar, traspasar, perforar (El Franco). **2.** Non poder tragar algo que se atravesou na gorxa. **3.** prnl. Perder visión nos ollos. **4.** prnl. Atascarse, quedar parado nun sitio.

atrás. adv. Na parte posterior, detrás. **2.** Tempo xa pasado. // **Atrás de.** Despois de (San Martín de Ozcos). // **De atrás.** Referido a un tempo anterior.

atrás, atrás! interx. Utilízase para facer retroceder unha parella de bois ou de vacas.

atrasado, -a. adx. Aplicado a unha persoa, que vai máis lenta ou atrás que as demais. **2.** Ignorante.

atrasar. v. Facer máis lento. **2.** Ir para atrás. **3.** Perder facultades as persoas maiores ou enfermas. **4.** Non levar o reloxo a velocidade debida. **5.** prnl. Chegar máis tarde.

atrasnada* → trasnada.

atraso. s. m. Acto ou efecto de atrasar ou atrasarse. **2.** Falta de progreso.
atravesado, -a. adx. Cruzado. **2.** Canalla, trasno, retorto. **3.** Inquedo, revoltoso. **4.** Dise do barco que navega co vento recibido polo costado. // **Ter a un atravesado.** Ter manía a alguén.
atravesar. v. Cruzar. **2.** Furar, traspasar. **3.** V. garetear 1ª acep. **4.** Arar cruzando os regos.
atrebonado. adx. Dise do tempo nubrado que presaxia tormenta (Abres).
atreitar. v. Transportar por un traxecto.
atrevemento. s. m. Acto ou efecto de atreverse. **2.** Valor, valentía. **3.** Descaro.
atreverse. v. prnl. Aventurarse. **2.** Arriscarse a facer algunha cousa.
atrevido, -a. adx. Valente, arriscado, decidido. **2.** Descarado.
atrevimento* → atrevemento.
atristado, -a. adx. Triste.
atristurado, -a. adx. Triste (Boal).
atrofiar. v. Causar atrofia. **2.** prnl. Padecer atrofia.
atrolado, -a. adx. Tolo.
atrollado, -a. adx. Dise da pataca que se cultiva nunha terra por primeira vez (Os Ozcos). **2.** Atrancado.
atrollar. v. Preparar por primeira vez unha terra para cultivala. **2.** Molestar facendo ruído. **3.** Encherse os camiños de lama despois dunha riada. **4.** Atrancarse unha cousa ou un animal.
atronado. adx. Aplícase ao ceo moi cuberto de nubes que traerán tronos. **2.** Dise do día con tronos. **3.** Dise do tempo cando quenta moito o sol (Villaión).
atronar. v. Enxordecer facendo moito ruído. **2.** Cubrirse o ceo con nubes que traerán tronos.
atropada. adx. Aplícase á res de tamaño e feitura bos.
atropar. v. Recoller a herba seca co angazo.
atropellado, -a. adx. Feito de xeito precipitado e descoidado.
atropello. s. m. Estafa, engano.
atropón. s. m. O que ata os mollos; atón.
atroular. v. Facer ruído continuo e molesto. **2.** Marear, molestar.
atroullado, -a. adx. Aparvado.
atroullar. V. atroular 1ª e 2ª acep.
atrousar. v. Amontoarse a neve por algunha causa como o vento.
atrouzado, -a. adx. Igualado.
atrouzar. v. Igualar.
atrovar. v. Ser puntual facendo os labores. **2.** Traballar con eficacia e constancia.
atualidá* → actualidá.
atufado, -a. adx. Valente, atrevido, decidido. **2.** Que cheira. **3.** Dise do ceo con nubes grises que presaxian chuvia. **4.** Abrigado.
atufar. v. Cheirar. **2.** Marearse polo mal olor, polo fume etc. **3.** Anoxar. **4.** Saír algo con forza como a auga. **5.** Soprar forte o vento. **6.** Chover moito.
atún. s. m. Peixe osteíctio da familia dos escómbridos, que se caracteriza por ter o corpo fusiforme, algo comprimido, de gran tamaño e especialmente axeitado para a natación. Presenta dúas aletas dorsais e unha anal. A súa coloración é azul escura no dorso, que palidece nos lados e pasa a ser branca no ventre e ademais ten pequenas manchas prateadas (*Thunnus thynnus*).
aturado, -a. adx. Entusiasmado.
aturar. v. Ter afección por traballar, estudar etc. **2.** Soportar, aguantar. **3.** Saciar, encher (Abres). **4.** prnl. Apresurarse (Castropol).
aturbonado* → atorbonado.
aturbuado* → atorboado.
aturdir. v. Aparvar a un con ruído ou barullo forte.
aturronado, -a. adx. Con sabor a turrón (Allande).
aturullado, -a. adx. Confundido.
aturullarse. v. prnl. Confundirse, facerse unha lea, enredarse (Navia, Allande).
aturullo. s. m. Confusión, lea (Navia).
aturuñado, -a. adx. Dise da persoa que tarda en facer un traballo.
aturuñar. v. Tardar en facer un traballo. **2.** Querer aproveitar algo.
aturuxar. v. Botar aturuxos (Seares). 2. Atordar, aparvar (Navia).
aturuxo. s. m. Berro agudo, forte e prolongado que se emite cando se vai de festa con amigos e veciños (Abres, Os Ozcos); escouguido 1ª acep., escouzo.
atusar. v. Amañarse os pelos do bigote coa man (Abres).
aución* → acción.
audencia* → audiencia.
audiencia. s. f. Recepción dada por unha autoridade ás persoas que queren falarlle.
auga. V. augua (Taramundi, Santiso de Abres, Castropol, Tapia de Casarego, Vilanova de Ozcos, San Martín de Ozcos, Coaña). // **A auga corrente *nun* matou a xente.** Refrán que explica que a auga se pode beber cando a atopas no campo, pero non a estancada. // **A auga de San *Xuan*, tolle viño e non de (fai) pan**. Refrán que explica que a chuvia de xuño estraga os cultivos (Santiso de Abres). //

Auga de mediodía, auga *pra* todo el día. Refrán que indica que se chove ao mediodía choverá todo o día. // **Como auga de maio.** O que se desexa moito e é ben recibido (Coaña). // ***San Isidro* Labrador quita a (el) auga e (i) pon o (el) sol.** Refrán que alude a que por Santo Isidro Labrador (15 de maio) deixa de chover e cambia o estado do tempo (Santiso de Abres).

Obs. Ás veces pode ser de xénero masculino (*un auga*).

augaceira. V. auguaceira.

augacento, -a. V. auguacento.

augacil. V. auguacil.

augada. V. auguada.

augadeiro. V. auguadeiro.

augadilla. s. f. Aumento da secreción salival (Boal). **2.** V. auguadilla.

augado, -a. adx. Mesturado con auga.

augamala. s. f. Animal acuático cnidario da orde dos escifozoos, con umbrela en forma de fungo, duns dez centímetros de color transparente manchado de amarelo vermello, presentando longos tentáculos con células urticantes que usa para coller presas e como defensa. Estas células conteñen unha cápsula na que hai un filamento enrolado e un veleno (*Pelagia noctiluca*), (As Figueiras).

augar. V. auguar 1ª e 2ª acep.

augardente. V. auguardente (Tapia de Casarego, Castropol).

augarrás. V. auguarrás.

augaxento, -a. adx. Dise do que ten moita auga como unha bebida, un café, o leite, un viño etc., acuoso.

augua. s. f. Líquido incoloro, transparente, insípido e inodoro, formado por osíxeno e hidróxeno. **2.** A*uguada* dun hórreo ou *panera* (Verducedo); nave. **3.** *Auguada* dunha casa. **4.** Chuvia. // **A dúas, tres ou *cuatro auguas*.** Número de *auguadas* dunha casa. // ***Augua* a mediodía, *augua pra* todo el día.** V. Auga de mediodía, auga *pra* todo el día. // **Al *augua*.** Ao aire libre cando chove. // ***Augua acalendada* (*calendada*).** Auga para o rego distribuída por quendas. // ***Augua* das *prindas*.** Auga que se pasa cunha *prinda* (Villaión). // ***Augua* de socorro.** Auga que se poñía na cabeza dos recentemente nacidos por parte da parteira dicindo as mesmas palabras que un cura: *"Yo te bautizo en el nombre del Padre, del Hijo y del Espíritu Santo, amén"* para que quedase bendito ante a santidade. // ***Augua* fría i pan *calente*, *calentura(s)* de repente.** Refrán que indica que os alimentos de diferente temperatura son indixestos e poden producir febre. // **Ás *cuatro auguas*.** Referido a unha persoa, que é á pata chá. **2.** Dise da persoa maleducada (Tapia de Casarego). // **Como *augua*.** Nunha cantidade grande (Boal). // **Con *augua* que pasou *nun mole* el *molín*.** Dito que alude que xa é tarde para lamentarse por unha cousa que non se fixo. // **El *augua corriente nun* mata a xente.** Refrán que explica o tipo de auga que se debe beber cando un está no campo. // **El *augua* nel *eiro* i el sol nel aira.** Refrán que considera o que é beneficioso para as colleitas. // **Facer (*fer*, *faer*) *augua*.** Dise da embarcación na que se introduce a auga por un furado do casco. // **Ir ás *auguas*.** Ir tomar augas medicinais a un balneario. // ***Llávalo uha* gota de *augua*.** Dise da persoa de bo aspecto. **2.** Aplícase á persoa que non está morena. **3.** Dise do animal gordo e co pelo brillante (Boal). // **Meter en *augua*.** Chover. // ***Nun* chegar *el augua* al sal.** Ter problemas económicos. // ***Nun* chegar el sal al *augua*.** Gastar máis do que se ten (Boal). // ***Nun* cocer na primeira *augua*.** Ser vello. // ***San Isidro* Labrador quita el *augua* i pon el sol.** Refrán que alude a que nesa data (15 de maio) deixa de chover pola intercesión do santo. // **Volverse en *augua*.** Quedar unha cousa en nada. // **Volverse todo *augua*.** V. volverse en augua.

auguaceira. s. f. Terreo cheo de auga.

auguacento, -a. adx. Húmido, que solta auga como unha mazá, unha herba, un queixo, unha pataca etc. **2.** Con moita auga, como o caldo, o leite etc.

auguacil. s. m. Funcionario subalterno que executa as ordes do alcalde. **2.** Oficial subalterno de xustiza que executa as ordes do tribunal ao que pertence.

auguada. s. f. Vertente que forma o lousado nunha construción.

auguadeiro. s. m. Furado do vertedeiro por onde se vai a auga sucia. **2.** V. fregadeiro.

auguadilla. s. f. Humor claro e solto como auga, que se forma nos grans ou nas feridas.

auguado, -a. adx. Con auga. **2.** s. m. V. auguada.

auguador. s. m. Persoa que comerciaba con auga. **2.** Persoa que levaba auga aos segadores ou ás persoas que estaban na eira cando se facían os labores de recolleita.

auguamanil. V. palancaneiro.

auguar. v. Malograr, frustrar, perturbar algo nun momento de alegría. **2.** Encher ou mollar algo con auga.
auguardente. s. f. Bebida alcohólica moi forte, produto da destilación do viño despois de fermentar.
auguarrás. s. m. Disolvente moi usado en pintura, vernices e esmaltes, obtido por destilación da trementina.
auguaxe. s. f. Movemento da auga do mar producido polo efecto de correntes contrarias (Coaña). **2.** V. fileiro 3ª acep.
auguaxento, -a. adx. Aplícase ao que ten moita auga.
augueira. V. augüeira.
augüeira. s. f. Tipo de viño do concello de Boal.
augueiro. s. m. Lousa dun tamaño maior que se coloca nas arestas dos lousados como nas casas, hórreos, *paneras* etc. **2.** Conxunto de lousas que son *augueiros*. **3.** Furado que se abre nunha parede para que a auga que vai polo camiño saia del. **4.** Abertura na parede dun prado para que pase a auga para regalo. **5.** Beirado (Castropol). **6.** Canle que se fai nas beiras dos camiños para que corra a auga. **7.** Conxunto de gotas que quedan no bordo dun lousado (Coaña); agueiro 1ª acep.
augüeiro. V. augueiro 1ª, 2ª, 5ª e 6ª acep.
auguido. V. ouguido.
auguir. V. oír.
augüír. V. oír (Boal, El Valledor, Villaión).
auguón. s. m. Auga que contén en disolución cantidades apreciables de compostos de calcio e magnesio (Allande).
auído, -a. adx. Oído.
auír. V. oír (Ibias, Allande).
aular. V. oular.
aulecer. v. Mover os paxaros as ás sen poder voar. **2.** Comezar a recuperarse un enfermo.
aulido. s. m. Berro do lobo e doutros animais (Santalla de Ozcos).
aullar. V. oular.
aullido. V. aulido.
aumentar. v. Facer máis grande unha cousa, medrar. // **Aumentar el mar.** Comezar unha tempestade no mar.
aumento. s. m. Extensión dunha cousa.
aunde* → unde.
aúpa! V. upa!
aupar. v. Brotar, saír (*Coas flores aupando*), (Abres).
aurégano* → ourego.
aurego* → ourego.
aurela* → ourela.
aureleiro* → oureleiro.
aurora. s. f. Claridade que precede á saída do sol ao nacer o día. **2.** Momento de saír o sol pola mañá.
ausente. adx. Dise do que xa non está nun lugar.
ausolución* → absolución.
ausulución* → absolución.
auteiro* → outeiro.
autelo* → outelo.
auténtico, -a. adx. Verdadeiro. **2.** Aplícase á persoa que non é falsa no seu carácter.
autiar* → outear.
autieiro* → outieiro.
auto. s. m. Automóbil.
autono* → outono.
autoridá. s. f. Mando, capacidade de poder mandar. **2.** Persoa que ten eses dereitos ou poderes polo cargo que ten.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
autorización. s. f. (pl. autorizaciois). Permiso para poder facer certa cousa.
autorizar. v. Permitir, aprobar. **2.** prnl. Permitirse.
autosia* → autopsia.
autopsia. s. f. Apertura e exame médico dun cadáver para diagnosticar a causa da morte.
autrora* → outrora.
auxe. s. m. Prosperidade.
avalortar. v. Facer unha serie de nós cun viorto (Castropol).
avalumar. v. Facer vulto. **2.** Avultar o ventre dunha muller cando está embarazada. **3.** Esaxerar (Abres).
avante. adv. Adiante, por diante. // **Ir avante.** Mellorar, progresar (Navia). // **Levar avante.** Aguantar, tirar para diante (Castropol).
avanter. v. Alcanzar unha cousa coa man para poñela noutro sitio.
avanzado, -a. Adiantado.
avanzar. v. Adiantar. **2.** Pasar ao de diante. **3.** Prosperar, progresar.
avaqueirado, -a. adx. Dise do xeito de falar ou da palabra que se asemellan aos dos vaqueiros (Allande).
avarento, -a. adx. Dise da persoa que ten avaricia (Coaña).
avaría. s. f. Dano que sofre un mecanismo como un automóbil, un aparato etc., e que impide o seu funcionamento.
avariar. v. Causar avaría a algo. **2.** prnl. Sufrir avaría. **3.** prnl. Sufrir danos (*El cobertizo se avaría cuando chove*).
avaricia. s. f. Afán desmedido por adquirir diñeiro ou riquezas e gardalas, sen efectuar gasto ningún. // **A avaricia rompe el saco.** Refrán que alude a que o desexo por conseguir algo demasiado

pronto frustra que se teña un resultado aceptable.

avaricioso, -a. adx. Aquel que ten avaricia. **2.** Avaro.

avariza. V. variz.

ave. s. f. Paxaro. // **Ave da morte.** Moucho (Coaña). **2.** Ave estrixiforme, que pode medir até setenta centímetros e ten unha suave e abundante plumaxe, con manchas pardas e escuras que no ventre se dispoñen de xeito lonxitudinal. Os seus ollos son grandes, de color laranxa e sobre eles ten varias plumas con forma de pequenas orellas (*Bubo bubo*), (Boal). **2.** V. curuxa[1] 1ª acep. (Coaña). // **Ave de *pico* non fai al *sou* amo rico.** Refrán que alude a que é difícil aforrar cando hai que manter a alguén ou a algo (Castropol). // **Ave dos pitos.** Azor (El Franco, Coaña). // **Ave *queixía*.** Ave estrixiforme da familia dos estríxidos, coa cabeza grande, ollos saltóns, cara redonda con discos faciais, peteiro curvo e patas cubertas de plumas. O corpo é leonado claro coas partes inferiores listadas. De xeito tradicional pénsase que anuncia a morte dunha persoa (*Asio flamens*), (Boal). // **Ser igual que el ave *queixía*.** Expresión que se utiliza cando unha persoa está queixándose continuamente.

avea. s. f. Planta herbácea da familia das gramíneas con talo erecto, acanalado, de follas lineais con estrías de color vermella (*Avena sativa*). **2.** Gran ou semente desta planta.

aveblanca. V. vruite (Allande).

avecer. v. Convir, ser axeitado para algo (*Labrar tarde nun avece*), (Vilanova de Ozcos).

avechucha. s. f. Ave (Navia).

avechucho. s. m. Ave (Villaión, Navia).

avefría. V. zaconela 1ª acep. (Ibias).

aveiga, aveiga! interx. Úsase para chamar a atención cando o gando se mete en propiedades alleas.

aveigar. v. Berrar o propietario dunha leira cando o gando alleo se mete nela facéndolle estragos ou unha persoa lle rouba froita.

avelaíña. s. f. Insecto lepidóptero que voa polas noites, métese nas casas atraído polas luces, sendo normalmente branco e mitoloxicamente está considerada a súa presenza como a visita das ánimas ou espíritos doutro mundo. Se é negra dá mala sorte. **2.** Ás veces, emprégase esta palabra para certas aves que laian pola noite. **3.** Bolboreta nacida de varios tipos de insectos que atacan os grans, especialmente os do millo (Abres); avelía 4ª acep.

avelía. s. f. Bolboreta da noite, normalmente branca e pequena; avelaíña. **2.** Por extensión, todo tipo de bolboreta; páxara. **3.** V. lavandeira 2ª acep. (Castropol). **4.** Bolboreta da familia dos xeléquidos, que cría no trigo, centeo e outros grans producindo grandes danos (*Sitotroga cerealella*). // ***Avelía* del *meiz*.** Bolboreta que cría no millo, de color branca e tamaño pequeno (Tapia de Casarego). // **Róndate a *avelía*, carta al outro día.** Refrán que alude á superstición de que cando este insecto aparece se recibirá axiña unha carta.

avellar. V. avellentar.

avellentado, -a. adx. Que envelleceu prematuramente. **2.** Que parece máis vello do que é.

avellentar. v. Volverse ou facerse vello.

avelludo, -a. adx. Decidido, listo.

avemaría. s. f. Oración católica dirixida á Virxe María. // **Nunha avemaría.** Nun momento.

avena* → avea, avía.

avenencia. s. f. Acordo, conformidade.

avenido, -a. adx. Dise do que está en harmonía ou conforme con alguén ou algo.

Obs. Trátase dun castelanismo.

aventadeira. s. f. Máquina que serve para separar o gran da palla nos cereais.

aventado, -a. adx. Aireado. **2.** Tolo.

aventadora. V. aventadeira.

aventar. v. Tirar ao aire os grans dos cereais, das fabas etc., para separalos dos últimos restos de palla, vaíñas etc. **2.** Quedar a terra moi solta por arala de máis. **3.** Sementar a presadas (Eilao). **4.** Lanzar un obxecto lonxe (Eilao). **5.** Tolear. **6.** Rebentar. **7.** Tirar algo ou a alguén bruscamente (Villaión, Allande). **8.** Escorrentar, asustar.

aventura. s. f. Trasnada (Santiso de Abres).

aventurarse. v. prnl. Atreverse a facer ou dicir unha cousa.

aventureiro, -a. adx. Persoa que lle gustan as aventuras.

averdosado, -a. adx. De color tirando a verde.

avergonzado, -a. adx. Que sente vergonza.

avergonzarse. v. prnl. Sentir vergonza.

avería* → avaría.

averiar* → avariar.

avesedo, -a. s. m. e f. e adx. Lugar moi escuro e húmido.

avesío, -a. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de El Enxertal (Allande), por ser un lugar onde non dá o sol. **2.** Dise do terreo ou lugar sen sol, húmido, escuro e orientado ao norte; avesedo, avesivo.

avesiu* → avesío.

avesivo, -a. V. avesío 2ª acep.

avespa. s. f. Insecto himenóptero, da familia dos véspidos, que mide de 10 a 16 milímetros e ten o abdome estreitado polos dous extremos. O corpo é de color negra con bandas transversais amarelas. Os seus ollos son grandes, o tórax ancho e as patas longas, bastante fortes. Fabrica un avispeiro con forma de copa irregular. Na parte última presenta un aguillón que emprega para picar, producindo unha forte dolor, inflamación e comechón (*Vespula vulgaris*).

avespeiro. s. m. Lugar onde as avespas fan o seu niño. **2.** Conxunto grande de avespas.

avéspora. V. avespa (Santalla de Ozcos, Vilanova de Ozcos, Ibias).

avesporeiro. V. avespeiro 1ª acep.

avezadizo. adx. Dise do lugar no que se está cómodo (Boal).

avezado, -a. adx. Acostumado.

avezar. v. Acostumar. **2.** prnl. Afacerse.

avezo. s. m. Costume.

avézpora. V. avespa (Eilao, Santalla de Ozcos, Grandas de Salime).

avezporeiro. V. avespeiro 1ª acep. (Eilao, Grandas de Salime).

avía. V. avea 1ª e 2ª acep. // ***Avía* brava.** V. arvellaca (Villaión). // ***Avía lola.*** Planta anual da familia das gramíneas, que alcanza o metro de altura, con follas linear lanceoladas e estriadas, e con pequenas espigas todas xuntas e con pelos na base. É nociva para os cultivos (*Avena fatua*), (Santalla de Ozcos). // ***Avía* moura.** Avea de gran alongado e delgado (Tapia de Casarego). // ***Avía* roxa.** Avea de color marela e gran gordo (Tapia de Casarego).

aviado, -a. adx. Amañado (*Tás aviado se pensas que virá*). // ***Tar* aviado.** Estar enfastiado, con dificultades.

aviador. s. m. Piloto de avión. **2.** Xoguete infantil que facían antigamente os nenos de xeito artesanal (Abres).

aviar. v. Amañar, compoñer. **2.** Preparar, educar (*Aviando xa a prole*). **3.** Aceptar, acceder (Tapia de Casarego).

aviceirar. v. Aquendarse para coidar o gando entre os veciños, especialmente as ovellas (Vilanova de Ozcos).

avichucho. s. m. Ave cun matiz despectivo (Villaión). // **Por *San Antón*, todo *avichucho* pon.** Refrán que di que por esas datas calquera ave ten descendencia (Villaión).

aviermado, -a. adx. Que ten vermes, como a froita.

avinagrar. v. Acedar. **2.** prnl. Converterse en vinagre, poñerse aceda unha cousa.

avío. s. m. Conxunto de ferramentas precisas para un labor. **2.** Equipaxe. **3.** Disposición, cousas necesarias para facer algo. **4.** Servizo (Abres). // **Dar avío.** Apresurarse. **2.** Ter traballo de máis.

avión. s. m. Ave paseriforme da familia dos hirundínidos, que fai o niño en lugares habitados, normalmente en beirados e cornixas. Mide uns 15 centímetros e é de color negra violácea, quitado o moño e a zona ventral, que son brancos. Emigra cando chega o frío (*Delichon urbica*). V. andolía. **2.** (pl. aviois). Aparato de navegación aérea con propulsión propia, provisto dunhas ás fixas para poder voar a través del.

avir. v. Deixar de discrepar, concordar.

avirulado, -a. adx. Aparvado.

avisado, -a. adx. Chamado. **2.** Aconsellado.

avisador, -a. adx. O que avisa (*El can era avisador*).

avisar. v. Dar aviso. **2.** Aconsellar, chamar a atención. **3.** Notificar. **4.** Indicar.

avisío* → avesío.

aviso. s. m. Acto e efecto de avisar. **2.** Noticia, recado.

avispado, -a. adx. Listo, desperto.

avispeiro. V. avespeiro. **2.** Negocio enredoso e que produce desgustos.

avistar. v. Ver algo a considerable distancia.

avó, -oa. V. avolo.

avogado, -a. s. m. e f. Persoa licenciada en Dereito que ten como profesión dar o seu parecer sobre cuestións xurídicas e defender intereses doutras persoas. **2.** adx. e s. Alcume que se lles dá aos habitantes de Torga (Ibias). **3.** adx. e s. Alcume que se lles dá aos habitantes de Vilar de Cendias (Ibias). // **El que busca al avogado, nunca *sal* desconsolado.** Refrán que indica que para calquera preito se precisa un avogado.

avol. V. avolo (Castropol, A Veiga).

avoladizo. s. m. Beirado no hórreo (Santalla de Ozcos).

avolo, -a. s. m. e f. Pai ou mai dos pais. **2.** Persoa de idade avanzada. // ***Nun* ter *avolo*.** Louvarse, presumir un de si mesmo.

ávrago. s. m. Sabor desagradable. **2.** Olor repugnante (Abres). **3.** Vendaval.
avrespa. V. avespa.
avrespada. V. avespeiro.
avrespeiro. V. avespeiro.
avrezpa. V. avespa.
avrispa. V. avespa (El Franco).
avruite* → vruite.
avultado, -a. adx. Que ten un vulto.
avultar. v. Mostrar certo vulto. **2.** Parecer grande ou esaxerada unha cousa ou o prezo de algo (*Avultáballe muito*).
ax, ax! interx. Utilízase para asustar as aves de rapina.
axada. V. aixada (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos, Vilanova de Ozcos). // ***Axada* del *mulido.*** V. rapúa 2ª acep. (Santalla de Ozcos).
axamonada. adx. Aplícase cando a manga dunha chaqueta de muller ten forma de xamón, avultada.
axanado, -a. adx. Aparvado (Castropol).
axanapado, -a. adx. Aplícase á persoa que está un pouco tola ou aparvada.
axanegar. v. Sacudir, mover violentamente (Boal). **2.** V. axenegar 2ª acep.
axaneirado, -a. adx. Que anda en celo.
axar. v. Murchar unha cousa. **2.** Volverse vello.
axatoado, -a. adx. Dise da persoa bruta ou moi violenta.
axatuado, -a. V. axatoado.
axaunado, -a. V. axanado.
axavarado, -a. V. axavariado (El Franco).
axavariado, -a. adx. Que ofrece diversidade de colores ou de aspecto.
axeada. adx. Dise da pataca que se pon de color verde cando queda ao descuberto (Abres).
axear. v. Poñerse verdes as patacas cando quedan ao descuberto (Abres).
axeirado, -a. adx. Cansado, fatigado.
axeitadamente. adx. De xeito apropiado.
axeitado, -a. adx. Habilidoso. **2.** Apropiado, adecuado.
axeitar. v. Poñer a xeito, adaptar, amañar, arranxar. **2.** Quedar ben. **3.** Facerse formal unha persoa que non o era (Allande). **4.** prnl. Afacerse, acostumarse.
axeito* → xeito.
axeito. V. axeitado 2ª acep. (Allande).
axeitoso, -a. adx. Habilidoso.
axeituado, -a. V. axeitado 1ª e 2ª acep.
axeituar. V. axeitar.
axelado, -a. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Cadagalloso (Ibias), por ser un lugar sombrío. **2.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Vilarmeirín (Ibias), pola falta de sol. **3.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Pradias (Ibias). **4.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Colada (Allande). **5.** Con xeo, frío. **6.** Aplícase á persoa que ten moito frío.
axelar. v. Xuntar con ramas de bidueiro os restos de maior tamaño cando se trilla o colmo. **2.** Recoller nun montón a parte do gran que non se aproveita e que sae dunha *trilladora*. **3.** Xear. **4.** Ter moito frío.
axenegamento. s. m. Acto e efecto de moverse algo dun lado a outro.
axenegar. v. Facer un traballo sen ter a suficiente forza para realizalo. **2.** V. abalar 1ª acep. **3.** Negociar, tratar (*Tuveron un bon cacho axenegando*).
axeringar. V. axinrigar 3ª acep.
axilidá. s. f. Lixeireza, calidade do que é áxil.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
axina. adv. Pronto, rapidamente. // ***Axina* que.** Tan pronto como.
axinegar. V. axenegar 1ª acep.
axinón. adv. Moi á présa (Boal).
axiña. V. axina (Allande).
axionllar. v. Poñer de xeonllos.
axiringar. v. Dubidar, non decidirse. **2.** Mollar algo ou a alguén cunha xiringa chea de líquido. **3.** Sacudir.
axitado, -a. adx. Movido. **2.** Remexido. **3.** Excitado.
axitar. v. Mover. **2.** Remexer. **3.** Excitar.
axo! interx. Voz que expresa pracer como cando se quentan as mans no lume, se tapan os nenos na cama etc. (Allande, Ibias). **2.** Indica a recomendación de facer unha cousa, (*Axo, apáxate ben!*), (San Martín de Ozcos).
axoar. v. Espantar un gato ou un paxaro coa expresión xo!
axogar. V. axugar.
axola. V. aixola (Os Ozcos). // ***Axola* ancha.** V. aixola de galocheiro. // ***Axola* plana.** V. aixola de aplanar.
axolar. v. Traballar coa *axola*. **2.** Esmaltar unha galocha coa *axola* ancha.
axongar. v. Poñer a secar a roupa que está húmida.
axordar. v. Volverse xordo; enxordecer.
axostrado, -a. adx. Aparvado.
axostramento. s. m. Resultado de estar parvo.
axostrar. v. Aparvar.
axounado, -a. adx. Anoxado (Castropol). **2**. V. axanado.
axouriar. v. Tolear, molestar moito.
axouxar. v. Mimar, seducir, enganar adulando como pode facer un sobriño cun tío (Coaña).

axozar. v. Prender un xato para que non mame máis (San Martín de Ozcos).
axuar[1]. v. Conxunto de mobles, xoias e roupa que achega a muller ao matrimonio.
axuar[2]. v. choer 1ª acep. (Seares).
axuda. s. f. Acto e efecto de axudar. **2.** Auxilio. **3.** Asa da caldeira con auga fervendo que se usaba na matanza dos cochos (Abres).
axudantía. s. f. Oficina dun cargo subalterno que axuda a outro no seu traballo.
axudar. v. Dar axuda, auxilio.
axugado, -a. adx. O que fai parella con outra cousa.
axugar. v. Emparellar os bois ou as vacas ao xugo. **2.** Facer parella unha cousa con outra. **3.** Facer parella unha persoa con outra. // **Axugar ben.** Emparellar ben.
axuiciar. v. Comezar a ter xuízo unha persoa.
axuntado, -a. adx. Xunto, agrupado.
axuntador, -a. adx. Agarrado, avaro.
axuntar. v. Reunir. **2.** Limpar o prato cunha faragulla de pan despois de acabar a comida. **3.** prnl. Xuntarse. **4.** prnl. Xuntarse un home e unha muller sen casar.
axuramentar. v. Contraer un compromiso entre varias persoas baixo xuramento. **2.** Tomar xuramento a un.
axustado, -a. adx. Encaixada unha cousa con outra. **2.** Apertada a roupa contra o corpo. **3.** Por pouco. **4.** Tratado, acordado.
axustador, -a. adx. Aplícase á persoa que trata de conseguir as cousas a un prezo máis baixo. **2.** O que axusta.
axustar. v. Encaixar unha cousa con outra. **2.** Apertar a roupa contra o corpo. **3.** Tratar, pactar. **4.** Regatear. **5.** Igualar, adaptar medidas. **6.** Taxar o valor de algo. // **Axustar contas.** Tomar vinganza por un dano ocasionado anteriormente. // **Entre axusta i compón, i mira *si* vai *bon*.** Dise cando se vai tardar moito en facer unha cousa. // ***Tar* de axusta i compón.** Tratar de chegar a un acordo.
axuste. s. m. Acción e efecto de axustar ou axustarse. **2.** Acordo, trato.
axuxar. v. Espantar, facer liscar.
azaballado, -a. adx. Manchado.
azaballar. V. zaballar 1ª acep. **2.** Intentar facer unha cousa que non é habitual de xeito pouco correcto (*Azaballa por falar en castellano*), (Castropol).
azacaneado, -a. adx. Dise da persoa cansa e suorenta (A Veiga).
azacaniado, -a. adx. Axitado, inquedo, sen descanso (*Teño tanto traballo que ando toda a mañá azacaniado*), (Tapia de Casarego). **2.** Mollado. **3.** Sucio, manchado. **4.** Estragado, revolto.
azacañado, -a. adx. Dise do pelo mal cortado, da herba mal segada, do animal mal tosquiado etc.
azaco. s. m. Collón, testículo (As Figueiras).
azadeiro* → alzadeiro.
azafañado, -a. adx. Manchado.
azafañarse. v. prnl. Mancharse.
azafrán. s. m. Planta herbácea da familia das iridáceas, de dez a trinta centímetros de altura, con talos moi curtos que proceden dun tubérculo bulbiforme. Ten follas estreitas, flores de color morada e os seus estigmas utilízanse como condimento polas súas propiedades aromáticas e hixiénicas (*Crocus sativus*). // **Azafrán montés.** Planta herbácea da familia das iridáceas, con follas estreitas, de color violeta, que nace silvestre (*Crocus vernus*), (Eilao).
azamarrado, -a. adx. Moi abrigado.
azamarranchado, -a. adx. Moi abrigado.
azamarranchar. v. Construír algo de xeito seguro. **2.** Suxeitar ben unha cousa, asegurar. **3.** prnl. Abrigarse moito; azamarrarse.
azamarrarse. v. prnl. Abrigarse moito. **2.** Poñerse unha zamarra.
azamellar. v. Tatexar (Boal).
azancañar. v. Camiñar ou correr á présa (Allande).
azapar. v. No xogo das *escondidas*, chegar á *casa* ou *madre* (Castropol). **2.** No xogo do *marro*, tocar o sinal para ter mando sobre outro (Castropol).
azapatiado, -a. adx. Dise do que ten a pel demasiado morena e vella polo sol.
azapo. s. m. En varios xogos infantís, como nas *escondidas*, lugar onde está o neno que apanda (Castropol); casa, madre, pando.
azaquiado, -a. adx. Sucio (Coaña). **2.** Arrastrado. **3.** Cansado (Coaña).
azarapallado, -a. V. zarapallado.
azarapallar. V. zarapallar.
azarento, -a. adx. Con fortuna adversa (Allande).
azarico. V. acerico.
azariento, -a. V. azarento.
azarramanchado, -a. adx. Firme, seguro. **2.** Abrigado.
azarramanchar. v. Cravar, reforzar. **2.** Zarrar ben unha cousa tapándolle todos os furados. **3.** Abrigar. **4.** Asegurar, amarrar.

azarrapastrado, -a. adx. Sucio.
azarrapastrar. v. Arrastrar algo e ensucialo ao mesmo tempo.
azarricar. v. Provocar, enfadar (Tapia de Casarego).
azarriscar. V. atouzar.
azocar. v. Entre os mariñeiros apertar un nó (*nougo*), (As Figueiras).
azogado, -a. adx. Nervioso, que trema.
azogue. s. m. Intranquilidade, nerviosismo. // **Ter el *azogue*.** Estar inquedo.
azomenegar. v. Dar unha tunda, pegar.
azonzado, -a. adx. Aparvado (Boal).
azor. s. m. Ave falconiforme da familia dos accipítridos, semellante ao gabián, pero de maior tamaño e co peteiro máis grande e curvado. O corpo é forte, as ás curtas e redondeadas, feitas perfectamente para o voo, no que se mostra áxil e rápido. A plumaxe é de color parda ou gris na parte superior e branco con manchas pardas no peito e ventre (*Accipiter gentilis*). **2.** Aplícase tamén esta palabra á ave falconiforme da familia dos falcónidos, que mide de 28 a 38 centímetros (a femia é moito maior que o macho). Distínguese das outras rapaces por ter as ás curtas redondeadas e a cola longa. O adulto ten a parte inferior do corpo moi listada, no macho de color castaña vermella e na femia de color gris. A parte superior é gris lousa escura no macho e pardo negra na femia. Teñen a cola con franxas de color gris e pardas escuras. As patas son amarelas (*Accipiter nisus*). **3.** V. bixato 1ª acep. // **Azor peneireiro.** V. peneireiro 3ª acep.
azorico. V. azor 1ª acep. (Taramundi). **2.** V. azor 2ª acep. (Santalla de Ozcos).
azorín. s. m. Nome xenérico que se dá a varias aves de rapina de pequeno tamaño (Boal). **2.** V. bixato 3ª acep. (Villaión).
azorita. s. f. Ave columbiforme, da que descenden as numerosas razas de pombas domésticas. Ten o peteiro de pequeno tamaño, comprimido na base e algo inchado no ápice; ás longas, anchas e rematadas en punta, con dúas franxas negras que cruzan totalmente as secundarias; cola moi longa e plumaxe densa, suave e brillante, de color gris azulada, máis pálida no dorso e de ton verde e violeta nos lados do pescozo; o moño é branco (*Columba livia*).
azoritarse. v. prnl. Cabrearse, anoxarse (Coaña).
azorito. V. azor 2ª acep.
azorrado, -a. adx. Dise da persoa que non di todo o que pensa.
azorrapado, -a. adx. Aplícase á persoa que actúa con astucia ou disimulo.
azorrapar. v. Actuar con astucia ou disimulo.
azorrado, -a. adx. Escondido.
azorrar. v. Disimular. **2.** V. arronchar 2ª acep. **3.** Esconderse.
azorregar. V. zorregar.
azorriar. V. azorrar 1ª acep.
azourido, -a. adx. Dise do sitio do corpo que recibe un golpe e ponse negro (Taramundi). **2.** Aplícase á ferida con mal aspecto (San Martín de Ozcos).
azouta. V. azoute.
azoutaburros. s. m. Planta vivaz da familia das compostas, de trinta a sesenta centímetros de altura, de follas estreitas, enteiras e dentadas, e flores purpúreas (*Centaurea jacea*), (Grandas de Salime).
azoutado, -a. adx. O que recibiu azoutes.
azoutadura. s. f. Acto e efecto de dar azoutes.
azoutar. v. Dar azoutes a alguén nas nádegas. **2.** Golpear repetidamente. // **Azoutar i dar nel *cul*, todo é un.** Refrán que se utiliza para dicir que unha cousa é igual a outra.
azoute. s. m. Golpe dado nas nádegas coas palmas das mans ou cunha vara como castigo.
azouzar. v. Provocar a un can, acirrar (Boal, Tapia de Casarego).
azúcar* → azucre.
azúcara* → azucre.
azucarado*, -a → azucrado.
azucarar* → azucrar.
azucareira* → azucreira.
azucrado, -a. adx. Que leva azucre.
azucrar. v. Poñer azucre a algo.
azucre. s. m. Substancia moi doce, de color branca, moi soluble, que se saca da remolacha, da cana de azucre ou doutras plantas.
azucreira. s. f. Recipiente para conter o azucre.
azufrar. v. Sulfatar certos vexetais con xofre (*azufre*) como as patacas cando teñen a enfermidade da *mancha* ou as vides.
Obs. Trátase dun castelanismo.
azufre. s. m. Elemento químico moi abundante na natureza, usado desde antigo como pedra infamable, presente en forma sólida cunha color amarela limón, con tintura verdeal, con brillo e unha raia branca. Emprégase para a obtención de ácido sulfúrico, dióxidos, sulfuros metálicos, sulfuro de carbono, sulfatos e sulfitos. Tamén se usa para a fabricación da pólvora negra. **2.** Sulfato

que se lle bota ás plantas. **3.** Por extensión, sulfato en xeral.
Obs. Trátase dun castelanismo.

azul. adx. e s. Quinta color do espectro solar, cunha tonalidade entre verde e violeta.

azulado, -a. adx. De color tirando a azul.

azulear. v. Poñerse algo de color azul.

azuleste* → azulete.

azulestre* → azulete.

azulete. s. m. Po de color azul que se empregaba para pintar as paredes das casas.

azulín. V. bixato 3ª acep. (Villaión).

azumbre. s. f. Medida de capacidade para líquidos, composta de catro cuartillos e equivalente a dous litros e dezaseis mililitros (Abres).

azunar. v. Coller zunas.

azurico. V. bixato 1ª acep.

azurracar. v. Provocar, irritar, referido normalmente aos cans ou ás avespas.

azurribar. v. Zurrar (Allande).

azuruñar. v. Intentar arrincar coas uñas unha cousa cravada ou pegada fortemente a outra. **2.** Rascar. **3.** Enfadar un can ou un gato provocándoos (Eilao, Allande). **4.** Tardar en facer un traballo.

azuzañar. v. Molestar, irritar a un can (Allande).

B

b. s. m. Segunda letra do alfabeto galego. O seu nome é *be*.

baba. s. f. Cuspe abundante que cae da boca. **2.** Líquido viscoso segregado por algúns animais e plantas (*A baba dos coscos*). **3.** V. limo 3ª acep. // ***Caerlle* a un a baba.** Ser agradable a alguén unha cousa.

babaceiro, -a. adx. Dise do día, tempo, mes etc., no que cae unha chuvia miúda (El Franco).

babaciar. v. Caer unha chuvia miúda (El Franco).

babalán. adx. Parvo (Navia).

baballa. V. baba.

baballada. s. f. Parvada, dito inoportuno. **2.** Baba. **3.** Blasfemia.

baballar. v. Caer a baba a alguén. **2.** Dicir parvadas ou cousas inoportunas.

baballas. V. baballo 1ª acep.

baballo, -a. adx. Aplícase á persoa que di parvadas. **2.** Dise da persoa que di xuramentos. **3.** Malfalado, groseiro, sen educación. **4.** Dise da persoa que fai cousas sen pensalas. **5.** s. m. Mucosidade que botan algúns peixes; llambaio.

baballón, -a. V. baballo 1ª acep. **2.** V. mógaro baballón 1ª, 3ª e 4ª acep. (Tapia de Casarego). **3.** V. mona 1ª acep. (Tapia de Casarego). **4.** Dise do peixe que ten moita mucosidade na pel.

baballuada. s. f. Parvada, grosería (El Franco).

babar. v. Manchar coa baba. **2.** Querer ou desexar algo con intensidade. **3.** Barruzar. **4.** Limpar as tripas dos animais para facer embutidos. **5.** prnl. Botar baba alguén ou algo.

babarón, -úa. adx. Que fala moito (Coaña). **2.** V. baballo. **3.** V. abellón (Navia).

babazar. v. Chuviscar.

babazo. s. m. Chuvia miúda.

babeiro. s. m. Pequeno pano que se ata ao pescozo e que serve normalmente para que os nenos non manchen a roupa coa baba ou coa comida. **2.** Conxunto de burbullas de color amarela ou branca que aparecen cando hai tormenta no mar. **3.** V. repompa 4ª acep. (Coaña).

babiar. V. babar 2ª acep.

bable. V. asturiano 3ª acep.

babón, -a. adx. Que se baba moito (Allande).

babor. s. m. Lado esquerdo dunha embarcación, mirando cara á proa.

baborear. v. Tremer de frío. **2.** Soltar vapor algo que está moi quente (El Franco).

baboriar. V. baborear 1ª acep.

babosa. V. ameixola (*Venerupis pullastra*, *Venerupis aureus*), (Ortigueira).

baboso, -a. adx. Parvo, imbécil.

babulla. V. babullo.

babulleira. s. f. Calquera das plantas que ten vaíñas como as xudías, *arvellos*, fabas etc.

babullo. s. m. Vaíña dalgunhas plantas como as xudías, os *arvellos* etc. // ***Chen* como un *babullo*.** Farto de comer. // **Poñerse como un *babullo*.** Comer moito. **2.** Poñerse gordo. // ***Tar* chea (cheo, chen) como (igual que) un *babullo*.** Estar unha muller ou un home gordos (As Figueiras). **2.** Estar farto de comer. // ***Tar* gordo como un *babullo*.** Estar moi gordo.

bacalada. s. f. Peixe osteíctio gadiforme da familia dos gádidos, de medio metro de lonxitude, con corpo alongado, con tres aletas dorsais ben distanciadas entre si. A color do dorso é parda agrisada e as partes lateral e inferior son prateadas (*Micromesistius poutassou*), (As Figueiras, Tapia de Casarego, Ortigueira).

Obs. Trátase dun castelanismo.

bacaladín. s. m. *Bacalada* pequena.
Obs. Trátase dun castelanismo.

bacalao. s. m. Peixe osteíctio da familia dos gádidos, de corpo alongado, comprimido e máis ben alto, e cabeza alongada, coa mandíbula inferior algo prominente. Ten tres aletas dorsais e dúas ventrais. A súa coloración é verde, máis pálida na parte ventral e nos lados, onde destacan, ao igual que no dorso, unhas manchas escuras (*Gadus callarias*). **2.** Peixe osteíctio gadiforme, da familia dos gádidos, de medio metro de lonxitude, co corpo alongado e con tres aletas dorsais do mesmo tamaño, ben distanciadas entre si. A color do dorso é parda agrisada, e as partes lateral e inferior son prateadas (*Gadus poutassou*), (As Figueiras).
Obs. Trátase dun castelanismo.

bacalau. V. bacalao 1ª acep.
Obs. Trátase dun castelanismo.

bacenilla* → ouriñal.

bacía. s. f. Recipiente de madeira ou de pedra onde se bota a comida aos animais, normalmente aos cochos, gatos e cans. **2.** Recipiente de madeira que servía para barbearse; barbeira. **3.** Recipiente rectangular onde se amasa o barro ou o cemento. **4.** Recipiente de madeira, rectangular, con dúas asas, onde levaban o peixe as vendedoras ambulantes. **5.** Recipiente de madeira, circular ou elíptico, dun metro de diámetro e feito dunha soa peza, que utilizaban as vendedoras ambulantes para transportar o peixe (As Figueiras, Ortigueira).

baciada. s. f. Cantidade que cabe na bandexa cóncava que se empregaba antigamente para descargar dunha embarcación sardiñas, bocartes etc. (As Figueiras).

bacica. s. f. Fonte de madeira de moitos tamaños e usos, destacando as utilizadas para amasar a baluga de manteiga. **2.** V. bacía 3ª acep.

bacico. V. bacica 1ª acep. **2.** V. bacía 1ª acep.

bacio. s. m. Víscera vascular situada á esquerda do estómago (Allande); paxarela 2ª acep. **2.** Por extensión, golpe que se recibe no bazo. **3.** Enfermidade das vacas (Castropol). **4.** Calma, lentitude, pachorra (*Teis muito bacio*), (Santalla de Ozcos).

bacío. V. bacio 1ª acep.

bacita. s. f. Recipiente grande de madeira que se emprega na matanza do cocho para matar, pelar e salgar. **2.** V. bacía 1ª, 3ª e 4ª acep. **3.** Recipiente de madeira que servía para fregar cousas e gardar estropallos, corras etc. (El Franco). **4.** Recipiente onde se amasan os chourizos ou o mondongo.

bacitado, -a. adx. Cantidade que cabe nun *bacito*.

bacitar. v. Voltear o pan nun *bacito* para darlle forma (Navia).

bacito. s. m. Recipiente de madeira ou pedra, máis pequeno que a *bacita*, onde se bota a comida aos xatos, galiñas, cans, cochos, vacas etc. **2.** Recipiente de madeira con dúas asas da mesma peza que serve para darlle forma ao pan; copete, masoiro. **3.** Caixón onde se bota e pisa o engado para pescar. **4.** V. bacía 1ª acep. **5.** Ás veces, cribo.

baco (de). loc. Dise da terra que está sen cultivar. **2.** Referido ás persoas, sen facer nada.

bacoa. s. f. e adx. Variedade de castaña de tamaño grande, ton claro e fácil de pelar (Ibias).

bacochar. v. Ferver un alimento (Boal).

bacotexo. s. m. Enredo, lea. **2.** Movemento alternativo en dous sentidos opostos, vaivén.

badada (de). loc. Sen rumbo (San Martín de Ozcos).

badallo. s. m. Peza metálica que colga do interior das campás e das chocas. **2.** Lingua (Eilao). // **Dar el (al) *badallo*.** Falar moito. // **Ter el *badallo* solto.** Falar moito. **2.** Falar de máis, de xeito inconveniente.

badalo. V. badallo 1ª acep. (San Martín de Ozcos). // ***Tar* dándolle al badalo.** Falar de máis.

badana. s. f. Pel curtida de carneiro ou de ovella. **2.** Pel solta que colga do pescozo do gando vacún (Eilao, Os Ozcos, Allande). **3.** Tira flexible de coiro que une exteriormente as tres tapas do barquín dun mazo. // **Darlle na badana.** Golpear a unha persoa. // **Untar a badana.** Pegar. // **Zurrar a badana.** Pegar.

badanas. adx. Aplícase á persoa folgazana e con pouca seriedade.

badaxe. s. f. Equipaxe, carga. // **Ir de badaxe.** Ir de excursión, ir de paseo (Tapia de Casarego).

badaxeiro. s. m. Persoa que conduce a equipaxe.

badear. v. Vagar, vagabundear (Allande).

badeixa. s. f. Abadexo grande (As Figueiras). **2.** V. abadexo (Tapia de Casarego).

badeixeira. s. f. Cacea que se utiliza para pescar abadexos (Ortigueira).

badeixo. V. abadexo (Tapia de Casarego, Ortigueira). **2.** Abadexo grande (Ortigueira). // ***Badeixo* negro.** V. farol 9ª acep. (Tapia de Casarego). **2.** V. negro 3ª acep. (Tapia de Casarego).
badesa. s. f. Verme da carne; besa.
badexa. V. badeixa (As Figueiras).
badexo. V. abadexo (As Figueiras, El Franco). **2.** Abadexo grande (El Franco). **3.** V. negro 3ª acep. (El Franco).
badía. s. f. Entrada do mar na costa, de forma semicircular, máis pequena que un golfo. **2.** Tramo recto, plano e o máis amplo entre as marxes dun río onde as augas están tranquilas (Abres).
badiar. v. Coller ou roubar castañas caídas no chan antes que as recollesen os seus donos (Os Ozcos). **2.** Camiñar. **3.** Ir dun sitio a outro (Allande).
badío. s. m. (pl. badíos). Persoa que rouba ou colle castañas caídas no chan cando non se recolleron aínda polos seus donos (San Martín de Ozcos).
baduar. v. Falar por falar dicindo parvadas.
badulaque. s. m. Persoa de pouco xuízo. **2.** Por extensión, animal con pouco xuízo (Seares). **3.** Folgazán.
badulo. V. agra (Ibias).
baeta. s. f. Pano para fregar ou limpar. **2.** Pano de la ou outro material téxtil que serve para facer certas pezas de roupa. Normalmente era colorado.
bafar. v. Ulir mal, botar un cheiro ou vapor desagradables.
bafarada. s. f. Golpe de aire que ole mal.
bafarido. V. bafarada.
bafido. s. m. Expulsión de mal cheiro. **2.** Soprido. **3.** V. bafo 1ª acep.
bafo. s. m. Vapor que desprende un corpo determinado. **2**. Alento. **3.** Mal cheiro. **4.** Sopro suave de vento. **5.** Aire quente e húmido.
bafoso, -a. adx. Con vapor.
bagallo. s. m. Conxunto de restos que quedan despois de pisar os *alolicos* para facer augardente (Villaión); magallo.
bagar. v. Botar o liño a cápsula que contén a semente despois de caer a flor (Taramundi).
bagaxe. V. badaxe.
bagaxeiro. V. badaxeiro.
bagor. s. m. Mofo (Os Ozcos).
bagorecer. v. Ter mofo algo (Os Ozcos).
bagorento, -a. adx. O que ten mofo (Os Ozcos); balorento.
bagra. V. bágara (Tapia de Casarego).
bagúl. V. baúl.
baguna (a). V. veo (a, ao). **2.** Por extensión, as cordas de uz ou abeleira que suxeitan a palla.
bah! interx. Expresa dúbida, indiferenza, enfado, impaciencia, menosprezo.
bahor. s. m. Sucidade da la, dos vestidos etc. (San Martín de Ozcos).
bahorecer. v. Ter mofo (San Martín de Ozcos).
bahorento, -a. adx. Sucio (San Martín de Ozcos).
baía. V. badía 1ª acep.
baieta. V. baeta.
baieiteiro. V. bieiteiro (Ibias).
bailador, -a. adx. e s. m. e f. Persoa que lle gusta bailar moito.
bailar. v. Mover de xeito compasado o corpo, os pés e os brazos ao son da música. **2.** Non estar segura ou ben fixa unha cousa sobre a súa base. **3.** Moverse unha persoa segundo os seus intereses. **4.** Xirar ou facer xirar algo, como un *pión*. **5.** Moverse unha estrela no firmamento; rellustrar, saltar 6ª acep. **6.** V. correr 12ª acep. // **Bailar nun pé.** Estar moi contento. // **Sacar a bailar.** Facer a unha persoa que fale.
bailarela. s. f. *Pión* pequeno que baila cando se fai xirar rapidamente con dous dedos un pequeno mango que ten na parte superior (Santalla de Ozcos).
bailarín, -a. adx. e s. m. e f. (pl. bailaríos). Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Vilalaín (Allande). **2.** Que lle gusta bailar. **3.** Bailador profesional.
bailarrazo. s. m. Gran baile.
baile. s. m. Acción de bailar. **2.** Festa na que se baila.
bailín. s. m. Baile que dura pouco.
baillar. V. bailar 1ª acep.
bailogo. V. baile.
baio, -a. adx. Dise do cabalo que ten a pelaxe con tonalidade de color amarela, dourada ou acastañada.
baión, -úa. adx. Dise da persoa que consente que lle fagan calquera cousa.
baiteiro. V. bieiteiro (Ibias).
baitío. V. bieiteiro (Ibias).
baíto. V. bieiteiro (Ibias, Negueira de Muñiz).
baiuca. s. f. Casa pequena moi pobre, normalmente de planta baixa.
baixa. s. f. Cesamento dun traballo, actividade, industria etc. **2.** Diminución do valor ou prezo dunha cousa no mercado (Abres).
baixada. s. f. Acción de baixar. **2.** Pendente. **3.** Sendeiro para baixar á costa. **4.** Lugar por onde se baixa.
baixado, -a. adx. O que pasa a un lugar ou posición menos elevados.

baixar. v. Ir dun sitio a outro que está máis baixo. **2.** Ir ocultándose o sol. **3.** Desmellorar, empeorar.
baixeza. s. f. Acción desprezable.
baixo, -a. adx. Que ten pouca altura. **2.** Situado a unha altitude inferior. **3.** Na parte inferior. **4.** adv. A unha altura pouco considerable. **5.** prep. So. **6.** s. m. Parte da casa que está ao nivel do chan. **7.** Barato. **8.** En voz baixa. **9.** Con pouco volume. **10.** Desprezable. **11.** Vulgar. **12.** pl. Conxunto de partes dun órgano xenital (*Os baixos*). // **Polo baixo.** En voz baixa.
baixón. s. m. Diminución importante nun prezo, altura, saúde, febre, ritmo etc.
bala. s. f. Barra ou vara longa que se empregaba nas ferrerías para mover o barquín. **2.** Proxectil metálico das armas de fogo lixeiras. **3.** adx. Persoa pouco seria, canalla. **4.** Fardo de mercancía prensada e atada.
balabán. s. m. (pl. balabais). Pedra que fai de lindeiro; marco.
balaco. s. m. Terreo forte (Tormaleo).
balada (de). loc. Á présa (Castropol).
baladar. v. Amañar unha situación.
baladronar. v. Presumir, xactarse (Castropol).
balance. V. bandazo.
balancear. V. balanciar. **2.** Mover algo de xeito compasado dun lado para outro sen cambialo de sitio. **3.** Inclinarse unha embarcación dun lado a outro.
balanceiro. adx. Dise do barco que se move dun lado a outro.
balanciar. V. abanicar 1ª acep. (A Veiga, Tapia de Casarego, Verducedo).
balancín. s. m. Madeiro ao que se enganchan os tirantes das cabalerías (Navia). **2.** Peza móvil que xira arredor dun eixe e serve para regular o movemento dun aparello.
balancio. V. abalancio 1ª acep. (El Franco, Tapia de Casarego).
balandra. V. balandro.
balandrán. s. m. e adx. Persoa que actúa con pouca sensatez (Allande).
balandro. s. m. Tipo de embarcación feita polos carpinteiros de ribeira, costeira, pequena, cuberta e cun só pau. // **Balandro francés.** Tipo de balandro que empregaban os industriais franceses para pescar a lagosta na costa tapiega.
balangana. V. palancana.
balantín. V. poutada 1ª e 6ª acep. (Ortigueira).
balanza. s. f. Xogo de nenos, onde se facía unha balanza cun puntal ou un pau calquera, apoiado noutros paus ou algunha pedra grande e poder balancearse coas pernas abertas sobre o puntal. **2.** V. romana 1ª acep.
balar. v. Escorrentar os peixes no mar para que caian nas redes (As Figueiras); emballar 2ª acep. **2.** V. emballar 3ª acep.
balaroco. V. calzois de cuco 2ª acep.
balastro. s. m. Capa de grava ou de pedra que se pon nas vías do tren para asentar e suxeitar sobre ela as travesas (Abres).
balavento (a). loc. Con moita forza, referido normalmente ao lume.
balcón. s. m. (pl. balcois). Plataforma estreita con varanda que sobresae da fachada dun edificio.
balda. s. f. Caixa de madeira utilizada polos mariñeiros para levar a comida.
baldado, -a. adx. Cansado. **2.** Dorido. **3.** s. m. Contido dun balde.
baldadura. s. f. Parálise dalgún membro externo do corpo.
baldar. v. Cansar. **2.** Pegar (*Heite baldar a paus*). **3.** Laiar de dolor. **4.** Quedar inútil.
balde. V. baldre. // **El tempo *nun* pasa en balde.** Refrán que se emprega para aceptar con tristura os efectos do paso do tempo, en especial as enfermidades.
baldear. v. Botar baldes de auga (A Veiga, Castropol, Tapia de Casarego, Coaña). **2.** V. baldriar (Navia).
baldiar. V. baldear.
baldío, -a. adx. Aplícase ao terreo sen cultivar e abandonado.
baldón. s. m. (pl. baldois). Táboa grande feita cunha brosa. Úsase para as portas das *corripas*, pontes pequenas, cancelas etc. **2.** Lamia da roda do carro (O Viñal, Santalla de Ozcos, Allande); bandón, palmelón, llanta, llantón. **3.** Táboa horizontal dunha cancela (Vilanova de Ozcos). **4.** Táboa que se pon no presebe para atar o gando (Allande). // **Ser de (*muito*) baldón.** Ser moi traballador. **2.** Digno de loanza.
baldosa. s. f. Lousa grande que se pon no chan.
baldrado. s. m. Cantidade que pode levar un *baldre*.
baldragas. adx. Aplícase á persoa folgazana e que non coida o seu aspecto externo. **2.** Home pouco serio.
baldre. s. m. Caldeiro de madeira ou cinc para quitar ou levar auga. // **De *baldre*.** Gratis. // **De *baldre* andan os *cais* i rompen a roupa.** Refrán que indica que ninguén fai nada de balde. // **De *baldre texen* os *cais*, que non (*nun*) rompen a roupa.** Refrán que indica que ninguén fai nada de balde. // **En *baldre*.** Inutilmente. // **En de *baldre*.** En *baldre*.

baldriar. v. Regar ou limpar o piso ou o chan cun *baldre*. **2.** Quitar a auga con *baldres* dun sitio, como un pozo.

baldulaque. V. badulaque 1ª acep. (Villaión).

balduque. s. m. Cordón para atar os zapatos (Vilanova de Ozcos).

balear. v. Varrer cun *baleo*. **2.** Limpar o gran dunha eira cun *baleo*.

baleirado, -a. adx. Sen contido. **2.** s. m. Acción de baleirar.

baleirar. v. Deixar sen contido algo, como cando se quitan os líquidos dun recipiente, obxectos dun peto etc.

baleiro, -a. adx. Falto de contido.

baleo. s. m. Varredoiro de buxo, bidueiro ou teixo, cun mango longo, que se emprega para retirar os restos de palla, espiga e grans sen debullar, despois de mazar o trigo (ou outros cereais) ou para facer montóns de follas que caen das árbores en outono.

balisa. V. baliza (Tapia de Casarego).

baliza. s. f. Sinal, fixo ou non, que indica un punto determinado na auga.

balizar. v. Colocar balizas nun punto determinado da auga.

ballar. V. balar 1ª acep. (Ortigueira).

ballarte. V. angareña 1ª acep. (Abres, Allande).

balleira. s. f. Eco que fai o estoupido dun foguete ou dun barreno (Villaión).

balleirado, -a. V. baleirado 1ª e 2ª acep.

balleirar. V. baleirar.

balleiro, -a. V. baleiro.

ballena. s. f. Nome común que se aplica a diversos mamíferos cetáceos, de xeito principal da suborde dos mistacocetos, que comprenden os maiores animais da terra, acadando unha lonxitude de até trinta metros e un peso de até cento cincuenta toneladas. Caracterízanse pola ausencia de dentes, un corpo fusiforme, buracos nasais de grandes dimensións, extremidades anteriores transformadas en aletas e na rexión posterior teñen unha aleta caudal. A súa coloración é negra con manchas brancas no ventre (*Balaena sp.*), (Ortigueira, Tapia de Casarego, As Figueiras, El Franco). **2.** Mamífero cetáceo, da familia dos balenoptéridos, duns dezaoito a vinte e cinco centímetros de lonxitude, coa boca asimétrica e pequena aleta dorsal. A súa coloración é gris por enriba e branca por abaixo, media mandíbula dereita branca e media mandíbula esquerda gris (*Balaenoptera physalus*). // **Vai ver a *ballena* (á *Ribeiría*).** Expresión que se usa cando unha persoa é moi pesada, para quitala de diante (Tapia de Casarego).
Obs. Trátase dun castelanismo.

ballenato. s. m. Balea pequena.
Obs. Trátase dun castelanismo.

ballenatos. V. nubarrón 2ª acep. (Castropol).
Obs. Trátase dun castelanismo.

ballesta. s. f. Lámina de aceiro, usada nas navallas, paraugas etc.

ballestón. s. m. Tendón (Santalla de Ozcos).
Obs. Trátase dun castelanismo.

ballestrinque. s. m. Tipo de nó mariñeiro que se fai con dúas voltas de cabo, dadas de tal xeito que resultan cruzados os chicotes.

ballico. s. m. Nome común de varias plantas gramíneas forraxeiras, duns corenta a cincuenta centímetros de altura, abondo rústicas, con rizoma e con follas ás veces pregadas lonxitudinalmente polo nervio medio. Precisan de terras húmidas para o seu medre (*Lolium sp.*).

balliqueiro. s. m. Terreo cultivado de *ballico*.

balloada. s. f. Cantidade grande de auga que baixa por un rego (Santiso de Abres).

balloco. V. baloco 1ª e 2ª acep. **2.** V. millán (Coaña, Boal, El Franco). **3.** V. bullo 2ª acep. (Allande). **4.** V. couxelo (Eilao, Boal). **5.** V. calzois de cuco 2ª acep.

ballón. s. m. Chuvia que cae de xeito violento nun espazo curto de tempo.

ballorecer. V. balorecer.

ballorento, -a. V. balorento.

balloro. V. balor.

balluco. V. ballico.

ballumba, -o. V. balumba.

ballustre. V. balustre 2ª acep.

balneario. s. m. Establecemento onde se toman baños medicinais, como acontecía antigamente en Prelo (Boal).

baloca. s. f. Variedade de pataca lisa de color branca ou rosada pálida e de tamaño medio (Os Ozcos, Ibias).

baloco. s. m. Pequena porción de terra endurecida; barroco, balloco. **2.** Por extensión, cacho de calquera cousa apertada ou endurecida. **3.** Cacho ou bóla de neve compactos. **4.** V. bullo 2ª acep. (Eilao). **5.** Grumo na sopa (Castropol, San Martín de Ozcos). **6.** Vulto endurecido de la (San Martín de Ozcos). **7.** Grumo de fariña nas papas (San Martín de Ozcos). **8.** V. calzois de cuco 2ª acep. (Grandas de Salime). **9.** V. couxelo (Eilao, Tapia de Casarego). **10.** Grumo que aparece nalgunhas cousas pola humidade.

balón. s. m. (pl. balois). Pelota elástica que se usa normalmente en varios xogos e deportes; pelota.

balón tiro. s. m. Xogo infantil que consiste nun rectángulo dividido en dúas partes, onde se escollen os xogadores de dous equipos e trátase de dar aos xogadores do equipo contrario cun balón. Cando se lles dá co balón pasan a un espazo de perdedores que está xusto detrás do campo contrario. O perdedor trata de lanzar o balón sobre os sobreviventes. Se un dos perdedores dá a un sobrevivente do equipo contrario recupera a súa vida e volve ao xogo; brilé, a matar.

baloquín. (pl. baloquíos). V. baloco 6ª acep. (San Martín de Ozcos).

balor. s. m. Capa de mofo que nace en alimentos en descomposición.

balorar. V. balorecer.

balorecer. v. Encherse de mofo algo, especialmente os alimentos (Castropol, Taramundi, Santalla de Ozcos).

balorento, -a. adx. Con mofo, especialmente aplicado a alimentos que comezan a podrecer (Taramundi, Santalla de Ozcos, Castropol, Tapia de Casarego).

balovento (a). V. balavento (a).

balsa. s. f. Conxunto de madeiros amarrados que forman unha plataforma que se mantén sobre a superficie da auga. // **Balsa salvavidas.** Plataforma que flota sobre a superficie da auga feita de diversos materiais e que se utiliza en caso de naufraxio. // ***Tar* el mar como uha balsa de aceite.** Estar o mar calmo (Castropol).

balsamina. s. f. Planta anual da familia das cucurbitáceas, con talos que poden acadar un metro de altura, follas pequenas de color verde brillante, flores amarelas, encarnadas ou brancas. A súa procedencia é americana (*Momordica balsamina*). **2.** Planta herbácea anual da familia das balsamináceas, de talo simple, de corenta a oitenta metros de altura, follas lanceoladas co bordo serrado, flores encarnadas, amarelas ou brancas (*Impatiens balsamina*).

balsán. V. manzán (Coaña).

balseira. s. f. Sitio onde abundan as silvas (Eilao, Negueira de Muñiz, Allande, Villaión). **2.** Por extensión, silva.

balseiral. V. balseira 1ª acep. (Villaión).

balseiro. V. balseira 1ª e 2ª acep. (Ibias).

baltracazo. s. m. Golpe forte. // **Se *cais* de *unde* presumes, *bon baltracazo* te espera.** Refrán que indica que non se pode ir presumindo do que non se pode.

baltracuada. s. f. Golpe dado coa cabeza. **2.** Golpe que dá o xato á vaca cando mama. **3.** Caída.

baltriar. v. Golpear.

baltroteiro, -a. V. baltruteiro.

baltrueiro, -a. V. baltruteiro (El Franco).

baltruteiro, -a. adx. Aplícase á persoa mentireira e que fai trampas.

baluga. s. f. Peza de manteiga ou de unto, normalmente con forma de pan.

baluguía. s. f. Diminutivo de baluga.

baluma. s. f. Extremo ou bordo da vela dunha embarcación por onde sae o vento.

balustrada. s. f. Conxunto de balaústres dun corredor.

balustre. s. m. Cada unha das pequenas columnas que hai no soporte de escaleiras, corredores, balcóns etc. **2.** Peza de madeira consistente nunha pequena columna, normalmente torneada existente no corredor exterior de hórreos, *paneras* e casas. **3.** Por extensión, denominación da doela dos cabazos (As Figueiras).

bambarón. V. abellón (Villaión).

bambeiro, -a. adx. e s. m. e f. Persoa presumida.

bambo. s. m. Presunción.

bambolear. V. bamboliar.

bamboliar. v. Moverse dun lado para outro, menear.

bambolla (en). loc. Medrar de xeito esaxerado (Tapia de Casarego).

bambú. s. m. Nome común de varias especies de gramíneas, propias de países tropicais, de talo groso, resistente e flexible, e pequenas ramas cargadas de follas, que se utilizan para facer mobles, canas de pescar etc. (*Bambusa sp.*, *Chusquea sp.* etc.).

banar. v. Dar forma ás pezas do pan (normalmente de millo, trigo ou centeo) no *masoiro* antes de metelas no forno. **2.** Limpar o gran na eira co *bano*.

banastra. s. f. Cesta de forma alongada e convexa por un dos lados longos para axeitala á albarda da besta. // ***Tar* igual que uha banastra.** Estar deitado de calquera xeito (Tapia de Casarego).

banastrada. s. f. Carga moi grande nunha cesta (Villaión).

bancada. s. f. Banco das pequenas embarcacións. **2.** Desprendemento de terra e pedras. **3.** Distancia que existe entre os bancos dunha embarcación movida por remos.

bancal. s. m. Moa fixa do muíño (San Martín de Ozcos).
bancalada. V. bancada 2ª acep. (A Veiga).
banceado. s. m. Proceso de facer o casco dunha embarcación mediante un forrado de táboas, normalmente de piñeiro, perfectamente armado para que non existan fendeduras, utilizando o sistema denominado *de tope*. **2.** Conxunto de táboas que forman o casco dunha embarcación (As Figueiras).
bancear. v. Colocar o costado ou o forro exterior dunha embarcación (As Figueiras).
banceo. V. banceado 1ª acep. (As Figueiras).
banciar. v. Mover un *chalano* de costado a costado para mover a auga (Serandías). **2.** Moverse os líquidos cando se transportan dentro dunha vasilla (Eilao).
bancio. s. m. Lousa grande, grosa e rematada en punta que serve para facer valados; banzo 2ª acep.
banco. s. m. Asento estreito e longo, normalmente de madeira. **2.** Mesa de traballo dalgúns artesáns (*El banco del zoqueiro*). **3.** Táboa de xeito horizontal dunha embarcación que serve para sentar. **4.** V. mancha 7ª acep. // **Banco de *acuitelar* (*cuitelar*).** Banco onde se traballa con coitelos ou coitelas. // **Banco de legrar.** Banco onde se traballa coas legras. // **Banco del *fumo*.** Cada un dos tres bancos que están apoiados nas paredes da lareira. // **Banco del galocheiro.** Especie de banco onde o galocheiro senta para facer as galochas. // **Banco de *picar* o toxo.** Especie de mesa con tres ou catro pés e táboas nos lados do plano superior por onde escorrega o toxo que despois se corta na parte frontal onde está a coitela (Taramundi). // ***Suben* os bancos i *baxan* as mesas.** Expresión que alude ao cambio de categorías sociais na xente (Tapia de Casarego).
banda. s. f. Conxunto de músicos de vento e percusión. **2.** Lado. **3.** Beira dun río, ría, camiño etc. **4.** Cada unha das dúas metades de xeito lonxitudinal dunha embarcación.
bandada. s. f. Multitude que arma barullo. **2.** Grupo de aves que voan xuntas. **3.** Grupo de aves que flotan na auga.
bandallo. adx. Sucio, mal vestido, farrapento. **2.** V. espantapáxaros. **3.** s. m. Farrapo.
bandarria. s. f. Instrumento para golpear o ferro nos mazos.
bandazo. s. m. Inclinación violenta e lateral dunha embarcación.
bandear. v. Moverse dun lado para outro. **2.** V. pandear. **3.** prnl. Inclinarse cara a un lado a carga, como a do carro. **4.** prnl. Randearse, bambearse.
bandeira. s. f. Pano, cadrado, rectangular ou doutro xeito, que fixado a un pau serve de símbolo dunha nación, país, comarca, concello, equipo etc. // **As bandeiras de Italia.** No xogo da lotería, o número setenta e sete.
bandeirola. s. f. Bandeira pequena que ás veces se pon nas efixies dos santos.
bandeixa. V. bandexa.
bandera* → bandeira.
bandeta. s. f. Nun mazo, cada unha das catro láminas de ferro que se colocaban sobre o *árbol* para reforzalo. **2.** Cada unha das catro láminas de ferro que se colocaban entre as *cruces* do rodicio dun mazo.
bandexa. s. f. Recipiente de metal ou louza, plano ou algo cóncavo cos bordos baixos, que se utiliza para poñer a comida ou outras cousas.
bandexada. s. f. Contido dunha bandexa.
bandexar. V. bandear 1ª acep.
bandía. V. bandín (El Franco).
bandiar. V. bandear.
bandidaxe. s. f. Xogo de gardas e ladróns; ladrois.
bandín. s. m. Pequena banda de música, formada normalmente por amigos, onde destacaba a presenza da gaita (El Franco).
bandina. V. bandín.
Obs. Trátase dun asturianismo.
bando. s. m. Bandada, grupo, de aves, peixes etc. **2.** V. bandada 3ª acep. **3.** V. barría 2ª acep. (Ortigueira).
bandolla. V. bandullo 1ª acep.
bandón. s. m. (pl. bandois). Lamia da roda do carro; baldón, palmelón, llanta, llantón. **2.** Por extensión, cinta para que non abra a roda do carro (Castropol).
bandongón, -úa. adx. Aplícase á res que ten moito ventre.
bandonguía. adx. Diminutivo feminino de *bandongón*.
bandonión. s. m. (pl. bandoniois). Instrumento musical que é un tipo de acordeón cadrado ou hexagonal que ten o mecanismo e o teclado semellantes aos da concertina (El Franco).
bandougo. V. bandullo (Boal).
bandullo. s. m. Ventre, barriga. **2.** Conxunto de tripas dun animal.
baneira. V. bano.

bano. s. m. Cribo con furados moi pequenos que serve para limpar os grans.

banqueiro. s. m. Persoa que dirixe un negocio bancario ou que se dedica a operacións bancarias.

banqueta. s. f. Asento pequeno sen respaldo. As máis tradicionais tiñan un furado no centro para poder movelas dun sitio para outro.

banquete. s. m. Comida para celebrar algo.

banqueto. s. m. Banqueta pequena (Castropol).

banquín. s. m. Banco pequeno.

banzada (á). loc. Ao galope (Allande). // ***Moler* a *banzadas*.** Moer coa corrente de auga que sae cando está funcionando o muíño (San Martín de Ozcos).

banzado. s. m. Remanso ou depósito de auga que se forma na canle dun muíño, un mazo ou un batán, ou para regar terras, e que pode estar cuberto por lousas. **2.** Por extensión, presa ou cubo do muíño.

banzanada. s. f. Cantidade de auga remansada nun banzado. // **Chegar en *banzanadas*.** Chegar en gran número. // ***Moler* (traballar) a *banzanadas*.** Moer ou traballar coa cantidade de auga remansada nun banzado. **2.** Non moer continuamente (Os Ozcos).

banzanear. v. Moverse as cousas por estar frouxos os parafusos que as suxeitan.

banzo. s. m. Táboa que forma a armazón do forro do casco dunha embarcación e que se crava sobre as cadernas empezando pola parte superior até a altura da flotación. **2.** Chanto ou pedra de lousa de gran tamaño e resistente que se crava na terra para facer un valado (Anlleo, Boal); bancio, chanto. **3.** Nunha ferrería ou nun mazo, táboa ancha posta de xeito vertical polos tres lados e a parte inferior, que pecha e delimita a *caxa* do banzado.

banzois. s. m. pl. Xogo infantil semellante ao *gua*.

bañador. s. m. Prenda que se usa para bañarse.

bañal. s. m. Recipiente para lavar ou lavarse. **2.** Pía grande para lavar que normalmente está ao lado dos pozos. **3.** Especie de mesa ou plataforma formada por un madeiro, con bordos de vinte e cinco a trinta centímetros de altura, na que se pica o toxo novo mesturándoo con herba para o pasto das cabalerías. **4.** V. bacía 1ª acep. (Coaña, Navia). **5.** V. baño 6ª e 7ª acep. **6.** Pía chea de auga que está xunto ás fontes para que beba o gando (Allande). **7.** Recipiente que se usa para recoller o toxo cortado para as cabalerías (Villaión).

bañar. v. Introducir o corpo ou outra cousa na auga ou noutro líquido. **2.** Mollar.

baño. s. m. Acción e efecto de bañar ou bañarse. **2.** Instrumento para limpar os cereais; bano. **3.** Recipiente de madeira de castiñeiro onde se pisan as uvas. **4.** Recipiente de madeira onde se dá de comer aos cochos; bacía 1ª acep. **5.** Artesa grande de madeira sen pés. **6.** Recipiente de madeira onde se sacrificaba ao cocho na matanza. **7.** Recipiente onde se dá de beber ás vacas. **8.** Recipiente de pedra onde se dá de beber ás galiñas (Castropol). **9.** Exposición do corpo a diversas radiacións como a do sol. **10.** V. masoiro 5ª acep. // **Baño da moa.** V. maseiro 3ª acep. // **Baño das vacas.** Baño do gando. // **Baño de pelar.** Recipiente de madeira de forma rectangular que se utiliza para limpar de sedas o cocho. // **Baño de *salar* (*pinchar*).** Artesa de madeira ou pedra onde se pon a carne da matanza do cocho. Normalmente ten as esquinas redondeadas. // **Baño de salga.** V. baño de salar. // **Baño del gado.** Bebedeiro feito ao lado do pozo nas casas de labranza para que beba o gando. // **Baño del pozo.** Baño do gando. **2.** Baño xunto a un pozo para lavar a roupa. // **Ir aos baños.** Ir tomar augas medicinais a un balneario.

bañela. s. f. Recipiente de pedra onde se lle dá de comer aos cochos (Eilao).

bañón. V. baño de salar (A Veiga). **2.** V. maseirón 2ª acep.

bao. s. m. Cada un dos traveseiros nos que se asenta a cuberta dunha embarcación.

baqueta. s. f. Cada un dos paus pequenos que serven para tocar o tambor. // **Tratar á baqueta.** Mal, sen consideración (*Tratoulo á baqueta*).

baraca. V. pataca baraca (A Veiga).

barafustar. v. Facer barullo. **2.** Discutir fortemente. **3.** Rosmar protestando contra alguén.

barafusteiro, -a. adx. O que fai barullo. **2.** O que discute fortemente.

barallar. v. embarullar (A Veiga).

barallón. s. m. Especie de raqueta circular de madeira e corras que se pon ás galochas para andar pola neve.

baramán. s. m. Multitude de xente nun lugar que fai moito ruído ao falar.

baramonte (de). loc. Referido a un río, moi crecido (*Baxa el río de baramonte*), (Allande).

barandoiro. V. brandeiro (Santalla de Ozcos).

baratamente. adv. Por pouco diñeiro.

baratego, -a. adx. Aplícase á persoa que quere comprar ou vender barato.

barateiro, -a. adx. Aplícase á persoa que compra ou vende barato.

baratillo. s. m. Conxunto de produtos de pouco prezo que se venden nun lugar público.
Obs. Trátase dun castelanismo.

baratixa. V. baratillo.
Obs. Trátase dun castelanismo.

barato, -a. adx. Con baixo prezo.

baratura. s. f. Calidade do que é barato.

baraxa. s. f. Xogo das cartas ou naipes.
Obs. Trátase dun castelanismo.

baraxar. v. Revolver ou mesturar as cartas da baralla. **2.** Gastar. **3.** Meditar, considerar, sopesar.
Obs. Trátase dun castelanismo.

baraza. s. f. Corda ou cordón pequenos. **2.** Especie de mecha untada dunha pasta que se colocaba tirante e recta sobre un rolo. **3.** Cinta con que as mulleres se atan o mandil ou as saias. **4.** Cinta que poñían as mulleres para disimular os embarazos (Castropol). // **Atar (torcer) a baraza.** Cortexar.

barazo. s. m. Chuvia miúda e continua (Coaña). **2.** V. baraza 1ª acep.

barba. s. f. Pelo que medra no queixo e na cara dun home adulto. **2.** Conxunto de filamentos que colgan dunha mazaroca de millo. **3.** V. barbadela 1ª acep. **4.** Pelo da espiga da cebada. **5.** Beira do mar onde soben e baixan as ondas (Tapia de Casarego, El Franco). **6.** Nun mazo, cada un dos restos de ferro que se arrincan das *bocas* do martelo e da incre para que recuperen a súa curvatura orixinal. **7.** V. raio 7ª acep. **8.** Apéndice do rostro dunha lagosta (Ortigueira). // **De barba *dereta*.** Sen facer nada. // ***Condo* as barbas del *vecín* vexas afeitar, pon as túas a remollar.** V. Cuando as barbas del vecín ves cortar, pon as túas a remollar. // ***Condo* vexas al *tou vecín* as barbas cortar, pon as túas a remollar.** V. Cuando as barbas del vecín ves cortar, pon as túas a remollar. // ***Condo* vexas as barbas del *vecín* afeitar, pon as túas de a mollo.** V. Cuando as barbas del vecín ves cortar, pon as túas a remollar. // ***Cuando* as barbas del *vecín* ves cortar, pon as túas a remollar.** Advirte que se debe aprender dos problemas alleos para que non nos ocorran a nós. // **Nas barbas cho digo.** Dicir as cousas de fronte (Taramundi). // ***Si sale* con barba, *San Antón*, *si* non, a Purísima Concepción.** Refrán que indica que alguén non sabe moi ben o que está facendo ou que lle dá igual o resultado con tal de que se faga.

barbada. adx. Dise da colmea que ten moitas abellas na parte exterior do trobo pola calor ou por ter moitas. **2.** s. f. Parte do carro onde se xonguen os bois (Allande). **3.** s. f. Papada do cocho. **4.** Nome común de diversos peixes da familia dos gádidos, con corpo cuberto de escamas pequenas, dúas ou tres aletas dorsais e barbas no queixo (*Gaidropsarus cimbrius*, *Gaidropsarus mediterraneus*, *Raniceps raninus* etc.). **5.** s. f. Peixe osteíctio da familia dos gádidos, duns trinta centímetros de lonxitude de xeito aproximado, que presenta na cabeza tres barbas: dúas na parte superior e unha na inferior. A primeira aleta dorsal é pequena e a segunda moi longa. A súa color é parda amarela ou gris, con manchas escuras na cabeza, dorso, aletas peitorais, dorsais e caudal. A súa carne é de boa calidade e bastante apreciada (*Onos tricirratus*), (As Figueiras). **6.** s. f. Peixe da familia dos gádidos, con corpo alongado e dúas aletas dorsais, de color gris ou parda (*Phycis phycis*), (Tapia de Casarego). **7.** Peixe osteíctio gadiforme da familia dos gádidos, duns trinta e cinco centímetros de lonxitude, con cabeza negra, dorso tirando a laranxa, con manchas negras e lados punteados de branco. Presenta unha barba na mandíbula inferior e varias na superior (*Gaidropsarus tricirratus*). **8.** s. f. V. congria. **9.** s. f. Parte ventral e aleta nadadora dunha lagosta (Tapia de Casarego, Ortigueira). // **Barbada de altura.** V. barbada de fóra (As Figueiras). // **Barbada de fóra.** Peixe osteíctio gadiforme, da familia dos gádidos, con corpo alongado e dúas aletas dorsais, a primeira curta e a segunda moi longa, pequena e redondeada. A aleta anal é semellante á segunda dorsal, pero algo máis curta. As aletas abdominais son longas e filiformes. A súa coloración é gris ou parda e a súa carne é moi apreciada. Vive nos fondos areosos (*Phycis blennioides*), (As Figueiras).

barbadeiro. s. m. Vara curta ou fío preparados cun anzol que se utilizan para pescar barbadas (Tapia de Casarego, El Franco, Navia).

barbadela. s. f. Carne que hai debaixo da queixada. **2.** Pel que colga no pescozo das vacas.
barbadelada. s. f. Golpe na barbadela (Negueira de Muñiz).
barbadella. V. barbadela 1ª acep.
barbadín. V. paporrubio (Coaña).
barballada. s. f. Chuvia miúda.
barballar. v. Chover pouco. **2.** Falar ou cantar con présa, pronunciando mal.
barballo[1]. s. m. Chuvia miúda; barballada.
barballo[2], -a. adx. Dise da persoa que fala moito e mal.
barbaridá. s. f. Necidade, dito ou acción sen xeito. **2.** Cantidade grande de algo.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
bárbaro, -a. adx. Estupendo, excelente. **2.** Bruto, groseiro.
barbaxe. s. f. Peche feito con estacas de madeira.
barbear. V. esbarbar 2ª acep. **2.** V. abibeirar 1ª acep. (Tapia de Casarego).
barbeira. s. f. Conco grande de paredes grosas, bordo engrosado e recto, que na parte superior é dobre. Utilizábase para o barbeado e nos lados limpábase a navalla. Ás veces levaban unha pequena argola no canto ou unha tallada para arrimalas ao pescozo.
barbeiro[1]. s. m. Persoa que ten como oficio cortar o pelo ou amañar a barba.
barbeiro[2]. s. m. Nome común dalgunhas aves paseriformes pertencentes ao xénero *Regulus*, da familia dos muscicápidos, de tamaño pequeno e de color verde olivácea, cunha lista brillante de tonalidade amarela ou laranxa na parte posterior da cabeza (*Regulus regulus*).
barbeito. s. m. Terra ou conxunto de terras, normalmente zarrados con paredes, que se aran e despois deixanse descansar por un tempo sen fertilizar nin cultivar. **2.** Por extensión, agra (Ibias).
barbía. V. barbadela 1ª acep.
barbiar. v. Non ter forzas, normalmente referido aos bois cando camiñan con dificultade (Serandías). **2.** Botar os pelos a espiga do millo. **3.** Segar cerca da raíz as herbas ou os cereais (Tapia de Casarego).
barbio. s. m. Porción de pel chea de engurras con picos que teñen as vacas na boca.
barbiquí. s. m. Instrumento para furar, que pode ser de distintas formas segundo o oficio no que se use.
barbón. adx. (pl. barbois). Dise do home con moita barba.
barboriar. V. baborear 1ª acep.
barbudo, -a. adx. Con barba. **2.** En sentido figurado, dise do ceo con moitas nubes grises que ascenden de xeito vertical e que presaxian chuvia e vento (*Celo barbudo*).
barbulla. s. f. Berro, falar atropelado (Eilao). **2.** Gran ou sinal de picadura que producen comechón (Eilao, Boal).
barbullar. v. Falar en voz baixa, á présa e atropeladamente (Seares). **2.** Facer un ruído lixeiro as augas dun rego.
barbuzar. V. orballar.
barbuxado, -a. adx. Aplícase á mazaroca do millo cando comeza a ter *barba*.
barbuxar* → barbullar.
barcada. s. f. Carga que leva dunha vez unha barca (Coaña, Boal).
barcal. s. m. Vertedeiro (Navia, San Martín de Ozcos). **2.** Pía dun pozo ou unha fonte (Santalla de Ozcos, Navia, Ibias, Allande). **3.** Recipiente que se utilizaba antigamente para facer o rancho dos mariñeiros. **4.** Recipiente que se usa para dar de beber aos cochos (Allande). // ***Barcal* de *trempar*.** V. masoiro 5ª acep.
barcala. s. f. Barca de grande capacidade empregada para o transporte de carga e descarga (Boal).
barcaxe. s. f. Transporte de cousas ou persoas nunha barca. **2.** Pagamento polo que se transporta nunha barca. **3.** Pagamento que se fai nunha barca por pasar dun lado a outro do río ou ría.
barco. s. m. Embarcación grande que serve para transportar persoas ou cousas.
bardal. s. m. Conxunto de toxos, silvas e outras plantas que serven de valado para separar propiedades; bardial 1ª acep.
bardial. V. valado 1ª acep. **2.** V. balseira 1ª acep.
bardín. adx. e s. (pl. bardíos). Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Oumente (Ibias). **2.** Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Taladriz (Ibias).
bardón. s. m. Bouza, mato (Allande).
bardullada. s. f. Comida mal feita.
bardulleiro, -a. adx. Aplícase á persoa que todo desamaña e ensucia. **2.** Aplícase á persoa que enreda as conversas. **3.** Dise da persoa que di mentiras.
bareque. s. m. Tipo de rede rectangular, moi fina, que se utiliza para a captura da sardiña (As Figueiras, Navia).
barlote. s. m. Tipo de embarcación utilizada na costa cantábrica, duns nove metros de eslora e tres de manga, cun único pau con vela e dúas proas.

barloventiar. v. Navegar contra o vento (Coaña).
barlovento. s. m. Lado dunha embarcación de onde sopra o vento.
barolento, -a. V. balorento.
baroler. v. Poñerse con mofo (Castropol).
barolo. s. m. Mofo.
barqueiro, -a. s. m. e f. Persoa que ten ou guía unha barca. **2.** V. barquín 1ª acep. (Santalla de Ozcos).
barquía. s. f. Diminutivo de barca.
barquilla. s. f. Tipo de embarcación máis pequena que a lancha de pesca, cunha eslora maior que a dun bote e coa popa aberta.
Obs. Trátase dun castelanismo.
barquillar. v. Poñerse a madeira en forma de curva.
Obs. Trátase dun castelanismo.
barquín. s. m. (pl. barquíos, barquiños). Fol grande que usan os ferreiros nos mazos ou nas forxas para dar aire. **2.** Fol pequeno que se usaba nas cociñas para dar lume e tamén para as pranchas de carbón. **3.** Barco pequeno. **4.** Fol pequeno que servía para xofrar (*azufrar*) as vides. **5.** Capacidade pulmonar dunha persoa. // **Barquín de auga.** Recipiente de goma con forma de pera coa que se dá auga aos nenos.
barquineira. V. barquiñeira.
barquiñeira. s. f. Parella de barquíns dunha soa cámara nun mazo.
barra. s. f. Peza metálica, de madeira ou calquera outro material, normalmente recta, ríxida, de sección uniforme e máis longa que grosa. **2.** Cada unha das pezas de madeira transversais que van por debaixo do *leto* do carro (Vilar de Cendias, Vilarmeirín). **3.** Banco de area ou lama que se forma na desembocadura dun río (Abres, Castropol, Tapia de Casarego, Coaña). **4.** V. brazo 7ª acep. (As Figueiras). **5.** Parte recta dun anzol. **6.** Parte lonxitudinal dunha áncora.
barrabás. s. m. Persoa mala (Castropol).
barracón. s. m. (pl. barracois). Construción feita normalmente con materiais pobres.
barraganete. V. apostura.
bárrago. V. bérrago (Navia, Allande).
barrallo. V. barruzo.
barrancada. s. f. Desprendemento de terra ou dunha parede (Castropol, Santiso de Abres); bancada.
barrancar. V. varar.
barranco. s. m. Precipicio. **2.** V. cerrazón.
barreal* → barrial.
barreira. s. f. Lugar onde se saca o barro para paredar ou para facer obxectos de cerámica. **2.** Lameira, terreo cheo de lama.
barrena. s. f. Ferramenta de ferro ou aceiro, de sección máis ou menos redonda, delgada e longa, que serve para facer furados na madeira, ferro, pedra ou outro material. **2.** Punta de ferro dun berbequí.
barrenado, -a. adx. Aplícase á persoa que non ten ben as facultades mentais.
barrenar. v. Facer furados coa barrena.
barrenista. s. m. Persoa que abre os barrenos en canteiras, minas ou estradas.
barreno. s. m. Instrumento pequeno de carpinteiro en forma de T, con mango de madeira e punta metálica, que serve para furar; tarabelo. **2.** Furado cheo de material explosivo para voar algunha cousa. **3.** V. barrena. **3.** Material explosivo.
barrento, -a. adx. Aplícase ao terreo con moito barro ou arxila. **2.** Dise do que ten a color do barro.
barreño. V. barreñón 1ª acep.
barreñón. s. m. Caldeiro, normalmente de cinc, barro ou outro material. **2.** Medida de capacidade utilizada para a venda de pesca, especialmente de sardiña e bocarte, que equivalía a 23 quilos (As Figueiras, Tapia de Casarego, Ortigueira). **3.** *Tina* onde se leva a pesca desde o embarcadoiro até as fábricas ou enriba da cabeza as vendedoras ambulantes.
barrés, -a. V. barrueiro.
barreta. s. f. Tira de madeira, ferro ou outro material que se usa para xuntar cabos, como acontece nos mazos. **2.** Cadeas do carro do país; barra. **3.** Traveseiro horizontal dos tres con que se facía unha porta antiga do interior dunha casa. **4.** Cada un dos paus dispostos de xeito vertical nunha cancela.
barría. V. manxúa. **2.** Banco de luras.
barrial. s. m. Lugar con terra e auga (Os Ozcos).
barrica. s. f. Tonel de tamaño mediano, feito de madeira e reforzado con aros metálicos; cuba, pipa, bocoi, tonel. **2.** Trobo que se poñía enriba dunha *dala* (Navia). **3.** V. pío[1] 3ª acep. (El Franco).
barrico. V. barrica 1ª acep.
barriga. s. f. Ventre. **2.** Conxunto de vísceras. **3.** Parte avultada dunha vasilla ou peza cerámica. **4.** Parte dunha parede que sobresae antes de caer. **5.** En sentido figurado, parte que sobresae de algo, como nun palleiro. // ***Cuanto* deixo traballado coa barriga na boca.** Expresión que dicían as mulleres embarazadas que traballaban até o

último momento (As Figueiras). // **Dos setenta *pra* riba, *nun* molles a barriga.** Refrán que recomenda ser prudente cando se es maior. // **Que barriga lle *dole*?** Expresión que se utiliza cando algo non ten por que importar a unha persoa.

barrigada. s. f. Golpe ou empuxón que se dá coa barriga. **2.** Fartura. **3.** Estado avanzado de embarazo nunha muller (Eilao). **4.** Contido da barriga.

barrigal. s. m. Madeiro transversal nun tear que serve para asegurar a peza que se tece (Allande).

barrigán. adx. Dise do home folgazán (Allande).

barrigazo. s. m. Golpe na barriga, especialmente o que se recibe contra a auga.

barrigoa. s. f. Barriga grande (Santalla de Ozcos).

barrigón, -úa. adx. Aplícase á persoa que ten barriga.

barriguada. V. barrigazo.

barrigudo, -a. V. barrigón.

barril. s. m. Pipo de xeito cilíndrico para conservar e transportar líquidos ou outras cousas. **2.** Nun mazo, conxunto formado polas *xemelas*, as *bandetas* e os *sellos*, que aseguraba o *manubreiro*. **3.** V. tabal (Ortigueira).

barrilate. V. barrilete 1ª acep.

barrilete. s. m. Peza de ferro con punta polos dous lados coa que o carpinteiro suxeita a madeira para traballala. **2.** Tipo de nó mariñeiro en forma de barril que se fai nalgúns cabos para que non pasen do lugar en que deben quedar firmes ou que sirva de apoio a outra cousa.

barrio. s. m. Cada zona ou distrito dunha aldea, parroquia, vila ou cidade. // **Irse *pral* outro barrio.** Morrer.

barrizoso, -a. adx. Dise do que ten barro.

barro. s. m. Masa de terra e auga, que se utilizaba antigamente para xuntar as pedras das paredes das construcións ou para facer obxectos cerámicos. // **Barro *bríon*.** Barro de color branca e que se pega moito.

barroco. V. baloco 1ª e 3ª acep.

barrogón. adx. e s. (pl. barrogois). Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Pradias (Ibias).

barrolecer. V. balorecer.

barrolento, -a. V. balorento.

barrón. s. m. Barra grande. **2.** Eixe propulsor dunha hélice nunha embarcación.

barroso. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Barras (Allande).

barrote. s. m. Cada unha das táboas pequenas que forman a cámara do cabazo (As Figueiras); doela.

barrotillo. s. m. Barrote de madeira duns dous metros de longo, catro centímetros de ancho e un de grosor, que se usaba normalmente para facer tabiques ou ceos rasos, como soporte da argamasa. **2.** Sistema que se emprega para unir as *corondias* nos hórreos ou *paneras*, que consiste nunha pequena táboa que entra nos sucos dos seus cantos longos.

barruceiro, -a. adx. Aplícase ao día ou ao tempo nos que chove un pouco.

barruciar. V. barruzar (Navia).

barrucio. V. barruzo (Navia).

barrueiro, -a. adx. e s. m. e f. Natural de Barres (Castropol). **2.** Pertencente ou relativo a Barres (Castropol). **3.** s. f. Montón de roza ou terróns que despois se queiman para *cuitar* as terras coas cinzas e preparalas para un novo cultivo; borrón. **4.** Por extensión, todo aquilo que produce moita fumareda.

barrumbada. s. f. Dito con graza. **2.** Presunción esaxerada dun mesmo.

barrumbar. V. barrumbiar.

barrumbeiro, -a. adx. Aplícase á persoa que ten graza para contar as cousas. **2.** Dise da persoa presumida, que se louva a si mesma (El Franco).

barrumbiar. v. Presumir de xeito esaxerado dun mesmo ou dunha cousa que lle aconteceu.

barrumbón, -a. V. barrumbeiro 1ª e 2ª acep.

barruntar. v. Presentir algo. **2.** V. barrumbiar.

barruntón, -úa. V. barrumbeiro 2ª acep.

barruzar. v. Chover lixeiramente.

barruzo. s. m. Chuvia miúda. **2.** V. bruma.

bartola (á). loc. Sen pensar, sen preocuparse por nada. **2.** Sen ningún coidado.

bartolo. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Piñeira (Castropol). **2.** Dise da persoa preguizosa, despreocupada.

bártulos. s. m. pl. Instrumentos que se utilizan para un determinado labor.

barullada. V. barullo 1ª, 2ª e 3ª acep.

barullar. v. Falar sen dicir nada que pague a pena. **2.** Facer ruído, barullo. **3.** Falar baixo (Navia, Tapia de Casarego). **4.** Enredar, enlear; abarullar.

barullas. adx. Aplícase á persoa que di mentiras ou fai trampas. **2.** V. barulleiro 1ª acep.

barulleiro, -a. adx. Aplícase á persoa que fala sen sentido. **2.** Dise da persoa que fai moito ruído. **3.** Aplícase á persoa que di mentiras ou fai trampas; barullas 1ª acep., bardulleiro 3ª acep. **4.** Dise da persoa que fala moito.

barullo. s. m. Ruído. **2.** Confusión, desorde, mestura de xentes ou cousas de varias clases. **3.** Rebumbio sen sentido (Eilao). **4.** Momento complicado. // **A barullo.** Moito.

barullón, -úa. adx. Dise da persoa que fala moito e sen xeito.

basa. s. f. Lama (Eilao). **2.** V. fango 2ª acep. (Coaña).

bascúa. s. f. Cinta de serra con forma de arco e mango de madeira que se utiliza na matanza do cocho para pelar o lombo e a barriga (Pezós).

báscula. s. f. Aparato para medir pesos, normalmente grandes, que se colocan sobre un taboleiro e que, por medio dunha combinación de pancas, se equilibran coa *pesa* dun brazo da romana, onde está a escala correspondente. **2.** Caixa dalgún tipo de carro, como o de *radios*, que serve para inclinar, mediante un mecanismo axeitado, a carga para botala fóra.

bascular. v. Cagar (Negueira de Muñiz).

base. s. f. Cada unhas das tres partes do torno onde se apoian e encaixan as pezas que sosteñen o mecanismo.

basilisco. s. m. Ser mitolóxico, que sae en forma de cobra dun ovo dun galo de sete anos. **2.** Persoa furiosa.

basneirada. s. f. Montón grande e brando de esterco (Eilao).

basneiro. V. basnoiro (Eilao). **2.** Persoa folgazana, aproveitada.

basneirón, -úa. V. basneiro 2ª acep.

basnoiro. s. m. Persoa gorda e torpe.

basta. s. f. Bordo inferior dunha faldra dobrado cara a dentro para que non arrastre; lorza.

bastar. v. Ser suficiente; abastar.

bastardeado, -a. adx. Dise do que dexenerou en calidade.

bastardear. v. Dexenerar a calidade dos froitos, as plantas, as sementes, os animais etc.

bastardiar. V. bastardear.

bastidor. s. m. Armazón de madeira ou metal.

bastilla. s. f. Dobradura que se fai para unir dúas teas, para preparar dobreces ou para que á beira dunha tea non se lle desfagan os fíos.
Obs. Trátase dun castelanismo.

bastio. V. bastón[1] (Allande).

bastión. V. bastón[1] (Boal, Allande).

basto[1]. s. m. Chuvia intensa pero de pouca duración; bastón[1].

basto[2]. s. m. Naipe dun dos catro paus da baralla.

bastón[1]. s. f. Chuvascada forte; basto[1].

bastón[2]. s. m. Ás de bastos.

bastón[3]. s. m. Vara cun puño que se leva na man para apoiarse ao andar; cachaba, cachabo.

bastonero. s. m. Máscara do Entroido, que vai coa cara descuberta e defendendo o resto das máscaras (Tapia de Casarego).
Obs. Trátase dun castelanismo.

bastreado, -a. adx. Desbastado co bastrén.

bastrear. v. Desbastar a madeira co bastrén.

bastrén. s. m. Instrumento de ferro que emprega o carpinteiro para facer pezas curvas.

bata. s. f. Peza de vestir, longa e con mangas, usada para estar na casa ou para traballar.

batadeira* → batedeira.

bataeiro. V. bataneiro.

batallar. v. Disputar, discutir. **2.** Porfiar.

batán. s. m. (pl. batais). Máquina que se move por auga, composta de tres pezas: unha roda motriz impulsada pola auga que move un eixe; dous mazos de madeira que baixan e se erguen golpeando os tecidos saídos do tear; e unha gran pía aberta na parte dianteira. No Eo-Navia os últimos en deixar de funcionar foron os de Fonteta (Allande) e A Pontenova (Allande). **2.** Lea, pelexa. **3.** Traballo excesivo, angustia, fatiga, cansazo, sufocación. **4.** Barullo, ruído.

batanar. V. abatanar.

bataneiro. s. m. Persoa que ten ou traballa nun batán.

bataquiar. v. Bater un líquido que está nun recipiente. **2.** Mover con forza unha cousa, abalar (Boal).

batascada. s. f. Acción de chover de xeito intenso e pouco duradeiro; xalabriada, vardascada.

batea. s. f. Maseira (Seares). **2.** Recipiente.

batear[1]. v. Bautizar.

batear[2]. v. Golpear (*Facíase todo bateando*), (San Martín de Ozcos); bater 2ª acep.

batedeira. s. f. Ferramenta cun mango longo e unha folla de ferro no remate case perpendicular, que se usa para

amasar barro, cal, cemento ou limpar as cortes. Ás veces é sinónimo de rodo.

batedor. s. m. Utensilio de cociña para mesturar ou bater ovos u outros alimentos. **2.** V. batidor (Allande).

batel. s. m. Tipo de embarcación pequena feita polos carpinteiros de ribeira, cun tamaño que oscila entre os tres e os sete metros, que pode ser impulsado por vela ou a remo. O batel autóctono diferénciase do resto polo codaste da popa e normalmente píntase de branco.

batente. V. escote 5ª acep. (Santalla de Ozcos).

bater. v. Axitar unha cousa para facela máis fluída ou condensala. **2.** Golpear.

batideira* → batedeira.

batidor. V. peñe (Taramundi).
Obs. Trátase dun castelanismo.

batiente. s. m. Folla dunha porta ou dunha ventá (Navia).
Obs. Trátase dun castelanismo.

batifondo. s. m. Barullo, lea (Navia, A Veiga).

batista. s. f. Tecido moi fino usado na confección de panos de mans, camisas e pezas de roupa de uso interior.

batracazo. s. m. Golpe forte que dá algunha persoa cando cae.

batraqueo. s. m. Movemento que fai un carro.

batuxar. V. esbatuxar.

baudil. adx. Dise da persoa gorda e pouco agraciada (Boal).

baúl. s. m. Caixa rectangular recuberta de madeira, coiro ou cartón que serve para gardar roupa ou outras cousas.

bauprés. s. m. Pau groso e inclinado que sae da proa dunha embarcación de vela cara a fóra.

baurel. V. bourel (Tapia de Casarego).

baureo. V. boureo 1ª acep.

bautismo. s. m. Primeiro dos Sacramentos da Igrexa, co que se comunica a graza e o carácter de cristián.

bautizar. v. Administrar o bautismo. **2.** Bendicir unha embarcación.

bautizo. s. m. Acción de bautizar e festa con que se solemniza.

baxa. V. baixa 1ª acep.

baxada. V. baixada 1ª, 2ª, 3ª e 4ª acep.

baxado, -a. adx. Humilde, persoa disposta sempre a axudar e colaborar cos demais. **2.** Mañoso, habilidoso. **3.** Desmellorado.

baxamar. s. f. Altura mínima da marea. // **Á baxamar todo aparece.** Dito referido a cando aparecen todos os inconvenientes.

baxamesa. V. mesa de levante.

baxar. V. baixar 1ª, 2ª e 3ª acep. **2.** Depositarse o bullo do viño na parte baixa do bocoi. **3.** Enfraquecer. **4.** Poñer máis baixa a *fabeira* para que deixe medrar o millo. **5.** Abaratar o prezo dunha cousa. **6.** Figuradamente, derrubarse, caer (*Non berres muito que a casa baxa*), (Santalla de Ozcos). **7.** Descender a marea. **8.** V. botar 31ª acep. (El Franco). // ***Baxar*** **parra.** Reproducir unha parra mediante un gallo desta.

baxarte. V. ballarte.

baxego. s. m. Cría do salmón (Abres, Serandías, Santiso de Abres).

baxeira. s. f. Especie de saia da mesma feitura que o *zagalexo* agás un volante *agulletado* que tiña na parte de baixo e que era da mesma tea que a saia.

baxeiro. s. m. Xogo infantil (Navia).

baxeza. V. baixeza.

baxo, -a. V. baixo. **2.** V. islote (El Franco). **3.** Rocha ou grande cantidade de area que está cerca da superficie do mar. // ***Pra baxo*** **corre a pedra i (*asta*) a vella.** Refrán que indica que cando unha persoa chega á vellez vai perdendo facultades (Boal). // ***Pra baxo*** **corre a vella i a pedra.** V. Pra baxo corre a pedra i (asta) a vella. // ***Pra baxo*** **todos os santos axudan.** V. Costa abaxo todo vai ben; V. costa.

baxón. V. baixón.

baxuno, -a. adx. Vulgar.

baxura. s. f. Falta de altura.

baza. s. f. Número de cartas que en certos xogos de naipes recolle o que gaña a man. **2.** Cada unha das xogadas no xogo das cartas.

bazacada. s. f. Caída, golpe (Castropol).

bázcaro. V. abázcaro.

bazo. s. m. Víscera bascular situada á esquerda do estómago. // **Ter *bon* bazo.** Ter poucos reparos en facer algunha cousa (Boal).

bazoco. V. baloco 1ª acep. **2.** Neve compacta que se pon nos tacos das galochas cando se camiña por ela (Boal).

bazuncho, -a. adx. Aplícase á persoa gorda e de pouca altura. **2.** s. m. Barriga avultada (Castropol).

be. s. m. Nome da letra b.

be, be! interx. Voz que se usa para chamar as ovellas (Allande).

bebedeiro. s. m. Recipiente normalmente de pedra ou cemento que serve para que beba o gando. **2.** Lugar onde poden beber os animais.

bebedizo. s. m. Bebida cunha substancia medicinal, máxica ou velenosa.

bebedor, -a. s. m. e f. Que bebe. **2.** Que abusa das bebidas alcohólicas.

beber. v. Tomar un líquido.

beberaxe. s. f. Bebida feita con mesturas de sabor desagradable e imprevisible. **2.** Por extensión, calquera bebida.
beberizo. s. m. Poción, bebida que se dá por medicinal (Navia); bebedizo.
bebido, -a. adx. Borracho. **2.** O que se bebe.
becerra. s. f. Vaca nova á que comezan a saírlle os dentes.
becerro, -a. s. m. e f. Cría da vaca, xato.
bedano. s. m. Ferramenta con mango de madeira e punta de aceiro que remata nun plano cortante, máis estreita que unha trincha e utilizada polos carpinteiros.
bedaño. V. bedano.
bedellín. s. m. Diminutivo de *bedello*.
bedello. s. m. Trunfo pequeno no xogo da brisca.
bedul. V. bidueira (Navia).
beilar* → bailar.
béilara. s. f. Prominencia arredondada do carballo que produce como defensa fronte a un parasito que é a larva dunha avespa (Boal); béilaro, béillaro, cascarela, cascarella, curuxa[2]. **2.** Especie de *pión* que fan os nenos coas bólas do carballo (Boal). **3.** Por extensión, cousa pequena e redonda.
beilarín* → bailarín 2ª acep.
béilaro. V. béilara 1ª, 2ª e 3ª acep. (Grandas de Salime, Eilao, Tapia de Casarego); béilara, béillaro, cascarela, curuxa[2]. **2.** V. béilara 2ª acep. (San Martín de Ozcos).
beillar* → bailar.
béillaro. V. béilara (Boal).
beira. s. f. Bordo dunha superficie. **2.** Lindeiro dunha leira. **3.** Lousa situada no beirado de casas, hórreos, *paneras* etc. **4.** Cada unha das pedras do cume dunha parede (Serandías). **5.** Lousa lisa que está nos vértices da parte de enriba dos lousados (Grandas de Salime). **6.** Pedra que se pon enriba dos muros dun *cortín*. **7.** Bordo inferior e exterior que circunda toda a parte central dunha caldeira. // **Á beira de.** Xunto a, ao lado de. // ***Asta* as beiras.** Cerca, de cheo. // **Beira del mar.** Costa. // **Chegar a beiras.** Preto do bordo, levado até o extremo ou límite dunha cousa (Seares). // **Coller beiras.** Limpar as beiras dun camiño, un carreiro etc.
beirado. s. m. Parte inferior do lousado de casas, hórreos etc., que sae fóra da parede e serve para desviar a auga da chuvia.
beirar. v. Poñer un beirado a un hórreo (Vilanova de Ozcos).
beiría. V. beira 7ª acep.
beiriado. V. beirado (Castropol).
beiril. s. m. Pasadizo que existe entre as casas que están feitas por enriba do camiño (Argul).
beiro. V. abeiro 4ª acep.
beita* → baeta.
beizo. s. m. Cada unha das dúas partes carnosas externas da boca, especialmente do cocho, burro ou cabalo. **2.** adx. Aplícase á persoa que lle sobresae a mandíbula inferior. **3.** Por extensión, fociño dun animal (Tapia de Casarego, Villaión). **4.** Labio dunha persoa (Abres, Boal). **5.** Labio groso. **6.** Labio dun peixe (Ortigueira). **7.** Labio inferior dun animal (Allande).
beizudo, -a. adx. Dise do que ten os beizos grosos.
beleco. s. m. Pataca pequena (Castropol). **2.** Castaña baleira (Boal).
belén. s. m. Nacemento en miniatura que representa o de Cristo. **2.** Lea, confusión; batán 2ª acep.
belizcar. v. Apertar entre os dedos unha porción de pel, de carne ou de calquera outra cousa.
belizco. V. belizcón.
belizcón. s. m. Acción e efecto de *belizcar*.
bella. s. f. Restos de palla, espigas e grans sen debullar que quedan dos cereais despois de cribalos (Coaña).
béllaro. s. m. Pataca pequena e de pouca calidade (El Franco).
belleco. s. m. Quinto dedo da man (Os Ozcos).
belleira. V. herba abelleira.
bellote. s. m. Listón de madeira disposto de xeito horizontal que server para soster os cristais das ventás.
bellotín. V. ovo 3ª acep.
béltrago. s. m. Roupa vella e desfeita (Santalla de Ozcos).
beluga* → baluga.
beluga* → abeluga.
ben[1]. s. m. (pl. bes). Patrimonio, facenda.
ben[2]. adv. Como é debido (*Fíxolo ben*). **2.** Moito, moi (*Tábache ben guapo*). **3.** Moitos ou cantidade considerable de algo (*Na serra había ben lobos*). **4.** De xeito fácil (*Amañouse ben*). **5.** conx. Equivale a ou. // **A (de) ben.** Expresión que se pode utilizar con varios verbos como estar, ter etc., e que indica relacións amigables entre persoas (*Tá a ben xa coa súa sogra*, *Tar a ben con todos*). // **Ben abondo.** Suficiente de máis. // **Ben *bon*.** Moi bo. // **Ben de.** Moito (*Había ben de xente*, *Ben de veces dixo aquelo*). // **Ben del.** Moito (*Comín ben del*). // **Ben malo.**

Moi malo. // **Ben sei que.** Expresa dúbida, penso que. // **Fai ben e (i) non mires a quen.** Refrán que mostra que se debe facer o ben de xeito desinteresado (Santiso de Abres, El Franco). // **Fai ben *sin* mirar a quen.** V. Fai ben e non mires a quen. // **Meu ben.** Expresión que indica cariño cara a unha persoa, normalmente referido aos fillos. // ***Mui* ben (de).** Cantidade considerable de algo ou un bo número de elementos (*Comín mui ben castañas*), (Eilao). // ***Muito* de ben.** De acordo (*Con aquel vecín nun taban muito de ben*). // **Non (*nun*) é ben.** Referido a unha persoa, que non ten sensatez, xuízo (Taramundi). // **Non hai ben nin mal que cen anos dure.** Refrán con que se trata de consolar a quen padece unha desgraza, coa esperanza de que non é duradeira (Santiso de Abres); nun hai mal que cen anos dure. // **Por ben.** Con boa vontade, con boa intención. // ***Pra* ben ser.** Para ser como ten que ser. // ***Pra* ser ben.** Para que dea bo resultado unha cousa. // **Ser ben.** Ser conveniente (*Nun é ben*, *Nun sería ben abrir a porta?*). // **Ser home de ben.** Honrado, que compre coas súas obrigacións. // ***Tá* ben.** De acordo. // **Ter un a ben.** Estimar xusto ou conveniente, querer ou dignarse mandar ou facer algunha cousa (Boal). // **Ter ben de.** Ter moito (El Franco). // **Todo é ben, *nun* hai quen.** Refrán que indica que para facer as cousas ben hai que intentar non abarcar de máis, xa que se pensamos na cantidade é probable que perdamos en calidade. // **Todo *tá* ben, *condo sale* ben.** Refrán que se usa cando son favorables as cousas nun asunto, acción etc. // ***Tuven* dándolle al ben.** Repetido moitas veces (As Figueiras).

benaia! V. benaias.

benaias! interx. Indica compracencia, que che vaia ben.

bendición. s. f. (pl. bendiciois). Parte que se engade despois de pesar, contar ou medir algunha cousa que se vende como obsequio a un comprador. **2.** Rito ou fórmula litúrxica para demandar a protección divina ou para consagrar persoas ou cousas ao servizo de Deus.

bendicir. v. Invocar a protección de Deus con palabras e cerimonias rituais para algo determinado, como unha embarcación, unha capela etc.

bendito, -a. adx. Santo, que está bendicido. **2.** Inocente, simple, boa persoa.

beneiteiro. V. bieiteiro (Villaión, Coaña, Boal, Allande).

beneito. V. bieiteiro (Coaña, Navia, Boal, Villaión).

benestar. s. m. Comodidade.

benfalado, -a. adx. Educado.

benfeito, -a. adx. Aplícase á persoa ben proporcionada fisicamente. **2.** s. m. Obra boa.

bengala. s. f. Fogo de artificio que se utiliza como sinal de socorro marítimo.

benteiro. V. bieiteiro (Boal, Allande, Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).

berbequí. V. barbiquí.

berberecha. s. f. Órgano xenital feminino.

berberecho. V. carneirolo 1ª acep. (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira). // **Berberecho bravo.** V. carneirolo 2ª acep. (As Figueiras).

berbesa. s. f. Tipo de manta que leva adornos feitos con pequenas ataduras feitas voluntariamente ao tecela. **2.** Nó ou enredo de fíos de la cando se están fiando ou torcendo na parafusa (Os Ozcos).

berbiquí* → barbequí.

berbulla. s. f. Prominencia da pel que ten líquido por dentro, vexiga.

berbullada. s. f. Conxunto de *berbullas*.

berciano, -a. adx. Dise da persoa pouco intelixente (Allande).

bercio. s. m. Pequena cama para durmiren os nenos, feita de madeira e que se pode bambear. Ás veces está tallada nos cabezais con cruces, rosetas, radiais etc. // ***Nun* se lle entorna el *bercio*.** Ser libre. // **Volverse ás varas del *bercio*.** Actuar como un neno (Boal).

berencia (de). loc. Que valla algo (Coaña, Tapia de Casarego).

berestallo, -a. adx. Dise da persoa moi alta e desproporcionada (Coaña).

bergantín. s. m. Tipo de embarcación que facían os carpinteiros de ribeira, caracterizado por ter dous paus e velas cuadrangulares.

beriquixo. adx. Frouxo, débil. **2.** s. m. pl. Alimentos non axeitados que un neno caprichoso prefire para comer.

berlina (en). loc. De xeito apresurado, ás carreiras (Tapia de Casarego).

berlisca. s. f. Pasador dunha pechadura (San Martín de Ozcos).

berraco. adx. Dise cando un home está excitado sexualmente. **2.** Dise da persoa pequena. **3.** Dise da cousa que non vale moito, normalmente pequena.

bérrago. s. m. Vulto que forman no lombo do gando vacún as larvas de varios

animais parasitos como certos insectos dípteros que se desenvolven debaixo da pel e transmiten certas enfermidades. **2.** Por extensión, nome do parasito.

berrallón. adx. e s. (pl. berrallois). Alcume popular que se lles dá aos naturais de Santa Comba dos Coutos (Ibias).

berrar. v. Erguer a voz máis do normal. **2.** Chamar. **3.** Chorar moito un neno. **4.** Dar bramidos os animais, como a vaca (El Franco, Navia). **5.** Erguer a voz como sinal de alegría; escougar (Eilao). **6.** Reprender, rifar (Coaña). **7.** Emitir sons certos animais, como a ovella, o corvo, a raposa etc. **8.** Cantar mal. // **Facer un frío que berra el *demonio*.** Facer moito frío (Allande).

berrida. s. f. Berro.

berrido. s. m. Berro.

bérrigo. V. bérrago 1ª acep. (Boal).

berro. s. m. Voz emitida con moita forza. // **Pegar un berro.** Dar unha voz con moita forza.

berrón, -a, -úa, -oa. adx. Aplícase á persoa que dá moitas voces. **2.** Dise da persoa que fala moi alto. **3.** Aplícase ao neno que chora moito.

berrona. s. f. Vasilla tapada cun cacho de odre, suxeito cun *breimante* e axudado por un pau para facer ruído e que funciona como un instrumento musical (Tapia de Casarego).

berruelo, -a. adx. Dise do animal que está en celo, especialmente o cocho.

bertón. s. m. (pl. bertois). Gromo da col.

berxel. V. borxel (Boal).

berxón. V. brexón.

berzo. V. bercio.

berulla. V. barbulla 2ª acep.

besa. s. f. Verme que transforma en po a parte exterior da carne salgada; badesa. **2.** Larva xa nacida que pon na carne morta unha mosca de tamaño grande de color agrisada. **3.** Verme do queixo (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos).

besouco. s. m. Cuarto enxame que sae nun ano dun trobo (Boal).

besta. V. bestia (Os Ozcos, Taramundi). // ***Rapía* das bestas.** V. rapía.

bestia. s. f. Animal doméstico de carga como o cabalo, a egua, a mula ou o macho. **2.** Persoa bruta e ignorante. // **Bestia vella non entra en paso.** Cando unha persoa é vella xa non cambia (Taramundi). // **De burra *abaxo*, *nun* hai bestia.** Nada hai peor que a ignorancia.
Obs. Trátase dun castelanismo.

bestieiro. s. m. Tratante de *bestias* (bestas).
Obs. Trátase dun castelanismo.

bestio. V. bestia 1ª acep. (Eilao).
Obs. Trátase dun castelanismo.

bestío. V. bestia 1ª acep. (Os Ozcos).
Obs. Trátase dun castelanismo.

bestrego. V. viorto (Coaña, Tapia de Casarego).

bestreguada. s. f. Golpe que se dá cun pau.

besugo. adx. e s. Alcume popular que lles dan os de Boal aos de Navia. **2.** V. pesugo. **3.** s. m. Peixe osteíctio, perciforme, da familia dos espáridos, de forma alongada e de tamaño pequeno, cunha mancha negra cerca das aletas peitorais e coloración vermella ou rosada (*Pagellus centrodontus*). **4.** V. pancho picudo 1ª acep. (El Franco).
Obs. Trátase dun castelanismo.

besuguete. s. m. Ollomol novo (Tapia de Casarego).
Obs. Trátase dun castelanismo.

beteiro, -a. adx. Dise da árbore ou leira que dá froito algún ano e outros non (Os Ozcos). **2.** Aplícase á persoa inconstante, cambiante (Os Ozcos).

bétigo. s. m. Roupa vella (*Levaba un bétigo de chaqueta que nun valía nada*), (San Martín de Ozcos).

betume. s. m. Mestura de alcatrán, sebo, pez e outros ingredientes con que se conserva o fondo das embarcacións e se forman pavimentos. **2.** Calquera substancia negra e pegañenta.

bexeira. V. herba abelleira.

bezo. V. beizo 7ª acep. (Allande).

bianteiro. V. bieiteiro (Os Coutos).

bibirimbón. s. m. Licor feito cunha determinada clase de figos (Os Coutos).

bica. s. f. Parte da xarra por onde se bebe. **2.** Torta de millo que se cocía entre dúas follas de verza no braseiro da boca do forno (Abres). **3.** Peza semiesférica, oca e de certo grosor, cunha asa ou dúas aos lados, que se usaba como forno móbil para tapar a masa de pan.

bicada. s. f. Comida que leva un paxaro no bico para alimentar as súas crías. **2.** Parte boa dunha cousa da que un se apropia con pouco esforzo. **3.** Sorte, aspecto cómodo ou lucrativo conseguido por favores ou relacións de interese (*Nun me tocará a min esa bicada*). **4.** Conxunto de materiais que leva un paxaro no bico para facer o niño (Abres).

bicado, -a. adx. Dise do cabalo ou egua cunha mancha branca no fociño (Boal). **2.** s. m. Cacho pequeno de comida.

bicar. v. Tocar cos beizos; chuchar. **2.** Probar algo.

bicarbonato. s. m. Sal de sodio que se emprega para favorecer a dixestión.

bice* → bicicleta.

bicha. s. f. Nome indeterminado que se dá a certos animais como vermes, insectos etc. (A Veiga).

bicha, bicha! interx. Voz da *bichachá*.

bichachá. s. f. Ave paseriforme da familia dos muscicápidos, duns trece centímetros de lonxitude, con peteiro curto, cabeza redondeada coa fronte algo saínte, cola breve e tarsos longos e finos. O macho ten a cabeza negra, o peito pardo vermello e unha mancha branca no pescozo, o dorso escuro e as partes inferiores de color castaña. A femia é apardazada (*Saxicola torquata*).

bichacho. V. bichachá (Tapia de Casarego).

bichado, -a. V. abichado.

bichallo. s. m. Becho pequeno.

bicharraco, -a. s. m. e f. Pequeno animal como un insecto. **2.** Animal grande. **3.** adx. Dise da persoa mala.

bicheiro. s. m. Varal para atracar ou desatracar unha embarcación.

bichería. s. m. Conxunto de animais domésticos de tamaño máis pequeno.

bicherío. s. m. Conxunto de animais ou de bichos.

bichín. s. m. (pl. bichíos). Diminutivo de bicho.

bichiría* → bichería.

bicho. s. m. Animal en xeral. **2.** Animal pequeno en xeral. **3.** Animal doméstico pequeno. **4.** Ás veces pódese referir a un animal fantástico. **5.** Parte incompleta dun arco da vella (Castropol, Coaña). **6.** Molusco bivalvo, eulamelibranquio da familia dos teredínidos, de corpo alongado e cuncha con dúas aletas pequenas que lle serven para furar a madeira (*Teredo navalis*). **7.** Órgano xenital masculino (Boal). **8.** Cancro (A Veiga). **9.** Persoa revoltosa. // **A bicho que *nun* conozas, *nun* lle pises a cola.** Refrán que recomenda a prudencia diante de situacións ou persoas descoñecidas. // **Bicho pequeno, cuanto más pequeno más rabiado.** Dito que se usa para indicar que os animais de pequeno tamaño adoitan ser de peor carácter. // ***Probe* del bicho que entre na boca doutro.** Refrán que alude figuradamente a cando alguén abusa da súa forza ou do seu poder.

bicicleta. s. f. Vehículo de dúas rodas movidas por pedais. Era frecuente que se fixesen de madeira como xoguete para os nenos.

bicicreta* → bicicleta.

bico. s. m. Chucho. **2.** Expresión dos labios que fai un bebé antes de chorar. **3.** Fociño dun animal doméstico (Abres). **4.** Parte máis alta dun monte, montaña ou serra, pico (Taramundi). **5.** Boca dun peixe (As Figueiras). // **Poñer el bico.** Poñerse a chorar unha persoa.

bicoca. s. f. Cousa doada de conseguir.

bicornar. V. abicornar 1ª acep.

bidoira. V. bidueira.

bidón. s. m. Recipiente metálico ou de plástico para levar ou envasar líquidos ou semisólidos. **2.** Xarro para o leite. **3.** Ola de cobre que se colgaba da gramalleira.

bidra. s. f. Correa para guiar ou suxeitar un cabalo; brida.

bidrueira. V. bidueira (Eilao, Castropol).

bidueira. s. f. Árbore da familia das betuláceas, de porte elegante, que alcanza os dez ou quince metros de altura, aínda que de xeito excepcional pode chegar aos trinta. Caracterízase polo seu tronco de cortiza moi branca ou pardo verdeal ou tirando a vermella cando son exemplares vellos. As ramas son delgadas cando son novas e están cubertas de pequenas verrugas. As follas son triangulares, agudas e cos bordos serrados. A súa madeira é branca e medianamente dura, usada para facer apeiros de labranza, zocos, eixes, galochas etc., e a súa casca enrolada utilizábase para facer teas (*Betula sp.*). **2.** Madeira desta árbore.

bidueiral. s. m. Lugar onde abundan os bidueiros (Taramundi).

bidueiro. V. bidueira (El Franco, Vilanova de Ozcos).

bidul. V. bidueira (Pezós, Eilao, Allande).

biduleira. V. bidueira (Eilao).

bidulía. s. f. Bidueiro pequeno.

bidur. s. f. V. bidueira (Boal, Eilao, Villaión).

bidureira. V. bidueira (Boal, Tapia de Casarego, El Franco, Coaña, Eilao, Villaión).

bidureiro. V. bidueira (El Franco).

biduro. V. bidueira 1ª acep. (Castropol, Tapia de Casarego, El Franco). **2.** V. bidueira 2ª acep. (Tapia de Casarego).

bieita. s. f. Inflamación aguda e circunscrita do aparato pilosebáceo da pel. **2.** Gran moi grande e maligno que sae na pel, que antigamente se curaba con chichos (Os Ozcos, A Veiga). **3.** Gran na pel de tamaño pequeno e cheo de auga (Seares).

bieiteiro. s. m. Arbusto ou pequena árbore da familia das caprifoliáceas, de tronco con moitas ramas de medula branca, follas dentadas de color verde escura e flores brancas e aromáticas e froito de

color negra. A súa madeira utilízase en *tornería*. As follas, flores e a cortiza teñen propiedades medicinais (especialmente contra as hemorroides) e tamén se relaciona con varias tradicións como a da noite de San Xoán cando se poñen as súas ramas e flores para que o Santo as bendiga nos laterais de portas e ventás ou se pinta sobre elas unha cruz para que non entren as bruxas (*Sambucus nigra*).

bierzo. V. bercio (Navia).

bígara. V. bígaro (*Nassa reticulata*), (Tapia de Casarego).

bigardo. s. m. Persoa ou relixioso de vida relaxada (Allande). **2.** Rapaz alto en comparación coa a súa idade.

bigareiro. V. lampareiro 2ª acep. (El Franco).

bígaro. s. m. Nome común que se aplica a algunhas especies de moluscos mariños gasterópodos pertencentes a varias familias. Teñen un tamaño que non supera os tres centímetros, con cuncha basta e estriada, normalmente de color verde, gris ou parda. O interior da cuncha varía de branco a pardo. Entre as varias especies existentes no Eo-Navia temos o *Littorina littorea*, *Littorina littoralis*, *Littorina neritoides*, *Monodonta lineata*, *Nassa reticulata*, *Gibbula cineraria* ou o *Gibbula umbilicalis*. **2.** V. ermitaño 3ª e 4ª acep. (As Figueiras). // **Bígaro branco.** V. bígaro (*Monodonta lineata*), (As Figueiras). // **Bígaro negro.** V. bígaro (*Littorina littoralis*), (As Figueiras).

bigorna. V. bigornia.

bigornia. s. f. Peza de ferro, en forma de zafra pequena, onde se baten os metais, solas dos zapatos etc.

bigote. s. m. Porción de pelo que se deixa medrar por encima do beizo superior. // **A muller con bigote *nun* ten falta de dote.** Refrán que fai referencia ás mulleres autoritarias.

bigotón. s. m. (pl. bigotois). Bigote grande.

bigotudo, -a. adx. Dise da persoa con moito bigote.

bilabán. s. m. No xogo da billarda, pedra das dúas onde se pousa esta.

bilango. V. bixato 1ª e 2ª acep. (Tapia de Casarego).

bilda. V. bildra.

bildra. s. f. *Garabato* con moitos dentes que se utiliza para traballar coa grava nos pavimentos e camiños.

biligo. V. embeligo 1ª e 2ª acep. (Os Coutos).

bilis. s. m. Líquido amargo segregado polo fígado, de color entre verde e amarela.

Obs. Trátase dun castelanismo.

billarda. s. f. Xogo de dous paus, un grande e outro máis pequeno, que se lanza ao aire golpeándoo co primeiro e o que o lance máis lonxe gaña. **2.** Pau curto que se emprega no xogo da billarda.

billardín. s. m. Xogo con dous equipos que teñen un pau longo e outro máis pequeno (*billardín*) para metelo no furado do equipo contrario. **2.** Pau curto que se utiliza no xogo do *billardín*.

billoricio. s. m. Cousa pequena, que non medrou, como unha castaña, unha pataca, un gran de trigo etc. (Coaña).

bilto. s. m. Nas viñas, gromo novo que mide dez ou quince centímetros.

bin. s. m. Prenda de vestir feita de tea rústica e grosa de liño (Negueira de Muñiz).

bincha. V. bígaro (*Littorina littorea*), (Tapia de Casarego).

binganaria. s. f. Viga delgada e recta, duns oito metros de longo, que leva nos extremos senllos ferros e que forman parte do mecanismo para erguer os barquíns nas ferrerías.

binoca. V. mioca (Boal, A Veiga, El Franco, Tapia de Casarego). **2.** Órgano xenital masculino.

binocada. V. binocrada (El Franco).

binocra. V. mioca (As Figueiras).

binocrada. s. f. Conxunto de miocas que se utilizan como engado para a pesca da barbada (As Figueiras).

binta. s. f. Mancha branca nun ollo (Castropol).

binteiro. V. bieiteiro (Boal, Os Ozcos, Castropol, Tapia de Casarego, El Franco, Eilao, Ibias, Grandas de Salime, A Veiga, Allande).

biñal. s. m. Tendal para redes (Ortigueira).

biñoca. V. mioca (Tapia de Casarego).

biñocada. V. binocrada (Tapia de Casarego).

bioco. s. m. Trato cariñoso, agarimo; mioco, remilgo. **2.** Delicadeza ao falar e nos xestos. // **Ter *bioco*.** Presumir.

biocoso, -a. adx. Que ten unha actitude caprichosa.

bira. s. f. Soro do leite (Eilao, Boal, Tapia de Casarego, Allande, Villaión). **2.** V. recatón.

birbiquí. s. m. Órgano xenital masculino. **2.** Órgano xenital do cocho. **3.** V. barbiquí (Allande).

birbirichiña. s. f. Órgano xenital feminino (Castropol).

bircha. V. billarda 2ª acep.

birimbao. V. trompa.

biriquixo. adx. Dise da persoa con pouca personalidade (Seares); beriquixo 1ª acep.
birirxonia. s. f. Parvada (Eilao).
biristallo. adx. Dise do home novo que é folgazán. **2.** Aplícase ao home delgado e moi alto; vergallo 4ª acep. **3.** Dise do home mal vestido.
birlar. v. Quitar. **2.** Roubar.
birliar. v. No xogo dos *bólos*, tirar un xogador a bóla por segunda vez.
birllar. V. birlar.
birllo. V. birlo.
birlo. s. m. Pau pequeno do xogo da billarda. **2.** Pequena bóla feita de toxo ou uz ou peza alongada de madeira para tumbar os birlos nunha tirada. **3.** *Bólo* do xogo dos birlos (Abres, Vilanova de Ozcos).
birlos. s. m. pl. Modalidade do xogo dos *bólos* que se practicaba nos concellos de Taramundi, dos Ozcos e nalgunhas localidades de Boal, Castropol e A Veiga.
birllos. V. birlos.
birollo, -a. adx. Dise da persoa que ten os ollos tortos.
birolo, -a. V. birollo.
birrueira. V. burrueira 2ª acep. (San Martín de Ozcos).
birulillas. adx. Dise do home que se mete en cousas de mulleres (A Veiga). // **De birulillas.** Expresión que se utiliza cando un home se mete en cousas de mulleres (Seares).
bis, bis! interx. Voz que se emprega para chamar os gatos.
bisagra. s. f. Peza de ferro articulada que enlaza as follas das portas, ventás ou outros obxectos cos seus marcos. **2.** Articulación do corpo humano. // ***Tar* mal das bisagras.** Ser un folgazán.
bisagreiro. s. m. Ferreiro que fai bisagras.
bisaraña. s. f. Alegría, viveza (Eilao). **2.** Xesto. **3.** Distracción, falta de atención.
bisavol, -a. V. bisavolo.
bisavolo, -a. s. m. e f. Pai ou mai dos avós.
biscanto. s. m. Nunha parede, pedra que se apoia sobre outras dúas (El Franco).
biscardo. s. m. Peixe osteíctio cipriniforme, da familia dos ciprínidos, duns nove centímetros de lonxitude, co corpo alongado, cabeza relativamente grosa e fociño algo redondeado (*Phoxinus phoxinus*). **2.** Por extensión, cría dalgúns peixes. **3.** adx. Pillabán, pícaro. **4.** Animal ou cousa pequena (Tapia de Casarego). **5.** Neno pequeno e listo.
bisco. V. beizo 6ª acep. (Tapia de Casarego).
bisel. s. m. Na navalla, bordo cortado oblicuamente; chafrán 3ª acep.
biselado. s. m. Acción de facer un bordo oblicuo sobre unha prancha de ferro ou aceiro.
bisesto, -a. adx. Dise do ano con 366 días, no que o mes de febreiro conta con vinte e nove días, cousa que ocorre cada catro anos (San Martín de Ozcos, Taramundi).
bisigoña. s. f. Cousa rara, irreal, fantasiosa. // **Fer bisigoñas.** Facer xestos coa cara (Boal).
bisma. s. f. Cataplasma.
bisneto, -a. s. m. e f. Fillo do neto.
biso. s. m. Peza de roupa lixeira que se pon debaixo do vestido, da saia ou dos calzóns, axustada á cintura cun cordón e que pode ser de liño, fío ou *sarga*.
bisogro, -a. s. m. e f. Pai do sogro.
bisoño, -a. adx. Dise do que ten medo; medoso. **2.** Aplícase á cabalería que ten medo ou se asusta facilmente (Boal, El Franco). **3.** Dise da persoa que ten manías. **4.** Aplícase á persoa que está tola (Boal).
bisopo. V. hisopo 4ª acep. (Allande).
bisouño, -a. V. bisoño 4ª acep.
bispardo. s. m. Terceiro enxame que sae dun trobo (San Martín de Ozcos).
bispo. s. f. Peixe osteíctio da familia dos escorpénidos, de corpo comprimido e cabeza grande e forte, provista de longas prolongacións filiformes que continúan no dorso, que está percorrido por unha única aleta con raios espiñentos relacionados con glándulas velenosas. A boca é moi ancha e en posición oblicua, coa mandíbula inferior sobresaíndo da superior. O corpo está parcialmente cuberto de escamas e é de color rosada ou vermella con manchas escuras (*Scorpaena scrofa*). **2.** Peixe osteíctio da familia dos escorpénidos, que pode acadar os dezaoito centímetros de lonxitude, con cabeza moi espiñenta e escamas moi ásperas, ollos moi grandes case circulares, aletas con manchas negras e coloración marrón rosada a vermella (*Scorpaena ustulata*).
bispón. s. m. Especie de brocha que se facía cun pau e un cacho de pel de carneiro con la, envolto na punta, que servía para pintar, como con *galipote* (Abres).
bisté. s. m. Cacho de carne cortada fina para asar ou fritir.
bisueño*, -a → bisoño.
bita. s. f. Poste de madeira ou de ferro que serve para amarrar os cabos dunha

embarcación (Tapia de Casarego, El Franco, As Figueiras, Coaña).

bitácora. s. f. Caixa ou armario que leva o compás e outros obxectos dun barco, situada cerca do temón.

bitillón. adx. Aplícase cando as plantas teñen bo aspecto.

bitola. s. f. Pequena táboa para medir ou dividir as pezas que serran os serradores. **2.** Traza, pinta dunha persoa.

bitoque. s. m. Tipo de cravo que se usa para suxeitar a roda do carro.

bixar. v. Botar peidos que non fan ruído (San Martín de Ozcos).

bixarapada. s. f. Pequena cantidade de esterco que se colle cun gancho ou nas mans (A Veiga).

bixato. s. m. Ave falconiforme, da familia dos falcónidos, que mide uns sesenta centímetros de lonxitude e ten a plumaxe castaño vermella coa cabeza pálida (*Milvus milvus*), (Castropol). **2.** Ave falconiforme da familia dos falcónidos, de cabeza grande, ás anchas e bastante longas, peteiro mediano, dedos curtos con uñas curvadas e cola curta e ancha. É de color escura (*Buteo buteo*). **3.** Ás veces aplícase tamén esta palabra á ave falconiforme, da familia dos falcónidos, de cabeza máis ben grande, pescozo curto, ás longas e agudas e cola abondo longa. As patas teñen fortes dedos con gadoupas. Caracterízase por ter unha ampla bigote negro en forma de pera. A súa plumaxe é gris lousa nas partes superiores e branco con listas transversais negras nas inferiores. O seu voo é moi rápido (*Falco peregrinus*). **4.** V. azor 1ª e 2ª acep. // **Dar a *lengua* aos *bixatos*.** Falar mal e moito de alguén (As Figueiras).

bixín. s. m. Gas intestinal evacuado polo ano sen facer ruído.

bixo. s. m. Peido que non fai ruído (San Martín de Ozcos).

bixoto. V. bixato 1ª acep.

bixouco. s. m. Terceiro enxame que sae dun trobo (Allande).

bizarro, -a. adx. Gallardo, elegante.

bizcoito. s. m. Masa de fariña, ovos e azucre cocida ao forno. **2.** Pan sen fermento e cocido dúas veces para conservalo máis tempo.

bizneto, -a. V. bisneto.

blancal* → brancal.

blanco*, -a → branco.

blancura* → brancura.

blandeiro* → brandeiro 1ª acep.

blando*, -a → brando.

blandoiro* → brandeiro 1ª acep.

blanduco* → brando 2ª acep.

blanqueal* → branqueal.

blanquear* → branquiar.

blanquiar* → branquiar.

blaque. s. m. Pintura de color negra que se utiliza para protexer os cabos das embarcacións (Coaña); galipote.

blasfema. V. blasfemia.

blasfemar. v. Dicir expresións ofensivas contra Deus, símbolos relixiosos etc.

blasfemia. s. f. Expresión ofensiva contra Deus, algún símbolo relixioso etc.

blasfemo, -a. adx. O que di blasfemias.

blasta. s. f. Tira de ferro da roda do carro.

blincar* → brincar.

blinco* → brinco.

blinga. V. bringa.

blingueiro. s. m. Pau de abeleira de onde se sacan as *blingas* (Allande); bringueiro.

bloque. s. m. Cacho grande e compacto de calquera material. **2.** Ladrillo de formigón. **3.** Peza de fundición nos motores de explosión con paredes dobres para que circule entre elas a auga da refrixeración. // **Bloque de mar.** V. rumbo 2ª acep. (Tapia de Casarego).

bluma. V. bruma.

blusa. s. f. Peza de vestir, con mangas, que cobre a parte superior do corpo. Antigamente poñíase por enriba da camisola, sometida na saia, feita de percal, algodón ou liño, e era de colores variadas.

blusón. s. m. Peza de vestir, exterior e polo común solta, máis longa que a blusa.

bo! interx. Expresa dúbida, incredulidade, menosprezo, indiferenza, desinterese, desprezo.

bo-boro-bó! V. po-poro-pó!

boalense* → boalés.

boalés, -a. adx. e s. m. e f. Natural de Boal. **2.** Pertencente ou relativo ao concello de Boal.

bobo, -a. adx. Que ten pouca ou ningunha intelixencia. **2.** s. f. V. rilón 1ª acep. (As Figueiras).

boborobaina. adx. Bobo, parvo. // **Bo-borobaina!** V. po-poro-pó!

bobina. s. f. Cilindro para enrolar fío, corda, cinta etc.

boca. s. f. Abertura pola que comeza a actividade dixestiva, se toman os alimentos e onde están a lingua e os dentes. **2.** Entrada ou saída de algo. **3.** Abertura. **4.** Furado do bocoi que ten na parte de enriba. **5.** Abertura entre as dúas follas dunhas tesoiras. **6.** Parte do martelo coa que se golpea. **7.** Parte da galocha por onde se mete o pé. **8.**

Entrada dun forno (Abres, El Franco). **9.** Parte da canle do muíño por onde entra a auga (El Franco). **10.** Furado da *trilladora* por onde se meten os colmos. **11.** Persoa ou animal aos que se mantén. **12.** Parte final dunhas tenaces, onde se abren os dous brazos móbiles que as forman. **13.** Parte da canle dunha presa por onde entra a auga que servirá para facer funcionar un mazo, unha ferrería etc. (Os Ozcos). **14.** Abertura superior do *chifrón* dun mazo. **15.** Cada unha das dúas pezas que ten un torno de ferreiro, que se achegan ou separan cando se move o *fuso*. **16.** Abertura entre os dous *cornos* da folla dalgúns tipos de aixada. **17.** Cada unha das partes curvadas da cabeza dun tarabelo. **18.** Entrada dun porto. **19.** Abertura dunha nasa de pescar; bozo 2ª acep. **20.** Calquera furado ou rotura nunha rede de pesca (El Franco). **21.** Parte superior da cabeza da incre, que no mazo ten sección transversal en forma de curva aguzada e na ferrería é plana. // **Boca da presa.** V. boca 13ª acep. (Taramundi). // **Boca da ría.** Desembocadura. **2.** Entrada dunha ría. // **Boca que *ques*, barriga ten *mao*.** Expresión que se usa cando se ten fame e quen manda é o estómago. // **Cerrar a boca.** Calar (*Inda nun cerrei a boca*). // **En boca pechada *nun* entran moscas.** Refrán que recomenda utilizar o silencio e a prudencia antes de opinar sobre un tema. // **Facer da boca *cul*.** Non cumprir a palabra dada. // ***Féxoselle* a boca *augua*.** Refrán que alude a algo que se desexa con moita intensidade, de xeito especial cando se trata de cousas de comer. // **Nel *camín* da boca, *naide* se equivoca.** Refrán que alude a que naquilo que sexa do interese persoal non cabe o descoido. // ***Nun* dar a boca *pra* máis.** Ser moi esaxerado. // **Ser de boa (*búa*) boca.** Comer de todo. // **Ter a boca como uha alpargata.** Ter a boca moi seca, con sede. // **Ter a boca grande.** Falar con desvergonza. // **Vir á boca.** Falar do que lle parece a alguén (*A xente dice lo que se lle vén á boca*).

bocaberta. adx. Aplícase á persoa sorprendida ou aparvada por algunha cousa (Eilao). **2.** Dise da persoa que non sabe gardar segredos.

bocacal. s. f. Canle naqueles muíños que tiñan dúas canles para desviar a auga que viña pola presa. Unha para a moenda do trigo e a outra para a do millo.

bocadín. s. m. Pequena cantidade de alimento que cabe dunha soa vez na boca. **2.** Espazo curto de tempo. **3.** Lugar pequeno. **4.** Cacho pequeno de comida.

bocado. s. m. Cantidade de alimento que cabe dunha vez na boca. **2.** Cacho de comida. **3.** Ferro que se atravesa na boca do cabalo ou do burro para que pare ao tirar das *bidras*. **4.** Espazo curto de tempo. **5.** Trabada. **6.** Feixe de leña que se utilizaba para atizar o lume nun caleiro. **7.** Cacho, porción dalgunha cousa (A Veiga). // **Bocado comido *nun* fai amigo.** Refrán que alude a que o egoísmo non cabe nunha verdadeira amizade (Tapia de Casarego). // **Ser un *bon* bocado.** Ser unha persoa que interesa por ser boa, ter diñeiro etc. (*Bonifacio é un bocado ben bon*).

bocal. s. m. Peza de madeira ou de corno que se pon á boca dunha bota de viño para enchela con facilidade e beber por el (Santalla de Ozcos).

bocalada. s. f. Cantidade de líquido que cabe dunha soa vez na boca ou se bota dela. **2.** Porción de fume que se bota ou aspira cando se fuma. **3.** Mala palabra, xuramento (*Tá dando as bocaladas*), (Santalla de Ozcos).

bocalán, -a. V. bocalón 1ª acep.

bocalón, -úa, -oa. adx. Aplícase á persoa que fala máis do que debe; bocón. **2.** Malfalado. **3.** Fantoche, persoa con pouca formalidade.

bocarte. s. m. Peixe osteíctio da familia dos engráulidos, de pequeno tamaño, co corpo alongado, máis ben cilíndrico e fociño prominente característico. Os dentes son diminutos e o corpo está recuberto de escamas alongadas. A coloración é escura, especialmente no dorso, onde predomina o azul, que diminúe nos lados e pasa a color prateada no ventre (*Engraulis encrasicholus*), (As Figueiras, Coaña, Tapia de Casarego, El Franco).

bocartín. s. m. Bocarte pequeno (Tapia de Casarego). **2.** Cría do bocarte (Tapia de Casarego).

bocaxarro (a). loc. De improviso.

bocazas. adx. Aplícase á persoa que fala de máis.

bóchega. V. bóchiga.

bochelada. s. f. Comida do Entroido con *bochelo*. **2.** Fartura, enchente. **3.** Tumor que se forma no ubre da vaca.

bochelo. V. botelo 1ª acep. **2.** Barriga, bandullo.

bóchiga. s. f. Vexiga que se forma na pel por efecto dunha rozadura, golpe, queimadura ou picadura dun insecto. **2.** Vexiga que lle sae ao cocho debaixo da

lingua e que non lle deixa comer. **3.** Acumulación de auga nun terreo que remata arrastrando a terra. **4.** Nunha persoa, vexiga que se forma na boca, afta.

bochinche. s. m. Caseto. **2.** Taberna sucia, pobre e normalmente pequena. **3.** Construción en ruínas.

bochorno. s. m. Calor moi forte e abafante. **2.** Aire quente do verán.

bocil. V. bocín (Allande).

bocín. s. m. Pescozo dunha botella onde ten a abertura (Villaión).

bocina. s. f. Aparato que emite sinais acústicos nun automóbil, embarcación etc.
Obs. Trátase dun castelanismo.

bocio. s. m. Inflamación da glándula tiroides, manifestada por un avultamento do papo.

bocoi. V. cuba. // ***Tar chen* como un bocoi.** Estar farto de comer. // ***Tar* feito un bocoi.** Estar gordo.

bocón, -úa. adx. Aplícase á persoa que fala de máis. **2.** Malfalado. **3.** s. m. V. bocoi. **4.** s. f. Boca grande.

bodega. s. f. Construción pequena, dunha planta, con lousado a dúas vertentes, que serve para gardar e conservar o viño. **2.** Parte da casa onde se garda o viño. **3.** Construción onde está o forno para cocer o pan (El Franco). **4.** Casa pequena e pobre onde vive o *bodegueiro*. **5.** No muíño, parte de baixo onde cae a auga. **6**. V. bodego 3ª acep. **7.** Almacén de bebidas. **8.** Parte baixa dunha casa que se utilizaba para facer cravos, navallas e coitelos (Taramundi). **9.** Construción de dimensións pequenas onde se instalaba unha forxa (Taramundi); forxa, bodego 3ª acep. **10.** V. chabola 3ª acep. **11.** Parte dunha embarcación, situada na parte inferior do casco, destinada a gardar os víveres, instrumentos, aparellos de pesca etc. // **Bodega de cocer.** Casa do forno. // **Bodega del forno.** Casa do forno.

bodego. s. m. Construción de pequenas dimensións, onde se gardaban os apeiros, a colleita etc., normalmente máis pequena que o cabanón ou a bodega. **2.** V. bodega 4ª acep. **3.** Construción auxiliar pequena, de mala calidade, onde se instalaban forxas ou cortes, ou mesmo podía servir de vivenda aos veciños de poucos recursos (Os Ozcos). **4.** Construción de pequenas dimensións que servía para gardar as galiñas e os galos (*El bodego das pitas*), (El Franco).

bodegueiro, -a. s. m. e f. Labrador que non tiña terras propias, pouco gando e polo tanto, araba e cultivaba as terras doutro con máis capital. **2.** Persoa que pedía esmola ou se mantiña con xornais. **3.** Persoa que coida a bodega dun barco. **4.** Pobre. **5.** Figuradamente, persoa que non ten habilidade para facer as cousas (Coaña).

bodeguía. s. f. Bodega pequena.

bodoeira. V. bidueira (Santalla de Ozcos).

bodoiro, -a. adx. Dise do que come moito (Allande). **2.** V. godoiro 2ª acep.

boe. (pl. boes). V. boi.

bofetón. s. m. (pl. bofetois). Golpe que se dá coa man aberta.
Obs. Trátase dun castelanismo.

boga[1]. s. f. Peza de ferro do mazo con forma de groso anel que remata nunha punta cónica onde encaixa e suxeita o mango na parte central con cuñas. // **Teta da *boga*.** Cada unha das dúas prolongacións diametralmente opostas que ten a *boga* dun mazo.

boga[2]. s. f. Peixe osteíctio da familia dos espáridos ou perciformes, de corpo máis ben cilíndrico e alongado, cunha soa aleta dorsal alongada e alta, unha anal curta e outra caudal abondo escotada, cos lóbulos iguais e agudos. As escamas son grandes e duras, a boca pequena e o fociño redondeado. A coloración varía entre dourado ou verdeal con irisacións características (*Boops boops*), (As Figueiras, Tapia de Casarego, Navia, Ortigueira, El Franco). // **Valer menos que uha *caxa* de bogas.** Non valer nada.

bogada. s. f. Proceso de lavar a roupa con cinza, xabón e auga quente co trobo de coar. **2.** Conxunto de pezas de roupa lavadas e tendidas ao sol. **3.** V. trobo 2ª acep.

bogadeiro. V. dala 1ª acep.

bogadoiro. V. dala 1ª acep.

bogador. s. m. Pescador de salmón con rede. **2.** Por extensión, pescador con rede nos ríos e rías.

bogar. v. Pescar o salmón. **2.** Por extensión, pescar con rede nun río ou nunha ría.

bogo. s. m. Arte de pesca de tiro, caracterizada por ter unha rede que pode medir de trinta a corenta metros, e que remata en forma de saco onde a pesca queda retida. Utilízase para a captura do salmón, a sardiña, o linguado, o muxe etc. (Abres, As Figueiras). **2.** Dereito a pescar o salmón con rede. **3.** Acción de pescar con rede nun río ou ría.

boi. s. m. Touro castrado que se utilizaba para transportar cargas pesadas ou para

traballos da casa. **2.** Faba branca con manchas granates. **3.** Touro sen castrar (*Levar a vaca ao boi*). **4.** V. toro[1] 2ª acep. (El Franco). // **A paso de boi.** De xeito lento. // **Boi de belén.** Persoa tranquila e con acougo. // **Boi de *muita* herba i home de *muita* verba, todo se volve merda.** Refrán que alude a que o boi que come moita herba e o home que ten moita labia non son recomendables. // **Boi de *muita* herba i home de *muita* verba, ambos cagan *muita* merda.** V. Boi de muita herba i home de muita verba, todo se volve merda (Eilao). // **Boi solto (*solo*), ben se *llambe*.** Refrán que alude a que unha persoa solteira non ten as ataduras do matrimonio. // **Boi vello, *anque* non are, *guarda* el rego.** V. Boi vello, si nun ara lleva el rego. // **(El) Boi vello, (*anque* non tire), *guarda* el rego.** V. Boi vello, si nun ara lleva el rego. // **Boi vello, *si nun* ara, *lleva* el rego.** Refrán que alude a quen fai ben unha actividade u oficio pola súa intelixencia e experiencia durante moito tempo ou serve para eloxiar as cousas vellas porque con frecuencia son máis útiles que as novas. // **Boi vello, *si nun* ara, *vei* polo rego.** V. Boi vello, si nun ara lleva el rego (Boal). // **Boi vello, *si nun* labra, *vei* polo rego.** V. Boi vello, si nun ara lleva el rego (Eilao). // **Boi vello, *si nun llabra, vei* polo rego.** V. Boi vello, si nun ara lleva el rego. // (**El) boi vello, *si nun* ara (tira), *guarda* el rego.** V. Boi vello, si nun ara lleva el rego. // **El que non ten bois, *llabra* antes ou despois.** Refrán que indica que estes animais sempre son precisos para os traballos agrarios. // **Pasar el carro antes que os bois.** Facer algo fóra do que se considera normal. **2.** Quedar embarazada unha muller antes de casar. // **Por *San Agustín*, deixa a mosca al boi i *veis* (*vais*) al *rocín*.** Por Santo Agostiño (28 de agosto) trabállase con cabalo e non co boi. // **Que me quite os bois!** Expresión que se usa cando non importa que unha persoa estea anoxada con nós. // ***Unde* irás boi, que *nun* ares.** Refrán que afirma que en calquera traballo hai dificultades que aturar, de xeito que non se pode escapar delas cambiando de oficio ou lugar. **2.** Aplícase a quen se ve obrigado a traballar onde vaia ou aquel que foxe dos problemas porque os atopa en calquera parte.

boia. s. f. Obxecto que flota na auga do mar, suxeito ao fondo cunha corda a algo que pesa e que serve para sinalar unha zona, un paso non doado etc.

boiante. adx. Dise da planta que medra moito (Tapia de Casarego).

boiarín. s. m. Boia pequena.

boicín. s. m. Boi pequeno.

boín. s. m. Boia pequena.

boina. s. f. Pucha redonda e sen viseira, normalmente dunha soa peza.

boizada. adx. Dise da vaca que anda ao boi.

boizallón, -úa. V. boizalón.

boizalón, -a. Aplícase á persoa simple e sen malicia.

boizón. s. m. Boi grande.

bola. s. f. Peza de masa de millo ou de trigo, de forma redonda, que se coce no forno; bolo 1ª acep.

bóla. s. f. Obxecto de forma redondeada ou oval, con diversos volumes, que se emprega nalgúns xogos. **2.** Por extensión, calquera obxecto de forma esférica. **3.** Xogo de nenos onde se empregan pequenas bólas que hai que meter nun furado que está no chan. **4.** Mentira. **5.** Pelota. **6.** Bíceps, músculo flexor do brazo. **7.** pl. Testículos. **8.** Grupo grande de peixes que saen á superficie por ser moitos (As Figueiras, Tapia de Casarego). **9.** Boia normalmente de cristal, que se utiliza para nasas, palangres, volantas etc. // **Bóla de china.** Bóla de cantería para xogar ás bólas. // **Bóla dos *bólos*.** Bóla que se usa no xogo dos *bólos* feita a man con brosa e navalla e con raíces de uz brancal. // **Bóla *queixa*.** No xogo dos *bólos*, a bóla que no lanzamento non pasa a primeira raia e que se considera nula. // **Bóla *queixada*.** Bóla *queixa*. // ***Nun* dar pé con bóla.** Equivocarse seguido.

bolada. s. f. Tirada no xogo dos *bólos*. **2.** Por extensión, número de *bólos* que se derruban nunha xogada. **3.** V. pampillo 1ª e 2ª acep. // **Bolada branca.** V. pampillo 2ª acep. (Tapia de Casarego). // **Bolada marela.** V. pampillo 1ª acep. (Tapia de Casarego).

bolado. s. m. Tabique de táboas verticais que normalmente separaba a sala dos cuartos de durmir nas casas tradicionais.

bolar. v. Encontrar ou dar cunha persoa ou unha cousa (*Bolou nun bon home, Unde bolache con Pedro?*). **2.** Mercar, adquirir, obter (*Bolou nuha bicicleta*). **3.** Quedar preñada (*As vacas nun bolaron*), (Castropol). **4.** Entrar no que está prohibido (*Bolou na terra el gado*). **5.** Acabar algo tarde (Tapia de Casarego). //

***Bolar* de mal.** Desamigarse, enfadarse con alguén. // ***Bolar* de noite.** Facerse de noite. // ***Bolar* reñidos.** Enfadarse (*Os irmaos bolaron reñidos*).

bolegar. V. buligar (Castropol).

boleira[1]. s. f. Lugar onde se xoga aos *bólos*.

boleira[2]. V. buleira 1ª e 2ª acep.

bolía. s. f. Diminutivo de bóla.

boliceiro. adx. Aplícase á persoa alegre no seu comportamento. **2.** s. m. Globo do ollo.

bolicha. V. bóla 1ª acep. **2.** Xogo de nenos con pequenas bólas, sendo o *gua* unha das súas variedades. **3.** Bóla pequena de cristal no pescozo das antigas botellas de gasosa, que ás veces se usaba para pescar furtivamente con bombas de carburo. **4.** Por extensión, botella de gasosa que tiña esta bóla.

bolichada. s. f. Paseo breve.

boliche. V. herba da maldición. **2.** V. bolicha 1ª, 3ª e 4ª acep. **3.** Arte de pesca con rede fina e pano rectangular que practica o arrastre e se utiliza para a captura de peixes pequenos, especialmente da sardiña (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira, Navia). **4.** V. bolichada.

boligar. V. buligar 1ª acep.

boligueiro. V. boliceiro 2ª acep. (A Veiga).

bolín. s. m. No xogo dos *bólos*, *bólo* pequeno que se poñía no *queixo* e que valía cinco ou dez puntos.

bolinche. V. boliche 3ª acep. (As Figueiras).

bolisma. V. bulisma.

bolla. s. f. Peza de masa de millo ou trigo con sangue de cocho, de forma redonda e pequena, que pode levar cebola, perexil, graxa, azucre ou canela e cócese en auga moito tempo (El Franco). **2.** V. bola.

bollegar. V. buligar 1ª acep.

bolligar. V. buligar 1ª acep.

bollín. s. m. (pl. bollíos). Diminutivo de *bollo* (Navia).

bollo. V. bolo.

bollón. s. m. Chuvia que cae de xeito violento nun espazo curto de tempo; ballón. // **De (a) *bollón*.** De xeito torrencial.

bolo. s. m. Masa de fariña, de forma redonda, que se coce no forno. **2.** Obxecto máis ou menos redondo. **3.** Peza esférica de manteiga. **4.** Pequena empanada en forma de bolo que normalmente leva dentro cebola, touciño e chourizo. // **Bolo (*bollo*) das ánimas.** Peza de pan que se daba aos pobres. // **Bolo de Pascua.** Bolo de trigo ou centeo, que levaba dentro *torreznos*, chourizo e cebola (San Martín de Ozcos). // **Bolo de San Pantaleón.** Bolo que se daba ao primeiro pobre que pasaba a pedir pola casa ou a un veciño da localidade que non amasase.

bólo. s. m. Peza de madeira, normalmente de érbedo, con forma de tronco de pirámide, aparecendo máis tarde outras formas como as que teñen cabeza redondeada. A base oscila entre vinte e oito e trinta milímetros e a súa altura é duns cento oitenta centímetros. Para que durasen máis cocíanse nunha caldeira con auga fervendo. A cifra deles no xogo varía entre un número de corenta e oito e cincuenta. **2.** Xeito de xogar aos *bólos* con seis ou oito xogadores. **3.** s. m. pl. Xogo que consiste en poñer varias pezas de madeira (*bólos*) sobre unha lousa e trazar varios espazos separados por raias. Normalmente é un conxunto de nove que se poñen facendo un círculo a uns cinco metros do tiro. Cada xogador debe tirar o maior número deles cunha bóla. O xogo comeza lanzándose unha moeda ao aire a cara ou cruz, sendo o máis corrente o xogo a trinta puntos. No Eo-Navia constátase este xogo nos concellos de Navia, Coaña, El Franco, Boal, Eilao, Tapia de Casarego, Ibias, Villaión, Allande e Taramundi. **4.** Banco pequeno de peixes (As Figueiras); manchía. // ***Bólo* rodado.** Xeito de xogar aos *bólos* nos concellos da Mariña eonaviega como Coaña e El Franco.

boloco. V. baloco.

bolsa. s. f. Saco pequeno de plástico, tea etc., que serve para gardar ou levar algo. **2.** No muíño, elemento cilíndrico de madeira de bidueiro ou de figueira, que se coloca na parte superior do furado do pé, para evitar a caída do gran. Ten un furado troncocónico que deixa pasar o varón e non impide o seu libre movemento. **3.** Corpo do polbo (As Figueiras). **4.** Parte do polbo ou da lura onde teñen a tinta. // **A bolsa e a porta *prós* amigos sempre aberta.** Refrán que indica que debemos ser hospitalarios e xenerosos cos amigos.

bolsín. s. m. Peto pequeno.

bolso. V. peto[1] 2ª acep.

bomba[1]. s. f. Explosivo. // **Mala bomba te aplane!** Maldición ou expresión que significa ameaza.

bomba[2]. s. f. Máquina para aspirar e eliminar líquidos.

bombiar. v. Extraer líquidos cunha bomba.

bombilla. s. f. Aparello de cristal que leva no seu interior un fío de tungsteno, platino ou carbono, que cando pasa a corrente eléctrica produce luz.

bombillo. s. m. Luz que se emprega pola noite para sinalar o final dun aparello de pesca.

bombo. s. m. Instrumento de percusión con tambor cilíndrico grande que se fai soar cun mazo. **2.** Tapa cilíndrica e grande de madeira que recobre as moas do muíño. **3.** Caixa cilíndrica ou esférica e xiratoria que serve para conter bólas numeradas ou outros obxectos que se sacan á sorte. **4.** V. tambor 3ª acep.

bombón. s. m. (pl. bombois). Doce pequeno recuberto de chocolate.

bon, boa, búa. (pl. bos, bois, bus, búos, boos, boas, búas). adx. Que ten utilidade. **2.** Útil, proveitoso. **3.** Curado, con saúde. **4.** Que ten bondade. **5.** s. m. No xogo dos *bólos*, tiro para desempatar, gañando o xogador que facía dos tres tiros os dous mellores. **6.** Que ten maldade (*Ser uha búa pécora, ser un bon peixe*). **7.** Grande. **8.** Fácil, sen complicacións. **9.** Dise do tempo, día, semana, mes, ano etc., nos que fai sol e non chove. **10.** Dise do mes, ano, estación etc., que foron favorables para as colleitas (*Foi un bon ano prás patacas*). // **Al *bon* fin.** Con boa intención (Tapia de Casarego). // ***Bon* bravío (de).** Variedade de castaña. // **De *bon nun* pela.** Ser mala persoa. // ***Dios* as *días búas*.** Forma de saúdo ou encontro que se utiliza cando se sementan patacas. // ***Dios lo día bon*.** Forma de saúdo ou encontro que se utiliza cando se sementa algo como trigo ou millo. // **Era boa (*búa*).** O que faltaba. // **Érache boa!** Expresa o desexo de que algo aconteza. // **Facer (*fer*) *bon* de.** Educar ben a alguén. // **Ir *bon* (*búa*).** Cansar de facer algo. **2.** Facer unha cousa moitas veces (*Vas bon de televisión*), (Tapia de Casarego). // ***Nun* facer (*fer*) *bon* del.** Non conseguir que unha persoa vaia polo bo camiño. // **Polas boas.** De xeito voluntario. // **Polo *bon* non te agaches, polo malo non te mates.** Refrán que alude ao tempo (Santiso de Abres). // **Que as haxa *búas*.** Forma de saúdo ou encontro cando se sementa algo. // **Que *lo* haxa *bon*.** Forma de saúdo ou encontro cando se sementa algo. // ***Tá* boa (*búa*) a navalla (que *nun* corta el queixo).** Que a situación non está ben. // ***Tar bon* de.** Ser fácil de (*Tar bon de anoxar*). // **Ter boa a cabeza.** Non estar ben. // **Vai *bon* (*búa*, boa).** Hai tempo. // **Vaiche (*veiche*) boa (*búa*, *bon*).** Que xa pasou hai tempo. **2.** De calquera xeito. // **Vaille *búa*.** Hai tempo.

bondá. s. f. Calidade das persoas que as impulsa a ser boas cos demais e facer o ben. // **A *bondá* quen a ten dala.** Refrán que indica que as persoas bondadosas obran en consecuencia.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

boniteira. s. f. Embarcación con motor que se utiliza para a pesca do bonito. **2.** Cada unha das varas da cacea.

bonito[1], -a. adx. Fermoso.

bonito[2]. s. m. Peixe osteíctio perciforme da familia dos escómbridos, de corpo fusiforme e alongado e cabeza cónica. A súa mandíbula inferior está algo retrasada respecto á superior. Ten dúas aletas dorsais alongadas e unha única anal. A súa coloración é azulada intensa, con tons negros na caluga e na base das aletas dorsais e sobre este fondo destacan no adulto unha serie de bandas estreitas. A parte ventral e as laterais inferiores son de color prateada case branca. A súa carne é moi apreciada (*Sarda sarda*). **2.** Peixe osteíctio, da familia dos escómbridos, da orde dos perciformes, semellante ao atún, pero de tamaño máis reducido. A súa carne é moi apreciada (*Germo alalunga*), (As Figueiras). **3.** V. albacora 3ª acep. (Ortigueira).

boqueado, -a. adx. Con boca ou cunha abertura.

boqueira. s. f. Entrada ou saída estreita dunha leira ou zona zarrada de monte. **2.** Abertura que se fai nun peche ou valado para poder entrar. **3.** Infección que ataca ás ovellas arredor da boca. **4.** Furado. **5.** Infección que ataca ás persoas nos beizos (Boal). **6.** Furado que queda cando se perden algúns dentes (Tapia de Casarego). **7.** Rotura grande nunha rede de pescar (Tapia de Casarego).

boqueiro. V. boqueira 2ª e 4ª acep.

boquexar. v. Falar baixo.

boquía. s. f. Boca.

boquil. s. m. Boca de madeira que se poñía á bota do viño. **2.** Embude formado por varios aros de madeira e rede nunha *limaqueira* por onde entran os peixes para comer o engado. **3.** No muíño, arco ou furado por onde sae a auga. **4.** Extremo da canle do muíño por onde baixa a auga para o rodicio, nivelándoa. Poden ser varios e de diferente diámetro segundo o muíño; tufo.

borbulla* → burbulla.

borceguí. s. m. Calzado que cobre o nocello (*nouguelo*), aberto por diante e atado con cordois (Navia).
borda. s. f. Parte do costado dunha embarcación por enriba da bancada.
bordel. V. bordelo.
bordello. V. bordelo.
bordelo. s. m. Segunda parella de bois que se emprega como reforzo para que axude no tiro e que se une á primeira cunha cadea.
bordiar. v. Escarvar os touros coa pata dianteira e bufar como ameaza (Boal).
bordo (a). loc. Estar dentro dunha embarcación.
bordón. s. m. Tubo groso e longo que na gaita produce un son continuado.
boriar. v. Correr facendo ruído, como un cabalo cando rincha. **2.** Meterse en asuntos alleos (Allande).
boril* → buril.
borla. s. f. Extremo dunha barra que remata en forma de media bóla.
bornizo. s. m. Primeira capa de cortiza que produce unha *sofreira*, que é dura e con grandes fendeduras.
borno, -a. adx. Oco, furado (San Martín de Ozcos).
borollo, -a. adx. Gordo (Coaña).
borona. s. f. Pan de fariña de millo, cunha coda moi grosa. **2.** En sentido figurado, montón pequeno de algo (El Franco).
boroña* → borona.
boroñón. adx. Dise do pan que leva pouca mestura de fariña con auga (Vilanova de Ozcos).
Obs. Trátase dun castelanismo.
borra. s. f. Residuos que quedan despois de prensar a cera dos trobos. **2.** Residuos que quedan despois de facer un café. **3.** Desperdicios que solta a la ao fiala. **4.** Restos de aceite que quedan despois de utilizalo. **5.** Residuos que quedan despois de ferver a cinza para obter lixivia. **6.** Restos de ferro e carbón que quedan no fogar da forxa. **7.** Restos que quedan despois de cocer a manteiga (Allande). // **Como borra.** Moito (*Aquí hai xente como borra*).
borracheira. s. f. Situación de trastorno á que se chega como resultado de beber con exceso; filomena, mamada, merluza, moña, talanqueira, tranca, trompa.
borracheiro, -a. V. borracho 1ª acep.
borrachera* → borracheira.
borrachete. adx. Borracho.
borrachín, -ía. adx. Diminutivo de borracho. **2.** (pl. borrachíos). V. alolico 1ª acep. (Coaña, Navia, Boal).
borrachino* → borrachín 2ª acep.
borracho, -a. adx. Que bebe en exceso. **2.** Trastornado polo alcohol. **3.** V. alolico 1ª acep. **4.** s. f. Rebanda de pan frita con ovo e mollada en viño (San Martín de Ozcos). // **A borracho fino, primeiro *augua* i *llougo vino*.** Refrán que alude a que a algúns borrachos non lles basta nin a auga nin o viño. // **Os borrachos i os nenos sempre *dicen* a *verdá*.** Refrán que alude á crenza que sempre din a verdade. // **Uha cousa pensa el borracho i outra el taberneiro.** Refrán que alude a que dúas persoas non son da mesma opinión.
borrachón, -úa. adx. O que se emborracha moito.
borrallo. s. m. Conxunto de brasas que quedan de algo que se queimou (Allande).
borranchón. s. m. Mancha de tinta que cae no papel no que se escribe. **2.** Borrón, garabato nun papel.
borrar. v. Quitar o cura o nome dunha persoa dunha lista que facía dos que se confesaban e comungaban. **2.** Facer desaparecer algo escrito ou pintado.
borrasca. s. f. Temporal, tempestade.
borrega. V. borrego 1ª acep. (Navia).
borrego. s. m. Montón de herba seca de pouco volume que o labrador facía nun prado para que á herba non lle caese o orballo da noite (Eilao, Boal). **2.** pl. V. brancor 2ª acep. (Tapia de Casarego).
borreira. s. f. Montón de terróns que se queimaban durante tres ou catro días nas denominadas searas de *torrón*; borroeira, borrón.
borricada* → burricada.
borrico*, -a → burrico.
borriquín* (al) → burriquín (al).
borroeira. V. borreira.
borrón. s. m. (pl. borrois). Conxunto de residuos produto dunha roza nun campo, que despois se queiman (Anlleo, Eilao); borreira, borroeira, barrueira. **2.** Mancha que se fai nun papel con tinta.
borronada. s. f. Conxunto de *borrois*.
borronar. V. abarruar 1ª acep.
borrueira. V. borreira.
bortel. s. m. Peneira con lenzo longo e estreito. **2.** Por extensión, peneira dalgúns muíños (Taramundi).
borteladora* → peneira.
bortelar. v. Cribar co bortel.
borteleiro. s. m. Persoa que facía ou vendía borteis.
bortelo. V. bortel.
borxel. s. m. Arte fixa de pesca, que ten tres mallas suxeitas ao chan por medio de pedras, para poder pescar troitas. //

***Borxel* á vara.** Variedade de *borxel*, na que as mallas se suxeitan pola parte superior a unha vara por onde a colle o pescador para arrastrala pola auga, á vez que camiña pola beira do río.

borxón. V. broxón 1ª acep. (Abres); broxón, brexón.

bota[1]. s. f. Calzado que cobre parte da perna ou o pé.

bota[2]. Recipiente de coiro, cosido por un lado, cun furado ou boca nun extremo por onde sae o viño. **2.** Tubo de madeira por onde baixa a auga que move a turbina dun muíño (Allande).

botada. s. f. Contido dunha bota de viño.

botado, -a. adx. Sementado. **2.** Aplícase á persoa atrevida.

botadoira. s. m. Pau longo cunha punta de ferro de xeito cónico que empregan os pescadores para apoialo contra o fondo do río e impulsar as embarcacións, especialmente as chalanas.

botador. s. m. Instrumento de ferro que serve para introducir as cabezas dos cravos en algo, de xeito que estas non se vexan.

botadura. s. f. Acción e resultado de botar unha embarcación á auga (Tapia de Casarego, Castropol, Coaña, El Franco).

botalón. s. m. Pau longo que vai fóra dunha embarcación.

botar[1]. v. Facer saír a alguén dun sitio (*Botoulo da casa*). **2.** Expulsar (*Botáronlo da empresa*). **3.** Brotar algo nos seres vivos (*A planta non bota flores*). **4.** Poñer, colocar (*Boteille cemento al muro*, *Que botan na tele?*). **5.** Atribuír (*Botar a culpa*). **6.** Tirar por un lugar determinado ou irse (*Botou pra aló*). **7.** Sementar (*Botaron as patacas*). **8.** Perder (*A pota está botando por fóra*). **9.** Pechar (*Bota a chave*). **10.** Estar, durar, pasar un tempo (*Botou alí unhos días*). **11.** Calcular idade, prezo etc. *(Cuantos anos lle botas?*). **12.** Axudar (*Boteille uha mao*). **13.** Xogar (*Botou unha partida*). **14.** Atoparse ou atopar, dar con (*Botou coel vecín*, *botou nun tesouro*). **15.** Saltar sobre un (*Botáronselle encima*). **16.** Regar con auga os prados (Os Ozcos). **17.** Coller, mercar, adquirir, conseguir (*A ver si boto na carne*, *Botache un bon xato*). **18.** Anoitecer (*Botei de noite*). **19.** Meter, dar (*Pra botarme medo*). **20.** Impulsar unha embarcación coa *botadoira*. **21.** Dar, poñer, ofrecer (*Bótalle viño*). **22.** Cortexar (*Quixo botar con ela*). **23.** Tirar (*Botoulo fóra porque xa que nun lle servía*). **24.** Servir a comida (*Bótalle máis caldo*). **25.** Saír algo de si (*Botaba lume pola boca*). **26.** Facer, dar, reprender (*Botoulle un discurso*). **27.** Empregar un tempo en algo (*Botou varios días enfermo*). **28.** Coser (*Bótalle us remendos*). **29.** Cadrar, coincidir (*Iba por alí, pro bótame a descomao*; *Bótame al revés*). **30.** Levar a vaca ao touro para que a cubra (*Botóuselle el toro mouro*). **31.** Poñer na auga unha embarcación. **32.** Lanzar ao mar un aparello para pescar; largar 9ª acep. // **Bota pra aló!** Marcha! Vaite! // **Bótalle unha area de sal.** Dise cando se perde algo entre xente de pouco fiar. // **Botar a (uha, unha) *mao*.** Axudar. **2.** Coller. // **Botar a partida.** Facer o acto sexual. // **Botar andar.** Marchar (*Nun lle deixaba botar andar*), (Navia). // **Botar as cartas.** Predicir o futuro con elas. // **Botar as coradas.** Vomitar. // **Botar as *pallías*.** Nos xogos, sacar as pequenas pallas de diferente tamaño para saber o xogador que lle toca apandar. // **Botar as tripas.** Vomitar. // **Botar auga.** Mexar (Vilanova de Ozcos). // **Botar el *grao* no rego.** Sementar, normalmente millo. // **Botar en.** Procurar, conseguir. **2.** Poñer, descargar (*Botar en terra os pexes*). // **Botar en (na) cara.** Reprochar. // **Botar na roca.** Colocar a la na roca para poder fiala. // **Botar *pra* fóra.** Vomitar. // **Botar *su* el banco.** Poñer a alguén nun recanto. // **Botar tras.** Comezar a seguir (*Botáronse tras delos*). // **Botar uha flor (flores).** Louvar. // **Botar uha *mao*.** Axudar. // **Botarlle el ramo a uha cousa.** Rematala. // **Botarse a perder.** Destruír, estragarse. // **Botarse (de) mozo (moza).** Ter noivo (noiva). Obs. Trátase dun castelanismo. // **Botar(se) + a + infinitivo.** Perífrase verbal que expresa comezo (*Botouse a berrar*).

botar[2]. v. Dar botes.

botavara. s. f. Pau horizontal da *mesana* dunha embarcación.

bote[1]. s. m. Recipiente cilíndrico para meter algo.

bote[2]. s. m. Tipo de embarcación que fan os carpinteiros de ribeira, de pequeno tamaño, que navega a remos ou a vela. Hai de dous tipos, un que ten a proa e a popa iguais e redondas ou aquel no que a popa é aberta con forma cadrada; batel. // **Bote salvavidas.** Cada un dos botes ou lanchas que levan as embarcacións para usar en caso de naufraxio.

bote[3]. s. m. Salto que dá unha pelota no chan. **2.** Salto, brinco.

boteiro. s. m. Persoa que conduce un bote.

botella. s. f. Recipiente de cristal para conter líquidos normalmente.
botellada. s. f. Contido dunha botella. **2.** Conxunto de botellas cheas de auga (Allande).
botelladía. V. botellada.
botelleira. s. f. Lugar onde se colocan as botellas.
botello[1]. s. m. Botella pequena. **2.** Frasco pequeno de cristal (A Veiga).
botello[2]. V. botelo 1ª, 2ª e 3ª acep. // **Botar el *botello.*** Vomitar (Boal).
botelluada. V. botellada 1ª acep.
botelo. s. m. Embutido feito co bandullo do cocho cheo de carne e ósos picados (normalmente costelas) e adobado con pemento e allo. Ás veces pode levar ovos, fariña, touciño ou pan segundo os lugares. **2.** Por extensión, estómago do cocho ou dunha persoa. **3.** Parte do intestino groso do cocho co que se fai o tipo de embutido do mesmo nome, a morcilla etc.
botequeiro. s. m. Persoa que vai pescar cun bote (Tapia de Casarego).
botica. s. f. Lugar onde se venden e fan menciñas, farmacia.
boticario, -a. s. m. e f. Dono dunha botica. **2.** Persoa que prepara ou vende menciñas, farmacéutico.
botín. s. m. Zapato alto que chega a cubrir a parte inferior do pé.
botina. s. f. Calzado que pasaba algo da parte onde se une a perna co pé; zapato abotinado.
botixo. s. m. Recipiente de barro cunha asa e dous furados, un para beber e outro para botar a auga. **2.** V. botello[1]. **3.** Persoa pequena e gorda.
Obs. Trátase dun castelanismo.
boto. s. m. Coiro pequeno para botar viño ou ás veces para mazar o leite. **2.** V. toulía 3ª acep. (As Figueiras, Tapia de Casarego, Ortigueira).
botoada. s. f. Enfermidade do fígado no gando vacún (Allande).
botoeira. s. f. Abertura que se fai na roupa para que prenda un botón.
botón. s. m. (pl. botois). Peza pequena para abrochar ou adornar as pezas de vestir. **2.** Roda grande de madeira para subir a ouca cunha polea. **3.** Ventosa do polbo (As Figueiras).
botona. V. maragota.
botúa. V. maragota.
botueira. V. botoeira.
bou![1] interx. Expresa indiferenza, enfado, menosprezo etc.
bou[2]. s. m. Embarcación de pesca de gran tamaño (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira, Navia).
boubiscar. v. Falar sen dentes, cecear (San Martín de Ozcos).
bouca. V. boca.
boucía. s. f. Bouza pequena.
boun! interx. Expresa o son dun golpe ou dun ruído forte.
bourar. v. Pegar, golpear a alguén (Abres).
bourear. v. Armar barullo. **2.** Traballar duro en varias faenas.
bourel. s. m. Boia composta de moitas cortizas unidas, de varios tamaños que impiden que as redes vaian ao fondo e queden suspendidas na superficie do mar (As Figueiras, Ortigueira).
bourello. V. boureo 1ª acep.
boureo. s. m. Barullo, ruído, tumulto. **2.** Traballo, faena. **3.** Malleira, tunda.
bouriar. V. bourear 2ª acep.
bourión, -úa. adx. Dise da persoa que traballa duramente.
boutelo. V. botelo 1ª acep.
boutismo. s. m. Primeiro dos sacramentos da Igrexa cristiá.
boutizado, -a. adx. O que recibiu o bautismo.
boutizar. v. Poñer auga bendita aos nenos no bautizo.
boutizo. s. m. Acción de bautizar e festa que se fai despois.
bouza. s. f. Monte ou terreo incultos con moitos toxos, uces e xestas etc., normalmente vellos. // **Meter os *cais* na bouza.** Sementar discordia.
bouzallón, -úa. V. bouzalón (Boal).
bouzalón, -úa. adx. Dise da persoa sen malicia.
bouzón, -úa. s. m. e f. Bouza grande.
bóveda. s. f. Eco (Allande).
boviana. adx. Pertencente ou relativa á Serra da Bovia (Os Ozcos).
Obs. Trátase dun castelanismo.
boxa. s. f. *Pión* feito con madeira de buxo (Abres).
boxe. s. m. Arbusto perennifolio da familia das buxáceas, que alcanza un ou dous metros de altura ou máis. As follas son opostas e coriáceas, de color verde escura e verde amarela. As flores son pequenas e o froito é coriáceo, do tamaño dun garavanzo (*Buxus sempervirens*). **2.** Madeira deste arbusto.
boxo. V. boxe (Allande, Taramundi).
boza. s. f. Cada un dos extremos das cordas de amarre das redes (Boal). **2.** Cabo curto nunha embarcación que serve para amarrar algo.

bozo. s. m. Saco de tea ou obxecto metálico que se lle pon aos animais para que non utilicen a boca, como as vacas, os xatos ou os cans. **2.** Abertura dunha nasa de pescar (Tapia de Casarego); boca 19ª acep.

brabán. V. brabante.

brabante. s. m. Arado de ferro máis forte e grande que o de *vertedeira*, cun dobre sistema de pezas activas que poden voltear a terra á dereita ou á esquerda.

bracada (á). loc. Ao galope, con moita présa (Allande).

bracear. v. Mover os brazos. **2.** Facer forza, opoñer resistencia. **3.** Quitarlle coas mans aos bois ou aos cabalos os excrementos do corpo cando non son capaces de botalos fóra. **4.** Meterlle as mans na natura á vaca para que bote o xato cando está a piques de parir. **5.** Nadar con todo o corpo debaixo da auga excepto a cabeza. **6.** Tirar con forza dun fío de pescar cando picou un peixe (As Figueiras, Tapia de Casarego). **7.** Pescar luras (As Figueiras). **8.** V. palmear 2ª acep.

braceiro. s. m. Persoa que emprega as mans para traballar como xornaleiro.

bracete (de, del). loc. Collidos polo brazo.

braciar. V. bracear.

braga. s. m. Peza de roupa interior feminina que cobre o corpo á altura da cintura e non pasa das coxas. **2.** Parte baixa da barriga do cocho ou da vaca. **3.** Cabo que serve para desprazar as correas de arriar as embarcacións desde a auga ao peirao dos portos. **4.** Prenda interior masculina que antigamente ía desde a cintura até os xeonllos. // **El que *nun tá acostumbrado* a bragas *asta* as costuras lle fain *llagas*.** Refrán que indica que quen non está familiarizado con luxos non sabe aprecialos. **2.** Alude á repugnancia e dificultade de quen non está afeito a algunhas cousas nin ensinado para facelo e quéixase por iso. // **El que *nun tá* avezado a bragas, as costuras *fainlle* llagas.** V. El que nun tá acostumbrado a bragas asta as costuras lle fain llagas. // **Quen *nun tá acostumbrado* ás bragas, as costuras *fainlle llagas*.** V. El que nun tá acostumbrado a bragas asta as costuras lle fain llagas.

bragada. s. f. Bolsa que contén os pequenos ovos dun peixe (Tapia de Casarego); millas. **2.** V. calón 3ª acep. (Ortigueira).

bragado, -a. adx. Forte, valente. **2.** Dise da vaca coa barriga de diferente color ao resto do corpo (Taramundi).

bragueiro. s. m. Viga de madeira que axuda ás *madres* a sustentar a cámara do hórreo ou *panera* e situada máis cara a dentro (El Valledor). **2.** Aparello que serve para suxeitar as torceduras ou as hernias nas persoas ou nos animais. **3.** Faixa (Coaña, Allande).

bragueta. V. petrina. // **Bragueta aberta, *páxaro* morto.** Dito que alude a cando por descoido unha persoa ten a bragueta aberta sen decatarse.

bragueteiro, -a. adx. Aplícase á persoa viciosa.

bragueto. s. m. Home descoidado no seu aspecto (Allande).

braimante. V. breimante.

brallada. s. f. Temporada de pesca durante o verán para certas especies (Abres). **2.** Boa colleita de verán. **3.** Efecto de despexar o nubrado (Abres).

bramante. V. breimante.

bramar. v. Berrar unha persoa nun momento de ira. **2.** Anoxarse. **3.** Berrar certo tipo de animais, como a vaca. **4.** Facer moito ruído (*O caldo tá que brama*), (Abres). **5.** Romper a madeira de xeito fácil (El Franco). **6.** Facer ruído as ondas do mar; ruxir 4ª acep. **7.** Estar moi quente unha comida, bebida etc. **8.** Estar excitada sexualmente unha persoa. **9.** Estar moi quente na cabeza unha persoa. **10.** Estar quente algo, como un forno. **11.** Facer moito ruído a auga dun río. // **Bramar el alma.** Desexar algo con moita gaña (Castropol).

bramido. s. m. Berro do boi, vaca e outros animais. **2.** Berro alterado das persoas.

bramo. s. m. Berro (Negueira de Muñiz).

brancal. adx. Aplícase á cereixa grosa e de color branca rosada. **2.** De color branca. **3.** Dise de certas variedades vexetais, como de uz, xesta, toxo ou *sofreira*. **4.** De pel moi branca, especialmente na cara. **5.** Dise da vaca ou cabalo de color abrancazada.

brancazado, -a. adx. Que tira a branco; abrancazado.

branco, -a. adx. e s. Color que resulta da combinación de todas as colores do espectro solar. **2.** De color clara. **3.** Pálido, sen a súa color natural. **4.** s. f. Antiga cartilla militar que selaban ao rematar o servizo militar (El Franco). // **Branco como a falopa.** Como a neve. // **Branco del ollo.** A parte que rodea a pupila do ollo.

brancoiro. V. ardor 2ª acep. (Ortigueira).

brancor. V. brancura. **2.** Conxunto de burbullas moi pequenas en forma de po producidas por un vento forte sobre as ondas do mar.

brancura. s. f. Calidade de branco.

branda. s. f. Concavidade nunha superficie (Tapia de Casarego).

brandeiro. s. m. No muíño, caixón onde cae a fariña despois de moer o gran e que ás veces ten tapa. **2.** Nalgún muíño, caixón redondo que recobre as moas (San Martín de Ozcos); tambor 2ª acep., bombo 2ª acep.

brando, -a. adx. Suave, mol. **2.** Débil. **3.** Doado de comer. // **Quedar en brando.** Quedar débil, fofo (Ibias).

brandoiro. V. brandeiro 1ª acep.

brandueiro* → brandeiro 1ª acep.

branduello* → brandeiro 1ª acep.

branque. s. m. Roda de certo grosor e curva, de madeira ou ferro, que forma a proa dunha embarcación, como nun *chalano*.

branqueal. V. brancal 3ª acep. (Boal).

branquear. V. branquiar 1ª acep.

branquexar. V. branquiar 1ª acep.

branquia. s. f. Órgano respiratorio dos peixes e de moitos animais acuáticos.

branquiar. v. Poñer de color branca. **2.** Dar a unha parede unha capa de cal ou xeso. **3.** Facerse unha persoa elegante e fina. **4.** Volver algo á súa color orixinal (*A roupa branquiou al lavala*). **5.** Poñerse algo branco pola neve.

braña. s. f. Pasto de verán normalmente situado nun alto e en ladeira onde hai auga e prado. **2.** Serra. **3.** Conxunto de edificacións, cabanas e valados, situado en partes altas, que era utilizado no verán e abandonado en inverno, aínda que algunha braña co tempo convertiuse en aldea (Arandoxo). No Eo-Navia están presentes dun xeito especial nos concellos de Allande e Ibias.

brañego. adx. Natural da Fonsagrada. **2.** Pertencente ou relativo ao concello da Fonsagrada. **3.** V. brañeiro 1ª acep.

brañeiro. adx. Persoa que vive nunha braña. **2.** Referido á braña. **3.** Persoa que traballaba nunha explotación agraria ao servizo doutro labrador. **4.** Nos Ozcos, palabra con que se chamaba aos habitantes de Morlongo, A Penacova, A Brañanova, A Bovia e El Busquete. **5.** Persoa que antigamente coidaba o gando nunha braña os meses de verán (Os Ozcos).

brañela. s. f. Braña pequena.

brañella. V. brañela.

brasa. s. f. Cacho de leña ou carbón reducido a carbón ardente pola combustión.

braseira. s. f. Montón de brasas.

braseiro. s. m. Obxecto metálico que normalmente se poñía debaixo das mesas para quentar os pés. **2.** Conxunto de brasas e cinza que se arrastran co rodo até a boca do forno. **3.** adx. Relativo ao día de San *Bras* que é o tres de febreiro. **4.** Montón de brasas.

brasfema* → blasfemia.

brasfemo*, -a → blasfemo.

bravío, -a. adx. Salvaxe, fero. **2.** Inculto. **3.** Animal non domesticado. **4.** Dise da terra sen labrar. **5.** Aplícase a certos froitos como castañas ou mazás de árbores sen enxertar. **6.** Dise da carne de caza con sabor ou olor fortes. **7.** Aplícase ao sabor ou olor da carne de animal salvaxe. **8.** Dise do cheiro de animais salvaxes ou de persoas que non se lavan. // **Botar olor a bravío.** Cheirar a bravío. // **Cheirar a bravío.** Ulir mal. // **Saber (ulir) a bravío.** Saber ou ulir a carne fresca. // **Ulir a bravío.** Cheiro dos animais salvaxes.

bravo, -a. adx. Relativo aos animais, salvaxe. **2.** Aplicado a superficies, áspero, sen pulir. **3.** Dise do mar alborotado. **4.** Aplícase ao monte sen cultivar. **5.** Dise da terra de labor abandonada, sen cultivar. **6.** Valente, intrépido. **7.** Dise da planta ou árbore silvestres. **8.** s. m. Lugar onde hai moitas rochas debaixo do mar. **9.** Dise do forno moi quente (Allande). **10.** Dise dun tipo de variedade de castaña. // **De bravo.** Sen cultivar.

bravucón, -a. adx. Valente só en aparencia.

bravura. s. f. Ferida con comechón intensa nas comisuras da boca. **2.** Por extensión, ferida con comechón intensa e dolorosa que aparece noutras partes do corpo normalmente polo contacto con algo velenoso. **3.** Calidade de bravo.

braza. s. f. Medida de lonxitude de brazo a brazo para medir cordas, redes, paredes etc. **2.** Medida de lonxitude que equivale a 1,6718 metros ou dúas varas utilizada normalmente para medir a profundidade do mar, que é a extensión dos dous brazos dun home abertos en cruz.

brazada. s. f. Movemento que se fai cos brazos. **2.** Cantidade que se pode coller ou soster entre os brazos.

brazado. V. brazada 2ª acep. // **A brazados.** Moitos.

brazo. s. m. Membro do corpo que vai desde o ombro á man. **2.** Parte dianteira

dos cuadrúpedes. **3.** Parte dalgún tipo de asento para descansar os brazos. **4.** Carne da parte dianteira do gando vacún. **5.** Pau que desde as pontes suxeita o *peine* do tear. **6.** Cada unha das partes da áncora que rematan en uña; uña 4ª acep. **7.** Cada unha das dúas metades da barra horizontal dunha balanza. **8.** Conxunto de *tálamos* e peles de uva que quedan despois de pisalos para facer viño (Eilao). // **Brazo (a).** Xeito de xogar aos *bólos* facendo xirar o corpo cara a atrás e co brazo estendido. // **Dar el brazo a torcer.** Ceder, renderse. // **Quedar a brazo perdido.** Quedar seguro dunha cousa. // **Ter *muito* brazo.** Ter moita influencia (San Martín de Ozcos).

brazola. s. f. Tubo da cheminea ou tubo de escape dunha embarcación, como a brazola do *guardacalor*.

brazolada. V. rendal (As Figueiras).

brea[1]. s. f. Líquido viscoso ou resina escura que se obtén da destilación da madeira, e que se emprega para fabricar pinturas ou protexer a madeira de embarcacións, carros etc.; galipote, galipota, blaque, piche, pichi.

brea[2]. s. f. Vento forte acompañado normalmente de chuvia, neve ou sarabia (Santalla de Ozcos, Ibias, San Martín de Ozcos, Allande).

brea* → obrea.

brear. v. Pegar, golpear (Abres).

brebaxe. s. f. Bebida normalmente composta de ingredientes desagradables ao padal.

breca. s. f. Peixe osteíctio perciforme, da familia dos espáridos, que mide uns sesenta centímetros de lonxitude, de color rosácea, que vive cerca da costa e con carne moi apreciada (*Pagellus erythrinus*), (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira). **2.** Breca nova.

brecar. v. Berrar de xeito ameazante os touros, as vacas etc. (Boal).

bregada. s. f. Esforzo e cansazo que produce determinado traballo; xeira.

bregar. v. Loitar contra traballos ou dificultades para superalos.

brégola. s. m. Chiste. **2.** Impertinencia.

bregoleiro, -a. adx. Que fai bromas. **2.** Que di chistes. **3.** Que louva moito, adulador (Coaña).

breimante. s. m. Corda delgada feita con material vexetal que se usa para atar os embutidos, repasar os sacos, coser as velas dunha embarcación, unir anzois etc.

brendal. V. brandeiro 1ª acep. (Oneta, San Martín de Ozcos).

breque. s. m. Agarimo, aloumiño, cariño (Coaña).

brete. s. m. Trato duro. **2.** Apuro.

brétima. s. f. Néboa (Vilanova de Ozcos, Santalla de Ozcos).

bretón, -a. adx. e s. m. e f. Natural da Bretaña. **2.** Pertencente ou relativo a este país. **3.** Pobo que se instalou polos séculos VI-VIII na Mariña Luguesa e no Eo-Navia, fundando a diocese de Britonia, con sé en Bretoña (Pastoriza). Hoxe en día aínda existen topónimos alusivos neste territorio, como o monte de Bretaña en Liñeiras (Santalla de Ozcos). **2.** Gromo da verza (Castropol).

breva. s. f. Cigarro puro de gran tamaño. **2.** Persoa de non moi boa conduta. **3.** Tipo de figo de tamaño superior ao normal, redondo e escuro, froito da *breveira*.

breveira. s. f. Árbore maior que a figueira e de follas máis grandes e verdes, que dá *brevas* ou figos de tamaño maior e de forma alongada (*Ficus sp.*), (A Veiga, Tapia de Casarego).

breviario. s. m. Libro que contén os rezos diarios dos cregos.

brexa. s. f. Tipo de rede de tres panos, semellante ao trasmallo pero máis pequena e máis fina, que se utiliza para coller peixes e algúns crustáceos cerca da costa.

brexo. V. brexón.

brexón. s. m. Toxo grande e forte; brexo, broxón, borxón.

brezna. s. f. Estela de calquera cousa que se crava na carne.

bribón, -úa. s. m. e adx. (pl. bribois). Pillabán.

bricio, -a. adx. Dise do vexetal ou planta cheos de vigor e frondosidade (*As hedras bricias*).

brida. s. f. Freo que serve para suxeitar ou guiar un cabalo; bidra.

brigada. s. f. Conxunto de persoas que fan un mesmo traballo.

brilado, -a. adx. No xogo do *brilé*, dise do xogador do equipo contrario ao que se deu co balón.

brilar. v. No xogo do *brilé*, dar co balón a un xogador do equipo contrario.

brilé. s. m. Xogo de nenos onde participan dous equipos e un balón dentro de catro campos. Un dos xogadores tira o balón para dar aos contrincantes, se os toca teñen que pasar a outra liña trazada no fondo detrás do campo contrario onde pode coller o balón e *brilar* a un membro do equipo contrario. Remata o xogo

cando os xogadores dun equipo están todos *brilados*.

brillado, -a. adx. Cortado (*A palla brillada nun se pode mallar*), (Eilao).

brillar[1]. v. Cortar unha vara longa de cepa en cachos pequenos (Eilao).

brillar[2]. v. Escintilar, despedir luz.

brillo. s. m. Claridade producida pola presenza de estrelas no firmamento.

brilloso, -a. adx. Brillante.

brimba. V. bringa.

brincar. v. Saltar, dar brincos. **2.** Xogar, divertirse.

brinco. s. m. Salto. // **A brincos.** Correndo a saltos. // **Brinco da *madre*.** s. m. Xogo de nenos no que se poñen todos sobre dous que fan o *burro*, até que os de enriba caen ou tocan o chan, ou se renden os de abaixo polo cansazo. // **Brinco-*volante*.** s. m. Xogo de nenos que consiste en saltar todos pasando sobre un que permanece inclinado cara a adiante coas súas mans apoiadas nos xeonllos.

brincoteiro, -a. adx. O que fai barullo, alborotador (San Martín de Ozcos). **2.** Dise do neno revoltoso.

brindado, -a. adx. Disposto (*Eu taba brindado pra ir ver uha rapaza*), (Os Ozcos). **2.** Prometido (*A rapaza tá brindada con aquel novio*), (Os Ozcos).

brindar. v. Ofrecer, dedicar. **2.** Chamar a atención. **3.** Resultar agradable, como o día, o tempo etc.

bringa. s. f. Material flexible utilizado na cestería. **2.** Tira de madeira, longa, flexible e estreita, que entrelazada con outras, forman as *costelas* dun cesto ou cesta.

bringo. s. m. Pendente que adorna as orellas (Boal, Coaña, Navia, Villaión).

bringueiro. s. m. Pau de abeleira delgado e longo que serve para facer bringas (Allande): blingueiro.

bringuello, -a. V. bringuelo.

bringuelo, -a. adx. Aplícase á persoa moi delgada e alta.

brinquete. s. m. Xogo, diversión, broma (San Martín de Ozcos).

brío. s. m. Forza, vigor.

brión, -a, -úa. s. m. Impulso, forza. **2.** adx. Aplícase ao barro pegadizo. **3.** Que tira a branco e pegadizo. **4.** Empuxón (Castropol). **5.** Pequeno pau que se crava nos catro case extremos da parte inferior do carro para poder amarrar ben a carga nel (Ibias). **6.** Velocidade (Tapia de Casarego). // **De *brión*.** De golpe, de repente (Boal). **2.** De xeito valente. // **Tirar de *brión*.** Tirar de golpe (Castropol).

brisa. s. f. Vento suave que sopra do mar á terra durante o día e da terra ao mar durante a noite. // **Coller brisas.** Coller frío por unha corrente de aire (El Franco).

brisca. s. f. Xogo de cartas, no que se dan ao principio tres cartas a cada xogador, e se descobre outra que indica o pau do trunfo. Despois vaise tomando unha a unha da baralla até que se acaba. Existían certos trucos neste xogo: cando se tiña o "ás" abríanse moito os ollos, co "tres" chiscábase un ollo, co "rei" movíase a boca para enriba, co "cabalo" movíase a boca cara a un lado como se se ornease, coa "sota" quitábase a lingua, cos "trunfos" encollíanse os ombros, coas "briscas grandes" movíase a cabeza á dereita e nas "briscas pequenas" movíase á esquerda.

brisía. s. f. Brisa fría. **2.** Brisa de pouca importancia.

brisón. s. m. Brisa forte.

brisota. s. f. Brisa débil.

brisote. s. m. Brisa.

briu* → brío.

briza. V. brisa (Abres).

brizar. v. Desfacer. 2. Romper (Allande).

brizo[1]. V. bercio.

brizo[2], -a. adx. Aplícase á planta forte e frondosa ou ao campo que está moi verde (Eilao, Boal, A Veiga). **2.** Con bo aspecto, referido a persoas, animais e plantas.

brizón, -úa. adx. Dise do cultivo verde e tenro.

broazo. s. m. Acios ou uvas pisadas no *trillón* antes de ser estendidas no lagar (Eilao).

broca. s. f. Ferramenta de aceiro que ten varios tamaños e serve para furar paredes, madeira, ferro etc.

brocado. s. m. Tea de seda fabricada con fíos de ouro e prata.

brocal. s. m. Boca do pozo (Navia).

brocha. s. f. Pincel grande e groso usado para pintar paredes. **2.** Cabeza piramidal ou troncopiramidal dun tipo de cravo. // ***Nun* dar brocha.** Non traballar.

broche. s. m. Xoia que se usa para abrochar algo ou como un simple adorno.

bróchiga. V. bóchiga.

broco, -a. adx. Aplícase aos cornos do gando vacún que están curvados para abaixo. **2.** Por extensión, dise do animal vacún que ten os cornos para abaixo. **3.** Desanimado. **4.** Dise cando algo ten as orellas para abaixo.

brollar. v. Romper, estragar, partir (Os Ozcos).
broma. s. f. Dito ou feito gracioso, chiste. **2.** Burla. **3.** Suceso que pode resultar desagradable.
bromada. s. f. Broma pesada.
bromiar. v. Facer bromas.
bromista. adx. O que fai bromas.
brona* → borona.
bronce. s. m. Aliaxe de cobre e estaño de color amarela, máis dura que o cobre.
bronquites. s. f. Inflamación da mucosa dos bronquios, que se manifesta con tose (El Franco).
brosa. s. f. Ferramenta cun mango máis ou menos longo e unha folla metálica cortante, usada normalmente para fender a leña. // **Brosa de cota.** Brosa cun martelo na parte de atrás. // **Brosa de *falquear* (*falquiar*).** Brosa de desbastar troncos, maior que a que se emprega para cortar a leña. // **Feito (feita) á brosa.** Feito de xeito pouco fino. **2.** Expresión que se utiliza cando se quere dicir que unha persoa é pouco refinada. // **Ir *prá* brosa.** Dise do gando que se engorda para o matadoiro. // **Ser *más* feo que feito a brosa.** Ser moi feo.
brosada. s. f. Golpe ou corte dados cunha brosa. // **Feito (feita) a brosadas.** Ser unha persoa pouco refinada. // **Ser *más* feo que feito a brosadas.** Ser moi feo.
brosadiña. s. f. Pequena broma para irritar a unha persoa, (*De vez en cando bótanme unha brosadiña*), (Santiso de Abres).
brosía. s. f. Brosa pequena; broso.
brosiar. v. Dar golpes cunha brosa.
brosín. s. m. Brosa de tamaño pequeno.
broso. s. m. Brosa de pequeno tamaño con fío recto de aceiro e mango de madeira, que foi utilizada polos ferreiros.
brosoada. V. brosada (Abres).
brosuada. V. brosada (El Franco).
brosúa. s. f. Brosa grande.
brote. V. xema 2ª acep.
broto. V. xema 2ª acep.
broxa* → brosa.
broxón. s. m. Talo gordo dun toxo. **2.** Toxo gordo; borxón, brexón.
broza. s. f. Residuos das plantas que leva o vento ao limpar as fabas, o trigo e o centeo co *bano*. **2.** Conxunto de matos e arbustos nos montes e prados. **3.** Montón de leña. **4.** Figuradamente, esperma (Os Coutos).
brozada. V. broza 1ª acep.
brozas. s. m. Persoa que fala moito e sen sentido (Allande).
brúa. V. grúa.
bruar. v. Berrar o boi, o touro ou a vaca. **2.** Facer ruído o mar, o vento, un *pión* que se tira con forza, as árbores etc.
bruazo. V. broazo (San Martín de Ozcos).
bruces (de). loc. Caer de fociños no chan.
brueira. s. f. Furado de debaixo dos *xenoles* das embarcacións, que serve para que a auga vaia polo fondo duns compartimentos a outros (As Figueiras, Tapia de Casarego).
brulego, -a. adx. e s. m. e f. Natural de Brul (Tol, Castropol). **2.** Pertencente ou relativo á localidade de Brul.
bruma. s. f. Brétema lixeira no mar.
bruño. V. abruño.
brus. s. m. Cepillo forte usado para fregar o chan ou a cuberta dunha embarcación.
brusa* → blusa.
bruto, -a. adx. Aplícase a aquilo que se conserva en estado natural, sen traballar. **2.** Aplícase á persoa ruda, torpe, con malos xeitos. **3.** Cousa sen pulir. **4.** Dise do falar máis arcaico. **5.** Forte e normalmente desagradable (*Vén un vento bruto*), (Ibias). // **En bruto.** Sen pulir ou traballar. **2.** Aplícase ás cousas que se toman por peso sen rebaixar a tara. **3.** Na matanza, peso do cocho sen quitarlle as vísceras e os intestinos.
bruxada. s. f. Acto propio dunha bruxa; bruxería.
bruxeiría. V. bruxería. **2.** V. bruxo 1ª acep. (Tapia de Casarego).
bruxería. s. f. Acción propia das bruxas ou bruxos. **2.** Efecto maléfico feito polas bruxas.
bruxo, -a. s. m. e f. Home ou muller que fan bruxerías. **2.** s. f. Muller mala e que sementa discordia. **3.** s. f. Personaxe mitolóxica que se supón que trae malas influencias como o mal de ollo, desgrazas etc. **3.** s. f. Avelaíña grande que aparece polas noites con certo significado maléfico ou de respecto. **4.** adx. Dise da faba de moitas colores e pouco alongada. // **Bruxa *chupanenos*.** Ser mitolóxico para asustar os nenos. // **Bruxa maior.** Ser mitolóxico para asustar os nenos. // **Quitar as bruxas.** Bendicir (Coaña).
bruxulear. v. Descubrir algunha cousa por indicios (Navia).
buamente. adv. De boa maneira.
buardillón. s. m. Cada unha das ventás acristaladas que teñen as casas na área da Mariña eonaviega no lousado.
Obs. Trátase dun castelanismo.
buba. s. f. Infarto glandular do pescozo.
buburubaina! loc. Expresión desprezativa para non facer caso do que nos din.

buchada. V. bula 1ª acep. (Navia). **2.** Conxunto formado polos intestinos e outros órganos situados no ventre dun peixe (As Figueiras).

buche. s. m. Estómago, bandullo dos animais (Vilavedelle, Allande, El Franco, Navia). **2.** Estómago dun peixe (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira). // ***Buche* das pedras.** V. molexa[1].

buchelo. V. botelo 1ª acep. **2.** V. buche (Abres). **3.** Estómago do cocho.

buchello. adx. Aplícase á persoa de pequena estatura e con moita barriga. **2.** V. botelo 1ª e 2ª acep.

buchinche* → bochinche.

buchuelo. V. botelo 1ª acep. (As Figueiras).

budual. s. m. Lugar onde abundan os bidueiros (Os Coutos).

budueira. V. bidueira (Os Coutos, San Martín de Ozcos, Vilanova de Ozcos, Ibias).

budueiral. s. m. Lugar onde abundan os bidueiros.

budueiro. V. bidueira (Santalla de Ozcos).

buella. V. donicela (Allande).

bufanda. s. f. Peza de roupa de diversos materiais que se emprega para abrigar o pescozo e para poñer diante da boca.

bufar. v. Fungar. **2.** Soprar unha persoa ou un animal con cólera. **3.** Estar unha persoa de mal humor. **4.** Soprar algo, como o lume ou o leite que se está quentando. **5.** Soprar na tona do leite para que a nata se xunte na superficie (Tapia de Casarego). **6.** Soprar o vento con violencia.

bufarda. s. f. Lousa entreaberta no lousado para que saia o fume (Serandías, Navia).

bufarida. s. f. Rifa grande.

bufatas. V. abellón 3ª acep. (Abres).

bufida. V. bufido (Navia).

bufido. s. m. Sopro forte e rápido emitido por animais ou persoas.

bufín i al bufón (al). s. m. Xogo en que dous nenos un fronte a outro recitan unha estrofa dialogada e cando rematan se sopran á cara até que un deles se ri e perde.

bufo. s. m. Chorro de auga do mar que sae despedido polo aire despois de meterse polos furados das rochas.

bufón. s. m. Nome común de diversos fungos gasteromicetes dos xéneros *Lycoperdon* e *Bovista*, da familia licoperdáceas. Son fungos de aparencia globosa ou piriforme, con dobre envoltura esporífera e masa central esponxosa que cando madura produce un po de esporas (*Lycoperdon sp.*, *Bovista sp.*), (Boal).

bugoso. V. busgoso (Navia, El Franco). **2.** adx. Que padece de sífilis. **3.** adx. Desagradable, repugnante.

bula. s. f. Excremento do gando vacún; buleira. **2.** V. bulda. **3.** Ruído, barullo (Eilao, Coaña).

bulada. s. f. Conxunto de excrementos de gando vacún.

bulda. s. f. Exención ou privilexio que se daba polas autoridades relixiosas no tempo de coresma de poder comer carne, quitado o venres santo que non podía ter nunca este privilexio. // **Sempre houbo (hai) *buldas pra* defuntos.** Refrán que alude a que sempre hai remedio para todo (Boal, Tapia de Casarego).

buldeiro, -a. s. m. e f. Persoa que vendía buldas.

bulebule. s. m. Persoa inqueda. **2.** Rumor, dixomedíxome. **3.** Barullo, movemento, ruído.

buleira. s. f. Conxunto de excrementos de gando vacún; bulada. **2.** Por extensión, conxunto de excrementos doutros animais. **3.** V. bula 1ª acep.

buleiro. V. buleira 1ª acep. (Castropol).

bulicego, -a. adx. Dise do que se move moito.

buliceiro, -a. adx. Dise do que fai moito ruído. **2.** s. m. Barullo, ruído (Castropol).

buligar. v. Bulir, axitarse. **2.** Moverse un insecto. **3.** Moverse pouco a pouco.

buligueiro, -a. adx. Dise da persoa inqueda.

bulir. v. Ferver un líquido. **2.** Moverse de xeito acelerado dun lado ao outro. **3.** Moverse, axitarse (Abres). **4.** Moverse amodo; buligar 3ª acep. // **Bule!** Móvete!

bulisma. s. f. Conto, chisme, rumor.

bulla[1]. s. f. Barullo que forman varias persoas reunidas; bula 3ª acep.

bulla[2]. V. bula 1ª acep.

bullada. V. bula 1ª acep. (Coaña). **2.** V. bulada.

bullebulle. V. bulebule 2ª acep.

bullegar. V. buligar 1ª acep.

bulleira. V. buleira. **2.** s. f. Herba que non come o gando por ter excrementos.

bulleiro. s. m. Tratante de cera sucia. **2.** Escuridade no ceo que anuncia chuvia.

bullicego, -a. adx. Aplícase ao rapaz ou neno inquedos (Tapia de Casarego).

bulliceiro, -a. V. bullicego.

bullicio. s. m. Axitación ruidosa dunha multitude (El Franco). **2.** Alboroto (El Franco).

bulligar. v. Moverse, axitarse (Tapia de Casarego).
bulligueiro, -a. V. buligueiro.
bullir. V. bulir 1ª acep.
bullo. s. m. Restos de uvas e *táramos* despois de ser pisados. **2.** Pelota de cera de panais inmediatamente despois de quitar o mel. **3.** Cera sen purificar nin cocer. **4.** *Broazo* despois de espremelo no lagar. **5.** Ventre. **6.** Restos que quedan despois de esmagar mazás (Santalla de Ozcos).
bulse. s. m. Taco de madeira do muíño a través do que pasa o eixe do rodicio que move a moa de enriba (San Martín de Ozcos).
bun! interx. Utilízase cando alguén bota un peido.
búo, -a. (pl. búos, búas). V. bon.
buo! V. bo!
buqueira* → boqueira.
buquil* → boquil.
buraco. s. m. Furado (Boal).
burbulla. s. f. Glóbulo de aire ou gas en fermentación ou en ebulición nun líquido.
burbuxa. V. burbulla.
Obs. Trátase dun castelanismo.
burgo. s. m. Praga de vermes da bolboreta amarela da verza nunha horta. **2.** Por extensión, larva desta bolboreta (Grandas de Salime). **3.** Praga en algo que está sementado. **4.** Verme que ataca algunhas hortalizas.
burgoso* → busgoso.
burguelaxe. s. f. Barullo feito por xente maleducada.
buril. s. m. Punzón de madeira que se usa nas embarcacións para abrir os cabos grosos cando se fan costuras.
burla. s. f. Broma, mofa para ridiculizar persoas ou cousas. **2.** Engano. // **Facer (*fer*) burla.** Non facer caso.
burlado, -a. adx. Dise da persoa á que lle fixeron unha burla.
burlador, -a. adx. e s. Persoa que burla.
burlar. v. Enganar, estafar. **2.** prnl. Rirse dunha persoa ou cousa.
burlia* → burla.
burlión*, -úa → burlón[2].
burlla. V. burla.
burllado, -a. V. burlado.
burllador, -a. V. burlador.
burllar. V. burlar.
burllón, -a, -úa, -oa. V. burlón[2].
burlón[1]. s. m. Demo.
burlón[2], -a, -úa. adx. O que se burla.
buroego, -a. adx. e s. m. e f. Natural da Proba de Burón (A Fonsagrada). **2.** Pertencente ou relativo á localidade da Proba de Burón (A Fonsagrada).
buronés* → buroego.
burra. s. f. Femia do burro. **2.** Cabalo semisalvaxe ou salvaxe. **3.** s. f. e adx. Muller bruta. **4.** Cabalería, sexa cabalo, egua ou mula. // **A ti que burra che morre?** A ti que máis che dá? (Tapia de Casarego). // **Burra morta, cebada al rabo.** Refrán que se refire a querer remediar unha situación cando xa é tarde ou non é axeitado (Boal); burro morto, cebada al rabo. // **Burra vella non entra en paso.** Refrán que alude a que as persoas maiores, por experimentadas, son difíciles de enganar (Santiso de Abres). // **Caer (*caier*) da burra.** Darse conta de algo por fin, decatarse. // **De burro abaixo, *nun* hai *bestia*.** Refrán que indica que algo non pode ser peor. // ***Despós* de morto, cebada al rabo.** V. Burra morta, cebada al rabo. // **I volve a burra al *meiz*!** V. Volta a burra al trigo! // **Que burra se lle morre!** Dise da persoa que non ten ningunha preocupación (Boal). // **Tamén el burro se avezou á albarda.** Refrán que indica que toda persoa se afai a certas situacións. **2.** Toda persoa pode ser dominada. // ***Tar* como as burras en maio.** Dise cando un home está excitado sexualmente. // ***Tar* como el burro nel *molín*.** Estar mareado.// **Volta a burra al trigo!** Expresión que se utiliza para expresar fastío ou cansazo fronte a algo que se repite numerosas veces como unha opinión ou un erro.
burrada. s. f. Disparate, torpeza.
burramia. s. f. Necidade, ignorancia.
burreira* → borreira.
burreiro. s. m. Persoa dedicada a mercar e vender burros e cabalos.
burreño. s. m. Cría de cabalo e burra, de tamaño pequeno.
Obs. Trátase dun castelanismo.
burrexo. s. m. Burro de pouco valor (Allande).
burricada. V. burrada.
burrico, -a. adx. Dise da persoa bruta, ignorante. **2.** s. m. Burro.
burrín, -ía. s. m. e f. Diminutivo de burro.
burriqueiro. s. m. Tratante de cabalerías.
burriquín, -ía. s. m. e f. Diminutivo de burro. // **Al burriquín.** Ás costas. **2.** Poñer un neno sobre os xeonllos como se fose a cabalo recitándolle unha estrofa.
burro. s. m. Mamífero perisodáctilo, da familia dos équidos, que mide máis dun metro de altura, de pelaxe pardo agrisada, ás veces cunha liña negra no pescozo, dorso e lombo e unha zona

clara que rodea os ollos, a parte inferior da cabeza e o ventre. A súa cabeza e as orellas son de maior tamaño que as do cabalo. A súa voz é moi peculiar (*Equus asinus*); asno. **2.** Armazón composta por dous brazos e un madeiro que se pode colocar a diferente altura para serrar madeiros de xeito máis fácil. **3.** Banco do galocheiro. **4.** Cepo onde se asenta a incre nunha forxa. **5.** Táboa apoiada á parede onde suxeitan a tira de madeira os cesteiros. **6.** Xogo de cartas, no que se dan tres a cada xogador, descóbrese a que está por enriba das que sobran, para sinalar o trunfo, entra o que quere e gáñaa o que fai máis bazas, ou parten os que as fan iguais. Existen algunhas variedades deste xogo. **7.** Estrutura de madeira apoiada no terreo, con forma de escuadro e que servía para soster a gramalleira. **8.** Xogador ou neno que lle toca apandar nun xogo. **9.** Xogador que no xogo da *remonta de parede* se apoia no *pai*. **10.** Por extensión, calquera tipo de gando equino (Eilao, Allande, Villaión). **11.** adx. Home bruto, ignorante, pouco intelixente. **12.** O número dez da baralla. **13.** V. tallolo 1ª acep. **14.** Cabalo de até catro anos (San Martín de Ozcos). // **Al burro.** Poñer un neno sobre os xeonllos como se fose a cabalo recitándolle unha estrofa. // **Al que é burro *poinlle* a albarda.** Refrán que alude a que algunhas xentes se aproveitan doutras menos intelixentes. // **Burro del *diablo*.** V. Cabalo del (do) demo (Allande). // **Burro *esquilado*, aos oito días igualado.** Refrán que alude a que despois de tosquiar mal un burro axiña lle medra o pelo outra vez. **2.** Alude a que nalgunhas ocasións as pequenas eivas dun traballo non se aprecian pasados os días. // **Burro grande, ande ou non (*nun*) ande.** Refrán que critica os que elixen o de maior tamaño sen considerar se é o mellor. **2.** Ridiculiza a quen fai alarde de algo. // **(A) Burro morto, cebada al rabo.** Refrán que se utiliza para criticar a unha persoa que quere poñer remedio a algo que xa non o ten ou a quen tenta remediar as cousas a destempo ou a quen se lle ofrece algo do que non se pode xa beneficiar; burra morta, cebada al rabo. // **Burro que rompe el tambor co *sou* pelello o paga.** Refrán que alude ao castigo que pode ter unha persoa por cometer unha maldade. // **Burro vello *nun* entra en paso.** V. Bestia vella non entra en paso (Tapia de Casarego). // **Cando un burro fala, o outro sempre *escuita*.** V. Cuando un burro ornea, el outro escuita. // **Cando un burro ornea el outro cala.** V. Cuando un burro ornea, el outro escuita. // **Chámalle burro al cabalo.** Non é tan parvo como parece. // ***Condo* un burro rincha, outro *escuita*.** V. Cuando un burro ornea, el outro escuita. // ***Cuando* un burro ornea, el outro *escuita*.** Sempre hai quen escoita os parvos como se fosen oráculos. // ***Díxolo Bras*, *díxolo* un burro.** Refrán con que se replica ao que presume de levar sempre a razón. // **Es tan burro, que *solo* che faltan as albardas.** Ser moi burro. // **Facer (*fer*) algo a *lo* burro.** Sen xeito ningún. // ***Maldiciois* de burro, *nun* chegan al *celo*.** Refrán que alude á indiferenza diante da necidade doutros. // **Non ver tres de a cabalo dun burro.** Non ver nada. // ***Nun* acabar de *caier* del burro.** Non convencerse de algo. // ***Nun* ver tres nun burro.** Non ver nada. // ***Nun* (non) ver un burro a tres pasos.** Non ver nada. // **Onde cae o burro, alí lle dan os paus.** Refrán que alude a que ás persoas que cometen erros, aínda son máis maltratadas. // **Pregunta *más* un burro que responde un sabio.** Refrán que indica que pregunta máis un ignorante que responde un que sabe. // ***Según* é el (o) burro, así lle *poin* (tallan) a albarda.** V. Según vén el burro, córtanlle a albarda. // ***Según* vén el burro, córtanlle a albarda.** Refrán que alude a que ás veces unha persoa recibe un castigo por un delito que outro cometeu (Boal). // ***Según* vén el burro, trazánlle a albarda.** V. Según vén el burro, córtanlle a albarda. // **Ser igual que un burro con orelleiras.** Non querer decatarse das cousas. // ***Tar* como el burro á porta.** Sen facer nada, agardando por algo. // ***Tar* como un burro.** Dise cando un home está excitado sexualmente. // **Traballar como un burro.** Traballar moito. // ***Vei* de burro i volve por asno.** Refrán que indica que unha persoa parva non cambia.

burroira. V. borreira.

burrueira. V. borreira (Os Ozcos, Eilao). **2.** Formigueiro que sobresae da terra onde se atopa (Eilao, Santalla de Ozcos).

burueira. V. brueira (Coaña).

burxa. s. f. Pau longo con bordo cortado de xeito oblicuo, que serve para separar a cortiza dunha *sofreira* do seu tronco.

busarda. s. f. Peza curva que serve de reforzo da proa dunha embarcación (As Figueiras).

busca. s. f. Acción de buscar.
buscado, -a. adx. Investigado.
buscar. v. Tratar de descubrir, de atopar. **2.** Investigar.
buscón, -úa. adx. Aplícase á persoa que rouba ou estafa. **2.** Aplícase á muller que lle gustan moito os homes. **3.** s. f. Muller de mala vida. **4.** Entremetida.
buseta. s. f. Nunha embarcación, popa aguda, de figura semellante á proa, co temón para fóra (As Figueiras).
busgoso. s. m. Ser mitolóxico que vive nos bosques, agachándose en lugares solitarios á entrada dos soutos, sendo o seu chucho mortal e culpable de producir enfermidades como a palidez, a tise etc.
bustar. s. m. Lugar onde pace o gando vacún (Os Ozcos).
busto. s. m. Extensión de terra na montaña destinada a pasto do gando (Os Ozcos).
butelo* → botelo.
butrón. s. m. Furado (Seares).
butullo. s. m. Rizo de la nunha peza de roupa das dimensións dun pequeno botón.
buu! V. bo!
buxa. V. pión 2ª acep.
buxarda. s. f. Ferramenta de canteiro que serve para picar a pedra, que é unha especie de *maza* coas *bocas* anchas e dentadas.
buxe. s. m. Extremo do eixe dos carros de ferro.
buxega. V. moxega.
buxelo. V. botelo 1ª acep.
buxo. V. boxe (Allande).
buzaco. V. bixato 1ª acep. (Allande).
buzo. s. m. Persoa especializada en mergullarse na auga para facer diversos traballos baixo ela, revestido con roupas impermeables e un escafandro con furados e tubos para respirar.
Obs. Trátase dun castelanismo.

C

c. s. m. Terceira letra do alfabeto galego. O seu nome é *ce*.
ca[1]. Conxunción comparativa que se modifica en contacto co artigo, pasando a ser *cá*, *có*, *cás* e *cós* ou *ca os* (*É mellor ça vosoutros*, *Máis baxa cá outra*).
ca[2]. V. coa.
ca![3] interx. Indica negación ou incredulidade, de ningún xeito; quia!
ca[4]. s. f. Apócope de casa nalgúns concellos eonaviegos, especialmente nos da zona costeira. // ***Ca* de.** En casa de. // **En *ca* de.** En casa de.
cá. (pl. cás). Contracción da conxunción comparativa *ca* e o artigo feminino singular *a*.
caal. V. cal[2].
caalía. V. canaleta 1ª acep. (Villaión).
cabacexo. s. m. Diminutivo despectivo de cabazo (Villaión).
cabal. adx. Xusto. // ***Nun tar* nos *sous cabales*.** Non ter xuízo, estar tolo.
cabala. s. f. Peixe osteíctio da familia dos escómbridos, da orde dos perciformes, de corpo fusiforme e esvelto. Ten dúas aletas dorsais, a primeira bastante anterior e de forma triangular, e a segunda, contraposta á anal, máis alongada. A cola é potente e dividida en dúas partes ben separadas. É de color azul verdeal escura na parte dorsal, con bandas transversais máis escuras. Por debaixo é prateado e o abdome branco (*Scomber scombrus*), (As Figueiras, Tapia de Casarego).
cabaleilolas (ás). loc. Ás costas dunha persoa colléndoa polo pescozo e coas pernas como montando a cabalo (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos).
cabaleiro. s. m. Home que cabalga.
cabalería. s. f. Besta, animal para cabalgar ou cargar.
cabalete. s. m. Utensilio de xeito triangular e ás veces con mango, cunha pata en cada extremo, que se utilizaba nas antigas cociñas para poñer os potes e as tixelas no lume. **2.** Armazón composta de dous ángulos de madeira xuntos por un traveseiro, que pode servir de andamio. **3.** Parte de enriba dun lousado onde se xuntan tres vigas, unha horizontal e dúas inclinadas. **4.** Aparello de catro pés, con varias táboas, que nas casas pobres servía para colocar por enriba o xergón de folla de millo, para preparar a cama. **5.** V. cabalo.
cabalín. s. m. (pl. cabalíos). Cabalo pequeno. **2.** V. cabalo de mar (As Figueiras). // **Ao (al) *cabalín*.** Ás costas.
caballa. V. cabala (El Franco, Ortigueira).
caballeiría. V. cabalería (Villaión).
caballeiro. V. cabaleiro.
caballería. V. cabalería (Allande, Villaión).
caballete. V. cabalete 1ª, 2ª e 4ª acep. // ***Poerse* del *caballete*.** Facer o acto sexual (Allande).
caballín. V. cabalín.
caballo. V. cabalo. // ***Caballo* del demo.** V. cabalo del demo. // ***Caballo* regalado, nin correndo nin parado.** Refrán que alude a que non se deben aceptar certos regalos. // **Os *caballos* i os burros, ou**

comer ou andar. Refrán que alude ao que fan as cabalerías.

cabalo. s. m. Mamífero perisodáctilo da familia dos équidos, de tamaño mediano ou grande, cabeza alongada, orellas tubulares e agudas, ollos grandes, tronco cilíndrico e patas elegantes, pero fortes, provistas dun só dedo. A pelaxe é curta e de color variable, normalmente parda. A súa constitución é forte e áxil, con crinas e rabo longos, domesticado e utilizado polo home para moitas actividades (*Equus caballus*). // **A cabalo.** Montado sobre. // **A cabalo (*caballo*) regalado non (*nun*) se lle mira el dente.** V. (A) Cabalo regalado nun lle mires el dente. // **Cabalo de mar.** Peixe osteíctio da orde dos signatiformes, de aspecto moi característico porque a forma da súa cabeza lembra en certo xeito á do cabalo, e o seu corpo vertical, está separado dela por un pescozo. Ten o corpo deprimido lateralmente e protexido por reforzos anelados que rematan nunha crista dorsal. A cola é longa e sen aleta caudal. As aletas peitorais son pequenas e en forma de abano, e ten unha dorsal membranosa situada entre o tronco e a cola (*Hippocampus guttulatus*, *Hippocampus hippocampus*), (As Figueiras). // **Cabalo del (do) demo.** Nome común dos insectos odonatos da familia dos agriónidos, de formas esveltas e colores vivas. Miden uns corenta e cinco milímetros de lonxitude. Nalgúns deles os machos son de color azul metálica e presentan unha gran mancha azul escura nas ás e as femias, polo contrario, son de color azul verdeal e teñen as ás case transparentes. O seu voo é lento e irregular. Entre as moitas especies existentes no Eo-Navia temos *Coenagrion mercuriale*, *Aeshna affinis*, *Lestes viridis* etc. // **Cabalo grande, ande ou *nun* (non) ande.** Refrán que critica a presunción ou a avaricia. // **(A) Cabalo regalado *nun* lle mires el dente.** Refrán que aconsella aceptar os regalos sen buscarlles defectos.

cabalón. s. m. Cabalo grande. **2.** Aplícase despectivamente a unha persoa que se despreza moito (*Xa tá aí ese cabalón*).

cabana. s. f. Construción tradicional, con paredes de pedra ou madeira, cuberta vexetal ou de lousa, utilizada para gardar os apeiros agrícolas, a herba, o gando, a leña etc. **2.** Construción típica existente nas brañas. **3.** Caseto do can.

cabanés, -a. adx. e s. Alcume popular que lles dan os habitantes de Boal aos de Eilao. **2.** Rudo, bruto, salvaxe. **3.** Montañés. // **Ser *más cabanés* que uha *prada*.** Ser moi bruto, salvaxe.

cabanía. s. f. Cabana pequena. **2.** V. caseto 1ª acep. (Coaña).

cabanón. s. m. (pl. cabanois). Construción tradicional con muros de cachotería ou madeira, con diversas cubricións (vexetal, madeira ou lousa), que serve para gardar os apeiros da labranza, a maquinaria, a herba, a leña etc. Pode ser de dous pisos, o superior como pallar e o inferior para gardar o carro, o tractor etc. // **Cabanón del pozo.** Pequena construción circular, teitada e con portela de madeira que protexe o pozo (El Franco).

cabanúa[1]. s. f. Cabana grande.

cabanúa[2]. s. f. Variedade de cereixa (Serandías).

cabanuzo. s. m. Construción auxiliar para gardar o carro e outros apeiros de labranza.

cabarqués, -a. adx. e s. m. e f. Natural de Cabarcos (Barreiros). **2.** Pertencente ou relativo a Cabarcos (Barreiros).

cabás. s. m. (pl. cabases). Especie de maletín, feito de cartón, madeira ou coiro, que levaban os nenos á escola.

cabazo. s. m. Hórreo galego de planta rectangular construído con pedras ou madeira e cuberta de lousa a catro augas (excepcionalmente hainos de dúas). No Eo-Navia existen dous tipos: o *mariñao oriental*, caracterizado por ter un corpo enteiramente de pedra, con pequenas seteiras (*respiros*) na cámara principal, sendo de dous pisos ou tres, dependendo dos diferentes usos do espazo; e o *mariñao central*, formado por dous muros de cachotería de pedra e cámara enteiramente de madeira, con pequenas táboas denominadas doelas, e ás veces con corredor. Unha variación dáse nos concellos de Castropol, Taramundi, Santiso de Abres, Tapia de Casarego, Villaión e Navia con cabazos de cámara de madeira sen muros laterais. En varias zonas dos concellos de Castropol, A Veiga, Eilao, Boal etc., presentan unha maior amplitude na planta. Tamén algúns exemplares presentan unha cámara dobre, como en Salave, Meredo, Vilasebil, Outeiro (Tapia de Casarego) etc. O cabazo espállase no Eo-Navia máis cara á zona costeira, sendo excepcional nalgúns concellos do interior (Allande, Grandas de Salime, Santalla de Ozcos, Vilanova de Ozcos e Negueira de Muñiz) e inexistente nos de

Ibias e San Martín de Ozcos. Non obstante, tamén se espalla ao concello de Valdés. As tipoloxías máis recentes están feitas con ladrillo e cemento. Cronoloxicamente parece ser que se estenderon nos séculos XVIII e XIX; cabozo. **2.** Corpo lateral con doelas onde se pon a secar o millo, de fronte triangular e pegado aos hórreos ou *paneras* (Allande, Eilao). **3.** Sistema con táboas de madeira moi estreitas dispostas verticalmente e separadas entre si uns centímetros para pechar os corredores ou as portas secundarias dunha *panera* (Allande, Villaión). // **Cabazo *probe*.** Denominación que se lle dá tamén ao cabazo tipo *mariñao central* (Allande).

cabecear. v. Poñerse testán sen atender a razóns. **2.** Inclinarse a cabeza cando se dorme. **3.** Moverse unha embarcación inclinándose pola proa.

cabeceira. s. f. Parte da cama onde se pon a cabeza para durmir. **2.** Parte superior dun campo de labranza, leira ou dun *eiro*; caldulleiro, caldullo, oureleiro. **3.** Parte superior dunha mesa. **4.** V. cabeceiro 2ª acep. **5.** Principio dun escrito, documento etc. **6.** En primeiro lugar (*A nena iba na cabeceira da fila*). **7.** V. culeira 8ª acep.

cabeceiro. s. m. Corda ou aparello para atar un cabalo ou outro animal. **2.** Peza de ferro ou madeira que se pon na cabeza da cama. **3.** Lado longo dunha eira ou un lugar. **4.** V. cabezada 1ª acep. (El Franco). **5.** Cabezada dunha besta. **6.** Extremo dun aparello ou rede de pesca. **7.** Parte alta e costa dunha leira (Allande). // **Macho *cabeceiro*.** Cabalería que guía unha recua.

cabeceo. s. m. Movemento dunha embarcación inclinándose pola proa.

cabeciar. V. cabecear 1ª e 2ª acep.

cabeiro. s. m. Parte final do intestino groso do cocho ou colon cego (Seares, Abres).

caber. v. Acoller unha cousa a outra dentro de si.

cabestro. s. m. *Ronzal* que se ata na cabeza ou no pescozo dunha besta para atala ou conducila (Castropol). **2.** Pequena membrana que une a cara inferior e liña media da lingua. **3.** Persoa pouco lista. **4.** Peza da gadaña que lle dá solidez (Vilanova de Ozcos). **5.** Corda longa para suxeitar a carga dun carro (Allande). // **Ter el cabestro.** Ter un neno atrancos para poder falar (Tapia de Casarego).

cabeza. s. f. Parte superior ou anterior do corpo humano ou dos animais. **2.** Parte superior dun cravo, dun alfinete etc. **3.** Peza do *vasadoiro* ou do arado onde van postos o *ápago* e a rella. **4.** Parte do eixe do carro (O Viñal, Santalla de Ozcos). **5.** Protuberancia dun gran na pel (San Martín de Ozcos). **6.** Cada un dos dous traveseiros dunha grade que están unidos aos *largueiros*. **7.** Bulbo do nabo ou do allo. **8.** Nun mazo, conxunto de pezas do martelo que son a *subarba*, o *cuñón*, as cuñas, o *sello* e o *ollo*. **9.** Talento. **10.** Parte máis estreita dunha táboa, leira etc. **11.** Parte do barquín dun mazo que está envolta en dous aros de ferro e onde encaixan as dúas tapas do mesmo. **12.** Parte metálica por onde fura un tarabelo. **13.** Parte superior do mango dunha navalla onde vai unha fura. **14.** Parte superior do mango dun coitelo. **15.** Glande do pene (A Veiga). // **A cabeza *solo* che *sirve* pra separar as orellas.** Expresión que se usa para indicar a unha persoa que non pensa nas cousas que fai. // **Andar coa cabeza furada.** Dise dunha persoa que fai as cousas sen pensar, que non ten xuízo e sensatez. // **Cabeza con couce.** V. pico con couce. // **Cabeza de can.** V. cachoucha. // ***Condo nun* hai cabeza ten que haber pés.** Cando se esquece algo hai que volver buscalo. // **Dar na cabeza a un.** Levar a contraria para enfastiar a alguén. // **De cabeza.** Sen vacilar. **2.** En perpendicular. // **El que *nun* ten cabeza, ten que ter pés.** Refrán que recorda á persoa esquecediza o que debe facer para corrixir a súa falta de memoria. **2.** Aconsella tratar de corrixir os defectos que unha persoa ten. // **Levar a cabeza de adorno.** Non pensar. // **Levarlle a un a cabeza.** Marearse. // **Poñer na cabeza.** Legar as propiedades a alguén (*Puxo as propiedades na cabeza del fillo*). // **Ter a cabeza dada a compoñer (*compuer*).** Non regular ben da cabeza. **2.** Que se esquece facilmente das cousas.

cabezada. s. f. Correa que suxeita a cabeza dunha cabalería. **2.** Parte central do arado ou do *vasadoiro*, que forma un ángulo obtuso, e que no extremo de diante leva a rella ou *dental*, peza que vai abrindo a terra ao arar; rabela. **3.** Terra que se bota nunha leira que está en pendente. **4.** Golpe dado coa cabeza. **5.** Sesta de pouca duración; pigarzo, sonada. **6.** V. cabeceo. **7.** V. cachola 1ª acep. // **Dar cabezadas.** Adormecer.

cabezadía. V. cabezada 5ª acep.

cabezado. s. m. Acción e resultado de facer a *cabeza* do mango dun coitelo (Taramundi).

cabezal. s. m. (pl. cabezais). Traveseiro que nos *serradeiros* vai dun cabalete a outro. **2.** Táboa horizontal que se pon na parte de enriba e baixo os marcos das ventás e portas antigas das construcións tradicionais. **3.** Parte superior nun *torno a sangre*. **4.** Almofada pequena de forma cadrada. **5.** Cada unha das orelleiras dun arado (Santalla de Ozcos). **6.** Peza que suxeita un *gorrión* na roda de afiar (Santalla de Ozcos). **7.** Nun mazo ou forxa, peza que sostén a cabeza dun eixe de transmisión e serve como punto fixo para un movemento de rotación, como nun *gorrión*. **8.** Peza do batán (Vilanova de Ozcos). // ***Cabezal*** **dianteiro.** *Cabezal* do *serradeiro* que está colocado na parte dianteira por enriba e transversal ás *latas*. // ***Cabezal*** **traseiro.** *Cabezal* do *serradeiro* situado na parte de atrás, que serve de apoio ás *latas*.

cabezaleiro. s. m. Persoa encargada de pagar a súa renda e de cobrar as dos demais foreiros para entregalas ao propietario. **2.** Persoa que daquelas que comparten un muíño por quendas ten máis tempo para moer e se encarga de amañalo (El Franco).

cabezalía. s. f. Conxunto de foros que o cabezaleiro ten que recadar e entregar ao propietario.

cabezalla. V. cabezoalla (Os Coutos, Os Ozcos).

cabezán, -a. adx. Testán.

cabezar. V. frontar. **2.** Facer a cabeza a un cravo (Santalla de Ozcos). **3.** Facer a *cabeza* do mango dun coitelo (Taramundi).

cabezo. s. m. Cepa nova (Eilao).

cabezoalla. s. f. Temón do carro ou doutro instrumento de labranza como o arado no que se enganchan os animais de tiro; cabezalla, cabezualla, cazualla, canzualla, pinoalla.

cabezois. s. m. pl. Lapelas dunha chaqueta. // **Agarrar *pollos cabezois*.** Coller a unha persoa pola solapa.

cabezón[1]. V. cabezoalla (Ponticella, Xío, Cimadevila, Boal, Allande).

cabezón[2], -a. adx. Testán. **2.** Aplícase á persoa ou animal que ten a cabeza grande. **3.** s. m. Pelo da caluga. **4.** Por extensión, caluga. **5.** s. m. Enfermidade que produce febre alta durante a xestación ou no parto das femias do gando e que pode ser mortal. **6.** s. m. Molusco cefalópodo, da familia *Octopideae*, de até cincoenta centímetros de lonxitude, co corpo verrugoso e saciforme e tentáculos delgados. A súa coloración é pardo vermella no dorso con manchas brancas e ventre abrancazado (*Eledona cirrhosa*), (As Figueiras, Tapia de Casarego). **7.** V. cabezada 1ª acep. (Allande).

cabezonada. s. f. Acción propia dunha persoa testana.

cabezuada. V. cabezada 4ª acep.

cabezualla. V. cabezoalla.

cabezudo, -a. s. m. Boneco con cabeza grande e corpo pequeno que desfila nas festas. **2.** adx. Testán.

cabiceira* → cabeceira 1ª acep.

cabiceiro* → cabeceiro 7ª acep.

cabichón. V. cabizón.

cabicornado, -a. adx. Dise do gando vacún atado cunha corda desde a cabeza a unha pata para que non marche.

cabicornar. V. abicornar 1ª acep.

cabida. s. f. Espazo ou capacidade que ten unha cousa para conter outra.

cabidro. V. cabildro 1ª acep. (Allande).

cabildo. V. cabildro 3ª acep. (Boal).

cabildro. s. m. Pórtico cuberto diante ou nos lados dunha igrexa. **2.** Por extensión, patio dunha escola. **3.** V. abeirigo 1ª acep. (Boal).

cabizón. s. m. No torno, peza vertical encaixada na fendedura lonxitudinal que ten a mesa e que está fixada a ela cunha cuña.

cable. s. m. Corda feita de fíos metálicos.

cabo. s. m. Extremo dunha cousa. **2.** Punta de terra que entra no mar. **3.** Fin de algo. **4.** Posto militar superior ao soldado. **5.** Parte última do coitelo que forma parte do mango. **6.** Corda, que pode ser gorda, e que se utiliza nunha embarcación, para coller a ouca cunha polea etc. **7.** Mango dunha ferramenta (Allande, Navia). **8.** prep. Xunto a (*Tá cabo min*). **9.** Fío ou freba, que aparece nas madeixas ao debandalas. // **Al cabo.** Por fin, ao final. // **Cabo de.** Xunto a. // **De punta a cabo.** Desde o principio até o remate.

cabodano. s. m. Funeral que se celebra no aniversario da morte dunha persoa.

cabodaño* → cabodano.

cabodeaño* → cabodano.

cabodiaño* → cabodano.

cabón. s. m. Cabo da corda que leva a rede pola súa parte superior. // ***Cabón*** **de batel.** Extremo do *cabón* que queda na embarcación. // ***Cabón*** **de *trempar*.** Extremo do *cabón* que suxeita un dos pescadores desde terra.

caborano, -a. adx. e s. Alcume que lles dan os habitantes da zona costeira eonaviega aos que viven na montaña interior (Navia). **2.** Bruto, rudo.

caborno. s. m. Tronco afuracado dunha árbore (Allande).

caboza. s. f. Terreo costo ou lugar estreito entre dúas vertentes (Os Coutos).

cabozo. V. cabazo (Santiso de Abres, Taramundi).

cabra. s. f. Mamífero ruminante doméstico da familia dos bóvidos, de aproximadamente un metro de altura, lixeiro e esvelto, co pelo curto e áspero. As súas orellas son rectas e moi estreitas, os cornos ocos e curvados cara a atrás. A mandíbula inferior ten unha guedella de pelos longos e colgantes e o rabo é moi curto, dirixido cara a enriba (*Capra hircus*). **2.** Aplícase á persoa que se considera que está tola. **3.** pl. Manchas de herba sen cortar que deixa o segador cando non é moi experto. **4.** V. cabralola 2ª acep. (Taramundi). **5.** Herba que non pode cortar a gadaña. **6.** pl. Manchas que saen na pel por exceso de calor (Boal). **7.** Peixe osteíctio da familia dos serránidos, duns dous centímetros de longo, de boca grande, color azulada escura, con catro faixas encarnadas ao longo do corpo e a cola con algunha fenda. Brinca moito na auga e a súa carne é branda e insípida (*Paracentropistis cabrilla*), (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Coaña). **8.** V. gaiola 3ª acep. (El Franco). **9.** Flor do salgueiro (Taramundi). // **A cabra *chía* dá coel corno nel *cul*.** Refrán que explica que cando un está farto e satisfeito dá con certos inconvenientes. // **Cabra de altura.** V. cabracho. // **Cabra locha (llocha).** V. cabracho. // **Fillo de cabra, cabra ou cabrito.** Refrán que alude a que os fillos herdan as características dos seus pais. // **Nin que *foras* sacar as cabras del horto.** Expresión que se utiliza cando unha persoa ten moita présa (San Martín de Ozcos). // ***Tar* como uha cabra.** Estar tolo.

cabracho. s. m. Peixe osteíctio perciforme, da familia dos escorpénidos, que mide uns trinta centímetros de lonxitude. Ten a mandíbula inferior moito máis longa que a superior, ollos moi grandes e escamas mesmo na cabeza. A súa coloración é máis ou menos tirando a vermella, coa cavidade bucal e tres a cinco listas transversais negras (*Helicolenus dactylopterus*), (As Figueiras, Ortigueira). **2.** V. bispo 1ª acep. (As Figueiras).

cabralego. s. m. Cabana para as cabras.

cabrallola. adx. Aplícase á persoa inestable ou insegura. **2.** V. cabralola 2ª acep.

cabralola. s. f. Xoguete de nenos feito cunha roda metida nun pau. **2.** Insecto hemíptero da familia dos hidrométridos, que chega até os doce milímetros de lonxitude. Vive sobre plantas acuáticas ou corre sobre a auga (*Hydrometra stagnorum*). **3.** Vacaloura. **4.** Especie de mosca grande de color vermella, con patas longas e pouco corpo (San Martín de Ozcos). // ***Tar* como uha *cabralola*.** Estar tolo.

cabraloula. V. vacaloura (San Martín de Ozcos). **2.** V. cabralola 2ª acep. (Vilanova de Ozcos).

cabrear. v. Enfadar, molestar.

cabrego, -a. adx. Relativo á cabra.

cabreiriza. s. f. Lugar onde se gardan as cabras. **2.** Muller do *cabreirizo*.

cabreirizo, -a. s. m. e f. Persoa que garda as cabras.

cabreiro. s. m. Pastor de cabras. **2.** Aparello de pescar consistente nunha corda que sostén unha variña lateral ou en cruz con varios anzois e ten no final unha pedra ou un chumbo. **3.** V. pancheiro. **4.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Vilasonte (Allande).

cabreo. s. m. Enfado.

cabrestante. s. m. Torno de tambor vertical que serve para erguer pesos e as áncoras das embarcacións.

cabrías. s. f. pl. Grupo de estelas da constelación de Tauro.

cabriar. V. cabrear.

cabridio. V. cabildro.

cabrilla* → cabra 7ª acep.

cabriola. s. f. Molusco lamelibranquio, de dúas valvas, con cuncha redondeada case circular, de cinco a seis centímetros de lonxitude e estrías de crecemento que se van marcando. A súa coloración pode ser branca, amarela ou parda pálida (*Dosinia exoleta*), (As Figueiras).

cabrita. s. f. Manivela da *serra de aire* pola que agarraba o que estaba sobre o *serradeiro*. **2.** Madeira vertical que está entre a *pina* e a *imina* nun batán. **3.** Tipo de faba de colores (Abres).

cabriteiro. adx. Relativo ao cabrito.

cabritín. s. m. (pl. cabritíos, cabritiños). Cría da cabra.

cabrito, -a. s. m. e f. Cría da cabra. **2.** adx. e s. Dise da persoa pouco formal. **3.** adx. e s. Revoltoso, inquedo.

cabrón. s. m. e adx. Home de mala reputación. **2.** Macho cabrío. **3.** Home luxurioso. **4.** Dise da fala ou dialecto complicados (Taramundi). **5.** Descarado.
cabronada. s. f. Acción feita con malas intencións.
cabruxas. s. f. pl. Xogo de nenas, na que unha delas tira unha pedra ao aire e mentres recolle outra que está no chan. Despois de facer isto, di "*de dúas pra uha*" e recolle dúas, logo tres (*tres pra uha*) e catro (*cuatro pra uha*). Ás veces está operación faise tamén dando unha palmada no chan. O resto das nenas fai o mesmo. Pérdese cando se tocan as pedras, cando non se recollen ou cando non se dá a palmada no chan e entón pasa a vez a outra xogadora, gañando a que non falle nada.
cabucarse. v. prnl. Equivocarse.
cabulleiro. V. cabuxo 2ª acep. **2.** Leira de tamaño pequeno e de mala calidade.
cabuxo. s. m. Enfado pequeno. **2.** Terra de pouca extensión, que non produce ou de mala calidade. **3.** Trato cariñoso.
caca. s. f. Excremento.
cácabo. s. m. Cría da troita común (Ibias).
cacarada. s. f. Risada; cacarexada.
cacarear* → cacarexar.
cacareixar. V. cacarexar (Navia).
cacarela. adx. Aplícase á muller alegre e que fala moito.
cacareñado, -a. adx. Cheo de vexigas.
cacareñar. v. Encherse de vexigas por unha doenza contaxiosa, con erupcións cutáneas pustulosas.
cacarexa. adx. Dise da muller que fala de máis, non fiable (Abres).
cacarexada. s. f. Risada. **2.** Canto da galiña ou do galo.
cacarexar. v. Emitir a súa voz as galiñas ou os galos. **2.** Falar de máis. **3.** Presumir sen fundamento. **4.** Rir moito.
cacarexeo. V. cacarexo.
cacarexo. s. m. Acción e resultado de cacarexar.
cacariar* → cacarexar.
cacea. s. f. Corda dun *pión*. **2.** Arte ou sistema de pesca onde se utiliza unha corda grosa que se ata ao longo da vara de pescar (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira, Navia).
caceada. s. f. Acción de introducir un *esquileiro* na auga para capturar *angulas* (As Figueiras, Ortigueira).
cacear. v. Pescar co sistema da cacea. **2.** Coller *angulas* cun *esquileiro*. **3.** Tirar con suavidade dun fío de pescar para comprobar se picou un peixe (As Figueiras). **4.** Pescar luras (Tapia de Casarego). **5.** Mover os pescadores o anzol de xeito intermitente dun lado a outro para atraer os peixes, especialmente faise na arte da cacea.
caceio. V. concho 2ª acep. (Allande).
caceiría. V. cacería.
cacello. V. garfelo 1ª acep. (Allande).
cacería. s. f. Partida de caza. **2.** Conxunto de animais cazados.
cacerola. s. f. Peza de cociña. // ***Cacerola* (á).** loc. Modalidade do xogo do *pión*.
cacerolo. V. cacerola.
cacha. s. f. Nádega. **2.** Base dun *bólo*. **3.** Cabeza dun alfinete ou dunha agulla. **4.** Cada unha das partes en que se pode dividir unha laranxa ou un limón. **5.** Cotiledón dunha faba (San Martín de Ozcos). **6.** Lado, parte ou cara dunha cousa (*A mazá ten uha cacha sana i outra podre*). **7.** Mango dunha navalla ou dun coitelo (Navia, Villaión). **8.** Molde de lata no que se mete a empanada no forno (Taramundi). **9.** V. empata 3ª e 4ª acep. (Ortigueira). // **Andar de cacha.** Arrastrándose (Tapia de Casarego).
cachaba. s. f. Bastón, normalmente de madeira, feito de xeito basto.
cachabazo. s. m. Golpe dado cunha cachaba.
cachabo. V. cachaba.
cachada. s. f. Golpe dado nas nádegas (Navia).
cachailote. V. cachalote (Tapia de Casarego).
cachalote. s. m. Mamífero cetáceo da familia dos fisetéridos, suborde dos odoncetos, de gran tamaño, que pode acadar os dezaoito metros de lonxitude, con cabeza grande de xeito cuadrangular. A boca está situada na parte inferior da cabeza e ten a mandíbula en forma de U, con dentes cónicos só nesta parte. A color da pel é case negra no dorso e máis clara no ventre (*Physeter macrocephalus*), (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira).
cachamarín. V. cachemarín.
cachán. s. m. Demo. **2.** adx. Aplícase á persoa que ten moito cu.
cachapada. s. f. Carga grande que pode levar un carro dunha soa vez (Allande). **2.** Cantidade grande de algo (*Uha cachapada de potaxe*).
cachapazo. V. cachabazo.
cachapela. V. cachapelo 2ª acep. (Castropol).
cachapelo. s. m. Sombreiro vello. **2.** Trasto inútil (Castropol). **3.** Cacho que se rompe dunha táboa, prato etc. (Santalla de

Ozcos). **4.** Persoa de pouco xuízo ou formalidade (Santalla de Ozcos).

cachapín. s. m. Diminutivo de cachapo 2ª e 3ª acep. (Santalla de Ozcos).

cachapo. s. m. Resto que queda despois de romper unha vasilla de barro ou cristal. **2.** Cacho que se rompe dunha táboa (Santalla de Ozcos). **3.** Persoa de pouco xuízo e formalidade (Santalla de Ozcos). **4.** Cacho que se desprende dalgún obxecto.

cachaporra. s. f. Pau avultado nun extremo (Taramundi). // **O que dá o que ten antes que morra, merece que lle dean coa *cachaporra*.** Aquel que dá o que ten antes de morrer habería que darlle cun pau (Taramundi).

cachar. v. Atopar (Santiso de Abres).

cacharola. s. f. Variedade de faba.

cacharrada. s. f. Conxunto de cacharros da cociña. **2.** Conxunto de cacharros rotos.

cacharrazo. s. m. Golpe forte que se dá contra algo. **2.** Golpe que se dan entre si dous obxectos, cousas etc., de tamaño grande.

cacharreiro, -a. s. m. e f. Persoa que vendía cacharros e louza.

cacharro. s. m. Calquera recipiente ou utensilio, normalmente de barro, que se utiliza nas cociñas. **2.** Órgano xenital masculino (Os Coutos). **3.** Obxecto vello e deteriorado. **4.** pl. Vasillas de mala calidade. **5.** pl. Vaixela. **6.** Un vaso de calquera bebida (*Tomei varios cacharros de noite*). // **Cacharro dos *probes***. Cacharro de cociña que se tiña para os pobres que pedían comida polas casas e onde comían normalmente caldo sentados fóra xunto á porta da casa (El Franco).

cacharola. s. f. Variedade de faba caracterizada por ser pequena e de color branca e vermella (Boal).

cacharulo, -a. adx. Aplícase á persoa que ten as nádegas grandes. **2.** Dise do neno que tira a gordo (Tapia de Casarego).

cachaza. s. f. Lentitude no xeito de falar ou actuar.

cachazudo, -a. adx. Aplícase á persoa que ten ou actúa con *cachaza*.

cacheira. s. f. Remendo que se pon na parte traseira dun pantalón polo desgaste deste; culeira 4ª acep. **2.** Mancha que colle un pantalón na parte traseira por sentar ou arrastrarse en lugares sucios. **3.** Parte do pantalón que se corresponde coas nádegas. **4.** Fogueira para quentarse ou asar algo (Abres). **5.** Moita calor. **6.** Mancha de bosta na parte traseira dunha vaca (Allande).

cacheiro. s. m. Madeiro do tear no que senta a tecedeira (Allande).

cachelada. s. f. Comida con moitos cachelos.

cachelo. s. m. Pataca cocida con auga e sal, á que se pode acompañar zorza, peixes, touciño etc. Tamén se chama pataca branca ou pataca con sal. **2.** Cacho pequeno dunha cousa (San Martín de Ozcos).

cachello. V. cachelo.

cachemarín. s. m. Tipo de embarcación pequena de dous paus, con velas ao terzo, algúns *foques* nun pau que se saca cando convén para varios usos na proa, e velas voantes en tempo bo; cachamarín, queche, quechemarín.

cachetada. s. f. Golpe dado coa man.

cachete. s. m. Golpe que se dá coa man aberta ou o puño na cabeza ou na cara. **2.** Parte da cara entre os ollos e a boca, en especial as prominentes e gordas. // ***Cachete* (a).** Xeito de xogar aos *bólos* facendo xirar o brazo en forma de semicírculo.

cacheteado. V. cachetío.

cacheteiro, -a. adx. Aplícase á persoa amiga de dar cachetes. **2.** Aplícase ao xogador de *bólos* que lanza a bóla segundo o sistema de *a cachete*.

cachetiar. v. Dar cachetes a alguén.

cachetío. s. m. Baile do tipo da polca que bailaban os nenos e os galegos, que consiste en que as parellas suspenden por un momento o baile, e seguindo o ritmo, erguen os brazos e danse cachetes reciprocamente nas mans ao compás da música un determinado tempo para continuar o baile despois. Estendeuse especialmente polos concellos de Navia, Boal, Coaña, El Franco e Tapia de Casarego.

cachía. V. cacha.

cachicova. s. f. Furado.

cachimba. s. f. Pipa do fumador.

cachín. s. m. Diminutivo de cacho.

cachirolo. s. m. Recipiente de escaso valor; caxirolo.

cacho[1]. s. m. Parte de algo. **2.** Espazo de tempo. **3.** V. cachelo 1ª e 2ª acep. **4.** Reforzo metálico que se pon ás galochas nos dous tacos (Os Ozcos); chapa 4ª acep. // **Andar en cacho.** Andar sen nada na cabeza. // **De cacho en cribo.** Andar dun lado para outro sen facer nada (Tapia de Casarego). // **Nin cacho nin cribo en toda Brañavara lle hai.** Refrán

que alude á pobreza do lugar da Brañavara (Boal).

cacho[2]. s. m. Conco amplo de madeira, de paredes finas, normalmente de forma semiesférica, que se utiliza para beber o viño en grupo nas bodegas. Existen de moitos tamaños e normalmente son de madeira de castiñeiro ou pradairo. **2.** Conco metálico con furados para que saia o lume cando se pon sobre o carbón da forxa e que se utiliza para tostar as superficies lisas. **3.** Vasilla, xa sexa un cántaro roto ou un prato de ferro, que utilizan os ferreiros para botar alí os cravos inmediatamente despois de facelos. **4.** Louza, porcelana (*Ten unha xarra de cacho*), (Tapia de Casarego, Navia). **5.** Pequeno prato dunha romana onde se pesan as cousas.

cacho[3]. V. casco 10ª acep. (Tapia de Casarego, Ortigueira).

cachoada. s. f. Golpe dado coa man nas nádegas.

cachola. s. f. Cabeza do cocho. **2.** Por extensión, cabeza dunha persoa. **3.** Bulbo do nabo (Abres, Santiso de Abres).

cachón. s. m. Fervenza pequena (Negueira de Muñiz).

cachonada* → cachoada.

cachopa. V. cachopo.

cachopo. s. m. Tronco furado dun castiñeiro vivo (Boal).

cachorrilleiro. adx. O que anda con armas, especialmente con *cachorrillos*.
Obs. Trátase dun castelanismo.

cachorrillo. s. m. Pistola antiga con cilindro xiratorio, de tamaño pequeno. **2.** Pistola ou escopeta feitas de xeito artesán con tubo e gatillo (Tapia de Casarego).
Obs. Trátase dun castelanismo.

cachorroubo. s. m. Pistola pequena de dous canóns que utilizaban os arrieiros para defenderse.

cachoucha. s. f. Rizoide co que se fixan algunhas algas ás rochas como as da especie *Laminaria* (Castropol).

cachouchada. s. f. Golpe que se dá na cabeza ou con ela; cachoupada.

cachoucho, -a. adx. Dise da persoa que ten a cabeza moi grande; caramouco, calamouco.

cachoupa. s. f. Cabeza (Allande). **2.** Estela. **3.** Cacho irregular dun tronco vello.

cachoupada. V. cachouchada.

cachoupín. s. m. Baile no que os mozos e as mozas se poñen acuruxados e coas mans collidas por debaixo das coxas (San Martín de Ozcos).

cachoupo. V. cachopo. **2.** V. cachoupa 3ª acep. (Allande).

cachuada. V. cachoada.

cachucha. s. f. Pucha.

cachuchar. v. Falar en voz baixa, murmurar.

caciar. v. Recoller ouca co *garabato* para *cuitar* as terras (El Franco). **2.** Erguer os pezuños as vacas de xeito inquedo cando ao muxilas teñen molestias no ubre (Eilao).

cacicada. s. f. Acción dun cacique.

cacicar. v. Facer de cacique. **2.** Camiñar con pasos curtos. **3.** Remexer nas potas da cociña (Tapia de Casarego). **4.** Camiñar de xeito rápido. **5.** Exercer unha persoa un poder ou influencia excesivos sobre outras. **6.** Meterse en asuntos alleos.

cacín. s. m. Cazo pequeno.

caciplada. s. f. Moita cantidade de comida servida nunha mesa.

caciplado. s. m. Cazo cheo até o bordo de algo. **2.** Moita cantidade de algo nun recipiente que chega ata o bordo.

caciplar. v. Meterse en vidas alleas. **2.** Revolver.

caciplas. adx. Dise da persoa ou animal que o revolve todo.

cacipleiro, -a. adx. Aplícase á persoa amiga de *caciplar*.

caciplón, -a. V. cacipleiro.

cacipoleiro, -a. adx. O que adula a todo o mundo.

cacipoliar. v. Louvar, adular, falar ben de todo o mundo.

cacique. s. m. Persoa que exerce un poder ou influencia excesivos política ou administrativamente.

caciqueiro, -a. adx. Cacique. **2.** O que lle gusta remexer nas potas da cociña (Tapia de Casarego).

caco. V. cosco 1ª acep. (Coaña).

cada. Indef. Calquera de entre varios.

cadaldía. adv. Diariamente.

cadanseu, cadansúa. V. cadaseu (Abres).

cadansou, cadansúa. V. cadaseu (*Temos cadansou cabalo*), (Santalla de Ozcos).

cadaporneiro. V. escornaprudo (Eilao).

cadaquén. indef. Cada un. // **Cadaquén, fillo de *naide*.** Dito que indica que cada persoa pensa e discorre ao seu xeito.

cadarcio. V. cadarzo.

cadarzo. s. m. Tira estreita de algodón ou seda, que se empregaba nos colchóns de la, na roupa, nas almofadas etc.

cadaseo, cadasúa. V. cadaseu.

cadaseu, cadasúa. Forma de posesivo que indica distribución.

cadasou, cadasúa. V. cadaseu.

cádava. s. f. Toxo ou uz chamuscados despois dunha queima. **2.** Pau seco de toxo ou de uz que se empregaba para alumar. **3.** Persoa alta e moi delgada. // ***Tar* como uha *cádava*.** Estar moi delgado.

cadaval. s. m. Cacho de monte que foi queimado e no que quedan restos de plantas, especialmente de toxos (Villaión, Allande). **2.** adx. Dise da persoa moi fraca, raquítica.

cadaveira. V. cadaval 1ª acep. (Taramundi).

cádavo. V. cádava 2ª acep. (Allande).

cadavre. s. m. Corpo sen vida.

cadea. s. f. Correa de aros metálicos. **2.** Cada un dos traveseiros enganchados ás pértegas do carro; barreta, barra. **3.** Cada un dos aros con que se unen os animais coa cabezoalla do arado ou do carro. **4.** pl. Traveseiros de madeira reforzados cunha cinta de ferro que nun mazo unen e amarran o *cepo* do martelo pola parte superior (Taramundi). **5.** Nunha forxa, peza metálica que une o barquín coa vara de *tanxer*. **6.** Conxunto de aros metálicos que ten unha gramalleira. **7.** Cada unha das catro vigas que sosteñen un hórreo (Torga).

cadeixa. s. f. Madeixa pequena. **2.** Larva ou ovo que deixa a mosca na carne; careixa. **3.** V. cadeixo 2ª acep.

cadeixo. s. m. No carro, as unións feitas con viortos ou táboas cos fueiros; cadequeiro, cadigueiro, cadilleiro. **2.** Estaca con dúas ramas en forma de uve que se coloca na parte dianteira do *leto* do carro para que a carga non moleste ao gando; cadeixa 3ª acep., cadexo, forcada 1ª acep., forqueto 3ª acep., gallado 4ª acep., rangueiro, ranqueiro.

cadela. s. m. Femia do can; cuza, cazurra, canza. **2.** Antiga moeda de cinco céntimos. **3.** pl. Diñeiro, cartos.

cadella. V. calexa (El Franco).

cadello. V. cadelo 1ª acep.

cadelo, -a. s. m. e f. Can pequeno. **2.** Diñeiro (*Nun ten un cadelo*).

cadena* → cadea.

cadeneta. s. f. Cabo ao que se lle dan voltas enlazadas para facelo máis curto.

cadequeiro. V. cadeixo 1ª acep. (Morlongo).

cadernar. s. m. No carro, cada un dos traveseiros que unen as pértegas coa cabezoalla dun xeito paralelo.

cadexo. V. cadeixo 2ª acep.

cadía. V. cadea 1ª, 2ª, 3ª, 5ª e 6ª acep. **2.** s. pl. V. cadíos. **3.** V. rella 2ª acep. (Castropol). **3.** pl. V. cadea 4ª acep. (Os Ozcos).

cadigueirar. v. Poñer cadigueiros de fueiro a fueiro no carro.

cadigueiro. s. m. No carro, especie de viorto con dous aros en cada extremo que se usa para suxeitar os fueiros para que non se abran por mor da carga; cadilleiro.

cadilleira. V. cadilleiro.

cadilleiro. s. m. No carro, viorto que suxeita un fueiro a outro; cadigueiro.

cadillo. s. m. Cordón umbilical. **2.** Corda fina, cordón.

cadín. s. m. Corda longa (Allande); caeiro, queiro 2ª acep.

cadíos. s. m. pl. Madeiros que unen as pértegas do carro atravesando a cabezoalla e sobre os que se coloca o piso do mesmo.

cadora. adv. Cando se queira ou apeteza. **2.** En calquera momento. // **Cadora e cando (*cuando*).** Cando queiras (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos).

cadorca. s. f. Tronco vello e furado (Boal).

cadorneira. s. f. Nó podre na madeira. **2.** Furado no tronco dunha árbore, formado normalmente pola auga.

cadouquín. adx. Acabado, caduco, vello (Boal).

cadramón. s. m. e adx. Persoa ou animal fraco. **2.** Aplícase á persoa alta e normalmente non moi ben feita. **3.** Dise da persoa forte e bruta (Castropol).

cadrar. v. Facer coincidir algo (*Cando cadra de noite*). **2.** Agradar. **3.** Situar, poñer nun lugar que se considera o máis axeitado ou ao chou (*Onde cadraba*). **4.** Vir ben, axustarse unha cousa con outra. **5.** Acontecer, suceder (*Cadroulle ver al fillo*). // **Se cadra.** Talvez.

cadrela. s. f. Parte do *tallo* que lle correspondía ao labrador na división do monte e que aproveitaba para sementar.

cadril. s. m. (pl. cadrís). Óso que forma a cadeira e a zona achegada. **2.** Por extensión, cadeira. **3.** Por extensión, zona dos riles. **4.** Anca dos cabalos e outros animais.

cadrileira. adx. Aplícase á muller que ten moita cadeira. **2.** V. cadril 1ª e 2ª acep.

cadullar. v. Rematar o labor nunha terra de cultivo (Abres).

cadulleiro. s. m. Cabeceira dunha leira que se ara transversalmente por non poder chegar o arado ao seu límite (Abres).

cadunsúa. V. cadaseu (Os Ozcos).

caeiro. V. queiro 1ª e 2ª acep.

caella[1]. V. calexa. **2.** V. calella 1ª e 2ª acep. **3.** Lugar descuberto e cercado

onde se encerran os cabalos bravos criados no monte para marcalos (Taramundi).

caella[2]. s. f. Peixe condroíctio escualiforme da familia dos carcarínidos, de tres a catro metros de lonxitude, con corpo esvelto e forte, aleta caudal elevada e dous lóbulos agudos, aletas peitorais grandes e falciformes, fociño alongado e subcónico, e dentes grandes e triangulares, cunha soa punta e de bordos como unha serra. A pel é case lisa, de color azul escura no dorso (*Prionace glauca*).

caello. V. caella[2] (Ortigueira).

caenlla. s. f. Camiño estreito. **2.** V. calexa.

caente. V. calente (Taladriz).

caer. v. Vir abaixo un corpo por efecto do seu propio peso. **2.** Desprenderse unha cousa que estaba unida a outra. **3.** Perder o equilibrio un corpo. **4.** Ser enganado. **5.** Coincidir algo en determinada época do ano. **6.** Vir parar a un lugar. **7.** Ir parar a un sitio que non era o pensado, aparecer. **8.** Decatarse. **9.** Cadrar, coincidir algo en determinada época do ano. **10.** Tocar, recibir. **11.** Sentar ben ou mal algo. **12.** Ser pillado. **13.** Ser enganado. **14.** Encontrar, dar con (*Caer con mala xente*). // **Caer ben.** Simpatizar. **2.** Sentar ben unha comida, unha peza de roupa etc. // **Caer da burra.** Decatarse. // **Caer (*caier*) de *cul*.** Caer para atrás. // **Caer de *focicos*.** Caer cara a adiante. // **Caer el pito.** Botar un moco pequeno polo nariz a causa do frío. // **Caer en copra.** Rimar (Tapia de Casarego). // **Caer mal.** Sentir antipatía por unha persoa. **2.** Sentar mal unha comida, peza de roupa etc. // **Caer unhas gotas.** Comezar a chover. // **Deixar caer.** Insinuar. // ***Tar* al caer.** Estar próximo a acontecer algo. **2.** Estar a punto de chegar.

café. s. m. Nome común das plantas pertencentes ao xénero *Coffea*, da familia das rubiáceas. Son arbustos de follas brillantes, opostas, de color verde intensa. As súas flores son brancas, pouco duradeiras e o froito ten forma de bóla, ao principio de color verde e despois vermella. Da súa semente torrada obtense a bebida coñecida co nome de café con calidades tónicas e estimulantes. **2.** Semente destas plantas. **3.** Bebida feita por infusión con esa semente. **4.** Establecemento onde se serve café e outro tipo de bebidas. // **Café fervido, café perdido.** Refrán que advirte que o café non se pode ferver porque perde o seu sabor. // **Café negro.** Café puro. // **Café puro.** Café só.

cafeteira. s. f. Aparato onde se prepara o café. Antigamente eran de color branca.

cafeteiro, -a. adx. Dise da persoa que lle gusta o café.

cagada. s. f. Excremento que sae dunha soa vez. **2.** Excremento das galiñas. **3.** Excremento da vaca. // **Vale *más* uha cagada de vaca que a de cen *andolías*.** Refrán que alude á importancia da cantidade.

cagadeiro. s. m. Retrete. Tratábase dunha tarima de madeira cun furado con tapa por onde se defecaba e que normalmente comunicábase coa corte. Podía atoparse nun edificio propio ou nun cuarto da casa, normalmente nunha parte do corredor.

cagado, -a. adx. Tímido, apoucado. **2.** Semellante, parecido. **3.** Aplícase á persoa que ten medo. **4.** Dise de quen evacuou os excrementos sobre si mesmo. **5.** Sucio (*El poleiro das pitas tá cagado*).

cagainas. adx. Dise do home que ten medo, tímido (A Veiga); medoso.

cagaleira. s. f. Diarrea; cagarría 1ª acep. **2.** Medo.

cagalera* → cagaleira.

cagalla. s. f. Excremento en forma de bóla pequena, propio das ovellas, cabras, lebres, coellos, corzos etc. **2.** Excremento dos equinos.

cagalleira. s. f. Excremento grande das cabalerías. **2.** Conxunto de cagallóns.

cagallón. s. m. (pl. cagallois). Excremento de certo tamaño, duro e compacto, propio das cabalerías e doutros animais como o cocho. **2.** adx. Aplícase ao neno atrevido e sen vergonza. **3.** V. cirolo (Navia). **4.** adx. Dise do neno que xa quere ser como un home. // **Cagallón de *paxarín*.** Cousa pequena sen importancia.

cagallúa. s. f. Nena pequena (Boal).

cagallueira. V. cagalleira.

cágalo. s. m. Ave lariforme da familia dos estercoráridos, mariña, de grandes dimensións, coas ás estreitas e angulosas. A plumaxe é variable e presenta formas claras, escuras e intermedias, pero sempre mostra unha parte branca nas ás. Caracterízanse por ser moi voraces e perseguen a outras aves para que abandonen o alimento capturado (*Stercorarius skua*), (Tapia de Casarego, As Figueiras, El Franco). **2.** Ave lariforme da familia dos láridos, duns trinta e oito centímetros de lonxitude, que ten o bordo anterior das ás de color branca pura, e o peteiro e as patas

vermellos (*Larus ridibundus*), (As Figueiras). **3.** Ave lariforme da familia dos estercoráridos, mariña, coas ás estreitas e angulosas. A plumaxe é variable e presenta fases claras ou escuras (*Stercorarius parasiticus*), (As Figueiras, El Franco, Tapia de Casarego).

cagalón, -úa, -a. adx. Tímido, apoucado. **2.** s. m. V. cágalo 1ª e 3ª acep. (Tapia de Casarego, Coaña).

cagamenteiro, -a. adx. Dise da persoa que di blasfemias.

cagamento. s. m. Blasfemia. **2.** Palabra forte e irrespectuosa.

cagaprisas. adx. Aplícase á persoa impaciente (Santiso de Abres, El Franco).

cagar. v. Expulsar os restos alimenticios do corpo a través do intestino. **2.** Botar a perder unha cousa. **3.** prnl. Blasfemar. **4.** prnl. Ter medo. // **Cagarlle el can nel carreiro.** Estragarse o plan que tiña unha persoa sobre un asunto determinado. // ***Cagarse* de medo.** Ter moito medo. // ***Pral* tempo que me queda neste convento, cágome dentro.** Refrán que alude que ao quedar pouco tempo nun lugar ou nesta vida, pódese facer todo o que se queira sen agardar ningunha consecuencia. // ***Tar* mellor cagando.** Estar mellor calado ou sen facer certas cousas.

cagarata. s. f. Excremento dalgúns animais, como o coello, a ovella, a cabra, as aves etc.

cagareta. V. cagarata.

cagareto, -a. adx. Dise da persoa covarde. **2.** s. m. Pequena cantidade de algo (Boal). **3.** Cagallón pequeno, como o das ovellas.

cagarrancio, -a. adx. Dise da persoa impertinente e aburrida (Allande).

cagarría. s. f. Disfunción orgánica que se caracteriza por evacuacións frecuentes e case líquidas. **2.** Persoa covarde, sen ánimo.

cagarriola. V. cagarría 1ª acep.

cagarriza. V. cagarría.

cagarrizo. s. m. Neno pequeno (Boal).

cagarroso, -a. adx. Aplícase ao rapaz que quere ser xa un home.

cagón, -a. adx. Moi covarde.

cagoxo. s. m. Cogomelo (Grandas de Salime, Os Ozcos).

caguiña. adx. e s. Alcume popular dos habitantes de Xinzo (A Pontenova).

caía. v. mosca caía.

caiada. V. cachaba.

Obs. Só constatable na área palatalizadora eonaviega para diferenciar o seu significado de callada (callado[2], -a).

caiado. V. cachaba.

Obs. Só constatable na área palatalizadora eonaviega para diferenciar o seu significado de callado[2].

caída. s. f. Acción e efecto de caer. **2.** Parte da navalla onde se fai curva a folla metálica. **3.** Afluencia, concorrencia de xente. **4.** V. quedada (Castropol, Coaña). **5.** Desnivel nas rochas somerxidas no mar. **6.** Altura da vela dunha embarcación cando está en posición normal. **7.** Altura dunha rede de pescar que se corresponde coa distancia que hai entre a corda das cortizas e a dos chumbos.

caído, -a. adx. Inclinado. **2.** Separado ou desprendido dunha cousa. **3.** Que se veu abaixo. **4.** Perdido o equilibrio nun corpo.

caier. V. caer.

caínza. s. f. Cabana feita de xeito provisional con elementos vexetais (palla, xestas etc.) para gardarse das inclemencias do tempo, especialmente cando se ía cavar no monte ou para buscar a sombra nas leiras (San Martín de Ozcos). **2.** *Ladral* de bringas ou táboas para soster a carga dos carros. **3.** V. caínzo 1ª acep. (Santalla de Ozcos).

cainzo. V. caínzo.

caínzo. s. m. Tecido de varas que se coloca a certa altura sobre a lareira para secar os chourizos, castañas, noces, abelás etc.; cainzo, caíza, caízo, quinzo, queixo, queizo, cebo 2ª acep. **2.** Armazón feita con táboas ou bringas, para desviar a auga do río cara a unha presa. **3.** Táboa ou tecido de bringas situados na parte traseira dun carro.

caioco, -a. adx. Con forma de ovo.

caiota. s. f. Tipo de cabaza que se emprega para facer cabelo de anxo (Abres).

cairel. s. m. Lado inclinado dunha presa (San Martín de Ozcos). **2.** Bordo.

cairo. s. m. No carro, peza pequena ou torno que colga por debaixo do *leto* (Os Ozcos); queiro 2ª acep., afumadoiro 1ª acep. **2.** V. queiro 1ª acep.

cairota. V. queirota 1ª acep.

caixa. V. caxa. **2.** Instrumento musical, especie de tambor (Santiso de Abres).

caixada. V. caxada.

caixón. V. caxón.

caiza. V. queizo 2ª acep.

caíza. V. caínzo 1ª acep.

caízo. V. caínzo 1ª acep.

cal[1]. s. m. Substancia branca e lixeira que se obtén da calcita, usada para branquear as paredes ou tamén como fertilizante para as terras. **2.** Argamasa que serve para cubrir as paredes. // **Dar de cal.** Botar enriba dunha parede, sebe etc., unha capa de cal, barro ou cemento.

// **Dar os cales.** Cubrir con cemento as paredes dunha construción.

cal[2]. s. f. Leito de pedra, madeira ou cemento por onde circula a auga que vai para un muíño, un batán ou outras construcións; canle. **2.** Rego que se fai ao arar para poñer despois nel as sementes. **3.** Peza que suxeita o *peine* do tear pola parte de abaixo. **4.** Oco en forma de embude polo que, desde a presa, cae a auga ao rodicio do muíño (Tapia de Casarego). **5.** Nun mazo, tubo de madeira que serve para conducir a auga que move a roda.

cal[3]. (p. cales). Pronome relativo que introduce unha cláusula subordinada na que compre unha función sintáctica, referíndose de xeito anafórico, a un elemento ou grupo sintáctico anterior no contexto (o antecedente). **2.** Pronome interrogativo que pregunta pola identificación de algo ou alguén (*Cal neno dices?*). **3.** Indica exclamación ou admiración.

cala[1]. s. f. Planta arácea, de follas basais e longamente pecioladas, flor branca con forma cónica dentro da que hai un apéndice alongado de color amarela (*Zantedeschia aethiopica*); corno 11ª acep.

cala[2]. s. f. Pequeno fondeadoiro no mar formado por unha entrada estreita, que serve ás veces de refuxio ás embarcacións.

cala[3]. s. f. Parte máis baixa do interior dunha embarcación. **2.** Espazo que serve nunha embarcación para botar fóra a auga, aceite, graxa etc. **3.** V. sentina (El Franco, Coaña). **4.** V. cabeceiro 6ª acep. **5.** V. socale 2ª acep. (El Franco). **6.** Cada unha das dúas cordas que aguantan un palangre por un lado e polo outro.

calabaza. s. f. Parte central da roda dun carro de raios (Navia). // **Dar calabazas.** Rexeitar a unha persoa nun caso de amores.

calabazón. s. m. (pl. calabazois). Cabaza variada en forma, tamaño e color, que se emprega para facer o caldo ou como alimento para os cochos. **2.** Froito da cabaza (*calabazoteira*). **3.** Cubo da moa de afiar (Santalla de Ozcos). **4.** Por extensión, *calabazoteira*.

calabazote. s. m. Froito da *calabazoteira*; calabazón. **2.** Variedade de cabaza. **3.** V. calabazoteira.

calabazoteira. s. f. Planta anual ou vivaz, herbácea, con talos flexibles espiñentos ou cheos de pelos, con follas alternas simples ou compostas, que dá un froito moi característico, grande, normalmente redondo e con numerosas sementes no seu interior (*Cucurbita sp.*, *Lagenaria sp.*).

calabazudo, -a. adx. Estupendo.

calabazueira. V. calabazoteira (Eilao, Boal, Villaión).

calabobos. V. orballo 1ª acep. (Grandas de Salime).

calabozo* → calabazón.

calabozón* (pl. calabozois) → calabazón.

calabreón. V. calabrión.

calabrión, -úa, -oa. adx. (pl. calabriois). Aplícase ao momento ou día nos que fai bochorno.

calabrón. V. calabrión.

calabrote. s. m. Nunha embarcación, cabo groso feito de nove cordóns acolchados de esquerda a dereita, en grupos de tres e en sentido contrario cando se reúnen para formar o cabo.

calada[1]. s. f. Silencio total. **2.** Falta de resposta.

calada[2]. s. f. Aspiración que se fai cando se fuma. **2.** Acto de meter a cabeza debaixo da auga cando unha persoa se baña. **3.** Lugar no mar sinalado cunha boia onde se ceban os peixes con raba para poder despois capturalos. // **Dar uha calada.** Mergullar a cabeza na auga. **2.** Lanzar a áncora ou o risón dunha embarcación fóra do porto (As Figueiras).

calado[1], -a. adx. Que garda silencio. // **Manda calado!** Expresión que indica sorpresa, admiración.

calado[2], -a. s. m. Profundidade á que chega na auga a parte somerxida dun barco. **2.** adx. Mollado pola chuvia. **3.** adx. Observado. **4.** s. m. Altura que hai desde a superficie ao fondo da auga. **5.** adx. Profundo. // **Al calado.** Modalidade do xogo do *pión*.

calaenda. V. calenda.

calafate. s. m. Acto e resultado de calafatear unha embarcación. **2.** V. calafateador.

calafateador. s. m. Persoa que calafatea unha embarcación.

calafatear. v. Tapar con estopa e brea as xuntas da armazón dunha embarcación.

calafateo. V. calafate 1ª acep.

calafatiar. V. calafatear.

calamar. V. lula (As Figueiras).
Obs. Trátase dun castelanismo.

calambrizo (de). loc. Con moito frío (Allande).

calambro. V. carambo 1ª acep. (Allande).

calamento. s. m. Corda longa con varios ramais que serve para fixar as nasas de pescar (Tapia de Casarego). **2.** Cada un

dos dous tiros dunha rede de arrastre (El Franco).

calamidá. s. f. Desgraza. **2.** Mal grande. Obs. Trátase dun vulgarismo.

calamocano, -a. V. calamucano.

calamoucha. s. f. Cabeza (Ibias).

calamoucho, -a. adx. Testán (Ibias).

calamouco, -a. adx. Dise da persoa fea; caramouco. **2.** Aplícase á persoa que ten a cabeza moi grande; cachoucho.

calamucano, -a. adx. Aplícase á persoa medio borracha.

calandín. adv. Amodo e en silencio. // ***Calandín* (*calladín*) calando (*callando*).** En silencio. **2.** De xeito disimulado.

calandra. s. f. Ave paseriforme da familia dos aláudidos, que mide uns 18 centímetros de lonxitude, que ten as partes superiores do corpo de color parda con listas negras e as inferiores brancas e amarelas e a cola abondo longa con bordos brancos (*Alauda arvensis*).

calandria* → calandra.

calandría. V. calandra (Taramundi).

calaña. s. f. Natureza de alguén ou de algo.

calar[1]. v. Gardar silencio. **2.** Cesar de falar. // **Cala i *nun* paroles, que pola boca *pérdense* os homes.** Refrán que alude á necesidade de ter prudencia cando se fala. // **Calar (*callar*) como un afogado.** Non protestar, non dicir absolutamente nada. // **Quen cala, fai burla del que fala.** Refrán que indica que a persoa que cala, non sempre outorga.

calar[2]. v. Ter coñecemento das calidades e defectos dunha persoa. **2.** Observar a outra persoa. **3.** Comprobar se un xamón está salgado cun espeto. **4.** Meter a cabeza debaixo da auga cando un se baña. **5.** Penetrar un líquido nun corpo permeable. **6.** Meterse debaixo da auga unha embarcación até un punto determinado (Ortigueira). **7.** V. largar 9ª acep. (As Figueiras). **8.** Sobrecargarse de peixes unha parte da rede (El Franco). **9.** Ter frío no corpo (A Veiga). **10.** Facer máis fonda unha cousa, como un suco (Allande). **11.** Facer que unha cousa baixe ou se axuste noutra en que está encaixada (*A ozca del fuso hai que calala más*). **12.** prnl. Meterse os peixes en lugares profundos do mar.

calaveira. s. f. Esqueleto da cabeza.

calavera* → calaveira.

calavre. V. cadavre. **2.** Cousa que cheira moito.

calaxe. V. pancheiro.

calcadín, -iña. adx. Igual (Santiso de Abres).

calcado, -a. adx. Comprimido. **2.** Apertado. **3.** Semellante.

calcadoiro. s. m. Pau que se emprega nos muíños para apertar a fariña dos foles.

calcañar. V. calcaño 4ª e 5ª acep.

calcañeira. s. f. Talón dos calcetíns ou das medias. **2.** Parte traseira do zapato. **3.** Parte posterior da planta do pé. **4.** Rotura no talón das medias ou calcetíns.

calcañeiro. adx. Aplícase ao home covarde, apoucado. **2.** Persoa que nunca remata o traballo que fai.

calcaño. s. m. Parte traseira da galocha, que é a parte de enriba do talón traseiro. **2.** Parte da gadaña que se asenta no mango (O Viñal, Vilanova de Ozcos, Allande). **3.** Parte do calcetín onde vai metido o talón do pé. **4.** Parte posterior da planta do pé. **5.** Parte do zapato que se corresponde co talón do pé. **6.** Pico que fai a *cabezada* do arado pola parte posterior (Santalla de Ozcos). // **Dar calcaño.** Correr, apresurarse.

calcapisa. s. f. Tunda, zurra (Coaña, As Figueiras, Navia). **2.** Reprimenda (As Figueiras).

calcar. v. Apertar algo co pé, coa man ou outra cousa. **2.** Pegar, golpear. **3.** Apertar a calor por facer moito sol. **4.** Comprimir algo con forza. **5.** Sacar copia dun debuxo ou gravado por contacto directo con eles do papel ou da tea aos que se han de trasladar. **6.** Facer moito sol.

calce. s. m. No muíño ou nunha ferrería, canle que leva a auga á presa; cal[2].

calceta. s. f. Tecido de punto que se fai cunhas agullas longas e delgadas. **2.** Media de la (Eilao).

calcetado, -a. adx. Dise do feito con calceta.

calcetar. v. Facer calceta, tecendo con agullas longas e delgadas. **2.** Mover con forza as pernas no aire.

calceteiro, -a. adx. Persoa que calceta ou fai medias ou calcetíns.

calcetiar. V. calcetar.

calcetín. s. m. (pl. calcetíos, calcetís). Media de tea ou la que cobre o pé e a perna sen chegar aos xeonllos. Normalmente zurcíanse metendo unha bombilla ou un ovo de pedra ou madeira no calcaño; carpín, escarpín, calceto.

calceto. s. m. (pl. calcetos). V. calcetín. // **Meter nel *calceto*.** Aforrar (Boal, Villaión).

calcón. s. m. Efecto de caer desde unha altura danando o espiñazo (Abres). **2.** V. pisón 1ª acep.

calda. s. f. Soldadura de dous ferros. **2.** Acción e resultado de caldear ou caldearse.

caldada. s. f. Comida que se lle bota ao gando ou aos cochos nun caldeiro, feita de auga e verzas, nabos, patacas, fariña, sobras etc. **2.** Contido dun caldeiro. **3.** Comida pouco apetitosa. // **A *búa* caldada fai el *bon* cocho.** Refrán que alude a que se se alimenta ben un cocho despois terase boa carne. // **As *búas* caldadas *fain* os *bus* cochos.** V. A búa caldada fai el bon cocho.

caldar. v. Nun mazo ou nunha forxa, soldar dous ferros.

caldaxo. s. m. Ambiente tenso.

caldeado, -a. adx. Bañado cun líquido fervendo. **2.** Quente. **3.** Moi anoxado.

caldear. v. Quentar moito unha cousa como un ferro, as pedras do forno etc. **2.** V. caldar. **3.** Quentar moito o sol. **4.** Botar auga quente ao cocho que se matou na matanza. **5.** Poñer un metal ao *roxo* para poder traballalo, como o ferro ou o aceiro. **6.** prnl. Poñerse algo tenso, irritarse, acalorarse.

caldeira. s. f. Recipiente de metal grande e redondo, normalmente con asas; caldeiro. **2.** Parte de embaixo dun alambique. **3.** Obxecto normalmente de ferro ou de cobre que serve para derreter os roxóns do cocho. **4.** Recipiente de metal e de certo tamaño que se emprega para quentar auga ou cocer alimentos. **5.** Recipiente pechado onde se ferve auga para producir vapor que se emprega como forza motriz, como en certas embarcacións. **6.** Parte máis baixa dun caleiro onde vai caendo a cinza resultado de cocer o cal.

caldeirada. s. f. Conxunto de restos de comida que se lles dá aos cochos. **2.** Guiso feito a base de peixe fresco de diferentes clases, patacas, pementos etc., e que se coce todo xunto. **3.** Caldo mal feito. **4.** Caldeira chea até o bordo. **5.** V. caldeirado 1ª acep. (Tapia de Casarego, Allande). **6.** Cantidade abundante de caldo. // **A (ás) caldeiradas.** Moito, en grande cantidade.

caldeirado. s. m. Contido que cabe nun caldeiro. **2.** Caldeiro cheo até o bordo. // **A caldeirados.** En gran cantidade, moito (*Chove a caldeirados*).

caldeireiro. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes das Barreiras (Santalla de Ozcos). **2.** Persoa que facía ou vendía caldeiros. No Eo-Navia eran famosos os de Miranda (Avilés) que vendían por Navia e A Veiga.

caldeirín. s. m. Caldeiro pequeno.

caldeiro. s. m. Recipiente, normalmente de xeito troncónico ou cilíndrico, de metal ou plástico, cunha asa e que se emprega para transportar líquidos ou cousas. Algúns dos metálicos podían estar decorados con debuxos. Utilízase tamén no xogo dos *bólos* para, acabada a xornada, poñer as bólas para conservalas mellor ou para lavar as mans os xogadores. **2.** pl. Tetas dunha muller. // **Caldeiro de *escamar*.** Caldeiro que se utiliza na matanza do cocho para quitarlle as sedas con auga fervendo.

caldeirúa. s. f. Caldeira grande.

caldello. V. caldelo. // **Faltar un *caldello* (de sol).** Non ser moi listo.

caldelo. s. m. Aparición intermitente do sol entre as nubes ou despois de chover. **2.** Momento curto entre nubes con moita calor polo efecto do sol.

caldereta. s. f. Recipiente de pequeno tamaño, alongado e cunha asa metálica que servía para ir por leite ou para levar a comida aos xornaleiros ao lugar onde estaban traballando. **2.** Guiso con peixe, marisco e prebe.
Obs. Trátase dun castelanismo.

caldia. V. calda 1ª acep.

caldiado, -a. V. caldeado 1ª, 2ª e 3ª acep.

caldiar. V. caldear 1ª, 2ª, 3ª, 4ª e 5ª acep.

caldo. s. m. Prato que se compón de verdura como os cimóns, patacas e carne, todo cocido e con unto, chourizo, longaínza etc. Tamén pode ser con verzas, fabas, repolo, castañas, *calabazois* etc. Tamén se coñece por caldo galego. **2.** Parte interna comestible dalgúns crustáceos, como a centola. // **Caldo branco.** Caldo feito sen verduras. // **Caldo de pita, a *enfermedá* quita.** Refrán que alude ás propiedades curativas do caldo de pita contra as enfermidades. // **Caldo de rabizas (nabizas).** Caldo con rabizas, fabas, patacas, manteiga de cocho, orella de cocho, un cacho de morro, dous ou tres ósos, tres ou catro chourizos e unha ou dúas morcillas. // **Caldo lavado (llavado).** Caldo solto, con poucas patacas e pingo. // **Caldo *llampo*.** Caldo sen compango e pouco pingo. // **Calvo *viúdo*.** V. caldo llampo. // **El que come caldo *sin grasa*, come pan *sin tasa*.** Refrán que sinala que a escaseza de alimentos e de condimentos se substitúe con abundancia de pan. // **Pinta que *nun* come caldo *calente*.** Estar delgado. // **Poñer (*poer*, *puer*) a caldo.** Criticar ou censurar severamente. // **Ter que papar**

***muito* caldo.** Ter que facer moito para estar á altura doutra persoa. **2.** Ter que madurar aínda. // **Uha concada de caldo dáselle a un *probe*.** Refrán que alude á caridade das persoas. // **Volverse todo caldo de ovos.** Quedar unha cousa só en proxecto.

caldoso, -a. adx. Dise da comida ou prato que teñen moita auga.

caldrada. s. f. Comida para as vacas ou os cochos (Os Ozcos); caldeirada 1ª acep.

caldrapiado. adx. Aplícase ao caldo, un líquido revolto ou alimento vellos ou estragados. **2.** Dise do ovo danado.

caldraxa. s. f. Fonte de porcelana que se usaba normalmente para o forno da cociña (A Veiga).

caldrufada. s. f. Comida pouco apetitosa e moi líquida.

caldulla. s. f. Cubrición de madeira de sobreira (*sofreira*), castiñeiro ou bidueiro que se pon encima do trobo e antes da lousa que o recobre. **2.** Por extensión, lousa que cobre os trobos (Abres).

caldullar. v. Cavar cun gadaño o extremo dun *caldulleiro* (Os Ozcos). **2.** Labrar un *caldulleiro* en sentido perpendicular aos sucos dunha leira.

caldulleiro. s. m. Cabeceira dunha leira de labradío onde dan a volta os bois ou vacas ao final de cada suco e que normalmente queda sen labrar; cabeceira, cadulleiro, caldullo, ourreleiro. **2.** V. cómaro (Os Ozcos).

caldullo. V. caldulleiro 1ª acep.

calea. V. calella 1ª acep. (Villaión).

calecer. v. Entrar en calor unha persoa, un animal, unha cousa, un alimento, o tempo etc. **2.** Excitarse, acalorarse.

calecido, -a. adx. Quente.

calefacción. s. f. (pl. calefaccíois). Conxunto de aparatos e condutos instalados nun edificio para quentalo.

calefación* → calefacción.

caleira. s. f. Fogueira (Santalla de Ozcos).

caleiro. s. m. Forno de muros de cachotería onde se fabricaba o cal mediante un proceso de combustión. **2.** Persoa que traballaba nun forno de cal. // **Rumba *más* que un caleiro.** Que fai moito ruído.

calella. s. f. Camiño por onde pasan os carros, normalmente estreito e costo. **2.** Paso entre as casas. **3.** V. calexa.

calellar. v. Andar polas *calellas*.

calellego, -a. V. calelleiro (Coaña).

calelleiro, -a. adx. Aplícase á persoa que lle gusta andar sen facer nada polas *calellas* meténdose nas vidas alleas.

calellía. s. f. *Calella* pequena.

calelliar. V. calellar.

calello. s. m. Trampa de tamaño grande para cazar animais, especialmente lobos; couso 1ª acep. **2.** V. calella 1ª acep. (Tapia de Casarego).

calellón. s. m. (pl. calellois). V. calexa. **2.** V. calella 1ª e 2ª acep. **3.** V. calexoto. **4.** *Calella* grande ou moi costa.

calenda. s. f. Sistema polo que os veciños se turnan por días ou horas, como acontece nos muíños, regos, mazos, coidar o gando, no traballo etc.; quenda. // **Ir por *calenda*.** Ir unha cousa por quendas (*Vai por calenda*).

calendar. v. Repartir as quendas entre os veciños no desfrute da auga para o rego, muíño, mazo, para traballar, vixiar rabaños etc.

calendario. s. m. Sistema de división do tempo por anos, meses e días. **2.** Cadro gráfico onde aparecen os días, meses e estacións para cada ano, coa indicación dos acontecementos civís e relixiosos.

calentado, -a. adx. Aplícase ao corpo, líquido etc., que se lle aumenta a temperatura.

calentador. s. m. Aparato para quentar, manter a auga quente e distribuíla polas dependencias dunha casa. **2.** Aparato de calefacción.

calentar. v. Aumentar a temperatura dun corpo, líquido, espazo etc. **2.** Pegar, golpear. **3.** Enfadar, anoxar.

calente. adx. Aplícase ao que ten un grao de temperatura elevado ou produce calor. **2.** Dise da persoa ou animal que están excitados sexualmente. **3.** Anoxado, excitado. **4.** Impaciente, ansioso. **5.** s. m. Tempo no que está excitada sexualmente a femia dun animal. **6.** Con diñeiro (*Anda coel bolso calente*). // ***Calente decembre*, *calente xeneiro*, frío febreiro.** Refrán meteorolóxico. // ***Nun* comer caldo *calente*.** Estar moi delgado. // ***Poerlle* (*puerlle*) a cabeza *calente* a alguén.** Sementar discordia. // ***Tar calente* por + infinitivo.** Desexar algo. // ***Tar más* calente que as burras en maio.** Estar excitado sexualmente.

calentín, -ía. adx. Quente.

calentura. s. f. Estado do que está quente (*calente*). **2.** Sensación de calor no corpo. **3.** Excitación sexual dos animais ou das persoas. **4.** Febre.

calenturazo. s. m. Enfermidade das vacas pola que sae sangue polo ubre. **2.** Febre.

caletre. s. m. Xuízo, cordura (Castropol). **2.** Capacidade intelectual (Allande).

caletro. V. caletre 1ª acep. (Boal).

calexa. s. f. Boca do muíño que une a moxega e as pedras, por onde vai pasando o gran e que tamén permite dar ou quitar o cereal.
Obs. Trátase dun castelanismo.
calexón. s. m. Paso estreito, dificultoso e longo entre paredes, casas, valados ou elevacións do terreo.
Obs. Trátase dun castelanismo.
calexoto. s. m. Recanto sen saída, de pouco uso e estreito (Ortigueira).
Obs. Trátase dun castelanismo.
caliar. v. Branquear as paredes con cal. **2.** Botar cal á terra como fertilizante. **3.** Meter en cal ou botarlle cal a unha cousa.
calicata. s. f. Recoñecemento que se fai debaixo do terreo mediante un furado, unha canle etc. **2.** Por extensión, furado que se fai debaixo do terreo para coñecer o que hai.
calidá. s. f. Propiedade ou conxunto de propiedades que constitúen a maneira de ser dunha persoa ou cousa. **2.** Calidade dun produto.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
calieiro. V. caleiro 1ª e 2ª acep. **2.** V. calelleiro.
calima. V. bochorno 1ª acep.
calistrar. v. Andar dun sitio para outro querendo saber as cousas que pasan (Navia).
calistro, -a. adx. Dise da persoa que sae moito de festa. **2.** Aplícase á persoa curiosa (Navia).
calitro* → eucalipto.
cálitro* → eucalipto.
calla. s. m. Pano que se pon aos nenos arredor da cintura.
callada. V. forqueta 1ª acep. (Vilanova de Ozcos). **2.** V. gancha 5ª acep.
callado[1]. s. m. Bastón de madeira ou doutro material que normalmente usan os vellos para poder andar mellor; cachaba.
callado[2], -a. V. calado[2].
callandín. V. calandín. // ***Callandín callando.*** V. calandín.
callar. V. calar[1]. // **El que *nun* sabe *callar*, *nun* sabe falar.** Refrán que recomenda ser discreto cando se fala.
callaudín. V. calandín.
calleiro. s. m. Estómago, normalmente referido aos ruminantes (Abres).
callo. s. m. Endurecemento da pel que se forma nos pés ou nas mans pola rozadura ou polo frío. **2.** Especie de ferradura que se utiliza para vacas e bois, formada por unha placa metálica que cobre a metade da planta da pata do animal, suxeita por varios cravos e cunha lingüeta que se dobra e envolve o extremo córneo do pezuño. **3.** Cada un dos dous extremos curvos dunha ferradura; candado.
Obs. Trátase dun castelanismo.
callón. s. m. Momento no que aperta moito a calor do sol, normalmente ao mediodía. // **A callón.** Saír violentamente unha corrente de auga. **2.** Ferver algo con moitas burbullas.
callos. s. m. pl. Guiso feito con cachos do estómago do porco ou da vaca. **2.** Festexo na matanza dos cochos. // **Comer os callos.** Comer os *roxois*. // **Ir aos callos.** Ir de *roxois* (Castropol).
callostro. V. calostro 1ª acep. (El Franco).
calma. s. f. Estado atmosférico sen vento nin perturbacións. **2.** Paz, tranquilidade. **3.** Remanso do río. **4.** V. mar manso. // **Calma chicha.** Mar sen vento nin ondas.
calmado, -a. V. calmo.
calmar. v. Parar de chover, escampar.
calmo, -a. adx. Aplícase ao tempo, mar, día, animal etc., apracibles, tranquilos.
calmoso, -a. adx. Dise do tempo con bochorno que trae tormenta. **2.** Aplícase á persoa tranquila.
calnada. s. f. Acción pola que se dá no ferro dun *pión* a outro que está pousado no chan.
calofrío. s. m. Sensación simultánea de calor e frío; escalafrío.
calón. s. m. Acto de meterse de cabeza na auga cando unha persoa se baña. **2.** Acto de mergullarse na auga. **3.** Cabo bifurcado que une a corda dunha áncora pequena co *cabeceiro* dunha volanta. **4.** Empalme dunha rede de arrastre co cabo de tiro (El Franco). // **Tirarse de *calón*.** Tirarse de cabeza na auga.
calor. s. f. Temperatura ambiental ou corporal superior á normal. // ***Fai* calor en cuberta.** Dise cando o día é caloroso aínda habendo nubes.
calorazo. s. m. Bochorno.
calorón. s. m. Moita calor.
caloroso, -a. adx. Con calor. **2.** Que ten calor.
calostro. s. m. Primeiro leite que dá a vaca despois de parir. **2.** Gabia ou escavación que fai unha corrente forte de auga (Boal).
calquer. Indefinido que se aplica a persoas, animais ou cousas facendo sempre unha referencia imprecisa.
calqueira* → calquer.
calquera. V. calquer.
cálsamo. V. cascabel 1ª acep. (Grandas de Salime).
caltre. s. m. Instrumento de ferro para marcar o gando, especialmente o bravo, normalmente con dúas letras (a do nome

e a do apelido), os cestos ou as pezas feitas por un ferreiro. **2.** Por extensión, marca que deixa este instrumento no gando.

caltreado, -a. V. caltrido 7ª acep.

caltrear. V. caltrir 1ª acep.

caltriado, -a. adx. Quente (Allande).

caltriar. v. Quentar (Allande).

caltrido, -a. adx. Penetrado un corpo pola calor ou o frío. **2.** Dise da persoa que se fai dura polas adversidades da vida. **3.** Cansado, fatigado (Coaña). **4.** Queimado (Santalla de Ozcos). **5.** Dise do que se volveu duro polo efecto da calor (*Este ferro tá caltrido*). **6.** Curtido (*Teis a cara caltrida polo sol*). **7.** Marcado cun *caltre*.

caltrir. v. Marcar o gando cun ferro quente, ou con *caltres*. **2.** Pasar a calor ou o frío a outra cousa. **3.** Penetrar no corpo a calor ou o frío. **4.** Dar calor ou frío ás rellas do arado para cravuñalas ben. **5.** Queimar con ferro candente, ácido ou aceite fervendo. **6.** Queimar unha ferida (San Martín de Ozcos). **7.** Traspasar, calar. **8.** Queimar (*As primeiras fogazas caltriron muito*). **9.** Facerse dura unha persoa polas adversidades da vida. **10.** Endurecer algo polo efecto da calor. **11.** Curtir, como a cara pola calor. **12.** prnl. Queimarse (*Caltriume!*).

caltro. V. caltre 1ª acep. (Taramundi).

calumar. v. Afundirse algo no mar.

calumnia. s. f. Acusación falsa contra alguén, feita con malicia para facer dano.

calumniar. v. Acusar falsamente a alguén.

calunia* → calumnia.

caluniar* → calumniar.

calvario. s. m. Serie de catorce cruces que representan a paixón e morte de Cristo. **2.** Sufrimento.

calvela. adx. Dise da vaca ou doutro animal cos cornos para arriba (San Martín de Ozcos).

calviar. v. Quedar calvo. // **Ir *calviar*.** Estar moi errado de algo (Tapia de Casarego).

calvo, -a. adx. Que perdeu o cabelo. **2.** Dise da variedade de castaña de forma elíptica curta e de color marrón clara (Allande).

calza. s. f. V. calzo 1ª acep. **2.** V. forra 7ª acep. **3.** Peza de roupa que antigamente cubría o pé e parte da perna. **4.** Nunha forxa, peza que se une a outra soldándoa. **5.** Banda de reforzo que se pon a unha rede de pescar.

calzado, -a. s. m. Peza para cubrir ou adornar os pés. **2.** adx. Aplícase cando unha persoa se pon os zapatos. **3.** adx. Dise da cabalería que se lle pon ferraduras nas patas. **4.** s. m. Nun mazo, acción de *calzar* algo. **5.** Dise do cabalo que ten a parte inferior da pata doutra color (Allande).

calzafouces. adx. Dise da persoa folgazana e sen personalidade.

calzar. v. Meter os pés nun calzado. **2.** Poñer calzos a un vehículo para inmobilizalo ou a un moble para estabilizalo. **3.** Nun mazo, repoñer o material desgastado, poñéndolle novos cachos de metal ás pezas ou ferramentas; soldar. **4.** Poñer a *boca* ou o corte a unha ferramenta. **5.** Poñer unha ferradura a unha cabalería nas patas. **6.** Poñer unha pedra ou unha cuña entre o piso e a roda do carro para inmobilizalo. // **Calzar os rastros.** Poñer a rella aos arados de *vertedeira*.

calzo, -a. adx. V. calzado 2ª acep. **2.** s. m. Taco de madeira que se pon entre dous corpos. **3.** s. m. V. calzado 1ª acep. **4.** s. m. Cada un dos madeiros suxeitos no chan que serve para poder comezar a construír unha embarcación. **5.** s. m. Madeiro que sostén unha embarcación varada para que non se ladee. **6.** s. m. Cada un dos madeiros sobre os que se asenta o motor dunha embarcación.

calzois de (del) cuco. s. m. pl. Planta herbácea da familia das escrofulariáceas que pode alcanzar os sesenta centímetros de altura e que vive en lugares con pedras e altos (*Digitalis parviflora*). **2.** Planta herbácea bienal da familia das escrofulariáceas, de sesenta a cen centímetros de altura, con flores en forma de dedal de color púrpura (*Digitalis purpurea*).

calzois del demo. V. calzois de cuco.

calzón. s. m. (pl. calzois). Peza de vestir da parte inferior do corpo con dúas perneiras para introducir as pernas e que podía ser de liño, flanela colorada, estameña ou pano, que se xuntaba coas medias suxeitándose cunhas tiras coloradas. Os mariñeiros usaban calzóns de color verde ou colorada. **2.** Pantalón. **3.** Peza de roupa interior masculina que cobre desde a cintura ás coxas. // ***Calzois* de augas.** Pantalóns de lona forte recubertos por dúas ou tres mans de aceite de liñaza, que non lles deixa pasar a auga e que eran usados polos mariñeiros para protexerse da auga. // ***Calzois* de *mandileta* (*mandilete*).** Calzóns cunha pequena abertura na parte dianteira (San Martín de Ozcos). // ***Calzois* de xareta (*xireta*).** Calzóns cunha costura na parte de enriba para introducir por ela unha cinta e así poder atalos pola parte

dianteira. // **Ir *baxar* el calzón.** Ir cagar. // ***Poer* (*puer*) a muller os *calzois*.** Mandar a muller nunha casa.

calzón de cuquello. V. calzois de cuco (Boal).

calzón de pazpallar. s. m. Planta herbácea da familia das escrofulariáceas, de talos erguidos, ramalludos, que acada os oitenta centímetros de altura, follas lanceoladas e agudas, flores grandes amarelas e laranxas dispostas en espigas terminais e froito en cápsula (*Linaria vulgaris*).

calzoncillos. s. m. pl. Peza de roupa interior masculina que se pon debaixo do pantalón e que cobre desde a cintura até ao principio das pernas.
Obs. Trátase dun castelanismo.

cama. s. f. Moble feito normalmente por dúas vigas horizontais de madeira e outras dúas pezas, que forman a cabeceira e outra máis pequena situada aos pés, que serve para durmir ou descansar. **2.** Estrume que se pon nas cortes para que o gando se deite nel. **3.** Cavidade nas rochas do fondo onde se refuxia o ourizo de mar. **4.** V. camada 5ª acep. (Coaña). **5.** Furado que se fai á carga de herba para que a xunta de bois vaia máis cómoda (Allande). **6.** Lugar axeitado para poñer un gromo nun enxerto dunha árbore (San Martín de Ozcos). // **Ás dez na cama tés, ás nove *si* se pode.** Refrán que recomenda deitarse cedo para erguerse descansado ao día seguinte. // **Cama das vacas.** Lugar na corte onde se deitan as vacas. // **Cama de folga.** Cama que había nas casas que se empregaba para os convidados. // **Cama del pan.** Lugar onde se colocaba a pasta do pan, deixándoa fermentar nunha saba e cubríndoa despois cunha manta. // **El que canta na cama i chifra (*xifra*) na mesa, *nun* ten *xuício* na cabeza (ten pouca chapeta).** Refrán que alude ás persoas con pouca sensatez. // **El que *xipra* na mesa i canta na cama, pouco *xuício* ten na cabeza.** Refrán que alude ás persoas con pouca sensatez. // ***Tar* en cama.** Estar durmindo. // **Vou *prá* cama que é *bon* prado, *si nun tou* durmido, *tou* tumbado.** Dito que alude a que a cama é un bo lugar para descansar.

camada. s. f. Conxunto de fillos que ten un animal dunha soa vez. **2.** Por extensión, conxunto de fillos dun matrimonio. **3.** Tunda. **4.** Conxunto ou serie de cousas estendidas ou tumbadas de xeito horizontal que se colocan unhas sobre outras (*Fendo el barruzo de xunio nel trigo uhas camadas como se durmise a sesta el xabaril*), (El Franco, Ortigueira). **5.** Furado que forma na area ou na lama unha embarcación varada. // **Dar unha *camada*.** Pegar.

camándula. s. m. e f. Persoa folgazana.

camarao. V. caxa 7ª acep. (Taramundi).

camareta. s. f. Cama pequena que estaba metida na parede da cociña (Allande).

camarín. s. m. Nicho para poñer unha imaxe relixiosa (Abres). **2.** V. caxa 7ª acep. (Taramundi, Santalla de Ozcos).

camarón. V. quisquilla (As Figueiras). **2.** *Quisquilla* grande (As Figueiras).

camarote. s. m. Pequeno departamento das embarcacións para o aloxamento da tripulación.

camastro. s. m. Cama pobre e descoidada. **2.** Cama ocasional.

camazo. s. m. Contrariedade. **2.** Decepción.

camba. s. f. Gancho de ferro con mango longo de madeira de até cinco metros que servía para subir aos castiñeiros para coller castañas ou outros froitos doutras árbores. As máis antigas eran dunha soa peza de madeira; cambo, garrucha. **2.** Cada unha das pezas curvas que compón a roda do carro, que poden estar calzadas cun *bandón* ou con cravos (sistema máis antigo). **3.** Cada unha das pezas de madeira de forma curva que forman parte da roda do batán.

cambada. V. cambeirada 1ª acep. (Santalla de Ozcos). **2.** V. cambeiro 3ª acep.

cambado. V. cambeiro 3ª acep. (Santalla de Ozcos). **2.** V. cambeirada 1ª acep.

cambear* → cambiar.

cambeirada. s. f. Cantidade de peixes ou animais cazados postos nun *cambeiro*. **2.** Montón de algo (*Uha cambeirada de rapaces*), (El Franco). **3.** Feixe de leña.

cambeirado. s. m. Contido dun *cambeiro*.

cambeiro, -a. s. m. Estante para colocar o pan (Ibias). **2.** s. m. Pau curvado que servía para cargar ouca atando nos seus extremos unha *dopra* e despois zarrándoo cunha corda (Tapia de Casarego). **3.** s. m. Rama delgada de salgueiro rematada nun gancho, na que o pescador pon os peixes ou o cazador os animais cazados. **4.** adx. m. e f. Aplícase á persoa que ten as pernas tortas. **5.** Bordo das moas dun muíño (Villaión).

cambelo, -a. adx. Dise da persoa coas pernas curvadas. **2.** Aplícase á perna curvada.

cambeo* → cambio.

cambeto, -a. adx. Dise da persoa coas pernas tortas. **2.** Aplícase ao que está torto (Allande).

cambia. s. f. Contracción espasmódica e dolorosa dun músculo; cambra.

cambiada. s. f. Cambio (*De nun fer tanta cambiada*).

cambiado, -a. adx. Substituído. **2.** Modificado.

cambiar. v. Dar, recibir ou substituír unha cousa por outra. **2.** Modificar o xeito de ser ou de actuar dunha persoa. **3.** Trocar algo. **4.** V. correr 12ª acep. **5.** V. rondar 3ª acep. **6.** prnl. Substituír uns vestidos por outros. **7.** prnl. Ir vivir a outro sitio. // **Cambiar el (de) *camín*.** Ir por outro lado para non atoparse con alguén. // **Como cambian as cousas, que xa van as ovellas detrás do lobo.** Refrán que alude aos cambios radicais que se producen na vida.

cambiazo. s. m. Cambio repentino do tempo aparecendo moito vento. **2.** Cambio na dirección das ondas do mar polo efecto do vento.

cambio. s. m. Acción e efecto de cambiar. **2.** V. cambiazo 1ª e 2ª acep.

cambito. s. m. Cada unha das catro *pinas* da roda do carro (Eilao). **2.** Intrumento de madeira ou arame que se usa para levar os peixes pouco despois de pescalos (Vilavedelle); cambeiro 3ª acep.

cambo. s. m. Pau vertical con forma de gancho, que se utiliza para colgar cousas e que normalmente está cravado ás vigas do teito (Ibias). **2.** V. camba 1ª acep.

cambón. s. m. (pl. cambois). Peza do *vasadoiro*, que é un pau recto de madeira, normalmente de sección circular, que no cabo posterior ten un furado onde vai o estrobo. Une ás *carretas* co xugo. **2.** Gancho de madeira cravado nas *corondias* dos hórreos e *paneras* para colgar as restras de millo e outros produtos. **3.** V. garrucha 2ª acep. **4.** V. camba 2ª acep. **5.** Ás veces é sinónimo de *bordelo*.

cambonćin. s. m. No *vasadoiro*, pau recto de madeira ou temón de tamaño pequeno que ía unido á *dopra* e á *chavilla* e adoitaba medir medio metro. Usábase para poñer a arar unha segunda parella (Castropol).

cambra. V. cambia (Abres).

cambroeiro. V. espín 1ª acep. (Ibias).

cambrueiro. V. espín 1ª acep. (Grandas de Salime).

camburia. s. f. Efecto forte do sol que seca ou queima as plantas (Boal).

camburio. s. m. Vento moi frío do norte ou do nordeste (Boal, Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).

camela. s. f. Cada un dos dous arcos que ten o xugo ou a canga, onde se colocan os animais.

camelar. v. Enganar.

camelia. V. camelio.

camelio. s. m. Árbore ou arbusto de tronco moi ramificado e copa redonda e espesa, con follas perennes, de color verde escura, ovais e aserradas, con flores brancas, rosadas ou vermellas (*Camellia sp.*), (El Franco).

camella. V. camela.

camelleira. V. camela (Villaión).

camello. V. camela.

camellón. s. m. Xugo máis forte que o normal e coas camelas máis altas (Villaión).

camelo. V. camela.

cameto. s. m. Cama (Allande).

camía. s. f. Cama pequena.

camín. s. m. (pl. camíos, camiños). Espazo de terreo para transitar. No Eo-Navia foron de importancia o *Camín dos Arrieiros* de Santiso de Abres, que procedía de León pasando por varios concellos eonaviegos, e o *Camín de ferro* de Taramundi, camiño por onde se transportaba o ferro desde o porto da Garganta ao mazo dos Teixois, pasando por Santa Mariña e As Mestas. **2.** Canle na parede onde se arrastraba o *cambeiro* coa ouca (Tapia de Casarego). **3.** Dirección que se ha de seguir. **4.** Medio ou fórmula para conseguir algo. // **Abrirlle *Dios camíos*.** Ir aliviándose unha situación difícil para unha persoa (Tapia de Casarego). // ***Camín* de.** Cara a. **2.** Cerca de. // ***Camín* de carro.** Feito para os carros. // ***Camín* de ferradura.** Feito para os cabalos. // ***Camín* de Santiago.** Vía Láctea (El Franco, Castropol). // ***Camín* grande.** Camiño real antigo (Santalla de Ozcos). // ***Camín* real (*rial*).** Camiño feito polo Estado, máis ancho que os outros, para carros e que poñía en comunicación varias localidades entre si. Tamén se chama camiño romano ou de carro. // **Chamar a *camín*.** Cando un home de cada casa os sábados tiña que reparar e limpar camiños, pontes e sendeiros públicos (Os Ozcos). // **De *camín*.** Axiña, pronto, enseguida. **2.** De paso. // ***Fer* (*faer*) *camín* de.** Lograr, conseguir algo (*Nun era a quen fer camín del neno*, *Nun son a faer camín del*). // **Ir a *camíos* (*camín*).** Chamar a *camín*. // **Levar algún *camín*.**

Estar nalgún sitio (*Que camín levaría aquel vaso?*). // **Nesta vida *solo* hai un *solo* camín, el que *sube* i el que *baxa*.** Decidirse. // ***Nun conocer camín* nin carreiro.** Non coñecer nada dun lugar (Tapia de Casarego). // ***Nun* dar *camín*.** Non atopar solución. // ***Nun* levar *bon camín*.** Facer mal uso das cousas. // **Ser *más* vello que os *camíos*.** Ser moi vello. // ***Tar* fóra de *camín*.** Estar equivocado. // **Ter el *camín* andado.** Ser maior.

camineiro. s. m. Persoa que facía os camiños.

caminero* → camineiro.

camío. V. camín.

camión. s. m. Vehículo automóbil grande e potente para transportar mercancías.

camioneta. s. f. Camión pequeno.

camioneto. s. m. Camión pequeno.

camisa. s. f. Peza de roupa de vestir que cobre o corpo desde o pescozo até a cintura. **2.** Peza de roupa interior das mulleres vellas, feita de liño, *sarga* ou algodón, con escote redondo e manga longa, que servía tamén para durmir. **3.** Parte de graxa na que están pegados os intestinos do cocho. **4.** Parte exterior que envolve a un gran. **5.** Pel que muda a cobra. // **Camisa de cós.** V. cós. // **Camisa de fóra *nun* entra na escola.** Refrán que se utiliza para criticar as persoas que van mal vestidas e desamañadas (As Figueiras).

camiseta. s. f. Peza de roupa interior que se axusta ao corpo. As antigas eran de felpa.

camisía. s. f. Diminutivo de camisa.

camiso. s. m. Camisa pequena de neno, que chega até a cintura (San Martín de Ozcos).

camisola. V. camiseta.

camisón. s. m. Camisa longa que se utiliza para durmir.

campa. s. f. Lugar do monte onde medra a herba espontaneamente. **2.** Prado de pasto moi pequeno. **3.** Terra chá con campo (Ibias).

campá. s. f. Instrumento metálico cunha tira de ferro no medio para soar. **2.** Parte de enriba da cociña que recolle o fume. **3.** Bóveda dun forno (San Martín de Ozcos). // **As campás de San *Xuan* por dar dan.** Refrán que alude a unha crenza tradicional que di que na noite de San Xoán (23-24 de xuño) se oen campás tocar (Castropol). // **El que toca as campás *nun* pode andar a procesión.** Refrán que alude a que se fai unha cousa ou outra, pero non as dúas á vez. // **Tocar as campás a *llume*.** Tocar as campás por un incendio ou un perigo (Boal).

campanario. s. m. Torre, normalmente dunha igrexa ou un edificio público, na que están colocadas as campás.

campanella. s. f. Salto que consiste en tirarse de cabeza desde certa altura e caer de pé, dando unha volta no aire.

campanía. s. f. Campá pequena. **2.** Choca pequena.

campanías. V. calzois de cuco 2ª acep. (Tapia de Casarego). **2.** Flores desta planta.

campanear. v. Balancear (A Veiga).

campaniar. V. campanear.

campanilla* → campanía.

campanilla* → campanías 1ª acep.

campanillo* → campanín 3ª acep.

campanín. s. m. Campá pequena; campanía. **2.** Lóbulo carnoso que colga da metade do bordo posterior do veo do padal (Coaña, A Veiga). **3.** Choca pequena.

campanión, -a. adx. Que se balancea.

campano. s. m. Campá pequena.

campanón. s. m. Campá da cheminea dunha cociña (Boal).

campante. adx. Tranquilo, despreocupado, satisfeito.

campanudo, -a. adx. Sonoro, de son forte, como a voz dunha persoa. **2.** Moi bo, excelente (Tapia de Casarego).

campeiro, -a. adx. e s. Natural das Campas (Castropol).

campelín. s. m. Campelo pequeno.

campellín. V. campelín.

campello. s. m. Terrón (Allande).

campelo. s. m. Campo pequeno.

campelón. s. m. Campelo grande.

campeón* → campión.

campeira. s. f. Terreo que se deixa descansar sen cultivar durante un período de tempo longo. **2.** Prado de secaño.

campera* → campeira 1ª e 2ª acep.

campín. s. m. (pl. campíos). Campo de pouca extensión. **2.** Choca, normalmente de cobre.

campío. s. m. Campo pequeno. **2.** Lugar do monte onde nace a herba espontaneamente (Boal).

campitola. V. pinchacarneiro (Eilao).

campión, -a. s. m. e f. (pl. campiois). Gañador dun campionato ou certame.

campionato. s. m. Competición deportiva.

campizo. adx. Dise do *baloco* con herba. **2.** s. m. Bouza nunha terra de cultivo (Allande).

campo. s. m. Terreo cultivado. **2.** Espazo que está fóra das aldeas ou lugares. **3.**

Franxa de terreo non cultivado, dun metro de ancho, que está na parte inferior dunha leira (Os Ozcos). **4.** Lugar onde se celebra unha competición deportiva. **5.** No monte, terreo chan con herba (Allande). // **Campo da feira.** Recinto comunal onde se celebra ou celebraba unha feira (Taramundi).

campón. s. m. (pl. campois). Campo grande.

camposa. s. f. Pequeno prado natural onde medran varias especies de gramíneas (Os Ozcos).

camposanto. s. m. Lugar onde se enterran os mortos.

camposo. adx. e s. Natural de Campos (Tapia de Casarego). **2.** Pertencente ou relativo a esta localidade.

campunudo*, -a → campanudo 2ª acep.

camudo. V. escandallo (Tapia de Casarego).

camuñas. s. m. Ser de ficción que serve para asustar os nenos.

can. s. m. (pl. cais). Mamífero carnívoro fisípedo da familia dos cánidos, de dimensións e pelaxe moi diversos, segundo as razas (*Canis familiaris*). **2.** Cacho de madeira encaixado na pedra do lagar, que serve para ter unida a pedra co fuso. // **A can fraco todas son pulgas.** V. Nel can fraque todo son pulgas. // **A can que che ladre, nunca lle escapes.** Refrán que explica que nunca se debe escapar cando un can ladra moito. // **Al can *fraque* todo se lle volven pulgas.** V. Nel can fraque todo son pulgas. // **Aos *cais* de ladrar i a xente de falar, nun se lles pode quitar.** Refrán que alude a que sempre haberá persoas que falen dun. // **Cagarlle el can nel *focín*.** Ter o que se merece unha persoa. // **Can de palleiro.** Can sen raza definida. // **Can *dolente*.** Que ten a rabia. // **Can grande.** Moeda antiga de dez céntimos (Castropol). // **Can ladrador (lladrador) nun (non) é mordedor.** Refrán que se aplica á persoa que fala moito pero que é inofensiva (Castropol, El Franco, Tapia de Casarego). // **Can ladrador (*lladrador*), nunca mordedor.** V. Can ladrador (lladrador) nun (non) é mordedor. // **Can *lladrador*, pouco mordedor.** V. Can ladrador (lladrador) nun (non) é mordedor. // **Can pequeno.** Moeda antiga de cinco céntimos (Castropol). // **Can perdigueiro.** Can de talla media, pescozo ancho e forte e orellas moi grandes, que é moi apreciado para cazar, especialmente perdices. // **Can sentado.** Persoa de pequena estatura. // **Chéirame a can, pitos *salirán*.** Refrán que indica que se teñen sospeitas de que nunha situación ou nun lugar hai cuestións que non se ven, especialmente cando se pensa que é algo malo ou que pode traer consecuencias negativas. // **Como os pelos del can.** Moi xunto. // **Con ollos de can.** Ansioso, con desexo por algo. // **Dá *más* voltas que un can *pra* deitarse.** Refrán que alude á persoa que non para. // **El can famento, pulgas a centos.** Refrán que alude á desgraza dos pobres ou débiles. // **El can ten llei al amo.** Refrán que alude a que o can debe gardar fidelidade ao seu amo. // **En morrendo el can, acabouse a rabia.** V. Morto o (el) can acabouse a rabia. // **En ningún *llado* atan os *cais* con *llungueiza*.** V. Nun atar os casi con llungueizas. // **Hai que darlle cun can morto *asta* que ladre.** Dito que se utiliza para estimular a unha persoa. // ***Lladra* el can a quen *nun* lle dá pan.** Refrán que explica que as persoas critican a aquelas que non axudan. // **Marchou como el can co rabo entre as pernas!** Expresión que se aplica á persoa que quedou avergonzada, vencida ou humillada. // **Menos mal que el meu can pillou a mosca.** Xa era hora. // **Morto o (el) can acabouse a rabia.** Refrán que se aplica a un inimigo que xa non pode facer mal por estar morto ou, en sentido xeral, a calquera persoa que estea causando un dano. // **Nel can *fraque* todo son pulgas.** Refrán que se aplica cando a desgraza recae nos débiles ou pobres. // ***Nun* atar os *cais* con *llungueizas*.** Non presumir de riqueza. // ***Nun sirve* de nada mirarlle *pral* rabo al can *condo* hai que chucharlle el *cul*.** V. El que ha chuchar el can nel cul, nun lle mire prás orellas. // ***Nun* ter can que lle ladre.** Non ter unha persoa ninguén que lle diga nada (Tapia de Casarego). // **Sobrar como os *cais* na misa.** Estar de máis nun sitio (Boal). // **Tamén *vei* contento el can cuha pedrada i *vei llanxindo*.** Cada persoa consólase co que pode ou como pode (Boal). // **Ter cara de can.** Con mal humor. **2.** Dise do día escuro que ameaza con tormenta. // **Todo can i cocho.** Todo o mundo (Tapia de Casarego). // **Tres anos de can novo, tres de *bon* can, tres de can vello, tres de mal can.** Refrán que se aplica á vida do can (Castropol).

cana[1]. s. f. Rama dunha árbore, arbusto ou planta, que pode estar seca. **2.** V. palloza

2ª acep. **3.** V. caña 1ª acep. **4.** Aparello de pesca (Boal). **5.** V. canaveira 1ª acep. **6.** Talo das plantas gramíneas normalmente oco e con nós (*nougos*).

cana[2]. s. f. Pelo branco. // ***Prás* canas honradas, *nun* hai portas zarradas.** Refrán que alude a quen é ben recibido en todas partes porque gañou unha boa reputación cos anos polo seu xuízo e prudencia.

cánaba. s. f. Cliente fixo, como os dunha tenda ou os que tiñan algúns oficios como leiteiras, costureiras, carpinteiros etc., que ían traballar ás casas.

canabeira. s. f. Leira onde se sementa cánabo (Allande).

cánabo. s. m. Planta herbácea, dioica, anual, da familia das cannabáceas, de talos erectos, delgados e pubescentes, que pode alcanzar desde un a catro metros de altura. As follas son palmadas, con segmentos lanceolados e serrados (*Cannabis sativa*). **2.** Cordel desta planta de talo recto e flexible, da que se extrae unha fibra téxtil que se emprega por exemplo para facer moitas redes.

canada. s. f. Recipiente de madeira para servir o viño, con boca e asa, e cunha capacidade aproximada de cinco litros. **2.** V. sella[1] (Tapia de Casarego, El Franco, Coaña, Eilao, Villaión); ferrada. **3.** Cantidade de líquido que cabe nun deses recipientes de madeira (El Franco). **4.** Medida de capacidade con equivalencia diferente segundo os lugares: en El Valledor equivalía máis ou menos a nove litros, en Ibias a cinco, en Boal a catro e medio, en Grandas de Salime e Eilao a 4,6 e en Santalla de Ozcos a catro. **5.** Mexada dun bebé. **6.** V. canado 1ª e 2ª acep. **6.** En sentido figurado, mexada (Castropol).

canadado. s. m. Cantidade de líquido que cabe nun canado. **2.** Ubre moi cheo.

canado. s. m. Recipiente cilíndrico, de madeira, metálico ou de porcelana, cunha asa e bico co que se recolle o leite ao muxir as vacas ou que serve para transportar líquidos. **2.** Medida para líquidos como o viño ou o leite, respondendo a catro ou cinco litros; no concello de Boal e en Cuantas (Ibias) é equivalente a 9 cuartillos e nos concellos de Castropol e El Franco a 8,5 cuartillos de 20 onzas. **3.** Recipiente de madeira para levar a pedra de afiar a gadaña (Allande, Villaión); zarapico 2ª acep.

canal. s. m. Parte do tear situada entre o *enxulio* e unha *chave*. **2.** V. cal[2]. **3.** Casca longa de castiñeiro que se pon debaixo do beirado para que recolla a auga. **4.** Cada unha das fendeduras que teñen as moas dun muíño (El Franco). // **Abrir en canal.** Abrir algo de arriba a abaixo.
Obs. Trátase dun castelanismo.

canaleiro. s. m. Instrumento que consiste nunha roda de 50 ou 60 centímetros de diámetro que por medio dunha correa transmite o movemento xiratorio a un pequeno eixe onde van colocados os *canelos*.

canalín. s. m. Diminutivo de canal. V. cal[2].
Obs. Trátase dun castelanismo.

canaleta. s. f. Peza do muíño por onde cae o gran para que chege á moa. **2.** Parte dunha táboa de madeira que non sobresae e onde engarza outra como nas *corondias* de hórreos e *paneras*. **3.** Peza do batán (Vilanova de Ozcos). **4.** Peza alongada de madeira ou metálica que se usa nalgunhas embarcacións para escorregar os palangres (As Figueiras, Coaña).

canalexa. V. canaleta 1ª acep. (Navia).

canalla. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Vilanova (Allande). **2.** s. f. Conxunto de nenos revoltosos; canallada. **3.** s. m. Persoa desprezable e de mala conduta. **4.** s. f. Xente ruín.

canallada. s. f. Tropel de nenos. **2.** Acción feita con vileza ou ruindade.

canarín bravo. s. m. Ave paseriforme da familia dos sílvidos, de pequeno tamaño, podendo medir de nove a dezasete centímetros de lonxitude e caracterizada pola súa plumaxe verde ou parda olivácea, e o seu cantar (*Phylloscopus collybita*).

canario. s. m. Ave paseriforme do xénero *Serinus*, da familia dos frinxílidos, que mide uns doce centímetros de lonxitude, dos que a metade corresponden á cola. Ten diformismo sexual pouco acentuado e machos e femias son de color amarela intensa. Orixinariamente era de color verde coa cabeza e o dorso con pequenas manchas grises. Procede das illas Canarias e Madeira, caracterizándose polo seu bo canto, o que fai que sexa moi estimado como paxaro de compaña nas casas (*Serinus canarius canarius*). **2.** Órgano xenital masculino.

canasta* → canastra.

canastra. s. f. Cesta grande e baixa, de boca ancha e con dúas asas, que ás veces se amarraba ás cabalerías.

canastro. s. m. Cesto redondo de boca pequena (Coaña).

canaveira. s. f. Planta gramínea de rizoma longo, con canas dun a cinco metros de altura, de grosor inferior a un dedo, bastante fráxiles. As súas follas son planas e as flores de color violácea. Medra no bordo da auga e nas pozas e o seu talo utilízase para pescar, facer mangos de varredoiros, frautas etc. (*Phragmites communis*). **2.** Cana que metida nunha vexiga curada de cocho empregaban os *ciscois* no Entroido. **3.** Instrumento musical composto por un cacho de cana ao que se lle fan varios furados para que toque. **4.** Cana oca (Castropol). **5.** Cana de bambú (Coaña, Santiso de Abres, A Veiga). // **Dar a canaveira.** Molestar (A Veiga).

canaveiral. s. m. Lugar onde abundan as canaveiras.

canaveiro. s. m. Parte pequena dunha canaveira. **2.** V. Perexil de can (Allande). **3.** ***Tar canaveiro.*** Estar excitado sexualmente.

canaveirón. adx. Dise do animal que está excitado sexualmente (Navia). **2.** Por extensión, dise da persoa excitada sexualmente. **3.** Dise do marisco que non se pode comer por non estar maduro (Ortigueira).

cáncamo. s. m. Anel de ferro. **2.** V. cáncano.

cáncano. s. m. Enfermidade maligna caracterizada pola aparición dun tumor producido polo desenvolvemento anormal das células dun tecido orgánico.

cancareñado, -a. adx. Cheo de vexigas.

cancela. s. f. Porta pequena de táboas de madeira verticais, horizontais e ás veces diagonais, que dá acceso a unha leira, prado, camiño, horta etc.

canceleiro. s. m. Cancela estreita. **2.** Sitio onde está ou se vai colocar unha cancela. **3.** Figuradamente, prólogo dun libro.

cancella. V. cancela.

cancelleira. V. canceleiro.

cancelleiro. V. canceleiro 1ª acep. **2.** Cancela ancha feita con táboas pouco traballadas (Allande).

cancello. s. m. Can pequeno mal coidado (Allande). **2.** V. canceleiro 1ª acep.

cancellón. V. cancelón (Allande, Villaión).

cancelo. s. m. Cancela pequena para o paso das cabalerías (Vilanova de Ozcos).

cancelón. s. m. (pl. cancelois). Cancela grande (Vilanova de Ozcos, Santalla de Ozcos).

cancileiro* → canceleiro 1ª acep.

cancín, -ía. s. m. e f. (pl. cancíos). Can pequeno.

canción. (pl. canciois). V. cantar.

cancioneiro. s. m. Conxunto de cántigas.

candado. s. m. Pechadura solta, cun gancho que se pon nas portas, cancelas etc. **2.** Cada un dos extremos curvos dunha ferradura; callo 3ª acep.
Obs. Trátase dun castelanismo.

candanga. s. f. Diversión, festa. **2.** adx. Dise da muller de vida alegre.

candanguiar. v. Divertirse, folgar.

candea. V. candela 2ª e 3ª acep.

candela. s. f. Lume. **2.** Flor do millo. **3.** Flor do castiñeiro. **4.** Por extensión, flor doutras árbores, como a nogueira, o bidueiro, a abeleira etc. **5.** Obxecto de cera en forma de cilindro longo que serve para alumar. **6.** Inflorescencia do millo. // **Dar *candela*.** Pegar. // **Poñer *candelas* nos ollos.** Alegrar, gustar (*Aquelas mozas puxéronme candelas nos ollos*), (Navia). // ***Si* a *Candela* chora, medio inverno vai fóra.** Refrán meteorolóxico referido ao 2 de febreiro.

candelar. v. Saír a flor á planta do millo. **2.** Saír as flores a unha abeleira.

candelaria. V. candelas.

candelas. s. f. pl. Festa relixiosa do dous de febreiro, da purificación da Virxe María, que consistía nunha procesión na que se levaban velas benditas á igrexa e oíase misa.

candelar. v. Florecer a planta do millo, do castiñeiro etc.

candeleira. V. candelas.

candeleiro. s. m. Utensilio que serve para levar dereita unha candea; pasmón[1]. **2.** V. cabalete 1ª acep. **3.** Cada un dos balaústres metálicos que sosteñen a varanda dunha embarcación (As Figueiras). **4.** adx. Relativo ao día da Candelaria que é o dous de febreiro.

candelilla. s. f. Bengala do foguete. **2.** Ilusión.
Obs. Trátase dun castelanismo.

candellar. V. candelar.

candeloria. V. candelas.

candil. s. m. Lámpada portátil de aceite, ás veces cunha candea. **2.** Tea de liño ou estopa. **3.** Farol. **4.** Engurra que se produce nun zapato cando queda frouxo (Tapia de Casarego). // **Candil de carburo.** Lámpada portátil alimentada con carburo, como a que se emprega nalgunhas embarcacións.

candileira. V. candelas.

candileiro. V. candeleiro 1ª acep.

candilexa. s. f. Vaso interior do candil. **2.** Lámpada de aceite con mecha de algodón (As Figueiras).

candiloira. V. candelas.

candinga (de). loc. Ir de casa en casa, divertíndose sen facer nada.
cando. adv. No tempo ou no momento en que. **2.** conx. De carácter condicional, se (*Cando se queixa*). **3.** conx. Expresa temporalidade. **4.** adv. En que momento ou tempo ocorre algo ou para expresar dúbida neste sentido. **5.** adv. O tempo que. // **De cando (*condo*) en vez.** Algunhas veces. // **De vez en cando (*condo*).** Algunhas veces.
candongo, -a. adx. Dise da vaca ou boi mal feitos (San Martín de Ozcos). **2.** V. candanga 2ª acep. (Allande).
candonguiar. v. Andar dun sitio para outro sen facer nada (Navia).
candoquera. adv. En calquera momento.
candorco, -a. adx. Aplícase ao boi, á vaca ou a outros animais vellos, fracos e con mala saúde. **2.** adx. f. Dise da persoa cunha vida pouco ordenada (Seares). **3.** Persoa vella. **4.** Dise da persoa ou animal fracos, que se lles notan os ósos do corpo.
cáneba. V. cánaba.
caneco. s. m. Botella ou frasco de barro ou louza, de forma longa e cilíndrica, cunha asa pequena para introducir un dedo, que servía para quentar os pés cando se enchía con auga quente.
caneira. s. f. Rama dunha árbore xunto co froito. **2.** Conxunto formado polo talo e a vaíña das plantas leguminosas. **3.** Planta seca da faba. **4.** V. chicheira 1ª acep.
caneiro. s. m. Pequena presa en forma de uve que se facía nos ríos con ramas fortes de árbores para colocar as nasas no vértice e coller deste xeito os peixes.
canela[1]. s. f. Óso da tibia. **2.** Parte delgada que vai despois do colo nas tesoiras. **3.** Parte da vaca que vai desde o xeonllo para abaixo (Os Ozcos). **4.** Parte da perna entre o xeonllo e o nocello (*nouguelo*), (Abres, Tapia de Casarego). **5.** pl. Peza do batán (Vilanova de Ozcos). **6.** Óso que vai do cóvado até o pulso (San Martín de Ozcos). **7.** Pequena bobina de fío que se mete na lanzadeira das máquinas de coser. **8.** pl. Nun mazo, cada un dos pés dereitos da armazón exterior de vigas da *caxa* do banzado que serven para evitar a deformación desta pola presión da auga (Santalla de Ozcos). // **Andar en canelas.** V. ir en canelas. // **Ir en canelas (*canellas*).** Ir unha muller sen medias ou calcetíns, coas pernas ao aire.
canela[2]. s. f. Condimento aromático de color rubia e sabor doce moi agradable que se extrae da parte interior da casca moída e seca de diversas plantas aromáticas.
canelada. s. f. Golpe recibido na canela das pernas.
caneleiro. V. canaleiro.
canella[1]. V. canela[1] 1ª acep.
canella[2]. V. calexa.
canella[3]. V. caella[2] (Tapia de Casarego).
canellón. s. m. *Caella[2]* grande (Tapia de Casarego).
canelo. s. m. Carrete de cana nos que se enrola o fío para formar bobinas para a *nezcla*. **2.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes do concello de Ibias. **3.** Algo que ten pouco valor. // ***Faer* el *canelo*.** Ter un comportamento incoherente. **2.** Deixarse enganar.
canesú. s. m. Camisa sen mangas. **2.** Parte superior da camisa ou blusa.
caneta. s. f. Xarra, medida que se usa para o leite.
canga. s. f. Tipo de xugo de madeira que se apoia no pescozo do animal (Tapia de Casarego). // **Á canga.** Co xugo posto no pescozo do animal.
cangado. s. m. Conxunto de cangos dun lousado. **2.** Colocación de táboas ou estelas amontoadas de xeito que o aire penetre por elas.
cangado, -a. adx. Obstruído, atrancado, dise do obxecto que non pode pasar, do líquido que non pode saír, dun asunto sen solucionar, de alguén que está nunha situación difícil etc.
cangallo, -a. V. cangallón (Tapia de Casarego, Coaña).
cangallón, -úa. adx. Dise da persoa alta, delgada, apoucada e sen graza; gamallón 3ª acep.
cangar. v. Poñer os cangos a un lousado. **2.** Obstruír, impedir a saída dun líquido, o paso con obxectos etc. **3.** Cargar, poñer unha carga enriba (Taramundi). **4.** prnl. Apoiarse ou colgarse en alguén.
cangarexo. V. cangrexo 1ª acep. (A Veiga).
cangaxe. s. f. Conxunto de cangos. **2.** Operación de colocar os cangos.
cango. s. m. Táboa que no lousado da casa ou doutras construcións vai desde as *padias* até as *carreiras* e destas ao cume. **2.** Cada unha das vigas pequenas do interior do lousado dun cabazo. **3.** Cada unha das vigas verticais da armazón interior do lousado en hórreos e *paneras*. Ás veces tamén é sinónimo de *aguilois*. **4.** Peza de madeira para cangar. // **Cango *rebolizo*.** O que está feito con troncos delgados.
cangrena. V. gangrena.

cangrenar. V. gangrenar. **2.** prnl. Empeorar unha ferida.

cangrexa. V. cangrexo 2ª acep. (El Franco).

cangrexeiro. s. m. Persoa que se dedica a pescar cangrexos. Faise cunha rede pequena ou rastro nas paredes dos portos, cun ferro ou coa man que se mete nas fendeduras das pedras, levando un cacho de peixe atado a unha corda e noutra un *esquileiro*, co que se colle o cangrexo cando traba o engado.

cangrexo. s. m. Nome común que se aplica a diversos crustáceos decápodos e en particular aos pertencentes á suborde braquiúros. O máis común, da familia dos portúnidos, ten unha parte externa dura hexagonal, groso e con grans, de color parda verdeal, provisto de cinco dentes nos bordos anterolaterais e mide uns cinco centímetros de lonxitude. Ten dúas pinzas e oito patas fortes e é moi apreciado como alimento humano (*Carcinus maenas*). **2.** Crustáceo decápodo, con corpo cuadrangular, máis ancho que longo, de color moura e coa parte externa branda (*Pachygrapsus marmoratus*). **3.** Crustáceo decápodo, co corpo curto e coloración vermella viva, que vive nas profundidades do mar e que é moi apreciado como alimento humano (*Geryon longipes*). **4.** V. patelo[1] 1ª acep. **5.** Montura dunha albarda. **3.** Crustáceo decápodo, de pequeno tamaño, con cacho ancho de perfil oval e un par de pinzas grosas e desiguais. A súa coloración é variable pero normalmente é tirando a amarela (*Xantho incisus*), (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco). **4.** Crustáceo decápodo braquiúro, da familia dos dromíidos, de cacho transverso, convexo e cuberto dunha áspera pilosidade. Acada os setenta milímetros de lonxitude por noventa de anchura e presenta unhas patas máis ben débiles. A súa coloración é parda escura (*Dromia personata*), (Tapia de Casarego). // **Cangrexo del *molín*.** V. cangrexo 2ª acep. (As Figueiras). // **Cangrexo *mulieiro*.** V. cangrexo 2ª acep. (As Figueiras).

canguiar. V. cangar 1ª acep. (Navia).

cániba. V. cánaba. **2.** Imposto, obrigación (Santalla de Ozcos). **3.** Negocio que sae mal.

canicar. V. abanicar 1ª acep. (El Franco).

canícula. s. f. Brétema que se produce pola calor acumulada na superficie da terra (Ibias). // **Canícula de agosto.** Período moi caloroso, no que segundo a tradición se producía diarrea, non se debía quitar unha moa, ter un parto etc. (Taramundi, Boal).

canigadoira. V. canigueiro.

canigar. V. acanigar.

canigueiro. s. m. Asento suspendido por dúas cordas, que é utilizado polos nenos para moverse para diante ou detrás con el; abalancio 1ª acep.

canil. s. m. Dente afiado que teñen certos carnívoros como o can ou o lobo (Allande).

canileiro. V. canaleiro.

canilla[1]. s. f. Peza do tear onde está o fío enroscado.
Obs. Trátase dun castelanismo.

canilla[2]. V. canela[1] 1ª acep.

canilón. V. cal[2] 1ª acep.

caniza. s. f. Madeira de veta ao longo (San Martín de Ozcos).

canle. s. f. Peza metálica das tesoiras, que é unha das dúas follas para cortar. **2.** V. cal[2] 1ª e 2ª acep. **3.** Paso estreito entre dous promontorios (Abres).

cano. s. m. Tubo por onde sae a auga nas fontes. **2.** Pequena canle feita no chan con lousas para conducir a auga (Abres).

canón. s. m. Rama grosa dunha árbore.

canoso, -a. adx. Con pelo branco.

canoto. V. palloza 2ª acep.

canouco. s. m. Cacho grande dunha rama seca. **2.** Talo do millo (Castropol). **3.** Alga mariña de talo groso (Coaña). **4.** Pallas ou canas que quedan estradas polo chan despois da sega (Tapia de Casarego). **5.** Talo da verza. **6.** Parte central dun repolo, unha verza ou unha froita. **7.** Órgano xenital masculino (Tapia de Casarego). **8.** Talo da ouca (Tapia de Casarego); cazote 1ª acep. **9.** V. baxo 3ª acep. (Tapia de Casarego).

canouro, -a. s. m. e f. Persoa que procedía dunha aldea da montaña e que normalmente baixaba á costa para tomar baños (Castropol, Abres). **2.** Home ou muller de aspecto bruto.

canrai. V. raquín 1ª acep. (As Figueiras). **2.** V. chirlego (Tapia de Casarego).

cansacio. s. m. Debilidade producida pola fatiga.

cansado, -a. adx. Fatigado. **2.** Aburrido, anoxado.

cansar. v. Fatigar. **2.** Molestar, aburrir, enfadar.

cantadeiras. s. f. pl. Parte do carro onde se apoia o eixe (Villaión).

cantadeiro. V. cantadoiro.

cantadoiro. s. m. No carro, marca ou rebaixe no eixe no que descansa o coucillón.

cantador. s. m. Tendón de mala calidade. **2.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Vilalaín (Allande).

cantalarrana* → carraca.

cantaleta. s. f. Frase repetitiva e molesta (*Sempre tá coa misma cantaleta*), (A Veiga).

cantamañás. adx. Dise da persoa con pouca formalidade, irresponsable.

cantante. s. m. Persoa que ten por oficio cantar. **2.** Persoa que presume de máis.

cantar. v. e s. m. Emitir coa voz sons harmoniosos que forman unha melodía. **2.** Composición musical. No Eo-Navia foron moi coñecidos "*El páxaro pinto*", "A Rianxeira", "*La borrachera que traigo*", "*La vaca lechera*", "*No te mires en el río*" etc. **3.** Producir ruídos algún instrumento ou obxecto, como o carro. **4.** Dicir unha nana a un neno cando está no berce (*Abanigar os nenos no bercio e cantalos*), (San Martín de Ozcos). **5.** V. ruxir 4ª acep. (Coaña). **6.** V. rinchar 6ª acep. (El Franco). **7.** Producir sons continuados diversos animais, como os sapos, paxaros, ras etc. // **Cantar como uha calandra.** Cantar moi ben. // **Cantarlle el *gallo*.** Ter sorte (Boal).

cántara. V. sella[1] (Tapia de Casarego); canada, ferrada. **2.** Furado onde vai a hélice dunha embarcación (As Figueiras). **3.** Obxecto de cerámica que serve para mazar o leite e facer manteiga (El Franco). **4.** Medida de capacidade para líquidos en xeral que equivalía nos concellos de Grandas de Salime, Eilao, Pezós, San Martín de Ozcos e Vilanova de Ozcos a 19,10 litros; nos de Ibias e Santalla de Ozcos a 19,32 litros. Para o viño, no de Allande era de 15,64 litros. Para a augardente, no concello de Navia equivalía a 15,80 litros e no de Allande 16,08. Para a sidra, no concello de Navia era de 18 litros e para o aceite no concello de Allande equivalía a 12,56 litros. **5.** V. ola[1]. **6.** V. pala 14ª acep. (As Figueiras).

cantarada. s. f. Contido dunha cántara.

cantareiro, -a. s. m. e f. Persoa que facía ou vendía cántaros.

cantaría. V. canteiría.

cantarido. s. m. Cantar, canto (*El meu gallo desperta os vecíos coel sou cantarido*).

cantarilla* → sumideiro.

cantarín. s. m. Canción feita de xeito espontáneo e sen acompañamento musical. **2.** adx. O que canta (*Aquel carro era el máis cantarín*).

cántaro. s. m. Medida de capacidade de líquidos que equivale a 16 litros (Ibias).

cantaruxar. v. Cantar a media voz e con ritmo monótono (Abres).

cantazo. s. m. Pedra grande. **2.** Golpe que se dá cunha pedra grande.

cante. s. m. Algo non axeitado. // **Dar el *cante*.** Sobresaír algo ou alguén cando non resulta axeitado.

canteado. s. m. No hórreo, pequena viga que se dispón sobre as vigas principais da cuberta e que serve para soster os cangos.

cantear. v. Labrar os cantos ou bordos de algo como un moble.

cántega* → cántiga.

canteiría. s. f. Arte e técnica de labrar e traballar a pedra.

canteira. s. f. Lugar do que se extrae pedra.

canteiro[1]. s. m. Persoa que ten como oficio traballar a pedra, construíndo paredes e valados con ela. No Eo-Navia na construción de casas foron importantes os canteiros pontevedreses, de xeito especial os da Terra de Montes, que traían rapaces que traballaban desde a primavera ao outono, logo marchaban e volvían na primavera seguinte. Dábaselles o aloxamento e a comida, durmindo en pallares ou cabanóns. A pedra era trasladada en carros de bois desde as canteiras, despois erguíanse as paredes de casas, cabanóns, *cortíos* etc., con *asperón* e cuarzo branco e para teitar usábase a lousa. **2.** Viga das catro en que se asenta o hórreo ou a *panera* (El Franco, Villaión, Navia). **3.** Cada unha das pedras laterais da boca dun forno. **4.** Pé de madeira dun hórreo ou *panera* (Ibias). **5.** Persoa que saca a pedra dunha canteira.

canteiro[2]. s. m. Dente canino.

cantelo. s. m. Torta doce de pan, feita con fariña, ovo, manteiga e azucre. **2.** Obsequio, normalmente pasteis ou doces, que lles daba a noiva ou os seus pais ás amizades e veciños despois das proclamas matrimoniais. Nas décadas de 1930-40 dábase un bolo de pan branco (pan de trigo). **3.** Rebanda de pan (Grandas de Salime).

cantello. V. cantelo 1ª, 2ª acep. **2.** Cacho de pan (Allande).

cantería. V. canteiría.

canterla. s. f. Tira de ferro ou chapa que se poñía ás galochas cando rachaban pola parte de enriba (Taramundi); cantesa, cantrela, cantresa, cinta, faxa. **2.** Grampa

que se utiliza para xuntar táboas, cacharros de barro etc.

canterlar. v. Poñer unha canterla a unha galocha por estar rachada pola cuberta. **2.** Poñer unha grampa a unha fendedura.

cantesa. s. f. Abrazadeira metálica que serve para suxeitar as galochas; canterla 1ª acep.

cantesar. v. Poñer a *cantesa* ás galochas.

cantiado. V. canteado (Os Coutos).

cantiar. V. cantear.

cántico. s. m. Cantar.

cantidá. s. f. Número determinado ou indeterminado de algo. **2.** Número elevado de cousas.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

cantido. s. m. Cantar.

cantiga. V. cántiga.

cántiga. s. f. Cantar, normalmente antigo. // **Cántiga de volta.** Romance vello ou canción para bailar pegados (Boal).

cantil. s. m. Ferramenta de carpinteiro que serve para *machembrar* táboas. **2.** Acantilado, rochas que caen sobre o mar. **3.** Lugar no fondo do mar onde se produce un desnivel entre as rochas e a area.

cantilar. V. acantilar.

cantilena. s. f. Canción breve melancólica e sentimental.

cantina. s. f. Establecemento de venda de bebidas, comestibles, roupa, calzado etc. **2.** Taberna.

cantinela. s. f. Cantar, composición poética breve. **2.** Ruído (*A cantinela del carro*). **3.** Repetición molesta e inoportuna de algo.

canto[1]. s. m. Esquina, espazo pequeno, lugar, currunchо. **2.** Beira dunha táboa. **3.** Lado oposto ao fío nun instrumento cortante; cota. **4.** Bordo, lado dalgunha cousa. **5.** Ángulo pequeno dos ollos, lacrimal (Castropol). **6.** Cada un dos lados máis pequenos da boca (Castropol). **7.** Circunferencia dunha moeda. // **Canto del *fumo*.** Bordo de enriba do lateral dun banco da cociña. // **Darse cun canto nos dentes.** Expresión que se usa cando algo é mellor do que se agardaba. // **En canto de.** En lugar de (*Levou a cesta en canto da bolsa*). // **Ter algo nel canto da memoria.** Estar a punto de recordar ou dicir algo (Allande).

canto[2]. s. m. Pedra redonda e de pequeno tamaño. **2.** Pedra que se extrae dunha canteira (El Franco). **3.** Pedra grande (Tapia de Casarego). **4.** V. cantil 3ª acep. **5.** V. restinga. // **Tirar cantos.** Tirar pedras.

canto[3]. s. m. Canción, cantar. // **Canto del carro.** Ruído que fan as rodas do carro do país ao moverse. // **Canto del *rosco*.** Acción pola que se simula bautizar un recentemente nacido de trapo que con seus choros fai que o cantelo reciba o nome de *pan del choro*.

canto[4], -a. pron. e adx. Indica cantidade indeterminada, correlativo de tanto (*Collín cantas truitas como puiden*). **2.** Indefinido que dá idea de número indeterminado (*Comprei unhos cantos xatos*). **3.** Relativo que significa "todo o que" (*Deulle canto tiña*). **4.** adv. Indica cantidade ou intensidade (*Canto máis rico é, menos dá*). **5.** Interrogativo, que expresa cantidade (*Cantos amigos teis?*). // **En canto (*conto*, *cuanto*).** Mentres, tan pronto como. // **En canto (*conto*) a (que).** Con relación a. **2.** Tan pronto como. **3.** Mentres.

cantón. s. m. (pl. cantois). Canto grande.

cantonera* → lacena.

cantor. s. m. Persoa contratada para cantar na misa dun enterro por parte dos familiares do defunto. **2.** Figuradamente, galo.

cantrela. V. canterla 1ª e 2ª acep.

cantrelar. V. canterlar 1ª e 2ª acep.

cantresa. V. canterla 1ª acep. (Ibias).

cantresar. V. canterlar 1ª acep. (Ibias).

cantril. s. m. Utensilio para facer ángulos na madeira a xeito de compás (Ibias).

canturrar. v. Cantar a media voz e con monotonía.

cantusada. s. f. Golpe que dan as cabras e as ovellas coa cabeza cando se anoxan.

cantuxo. s. m. Recanto, recuncho.

canuteiro. s. m. Tubo que serve para gardar papeis. **2.** Caixa de prata ou folla de lata para gardar o tabaco.

canutero* → canuteiro.

canuto. s. m. Lugar por onde sae a augardente do alambique. **2.** Nas canas, parte intermedia entre nó e nó.

canxilón. V. cazo 1ª acep.

canza. s. f. Cadela.

canzoalla. V. cabezoalla.

canzón, -úa, -oa. s. m. e f. Aumentativo de can.

canzoncillos* → calzoncillos.

canzote. s. m. Can en sentido despectivo (Allande).

canzualla. V. cabezoalla (Tapia de Casarego). // **Andar coa *canzualla* levantada.** Estar co pene erecto (Tapia de Casarego).

caña. s. f. Augardente de cana de azucre. **2.** Parte dun bote que é un barrote de madeira encaixado ao temón, que serve para pilotalo. **3.** Augardente de uvas. **4.** Varredoiro. **5.** Cabelo branco. **6.** Tubo de

madeira polo que pasa o aire ao fogar dunha ferrería (Taramundi). **7.** Chapa de ferro con forma de U que protexe a quilla dunha embarcación (Ortigueira). // ***Caña* brava.** Augardente. **8.** V. barra 6ª acep. (Ortigueira). // ***Caña* (cana) de pescar.** Pau que se emprega para pescar, que antigamente era de bambú.
Obs. Trátase dun castelanismo.

cañada* → canada.

cañadeira. s. f. Garabata con dentes longos que se utiliza na malla con máquina para limpar o trigo ou outros grans.

cañamil. s. m. Planta herbácea da familia das apocináceas, con talos rastreiros que producen curtas ramas erectas, follas ovais, algo coriáceas, e flores de color azul violácea. Ten propiedades medicinais como purgante e adstrinxente (*Vinca minor*), (San Martín de Ozcos).

cañamir. V. cañamil.

cañar. v. Recoller os caños da boca da *trilladora* cunha *cañadeira*. **2.** Recoller os restos miúdos da herba cortada ou da palla cunha *cañadeira*, vasoira etc.

cañería. s. f. Conxunto de rama e froitos dunha árbore.
Obs. Trátase dun castelanismo.

cañeto. V. canado 1ª acep. (Os Ozcos). **2.** Parte entre nó e nó nas vides e canas. **3.** Recipiente para gardar a pedra de afiar da gadaña; caxapo (San Martín de Ozcos).

cañicar. v. Balancear, abalar. **2.** Facer o acto sexual (Boal).

cañizo. s. m. Tabique de varas entretecidas cuberto con barro e cal que dividía as dependencias interiores das casas tradicionais.
Obs. Trátase dun castelanismo.

caño[1]. s. m. Casca que protexe o gran de trigo. **2.** Resto de palla miúda, grans de trigo etc., que bota a *trilladora*, saíndo mesturados coa palla e que se poñen xuntos na boca da máquina.

caño[2]. V. cano 1ª e 2ª acep. **2.** V. augueiro 4ª acep.
Obs. Trátase dun castelanismo.

cañola. s. f. Rama de árbore co seu froito, especialmente de cerdeira.
Obs. Trátase dun castelanismo.

cañoleira. V. chicheira 2ª acep. (El Franco).
Obs. Trátase dun castelanismo.

cañolía. s. f. Rama pequena dunha árbore.
Obs. Trátase dun castelanismo.

cañolo. s. m. Restra pequena de millo. **2.** Cana dunha árbore (Navia, Grandas de Salime, Allande, Villaión).
Obs. Trátase dun castelanismo.

cañón. s. m. (pl. cañois). Tubo por onde sae o aire do barquín dun mazo. **2.** Arma de fogo de artillería con distintas formas e calibre. **3.** Conduto situado na parte superior do *trobo* da *trompa* dun mazo por onde sae o aire (Santalla de Ozcos).

cañote. V. cañoto 1ª acep.

cañotero. s. m. Tubo dun chisqueiro. **2.** Tubo de folla de lata no que traían o certificado de licenza os soldados do século XIX.
Obs. Trátase dun castelanismo.

cañoto. s. m. Cacho de talo seco dunha planta que sobresae da terra unha vez cortada esta, especialmente do millo, verza, toxo etc. **2.** Talo de certas plantas. **3.** Por extensión, planta seca de millo.

cañuteira. s. f. Especie de *petaca* metálica.
Obs. Trátase dun castelanismo.

cañuteiro. s. m. Cana de pau, metal etc. **2.** Especie de *petaca* metálica.
Obs. Trátase dun castelanismo.

cañuto[1]. s. m. Parte do lacón e do xamón que está máis preto do uño. **2.** Nos animais cuadrúpedes, parte do brazo próxima ao peito. **3.** Parte córnea e oca da pluma dunha ave (San Martín de Ozcos).

cañuto[2]. s. m. Talo ou rama ocos dunha planta que usan os nenos para tirar auga; cerricón, ciquita.
Obs. Trátase dun castelanismo.

capa. s. f. Pedra do muíño situada enriba, que xira e que se move. **2.** Peza de vestir, feita de pano de la ou *pano de ortigosa*, longa, por debaixo dos xeonllos e que podía levar carapucha. Podía estar adornada con *agremán* e pechaba cunha botoeira de prata. **3.** Porción dalgunha cousa que está sobre outra. **4.** O que cobre ou baña algunha cousa (*Uha capa de neve*). **5.** Cada unha das diversas zonas que están superpostas. **6.** Situación na que unha embarcación soporta un temporal. // ***Debaxo* duha mala capa, encóntrase un *bon* bebedor.** Refrán que alude a que non se debe xulgar a apariencia exterior dunha persoa, se non o seu interior. // **El que ten capa, ben se tapa.** Refrán que alude a que se poden tapar moitas faltas cunha boa aparencia. // **Se vas á Garganta nin deixes as forxas nin deixes a manta.** V. Se vas á Garganta non deixes a capa. // **Se vas á Garganta non deixes a capa.** Dito referido ao frío que fai neste porto de montaña.

capacho. s. m. Cesta feita de esparto, xuncos ou vimbios que serve para levar cousas (Allande).

capacidá. s. f. Aptitude para facer algunha cousa.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
capadeira. V. capadura 1ª acep.
capado. adx. Castrado. // **Quedar mal capado.** Non quedar satisfeito con algo.
capadoira. s. f. Instrumento ou coitela para capar animais. **2.** Muller do capador. **3.** Apéndice que remata en pinza nun crustáceo (As Figueiras, El Franco).
capador. s. m. Persoa que castraba os animais e que antigamente anunciaba a súa presenza cun chifre. // **Inda (*eínda*) *tá* el capador encima da cocha (*gocha*).** Poñer atrancos sobre algo sen agardar o seu resultado final (Boal). **2.** Que aínda non se rematou o traballo ou actividade que se está facendo (Tapia de Casarego). **3.** Aínda está por verse o asunto (Boal).
capadora* → capadoira 2ª acep.
capadura. s. f. Acto de capar. **2.** Mal cosido nun vestido, roupa ou nunha rede de pesca (Abres, Navia).
capar. v. Extirpar ou inutilizar os órganos reprodutores. **2.** Quitar os panais ás abellas deixando o preciso para que estas poidan facer máis mel e alimentarse. **3.** Quitar o fío que ten enriba unha pucha. **4.** Coser á présa. **5.** Remendar un tecido. **6.** Mudar dunha colmea a outra un grupo de abellas coa súa raíña antes que o enxame abandone a colmea e non se perda (Eilao, Boal, Allande). **7.** No xogo do tute, coller o tres de trunfo co as (Boal). **8.** Facer unha fendedura a unha castaña para evitar que salte cando se asa. **9.** Atar as pinzas dun crustáceo que está nunha cetaria.
caparrosa. s. f. Nome que se daba a varios sulfatos de cobre, ferro ou cinc, que servían para tinguir as pezas de liño (Santalla de Ozcos).
caparuza. s. f. Correa atada no extremo do mallo (O Viñal); casoma, xugo.
capataz. s. m. Xefe ou encargado dun grupo de traballadores.
capear. v. Chamar coa man desde lonxe. **2.** Soportar unha embarcación un temporal. **3.** Atar ben algo, como a carga nunha cabalería (Allande).
capela. s. f. Feixe de talos de millo, amarrado pola metade. **2.** No xogo da *patefa*, xogada pola que o último xogador traza unha raia no chan que pasa a liña de *prisme* e con iso o resto de xogadores non poden trazar máis raias. **3.** Sombreiro (Castropol); capelo 1ª acep. **4.** Talo maduro dunha planta de millo (Abres, Seares). **5.** Cada unha das correas de coiro do mallo que unen a moca e o pértego; capelo 2ª acep. **6.** Apoucado, tímido (*É uha capela*).
capeleira. V. capeleiro.
capeleiro. s. m. Conxunto de *capelas* con forma de cono.
capelexo. s. m. Diminutivo despectivo de capelo. V. capelo 1ª acep.
capella. s. f. Lousa que se pon enriba dun trobo (Boal). **2.** V. capela 1ª acep.
capellán. s. m. Crego titular dunha capelanía. **2.** Axudante dun párroco.
Obs. Trátase dun castelanismo.
capelleira. V. capeleiro.
capelleiro. V. capeleiro.
capello. V. xugo 2ª acep. **2.** V. capelo 1ª e 5ª acep. **3.** Bordo dunha fogaza. **4.** Capucha (Allande). // **Saco de *capello*.** Saco de lona que cobre a cabeza e o lombo e que se usaba cando chovía (Allande).
capelludo. V. capeluda 2ª acep.
capelo. s. m. Sombreiro de palla. **2.** Peza de coiro que une os dous paus do mallo (Castropol); casoma. **3.** Capa de palla máis longa que se colocaba no palleiro na parte de enriba para que non entrase a auga. **4.** Cogomelo (Grandas de Salime, Ibias). **5.** Conxunto de nubes situadas por enriba dunha montaña. **6.** Capa de algo, como de tona no leite (Santalla de Ozcos). **7.** Mollo que recobre un medeiro para protexelo da chuvia (Vilanova de Ozcos). **8.** V. cresta 3ª acep. (As Figueiras). **9.** Figuradamente, ás veces, neve. // **Capelo de sapo.** Cogomelo. // ***Condo* el Mondigo pon el *capello*, todas as vellas mexan de medo.** V. Cuando el Mondigo pon el capelo, mexan as vellas todas de medo (Tapia de Casarego). // ***Condo* el Mondigo pon el capelo, as vellas mexan de medo.** V. Cuando el Mondigo pon el capelo, mexan as vellas todas de medo. // ***Cuando* el Silvela pon el capelo, as vellas da Veiga escapan de medo.** Refrán meteorolóxico (A Veiga). // ***Cuando* el Mondigo pon el capelo, mexan as vellas todas de medo.** Refrán meteorolóxico (Castropol). // ***Cuando* Monte Marón pon (el) capelo, San Martín *tembra* (*tremba*) de medo.** Cando o Monte Marón (en San Martín de Ozcos) cóbrese de nubes, ameaza tormenta en San Martín.
capeluda. s. f. Campá de torre. **2.** Ave paseriforme da familia dos aláudidos, que mide uns dezasete centímetros, con crista longa e alta na cabeza e plumaxe clara con algunha lista. Esta especie vive

en campo aberto e fai o niño no chan (*Galerida cristata*).

capeludo, -a. adx. Dise do que ten forma de capucha.

caperol. s. m. Cabeza da roda nunha embarcación (Tapia de Casarego).

caperuzo. s. m. Pucho. **2.** V. zoco 3ª acep.

capía[1]. s. f. Acto e efecto de capar. **2.** Ferida ou cicatriz que queda despois de capar.

capía[2]. V. capilla (Ponticella, Ortigueira, Navia).

capiado, -a. adx. Que lle extirparon os órganos reprodutores. **2.** Advertido, avisado.

capiar. v. Adaptarse ás circunstancias. **2.** Intentar facer levadeiras as dificultades ou cousas desagradables. **3.** Chamar con sinais feitos coas mans. **4.** V. capear 3ª acep. (Villaión).

capilla. s. f. Edificio dedicado ao culto relixioso, normalmente máis pequeno que unha igrexa. **2.** Figuradamente, lugar onde despachaban bebidas (Boal).
Obs. Trátase dun castelanismo.

capilla de ánimas* → peto de ánimas.

capillo. V. peto de ánimas (Santiso de Abres).

capilocho. s. m. Remate do teitado nas construcións de colmo como hórreos, palleiros etc. (Ibias). **2.** Remate agudo dunha cousa (Ibias).

capindón[1]. s. m. Capa vella e longa.

capindón[2], -a. adx. Aplícase á persoa alta e mal vestida, normalmente con roupa vella.

capingué. s. m. Peza de roupa mala e vella. **2.** Abrigo vello.

capirozo. s. m. Especie de abrigo para protexerse da chuvia, que se pon na cabeza para non ter frío nas orellas (Vilanova de Ozcos).

capital. s. m. Cantidade de diñeiro ou patrimonio que ten unha persoa. **2.** Riqueza.

capitán. s. m. (pl. capitais). Xefe que manda nunha embarcación. **2.** Xefe dun equipo deportivo. **3.** Oficial do exército.

capitanía. s. f. Oficina, residencia ou territorio a cargo dun capitán.

capizo. s. m. Trapo. **2.** Cacho de tea (Abres).

capoeiro. s. m. Lugar onde están recluídos os capóns para cebalos. **2.** Por extensión, lugar debaixo do escano con barrotes finos na parte dianteira onde se gardan as pitas e os galos. **3.** Conxunto de *capelas* para sacar os feixes de palla de millo; capeleiro. **4.** Poleiro.

capón. s. m. Polo ou galo castrado para cebar. **2.** Cantidade de abellas que se quitan dun trobo que ten moitas para formar outro. **3.** Golpe dado a outro co queixo cando ten a boca entreaberta.

caporal. s. m. Persoa que manda sobre outras, normalmente traballadores agrícolas. **2.** Persoa que actúa como xefe dun grupo. **3.** Persoa que era a mellor facendo un traballo, actividade etc. **4.** Persoa á que lle gusta mandar. // **Galo caporal.** O que manda sobre o resto de galiñas e galos (Tapia de Casarego).

capote. s. m. Cada unha das lousas que cobren o cume (Abres). **2.** Lousa situada na xunta doutras dúas nun beirado. **3.** Fileira de lousas que se poñen enriba dun beirado. **4.** Capa de algo, como de distintas pezas de madeira (Boal). **5.** Capa de abrigo con mangas. **6.** Axuda.

capotiar. v. Dar a volta ou inclinarse unha cousa, virar.

capricho. s. m. Desexo de algo innecesario ou sen fundamento. **2.** Adorno composto por unha serie de fíos ou cordóns colgados dunha tira de tea (Coaña).

caprichudo, -a. adx. Aplícase á persoa que ten moitos caprichos.

capucha. V. faro 2ª acep. (Coaña). **2.** V. carapucho 8ª acep.

capucho. s. m. Parte de enriba dun alambique onde está a *copa*. **2.** Capucha.

capuchón. s. m. Cuberta semiesférica de latón que protexe o compás da bitácora dunha embarcación.

capudral. s. m. Lugar onde abundan os *capudres* (Ibias).

capudre. V. escornaprudo.

capueiro* → capoeiro 3ª e 4ª acep.

caputre. V. escornaprudo.

capuzo. s. m. Toxo dunha bouza que medra en superficie porque o gando come os seus brotes (Abres).

caqueixa. V. mal (Mal del filo).

cara[1]. s. f. Parte anterior da cabeza. **2.** Aspecto do rostro. **3.** Anverso dunha moeda. **4.** Fachada dalgunha cousa como un edificio. **5.** Aspecto, traza (*Este asunto ten mala cara*). **6.** Lado dalgunha cousa. **7.** pl. Traza de chover (*Tán poñéndose uhas caras*). // **Cara de can.** Cara que pon unha persoa cando está anoxada. // **Cara de cona.** Home dominado pola muller. // **Cara de todo me cheira.** Expresión que se utiliza para aqueles que lles cheira até o seu propio beizo superior. // **Dar cara.** Devolver a unha cousa o seu aspecto orixinal. // **De cara.** De fronte. // **Mala cara.** V. mal

carís. // **Na cara.** Dicir algo sen contemplacións, abertamente. // ***Teis* máis cara que *espalda*.** Ser un descarado. // **Ter *muita* cara.** Non ter vergonza.

cara[2]. prep. Pode indicar dirección, tendencia, inclinación ou localización imprecisa no tempo ou no espazo (*Cara ao sol*), (San Martín de Ozcos).

carabanchón. s. m. Parte inferior dun hórreo ou *panera*, situada entre o chan e os pés (Allande).

carabaña. s. f. Auga mineral do tipo das sulfatadosódicas, utilizada polas súas propiedades laxantes.

carabañola (s). V. caramañola 1ª acep. (Coaña). // **Ás *carabañolas*.** Ás costas.

carabarqueiro. adx. m. Aproveitado (Castropol).

carabela. V. carambela. **2.** Cesta que servía para transportar alimentos nunha cabalería (Castropol).

carabina. s. f. Arma de fogo semellante a un fusil, máis curta e lixeira. // ***Tar* como a carabina de *Ambroxo*.** Estar mal unha persoa da cabeza ou algo (Allande).

carabineiro. s. m. Membro do corpo de vixilancia costeira que perseguía o contrabando (Navia).

carabinero. s. m. Crustáceo decápodo, da familia dos peneidos, semellante ao camarón, de pequeno tamaño, co corpo alongado e lateralmente comprimido. A súa color é vermella viva (*Plesiopenaeus edwarsianus*).
Obs. Trátase dun castelanismo.

carabiñolas (ás). loc. A ombros; ás carabañolas.

cárabo. V. moucho 2ª acep. (Eilao, Tapia de Casarego).

caracho! interx. Expresa desgusto, sorpresa etc., e úsase normalmente para evitar dicir carallo.

caracol. V. cosco 1ª acep. **2.** Forma en espiral (*Nun camín en caracol*).

caracola. s. f. Cuncha grande de caracol mariño, que soa como unha bucina ao soprar no seu vértice, e que normalmente adoita ser de *Charonia rubicunda*.

caracolear. v. Perder o equilibrio por unha borracheira.

caracolillo. s. m. Postura sexual na que a muller se pon a catro patas e o home a penetra por detrás (Castropol).
Obs. Trátase dun castelanismo.

carácter. s. m. Modo peculiar de ser ou reaccionar unha persoa.

carada. s. f. Mala contestación.

carafe! interx. Expresa enfado ou sorpresa.

carai! interx. Expresa sorpresa, enfado, contrariedade etc.

caraida! interx. Expresa enfado e sorpresa e utilízase por parte das mulleres e os nenos.

caraila! V. carai!

caraina! V. carai!

carallada. s. f. Diversión con ruído (*Tar de carallada*). **2.** Cousa molesta. **3.** Cousa sen importancia (*Ser unha carallada*). **4.** Parvada. **5.** Cabronada, acción infame, indigna ou retorcida. // **Andar en caralladas.** Andar con parvadas. // **Ir de carallada.** Ir de festa. // ***Tar* de carallada.** Divertirse, ir de festa.

caralladía. s. f. Diminutivo de carallada.

carallán, -a. adx. Dise da persoa que actúa sen tomar as cousas en serio, informal (A Veiga).

caralleiro, -a. adx. Dise da persoa da que non se pode fiar un.

carallo. s. m. Órgano xenital masculino, tanto do home como dalgúns animais. **2.** interx. Exclamación que indica sorpresa, dolor, noxo, contrariedade etc. **3.** V. carallo marín 1ª e 2ª acep. (El Franco). **4.** Órgano reprodutor dunha raia (Ortigueira). **5.** V. carallón 1ª acep. (Tapia de Casarego). // **Al (ao) carallo.** Expresión que se usa para mostrar desagrado, desgusto, sorpresa. // **Arre carallo!** Expresión que indica sorpresa ou enfado. // **Cada can que lamba (*llamba*) el (o) *sou* (seu) carallo.** Que cada persoa se preocupe dos seus asuntos (A Veiga, Castropol, Tapia de Casarego). // **El carallo de San Branco i a cona da taberneira, déronse de puñaladas un día vindo da feira.** Facer o acto sexual (Piorno). // **Grande de carallo.** Moi grande. // **Irse al carallo.** Non enfastiar, ir rañala (*Vaite al carallo!*). **2.** Vir abaixo algo, perderse. // **O carallo *vintenove*!** Faltaba máis! (Taramundi). // **Manda carallo!** Indica sorpresa ou enfado. // **Manda carallo na Habana!** Indica sorpresa ou enfado. // ***Nun* valer un carallo.** Que algo non vale nada ou moi pouco. // **Que cada can lamba el *sou* carallo.** V. Cada can que lamba (llamba) el (o) sou (seu) carallo. // **Tocar(se) el (o) carallo.** Amolar(se). **2.** Lacazanear.

carallo! interx. Expresa enfado, contrariedade, sorpresa, agrado etc.

carallo marín. s. m. Nome común dos equinodermos da clase holoturoides, que polo seu corpo cilíndrico e brando, cos extremos redondeados, recordan a forma dun pene (*Holothuria forskali*, *Holothuria tubulosa*), (Tapia de Casarego, Ortigueira). **2.** Molusco gasterópodo

opistobranquio, da familia dos aplísidos, co corpo macizo, duns vinte ou trinta centímetros de lonxitude e cunha pequena cuncha transparente recuberta polo manto. A coloración é parda verdeal e vermella nos exemplares máis novos (*Aplysia punctata*), (Ortigueira).

carallolo. V. faneco 1ª acep. (Tapia de Casarego).

carallón. s. m. Anélido da familia dos *Arenicolidae*, con corpo formado por tres partes diferentes, duns once a vinte centímetros de lonxitude. A parte anterior con seis segmentos, cada un con cinco aneis, cun par de branquias dorsolaterais vermellas. De color rosácea, verde ou marrón (*Arenicola marina*), (As Figueiras). **2.** V. carallo marín 1ª acep. (As Figueiras).

caralludo, -a. adx. Excelente, magnífico. **2.** Aplícase ao asunto ou negocio difícil de facer.

caramanchón. V. carabanchón (Navia, Allande, Villaión).

caramañola (s). s. f. Xogo de nenos, onde se fai un debuxo no chan con cadrados con números por onde se vai arrastrando unha pedra. **2.** Especie de leiteira de metal, que tiña dúas asas para levar no lombo.

caramazón. V. carabanchón (Allande).

caramba! interx. Expresa sorpresa, anoxo etc.

carámbano* → carambo 1ª acep.

carambanón. s. m. (pl. carambanois). V. carambo (Villaión).

carambela. s. f. Frío forte. **2.** V. carambo. **3.** V. caramela 1ª acep. **4.** Xeada (Taramundi). // **Facer (*fer*) carambela.** Xear. **2.** Nevar.

carambella. V. carambela 1ª acep.

carambio. V. carambo.

carambo. s. m. Conxelación de auga estancada nas pozas ou nos beirados dos lousados. **2.** Órgano xenital masculino (Castropol).

carambola. V. pinchacarneiro (Castropol, Tapia de Casarego).

caramboliar. v. Facer *carambolas*. **2.** Dar voltas algo (*Era raro que nun caramboliase dalgún carro por aquella costa*).

caramboula. V. pinchacarneiro (Navia, Tapia de Casarego).

caramela. s. f. Corno de cabra, castrón ou carneiro con tres furados que antigamente tocaban os pegureiros para comunicarse entre eles. **2.** Pequena frauta feita cun corno de cabra, castrón ou carneiro. **3.** Conxunto de carambos, xeada (Vilanova de Ozcos).

carameleira. s. f. Muller que nos mercados, festas e feiras, vendía abelás, caramelos etc.

caramella. s. f. Corno da cabra (Boal). **2.** V. carambela 1ª e 2ª acep.

caramelo. s. m. Doce pequeno feito de azucre derretido mesturado con outras esencias.

caramillo* → caramela.

caramocho. s. m. Cacho de algo que rompeu (Allande).

caramoña. V. carapucho 4ª acep. (El Franco).

caramoucho, -a. adx. Sen nada na cabeza. **2.** s. f. Parte superior da cabeza.

caramouco, -a. adx. Dise da persoa fea; calamouco. **2.** Aplícase á persoa que ten a cabeza moi grande; cachoucho.

carámpano. V. carambo.

carampela. V. carambo (Navia).

caramucano. adx. Aplícase á persoa borracha.

caramuza. V. caperol (Coaña).

caranquín. s. m. Choro continuo dos nenos pequenos. **2.** Enfermidade que provoca deformacións óseas tanto nos nenos como nas crías dos animais, raquitismo (Tapia de Casarego).

carantoña. s. f. Careta de cartón. **2.** Cara vella e chea de engurras. **3.** Hipócrita. **4.** Persoa moi fea (A Veiga). **5.** Cara fea. **6.** pl. Caricias que se lle fan a alguén para conseguir algo.

carantoñado, -a. adx. Dise da persoa con cara de mal humor.

carantoño. adx. Con cara de mal humor, enfadado.

carape! interx. Expresa sorpresa ou outros sentimentos (Taramundi).

carapela. s. f. Parte superior do *capeleiro*. **2.** Sombreiro, normalmente vello. **3.** Colmo de palla desfeito que se poñía na parte de enriba dos palleiros para defendelos da auga (Tapia de Casarego). **4.** Montón de herba seca que queda na parte enriba dun palleiro cando se remata de facer (Tapia de Casarego). **5.** Capa que se forma sobre algúns alimentos ao arrefriar, como as papas, o leite etc. **6.** V. carambela 1ª acep. **7.** Cousa que se utiliza para cubrir a cabeza. // **Facer (*fer*) *carapela* (*carapella*).** Nevar.

carapelas. V. cazapelas.

carapella. V. carapela. **2.** Neve.

carapelo. V. carapela 2ª, 3ª e 4ª acep.

carapucha. V. carapucho 1ª, 2ª e 8ª acep.

carapucho. s. m. Sombreiro que remata en punta. **2.** Saco dobrado que se coloca de

xeito cónico enriba da cabeza e do lombo para protexerse da chuvia ou do frío (Abres, Boal, Allande). **3.** Parte de enriba que cobre unha roca; roqueiro. **4.** Grupo de plumas que sobresae na cabeza dalgunhas aves. **5.** V. carapela 3ª e 4ª acep. **6.** Remate cónico de metal dun paraugas (Abres). **7.** Remendo de satén. **8.** Pucho rematado en punta que está unido pola parte do pescozo a unha capa, hábito ou abrigo.

caraste! V. carai!

caratabón* → cartabón.

caráuter* → carácter.

caravana. s. f. Vento forte do nordeste, seco e nubrado.

caravel. s. m. Flor da caraveleira. **2.** Caraveleira.

caraveleira. s. f. Planta herbácea perenne da familia das cariofiláceas, de raíces leñosas con moitas ramas, talo nodoso e ramificado, de desenvolvemento variable (até un metro de altura). As follas son estreitas, opostas e as flores moi vistosas de distintas colores (*Dianthus caryophyllus*). **2.** V. cravelina.

caravía. V. caravilla 1ª acep. (Navia, Allande).

caraviar. v. Pechar cunha caravilla (Navia).

caravilla. s. f. Cacho de madeira que serve para pechar ou asegurar portas, contras, ventás etc.; tabasa. **2.** Gancho de ferro, curvo ou recto, fixo ou movible, que situado nos marcos de ventás e portas, serve para pechalas. **3.** Cacho pequeno de madeira que se pon de xeito perpendicular na punta dun pau para arrincar os froitos do piñeiro (Tapia de Casarego). **4.** V. chavilla 4ª acep. (O Viñal, San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos); chave 2ª acep. **5.** Peza de ferro con figura de gancho que serve para pechar o tambor de asar castañas (San Martín de Ozcos). **6.** Barra de ferro cun gancho no extremo que serve para coller peixes grandes (Tapia de Casarego).

caravillo. s. m. Chavella (*chavilla*) para subir ou baixar a *calexa* do muíño e graduar deste xeito a cantidade de gran que debe de caer na moxega. **2.** V. caravilla 1ª acep. **3.** Caravilla pequena (Taramundi).

caravillón, -úa. s. m. e f. Caravilla de ferro de gran tamaño. **2.** s. m. Peza tubular de ferro que se introduce no mango dun mazo.

caravío. V. caravilla 1ª acep. (Allande).

caraxa. s. m. Órgano xenital masculino. // ***Caraxa caliente*.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de San Clemente (Ibias).

caraxo. s. m. Órgano xenital masculino. // **Al *caraxo*!** Expresión que se utiliza para indicar desconformidade, repulsión, enfado etc. (Vilanova de Ozcos); carallo (al).

caraxoleiro, -a. adx. Que fala moito.

carba. s. f. Árbore que non medrou, especialmente referido ao carballo.

carballal. V. carballeira.

carballedo. V. carballeira.

carballega. adx. Variedade de mazá, pequena e encarnada (Eilao, Tapia de Casarego).

carballeira. s. f. Lugar onde abundan os carballos.

carballido. V. carballeira.

carballín. s. m. Diminutivo de carballo.

carballo. s. m. Nome común con que se designan as especies caducifolias do xénero *Quercus*, da familia das fagáceas. Son árbores de follas lobuladas ou dentadas, con flores pouco vistosas e o froito en forma de ovo (landra ou *lande*), rodeado na súa base por unha cúpula recuberta de escamas. Normalmente forman fragas e a súa madeira é moi apreciada para a construción e a carpintería. Entre as especies existentes no Eo-Navia están o *Quercus robur*, *Quercus petraea* e o rebolo (*Quercus pyrenaica*). **2.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Robledo (Allande). // **Carballo *cúrpeo* (*curpio*).** Árbore caducifolia da familia das fagáceas, que pode chegar aos quince metros de altura, que medra en zonas altas como nos Ozcos e Boal, máis baixo que o normal, con follas brandas, ramaxe redonda e casca moi grosa. É un tipo de rebolo que dá landras moi pequenas (*Quercus pyrenaica*). // **Carballo en terra, todos á rama.** Refrán que alude a que cando un cae en desgraza, todos se aproveitan. // **Carballo *erbal*.** Árbore caducifolia da familia das fagáceas, moi forte, que pode acadar os trinta e cinco metros de altura, con copa máis ampla e regular que a do carballo común, ramas rectas e estendidas e follas grandes, que son de color vermella no outono permanecendo nas ramas e caendo na primavera (*Quercus petraea*), (Allande).

carballón. s. m. (pl. carballois). Aumentativo de carballo.

carbeilolas (ás). V. cabaleilolas (ás).

carboeiro, -a. s. m. e f. Persoa que facía ou vendía carbón de leña, que se empregaba nas ferrerías, mazos,

braseiros e pranchas. **2.** s. f. Espazo da ferrería onde se depositaban e almacenaban os carbóns precisos para o seu funcionamento. **3.** s. f. Lugar onde se facía carbón vexetal ao aire libre.

carboira. V. carboeiro 2ª acep.

carbón. s. m. (pl. carbois). Substancia combustible sólida, de color negra, procedente de materia vexetal. // **Carbón de cachopa.** Carbón feito con troncos vellos de castiñeiro (Boal). // **Carbón de foia.** Carbón vexetal feito con uz. // **Carbón de pedra.** Carbón mineral (Taramundi). // **Carbón *moural*.** Carbón feito con uz *moural* (Taramundi).

carbonar. v. Facer carbón vexetal; acarbonar.

carbonchón. s. m. Herba de raíz moi forte e follas anchas (Grandas de Salime).

carbonear. v. Abastecerse de carbón unha embarcación de vapor para o seu funcionamento.

carboneira* → carboeiro 2ª acep.

carboneiro* → carboeiro 1ª acep.

carbueiro*, -a → carboeiro 1ª, 2ª e 3ª acep.

carbunce. V. carbunzo.

carbunco. s. m. Enfermidade infecciosa que pode atacar ao gando cabalar, lanar, vacún ou mesmo ao home e ser mortal. **2.** V. maluco 1ª acep.

carbunzo. s. m. Restos de brasas e cinza que na cocción quedan pegados ao pan pola parte de debaixo. **2.** Por extensión, restos que quedan pegados nas tixelas, olas etc.

carburar. v. Actuar, traballar, moverse.

carburo. s. m. Composto químico de carbono con outro elemento, que se utilizaba normalmente nos candís.

carca. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Rapalcuarto (Tapia de Casarego). **2.** Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Calambre (Tapia de Casarego).

carcamal. V. carcamán.

carcamán. s. m. Persoa vella e anticuada.

cárcava. s. f. Foxo profundo.

carcavía. s. f. Cárcava pequena.

carcavón. s. m. (pl. carcavois). Foxo profundo de dimensións grandes (Pezós, Allande).

carcaxada. s. f. Risada.

cárcel. s. f. Rebaixe que ten o xugo pola parte de enriba. **2.** V. cárcele 2ª acep.

cárcele. s. f. Ferramenta de carpinteiro para apertar táboas. **2.** Institución penitenciaria na que se cumpren as condenas.

carceleiro, -a. s. m. e f. Persoa que ten ao seu cargo unha cárcere.

carchola. s. f. Cravo curto e de cabeza grande que se crava para protexer a madeira como nos zocos, galochas etc.

carcholeiro, -a. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Armal (Boal). **2.** Dise da persoa que fai *carcholas*.

carcomín. adx. Dise do home debilitado, consumido, vello. // **Serás vello *carcomín*. Terás as *lambercas* i el *xarampín*.** Refrán que alude a que cando un é vello todo son enfermidades.

cárcova. V. cárquiva (El Franco).

carda. s. f. Instrumento en forma de cepillo con dentes de ferro que serve para desatar o fío da la ou do liño. Para isto é necesario unha carda na parte superior e outra na inferior. **2.** Instrumento de ferro en forma de cepillo, con serras de dentes, que serve para limpar as cabalerías (San Martín de Ozcos).

cardada. adx. Dise da la desenredada coa carda.

cardadora* → cardadoira 2ª acep.

cardadoira. s. f. Personaxe das máscaras dos *Reises* do concello de Ibias, que é a muller do que leva o *rodalo*, cunha careta de pel de ovella moura, cellas de la branca e na boca dous dentes abaixo, un a cada lado, para deixarlle sacar a lingua. **2.** Personaxe das máscaras en El Valledor (Allande), caracterizada por ir disfrazada de vella con cardas. **3.** Persoa que carda.

cardar. v. Desenredar a la coa carda.

cardenal. s. m. Mancha na pel debida a un golpe.
Obs. Trátase dun castelanismo.

cardenillo. s. m. Óxido verde de cobre (Navia).
Obs. Trátase dun castelanismo.

cárdeno, -a. adx. Morado, violáceo (Navia).

cardín. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Llandequintá (Villaión). **2.** Dise da cabalería que tira a branca ou gris claro (Allande).

cardinento, -a. adx. Con mofo (Allande, Villaión).

cardo. s. m. Planta herbácea, perenne, da familia das compostas, con talo erecto, follas grandes, moi recortadas, e flores de diversas colores como azuis e amarelas, grandes e espiñentas (*Carduus sp.*, *Cirsium sp.*, *Serratula sp.* etc.). **2.** V. cerraxa (Tapia de Casarego). // **Cardo bravo.** Cardo común (*Cirsium sp.*). // **Cardo *farinento*.** V. farinento 2ª acep. // **Cardo manso.** V. cerraxa. // **Cardo *molar* (*mollar*).** V. cerraxa. //

Cardo *picón*. Cardo común (*Cirsium sp.*).

cardoso, -a. adx. Dise do que tira a branco (Allande). **2.** Dise cando algo está un pouco nevado (Villaión).

cardoxo, -a. adx. De color tirando a parda. **2.** Agrisado. **3.** Aplícase ao que ten o pelo abrancazado ou con canas. **4.** Dise do que perdeu a color polo uso ou pola luz (*Púxose cardoxo*), (Coaña).

careado, -a. adx. Con carie. **2.** s. m. Baile solto en círculo que ao xirar un dá media volta ou se atopa cos que están nos lados, cos brazos en alto e con castañolas.

carecer. v. Non ter.

careiro, -a. adx. Aplícase á persoa que vende caro.

carego, -a. V. careiro.

careixa. s. f. Verme ou larva dun tipo de mosca que cría na carne, touciño, peixe ou queixo. // **Quedar coa careixa na boca.** Agardar unha persoa unha herdanza que despois non lle toca (San Martín de Ozcos). // ***Tar* coa careixa na boca.** Agardar por cobrar, vender etc., algo.

careixeira. s. f. Nome común de diversas especies de moscas ou dípteros braquíceros da familia dos califóridos, larvíparos, que depositan as súas larvas especialmente sobre a carne morta da que se nutren. Poden ser de color verde, azul ou gris (*Sarcophaga carnaria*, *Calliphora vomitoria*, *Lucilia caesar*).

carel. s. m. Bordo superior dunha embarcación pequena onde se fixan os remos. // **Mar con *careles*.** Expresión que se utiliza cando unha lancha trae moito peixe (Ortigueira).

carena. s. f. Acción de reprender. **2.** Tunda, malleira.

carenado, -a. adx. Reprendido.

carenar. v. Reprender. **2.** Calafatear o casco dunha embarcación.

carencia. s. f. Falta de non ter algo que se precisa.

carenta* → corenta.

carepa. s. f. Bostela na pel. **2.** Hipocresía (Tapia de Casarego).

careta. s. f. Máscara para cubrir a cara, como no Entroido, para protexerse das abellas etc. Antigamente para as abellas non se usaban, xa que o costume era pintar a cara con restos de cinza. **2.** Cabeza de gando cunha mancha na fronte. // **Parecer uha careta.** Ir unha persoa moi pintada.

careto, -a. adx. Aplícase á vaca, cabalo ou burro coa cara branca e o resto da cabeza de color escura. **2.** Dise do animal coa testa branca.

carga. s. f. Acción e resultado de cargar. **2.** Aquilo que é ou pode ser transportado (*Unha carga de herba*). **3.** Obrigación. **4.** Molestia. **5.** Unidade de medida imprecisa, baseada no que pode levar unha cabalería, que podía ser 70 ou 80 quilos. **6.** Medida de capacidade que nos concellos do antigo concello de Castropol equivalía a 97,80 litros ou 3200 onzas.

cargación. s. f. Estado de enfermidade polo que se sente dolor de cabeza, tos e atasco das vías respiratorias. **2.** Acción de fertilizar a terra (Abres). // **Levantar *cargaciois*.** Abandonar.

cargadeira. s. f. Parte do aparello da cacea (Tapia de Casarego). **2.** Acto de cargar algo.

cargadeiro. s. m. Peza de madeira ou pedra que se pon enriba de portas, ventás etc. **2.** Pedra de enriba da boca do forno. **3.** No muíño, lugar para poñer os sacos. **4.** Lugar para cargar e descargar mercancías. **5.** Peirao sostido por pés de madeira, cemento ou ferro, que está sobre o mar.

cargado, -a. adx. Que leva ou ten moito peso (*Tán os castañeiros cargados*). **2.** Borracho. **3.** Dise da femia que está preñada, normalmente referido á vaca. **4.** Aplícase ao día, ceo, tempo, moi nubrados que ameazan chuvia. // **Cargado de anos.** Que xa é vello. // **Cargado de ombros.** Con chepa. // **Dar uha cargada.** Nunha embarcación de vapor, botar carbón ao forno e atizar o lume (As Figueiras).

cargadoiro. V. cargadeiro 1ª e 2ª acep.

cargador. s. m. Cada unha das vigas centrais que van desde o cume até a parte superior do muro nos lousados (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).

cargamento. s. m. Cantidade de mercancías que se transportan nun medio de locomoción.

cargante. adx. Molesto, pesado.

cargar. v. Poñer un peso sobre algo ou alguén. **2.** Molestar, cansar. **3.** Beber moito. **4.** Dar cal ou cemento a unha parede. **5.** Quedar preñada unha res ou outra femia dun animal (Tapia de Casarego, Boal, Castropol). **6.** Vender unha res (Eilao). **7.** Poñer la, liño etc., a unha roca (Santalla de Ozcos). **8.** Dar moito froito unha planta. **9.** Colocar unha mercancía sobre o que vai transportala. **10.** Colocar a carga a unha arma ou a un aparato. **11.** Formar unha madeixa de fío

nunha agulla para reparar despois algo. **12.** Pronunciar un fonema ou unha sílaba de xeito especial dentro dunha mesma palabra (*En Abres cargan un pouco máis de bambo*). // **Cárgate el demo!** Dise cando un neno ou unha persoa son malos. // **Cargue el demo con *ellas*!** Dise cando se desexa o mal para unha persoa ou unha cousa (Boal).

cargo. s. m. Responsabilidade. **2.** Coidado. **3.** Emprego. **4.** Obrigación. // **Al cargo de.** Baixo a responsabilidade ou coidado.

cargume. s. f. Carga (A Veiga).

caría. s. f. Diminutivo de cara.

cariado* → careado 2ª acep.

cariado, -a. V. careado 1ª acep. **2.** Descolorido.

cariao* → careado 2ª acep.

cariar. v. Poñer en presenza ás distintas testemuñas dun feito para deducir se din a verdade. **2.** Comparar. **3.** Poñer fronte a fronte dúas cousas, persoas etc.

caricia. s. f. Aloumiño.

cariciar. v. Demostrar afecto ou cariño tocando suavemente coa man.

caricolas (ás). loc. Ao lombo, ás costas (Allande).

caridá. s. f. Amor desinteresado polo próximo. **2.** Beneficencia para os pobres. Obs. Trátase dun vulgarismo.

caridego, -úa. adx. e s. m. e f. Natural da Caridá (El Franco). **3.** Pertencente ou relativo a esta localidade.

caridexo, -a. V. caridego.

cariña. s. f. Diminutivo de cara (Castropol).

carioca. s. f. Pescada pequena (As Figueiras). **2.** Cría da pescada.

carión. s. m. Cocho máis pequeno dunha camada; carrión (Eilao).

carís. s. m. Aspecto (Santalla de Ozcos). // **Mal *carís*.** Mal aspecto que presenta unha nube.

caritativo, -a. adx. Que exerce a caridade, bondadoso.

carito. s. m. Cacho pequeno de pan (Allande).

carlinga. s. f. Furado para encaixar os mastros dunha embarcación.

carlistada. s. f. Guerra carlista.

carnada. s. f. Cebo usado na pesca e na caza. **2.** Conxunto de carne (Seares). **3.** Animal en descomposición (A Veiga, Allande, Boal).

carnadeiro. s. m. Lugar ou obxecto como un anzol ou unha nasa onde se pon a carnada para pescar (As Figueiras).

carnapela. V. caramela (San Martín de Ozcos).

carnapodeiro. V. escornaprudo (Boal, Villaión).

carnapodo. V. escornaprudo.

carnapudeiro. V. escornaprudo (Boal, San Martín de Ozcos).

carnapudo. V. escornaprudo (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).

carnaval. s. m. Peixe osteíctio bericiforme, da familia dos berícidos, que pode alcanzar os cincuenta centímetros de lonxitude. Ten o corpo alto e comprimido, coa cabeza grosa e ollos moi grandes e redondos. A súa carne é moi apreciada (*Beryx decadactylus*), (As Figueiras). **2.** Peixe osteíctio da familia dos brámidos, que mide uns cincuenta centímetros de lonxitude como máximo, de forma oval, algo alongado, coa particularidade que a parte dorsal é abondo máis ancha que a ventral. Ten a cabeza redondeada, a mandíbula inferior máis saínte que a superior, aletas longas e cola de grandes proporcións. A pel é grosa, recuberta de fortes escamas que protexen mesmo as aletas. A súa coloración é parda moi escura con reflexos prateados (*Brama raii*), (El Franco). **3.** Peixe osteíctio zeiforme da familia dos caproidos, duns dezaseis centímetros de lonxitude, con cabeza longa, boca moi proctátil e fociño estraño, corpo oval e comprimido lateralmente e ollos grandes. É de color amarela ou rosada e comestible (*Capros aper*), (As Figueiras).

carnaza. s. f. Raspadura dunha pel cocida que se utiliza para obter cola para obras de carpintería ou para branquear paredes (Abres).

carne. s. f. Tecido muscular do corpo dos animais ou do home. **2.** Alimento constituído polos animais. **3.** Parte branda dunha froita. **4.** Parte comestible dun molusco. // **Carne de pita.** Sensación de frío ou terror que se manifesta na pel. // **Carne en calceta, que te coma quen te meta.** Ter desconfianza en comer embutidos que non son feitos na propia casa. // **Carne fresca *nun* é *toucín*.** Unha cousa non se pode confundir con outra. // **Carne *requebrada*.** Carne branda en mal estado (San Martín de Ozcos). // **Carne viciosa.** Carne que queda nas feridas que non cicatrizan. // **El que coma a carne, que *rañe* el óso.** V. El que comeu a carne, que coma tamén el óso. // **El que comeu a carne, que coma tamén el óso.** Refrán que alude a que quen se beneficia de algo debe aturar as súas incomodidades. // ***Nun tá* a carne nel prato por falta de gato.** Refrán que

alude a aquelas mulleres que non casaron malia ter pretendentes.

carneirada. s. f. Golpe dado coa cabeza.

carneiro, -a. s. m. Macho da ovella. **2.** s. m. Parte comestible dunha noz (Abres). **3.** adx. Testán. **2.** s. m. Parte en que se dividen algúns froitos como a laranxa (Abres, Boal). **4.** s. m. Sistema de forxa con dous barquíns movidos a pedal para facer cravos (Os Ozcos); barquiñeira.

carneirolo. s. m. Molusco bivalvo, da orde dos eulamelibranquios, de cuncha con forma de globo, dura e abondo grosa, con costelas radiais prominentes. A coloración é variable entre gris e branca rosácea e o tamaño varía arredor dos dous e medio centímetros de diámetro. É obxecto de marisqueo (*Cardium edule*), (As Figueiras, Tapia de Casarego). **2.** Molusco bivalvo, lamelibranquio da familia dos venéridos, semellante á ameixa, de cuncha oval redondeada, estriada e verrugosa. A súa coloración é amarela ou parda (*Venus verrucosa*), (Tapia de Casarego).

carnepodeiro. V. escornaprudo.

carniceiría. s. f. Lugar onde se vende carne.

carniceiro, -a. s. m. e f. Persoa que vende e comercia con carne de animal como alimento. **2.** Muller do carniceiro. **3.** Dise do animal que se alimenta preferentemente de carne.

carnillón. s. m. Vulto pequeno na carne, especialmente nos pezuños do gando vacún (San Martín de Ozcos).

carnudo, -a. adx. Con carne.

carnullada. s. f. Carne.

caro, -a. adx. Dificultoso (*Hache costar caro*). **2.** Con prezo elevado. // **Costar caro.** Costar traballo. // ***Salir* caro.** Causar unha cousa ou un asunto certo dano (*Vei salirche caro el asunto*).

caroca. s. f. Castaña vella e chea de furados. **2.** Por extensión, castiñeiro con moitos anos e cheo de furados. **3.** V. croca 2ª acep. **4.** Capricho. **5.** Tronco vello dunha árbore, especialmente do castiñeiro (Eilao, Ibias, Grandas de Salime, San Martín de Ozcos). **6.** Furado nun castiñeiro (Ibias). // **Meter na caroca.** Convencer. // **Quitar da caroca.** Disuadir.

carola. s. f. Planta herbácea que pode acadar unha altura de trinta a setenta e cinco centímetros, con talos prismáticos e triangulares, follas longas e apertadas, vaíñas de color parda e raíz con bulbos. Está considerada como nociva para os cultivos, especialmente para o millo, aínda que ten propiedades medicinais (*Cyperus esculentus*).

carolo. V. carozo 1ª acep. (Allande). **2.** V. carozo 4ª acep. (Villaión).

carón. s. m. Actitude de enfado ou desgusto (*Poñer carón*). // **A carón.** A rentes, á mesma altura (*Segar a carón*, *Rapar a carón coa máquina*, *Cortar el pelo a carón*), (San Martín de Ozcos, Tapia de Casarego). // **Carón de (a).** Ao lado, moi próximo a. **2.** A rentes de, á mesma altura.

caroncha. V. caruncho.

caronchado, -a. adx. Comido pola couza (Castropol, San Martín de Ozcos, Tapia de Casarego); escaronchado.

caroncho. V. caruncho (Boal, Tapia de Casarego, Allande). **2.** Po que forma a couza.

caroña. V. caruncho (Allande).

carosamente. adv. Con dificultade.

caroso, -a. adx. De valor ou prezo excesivo; caro 2ª acep. **2.** Dise do que é dificultoso de facer.

carozo. s. m. Parte da mazaroca do millo que queda despois de quitarlle o gran, que se utilizaba como combustible para prender as pranchas de carbón. **2.** Corazón non comestible dunha froita, como da mazá, a pera etc. (Castropol, Abres, Tapia de Casarego); cotozo, corozo, pezón. **3.** adx. e s. Alcume popular que se dá aos habitantes de Villaión. **4.** Espiga de millo pequena e ruín (Santalla de Ozcos). // **Sacar el carozo de *hoi*.** Traballar.

caroucho (en). loc. Sen nada na cabeza.

carpancho. V. paxo (Ortigueira).

carpantada. s. f. Catarreira moi forte.

carpanza. s. f. Planta arbustiva abundante nos montes baixos que pode acadar o metro de altura semellante á uz e con flores encarnadas (*Erica sp.* ou *Calluna sp.*), (Ibias, Os Ozcos). **2.** Por extensión, flor da mesma planta (San Martín de Ozcos). **3.** Gaivota pequena (Castropol).

carpaza. V. carpanza 1ª acep. **2.** Resto de óxido e escoura que ten a folla dun coitelo ou dunha navalla (Taramundi).

carpiar. V. escarpiñar (Santalla de Ozcos). **2.** V. carpir (Villaión).

carpín. s. m. (pl. carpíos, carpiños). V. escarpín; carpiño.

carpincho. adx. Presumido.

carpintear. V. carpintexar.

carpinteiría. s. f. Arte de traballar e labrar a madeira. **2.** Lugar onde traballa un carpinteiro. **3.** Conxunto de obxectos que fai un carpinteiro. // ***Carpinteiría* de**

ribeira. Á que se dedica á construción de embarcacións.

carpinteiro, -a. s. m. e f. Persoa que ten como oficio traballar a madeira. Traballaban normalmente facendo as ventás e portas das casas tradicionais. **2.** Persoa que traballa na construción de casas. // **Carpinteiro de armar.** Carpinteiro que coloca as armaduras dos pisos e a estrutura interna dos lousados. // **Carpinteiro de ribeira.** Carpinteiro que se dedica á construción e reparación de embarcacións. // **Carpinteiro de taller.** Carpinteiro que traballa na súa propia casa facendo mobles, portas, ventás etc.

carpintexar. v. Facer os labores propios dun carpinteiro sen selo.

carpiño. s. m. Especie de zapato de la grosa ou pano, para abrigar e que se pon por encima da media ou do calcetín, cando se levaban postas as galochas ou para andar polo cuarto da casa; carpín, escarpín.

carpío. V. escarpín.

carpio. V. escarpín.

carpir. v. Respirar con fatiga. **2.** Tusir. **3.** prnl. Queixarse.

carqueixa. s. f. Planta da familia das papilionáceas, leguminosa, herbácea e leñosa na base que pode alcanzar os setenta centímetros ou máis, de talos verdes e follas rudimentarias. As súas flores son amarelas e ten a semente metida nunha vaíña peluda. Diferénciase doutras especies semellantes en que as súas follas aparecen estiradas polo talo rematando e empezando en cada nó. É de uso medicinal tanto para as persoas como para os animais e tamén se utilizou como combustible e estropallo para fregar a madeira, os pisos da casas ou os pratos (*Chamaespartium tridentatum*).

carqueixal. s. m. Lugar onde abundan as carqueixas.

carqueixeira. adx. e s. Alcume das mulleres de Pezós.

cárqueva. s. f. Barranco (San Martín de Ozcos).

carquexa. V. carqueixa (San Martín de Ozcos).

carquexeira. adx. e s. Alcume popular que se lles dá ás mulleres de Argul (Pezós) porque teñen moitas carqueixas coas que alimentan o gando (San Martín de Ozcos).

cárquiva. s. f. Extensión de terreo máis baixo que o que o rodea, normalmente resultado da erosión da auga (Santalla de Ozcos).

carraca. s. f. Instrumento de madeira no que os dentes dunha roda ao mover unha lingüeta producen ruído. Antigamente utilizábase na misa de xoves santo. **2.** No muíño, mecanismo de roda dentada que co seu movemento xiratorio fai que caia o gran da *calexa* á roda do muíño.

carracha. s. f. Arácnido da orde dos ácaros, de moi pequeno tamaño, caracterizado pola fusión completa da cabeza, tórax e abdome e a presenza dunhas pezas bucais e un tubo dixestivo especialmente axeitados para alimentarse de sangue. É un parasito externo de animais domésticos e salvaxes e tamén do ser humano. Vive nas zonas de vexetación frondosa e elevada humidade atmosférica (*Ixodes ricinus*). **2.** Persoa molesta que tenta vivir dos demais. **3.** Certo parasito do salmón (Boal).

carracheiro, -a. adx. e s. Alcume que se aplicaba ás persoas procedentes da montaña por parte das da zona costeira, porque vivían entre o gando que tiña carrachas. **2.** s. m. e f. Persoa que vive entre o gando onde abundan as carrachas. **3.** Dise da xata débil.

carrachín. s. m. Neno pequeno. **2.** V. reichín (Allande).

carracho[1]. V. carracha 1ª acep. (Coaña, Boal, Navia, Villaión). **2.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Arbón (Villaión). // **Chupa carracho, que vén el inverno.** Refrán meteorolóxico.

carracho[2]. s. m. Mofo de mar, con filamentos urticantes. **2.** V. ortiga de mar (*Actinia equina*), (El Franco). **3.** V. apegón 1ª acep. (El Franco).

carrada. s. f. Contido dun carro cheo. **2.** Borracheira. **3.** Cantidade moi grande de algo. **4.** Catarreira.

carrado. s. m. Carga dun carro. **2.** Gran cantidade de algo (*Un carrado de castañas*).

carradín. s. m. (pl. carradíos). Carga en pequena cantidade que leva un carro.

carral. adx. Dise da persoa formal ou bondadosa.

carralla. s. f. Camiño no mar (Castropol).

carramandada. s. f. Conxunto abundante de algo.

carramandín. V. esmexarrado (El Franco). **2.** V. garramandín 1ª e 2ª acep. (Tapia de Casarego).

carranca. s. f. Colar ancho de can, de coiro e con pugas de ferro aceiradas para fóra, que serve para que se defenda dos outros cans ou dos lobos.

carrancas. s. f. pl. Zancos feitos de madeira para subir e andar con eles. // **A carrancas.** Coas pernas abertas en arco, camiñando con dificultade.

carrancha. s. f. Conxunto de cravos ou ferros que se poñen nos marcos dunha obra para suxeitalos á cachotería da parede. **2.** V. garrancha 1ª, 2ª e 3ª acep.

carranquear. v. Andar mal e amodo; escarrancar 2ª acep.

carranquiar. V. escarrancar 2ª acep.

carrao. V. gavioto 2ª e 3ª acep. (Coaña).

carrapada. s. f. Carga pequena nun carro.

carrapañoso, -a. adx. O que está cuberto por cotra ou ferruxe (Tapia de Casarego).

carrapatón. V. carracha 1ª acep. (Ibias, Grandas de Salime).

carrapotada. s. f. Cantidade grande de algo.

carrapoteiro. V. escornaprudo (Allande).

carrascal. V. carrasqueiro.

carrasco. V. carrasqueiro.

carraspeira. s. f. Aspereza na gorxa producida polo frío e que dá rouquén.

carraspexar. V. carraspiar.

carraspiar. v. Ter carraspeira.

carrasquedo. V. carrasqueiro.

carrasqueiro. s. m. e adx. Terreo con costas, de mala terra e con pedras; carrascal, carrasco, carrasquedo, cascaxeiro, cascalleiro, cascaxento.

carrasquín. V. reichín.

carrasquiño. s. m. Tipo de baile non orixinario do Eo-Navia que se danza cantando unha canción de *corro* (Taramundi).

carraxe. s. f. Rabia.

carreira. s. f. Viga de madeira para armar o lousado, disposta de xeito horizontal, que se apoia nas paredes e nas *zancas*, indo os cangos ou os *cargadores* por enriba. Úsase en diferentes construcións como casas, hórreos, *paneras* etc. **2.** Lugar onde se xoga aos *bólos*. **3.** Acción de correr. **4.** Liña de puntos que se soltan dunha media ou un calcetín. **5.** Ringleira de montóns de esterco. **6.** Ringleira. **7.** Profesión e estudos que se precisan para desempeñala. **8.** Competición deportiva de velocidade. **9.** Camiño estreito. **10.** Liña, raia nun caderno (Tapia de Casarego). // **Á carreira tendida.** Á présa. // **Ás (a) carreiras.** Á présa. **2.** Moita (*Augua ás carreiras*). // **De carreira.** Rapidamente (*De carreira a lancha iba pral fondo*). // **Nuha carreira.** Nun momento.

carreiría (s). s. f. Baile no que a parella avanza de lado nos dous sentidos, nunha especie de pequena carreira. **2.** Carreira.

carreirín. s. m. Camiño pequeno.

carreiro. s. m. Persoa que facía carros (Boal). **2.** Camiño pequeno e estreito reservado para o paso de persoas a pé. **3.** Paso que se abre coa gadaña ao segar (Os Ozcos). **4.** Marca que deixa unha persoa, animal ou un carro ao atravesar un prado, un monte ou un lugar. **5.** Liña de puntos que se soltan nunha media (Abres); carreira 4ª acep. **6.** Marca en forma de liña que vai deixando un líquido que cae dun recipiente (*Deixache un carreiro por toda a cocía coa augua del caldeiro*). **7.** Espazo estreito de area no fondo do mar entre penas e oucas (Ortigueira, Tapia de Casarego). **8.** Modalidade de garduñeira que se poñía para cazar animais nun sendeiro estreito escondida entre as follas.

carrela. s. f. Pequeno montón de forma cónica de feixes de centeo ou trigo (Abres, Castropol). **2.** Conxunto de cousas postas unhas enriba doutras. **3.** Conxunto de cousas postas en orde, como os feixes de trigo ou centeo de xeito provisional no campo (San Martín de Ozcos); medeiro.

carrellín. V. carrín 1ª acep. (Allande).

carrello. s. m. Aparello que a través dunha corda permitía subir a ouca desde a praia até a parte de enriba da terra (Navia). **2.** Pequeno carro que leva un burro ou un cabalo (Verducedo). **3.** Montón de feixes, de dez a doce. **4.** V. carrela 1ª acep.

carrelo. V. mexacán 1ª acep. (Grandas de Salime, Ibias).

carrería. s. f. Tipo de baile da Mariña eonaviega que se bailaba agarrado, e que se estendeu especialmente polos concellos da Veiga e de Tapia de Casarego.

carreta. s. f. (pl. *carretas*). Peza do *vasadoiro* ou do arado con dúas rodas unidas por un eixe sobre o que se apoia a *cubela*, e nesta encaixa en forma de T a *sacadoira* que leva no seu extremo un furado para enganchar o *cambón*; rodela 2ª acep. **2.** Carro lixeiro de dúas rodas para transporte de obxectos.

carretada. s. f. Carga que leva un carro, unha carreta ou un *carreto* dunha soa vez.

carretar. V. acarretar.

carrete. s. m. Cilindro que se emprega para enrolar fío, cables etc., como en certas canas de pescar ou cando se recolle unha sonda mariña.

carreteira. s. f. Camiño para persoas e vehículos, normalmente asfaltado (Santiso de Abres).

carreteiría. s. f. Conxunto de carros que transportan algo. **2.** Reunión de veciños para carrexar o material necesario para facer unha construción.

carreteiro, -a. s. m. e f. Persoa que guiaba os carros de bois ou vacas que se empregaban para o transporte polos camiños. **2.** Persoa que transportaba en carros o mineral de ferro da zona da costa ao interior para o funcionamento das ferrerías. **3.** Arrieiro. **4.** Persoa que facía rodas de carros compaxinando aspectos de carpintería e ferrería. Eran famosos os de San Martín de Ozcos. **5.** Último fillo dunha femia (Tapia de Casarego). **6.** Persoa que transportaba en carros a madeira dos montes.

carretera* → carreteira.

carretilla. s. f. Pequeno carro, consistente nunha caixa onde se coloca a carga, cunha soa roda na parte dianteira e dúas na traseira, e con dous mangos para manexala coas mans. // **De *carretilla*.** De memoria e dunha soa vez.
Obs. Trátase dun castelanismo.

carretillada. V. carretillado.

carretillado. s. m. Contido dun *carretillo*.

carretillo. s. m. *Carretilla* pequena.
Obs. Trátase dun castelanismo.

carreto. s. m. Transporte que se fai cun carro ou outro medio de transporte. **2.** Carro pequeno con rodas e caixa de madeira que serve para levar herba ou leña con dous mangos para transportalo; carro de mao. **3.** Acción de transportar no mes de marzo terra do fondo, levada en cestos, para subila despois ás partes altas das leiras. **4.** Viaxe cun carro por conta allea. **5.** Carretada. **6.** Acto ou efecto de carretar. **7.** Cada viaxe que fai un carro cargado. **8.** Acto de transportar unha embarcación a un porto de mar a metade da pesca que lle daba outro barco en alta mar, que estaba equipado con artes de cerco axeitadas para a costeira do chicharro (As Figueiras).

carretón. s. m. Pequeno carro metálico ou de madeira, con dúas asas, unha ou dúas rodas e dous pés, que serve para carrexar cousas; carreto 2ª acep. **2.** Especie de triciclo de madeira para xogar os nenos (Allande, Villaión).

carretuco. s. m. *Carreto* ou carro, con carácter despectivo.

carrexar. V. acarretar.

carricanta. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Valín (Taramundi). **2.** Insecto ortóptero da familia dos tetigónidos, de antenas longas e filamentosas (*Tettigonia viridissima*). V. langosta 1ª acep. **3.** V. chicharra 2ª acep.

carricovo. s. m. Camiño estreito, pequeno e pendente. **2.** Recanto, recuncho. **3.** Pasadoiro para acceder a unha leira. **4.** V. fanigoto. **5.** Cova, foxo, lugar de difícil acceso.

carrieira. s. f. Camiño estreito, normalmente de carácter comunal, que permite o acceso aos carros para atravesar as leiras. **2.** V. carreira 1ª acep. **3.** Servidume temporal para o paso dun carro na época de sementeira ou recolleita (Santalla de Ozcos). // **Ter carrieira.** Ter permiso para pasar por unha leira allea cun carro (San Martín de Ozcos).

carrigozo. s. m. Camiño fondo e desfeito (San Martín de Ozcos). **2.** V. cárqueva.

carril. s. m. e f. Camiño de carro normalmente sen paredes aos lados. **2.** Resalte que ten o coucillón no cantadoiro que non deixa moverse o eixe de xeito lateral.

carrilana. s. f. Xoguete de nenos que é un carro pequeno ou unha plataforma con rodas. Tradicionalmente eran de madeira.

carrilano. s. m. Especialista ou peón, normalmente vido de fóra, como os que participaban nas obras do camiño de ferro de Vilaoudriz-Ribadeo (Santiso de Abres).

carrileira. s. f. Marca que vai deixando o carro polo camiño coas rodas. **2.** Paso de entrada a unha leira ou a un monte cun carro do país. **3.** Camiño de carro en exclusiva para o servizo das leiras (Coaña, Tapia de Casarego). // **(A) Carro entornado, non (*nun*) lle faltan *carrileiras*.** Refrán que indica que para unha persoa non moi culta calquera resposta é válida nun asunto. **2.** Cando se produce un acontecemento, todo o mundo atopa as causas. // **De *carrileira*.** Dicir unha cousa sen interrupción. // **Desde que el carro *tá* entornado, *nun* lle faltan *carrileiras*.** V. (A) Carro entornado, non (nun) lle faltan carrileiras. // ***Salirse* da (s) *carrileira (s)*.** Falar dun asunto cando se está a tratar outro (Boal).

carrillo. s. m. Parte carnosa da cara. // **Comer a dous *carrillos*.** Comer moito e con rapidez.
Obs. Trátase dun castelanismo.

carrín. s. m. Constelación boreal de sete estrelas, entre as que se atopa a estrela polar, que é a que indica o norte, osa

menor. **2.** Noutros concellos é a constelación boreal de sete estrelas, máis brillantes que na anterior, osa maior (San Martín de Ozcos). // **Al *carrín*.** Levar dous nenos, un a cada lado, a outro sentado sobre as súas mans cruzadas (San Martín de Ozcos).

carrión. V. carión.

carriozo. s. m. Lugar por onde pasa a auga polo medio dun camiño ou dun prado (Santalla de Ozcos). **2.** Lugar máis baixo que o terreo circundante e escavado pola auga; cárquiva (Santalla de Ozcos).

carriza. s. f. Planta herbácea, vivaz, do xénero *Cyperaceae*, de follas verdes longas, planas e cortantes, que mide entre uns corenta e cen centímetros de altura formando grupos espesos en lugares húmidos. As inflorescencias, bastante compactas, están formadas por numerosas pequenas espigas, situándose as masculinas na parte máis alta e as femininas na base. Utilizábase antigamente para cubrir as moreas de herba para que non se mollasen (*Carex pinaculata*); carrizo 2ª acep, carrizón. **2.** V. carrizo 1ª acep. (Coaña, Allande).

carrizal. s. m. Terreo cuberto de carrizas.

carrizo. s. m. Ave paseriforme da familia dos troglodítidos, moi pequena, de 9,5 centímetros de lonxitude, de color parda profusamente listada e cola curta sempre erguida. Atópase con abonda frecuencia en lugares baixos, xardíns, rochas, bosques etc. O seu canto é melodioso e emite un berro de alarma característico (*Troglodytes troglodytes*). **2.** V. carriza 1ª acep. **3.** Persoa de pequena estatura. // **Chufa, carrizo, cun ovo que *teis*.** Dito contra os que se louvan de máis a si mesmos. // **Chufa, carrizo, *pra* un ovo que tes.** V. Chufa, carrizo, cun ovo que teis (Taramundi). // **Máis pequeno que un ovo de carrizo.** Moi pequeno (A Veiga).

carrizón. V. carriza 1ª acep.

carro. s. m. Vehículo agrario composto por unha mesa de madeira, de onde sobresae un pau, que no seu extremo leva o xugo onde se poñen as vacas ou os bois. Debaixo ten un eixe con dúas rodas de madeira que adoitan estar recubertas con pezas de ferro. A súa función é transportar carga nos labores agrícolas. Normalmente pintábanse de colorado, mouro de *galipote* ou verde. Dentro dos mellores fabricantes destacaban os de Santa Colomba (Castropol) e os de San Martín de Ozcos. Existen certas variedades como pequenos carros para levar a leña para as forxas como acontecía en Vilar de Cendias (Ibias) ou aqueles que levaban encaixada unha barrica para transportar auga nos Ozcos. **2.** Carga dun carro. **3.** Carrete de fío. **4.** Peza do muíño que consiste nunha estrutura de madeira sobre a que se apoian a moxega e a *calexa* (Eilao). **5.** Táboa que se pon por enriba dos xugos na *caxa* do banzado dun mazo. **6.** Osa maior; carrín 2ª acep. (Tapia de Casarego). **7.** V. zorra 2ª acep. **8.** Transportador dunha embarcación en construción ou reparación que se usa nunha carpintería de ribeira e que vai sobre carrís de ferro na *grada*. **9.** V. halador (Tapia de Casarego). **10.** Carriño de man que se utilizaba nos portos de mar para levar peixe, caixas, artes de pesca etc. // **Carro de *cambín*.** O que ten rodas de cambín. // **Carro de *guiadora*.** Carro de rodamentos. // **Carro de *mao*.** Pequeno carro feito con dúas rodas pequenas e un *leto* de madeira, que serve para levar a herba, a leña etc.; carreto, carretón. // **Carro de *radios* (raios).** Carro con rodas de raios de madeira e o eixe de ferro, con caixón basculante, sendo a tipoloxía máis moderna de carro. // **Carro de rincha.** Carro do país con rodas macizas de madeira e unha vara. // **Carro de rodamentos.** Xoguete infantil en forma de carro con rodas de madeira, onde sentaba o neno e guiábao polo camiño cun eixe dianteiro móbil que tiña. // **Carro de *terrar*.** Carro pequeno de forma rectangular, cunha armazón de madeira con catro rodas macizas tamén de madeira, sendo máis grandes as posteriores e que no centro leva un madeiro en forma de corno de vaca alongado como freo e que se utiliza para *terrar*. // **Carro del país.** Carro típico da comarca, que ten un caixón que non bascula, dúas rodas formadas por unha coroa circular de dúas pezas de madeira reforzadas con cinchas de ferro. No canto leva lamias de ferro. O eixe é de madeira e ao rozar coas treitoiras cando roda o carro, canta; carro de rincha. // **Carro dos mortos.** Figura mitolóxica en forma de carro que se aparece uns minutos antes de morrer. // **Carro triunfante.** Constelación de estrelas situada no hemisferio norte, Tauro (Allande). // **Como se cantara el carro.** Sen inmutarse, non facer caso, non prestar atención. // ***Condo* eu falo canta un carro.** Refrán que se usa para reforzar a

veracidade do que se di ou do que outra persoa di. **2.** Úsase para referirse unha persoa a que ninguén lle fai caso. // **Desde que el carro se entorna, *nun* faltan *carrileiras*.** Despois de acontecer un feito todo o mundo dá solucións (Tapia de Casarego). // **Devolverlle a un as cousas al carro.** Replicar, contestar. // ***Nun* ir nel meu carro a misa.** Caer antipática unha persoa, non querer trato con ela (Tapia de Casarego). // **Parar el carro.** Non te embales, escoita primeiro o que che din. // **Pasar (botar, poñer, levar) o (el) carro diante dos bois.** Quedar unha muller embarazada antes de casar. **2.** Acontecer as cousas nunha orde distinta ao normal. // **Por onde *tá* el *camín* feito, vai el carro *solo*.** Expresión que alude a que por onde non hai atrancos é moi fácil ir. // ***Pra* carro entornado non faltan carrieiras.** V. Desde que el carro se entorna, nun faltan carrileiras.

carro-costa. V. carrilana.

carroceta. s. f. Pequeno camión que se emprega normalmente para transportar madeira do monte. Son famosas as feitas na Pontenova.

carrocetada. s. f. Contido dunha carroceta (A Veiga).

carroceto. V. carroceta. **2.** Vehículo de tres rodas con motor para transportar cargas lixeiras, motocarro (Coaña).

carrochada. s. f. Golpe que se dá cun *carrocho*.

carrocho. s. m. Vara ou pau secos que serven para o lume. **2.** Pau torto (Coaña). **3.** Cacho pequeno dunha rama seca (El Franco). **4.** Pau curto dunha rama, das verzas, do millo etc. (Villaión).

carrochuada. V. carrochada.

carrolla. s. f. Parte con rizos de determinadas algas como os *oucois* (El Franco); cachoucha.

carrolo. s. m. Conxunto de ourizos das castañas *lorigas* que están moi xuntos (Boal).

carromato. s. m. Carro grande que normalmente vai cuberto cun toldo e tirado por mulas.

carrón. s. m. Carro grande.

carruco. s. m. Carro pequeno con eixe que dá voltas coas rodas, que non teñen raios (Allande).

carruga. s. f. Raíz da uz moural.

carta. s. f. Escrito pechado que unha persoa envía a outra para comunicarlle algo. **2.** Mapa marítimo.

cartabón. s. m. Instrumento de debuxo en forma de triángulo rectangular.

cartamón. s. m. Medida utilizada polos carpinteiros para saber a anchura e o grosor de cada unha das pezas de madeira dunha embarcación (As Figueiras). **2.** Tipo de corte que se fai nas cadernas dunha embarcación en construción (As Figueiras).

cartamonear. v. Facer un corte nas cadernas dunha embarcación en construción (As Figueiras).

cartapacio. s. m. Carteira da escola para gardar os libros e os papeis.

cartear. v. Ondularse o fío da gadaña.

carteira. s. f. Bolsa de coiro ou tea de forma rectangular que serve para gardar cartos, carnés etc. **2.** Bolsa grande, normalmente de coiro e forma rectangular, con tapa e asa, que serve para levar libros, papeis etc.

carteirada. s. f. Contido dunha carteira. // **Ter *cuartos* a carteiradas.** Ter moito diñeiro.

carteiría. s. f. Lugar onde chegan as cartas e desde onde se reparten.

carteirista. s. m. e f. Ladrón ou ladroa de carteiras.

carteiro, -a. s. m. e f. Empregado do servizo de correos que leva as cartas ás casas. **2.** s. f. Muller do carteiro.

cartiado, -a. adx. Borracho (Allande).

cartiar. V. cartear. **2.** prnl. Escribirse cartas entre dúas ou máis persoas.

cartilla. s. f. Libro pequeno onde se aprendía o vocabulario, a ler etc. **2.** Libro pequeno onde está escrito o catecismo cristián.

cartola. s. f. Lateral dun camión.

cartón. s. m. (pl. cartois). No xogo da lotería, cada un dos seis cachos de papel que teñen 15 números repartidos en tres ringleiras de cinco cifras.

cartos. s. m. pl. Nome xenérico de diñeiro.

cartuchado. s. m. Contido dun cartucho.

cartucheira. s. f. Cinto ou bolsa de coiro onde se levan as pistolas.

cartucho. s. m. Bolsa de papel.

caruncho. s. m. Insecto de pequeno tamaño, de corpo máis ou menos redondo ou alongado, normalmente de coloración parda, que cría e roe na madeira. Esta palabra adoita referirse aos escaravellos da familia dos curculiónidos, escolítidos, cerambícidos e bupréstidos, que furan a madeira de árbores e mobles, producindo fortes danos.

carvaza. V. carvés (Allande, Eilao).

carvé. V. carvés (Abres, Tapia de Casarego).

carvea. V. carvés (A Veiga).

carveixa. s. f. Planta da familia das poligonáceas, forte, de follas simples, flores verdes e froito pequeno (*Rumex pulcher*), (Os Ozcos).

carvén. s. m. (pl. carveis, carvéns, carvés). V. carvés (Tapia de Casarego, Boal, San Martín de Ozcos, Villaión).

carvena. V. carvés (Navia).

carvés. s. m. (pl. carveses). Planta herbácea da familia das poligonáceas, de follas grandes que alcanzan até os trinta centímetros, alongadas e coa marxe ondulada. Cando forma a inflorescencia pode chegar até un metro de altura, con moitas e pequenas flores. O froito ten forma de corazón cun gran na parte inferior. Vive en lugares húmidos, nos prados, beiras dos camiños etc. Segundo a tradición a folla desta planta cura os grans malos e a diarrea (*Rumex crispus*), (Boal, San Martín de Ozcos). **2.** Por extensión, vara delgada desta planta.

Obs. Nalgúns lugares como o concello de Vilanova de Ozcos esta planta pode ter xénero feminino: a carvés, co seu plural as carvesas.

carvesa. (pl. carvesas). V. carvés (Boal, Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos, Grandas de Salime, Taramundi).

carzar* → calzar.

cas. loc. Casa de. // **En *cas* de.** En casa de.

casa. s. f. Edificio para vivir os homes. No Eo-Navia, ademais da tipoloxía primitiva das pallozas, podemos citar: a *casa de habitación terrea*, que está caracterizada por unha planta rectangular dun só piso, destinada a vivenda e corte e que ás veces pode ter un faiado. Está constituída por un bloque cúbico, hermético, con poucas ventás. A *casa de corredor*, caracterizada por ter un corredor que pode estar enteiramente con balaústres de madeira, só unha parte ou con lousas. Esta tipoloxía de casa é frecuente na Montaña do Eo-Navia, dispoñéndose as plantas dun xeito que a primeira alberga a corte e a segunda a vivenda aproveitando a calor dada polo gando. A *casa con patín exterior*, é menos frecuente, e está caracterizada por unha primeira planta onde se sitúa a corte, e unha segunda constituída pola vivenda á que se accede a través dunha escaleira exterior de pedra. A *casa de pescadores*, caracterizada por aproveitar as medianeiras, con planta estreita, de dous ou tres pisos, e frecuentemente con galerías acristaladas. A *casa semiurbana*, con volume cúbico ou rectangular, ten dous pisos e caracterízase pola presenza dunha bufarda no último. Aparece en toda a zona da Mariña eonaviega, aínda que tamén penetra no interior. Nas subtipoloxías da mariña aparece unha casa con dúas plantas e pequenas ventás no faiado, a dúas vertentes, algunhas cos marcos pintados. Outra subtipoloxía son pequenas casas moi cúbicas, a catro augas e patín exterior. De todos os xeitos, a tipoloxía de casa tradicional máis estendida, especialmente no interior é unha casa de cachotería de pedra, cuarcita e lousa (quitados os cantos que teñen pedras máis grandes de pedra de gra e granito), con poucas ventás, de grandes dimensións, cunha planta con corte abaixo e vivenda enriba. **2.** Familia. **3.** Parte grosa das galochas que se fura para facelas. **4.** Conxunto de edificacións que pertencen a unha mesma propiedade: vivenda, hórreo, cortes, cabanón etc. (Os Ozcos). **5.** Sinal que queda nun corpo por rozadura ou presión doutro (Tapia de Casarego). **6.** Nalgúns xogos, lugar onde está o neno que apanda; madre. **7.** Cada un dos pequenos arcos que forma unha rede dun nó a outro. // **A casa *chía* dá *muita* alegría.** Refrán que alude a que cando se ten de todo hai alegría. // **Casa de *bodegueiro*.** Casa de autoconstrución, con materiais abondo malos. // **Casa de palla.** Palloza. // **Casa de pousafoles (*pousafolles*).** Casa onde se recibe a todos. // **Casa del forno.** Pequena construción de muros de cachotería e lousado a dúas vertentes, que alberga dentro o forno. Este tipo de construción separada da casa é posterior no tempo aos fornos que están dentro das casas tradicionais. // **Casa forte.** A moi rica, con moitas propiedades. // **Casa patronal.** Nos Ozcos, conxunto de propiedades adscritas a unha vivenda. // **Casa patrucia.** Casa principal, orixe dunha familia (Santalla de Ozcos). // **Casa que *nun* é reñida *nun* é ben rexida.** Dito que alude a que en todas as casas se rifa. // **Casa redonda.** Casa cos muros redondeados, normalmente con planta elipsoidal e que podía corresponder ás veces con antigas pallozas. // ***Nun* hai casa pequena que *nun sía fumenta*.** Refrán que se aplica ás mulleres de baixa estatura e de mal xenio. // ***Nun* hai peor casa que a *balleira*.** Refrán que alude á pobreza (Boal). // **Uha *búa* casa ten que manter un can i un folgazán.** Refrán que expresa que nunha casa hai de todo.

casadeiro, -a. adx. Dise da persoa que está na idade de casar.

casado, -a. adx. e s. m. e f. Persoa que casou. // **El (o) casado casa *quer* (quere), (i el solteiro *quer* muller).** Refrán que indica que é conveniente que cada matrimonio viva na súa casa de xeito independente, sen compartila con outra parella. // **Home casado, burro acabado.** Refrán que explica que o matrimonio non é bo para os homes.

casal. s. m. Pequeno grupo de casas nunha aldea (Taramundi).

casalla. s. f. *Casía* de mala construción.

casamenteiro, -a. adx. Que propón ou axuda a facer un casamento.

casamento. s. m. Acción e efecto de casar. **2.** Voda. // **Casamento i *mortaxa*, del *celo* (ceo) *baxa*.** O casamento e a morte veñen rexidos pola vontade de Deus.

casar. v. Unirse dúas persoas en matrimonio. **2.** Celebrar o cura, xuíz etc. o casamento de dúas persoas. **3.** Combinar, facer cadrar unha cousa con outra. **4.** Roubar. // **A casada casa *quer* i a parida tamén.** Refrán que indica que tanto casadas como as que tiveron nenos queren ter casa propia. // **Casáchete, cagáchete.** Refrán que recomenda non casar. // **Casar ben.** Facer un casamento proveitoso. // **Casar, casar, que ben, que mal.** Refrán que alude a que o estado natural do home é o matrimonio. // **El que acerta en casar *nun* lle queda en que acertar.** Refrán que indica a importancia de elixir ben a parella, pois iso trae a felicidade e levar mellor os problemas. **2.** Sendo o matrimonio unha cuestión delicada, pódese afirmar que coa parella axeitada se terá éxito en calquera situación que se presente. // **El (o) que lonxe (llonxe, fóra) vai (vei) casar, (ou) trampa (tacha) leva (*lleva*) ou (trampa) vai (vei) buscar.** Refrán que indica que no mundo tradicional non estaba ben visto casar lonxe e pensábase que o que o facía era por algunha eiva ou podía levar un engano coa parella. **2.** Alude á comenencia que os que van casar se coñezan, pois non resulta doado coñecer a alguén se é doutro lugar. // **Quen lonxe vai casar, trampa leva ou trampa vai buscar.** V. El (o) que lonxe (llonxe, fóra) vai (vei) casar, (ou) trampa (tacha) leva (*lleva*) ou (trampa) vai (vei) buscar. // **Vale *más nun* se casar se *nun* ten *pra* desafiar.** Refrán que recomenda non casar en determinadas circunstancias (Villaión).

casarada. s. f. Conxunto de persoas da mesma familia que viven nunha mesma casa.

casarica. s. f. Casa pequena.

casarío. V. caseirío 2ª acep. (Taramundi).

casca. s. f. Revestimento de certas árbores ou arbustos como o carballo, amieiro, piñeiro, vimbieira etc., ou froitos, sementes etc. **2.** Capa exterior do ovo, da noz etc. **3.** Cuncha dos moluscos. **4.** Tintura de color escura que se emprega nas redes de pescar.

cascabel. s. m. Planta anual da familia das compostas, de talos con ramas desde a base, que poden alcanzar os corenta centímetros de altura. As follas son alternas, estreitas e moi divididas e as flores amarelas. Tradicionalmente é utilizada para cazar paxaros (*Senecio vulgaris*). **2.** Persoa superficial que se mete en asuntos alleos. **3.** V. xóuxaro. // ***Tar* como un *cascabel*.** Estar contento.

cascabeleiro, -a. adx. Aplícase á persoa alegre e pouco sensata.

cascabulleiro. s. m. e adx. Terreo que non produce nada.

cascado, -a. adx. Cansado, fatigado.

cascallal. s. m. Terreo de cultivo pouco profundo.

cascalleiro. s. m. e adx. Terreo de pouco fondo e de mala calidade (Santalla de Ozcos).

cascallo. s. m. Xogo de nenos que se xoga cunha pedra e varias raias no chan. **2.** Grava. **3.** Dise do terreo infértil con moita pedra miúda. // **Ir *xugar* al *cascallo*.** Botar a alguén.

cascanoces. s. m. Instrumento usado para partir noces.

cascar. v. Escachar, desfacerse. **2.** Pegar coa man ou cun obxecto a alguén. **3.** Masturbarse o home. **4.** Apertar a calor do sol. **5.** Romper (*Cascácheme esos ovos*). **6.** Poñer, aplicar. **7.** Folgar (Allande).

cáscara. V. casca 3ª acep. **2.** Parte exterior e máis dura do óso dunha froita. **3.** V. peregrina (El Franco). **4.** V. casco 13ª acep. (Ortigueira). // ***Cáscara* de *pelegrín*.** V. peregrina (As Figueiras).

cascarada. s. f. Risada.

cascareira. s. f. Conxunto de restos de cascas de moluscos que quedan nas praias ou na costa (Tapia de Casarego).

cascarela. s. f. Prominencia arredondada do carballo que produce como defensa fronte a un parasito que é a larva dunha avespa (Grandas de Salime); béilara, béilaro, béillaro, curuxa[2]. **2.** V. caramela 1ª acep. (Castropol).

cascarella. V. cascarela (Eilao, Allande).
cascarelo. adx. Trapalleiro.
cascaría. s. f. Parte de enriba dunha lámpada. **2.** Cuncha dun molusco.
cascarín. s. m. Crustáceo cirrípedo, que pode chegar aos dous centímetros, coa parte externa dura e de forma cónica, e con cabeza e tórax xuntos de tal xeito que non se distinguen un do outro. Ten dez patas que rematan en gadoupas quitado o par dianteiro que ten dúas fortes pinzas (*Balanus balanoides*), (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira). **2.** Arrecife que fai o anélido poliqueto *Sabellaria alveolata*. **3.** Crustáceo artrópodo cirrípedo, da familia *Balanidae*, con cacho de até tres centímetros de diámetro, formado por seis placas fortes. A coloración dos exemplares novos é abrancazada mentres que a dos adultos é agrisada ou apardazada (*Balanus perforatus*). **4.** Crustáceo artrópodo cirrípedo, da familia *Chtamalidae*, de seis a dez milímetros de diámetro basal, con forma cónica e contorno irregular. O seu cacho está formado por seis placas, a anterior maior que a posterior e a súa coloración é branca ou gris (*Chthalmalus stellatus*).
cascarón. V. mexillón (Ortigueira, El Franco). **2.** Casca dunha árbore (Taramundi). **3.** Casca do ovo. // ***Salir* del *cascarón*.** Deixar de estar unha persoa nunha situación de ignorancia, inxenuidade etc. ou na etapa adolescente da vida.
cascarria. V. cazcarria.
cascaxeiro. V. carrasqueiro.
cascaxento. V. carrasqueiro (Abres).
cascaxo. s. m. Antiga moeda de cobre. **2.** Por extensión, antiga moeda de pouco valor. **3.** Pedra miúda, grava; cascallo 2ª acep. **4.** Conxunto de pedras miúdas.
Obs. Trátase dun castelanismo.
casco. s. m. Parte exterior dunha casa sen a parte interior feita. **2.** Botella baleira. **3.** Envoltura de material resistente para protexer a cabeza. **4.** Uña das patas dos cabalos ou do gando vacún. **5.** Cada unha das capas grosas da cebola. **6.** Casca que protexe o gran de trigo; caño[1] 1ª acep. **7.** Casca das árbores (San Martín de Ozcos). **8.** Cuncha interna calcaria dunha xiba, lura ou pota (As Figueiras). **9.** Corpo dunha embarcación, sen mastros nin aparello. **10.** Envoltura calcaria que protexe o corpo dalgúns animais como a lagosta, a centola, o boi ou outros crustáceos. **11.** pl. Residuos das presas que deixa un polbo despois de comelas (Tapia de Casarego). **12.** V. casca 3ª acep. (El Franco). **13.** Envoltura que protexe o corpo dunha tartaruga. // **Facer os cascos.** Asentar unha ferradura a unha cabalería.
case. adv. Pouco menos de, moi próximo.
caseirar. V. casar (Tapia de Casarego).
caseiría. s. f. Conxunto de propiedades dunha explotación agrícola (El Valledor, Os Ozcos, Boal, Coaña, Villaión).
Obs. Decatarse que non se corresponde totalmente coa palabra caseirío, máis frecuente e autóctono.
caseiríu. s. m. Conxunto pequeno de casas, máis pequeno que unha aldea. **2.** Conxunto da casa de labranza e as terras que son dela (Castropol, Tapia de Casarego, Coaña, El Franco, A Veiga, Taramundi, Santiso de Abres, Allande).
caseiriu* → caseirío.
caseiro, -a. s. m. e f. Persoa que coida a facenda dunha propiedade en arrendamento e que algunhas veces nin vive no campo. **2.** Persoa que leva unha propiedade sen ser del e que chega a unha serie de acordos co propietario. **3.** adx. Aplícase á persoa que lle gusta estar na casa. **4.** adx. Dise do feito ou do que se cría na casa. // **Caseiro a medias.** Caseiro dunha *caseiría* que dá ao propietario, como pagamento, a metade dos produtos que dela se obteñen.
casela. s. f. Casa pequena.
casemente. adv. Pouco menos de, moi próximo.
cáseque. adv. Case, case que.
caserada* → casarada.
casería. V. caseiría.
caserío. V. caseirío.
caseta. s. f. Cuarto do muíño onde está toda a maquinaria. **2.** Construción situada ao lado dun prado que serve de corte ou pallar. **3.** Construción rústica anexa á casa labrega. **4.** Pequena construción para albergar un can. **5.** Plataforma sobre a cuberta dunha embarcación, normalmente xunto ao mastro de proa, onde se goberna e dirixe a manobra. **6.** Pequena construción feita para diversos usos. // **Caseta del forno.** V. casa del forno (Navia).
caseto. s. m. Construción tradicional de tamaño pequeno feita con pedras, madeira ou outros materiais, utilizada para moitos usos. Hai que destacar os construídos para defenderse da chuvia as persoas que coidaban o gando, como en Llandequintá (Villaión) ou Xarrio (Coaña). **2.** Casa pequena. **3.** Alpendre para gardar diversos aparellos. **4.**

Construción de pequeno tamaño. **5.** V. chabola 3ª acep. // **Caseto da neve.** Pozo de xeito redondo na Bovia no que se prensaba a neve para obter xeo para usalo en hostalería e que se cubría con estrume. // **Caseto das pitas.** Pequena construción para gardar as galiñas. // **Caseto del can.** Construción pequena de madeira ou pedra para albergar o can da casa. // **Caseto del pozo.** Estrutura de muros de pedra que rodea un pozo.

casi* → case.

casía. s. f. Casa pequena, normalmente de planta rectangular, con dúas plantas e faiado, especialmente na zona costeira eonaviega. // ***Casía* del forno.** V. casa del forno.

casiar. v. Andar as abellas en trobos ou madeiros na busca dun lugar para poñer un novo enxame; agomiar. **2.** Facer un enxame a limpeza e acondicionamento dun lugar para instalarse (Eilao).

casil. s. m. Peza do tear (Serandías).

casimente. V. case.

casiña. s. f. Casa pequena (Os Coutos, Os Ozcos, Taramundi, Abres).

casiquemente. V. case.

caso[1]. s. m. Acontecemento, suceso. **2.** Circunstancia, casualidade. **3.** Pregunta ou problema que se presenta. // **En caso de que.** Supoñendo que. // **Facer caso.** Atender. // **Poñer por caso.** Poñer por exemplo. // ***Pral* caso.** A final de contas. // **Ser un caso.** Non ter remedio. // **Vir al caso.** Vir a propósito, ser oportuno.

caso[2]. s. m. Cana do millo cando está aínda verde e de pé. **2.** Por extensión, planta do millo.

casoiro. s. m. Casamento, voda.

casoma. s. f. Tira de coiro que xunta os dous paus do mallo (Pezós, Grandas de Salime, San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos); xugo, caparuza.

casón, -oa, -úa. s. m. (pl. casois, casoas, casúas). Casa grande, normalmente de carácter nobiliario ou señorial.

casopa. s. f. Casa pequena e pobre (Os Ozcos); casopo, casoupía.

casopín. V. casopa.

casopo. s. m. Casa de mala construción (Santalla de Ozcos); casopa.

casorio. V. casamento. // ***Nun* perder casorio.** Expresión usada cando se considera que unha persoa non precisa amañarse moito para ir a un determinado lugar.

casoupía. V. casopa (Villaión).

caspa. s. f. Pequenas escamas que se desprenden do coiro cabeludo. **2.** Casca que se forma sobre árbores e plantas. **3.** Bostela.

caspalleda. s. f. Terra seca e árida (Os Ozcos).

caspalloso, -a. adx. Mal pulido, como a madeira. **2.** Dise da fibra dalgunha madeira con textura irregular (Os Ozcos).

caspola. s. f. Capa exterior dura da pel que se forma sobre as feridas. **2.** Pel seca que está a piques de caer. **3.** Capa de óxido que se forma en obxectos de ferro. **4.** Calquera parte irregular nunha superficie lisa.

casqueiral. V. casqueiro 1ª acep.

casqueiro. s. m. Lugar onde se pon a madeira maciza, formado de cascas ou restos de madeira. **2.** Tira longa de madeira que queda despois de serrar táboas ou bringas, que pode servir para facer os laterais das cestas e cestos. **3.** Táboa *costeira* dos madeiros serrados que conserva por unha cara a casca da árbore. **4.** Casca de árbore que queda cando unha serra non pasa polos dous laterais (San Martín de Ozcos). **5.** Táboa delgada para cancelas ou *ripia* (Santalla de Ozcos). // **De casqueiro.** Cando o sol aínda non dá de cheo (*Vai el sol de casqueiro*, *El sol dá de casqueiro*).

casqueirón. s. m. Tira de madeira que se sacaba despois de serrar de xeito lonxitudinal un tronco.

casquete. s. m. Cuberta de tea, coiro etc., que se axusta á cabeza.

casquillo. s. m. Parte superior da *virola* dun coitelo.

casta. V. caste.

castal (al). loc. En celo (*As cabras andan al castal*), (Vilanova de Ozcos).

castanal. V. castañal (Villaión).

castaña. s. f. Froito do castiñeiro. Na medicina tradicional eonaviega cocíanse para tomar contra a depresión ou as dolores de próstata. **2.** Órgano xenital feminino. **3.** Golpe que se dá na cara coa man aberta. **4.** Golpe forte. **5.** Borracheira. // **A *bulla* i a castaña, é de quen a *paña***. Refrán que indica que tanto a bosta coma as castañas que están en lugares públicos son de todos e pódense coller. // **As castañas en agosto arder i en *setembre* beber.** Refrán que alude a que para que haxa boas castañas ten que ir moita calor en agosto e chover en setembro. // **As castañas na eirada en agosto *calentan* i en *setembre amorentan*.** Refrán que alude a que en agosto as castañas quentan coa calor e en setembro madurecen. // **Castaña *alguerda*.**

Variedade de castaña propia de Alguerdo (Ibias). // **Castaña amaiola.** V. amaiola. // **Castaña amarela.** Castaña moi tardía, boa para asar, de pel moi fina e forma aplanada, con base ancha e color moi amarela. // **Castaña *arnés*.** Castaña tardía. // **Castaña brava.** Castaña de bravío. // **Castaña bravía.** Castaña de bravío. // **Castaña *condia*.** Variedade de castaña (Serandías). // **Castaña da bruxa.** Castaña redondeada e de color escura. // **Castaña de (*bon*) bravío.** Castaña grande e alongada, que madura antes que a de parede e é máis pequena que esta, de forma máis redonda e base máis pequena. // **Castaña de *corripa*.** Castaña que se varexaba e gardaba nunha *corripa*. // **Castaña de destelo.** Castaña que cae por si mesma da árbore. // **Castaña de (da) lei nova.** Castaña de bravío, de tamaño grande, amarela e máis branda (Os Ozcos, Taramundi, Tapia de Casarego). // **Castaña de *lemos*.** Castaña de tamaño moi grande, case negra, redonda, de base redondeada con raias escuras e moi boa para cocer pero non para asar porque ten a casca moi dura. // **Castaña de loriga (doriga, lorida).** Castaña medio brava, de forma aplanada e tamaño grande, de color parda, pel brillante e sabor doce, que madura moi tarde normalmente a mediados de novembro e boa para asar pero non para cocer. // **Castaña de louro.** Castaña de sabor doce (Santalla de Ozcos); loura. // **Castaña de parede (paredes).** Castaña de tamaño mediano ou pequeno e moi apreciada polo seu bo sabor especialmente cando está cocida. É máis tardía que a *bravía*, tendo a base ancha e grosa con pequenas raias amarelas e anchas. // **Castaña de restelo (destelo).** Castaña que cae soa da árbore. // **Castaña de San Pedro.** Variedade de castaña. // **Castaña de *sueiro*.** Variedade de castaña (A Veiga). // **Castaña de veiga mesada.** Castaña con forma elíptica ancha e de color escura (Ibias, Allande). // **Castaña de velude (velaúde).** Castaña de tamaño pequeno, de intensa color escura tirando a negra, de forma redonda, branda e non moi apreciada para comer. // **Castaña de *xémara*.** V. castaña de parede (A Veiga). // **Castaña del vento.** Castaña de restelo. // **Castaña ferreira.** Castaña que nace abondo tarde. // **Castaña galega.** Castaña que nace algo cedo. // **Castaña *lola*.** Castaña oca, baleira por dentro. // **Castaña mourisca.** Variedade de castaña, que madura axiña, pero de non moi boa calidade (Allande). // **Castaña *naveixa*.** Castaña de color escura, caracterizada por ter un ourizo moi peludo pero que non pica e por ter un sabor amargo cun toque de acidez. // **Castaña *paganón* (*pagana*).** Castaña que nace tarde, de peor calidade. // **Castaña *pilonga*.** Castaña de forma plana. // **Castaña *rapuca*.** Castaña de forma aplanada, color case colorada e apreciada para comer. // **Castaña señeira.** Castaña única nun ourizo (Boal). // **Castaña *verdía*.** Castaña de tamaño grande, pel fina, de escasa calidade e que madura a mediados de outubro. // **El que *sirve nun* asa castañas, i *si* as asa *nun* as come.** Refrán que alude a que cada persoa ten a súa función nesta vida.

castañal. s. m. Lugar onde abundan os castiñeiros (Navia). **2.** V. castañeiro.

castañazo. s. m. Golpe. **2.** Coque, golpe na cabeza.

castañego, -a. s. m. e adx. Variedade de figo (Boal); figo castañego. **2.** Relativo ao castiñeiro (Santalla de Ozcos). **3.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de El Enxertal (Allande).

castañeira[1]. s. f. Muller que nas festas vendía castañas.

castañeira[2]. V. castañal (El Franco). **2.** V. castañeiro (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos, Grandas de Salime).

castañeiral. V. castañal (San Martín de Ozcos, Eilao, Santalla de Ozcos, Grandas de Salime); souto 1ª acep.

castañeirín. s. m. Castiñeiro pequeno.

castañeiro. s. m. Árbore da familia das fagáceas, que alcanza até os trinta metros de altura, de tronco moi groso, do que arrincan ramas case horizontais. As súas follas son grandes, lanceoladas, serradas, algo coriáceas, caducas e que se volven amarelas no outono. As flores son pouco vistosas. O seu froito é a castaña, que está envolta nunha casca espiñenta (*Castanea sativa*). // ***Castañeiro* bravo.** O nacido directamente da semente, non enxertado. // ***Castañeiro pagano*.** *Castañeiro* bravo. // ***Castañeiro* parede.** *Castañeiro* que dá castañas de parede. // ***Castañeiros* hai nel souto, *si* nun é un, é outro.** Refrán que alude figuradamente a que nun asunto poden existir varias opcións para resolvelo.

castañeirón. s. m. Aumentativo de castiñeiro.

castañeirúa. V. castañal (Villaión).
castañía. V. carrizo 1ª acep. (Coaña).
castañiza. adx. Dise da leña de color marrón.
castaño. s. m. Madeira do castiñeiro. **2.** adx. Aplícase ao que ten color da casca da castaña.
castañola. V. castañolas.
castañolas. s. f. pl. Instrumento musical de percusión composto de dúas pezas cóncavas de madeira, unidas cun cordel aos dedos, que ao golpealas soan. Normalmente son de uso feminino, pero no concello de Allande eran tamén usadas polo home. Na zona de Boal, podían estar pirogravadas e noutros concellos como Tapia de Casarego usábanse para pedir o aguinaldo polas casas no Entroido. // ***Tar* contento como uhas castañolas.** Estar moi contento.
castañolar. v. Tocar as castañolas. **2.** Producir un ruído cos dedos polgar e anular.
castañolear. V. castañolar 2ª acep. **2.** V. castañoliar 2ª acep.
castañoliar. V. castañolar 1ª acep. **2.** Facer ruído cos dentes por medo, frío, nerviosismo etc.
castar. v. Quedar preñada unha femia dun animal, especialmente a vaca (Castropol).
caste. s. f. Raza. // ***Nun vei* quedar *pra* caste *graios*.** Vai morrer como os demais (Boal).
castelín. s. m. Diminutivo de castelo 3ª acep.
castellanear. v. Mesturar ao falar moitas palabras castelás coas galegas.
Obs. Trátase dun castelanismo.
castellaniar. V. castellanear.
Obs. Trátase dun castelanismo.
castellano, -a. s. m. e adx. De Castela ou referido a ela. **2.** Habitante de Castela. **3.** Idioma románico falado na maior parte do Estado español e en boa parte de América.
Obs. Trátase dun castelanismo.
castellín. V. castelín.
castello. V. castelo 1ª e 4ª acep. **2.** Soporte onde se pon a madeira para facer madreñas (Villaión).
castelo. s. m. Cada un dos tres saíntes superiores que arrincan do centro dun determinado tipo de xugo (Eilao, San Martín de Ozcos). **2.** Edificación fortificada con torres, murallas etc. (Vilanova de Ozcos, Tapia de Casarego). **3.** Castro (Pezós). **4.** Conxunto de nubes que ameazan tormenta (Eilao). **5.** V. islote (Tapia de Casarego).
castigar. v. Impoñer un castigo a alguén.
castigo. s. m. Pena imposta a alguén para corrixilo.
castizo, -a. adx. Dise da persoa alta (Castropol).
castra. s. f. Acción e efecto de quitar o mel a un trobo.
castrador. s. m. Persoa que quita o mel dun trobo.
castrapiar. v. Mesturar cando se fala o castelán co galego (A Veiga).
castrapo. s. m. Denominación despectiva que recibe o castelán falado con profusión de interferencias da lingua galega (Abres).
castrar. V. capar 2ª acep.
castrillonense. adx. e s. m. e f. Natural de Castrillón (Boal). **2.** Pertencente ou relativo a Castrillón (Boal).
Obs. Trátase dun castelanismo.
castro. s. m. Aldea ou recinto fortificado prehistórico, provisto de muros defensivos e situado normalmente en lugares estratéxicos, con construcións ovais e ás veces rectangulares. No Eo-Navia son notables os de Coaña, Mouguías (Coaña), Cabo Branco (El Franco), Arancedo (El Franco), San Isidro (Pezós), Pelou (Grandas de Salime), Pendia (Boal), Taramundi, El Chao de San Martín (Grandas de Salime) etc. **2.** V. caramañola 1ª acep.
castrón. s. m. (pl. castrois). Macho cabrío apto para a procreación. **2.** Macho castrado (San Martín de Ozcos). // **Castrón mouro.** V. trasno.
castropoleiro, -a. adx. e s. m. e f. Natural de Castropol. **2.** Pertencente ou relativo ao concello de Castropol.
castropolense* → castropolés.
castropoleño*, -a → castropolés.
castropolés, -a. adx. e s. m. e f. Natural de Castropol. **2.** Pertencente ou relativo ao concello de Castropol.
casualidá. s. f. Conxunto de circunstancias imprevistas que determinan un feito. **2.** Sorte, azar.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
casucha. s. f. Casa de mala calidade.
casulia. s. f. Vaíña ou folla seca que recobre a espiga de millo e doutros cereais.
casupa. V. casopo (Allande).
casupo. V. casopo (Ibias).
cata, cata! interx. Expresión que indica saúdo, atención, sorpresa etc.
cataboun! interx. Expresa o son dun golpe ou ruído forte.
catacú. s. m. Substancia de color pardo vermella que se procede dunha especie de acacia e serve para tinguir as redes de pescar.

catafalco. s. m. Especie de mesa revestida de pano negro onde se pon a caixa nos funerais.

catalán, -a. adx. e s. m. e f. (pl. catalais). Natural de Catalunya. No Eo-Navia adicáronse á compravenda e *serra* da madeira. **2.** Pertencente ou relativo a Catalunya. **3.** Lingua románica falada nos Países Cataláns. // **Beber á *catalana*.** Beber da bota ou doutro obxecto a certa altura e distancia da boca.

cataldo. s. m. Tipo de nó mariñeiro semellante á *margarita* (As Figueiras).

catalía. s. f. Peixe condroíctio da familia dos escuatínidos, que pode acadar os dous metros de lonxitude, co corpo deprimido, boca ampla, pel áspera con pequenas escamas, dúas aletas dorsais e gran desenvolvemento das aletas peitorais e abdominais e cola delgada. A súa coloración é parda verdeal con puntos brancos e o ventre abrancazado (*Squatina squatina*), (Ortigueira).

catalina. s. f. Dise da pequena roda dentada que move a roda de atrás dunha bicicleta.
Obs. Trátase dun castelanismo.

catamello. s. m. Cacho pequeno de pan (Boal).

cataplasma. s. f. Masa medicamentosa aplicada como calmante, que retén gran cantidade de calor húmida e que se pon sobre a pel do enfermo. **2.** Dise da persoa chea de achaques e enfermiza. // ***Tar* feito uha cataplasma.** Sentirse enfermo.

catapumba! interx. Expresa sorpresa, incredulidade etc.

catar. v. Quitar o mel dos trobos. **2.** Buscar, coller (*Hei de ir catar as arabías á tarde*). **3.** V. mocer. **4.** Realizar o acto sexual, foder (Os Coutos, Abres). **5.** Quitar as pulgas, piollos etc. **6.** Decatarse. **7.** Palpar, tocar (*Se é gato ou gata por debaxo del rabo se cata*). **8.** Observar, mirar (*Cata pra aló*, *Quero que cates pra min*). **9.** Probar (*Cata o caldo*), (Abres). **10.** Sacar as patacas da raíz da planta para cubrila de novo con terra e deixar que siga medrando (*Catar nas patacas*, *Catar as patacas*), (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos, Tapia de Casarego). **11.** Mirar se unha pita puxo un ovo. **12.** Apreciar (Tapia de Casarego).

catarrada. V. catarro.

catarrazo. s. m. Catarro moi forte.

catarrego, -a. adx. Dise da persoa que ten moitos catarros.

catarro. s. m. Afección inflamatoria das membranas mucosas do aparato respiratorio, coa secreción de moitos mocos. Na medicina tradicional curábase con mel de ourego, xarope de figos ou touciño derretido mesturado con leite ben quente e azucre.

catasol. V. reichín.

catecismo. s. m. Libro que contén un compendio de principios da doutrina católica.

catedral. s. f. Igrexa principal dunha diocese onde reside o bispo.

categoría. s. f. Condición social de cada individuo con respecto dos demais.

caterma. s. f. Gran cantidade de persoas, animais ou cousas (Allande).

caticú. V. catacú.

catigueiro. V. cadigueiro (A Veiga).

catiguría* → categoría.

catiusca. s. f. Tipo de bota alta de goma que serve para evitar a auga.

cativín, -ía. adx. Diminutivo de cativo.

cativo, -a. adx. Neno. **2.** Ruín. **3.** De pequeno tamaño, de escasa estatura. **4.** Pequeno, pouco (*A colleita foi cativa*), (Taramundi).

católico, -a. s. m. e f. Persoa que segue a Igrexa cristiá que recoñece como xefe ao papa de Roma. **2.** adx. Que profesa o catolicismo.

catorce. adx. e s. m. Dez máis catro.

catre. s. m. Cama individual basta e pobre.

catredal* → catedral.

catro. adx. e s. m. Tres máis un. **2.** Poucos (*Éramos catro na reunión*).

catrocentos, -as. adx. e. s. m. e f. Catro veces cen.

caucín. s. m. Parte dianteira prominente da queixada (Ibias).

caudal. s. m. Cantidade de auga dunha corrente ou manancial. **2.** Conxunto de bens que se teñen, especialmente en diñeiro.

causa. s. f. Motivo. **2.** Síntoma dunha enfermidade, mal interno (*Ten causa desque tuvo aquel catarro*). // **Por causa (de).** Debido a, por culpa (de).

causualidá* → casualidá.

cautivar. v. Preparar a terra para que produza plantas.

cavación. s. f. Esgotamento (*Esta filla é a mía cavación*).

cavada. s. f. Terreo de labranza que está situado no monte, resultado de limpalo de árbores e bouza.

cavado, -a. adx. Rozado. **2.** Furado.

cavadoira. s. f. Especie de pa forte, alongada e estreita, rectangular ou triangular, con mango de madeira, que serve para arrincar percebes das rochas

(As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira, Navia).

cavador. s. m. Labrador que cavaba no monte para facer a terra axeitada para labrar. **2.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Vidal (Trabada). // **Comer como un cavador.** Comer moito.

cavar. v. Abrir un furado na terra ou removela con algúns instrumentos agrícolas. **2.** Labrar un cacho de madeira coa legra para facer galochas. **3.** Erguer a terra coa aixada no monte para despois queimar os terróns nas *borreiras* (Abres). **4.** Arrincar os percebes das rochas para collelos (As Figueiras, Tapia de Casarego). // **Cavar al quiñón.** Recibir o propietario da terra a quinta parte do trigo ou centeo que se recollese no terreo arrendado. // **Cavar na (a) roza.** Cavar un cacho de monte para que sexa axeitado para labrar. // **Cavar *xorra*.** Coller *xorra* para utilizala para pescar (As Figueiras). // **Vale máis ir cavar na roza.** Refrán que alude a cando se rexeita algo que non gusta.

cavila. adx. Tolo. **2.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Andés (Navia).

cavilación. s. f. (pl. cavilaciois). Meditación, pensamento.

cavilar. v. Pensar, meditar intensamente.

cavilla. s. f. Chavella que se pon na pebida do eixe para que non saia a roda do carro. **2.** Peza de madeira ou metal que serve para asegurar ou xuntar madeiras, ferros etc. **3.** Cada unha das pezas de madeira ou metálicas que sobresaen da roda do temón dunha embarcación e que serven para movelo.

cavillar. v. Xuntar dúas pezas de madeira cunha cavilla (As Figueiras).

cavón. s. m. Ave da familia dos caprimúlxidos, duns trinta centímetros de lonxitude, con corpo alongado, de color parda agrisada, coa cabeza forte, cun colar tirando a vermello ou amarelo e manchas brancas nas ás. Estas ás son longas e ten unha cola abondo desenvolvida (*Caprimulgus ruficollis*). **2.** Nome xenérico que se dá a diversas aves nocturnas consideradas como de mal agoiro. **3.** (pl. cavois). V. escavón (Ibias).

cavorca. s. f. Barranco (Ibias).

cavorcón, -úa, -oa. s. m. e f. Barranco grande.

cavruñar. V. cravuñar.

cavuada. s. f. Acción e resultado de cavar.

caxa. s. f. Recipiente feito de madeira, cartón, metal ou outros materiais, de diferente forma ou tamaño, que serve para meter ou gardar nel algunha cousa. **2.** Féretro para os mortos. **3.** Parte dun vehículo ou dun carro destinada á carga. **4.** Dependencia dalgunhas oficinas para recibir e gardar os cartos. **5.** Cela dun panal (*As caxas da cera*), (San Martín de Ozcos). **6.** Parte do corpo situada entre a cabeza e o abdome, tórax. **7.** Recipiente de madeira dun banzado situado na parte final desde onde cae a auga ao *chifrón*. **8.** Instrumento musical de percusión en forma de cilindro cuberto por unha pelica moi tensa contra a que se bate cuns paus (El Franco). // ***Caxa* de sardiñas (*sardías*).** Tipo de embarcación de tamaño pequeno que se utiliza soamente para ir buscar os botes que se atopan atados no porto. É de madeira, dun só banco e na que navega unha soa persoa. // ***Caxa* del engado.** Caixa onde se esmaga o engado para poder pescar logo con el. // ***Caxa* del *pecho*.** Parte anterior do tórax (El Franco).

caxada. s. f. Contido dunha caixa. **2.** Caixa chea.

caxapo. s. m. Corno para levar a pedra de afiar a gadaña.

caxaroco. s. m. Cunca cilíndrica (Allande).

caxarolo. s. m. Bote pequeno de lata; caxirolo.

caxaruco. s. m. Bote ou recipiente semellante (Allande).

caxato. s. m. Bastón; varapao, moca.

caxeno. V. caseto das pitas (El Franco).

caxía. s. f. Caixa pequena. // **Caxía del carro.** Parte de enriba do carro; leto.

caxigal. V. caxigueira 2ª acep.

caxigalía. s. f. Cousa sen importancia (Tapia de Casarego, Allande).

caxigo. s. m. Brote do carballo (Boal). **2.** Leña mala de monte. **3.** Carballo novo, que se emprega ás veces para facer cadigueiros. **4.** Por extensión, calquera árbore pequena que aínda non medrou.

caxigón. s. m. Tronco morto dun carballo vello. **2.** Zanco de calquera ave.

caxigueira. s. f. Mato, bouza, terreo cheo de plantas silvestres (Eilao). **2.** Lugar onde hai caxigos. **3.** V. caxigo 3ª acep. (Eilao).

caxigueirada. s. f. Golpe dado cun caxigo (Santalla de Ozcos).

caxigueiro. s. m. Carballo novo (Ibias, Grandas de Salime). **2.** V. caxigueira 1ª e 2ª acep.

caxina. V. caxinga (Allande).

caxinga. s. f. Vaíña da faba.

caxirolado. s. m. Contido dun *caxirolo*.
caxirolo. s. m. Recipiente pequeno e malo.
caxón. s. m. (pl. caxois). Caixa grande. **2.** Parte axustada dun moble en forma de caixa sen tapa, que se pode sacar ou meter. **3.** Caixa do *carretón*. **4.** Pequena viga de madeira nas ventás das casas tradicionais que serve de marco para a armazón de *bellotes*, cristais e *largueiros*. **4.** *Brandeiro* do muíño. **5.** Caixa que poñían as mulleres debaixo dos xeonllos para lavar no río e estar máis cómodas. **6.** Caixa do carro (El Franco). **7.** Recipiente que serve para transportar mercancías. **8.** En sentido despectivo, barco. // **Cambiarás de *caxón*, pero *nun* de *lladrón*.** Refrán que alude a que moita xente con negocios (tendeiro, muiñeiro etc.) o único que pretende é quitar o diñeiro aos outros.
caxonada. s. f. Caixa do carro. **2.** Conxunto de compartimentos que ten unha embarcación para poñer o peixe (Tapia de Casarego).
caxonado. s. m. Contido dun caixón.
caxoncín. s. m. Caixón pequeno.
caxonzado. s. m. Contido dun caixón cheo. **2.** Moita cantidade de algo.
caxonzón. s. m. Caixón grande.
caxúa. s. f. Caixa grande.
caz. V. cal[2] (El Franco).
caza. s. f. Acción de cazar. **2.** Conxunto de animais cazados.
cazadeiro. s. m. Lugar de caza (Allande).
cazado[1]. s. m. Contido dun cazo. **2.** Cazo cheo até o bordo.
cazado[2], -a. adx. Apresado. **2.** Matado.
cazador, -a. s. m. e f. e adx. Persoa ou animal que caza. // **Al mellor cazador escápalle a *llebre* maior.** Refrán que se refire a que todos poden ter algún descoido, mesmo os máis expertos en algo. // **Cazador i pescador, a *cual más engañador*.** Refrán que alude ás mentiras de cazadores e pescadores sobre o que cazan e pescan.
cazaenxames. s. m. pl. Instrumento de madeira de *sofreira* que se untaba con herba abelleira para atraer mellor ás abellas para poñelas nun trobo.
cazao. V. cazo 1ª acep.
cazapada. s. f. Cantidade de auga que se bota cunha man (Boal). **2.** Pequena cantidade de auga. **3.** Cantidade de auga que se tira ou cae dun cacharro (Boal). **4.** Cantidade que contén un recipiente (Allande).
cazapelas. adx. O que quere traballar en algo como sexa (*El era un cazapelas*), (San Martín de Ozcos).
cazapelar. V. cazapelear 1ª acep. **2.** V. escarrapatar 1ª acep.
cazapelear. v. Meterse en todo. **2.** Referido a nenos, andar mal.
cazapeleiro, -a. adx. Dise da persoa que lle gusta meterse en todo.
cazapellar. V. cazapelear 1ª acep.
cazapelleiro, -a. V. cazapeleiro.
cazapello. V. cazapelo 1ª acep.
cazapelo. s. m. Pau con que se revolven as papas de millo ou trigo mentres están cocéndose, os roxóns ou a comida. **2.** Persoa de pouca estatura e pouco elegante. **3.** Persoa que se mete nos asuntos alleos ou indiscreta. **4.** Neno que revolve moito.
cazar. v. Perseguir e apresar ou matar animais en liberdade. **2.** Descubrir, sorprender a alguén. **3.** Decatarse rapidamente dunha cousa. **4.** Nunha embarcación, poñer tirante a escota para aproveitar o vento.
cazarolada. s. f. O que cabe dunha vez nunha *cacerola*.
cazcarra. s. f. Moco sólido do nariz.
cazcarria. s. f. Mancha seca de excrementos que queda pegada no corpo dos animais, como nas vacas.
cazo. s. m. Recipiente metálico composto por un mango e unha parte redonda que serve para coller líquidos. Antigamente collíase con el a auga da sella ou do caldeiro para beber. **2.** Garfela. **3.** Pau curto que serve para remexer as papas; cazapelo, cazapello. **4.** Queixo, barbela.
cazoalla. V. cabezoalla (Coaña, El Franco).
cazola. s. f. Recipiente redondo de cociña, feito con barro, con unha ou dúas asas, máis ancho que fondo, que serve para guisar ou para gardar o leite. Tamén era utilizado polo labrador para espantar ao xabaril. // **Cazola de mazar.** V. mazadeira (El Franco). // **Cazola del mel.** Recipiente de barro onde se gardaba o mel, cubríndoo cunha tapadeira de madeira de *sofreira*.
cazoladín, -ía. V. cazolado 1ª acep.
cazolada. s. f. Contido dunha cazola ou cazolo. **2.** Cantidade grande dalgunha comida. **3.** Acción da persoa que se mete en asuntos alleos. **4.** Contido de calquera recipiente. **5.** Cazo ou cazola cheos até o bordo. // **Faltar uha cazolada.** Non ser moi listo.
cazolado. s. m. Cantidade que contén un cazolo.
cazolear. v. Andar nas cazolas. **2.** Andar unha persoa, especialmente o home, ulindo a comida das cazolas na cociña. **3.** Revolver, remexer. **4.** Meterse en vidas

alleas. **5.** Meterse a gobernar na cociña (Abres).

cazoleiro, -a. adx. e s. m. e f. Persoa que facía ou vendía cazolas. **2.** Persoa que se mete en asuntos alleos ou en todo. **3.** Home afeccionado a labores considerados propios de mulleres. **4.** Persoa que lle gusta andar levando contos ou rumores a outras persoas. **5.** Persoa que louva en exceso a outra (Castropol). **6.** Persoa, normalmente o home, que lle gusta ir á cociña a destapar as cazolas. **7.** Dise do can folgazán, vago (Abres). **8.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Vilarmide (A Pontenova). **9.** Dise da persoa que di mentiras, mentireiro.

cazolete. s. m. Cada unha das dúas espigas pequenas de madeira incrustadas nun banco dunha embarcación, que serven para suxeitar con cordas un pau alí axustado (Ortigueira).

cazoleteiro, -a. V. cazoleiro 2ª acep. (Navia).

cazoleto. V. cazoleiro 2ª acep. (Allande).

cazoliar. V. cazolear.

cazolieiro, -a. V. cazoleiro 2ª acep.

cazollado. V. cazolado.

cazolo. s. m. Cazola pequena, podendo ser de barro ou de metal. **2.** Cuberta dun mazo que se insire nas *andabarras*. **3.** Ouriñal. **4.** Cazola que se pon no cume dos varais de herba. **5.** Recipiente de cociña que ten mango e serve para quentar líquidos. **6.** Nun mazo, peza de ferro semiesférica situados entre a *teta da boga* e a *andabarra*. **7.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Vilarmide (A Pontenova). // **Cazolo del leite.** Cazola para poñer o leite.

cazón. s. m. (pl. cazois). Cazo grande. **2.** Peixe condroíctico da familia dos gálidos, semellante ao tiburón, que mide dun metro e medio a dous, de color gris azulada no dorso e parte superior das aletas e tons máis brancos na rexión ventral. A pel é engurrada, os dentes moi agudos, a abertura bucal disposta en forma de U moi pechada e os furados branquiais pequenos. A súa carne é comestible pero de moi baixa calidade e do fígado obtense moita cantidade de aceite (*Galeus galeus*), (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira). **3.** Peixe condroíctio escualiforme, da familia dos triáquidos, que mide até un metro sesenta centímetros de lonxitude, coa pel lisa con dentículos dérmicos moi pequenos. O dorso é gris apardazado con moitas manchas brancas, e as aletas teñen tamén a marxe de color branca. A súa carne é comestible (*Mustelus mustelus*), (As Figueiras).

cazonalla. V. cabezoalla (Navia).

cazoñalla. V. cabezoalla (Navia).

cazote. s. m. Talo de certas oucas, especialmente das da familia *Laminaria*. **2.** Talo seco da verza alta, millo, toxo ou doutras plantas. **3.** V. palloza 2ª e 4ª acep. **4.** Herba salgada (El Franco).

cazoto. V. cazote 1ª, 2ª e 3ª acep. **2.** V. garabullo 1ª acep. (San Martín de Ozcos). **3.** Parte que queda nunha árbore despois de cortarlle unha rama. **4.** Talo do toxo. **5.** Corazón do repolo; canouco 6ª acep.

cazouco. V. cazote 2ª e 3ª acep.

cazouto. V. cazote 1ª e 2ª acep. **2.** V. canouco 6ª acep.

cazpa. V. caspa 1ª e 3ª. **2.** V. carpaza 2ª acep. (Os Ozcos).

cazpalla. V. caspa 1ª acep.

cazpear. v. Chamar coa man (Coaña).

cazpola. V. caspola.

cazpoladura. s. f. Acción e resultado de *cazpolar*.

cazpolar. v. Escachar, rachar. **2.** Mancarse na parte superficial da pel.

cazpolla. V. caspola.

cazualla. V. cabezoalla (Boal, El Franco). **2.** Por extensión, o que une un remolque cun tractor (Coaña).

cazurra. s. f. Cadela (Santa Colomba-Castropol).

ce. s. m. Nome da letra c. // **Ce por be.** De principio a fin.

cea. s. f. Comida que se fai a última hora do día ou pola noite. Normalmente aproveitábanse as sobras do xantar ou facíanse cachelos con sardiñas, papas de millo, castañas etc.

cear. v. Tomar a cea.

ceba[1]. s. f. Alimento para o gando, forraxe verde (Allande, Boal, Ibias, Villaión).

ceba[2]. s. f. Tipo de ouca que é empregada como fertilizante; corriola 3ª e 5ª acep. (Castropol). **2.** Planta marítima da familia *Zosteraceae*, que pode acadar o metro de lonxitude, con follas longas e verdes e flores en espiga (*Zostera marina*), (As Figueiras). // **Ceba verde.** Tipo de ouca; corriola 4ª acep.

cebada. s. f. Planta herbácea anual da familia das gramíneas, con raíces profundas, talos erectos e grosos, un pouco máis curtos que os do trigo. As follas son máis anchas e de color verde

máis clara que as do trigo. A espiga é longa e os grans agudos e longos (*Hordeum vulgare*). // **Cebada escornada.** Cebada abondo delgada (Tapia de Casarego). // **Cebada mocha.** De calidade, sen moitas arestas na espiga (Tapia de Casarego). // **Cebada rabuda.** De mala calidade, con moitas arestas na espiga (Tapia de Casarego). // ***Ganar* a cebada.** Dar voltas unha cabalería no chan (Tapia de Casarego, Villaión).

cebadal. s. m. Lugar onde abundan as cebas (*Zostera marina*).

cebadeiro. s. m. Lugar onde se pon a ceba que serve para alimentar o gando.

cebadeira. s. f. Acción de cebar un animal.

cebado, -a. adx. Engordado. **2.** Subornado. **3.** Alimentado. **4.** Nun muíño, dise da pequena cantidade de fariña que se pon entre o *bombo* e a moa (Allande).

cebador. s. m. Operario encargado de meter os colmos de trigo na *trilladora*.

cebar. v. Meter os colmos na *trilladora*. **2.** Alimentar o gando. **3.** Ao pescar, botar engado para atraer os peixes. **4.** Meter auga de azucre nun trobo falto de mel para alimentar as abellas cando o inverno é duro e a primavera moi húmida (A Veiga). **5.** Engordar un animal ou unha persoa. **6.** Dar a comida na boca aos nenos, enfermos, animais etc. **7.** Poñer cal entre pedra e pedra dunha parede para asentalas; recebar. **8.** prnl. Acumularse a herba entre os beizos e dentes dos burros cando son vellos.

cebeira. s. f. Conxunto de grans de cereal que se conservan dun ano para outro coa fnalidade de sementalos despois (Villaión). // **Pola *Candileira* mira a *cebeira*, *si teis* como *tías*, fai como *faías*.** Refrán que alude a que o 2 de febreiro debe mirarse a reserva de grans que se ten para conseguir a mesma colleita do ano anterior (Villaión).

cebellada. s. f. Golpe (Allande).

cebellazo. s. m. Golpe (Allande).

cebilla. s. f. Obxecto metálico que se emprega para unir un extremo co outro ou con outra cousa, como nun cinto, nunha albarda etc.

cebo. s. m. Comida ou obxecto que se emprega para atraer normalmente aos peixes e mariscos; engado. **2.** Tecido de varas sobre a cociña para secar produtos (Serandías, Allande, Villaión); caínzo 1ª acep. **3.** Comida que levan os paxaros no peteiro ás súas crías. **4.** Porción de explosivo que ao inflamarse transmite o lume a unha carga e faina estoupar. **5.** Engano para atraer a alguén. **6.** Táboa plana que se engancha a unha vaca ou a un cabalo para alisar un terreo (Coaña).

cebola. s. f. Planta hortícola da familia das liliáceas, cultivada polos seus bulbos. Estes teñen forma de globo, máis ou menos esféricos ou aplanados segundo a variedade, formados por moitas capas carnosas constituídas por follas modificadas. A inflorescencia é umbeliforme, grande e compacta, de color branca verdeal. O froito é unha cápsula que contén sementas negras, aplanadas e de superficie rugosa. Na medicina tradicional o seu zume servía para combater as dolores de oído (*Allium cepa*). **2.** O bulbo desta planta. **3.** Agulla do reloxo para darlle corda e poñelo en hora (Abres). **4.** Órgano xenital feminino. // **Cebola *acecena*.** Planta herbácea da familia das liliáceas, que nace dun bulbo cuberto de escamas brancas e verdes. O seu talo acada até un metro de altura, con follas que brillan, lanceoladas e con bordos ondulados. As flores son de color branca con antenas amarelas (*Lilium candidum*), (Grandas de Salime). // ***Tar* gorda como unha cebola.** Estar moi gorda (A Veiga).

cebolada. s. f. Comida con moita cebola.

cebolego. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Vilarcebolín (Ibias); ceboleiro 6ª acep., cebolo.

ceboleiro. adx. e s. m. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Tremado (Allande). **2.** Alcume popular que reciben os habitantes de Vilaselán (Ribadeo). **3.** s. m. Parte dunha horta onde se plantan cebolas. **4.** Dise da persoa que come en varios sitios pagándolle os demais. **5.** Perro vello que dorme moito (Abres). **6.** Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Vilarcebolín (Ibias), cebolego.

cebolín. s. m. Semente da cebola. **2.** Cebola pequena ou nova. **3.** Planta liliácea, duns vinte e cinco centímetros de altura, con follas rizadas que envolven os talos filiformes, que rematan nun capítulo de flores violetas ou purpúreas (*Allium schoenoprasum*).

cebolla. V. cebola.

cebolleiro. V. ceboleiro 3ª acep. (Boal, Villaión). **2.** Horto en xeral (Allande).

cebollín. V. cebolín 2ª e 3ª acep. // **Por (en) San Martín, labra (*llabra*) el cebolín (*cebollín*).** Por San Martín (11 de novembro) débese plantar o ceboliño.

cebollo. V. cebolín 2ª acep.

cebolo. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Vilarcebolín (Ibias); cebolego. **2.** Terra compacta e dura dunha leira (Taramundi).

cebón. s. m. (pl. cebois). Cocho que se ceba para matar. **2.** Persoa moi gorda.

cebre. adx. Referido a persoas ou animais, testán, resistente. **2.** Difícil de domar.

ceda. s. m. Vixésimo terceira letra do alfabeto galego. Úsase ante *a*, *o*, *u* (San Martín de Ozcos); ceta.

ceder. v. Cesar ou diminuír a forza ou a resistencia de algo. **2.** Desistir.

cedo. adv. Nas primeiras horas do día ou da noite. **2.** Antes do tempo agardado. **3.** Canto antes, axiña. // **Cedo de máis.** Moi axiña.

cedobén. s. m. Primeiro pan que sae do forno machucado (As Figueiras).

cedobente. V. cedobén.

cedorela. s. f. Peza de ferro do muíño, que xira e que está situada nun encaixe que ten a moa polo medio.

cedorella. V. cedorela.

cédula. s. f. Papel ou documento en que se consigna ou notifica algunha cousa.

cega. s. f. Cuña do eixe do carro coa roda (Vilar de Cendias). **2.** Insecto de color gris semellante ao tabán (*tabao*) pero máis pequeno (*Tabanus sp.*), (Boal).

cegadeira. s. f. Acción de cegar.

cegado, -a. V. cerrazón.

cegar. v. Perder ou quitar a vista. **2.** Privar da vista a alguén só dun xeito momentáneo. **3.** Obstruír, atrancar. **4.** prnl. Ofuscar o entendemento, non utilizar a razón. **5.** prnl. Perder o fío unha ferramenta de corte. **6.** prnl. Poboarse un lugar con moita vexetación de tal xeito que o fai inaccesible (*Cegouse el camín coas silvas i os toxos*). **7.** prnl. Atrancarse un arado.

cegarato, -a. adx. Cego. **2.** Que ve pouco.

cegareto, -a. adx. Cego.

cegarito, -a. adx. Cego. **2.** Miope. **3.** s. f. Especie de mosca grande e alongada que ataca o gando vacún (Allande).

cegas (a, ás). loc. Sen ver, sen saber, inconscientemente. **2.** De calquera xeito (Santalla de Ozcos).

cego, -a. adx. e s. m. e f. Persoa ou animal que non ven. Algúns cegos tocaban o violín nas feiras e tiñan unha xerga especial. Entre eles, destacaron o cego de El Ferradal (Castropol) e o de Sueiro (El Franco). **2.** Pataca sen brotes. **3.** Ofuscado, dominado por unha paixón. **4.** Dise do tempo ou día chuviosos sen aspecto de escampar. **5.** Aplícase ao conduto, lugar ou abertura atrancados ou tapados (*Este cuarto tá cego*). **6.** Dise do obxecto que perde o fío como un coitelo. // **Alza cego, que hai un rego.** Refrán que alude a que se estea atento a unha advertencia. // **Cego é el que non (*nun*) ve por un cribo.** V. Cego é el que por un cribo nun ve. // **Cego é el que por un cribo *nun* ve.** Refrán que alude á pouca perspicacia de quen non ve as cousas claras ou doadas de adiviñar. // **Na terra dos cegos, el torto é rei.** Refrán que alude a que unha persoa mediocre parece boa entre xente que non ten ningún valor. // ***Nun* hai peor cego que el que *nun quer* ver.** Refrán que explica que resulta inútil convencer a alguén de que vexa o que non quere ver. // ***Nun* ten *pra* mandar tocar a un cego.** Refrán que alude á falta de diñeiro dunha persoa (Boal). // **Pedro cego.** Ser imaxinario que trae o sono (*Pecha os ollos porque chegou Pedro cego*). // **Soñaba el cego que vía, soñaba *lo* que el quería.** Refrán que alude a que os nosos soños son reveladores dos nosos desexos (Boal). // **Trigo cego.** O que non serve para facer fariña xa que se desfai porque só contén un po negro.

cegueira. s. f. Falta ou perda da función visual.

ceibar. v. Soltar, desatar ou liberar a unha persoa ou a un animal que antes estaba preso (*É unha obra de caridá ceibar os presos*). **2.** Deixar marchar. **3.** Quitar o xugo e as *molidas* da cabeza das vacas e bois (Navia, Villaión). **4.** Soltar a auga da canle do muíño para que entre en funcionamento. **5.** Acabar de traballar. **6.** Dicir libremente as cousas que se pensan (El Franco). **7.** prnl. Soltarse unha parte dun obxecto que estaba atada ou unida a el (*Ceibouse el mango da ferramenta*).

ceibe. adx. Libre, solto, sen ataduras. **2.** Solteiro (Abres, Os Ozcos). // **Boi ceibe ben se *llambe* (lambe).** V. El boi ceibe (solto) ben (que) se lambe (llambe), (Boal). // **Boi *solo* ben se lambe.** V. El boi ceibe (solto) ben (que) se lambe (llambe). // **El boi ceibe (solto) ben (que) se lambe (*llambe*).** Refrán que se utiliza para dicir que a persoa que está solteira pode facer o que queira (As Figueiras, El Franco).

ceibo, -a. V. ceibe 1ª acep. **2.** Solteiro (Navia).

ceio. V. ceo 1ª acep. (Taramundi).

ceixa. V. trabatel.

celabro* → cerebro.

celar. v. Poñer especial atención no coidado de algo, vixiar.

celdorella. V. cedorela.
celebración. s. f. (pl. celebraciois). Conmemoración, festexo.
celebrar. v. Festexar, conmemorar. // ***Nun* (non) *tar* a *lo* (no) que (se) celebra.** Estar despistado, non prestar atención (Boal, Navia).
célebre. adx. Aplícase á persoa simpática, graciosa.
celebro* → cerebro.
celeirada. s. f. Conxunto de vísceras, como as dun xato, xata ou cocho (Castropol).
celema. s. f. Moita présa por facer algo que se desexa (Villaión).
celemín. s. m. Medida de capacidade para áridos, que no concello de Navia equivalía á sexta parte dunha *emía*. **2.** Abundancia dunha cousa (*Dixo un celemín de mentiras*). **3.** Recipiente que serve para medir áridos. **4.** Medida de superficie que equivalía a 537 metros cadrados aproximadamente.
celergas. s. f. pl. Sensación acompañada de risa involuntaria que se experimenta cando se tocan algunhas partes delicadas do corpo (*Nun lle fagas as celergas al neno*).
celergoso, -a. adx. Preocupado. **2.** Desconfiado. // ***Tar celergoso* (*cellergoso*, *telergoso*, *tellergoso*).** Ter unha preocupación.
celibato. s. m. Solteiro.
celibatón. s. m. Varón solteiro.
celidona. V. ciridona (Os Ozcos).
celindro* → cilindro.
cella. s. f. Raia de pelos situada na parte superior da órbita do ollo, que serve para protexelo.
cellergas. V. celergas.
cellergoso, -a. V. celergoso.
cellerguías. s. f. pl. Diminutivo de cellergas.
celo. s. m. Solución acuosa, de composición variable, que circula polos elementos condutores das plantas vasculares (Grandas de Salime, Allande). **2.** V. ceo (Eilao, Coaña).
celoso. adx. Dise dun bote inestable (Castropol).
celpa. v. felpa (Abres).
cembo. s. m. Precipicio (Allande).
cementación. s. f. (pl. cementaciois). Base ou fundamento dun edificio ou construción.
cementerio* → camposanto.
cemento. s. m. Material que se obtén mesturando cal apagado con arxila, que se endurece coa auga e se emprega na construción.
cemperollo. V. porco teixo.
cempés. s. m. Nome común dos miriápodos da orde quilópodos, de corpo alongado, dividido en numerosos segmentos, que levan cada un un par de patas. Entre eles inclúense as escolopendras.
cen. adx. e s. m. Dez veces dez.
cena. V. cea. // **Al que lle has a dar a *cena*, *nun* lle quites a merenda.** Refrán que recomenda que as persoas convidadas a comer cheguen xa cheas e sen fame.
cenar. V. cear. **2.** Minguar a lúa (Allande).
cencerrada. V. cinzarrada.
cencerro. V. choca[1] 1ª acep.
Obs. Trátase dun castelanismo.
cencia. s. f. Saber, coñecemento. **2.** Habilidade, maña. **3.** Dificultade, complicación (*Eso nun ten ninguha cencia*).
cencillo* → simple 2ª acep.
cenía. s. f. Cea pequena.
ceniceiro* → cinceira 3ª acep.
cenicento, -a. adx. Da color da cinza, agrisado.
Obs. Trátase dun castelanismo.
cenollo. V. ciollo (Villaión, Navia).
censo. s. m. Contrato polo que se suxeita un ben inmoble ao pagamento dunha pensión anual en retribución dun capital recibido ou do dominio que se transmite dos mesmos bens.
centella. s. f. Raio. **2.** Relustro. **3.** Partícula acesa que sae do lume. **4.** Intelixencia, agudeza. // **Andar como uha *centella*.** Andar ou facer algo moi rápido. // **Botando *centellas*.** Correndo, marchando de xeito rápido. // ***Centella*!** Expresión que denota enfado, malestar etc. // **Comendo *centellas*.** Con moita rapidez, á présa. // **Fuxir como uha *centella*.** Marchar rapidamente. // **Ir como uha (unha) *centella*.** Ir a gran velocidade. // **Mala centella te abrase!** Maldición ou expresión que significa ameaza. // **Mala *centella* (me, te) coma!** Maldición ou expresión que significa ameaza. // **Mala *centella* te divida!** Maldición ou expresión que significa ameaza (Taramundi). // **Mala *centella* te *escazole*!** Maldición ou expresión que significa ameaza. // **Mala *centella* te mate!** Maldición ou expresión que significa ameaza. // **Mala *centella* te mate, te divida i te *apoteque*!** Maldición ou expresión que significa ameaza. // **Marchar cagando *centellas*.** Irse contrariado ou asustado (Boal). // **Ser como unha *centella*.** Ser rápido. **2.** Ser listo.
centellazo. s. m. Golpe.

centenar. V. cento 1ª e 2ª acep.
centén. V. centeo. // **A muller i el *centén pra semar*, deben ser del *mismo llugar*.** Refrán que indica a crenza que a muller para fecundala e o centeo para sementalo teñen que proceder do mesmo sitio. // ***Centén grandal*.** O que se sementa en setembro, outubro ou novembro e se recolle a mediados de xullo. // ***Centén serodo*.** O que se sementa en febreiro e marzo e se recolle tarde, en xullo e agosto.
centeo. s. m. Planta anual da familia das gramíneas, de raíces superficiais, talos ocos, máis finos e longos que os do trigo. As súas follas son lineais e ásperas e as espigas alongadas e comprimidas. Os grans son máis longos e menos amarelos que os do trigo (*Secale cereale*).
centímetro. s. m. Centésima parte dun metro.
centina. V. sentina (Tapia de Casarego).
centinelaler. s. m. Xogo de nenos, variedade do *melás*, onde os xogadores saltan o *burro* ou neno que apanda, dicindo "*centinelaler*", ao que respondían os que saltaban cun "*está*".
cento. s. m. Conxunto de cen unidades; centenar. **2.** Gran cantidade de algo, especialmente de persoas (*Éramos un cento*). **3.** Medida de cen sardiñas (As Figueiras, Tapia de Casarego, Ortigueira). // **A centos.** Moitos, moitas (*Botoulle pragas a centos*), (Taramundi). // **Medio cento.** Medida de cincuenta sardiñas (As Figueiras, Tapia de Casarego, Ortigueira).
centola. V. centolo (As Figueiras). **2.** *Centolo* femia (As Figueiras, Tapia de Casarego).
centolla. V. centola 2ª acep. (El Franco).
centollo. V. centolo (El Franco, Ortigueira). **2.** *Centolo* femia (Ortigueira). **3.** Cría do *centolo* (Ortigueira).
centolo. s. m. Crustáceo decápodo da familia dos máxidos, co corpo de forma acorazonada, provisto de dúas puntas, como cornos, entre os ollos e doutras numerosas puntas nos lados do corpo. A parte externa dura está cuberta de tubérculos ganchudos e pelos. O abdome é ancho nas femias e triangular nos machos. O primeiro par de patas son unhas pinzas moi delgadas e elegantes, máis curtas que as demais, que son moi longas. É un animal sedentario, torpe, que vive nos fondos pedregosos e con area da zona litoral. A súa carne é moi apreciada (*Maja squinado*).
centro. s. m. Punto que está no medio de algo. **2.** Zona vella dunha vila ou o lugar máis concorrido desta.
centúa. adx. e s. f. Cen máis unha (El Franco).
centura* → cintura.
cenzarrada. V. cinzarrada.
ceñidoiro. V. faxa.
ceñipo. s. m. Planta daniña que medra entre o que está sementado e ten bólas negras (Allande).
ceo. s. m. Espazo que aparece sobre nós como unha bóveda limitada pola liña do horizonte. **2.** Paraíso, paraxe agradable. **3.** Firmamento.
cepa. s. f. Columna de cachotería ou cemento sobre a que se ergue un cabazo (Taramundi). **2.** Peza do mazo que forma parte do *gorrión*, e que está unida ao *durmiente*. **2.** Columna de cachotería de certas construcións como as pontes. **4.** Raíz da uz. **5.** Parte do tronco que queda a rentes da terra e unido á raíz cando se corta unha árbore. **6.** Vide (Negueira de Muñiz). **7.** Tronco da vide. **8.** Orixe ou tronco dunha familia ou liñaxe (Navia).
cepetío. s. m. Nun mazo, *cepo* de menor tamaño, de madeira de carballo, que alberga o *espigo* da incre e vai encaixado dentro do *cepo*.
cepeto. s. m. Tronco da uz (Ibias); gadoncho.
cepillado, -a. adx. Alisado cun cepillo.
cepillar. v. Alisar cun cepillo ou garlopa a madeira ou o metal. **2.** Limpar ou quitar o po cun cepillo.
cepillo. s. m. Utensilio con sedas que serve para limpar certos obxectos. **2.** Ferramenta de carpinteiro ou cesteiro, consistente nun cacho de madeira prismático, atravesado de enriba a abaixo por unha coitela, que serve para alisar a madeira pasando repetidamente por encima dela. // ***Cepillo* (de).** Reforzo que se poñía á saia para que non se desgastase. // **Cepillo da roupa.** Cepillo que serve para limpar a roupa. // ***Cepillo* das ánimas.** Especie de bandexa onde se bota diñeiro na igrexa. // **Cepillo de fregar.** Cepillo cos sedas máis grosas que serve para lavar e rascar as partes máis duras.
cepo. s. m. Peza de madeira, nun mazo ou nunha forxa, onde está cravada a incre ou algunhas ferramentas. **2.** Columna que serve de soporte ao hórreo ou ao cabazo. **3.** Banco de traballo do galocheiro. **4.** Trampa para coller animais; garduñeira. **5.** Marco (As Figueiras). **6.** V. cepa 5ª acep. **7.** Cacho

de tronco que serve para cortar sobre el. **8.** Raíz da uz (San Martín de Ozcos). **9.** Especie de toco onde vai cravada a craveira (Santalla de Ozcos). **10.** Caixa de madeira, con pechadura e unha abertura para que pase de canto unha moeda, que se pon fixa nas igrexas para que se bote nela donativos (Santalla de Ozcos). **11.** Peza dun mazo que está rodeada dunha empedrada e que serve de base para soster o mango. **12.** Peza de madeira onde se asentan diversas partes dun mazo, como un *gorrión*, o *árbol*, as cadeas ou o martelo. **13.** Madeiro da *caña* dunha áncora. // **Cepo da incre.** V. cepo 11ª acep. // ***Tar* igual que un cepo.** Non decatarse de nada.

cequemeneque. s. m. Cantidade moi pequena (Tapia de Casarego).

cera. s. f. Substancia de color amarela ou branca segregada polas abellas obreiras no trobo, e que serve para facer as velas, exvotos etc. **2.** Líquido viscoso e transparente que segregan as vacas ao apertarlles un teto se non están de dar leite. **3.** Por extensión, panal. // **A cera xunto (xunta el) al santo, aluma que é un espanto.** Refírese a que as candeas xunto aos santos alumean moito. **2.** Alude á necesidade ou conveniencia de ser oportuno. // **A cera xunto al santo, ben arde.** V. A cera xunto (xunta el) al santo aluma que é un espanto. // **Cera de *esmelguía*.** Bóla de cera que queda despois de apertar o mel coas mans. // **Cera de *morría*.** Cera de mala calidade, de color moura, produto de trobos mortos. // ***Nun* é cera todo *lo* que arde.** Refrán que recomenda desconfiar das aparencias.

cerallo. V. cerollo 3ª acep.

cerámica. s. f. Fabricación de obxectos de barro ou louza. Parece ser que no Eo-Navia só existiu un alfar situado en Barres (Castropol). A cerámica que se estendeu maiormente pola comarca foi a de Mondoñedo, chegando mesmo aos concellos de Ibias e Allande. Máis restrinxida na súa área de expansión foi a cerámica negra de *L.lamas del Mouru* (Cangas de Narcea), que se circunscribiu de xeito especial aos concellos máis interiores como Allande, Ibias ou Grandas de Salime. A cerámica luguesa de Gundivós (Sober) penetrou de xeito excepcional no concello de Taramundi ou en Pezós, e a de León nalgúns concellos como Grandas de Salime ou Ibias.

cerca[1]. s. f. Valado feito cunha parede ou muro baixo, que rodea unha casa ou un terreo.

cerca[2]. adv. Indica proximidade (*Cerca da túa casa*). **2.** Case (*Había cerca de cen nenos*).

cercado. adx. Rodeado cun valado ou muro baixo.

cercar. v. Rodear unha casa ou un terreo cun valado ou muro baixo.

cercavecín. s. m. Conveciño (San Martín de Ozcos).

cercavicín. V. cercavecín.

cercellín. s. m. Diminutivo de *cerzo* (Boal, Tapia de Casarego, Villaión).

cerciar. v. Orballar (Boal).

cercillín* → cercellín.

cerco. s. m. Círculo. **2.** O que rodea algo. **2.** Xogo de nenas, que era unha especie de *patefa* onde se debuxaba un cerco no chan ao que se unía un rectángulo con varios compartimentos paralelos á base. Desde a parte chá lanzábase unha pedra que tiña que caer dentro do círculo. Se non era así, a nena que lanzaba perdía a vez e pasaba á seguinte. Se a *patefa* caía no lugar que lle correspondía, había que quitala polo rectángulo á pata coxa co outro pé. No caso que a *patefa* quedase tocando unha liña do rectángulo cometíase unha falta (Serantes). **3.** Círculo que se fai no chan en certos xogos de nenos, como no *pión*. **4.** Parte da cociña, máis alta que o chan onde están os bancos (Os Ozcos). **5.** Aparello de pesca con redes que forman un círculo para coller os peixes. **6.** Marca que deixa unha mancha en forma de círculo. **7.** Anel luminoso que rodea a lúa. // **Cerco *lluar*.** O que rodea a lúa (El Franco); cerco 7ª acep. // **Cerco nel sol, campo mollado.** Refrán meteorolóxico. // ***Llúa* con cerco, *augua* al lado.** Refrán meteorolóxico que alude a que cando a lúa ten cerco presaxia chuvia. // **Cerco na *llúa*, *augua* segura.** V. Llúa con cerco, augua al lado.

cerconstancia* → circunstancia.

cerdeira[1]. s. f. Árbore caducifolia da familia das rosáceas, que chega a alcanzar máis de quince metros de altura, de cortiza lisa e agrisada cando é nova. As follas son ovais e dentadas, as flores brancas e o froito ten forma de bóla (a cereixa). Cultívase polo seu froito ou aparece de xeito silvestre (*Prunus avium*), (Os Ozcos, Taramundi, A Veiga, Castropol). **2.** Madeira desta árbore.

cerdeira[2]. s. f. Muller que coida os cochos. // **Cerdeira das ánimas.** Muller de mala fama (Abres).
Obs. Trátase dun castelanismo.
cerebro. s. m. Parte superior do encéfalo. **2.** Xuízo, intelixencia. **3.** Cabeza, capacidade.
cereiceira. V. cerdeira (Navia).
cereira. s. f. Utensilio de madeira con furados para colocar as velas nas igrexas como ofrenda aos defuntos.
cereiro, -a. s. m. e f. Persoa que facía, compraba ou vendía cera. Tiveron moita fama os cereiros dos Ancares que ían polo concello de Boal a comprar cera para facer velas ou os galegos da Terra de Montes na Mariña eonaviega. **2.** Muller encargada de prender, vixiar e apagar as velas nunha igrexa. **3.** Dise da persoa sucia.
cereisolo. V. cereixolo.
cereixa. s. f. Froito da cerdeira. **2.** pl. V. nubarrón 2ª acep. (Tapia de Casarego). // **Cereixa da raposa.** Froito do *escornaprudo* (Grandas de Salime, Eilao, Villaión). // **Cereixa moura.** Cereixa de color escura. // **Cereixa *moural*.** Cereixa moura. // **Cereixa pedresa.** Cereixa encarnada.
cereixal. s. m. (pl. cereixais). Terreo onde abundan as cerdeiras. **2.** s. f. V. cerdeira (Boal, Ibias, Allande, Os Ozcos, Villaión).
cereixalía. s. f. Cerdeira pequena.
cereixalón. s. m. Aumentativo de *cereixal*.
cereixedo. s. m. Lugar onde abundan as cerdeiras.
cereixeira. V. cerdeira (Taramundi, Coaña, Tapia de Casarego, Boal, Eilao, A Veiga).
cereixeiro. V. cerdeira.
cereixo. V. cerdeira.
cereixola. V. cereixolo.
cereixolada. s. f. Comida feita con *cereixolos*.
cereixoleiro, -a. adx. Aplícase á persoa que lle gustan os *cereixolos*. **2.** Referido ao sábado ou domingo de Entroido.
cereixolo. s. m. Torta delgada de fariña, leite, ovos, sal, feita na tixela, á que se pode poñer azucre, mel, canela, anís ou limón. É unha sobremesa típica do Entroido. // ***Cereixolo* dos páxaros.** O primeiro que se fai que normalmente se dobra ou se rompe.
cereiza. V. cereixa (Navia).
cereizal. V. cerdeira (Allande, Eilao).
cereizo. V. cerdeira (Navia).
ceremeño, -a. adx. Inepto (Allande).
ceremonia. s. f. Acto, celebración, normalmente de carácter relixioso.
ceremonial. s. m. Conxunto de regras ou cerimonias que se seguen nun acto.
cerexeira* → cereixeira.
ceribato* → celibato.
ceridona. V. ciridona (Villaión, Allande).
ceridoña. V. ciridona (Ibias, Abres, Eilao).
cerna. s. f. Parte interior máis dura do tronco dalgunhas árbores, especialmente do carballo, castiñeiro ou nogueira.
cerneiro. adx. Dise de algo que non medrou (A Veiga).
cernelle. s. m. Pelo mal coidado e enredado.
cernideira. s. f. Marco de madeira colocado na maseira sobre o que se move o bortel para cribar o cereal.
cerno. V. cerna.
cernudo. adx. Duro como a cerna (Santalla de Ozcos).
cerolleiro. s. m. Ciroleira brava que dá froitos negros chamados *cerollos* (Abres, A Veiga).
cerollo. s. m. Bóla de cera que queda no panal despois de quitar o mel. **2.** Cirola brava. **3.** Excremento grande das cabalerías. **4.** Cousa pequena. **5.** Froito do espiño (*espín*). **6.** Excremento humano de xeito cilíndrico. **7.** Froito da arandeira, que é negro e pequeno (Castropol). **8.** Froito do *cerolleiro* de baixa calidade (Abres, Castropol).
cerolo. V. cerollo 6ª acep.
cerón. s. m. Mucosidade de color clara que bota a vaca preñada durante a preñez (Os Ozcos).
cerote. s. m. Mestura de cera e pez coa que os zapateiros enceran o fío de coser (Navia). **2.** Cagallón (Allande).
cerquía. adv. Cerca.
cerquilía. adv. Moi cerca (Allande, Ibias).
cerra. s. f. Elevación de terra illada e normalmente de menor altura que un monte ou unha montaña (Serandías). **2.** Porción de liño restrelado que despois se fiaba (Santalla de Ozcos).
cerrado, -a. adx. Pechado. **2.** adx. V. tapado 3ª acep. **3.** s. m. Lugar valado que se usa para producir leña, bouza etc.; zarrado 2ª acep. **4.** s. m. V. cerrazón. **5.** Dise da malla pregada, cos seus catro lados en contacto.
cerralleiro. V. zurrulleiro.
cerrar. v. Tapar calquera abertura. **2.** Pechar. **3.** Cercar un terreo, casa etc. **4.** Concluír un acordo. **5.** V. meter 3ª acep.
cerraxa. s. f. Planta herbácea anual da familia das compostas, de talo erecto, oco e ramificado, de trinta a oitenta centímetros, con follas tenras e de bordos dentados (*Sonchus oleraceus*). //

Quedar en *augua* de *cerraxas*. Quedar en nada.

cerrazón. s. m. Gran cantidade de néboa que cobre unha superficie.

cerrecón. V. cerricón.

cerricar. v. Lanzar auga cun *cerricón*.

cerricón. s. m. Especie de xiringa feita con bieiteiro que usan os nenos para tirar auga polo Entroido (Os Ozcos).

cerril. adx. Forte. **2.** Que lle gusta traballar. **3.** Testán.

cerro. V. cerra 2ª acep. (San Martín de Ozcos).

cerro* → zarro.

cerrolleiro, -a. s. m. e f. Persoa de oficio ambulante que amañaba paraugas, potas, potes, tinas e outros obxectos metálicos, afiaba coitelos etc. Viñan normalmente de Galicia; zorrolleiro, zurralleiro, zurrulleiro. **2.** Persoa que amaña pechaduras ou pechos.

cerrollo. s. m. Pasador de ferro ou doutro material, que se move entre dúas argolas, que serve para pechar portas, ventás etc. (Abres).

cerrón. s. m. Restos de liño.

cerroxo. V. cerrollo.

cerrulleiro. V. cerrolleiro.

cerrullo. V. cerrollo.

certamente. adv. Certo, sen dúbida.

certeiro, -a. adx. Que acerta ben, seguro.

certo, -a. adx. Verdadeiro, exacto. **2.** Indefinido que marca unha determinada persoa ou cousa, aínda sen dicir que ou que é. // **De certo.** Certamente. // **Por certo.** Certamente, sen dúbida ningunha.

cerudo. s. m. Mestura de cera e pez que fan os zapateiros para pegar varios fíos até que se convirta nun só que servirá para coser. **2.** adx. Dise do leite semellante á cera que bota unha vaca preñada de pouco tempo.

cerullo. V. cerollo 1ª acep. **2.** V. cerume.

cerume. s. m. Substancia que segregan as glándulas do conduto auditivo externo dos mamíferos semellante á cera.

cervigal. V. pobín 2ª acep. (Allande).

cervo, -a. s. m. e f. Mamífero artiodáctilo da familia dos cérvidos, de corpo forte, co dorso recto, patas alongadas e robustas, pelaxe áspera, pardo vermella no verán e gris en inverno (*Cervus elaphus*).

cerzo. s. m. Néboa baixa. // ***Cerzo*, *cercellín*, vaite deste *valle regueirín pra* encontrar el meu *rebañín*.** Refrán meteorolóxico. // ***Cerzo* na Vara, *augua* na cara.** Refrán que indica que se hai néboa baixa no pico da Vara (concellos de Coaña e El Franco) axiña choverá nas partes máis baixas. // ***Condo* el *cerzo vei pral* mar, colle os bois i *veite* arar.** Refrán que indica que vai facer mal tempo (Boal). // ***Condo* el *cerzo vei pral* arriba, colle a roca e *fila*.** Refrán que indica que vai facer mal tempo (Boal). // ***Condo* el *cerzo vei pral* mar, colle os bois i *veite* arar.** Refrán que indica que vai facer bo tempo (Boal).

cesaria. s. f. Operación cirúrxica que consiste en facer unha incisión na illarga da mai para extraer o neno.

cesoria* → aixada.

cesta. s. f. Recipiente de madeira ou bringas con asas para levar roupa, froita, a merenda, a folla, os ourizos, a comida, a terra etc., ou para a besta, as troitas ou a nasa. **2.** adx. Aparvada. **3.** V. cesto 2ª acep. **4.** Ás veces, trobo de *colar*. **5.** Parte principal dun banzado, que antigamente era de madeira, onde se almacena a auga. **6.** V. chona (El Franco). // **Cesta da gra.** Cesta que serve para transportar grans ou sementes de plantas. // **Cesta da terra.** Cesta que se utiliza para transportar terra (*terrar*), que é de tamaño mediano sen asas, máis ancha na boca que no fondo. // **Cesta del cuito.** Cesta que serve para levar o cuito. // **Cesta del *grao*.** Cesta da gra. // **Cesta del pan.** Cesta onde se depositaban antigamente as fogazas de pan despois de saír do forno. // **Cesta *vendimega*.** Cesta con forma de campá invertida que se usa para a vendima.

cestada. s. f. O que cabe nunha cesta. **2.** Cesta chea de algo. **3.** Conxunto de regalos que se facían a unha muller recén parida.

cestadía. s. f. Cesta pequena.

cestado. s. m. O que cabe nun cesto. **2.** Cesto cheo de algo.

cesteiría. s. f. Arte ou traballo de facer cestas e cestos.

cesteiro, -a. s. m. e f. Persoa que facía ou vendía cestas e cestos. Foron famosos os de Folgueiras de Boiro e Oumente (Ibias) e os de Labiarou (San Martín de Ozcos).

cestía. s. f. Cesta pequena.

cestín. s. m. Cesto pequeno.

cesto. s. m. Cesta pequena, máis alta que ancha, con ou sen asa, que serve para levar o gran, a semente, a herba, os peixes, a comida etc. **2.** Bozo. // **Cesto *terrero*.** Cesta de madeira alta e estreita. // **Dar por onde empezan os cestos.** Expresión que se utiliza para reprochar algo a unha persoa con enfado, desprezo, disgusto ou por burla. // **El que fai un cesto, fai un cento, dándolle bringas i tempo.** V. El (o) que fai un cesto, fai un cento, se lle dan bringas i tempo (Boal). // **El (o) que fai un cesto,**

fai un cento, se lle dan bringas i tempo. Refrán que indica que a persoa que fai unha cousa é capaz de volvela a facer cantas veces queira, normalmente emprégase con sentido negativo ou despectivo (Tapia de Casarego). // **Feito un cesto, feito cento.** V. El (o) que fai un cesto, fai un cento, se lle dan bringas i tempo. // **Tela nel cesto dos ovos.** Ter mimada unha persoa (Boal).

cestuca. s. f. Cesta.

ceta. s. m. Nome da letra z; ceda.

cetaria. s. f. Viveiro, situado en comunicación co mar, de peixes e crustáceos que se destinan para o consumo humano.

cexa. V. cella. **2.** Ás veces, por extensión, pestana. // **Entre *cexa* i *cexa*.** Querer facer unha cousa por enriba de todo. Obs. Trátase dun castelanismo.

cexola. V. riscador (Serandías).

cexudo, -a. adx. Con cellas de moito pelo. Obs. Trátase dun castelanismo.

ch. Combinación de dúas letras. O seu nome é *ce hache*.

ch...! interx. Expresa frustración, contrariedade, impaciencia, ameaza.

cha. (pl. chas). Contracción do pronome persoal *che* e o pronome persoal *a*.

chabola. s. f. Casa pequena e baixa cun só cuarto. **2.** V. chabolo. **3.** Construción pequena onde os pescadores gardan os seus utensilios, pezas de embarcacións, redes etc.

chaboleiro. s. m. Axudante da persoa que fai e repara redes de pescar (As Figueiras).

chabolo. s. m. Construción feita con malos materiais.

chacareiro, -a. adx. De colores vistosas.

chacharacheiro, -a. adx. Que fala moito.

chacho, chacho! interx. Voz da *bichachá*.

chaeira. s. f. Terreo chan (Villaión).

chaela. s. f. Terreo chan (Vilanova de Ozcos).

chafado, -a. adx. Enfastiado, amolado.

chafallada. s. f. Traballo feito sen coidado nin arte.

chafallas. V. chafulleiro (Taramundi).

chafar. v. Durante unha conversa ou discusión, deixar a alguén sen saber que responder. **2.** Enfastiar.

chaflante* → chafrán.

chafleado*, -a → chafreado.

chafrán. s. m. Nun edificio fachada que substitúe a unha esquina. **2.** Parte do coitelo onde deixa de ser recta a peza metálica curva. **3.** Parte da navalla onde se mata o canto esquerdo da cota no primeiro terzo.

chafranar. v. Poñer un chafrán a un edificio; achafrar.

chafreado, -a. adx. Con chafrán.

chafullar. v. Facer unha cousa de calquera maneira, sen preocuparse que quede ben ou mal. **2.** Falsear, terxiversar. **3.** Desordenar. **4.** Molestar, enredar. **5.** Tratar con medicinas (*E tuveron inda chafullando no cabalo*), (San Martín de Ozcos). **6.** Remexer, amañar.

chafullas. V. chafulleiro.

chafulleiro, -a. adx. O que chafulla. **2.** O que fai trampas. **3.** O que terxiversa. **4.** Atolado (Ibias). **5.** O que molesta (San Martín de Ozcos). **6.** O que fala sen moito sentido.

chaga. s. f. Ferida aberta, úlcera.

chagar. v. Facer chagas.

chagar* → chegar.

chagoceira. V. chagoza.

chagoza. s. f. Terra moi chea de auga (Eilao, Tapia de Casarego, A Veiga, Villaión). **2.** Poza (El Franco).

chagozal. s. m. Lugar con terra moi chea de auga.

chagozo. V. chagoza (Ibias).

chaila. V. chaira[2].

chailín. s. m. *Chaila* pequena.

chaira[1]. s. f. Cilindro de aceiro que utilizan os carniceiros para afiar os coitelos ou os matachíns na matanza do cocho. **2.** Ferro redondo que usan os carpinteiros para afiar (Santalla de Ozcos). **3.** Cacho de ferro algo biselado que se utiliza para aplanar madeira.

chaira[2]. s. f. Terreo chan (Vilanova de Ozcos, Taramundi, San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos).

chairar. v. Afiar un coitelo (Taramundi).

chal[1]. s. m. Pano máis longo que ancho, que usan as mulleres como abrigo ou adorno e que se pon por encima dos ombros e das costas. O tradicional era de forma cadrada pero dobraba formando un rectángulo e ía cosido para que non se desdobrase.

chal[2]. V. cha (Os Coutos).

chalado, -a. adx. Aparvado, tolo. **2.** Moi namorado.

chalán. s. m. (pl. chalais). V. chalaneiro (Taramundi).

chalana. s. f. Tipo de pequena embarcación que facían os carpinteiros de ribeira, de popa cadrada ou en pico, proa tamén en pico e fondo chan que se empregaba fundamentalmente na pesca de río, e que na zona eonaviega utilizouse ademais para o transporte de produtos con destino aos mercados

locais. Transportaban así mesmo madeira desde Salime até a ría de Navia.

chalaneiro, -a. s. m. e f. Persoa que tiña por oficio comprar e vender gando nas feiras; tratante. **2.** Persoa que se dedicaba a transportar persoas ou mercancías en chalana (Boal).

chalaniar. v. Comprar ou vender bestas. **2.** Negociar, tratar.

chalanín. s. m. *Chalano* pequeno.

chalano. s. m. Tipo de embarcación con fondo chan, que se usa en augas tranquilas. A eslora ten de 2 a 5 metros, con tres bancos, de madeira e pode levar até tres persoas. A popa está cortada de xeito recto.

chalarse. v. prnl. Aparvarse, tolear. **2.** Namorarse.

chalé. s. m. (pl. chalés, chaleses). Casa luxosa rodeada de xardín.

chaleco. s. m. Peza de vestir sen mangas que se pon por enriba da camisa. Os tradicionais eran de liño no lombo e de variadas teas pola parte de diante. Eran curtos e axustados ao corpo e na parte de atrás podían levar unha fibela ou cordón para axustar á medida. // **Chaleco salvavidas.** O que permite a un náufrago permanecer na superficie da auga. // **Ser *más corto* que as mangas dun chaleco.** Ser moi corto.

chaleque. V. chaleco.

chalina. s. f. Peza de roupa de muller que se pon arredor do pescozo; bufanda.

chalupa. s. f. Tipo de embarcación auxiliar parecida á chalana, que normalmente ten un só banco.

chalupo. V. chalano.

chamada. s. f. Acto de chamar. **2.** Berro. **3.** Abundancia de auga nun río na temporada de pesca do salmón (Abres). **4.** Sinal que fai un mariñeiro dunha embarcación coa man a outra (Tapia de Casarego).

chamadeiro, -a. adx. Dise do que chama a atención, especialmente as cousas con colores vivas.

chamado, -a. adx. Ao que se chama.

chamador. s. m. Picaporte para petar nas portas; martelo da porta, petador, picador.

chamar. v. Dar voces ou facer sinais a alguén para que veña ou atenda. **2.** Petar na porta, facer soar o timbre etc., para que abran. **3.** Insultar (*Chamoulle fato*). **4. 5.** Xuntar pouco a pouco as pedras dun forno ou dun pozo para facer a cubrición. **6.** Apetecer, desexar (*Chamábame agora tomar un café*). **7.** Asombrar, desexar (*Chamábame muito a atención*). **8.** Atraer (*El palombo tá chamando á palomba*). **9.** Dicir (*Cuando é difícil de chamar*), (San Martín de Ozcos). **10.** Dar nome, nomear. **11.** Espertar a alguén. **12.** Falar por teléfono. **13.** Guiar, conducir os animais, especialmente as vacas ou os bois. **14.** prnl. Ter por nome. // **Chama a Cachán i bota a correr!** Dise cando unha cousa nese momento xa non ten remedio (Boal). // **Chamar a *andanas*.** Non existir ningún pretexto (*Despós nun hai chámate a andanas*). // **Chamar a *camín*.** V. camín. // **Chamar a capítulo.** Rifar a unha persoa, pedirlle contas dos seus actos. // **Chamar á festa.** Convidar os parentes a xantar ou cear na casa os días de festa. // **Chamarlle ben delas (*dellas*).** Rifar a unha persoa que non fai caso ou por un enfado. // **Chamarlle un cento.** Insultar moito a unha persoa.

chamasca. s. f. Vara (Villaión).

chamascada. s. f. Golpe dado cunha vara (Villaión).

chamativo, -a. adx. Vistoso (Abres).

chambaril. s. m. Pau forte e curto, que tradicionalmente era de toxo, do que se colgaba polas patas traseiras o cocho morto para abrilo.

chambergo, -a. s. m. Chapeu de ala ancha. **2.** Sombreiro vello. **3.** Dise dunha variedade de castaña de tamaño grande.

chamberil. V. chambaril.

chambón, -a, -úa. adx. Aplícase á persoa que fai as cousas mal ou a medias, con pouca maña e con torpeza.

chambonada. s. f. Cousa mal feita (Seares).

chambra. s. f. Peza de roupa curta de vestir de liño que usaban as mulleres por encima da camisa, aberta por diante e que chegaba á altura da cadeira. Tamén era usada polos homes tendo corte cadrado, canesú e adornada con diferentes motivos. **2.** Blusa basta do capador ou do *chalaneiro*.

chambrín. s. m. (pl. chambríos). Pequena camisa para un bebé.

chambro. s. m. Peza de vestir de neno máis longa que unha camisa.

chambrón. s. m. (pl. chambrois). Vestidura normalmente de color moura como un blusón que acostumaban a utilizar os tratantes e os capadores; chambra. **2.** V. chambón.

chamelo. s. m. Variedade do dominó, que se xoga entre tres ou catro persoas, que recollen as fichas á sorte. Consiste en ir colocando cada xogador as fichas polo seu lado sempre que emparellen unhas con outras. Cando non casan págase e o

xogador ou xogadores que seguen poden, se queren, poñer unha das súas fichas que corresponda coa do que non puido colocar a súa, recollendo neste caso a postura. Gaña o que coloca primeiro todas as súas fichas (Castropol).

chamenía* → chemenea 1ª acep.

chamente. adv. Sen voltas, de xeito claro.

chaminea* → chemenea 1ª acep.

chaminía* → chemenea 1ª e 2ª acep.

chamisqueira. s. f. Lugar cheo de lama.

chamorgo. s. m. Poza na que hai auga.

chamosco. V. chamusco.

chamosoa. adx. Dise de madeira que empeza a podrecer (Tapia de Casarego).

champar. v. Tragar, encherse de comer ou beber. **2.** Atravesar ou cravar un instrumento agudo na carne, peixes etc., para asalos. **3.** Dicir a unha persoa unha impertinencia ou unha verdade desagradable (Tapia de Casarego, Navia, Boal, Santalla de Ozcos). **4.** Botar, tirar unha cousa (*Champou el feixe da parede en baxo*), (Santalla de Ozcos).

champel. V. rendal (Ortigueira). **2.** Fío de fibra vexetal que se emprega para facer brazoladas de palangre (Ortigueira).

champrel. V. rendal.

chamullar. v. Fungar, falar entre dentes. **2.** Tramar ocultamente algo.

chamurra. s. f. Leña miúda (Os Coutos).

chamuscado, -a. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Armal (Boal). **2.** adx. e s. Alcume que se lles dá aos habitantes de Boal. **3.** Queimado polo sol, moreno. **4.** Queimado, torrado.

chamuscadura. s. f. Queimadura pequena dunha cousa por fóra.

chamuscar. v. Queimar unha cousa por fóra.

chamusco. s. m. Acción e efecto de chamuscar. **2.** Cheiro que dá unha cousa chamuscada.

chamusqueiro, -a. adx. Que chamusca.

chamusquina. s. f. Rifa.

chamuza. s. f. Partícula de lume que se desprende das chamas. **2.** V. chamurra (Santalla de Ozcos). **3.** Rama seca que arde rapidamente.

chan, chá. V. chao (Oneta).

chanada. s. f. Zona chá (Allande).

chanar. v. Alisar e preparar a chapa de ferro nun mazo; aplanar.

chancear. V. chanciar 2ª acep. (Coaña).

chanchulleiro, -a. adx. Que lle gusta facer *chanchullos*.

chanchullo. s. m. Asunto pouco claro para conseguir un beneficio ou para ocultar algo que non se quere que se saiba etc.

chancia. s. f. Dito gracioso, broma.

chanciar. v. Facer bromas ou dicir cousas graciosas. **2.** prnl. Burlarse, rirse de alguén.

chancieiro, -a. adx. Que lle gusta facer bromas.

chancleta. s. f. Tipo de calzado sen ataduras, que cobre o talón ou se pon na punta do pé. **2.** adx. Dise da persoa inútil. // **Andar en chancleta.** Andar cos zocos sen calcetíns. // **Ser un chancleta.** Dise da persoa con pouco xuízo.

chancletas. s. m. e adx. Inepto, incapaz (Allande).

chanclo. s. m. Calzado de goma que se pon encima das *zapatillas* e que non ten cordóns.

chancreta* → chancleta.

chancro* → chanclo.

chaneira. V. chaeira (Tapia de Casarego).

chanela. V. chinela.

chanfaina. s. f. Embutido que se fai coas tripas gordas aproveitando a peor carne do cocho. **2.** Nalgunhas zonas é sinónimo de *deventre*, como en Villaión. **3.** Calzado gastado ou vello que se utiliza na casa (A Veiga).

chanfainas. v. chafulleiro.

chanfaino. V. chanfaina 2ª acep. (Villaión).

changada. V. xangada 3ª, 4ª e 7ª acep.

changado, -a. V. xangado.

chanqueiro. s. m. Vaso de viño tinto.

chanta. s. f. Golpe que dá unha bóla a outra no xogo das bólas.

chantado, -a. adx. Cravado.

chantar. v. Cravar unha cousa ou obxecto. **2.** Plantar na terra. **3.** Cercar con chantos unha leira. **4.** Botar na cara, reprochar. **5.** Trabar (Vilanova de Ozcos). **6.** prnl. Permanecer estático, poñerse nun lugar (*Chantouse no medio*), (Santiso de Abres). // ***Nun*** **hai onde chantar unha punta.** Non hai con quen contar.

chantaxe. V. corriola 1ª e 2ª acep. (Coaña, Tapia de Casarego, Eilao, Grandas de Salime, Ibias).

chanteira. s. f. Bouza, mato (Vilanova de Ozcos). **2.** Planta que normalmente ten unha soa raíz.

chanto. s. m. Pedra cravada na terra e que xunto a outras delimita unha leira.

chantón. s. m. Madeira ou lousa cravada na terra, normalmente de castiñeiro, que se emprega para pechar as leiras. **2.** Árbore nova que hai que transplantar mediante un enxerto (Abres). // ***Chantón*** **trenzado (a).** Peche trenzado con uceiras poñendo a parte grosa (couce) para arriba e as ramas para abaixo. // ***Chantón*** **xunto (a).** Peche onde se colocan as madeiras todas xuntas e na

parte superior xúntanse cun trenzado de varas de abeleira.

chanuza. s. f. Pau que utilizaban os pescadores para asustar as troitas para que se metesen nas redes.

chanza. V. chancia.

chanzada. V. chancia.

chanzo. s. m. Peza de pedra que suxeita nos lados o depósito de auga dos mazos.

chanzoleta. V. corriola 2ª acep. (Villaión, Navia).

chao, chá. s. m. e f. (pl. chaos, chás). Superficie plana como a dunha terra, un terreo, un lugar, unha mesa etc. **2.** adx. Plano, liso. **3.** adx. Simple, sen complicacións (*Fálase todo chao*), (Taramundi). // ***Chao*** **del lombo.** V. lombo 5ª acep. (*El chao del lombo da cabra*), (Os Ozcos). // **En *chao* (de).** De cheo. **2.** Encima de, sobre (*En chao da mesa*). **3.** Plano, liso (*Facer el fondo en chao*). **4.** De xeito horizontal (*El gancho ten que entrar en chao na herba*). // **Encontrar todo *chao*.** Atoparse cunha situación sen problema ningún. // **Nel *chao* da mesa.** Sobre a mesa.

chaón. s. m. *Chao* grande.

chapa. s. f. Folla ou lámina grosa de metal ou doutro material. **2.** Prancha superior de ferro das cociñas de carbón ou leña. **3.** Tapón de metal dalgunhas botellas. **4.** Prancha de ferro suxeita con cravos que se poñía nos talóns das galochas ou das zocas para reforzalas. **5.** Matrícula dun carro (Allande). // **As chapas.** Xogo de nenos que consiste en empuxar cun dedo un tapón metálico dunha botella por unha pista feita no chan. **2.** Xogo de nenos, variedade do *palmo*, onde se tomaba como unidade de medida un pau pequeno (Abres). **3.** Xogo de nenos no que se facían rebotar antigas moedas de cobre contra unha parede. Se a moeda caía próxima á do outro, o primeiro gañábaa (Abres).

chapacuña. s. f. Empedrada de pedras lisas e normalmente miúdas, postas en forma de cuña no curso dun río para facer unha presa para a auga que vai aos prados, ao muíño, a un mazo etc. **2.** V. tapacuña 3ª acep.

chapado, -a. adx. Semellante, moi parecido. **2.** O que está cuberto con chapas (Allande). **3.** Dise da persoa que lle gusta meterse en asuntos alleos. **4.** Aplícase á persoa que lle gusta mandar, gobernar, manexar.

chapapote. V. galipote (Navia).

chapar. v. Botar na cara, reprochar; chantar 4ª acep. **2.** Comer sen deixar nada, engulir, tragar. **3.** Estudar moito. **4.** prnl. Aparecer de súpeto nun lugar para investigar ou intervir.

chaparrada. V. salseiro 2ª acep. (Castropol). // **Haber chaparradas.** Entrar auga nunha embarcación.

chaparreto, -a. adx. Aplícase a todo aquilo que non chegou a unha altura normal.

chaparro[1]. s. m. Chuvia forte de curta duración.

chaparro[2], -a. V. chaparreto. **2.** Tirando a gordo.

chaparrón. s. m. Golpe forte de vento e chuvia.

chapear. v. Usar o *chapo* nunha terra (Allande).

chapelo. s. m. Sombreiro, que podía ser de palla cando se traballaba na terra; capelo.

chapello. V. chapelo.

chapeta. s. f. Personalidade. **2.** Cabeza, xuízo. **3.** Capacidade intelectual dunha persoa. // ***Nun*** **(non) ter *chapeta*.** Non ter xuízo. // ***Sin chapeta*.** Sen xuízo.

chapiada. V. saltido (Ortigueira).

chapiar. V. choupear (Ortigueira).

chapicada. s. f. Cantidade pequena. **2.** Ás veces, presenta un significado contrario de cantidade grande.

chapín. s. m. (pl. chapíos, chapiños). Tipo de calzado de la gorda para abrigar o pé. Distínguese do escarpín en que se fai con saial e é máis baixo. **2.** *Chapelo* pequeno. **3.** Sombreiro vello e pasado de moda, normalmente de muller. **4.** Calcetín de la ou pano (Boal, Castropol). // **Poñer como un *chapín*.** Dicirlle a unha persoa certas verdades na súa cara.

chapinar. v. Camiñar de xeito rápido (Allande).

chapinazo. s. m. Golpe dado cun *chapelo*.

chaplas. V. chapa (as chapas) 1ª acep.

chapo. V. chapín 1ª e 4ª acep. **2.** s. m. Aixada de pa máis longa e estreita que a normal ou sacho grande (Taramundi, Ibias, San Martín de Ozcos, Allande). // ***Nun*** **ter un chapo.** Non ter diñeiro.

chapotiar. v. Facer ruído ao mover as mans ou os pés na auga ou no barro, ou ao pisar estes.

chapra. s. f. Na galocha, peza metálica que se pon entre os cravos e o talón de madeira. **2.** Parte pequena e delgada que se desprende dunha pedra. // **As *chapras*.** V. chapa (as chapas) 1 ª acep.

chaprada. s. f. Cousa mal feita (Coaña). **2.** Cousa que se pon moi sucia cando se fai algo. **3.** Mancha.

chaprón, -úa, -oa. V. chambón. **2.** adx. O que viste mal (Castropol). **3.**

Desordenado, o que non ten coidado coas cousas (Castropol).

chapucado, -a. adx. Salpicado (Navia).

chapucar. v. Salpicar (Navia). **2.** V. chumbar 3ª acep. (As Figueiras). **3.** Pousarse unha ave na auga (As Figueiras). **4.** Meterse na auga de golpe.

chapuceiro, -a. adx. O que fai chafalladas. **2.** O que enreda os asuntos dicindo mentiras.

chapucón. s. m. Acto e resultado de salpicar (Castropol). **2.** Acto e resultado de meterse na auga de golpe. **3.** Acto de meterse o golfiño de xeito brusco debaixo do mar para sacar os peixes á superficie (As Figueiras).

chapurrada. V. chapurreado (Santalla de Ozcos).

chapurrado. V. chapurreado (Navia).

chapurrar. V. chapurrear.

chapurrear. v. Falar mal mesturando trazos de diferentes linguas.

chapurreiro. V. chapurreado.

chapurreado. s. m. Mestura que se fai mal de dúas linguas.

chapurriado. V. chapurreado.

chapurriar. V. chapurrear.

chapurro. V. chapurreado.

chapuza. s. f. Obra mal feita. **2.** Traballo que fan algúns profesionais fóra das súas horas laborais.

chapuzar. v. Salpicar auga ou outro líquido ao batelo coa man, cos pés ou outra cousa. **2.** Amañar unha cousa un pouco (Allande).

chapuzas. adx. Persoa que fai chapuzas; chapuceiro.

chaqueta. s. f. Peza exterior de vestir, con mangas e aberta, que chega até a cintura. A tradicional do home era curta até a cadeira, de color escura, confeccionada en candil, pano de la ou *pano sedán*, pechando por diante con *formillas* de madeira ou metal. A da muller axustábase ao corpo, tiña manga recta, *farol* ou *axamonada* e estaba confeccionada con pano e adornada de veludo e pedrería, sendo normalmente curta até a cintura.

chaquetavirada. V. virachaquetas (Castropol).

chaquetín. s. m. (pl. chaquetíos). Chaqueta para un bebé.

chaquetón. s. m. Peza exterior de vestir con mangas, aberta, de tamaño grande e de variadas colores.

char-char. Voz onomatopeica que se utiliza para imitar ao tordo. **2.** s. m. Aplícase ás veces esta palabra ao *ferreirín*. **3.** Ave paseriforme da familia dos muscicápidos, duns trece centímetros de lonxitude, peteiro curto, cabeza redondeada coa fronte algo saínte e rabo breve. O macho ten a cabeza negra, o peito pardo vermello e unha mancha branca no pescozo, o dorso é escuro e as partes inferiores son de color castaña clara. A femia é apardazada (*Saxiola torquata*). **4.** V. paporrubio (Coaña).

char-chas. V. tordo (Boal).

char-chás. V. char-char 2ª e 3ª acep.

charabicas. s. m. Persoa que fala moito e de pouco xuízo (Eilao).

charamullo. V. charamuza (Navia).

charamuza. s. f. Partícula de lume que se desprende das chamas; chamuza, muchica.

charangar. v. Manobrar cun *charango*.

charango. s. m. Calquera dos dous madeiros que se colocan no costado de proa dunha embarcación, un por cada lado. **2.** Pau que ten forma de forquita que se utiliza na arte de pesca do boliche.

charca. s. f. Porción de auga parada nun foxo, poza.

charniecha. V. raquín 1ª acep. (Coaña). **2.** V. chirlego (Coaña).

charol. s. m. Verniz de laca procedente de China que levan moitos zapatos.

charpazo. V. salseiro 1ª e 2ª acep. (Tapia de Casarego).

charqueira. s. f. Terreo cheo de charcas.

charrán, -á. adx. Fantoche, que presume do que non é ou do que non ten (Coaña). **2.** Dise da persoa con pouco xuízo e formalidade. **3.** Aplícase á persoa que fala de máis sen sentido.

charrasca. s. f. Certo tipo de navalla (Navia, Allande).

charrasqueiro. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos naturais do Viñal (Ibias).

charro, -a. adx. Dise dunha cousa chea de adornos, recargada ou de mal gusto (Allande).

charrusqueiro, -a. V. churrusqueiro.

chascado, -a. adx. Asombrado, sorprendido.

chascar. v. Fender a madeira cando se corta unha árbore ou se serra verde (Abres).

chasco. s. m. Decepción, desilusión.

chaspa. s. f. Estela pequena que se mete entre a uña e a carne. **2.** Pequena chapa de lata (Allande). **3.** Chapa.

chaspear. v. Poñer unha chapa a algo (Allande).

chasquiar. v. Faltar ao prometido. **2.** Producir decepción. **3.** Facer un ruído seco algo, como a madeira cando rompe ou fende; chascar.
chatara. s. f. Calcetín que se pon aos nenos (Castropol).
chatarra. s. f. Ferro vello e inservible. **2.** Conxunto de ferros vellos e inservibles.
chatarreiro. s. m. Persoa que se dedica a comerciar con chatarra.
chato, -a. s. m. Vaso de viño. **2.** adx. Aplícase ao cocho que ten o fociño curvo para enriba. **3.** adx. De nariz aplanado. **4.** adx. Dise da navalla co corte máis ben recto.
chatón, -a, -úa. adx. Aumentativo de chato.
chau. V. chao.
chaúfer* → chofer.
chaúra. V. chaira.
chave. s. f. Utensilio metálico para abrir ou pechar algo. Tamén foi utilizado como amuleto contra os males, sendo normalmente máis dunha. **2.** Cada unha das catro pequenas cuñas que se poñen para suxeitar o eixe do carro á roda (Taramundi, Santalla de Ozcos); caravilla 4ª acep., chavilla 4ª acep. **3.** Interruptor da luz. **4.** Cuña de madeira de pequeno tamaño que se pon nos *enxulios* do tear. **5.** Ferramenta graduable para afrouxar ou apertar parafusos. **6.** No xogo do dominó, a ficha que pecha o xogo (Abres). **7.** Nun mazo, especie de forra calzada cunhas cuñas aos lados, que serve para suxeitar a *andabarra* polo lado contra o *cepo* (Santalla de Ozcos). **8.** Parte dunha leira que se mete noutra (San Martín de Ozcos). **9.** Nun mazo, ferramenta de ferro de sección cadrada en forma de L, con mango longo e perpendicular, que se empregaba para mover e sacar a incre cando se caldeaba no *regazal* para *calzala* (Taramundi). **10.** Ferramenta en forma de pinza que utilizan os ferreiros para suxeitar as follas dos coitelos e das navallas para afialos.
chavella. V. chavilla 1ª e 2ª acep.
chavellar. v. Enredar, revolver (*A nena non fai máis que chavellar*), (Santiso de Abres).
chavello. V. chavilla 1ª, 2ª e 4ª acep.
chaveta. s. f. Cabeza, xuízo. **2.** V. chavilla 2ª, 3ª, 4ª e 5ª acep. // **Non ter chaveta.** Non ter xuízo. // ***Tar* mal da chaveta.** Perder a razón.
chavetar. v. Poñer a *chavilla* para que non saia a roda do carro.
chaveteiro. s. m. Corte feito para axustar unha *chavilla* (As Figueiras).
chavía. s. f. Chave pequena. **2.** V. chavilla 1ª e 2ª acep.
chaviar. v. Manipular unha chave cando se quere abrir unha pechadura. **2.** Revolver. **3.** Andar tocando repetidas veces un interruptor da luz.
chavilla. s. f. Peza de madeira dura, para unir a vara do carro e o xugo da parella de bois ou vacas. **2.** Peza do *vasadoiro* ou do arado na parte anterior do *cambón*; gabita 2ª acep. **3.** Pasador que se pon nunha barra que ten un furado e non deixa que saian as pezas que a barra suxeita. **4.** Peza de ferro que atravesa o eixe e fai de tope para que non saia a roda do carro; chave 2ª acep., caravilla 4ª acep. **5.** No *vasadoiro*, peza de ferro que se usa para asegurar a rella ao *dental*. **6.** Por extensión, calquera pasador de madeira portátil.
chavilleiro. s. m. Pequena *chavilla* do temón do carro ou do arado (Eilao).
chavillo. V. chavilla 1ª e 2ª acep.
chavúa. s. f. Chave grande.
chazuna. s. f. Pau longo que se usa para mover unha chalana ou para acosar a pesca escondida (Abres).
che[1]. s. m. Nome da antiga letra ch.
che[2]. Pronome persoal. Forma de segunda persoa do pronome persoal que se emprega na función de obxecto indirecto (*Busqueiche a camisa*) ou como pronome de solidariedade (*Éche mui raro*).
ché. s. m. Nome xenérico dos que regresaron de América (Abres).
chea. s. f. Morea de cousas. **2.** Riada, desbordamento dun río. **3.** Fartura. **4.** Número importante de algo (*Uha chea de cuartos*, *Heiche dar unha chea de paus*). **5.** Borracheira. // **A (ás) cheas.** De xeito abundante, moito (*É bon a cheas*).
cheche. adx. Aplícase á persoa que presume de máis.
checolate* → chocolate.
checolateira* → chocolateira.
checolateiro* → chocolateiro.
cheda. s. f. Cada un dos *largueiros* exteriores e laterais do leito dun carro (Abres).
chedeiro. s. m. Leito do carro (A Veiga, Abres).
chegada. s. f. Acción e resultado de chegar. **2.** Aparición. **3.** Meta.
chegadeiro. V. achegadeiro 2ª acep.
chegado, -a. adx. Próximo. **2.** Que veu. **3.** Alcanzado, tocado. **4.** Aparecido. **5.** Parente próximo; achegado. // **Os *más* chegados.** A familia máis próxima.
chegar. v. Ir ou vir a parar a un lugar. **2.** Alcanzar. **3.** Volver a porta ou ventá a

onde se pecha. **4.** Conseguir, lograr. **5.** Bastar, ser suficiente. **6.** Aparecer, presentarse nun lugar. **7.** prnl. Aproximarse. // **Chegar i encher.** Non ter que agardar vez por algo (Tapia de Casarego). // **El (o) que chega (anda) tarde, *nun* (*nin*) *oi* misa nin come carne.** Refrán que critica a quen chega tarde por desleixo e perde o que podería conseguir sendo coidadoso e activo. // ***Nun* chegarse a roupa al corpo.** Estar preocupado. // **Chegar + a + infinitivo.** Perífrase verbal que indica unha acción terminativa (*Chegoulle a dar uha tunda*).

cheio. V. chao 2ª acep. (Eilao). // **Chegoulle al santo.** Quedar moi cansado.

cheira. s. f. *Fouzo* cun mango longo case recto que serve para cortar toxos grandes, salgueiros dos valados etc. (Tapia de Casarego). **2.** V. chaira 1ª acep. **3.** Navalla (Allande).

cheirar. v. Feder, ulir mal. **2.** Incomodar, molestar. **3.** Osmar, fisgar (Allande). // **Cheira que confunde.** Ole moi mal. // **Chéiralle el rabo!** Que non é para menos (Boal). // **Cheirar a chamusco.** Non fiarse dalgún asunto ou proposición. **2.** Ulir a queimado. // **Cheirar como un *cozovello*.** Cheirar moi mal (Castropol).

cheirento, -a. adx. Que ole mal.

cheirido. s. m. Mal olor.

cheirizo. s. m. Mal olor.

cheirón, -úa, -oa, -a. adx. Que ole mal, sucio. **2**. Dise do neno repugnante, que sente noxo dalgunha cousa. **3.** s. m. Peixe osteíctio perciforme, da familia dos espáridos, que presenta a curiosa peculiaridade de ser hermafrodita, cunha fase de femia que despois pasa a macho. Os machos incuban, medindo até corenta e cinco centímetros, con dorso moi prominente, case discoidal e fronte cóncava, e de color azul agrisada. As femias, que son os exemplares novos, miden de dez a quince centímetros de lonxitude, presentando unha color de fondo gris amarela cos flancos prateados e un rostro agudo e fronte un pouco convexa (*Spondyliosoma cantharus*), (As Figueiras, Tapia de Casarego).

cheiror. s. m. Mal olor.

cheirume. s. m. Mal olor.

cheleco* → chaleco.

chemenea. s. f. Parte da cociña onde se prende o lume, composta por unha campá que recolle o fume que sae ao exterior da casa mediante un corpo sobresaínte no lousado; fumeira, fumieira. **2.** Conduto para dar saída ao fume ou aos gases do motor dunha embarcación.
Obs. Trátase dun castelanismo.

chen, -ía, -ea. (pl. chíos, chías, cheos, cheas). V. cheo 1ª, 2ª, 3ª, 4ª e 5ª acep. **2.** Dise do ourizo de mar con ovas. // ***Chen* como un odre (*babullo*, bocoi).** Indica que unha persoa comeu moito. // **Chen coma unha pipa.** Indica que unha persoa comeu moito. // ***Chen* de farrapos.** Vestido con roupa vella e rota (San Martín de Ozcos). // ***Tar chen* como un odre.** Estar farto de comer.

chencha. s. f. Listura, habilidade (Taramundi). // ***Nun* ter chencha.** Non ter cabeza.

cheo, -a. (pl. cheos, cheas). adx. Completo. **2.** Abundante. **3.** Borracho. **4.** Farto. **5.** Dise do mar cando a marea está moi alta. // ***Tar* cheo (*chen*).** Indica que unha persoa comeu e bebeu xa de máis. **2.** Estar farto ou cansado dun asunto ou dunha persoa.

chepa. s. f. Avultamento na parte superior do lombo.

chepo, -a. adx. Que ten chepa.

cheposo, -a. adx. Que ten chepa; chepo, chepudo.

chepudo, -a. V. cheposo.

cherpa. s. f. Pequena estela que se crava na carne (San Martín de Ozcos).

chía. V. chea 1ª, 2ª, 3ª e 5ª acep. // **Á tarde *chía*.** Ao escurecer (*Á tarde chía del todo*). // **Ás (a) *chías*.** En gran cantidade, moito; a cheas. // **Uha *chía* de.** Moito (*Dixo uha chía de mentiras*).

chiar. v. Piar as aves, especialmente os paxaros.

chiba, chiba! interx. Voz que se emprega para chamar as cabras.

chiba, -o. s. f. e m. Cabra. **2.** s. m. Cebo de pescar que consiste nun chumbo con dous anzois cuberto todo con cola de cabalo. **3.** s. f. Barba que se deixa por debaixo do queixo. **4.** s. m. Macho cabrío. **5.** s. m. Botelo (Vilanova de Ozcos). **6.** s. m. Cabrito pequeno. **7.** s. f. Bota de viño (Allande).

chibar. v. Mover os pescadores no mar o anzol de xeito vertical.

chibarse. v. prnl. Acusar, publicar un segredo, delatar.
Obs. Trátase dun castelanismo.

chibarte. s. m. Mamífero cetáceo mistacoceto, da familia dos balenoptéridos, duns once a dezaseis metros de lonxitude, coa cabeza e as aletas peitorais cubertas de prominencias irregulares. O seu aspecto é macizo, menos esvelto que outras especies da familia. As aletas peitorais son moi

longas, até case un terzo da lonxitude total. A aleta dorsal, pouco erguida, sinala o principio dunha ringleira de pequenas xibas que chega até a cola. A color do dorso é negra, e a parte ventral é branca con manchas negras (*Megaptera novaeangliae*), (As Figueiras).

chibato, -a. adx. O que acusa ou delata. Obs. Trátase dun castelanismo.

chibiar. V. chibar.

chibo. s. m. Aparello de pesca que é un tipo de cacea, que pode ter un chumbo, varios anzós, engado natural ou artificial etc., e que serve para pescar castañetas, robalizas, abadexos etc.

chicado. s. m. Odre pequeno. **2.** Saco pequeno de gran moído (*Un chicado de faría*, *Un chicado de centén*), (Santalla de Ozcos).

chicador. s. m. Persoa que quita a auga que entra dentro das embarcacións.

chicar. v. Quitar a auga de dentro dunha embarcación. **2.** Beber viño.

chicharra. s. f. Especie de trade de rabo longo que se utilizaba para furar no ferro, especialmente para os raís do ferrocarril (Abres). **2.** Insecto hemíptero da familia dos cicádidos, que mide poucos milímetros, de cabeza grosa, antenas reducidas, ollos saíntes e abdome ancho, de xeito cónico. Ten ás membranosas e manchas negras. Os machos producen un ruído estridente e monótono (*Cicada orni*); cigarra, carricanta.

chicharrillo* → chicharrín.

chicharrín. s. m. Chicharro pequeno. **2.** Cría do chicharro.

chicharro. s. m. Peixe osteíctio escombriforme, da familia dos caránxidos, de até corenta centímetros de lonxitude, que ten o dorso de color gris verdeal a azulada, os lados amarelos e o ventre prateado. No bordo superior ten unha mancha negra. A liña lateral debuxa unha marcada curvatura na parte central do corpo. É comestible pero non moi apreciado desde o punto de vista gastronómico (*Trachurus trachurus*); xuel, xurelo. // **Chicharro de puntas.** Chicharro mediano (Tapia de Casarego, Ortigueira). // **Chicharro francés.** Peixe osteíctio escombriforme, da familia dos caránxidos, duns trinta centímetros de lonxitude e con coloración no dorso azul escura e aletas rosáceas (*Trachurus picturatus*), (As Figueiras, Tapia de Casarego, Ortigueira).

chicharrón. (pl. chicharrois). V. chicharro (Castropol). **2.** Xurelo grande (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira).

chicheira. s. f. Planta herbácea anual da familia das papilionáceas, de talo groso, cuadrangular, que alcanza máis dun metro de altura, con follas grandes e dentadas e flores grandes e brancas, pero con ás manchadas de negro. A vaíña contén unha semente (a faba) redonda e pequena (*Vicia sp.*). **2.** Palla da planta dos chichos, fabas e *arvellos* que serve como alimento para o gando e ás veces como combustible. // **Chicheira brava.** Planta rubideira, que medra moito entre o sementado e que se considera nociva (Vilanova de Ozcos, Villaión).

chichiribaina. adx. Aplícase ao home informal e que lle gustan os enredos.

chicho. s. m. Faba redonda e pequena. **2.** Por extensión, lugar onde secan froitos e hortalizas. // **Chicho bravo.** V. chicheira brava. // **Chicho *cacharolo*.** Colorado, branco ou pinto. // **Chicho da *bieita*.** Faba colorada e pequena. // **Chicho da cacha encarnada (rubia).** Faba cunha parte branca e outra encarnada (Os Ozcos, Grandas de Salime). // **Chicho de *colmillo*.** Branco e alongado. // **Chicho de *fer* el caldo.** Branco e de tamaño pequeno. // **Chicho de manteiga.** De color amarela. // **Chicho de *pión*.** Branco e redondo. // **Chicho de sete anos.** Branco e de tamaño grande. // **Chichos guapos (os).** s. m. pl. Xogo de nenos, onde se usan fabas. // ***Tar* que non lle cabe un chicho no cu.** Estar moi contento por algo acontecido.

chicolate* → chocolate.

chicoria. s. f. Planta herbácea e vivaz da familia das compostas, de talo ramalludo e ríxido, coas ramas moi abertas e longas, que mide de vinte centímetros a dous metros de altura. De flores azuis ou brancas, ten carácter medicinal (aperitiva e estomacal) e a raíz serve para mesturala con café (*Cichorium intybus*).

chicote. s. m. Cada un dos dous extremos do cabo dunha embarcación. **2.** Corda curta. **3.** V. cabeceiro 6ª acep. **4.** V. liñada 2ª acep. (Tapia de Casarego, Ortigueira).

chicoteiro. s. m. Pescador que en terra queda co chicote na man para tirar despois dun aparello de pesca (As Figueiras).

chideiro. V. chedeiro (O Viñal).

chiflado, -a. adx. Tolo, aparvado.

chifladura. s. f. Acción e efecto de tolear.

chiflar. v. Tolear. **2.** prnl. Volverse tolo.

chiflar* → chifrar.

chiflido* → chifrido.
chiflitas. adx. Aplícase ao home pouco serio.
chiflo* → chifro.
chifra. V. chifro 1ª acep.
chifrado*, -a → chiflado.
chifradura* → chifladura.
chifrar. v. Usar o *chifro* para chamar ou xogar. **2.** Asubiar. // **El que *más* chifre (*xipre*), capador.** Refírese á presunción dunha persoa. // **Non el que *más* chifra é capador.** Non o que máis presume é o que máis fai.
chifrar* → chiflar 1ª acep.
chifrido. s. m. Ruído feito cun chifro, asubío.
chifro. s. m. Instrumento pequeno e oco, feito cunha cana, normalmente de bieiteiro ou castiñeiro, que emite un son cando se sopra nel, e que era usado polos afiadores e capadores normalmente. **2.** Instrumento pequeno que usan os nenos para soprar feito dunha cana ou talo dunha planta gramínea. **3.** Cana que leva o foguete para subir. **4.** adx. Delgado, estreito (Abres). **5.** Xiringa.
chifrón. s. m. (pl. chifrois). Peza do mazo ou da forxa, que é a parte frontal do banzado, de onde sae a canle ou conduto que leva a auga sobre o rodicio. Normalmente é pechado e a súa caída vertical. **2.** adx. Aplícase ao leite acedo sen callar. **3.** Chorro de auga que sae a presión. **4.** Peza da roda de afiar, semellante á do mazo pero máis pequena, de onde sae unha canle que leva a auga para que caia sobre a roda (Santalla de Ozcos).
chigar* → chegar.
chigre. s. m. Taberna. **2.** Molinete na cuberta dun barco.
chigreiro, -a. s. m. e f. Persoa que ten ou rexenta un *chigre*.
chilar. v. Non responder (Taramundi).
chileno. s. m. Peixe osteíctio perciforme da familia dos lábridos, que pode acadar máis de vinte centímetros de lonxitude, co corpo alongado e de coloración variable: vermella, amarela, verdeal ou azulada (*Symphodus pirca*), (As Figueiras).
chileque* → chaleco.
chillar. v. Berrar. **2.** Ser a voz principal nunha reunión ou grupo. **3.** En frases negativas, non contestar.
Obs. Trátase dun castelanismo.
chilo. s. m. Nada (*Non dixo nin chilo*), (Taramundi).
chimbiril* → chambaril.
chimenía* → chemenea 1ª acep.
chiminea* → chemenea 1ª acep.
chiminía* → chemenea 1ª acep.
chimpada. s. f. Caída, desprendemento (Abres).
chimpar. v. Botar abaixo, tirar, facer caer (Abres). **2.** Botar fóra (Abres).
china. s. f. Pedra pequena. **2.** s. f. pl. Xogo infantil.
chinar. v. Igualar a superficie dunha parede enchendo os furados con pedras máis pequenas. **2.** Amañar con pedras pequenas un sitio para que asente ben unha pedra, unha lousa, unha viga etc. (Tapia de Casarego). **3.** prnl. Sortear nos xogos dos nenos quen apanda.
chincha. s. f. Insecto hemíptero da familia dos cimícidos, áptero, con cabeza ancha, de rostro curto, cos ollos non moi desenvolvidos e o corpo esmagado e oval. Mide uns seis milímetros de lonxitude e ten color vermella que aumenta cando chupa sangue (*Cimex lectularius*).
chinchar. v. Enfastiar, molestar.
chinche. s. m. Golpe da *ferra* do *pión* do xogador contrario (As Figueiras).
chinchimonis. s. m. Xogo dos *chinos*, en que cada participante ten tres moedas ou obxectos parecidos e que consiste en acertar, dicindo cada xogador unha cantidade diferente, o total de moedas que os participantes mostran.
chinchirrinchín-chinchirrinchón. s. m. Xogo de nenos que consistía en saltar un equipo sobre outro de xeito conxunto. Un deles facía de *madre* e os outros dobrábanse para que o outro equipo saltase.
chincho, -a. adx. Farto. // **Quedar como un *chincho*.** Quedar farto de comer.
chinchoirada. s. f. Vulto producido por un golpe (San Martín de Ozcos).
chinchón. s. m. Xogo da baralla que consiste en combinar ou xuntar as cartas da man en series de cartas iguais ou de escaleiras de color para poñelas dunha soa vez antes que o contrario. Poden participar de dous a oito xogadores con 40 ou 48 cartas. Cada carta ten un valor en puntos (sendo coa baralla de 40): o rei 10, o cabalo 9, a sota 8, o sete 7, o seis 6, o cinco 5, o catro 4, o tres 3, o dous 2 e o ás 1. **2.** Vulto producido por un golpe. **3.** V. pinzón (Navia).
chinchorro. s. m. Bote de pesca duns tres metros de eslora.
chineiro. s. m. Armario de madeira situado no comedor da casa, que nos exemplares máis antigos está composto

de dúas partes: unha, baixa con dúas portas para meter cousas da casa e outra alta con portas de cristal onde se poñían as pezas de louza. Nos máis modernos a parte acristalada substituíuse por un espello.

chinela. s. f. Calzado en forma de zapato, pero sen talón nin tacón. **2.** Calzado ruín e co talón estragado. **3.** Zoca de tapa aberta en contraste coa zoca que a ten pechada. // **Ir de (en) chinelas.** Levar os zapatos sen calzalos ao talón.

chinelo. V. chinela 1ª e 2ª acep. **2.** *Farro* grande (As Figueiras).

chinero* → chineiro.

chinisquín. s. m. Cacho moi pequeno.

chinflón* → chifrón.

chingado, -a. adx. Dise da persoa que molesta (Allande).

chingar. v. Pechar un ollo nada máis con algunha intención. **2.** Mollar, salpicar. **3.** Facer o acto sexual.

chingolo. s. m. Chumbo que se emprega na pesca con cacea (Tapia de Casarego). **2.** Liña curta da vara da cacea.

chinglar. v. Escoller entre dous para un xogo (Castropol). **2.** Sortear.

chino, chino! interx. Voz que se usa para chamar os cochos; quino, quino!

chinín, chinín! V. chino, chino!

chinisco. s. m. Cacho moi pequeno.

chinisquín. s. m. Cacho moi pequeno. **2.** Un pouco (*A cousa cambiaba un chinisquín*).

chinollín, chinollín! V. chino, chino!

chiñisquín. V. chinisquín 2ª acep.

chío. V. cheo.

chipirón. s. m. (pl. chipirois). Exemplar novo da *lula* (*Loligo sp.*). **2.** Órgano xenital feminino.

chipre. s. m. Aviso (San Martín de Ozcos). **2.** Son agudo. // **Dar el *chipre*.** Avisar.

chiprito. V. chipre 2ª acep.

chiquito. s. m. Vaso de viño branco que se pode beber nunha taberna.
Obs. Trátase dun castelanismo.

chiribina! interx. Voz que se emprega para chamar as ovellas.

chiribico. s. m. Torta de fariña de trigo, leite e ovos (As Figueiras).

chirigonza. V. xerigonza 3ª acep.

chirigota. V. xirigota.

chirimaco. s. m. Viño branco quente con azucre.

chirimbolo. s. m. Cousa, calquera obxecto.

chirimías. s. m. Persoa con complexos físicos. **2.** adx. Presumido. **3.** adx. Delicado, enfermizo. **4.** adx. Dise da persoa inqueda, viva. **5.** Aplícase á persoa pouco seria, sen formalidade. // ***Fer* os ollos chirimías.** Quedar unha persoa seducida ou atraída moito por algo ou alguén.

chiringar. V. xiringar 1ª acep.

chiripa. s. f. Sorte, casualidade.

chiripo. V. chifrón 2ª acep.

chirivín. adx. Dise da persoa pequena e con pouca saúde ou débil.

chirla. s. f. Nome xenérico que se dá a varios moluscos bivalvos veneráceos, que son ameixas pouco apreciadas pola súa calidade como alimento humano, como *Venus gallina* ou *Venus striatula*. **2.** V. ameixola fina 1ª acep. (As Figueiras). **3.** Molusco lamelibranquio, bivalvo, de cuncha fina, oval e deprimida, con diámetro duns cinco centímetros e con carne comestible (*Tellina sp.*), (As Figueiras). **4.** Inflorescencia da verza (Os Ozcos).

chirlar. v. Falar moito de cousas sen importancia. **2.** Descubrir un segredo por falar de máis. **3.** Piar un paxaro. **4.** Facer ruídos desagradables os ratos. **5.** Falar con voz aguda.

chirleco, -a. adx. Dise da persoa falangueira e con pouco xuízo.

chirlego. s. m. Ave caradriforme da familia dos láridos, duns corenta centímetros de lonxitude, cun tamaño maior que as aves da súa familia; ás longas, cola curta e peteiro longo e negro coa punta amarela. Na parte posterior da cabeza as plumas son alongadas, o que lle dá un aspecto de ter moño (*Sterna sandvicensis*), (As Figueiras).

chirleiro, -a. adx. Dise da persoa que non sabe calar e descobre todos os segredos.

chirllar. V. chirlar 1ª e 2ª acep.

chirlleiro, -a. V. chirleiro.

chirlo. V. chifrón 2ª acep. **2.** V. raquín 1ª acep. (El Franco). **3.** V. chirlego (El Franco).

chirola. s. f. Cárcere.

chirta. s. f. Escoura de ferro, produto de vellas minas ou dos traballos que se facían nos mazos (Taramundi).

chirriar. v. Facer ruído algo.
Obs. Trátase dun castelanismo.

chirrido. s. m. Ruído.
Obs. Trátase dun castelanismo.

chis. s. m. Pouca cantidade dunha cousa; chisgo, zon.

chisbar. v. Fisgar, tratar de saber o que outra persoa pensa ou fai; achisbar 2ª acep.

chisca. V. chisco 1ª acep.

chiscadura. V. chiscuada.

chiscar. v. Saltar un líquido estendéndose en pingas. **2.** Mollar cun líquido

estendéndose en pingas. **3.** Soltar chispas un chisqueiro de pedra (Eilao, Abres). **4.** Pechar un só ollo, con disimulo, para chamar a atención (Abres, Tapia de Casarego); chisgar. **5.** Acender un chisqueiro. **6.** Botar fóra a alguén. **7.** Soltar un segredo, contar. **8.** V. choupear.

chisco. s. m. Parte pequena de algo, como dun líquido, do pan etc. **2.** Instrumento para botar un líquido e mollar a alguén. **3.** Momento, espazo curto de tempo. // **Nin chisco.** Nada.

chiscuada. s. f. Acción e efecto de saltar un líquido estendéndose en pingas ou de mollar cun líquido.

chisga. V. chirla 3ª acep. (As Figueiras). **2.** Abadexo pequeno (As Figueiras). **3.** Abadexo novo (As Figueiras).

chisgar. v. Pechar un ollo tan só, con disimulo, para chamar a atención (Santalla de Ozcos). **2.** V. chiscar 1ª e 2ª acep. **3.** Botar un chorro de tinta unha lura (As Figueiras). **4.** Saír o sol (Allande).

chisgarabís. adx. Dise da persoa inútil e de pouca forza ou valía, mequetrefe.

chisgo. adx. Birollo, persoa que torce os ollos ao mirar. **2.** V. chis. **3.** Dise da persoa que anda cos ollos medio pechados (Coaña). **4.** s. m. Acción de pechar un ollo tan só, con disimulo, para chamar a atención (Navia).

chisgón, -a. adx. O que chisca un ollo. **2.** V. ciquita (As Figueiras). **3.** Birollo.

chisgotada. V. chiscuada.

chisguada. V. chiscuada.

chisma. s. f. Órgano xenital feminino (A Veiga).

chisme. s. m. Rumor. **2.** Obxecto de pouco valor. **3.** Obxecto ou cousa indeterminada. **4.** Órgano xenital masculino. **5.** Cacharro.

chismiar. v. Dicir chismes (Allande).

chispa. s. f. Partícula acesa que é o resultado do rozamento de dous obxectos. **2.** Partícula acesa que sae do lume. **3.** Intelixencia, agudeza. **4.** Borracheira. **5.** Raio. **6.** Brillo; relumo. // **Mala chispa te coma.** Maldición ou expresión que significa ameaza. // **Ter chispa.** Ter agudeza, ter retranca. // **Ter pouca chispa.** Ter pouco espírito.

chisparse. v. prnl. Emborracharse lixeiramente (Eilao).

chispazo. s. m. Acción e efecto de saltar a chispa. **2.** Chispa. **3.** Raio.

chispear. V. chispiar 1ª e 2ª acep. **2.** V. arder 5ª acep. (Tapia de Casarego).

chispiar. v. Brillar, relucir (*Chispíanlle os ollos*), (Eilao). **2.** Botar chispas. **3.** Caer algunhas gotas de chuvia.

chispo, -a. s. m. e f. e adx. Borracho. **2.** Alegre polo efecto da bebida.

chisqueiro. s. m. Instrumento que serve para prender algunha cousa con lume. Os máis tradicionais tiñan unha mecha. **2.** Instrumento feito cun corno de xato e cinza de trapos de algodón, tapado todo cun tapón de coiro, que necesita facer a chispa cun ferro de aceiro e unha pedra *ferreal*. **3.** Tubo de madeira onde está a esca para prender co pedernal e o ferro do mecheiro. **4.** Por extensión, calquera acendedor.

chisquín. s. m. Cacho moi pequeno. **2.** V. chisco 3ª acep.

chistar. v. Agradar. **2.** Tentar falar ou facelo en voz baixa e ás veces coa intención de chamar a unha persoa.

chiste. s. m. Dito gracioso. **2.** Suceso gracioso. **3.** Graza, cousa que fai rir (*Co chiste que lle deu*), (Santalla de Ozcos).

chistoso, -a. adx. Aplícase á persoa que di chistes. **2.** Aplícase ao asunto ou persoa que non ten ningunha graza.

chita. s. f. Antiga moeda de cinco céntimos (Taramundi); cadela 2ª acep.

chitar. v. Calar. **2.** V. chistar 2ª acep.

chite. V. chito.

chito, -a. adx. Aplícase á persoa que lle gusta meterse en asuntos alleos ou que fala de máis.

chiu* → cheo.

cho. (pl. chos). Contracción do pronome persoal *che* e o pronome persoal *o*.

chó. s. m. (pl. chós). Aprendiz de mariñeiro (El Franco, Coaña, Navia).

chober. V. choer 3ª acep. (Ibias).

choca[1]. s. f. Campá pequena que se colga no pescozo dalgúns animais para saber onde están. **2.** Xogo que consiste en golpear unha bóla de madeira cun pau en forma de bastón, chamado *gallardo*. **3.** Bóla de madeira do xogo do mesmo nome. // **A *unde* vai a choca, vai a recua.** Refrán que alude a unha persoa que segue cegamente as ideas doutra ou iniciativas alleas. // **Oír por choca.** Non prestar atención a unha cousa por escoitala xa repetidas veces (*Xa te oigo por choca*), (A Veiga). // ***Tar* como unha choca.** Estar tolo.

choca[2]. adx. Aplícase á galiña ou a outra ave cando vai incubar. // ***Tar* como uha pita choca.** Non estar ben.

chocante. adx. Dise do dito ou persoa graciosos ou divertidos. **2.** Sorprendente, que chama a atención.

chocar[1]. v. Manter o ovo unha ave á temperatura precisa para que se produza a incubación. **2.** Poñerse choca unha ave; chocear, chociar.

chocar[2]. v. Tropezar violentamente dous corpos. **2.** Chamar a atención, causar graza; chistar. **3.** Dar as mans como saúdo. **4.** Sufrir un accidente de circulación. **5.** Causar estrañeza. **6.** Gustar. // ***Nun* lle choca miga.** Non lle gusta nada.

chocarada. V. cinzarrada. **2.** Pouca cantidade de algo (Allande).

chocarelo. adx. e s. Alcume popular dos habitantes de Alguerdo (Ibias), por poñer moitas chocas ao gando e ter fama de pouca formalidade. **2.** Choca pequena.

chocarín. s. m. (pl. chocaríos). Diminutivo de *chócaro*.

chócaro. s. m. Tipo de faba (Boal).

chocarón. s. m. (pl. chocarois). Choca grande. **2.** Xudía seca, redonda e coa punta colorada. **3.** Macho dianteiro que leva unha choca conducindo o resto do gando.

chocear. v. Poñerse unha galiña choca.

chochar. V. chochear 1ª acep.

chochear. v. Ter debilitadas as facultades mentais pola vellez. **2.** Ter moito cariño por unha persoa, animal ou cousa.

chochiar. V. chochear 1ª acep.

chocho, -a. adx. Que chochea. **2.** Que demostra moito cariño por algo ou alguén.

chocía. V. choca[2] (El Franco).

chociar. V. chocear.

chocién. V. choucrén (El Franco).

chocio, -a. adx. Dise do caldo feito sen graxa nin compango pero con aceite. **2.** V. choca[2]; choza, choucra, chouca. **3.** Aplícase á persoa que non está moi ben da cabeza. **4.** Algo enfermo. **5.** Dise do ovo que non resultou fecundado. **6.** Aplícase á muller aparvada, apampada. // ***Tar* como uha pita *chocia*.** Non estar ben.

choco[1]. adx. Aplícase ao ovo que está en período de incubación. **2.** Dise do alimento ou comida que xa non están no seu punto. **3.** Oco (Santalla de Ozcos). **4.** Estado gripal.

choco[2]. s. m. Cría da xiba (*xibia*). **2.** V. xibia (As Figueiras, Tapia de Casarego, Ortigueira). **3.** Molusco cefalópodo da familia dos sepiólidos, de tres a seis centímetros de lonxitude, co corpo con forma de globo, que presenta o manto soldado á cabeza na liña media dorsal e dúas pequenas aletas laterais. Ten oito brazos curtos e a súa coloración é branca rosácea (*Sepiola rondeletii*), (As Figueiras). **4.** Cría da xiba (*xibia*).

chocolate. s. m. Pasta alimenticia feita con cacao e azucre moídos e outras substancias aromáticas. **2.** Bebida que se fai con esta pasta en auga ou leite.

chocolateira. s. f. Vaso ou recipiente onde se prepara o chocolate. **2.** Cabeza humana. **3.** Maquinaria vella (Abres). // ***Tar* como uha chocolateira.** Dicir cousas sen moito xeito.

chocolateiro. s. m. Persoa que ten por oficio traballar con chocolate ou vendelo.

chocolatera* → chocolateira.

chocón. s. m. Choca grande que se pon as vacas cando van ao monte.

choer. v. Recoller para as cortes o gando que anda solto polo monte ou para o galiñeiro as galiñas que están soltas polo día (Eilao, Boal). **2.** Recoller (Grandas de Salime). **3.** Encerrar, gardar o gando.

chofer. s. m. O que ten por oficio conducir automóbiles.

choído, -a. adx. Recollido. **2.** Encerrado.

choio. s. m. Asunto ou situación dos que se quita moito proveito sen facer demasiado esforzo. **2.** Labor feito polos artesáns de pouco valor, fóra das horas do xornal. **3.** Obxecto ou cousa que se obtén a bo prezo.

chol. V. cho (Os Coutos).

chola[1]. s. f. Broma, diversión. // ***Tar* de chola.** Estar de bo humor.

chola[2]. s. f. Intelixencia, cachola. **2.** Cabeza.

chombada. s. f. Conxunto de chumbos que se poñen no fío ou rede de pescar para que vaia ao fondo da auga.

chombado, -a. adx. Posto con peso para estabilizar algo (*A lousa tá chombada con pedras grandes*).

chombar. v. Colocar chumbo nas redes para que pesen máis. **2.** Poñer peso en calquera lugar para estabilizalo (*Chombar o palleiro ou as lousas*), (Abres). **3.** Pesar, especialmente o centeo cando se ata (*El centén inda chomba ben*), (Vilanova de Ozcos).

chombeira. s. f. Parte inferior dunha rede na que se colocan chumbos ou pedras para que se afunda na auga, como nunha *limaqueira*. **2.** Corda da beira inferior dunha rede onde se enganchan os chumbos (Tapia de Casarego).

chombo. s. m. Peza de metal ou pedra que serven para facer peso nun aparello de pescar. **2.** Peza de metal que serve de contrapeso nalgunhas ferramentas ou obxectos.

chona. s. f. Acordo entre pescadores polo que cada un dos mariñeiros dunha embarcación, percibe unha medida en relación coa pesca collida, é dicir, unha cantidade indeterminada e non fixa (As Figueiras, Tapia de Casarego, Ortigueira).

chopa. V. cheirón 3ª acep. (El Franco, Ortigueira).

chope. s. m. Abundancia (*Veu un chope de auga*). // **Dun (de) *chope.*** Dunha soa vez. **2**. Sorpresivamente (*Lanzouse ao río de chope*), (Abres).

choque. s. m. Encontro violento dunha cousa con outra.

choqueirada. V. cinzarrada.

choqueiro. s. m. Personaxe das máscaras en El Valledor (Allande), caracterizado por levar un cinto e un colar dos que colgan varias chocas. **2.** Personaxe dos *Reises* do concello de Ibias; folecón. **3.** Carneiro que leva a choca nun rabaño.

choquello. s. m. Choca pequena.

choquén. V. choucrén.

chorada. s. f. Acto e resultado de chorar.

choramicar. v. Chorar con frecuencia e sen motivo ningún. **2.** Finxir que se chora. **3.** Queixarse.

choramicas. V. choramiqueiro.

choramico, -a. V. choramiqueiro.

choramicón, -úa. V. choramiqueiro.

choramiqueiro, -a. adx. O que *choramica*. **2.** O que se queixa con frecuencia e por calquera cousa.

choramiquiar. V. choramicar (Navia).

chorapingando. adx. O que chora por calquera cousa.

choraportodos. adx. O que chora por calquera cousa.

chorar. v. Botar bágoas, por dolor, por un sentimento, de alegría, por unha cebola etc. **2.** Sentir profundamente algo. **3.** Queixarse pola morte de alguén certo tempo. **4.** Pedir, pregar. **5.** Mirar o que se vai facer ou dar, desexar. **6.** Laiar. **7.** prnl. Desprezarse, facerse de menos. // **Chora, chora, que así mexas menos!** V. Chora, menos mexas! // **Chora, menos mexas!** Expresión que se di aos nenos cando se lles ordena facer algo e choran para non facelo, como advertencia de que non teñen máis remedio; V. Se chora, tamén mexa menos. // **Chora neno, que mexas menos de noite.** V. Chora, menos mexas! // **Chorar a *hebra.*** Chorar moito. // **Chorar a moco.** Chorar moito unha persoa caéndolle os mocos. // **Chorar a morte al demo.** Choromicar e queixarse todo o día (Tapia de Casarego). // ***Condo* a Candelaria chora, el inverno xa pasou, *condo* a candelaria ri, el inverno *tá* por vir.** V. Cuando a Candelaria chora, el inverno vai fóra, cuando a Candelaria ri, el inverno tá sin vir. // ***Condo* a *Candeleira* chora, el inverno xa vai (*vei*) fóra, *condo* a *Candeleira* ri, el inverno *tá por* vir.** Refrán que prognostica un inverno distinto segundo sexa o tempo que faga o 2 de febreiro, festa da Candelaria. // ***Cuando* a Candelaria chora, el inverno vai fóra, *cuando* a Candelaria ri, el inverno *tá sin* vir.** Refrán que prognostica un inverno distinto segundo sexa o tempo que faga o 2 de febreiro, festa da Candelaria. // **El que *nun* chora, *Dios nun lo oi.*** V. El que nun chora nun mama. // **El que *nun* chora *nun* mama.** Refrán que se utiliza para indicar que unha persoa precisa insistir para conseguir un obxectivo ou beneficio (Castropol, Boal). // ***Eso* (agora) xa foi, Marica *nun* chores.** Non preocuparse por unha cousa que xa pasou (As Figueiras, Boal, Tapia de Casarego). // ***Más* choras, menos mexas.** V. Se chora, tamén mexa menos. // **Se a *Candeleira* (Candelaria) chora, el inverno (xa) vai fóra. Se a *Candeleira* (Candelaria) ri, el inverno *tá* por vir. I que chore, que cante, inverno atrás i inverno *adelantre*.** Refrán que prognostica un inverno distinto segundo sexa o tempo que faga o 2 de febreiro, festa da Candelaria. // **Se a Candelaria chora, el inverno xa *vei* fóra, que chore ou deixe de chorar, a *mitá* del inverno *tá sin* pasar.** Refrán que prognostica un inverno distinto segundo sexa o tempo que faga o 2 de febreiro, festa da Candelaria. // **Se chora, tamén mexa menos.** Dito que se emprega cando non se fai caso dos choros dun neno. // **Se pola Candelaria chove, medio inverno vai fóra. Se pola Candelaria ri, medio inverno *tá* por vir. Que chova ou deixe de rir, el inverno *tá* por vir.** Refrán que prognostica un inverno distinto segundo sexa o tempo que faga o 2 de febreiro, festa da Candelaria.

chorapedras. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Llouredo (Ponticella-Villaión).

chorasaín. adx. O que chora por todo.

chorcha. s. f. Cabeza (Allande).

choricar. v. Chorar con frecuencia e sen motivo (Eilao, Boal, Abres, Allande).

chorín. adx. Aplícase ao trigo ou millo débiles. **2.** Dise da persoa que chora por

calquera cousa. **3.** Aplícase á persoa que cando fala parece que chora.

choriqueiro, -a. V. choramiqueiro.

chorizada* → chourizada.

chorizo* → chourizo.

chorizón. s. m. Embutido industrial de chourizo.

Obs. Trátase dun castelanismo.

chorlito. s. m. Nome común de diversas aves caradriformes da familia dos carádridos, pertencentes ao xénero *Pluvialis*. Son aves zancudas de aspecto compacto e pescozo longo que fan o niño no chan. No Eo-Navia entre eles está o *Pluvialis apricarius* (V. pilordo) e o *Pluvialis squatarola*.

choro. s. m. Acto e efecto de chorar.

choroa. V. chorúa.

choromicar. v. Chorar con frecuencia e sen motivo.

choromiqueiro, -a. V. chorón 2ª acep.

chorón, -a, -úa, -oa. adx. Aplícase ao trigo e ao millo débiles. **2.** Que chora moito. **3.** Aplícase á persoa que se queixa moito sen motivo aparente. **4.** V. desmaio.

choroso, -a. adx. Que ten bágoas nos ollos. **2.** Que se lle nota que chorou. **3.** Triste. **4.** Queixoso.

chorra. s. f. Sorte, casualidade.

chorrazo. V. brancor 2ª acep. (Coaña).

chorreadura. s. f. Acto e efecto de empaparse de auga.

chorriada. s. f. Acción de *chorriar* (Navia).

chorriar. v. Caer un líquido formando chorro. **2.** Saír un líquido pinga a pinga. **3.** Emitir un son característico as galiñas cando están contentas (Allande).

chorro. s. m. Porción de líquido que sae con forza dun cano. **2.** Fío de leite que sae ao muxir unha vaca (Tapia de Casarego, Navia).

chorro-morro-picotaina. s. m. Xogo de nenos, que consiste en que un agacha a cabeza entre os xeonllos doutro, de xeito que non poida ver. O outro neno fai un determinado xesto, segundo di "chorro" (poñendo as mans pechadas xuntas), "morro" (o puño só), "pico" (os dedos furabolos estendidos e xuntos), "taina" (as palmas xuntas). O neno que está agachado e non ve ten que adiviñar que xesto fixo o outro neno (San Martín de Ozcos); churro-pico-taina.

chorro-pico-taina. V. churro-pico-taina.

chorruada. s. f. Porción de líquido que sae con forza por unha abertura ou cano. **2.** Certa cantidade de líquido (*Boteille uha chorruada de licor al café*).

chorúa. s. f. Muller á que se lles pagaba por ir chorar nos enterros.

chosco. s. m. Tipo de embutido, que leva lombo de cocho, lingua e carne adobada.

chosquelo. s. m. Tipo de embutido, que leva lingua e un ou dous lombos de cocho adobados metidos en tripa gorda.

chotis. s. m. Danza de ritmo lento, de orixe escocesa, parecida á polca, que se baila dando tres pasos á esquerda, tres á dereita e voltas (El Franco).

chouca. V. choca[2] (San Martín de Ozcos); choza, chocia, choucra.

choucla. V. choca[2] (Allande).

choucliar. v. Moverse algo que está frouxo (Allande).

choucra. V. choca[2] (Grandas de Salime, San Martín de Ozcos); chocia, choza, chouca.

choucrén. s. f. Acto de incubar moito unha galiña (*A pita tá tola de choucrén con muita calor derriba dos ovos*), (San Martín de Ozcos).

choucrear. v. Incubar unha galiña (*Tá choucreando*), (San Martín de Ozcos).

choufín. V. golfín 1ª acep.

choupar. V. choupear.

choupear. v. Golpear fortemente a auga co remo, cando non se sabe remar.

choupín. s. m. Medida de capacidade que no concello da Veiga equivalía a tres ferrados; nos de Castropol, Tapia de Casarego, Boal e Eilao correspondía a 6 medidas de gran.

chouriceiro, -a. s. m. e f. Persoa que fai ou vende chourizos.

chouricín. s. m. Chourizo pequeno.

chourizada. s. f. Cantidade grande de chourizos.

chourizo. s. m. Embutido de carne de cocho ou xato picada e con especias. // **Chourizo de corada.** Chourizo feito cos pulmóns e o corazón do cocho; longuinza. // **Chourizo de *pulmonada*.** V. longuinza.

chourizón. s. m. Embutido semellante ao chourizo pero de tamaño máis grande.

chouroizo* → chourizo.

chousa. s. f. Leira pechada cun valado que normalmente está próxima á casa. **2.** Ás veces, por extensión, leira no monte sementada de trigo.

chousiña. s. f. Diminutivo de chousa (Os Coutos).

choutar. v. Saltar, brincar.

chouteira. s. f. Faldra curta. **2.** Por extensión, muller que leva chouteiras. **3.** adx. Dise da muller ben vestida, ben amañada (*Como vai chouteira*), (San Martín de Ozcos).

chovedeiro, -a. V. chovisqueiro (El Franco).

chover. v. Caer auga das nubes en forma de pingas. **2.** Caer sobre alguén algo en abundancia, como traballos, desgrazas etc. (*Chovían vacas e ovellas*), (Ibias). // **Cando (*condo*) chove e fai sol, canta o galo en Solmaior, e cando chove e *fai* frío cantan en Naraío.** Refrán metereolóxico. // **Chova *Dios* i veña maio, que eu chovendo *nun* traballo.** Refrán meteorolóxico. // **Chove i fai sol, cantan os *gallos* en Brañamaior.** Refrán meteorolóxico (Boal). // **Chove i vai frío, *veinse* as lebres *prá* beira del río.** Refrán meteorolóxico (Castropol). // **Chove i vai sol, cantan as lebres en Brañamaior.** Refrán meteorolóxico (Castropol). // **Chove na Veiga!** Expresión que se utiliza en Tapia de Casarego para dicir que se chove nesta vila, na Veiga choverá aínda máis. // **Chover a caldeiradas (caldeirados).** Chover moito. // **Chover a baldes.** Chover moito. // **Chover a canadas.** Chover moito. // **Chover a doiro.** Chover moito. // **Chover ás (a) concadas.** Chover moito. // **Chover a xarradas.** Chover moito (Boal). // **Chover, chover, *asta* el corno *amollecer*.** Refrán referido ás vacas ou aos bois. // **Chover de brea.** Chover moito e con vento (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos). // **Chover se *Dios* ten *augua*.** Chover moito. // **Como quen *oi* chover.** Non facer caso, non prestar atención. // **Como ver chover.** Sen inmutarse. // ***Condo* chova *pra* arriba.** Expresa a imposibilidade de facer unha cousa. // ***Condo* chove i *fai* frío, cantan os *gallos* (as *llebres*) na beira del río.** Refrán meteorolóxico. // ***Condo* chove i vai frío, cantan as lebres na porta del río.** Refrán meteorolóxico (Castropol). // ***Condo* chove i fai sol, andan as bruxas *alredor*.** Refrán meteorolóxico. // ***Condo* chove i fai sol, cantan as *llebres* en Brañamaior.** Refrán meteorolóxico (El Franco, Tapia de Casarego). // ***Condo* chove i vai (*fai*) sol, cantan os galos (*gallos*) en Brañamaior.** Refrán meteorolóxico (Castropol). // ***Condo* chove i vai vento, *fain* as vellas el *formento*.** Refrán meteorolóxico que alude a que cando fai mal tempo as vellas aproveitan para facer na casa o fermento (Castropol). // ***Condo* chove todos se mollan.** Que a chuvia non fai distinción ningunha. // ***Condo Dios quer* de todos os ventos chora (chove).** Refrán que alude a que todo responde aos designios de Deus. // ***Cuando* chove e fai sol, cantan os galos en Vilamaior.** Refrán meteorolóxico (Vilanova de Ozcos). // **Dálle Maruxa que chove.** Expresión que se utiliza para que unha persoa se dea présa. // **Deixa que chova *asta* que lle medre a barba al sapo.** Alude a ter resignación por un asunto ou que este se solucione. // **(De aquí *alló*) Ha chover i *fer enxuito*.** Pasará o tempo. // **Hai que deixarlle chover *asta* que pare.** Refrán que alude á resignación que hai que ter. // **Nunca chove al gusto de todos.** Refrán que alude a que o que resulta pracenteiro para unhas persoas pode desagradar a outras (Boal). // **Nunca choveu a gusto de todos.** V. Nunca choveu al gusto de todos. // **Nunca choveu que *nun* parase (*escampara*, *estiase*, *estiara*, *parara*).** Refrán que se utiliza para dicir que despois de pasar unha persoa un mal período virá posiblemente outro mellor. **2.** Todo ten remedio. // **Ser de rompe i chove.** Ser moi traballador (Tapia de Casarego). // ***Si* chove el día da Ascensión, *cuarenta* días son.** Refrán meteorolóxico. // ***Si* chove el día da Ascensión, trigo ruín i *gomelón*.** Refrán meteorolóxico e da colleita do trigo (Castropol); V. morrión.

chovido, -a. adx. Mollado pola chuvia.

choviñar. v. Chover pouco (Ibias).

choviscar. V. chuviscar (Tapia de Casarego, Allande).

chovisqueiro, -a. adx. Dise do tempo, día etc., con tendencia a chover.

choviznar. V. choviñar (Castropol).

choza. adx. Dise da galiña que vai incubar; chocia, choucra, chouca.

chozar. V. chocear (Allande). **2.** Por extensión, incubar calquera tipo de paxaro (Allande).

chozno. s. m. Fillo do tatarameto.

chuca. s. f. Cabra.

chucarón, -a. adx. Dise da persoa presumida (Coaña).

chuchar. v. Dar chuchos. // **Chúchame el *cul*.** Insulto que usan normalmente as mulleres cando rifan. // ***Condo* hai que chuchar el can nel *cul*, *nun sirve* mirarlle *prás* orellas.** V. El que ha chuchar el can nel cul, nun lle mire prás orellas. // **El que ha chuchar el can nel *cul*, *nun* lle mire *prás* orellas.** Refrán que alude a que non se debe preocupar un pola limpeza. **2.** En sentido figurado, alude a que cando unha persoa se vai ensuciar cun asunto non pode andar con delicadezas. // **El que ten que chuchar al can nel *cul*, *nun* lle ten que mirar**

***pral* rabo.** V. El que ha chuchar el can nel cul, nun lle mire prás orellas.

chucheiro, -a. adx. Aplícase á persoa que lle gusta dar chuchos. **2.** s. f. Os labios. **3.** Dise da persoa cariñosa.

chucho. s. m. Sinal de amor ou cariño que se fai xuntando os beizos de dúas persoas ou achegando os beizos á cara doutra persoa. **2.** V. crego 2ª acep. (As Figueiras). **3.** V. pombo 1ª e 2ª acep. (Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira). **4.** Peixe condroíctio raiforme, que pode acadar un metro e medio de lonxitude, co corpo comprimido e ancho, cabeza prominente, pel lisa, dúas aletas dorsais e aguillóns velenosos. A súa coloración é agrisada verdeal co ventre abrancazado ou amarelo (*Myliobatis aquila*), (Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira). // ***Anque* che *dían* chuchos a feixes, el primeiro nunca *esqueice*.** Dito que se refire a que o primeiro chucho no amor nunca se esquece. // **Os chuchos *nun fain* nenos pero tocan a *vísporas*.** Refrán que advirte da excesiva familiaridade entre persoas de distinto sexo que pode producir como resultado un embarazo inesperado (Boal). **2.** Prevén contra o risco de embarazo ou a precipitación de amañar vodas entre novos cando se tratan con excesiva confianza e liberdade.

chuchón, -úa. V. chucheiro.

chuchurrar. v. Andar con chismes (Allande).

chuco. s. m. Cabrito.

chuer* → choer.

chuído* → choído.

chufa. s. f. Eloxio desmesurado. **2.** Burla. // **Chufa, carracha, que vén el inverno.** Dise do que presume sen ter de que. // ***Lo* que se ve, *nun* ten chufa.** Dito que se refire a que as cousas non lle van ben a unha persoa. // ***Nun* ter *muita* chufa.** Non ir moi ben as cousas (Boal).

chufada. V. chufadeira.

chufadeira. s. f. Acto e resultado de chufar.

chufado, -a. adx. Louvado.

chufador, -a. adx. Que chufa.

chufar. v. Louvar algo ou a alguén de xeito esaxerado. **2.** Esaxerar, presumir. **3.** s. m. pl. (chufares). Loanzas esaxeradas. **4.** prnl. Presumir. // **Chufa carracha que vén el inverno.** Refrán que recrimina á persoa que presume sen ter nada.

chufarrada. s. f. Loanza esaxerada.

chufín. V. golfín 1ª acep.

chufón, -a, -úa. -oa. adx. (pl. chufois). Que lle gusta chufar. **2.** Dise da persoa que presume das súas virtudes ou posesións. **3.** s. m. Persoa que protexía ou patrocinaba a outra (Taramundi).

chula. s. f. Torta doce, propia do Entroido, feita con fariña, leite e ovos, e que se frite na tixela. **2.** Bóla de carne, ovo etc. **3.** Pau que se utiliza para izar unha vela triangular ou unha vela de proa cando se navega en popa, coas velas braceadas unha por cada banda, ou para amarrar botes ou arrastrar artes de pesca (Tapia de Casarego). **4.** Liña curta da cacea para pescar bonitos, situada na amura dunha embarcación.

chulería. s. f. Actitude presumida ou de superioridade.

chuleto. V. frito 2ª acep.

chuliarse. v. prnl. Presumir, louvarse. **2.** Burlarse.

chulo, -a. adx. Presumido, que actúa ou fala con chulería. **2.** s. m. *Gaián* femia.

chumaceira. s. f. Peza de metal ou madeira cunha abertura onde descansa e xira calquera eixe de máquina. É de orixe portuguesa. **2.** Nas embarcacións, peza de madeira de forma trapezoidal sobre a que vai metido o tolete e que serve ademais para apoiar e soportar o rozamento do remo. **3.** Nunha embarcación, táboa con cortes que serve para apoiar a vara que se emprega na pesca á cacea (El Franco).

chumado, -a. adx. Borracho.

chumar. v. Beber de máis.

chumazarse. V. enchumazarse 2ª acep. (Ortigueira).

chumazo. V. fumazo.

chumbada. s. f. Acción e resultado de *chumbar*. **2.** V. chapucón 3ª acep. (Tapia de Casarego).

chumbar. V. chumbiar 1ª acep. **2.** Meterse debaixo da auga do mar un paxaro (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco). **3.** Lanzarse unha ave á auga para coller un peixe (Tapia de Casarego). **4.** V. choupear.

chumbazo. s. m. Golpe que se dá cun remo na auga (Ortigueira).

chumbeira[1]. s. f. Planta da familia das cactáceas, con talo verde formado por pas elípticas de superficie plana e con numerosas espiñas. O seu froito (que é comestible), o figo chumbo, ten moitas espiñas e cando madura é de color vermella viño. É orixinaria dos países tropicais (*Opuntia ficus-indica*).

chumbeira[2]. V. chombeira 2ª acep. (Ortigueira).

chumbeirada. s. f. Caída (Navia).

chumbiar. v. Tirarse dando a volta enteira ao corpo na auga. **2.** V. chumbar 2ª e 3ª

acep. (Coaña, El Franco). **3.** prnl. Meterse debaixo da auga.

chumbio. s. m. Acto de tirarse dando a volta enteira ao corpo na auga.

chumbo. V. chombo 1ª acep.

chumiar. v. Beber alcohol, emborracharse (Coaña).

chunga. s. f. Burla, broma.

chungar. v. Facer burla.

chungo, -a. adx. Malo.

chungón, -a. adx. (pl. chungois). O que fai burla de algo ou de alguén.

chupa. s. f. Molladura.

chupada. s. f. Acción de aspirar dunha vez o fume dun cigarro (Castropol).

chupado, -a. V. melado (Tapia de Casarego).

chupamel. (pl. chupamelos). V. valdeba 2ª acep. (Abres). **2.** Planta da familia das escrofulariáceas, vivaz, de talo simple ou ramificado, que pode acadar o metro de altura. Ten flores de color violeta pálida ou purpúrea violácea, quitado unha parte pequena amarela (*Linaria triornitophora*).

chupamelo. V. chupamel.

chupar. v. Sacar ou aspirar cos beizos o zume dunha cousa. **2.** Sufrir, aguantar (*Chuparon uha búa xeira*), (El Franco). **3.** V. escalar 1ª acep. // **Chupar del bote.** Medrar aproveitándose do cargo ou da situación que ten unha persoa.

chupasangre. s. m. Ser mitolóxico que chupa o sangue das persoas (El Franco).

chuperito. s. m. Lambetada.
Obs. Trátase dun castelanismo.

chupeta. s. f. Cría do sargo (As Figueiras); pocha 2ª acep. **2.** Sargo novo (As Figueiras); pocha 1ª acep.

chupete. s. m. Peixe espada pequeno (Tapia de Casarego).

chupo. s. m. Chupete.

chupón, -a, -úa. adx. Aplícase á persoa que procura vivir á costa doutra. **2.** Egoísta. **3.** Dise da persoa agarrada que se xunta a outra para que lle convide a beber algo. **4.** No fútbol, xogador que ten moito tempo no seu poder o balón sen pasalo ao resto do equipo. **5.** s. m. (pl. chupois). Brote que non produce dunha árbore enxertada. **6.** s. f. (-a). Boca da lamprea (Ortigueira).

chupois. V. xenxebre 2ª acep. (Tapia de Casarego).

churida. s. f. Flor do toxo (Santalla de Ozcos).

churra. s. f. Galiña.

churra, churra! interx. Voz usada para chamar as galiñas.

churrar. V. queixar 1ª acep.

churrasqueiro, -a. adx. Gallardo, de boa presenza.

churreiro, -a. s. m. e f. Persoa que fai ou vende churros.

churría, churría! V. churra, churra!

churriar. V. queixar 1ª acep.

churro. s. m. Frito longo e estreito que se fai con fariña.

churro, churro! interx. Voz que se usa para chamar as galiñas, galos, patos ou outras aves domésticas.

churro-pico-taina. s. m. Xogo de nenos que consiste en que un equipo ten que saltar enriba do lombo dos outros, que están agachados e postos nunha ringleira, para despois facer un dos que está enriba unha figura calcando cunha man para que atine o de baixo. Tamén se chama *chinchirrinchín-chinchirrinchón* (Tapia de Casarego, A Veiga).

churruscado, -a. adx. Queimado.

churruscar. v. Queimar.

churrusqueiro, -a. adx. Aplícase á persoa divertida, graciosa, simpática.

chusco. s. m. Bolo de pan dunha ración.

chusmear. v. Zumegar, transpirar un líquido nos recipientes ou condutos.

chusmegar. v. Botar auga algo como unha ferida, unha pena etc. (Santalla de Ozcos).

chusquelo* → chosquelo.

chuvasco. s. m. Golpe repentino de chuvia que dura pouco tempo.

chuvasqueiro, -a. V. chovisqueiro.

chuver* → chover.

chuvia. s. f. Precipitación en forma de pingas de auga proveniente da condensación do vapor de auga existente na atmosfera (El Franco, Taramundi, Navia). // **Chuvia na aira, desfai a mallega.** Refrán que alude a que cando chove non se malla.

chuvioso, -a. adx. Con moita chuvia.

chuviscar. v. Chover pouco.

chuvisqueiro. adx. Relativo ao mes que normalmente chove pouco.

chuzo. s. m. Pau que leva na punta un aguillón e que se emprega para picar as vacas ou bois no pescozo para obrigalas a apurar o paso. **2.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Cedofeita (Ribadeo). // **Chover a (aos) chuzos.** Chover moito, sen parar.

cía. V. cea. // **En casa *chía*, *llougo* se fai a *cía*.** Refrán que indica que onde hai abundancia de xeito doado se improvisa unha comida ou se salva unha dificultade.

ciado, -a. adx. Mantido, gordo (*Este pito tá ben ciado*). **2.** Que ceou.

ciar[1]. V. cear. // **El que non ten, xa *ciou*.** Refrán que indica que o que non ten nada, ten que pasar sen cear ou sen unha cousa que quere.

ciar[2]. v. Andar cara a atrás unha embarcación. **2.** Remar cara a atrás.

ciavoga. s. f. Acción de remar cara a atrás (Abres). **2.** Manobra que fai unha embarcación cando vira (Abres, As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira).

cicateiro, -a. adx. Ruín, miserable.

cicel. s. m. Ferramenta de ferro con boca de aceiro que se empregaba para extraer pedras servíndose dun martelo ou unha marra.

cicimbre. V. menta (Navia).

ciclón. s. m. (pl. ciclois). V. ciscón 2ª acep. **2.** Tempestade violenta caracterizada por ventos fortes e de gran velocidade.

cideo* → fideo.

cídula* → cédula.

cieira. s. f. Planta herbácea da familia das gramíneas, que pode acadar de vinte a corenta e cinco centímetros de altura, perenne, de talos delgados, follas verdes co envés brillante e con pequenas espigas (*Festuca sp.*), (Os Ozcos).

ciempiés* → cempés.

cigala. s. f. Crustáceo decápodo da familia dos homáridos, con corpo alongado e forte, recuberto de pezas duras. O primeiro par de patas presenta fortes pinzas sobre as que destacan potentes cristas granulosas. O tamaño máis pequeno, a coloración rosada e a menor potencia relativa das pinzas distinguen de xeito doado aos lumbrigantes das cigalas. O resto das extremidades torácicas son moi finas e rematan en pequenas pinzas sen utilidade defensiva (*Nephrops norvegicus*), (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira).

cigallada. s. f. Conxunto de patacas pequenas que ten unha planta de pataca.

cigallote. s. m. Congro pequeno (As Figueiras).

cigarita. V. cegarita 3ª acep.

cigarra. V. carricanta 2ª acep. **2.** V. chicharra 2ª acep.

cigarro. s. m. Tabaco picado envolto en papel para fumar.

cigoña. s. f. Ave da familia das cicónidas, que mide máis dun metro de altura e ten a plumaxe de color branca e negra. O peteiro é longo e recto, de color escarlata, o mesmo que as súas altas patas. O pescozo é longo, aínda que cando voa o mantén estendido. É unha ave migratoria (*Ciconia ciconia*).

cigua. s. f. Mala sorte. **2.** Planta anual, da familia das gramíneas, con follas longas e onduladas e flores que aparecen en espigas. Está considerada como unha mala herba que medra rapidamente entre o millo ou o trigo (*Echinochloa crus galli*), (El Franco, A Veiga, Tapia de Casarego, Allande, Villaión). **3.** V. figa. **4.** Acto de pechar o puño deixando asomar o dedo matapiollos, posto entre o furabolos e o maior, para evitar o mal de ollo. **5.** Persoa pesada, que se mete en asuntos alleos. // ***Tar* verde en *cigua* (*cisgua*).** Estar moi verde unha froita. // **Ter a *cigua*.** Ter mala sorte.

cigüeña* → cigoña.

ciguita. V. ciquita.

ciguituada. s. f. Cantidade de auga que bota unha *ciguita*; ciquituada.

ciguón. s. m. (pl. ciguois). Aumentativo de cigua 2ª acep.

cilero. s. m. Braga (Ortigueira).

cilibato* → celibato.

cilidona. V. ciridona (Eilao).

cilindrín. s. m. Órgano xenital masculino.

cilindro. s. m. Corpo orixinado pola revolución dun rectángulo arredor dun dos seus lados, que se toma como eixe. **2.** Nome de diversas pezas mecánicas desta forma, empregadas en moitas máquinas industriais.

cillado. adx. Dise do cocho con manchas negras (Santalla de Ozcos).

cillergas. V. celergas.

cima. s. f. A parte máis alta dalgunha cousa (*Cima del eirado, Cima del aira*).

cimar. v. Medrar un nabo cando bota o brote da flor (*Os nabos cóllense antes de cimaren*), (San Martín de Ozcos). **2.** Medrar unha hortaliza.

cimarrón, -úa. adx. Aplícase ao home ou muller que se fan os parvos (Tapia de Casarego).

cimbla. s. f. Vara delgada e flexible (Allande).

cimblada. s. f. Golpe que se dá cunha vara delgada e flexible (Allande).

cimblallón. V. cimbrallón.

cimblar. V. cimbrear.

cimbra. s. f. Armazón ou molde de madeira ou metal que se utiliza nunha obra. **2.** Rama de salgueiro (Tapia de Casarego). **3.** Vara flexible (Navia).

cimbrallán. V. cimbrallón.

cimbrallón. adx. Aplícase ao home grande e aparvado.

cimbrar. v. Vibrar, como un poste, unha rama, unha vara etc., cun movemento

(Coaña, Tapia de Casarego, Navia). **2.** Dobrarse, vencer unha viga. **3.** Mover unha vara ou obxecto flexible facéndoo vibrar.

cimbrear. V. cimbrar 1ª e 3ª acep.

cimbreira. s. f. Peza de madeira, utilizada para levar a merenda os pastores aos prados ou ao monte. Excepcionalmente utilizábase para gardar cartos ou obxectos pequenos de valor. Ten forma ovoide e tapa que encaixa perfectamente xirándoa. Está feita de madeira fina e dura, principalmente castiñeiro ou freixo.

cimbro. s. m. Parte máis alta dunha montaña (Allande).

cimeiro, -a. adx. Aplícase ao que está no cume ou no máis alto (Villaión, Ibias, Navia, Allande).

cimento. s. m. Base dun edificio ou construción.

cimo. V. cimón 1ª e 2ª acep. **2.** Brote da flor do nabo.

cimón. s. m. (pl. cimois). Parte superior do nabo que contén a semente e que cando está tenra é comestible. **2.** Talo central do nabo. **3.** Por extensión, brote que bota o piñeiro e outras plantas.

cimpilimpé. s. m. Xogo de nenos que consiste en andar á pata coxa.

cimprada. s. f. Parvada.

cimprallada. s. f. Parvada (Coaña).

cimprallo, -a. V. cimpre 1ª e 2ª acep. **2.** Dise da persoa pouco seria. **3.** Aplícase á persoa que fala de máis (Navia). **4.** Dise da persoa desordenada.

cimprallón, -úa. adx. Parvo. **2.** Dise da persoa alta e mal feita.

cimpre. adx. Parvo. **2.** Inxenuo, persoa pouco intelixente.

cimprón, -a, -úa. adx. Parvo.

cimuar. v. Nacer o cimón dos nabos.

cin* → cinc.

cinc. s. m. Elemento químico, de color branca brillante e de múltiples aplicacións industriais.

cincar. v. Tocar música a unha persoa para amolala (Taramundi). **2.** V. fincar 1ª acep. **3.** V. fincar 3ª acep. (Abres). **4.** Tocar de xeito superficial unha cousa (Boal). **5.** Poñerse enriba de alguén (Navia). **6.** V. fincar 6ª acep. (El Franco). **7.** V. afincar 3ª acep. (Allande).

cinceira. s. f. Lugar onde se recolle a cinza nas cociñas ou lareiras. **2.** Pequeno furado baixo a boca do forno onde se bota a cinza que, posteriormente se emprega para fertilizar os prados de regadío. **3.** Pequeno recipiente onde os fumadores depositan as cinzas dos cigarros (Abres); colilleiro.

cinceiro. s. m. Tea forte, como *arpilleira*, que se poñía sobre a roupa no trobo de facer a coada, facendo o labor de coadoiro. **2.** V. cinceira 1ª, 2ª e 3ª acep.

cincel. V. cortaferro.

cincento, -a. adx. Da color da cinza. **2.** Dise da vaca coa pel agrisada.

cincerrada. V. cencerrada.

cincerro. V. choca[1] 1ª acep.

cincha. s. f. Correa ou corda que serve para asegurar a sela ou a albarda das cabalerías. **2.** Nervio da parte interior dunha castaña.

cinchada. s. f. Golpe dado cun cinto (Allande).

cinchar. v. Correr moito (Castropol). **2.** Atar, suxeitar cunha cincha.

cincheira. s. f. Ferida que produce a cincha ao rozar no peito dunha cabalería.

cincheiruada. V. cinchuada.

cincho. s. m. Correa de coiro ou outro material que serve para amarrar cousas, como os pantalóns; cinto. **2.** V. zuncho 1ª acep. **3.** Alga parda da familia das laminarias, que pode superar os cinco metros de lonxitude e pode ter un gran tamaño, que se fixa nunha estrutura bulbosa de numerosos tubérculos (*Saccorhiza polyschides*). **4.** V. cinchón 3ª acep. (Andés).

cinchoirada. V. cinchuada.

cinchón. (pl. cinchois). V. cincho 3ª acep. **2.** V. corriola 3ª acep. (Tapia de Casarego, As Figueiras, Navia). **3.** Ramificación dunha alga.

cinchonada. V. cinchuada (Navia).

cinchuada. s. f. Golpe dado cunha correa ou vara flexible.

cinchueirada. V. cinchuada.

cinco. adx. e s. m. Catro máis un.

cincocentos, -as. adx. e s. m. e f. Cinco veces cen.

cincuenta. adx. e s. m. Cinco veces dez.

cincuentón. s. m. (pl. cincuentois). Persoa que aparenta ter ou ten cumpridos os cincuenta anos.

cine. s. m. Cinema, local público onde se proxectan películas.

cingar. v. Levar unha embarcación, como o *chalano*, cun só remo en popa (Castropol, Tapia de Casarego, El Franco, Navia).

cinglar. V. cingar.

cinguidainas. V. dinguirindainas.

cinguideiro. s. m. Faixa.

cinguir. v. Golpear cunha vara. **2.** Pegar. **3.** Envolver unha parte do corpo cunha faixa, apertar.

ciniceiro* → cinceira 3ª acep.

cinicento*, -a → cenicento.

cinollo. V. ciollo (Coaña).
cinsa. V. cinza (Ibias).
cinseiro. V. cinceira 1ª acep. (A Veiga).
cinsento, -a. V. cincento.
cinta. s. f. Tira de tecido, plástico etc., estreita e longa, para suxeitar algo. **2.** Folla dentada da serra. **3.** Na roda do carro, circunferencia metálica que protexe a camba nas súas partes laterais. **4.** Tira de ferro que se coloca no *miolo* do carro e evita que se afunda ao poñer o eixe. **5.** V. canterla 1ª acep. (Santalla de Ozcos). **6.** Cada unha das vigas que se dispoñían horizontalmente polo exterior da *caxa* do banzado dun mazo e onde van cravados os *banzos*. **7.** V. sello 9ª acep. **8.** Táboa superior que cingue o casco dunha embarcación (As Figueiras). **9.** Peixe perciforme da familia dos cepólidos, que pode acadar os cincuenta centímetros de lonxitude, de corpo moi comprimido, en forma de cinta e coloración variable podendo ser vermella ou rosada. Ten ollos grandes, abertura bucal fendida e mandíbulas con pequenos dentes agudos. A aleta dorsal posúe no seu inicio unha intensa mancha de color vermella (*Cepola rubescens*), (As Figueiras). **10.** Enfermidade das vacas que afecta os pulmóns (Allande). **11.** Pelo do lombo dunha vaca moi curto e débil que é síntoma da enfermidade homónima (Allande).
cintía. s. f. Diminutivo de cinta.
cinto. s. m. Tira de coiro ou tea que serve para suxeitar á cintura os pantalóns ou os vestidos para que non caian; cincho 1ª acep. **2.** Cada unha das dúas tiras de ferro transversais que van no *miolo* da roda do carro (Vilarmeirín, Vilar de Cendias).
cintón. s. m. Listón que rodea o casco dun barco e que serve de reforzo á súa estrutura (Navia, Castropol, Tapia de Casarego, El Franco, Coaña).
cintura. s. f. Parte máis estreita do corpo humano, enriba dos cadrís, entre as costelas e a cadeira. **2.** Parte dun vestido que corresponde á cintura.
cinza. s. f. Residuo sólido, de color gris, incombustible, que é o resultado de certas combustións como a da madeira. No Eo-Navia utilizábase antigamente para lavar os dentes. // **En cinza.** A primeira sementeira nunha roza. // ***Fer búa* cinza.** Levarse ben dúas persoas (Tapia de Casarego). // ***Mércoles* de cinza.** O que vén despois do martes de Entroido. // **Xuntar a cinza i *esparxir* a *farina*.** Refrán que alude ás persoas que administran mal a súa economía (Boal).
cinzarrada. s. f. Festexo ruidoso que se facía con chocas, cornos ou outros obxectos e recitando coplas satíricas, para burlarse a primeira noite das vodas dos viúvos, solteiros, homes vellos con mozas novas, tíos con sobriñas etc.
cinzarrio. s. m. Choca de ovella (Ibias).
ciñiscos. s. m. pl. Cachos pequenos dun obxecto roto.
ciollo. s. m. Planta anual ou vivaz da familia das umbelíferas, de talos verdes e azulados, que poden alcanzar até os dous metros de altura. As follas están divididas tres ou catro veces e as flores son amarelas e o froito moi pequeno. Caracterízase polo seu olor a anís e tradicionalmente botábase ás castañas, utilizábase para a procesión do Corpus ou para adornar os mozos as ventás das casas das súas rapazas na noite de San Xoán (*Foeniculum vulgare*).
cioncho. V. ciollo.
cipela* → erisipela.
cipelipé. V. cimpilimpé.
cipilipé. V. cimpilimpé.
cipota. s. f. e adx. Muller que se considera que dentro dunha casa traballa de máis. **2.** Parva, babeca (Boal).
cipote. s. m. Órgano xenital masculino. **2.** adx. Dise do home torpe (Allande).
ciprés. s. m. Árbore perennifolia da familia das cupresáceas, que pode alcanzar até os trinta metros de altura, con ramas abertas rodeando o tronco. As súas follas cobren as distintas ramas, que unhas teñen flores masculinas e outras femininas (*Cupressus sempervirens*).
ciquilado. s. m. Porción, cantidade pequena de algo (*Outro ciquilado de fabas*), (El Franco).
ciquita. s. f. Aparello parecido a unha xiringa, feito cun cacho de canaveira, lata etc., e un pau cun trapo nun extremo, que se utiliza polos nenos no Entroido para botar líquidos, como auga.
ciquitada. V. ciquituada.
ciquitar. v. Botar líquidos coa *ciquita*. **2.** Lanzar algo con forza e desfacelo totalmente. **3.** Lanzar ao aire.
ciquituada. s. f. Chorro de líquido que sae máis ou menos forte da *ciquita*.
ciral. s. m. Cada un dos candeeiros altos que levan os acólitos nalgunhas funcións da Igrexa (San Martín de Ozcos).
circulante. adx. Que circula.
circular. s. f. Serra eléctrica circular.

circunstancia. s. f. Cada unha das condicións ou feitos secundarios que acompañaron un acontecemento.
cireixal* → cereixal.
cirial. V. ciral.
ciridona. s. f. Planta vivaz da familia das papaveráceas, de trinta a oitenta centímetros de altura, co talo ramificado e follas alternas de color verde por un lado e azuladas polo outro. As súas flores son amarelas e o froito aparece en cápsula, que se emprega de xeito tradicional para curar as verrugas e as mancaduras e cicatrizar feridas. Ten un látex purgante e vesicante (*Chelidonium majus*).
ciridonia. V. ciridona (Santalla de Ozcos).
ciridoña. V. ciridona (Abres, Santalla de Ozcos, Vilanova de Ozcos).
cirila. s. f. Xurelo pequeno (As Figueiras). **2.** V. chicharrín 2ª acep. (As Figueiras).
ciro. s. m. Candea grande de cera natural, feita de xeito caseiro, que se levaba normalmente á igrexa o xoves santo.
cirola. s. f. Froito do *ciroleiro*.
cirolas. s. f. pl. Peza de roupa interior masculina que son unha especie de calzóns longos usados antigamente que cubrían as coxas por completo, pero sen chegar aos pés.
ciroleira. V. ameixeira. **2.** Árbore da familia das rosáceas que dá como froita a cirola, que pode ser de varias colores (*Prunus sp.*), (El Franco).
ciroleiro. V. ameixeira.
cirolo. s. m. Excremento alongado e duro dunha persoa ou dun animal; cagallón 3ª acep., cerollo 6ª acep., cerolo, cirulo.
cirriscón. V. ciscón 2ª acep.
cirulo. V. cirolo.
ciscada. s. f. Restos de palla que quedan despois de mallar os cereais. **2.** Lanzamento dun líquido en forma de chorro (Abres).
ciscallada. s. f. Restos miúdos que quedan debaixo da leña, da herba, das pacas, da palla etc.
ciscar. v. Botar un líquido en forma de chorro con algún instrumento. **2.** Defecar, cagar (Abres). **3.** Romper, facer cachos algo. **4.** prnl. Desfacerse algo en cachos pequenos (Castropol, Boal).
cisco. s. m. Restos de carbón queimado que quedan nunha forxa. **2.** V. ciscallada. **3.** V. ciscada 1ª acep. **4.** Lea, pelexa, altercado (Eilao, Abres, Boal, Tapia de Casarego). **5.** Desperdicio miúdo. **6.** Partícula pequena de calquera cousa que se mete nun ollo; argueiro 2ª acep.
ciscoada. V. ciscada 2ª acep.
ciscón. s. m. (pl. ciscois). Máscara do Entroido caracterizada por levar unha vexiga de cocho chea de auga que saía por unha canaveira para mollar a xente ao apertar esta vexiga (A Veiga, Abres). **2.** Por extensión, instrumento composto por unha vexiga de cocho e unha canaveira que utilizan algunhas máscaras no Entroido (Abres).
ciscuada. V. ciscada 2ª acep.
cisgua. s. f. Vara delgada, verde e flexible (Allande). // ***Tar* verde en *cisgua*.** Estar moi verde unha froita.
cisguada. s. f. Golpe dado cunha *cisgua* (Allande).
cisma. s. f. Discordia, inimizade.
cismeiro, -a. adx. Dise da persoa que lle gusta sementar discordia.
cisqueiro. s. m. Resto inservible dalgunha cousa, como os restos da palla e da *poxa* nunha malla (Allande).
cisterna. s. f. Depósito onde se recollen certos líquidos.
cisternada. s. f. Acción de soltar o contido dunha cisterna.
cis-zás. s. m. Liña quebrada en ángulos entrantes e saíntes con vértices opostos.
citano. s. m. Fulano.
citrón. V. zutrón.
cítula. s. f. Muller mala, con picardía e sabichona (Allande).
ciudá. s. f. Núcleo grande de poboación, superior a unha vila.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
cizalla. s. m. Especie de tesoiras ou ferramenta para cortar o ferro ou o metal de certo grosor.
cizaña[1]. V. cizalla.
cizaña[2]. s. f. Discordia, inimizade. **2.** Planta anual da familia das gramíneas, de talo ríxido de até un metro de altura, follas sen pelos, pequenas espigas de catro a dez flores con arestas e gran de color violácea. É unha planta nociva, característica dos campos sementados de trigo e avea. A fariña dos seus grans é tóxica (*Lolium temulentum*), (Abres).
cizañar. v. Meter ou sementar discordia, inimizade.
cizañeiro, -a. adx. Aplícase á persoa que lle gusta sementar discordia. **2.** Dise da persoa que lle gusta contar chismes.
clamar. v. Pedir axuda ou queixarse con insistencia.
clamear. V. clamar.
clamiar. V. clamar.
clara. s. f. Substancia albuminosa que envolve a xema do ovo. **2.** V. raio 7ª acep. **3.** Dise da lúa cando está brillante.
claramente. adv. De xeito transparente.

clarear. v. Tornar claro algo.
clareira. s. f. Espazo por onde entra a luz no cume da cheminea.
clarén. s. m. ou f. Primeira claridade do día ao amencer. **2.** Intervalo de tempo no que se experimenta algunha claridade cando o día está cuberto de nubes ou chove. **3.** Resplandor, claridade.
clarencia. s. f. Espazo de sol entre as nubes. **2.** Claridade.
clareo. s. m. Acción de poñer a roupa enxaboada ao sol.
clariar. v. Empezar a amencer. **2.** Poñerse o día claro despois de estar nubrado ou de chover. **3.** V. aclarar. **4.** Despexar a gorxa.
claridá. s. f. Calidade de claro. **2.** Luz.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
clarién* → clarén.
clarinete. s. m. Instrumento musical de vento, de metal, de perforación cónica, sen cravos nin pistóns e de tubo e sons agudos.
claro, -a. adx. Con luz. **2.** Transparente. **3.** Fácil de entender. **4.** Despexado. **5.** adv. Con clareza. **6.** s. m. Momento curto na que a lúa aparece pola noite. **7.** Dise do ceo sen nubes. **8.** s. m. Espazo despexado entre a néboa. // **Claro que si.** Por suposto.
clarón. V. claro 8ª acep.
claror. s. m. Claridade, luz intensa.
clarura. s. f. Calidade de claro, claridade. **2.** Espazo de tempo no que deixa de chover pero que axiña ameaza coa chuvia de novo (Abres).
clas* → clase.
clase. s. f. Conxunto de persoas que, dentro dun grupo social, teñen en común unha función, un tipo de vida etc. **2.** Categoría, valor, calidade. **3.** Casta, raza.
claudia. s. f. Variedade de cirola, de color clara verdeal, moi doce e con moito zume.
clausurado, -a. adx. Pechado, suspendido.
clavado*, -a → cravado.
clavar* → cravar.
clavazón* → cravazón.
claveira* → craveira 1ª acep.
clavel* → caraveleira.
clavieira* → craveira 1ª acep.
clavícula. s. f. Cada un dos ósos superiores do peito que van do esterno ás omoplatas.
clavillo* → cravillo.
clavo* → cravo 1ª acep.
clavuñado*, -a → cravuñado.
clavuñar* → cravuñar.
clavuño* → cravuño.
clemencia. s. f. Situación difícil. // **Pasar as clemencias benditas.** Pasalo mal (Allande).
clima. s. f. Conxunto de circunstancias atmosféricas e meteorolóxicas propias dun lugar.
clina. V. crina 1ª acep. (Villaión, Allande).
clisar. V. crisar.
clo-clo. s. m. Imitación do cacarexo das galiñas.
cloca. s. f. Carne das coxas do gando vacún.
co[1]. (f. coa, pl. cos, coas). Contracción da preposición *con* co artigo masculino singular *o* (*Veu co camión*).
co[2]. Contracción da preposición *con* co artigo neutro *o* (*Vou co teu*); coel[2].
có. (pl. cós, cás). Contracción da conxugación *ca* e o artigo masculino singular *o*.
coalquer* → cualquer.
coalquera* → cualquer.
coaña. s. f. Cana grande de bidueiro que serve para limpar o gran dun cereal nunha eira (Vilanova de Ozcos, Santalla de Ozcos).
coañadeira. V. coañadoira 1ª e 2ª acep.
coañado, -a. adx. Limpado.
coañadoira. s. f. Vasoira de ramas de xesta con que se limpaba o gran nas eiras. **2.** Muller que pasa a *coaña* pola eira (Vilanova de Ozcos).
coañar. v. Limpar o gran, unha vez estendido, utilizando ramas de xesta.
coañeira. V. coañadoira 1ª acep. (Santalla de Ozcos).
coaño. s. m. Conxunto de restos das cascas de gran e espigas dos cereais que caen da malladora, ou despois de mallar.
coañés, -a. adx. e s. m. e f. Natural de Coaña. **2.** Pertencente ou relativo ao concello de Coaña.
coarenta* → corenta.
coberta. s. f. Peza que vai sobre a cabeza das vacas ou bois xunguidos para protexelos da chuvia, o sol e as moscas. **2.** V. cuberta 1ª acep. (Grandas de Salime).
coberteira. V. cobertoira.
cobertizo. s. m. Sitio cuberto lixeira ou rusticamente para gardar cousas ou animais.
cobertoira. s. f. Tapa dun recipiente, pote, ola, baño etc.; tapadeira.
cobertoiro. s. m. Lugar cuberto na eira polos labregos.
cobertor. s. m. Manta de la, algodón ou felpa, que se estende sobre as sabas e as mantas da cama.

cobertoreiro. s. m. Persoa que vendía cobertores.
cobertura. s. f. Calquera tipo de roupa para abrigarse e evitar tamén a chuvia (Allande).
cobeto* → cubeto.
cobicia. s. f. Desexo con moita ansia de conseguir algunha cousa. **2.** Ambición. **3.** Envexa.
cobiciar. v. Desexar con ansia as riquezas ou outras cousas. **2.** Ambicionar, envexar.
cobiciosamente. adv. De xeito *cobicioso*.
cobicioso, -a. adx. Cheo de *cobicia*, de desexo. **2.** Envexoso.
cobil. V. cubil 1ª acep. (Coaña, Villauril).
cobixado, -a. adx. Protexido, resgardado.
cobixarse. v. prnl. Ampararse. **2.** Protexerse, resgardarse.
Obs. Trátase dun castelanismo.
cobixo. s. m. Protección, amparo. **2.** Resgardo.
Obs. Trátase dun castelanismo.
cobiza. V. cobicia.
cobra. V. colobra 1ª acep. (Taramundi, Santiso de Abres, Ibias, Grandas de Salime, Vilanova de Ozcos). // **Pan de cobra.** Cogomelo (Taramundi, Santiso de Abres).
cobrador, -a. s. m. e f. Persoa que ten por oficio cobrar.
cobrar. v. Recibir, adquirir unha cantidade axeitada ou unha débeda. **2.** Recibir golpes. **3.** Tirar de cordas recolléndoas; halar 1ª acep. **4.** Na caza, coller as pezas feridas ou mortas. **5.** V. cazar 4ª acep. **6.** V. atracar 5ª acep. **7.** Recoller unha cacea de bonito. **8.** V. palmear 2ª acep.
cobre. s. m. Elemento químico, metálico, de color vermella, moi maleable e un dos mellores condutores de calor ou de electricidade. **2.** Término ou xurisdición (Boal).
cobreada. s. f. Acción de pescar varios peixes á vez (As Figueiras, Tapia de Casarego).
cobro. s. m. Acto e resultado de cobrar.
coca. s. f. Nome común de diversos insectos dictiópteros da familia dos blátidos, que viven en lugares húmidos ou nas casas, podendo alcanzar até os tres centímetros de lonxitude, sendo o máis representativo o de color negra brillante (*Blatta orientalis*), (El Franco); zarronca, cocevello.
cocada. s. f. Algo moi bonito (*Este neno é uha cocada*).
cocadura. s. f. Golpe (San Martín de Ozcos).
cocar. v. Golpearse (Os Ozcos). **2.** prnl. Poñerse cóncava algunha cousa.
cocción. s. f. Acción e efecto de cocer. // **Faltar uha cocción.** Non ser moi listo.
cocecules. s. m. e adx. Persoa inqueda.
cocedoiro. s. m. Persoa inqueda.
cocedor. s. m. Lugar nun porto de mar onde se tinguen as redes de pescar (Tapia de Casarego).
cocedura. s. f. Acción e efecto de cocer. // **Faltar uha cocedura.** Non ser moi listo.
cocega. V. cócega.
cócega. s. f. Acción de cocer o pan.
cocemento. s. m. Acto e efecto de cocer; cocedura, cocida.
cocer. v. Preparar un alimento con lume, facéndoo apto para a alimentación. **2.** Na fabricación de navallas ou coitelos, quentar o ferro no *remole* do carbón vexetal. **3.** Fermentar o liño despois de quince días de poñelo en auga. **4.** Fermentar os *alolicos*. **5.** Abrandar os dedos dos pés pola calor. **6.** Someter algo como a cerámica, a pedra calcaria, a cortiza das árbores para obter tinturas etc., á acción do lume ou dun líquido fervendo para que adquira determinadas propiedades. **7.** Dixerir a comida ou os alimentos no estómago. **8.** Queimar a madeira para facer carbón vexetal (Os Ozcos). **9.** Sentir moita calor. **10.** Poñer branda a terra cun material determinado (Tapia de Casarego, Villaión). **11.** Descompoñerse, fermentar, como os talos cortados de millo. **12.** Estragarse o trigo polas xeadas ou pola neve. // **Al cocer encollerá algo.** Expresión que se usa cando se cre que o que se conta é unha mentira ou unha esaxeración (Boal). // **Cocer el pan nel *pelello*.** Estar intranquilo mentres non se di ou fai unha cousa que se desexa. // **Cocer na primeira auga.** Aplícase á rapaza que xa se achega á madurez, normalmente cando casa. // ***Tar* cocendo algo.** Estar maquinando algo. // **Xa *nun* coce na primeira auga (*augua*).** Expresión que se utiliza para dicir que unha rapaza xa entrou na madurez (As Figueiras). **2.** Ir vello.
cocevello. V. coca (Tapia de Casarego). // ***Augua* de *cocevellos*.** Líquido de mal sabor.
cochada. s. f. Acción propia dun cocho, sucidade. **2.** Cousa sucia e desagradable. **3.** Acción ou obra indignas. **4.** Palabra malsoante, grosería.
cochambrada. s. f. Sucidade, cochada.
cochamente. adv. De xeito sucio, moi mal.
coche. s. m. Automóbil.
cocheiro, -a. s. m. e f. Persoa que vende e compra cochos, normalmente pequenos.

No Eo-Navia eran famosos os de Meira, Riotorto, Tinéu e Cangas de Narcea.

cochín. s. m. (pl. cochíos). Cocho pequeno; rancho[1] 1ª acep. **2.** Crustáceo isópodo, terrestre, dunha lonxitude corporal de dezasete ou dezaoito milímetros, podendo ser de varias colores como pardo ou gris, con dúas antenas, varios pares de patas, tórax segmentado, branquias e pódese converter en bóla (*Porcellio scaber*). // ***Cochín* de *Dios.*** V. cochín 2ª acep. // ***Cochín* de *San Antonio.*** Dise da persoa que lle gusta andar comendo polas casas.

cochinín. V. cochín 2ª acep.

cocho, -a. s. m. e f. Mamífero doméstico da familia dos suidos, xénero *Sus*, de talla e peso variables segundo as razas. Teñen a cabeza moi desenvolvida en relación co tronco, orellas caídas, pel moi grosa con sedas escasas e ríxidas. As patas son curtas, con catro dedos e cola curta e delgada (*Sus scrofa domesticus*). **2.** adx. Sucio, referido a persoas, obxectos etc. **3.** Persoa encargada de recoller o diñeiro, de entre os que forman o grupo que pide para as festas ou para o aguinaldo. **4.** Por extensión, toda persoa que recolle diñeiro con fins colectivos. **5.** s. f. Saco para recoller castañas, chourizos etc., que se utiliza na noite do cinco de xaneiro. **6.** Xogo infantil no que os nenos postos en círculo cada un é unha parte do cocho e despois dous quedan fóra deste círculo, un para correr e outro para pegar cun vencello de atar feixes ao que corre arredor do círculo. O que corre di: "*Ai, María!*" e responden todos: "*Que quería? / Hai pousada? / En casa de quen? / En casa del lacón (llacón).*". E sae o que fai de lacón correndo e levando golpes. **7.** adx. Dise da muller ou xente sucias. Ás veces emprégase cun matiz sexual. **8.** adx. Agarrado, avaro. **9.** adx. Dise da persoa malfalada. **10.** adx. Indecente. // **Algo de cocho ten.** Expresión que se utiliza cando se di algo semellante ao que verdadeiramente quere dicirse. // **Andar al cocho.** Estar en celo a cocha. // **Cocho bravo.** Xabaril (Santiso de Abres, A Veiga). // **Cocho de (do) cordel.** Dise do cocho comprado para recría, xa algo maior. // **Cocho de mata.** Cocho xa cebado para a matanza. // **Cocho del ano.** Cocho de mata. // ***Condo* a cocha se lava, todo el mundo a repara.** V. Cuando un cocho se lava, todo el mundo llo nota. // ***Cuando* un cocho se lava, todo el mundo llo nota.** Expresión que se utiliza para indicar que cando unha persoa que normalmente vai sucia se nota cando se asea. // ***Eínda* (inda, *ainda*, aínda) *tá* el (o) capador encima da cocha.** Dise cando un labor aínda non se rematou. // **El día de *San Andrés*, colle os cochos polos pés.** Por Santo André (30 de novembro) hai que matar o cocho. // **Fócenche os cochos.** Expresión de desprezo ou reprobación, a paseo (As Figueiras). // **Fozar como un cocho.** Ser moi testán. // **Gustar *más* que aos cochos a merda.** Gustar moito; Gústalle (che) más que a merda aos cochos. // **Malos cochos te focen!** V. Fócenche os cochos. // **Pinta un cocho *escuitón.*** Dise cando unha persoa está atenta do que din os demais (Boal). // **Pintar que *tá* mamado de sete cochos.** Ter mal aspecto físico. // **Por *San Andrés*, colle (pilla) os cochos (el cocho) polos pés.** V. El día de San Andrés, colle os cochos polos pés. // **Por *San Andrés*, dálle al cocho polos pés.** V. El día de San Andrés, colle os cochos polos pés (Castropol). // **Quedar como un cocho.** Quedar mal diante de alguén. // **Quen a *llavar* cochos se pon, perde el tempo i el xabón.** Refrán que advirte da inutilidade de lavar aquilo que por natureza é sucio. // **Sempre vai falar o cocho que máis cheira.** Refrán que alude a que sempre fala a persoa menos indicada. // **Ser máis *apretado* que un cocho.** Ser moi agarrado, avaro. // **Ter máis memoria que un cocho.** Ter moita memoria.

cochonzón, -úa. adx. Dise da persoa sucia e sen asear.

cochosa. V. merlo (Ibias).

cochúa. s. f. Cocha grande.

cochuada. V. cochada 1ª acep.

cocía. s. f. Espazo da casa onde se preparan os alimentos para podelos comer. **2.** Conxunto de pratos típicos dunha zona ou país. **3.** Aparello para facer a comida, que funciona con leña, gas, electricidade etc. // ***Cocía* acampanada.** Cociña con cheminea por enriba do lume. // ***Cocía* de *tizois*.** Cociña tradicional de leña, lareira. // ***Cocía* del forno.** A parte da cociña próxima ao forno. // ***Cocía* económica.** Cociña de carbón ou leña. // ***Cocía tarrén*.** Antiga cociña que estaba baixo o chan.

cociar. V. cociñar.

cocido, -a. adx. Dise do alimento preparado ao lume. **2.** Aplícase á pataca branda e engurrada pola xeada. **3.** s. m.

Comida feita con carne, verduras e patacas. **4.** s. f. Acto e resultado de cocer; cocedura. **5.** Dise da madeira podre. // ***Pra* sacar *muito* cocido, hai que meter *muito* cru.** Refrán que alude a que para conseguir unha cousa hai que facer antes moitos esforzos.

cocieiro, -a. V. cociñeiro.

cócigas. V. celergas (Santiso de Abres).

cocimento. s. m. Remedio que se emprega para curar ou aliviar unha enfermidade, unha dor ou un mal (Allande).

cocinar* → cociñar.

cocineiro*, -a → cociñeiro.

cociña. V. cocía (Abres).

cociñar. v. Preparar os alimentos para comer (Abres).

cociñeiro, -a. s. m. e f. Persoa que ten como oficio cociñar.

ción* → cocción.

coco. s. m. Ser mitolóxico que mete medo aos nenos. **2.** Verme. **3.** Boneco xigante feito de escaiola, madeira e tea que desfila nas festas acompañado dos cabezudos (A Veiga, Abres). **4.** Gurgullo (Coaña). **5.** Presunción (*Cuanto coco ten xa aquela nena*), (Santalla de Ozcos). **6.** Fibra vexetal que se obtén da capa fibrosa do coqueiro, que se emprega na elaboración de cabos, cordas e *calabrotes* para as embarcacións.

cocón. V. coco 1ª acep.

cocorar. V. acocorar 4ª e 5ª acep. **2.** Choromicar ou xemer un neno, un xato, un cordeiro etc., para pedir alimento (A Veiga).

cocorote. s. m. Parte superior do pescozo; cocote. **2.** V. cocote 2ª acep.

cocosa. s. f. e adx. Castaña ou abelá con verme dentro.

cocote. s. m. Parte superior do pescozo; cocorote. **2.** Parte superior e posterior da cabeza do home.

coda. s. f. Parte externa dura do pan, do queixo etc. **2.** Por extensión, capa que se forma enriba dun líquido, como o leite, pintura, caldo etc. (Tapia de Casarego).

codal. s. m. Cada unha das regras que se colocan transversalmente nas cabezas dun madeiro para desbastar ou labrar as súas caras.

codaste. s. m. Peza de madeira gorda da popa, na que remata o barco formando ángulo coa quilla. É o sostén da armazón da popa e normalmente está feito de madeira de carballo. **2.** Graxa dalgúns alimentos que os fai máis saborosos (Tapia de Casarego).

codear. V. sarear (El Franco). **2.** Medir en *codos*, especialmente a madeira.

codeira. s. f. Reforzo que se pon nas mangas que cobren os cóbados.

codelín. V. codelo 2ª acep.

codellín. V. codelo 2ª acep.

codello. V. codelo 1ª e 2ª acep.

codelo. s. m. Coda de pan. **2.** Cacho pequeno de pan duro. **3.** Corrosco que sobresae dun molete de pan.

codexo. s. m. Arbusto da familia das papilionáceas, de tres a sete metros de altura, de follas trifoliadas, con flores amarelas, acios colgantes e froito en legume (*Cytisus scoparius*).

código. s. m. Conxunto de normas, sinais etc., de calquera materia, como o que utilizan as embarcacións para comunicarse.

codillo. s. m. Torsión nunha corda (Tapia de Casarego).
Obs. Trátase dun castelanismo.

codo. s. m. Medida de lonxitude que se toma desde a distancia que hai entre o cóbado e a extremidade da man. **2.** Codelo.

codo! interx. Expresa enfado.

codoxo. V. codexo (Pezós).

coeiro. s. m. Talo da verza (Taramundi, Santalla de Ozcos); coiro 5ª acep., coto 3ª acep.

coel. (pl. cos, colos). Contracción da preposición *con* co artigo masculino singular *el* (*Saliu coel coche*); co[1].

coel[2]. Contracción da preposición *con* co artigo neutro *el* (*Vou coel tou*); co[2].

coer. V. coller (Villaión, Allande).

coete. V. cuete.

coeteiro. V. cueteiro.

cofa. s. f. Caricia, acto de pasar a man pola cara. **2.** Acto de provocación entre os nenos ao tocar a cara cos dedos mollados de cuspe un a outro (El Franco).

cofado, -a. adx. Acariciado.

cofar. v. Pasar a man pola cara ou polo lombo de xeito suave. **2.** Acariciar, acariñar. **3.** Alisar, suavizar o pelo ou o cabelo. **4.** Adular. **5.** Palpar a unha persoa repetidamente. **6.** prnl. Refregarse contra algo ou alguén.

cofia. s. f. Peza de muller consistente nunha especie de saco onde metía a trenza e coa que cubría a cabeza. Podía ser de liño, encaixe, *batista* ou tule bordado. Para atala utilizábase cinta de color, que variaba en función do estado civil da muller, a de solteira era colorada, a da viúva negra etc.

cofón, -a, -úa. adx. O que lle gusta cofar. **2.** Adulador. **3.** O que soba.
cofradeiría. V. confrandía.
colobrizo, -a. adx. Dise do lugar no que hai cobras.
confradía. V. confrandía.
cogollo. s. m. Parte central dalgúns vexetais, como a leituga, verza etc. (Navia).
cogote* → cocote.
cogoxo. s. m. Cogomelo (San Martín de Ozcos).
cogorza. s. f. Borracheira.
coia! interx. Expresa sorpresa ou enfado.
coidar. V. cuidar 2ª acep. (Santalla de Ozcos).
coime! interx. Indica sorpresa, enfado, admiración etc.
coimes! V. coime!
coincidir. v. Ser iguais dúas ou máis cousas. **2.** Estar de acordo en ideas, opinións etc. **3.** Atoparse nun mesmo lugar. **4.** Ocorrer ao mesmo tempo ou nun mesmo momento. **5.** Darse a casualidade.
coira. adx. Espida (Coaña).
coiripo, -a. adx. Aplícase ao neno espido.
coiro. s. m. Pel dos animais, que unha vez curtida, ten moitas aplicacións industriais e artísticas. **2.** Pel dos animais en si. **3.** Pel das persoas. **4.** Corpo (Abres). **5.** V. coeiro (Santalla de Ozcos). **6.** Persoa de malos costumes. **7.** pl. V. badana 3ª acep. // **Coiro!** Carallo!, Coime! // **Coiro de vaca!** Expresión de enfado que utilizan normalmente as persoas maiores, especialmente as mulleres, para non dicir carallo (Taramundi). // **En coiros.** Espido, sen roupas.
coita. V. cuita.
coiteiro. V. cueteiro (Tapia de Casarego).
coitela. s. f. Ferramenta con mango de madeira, argola e folla ancha de metal, afiada na parte cóncava. É máis grande que o coitelo, e usábana sobre todo os zapateiros para cortar o coiro, os carpinteiros, os galocheiros, os zoqueiros e os cesteiros. **2.** Ferramenta de xeito dun *fouzo* pouco curvada que servía para cortar os colmos que se metían na máquina de mallar (Tapia de Casarego). **3.** Ferramenta recta ou curva que consiste en dous ferros cortantes xuntos nun cabo, estando un deles fixo a unha superficie, e que serve para cortar o toxo, a *capela* etc. **4.** Ferramenta de aceiro con dúas partes aguzadas nos extremos que serve para recortar o casco que sobra nos lados cando se ferra un animal. // **Coitela (*cuitela*) das *costelas*.** Coitela de cesteiro. // **Coitela (*cuitela*) de capador.** Coitela dunha soa peza de aceiro, con folla duns cinco ou seis centímetros de lonxitude, recta pola cota e semicircular polo corte. // **Coitela (*cuitela*) de cesteiro.** Coitela cunha folla de aceiro de tres ou catro centímetros de ancha e uns vinte e cinco de longo cunha asa en cada extremo xiradas cara ao fío, e que serve para cepillar as cestas. // **Coitela (*cuitela*) de esmelgar.** V. esmelgadoira. // **Coitela (*cuitela*) do toxo.** Coitela grande de ferro con corte na súa parte inferior que serve para cortar o toxo, podendo ter forma de navalla ou de media lúa (Taramundi). // **De coitela (*cuitela*).** De canto.
coitelada. s. f. Golpe que se dá cun coitelo. **2.** Ferida que produce este golpe.
coiteleiro. s. m. Persoa que fai e vende coitelos (Taramundi).
coitelo. s. m. Instrumento cortante que ten unha folla de metal e un mango de madeira, que pode ser de distintos tipos: de mesa, de trinchar, do pan, de cociña etc. // **Coitelo (*cuitelo*) de *acuitelar*.** Especie de gran coitelo curvo suxeito por un dos seus extremos, que se usa por exemplo para facer galochas. // **Coitelo (*cuitelo*) de escachar el *orame*.** Coitelo que utilizan os cesteiros para fender os barrotes de madeira e obter as *costelas*. // **Coitelo (*cuitelo*) de pelar.** Coitelo de tamaño grande, con mango de madeira de buxo, que servía para quitar as sedas do cocho despois de morto. // **Coitelo (*cuitelo*) de raspar.** Coitelo que serve para alisar e pulir o exterior dunha peza de madeira. // **Coitelo (*cuitelo*) de sangrar.** Coitelo longo con que se matan os cochos. // **Coitelo (*cuitelo*) do/del gonzo.** Coitelo do zoqueiro que por un dos cabos vai suxeito ao *cepo* e polo outro ten o mango que é por onde se agarra para traballar a madeira.
coitizar. v. Facer o amor.
cojinete. s. m. Peza de ferro da roda do carro de raios onde encaixa o eixe. Ás veces identifícase co coucillón (Castropol, Santalla de Ozcos).
Obs. Trátase dun castelanismo.
col* → coel.
cola[1]. s. f. Planta hortense da familia das crucíferas, de talo groso, que pode alcanzar até un metro de altura. De follas anchas, algo carnosas e flores grandes e amarelas. É comestible (*Brassica oleracea*). **2.** Verza de sementeiro para transplantar (Abres).
cola[2]. s. f. Substancia adhesiva para pegar.

cola[3]. s. f. Rabo, extremidade posterior de moitos animais. **2.** V. barbada 9ª acep. (As Figueiras).

cola[4]. (pl. colas). Contracción da preposición *con* co artigo *la* (Navia).

colada. V. bogada 1ª acep. **2.** V. dala 1ª acep. (Santalla de Ozcos). **3.** Acción de coar algo, como as *migallas* de liño (Santalla de Ozcos).

colado, -a. adx. Dise do líquido filtrado.

coladeiro. s. m. Proceso polo que varias persoas pasan facilmente unha proba (*El examen foi un coladeiro*). **2.** V. coladoiro. **3.** Trobo, cesta, *tina* etc., para facer a coada (Grandas de Salime).

coladoiro. s. m. Instrumento para coar líquidos ou mel, composto normalmente dunha argola metálica e unha tea de forma cónica, ou dunha tea metálica en forma de cono suxeito na parte superior a un círculo feito cunha vara de abeleira. **2.** V. coladeiro 3ª acep. (Grandas de Salime).

colador. V. coladoiro.

colangra. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Vilarín (Ibias).

colar[1]. v. Filtrar un líquido ou o mel polos furados dun tecido, rede metálica ou por un *coladoiro*. **2.** Facer a coada branqueando a roupa. // ***Colar*** **de fervido.** Coar coa auga fervida.

colar[2]. s. m. Adorno, normalmente da muller, que se leva colgado do pescozo.

colcha. s. f. Tecido que se pon sobre a cama de adorno ou de abrigo. Eran famosas as de *gurullos* de Ibias, de liño ou tiras de trapo, que combinaban varias colores moi vivas con motivos xeométricos e vexetais. Destacaban as feitas en Valdeferreiros, San Clemente, Valvaler, Fondo de Vila ou as de varias localidades de Grandas de Salime, Pezós, Santalla de Ozcos e Negueira de Muñiz como Vilaseca, Nogueirou, Pelou, A Trapa etc. **2.** Torsión dun cabo nunha embarcación.

colchado. V. colcha 2ª acep. (Coaña). **2.** adx. Dise do aparello de pesca que está retorto. **3.** adx. Dise do peixe que queda enredado nunha rede.

colchador. s. m. Peza que nunha embarcación serve para torcer cabos.

colchar. v. Poñer as cortizas a unha rede (As Figueiras). **2.** V. devalar (Tapia de Casarego). **3.** Enredarse as cordas das cortizas e dos chumbos nunha rede de pescar. **4.** Unir os cordóns dun cabo, torcéndoos un sobre outro.

colchete. s. m. Especie de broche, composto de macho e femia, que se fai de arame, de prata ou outro metal e serve para abrochar algunha cousa.

colchón. s. m. (pl. colchois). Tea que se enche de materiais brandos para deitarse, situada na parte baixa da cama. Os colchóns tradicionais enchíanse de la, follas de millo, sedas de cabalerías ou cortizas. // **Dous que *durmen nun* colchón *tein* a mesma opinión.** Refrán que indica que a convivencia dos cónxuxes adoita traer como consecuencia que coincidan en actitudes e xeito de pensar.

coldo. s. m. Parte saínte posterior da articulación do brazo co antebrazo. **2.** V. codo 1ª acep. // **Vir chamando cos *coldos*.** Traer regalos (Abres).

coldro* → coldo.

colear. v. Canear no xogo da pelota.

colección. s. f. (pl. colecciois). Conxunto de cousas da mesma clase.

cóleco* → cólico.

coleira. V. coleiro.

coleiro. s. m. Sementeiro de coles para transplantar (Abres, Taramundi). **2.** Por extensión, sementeiro doutras plantas (*Coleira de palla mallada*).

coleño, -a. adx. Aplícase ao gando ben coidado e co pelo brillante. **2.** De aspecto san. **3.** Dise da persoa amañada e moi ben peiteada.

cólera. s. m. Enfermidade contaxiosa e epidémica grave, que se caracteriza por vómitos, evacuacións anómalas de ventre e parálise.
Obs. Ás veces utilízase con xénero feminino.

colerín. s. f. Cólera máis benigno. **2.** Diarrea (Coaña).

colestro. V. calostro.

coleta. s. f. Pelo recollido por detrás cunha cola pequena. **2.** Trenza de pelo.

colete. V. chaleco.

coleución* → colección.

colexo. s. m. Escola, centro de ensino (A Veiga).

colgadeiro. s. m. Utensilio que serve para colgar algo, como a roupa, carne, chourizos etc.; colgadoiro, porondeiro.

colgado, -a. adx. Dise do que está nun alto. **2.** Aforcado.

colgar. v. Poñer unha cousa en alto, prendida doutra. **2.** Aforcar. **3.** V. tender 5ª acep.

colgarexo. s. m. Trapo, adorno que colga.
Obs. Trátase dun castelanismo.

colgaxo. s. m. Algo que colga.
Obs. Trátase dun castelanismo.

cólico. s. m. Dolor aguda nas vísceras do abdome. // **Cólico miseré.** V. miseré.

colilleiro. s. m. Pequeno recipiente onde os fumadores depositan as cinzas dos cigarros (El Franco).
Obs. Trátase dun castelanismo.

colla. s. f. Conxunto de xornaleiros dun porto de mar, que embarcan madeira, pintan barcos etc. (A Veiga, Castropol, Tapia de Casarego). **2.** Xogo de nenos, que consiste en pillar uns aos outros (Navia); pillar (A pillar).

collar. V. colar[1].

collar. s. m. Correa circular de coiro que se pon no pescozo ao gando para poñerlle a choca (Boal).

colledor, -a. s. m. e f. Persoa que recolle a colleita. **2.** V. apañador.

colleita. s. f. Conxunto de froitos que se sacan da terra. **2.** Labor de recoller os froitos, a herba ou a ouca.

coller. v. Tomar, agarrar algo. **2.** Recoller, facer a colleita de algo. **3.** Pillar, atrapar. **4.** Ocupar, abarcar. **5.** Atopar. **6.** Sorprender (*Colleume a guerra*). **7.** Cortar, segar (*Coller herba*). **8.** Caber. **9.** Encamiñarse, tomar un camiño. **10.** V. cobrar 7ª acep. (Ortigueira). **11.** V. palmear 2ª acep. **12.** Percibir unha idea (*Colleula á primeira*). **13.** Cubrir (*El toro colleu a vaca*). **14.** Pescar (*Coller truitas*). // **Coller alento.** Facer unha pausa cando se está traballando. // **Coller el que *nun* se pode pousar.** Enfermar. // **Colleulle polo *camín* vello.** Non caer ben unha persoa.

collete. s. m. Pescozo da camisa (Boal). **2.** V. chaleco; colete.

colleta. V. colleita.

colleto. V. collete 1ª acep. (Navia).

collido, -a. adx. Agarrado, tomado. **2.** Pillado.

collo. V. colo 1ª acep. **2.** Parte anterior da coxa. // ***Fer collo.*** Poñerse un neno sentado. // **Neno del *collo.*** O que aínda non camiña.

collón. s. m. (pl. collois). Testículo. **2.** Cabeza do polbo (As Figueiras). **3.** V. cabezón[2] 6ª acep. (As Figueiras). **4.** V. carallo 4ª acep. (As Figueiras, Tapia de Casarego. // **Cereixa de collón de galo.** Variedade de cereixa de tamaño grande e de bo sabor. // **Nabo de collón.** Nabo débil con raíz delgada e longa. // **Ser un collón atado.** Ser indeciso.

collois! interx. Expresa enfado. // **Collois de monxe.** Variedade de cirola (Eilao).

colluada. s. f. Conxunto das partes interiores dun polbo (As Figueiras).

colludo, -a. adx. Forte e con valor. **2.** Moi bo, estupendo. **3.** Dise do animal non castrado ou mal capado (San Martín de Ozcos).

colmea. s. f. Recipiente artificial para que as abellas fabriquen o mel. **2.** Conxunto de abellas. **3.** V. trobo. // **Colmea de cachopo.** Trobo feito cun tronco natural.

colmeal. V. cortín.

colmeiro. V. rolo 1ª acep.

colmela. s. f. Cada un dos feixes de palla con que se cobren algúns hórreos (Ibias).

colmelo. s. m. Feixe de palla que se poñía arredor dun pau de abeleira, atado con *vrincallos*, ao que se prendía lume na época do Entroido (Ibias). **2.** V. colmela (Ibias).

colmena* → colmea.

colmía. V. colmea.

colmial. V. cortín.

colmiar. V. cortín.

colmiela. s. f. Colmea pequena (Pezós).

colmillo. s. m. Dente canino.
Obs. Trátase dun castelanismo.

colmo. s. m. Cuberta vexetal de palla ou xestas que se emprega nalgunhas construcións (hórreos, cabanas, pallozas etc.). **2.** Feixe de trigo, centeo, cebada ou herba amarrado pola metade; mollo. // **Al colmo.** Poñelo en colmos (Boal).

colo. s. m. Parte do corpo humano que vai desde o peito até os xeonllos. **2.** Parte das tesoiras inmediata da *xunta*. **3.** Asento que fai unha persoa cos brazos para soster os nenos (Eilao, Allande, A Veiga).

colo[2]. Contracción da preposición *con* co artigo neutro *lo*; co[2], coel[2].

colobra. s. f. Nome que se aplica de forma xenérica aos réptiles da familia dos colúbridos e de xeito particular aos que non teñen veleno, caracterizados por non ter patas, con corpo alongado co que se arrastran polo chan, cabeza redondeada e cola que se vai estreitando a partir do orificio cloacal. No Eo-Navia existen varias especies, entre elas, a *Natrix maura*, *Natrix natrix* etc. **2.** Ser mitolóxico que normalmente ten ás, groso e voa polo ceo. // ***Colobra* de cen pés.** Cempés (Eilao, Grandas de Salime). // ***Colobra* del mar.** Peixe osteíctio, da orde dos singnatiformes e da familia dos singnátidos, de corpo alongado que vai adelgazando cara á cola, podendo alcanzar os trinta e cinco centímetros de lonxitude, cuberto de numerosos aneis óseos cutáneos. O fociño é alto, comprimido, de perfil rectilíneo e cunha crista. A boca, cortada case de xeito vertical, caracterízase por ter a mandíbula inferior moi desenvolvida. A

aleta dorsal empeza na metade do corpo e comprende de sete a nove aneis. A aleta anal, a caudal e as peitorais son pequenas. A súa coloración varía do ocre ao pardo, gris ou verdeal, con manchas brancas e negras. O ventre é claro e o fociño ten listas verticais e pequenas manchas negras ou apardazadas (*Syngnathus typhle*), (As Figueiras). // **Pan de *colobra*.** Cogomelo.

colobrego, -a. adx. Dise do lugar, terra etc., onde abundan as cobras (*colobras*).

colobrón. s. m. Planta herbácea da familia das aráceas, que produce un tubérculo deprimido. As súas follas son grandes, de perfil triangular e cun pequeno e longo rabo. O seu froito está composto por pequenas bólas que primeiro son verdes e amarelas e despois vermellas (*Arum italicum*). **2.** Ser mitolóxico (Castropol).

colobrún. V. pecerbún (Santalla de Ozcos).

colocar. v. Poñer algo no seu sitio. **2.** Instalar.

colón. s. m. Parte media do intestino groso situada entre o cego e o recto (Allande).

colondrillo. s. m. Folgueira da familia *Adiantaceae*, que pode ser de varias dimensións, con follas lixeiramente penduradas por un pecíolo de color negra e numerosas pínulas de color verde escura en forma de ril ou lobuladas sobre o bordo superior (*Adiantum capillus-Veneris*), (Vilanova de Ozcos).

colono. s. m. Caseiro.

color. s. f. Impresión que a luz reflectida polos corpos produce no órgano da vista.

colorado, -a. adx. e s. m. Aplícase normalmente a aquilo que tira a color vermella. **2.** Dise da cara cando presenta unha forte color vermella, pola calor, vergonza etc. **3.** Dise do pelo dun animal que tira a vermello. **4.** Aplícase ao conto ou cousa de carácter picante (Castropol, Boal). **5.** s. m. V. paporrubio (Taramundi). **6.** s. f. V. ameixola brava 2ª acep. (As Figueiras). // **Colorado de brasa, pronto pasa.** Refrán que alude a que os enfados repentinos axiña pasan.

colorante. s. m. e adx. Substancia ou preparado que serve para dar color a unha cousa.

coloriado, -a. adx. Cunha determinada color.

coloriar. v. Amosar a color vermella ou colorada que unha cousa ten ou vai collendo. **2.** Coller color. **3.** Dar color. **4.** Poñerse colorado por sentir vergonza, por ir calor, por facer un esforzo etc.

colorido. s. m. Aspecto que ten unha cousa segundo a intensidade das súas colores. **2.** Combinación de colores. **3.** Color brillante.

colostro. V. calostro.

colpa* → culpa.

columna. s. f. Peza de madeira de xeito vertical existente nos corredores de hórreos e *paneras*. **2.** Espiñazo dun corpo. **3.** Cada un dos catro pés dereitos que forman as esquinas dun hórreo (Santalla de Ozcos). **4.** Peza do batán (Vilanova de Ozcos).

coluna* → columna.

coma. conx. Expresa comparación de igualdade entre dous elementos (*Ela fizo tanto coma ti*), (Abres, A Veiga).

comadre. s. f. Madriña do recentemente nacido. **2.** Amiga ou veciña de moita confianza. **3.** Nos contos dos nenos, raposa. **4.** Muller que anda con chismes, murmuradora.

comadrear. v. Murmurar, criticar, andar con chismes.

cómaro. s. m. Faixa de terreo, natural ou artificial, que se deixa sen cultivar arredor dunha leira para que sirva de separación doutras terras, podendo ser unha sebe ou un peche de terróns que serve de lindeiro cos camiños (Os Ozcos, Ponticella). **2.** Corte vertical entre dúas terras de nivel desigual (Castropol).

comba. s. f. Curvatura dunha superficie lisa. **2.** Xogo de nenas, consistente en saltar sobre unha corda que está suxeita nos dous extremos por dúas nenas; corda. **3.** Redondez, curvatura. // **Non perder comba.** Estar atento a todo.

combaiar. v. Quedar ben con todos, adular.

combaión, -a, -úa. adx. O que *combaia*.

combar. v. Curvarse unha cousa.

combear. V. combar (Abres).

combinación. s. f. (pl. combinaciois). Peza de vestir que usan as mulleres debaixo do vestido.

combo, -a. adx. Curvo (Allande).

comedeiro, -a. adx. Aplícase á persoa que come moito. **2.** Dise do alimento, froito etc., que apetece comer (*Pintan comedeiras esas castañas*). **3.** s. m. Recipiente para que coman os animais.

comedia. s. f. Feito ou suceso cómico. **2.** V. comedio (*Nestas comedias pasaron dous días*), (El Franco).

comediante, -a. adx. Aplícase á persoa que normalmente fai o pallaso.

comedio. s. m. Espazo de tempo entre dous momentos, intervalo (El Franco, Tapia de Casarego).

comedimento. s. m. Prudencia, moderación.
comedoiro. V. comedeiro 2ª acep.
comedor, -a. adx. Que come con apetito. **2.** s. m. Estancia dun edificio onde se fan normalmente as comidas ou as dos días principais como as festas.
comelón, -a. adx. Que come moito (Villaión).
comencipiar. v. Comezar (Grandas de Salime, Navia).
comenencia. s. f. Interese ou proveito persoal ante algo beneficioso. **2.** Interese pouco oportuno. **3.** Choio. **4.** Molestia.
comenencieiro, -a. adx. Egoísta.
comenenciudo, -a. adx. Interesado, egoísta.
comensal. s. m. e f. Cada unha das persoas que están sentadas á mesa cando comen.
comenzar. v. Empezar, iniciar.
comenzo. s. m. Principio, empezo.
comer. v. Tomar alimentos. **2.** Desgastar (*Cómeme a pedra os dentes*). **3.** Quitar unha parte a algo. **4.** Picar (*Cómeche a cabeza*). **5.** Molestar (*Aquí cómenos el frío*). **6**. Tragar os mocos. **7.** No xogo da baralla, gañar unha carta. **8.** Almorzar (San Martín de Ozcos). **9.** Mastigar e tragar o alimento. **10.** Desgastar, consumir. **11.** Tapar, facer desaparecer. **12.** No xogo do *pión*, mover unha moeda co *ferrón* (Grandas de Salime). **13.** Estimulación bucal do pene. // **A comer i a rascar *nun* hai *más* que empezar.** V. El comer i el arrascar (rascar), non (nun) quer más (sinón) que empezar. // **Al que come i canta, algún sentido lle falta.** V. El que come e canta sentido lle falta. // **Cómame o demo!** Maldición. // **Comas *tu* veleno!** Maldición. // **Come, bebe, ponte gordo i *si* te chaman, faite el xordo.** V. Come ben e ponte gordo e *cuando* te chamen, faite o xordo. // **Come ben e ponte gordo e *cuando* te chamen, faite o xordo.** Non facer caso das críticas. // **Come i ponte gorda (gordo) i se te chaman faite a xorda (el xordo)!** Vive ao teu xeito (Boal). // **Comer a *Dios* polos pés.** Comer moito. // **Comer a *encheboi*.** Comer de máis. // **Comer boca que *ques*.** Comer unha persoa todo o que se lle antolla. // **Comer canaveira.** Ser presumido (Tapia de Casarego). // **Comer cos ollos.** Mirar algo con moito desexo. // **Comer de moca.** Comer sen pagar. // **Comer de *sou*.** Comer unha persoa por si mesma (Castropol). // **Comer i folgar, *bon* corpo criar.** Refrán que alude a que comendo e non traballando se engorda. // **Comer i rascar, todo é empezar.** V. El comer i el arrascar (rascar), non (nun) quer más (sinón) que empezar. // **Comer i sorber *nun* pode ser.** Refrán que alude a que as dúas cousas ao mesmo tempo non se poden facer. // **Comer *más* cos ollos que coa boca.** Refrán que alude ao forte desexo de comer algo aínda que realmente non se teña fame. // **Comer pan seco.** Comer pan só. // **Ir comer.** Xantar ao mediodía. // **El comer i el *arrascar* (rascar), non (*nun*) *quer más* (*sinón*) que empezar.** Refrán que serve para animar a alguén a comezar algo que non lle gusta, ou para que coma quen non ten fame. **2.** Refírese a que o máis difícil de calquera empresa é o comezo. // **El comer i el rascar *nun* é *más* (máis) que empezar.** V. El comer i el arrascar (rascar), non (nun) quer más (sinón) que empezar. // **El que come e canta sentido lle falta.** Refrán que indica que a persoa que quere facer dúas cousas incompatibles á vez non ten intelixencia. // **El que *nun* come, *nun* caga.** Refrán que alude á necesidade de comer. **2.** En sentido figurado, o que non ten nada non pode dar. // **Hai que *comello*, *pra despós rumiallo*.** Refrán que indica que primeiro hai que comprender un asunto difícil para despois pensar a maneira de solucionalo (Boal). // **Nin comedes, nin bebedes, nin sabedes *lo* que *fedes*.** Refrán que recrimina a indecisión á hora de facer unha cousa.
comercio. s. m. Establecemento comercial. **2.** Compra, venda ou intercambio de produtos. // **Comercio carnal.** Facer o amor.
comesilos. adx. Dise da persoa lista (Grandas de Salime).
comezón. s. m. Proído intenso. **2.** Urticaria (Santalla de Ozcos).
comicar. v. Comer pouco ou en varias veces pouca cantidade.
comicento, -a. adx. Aplícase á muller ou home egoístas que queren acabar as cousas de xeito rápido polo seu propio interese, apurando ao resto. **2.** Dise do home que quere comer el todo (San Martín de Ozcos). **3.** Aplícase ao home que quere que o seu criado traballe moito. **4.** Dise da terra, prado etc. que precisan moito fertilizante. **5.** Aplícase a aquilo que desgasta, como un camiño pedregoso que desfai o calzado ou os cascos do gando.

comichón, -a, -úa, -oa. adx. Avaro. **2.** Que se apropia dos bens alleos sen remordementos. **3.** V. comedeiro 1ª acep.

comicio. s. m. Prurito, formigo, comechón. **2.** Exceso de impostos ou cargas fiscais. **3.** Praga. **4.** Figuradamente, moita xente.

comida. s. f. Acción e resultado de comer. **2.** Alimento, o que se come. **3.** Tempo que se dedica ao día para comer. **4.** V. carne 4ª acep. (Ortigueira). // **Entre comidas.** Comer entre horas. // ***Puerse* a comida *dereta* nel estómago.** Sentar mal a comida.

comido, -a. adx. O que se comeu. // **Comido da pedra.** Dise do dente ou da moa que teñen carie. // **Foi el comido polo servido i a carreira de *baldre*.** Dise cando é pouca a utilidade dun traballo ou dunha ocupación (Boal).

comigo. Pronome ligado a *eu*, pronome persoal de primeira persoa singular, co significado de "na miña compaña".

comilón, -a. adx. Que come moito.

comisaría. s. f. Oficina policial pública, de carácter permanente.

comiscar. v. Comer pouco, pero con frecuencia.

como. adv. Da maneira que. **2.** En calidade de. **3.** Segundo. **4.** Case. **5.** conx. De carácter causal significando porque. **6.** conx. Expresa unha condición.

cómoda. s. f. Moble de madeira con caxóns e espazos para a roupa, que adoitaba achegar a muller como único moble ao matrimonio.

comodidá. s. f. Calidade do que é cómodo. Obs. Trátase dun vulgarismo.

cómodo, -a. adx. Que se axeita ás nosas necesidades. **2.** Práctico.

comoquera. adv. De calquera xeito.

compadre. s. m. Padriño do afillado. **2.** Amigo íntimo, compañeiro.

compangar. v. Usar o compango para facer o caldo ou un cocido. **2.** Quedar ben con todo o mundo. **3.** Louvar. **4.** Dar a razón a unha persoa aínda que non a teña.

compango. s. m. Conxunto de carnes, ósos, touciño ou chourizo que se lle bota antes ou despois ao caldo para acompañalo. **2.** Por extensión, comida que levan os obreiros ao traballo. **3.** O que se come acompañando o pan, como o queixo, o mel etc. (San Martín de Ozcos).

compangón, -a, -úa. adx. O que louva, adula. **2.** O que dá a razón a todo o mundo.

compangueiro, -a. adx. O que queda ben con todo o mundo.

companguiar. V. compangar 2ª acep.

compaña. V. compañía. **2.** Persoa ou persoas que acompañan a outra. **3.** Dotación dun barco de pesca (Tapia de Casarego). **4.** Comida para a tripulación no comezo da costeira do bonito (Tapia de Casarego).

compañeiro, -a. s. m. e f. Persoa que vai con outra ou está na súa compaña. **2.** Amigo. **3.** Cousa a xogo con outra, parella. // **El (lobo) *llobo* nel outeiro (*outieiro*), non (*nun*) *quer* compañeiro.** Refrán que alude a que quen quere espiar prefire facelo só. // **Non (*nun*) hai compañeiro como el *dieiro*.** Refrán que expresa a importancia de dispoñer de diñeiro.

compañía. s. f. Acción e efecto de acompañar.

comparado, -a. adx. Dise do que foi analizado para saber as súas semellanzas ou diferenzas.

comparallanza. V. comparanza.

comparante. V. comparanza (*Poño por unha comparante*), (A Veiga).

comparanza. s. f. Acción de analizar varias cousas xuntas para buscarlles o parecido ou no que se distinguen.

comparar. v. Analizar varios obxectos para saber as súas semellanzas ou diferenzas.

compás. s. m. Ferramenta de torneiro cos brazos curvados que serve para medir o groso das paredes nas pezas de boca máis estreita que a barriga, como as canadas ou outras. Tamén é utilizado noutros oficios como nos serradores. **2.** Ritmo. **3.** Instrumento para trazar arcos de circunferencia e para tomar distancias. **4.** Instrumento de orientación que consiste nunha caixa que ten unha agulla magnética que ten a propiedade de colocarse na dirección norte-sur, utilizado nas embarcacións para indicar o seu rumbo (Navia, Castropol, Tapia de Casarego, Coaña, El Franco).

compasado, -a. adx. Moi xunto e encaixado, como os grans da mazaroca do millo. **2.** Feito algo por quenda.

compasar. v. Facer algo por quenda (*As parexas tían que compasarse bailando*).

compensar. v. Equilibrar, igualar. **2.** Resarcir.

competir. v. Rivalizar.

compinche. s. m. e f. Compañeiro, amigo. **2.** Cómplice.

compitir* → competir.

completar. v. Engadirlle a unha cousa o que lle falta para estar enteira. **2.** prnl.

Complementarse (*Xuntas ben sei que se completaban uha á outra*).

completo, -a. adx. Dise do que está cheo ou enteiro. **2.** Aplícase ao traballo ou obra rematados ou perfeccionados. // ***Nun* ser completo abondo.** Non ser moi listo.

complicación. s. f. (pl. complicaciois). Circunstancia que crea dificultade ou complica algo.

complicado, -a. adx. Difícil.

complicar. v. Facer algo complexo ou difícil. **2.** prnl. Facerse algo difícil.

cómplice. s. m. e f. Persoa que colabora con outra, especialmente nun delito.

compoer. V. compoñer.

compoñedor, -a. V. compostor.

compoñente. adx. Que compón ou entra na composición de algo (El Franco).

compoñer. v. Formar algo xuntando certos elementos. **2.** Amañar o que está desfeito ou desordenado. **3.** Poñer en paz os desamigados. **4.** prnl. Amañarse, embelecerse con adornos unha persoa.

comporta. s. f. Táboa de ferro ou madeira que gradúa o paso da auga nas canles ou nas presas.

comportamento. s. m. Conduta.

comportarse. v. prnl. Ter unha determinada conduta.

composición. s. f. (pl. composiciois). Obra musical. **2.** Técnica de creación de obras musicais.

composto, -a. adx. Que está constituído por varios elementos. **2.** Amañado, aseado, preparado. **3.** Adornado. **4.** Colocado, dise do óso que se volve poñer no seu sitio por parte dun compostor.

compostoiro. s. m. Peza do tear cun listón longo con dentes que serve para repartir os fíos (Allande).

compostor, -a. s. m. e f. Persoa que antigamente colocaba os ósos saídos do seu lugar (Os Coutos, Allande).

compostorio. s. m. Trato, acordo.

compostura. s. f. Actitude e comportamento dunha persoa respecto das normas sociais.

compota. s. f. Doce de froitas cocidas con auga e azucre, e ás veces engádese viño.

compra. s. f. Acción e efecto de comprar. **2.** Calquera cousa adquirida con diñeiro. **3.** Conxunto de comestibles que se adquiren para o consumo diario.

comprado, -a. adx. Adquirido con diñeiro.

comprador, -a. s. m. e f. e adx. Persoa que compra.

comprar. v. Adquirir algo con diñeiro. // **Como *lo* comprei, *véndolo*.** Como mo contaron, cóntoo. // **El que compra i *minte*, el bolso *lo sinte*.** Refrán que critica a quen finxe comprar barato por soberbia. // ***Nun* compres a quen comprou, compra a quen *heredou* que pouco *lo* sudou.** Refrán que alude a aproveitar as boas oportunidade na vida.

compresa. s. f. Tradicionalmente cacho de tea que se colocaban as mulleres nas partes íntimas para conter a hemorraxia de sangue menstrual.

compreto*, -a → completo.

cómprice* → cómplice.

comprido*, -a → cumprido.

comprimenteiro*, -a → cumprimenteiro.

comprimento* → cumprimento.

compriz* → cómplice.

comprobante. s. m. Aparello de man consistente nun fío con varios anzois brillantes sen engado, que se utilizou para localizar os bancos de sardiñas (As Figueiras).

comprometer. v. Facer responsable a un dunha situación ou dunha cousa. **2.** Quedar en situación crítica.

compuer. V. compoñer.

comulgar. v. Recibir a comuñón ou dala.

comulgatorio. s. m. Lugar onde se recibe a comuñón (Boal).

común[1]. s. m. Retrete de madeira con forma de caixón con tapadeira cilíndrica.

común[2]. adx. Que non pertence a unha soa persoa (*Foi collendo terras a costa del común*).

comuna. s. f. Grupo de individuos que viven en comunidade, á marxe dos convencionalismos sociais. No Eo-Navia é famosa a de Negueira de Muñiz, instalada nos lugares de Ernes, El Foxo, Vilauxín, Escanlar etc.

comuneiro. s. m. Persoa que é ou foi membro dunha comuna.

comunidá. s. f. Grupo de persoas que conviven baixo certas normas. **2.** Conxunto de habitantes dun lugar.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

comunidá* → comodidá.

comunión. s. f. (pl. comuniois). Acción de repartir o *cantelo* despois do banquete de voda polos noivos entre os seus veciños, dándolles ao tempo un pouco de viño (Allande, Grandas de Salime). **2.** Acto de recibir a Eucaristía na liturxia cristiá. **3.** Acto de recibir a Eucaristía un neno por primeira vez na liturxia cristiá.

comuña. s. f. Utilización colectiva dun muíño mediante o sistema de maquía (Villaión, Allande). **2.** Xeito de compartir o gando os veciños. **3.** V. unión 3ª acep. (Ortigueira). **4.** Traballo veciñal para facer

labores agrícolas conxuntamente, como cavar o monte, rozalo ou sementar cereal.

comuñeiro, -a. adx. Parceiro.

con[1]. prep. Pode expresar compaña, instrumento, modo ou oposición e pódese utilizar no canto de preposicións como de ou en (*Chegou coel fillo*, *Comín caldo con verzas*).

con[2]. s. m. (pl. cois). Cada un dos paus nos que van enganchados os dous extremos das redes (Boal).

cona. s. f. Órgano xenital feminino. **2.** Por extensión, órgano xenital externo das femias dos mamíferos (Abres). **3.** Parte externa do órgano xenital feminino. **4.** Lazada que se fai con dous cabos dunha embarcación quedando como resultado final a forma dun ollo. // **Tira máis pelo de cona que amarra de navío.** Refrán que se usa para indicar que a miúdo o atractivo dunha muller pesa máis que ningunha outra consideración.

cona! interx. Expresa enfado, admiración, sorpresa etc.

conada. s. f. Parvada. // **Andar en conadas.** Andar con parvadas.

conainas. adx. e s. m. Dise da persoa medrosa e apoucada. **2.** Tímido, indeciso, pusilánime.

conapa. s. f. Órgano xenital feminino (Coaña).

conapas. adx. e s. m. Dise da persoa con pouco espírito; conainas, conapeiro, conas.

conapeiro. adx. e s. m. Dise do home que lle gustan as cousas de mulleres (As Figueiras). **2.** V. conapas.

conas. adx. e s. m. Dise da persoa pouco decidida (*Ser un conas*).

conca. s. f. Cantidade que leva unha cunca. **2.** V. cunca. **3.** V. chinche. **4.** Cavidade do ollo. **5.** Montón de cousas postas unhas sobre outras. **6.** Prato de madeira de pouca profundidade (San Martín de Ozcos). // **Conca da ola.** Tapa de madeira da ola de mazar o leite. // **Dicir cousas fóra da conca.** Chochear. // **Mexar fóra da conca.** Chochear. // **Ser uha conca de ouro.** Ser unha terra fértil (Boal).

concada. V. cuncada 2ª e 3ª acep. // **Ás (a) concadas.** Chover moito.

concado. V. cuncada 2ª acep. **2.** V. cuncado 1ª e 2ª acep.

conceder. v. Dar (*Nun sei conceder eso*). **2.** Non dicirse, non ser axeitado (*Esa palabra nun concede aquí*), (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos). **3.** Non estar de acordo con algo (*Nun sei conceder eso*), (San Martín de Ozcos).

concellín. s. m. Palabra referida ao concello de Pezós (*El concellín de Pezós*), por ser de pequeno tamaño. **2.** Ás veces, palabra referida ao concello de Villaión.

concello. s. m. Término ou municipio. **2.** Conxunto dunha cámara municipal con concelleiros e o alcalde. // **Concello aberto.** Reunión de veciños que se fai para resolver asuntos xudiciais ou económicos etc.

concencia. s. f. Facultade da persoa de coñecer a súa propia realidade e xulgala. **2.** Coñecemento interior espontáneo da bondade ou maldade dos actos. // **A *concencia*.** Adrede, a propósito. // **A *concencia* era verde, i *comeula* uha vaca.** Perder o xuízo.

concentración. s. f. (concentracios). Agrupación dentro dun mesmo lindeiro de diversas parcelas para unificalas.

concepto. s. m. Opinión sobre algunha persoa ou cousa.

conceto* → concepto.

conceuto* → concepto.

concha. s. f. Antiga moeda de dous cuartos (Boal). **2.** Parte externa dura, normalmente calcaria, que protexe o corpo de certos animais como os moluscos.

conchadura. s. f. Unión de dous rellos ou cordas trenzándoos.

conchar. v. Xuntar dous rellos ou cordas trenzándoos sen facer nós (Tapia de Casarego).

conchaviar. v. Facer coincidir nunha opinión, nun asunto etc. (Coaña).

conchavillar. V. chafullar 3ª acep.

concho! interx. Indica sorpresa, contrariedade ou enfado.

concho. s. m. Casca verde da noz (Allande, San Martín de Ozcos). **2.** Casca da abelá (San Martín de Ozcos, Allande). **3.** Vaíña dalgunhas leguminosas como os chícharos ou as fabas (San Martín de Ozcos). **4.** Por extensión, noz. **5.** Casca que recobre os grans dos cereais como o trigo, o centeo, a avea etc. (Eilao). **6.** Parte dura do cimo do nabo (Santalla de Ozcos); costela 5ª acep.

concionado, -a. adx. Dise do que está ben feito, ben amañado, preparado para algo (*A comida tá concionada como debía de tar*), (San Martín de Ozcos).

concionar. v. Preparar ou facer ben unha cousa (San Martín de Ozcos).

conco. s. m. Golpe dado co *pión* (Coaña); quiñe. **2.** V. cunco. **3.** Casca da bóla

rugosa do carballo. **4.** Froito do eucalipto (Castropol, Coaña). **5.** Froito da palmeira e doutras árbores e arbustos (Coaña). **6.** V. copa 5ª acep. **7.** V. pocillo.

concordar. v. Poñer de acordo. **2.** Estar de acordo con outro nas ideas ou palabras. **3.** Coincidir.

concuallar. V. cuallar 2ª e 3ª acep. (Tapia de Casarego).

concuñado, -a. s. m. e f. Cada irmán dun cónxuxe respecto dos irmáns do outro cónxuxe.

condanado*, -a → condenado.

condanar* → condenar.

condanello*, -a → condenello.

condanelo*, -a → condenelo.

conde. s. m. Título nobiliario inmediatamente superior ao de vizconde e inferior ao de marqués.

condena. s. f. Pena, sentenza.

condenación. s. f. Condena (Os Ozcos).

condenado, -a. adx. Dise do neno inquedo. **2.** Aplícase á persoa, animal ou cousa molestas. **3.** Dise da persoa mala, vil, perversa. // ***Tar* condenado.** Estar anoxado.

condenar. v. Impoñer unha pena. **2.** prnl. Ser a causa alguén da súa pena ou castigo.

condenatibre. adx. Condenado (Tapia de Casarego).

condenello, -a. V. condenelo.

condenelo, -a. V. condenado.

condenido*, -a → condenado.

condergado, -a. adx. Condenado, pillabán.

condia. s. f. Variedade de castaña (Serandías).

condición. s. f. (pl. condiciois). Natureza ou propiedade das cousas. **2.** Calidade con que se fai unha cousa.

condifrán. s. m. Colorante que substitúe o azafrán.

condimento. s. m. Conxunto de substancias que se usan para adobar ou adornar os alimentos e darlles mellor sabor.

condo. V. cando.

condómena. V. condómina.

condomenia. s. f. Acordo mal feito entre varias persoas (Allande). **2.** Enredo.

condomeña. V. condomenia (Allande).

condómina. s. f. Conxunto de xente na que non se pode confiar. **2.** Amante dun home casado.

condón. s. m. (pl. condois). Funda que tradicionalmente se facía con vexiga de cocho ou tea (como en Santiso de Abres) utilizada como anticonceptivo.

condución. s. f. Enterro, cortexo fúnebre.

condumio. s. m. Comida, xantar (Seares, Allande).

conduta. s. f. Xeito de comportarse que ten unha persoa.

condutor. s. m. O que conduce ou é capaz de conducir algo.

coneiro. adx. Dise do home efeminado (Castropol).

coneta* → cuneta.

conexa. s. f. Órgano xenital feminino. // ***Cáigache* a *conexa*!** Expresión que se usa para desexar mal a alguén.

conexada. s. f. Conxunto de coellos.
Obs. Trátase dun castelanismo.

conexeira. s. f. Lugar onde se crían os coellos.
Obs. Trátase dun castelanismo.

conexín, -a. s. m. e f. Coello pequeno.
Obs. Trátase dun castelanismo.

conexo, -a. s. m. e f. Mamífero lagomorfo da familia dos lepóridos, de entre trinta e corenta centímetros de lonxitude, con orellas longas, rabo curto e patas posteriores moi desenvolvidas. A pelaxe pode ser de distintas colores: parda, agrisada, branca, negra etc. (*Oryctolagus cuniculus*). **2.** s. f. Órgano xenital feminino. **3.** adx. Aplícase á persoa covarde ou que ten medo. // ***Si nun valiras más* que un *conexo*, tirábate pola ventá.** Dito que expresa utilidade e advertencia. // ***Val* máis *conexo* na *mao* que cento nel *prao*.** Refrán que se aplica a quen deixa cousas seguras, agardando por outras mellores pero incertas.
Obs. Trátase dun castelanismo.

conexón, -úa. s. m. e f. Coello grande.
Obs. Trátase dun castelanismo.

conferenciar. v. Debater entre varias persoas un asunto confidencial (Navia).

confesar. v. Dicir diante dunha persoa o que se fixo ou pensa. **2.** Preguntar por un asunto concreto. **3.** Administrar o cura o sacramento da Penitencia na relixión católica. **4.** Murmurar, falar en voz baixa. **5.** Na relixión católica, dicir os pecados en confesión diante do sacerdote (*Era un home nel tempo das confesiois que foi confesar*).
Obs. Na acepción 5ª pode ter valor pronominal.

confesión. s. f. (pl. confesiois). Acto de confesar. **2.** Acto de confesarse diante dun cura.

confesionario. s. m. Lugar axeitado para escoitar a confesión sacramental na liturxia cristiá.

confesonario* → confesionario.

confesor. s. m. Cura que administra o sacramento da penitencia.

confianza. s. f. Seguridade que se ten doutra persoa no carácter, capacidade ou discreción. **2.** Seguridade nun mesmo. // **De confianza.** Aplícase ás persoas coas que se ten un trato máis íntimo e familiar. // **Ter confianza.** Confiar.

confitado, -a. adx. Dise do froito cocido en almibre.

confitar. v. Cocer as froitas en almibre.

conformarse. v. prnl. Resignarse, aceptar algo sen queixarse.

conforme. adx. Resignado. **2.** Da mesma opinión. **3.** prep. Do xeito de.

conformidá. s. f. Resignación coa propia sorte ou situación.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

confradaría. V. confradía (San Martín de Ozcos).

confrade. s. m. Persoa que forma parte dunha *confradía*.

confradeiría. V. confradía.

confradía. s. f. Asociación de persoas por motivos relixiosos ou profesionais.

confundir. v. Mesturar cousas sen que se distingan. **2.** Ulir mal (Castropol). **3.** prnl. Equivocarse.

confuso, -a. adx. Estreito, apertado (*Esta roupa paréceme mui confusa pra min*).

conga. s. f. Danza popular cubana, que se executa por grupos colocados en fila dobre e ao compás dun tambor.

congoxa. s. f. Tristeza ou aflición grande. **2.** Noxo, repugnancia. **3.** Prurito nalgunha parte do corpo (Abres, Tapia de Casarego). **4.** Molestia.

congoxar. v. Dar tristeza, aflixir; acongoxar 1ª acep.

congoxoso, -a. adx. Aplícase á persoa ou animal que lles molesta calquera cousa. **2.** Angustiado, triste. **3.** Dise da persoa moi molesta (Allande).

congra. V. maruca 1ª acep. (As Figueiras).

congrexa. V. barbada de fóra (As Figueiras).

congria. s. f. Peixe osteíctio gadiforme, da familia dos gádidos, de corpo alongado e coloración parda escura (*Gaidropsarus mustela*), (Tapia de Casarego).

congrio. V. congro (Tapia de Casarego, As Figueiras, El Franco, Ortigueira).

congro. s. m. Peixe osteíctio da familia dos cóngridos, da orde dos anguiliformes, de corpo cilíndrico na parte anterior, aínda que a cabeza é máis ben deprimida e a parte posterior comprimida. As aletas impares forman un todo continuo, sen separación entre elas e pel núa, de color cincenta máis ou menos escura segundo sexa a natureza do fondo. É un animal moi voraz, que pode acadar até os dous metros de lonxitude, con pesos de cinco quilos (*Conger conger*), (As Figueiras, Tapia de Casarego).

conicas. V. conainas (Villaión).

cono. s. m. Órgano xenital feminino.

conocemento. s. m. Acción e efecto de coñecer. **2.** Intelixencia.

conocencia. s. f. Acción e efecto de coñecer; conocemento. **2.** Persoa coñecida.

conocer. v. Saber. **2.** Ter trato cunha persoa. // ***Conocer* os *cais* de Francia.** Dise da persoa que coñece moita xente (Castropol). // ***Conocer* as *maos*.** Saber nun cultivo que unhas plantas medraron antes e outras despois, con desigualdade.

conocido, -a. s. m. e f. Persoa respecto a outra que se coñecen, pero que non chegan á amizade.

conón. s. f. Órgano xenital feminino.

conque. conx. Indica consecuencia: así que. **2.** conx. condicional equivalente a se.

conqueiro. V. cunqueiro 1ª e 4ª acep.

conquexo. V. cunco.

conquía. V. cunquía.

conquista. s. f. Relación duradeira ou pasaxeira que iniciaba un rapaz cunha rapaza nas festas.

conquistador. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes do concello de Taramundi.

conrespondencia* → correspondencia.

conresponder* → corresponder.

consa. s. f. Bucle ou engurra nunha corda (Abres).

consciencia. s. f. Capacidade dunha persoa en recoñecer a realidade exterior. **2.** Coñecemento reflexivo das cousas.

consciente. adx. Que ten consciencia do que fai e do que lle acontece.

consea. V. berbesa 2ª acep.; consia (Santalla de Ozcos). **2.** Curva ou volta das vetas dunha madeira. **3.** Desprazamento en zigzag dun réptil (Santalla de Ozcos).

consearse. v. prnl. Ter algo *conseas* ou nós (*nougos*).

conseguir. v. Lograr o que se desexa.

consella. V. consello (Eilao).

consellar. V. aconsellar.

conselleiro, -a. adx. Aplícase á persoa que dá consellos. **2.** Persoa responsable de cada un dos departamentos dun goberno autónomo.

consello. s. m. Recomendación que se fai a unha persoa de como debe actuar. **2.** Conxunto de persoas que aconsellan ou asesoran a outra de máis autoridade. //

El que dá consellos, *nun* dá *cuartos*. Refrán que alude a cando os consellos non se consideran bos. // **El que dá consellos, *nun* dá pan.** V. El que dá consellos, nun dá cuartos. // **Quen dá consellos, *nun* dá pan.** V. El que dá consellos, nun dá cuartos.

consentidor, -a. adx. e s. Persoa que consente.

consentir. v. Permitir ou tolerar. **2.** Mimar a unha persoa.

conserva. s. f. Alimento preparado e envasado de xeito que se poida manter inalterable durante un período máis ou menos longo de tempo.

conservado, -a. adx. Que está en bo estado. **2.** Dise da persoa que goza de boa saúde ou bo aspecto.

conservar. v. Gardar. **2.** prnl. Non cambiar de aparencia, ter saúde.

conserveira. s. f. Fábrica de conservas.

consideración. s. f. (pl. consideraciois). V. consideranza.

considerado, -a. adx. Que recibe dos demais mostras de atención e respecto, estimado. **2.** Dise da persoa á que se atribúen determinadas cualificacións ou valores.

consideranza. s. f. Estima, respecto.

considerar. v. Atribuír a algo ou alguén unha calidade ou cualificación.

consia. V. berbesa 2ª acep. (Vilanova de Ozcos, Santalla de Ozcos); consea. **2.** Volta ou nó en calquera cousa, como nun pau.

consiado, -a. adx. Enredado. **2.** Dise da madeira con vetas que forman curvas.

consignatario, -a. s. m. e f. Representante do armador dun barco.

consigo. Pronome, forma oblicua de *se*, pronome persoal reflexivo de compaña.

consiguir* → conseguir.

consintir* → consentir.

consogro, -a. s. m. e f. O pai ou a mai dun dous membros da parella con relación ao pai ou á mai do outro.

consolar. v. Aliviar a pena dunha persoa. **2.** Deixar a un satisfeito.

consolo. s. m. Alivio dunha pena. **2.** Satisfacción, alegría.

constancia. s. f. Calidade do que é constante.

constipado. s. m. Inflamación das vías respiratorias superiores producida de xeito normal por un arrefriado.

construción. s. m. (pl. construciois). Edificio construído. **2.** Feito e resultado de construír.

construído, -a. adx. Feito.

construír. v. Facer unha cousa xuntando os elementos necesarios.

consulta. s. f. Acción e efecto de consultar. **2.** Parecer que se pide ou dá sobre un asunto determinado.

consultar. v. Pedir consello ou opinión. **2.** Pedir unha opinión a un profesional.

consumido, -a. adx. Gastado. **2.** Fraco, moi delgado. **3.** Sen forzas. **4.** Triste.

consumir. v. Gastar. **2.** prnl. Aflixirse.

consumo. s. m. Acción e efecto de consumir. **2.** Compra e uso de cousas de calquera tipo destinadas ao uso particular. **3.** pl. Imposto antigo de carácter municipal sobre o comercio de comestibles e outros xéneros.

conta. s. f. Acción e resultado de contar. **2.** Cantidade que se ha de cobrar ou pagar. **3.** Cada unha das bólas ensartadas nun colar ou nun rosario. **4.** Bóla pequena que fai de pendente. // **A conta.** O xusto e preciso. // **As contas da vella.** As que se fan cos dedos, co rosario etc. // **Ter conta de.** Coidar. // **Da conta.** Do que é preciso (*Gastar máis da conta*). // **Darse conta.** Decatarse. // ***Salir* as contas furadas.** Non saír as cousas a unha persoa como ela quixera.

contabilidá. s. f. Sistema para levar as contas de gastos e ingresos de algo.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

contacto. s. m. Acción ou efecto de tocarse dúas ou máis cousas. **2.** Relación directa. **3.** Conexión entre dúas partes.

contado (al). loc. En efectivo, con diñeiro.

contado (de). loc. Por suposto, de seguro (Tapia de Casarego).

contado (do). loc. Enseguida (Santalla de Ozcos).

contador. s. m. Persoa que conta contos. **2.** Aparato que serve para medir ou contar cousas como quilovatios, litros etc.

containa. V. caxón 7ª acep.

contapero*, -a → contapeiro.

contapeiro, -a. adx. Dise da persoa que lle gusta contar chismes.

contaqueiro, -a. V. contequeiro 1ª acep.

contar. v. Mirar o número dun conxunto de algo. **2.** Narrar. **3.** Considerar, ter en conta, mirar por. **4.** Andar con contos, inventar.

contato* → contacto.

contauto* → contacto.

contaxio. s. m. Transmisión dunha enfermidade ou mal dun individuo a outro por contacto directo ou indirecto.

conteiro, -a. V. contapeiro.

contemplación. s. f. (pl. contemplaciois). Consideración.

contentar. v. Satisfacer o gusto dunha persoa. **2.** prnl. Conformarse. **3.** prnl. Alegrarse.

contento, -a. adx. Alegre, satisfeito. **2.** Conforme. **3.** s. m. Alegría. // **Quedar contento.** Fastidiado (*Deulle un golpe que quedou contento*).

contentura. s. f. Alegría.

contequeiro, -a. adx. Aplícase á persoa que lle gusta andar con contos ou chismes. **2.** Dise da persoa simpática, que fala moito. **3.** Aplícase á persoa que di todo o que lle contan, que non sabe gardar un segredo.

conter. v. Incluír dentro de si.

contestación. s. f. (pl. contestaciois). Acción e resultado de contestar. **2.** Resposta que refuta ou contradí unha opinión. **3.** Mala resposta.

contestar. v. Dar resposta a unha pregunta. **2.** Replicar, opoñerse a algo.

contestón, -a. adx. Que protesta por moitas cousas.

contigo. Pronome, forma oblicua ligada de *ti*, pronome persoal de segunda persoa, singular.

contiqueiro*, -a → contequeiro 1ª acep.

conto[1]. s. m. Narración de feitos reais ou imaxinarios. **2.** Chisme, mentira. // **Andar con contos.** Contar chismes. // ***Coel* conto de.** Por causa de. // ***Ferlle* el conto a un.** Louvar. // **Ter *muito* conto.** Louvar a un de máis.

conto[2], -a. V. canto. // **En *conto*.** Tan pronto como.

contornada. s. f. Comarca pequena, área arredor dun núcleo de poboación.

contorno. V. contornada. **2.** Medida dunha embarcación por embaixo, de lado a lado desde a liña de cuberta.

contra[1]. V. contraventá.

contra[2]. prep. En oposición a. **2.** Indica lugar onde, xunto a (*Tá contra a parede*, *É contra baxo*, *Contra aiquí*, *Contra alló*, *Contra un*). **3.** Indica aproximación temporal ou espacial, cara a, en dirección a (*Vou contra ti*, *Tá contra Tapia*), (Taramundi, Tapia de Casarego). **4.** s. f. Postura oposta (*Lévame sempre a contra*).

contra![3] interx. Expresa sorpresa, enfado, contrariedade etc.

contrabandista. s. m. Persoa que practica o contrabando.

contrabando. s. m. Introdución clandestina nun estado de mercancías prohibidas ou que non pagaron os dereitos de entrada; estraperlo, matute 1ª acep.

contrabaxo. s. m. Instrumento musical de tres ou catro cordas, o máis grande e de son máis grave dos que se tocan con arco e que se pode tocar tamén cos dedos (El Franco).

contrabranque. s. m. Peza semellante á roda nunha embarcación que serve para reforzala.

contracodaste. s. m. Peza de madeira que reforza o codaste dunha embarcación.

contradición. s. f. Acción e efecto de contradicir ou contradicirse. // **Sentido de contradición.** Aspecto do carácter dunha persoa que parece querer sempre levar a contraria.

contradicir. v. Dicir o contrario do que dixo outro. **2.** prnl. Dicir cousas contrarias a outras ditas anteriormente.

contradito, -a. adx. Dito o contrario do que dixo outro.

contraer. v. Asumir unha responsabilidade.

contrafeito, -a. adx. Mal feito.

contrafilada. s. f. Corda fina que se pon a un cabo para reforzalo. **2.** Corda delgada que se pon ao longo da vara, por se rompe, non perder o aparello (Tapia de Casarego).

contrafreba (a). loc. Non seguindo as liñas da madeira cando se cortan certas pezas. **2.** En distinta posición.

contraluz. s. f. Posición na que un obxecto recibe a luz desde o lado oposto a aquel por onde esta entra.

contramaestre. V. contramestre.

contramestre. s. m. Xefe inmediato dos mariñeiros dun barco (Coaña).

contraparello. V. contrafilada 2ª acep.

contrapé (a). loc. Na posición contraria á que sería natural ou conveniente.

contrapelo (a). V. contrapé (a).

contrapeso. s. m. Peso con que se equilibra outro, como o engadido que se pon á carne para completalo.

contrapoer. V. contrapoñer.

contrapoñer. v. Poñer en fronte de. **2.** Opoñer.

contraposto, -a. adx. Oposto.

contrapunto. s. m. Nunha forxa, *cabezal* do *torno a sangre*.

contrariado, -a. adx. Aplícase á persoa que ten mal humor ou non lle van as cousas como el quere. **2.** Ofendido, irritado.

contrario, -a. s. m. Adversario, inimigo. **2.** s. f. Cousa que presenta a maior diferenza posible con respecto a outra da mesma clase, xénero etc. **3.** Distinto.

contraste. V. cambiazo 2ª acep. **2.** Cambio imprevisto do vento. **3.** Diferenza entre os ventos do ceo e os da terra, que produce como consecuencia o movemento das nubes.

contrata. s. f. Contrato que se fai entre empresas ou particulares para facer unha obra por un prezo determinado.
contratar. v. Facer contratos ou contratas. **2.** Coller unha persoa a outra para que lle faga unha obra ou traballo.
contratempo. s. m. Contrariedade. **2.** Atranco, dificultade.
contratista. s. m. Persoa que por unha contrata fai unha obra por un prezo determinado.
contrato. s. m. Acordo ou pacto entre partes, polo que cada unha delas se obriga a facer algo. **2.** Documento que o acredita.
contraveleno. s. m. Antídoto contra a acción do veleno.
contraveneno. V. contraveleno.
contraventá. s. f. Folla de madeira unida á ventá polo interior; contra.
contre. V. puño 5ª acep. (As Figueiras).
contrucio. s. m. Conxunto de árbores como un souto (Anlleo). **2.** Cacho pequeno de terreo de escaso valor. **3.** Montón de casas xuntas (Villaión).
convecín, -ía. s. m. e f. Que ten veciñanza con outro nunha mesma localidade.
convencemento. s. m. Acción e efecto de convencer ou convencerse, seguridade.
convencimento* → convencemento.
convenir. v. Ser proveitoso para unha persoa.
Obs. Trátase dun castelanismo.
convento. s. m. Casa ou mosteiro onde vive unha comunidade de relixiosos.
conversa. V. conversación 1ª acep. (El Franco, Taramundi).
conversación. s. f. (pl. conversaciois). Acción e efecto de conversar. **2.** Acción de falar de xeito oculto.
convidada. s. f. Convite, festa. **2.** Acción e efecto de convidar.
convidado, -a. adx. Dise da persoa que foi convidada por outra.
convidar. v. Pedir unha persoa a outra ou a varias que a acompañen para xantar, a unha festa etc. **2.** Pagar a bebida ou a comida nun bar ou establecemento semellante como sinal de amizade. **3.** prnl. Darse por convidado.
convinción. s. f. (pl. convinciois). Acto e efecto de convencer ou convencerse.
convir. v. Traer proveito (Santalla de Ozcos).
convirtido, -a. adx. Transformado.
convirtir. v. Transformar. **2.** Facer cambiar a alguén as súas ideas, sentimentos etc.
conxanado, -a. V. condenado 3ª acep. (Santalla de Ozcos).
conxelarse. v. Ter frío (A Veiga).
conxugar. v. Levarse ben unha persoa con outra (*Conxugan ben un con outro*), (Vilanova de Ozcos). **2.** Unir dúas cousas mediante unha substancia (Santalla de Ozcos). **3.** Casar, unir.
conxurar. v. Facer un exorcismo ou dicir oracións contra un maleficio feito a unha persoa ou animal. **2.** Evitar, impedir (*Conxurar o medo*).
conxurmar. v. Comezar a brotar unha árbore, unha parra, o trigo, o millo, as patacas, as mazás etc. (San Martín de Ozcos); conxurmiar. **2.** Brotar, nacer (*Así se conxurman a maior parte dos medos*), (El Franco).
conxurme. s. m. Brote, nacemento.
conxurmiar. V. conxurmar.
conxuro. s. m. Exorcismo contra algún mal.
coña. s. f. Broma, burla.
coñá* → coñac.
coñac. s. m. Bebida alcohólica que se obtén da uva e de orixe francesa.
coño* → cona; concho.
coñón. adx. Aplícase á persoa que lle gusta burlarse dos demais.
coordinar. v. Pensar (*Mira como coordina xa a nena*).
copa. s. f. Vaso de madeira, cristal etc., con pé alto, máis ancho que fondo. **2.** Líquido que cabe neste vaso. **3.** Obxecto que se parece a unha copa. **4.** Parte de enriba dun alambique, que pode ser substituída por un garrafón grande, de boca ancha, colocado invertido sobre un cazo, que no centro pode levar un azucreiro co fondo furado. **5.** Parte semiesférica dalgúns obxectos, como dun cazo ou dunha garfela. **6.** Alga parda da familia das *Dictyoptaceae*, que pode acadar os dez centímetros de altura, con forma de abano e partes tirando a verde ou amarelo (*Fucus pavonicus*), (Tapia de Casarego). // **Copa del bordón.** Parte da gaita.
copada. s. f. Cacho de rede que constitúe o centro e o fondo de varios aparellos de pesca ao xeito de copo imperfecto (As Figueiras). **2.** Cantidade total de peixes capturados cun boliche.
copado, -a. adx. Semiesférico.
copar. V. covar 3ª acep.
copear. v. Tomar copas.
copete. s. m. Recipiente de madeira con forma redonda, utilizado principalmente para darlle forma á masa de pan antes de metela no forno. Outras veces utilízase para pisar os allos.
copexa. V. copa.
copia* → copra.

copía. s. f. Copa pequena.
copín, -ía. s. m. Medida equivalente a sete quilos e medio de trigo (Boal). **2.** s. m. e adx. Persoa que xunta os pés ao andar. **3.** adx. Dise do cabalo que pon as patas para dentro cando anda.
copío. adx. (pl. copíos). Aplícase ao boi ou aos cabalos semisalvaxes que teñen os cascos moi curtos.
copla. V. copra.
coplia* → copra.
copo[1]. s. m. Porción de la para fiar. **2.** Parte da rede de pescar en forma de bolsa onde se concentra o peixe (As Figueiras). **3.** Arte de pesca de cerco, semellante ao boliche pero de maior tamaño, que se utiliza especialmente para a captura de bancos de bocarte.
copo[2], -a. adx. Aplícase ao home con pés deformes e moi curtos. **2.** Dise da persoa que anda coas pernas cara a dentro. **3.** Aplícase á persoa encollida, apoucada (Allande). **4.** Dise da persoa atónita (Allande). **5.** Aplícase ao galo ou galiña sen cola (San Martín de Ozcos). **6.** Dise do galo ou galiña que teñen as plumas de atrás para abaixo (Tapia de Casarego).
copón. s. m. Nas cartas, ás de copas. **2.** Copa grande de metal, dourada por dentro, onde se gardan as hostias consagradas no sagrario dunha igrexa. // **Del copón.** Moito (*Facía un aire del copón*). // **Ser el copón bendito.** Ser unha persoa extraordinaria.
copra. s. f. Dito tradicional que normalmente consta dunha estrofa de catro versos de arte menor, de carácter popular, con rima asonante nos versos pares.
copreiro. s. m. Persoa que fai ou vende *copras*.
coque. s. m. Golpe que se dá coa cabeza ou recibido nela. **2.** Por extensión, vulto que sae despois dun golpe na cabeza. **3.** Pequeno golpe.
coquiado, -a. adx. Dise do que ten o esmalte danado (Coaña).
coquín. (pl. coquíos). V. coco 2ª acep.
corada. s. f. Pulmón dos animais, especialmente do cocho. **2.** Por extensión, pulmón dunha persoa. **3.** pl. Conxunto do pulmón e outras vísceras, como o corazón dun animal. // **Botar as coradas.** Vomitar (Castropol, Santalla de Ozcos, Tapia de Casarego).
coral. s. m. Perla dun colar, dunha pulseira ou dun rosario. **2.** Semente da *nocella*. **3.** pl. Conxunto de ovos dun peixe ou dunha centola femia (As Figueiras). **4.** V. nocella 1ª e 2ª acep. (Tapia de Casarego). **5.** V. ramo de (del) mar (Tapia de Casarego).
corar. v. Cortarlle a gorxa ou o pescozo a unha persoa ou a un animal (Boal).
coraxe. s. f. Valor, forza. **2.** Firmeza ante unha dificultade. **3.** Rabia, furia, enfado.
coraxego, -a. adx. Con moito xenio. **2.** Furioso. **3.** Dise da vaca que se volve furiosa coa súa cría.
coraxello. V. couxelo (El Porto).
coraxento, -a. adx. Dise da vaca con medo e desconfiada.
coraxudo, -a. adx. Con valor, con forza (Coaña).
corazas. s. f. pl. Conxunto do corazón, pulmóns e lingua dun cocho (Eilao).
corazón. s. m. (pl. corazois). Órgano vital nas persoas e nos animais, centro do sistema vascular e da circulación do sangue. **2.** Parte central dunha cousa inanimada, como a madeira, a froita, unha árbore etc. **3.** Na galocha, punto medio dos debuxos que se fan na parte dianteira (San Martín de Ozcos).
corbeta. s. f. Tipo de embarcación que foi feita primeiramente por carpinteiros de ribeira, lixeira, pequena e que se dedicaba á guerra.
corceira. V. corza (Os Ozcos).
corcheira. V. sofreira (Ibias, Boal, Castropol).
corcheiro. V. sofreira. **2.** Home que vendía caldullas e aguilladas.
corcho. s. m. Tapadeira dunha botella ou frasco. **2.** Parte exterior dalgunhas árbores. **3.** Cortiza que se utiliza nas redes. **4.** Flotador de plástico semellante á cortiza natural que se utiliza nas redes.
Obs. Trátase dun castelanismo.
corcia. s. f. Restos de cera que quedan no mel que se coan con panos (Eilao).
corcio! interx. cona! (Santalla de Ozcos).
corcón. s. m. Cría do *múxel* (*Mugil capito*) e do *esperlote* (*Mugil cephalus*), (As Figueiras, Tapia de Casarego, Navia).
corcosido. s. m. Costura de puntadas mal feita.
corcusido* → corcosido.
corda. s. f. Porción de fíos tortos uns sobre outros para amarrar ou apertar. **2.** Xogo infantil onde se salta unha corda suxeita polos dous cabos normalmente por nenas. Dúas daban á corda, mentres outras ían saltando, a que non saltaba ben perdía e pasaba a soster a corda. **3.** Aparello para pescar troitas, cun cacho de sedal e un anzol, unido a un cordel que se poñía na beira do río. **4.** Pano para protexer a cabeza de algo (Castropol). **5.** Resorte metálico que

serve de elemento de propulsión en certos mecanismos como o reloxo, algún xoguete etc. **6.** Feixe de febras que unen os músculos cos ósos, tendón (Boal, El Franco). // **Corda das cortizas.** Corda superior que se pon na rede de pescar. // **Corda de marcar.** Corda que empregaban os serradores para sinalar onde serrar a madeira. // **Corda de pita.** Corda de material vexetal de color branca. // **Corda de veta.** Corda de color amarela que podía ser crúa (ou máis brava) ou cocida (menos brava). // **Corda do *chombo*.** Corda inferior que se une á rede de pescar. // ***Mentras* as cordas rompen, os bois folgan.** Refírese a que se rompen as cordas do xugo os bois non aran.

cordabán. s. m. Pel curtida de macho cabrío ou de cabra (San Martín de Ozcos).

cordal. adx. Escarpado, aguzado (Tapia de Casarego). **2.** s. m. Serra, cordilleira.

cordeado, -a. adx. Marcada cunha corda (Allande).

cordear. Marcar algo cunha corda (Allande).

cordeireiro. adx. Relativo ao cordeiro.

cordeirín. s. m. Cordeiro pequeno.

cordeiro[1], -a. s. m. Cría da ovella. // **Cordeiro manso, mama a súa madre i a *allía*.** Refrán que advirte da importancia da boa educación para acadar a confianza dos demais e prosperar na vida (Castropol). // **Por *San Andrés*, cordeiros tres.** Por Santo André (30 de novembro) poden parir xa as ovellas.

cordeiro[2], -a. V. cordeleiro.

cordel. s. m. Corda delgada, fina e normalmente pequena. **2.** V. cabo 6ª acep. // **Cordel da *ganza*.** Cordel que se usa para atar a gancela (Villaión).

cordela. s. f. Corda delgada de esparto.

cordeleiro, -a. s. m. e f. Persoa que tiña como oficio facer cordas ou ás veces redes. Eran famosos os galegos, preferentemente os do concello da Fonsagrada, que traballaban polos Ozcos.

cordelín. s. m. Xogo de nenos, no que se facía no chan un círculo de cincuenta centímetros, usándose ademais unha vara de acevo ou abeleira e un pau. Un xogador defende o círculo coa vara, outro intenta tirar o pau desde unha distancia marcada. Se falla o defensor cámbianse os postos, pero se atina o pau sae lanzado e entón ten que contar até que o outro xogador recolla o pau. O que conta máis puntos gaña o xogo (Abres).

cordía. s. f. Corda pequena.

cordiar. v. Medir por medio dunha corda ou cordel algo.

cordilla. s. f. Tripa delgada e limpa para facer embutidos.
Obs. Trátase dun castelanismo.

cordión* → acordeón.

cordivión. V. corvexón (Allande).

cordo, -a. adx. Que ten xuízo ou prudencia.

cordón. s. m. (pl. cordois). Corda delgada, pequena, de materiais máis finos que os dunha corda, utilizada en embarcacións, en pezas de vestir, para atar cousas etc.

coreano. s. m. Peixe osteíctio, da orde dos gadiformes, da familia dos gádidos, que pode alcanzar o metro de lonxitude, semellante ao bacallau, do que se diferencia por unha mancha negra nos dous lados do corpo e a súa coloración gris escura (*Gadus aeglefinus*), (As Figueiras).

coreno. s. m. Cocho ben coidado (Castropol); coleño 1ª acep.

corenta. adx. e s. m. Catro veces dez. // **De corenta *pra* riba *nun* te molles a barriga.** Refrán que recomenda ser prudente cando se es maior.

corentecatro. adx. e s. m. Corenta e catro (Santiso de Abres).

corentecinco. adx. e s. m. Corenta e cinco.

corentedous, corentedúas. adx. e s. m. e f. Corenta máis dous (Santiso de Abres).

corentenove. adx. e s. m. Corenta e nove.

corenteoito. adx. e s. m. Corenta e oito (Santiso de Abres).

corenteseis. adx. e s. m. Corenta e seis.

corentesete. adx. e s. m. Corenta e sete.

corentetrés. adx. e s. m. Corenta máis tres (Santiso de Abres).

corenteún, corenteunha. adx. e s. m. e f. Corenta máis un (Santiso de Abres).

coresma. s. f. Período de corenta días, que na liturxia cristiá, precede á Pascua.

corgo. V. córrago 1ª acep.

coriosidá* → curiosidá.

corioso*, -a → curioso.

corito, -a. V. curito.

corizo. V. chanclo.

corna. s. f. Conxunto dos cornos dun animal, especialmente dos corzos (Eilao, Grandas de Salime). **2.** V. cornín 5ª acep. (Tapia de Casarego). **3.** Molusco gasterópodo, da familia *Triviidae*, con cuncha elíptica, duns doce milímetros de longo, delgada e moi calcificada. A súa coloración é rosada púrpura no dorso, con tres manchas escuras, e pálida por

abaixo (*Trivia monacha*), (Tapia de Casarego).

cornada. s. f. Ferida ou golpe producidos pola punta do corno dun animal.

cornadiza. s. f. Aparello formado por dúas vigas, unha arriba e outra abaixo, e no centro unha serie de barrotes de madeira ou metálicos, que serve para que o gando meta a cabeza entre eles e coma do presebe.

cornal. s. m. Correa do xugo (Allande, Villaión); xoga.

cornamusa. s. f. Parte da embarcación onde se amarra o cabo ou a driza. Normalmente é de madeira ou de ferro e a súa forma parécese a un *T*.

cornamuza. V. cornamusa.

cornapodeiro. V. escornaprudo (A Veiga, Taramundi).

cornapudo. V. escornaprudo.

corneallo. adx. e s. Alcume popular que reciben os habitantes de San Xés (A Pontenova).

corneira. s. f. Saínte do xugo. **2.** Parte que sobresae dos dous lados do cargadeiro dos marcos dunha ventá ou unha porta.

corneta. s. f. Instrumento de vento que se fai con tiras de cortiza que se poñen en espiral facendo un tubo cónico. Nos concellos de Grandas de Salime, El Franco ou Tapia de Casarego tamén se facía con tubos cónicos encaixados uns con outros e unha lingüeta no extremo máis estreito. **2.** Nome común de diversas especies de moluscos gasterópodos pertencentes ao xénero *Nassa*. A súa cuncha é espiral ou oval cónica, con estrutura superficial reticulada con liñas lonxitudinais e transversais, podendo acadar os tres centímetros de lonxitude. A súa color é parda e amarela, con abertura bucal de color branca nacarada. O pé é ancho e o sifón curto (*Nassa sp.*). **3.** Molusco gasterópodo moi primitivo e de tamaño pequeno, con cuncha de forma turbinada, cónica e globosa (*Calliostoma millegrana*), (As Figueiras). **4.** Instrumento musical de vento semellante á trompeta, pero máis pequeno e sen pistóns.

cornetín. s. m. Corneta afinada en si bemol. **2.** Músico que toca este instrumento (Tapia de Casarego).

cornial. s. m. Tira de coiro con que se xoncen os animais ao xugo (Villauril).

corniar. v. Dar cornadas, ferir cos cornos; escornar 5ª acep.

cornín. s. m. Demo. **2.** V. trasno. **3.** Molusco gasterópodo mariño con cuncha pequena de color amarela parda (*Assiminea grayana*), (As Figueiras). **4.** Corno pequeno. **5.** Molusco gasterópodo da familia *Buccinidae*, con cuncha en espiral duns oito a dez centímetros de altura, con abertura á esquerda e color variable, normalmente marrón clara (*Neptunaea contraria*), (As Figueiras).

corniola. s. f. Fungo parasito do centeo e do millo (Allande).

corniquín. V. ermitaño 3ª e 4ª acep. (Ortigueira).

cornisa. V. cornixa.

cornixa. s. f. Elemento arquitectónico saínte, normalmente horizontal e moldeado, que fai de remate do beirado nalgúns edificios, como en certas casas tradicionais.

corno. s. m. Hasta dura e ósea que teñen algúns animais na cabeza. **2.** Antena de certos insectos, artrópodos e moluscos. **3.** Antena dun cosco. **4.** Hasta que se leva atada á cintura e na que se garda entre auga a pedra de cravuñar a gadaña. **5.** Parte curva en forma de corno dalgunhas incres. **6.** Cuncha de molusco gasterópodo ou hasta que empregaban os pescadores como bucina para anunciar a súa chegada ao porto coa pesca para a venda ou para situacións de néboa ou perigo no mar. **7.** No xogo da *patefa*, fendedura encargada de establecer a lonxitude da liña. **8.** Instrumento musical de vento feito cunha hasta de animal ou unha cuncha grande de mar, que se utilizaba por exemplo nas *cinzarradas* ou para espantar os lobos. **9.** Órgano xenital masculino (Os Coutos). **10.** V. cala[1] (Boal, El Franco). **11.** Cume dunha montaña (Vilanova de Ozcos). **12.** V. castelo 1ª acep. **13.** Molusco gasterópodo da familia *Muricidae*, con cuncha grande de color branca pálida ou agrisada, de sete a oito centímetros de altura, con sete a oito voltas de espiral marcadas con liñas. Abertura grande, oval, de bordos lisos e beizo interno curvado cara a dentro (*Buccinum undatum*), (As Figueiras). **14.** Vulto que sae despois dun golpe na cabeza; coque. **15.** Parte aguda dunha peza de pan. **16.** Cuncha de *Charonia rubicunda*; caracola. **17.** pl. V. cruz da barquiñeira. **18.** Cada unha das dúas partes curvas da folla dalgúns tipos de aixadas. **19.** V. barba 8ª acep. (El Franco). **20.** Sifón dos moluscos lamelibranquios. **21.** Cada unha das dúas cordas con que se suxeita o copo dunha rede de arrastre á varanda da embarcación ao recoller a rede para

baleirala a bordo (El Franco). **22.** No xogo da *bolicha*, cada unha das zonas marcadas nas cabezas da raia, onde se caían as bólas dun xogador, este sería o último en tirar (A Veiga). // **Corno de vacaloura.** Pinza deste insecto que se utilizaba como amuleto, xa que se consideraba a cría do unicornio e que tiña poder sobre as mordeduras das cobras. // **Corno *meirín* (*marín*).** Corno que se colgaba no pescozo das vacas para protexelas do mal de ollo. // **Encima de cornos, *palos*.** Refrán que recrimina a inxustiza de quen pretenden que non se disguste quen recibe non só un mal trato senón tamén máis penas. // **Poñer os cornos.** Faltar á fidelidade conxugal. // **Poñer nos cornos da lúa.** Louvar de xeito excesivo. // **Poñerse nos cornos da lúa.** Anoxarse, incomodarse. // **Sendo moda, *asta* un corno.** Dise da persoa que viste con calquera cousa. // **Tocar el corno.** V. cinzarrada.

cornón. adx. e s. (pl. cornois). Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Salvador (Ibias).

cornúa. adx. Aplícase á ovella con cornos.

cornuada. V. cornada.

cornuda. adx. Aplícase á pataca con brotes en forma de pataca máis pequena.

cornudo, -a. adx. Dise do que é enganado pola súa parella por falta de fidelidade conxugal (*Cada cornudo na súa casa*). // **Encima de cornudo, *apaliado*.** Refrán que recrimina a inxustiza de quen tenta que non se desguste quen recibe non só un mal trato senón tamén máis penas. // **Por pouco foi el rei cornudo.** Expresión que se refire á persoa que se vende por pouco diñeiro (Boal).

coro. s. m. Tribuna da igrexa.

coroceiro. s. m. Parte do cabazo onde se botan os carozos do millo. É un corredor interior zarrado ao exterior con doelas. **2.** adx. e s. Alcume popular que dan os habitantes de Santalla de Ozcos e San Martín de Ozcos aos que viven na Mariña eonaviega. **3.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Vilaboa (A Pontenova). **4.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Vilaoudriz (A Pontenova).

corollas. s. m. Ser mitolóxico para meter medo aos nenos; home del saco (Castropol).

corona. s. f. Parte de enriba da cabeza. **2.** Tipo de enxerto. **3.** Parte máis alta do conxunto de pedras calcarias que se poñían nun caleiro para cocer.
Obs. Trátase dun castelanismo.

coronda. s. f. Táboa do hórreo ou *panera* que forma a estrutura vertical da cámara (Allande, Boal, Villaión); corondia. **2.** Fariña que queda arredor da moa do muíño (Boal).

corondia. V. coronda (El Valledor, Navia).

coroza. s. f. Traxe de home ou muller, de palla ou folgueira feito para cando chovía.

corozo. V. carozo 1ª e 2ª acep. **2.** Espiga do millo (Vilanova de Ozcos). // ***Corozo reino*.** A mazaroca que ten os grans vermellos.

corpín. V. corpiño.

corpiño. s. m. Especie de chaleco sen mangas, moi axustado ao peito das mulleres e aberto por diante e pechábase con agulletas. Algúns deles facíanse de pelo de cabra.

corpo. s. m. Parte material dos seres animados. **2.** Organismo humano. **3.** Parte principal de algo. **4.** Parte principal dun *pión*. **5.** Parte principal dunha persoa ou animal exceptuando a cabeza e as extremidades. **6.** Cadáver. **7.** Grosor, consistencia (*Son leiras sin corpo*). // **Achegarse al corpo.** Ser cómodo. // **Corpo aberto.** Relaxación do apéndice xifoides. // **Corpo descansado, *cuartos val*.** Refrán que fala do esforzo, dun xeito de xustificarse por non traballar, de considerar que por traballar máis non vas obter gran cousa, así que é mellor tomar as cousas con calma. // **Corpo que as *fae*, pelello que as paga.** Refrán que alude a que se tratas mal o corpo, a pel tamén se resente (Boal). // **Facer del corpo.** Cagar (Os Ozcos, A Veiga). // **Facer (*fer*) polo corpo.** Coidarse. // ***Fer* de corpo.** Cagar (Tapia de Casarego). // ***Lo* que é *bon pral* corpo, é malo *pral* alma.** Refrán que explica as contradicións entre o terreal e o espiritual. // ***Nun* achegarse a roupa al corpo.** Estar preocupado, nervioso. // ***Nun* cocer el pan nel corpo.** Estar intranquilo, nervioso. // ***Nun* hai corpo que resista.** Expresa desesperación. // ***Nun* saber que *fer* del corpo.** Non ter que facer (Tapia de Casarego). // **Ter mal corpo.** Encontrarse mal.

corpos. s. m. Festa da Eucaristía (El Franco).

corpudo, -a. adx. Que ten corpo grande e forte.

corpulento, -a. V. corpudo.

corra. s. f. Bringa de carballo (Ibias). **2.** Baeta para fregar, secar ou limpar a cociña. **3.** Cacho de trapo posto en forma de círculo que se colocaban enriba da cabeza as mulleres para poñer nela

algunha cousa pesada. Ás veces podía ser de herba, palla ou outros materiais. **4.** Trenza de herba que se pon arredor da meda (Os Ozcos). **5.** Trapo que se tiña no *palanganeiro* para secar as mans (El Franco). **6.** Conxunto de cachos de trapo enrolados en forma circular que se poñía sobre un trobo cando estaba moi cheo para que o *cinceiro* puidese facer curva (San Martín de Ozcos). **7.** Trenza de folgueira que se fai no monte para asar castañas. // **Parecer uha corra.** Estar a roupa moi engurrada.

corrá. V. corriola 1ª e 2ª acep. (Vilanova de Ozcos, A Veiga, Santalla de Ozcos).

corrada. s. f. Espazo diante das casas de labranza, que pode estar zarrado ou non, onde normalmente se bota o cuito, a leña ou se poñen os apeiros de labranza. **2.** Por extensión, conxunto de toxos, pallas etc., que se bota diante da casa e despois de pisado convértese en esterco. **3.** Lugar na ribeira onde se cargaba a ouca para despois subila cunha polea. // **Al que *nun* ten nada, *entérranlo* na *corrada*.** Refrán que explica que a persoa pobre a poden enterrar en calquera sitio por non ser importante.

córrago. s. m. Terreo cheo de lama. **2.** V. córrego (Santalla de Ozcos).

corral. V. traste 8ª acep. (Ortigueira). **2.** V. curral. **3.** Parte lateral dunha rede de boliche que é máis grosa para poder soportar o peso dos peixes capturados.
Obs. Trátase dun castelanismo.

corralada. V. corrada 1ª acep.
Obs. Trátase dun castelanismo.

corre-fontes. s. f. Teta.

corre-montes. s. f. Pata.

correa[1]. s. f. Tira de coiro, que se utiliza en moitos labores, como para atar a la. **2.** No torno, tira de pel de vaca que une os pedais cunha vara verde de castiñeiro. **3.** Cada unha das dúas cordas de coiro que ata as *capelas* ao *pértigo* e a moca (Castropol); estrobo 4ª acep. **4.** V. corriola 4ª acep. (Castropol, Tapia de Casarego, El Franco). **5.** Cinto. **6.** Resistencia. // **Ir *pra baxo* como a correa nel *llume*.** Adelgazar (Boal). **2.** Desmellorar. **3.** Perder poder adquisitivo.

correa[2]. V. corriola 2ª acep. (As Figueiras).

correcho. s. m. Papas en caldo moi claras.

correcido, -a. adx. Que se dobrega e se estende facilmente sen romper (San Martín de Ozcos).

correcto, -a. adx. Conforme a unhas normas. **2.** Educado, considerado. **3.** Forte, san, normalmente referido anos bebés.

corredeira. s. f. Dispositivo de abertura dunha *tuña*, que é unha pequena porta de madeira que se sobe e serve para quitar o gran (El Valledor).

corredizo, -a. adx. Que corre de xeito doado (Castropol). **2.** Dise do nó mariñeiro feito nun cabo, constituído por unha presilla por onde pasa o outro cabo, formándose así unha anela que pode apertarse arredor de algo.

corredoira. s. f. Camiño para carros. **2.** V. corredeira.

corredoiro. V. corredor 1ª acep.

corredor. s. m. Parte interior dun edificio, normalmente da casa, longo e estreito, que serve para comunicar os distintos cuartos. **2.** Balcón cuberto ao longo da fachada dunha casa, hórreo ou *panera*. Normalmente aquí secaban a roupa e algúns froitos. **3.** Parte do cabazo ou do hórreo, que normalmente está cuberta por táboas verticais distanciadas entre si cunha lonxitude precisa para que non entren os paxaros granívoros.

córrego. s. m. Poza de auga onde se mergullaba o liño, o cánabo etc. (San Martín de Ozcos).

correllento, -a. V. correoso (Allande).

corrello. s. m. Corte pequena (Allande, Villaión, Eilao).

correllola. V. corriola 1ª acep. (Allande). **2.** Planta daniña que sobe polos cereais (Allande).

correntada. s. f. Movemento forte da auga dun río na súa desembocadura. **2.** V. auguaxe. **3.** V. fileiro 3ª acep. **4.** Auga de mar con plancto (El Franco).

correntazo. V. fileiro 3ª acep.

corrente. s. f. Movemento ordenado de cargas eléctricas. **2.** adx. Usual. **3.** s. f. Movemento da auga dun río ou do mar, do vento etc.

correntíos. s. m. pl. Líquidos das cortes e da auga da chuvia arrastrada polos camiños (Allande).

correntón, -a. adx. Dise da persoa que lle gusta moito saír (Navia).

correntura. s. f. Cuarta parte dun *celemín*.

correón. s. m. Correa (Allande).

correoso, -a. adx. Que facilmente se dobra, sen consistencia (Allande).

correquetecagas. s. m. Xoguete imaxinario con que se engana aos nenos.

correr. v. Andar con velocidade. **2.** Facer con rapidez. **3.** Pasar a garlopa por unha táboa para alisala. **4.** Peitear o cabelo. **5.** Pasar lixeiramente a prancha para alisar a roupa. **6.** Quitar o frío (*Tá ben pra correr o frío*), (Santalla de Ozcos). **7.** Saír un líquido, brotar (Vilanova de Ozcos). **8.**

Chorar (*Córrenme os ollos*), (Vilanova de Ozcos). **9.** Pasar o tempo. **10.** Circular con rapidez unha noticia, un conto, etc., difundirse. **11.** Mover, escorregar (*Córrelle a aldaba á porta*). **12.** Moverse as estrelas fugaces. **13.** Soprar o vento. **14.** Moverse as nubes polo efecto do vento. **15.** V. enmendar. **16.** Botar (*A min non me corre naide!*). **17.** prnl. Moverse, trasladarse (*Córrete un pouquín máis aló*). **18.** prnl. Exacular. **19.** prnl. Desprazarse, escorregar un obxecto ou varios na cuberta dunha embarcación por un bandazo, un golpe etc. (*Correrse a carga*). // **Así corras como mentes.** Dito que recrimina as persoas que menten. // **Correr coa festa.** Encargarse da organización da festa unha familia de xeito rotativo. // **Correr el *entroiro*.** Levar ás terras de labranza unha longa tea de palla acendida con lume, no tempo de Entroido, para espantar os ratos (Ibias, Santalla de Ozcos). // **Correr el mar.** Axitarse o mar (Coaña). // **Correr el pelo.** Peitear (Vilanova de Ozcos). // **Ir correla.** Ir de festa, divertirse, non facer nada. // **Pouco más dá correr que saltar.** Tanto dá unha cousa coma outra.

correspondencia. s. f. Acción e efecto de corresponder. **2.** Cartas que se envían ou se reciben.

corresponder. v. Tocar. **2.** Agradecer. **3.** prnl. Comunicarse por carta. **4.** prnl. Ter un sentimento recíproco de amor, afecto etc.

corresponsar. v. Dicir un responso por un animal perdido no monte para que apareza.

corretaco. V. molinete.

corretaxe. s. f. Labor de intermediario que realiza o corredor de comercio.

correto*, -a → correcto.

correúdo, -a. adx. Flexible. **2.** Difícil de romper, como a carne cando non se pode partir (Allande).

correuto*, -a → correcto.

corría. V. correa 1ª acep. // **Tirar polas *corrías*.** Facer falar a unha persoa.

corribanda. s. f. Zurra despois de perseguir algo (Allande).

corricán[1]. s. m. Pequeno cordel con que os nenos envolven o *pión* (Navia, Coaña).

corricán[2], -a. adx. Dise da persoa que lle gusta andar sempre dun lado para outro ou na rúa sen facer nada.

corricar. v. Andar dun lugar para outro.

corrida. s. f. Carreira (Navia).

corrido (de). loc. Rapidamente e sen trabucarse, dicir, ler etc., unha cousa.

corriente. adx. Aplícase ao que non é de moi boa calidade.
Obs. Trátase dun castelanismo.

córrigo. V. córrego. // **Al *córrigo*.** Dise cando se leva o liño en feixes para poñelo debaixo da auga uns días antes de preparalo para tecer.

corriola. s. f. Planta herbácea e vivaz da familia das plantaxináceas, de follas radicais, dispostas en roseta e ovais. As súas flores son pequenas, de color amarela verdeal, xuntas nunha espiga e froito en cápsula que contén sementes angulosas. As follas desta planta quentadas, utilizábanse na medicina tradicional para curar as mancaduras (*Plantago major*), (Tapia de Casarego). **2.** Planta herbácea e vivaz da familia das plantaxináceas, de follas radicais, erectas, lanceoladas, con flores verdeais, dispostas nunha espiga oval e sementes lisas (*Plantago lanceolata*). **3.** Alga mariña parda de gran tamaño, con varios extremos ganchudos na base para suxeitarse ao substrato e formada por varias cintas (*Laminaria digitata*). **4.** Alga mariña parda de tonalidade verde escura, que pode acadar os dous metros de lonxitude. O talo cómponse dunha parte basal perenne en forma de copa duns dous centímetros de diámetro e unha parte laminar en forma de cintas ou tiras que se dividen á súa vez noutras cintas (*Himanthalia elongata*), (Coaña, El Franco). **5.** Palabra que se aplica a varias algas mariñas da especie *Laminariacea*. **6.** Rumor, dixomedíxome, calumnia, difamación (Abres).

corrión. s. m. Colar de coiro que se pon aos animais e que ás veces leva chocas. Nas cabalerías ten unha argola que se usa para atalas e no gando vacún unha choca ou *campín*.

corrioso, -a. adx. Dise do que escorrega entre as mans.

corripa. s. f. Construción circular ou elipsoidal que se fai xunto aos castiñeiros, con muros de cachotería e unha pequena porta. Na parte superior dos muros póñense lousas grandes para reforzalos. No seu interior métense os ourizos das castañas para deixalos fermentar, cubertos por ramas e folgueiras, para que os animais non poidan comelas. **2.** Conxunto de ourizos de castañas posto a secar.

corripar. v. Gardar as castañas nunha *corripa*.

corripia. V. corripa 1ª e 2ª acep.

corripo. V. corripa 1ª acep. **2.** Cantidade de ourizos que hai nunha *corripa* para debullalos. **3.** Casa pequena e en mal estado. **4.** V. corrello.

corripúa. adx. Dise da castaña mollada que non se colleu no seu momento.

corriqueiro, -a. adx. Aplícase á persoa que lle gusta viaxar dun lado para outro.

corriudo, -a. adx. Aplícase á masa de pan mal feita. **2.** Aplícase ao que ten consistencia como o que está feito con coiro ou correa.

corrixido, -a. adx. Rectificado.

corrixir. v. Facer unha corrección a algo ou a alguén, rectificar.

corriza. V. corra 3ª acep. (Ibias).

corro. s. m. Conxunto de xente que forma un círculo. **2.** Xogo de nenas que forman un círculo todas collidas da man e que cantan ao mesmo tempo que dan voltas arredor. **3.** Círculo formado por cabalos, eguas cos seus poldros que están no centro para protexelos do lobo coas patas traseiras e o garañón está solto na parte exterior para defendelos. **4.** Cercado ou grupo de animais. **5.** Círculo. **6.** Conxunto de chourizos unidos por un fío e colocados en círculo (Coaña).
Obs. Nalgunhas acepcións trátase dun castelanismo.

corroá. V. corriola 1ª e 2ª acep. (Taramundi, A Veiga).

corrocho. V. carrocho 1ª acep.

corrúa. V. corriola 1ª e 2ª acep. (San Martín de Ozcos).

corta. s. f. Colleita de campos sementados que é axeitada para segala. **2.** Acción de cortar unha árbore. **3.** V. rato[1] 2ª acep. (Tapia de Casarego). **4.** Nome común que se dá a varias especies de roedores, de pequeno tamaño, con corpo e pescozo grosos, e patas e rabo curtos (*Microtus sp.*, *Chionomys sp.*), (A Veiga). **5.** Acción e efecto de castrar unha colmea (Allande).

cortada[1]. s. f. Corte chea de gando.

cortada[2]. s. f. Corte, cortadura. **2.** Ferida producida por un corte.

cortadeira. s. f. Tipo de aixada con folla cuadrangular que serve para cavar a terra. **2.** Coitelo de folla grande e resistente, que o cesteiro utilizaba para fender os cachos de madeira e obter así as bringas. **3.** V. talladeira. **4.** Coitelo curvo para cortar os panais das colmeas (Allande). **5.** Coitela do *picadeiro del toxo*.

cortado, -a. adx. Separado ou dividido por un instrumento cortante. **2.** Dise da persoa que non sabe que dicir nun momento determinado. **3.** s. m. Proceso que fan os ferreiros nas forxas cando dividen unha peza en dous ou máis cachos.

cortadura. s. f. Acción e efecto de cortar. **2.** Ferida producida por unha arma ou obxecto de corte. Na medicina tradicional curábase con tea de araña ou follas de *corriola*. **3.** Fendedura.

cortaduría. s. f. Ferida pequena producida por un corte (A Veiga).

cortaferro. s. m. Instrumento para cortar o ferro en frío ou para picar pedra.

cortaferros. V. cortaferro.

cortafougo. s. m. Camiño ancho que se fai no terreo para que non se propaguen os lumes (Allande).

cortafougos. V. cortafougo (Allande).

cortafrío. V. cortaferro.

cortafriu* → cortafrío.

cortaplumas. s. m. Navalla pequena.

cortar. v. Separar ou dividir algo por medio dun instrumento cortante. **2.** Falar (*Que leves muita tela que cortar*). **3.** prnl. Ferirse cun obxecto cortante. // **Corta *lo* que ve i deixa *lo* que encontra (topa).** Que non corta ben algo, como un coitelo, unha gadaña etc. (As Figueiras, Boal).

corte[1]. s. f. Lugar pechado e cuberto onde se garda o gando, especialmente o vacún, cabalar e mular. Pode estar situada na planta baixa da casa. **2.** Cacho de terra onde se amontoaba a ouca até que podrece, separado doutros con pedras chantadas (Andés). **3.** Cabana (Eilao).

corte[2]. s. m. Acción e efecto de cortar. **2.** Fío dun instrumento cortante como o do coitelo, tesoiras, dunha arma, navalla, ferramenta etc.; filo 2ª acep. **3.** No martelo, parte oposta á *boca*, con forma de cuña vertical ou transversal.

corte[3]. s. f. Audiencia, recibimento (*Nun nos deran corte*), (Castropol).

cortedá. s. f. Brevidade.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

cortegada. V. cortegadura 2ª acep. (Tapia de Casarego).

cortegadura. s. f. Conxunto de cortizas ou de flotadores sintéticos dunha rede de pescar (Tapia de Casarego). **2.** Corda da beira superior dunha rede de pescar onde se enganchan as cortizas (Tapia de Casarego, Ortigueira).

cortella[1]. s. f. Casca dunha árbore. **2.** Coda de pan. **3.** Rebanda de pan. **4.** V. coda 2ª acep. **5.** Tripa, parte exterior dun chourizo. **6.** Parte da superficie dunha terra (Allande).

cortella[2]. s. f. Corte pequena.

cortellar. v. Meter as eguas que están polo monte nunha corte ou nunha *calella* para collelas (Vilanova de Ozcos).

cortello[1]. s. m. Corte pequena, especialmente para ovellas, cabras e cochos. **2.** Cabanón próximo á casa, cuberto de lousa ou palla, para gardar ferramentas, leña etc.

cortello[2]. s. m. Parte exterior do pan. **2.** Cacho de pan duro ou desprezado. **3.** Cacho pequeno de pan.

cortellón, -úa. adx. Con coda dura, especialmente referido ao pan.

corteo. V. cortello[2] 1ª acep.

cortés. adx. Que ten boa educación e delicadeza, fino.

cortexadeira. s. f. Acto de cortexar.

cortexador, -a. adx. O que cortexa ou lle gusta cortexar. **2.** O que ten moitas noivas.

cortexamento. V. cortexo 1ª acep.

cortexar. v. Facer a corte, namorar.

cortexo[1]. s. m. Acción de cortexar. **2.** O noivo e a noiva cando van á igrexa para casar. **3.** Séquito, acompañamento.

cortexo[2]. s. m. Corte pequena; cortello.

corteza. s. f. Casca dalgunhas árbores.
Obs. Trátase dun castelanismo.

cortezo. s. m. Cacho da coda de pan. **2.** Parte exterior do pan; cortello.

cortía. V. cortiña. **2.** Peza de tecido ou doutro material que serve para cubrir unha ventá ou outro sitio, para protexerse da luz ou das miradas de fóra. // ***Cortía* de *baxo*.** Cortiña situada por debaixo da vivenda. // ***Cortía* de riba.** Cortiña situada por enriba da vivenda.

cortín. s. m. (pl. cortíos, cortís). Construción de planta elipsoidal ou excepcionalmente cuadrangular, duns quince metros de diámetro, feita con muros de cachotería e lousas de reforzo na parte de enriba dos muros, e cunha pequena porta para acceder ao centro dela onde se poñen os trobos do mel en ringleiras e en distintas alturas cun xeito descendente. A súa función está en defender o mel dos animais salvaxes. O seu número é importante nos concellos dos Ozcos, Boal, Allande, Ibias, Eilao, Villaión e Grandas de Salime e sendo máis excepcional noutros como Taramundi, Castropol, Coaña e A Veiga. **2.** Por extensión, leira que ten un cortín (Os Ozcos). **3.** V. cortiña (Castropol). // **Cortín dos lobos.** V. couso 1ª acep. (Ibias).

cortina. s. f. Peza de tea colgada para adornar ou resgardar as ventás e as portas.

cortinal. V. cortiña.

cortiña. s. f. Espazo de terra xunto á casa que se usa para cultivar legumes e cereais, para prado ou para ter árbores froiteiras. Ás veces é sinónimo de horto.

cortiñón. s. m. Cortiña grande (Os Coutos).

cortío. V. cortín.

cortión. s. m. Cortiña grande (Pezós).

cortir* → curtir 1ª acep.

cortiza. s. f. Casca dalgunhas árbores. **2.** Cacho de *sofreira* que se usa nas redes e canas de pescar (Abres).

corto*, -a → curtio.

cortúa. s. f. Corte grande (Villaión).

corume* → curume.

corumen* → curume.

coruto* → curuto.

coruxa. V. curuxa. **2.** V. béilara. // **Coruxa papou (papoula)!** Expresa admiración, sorpresa. **2.** Dito que alude que xa é tarde para lamentarse por unha cousa que non se fixo.

coruxelo. s. m. Curuxa pequena (Tapia de Casarego). **2.** V. couxelo (Tapia de Casarego).

corva. s. f. Parte oposta ao xeonllo.

corvadura. s. f. Parte da articulación do brazo oposta ao cóbado (San Martín de Ozcos).

corveldón. V. corvexón.

corvellón. V. corvexón.

corvexón. s. m. Articulación que permite aos animais cuadrúpedes dobrar as patas.
Obs. Trátase dun castelanismo.

corviar. v. Grallar o corvo (San Martín de Ozcos).

corvillón. s. m. Corda que se pon nas patas do mesmo lado aos animais para que non escapen, como normalmente ás vacas cando pacen. **2.** V. corvexón.

corvina. s. f. Peixe acantopterixio, da familia dos esciénidos, que pode alcanzar até os dous metros de lonxitude, de corpo esvelto, fusiforme, algo comprimido, boca moi fendida, con dúas aletas dorsais, maiores que as demais. A súa coloración é gris azulada, aclarándose cara ao abdome. Os bordos das aletas son máis ben pardos, e sobre o corpo presenta reflexos prateados ou dourados. Emite sons abondo fortes (*Johnius regius*), (Tapia de Casarego). **2.** Peixe acantopterixio, da familia dos esciénidos, que pode acadar os cincuenta centímetros de lonxitude, con boca mediana e dentes moi pequenos. A súa coloración é escura con manchas

negras ou azulada sendo o ventre máis claro (*Johnius umbra*).

corvión. V. corvexón (Allande).

corvo[1]. s. m. Ave paseriforme da familia dos córvidos, de gran tamaño, cunha plumaxe negra irisada, coa cabeza cuberta completamente de plumas. O peteiro é groso e negro. Ten o extremo da cola en forma de cuña e unha voz profundamente característica (*Corvus corax*). **2.** Ave paseriforme da familia dos córvidos, que mide uns cincuenta centímetros, de plumaxe negra con aspectos metálicos. O seu voo é lento e regular. É de tamaño máis pequeno que a anterior, co peteiro menos groso e diferénciase especialmente pola voz (*Corvus corone*). **3.** adx. e s. Alcume popular dos habitantes de Abraído (Taramundi). **4.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Lourido (Taramundi). **5.** V. cura 4ª acep. // ***Condo* el corvo vai *pral* mar, vai nevar, *condo* vai *prá* serra, xa non (*nun*) neva.** Refrán que advirte do estado do tempo xa que o corvo foxe da neve. // **Cría corvos i sacáranche os ollos.** Refrán que sinala a ingratitude, e ao desagradecido que paga co mal o ben que lle fixeron, e recomenda ser prudentes á hora de facer favores.

corvo[2], -a. V. curvo 1ª acep. **2.** Dobrado (*El cabalo tía el lombo corvo*).

corvo marín. s. m. Nome común das aves do xénero *Phalacrocorax*, da familia dos falacrocorácidos. Son grandes aves acuáticas, de color escura, algunhas veces con manchas brancas na rexión ventral. O seu peteiro é forte e agudo e os pés teñen unha membrana que cobre os catro dedos. No Eo-Navia temos o *Phalacrocorax carbo* e o *Phalacrocorax aristotelis* (Coaña).

corza. s. f. Nube estratiforme, de forma moi alongada e de color tirando a vermella (Os Ozcos).

corzo. s. m. Mamífero ruminante da familia dos cérvidos, cun tamaño semellante ao dunha cabra, coa pelaxe parda tirando a vermella ou agrisada e unha mancha branca na anca. Os seus cornos só teñen tres puntas. É bastante abundante e moi apreciado como alimento humano (*Capreolus capreolus*). **2.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Neipín (A Pontenova). // **Saltar como un corzo.** Ser moi áxil.

cós. s. m. Corpo superior da camisa da muller que usaba a xente labrega. Era de lenzo caseiro, cun faldrón longo pechado, que era de estopa ou liño e servía de faldra ao mesmo tempo que de camisa.

coscar. v. Pagar (Coaña).

cóscaro, -a. adx. Aplícase ao alimento feito con masa como o pan, a empanada etc., que ten a coda moi cocida. **2.** Dise dos *torreznos* moi fritos (Abres).

coscas. V. celergas (Navia).

cosco. s. m. Nome xenérico que se dá aos moluscos testáceos da clase dos gasterópodos, caracterizados por ter o corpo dentro dunha cuncha, que poden quitar fóra especialmente a cabeza, na que ten a cavidade bucal e dous ou catro tentáculos chamados cornos, nos que teñen os ollos. Entre eles, temos o *Helix aspersa*, *Cepaea nemoralis*, *Cepaea hortensis*, *Theba pisana* etc. **2.** Casca da noz, da abelá, da castaña, do gran etc. (Boal, Eilao, San Martín de Ozcos, Allande, Villaión). // **Patacas en *cosco*.** Patacas cocidas sen pelar (San Martín de Ozcos).

coscorelo. V. cosco 1ª acep. (Taramundi). // ***Coscorelo* de limaco.** Caracol (Taramundi).

coscudo. V. cosco 1ª acep. (Serandías, Navia).

coscurro. V. cosco 1ª acep. (Coaña).

cosecha* → colleita.

cosido, -a. adx. Dise do que se uniu por medio dun fío.

coser. v. Unir unha cousa con outra atravesándoas por medio dun fío que está nunha agulla. // **Coser pra fóra.** Ter unha muller relacións sexuais consideradas ilícitas social ou moralmente.

cosqueiro, -a. s. f. Persoa que levaba o seu posto de mercado en mercado ou de feira en feira (Tapia de Casarego).

costa. s. f. Parte das terras emerxidas en contacto co mar. **2.** Terreo en pendente. **3.** Leira que está en vertical (Os Ozcos). **4.** s. f. pl. Lombo. **5.** Monte costo que normalmente está cerca das aldeas. // **A costa de.** Indica o que supón en traballo, diñeiro, sufrimento etc., unha cousa. // **Ás costas.** Sobre o lombo. **2.** Ao seu cargo. // **Costa a pique.** Costa moi vertical sobre o mar. // **Costa *abaxo* todo vai ben.** Refrán que alude a unha situación favorable. // **Costa alta.** Acantilado (Coaña). // **Costa rasa.** Costa plana. // **Medir a un as costas.** Darlle unha tunda. // **Ter forradas as costas.** Ter moito diñeiro.

costada. s. f. Carga que pode levar un home ao lombo.

costado. s. m. Parte lateral dun corpo. **2.** Costas. **3.** Pulmonía. **4.** Cada unha das caras opostas dun obxecto. **5.** Cada un dos lados do casco dunha embarcación.
costaneiro. V. casqueiro 2ª e 3ª acep.
costapada. s. f. Caída de costado (Allande).
costapela. s. f. Costa pequena (Santalla de Ozcos).
costapía. s. f. Costa pequena (Allande).
costar. v. Ter que pagar un determinado prezo para adquirir unha cousa, valer. **2.** Causar dificultade. // **Costar caro.** Ocasionar importantes inconvenientes a consecuencia dunha cousa. // **Costar ferro i *farina*.** Necesitar moita axuda. **2.** Costar moito traballo unha cousa. // ***Nun* costar uha palabra.** Non molestarse en criticar a alguén (Tapia de Casarego).
costareda. s. f. Camiño moi longo e en costa.
costaredo. V. costareda (Navia). **2.** Terreo costo (Allande).
coste. s. m. Prezo.
costear. v. Navegar unha embarcación cerca da costa.
costedo, -a. V. costo.
costeira. s. f. Temporada de pesca dunha determinada especie. **2.** Por extensión, temporada de colleita dun cultivo. **3.** Táboa lateral dun tronco, que conserva por unha cara a casca da árbore e que é máis ancha por un lado que polo outro. **4.** Ganancia de diñeiro, como a obtida na temporada de pesca. **5.** V. arrimazón (Ortigueira).
costeiro[1]. s. m. Vapor que navega cerca da costa ou entre dous puntos desta. **2.** V. casqueiro 3ª acep. **3.** Embarcación que navega próxima á costa.
costeiro[2], -a. adx. Relativo á costa.
costela. s. f. Cada un dos ósos máis ou menos arqueados que forman as paredes da cavidade torácica, que protexe os pulmóns e o corazón. **2.** Referido ao cocho, conxunto de costelas. **3.** Tira ancha de madeira que se emprega para facer cestas ou cestos, que pode ser de salgueiro, carballo ou castiñeiro. **4.** Caderna dunha embarcación. **5.** Parte dura do cimo do nabo (San Martín de Ozcos). // **Formar costela.** Poñerse algo duro, como un cimo dun nabo. // **Ter uha costela de.** Semellarse a. // **Vaca de media costela.** Tipo de vaca con costela máis pequena que as outras (San Martín de Ozcos).
costelada. s. f. Golpe que se dá coas costelas no chan a causa dunha caída.
costelar. s. m. Conxunto de costelas. **2.** Parte do corpo onde está o conxunto das costelas.
costeleiro. s. m. Conxunto de costelas. **2.** V. costela 3ª acep. (Taramundi).
costella. s. f. Parecido que ten unha persoa aos seus antepasados. **2.** V. costela 1ª, 2ª e 3ª acep. // **El que ten a *llingua* aguda, ten que ter a *costella* dura.** Refrán que indica que quen critica que se ateña despois ás consecuencias de ser criticado con máis dureza. // **Ter ben forrada a *costella*.** Ter moito diñeiro.
costellada. V. costelada. **2.** Celebración onde se comen moitas costelas normalmente asadas á brasa (Allande).
costellar. V. costelar.
costelleiro, -a. V. costeleiro 1ª acep. **2.** s. m. e f. V. costelar 2ª acep. **3.** Pau recto e sen nós que se usa para facer as *costelas* das cestas (Allande, Villaión).
costello. s. m. Noivo (Boal).
costelón. s. m. Lugar no fondo do mar con moitas rochas de xeito alongado (As Figueiras).
costelos. s. m. pl. Conxunto de costelas (Abres).
costía. s. f. Diminutivo de costa.
costión* → cuestión.
costipado* → constipado.
costiquía. s. f. Costa pequena (Boal).
costo, -a. adx. Aplícase ao terreo, terra, lugar etc., en pendente.
costra. s. f. Sucidade.
costrapada. s. f. Caída, golpe, normalmente co lombo para atrás (Boal, Allande).
costrón. V. costra.
costrución* → construción.
costruír* → construír.
costumbre* → costume.
costume. s. m. Hábito ou modo de proceder establecido por un longo uso (Castropol, Tapia de Casarego).
costura. s. f. Acto ou efecto de coser. **2.** Conxunto de puntadas dadas cunha agulla para unir con fío dúas pezas de roupa, coiro etc. **3.** s. f. pl. Conxunto de articulacións do corpo humano. **4.** Unión de dous cabos mediante un trenzado.
costureira. s. f. Muller que cose por oficio. // **Costureira *sin* alferga, é costureira de merda.** V. Costureira sin dedal, cose ben i apreta mal. // **Costureira *sin* alferga, envolve el *dido* con herba.** V. Costureira sin dedal, cose ben i apreta mal. // **Costureira *sin* alferga, mete os dedos entre a merda.** V. Costureira sin dedal, cose ben i apreta mal. //

Costureira *sin* dedal, cose ben i *apreta* mal. Refrán que critica a quen tenta exercer un oficio sen ter os instrumentos axeitados. // **Costureira *sin* dedal, cose pouco i mal.** V. Costureira sin dedal, cose ben i apreta mal. // **Costureira *sin* dedal, uha puntada ben i dúas mal.** V. Costureira sin dedal, cose ben i apreta mal.

costureiro. s. m. Cesto pequeno ou caixa onde se garda o material de costura.

cota[1]. s. m. Parte non cortante dun coitelo, unha navalla, unhas tesoiras, unha gadaña, unha brosa, unha fouce etc. **2.** Por extensión, instrumento cortante vello e gastado como un fouciño, gadaña etc. **3.** Parte traseira dunha aixada ou dunha *garrucha*. **4.** Peza alongada de madeira onde van os dentes do *garabato* (Tapia de Casarego). // **De cota.** De lado.

cota[2]. s. f. Parte proporcional con que cada persoa contribúe para un determinado fin. **2.** Contrato verbal no que un ferreiro se comprometía a reparar de balde as ferramentas doutra persoa a cambio de certos labores agrícolas ou doutro tipo ou cun pagamento con produtos (San Martín de Ozcos).

cotada. s. f. Golpe que se dá coa cota da brosa na cabeza a algúns animais para matalos; cotuada, cotapuada. **2.** Golpe dado con algo na cabeza. **3.** Golpe que se dá coa cota dun instrumento cortante na cabeza.

cotamello. V. cotomelo 1ª acep. (Allande).

cotapada. s. f. Golpe forte que se dá na caluga (Coaña, Villaión, Navia). **2.** Golpe dado coa parte oposta dun instrumento de corte (Navia, Allande, Villaión).

cotapazo. V. cotpada 2ª acep. (Allande).

cotapello. s. m. Terrón (Allande).

cotapelluada. s. f. Golpe (El Franco).

cotapuada. V. cotada 1ª acep.

cotar. V. acotar 1ª acep.

cotarello. s. m. Túmulo (Tapia de Casarego, Allande). **2.** Monte de pouca altura (Allande).

cotarelo. s. m. Monte ou cume de escasa altura (As Figueiras).

cotarro. s. m. Situación. // ***Ferse* amo del cotarro.** Mandar, dirixir.

cote. s. m. Sistema polo que unha casa e un ferreiro quedaban comprometidos durante un ano a que a primeira pagaba ao segundo unha fanega de centeo en agosto, despois da mallega, e o ferreiro quedaba obrigado a ferrar o cabalo da casa e reparar e afiar toda a ferramenta de ferro durante ese ano. No trato non entraban as ferramentas novas, nin a ferraxe das galochas, que se pagaban á parte. O veciño que non tiña cabalería e entraba neste tipo de trato pagaba a metade de gran (Grandas de Salime, San Martín de Ozcos). **2.** Nó sinxelo para atar varas de pesca, cornos de animais, cabos dunha embarcación etc. **3.** Medida que equivalía a un puño pechado que se usaba para medir nos trobos a distancia entre os fustes de arriba e a parte superior do trobo ou os fustes de abaixo e a parte inferior do trobo (Boal, Eilao). **4.** Medida que se usa para a cera que se quita do trobo.

cotear. v. Tropezar.

coteiro, -a. s. m. e f. Persoa que fai ou vende foguetes.

coteno, -a. adx. Mouro (Coaña).

cotexo. V. cotomelo 1ª acep. (Navia).

cotil. V. cota[1] 2ª e 3ª acep.

cotío (a)* → acotío.

cotío (de)* → decotío.

coto[1]. s. m. Terreo acoutado ou tramo de río vedado para a caza ou a pesca etc.
Obs. Trátase dun castelanismo.

coto[2]. s. m. Parte máis alta dunha verza (Pezós). **2.** Nun mollo, parte oposta á espiga (Vilanova de Ozcos). **3.** Talo dunha verza (Santalla de Ozcos). **4.** Talo ou vara dunha hortaliza (San Martín de Ozcos). **5.** Parte que queda na terra despois de cortar unha árbore, unha cana, un talo dunha planta etc. (Santalla de Ozcos). **6.** V. cotoxo 7ª acep. (San Martín de Ozcos). **7.** Talo dun cereal. **8.** V. couce 7ª acep. (Tapia de Casarego).

cotomelada. s. f. Golpe dado cun cotomelo na cabeza; cotomelazo.

cotomelazo. s. m. Golpe dado cun cotomelo.

cotomellada. V. cotomelada.

cotomellazo. V. cotomelazo.

cotomello. V. cotomelo 1ª acep. **2.** Cacho grande de pan (Boal).

cotomelo. s. m. Nó dos dedos, articulacións interfalánxicas cando a man está pechada. **2.** Ás veces, por extensión, óso que sobresae no pé (Castropol).

cotón. s. m. Conxunto de fíos revoltos que se utilizan nos talleres mecánicos para limpar a graxa. **2.** adx. Dise da persoa curta de entendemento (Castropol). **3.** V. coeiro (Ibias).

cotoxo. s. m. Parte da gavela oposta á espiga. **2.** Golpe que dá unha persoa a outra na cabeza cos cotomelos da man. **3.** V. cotomelo 1ª acep. **4.** Parte do tronco dunha árbore que queda unida ao chan despois de cortala (Eilao, San Martín de Ozcos). **5.** Parte que queda despois da

amputación dun cacho de brazo, perna ou de dedo (*Quedoulle el cotoxo*), (San Martín de Ozcos). **6.** V. garabullo 3ª acep. **7.** Parte que queda de rama nunha árbore despois de cortala; coto 6ª acep. **8.** Parte que queda despois de cortar unha planta, como o toxo (San Martín de Ozcos). **9.** Óso do xamón.

cotozo. s. m. Talo duro dunha planta, como o do nabo, verza, millo etc. (A Veiga). **2.** Corazón dunha froita.

cotra. s. f. Sucidade que se forma na pel, nas pezas de vestir ou noutras cousas. **2.** Restos de ramas, bouza, animais mortos etc., que pode levar a auga (Castropol). **3.** Restos que vai botando unha vaca no parto antes de soltar a placenta. **4.** Cousa de pouco valor (*A romana taba feita uha cotra*), (El Franco, Navia). **5.** V. escabezada 1ª acep. (Tapia de Casarego). // **A cotra *unde quera* se bota.** Refrán que alude a que a sucidade pode estar en calquera sitio.

cotrada. s. f. Sucidade, noxo.

cotrelo. s. m. Animal ou persoa cunha pata ou perna curtas**. 2.** Animal ou persoa pequenos e mal feitos (Tapia de Casarego).

cotrolo. V. cotrelo 1ª e 2ª acep.

cotroso, -a. adx. Aplícase á persoa ou cousa sucias. **2.** Agarrado, avaro.

cotrudo, -a. adx. Sucio (Allande).

cotrosón, -úa. V. cotroso 1ª acep.

cotuada. V. cotada 1ª, 2ª e 3ª acep.

cotumelo* → cotomelo 1ª acep.

cotupello, -a. adx. Aplícase ao home e muller pequenos.

coturullo. s. m. Terrón (Allande). **2.** Túmulo (Allande).

couberta* → cuberta 1ª acep.

couce. s. m. Patada que dan as cabalerías con unha ou coas dúas patas traseiras cara a atrás. **2.** Por extensión, patada que dá unha persoa cara a atrás. **3.** Parte oposta nun mollo á espiga da planta de trigo, despois de cortada (Abres). **4.** Parte oposta á punta nas plantas. **5.** Parte baixa e grosa dunha árbore ou dunha planta. **6.** Cota dunha ferramenta cortante. **7.** Extremo dun remo, que é a parte máis estreita onde pon a man o remeiro para poder mover unha embarcación (As Figueiras).

coucear. v. Dar couces. **2.** Responder de xeito pouco amable (Abres).

couceira. s. f. Parte final do intestino do cocho (Tapia de Casarego).

coucela. s. f. Cada unha das dúas pezas de madeira que teñen arriba e abaixo os dous cristais dunha ventá.

coucepín. V. cimpilimpé (Coaña).

coucia. V. polilla 1ª acep. (Os Ozcos).

couciar. v. Xeito de remar (Castropol). **2.** V. coucear 1ª acep.

coucieiro, -a. adx. Dise do animal que acostuma a dar couces.

coucillón. s. m. (pl. coucillois). Cada unha das dúas molduras onde se axusta o eixe do carro para que o *leto* non se vaia para os lados. Están feitos normalmente de madeira de bidueiro. **2.** Parte traseira da cabeza do cocho xunto á orella (Pezós).

coución. (pl. coucios). V. coucillón 1ª acep. (Allande).

coucipado, -a. adx. Dise do que está moi pisado cos pés (*Este tarrén tá todo coucipado*), (Santalla de Ozcos).

coucipar. v. Pisar moito algunha cousa cos pés (Santalla de Ozcos).

coucipín. V. cimpilimpé (Coaña).

coudal* → caudal.

coupín. V. choupín.

couraxego, -a. V. coraxego.

cousa. s. f. Calquera obxecto inanimado. **2.** Asunto. **3.** Figuradamente, órgano xenital feminino ou masculino. **4.** O que non se sabe definir ou non se lembra; couso 3ª acep. // **A cada cousa el *sou* uso i a cada roca el *sou* fuso.** Refrán que indica que convén afacerse aos usos e costumes do lugar onde un viva ou vaia; V. fuso. // **A cousa *nun* che é menos *coel* rabo entre as pernas que *dereto*.** Refrán que se refire a que unha cousa segue a ter moita importancia malia as circunstancias (Villaión). // **As cousas non son como empezan, *sinón* como acaban.** Refrán que alude a que o importante é o resultado final. // **Cada cousa nel sou tempo i os nabos en agosto.** Refrán que indica que en todo se debe ser oportuno, como é o labrego na sementeira do nabo. // **Como (el) que *nun quer* a cousa.** Con disimulo. // ***Condo* a cousa *tá* medio ben, *tá* ben del todo.** Refrán que recomenda non darlle moita importancia ás cousas. // **Cousa vella *nun* é caudal.** Dise cando non paga a pena amañar cousas vellas. // **Cousas de *muitos*, cousas de *naide*.** Refrán que alude a que cando algo é propiedade de moitos ninguén se fai responsable de nada. // **Non hai cousa pequena que non seña *fumenta*.** Que calquera cousa por moi pequena que sexa se se queima sempre bota algo de fume (Santiso de Abres). // ***Nun* deixar cousa con cousa.** Ser desordenado. // ***Nun* dicir cousa con cousa.** Falar con incoherencia. // ***Nun* facer (*fer*) cousa**

con cousa. Non facer nada como ten que ser. // ***Nun* ser pouca cousa.** Ser moito. // **Nunca tal cousa vin.** Non ver unha cousa igual. // **Poñer cousa con cousa.** Ser ordenado. // **Por cousa de.** Co motivo de. // **Ser cousa de pouco.** Dise do que leva pouco tempo ou costa pouco diñeiro facelo.

couselía. V. cousilía.

couseliña. V. cousilía (Os Coutos).

cousellía. V. cousilía (Allande).

cousello. V. couxelo (Boal, Coaña).

couselo. V. couxelo (San Martín de Ozcos).

cousequía. V. cousiquía.

cousía. s. f. Diminutivo de cousa.

cousilía. s. f. Dito que se di para atinalo; adiviña, adiviñanza, cousillía, couselía, couseliña.

cousillía. V. cousilía.

cousiña. s. f. Diminutivo de cousa. **2.** En sentido figurado, acto de facer o amor (Os Coutos).

cousiquía. s. f. Diminutivo de cousa.

couso. s. m. Trampa de tamaño grande con muros de pedra para cazar animais como os lobos ou os osos (Allande, Pezós); calello 1ª acep., cortín dos lobos. **2.** Obxecto de pouca importancia, descoñecido ou indeterminado. **3.** Palabra que se emprega para denominar algo do que non se sabe o seu nome ou non se recorda. **4.** Cousa pequena.

coutar. v. Prohibir a entrada nunha leira a outro. **2.** prnl. Negarse.

coutillón. s. m. Coitela que serve para desbastar a madeira dos zocos ou das galochas.

coutivo, -a. adx. Preso.

couto. s. m. Terra coutada. **2.** Parte dun monte ou río onde só se pode cazar ou pescar en determinados días.

couxela. V. couxelo (Tapia de Casarego).

couxello. V. couxelo (Boal).

couxelo. s. m. Planta herbácea da familia das crasuláceas, de follas radicais, umbilicadas, carnosas e de color verde pálida. O talo mide de vinte a corenta centímetros de altura, con follas escasas e pequenas e flores brancas e numerosas. Vive nos lugares escuros e húmidos, en muros vellos, tellados e penedos. Ten propiedades medicinais, usándose contra tumores das hemorroides, inflamacións, queimaduras, cortaduras e para facer varios xaropes (*Umbilicus rupestris*).

couxigón. s. m. Articulación situada na parte inferior da perna, pola que se poden flexionar e estender as extremidades posteriores nos cuadrúpedes. **2.** Referido a unha persoa, tendón que une o calcaño cos músculos das pernas.

couxiquín (al). loc. Xogo de nenos; á pata coxa, al couzapín.

couz. V. couce 1ª, 3ª, 5ª e 7ª acep. **2.** Parte máis gorda dun pau ou dun mango dunha ferramenta. **3.** Parte máis baixa do talo por onde se sega ou corta unha planta (Boal, Navia). **4.** Parte máis grosa dunha cana de pescar.

couza. V. polilla 1ª acep. (Boal).

couzapín (al). V. couxiquín (al).

cova. s. f. Abertura subterránea, cavidade natural ou artificial na terra. **2.** Parte posterior e superior do pescozo, caluga. **3.** Lugar onde se esconden as troitas nun río. **4.** Gruta natural producida polas ondas do mar nas rochas. **5.** Furado na terra (*Facer covas pra plantar árboles*). **6.** Burato que fan algúns animais para refuxiarse. **7.** V. cama 3ª acep. **8.** Sepultura.

covacha. s. f. Parte posterior e superior do pescozo, oco da caluga; cova 2ª acep. // **Entornar a covacha.** Traballar.

covachada. s. f. Golpe que se dá coa man aberta na covacha.

covado, -a. adx. Baleiro, oco. **2.** s. m. Nunha forxa, acto e resultado de *covar*.

covar. v. Baleirar por dentro un madeiro ou un tronco, para facer a parte interior dunha galocha, un canlón etc. **2.** Baleirar por dentro un cacho de tronco de árbore para facer un trobo das abellas (Santalla de Ozcos). **3.** Nun mazo ou nunha forxa, quitar a unha peza interior ou exteriormente partes metálicas.

covarde. adx. Tímido, apoucado. **2.** Falto de valentía.

covardía. s. f. Falta de valor e ánimo.

covía. s. f. Cova pequena. **2.** V. cama 3ª acep.

covo. s. m. Leira de forma cóncava (Os Ozcos). **2.** Furado profundo. **3.** adx. Baleiro, oco, furado (San Martín de Ozcos).

coxa. s. f. Parte da extremidade inferior que ten o esqueleto formado polo fémur (Boal, San Martín de Ozcos). **2.** Virilla, ingua (Coaña).

coxadizo, -a. adx. Molesto. **2.** Dise da persoa ou neno que son repugnantes para comer.

coxado, -a. adx. Farto.

coxar. v. Fartarse de algo, normalmente dun tipo de comida. **2.** V. coxear 1ª acep. (El Franco, Allande).

coxear. v. Andar coxo. **2.** Moverse un moble mal asentado, por ser unha pata máis longa ou curta que as demais ou estar o chan de xeito desigual.
cóxegas. V. celergas (Santalla de Ozcos).
coxeira. s. f. Mancadura que impide andar ben.
coxén. V. coxeira (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos).
coxera* → coxeira.
coxiar. V. coxear 1ª e 2ª acep.
coxicar. v. Coxear por pouco tempo e lixeiramente sen que se enteren os demais.
coxido. s. m. Erupción na pel. **2.** Substancia velenosa que se pensa que teñen algúns animais na pel como o sapo; coxigo.
coxieira. V. coxeira.
cóxigas. V. celergas (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos).
coxigo. s. m. Substancia tóxica que bota o sapo pola boca para defenderse dos seus inimigos (Eilao); coxido. **2.** Herpes que tradicionalmente se cre producido polo efecto do mexo dos sapos (Villaión).
coxigón. s. m. Coxa de polo, galiña e galo (A Veiga, Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).
coxillo. s. m. Erupción na cara dos nenos que produce comechón; coxido 1ª acep.
coxío* → coxido.
coxo, -a. adx. Que coxea, porque lle falta un pé ou unha perna ou ten unha máis curta que a outra. **2.** Dise do mazo cando está desaxustado e o seu son non é fino. // **Corre coxo, que che é noite.** Por moito que corra unha persoa chegará tarde. // **Coxo con medo, corre lixeiro.** Refrán que alude a que cando se ten medo se foxe rápido dunha situación. // **Saltar al pé coxo.** Saltar cunha soa perna.
cozcar. v. Acariciar (Castropol, Navia). **2.** prnl. Mover unha persoa os ombros e o lombo para refregarse contra a roupa. **3.** prnl. Revirarse, negarse a obedecer (Vilanova de Ozcos). **4.** prnl. Refregarse contra algo ou alguén (Navia). **5.** prnl. Rascar a unha persoa. **6.** prnl. Rascarse un animal contra algo. **7.** prnl. Rascarse unha persoa por ter pulgas, piollos, comechón etc. (Tapia de Casarego). **8.** prnl. Queixarse (Allande).
cózcaras. V. celergas (A Veiga).
cozcorrón. s. m. Golpe que se dá na cabeza cos cotomelos dos dedos.
cozcurro. V. cosco 1ª acep. (Coaña).
cozovella. V. corvo marín.
cozovello. V. corvo marín (El Franco). **2.** Neno pequeno e revoltoso.
cramear* → clamar.
cráneo. V. cranio.
cranio. s. m. Caixa esquelética ou conxunto de ósos que encerran a cavidade ou caixa cranial, que contén e protexe o encéfalo.
crápola* → crápula.
crápula. s. f. Grupo pequeno de xente folgazana, libertina e pouco fiable.
crara* → clara.
craramente* → claramente.
crarén* → clarén.
crarencia* → clarencia.
crariar* → clariar.
crarinete* → clarinete.
craro*, -a → claro.
crase* → clase.
crausurado*, -a → clausurado.
cravadura. s. f. Acción e efecto de cravar.
cravado, -a. adx. Asegurado con cravos.
cravar. v. Introducir un cravo ou outro obxecto agudo noutro corpo cun martelo ou outro obxecto contundente. **2.** Asegurar con cravos unha cousa. **3.** Causar prexuízo a alguén cobrándolle máis do xusto.
cravazón. s. m. Especie de cravo longo coa cabeza a catro augas, que se emprega como adorno nas portas ou nas rodas do carro, no lugar do *bandón*.
cravear. V. cravar.
craveira. s. f. Molde que utiliza o craveiro para facer cravos. **2.** V. forma 1ª acep. (El Valledor).
craveiro. s. m. Persoa que fai cravos.
cravel. V. caravel.
craveleira. V. caraveleira 1ª e 2ª acep.
cravelina. s. f. Planta subleñosa da familia das cariofiláceas, de follas lineares acanaladas e flores solitarias (*Dianthus fimbriatus*).
cravetiar. v. Adornar ou reforzar con cravos algún obxecto.
cravetón. V. garrote 3ª acep.
craviar. v. Facer *tacholas* ou cravos de man. **2.** V. cravar.
cravícula* → clavícula.
cravieira. V. craveira 1ª acep.
cravilla. V. chavilla (Vilarmeirín, Vilar de Cendias).
cravillo. s. m. Cravo moi pequeno.
cravo. s. m. Barra moi delgada de ferro ou aceiro con cabeza e punta afiada. **2.** Na galocha, pezas de ferro que reforzan os talóns e que están en contacto co chan. **3.** Peza de ferro que se pon nos cantos ou nos laterais das rodas do carro. **4.** Tumor que sae ás cabalerías na *cuartilla*

entre o pelo e o casco (San Martín de Ozcos). **5.** Pedra redonda que pecha a bóveda dun caleiro. **6.** Flor do craveiro, que ten forma de cravo, coa cabeza redonda, formada polos pétalos e rodeada de catro puntas de color escura, que se emprega como condimento por ser moi aromático e de sabor acre. // **Comer cravos que lle *día*n.** Comer moito (Boal, Tapia de Casarego). // **Cravo *bitoque*.** Cravo que se usa para suxeitar a roda do carro. // **Cravo cravazón.** V. cravazón. // **Cravo de *ala* de mosca.** Cravo con cabeza de perfil apuntado en forma de á. // **Cravo de botón.** Cravo con cabeza semiesférica. // **Cravo de brocha.** Cravo coa cabeza piramidal ou troncopiramidal. // **Cravo modelo.** Cravo común, redondo ou cadrado, normalmente de aceiro, coa cabeza chá e de lonxitude moi variable. // **Cravo pasante.** V. cravo 4ª acep.

cravuñado, -a. adx. Afiado.

cravuñar. v. Afiar o corte da gadaña, da fouce ou doutra ferramenta cun martelo sobre a incre. **2.** Por extensión, golpear con algo (Castropol).

cravuño. s. m. Conxunto de instrumentos como a incre e o martelo, que se utilizan para cravuñar. **2.** Corte que se lle saca á folla da gadaña, fouciño ou outros obxectos cortantes, mediante golpes dados co martelo no fío, apoiado na incre. **3.** Instrumento de ferro sobre o que se prepara o fouciño co martelo (Villauril). **4.** Calidade do preparado da gadaña. **5.** Acción e efecto de cravuñar.

creador, -a. adx. O que crea.

crear. v. Producir algo de onde non había nada.

creco, -a. adx. Coas pernas tortas (Castropol).

crédito. s. m. Fama, boa reputación dunha persoa.

credo. s. m. Oración que enuncia os artigos da fe cristiá, que fai profesión de fe. // **Pinta que che rezaron mal el credo.** Expresión que se utiliza cando un neno non é formal como se agarda (Boal).

crego. s. m. Cura, sacerdote. **2.** Cura sen parroquia ao seu cargo (Abres). **3.** Peixe osteíctio perciforme, da familia dos tríglidos, que pode medir de vinte e cinco a setenta e cinco centímetros, con corpo alongado e lixeiramente comprimido nos flancos. A cabeza contén unha armadura de placa ósea. A súa coloración é vermella escura con manchas pardas, o ventre é branco e as aletas dorsais e caudais son de color castaña vermella. As peitorais son pardas con partes verdeais na parte de abaixo e arriba con manchas pardas e azuis (*Trigla gurnardus*), (As Figueiras, A Veiga, Tapia de Casarego).

creito* → crédito.

crencia. s. f. Acto e feito de crer.

crenza. V. crencia (Castropol).

crequeñas. s. m. e adx. Home apoucado. // **En *crequeñas*.** Acto de poñerse co corpo dobrado, de xeito que as nádegas descansen nos calcañares.

crer. v. Aceptar como certo algo non demostrado. **2.** Pensar. **3.** Ter fe relixiosa.

crespo, -a. adx. Áspero, seco. **2.** Alterado, irritado.

cresta. s. f. Parte da galocha que usan normalmente as mulleres, situada no medio da parte traseira con forma de varios triángulos unidos e que sobresaen. **2.** Especie de penacho carnoso de color vermella que teñen sobre a cabeza o galo, a galiña e outras aves. **3.** Parte máis alta dunha onda.

crespón. s. m. Tea forte.

creticar* → criticar.

crevuñar* → cravuñar.

cría. s. f. Acción e efecto de criar. **2.** Animal novo que está mamando ou está criándose. // ***Tar* a media cría.** Dise do froito que non madurou (Boal).

criadeira. s. f. Órgano xenital da vaca.

criadeiro. s. m. Lugar onde se crían animais. **2.** Lugar onde se transplantan árbores silvestres ou plantas para que prendan. **3.** adx. Dise do tempo bo para que medren os cultivos.

criado, -a. s. m. e f. Persoa que obtén un soldo traballando nunha casa ou nun campo que non son os seus. // ***Mándalo* i feito (failo) ten un gran criado i al cabo del ano xa lle ten pago.** Refrán que alude á persoa que dá moitas ordes á outra e a fai traballar como un criado de xeito excesivo.

criador. adx. Dise do tempo ou día favorables para que os froitos, a herba etc. se desenvolvan, con calor e humidade.

criador*, -a → creador.

crianza. s. f. Acción e resultado de criar. **2.** Educación. **3.** Nena pequena. // **Ter crianza.** Ter boa educación.

crianzo. s. m. Neno pequeno. **2.** Por extensión, animal cando se está criando.

crianzolo. V. crianzo 1ª acep.

criar. v. Alimentar ou nutrir. **2.** V. crear. **3.** Alimentar un neno a súa mai. **4.** Educar.

5. Alimentar os animais. **6.** Saír algo (*Crioulle un panizo nun dido*), (Allande). **7.** prnl. Medrar, educarse. // **É mellor criar entre mantelas, que non entre costelas.** Refrán que alude a que no parto é mellor que o neno sexa pequeno. // ***Val más* criar entre *mantellas* que entre *costellas*.** V. É mellor criar entre mantelas, que non entre costelas.

criatura. s. f. Neno.

criaturía. s. f. Diminutivo de criatura.

criba. s. f. Cribo de furados máis grandes; cribo 1ª acep. **2.** Acción de cribar.

cribada. s. f. Acción e resultado de cribar.

cribado, -a. adx. Pasado polo cribo para quitar as partes máis gordas dalgúns materiais. **2.** Afuracado.

cribar. v. Limpar de corpos estraños os grans ou sementes pasándoos polo cribo ou criba. **2.** Pasar polo cribo algúns materiais para separar as partes máis pequenas das máis gordas. **3.** prnl. Encherse unha planta de furados feitos por bichos (Santalla de Ozcos).

cribillada. adx. Aplícase á folla do nabo furada.

cribo. s. m. Utensilio de xeito circular con fondo de coiro ou metálico con furados que serve para limpar o gran ou as fabas. Ás veces serve tamén para coar o mel. Distínguese do *bortel* e a peneira porque o fondo de cribar é menos fino. **2.** Peza do muíño que normalmente é unha caixa de madeira alongada, onde se separa o gran do farelo (As Campas).

crica. s. f. Órgano xenital feminino.

cricas. adx. Dise do home apoucado, pouco decidido.

crido, -a. adx. Pensado. **2.** Aceptado como certo. **3.** Que se cre todo o que lle din. // ***Tar* crido de.** Supoñer, pensar.

crima* → clima.

criminal. adx. Aplícase ao que é extraordinario, moi grande, moi bo etc.

crin* → crina.

crina. s. f. Pelo longo, áspero e sedoso, que medra ao longo do pescozo e do rabo dalgúns animais, como o cabalo e o burro. **2.** Guedella. **3.** Pelo sobre a fronte. // **Agarrarse ás crinas.** Pegarse, pelexar. // **Aguantarse ás crinas.** V. terse ás crinas. // **Terse ás crinas.** Facer fronte, enfrontarse. // **Tirarse ás crinas.** V. agarrarse ás crinas.

crine. V. crina (Santalla de Ozcos).

crío, -a. s. m. e f. Neno. **2.** Persoa adulta que actúa como un neno (*Está feito un crío*).

criolo. s. m. Neno pequeno.

criqueiro. adx. Dise do home con poucos ánimos ou que ten medo; medoso (Castropol).

cris* → eclipse.

crisada. adx. Dise da pataca que estivo na superficie da terra sementada dándolle o sol polo que se pon de color tirando a verde (Boal).

crisantemo. s. m. Planta vivaz da familia das compostas, que presenta talos herbáceos ou semileñosos, follas recortadas e tirando a branco polo envés e flores de varias formas, tamaños e colores (excepto o azul). Cultívase nos xardíns e hortas e utilízase especialmente para adornar as sepulturas o día de defuntos (*Chrysanthenum hortorum*).

crisar. v. Quedar cego dun xeito momentáneo polo efecto do sol, da luz, da debilidade etc.

crise* → eclipse.

crisma. s. f. Cabeza. **2.** Sacramento da confirmación.

crismar. v. Golpear na cabeza a alguén ou a un animal (Negueira de Muñiz, El Franco).

cristal. s. m. Vidro terso, incoloro e transparente, moi brillante e composto de sílice, óxido de chumbo e óxido de potasio, utilizado para facer prismas, lentes, en decoración, en diversos elementos dunha construción etc. **2.** Capa de xeo que recobre unha poza.

cristaleira. s. f. Armario con cristais. **2.** Peche ou porta de cristais.

cristalín. s. m. (pl. cristalíos). Diminutivo de cristal.

cristianar. v. Administrar o sacramento do bautismo.

cristiano, -a. adx. Referido ao cristianismo ou algún dos seus principios. **2.** Persoa que profesa o cristianismo. **3.** Persoa. individuo. // **Falar en *cristiano*.** Falar dun xeito comprensible.

cristo. s. m. Imaxe de Cristo. **2.** Alboroto, desorde. **3.** V. farinento[1] (Grandas de Salime). **4.** Ourizo sen castaña dentro (Allande). // **Cristo *ganado*, Cristo papado, Cristo *nun* chega, *pra* medio bocado.** Dise cando se vai gastando o diñeiro á vez que se vai gañando. // **Haber as de cristo.** Producirse unha lea. // **Nin Cristo que *lo* fundou!** Expresión que se usa para negar algo rotundamente. // ***Nun* moverse nin cristo.** Non moverse ninguén. // ***Nun* valer un cristo.** Fraco, delgado. // **Poñerse feito un cristo.** Mancharse, ensuciarse. **2.** Estar desamañado. **3.**

Ferirse. // **Ter un *bon* cristo.** Rifar, producirse un alboroto.
cristolo. V. farinento[1] (Os Ozcos).
criticar. v. Xulgar unha obra, traballo, acción etc. **2.** Facer notar os defectos dunha persoa ou cousa.
crivuñar* → cravuñar 1ª acep.
croar. v. Berrar os corvos.
croca. s. f. Carne das coxas do gando vacún. **2.** Cabeza. **3.** Óso situado no nacemento do rabo no gando vacún. **4.** Muller de cadeira ancha e desproporcionada (Tapia de Casarego). **5.** Extremo inferior do espiñazo nos animais, formado polo cóccix e a última parte do sacro (Castropol).
crocada. s. f. Finura, delicadeza esaxerada, parvada (*Que sempre andas nesas crocadas*), (Castropol).
crocado, -a. V. escrocado 2ª e 3ª acep.
crocar. v. Golpear unha superficie facéndolle un vulto ou un oco.
croio. s. m. Pedra pequena.
croquear. v. Cacarexar a galiña choca.
croqueiro. adx. Dise do home que anda con delicadezas ou finuras (Castropol). **2.** Indeciso (Castropol).
crou, crou! interx. Voz emitida polos sapos e as ras.
cru, -úa. adx. Que está por cocer, por madorecer ou por curtir. **2.** Sen preparar.
cruce. s. m. Punto onde se cruzan dous camiños, pistas etc. **2.** Na roda do carro, táboa pequena naquelas rodas que só levan dúas táboas e un *miolo*. **3.** pl. Pezas do batán (Vilanova de Ozcos). // **Al cruce.** Xeito de tirar no xogo dos *bólos* desde un lado do *tiro* para derrubar o maior número deles. // ***Fer* cruces.** Asustarse.
crucear. v. Facer cruces, normalmente en rituais tradicionais contra as enfermidades.
cruceiro. s. m. Cruz monumental de pedra que se colocaba nos cruces, beiras dos camiños, lindeiros das parroquias ou xunto ás igrexas, formado por unha basa, unha longa columna e unha cruz ou figuras. **2.** Aresta do lousado das construcións onde se xuntan as lousas enganchadas unhas coas outras e sobresaíndo do resto da cubrición. **3.** Pináculo do lousado nos hórreos e *paneras* (Verducedo); queiso, pellozo. **4.** Determinado lugar do camiño onde se pousan os mortos para rezar un responso por eles antes de levalos ao camposanto (Ibias, Tapia de Casarego). **5.** Lugar onde se amontoaban todas as cruces que levaban os defuntos sobre as caixas (Ibias, Negueira de Muñiz). **6.** Cruz que se pon nunha pena xunto a un camiño (Os Coutos). **7.** Pequena construción de pedra, cun furado no medio para poñer un santo, rematada no cume cunha cruz e sendo semellante a un peto de ánimas (Allande).
cruceta. s. f. No muíño, parte que serve para que encaixen o *fuselo* e a moa superior. **2.** Punto no que se cruzan os *aguilois* dun hórreo. **3.** Nunha embarcación, conxunto de barras de madeira ou metal máis ou menos perpendiculares aos mastros no sentido de babor a estribor, que serve para reforzalos descompoñendo o esforzo de cada un dos cables que suxeitan os paus polos costados co obxecto de conseguir que os paus manteñan a súa rixidez, e evitando a curvatura lateral dun pau (Tapia de Casarego). **4.** Cada un dos dous madeiros ou ferros cruzados no interior da estrutura circular dalgúns tipos de áncora (El Franco).
cruciar. v. Atravesar un camiño, unha leira etc. **2.** Unir reprodutores de distintas razas (Allande).
crucifixo. s. m. Imaxe de Cristo crucificado. En determinadas épocas foi tradición poñelo nas escolas, nos concellos e noutros edificios oficiais, ademais das casas onde normalmente colgábase na parede por enriba das camas.
crudo, -a. V. cru. // **Telo *crudo*.** Telo difícil.
Obs. Trátase dun castelanismo.
crueira. V. culeira 8ª acep.
crueldá. s. f. Acto de obter pracer facendo mal ou co sufrimento alleo.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
crumal. s. m. Viga de madeira situada na parte cimeira das *paneras* (Allande). **2.** V. cume 1ª acep. (Allande).
crume. V. cume 1ª acep. (Ponticella, Santalla de Ozcos). **2.** Vértice do lousado dos hórreos (Santalla de Ozcos).
crumen* → cume; crume 1ª e 2ª acep.
cruñar. v. Marcar cun molde gravado.
cruñesa. adx. Dise da espiga que ten algunha ringleira de grans negros (San Martín de Ozcos).
cruño. s. m. Molde gravado para marcar moedas, medallas etc. **2.** Selo, marca, distintivo. **3.** V. marca 2ª acep. // ***Nun conocer* al rei polo *cruño*.** Non ter diñeiro.
cruxía. s. f. Prancha que dá paso de proa á popa nas embarcacións.
cruxido. s. m. Acción e efecto de *cruxir*, estalido.

cruxir. v. Facer ruído algúns corpos cando se refregan uns cos outros, se rompen, se dobran etc.

cruz. s. f. Figura formada por dúas liñas postas de xeito perpendicular, que foi adoptada como símbolo relixioso. Normalmente aparecen pintadas nas portas das casas, cortes e outras construcións. Nos concellos de Ibias e Negueira de Muñiz existía a tradición que nos cruces dos camiños do camposanto se deixasen as cruces dos féretros. Nalgúns camposantos tradicionalmente as cruces facíanse de madeira. Tamén, polo San Xoán, pintábanse cruces en portas ou ventás ou facíanse con ramas de bieiteiro ou oliveira. **2.** Peso, carga, traballo. **3.** Parte do batán feita con dous madeiros atravesados que sosteñen a roda deste mecanismo. **4.** Parte da galocha entre a tapa e o *apreixo*. **5.** Cada unha das dúas pezas de madeira que atravesan o *árbol* dun mazo, de dous metros e medio de longo e que forman parte do rodicio. **6.** Punto onde se cruzan as lousas do tellado. **7.** Figura que se forma entre os ósos da cadeira e o espiñazo nunha vaca. **8.** Figura que forman os dous paus perpendiculares onde fai panca a *vara de tanxer* do barquín da forxa (Santalla de Ozcos). // **Cruz da *barquiñeira*.** Nun mazo, táboa pequena que cruza a viga *barquiñeira* e que ten nos seus extremos unha cadea que se engancha á tapa de cada un dos dous barquíns. // **Cruz da *Caridá*.** Pequena cruz de madeira que tiñan as casas das aldeas para dar de xantar e durmir os mendigos e que se ía levando de casa en casa (Taramundi). // **Cruz da *gamalleira*.** Parte da gramalleira que está enganchada ao aro e sostén a cadea de *eslabois*. // **Cruz dos *cuadrís*.** A unión dos cadrís pola parte de arriba (Os Ozcos). // **Cruz dos *probes*.** V. cruz da caridá (Grandas de Salime). // **Cruz i raia.** Expresión que indica o final dun asunto ou dunha amizade. // **En cruz (a).** Perpendicularmente.

cruzado, -a. adx. Atravesado. **2.** Dise do animal que provén de dúas razas.

cruzar. v. Atravesar un espazo. **2.** Xuntar distintas razas, especialmente de animais. **3.** Poñer en forma de cruz. **4.** Facer unha cruz co altar dunha capela para espantar o nubeiro (Ibias). **5.** prnl. Atoparse con alguén. // **Cruzarlle a un a cara.** Pegarlle.

cu[1]. s. m. Nome da letra q.

cu[2]. s. m. Extremidade do intestino groso, ano. **2.** Parte inferior ou posterior do corpo humano e doutros vertebrados, nádegas. **3.** Parte inferior de calquera cousa, como unha botella, un cesto, unha vasilla, un caldeiro, un vaso, un recipiente, unha caldeira etc. **4.** Parte oposta á punta dun alfinete ou dunha agulla. **5.** Extremo dunha cousa (*Aquí tamos no cu do mundo*), (Abres, San Martín de Ozcos). **6.** Nunha forxa, parte posterior dun barquín. **7.** Parte oposta á punta dunha navalla ou dun coitelo. // **Andar al cu *calente*.** Pedir cousas prestadas. // **Caer de cu.** Caer para atrás. // ***Cáigache* el cu, *nía*!** Expresión que se usa para desexar mal a alguén. // **Cu do barquín.** Traseira do barquín dun mazo. // **Dar el cu ás pegas.** Morrer. // **Deixar co cu al aire.** Deixar a alguén en evidencia. // **De cu *pra* arriba.** Quedar co cu cara a arriba. // **Quen non ten medo, é que non ten cu.** V. Quen ten cu ten medo. // **Quen ten cu ten medo.** Expresión que se utiliza para explicar que todas as persoas no fondo teñen medo dalgunha cousa por moi valentes que parezan. // **Ver el cu i as *cuatro* témporas del ano.** Verlle a unha persoa o cu e todo o demais (San Martín de Ozcos).

cua! interx. Voz que imita o berro do corvo.

cua* → coa.

cúa. V. cuha.

cuada. s. f. Golpe dado no chan co cu (Abres).

cuaderna. s. f. Peza curva dunha embarcación feita de carballo ou de castiñeiro que vai desde a quilla e marca a forma dos costados. // ***Cuaderna maestra*.** *Cuaderna* situada no lugar medio da eslora. É a que nos dá a anchura máxima da embarcación e tamén a súa altura central desde a quilla á futura cuberta superior.

cuadernal. s. m. Aparello formado por unha roldana múltiple para erguer pesos.

cuadra. s. f. pl. Cada unha das catro vigas de madeira que sosteñen a cámara dos hórreos (Os Coutos).

cuadrado, -a. adx. ou s. Figura xeométrica plana, pechada por catro liñas rectas iguais que, nas súas intersección, forman outros tantos ángulos rectos iguais. **2.** adx. Con forma desta figura xeométrica.

cuadrante. s. m. Cada unha das catro partes nos que se consideran divididos o horizonte e a rosa dos ventos, chamadas

primeiro, segundo, terceiro e cuarto, contando desde el norte cara ao leste.

cuadrar. V. cadrar 1ª, 2ª, 3ª, 4ª e 5ª acep. // **Se *cuadra*.** Se cadra. // **El que *cuadra*.** Calquera cousa.

cuadril. (pl. cuadrís). V. cadril.

cuadrilla. s. f. Grupo de persoas que actúan conxuntamente no desempeño de diversas funcións.

cuadrín. s. m. Diminutivo de *cuadro*.

cuadro. s. m. Figura xeométrica cadrada. **2.** Marco que sostén unha pintura, unha lámina etc. **3.** Peza de xeito cadrado.

cual. (pl. cuales, cuais). V. cal[3].

cualesquera. V. cualquera, calquer (Allande, Villaión).

cualidá. s. f. Xeito de ser, bo ou malo, dunha persoa ou cousa.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

cuallada. s. f. Parte sólida do leite callado, requeixo.

cuallado, -a. adx. Dise cando un líquido se solidifica, como o leite, o sangue etc. **2.** Cheo, cuberto. **3.** Sen poder falar, sorprendido (Allande).

cuallar. v. Solidificarse un líquido, especialmente o leite ou o sangue. **2.** Coincidir, facer cadrar dúas cousas. **3.** Quedar ben a roupa, gustar (Tapia de Casarego). **4.** Rimar. **5.** Ir ben un matrimonio, unha amizade etc. (Tapia de Casarego). **6.** Saír os dentes (Allande). **7.** Saír algo, como as flores das árbores (Allande). **8.** Formar a neve unha capa sobre o chan.

cuallo. s. m. Fermento para callar (*cuallar*) un líquido, especialmente o leite dos ruminantes. // **Ter *cuallo*.** Ter poucos escrúpulos unha persoa. **2.** Non dar unha persoa importancia a nada.

cualquer. (pl. cualesquer). V. calquer.

cualquera. (pl. cualesquera). V. calquer.

cualqueira* → calquer.

cualquier* → calquer.

cualquiera* → calquer.

cuando. V. cando. // ***Cuando* el.** Na compaña de.

cuandoquera. V. candoquera.

cuantitas (en). loc. Cando.

cuanto. V. canto[4]. // **En *cuanto*.** Cando, tan pronto como.

cuañadeira* → coañadoira.

cuañado*, -a → coañado.

cuañadoira* → coañadoira.

cuañar* → coañar.

cuardear. v. Marcar cun cordel tintado a falca por onde debe ser serrada.

cuarenta* → corenta.

cuaresma* → coresma.

cuarta. s. f. Medida de capacidade para áridos, cuarta parte dun ferrado. Nas Figueiras (Castropol) era equivalente a 3,5 quilos de cereal e no concello de Vilanova de Ozcos a 6,5 cuartillos. **2.** Medida de capacidade para líquidos, que no concello de Allande era de 12,10 litros e en Eilao e Grandas de Salime a 4,25 litros. **3.** Medida de lonxitude que corresponde á distancia entre o dedo maimiño e o dedo matapiollos cando se estende a man, é dicir, uns 20-21 centímetros; palmo. **4.** Once graos e quince minutos nun compás náutico. // **Cuarta *cuadrada*.** Medida de superficie que en Grandas de Salime equivalía a 0,46 metros. // **Ter dúas cuartas *debaxo* da terra.** Dise da persoa de estatura baixa e de forte carácter (Boal).

cuartal. s. m. Medida de capacidade que equivale a doce quilos (Ibias).

cuartano. s. m. Fulano (San Martín de Ozcos).

cuartarón* → cuarteirón.

cuartear. v. Desfacerse unha pedra en cachos. **2.** Estar a lúa no cuarto crecente ou minguante. **3.** prnl. Fender unha parede.

cuarterón* → cuarteirón.

cuarteiro. s. m. Xarra de madeira con capacidade para dous litros, de dimensión variable, con perforación para verter líquidos, e ás veces con boca e asa.

cuarteirón. s. m. (pl. cuarterois). Cada unha das partes en que está dividido algo. **2.** Paquete dun determinado tipo de tabaco picado. **3.** Vaso que equivalía a un oitavo de litro aproximadamente. **4.** Porción de madeira que se obtén de escachala. **5.** Medida de capacidade que en Grandas de Salime equivalía a 0,14 litros; en Cuantas (Ibias) era a cuarta parte dun cuartillo ou neto. **6.** Medida de peso equivalente a un cuarto de libra.

cuartel. s. m. Edificio onde se aloxan tropas, policía, garda civil etc. **2.** Armazón de táboas con que se pecha a *escotilla* dunha embarcación.

cuarteto. s. m. Conxunto de catro músicos que tocaban nas festas, formado por gaitas, frautas, clarinetes, percusión etc. Foron famosos no Eo-Navia Os Corotos de Cabanas (A Fonsagrada) e Os do Vilar (A Pontenova).

cuartexo. s. m. Cuarto, con carácter despectivo.

cuartía. s. f. Fase da lúa (El Franco). **2.** Medida de capacidade que equivale a tres quilos (Ibias).

cuartiado, -a. adx. Agretado.

cuartiar. v. Zigzaguear, serpear. **2.** Dividir en partes, normalmente en catro. **3.** V. cuartear 1ª, 2ª e 3ª acep. **4.** Dividir en cachos grandes unha res despois de matala. **5.** Abrir, agretarse a madeira, o coiro etc.. **6.** Abrirse gretas nunha terra. // ***Cuartiar*** **a lúa (*Ilúa*).** Estar a lúa no cuarto crecente ou minguante (Boal, Tapia de Casarego, Allande).

cuartillo. s. m. Medida de capacidade para líquidos como a augardente, o aceite, o viño, o leite ou o mel, que nos muíños das Campas (Castropol) correspondía máis ou menos a medio litro por cada sete quilos de moenda. No concello de Grandas de Salime equivalía a 0,57 litros, no de Allande a 0,52 e no de Tapia de Casarego equivalía a un oitavo. Para os concellos de Ibias, Eilao, Grandas de Salime, Pezós e os tres Ozcos empregábase o cuartillo de 16 onzas para a augardente, o aceite ou outros líquidos, e para o leite e outros artigos o cuartillo de 24 onzas. No concello de Navia rexía o cuartillo castelán. **2.** Medida de superficie que no concello de Castropol equivalía a 3 estadais ou 27 varas cadradas (18,8 metros cadrados) e nos concellos de Boal, El Franco e Coaña era igual a 20 onzas. **3.** Medida de capacidade para áridos, que en Villaión era a cuarta parte dun *celemín*.

cuartín. s. m. Habitación pequena.

cuartíos. s. m. pl. Diminutivo de *cuartos* (Navia).

cuarto[1]. s. m. Compartimento dunha casa que se utiliza normalmente para durmir. **2.** Edificio feito no campo destinado na súa parte superior para gardar a colleita e na inferior para poñer o gando. **3.** Sala (Allande). **4.** Casa pequena e de mala calidade (Allande). // **Cuarto de folga.** Cuarto para os visitantes. // **Cuarto de fóra.** Cuarto para durmir, que normalmente era produto dunha ampliación da casa. // **Cuarto dos fargallos.** Cuarto onde se gardan trastos. // **Cuarto grande.** Sala, onde familiares e amigos comían os días de festa. Ás veces tamén se empregaba para durmir. // **Cuarto pequeno.** Pequeno cuarto que ás veces existía nas casas tradicionais con múltiples funcións.

cuarto[2]. s. m. Medida de capacidade. **2.** Pontón. **3.** Cada unha das dúas fases en que a lúa aumenta (cuarto crecente) ou diminúe (cuarto minguante). **4.** adx. (f. cuarta). Que ocupa o lugar número catro. **5.** Cada unha das catro partes iguais en que se divide unha cousa. **6.** Moeda de cobre que equivalía a catro marabedís. // **Cuarto de terra.** Medida de superficie equivalente a 4,75 áreas. // **Poñer en cuartos.** Dividir, cortar en porcións.

cuartón. s. m. (pl. cuartois). Peza de madeira que sostén as táboas do piso. **2.** Viga pequena que vai desde o cabalete até a *padia* no lousado dunha casa. **3.** Calabozo municipal. **4.** Viga pequena de madeira serrada polos catro lados (Abres). **5.** Cada un dos catro pés dereitos das esquinas dun hórreo, entre as vigas e as *padias*, que serven para soster o cume (Vilanova de Ozcos).

cuartos. V. cartos. // ***Cuartos*** **del común,** ***cuartos*** **de ningún.** Refrán que alude a que o que é de todos non é de ninguén.

cuase. V. case.

cuasemente. V. case.

cuasi. V. case.

cuasimente. V. case.

cuatro. V. catro. **2.** V. bolín. // **As *cuatro reglas*.** Sumar, restar, multiplicar e dividir. // **Dicir *cuatro* cousas.** Dicir de fronte o que se pensa dunha persoa ou de algo.

cuatrocentos, -as. adx. e s. m. e f. Catro veces cen.

cuba. s. f. Recipiente con pezas curvas de madeira reforzadas con aros metálicos que normalmente serve para poñer o viño; tonel. **2.** Moble que ten forma de cuba. **3.** No muíño, especie de turbina que serve para aproveitar mellor a forza da auga para que non saia directa e libremente (A Veiga). **4.** Cisterna (*Regan os pardos con esas cubas de surria*). // ***Tar*** **como uha cuba.** Estar borracho.

cubado. s. m. Contido dun cubo ou unha cuba (Ibias). // ***Augua*** **a *cubados*.** Chover moito.

cubano, -a. adx. e s. m. e f. Natural de Cuba. **2.** Pertencente ou relativo a Cuba. **3.** Emigrante que reside en Cuba (Castropol).

cubela. s. f. No *vasadoiro*, peza transversal de madeira que vai unida ao eixe das rodas e onde encaixa de xeito perpendicular a *sacadoira*. **2.** Certo sistema de madeira usado como cadeado na cadea das chalanas (Abres). **3.** Femia do cuco (*Sale o cuco e a cubela*), (Santiso de Abres). **4.** Peza por onde vai o eixe do carro (Villaión).

cubella. V. cubela 1ª acep.

cuberta. s. f. Lousado ou teitado dunha edificación. **2.** Parte de enriba dunha galocha. **3.** Piso dunha embarcación. **4.** pl. Peles normalmente de ovella ou can

que colocadas sobre as *molidas*, serven para protexelas do sol e da chuvia. **5.** pl. Pedras que cobren os trobos (Boal).

cubertería. s. f. Conxunto de cubertos (coitelos, garfos, culleres etc.).

cubertín. V. cuberto 6ª acep.

cubertizo* → cobertizo.

cuberto, -a. adx. Tapado, protexido. **2.** Escondido. **3.** Cheo (*Tá cuberto de toxos*). **4.** Dise do día ou do ceo nubrados. **5.** s. m. Utensilio que se utiliza para comer, xa sexa unha culler, un coitelo ou un garfo. **6.** s. m. Lugar fondo do mar con rochas. **7.** s. m. V. currial.

cubertoira* → cobertoira.

cubete. s. m. Cubo pequeno de madeira (Eilao). **2.** V. dala 2ª acep.

cubeto. s. m. Cubo pequeno (Santalla de Ozcos). **2.** Trobo. **3.** Bocoi.

cubicar. v. Resultar beneficioso un asunto, un negocio etc. **2.** Medir a capacidade de algo, como a madeira das árbores dun monte.

cubicia* → cobicia.

cubiciar* → cobiciar.

cubiciosamente* → cobiciosamente.

cubicioso*, -a → cobicioso.

cubil. s. m. Corte dos cochos. **2.** Estancia pequena sen luz exterior. **3.** Recuncho, lugar para esconderse (*O cuco sale do cubil*), (Santiso de Abres, A Veiga). **4.** Por extensión, lugar onde se cría un animal, como nun niño. // **Ter algo como el cubil.** Ter algo todo feito unha porcallada (*Teis esto como el cubil*).

cubilarse. V. acubilarse (Os Ozcos).

cubilete. s. m. Recipiente de madeira con tapa que pecha ao xirar, usado para levar o engado de pescar as troitas. **2.** Pequeno vaso de madeira ou de coiro para xogar aos dados.

cubilón. s. m. Planta da familia das ericáceas, que pode acadar até os setenta centímetros de altura, con follas pequenas algo coriáceas, lanceoladas e elipsoideas, por un lado de color verde escura e pola outra brancas, e flores de color rosa ou violáceas (*Daboecia polifolia*), (Ibias, Grandas de Salime, Santalla de Ozcos).

cubilote. s. m. Recipiente de madeira con forma de *tina* que serve para lavar a roupa en auga e con cinza (Ibias).

cubixarse* → cobixarse.

cubixo. s. m. Cubil ou corte pequena.

cubo. s. m. Caldeiro onde normalmente se botaba á comida aos cochos. **2.** Especie de embude que había nas casas antigas co que se botaba a comida aos cochos sen baixar á corte (Eilao). **3.** Estanque formado no tramo final da canle dun muíño, con moita pendente para que a auga acumulada poida bater con forza contra as penlas do rodicio (Navia).

cubón. s. m. Cubo grande.

cubrecama. V. sobrecama.

cubremandil. s. m. Nun mazo, taco de madeira que se pon debaixo da *andabarra*, entre esta e a *forca*.

cubrir. v. Tapar unha cousa con outra. **2.** Poñer o lousado a un edificio. **3.** Xuntarse o macho coa femia para fecundala; montar. **4.** Render, ser beneficioso (*Agora cubríanos más comprallas que faellas*), (Boal). **5.** Chegar algo a acadar certo nivel determinado que non é frecuente, como a neve, a auga etc. **6.** prnl. Poñerse un sombreiro, unha pucha etc. **7.** prnl. Taparse o ceo con nubes. // **Cubrirse el corazón.** Sentir temor, ansiedade por un susto, unha sorpresa etc. (Tapia de Casarego).

cuca. s. f. Conxunto de feixes de millo, amontoados en forma cónica. **2.** Zume en estado sólido que sae da casca da cerdeira ou do pexegueiro (*pesegueiro*). **3.** Femia do burro. **4.** Órgano xenital masculino (Navia). // **Levar na *cuca*.** Levar os nenos nos ombros (Eilao).

cucar. v. Dicir algún segredo ao oído. **2.** Imitar o cantar do cuco como fan os nenos para chamarse nalgúns xogos, como nas *escondidas*. **3.** Cantar o cuco (Santalla de Ozcos, Boal, San Martín de Ozcos, Tapia de Casarego, Castropol, Allande, Villaión). **4.** Berrar con burla. **5.** Chamar a alguén (Allande). // **Cucarlle o rabo.** Dar algo xa por perdido (Abres).

cúcara. V. curuxa[2] (Coaña); béilara, béilaro, béillaro, cascarela.

cucaracha* → coca, zarronca.

cucelo. s. m. Diminutivo de cuco.

cucer* → cocer.

cuchar* → cullar.

cuchara* → cullar.

cucharada* → cullarada.

cucharón* → cullarón.

cucia. V. cuzo (Ibias).

cucía* → cocía.

cuciais. s. m. pl. Produtos do horto que se cociñaban e comían frescos. **2.** Alimentos cocidos que se lles dá aos cochos cando son pequenos.

cuciallo. s. m. Restos de leña ou outras cousas (Coaña). **2.** Follas do piñeiro (Navia).

cucieiro*, -a → cociñeiro.

cucín, -ía. s. m. e f. Diminutivo de cuzo.

cucina* → cocía.

cuciña* → cocía.

cuciñar* → cociñar.
cuciñeiro*, -a → cociñeiro.
cuco. s. m. Ave cuculiforme da familia dos cucúlidos, que mide, de xeito aproximado, uns trinta e tres centímetros de lonxitude. A cola é longa e redondeada e as ás agudas. As partes superiores e o pescozo son de color gris azulada e as inferiores, brancas e gris escura. A cola é de color gris lousa, con manchas brancas. As patas son amarelas. Pon os seus ovos nos niños doutras aves, para que estas os incuben (*Cuculus canorus*). **2.** adx. Astuto, listo, intelixente, vivo (*É mui cuco*). // **Cuco de maio.** Cuco 1ª acep. // **Cuco, *cuquelo*, rabo de *escoba*, dime *cuantos* anos hai de aquí á *mía* voda?** Expresión que se pregunta ao cuco para saber os días que lle faltan a unha persoa para casar segundo os cantos que faga o paxaro (Castropol). // **Cuco, *cuquelo*, rabo de *estelo*, *cuantos* anos faltan *pral* meu enterro?** Expresión que se pregunta ao cuco para saber os anos de vida que vai ter unha persoa segundo os cantos que faga o paxaro (Castropol). // **Cuco, *cuquelo*, rabo de *escoba* (*escabelo*), dime cuantos anos hai, de aquí al meu enterro?** Expresión que se pregunta ao cuco para saber os anos de vida que vai ter unha persoa segundo os cantos que faga o paxaro (Castropol). // **Cuco de maio, rabo de *anguila*, *contos* anos me dás, de aquí á *mía* vida?** Expresión que se pregunta ao cuco para saber os anos de vida que vai ter unha persoa segundo os cantos que faga o paxaro (El Franco). // **Cuco de maio, rabo de *escoba*, *contos* anos me dás, de aquí á *mía* voda?** Expresión que se pregunta ao cuco para saber os días que lle faltan a unha persoa para casar segundo os cantos que faga o paxaro. // **Cuco, *recuco*, rabo de *escoba*, *contos* anos me dás de aquí á *mía* voda?** Expresión que se pregunta ao cuco para saber os días que lle faltan a unha persoa para casar segundo os cantos que faga o paxaro (Castropol). // ***Cuquello*, *cuquello*, *contos* anos hai de aquí al meu enterro?** Expresión que se pregunta ao cuco para saber os anos de vida que vai ter unha persoa segundo os cantos que faga o paxaro (Boal). // ***Cuquello*, rabo de *escoba*, *contos* anos me dás *pra faer* á *mía* voda?** Expresión que se pregunta ao cuco para saber os días que lle faltan a unha persoa para casar segundo os cantos que faga o paxaro (Boal). // ***Cuquello*, rabo de *estello*, *contos* anos me dás, de aquí al meu enterro?** Expresión que se pregunta ao cuco para saber os anos de vida que vai ter unha persoa segundo os cantos que faga o paxaro (Boal). // **El cuco i a *rolla* i el *parpallegar* son as tres aves que cruzan (pasan) el mar.** V. Entre marzo i abril tres aves cruzan el mar: el cuco i a rola i el pazpallal. // **Entre marzo i abril, *sal* el cuco del cubil; ou morreu, ou non *quer* vir.** Refrán relacionado coa saída do cuco do niño (Os Ozcos). // **No tempo do cuco, a mañá me mollo e a tarde enxugo.** Refrán meteorolóxico (Abres). // ***Nun* sei se *verá* el cuco.** Dise cando alguén está moi grave.
cudillo. V. codillo.
cueira. s. f. Mancha na roupa na parte do cu. **2.** Remendo nos calzóns na parte do cu (Abres).
cueiro. V. coeiro.
cuel* → coel.
cuenta* → conta.
cuentapeiro*, -a → contapeiro.
cuenteiro*, -a → conteiro.
cuento* → conto.
cuerda* → corda.
cuerdear. v. Facer liñas coa corda chea de colorante nas pezas que se van serrar.
Obs. Trátase dun castelanismo.
cuesco* → peido.
cuestión. s. f. Asunto, tema. **2.** Pregunta. // **Andar en cuestión.** Ter disputas xudiciais.
cuestionar. v. Rifar, ter leas. **2.** Andar con disputas e acordos xudiciais.
cuesto. V. leite cuestro.
cuestro. V. leite cuestro.
cuete. s. m. Artefacto pirotécnico que consta dunha vara pequena, curta e lixeira, á que vai adherido un cartucho de pólvora co que está conectada unha mecha e que se lanza ao aire nas festas ou celebracións ou que se utiliza como sinal de socorro marítimo. **2.** Peido. // ***Cuete* de *candelilla*.** Foguete que fai luces de colores ao estoupar. // ***Cuete* de luz.** Foguete de *candelilla*.
Obs. Trátase dun castelanismo.
cueteiro. s. m. Persoa que fai, vende ou bota foguetes (*cuetes*); coteiro.
Obs. Trátase dun castelanismo.
cuezo. s. m. Recipiente de madeira para levar barro ao lombo. **2.** Pescozo. **3.** Recipiente de madeira para dar alimento ao gando vacún (El Franco).
cuidado. s. m. Acción de coidar. **2.** Atención, esmero. **3.** Temor, medo por algo que poida ocorrer. // **El que ten**

***cuidados nun durme*.** Refrán que alude a que o que está preocupado por unha cousa non descansa até facela.

cuidador, -a. s. m. e f. Persoa que coida a alguén ou algo.

cuidar. v. Gardar, vixiar, estar ao coidado de algo ou alguén. **2.** Pensar, supoñer, imaxinar, crer. **3.** Mirar pola saúde de alguén. **4.** Meditar, reflexionar. **5.** Ter coidado, estar atento (*Cuida que sabe muito*). **6.** Poñer coidado. **7.** prnl. Mirar pola saúde dun mesmo.

cuincidir* → coincidir.

cuita. s. f. Pena, aflición, preocupación. // **As *cuitas allías*, *nun* me quitan durmir.** Refrán que alude a que os problemas ou as penas dos demais non lle importan a unha persoa.

cuitada. s. f. Cantidade de cuito que se bota na terra ou nun prado cando se sementa.

cuitado[1], -a. adx. Cuberto con cuito.

cuitado[2], -a. adx. Aflixido, triste. **2.** apoucado, acovardado.

cuitadura. s. f. Acción e efecto de *cuitar* (Castropol, Coaña). // **Quítamo da *cuitadura*, pero non da aradura.** Refrán que se refire a que se debe arar a terra sempre aínda que non se lle bote cuito (Coaña).

cuitar. v. Botar cuito á terra. **2.** Por extensión, estender coa forcada o cuito dos montóns. **3.** Sacar o cuito. // ***Cuitar* el *cebolín* (*cebollín*).** Morrer.

cuitar* → escuitar.

cuiteiro. s. m. Lugar onde se deposita o cuito.

cuitela. V. coitela.

cuitelada. V. coitelada.

cuitelar. v. Cortar as *costelas* un cesteiro. **2.** Labrar a madeira do *galocho* por fóra (Grandas de Salime).

cuiteleiro. V. coiteleiro.

cuitelín. s. m. Coitelo de folla curta e moi estreita e de mango gordo. // ***Cuitelín* de riscar.** O que se utilizaba para facer os debuxos das galochas (San Martín de Ozcos).

cuitella. V. coitela.

cuitellada. V. coitelada.

cuitello. V. coitelo.

cuitelo. V. coitelo.

cuito. s. m. Excremento animal unido a herbas, toxos etc., que serve de fertilizante para as leiras. // ***Dios* i el cuito poden *muito*, pero pode *más* el cuito.** V. Dios i el cuito poden (fain) muito, pero (pro) sobre todo el cuito. // ***Dios* i el cuito poden *muito*, pero nas terras el cuito.** V. Dios i el cuito poden (fain) muito, pero (pro) sobre todo el cuito. // ***Dios* i el cuito poden (*fain*) *muito*, pero (*pro*) sobre todo el cuito.** Refrán que tenta persuadir os labregos para que non se fíen moito dos rezos a Deus e miren por fertilizar ben as terras con esterco para conseguir boas colleitas.

cul. (pl. cules). V. cu. // **Comer el *cul* as cachas.** Pasar medo. // ***Cul* de cocho.** Nó mariñeiro. // ***Cul* de mal asento.** Persoa que anda dun lado para outro. // ***Cul* de pera.** Variedade de mazá (Boal). // ***Cul* de porco.** Extremo dun chicote cos cordóns desunidos cando se fai un nó mariñeiro de *piña*. **2.** V. piña 5ª acep. // **Dar de *cul*.** Quebrar un negocio (El Franco). // **El que *quera pexes*, que molle el *cul*.** Refrán que alude a que hai que sacrificarse e traballar para conseguir algo. // ***Fer* da boca *cul*.** Non atreverse a dicir nada diante dunha persoa cando anteriormente se criticou (Tapia de Casarego). // ***Nun* caber uha agulla nel *cul*.** Estar nervioso. // **Perder el *cul* correndo.** Ter moita présa. // **Ser un *cul* de sono.** Ser moi durmiñón. // **Ter el *cul* como un pandeiro.** Ter o cu moi grande. // **Ter *llume* nel *cul*.** Estar inquedo. **2.** Coidar que aconteza algo malo (Boal). // **Volverse *coel cul* rapado.** Non conseguir unha cousa que se daba por segura (Tapia de Casarego).

cula. s. f. Bóla de madeira para o xogo da *choca*.

culada. s. f. Golpe dado no chan co cu. **2.** Golpe que dá unha embarcación coa parte posterior na auga.

culapada. V. culada 1ª acep.

culapeiro. V. cacheiro (Allande).

cular. v. No xogo da *choca*, pasar a bóla o límite.

culata. s. f. Parte última do mango da navalla; rabo 15ª acep. **2.** Parte que pecha o carro por atrás (Boal).

culatada. V. culada 2ª acep. (Coaña).

culebreiro. adx. Dise do lugar onde abundan as cobras (Boal).

culebrón. s. m. (pl. culebrois). Ser mitolóxico maligno que representa a unha cobra con pelos (El Franco).

culeira. s. f. Tripa do cu do cocho que se utiliza para facer embutidos. **2.** Parte ou *ladral* traseiro do carro (Boal, Eilao). **3.** Parte dos pantalóns que cobre as cachas. **4.** Remendo na parte traseira dos pantalóns. **5.** Mancha que colle o pantalón ao sentar nalgún lugar sucio. **6.** Parte onde descansa o corpo humano cando senta. **7.** Parte traseira de certos

vehículos, como o tractor. **8.** Parte de enriba dun eirado, oposta ao fondo (Vilanova de Ozcos). **9.** Parte baixa dun palleiro (Allande). // **Quen ten a *culeira* de palla *polla cocía nun* vaia.** Refrán que alude a unha acusación a quen se sente responsable de algo que aconteceu, sen recibir explicitamente o cargo.

culeira* → coleiro.

culeirada. V. culada 1ª acep.

culeiro. s. m. Lugar no que se plantan as sementes; *semilleiro*. **2.** Pano que se lles pon aos bebés no cu para poder limpalos despois. **3.** Peza de roupa interior feminina, braga.

cules. s. m. pl. Resto que queda da pataca despois de botar a semente.

cullar[1]. s. f. (pl. cullares). Utensilio doméstico de madeira, ás veces feito polos torneiros, que consiste nun mango cunha pequena pa cóncava, usada para levar unha parte do contido dun recipiente a outro ou á boca. As máis modernas son normalmente metálicas ou de plástico. // ***Cullar* de cunca.** Cullar con mango máis curto e dobrado que se utilizaba nas cuncas de *tornería*, para poder apañar mellor o que estaba no fondo porque estas eran máis altas.

Obs. Dependendo que se diga ás veces *el cullar* ou *a cullar* márcase unha diferenza de tamaño.

cullar[2]. s. m. Cría da ra; cullarín, cullaría, cullarapo, gullarapo.

cullara. V. cullar.

cullarada. s. f. Contido dunha *cullar*. **2.** *Cullar* chea de algo. **3.** Pequena cantidade de comida. // **Faltar uha *cullarada*.** Non ser moi listo.

cullaradúa. V. cullarada 1ª acep.

cullarapa. V. cullarapo (Navia). **2.** Por extensión, larva de calquera batracio.

cullarapo. s. m. Cría da ra (Eilao, Abres, Allande, Boal, San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos, Tapia de Casarego, Villaión, Navia, A Veiga, Castropol).

cullareiro, -a. s. m. e f. Persoa que facía ou vendía *cullaras*.

cullaría. s. f. *Cullar* pequena. **2.** Cría da ra (Tapia de Casarego, Villaión).

cullarín. s. m. Cría da ra.

cullarón. s. m. *Cullar* grande de madeira.

culler. V. cullar.

culler* → coller.

cullerada. V. cullarada.

cullerín. V. cullarín.

cullón* → collón.

culmía* → colmea.

culmial* → colmial.

culobra. V. colobra (Eilao, Tapia de Casarego, Os Ozcos, Ibias, Allande, Villaión).

culobreiro. V. culobrizo.

culobrizo. adx. Dise do lugar onde hai moitas cobras (Allande).

culón, -oa, -a. adx. (pl. culois). Aplícase á vaca ou ao xato con moita carne na parte das nádegas. **2.** s. m. Cu avultado.

culpa. s. f. Falta máis ou menos grave cometida de xeito voluntario. **2.** Pecado. // **A culpa quedou solteira, *nun* a quixo *naide*.** V. A culpa sempre foi solteira. // **A culpa sempre foi solteira.** Que ninguén quere ter a culpa de algo. // **Por culpa de.** A causa de. // **Quedar a culpa solteira.** Que ninguén ten a culpa. // **Tanta culpa ten el que mata como el que ten (tira) pola pata.** Refrán que explica que o cómplice dun asasinato ten a mesma culpa que o asasino.

cultivar. v. Preparar a terra para que produza plantas.

culuna* → columna.

culundrillo* → colondrillo.

cumal. s. m. Parte de enriba do lousado dos hórreos (Ibias); cume.

cume. s. m. Parte máis elevada do teito ou lousado dunha casa ou doutra construción, normalmente onde se xuntan as vertentes. **2.** Vértice do lousado dos hórreos (Os Coutos).

cumer* → comer.

cumia. s. f. Parasito. **2.** Persoa que vive a expensas doutra. **3.** Sucidade. **4.** Calquera animal prexudicial para os cultivos ou o monte, como as toupas, os vermes, paxaros etc. **5.** Conxunto de peixes pequenos que comen parte das capturas de pesca (El Franco); rumia 2ª acep. **6.** Praga de insectos nun horto ou no campo. **7.** Exceso de impostos e cargas fiscais por parte de certas institucións. **8.** Praga de ratos e outros animais que roen as patacas ou as plantas pola raíz. **9.** Esmola obrigada. **10.** Conxunto de moscas que molestan o gando (Allande). **11.** Cousa pequena (Coaña). **12.** Praga de lobos, raposas etc. (San Martín de Ozcos).

cumicar* → comicar.

cumicento, -a. adx. Aplícase á persoa que se aproveita de todo, ruín.

cumicio. s. m. Proído que se padece nalgunha parte do corpo ou en todo.

cumida* → comida.

cumigo* → comigo.

cumio. V. cume 1ª acep.

cumplido*, -a → cumprido.

cumplidor*, -a → cumpridor.

cumplir* → cumprir.
cumprar* → comprar.
cumpridamente. adv. De xeito satisfactorio. **2.** De xeito atento ou educado.
cumprido, -a. adx. Feito algo de xeito puntual. **2.** Chegado a determinada idade. **3.** Aplícase á persoa educada. **4.** Dise da femia preñada que completou o período de xestación.
cumpridor, -a. adx. Leal, honrado, nobre. **2.** Dise do parente do defunto que bicaba as mans nun funeral (Abres).
cumprimentar. v. Facer a un os debidos cumprimentos ou mostras de cortesía, felicitar, saudar.
cumprimenteiro, -a. adx. O que fai cumprimentos.
cumprimento. s. m. Acto ou efecto de cumprir. **2.** Felicitación. // **Cumprimentos entre soldados, son escusados.** Refrán que indica que entre os que manteñen unha amizade deben tratarse amablemente pero sen formalismos.
cumprir. v. Facer algo puntualmente. **2.** Satisfacer unha obrigación. **3.** Chegar a determinada idade. **4.** Rematar a vaca o período de xestación. **5.** Por extensión, completar a muller o período de xestación. **6.** Facer o ordenado ou o debido por cortesía.
cun. (f. cunha, cuha; pl. cunhos, cus, cuis, cuhos, cunhas, cuhas). Contracción da preposición *con* e do artigo masculino singular *un*.
cuna-varrón. V. varón.
cunca. s. f. Recipiente cóncavo con pé, utilizado para líquidos e que pode ser de madeira, barro, louza ou metal. As de madeira adoitaban ser de pradairo ou de freixo. Antigamente usábase no lugar dos pratos para comer nelas a comida, colléndoas coas mans. // **Cunca patela.** Cunca ou prato de madeira de pouca profundidade (San Martín de Ozcos).
cuncada. s. f. Conxunto de cuncas ou de utensilios de madeira feitos polos torneiros. **2.** Contido ou capacidade dunha cunca. **3.** Cunca chea de algo.
cuncado. s. m. Cunca chea até o bordo. **2.** Capacidade dunha cunca.
cunco. s. m. Cunca pequena sen asas. **2.** V. cunca.
cundir. v. Render.
cuneta. s. f. Gabia aberta aos lados dunha estrada ou camiño para desviar a auga da chuvia.
cunqueiro, -a. s. m. e f. e adx. Persoa que facía ou vendía cuncas e outros utensilios de madeira. Excepcionalmente tamén vendían cacharros de barro. Tiñan dedicación exclusiva a este oficio, organizándose en cuadrillas, traballando polo occidente de Asturias, Castela, Estremadura e Andalucía. Estes torneiros herdaban o instrumental, o torno e as sabedorías dos seus pais. **2.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Il Vau (Ibias), por facer cuncas de madeira e outros utensilios do mesmo material. **3.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes da Estierna (Ibias). **4.** s. m. Alzadeiro para colocar as cuncas, pratos e outros utensilios da cociña. **5.** Fala da zona tixileira (Ibias).
cunquía. s. f. Cunca pequena.
cunquillo. s. m. Pau que serve de illante eléctrico (Ortigueira).
cunsulta* → consulta.
cunsultar* → consultar.
cunta* → conta.
cuntador* → contador.
cuntapero*, -a → contapeiro.
cuntar* → contar.
cuntiqueiro*, -a → contequeiro 1ª acep.
cuña. s. f. Peza de ferro ou madeira con dúas caras e rematada en ángulo agudo que serve de reforzo en construcións ou instrumentos. **2.** No arado, cada unha das dúas cuñas que se poñen onde comunica a *taleirúa* e a lata e entre esta última e a orelleira (Ibias). **3.** Peza que encaixa nas *andabarras* na estrutura dun mazo. **4.** Reforzo de madeira que se pon á *taleirúa* do arado ou do *vasadoiro*. **5.** Treitoira do carro (Vilar de Cendias). **6.** Reforzo de madeira que se pon onde encaixa o eixe do carro co *miolo* da roda (Ibias). **7.** Reforzo que se lle pon ao *tufo* do muíño cando se gasta. Normalmente era de madeira de buxo. **8.** Variedade de enxerto. **9.** Peza de madeira, que ao apertala, sobe a *mesa* do muíño, o rodicio e a moa e deste xeito gradúase a trituración do gran. **10.** Axuda, recomendación en negocios ou preitos (Abres). **11.** Cada unha das pezas de madeira que serven para reforzar varias partes dun batán (Vilanova de Ozcos). **12.** Reforzo de madeira que serve para asegurar na argola dunha gadaña a unión do *estil* coa folla (Vilanova de Ozcos). **13.** Cada un dos reforzos de madeira da cabeza dun mazo. O de arriba chámase *cuñón* e o de embaixo *subarba* (Santalla de Ozcos). **14.** Peza de ferro rematada en ángulo moi agudo que empregaban os canteiros para fender pedras. **15.** Parte metálica que nunha

trompa une a lingüeta co marco. **16.** V. espiche 2ª acep. (Tapia de Casarego, El Franco). // **Cuña de lado.** V. chave 7ª acep. (Santalla de Ozcos). // **Darlle cuña al *molín*.** Facer que mediante unha cuña diminúa a fricción das dúas moas dun muíño para que moa mellor. // ***Nun* hai mellor cuña que a da madeira.** V. Nun hai peor cuña que a del mismo palo. // ***Nun* hai peor cuña que a del *mismo palo*.** Refrán que alude a que normalmente non se levan ben as persoas do mesmo carácter, condición ou oficio. **2.** Advirte que non hai peor inimigo que un familiar, un amigo ou alguén do mesmo oficio.

cuñado, -a. s. m. e f. Cada irmán ou irmá dos que forman o matrimonio con respecto ao outro.

cuño. s. m. Marca da casa que se pon nas navallas. **2.** Calquera marca que se pon nunha cousa.

cuñón. s. m. Cuña de tamaño grande que nos mazos utilizábase cando se fixaba o martelo ao mango.

cupío* → copío.

cupón. s. m. (pl. cupois). Calquera cacho de papel que forma con outros iguais un conxunto do que se pode separar (*Os cupois dos cegos*). **2.** Documento acreditativo do pagamento da cota á seguridade social (*El cupón da agraria*).

cuqueira. V. capeleiro.

cuquelín. V. cuco 1ª acep. **2.** Palabra que se emprega cariñosamente cos nenos pequenos (*Ai!, el meu cuquelín*), (Castropol).

cuquellín. V. cuco 1ª acep.

cuquello. V. cuco 1ª acep. (Boal, Allande).

cuquelo. V. cuco 1ª acep. (San Martín de Ozcos, Castropol).

cura. s. m. Sacerdote católico. **2.** V. crego 2ª e 3ª acep. **3.** s. f. Feito e resultado de curar ou curarse. **4.** s. f. Conxunto de palabras que non se deben dicir nunha embarcación por tabús, crenzas etc. // **Cura que foi *monaguillo*, ben sabe quen bebe o viño.** Refrán que alude a que resulta difícil enganar a quen viviu abondo (Abres). // **Os curas *nun cain* dos *castañeiros*.** Non lle pasa a quen non o fai (Boal).

curadeira. s. f. Acción e resultado de curar.

curandeiro, -a. s. m. e f. Persoa que cura persoas e animais sen ter ningún título oficial.

curandeo. s. m. (pl. curandeos). V. curandeiro.

curado, -a. adx. Secado. **2.** Que recuperou a saúde. **3.** Dise do embutido ou da carne madurados. **4.** Dise do peixe secado ao aire.

curar. v. Secar un froito, a herba, o millo etc. **2.** Madurar un embutido ou unha carne despois de poñelos ao fume para que se conserven máis tempo. **3.** Restablecer ou recuperar a saúde. **4.** Aplicar os remedios para un mal ou unha enfermidade. **5.** Coidar.

curasapo. V. cullarapo (A Veiga, Ibias, Grandas de Salime).

curcuñar. v. Coser mal (Tapia de Casarego).

curcusido* → corcosido.

curda. s. f. Borracheira.

curdeiro* → cordeiro.

curial. adx. Relativo aos curas.

curiar. v. Coidar ou pastorear o gando (Villaión).

curín. s. m. Diminutivo de cura. **2.** Cura novo.

curiosar. v. Poñer algo curioso; acuriosar.

curiosear. v. Ter curiosidade por algo, querer coñecer, interesarse en ver algo etc.

curiosidá. s. f. Interese por saber, coñecer, ver etc. **2.** Limpeza, aseo. **3.** Cousa rara. **4.** Coidado por facer unha cousa ben. **5.** Vicio.

Obs. Trátase dun vulgarismo.

curiosín, -ía. adx. Axeitado.

curioso, -a. adx. Que ten curiosidade. **2.** O que está ben feito ou ben rematado. **3.** Aplícase á persoa de boa presenza. **4.** Limpo, aseado, ordenado. **5.** Aplícase á persoa que ten maña para facer certos traballos coas mans. **6.** Simpático. **7.** Bo (*El tempo tá curioso*). **8.** De certa importancia (*Deuse un golpe curioso*). // **Tar curioso que.** Só faltaba que (*Taría curioso que comesen na casa dos sogros*).

curito, -a. adx. e s. Alcume popular que lles dan os habitantes de El Valledor aos dos concellos de Cangas de Narcea e Tinéu, e aos do Allande oriental. **2.** Alcume popular que se lle dá á muller do Allande oriental por parte dos habitantes de Villaión. **3.** Alcume popular que se lles dá aos habitantes do Allande oriental por parte dos de Grandas de Salime. **4.** Alcume popular que lles dan os habitantes de Ponticella (Villaión) aos da parte da Serra (Allande).

curpial. V. carballo cúrpeo (Allande).

curpio. V. carballo cúrpeo (Os Ozcos, Boal).

currada* → corrada 1ª acep.

curral. s. m. Recinto normalmente pechado que está diante da casa labrega, que

serve para recoller o gando e outros animais domésticos.

currea* → correa 2ª acep.

currer* → correr.

curria* → corra 3ª acep.

curría* → correa 1ª acep.

currial. s. m. Conxunto de algas.

curricán. s. m. Aparello de pesca que consiste nun taco de madeira no que se enrolaban varios metros de cordel, outros tres ou catro de sedal e onde ían unidos os anzois.

curricaneiro. adx. Dise da persoa que lle gusta ir a todas as festas (Castropol).

curriente* → corriente.

currilín. s. m. Diminutivo de curral.

curriola. V. corriola 1ª e 2ª acep. (Tapia de Casarego, Navia). **2.** V. corriola 4ª acep. (El Franco).

curriolo. s. m. Rinchón *apintarado* novo (Tapia de Casarego).

curripa* → corripa.

curripia* → corripa.

curripiar* → corripar.

curripúa* → corripúa.

curro, -a. s. m. e f. Nome común de diversas especies de aves anseriformes da familia dos anátidos e de xeito especial as razas domésticas derivadas principalmente do lavanco. Son de aspecto, forma e tamaño moi variado, pero en xeral con peteiro ancho, corpo redondeado, pescozo e patas curtas e cola redondeada (*Anas sp.*). **2.** Aplícase á persoa elegante sen ser alta nin esvelta. **3.** Cría do pato (Abres). **4.** Ave anseriforme da familia dos anátidos, duns corenta e seis centímetros de lonxitude, de color gris, co peito negro e a cabeza de color castaña. A femia é parda (*Aythya ferina*), (As Figueiras). **5.** Ave anseriforme da familia dos anátidos, que mide uns corenta e oito centímetros de lonxitude, sendo a femia de plumaxe parda escura e o macho totalmente negro (*Melanitta nigra*), (As Figueiras, Coaña).

currucucuco. s. m. Voz que emite a pomba.

currullín. (pl. currullíos). V. currullo 2ª acep.

currullo. s. m. Recanto. **2.** Grupo pequeno de algo, como casas, nenos, árbores, abellas etc. (*Un currullo de abellas*), (Taramundi, San Martín de Ozcos). // **A *currullos*.** Sementado xunto. **2.** Xuntos, unidos (*A currullos poden tar as ovellas*).

curruncho. s. m. Grupo de xente reunida.

currusco. s. m. Cacho de pan frito nunha tixela (Allande).

currusquín, -ía. s. m. e f. Apelativo cariñoso de neno.

currutaco. adx. Dise da persoa pequena de estatura (Navia).

curso. s. m. Ano.

curtiar. V. acurtiar.

curtía* → cortiña, cortía.

curtideira. s. f. Instalación onde se curtían as peles de certos animais.

curtido, -a. adx. Pisado, esmagado (*El estrume taba curtido de pasar por encima cos carros*). **2.** Afeito a algo.

curtidora. V. curtideira.

curtín, -ía. adx. Diminutivo de *curtio*.

curtín* → cortín.

curtiña* → cortiña.

curtiñón* → cortiñón.

curtio, -a. adx. De pouca lonxitude, tamaño, duración etc.

curtío* → cortín.

curtir. v. Preparar peles ou coiros para conservalas. **2.** Torrar, endurecer, como a pel da cara. **3.** Podrecer a parte non fibrosa do liño para separala con máis facilidade despois de meter a planta nunha poza de auga nun período variable de días dependendo da temperatura da auga (Santalla de Ozcos). **4.** prnl. Secar as castañas na *corripa* (Ibias). **5.** prnl. Afacerse a aspectos duros, ao traballo, ao tempo etc.

curto, -a. V. curtio.

curume. s. m. Cabalete do lousado dunha construción. **2.** V. cume 1ª acep. **3.** Parte máis alta dun palleiro (A Veiga).

curumeira. s. f. Cume feito alternando unha lousa de cada vertente na parte de enriba dunha construción; cruceiro.

curumen* → cume 1ª acep.

curuto. s. m. Punto superior da cabeza. **2.** Parte alta dun lugar, como dun monte. **3.** V. cume 1ª acep.

curuxa[1]. s. f. Ave da familia dos estríxidos, duns 34 centímetros de lonxitude, co disco facial en forma de corazón, as ás grandes, a cola pequena e as patas longas con fortes poutas. A plumaxe, abundante, é de color parda dourada manchada nas partes superiores e branca nas inferiores. Os seus ollos son saltóns e o peteiro curvo. É unha ave de rapina nocturna de voo silencioso (*Tyto alba*). **2.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Taramundi.

curuxa[2]. s. f. Prominencia arredondada do carballo que produce como defensa fronte a un parasito que é a larva dunha avespa. Ás veces considérase de maior tamaño que unha *béilara* (Castropol, Eilao); béilara, béilaro, béillaro, cascarela.

curuxeira. s. f. Lugar onde abundan as curuxas (Os Coutos).
curvado, -a. V. curvo 1ª acep.
curvar. v. Poñer curva unha cousa.
curvatón. s. m. (pl. curvatois). Cada unha das catro pezas de madeira do rodicio dun mazo, de forma curvada e sección case cadrada, colocadas entre as *cruces* e sobre as que se introducen as pelas formando a armazón do rodicio. **2.** Cada unha das catro pezas de madeira curvadas da roda dun batán (Vilanova de Ozcos).
curvina. V. corvina 1ª e 2ª acep.
curvo, -a. adx. Que non segue a dirección recta nin forma ángulo. **2.** s. f. Volta dunha estrada ou camiño. **3.** s. f. Liña que non é recta nin composta de liñas rectas.
cus, cus! interx. Voz que se emprega para chamar os cans pequenos.
cus-cus-cus! interx. Voz que se emprega para excitar o touro para que cubra a vaca (Allande).
cuscudo. V. cosco 1ª acep. (Navia).
cusculeiro, -a. adx. Dise da persoa que lle gusta fisgar en distintos sitios (Castropol).
cuscuso. adx. Trapalleiro.
cuspe. s. m. Líquido segregado polas glándulas salivares.
cuspiazo. s. m. Porción de saliva que se cuspe dunha vez.
cuspideira. s. f. Recipiente para cuspir (Coaña).
cuspido, -a. adx. Parecido, case idéntico. **2.** Cheo de cuspe.
cuspiñada. V. cuspiño (Coaña).
cuspiñar. v. Cuspir lixeiramente as mans ou os dedos para coller mellor varios instrumentos ou ferramentas.
cuspiño. s. m. Cuspe que se bota con forza para fóra.
cuspio. V. cuspe.
cuspir. v. Botar cuspe ou outra cousa pola boca. **2.** prnl. Botar mutuamente cuspe entre dúas persoas como sinal de desprezo. // **Cuspir *pra* arriba.** Ser soberbio. // **El que *cuspe* por *cristianos*, beberá *sangre* dos *diabros*.** Refrán que critica a excesiva soberbia e ao mesmo tempo que advirte que é frecuente que reciba o seu castigo. // **El que *cuspe pra riba caille* na cara.** Refrán que recrimina a excesiva soberbia.
cuspuño. V. cuspe.
custar. V. costar 1ª acep. (Ibias).
custión* → cuestión.
custionar* → cuestionar.
custureira* → costureira.
cutelo* → coitelo.
cutiar. V. cuitar 3ª acep. (Ibias).
cutielo* → coitelo.
cutio. V. cuito (Ibias).
cutumelo* → cotomelo.
cuturullo. V. coturullo 1ª e 2ª acep. (Allande).
cux, cux! interx. Voz usada para chamar os xatos (Allande).
cux, quix! interx. Voz usada para excitar sexualmente o touro e a vaca (Allande).
cuxigón. V. mexillón (Tapia de Casarego).
cuxillo. s. m. Irritación dos beizos por febre, catarreiras, gripes etc. (Ibias). **2.** Enfermidade con úlceras por todo o corpo.
cuxío* → coxido.
cuz. s. m. Can (Tapia de Casarego, Castropol, Villaión).
cuz, cuz! interx. Voz usada para chamar os cans.
cuzapelo. s. m. Can pequeno (Grandas de Salime).
cuzapo, -a. s. m. e f. Can pequeno (Allande, Boal, Grandas de Salime, Villaión).
cuzcorrón* → cozcorrón.
cuzcurro. V. cosco 1ª acep. (Coaña).
cuzo, -a. s. m. e f. (pl. cuzos, cucios). Can ou cadela pequenos ou novos. **2.** Por extensión, can ou cadela de calquera idade. **3.** s. f. Antiga moeda de cinco céntimos (Taramundi). **4.** V. corvo marín (El Franco, Coaña). // **Cuza *calente*.** Expresión despectiva que se aplica á muller que está excitada sexualmente.
cuzuallo. V. cuciallo (A Veiga).
cuzuvello* → cozovello.

D

d. s. m. Cuarta letra do alfabeto galego. O seu nome é *de*.
daca. Contracción que significa tráeme ou dáme iso.
dacaballo. adv. Xeito de pescar con dúas lanchas (Boal).
dacabalo. adv. A cabalo, montado sobre. **2.** Por extensión, montado sobre calquera animal, persoa ou cousa.
dacando. V. dacondo.
dacondo. adv. Algunha vez, nalgún tempo ou ocasión; dacando, dacuando. **2.** De cando en vez.
dacuando. V. dacondo.
dádiva. s. f. Regalo, cousa que se dá de balde.
dadiveiro, -a. adx. Aplícase á persoa que lle gusta dar ou regalar cousas.

dado[1]. s. m. Peza cúbica pequena con seis caras cunha puntuación determinada que vai desde o un ao seis ou con letras ou figuras e que se utiliza en varios xogos.

dado[2], -a. adx. Cedido, entregado. **2.** Producido. **3.** Pegado (*Un couce ben dado*). // **Dado i arregazado.** De balde.

dafeito* → a feito.

daiquía. V. daquía.

dala. s. f. Base de pedra ou madeira con acanaladuras, onde se poñía un trobo con tapa que servía para lavar a roupa con auga quente e cinza. **2.** Por extensión, trobo para lavar a roupa.

dáldame! V. déldamo!

dáldamo! V. déldamo! // ***Dáldamo* al dente que come a semente!** Expresión de contrariedade. // ***Dáldamo* al *llabrador* que come a semente!** Expresión de contrariedade ou anoxo. // ***Dáldamo* a ti!** V. déldamo a ti!

dáldemo! V. déldamo!

dalgadeiro*, -a → delgadeiro.

dalgado*, -a → delgado.

dalgo. V. algo.

dalguén. V. alguén.

dalgún. (f. dalgunha, dalguha; pl. dalgús, dalguhos, dalgunhos, dalgúis, dalgunhas, dalguhas). Contracción da preposición *de* e o indefinido *algún*. **2.** indef. Algún (*Meteríase en dalgún sito*). // ***Dalgún* outro.** Algún máis.

dalia[1]. V. dala 1ª acep.

dalia[2]. s. f. Nome común de diversas especies de plantas pertencentes ao xénero *Dahlia*, da familia das compostas, de raíz cilíndrica e tuberosa. Os seus talos son máis ou menos fortes e con ramas, follas opostas e flores de colores moi variadas (*Dahlia sp.*).

dálle-dálle. s. m. Movemento continuo que fan as vacas co rabo ou as patas cando lles molesta algo como as moscas (El Franco).

dallundes. adv. A algún sitio, dalgún sitio, a algunha parte, dalgunha parte, nalgún sitio, nalgunha parte.

dama. s. f. Ser mitolóxico que aparece na noite de San Xoán (24 de xuño) bailando nas fontes e lagos (El Franco, Coaña).

danciar. v. Bailar. **2.** Moverse rapidamente dun lado a outro.

dancita. s. f. Tipo de baile da zona da Mariña eonaviega que se bailaba agarrado.
Obs. Trátase dun castelanismo.

danza. s. f. Acción de bailar. // **Bailar a danza.** Moverse moito alguén ou un animal por recibir unha malleira.

danzadeira. s. f. Acción de correr dun lado para outro.

danzante. s. m. O que baila. **2.** Persoa con pouco xuízo.

danzar. v. Bailar. **danzarín, -a.** s. m. e f. e adx. Bailarín.

danzarico. V. pión 2ª acep. (Allande).

danzón. s. m. Baile cubano, semellante á habanera (El Franco). **2.** Música deste baile.

dañadura. s. f. Carie.
Obs. Trátase dun castelanismo.

dañarego, -a. V. dañino.
Obs. Trátase dun castelanismo.

dañino, -a. adx. Que causa ou pode causar mal.
Obs. Trátase dun castelanismo.

daño. s. m. Calquera mal ou ofensa que se causa ou pode causar.
Obs. Trátase dun castelanismo.

daporondar. V. deporondar.

daqué. indef. Algo, algunha cousa. **2.** s. m. Cousa (*Éche un bon daqué!*).

daquel. (f. daquela, daquella; pl. daqueles, daquelos, daquelas, daquellos, daquellas). Contracción da preposición *de* e o demostrativo *aquel*.

daquela. adv. Naquel tempo. **2.** conx. Nese caso, dese xeito.

daquella. V. daquela.

daquello. V. daquelo.

daquelo. Contracción da preposición *de* e o demostrativo *aquelo*.

daquén. Indefinido que significa alguén ou algún.

daquía. prep. De aquí a, até, fai referencia ao espazo ou ao tempo (*Daquía mañá faltan dúas horas*), (Eilao).

dar. v. Ceder de balde. **2.** Entregar. **3.** Producir (*Esa leira dá muito pan*). **4.** Acertar, atinar. **5.** Conceder. **6.** Causar (*Dáme pena*). **7.** Aumentar. **8.** Deber certa cantidade de diñeiro, pagar (*Que che dou polo vaso de viño?*). **9.** No xogo da corda, suxeitar e xirar a corda as dúas nenas que están nos extremos para que outra salte. **10.** Golpear (*Din na cabeza coel muro*, *Déronlle uha mallega*). **11.** Facer unha muller o acto sexual cun home (*Foi unde llo din a primeira vez al meu home*), (Castropol). **12.** Estar orientado cara a (*El cuartín que dá á palleira*). **13.** Notar a cría na barriga dunha vaca (Allande). **14.** prnl. Estar axeitado un terreo para un determinado cultivo. **15.** prnl. Picar ben as troitas ou outros peixes cando se pesca. **16.** prnl. Parecerse (*Dáse al pai*). // **Dálle que dálle.** Con insistencia. // **Dar ais.** Queixarse. // **Dar asenso.** Asentir. // **Dar atacado (atacada).** Fartar. // **Dar avío.**

Resolver. **2.** Axudar. **3.** Dar feito, dar abasto (*As fábricas nun daban avío con alguhas costeiras*). // **Dar ben.** Subir moito a marea (Tapia de Casarego). // **Dar brosa.** Cortar, como unha árbore (El Franco). // **Dar el *badallo*.** Falar moito. // **Dar (ben) el (al) dente.** Comer. // **Dar el preñado.** Ter as femias os primeiros síntomas de preñez. // **Dar el rabo.** Fuxir, escapar. // **Dar el veo.** Dar manivela a unha máquina. // **Dar con.** Atopar. // **Dar en.** Chegar a un lugar (*Demos coel poblo*). **2.** Empezar, poñerse a. // **Dar en tomar medo.** Asustarse (Castropol). // **Dar máis.** Importar. // **Dar mal.** Desmaiarse, caer. // **Dar na cara.** Pegar (*Quixeron darme na cara*), (Navia). // **Dar nin frío nin calor.** Non molestar nada algo. // **Dar parte.** Denunciar. // **Dar por volver a el.** Volver conseguilo ou atopalo (*Nin o que daría eu por volver a el*), (Taramundi). // **Dar pra *muito*.** Producir, proporcionar en cantidade algo. // **Dar rabia.** Parecer mal, anoxar. // **Dar uha cabezada.** Adormecer. // **Dar un fío.** Serrar unha táboa (San Martín de Ozcos). // **Dar *unde* dole.** Atinar co que se di a unha persoa coa idea de molestala ou desgustala. // **Darse conta.** Decatarse. // **Darse idea de.** Lembrar, recordar. // **De *muito* dar.** Expresión que se refire a aqueles animais que van dar moita carne (Castropol). // **Del *muito* dar vaise el ter.** Refrán que alude a que se se dan moitas cousas remataremos non tendo nada para nós. // **El que dá el (o, *lo*) que ten, a pedir vén.** O que dá o que ten, despois pídeo. // ***Nun* dar feito.** Non ser capaz de rematar un traballo. // ***Nun* lle ter dado.** Non ser o máis axeitado para opinar ou facer algo. // **Por dar, pérdese de ter.** Refrán que alude que se debe ser prudente á hora de dar algo. // ***Pra* dar i tomar.** En abundancia. // **Quen dá *lo* que ten en vida que colla el saco i pida.** Refrán que alude a que non se debe exceder un á hora de dar cousas. // **Tras del dar *veise* el ter.** O que dá moito queda sen nada (Boal). // ***Val más* dar que pedir.** Refrán que aconsella que sexamos xenerosos, aínda tendo pouco. // **Dar + en + infinitivo.** Perífrase verbal que indica coller un costume, comezo dun proceso (*Deu en ir muito*, *Xa din en tocar coas gaitas deles*). // **Dar + por + infinitivo.** Perífrase verbal que expresa comezo dunha acción (*Este mes deolle por chover*). // **Dar + participio.** Perífrase verbal que indica que unha acción tivo remate ou que non se puido rematar, ser capaz de (*Por fin din acabado este traballo*).

darío. V. mógaro de escama 1ª, 2ª e 3ª acep. (Tapia de Casarego).

dársena. s. f. Parte máis resgardada dun porto para a carga e descarga das embarcacións.

dazanove* → dezanove.

dazaoito* → dezaoito.

dazaseis* → dezaseis.

dazasete* → dezasete.

de[1]. s. m. Nome da letra d.

de[2]. prep. Indica posesión (*É de Manuel*). **2.** Indica procedencia (*Veu de Castropol*). **3.** Material do que está feito algo (*Son de metal*). **4.** Contido de algo (*A xarra tá chea de auga*). **5.** Partitivo (*Alí chourizos, dela (de) carne, del de viño*). **6.** Equivalente á preposición *en* (*Tá da ventá*). **7.** Expresión un tanto partitiva (*Facer de comer*). // **De + infinitivo.** Indica valor condicional (*De marchar, non volvas*).

debabar. v. Desexar, ansiar (Allande).

debadoira. V. debanadoira (Santalla de Ozcos, Taramundi).

debagadoiro. s. m. Especie de táboa dentada na parte superior e colocada verticalmente no chan ou fixada nun banco para arrincar do liño a cápsula que ten a semente (Ibias).

debagar. v. Quitar ao liño a cápsula que ten a semente co *debagadoiro*.

debaixo. adv. Nun lugar inferior. // **Debaixo de.** Na parte inferior.

debanadeira. V. debanadoira.

debanadoira. s. f. Armazón de canas ou de listóns de madeira cruzados, que xira arredor dun eixe vertical e fixo nun pé, para que, colocadas neste as madeixas do fiado, se poidan debandar con facilidade.

debanar. v. Enrolar fíos nunha *debanadoira*. **2.** Darlle voltas á cabeza cun asunto.

debaxo. V. debaixo. // ***Debaxo* de.** Na parte inferior.

débeda. s. f. Obriga que se ten de pagar ou reintegrar unha cantidade de cartos a outro (Boal); deuda.

debedor, -a. s. m. e f. O que ten débedas.

debeiro. V. albeiro 1ª e 4ª acep.

debellar. v. Quitar as castañas do ourizo (El Franco); debullar 1ª acep.

deber. v. Estar obrigado a dar ou facer. **2.** s. m. Obrigación, responsabilidade. // **Deber + (de) + infinitivo.** Perífrase verbal que pode indicar suposición ou dúbida (*Debe de ser el día trinta*) ou obrigatoriedade (*Debes darlla*).

debiar. V. debullar 1ª e 2ª acep. (Navia).
debilidá. s. f. Falta de forza ou resistencia. **2.** Preferencia por alguén.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
debillar. V. debullar 1ª acep.
debollo. s. m. Regueiro que se produce cando chove (Coaña, Tapia de Casarego). **2.** Chuvia intensa pero de pouca duración.
debón. s. m. Cacea que se utiliza para pescar robalizas, que ten un engado artificial en forma de peixe rematado nun *grampín*.
deborido, -a. adx. Sufocado, con moita présa.
debrocar. v. Dobrar, como unha espiga co peso do gran ou unha vaca torcer un corno de dar golpes contra unha parede ou outra cousa. **2.** Poñer boca abaixo.
debrullar* → debullar 1ª acep.
debruzarse. v. prnl. Inclinarse cara a adiante sobre algo apoiado nos brazos. **2.** Caer de fociños.
debular. V. debullar 1ª acep.
debullado, -a. adx. Dise do froito que está separado da súa folla, vaíña etc. **2.** Dise do pan esmiuzado. **3.** Aplícase ao millo que lle quitaron os grans da espiga.
debulladora. s. f. Máquina que serve para separar os grans do carozo dos cereais.
debullar. v. Separar as follas, vaíñas ou ourizos dos froitos como as fabas, os garavanzos, as castañas, os ervellos etc. **2.** Separar os grans do carozo nos cereais como o millo. **3.** Esmiuzar o pan no leite. **4.** prnl. Desprenderse a semente dunha árbore ou planta por si mesma (Eilao). **5.** prnl. Desfacerse unha cousa (Boal). // **Debúllote, que te debullo!** Expresión de ameaza.
debuxado, -a. adx. Dise da navalla con motivos decorativos. **2.** s. m. Operación de decorar unha navalla.
debuxar. v. Reproducir un obxecto por medio de trazos. // **Debuxar a navalla.** Decorar con motivos xeométricos, vexetais etc., unha navalla (Taramundi).
debuxo. s. m. Arte de debuxar. **2.** Figura debuxada.
decaer. v. Ir a menos. **2.** Debilitarse. **3.** Baixar a temperatura nun forno (Tapia de Casarego).
decaído, -a. adx. Aplícase á persoa debilitada.
decaier. V. decaer.
decamentado, -a. adx. Advertido, ameazado.
decamentar. v. Advertir, ameazar.
decatarse. v. prnl. Darse conta, advertir.
decembre. s. m. Mes duodécimo do ano. // **Cando en *decembre* vexas nevar, ensancha o graneiro i o pallar.** Refrán que nos indica que cando neva en decembro a colleita que se vai recoller no verán será grande porque as plantas van medrar coa abundancia de auga. Por mor desa colleita precisarase máis sitio para gardar o gran e polo tanto haberá que ensanchar o graneiro e o pallar (Abres).
decenove. V. dezanove.
deceoito. V. dezaoito.
deceseis. V. dezaseis.
decesete. V. dezasete.
decidido, -a. adx. Acordado. **2.** Determinado. **3.** Atrevido.
decidir. v. Tomar unha determinación.
décimo, -a. adx. O que ocupa o lugar dez nunha serie.
decir* → dicir.
decinove. V. dezanove.
decioito. V. dezaoito.
deciseis. V. dezaseis.
decisete. V. dezasete.
decisión. s. f. Determinación, resolución que se toma con respecto a unha cuestión.
declarar. v. Manifestar ou explicar algo. **2.** Aparecer unha enfermidade. **3.** Manifestar ou manifestarse diante dun tribunal. **4.** prnl. Estar unha vaca preñada.
decote. adv. Sempre, continuamente (Taramundi, Os Ozcos).
decotío. adv. A diario, todos os días.
decumentación* → documentación.
decumento* → documento.
decurrido. adx. Dise do terreo seco, que verte as augas.
decurrir. v. Espremer algo até o final, especialmente a roupa para quitarlle a auga ou o leite para que bote o soro.
deda. s. f. Dedo gordo do pé. **2.** Por extensión, dedo do pé.
dedal. s. m. Utensilio metálico de xeito cónico para protexer o dedo cando se cose ou se borda.
dedalexo. s. m. Porción que cabe nun dedal.
dediante. V. diante 1ª acep. (Taramundi).
dedicar. v. Destinar, empregar.
dedil. V. dedal (Navia).
dedo. s. m. Cada unha das partes móbiles en que rematan as mans e os pés do home e de moitos animais. **2.** Medida de lonxitude equivalente ao ancho dun dedo ou a 0,018 metros.
defamado, -a. adx. Que ten fame. **2.** Fraco.
defecto. s. m. Falta dalgunha cousa. **2.** Imperfección. **3.** Erro.

defender. v. Protexer. **2.** prnl. Valerse por si mesmo. **3.** prnl. Achegar elementos ou razóns na defensa de algo. // ***Dios* (*San Antonio*) chas defenda.** Forma de saúdo a unha persoa cando está coidando as vacas.

defensa. s. f. Feito ou resultado de defender ou defenderse. **2.** Cacho de goma dun neumático, de plástico, de estopa etc., que evita os choques ou rozaduras con outra embarcación ou co peirao ao atracar.

deferencia* → diferencia.

deferenciar* → diferenciar.

defeto* → defecto.

defeuto* → defecto.

defumado, -a. V. afumado 1ª acep.

defunto, -a. adx. Morto. **2.** s. m. Finado. **3.** s. m. pl. Primeiro de novembro.

degarido, -a. adx. Ansioso, desexoso, cun apetito moi particular por unha cousa concreta (*Este ano, que nun hai cereixas, andan os nenos degaridos por elas*).

degarirse. v. prnl. Desexar, ansiar cun apetito moi particular unha cousa concreta (Eilao).

degolado, -a. adx. Inclinada a cabeza por cansazo. **2.** Rendido, cansado.

degolar. v. Inclinar a cabeza unha persoa ou un animal por fatiga. **2.** Matar alguén ou un animal cortándolle a gorxa. **3.** Dobrarse a *paolla* do millo cara a abaixo cando este está moi maduro (Santalla de Ozcos). **4.** Dobrar ou cortar case un dedo (*Tráigolo degolando*), (Santalla de Ozcos).

degoldrar. v. Mollar e enxaboar a roupa antes de refregala.

degollar. v. Pasarse do tope a folla dunha navalla.

degorrio. V. demo.

degraar. v. Pasar o tempo (*Vanse degraando os minutos*), (Eilao).

degranar. v. Quitar o gran aos cereais. **2.** Sacar os grans dun froito, como as fabas. **3.** Saír os grans a unha planta. **4.** V. debullar 3ª acep. (Eilao).

degrañar. v. Quitar as patacas antes de tempo porque escasean. **2.** Quitar os grans cedo ou cando aínda están verdes. **3.** Apertar, esmagar. **4.** Poñer algo moi xunto, apertar (*Degrañar uha fornada*).

degresa. V. respigo.

degresca. V. gresca.

degrumar. v. Desfacer as vaíñas dalgúns froitos refregándoas coas mans. **2.** Apertar, esmagar (*Degrumar uha pulga*). **3.** Refregar os ollos. **4.** Refregar unha peza de roupa entre as mans despois de enxaboala (Tapia de Casarego, Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos). **5.** Refregar unha planta entre as mans para que solte as sementes (Santalla de Ozcos). **6.** V. degrañar 4ª acep.

deguello. s. m. Martelo cunha *boca* cortante para cortar o ferro.
Obs. Trátase dun castelanismo.

degurido, -a. adx. Que desexa algo.

deica. prep. De aquí a (Ibias).

deitado, -a. adx. Metido na cama. **2.** Tumbado, inclinado. **3.** Dise da galiña ou doutra ave que está incubando os ovos (Boal, Allande).

deitar. v. Estender horizontalmente. **2.** Meter na cama. **3.** Usar artes de pesca durante a noite no fondo dun río, como as *limaqueira*s ou os *meixois*. **4.** Tirar a auga o froito cando xa está maduro. **5.** Saír ben dun asunto. **6.** Contar con axuda para un asunto concreto. **7.** Poñer unha galiña a incubar ovos. **8.** Inclinar. **9.** prnl. Meterse na cama. **10.** prnl. Inclinarse. **11.** prnl. Facer o acto sexual. // **Ben deitar de.** Grazas a (*Ben deitei de meu irmao*). // **Deitar ben de.** Grazas a, ter sorte. // **Nunca te deitarás, *sin* saber uha cousa máis.** Refrán que alude a que cada día se aprende algo novo. // **O (el) que con nenos se deita, cagado se levanta.** Refrán que alude a que non convén confiar o manexo dos negocios a persoas incapaces, pois seguramente non se terá beneficio ningún (Santiso de Abres, Castropol).

deixadez. v. Preguiza, abandono de si mesmo ou das súas cousas propias (Boal).
Obs. Trátase dun castelanismo.

deixar. v. Soltar unha cousa. **2.** Abandonar. **3.** Dar algo como herdanza. **4.** Despreocuparse. **5.** Permitir, consentir. **6.** Valer (*Plantar patacas, pra que, que deixan?*). **7.** Ameazar (*Deixa que te colla*) **8.** Esperar (*Deixa que veña*). **9.** Facer (*Deixar un furado pra que entre*). **10.** Cesar, parar (*Deixou de chover*). **11.** Emprestar. **12.** Producir beneficios. **13.** Aprazar ou retrasar. // **Deixa que.** Equivale a unha ameaza. // **Deixa ver.** Expresión de dúbida ou de espera por algo para ver que acontece. // **Deixar (*dexar*) vir.** Fermentar o pan (Os Ozcos). // **Deixarse caer.** Chegar sen avisar (Boal). // **Deixarse morrer.** Non querer vivir. **2.** Morrer sen agardalo ninguén. // **Deixarse ver.** Mostrarse (*A ver se se deixa ver algunha vez por San Martín*). // **Non deixar.** Acabar con. // **Deixar + de + infinitivo.** Perífrase verbal terminativa (*Deixou de falar coa vecía*). // **Deixar +**

participio. Construción verbal que serve para matizar.

deixe. s. m. Acento ao falar, entoación peculiar (Taramundi, Tapia de Casarego).

deixo. s. m. Ton.

del[1]. (f. da, pl. dos, das). Contracción da preposición *de* e o artigo masculino singular *el*; do.

del[2]. (f. dela, della; pl. deles, delos, dellos, delas, dellas). Contracción da preposición *de* e o pronome persoal masculino singular *el* (*Apártate del*). **2.** Seu, súa (*A casa del tá alí*).

del[3]. Contracción da preposición *de* e o artigo neutro *el* (*Sabían del que falaban*).

del[4]. (f. dela, della; pl. delos, dellos, deles, delas, dellas; n. delo, dello). Partitivo que indica unha parte do todo, algo de (*Dáme del de pan, Dálle della de manteiga, Dáme del toucín, Teño dela fame, Sobraron delos cuartos, Comín delas xudías, Fía del de frío*). // **Nin tanto nin delo (*dello*).** Nin tanto nin tan pouco.

del[5]. (f. dela, della; pl. delos, dellos, delas, dellas; n. delo, dello). Indef. Algún (*Hai delos que as compran*, *Bótame delas patacas*).

dela. s. f. Xogo de cartas que se fai entre varios xogadores, normalmente mulleres, sen número fixo. Non se dá máis que unha carta e logo pídense as que conveña para chegar ao número quince, sumando os números das cartas recibidas. Co 15 gañase, a non ser que outro xogador teña 15 dun só pau, que se chama *dela*, é dicir, un número, aínda que sexa menor, dun só pau (El Franco, Navia).

delantal. V. dental 1ª acep. (Santalla de Ozcos).

delante* → diante.

delanteira* → dianteiro 2ª e 3ª acep.; V. piqueira 7ª acep.

delanteiro. adx. O que está diante. **2.** adx. Aplícase ao carro que leva máis carga na parte de diante que na de atrás; piqueira 7ª acep. // **Cargar *delanteiro*.** Emborracharse.

Obs. Trátase dun castelanismo.

delantre* → diante.

delantreiro*, -a → dianteiro.

déldamo! interx. Indica admiración, sorpresa, maldición. // ***Déldamo* a ti!** Expresión de contrariedade, admiración ou sorpresa. // ***Déldamo conto*!** Nada. // ***Déldamo* un!** Ningún. **2.** Nada.

déldemo! V. déldamo. // ***Déldemo cuanto*!** Nada (Castropol).

deleitía. s. f. Pracer do espírito e dos sentidos (Tapia de Casarego).

deletriar. v. Pronunciar por separado cada letra ou sílaba. **2.** Adiviñar, interpretar.

delgadeiro, -a. adx. Aplícase á persoa delgada. **2.** Dise do obxecto de aparencia pouco resistente.

delgadiquío, -a. adx. Delgado (Os Ozcos).

delgado, -a. adx. Fraco, de poucas carnes. **2.** De pouco grosor. **3.** Aplícase á tripa do cocho que está ao principio do intestino. **4.** Dise do terreo con pouco fondo (San Martín de Ozcos, Allande).

délgamo! V. déldamo!

delicado, -a. adx. Aplícase á persoa ou animal débiles ou enfermos. **2.** Dise da cousa fácil de romper.

delicagado, -a. adx. Dise da persoa que lle cheira todo.

delincar. V. abanicar 1ª acep. (Ibias).

delirar. v. Desvariar, por febre ou outras causas. **2.** V. barullar 1ª acep.

deliriante. adx. Desvariado (Eilao).

deliriar. V. delirar.

delirio. s. m. Acción de delirar, delirio. **2.** Paixón esaxerada por algo ou alguén. **3.** Preocupación.

dellergas. V. celergas (Boal).

delletriar. V. deletriar.

dellicado, -a. V. delicado 1ª acep.

delliriar. V. delirar.

dellirio. V. delirio.

delocado, -a. adx. Aplícase cando a espiga de millo caeu para baixo e seca. **2.** Dise do óso ou da parte do corpo que saíron do seu sitio.

delocar. v. Saír do seu sitio un óso ou unha parte do corpo.

deloncela. V. donicela (Ibias).

delustrado, -a. adx. Que perdeu a color.

demaes* → demais.

demagutar. V. debullar 1ª acep.

demais. Indefinido que se emprega referido a cousas ou persoas, tanto como adxectivo ou substantivo. // **El demais.** Así e todo. // **Ao demais.** Pero (Taramundi). // ***Lo* demais.** O resto, o outro. // **Os (as) demais.** Os outros, o que resta. // **Polo demais.** Polo que fai relación a outras consideracións. // **Por demais.** Excesivamente.

demanda. s. f. Defensa.

demandar. v. Reclamar unha cousa a alguén por medio da xustiza.

demandadeiro, -a. s. m. e f. Persoa que fai recados para unha casa sen ser dela.

demás. V. demais.

demasiado, -a. adx. Que ten exceso. **2.** adv. Máis do debido.

demo[1]. s. m. Espírito malo e ruín. **2.** Ser mitolóxico, normalmente de carácter negativo, do que se protexía poñendo

enriba dos trobos queixadas de burra ou xabaril (Os Ozcos) ou ao que se lle atribuía a construción de pontes (como a do Ourubio) ou o invento da serra. **3.** Persoa astuta, inqueda, aínda que normalmente se aplica aos nenos. **4.** Persoa rebelde. **5.** Ser, segundo a teoloxía cristiá, desterrado da presenza de Deus pola súa rebeldía, que vive no inferno e fomenta o mal. **6.** Persoa mala. // **Al demo!** Exclamación que indica impaciencia ou enfado contra algo ou alguén. // **Así paga el demo a quen *lo sirve*.** Refrán que se utiliza cando unha persoa fai un favor a outra e logo desprézaa (Tapia de Casarego). // **Cagar el demo nel carreiro.** Saír un asunto ao revés. // **Cagar el demo nel mar.** Non pescar nada unha embarcación (Ortigueira). // **Cegar el demo.** Tomar unha mala decisión. // **Cómate el demo!** Indica sorpresa. // ***Condo* el demo *nun* ten que *fer*, espanta as moscas coel rabo.** V. Conto el demo nun ten que fer, sacha os nabos del vecín. // ***Condo* el demo *nun* ten que *fer*, sacha os nabos del *vecín*.** Refrán que critica a quen perde o tempo en cousas inútiles. // **Dáballe como el demo na porta *allía*.** Pegarlle moito a unha persoa. // **Da porta pechada el demo se volve.** Refrán que recomenda que hai que evitar as situacións perigosas e non dar facilidades a quen nos pode facer mal. // **Demo burlón.** V. trasno (Castropol). // **El demo.** Moita cantidade (*Xuntábase el demo de casca*, *Tardaba el demo de tempo*). // **El demo as fai i as *descubre*.** Ao final todo se sabe. // **El demo llo estima.** Ninguén llo agradece (Boal). // **El demo te confunda!** Indica sorpresa, molestia, malestar etc. // **El demo te leve!** Indica sorpresa, asombro, molestia etc. // **El demo te *xema*!** V. El demo te leve! // **El que *nun* ten que *fer* sacha os (*sous*) nabos.** V. Condo el demo nun ten que fer sacha os nabos del vecín (Boal). // **En *búa* hora *lo* diga i el demo *sía* xordo.** Expresión que manifesta o desexo que ao relatar un acontecemento favorable, cando suceda outro semellante o demo non o escaralle. // **Ir el demo mazando (en ti).** Maldición que se utiliza para dicir que non se quere saber nada dunha persoa ou cousa (*Vaia el demo mazando nela!*). **2.** Maldición que se di cando se lembra a unha mala persoa que xa morreu para desexarlle que non descanse en paz (As Figueiras). // **Leve el demo!** Exclamación que indica sorpresa ou asombro. // **Lévete el demo!** Indica sorpresa ou asombro. // ***Llongo* (grande) é el demo, i *naide lo quer*.** Refrán que alude a que aínda tendo moito poder o demo ninguén o quere. // ***Lo* que vai levar el demo, poñerllo á porta.** Expresión que alude a que as cousas difíciles, desagradables ou que non teñen remedio, é mellor facelas sen agardar demasiado. // **Mal demo as isque!** Expresión de maldición. // **Mal paga el demo al que *lo sirve*.** Refrán que alude a que o demo non é leal e que da xente de mal corazón pouco se pode agardar. // **Que el demo me *lleve*!** Expresa afirmación. // **Sabe máis (*más*) el demo por vello que por demo.** Refrán que destaca o valor da experiencia como medio de coñecemento (Castropol). // **Son *más* os demos que el *augua* bendita.** Son máis os gastos que as ganancias (Boal). // ***Tar* el demo cagando.** Sorprender unha persoa por facer unha boa acción que non se agardaba dela. // ***Tar* el demo cagando mazarocas (*mazarocos*, *mazaroucos*).** Recibir dunha persoa un favor que non se agardaba (Boal, Tapia de Casarego). // **Ter arte *coel* demo.** Ser habilidoso. **2.** Dise da persoa que lle saen as cousas todas ben como as calculou. // **Ter el demo nel corpo.** Ser revoltoso. // **Ter pauto *coel* demo.** Facer cousas fóra do normal. // **Tirar ao demo.** Desfacerse de algo (Abres). // ***Válache* el demo!** Expresión de anoxo, sorpresa ou disgusto (Allande). // **Ver el *cul* al demo.** Deixar de facer algo por atopar dificultades. // **Veña el demo que te leve.** Expresión de anoxo ou estrañeza. // **Veña el demo que te vexa.** Expresión de estrañeza ou anoxo. // **Véxame el demo!** Expresión de estrañeza, sorpresa (Castropol).

demo![2] interx. Indica exclamación ou xuramento.

demóncaro. V. demo.

demónchenes! interx. Indica exclamación ou xuramento.

demóngaro[1]**.** V. demo.

demóngaro![2] V. demónchenes!

demonio* → demo.

demonio!* → demo!

demontre[1]**.** V. demo. **2.** Aplícase tamén ao neno revoltoso.

demontre![2] V. demo!

demontres! V. demo!

demoño* → demo.

demoranza. s. f. Retraso, tardanza.

demorar. v. Retardar, retrasar.

demoro. V. demo.
demorrio. V. demo (As Figueiras).
demoucar. v. Quitar a parte superior dunha cousa; esmoucar, esmouchar. **2.** Referido ao gando vacún, perder un corno ou romper algún deles ou os dous; esmoucar, esmouchar. **3.** Podar, cortar as ramas dunha árbore ou planta (Abres, Taramundi); esmouchar, esmoucar.
dendaiquía. V. daquía (Allande).
dendaquía. V. daquía (Eilao).
dende. prep. Indica o punto de partida no tempo ou no espazo. **2.** Indica localización dunha acción. // **Dende aquela.** Desde entón. // **Dende *hoi*!** interx. Indica un longo período de tempo transcorrido. // **Dende que.** Expresa temporalidade.
dendesque. Contracción de *dende* e a conxunción *que*.
déngaro[1]**.** V. demo. // **Al déngaro.** Moita cantidade de algo (*Comprache carro, vasadoiro i al déngaro de cousas*), (El Franco).
déngaro![2] interx. Úsase para maldicir.
dengorrio. V. demo.
dengue. s. m. Peza de vestir de muller que cobre a parte superior do corpo; as súas puntas crúzanse diante do peito e abotóanse no lombo. Facíanse con estameña ou pano con veludo e eran de variadas colores. **2.** Membrana que recobre as tripas do cocho.
dengún, denguha. indef. Ningún.
dentada. s. f. Acción de chantar os dentes nunha cousa.
dentado, -a. adx. Con dentes. // **Neno dentado, pronto *ermanado*.** Refrán que alude a que despois dun neno que xa ten dentes adoita vir outro irmán.
dentadura. s. f. Conxunto de dentes dunha persoa ou un animal; dentame.
dental. s. m. Pau onde encaixa a rella do arado ou do *vasadoiro*. **2.** Peza da *sachadora* onde van metidos os dentes (Tapia de Casarego).
dentame. s. m. Conxunto de dentes dunha persoa ou dun animal; dentadura.
dentamen* → dentame.
dentar. v. Trabar (Os Ozcos).
dente. s. m. Cada unha das pezas da boca, que server para trabar, mastigar, agarrar etc. **2.** Cada unha das puntas que teñen algúns aparellos ou ferramentas como o serrón, a garabata, o forcado, o *garrucho*, a *sachadora*, a grade, o tambor da *trilladora*, a picaña, a fisga etc. **3.** Pau onde encaixa a rella do arado (O Viñal); dental. **4.** Queixada do cocho. // **Dar al dente.** Comer. // **Dar dente con dente.** Tremer de frío. // **Dente de allo.** Cada unha das partes en que está dividido o bulbo desta planta. // **Dente de lobo.** Amuleto que se utilizaba para defenderse dos males. // **Dentes.** Dentadura. // **Dos dentes *pra* fóra.** Con falta de sinceridade. // **Maldito del dente, que come a semente.** Refrán que condena a gula, que consome até a reserva de sementes para o próximo plantío. // ***Pral bon* dente *dicen* que *nun* hai pan duro.** Refrán que alude a que cando hai necesidade se acepta o que nos ofrecen. // **Retorcer el dente.** Anoxarse. // ***Sin* dentes.** Desdentado. // **Ter (ser de, *salir* de) *bon* dente.** Comer con apetito. **2.** Aceptar cousas desagradables sen poñer atrancos (Tapia de Casarego).
denteabrún. s. m. Planta perenne da familia das osmundáceas, de até dous metros de altura, con follas grandes, anchas e longamente pecioladas, con esporas. Na medicina tradicional a súa raíz esmagada servía para unir ósos rotos (*Osmunda regalis*), (Grandas de Salime). **2.** Palabra que se aplica tamén á planta da familia das *Polypodiaceae*, de talo rastreiro, follas grandes e que vive entre as pedras, muros e árbores (*Polypodium vulgare*).
denteira. s. f. Sensación áspera que producen nos dentes certas cousas. **2.** Molestia, desagrado.
dentellada. V. dentuada.
dentiabrún* → denteabrún.
dentil. V. dental 1ª acep. (Vilar de Cendias, Vilarmeirín).
dentón. s. m. Dente grande. **2.** adx. (f. dentúa). Aplícase á persoa que ten os dentes longos e feos. **3.** adx. (f. dentúa). Dise da persoa que ten poucos dentes pero prominentes. **4.** s. m. Peixe osteíctio perciforme, da familia dos espáridos, que mide máis dun metro de lonxitude, de constitución forte, co corpo máis ben alto e comprimido, escamas grandes e cabeza poderosa, armada de fortes dentes. Na dentadura destacan dun a tres dentes maiores semellantes a un cairo. A súa coloración é gris prateada con reflexos verdes, rosas, dourados ou azulados (*Dentex dentex*), (Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira). // **Dentón del corvo.** Fungo da familia das hipocráceas que parasita o centeo, atacando e destruíndo os ovarios das súas flores non fecundados e producindo unha protuberancia con forma de corno pequeno, de color negra por fóra e branco e algo morado por dentro, cos

bordos violáceos. É utilizado en farmacoloxía (*Claviceps purpurea*).

dentelluada. V. dentuada.

dentexar. v. Dar dente con dente, bater os dentes uns contra os outros con rapidez (Tapia de Casarego).

dentista. s. m. e f. Médico especialista no coidado da boca.

dentrás* → detrás.

dentro. adv. No interior. // **Dentro de.** En certo tempo (*Dentro dus minutos*).

dentuada. s. f. Acción de morder cos dentes algunha cousa. **2.** Ferida producida cos dentes.

dentudo. V. dentón 4ª acep. (As Figueiras).

dentuza. s. f. Especie de tenaces para quitar os dentes (Allande).

denuncia. s. f. Feito e resultado de denunciar.

denunciar. v. Informar ou comunicar dun abuso ou situación irregular á opinión pública ou ás autoridades.

deñar. v. Escarmentar, deixar de facer algo (Castropol, San Martín de Ozcos).

deño. V. demo.

depenado, -a. adx. Sen plumas. **2.** Sen ramas. **3.** Sen froitos. **4.** Sen diñeiro.

depenar. v. Quitar ou caer as plumas dunha ave. **2.** Quitar as ramas, os froitos, as follas etc., das plantas ou das árbores. **3.** Criticar, descubrir os defectos dos demais. **4.** Arrincar (Castropol). **5.** Aclarar un asunto, esclarecer unha situación (Abres). **6.** Caer o pelo (Boal, Santalla de Ozcos). **7.** Deixar sen diñeiro. **8.** Seguir, continuar a conversación doutra persoa (A Veiga). **9.** prnl. Desgustarse, contrariarse por algo. // **Ter un galo que depenar.** Ter que tratar un asunto cunha persoa.

depender. v. Necesitar doutro.

depernado, -a. adx. Coas pernas abertas en arco.

depinicar. v. Quitar unha a unha as partes dun todo, como as follas dunha flor, as uvas dun acio, os pelos da cabeza. **2.** Beliscar.

deplumar. v. Quitar as plumas a algunha ave. **2.** Cambiar ou perder as plumas as aves.

depoer. V. depoñer.

depois. V. despois (El Franco, Tapia de Casarego).

depoñer. v. Destituír.

deporondado, -a. adx. Colgado.

deporondar. v. Colgar de algo sen tocar o chan. **2.** Colgar algunha cousa.

depós. V. depois.

deprender. V. aprender.

deprendido, -a. V. aprendido.

depresa* → présa (de).

depreso, -a. adx. Aprendido, ensinado. **2.** Dise da árbore que prendeu. // ***Naide* nace *depreso*.** Refrán que alude a que ninguén nace sabendo.

deprisa* → présa (de).

depuer. V. depoñer.

dereitamente. adv. De xeito dereito.

dereiteiro, -a. adx. Dise da persoa folgazana (Coaña).

dereito, -a. adx. Recto, sen desviarse. **2.** Que está a man dereita. **3.** De pé. **4.** Erguido da cama. **5.** Posto de xeito vertical. **6.** s. m. Lado máis perfecto dunha tea, papel etc. **7.** Parte que está á vista dunha folla dunha planta ou árbore. // **A dereita (*dereta*).** A man dereita. // **Á dereita (*dereta*).** En dirección á dereita. // **A dereitas (*deretas*).** Como ten que ser. // **A (al) dereito (*dereto*).** Como debe ser. **2.** De xeito recto. // **Del dereito (*dereto*).** Coa parte que se considera dereita posta cara a fóra. // ***Poerse* (poñerse) dereita (*dereta*) uha (unha) vaca.** Dise cando ergue unha vaca as patas dianteiras.

deretamente. V. dereitamente.

dereto, -a. V. dereito. // **Tela *dereta*.** Dise cando un home está excitado sexualmente.

derraer. v. Estender as brasas por todo o forno.

derramado, -a. adx. Estragado, perdido. **2.** Dise do líquido ou leite a piques de callar, acedos.

derramar. v. Estragar, perder. **2.** Verter normalmente un líquido. **3.** prnl. Encherse de vaidade, presunción (*Derrámase coel meirolo*), (San Martín de Ozcos). **4.** prnl. Estar a piques de callar o leite ou outros líquidos (Eilao).

derrangado, -a. adx. Aplícase á persoa cansada fisicamente.

derrangar. v. Cansar. **2.** Mancar de xeito grave o espiñazo ou o lombo dunha persoa ou dun animal.

derrea* → diarrea.

derreado, -a. adx. Mancado na columna vertebral ou na zona dos cadrís.

derrear. v. Cansar, fatigar (Castropol).

derregar. v. Cavar e limpar as canles, colocar os *sangradeiros* etc. **2.** Correr a pintura, a cera dunha candea ou un líquido. **3.** Delimitar ou separar unha leira doutra. **4.** Facer de límite, demarcar (*Que derrega a Vilanova de Santalla*). **4.** Deslindar cun rego. **5.** Caer algo cara a abaixo (Allande).

derrego. s. m. Franxa de terreo que delimita un lindeiro dunha leira (Os Ozcos).
derrengado, -a. adx. Cansado. **2.** Descomposto.
derrengar. v. Cansar; derrangar 1ª acep. **2.** Torcer, inclinar a un lado máis que a outro (Allande, Villaión).
derretido, -a. adx. Feito líquido algo que era sólido.
derretir. v. Facer líquido un sólido mediante calor. **2.** Facer líquida a manteiga do cocho na matanza.
derriba. adv. En lugar superior respecto a outro inferior, encima. // **Derriba de.** Sobre. // **Por derriba de.** Sobre.
derringar* → derrengar.
derritido*, -a → derretido.
derritir* → derretir.
derrota. s. f. Dirección, rota. **2.** Carreiro a través da neve para comunicar os núcleos entre si. **3.** Apertura da seara, rematada a recolleita, para que entre o gando a pacer. // **Facer derrota na neve.** Abrir un camiño entre a neve (Santalla de Ozcos).
derrumbadeiro. s. m. Precipicio.
derrumbamento. s. m. Feito e resultado derrubar.
derrumbio. s. m. Acción de xogar un partido de fútbol a medio campo cun só porteiro.
des. V. dende.
desabellar. v. Marchar as abellas dun lugar. **2.** Botar fóra as abellas dun lugar (Allande).
desabonado, -a. adx. Sen fertilizante, normalmente referido a un terreo (Allande).
Obs. Trátase dun castelanismo.
desabordellar. v. Quitar o *bordelo*.
desaborido, -a. adx. Aplicado a persoas, sen graza. **2.** Dise do alimento insípido.
desabotoado, -a. adx. Dise do que lle quitaron os botóns do furado onde estaban enganchados.
desabotoar. v. Quitar os botóns do furado onde están enganchados.
desabotonado, -a. V. desabotoado.
desabotonar. V. desabotoar.
desabotuar. V. desabotoar.
desabrigado, -a. adx. Dise do lugar que non ten abrigo. **2.** Sen roupa ou sen aquilo que pode abrigar.
desabrigar. v. Quitar a roupa ou aquilo que pode abrigar.
desabrochado, -a. adx. Dise do que lle soltan os botóns ou os broches.
desabrochar. v. Soltar os botóns ou os broches dunha peza de roupa.
desacaravillar. v. Accionar a chavella (*chavilla*) para abrir a porta.
desacatar. v. Non aceptar unha lei ou unha orde. **2.** Faltar ao respecto a alguén.
desacato. s. m. Acción de desacatar.
desacerto. s. m. Equivocación, erro.
desachegar. v. Separar.
desacinchar. v. Quitar o cinto dun pantalón, calzóns etc. **2.** Quitar a cincha a unha cabalería (Allande).
desacondutar. v. Ofender, inxuriar.
desaconsellar. v. Disuadir a un do que pensa ou quere facer.
desacordo. s. m. Desconformidade.
desacougar. v. Intranquilizar.
desacougo. s. m. Intranquilidade.
desacullugado, -a. adx. Desordenado (El Franco).
desacupar* → desocupar.
desafacerse. V. desafer 3ª acep.
desafaer. v. Desanoar algo, como as cordas nun carro (Allande).
desafer. v. Soltar a corda do *queiro*. **2.** Alterar un acordo ou un proxecto. **3.** prnl. Desacostumarse.
desafiado, -a. adx. Retado, ameazado, avisado.
desafiar. v. Retar, provocar. **2.** Saírse algo da liña como unha leira (Abres).
desafitar. v. Desatar unha besta para que poida pacer, beber auga etc. (San Martín de Ozcos).
desafortunado, -a. adx. Que non ten sorte.
desagradar. v. Molestar, desgustar. **2.** Resultar algo desagradable.
desagradecido, -a. adx. Anoxado, ofendido. **2.** Dise da persoa que non mostra agradecemento. **3.** Dise daquilo que non paga a pena o esforzo ou a atencion que se lle dedica.
desagrado. s. m. Desgusto causado por persoas ou cousas.
desalar. v. Quitar o sal a unha cousa.
desalendo. V. desalento (Eilao).
desalento. s. m. Desánimo. **2.** Falta de esforzo.
desalixar. v. Deixar un lugar libre dunha cousa.
desamantar. v. Quitar a manta a unha vaca.
desamañado, -a. adx. Desorganizado, non arranxado. **2.** Aplícase á persoa pouco elegante. **3.** Dise do obxecto ou mecanismo que non funciona. **4.** Non aseado. **5.** Moi grande (Allande).
desamañar. v. Desorganizar, desarranxar. **2.** Desconxuntarse un membro do corpo dunha persoa ou un animal (Eilao, Os Ozcos). **3.** Estragar. **4.** Desfacer (*Nun*

desamañes a cama). **5.** prnl. Deixar de estar aseado. **6.** prnl. Desarmarse algo.

desamarrar. v. Desatar. **2.** Separar os que pelexan. **3.** V. desmarrar 3ª acep.

desamasar. v. Suspender unha cousa ou proxecto que se ían facer. // **Desamasa, que rompeu (caeu) el forno!** Expresión que indica que se deixe de facer unha cousa que non vai ser posible. **2.** Non facerse ilusións cunha cousa que non vai acontecer. // **Desamasa, se *teis* amasado.** Dise a unha persoa cando xa é inútil que siga co que pretende.

desamecer. v. Desunir, separar. **2.** Non rematar algo.

desamen* → dexamino.

desamigar. v. Deixar de ser amigos.

desaminar* → examinar.

desamino* → dexamino.

desamontoar. v. Desfacer montóns.

desamontuar. V. desamontoar.

desamparar. v. Deixar sen protección a persoas ou cousas, abandonar, desprotexer.

desandar. v. Cansar. **2.** Retroceder, volver facer o camiño xa andado.

desangrar. v. Perder o zume unha planta. **2.** Perder sangue.
Obs. Trátase dun castelanismo.

desaniar. v. Irse as aves do niño.

desaniciar. V. desinciar 3ª acep. (Navia, Allande).

desanougar. v. Desfacer un nó (*nougo*).

desanoxado, -a. adx. Que lle pasou o enfado, acougado.

desanoxar. v. Facer perder o enfado, acougar.

desanxelado, -a. adx. Falto de simpatía.

desañar. v. Xaboar a roupa por primeira vez. **2.** Dar de comer ao gando mal coidado para quitarlle a fame. **3.** Abrandar a roupa no río (Coaña). **4.** Quitar a fame a unha persoa. **5.** Quitar a sucidade máis gorda de algo (Tapia de Casarego).

desaparecer. v. Ocultarse. **2.** Deixar de estar nun sitio. **3.** V. perder 5ª acep.

desaparellar. v. Quitar os aparellos a unha cabalería.

desaparexado, -a. adx. Sen parella.
Obs. Trátase dun castelanismo.

desaparexar. v. Desordenar. **2.** Quitar a parella a algo ou alguén. **3.** V. desaparellar. **4.** Non facer boa parella as persoas, bois ou obxectos.
Obs. Trátase dun castelanismo.

desaparisado, -a. adx. Aplícase á persoa desequilibrada.

desapegado, -a. adx. Separado algo que estaba pegado. **2.** Desprendido, pouco cariñoso.

desapegar. v. Separar algo que estaba pegado. **2.** Desprenderse, separarse afectivamente dalgunha persoa ou cousa.

desapoer. V. desapoñer.

desapoñer. v. Quitar o xugo da cabezoalla do carro. **2.** Deixar de traballar cando se estaba facendo un labor. **3.** Separar a xunta de vacas ou bois do carro ou do arado.

desaposto, -a. adx. Librado (*Xa sabes lo que pasa que nun dá un desaposto*).

desapretar. v. Afrouxar algo que está apertado.

desaproveitado, -a. adx. Desperdiciado. **2.** Perdido nunha oportunidade.

desaproveitar. v. Non sacar proveito. **2.** Perder unha oportunidade. **3.** Desperdiciar unha cousa.

desaprovetar. V. desaproveitar.

desapuer. V. desapoer.

desapuñer* → desapoñer.

desarcirse. v. prnl. Librarse de alguén.

desargallado, -a. adx. Aplícase á persoa que di ou fai as cousas sen orde.

desargallar. v. Comer con apetito. **2.** Quitar dun terreo a terra que caeu por un desprendemento.

desarizar. v. Quitar os ourizos ás castañas (Eilao).

desarmado, -a. adx. Desfeito. **2.** Coas pezas quitadas, sen montar.

desarmar. v. Quitar as pezas de algo. **2.** Desfacer. **3.** Retirar os aparellos, os víveres etc., dunha embarcación.

desarnar. v. Desemburrar.

desarreigar. v. Arrincar unha planta ou unha árbore coa raíz; desenreigar.

desarrisar. v. Soltar os *rizos* dunha embarcación.

desarrollar. v. Medrar.
Obs. Trátase dun castelanismo.

desarroupado, -a. adx. Que leva pouca roupa.

desarroupar. v. Alixeirar a roupa.

desartar. v. Quitar algo de entre as silvas (Allande).

desatalar. v. Desatascar (San Martín de Ozcos).

desatar. v. Desunir o que estaba atado.

desatracar. v. Apartar da terra unha embarcación. **2.** prnl. V. abrir 17ª acep. (Tapia de Casarego).

desazonado, -a. adx. Anoxado, desgustado.

desasosegar. v. Intranquilizar.

desasosego. s. m. Intranquilidade, desacougo.

desataboriado, -a. adx. Dise da persoa que ten trastornada a razón (Tapia de Casarego).

desatapuzar. v. Desatrancar.
desatado, -a. adx. Desunido, o que deixa de estar atado.
desatar. v. Desunir o que estaba atado.
desatazar. v. Desatrancar, desatoar.
desatornillador. s. m. Ferramenta que serve para quitar *tornillos*.
Obs. Trátase dun castelanismo.
desatrancar. v. Abrir, quitar a tranca (Taramundi, Tapia de Casarego). **2.** Desatascar (Boal, Castropol, Allande).
desatriminado, -a. adx. Tolo.
desatrollar. v. Desatrancar unha cousa, como unha presa pequena de auga.
desaugar. V. desauguar.
desauguar. v. Sacar a auga dun lugar. **2.** Deixar baleiro de auga. **3.** Saír a auga do lugar en que está.
desautente. adx. Aplícase á persoa que vai por mal camiño.
desavenencia. s. f. Desconformidade. **2.** Discordia.
Obs. Trátase dun castelanismo.
desaventado, -a. adx. Sen vento (*É unha praia desaventada de Tapia*).
desavezado, -a. adx. Desacostumado.
desaviado, -a. adx. Aplícase á persoa que non ten todos os utensilios que precisa para facer certo labor.
desaviar. v. Perder a dirección o compás náutico dunha embarcación (El Franco). **2.** Perder o rumbo unha embarcación.
desavir. v. Deixar de estar de acordo, ou estar en discordia dúas ou máis persoas.
desaxeitado, -a. adx. Inadecuado, desapropiado (El Franco).
desaxerar* → esaxerar.
desaxugado, -a. adx. Sen parella.
desaxugar. V. desaparexar 2ª acep. **2.** Desordenar.
desaxustar. v. Desencaixar unha cousa con outra.
desaxuste. s. m. Acción e efecto de non adaptarse ou non encaixar algo ou algunha cousa.
desbabullar. V. esbabullar.
desbagutar. v. Quitar a vaíña aos legumes (Negueira de Muñiz).
desbaldido, -a. adx. Que gasta moito.
desbalbidor, -a. V. desbalbido.
desbanastrado, -a. adx. Derruído, inclinado (*El cabanón tá desbanastrado*).
desbanastrar. v. Derruír, inclinarse algo, descompoñerse.
desbancar. v. Desatrancar (Allande).
desbaratado, -a. V. desbocado (Vilanova de Ozcos).
desbaratar. v. Malgastar os bens. **2.** Esvarar, caer (Negueira de Muñiz). **3.** Impedir que se faga algo. **4.** Desfacer.
desbaraxustado, -a. adx. Desordenado, desorganizado.
desbaraxustar. v. Desorganizar, desordenar.
desbaraxuste. s. m. Desorde, barullo.
desbarbar. v. Nun mazo, alisar ou pulir aquelas pezas que co desgaste vanse estragando; esbarbar 2ª acep.
desbarrar. v. Falar sen sentido. **2.** Presumir de máis.
desbarrigado, -a. adx. Sen barriga ou con pouca.
desbastar. v. Diminuír as partes bastas dunha cousa. **2.** Pulir.
desbeirar. v. Limpar os bordos dunha leira (Allande, Villaión); esbeirar 1ª acep.
desbocado, -a. adx. Aplícase á persoa malfalada.
desbocarse. v. prnl. Precipitarse unha cabalería sen facer caso ao freo.
desbochar. v. Desafogarse dicindo algo que non permitía a unha persoa estar tranquila (Abres).
desboronarse. V. esboronarse 1ª e 3ª acep. (Castropol, Allande).
desbragolado, -a. adx. Desamañado (*Levaba a camisa desbragolada*).
desbrochar. v. Dicir o que se pensa cando un está anoxado, desafogarse. **2.** Cagar.
descabalado, -a. adx. Sen sentido (*A idea máis descabalada del mundo*), (Eilao).
descabezar. v. Quitar a cabeza a algo.
descabicornar. v. Quitar a unha res a corda que a ataba desde a cabeza até unha pata para que non marchase.
descagarrizado, -a. adx. Con diarrea.
descaier. v. Debilitarse. // ***Descaierse* as patacas.** Secar as patacas.
descalzar. v. Quitar o calzado.
descalzo, -a. adx. Que non ten calzado ou anda sen el. **2.** Pobre ou con poucos recursos.
descamar. v. Quitar as escamas aos peixes; desescamar.
descambiar. v. Desfacer un cambio ou un trato. **2.** Cambiar, como moedas, un obxecto etc.
descamiado, -a. V. descamiñado.
descaminado, -a. V. descamiñado 2ª acep.
Obs. Trátase dun castelanismo.
descaminar. v. Errar.
Obs. Trátase dun castelanismo.
descamiñado, -a. adx. Desviado, perdido. **2.** Desacertado, desatinado.
descampado. s. m. Campo ou terreo sen vexetación. **2.** Lugar apartado, sen poboación.
descangar. v. Quitar os cangos do lousado.

descansado, -a. adx. Recuperado do cansazo. // **Quedar a cabeza descansada.** Non pensar moito no que se fixo.
descansar. v. Parar o traballo para recuperarse do cansazo. **2.** Repousar. **3.** Durmir. **4.** V. aboiar[2].
descanso. s. m. Pausa no traballo. **2.** Parte da escaleira onde non hai pasos.
descantá. adv. Desde cando, canto hai (Os Ozcos).
descapelar. v. Romper os terróns a un campo cunha ferramenta (Os Ozcos).
descarado, -a. adx. Que non ten vergonza. **2.** Irrespectuoso, atrevido. // **Dar unha *descarada*.** Dar unha mala contestación.
descararse. v. prnl. Falar sen vergonza.
descargadeiro. s. m. Lugar onde se descargan mercancías.
descargar. v. Baleirar ou quitar unha carga.
descarriar. v. Desviar.
descasar. v. Desfacer un matrimonio.
descascar. V. escascar.
descastado, -a. adx. Desleigado, desapegado.
descastar. v. Exterminar unha especie vexetal ou animal.
desceibar. v. Poñer o xugo e a *molida* ás vacas e bois (Navia). **2.** Prender un animal (San Martín de Ozcos).
descendente. s. m. Fillo, neto ou calquera persoa que descende doutra.
deschantar. v. Arrincar, descravar (Abres, El Franco).
deschichar. v. Quitar as fabas das vaíñas.
deschociar. v. Deixar de incubar unha galiña (El Franco).
desclareado, -a. adx. Que non é claro, como unha color; descolorido 1ª acep.
desclavar* → descravar.
descolchar. v. Separar os cordóns dun cabo.
descolgar. v. Baixar algo que estaba colgado. **2.** prnl. Baixar por unha corda desde algo que está alto.
descolorido, -a. adx. Que perdeu a color. **2.** Aplícase á persoa pálida.
descomao (a). V. desmao (a), (Abres, Santalla de Ozcos).
descomau (a). V. desmao (a).
descompadriar. v. Romper coas amizades (Serandías).
descompasado, -a. adx. O que non segue o ritmo musical.
descompoer. V. descompoñer.
descompoñer. v. Desfacer. **2.** Estragar. **3.** Desorganizar. **4.** prnl. Ter diarrea. **5.** prnl. Perder a amizade.
descomposición. s. f. Diarrea.
descomposto, -a. adx. Desfeito, estragado. **2.** Que ten diarrea. **3.** Aplícase á vaca mal feita e sen graza. **4.** Putrefacto. **5.** Revolto, desordenado.
descompuer. V. descompoñer.
descompusición* → descomposición.
descomulgar. v. Na relixión cristiá, negar o dereito a recibir o sacramento da comuñón.
descomunal. adx. De grandes proporcións.
desconafiado* → desconfiado.
desconcerto. s. m. Confusión. **2.** Desacordo. **3.** Incerteza.
desconfiado, -a. adx. Que non confía.
desconfiar. v. Non confiar. **2.** Sospeitar dalgunha cousa ou persoa.
desconsolado, -a. adx. Aflixido.
desconsolar. v. Aflixir.
desconsolo. s. m. Pena, aflición.
desconsonar. v. Quitar o sono. **2.** Despertar hai un pouco.
descontado, -a. adx. Reducido, rebaixado. // **Por *descontado*.** Certamente.
descontar. v. Rebaixar, reducir algo dunha cantidade.
descontrolarse. v. prnl. Levar unha vida sen orde.
desconxurador. s. m. Dise da persoa que quita conxuros.
desconxurar. v. Quitar un conxuro (Ibias).
desconxuro. s. m. Acción de quitar un conxuro (Ibias).
descorchado, -a. adx. Dise do que lle quitaron a cortiza.
descorchador. s. m. Instrumento utilizado para quitar as cortizas das botellas.
descorchar. v. Quitar a cortiza que pecha unha botella ou outra cousa. **2.** Quitar a casca a unha *sofreira*.
descorche. s. m. Operación consistente en quitar a casca a unha *sofreira*.
descornador. s. m. Aparello que serve para quitar os cornos a un animal.
descorrer. v. Mover a tarabela dunha porta para abrila (Santiso de Abres).
descoscar. v. Quitar a casca a algo (Coaña).
descoser. v. Desfacer o que está cosido. // ***Nun* descoser.** Calar algo que se sabe.
descosido, -a. adx. Dise de algo que xa non está cosido. **2.** s. m. Parte dunha peza de roupa que ten as puntadas soltas. // **Bailar como un descosido.** Moito, con alegría. // **Falar como un descosido.** Falar moito e normalmente sen prudencia.
descoxado, -a. adx. Dise da persoa que non dá importancia a unha situación,

como o noivo enganado pola súa noiva (Coaña). **2.** Sen escrúpulos (Boal).

descoxar. v. Quitar o aburrimento por comer en moitas ocasións unha mesma comida ou produto. **2.** Non darlle importancia a unha situación, como un noivo enganado pola súa noiva (Coaña). **3.** Comer unha comida lixeira despois dunha fartura (Boal).

descrareado*, -a → desclareado.

descravar. v. Quitar cravos. **2.** Desprender ou soltar algo dos cravos que o aseguraban.

descuaxaringar. v. Desfacer, desunir.

descuaxiringado, -a. adx. Desfeito (Coaña, Castropol).

descuberto, -a. adx. Que non está cuberto, destapado. **2.** Aplícase a lugares abertos. **3.** Atopado. **4.** Dise cando o ceo non ten nubes. // **Al descuberto.** Aplícase cando nunha operación comercial os contratantes non teñen o diñeiro preciso e polo tanto contraen débedas. **2.** Á intemperie, sen abrigo.

descubrimento. s. m. Cousa descuberta. **2.** Acción de descubrir algo antes descoñecido ou ignorado.

descubrir. v. Destapar algo que estaba cuberto. **2.** Atopar. **3.** prnl. Quitar o sombreiro.

descuidado, -a. adx. Desatendido. **2.** Abandonado. **3.** Sen prestar atención. // **Al *descuidado nun lo* favorece a lei.** Refrán que alude a que o que está desatendido non é protexido pola lei.

descuidar. v. Desatender o traballo, as obrigacións, as persoas etc. **2.** Abandonar. **3.** Non prestar a atención precisa a algo ou alguén.

descuido. s. m. Falta de coidado.

descumunal* → descomunal.

descurrir* → discurrir.

desdar. v. Dar voltas a unha manivela ou carrete en sentido contrario ao dado anteriormente.

desde. V. dende. // **Desde *hoi*!** Dende hoi! // **Desde que.** Expresa temporalidade.

desdecir. v. Non ser conveniente, axeitado (*A ventá da casa desdice del resto*). **2.** prnl. Volverse atrás do dito.
Obs. Trátase dun castelanismo.

desdeixado, -a. adx. Descoidado, abandonado. **2.** Desamañado, non aseado. **3.** Dise da persoa pouco cariñosa cos seus familiares ou amizades.

desdeixar. v. Descoidar, abandonar. **2.** prnl. Non preocuparse unha persoa polo seu aspecto.

desdén. s. m. (pl. desdéns). Desprezo.

desdentado, -a. adx. Sen dentes.

dese. (f. desa, pl. deses, desos, desas) Contracción da preposición *de* e o demostrativo *ese*.

desear. v. Querer, ansiar algo.
Obs. Trátase dun castelanismo.

deseo. s. m. Ansia.
Obs. Trátase dun castelanismo.

deseguida. adv. Con toda rapidez, axiña.

deseguido. adv. Con toda rapidez; deseguida. **2.** Sen interrupción.

deseiar. v. Querer, ansiar algo (Boal).

desembaciar. v. Curar un golpe no bazo (Allande).

desembarcar. v. Descender a terra as persoas que van embarcadas. **2.** Deixar de formar parte da tripulación dunha embarcación.

desembarcular. v. Poñer unha peza de madeira recta ou dereita coas mans ou sen un instrumento axeitado (San Martín de Ozcos).

desembarullar. v. Aclarar unha situación.

desembazar. v. Quitar as herbas e terróns que se atascan no *vasadoiro*, no arado ou na grade. **2.** Desatascar, como o estómago dun animal.

desembeleñar. v. Desfacer un fío, unha corda, rede, un asunto difícil etc. **2.** Desenredar.

desembetillar. v. Retirar a corda que cubría o anzol (As Figueiras).

desembocadura. s. f. Lugar onde desemboca un curso de auga no mar.

desembruxador, -a. s. m. e f. Persoa que quita un *embruxo* a algo ou alguén.

desembruxar. v. Quitar o *embruxo* a algo ou alguén.

desembruxe. s. m. Acto de quitar o *embruxo* a algo ou alguén.

desembuchar. v. Dicir un o que sabe, o que pensa ou o que tiña calado.

desempapelar. v. Botar a espiga o cereal.

desempapizarse. v. prnl. Pasarlle a un a obstrución na gorxa de algo que se come.

desemparar* → desamparar.

desemparexar. V. desaparexar.
Obs. Trátase dun castelanismo.

desemparzar. v. Dividir o que se mercou a medias (Santalla de Ozcos).

desempedrar. v. Falar berrando. **2.** Ir a toda velocidade nunha cabalería.

desemperar* → desamparar.

desempelirse. v. prnl. Librarse de alguén (Grandas de Salime).

desempenado, -a. adx. Rebaixado, desgastado. **2.** Igualado.

desempenar. v. Labrar unha cara dunha peza de madeira para que quede plana. **2.** Ao afiar unha brosa, rebaixar ou

desgastar a parte próxima ao fío para que corte mellor. **3.** Quitar as asperezas a unha peza de madeira. **4.** Poñer en carpintería unha peza recta ou dereita (Abres). **5.** Quitar unha persoa ou un animal dun sitio perigoso.

desempeñar. v. Librar a alguén das débedas. **2.** Recuperar o que estaba empeñado.

desemplazada* → desemprazada.

desemplazar* → desemprazar.

desemprazada. adx. Dise da muller ou femia que xa cumpriu o estado no que vai parir.

desemprazar. v. Cumprir o tempo de embarazo.

desemulo* → disimulo.

desencanar. v. Quitar unha venda (Allande).

desencantado, -a. adx. Dise do que se lle quita un encantamento.

desencantador, -a. s. m. e f. O que quita un encantamento.

desencantar. v. Quitar un encantamento.

desencanto. s. m. Acto e resultado de desencantar.

desencapillar. v. Soltar un cabo dunha embarcación que estaba enganchado a algo.

desencaxado, -a. adx. Aplícase á persoa coa cara enferma ou cansada. **2.** Dise do que non está no seu sitio (*Un óso desencaxado*).

desencaxar. v. Descolocarse algo do seu sitio. **2.** Desunir unha cousa doutra. **3.** prnl. Desfigurarse a cara.

desencodillar. v. Quitar as torsións ou voltas dunha corda, dun cabo etc. (Tapia de Casarego).

desencollido, -a. adx. Aberto, desenvolto.

desencoller. v. Estender o que estaba dobrado ou encollido.

desencomao (a). V. desmao (a).

desencovar. v. Saír dunha cova un animal, como o polbo.

desención. s. f. Dispensa dunha carga ou servizo común.

desencuriosar. v. Desordenar, desamañar.

deseneixar. v. Quitarlle o eixe ao carro. **2.** Saírse a roda do eixe do carro. **3.** Saírse unha contra, os cristais etc., das bisagras onde estaban encaixados.

desenfeixar. v. Desfacer un feixe.

desenfiar. V. desenfilar (Abres).

desenfilado, -a. adx. Sen fío.

desenfilar. v. Quitar os fíos.

desenfocicarse. v. prnl. Soltarse, separarse (El Franco).

desenfurruñar. v. Desenfadarse.

desengadellar. v. Desenredar os pelos. **2.** prnl. Desenredarse de algo.

desenganchar. v. Soltar unha cousa que estaba enganchada. **2.** V. despescar 2ª acep.

desengañar. v. Sacar a un do erro no que estaba.
Obs. Trátase dun castelanismo.

desengaño. v. Decepción, desilusión.
Obs. Trátase dun castelanismo.

desengareñarse. v. prnl. Desenredarse (Castropol).

desengriar. V. desengrir (San Martín de Ozcos).

desengrilletar. v. Quitar o grillón a un cabo, cable etc.

desengrir. v. Separar as tripas do cocho da graxa que as envolve (As Figueiras).

desenguedellar. V. desengadellar.

desenguruñar. v. Desencoller.

desennobelar. v. Desfacer os nobelos de la (Santalla de Ozcos).

desennubelar* → desennobelar.

desenratar. v. Soltar un animal que quedou atrapado (Boal).

desenredar. v. Desfacer un enredo.

desenreigar. v. Quitar unha planta ou unha árbore coa raíz. **2.** Cortar a raíz dunha planta ou unha árbore.

desenrolarse. V. desembarcar 2ª acep.

desenronchar. v. Soltarse un anzol do lugar en que estaba enganchado.

desenroñado, -a. adx. Aplícase ao que queda limpo.

desenroñar. v. Limpar.

desenrugar. v. Quitar as engurras a algo.

desentapizar. V. desenteporar.

desentarruar. v. Quitar os terróns dunha terra.

desentelar. v. Facer que o gando vacún solte os gases que acumulou no tubo dixestivo (Boal).

desenteporar. v. Desatascar a un animal que se atragoou, especialmente referido ao gando vacún (Boal).

desenterrar. v. Quitar algo de debaixo da terra. **2.** Exhumar.

desentrallar. v. Quitar un entrallo para poñer outro nunha rede de pescar.

desentrobar. v. Quitar a roupa coada do trobo.

desenvergar. v. Saír ben a verga de dentro da pel ao xato ou ao touro (Santalla de Ozcos). **2.** V. desmarrar 2ª acep. (Tapia de Casarego).

desenvolortado, -a. adx. Desenredado.

desenvolortar. v. Desenredar.

desenvolto, -a. adx. Dise da persoa que actúa con soltura en calquera situación ou traballo.

desenvoltura. s. f. Disposición, soltura, axilidade.
desenvolver. v. Abrir o que está envolto. **2.** prnl. Moverse con soltura.
desenxelar. v. Quitar a xeada á herba para poder recollela.
desenzarabellar. v. Desenredar.
deseparar* → separar.
desescamar. v. Quitar as escamas aos peixes; descamar.
desesperación. s. f. Perda da esperanza por algún motivo como ansiedade, impaciencia etc.
desesperado, -a. adx. Ansioso, impaciente. **2.** Que empeorou de estado, aspecto, situación etc., perdido.
desesperar. v. Facer perder a esperanza.
desestrado, -a. adx. Aplícase ao gando vacún que está sucio do cuito da corte. **2.** Dise do lugar (curral, corte etc.) que non ten estrume ou cuito (Os Ozcos, Abres).
desestrobar. v. Desenganchar o remo co estrobo do tolete (Tapia de Casarego).
desfacer. v. Descompoñer o que está feito. **2.** Derreter, diluír. **3.** Disolver. **4.** Quitar os grans das espigas dos cereais ou as fabas ou garavanzos das vaíñas. **5.** Esfaragullar. **6.** prnl. Desprenderse de algo. // **Desfacer unha casa.** Quedar unha familia desamparada (Castropol).
desfaer. V. desfacer.
desfaragullar. V. esfaragullar 1ª acep.
desfarrapado, -a. adx. Rachada a roupa. **2.** Vestido con roupa vella e rachada.
desfarrapar. v. Rachar a roupa ou unha tea (*El vento desfarrapaba nas velas*). **2.** Esmagar.
desfeita. s. f. Inflamación da córnea dos ollos (Navia, Boal, Os Ozcos). **2.** Confusión, barullo, lea (*Despós da festa, empezaba a desfeita*), (Boal). **3.** Estrago, desgraza. **4.** Situación de enfrontamento entre dúas ou máis persoas. **5.** Fin, terminación. // **Á (s) desfeita (s).** Ao final. **2.** Con disimulo.
desfeito, -a. adx. Aplícase ao que está destruído ou derretido. **2.** Que se disolveu. **3.** Enfermo, moi desmellorado (Abres). // **Non tes *desfeito*.** Cando non se ten moeda fraccionaria (Taramundi).
desfer. V. desfacer. // ***Desfer meiz*.** Quitar o gran ás mazarocas de millo (El Franco).
desferrado, -a. adx. Sen ferraduras. **2.** Dise da galocha sen taco.
desferrar. v. Quitar as ferraduras ou os cravos aos cabalos, vacas ou bois. **2.** Facer ruído as ferraduras nunha empedrada (Abres). **3.** Quitar os tacos ás galochas. **4.** Perder as ferraduras.
desferruxecer. v. Quitar a ferruxe a algo.
desferver. v. Evaporarse un líquido por fervelo moito.
desfilachar. V. desfilarse.
desfilado. V. esfiado.
desfilarse. v. prnl. Desfacerse o cabo dunha embarcación en cordeis pequenos.
desfogar. v. Aliviar.
desfollar. V. esfollar 1ª acep.
desfondar. v. Colgar moito o ventre cara a abaixo a un animal (San Martín de Ozcos). **2.** V. esfondar 5ª acep.
desforrar. v. Quitar o calzo a unha roda, a unha pata dunha mesa etc. **2.** Quitar o forro a unha peza de vestir. **3.** Quitar a forra que serve de apoio a unha viga do lousado (Castropol).
desfrebar. v. Quitar a freba a algo.
desfreita. V. desfeita 1ª acep. (Boal).
desfrutar. v. Gozar, pasalo ben.
desgadellado, -a. adx. Desamañado. **2.** Desfeito.
desgadellar. v. Desfacer (Allande).
desgaldidor, -a. adx. Gastador.
desgaldir. v. Gastar en moita cantidade (Boal).
desgallar. V. esgallar 3ª acep.
desgana. s. f. Falta de apetito. **2.** Falta de vontade para facer as cousas.
desganar. v. Faltar o apetito.
desgano. s. m. Falta de ánimo.
desgarbado, -a. adx. Dise da persoa sen graza, pouco elegante.
desgastar. V. desempenar 3ª acep.
desgaxe. s. m. Característica típica dun oficio, dun asunto etc. (*Son desgaxes del oficio*).
desgaxo. s. m. Rebaixe do ferro ao traballalo.
desgraar. V. desgranar (Pezós).
desgracia. s. f. Suceso adverso. **2.** Mala sorte. // ***Nun* veña *desgracia* máis grande.** Expresión que significa que unha situación aínda podía ser peor. // **Por *desgracia*.** Desgraciadamente.
desgraciado, -a. adx. Aplícase á persoa que dá compaixón. **2.** Persoa mala.
desgraciar. v. Botar a perder unha persoa ou unha cousa. **2.** prnl. Facerse dano entre as persoas. **3.** prnl. Lamentarse, queixarse.
desgranadora. s. f. Máquina que había nalgúns muíños e que servía para separar o gran da espiga.
desgranar. v. Quitar o gran a algo.
desgrañar. v. Quitar as patacas antes da recolleita (Tormaleo). **2.** V. desgranar.
desgrumar. V. degrumar 2ª acep. (San Martín de Ozcos).

desguace. s. m. Acción de desfacer unha embarcación, un coche etc., para convertelos en chatarra. **2.** Lugar onde se despeza.
desguarnido, -a. adx. Desfeito. **2.** Cos ósos medio desencaixados (Tapia de Casarego).
desguarnir. v. Descompoñer, desfacer.
desguazar. v. Desfacer un coche, embarcación etc., para convertelos en chatarra.
desgurrumbar. v. Apertar o lombo o touro á vaca para que esta se estire (Allande).
desgustado, -a. V. disgustado.
desherbar. v. Quitar as malas herbas a un cultivo ou a un terreo.
deshonra. s. f. Inxuria. **2.** Falta de creto.
deshora (s) (a, ás). loc. Fóra de tempo ou hora (*Asta deshora da noite*).
desiar. V. desear.
desiguida* → deseguido.
desiguido* → deseguido.
desiminio* → dexamino.
desinar. v. Pescar nada máis que un peixe, unha lura ou a primeira peza (Castropol).
desinciar. v. Acabar, rematar. **2.** Quitar dun terreo as malas herbas ou plantas que medraron entre as cultivadas (Eilao, Santalla de Ozcos). **3.** Desfacerse dunha raza de animais ou dunha especie de vexetais. **4.** prnl. Desaparecer dun lugar unha variedade de planta ou animal (Eilao).
desinchar. v. Deixar saír o aire.
desinfectar. v. Quitar os xermes que producen unha infección.
desinfestar* → desinfectar.
desinfetar* → desinfectar.
desingrir. v. Quitar a graxa das tripas do cocho ou ás veces da vaca. **2.** Entender, aclarar.
desipela* → erisipela.
deslavazado, -a. V. eslavazado 1ª acep.
deslegar. v. Render nun traballo.
desliar. v. Desenredar. **2.** V. safar 3ª acep.
deslindar. v. Establecer os lindeiros dun lugar.
deslinguado, -a. adx. Aplícase á persoa que fala en exceso de cousas que non debe.
desllegar. V. deslegar. **2.** Medrar (Boal).
desllindar. V. deslindar.
desllinguado, -a. V. deslinguado.
desllucido, -a. V. deslucido.
desllucir. V. deslucir.
deslousado, -a. adx. Que non ten lousas.
deslousar. v. Quitar as lousas a algo. **2.** Perder unha edificación as lousas da cuberta.
deslucido, -a. adx. Que xa non ten atractivo. **2.** Estragado.
deslucir. v. Quitar o atractivo a unha cousa. **2.** Estragar.
desluír. v. Disolver e desunir as partes dalgúns corpos por medio dun líquido (San Martín de Ozcos).
desmadrar. v. Andar sen respecto nin medida ningunha. **2.** Sufrir unha femia a caída da matriz.
desmadrazo, -a. adx. Dise dunha parte que se saca doutra principal (*Despós de desmadrazada a pedra da pena*); esmadrazado.
desmaiado, -a. adx. Que perdeu o sentido.
desmaiar. v. Provocar unha perda de consciencia. **2.** prnl. Caer algo, en sentido figurado (*Como el cabazo se desmaie*), (Castropol). **3.** prnl. Perder o sentido.
desmaio. s. m. Árbore da familia das salicáceas, de até dez metros de altura, co tronco groso, copa ancha e ramas colgantes, moi longas e flexibles. As follas son estreitas, lanceoladas e de color verde amarela (*Salix babilonica*).
desmallar. v. Coller os peixes que están presos nunha rede de pescar. **2.** prnl. Soltarse un peixe dunha rede de pescar (As Figueiras, El Franco).
desmanazada. adx. Aplícase á vaca que dobrou o óso da cadeira por un golpe.
desmangado, -a. adx. Sen mango.
desmangar. v. Quitar o mango a unha ferramenta ou a un obxecto. **2.** Golpear. **3.** Estragarse unha cousa por saírse unha peza. **4.** Saírse o mango do lugar a unha ferramenta. **5.** Recoller as mangas ou a parte inferior dunha peza de roupa. **6.** Quitar o eixe a un carro (Os Ozcos, Allande).
desmañuzar. v. Desfacer algo en partes máis pequenas (Allande).
desmao (a). loc. Fóra da dirección ou lugar habituais ou desviado.
desmarrar. v. Soltar as amarras que suxeitan a *ostaga* dunha embarcación. **2.** Quitar a vela dunha embarcación. **3.** Soltar un cabo de xeito provisional nunha embarcación. **4.** Desatar, soltar, quitar un nó a algo.
desmarrochador, -a. adx. Dise da persoa que malgasta o diñeiro.
desmarrochar. v. Malgastar.
desmasiado* → demasiado.
desmau (a). V. desmao (a).
desmedrado, -a. adx. Aplícase ao neno ou persoa que non medraron, raquítico, delgado.

desmelado, -a. adx. Sen dentes. **2.** Dise do obxecto ou ferramenta cunha marca debida a un golpe; esmoucelado.
desmelenar. v. Alterarse, pegar (*Como te colla desmelénote*).
desmellado, -a. V. desmelado 1ª acep.
desmellarse. v. prnl. Perder os dentes (Allande).
desmellorado, -a. adx. Débil, fraco, con perda de saúde.
desmellorar. v. Ir perdendo a saúde progresivamente.
desmexar. v. Non esforzarse moito unha persoa á hora de facer algo (Boal, San Martín de Ozcos, Ibias).
desmillorado*, -a → desmellorado.
desmillorar* → desmellorar.
desmoldar. v. Quitar unha cousa dun molde.
desmontar. v. Separar as pezas de algo. **2.** Non cambiar de opinión (*Nun había quen el desmontase daquel asunto*).
desmoucar. v. Quitar ou cortar a parte superior dunha cousa. **2.** prnl. Romper un corno ou os dous o gando vacún.
desmoucelado, -a. V. esmoucelado (San Martín de Ozcos).
desmullida. adx. Aplícase á vaca que non ten *mulido* na cama.
desnatado, -a. adx. Que non ten nata.
desnatadora. s. f. Máquina que serve para separar a nata do leite.
desnatar. v. Quitar a nata ao leite.
desnembrar. v. Desfacer en cachos.
desnogadura. s. f. Dislocación.
desnogar. v. Dislocar.
desnougado, -a. adx. Solto, sen nós (*nougos*).
desnougar. V. desanougar.
desnucar. v. Dislocar do seu lugar os ósos da parte alta e posterior do pescozo.
deso. Contracción da preposición *de* e o demostrativo *eso*.
desobedecer. v. Non facer o que se debe ou o que se manda.
desocupado, -a. adx. Dise do sitio que quedou libre. **2.** Aplícase á persoa que non ten ningún traballo para facer.
desocupar. v. Deixar un sitio libre.
desollar. v. Quitar o brote a unha planta. **2.** Quitar o mal de ollo (San Martín de Ozcos, Castropol). **3.** prnl. Asombrar, mirar con moita atención.
desorballar. v. Desaparecer o orballo (Allande).
desorientado, -a. adx. Que perdeu a orientación.
desorientar. v. Facer que algo ou alguén perda a orientación. **2.** prnl. Perder a orientación.
desortillado, -a. adx. Aplícase ao boi ou vaca que por un golpe ou un accidente queda sen uña. **2.** Dise da res que torce ou disloca unha pata.
desortillar. v. Torcer un pé. **2.** Dislocar un óso, unha parte do corpo ou o pezuño unha vaca.
desosar. v. Quitar os ósos a algo (Boal, Os Ozcos).
desouciar. v. Botar a unha persoa dunha propiedade.
desourelar. v. Quitar a beira a algo.
desourellado. adx. Aplícase cando un campo é separado dunha terra de labor (Serandías).
desourellar. V. desourelar.
desourizar. v. Quitar os ourizos das castañas (Ibias).
desoutente. adx. Sen vergonza, atrevido (Tapia de Casarego, Boal).
desoutro, -a. (pl. desoutros, desoutras). Contracción da preposición *de* e a contracción de demostrativo e indefinido *esoutro*.
desovar. v. Quitar os ovos dun niño. **2.** Soltar as femias dos peixes e anfibios os ovos ou ovas. **3.** prnl. Saírlle parte da cloaca á galiña por poñer ovos moi grandes.
despachado, -a. adx. Aplicábase a un enfermo cando xa se lle daban os últimos sacramentos. **2.** Dise do que fala sen pensar demasiado no que di (*É que eu falo mui despachado*). **3.** Resolto, concluído, tratado. **4.** Vendido. **5.** Dise do gando cando xa se lle deu a comida que precisa.
despachar. v. Rematar un negocio. **2.** Vender xéneros ou mercancías. **3.** Dar de comer aos animais domésticos. **4.** Dar a parte de herdanza que corresponde.
despacilín. V. despacio.
despacillín. V. despacilín.
despacín. V. despacio.
despacio. adv. Amodo. **2.** Sen facer ruído, coa voz baixa.
despadecer. v. Deixar de sufrir.
despalar. v. Mudar o gando vacún e as cabalerías os dentes centrais ou os de leite (Eilao, Boal).
desparazar. v. Quitar a casca dunha árbore; aparazar.
desparexado, -a. adx. Sen parella.
Obs. Trátase dun castelanismo.
desparexar. V. desaparexar 2ª acep.
Obs. Trátase dun castelanismo.
desparexo, -a. adx. Que está mal emparellado.
Obs. Trátase dun castelanismo.
desparzar. v. Desfacer a parcería.
despatriar. v. Botar a un fóra da casa.

despechar. v. Perder a cabra os dentes de mamar. **2.** V. despalar. **3.** Abrir (Pezós).
despedida. s. f. Acción e efecto de despedir ou despedirse.
despedir. v. Acompañar ou dicir unha expresión de cortesía á persoa que se vai ou da que un se separa. **2.** Rematar (*Despediuse a sega*).
despedrar. v. Quitar as pedras soltas a algo (Allande).
despeiñado, -a. adx. Desfeito o peiteado.
despeiñar. v. Desfacer o peiteado.
despeito. s. m. Resentimento ou indignación causados por non conseguir un propósito.
despelotar. v. Quitar a roupa, espir.
despenar. v. Tirar por un lugar pendente. **2.** Caer unha persoa ou un animal desde un lugar alto.
despender. v. Vender mercancía polo miúdo. **2.** Gastar.
despensa. s. f. Lugar da casa onde se gardan alimentos, leña etc. **2.** Parte do cabazo onde se curan e almacenan os produtos cárnicos. Ao exterior aparece no corredor cunha táboa de máis lonxitude e non con doelas. **3.** Parte do hórreo ou a *panera* onse se gardan os grans, froitos etc.
despeñadeiro. s. m. Precipicio.
Obs. Trátase dun castelanismo.
despeñar. v. Desfacer o peiteado. **2.** prnl. Caer por un precipicio.
Obs. Trátase dun castelanismo.
despertado, -a. V. desperto.
despertar. v. Deixar de durmir. **2.** Estimular, alentar.
desperto, -a. adx. Que non dorme. **2.** Listo, vivo; esperto.
despescar. v. Sacar o peixe dunha rede ou doutro aparello de pesca (As Figueiras); desmallar 1ª acep. **2.** Quitar un peixe capturado do anzol. **3.** prnl. V. desmallar 2ª acep. (Tapia de Casarego).
despexe. s. m. Soltura, desenvoltura, axilidade.
despexo. V. despexe (Coaña).
despidir* → despedir.
despido, -a. V. espido.
despinar. v. Quitar os piñeiros dun terreo (Allande).
despintar. v. Quitar o que está pintado. **2.** Conservar o recordo da figura ou aspecto dunha persoa.
despir. V. espir. // **Despir un santo *pra* vestir outro.** Refrán que se emprega cando se tenta amañar algo estragando outra cousa.
despirdiciar. s. m. Desproveito (*Nun ten despirdiciar*), (Boal).
desplazar* → desprazar.
desplazamento* → desprazamento.
desplumar. v. Deixar a un sen diñeiro. **2.** Quitar as plumas a unha ave.
despodar. v. Podar as ramas dunha árbore deixando as guías.
despoes* → despois.
despois. adv. Indica posterioridade de tempo, lugar ou situación. **2.** Indica tamén posterioridade en orde, xerarquía ou posición. // **Despois de.** A pesar de (*Despois de todo*). // **Despois (de) que.** Expresa temporalidade.
despós. V. despois. // ***Despós* (de) que.** Expresa temporalidade.
desprazamento. s. m. Acción e efecto de desprazar ou desprazarse.
desprazar. v. Mover unha cousa ou persoa do lugar onde estaba. **2.** pl. Moverse ou ir dun lugar a outro.
despreciar. v. Desestimar. **2.** Desairar.
desprecio. s. m. Falta de aprecio. **2.** Desaire.
despregado, -a. adx. Estendido o que estaba pregado.
despregar. v. Estender o que está pregado.
despreocupado, -a. adx. Que non ten preocupacións.
despreocuparse. v. prnl. Non ter preocupacións.
desprevenido, -a. adx. Non preparado para algo.
Obs. Trátase dun castelanismo.
desprevisto, -a. adx. Que carece de algo.
desprobar. v. Facerse pobre. **2.** Quedar sen habitantes un núcleo.
desprobo. s. m. Quinto enxame que sae dun trobo nun ano (Serandías).
desprudente. adx. Que non ten prudencia.
despuntar. V. espicar 1ª acep.
desque. Contracción da preposición *desde* e a conxunción *que*. Desde que, despois que. **2.** Así que.
desquitar. v. Recuperar o perdido. **2.** prnl. Vingarse.
destacar. v. Desatascar (Allande).
destapado, -a. adx. Sen cubrir. **2.** Sen tapa.
destapar. v. Quitar a tapa. **2.** Descubrir o que está tapado. **3.** Desarroupar, desabrigar.
destarabicar. v. Desatrancar (Allande).
destarronar. V. estarruar 1ª acep. (Navia).
destaxar. v. Repartir os *estaxos* dun terreo. **2.** Axustar as condicións para facer un traballo.
destaxo. V. estaxa 1ª acep. // **Á *destaxo*.** Sen descanso e con présa.
deste. (f. desta, pl. destes, destos, destas) Contracción da preposición *de* e o

demostrativo *este*. **2.** Pódese utilizar como comodín nunha frase ou equivaler ao demostrativo este.
Obs. Na segunda acepción tamén ocorre con desta.

destelada. adx. Dise da castaña madura que caeu do castiñeiro.

destelar. v. Caer as castañas maduras do castiñeiro.

destellada. V. destelada.

destellar. V. destelar.

destello. V. destelo. **2.** Raio de luz de curta duración, como o dun faro.

destelo. s. m. Castaña que cae por si mesma do castiñeiro.

destemplada. adx. Aplícase a unha cousa que está ordenada. **2.** Dise da voz alterada.

destemplar. v. Producir disonancia un instrumento musical (*E que se destemplou el tambor*). **2.** Quitar o tempero ao metal dunha ferramenta.
Obs. Trátase dun castelanismo.

destempo (a). loc. Fóra de tempo ou lugar.

destempra. s. f. Malestar de ventre no gando, que se curaba antigamente con mofo de carballo (Vilanova de Ozcos).

destemprado, -a. adx. Que non está frío nin quente.

destensar. v. Afrouxar, diminuír a tensión de algo.

desteñir. v. Perder a color algo.

desterciado, -a. adx. Descompensado. **2.** Que sufriu cambios, alterado.

desterciar. v. Descompensarse algo, como un carro. **2.** Variar ou alterarse algo (Allande).

destercio. s. m. Molestia. // ***Fer destercio.*** Molestar.

desterrado, -a. adx. Dise da persoa condenada a saír da súa terra.

desterrar. s. m. Condenar a unha persoa a saír da súa terra.

desterro. s. m. Expulsión dunha persoa da súa terra.

destetar. v. Deixar de dar de mamar a un neno ou a unha cría. **2.** Facer que deixe de mamar un neno ou unha cría.

destexer. v. Desfacer o tecido.
Obs. Trátase dun castelanismo.

destibiar. v. Quentar lixeiramente (Boal).

destinto* → distinto.

destiñir* → desteñir.

desto. Contracción da preposición *de* e o demostrativo *esto*.

destonar. v. Quitar a tona do leite para facer a manteiga (San Martín de Ozcos).

destorcedor. s. m. Peza de ferro que serve para que non se retorzan as cadeas.

destorgado, -a. adx. Desantracado.

destorgar. v. Desatrancar algo, como a gorxa dunha vaca (Santalla de Ozcos). **2.** Desatascar un camiño (Allande).

destoutro, -a. Contracción da preposición *de* e o demostrativo *este* ou *esto* co indefinido *outro*.

destrago. s. m. Estrago (Castropol, Tapia de Casarego, Boal).

destrempada* → destemplada 2ª acep.

destribuír* → distribuír.

destripar. v. Quitar as tripas.

destrozado, -a. adx. Desfeito.
Obs. Trátase dun castelanismo.

destrozar. v. Facer anacos unha cousa. **2.** Estragar.
Obs. Trátase dun castelanismo.

destrozo. s. m. Estrago.
Obs. Trátase dun castelanismo.

destupir. v. Desatascar, como a boca da cal do muíño (Tapia de Casarego, Allande).

desurdir. v. Separar a graxa dos intestinos, pelar e limpar a tripa delgada e apartar o fígado na matanza do cocho, traballo que facían sempre as mulleres. **2.** Xurdir, medrar, brotar.

desurellar* → desourelar.

desvalixar. v. Roubar, furtar.

desván. (pl. desvais). V. faiado, faio.

desvanar. v. Separar o faiado do resto da casa poñéndolle piso ou tellado (Castropol, Eilao).

desvariar. v. Dicir ou facer extravagancias, tolerías.

desvergonzado, -a. adx. Que non ten vergonza, descarado.

desvergonza. s. f. Falta de vergonza.

desvergonzas. adx. Dise da persoa que non ten vergonza.

desvestir. v. Quitar a roupa, espir.

desviadeira. V. desviadoira.

desviadoira. s. f. Camiño que sae doutro principal.

desvía! interx. Aparta!

desviado, -a. adx. Apartado.

desviar. v. Apartar. **2.** Facer que unha cousa vaia por outro camiño. **3.** Disuadir.

desvivirse. v. prnl. Mostrar moito interese e afecto por unha persoa ou cousa.

desxelar. v. Desaparecer a xeada (Allande).

desxoncer. v. Quitar o xugo ás vacas ou aos bois.

deter. v. Impedir que unha cousa pase adiante.

determín. V. determino.

determino. s. m. Determinación, decisión.

deterxente. s. m. Substancia ou produto que limpa quimicamente.

detrás. adv. Na parte posterior. // **A detrás.** Detrás (*Fuin a detrás*). (Ibias). // **Detrás**

de todo. Polo último. // **Detrás virá quen ben me *fairá*.** Refrán que alude a que certas persoas consideradas hoxe malas, logo poden ser boas comparándoas con outras peores.

detremino* → determino.

deuda. V. débeda.

deus. s. m. Ser supremo, creador e conservador do universo (Taramundi). // **Chover auga a Deus.** Chover moito (Taramundi).

devagar. adv. Amodo, sen présa (Castropol, San Martín de Ozcos). **2.** Sen facer nada (San Martín de Ozcos).

devalar. v. Desviarse unha embarcación do seu rumbo (Navia, Coaña).

devalo. s. m. Minguante da lúa. // **Al devalo.** Sen rumbo fixo (Boal, Tapia de Casarego). **2.** Xeito de pescar co fío e sen cana cunha embarcación levada polo vento ou a corrente do mar.

devariar. v. Dicir ou facer tolerías, extravagancias.

devasa. s. f. Espazo que queda sen bouza, xuntando as primeiras liñas de terróns, entre a terra sementada e o monte, para que o lume das *borreiras* non se propague a outras terras ou un incendio do monte (San Martín de Ozcos).

devasar. v. Limpar a bouza dun terreo para que non se estendese o lume cando se queimaban as *borreiras* ou se facía carbón vexetal (Taramundi).

devecer. v. Desexar, ansiar. **2.** s. m. Minguante da lúa (*A lúa tá al devecer*), (San Martín de Ozcos). **3.** Minguar a lúa.

deveigado, -a. adx. Ansioso (*Xa que hai quen anda deveigado por casar*), (El Franco).

deventre. s. m. Sobremesa típica do Entroido feito con ovos, azucre, migas de pan, manteiga de cocho, perexil e graxa de cocho, todo metido nunha vexiga de cocho, e despois cócese. Ás veces pode levar canela ou uvas pasas; chanfaina 2ª acep., chanfaino, perico 2ª acep. **2.** Estómago do cocho (Taramundi, Santiso de Abres).

devesa. s. f. Terreo ao que se lle cortaron as árbores.

devesao, á. adx. e s. m. e f. Natural da Devesa (Ribadeo). **2.** Pertencente ou relativo á localidade da Devesa (Ribadeo).

devía* → adivín.

devino* → divino.

devirtir* → divertir.

devisar* → divisar.

devoción. s. f. (pl. devociois). Piedade e fervor relixiosos.

devocionario. s. m. Libro de oracións.

devolver. v. Restituír unha cousa ao seu dono, xa fose prestada, roubada etc. **2.** Vomitar, botar pola boca algo contido no estómago. **3.** Recitar un aguinaldeiro unha estrofa a continuación da última cantada por outro (San Martín de Ozcos).

devotar. v. Dicir frases relixiosas ou piadosas (Boal).

devoto, -a. adx. Que sente devoción.

dexabrar. v. Estragar (Taramundi).

dexamino. s. m. Proba para saber se se coñecía a doutrina cristiá.

dexar. V. deixar.

dexarmolar. v. Quitar os xermolos a certos froitos como a cebola, as patacas etc.

dexemado, -a. adx. Dise da persoa co lombo dobrado polo traballo.

dexemar. v. Dobrar o lombo, pegar, golpear (*Heite dexemar*). **2.** prnl. Dobrarse o lombo por un peso, golpe etc. **3.** prnl. En sentido figurado, herniarse traballando unha persoa folgazana.

dexobado, -a. adx. Sucio (Seares). **2.** Roto (Tapia de Casarego). **3.** Sobado, estragado polo uso (A Veiga).

dexobar. v. Ensuciar, manchar. **2.** Romper, desfacer (Tapia de Casarego). **3.** Engurrar unha roupa.

dexobeiro. s. m. Acción e resultado de *dexobar*. **2.** Desfeita, barullo.

dexoncer. V. ceibar 3ª acep. (Navia).

dez. adx. e s. m. Nove máis un.

dezanove. adx. e s. m. Cantidade formada por dez máis nove.

dezaoito. adx. e s. m. Cantidade formada por dez máis oito.

dezaseis. adx. e s. m. Cantidade formada por dez máis seis.

dezasete. adx. e s. m. Cantidade formada por dez máis sete.

dezmar. v. Causar moitas mortes. **2.** Sacar ou separar un de cada dez.

día. s. m. Tempo de vinte e catro horas que dura a claridade do sol, desde que nace até que se pon. // **Al outro día.** Ao día seguinte. // **Al ser día.** Ao amencer. // **Día de aradura.** Medida agraria de superficie que equivalía máis ou menos a 18,78 áreas nos concellos de El Franco, Coaña, parte do de Boal e do de Castropol e a 18,75 áreas no de Tapia de Casarego; noutra parte do concello de El Franco ou do de Navia equivalía a 20 áreas; e en parte do concello de Castropol, no da Veiga, Taramundi e Santiso de Abres equivalía a 15,78 áreas. No concello de Allande era de 12,57 áreas en terras de secaño e de 12,91 áreas en terras de regadío. Nalgunhas partes do concello de

El Franco equivalía tamén a 19,03 áreas. // **Acabouse el día, acabouse a *romeiría*.** V. Pasou el día, pasou a romeiría. // **Dalgún día.** Nalgún tempo. // **Día de *calenda*.** Día de *molín*. // **Día de diario.** Día da semana non festivo. // **Día de festa.** Día no que non se traballa, normalmente un domingo ou un dedicado a un santo da parroquia. // **Día de *fumo* na *igresia*.** Día festivo. // **Día de garabullo (s).** Día de traballo. // **Día de *molín*.** Día da semana que lle correspondía a un veciño no muíño para moer. Este día podíase comprar, vender ou herdar, e como consecuencia nalgunhas casas había máis dun día para a moenda ou mesmo días de moenda en muíños diferentes. // **Día de *muito*, *víspera* (*víspora*) de nada.** Refrán que se utiliza para aconsellar moderación no gasto económico, xa que a boas épocas económicas adoitan seguir períodos de escaseza (Tapia de Casarego, Boal). // **Día de nada.** Día normal sen ser festivo. // **Día de Pascua.** Domingo de Semana Santa, día da Resurrección de Cristo. // **Día de precepto.** Día santo. // **Día del *augua* bendita.** Sábado de Semana Santa. // **Día por noite.** Todo o tempo. // **Día santo.** Día festivo ou que cae en domingo. // **Día tras día, semana en cabo.** Refrán que di que pasando os días remata a semana. // **El día de San Miguel, que me enxugue este papel.** Expresión que se usa para pedir que o día de San Miguel non chova. // **El día *nun vei* a *polleiro*.** Expresión que se utiliza para indicar que pode cambiar aínda o tempo durante o día (Boal). // **Este día.** Día pasado pero moi próximo ao presente (*Inda tuven falando con el este día en Boal*), (Eilao, A Veiga). // ***Más llargo* que un día *sin* pan.** Dito que se utiliza cando un asunto parece interminable. // **Os días *nun tein* nada.** Expresión que se utiliza para dicir que o tempo pasa rápido, que non chega para facer nada (As Figueiras). // **Pasou el día, pasou a *romeiría*.** Refrán que indica que pasou o tempo de facer determinada cousa. // **Pola Ascensión, tres días si, tres días non, i tres días de rogación.** Refrán que alude ás regras relixiosas que se deben seguir durante esta celebración como o consumo de carne. // **Por *San Antón* os días *más* grandes son.** Refrán meteorolóxico relativo ao 17 de xaneiro. // **Por San *Bras*, os días pequenos xa quedan atrás.** Refrán que indica que por San Brais (3 de febreiro) os días xa son un pouco máis longos (Taramundi). // **Ser día.** Amencer. // **Tal día *fexo* un ano**. Era sabido (Boal). // ***Tar bon* (mal) día.** Facer un bo (mal) día. // ***Tar* sendo día.** Amencer. // ***Tar* un día criador.** Facer un tempo quente e húmido que é bo para as colleitas (Boal). // **Un día *sin* papas.** Un día con algunha celebración (Boal). // **Verse o día polo cu.** Verse a regaña do cu.

diabete. s. f. Doenza caracterizada por excesiva eliminación de mexo, que moitas veces contén azucre.

diabetis* → diabete.

diableco. V. diabreco.

diabro. V. demo. // **El *diabro nun* é tan negro como *lo* pintan.** Refrán que alude a que unha persoa considerada mala por parte doutras non ten por que selo.

diabreco. s. m. Ser mitolóxico, que se caracteriza por ir ao lado dos mozos astutos que buscan mozas inxenuas. **2.** Ser mitolóxico con forma de limaco, que se dedica a criticar os demais e a falar cos outros seres do seu mesmo xénero (Serandías).

diante. adv. No lugar ou parte anterior (Santiso de Abres, Taramundi). **2.** Enfronte. **3.** Á vista. **4.** Nun tempo futuro (Abres).

dianteiro, -a. adx. O que está na parte de diante dunha cousa. **2.** s. f. Parte de diante dunha cousa. **3.** s. f. Peitos da muller. // **Cargar dianteiro.** Beber moito.

diantre. s. m. Eufemismo de demo (*Con mil diantres de porras!*, *Unde el diantre tabades metidos?*).

diantre* → diante.

diaño. s. m. Demo. **2.** V. trasno. // **De al diaño a ti!** Que cousas tes! // **Diaño burlón (*burllón*).** V. trasno.

diario, -a. adx. Que se repite cada día. // **A diario.** Todos os días (*Quedan nun cantar de a diario*).

diarrea. s. f. Evacuación anormal do ventre, na que as feces son líquidas ou semilíquidas.

dibullar* → debullar.

dibuxado*, -a → debuxado.

dibuxo* → debuxo.

dicembre* → decembre.

dicha. s. f. Sorte.
Obs. Trátase dun castelanismo.

dicharacheiro, -a. adx. Aplícase á persoa que di ditos oportunos e graciosos.

dichoso, -a. adx. Que ten boa sorte. **2.** Que sente felicidade.
Obs. Trátase dun castelanismo.

dicidir* → decidir.

dicidor, -a. s. m. e f. Que di. **2.** Que fala con facilidade e graza.

dicinove* → dezanove.
dicioito* → dezaoito.
dicipela* → erisipela.
dicir. v. Expresar con palabras o pensamento, falar. **2.** Expresar de calquera outro xeito, como por escrito. **3.** Coincidir, facer xogo con outro, quedar ben. **4.** Estar por escrito algo. **5.** Encaixar. // **Como cho digo.** Exactamente como se está relatando. // **Dicir as verdades.** Falar con total claridade. // **Dicir ben.** Falar con verdade, con facilidade e graza. **2.** Louvar. // **Dicir de corazón.** Falar con toda sinceridade. // **Dicir en todas as olas (*ollas*).** Querer quedar ben con todo o mundo. // **Dicir en todos os potes.** Querer quedar ben con todo o mundo. // **Dicir mal.** Criticar. // **Dicir misa.** Dicir o que se queira que non se lle vai facer caso. // **Dicir por dicir.** Falar por non estar calado. // **Dicir *pra* entre un.** Razoar consigo mesmo. // **Dicir un *pra* si.** Pensar unha cousa sen dicila en alto. // **Díxome, díxome (i) pataqueirada.** Non ter en conta o que di unha persoa. // **É un dicir.** Así o contan. **2.** Por poñer un exemplo. // ***Nun* che digo nada.** Expresión que se utiliza cando non se pode explicar unha cousa con palabras. **2.** Expresa desagrado ou sorpresa por algo que non se agardaba. // ***Nun* me digas!** Que me contas! // ***Nun* sei que che diga.** Incredulidade no que o outro afirma, ou desconfianza do que se oe. // ***Nun* ter que dicir.** Quedar calado. // ***Querse* dicir.** É dicir. // **Todo é díxome, díxome.** Todo son rumores.
diciseis* → dezaseis.
dicisete* → dezasete.
dicisión* → decisión.
dicumento* → documento.
didal. V. dedal.
dida. V. deda. // **Andar de *didas*.** Andar coas puntas dos pés. // **De pico de *didas*.** Andar coas puntas dos pés.
dido. s. m. Dedo polgar. **2.** V. dedo 1ª e 2ª acep. // **Al *dido*.** Sistema nos xogos infantís que consiste en que un xogador vai sinalando os outros que están en círculo e cantando unha fórmula até que se detén na última frase. Neste momento o xogador sinalado líbrase e esta operación repítese até que queda un deles que será o que apande. // **Como os *didos* da *mao*.** Cando unha cousa está moi xunta (Tapia de Casarego). // **Meter os *didos pollos* ollos.** Tratar a unha persoa como parva. // **Non te vexo entre os *didos*!** Expresión de ameaza. // **Ou nos *didos* ou nos pés, has a tirar a quen es.** Refrán que alude a que os fillos saen fisicamente como os pais.
diduada. s. f. Golpe dado co dedo.
diecioito* → dezaoito.
dieciseis* → dezaseis.
diecisete* → dezasete.
dieiro. s. m. Moeda corrente, cartos. **2.** Fortuna, facenda. // ***Dieiro* chama *dieiro*.** Refrán que dá a enteder que o poder do diñeiro axuda a aumentar o capital dunha persoa. // ***Dieiro* del común, *dieiro* de ningún.** Refrán que alude a que o diñeiro de todos non é de ninguén. // **El *dieiro* del *mezquín*, anda dúas veces el *camín*.** Refrán que alude ás persoas avaras que por conseguir o que queren, fano as veces que sexa. **2.** Cando se fai un cousa mal por aforrar, hai que facela outra vez. // **El *dieiro* (os *cuartos*) i os *collois*, *prás ocasiois*.** Refrán que alude a que hai momentos en que non se debe pensar en canto costa algo economicamente e nesas ocasións é cando un ten que gastar o que lle toque. // ***Nun* hai *dieiro* como el primeiro.** Refrán que alude a que o primeiro diñeiro gañado nunca se esquece. // **Se el amigo dá *dieiro*, é verdadeiro.** Refrán que expresa que os verdadeiros amigos sempre axudan economicamente e non defraudan. // ***Tar* como el *dieiro*.** Expresión que se utiliza cando unha cousa ou unha persoa son moi novas.
diferencia. s. f. Característica que distingue unha cousa doutra. **2.** Controversia ou oposición entre dúas ou varias persoas.
diferenciar. v. Facer distincións. **2.** prnl. Distinguirse unha cousa doutra.
diferente. adx. Distinto.
dificultá. s. f. Calidade do que é difícil. **2.** Impedimento ou obstáculo que non deixa facer unha cousa.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
difteria. s. f. Enfermidade infecciosa das mucosas nasais, farínxeas, larínxeas e traqueais, con feridas superficiais. Produce tamén febre e alteracións do estado xeral.
difuntos* → defunto.
dignidá. s. f. Seriedade e decoro no xeito de comportarse.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
digno, -a. adx. Merecente dunha cousa. **2.** Serio, con decoro.
diguidainas. V. dinguirindainas (Coaña).
díjere. adx. Débil (Seares).
Obs. Trátase dun castelanismo.
dilapidar. v. Malgastar.
diliriar* → delirar.

dilirio* → delirio.

dillame. s. m. Instrumento para rebaixar a madeira.

diluír. v. Disolver por medio dun líquido; desluír, esluír.

din. s. m. Diñeiro (*Nin don nin din*).

dinamo. s. m. Máquina de corrente continua que transforma a enerxía mecánica en enerxía eléctrica.

dinguilindainas. V. dinguirindainas.

dinguirindainas. s. f. Xogo de nenos que consiste en atinar as chinas que outro ten na súa man pechada. Á vez cantase "*As dinguirindainas, / abre el puño i dainas, / sobre de contas, / sobre... (tantas) i dainas*"; dinguilindainas, dinguirindainas, diguidainas, tinquilitainas.

dinicela. V. donicela (Grandas de Salime).

dino*, -a → digno.

diñar. v. Morrer (Abres).

diñeiro. V. dieiro (Os Coutos).

diorado, -a. adx. Da color do ouro ou semellante.

diorar. v. Dar a color do ouro a algo.

dios. s. m. Ser supremo, creador do universo. // **A *Dios* rogando (predicando) i *coel* mazo dando.** Refrán que alude a que cando desexamos algo, está ben encomendarse a Deus, pero facendo á vez todo o que estea nas nosas mans para conseguilo. **2.** Critica as persoas que moito rezan pero fan dano. // **Abrirlle *Dios camíos*.** Serlle a unha persoa as cousas favorables. // **Acordarse *Dios* dun.** Morrer. // **A quen *Dios nun* (lle) dá fillos, el (o) demo dá(lle) sobríos.** V. Se *nun* me dá *Dios* fillos, dáme el demo *sobríos* (Boal). // **A (Al que, El que) quen madruga, *Dios* lle axuda.** Refrán que recomenda ser dilixente para ter éxito nas pretensións, no traballo. // **A (al) quen *nun* ten fillos, dálle *Dios sobríos*.** V. Se *nun* me dá *Dios* fillos, dáme el demo *sobríos*. // **Al que *nun* pode, *Dios nun lo* obriga.** Refrán que alude á xenerosidade de Deus. // **Así *Dios* me leve!** Expresión de reafirmación do que se di. // **Así *Dios* me salve!** Expresión para reafirmar o que se di. // **Cada un na súa casa i *Dios* na de todos.** Refrán que explica que cada persoa ou familia deben ter a súa propia intimidade, sen intromisións de ninguén. // **Chove *si Dios* ten *augua* (auga).** Refrán climatolóxico. // ***Condo Dios* dá, é a *montois*.** Refrán que indica que a axuda divina sempre é moi xenerosa. // ***Condo Dios* dá, dá *pra* todos.** Refrán que indica que debe compartirse cos demais o que se ten. **2.** Sinala que son de balde os bens fundamentais da vida. // ***Condo Dios* dá, non (*nun*) é cocho.** Refrán que indica que a axuda divina sempre é moi xenerosa. // ***Condo Dios nun quer*, os santos *nun* poden.** V. Cuando Dios nun quer todos os santos son poucos (Boal, Tapia de Casarego). // ***Condo* (*cando*) *Dios quer*, de todos os ventos chove.** Refrán que se emprega cando xorde un atranco ou un imprevisto que desfai os nosos desexos. // ***Condo Dios quer*, *nun* é cocho.** V. Condo Dios dá, non é cocho. // ***Cuando Dios nun quer* os santos *nun* axudan.** V. Cuando Dios nun quer todos os santos son poucos (Castropol). // ***Cuando Dios nun quer* todos os santos son poucos**. Refrán que se utiliza cando na concesión dunha graza ou beneficio, non serve recorrer a intermediarios se a persoa que ten potestade se nega a conceder esa petición (Castropol). // **Dálle *Dios* a quen ten.** Refrán que alude á xenerosidade de Deus. // **Dálle *Dios* sombreiro a quen *nun* ten cabeza**. Refrán que se utiliza cando a fortuna recae nunha persoa que non sabe ou non pode aproveitala (A Veiga, Tapia de Casarego). // ***Deulo* Dios *condo nun tía* que dar.** Refrán que alude a cando unha cousa xa non era precisa para resolver un asunto. // ***Dio-lo* convide.** Expresión de agradecemento. // ***Dio-lo* descanse.** Que descanse en paz (Negueira de Muñiz). // ***Dios* apreta, pero *nun* afoga.** Refrán que recomenda a conformidade na desgraza e a confianza en Deus. // ***Dios* castiga *sin palo* nin pedra.** Refrán que explica que as persoas que obran mal reciben o seu castigo dun xeito inesperado. // ***Dios* che axude.** Forma de saúdo. // **Dios cho pague i eu *cuando cuadre*.** Expresión de agradecemento por algún pequeno favor realizado. // ***Dios crialos*, i el *diabro xúntalos*.** Refrán que alude á inclinación natural de xuntarse as persoas de conduta censurable. // ***Dios* dá(lle) pan a (al) quen *nun* ten dentes.** Refrán que indica que as oportunidades chegan ás persoas que non queren ou non poden aproveitalas. **2.** Refírese a que o mundo é inxusto. // ***Dios delantre* i el carro cante.** Que haxa sorte e que sexa o que Deus queira. // ***Dios* desaveña a quen nos manteña**. Frase que din os escribáns para ter preitos. // ***Dios* lle *día salú*.** Expresión de agradecemento por algo que se recibe. // ***Dios lo* descanse.** Expresión que se usaba cando morría alguén da familia ou

amigos. // ***Dios*** **me** ***llibre*** **del** ***augua*** **mansa, da brava** ***llíbrome*** **eu.** V. Dios nos llibre del augua mansa, que a brava véselle vir. // ***Dios*** **nos** ***día*** **(a)** ***daquén*** **de noso.** Refrán que pide que Deus dea unha descendencia semellante aos pais. // ***Dios*** **nunca** ***olvida*** **aos sous.** Refrán que alude a que Deus non esquece nunca aos seus crentes. // ***Dios*** **(cho, llo) pague.** Expresión de agradecemento por algo que se recibe. // ***Dios*** **pregunte por ti.** Expresión que se utiliza cando non se sabe contestar a algo. // ***Dios*** **te convide.** Expresión de agradecemento. // ***Dios*** **mediante.** Se Deus quere. // ***Dios*** **nos aparte.** Expresión coa que se indica o desexo da intervención divina para que non haxa un mal. // ***Dios*** **nos** ***día daqué*** **de noso.** Refrán que manifesta a bondade de Deus para concedernos algo propio. // ***Dios*** **nos libre.** V. Dios nos aparte. // ***Dios*** **nos** ***llibre*** **del** ***augua*** **mansa, que a brava véselle vir.** Refrán que indica que hai que evitar as persoas que parecen moi tranquilas e boas. // ***Dios*** **nos** ***llibre*** **dun morto de fame** ***chen*** **de papas.** V. Dios nos llibre dun probe chen de papas. // ***Dios*** **nos** ***llibre*** **dun** ***probe chen*** **de papas.** Refrán que indica que hai que evitar os novos ricos. // ***Dios*** **que te fixo!** Dito que se usa para reprender a alguén, especialmente a nenos. // ***Dios*** **sabe que nos ten.** Refrán que alude a que somos criaturas de Deus. // ***Gracias*** **a** ***Dios*** **que el meu can pillou un pego.** Expresión de alegría cando alguén consegue unha cousa difícil. // ***Gracias*** **a** ***Dios*** **que na casa cocemos cinco fogazas i sete debemos.** Refrán que se aplica a quen debe máis do que ten. // **Ir (irse) con** ***Dios*****.** Marchar. // **Líbrenos** ***Dios*** **del auga mansa, que a brava xa se lle ve vir.** V. Dios nos llibre del augua mansa, que a brava véselle vir. // ***Llíbrenos Dios*** **dun piollo resucitado.** Refrán que alude ás persoas de carácter tranquilo, que cando se anoxan, o fan dun xeito desproporcionado coa conseguinte sorpresa para os demais. **2.** Refírese que hai que ter coidado coa xente que pasa de non ter nada a ter certo poder. // **Nin** ***Dios*****.** Ninguén. // ***Nun*** **hai** ***Dios*** **que.** Ser difícil de facer, dicir etc., unha cousa. // ***Pacencia*** **i amor con** ***Dios*****.** Dito que se emprega para aconsellar que teñamos paciencia coas cousas que nos acontecen. // **Que** ***Dios*** **che** ***día salú*** **na roupa.** Expresión usada para desexar o ben a unha persoa. // **Que** ***Dios*** **cho pague que eu** ***nun*** **levo solto.** Dito de cortesía. // **Que** ***Dios lo*** **dispoña en ben.** Expresión que se usa ao rematar de comer. // **Que** ***Dios*** **vos** ***faiga us bus*** **vellos.** Dito de cortesía. // **O que non lle dá** ***Dios*** **fillos dálle o demo sobriños**. V. Se nun me dá Dios fillos, dáme el demo sobríos (Santiso de Abres). // **Se** ***nun*** **me dá** ***Dios*** **fillos, dáme el demo** ***sobríos*****.** Refrán que se utiliza para indicar que unha persoa ten preocupacións por unha causa allea e non pola súa propia situación (Tapia de Casarego). // **Ser como** ***Dios lo*** **deu.** Non ser listo. // **Todo** ***Dios*****.** Todo o mundo. // **Vaia por** ***Dios*****!** Expresión de paciencia, conformidade ou desgusto. // ***Veite*** **con** ***Dios*****.** Forma de saúdo.

Obs. Trátase dun castelanismo.

dique. s. m. Muro construído nun porto para protexelo do mar. **2.** Lugar construído nos portos ou nos estaleiros para reparar as embarcacións en seco.

dir* → ir.

direición* → dirección 3ª acep.

dirección. s. f. (pl. direcciois). Acto e efecto de dirixir ou dirixirse. **2.** Camiño ou rumbo que segue unha cousa ou unha persoa. **3.** Lugar onde se vive.

directamente. adv. De xeito directo.

directiva. s. f. Grupo de persoas que dirixen ou coordinan algo.

directo, -a. adx. Que vai en liña recta. **2.** Que vai dun punto a outro sen deterse.

director, -a. s. m. e f. Que dirixe. **2.** Persoa que ten un cargo de goberno ou dirección de algo.

direición* → dirección.

direito*, -a → dereito.

diretamente* → directamente.

diretiva* → directiva.

direto*, -a → directo.

direución* → dirección.

direutor*, -a → director.

dirixir. v. Guiar. **2.** Administrar, gobernar. **3.** prnl. Ir en certa dirección.

dirritir* → derretir.

discreción. s. f. Prudencia ou tacto para xulgar ou obrar. **2.** Calidade de quen sabe gardar un segredo.

discreición* → discreción.

discurrir. v. Reflexionar sobre unha cousa, pensar, observar. **2.** Inventar unha cousa. **3.** Dicir ou facer unha cousa no momento axeitado.

discursibre. adx. Dise da persoa que lle gusta facer bromas (San Martín de Ozcos). **2.** Aplícase ao neno que lle gusta facer trasnadas.

discursión* → discusión.

discurso. s. m. Acción e efecto de *discurrir*. **2.** Broma. **3.** Trasnada. **4.** Oración, obra de elocuencia pronunciada en público.
discusión. s. f. (pl. discusiois). Disputa, debate, polémica.
discutibre. adx. Que se pode discutir (Coaña).
discutir. v. Dar razóns contra a opinión doutro.
disfraz. s. m. Traxe ou roupa que se utiliza para vestir, especialmente coas máscaras durante o Entroido.
disfrutar* → disfrutar.
disgracia* → desgracia.
disgraciado*, -a → desgraciado.
disgraciar* → desgraciar.
disgustado, -a. adx. Anoxado. **2.** Con tristura.
disgustar. v. Anoxar, entristecer. **2.** prnl. Encherse de tristura.
disgusto. s. m. Aflición, pena. **2.** Tristura. **3.** Enfado.
disimular. v. Esconder con astucia o que se sente ou pensa. **2.** Finxir.
disimulo. s. m. Artificio con que un esconde as súas intencións, pensamentos ou sentimentos.
disinciar. v. Desfacerse dunha clase de animais domésticos ou de froitos (Allande).
disingrir. V. desingrir.
disipela* → erisipela.
dislocar. v. Sacar a *pana* dunha *sofreira* co mango biselado da brosa ou coa *burxa*.
disolto, -a. adx. Desfeito nun líquido.
disolver. v. Desfacer unha substancia nun líquido.
disparado, -a. adx. Lanzado, tirado. **2.** Aplícase á persoa que sae correndo á présa dalgún lugar.
disparar. v. Lanzar un proxectil por medio dunha máquina, normalmente unha arma.
dispensa. s. f. Concesión a alguén dun permiso ou licenza para non cumprir unha determinada regra, normalmente feita pola Igrexa.
dispensa* → despensa.
dispidida* → despedida.
dispir* → despir.
dispoer. V. dispoñer.
dispois* → despois.
dispoñer. v. Mandar o que ha de facerse. **2.** Estender o esterco en pequenos montóns nun campo. **3.** Preparar, resolver, decidir. **4.** Valerse dunha persoa, animal ou cousa. **5.** Poñer a punto algo.
disposición. s. f. (pl. disposiciois). Acción ou efecto de dispoñer ou dispoñerse. **2.** Estado de ánimo. **3.** Aptitude, iniciativa, habilidade, xeito.
disposto, -a. adx. Hábil, dilixente. **2.** Preparado, axeitado.
disprecio* → desprecio.
dispuer. V. dispoñer.
dispusición* → disposición.
distancia. s. f. Espazo que media entre dous puntos, dous lugares ou dous obxectos. **2.** Separación entre persoas.
distinto, -a. adx. Que non é igual, diferente.
distribuír. v. Repartir algo entre varios con acordo a certas normas.
disurdir* → desurdir.
disvía!* → desvía!
disviado*, -a → desviado.
disviar* → desviar.
ditame. s. m. Frase feita que ensina algo. **2.** Refrán.
diteria* → difteria.
dito, -a. adx. Xa mencionado. **2.** s. m. Expresión tradicional, refrán. **3.** s. m. Acción e efecto de dicir. **4.** s. m. Palabra. // **De *lo* dito en *lo* cortexado, todo *olvidado*.** Refrán que alude a que para cortexar todo vale, aínda que despois non se cumpra. // **Del dito al feito, hai un gran preito (treito).** Refrán que indica que existe moita distancia entre o que di unha persoa e o que fai, polo que convén non confiar en promesas que non se poden cumprir. // ***Lo* dito, dito *tá*.** Refrán que explica que xa non hai xeito de cambiar o que se dixo. // **Meu (*meo*) dito, meu (*meo*) feito.** Expresión referida a unha cousa ou aspecto que se cumpriu (Castropol, Tapia de Casarego, Coaña, Boal).
diversión. s. f. (pl. diversiois). Pasatempo, distracción, divertimento. **2.** Festa.
diverso, -a. adx. Diferente.
divertido, -a. adx. Alegre, entretido. // **Pasar el divertido.** Divertirse (Navia).
divertimento. s. m. Acto ou efecto de divertir. **2.** Distracción, diversión, entretemento.
divertir. v. Entreter, alegrar.
divino, -a. adx. Relativo a Deus ou aos deuses. **2.** Perfecto, excelente.
divirtir* → divertir.
divirsión* → diversión.
divisar. v. Avistar, percibir confusamente ao lonxe.
divoción* → devoción.
divorciarse. v. prnl. Disolverse legalmente un casamento, separarse.
divurciarse* → divorciarse.

dixerir. v. Converter dentro do aparato dixestivo os alimentos ou substancias axeitadas para a nutrición.
diximino* → dexamino.
dixipela* → erisipela.
dixirido, -a. adx. Aplícase á persoa nova débil e enfermiza.
dixobar* → dexobar 1ª acep.
dixomedíxome. loc. Rumor.
díxomedíxomes. V. dixomedíxome (Seares).
do[1]. (f. da, pl. dos, das). Contracción da preposición *de* e o artigo singular masculino *o*.
do[2]. Contracción da preposición *de* e o artigo neutro *o* (*Sabían do que falaban*).
doado, -a. Fácil (Taramundi, Grandas de Salime, Abres).
doas* → dúas. V. dous.
dobelo. V. nobelo 1ª acep.
dobla. V. dobra.
doblado*, -a → dobrado 1ª acep.
doblar* → dobrar.
doble* → dobre.
doblón* → dobrón.
dobra. s. f. Correa de coiro trenzado para amarrar a cabezoalla do carro ao xugo ou á canga. Tamén se facían con viortos de carballo, recollidos en inverno, que despois de pelados se empapaban de unto fresco para que non secasen.
dobrado, -a. adx. Inclinado. **2.** Torto. **3.** s. m. Operación que fan os ferreiros nas forxas cando curvan as pezas.
dobrar. v. Torcer unha cousa. **2.** Volver ou aplicar unha cousa flexible sobre outra. **3.** Aumentar unha cousa ou persoa en tamaño. **4.** Pregar unha cousa sobre outra. // ***Nun* dobrar.** Que non lle gusta traballar a unha persoa.
dobre. adx. e s. m. Formado por dúas partes iguais. **2.** Metade. **3.** Cantidade dupla. **4.** Gordo. **5.** Forte. **6.** Maior, dúas veces máis.
dobregar. v. Dobrar, tocer. **2.** Someter, dominar. **3.** prnl. Inclinarse cara a adiante.
dobrez. s. f. Parte que se dobra, como nunha peza de roupa. **2.** Sinal que queda onde se dobrou.
dobrilla. s. f. Antiga moeda de vinte e cinco pesetas.
dobrón. s. m. Antiga moeda de ouro, de diferente valor segundo as épocas.
doce. adx. e s. m. Dez máis dous. // **As doce.** Ao mediodía. // ***Tar* marcando as doce.** Dise cando un home está excitado sexualmente.
docea. V. ducía 2ª acep.
docena* → ducía 2ª acep.
docía. V. ducía 2ª acep.
dócil. adx. Aplícase ao terreo fácil de traballar.
documentación. s. f. (pl. documentacios). Conxunto de documentos usados co fin de documentar. **2.** Documento que acredita a identidade ou calquera outro aspecto dunh persoa ou animal.
documento. s. m. Escrito ou obxecto que proba ou acredita algo.
dódame! V. dódemo! (Taramundi).
dódeme! interx. Expresa admiración, aprobación ou rexeitamento (Abres).
dódemo! interx. Léveme o demo! (Taramundi); déldamo!
doela. s. f. Táboa delgada en posición vertical que cobre os corredores de cabazos ou hórreos, ou partes doutras construcións como os pallares. **2.** Cada unha das táboas dunha sella, un tonel, un balde de madeira etc. **3.** V. bringa 2ª acep. (Tapia de Casarego, Ortigueira).
doente. V. dolente (A Veiga, Os Ozcos).
doer. V. doler.
doído, -a. adx. Resentido (Abres).
doiro (a). loc. Moito. // **Chover a doiro.** Chover moito.
doito* → adoito.
dola. V. bringa 2ª acep. (El Franco).
dolce. V. dulce.
dóldemo! interx. Léveme o demo!; déldamo!
dolencia. s. f. Situación ou estado de enfermidade. **2.** Enfermidade.
dolente. adx. Aplícase á persoa ou animal de mal carácter. **2.** Dise do can ou animal rabiosos. **3.** Que ten dolor (*Tá dolente das molas*). **4.** Furioso. **5.** Que ten medo a auga (Boal). **6.** Excitado sexualmente (Coaña). **7.** Anoxado. **8.** Ansioso.
doler. v. Producir dolor ou molestia física. **2.** Ser algo motivo de desgusto. **3.** prnl. Compadecerse. **4.** prnl. Queixarse. // **Que barriga lle *dole*?** Que máis lle dá? (Tapia de Casarego).
dolergas. V. celergas (A Veiga).
dolido, -a. adx. Desgustado, triste. **2.** Con dolor. **3.** Ofendido. **4.** Queixoso.
dolioso, -a. adx. Que padece ou sente dolor. **2.** Triste (Navia). **3.** Compasivo.
dolo. s. m. Pena, aflición. **2.** Piedade, compaixón. **3.** Malestar que queda nalgunhas persoas despois de gastar certa cantidade de diñeiro (Eilao). // **Ser de dolo.** Ser unha cousa importante, ter valor (*Ese libro é de dolo*). // ***Sin* dolo.** De xeito abundante. **2.** Sen pena. // **Ter dolo de dar.** Amolar dar algo.
dolor. s. f. Sufrimento físico ou moral.
dolorento, -a. V. dolioso 1ª acep. (Navia).

dolorido, -a. adx. Que sente ou dá dolor.
doloriento, -a. V. dolioso 1ª acep. (Boal).
doloroso, -a. V. dolioso 1ª acep.
domar. v. Amansar un animal; adomar. **2.** Dominar. **3.** prnl. Baixar o volume de algo, dobrar; apandar.
dómina. s. f. Amuleto contra as bruxas. Normalmente consistía nun colar feito de baeta amarela con cruces coloradas que levaba cosida unha pequena bolsa con incenso dentro.
dominante. adx. Dise do que ten o poder ou dominio sobre outros.
dominar. v. Ter poder ou dominio sobre persoas ou cousas. **2.** Coñecer a fondo unha determinada especialidade ou materia. **3.** Facer unha forza maior que outra persoa ou cousa.
domingar. v. Prepararse, amañarse, vestir ben para saír os domingos (Navia).
domingas. pl. Tetas dunha muller.
domingo. s. m. Primeiro día de semana. // **Domingo de Ramos.** O anterior á Semana Santa.
domingueiro, -a. adx. Aplícase á persoa que o domingo viste a mellor roupa. **2.** Aplícase á persoa que lle gusta visitar lugares, turista.
dominó. s. m. Xogo que se executa con 28 fichas que teñen marcadas nunha das caras distinto número de puntos. Gaña o que acabe coas fichas despois de ir emparellando as caras que teñen o mesmo número ou aquel que teña ao final menos puntos. **2.** Conxunto de pezas deste xogo.
domo. s. m. Dobrez que se fai a unha saba, manta etc. **2.** Cada unha das voltas que se dan a unha corda para amarrar algo. **3.** Cada unha das porcións dunha rede de pescar que leva un home no ombro cando a transportan varios. // ***Puer* el *domo*.** Poñer maior peso coa *dopra* do xugo a unha vaca máis que á outra.
dona. s. f. Dama, señora, muller propietaria de algo.
Obs. Trátase dunha palabra antiga que aínda sobrevive frecuentemente na toponimia menor.
donación. s. f. (pl. donaciois). Acción e resultado de doar, regalar.
donaire. s. m. Movemento áxil do corpo ao andar.
doncella. V. donicela (Navia).
dondicella. V. donicela (Boal).
dondio, -a. V. dondo (A Veiga, Coaña, El Franco).
dondo, -a. adx. Brando, como o pan, a terra que foi traballada con coidado, uns zapatos etc.
donegar. v. Impedir. **2.** Cansar.
donicela. s. f. Mamífero fisípedo da familia dos mustélidos, que pode chegar a medir uns corenta centímetros, aínda que normalmente non supera os vinte e cinco. O corpo é esvelto, fino e elegante, con pescozo máis groso que o resto. A cabeza é alongada e remata nun fociño de punta chata con bigotes. Os ollos son pequenos e as orellas están situadas moi atrás. As patas son fortes e curtas e os dedos teñen uñas grandes e cortantes. A pelaxe é moi suave, con partes pardas, tirando a vermello e abrancazadas (*Mustela nivalis*), (Eilao, Castropol, Tapia de Casarego, Santalla de Ozcos). // ***Si* te pica uha donicela busca camisa *prá* terra.** Refrán que alude que se che traba unha donicela hai que preparar a mortalla.
donicella. V. donicela (Eilao, Boal, Coaña, Villaión). // ***Si* te morde uha *donicella* vas *pra* Ponticella.** Refrán que explica que segundo a tradición se che traba unha donicela, morres e ías para o camposanto do núcleo principal da parroquia de Ponticella (Villaión).
dopla. V. dobra.
dopra. s. m. Peza de varas entretecidas con forma de cesta que se utilizaba para subir a ouca das ribeiras cunha polea (Tapia de Casarego, El Franco). **2.** V. dobra. // **Retorcido como unha *dopra*.** Dise da persoa con mala intención. // ***Tar* mal da *dopra*.** Non querer traballar.
dor. V. dolor.
dorada. s. f. Peixe osteíctio da familia dos espáridos, duns sesenta centímetros de lonxitude, con cabeza máis ben grande, fociño obtuso, boca pequena e ollos non moi grandes, tronco forte e comprimido nos lados. A súa carne é moi apreciada (*Sparus auratus*). **2.** V. breca (As Figueiras).
Obs. Trátase dun castelanismo.
doricella. V. donicela (Navia).
doriga. V. castaña.
dormecer. V. adormecer.
dormentar. V. adormentar.
dormente. s. m. Madeiro que serve de base ao lagar (Serandías).
dormer* → durmir.
dormicela. V. donicela (Navia).
dormichón*, -úa → durmichón.
dormión, -ona → durmichón.
dormir* → durmir.
dornicela. V. donicela (A Veiga, Os Ozcos, Tapia de Casarego, Grandas de Salime).
dornicella. V. donicela (Allande). // **Ser velenoso como uha *dornicella*.** Ser moi mala persoa. // ***Si* te morde uha**

***dornicella* colle as chaves i *veite prá igresia*.** Refrán que alude a que tradicionalmente se pensaba que estes animais eran velenosos.

dorrota. V. derrota 3ª acep.

dotal. adx. Referido ou pertencente aos bens dun dote.

dote. s. m. Achega que leva a muller cando casa. // **Casar *sin* dote.** Roubar.

dotor. s. m. Médico.
Obs. Trátase dun castelanismo.

dotrina* → doutrina.

dous, dúas. adx. e s. m. e f. Un máis un. **2.** Segundo, o que vai despois do primeiro.

douscentos, duascentas. adx. e s. m. e f. Dúas veces cen.

doutramente. adv. Doutro xeito (Allande).

doutrina. s. f. Conxunto de principios dunha relixión. **2.** Catecismo.

doutro, -a. Contracción da preposición *de* e o indefinido *outro*.

doventre. V. deventre.

dovocionario* → devocionario.

draga. s. f. Tipo de embarcación que leva unha máquina para quitar o lodo, a area etc., do fondo das rías, ríos e portos como antigamente na de ría de Ribadeo.

dragar. v. Limpar as canles dos ríos, rías, portos etc., coa draga.

dreito*, -a → dereito.

dreto*, -a → dereito.

dril. s. m. Tecido forte orixinariamente de liño utilizado para pantalóns e traxes lixeiros de verán e para pezas de roupa usadas no campo.

driza. s. f. Cabo que se usa nos barcos de vela para izar ou arriar algunhas velas.

duado*, -a → doado.

ducado. s. m. Antiga moeda de valor variable, feita con cobre, aliaxe de prata e cobre ou ouro.

dúcea. V. ducía 2ª acep.

ducena* → ducía 2ª acep.

ducha. s. f. Auga que en forma de chorro esparexido se usa para bañar ou refrescar o corpo. **2.** Aparato para dirixir ese chorro.

duchía. s. f. Diminutivo de ducha (Seares).

ducia. V. ducía 2ª acep. (Taramundi, Santalla de Ozcos).

ducía. s. f. Palabra que equivalía a 25 pescadas ou ollomoles (Ortigueira). **2.** Conxunto de doce cousas.

ducial. s. f. Variedade de cereixa (Serandías).

duda. s. f. Indecisión do ánimo diante de diversas opinións ou resolucións.

duela. V. doela.

duer. V. doler (Santiso de Abres).

dulce[1]. s. m. Calquera produto de cociña elaborado con elementos doces.

dulce[2]. adx. De sabor agradable. **2.** De trato amable. // **Al que é *dulce, cómenlo* as moscas.** Refrán que explica que moitas veces se abusa das persoas amables por parte doutras.

dulceiro, -a. s. m. e f. Persoa que fai ou vende doces. **2.** adx. Dise da persoa á que lle gustan moito os doces.

dulciar. v. Poñer algo doce con auga.

dulda. V. duda.

duldar. v. Ter o ánimo indeciso entre varias posibilidades que se ofrecen.

dulzainada. s. f. Conxunto de doces ou lambetadas.

dun. (f. dunha, duha; pl. dus, dunhos, duhos, duis, dunhas, duhas). Contracción da preposición *de* e o artigo *un*.

dunicela. V. donicela (Ibias).

duradeiro, -a. adx. Que se mantén no tempo.

durante. adv. Mentres dura algo.

dura. s. f. Duración, tempo que dura unha cousa ou alguén.

duramadre. s. f. Parte interior máis dura dunha árbore (Taramundi).

durar. v. Manterse no tempo. **2.** Continuar sendo ou existindo. // **Pouco a min me durou o que outro xa *disfrutou*.** Refrán que alude ao pouco que duran as cousas xa usadas por outros, as de segunda man.

dureira. adx. Dise da vaca que é difícil de muxir porque non lle baixa o leite (Os Ozcos).

durén. s. f. Calosidade.

dureza. s. f. Calidade de duro.

durién* → durén.

durmichón, -a, -úa. adx. Dise da persoa que dorme moito.

durmido, -a. adx. Que dorme.

durmiente. s. m. Peza de madeira dun mazo ou dunha ferrería, onde descansa o *gorrión*. **2.** Rama inferior dunhas *tiseiras* fixas que é a que se asegura ao banco nunha forxa. **3.** Madeiro lonxitudinal dunha embarcación onde se apoia a bancada. **4.** Peza da roda de afiar onde descansan os *gorriois* (Santalla de Ozcos).
Obs. Trátase dun castelanismo.

durminte. V. durmiente 1ª acep. **2.** V. soleira 11ª acep.

durmión, -a. adx. Que lle gusta moito durmir (Abres).

durmir. v. Descansar sen facer nin sentir nada. **2.** Facer noite nun lugar. **3.** Bailar o *pión* con moita rapidez dando voltas sen moverse do sitio onde está. **4.** prnl.

Experimentar a sensación molesta de adormecer algunha parte do corpo. // **Durmir como uha (unha) pedra.** Durmir profundamente. // **Durmir de pé.** Ter os pés moi grandes. // **El que *muito durme*, pouco vive i pouco aprende.** V. Quen muito durme, pouco vive (aprende). // **Quen *muito durme*, pouco vive (aprende).** Refírese a que quen moito dorme perde moitas cousas que acontecen na vida.

duro, -a. adx. Difícil de cortar, dobrar ou moldear. **2.** Forte, resistente. **3.** s. m. Variedade de cangrexo coa parte externa dura (*Carcinus sp.*). // **A duras i a maduras.** Con todas as consecuencias, co bo e co malo. // **Ser duro como as pedras.** Ter moi boa saúde. // ***Tá más* dura que os pés dun santo.** Estar unha cousa moi dura. // **Tela dura (como uha pedra, un penedo).** Dise cando un home está excitado sexualmente.

E

e[1]. s. m. Quinta letra do alfabeto galego.

e[2]. conx. Expresa unión ou suma entre unidades lingüísticas do mesmo rango gramatical; i, ia, ie.

ea, ea, ea! interx. Úsase para durmir os nenos.

ea, ea, eia! V. ea, ea, ea!

ea, eia! V. ea, ea, ea!

ea, eo! V. ea, ea, ea!

ebanista. s. m. Carpinteiro que fai labores delicados na madeira (Coaña).

eccema. s. m. Afección inflamatoria aguda da pel, que pode presentar edemas, escamadura, vesiculación etc.

ecema* → eccema.

eclipse. s. f. Ocultación transitoria, total ou parcial dun astro por interposición doutro.

eclise. s. m. Prancha metálica que une dous carrís seguidos dunha vía férrea (Abres).

eclise* → eclipse.

ecoar. v. Facer unha voz eco.

económica. V. cocía.

ecrís* → eclipse.

edá. s. f. Tempo transcorrido desde que unha persoa ou un animal empezaron a vivir.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

edito. s. m. Aviso que se coloca nun lugar público.

edrado, -a. adx. Ben disposto, como a semente cando está ben distribuída e sae toda (*Tá ben edrado esto*), (Taramundi).

edramos. s. m. pl. Golpes, discusións, sucesos importantes (Serandías).

educación. s. f. Ensinanza que se dá ás persoas. **2.** Comportamento axustado ás normas sociais.

educancia* → educación.

educado, -a. adx. Que ten educación.

efe. s. m. Nome da letra f.

efecto. s. m. Resultado dunha acción.

efeto* → efecto.

égoa. V. egua.

egua. s. f. Femia do cabalo.

eh! interx. Voz que expresa moitos matices como para chamar a atención, responder a unha chamada, aclarar algo, facer andar o gando vacún, para dar a razón etc.

eh-le! interx. Voz que se emprega para responder a unha chamada (El Franco).

ei, ei![1] interx. Voz que se emprega para facer andar os bois ou as vacas ou mesmo as persoas. (*Ei, boi, ei!*). **2.** Voz que se emprega como chamada.

ei-ho! interx. Voz que se emprega para chamar a atención dunha persoa.

ei[2]. adv. Nese lugar; aí. // ***Ei* atrás.** Un dos últimos días. // ***Ei tá*!** Xa chegou. **2.** Así é. // **Por *ei*.** Máis ou menos. // ***Táte* por *ei*.** Ten coidado. **2.** Non molestes.

eí. V. aí.

eiglesia* → igresia.

eigresia* → igresia.

eigua. V. egua (Tapia de Casarego).

eilí. V. alí.

eimía. s. f. V. emía (Freal-Navia).

einda. V. aínda.

eínda. V. aínda. // **Eínda así.** V. aínda así.

eiquí. V. aquí.

eira. s. f. Espazo anexo á casa, con piso cuberto de lousas, onde se facían os labores da malla do centeo, trigo, cebada etc. Podía pecharse con chantos verticais de lousa e nas unións entre as lousas do chan poñíanse bostas.

eirada. V. eirado.

eirado. s. m. Conxunto numeroso de colmos que se estenden na eira para mallar dunha soa vez. **2.** Acto de estender os ourizos da *corripa* para recoller as castañas. **3.** Acto de estender os colmos na eira para mallalos dunha soa vez (Vilanova de Ozcos). **4.** Conxunto numeroso de algo. **5.** Porción que se quita dunha vez (Allande). **6.** Espazo xunto a unha *corripa* onde se estenden os ourizos.

eirar. v. Estender os ourizos da *corripa* para recoller as castañas (San Martín de Ozcos).

eirexa. V. igresia (Taramundi).

eirín. s. m. (pl. eiríos). *Eiro* pequeno.
eiro. s. m. Leira de labor, normalmente de tamaño grande, aínda que en certas áreas eonaviegas corresponde a unha leira pequena. // **Por San Marcos, nin todo nel *eiro* nin todo nel saco.** Refrán que alude a que por San Marcos (25 de abril) o millo ou o liño aínda non naceron.
eirolo. s. m. Porción pequena de terreo dedicada a sementeiro.
eirón. s. m. *Eiro* grande.
eisa, eisa! interx. Voz que se emprega para encirrar os cans.
eisar. V. isar 1ª acep.
eiste* → este.
eisto* → esto.
eivado, -a. adx. e s. Imposibilitado, con algunha minusvalía (Taramundi).
eixada. V. aixada.
eixadín. s. m. Aixada pequena.
eixado. s. m. Aixada grande, que se distingue da aixada en que a pa é máis longa que ancha.
eixadón. s. m. Aixada grande.
eixaduada. s. f. Golpe dado coa aixada.
eixar. V. eneixar.
eixe. s. m. Barra que atravesa un corpo xiratorio e serve de sostén no seu movemento, como no carro (que normalmente era de bidueiro ou freixo), *vasadoiro*, muíño, urdideira, mazo etc. **2.** Parte da navalla que é unha tira de ferro, que xunta todas as pezas e a folla xira sobre el. **3.** Parte das tenaces onde están suxeitos os dous brazos móbiles destas. // ***Asta* el eixe.** Moito (*Vimos mollados asta el eixe*). // ***Tar asta* el eixe.** Cansar de algo (Boal).
eixola. V. aixola.
el[1]. (f. a; pl. os, as). Artigo masculino singular. **2.** Ás veces nalgúns falares substitúe o artigo feminino singular diante de vogal inicial tónica distinta de *a* ou *h*, inicial átona que sexa *a* ou outras vogais noutros casos (*El herba, el hora, el augua, el andolía, el igresia*). Tamén acontece coas súas contraccións: al, pral, del, coel, nel (*Apareceu nel eira*, *Unha al outra*). **3.** Palabra que se emprega xunto ao nome propio (*Ei vei el Manuel*, *El Ramón tirou contra a cuñada*), (Navia, San Martín de Ozcos).
el[2]. Forma neutra do artigo (*Dixo el que quixo, Que é el que se arreglou?*, *Non el saberei*, *É que tu nun me ques el abondo*, *Corto por el sano*, *Que Dios el bendiga*).
Obs. Coas partículas negativas non é tan frecuente, aínda así sobrevive en concellos como Vilanova de Ozcos e Santalla de Ozcos (*Non el saberei*, *Os nenos nun el podían ver*). **2.** Ás veces non contrae coa preposición por (*Corto por el sano*), (A Veiga).
el[3]. (f. ela, ella; pl. eles, elos, ellos, elas, ellas). Pronome persoal de terceira persoa, masculino singular.
ele. s. m. Nome da letra l.
ele! interx. Voz que se emprega como resposta de confianza a unha chamada.
elección. s. f. (pl. elecciois). Escolla dunha persoa para un cargo mediante votación.
electricidá. s. f. Forma de enerxía provocada por un desequilibrio entre as cargas do átomo e que se manifesta en fenómenos de potencia e luz.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
electricista. s. m. Persoa que traballa con obxectos relacionados coa electricidade.
eléctrico, -a. adx. Relativo ou pertencente á electricidade. **2.** Que funciona con enerxía eléctrica.
elefrís. s. m. Cavidade, fendedura ou canle angular que se fai de xeito lonxitudinal na quilla, roda e codaste para que nela se introduzan os cantos ou cabezas das táboas dunha embarcación (As Figueiras).
elegante. adx. Que ten graza e gusto no vestir.
eletrecista* → electricista.
eletricidá* → electricidá.
elétrico*, -a → eléctrico.
eleución*. (pl. eleucios) → elección.
elevador. V. cuña 9ª acep.
elexir. v. Escoller, prefirir algo.
elí. V. alí.
elle. s. m. Nome da antiga letra ll.
ello. V. elo.
Obs. Trátase dun castelanismo.
elo. Pronome persoal tónico e neutro de terceira persoa do singular.
Obs. Trátase dun castelanismo.
ema. V. xema 4ª acep. (Santalla de Ozcos).
embaciado. s. m. Acto polo que se tenta curar a un animal que sufriu un golpe no bazo.
embaciar. v. Golpear no bazo (Allande).
embadurnado, -a. adx. Manchado.
embadurnar. v. Untar, manchar.
embaixo. V. abaixo (Abres).
embalado, -a. adx. Dise do que vai con moita velocidade (*Baxaba mui embalado*).
embalarse. v. prnl. Lanzarse a toda marcha nunha actividade por un motivo que se desexa moito. **2.** Ir con moita velocidade nun vehículo. **3.** Adquirir algo ou alguén moita velocidade (*El neno embalouse pra baxo*).
emballado, -a. adx. Aplícase ao peixe que anda arredor do engado sen comelo.

emballar. v. Dar moita comida aos peixes. **2.** Asustar os peixes para que caian nas redes (El Franco, Navia); balar 1ª acep. **3.** Escorrentarse os peixes; balar 2ª acep.

emballo. s. m. Arte de pesca na que se asustan os peixes facendo ruído na superficie do mar para que se precipiten nas redes (Navia). **2.** Acto de escorrentar os peixes no mar (Tapia de Casarego, Ortigueira).

emballocada. adx. Dise da fariña que non está esponxada por causa da humidade (Eilao).

embalocado, -a. adx. Feito *balocos*.

embalsar. v. Transportar madeira en balsas (Boal).

embalseirar. v. Poñer silvas secas enriba dunha parede ou dunha boqueira para que non entren nunha propiedade, especialmente o gando (Boal, San Martín de Ozcos).

embanzar. v. Estancar (Allande).

embaraxar. V. baraxar 1ª acep.
Obs. Trátase dun castelanismo.

embarazado, -a. adx. Atado cunha baraza. **2.** Dise da muller que está en período de xestación.

embarcación. s. f. (pl. embarcaciois). Barco, vehículo que serve para o transporte por auga.

embarcadeiro. s. m. Sitio para embarcar.

embarcado, -a. adx. O que traballa nun barco.

embarcar. v. Meter persoas ou outras cousas nunha embarcación. **2.** Traballar nun barco. **3.** Meter a un nun mal negocio. **4.** Meterse nun barco con rumbo a Latinoamérica, emigrar. **5.** prnl. Meterse nun negocio ou nunha empresa.

embarcular. v. Coller unha superficie chá forma convexa ou cóncava por algo, como a madeira serrada en verde.

embargar. v. Reter un obxecto, propiedades etc. por un mandamento xudicial ou administrativo por débedas contraídas.

embarque. s. m. Acción e efecto de embarcar.

embarrado, -a. adx. Cheo de barro.

embarrancado, -a. adx. Dise da embarcación que encallou.

embarrancar. V. varar. **2.** Atascarse un automóbil nunha *cuneta* (El Franco).

embarrar. v. Encher de barro. **2.** Poñer barro a unha parede.

embarrigar. v. Deixar a unha muller embarazada. **2.** Medrarlle a un a barriga.

embarullado, -a. adx. Descoidado. **2.** Sen aclarar. **3.** Enredado, liado.

embarullador, -a. adx. O que fai as cousas mal ou as enreda.

embarullar. v. Facer as cousas sen orde ou coidado. **2.** Enredar, enlear.

embarruzar. v. Encherse de lama (Navia).

embazado, -a. adx. Desmaiado por un golpe no bazo.

embazar. v. Atascarse o *vasadoiro* ou o arado, outro apeiro etc., por acumulación de terróns entre a rella e a treitoira, ou entre os dentes da grade. **2.** Perder a respiración por un golpe baixo. **3.** Quedar asombrado por algo (Navia). **4.** Desmaiarse por un golpe no bazo.

embazo. s. m. Doenza producida por un golpe no bazo ou por estar atascado o estómago.

embaxo. V. abaixo 1ª e 2ª acep.

embeber. v. Encoller un tecido. **2.** Encoller unha arte de pesca, especialmente o cerco. **3.** prnl. Meterse con sumo interese nun asunto.

embeirado. s. m. Primeira fileira de lousas que se poñen enriba da parede.

embeirar. v. Poñer a primeira fileira de lousas enriba da parede.

embelcar. V. embelecar 3ª acep.

embelecar. v. Enganar con falsas experiencias. **2.** Tropezar coas pernas. **3.** Caer, despois de tropezar con algo. **4.** prnl. Enredarse, normalmente cos pés.

embeleñado, -a. adx. Enredado, como un fío ou un asunto. **2.** Ocupado nun labor que leva moito tempo.

embeleñar. v. Enredarse cun fío ou outra cousa parecida; embelecar 4ª acep. **2.** Enredarse unha cousa como o cabelo, unha madeixa etc. ou un animal en algo (Eilao, Boal). **3.** V. embelecar 1ª acep. **4.** Pelexar. **5.** Encoller unha cousa até facer unha bóla dela.

embeleño. s. m. Labor que leva facelo moito tempo.

embelestrar. V. embeleñar 2ª acep. (Eilao, Allande).

embelgado, -a. adx. Dise do froito cando é moi abundante nas plantas que están enredadas unhas con outras, como acontece coas patacas ou o millo.

embelgar. v. Estorbar, amolar. **2.** Ser moi abundantes as plantas das patacas e estar enredadas unhas con outras. **3.** Levar moito tempo un labor, estar moi ocupado nun traballo. **4.** Facer *maos* para sementar (San Martín de Ozcos).

embelgo. s. m. Estorbo. **2.** V. embeleño.

embeligo. s. m. Cordón que une o ventre do feto coa placenta. **2.** Sinal que queda no ventre ao cortar e secar ese cordón. **3.** Ano dun peixe.

embellecar. V. embelecar 2ª acep.
embelleco. s. m. Estorbo, atranco.
embelligo. V. embeligo 1ª, 2ª e 3ª acep.
embelumiar. v. Estar unha cousa chea de algo que se move (Tapia de Casarego).
emberado. V. baguna. **2.** V. embeirado.
emberbesado, -a. adx. Enredado, enmarañado (Santalla de Ozcos).
embercellar. v. Tropezar coas pernas (Eilao, Boal).
embestida. s. f. Encontro violento no mar entre unha onda que avanza e outra que retrocede (Coaña).
embestir. v. Dirixirse un touro ou unha vaca cara a unha persoa ou cousa para corneala.
embetillar. v. Pasar unha corda polo dente do anzol (As Figueiras).
embigo. V. embeligo 1ª e 2ª acep. (Santiso de Abres, Abres).
embilligo. V. embeligo 1ª e 2ª acep.
embisagrado, -a. adx. Con bisagras. **2.** s. m. Acción de *embisagrar*. **3.** s. m. Parte con bisagras no barquín dun mazo.
embisagrar. v. Facer xirar unha porta, un cristal dunha ventá, unha tapadeira etc. sobre unha bisagra ou un sistema parecido.
embiscar. v. Acerriquitar a un can (Allande).
embiste. s. m. Forza (Castropol).
embitillado, -a. adx. Enviciado con algo, como o tabaco. **2.** Obsesionado con algo.
embligo. V. embeligo 1ª e 2ª acep.
embobar. v. Enganar. **2.** Poñer como bobo.
embocar. v. Obrigar a un animal a que tome un medicamento. **2.** Meter algo nun furado, lugar etc.
embochegado, -a. adx. Que ten *bóchigas*.
embochegar. v. Ter *bóchigas* na pel, boca etc.
embochigado, -a. V. embochegado.
embochigar. V. embochegar.
embolada. s. f. Mentira (Allande).
emboleirar. V. embuleirar.
embolia. s. f. Obstrución dun vaso sanguíneo por un émbolo, o que conduce á falta de rego sanguíneo na parte correspondente do corpo.
embolligo. V. embeligo 1ª e 2ª acep.
embolocado, -a. V. embalocado.
embolsado. V. colchado 3ª acep.
embolsar. v. Quedar as troitas dentro das redes. **2.** V. calar[2] 8ª acep. (Ortigueira).
embonado, -a. adx. Cuberto con táboas.
embonar. v. Recubrir con táboas a parte superior do teito, tapando os *cuartois*.
embono. s. m. Revestimento inferior dos *cuartois*.
embora. adv. Agora, hai uns momentos, hai pouco tempo (Ibias). // **Ficar *embora*.** Quedar parado, aparvado, morto etc., hai pouco tempo (Ibias).
emborcillar. v. Dobrarse un cravo cando se crava. **2.** Dobrarse ou moverse irregularmente unha persoa ou un animal dun lado a outro como se fose caer por fallar as pernas ou as patas (San Martín de Ozcos).
emborollar. v. Enredarse.
emborollo. s. m. Enredo. **2.** Confusión.
emborrachar. v. Causar borracheira.
emborranchado, -a. adx. Dise do que está cheo de borróns.
emborranchar. v. Encher de borróns un papel.
emborregado, -a. V. arrachado 1ª acep. **2.** Ignorante, bruto.
emborregar. v. Xuntar a herba en pequenos montóns (Boal).
embotellado, -a. adx. Raquítico, que medrou pouco (Boal).
embotixado, -a. adx. Dise da persoa ou animal gordos e pequenos, que non medran (Coaña).
Obs. Trátase dun castelanismo.
emboucado, -a. adx. Aplícase ao froito moi desenvolvido e abundante. **2.** Dise do peixe que se axita moito na auga por distintos motivos (Tapia de Casarego).
emboucar. v. Enganar valéndose da boa disposición dunha persoa.
emboutado, -a. adx. Manchado**. 2.** Untado con graxa.
emboutar. v. Manchar unha cousa. **2.** Untar algo con graxa.
embouzada. adx. Dise da herba enredada e vella, difícil de segar porque se mestura coa nova.
embouzado, -a. adx. Que está cheo de bouza (Allande).
embozada. s. f. Cantidade de calquera cousa que cabe no espazo que se forma cando se poñen as mans xuntas. // **Ás (a) *embozadas*.** Moitos. **2.** Coas mans xuntas.
embozar. v. Poñer o bozo a un animal. **2.** Dar comida ou bebida na boca a unha persoa, neno ou animal para obrigalos a comer ou a tomar algo pola forza como unha medicina (Eilao, Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos). **3.** Atascarse o arado na terra (Allande).
embozas. s. f. pl. As dúas mans xuntas formando un vaso de boca ancha.
embragar. v. Retroceder ou avanzar unha embarcación (Tapia de Casarego).
embraiar. V. embrañar.
embranquecer. V. abrancazar.

embrañado, -a. adx. Cheo de frío e cansado.
embrañar. v. Levar o gando vacún no verán a pacer á serra (San Martín de Ozcos).
embrazadar. v. Facer brazadas de herba para despois convertelas en feixes.
embreado, -a. V. embriado 2ª acep.
embrear. v. Cubrir con brea o casco dunha embarcación (As Figueiras).
embriado, -a. adx. Tolleito, impedido. **2.** Aplícase á perna cando se ten ríxida. **3.** Dise da persoa moi torpe en movementos por algunha enfermidade.
embriar. v. Impedir ou dificultar, unha enfermidade ou accidente o uso dalgún membro do corpo.
embrigo. V. embeligo 1ª, 2ª e 3ª acep.
embrión. s. m. Empuxón.
embruciñar. v. Caer, esnafrarse.
embruño. s. m. Xogo de nenos que consiste en atinar cantas fabas ten dentro da man o xogador contrario. Se non atina ten que pagar con fabas o número que falle (Tapia de Casarego); dinguirindainas.
embruxado, -a. adx. s. e f. Persoa que está encantada. **2.** Aplícase á persoa que non lle sae nada ben.
embruxamento. s. m. Acto e resultado de embruxar.
embruxar. v. Facer bruxerías. **2.** Encantar, exercer sobre alguén un atractivo esaxerado.
embruxo. s. m. Acto ou resultado de facer bruxerías (Abres, Castropol).
embruzado. adx. Aplícase ao barco moi calado de proa.
embudo. s. m. Instrumento ancho por arriba e estreito por abaixo cun furado por onde se verten líquidos. Os máis tradicionais eran torneados de madeira.
Obs. Trátase dun castelanismo.
embuleirar. v. Tapar a *caldulla* e a parte inferior dun trobo con bosta (*buleira*).
embullar. v. Poñer bosta (*buleira*) no bordo superior, no lateral ou nas fendeduras dos trobos (Boal, Allande). **2.** Cubrir con bosta as lousas dunha eira antes da mallega, para que non se perdan os grans.
emburcillar. v. Enredarse cos pés; embelecar 2ª acep.
emburciñar. v. Caer para adiante (Allande).
emburrado. adx. Dise cando un home está excitado sexualmente.
emburrar. v. Abobarse, aparvar. **2.** Enganar (Castropol).
emburriar. V. emburrar 2ª acep. (Os Ozcos, Boal). **2.** Empuxar (Allande). **3.** Tropezar con algo.
emburricado, -a. adx. Obstinado.
emburricar. v. Obstinarse.
emburrio. s. m. Golpe con forza contra algo ou alguén (Grandas de Salime).
emburrión. V. emburrio.
emburrugado, -a. adx. Engurrado.
emburullado, -a. adx. Enmarañado, engurrado (*Veu coa camisa emburullada*, *El papel tá emburullado*).
emburullar. v. Envolver e atar a un neno pequeno nas súas roupas ou coa súa propia manta. **2.** Apurar a unha persoa nunha fileira empuxándoa. **3.** Enmarañar un papel sen orde ningunha facendo unha especie de bóla. **4.** Envolver unha cousa sen moito coidado. **5.** Engurrar.
emburuxado, -a. V. emburullado.
Obs. Trátase dun castelanismo.
emburuxar. V. emburullar 4ª e 5ª acep.
Obs. Trátase dun castelanismo.
embusteiro, -a. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Robledo (Allande). **2.** Amigo do noivo que o acompañaba na petición de man (Os Ozcos). **3.** O que lle gusta dicir mentiras.
embustero* → embusteiro.
embute (a). loc. En abundancia.
embutido. s. m. Tripa chea de carne picada e sazonada con diversas especias. **2.** Operación que fan os ferreiros nas forxas cando deteñen o *estirado* dunha peza.
embutir. v. Facer embutidos. **2.** Meter unha cousa noutra apertándoa de xeito forte. **3.** Comer moito e á présa. **4.** Nunha forxa, deter o *estirado* dunha peza.
eme. s. m. Nome da letra m.
emenda. s. f. Eliminación dun erro ou vicio.
emendado, -a. adx. Corrixido.
emendar. v. Corrixir, quitar defectos.
emía. s. f. Medida de capacidade para áridos que equivalía a un cuarto de fanega. Nos concellos de Coaña, Eilao e Navia equivalía a seis medidas.
emina. V. emía.
emocionado, -a. adx. Con emoción.
emocionar. v. Causar emoción. **2.** prnl. Sentir emoción.
empabolar. v. Quedar aparvado vendo ou escoitando algo.
empacar. v. Facer pacas de herba ou palla. **2.** Envasar peixe en latas de conserva (As Figueiras, Tapia de Casarego). **3.** V. estibar 4ª acep. (Ortigueira).
empacadora. s. f. Máquina para facer montóns redondos de herba.

empachadura. s. f. Indixestión, aplicada normalmente ao gando vacún.
empachado, -a. adx. Indixestado. **2.** s. m. V. liado 2ª acep. (Tapia de Casarego).
empachar. v. Causar indixestión. **2.** prnl. V. atrancar 3ª acep.
empache. s. m. Indixestión.
empaletado. V. panel (El Franco).
empallar. v. Poñer palla a algunha cousa, como ao teito dun hórreo (Ibias).
empalleirar. v. Poñer a herba seca en montóns ou a palla nas mallas. **2.** Poñer a palla nun palleiro.
empalletada. adx. Dise da gaita que ten palleta (Vilanova de Ozcos).
empalmar. v. Unir dous cabos dunha embarcación cun nó ou unha costura.
empalme. s. m. Unión de dúas cousas, como de táboas.
empanada. s. f. Torta feita de masa de pan, chea de carne ou outras cousas por dentro. // **Ter cara de empanada.** Ter a cara redonda e ancha.
empanadilla. s. f. Torta de tamaño pequeno, que se fai dobrando a masa de pan sobre si mesma e enchéndoa de carne ou doutras substancias.
empanado. adx. Dise do ollo cando ten a pupila branca, especialmente nas vacas.
empanchada. V. empachadura.
empanchar. V. empachar.
empancillar. v. Reforzar a parte lateral dunha rede de pescar cun cabo (Tapia de Casarego).
empanicado, -a. adx. Nubrado. **2.** Envolto en moita roupa para defenderse do frío. **3.** Mimado, normalmente referido a nenos.
empanicar. v. Envolver os nenos con panos, lenzos ou outras pezas de roupa. **2.** Amañar unha cousa de xeito provisional (Navia). **3.** prnl. Abrigarse moito para defenderse do frío.
empantainado, -a. adx. Parado, paralizado.
empantainar. V. empantanar 2ª acep.
empantanado, -a. adx. Dise do que se deixa sen rematar ou de xeito provisional. **2.** Parado.
empantanar. v. Parar algo, deter. **2.** Impedir un negocio. **3.** V. apontigar. **4.** Estar nunha situación sen saída. **5.** Deixar unha cousa de calquera xeito ou de forma provisional. **6.** prnl. Meterse nun sitio do que é difícil saír. **7.** prnl. Entreterse ou enredarse con algo que non serve de nada.
empanteinado, -a. V. empantainado.
empanteinar. V. empantanar 1ª, 4ª, 5ª e 6ª acep.
empañado, -a. adx. Dise do que está cuberto por vapor.
Obs. Trátase dun castelanismo.
empañarse. v. prnl. Cubrirse de vapor un cristal ou unha superficie.
Obs. Trátase dun castelanismo.
empapado, -a. adx. Moi mollado.
empapar. v. Humedecer unha cousa. **2.** V. embazar 1ª acep. **3.** prnl. Mollarse. **4.** prnl. Afirmarse nunha idea ou asunto. **5.** prnl. Enfastiarse.
empapelado, -a. adx. Dise do millo cando ten as follas enroscadas.
empapelar. v. Enroscarse as follas do millo pola seca.
empapizada. s. f. Obstrución na gorxa de algo que se come (Navia).
empapizar. v. Obstruír un obxecto a gorxa. **2.** Tatexar. **3.** Quedar atascado algo, como un vehículo, un arado etc. na lama. **4.** prnl. Atragoarse con papas ou outra comida. **5.** prnl. Quedar un estudante sen palabras para poder responder o que sabe nun exame. **6.** prnl. Poñerse nerviosa unha persoa.
empapolado, -a. adx. Pastoso (Allande).
empapolar. v. Quedar algo pastoso (Allande).
empapuxarse. V. empapizar 4ª acep. (Navia).
emparado, -a. V. amparado.
emparar. V. amparar.
emparedar. v. Pechar cunha parede algo que antes estaba aberto (*Emparedaron as portas*).
emparellar. V. emparexar 2ª acep. (Allande).
emparentar. v. Contraer parentesco por matrimonio.
emparexado, -a. adx. Que formou parella.
Obs. Trátase dun castelanismo.
emparexar. v. Formar unha parella para o tiro con dous bois ou vacas que teñan cornos axeitados e sexan parecidos en tamaño e idade. **2.** Xuntarse un home ou unha muller por decisión propia, por unha terceira persoa ou ás veces antigamente por un acordo dos pais dos dous. **3.** Xuntar dúas cousas iguais. **4.** Nivelar unha cousa con outra. **5.** Ser igual. **6.** Formar parella, xuntar (*Emparexaba as cousas de forma mui rara*). **7.** Xuntar un macho cunha femia.
Obs. Trátase dun castelanismo.
emparreirar. v. Meter e apertar a herba no parreiro (Allande, Villaión).
emparzado, -a. adx. Dise do que é resultado da colaboración de varias persoas. // **De *emparzado* (*emparzada*).** En colaboración, entre varias persoas. // ***Lo meo, meo*, i *lo demás emparzado*.**

Dito que alude ao que é dunha persoa é dela e logo o resto pódese compartir.

emparzar. v. Xuntarse dúas ou máis persoas de xeito temporal para mercar unha máquina ou outra cousa, ir segar a herba, recoller patacas, mallar etc. **2.** Xuntar unha persoa ou unha cousa con outra para que formen parella. **3.** Aquendarse mediante un acordo no uso temporal dun lugar como fan os *bogadores* na pesca do salmón (Abres). **4.** Comezar unha conversa, unha amizade etc.

empastado, -a. adx. Mesturado.

empastar. v. Mesturar por primeira vez a auga, fariña, fermento e sal para preparar a masa do pan. **2.** Alisar a folla dunha navalla cun seixo.

empata. V. champel 2ª acep. (As Figueiras). **2.** Nó que ata o anzol ao fío de pescar. **3.** Lugar onde se fai o nó que ata o anzol ao fío de pescar. **4.** Pata dun anzol.

empatado, -a. adx. Dise do anzol cando está unido á *tanza*.

empatadura. V. empata 2ª e 3ª acep.

empatar. v. Xuntar o anzol á *tanza*. **2.** Xuntar unha cousa con outra. **3.** Igualar, obter dous ou máis contrincantes o mesmo número de votos ou puntos.

empate. s. m. Pequena viga de madeira que serve para prolongar os cabos das *madres* e sobre eles erguer o corredor (El Valledor). **2.** Acción e efecto de empatar.

empatecido, -a. adx. Entumecido (Allande).

empatecer. v. Entumecer (Allande).

empavonado, -a. adx. Dise do cristal que non deixa ver ben o que está detrás. **2.** Encherse de vapor algo pola calor, como un cristal, unhas lentes etc.

empebidar. v. Enganchar unha cousa (*A rella empebídase no delantal del arado*), (Santalla de Ozcos).

empecatado, -a. adx. Aplícase á persoa que non lle saen ben as cousas.

empechada. adx. Aplícase á muller con moito peito (El Franco).
Obs. Trátase dun castelanismo.

empecheirada. V. empechada (Navia).
Obs. Trátase dun castelanismo.

empecipiado, -a. adx. Comezado.

empecipiar. v. Comezar.

empedrado, -a. adx. e s. m. Pavimento formado por pedras. **2.** Cuberto con pedras. **3.** Aplícase ao ceo cuberto de pequenas nubes. **4.** Nun mazo, conxunto de ringleiras de pedras que serve para dar estabilidade e solidez e absorber as vibracións producidas polo mecanismo. **5.** s. f. Sistema no que se utilizan troncos e pedras para desviar a auga dun río e facer funcionar o mecanismo dun mazo (Taramundi, Os Ozcos). // ***Celo* empedrado, *tarrén* (mañá) mollado.** Refrán que alude a que cando o ceo está cuberto de nubes axiña o chan estará mollado pola chuvia.

empedrar. v. Cubrir de pedras un camiño, unha praza etc.

empedriado, -a. V. empedrado 2ª e 3ª acep.

empedriar. V. empedrar.

empedricarse. v. prnl. Subir a algo.

empedruñado. V. empedrado 3ª acep.

empelgar. v. Poñer un *pelgón*.

empena. V. empeña.

empenado, -a. adx. Curvado.

empenar. v. Curvarse unha táboa, un marco de madeira, unha porta, unha ventá etc.

empendangado, -a. V. empendengado.

empendangar. V. empendengar.

empendengado, -a. adx. Dise da persoa que debe diñeiro (Navia). **2.** Aplícase á persoa que abandona a outra nun asunto importante (Navia). **3.** Dise do que está feito a medias e que ademais resulta un atranco. **4.** Desordenado, revolto. **5.** Parado por algunha causa.

empendengar. v. Obstaculizar, estorbar. **2.** Deixar os traballos a medio facer. **3.** Revolver, desordenar. **4.** Enredarse con algún traballo. **5.** Pararse con algo que non serve para nada.

empenedar. v. Quedar illado nun penedo, como unha cabra cando non pode nin subir nin baixar (Santalla de Ozcos). **2.** prnl. Quedar unha cabra nun penedo sen moverse (Santalla de Ozcos).

empeno. s. m. Curvatura que fai algo que tiña que estar recto. **2.** Defecto dunha superficie metálica ou dunha madeira cando se curva ou se torce.

empeña. s. f. Parte superior do zoco, de coiro, que se crava na plataforma de madeira. **2.** Por extensión, parte superior dun zapato ou do pé.

empeñado, -a. adx. Dise da persoa que quere facer unha cousa por enriba de todo.

empeñar. v. Entregar unha cousa en depósito para obter un préstamo. **2.** prnl. Encherse de débedas. **3.** prnl. Querer facer unha cousa por enriba de todo.

empeño. s. m. Constancia en seguir unha cousa ou un intento.

empeorar. v. Poñerse ou volverse peor. **2.** prnl. Agravarse unha situación ou unha enfermidade.

empequenecer. v. Facer unha cousa máis pequena.
emperezado, -a. adx. Dise do que ten sono.
empericado, -a. V. emperiquitado.
empericotar. v. Cargar herba nunha cesta por encima do seu bordo. **2.** prnl. V. emperiquitarse 1ª acep.
emperiquitado, -a. adx. Dise do que está alto. **2.** Aplícase ao que subiu a un lugar elevado e dificultoso.
emperiquitarse. v. prnl. Subir ao máis alto e perigoso. **2.** Subir enriba de algo que está alto.
emperiquituarse. V. empiriquitarse 1ª acep.
emperexilado, -a. adx. Adornado, amañado no vestir.
emperexilar. v. Poñer perexil a algunha comida. **2.** Adornar con coidado. **3.** prnl. Vestir ben, amañarse.
emperixilado*, -a → emperexilado.
empernado, -a. adx. Dise da persoa coas pernas fortes e gordas.
emperocutar. V. emperiquitarse.
emperpixido, -a. adx. Desganado, sen graza.
emperrado, -a. adx. Obstinado con algo.
empertimiente* → impertinente.
empertinente* → impertinente.
empestado, -a. adx. Enfermo (Allande).
empetar. v. Aforrar. **2.** Meter o diñeiro no peto.
empeteirar. v. Aforrar todo o diñeiro (Boal).
empeturriar. v. Insistir para conseguir algo.
empezado, -a. adx. Comezado.
empezar. v. Dar principio a algo, comezar. // **Empezar + a + infinitivo.** Perífrase verbal que expresa un comezo de acción (*Empezou a escribir a carta*).
empezo. s. m. Comezo, principio.
empicado, -a. adx. Aplícase ao que está cheo máis enriba do bordo.
empicar. v. Encher unha cousa que sae polo bordo da medida, rematando en xeito de cono ou en pico. **2.** Encher excesivamente algo como un prato de comida. **3.** Poñer unha verga dunha embarcación en dirección oblicua respecto á horizontal (As Figueiras).
empicipiar* → emprincipiar.
empilado, -a. adx. Amontoado.
empilar. v. Poñer nun montón.
empinado, -a. adx. En pendente. **2.** Moi alto.
empinar. v. Erguer algo en alto. **2.** Beber moito.
empiñolar. v. Amontoar.
empiorar* → empeorar.
empiqueirar. v. Poñer de novo a punta ao calcetín.
empiricotar. v. Poñer unha cousa nun lugar alto (Navia).
empiricotiar. V. empiricotar.
empiriquitarse. V. emperiquitarse 2ª acep.
empirixilado*, -a → emperelixado.
empirixilarse* → emperelixar 3ª acep.
empirocotar. V. emperiquitarse.
empitoado, -a. V. empituado.
empituado, -a. adx. Aplícase á persoa que se mollou pola chuvia.
empituarse. v. prnl. Mollarse pola chuvia (Castropol, Santalla de Ozcos).
emplatiado*, -a → empratiado.
emplumar. v. Botar plumas as aves.
empoceirar. v. Empaparse algo de auga (Coaña).
empodrecer. v. Podrecer.
empoer. V. empoñer 2ª acep. (Negueira de Muñiz).
empola. V. ampola.
empoleirar. v. Subir as galiñas ao poleiro; apoleirarse 1ª acep.
empolicar. v. Subir unha cousa sobre outras. **2.** prnl. Subir a un sitio, normalmente alto (Taramundi, Abres).
empolincarse. V. empolicar 2ª acep.
empolla. V. ampola. **2.** Desprendemento de terra (Allande).
empolleirarse. V. empoleirarse.
empombelarse. V. espalombarse (Santalla de Ozcos).
empontigado, -a. adx. Apoiado horizontalmente noutra cousa (Allande).
empontigar. v. Apoiarse horizontalmente unha cousa noutra (Allande).
empoñar. v. Despedir (Allande); empoñer 2ª acep.
empoñer. v. Acerriquitar, provocar os gatos (Santalla de Ozcos). **2.** Acompañar a unha persoa para despedila, normalmente até a porta da casa (San Martín de Ozcos). **3.** Indicar o camiño a alguén; poñer 10ª acep.
empopado, -a. adx. Aplícase ao barco moi calado de proa e erguido de popa. // **Con *empopada*.** V. vento de popa (El Franco).
emporcar. v. Ensuciar (Coaña, Navia, Allande, Villaión).
emporondado, -a. adx. Subido nun sitio de difícil acceso. **2.** Colgado ou posto nun lugar alto.
emporondamento. s. m. Acto e resultado de poñer algo nun sitio alto.
emporondar. v. Estimar polo alto o valor monetario de algo, como dunha res de gando (Villaión, Navia). **2.** Colocarse as galiñas no poleiro (Villaión). **3.** Nos xogos

dos nenos subir nuns zancos. **4.** Colgar algo alto, como as morcillas. **5.** Poñer algo nun sitio elevado. **6.** Asomar (Castropol). **7.** prnl. Subir a un sitio de difícil acceso. **8.** prnl. Enredarse a *fabeira* no millo cando sobe por el (El Franco).

emporretar. v. Quitarlle ao millo a parte alta do talo (Abres).

emporrico, -a. adx. Espido.

empovelar. v. Enfariñar (Abres).

empozar. v. Meter o liño nunhas pozas de auga para que abrande. **2.** Meter algo nun pozo.

empozado, -a. adx. Metido nun pozo. **2.** O que está máis abaixo.

empozar. v. Meter algo nun pozo. **2.** Acumular auga nun río para facer unha poza.

empradar. v. Converter unha terra en prado.

empratiado, -a. V. pratiado.

empratiar. V. pratiar.

empreado, -a. V. empregado.

emprear. V. empregar.

empregado, -a. adx. Usado.

empregar. v. Ocupar a un nun traballo determinado. **2.** Usar.

empremir* → imprimir.

emprencipiar* → emprincipiar.

emprender. v. Empezar a facer con decisión unha cousa. // **En *lo* que a emprender vaias, mira antes as *salidas* que as entradas.** Refrán que alude a que hai que estar precavido se nun asunto as cousas se retorcen.

emprentar. v. Compoñer ou facer cantares ou panxoliñas de noiteboa.

empreñado, -a. adx. Aplícase ao bolo ou pan que teñen chourizo dentro (Navia). **2.** Preñada.

empreñar. v. Quedar unha femia preñada. // **Esa empreña i *nun* pare!** Expresión que se utiliza para dicir dunha persoa que empeza unha cousa e non a acaba nunca.

empreo. s. m. Oficio, traballo, ocupación.
Obs. Trátase dun castelanismo.

emprestado, -a. adx. Prestado. // **De emprestado.** De xeito provisional.

empréstamo. v. Préstamo.

emprestar. v. Prestar.

empriado, -a. adx. Que ten emprego.
Obs. Trátase dun castelanismo.

empriar. V. empregar.
Obs. Trátase dun castelanismo.

emprincipiar. v. Comezar; principiar.

empro. V. empreo.
Obs. Trátase dun castelanismo.

emproado, -a. adx. Dise do barco que navega inclinado cara á parte dianteira.

emproar. v. Facer que unha embarcación navegue coa parte dianteira dirixida a algunha parte (El Franco).

emprobecido, -a. adx. Que quedou na pobreza.

emprobecer. v. Quedar ou facer que alguén quede na pobreza. // **El que *quira emprobecer*, teña *más ganado* que el *poda* manter.** Refrán que alude a que non se debe abarcar máis do que se pode (Castropol).

empuer. v. Acompañar; empoñer 2ª e 3ª acep.

empufado, -a. adx. Dise da persoa que ten débedas.

empufarse. v. prnl. Ter dédebas.

empulicar* → empolicar.

empulincarse* → empolincarse.

empulleirar. V. empoleirar.

empuntar. v. Tropezar coa punta do pé contra o chan.

empuñadura. V. puño 5ª acep.

empureso. conx. Non obstante, con todo (Os Ozcos).

empuxado, -a. adx. Movido por algo con forza.

empuxar. v. Facer forza contra algo ou alguén. **2.** Incitar a alguén a facer unha cousa. **3.** Dar empuxóns.

empuxe. s. m. Acción e efecto de empuxar. **2.** Forza. // **Ter *muito* empuxe.** Ter influencia.

empuxón. s. m. (pl. empuxois). Acción e efecto de empuxar con forza. **2.** Influencia para conseguir algo.

en. prep. Indica lugar onde (*Vive en Coaña*). **2.** Indica tempo (*Tamos no Antroido*). **3.** Indica modo (*Díxomo en serio*). **4.** Movemento até un lugar (*Vai en Taramundi*). **5.** Indica prezo ou valor (*Vende esa casa en dous millois*). **6.** Serve de reforzo ao verbo transitivo (*Tá encetando nel queixo*). // **En por si.** Por si. // **En + xerundio.** Expresa unha acción en proceso ou durativa (*En acabando*, *En chegando*). // **Ir en.** Estar nun lugar. // **Meterse en cama.** Poñerse a durmir.

enagua. s. f. Peza de vestir interior que usan as mulleres semellante a unha saia.

enaguador. s. m. Utensilio formado por unha cunca ou outro recipiente, situados no extremo dun pau, que serve para coller auga (Allande).

enaguar. v. Desexar moito unha cousa. **2.** Regar cun *enaguador*.

enagüeta. V. enagua.

enairado, -a. adx. Dise do peixe que anda pola superficie da auga (As Figueiras, Tapia de Casarego).

enairar. v. Ventilar, facer que entre o aire nalgún sitio.
enalar. v. Voar, mover as ás (Boal, Santalla de Ozcos); engalar, enhalar, analar.
enallada. s. f. Masa feita con carne de cocho picada para facer chourizos; angallada, engallada, enhallada, magalla.
enallar. v. Sazonar a carne con allo, sal e perexil.
enamorados* → namorado 1ª acep.
enanchar. v. Aumentar a anchura dunha cousa.
enanche. s. m. Efecto e resultado de *enanchar*.
enantes. V. enantias.
enantias. adv. Antes, hai pouco.
enanties. V. enantias.
enarar. v. Poñer un aro a unha cousa, como as cestas ao rematalas.
enartar. v. Poñer silvas no tronco dunha árbore para que non lle rouben as froitas. **2.** prnl. Engancharse ou ferirse coas silvas.
enaugado, -a. adx. Cheo de auga.
enaugar. v. Chiscar con auga as plantas, o terreo do horto ou os prados (Os Ozcos). **2.** prnl. Encherse de saliva a boca cando se desexa fortemente algún alimento. **3.** prnl. Estragarse o leite.
enaugua. V. enagua.
enauguado, -a. V. enaugado.
enauguar. V. enaugar 1ª e 2ª acep.
encabanado, -a. adx. Mal apoiado ou colocado (Boal). **2.** Colocado de tal xeito que fai unha ponte por abaixo (Tapia de Casarego).
encabezar. v. Facer lindeiro unha leira con outra pola cabeza. **2.** Poñerse no comezo de algo. // ***Encabezar* a *boca* al mazo.** V. calzar 3ª acep.
encabritado, -a. adx. Anoxado.
encabritar. v. Anoxar. **2.** Erguerse un cabalo sobre as patas traseiras.
encabronado, -a. adx. Anoxado.
encabronamento. s. m. Acto e resultado de anoxarse moito.
encabronar. v. Anoxarse moito.
encabuxado, -a. adx. Anoxado.
encabuxar. v. Anoxar. **2.** prnl. Incomodarse por pouca cousa.
encachar. v. Poñer pedras de canto sobre o chan para que a auga non escave por debaixo a terra (Santalla de Ozcos).
encadullar. v. Atascarse o muíño.
encaixado, -a. V. encaxado.
encaixar. V. encaxar.
encaixe. V. encaxe. **2.** Corte no mango dun coitelo onde se introduce a folla (Taramundi).
encalado, -a. adx. Dise do anzol que quedou sen engado porque o levou o peixe (As Figueiras).
encalar. V. encaliar 1ª acep. **2.** Botar cal a unha terra.
encalabozado, -a. adx. Preso, sen liberdade.
encalabriar. v. Irritar. **2.** Facer concibir a alguén ilusións imposibles. **3.** prnl. Obsesionarse nunha cousa sen razoar.
encalcar. v. Calcar.
encalear. V. encaliar 1ª e 3ª acep. (San Martín de Ozcos).
encalellar. v. Meter ou facer entrar a unha persoa nun *calexón* (Castropol).
encalelluado, -a. adx. Aplícase ao que está metido entre dúas paredes ou *calellas*. **2.** Aplícase ao aire que se move encaixado por un lugar (*Nese valle vén el aire encalelluado*).
encaliar. v. Dar morteiro de cal á fachada dun edificio. **2.** Dar ao trigo antes de sementalo un tratamento con cal e sulfato de cobre; caliar 2ª acep. **3.** Branquear con cal unha parede. **4.** Secar ou quentarse a herba seca ao estar en contacto co vento ou o sol.
encalorado, -a. adx. Con moita calor. **2.** Fatigado pola calor e un esforzo físico.
encalorarse. v. prnl. Exaltarse, acenderse. **2.** Sentir calor e fatiga por un esforzo.
encalustrar. v. Tratar unha persoa de saber ou informarse de asuntos alleos de xeito indiscreto; osmar 2ª acep.
encama. s. f. Pedra delgada que serve para igualar a parede (El Franco).
encamado, -a. adx. Metido na cama. **2.** Deitado en calquera sitio (*El xabaril tá encamado na bouza*).
encamar. v. Igualar as paredes ao construílas con pedras ou morteiro, para que todo estea ao mesmo nivel; enrasar. **2.** Axeitar un lugar para que asente unha pedra, unha lousa, unha viga, un marco dunha porta ou ventá etc. **3.** Verse obrigada unha persoa a meterse na cama, normalmente por unha enfermidade. **4.** Deitarse os cultivos pola chuvia ou o vento. **5.** Afundirse un pouco unha embarcación na area ou na lama. **6.** Deixar repousar as fogazas de pan sobre unha mesa e tapadas cun pano, antes de metelas no forno (Allande). **7.** Deitarse un animal sobre a herba ou a bouza.
encambar. v. Pasar unha persoa a outra un asunto dificultoso ou cousa molesta (Navia).
encameo. s. m. Efecto e resultado de encamar.

encamiado, -a. adx. Dise do asunto pactado antes por unha terceira persoa (*A voda foi toda encamiada*), (Castropol).
encamiar. V. encamiñar 1ª, 2ª, 3ª e 4ª acep. (Castropol, Boal, Tapia de Casarego, Villaión). **2.** Meter a unha persoa, normalmente vella ou enferma, na cama (Boal).
encamiñar. v. Indicar o camiño. **2.** Orientar, dirixir a conduta ou educación de alguén. **3.** Dirixirse a un lugar ou punto determinados. **4.** Determinar unha terceira persoa o casamento doutras dúas ou en cuestións amorosas (Castropol).
encampar. v. Brotar a herba nunha terra rozada que se deixa en descanso. **2.** V. empradar.
encanado, -a. adx. Vendado.
encanar. v. Aparecer a cana ao trigo sementado cando medra. **2.** Vendar unha ferida (Allande, Villaión).
encandrado, -a. adx. Dise da persoa alta de cadeiras (Coaña).
encanixado, -a. adx. Aplícase ao neno enfermizo e fraco.
encano. s. m. Venda (Allande).
encantada. V. mouro 7ª acep. **2.** V. encanto 1ª acep.
encantado, -a. adx. Dise do ser mitolóxico que está baixo un encantamento. **2.** Satisfeito, conforme.
encantadora. V. mouro 7ª acep.
encantamento. s. m. Acto e efecto de encantar.
encantar. v. Facer marabillas por medio de fórmulas máxicas.
encanto, -a. s. m. e f. Ser mitolóxico, representado por unha rapaza que se lavaba na auga a noite de San Xoán e se peiteaba cun peite de ouro. **2.** V. mouro 7ª acep. **3.** V. serena. **4.** Atractivo. **5.** Acto e efecto de encantar, encantamento.
encañado. adx. Dise do vento que entra por un determinado conduto, como un calello (San Martín de Ozcos).
Obs. Trátase dun castelanismo.
encañar. v. Conducir un líquido con canles por debaixo da terra.
Obs. Trátase dun castelanismo.
encapelado, -a. adx. Xuntado en *capelas*. // ***Nun* ter máis que *lo encapelado*.** Non ter máis que a roupa que se leva posta (Tapia de Casarego).
encapelar. v. Xuntar as *capelas* para facer un *capeleiro*.
encapellar. V. encapelar (El Franco). **2.** V. inchar 3ª acep. (El Franco). **3.** V. arbolar 3ª acep. (El Franco).
encapillar. v. Enganchar un cabo dunha embarcación a algo mediante unha *gaza*.
encapotado. adx. Dise do ceo ou día cubertos de nubes. **2.** V. bulleiro 2ª acep.
encapotarse. v. prnl. Cubrirse de nubes o ceo ou o día, ameazando tormenta.
encaquenarse. V. encrequeñarse 1ª acep.
encarado, -a. adx. Agradable (*É ben encarado*), (Tapia de Casarego).
encaramado, -a. adx. Subido a algo ou a un lugar difícil de alcanzar.
encaramar. v. Erguer ou subir a alguén ou algo a un lugar difícil de alcanzar.
encaranguado, -a. adx. Desgustado.
encarantoñado, -a. adx. Malencarado.
encarar. v. Apuntar ben unha arma a un obxectivo (Allande).
encaravillar. v. Pechar unha porta cunha caravilla.
encarbuarse. v. prnl. Mancharse con carbón.
encarga. s. f. Acción e efecto de encargar.
encargar. v. Poñer unha cousa ao coidado de alguén. **2.** Pedir que se traia unha cousa dun lugar. **3.** prnl. Responsabilizarse de algo ou alguén.
encargo. s. m. Pedido, cousa encargada. // **Encargo *sin dieiro*, queda nel carreiro.** Refrán que alude a que moitas cousas non se fan de balde.
encariñado, -a. adx. Dise do que colle cariño a algo ou alguén.
encariñarse. v. prnl. Coller cariño a algo ou alguén.
encarizado, -a. adx. Dise da persoa que mira mal a outra, de mal carácter (*Esa muller asta é mal encarizada*), (Castropol).
encarnadeiro. V. carnadeiro.
encarnado, -a. adx. e s. Da color da carne. **2.** Vermello, rubio. **3.** Co engado no anzol.
encarnadura. s. f. Disposición do corpo para cicatrizar ou reparar as lesións (Allande).
encarnar. v. Poñer o engado no anzol da vara de pescar ou nunha arte de pesca. **2.** prnl. Tomar forma carnal ou dun obxecto. Segundo a mitoloxía eonaviega as bruxas podían facelo en calquera cousa, mesmo nun animal ou nunha ferramenta.
encarreirar. v. Poñer nun determinado camiño ou no camiño axeitado (Allande). **2.** Ir nunha determinada dirección ou coller un determinado camiño (Allande).
encarrilar. v. Orientar a conduta ou educación de alguén.
encarriozado, -a. adx. Dise do que está metido nun carriozo.

encarriozarse. v. prnl. Meterse unha cousa nun lugar fondo e non poder saír (Santalla de Ozcos).
escascado, -a. adx. Dise da corda, rede etc., que están tinguidas con casca de piñeiro ou salgueiro mesturadas (As Figueiras, Tapia de Casarego, Ortigueira).
encascar. v. Tinguir as redes con casca de piñeiro cocida ou doutras árbores (As Figueiras, Ortigueira, Navia). **2.** Mancharse.
encastañarse. v. prnl. Ter moitas castañas un castiñeiro.
encastar. v. Procrear, estender a propia especie. **2.** Quedar preñada unha vaca.
encastrolado, -a. adx. Dise do animal estéril, especialmente das vacas.
encaxado, -a. adx. Dise do que está unido a outra cousa axustadamente.
encaxar. v. Meter unha cousa nun furado doutra para que quede axustada. **2.** Estar de acordo, aceptar. **3.** Recibir golpes, ofensas, bromas etc.
encaxe. s. m. Tecido artístico. **2.** Furado onde se introduce unha cousa. **3.** Axuste entre dúas pezas que se adaptan entre si. **4.** Corte que se fai nunha peza para que outra se introduza nela. **5.** Efecto e resultado de *encaxar*. // ***Encaxe* de *atalar*.** Nas galochas, fura que se fai para introducir outra peza (San Martín de Ozcos). // ***Encaxe* del (do) eixe.** No carro, fura que vai no medio.
encaxonado, -a. adx. Metido nun lugar estreito.
encaxonar. v. Meter nun sitio estreito.
encebelar. V. enzobellar.
encebellar. V. enzobellar.
encebolado, -a. adx. Que leva cebola en abundancia.
encebolar. v. Poñer a unha comida moita cebola.
encebollado, -a. V. encebolado.
encebollar. V. encebolar.
encegarse. v. prnl. Dedicarse moito a un traballo, xogo, lectura etc. (Abres); encenegarse 1ª acep.
encegoñarse. V. encegarse.
encelar. v. Dar ou causar celos (Navia).
encelegarse. v. prnl. Obsesionarse cunha cousa, ensimesmar. **2.** Estar inquedo por unha idea ou pensamento obsesivos (Castropol).
encender. v. Facer que unha cousa arda. **2.** Facer que unha bombilla dea luz. **3.** prnl. Anoxarse unha persoa.
encendido, -a. adx. Que está ardendo. **2.** Que ten luz. **3.** Aplícase á persoa que está colorada na cara por vergonza ou esforzo físico.
encenegado, -a. adx. Dedicado con moito interese a un traballo. **2.** Enviciado con algo ou alguén.
encenegarse. v. prnl. Dedicarse con moito interese a un traballo. **2.** Enviciarse con algo ou alguén (*Encenegouse con aquela moza*).
encensar. v. Botar fume dun incensario.
encentado, -a. V. encentado (Allande).
encentar. V. encetar (Allande).
encepar. v. Botar unha raíz grande na terra unha planta como a uz.
encernar. v. Ferir dun golpe a cerna dunha árbore (Eilao).
encerniscado, -a. adx. Enfrascado.
encerniscarse. v. prnl. Enfrascarse.
encerrar. v. Meter a unha persoa ou cousa nun sitio do que non poida saír.
enceso, -a. adx. Acendido, prendido. **2.** Dise da persoa con rostro de color moi encarnada.
encetado, -a. adx. Empezado. **2.** Cortado por primeira vez. **3.** Infectado, como unha ferida (Castropol). **4.** Mancado, danado (Boal, Allande).
encetadura. s. f. Pequena ferida. **2.** Acción de empezar algo, como o pan (Abres); enceto 2ª acep.
encetar. v. Empezar unha cousa. **2.** Cortar o primeiro cacho dunha cousa como un pan, un queixo, un xamón, unha froita etc. **3.** Picar ou danar as patacas co gadaño cando se quitan da terra. **4.** Facer un corte na casca dunha árbore. **5.** prnl. Producirse unha pequena ferida. **6.** prnl. Infectarse.
enceto. s. m. Principio ou comezo dunha cousa. **2.** Primeiro cacho que se corta dunha fogaza.
enchabozarse. v. prnl. Meter algo nun líquido, como as patacas en aceite. **2.** prnl. Encherse de auga ou meterse nun líquido (*Ese neno táse enchabozando*), (San Martín de Ozcos); enchagozarse.
enchacuar. v. Manchar, ensuciar (Navia).
enchalecado, -a. adx. Vestido cun chaleco.
enchagozado, -a. adx. Cheo de auga.
enchagozarse. v. prnl. Encherse de auga unha terra, un camiño etc.
enchampelar. V. empatar 1ª acep. (Ortigueira).
encheboi. adx. Dise da persoa que come moito (Navia).
enchedoiro, -a. adx. Aplícase á persoa que lle gusta comer moito. **2.** Referido ao luns de Entroido.
enchenta. V. enchente 1ª acep.

enchentada. V. enchente 1ª acep.; enchentuada, enchentoada. **2.** V. enchente 5ª acep. (Allande). **3.** V. enchente 2ª e 4ª acep.

enchente. s. f. Comida moi abundante; enchentada. **2.** Borracheira. **3.** Preamar, marea alta. **4.** Abundancia, fartura. **5.** Chea, riada. **6.** Crecente da lúa. **7.** Movemento de descenso da marea (Abres). // **Uha enchente de.** Moitos. // ***Val* máis (*más*) unha (uha) enchente que sete *lamboadas* (*lambuadas*, *llambuadas*, *llambisques*).** Refrán que indica que máis vale comer moito que andar picando.

enchentón, -úa, -a. V. enchedoiro.

enchentoada. V. enchentuada.

enchentuada. s. f. Cantidade grande dunha cousa. **2.** Fartura; enchente. **3.** V. enchente 1ª acep.

enchepado, -a. adx. Aplícase á persoa que ten chepa.

encher. v. Ocupar por completo algo. **2.** Satisfacer. **3.** Insultar a unha persoa. **4.** Dar en abundancia. **5.** Amolar, molestar, cansar. **5.** Subir a marea. **6.** prnl. Fartarse ou cansar dunha cousa ou persoa, aburrirse. **7.** Estar a lúa chea (*A lúa encheu*). **8.** prnl. Fartarse de comida. **9.** prnl. Emborracharse. // **Encher el mar.** Subir a marea. // **Encher el ollo.** Gustar algo ou alguén. // **Quen *nun* se enche comendo, mal *lo vei fer llambendo*.** Refrán que alude ás persoas que non se conforman co que teñen e buscan aínda máis.

enchida. V. enchente 5ª acep. (Allande).

enchido, -a. adx. Cheo.

enchipado, -a. adx. Aplícase á persoa que está segura de si mesma. **2.** Orgulloso.

enchir* → encher.

enchorizar* → enchourizar.

enchoscado, -a. adx. Anoxado.

enchoscarse. v. Anoxarse.

enchoupado, -a. adx. Mollado (Santalla de Ozcos).

enchoupar. v. Mollar.

enchourizar. v. Facer chourizos.

enchumacar. v. Mollar de máis algunhas cousas.

enchumazado, -a. adx. Cheo de auga ou doutro líquido. **2.** Borracho.

enchumazar. v. Humedecer algo cun líquido. **2.** prnl. Encherse de auga unha terra, un prado, a madeira etc.

enciar* → inciar 2ª acep.

encima. adv. Que está nun posto superior con respecto a outro inferior. **2.** Sobre. **3.** Sobre unha persoa. **4.** Ademais. // **Encima de.** Sobre. // **Por encima.** Superficialmente.

encintado. s. m. Tipo de adorno que se poñía nas casas tradicionais, normalmente no beirado ou nos marcos das ventás e portas, podendo ser de varias colores.

encintar. v. Poñer unha canterla a unha galocha (Santalla de Ozcos); canterlar 1ª acep.

enciñido, -a. adx. Absorto, moi concentrado nunha actividade (Allande).

encobellarse. v. prnl. Dobrarse cara a adiante.

encochar. v. Ensuciar. **2.** prnl. Poñerse sucio.

encodillar. v. Atascarse as pedras do muíño por estar o gran húmido, formándose pasta entre elas e tendo que enfariñalas para que volvan moer; encudillar 1ª acep. **2.** V. encudillar 3ª acep.

encogorzar. v. Emborrachar (Navia).

encoirado, -a. adx. Dise do que está mal cocido.

encoiramento. s. m. Acto e efecto de espirse.

encoirar. v. Poñerse dura a comida ou estragarse por estar mal cocida. **2.** Espir.

encoiro, -a. adx. Espido. **2.** Aplícase á persoa que queda sen propiedades.

encolado, -a. adx. Dise da cabalería ou da vaca que vai en ringleira atada unha detrás da outra.

encolar. v. Atar dúas ou máis cabalerías ou vacas á outra que a precede, para que vaian en ringleira, unha detrás da outra.

encolerizado, -a. adx. Moi anoxado.

encolerizar. v. Poñer rabioso a alguén. **2.** prnl. Poñerse colérico.

encoller. v. Volverse máis pequeno algo, como o tamaño dun corpo, unha peza de roupa etc. **2.** prnl. Non ter valor para unha acción, abaterse. // **Estira que che encolle!** Expresión que se utiliza para enfastiar a alguén.

encollidín, -ía. adx. (pl. encollidíos). Diminutivo de encollido (Eilao).

encollido, -a. adx. O que se volve máis pequeno. **2.** Dise da persoa moi tímida. **3.** Dise da persoa co corpo dobrado.

encolloado. adx. Aplícase ao nabo débil e con raíces delgadas e longas.

encollonar. V. acollonar 1ª e 2ª acep.

encolmar. v. Facer colmos.

encombado, -a. adx. Curvado.

encombar. v. Encurvar algo que sexa de madeira ou metálico. **2.** Curvarse algo.

encomedios. s. m. pl. Entón.

encomenda. s. f. Encargo. **2.** Asunto molesto.
encomendado, -a. adx. Encargado, pedido.
encomendarse. v. prnl. Acollerse a unha protección.
encomenzar. v. Comezar (Navia).
encominiente* → inconveniente.
encomio. s. m. Eloxio, exaltación.
enconapado, -a. V. aconapado.
enconchado, -a. adx. Dise da planta ou vexetal coas follas engurradas (Santalla de Ozcos). **2.** Aplícase á madeira con vetas con curvas e voltas (San Martín de Ozcos).
enconchar. v. Engurrarse as follas dunha planta (Santalla de Ozcos).
enconexado, -a. adx. Tímido, indeciso, apoucado (Boal). **2.** Encollido, co corpo dobrado.
enconsiado, -a. V. enconchado 2ª acep.
encontra. V. encontro (Allande).
encontradizo, -a. adx. Que se atopa con outra cousa ou persoa. // **Facerse (*faerse*, *ferse*) el encontradizo.** Dar cunha persoa pero parecendo que foi de xeito casual.
encontrar. v. Dar unha persoa con outra ou con algo que se estaba buscando. **2.** prnl. Estar, atoparse. **3.** prnl. Sentirse cómodo ao traballar con algo ou alguén ou estando nun lugar determinado.
encontro. s. m. Acto ou efecto de encontrar. // **Ir al encontro dun.** Buscar a un. **2.** Choque ou discusión forte entre persoas. // ***Salir* al encontro dun.** Saír a recibilo.
encoquinado, -a. V. encuruxado.
encoraxarse. v. prnl. Encolerizarse.
encorcillado, -a. adx. Co corpo dobrado. **2.** Dobrado. **3.** Tolleito, impedido.
encorcillar. v. Quedar de xeonllos e coas pernas dobradas. **2.** Dobrar a unha persoa inmobilizándoa. **3.** Cruzar as mans ou as pernas.
encordiar* → incordiar.
encornado, -a. adx. Anoxado, con mal humor. **2.** Desamigado.
encornarse. v. prnl. Anoxarse.
encorniado, -a. V. encornado.
encortellado, -a. adx. Dise do terreo ou terra duros pola seca.
encortellarse. v. prnl. Poñerse duro o terreo pola seca (Boal).
encorvado, -a. adx. Torto, dobrado.
encorvamento. s. m. Acción e efecto de *encorvar* ou *encorvarse*.
encorvar. v. Dobrar, torcer.
encorvatiado. adx. Dise do home que leva gravata.
encoscar. v. Quitar a casca verde á noz ou a abelá.
encotrosar. v. Manchar.
encoucillarse. v. prnl. Enredarse cos pés; embelecar 2ª acep.
encoudillar. V. encudillar.
encovado, -a. adx. Dise do animal que inverna nunha cova.
encovar. v. Meterse ou vivir nunha cova un animal (El Franco, Castropol, Tapia de Casarego, Allande). **2.** prnl. En sentido figurado, non saír unha persoa da súa casa.
encoxecer. v. Coxear (Santalla de Ozcos).
encrenque. adx. Aplícase á persoa con pouca saúde, enfermizo. **2.** Dise da persoa pouco forte ou resistente.
encrequelado, -a. adx. Encollido (Seares).
encrequenado, -a. V. encrequeñado.
encrequenarse. V. encrequeñarse 1ª acep.
encrequeñado, -a. adx. Dise da persoa co corpo dobrado, especialmente pola idade, por unha enfermidade ou polo frío.
encrequeñarse. v. prnl. Poñerse co corpo dobrado, de xeito que as nádegas descansen nos calcañares. **2.** Agacharse unha galiña.
escrespar. v. Provocar enfurecemento ou irritación. **2.** V. arbolar 3ª acep. (Coaña). **3.** prnl. Poñerse duro o cimo do nabo (San Martín de Ozcos).
encrisparse. v. prnl. Anoxarse.
encuberto, -a. adx. Oculto, tapado.
encubilado, -a. adx. Escondido. **2.** Metido nun cubil.
encubrir. v. Tapar, ocultar.
encucado, -a. adx. Dise do feixe de millo atado pola metade e amontoado en forma cónica.
encucar. v. Facer feixes de millo atándoos pola metade e amontoándoos en forma cónica.
encucharar. v. prnl. Acuruxarse, encoller o corpo para esconderse, protexerse etc. (Boal).
encudillado. adx. Aplícase cando está atascado o muíño.
encudillar. v. Atascarse o muíño, por varias situacións como estar desgastadas as pedras de moer, porque o gran está moi verde ou húmido ou por exceso deste; encodillar, encoudillar. **2.** Estenderse as ramas dunha árbore por todos lados. **3.** Ter torsións ou voltas unha corda, un arame, un cabo etc. (Tapia de Casarego).
encuitado, -a. adx. Infeliz, triste, aflixido (Santalla de Ozcos).
encuquinado, -a. V. encuruxado.

encuquinarse. V. encuruxarse 2ª acep.
encurcillar. V. encorcillar 3ª acep.
encurtiar. V. acurtiar.
encurumar. v. Facer o cume dun edificio.
encuruxado, -a. adx. Encollido, co corpo dobrado, de xeito que as nádegas descansan nos calcañares (Eilao, Os Ozcos, Allande).
encuruxarse. v. prnl. Encollerse moito para ocupar pouco lugar ou para esconderse. **2.** prnl. Poñerse en crequenas.
encuxar. v. Apareamento de macho e femia (Abres).
endecha. s. f. Canción triste e lutuosa (Navia).
endenantes. V. enantias.
endereitar. v. Colocar en posición vertical o que está inclinado.
enderenzar. v. Endereitar. **2.** Poñer a un no bo camiño.
endiante. adv. Nun tempo futuro (Taramundi).
endilgar. v. Enredar a unha persoa nun asunto desagradable. **2.** Endosar a alguén algo.
endoiro. adv. En grande cantidade (*Salíalle a sangre endoiro polas narices*).
endulzar. v. Facer doce algo.
Obs. Trátase dun castelanismo.
enduño. V. alduño.
endurapado, -a. adx. Duro (Castropol).
endurecer. v. Poñer dura unha cousa.
ene. s. m. Nome da letra n.
eneixado, -a. adx. Unido por un eixe.
eneixar. v. Poñer o eixe, como ás rodas do carro, ás carretas do *vasadoiro*, a unha navalla etc.
enemia* → anemia.
enemigo*, -a → inimigo.
enemistado, -a. adx. Anoxado.
enfadado, -a. adx. Anoxado.
enfadar. v. Anoxar. **2.** prnl. Desgustarse. **3.** prnl. Poñerse a mal con alguén.
enfaenado, -a. adx. Dise da persoa que se dedica de cheo a un labor.
enfardar. V. enfardelar 1ª e 2ª acep.
enfardelar. v. Meter cousas nun fardelo. **2.** Acaparar diñeiro ou propiedades.
enfarelar. V. enfariñar 1ª acep.
enfarellar. V. enfariñar 1ª acep.
enfariñada. s. f. Torta de millo ou trigo fritida con ovo, que se pode acompañar tamén con touciño e chourizo.
enfarinado, -a. V. enfariñado (Boal).
enfarinar. V. enfariñar 1ª, 2ª e 3ª acep.
enfariñado, -a. adx. Aplícase ao que está cheo de fariña.
enfariñar. v. Encher algo de fariña. **2.** Encher de fariña as paredes dun *masoiro*. **3.** Ensuciarse con fariña.
enfarnada. s. f. Acción e efecto de manchar (A Veiga).
enfarnado, -a. adx. Manchado.
enfarnar. v. Manchar.
enfastiado, -a. adx. Farto de comer.
enfastiar. v. Comer de máis. **2.** Fartarse de algo, especialmente dunha comida.
enfastión, -a. adx. Aplícase á comida que produce aburrimento ou desprezo á xente.
enfeirar. v. Mercar ou vender algo nunha feira.
enfeixar. v. Facer feixes de herba, leña etc. **2.** Colocar nunha cesta roupa ou outras cousas dun xeito equilibrado. **3.** Acaparar diñeiro, propiedades etc. **4.** Cargar con algo.
enfeliz* → infeliz.
enfermar. v. Contraer unha enfermidade.
enfermedá. s. f. Alteración máis ou menos grave da saúde dos seres orgánicos.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
enfermidá* → enfermedá.
enferruñar. V. enferruxar.
enferruxar. v. Oxidar.
enferruxecer. V. enferruxar.
enfestar* → infestar.
enfiar. v. Pasar o fío polo ollo da agulla. **2.** Poñer un fío para unir as contas do rosario ou outras cousas. **3.** Poñer as miñocas enganchadas no anzol para pescar. **4.** Seguir unha determinada dirección ou camiño.
enfilación. s. f. Liña de marcas, luces etc., que serve de punto de referencia ás embarcacións para entrar nos portos.
enfilada. s. f. Freba de fío.
enfilado, -a. adx. Metido un fío polo ollo dunha agulla. **2.** Unido. **3.** Borracho. **4.** Dise do que xa está posto nunha determinada dirección e non cambia (*Xa tá el burro enfilado*).
enfilar. V. enfiar. **2.** V. cargar 11ª acep. (El Franco). **3.** prnl. Emborracharse.
enfile. s. m. Borracheira.
enfocar. v. Alumar, poñer un foco acendido nun lugar para ver ben determinada cousa.
enfocicado, -a. adx. Anoxado.
enfocicar. v. Caer de fociños. **2.** Atoparse con alguén por sorpresa. **3.** Apertar algo para dentro, facer presión (*Enfocicar coel angazo a terra*), (El Franco). **4.** prnl. Anoxarse.
enfollascar. v. Facer ruído algo entre a follaxe, como un animal; esfollascar (Allande).
enforar. v. Dar forma ás cestas, dobras etc. **2.** Obrigar a un a cumprir os seus deberes (Boal).

enforcado, -a. adx. Collido co forcado. **2.** Dise cando un xato se enreda nunha corda ou cadea.
enforcar. v. Coller co forcado. **2.** Matar alguén botándolle un lazo ao pescozo e pendurándoo del. **3.** prnl. Suicidarse colgándose do pescozo. **4.** prnl. Enredarse as patas dos cabalos ou do gando coa corda que os ata. **5.** prnl. Quedar enredado ou enganchado entre as canas dunha árbore.
enfornado, -a. adx. Metido no forno. **2.** s. f. Cantidade que se pode levar nunha alforxa; alforxada.
enfornar. v. Meter a masa do pan, as empanadas etc., no forno. **2.** Comer moito.
enforxar. v. Meter cousas nas alforxas. **2.** Aforrar.
enfoscado, -a. adx. Dise do ceo con néboa no mar. **2.** Dise do día con néboa ou nubes.
enfoscarse. v. prnl. Anoxarse, alporizarse. **2.** Encherse de nubes o ceo ameazando tormenta.
enfotado, -a. adx. Confiado.
enfotarse. v. prnl. Confiarse.
enfoto. s. m. Confianza, orgullo.
enfougado, -a. adx. Aplícase ao tiro da cociña cando arde ben, a unha fogueira, ao lume, á leña etc. **2.** Dise cando unha persoa se dedica de cheo a un labor; enfaenado. **3.** Figuradamente, acalorado, excitado (*Pon el sangre enfougado*), (Navia). **4.** Animado (*El baile taba enfougado*). **5.** De mal humor.
enfougar. v. Tirar ou arder ben unha cociña, unha fogueira, un lume etc. **2.** Animar. **3.** Sementar discordia.
enfoutar. v. Encubrir cousas que fai unha persoa (San Martín de Ozcos). **2.** prnl. V. enfotarse.
enfouto, -a. adx. Animado, sen medo, valente (Taramundi).
enfouzado, -a. adx. Sucio, manchado.
enfouzar. v. Manchar.
enfouzcado, -a. adx. Sucio (Coaña).
enfraquecido, -a. adx. Aplícase á persoa que está fraca.
enfraquecer. v. Poñerse fraco.
enfrecer. V. esfrecer.
enfrenar. v. Poñer freo a algo (Eilao, Boal).
enfrentamento. s. m. Discusión, pelexa.
enfrente. prep. Diante. // ***Enfrente* de.** Diante de.
enfrescar. v. Arrefriar, refrescar.
enfriar. v. Facer ou poñer fría unha cousa. **2.** Perder a calor un animal ou unha persoa. **3.** prnl. Distanciarse nunha relación entre persoas. **4.** prnl. Debilitarse a eficacia nun asunto.
enfucicado, -a. adx. Anoxado.
enfucicar. v. Cansar unha persoa. **2.** V. enfuciñar. **3.** V. enfocicar 2ª e 4ª acep.
enfuciñar. v. Caer de fociños. **2.** Tropezar.
enfurar. v. Meter nun furado.
enfurruñado, -a. adx. Anoxado.
enfurruñar. v. Anoxar.
enfusado, -a. adx. Aplícase cando a unha persoa lle apertan as pezas de roupa que leva.
enfustar. v. Poñer os fustes nun trobo.
enfustrar. V. enfustar.
engabitar. v. Coller algo cun *gabito*.
engabuñados. V. garabitos (Boal, Santalla de Ozcos).
engabuñarse. v. prnl. Encollerse os dedos co frío (San Martín de Ozcos, Castropol).
engadar. v. Poñer unha cousa que pese na auga para atraer a pesca; enguadar. **2.** Poñer un engado, como un peixe (Castropol); enguadar. **3.** Enganar.
engadellado, -a. adx. Enredado, enmarañado.
engadellar. v. Enredar, enmarañar. **2.** prnl. Namorarse (Tapia de Casarego).
engado. s. Cebo que se pon no anzol ou na auga para atraer a pesca (Castropol, Tapia de Casarego). **2.** Engano.
engafar. v. Encirrar, incitar. **2.** prnl. Alterarse.
engaiar. v. Enganar (Allande).
engaiolado, -a. adx. Encantado, seducido.
engaiolar. v. Seducir, encantar, conquistar, atraer (Boal).
engalanado, -a. adx. Adornado.
engalanar. v. Adornar.
engalar. v. Voar; enalar, enhalar, analar. **2.** Marchar ou desaparecer. **3.** Levar o vento. // ***Engalar* de frío.** Pasar moito frío. **4.** V. galiar 1ª acep. (Tapia de Casarego). // ***Engalar* a roupa.** Mover o vento a roupa que está tendida.
engalicado, -a. adx. Dise da persoa que ten enfermidades sexuais (Tapia de Casarego).
engallada. s. f. Mestura de carne picada e adobada para facer chourizos; angallada, enallada, enhallada, magalla.
enganchado, -a. adx. Collido por algo.
enganchar. v. Coller unha cousa ou algo cun gancho ou colgala del. **2.** Coller unha cousa ou algo por un determinado lugar (*Engancha a vaca*). **2.** Atopar noivo ou noiva.
enganche. s. m. Acción de enganchar ou engancharse. **2.** Peza disposta para enganchar algo nela.
enganchetado, -a. adx. Unido, mesturado.

enganchetarse. v. prnl. Ir collidos polo brazo.
enganido, -a. adx. Desmellorado.
engañar. v. Presentar unha cousa falsa como verdadeira. **2.** prnl. Equivocarse, errar.
Obs. Trátase dun castelanismo.
engaño. s. m. Mentira.
Obs. Trátase dun castelanismo.
engañoso, -a. adx. Falso.
Obs. Trátase dun castelanismo.
engarabecerse. v. prnl. Entumecerse.
engarabido, -a. adx. Encollido algo polo frío, como as mans ou os dedos.
engarabitado, -a. V. engarabido. **2.** Posto nun lugar alto.
engarabitar. v. Poñerse nun lugar alto. **2.** Agatuñar unha planta como a *fabeira*. **3.** Encollerse unha parte do corpo polo frío (Navia). **4.** prnl. Subir (Castropol).
engarabitón, -úa. adx. Dise do que sobe a un lugar alto ou pouco accesible.
engaramado, -a. adx. Aplícase á fala dunha persoa cando non se pode expresar ben pola vellez, medo, nervios etc. (Allande). **2.** Subido a algo. **3.** Dise de algo que está sen firmeza, resistencia (*A porta tá engaramada i entran as ovellas*).
engaramar. v. Subir a algo (Navia, Tapia de Casarego). **2.** Entumecerse unha parte do corpo, como a lingua (Villaión).
engaramellarse. v. prnl. Enredarse, enmarañarse un fío (San Martín de Ozcos).
engaramo. s. m. Estorbo (Allande).
engarañarse. v. prnl. Enredarse (Castropol).
engaratusar. V. engatusar.
engarce. s. m. Tipo de unión entre dúas pezas de madeira como acontece nas *corondias* de hórreos ou *paneras* que pode ser con *barrotillo*, é dicir, cunha pequena barra de madeira no centro ou *machembrado*, unidas as dúas partes sen haber nada no medio.
engarellas. s. m. pl. Taboleiro para levar os mortos (Boal); andas.
engareña. V. angareña 1ª acep.
engareñada. s. f. Acción e efecto de utilizar unha *angareña* (*Erguer a corrada a engareñadas*).
engareñas. s. f. pl. Mazo de envolver a liña os mariñeiros (As Figueiras). **2.** V. angareña 1ª acep.
engarellado, -a. adx. Aplícase cando unha cousa está liada con outra, enredado.
engarellar. v. Empeñarse en conseguir un capricho. **2.** Gañar a confianza dunha persoa con loanzas para conseguir dela algunha cousa.
engaría. V. angareña 1ª acep. (Navia).
engarilla. V. angareña 1ª acep. (Villauril-Navia).
engarimpolo (de). V. garipola (de), (Grandas de Salime).
engariña. V. angareña 1ª acep.
engarranchar. v. Enganchar (Coaña, Allande). **2.** prnl. Agarrarse (Allande).
engarrotado, -a. adx. Dise do membro do corpo que queda ríxido ou inmóbil polo frío, humidade ou outra causa calquera.
engarrotarse. v. prnl. Quedar un membro do corpo ríxido ou inmóbil polo frío, a humidade ou outra causa calquera (Allande).
engarzado, -a. adx. Dise da cousa que está xunto a outra formando unha cadea. **2.** Dise do animal copulando con outro.
engarzapelar. V. engaramellarse.
engarzar. v. Xuntar unha cousa con outra formando unha cadea. **2.** Enredarse, engancharse. **3.** Subir unha planta, como as fabas polas varas.
engarzón. s. m. *Garabato* de oito dentes de madeira con mango máis longo que a *garza*, e que se usaba tamén para recoller a ouca desde os penedos sen meterse na auga.
engastallado, -a. adx. O que se *engastalla* (A Veiga).
engastallar. v. Introducir e asegurar por medio de cuñas calquera peza de madeira nun corte feito para encaixar algunha cousa (A Veiga).
engatada. s. f. Trampa, engano (Villaión).
engatar. v. Subir a un sitio dificultoso, como a unha árbore, un penedo etc.
engato. s. m. Cada unha das dúas mallas iguais que forman parte dun *borxel* xunto á *prima* (Abres).
engatuñar. V. engatar.
engatusar. v. Enganar a alguén.
engavelado, -a. adx. O que se fai en gavelas. // **Pasando el engavelado vénche *lougo* el peneirado.** Refrán agrícola (Villaión).
engavelar. v. Facer gavelas.
engavellado, -a. V. engavelado. **2.** s. m. Acción de engavelar.
engavellar. V. engavelar.
engaxartar. v. Usar un gancho, como un *gaxarte*, para coller un peixe grande ou forte (Tapia de Casarego).
engazada. V. angazada.
engazar. V. angazar.
engazo. V. angazo.
engobelado, -a. adx. Dobrado, co corpo cara a adiante; esgobellado 3ª acep. **2.** Con chepa; esgobelado. **3.** Dise da res que ten dobrado o espiñazo. // **Andar**

***engobelado*.** Andar dobrado co corpo cara a adiante, por idade, enfermidade etc.

engobelarse. v. prnl. Encoller ou dobrar o corpo cara ao chan, cara a adiante, pola idade, por unha enfermidade etc.

engobellado, -a. V. engobelado.

engobellarse. V. engobelarse.

engolado, -a. adx. Dise do que está enriba de algo (*Unha pita que taba engolada no muro*), (Santiso de Abres).

engolar. v. Poñer unha cousa nun lugar alto (Castropol).

engomado. s. m. Operación que fan os ferreiros cando aplican goma ou laca nos mangos das navallas (Taramundi).

engomador. s. m. Ferramenta formada por unha barra longa de ferro ou aceiro e un mango de madeira, que se utiliza polos ferreiros para poñer goma e laca aos mangos das navallas.

engomar. v. Poñer goma e laca sobre as fendeduras do mango dunha navalla.

engonzado, -a. adx. Unido cun gonzo ou unha bisagra.

engorbiñado, -a. adx. Encollido (Allande).

engorbiñar. v. Encoller (Allande).

engordado, -a. adx. Cebado.

engordar. v. Poñerse gordo. **2.** Dar moito de comer, cebar. **3.** Esaxerar (*Engordou a cantidá*). // **El que *nun* engorda comendo, *nun* engorda *llambendo*.** Refrán que alude á persoa que aínda comendo moito non engorda e que pode ter os antollos que queira. // **Engordar a *llingua*.** Protestar. // **Engordar a voz.** Protestar.

engorollado, -a. adx. Con grumos.

engorollar. v. Formar grumos algo, como as papas (Allande).

engovelar. v. Facer *govelos*.

engovellar. V. engovelar.

engoxar. v. Cargar o *cambeiro* da ouca para despois subilo.

engouxado, -a. adx. Atraído. **2.** Namorado fortemente (*Tán engouxados*). **3.** Dise do neno enganado con aloumiños ou que só quere estar coa súa mai.

engouxar. v. Atraer ou enganar a unha persoa con aloumiños (San Martín de Ozcos, Boal, Castropol, Santalla de Ozcos). **2.** Namorarse moito.

engramado, -a. adx. Amasado por segunda vez; gramado.

engrampinar. v. Coller un peixe co *grampín*.

engranar. v. Sementar (Allande).

engrasado, -a. adx. Con graxa.

engrasador. s. m. Axudante do motorista dunha embarcación.

engrasar. v. Encher de graxa.

engrasoumar. V. engrasumar.

engrasumar. v. Encher de graxa.

engrasuñar. V. engrasumar.

engrescar. v. Pelexar (Allande).

engrifado, -a. adx. Posto en posición vertical, como un cabalo cando se axita.

engrifarse. v. Poñerse en posición vertical (Allande).

engrilletar. v. Unir dous cabos, cables etc., cun grillón.

engriñado, -a. adx. Dise do cabelo revolto ou enredado.

engriñar. v. Ter o cabelo revolto ou enredado (Allande).

engrir. v. Envolver arriba e abaixo o fío na parafusa formando oitos (Santalla de Ozcos).

engrolado, -a. adx. Con grumos.

engromar. v. Utilizar bromas e chanzas.

engrouñar. v. Atascarse os excrementos no cu por comer cereixas co óso.

engrudo. s. m. Pegamento feito con fariña ou amidón, cocido en auga.

engruñarse. v. prnl. Encollerse, contraer o corpo (Castropol); enguruñarse 3ª acep.

engruño. V. dinguirindainas.

engua. V. ingua.

enguadar. v. Botarlle engado aos peixes para atraelos; engadar 1ª e 2ª acep.

enguado. s. m. Cebo para pescar (Ortigueira); engado 1ª acep.

enguañado, -a. adx. Insípido (Allande).

enguapecer. v. Volverse guapo; aguapar.

enguedellar. V. engadellar.

engueimado, -a. adx. Entumecido (Taramundi).

engueirar. v. Amañar ou facer algo dun xeito provisional, saíndo do paso (El Franco).

engueldar. v. Tirar ao mar cachos de peixe para atraer a pesca.

enguila* → anguía.

engulir. v. Tragar a comida á présa. **2.** Comer un peixe a outro (Coaña).

engullir. V. engulir 1ª acep. (Boal).

engurbiñado, -a. adx. Engurrado (Villaión). **2.** Encollido (Allande).

engurbiñar. V. engorbiñar.

engurrar. V. engurriar (Abres).

engurria. s. f. Dobrez da pel ou doutra cousa flexible.

engurriado, -a. adx. Con *engurrias*.

engurriar. v. Formar *engurrias*.

engurrumbado, -a. adx. Dise da persoa co corpo dobrado polo lombo.

engurrumbar. v. Ter o corpo dobrado polo lombo (Allande).

enguruñar. v. Engurrar. **2.** V. enguruñarse 2ª acep.

engurullado, -a. V. enguruñado. **2.** Encollido, engurrado.
engurullar. v. Encoller, engurrar.
enguruñado, -a. adx. Encollido, normalmente polo frío. **2.** Engurrado.
enguruñar. v. Apertar unha cousa até facer dela unha bóla. **2.** prnl. Agacharse. **3.** prnl. Encollerse, normalmente polo frío.
engustar. v. Coller gusto por algo (Ibias).
enhairar. V. enheirar.
enhalar. V. enalar (Taramundi, Santiso de Abres, Grandas de Salime, Tapia de Casarego, Santalla de Ozcos, Vilanova de Ozcos).
enhallada. V. enallada (Tapia de Casarego).
enhallar. V. enallar.
enhantes. V. enantias.
enhardido. adx. Dise do caldo amargo (San Martín de Ozcos).
enhaugar. V. enhauguar 1ª e 2ª acep.
enhauguar. V. enaugar 1ª acep. **2.** Facerse auga.
enheirado, -a. adx. Ventilado, aireado. **2.** Moi nervioso.
enheirar. v. Airear, ventilar.
enhougar. V. anougar (Santalla de Ozcos).
eniodar. v. Poñer iodo.
enlamarse. v. prnl. Encherse de lama.
enlaragotarse. v. prnl. Facerse grumos na fariña, papas etc.
enlardiarse. v. prnl. Encherse de barro.
enlatada. s. f. Acción e efecto de *enlatar*.
enlatar. v. Poñer unha lata a un palleiro, a un camiño para darlle firmeza etc.
enlastrar. v. Poñer pedras no chan.
enlazar. v. Unirse ou prender unha cousa con lazos.
enlibrado, -a. adx. Dobrado. **2.** Pregado.
enlibrar. v. Dobrar a roupa. **2.** Pregar.
enlizar. v. Encirrar, provocar a alguén. **2.** Provocar a discordia entre dúas persoas. **3.** Enredarse entre silvas ou bouza (San Martín de Ozcos).
enllardiarse. v. prnl. Cubrirse con graxa de cocho.
enllastrado, -a. adx. Empedrado.
enllastrar. V. enlastrar.
enllibrado, -a. V. enlibrado.
enllibrar. V. enlibrar 1ª e 2ª acep.
enllouquecer. v. Tolear.
enllouxar. V. enlousar.
enlluitado, -a. adx. Cuberto de loito.
enlolear. v. Marearse, abobarse (Abres, Taramundi).
enlomar. v. Facer *lomas* ao arar.
Obs. Trátase dun castelanismo.
enlousar. v. Poñer as lousas no lousado, no chan etc.
enlouxar. V. enlousar.
enluitar. v. Cubrir de loito (Allande).
enmadeixar. v. Facer madeixas (Santalla de Ozcos).
enmadruado, -a. adx. Encariñado excesivamente un fillo coa mai.
enmallado, -a. adx. Dise do peixe que queda dentro dunha rede.
enmallar. v. Mallar (Boal). **2.** Quedar os peixes dentro dunha rede (Boal).
enmangado, -a. adx. Posto, unido cun mango (*Ten unha roda enmangada nun pau*).
enmangar. v. Poñer un mango a unha ferramenta, obxecto etc. **2.** Unir algo a outra cousa cun mango (Os Ozcos). **3.** V. eneixar.
enmaragouzado, -a. adx. Feito *maragouzos*.
enmaragouzar. v. Facer *maragouzos*.
enmarañado, -a. adx. Enredado.
enmarañar. adx. Facer unha maraña con cabelos, fíos etc. **2.** Facer confusa unha cousa.
enmascararse. v. prnl. Poñerse unha máscara no Entroido.
enmazarocarse. v. prnl. Xuntarse a la en bólas. **2.** Enredarse.
enmazcararse. V. enmascararse (Villaión, Navia).
enmenda* → emenda.
enmendar. v. Tirar cunha corda grosa por unha embarcación desde terra.
enmentres. V. mentres 2ª acep. (Ibias).
enmorenado, -a. adx. Feito moreas.
enmorenar. v. Facer moreas.
enmourar. v. Poñer de color escura algo.
ennobelado, -a. adx. Feito nobelos.
ennobelar. v. Facer nobelos de la, fío etc.
ennobellar. V. ennobelar.
ennubelado*, -a → ennobelado.
ennubelar* → ennobelar.
ennoirado, -a. adx. Resgardado, metido debaixo dun noiro (Boal).
ennoirarse. v. prnl. Resgardarse debaixo dun noiro (Boal).
enollar. v. Cortar as puntas das ramas das árbores (Grandas de Salime).
enoxar. V. anoxar.
enoxo. V. anoxo.
enqueirado, -a. adx. Seco case completamente, como a roupa (Castropol, San Martín de Ozcos).
enqueirar. v. Secar, como a madeira, a roupa, a terra etc. **2.** Pasar a corda de atar ao carro polos *queiros* que leva a pértega pola parte de abaixo.
enqueixellar. v. Zarrarse ou perder o movemento a mandíbula das burras do monte por non ter que comer (Boal).

enquerqueñado, -a. adx. Encollido; encrequeñado.
enquiado, -a. adx. Baldado, moi cansado.
enquivocado*, -a → equivocado.
enquivocar* → equivocar.
enquivoco* → equivoco.
enrabar. v. Ensuciar (Allande).
enrachado, -a. V. arrachado 1ª acep.
enrachar. v. Aumentar a forza do vento.
enraizar. V. enreizar.
enramada. s. f. Lugar onde se enlaza ou entretece a ramaxe (Abres).
enramado. adx. Aplícase ao ollo cheo de veas vermellas. **2.** s. m. Conxunto de motivos decorativos xeométricos ou vexetais da *argola* ou do mango metálico dunha navalla. **3.** Dise do que ten debuxos de flores.
enramar. v. Gravar a man cun punzón motivos decorativos sobre a *argola* ou o mango metálico de navallas e coitelos.
enrasar. v. Igualar unha parede (El Franco).
enratado, -a. adx. Enredado, enmarañado. **2.** Dise do animal coa pata dianteira atada cunha corda á traseira. **3.** Aplícase ao animal que se lle atan todas as patas para suxeitalo.
enratar. v. Atar a un cabalo, unha vaca, unha ovella etc., unha pata dianteira e outra traseira cunha corda para que non escape. **2.** Tropezar cunha corda ou cadea porque se enrola nos pés. **3.** Enmarañar, enredar. **4.** Enredarse as patas dun animal cunha corda ou algo semellante (Boal).
enratas. s. f. pl. Anelas de ferro unidas con cadeas, que se poñían na pata dianteira e traseira dun animal para que non escapase cando pacía.
enratonar. v. Empachar, causar indixestión (Navia).
enrazar. v. Cruzar ou mesturar a raza dun animal para mellorala (Allande). **2.** Emparentar. **3.** Enxertar.
enrebesgar. v. Enredar, retorcer (Navia).
enrebexado, -a. V. rebexado.
enrebexar. V. rebexar.
enredado, -a. adx. Enmarañado, liado. **2.** s. f. Conxunto de cousas enmarañadas.
enredador, -a. adx. Inquedo, revoltoso.
enredar. v. Revolver. **2.** Enmarañar, enlear unha cousa con outra. **3.** Xogar os nenos. **4.** Facer algunha cousa ou traballo sen importancia. **5.** Confundir, enganar. **6.** Distraerse cun obxecto. **7.** Xogar coas mans (Coaña). **8.** Meter a un en asuntos perigosos. **9.** Facer trasnadas. **10.** Meter discordia, poñer a mal. **11.** prnl. Parar, deterse.
enredo. s. m. Lea. **2.** En sentido figurado, xoguete dos nenos. **3.** Cousa sen definir (*Dáme aquel enredo*). **4.** Efecto e resultado de enredar. **5.** Trasnada. **6.** Traballo de pouca importancia. **7.** Molestia, complicación (*Ir a ese enterro é un enredo*).
enredón, -úa. adx. Dise do neno revoltoso, inquedo.
enredor. V. redor (al, ao), (Eilao, Allande).
enreixado. adx. Con reixas.
enreizar. v. Botar raíces. **2.** Vivir nun sitio adaptándose a el perfectamente.
enrellar. v. Cravar a rella do arado ou *vasadoiro* na terra, facendo regos. **2.** Poñer a rella ao arado ou ao *vasadoiro*. **3.** Arar ben o *vasadoiro*. **4.** Comezar un traballo. **5.** Encamiñar. **6.** Compoñer, facer, como unha canción, un relato etc. (Navia).
enrequitado, -a. adx. Raquítico (Eilao).
enrestrado, -a. adx. Que está posto nunha restra. **2.** Dise da pataca con moito froito. **3.** Dise da árbore con moitos froitos.
enrestrador. s. m. Persoa que enrestra.
enrestrar. v. Facer restras de mazarocas de millo, allo, cebolas etc. **2.** Contar mentiras (Abres).
enrevesado, -a. adx. Difícil de ler, comprender ou reter na memoria.
enrevesgado, -a. V. enrevesado (Coaña).
enrexado. V. enreixado.
enrexar. v. Poñer reixas.
enriar. v. Meter na auga algúns días o liño para que abrande (Taramundi).
enriba. adv. Arriba, na parte alta. **2.** Encima, sobre. **3.** Parte máis alta dunha casa, piso. // **Enriba de.** Sobre, encima.
enrincholado, -a. adx. Engurrado (Coaña).
enrincholar. V. arrincholar (Coaña).
enriquitado, -a. V. enrequitado (Coaña, Boal, San Martín de Ozcos).
enrisar. v. Coser unha rede de pescar de xeito provisional (As Figueiras).
enritación* → irritación.
enritado*, -a → irritado.
enritar* → irritar.
enrizado, -a. adx. Rizado, aplicado normalmente ao pelo.
enrizar. v. Rizar o pelo.
enrodellarse. v. prnl. Enredarse (Allande).
enrodillar. v. Caer de xeonllos.
enrolado[1], -a. adx. Envolto en forma de rolo.
enrolado[2], -a. adx. Dise da persoa inscrita na lista de tripulantes dun barco.
enrolar[1]. v. Facer rolos cos colmos de trigo, herba etc. **2.** Envolver unha cousa en forma de rolo. **3.** Xuntar neve en forma de rolo. **4.** Facer ondas o mar en forma

de rolo. **5.** Envolver sobre si mesmas as partes do *cinceiro* que sobresaen dun trobo. **6.** Limpar a semente de centeo cun movemento en redondo nunha criba (San Martín de Ozcos). **7.** prnl. Complicarse cunha charla reiterativa.

enrolar[2]. v. Inscribir unha persoa na lista de tripulantes dun barco.

enrollado, -a. V. enrolado.

enrollar. V. enrolar[1] 1ª e 2ª acep. **2.** V. aferrar 3ª acep. (El Franco).

enronchado. adx. Dise do rapaz que xa atopou noiva.

enronchar. v. Enganchar no fondo do mar, nun río, nas algas, nas rochas etc., un aparello de pescar ou un anzol. **2.** Enganchar o *vasadoiro* na terra ou a grade nunha pedra. **3.** Atopar un rapaz noiva. **4.** prnl. Encherse a pel de ronchas.

enroscado, -a. adx. Envolto. **2.** Aplícase a unha peza mecánica que se introduce nalgunha parte. **3.** Enredado. **4.** Aplicado a un animal ou a un neno, encollido sobre si mesmo. **5.** Anoxado (Seares). **6.** Torto, dobrado.

enroscar. v. Introducir unha peza a volta de rosca. **2.** Torcer a folla da pataca por unha enfermidade ou pola seca; acigarrar 1ª acep. **3.** Subir unha planta, como as fabas nas varas; engarzar 3ª acep. **4.** Dar voltas á la nunha roca. **5.** Dar voltas a unha cousa sobre si mesma ou arredor de algo. **6.** prnl. Dobrar o corpo arredor de si mesmo, como fan algúns animais. **7.** prnl. Anoxarse (Navia).

enrouquecido, -a. adx. Rouco.

enrouquecer. v. Poñer rouco. **2.** Estar ou quedar rouco.

enroxar. V. roxar.

enruga. V. engurria.

enrugar. V. engurriar.

ensaiar. v. Encirrar un can (Allande, Villaión).

ensalmar. v. Dicirlle a un unhas cantas cousas (Serandías).

ensanchar. v. Facer algo máis ancho ou máis amplo.

ensangrentado, -a. adx. Manchado de sangue.

ensañarse. v. prnl. Infectarse unha ferida.

ensaquetado, -a. adx. Metido dentro dun saco.

ensarellar. V. ensarillar. **2.** Dar moitas voltas unha persoa. **3.** V. sarear (Tapia de Casarego).

ensarillar. v. Colocar o liño no *sarelo* para facer o nobelo.

ensebar. v. Pechar un terreo con estacas trenzadas con varas ou ramas delgadas. **2.** Engordar.

ensecar. V. secar.

enseguida. adv. Pronto, axiña.

enseguidía. V. enseguida.

ensiguida* → enseguida.

ensel. adv. Silenciosamente, en calma (*Tá mui ensel el día*, *Pasou ensel por allí*), (Allande).

ensenada. s. f. Entrada do mar na terra, máis pequeno que un golfo.
Obs. Trátase dun castelanismo.

enseñado, -a. adx. Educado. **2.** Mostrado. **3.** Transmitido.
Obs. Trátase dun castelanismo.

enseñar. V. ensinar.
Obs. Trátase dun castelanismo.

enseño. s. m. Educación.
Obs. Trátase dun castelanismo.

enserrar. V. embraiar (Os Ozcos).

ensilar. v. Meter no silo forraxe, gran ou sementes.

ensillado, -a. adx. Dise da vaca que dobra o lombo porque está en celo. **2.** Co lombo dobrado.

ensillar. v. Excitar o touro para que cubra a vaca (Allande).

ensilvar. v. Pechar a boqueira dunha leira con silvas.

ensimismado, -a. adx. Abstraído.

ensinanza. s. f. Feito e resultado de ensinar. **2.** Educación, crianza.

ensinar. v. Transmitir a outro coñecementos dunha ciencia, arte etc., mediante leccións ou exemplos. **2.** Educar. **3.** Amosar ou presentar algo.

ensiñar. V. ensinar (Boal, Castropol).

ensuciado, -a. adx. Manchado.

ensuciar. v. Manchar. **2.** Cagar (A Veiga).

ensullo. V. enxulio.

ensultadoira* → insultadoira.

ensultar* → insultar.

entablillar. v. Asegurar con pequenas táboas e vendaxe un óso roto.
Obs. Trátase dun castelanismo.

entaier* → antonte.

entalado, -a. adx. Encollido polo frío (Santiso de Abres).

entalameirado, -a. adx. Dise da madeira posta en forma de torre para que seque (San Martín de Ozcos).

entalar. v. Afundirse na lama. **2.** Encoller o corpo polo frío (Abres).

entalizado. s. m. Proceso consistente en estirar un óso dislocado até poñelo no seu sitio, reforzándoo cun par de *talizas* e envolvéndoo cunha venda (Santiso de Abres).

entalla. s. f. Fendedura que se fai nunha peza de madeira para que outra peza encaixe nela.

entallar. v. Facer unha fendedura nunha peza para que encaixe noutra.

entalle. s. m. Acción e efecto de entallar. **2.** Fendedura de pouca profundidade.
entalonado, -a. adx. Dise da ferradura con *candados* grosos.
entalonar. V. entaluar.
entaluar. v. Poñer tacóns ás galochas.
entamar. v. Comezar (Navia, Boal).
entanganado. adx. Cando a *patefa* queda por riba do *tángano* ou o toca (San Martín de Ozcos); intringanado.
entano. adv. Noutros tempos (Os Coutos); antano, hogano. **2.** O ano pasado (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos).
entaporarse. v. prnl. Atascarse un cacho de comida na gorxa (Eilao).
entarimar. v. Poñer nunha tarima (El Franco).
entascado. V. intringanado (Meredo).
ente* → ante.
ente* → entre.
entebido, -a. adx. Pesado (Boal).
enteimar. v. Insistir.
enteiro, -a. adx. Completo. **2.** Recto, xusto. **3.** Aplícase ao animal macho que está sen castrar, normalmente équidos ou porcinos (Boal, Abres). **4.** Que conserva aínda toda a súa forza ou ánimo.
entelado, -a. adx. Aplícase ao gando vacún cando acumulou gases no tubo dixestivo (Boal).
entelar. v. Acumular gases o gando vacún no tubo dixestivo.
entención* → intención.
entendemento. s. m. Facultade de entender as cousas, xuízo. **2.** Acordo, trato.
entendedeiras. s. f. pl. Escaseza de entendemento.
entendemento. s. m. Facultade de entender as cousas. **2.** Sentido común, xuízo.
entender. v. Percibir algo con intelixencia. **2.** Coñecer. **3.** Comprender. **4.** prnl. Amañarse, apañarse (*Nun sei como se entendía!*), (A Veiga). **5.** Tratar de saber como se desfai unha maraña de fíos, cordóns etc. (*Nun había quen entendese a maraña*). **6.** prnl. Manter relacións amorosas de xeito secreto.
entendido, -a. adx. Que percibe algo con intelixencia. **2.** Que coñece sobre determinado asunto, experto.
entepernado*, -a → entrepernado.
entepernar* → entrepernar.
enteporarse. V. entaporarse (Santalla de Ozcos).
enterado, -a. adx. Informado.
enterarse. v. prnl. Informarse de algo. // **Vaste enterar!** Expresión que indica advertencia.
enterizo, -a. adx. Dise da galocha feita dunha soa peza de madeira. **2.** Calquera cousa feita dunha soa peza.
entermediar. v. Tratar de poñer de acordo a dúas partes contrarias, mediar, interceder (Allande).
entero*, -a → enteiro 1ª, 2ª, 3ª e 4ª acep.
enterrado, -a. adx. Metido debaixo da terra. **2.** Dise do defunto metido nunha sepultura.
enterrador. s. m. Persoa que dá sepultura a un morto.
enterrar. v. Meter algo debaixo da terra. **2.** Dar sepultura a un morto.
enterreiro. adx. Aplícase á persoa amiga de asistir aos enterros (Eilao).
enterro. s. m. Acción e efecto de enterrar. **2.** Comitiva que acompaña ao morto ao camposanto. **3.** Funeral. Relativo aos antigos enterros recóllese interesante información sobre estes en Boal. Un dos costumes era quitar o gando das cortes antes de sacar o morto. Outro era poñer follas e ramas de loureiro no fondo da caixa para que sobre elas descansase o morto. En Boal os homes non ían aos enterros, da casa mortuoria saía a ofrenda maior, unha muller cunha cesta na cabeza cuberta por un pano negro, despois seguían as ofrendas brancas, mulleres con cestas tamén na cabeza pero cubertas cun pano branco, e despois o pendón, a cruz, a caixa e a asociación. Estas mulleres levaban velas de cera virxe, con forma de ferradura, que ardían na igrexa durante os oficios, fixadas no bordo da cesta. Despois aos enterros xa ían tanto mulleres como homes. // **Al enterro i al *molín*, de cada casa el *más* ruín.** V. Aos enterros i al molín, sempre vai (de cada casa) el máis ruín. // **Aos enterros i al *molín*, sempre vai (de cada casa) el máis ruín.** Que aos enterros e ao muíño sempre vai a peor persoa ou o que menos traballa da casa. // **Aos recados, aos enterros i al *molín*, de cada casa el máis ruín.** V. V. Aos enterros i al molín, sempre vai (de cada casa) el máis ruín. // **Enterro da *sardía* (sardiña).** Festa do Entroido que se celebra o mércores de cinza e simboliza o paso do Entroido á coresma. // **Quen te chamou neste enterro?** Expresa contrariedade sobre unha persoa que dá unha opinión que non se lle pediu ou intervén nun asunto alleo. // **Sempre *ouguín* que aos enterros i al *molín* de cada casa el máis ruín.** V. Aos enterros i al *molín*, sempre vai (de cada casa) el máis ruín.

entesecerse. v. prnl. Asustarse, papar medo (*Entesecéronme os nervios*).
entestar. v. Concentrar un líquido até facelo espeso (Castropol, Tapia de Casarego, Eilao, Boal). **2.** Encherse (*Entestouse de xente*).
entexo, -a. adx. Inquedo, nervioso.
entiznado, -a. adx. Manchado con tisne, feluxe ou outro material semellante.
entiznar. v. Manchar con tisne, feluxe ou outro material semellante.
entocado, -a. adx. Manco, mutilado (Os Coutos).
entointe. V. antonte.
entoirar. v. Cocer as morcillas recentemente feitas para preparalas para secar. **2.** Colocar varias cousas en capas superpostas. **3.** Cocer, como as castañas (Navia). **4.** Cocer os pelellos e o bandullo do cocho, para poder despois picalos.
entoite. V. antonte (Boal).
entolear. v. Volverse un tolo. **2.** Manifestar alegría por algo que se desexa moito.
entoliar. V. entolear.
entollar. v. Inchar (Allande).
entollecer. V. entolear. **2.** Entumecer (Allande).
entolliar. V. entolear.
entollo. s. m. Mal de ollo (Serandías).
entón. V. entós (A Veiga, Taramundi).
entonar. v. Animar, dar forza ao corpo.
entonces* → entós.
entoncias* → entós.
entoncies* → entós.
entongar. V. entoirar 1ª acep.
entontanoite. adv. Na noite de antonte (Santalla de Ozcos).
entonte. V. antonte.
entontes. V. antonte.
entopetarse. v. prnl. Emborracharse (Ibias).
entopizar. v. Meter na terra as máquinas ou ferramentas como a gadaña para segar. **2.** Atascar, atrancarse.
entorcillado, -a. adx. Retorto, atravesado (*Chegou a vello coel ánimo entorcillado*), (El Franco).
entornado, -a. adx. Dado a volta. **2.** Enfadado, anoxado.
entornar. v. Darlle a volta a algo, como a un recipiente para que lle caia o contido. **2.** Inclinar. **3.** Volver a porta ou ventá cara a onde se pecha. **4.** Dar a volta un carro. **5.** Inclinarse un palleiro. **6.** prnl. Anoxarse.
entorpecido, -a. adx. Torpe.
entorrezado, -a. adx. Con *torreznos*.
entorto. s. m. Agravio, ofensa, insulto. **2.** Estrago.
entós. adv. Daquela, naquel tempo. **2.** conx. Logo.
entoufado, -a. adx. Anoxado.
entoufarse. v. prnl. Negarlle a palabra a unha persoa por estar anoxada con ela.
entoxadizo*, -a → antoxadizo.
entoxado, -a. adx. Con toxos. **2.** Escondido.
entoxar. v. Poñer toxos e silvas nas árbores para que non suban os nenos. **2.** Pechar con toxos a boqueira dunha leira. **3.** Poñer silvas e toxos enriba dos valados para que non pasen as persoas ou o gando. **4.** prnl. Meterse entre toxos. **5.** prnl. Ir ao monte. **6.** prnl. Refuxiarse os animais salvaxes entre a bouza.
entoxarse* → antoxarse.
entoxo* → antoxo.
entrabar. v. Colocar a rede na táboa para botala no río. **2.** Iniciar unha conversación.
entraberto*, -a → entreaberto.
entrabrir* → entreabrir.
entrada. s. f. Acción de entrar. **2.** Espazo por onde se entra. **3.** Billete para asistir a un espectáculo. **4.** Cada un dos espazos entrantes sen pelo na fronte. **5.** Nas casas tradicionais, espazo que daba acceso aos cuartos interiores. // **Dar entrada.** Conceder amizade a unha persoa (Tapia de Casarego).
entrado, -a. adx. Comezado (*Entrado novembre*). **2.** Dise da persoa que xa ten certa idade (*Entrado en anos*). **3.** s. m. Parte da casa tradicional por onde se accede ás dependencias do piso de embaixo.
entrallar. v. Suxeitar as cordas dunha rede cun fío ou un cabo (Ortigueira). **2.** Facer un entrallo para unha rede de pescar.
entrallo. s. m. Cabo ou fío que suxeitan as cordas dunha rede.
entrambos. (f. entrambas). Contracción da prep. *entre* e o indefinido *ambos*. Entre os dous. **2.** Ambos os dous (Santalla de Ozcos, Allande). // **Entrambos i dous.** Entre os dous (Boal, Tapia de Casarego).
entramentres. V. entrementres.
entrampiado, -a. adx. Que non pode pasar, o que está atascado (El Franco).
entrante. s. m. Lugar da costa onde entra o mar; ensenada.
entraña. s. f. Carácter ou conxunto de elementos característicos máis íntimos dunha persoa. **2.** pl. Vísceras internas dun corpo. // **Ter mala entraña.** Ser duro, malo.
entrar. v. Pasar de fóra para dentro. **2.** Pasar por unha parte para meterse noutra. **3.** Penetrar, introducir. **4.**

Participar. **5.** Formar parte de algo. **6.** Dedicarse a unha profesión. **7.** Ter interese ou obsesión por algo (*Entroulle agora a gana de facelo*). **8.** Comezar a soprar o vento. **9.** Chegar unha embarcación a un porto. **10.** Estar ao inicio dun período de tempo (*Entrar el inverno*). **11.** Comezar a manifestarse unha sensación (*Entroume un comezón*).

entre. prep. Expresa situación ou estado en medio de dúas cousas ou accións (*Entre Boal e Coaña*). **2.** Dentro de (*Atopámolo entre a herba*). **3.** Situación intermedia (*Entre bon e malo*, *Entre as once i as doce*). **4.** Expresa cooperación (*Feito entre varios*). **5.** Como reforzo á preposición para (*Fala pra entre un*).

entreaberto, -a. adx. Aberto un pouco. **2.** Aberto, sociable.

entreabrir. v. Abrir un pouco.

entrearioso. V. entrecanto (As Figueiras).

entrecanalado. V. entrecanto (Coaña).

entrecantilado. V. entrecanto.

entrecanto. s. m. Lugar con area entre rochas no fondo do mar (Tapia de Casarego).

entrecasa. s. f. Parte da casa entre a cociña e a sala (Allande).

entrecasca. s. f. Parte que hai entre a casca e a madeira dalgunhas árbores e arbustos (Boal, San Martín de Ozcos).

entrecello. s. m. Espazo que hai entre as cellas (Eilao).

entrecena. s. f. Espazo de tempo mentres se cea.

entrecocedura. s. f. Rozadura, ferida superficial na pel do corpo.

entrecocer. v. Rozar a pel do corpo con algo producíndose unha ferida.

entrecoitado, -a. adx. Preocupado.

entrecoller. v. Separar unhas plantas doutras por nacer moi xuntas.

entrecortado, -a. adx. Dise da persoa que fala de xeito intermitente por timidez, fogaxe ou nerviosismo.

entrecosto[1]. s. m. Atranco inesperado. **2.** Costelar (*El que queira bon entrecosto que lo faga no mes de agosto*), (San Martín de Ozcos). **3.** Espiñazo.

entrecosto[2], -a. adx. Aplícase ao neno inquedo, rebelde.

entrecruzar. v. Cruzar dúas cousas ou máis entre si, entrelazar.

entredito. s. m. Dúbida. // **Poñer en entredito.** Xulgar unha cousa indigna de confianza ou aceptación.

entrefrebado, -a. adx. Aplícase ao touciño que está mesturado con febras de xamón.

entregar. v. Dar ou poñer algo en poder doutro. **2.** prnl. Abandonarse a unha paixón amorosa.

entrelado, -a. adx. Atado polos cornos.

entrelar. v. Atar polos cornos dous xatos, dúas vacas etc. (Os Ozcos).

entrelazado, -a. adx. Tecido, unido.

entrelazar. v. Tecer unha cousa con outra.

entrellar. v. Xuntar a rede de pescar á corda superior ou inferior. **2.** V. entrillar 1ª acep.

entrellazado, -a. V. entrelazado.

entrellazar. V. entrelazar.

entreluces. adv. Entre o día e a noite.

entremedias. adv. Entre un e outro tempo, espazo, lugar ou cousa. **2.** En medio de. **3.** Mentres tanto. // **Por entremedias.** Polo medio de.

entremediar. v. Facer de intermediario nun litixio ou disputa. **2.** Poñer unha cousa no medio doutras.

entremedio. s. m. Espazo que hai entre dúas cousas.

entremedodía. adv. Antes do mediodía.

entremeiodía. adv. Antes do mediodía.

entrementes* → entrementres.

entrementras. V. entrementres.

entrementres. adv. Mentres tanto. **2.** conx. Expresa temporalidade.

entremeterse. v. prnl. Meterse unha persoa nun asunto que non lle importa.

entremetido, -a. adx. Aplícase á persoa que se mete onde non a chaman.

entremisa. s. f. Planta herbácea da familia das compostas, de talo sen pelo, anguloso e estriado, follas verdes e negras por un lado e tirando a branco polo outro, con flores vermellas (*Artemisia sp.*), (Os Ozcos, Eilao, Grandas de Salime).

entrenamento. s. m. Acto de *entrenar*.

entrenado, -a. adx. Preparado para algo.

entrenar. v. Preparar persoas ou animais para a práctica dun deporte ou outras tarefas.

entrepechado, -a. adx. Aplícase á cabalería que ten feridas no peito por estar mal colocada a cincha. **2.** Dise da cabalería que non se pode montar por un esforzo cando era nova, ser de tiro ou ter tumores no peito (Boal).
Obs. Trátase dun castelanismo.

entrepecharse. v. prnl. Facerse feridas un cabalo no peito por estar mal colocada a cincha.
Obs. Trátase dun castelanismo.

entrepecho. s. m. Varanda dunha ventá. **2.** Parte máis pendente dunha costa (San Martín de Ozcos, Allande).
Obs. Trátase dun castelanismo.

entreperna. s. f. Parte interior da coxa. **2.** Zona dos órganos xenitais, especialmente os masculinos (Boal).
entrepernado, -a. adx. Posto coas pernas abertas enriba dun animal, pau, madeiro, muro, cana, persoa etc.
entrepernar. v. Poñer a un coas pernas abertas enriba dun cabalo, burro, pau, madeiro, muro etc. **2.** Sentar coas pernas abertas en arco. // **Fai as cousas *condo* lle entreperna.** Cando quere, cando lle peta a unha persoa (As Figueiras).
entreporarse. v. prnl. Non poder tragar algo que se atravesou na gorxa, especialmente o gando vacún cunha mazá, pataca, nabo etc. **2.** Atragoarse. **3.** Indixestarse (Taramundi).
entreportas. s. f. pl. Corredor entre dúas entradas da casa.
entrerrexado. s. m. Conxunto de reixas.
entresacar. v. Quitar dun conxunto algo para facelo menos espeso e mesto.
entresaqueo. s. m. Acción de separar as plantas para que medren mellor e dean máis froito.
entresebado, -a. adx. Dise do que vai entre varias capas (*Os ovos van entresebados con herba e palla na cesta*).
entresebar. v. Xuntar unhas ramas con outras facendo un tecido. **2.** Ir unha cousa entre varias capas de algo.
entreseca. s. f. Tempo de fame. **2.** Tempo de necesidade. **3.** Terreo entre dous ou máis canles de auga. **4.** Tempo nin seco nin húmido (San Martín de Ozcos).
entresemar. v. Sementar diferentes cultivos entre si, como fabas con millo.
entresonos. s. m. pl. Momento no que aínda non se dorme plenamente.
entretalois. s. m. pl. Na galocha, espazo que queda entre os dous talóns, o de diante e o de atrás.
entretelas. s. f. pl. Entrañas.
entretemento. s. m. Distracción. **2.** Xoguete.
entretempo. s. m. Nome que se aplica á primavera e ao outono.
entreter. v. Distraer. **2.** Divertir. **3.** prnl. Pasar o tempo de xeito agradable. **4.** prnl. Distraerse.
entretesto. s. m. Lombo moi ancho que deixa o arado entre suco e suco (San Martín de Ozcos). **2.** Terra que queda por traballar entre dous sucos.
entretido, -a. adx. Distraído.
entretirado, -a. adx. Medio cocido.
entretollo. s. m. Atranco, dificultade.
entrevenado, -a. V. entrefrebado.
entreverado, -a. V. entrefrebado.
entreverar. v. Poñer varias cousas en capas.
entrezar. V. entrillar 1ª acep. (Navia).
entriar. v. Mollar pan con café ou leite; entrillar 1ª acep. **2.** Cortar algo en cachos pequenos, como os nabos (Allande).
entrillado, -a. adx. Con cachos de pan, como o leite, a sopa, o caldo etc.
entrillar. v. Botar cachos de pan, castañas ou cachelos no leite, o caldo, a sopa, o café etc. **2.** Gastar moito diñeiro nun aspecto concreto. **3.** Gastar un produto en algo (*Ben augua entrillache nesa terra*). **4.** Cortar algo en cachos pequenos cun coitelo ou unha navalla, como as patacas (San Martín de Ozcos).
entripado. s. m. Enfermidade das vacas caracterizada pola dolor de tripas.
entripar. v. Indixestarse.
entrobanar. V. entrobar (Navia).
entrobado, -a. adx. Dise da roupa colocada nun trobo de lavar.
entrobar. v. Colocar a roupa no trobo de lavar.
entroirín. s. m. Cocho de recría que se engorda para o Entroido.
entroiro. V. antroido (Abres, Ibias, Santalla de Ozcos).
entrollar. v. Preguntar (Navia).
entrometido*, -a → entremetido.
entroncar. v. Dirixir o gando cara a un lugar onde non poida fuxir. **2.** Atascarse un animal nun sitio de onde non pode saír.
entropezar. v. Tropezar.
entruelar. V. truelar.
entrugar. v. Preguntar.
entufado, -a. adx. Anoxado.
entufainarse. v. prnl. Anoxarse. **2.** Darse importancia. **3.** Intoxicarse cun olor forte e activo.
entufarse. V. entufainarse 1ª e 2ª acep.
entullar. v. Atascar. **2.** *Entrillar* en exceso (Abres).
entulluada. s. f. Indixestión.
entumbada. adx. Aplícase á vaca co ventre inchado.
entumbar. v. Inchar a madeira coa auga (Boal, Allande). **2.** Inchar por comer moito.
enturbiar. v. Poñerse turbio algo, como a auga dun río.
enváledo*, -a → inválido.
enválido*, -a → inválido.
envaralar. V. envarar 1ª acep.
envarado, -a. s. m. e f. Acción de *envarar*.
envarar. v. Facer palleiros, colocando a herba seca arredor da *lata* para facer o palleiro; envaralar, varalar. **2.** Delimitar as leiras con uces e paus, pechando os

seus lados e facendo os derregos (Os Ozcos). **3.** Poñer paus na parte de enriba da meda colgados do extremo superior do pau que está no medio desta (Os Ozcos). **4.** Tecer as bringas para facer cestas ou cestos (Eilao).

envasilla. s. f. Recipiente para líquidos ou alimentos.

envasixa* → envasilla.

enveado. s. m. Acción de envear.

envear. v. Poñer veos a unha cubrición de palla ou á parte de enriba dunha sebe para suxeitalas (Ibias).

envelado. adx. Aplícase ao boi que ten o corno alto.

envelenado, -a. V. envenenado.

envelenar. V. envenenar.

enveleñar. V. envenenar.

envellar. V. envellecer (Boal).

envellecer. v. Facerse vello.

envellentar* → avellentar.

envelluzar. V. avellentar (Eilao).

envelortar. V. envolortar 1ª acep. (Allande).

envenenado, -a. adx. Intoxicado.

envenenar. v. Dar veleno a. **2.** Intoxicar. **3.** prnl. Inflamarse unha ferida.

enveredar. v. Encamiñar. **2.** Emprender o camiño. **3.** Poñer a unha persoa no que se considera o bo camiño.

envergar. v. Suxeitar, atar as velas ás vergas nunha embarcación.

envergue. s. m. Nunha embarcación, cada un dos cabos delgados que serven para afirmar a vela ao nervio da verga.

envernada* → invernada.

envernar* → invernar.

envernizo*, -a → invernizo.

enverrugado, -a. adx. Cheo de verrugas (Eilao). **2.** Raquítico. **3.** Dise do froito que medrou pouco (Boal).

envexigada. adx. Dise da masa de pan con vexigas por quentarse moito o forno.

envexigar. v. Encherse de vexigas (Os Ozcos). **2.** Aparecer vexigas na pel. **3.** Saír vexigas na coda do pan.

enviar. v. Facer ir ou facer que chegue unha persoa ou unha cousa a algunha parte.

enviciado, -a. adx. Dise da persoa que ten algún vicio.

enviciar. v. Meter a unha persoa nun vicio. **2.** prnl. Afeccionarse de máis a unha cousa negativa.

envidia. s. f. Desexo de ter o que posúe outra persoa. **2.** Desexo de imitar as accións doutra persoa. // ***Si* a *envidia fora* tiña *contos* tiñosos habería.** Refrán que recoñece a existencia da envexa como un defecto moi presente pero oculto nas persoas.

envidiar. v. Ter envexa. **2.** Desexar o que ten outra persoa.

envidioso, -a. adx. O que ten envexa.

enviscar. V. envizcar 1ª acep. (Allande, Santalla de Ozcos).

envistar. v. Alcanzar coa vista algo que está lonxe e non se distingue ben. **2.** Percibir coa vista.

envistir. v. Encaixar unhas pezas con outras como portas, ventás, vigas etc.

envitado*, -a → invitado.

envitación* → invitación.

envitar* → invitar.

envitillarse. v. prnl. Enviciarse.

enviudar. v. Quedar viúvo ou viúva pola morte dun dos cónxuxes.

envixigada* → envexigada.

envixigar* → envexigar.

envizcado, -a. adx. Apaixonado con exceso por algo.

envizcar. v. Excitar ás persoas ou aos animais. **2.** Enganar. **3.** Inducir a outra persoa a excederse en algo. **4.** Apaixonarse con exceso por algo. **5.** Buscar o can unha peza de caza. **6.** Ver, mirar, investigar (Coaña). **7.** Incitar, estimular a facer algo. **8.** prnl. Enviciarse moito cunha cousa.

envolcar. v. Dar a volta ou inclinarse unha cousa.

envolortado, -a. adx. Enredado. **2.** s. m. V. liado 2ª acep. (El Franco). **3.** V. colchado 3ª acep.

envolortar. v. Enredarse unha persoa, unha vaca, un cabalo ou outro animal con cordas, redes, silvas etc.; embelecar 4ª acep., enforcarse 4ª acep. **2.** Confundir. **3.** Envolver un bebé con panos e mantas para metelo nun berce e suxeitalo cos *ourelos* (Abres, Navia). **4.** Encoller unha cousa até facer unha bóla dela; embeleñar 5ª acep. **5.** Atar algo cun viorto.

envolorto. s. m. Enredo. **2.** Confusión.

envolto, -a. adx. Cuberto por algo.

envoltura. s. f. Aquilo que envolve unha cousa.

envolver. v. Cubrir unha cousa rodeándoa con outra. **2.** Meter a un nun asunto normalmente pouco recomendable. **3.** Rodear a unha persoa nunha discusión deixándoa sen argumentos. **4.** Nunha forxa, moldear unha prancha recortada (Taramundi). **5.** Recoller un cabo en nobelo.

envolvido, -a. V. envolto.

envorcado, -a. adx. Dise de algo posto cara a abaixo.

envorcar. v. Poñer unha vasilla, un vaso etc., ou outra cousa cara a abaixo para que bote o líquido que ten dentro. **2.** Botar líquido dun recipiente a outro. **3.** Dar a volta ou inclinarse unha cousa (*Envorcouse el carro*). **4.** Labrar de xeito profundo envorcando a terra coa rella do arado de ferro sen gradar nin volver arar, como cos nabos, as patacas, o millo etc. (San Martín de Ozcos).

envorco (de). loc. Envorcando a terra ao labrar coa rella do arado de xeito profundo (*As patacas lábranse de envorco*), (San Martín de Ozcos).

envrocado, -a. adx. Dise do que está virado; envorcado.

envrocar. v. Poñer boca abaixo ou inclinar unha cousa (Boal, Allande, Villaión); envorcar. **2.** Dar a volta a unha vasilla derramando o seu contido; envorcar.

enxabardar. v. Ter unha colmea un enxame por segunda vez (Allande).

enxabonadura. V. xabonadura.

enxabonado, -a. adx. Cheo de xabón.

enxabonar. v. Lavar con xabón e auga; xabonar, enxabuar.

enxabuadura. V. enxabonadura.

enxabuar. V. enxabonar.

enxalmo. s. m. Método de curación feito con supersticións.

enxamadoiro. s. m. Acto e efecto de *enxamar* (Allande).

enxamais. adx. Xamais (Tapia de Casarego).

enxamar. v. Formarse un enxame nun determinado lugar. **2.** Saír un enxame dun trobo para formar outra colmea. // ***Enxamar pra*** **pedra.** Morrer as abellas dun trobo.

enxamás. V. enxamais.

enxame. s. m. Grupo de abellas que viven nunha colmea ou trobo. **2.** Por extensión, conxunto de xente, moscas, formigas, insectos voadores etc.

enxamear. V. enxamar.

enxamen* → enxame.

enxamiada. V. enxame 1ª e 2ª acep. (Os Ozcos).

enxamiar. V. enxamar.

enxamión, -a. adx. Que ten moitas fantasías.

enxangada. V. xangada 1ª, 3ª, 4ª e 7ª acep.

enxangar. v. Amañar algo de xeito provisional para que funcione. **2.** Enredar.

enxaollar. v. Cruzar as pernas (San Martín de Ozcos).

enxar. v. Limpar o gran cun cribo (Santalla de Ozcos).

enxaretado. s. m. Conxunto de táboas que se colocan no fondo dun bote, para que este sexa chan.

enxaretar. v. Enganchar nun furado unha corda, un fío, unha vara, un cinto etc. **2.** Endosar a alguén un asunto difícil. **3.** Poñer a unha persoa baixo a túa responsabilidade (*Enxaretoulle el neno*). **4.** Unir, xuntar.

enxartado, -a. adx. Enfiado, unido. **2.** Dise das patacas con moito froito.

enxartar. v. Enfiar, unir algo.

enxartolar. v. Unir, xuntar.

enxastrar. v. Ensuciar, manchar (*As carretas enxastraban un pouco as rodas*), (El Franco).

enxaulado, -a. adx. Metido nunha gaiola.
Obs. Trátase dun castelanismo.

enxaular. v. Meter nunha gaiola.
Obs. Trátase dun castelanismo.

enxear. v. Quitar o po co vento ao gran (Taramundi).

enxebrar. v. Separar (Navia).

enxebre. adx. Que caracteriza un lugar, típico, propio (Seares, Navia, Abres). **2.** En calma (Coaña).

emxembrado, -a. adx. Delicado.

enxemprado, -a. adx. Encollido (Coaña).

enxemprillo, -a. s. m. e adx. Neno revoltoso; inxemplo, inximprillo, ximprillo. **2.** Neno folgazán.

enxengrado, -a. adx. Dise da persoa que non ten habilidade para facer as cousas, que lle quedan sempre mal e non ten espírito (Coaña).

enxerir. v. Enxertar (Eilao).

enxertado, -a. adx. Dise da parte introducida dunha planta ou árbore no tronco ou póla doutra, para que se desenvolva alí.

enxertador. s. m. Persoa que se dedica a facer enxertos.

enxertar. v. Meter na rama ou tronco dunha árbore algunha parte doutra para que poida brotar. **2.** V. enxartar. // **Enxertar vexigas.** Poñer unha vacina (San Martín de Ozcos).

enxertía. s. f. Lugar da árbore onde se fai un enxerto.

enxerto. s. m. Parte dunha planta que se pon nun tronco dunha árbore para que brote. **2.** Acción de enxertar. **3.** Planta enxertada. **4.** Pegada que queda nas árbores adultas enxertadas.

enxeva. V. enxiva.

enxibado, -a. adx. Con chepa.

enxido. s. m. Canle artificial que na parte superior das aldeas e propiedades servía para distribuír as augas e conducilas a onde non facesen dano ningún. **2.** Furado

na parede ou nos valados para que pase a auga (Serandías).
enxigua. V. enxiva.
enxiguado, -a. adx. Enfermizo, de pouca saúde.
enxiva. s. f. Carne que cobre a raíz dos dentes e maxilares. **2.** Vexiga, ampola (Allande). **3.** Afta (Allande).
enxobar. v. Manchar, ensuciar; dexobar 1ª acep.
enxogar* → enxugar.
enxordar. v. Deixar xordo a alguén. **2.** Atordar. **3.** Quedar xordo.
enxordecer. v. Deixar xordo a alguén; enxordar, axordar. **2.** Quedar xordo.
enxoria. s. m. Cousa de pouco valor. **2.** Lambetada. **3.** Cousa revolta. **4.** Ocupación, labor. **5.** Impertinencia. **6.** Mentira, engano (Abres). **7.** Traballo de pouco valor. **8.** Parvada, estupidez (Boal).
enxoriar. v. Facer *enxorias*, cousas de pouco valor. **2.** Facer cousas que leven pouco traballo.
enxornia. V. enxoria.
enxorobado, -a. adx. Que ten chepa.
Obs. Trátase dun castelanismo.
enxorradeiro. s. m. Lugar fóra da auga onde se retiraban as embarcacións para seren amañadas ou gardadas no inverno (Tapia de Casarego).
enxorrar. v. Poñer de engado *xorra* no anzol para pescar. **2.** Engancharse nun momento determinado unha embarcación no fondo. **3.** V. sobordar (Tapia de Casarego).
enxuagar. v. Aclarar a roupa. **2.** Limpar un obxecto con auga. **3.** Limpar a boca e a dentadura cun líquido.
enxuga. s. f. Acto e resultado de enxugar.
enxugadeiro, -a. adx. Seco.
enxugado, -a. adx. Seco.
enxugar. v. Curar as castañas. **2.** Secar, como a la, a roupa etc. **3.** Quitar a humidade a unha cousa. // **Cerco luar (*lluar*), ponte a enxugar.** Refrán que recomenda poñer a secar algo xa que o resplandor da lúa adoita traer a chuvia.
enxuiciar. v. Someter unha cuestión a exame, discusión e xuízo.
enxuito, -a. adx. Seco.
enxulio. s. m. No tear, nome que se lles dá aos eixes: un transversal cilíndrico sobre o que se enrolan os fíos da urdideira, e o outro eixe similar que se encarga de ir recollendo a tea xa tecida. Entre estes dous eixes vaise producindo o tecido.
enxutio, -a. V. enxuito (Ibias).
enzabellar. V. enzarabelarse.
enzafañar. v. Manchar, ensuciar.
enzafarnado, -a. adx. Sucio, manchado.
enzafiado, -a. adx. Indixestado.
enzafiar. v. Indixestarse (Santalla de Ozcos).
enzafranarse. v. prnl. Mancharse, ensuciarse (Castropol).
enzalaburdiado, -a. adx. Sucio.
enzalaburdiar. v. Ensuciar (Allande, Villaión).
enzalapastrado, -a. adx. Sucio, manchado (Seares).
enzalapastrar. v. Manchar, ensuciar.
enzapado, -a. adx. Sucio, como os pés ou o calzado que se mete nun excremento.
enzaparse. v. prnl. Meter os pés ou o calzado nun excremento ou en algo desagradable. **2.** Meterse nun asunto sucio. **3.** Ensuciarse, mancharse.
enzaraballar. v. Ensuciar, manchar (Navia, Allande).
enzarabelarse. v. prnl. Enredar os pés, normalmente cando se produce unha caída.
enzarabellado, -a. adx. Enredado.
enzarabellar. v. Enredarse un fío, unha corda, un anzol, un asunto, unha planta como a *fabeira* no millo, unha rede de pescar etc. **2.** Enredar os pés en algo. **3.** Facer unha cousa mal. **4.** prnl. Pelexar entre persoas.
enzarabillado, -a. V. enzarabellado.
enzarabillar. V. enzarabellar 1ª acep.
enzaragotado, -a. adx. Enredado.
enzaragotar. v. Enredar o fío, a la, a fariña etc.
enzaraguetado, -a. adx. Enredado.
enzarambicar. v. Implicar a a unha persoa nunha dificultade.
enzarapelarse. v. prnl. Enredar os pés en algo flexible, enguedellado etc. (Abres).
enzaratar. v. Enredarse, enmarañarse; enzarellar.
enzarellar. v. Enmarañarse, enredarse.
enzarrar. v. Meter a unha persoa ou a un animal nun sitio do que non poida saír.
enzatararse. v. prnl. Facer *zátaros* de la ou filo.
enzobellar. v. Tropezar con algún atranco no camiño (Boal, Coaña).
enzocada. adx. Aplícase ás papas cando están moi espesas.
enzoldrado, -a. adx. Cheo de barro (Seares).
enzoldrar. v. Encherse de barro (Seares).
enzoritar. v. Anoxar, provocar. **2.** prnl. Enfadarse.
enzoufado, -a. adx. Sucio.
enzoufar. v. Ensuciar, normalmente os beizos e a barba de graxa cando se

come; enfarnar, azaballar 1ª acep., zaballar.

eñe. s. m. Nome da letra ñ.

eo. V. eu.

eoaria* → eonaviego 2ª acep.

eonaviano*, -a → eonaviego.

eonaviense* → eonaviego.

eonaviego, -a. adx. e s. m. e f. Natural do Eo-Navia. **2.** Pertencente ou relativo á comarca do Eo-Navia. **3.** Variante dialectal do galego falado no Eo-Navia. Obs. A 3ª acep. aínda que é utilizada por certa literatura debería ser rexeitada.

eota* → eonaviego 2ª acep.

epilepsia. s. f. Enfermidade nerviosa xeral e crónica, caracterizada por ataques con perda total ou parcial do coñecemento e convulsións.

epilesia* → epilepsia.

episodio. s. m. Acontecemento, suceso.

equipamento. s. m. Conxunto de materiais, servizos ou instalacións necesarios cos que se equipa algo ou alguén (El Franco).

equivocado, -a. adx. Errado, confundido.

equivocar. v. Errar. **2.** prnl. Confundirse.

equivoco. s. m. Erro, equivocación.

erbadeiro. V. érbido (Eilao, Ibias, Grandas de Salime).

erbadolo. V. érbido (Vilar de Cendias).

erbedal. s. m. Lugar onde abundan os érbedos.

erbedeira. V. érbido (Eilao).

erbedeiro. V. érbido (Ibias, Allande).

érbedo. V. érbido (Allande, Tapia de Casarego).

erbideiro. V. érbido (Grandas de Salime).

érbido. s. m. Pequena árbore ou arbusto da familia das ericáceas, de follas elípticas, lanceoladas, coriáceas e dentadas. As súas flores son brancas ou de color crema, ás veces algo rosadas e o froito, moi característico, de forma esférica, granuloso e de color vermella. Deste froito obtense augardente (*Arbutus unedo*); aloliqueira, alolico, esbedro, arbedo. **2.** Froito desta árbore (Eilao).

erbidul. V. bidueira.

ergadeiro. s. m. Especie de estante moi rústico onde o torneiro garda as súas ferramentas.

erguedeira. s. f. Acto e resultado de erguer algo.

erguedeiro. V. ergadeiro.

erguedoiro. s. m. Artefacto de madeira en forma de uve con tres pés que serve para poñer as cestadas de nabos e meterse debaixo para levalas na cabeza (Abres).

erguemento. s. m. Acto de erguerse.

erguer. v. Levantar, poñer dereita unha cousa. **2.** prnl. Saír da cama. **3.** prnl. Poñerse de pé. **4.** prnl. Poñerse máis arriba. // **Érgalo el demo!** Expresión que se utiliza para desexar mal ou dano a alguén, equivalente a que o leve o demo (San Martín de Ozcos, A Veiga). // **Érgame el demo!** Expresa sorpresa ou admiración (A Veiga, Boal). **2.** Maldición. // **Érgame *eo*!** Indica sorpresa, contrariedade etc. // **Érgame uha mona!** Indica sorpresa ou admiración (Boal). // **Érgate el demo!** Expresa sorpresa ou admiración. // **Érgavos el demo!** Indica sorpresa, admiración etc. (Castropol). // **Erguer el día.** Quedar limpo o ceo de nubes ou de néboa. // **Erguer el (del) lleite.** Deixar de dar leite unha vaca de xeito inesperado ou non dalo cando non está mamando o xato. // **Erguerse antes que a cama.** Madrugar. // **Erguerse das *canzuallas*.** Brincar. // **Erguerse das caravillas.** V. erguerse de (dos) couces 1ª acep. // **Erguerse de (dos) couces.** Ter unha actitude desobediente ou de rebeldía unha persoa. **2.** Levantar as patas de atrás as cabalerías. **3.** Pedir de máis nun asunto. // **Erguerse dos *queizos*.** Erguer as pernas. **2.** Desfrutar da vida.

erguido, -a. adx. Levantado. // **Ser *mui* erguido.** Ser orgulloso.

erguir. V. erguer.

erisipela. s. f. Enfermidade infecciosa, caracterizada por unha inflamación aguda e febril da pel e o tecido subcutáneo, que provoca unha tumefacción de color vermella e dolorosa.

ermanar. V. irmanar.

ermao, -á. V. irmao. // **Entre *ermaos* (*irmaos*), non (*nun*) metas as *maos*.** Refrán que recomenda non intervir nas discusións entre irmáns, porque poden reconciliarse con facilidade e cando se media con frecuencia pérdese a amizade dalgún ou de todos.

ermau, -á. V. irmao.

ermita. V. capilla.

ermitaño. s. m. Nome común que se aplica aos decápodos anomuros da familia dos pagúridos polo costume de esconderse nas cunchas baleiras dos coscos mariños. Son crustáceos de tamaño variable, normalmente pequenos. A parte anterior do corpo está ao descuberto e pódese observar cando o animal camiña, caracterízandose ademais por un desenvolvemento asimétrico do primeiro par de patas (*Pagurus arrosor*), (As Figueiras). **2.** Crustáceo malacostráceo decápodo, da familia dos galateidos, que pode acadar os catorce centímetros, co

corpo alongado e con tres espiñas epigástricas e dúas ou tres poscervicais a cada banda. A súa coloración é vermella, con liñas transversais azuis (*Galathea strigosa*), (Tapia de Casarego). **3.** Crustáceo decápodo, da familia dos pagúridos, de tamaño pequeno, co corpo alongado e o abdome brando, que vive nas cunchas baleiras dos coscos mariños e con coloración tirando a vermella (*Pagurus bernhardus*), (Tapia de Casarego). **4.** Crustáceo decápodo, da familia dos cenobitas, co corpo alongado e o abdome brando, que vive nas cunchas baleiras dos coscos mariños e con coloración vermella (*Cibanarius erythropus*), (Tapia de Casarego).

ermo. s. m. Terreo inculto, sen cultivar. **2.** adx. Parado, deprimido. **3.** adx. Orfo, desamparado. **4.** adx. Só. **5.** adx. Aparvado.

érrado. s. m. Enfermidade do gando vacún, caracterizada pola inflamación da cabeza, o forte cheiro e a cegueira (Os Ozcos). **2.** Enfermidade dos ranchos, que produce inflamación da gorxa e dos pulmóns (San Martín de Ozcos).

errar. v. Equivocarse, non atinar.

erre. s. m. Nome da letra r.

erriba* → arriba.

erro. s. m. Equivocación.

error* → erro.

ervellaca* → arvellaca.

ervello. V. arvello.

ervillaca* → arvellaca.

esamen* → examen.

esaminar* → examinar.

esaminador*, -a → examinador.

esato*, -a → exacto.

esaxeración. s. f. (pl. esaxeraciois). Acto de esaxerar.

esaxerado, -a. adx. Desproporcionado. **2.** O que fala das cousas dándolle máis importancia da que teñen.

esaxerar. v. Falar de cousas ou persoas dándolles máis importancia da que teñen. **2.** Aumentar, engrandecer, desorbitar.

esbaballar. v. Caer a un a baba. **2.** Botar unha pota auga por fóra. **3.** Dicir cousas absurdas.

esbabullar. v. Quitar a vaíña ás fabas ou a outros produtos.

esbaburiar. v. Consumir (Castropol).

esbadallar. v. Dicir cousas sen sentido.

esbaldridor, -a. adx. Que non lle dá valor ás cousas, que malgasta (Villaión).

esbaleirar. V. baleirar.

esbalocar. v. Desfacer os *balocos* cun gadaño (Santalla de Ozcos).

esbaloxar. v. Mover unha peza dentro da auga ao lavar (San Martín de Ozcos).

esbanacado, -a. adx. Desfeito. **2.** Tumbado, deitado nun lugar para descansar. **3.** Caído.

esbanacarse. v. prnl. Botar nun lugar a descansar. **2.** Desfacerse (*Esbanacouse el muro*). **3.** Separarse ou desfacerse algo que estaba xunto como un palleiro, unha meda, unha cesta de roupa etc. (Abres). **4.** sentar de calquera xeito.

esbanaqueirar. v. Ir caendo a carga do carro, pouco a pouco, polos lados.

esbanastrado, -a. adx. Estendido, espallado (Coaña).

esbancar. v. Curvar unha superficie de madeira por un golpe ou un peso. **2.** Quitar unha amizade a unha persoa conseguíndoa para un mesmo. **3.** Desconxuntar, descompoñer. **4.** Forzar ou tirar unha porta, un medianil etc., de xeito violento (Abres, Castropol, Allande).

esbandallado, -a. adx. Convertido en farrapos (San Martín de Ozcos).

esbandallar. v. Desfacer, destruír (Santiso de Abres).

esbandexar. v. Bater un líquido que está dentro dun recipiente. **2.** Salpicar un líquido cando se move o recipiente que o contén.

esbandullar. v. Quitar o estómago a algo.

esbanoirarse. v. prnl. Moverse, desfacerse (*As gavellas llevábanse apretadas pra que nun se esbanoirasen*), (El Franco).

esbarafundiar. v. Facer un escándalo con xestos e berros.

esbarafustar. v. Discutir fortemente. **2.** Falar entre dentes para un mesmo.

esbarafustrar. V. esbarafustar.

esbaratar. v. Malgastar o diñeiro, o capital etc.; desbaratar 1ª acep.

esbaraxustar. v. Discutir.

esbarbado. s. m. Nun mazo, acción de *esbarbar*.

esbarbar. v. Quitar o pelo ao millo. **2.** Nun mazo, recuperar a curvatura da *boca* do martelo e da incre despois de quedar planas polo uso (Os Ozcos).

esbardallar. v. Falar ou berrar sen ser consciente do que se di, normalmente de xeito imprudente.

esbardalleiro, -a. adx. O que esbardalla.

esbardallón, -a. adx. Aplícase á persoa que acostuma a esbardallar.

esbardexar. V. esbardallar.

esbarrancado, -a. adx. Caído, desfeito.

esbarrancar. v. Caer, desfacerse algo. **2.** Caer dun barranco terra ou pedras. **3.** Caer cachos dunha parede. **4.** Desfacerse o pan cando se esponxa.

esbarrar. v. Estragar un animal un prado ou unha terra coas patas.
esbarrigado, -a. adx. Curvado (*A parede tá esbarrigada*). **2.** V. molido[2] 4ª acep. (Tapia de Casarego).
esbarrigamento. s. m. Acto e resultado de curvarse algo.
esbarrigar. v. Curvar o corpo, botar barriga. **2.** prnl. Curvarse unha superficie ou unha parede planas e verticais, normalmente antes de derrubarse. **3.** prnl. Caer unha cousa estendéndose polo chan (*El palleiro esbarrigouse*). **4.** Descoidar ou abandonar un traballo ou unha actividade que se está facendo.
esbarrocar. v. Desfacer os *balocos*.
esbarruar. v. Botar moito fume (Boal).
esbarrumbado, -a. adx. Dise da parede, construción etc., caídas.
esbarrumbar. v. Caer unha parede, unha construción etc.
esbaruxar. v. Sacudir a carga (Castropol).
esbatecerse. v. prnl. Preocuparse por facer algo que se quere conseguir (Tapia de Casarego).
esbatizar. v. Cansar, fatigar (As Figueiras). **2.** prnl. Rir moito (Castropol).
esbatoirar. V. estrombeirar (Castropol).
esbatoxar. V. esbatuxar.
esbatoxido. s. m. Movemento rápido dun peixe na superficie da auga.
esbatuxar. v. Golpear a auga con forza, coas mans ou cos pés. **2.** Axitar auga dentro dunha vasilla para limpala. **3.** Mover ou axitar un líquido dentro dun recipiente. **4.** Axitar unha peza de roupa na auga para lavala (Abres). **5.** Salpicar (Coaña, Navia). **6.** Patexar (Allande).
esbazocar. v. Desfacer terróns.
esbedro. V. érbido.
esbeirar. v. Limpar ou segar as beiras das leiras, quitándolles as malas herbas. **2.** Erguer a terra que caeu cando se traballou a terra.
esbellecar. v. Separar as patacas pequenas das outras (Os Ozcos).
esberetar. v. Desfacer en cachos (Santalla de Ozcos). **2.** Rachar unha tira pequena ou grande de roupa (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos, A Veiga).
esbilar. V. esbillar 2ª acep. (Taramundi). **2.** Quitar a carne a un óso (*Esbilar un óso*), (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos). **3.** Revolver o gran na *limpadora* para quitar a poxa.
esbillar. V. esbabullar. **2.** Quitar o ourizo ás castañas. **3.** Escoller cousas pequenas, como abelás, castañas etc. (Tapia de Casarego).
esbirriado, -a. adx. Fraco, moi delgado.
esbixolar. V. osmar 2ª acep.
esblancuxado*, -a → esbrancuxado.
esblanduxado*, -a → esbranduxado.
esbocallarse. v. prnl. Rir moito.
esbocar. v. Quitar ou romper a boca a algo. **2.** Romper a parte cortante dunha ferramenta. **3.** Dar os últimos retoques a un obxecto que se está facendo. **4.** prnl. Pasarse, falar descaradamente.
esbocexar. v. Falar sen moito sentido (Allande).
esbochelado, -a. adx. De calquera maneira, con pouco xeito (*Leva os pantalois todos esbochelados*), (A Veiga).
esboligar. v. Bulir, moverse; buligar 1ª acep.
esbollegar. V. esboligar (Boal).
esboronarse. v. prnl. Caer, desfacerse algo, como unha parede, un edificio etc. **2.** Desfacerse en faragullas un pan de millo (Abres). **3.** En sentido figurado, sufrir unha persoa un disgusto, unha depresión etc., por algún motivo.
esborrascar. v. Facer garabatos ao escribir (San Martín de Ozcos).
esborruar. v. Botar fume unha cousa.
esboucear. V. esbouzar.
esbourar. v. Esmagar, machucar.
esbouriar. v. Traballar, facer un labor con entusiasmo. **2.** Emitir sons e ruídos fortes (Allande).
esbourión, -úa. adx. Dise do que traballa con entusiasmo.
esbouzar. v. Quitar a bouza.
esbragolado, -a. adx. Que viste con roupas vellas. **2.** Descoidado no vestir. **3.** Coa camisa aberta mostrando o peito. **4.** Sen elegancia.
esbraguetado. adx. Aplícase ao home descoidado no vestir. **2.** Dise do home coa petrina do pantalón aberta. **3.** Coa roupa desabrochada.
esbrancuxado, -a. adx. Que está pálido ou descolorido.
esbrancuxar. v. Poñerse pálida unha persoa.
esbranduxado, -a. adx. Que se volveu brando. **2.** Con diarrea.
esbranquecido, -a. adx. Dise do que se vai poñendo de color branca.
esbrosiar. v. Cortar a madeira cunha brosa (Villaión).
esbrótico, -a. adx. Bruto, rudo. **2.** Insociable, intratable. **3.** Dise da vaca que non é mansa (Santalla de Ozcos). **4.** Aplícase á persoa de poucas palabras (San Martín de Ozcos).
esbuligar. v. Moverse de xeito nervioso (Castropol, Negueira de Muñiz); buligar 1ª acep.

esbullegar. v. Moverse, bulir (Boal).
esbulligar. v. Moverse. **2.** En sentido figurado, nacer, agromar.
esburrio. adx. Dise do caldo cando ten moita auga (Castropol).
esbuzacado, -a. adx. Dise da persoa acomodada nun sitio (*Tá esbuzacado nel escano*), (Coaña).
esca. V. iesca.
escabardado, -a. adx. Espantado (Eilao).
escabardar. v. Espantar o gando.
escabardoso. adx. Dise do animal difícil de domesticar.
escabeche. s. m. Salsa que se fai con aceite frito, viño, vinagre, loureiro e outros ingredientes para conservar ou condimentar o peixe ou a carne.
escabel. s. m. Asento longo, feito de táboas e tea e sen respaldo.
escabelo. s. m. Acción de caer o pelo, xa sexa por enfermidade, miseria, muda, vellez etc.
escabezada. s. f. Conxunto de restos de oucas, cunchas, obxectos etc., que deixa o mar na costa. **2.** Bordo da auga do mar; barba 5ª acep. **3.** Límite da preamar.
escabezar. v. Romper un cravo pola cabeza separándose da *vara*. **2.** Empezar a descender a marea. **3.** Recoller os talos das oucas que deixa o mar na praia (El Franco). **4.** Quitar a cabeza a un peixe. **5.** Quitar a parte de arriba dunha planta. **6.** Botar un soño breve e lixeiro (Allande). **7.** Quitar a nata do leite (Allande).
escabulir. v. Escapar.
escabullir. V. escabulir.
escacalexar. V. cacarexar 1ª acep. (Castropol).
escacarexar. V. cacarexar 1ª, 2ª e 4ª acep.
escaceiar. v. Quitar a casca dunha abelá (Allande).
escaceo. s. m. Marusía con ondas de escuma (Castropol, Tapia de Casarego).
escacer. V. esqueicer (As Figueiras).
escacexar. v. Mover as pernas dun xeito violento para ferir ou por accidente. **2.** Incitar á protesta contra algo. **3.** Mover os pés na auga ou noutro sitio. **4.** Enredar. **5.** Mover as patas un animal de xeito violento. **6.** Pisar moito no mesmo sitio.
escacha. V. escaleira 1ª acep.
escachademos. adx. Dise da persoa que fai rir a calquera (A Veiga).
escachadiabros. adx. Dise do neno inquedo, revoltoso.
escachapado, -a. adx. Roto, escachado.
escachapar. v. Romper, escachar.
escachapesegueiro. adx. Dise da persoa frouxa, débil (Castropol). **2.** Aplícase á persoa fea, desamañada (Castropol).
escachadura. s. f. Fendedura.
escachado, -a. adx. Co esmalte danado (Coaña). **2.** Dise de algo que lle falta un cacho (Navia, Taramundi, El Franco).
escachaparse. v. prnl. Partir. **2.** Rir moito.
escachar. v. Abrir cunha cuña un cacho de madeira. **2.** Desbastar un cacho de madeira coa brosa dándolle forma para poder facer galochas. **3.** Quentar moito o sol. **4.** Fender unha cousa como un ovo, un vaso etc., por un golpe ou con auga quente. **5.** Fender a madeira cando seca ao sol. **6.** Romper en cachos unha cousa. **7.** Desfacerse en escuma as ondas do mar cando chocan contra a costa ou unha embarcación (Navia, El Franco, Coaña). **8.** prnl. Rir moito. **9.** prnl. Doer moito a cabeza.
escacharrado, -a. adx. Feito cachos. **2.** Que se ri moito de algo. **3.** Ferido, mazado.
escacharrar. v. Facer cachos unha cousa. **2.** Quentar moito o sol. **3.** prnl. Rir moito.
escachazar. V. escacharrar.
escachelarse. V. escacharrar 2ª acep.
escachizado, -a. adx. Roto en cachos.
escacho[1]. s. m. Sol forte.
escacho[2]. s. m. Peixe da familia dos tríglidos, de corpo alongado e color rosada. Os dous ou tres raios da parte inferior das aletas peitorais non están unidos con estas e serven de apoio para poñerse no fondo e probablemente, exercen a función dun órgano táctil. Este peixe non adoita alcanzar unha lonxitude maior aos setenta centímetros, o corpo está cuberto por escamas ou placas óseas e no lombo ten espiñas (*Trigla lyra*), (As Figueiras, Tapia de Casarego, A Veiga, El Franco, Ortigueira). **2.** Peixe osteíctio perciforme, da familia dos escorpénidos, de cabeza núa e tentáculo supraorbitario desenvolvido (*Scorpaena porcus*), (As Figueiras, Tapia de Casarego).
escaciplar. v. Pasar auga dunha vasilla a outra. **2.** V. caciplar. **3.** Revolver.
escadavado, -a. adx. Delgado, fraco.
escadreado, -a. V. escadrilado 2ª acep. (Abres).
escadrilado, -a. adx. Aplícase á persoa que padece algunha enfermidade. **2.** Aplícase á persoa que ten algún defecto nos ósos da cadeira, o que lle orixina que ande mal, á que ten xiba, coxea ou anda torcida. // **Ter a sorte del *escadrilado*.** Ter mala sorte.
escadrilar. v. Inclinarse unha persoa ou unha besta polos cadrís. **2.** Quedar afectado pola parte da cadeira. **3.**

Romper a cadeira. **4.** Romper certos ósos. **5.** Ter unha mala caída. // **El que non (*nun*) ten *suerte*, *asta* na cama se *escadrila*.** Refrán que indica a mala sorte dunha persoa. // **El que *nun* ten *suerte*, na cama se *escadrila*.** V. El que non ten suerte, asta na cama se escadrila (Boal).

escaecer. V. esqueicer (Grandas de Salime, Villaión, Allande).

escaecido, -a. V. esqueicido.

escafuñado, -a. adx. Desamañado, esfarrapado.

escagalado, -a. adx. Caído (*Teis os calzois escagalados*), (Santalla de Ozcos).

escagaleirado, -a. adx. Que ten diarrea.

escagallado, -a. adx. Desfeito. **2.** Espallado polo chan. **3.** Aplícase á persoa que non ten vergonza.

escagallar. v. Desencaixar os ósos. **2.** Espallar, separar, desunir dun xeito desordenado. **3.** prnl. Romper, desfacerse. **4.** prnl. Asustarse, coller medo de algo. // **Escagallarse de (da) risa.** Rir moito.

escagaretar. v. Dicir cousas sen sentido que molestan a outras persoas (Allande).

escagarriarse. V. escagarrizarse.

escagarrizado, -a. adx. Dise do que ten diarrea. // **Ter cara de *escagarrizado*.** Estar pálido.

escagarrizarse. v. prnl. Ter diarrea. **2.** Cagar sen querer.

escaicer. V. esqueicer (San Martín de Ozcos).

escaiolar. v. Endurecer por medio de xeso as vendaxes destinadas a soster os ósos rotos ou dislocados.

escalabacear. V. escalabaciar 1ª acep. (Abres).

escalabaciado, -a. adx. O que lle dá moitas voltas á cabeza pensando.

escalabaciar. v. Darlle moitas voltas á cabeza pensando. **2.** Golpearse na cabeza (Castropol).

escalabrado, -a. adx. De mal aspecto físico ou con mala saúde (*É uha moza escalabrada*), (Boal). **2.** Ferido.

escalabradura. s. f. Ferida recibida nunha parte do corpo, normalmente na cabeza (Navia).

escalabrar. v. Ferir a un na cabeza. **2.** Por extensión, ferir ou maltratar aínda que non sexa na cabeza. **3.** prnl. Ferirse.

escalabro. s. m. Desfeita, estrago.

escalabrón. V. escalabradura.

escalada. s. f. Escaleira de man (Navia).

escalado, -a. adx. Aplícase á persoa que os peixes deixan sen engado no anzol. **2.** Dise da persoa que queda sen diñeiro (Castropol). **3.** Aplícase aos peixes abertos con ferro pola barriga para salgalos ou curalos (As Figueiras).

escalafrán. s. m. Alboroto, barullo (As Figueiras).

escalafranca. s. f. Rifa, disputa, liorta (Tapia de Casarego).

escalafrío. s. m. Sensación simultánea de calor e frío.

escalafriu* → escalafrío.

escalar. v. Roubar o peixe o engado do anzol. **2.** Subir a un sitio alto ou pouco accesible. **3.** Escaravellar as galiñas a terra coas súas patas para buscar comida (Abres).

escalcañado. adx. Aplícase ao calzado estragado polo talón.

escalcañar. v. Gastar o calzado polo talón. **2.** Romper un calcetín ou unha media polo talón. **3.** prnl. Baixarse os calcetíns, medias, escarpíns etc.

escaldacais. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Vilaouril (Ibias).

escaldado, -a. adx. Bañado con auga fervendo. **2.** Queimado con auga fervendo. **3.** Escarmentado. // **Gato *escaldado* al *augua* fría ten medo.** Refrán que alude á desconfianza despois de sufrir anteriormente unha experiencia dolorosa.

escaldafarrapos. s. m. Rifa, discusión (Boal, A Veiga). **2.** Reprimenda.

escaldar. v. Queimar con auga fervendo. **2.** Bañar con auga fervendo unha cousa. **3.** Verter auga quente sobre o cocho morto na matanza para pelalo mellor. **4.** Cocer lixeraimente a verdura para darlla ao cocho. **5.** Escarmentar.

escaldeirar. v. Facer ruído con obxectos de metal como caldeiros, cazos, olas etc. **2.** Facer calquera ruído molesto.

escaldrapiado. V. caldrapiado.

escaldrapiar. v. Estragarse un alimento por ir moita calor (Boal).

escalecer. V. calecer.

escaleira. s. f. Conxunto de chanzos de madeira, pedra etc., que serve para subir ou baixar. **2.** Corte desigual no pelo. // **Escaleira de *mao*.** Escaleira feita con dous paus de madeira longos e verticais, onde se introducen outros máis pequenos que fan de chanzos. // **Escaleira de pasos.** V. escaleira de mao (Castropol).

escaleirado, -a. adx. Aplícase á espiga de cereal que lle falta algún gran.

escaleiría. s. m. Escaleira pequena.

escaleirín. s. m. Escaleira pequena.

escaleirón. s. m. Escaleira grande.

escalellar. v. Andar polos camiños sen facer traballo ningún. **2.** Facer ruído polos camiños de noite.
escalelluar. V. escalellar (Boal).
escalentar. v. Quentar a camisa para poñela. **2.** Torrar as espigas de millo para facer papas novas (Coaña). **3.** Acalorarse por facer un esforzo físico.
escalentón. s. m. Acaloramento, por unha temperatura superior á normal ou por facer un esforzo físico.
escalforido, -a. adx. Queimado por auga quente. **2.** Enfadado.
escalibozar. v. Facer gabias ou escavacións as correntes de auga no terreo por chover moito (Santalla de Ozcos).
escama. s. f. Membrana dura e transparente da pel de certos animais, como os peixes e réptiles.
escamado, -a. adx. Escarmentado. **2.** Dise do cocho ao que se lle quitan as sedas con auga fervendo na matanza. // **Gato escamado, del *augua* fría *fuxe*.** Refrán que indica que quen sufriu unha experiencia dolorosa se volve moi desconfiado.
escamar. v. Desconfiar, sospeitar. **2.** Quitar as sedas do cocho con auga fervendo na matanza; pelar, limpar; escaldar 3ª acep. **3.** Ferver as verzas ou os nabos para que os coman os cochos (Os Ozcos); escaldar 4ª acep. **4.** Introducir algo ou alguén en auga fervendo; escaldar 1ª e 2ª acep. **5.** Queimar, como o caldo cando está moi quente (Navia, El Franco). **6.** Quitar as escamas a un peixe. **7.** Escarmentar.
escambrizar. v. Nevar en pequena cantidade, caendo ao mesmo tempo algunhas pingas de auga, neviscar.
escambroa. adx. Aplicado ao órgano xenital masculino, que está excitado, con moita ansia (Santalla de Ozcos).
escambrón. (pl. escambrois). V. espieira (Os Ozcos). **2.** V. abruñeiro.
Obs. Trátase dun castelanismo.
escambrueiro. s. m. Lugar onde abundan os espiños (*espieiras*).
Obs. Trátase dun castelanismo.
escampada. s. f. Momento en que para de chover.
escampanillar. v. Tocar unha *campanía*.
Obs. Trátase dun castelanismo.
escampar. v. Deixar de chover.
escampiar. V. escampar.
escamplada. s. f. Terreo chan e extenso.
escamplar. V. escampar.
escamudo, -a. V. empedrado 3ª acep.
escanabeo. s. m. Reparto proporcional (Boal).
escanabiar. v. Facer un reparto proporcional de algo.
escanado. s. m. Acción de separar a mazaroca de millo da cana desta planta. **2.** Acción de cortar as ramas pequenas a un tronco, talo ou pau (Abres). **3.** adx. Dise do cereal ao que se lle quita a cana, quedando só o froito.
escanar. v. Separar a mazaroca de millo da cana desta planta. **2.** Cortar as ramas a unha árbore.
escanda. s. f. Especie de trigo, propio de zonas frías e terreos pobres, de palla dura e curta (*Triticum spelta*), (Navia).
escanciada. s. f. Reprimenda.
escandallo. s. m. Sonda para medir a profundidade da auga.
escanebeo. V. escanabeo.
escangallado, -a. adx. Desencaixado dos ósos. **2.** Aplícase á persoa alta, fraca e sen graza. **3.** Cansado, con mal aspecto. **4.** Estragado (Taramundi). **5.** Mal feito. **6.** Desfeito, acabado.
escangallarse. v. prnl. Desencaixarse os ósos; escagallarse. **2.** Descompoñerse un artefacto (Abres).
escanlarego, -a. adx. e s. m. e f. Natural de Escanlar (Negueira de Muñiz). **2.** Pertencente ou relativo á localidade de Escanlar (Negueira de Muñiz).
escano. s. m. Banco de madeira con respaldo que existía nas lareiras e que algún deles tiña unha mesa movible incorporada á súa estrutura.
escanoucar. v. Cortar a parte superior da planta de millo para darlla como alimento ao gando (Castropol); espicar 1ª acep.
escanoutar. V. escanoucar (Castropol).
escantarexar. v. Cantar a media voz e con monotonía.
escantilado. s. m. Lugar fondo no mar xunto a rochedos de pouca profundidade (As Figueiras).
escantollarse. v. prnl. Romper a cabeza.
escañado, -a. adx. Aplícase á persoa alta e moi delgada.
Obs. Trátase dun castelanismo.
escañolado, -a. adx. Dise da árbore á que se lle cortan ou rompen as ramas.
escañolar. V. escañotar 1ª e 2ª acep.
escañolear. V. escañotar 1ª acep.
escañotar. v. Romper as ramas dunha árbore. **2.** Cortar as ramas dunha árbore cargada de froitos.
escañuado, -a. adx. Delgado, fraco, que ten poucas carnes.
Obs. Trátase dun castelanismo.
escapada. s. f. Saída curta.
escapado, -a. adx. Aplícase á persoa que sae ou foxe normalmente de alguén.

escapar. v. Saír, fuxir á présa. **2.** Librarse dalgunha cousa. **3.** prnl. Dicir ou facer algo de xeito involuntario.
escapatoria. s. f. Saída, fuxida.
escape. s. m. Acción de escapar. **2.** Fuga dun líquido ou dun gas; fuga 3ª acep. // **A (al) escape.** A toda présa. // **Andar a escape.** A toda présa.
escapelar. v. Cavar unha terra quitando a bouza cunha aixada (Santalla de Ozcos).
escapellar. v. Romper unha onda do mar (Coaña). **2.** V. inchar 3ª acep. (Coaña).
escapolar. v. Entre os mariñeiros, desfacerse un nó (*nougo*), (As Figueiras).
escapula. s. f. Bordo. **2.** Principio ou final de algo. // **Marchar pola *escapula*.** Escapar. // **Na *escapula*.** Na beira, no bordo, nun lugar onde pode caer unha cousa. // **Pola *escapula* (*escapulla*).** No último momento, ao límite (*Cheguei pola escapula*). **2.** Na beira, no bordo. // ***Tar* na *escapula*.** Estar rematando algo.
escapulirse. v. prnl. Esconderse (San Martín de Ozcos).
escapulla. V. escapula 2ª acep. // **Nuha *escapulla*.** Nunha escapada, rapidamente.
escarabana. s. f. Vento xeado e forte, que especialmente sopra no mes de marzo ou no verán.
escarabanón. adx. Con frío e sarabia (Eilao).
escarabañola (s). V. caramañola (Villaión, Navia).
escarallado, -a. adx. Desfeito, estragado, roto. **2.** Enfermo. **3.** Deteriorado.
escarallar. v. Desfacer, estragar. // **Escarallarse de (da) risa.** Rir moito.
escaramañola. V. caramañola (Villaión).
escaramochar. v. Romper. **2.** Desfacer en cachos.
escaramonear. v. Sacudir un animal a cabeza por algo que lle molesta.
escaramoña. s. f. Herba que abunda nas beiras das fontes e que se utiliza para curar a reuma (Grandas de Salime, Eilao).
escaramotear. v. Lanzar a *patefa* sobre o *tasco*. // ***Escaramotear* de (a) medio pique.** Lanzar directamente sobre o *tasco*. // ***Escaramotear* de rebote.** Lanzar sobre o *tasco* de xeito que a *patefa* dea no terreo diante do *tasco* antes de dar con el.
escaramuza. s. f. Auganeve.
escaramuzar. v. Nevar e sarabiar ao mesmo tempo (Ibias).
escarapocho. V. ariego 1ª acep. (Tapia de Casarego). **2.** V. obispo venenoso (Tapia de Casarego).
escaravallo. V. escaravello (Allande). // ***Escaravallo* das *bulleiras*.** Insecto coleóptero que se alimenta de excrementos. Ten un tamaño de doce a dezanove milímetros de longo, con coloración negra azulada brillante, élitros azuis, púrpura ou verdes. Antenas de color marrón e patas fortes (*Geotrupes sp.*), (Allande).
escaravellar. v. Remexer as galiñas a terra (Abres, Allande). **2.** Remexer, revolver nalgún lugar ou obxecto (Abres, Castropol). **3.** Poñerse de punta os pelos da pel. **4.** Facer frío (Allande).
escaravello. s. m. Nome común que se dá a varios insectos coleópteros (Castropol); esgaravello 2ª acep. **2.** Neno revoltoso, inquedo; esgaravello 3ª acep.
escaravillar. v. Facer ruído coa caravilla para chamar á porta da casa. **2.** Facer ruído cunha chave na pechadura.
escarchado, -a. adx. Xeado.
escardada. adx.
escardar. v. Arrincar os cardos. **2.** V. cardar.
escardeces. s. f. pl. Burlas. **2.** Bromas pesadas.
escarear. v. Romper o pan coa calor do lume (San Martín de Ozcos); escariar.
escarfallar. v. Escavar (Taramundi).
escariar. v. Romper o pan pola calor; escarear. **2.** Pasar a roupa cerca do lume cando está case seca para que seque totalmente (Santalla de Ozcos).
escarión, -úa, -a. adx. Dise do pan moi cocido, reseco. **2.** Áspero. **3.** Moi seco. **4.** Dise do vento frío e seco.
escarmar. v. Escarmentar.
escarmentado, -a. s. m. Cacho grande de madeira que queda a medio cocer cando se fai carbón vexetal (Taramundi). **2.** adx. Dise da persoa que escarmentou. // **Vella escarmentada, pasa el río arregazada.** Refrán que alude ás persoas que no pasado tiveron desgrazas e escarmentaron e agora cóidanse de non volvelas ter (Boal).
escarmentar. v. Aproveitar a experiencia propia ou allea para non caer en novos erros.
escarmento. s. m. Pena, castigo. **2.** Desengano que se tivo pola experiencia. **3.** Efecto e resultado de escarmentar.
escarmonar. V. escarmentar (Coaña).
escarmoniar. v. Facer desconfiar a un animal (Eilao).
escarnar. v. Separar a carne do óso. **2.** Quitar unha postela (Allande).
escarneirar. v. Rozar a cabeza as vacas co presebe.

escarniado, -a. adx. Sen pel, co tecido muscular ao descuberto.
escarniar. V. escarnar.
escarnio. s. m. Separación da carne dun óso nunha ferida (Seares).
escarocado, -a. adx. Cheo de *caroncho*, con furados (San Martín de Ozcos); escaronchado. **2.** Dise da vaca ou da besta mal feitas (San Martín de Ozcos).
escarolada. adx. Aplícase á mazaroca de millo sen follas que non serve para enrestrar.
escaronchado, -a. adx. Cheo de *caroncho* (San Martín de Ozcos), escarocado 1ª acep.
escarpazar. v. Quitar os restos de óxido e escouras do aceiro da folla de navallas e coitelos.
escarpenar. V. escarpiar.
escarpia. s. f. Gancho de ferro que se usa para cravar algo nunha viga de madeira (Allande).
escarpiado, -a. adx. Inclinado, cun desnivel pronunciado. **2.** Dise da la preparada para cardala.
escarpiar. v. Abrir ou preparar a la para cardala; escarpiñar, escarpuñar. **2.** Desenredar o pelo.
escarpiador. s. m. Utensilio con pugas finas e xuntas que serve para quitar os piollos (Castropol).
escarpidor. s. m. Utensilio con pugas para preparar a la. **2.** Peite de dentes grandes, que usaban normalmente as mulleres.
escarpín. s. m. (pl. escarpíos, escarpiños). Calcetín de la ou liño, feito a man. **2.** Calzado de tecido basto de la, que se utilizaba como calzado interior coas galochas e que na súa forma máis antiga non tiña sola; galocha de escarpín ou escarpío.
escarpintexar. v. Facer traballos de carpinteiro de pouca importancia.
escarpiñar. v. Desenredar a la para preparala para que poida ser cardada; escarpiar, escarpizar, escarpuñar, escapullar.
escarpío. V. escarpín.
escarpión. s. m. Reunión para *escarpir* (Boal).
escarpir. v. Abrir a la (Boal). **2.** prnl. Peitearse co *escarpidor*.
escarpizar. V. escarpiñar. **2.** Peitear (Coaña, Allande).
escarpizo. s. m. Peite (Allande).
escarpolar. v. Desgastar.
escarpullar. V. escarpiñar.
escarpuñar. V. escarpiñar. **2.** Desenredar o pelo.
escarqueixado, -a. adx.
escarqueixar. v.
escarqueñarse. V. escrequeñarse.
escarrabaldado, -a. adx. Perdido. **2.** Dise do millo tumbado ou inclinado polo arado ou o *vasadoiro*.
escarrabaldo, -a. adx. Espallado.
escarrabaldar. v. Perder algo. **2.** Revolver e desfacer unha galiña un suco, un sementeiro etc. **3.** prnl. Perderse.
escarrancado, -a. adx. Moi cansado. **2.** Torto, inclinado máis dun lado que doutro. **3.** Que anda coas pernas moi abertas. **4.** Descomposto, feito un traste vello. **5.** Que camiña con dificultade. **6.** Descomposto, desfeito.
escarrancar. v. Cansar moito. **2.** Andar con dificultade por estar máis inclinado dun lado que doutro. **3.** Descompoñer, desfacer. **4.** Vencer as patas dun banco ou dunha cadeira por moito peso ou por unha mala postura. **5.** prnl. Abrir moito as pernas ou separalas.
escarranquiar. V. escarrancar 2ª acep.
escarranchado, -a. adx. Coas pernas moi abertas; escarrancado 3ª acep.
escarranclado, -a. adx. Roto.
escarrañolado, -a. V. escarrancado 2ª acep. **2.** Coxo.
escarrapatar. v. Escarvar a terra por parte de moitos animais como a galiña, o cabalo, o touro, o xabaril, o can etc. **2.** Bailar unha persoa como un tolo (A Veiga, San Martín de Ozcos). **3.** Traballar a terra sen case tocala (Tapia de Casarego). **4.** Esvarar as rodas dun automóbil na terra (Ibias).
escarrapatiar. V. escarrapatar 1ª acep.
escarrapeta. s. f. Carraca (Boal).
escarraspexar. V. escarraspiar 2ª acep.
escarraspiar. v. Arrincar as malas herbas que medran nunha leira. **2.** Facer ruído coa gorxa (Allande, Boal).
escarrellado, -a. adx. Deslombado.
escarrellarse. v. prnl. Inclinarse. **2.** Derrearse, deslombarse.
escarriar. v. Descarreirar, desencamiñar.
escarrilar. v. Meterse a roda do carro nunha carrilleira (*carrileira*). **2.** Saír fóra do carril, como o tren.
escarrolado, -a. adx. Dise do pé retorto por levar galochas. **2.** Aplícase ao millo inclinado polo arado ou polo *vasadoiro*. **3.** Inclinado cara a un lado.
escarrolarse. v. prnl. Torcer un pé cando se levan galochas.
escarrollarse. V. escarrolarse.
escarvar. v. Remexer a terra.
escarvadentes. s. m. Palillo.
escascar. v. Quitar ou romper a casca de algo, como dunha árbore, noz, ovo, abelá

etc. // ***Tar sin* escascar.** Expresión referida ás persoas que son pouco finas, pouco educadas.

escasear. v. Faltar ou diminuír unha cousa.

escasiar. V. escasear.

escastañoliar. V. castañolar 1ª acep. **2.** V. castañoliar 2ª acep.

escatimar. v. Dar o menos posible para algo. **2.** prnl. Espantarse (*Escatimouse a egua*), (Santalla de Ozcos).

escatimón, -oa. adx. Aplícase á persoa ou a res que se espanta. **2.** Dise da vaca que non é mansa (Santalla de Ozcos).

escatiar. v. Suxeitar con remaches (As Figueiras).

escava do eixe. s. f. Encaixe do eixe do carro (O Viñal).

escavación. s. f. (pl. escavacios). Acción e efecto de escavar.

escavadora. s. f. Máquina para escavar a terra.

escavar. v. Nos torneiros, baleirar o interior de madeira das pezas, rebaixando uns centímetros, como nas galochas, os *bacitos* etc. **2.** Quitar as patacas da terra co gadaño. **3.** Cavar, remexer a terra arredor das plantas ou árbores. **4.** Escarvar. **5.** Facer un furado na terra. **6.** Facer un rego na terra.

escavardarse. v. prnl. Volverse desconfiado un animal (Eilao).

escavón. s. m. (pl. escavois). Especie de *garabato* con dentes, normalmente dous, que serve para traballar as viñas, sacar as patacas etc. (Ibias).

escaxarolarse. v. prnl. Escacharrarse (Coaña).

escazapar. V. escarrapatar 1ª acep.

escazapelar. V. escarrapatar 1ª acep.

escazapellar. V. escarrapatar 1ª acep.

escazarexar. v. Axitar as extremidades para defenderse, como un cocho cando se suxeita ou un insecto cando cae coas patas cara a enriba.

escazolar. v. Romper unha cazola ou outro obxecto. **2.** Facer a comida. **3.** Mirar as potas ou as cousas da cociña. **4.** V. escaldeirar 1ª e 2ª acep. **5.** Investigar, pescudar. **6.** Meterse en asuntos alleos. **7.** Facer ruído con cazos.

escazoliar. V. escazolar 3ª, 4ª, 5ª e 6ª acep.

escazpolar. v. Caer pequenos cachos da pel, especialmente polo efecto do sol. **2.** Caer unha *caspola* dunha mancadura. **3.** Rachar.

escazpollar. v. Caer pequenos cachos dun recipiente de porcelana. **2.** Quitar a casca dunha árbore. **3.** V. ezcapolar 1ª e 2ª acep.

escazuliar. V. escazoliar.

escedido*, -a → excedido.

escentellar. v. Enfadarse moito, alporizarse. **2.** Correr como un tolo. **3.** Romper, desfacer. **4.** Molestar unha comida polo seu comechón.

escepción* → excepción.

esceto* → excepto.

eschaguazar. v. Remover a auga estancada (Allande).

eschapinar. V. chapinar. **2.** prnl. Marchar.

eschapuzar. V. chapuzar.

eschaveirar. v. Producir ruído con algo metálico (Allande).

eschaviar. V. escaravillar 2ª acep. **2.** Revolver (Allande).

eschavillar. V. escaravillar 2ª acep. **2.** Tentar amañar algo.

escirrio. s. m. Tumor maligno sen dolor (San Martín de Ozcos).

esclamar* → exclamar.

esclarear. V. esclariar 2ª acep. (Abres).

esclariado, -a. adx. Que perdeu a color. **2.** Aplícase á roupa que perdeu a color.

esclariar. v. Perder a color. **2.** Perder a roupa a súa color polo uso e o lavado. **3.** Parar de chover. **4.** V. aclarar 3ª acep.

esclaruxar. v. Aparecer a aurora (Castropol).

esclavecer* → escravecer.

esclavo*, -a → escravo.

esclocado*, -a → escrocado.

escoba* → varredoiro.

escoba* → xesta.

escobar. v. Varrer.
Obs. Trátase dun castelanismo.

escobén. s. m. Calquera dos furados circulares ou elípticos que se abren a un e outro lado da roda dunha embarcación, para que pasen por eles os cables ou cadeas.

escobillar. v. Quitar o po cun plumeiro.

escobillón* → varredoiro.

escocedura. s. f. Acto e resultado de proer.
Obs. Trátase dun castelanismo.

escocer. v. Ferver durante uns minutos as morcillas. **2.** Quentar no forno ou na lareira a madeira para quitarlle máis facilmente a casca e para que se abra mellor para facer cestas ou cestos (*Escocer nel lume unha vara*). **3.** Causar algúns alimentos ou bebidas na lingua e no padal unha calor picante. **4.** Producir unha ferida como se fose unha queimadura.
Obs. Trátase dun castelanismo.

escocido, -a. adx. Ferido, como se fose dunha queimadura. **2.** Fervido.
Obs. Trátase dun castelanismo na primeira acepción.

escocipiado, -a. V. escozapado.
escocipiallado, -a. V. escozapado.
escodar. v. Erguerse a coda do pan ao cocelo, abrirse o pan, cando non foi ben feita a masa ou ben moída a fariña (Santalla de Ozcos).
escódega. V. escódiga 3ª acep. (San Martín de Ozcos).
escodelar. V. escodar (Vilanova de Ozcos).
escódiga. s. f. Andel que se emprega para poñer o pan. **2.** Estéril, normalmente referido á vaca. **3.** Vaca que non quedou preñada (Santalla de Ozcos).
escodrollar. V. escotrolar 1ª acep.
escofainarse. V. escofeinarse.
escofeinarse. v. Amañarse, prepararse para ter o mellor aspecto posible.
escofina. s. f. Ferramenta a xeito de lima, de dentes grosos e triangulares, moi utilizada para desbastar. Entre as súas variedades están as do zapateiro, ferrador, lingua de vaca etc.
escofinado. s. m. Acción de utilizar a *escofina* para pulir a madeira.
escofonarse. V. escofeinarse.
escoiro, -a. adx. Dise da persoa moi traballadora (Boal).
escoitar. V. escuitar.
escola. s. f. Lugar onde os nenos van aprender a ler, escribir e outras cousas. A escola tradicional tiña no centro xunto ao encerado unha mesa para o mestre, diante as mesas dos nenos e nunha esquina un armario con libros de lectura e estudo. Nas paredes un crucifixo, algún cadro, mapas, un reloxo etc. Normalmente o mestre daba unha materia diferente cada día, clases de ditado ou leccións de lectura. **2.** Ensino que se dá ou aprende. **3.** Establecemento público onde se dá calquera tipo de instrución. // **Aprender *búa* escola.** Aprender bos costumes. // **Aprender mala escola.** Aprender malos costumes. // ***Fer* escola.** Dar clases.
escolado, -a. adx. Que lle quitaron a auga, como a unha pataca.
escolancio. V. escónzaro (Allande, Boal, Villaión, Navia).
escolandro. V. escónzaro (Boal).
escolante, -a. s. m. e f. Mestre particular, normalmente sen título, que ía polas aldeas ensinando aos nenos a ler e escribir (A Veiga). **2.** V. escónzaro (Grandas de Salime).
escolanzo. V. escónzaro (Eilao, Allande, Coaña, Boal, El Franco). **2.** adx. Aplícase á persoa hábil para fuxir.
escolar[1]. v. Escorrer a auga das castañas ou das patacas despois de cocelas ou da comida. **2.** Quedar sen auga un río ou unha presa. **3.** s. m. Trasno. **4.** prnl. Perder unha persoa moito sangue. **5.** prnl. Afundir (Coaña).
escolar[2]. V. escónzaro (Tapia de Casarego).
escolforarse. v. prnl. Amañarse, prepararse para lucir o mellor aspecto posible (Coaña).
escolledeira. V. escolledura.
escolledura. s. f. Acción e efecto de escoller; escolleta.
escoller. v. Elixir entre un grupo de cousas ou persoas. **2.** Clasificar ou apartar unha serie de froitos, como patacas, fabas etc. // **El que *muito* escolle, inda *nun* é el que mellor pera come.** Refrán que alude a que por moito que se escolla unha cousa non se ten por que levar a mellor. // **El que *muito* escolle, polo rabo *lo* colle.** V. El que muito escolle, inda nun é el que mellor pera come.
escolleta. s. f. Selección de froitos, das árbores que se van cortar etc. **2.** Elección de calquera cousa.
escollido, -a. adx. Elixido, seleccionado. **2.** Moi selecto, non conforme con calquera cousa ou persoa.
escolmar. v. Meter o *cebador* na *trilladora* o colmo para quitarlle o gran. **2.** Escoller a palla despois de limpala para cubrir un hórreo (Ibias).
escolmear. V. escolmiar (Abres).
escolmiar. v. Quitar o mel e a cera a unha colmea; esmelgar.
escombrar. v. Quitar os restos dunha obra.
Obs. Trátase dun castelanismo.
escombro. s. m. Conxunto de restos dunha obra.
Obs. Trátase dun castelanismo.
escomencipiar. v. Comezar (Navia).
escomer. v. Desgastarse algo (*Foise escomendo a pedra*).
escomenzar. v. Comezar.
esconada. adx. Dise da muller sentada comodamente (As Figueiras).
esconapado, -a. adx. Dise da muller que abre as pernas excesivamente (Castropol). **2.** Aplícase á persoa con pouco cu. **3.** Estragado, desamañado. **4.** Dise da persoa que rompeu algún óso ou se mancou moito.
esconar. v. Romper os ósos unha persoa ou quedar moi mancada (Tapia de Casarego). **2.** Estragar ou desamañarse unha cousa.
esconchado, -a. adx. Aplícase ao muro ou parede que perderon o seu revestimento.

esconchar. v. Quitar a casca a unha castaña, unha abelá, unha noz etc.

esconder. v. Ocultar nun lugar algo ou alguén para que non se vexa. **2.** Tapar. **3.** prnl. Poñerse nun lugar para non ser visto ou atopado.

esconderite. V. escondidas (ás).

escondidas (ás). loc. Xogo de nenos, que consiste en que uns se escondan e outros os atopen. **2.** En segredo, disimuladamente.

escondidelas (ás). V. escondidas (ás).

escondidella. V. escondidas (ás).

escondidellas (ás). V. escondidas (ás).

escondite (al, ao). V. escondidas (ás).

esconexado, -a. V. enconexado 2ª acep.

esconsolado, -a. adx. Aflixido.

esconsonado, -a. adx. Desperto.

esconsonar. v. Non poder durmir. **2.** Despertar.

escontra. prep. Contra; contra[2] 2ª e 3ª acep. **2.** En busca de (*Vou escontra el*). // **Á *escontra* de.** En busca de.

escontrela. adx. Dise da muller mal vestida, sen gusto (Tapia de Casarego).

esconxiringado, -a. adx. Estragado.

esconxurado, -a. adx. Conxurado.

esconxurar. v. Conxurar.

esconxuro. s. m. Conxuro.

esconxuto. s. m. Conxuro.

esconzada. s. f. Parte da parede que forma ángulo co furado de portas e ventás.

escónzaro. s. m. Réptil escamoso saurio da familia dos ánguidos, que mide uns corenta centímetros de lonxitude, dos que máis de vinte corresponden á cola e un centímetro e medio á cabeza. Non ten patas e a cabeza é parecida a do lagarto, co fociño redondeado, ollos pouco desenvolvidos, con pálpebras, e orificio auricular visible. Quitada a parte superior da cabeza, que ten placas anchas, o resto do corpo está cuberto de escamas imbricadas redondeadas. A coloración é variable, os adultos son de color agrisada, amarela ou parda na rexión superior e negro nos lados e partes inferiores (*Anguis fragilis*), (Os Ozcos, Castropol, Taramundi, Santiso de Abres, A Veiga).

escoñar* → esconar.

escopeiro. V. hisopo 2ª acep. (As Figueiras).

escopeta. s. f. Arma portátil con un ou dous canos que se emprega normalmente para cazar animais.

escopeteiro. s. m. Persoa que usa unha escopeta.

escopro. s. m. Ferramenta de ferro con aceiro, con mango de madeira e *boca* con bordo cortado oblicuamente.

escora. s. f. Estaca ou pau con que se sostén algo para que estea dereito.

escorado, -a. adx. Dise do barco que vai inclinado.

escorar. v. Inclinarse unha embarcación.

escorchar. v. Quitar a cortiza a algunhas árbores como a sobreira (*sofreira*).

escorcillar. V. encorcillar.

escordado, -a. adx. Dislocado ou torto algún membro do corpo.

escordar. v. Dislocar, torcer algún membro do corpo.

escorecerín* (al) → escurecerín (al).

escorecer* → escurecer.

escoria. s. f. Subproduto que se obtén na redución dos minerais. **2.** O que non vale nada.

Obs. Trátase dun castelanismo.

escorial. s. m. Lugar onde abunda a escoria.

Obs. Trátase dun castelanismo.

escoriscar. v. Desaparecer.

escornabois. V. escornaprudo.

escornacabra. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Bustelo (Ibias). **2.** Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Llanelo (Ibias). **3.** Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Taladriz (Ibias). **4.** Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Mouguías (Coaña).

escornacabras. s. m. Árbore da familia das rosáceas, de tres a quince centímetros de altura, tronco liso, follas ovais ou elípticas e flores brancas (*Sorbus sp.*), (Eilao, Grandas de Salime, Ibias, Santalla de Ozcos).

escornacavas. s. m. Vento do sur (Seares).

escornaprudo. s. m. Árbore da familia das rosáceas, que chega a medir até os dez metros de altura, ten cortiza lisa e unhas flores fétidas de color branca. Os seus froitos son globosos, dun centímetro de diámetro e cunha vistosa color vermella ou laranxa, dos que se obtén unha especie de *liga* para cazar paxaros. É moi resistente ás xeadas, capaz de medrar en chans probes e a súa madeira non arde ben (*Sorbus aucuparia*).

escornapudo. V. escornaprudo (Santalla de Ozcos).

escornar. v. Quitar os cornos a un animal. **2.** Mallar os grans de cebada para quitarlles a espiña. **3.** Pelexar as vacas. **4.** Golpearse coa cabeza. **5.** Dar cornadas, ferir cos cornos, especialmente o gando vacún. **6.** Romper un corno un

animal bovino. **7.** Quitar as partes saíntes a un obxecto. **8.** Esnafrarse, ter un choque violento. **9.** Perder os cornos o gando vacún. **10.** prnl. Anoxarse, romper unha relación de amizade. **11.** prnl. Traballar duro sen conseguir apenas rendemento.

escorneirar. v. Quitarlle a un animal os cornos; escornar. **2.** Sacudir a cabeza o gando vacún. **3.** Refregar o gando vacún o presebe cos cornos. **4.** Coller o gando vacún terra cos cornos para tirala sobre a pel e quitar as moscas e os parasitos (Boal).

escornexar. V. escorneirar 3ª acep. (Navia). **2.** Dar cos cornos as vacas contra algo (Allande).

escornón, -a, -úa. adx. Aplícase ao gando que lle gusta cornear, especialmente ao boi ou á vaca.

escorozar. v. Quitar as follas de fóra a unha espiga de millo (Vilanova de Ozcos).

escorpión. V. alacrán. **2.** V. ariego 1ª acep. // **Escorpión del *meiz*.** Verme de color parda ou colorada que come o millo pola raíz. // ***Si* te pica el escorpión, *nun* esperes confesión.** Refrán que alude a que certos animais son moi velenosos e poden conducir mesmo á morte.

escorrebaldar. v. Esvarar, patinar (Castropol).

escorrentar. v. Espantar, facer fuxir. **2.** Asustar. **3.** Diseminar os animais que forman unha manda.

escorrer. v. No Entroido, andar os nenos uns días antes ao atardecer facendo ruído polos camiños con caldeiros, campás, latas, paus etc. (Boal). **2.** Espantar, escorrentar. **3.** Quitar o frío (*Púxose xunto á cocía pra escorrer el frío*). **4.** Levar a algún sitio (*Foron escorrendo as nenas prá cama*). **5.** Baleirar algo que contiña líquido (Tapia de Casarego). **6.** Quitar o sono, espertar (*Vou escorrer el sono*). **7.** prnl. V. correr 18ª acep.

escortellar. v. Quitar cachos da coda ao pan. **2.** Separarse a coda da faragulla nun pan cocido por estar o forno moi quente (Boal); escortezar.

escortezar. v. Separar a coda da faragulla nun pan (Vilanova de Ozcos). **2.** Erguerse a coda dun pan separándose da miga, por ir moita calor dentro dun forno (San Martín de Ozcos).

escortizar. V. escuartizar.

escoruxado, -a. V. acuruxado.

escoruxar. v. Botar as mulleres un aturuxo para chamarse as unhas ás outras (Boal). **2.** V. acuruxarse 1ª e 2ª acep. **3.** Piar unha curuxa (A Veiga).

escorxuro* → esconxuro.

escorzada. s. f. Carreira (Allande).

escorzonela. s. f. Planta herbácea da familia das compostas, que pode acadar máis dun metro de altura, con talo normalmente ramificado, con follas lanceoladas de bordos crespos e dentados, e flores amarelas. Ten propiedades medicinais e a súa grosa raíz tómase fervida para curar o estrinximento (*Scorzonera hispanica*), (Santiso de Abres).

escosa. adx. Aplícase á vaca que deixa de dar leite.

escosarse. v. prnl. Deixar de dar leite unha vaca; escoxarse.

escoscar. v. Quitar a casca ás castañas, noces etc. **2.** Pagar, dar diñeiro (Boal).

escota. s. f. Cabo ou corda coas que se gobernan as velas dunha embarcación. // **Volta de escota.** Tipo de nó mariñeiro que se fai dando unha volta ou dúas ao chicote pola *gaza*.

escotado, -a. adx. Aplícase á roupa ou ao calzado que ten moito escote. **2.** Pouco abrigado.

escotapar. v. Desfacer con golpes os *balocos*.

escotapellar. v. Desfacer os terróns dunha leira (Allande).

escotar[1]. v. Pagar a partes iguais.

escotar[2]. v. Cortar unha cousa até que chegue á medida que se precisa.

escote. s. m. Parte inferior da folla metálica dunha navalla ou dun coitelo. **2.** Abertura ou corte nunha peza de vestir. **3.** Parte do peito que deixa ao descuberto esta abertura. **4.** Por extensión, ancheamento ou abertura. **5.** Abertura situada entre os dous pés do lateral dun banco da cociña (San Martín de Ozcos).

escote (a). loc. Xeito de pagar cada un a súa parte nun gasto común.

escotero. adx. Aplícase ao home que vai a pé, non a cabalo (Ibias).

escotilla. s. f. Abertura na cuberta dunha embarcación.

escotrellar. V. escotrolar 1ª acep.

escotrolar. v. Mellorar de aspecto unha planta. **2.** Mellorar de saúde e aspecto unha persoa. **3.** Poñerse gordo. **4.** Desfacer os terróns co gadaño cando se ara (Os Ozcos).

escotrollado, -a. adx. Dise do mozo de bo aspecto (Coaña). **2.** Aplícase á persoa que anda con dificultade por unha enfermidade ou un accidente (Coaña).

escotrollar. V. escotrolar 1ª, 2ª, 3ª e 4ª acep.

escoubar. v. Berrar e meter ruído para espantar un animal (Allande). **2.** Meter ruído revolvendo en algo que non importa a unha persoa (Villaión).

escoucexar. v. Dar couces; escouciar[1]. **2.** Protestar.

escoucía. s. f. Operación consistente en quitar a cera vella e seca polo fondo da colmea ao principio da primavera (San Martín de Ozcos).

escouciar[1]. v. Dar couces (As Figueiras).

escouciar[2]. v. Facer a *escoucía* (San Martín de Ozcos).

escoucipar. V. escouciar[1] (El Franco).

escougar. v. Botar *escouguidos*. **2.** Berrar de xeito agudo. **3.** Alborotar. **4.** Facer ruído (El Franco). **5.** Rifar (Tapia de Casarego).

escouguido. s. m. Berro de alegría que se bota ao remate das festas, cancións etc., para anunciar o mozo a súa chegada á noiva ou cando se gaña algo; aturuxo. **2.** Berro agudo.

escoupro. V. escopro.

escouredo. s. m. Lugar onde se atopan escouras.

escouria. V. escoria 2ª acep. (Navia). **2.** V. escoria 1ª acep. (Taramundi).

escourial. V. escorial (Coaña).

escouzado. adx. Dise do mollo aberto pola parte inferior.

escouzar. v. Botar *escouguidos* (As Figueiras). **2.** Abrir a parte inferior dun mollo (Abres).

escóuzaro. V. escónzaro.

escouzo. s. m. *Escouguido* (As Figueiras).

escoxapado, -a. adx. Que arrastra a perna (Tapia de Casarego).

escoxamprado, -a. adx. Dise da persoa vella que xa non anda dereita (Coaña).

escoxaringado*, -a → escoxiringado.

escoxarse. v. prnl. Deixar de dar leite unha vaca; escosarse.

escoxiringado, -a. adx. Dise da persoa que anda medio inclinada (Eilao).

escozapado, -a. adx. Dise do que está moi cocido.

escravecer. v. Acostumar ao gando a estar fóra da corte ou a traballar. **2.** Acostumar cedo a unha persoa ou a un neno a traballar. **3.** Fortalecerse fisicamente por facer un traballo duro. **4.** Poñerse duras os pezuños a unha xata. **5.** Encherse de calos as mans (Abres). // ***Tar sin* escravecer.** Non estar afeito ao traballo unha persoa ou un animal.

escravo, -a. s. m. e f. Persoa sometida, privada de liberdade. **2.** adx. Aplícase ao traballador ou persoa que fan calquera tipo de traballo difícil ou traballan moito por avaricia. **3.** adx. Dise do traballo moi duro. **4.** adx. Aplícase ao terreo ou terra nada axeitados para traballar. **5.** Curtido.

escrebir* → escribir.

escrequenado, -a. adx. Dise da persoa débil, enfermiza (Navia).

escrequenarse. V. escrequeñarse.

escrenqueñado, -a. adx. Dise da persoa que ten as pernas tortas (Castropol).

escrequeñado, -a. adx. Dise da persoa que queda agachada cos xeonllos e as pernas dobradas. **2.** Aplícase a algo que quedou dobrado (*El trigo quedou escrequeñado*), (El Franco).

escrequeñarse. v. prnl. Quedar de xeonllos e coas pernas dobradas; encorcillar.

escrequiñarse. V. escrequeñarse.

escribano. s. m. Tipo de baile da zona de Boal.

escribente. s. m. e adx. Que escribe. **2.** Persoa que tiña como oficio copiar escritos.

escribida. s. f. Variedade de pera.

escribir. v. Trazar signos de escritura. **2.** Compoñer obras literarias, discursos etc. **3.** Facer raias, liñas ou debuxos ás galochas e bastóns.

escricado, -a. V. escrequeñado.

escricarse. V. escrequeñarse.

escrín. s. m. Moble de madeira tallada con moitos caixóns e tapa con chave que servía para gardar documentos (Tapia de Casarego).

escritura. s. f. Documento público ante notario.

escrocadura. s. f. Golpe.

escrocado, -a. adx. Cheo de golpes. **2.** Aplícase ao animal co rabo dobrado ou roto. **3.** Dise da vaca que ten os ósos moi separados porque vai parir.

escrocar. v. Afundirse a superficie dun corpo. **2.** Producir con un ou varios golpes unha depresión na superficie dunha cousa. **3.** Dislocar ou romper a parte ósea situada ao principio do rabo dun animal, normalmente bovino (Abres, Boal, Castropol).

escrúpulo. s. m. Reparo. **2.** Rixidez mental ante certas cousas.

escrupuloso, -a. adx. Que ten escrúpulos.

escuadernado, -a. adx. Aplícase á persoa que ten rotos os ósos da cadeira.

escuadra. s. f. Instrumento en forma de triángulo rectángulo para trazar ángulos rectos. **2.** Cada unha das catro trabes que sosteñen a cámara dun hórreo (Ibias).

escuadro. V. teiquelo (San Martín de Ozcos).
escuadrilado, -a. adx. Fatigado, escarallado.
escuadrilar. V. escadrilar 1ª acep.
escuanxiringado, -a. V. esconxiringado.
escuartizar. v. Facer cachos algunha cousa para repartila. **2.** Cortar a carne dun animal en cachos.
escuaxaringado, -a. V. escuaxeringado.
escuaxaringar. V. escuaxeringar.
escuaxeringado, -a. adx. Desfeito.
escuaxeringar. v. Desfacer, romper. **2.** Inclinar algo para que caia.
escuaxiringar. V. escuaxeringar.
escuchimizado, -a. adx. Fraco.
escudella. s. f. Cunca (Villaión).
escudete. s. m. Tipo de enxerto.
escudriñar. v. Mirar de xeito minucioso por algo, como polos cartos (Allande).
escudruñar. v. Revolver, buscar; esqueirar. **2.** Fisgar, vixiar disimuladamente.
escuelgadoira. s. f. Legra (Coaña).
escuita. s. f. Acción de *escuitar*.
escuitar. v. Oír ben. **2.** Prestar atención ao que se di. **3.** Fisgar. // **El que *muito escuita* (*escuitou*), nunca ben de si *ouguío* (*oi*, *ouguiu*).** Refrán que alude á persoa que moito escoita porque nunca oíu falar ben de si mesma.
escuitón, -úa. adx. Aplícase á persoa que lle gusta escoitar. **2.** s. m. Vento forte que despois calma.
esculapado, -a. adx. Caído de cu.
esculapar. v. Caer de cu (Allande).
escular. v. Perder un obxecto o seu fondo. **2.** Caer a carga dunha cabalería ou dun carro. **3.** Caer dun asento esvarando. **3.** Caer ou irse algo para a parte traseira.
esculaxado, -a. adx. Encollido dobrando as pernas (Allande).
esculcar. v. Investigar, pescudar. **2.** Fisgar.
escullido*, -a → escollido.
escunxurar* → esconxurar.
escunxuro* → esconxuro.
escupe* → cuspe.
escupeiro. V. panel (As Figueiras).
escúpalo* → escrúpulo.
escúpilo* → escrúpulo.
escupio. s. m. Xogo no que se crava unha navalla no chan e tíranse moedas a ela, unha por cada xogador participante. O xogador que consiga que a súa moeda quede máis cerca da navalla é o primeiro e así sucesivamente. Despois colle o primeiro as moedas e tíraas dun golpe todas ao aire e gaña todas as que caian coa cara para arriba. O segundo colle as que quedan e fai o mesmo e seguen os restantes até que non quede ningunha moeda (San Martín de Ozcos).
escupio* → cuspe.
escupir* → cuspir.
escupizar. v. Botar saliva nas mans para coller mellor as cousas (Allande).
Obs. Trátase dun castelanismo.
escúpulo* → escrúpulo.
escupuloso*, -a → escrupuloso.
escurada. s. f. Cuarta fase do período lunar, cuarto minguante. **2.** Noite sen lúa.
escuras (ás). loc. Sen luz, con pouca claridade.
escurecer. v. Privar de luz e claridade. **2.** Anoitecer. **3.** Atardecer. // **Al escurecer.** Ao anoitecer.
escurecedín (al). loc. Ao anoitecer.
escurecerín (al). loc. Ao anoitecer.
escurecido (al). loc. Ao anoitecer.
escuridá. s. f. Ausencia de luz ou claridade.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
escuricar. v. Desaparecer na escuridade; escoricar.
escuro, -a. adx. Privado de luz. **2.** Pouco claro, confuso (*É un negocio mui escuro*). **3.** Pouco fino, de pouca calidade (*Esa trompa ten un sonido máis escuro*). **4.** Incerto, que dá medo, desconfianza ou inseguridade (*A vida ás veces tá escura*). // **Ás escuras.** Sen luz. // ***Tar* escuro (mouro) como a boca del lobo (*Ilobo*).** Estar moi escuro (Tapia de Casarego, Allande). **2.** Aspecto nada claro.
escurribanda. s. m. Tunda, malleira.
escurrideiro. V. cunqueiro.
escurridizo, -a. adx. Dise do animal que escorrega de xeito doado. **2.** Dise da persoa que se escapa.
escurrir. v. Esvarar, escorregar. **2.** Soltar algo o líquido que ten.
escursión* → excursión.
escursionista* → excursionista.
escuruxado, -a. V. acuruxado.
escuruxarse. V. acuruxar 1ª, 2ª e 3ª acep. **2.** prnl. Esconderse coas pernas dobradas sobre un mesmo.
escusado. s. m. Retrete.
escusador. s. m. Sacerdote que axuda a un párroco dunha parroquia extensa (Castropol, Santalla de Ozcos).
escusarse. v. prnl. Disculparse.
escutiar. V. escuitar (Os Coutos).
esdulciallado, -a. adx. Dise do que é doce de máis (Coaña).
ese[1]. s. m. Nome da letra s.
ese[2]. (f. esa, pl. eses, esos, esas). Adxectivo e pronome demostrativo, que designa á persoa ou cousa que ocupa un lugar intermedio respecto da persoa que

fala, nin a que está máis cerca nin a máis afastada.

esetas. s. f. pl. Ganas de facer algo malo a alguén (*Tianme esetas*), (San Martín de Ozcos).

esfachar. v. Fender, rachar (San Martín de Ozcos).

esfachetado, -a. adx. Dise da persoa con aspecto descoidado.

esfalcar. v. Asfaltar (Ibias).

esfaldeirar. v. Quitar a faldra.
Obs. Trátase dun castelanismo.

esfamiado, -a. adx. Que ten fame.

esfamiar. v. Ter fame.

esfanar. v. Caer unha construción, un terreo etc. **2.** prnl. Caer unha parede. **3.** Producirse un desprendemento de terra.

esfandangar. v. Desfacer, esnaquizar, estragar (Navia).

esfaragallado, -a. adx. Espallado, estendido. **2.** Aplícase á boa femia, especialmente nas vacas. **3.** Listo, astuto (Coaña).

esfaragallar. v. Espallar, desparramar.

esfaragullado, -a. adx. Desfeito en faragullas.

esfaragullar. v. Desfacer en faragullas o pan. **2.** Desmiuzar. **3.** Rir moito. **4.** Estragar, desfacer. // **Esfaragullarse todo de risa.** Rirse moito.

esfardanarse. v. prnl. Desfacerse algo e caer todo espallado (Allande).

esgaragullón, -úa. adx. O que se esfaragulla facilmente.

esfarchar. v. Esmagar (Os Coutos).

esfarelar. v. Desfacer algo para que quede como o po. **2.** prnl. Explicar unha cousa unha persoa facendo moitos xestos ao falar.

esfargallado, -a. adx. Dise da roupa vella e usada, de pouco valor.

esfargallar. v. Desfacer algo espallándoo. **2.** Desordenar, espallar algo que estaba ordenado. **3.** Revolver a roupa dobrada sen coidado (Abres).

esfarpar. V. esfarrapar.

esfarrada. s. f. Desfeita, estrago (Boal).

esfarraganchar. V. esferrallar.

esfarrapado, -a. adx. Aplícase á roupa ou a un vestido rachados en cachos. **2.** Dise da persoa que vai vestida con farrapos. **3.** Escarallado. **4.** Esmagado.

esfarrapar. v. Rachar en cachos a roupa ou unha tea. **2.** Escarallar. **3.** Esmagar.

esfarrapiar. v. falopar.

esfarxolado, -a. adx. Aplícase á persoa descoidada no seu aspecto.

esfarxolar. v. Desfacer (Allande).

esfelpellado, -a. adx. Feito farrapos. **2.** Dise da tea, roupa etc., cos fíos por fóra.

esfelpellar. v. Sacar os fíos dunha tea, escarpín etc. desfacéndoos, ou desfacerse unha tea ao saírse os fíos. **2.** V. esfarrapar.

esfeluxado, -a. adx. Aplícase á persoa nova cando é débil e enfermiza.

esfenda. s. f. Acto e resultado de *esfender*.

esfender. v. Abrir o suco ou a *seta* co *vasadoiro* ou co arado para sementar. **2.** Fender (*Mal rellumbro las esfenda*), (Navia).

esferrallar. v. Facer traballos de pouca importancia con cachos de ferro.

esferrar. V. desferrar 1ª acep.

esferraxar. V. esferrallar.

esferreganchar. V. esferrallar.

esferrexar. V. esferrallar.

esferrullar. v. Desatascar unha pechadura que estaba atrancada.

esferrunchar. V. esferrallar.

esferruñar. V. esferrallar.

esfervelloar. v. Ferver con moita forza (Tapia de Casarego).

esvervolar. V. esfervelloar.

esfiado. adx. Saído un tendón do seu sitio.

esfiar. V. esfilar 1ª acep. (Abres). **2.** V. esfilar 4ª acep. (Os Coutos). **3.** Destecer unha peza de roupa de punto (Abres).

esfilachado, -a. adx. Dise do que ten fíos soltos.

esfilachar. v. Soltarse os fíos dun tecido.

esfilar. v. Quitar os fíos. **2.** V. esfarrapar. **3.** Estar en celo unha vaca. **4.** prnl. Saírse un tendón do seu sitio.

esfochicado, -a. adx. Moi delgado (Navia).

esfofar. v. Esmagar.

esfogonado, -a. adx. Dise da persoa que perdeu o alento por un esforzo (Castropol).

esfogonar. v. Perder o alento por un esforzo (Castropol).

esfoiado, -a. V. esfollado 1ª acep. **2.** s. f. V. esfollón (Villaión).
Obs. Trátase dunha palabra só empregada na área palatalizadora eonaviega para diferenciala de esfollado 2ª acep. ou esfolado 1ª acep.

esfoiar. V. esfollar 1ª acep.
Obs. Trátase dunha palabra só empregada na área palatalizadora eonaviega para diferenciala de esfollar 2ª acep. ou esfolar 1ª acep.

esfoirado, -a. adx. Que ten diarrea (San Martín de Ozcos, Ibias, Allande, Villaión).

esfoirar. v. Ter diarrea. **2.** prnl. Cagar.

esfolado, -a. adx. Sen pel. **2.** Dise do peto ou manga rotos. **3.** Aplícase á vexiga ou á pelota que rebentaron (Castropol).

esfoladura. s. f. Acción de quitarlle a pel a un animal.

esfolar. v. Quitar a pel a un animal. **2.** Ferir unha persoa a pel nunha parte pequena do seu corpo. **3.** V. pelar 7ª acep. (Tapia de Casarego).
esfole. s. m. Acción de quitar a pel a un animal.
esfoletar. v. Moverse a vexetación no monte ou na bouza por un animal, o vento etc. (Coaña).
esfolio. V. esfollón.
esfolla. s. f. Acción de quitar a vaíña ás mazarocas do millo. **2.** V. esfollón (Taramundi, Santiso de Abres, Abres).
esfollado, -a. Dise da mazaroca de millo que lle quitaron as follas. **2.** V. esfolado 1ª acep.
esfolladura. V. esfoladura. **2.** Ferida na pel.
esfollagado, -a. adx. Arrincado, roto.
esfollagar. v. Arrincar, romper etc., as follas dun libro (Santalla de Ozcos).
esfollar. v. Quitar as follas ás mazarocas do millo. **2.** V. esfolar 1ª acep. **3.** prnl. Rebentarse os *barbíos* nas vacas. // **Esfollar vivo a alguén.** Criticalo. // **Esfollou a cabra.** Dise da persoa que despois dunha borracheira está enferma. // ***Nun* se pode esfollar i ter *polla* pata.** Refrán que alude a que non se poden facer dúas cousas ao mesmo tempo.
esfollascar. v. Facer ruído algo entre a follaxe; enfollascar.
esfollata. V. esfollón.
esfollaza. V. esfollón.
esfollecar. v. Romper as follas a unha planta (Tapia de Casarego). **2.** Por extensión, romper as follas a un libro.
esfollo. V. esfollón (Santalla de Ozcos, A Veiga, San Martín de Ozcos).
esfollón. s. m. (pl. esfollois). Reunión de xente para esfollar as mazarocas do millo, deixando algunhas espigas para enrestralas e colgalas despois no hórreo, cabazo ou corredor da casa. Nesta xuntanza aproveitábase para contar contos, facer bromas, bailar, xogar, cortexar etc. **2.** *Esfollaza* grande. **3.** Acción de esfollar.
esfondado, -a. adx. Aplícase a aquilo que ten afundido o seu fondo. **2.** Cansado, sen forzas.
esfondar. v. Romper o fondo de algo como unha caixa, un bote, un vaso, unha cesta etc. **2.** Ir para o fondo, afundirse. **3.** Romper o fondo dun copo dunha rede de pescar quedando os peixes libres. **4.** Caer, romper (*Esfondouse a porta da casa*). **5.** Romper o fondo dunha embarcación.
esfondellado, -a. adx. Co fondo desfeito ou caído (Boal).
esforcexar. v. Usar a forza para vencer unha resistencia.
esforfado, -a. adx. Aplícase ao que é brando ou de pouca consistencia, como algúns froitos.
esforfar. v. Madurecer un froito en exceso chegando a desfacerse.
esfornigar. V. formiguexar. **2.** Moverse, bulir unha multitude de xente.
esforniguexar. V. formiguexar.
esforquiñar. v. Facer pequenos e repetidos esforzos para conseguir algo (Allande).
esforricado, -a. adx. Aplícase á persoa que defeca por si mesma normalmente por ter cagarría (Os Coutos).
esforzarse. v. prnl. Loitar por algo que se desexa física ou mentalmente.
esforzo. s. m. Actividade dun ser que mobiliza todas as súas forzas físicas ou mentais.
esfoucinar. v. Cortar cunha fouce.
esfoutado, -a. adx. Consentido. **2.** Que presume de valente, valentón. **3.** Apoiado, animado, que confía en algo ou alguén (Boal). **4.** Dise da persoa segura de si mesma (Navia).
esfoutar. v. Confiar en si mesmo. **2.** Consentir. **3.** Confiar, ter confianza.
esfouto. s. m. Confianza nun mesmo, presunción. **2.** Liberdade, consentimento. **3.** Tranquilidade. **4.** Valentía. **5.** Trato cariñoso, agarimo (Castropol). **6.** Esperanza. **7.** Ánimo, forza, decisión. **8.** Privilexio, protección de alguén superior (Coaña).
esfrebar. V. desfrebar.
esfrecer. v. Arrefriar, como por exemplo a comida, as vidallas etc. **2.** Sentir frío.
esfrecido, -a. adx. Frío.
esfregar. v. Fregar.
esfriarse. v. prnl. Arrefriarse. **2.** Sentir frío.
esfriaxado, -a. adx. Que ten frío no corpo (Tapia de Casarego).
esfuchicar. v. Revolver nalgunha cousa (Tapia de Casarego); fuchicar, fuxicar.
esfurniguexar. v. Experimentar a sensación de quedar inmóbil algunha parte do corpo (Eilao); furniguexar.
esfurquiñar. V. esforquiñar.
esgadañar. v. Segar coa gadaña sen seguir unha orde. **2.** Desfacer os terróns cun gadaño.
esgadellado, -a. adx. Dise da persoa co pelo desordenado.
esgadellar. v. Descompoñer, desordenar os pelos. **2.** Tirarse dos pelos (Abres).
esgalazado, -a. adx. Ansioso.

esgalazar. v. Ansiar (Allande).
esgaldrapado, -a. adx. Libertino.
esgalgueirado, -a. adx. Aplícase ao gando cando ten o ventre baleiro e encollido por non comer.
esgalguiar. v. Adelgazar (Castropol).
esgalla (a). loc. En abundancia, en cantidade, moito.
esgallado, -a. adx. Sen punta, fendido.
esgallar. v. Fender a punta dunha pluma de escribir ou dun lápis. **2.** Despuntar. **3.** Fender unha cousa, aínda que non de xeito completo. **4.** Abrirse un *gallado* pola unión das dúas ramas (Abres). **5.** Arrincar unha rama dunha árbore separándoa do tronco. **6.** Chorar moito (Tapia de Casarego).
esgalochar. v. Facer ruído ao andar coas galochas ou cos zocos.
esgalochiar. V. esgalochar.
esgamallar. v. Facer ruído coas ramas das árbores ou sacudilas. **2.** Arrincar ramas dunha árbore (Navia). **3.** Golpear algo con ramas (Allande).
esgamotado, -a. adx. Dise do toxo que se lle cortou a parte de enriba cunha *foucía* (El Franco).
esgamotar. v. Arrincar as ramas ou os froitos dunha árbore ou unha planta (Navia). **2.** Cortar con golpes de vara a flor da gamota cando aínda está verde para que non medre a súa semente (Eilao, Allande).
esgamotiar. V. esgamotar 1ª acep. (El Franco).
esganacán. s. m. Nó corredizo que se emprega para aforcar cans (Abres).
esganduxar. v. Andar sen saber que facer.
esgañitarse. v. prnl. Esforzarse por berrar unha persoa de xeito violento.
esgarabatar. V. esgarabatiar.
esgarabatiado, -a. adx. Dise do que ten garabatos (*Ten el libro esgarabatiado*).
esgarabatiar. v. Facer garabatos.
esgarabillido, -a. adx. Dise da persoa que ten os dedos encollidos polo frío (San Martín de Ozcos).
esgarabullar. v. Recoller do chan garabullos (Navia). **2.** Meter ruído algo entre a bouza. **3.** prnl. Romperse (Coaña).
esgaravellar. v. Remexer algo. **2.** Sachar na superficie. **3.** Non rodar sobre un punto fixo o *pión*, senón que vai por varios puntos rodando. **4.** Traballar en cousas sen importancia, que non se rematan normalmente. **5.** Remexer a terra coas uñas ou cun pau. **6.** Rozar ou rascar un insecto o lombo. **7.** Tentar reparar obxectos rotos ou descompostos. **8.** Revolver. **9.** Escarvar a terra de xeito superficial. **10.** Quitar os mocos do nariz. **11.** Remexer cun garabullo a gra para que vaia caendo na *limpadora*.
esgaravello. s. m. Produto final de escarpear o liño. **2.** Nome común de varios insectos coleópteros con corpo tirando a gordo e patas curtas, especialmente o da pataca; escaravello 1ª acep. **3.** Neno inquedo; escaravello 2ª acep. **4.** adx. O que remove a terra coas uñas ou un cun pau. **5.** adx. O que fai traballos sen importancia. // ***Esgaravello* da merda.** Persoa inqueda, que se move continuamente (Boal).
esgardanchar. v. Preparar a terra con algún tipo de ferramenta para sementala despois (El Franco).
esgarduñar. v. Arrincar herbas coas mans. **2.** Arar a terra superficialmente de xeito que a rella do arado non chega a profundar máis de oito ou dez centímetros (Eilao). **3.** Ferir a pel superficialmente coas uñas ou con algunha cousa afiada. **4.** Quitar dunha terra labrada toda a bouza. **5.** Subir a algo agarrándose coas uñas. **6.** prnl. Ferir a pel con silvas ou outras plantas con picos.
esgarecemento. s. m. Debilidade por fame ou sede.
esgarecer. v. Perder as forzas por fame ou sede, debilitarse.
esgarecido, -a. adx. Débil, sen forzas.
esgarelar. v. Caer a terra ao rego ao arar. **2.** Caer cachos dunha fogaza feita de pan de millo. **3.** Quitar cachos ao pan.
esgarellar. V. esgarellar 1ª, 2ª e 3ª acep.
esgarfellar. v. Insultar, rifar.
esgargarexar. V. gargaxar 1ª acep.
esgargaxar. v. Botar pola boca mucosidades; gargaxar 2ª acep.
Obs. Trátase dun castelanismo.
esgargaxear. V. esgargaxar.
Obs. Trátase dun castelanismo.
esgarguexar. V. gargaxar 1ª acep.
Obs. Trátase dun castelanismo.
esgarnachar. v. Separar a carne do óso (Navia). **2.** Arrincar, romper de xeito violento (Tapia de Casarego). **3.** Traballar a terra de xeito superficial.
esgarrafado, -a. adx. Cheo de farrapos (Boal, San Martín de Ozcos). **2.** Dise da peza de roupa ou vestido feitos farrapos.
esgarrafar. v. Esgazar, rachar.
esgarriar. V. esgargaxar.
esgarrio. s. m. Casca da noz. **2.** Flegma case coagulada que se bota da gorxa.
esgarrar. v. Esgazar, rachar.
esgarro. V. esgarrio 2ª acep.

esgarrotado, -a. adx. Dise da persoa desamañada, sen asear e de mal aspecto (Castropol).
esgarrunchar. v. Traballar cun *garruncho* (Navia).
esgateñar. v. Berrar, vocear (Abres).
esgatuñar. v. esgarduñar 2ª e 3ª acep. **2.** V. agatuñar 1ª acep.
esgavelar. V. arbolar 3ª acep. (Tapia de Casarego).
esgazado, -a. adx. Partido, rachado. **2.** Dise do peixe capturado co beizo rachado por querer desprenderse do anzol.
esgazadura. s. f. Acto e resultado de partir ou rachar algo.
esgazapata. adx. Aplícase á persoa que rifa e protesta golpeando os pés no chan.
esgazar. v. Rachar, partir, como unha peza de vestir, unha rede de pescar, unha rama etc. **2.** Separar unha cousa dun conxunto. **3.** Separar unha rama dunha árbore sen cortala. **4.** Fender, facer estelas. **5.** prnl. Apartarse, irse (Navia).
esgobelado, -a. adx. Con chepa (Castropol).
esgobellado, -a. adx. Desamañado. **2.** Fendido. **3.** Dobrado.
esgobellar. v. Fendir, abrir.
esgoda. s. f. Acción de limpar as tripas do cocho ou quitarlles a súa graxa.
esgonchar. v. Romper, partir (*Este pesego nun engoncha*), (Abres). **2.** Quitar a pebida a un froito.
esgonce. s. m. Pedra labrada que vista lateralmente presenta forma trapezoidal (El Franco); esgonzo 1ª acep.
esgonciar. v. Desigualar unha cousa doutra. **2.** Quitar ou arrincar os gonzos. **3.** Estragar. **4.** Dislocar.
esgonzada. s. f. Ángulo obtuso interior que forma a parede contigua a unha ventá; esconzada. **2.** adx. Aplícase á parede que está de xeito vertical coa ventá.
esgonzar. v. Separarse os gonzos ou bisagras de onde estaban postos (Abres).
esgónzaro. V. escónzaro (Abres, Ibias).
esgonzo. s. m. Pedra angulada, con dúas caras laterais, boa para facer a *esgonzada*. **2.** Abertura máis ancha no interior das paredes laterais dunha porta ou ventá, para que entre máis luz ou se abran máis, que no exterior onde é máis estreita (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).
esgorgolexar. v. Facer ruído os cochos cando comen. **2.** Facer ruído coa gorxa por non respirar ben ou por outras causas. **3.** V. gorgolexar 1ª acep. **4.** Ferver un líquido producindo ruído pola calor.
esgranizar. v. Saltarlle o aceiro a unha ferramenta.
esgreizado, -a. adx. Desfeito.
esgreizar. v. Desfacerse.
esgrinzado, -a. adx. Aplícase a unha ferramenta cando está con marcas no fío.
esgrinzarse. v. prnl. Facerse unha marca nunha ferramenta. **2.** Estragar; esgonciar.
esgromado, -a. adx. Dise da árbore á que lle cortaron as puntas das ramas.
esgromar. v. Cortar as puntas das ramas das árbores; esgrumizar.
esgrumizar. v. Romper as puntas das ramas ás árbores; esgromar.
esgubia. V. gubia.
esgubiar. v. Rebaixar a madeira coa gubia.
esgubio. s. m. Gubia grande.
esguebar. v. Cortar leña (Ortigueira). **2.** Facer estelas da leña (Coaña). **3.** Cortar, rachar (Navia).
esgueira (de). loc. De lado. **2.** De festa. **3.** Con disimulo, de esguello.
esgueirar. v. Berrar moi alto. **2.** Facer moito ruído (Tapia de Casarego).
esguendellado, -a. adx. Co cabelo revolto.
esguerzo. s. m. Oco nunha rocha do fondo do mar (Tapia de Casarego).
esguieira (de). V. esgueira (de).
esguilar. v. Esvarar (Allande).
esguilón. adx. (pl. esguilois). Esvaradío.
esguillo. s. f. Cría da troita (Boal).
esguín. s. m. Cría do salmón cando non saíu do río cara ao mar (Navia).
esguitón, -úa. adx. O que non quere relacionarse coa xente.
esguizar. v. Saír algo do marco no que estaba (*Esguizou a porta*), (Eilao).
esguízaro, -a. adx. Intelixente.
esgumilar. v. Vomitar (Castropol).
esgurbiñar. v. Remover algo coas mans, como un neno no berce (Allande).
esgurbizar. v. Remexer.
esgurria. s. f. Envoltura dun feto nunha vaca.
esgurriar. v. Botar a placenta unha vaca.
esgurrio. V. esburrio (Castropol).
esgurrumbar. V. esbarrumbar.
esí. V. así.
esixir. v. Pedir mandando aquilo ao que se cre ter dereito. **2.** Reclamar.
eslabón. s. m. (pl. eslabois). Peza metálica do chisqueiro que serve para que se faga unha chispa ao contacto cunha *pedra ferreal*. **2.** Cada unha das pezas que forma unha cadea.
esladricar. v. Ladrar un can pouco ou cun ton baixo (San Martín de Ozcos, Ibias). **2.**

Falar moito unha persoa ou mal de alguén (Ibias, San Martín de Ozcos).

esladroar. v. Quitar as ramas baixas do tronco dunha árbore (San Martín de Ozcos).

esladruar. v. Quitar das viñas todas as ramas que non teñen uvas. **2.** V. esladroar.

eslafar. v. Nos xogos de nenos, deixar ao contrario sen diñeiro para poder apostar.

eslagrimexar. v. Chorar pouco.

eslaiarse. v. prnl. Queixarse, preocuparse (Castropol).

eslamiado, -a. adx. Dise da comida pobre e insípida, con poucos ingredientes. **2.** Aplícase á roupa que non queda ben. **3.** Dise da persoa sen graza, inactiva.

eslamizar. v. Revolver na lama (Tapia de Casarego).

eslampaciar. v. Fregar mal a louza.

eslapuzar. v. Golpear na auga de xeito que salte, salpicar.

eslatonar. v. Facer ruído como cando se golpean latas ou se arrastran estas polo chan.

eslavado. s. m. Operación de limar o *espigo* dun coitelo para que quede limpo (Taramundi).

eslavallar. v. Limpar a boca. **2.** Limpar as vasillas con auga (San Martín de Ozcos). **3.** V. eslavazar (San Martín de Ozcos).

eslavar. v. Limar o *espigo* dun coitelo para que quede limpo (Taramundi).

eslavaza. s. f. Comida do cocho feita cos restos da cociña ou da horta; lavaza.

eslavazado, -a. adx. Aplícase á persoa desamañada no seu aspecto ou vestimenta; deslavazado. **2.** Dise da comida que saíu con pouca graxa, frouxa (*Este caldo tá eslavazado*), (Tapia de Casarego, Villaión).

eslavazar. v. Lavar unha cousa de xeito superficial.

esleirar. v. Facer ruído, normalmente pouco. **2.** Facer traballos de pouca importancia.

eslimadeiro. s. m. Lugar onde se esvara.

eslimadizo, -a. adx. Que esvara facilmente.

eslimar. v. Esvarar, caer.

eslimón, -úa, -oa. s. m. e adx. Terreo onde se esvara moito. **2.** Escorregadizo, que esvara.

eslimoso. V. eslimón.

eslingada. s. f. Montón de toros suxeitos por unha cadea de ferro para erguelos unha grúa.

esllabón. V. eslabón.

esllagrimexar. V. lagrimexar.

esllaguazado, -a. adx. Dise da comida con exceso de auga e mal condimentada.

esllaguazar. v. Remexer na auga (Allande).

esllamiado, -a. V. esllamido. **2.** Que non ten sabor, insulso.

esllamido, -a. adx. Fraco, moi delgado.

esllamizar. v. Revolver a lama.

esllancar. v. Desfacer os *lancos*.

esllapuciar. V. eslapuzar (Boal).

esllapazar. v. Limpar (El Franco). **2.** Pisar a auga das pozas xogando (Villaión).

esllapuzar. V. eslapuzar.

esllavaza. V. eslavaza.

esllavazar. v. Golpear a auga movendo as mans ou os pés e salpicando.

eslleirar. V. esleirar 1ª acep. **2.** V. leirar. **3.** Revolver.

esllimacuado, -a. Que esvara. **2.** Raquítico, moi delgado.

esllimadeiro. V. eslimadeiro.

esllimar. V. eslimar. **2.** Botar mucosidade xenital a femia dun animal, especialmente a vaca.

esllimón, -úa. V. eslimón.

esllimoso. V. eslimón.

esllouxeirar. v. Facer moito ruído cando se fai algo.

eslora. s. f. Distancia ou lonxitude dunha embarcación ou medida interior dun barco na cuberta desde proa a popa.

esluír. v. Disolver as partes dun corpo por medio dun líquido; diluír, desluír.

esmadrantarse. v. prnl. Espantarse, como o gando.

esmadrarse. V. esmadroarse.

esmadrazado, -a. adx. Dise do que se quitou da parte principal (El Franco).

esmadrazar. v. Facer ruído, normalmente moito. **2.** Quitar algo da parte principal (*Esmadrazaban os lloureiros al cortallos*), (El Franco). **3.** prnl. Demostrar de xeito esaxerado os sentimentos.

esmadreñar. V. esgalochar.

esmadroarse. v. prnl. Saírlle a madre á vaca, normalmente despois de parir.

esmadronarse. V. esmadroarse (Navia).

esmadroñar. v. Mancarse unha persoa ao caer (Boal).

esmadruarse. V. esmadroarse.

esmagadora. V. estruxadora.

esmagallado, -a. adx. Pisado, esmagado, (Abres, Grandas de Salime, Allande).

esmagalladora. s. f. Máquina que serve para esmagar uvas ou mazás.

esmagallar. v. Esmagar (Grandas de Salime, Allande).

esmagar. v. Desfacer (*Esmagáronse as patacas*).

esmaguado, -a. adx. Frouxo, con preguiza (Boal). **2.** Desfeito, normalmente por cocerse moito unha cousa. **3.** Dise da planta desmellorada polo efecto do sol.

esmaltado. s. m. Acción de modelar o ferro ou o aceiro un ferreiro nun mazo ou nunha forxa.

esmaltar. v. Desbastar ou labrar a madeira. **2.** Darlle forma ás galochas podéndose facer coa brosa ou cunha aixola ancha. **3.** Nun mazo ou nunha forxa, modelar o ferro ou o aceiro aproveitando que están brandos pola calor eliminando con golpes todos os grans que poidan ter; espalmar.

esmanazarse. V. esmazanarse (Santalla de Ozcos).

esmandilar. v. Descompoñer, desfacer (Serandías).

esmangallado, -a. adx. Debilitado, sen forzas; esmaguado 1ª acep. **2.** Dise da persoa grande e mal amañada (Tapia de Casarego).

esmanganado, -a. V. esmangonado (Navia). **2.** Preguizoso (Allande).

esmanganiado, -a. adx. Sen facer nada.

esmangolado, -a. adx. Que perdeu o ánimo ou as forzas **2.** Mal vestido. **3.** Coas mangas moi longas e anchas.

esmangonado, -a. adx. Roto ou medio estragado (Navia).

esmanzanado, -a. adx. Dise do gando vacún que se lle desencaixan os cadrís.

esmañuzar. v. Mover un tizón para avivarlo (Allande).

esmarañar. v. Estender a herba despois de segala para que seque (Boal).

esmazanado, -a. V. esmanzanado.

esmazanarse. v. prnl. Desencaixarse no gando vacún os cadrís (Os Ozcos). **2.** V. esmadroarse. **3.** Romper o óso da cadeira unha vaca.

esmazuar. v. Golpearse na cabeza (Castropol). **2.** prnl. V. esmazanarse 1ª acep.

esmechado, -a. adx. Sen dentes.

esmechar. v. Asombrar, admirar. **2.** Esnaquizar, desfacer (Villaión).

esmeicer. v. Axitar calquera clase de líquido, como o viño (Eilao).

esmelado, -a. adx. Que lle falta a dentadura e vénselle as enxivas.

esmelandrado, -a. adx. Dise da persoa mal vestida, con farrapos (Boal, Santalla de Ozcos).

esmelenarse. v. prnl. Poñerse fusioso.

esmelendrado, -a. adx. Dise do paxelo que está estragado (San Martín de Ozcos). **2.** V. esmelandrado (Castropol, Allande).

esmelgado, -a. adx. Dise do trobo ou da colmea aos que se lles quitou o mel.

esmelgadeira. V. esmelgadoira.

esmelgadoira. s. f. Instrumento que consta dun mango e unha folla de dobre fío curvada e dunha lonxitude variable, que serve para cortar a cera dos trobos ou para extraer o mel.

esmelgadora* → esmelgadoira.

esmelgar. v. Quitar o mel dos trobos ou colmeas; escolmear, escolmiar.

esmellado, -a. V. esmelado. **2.** Dise do apeiro sen dentes.

esmellar. v. Perder os dentes un apeiro. **2.** prnl. Caer a un os dentes (Boal).

esmemoriado, -a. adx. Desmemoriado.

esmendellado, -a. adx. Dise da persoa mal vestida ou con farrapos.

esmendellar. V. esmendrellar 1ª acep. (Allande).

esmendrellar. v. Romper (Castropol, Tapia de Casarego). **2.** prnl. Rir moito.

esmenuzar. v. Desfacer algo en cachos máis pequenos.

esmerado, -a. adx. Coidado.

esmerarse. v. prnl. Poñer especial coidado en facer as cousas.

esmeril. s. m. Pedra áspera e dura que se emprega para desgastar o ferro ou afiar ferramentas. **2.** Aparato que ten esta pedra.

esmerucar. v. Buscar na terra miñocas (*Un merbo esmerucando na terra*), (Navia).

esmeruxado, -a. adx. Desmellorado; esmexarrado, esmexarriado.

esmeruxar. v. Enfraquecer, desmellorar.

esmesar. v. Quitar pouco a pouco algo que está xunto, como a herba dunha meda (Os Ozcos). **2.** Quitar pouco a pouco a herba que está amontoada nun carro coas mans. // **Gancho de *esmesar*.** Gancho cun dente que se utiliza para quitar a herba das medas ou dos palleiros.

esmexarrado, -a. adx. Aplícase á persoa enfermiza, fraca e pálida.

esmexarriado, -a. V. esmexarrado (Seares).

esmexarriarse. v. prnl. Tremer de medo.

esmexicarse. V. esmexucarse 1ª e 2ª acep. (Coaña).

esmexucarse. v. prnl. Pedir con moita insistencia (Coaña). **2.** Gustarlle moito a unha persoa que a adulen (Coaña).

esmexurriado, -a. V. esmexarrado. **2.** Pequeno, de pouca calidade (*As pitas puxeron ovos esmexurriados*).

esmilagrado, -a. Asustado (Tapia de Casarego).

esmilagrar. v. Esaxerar unha persoa por calquera cousa que lle pasa. **2.** Chorar. **3.** prnl. Quedar moi abraiado, asustado ou entristecido.
esmirriado, -a. adx. Fraco, delgado.
esmirriarse. v. prnl. Quedar fraco.
esmiruxar. V. esmeruxar.
esmiuzado, -a. adx. Partido en cachos moi pequenos.
esmiuzar. v. Partir unha cousa en cachos moi pequenos.
esmocallar. v. Chorar moito sen motivo e caéndose os mocos. **2.** prnl. Caer os mocos a unha persoa.
esmochado, -a. adx. Dise da árbore á que se lle quitaron as ramas. **2.** Aplícase ao que perdeu a punta (*Esta agulla tá esmochada*), (Allande).
esmochar. v. Podar quitando as guías dunha árbore (Santalla de Ozcos, Navia). **2.** Perder a punta algo (Allande).
esmolado, -a. adx. Preocupado, desanimado (Coaña).
esmolancriado, -a. adx. Aplícase á persoa que sente frouxedade no corpo. **2.** Dise da persoa decaída, sen ánimo. **3.** Aplícase á planta ou árbore murchos.
esmolancriar. v. Sentir frouxedade no corpo.
esmolarse. v. prnl. Preocuparse por algo ou por alguén (Navia).
esmolemento. s. m. Preocupación.
esmolecedura. s. f. Preocupación (Navia).
esmolecer. v. Abrandar (*Asta que se esmolece el grao*), (Seares). **2.** prnl. Perder a persoa a alegría ou vitalidade natural por ter moito traballo (Eilao). **3.** prnl. Preocuparse (Coaña, A Veiga).
esmolecido, -a. adx. Preocupado.
esmoledura. s. f. Desánimo, mágoa.
esmoler. v. Perder a paciencia. **2.** Desanimarse, ter mágoa. **3.** Molestarse. **4.** Preocuparse, como por atender a unha persoa. // **El que se *esmola nun* engorda.** Refrán que alude a que as persoas que se preocupan moito das cousas non engordan porque comen pouco.
esmolicar. v. Moer moi fino o gran (Santalla de Ozcos).
esmolicrado, -a. adx. Abrandado (Abres).
esmolido, -a. adx. Preocupado. **2.** Aflixido, triste. **3.** Molestado.
esmollancriado, -a. adx. Sen ánimo, baixo de moral ou de forzas; esmolancriado 2ª acep. **2.** Sen consistencia, brando (Boal).
esmollancriar. v. Fraquear; esmolancriar.
esmollecerse. V. esmolecer 2ª acep.
esmondongar. v. Facer o *mondongo*.
esmondonguiar. V. esmondongar.
esmonexar. v. Sacudir (Grandas de Salime).
esmorcillado, -a. adx. Brando, sen consistencia. **2.** Apático, desganado.
esmorecer. v. Perder as forzas, o ánimo ou o alento. **2.** Murchar as flores, froitos ou plantas. **3.** Desmellorar unha persoa. **4.** V. esqueicer 1ª acep. (Coaña). **5.** prnl. Perder o viño a súa forza (San Martín de Ozcos).
esmorecido, -a. adx. Sen ánimo, debilitado. **2.** Murcho.
esmoronarse. v. prnl. Caer.
esmortanxado, -a. adx. Débil, sen forzas, desmellorado. **2.** Brando, sen consistencia. **3.** Murcho.
esmosqueirar. v. Espantar as moscas o gando coa cabeza ou o rabo.
esmoucado, -a. adx. Dise do gando vacún que perdeu un ou os dous cornos; mouco.
esmoucallado, -a. Dise do que ten moitos mocos.
esmoucar. v. Perder un corno ou os dous o gando vacún. **2.** Cortar a copa dunha árbore. **3.** Invalidar. **4.** Cortar as puntas a algo.
esmoucelado, -a. adx. Fendido, con algunha rotura, sen arestas.
esmoucelar. v. Fender, rachar, quitar as arestas a algo (San Martín de Ozcos).
esmoucellar. v. Arrincar, romper de xeito violento; esgarnachar.
esmouchado, -a. adx. Sen a parte superior.
esmouchar. v. Quitar a parte superior dunha cousa, como un corno ao gando ou unha rama a unha árbore ou a unha planta; esmoucar, demoucar.
esmouciar. v. Sacudir a cabeza o gando, especialmente o vacún (Tapia de Casarego).
esmoucuar. V. esmoucar 1ª acep.
esmouquelar. v. Quitar un cacho ao pan.
esmourecer. V. esmolecer 1ª acep.
esmozquitar. V. mozcar 1ª acep.
esmuchicar. v. Mover as pálpebras dos ollos. **2.** Soltar muxicas (*muchicas*).
esmucir. v. Moverse algo pouco a pouco ata que se solta (*El nougo esmuciu*).
esmulido, -a. V. esmolido 2ª acep.
esmurecer* → esmorecer.
esmurcirse. v. prnl. Esmorecer, perder o ánimo.
esnafrado, -a. adx. Roto. **2.** Mancado.
esnafrar. v. Romper a cara. **2.** prnl. Caer golpeándose o nariz.
esnatar. v. Quitar a nata ao leite.
Obs. Trátase dun castelanismo.

esnembrar. v. Desmembrar. **2.** Rachar, esgazar; desnembrar. **3.** Figuradamente, ferir golpeando.
esnidiar. V. eslimar.
esnogado. V. esfiado.
esnogarse. V. esfilar 2ª acep.
esnoirar. v. Baixar a terra dun barranco, do lado da estrada etc.
esnoiro. s. m. Desprendemento de terra (Vilanova de Ozcos).
esnougado, -a. adx. Dise da persoa morta por un golpe na caluga (Castropol).
esnouguelarse. v. prnl. Ferirse nos *nouguelos*, especialmente coas galochas.
esnouguellarse. V. esnouguelarse.
esnuado. adx. Aplícase á árbore que lle quitan as ramas polos nós (Pezós).
esnucado. adx. Aplícase á árbore que se lle corta a parte de enriba das ramas (Pezós).
esnucar. v. Causar a morte a unha persoa ou a un animal por un golpe na caluga. **2.** Quitar do seu lugar os ósos da caluga. **3.** prnl. Morrer por un golpe na caluga.
esnugarse. V. esfilar 2ª acep.
eso. Pronome demostrativo neutro que sinala a cousa que está máis cerca de quen escoita. // ***Eso* é!** Así é. // ***Eso* si.** Expresión afirmativa. // ***Eso* todo.** Todo eso. // ***Eso* xa!** Dise cando unha cousa se sabe ou se dá xa por coñecida. // **Por *eso*.** Debido a.
esoutro, -a. (pl. esoutros, esoutras). Forma do demostrativo *ese* combinada co indefinido *outro*.
espabilado, -a. adx. Desperto, vivo.
espabilar. v. Avivar e exercitar o entendemento ou o enxeño. **2.** prnl. Apresurarse. **3.** prnl. Quitar o sono.
espachurrado, -a. adx. Esmagado. **2.** Desconcertado, sorprendido.
espachurrar. v. Esmagar unha cousa en cachos ou apertándoa con forza.
espaciar. v. Poñer espazo entre as cousas, sexa no lugar ou no tempo.
espacín* → despacín.
espacio* → despacio.
espacioso, -a. adx. Ancho, vasto.
espada. V. espadela. **2.** V. peixe espada (Tapia de Casarego).
espadaina. V. espadana 1ª e 2ª acep. (Boal, Navia, Allande).
espadana. s. f. Nome común aplicado a diversas especies de plantas tifáceas do xénero *Typha*. Son herbas perennes, que poden alcanzar até os dous e medio centímetros de altura, con follas con forma de cinta e inflorescencias cilíndricas, moi densas. A máis corrente é a *Typha latifolia*. Empréganse como alfombras nas procesións do Corpus. **2.** Aplícase tamén esta palabra á planta da familia das iridáceas, que medra nas beiras dos ríos e estanques. Ten un longo rizoma reptante, con follas ensiformes, todas basais e flores amarelas, reunidas nunha espiga de seis a oito centímetros acompañada dunha especie de folla (*Iris pseudacorus*). **3.** Campanario dunha igrexa feito dunha soa parede, na que se abre un oco ou máis para colocar as campás. **4.** Nunha *barquiñeira* dun mazo, táboa longa e estreita que une o veo do *árbol* cun apéndice de madeira da viga *barquiñeira*.
espadanal. s. m. Lugar onde abundan as *espadanas*.
espadar. V. espadelar.
espadecerse. v. Tomar o aire, dar unha volta por un lugar descuberto. **2.** Distraerse.
espadela. s. f. Espada de madeira para espadelar o liño.
espadelar. v. Mazar as febras de liño coa espadela para que se poida fiar.
espalar. v. Cambiar os dentes o gando vacún por outros máis fortes.
espalda. s. f. Parte posterior do corpo que vai desde os ombros á cintura. // **Ter a *espalda* sempre aberta.** Estar sempre preocupado. **2.** Temer, pensar que hai un perigo.
Obs. Trátase dun castelanismo.
espallada. s. f. Pau con dous gallos que se utiliza nas colmeas (San Martín de Ozcos).
espalladoira. s. f. Instrumento agrícola consistente nun pau que remata en dous gallos, que serve para varios usos (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).
espallador. s. m. Pequena pa de madeira con dez furados, por onde pasa o fío dos nobelos para levalos logo á urdideira.
espallar. v. Quitar a herba ou a bouza que hai entre a palla despois de segala. **2.** Estender. **3.** Separar o gran da palla despois de mallala (San Martín de Ozcos).
espalmado, -a. adx. Dise da peza de ferro estirada nun mazo ou nunha forxa. **2.** s. m. Acto de estirar o ferro nun mazo ou nunha forxa.
espalmador. s. m. Mazo para espalmar o ferro.
espalmar. v. Nun mazo, estirar ou estender o ferro esmagándoo. **2.** Ser algo doado de moldear, como a cera.

espalmillar. V. espalmar. **2.** Cortar polo bordo de xeito oblicuo a punta dunha barra de ferro.

espalombado, -a. adx. Dise do gando vacún coa cadeira dobrada (Os Ozcos). **2.** Dise do gando vacún co rabo roto na raíz (Allande). **3.** Fatigado, cansado.

espalombarse. v. prnl. Romper a *palombela* á vaca (Os Ozcos).

espampanante. adx. Aplícase ao que chama a atención.

espandear. v. Mover a vaca o traseiro dun lado a outro (Navia).

espandelarse. v. prnl. Curvar unha res o espiñazo cara a abaixo; espandiarse.

espandellar. v. Romper a vaca os ósos do nacemento do rabo por un golpe, quedando torto cara a un lado. **2.** V. espandelarse.

espandiado, -a. adx. Chepudo.

espandiar. v. Dobrarse unha viga do teito dun edificio. **2.** Golpearse no lombo (Castropol). **3.** prnl. Curvarse o espiñazo dos animais.

espandirse. V. espandear (Navia).

espaniar. v. Ceibar o gando dun mal de ollo.

espantacucos. s. m. e adx. Persoa que ten medo, que se espanta facilmente por cousas de pouca importancia (Vilanova de Ozcos).

espantapáxaro. V. espantullo.

espantapáxaros. V. espantullo.

espantadizo, -a. adx. Que se espanta facilmente.

espantado, -a. adx. Asustado.

espantar. v. Botar dun lugar a unha persoa ou a un animal. **2.** Asustar. **3.** prnl. Sentir medo.

espantaxo. V. espantullo.

espantullo. s. m. Obxecto que se pon nas leiras, que se pode parecer a unha persoa e que serve para espantar os paxaros.

espanzurrado, -a. Rebentado. **2.** Coa barriga aberta, cortada ou posta para enriba.

espanzurrar. v. Abrir ou cortar a barriga a unha persoa ou a un animal. **2.** Rebentar. **3.** Caer coa barriga para enriba.

espanzurriado, -a. adx. Que non quere traballar, vago.

espapallado, -a. adx. Dise do froito que está moi maduro e desfeito.

espapallarse. v. prnl. Desfacerse un alimento por cocerse de máis ou unha froita cando está moi madura.

espapelar. v. Revolver e desordenar os papeis.

espapolado, -a. adx. Espallado, estendido (Coaña).

espapolarse. v. prnl. Desfacerse un alimento por cocelo de máis ou unha froita por estar moi madura (Boal, Coaña).

esparadrapo. s. m. Lenzo para cubrir as feridas ou apertar as vendas.

esparafitarse. v. prnl. Falar, berrar ou comportarse con enfado.

esparafoutar. v. Estender unha cousa mal, como se quere, sen coidado (Boal).

esparafustar. v. Rifar. **2**. Armar barullo, alborotar (Boal).

esparabutar. V. esparagutar (A Veiga).

esparagutar. v. Espallar, estrar.

esparangallar. v. Espallar sen orde os elementos dun conxunto (Eilao).

esparar. v. Desenmarañar un aparello de pesca. **2.** Preparar un aparello de pesca ou as redes na popa dunha embarcación ou noutro lugar para que despois sirvan para pescar.

esparatrapo* → esparadrapo.

esparaván. s. m. Cousa sen xeito. **2.** Xesto dun tolo. **3.** Persoa que fai xestos histéricos. **4.** Tumor que lles sae ás cabalerías no xarrete (*corvexón*). **5.** Defecto que teñen algunhas cabalerías nas patas traseiras que as fai coxear.

esparavanado, -a. adx. Que coxea (*Coa burra esparavanada*), (Boal). **2.** Figuradamente, dise do mes inestable, tolo (*marzo esparavanado*). **3.** Fatigado, cansado (Allande, A Veiga).

esparavanar. v. Facer esparaváns. **2.** prnl. Caer, derrubarse.

esparavanón, -a. adx. Aplícase á persoa pouco equilibrada.

esparavén. s. m. Táboa de madeira sen mango que se pon sobre o brazo para poder cargalo de masa que usan os albaneis (Navia).

esparaventar. v. Facer xestos esaxerados.

esparavento. s. m. Xesto esaxerado.

esparavexar. v. Facer espaventos (Navia).

esparaxismar. v. Facer espaventos; espaventar.

esparazado, -a. adx. Aplícase á árbore ou rama sen casca. **2.** Dise do gran de cereal moído erguendo a moa para que a fariña saia máis gorda.

esparazar. v. Moer o gran dos cereais no muíño erguendo a moa para que a fariña saia máis gorda ou máis limpa de farelo. **2.** Quitar a casca ao tronco dunha árbore ou a unha rama.

esparcemento. s. m. Distracción, diversión, entretemento.

esparcer. v. Separar ou estender o que está xunto. **2.** Estender.
esparcido, -a. adx. Separado, estendido.
esparciar. V. esparcer.
esparcidor. V. rastrillo 1ª acep.
esparcir. V. esparcer.
espardel. s. m. Cuberta do *guardacalor* dunha embarcación que serve para poñer provisións e outras cousas.
esparón. s. m. Aleta dorsal dos peixes (As Figueiras).
esparpallado, -a. adx. Desfeito, espallado. **2.** Dise da persoa que lle gusta falar, espontáneo, aberto. **3.** Listo, vivo.
esparpallarse. v. prnl. Desfacerse, estenderse.
esparrado, -a. adx. Esmagado, desfeito, **2.** Coas pernas ou as patas abertas (Castropol, A Veiga, Boal, El Franco). **3.** Espallado, estendido.
esparramado, -a. adx. Estendido.
esparramar. v. Estender por moitas partes o que estaba xunto.
esparrancar. V. esparrar 1ª e 2ª acep.
esparrangallado, -a. adx. Dise da cousa que está separada e debía estar xunta. **2.** Que anda coas pernas moi abertas.
esparranquetar. V. esparrar.
esparrado, -a. adx. Dise do que ten as pernas moi abertas. **2.** Dise da árbore pequena e estendida pola terra.
esparrar. v. Separar cousas que tiñan que estar xuntas. **2.** Abrir ou separar as pernas, os dedos etc. **3.** V. esparrellar. **4.** Facer o acto sexual.
esparrelado, -a. adx. Dise da persoa coas pernas abertas.
esparrellado, -a. V. esparrelado.
esparrellar. v. Estenderse unha planta polo chan; parrar 1ª acep.
esparrillado, -a. V. esparrelado.
esparronchado, -a. adx. Dise do que está sentado ou tumbado coas pernas abertas (Boal).
espartir. v. Partir (Os Coutos).
esparto. s. m. Planta vivaz da familia das gramíneas, con follas radicais moi longas, lineais, abertas cando son verdes e enroladas sobre si mesmas máis tarde. Talo duns sesenta a setenta centímetros, pequenas espigas e sementes moi pequenas. Emprégase para facer cordas, cestas, esportas, calzado etc. (*Stipa tenacissima*). **2.** Fibra obtida das follas da planta do mesmo nome.
esparxer. v. Estender.
esparxir. V. esparxer (Boal).
espataleixar. V. espatexar 2ª acep.
espatalexar. V. espatexar 2ª acep. (Navia).
espataricar. v. Andar con pasos curtos e rápidos (Boal, Villaión, Allande).
espatarucar. V. escacexar 6ª acep.
esparratado, -a. adx. Que caeu no chan coas pernas abertas (Coaña).
espartexar. v. Axudar a unha vaca a parir (Navia); partexar.
espatarrarse. v. prnl. Abrir ou separar moito as pernas. **2.** prnl. Caer no chan coas pernas abertas. **3.** prnl. Rirse moito.
espatarrelado, -a. V. esparrelado.
espataxar. v. Pisar algo repetidamente coas patas. **2.** prnl. Caer no chan coas pernas abertas.
espatelado, -a. adx. Mazado, esmagado de tal xeito que algo quede plano.
espatelar. v. Mazar o ferro nun mazo cun martelo de madeira moi grande para deixalo chan. **2.** Agacharse. **3.** Reducir a altura ou grosor de algo. **4.** Esmagar.
espatexar. v. Golpear a auga con forza; esbatuxar. **2.** Mover as pernas con forza ou para defenderse. **3.** Esforzarse, loitar por conseguir algo.
espatorrar. V. espaturrar.
espatucar. V. espataricar.
espátula. s. f. Paleta pequena que se emprega en varios oficios, con lámina ancha e mango pequeno.
espaturrado, -a. adx. Deitado coas pernas moi abertas.
espaturrar. v. Abrir moito as pernas. **2.** Mover as pernas ou as patas de xeito violento para ferir con elas ou por un accidente ou dolor.
espatuxar. v. Mover as pernas na auga. **2.** V. espatexar 2ª acep. **3.** Dicir parvadas.
espaventar. v. Facer espaventos.
espaventeiro, -a. adx. Dise da persoa que fai espaventos.
espavento. s. m. Demostración esaxerada de sorpresa, susto, sentimento etc. **2.** V. esparaván 2ª acep.
espavorido, -a. adx. Aterrorizado, espaventado.
espavorir. v. Asustar.
espaxarado, -a. adx. Dise da tea, adorno, pintura etc., de colores vistosas e fortes.
espaxarolado, -a. adx. Extravagante (Coaña).
espebidar. v. Quitar ou limar a *pebida* dunha navalla ou dun coitelo (Taramundi).
especheirar. v. Facer ruído coa chave na pechadura abrindo portas e ventás ou ao chamar á porta.
espechugado, -a. adx. Escotado.
Obs. Trátase dun castelanismo.
especular. v. Mirar con atención unha cousa. **2.** Meditar, reflexionar.

espedazar. v. Desfacer algo en cachos.
espedrar. v. Quitar as pedras a un terreo, a un camiño etc. **2.** V. espedregar 2ª acep.
espedregar. V. espedrar 1ª acep. **2.** Ir a toda velocidade cunha cabalería.
espedretar. v. Botar peidos. **2.** Facer ruído coas pedras dun camiño, como un cabalo cando galopa. **3.** Rifar, protestar, fungar.
espedrexar. v. Non saír os grans ao trigo no mes de abril (Abres).
espelellado, -a. adx. Coa pel quitada.
espelellar. v. Caer ou quitar a un a pel. **2.** Pelar. **3.** Facerse unha ferida leve na pel. **4.** Falar mal dunha persoa. **5.** Quitar a pel a algo.
espelexado, -a. adx. Sen pel.
espelexar. V. espelellar.
espelido, -a. adx. Esponxado. **2.** Aplícase á persoa convencida da súa valía e que presume dela. **3.** Dise da muller cando lle avulta a barriga polo embarazo. **4.** Aplícase á persoa lista, desperta e divertida (Abres). **5.** Sacudido.
espelidura. s. f. Acción e resultado de medrar a masa de algo ao fermentar, como nun pan, doce etc.
espelir. v. Separar e recoller as herbas que hai entre as pallas dos cereais, despois de segados ou trillados. **2.** Esponxar unha cousa para que estea máis suave, como o pan, ou que medre a súa masa ao fermentar. **3.** Sacudir (Navia, Allande). **4.** Estirar os brazos, as pernas etc.
espellado, -a. adx. Desenvolto. **2.** Intelixente. **3.** Despexado o ceo.
espellar. v. Descubrir o can unha peza de caza. **2.** prnl. Mirar un noutro, imitalo. **3.** prnl. Mirarse nun espello.
espellido, -a. V. espelido 1ª e 5ª acep.
espellir. V. espelir 1ª, 2ª e 3ª acep. **2.** Medrar.
espello. s. m. Superficie lisa onde se reflicten as imaxes. **2.** Reforzo metálico de ferro normalmente con forma cadrada que se pon nas rodas de cruz do carro ou mesmo noutro tipo de rodas e que envolve o *miolo*. **3.** Reforzo metálico que se pon arredor dun cravo. **4.** Cristal axeitado a unha especie de caixón para poder ver mellor os crustáceos no mar (Ortigueira). **5.** Lámina metálica dunha pechadura. // **Non hai mellor espello que a carne xunto al pelello.** Refrán que recrimina a delgadeza.
espelma. s. f. Substancia graxa que se obtiña das cavidades do cranio do cachalote e que se empregaba para facer velas e algúns medicamentos. **2.** Cera líquida que cae ao queimarse unha candea (Allande).
espelurciado, -a. adx. Co pelo desordenado. **2.** Co pelo encrespado.
espelurciar. v. Desordenar o pelo da cabeza. **2.** Poñerse de punta o pelo. **3.** Desordenar o vento a herba dun palleiro.
espeluzar. V. espelurciar.
espencar. v. Apoiarse en algo fixo no chan para poder facer forza (Navia).
espendolado, -a. adx. O que ten unha actitude pouco seria, que está ou vai sen control.
espenia. V. espinilla.
espenque. V. espeque (Navia).
espeque. s. m. Estaca ou pau con que se suxeita algo, como un palleiro (Castropol, Villaión).
espera. s. f. Fendedura que se fai nunha peza para que encaixe noutra.
esperanza. s. f. Sentimento que fai crer que algo que se desexa pode chegar a realizarse. // **A esperanza é *lo* último que se perde.** Refrán que alude a que as persoas procuran aferrarse al desexo que agardan ver cumprido.
esperar. v. Agardar nun sitio a alguén. **2.** Crer que vai acontecer algo. **3.** Ter confianza en conseguir o que se desexa. // **El que espera por quen *nun* vén, mala espera ten.** Refrán que alude ao sufrimento que padece quen vive nunha esperanza incerta de conseguir o que desexa. // **El que *muito* espera, tamén desespera.** Refrán que alude ao sufrimento que padece quen vive nunha esperanza incerta de conseguir o que desexa.
esperdiciar. v. Desperdiciar, empregar mal unha cousa. **2.** Non aproveitar como é debido unha cousa.
esperdicio. s. m. Mal uso dunha cousa. **2.** Residuo que xa non se pode aproveitar.
esperén. adx. Dise da persoa ou animal fracos e normalmente altos.
esperencia* → experencia.
esperexilarse. V. esfarelar 2ª acep.
esperezarse. v. prnl. Distender os brazos e as pernas. **2.** Erguerse (*El serzo iba esperezándose dos louxados*), (Eilao).
esperiencia* → experencia.
esperingallado, -a. adx. Dise da peza de vestir que baixa máis por unhas partes que por outras (Boal). **2.** Farrapento.
esperlote. s. m. Peixe osteíctio da familia dos muxílidos, de trinta a setenta centímetros de lonxitude, co corpo fusiforme, cuberto de escamas grandes, e ollos provistos de pálpebras adiposas que limitan unha órbita vertical (*Mugil cephalus*), (As Figueiras). **2.** Muxe grande (As Figueiras).

esperluciado, -a. adx. Cos pelos alborotados (As Figueiras).
espernencado, -a. adx. Coas pernas moi abertas.
espernequebrado, -a. adx. O que rompe unha perna ou as dúas. **2.** O que ten as pernas tortas (Castropol).
espernequebrar. v. Romper as pernas.
espernexar. v. Mover con violencia as pernas; pernexar.
esperniquebrar. V. espernequebrar.
esperto, -a. adx. Que non dorme. **2.** Listo, vivo.
espertar. v. Deixar de durmir. **2.** Estimular, alentar.
espesar. v. Facerse unha cousa máis espesa ou densa do que era.
espeso, -a. adx. Pouco limpo. **2.** Condensado, concentrado, de xeito especial un líquido.
espesor. s. m. Dimensión dun corpo en tres dimensións.
espeta. s. f. Furado do bocoi existente na parte baixa da fronte. **2.** Tipo pequeno de espeto que normalmente é un pau de madeira ou un ferro, que se usa para varias cousas como comprobar o estado do xamón antes de empezalo, esfollar as mazarocas de millo, sementar fabas ou millo, meter nun estrobo do xugo dun carro, torcer a corda da polea que sobe as oucas, suxeitar herba etc. **3.** Agulla de tecer, curta e sen cabeza. **4.** No carro, peza que atravesa a *forcada* para asegurala á cabezoalla. **5.** Estela pequena que se introduce na carne. **6.** Vara. **7.** Alcaiata. **8.** Colgadoiro moi rudimentario (Abres). **9.** Púa. // **Facer a espetas.** Con agullas de tecer.
espeta-perro (a). loc. Andar con présa (Ortigueira).
espetado, -a. adx. Cravado.
espetar. v. Cravar unha *espeta*, picar. **2.** Por extensión, cravar con algo agudo (Castropol, Navia, Allande). **3.** Dicir a alguén unha cousa de fronte que o moleste ou lle chame a atención. **4.** Cravar o coitelo a un cocho para matalo; pinchar 6ª acep. **5.** Sementar millo, fabas etc., abrindo un furado na terra cun pau (*espeta*). **6.** Cravarse algo agudo (*Espetou un pincho nun pé*). **7.** prnl. Ferirse cunha cousa punzante (Boal, Santalla de Ozcos).
espeteira. s. f. Táboa con ganchos en que se colgaban utensilios da cociña, como cazos, tixelas etc. **2.** V. espeteiro 1ª acep. **3.** Peito da muller cando é voluminoso.
espeteiro. s. m. Moble de madeira que serve para gardar os cacharros da casa. Estaba formado por dous corpos, un abaixo con portas e outro enriba cun *vasal* para poñer os pratos, fontes etc. Tamén podía ser máis simple, cunha táboa ou peza de ferro onde se colgaban os utensilios da cociña. **2.** V. espeteira 1ª acep.
espeto. s. m. Ferramenta con punta, punzón. **2.** Pau pequeno con engado nunha *limaqueira* situado entre os dous últimos arcos de madeira. **3.** V. espeta 2ª e 3ª acep. **4.** V. torno 5ª acep. // **A *espeto*.** Sementar facendo na terra un furado cun punzón de madeira.
espetuada. s. f. Golpe dado cunha *espeta*. **2.** Ferida producida por unha palla fina, unha espiña, un obxecto punzante etc.
espetuarse. V. espetar 7ª acep. (Castropol).
espexo. V. espello 1ª acep. (Navia).
Obs. Trátase dun castelanismo.
espía. s. f. Púa dalgunhas plantas ou animais. **2.** Espiñazo do peixe. **3.** Dolor. **4.** V. espín 1ª acep. **5.** Acne, gran na cara. **6.** V. ala 4ª acep. (As Figueiras). // **A *espía*, *condo* nace, xa *trai* pico.** Cando nace a espiña nace xa coa punta. // ***Aguzarse* a *espía*.** Despertar, prestar máis atención as cousas (*Os nenos van aguzando a espía*). // **Dar mala *espía*.** Presentir algo malo. // ***Espía* carnal.** Gran na cara. // **Quedarlle uha *espía* cravada.** Sentirse un frustrado por algo que aconteceu anteriormente.
espiado, -a. adx. Dise do gando vacún con coxeira no pezuño.
espiar. v. Quitar as espiñas ás espigas dos cereais. **2.** prnl. Cravarse unha ou varias espiñas. **3.** prnl. Desgastarse o casco do gando vacún.
espiazo. s. m. Columna vertebral; espiñazo. **2.** Ferida que se produce na pel cando se crava unha espiña. **3.** Dorso dun peixe (As Figueiras). **4.** V. ala 4ª acep. (El Franco).
espicado. adx. Aplícase ao boi que lle colga a carne do pescozo.
espicañar. V. espicar 5ª acep.
espicar. v. Quitar a parte superior á planta do millo para que medre a mazaroca ou a outras plantas. **2.** Por extensión, quitar a parte superior a algunha cousa. **3.** Cortar as puntas de algo. **4.** Quitar as flores do millo para darllas de alimento ao gando. **5.** Quitar cun *fouzo* a terra e as raíces que leva pegadas un nabo cando se colle (San Martín de Ozcos). **6.** Cortar as puntas de árbores e plantas.
espicha. s. f. Tipo de cravo de forma cónica sen case cabeza que se facía nas

forxas e se utilizaba para asegurar o *bandón* das rodas dos carros, unir algunhas pezas de madeira ou facer os restelos do liño. Tamén se chama *espicha labrada*. **2.** Tapón delgado de madeira que se pon nos bocois para quitalo despois co fin de permitir a entrada do aire a través del e deste xeito facilitar a saída do líquido pola billa (Abres). **3.** V. espiche 2ª acep. (Ortigueira).

espichar. v. Morrer.

espicheirar. v. Facer ruído cunha pechadura ou cun picaporte.

espichinar. v. Golpear, pegar (Boal).

espiche. s. m. Taco de madeira de pequeno tamaño que serve para tapar furados (As Figueiras). **2.** Estela pequena que se pon na articulación das pinzas de varios crustáceos de viveiro para que non se agredan entre eles (As Figueiras).

espicular* → especular.

espido, -a. adx. Sen roupa, en coiros.

espieira. s. f. Nome común de diversas especies de arbustos da familia das solanáceas, do xénero *Lycium*, moi ramificados, espiñentos, de follas lanceoladas ou oblongas, con flores pequenas de color violácea, rosada ou tirando a branco. O froito é de color vermella ou laranxa; espieiro, escambrón. **2.** V. espín 1ª acep.

espieiro. V. espieira (Allande, Boal, San Martín de Ozcos, Villaión). **2.** Lugar onde abundan as *espieiras*. **3.** V. abruñeiro. **4.** V. espín 1ª acep. // ***Espieiro* branco.** V. espín 1ª acep. // ***Espieiro* bravo.** V. perulleiro. // ***Espieiro* mouro.** V. abruñeiro.

espiga. s. f. Parte superior do talo dalgunhas plantas na que está a semente. **2.** Mazaroca do millo. **3.** Cabo dun madeiro que se acorta para que encaixe no furado doutro, como sucede na parte baixa das *corondias* de hórreos ou *paneras*. **4.** Parte lateral metálica do coitelo que vai encaixada na madeira cando o mango é redondo. **5.** Barra pequena que se pon nunha fura para encaixar dúas pezas de madeira. **6.** Pan con forma de espiga de trigo. // **Espiga de pino.** Froito do piñeiro (Vilanova de Ozcos). // **Espiga *reina*.** V. reina.

espigado, -a. adx. Aplícase cando brota a espiga do millo, trigo etc. (*En maio todo espigado*). **2.** Dise da peza de madeira encaixada noutra. **3.** Aplícase a unha persoa nova que medra de corpo. **4.** Alto. **5.** s. m. Parte do trigo onde está a espiga (*El trigo colocábase coel espigado pra dentro*).

espigar. v. Facer a espiga na madeira para que entre no furado doutra. **2.** Nacer as espigas dos cereais. **3.** Florecer certas plantas como as verzas (Boal).

espigarzo. s. m. Período de tempo no que empezan a espigar os cereais (Negueira de Muñiz).

espigo. s. m. Parte superior da fachada dunha casa rematada en ángulo. **2.** V. espiga 3ª acep. **3.** Madeira do lousado. **4.** No carro, rebaixe de xeito prismático do eixe. **5.** Espiga pequena de trigo que queda despois da recolleita dos colmos (Eilao). **6.** Rebaixe nun *cepetío* dun mazo. **7.** Parte metálica rebaixada da folla dun coitelo ou dunha ferramenta de corte que encaixa no mango (Taramundi); estil 2ª acep. **8.** Parafuso de ferro que serve para que xire o temón dunha embarcación.

espigón. s. m. Dique que se prolonga desde un peirao.

espigoto. s. m. Espiga miúda (Santalla de Ozcos); espigo 5ª acep.

espigudo, -a. adx. Aplícase ao rapaz alto e delgado.

espiguiciar. v. Comezar a espigar os cereais (Os Ozcos).

espilido, -a. V. espelido.

espilidura. s. f. Acción de espelir.

espilir. V. espelir 1ª, 2ª e 4ª acep. **2.** Moverse, marchar (*Espile de aí!*), (Santalla de Ozcos).

espillido, -a. V. espelido.

espillidura. V. espilidura.

espillir. V. espelir 1ª, 2ª e 3ª acep.

espín. s. m. Arbusto espiñento da familia das rosáceas, de tres a cinco metros de altura, con ramas con espiñas, follas lobuladas e flores brancas e olorosas. O seu froito é unha bóla pequena de color vermella, negra ou amarela. Ten propiedades medicinais en casos de enfermidades dos nervios, do sono, depresión e presión alta (*Crataegus monogina*). **2.** V. espieira. **3.** V. razcacheiro (Abres). // ***Espín coraleiro*.** Arbusto espiñento da familia das rosáceas, dun metro a tres de altura, tronco de color parda grisácea, ramas espiñentas, follas dentadas e brillantes. As flores son pequenas, brancas ou amarelas claras, e os froitos en forma de bóla de color vermella, laranxa ou amarela (*Pyracantha coccinea*). // ***Espín* de enxertar.** O que se pode enxertar.

espinel. s. m. Palangre co tanzo máis curto e os anzois máis pequenos que se

utilizan normalmente para peixes de fondo en zonas de moita area (Ortigueira).

espingallar. V. espingaratar.

espingaratar. v. Caer pingas de auga moi espazadas cando comeza a chover. **2.** Pingar un líquido que está nun recipiente.

espingaratiar. V. espingaratar (Navia).

espingardo, -a. adx. Aplícase á persoa alta e sen graza. **2.** s. f. Escopeta antiga de forma longa.

espingarriar. V. espingaratar.

espingorotiar. V. espingaratar (Navia).

espinía. V. espinilla 1ª acep. (Villaión). // **Caerlle a *espinía*.** V. espinilla (Ter a espinilla caída).

espinicar. v. Sacudir. **2.** Coller pouco a pouco cachos dunha cousa. **3.** Coller coa punta dos dedos flores, froitos, obxectos pequenos etc. (Abres). **4.** Comer sen ganas.

espinilla. s. f. Espiñazo. **2.** Crista da tibia (Navia, Villaión, Abres). // **Levantar a *espinilla*.** Operación que fai unha persoa ou un curandeiro, que consiste en estirar os membros superiores do corpo dunha persoa decaída, apoiando o xeonllo sobre o lombo do enfermo e tirando cara a atrás dos brazos que están cruzados sobre o peito. // **Ter a *espinilla* (*espenia*) caída.** Ter unha enfermidade que produce cansazo, mareos, preguiza etc., que se cura levantándoa.
Obs. Trátase dun castelanismo.

espintarrexado, -a. adx. Debuxado ou pintado de varias colores. **2.** Dise da persoa que viste con moitas colores.

espintarraxar. v. Debuxar ou pintar de varias colores e sen arte unha cousa.

espiña. V. espía 1ª e 2ª acep. (Abres).

espiñar. v. Ferirse cunha espiña.

espiñazo. s. m. Columna vertebral; espiazo. **2.** Quilla e cadernas (*cuadernas*) dunha embarcación. // **Dobrar el espiñazo (*espiazo*).** Traballar forte.

espiño. V. espín 1ª acep. (A Veiga).

espiñudo, -a. adx. Que ten espiñas.

espiollar. v. Caer baleiros os ourizos das castañas cando son pequenos. **2.** prnl. Quitar os piollos, normalmente referido ás galiñas cando o fan co peteiro.

espioxar. V. espiollar 2ª acep. (Navia).
Obs. Trátase dun castelanismo.

espipar. v. Quitar unha palla do talo dun cereal.

espir. v. Quitar a roupa. **2.** Quitar a unha cousa algo que a cobre.

espirar* → expirar.

espiringallar. v. Estender, espallar. **2.** V. espingaratar.

espírito. s. m. Superstición que consistía en que unha persoa que ía morrer se lle aparecía a súa figura a outra polos camiños. **2.** Forza, brío.

espiritual. adx. Místico, relixioso.

espiritualidá. s. f. Natureza e condición de espiritual.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

espita. s. f. Pau pequeno, feito normalmente de uz.

espitalar. v. Revolver.

espitar. v. Rachar os talos da gamota cunha vara para eliminalas (Allande).

espiuada. s. f. Ferida producida por unha espiña.

esplanada. s. f. Lugar chan.
Obs. Trátase dun castelanismo.

espléndido, -a. adx. Magnífico, estupendo.

esplicar* → explicar.

esplumar. v. Deixar a un sen diñeiro. **2.** Quitar as plumas a unha ave.

espodar. v. Quitar as canas das árbores cunha brosa; despodar.

espola. s. f. Aparello que se pon nas botas rematado en punta e que se usa para facer andar ás cabalerías ao picalas. **2.** Última copa ou vaso de viño que se beben antes de saír dunha taberna. **3.** Pedra que sobresae dunha parede para que non vaian dar as rodeiras dos carros nela (San Martín de Ozcos).
Obs. Trátase dun semicastelanismo.

espolazo. s. m. Golpe dado coas *espolas*.

espoleirar. v. Esponxar a galiña ou un paxaro as plumas sacudíndoas.

espoleta. V. casco 8ª acep. (Ortigueira).

espoliar. v. Picar coa *espola* á unha cabalería para que ande. **2.** Apresurarse cando se fai algunha cousa.

espolicar. v. Gañar todo a un xogador contrario, como no *pión* (Tapia de Casarego).

espolín. s. m. Mozo que camiñaba a pé diante da cabalería do seu amo. **2.** Lea, enredo. **3.** Rifa, discusión. **4.** Barullo, alboroto.

espolista. V. espolín 1ª acep. (San Martín de Ozcos, Navia).

espolleirar. V. espoleirar.

espollón. s. m. Dedo posterior das aves (Boal).

espolón. V. esporón (As Figueiras). **2.** V. ala 4ª acep. (Ortigueira). **3.** V. pincho[1] 6ª acep. // **Ter *espolón*.** Ter moita experiencia na vida.

espoltraburras. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Torga (Ibias), porque se dicía que forzaban de máis as burras no traballo.

espoltrado, -a. adx. Deitado sen facer nada (Boal).

espoltrar. v. Abortar as cabalerías (Boal, Os Ozcos).
espoltruarse. v. prnl. Deitarse de calquera maneira nun lugar para descansar ou folgar.
espolvar. v. Soltar po algunha cousa.
espolveirado, -a. adx. Esparexido en forma de po.
espolveirar. v. Espallar sobre unha cousa outra feita po. **2.** Erguer po. **3.** Esponxar, sacudir.
espolvoriar. V. espolveirar 1ª acep.
espombelado, -a. adx. Dise do gando vacún coa cadeira dobrada (Santalla de Ozcos).
esponxa. s. f. Obxecto feito de diversos materiais ou natural, que absorbe calquera líquido ou o solta espreméndoo, e que normalmente se usa para os labores de limpeza.
esponxado, -a. adx. Que adquiriu consistencia de esponxa.
esponxar. v. Adquirir ou facer adquirir consistencia de esponxa.
esponxoso, -a. adx. Con características de esponxa. **2.** Espelido.
espoñer* → expoñer.
esporón. s. m. Escama especial que ten nos lados o xurelo (As Figueiras).
esporta. s. f. Especie de cesta, de forma cóncava, de palla, esparto etc., con unha ou dúas asas pequenas, que serve para levar peixes, carne, froitas etc.
esportada. s. f. Carga dunha esporta. // **A *esportadas*.** De xeito abundante.
esporteirar. v. Facer ruído coas portas.
esportellado, -a. adx. Dise da porta, portela etc. que está desgastada.
esportellar. v. Desgastar unha porta, unha portela etc. (Allande).
esposar. v. Poñer esposas.
esposas. s. f. pl. Argolas de ferro que se poñen nos pulsos ou nas pernas dos supostos delicuentes para prendelos.
esposítor* → expositor.
espotrallado, -a. V. espotralladón.
espotralladón, -a. adx. Aplícase á persoa tumbada ou sentada de calquera xeito.
espotrallarse. v. prnl. Tumbarse ou sentar unha persoa de calquera xeito.
espotricar. v. Esbardallar.
espoxigar. v. Medrar, crecer. **2.** Recuperar a saúde ou as forzas.
espraiarse. v. prnl. Estenderse sobre calquera materia. **2.** Desafogarse.
esprebillado, -a. adx. Aplícase á persoa lista ou disposta.
esprego. s. m. Planta sufruticosa da familia das labiadas, duns corenta centímetros de altura, con follas opostas e lanceoladas e flores azuis formando espiga (*Lavandula angustifolia*).
espreguiciarse. V. espreguizarse.
espreguizarse. V. prnl. Estirarse.
esprelo. V. esperlote (As Figueiras). **2.** V. múxel 2ª acep. (As Figueiras).
espréndido* → espléndido.
espresión* → expresión.
espresivo*, -a → expresivo.
espribilido, -a. adx. Dise do neno listo, vivo, activo (Tapia de Casarego).
espribillido, -a. V. espribilido.
espricación* → explicación.
espricar* → explicar.
espriguizarse* → espreguizarse.
esprimir. v. Obrigar, forzar a unha persoa a facer algo para beneficio doutra.
esprín. s. m. Cabo que serve para atracar unha embarcación.
espruma* → espuma.
espuer* → expoñer.
espulgar. v. Quitar as pulgas ou os piollos.
espullir. V. espoleirar.
espulsar* → expulsar.
espulsión* → expulsión.
espuma. s. f. Burbullas que se forman na superficie dos líquidos axitados, cocidos ou en fermentación. **2.** Burbullas que quedan sobre a area dunha praia polo efecto das ondas do mar.
espumadeira. s. f. Utensilio de cociña con mango e unha parte circular ou trapezoidal con furados, que serve para coller alimentos ou escorrer os líquidos.
espumallada. s. f. Escuma. **2.** Cantidade grande de escuma.
espumallo. V. espumeiro 2ª acep. (As Figueiras, Tapia de Casarego).
espumar. v. Engordar, mellorar fisicamente. **2.** Mellorar economicamente. **3.** Quitar a escuma que sae de cocer algo, como o caldo.
espumeiro. s. m. Ser mitolóxico, de figura pequena e alegre, que vive sobre as ondas do mar ou na costa e se esconde nos desfiladeiros e nas praias. **2.** Cantidade grande de escuma sobre a superficie do mar.
espumoiro. V. fileiro 2ª acep. (Tapia de Casarego).
espumoso, -a. adx. Con escuma.
espuntada. adx. Dise da ovella que lle cortaron a punta da orella para marcala. **2.** Aplícase á orella dunha ovella que lle cortaron a punta para marcala.
espuntar. V. espicar 1ª e 2ª acep. **2.** Quitar a punta das orellas a unha ovella para marcala (San Martín de Ozcos). **3.** V. salir 6ª acep.

espunxir. v. Medrar, como un neno. **2.** Facer que unha cousa aumente de volume; espelir 2ª acep.
espupizar. v. Limpar (Coaña).
espurrar. v. Botar estrepitosamente pola boca cuspe ou comida. **2.** Fungar os équidos ou as persoas cos beizos pechados botando de xeito forte o aire polo nariz (Abres).
espurrido, -a. adx. Estirado. **2.** Soberbio, altivo.
espurrir. v. Estender. **2.** Estirar os brazos, as pernas etc. **3.** prnl. Estirarse para coller algo. **4.** prnl. Actuar con desinterese. **5.** prnl. Caer. **6.** prnl. Dar ou facer algo fóra do normal (Boal). // ***Espurrir* a pata.** Morrer.
espurruñado, -a. adx. Esmagado (Navia).
espuvisar. v. Caer folerpas pequenas de neve.
espuvixar. v. Manchar con *puvixos*.
espuxigar. V. espoxigar.
esquecer. V. esqueicer (Llebredo).
esquecedizo. V. esqueicedizo.
esqueicedizo, -a. adx. Que se esquece.
esqueicemento. s. m. Acción e efecto de esquecer.
esqueicer. v. Deixar saír da memoria. **2.** Non facer caso, desatender. // ***Esqueicer* alentar.** Morrer.
esqueicido, -a. adx. Que non se lembra.
esqueirar. v. Fisgar (Coaña, Villaión). **2.** Buscar, revolver (Tapia de Casarego, Boal, Allande, Villaión). **3.** Meter ruído (Allande).
esqueiro. s. m. Corno para gardar a esca. **2.** V. chisqueiro.
esqueixe. s. m. Talo que se mete na terra para reproducir unha planta.
esquela. s. f. Pequeno cartel onde se avisa da morte dunha persoa e que normalmente ponse pegada en paredes, muros etc., ou impresa nos xornais.
esquencer. V. esqueicer (Abres).
esquerdista. adx. e s. Persoa partidaria da esquerda política.
esquerdo, -a. adx. Que queda do lado da man esquerda. **2.** Zurdo.
esquiciado, -a. adx. Exasperado, irritado, alporizado.
esquil. V. esquío (El Valledor).
esquila. V. quisquilla. **2.** V. choca[1] 1ª acep. **3.** V. esquileiro 1ª acep. // ***Esquila areneira*.** V. quisquilla (As Figueiras).
esquilar. v. Rapar o pelo ou a la a algúns animais; tosquilar. **2.** Cortar o pelo sen ningunha orde. **3.** Revolver o gran na *limpiadora* para quitar a casca.
esquileiro. s. m. Manga de rede colocada nun aro de ferro ou madeira e cun mango longo que se emprega para a pesca de varios mariscos e peixes pequenos. **2.** Instrumento formado por un aro cunha tea metálica curvada concentricamente e un mango que serve para a captura da *angula*, a *esquila* etc. (As Figueiras); sedazo 1ª acep.
esquilía. s. f. *Esquilo* pequeno.
esquilo. s. m. (pl. esquilois). Campá pequena que se utilizaba como aviso para rezar o rosario e cando este remataba tocábase para ir á misa. **2.** V. esquío (Eilao, Allande, Villaión).
esquilón. s. m. Choca grande. **2.** Choca[1] (Navia). **3.** Legra *del pico* (San Martín de Ozcos). **4.** Pau para revolver a leña do forno cando se coce.
esquín. s. m. Cría do salmón.
esquina. s. f. Ángulo saínte que forman dúas paredes ao xuntarse. **2.** Pedra que forma unha esquina. **3.** Currúncho. // **As *cuatro* esquinas.** s. f. pl. Xogo de nenos que se poñen en catro esquinas e un no medio, o resto móvese e o do medio tenta poñerse nunha das esquinas. V. maría hai lume.
esquinín, -ía. s. m. e f. Diminutivo de esquina.
esquino. V. esquina 1ª acep. **2.** Parte moi pequena dunha terra de labor.
esquinoque. s. m. Bastón (Coaña).
esquío. s. m. Mamífero roedor da familia dos esciúridos, que mide uns 50 centímetros de lonxitude, dos que máis da metade corresponden á cola. A súa pelaxe é de color variable: agrisada, parda ou tirando a vermella. Ten cabeza pequena e fociño agudo. É moi áxil e sobe con facilidade aos toros das árbores. Aliméntase de pequenos froitos como abelás, noces, landras, sementes de piñeiro etc., insectos, outros roedores, ovos ou mesmo pequenos paxaros (*Sciurus vulgaris*), (Taramundi, A Veiga, Ibias, Os Ozcos, Grandas de Salime).
esquipa. V. espola 2ª acep. (San Martín de Ozcos).
esquirar* → esqueirar 1ª acep.
esquirdiero* → esquerdo 2ª acep.
esquirpia. s. f. *Ladrais* do carro feitos con varas flexibles.
esquisito, -a. adx. Aplícase ás pezas de vestir curtas ou escasas. **2.** Delicado, refinado. **3.** Pouco amplo, estreito.
esquiso, -a. V. esquisito.
esquisto. s. m. Pedra de color escura que serve para alumar os candís.
esquitar. v. Saír a chorro. **2.** Retroceder cun movemento instintivo. **3.** Salpicar.

esquitón, úa, -a. adx. (pl. esquitois). Aplícase ao animal ou á persoa que se asustan con facilidade. **2.** Aplícase á persoa de carácter brusco. **3.** Esquivo; esguitón.
esquivo. V. esquío (Boal, Ibias).
esquiu* → esquío.
esquízaro, -a. adx. Raquítico (Coaña).
estabazar. v. Desbastar algo.
estabilidá. s. f. Equilibrio, seguranza.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
estaca. s. f. Pau rematado en punta para espetar na terra.
estacada. s. f. Conxunto de estacas. **2.** Conxunto de troncos que se colocaban atravesados no leito dun río para desviar a auga e facer funcionar un mazo (Taramundi). **3.** Acumulación de auga nun lugar formando unha especie de estanque (Allande).
estacar. v. Poñer na terra un pau para atar a el unha besta. **2.** Sinalar un terreo con estacas. **3.** Quedar inmóbil, quedo.
estacazo. s. m. Golpe dado cunha estaca. **2.** Dano, quebranto.
estacha. s. f. Corda utilizada para certos labores mariñeiros.
estación. s. f. (pl. estaciois). Cada unha das catro partes ou tempos en que se divide o ano.
estacuada. s. f. Rachadura na roupa.
estadal. s. m. Medida de lonxitude equivalente aproximadamente a 2,20 metros. Outras veces era medida de superficie.
estadía. V. estadilla (Navia).
estadilla. s. f. Cabalete para serrar.
Obs. Trátase dun castelanismo.
estado. s. m. Medida que se toma como a estatura media dun home.
estadoncho. s. m. Fueiro (Vilarmeirín).
estadono. V. estadoño 2ª acep.
estadoñada. s. f. Carga dun carro que non pasa dos fueiros (*estadoños*).
estadoñeira. s. f. Abrazadeira de ferro coa que se suxeita ou fixa o fueiro do carro.
estadoño. s. m. Pau grande e groso. **2.** Pau que se pon no carro para que a carga non caia; fueiro, fumeiro, estadono, estandoño, estadoncho. **3.** Poste de madeira de onde colgaba o *guindaste* da gramalleira.
estafeira. s. f. Reunión de veciños para facer labores en común (Villaión).
Obs. Trátase dun asturianismo.
estai. s. m. Cabo que suxeita o mastro e vai desde a cabeza do mesmo ao pé do outro.
estalar. v. Rebentar, estoupar. **2.** Facer un ruído forte, por exemplo, ao torcer os dedos. **3.** Fender un corpo sólido. **4.** Ocorrer. **5.** Facer ruído as ondas do mar; ruxir 4ª acep. **5.** Manifestar algo que xa non se pode reprimir (*Estalou a chorar*).
estalido. s. m. Acción e efecto de estalar.
estalla. s. f. Obra ou ocupación que se fai cobrando pola cantidade de traballo realizado; estaxa.
estallar. V. estalar (El Franco).
estallido. V. estalido (El Franco).
estallo (a). V. estaxo (a) 2ª acep.
estallón. s. m. (pl. estallois). Planta herbácea perenne, da familia das cariofiláceas, duns noventa centímetros de altura, coas follas elípticas ou lanceoladas, con flores brancas con cáliz moi inflado e froito en cápsula (*Silene vulgaris*). **2.** V. calzois de cuco 2ª acep. (Boal, Villaión). **3.** Acción e efecto de estallar (Allande).
estalois. s. m. pl. Xoguete de nenos feito con pólvora para que estale ou para usalo nas pistolas de xoguete.
estalón. V. estoupón 2ª acep.
estaluar. V. entaluar. **2.** Quitar coa aixola o cacho que se serrou entre os talóns das galochas (San Martín de Ozcos).
estambre. s. m. Tipo de fío de la.
estameña. s. f. Tecido de la ou seda torcidas, que se utiliza para facer certas pezas de roupa.
estampa. s. f. Molde para o ferro. **2.** Figura. **3.** Nunha embarcación, parte exterior da popa. **4.** Parte traseira da cuberta dunha embarcación.
estampanar. V. estampar 1ª acep. (Navia).
estampado, -a. adx. Dise da navalla, coitelo etc., que ten decoración ou a marca do fabricante. **2.** s. m. Acción de imprimir debuxos, letras etc., sobre metal para decorar ou poñer a marca do fabricante (Taramundi). **3.** Dise da marca posta sobre a folla dun coitelo ou dunha navalla.
estampar. v. Lanzar algo ou alguén contra unha parede. **2.** Golpear, pegar. **3.** Facer láminas de cera. **4.** Dar (*Estampoulle varios chuchos*). **5.** Deixar unha marca sobre unha superficie como resultado dun forte golpe dado sobre un molde. **6.** Rebentar, estoupar (*Uha castaña estampou nel forno*). **7.** prnl. Romper (*El xarro estampouse*).
estampido (de). loc. De repente (Santiso de Abres).
estampillado, -a. adx. Impreso sobre unha superficie.
estampillador. s. m. Instrumento con cabeza prismática, que serve para facer furados nunha superficie metálica.

estampillar. v. Imprimir debuxos, letras, figuras etc., sobre unha superficie.
estampinar. V. estampar 1ª acep. **2.** prnl. Golpearse, chocar contra algo.
estanca-sangre. adx. Dise da pedra que na medicina tradicional cortaba as hemorraxias, especialmente as do gando vacún.
estancado, -a. adx. O que está parado.
estancar. v. Impedir que un líquido corra.
estandarte. V. pendón.
estandoño. V. fumeiro.
estano* → hogano.
estanqueiro, -a. s. m. e f. Persoa que rexenta un estanco.
estanquillarse. v. prnl. Quedar unha persoa, un burro, un cocho etc., inmóbiles cos pés ou patas cravados no chan sen camiñar por medo ou receo. **2.** Apoiarse fortemente un bebé cos pés no berce.
estanquillón. s. m. Pau que serve para suxeitar algo.
estantigua. s. f. Santa compaña (Villaión). **2.** adx. Persoa moi alta, mal vestida e de cáracter seco (Coaña). **3.** Demo (El Franco).
estantiguar. v. Facer ruído, especialmente de noite (El Franco, Tapia de Casarego).
estapinar. V. estampar.
estapiñar. v. Arruinar, botar a perder a unha persoa (Abres).
estar. V. tar.
estarabouzar. v. Facer ruído molesto, como con tiros ou petardos, falando alto, con varios obxectos ou aparellos, os animais domésticos etc. **2.** Berrar movendo os brazos, protestar (Castropol).
estarabouzo. s. m. Ruído forte, continuado e molesto. **2.** Berro.
estaragañado, -a. adx. Dise do que está estragado.
estaragañar. v. Estragar os cultivos, como fai o xabaríl.
estarazar. v. Mondar as patacas coa pela moi gorda. **2.** Dar dentadas a unha cousa sen rematar de comela. **3.** Esmagar.
estarrarse. v. prnl. Chocar de xeito violento contra unha superficie (Boal).
estarrecer. v. Ter calafríos (Tapia de Casarego).
estarronar. V. estarruar 1ª acep. (Navia).
estarruado, -a. adx. Dise da terra ou terreo nos que se quitaron os terróns.
estarruar. v. Quitar os terróns, sacudilos para sacarlles a terra, amontoalos e despois queimalos. **2.** Quitar a cuberta vexetal a un prado.
estartalado, -a. adx. Estragado.
estartalar. v. Estragar.
estartallarse. v. prnl. Esnafrarse.
estatua. s. f. Figura labrada imitando unha natural.
estautua* → estatua.
estaxa. s. f. Tira de terra que nunha xornada lle corresponde a cada traballador ou grupo de traballadores para segar, cavar etc. **2.** Labor que se contrata por certo tempo. **3.** Franxa estreita de terra costa (Allande, Eilao).
estaxar. v. Fixar o ancho dunha *estaxa* (Allande).
estaxe. s. f. Encaixe. **2.** V. estaxa 1ª acep. (*Colleu uha estaxe pequena*), (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos).
estaxo. V. estaxa 1ª, 2ª e 3ª acep. // **A *estaxo*.** A obra feita, a traballo feito. **2.** Aplícase cando se traballa de xeito forte e sen parar.
estaxón. s. m. *Estaxa* grande.
este. (f. esta, pl. estes, estos, estas). Adxectivo e pronome demostrativo. Designa á persoa ou cousa que está máis cerca do que fala.
esteada. V. estiada.
estear. V. estiar 1ª acep. (Santalla de Ozcos, Allande).
esteira. s. f. Tecido de esparto, xunqueiras etc.
estela[1]. s. f. Cacho cortado de leña, que se usa normalmente para prender ou manter o lume.
estela[2]. s. f. Rastro que deixa unha embarcación na auga.
estelar. v. Ir cara a atrás.
estelazo. s. m. Golpe dado cunha estela.
esteleiro. s. m. Lugar onde se constrúen ou reparan embarcacións.
estelía. s. f. Estela pequena.
esterlina* → esternina.
estella. V. estela[1].
estellar. v. Romper, facerse estelas (Allande).
estelleiro. V. esteleiro.
estello. V. estela[1].
estellón. s. m. Cada unha das partes resultantes de fender un tronco.
estelo. V. estela[1]. **2.** Estaca en forma de i grego.
estén. s. m. Escampada (Os Ozcos, Boal, Eilao, Allande, Villaión). // ***Poerse* a *estén*.** Resgardarse da chuvia (Villaión). // **Quedar (*tar*) *estén*.** Deixar de chover.
estenar. V. estiar 1ª e 2ª acep. (Navia).
estendedeiro. V. revolvedeiro.
estender. v. Facer que unha cousa ocupe máis espazo. **2.** Estrar os montóns de herba despois de segala.
esteñar. V. estiar 2ª acep. (Os Coutos).

esteo. s. m. Pau disposto de xeito vertical nos lados dunha cancela ou *cancelón*, pé dereito, estaca (Vilanova de Ozcos).
estercar. v. Botar esterco (Os Coutos).
esterco. V. cuito (Ibias).
esterna. s. f. Cacho moi pequeno de madeira que se mete na pel (Santalla de Ozcos).
esternina. s. f. Alcaloide cristalino moi velenoso que sae da noz vómica e doutras plantas (Boal, Allande). **2.** Algunha cousa de mal sabor ou mala calidade.
estiada. s. f. Espazo de tempo sen chover entre dúas tormentas.
estiaño* → hogano.
estiar. v. Parar de chover, escampar. **2.** prnl. Resgardarse de algo, como da chuvia ou do vento (Coaña, Villaión).
estiba. s. f. Montón ordenado de caixas nunha embarcación.
estibar. v. Apertar cousas soltas para que ocupen o menor espazo posible. **2.** Amontoar con certa orde. **3.** Meter bocarte con sal en barrís de madeira para facer conservas (Tapia de Casarego). **4.** Meter sardiñas nun tabal para salgalas. **5.** Recoller o cabo dunha embarcación pregándoo sobre o chan.
estil. s. m. Mango da gadaña; estilde, astil. **2.** V. espigo 7ª acep.
estilar. v. Acostumar.
estilde. V. estil (Coaña, Navia, Villaión).
estilía* → estelía.
estilleiro* → esteleiro.
estilo. s. m. Xeito de facer unha persoa unha cousa. // **Polo estilo.** De igual xeito.
estima. s. f. Consideración ou aprecio. // **Ter en *muita* estima.** Apreciar moito algo ou alguén.
estimar. v. Apreciar, considerar, agradecer. **2.** Desexar.
estinción* → extinción.
estinga. V. estrinxe (Ortigueira).
estinguir* → extinguir.
estipulado, -a. adx. Acordado, establecido.
estipular. v. Fixar as condicións ou prezo de algo.
estirado, -a. adx. Alongado. **2.** Presumido. **3.** s. m. Acto de estirar, especialmente o ferro nun mazo ou nunha forxa. **4.** Espreguizado, cos brazos e as pernas estendidas.
estirar. v. Alongar tirando, como o ferro nun mazo ou nunha forxa. **2.** prnl. Espreguizarse.
estirpar* → extirpar.
estirón. s. m. Cinta ou banda de goma elástica. **2.** Acción de estirar algo.
estiva. s. f. Malleira, tunda. **2.** Esforzo grande (Navia).
estivada. s. f. Monte cavado e queimado e despois sementado de centeo ou trigo. // **A estivada de *xeneiro*, vale uha *cuitada* al *eiro*.** Refrán que alude a que nese mes o que sae do monte cavado e queimado dá bo cuito para fertilizar a terra.
estivadura. V. estivada.
estivar. v. Cavar un cacho de terreo ou de monte para facelo cultivable. **2.** Arar. **3.** Cultivar varias colleitas de cereal no monte sen botar outro cultivo no medio delas (San Martín de Ozcos). **4.** Remexer a terra co *vasadoiro* para aireala (Navia).
estivo. s. m. Terra de labor que se cultiva continuamente (Os Ozcos). **2.** V. estivada. // **Cultivo de *estivo*.** V. manso 7ª acep. (Santalla de Ozcos).
estixalado, -a. adx. Moi fraco (A Veiga).
estixar. v. Botar para atrás calquera vehículo ou apeiro arrastrado por animais, como o carro ou o arado; suxar.
estixelado, -a. V. estixalado (Castropol).
esto. Pronome demostrativo neutro que designa a cousa que está máis cerca do que fala.
estoiro. s. m. Pequeno espazo reservado nas huchas onde se gardaban cousas de certo valor.
estola. s. f. Ornamento litúrxico, consistente nunha banda longa, que o sacerdote colga do pescozo, de color amarela para os bautizos e negra para os funerais.
estolda. s. f. Espazo entre paredes paralelas onde xira un rodicio, na acea do muíño e tamén o arco da parede onde remata exteriormente e por onde sae a auga que el acciona. **2.** Espazo por onde discorre a auga nun mazo, batán ou ferrería. **3.** Nun mazo, presa que recibe a auga sobrante da *verquedoira* para conducila até o río.
estomagada. s. f. Empacho, indixestión. // ***Fer estomagada*.** Anoxar, enfadar. **2.** Amolar.
estómago. s. m. Órgano do aparato dixestivo onde se transforman os alimentos.
estonar. v. Quitar a nata do leite.
estonces* → entós.
estoncias* → entós.
estongo. s. m. Cousa que estorba.
estopa. s. f. Parte basta ou gorda que queda do liño cando se limpa. **2.** Cánabo que se utiliza para tapar as xuntas das táboas dunha embarcación. // **Arriar**

estopa. Pegar. // **Dar estopa.** Pegar. **2.** Prender lume.

estorbar. v. Poñer atrancos á execución dunha cousa, molestar. // **Estorbar *más* que os *cais* na misa.** Estorbar moito.

estorbo. s. m. Persoa ou cousa que estorba. **2.** Atranco, obstáculo.

estorbolear. v. Chover de xeito forte e con moito vento.

estorcer. v. Prensar os panais para obter o mel (San Martín de Ozcos). **2.** Prensar a uva (Ibias).

estorcillar. v. Torcer unha man ou un pé. **2.** Torcer unha vaca a articulación que ten por enriba dos pezuños.

estorcillón. s. m. Torcedura dunha articulación ou dunha parte do corpo. **2.** Dolor intestinal de tipo cólico.

estorciñado, -a. adx. Aplícase ao pé ou man tortos (Eilao).

estorciñón. V. estorcillón.

estordegar. v. Brincar (Allande).

estorgada. s. f. Argola de madeira.

estormento* → instrumento.

estornar. v. Sacudir (Coaña). **2.** Asustar (Navia). **3.** Espantar, escorrentar un animal.

estornela. s. f. No muíño, madeiro sen labrar e sen cortiza no que se enrola o fío que sostén a parte voada da *canaleta*. **2.** Xogo de nenos que consiste en tirar un pau que está sobre dúas pedras golpeándoo con outro máis longo (Navia); billarda 1ª acep.

estornella. V. estornela 1ª acep.

estornín. s. m. (pl. estorníos). Nome que reciben dúas aves paseriformes da familia dos estúrnidos, de forma grosa, peteiro recto e forte, ás longas, rabo curto e dedo posterior longo e forte. Unha das especies caracterízase pola súa plumaxe negra e porque vive en grupos (*Sturnus vulgaris*, *Sturnus unicolor*), (Tapia de Casarego).

estornudar. v. Expulsar bruscamente e con ruído, pola boca e o nariz, aire dos pulmóns por mor da irritación das mucosas nasais.
Obs. Trátase dun castelanismo.

estorollar. v. Desfacer un cereal, grans etc. en cachos (Allande).

estorroxado, -a. adx. Moi tostado.

estorroxar. v. Tostar moito algo.

estorruar. v. Romper as raíces e terróns dunha terra cunha ferramenta agraria.

estortelado, -a. adx. Desfeito, esmagado.

estortelar. v. Esmagar, desfacer.

estortoiro. s. m. Estorbo (Eilao).

estós* → entós.

estouciar. v. Realizar entre dúas persoas xogos de carácter sexual (Negueira de Muñiz). **2.** Brincar agarrados.

estoucinar. v. Despezar un cocho (Allande).

estoupada. s. f. Explosión.

estoupado, -a. adx. Rebentado. **2.** Explotado.

estoupar. v. Rebentar con gran ruído unha cousa por impulso doutra. **2.** Estalar, explotar. **3.** Rir moito.

estoupelo. V. calzois de cuco (Grandas de Salime).

estoupido. s. m. Ruído que fai unha cousa ao estalar.

estoupón. V. calzois de cuco (Eilao, Santalla de Ozcos). **2.** Ruído moi forte que fai unha cousa ao estalar.

estoupois. V. calzois de cuco (Ibias, Villaión). **2.** Flores desta planta (San Martín de Ozcos). // **Fervendo *estoupois*.** Estar de mal humor.

estoutro, -a. Contracción do demostrativo *este* co indefinido *outro*.

estoxar. v. Aborrecer unha comida, o traballo etc. **2.** Cansar, fartarse de algo. **3.** Vomitar (Coaña). **4.** Notarse xa a barriga a unha embarazada (Navia).

estracón. s. m. Sacudida violenta, tirón. **2.** Apuro, labor difícil. **3.** V. restrincón.

estracuñado, -a. adx. Apertado (Villaión). **2.** Esmagado, desfeito (El Franco, Boal).

estracuñar. v. Apertar algo moito ou varias veces coas mans (*Estracuñáchelle un brazo*). **2.** Esmagar un panal. **3.** Desfacer, esmagar.

estracuñón. s. m. Acción e efecto de *estracuñar*.

estrada[1]. s. f. Conxunto de cousas sen orde.

estrada[2]. s. f. Camiño público (Tapia de Casarego).

estrado, -a. adx. Con estrume, como na corte para a cama do gando (*Temos xa a corte estrada*). **2.** Espallado, ciscado. **3.** s. m. V. estro. **4.** Figuradamente, cheo.

estrafalario, -a. adx. Extravagante, raro. **2.** Descoidado no vestir.

estragallada. V. estrada[1].

estragallado, -a. adx. Espallado, esparexido sen orde.

estragallar. v. Lavar de xeito superficial ou rápido. **2.** Espallar sen orde; esparangallar. **3.** Axitar unha botella con auga dentro para limpala. **4.** V. estragar (A Veiga). **5.** prnl. Deitarse unha res tirándose coas patas para arriba (San Martín de Ozcos).

estragallo. s. m. Banco de facer galochas (San Martín de Ozcos).

estragar. v. Desfacer unha cousa, desperdiciar, arruinar, deteriorar (*Vas estragar a comida*).
estrago. s. m. Dano, destrución. **2.** Desfeita.
estraguallar. v. Enxaugar (Allande).
estrambólico*, -a → estrambótico.
estrambótico, -a. adx. Extravagante, estrafalario.
estramundar. V. estremundar.
estrañado, -a. adx. Sorprendido.
estrañar. v. Atopar rara unha cousa. **2.** Sentirse sorprendido de algo. **3.** Botar de menos algo ou alguén.
estraño, -a. adx. Que non é coñecido. **2.** Inhabitual, infrecuente. // **Mal estraño.** Enfermidade non coñecida, normalmente grave.
estrañoa. V. escatimoa (Santalla de Ozcos).
estrañón, -a, -úa, -oa. adx. Aplícase á persoa ou neno que estrañan a miúdo. **2.** Tímido.
estrapallado, -a. adx. Esmagado (Coaña, Villaión). **2.** Mancado.
estrapallar. v. Deitarse o cereal sementado polo vento, chuvia etc. **2.** Esmagar, desfacer (Coaña, Boal, Santalla de Ozcos, Navia, Allande, Villaión). **3.** Mancar, esmagar (*Estrapalloume un dido unha pedra*).
estrapallido. s. m. Trono.
estrapelado, -a. V. estrapallado (A Veiga). **2.** Baixo, aplanado (*Dásme unha fogaza máis estrapelada?*), (Castropol). **3.** Desfeito.
estrapelar. V. estrapallar 2ª acep.
estrapellado, -a. V. estrapallado.
estrapellar. V. estrapallar 2ª acep.
estraperlista. s. m. Persoa que practica o e*straperlo*.
estraperlo. s. m. Mercado clandestino de bens de consumo, normalmente feito en épocas de racionamento; contrabando, matute 1ª acep.
estrapuado, -a. adx. Desfeito, esmagado.
estrar. v. Estender nas cortes, nos currais, nas *corradas* ou nos camiños palla, toxo etc., para que se vaia formando cuito co gando. **2.** Espallar cousas sen orde ningunha.
estraviado*, -a → extraviado.
estraviar* → extraviar.
estregar. V. restregar.
estreitar. v. Reducir a anchura dunha cousa.
estreito, -a. adx. Que ten pouca anchura. **2.** Axustado, apertado.
estrela. s. f. Astro que brilla con luz propia na bóveda celeste. // **Estrela polar.** A situada no extremo da osa menor e indica sempre o norte. // **Nacer con estrela.** Nacer con sorte na vida.
estrelado, -a. adx. Sen sorte na vida.
estrelar. v. Botar con violencia unha cousa contra outra, facéndoa cachos. **2.** prnl. Esnafrarse, caer. **3.** prnl. Ter un choque cun vehículo.
estrella. V. estrela. **2.** V. estrella del mar. **3.** Equinodermo eleuterozoo da clase dos ofiuroideos, caracterizado por ter cinco brazos completamente separados do corpo ou disco central. A súa coloración é variable (*Ophioderma longicauda*). // ***Estrella* del mar.** Nome común dos equinodermos pertencentes á clase asteroides, chamados así por ter o corpo radiado en forma de estrela. Posúen normalmente cinco brazos, pero poden ter máis, sendo animais zoófagos e depredadores, que poden sacar o estómago pola boca para envolver e dixerir a presa. A súa coloración é variable (*Asterias rubens*, *Marthasterias glacialis*), (As Figueiras). // ***Us* nacen con *estrella*, i outros nacen *estrellados*.** Refrán que alude á distinta sorte que teñen as persoas na vida.
estrellado, -a. adx. Dise do ovo que se frite sen batilo (El Franco, Allande). **2.** Dise do ceo con moitas estrelas (Allande). **3.** Dise da cabalería que ten unha estrela na fronte. **4.** Dise da noite en que brilan moitas estrelas.
estrellarse. v. prnl. Sufrir un choque violento. **2.** Caer unha persoa mancándose.
estreloxo. adx. Aplícase á persoa pesada, molesta.
estremar. v. Separar, xebrar. **2.** Aparentar máis do que é un. **3.** Notarse a diferenza de sexo nos animais novos. **4.** Amosar as diferenzas sexuais un home ou unha muller. **5.** Recoñecer, distinguir.
estremecemento. s. m. Acto ou efecto de estremecerse.
estremecerse. v. prnl. Tremer por medo ou por un sobresalto.
estremecido, -a. adx. Que treme.
estremo. s. m. Lindeiro dunha leira.
estremoución* → extrema unción.
estremundar. v. Perder (Boal).
estrena. s. f. Acto ou efecto de estrear (*estrenar*).
estrenar. v. Usar algo por primeira vez.
estreñir. v. Provocar ou causar retraemento.
estrepia (s). s. f. Trespés de ferro no que se apoian as tixelas e os pucheiros que se poñen enriba do lume.

estrepía. V. estrepia.
estretar. V. estreitar.
estreto, -a. V. estreito.
estreverse. v. prnl. Atreverse.
estribar. v. Apoiar de xeito firme os pés para accionar con forza. **2.** Apoiar unha cousa sobre outra.
estribillar. v. Enredar (A Veiga).
estribillo. s. m. Cántiga de poucos versos. Obs. Trátase dun castelanismo.
estribo. s. m. Peza para que o que vai a cabalo pouse o pé. **2.** Peza semellante a un chanzo, para subir e baixar en certos vehículos. // **Perder os estribos.** Perder os nervios.
estribor. s. m. Lado dereito dunha embarcación, mirando de proa a popa.
éstrigo. s. m. Base de ramas e paus sobre a que se fai un palleiro.
estriloxo* → estroloxo.
estrinca. V. estrinxe (Tapia de Casarego).
estrincar. v. Mascar cousas duras rompéndoas con forza e facendo ruído (San Martín de Ozcos). **2.** Facer ruído cos pés (Navia).
estrincois. V. calzois de cuco (San Martín de Ozcos).
estrincón. V. calzois de cuco (Os Ozcos). **2.** Planta herbácea anual da familia das urticáceas, de vinte a sesenta centímetros de altura, de talos vermellos, erguidos, simples e con ramas moi curtas, follas alternas, enteiras e lanceoladas, flores pequenas e verdes e froito seco (*Parietaria officinalis*), (Vilanova de Ozcos). **3.** Pau que serve de soporte ou apoio a algo.
estrinque. V. estrinxe (Tapia de Casarego).
estrinxe. s. m. Nome común dos peixes condroíctios torpediniformes, da familia dos torpedínidos. Teñen o disco oval ou subcircular, os ollos pequenos e a boca arqueada con dentes agudos. A cola é curta e posúen dous órganos eléctricos con forma de ril, situados un a cada lado, entre a parte anterior dos peitorais e o cranio que producen descargas eléctricas. A súa coloración é variable: rosada, castaña, agrisada, negro violácea etc. (*Torpedo torpedo.*, *Torpedo marmorata*, *Torpedo nobiliana*), (As Figueiras).
estrinxido, -a. adx. O que non pode evacuar dun xeito normal. **2.** Encollido. **3.** Seco e retorto.
estrinxir. v. Encoller, minguar, como a madeira.
estriñir* → estreñir.
estripar. v. Quitar ou sacar as tripas.
estripuado, -a. adx. Moi delgado (Boal).
estro. s. m. Conxunto de plantas que serven de cama para o gando e se empregan ademais para obter o cuito co que se fertilizan as terras; mulido, mullido, estrume.
estrobada. s. f. Traballo duro e intenso. **2.** V. eslingada. **3.** Acción de erguer un aparello de pesca de arrastre no mar e poñelo a bordo dunha embarcación (El Franco). **4.** Voga dura e intensa. **5.** Viorto que serve para atar os fueiros de atrás do carro para poñerlle máis carga.
estrobar. v. Enganchar o remo co estrobo ao tolete. **2.** Poñer ás vacas bravas unha corda nunha pata para que non dean patadas mentres as moxen.
estrobo. s. m. Cadea para enganchar polos furados as *rodelas* ou *carretas* do *vasadoiro*, ou as *rodelas* ao *cambón*. **2.** Pedazo de cabo ou corda que serve para colgar cousas pesadas. **3.** Peza en forma de aro feito de varas que serve para pechar as cancelas. **4.** Correa de coiro que une o pértego e a moca do mallo. **5.** Lazo formado por unha rama verde retorta, coa que se suxeita o xugo dos bois ao carro, arado, *vasadoiro* etc., ou que se pon a unha vaca para poder muxila. **6.** Cacho de corda unido polos extremos que suxeita o remo ao tolete dunha embarcación, servíndolle de apoio e facilitando a acción de remar. // **Estrobo da verga.** Argola de ferro que vai suxeita ao pau dunha embarcación para que a verga poida orientarse.
estrófago. s. m. Insecto que vive en augas paradas con forma de formiga parda e corpo duro, que produce trastornos se se chega a beber (Santalla de Ozcos).
estrofar. v. Esmagarse a froita cando cae da árbore, ao collela ou co peso doutra cando está nun recipiente (Boal). **2.** Apertar unha cousa ou esmagala.
estrofelar. v. Esmagar (San Martín de Ozcos).
estroloxo. s. m. Cousa inútil. **2.** Estorbo.
estrombeirar. v. Facer moito ruído, soar unha cousa moito; estarabouzar.
estrombellar. V. estrombeirar (El Franco).
estroncoleirar. V. estronqueirar 3ª acep.
estronqueirar. v. Facer ruído coas galochas ou as rodas do carro cando están desaxustadas. **2.** Dar un golpe forte unha porta co vento (Coaña). **3.** Facer ruído.
estronqueleirar. v. Facer moito ruído ao moverse.
estronzar. v. Romper, rachar.

estropada. s. f. Esforzo que fan os remeiros para facelo dunha soa vez. **2.** V. estrobada 4ª acep.
estropallarse. v. prnl. Espallarse.
estropallo. V. estropaxo (Allande).
estropaxo. s. m. Esparto para fregar a louza.
Obs. Trátase dun castelanismo.
estropear. v. Desfacer unha cousa. **2.** prnl. Perderse algo.
Obs. Trátase dun castelanismo.
estropezar. V. tropezar (Allande).
estropiar. V. estropear.
estropicio. s. m. Desfeita, estrago.
estroqueirar. V. estronqueirar.
estroular. v. Estalar, estoupar (Abres).
estrouqueleadoiro. s. m. Ruído (Grandas de Salime).
estrozar. v. Estragar, esnaquizar.
estrucia. s. f. Astucia (Taramundi).
estrufar. v. Machucar, esmagar (San Martín de Ozcos); estrullar 1ª acep., estruñar 1ª acep.
estrullar. v. Esmagar, estragar. **2.** prnl. Mancarse (Taramundi, Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).
estrullir. v. Esmagar (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).
estrullón. s. m. Acción de esmagar ou espremer algo.
estruma. s. f. Acción de esmagar a uva para facer viño (San Martín de Ozcos).
estrumar. v. Apertar unha cousa con forza. **2.** V. degrumar 4ª acep. **3.** Rebentar unha froita esmagándoa. **4.** Espremer. **5.** Esmagar. **6.** Botar estrume. **7.** Explotar a unha persoa.
estrume. s. m. Conxunto de mato rozado no monte que se emprega para cubrir o chan do curral e das cortes do gando ou doutros animais, para que lles sirva de cama e obter despois esterco.
Obs. Ás veces utilízase con xénero feminino como acontece nos Ozcos (*da misma estrume*).
estrumen* → estrume.
estrumento* → instrumento.
estruñado, -a. adx. Espremido, apertado.
estruñar. v. Espremer, apertar unha cousa. **2.** V. estracuñar 1 ª e 2ª acep. **3.** Esmagar, machucar (*Estruñei un dido*, *Estruñar as patacas nel prato*), (Boal).
estruñir. v. Frotar.
estruñón. s. m. V. apretón 1ª acep. **2.** Esforzo grande feito nun traballo.
estruxadora. s. f. Muíño pequeno onde se estrullan as uvas para facer o viño, mediante dous cilindros de madeira que rotan movidos por un veo.
estruxar. V. estrullar 1ª acep.; estruñar.
estudiado, -a. adx. Aplícase á persoa que ten estudos.
estudiar. v. Exercitar o entendemento e a memoria para lograr comprender unha cousa e gravala na mente nos seus aspectos fundamentais. **2.** Dar estudos a unha persoa.
estudioso, -a. adx. Dise da persoa que lle gusta estudar.
estumballar. v. Dar voltas con pracer no chan un neno ou un animal (Eilao). **2.** Estirarse.
estumbarrar. v. Tumbarse para durmir profundamente.
estumbeirar. v. Facer moito ruído.
estumbeirido. s. m. Ruído moi forte, de xeito continuo e descompasado.
estupizar. v. Falar mal dos demais.
esturao* → asturao.
esturnudar* → estornudar.
esturión. s. m. Peixe osteíctio acipenseriforme da familia dos acipenséridos, que pode acadar unha lonxitude de tres metros ou máis, con cabeza abondo longa, que leva na súa parte posterior placas óseas contiguas. A boca ten catro barbas, o tronco é forte e as aletas peitorais e abdominais están moi distanciadas. A súa coloración é gris apardazada e ás veces ten manchas escuras na parte superior e abrancazadas na inferior (*Acipenser sturio*).
esturrar. V. esturruñar (Tapia de Casarego).
esturriar. V. estorroxar.
esturruñar. v. Torrar até queimar algo.
esturruxado, -a. adx. Torrado.
esturruxar. v. Fritir. **2.** Queimar, torrar (*Vas esturruxar al sol*); esturruñar. **3.** Queimarse o que estaba sementado co sol (Boal).
estusiñar. v. Tusir sen forza (Eilao).
estuxa, estuxa! V. suxa, suxa! (San Martín de Ozcos).
estuxar. v. Retroceder cara a atrás o gando vacún que está xunguido (Abres, San Martín de Ozcos); suxar, estixar, retixar. **2.** Rexeitar algunha cousa, retroceder (Abres).
esvaciar. v. Baleirar. **2.** Chover, normalmente moito (Coaña, Boal); esvazar 3ª acep.
esvacuarse. v. prnl. Botar nun lugar a descansar. **2.** prnl. Sentar de calquera xeito.
esvanecerse. v. prnl. Desmaiarse, perder o sentido.

esvaradoiro. s. m. Rocha pendente e de superficie lisa pola que os nenos escorregan.
esvarar. v. Caer, escorregar. **2.** Moverse.
esvariar. v. Desvariar. **2.** V. esvarar.
esvarexar. V. varexar 1ª acep.
esvarón. adx. Que esvara. **2.** s. m. (pl. esvarois). Caída.
esvazada. adx. Aplícase á auga de chuvia forte.
esvazar. V. vazar 1ª e 2ª acep. **2.** Entrar auga nunha embarcación pola popa (Tapia de Casarego). **3.** prnl. Perder sangue nun parto. **4.** prnl. Chover dun xeito forte; esvaciar.
esverdear. V. esverdiar.
esverdiallar. v. Quitar os *verdiallos* das plantas do millo. **2.** Coller un froito antes que madureza.
esverdiar. v. Coller os froitos aínda verdes ou a herba que non medrou abondo (Navia, Allande). **2.** Casar alguén demasiado novo. **3.** Rexuvenecer.
esviar. V. desviar.
eszapexar. v. Salpicar (Eilao). **2.** Golpear a auga cos pés; esbatuxar 1ª acep. (San Martín de Ozcos).
eszaraballado, -a. adx. Sucio.
eszarapallado, -a. adx. Desordenado.
eszarapallar. v. Desordenar (Boal).
eternidá. s. f. Duración que non ten principio nin fin.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
eu. Pronome persoal que designa a persoa que fala.
eucalipto. s. m. Árbore da familia das mirtáceas do xénero *Eucalyptus*, orixinaria de Australia. De altura variable, aínda que pode superar os setenta metros de altura. As follas son distintas na forma segundo se son novas (opostas e ovais) ou maduras (falciformes e alternas) e as flores son de color branca ou amarela. As súas follas son empregadas como remedio contra as catarreiras e enfermidades das vías respiratorias. Tamén é apreciada a súa madeira de xeito importante na fabricación de papel ou en labores de carpintería, serradoiro ou na construción (*Eucaliptus globulus*).
eucalito* → eucalipto.
eucalitro* → eucalipto.
eufo. adx. e s. Alcume popular que lles dan os habitantes de Villaión aos de Boal por dicir estes "eu" no canto de "iou".
euga. V. egua (Ibias, Eilao, Grandas de Salime, San Martín de Ozcos).
eugua. V. egua (Tapia de Casarego).
exa, exa! interx. Voz que se utiliza para espantar algo (Boal).
exactitú. s. f. Calidade do que é exacto.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
exacto, -a. adx. Que non ten nin erro nin falta, puntual. **2.** Perfectamente axustado. **3.** Rigoroso.
examen. s. m. Proba de aptitude dunha persoa para obter un título, superar unha materia, acceder a desempeñar unha profesión etc.
Obs. Trátase dun castelanismo.
examinador, -a. s. m. e f. Persoa que examina.
examinar. v. Realizar un exame. **2.** Mirar con atención algo ou a alguén.
exceción* → excepción.
excedido, -a. adx. Dise do que supera o límite establecido que se considera razoable.
excepción. s. f. O que se aparta do que é común.
excepto. prep. Salvo, menos, a excepción de, quitado.
exclamar. v. Emitir palabras con forza ou paixón para expresar a viveza dun sentimento ou para dar rixo e eficacia ao que se di.
excursión. s. f. Acción de percorrer unha comarca, comunidade, concello etc., para coñecela.
excursionista. adx. e s. Persoa que vai de excursión.
exemplo. s. m. Acción ou feito que pode servir de modelo ou mostra (Santalla de Ozcos). **2.** Persoa a imitar.
exir. v. Saír. **2.** V. iscar.
exordio. s. m. Comezo dun razoamento ou conversa familiar (El Franco).
experencia. s. f. Coñecemento adquirido pola práctica, polo uso.
experiencia. V. experencia.
expirar. v. Morrer.
explanada. s. f. Espazo de terreo chan.
explanar. v. Poñer chá ou lisa unha superficie.
explicación. s. f. (pl. explicaciois). Exposición dunha cuestión de maneira clara e comprensible.
explicar. v. Expoñer con extensión unha doutrina, un feito, un texto etc. **2.** Aclarar. **3.** Facer coñecer a causa de algo. **4.** Contar. **5.** prnl. Mostrarse xeneroso. **6.** prnl. Xustificarse.
explicativa. s. f. Capacidade de poder explicar algo.
explosión. s. f. (pl. explosiois). Acción de estoupar algo con moito ruído.
expoer. V. expoñer.

expoñer. v. Arriscar unha cousa que pode perderse. **2.** Presentar unha cousa para que poida ser vista.
expositor. s. m. Moble ou instalación no que está algo exposto (Boal).
expresión. s. f. (pl. expresiois). Palabra ou frase que se pronuncia.
expresivo, -a. adx. Que manifesta claramente o que pensa ou sente.
expricar* → explicar.
expricativa* → explicativa.
expuer. V. expoñer.
expulsar. v. Botar fóra a alguén. **2.** Facer saír algo do corpo.
expulsión. s. f. Acción e efecto de expulsar.
extinción. s. f. Acción e efecto de extinguir ou extinguirse.
extinguir. v. Facer desaparecer pouco a pouco unha cousa ou un ser vivo.
extirpar. v. Quitar un órgano, un membro, algunha parte estraña dun corpo etc.
extrañar* → estrañar.
extraviado, -a. adx. Perdido. **2.** O que está lonxe ou moi separado doutro.
extraviar. v. Perder algo. **2.** prnl. Perderse.
extrema unción. s. f. Sacramento que consiste na unción con óleo sagrado feita polo cura a un fregués que estea en perigo de morte.
exvoto. s. m. Obxecto normalmente feito de cera que representa a unha persoa, un membro do corpo enfermo ou a figura dun animal e que se colga á beira dunha imaxe dun santo ao que se supón que cura. Ás veces poden ser fotografías, cachos de pelo, panos etc. **2.** Ofrenda feita por un beneficio recibido.
ezcota. V. escota.
ezcotera. s. f. Cornamusa onde se pon a escota.
Obs. Trátase dun castelanismo.
ezquerdista. V. esquerdista.
ezquerdo, -a. V. esquerdo.

F

f. s. m. Sexta letra do alfabeto galego. O seu nome é *efe*.
faba. s. f. Froito da *fabeira*. **2.** Planta leguminosa que dá este froito comestible e en vaíña; fabeira. // **En todas as casas comen (cocen) fabas i na mía a caldeiradas.** Refrán que alude que en todas as familias hai problemas ou desgustos. // **Faba branca.** Faba de color branca. // **Faba da munición.** Planta da familia das papilionáceas, de talo débil e froito moi pequeno (*Phaseolus sp.*). // **Faba de maio.** Planta herbácea anual da familia das papilionáceas, de talo groso e vaíña verde e peluda (*Vicia sp.*). // **Faba de ollo de perdiz.** Faba de pequeno tamaño, redonda e de color amarela, moi apreciada. // **Faba del carme.** Planta da familia das papilionáceas, de talo débil e erecto, con flores brancas ou amarelas e froito en legume, pequeno, de color vermella escura e rosada (*Phaseolus sp.*). // **Faba del toco.** Planta herbácea da familia das papilionáceas, que pode chegar a un metro de altura, con vaíñas amarelas e fabas brancas (*Vicia sp.*). // **Faba loba.** Planta leguminosa, de talo groso, que dá unhas fabas que serven de alimento ao gando (*Vicia sp.*). **2.** Froito desta planta. // **Faba *mastía*.** Planta leguminosa da familia das papilionáceas, con froitos pequenos e tirando a verde (*Phaseolus sp.*). // **Faba moura.** Planta herbácea anual da familia das papilionáceas, de talo groso e vaíñas verdes con pelo (*Vicia sp.*). **2.** Froito desta planta, de color negra. // **Faba negra.** Faba de color negra. // **Faba pinta.** Faba coloreada con manchas brancas. // **Faba redonda.** A máis común, de maior tamaño que outras variedades, resistente á calor e que require escasos coidados. // **Faba zapateira.** V. zapateira 1ª acep.
fabada. s. f. Guiso feito con fabas, carne de cocho, chourizo etc.
fabal. s. m. Terreo sementado de fabas.
fabalego, -a. adx. Dise do terreo, terra etc., axeitados para sementar fabas. **2.** Aplícase á terra sementada de fabas (Tapia de Casarego).
fabaleiro. s. m. Terreo sementado de fabas; fabal.
faballeira. V. fabeira.
faballola. s. f. Planta vivaz, herbácea, da familia das convolvuláceas, que pode acadar os tres metros de altura, follas en forma de frecha e flores brancas, que medra entre os cultivos (*Fallopia convolvulus*).
faballolo. s. m. Vaíña das fabas e ervellos.
faballón. V. fabón.
fabaraca. s. f. Vaíña.
fabeiral. V. fabal.
fabeira. s. f. Planta herbácea anual da familia das papilionáceas, de talo groso, cuadrangular, que chega a máis dun metro de altura. As follas son dentadas e cunha mancha escura na parte superior e as flores grandes e brancas, pero coas ás manchadas de negro. A vaíña da planta ten unha a cinco sementes de

color verde primeiro, e despois poden ser de distintas colores cando maduran. Tanto a planta como as sementes son comestibles (*Vicia faba*).

fabeiro. V. fabal.

fabías (as). s. f. pl. Xogo de nenos, que consiste en ir gañando aos contrarios fabas de colores, despois de metelas nun furado. Tamén se chama as *fabías* de color.

fabón, -a, -úa. s. m. e f. (pl. fabois). Faba grande. **2.** s. m. pl. Planta da familia das papilionáceas, de talo groso e vaíñas de color amarela (*Vicia sp.*).

fabote. s. m. Certa xudía branca moi grande (Castropol).

fábrica. s. f. Lugar ou edificio onde se fabrica algo.

fabricar. v. Producir algo por medios mecánicos.

faca. s. f. Navalla grande de forma curva. **2.** Coitelo de forma curva.

facción. s. f. (pl. facciois). Trazos da cara.

face (de). loc. De a feito (Coaña).

facedora. adx. Dise da muller porque dá fillos (*Facedora de vida*); feidor 2ª acep.

faceira. s. f. Obra feita entre todos os veciños (Os Ozcos).

fácel* → fácil.

facenda. s. f. Conxunto de propiedades dunha persoa. **2.** Leira dedicada a labores agrícolas. **3.** Traballo que a un lle queda por facer. **4.** Conxunto do gando propiedade dunha persoa (*Hai que atender a facenda*), (Santalla de Ozcos). **5.** Labor na casa.

facer. v. Fabricar, producir. **2.** Realizar algo. **3.** Causar, ocasionar. **4.** Exercer unha actividade. **5.** Amañar, preparar. **6.** Aparentar. **7.** Partir (*Fixiche a leña?*). **8.** Executar, efectuar. **9.** Ordenar, amañar (*Facer o cuarto*), (San Martín de Ozcos). **10.** Dicir (*Faille el*), (San Martín de Ozcos). // **Facela boa (*búa*).** Causar ou realizar algunha trasnada. // **Facerlle a espera.** Pretender unha muller. // **Facerlle a un a *cusca*.** Enfastiar a alguén, prexudicalo (Castropol). // **Facer as américas.** Enriquecerse. // **Facer as del *demonio* (demo).** Facer espaventos. // **Facer caso.** Prestar atención. // **Facer corenta e cinco.** Gañar (*Ficeche corenta e cinco*), (Taramundi). // **Facer de.** Traballar de (*Facían de xastres*). // **Facer (*faer*) el agosto.** Facer os labores do mes de agosto. **2.** Facer un bo negocio. // **Facer o fío.** Separar dúas leiras. // **Facer escola.** Dar clases. // **Facer falta.** Precisar, necesitar. // **Facer *maos*.** Facer sucos de distancia en distancia de xeito proporcionado para sementar con igualdade (Santalla de Ozcos). // **Facer uha cruz na gamalleira.** Facer un milagre. // **Facerse con.** Ter algo (*Era difícil facerse cun cacho de pan*). // **Fai *más* quen *quer*, que quen pode.** Refrán que alude á forza da vontade, pois con ela fanse cousas que podían parecer imposibles. // ***Nun* se fai Santa María nun día.** Refrán que recomenda ter paciencia para facer as cousas dedicándolles esforzo e tempo (Boal). // **Quen as fai as paga.** Refrán que xustifica a penalización por un descoido ou torpeza.

facha[1]. s. f. Aspecto. **2.** Persoa de mal aspecto. **3.** Persoa mal vestida ou de xeito extravagante.

facha[2]. s. f. Longa tea de palla acendida con lume, propia do tempo de Entroido, que se levaba ás terras de labranza para espantar a *ratume* (Ibias). **2.** Luz de noite, que segundo a superstición, indica que se vai producir unha morte onde cae. Normalmente era unha estrela fugaz. **3.** Atado de palla seca que se usa como facho. // **Facha (a).** Sistema de teitar con feixes de palla atados ás correas mediante ligaduras de colmo trenzado (vincallos). Esta operación faise cunha pa de teitar.

fachada. V. facha 3ª acep.

fachar. v. Teitar unha construción mediante o sistema de *a facha*.

facharada. V. facha[2] 3ª acep. (Santalla de Ozcos).

fachenda. s. f. Presunción, soberbia (Abres, Navia).

fachendoso, -a. adx. Presumido, soberbio.

fachicovo. s. m. Cuarto sen luz (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos); zocho.

fachineiro. s. m. Ventá pequena para que entre a luz nunha estancia (Castropol, Abres). **2.** Pequena porta falsa que normalmente está colocada nun lugar reservado da casa.

fachistón. adx. Dise do home presumido e orgulloso (Tapia de Casarego).

facho. s. m. Feixe (Boal).

fachoso, -a. adx. Con mal aspecto (*Leva un abrigo fachoso*).

fácil. adx. Doado. **2.** Que se consegue sen dificultade. **3.** adv. Facilmente.

fácile. V. fácil (El Franco).

facilidá. s. f. Situación fácil para conseguir unha cousa. **2.** Disposición para facer unha cousa sen demasiado traballo.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

facineroso, -a. adx. e s. Malvado, perverso.
facios* → facción.
facistol. s. m. Atril grande onde se pon o libro para cantar na igrexa.
faco, -a. s. m. e. f. Cabalo ou egua pequenos e ruíns. **2.** No xogo da *remonta*, neno que dobra o corpo para que salten os demais xogadores por enriba del.
factoría. s. f. Fábrica. **2.** Establecemento comercial.
facundaxe. s. f. Conxunto de xente pequena, normalmente nenos. **2.** Casta, raza (Taramundi).
fada. s. f. Sorte, destino (Abres). // **Mala fada te *enfrene*!** Maldición ou expresión que significa ameaza.
fadar. v. Predicir, presaxiar.
fader. v. facer (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos).
fado. s. m. Destino, sorte (*Que Dios cho críe pra bon fado*).
faedor, -a. adx. O que fai algunha cousa. **2.** V. facedora.
faena. s. f. Traballo físico ou mental. **2.** Mala obra.
faenar. v. Pescar.
faer. v. Quitar o viño, que está mesturado co bullo, en cubas. **2.** V. facer. // **El que *nun* ten que *faer* (*fer*), (os) *sous* nabos sacha.** Refrán que critica a quen perde o tempo ou fai cosas inútiles (Serandías).
faguer. V. facer (Castropol).
fagundaxe. V. facundaxe (Abres, Santalla de Ozcos).
faia. s. f. Árbore caducifolia da familia das fágaceas, que pode alcanzar até os trinta e corenta metros de altura, con copa frondosa, ovada ou cónica. O tronco é recto, de cortiza lisa e de color gris clara, xemas longas e agudas, follas alternas e elípticas, cos nervios paralelos e bordo enteiro algo ondulado e con pelos, que collen unha color vermella no outono (*Fagus silvatica*). **2.** Madeira desta árbore.
faiado. s. m. Planta da casa que está inmediatamente debaixo do lousado e que se usa normalmente para ter trastos, ou como secadeiro e almacén de patacas, millo ou outros produtos. **2.** Teito dun cuarto cuberto por táboas.
faiar. v. Poñer con vigas o piso de madeira dunha casa, un cuarto, un faiado, un carro etc.
faición* (pl. faiciois) → facción.
faiedo. s. m. Lugar onde abundan as faias.
faiena. V. faena 1ª acep. (Coaña).
faienada. s. f. Trasnada (Coaña).
faio. s. m. Piso de madeira. **2.** Planta da casa que está inmediatamente debaixo do lousado, faiado (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos, Taramundi).
faión, -úa. s. m. e f. Faia grande.
faisán. s. m. Ave galiforme, da familia dos tetraónidos, duns oitenta centímetros de lonxitude o macho e sesenta a femia. O primeiro ten un peteiro prominente e curvo, de color marfil, mentres que na segunda é breve e mouro. O macho ten unha coloración normalmente gris, con ás castañas, peito verde azulado e partes inferiores e cola brancos. Os ollos están rodeados dunha franxa de pel de color vermella. A femia é de ton castaño abondo escuro e presenta unha mancha vermella no peito (*Tetrao urogallus*), (Ibias).
faixa. s. f. Peza de roupa interior que envolve a cintura. Antigamente era usada polos homes para abrigarse e suxeitar os calzóns, poñéndoa enrolada na cintura e atada de diferentes maneiras. Podía estar feita de la, liño ou seda e levaba flocos nos extremos. **2.** Tira de tea que se pon arredor da cintura. **3.** Franxa máis longa que ancha. **4.** Tira que se distingue nun lugar, cousa etc.
faixado, -a. adx. Envolto cunha faixa ou unha venda.
faixar. v. Envolver cunha faixa ou venda unha parte do corpo.
fala. s. f. Voz. **2.** Xeito de falar dunha determinada comarca, concello ou lugar. **3.** Facultade de falar. **4.** Acción ou efecto de falar. **5.** Xeito particular de falar dunha persoa.
falado, -a. adx. Pronunciado, dito. **2.** Acordado.
falador, -a. adx. Aplícase á persoa que fala moito. **2.** Dise da persoa que fala de máis, de xeito indiscreto.
faladuría. s. f. Rumor, normalmente sen fundamento.
falagueiro, -a. V. falangueiro.
falamole. adx. Efeminado (A Veiga).
falampo. V. falopo (Prelo).
falangueiro, -a. adx. Falador, que fala moito. **2.** Simpático.
falante. adx. O que emprega un idioma.
falar. v. Pronunciar palabras para facerse entender. **2.** Charlar. **3.** Poñerse de acordo en algo. **4.** Opinar. **5.** Utilizar a lingua propia, usar o galego. **6.** prnl. Relacionarse, tratarse. **7.** prnl. Cortexar. // **Falaba que *volaba*.** Dise dunha persoa cando fala moito (Santiso de Abres). // **Falar *chao*.** Falar como se fai normalmente o propio dun lugar. // **Falar**

francés. Estar borracho (Abres). // **Falar gordo.** Rifar. // **Falar por catorce.** Falar moito. // **Prender al falar.** Tatexar. // **Sempre fala el que *tá más* cagado.** Refrán que recrimina á persoa indiscreta, a quen non sabe cando é o momento no que debe estar calado.

falaxe. V. fala 2ª acep. (Villaión). **2.** Rumor (Allande).

falca. s. f. Táboa que se coloca sobre o *serradeiro* para serrala. **2.** Viga non moi ben escuadrada (Boal). **3.** Tronco groso de madeira cortada (Abres, Boal, San Martín de Ozcos). **4.** Cacho longo de madeira (Navia).

falcatrúa. s. f. Engano. **2.** Enredo, trampa. **3.** Broma. **4.** Trasnada.

falcatrúas. adx. Dise do home que fai chapuzas.

falcatruada. V. falcatrúa 4ª acep. (Boal).

falcoeira. s. f. Lugar onde abundan as aves rapaces.

falcueira. V. falcoeira.

falda. s. f. V. mandil 3ª acep. **2.** V. saia. **3.** Carne de vacún que colga das *agullas*. **4.** Nun carro, táboa encaixada atrás entre os ladrais (Allande).
Obs. Trátase dun castelanismo.

faldeiro. adx. Aplícase ao home ou rapaz que lle gustan moito as mulleres.
Obs. Trátase dun castelanismo.

faldeta. s. m. Faldra da camisa. **2.** Faldra (Oneta).
Obs. Trátase dun castelanismo.

faldetear. V. flamear (El Franco).

faldiar. v. Ir pola ladeira dun monte ou outro accidente xeográfico.
Obs. Trátase dun castelanismo.

faldiego, -a. adx. Dise do can pequeno que sempre vai detrás dunha persoa.
Obs. Trátase dun castelanismo.

faldigo. s. m. Faldra pequena que se lles pon ás nenas despois de quitarlles as *mantelas*.
Obs. Trátase dun castelanismo.

faldón. s. m. (pl. faldois). Parte dun hórreo ou *panera* composta por varias táboas dispostas normalmente de xeito vertical que serven para protexer a estrutura dos axentes atmosféricos ou para facer un corredor cuberto; faldra, mandil. **2.** Peza de roupa da muller consistente nun biso que se poñía debaixo do vestido para que tivese máis anchura.
Obs. Trátase dun castelanismo.

faldramentos. s. m. pl. Roupa que colga máis abaixo do normal.

faldrapo. s. m. Cacho de roupa usada.

faldriqueira. s. f. Bolsa a xeito de mandil que ataban as mulleres á cintura, con un ou dous petos, para gardar cousas como as castañas, o diñeiro, amuletos etc. Ía debaixo da saia, refaixo ou do mandil, ou por fóra nos días de festa con adornos como os dos mantelos. A de home era máis grande, tamén ía atada á cintura e levábana dentro da perna do calzón chegando case até ao xeonllo.

falía. V. fala.

falla. s. f. Falta. **2.** Parte da viga que queda con casca por estar mal escuadrada.

fallar. v. Non conseguir un resultado que se agardaba. **2.** Nos xogos das cartas, poñer un trunfo por non ter o pau con que se xoga. **3.** Faltar. **4.** Decidir, sentenciar.

falleba. s. f. Variña de ferro con ángulos nos dous extremos, suxeita en varios aneis e que pode xirar por medio dun veo, para pechar ventás ou portas de dúas follas, asegurando unha con outra, ou co marco, onde se encaixan as puntas dos ángulos (El Franco, Os Ozcos).

fallecer. v. Morrer (Boal).

fallenón, -a. adx. Esaxerado (Coaña).

fallido, -a. adx. Non conseguido. **2.** Dise da vaca coa barriga baleira porque non comeu.

fallo. s. m. Cortiza que queda nos táboas grandes por estar mal cadradas (San Martín de Ozcos).

falmagueira. s. f. Lugar cheo de lama (Abres). **2.** Poza profunda (Abres). **3.** V. famagueira 1ª e 2ª acep. (Seares).

falopa. V. falopo.

falopar. v. Caer neve en *falopos*.

falopear. V. falopar.

falopiar. V. falopar.

falopo. s. m. Cacho de neve que cae do ceo; farrapo.

faloupa. s. f. Espesura de herba, especialmente cando se enreda polo vento e a chuvia, sendo difícil de segar (Eilao).

faloupar. V. falopar.

faloupear. V. falopar.

faloupiar. V. falopar.

faloupo. V. falopo. // **A *faloupo*.** V. zaloupo (a).

falqueado. s. m. Acción de desbastar un madeiro cunha brosa.

falquear. v. Desbastar un madeiro cunha brosa.

falquiar. V. falquear.

falsedá. s. f. Falta de verdade ou autenticidade.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

falsiado, -a. adx. O que perde firmeza ou seguridade.

falsiar. v. Falsificar, adulterar. **2.** Perder unha cousa firmeza ou seguridade.

falso, -a. adx. Falto de verdade. **2.** Aplícase á cabalería da que non se pode fiar. **3.** s. m. Remate en dobrez na roupa para poder alongala despois. **4.** Traidor, hipócrita. **5.** Postizo (*Ten un dente falso*). // **Ser falso como uha mula.** Ser moi falso. // **Ser máis falso que as castañas que estoupan.** Ser moi falso.

falta. s. f. Carencia dunha cousa necesaria. **2.** Ausencia. **3.** Erro ortográfico. **4.** Defecto, imperfección. **5.** Necesidade. // **Falta fai que *nun faiga* falta.** Refrán reiterativo que alude á falta de necesidade de algo. // **Maldita falta fai.** Que algo non é preciso.

faltar. v. Estar ausente algo ou alguén. **2.** Desaparecer. **3.** Ofender, insultar a unha persoa. **4.** Non acudir. **5.** Morrer (*Nesa casa faltan xa tres vellos*). **6.** Ter un defecto algo.

falto. s. m. Defecto.

faltón, -a. adx. Aplícase á persoa que molesta aos demais. **2.** Dise do aspecto que molesta (*Ten un xeito de falar faltón*).

faltoso, -a. adx. Aplícase á persoa pouco ou nada intelixente. **2.** Aplícase á persoa agresiva e ofensiva.

faltriqueira. V. faldriqueira.

faltriqueiro. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Rellán (Ibias).

falúa. s. f. Embarcación pequena cunha cámara reducida na popa.

fama. s. f. Opinión que se ten sobre unha persoa.

famagueira. s. f. Catarro forte de peito. **2.** Asma. **3.** Enfermidade. **4.** Defecto na madeira por diversas causas (Tapia de Casarego).

famalgueira. s. f. Asma; famagueira 1ª e 2ª acep.

fame. s. f. Necesidade de comer. **2.** Ausencia de alimentos. // **A *muita* fame non hai pan duro.** Refrán que alude a que cando se ten fame calquera cousa é boa (Taramundi). // **El que fame pasa, con pan soña.** Refrán que se refire a quen pensa continuamente no que precisa con urxencia. // **Fame que espera fartura, *nun* é fame.** Refrán que recomenda facer con paciencia os traballos nos que se sabe que vai existir un beneficio ou unha recompensa. **2.** Alude á pouca preocupación que pode ter unha persoa cando esta sabe con total seguridade que vai conseguir calmar a súa fame. // **Pasar a fame con *salú*.** Superar as malas épocas económicas. // **Pasar *más* fame que un preso.** Pasar moita fame (El Franco). // ***Pra búa* fame, *nun* hai ruín pan.** V. A muita fame non hai pan duro. // ***Prá* fame *nun* hai pan duro.** V. A muita fame non hai pan duro. // **Quen pasa fame, con pan soña.** V. El que fame pasa, con pan soña. // **Ser un morto de fame.** Non ter traballo ou ocupación que se saiban. // **Ser un morto de fame *chen* de papas.** Ser unha persoa que non ten nada, aínda que quere aparentar outra cousa. // **Ruín como a fame.** Moi ruín. // ***Tar* morto de fame.** Ter fame. **2.** Estar delgado. // ***Tar* un día de fame.** Ir un día de moita calor ou de vento quente. // **Ter cara de fame.** Estar delgado e esbrancuxado. // **Xuntarse a fame coa *debilidá*.** V. Xuntarse a fame coas ganas de comer. // **Xuntarse a fame coas ganas de comer.** Refrán que indica igualdade ou semellanza moral entre dúas persoas ou dúas cuestións, normalmente con sentido negativo.

famento, -a. adx. Que ten fame (*Can famento, pulgas a cento*). **2.** Dise do día con moita calor e aire quente.

familia. s. f. Grupo de persoas que teñen relacións de consanguinidade entre si, normalmente dentro dunha casa. **2.** Fillo, neno (*Temos dez familias*), (San Martín de Ozcos).

familiada. s. f. Familia numerosa. **2.** Conxunto da familia.

familiar. s. m. e f. Parente.

familiaridá. s. f. Relación como se se tratase dun familiar. **2.** Confianza. **3.** Naturalidade.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

famión, -úa. adx. O que ten sempre fame.

fampeiro, -a. V. zampeiro 2ª acep.

fana. V. freita 3ª acep. **2.** Desprendemento dunha parede (San Martín de Ozcos, Allande).

fanado, -a. adx. Aplícase cando un membro do corpo foi cortado. **2.** Falto dunha orella ou das dúas. **3.** Dise da persoa que ten os beizos sucios (Eilao). **4.** s. f. Materiais que se desprenden; freita 3ª acep. (Coaña).

fanal. s. m. Campá transparente, polo común de cristal, que serve para que o aire non apague a luz posta dentro dela (El Franco).

fanar. v. Cortar algún membro do corpo. **2.** Cortar as ramas dunha árbore. **3.** Cortar as orellas a un animal (San Martín de Ozcos, Vilanova de Ozcos).

fandango. s. m. Parte externa do aparato xenital feminino (Navia). **2.** Órgano xenital feminino (Santalla de Ozcos, Castropol).

fandongo. s. m. Órgano xenital feminino (Vilanova de Ozcos).

faneca. s. f. Peixe osteíctio da familia dos gádidos, de vinte a trinta centímetros de lonxitude, cos dentes en forma de serra. A súa color é parda pola parte dorsal e branca na ventral. Ten tres aletas dorsais e dúas anais. É un peixe propio de augas frías (*Gadus luscus*), (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira, Navia).

faneco. s. m. Peixe osteíctio gadiforme, da familia dos gádidos, con corpo alongado, que presenta tres aletas dorsais e dúas anais. A caudal está lixeiramente fendida. A altura do corpo é inferior ou igual á lonxitude da cabeza. O maxilar superior é prominente. Ten unha barbadela debaixo do extremo da mandíbula inferior. A coloración é tirando a amarela, algo parda no dorso, aclarándose sobre os flancos. O ventre é gris prateado escuro. As aletas impares teñen a coloración do corpo, as peitorais son ocre e as da pelve tirando a branco (*Gadus minutus*), (As Figueiras). **2.** Faneca pequena. **3.** V. faneca.

fanega. s. f. Medida de capacidade para áridos, que se podía utilizar como pagamento nun arrendamento. Había de tres clases: maior, media e menor. En Boal equivalía a 56 quilos, en San Martín de Ozcos a 50, en Santalla de Ozcos a 49,5, en Vilanova de Ozcos a 49, en Grandas de Salime a 48, en Eilao a 50, na Veiga a 50 quilos, en Tapia de Casarego a 56 e en Ibias a 48. **2.** Medida de capacidade para líquidos, que no concello de Navia equivalía a 68,16 litros, no de Castropol a 67,84, no da Veiga a 68,88, no de El Franco a 73,92, en Ibias a 63,47, en Pezós a 65,78, en Santalla de Ozcos a 61,20, en San Martín de Ozcos a 66,44, en Vilanova de Ozcos a 64,13, nos de Grandas de Salime e Eilao a 68,10 e en Abres (A Veiga) a 56. **3.** Utensilio para medir o gran. **4.** Medida de superficie, que en San Martín de Ozcos equivalía a 28 áreas, en Santalla de Ozcos e Abres (A Veiga) a 25, en Ibias a 24 e en Taramundi e Vilanova de Ozcos a 24. **5.** Medida de volume para medir o cal, que no concello de El Franco equivalía entre 80 e 84 quilos. // **Fanega a monte i fonte.** Leira sementada no monte. // **Fanega de terra.** Medida de superficie que en Grandas de Salime equivalía a 7,86 áreas.

fanegón, -a. adx. Dise do neno gordo (Castropol).

fanegote. V. pancho picudo 1ª acep. (Castropol).

fanegueiro, -a. s. m. e adx. Persoa que cobra moitas fanegas de renda.

fanequeira. V. fanequeiro (As Figueiras).

fanequeiro. s. m. Lugar no mar onde abundan as fanecas (Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira, Navia).

fanfoñas. adx. Dise do home descoidado e pouco claro no que di (Allande).

fanigote. V. pancho picudo 1ª acep. (Castropol). **2.** Cría do *pancho picudo* (Castropol).

fanfarrón, -úa. adx. Dise do gato que produce unha especie de ronquido en sinal de satisfacción.

fanfarroniar. v. Dicir cousas impertinentes. **2.** Darse importancia con algo cando non se ten. **3.** Producir unha especie de ronquido en sinal de satisfacción, como fan os gatos (Tapia de Casarego).

fanfarronín, -ía. V. fanfarrón.

fanfoña. V. zanfoña.

fangal. s. m. Lugar onde abunda o lodo.

fango. s. m. Lama propia dos terreos que están asulagados de xeito permanente. **2.** Lama que se forma nos fondos dos portos. // **Como *fango*.** Moito.

fanigoto. s. m. Foxo que forma a auga cando cae desde unha altura (Serandías).

fantasía. s. f. Imaxinación creadora ou capacidade da mente para formar imaxes.

fantesía* → fantasía.

fantochada. s. f. Estupidez.

fantochas. adx. Dise do home fato e presumido.

fantocho, -a. adx. Dise da persoa fata e presumida.

fañado, -a. adx. Moi sucio, especialmente na cara (Abres, San Martín de Ozcos).

fañagueto. s. m. Órgano xenital feminino.

fañarse. v. prnl. Mancharse, normalmente a cara ou a boca con comida.

fañigoto. s. m. Pequena *fana*. **2.** V. fanigoto.

faragallada. s. f. Enredo, desorde. **2.** Conxunto de farrapos.

faragalleiro, -a. adx. Zarapalleiro, chapuceiro.

faragallo. s. m. Cacho de roupa usada; faldrapo, farrapo, fargallo, zarampallo.

faragallón, -úa. s. m. (pl. faragallois). Máscara do Entroido, disfrazada de roupas vellas e malas. Normalmente levaba un fol con trapos para apartar a xente. **2.** Dise da persoa que vai mal vestida ou con farrapos.

faragata. s. f. Xoguete de nenos feito con lata que imita unha embarcación. **2.** V. fragata.

faragulla. s. f. Cacho pequeno de pan. **2.** Porción pequena dunha cousa. **3.** Persoa ou cousa pequenas. // ***Aprovetar*** **ben as faragullas.** Aproveitar todo. **2.** Vivir na penuria. // **Nin faragulla.** Nada. // **Quedar feito faragullas.** Quedar mal, escarallado.

faragullada. s. f. Conxunto de faragullas. **2.** Conxunto de cousas pequenas.

faragulleiro. s. m. Conxunto ou lugar onde hai moitas faragullas.

faragullín. s. m. Momento (*Veu hai un faragullín*).

faragullo. s. m. Espazo curto de tempo. **2.** V. faragulla 1ª, 2ª e 3ª acep. **3.** pl. Masa frita na tixela esmiuzada antes que calle.

farangallo. s. m. Trapo, farrapo (Navia); fargallo 1ª acep.

farangallón, -a. adx. Dise da persoa que vai vestida con farrapos (Navia).

farda. s. f. Ganancia abundante. // ***Fer*** **a *farda*.** Gañar, enriquecerse. **2.** Fartarse.

fardar. v. Presumir, aparentar.

fardel. adx. Aplícase ao neno sucio e que lle gusta comer moito. **2.** V. fardelo 1ª e 2ª acep. **3.** adx. Dise do home pequeno de estatura (Abres). **4.** s. m. Persoa que molesta ou estorba.

fardela. s. f. Bolsa de tea atada á cintura, que se usa por exemplo para meter as castañas ao collelas; talega. **2.** V. fardelo 1ª acep.

fardelada. s. f. Contido dun fardelo. **2.** Figuradamente, montón de algo (*Hai uha fardelada de castañas*).

fardelado. V. fardelada (Os Ozcos).

fardeleiro. s. m. Vendedor ambulante de teas que levaba nun fardelo grande (Coaña).

fardello. V. fardelo.

fardelo. s. m. Saco pequeno. **2.** Pano grande onde se mete o pan recentemente quitado do forno e que se ata polas catro puntas. **3.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Cecos (Ibias). // ***Nun*** **quero, *nun* quero, bótamo no fardelo.** Refrán que indica disimulo.

fardo. s. m. Conxunto de obxectos envoltos ou enmarañados para o seu transporte, como roupa, mercancías etc.

fareleiro. adx. Que ten farelo. **2.** Aplícase á persoa sen graza, que non se ocupa das cousas importantes.

farelleiro. V. fareleiro.

farello. V. farelo.

farelo. s. m. Casca do gran dos cereais, que se obtén despois de separalo da fariña e que serve para alimento dos animais.

farello. V. farelo.

farenguelo. s. m. Cacho dunha castaña cocida (Boal).

farento, -a. V. fariñento[2] 1ª acep. (Santalla de Ozcos).

farfallar. V. afarfallar.

farfalleiro, -a. adx. Dise da persoa que fala moito e sen xeito.

farfallón, -úa. V. farfalleiro.

farfantudo, -a. adx. Aplícase á persoa de cara ancha e gorda.

farfullada. s. f. Mentira, manipulación.

farfullar. v. Falar á présa. **2.** Falar baixo. **3.** Facer as cousas de xeito desordenado. **4.** Mentir, manipular. **5.** Falar entre dentes.

farfullas. s. e adx. Mentireiro, manipulador.

farfulleiro, -a. adx. Aplícase á persoa que fala moi á présa. **2.** Dise da persoa que fai as cousas con desorde. **3.** V. farfullas. **4.** Dise da persoa que fala moito, charlatán.

farfuñar. V. farfullar 2ª acep.

fargallada. s. f. Cousa mal feita. **2.** Cousa feita con roupa vella e usada; fargallo. **3.** V. faragallada 1ª e 2ª acep.

fargalleiro, -a. V. faragalleiro.

fargallo. s. m. Cacho de roupa vella e usada, trapo; farrapo. **2.** Peza de vestir rota. **3.** adx. Dise da muller de mala vida (Castropol).

fargallón, -úa. adx. Aplícase á persoa que se viste con fargallos.

faría. s. f. Produto resultante de moer o gran dos cereais. **2.** Cacho de pan rebozado en ovo e frito con manteiga que se lle daba ás mulleres que parían. **3.** Regalo que fai a madriña á mai do afillado poucos días despois do bautizo, consistindo en manteiga, pan e ovos para a mai, e en *mantelas* e puchos para o afillado (Serandías). **4.** pl. Festa que se fai o segundo domingo despois do parto na casa dunha parturiente (San Martín de Ozcos). **5.** Frito de fariña e ovo que se facía durante a *mallega* (Santalla de Ozcos). // ***Condo nun*** **hai *faría* nel fole, *riñen*** **a muller i el home.** Refrán que alude a que cando se teñen problemas económicos, os matrimonios non adoitan levarse ben. // ***Faría*** **lenta.** Fariña que non se torra. // ***Faría*** **torrada.** Fariña que se queima lixeiramente. // **Haber ferro i (e) *faría* (fariña).** Rifar.

farieira. s. f. e adx. Muller que recentemente pariu e á que se lle fai a

festa das *farías* (Vilanova de Ozcos, Santalla de Ozcos).

fariento[1]. V. farinento[1] 1ª e 2ª acep. (Vilanova de Ozcos, San Martín de Ozcos).

fariento[2], -a. adx. Dise do cachelo que se desfai ao cocelo. **2.** Aplícase á pataca que coce á présa.

farila. s. f. Caspa que sae xunto á raíz do pelo (San Martín de Ozcos).

farimento. V. farinento (Eilao).

farina. V. faría 1ª acep. // ***Condo nun* hai *farina* nel *folle*, *reñen* a muller i el home.** Refrán que alude a que cando hai pobreza todo son discusións.

farineiro, -a. adx. Relativo á fariña (Navia).

farinento[1]. s. m. Planta herbácea da familia das quenopodiáceas, de sesenta a oitenta centímetros de altura, con talo erecto e agrisado; follas romboidais, dentadas, curtas e estreitas e flores pequenas (*Chenopodium album*). **2.** Planta herbácea da familia das quenopodiáceas, con talo estriado e anguloso, follas lobuladas e divididas, e adoptando ás veces unha color vermella (*Chenopodium murale*).

farinento[2], -a. V. fariñento[2] 1ª e 2ª acep. **2.** Dise da terra moi solta (Navia). **3.** Dise da faba que se desfai como a fariña. **4.** V. molido[2] 4ª acep. (Tapia de Casarego).

farinoso, -a. V. fariñento[2] 1ª acep.

fariña. V. faría 1ª acep. (Abres).

fariñento[1]. V. farinento[1] 1ª e 2ª acep. (Abres, Os Ozcos).

fariñento[2], -a. adx. Que ten fariña ou co seu aspecto. **2.** Aplícase á pataca ou pera secas. **3.** Dise da pataca que se desfai. **4.** Da color da cinza (San Martín de Ozcos).

fariñoso, -a. V. fariñento[2] 1ª acep.

faro. s. m. Torre alta nas costas, con luz na súa parte superior que serve para orientar os navegantes. **2.** Lanterna do faro.

farol. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Santalla de Ozcos por consideralos presumidos. **2.** s. m. Nunha chaqueta de muller, cando a manga non é recta, senón avultada primeiro e despois máis delgada e axustada ao brazo. **3.** s. m. Persoa amiga de chamar a atención, farsante. **4.** s. m. Rapaz (Santalla de Ozcos). **5.** s. m. Caixa transparente na que dentro se coloca unha luz. **6.** s. m. Mentira esaxerada. **7.** s. m. Piropo. **8.** s. m. V. tambor 3ª acep. **9.** Peixe da familia dos *Epigonidae*, perciforme, que pode acadar os cincuenta e oito centímetros de lonxitude, con rostro moi alongado, boca grande de color interior negra, aletas dorsal e anal brandas e recubertas de escamas e coloración parda ou negra (*Epigonus telescopus*), (As Figueiras). // ***Muitos faroles* hai i pouco que *allume*.** Refrán que se refire que na vida hai moitas mentiras. // **Tirarse faroles.** Presumir de algo de xeito falso.

farola. V. faro.

farolada. s. f. Trola.

farolear. v. faroliar.

faroleiro, -a. adx. Aplícase á persoa que presume de máis. **2.** Dise da persoa que di mentiras, mentireiro.

faroliar. v. Presumir, alardear.

farolín. s. m. (pl. farolíos). Farol pequeno.

farra. s. m. Diversión, festa.

farraca. s. f. Espazo que queda entre o peito dunha muller e a roupa que o cobre. **2.** V. faldriqueira (Serandías).

farracada. s. f. Moita cantidade.

farraco. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes do Allande occidental (El Valledor e Verducedo). **2.** Alcume popular que se lles dá aos habitantes de San Martín del Valledor (Allande). **3.** Tipo de fala propia dos habitantes de El Valledor.

farrada. V. farra.

farragoso, -a. adx. Dise do terreo ou lugar cheos de auga e lama.

farrapa. V. navalla. **2.** Papa (Castropol).

farrapada. s. f. Moita cantidade de algo (Allande).

farrapar. V. falopar.

farrapear. V. falopar.

farrapeiro, -a. adx. Aplícase á persoa que anda con farrapos. **2.** Dise da persoa que vai mal vestida.

farrapento, -a. V. farrapeiro.

farrapiada. s. f. Acción e resultado de *farrapiar* (Eilao).

farrapiar. V. falopar.

farrapo. s. m. Roupa vella e rota; fargallo. **2.** Cousa sen valor. **3.** Folerpa. **4.** Cacho de tea rota. // ***Chen* de farrapos.** Farrapento. // **Nin que farrapo de gaita.** Frase desprezativa coa que se indica incredulidade. **2.** Nada ou case nada.

farraquetado, -a. adx. Aplícase ao que cabe entre a camisa e o corpo. **2.** s. m. Gran cantidade de algo (*Un farraquetado de homes*), (A Veiga).

farraqueto. s. m. Saco pequeno.

farrear. v. Andar ou estar de festa, divertirse (El Franco). **2.** Adormecer un pouco.

farreira. s. f. Lugar onde hai *farros*.

farreta. V. farro.

farriar. V. farrear.
farricado, -a. s. m. e f. Sacado pequeno. **2.** Cantidade pequena metida nun saco.
farrio. V. farro (Coaña, Navia). // ***Farrio* grande.** V. chileno (Ortigueira).
farro. s. m. Peixe osteíctio perciforme, da familia dos lábridos, duns dezaoito centímetros de lonxitude, co dorso elevado e o perfil cefálico inclinado. Ten unha mancha azul negra ou verdeal en forma de media lúa detrás de cada ollo e unha mancha negra debaixo da liña lateral. Vive nos fondos rochosos con abundante vexetación (*Symphodus melops*), (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco). // **Follas na figueira, *farros* na ribeira.** Refrán que indica a época axeitada para a pesca deste tipo de peixe.
farronco. s. m. Especie de trasno ou coco que leva os nenos; zarronco.
farruchento, -a. adx. Oxidado (A Veiga).
farruco, -a. adx. Aplícase á persoa orgullosa, soberbia. **2.** Forte, de boa saúde. **3.** Enfadado, con actitude de enfrontamento. **4.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de El Valledor (Allande). **5.** Valente, sen medo. **6.** Presumido. **7.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Busmaior (Ponticella-Villaión). **8.** s. m. Cacho de castaña cocida; ferruguelo. **9.** Descarado, insolente.
farta. s. f. Exceso de traballo ou comida. // **Uha farta de.** Moito.
fartada. V. fartura 3ª acep.
fartar. v. Saciar o apetito de beber ou comer. **2.** Encherse de comida ou bebida. **3.** prnl. Cansar dunha persoa ou de varias. // **A fartar.** Con abundancia. // **El que *nun* se farta comendo, *llambendo* tampouco.** Refrán que alude ás persoas que non se conforman co que teñen e buscan aínda máis. V. encher.
fartín, -ía. (pl. fartíos, fartías). adx. Diminutivo de farto.
farto, -a. adx. Saciado. **2.** Cansado. // ***Tar* farto como un odre.** Estar cheo por comer de máis.
fartón, -a, -úa. adx. Aplícase á persoa que come moito.
fartucarse. v. prnl. Comer ben pero sen saciarse totalmente.
fartuco, -a. adx. Aplícase á persoa que comeu moito pero sen saciarse totalmente.
fartura. s. f. Abundancia. **2.** Comida moi abundante. **3.** Resultado ou efecto que produce o feito de comer e beber en demasía.
farxolo. adx. Dise da persoa desamañada, desleixada.
fastidado*, -a → fastidiado.
fastidiado, -a. adx. Amolado. **2.** Anoxado, molesto. **3.** Estragado. **4.** Enfermo.
fastidiar. v. Causar noxo unha cousa ou fastío. **2.** Anoxar, molestar. **3.** Estragar. **4.** prnl. Non levarse a cabo unha cousa. **5.** prnl. Aguantarse.
fastidio. s. m. Molestia, desgusto provocado por algo.
fastidioso, -a. adx. Aplícase ao que molesta.
fatada. s. f. Parvada, estupidez.
fatado. s. m. Rabaño. **2.** Grupo de animais. **3.** Por extensión, grupo de persoas.
fatalidá. s. f. Desgraza, infelicidade.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
fatedá. s. f. Parvada.
faterna. s. f. Traballo ou asunto que dá moito traballo, molesto.
fatiga. s. f. Estado de cansazo. **2.** Asma. **3.** Sufrimento.
fatigar. v. Cansar. **2.** prnl. Ter cansazo.
fatín, -ía. adx. Estúpido.
fato[1]. s. m. Grupo de persoas (*Un fato de tolos*), (Os Ozcos).
fato[2], -a. adx. Estúpido, parvo, imbécil. **2.** Presumido, presuntuoso. // **El que de lonxe parece fato, de cerca *élo*.** Refrán que alude a que as persoas parvas son parvas tanto de lonxe como de cerca. // ***Según* te vexo de fato, así te trato.** Refrán que alude a como tratar a unha persoa estúpida.
fatón. s. m. (pl. fatois). Variedade de cirola de color negra ou viño, alongada e de gran tamaño. **2.** V. fato[2].
fatoneiro. V. fatueiro (El Franco).
fatoría* → factoría.
fatueiro. s. m. Árbore variedade da ciroleira que dá o *fatón* (*Prunus domestica spp.*), (Tapia de Casarego, El Franco).
fatura. s. f. Parvada, estupidez. **2.** Engano (*Peloume con tanta fatura*).
fautor. s. m. Persoa encargada da organización das festas patronais.
favor. s. m. Axuda prestada. **2.** Permiso que pedía un home a unha muller para poder bailar con ela cando estaba bailando con outro. // **En (a) favor de.** En beneficio de.
faxa. V. faixa 1ª, 2ª, 3ª e 4ª acep. **2.** V. canterla 1ª acep. (Vilanova de Ozcos, Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos). **3.** Peza de vestir de neno (San Martín de Ozcos).
faxaca. s. f. Faltriqueira.
faxado, -a. V. faixado.

faxaquín. adx. Dise do neno pequeno e delgado, raquítico (Boal).
faxar. V. faixar.
faxeira. s. f. Tipo de madeira de castiñeiro que se empregaba para facer trobos. **2.** Porta falsa (Castropol). **3.** Variedade de castaña.
faxel. s. m. Porta pequena (As Figueiras).
faxico, -a. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Xío (Eilao); xiruego.
faxoca. V. faxaca. **2.** Cantidade importante de cartos.
faz. s. m. (pl. faces). Conxunto de corenta mollos de cereal (Taramundi, Santiso de Abres) ou corenta *manizas* de herba (Vilanova de Ozcos). // **Da faz.** Xeito de queimar o monte cavado sen facer *borreiras* (Vilanova de Ozcos).
faza. V. faz (Boal).
fazado, -a. adx. Que ten a cara sucia de comida. **2.** Dise da cabalería ou do gando vacún coa cara branca (Boal).
fe. s. f. Virtude teologal pola que se cre nas verdades reveladas por Deus. **2.** Confianza en algo ou alguén. **3.** Crenza na verdade dunha opinión que non foi demostrada cientificamente. // **A *búa* fe.** Con boa intención. // **Dar fe.** Asegurar, confirmar, acordarse. // ***Nun* fai fe.** Non quere dicir nada. // **Quen che *dera* fe!** Expresión que se utiliza cando alguén non se cre nada do que lle conta unha persoa.
febilla. s. f. Obxecto normalmente metálico, que se emprega para xuntar unha correa, cinta etc., con outro ou outra cousa. **2.** Cordón para axustar á medida unha peza de vestir como o chaleco. **3.** Peza metálica que nun lado ten unha bisagra e noutro un peche, que serve para poñer o xugo e enganchar nela o arcoxo.
Obs. Trátase dun semicastelanismo.
febre. s. f. Aumento da temperatura normal do corpo. **2.** Enfermidade do gando vacún que produce febre alta (Castropol).
febreirín. V. febreiro.
febreiro. s. m. Segundo mes do ano. // **En febreiro mete obreiro, na sebe non na parede (*pra fer* sebe, non parede), non por falta de día, senón porque *tá* a pedra fría.** Refrán que aconsella contratar obreiros en febreiro, pero non para traballar coas pedras. // **En *xineiro* mete obreiro *prá* sebe i non *prá* parede, i *nun* é por falta de día, é que a pedra inda *tá* fría.** V. En febreiro mete obreiro, na sebe non na parede (*pra fer* sebe, non parede), non por falta de día, senón porque *tá* a pedra fría. // **(El auga de) febreiro fai el palleiro.** Refrán que nos indica que coa chuvia de febreiro vai haber moita herba, é dicir, abundante alimentación para o gando. // **Febreiro é *corto* i un día peor que outro.** Refrán meteorolóxico. // **Febreiro febras dá, á entrada ou á *salida* xa as *amostrará*.** Refrán que se refire á irregularidade do tempo neste mes. // **Febreiro frebas dá, al empezo ou al *acabo* el *lo* demostrará.** V. Febreiro febras dá, á entrada ou á salida xa as amostrará. // **Febreiro retorto, con *sous* vinteoito, *si tuvera* tres máis, *nun* quedaba can, nin gato, nin ovella, nin cordeiro, nin orella al *pigureiro*.** Refrán que alude a que neste curto mes se rematan os víveres do inverno, tanto para as persoas coma para os animais. // **Se *nun* chove en febreiro, nin *bon* prado, nin *bon centén*.** Refrán meteorolóxico que alude a que se precisa a chuvia do mes de febreiro para que haxa herba e centeo (San Martín de Ozcos). // ***Si* non chove en febreiro, nin herba, nin palleiro.** V. Se nun chove en febreiro, nin bon prado, nin bon centén (As Figueiras).
fechar. v. Colocar a última táboa do costado dunha embarcación para que a súa estrutura quede ben firme (As Figueiras).
fecho. s. m. Táboa dunha embarcación que actúa con presión para que toda a estrutura dos banzos quede ben firme.
feder. v. Ulir mal. // **Fede *bulla*!** Expresión que se usa para indicar que algo cheira moito.
fedor. s. m. Mal cheiro.
fedorella. V. cedorela.
fégado. s. m. Órgano situado na parte superior dereita do abdome e que desempeña funcións moi importantes como a secreción da bile.
feidor, -a. adx. Aforrador. **2.** Dise da muller porque dá fillos; facedora.
feir. V. facer (Castropol).
feira. s. f. Reunión de xente en determinados días para vender, comprar ou intercambiar produtos, ademais de considerarse un acto social tradicional (Boal, Pezós, San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos, Grandas de Salime, Taramundi). **2.** Lugar onde se celebra esta reunión. // **Cada un conta a feira como lle foi nela.** V. Cada un fala da feira i dice como lle foi nela (Castropol). // **Cada un *dice* da feira *según* lle *vei nella*.** V. Cada un fala da feira i dice como lle foi nela. // **Cada un fala da feira i *dice* como lle foi nela.** Refrán que

explica que as persoas adoitan contar só o que lles interesa (Castropol). // **Ir cos da feira i vir (volver) cos del mercado.** Meterse unha persoa en asuntos alleos. **2.** Querer quedar ben con todo o mundo.

feirante. s. m. Persoa que compra ou vende nunha feira.

feiría. V. feira.

feirón. s. m. Feira grande e importante (Grandas de Salime, San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos).

feiticio* → ficticio.

feiticio. V. feitizo 3ª acep.

feitín. V. vargaxe (Santalla de Ozcos).

feitizo. s. m. Conxunto de prácticas destinadas a conseguir un efecto máxico. **2.** Capacidade de atracción de certas persoas ou cousas. **3.** Imaxinario.

feito, -a. adx. Que está realizado. **2.** Rematado, acabado. **3.** s. m. Acción. **4.** s. m. Acontecemento, suceso. **5.** Maduro. **6.** Dise da persoa ou cocho gordos (*Táche feito*), (San Martín de Ozcos). // **A feito.** Sen escoller. **2.** Todo o mundo. **3.** Correctamente. **4.** Moitos (*Hailos a feito*). // **Comer de a feito.** Comer de todo (As Figueiras). // **De a feito.** De feito. **2.** Sen interrupción. // **De feito.** Efectivamente. **2.** Todo seguido. // **Desta *feita*.** Por esta vez. // ***Fer* un feito.** Facer unha cousa con especial mérito polas poucas posibilidades que se teñen para facela. // ***Tar* feito.** Ter moito diñeiro.

feitor, -a. adx. Que fai algunha cousa. // ***Feitor* de vida.** Dise da persoa facendosa, aforradora e con iniciativa.

feitura. s. f. Acto, efecto ou xeito de facer. **2.** Acción e efecto de facer ou confeccionar unha peza de vestir. **3.** Forma externa ou figura que se lles dá ás cousas. **4.** Dignidade, respectabilidade (*El que fai un fillo na muller doutro perde el fillo i a feitura*), (A Veiga).

feixa. s. f. Conxunto da carga de herba ou de feixes no carro (Seroiro).

feixado. s. m. Conxunto de feixes. **2.** Por extensión, conxunto de algo.

feixe. s. m. Porción atada de leña, herba, millo, trigo, ouca, roupa etc., que se pode levar na cabeza ou no lombo. **2.** Unidade de medida que se utiliza para a produción de viño e uvas. De equivalencia variable, vén corresponder a uns 50 quilos de uvas, é dicir, 25 litros. **3.** Montón desordenado de cousas. **4.** Abundancia dunha cousa, cantidade grande. **5.** Carga. **6.** Grupo, conxunto. **7.** Ventre grande dunha muller embarazada (*Ten un bon feixe*), (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos). // **A feixes.** Moita cantidade de algo, moito.

fel[1]. s. m. Secreción viscosa, de color verde ou amarela e sabor amargo, producida polo fígado (*fégado*) dos vertebrados. **2.** Amargura.
Obs. No xénero vacila entre feminino e masculino.

fel[2]. adx. Que garda lealdade (Coaña).

felástica* → filástica.

fele. V. fel[1] 1ª acep. (San Martín de Ozcos).

felén. V. fel[1] 1ª acep. (Navia, Villaión).

felicidá. s. f. Estado de ánimo que se comprace na posesión dun ben. **2.** Satisfacción.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

feligrés, -a. Persoa que pertence a unha parroquia.
Obs. Trátase dun castelanismo.

felino. s. m. Lique que se utiliza na industria farmaceútica (El Franco).

felispín (a todo). loc. Rapidamente, a toda velocidade.

feliteado, -a. adx. Dise da peza ou figura cos bordos con silueta dun esmalte diferente, como acontece nalgunhas navallas (Taramundi).

feliz. adx. Que ten ou sente felicidade.

felpa. s. f. Tecido que ten pelo por unha das súas caras.

felpello. s. m. Cacho de roupa vella, farrapo. **2.** Persoa vella. **3.** Persoa que leva mala vida (Tapia de Casarego).

feltrón, -úa, -a. adx. Aplícase ao home ou muller noxentos e que cambian moito de parella.

fema. V. femia 1ª e 2ª acep. **2.** Ollal, botoeira (Allande). **3.** V. femia 3ª acep. (Coaña). **4.** Conxunto de ovos dunha centola femia (Ortigueira). **5.** V. millarado (Ortigueira).

fémea. V. femia.

femia. s. f. Animal de sexo feminino. **2.** Muller. **3.** Chavella que aperta a rella do arado contra a *cabeza*. **3.** En determinadas pezas (parafusos, broches etc.), aquela na que a outra penetra (San Martín de Ozcos).

fenda. s. f. Abertura que se produce nun obxecto. **2.** Acción de abrir sucos na terra (As Figueiras).

fendedura. s. f. Parte da *virola* da navalla por onde non se pecha. **2.** Abertura prolongada nun corpo sólido, cando non chega a dividilo de todo. **3.** Corte que se fai á orella dunha ovella para marcala (Os Ozcos).

fender. v. Abrir ou rachar un corpo sólido sen dividilo de todo. **2.** Rachar a madeira. **3.** No proceso de fabricación das galochas, facer cortes a un cacho de

madeira coa axuda de cuñas. **4.** Cortar leña para queimala no lume. **5.** Abrir un suco na terra co arado. **6.** Facer unha fendedura no pico das orellas dunha ovella para marcala (San Martín de Ozcos). // **Vouche fender el *cráneo*!** Expresión de ameaza.

fendido, -a. adx. Aberto ou rachado un corpo sólido, a madeira etc. **2.** Dise da ovella á que se lle fixo unha fendedura no pico das orellas para marcala.

fendidura. V. fendedura 2ª e 3ª acep.

fenecer. v. Morrer. **2.** Rematar, ter fin.

fenestra. s. f. Ventá pequena (Coaña); finestro. **2.** Ventá (A Veiga).

feo, -a. adx. Que non é bonito. **2.** Que ten aspecto desagradable. // **Dar un feo.** Rexeitar unha muller a un pretendente en amores. // **Ser feo como un sapo.** Ser moi feo. // **Ser feo *pra* can.** Ser moi feo. // **Ser *más* feo que feito á brosa.** Ser moi feo. // **Ser *más* feo que feito a brosadas.** Ser moi feo.

feón, -úa, -oa. adx. Feo.

fer. V. facer. // ***Fela búa*.** Causar ou realizar unha trasnada. // ***Fendo* i *desfendo*, vaise aprendendo.** Refrán que alude a que coa experiencia se van aprendendo as cousas. // ***Fendo* i *desfendo*, *vei* a nena aprendendo.** V. Fendo i desfendo, vaise aprendendo (Boal). // ***Fer* abeto.** Ensinar a alguén unha cousa que desexa moito. // ***Fer* abetos.** Dise cando unha persoa quere aparentar o que non é. // ***Fer* as pagas.** Pagar impostos. // ***Fer* as veces.** Facer o preciso para conseguir algo. // ***Fer* boca.** Tomar algunha cousa como aperitivo. // ***Fer bon* de.** Educar ben. // ***Fer* el *servicio*.** Facer o servizo militar. // ***Fer* das súas.** Realizar ou cometer accións ruíns. // ***Fer* de menos.** Desprezar. // ***Fer destercio*.** Molestar. // ***Fer* mal dun.** Sacrificarse por alguén ou algo. // ***Fer* por.** Aforrar. **2.** Facer un esforzo por algo ou alguén. // ***Fer* por si.** Coidarse. // ***Fer* por un.** Coidarse. // ***Fer* rabiar.** Irritar. // ***Fer* que fai.** Disimular. // ***Fer* rabias.** Facer burla de alguén. // ***Fer* todo por si.** Non controlar os esfínteres. // ***Ferlle* capa.** Encubrir, ocultar. // ***Ferlle* el conto a alguén.** Eloxiar, louvar. // ***Ferse* a algo.** Afacerse. // ***Ferse* reo.** Asumir. // ***Nun* hai que lle *fer*.** Que non ten solución.

fereisolo. V. cereixolo.

fereixolada. s. f. Comida con *cereixolos*.

fereixoleiro, -a. adx. Adícase ao sábado de Entroido onde se fan *cereixolos*. **2.** Dise da persoa que lle gustan moito os *cereixolos*.

fereixolo. V. cereixolo.

feria. V. feira. // ***Val más* (Vale máis) uha *feria* que sete mercados.** Refrán que alude a que vale máis unha cousa grande que varias pequenas.
Obs. Trátase dun castelanismo.

ferida. s. f. Rotura na carne dunha persoa ou animal, producida por unha incisión ou un golpe forte. **2.** Golpe (*Foi uha ferida de aire a que che fexo mal*), (San Martín de Ozcos). // ***Nun* quedar ferida de aire.** Quedar sen razóns unha persoa.

ferideira. V. feridoira.

ferido, -a. adx. Que ten ferida.

feridoira. s. f. Ola de mazar o leite (Villaión); ola[1].

ferir. v. Romper ou abrir a carne dunha persoa ou animal cunha arma ou calquera outro obxecto. **2.** Golpear. **3.** Mazar o leite para facer manteiga (Allande, Ibias, Villaión, Navia). **4.** V. trasbiñar.

fermentado, -a. V. formentado.

fermentar. V. formentar.

fermento. V. formento.

fermoso, -a. adx. Dise do que produce unha impresión agradable á vista.

fernandíos. s. m. pl. Faragullas que quedan das castañas cocidas (Tapia de Casarego, Boal).

fernandón. V. cágalo 1ª e 3ª acep. (Tapia de Casarego).

feroche. adx. Que actúa como unha fera (Tapia de Casarego).

ferra. s. f. Punta de ferro ou aceiro dun *pión*, un bastón, unha *botadoira* etc.

ferrada. V. sella[1] (Navia, Villaión, Allande).

ferrado[1]. s. m. Medida agraria de capacidade para áridos. En Tapia de Casarego, Eilao e Boal equivalía a dúas medidas de gran (14 quilos). En Abres (A Veiga) correspondía a 11 quilos, en Grandas de Salime a 12 e en Vilanova de Ozcos a 2 medidas. **2.** Medida de superficie que no concello de Castropol equivalía a 4,52 áreas, no da Veiga a 6,33 (aínda que tamén utilizaban o de Ribadeo de 6,12 áreas), en Ibias 6 áreas e en Negueira de Muñiz a 5,07 áreas.

ferrado[2], -a. adx. Ao que lle se pon ou ten unha ferradura. **2.** O que se protexe con ferro.

ferrador. s. m. Persoa que ferra cabalos, vacas, bois, machos ou burros.

ferradura. s. f. Peza de ferro en forma de U normalmente con catro, seis ou oito furados que se pon como protección nos pezuños dos cabalos, machos, burros, vacas e bois. Utilízase tamén como peza de protección contra as bruxas ou os

feitizos. // **Pasar a ferradura.** Romper cun furador a teaza que queda nas furas das ferraduras cando se fan.

ferragacho. V. ferragancho (Ibias).

ferragancho. s. m. Cacho de ferro ou doutro metal que se considera de pouca utilidade, normalmente vello; chatarra, ferragacho, ferragaxo.

ferragaxo. s. m. Ferro vello e oxidado; ferragacho, ferragancho.

ferramenta. s. f. Instrumento ou utensilio que se emprega nun oficio ou labor. **2.** Conxunto de utensilios necesarios para un labor. **3.** Conxunto de instrumentos que tiñan os torneiros para traballar e que ás veces herdaban dos outros. **4.** Órgano xenital masculino. // **Ferramenta da terra.** Conxunto de instrumentos que serven para traballar a terra como aixadas, *gabiochos* ou petas.

ferranchín. s. m. Persoa que trata e comercia con ferros vellos (As Figueiras).

ferraña. s. f. Avea, cebada, trigo etc., aínda verdes, que se lle dan ao gando como alimento; alcacel (Santalla de Ozcos). **2.** Cereal que nace entre os nabos e que se corta para forraxe (San Martín de Ozcos).

ferrar. v. Cravar ou axustar as ferraduras ás cabalerías, ás vacas ou aos bois. **2.** Reforzar con algo metálico as galochas, unha porta etc. **3.** Reforzar con ferro un artefacto. **4.** Poñer os cravos á roda dun carro. **5.** Poñer aros metálicos de ferro ás sellas, bocois, rodas dos carros etc. // **Malo (mala) de ferrar.** Dise da persoa rebelde, díscola.

ferraría. V. ferrería.

ferrasco. s. m. Conxunto de varios ferros, normalmente de non moi boa calidade.

ferraxe. s. f. Conxunto de pezas de ferro que recobre as rodas do carro para evitar o desgaste da madeira. **2.** Xogo de cravos que se poñen nos talóns ás galochas. **3.** Conxunto de pezas metálicas que se lle poñen a un obxecto como protección ou adorno. **4.** Dentadura.

ferre. V. azor 2ª acep. (Villaión).

ferreal. V. pedra ferreal.

ferrealedo, -a. adx. Con cuarzo, especialmente un terreo (Vilanova de Ozcos, Santalla de Ozcos).

ferreganchar. v. Amañar cousas de ferro. **2.** Facer cousas con ferros vellos (Abres).

ferregancho. V. ferragancho.

ferreganchos. V. ferragancho.

ferreiría. V. ferrería.

ferreirín. s. m. Nome común de diversas especies de aves paseriformes da familia dos páridos, caracterizadas polo seu pequeno tamaño, corpo gordecho, peteiro pequeno e sexos moi semellantes. O máis común deles caracterízase polas súas partes inferiores de color amarela (*Parus caeruleus*). Outro é o *Parus cristatus*.

Obs. Erroneamente nalgún concello como en El Franco confúndese co paporrubio.

ferreiro, -a. s. m. e f. Persoa que ten como oficio traballar no ferro facendo ou amañando instrumentos dese material. Foron famosos os ferreiros de Marentes (Ibias), que a principios do século XX introduciron o arado de *vertedeira* nese concello. **2.** s. f. Muller do ferreiro. **3.** s. f. Variedade de castaña (Boal). **4.** V. ferreirín. **5.** s. f. Mina de ferro ou lugar onde abunda este mineral. **6.** adx. e s. f. Tipo de troita con manchas encarnadas. **7.** V. mauriza 1ª acep. (Tapia de Casarego, El Franco, As Figueiras). // **De ferreiro a ferreiro, non pasa *dieiro*.** Refrán que alude a quen son dun mesmo oficio non adoitan cobrar entre si. // **El ferreiro da maldición, *condo* ten ferro, *nun* ten carbón.** V. El ferreiro del demo condo ten carbón nun ten ferro. // **El ferreiro del demo condo ten carbón *nun* ten ferro.** Cando unha persoa sempre ten unha escusa. // **Ferreiro da cova.** V. mauriza 1ª acep. (As Figueiras). // **Na casa del (do) ferreiro, *cuitelo* (*cuitello*) de *palo* (*pao*, pau).** Refrán que se utiliza cando nunha determinada actividade falta unha ferramenta básica propia desa actividade ou non se ten esa ferramenta. **2.** Advirte a que adoita faltar algunha cousa no lugar onde é natural ou doada de facela ou conseguila.

ferrén. s. f. V. ferraña 2ª acep.

ferreña. s. f. Lámina de metal que soa nunha pandeireta. **2.** V. ferraña 2ª acep. **3.** Centeo de monte cando é pequeno (Os Ozcos).

ferrería. s. f. Taller onde se fabrican ou reparan pezas e instrumentos de ferro. Está formada por tres espazos unidos: o banzado, a área de traballo e as *carboneiras*. Son edificios de moita altura con muros de cachotería e arcos de medio punto ou alintelados. No espazo de traballo había dúas salas separadas por un muro, nunha estaba o mazo e o forno baixo, e na outra dous barquíns que daban aire ao forno. As *carboneiras* ocupaban moita superficie. No Eo-Navia destacaron as ferrerías de Armenande (Llago, Allande), Villarín (Llago, Allande), Froseira (Doiras, Boal), A Cabanada (Balmonte, Castropol), Lagar (Balmonte, Castropol), Montealegre (Presno,

Castropol), Boimouro (Prendonés, El Franco), Pontigón (Santalla de Ozcos) e A Veiguía (A Roda, Tapia de Casarego). **2.** Forxa, mazo. **3.** Conxunto de actividades relacionadas co traballo do ferro.

ferreteiría. s. f. Tenda onde se venden diversos obxectos de metal ou doutras materias, como pechaduras, cravos, ferramentas etc.

ferrial. adx. De cuarcita (*Había uha pena ferrial naquel monte*). **2.** Dunha variedade de cuarzo. **3.** Dise do que ten ferro (Villaión).

ferrín. V. ferruxe 1ª acep.

ferro. s. m. Metal moi dúctil, que se emprega para facer moitos instrumentos e ferramentas. **2.** Corda inferior das redes onde van colocados os chumbos. **3.** Cacho metálico. **4.** Instrumento metálico que se utilizaba antigamente nas cociñas para achegar o carbón; ferro da cocía (San Martín de Ozcos). **5.** Denominación que reciben algúns tipos de ferramentas, como os ferros de carenar, o ferro de abrir, o ferro de meter etc. // ***Costar* ferro i *farina* (fariña).** Custar algo moito traballo. // **Dar en ferro.** Dar cunha persoa de mal carácter ou sen sensibilidade. // **Dar en ferro duro.** Atopar oposición a algo. // **Dar ferro.** Traballar moito e fortemente. // **El que a ferro mata a ferro morre.** V. Quen a ferro mata, a ferro morre. // **Ferro da *cocía*.** Gancho de ferro que se utiliza para sacar as arandelas da cociña e remexer o lume (Villaión, A Veiga). // **Ferro de abrir.** Ferramenta que se utiliza para abrir a madeira. // **Ferro de furar.** Ferramenta que empregan os cesteiros que son como agullas planas e que serven para abrir furados para meter as *frebas* que suxeitan o aro dunha cesta. // **Ferro de meter.** Ferramenta que se utiliza para introducir algún material dentro doutro. // **Ferros de carenar.** Conxunto de ferramentas utilizadas para calafatear. // **Ferros de cravuñar.** Conxunto de martelo e incre que se utiliza para estirar o fío da gadaña. // **Haber ferro i *farina* (fariña).** Discutir. // **Mazar en ferro frío.** Non conseguir nada nalgunha cuestión. // **Quen a ferro mata, a ferro morre.** Advirte ao que actúa mal que será tratado do mesmo xeito. // **Quitar ferro.** Diminuír a importancia de algo. // **Ruxa el ferro, ruxa a palla, que eu ben vexo quen traballa.** Expresión que alude a cando unha persoa ve que outra fai demasiadas pausas cando traballa. // **Ter ferro.** Ser unha casa rica (*Esa casa ten ferro*), (Os Ozcos).

ferrolleiro. s. m. Persoa que amaña ou repara obxectos ou pezas con ferro. **2.** V. caldeireiro 2ª acep.

ferrón. s. m. Punta de ferro na que remata, pola parte máis estreita, o *pión*; ferra. **2.** Por extensión, *pión*. **3.** Especie de coitela do arado, colocada na lata, que server para cortar o rego. **4.** V. raquín 1ª acep. (Tapia de Casarego).

ferroxecer. V. ferrullecer (Taramundi).

ferruada. s. f. Golpe dado co *ferrón* dun *pión*.

ferruda. s. f. Certa especie de raia, con fortes espiñas, moi voraz e que se alimenta de gambas e *esquilas* (Tapia de Casarego).

ferruguelo. s. m. Cacho de castaña cocida; farruco 8ª acep.

ferrullecer. v. Oxidar (Boal).

ferrulleiro. V. ferrolleiro.

ferrullento, -a. V. ferruxento 1ª acep.

ferrullo. V. ferruxe 1ª acep. **2.** Fungo da clase dos basidiomicetes que ataca o trigo e outros cereais e plantas.

ferrulloso, -a. V. ferruxento 1ª acep.

ferrunchar. v. Traballar con ferros.

ferruncho. s. m. Ferramenta de ferro de pouco valor (Coaña); ferragancho. **2.** Ferro de pouco valor (Allande).

ferruñoso, -a. V. ferruxento 1ª acep.

ferrusco. s. m. Ferro calquera de pouco valor (Santalla de Ozcos).

ferruxe. s. f. Óxido de ferro hidratado que se forma na superficie deste metal ao estar exposto ao aire húmido. **2.** Por extensión, calquera óxido que cobre un metal. **3.** Substancia sucia que desprende o trigo ou o centeo, como cando se segan (Vilanova de Ozcos). // **Cara de ferruxe.** Cara de enfado.

ferruxecer. V. ferrullecer.

ferruxenta. s. f. Abadexo pequeno (As Figueiras).

ferruxento, -a. adx. Que ten ferruxe. **2.** De color amarela e encarnada. **3.** Dise do trigo ou do centeo que desprenden unha substancia que recorda o óxido (Vilanova de Ozcos).

ferruxo. V. ferruxe 1ª acep. **2.** Acción de estragarse as espigas de trigo despois de barruzar varios días (Tapia de Casarego).

férula. s. f. Táboa pequena, flexible e resistente, usada no tratamento de fracturas (Abres).

fervedeira. V. fervedoiro 1ª acep.

fervedeiro. V. fervedoiro 1ª e 3ª acep.

fervedillo* → fervido 3ª acep.

fervedoiro. s. m. Movemento ou ruído que fan os líquidos ao ferver. **2.** Persoa inqueda (Castropol, Boal, A Veiga). **3.** Conxunto numeroso de persoas ou animais que están en movemento. **4.** Ruído que se fai ao respirar cando se ten catarreira.

fervedura. s. f. Acción de ferver; fervura. // **Faltar uha (boa) fervedura.** Non ser moi listo.

fervellón. s. m. Saída violenta que fai a auga de abaixo a arriba, elevándose sobre a superficie (San Martín de Ozcos).

fervencia. V. seimeira 1ª acep. (Eilao).

ferventar. V. ferver 1ª acep. (Pezós).

ferventín, -ía. adx. Que ferve.

ferver. v. Facer burbullas un líquido, aumentando a súa temperatura, como o viño ou a auga; formentar. **2.** Ter moita présa ou inquietude unha persoa. **3.** Ter quentes as mans, orellas, cara, fronte, pés etc. **4.** Quentar moito a auga coas cinzas, quitando os *carbois* e a borra, para obter lixivia nun trobo de *colar*. // **Ferver a callón.** Ferver con moita forza. // **Ferver as orellas.** Ter remordementos por facer algunha mala acción. // **Ferver como caldo de ladrón.** Con moitas burbullas. // **Ferver el unto a alguén.** Ter moita enerxía, tanto xeral como sexual.

fervescencia. V. fervura 1ª acep.

fervesín. s. m. Aplicado a certos cereais, movemento forte de po que se produce por exemplo nas mallas (Abres).

fervidillo* → fervido 3ª acep.

fervido, -a. adx. Aplícase a aquilo que se lle pon calor para que ferva. **2.** s. m. Vaso de viño quente con azucre que adoita tomarse pola noite. **3.** s. m. Infusión de herbas para curar certas doenzas como as catarreiras.

fervollo, -a. adx. Dise da persoa que fala á présa e mal.

fervor. V. fervura 1ª acep. **2.** Xuízo, inmadurez (*Fáltalle un fervor*). **3.** Dedicación e entusiasmo grande por algo. **4.** Acción de cocer unha cousa só un pouco. **5.** Calor moi grande. // **Faltar un fervor.** Non ser moi listo. // ***Nun* cocer nel *primer* fervor.** Ser vello.

fervoricar. v. Ferver de máis (Coaña).

fervura. s. f. Acción e efecto de ferver. **2.** V. fervor 4ª acep. // **Faltar uha fervura.** Non ser moi listo. // ***Nun* cocer na primeira fervura.** Ser maior. // **Pasar a primeira fervura.** Non ter a idade axeitada para facer unha cousa.

fervuro. s. m. Vaso de viño branco ou tinto fervido con azucre que se toma para curar as catarreiras (Taramundi); fervido 2ª acep.

festa. s. f. Día que se celebra algún acontecemento relixioso ou civil. **2.** Burla, engano. **3.** Barullo. **4.** Día que non se traballa con motivo dalgunha celebración. **5.** Diversión. **6.** Alegría. **7.** Celebración pública. **8.** s. m. pl. Aloumiños que se fan a unha persoa ou a un neno en sinal de cariño ou para gañar a súa vontade. // **Acabar de *coronar* a festa.** O que faltaba. // **Facer (*fer*) festas a un neno.** Facerlle aloumiños. // **Festa del (de) pote.** Día do patrón maior da localidade que se celebra cunha comida especial nas casas. // **Ir de festa.** Divertirse, celebrar algo. // **Ir *fer* as festas.** Facer o acto sexual (Castropol). // **Ser a *misma* festa.** Significar o mesmo (*Rouñeira ou pedragueira é a misma festa*), (San Martín de Ozcos).

festeiro, -a. adx. Relativo á unha festa. **2.** Amigo das festas.

festexar. v. Facer ou celebrar unha festa. **2.** Facer aloumiños a alguén.

festexeiro, -a. adx. e s. m. e f. Aplícase á persoa que lle gustan as festas. **2.** Dise da persoa alegre. // **Moza festexeira, pouco casadeira.** Refrán que alude a que a rapaza que lle gusta a festa non ten moitas ganas de casar (Villaión).

festexo. s. m. Festa, ás veces pequena. **2.** Acción e efecto de festexar.

festía. s. f. Festa pequena.

festiquía. s. f. Festa pequena.

festividá. s. f. Festa ou solemnidade relixiosa.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

festón. V. festúa.

festúa. s. f. Festa grande.

feu* → feo.

feúra. s. f. Fealdade.

fexe. s. m. Medida de capacidade que no concello de Vilanova de Ozcos se utilizaba para o liño, que equivalía a media carga dunha persoa.

fía[1]. s. f. Reunión de fiadeiras para fiar liño ou la (Santiso de Abres); filangón, fiadeiro.

fía[2]. V. filla (Allande).
Obs. Trátase dun asturianismo.

fiadeira. s. f. Muller que se dedica a fiar.

fiadeiro. V. fía[1] (Taramundi).

fiado, -a. adx. Vendido sen cobrar ao contado. // **Al fiado.** Xeito de xogar nos *bólos*, cando non se tiñan cartos. // **Dar fiado.** Vender unha cousa sen cobrala, confiando en que se pagará máis adiante.

fiador, -a. adx. e s. m. e f. Persoa que avala a outra para seguridade de que se

cumprirán as obrigas contraídas por esta. **2.** s. m. Gancho de ferro que se fixa nos marcos das ventás ou balcóns para aseguralos cando están abertos. **3.** s. m. Vara que se deixaba nas cepas de vide despois de podalas no minguante de febreiro. **4.** s. m. Peza coa que se asegura unha cousa para que non se mova, como nun poste de teléfono.

fiadora. s. f. e adx. Muller que fía (Santiso de Abres).

fialleba. V. falleba.

fiambreira. s. f. *Cacerola* con tapa axustada, que serve para levar a comida fóra da casa.
Obs. Trátase dun castelanismo.

fiandeira. V. fiadeira.

fiandeiro. V. filangón (Taramundi, Santiso de Abres).

fiandón. V. filangón.

fiangón. V. filangón.

fiar[1]. v. Vender sen cobrar ao contado. **2.** Remar cara a atrás (Abres). **3.** prnl. Confiar en alguén.

fiar[2]. v. Reducir a fío o liño (*lin*), a la etc. **2.** Medir unha leira cun fío ou unha corda moi fina (Santiso de Abres).

fiastro. V. fillastro (Allande).

fibela. s. f. Argola feita de material flexible para colgar as varas das que penduran os chourizos na cociña (San Martín de Ozcos).

ficar. v. Quedar unha persoa ou un animal cansado, vencido (Taramundi), (*A gata ficou durmida*). **2.** Poñerse nunha determinada posición unha persoa ou un animal (Taramundi). **3.** Morrer (*Tá ficando*, *Xa ficou*), (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos, Ibias).

ficha. s. f. Peza pequena de madeira, metal etc., normalmente plana e delgada, que se utiliza para sinalar os puntos que se gañan ou se perden nun xogo.

fichú. s. m. Pano que usaban as mulleres, especialmente as de máis idade, para abrigarse ou como adorno, colgado no pescozo e que caía sobre os ombreiros.

ficticio, -a. adx. Aparente. **2.** Finxido.

fidalgo. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Vilasonte (Allande).

fidelidá. s. f. Lealdade.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

fideo. s. m. Pasta alimenticia, con forma de fío delgado, que se emprega normalmente para facer sopa.

fiebre. V. febre. // ***Fiebre* del aborto.** Febre que se produce durante a preñez dunha vaca e que a fai abortar. // ***Fiebre* del leite.** Enfermidade moi nociva das vacas que teñen a uns tres días do parto.
Obs. Trátase dun castelanismo.

fieira. s. f. Planta de forma máis aplanada que un xunco, que medra en lugares húmidos como nas lameiras (Vilanova de Ozcos).

fiel. adx. Que garda lealdade (Santalla de Ozcos).

fielato. s. m. Posto recadador de dereitos de consumos, que antigamente se situaba na entrada das localidades.

figa. s. f. Amuleto que se emprega contra o mal de ollo. Ten forma de man co dedo matapiollos entre os dedos furabolos e o maior e fabricado normalmente con acibeche, madeira, óso ou coral. **2.** Pústula que lle sae no ventre e as patas dianteiras ás vacas (Navia, Villaión).

figal. (pl. figais). V. figueira 1ª acep. (Allande, Ibias, Villaión, Navia).

figar. s. m. Lugar onde abundan as figueiras.

figo. s. m. Froito da figueira. // **Amigos, polo tempo dos figos.** Refrán que alude a que moitos amigos son só de conveniencia (san Martín de Ozcos). // **Figo *castañego*.** Figo que é o segundo froito da figueira (San Martín de Ozcos). **2.** Variedade de figo, propia do mes de outubro. // **Figo chumbo.** Froito da chumbeira. // **Figo de gra branca.** Figo cos grans brancos. // **Figo de gra rubia.** Figo cos grans encarnados. // **Figo de San Miguel.** Figo que é o segundo froito da figueira (Taramundi, Santalla de Ozcos). // **Figo de San *Xuan*.** Figo que nace no mes de xuño ou despois deste. // **Figo miguelín.** Variedade de figo propia de San Miguel (mes de setembro), moi apreciada polo seu bo sabor e de color rosada no interior. // **Nel tempo dos figos, somos amigos, en acabándose os figos, *adiós* amigos.** Refrán que alude a que moitos amigos son só de conveniencia. // **Nel tempo dos figos, todos amigos, acabados os figos, acábanse os amigos.** V. Amigos polo tempo dos figos. // **Por San Miguel, come figos quen os *quer*.** V. Por San Miguel, come figos quen quixer (Castropol). // **Por San Miguel, come figos quen quixer**. Refrán que indica que por esas datas (29 de setembro) existe abundancia de figos (As Figueiras).

figueira. s. f. Árbore da familia das moráceas, caducifolia e normalmente de pouca altura, de raíces superficiais moi estendidas. O tronco é groso, coa cortiza de color gris e madeira branca. A copa é ancha, coas ramas case horizontais, de

follas grandes e ásperas ao tacto. É característica polo seu froito, o figo (*Ficus carica*). **2.** Vulto que sae na pel do gando vacún ou dos burros, por causa dunha larva, normalmente no ventre. // **Figueira *miguelía*.** Variedade de figueira que dá figos no mes de setembro.

figueiral. s. m. Lugar onde abundan as figueiras.

figueiredo. V. figueiral.

figueirolo, -a. adx. e s. m. e f. Natural das Figueiras (Castropol). **2.** Pertencente ou relativo ás Figueiras (Castropol). **3.** Variante do galego que se fala nas Figueiras (Castropol).

figueirense* → figueirolo.

figueireño* → figueirolo.

figueiroa. s. f. Figueira grande (Santalla de Ozcos).

figueirúa. s. f. Figueira grande (San Martín de Ozcos).

figura. s. f. Aspecto. **2.** Forma exterior dun corpo. // **Ter pouca figura.** Ser moi delgado.

figuración. s. f. (pl. figuraciois). Fantasía, imaxinación.

figurar. v. Debuxar (Castropol).

figuerense* → figueirolo.

figuereño* → figueirolo.

fila. s. f. Reunión nocturna de varios veciños nunha casa (San Martín de Ozcos, A Veiga); filangón. **2.** Tira longa e estreita de tea que serve para moitos usos. **3.** Cada un dos fíos que forma a trama dunha tea (Tapia de Casarego).

filachón. s. m. Cacho de fío que se desprende dunha tea.

filada. s. f. Serie horizontal de ladrillos ou perpiaños que se poñen nun edificio. **2.** Serie de obxectos ou materiais colocados en fileira.

filado[1]. s. m. Fío feito na casa. **2.** Acción de *filar* (fiar[2]).

filado[2], -a. adx. Convertido en fío.

filadoira. V. fiadeira.

filadeiro. s. m. Lugar onde se fia.

filadora. s. f. Máquina usada para fiar (Castropol).

filame. s. m. Cantidade de cabo que se utiliza para certos labores nunha embarcación (El Franco).

filamento. s. m. Fío fino dunha materia calquera (*Quitar os filamentos das vainas*, *El filamento da bombilla*).

filandeira. V. fiadeira.

filandón. (pl. filandois). V. filangón.

filandrón. V. filangón.

filangar. V. fiar.

filangón. s. m. (pl. filangois). Reunión de mulleres, normalmente de noite, para fiar, falar, cantar ou bailar.

filangueira. adx. Dise da muller que sabe fiar.

filangueirar. v. Falar as mulleres nun *filangón*.

filar. V. fiar[2]. **2.** Quitar os mocos do nariz (Tapia de Casarego). **3.** V. lascar 2ª acep. **4.** Arriar de xeito progresivo e rápido o cabo dunha embarcación. // **El que *filou*, *filou* i el que non xa *filará*.** Refrán que expresa que nas actividades agrarias o que primeiro as fai, xa as ten feitas para cando veña o mal tempo e o que non as fai terá que facelas igualmente despois (Coaña). // **Pouco se *gana filando*, pero menos folgando.** Refrán que alude á importancia de traballar.

filástica. s. f. Corda ou cordel (Ortigueira). **2.** V. liñada 2ª acep. (Ortigueira).

filazón. s. m. (pl. filazois). V. filangón (Castropol, Tapia de Casarego, Navia).

fileira. s. f. Ringleira, fila.

fileiro. s. m. Conxunto de restos que se atopan no mar procedentes dun río (As Figueiras). **2.** Escuma no mar, normalmente en forma de liña producida polas correntes (Navia, As Figueiras). **3.** Sinal que produce a dirección das correntes na auga do mar (As Figueiras).

filete. s. m. Porción non moi grosa de carne sen óso ou de peixe sen espiñas.
Obs. Trátase dun castelanismo.

filharmónica. s. f. Pequeno instrumento musical de vento, que se toca percorréndoo cos labios ao longo, soprando e aspirando, de maneira que o aire faga vibrar unhas láminas metálicas que leva no interior.

filigrana. s. f. Espavento.

filigrés* → feligrés.

filín. s. m. (pl. filíos). Diminutivo de *filo*.

filiz* → feliz.

filla. s. f. Suco que se fai nun *eiro* desde unha das cabeceiras até un dos lados para que a auga se reparta por igual. **2.** Viga de madeira que axuda ás *madres*, pero máis curta que estas, a sustentar a cámara do hórreo ou da *panera* (El Valledor). **3.** Suco curto.

fillada. s. f. Pataca ou espiga con brotes. **2.** Castaña separada en dúas metades dentro da casca. **3.** Cría recén parida dun animal.

fillado. s. m. Nunha terra de labor, rego máis curto que o resto.

fillar. v. Ter fillos de solteira.

fillastro, -a. s. m. e f. Fillo soamente dun dos que forma o matrimonio.

fillín, -a. s. m. e f. (pl. fillíos, fillías). Diminutivo de fillo.

fillo, -a. s. m. e f. Calquera persoa ou animal con relación aos seus pais. **2.** Brote da pataca. **3.** Brote que sae ao pé dunha árbore que xa está oca. **4.** Rego que se fai nunha terra de labor desde unha cabeceira a un dos laterais dun *eiro*, diminuíndo a súa lonxitude dun xeito progresivo (El Franco). // **El que ten un fillo na porta é como el que ten unha cabra na horta.** Refrán que alude a que os dous non fan máis que comer (Tapia de Casarego). // **Falta antes el fillo al padre que el *augua* al aire.** Refrán que denota que tras o vento é segura a chuvia. // **Fillo de moza solteira.** Fillo dunha muller solteira. // **Fillo de por *Dios*.** Fillo dunha muller solteira. // **Fillo (filla) de puta.** Persoa vil, desprezable, miserable, indigna. // **Fillos criados, traballos (*cuidados*) dobrados.** Refrán que alude ás preocupacións que teñen os pais cando os seus fillos van medrando, pois van sendo maiores os problemas que poidan ter. // **Fillos da filla, netos del corazón, os outros ou *lo* serán ou non.** Refrán que alude á preferencia que se sente polos fillos das fillas diante da dos fillos, porque se ten a certeza que son netos. // **Primeiro falta el fillo al padre que el *augua* al aire.** V. Falta antes el fillo al padre que el *augua* al aire.

filloa. V. fillola (Santiso de Abres).

filloga. V. fillola.

fillola. s. f. Torta delgada de fariña, leite, ovos, e ás veces con sangue, frita con manteiga ou touciño nunha tixela, podendo poñerlle despois azucre ou mel. É característica do Entroido; filloa, froula.

filloleiro. adx. Relativo á *fillola*.

fillolo. V. fillola. **2.** V. cereixolo. **3.** Filloa de fariña de trigo.
Obs. Nalgúns concellos como San Martín de Ozcos ou Villaión, diferénciase da *fillola* en que non leva sangue.

filo. s. m. Freba longa e delgada que se saca da la ou doutras fibras téxtiles. **2.** Parte cortante dunha navalla, unha brosa, unha gadaña etc.; corte 2ª acep. **3.** Feixe de febras que unen os músculos cos ósos, tendón. **4.** Liña que se traza cunha corda, especialmente para serrar ou cortar madeira. **5.** Chorro moi delgado de auga ou de calquera outro líquido. // ***Filo* de zapateiro.** V. champel 2ª acep. (Tapia de Casarego).

filomena. s. f. Borracheira.

filón. s. m. (pl. filois). Reunión de noite de veciños en casa dun deles (Boal); filangón.

filosera. V. filoxera.

filoxera. s. f. Enfermidade das viñas producida por un insecto hemíptero orixinario de América do norte.

filusera. s. f. Borracheira (Boal).

fin. s. m. Remate dalgunha cousa. **2.** Finalidade, motivo. // **A fin de (que).** Para. // **A fin de ano.** Últimos días do ano. // **Al fin.** Por último.

finado, -a. adx. e s. m. e f. Morto, defunto.

finalidá. s. f. Obxectivo que se pretende ao facer ou dicir algo.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

finar. v. Morrer.

finca. s. f. Propiedade inmoble, rústica ou urbana; leira.

fincado. s. m. Persoa que ten varias leiras.

fincar. v. Apoiar unha cousa para cravala noutra (*Fincar un pau*). **2.** Adquirir leiras. **3.** Desafiar unha persoa a outra tocando co dedo mollado a propia saliva (Tapia de Casarego). **4.** Defender unha idea, opinión. **5.** Tocar (*Fincoume na roupa*, *Non me finques*), (Santalla de Ozcos). **6.** Fixar os pés nunha parte dunha embarcación para poder remar. **7.** Poñer de xeonllos. **8.** Rematar. **9.** prnl. Poñerse de xeonllos. **10.** prnl. Apoiarse en alguén.

finchado, -a. adx. Teso, erguido. **2.** Orgulloso.

fincón. s. m. Apoio.

finestro. s. m. Ventá pequena (As Figueiras, Santalla de Ozcos); fenestra.

fineza. s. f. Calidade de fino.

finflar. v. Facer o amor.

fino, -a. adx. Delgado. **2.** Educado. **3.** De boa calidade. **4.** Elegante e ben proporcionado. **5.** Afiado. **6.** Astuto, listo. **7.** Moito, abondo (*Hoi neva fino*).

fintar. V. regatiar 2ª acep.

finura. s. f. Calidade de fino; fineza.

finxir. v. Facer crer que é verdade algo falso. **2.** Simular.

fío[1]. s. m. Tendón que vai no gando vacún desde o cu até os cadrís (Santalla de Ozcos). **2.** V. filo 1ª, 2ª, 3ª e 4ª acep. **3.** Conexión de ideas (Abres).

fío[2]. V. fillo (Allande).
Obs. Trátase dun asturianismo.

fiola. V. fiolo. **2.** V. fillola (Allande).

fiolo. s. m. *Cereixolo* feito co primeiro leite da vaca (Villaión). **2.** V. cereixolo (Allande).

fiollo. V. ciollo (Ibias, Grandas de Salime, Santalla de Ozcos).

fioncho. V. fiollo (Santiso de Abres).

fionllo. V. fiollo (Taramundi).

fioto. s. m. Brote (Allande).

firidoira* → feridoira.
firir* → ferir.
firme. adx. Seguro, que non se move. **2.** Que non cambia de opinión. **3.** Definitivo. // ***Faer* (*fer*) firme.** Atar de xeito definitivo un cabo dunha embarcación.
firmeza. s. f. Calidade das cousas ou das persoas que están ou son firmes. **2.** Perseveranza, constancia.
firvia. V. seimeira 1ª acep. (Oneta).
firver* → ferver.
fisga. s. f. Instrumento con mango e un arpón pequeno que se emprega na pesca dos *aguillolos*, pequenos peixes, cangrexos etc. **2.** Arpón de sete dentes que se usa para pescar lampreas ou outro tipo de especies de río. **3.** Arpón de tres dentes que se utiliza para pescar salmóns, peixes grandes, xibas, linguados etc. **4.** Instrumento cun gancho de ferro na punta e mango curto de madeira que serve para quitar a herba do palleiro.
fisgado. adx. No xogo do *pincho en Roma*, dise do *pincho* tocado doutro xogador ao cravar o propio no chan.
fisgar. v. Pescar con fisga. **2.** Mirar e investigar algunha cousa con disimulo. **3.** Cravar, fincar. **4.** No xogo do *pincho en Roma*, tocar co *pincho* propio, ao cravalo, outro que está no chan.
fisgo. s. m. Arpón de tres dentes para a pesca da solla ou da lamprea (Abres).
fisgón, -a. adx. O que fisga.
fisgua. V. fisga 2ª acep.
fita. s. f. Atadura curta (Boal). **2.** Rede de malla pequena (Boal, Tapia de Casarego).
fite. s. m. No xogo da *bolicha*, mesmo lugar no que un xogador está afeito a tirar e desde a mesma distancia (A Veiga).
fito, -a. adx. Seguro, apertado; fixo. **2.** Pechado (*Condo tían que dar curvas fitas*). // **De fito.** Fixamente (*Mirar pra el de fito*), (San Martín de Ozcos).
fiu* → fío.
fiuoco. s. m. Cereal novo, delgado e tenro (Grandas de Salime).
fiunza. s. f. Confianza (Boal).
fixa. s. f. Chavella exterior para suxeitar unha porta, unha ventá etc.
fixar. v. Cravar, asegurar un corpo noutro. **2.** prnl. Mirar detidamente.
fixo, -a. adx. Firme, que non se move. **2.** Seguro.
flaco* → fraco.
flaire. V. fraire.
flamagueira. V. famagueira 1ª e 2ª acep. (Santalla de Ozcos).
flamear. v. Ondear polo aire a vela dunha embarcación.
flan. s. m. Doce composto de xemas de ovo, leite e azucre.
flaque* → fraque.
flaquencia* → fraqueza.
flaqueza* → fraqueza.
flemón. s. m. (pl. flemois). Inflamación do tecido que está por debaixo da pel.
flen. V. fel[1] 1ª acep. (Ortigueira).
fletar* → fretar[1] 1ª e 2ª acep.; fretar[2].
flete* → frete.
flexible. adx. Que pode dobrarse de xeito doado.
flor. s. f. Conxunto de órganos de reprodución das plantas fanerógamas, composto normalmente de cáliz, corola, estames e pistilos. **2.** Paramento da casa con pedras maiores. **3.** pl. Regalo que os que casan reciben a véspera da voda (A Veiga). **4.** pl. Culto dedicado á Virxe durante o mes de maio, que consistía en ir o cura e os fregueses ao anoitecer rezarlle o rosario e cantarlle as mulleres todos os días dese mes a unha igrexa ou un veciño a unha capela. // **A flor de.** A rentes de. // **Botar flor.** Florecer. // **Flor de dentro.** Paramento pola parte interior da casa. // **Flor de fóra.** Paramento pola parte exterior da casa. // **Flor de mel.** Variedade de madreselva (*Lonicera sp.*), (El Franco).
Obs. Nalgún concello como Vilanova de Ozcos esta palabra pode ser de xénero masculino (*Un flor bonito*).
florear. v. Botar vapor a válvula de seguridade dunha embarcación (El Franco).
florecer. v. Brotar a flor.
floría. s. f. Diminutivo de flor.
florido, -a. adx. Que ten moitas flores.
florón. s. m. Molde coa forma dunha flor que se utiliza para facer os *florois* (Ibias).
florois. s. m. pl. Pasta con forma de flor que se facía nunha tixela polo Entroido (Vilanova de Ozcos, Ibias).
flotar. v. Manterse un corpo na superficie dun líquido.
flote (a). loc. Manténdose sobre un líquido, normalmente auga. // ***Tar* a *flote*.** Ter diñeiro.
floxedá* → froxedá.
floxo*, -a → froxo.
foca[1]. s. f. Furado perpendicular na terra (El Franco).
foca[2]. s. f. Mamífero pinnípedo mariño, da familia dos fócidos, co corpo tirando a gordo, coas extremidades máis curtas que outras especies, cabeza grande e fociño máis ben alongado. A súa coloración é de tons gris amarelos con

manchas abrancazadas (*Phoca vitulina*). **2.** Mamífero pinnípedo mariño, da familia dos fócidos, de corpo tirando a gordo e algo alongado, coa pel recuberta de pelo máis ben escaso e de coloración agrisada non ben definida e variable (*Halichoerus grypus*).

focar. v. Furar na terra, cavar. **2.** Facer un oco (San Martín de Ozcos).

foceta. s. f. Fouciño pequeno cun mango longo.

focicada. V. fuciñada.

focico. V. fucín 1ª acep. // **Andar con *focicos*.** Anoxarse. // **Caer (*caier*) de *focicos*.** Caer cara a adiante. // **Dar nel *focico*.** Amolar. // **De *focicos*.** Caer coa cara contra algo. // **Lavar (*llavar*) un pouco el *focico*.** Lavarse pouco. // **Mal *focico*.** V. mal carís. // **Meter el *focico unde naide* lle manda.** Meterse en asuntos alleos. // **Ter el *focico rebinxido*.** Poñer mala cara (Boal). // **Torcer el *focico*.** Desagradar unha cousa.

focicón, -úa, -a. adx. Aplícase á persoa que pon mala cara. **2.** O que ten moito fociño. **3.** O que se anoxa de xeito doado. // ***Tar focicón*.** Estar anoxado.

focicuada. V. fuciñada.

focicudo, -a. V. focicón 1ª e 2ª acep.

focín* → fucín 1ª acep.

fociquín. V. fucín 1ª acep.

foco[1]. s. m. Aparello que emite luz.

foco[2], -a. adx. Fondo. **2.** Oco, furado, baleiro (San Martín de Ozcos, Tapia de Casarego, Santalla de Ozcos).

fodedoira. s. f. Acto de facer o acto sexual.

foder. v. Realizar o acto sexual. **2.** Enfastiar (Taramundi, Santalla de Ozcos, Grandas de Salime, A Veiga). **3.** Estragar (Santalla de Ozcos). // **Foder!** Indica enfado, sorpresa etc. // **Foder a *tana*.** Meter a pata (Santiso de Abres).

fodido, -a. adx. Enfastiado. **2.** Estragado. **3.** Penetrado sexualmente. **4.** Enfermo. **5.** Angustiado por algún asunto.

fofo, -a. adx. Oco. **2.** Moi brando.

fogacía. s. f. Fogaza pequena.

fogaxa. V. fogaxe 1ª acep.

fogaxe. s. f. Moita calor. **2.** Brío, forza. **3.** Febre. **4.** Vapor que bota unha cousa húmida; bafo 1ª acep.

fogaza. s. f. Pan grande redondo e plano. // **Da fogaza empezada, todos cortan a *rabuada*.** Refrán que alude a que dunha cousa xa empezada todos rapidamente collen dela. // **De cada fogaza abonda unha tallada.** Expresión que alude a que non se deben ter relacións amorosas con membros dunha familia xa emparentada. // **Fogaza encetada, fogaza acabada.** V. Fogaza encetada *lougo* se acaba. // **Fogaza encetada *lougo* se acaba.** Refrán que alude a que cando se empeza a comer unha fogaza axiña se acaba.

fogo. V. fougo.

fogoar. v. Botar leña ao lume (Allande).

fogón. s. m. Lugar da cociña onde se fai o lume. **2.** Lugar da forxa ou dun mazo onde se fai o lume. **3.** Nas máquinas de vapor, lugar onde se queima o combustible.

fogoneiro, -a. s. m. e f. Persoa encargada nunha embarcación de coidar o fogón (Coaña).

fogor. V. ardor 2ª acep.

fogueira. s. f. Lume feito con leña, cartón, papeis etc., moi característico da festa da noite de San Xoán. **2.** Verbena que precedía a unha festa (Abres, Castropol).

fogueirada. s. f. Lume que se fai para curar os embutidos (Os Ozcos). **2.** Montón de leña que se bota ao lume dunha soa vez. **3.** Fogueira extensa e con moito lume.

fogueiría. s. f. Fogueira pequena.

fogueirín. s. m. Verbena do día da festa (Castropol); folión 2ª acep.

fogueirúa. s. f. Fogueira grande.

foguete. V. cuete.

fogueteiro, -a. V. cueteiro (A Veiga).

foia. s. f. Foxo escavado na terra para facer carbón de leña no monte (Abres, Taramundi). **2.** Nos traballos con ferro, fogueira onde se fai o carbón. // **Romper a foia.** Entrar o aire e queimarse a madeira cando se está facendo carbón vexetal.

foiada. s. f. Fogueira que se fai na foia para obter carbón (Taramundi).

foicía* → foucía 1ª acep.

foicín* → foucín.

foína. V. fuíña (Navia).

fol. s. m. Parte da gaita con forma de saco que se enche de aire. **2.** Saco de pel, de ovella ou cabra, que despois de ser curtido sen pelo, se empregaba para levar o gran ao muíño e para meter a fariña. **3.** Peza de coiro que se emprega nalgunhas pezas como o barquín das forxas. **4.** Peito. **5.** Pulmón. **6.** Instrumento para soprar o lume nunha lareira, nunha forxa etc. **7.** Saco ou bolsa en xeral.

fola. s. f. Movemento ascendente ou descendente da auga do mar, do río etc.

folaxe. s. f. Conxunto numeroso e forte de ondas no mar (Tapia de Casarego). **2.**

Barruzo que se desprende do mar polo vento (Coaña).

fole. s. m. Saco que levaban ao lombo os *foliqueiros* (Abres). **2.** Dobrez ondulada que se produce na gadaña ao cravuñala mal. **3.** V. fol 1ª acep. **4.** Saco que levaban os mendigos. **5.** Dobrez nun vestido, zapato, saia, blusa, chaqueta etc. **6.** Estómago da vaca. **7.** pl. Peza do batán. // ***Fole* das papas.** Saco feito de pel de cordeiro que servía para gardar a fariña das papas (Santalla de Ozcos). // ***Fole* de *faría*.** Fol para transportar fariña. // **Parecer que mexa nel *fole*.** Ter unha persoa mal aspecto.

folear. V. foliar 1ª acep.

folecada. s. f. Cantidade que cabe entre a roupa e o peito.

folecón. s. m. Personaxe dos *Reises* do concello de Ibias, caracterizado por levar unha careta de pel de cocho, xabaril, porco teixo ou corzo, e ás veces con bigote, dúas fileiras de dentes (arriba e abaixo) feitos de *costelas* de madeira, e un sombreiro de pano mouro de copa alta cun rabo de raposa ou can colgándolle do chan. A roupa consistía nunha gabardina ou abrigo mouro que lle chegaba até as polainas, un cinto con chocas ben grandes polo chan, calzóns e botas e polainas de mostrar dacabalo. Ademais leva un fol cheo de herba no pico dun pau; choqueiro.

folequeiro. V. foliqueiro 1ª acep.

folerpa. V. falopo.

foleta. V. folgueira (Villaión).

foleto. V. folgueira (Allande, Villaión, Navia, Coaña).

folga. s. f. Tempo no que non se traballa. **2.** Pasatempo, diversión. // ***Tar* de folga.** Estar sen facer nada.

folgado, -a. adx. Descansado. **2.** Aplícase á peza de vestir, zapato etc., que quedan frouxos, amplos. **3.** Que non axusta. **4.** Dise da persoa pouco traballadora. **5.** Dise do lugar no que a terra non precisa de moitos traballos. // ***Tar* folgado.** Sen facer nada.

folganza. s. f. Situación do que non realiza ningunha actividade, do que está sen ocupación, sobre todo se é por falta de vontade.

folgar. v. Descansar. **2.** Non facer nada. **3.** Estar sen exercicio nin uso algo (*Teis aí uha cama folgando*), (A Veiga).

folgareta. s. f. Descanso. **2.** Diversión, lecer.

folgazán, -a, -á. adx. (pl. folgazais). Aplícase á persoa que non quere traballar.

folgazanear. v. Descansar. **2.** Non facer nada.

folgazaneiría. s. f. Acto e efecto de folgar.

folgazanería. V. folgazaneiría.

folgazaniar. V. folgazanear.

folgazanón, -a. adx. Folgazán.

folgo. s. m. Respiración, alento. **2.** Vida. **3.** Momento (*Taba nun folgo de risa*), (Castropol). **4.** pl. Ánimos, forzas (A Veiga). // **A folgos fóra.** Á présa.

folgueira. s. f. Nome común de varias plantas criptógamas, caracterizadas por ser perennes, que poden acadar até os dous metros de altura e ter por debaixo das follas esporas. Entre as especies existentes no Eo-Navia temos *Osmunda regalis*, *Polypodium cambricum*, *Polypodium vulgare*, *Anogramma leptophylla*, *Pteridium aquilinum*, *Asplenium sp.*, *Phyllitis scolopendrium*, *Lastrea limbosperma*, *Cystopteris fragilis*, *Ceterach officinarum*, *Dryopteris sp.*, *Blechnum spicant* etc. // **Folgueira da raposa.** Variedade de folgueira de tamaño pequeno (Eilao).

folgueirada. s. f. Cantidade de leña que se bota dunha vez no lume.

folgueiral. s. m. Lugar onde abundan as folgueiras.

folgueiría. s. f. Sitio pequeno onde abundan as folgueiras.

folgueiro. V. folgueira (Ibias).

folgueirón. V. folgueira (Tapia de Casarego). **2.** Planta polipodiácea, da familia das folgueiras, perenne, de follas pequenas, que pode acadar entre os dez e os corenta centímetros de lonxitude (*Polypodium sp.*).

folgueta. s. f. Descanso; folga. // **Andar de *folgueta*.** Non facer nada. // ***Tar* de *folgueta*.** Non facer nada.

folgura. s. f. Anchura, voo nunha peza de vestir.

foliada. s. f. Festa, baile ou diversión tradicional que se celebra pola noite; folión. **2.** Diversión con ruído.

foliado, -a. adx. Aplícase á gadaña cando está mal cravuñada ou a un obxecto cortante, cando lles quedan ondulacións na folla. **2.** Dise do que non está plano, como un tecido, un cribo etc.

foliar. v. Ondular o fío dun obxecto ou ferramenta cortantes como a gadaña ao cravuñala mal. **2.** Coller aire os chourizos feitos. **3.** Engurrar os zapatos por quedar frouxos no pé (Tapia de Casarego). **4.** Non estar plana unha cousa, como un tecido, un cribo etc. (San Martín de Ozcos).

folión. s. m. Reunión de xente que baila ao son dun gaiteiro para divertirse (Abres). **2.** V. figueirín (Castropol).

foliqueiro. s. m. Personaxe do Entroido, que levaba unha máscara feita de pel de coello ou lebre e un saco ou fol ao lombo cheo de cinza e co que golpeaba a toda persoa que atopaba ao seu paso. Tamén podía levar un pau que no extremo tiña un trapo sucio (Abres, A Veiga, Tapia de Casarego, Vilanova de Ozcos, Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos). **2.** Rapaz que se disfrazaba con roupa vella, con máscaras de trapo e cambiando de sexo, que levaba un saco para recoller o aguinaldo (San Martín de Ozcos).

folixa. s. f. Festa, barullo, diversión.

folixeiro, -a. V. festexeiro (Navia).

folla. s. f. Órgano normalmente laminar e verde que sae do talo e das ramas das plantas ou das árbores. **2.** Parte delgada metálica de varias ferramentas que serven para cortar como as navallas, coitelos, tesoiras, fouciños, gadañas etc. **3.** Parte plana dunha brosa. **4.** Conxunto de cristais dunha ventá. **5.** Unha das dúas partes en que se dividían as portas antigas. **6.** Cada unha das láminas de papel nas que se divide un libro ou un caderno. **7.** Lámina delgada de calquera material. **8.** Untaza, touciño. **9.** Pétalo. **10.** V. marfollo 5ª acep. (As Figueiras). **11.** Parte filoide dos *oucois* (El Franco). **12.** Parte cortante dalgúns instrumentos e armas. // **Como uha folla.** Que se parece. // **El que se pon *debaxo* da folla, dúas veces se molla.** Refrán que alude á falta de prudencia de quen descoida algunhas cousas, e mesmo as perde, por conseguir outras. // **Folla de abril.** V. folla 11ª acep. (El Franco). // **Folla de ouca.** V. cinchón 3ª acep. (Tapia de Casarego). // **O que se abeira debaixo da folla, dúas veces se molla.** V. El que se pon debaxo da folla, dúas veces se molla.

follada. s. f. Cantidade de carbón de leña que se facía dunha soa vez.

follar. v. Saír a folla aos vexetais (Castropol).

follarío. adx. e s. Alcume popular que lles dan os habitantes de Ponticella (Villaión) aos de Illaso (Villaión).

follasca. s. f. Conxunto formado por ramallos e follas de árbores e outras plantas (Tapia de Casarego, Allande).

folle. s. m. Espazo que queda entre a camisa e o corpo. **2.** Castaña oca só coa casca. **3.** V. fol 1ª, 2ª, 4ª, 5ª e 6ª acep. **4.** Conxunto de follas que envolven a mazaroca do millo sen o froito dentro (El Franco). // **Haber *folle*.** Nun *esfollón*, atoparse só coas follas da mazaroca sen o froito dentro (El Franco). // **Pillar *folle*.** Nun *esfollón*, coller as follas da mazaroca sen o froito dentro (El Franco). // **Poñer *folle*.** Sacar a mazaroca de millo e poñer as follas coa mesma forma que tiñan, pero sen o froito, para facer unha broma á xente que participaba nun *esfollón* (El Franco). // **Por *San Isidro* (el *meiz*), nin nel (no) *folle* nin nacido.** Refrán que indica que por Santo Isidro (15 de maio) o millo aínda nin naceu.

follecada. s. f. Golpe dado cun fol.

follecado, -a. s. m. e f. Contido que pode levar un fol. **2.** Fol ben cheo.

folleco. s. m. Neno que non para, inquedo. **2.** Home con pouco espírito.

follecón, -úa. adx. Brando, engurrado, avellado, frouxo.

follegada de mar. V. marfollo 5ª acep. (As Figueiras).

follegueiro. s. m. Lugar destinado a recoller a folla que cae en outono das árbores (Serandías). **2.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Bogo (A Pontenova).

follequeiro. V. foliqueiro.

follequín. s. m. Fol pequeno.

follía. s. f. Folla pequena.

follicón. s. m. Home tímido, apoucado (Serandías).

folligueiro, -a. adx. e s. Alcume popular dos habitantes de Bogo (A Pontenova).

follón. s. m. Folla que cobre a mazaroca do millo. **2.** Barullo, enredo. **3.** Conxunto de follas que quedan despois de esfollar o millo.

folloso, -a. adx. Dise da árbore con moitas follas.

fomento. s. m. Cataplasma (Villaión).

fonda. s. f. Establecemento onde se dan comidas e cama. **2.** V. tirafonda.

fondada. s. f. Parte máis baixa dunha leira (Allande).

fondado, -a. adx. Con fondo (*Sillas fondadas de xonza*).

fondal. s. m. Parte máis fonda dunha leira. **2.** Pequeno val.

fondalío. V. escantilado (Tapia de Casarego).

fondas. V. tirafonda (El Franco).

fondar. v. Poñer o fondo a algo, como a unha caldeira.

fondear. V. fondiar 1ª e 2ª acep.

fondeiro, -a. adx. Profundo, no fondo (Boal, Ibias). **2.** s. m. e f. Parte inferior dunha leira, especialmente cando é pendente.

fondiar. v. Tocar no fondo. **2.** Quedar fixa unha embarcación no mar cunha áncora.
fondillo. s. m. Baixo do portalón (Coaña).
fondo, -a. adx. Que ten profundidade. **2.** s. m. Parte inferior dunha cousa. **3.** s. m. Piso do carro. **4.** s. m. O esencial dunha cousa, o que importa nun asunto. **5.** s. m. Relativo ao mar, río, estanque, pozo etc., superficie sólida sobre a que corre ou está a auga. **6.** s. m. Nun eirado, parte oposta á *culeira* (Vilanova de Ozcos). **7.** s. m. Parte dunha embarcación que vai debaixo da auga. // **Del pico al fondo.** Desde o comezo até o remate.
fondoirón, -úa. adx. Gordo. **2.** Dise da res co espiñazo dobrado (Tapia de Casarego).
fondón[1]. s. m. Parte máis baixa dun terreo.
fondón[2], -úa. adx. Dise da persoa gorda.
fondorro. s. m. Home vello, de pouca personalidade e débil.
fondura. s. f. Profundidade dunha cousa ou asunto.
fonduxe. s. f. Ascendencia, orixe de alguén.
fonduxo. V. fonduxe (Tapia de Casarego).
fonsagradino, -a. adx. e s. m. e f. Natural da Fonsagrada. **2.** Pertencente ou relativo ao concello da Fonsagrada.
fontada. s. f. Contido que cabe nunha fonte. **2.** Fonte con abundantes alimentos. **3.** Principio, orixe.
fontaego. adx. Aplícase ao boi que ten a cadeira dobrada.
fontaela. s. f. Fonte pequena (Castropol).
fontaia. V. fontaela (Castropol).
fontaía. s. f. Fonte pequena (Villaión).
fontaíña. s. f. Fonte pequena (Os Coutos).
fontal. s. m. Lugar onde hai moitas fontes.
fontalla. V. fontaela.
fontanela. s. f. Espazo sen osificar no cranio do home e dalgúns animais recentemente nacidos, que queda cuberto polas meninxes e a pel até que o cranio remata a osificación (Castropol).
fontanica. s. f. Fonte pequena.
fontarica. s. f. Fonte pequena.
fonte. s. f. Construción tradicional de pedra ou ladrillo que ten un cano por onde sae a auga que vén dun manancial ou depósito. **2.** Manancial de onde sae auga. **3.** Prato grande, circular ou elipsoidal para servir a comida. **4.** Úlcera varicosa ou arterial nun pé ou nunha perna (Grandas de Salime). // **Fonte *pernal.*** Fonte que non seca en ningún período do ano.
fontecada. s. f. Contido dunha fonte chea. **2.** Capacidade dunha fonte.
fontela. s. f. Fonte pequena.
fontía. s. f. Fonte pequena.
fontiña. s. f. Fonte pequena (Os Coutos).
foque. s. m. Calquera das velas triangulares dunha embarcación, sobre todo a principal delas.
foquiar. v. Alumar cun foco ou cunha luz (San Martín de Ozcos).
foquín. s. m. (pl. foquíos). Diminutivo de foco.
fóra. adv. Na parte externa dun tempo ou dun espazo. // **Andar por fóra.** Gañar a vida noutros lugares, fóra da localidade onde se naceu ou se residía. // **Coser *pra* fóra.** Expresión que se usa cando unha muller casada mantén relacións extramatrimoniais. // **De fóra.** Por fóra (*Leva a roupa de fóra*). // **De *hoi* en fóra.** Expresión que significa unha vez pasado o día de hoxe (Tapia de Casarego). // **Duha vez en fóra.** Polo menos unha vez. // **Fóra de.** Excepto. // **Fóra del alma.** Dise cando se compara a unha persoa cun animal (Boal, Tapia de Casarego). // **Ir fóra.** Rematar (*Xa vai fóra marzo*). // **Por fóra.** Fóra, exteriormente. // ***Tar* por fóra de.** Estar unha cousa máis lonxe con relación a un punto concreto (*A viga tá por fóra del muro*).
foranín. V. forano.
forano. s. m. Vento frouxo do norte (Tapia de Casarego, Castropol).
forasteiro, -a. s. m. e f. e adx. Persoa que non é do lugar.
forca. s. f. Instrumento que se utilizaba na execución da pena de morte. **2.** V. forcada 1ª acep. (Navia). **2.** Parte de madeira en forma de i grego dun *tirafonda*. **3.** Peza do mazo disposta verticalmente que suxeita o martelo; mandil 5ª acep. (Os Ozcos).
forcada. s. f. Peza de madeira en forma de uve que se coloca verticalmente sobre o *leto* do carro e conflúe coa cabezoalla; cadeixo 2ª acep. **2.** V. forcado 2ª acep.
forcadada. s. f. Cantidade de herba que colle un forcado ou unha forcada. **2.** Golpe dado cun forcado.
forcadado. V. forcadada 2ª acep.
forcaduada. V. forcadada 1ª acep. (El Franco).
forcadela. s. f. Nome común dos insectos dermápteros da familia dos forficúlidos, de dous centímetros de lonxitude, que teñen ao final do abdome dúas pinzas (*Forficula aricularia*).
forcadella. V. forcadela (Boal, Allande, Villaión). **2.** Escolopendra (Villaión).
forcadía. V. forcadela (Boal).
forcado. s. f. *Forqueta* de madeira ou ferro con dous dentes. Ás veces pode ser de

tres e utilízase para coller herba, gancela, leña, palla etc. **2.** Pau que remata en dúas (tres ou catro) puntas, que se usa para poñer no carro, coller a herba, estender esterco, abalar as fogazas no forno ou suxeitar as árbores cando están moi cargadas de froita. **3.** V. forqueta 7ª acep. (As Figueiras). // **Forcado del pan.** Forcado con dúas puntas de ferro e mango longo que serve para quitar as fogazas do forno.

forcadura. s. f. Ángulo da entreperna (San Martín de Ozcos).

forcexar. v. Facer moita forza.

forcexudo, -a. adx. Dise da persoa que ten moita forza.

forciar. v. Facer forza para conseguir algo (Navia).

forco. V. furco 1ª acep. (Castropol, Boal, Vilanova de Ozcos, Allande). **2.** V. furco 2ª acep. (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos).

forcón. s. m. (pl. forcois). Forcado que se crava na terra para fixar as pranchas no taller de serrar (Serandías). **2.** Lugar onde un afluente desemboca no río principal (Taramundi, Os Ozcos). **3.** V. forcada 1ª acep. (Eilao, Villaión).

forcovo. s. m. Foxo nun mato (Allande).

foreiro. s. m. Amo dunha terra dada en foro. **2.** Persoa que ten o dominio útil dunha propiedade mediante o pagamento dun foro ao seu propietario.

forestal. s. m. Organismo que se preocupa da protección dos montes. **2.** Persoa encargada de protexer e vixiar os montes.

forfogo. V. forcovo (Allande).

forgallada* → fargallada.

forgaxa. V. forgaxe 2ª acep. **2.** Cousa de pouco valor (Boal).

forgaxe. s. f. Restos que quedan dos cereais despois de mallalos. **2.** Restos de madeira que quedan despois de cepillala.

forico. V. bolín.

forma. s. f. No torno, peza cilíndrica, de madeira, onde se enrola a correa pola metade, e que ten catro picos de ferro nun dos seus cabos. Faise de madeira de freixo e normalmente está rodeada dun aro de ferro no extremo onde encaixan os ferros, para que non abra a madeira. Podían ser de diferentes tamaños, normalmente cada torneiro tiña un par, unha pequena e outra máis grande; craveira, rebola. **2.** Molde de zapato que utilizan os zapateiros. **3.** Botón dos *calzoncillos* antigos, normalmente podían ser até un número de catro. **4.** Figura externa dun corpo. **5.** Modo ou xeito de facer unha cousa. **6.** Pan feito sen fermento, cortado normalmente en forma circular e máis pequeno que a hostia, co que comungan os fieis cristiáns. **7.** Por extensión, hostia consagrada. **8.** Molde para tecer a man mallas de pescar.

formación. s. f. (pl. formaciois). Conxunto de persoas agrupadas para un certo fin (*El bandín era uha formación musical*).

formal. adx. Aplícase á persoa seria e que ten formalidade.

formalidá. s. f. Responsabilidade, seriedade.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

formalizar. v. Adquirir seriedade.

formar. v. Dar forma. **2.** Educar. **3.** prnl. Adquirir unhas aptitudes e habilidades tanto físicas como morais.

formentado, -a. adx. Dise do que fermentou (*formentou*).

formentar. v. Subir o pan polo fermento na masa. **2.** Botar o fermento na masa nova de pan. **3.** Descompoñerse algo.

formento. s. m. Substancia orgánica que provoca reaccións importantes noutras substancias do mesmo tipo. É unha masa con sal que se deixa gardada por algún tempo para que sirva para subir certas substancias como no proceso do pan. **2.** Inicio dunha cousa.

formiga. s. f. Nome común de diversas especies de insectos himenópteros da familia dos formícidos, que teñen un tamaño variable e unha coloración entre negra, parda ou con partes vermellas. O aparato bucal ten mandíbulas de forma moi variada, pero normalmente fortes e agudas. Ademais posúen antenas que están dobradas na súa parte central e o tórax e o abdome están unidos por varios aneis estreitos. **2.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Nogueira (Taramundi). // **Formiga (*forniga*) rubia.** Insecto himenóptero da familia *Formicidae*, que mide de catro a nove milímetros de lonxitude (a femia) ou once (o macho ou a raíña), con corpo de color vermella ou acastañada e negra. É omnívoro, vive en niños de tamaño grande e a súa picadura é dolorosa (*Formica rufa*).

formigo. s. m. Fritada de pan esfaragullado, mesturado con ovos e leite; fornigo 2ª acep. **2.** Tipo de papa feita con leite da vaca que acaba de parir; fornigo 2ª acep.

formigueiro. s. m. Lugar onde crían e viven as formigas. **2.** Por extensión, moita xente.

formiguexar. v. Experimentar a sensación molesta de quedar inmóbil algunha parte do corpo.

formiguiña. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Nogueira (Taramundi).

formilla. s. f. Peza circular e pequena, de madeira, óso, metal, ou outra materia, que forrada forma un botón.

formón. s. m. Ferramenta de carpinteiro que serve para abrir cavidades na madeira. **2.** Peza do arado que abre a terra.

fornada. s. f. Conxunto de alimentos (pan, empanada etc.) que caben nun forno para cocer dunha soa vez, despois que fosen moídos e amasados (*Moler a fornada, amasar a fornada, enfornar a fornada*). **2.** Por extensión, comida (*Que se non nun tein fornada*). **3.** Conxunto de cousas feitas á vez. **4.** Gran cantidade de mocos (Tapia de Casarego). // **A fornada del *mezquín*, vai dúas veces al *molín*.** Refrán que alude ás persoas avaras que por conseguir o que queren, fano as veces que sexa. // **Faltar uha fornada.** Non ser moi listo.

fornalla. s. f. Buraco por onde se lle bota leña ao forno.

forneiro, -a. s. m. Persoa que facía fornos. **2.** s. f. Muller do forneiro. **3.** Persoa que tiña un forno en propiedade. **4.** Persoa que tiña como oficio cocer o cal no forno dun caleiro.

fornela. s. f. Pedra sobre a que se fai o lume na casa. **3.** V. fornelo 1ª, 2ª, 3ª, 5ª e 6ª acep. **4.** Cova pequena (Abres).

fornella. V. fornela 1ª, 2ª e 3ª acep.

fornelo. s. m. Pequena ventá por onde entra a luz. **2.** Furado que se utiliza para meter a leña nas cociñas. **3.** Lacena que se fai na parede para gardar cousas. **4.** Dependencia pequena debaixo dunha escaleira onde se gardan trastos. **5.** Furado pequeno que está embaixo da boca do forno onde se bota a cinza despois de varrelo. **6.** Furado na parede. **7.** Natural do val de Fornela (O Bierzo), que normalmente se dedicaba á venda ambulante.

fornellín. s. m. Fornelo pequeno (Boal).

fornello. V. fornelo 1ª, 2ª, 3ª, 5ª e 6ª acep.

forniar. V. enfornar (Eilao, San Martín de Ozcos). **2.** Estar traballando nunha cousa sen conseguir ou facer nada (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos).

fornica. s. f. Furado que está debaixo da porta dun forno (Allande); fornelo 5ª acep.

fornicar. v. Ter relacións sexuais fóra do matrimonio.

forniga. V. formiga 1ª acep.

fornigar. V. formiguexar.

fornigo. s. m. Infección aguda localizada nun dedo. **2.** V. formigo 1ª e 2ª acep. **3.** V. arador 2ª acep. **4.** V. calostro 1ª acep. **5.** Primeiro leite dunha muller (Boal). **6.** Infección nos pezuños dos cabalos, burros e vacas. **7.** pl. V. faría 4ª acep. **8.** Herba anual da familia das primuláceas, de dez a corenta centímetros de longo, talos ascendentes, follas opostas e con forma de ovo, flores con cinco pétalos vermellos ou azuis, e froito en cápsula esférica con moitas sementes. Medra entre os cultivos e os camiños (*Anagallis arvensis*), (Santalla de Ozcos).

forniguear. V. formiguexar.

fornigueira. V. formigueiro (Castropol).

fornigueiro. V. formigueiro.

forniguexar. V. formiguexar.

forniguexo. s. m. Nerviosismo, intranquilidade. **2.** Sensación molesta de quedar inmóbil algunha parte do corpo.

fornín. s. m. Forno pequeno.

forno. s. m. Construción, normalmente abovedada, que ten un respiradoiro ou cheminea e unha entrada, usado para cocer o pan, as empanadas etc. **2.** Parte de certas cociñas onde se quentan os alimentos. **3.** Electrodoméstico que serve para quentar os alimentos. // **Chámalle el forno al *molín* queimado.** Refrán que se refire a cando unha persoa é a menos indicada para falar nun determinado asunto. // **Forno da *ferreiría*.** Forno onde se mesturaba o mineral e o carbón vexetal. Tamén chamado forno catalán. // **Forno de cal**. V. caleiro. // **Tente forno mentres que *nun* cobro.** Refrán que indica desconfianza.

foro. s. m. Tipo de contrato, normalmente agrario, de moita duración, polo que unha persoa cedía a outra o uso e proveito dunha cousa ou ben, normalmente unha terra, a cambio de diversas condicións estipuladas anteriormente.

foroncho. s. m. Tumor na pel, de pequena extensión, pero moi doloroso (Santalla de Ozcos); froncho.

forqueta. s. f. Instrumento agrícola consistente nun pau de madeira que remata en dous ou máis dentes de madeira ou ferro. Normalmente é máis pequena que o forcado e úsase por exemplo para cortar o toxo; gallada 1ª acep. **2.** No torno, vara con dous dentes de madeira que sostén o *pao de atrás* ou vara. **3.** Parte da *limaqueira* consistente

en dous paus paralelos que suxeitan a rede. **4.** V. forcada 1ª acep. **5.** V. forcado 1ª acep. **5.** Parte de madeira en forma de i grego dun tiracroios (*tirafonda*); forca 2ª acep. **6.** V. tirafonda. **7.** Instrumento de madeira ou ferro que se utiliza nunha embarcación para poñer remos ou paus (Tapia de Casarego).

forqueto. s. m. Peza grosa de madeira de dous dentes que se utiliza como apoio para soster algo. **2.** V. forqueta 1ª acep. **3.** V. cadeixo 2ª acep. **4.** V. gaio 3ª acep.

forquetón. s. m. Peza do carro que consiste nunha *forqueta* grande de madeira que se pon no cabo anterior do *leto* e pecha a caixa por diante (Grandas de Salime); cadeixo 2ª acep.

forra. s. f. Peza do hórreo ou *panera* consistente nun cacho de madeira situado entre a cámara e a *rateira*, para equilibrar mellor o corpo do edificio. **2.** Especie de cuña que se coloca ao carro para que non rinche. **3.** Especie de cuña ou apoio de madeira que se pon nun obxecto para que este non se mova, como nos mazos, nas vigas dos lousados, nos mobles etc. **4.** Tea para protexer o que está debaixo. **5.** Pedra delgada que se pon debaixo doutra para servirlle de apoio na parede. **6.** Pano que se lles pon os nenos pequenos arredor da cintura para que vaian limpos. **7.** Pedra ou taco de madeira que se poñen xunto ás rodas dun carro para que este non vaia para atrás.

forrado, -a. adx. Con moito diñeiro. **2.** Dise da cousa cuberta cunha funda ou forro para protexela.

forrar. v. Poñer unha forra a algo. **2.** Cubrir unha cousa cunha funda ou un forro para protexela. **3.** No xogo dos *bólos*, pagar un compañeiro a outro a bolada á hora de apostar. **4.** Poñer calzos a un carro para telo parado. **5.** prnl. Enriquecerse.

forraxe. s. f. Palla do millo ou doutro cereal que se lle dá ao gando como alimento.

forro. s. m. Cuberta con que se reviste unha cousa polo interior ou polo exterior. **2.** Cuberta dun libro. **3.** No fútbol, golpe dado coa sola da bota. // **Ir forro.** Non querer ceder (San Martín de Ozcos).

forros. s. m. pl. Trato de xogo en que se pacta antes de ver as xogadas ou de saber quen gaña. Con este trato libra o que gaña a aposta do outro, de xeito que este non perde nada (Boal).

forrullento*, -a → ferrullento.

forrullo* → ferrullo.

fortaleza. s. f. Calidade do que é forte.

forte. adx. Que ten forza, resistente (Tapia de Casarego).

fortexudo, -a. adx. Con moita forza.

fortuna. s. f. Sorte. **2.** Capital, facenda. // ***Nun* te mates *polla* mala fortuna**. Non teñas présa cando non debes (Boal).

forxa. s. f. Lugar onde se converte o ferro en metal ao quentalo. É máis pequeno que as ferrerías e foron numerosas no Eo-Navia, especialmente en Boal, Os Ozcos, Taramundi, Villaión etc. No século XVIII o seu número era de máis de medio milleiro. Eran imprescindibles para fabricar e reparar as ferramentas de traballo da terra, cravos e outros obxectos de uso doméstico, existindo certa especialización entre os ferreiros. **2.** Barquín de dous corpos (Taramundi). // **Forxa de *empresto*.** Forxa portátil que servía para caldear as *agoas*.

forxado, -a. adx. Feito por un mesmo.

forxar. v. Dar forma ás pezas metálicas nunha forxa despois de quentalas.

forxo. s. m. Forxa de dimensións máis reducidas onde se fabricaban pezas de metal máis pequenas (Taramundi).

forza. s. f. Vigor, capacidade de resistencia. // **A forza de.** Indica intensidade, reiteración ou abundancia sobre unha acción.

forzado, -a. adx. Feito algo con máis forza da que pode soportar.

forzadura. s. f. Inchazón en calquera parte do corpo por facer un esforzo.

forzar. v. Facer a alguén o acto sexual en contra da súa vontade. **2.** Exercer sobre unha cousa máis forza da que pode soportar.

fosa. V. foxa. **2.** Sepultura.

fosco, -a. adx. Escuro (*El día tá fosco*). **2.** Sucio.

fosoira. s. f. Peza das *carretas* do *vasadoiro* (Coaña).

fostró. s. m. Dise da persoa grande, gorda e máis ben fea (Boal).

foto. s. f. Reprodución que se fixa por medio de reaccións químicas nunha superficie preparada de imaxes recollidas no fondo dunha cámara escura.

fou. V. fougo (Villaión, Allande).

fouce. s. f. Fouciño de mango longo de madeira unido a unha folla de ferro curva, que se usa para rozar (Os Ozcos, Abres, Taramundi). **2.** pl. Plumas grandes da cola dun galo (San Martín de Ozcos).
Obs. Ás veces en certos falantes utilízase con xénero masculino, pero débese empregar co feminino.

foucía. s. f. Fouciño de folla estreita, mango curto e tamaño pequeno. **2.** V.

foucín. // ***Foucía* del toxo.** Fouciño preparado para cortar toxos.
fouciada. s. f. Golpe dado cunha *foucía* ou cun fouciño (*foucín*).
foucín. s. m. (pl. foucíos, fouciños). Ferramenta formada por un mango de madeira e unha folla de ferro curva, que se usa para rozar ou segar a herba. Este tipo de ferramentas hainas de diversos tamaños, sendo esta das máis pequenas. Esta ferramenta poñíase nas ventás das vivendas e nas facendas como protección contra os raios, en Sena e Os Coutos (Ibias).
foucina. V. foucía 1ª acep. (Navia).
foucinada. s. f. Acción e efecto de cortar cun *foucín*.
foucinazo. s. m. Corte feito cun *foucín*.
fouciña. V. foucía 1ª acep. (Abres).
fouciño. V. foucín (Taramundi).
foucío. V. foucín.
foufou. adx. Dise da persoa que traballa moito.
fougo. s. m. Lume. // **Ser como *fougo* nel *cul*.** Ser impaciente (Coaña).
fougueiral. V. folgueiral (Villaión).
fouz. V. fouzo.
fouza. V. fouzo.
fouzo. s. m. Ferramenta composta dun mango longo de madeira e unha folla de ferro curva, de maior tamaño que o fouciño, que se utiliza para rozar e cortar o toxo no monte, segar o trigo ou o centeo etc. **2.** V. foucín (Allande). // ***Fouzo* do (del) toxo.** *Fouzo* que se usa para cortar os toxos (Ibias, Taramundi, Os Ozcos).
fouzuada. s. f. Corte dado cun *fouz*.
foxa. s. f. Furado no chan.
foxo. s. m. Leira en costa, seca e abrigada (Os Ozcos). **2.** Furado marcado con pedras onde se planta unha cepa.
foxón. s. m. Recipiente para coller a lixivia que caía da *dala*, tiña varios aros e facíano os ferreiros (Villaión).
fozado, -a. adx. Escavado. **2.** Dise da terra removida co fociño.
fozadura. s. f. Acción de remexer a terra co fociño.
fozaeiro, -a. adx. Dise do animal que foza (A Veiga).
fozar. v. Remexer a terra co fociño como fan os cochos ou os xabarís. **2.** Referido aos nenos, estar sucio despois de xogar. **3.** Revolver (*Anduvo fozando nos caxois*), (Coaña). **4.** Andar en algo (*Nun foces na nariz*). **5.** Remexer a terra. **6.** Facer o amor.
fozón, -a. adx. Dise da persoa que fai as cousas de xeito torpe.
frábeca* → fábrica.
frachar. v. Podar as árbores froiteiras.
fraco, -a. adx. Delgado.
frada. s. f. Acción e efecto de podar, poda. Normalmente era selectiva e facíase cada doce anos. **2.** Acción de cortar unha árbore. **3.** Estrago, desfeita. **4.** Por extensión, acción de cortar o pelo.
fradado, -a. adx. Dise da árbore cortada.
fradar. v. Podar unha árbore ou unha vide, deixando as guías. **2.** Cortar unha árbore. **3.** Rozar. **3.** Cortar todas as árbores dun monte.
frade. V. fraire (Vilanova de Ozcos, Villaión).
fradía. s. f. Poda (San Martín de Ozcos); frada 1ª acep.
fraga. s. f. Terreo onde hai moitas árbores e bouza, ademais de ser normalmente o terreo abondo irregular (Santiso de Abres, Taramundi).
fragata. s. f. Tipo de embarcación de tres paus.
frago. s. m. Terreo de difícil acceso.
fragoiro. s. m. Ruído moi forte, estrondo.
fragoso, -a. adx. Aplícase ao lugar de difícil acceso (Eilao).
fragua. s. f. V. forxa 1ª acep. **2.** Lume para quentar os metais (Villaión).
fraguoso. V. fragoso (Os Coutos).
fraile* → fraire 1ª e 2ª acep.
fraire. s. m. Relixioso dunha orde mendicante; flaire. **2.** Grumo que se forma nas papas (Santalla de Ozcos). // **Fíxolle a boca un *fraire*.** Dise da persoa que está sempre pedindo cousas. // **Parecer que lle fixo a boca un *fraire*.** V. Fíxolle a boca un fraire.
fralda. V. falda. // **Ir coa faldra de fóra.** Levar a camisa por fóra do pantalón (El Franco).
fraldeiro. V. faldeiro.
fraldeta. V. faldeta 2ª acep.
frallada. s. f. Golpe.
frallar. v. Romper. **2.** Golpear, pegar.
fran* → flan.
francachela. s. f. Confianza.
francado. s. m. Especie de fisga de tres ou catro puntas que se emprega para pescar peixes ou xibas (Castropol).
franco, -a. adx. Sincero.
franela. s. f. Tecido normalmente de la ou algodón, que presenta unha superficie cunha lixeira capa de pelos que se utiliza para confeccionar moitas pezas de vestir.
franqueza. s. f. Sinceridade.
franquiar. v. Pagar previamente, con selos, o transporte dunha carta ou paquete. **2.** Atravesar unha porta, un paso etc.

franquín, -ía. adx. e s. m. e f. Natural de El Franco. **2.** Pertencente ou relativo a El Franco.
franquino*, -a → franquín.
franxa. s. f. Cinta de galón de ouro, prata etc. **2.** Tira de terra. **3.** Tira doutra color ou clase, normalmente nunha peza de roupa, nun pano etc.
fraque. adx. Delgado.
fraqueza. s. f. Falta de forzas ou resistencia, debilidade. **2.** Delgadeza. **3.** Perda do sentido, desmaio.
frasco. s. m. Recipiente semellante a unha botella, pero máis pequeno e de varias formas, que serve para conter líquidos ou outras cousas.
fraterna. s. f. Malestar, sufrimento.
frato. s. m. Acumulación de gases no estómago ou no intestino (Castropol, San Martín de Ozcos, Boal, A Veiga). **2.** V. madrío 2ª acep. // ***Frato* marelo.** V. madrío 1ª acep.
frauga. V. forxa 1ª acep.
fraugua. V. forxa 1ª acep.
frauguar. v. Forxar metais. **2.** Endurecer a mestura do cal co xeso.
frauta. s. f. Instrumento musical de vento, con forma de tubo con varios furados que se tapan cos dedos ou con chaves. // **Frauta del *Dios* pan.** Instrumento que fai que os nenos fuxan asustados.
freba. s. f. Cada un dos filamentos que entran na composición dos seres orgánicos, animais e vexetais, e dalgúns minerais. **2.** Parte da madeira que é consistente e flexible para ser tallada. **3.** Cousa importante. **4.** Porción de carne fresca. **5.** Parte da carne do cocho e doutros animais que non ten graxa. **6.** Cantidade pequena de algo. **7.** Porción de liño que se vai poñendo na roca (Santalla de Ozcos).
frebeiro* → febreiro.
frebilla* → febilla.
freboso, -a. V. frebudo.
frebudo, -a. adx. Aplícase ao animal, carne, touciño, que teñen moita freba.
freco. s. m. Adorno que consiste nun conxunto de fíos ou cordóns prendidos normalmente nunha cinta de tea, como os das gaitas. **2.** Beira esfiañada dunha tea vella e usada.
frecha. s. f. V. tirafonda. **2.** Arma ofensiva de determinados materiais e lonxitudes que se lanza cun arco. **3.** Flexibilidade ou capacidade de torcer unha rama ou unha raíz dunha árbore ou arbusto (*As uces non tein frecha*), (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos). **4.** Capacidade, xeito, habelencia para moldear unha masa (*Fai muita frecha*), (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).
frega. s. f. Remedio que consiste en pasar con forza e repetidas veces a man ou calquera outro obxecto (un pano, un cepillo etc.), unha planta, un líquido etc., sobre a superficie dunha parte do corpo (*Dálle unha frega de ortigas ou de vinagre*).
fregadeiro. s. m. Lugar da cociña onde se lavan os cacharros e antigamente tamén, ás veces, a roupa; auguadeiro.
fregado, -a. adx. Limpado cun estropallo, pano etc. **2.** s. m. Enredo, lea. // **Meterse nun bon *fregado*.** Meterse nunha boa lea.
fregadura. s. f. Acto e resultado de fregar.
fregancio. V. freganzo (Navia).
freganzo. s. m. Estropallo de esparto ou outro material, que se usa para fregar o chan, a cociña etc.
fregar. v. Limpar algunha cousa cun estropallo, un cepillo, un pano etc. **2.** Lavar a louza con xabón e auga ou outro líquido. **3.** Pasar con forza e varias veces unha cousa sobre a superficie doutra. **4.** Refregar o abdome unha troita contra as pedras do río para desovar. **5.** Rascar a pel unha persoa ou un animal contra algo. **6.** Refregar contra algo. **7.** prnl. Sobar a unha persoa.
fregareiro. V. fregadeiro.
fregón, -úa. adx. O que frega. **2.** O que soba a unha persoa. **3.** s. m. (pl. fregois). Lugar onde desova o salmón (Boal). **4.** s. m. Remate dunha pedra grande que é bo para afiar obxectos cortantes (Allande).
freguxo. V. fregadura (A Veiga).
freír* → fritir.
freisnal. s. m. Lugar onde abundan os freixos (*freisnos*). **2.** V. fresnal.
freisno. V. freixo (Eilao, Tapia de Casarego, A Veiga, Grandas de Salime, San Martín de Ozcos, Navia, Allande).
freisnuada. s. m. Golpe, tropezón.
freisolo. V. cereixolo.
freita. s. f. Barranco. **2.** Movemento dunha montaña desde a base até o cume. **3.** Desprendemento de terra; fana.
freixo. s. m. Árbore caducifolia da familia das oleáceas, con follas compostas, ovais ou lanceoladas e cos bordos dentados. As flores son pouco vistosas e aparecen antes que as follas ou ao mesmo tempo que estas. O tronco é de color gris e a madeira branca, que se empregaba moito para facer xugos e mangos de brosas (*Fraxinus excelsior*), (El Franco, Ibias, Grandas de Salime).

freixó. V. cereixolo (Os Coutos, Ibias, Taramundi).
freixolada. V. fereixolada.
freixoleiro, -a. V. fereixoleiro 1ª e 2ª acep.
freixolo. V. cereixolo.
freixueira. s. f. Lugar onde abundan os freixos (Os Coutos).
freme. s. m. Aparello que serve para facer sangrías nas bestas.
frenar. v. Parar.
Obs. Trátase dun castelanismo.
frente. s. f. Parte superior da cara por riba dos ollos. **2.** Parte dianteira dun edificio ou doutra cousa. **3.** Lugar ou espazo onde dous exércitos manteñen durante abondo tempo fortes combates. **4.** prep. Diante. // **De *frente*.** De cara. // ***Frente* a.** Diante de.
Obs. Trátase dun castelanismo.
freque* → fraque.
freo. s. m. No muíño, cadea enganchada á polea que baixa ao *peito*.
fresa* → amorolo 2ª acep.
frescachón. s. m. Vento forte.
fresco, -a. adx. e s. Aplícase ao tempo moderadamente frío, a auga etc. **2.** Limpo. **3.** Recente. **4.** s. m. e f. Tempo moderadamente frío. **5.** s. m. Aire fresco. **6.** adx. e s. Que fala ou actúa sen vergonza ningunha. **7.** Dise do alimento que conserva as súas calidades orixinarias intactas. // **Al (ao) fresco.** Á intemperie. // **Pola fresca.** Nas primeiras horas da mañá ou últimas da tarde.
frescor. s. m. Calidade do que é fresco.
freseira* → amorolo 1ª acep.
fresible* → flexible.
fresnal. adx. Feito con madeira de freixo (*freisno*).
fresno. V. freixo.
Obs. Trátase dun castelanismo.
fresón*. (pl. fresois) → amorolo.
fresqueira. s. f. Especie de armario pequeno, para gardar comida, con laterais e portas de rede metálica moi fina para que pase o aire pero non os mosquitos e que se pon nun lugar elevado e fresco,
fresquín, -ía, -iña. adx. Moderadamente frío.
fresquío. s. m. Olor ou sabor da carne fresca sen sazonar, normalmente de cocho. **2.** Olor a peixe fresco (A Veiga).
freta. s. f. Acto de fregar, frega (San Martín de Ozcos).
fretado, -a. adx. Refregado (Os Ozcos).
fretar[1]. v. Cargar mercancías nun barco para o seu transporte. **2.** Dar ou tomar frete dun barco.
fretar[2]. v. Refregar (Os Ozcos, Taramundi).
frete. s. m. Prezo que se paga polo alugueiro dun barco ou de calquera outro vehículo utilizado no transporte de persoas e mercancías. **2.** Carga que leva un barco.
fretir* → fritir.
fréxol. V. xudía 1ª e 2ª acep. (San Martín de Ozcos).
frial. s. m. Lugar onde fai moito frío (Pezós).
frialdá. s. f. Sensación de frío.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
friaxe. s. f. Frío, normalmente intenso.
frieira. s. f. Inflamación na pel, dedos, orellas, acompañada de proído, producida polo frío. **2.** Lugar moi frío (Pezós).
friento, -a. adx. Que ten ou adoita ter frío.
frieta* → frega.
frío, -a. adx. Aplícase ao que ten unha temperatura máis baixa que a normal. **2.** s. m. Falta de calor. // **Facer un frío que escacha *pesegueiros*.** Facer moito frío. // **Frío como a neve.** Moi frío. // **Frío como un *carambio*.** Moi frío. // **Frío non *fae*, vén feito.** Refrán que indica que o frío non se fai, xa vén feito. // **Ir frío.** Facer frío. // **Que *fai* frío!** Expresión que indica sorpresa. // **Quedar frío.** Quedar sorprendido e sen saber que facer ante algo inesperado ou desagradable. // ***Tar* encollido de frío.** Ter moito frío. // ***Tar* morto de frío.** Ter moito frío.
frioleiro, -a. V. friorento.
friolento, -a. V. friorento.
friorento, -a. adx. Aplícase á persoa que ten frío.
frir. V. fritir.
fris. s. m. Frío (A Veiga). **2.** Brisa fría.
frisón, -úa. adx. Aplícase ao gando que por enfermidade está triste e murcho, cos pelos de punta polo frío, fraco e de mal aspecto. **2.** Variedade de gando vacún, caracterizado pola súa pelaxe branca e negra.
fritido, -a. V. frito 1ª acep.
fritir. v. Cociñar un alimento con manteiga, graxa ou aceite fervendo.
frito, -a. adx. Cociñado un alimento con manteiga, graxa ou aceite fervendo. **2.** s. m. Alimento cociñado con aceite na tixela con masa de fariña, ovos, leite, mazá, *calabazón* etc.; chuleto.
fritura. s. f. Conxunto de cousas fritas.
friu* → frío.
friuleiro*, -a → frioleiro.
froco. s. m. Adorno que consiste nunha serie de fíos ou cordóns, normalmente prendidos dunha cinta de tea.
froncho. V. foroncho (Abres).

frontada. s. f. Cabeceira ou lateral dunha terra de labor; fronteira.
frontal. s. m. Lado curto do cabazo tipo *mariñao central* onde normalmente está a porta de acceso.
frontar. v. Facer lindeiro unha leira con outra na cabeceira.
fronteira. s. f. Beira das terras de labor que se ara en sentido transversal aos demais sucos ao rematar o labor. **2.** Lindeiro dunha leira. **3.** Límite de algo. **4.** Liña divisoria entre dous espazos xeográficos ou históricos. // ***Tar* dando as fronteiras.** Estar cerca da morte (Tapia de Casarego).
fronza. s. f. Cada unha das ramas principais, normalmente verticais, dunha árbore (Allande).
fror. V. flor. // **Coller a *fror* del *augua*.** Ser a primeira muller que a medianoite ou ao amencer do día de San Xoán, bebía auga dunha fonte, cando aínda era virxe. Esta auga servía para peitearse, lavarse, para as enfermidades dos ollos, da pel, ou para as vacas enfermas. Tamén para facer o pan, porque se dicía que así non precisaba de *formento*. // **Como (a) *fror* de nabo en *setembre*.** Cousa rara. // ***Frores* da voda.** Conxunto de caramelos, noces e abelás con que a madriña da voda obsequiaba os familiares, veciños e amigos dos reccetemente casados.
frorecer. v. Botar flor. **2.** Brotar.
froreiro. s. m. Recipiente ou vaso para poñer flores.
froreo. s. m. Acción de adornar a linguaxe con palabras ou frases elegantes, enxeñosas etc. (*Nun me veñas con froreos*).
frorero* → froreiro.
froriado, -a. adx. Adornado con flores, estampado.
frotacioís. s. f. pl. Remedio que consiste en pasar con forza e repetidas veces a man ou calquera outro obxecto sobre a superficie dunha parte do corpo.
frotar. v. Pasar unha cousa sobre outra con forza moitas veces.
Obs. Trátase dun castelanismo.
frotasar. v. Alisar a masa dada nunha parede (Navia).
froula. V. fillola (Navia).
froxaco, -a. adx. Frouxo.
froxear. V. froxiar.
froxedá. s. f. Debilidade. **2.** Persoa pequena e delgada.
Obs. Trátase dun vulgarismo e castelanismo.
froxeira. s. f. Debilidade.
froxiar. v. Debilitarse, perder as forzas.
froxío, -a. adx. Frouxo, delicado.
Obs. Trátase dun castelanismo.
froxo, -a. adx. Débil, con pouca forza. **2.** Mal atado. **3.** De pouco valor. **3.** Pequeno. **4.** Solto. **5.** Con pouca solidez.
Obs. Trátase dun castelanismo.
fruita. s. f. Conxunto de froitos comestibles de certas plantas e árbores. **2.** Froitos comestibles de certas plantas e árbores.
fruito. s. m. Produto dunha planta. **2.** Calquera produto da terra que teña utilidade.
fruncido, -a. adx. Reducido a unha menor extensión. **2.** Aplícase a unha tea recollida, facendo nela engurras pequenas e paralelas. **3.** s. m. Conxunto de pregaduras dunha tea.
fruncir. v. Reducir a unha menor extensión. **2.** Recoller unha tea, facendo nela engurras pequenas e paralelas. **3.** Engurrar a fronte e as cellas como sinal de ira (*Ese que pasea por aí frunce muito*).
frundir* → fundir 9ª acep.
fruta. V. fruita. // **Quen come *fruta*, da vida *disfruta*.** Refrán que fala do beneficioso que é comer froita para a saúde e vivir máis anos.
frutal. adx. Dise da árbore que dá froitos.
frutear. v. Ser fértil unha terra.
fruteiro. s. m. Pequena fonte de madeira, con gran pé, onde se ofrece ou garda a froita. Os máis modernos son de louza ou metal. **2.** Persoa que vende froita.
frutiar. V. frutear.
fruto. V. fruito.
fruxe. s. f. Estirpe, liñaxe. **2.** Natureza, casta, ralea, raza (*Este rapaz é de mala fruxe*).
fruxento, -a. adx. De mala calidade, fendido algo que é de metal (Grandas de Salime); sedado.
fuchicar. V. esfuchicar; fuxicar. **2.** Facer o amor.
fucicada. V. fuciñada 1ª acep.
fucico* → fucín 1ª acep.
fucicos* (de) → fucín (de).
fucín. s. m. (pl. fucíos). Parte máis ou menos prolongada da cabeza dalgúns animais, na que está a boca e o nariz. **2.** Por extensión, nariz. **3.** Conxunto de nariz e beizos. **4.** Beizo superior dunha cabalería. // **De *fucín* (*fucíos*).** Caer dando coa cara no chan.
fuciñada. s. f. Golpe que se dá co fociño. **2.** Caída.
fudico* → fucín 1ª acep.
fueiro. s. m. Cada un dos paus verticais que se colocan nas beiras do carro para que non caia a carga e suxeitar os *ladrais*; fumeiro, funeiro, fungueiro, estadoño, estadono, estandoño.

fuga. s. f. Momento de maior importancia nun labor. **2.** Moda. **3.** Saída dun gas ou dun líquido fóra do lugar onde estaba.

fugueira* → fogueira.

fuina. V. fuíña (El Franco, Tapia de Casarego). **2.** V. fuína 2ª acep.
Obs. Ás veces nalgúns concellos como A Veiga e El Franco identifícase erroneamente coa xineta.

fuína. V. fuíña (Navia). **2.** adx. Aplícase á persoa de mal carácter ou que se oculta, se esconde ou disimula dun xeito malicioso. **3.** adx. Dise da xente que quere abranguer todo.

fuíña. s. f. Mamífero carnívoro fisípedo da familia dos mustélidos, duns setenta e cinco centímetros de lonxitude, con orellas estreitas e pequenas, fociño claro e base das patas con pouco pelo. A pelaxe é parda escura e agrisada. No pescozo presenta unha mancha branca, normalmente dividida en dúas partes (*Martes foina*), (Abres). // **Entrar a fuíña.** Ter mala sorte deseguido. // **Ser ruín como uha fuíña.** Ser moi ruín.

ful (a todo). loc. Rapidamente (Ortigueira).

fulano, -a. s. m. e f. Palabra coa que se substitúe o nome dunha persoa cando se descoñece ou non se quere pronunciar. **2.** Persoa indeterminada ou imaxinaria. **3.** Prostituta.

fuleiría. s. f. Trampa e engano que se fai nos xogos.

fuleiro, -a. adx. Mentireiro. **2.** Tramposo.

fulero*, -a → fuleiro.

fuleto. V. folgueira (Villaión, Navia).

fulgueira* → folgueira.

fulgueirada* → folgueirada.

fulgueiral* → folgueiral.

fulgueiría* → folgueiría.

fuliado*, -a → foliado.

fuliar* → foliar.

fulicudo, -a. V. vougán.

fuliqueiro. V. foliqueiro 1ª e 2ª acep.

fulleiría. V. fuleiría.

fulleiro, -a. V. fuleiro.

fullía* → follía.

fulliqueiro. V. foliqueiro (El Franco).

fulo. s. m. Mentira (Allande).

fumada. s. f. Fumareda que se fai con ramas de loureiro para espantar as bruxas. **2.** Acción e efecto de fumar. **3.** Abadexo novo (El Franco, Ortigueira).

fumar. v. Aspirar o fume do tabaco ou doutras substancias. **2.** V. fumiar 1ª acep. // **El que *nun* bebe viño, nin gasta en tabaco, *llévallo* el demo por outro furaco.** V. O que non fuma nin bebe viño, lévao o demo por outro camiño (Tapia de Casarego). // **El que *nun* fuma (bebe) nin gasta tabaco, lévallo (*llévallo*) el demo por outro furaco.** V. O que non fuma nin bebe viño, lévao o demo por outro camiño (Boal). // **O que non fuma nin bebe viño, lévao o demo por outro camiño.** Refrán que alude a que todo o mundo ten algún tipo de vicio (Santiso de Abres).

fumarada. V. fumareda.

fumareda. s. f. Abundancia de fume.

fumarego. s. m. Especie de nube ou fumareda que produce o vento sobre as ondas do mar ao salpicar.

fumarevos. s. m. pl. V. brancor 2ª acep. (As Figueiras).

fumaza. s. f. Fume denso (Allande).

fumazo. s. m. Abundancia de fume. **2.** Fume que se fai ao ferver certas plantas con usos medicinais. Normalmente ponse a persoa coa cara cerca da pota e cun pano por enriba para que lle faga efecto. Outras veces aplicábase a animais. **3.** Fume que se utiliza para curar os embutidos, desinfectar un local, sacar da súa guarida a un animal, esmelgar os trobos, quitar o *ábrago* á comida das vacas etc.

fume. s. m. Produto que se desprende en forma gasosa dunha combustión incompleta, en vapor de auga e ácido carbónico. **2.** Vapor que despide calquera cousa que fermenta. **3.** Presunción, altiveza. // **Ser todo fume.** Ser todo mera aparencia.

fumear. V. fumiar 1ª e 2ª acep.

fumeira. s. f. Conduto da cheminea por onde circula o fume. **2.** Por extensión, cheminea.

fumeiro. s. m. Lugar destinado nas cociñas a secar as carnes con sal, embutidos ou algúns froitos. **2.** V. fueiro (Abres, Os Ozcos, Ibias, Santiso de Abres, A Veiga). **3.** Aparello que serve para botar fume ás colmeas.

fumenta. s. f. Antiga cociña ou bodega de cocer o pan, que non daba boa saída ao fume.

fumento, -a. adx. Dise do que bota fume (Santiso de Abres, Tapia de Casarego).

fumiar. v. Botar fume. **2.** Botar unha cousa vapor que se parece ao fume. **3.** Quedar restos dunha inimizade ou enfado de hai tempo. **4.** V. fumar. // **O que *ardeo* xa *fumiou*.** Algo que xa non ten remedio (As Figueiras).

fumieira. V. fumeira.

fumión. (pl. fumiois). V. bufón (Allande).

fumigar. v. Combater con vapores, gases ou po en suspensión as pragas de insectos e doutros organismos prexudiciais para a agricultura.

fumo. V. fume 1ª e 2ª acep. // **Ese é pra *condo* hai *fumo* na *igresia*.** Refírese normalmente á roupa que só se utiliza nos días de festa (Boal). // **Facer *fumo*.** Armarse unha lea. // ***Fer fumo* como a *lleña* verde.** Expresión que se usa cando un asunto non ten consistencia ningunha (El Franco). // ***Subirse* os *fumos* á cabeza.** Volverse presumido, vaidoso. // **Ter *muitos fumos*.** Presumir de máis.

funcionar. v. Ir algo ben (*Ese matrimonio funcionou muitos anos*).

función. s. f. (pl. funcois). Acto solemne relixioso, que normalmente era unha voda, unha comuñón, un bautizo ou a festa do lugar.

funcionamento. s. m. Acción e efecto de funcionar.

funda. s. f. Bolsa ou cuberta de coiro, pano ou calquera outro material na que se mete outra cousa para conservala ou protexela. **2.** Almofadón.

fundado, -a. adx. Confiado.

fundanza. s. f. Confianza.

fundarse. v. prnl. Confiarse.

fundida. adx. Dise cando unha vaca ten dilatada a natura porque está a piques de parir (Allande).

fundidor. s. m. Persoa que traballaba nunha ferrería fundindo o ferro.

fundir. v. Gastar, dilapidar. **2.** Estragar, esnaquizar. **3.** Derreter, converter en líquidos os corpos sólidos. **4.** Dar forma en moldes ao metal. **5.** Reducir. **6.** Render, dar de si (*Fóndeche muito el traballo*, *Fundíronche muito os arvellos*). **7.** Figuradamente, esnaquizar, esmagar (*Douche un pau que te fundo*). **8.** Dilatarse a natura dunha vaca porque está a piques de parir. **9.** Queimar o filamento dunha bombilla. **10.** prnl. Irse un obxecto ou normalmente un barco ao fondo do mar. **11.** prnl. Caer un edificio, unha construción.

Obs. Na 10ª e 11ª acepcións trátase dun castelanismo.

fundo* → fondo.

funduxe* → fonduxe.

fúnebre. adx. Aplícase ao lugar ou terreo lóbregos nos que non dá o sol en todo o inverno. **2.** Triste. **3.** Sombrío, tenebroso.

funeiro. V. fueiro.

funeral. s. m. Cerimonia por un morto.

funerala (á). loc. Dise do ollo ferido por recibir un golpe (*Saliu cun ollo á funerala*), (Castropol).

fungallón, -úa. adx. Dise do animal torpe e indiferente a todo (Eilao).

fungada. s. f. Acto e efecto de fungar; funguido 1ª acep.

fungafarelos. adx. Trapalleiro, folgazán.

funganacinza. adx. Dise da persoa débil. **2.** Dise da persoa cabreada.

fungar. v. Bufar con furia algúns animais como o gato. **2.** Limpar os mocos facendo ruído. **3.** Respirar polo nariz facendo ruído. **4.** Rifar. **5.** Sorber tabaco. **6.** Rosmar, falar en voz baixa ou entre dentes. **7.** Bufar con forza polo nariz para botar os mocos. **8.** Facer ruído o vento polas aberturas dunha cousa. **9.** Aspirar polo nariz con forza os mocos cara a dentro.

fungoada. s. f. Reprimenda (Abres).

fungón, -úa. s. m. e adx. Persoa que protesta por todo. **2.** Persoa que respira polo nariz facendo ruído. **3.** Persoa que limpa os mocos continuamente. **4.** Persoa de mal carácter. **5.** V. bufón (Grandas de Salime). **6.** Desvergonzado.

funguada. s. f. Bufido. **2.** Acción e efecto de respirar polo nariz facendo ruído. **3.** Acción e efecto de limpar os mocos facendo ruído.

fungueiro[1]. V. fueiro (A Veiga).

fungueiro[2], -a. adx. O que funga.

funguido. s. m. Bufido. **2.** Resposta brusca. **3.** Acto de limpar os mocos cun ruído forte. **4.** Reprimenda forte e con malos xeitos.

funheiro. V. fueiro.

funia. V. fuíña (Tapia de Casarego). **2.** s. f. Persoa que traballa moito en cousas pequenas e con ansia de riqueza.

funiar. v. Traballar moito en cousas pequenas e con ansia de riqueza.

funtecada* → fontecada.

fuñico, -a. adx. Fungón.

fura. s. f. Furado feito na madeira para encaixar nel outra peza (pau, parafuso etc.), como no carro os dous furados que nas cabezoallas serven para meter a chavella que suxeita o xugo, o furado onde encaixa o eixe do carro ou o *cadeixo* ou os furados onde se poñen os *fueiros*. **2.** Furado na madeira que vai na *cabezada* do arado ou do *vasadoiro*. **3.** Furado que se fai nun espello metálico para pasar a vara dun cravo. **4.** Furado onde se poñen os cravos nunha ferradura. **5.** Furado nunha bisagra para suxeitala á madeira con cravos. **6.** Furado nunha navalla para que encaixe o mango coa folla. **9.** Cada un dos dous furados do *espigo* dun coitelo para que encaixe no mango con remaches. // **Fura pasante.** Furado que atravesa un corpo dun lado a outro.

furabollón. V. furabolos (Boal).

furabollos. V. furabolos.

furabolos. s. m. Dedo situado despois do matapiollos e que se utiliza por exemplo para indicar.

furaca. s. f. Cova natural. **2.** Foxo, furado grande na terra.

furacán. s. m. Vento moi forte (Coaña).

furacar. V. furar.

furaco. s. m. Abertura que presenta unha cántara de mazar o leite no centro para meter a parafusa (El Franco). **2.** V. furado[1] 1ª e 2ª acep.

furacón. s. m. Tumba, sepultura.

furada. s. f. Poza dun metro cadrado que facían os carboeiros para facer o carbón a partir das cepas de uz. **2.** Sepultura. **3.** Cova pequena. **4.** Fosa grande. **5.** Lugar fondo. **6.** Furado grande que se fai para plantar unha árbore, enterrar un animal etc. **7.** V. furado 1ª acep. **8.** V. cova 4ª acep. (El Franco).

furadín. s. m. Xogo de nenos consistente en meter pequenas fabas nun furado feito no chan.

furadiña. s. f. Xogo de nenos que é unha variedade das *fabías*, no que se deben de meter unhas fabas *pintas* tirándoas a un furado que está dentro dun círculo (Abres); furadín. **2.** Foxo pequeno na terra (Abres).

furado[1]. s. m. Abertura ou rotura producida en calquera superficie. **2.** Oco, orificio. **3.** Cavidade feita na terra para enterrar a un morto; furada 2ª acep. **4.** V. fura 2ª acep. **5.** pl. Orificios do nariz. **6.** Oco que se fai no medio da orella dunha ovella para marcala. **7.** Cavidade na terra para refuxiarse os animais, como o sapo (Castropol). **8.** Órgano xenital feminino. **9.** Cavidade nunha rocha da costa. **10.** V. cama 3ª acep.

furado[2], -a. adx. Que ten ou se lle fan furados. **2.** Afuracado. **3.** Dise da vaca cando vai parir porque lle aparece un furado na pel aos dous lados da *palombela* (Os Ozcos). **4.** Dise da ovella á que se lle fai un furado no medio da orella para marcala. // ***Salir*** **furado (furada).** Saír as cousas mal e de xeito contrario ao que se pensaba.

furador. s. m. Ferramenta que serve para furar, podendo ser de diversos tamaños, empregándose, por exemplo, nas forxas para facer o furado dos eixes das navallas, furar chapas, ferraduras etc., ou polos cesteiros para furar a madeira.

furafol. s. m. Planta herbácea da familia das labiadas, que se caracteriza por ter a semente nunha especie de fol con picos e que medra entre os cultivos de cereais (*Avena barbata*).

furafole. V. furafol (Eilao, Tapia de Casarego).

furafoles. V. furafol (Grandas de Salime). **2.** Herba anual pouco ramificada da familia das labiadas, con follas ovadas ou lanceoladas, agudas e dentadas e flores de color púrpura (*Galeopsis Tetrahit*), (Santalla de Ozcos).

furafolle. V. furafol.

furafolles. V. furafol.

furafrío. s. m. Instrumento para furar chapas de ferro con golpes de martelo, semellante ao cortaferro.

furafríos. V. furafrío (Boal).

furagalla. s. f. Robaliza pequena (Tapia de Casarego, Ortigueira).

furamaco. s. m. Furado.

furaqueira. s. f. Escondedoiro subterráneo utilizado por diferentes especies animais (Castropol).

furaquexo. s. m. Furado.

furaquín. s. m. Xogo de nenos que consiste en facer un furado na terra ao que se lanzan botóns ou obxectos parecidos aproximadamente desde cinco metros (Boal).

furar. v. Penetrar unha cousa ou atravesala facendo un oco máis ou menos redondo. **2.** Facer furados co tarabelo ao labrar unha galocha. **3.** Realizar o acto sexual. **4.** Dobrarse a pel da vaca aos dous lados da *palombela* cando esta vai parir (Os Ozcos). **5.** Facer un furado no medio das orellas dunha ovella para marcala (San Martín de Ozcos). // **Furar contra as paredes.** Ser moi testán. // **Furar por uha parede.** Ser moi testán.

furcia. s. f. Mala persoa. **2.** Muller de mala vida. **3.** Parva.

furco. s. m. Medida de distancia entre o extremo do dedo furabolos e do dedo matapiollos cando están estendidos (Santalla de Ozcos). **2.** Restra de cebolas ou de allos (Santalla de Ozcos).

furelo. s. m. Rato pequeno (Ibias).

furgar. v. Revolver, remexer (*Deixa de furgar ai*), (Taramundi, Allande).

furgugo. s. m. Moito traballo. **2.** V. furfuzo.

furfuzo. s. m. Barullo (*Empezaba el furfuzo das mallegas*), (Boal).

furia. s. f. Enfado de xeito violento. **2.** Ataque de loucura.

furicar. v. Facer o amor (Ibias).

furico. V. bolín.

furmento* → formento.

furniga* → formiga 1ª acep.

furnigueiro* → fornigueiro.

furo. s. m. Tiro moi forte cun balón (Navia).

furón[1]. s. m. Mamífero carnívoro da familia dos mustélidos, de forma elegante e

esvelta, cabeza pequena, con fociño agudo, orellas breves, circulares e dispostas moi atrás, patas curtas, cos dedos abondo longos e rematados en uñas fortes e cola de tamaño mediano. A pelaxe é suave, de color escura, pero cos lados claros e as partes inferiores e a cola moi escuras (*Mustela putorius*). **2.** Mamífero carnívoro da familia dos mustélidos, duns vinte ou trinta centímetros de lonxitude desde o fociño á cola. Ten corpo alongado e moi flexible, cabeza pequena e patas curtas. A pelaxe é amarela, ás veces case tirando a branco (*Putorius faro*).

furón[2], -a, -úa. adx. Testán. **2.** O que fura. **3.** Traballador empedernido (Abres). **4.** Avaro. **5.** Malencarado, que non mira de fronte. **6.** Dise da persoa que ara moi cerca da terra do veciño. **7.** s. m. Punzón, ferramenta para furar (Taramundi).

furqueta* → forqueta 1ª, 2ª e 3ª acep.

furquita. *Forqueta* (O Viñal). V. forqueta 1ª acep.

furrular. v. Funcionar.

furrullo* → ferrulle.

furruñado, -a. V. enfurruñado.

furruñar. V. enfurruñar.

furtado, -a. adx. Roubado.

furtar. v. Roubar en pequena contía.

furtivo, -a. adx. e s. m. e f. Dise do cazador ou pescador que actúa ilegalmente.

furto. s. m. Roubo de pequena contía. **2.** Acción ou efecto de furtar.

furtuna* → fortuna.

fusa. s. f. Fuso grande.

Obs. Antigamente esta definición en feminino estaba relacionada cunha tipoloxía máis grosa fronte á masculina máis perfecta.

fusada. s. f. Cantidade de la que se enrola nun fuso.

fusado. V. fusada.

fusco. adx. Escuro. // **Entre lusco e fusco.** Ao anoitecer (Abres); entre lusque e fusque.

fuselo. V. fuso 4ª acep.

fuso. s. m. Instrumento longo de madeira para fiar á roca ou para enroscar nel o fío. **2.** Pau que remata en disco que se utiliza na ola para mazar o leite. **3.** Parte da prensa do viño que serve para prensar as uvas na *tina*. **4.** Eixe da moa do muíño. **5.** Parte do torno dun ferreiro. // **En cada roca el *sou* fuso, i en cada terra el *sou* uso.** Refrán que indica que convén afacerse aos usos e costumes do lugar onde un viva ou vaia. // **En cada terra el *sou* uso i en cada roca el *sou* fuso.** V. En cada roca el sou fuso, i en cada terra el sou uso. // **En cada terra, el *sou* uso, i en cada roca, el *sou* fuso.** V. En cada roca el sou fuso, i en cada terra el sou uso.

fusque. adx. Palabra que se emprega na expresión **entre lusque e (i) fusque**, é dicir, entre a noite e o día.

fusta. s. f. Vara flexible e delgada.

fustaxe. s. f. Conxunto de fustes. **2.** Cada unha das tiras de madeira con que se fai un cesto (Grandas de Salime).

fuste. s. m. Pinza de pau, de medio metro, que serve para coller os ourizos das castañas. **2.** Cada un dos paus cruzados no interior dun trobo, feitos con uz brancal ou abeleira, que serven para suxeitar os panais.

fustra. s. f. Correa para darlle aos cabalos. **2.** Castigo, azoute.

fustre. V. fuste.

futbolín. s. m. (pl. futbolíos). Certo xogo no que varias figuras que se manexan coas mans e postas en barras metálicas nunha armazón de madeira representan alternamente a dous equipos de fútbol e con varias bólas imítase un partido deste deporte.

fute, fute! interx. Voz que se emprega para escorrentar os gatos (Navia).

futingo. s. m. Especie de triciclo de madeira (Allande).

fuxa. s. f. Aspecto dunha persoa.

fuxe-fuxe. adx. e s. Aplícase á persoa que está continuamente movéndose.

fuxemento. s. m. Acto e resultado de fuxir.

fuxicar. v. Revolver, furgar (Santiso de Abres); esfuchicar, fuchicar.

fuxida. s. f. Acción e efecto de fuxir.

fuxir. v. Escapar, saír precipitadamente dalgún sitio con présa.

fuxo. s. m. Peza do muíño que consiste nun madeiro que move a *canaleta* para que caia o gran.

fuxón. s. m. Pía grande e redonda de pedra que servía para moer grans (Villaión). **2.** Pía grande que ás veces se usaba para lavar a roupa (Villaión).

fuxoco. s. m. Furado no chan.

fuzar* → fozar.

G

g. s. m. Sétima letra do alfabeto galego. O seu nome é *gue*.

gabán. s. m. Capa con mangas. **2.** Abrigo.

gabañois. V. garabitos.

gabarra. s. f. Tipo de embarcación feita polos carpinteiros de ribeira, destinada á carga e descarga nos portos, que podía ser remolcada ou ben propulsada a vela ou a remo.

gabear. v. Andar con présa. **2.** Facer un terreo cultivable (Allande).

gabexar. v. Utilizar o *gabexo*.

gabexo. s. m. Vara cun gancho metálico na punta que se utiliza para pescar polbos ou outras especies mariñas. **2.** Vara cun gancho metálico na punta ou unha pequena táboa para coller pinas ou froitos das árbores.

gabia. s. f. Fileira de cepas de viña plantadas nunha *zapata*. **2.** Escavación alongada que se fai para poñer vides (Pezós).

gabiar. v. Erguer a terra co gadaño ou a aixada para preparala para labrar; amansar 2ª acep. **2.** Subir, como a unha árbore, un monte, unha pendente etc. (*Gabiar a figueira*).

gabilán. s. m. Especie de gancho curvado que forma parte dunha *garrucha* das que usaban os madeireiros para dirixir os troncos polo río (Boal).

gabiñois. V. garabitos.

gabiocha. V. garabato.

gabiocho. V. garabato (Ibias, Santalla de Ozcos, Pezós, Grandas de Salime).

gabioucha. V. gabiocho (Allande).

gabioucho. V. gabiocho (Ibias).

gabita. s. f. Pau cunha cadea ou corda que vai da cabezoalla do carro ao xugo e que se usa para poñer outra parella máis de tiro. Antigamente usábase un pau longo cun gancho de madeira. **2.** Peza que une o xugo ao temón do arado ou do *vasadoiro*, á grade etc. **3.** V. bordelo (Ibias). // **Botar uha gabita.** Axudar. // **Dar gabita.** Axudar. // **Gabita de gancho.** A que se utiliza coa grade (San Martín de Ozcos).

gabitada. s. f. Axuda (Seares).

gabitar. v. Conxuntar dúas parellas para o tiro; agabitar.

gabito. s. m. Pau longo rematado en gancho, que se emprega para coller froita das árbores. **2.** pl. Zancos (Coaña). // **Botar un *gabito*.** Axudar. // **Ser un *gabito*.** Ser delgado e moi alto.

gabitón. adx. e s. Persoa moi alta e delgada (Boal).

gaboucho. V. gabiocho (Allande).

gabuñois. V. garabitos (Tapia de Casarego, Castropol).

gabuñón. V. gabito 1ª acep. **2.** V. garabitos. **3.** Persoa que ten os dedos dobrados en forma de pouta e entumecidos polo frío (Santalla de Ozcos). **4.** Gancho no extremo dun cazo ou dunha garfela (Santalla de Ozcos).

gaceta. s. f. Publicación periódica de temas específicos. **2.** Persoa que difunde mentiras, malas noticias ou rumores (Abres).

gacha. s. f. Especie de pedra vítrea, de color case negra, resultado dos residuos de extracción dalgunhas minas e que se empregaba para gravas (San Martín de Ozcos). **2.** Ave da familia dos escolopácidos, que mide uns vinte e seis centímetros de lonxitude, ten o dorso negro e tirando a encarnado con listas ocres e os bordos da cola brancos. O peteiro é longo e recto. Vive nas áreas de rías e marismas (*Gallinago gallinago*).

gacheiro. V. razcacheiro (Santalla de Ozcos).

gachineiro. s. m. Furado que se fai na parede, que ás veces ten tellado. **2.** Alpendre moi pequeno.

gacho, -a. adx. Aplícase ao boi ou vaca cos cornos para abaixo. **2.** Dise da persoa con vergonza, tímida, acovardada ou humilde. **3.** Dobrado cara a abaixo. **4.** Desanimado, triste, desmoralizado, con abatemento. **5.** Dise do corno que está para abaixo. **6.** Aplícase á persoa falsa e astuta.

gachueiro. s. m. Modalidade de garduñeira que se poñía para cazar animais na cavidade dun tronco ou nunha caseta feita de pedras (Allande).

gachueira. s. f. Comporta.

gachumeiro. s. m. Furado nunha parede, que pasa dun lado a outro, que serve para meter algo (Santalla de Ozcos). **2.** V. machinal 1ª acep. (Castropol).

gachupeiro, -a. adx. Escondido, acazapado.

gadaña. s. f. Ferramenta agrícola que se utiliza para segar e que está composta dun mango de madeira e dunha folla de metal cortante de xeito curvo. Manéxase coas dúas mans. Tamén é símbolo da morte. // ***Cuando* a gadaña *ruxe*, el leite (*lleite*) *fuxe*.** Refrán que se emprega para conceder certa verosimilitude a un rumor. // **Xuntarse a pedra coa gadaña.** Opinar de xeito igual dúas persoas.

gadañada. s. f. Golpe dado coa gadaña ao segar.

gadañar. v. Cortar a herba coa gadaña.

gadañeiro, -a. s. m. e f. e adx. Persoa que sega coa gadaña (Allande).

gadañín. s. m. Gadaño pequeno.

gadaño. s. m. Gadaña con folla máis pequena, curta e forte, que serve para cortar gancela. **2.** Especie de aixada con dous dentes fortes e longos. Esta denominación correspóndese ao *garabato* nalgunhas áreas do Eo-Navia. // **Gadaño con ollo de macho.** Gadaño

cunha especie de aixada pequena na parte de atrás. // **Gadaño de *cuatro* dentes.** Gadaño con dentes curvos e menos fortes, forcada (Añides). // **Gadaño da terra.** Gadaño de dous dentes (Taramundi). // **Gadaño de dous dentes.** Gadaño pequeno (Taramundi). // **Gadaño de tres dentes.** Gadaño con tres dentes que se utiliza para recoller o cuito. // **Gadaño del cuito.** Gadaño de tres dentes.

gadañuada. s. f. Golpe dado cunha gadaña; gadañada.

gadella. s. f. Pelo longo e enmarañado.

gadelleiro, -a. V. gadelloso.

gadello. s. m. Porción de la que se obtén de tosquiar ovellas. **2.** V. gadella.

gadelloso, -a. adx. Aplícase á persoa ou animal co pelo longo e enmarañado.

gadelludo, -a. V. gadelloso.

gadexoso, -a. V. gadelloso.

gado. s. m. Conxunto de animais domésticos, especialmente referido ao gando vacún. **2.** Conxunto de abellas que hai nun trobo. **3.** Conxunto de bestas mansas. **4.** Grupo de persoas. // **De Cartavio, nin xente nin gado.** Refrán de carácter desprezativo cara a esta localidade do concello de Coaña.

gadoncho. s. m. Tronco da uz (Ibias); cepeto.

gadoupa. V. gazoupa 1ª e 2ª acep.

gaeta. s. f. Xarra, vasilla (Allande).

gafado, -a. adx. O que está cansado de comer unha cousa (Tapia de Casarego, Boal).

gafarse. v. prnl. Cansar de comer unha cousa, de vestir unha peza de roupa, de facer unha cousa etc. **2.** Estragarse, frustrarse un asunto. **3.** Ter mala sorte durante moito tempo.

gafas. V. lentes.

gafe. adx. Dise da persoa á que se lle atribúe mala sorte.

gafedá. s. f. Bochorno.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

gafo, -a. adx. Aplícase á persoa ou animal furiosos. **2.** Anoxado. **3.** Ruín (Seares). **4.** Dise da persoa arisca, agresiva e irritable. **5.** Aplícase ao animal bravo. **6.** Dise da froita amarga, como algúns figos (San Martín de Ozcos). **7.** Dise do sol cando quenta moito (Allande).

gafura. s. f. Mala sorte.

gaián. (pl. gaiais). V. maragota 2ª acep. (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira).

gaieta. V. galleta[1].
Obs. Trátase dunha palabra só propia da área palatalizadora para diferenciala de galleta[2].

gaio. s. m. Ave paseriforme da familia dos córvidos, duns trinta centímetros de lonxitude, co peteiro curto, forte e afiado, as ás redondeadas e as patas rematadas en dedos fortes. A plumaxe presenta varias colores: a maior parte do corpo é pardo rosada, a cola negra e as coberteiras das ás listadas de xeito transversal de azul e negro (*Garrulus glandarius*). **2.** V. gaxo 2ª acep. **3.** Ángulo que forman dúas ramas que saen do mesmo punto.

gaiola. s. f. Alegría, festa. **2.** Conxunto de ondas do mar curtas e continuadas (Coaña). **3.** Onda pequena branca e con escuma que se forma ao axitarse o mar (Coaña). // **Ir de *gaiola*.** Deixarse seducir.

gaioleiro, -a. adx. Alegre.

gaiolía. V. marexada (Coaña).

gaiorda. s. f. Festa, xolda. // **De *gaiorda*.** De festa.

gaiordeiro, -a. adx. Dise da persoa que lle gustan as festas.

gaioufeiro, -a. adx. Divertido, contento.

gairota. s. f. Parte aérea da planta da uz (Villaión).

gaita. s. f. Instrumento musical de vento composto por un fol e tres tubos: punteiro, soprete e roncón. **2.** Órgano xenital masculino. // **Dar a gaita.** Molestar, importunar. // **Gaita de Louredal.** Persoa ou cousa pesadas (Tapia de Casarego). // **Gaita grileira.** Gaita cun son máis agudo que o da gaita asturiana por ter o punteiro máis curto. // **Gaita *tombal*.** Gaita de son grave. // **Non (*nun*) tocar a gaita.** Deixar en paz. // **Tocar a gaita.** Molestar, importunar. // **Non *tar* el asunto *pra* gaitas.** Non ser o momento para facer bromas.

gaitada. s. f. Conxunto de xente que baila ao ritmo dunha gaita.

gaiteiro[1], -a. s. m. e f. Persoa que toca a gaita. **2.** Músico que utiliza este instrumento. **3.** s. f. Muller do gaiteiro. **4.** adx. Persoa alegre de xeito ridículo. // **Despois (*despós*, *depós*) de vello, gaiteiro.** Refrán que se aplica aos vellos que se comportan como novos, por exemplo cando un vello adoita casar xa de vello ou un viúvo volve casar.

gaiteiro[2]. V. barbeiro[2]. **2.** V. paporrubio (Tapia de Casarego).

gaitía. s. f. Gaita pequena.

gala. s. f. Gancho pequeno en que rematan os dentes dun arpón, fisga ou anzol (Abres, Castropol, Tapia de Casarego). **2.** Graza, exquisitez (*Tu tampouco nun es a gala*), (San Martín de Ozcos). **3.** Lámina

vibratoria de aceiro dunha *trompa*; lingüeta 3ª acep.

galadura. s. f. Pequena mancha colorada que teñen as xemas dos ovos fecundados (Tapia de Casarego).

galafate. adx. Aplícase á persoa folgazana ou travesa.

galán. s. m. (pl. galais). Personaxe das máscaras, que é sinónimo de valenciano (El Valledor). **2.** Regalo que se fai aos nenos. **3.** Xoguete. **4.** Namorado, mozo. **5.** Cousa de pouco valor. **5.** Carantoña que se fai a un neno pequeno.

galanceiro, -a. adx. Galante.

galano. s. m. Xoguete para entreter os nenos. // ***Fer* galanos (*galaníos*).** Facer grazas aos nenos. **2.** Dar os nenos os primeiros pasos. **3.** Comezar a traballar despois dunha convalecencia. **4.** Empezar os nenos a facer xestos graciosos.

galantear. v. Cortexar.

galanteo. s. m. Acción de querer un home captar o amor dunha muller.

galantiar. V. galantear.

galapán, -á. adx. Dise da persoa que non ten vergonza, descarado, pillo.

galar. v. Estragarse o corte dunha ferramenta como un coitelo, unha gadaña, un fouciño etc. **2.** V. galiar 1ª e 2ª acep.

galarois (a). V. galarón (a).

galarón (a). loc. Con forza (*Ferver a galarón*), (San Martín de Ozcos).

galaxa. s. f. Branquia dos animais acuáticos. **2.** Amígdala. **3.** Farinxe.

galaxe. V. galaxa 1ª acep. (San Martín de Ozcos).

galbana. s. f. Desleixo, preguiza. **2**. Insecto dictióptero da familia dos mántidos, que pode medir entre seis e sete centímetros, de corpo alongado, patas anteriores depredadoras e cabeza pequena, triangular e provista de grandes ollos. A coloración é verde ou parda (*Mantis religiosa*), (Grandas de Salime).

galbanión[1]. s. m. Tempo con *souria*. **2.** Tempo que incita a non traballar.

galbanión[2], -a, -úa, -oa. adx. Que ten ou produce desleixo. **2.** Dise do tempo que predispón á desleixo (Boal).

galbanón. V. galbanión 2ª acep.

galbanoso, -a. adx. Dise do día ou tempo con *souria*.

galdeadeiro. s. m. Lugar axeitado no mar para pescar a *galdeo* (Tapia de Casarego).

galdear. v. Pescar utilizando a modalidade do *galdeo*.

galdeo. s. m. Xeito de pescar a sardiña cun aparello de cerco por parte dunha embarcación lanzando unha rede para capturar esta especie atraéndoa con raba.

galdido, -a. adx. Perdido. **2.** Enxerido, comido. **3.** Moi cansado. // **(A) *xardía* que leva (*lleva*) el gato, *galdida* vai.** Refrán que alude a que a sardiña que colle un gato xa se dá por perdida.

galdir. v. Golpear, pegar. **2.** Inxerir. **3.** Malgastar (San Martín de Ozcos).

galdrabo. s. m. Ferro da porta (*Galdrabo dunha porta vella*), (Seares).

galdrafallada. V. galdrumada (Boal).

galdralla. adx. Dise da muller sucia ou mal vestida (Boal).

galdrallada. s. f. Comida mal feita, mal condimentada (Boal).

galdrapa. V. galdrapo 1ª e 3ª acep. **2.** Dise da muller sucia (Coaña).

galdrapada. s. f. Comida mal feita; galdrumada, galdrufada, galdrafallada, galdrapallada.

galdrapallada. V. galdrapada.

galdrapiada. V. galdrapada (Coaña).

galdrapieiro, -a. adx. Chapuceiro (Coaña).

galdrapo, -a. adx. Aplícase á muller prostituta. **2.** Dise da persoa ou animal moi fracos. **3.** s. m. Farrapo. **4.** Dise da persoa que se mete en asuntos alleos (Coaña). **5.** Aplícase á persoa sucia e vestida con roupa rachada. **6.** s. m. Roupa vella.

galdrido, -a. adx. Cansado. **2.** Fatigado polo traballo. **3.** Papado, tragado.

galdrión, -a. adx. Dise da persoa que come moito e á présa (San Martín de Ozcos).

galdrir. v. Cansar, fatigar. **2.** Tragar, papar, comer, inxerir (Boal, San Martín de Ozcos); galdir 2ª acep.

galdrufada. V. galdrumada (Seares).

galdrumada. s. m. Comida mal feita.

galeado. adx. Dise do ovo de ave fecundado.

galego, -a. adx. e s. m. e f. Natural de Galicia. **2.** Pertencente ou relativo a Galicia. **3.** Lingua románica falada en Galicia, o Eo-Navia, O Bierzo occidental, As Portelas e no Val do Ellas (Estremadura). **4.** Canto satírico tradicional con varios temas como unha voda entre vellos, a morte dun burro etc., propio do lugar da Espía (A Veiga). **5.** Vento que sopra do noroeste. **6.** s. f. Variedade de castaña moi apreciada por ser grande e moi branda (Eilao, Santalla de Ozcos, Ibias, Pezós). **7.** Indeciso, tímido (Tapia de Casarego). **8.** Relato,

poesía ou historia inventados e contados en versos (San Martín de Ozcos).

galeno. s. m. Médico.

galeota. s. f. Nunha embarcación, viga que divide lonxitudinalmente as *escotillas* grandes e serve de apoio ao extremo superior dos *cuarteis*.

galería. s. f. Corredor que serve de paso nun edificio e que normalmente ten cristais con pequenas ventás.

galerna. s. f. Temporal no mar e nas costas producido por ventos do noroeste, especialmente no mar Cantábrico.

galernazo. V. galerna. **2.** V. noroestada (As Figueiras).

galga. s. f. Pau que se empregaba para frear o carro. **2.** Correa dun zapato que rodea o pé. **3.** Pedra que se tira desde o alto dun monte e cae no val. **4.** Instrumento formado por varias coitelas de aceiro suxeitas a un mango plano que se utilizaban para sangrar as cabalerías e o gando vacún. **5.** Nunha embarcación, cacho de corda que serve para amarrar un cabo a un poste.

galgada. s. f. Golpe.

galgazo. s. m. Golpear cunha galga.

galguiar. v. Poñer a galga ao carro.

galguín. s. m. Cada un dos ramais que colgan da corda principal que fixa unha nasa de pescar (As Figueiras).

galía. s. f. Femia do galo. **2.** adx. Covarde. // **Por *San Antón*, toda *galía* pon.** Refrán que alude a que pola festividade de Santo Antón Abade (17 de xaneiro) as galiñas recuperan no inverno a súa condición poñedora despois das calores do verán e do outono. // **Ser uha *galía*.** Ser un covarde.

galiado. adx. Aplícase ao ovo fecundado.

galiadura. s. f. Xerme do ovo (San Martín de Ozcos).

galiar. v. Cubrir o galo as galiñas. **2.** Por extensión, cubrir calquera ave macho á femia. **3.** Incubar un ovo. **4.** Presumir, destacar.

galicoso. adx. Sifilítico.

galieiro. V. galiñeiro (Castropol).

galillo, -a. adx. Aplícase ao neno consentido.

galiña. V. galía (Abres, Ibias, Grandas de Salime, Santalla de Ozcos).

galiñeiro. s. m. Lugar onde viven e se crían as galiñas ou outras aves domésticas. **2.** Alboroto, barullo.

galión. V. lancha bizcaína (Coaña).

galipó. V. galipote (Téifaros).

galipota. V. galipote (Tapia de Casarego, A Veiga, As Figueiras, El Franco).

galipote. s. m. Brea ou alcatrán, que se obtén da destilación da hulla e doutras materias e que serve para protexer a madeira e o ferro dalgunhas pezas, como as das rodas do carro, as das embarcacións, para pintar as chalanas, impregnar cordas etc.

galla. s. f. Marca no corte de calquera utensilio cortante. **2.** V. gala 1ª acep. (El Franco, Coaña). **3.** Cada unha das branquias que constitúen o órgano respiratorio dos animais acuáticos (Tapia de Casarego, Ortigueira); galaxa 1ª acep.

gallada. s. f. *Forqueta* de madeira; forqueta 1ª acep. **2.** V. gancha 2ª acep.

gallado, -a. adx. Aplícase a calquera obxecto que ten dentes. **2.** Fendido o corte ou o bordo dun obxecto ou ferramenta por un golpe ou outra causa. **3.** s. m. Pau longo que remata en dúas puntas e que se utilizaba para quitar o pan do forno ou remexer a leña dentro deste (Guiar, Taramundi). **4.** s. m. Forcada, *cadeixo*. **5.** Dise do pau con ramas con forma de *cadeixo* (Vilanova de Ozcos). // **Gallado de debuxar.** Ferramenta usada polos ferreiros en forma de Y, de sección cadrada pola súa parte inferior e que serve para decorar certas ferramentas como as navallas.

galladura. s. f. Pinta como de sangue, menor que unha lentella, que hai na xema do ovo posto por unha galiña cuberta polo galo, e sen ela o ovo é infecundo.

gallameira. V. gamalleira (Abres, Guiar). // **Ter gallameira.** V. ter (a) gamalleira.

gallán, -a. V. galán 4ª acep.

gallar. v. Fender no corte ou no bordo un obxecto ou unha ferramenta. **2.** V. galiar 1ª acep.

gallardeiro, -a. adx. Dise da persoa que lle gusta a diversión.

gallardo[1]. s. m. Pau que se utiliza no xogo da *choca* para darlle a esta.

gallardo[2], -a. adx. Aplícase á res que está ben proporcionada de corpo e cabeza.

gallarón. s. m. Chorro de auga que sae en abundancia (Santalla de Ozcos). // **A gallarón.** V. galarón (a), (Santalla de Ozcos).

gallaxa. V. galaxa 1ª acep. (El Franco).

gallegada. s. f. Baile de orixe galega, que se identifica en moitas ocasións coa muiñeira ou cunha variedade desta (Allande, Ibias). **2.** Cousa ou expresión que esaxera o que se considera máis tipicamente galego (Tapia de Casarego).
Obs. Trátase dun castelanismo.

gallego, -a. adx. e s. m. e f. V. galego. **2.** Alcume que se lles dá aos naturais do Eo-Navia na zona central asturiana. **3.** Alcume popular que se lles dá aos habitantes da zona sudoeste de Allande. **4.** Alcume popular que lles dan os habitantes de Sabugu e Outur (Valdés) aos habitantes de Veiga e Villapedre (Navia). **5.** Alcume popular que lles dan os habitantes da zona oriental de Allande aos habitantes de Tras El Palo (Verducedo e El Valledor), coa variante de *gal.legu*. **6.** Alcume popular que lles dan os vaqueiros aos habitantes de Villaión que non son de zonas vaqueiras, coa variante de *gal.legu*. **7.** Alcume popular que lles dan os cunqueiros de Il Vau e A Estierna aos habitantes de Vilarmeirín e Vilar de Cendias (Ibias) ou ao resto de todo o concello. **8.** Tipo de galocha ou tipo de carpín utilizado no concello de Ibias e nas partes occidentais dos concellos de Allande e Villaión, diferente do chamado *carpín del país*, propio da Asturias occidental ou do Narcea. **9.** Alcume popular que lles dan os de Cangas de Narcea aos de Ibias e aos do Allande occidental. **10.** Denominación que dan os habitantes de Cangas de Narcea á fala de El Valledor e Verducedo (Allande), coa variante de *gal.legu*. **11.** Alcume popular que lles dan os habitantes do concello de Valdés aos habitantes da mariña de Navia. **12.** Alcume popular que lles dan nalgunhas localidades do concello de Villaión aos habitantes de Arbón. **13.** Tratante de gando (El Franco). **14.** V. galego 6ª acep. (Boal, Eilao). **15.** Calendario agrario galego (*Nunca faltaba na casa el gallego*), (El Franco); reportorio. **16.** adx. Variedade de castaña; castaña de parede.

galleiro. V. galiñeiro (Navia). **2.** V. toucieira (Ibias). **3.** Tratante de galiñas e galos (El Franco); piteiro.

galleta[1]. s. f. Ferramenta agrícola formada por unhas gallas de ferro e un mango de madeira longo; forcado 1ª acep.

galleta[2]. s. f. Pasta de fariña e azucre e outros ingredientes.

galleto. V. corno 4ª acep. (Boal, Eilao). **2.** Vasilla onde se recolle o leite cando se moxe (Verducedo).

gallía. V. galía 1ª acep.

galliado. V. galiado.

galliar. V. galiar.

gallineiro. V. galiñeiro (Villaión).

gallinero* → galiñeiro.

gallitar. v. Rozar o toxo cunha galleta ou forquita (San Martín de Ozcos).

gallo[1]. s. m. Dente ou punta dalgúns apeiros de labranza. **2.** Rama cortada ou arrincada dunha árbore. **3.** Punta da pluma dunha ave. **4.** Variedade de faba grande (Boal). **5.** V. gaxo 2ª acep.

gallo[2]. V. galo 1ª acep. **2.** V. rapapelos 2ª acep. (Ortigueira, Tapia de Casarego).

gallón. s. m. (pl. gallois). Galo vello que se deixa para galear (Allande).

gallopo. V. calzois de cuco 2ª acep. (Allande).

galo. s. m. Ave galiforme, doméstica, de corpo groso, coas ás curtas, cóncavas e redondeadas. A cola é mediana, o peteiro forte de punta convexa e a cabeza adornada cunha crista de forma variable. A súa femia é a galiña (*galía*), de tamaño máis pequeno e coa crista máis reducida e da que existen moitas variedades (*Gallus gallus*). **2.** V. pirlón 2ª e 5ª acep. (As Figueiras). **3.** s. m. Peixe osteíctio perciforme, da familia *Callionymidae*, que pode alcanzar os trinta centímetros de lonxitude, con corpo alongado, delgado e comprimido e sen escamas. A cabeza é triangular, coa boca na parte inferior, grandes beizos e coa mandíbula superior máis prominente que a inferior. Ollos na parte de arriba da cabeza. Ten aletas con raios espiñosos e a súa coloración é no macho parda con manchas azuis no dorso e unha lista azulada no flanco e a segunda aleta dorsal é amarela con listas lonxitudinais azuis. A femia e os exemplares novos teñen unha color parda, máis pálida no ventre, con manchas negras no flanco e tras a primeira aleta dorsal teñen tres bandas dorsais pardas (*Callionymus lyra*), (As Figueiras). // ***Condo* el galo *nun* canta algo ten na garganta.** Refrán que alude a que cando alguén non fala nunha conversación se debe a que ten medo de algo que lle poida afectar. // **Era tempo que el galo collera a mora.** Xa era hora! // **Galo *quico*.** V. quica.

galocha. s. f. Calzado de madeira feito dunha peza, acabada en punta e apoiadas en dous tacos, un na parte dianteira e outro na traseira. As mellores están feitas con madeira de bidueiro ou nogueira. Son diferentes se son para home ou muller, a primeira ten feitas algunhas fendeduras na parte traseira onde a da muller presenta unha crista. // **Galocha de *chapín*.** Zoco para poñer sobre un *chapín*. // **Galocha de escarpín (*escarpio*, *carpín*).** Zoco para poñer

directamente sobre os calcetíns de la. // **Galocha de dous brincos.** Zoco cun tacón dianteiro incipiente, que pode ser considerado como unha galocha. É propio do sudoeste lugués e do concello de Grandas de Salime. // **Galocha de *zapatilla*.** Zoco para poñer sobre as *zapatillas*, con tres *tazos* e *boca* moi aberta. // **Galocha de zapato.** Galocha que imita a un zapato. // ***Tar* como unha galocha.** Estar tolo.

galochazo. s. m. Golpe dado cunha galocha.

galocheirín. s. m. Diminutivo de galocheiro.

galocheiro, -a. s. m. e f. Persoa que facía ou vendía galochas, que traballaba por encargo ou saía traballar polas casas a cambio dun salario ou da comida. **2.** s. f. Muller do galocheiro. **3.** Neno revoltoso. **4.** Dise da madeira axeitada para facer galochas, como a de bidueiro.

galochiado. s. m. Acto de golpear o chan coas galochas.

galochíos da virxen. s. m. pl. Planta perenne leñosa na base, con talos entre cinco e trinta e cinco centímetros de altura, ramificados alternamente. As follas teñen tres folíolos e un curto pecíolo. As flores son de color amarela, formadas por cinco pezas típicas da familia, e corola de dez a dezaseis milímetros (*Lotus corniculatus*), (Castropol).

galocho. V. galocha. **2.** Estómago do cocho (Tapia de Casarego). // ***Tómalo* por un galocho!** Dito que se refire a que cando non hai un vaso ou outro recipiente se tome o viño noutra cousa.
Obs. Na primeira acepción, ás veces só se refire á utilizada polo home.

galón. s. m. Tira de tea estreita que se leva na manga ou no puño como distintivo. **2.** Listón de madeira que protexe por fóra o lado dun ataúde (Castropol).

galopada. s. f. Carreira.

galope. s. m. Xeito de correr dunha cabalería, rápido e con saltos. **2.** Xeito de facer as cousas rapidamente unha persoa.

galopiar. v. Andar un cuadrúpede ao galope. **2.** Correr moito.

galopín. s. m. Astuto, pillabán.

galoupiar. V. galopiar (Eilao).

galpón. s. m. (pl. galpois). Caseto de mala construción que se utiliza para gardar distintos apeiros e outras cousas.

gamacho. V. pinzón (As Figueiras).

gamalla. s. f. Rama seca e delgada (Eilao, Ibias). **2.** V. gamallo 2ª acep. **3.** Rama grande (Allande). // **El que tira da gamalla.** Dise da persoa que saca adiante a unha familia.

gamallada. s. f. Conxunto de ramas (Boal, El Franco). **2.** Golpe dado cunha gamalla; gamallazo 2ª acep.

gamallal. s. m. Lugar onde abundan os carballos pequenos, chamados *curpios* (Os Ozcos). **2.** Lugar onde hai moitos arbustos (Pezós).

gamallazo. s. m. Golpe que se dá a un castiñeiro cun gamallo para que caian as castañas (Ibias). **2.** Golpe que se dá cunha gamalla; gamallada 2ª acep.

gamalleira. s. f. Cadea de ferro colgada sobre a lareira da casa tradicional que ten un gancho inferior para colgar os potes ou caldeiros de metal que se poñen no lume. **2.** Lugar onde abundan os gamallos ou ramas secas. // **Ter (a) gamalleira.** Ser o patrucio da casa.

gamalleiro. V. gamalleira 1ª acep.

gamallera* → gamalleira.

gamallo. s. m. Cacho dunha árbore con varias ramas. **2.** Rama dunha árbore con follas. **3.** Arbusto pequeno. **4.** Alga da familia das laminarias, de color parda, que pode acadar os tres metros de lonxitude, que se fixa con gordos rizoides ás rochas e caracterizada por ter longas cintas cartilaxinosas e lisas como o coiro (*Laminaria hyperborea*). **5.** adx. Dise da persoa moi alta e sen graza (Navia, Tapia de Casarego). **6.** Rama seca. **7.** Talo de certas algas; cazote 1ª acep. // **Gamallo de ouca.** V. cazote 1ª acep. (As Figueiras).

gamallón, -úa. s. m. (pl. gamallois). Dobre gancho onde se colga a gamalleira. **2.** adx. Aplícase ao mozo novo que medrou. **3.** adx. Dise da persoa moi alta e sen graza; cangallón. **4.** s. m. Gamallo grande. **5.** s. m. Extremo horizontal que sobresae nos dous lados da asa dunha caldeira. **6.** s. m. Parte inferior metálica da gramalleira, con ganchos, da que se colgan os recipientes que se poñen sobre o lume.

gamalluada. s. f. Golpe dado cun gamallo.

gamba. s. f. Nome común de diversos crustáceos decápodos macruros da familia dos peneidos. A gamba común (*Perapenaeus longirostris*), de doce a trece centímetros de lonxitude, é de color rosa pálida a branca e distínguese doutras especies por ter dous aguillóns postoculares e outro aguillón semellante na base da antena (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira).

gambito. s. m. Corda que remata nunha forquita de ramas flexibles e desiguais,

que serve para levar os peixes polas branquias (Castropol); cambito 2ª acep.

gambosinos. V. pibardos (Abres).

gamo. s. m. Peza formada por varas retorcidas que remata en dúas argolas para unir a lata do arado á dobra.

gamoedo. s. m. Lugar onde abundan as *gamotas* (Villaión).

gamón. V. gamota 1ª e 2ª acep.

gamota. s. f. Planta herbácea da familia das liliáceas, de follas radicais, erectas, longas e case cilíndricas, de trinta a cincuenta centímetros de altura e flores brancas cunha liña vermella en cada pétalo (*Asphodelus fistulosus*). **2.** Planta herbácea da familia das liliáceas, que pode alcanzar o metro de altura, con follas basais algo carnosas, con talo recto rematado nun acio de flores (*Asphodelus albus*). // ***Collois* de *gamota*.** Raíces desta planta que se utilizaban cocidas como alimento para os cochos (Boal).

gamote. s. m. Rama arrincada dunha árbore (Anlleo).

gamuza. s. f. Despensa en barcos mercantes (As Figueiras).

gamuzo. s. m. Vara seca de uz, que colgada verticalmente e acendida polo extremo inferior, serve para alumar (Ibias).

gana. s. f. Desexo. **2.** Apetito. // **As *ganas* de comer *fain* a vella correr.** Refrán que alude a que cando se ten fame se fai de todo para poder saciarse unha persoa. // **Darche a túa gana.** Facer o que che pete (*Pensa el que che dea a túa gana*), (A Veiga). // **Ter *uhas* ganas que *nun* mas coce el corpo.** Ter moita inquietude ou desacougo.

ganadeiro, -a. adx. e s. m. e f. Persoa que se dedica á cría do gando.
Obs. Trátase dun castelanismo.

ganado* → gado 1ª acep.

ganadeiría. s. f. Cría de gando.
Obs. Trátase dun castelanismo.

ganador, -a. adx. Aplícase á persoa que gaña (*gana*).
Obs. Trátase dun castelanismo.

ganancia. s. f. Acción e efecto de gañar (*ganar*).

ganar. v. Obter un beneficio, unha recompensa etc. **2.** Percibir un soldo. **3.** Ter unha vitoria en algo. **4.** Recibir premios, donativos, regalos etc. // ***Gana más* el que pide que el que dá.** Refrán que alude que gaña máis quen recibe que quen dá. // ***Ganar* a cebada.** Tirarse as cabalerías dando voltas no chan para rascarse. // ***Ganar* a volta.** Dar a volta.
Obs. Trátase dun castelanismo.

ganceira. V. ganseira 1ª acep. (Taramundi).

gancel. V. gancela 1ª acep.

gancela. s. f. Conxunto de plantas que se cortan no monte e que se usa como *mulido* para as vacas ou para cubrir camiños. **2.** V. uz. **3.** Alga parda da familia *Fucaceae*, que pode acadar máis dun metro de altura, de color verde oliva con cintas coriáceas fixadas ás rochas mediante un disco e caracterizada por ter abundantes vexigas con forma ovoide (*Ascophyllum nodosum*), (Tapia de Casarego). **4.** Alga parda da familia *Fucaceae*, que pode acadar os quince centímetros de altura, con talo escuro e láminas acanaladas con pequenos grans (*Fucus canaliculatus*). // ***Gancela molar*.** A *gancela* branda que se lles dá ás vacas. // ***Gancela* moura.** V. uz moural.

gancella. V. gancela 1ª, 2ª e 3ª acep.

gancelleira. V. gancela 1ª e 2ª acep.

gancellón. V. gancelón. **2.** Toxo áspero, bravo e alto.

gancelón. s. m. Uz grande.

gancha. s. f. Gancho de ferro con mango moi longo que se usa para subir ás árbores. **2.** Pa de varios dentes de ferro e longo mango de madeira, que se utiliza na labranza, especialmente para *cuitar* ou descargar cuito do carro. Ás veces correspóndese co gadaño nalgúns concellos eonaviegos; gallada 2ª acep. **3.** V. forcado 2ª acep. **4.** Serra de aire (Abres). **5.** Peza de madeira con forma de gancho que nunha forxa serve para mover a vara de *tanxer*. **6.** pl. V. gancho 2ª acep. **7.** Instrumento de ferro con mango que ten de tres a cinco dentes curvos e alongados na punta e que serve para pescar centolas ou para voltear as oucas tendidas a secar (As Figueiras).

ganchada. s. f. Xeito de levar as pescantinas o peixe enganchado, normalmente nunha rama de salgueiro, para transportalo e vendelo. **2.** V. cambeirada 1ª acep. (Santalla de Ozcos).

ganchar. v. Pasar ganchos ou a *sachadora* sobre a terra ou un cultivo (Tapia de Casarego).

ganchear. V. ganchiar 2ª acep. (Santiso de Abres).

gancheiro. s. m. Persoa da zona que guía e axuda a un pescador de fóra a capturar un salmón (Santiso de Abres, Abres).

gancheta. V. gancho 7ª acep.

ganchete (de, del). loc. Collidos polo brazo.

ganchiar. V. ganchar. **2.** Suxeitar unha cousa cun gancho.

ganchillar. v. Utilizar o *ganchillo* para facer labores de punto.

ganchillo. s. m. Pequena vara de metal, con punta en forma de gancho e que serve para facer labores de punto. **2.** Forma de encaixe a man, feito cun só fío que se traballa co propio *ganchillo*.

gancho. s. m. Instrumento curvo e coa punta aguzada que serve para enganchar ou colgar cousas. **2.** pl. *Angareñas* que se colocan aos cabalos ou burros para transportar a carga. **3.** Ferramenta metálica, redonda ao final e cunha punta no pico que serve para quitar a herba do palleiro. **4.** Apeiro con mango de madeira e tres ou catro ganchos de ferro que serve para sachar; garrucha 1ª acep. **5.** Rama de salgueiro onde as pescantinas enganchaban os peixes para transportalos para vender. **6.** Tipo de cravo que se usaba para cravar nas vigas deixando fóra parte del para poder colgar cousas. **7.** Barra de ferro para enganchar o aro; gancheta. **8.** Extremo superior dunha parafusa que serve para pasar o fío (Santalla de Ozcos). **9.** Instrumento con mango de madeira e remate de ferro en forma de U ou con dous dentes diferentes, que serve para pescar, especialmente os polbos, ou para coller *xorra* (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco). **10.** pl. V. cadea 5ª acep. **11.** Instrumento metálico en forma de U que se cravaba nos troncos para que puidesen arrastralos cunha corda as cabalerías ou os bois. **12.** V. gaxarte 1ª acep. (As Figueiras). **13.** Ferro en forma de arpón que serve para cortar a herba; mesador (Allande). // **Facer (*fer*) el gancho.** Insistir para chegar a un trato. // **Gancho da *cocía*.** Instrumento de ferro que se utiliza nas cociñas de carbón. // **Gancho de escanar.** Ferramenta con forma de garfo de ferro cun extremo apuntado, que se utilizaba para arrincar as ramas secas das árbores. // **Gancho del pozo.** Instrumento con punta aguzada que serve para coller o caldeiro cando cae dentro da auga dun pozo. // **Gancho dos *centolos* (*centollos*).** Pau longo que remata en catro dentes abondo prolongados; gancha 7ª acep. // **Gancho dos *pulpos*.** Pau longo que remata nun gancho de ferro curvo, ao que se pon un trapo branco para atraer os polbos; gabexo. // ***Tar* nel gancho.** Estar unha persoa desmellorada, acabada.

ganchoso, -a. adx. Dise do que ten forma de gancho.

gandalla. s. f. Grupo de xente folgazana. **2.** Xente desprezable.

gandallada. s. f. Cousas pequenas de pouca importancia. **2.** V. gandalla. **3.** Conxunto de mozos inexpertos sexualmente. **4.** Grupo de xente informal. **5.** Grupo de xente desprezable.

gandinga. s. f. Valor, atrevemento. // **Andar de *gandinga*.** Ir dun lado a outro sen facer nada útil e pensando en pasalo ben.

gandul. adx. e s. m. Persoa folgazana e preguiceira.

ganduxar. v. Coser unha tea polo bordo para que non perda o fío. **2.** Unir dúas costuras. **3.** Coser de xeito rudo, con puntadas longas. **4.** Remendar unha rede sen refacer as mallas correctamente (Abres).

ganduxo. s. m. Acción e efecto de ganduxar, cosido mal feito. // **A ganduxo.** Cosido de xeito provisional e de mal xeito. **2.** Cosido por enriba de dúas teas paralelas e xuntas (San Martín de Ozcos). // **De ganduxo.** Cosido mal feito.

ganga. s. f. Cousa que se adquire por un prezo inferior ao normal.

gangrena. s. f. Morte parcial dun tecido orgánico por infección, causas físicas, nerviosas etc.

gangrenar. v. Producir gangrena.

ganguil. s. m. Tipo de embarcación de pesca, con dúas proas e unha vela latina.

gansear. V. galiar 1ª e 2ª acep.

ganseira. s. f. Pau que se poñía encima da lareira onde se colgaban os embutidos e outros produtos para curar ou a roupa para secar. **2.** Gancho dobre de ferro que se cravaba nunha viga, da que colgaba un traveseiro sobre o que descansaba unha lousa ou unha lata para que non baixasen os roedores e que servía para pendurar os xamóns, o touciño ou a carne (Santalla de Ozcos, Ibias).

gansiar. V. galiar 1ª e 2ª acep.

ganza. V. gancela 1ª acep. **2.** Por extensión, monte baixo (Villaión).

ganzo. s. m. Pau de uz ou acivro que se prende e coloca nun *pasmón* para alumar e que segundo a súa inclinación permite regular a intensidade da luz (Santalla de Ozcos). **2.** V. gancela 1ª acep. **3.** V. toxo 1ª acep. (San Martín de Ozcos).

gañato. s. m. Gorxa.

gañeto. V. gañato (Boal).

gañir. v. Ladrar un can ou oulear un raposo de xeito agudo e choroso (El Franco, Allande).

gañote. s. m. Brote dunha árbore seca no tronco (Navia). **2.** Parte superior da gorxa (Boal, Allande). **3.** Nó da gorxa, noz.

garabata. s. f. Ferramenta de madeira composta de moitos dentes e un mango longo que serve para recoller a herba; prada. **2.** V. garabato 1ª acep. **3.** Garabullo a medio queimar resultado dunha queimada no monte (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos); cádava 1ª acep., garabulla 3ª acep.

garabatada. s. f. O que se *garabatea* dunha soa vez.

garabatar. v. Utilizar o *garabato* ou a garabata; agarabatar, agarabatiar, garabatiar. **2.** V. angazar.

garabatiar. V. garabatar 1ª acep. **2.** Facer garabatos (Tapia de Casarego).

garabato. s. m. Ferramenta composta por un mango de madeira e varios dentes fortes e delgados de metal curvados para dentro, que se usa para o cuito, a herba, a palla etc., ou antigamente para a recollida de ouca na zona costeira. Ten variedades para sachar patacas, millo etc., e é de tamaño menor que a garabata. **2.** V. pala gancha (Villauril-Navia). **3.** Letra, trazo ou debuxo mal feitos.

garabeta. s. f. Conxunto de ramas de piñeiro (Navia). **2.** Folla do piñeiro (Navia).

garabeto. s. m. Cacho dunha rama pequena e seca.

garabita. V. garabulla 1ª acep.

garabitolas (ás). loc. Nos ombros.

garabitos. loc. Dificultade de xuntar as xemas dos dedos da man que entumecidos polo frío non se poden unir polas puntas (*Ter os garabitos*, *Ter garabitos*, *Andar con garabitos*); engabuñados, gabiñois, gabañois, piriquitos.

garabatuada. s. f. Cantidade que se pode levar nun *garabato*.

garabulla. s. f. Rama de árbore ou pau seco que se emprega para o lume; garabullo 1ª acep. **2.** V. cádava 2ª acep. **3.** V. garabata 3ª acep.

garabullada. s. f. Montón de garabullos ou de leña miúda e seca.

garabullo. s. m. Pau delgado e seco que se usa para facer ou acender lume. **2.** Por extensión, pau moi pequeno para calquera uso. **3.** Rama delgada sen follas. **4.** Órgano xenital masculino. // **Día de garabullo (s).** Día de traballo.

garalón. s. m. Flor da gamota (Boal).

garamata. V. garabullo 1ª acep. (Boal).

garamatear. v. Pacer as follas e as ramas das árbores os animais.

garamateira. s. f. Terreo cuberto con moita vexetación leñosa (Allande).

garamón. V. algaramón 1ª acep. (El Franco, Tapia de Casarego).

garampín. V. grampín 1ª acep. **2.** Instrumento con mango e tres ou catro pugas concéntricas na punta que serve para pescar xibas e luras (Tapia de Casarego). **3.** Áncora pequena de ferro, con catro brazos concéntricos.

garanda. V. garande.

garandalla. V. gandallada.

garande. s. m. Sistema de nivelado moi rudimentario, consistente nunha táboa cunha punta na cabeza e o outro lado fixo. Úsase para saber se está nivelada a pedra de enriba do muíño ou para eneixar os carros.

garañola. s. f. Feixe de pallas con que se atan os mollos de trigo ou centeo (San Martín de Ozcos, Boal).

garañón. (pl. garañois). adx. e s. Alcume popular que reciben os habitantes da zona alta da parroquia de Abres (A Veiga), dedicados á labranza e non á pesca. **2.** s. m. Cabalo ou burro semental. **3.** adx. Aplícase á persoa forte e bruta (Santiso de Abres). **4.** s. m. Labrador que en determinados momentos se dedica a labores propios dos pescadores (As Figueiras). **5.** Dise do cabalo excitado sexualmente. **6.** Cabalo semental que se erixe en xefe da manda de eguas que andan soltas polo monte, protexéndoas dos ataques do lobo ou doutros garañóns. **7.** s. m. Crustáceo decápodo, da familia dos portúnidos, de pequeno tamaño, co corpo con pelo e co último par de patas rematado nunha paleta natatoria (*Portunus puber*), (Ortigueira).

garapalda. s. f. Zurra, malleira.

garápano. s. m. Froito do érbedo (Santiso de Abres).

garapelada. V. garapelo 1ª e 2ª acep.

garapellada. V. garapelo 1ª e 2ª acep.

garapelo. s. m. Feixe pequeno. **2.** Pequena cantidade dunha cousa.

garapello. V. garapelo.

garapiña. s. f. Pomo con furados na súa parte posterior, para sorber o tabaco triturado.

garatusa. s. f. Rifa entre veciños. **2.** Aceno, xesto. **3.** Pelexa.

garatusas. adx. Dise da persoa que sabe imitar a outras burlándose delas.

garatusada. s. f. Imaxe escura proxectada por algo que se interpón nun raio de luz (*As sombras da xente movíanse nas*

paredes fendo garatusadas), (El Franco). **2.** V. garatusa 2ª acep.

garatuxa. V. garatusa 2ª acep.

garavanzal. s. m. Lea, enredo (Castropol).

garavanzo. s. m. Planta anual da familia das papilionáceas, de raíces profundas, talos peludos con ramas, abondo grosos, que pode alcanzar até os sesenta centímetros de altura. As follas son pubescentes e as flores de diversas colores segundo a variedade. Cultívase pola súa semente que se utiliza como alimento humano e para o gando (*Cicer arietinum*). **2.** Froito desta planta. **3.** V. arvelleira. **4.** Antigamente, nalgúns lugares do Eo-Navia esta palabra referíase ao *arvello*. // **Garavanzo da terra.** V. garavanzo 1ª e 2ª acep. // **Garavanzo verde.** V. arvelleira. // **Móvese *más* que un garavanzo na boca dun vello.** Refrán que alude a algo que se move moito.

garavanzolo. V. herbanzolo (Castropol).

garavata. s. f. Tira de tea, de distintas clases e colores, que se coloca como adorno no pescozo e cae sobre o peito (Castropol). // **El que come nata que mova a garavata.** Refrán que alude a que cando se quere algo hai que sacrificarse ou traballar para conseguilo.

garaxe. s. m. Local destinado a gardar vehículos automóbiles.

garbeo. s. m. Paseo. // **Dar un *garbeo*.** Pasear.

garcela. V. garfelo 1ª acep.

garcia. s. f. Gancho que ten o martelo, dos dous que ten na parte de atrás, que serve para quitar as puntas. **2.** V. garza 1ª acep. (A Veiga). **3.** Nome común das aves ciconiformes pertencentes ao xénero *Ardea*, da familia dos ardeidos, de pescozo e patas moi longas, ás grandes, peteiro de mediano tamaño, cónico e moi agudo, e con plumas peculiares na cabeza, parte do corpo e pescozo. No Eo-Navia a máis frecuente é a *Ardea cinerea* (Castropol, Tapia de Casarego). **4.** Aplícase tamén esta palabra á ave ciconiforme do xénero *Egretta*, que mide máis de cincuenta centímetros de lonxitude, con peteiro e patas negras, corpo con plumas brancas e patas amarelas (*Egretta garzetta*), (Castropol). // ***Condo* a *garcia* vai *prá* terra, colle a brosa i vai á leña.** Refrán que indica que vai facer mal tempo. // ***Condo* a *garcia* vai *pral* monte, colle a sella i vai á fonte.** Refrán que indica que vai facer bo tempo.

garcio. s. m. Cacho de rama, cunha xema polo menos, que se emprega para enxertar. **2.** adx. Aplícase á cabalería que ten os ollos máis claros do normal. **3.** Cereixa branca ou amarela clara, de boa calidade e sabor (Santalla de Ozcos, Eilao, San Martín de Ozcos); garfio 2ª acep.

garda. s. f. Acción ou efecto de gardar. **2.** Vixilancia, protección (Santiso de Abres).

gardado, -a. adx. Protexido. **2.** Posto algo no seu sitio ou a salvo. **3.** Non gastado.

gardar. v. Protexer, defender. **2.** Conservar, recoller. **3.** Non gastar. **4.** Reservar. **5.** prnl. Poñerse nun lugar seguro. **6.** prnl. Evitar ou escapar de algo.

garduñeira. s. f. Trampa para cazar animais; cepo 4ª acep.

garduña. V. fuíña (Eilao, Navia, Allande).

garduño. s. m. Ferramenta agrícola que ten dous dentes que se usa como a aixada para quitar patacas. **2.** Xogo de nenos, que consiste en que un descubra onde ten outro escondida unha cousa, dentro das súas mans. O que esconde a cousa di: "*Garduño, garduño / en cual puño?*". O outro mentres responde: "*Deste / para este / me dijo / Dios / i Santa María / que perda que gane / que neste taría*" e vai sinalando as mans até que remata o dito nun dos dous puños. O outro abre o puño e se está alí a cousa escondida gaña (Santalla de Ozcos).

garela. s. f. Feixe dalgunha cousa.

garelín. s. m. Diminutivo de *garelo*.

garella. s. f. Desexo, capricho (Boal).

garello. V. garelo 1ª e 3ª acep.

garelo. s. m. Feixe pequeno. **2.** adx. e s. Alcume popular dos habitantes de Vilarxubín (A Pontenova). **3.** Cacho de coda que sobresae nun pan.

garete (ao, al). loc. Sen control. **2.** V. devalo (al) 2ª acep.

garetear. v. Ir unha embarcación sen control. **2.** Botar o aparello no mar para pescar (As Figueiras); largar 9ª acep. **3.** Pescar co fío e sen cana cunha embarcación levada polo vento ou a corrente do mar.

garfa. s. f. Pouta, gadoupa, man.

garfado. s. m. Pequena cantidade de herbas, nabos etc. que se dá de comer aos animais.

garfela. V. garfelo 1ª acep.

garfelada. s. f. Contido dunha garfela. // **Faltar uha *garfelada* (*garfellada*).** Non ser moi listo.

garfelado. V. garfelada.

garfeleiro. s. m. Persoa que fabrica garfelas.

garfella. V. garfelo 1ª acep. // **Quitar a *garfella*.** Expresión que se utilizaba cando a muller dun fillo casado na casa facía a comida e non a sogra como viña acontecendo até a súa chegada (Boal).
garfellada. V. garfelada.
garfello. V. garfelo 1ª acep.
garfelo. s. m. Especie de cazo ou culler grandes que se usan para servir comidas líquidas ou para facer *cereixolos*, e que poden ser de varios tamaños. **2.** Garfela pequena. **3.** adx. Dise do can pequeno e ladrador (Abres). **4.** V. cazapelo 1ª acep. (San Martín de Ozcos).
garfia. V. garfa. // **Botar as *garfias* a uha cousa.** Roubala.
garfiar. v. Coller unha cousa para roubala.
garfieira. s. f. Árbore caducifolia da familia das rosáceas, variedade de cerdeira que dá cereixas grandes, pálidas, menos tenras que as comúns e con pebida máis pequena (*Prunus sp.*), (San Martín de Ozcos).
garfieiro. V. garfieira.
garfilla. V. garfelo 1ª acep.
garfio. s. m. Brote da pataca. **2.** Froito da *garfieira*, especie de cereixa grande e de color pálida. **3.** Gancho de punta aguda. **4.** V. garcio 1ª acep.
gargallo. V. gargaxo.
gargalo. s. m. Terreo de mala calidade e pouco fondo (San Martín de Ozcos). **2.** Terra accidentada entre penas e cuberta de bouza (San Martín de Ozcos).
gargalón. s. m. (pl. gargalois). Lugar accidentado con penas e bouza (San Martín de Ozcos).
garganta. s. f. Paso estreito entre dúas montañas.
gargantilla. s. f. Adorno que se pon no pescozo.
Obs. Trátase dun castelanismo.
gargarexar. V. gargaxar 1ª acep.
gargariar. V. gargaxar 1ª acep.
gargaxada. s. f. Abundancia de flegmas na gorxa.
gargaxar. v. Facer gargarexos. **2.** Botar *gargaxos* pola boca.
gargaxeira. s. f. Acción de botar *gargaxos* pola boca.
gargaxiar. V. gargaxar 2ª acep.
gargaxo. s. m. Flegma grande e espesa.
Obs. Trátase dun castelanismo.
gargoleiro* → gorgoleiro.
gargueiro. V. gorgoleiro 1ª acep.
garigolo. s. m. Estrutura non moi ben feita como unha caseta mal construída (Navia).
garipola (de). loc. De calquera xeito. **2.** De xeito provisional.
garistelo, -a. V. garouto 3ª acep. (Os Ozcos).
gariteiro, -a. adx. Adulador.
garito. s. m. Cacho de pan duro (Navia). **2.** Construción de mala calidade (Allande).
garlopa. s. f. Cepillo longo de carpinteiro, con puño, que serve para igualar a madeira.
garlopín. s. m. Garlopa pequena.
garlopo. s. m. Garlopa pequena.
garmalleira. V. gamalleira. // **Hai que poñer uha cruz na *garmalleira*.** Expresión que se utiliza cando alguén fai unha cousa que non fixo nunca (San Martín de Ozcos).
garnelo, -a. adx. Dise da persoa que anda mal amañada.
garnicela. s. f. Planta herbácea da familia das poligonáceas, de talo con nós, follas lanceoladas, flores pequenas e rosadas (*Polygonum sp.*), (Eilao, Grandas de Salime).
garniozo. s. m. Parte externa da gorxa.
garolear. v. Divertirse (A Veiga).
garoleiro, -a. adx. Aplícase ao neno que se pasa o día xogando sen mirar para outra cousa.
garolo, a. V. garoleiro. **2.** Folgazán.
garouto, -a. adx. Aplícase á persoa soberbia. **2.** Dise da planta ou arbusto que medran moito en relación cos demais. **3.** Aplícase á vaca ou ao touro cos cornos pouco curvos, altos e dereitos (Os Ozcos, Castropol, Taramundi). **4.** Dise da vaca cos cornos moi erguidos para enriba (Tapia de Casarego). **5.** Aplícase ao home que lle gustan moito as mulleres, mullereiro. **6.** Dise do que está dereito, teso (*Tía os pelos garoutos*), (Castropol).
garrabancho. V. gancho 1ª acep. (Os Coutos).
garrafa. V. garrafón.
garrafal. s. m. Especie de guindeira. **2.** adx. Malo, pésimo.
garrafín. adx. Figuradamente referido ao reirrei, como un insecto de forma redonda (*Reichín, garrafín, vai dicir a tou padrín, que mañá haxa solín*).
garrafina. s. f. Diñeiro que poñen os xogadores sobre a mesa e que se gastará nun convite unha vez rematado o xogo.
garrafón. s. m. (pl. garrafois). Vasilla redonda, feita de diferentes materiais que serve para conter líquidos, con pescozo longo e estreito.
garrafonado. s. m. Cantidade que leva un garrafón.

garramandín. s. m. Persoa pequena. **2.** Persoa mal vestida e pequena de estatura.

garrancha. s. f. Táboa posta dun xeito horizontal para marcar por onde se vai facendo as paredes. **2.** Pau, punta ou táboa que se pon nos extremos para asegurar as táboas nunha parede. **3.** Táboa pequena que se pon nos extremos con puntas para suxeitar dúas táboas. **4.** V. garrucha 1ª acep. (Allande).

garrancho. V. garrucha 1ª acep. (Grandas de Salime).

garrapello. V. garapelo (Navia).

garrapois. V. galpón.

garrar. V. agarrar. **2.** Prenderse a áncora dunha embarcación de xeito firme no fondo do mar.

garrear. v. Ir cara a atrás unha embarcación arrastrando a áncora por non prenderse esta no fondo do mar.

garridencia. s. f. Valor, coraxe, gallardía (As Figueiras).

garrido, -a. adx. Forte, robusto, vigoroso. **2.** De bo ver, que agrada. // **A *búa* vida fai a moza garrida.** Refrán que indica que a boa vida nunha moza a fai de bo ver.

garrotazo. s. m. Golpe dado cun pau.

garrote. s. m. Pau pequeno que serve para apertar mellor os mollos, de aproximadamente corenta centímetros e afiado por un dos seus extremos (Os Ozcos, Pezós, Eilao, Grandas de Salime, Allande). **2.** Pau que se emprega nun arcoxo (Os Ozcos). **3.** Cravo grande con cabeza redonda chantado na parede ou para suxeitar toda a estrutura de madeira dunha cuberta (Abres, Taramundi, San Martín de Ozcos). **4.** Pau que pasa dun lado a outra dunha albarda, sobresaíndo un pouco, que serve para atar a sobrecarga (San Martín de Ozcos). **5.** Pau forte ou groso.

garroteira. s. f. Furado que se fai nunha parede, cando se fai unha casa, para meter os paus do andamio (San Martín de Ozcos); machinal 1ª acep.

garroteiro. V. garroteira (Santalla de Ozcos).

garrotillo. s. m. Difteria (Boal, Abres).

garrotín. s. m. Chapeu, con tea delgada e colores variadas, cunha ala abondo ancha e ás veces cunha dobrez na fronte e cintas para atalo por debaixo do queixo. Normalmente facíanse na casa. **2.** Motora pequena (As Figueiras).

garroufeiro, -a. adx. Aplícase á persoa que fala moito.

garrucha. s. f. Ferramenta agrícola con varios dentes curvos de ferro, que se emprega para quitar o cuito da corte e cargalo no carro, cavar a terra, quitar as patacas etc. Nalgúns concellos ten tres ou catro dentes. **2.** Peza cun ferro curvo que se pon nas varas de varexar as castañas. **3.** V. camba 1ª acep. **4.** Ferramenta cunha peza metálica e un gancho agudo, de mango moi longo, usada para coller as pezas que flotan na auga, os troncos ou para erguer grandes pedras do fondo dun río (Abres, Boal).

garruchada. s. f. Cantidade que se colle dunha soa vez cunha *garrucha*.

garruchar. v. Traballar cunha *garrucha* (Boal).

garrucho[1]. s. m. Gadaño de dous ou catro dentes, segundo a zona (Boal, Añides); garabato 1ª acep. **2.** Gadaño (Boal). **3.** V. garrucha 1ª acep. **4.** *Garrucha* pequena.

garrucho[2], -a. adx. Aplícase ao que ten forma aguda e curva. **2.** Dise da vaca ou do touro que teñen os cornos tortos cara a adiante. **3.** adx. e s. Alcume popular que reciben os habitantes de Vilarxuane (A Pontenova).

garrufeiro, -a. adx. Que fala moito. **2.** Atrevido, valente; garrufo.

garrufo, -a. adx. Valente, atrevido.

garruncha. V. garrucha 1ª acep. **2.** Pau longo con tres ganchos de ferro na punta, en ángulo coa vara, que serve para coller *centolos* e outros crustáceos (Ortigueira).

garruncho. V. garduño. **2.** V. garruncha 2ª acep. (Navia).

garúa. V. bruma (Castropol). **2.** Chuvia miúda.

garulada. s. f. Comida mal feita e pouco apetitosa. **2.** Cousa mal feita. **3.** Broma.

garuleiro, -a. adx. Falador, ruidoso.

garvanceira. s. f. Terreo sementado de garavanzos.

garvancito. s. m. Xogo de nenos no que un fai de *burro* e os outros saltan sobre el dicindo varias frases. Se algún deles se equivocaba pasaba a ser *burro*. Teoricamente eran catorce saltos, pero era raro que se chegase a este número sen que algún se equivocase.
Obs. Trátase dun castelanismo.

garvanzal. V. garavanzal.

garvanzo. V. garavanzo.

garvanzolo. V. herbanzolo.

garza. s. f. *Garabato* con oito dentes de madeira de toxo que se usaba para recoller a ouca. Unha variedade ten outros dentes máis pequenos na cota. **2.** V. garcia 3ª acep. (Santiso de Abres, A Veiga, Tapia de Casarego, Castropol). **3.**

V. garcia 1ª acep. (Villaión). // **Cando a garza vai *pra* Meira, pon a sella na goteira, e cando a garza vai *pró* mar, colle os bois e ponte a arar.** Refrán que indica que vai facer mal ou bo tempo segundo para onde vaia a garza (Santiso de Abres). // **Cando (condo) a garza vai *prá* serra, colle (pilla) a brosa e (i) fende a estela.** Refrán que indica que vai facer mal tempo (Abres). // **Cando (condo) a garza vai *pró* (*pral*) mar, xonce (pilla) os bois e (i) vai arar.** Refrán que indica que vai facer bo tempo (Abres). // ***Condo* a garza (garcia) vai *prá* terra, colle (pilla) a brosa i fai *estellas* (estelas).** Refrán que indica que vai facer mal tempo (Tapia de Casarego, A Veiga). // ***Condo* a garza (garcia) vai *pral* mar, colle (pilla) os bois i ponte (vai) arar.** Refrán que indica que vai facer bo tempo (Tapia de Casarego).

garzar. v. Unir, ensamblar dúas pezas de madeira (San Martín de Ozcos).

garzo. s. m. Peza de madeira dunha *corondia* dun hórreo ou *panera* que sobresae pola parte de arriba para poder unila aos *liñolos*. **2.** Enxerto que se fai no pé dunha planta; garcio, púa. **3.** Gancho de punta aguda, metálico ou de madeira (Os Ozcos). **4.** Fendedura que se fai nunha táboa para introducir parte doutra (San Martín de Ozcos). **5.** Parte do marco onde golpean as portas e ventás ao pechalas (San Martín de Ozcos).

gas. s. m. Petróleo (San Martín de Ozcos).

gasalloso, -a. adx. Alegre.

gaseosa. s. f. Bebida refrescante, efervescente e sen alcohol.

gasiosa* → gaseosa.

gasol. V. gasóleo.

gasóleo. s. m. Aceite combustible, produto do petróleo, que se usa como carburante nos motores diésel.

gastado, -a. adx. Consumido, deteriorado. **2.** Adquirido con diñeiro.

gastador, -a. adx. Dise da persoa que gasta moito diñeiro.

gastar. v. Usar o diñeiro para adquirir cousas. **2.** Consumir, deteriorar. // **Gastar bromas.** Facer bromas a alguén ou a un animal. // **Gastar i ter *nun* pode ser.** Refrán que alude a que as dúas cousas son incompatibles. // **Gastar *muita amistá*.** Ter moita amizade. // **Gastar *salú*.** Ter boa saúde (*Nunca gasta muita salú*), (Castropol, Santalla de Ozcos).

gastizo, -a. adx. Que gasta moito.

gasto. s. m. O que se gasta ou gastou.

gata. s. f. Vara de ferro como os gatos no *serradeiro*, pero cos extremos dobrados en ángulo e cara a lados opostos. **2.** Peixe condroíctio escualiforme, da familia dos escuálidos, de cincuenta a noventa centímetros de lonxitude. Ten o corpo esvelto, o pedúnculo caudal longo e delgado, dúas aletas dorsais provistas dun forte aguillón, aletas peitorais pequenas e aletas abdominais grandes, e non ten aleta anal. A súa color é gris escura no dorso e negra na parte ventral (*Etmopterus spinax*), (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira). **3.** Peixe condroíctio escualiforme, da familia dos escuálidos, que pode acadar un metro e medio de lonxitude, co corpo esvelto, pel áspera, fociño longo e deprimido, ollos grandes e elípticos e aletas dorsais con aguillón. A súa coloración é pardo olivácea polo dorso e máis clara pola parte ventral (*Centrophorus granulosus*). **4.** Peixe condroíctio escualiforme, da familia dos escuálidos, que pode acadar un metro de lonxitude, coa cabeza moi deprimida, pel moi áspera, dúas aletas dorsais con aguillóns e cola curta. A súa coloración é agrisada azulada e o ventre abrancazado (*Centrophorus calceus*). **5.** Peixe condroíctio escualiforme, da familia dos escuálidos, que pode superar o metro de lonxitude, co corpo groso, pel áspera, cinco aberturas branquiais e dúas aletas dorsais con aguillón. A súa coloración é negra ou moi escura (*Scymnodon ringens*).

gatada. s. f. Acción feita con engano, disimulo e astucia. **2.** Roubo pequeno. **3.** Pesca furtiva (Abres). **4.** Acción propia dun gato.

gatafallo. s. m. Ladrón de obxectos de pouco valor, rateiro.

gatas (de). loc. Andar a catro pés, con mans, pernas ou xeonllos.

gateira. s. f. Furado existente nas portas das casas ou nas paredes para que os gatos poidan entrar e saír. **2.** Por extensión, aplícase tamén ao furado de entrada aos poleiros. **3.** Tope de madeira ou metal colocado no cairel das embarcacións, na proa e na popa, para que non se corra o cabo cando están amarradas (Coaña).

gateiro. V. gateira 1ª acep.

gatería. s. f. Catarreira forte de peito; famagueira 1ª acep.

gatiar. v. Fixar unha cousa no gato para rompela sen que se mova. **2.** Subir como os gatos. **3.** Andar a catro pés. **4.** Roubar cousas de pouco valor. **5.** Subir algo de xeito vertical.

gatín, -ía. s. m. e f. (pl. gatíos, gatías). Diminutivo de gato.

gato, -a. s. m. Mamífero carnívoro fisípedo da familia dos félidos, duns setenta centímetros de lonxitude, dos que vinte corresponden á cola, cabeza redonda, lingua moi áspera, patas curtas con cinco dedos en cada extremidade, armados de uñas fortes e retráctiles e pelaxe espesa e suave, de coloración moi diversa (*Felis catus*). **2.** adx. e s. Alcume popular dos habitantes de Castropol, porque se pensaba que algo lles quedaría entre as uñas, polo que cobraban, ao ser antigamente as profesiois administrativas as que máis había nesta vila, e os labregos deixaban alí os cartos cando facían os trámites burocráticos. **3**. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de El Gumio (Boal). **4.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Vilamaior (Ibias). **5.** Instrumento de ferro para erguer pesos. **6.** Vara de ferro cuadrangular, afiada no extremo e dobrada perpendicularmente, que se utiliza no *serradeiro* para suxeitar a *falca* e poder serrala. Normalmente mide entre trinta e corenta centímetros. **7.** Pequena viga de madeira que se pon nas esquinas de hórreos e *paneras* por enriba das *corondias* e que serve para reforzar a estrutura. **8.** Peza do carro, que se pon sobre o *miolo* (Vilanova de Ozcos, Santalla de Ozcos); espello 2ª acep. **9.** V. barrilete 1ª acep. **10.** Pequeno ladrón. **11.** Máquina destinada a elevar obxectos moi pesados, normalmente automóbiles. **12.** Moco que se pega na gorxa (Navia, Taramundi). **13.** Nun mazo, cada un dos dous apéndices de ferro que ten a *maza*. // **A gato *chen*, leite lle amarga.** V. Gato chen, queixo lle amarga. // **Casa dos gatos.** Casa do concello (Castropol). // **De noite todos os gatos son pardos.** Refrán que alude a que na escuridade todo se confunde. // **El gato *cuanto más* o cofan, más recacha el rabo.** Refrán que indica que canto máis se acariña un gato, máis ergue o rabo, en sinal de gratitude. // **El gato farto enreda coel rato.** Refrán que alude a que os gatos cando non teñen fame só xogan cos ratos. // **El que *nun* mantén gato mantén rato.** Refrán que alude á necesidade de ter un gato na casa para que coma os ratos. // **El que *nun quer* manter el gato, mantén el rato.** V. El que *nun* mantén gato mantén rato. // **Fuxir como un gato.** Fuxir escarmentado. // **Gata i mal farta.** Dise cando unha persoa non aproveitou o roubado (Boal). // **Gato *chen*, queixo lle amarga.** Refrán que alude a que cando o gato está farto nin queixo quere. // **Gato escaldado, da auga fría escapa.** Refrán que indica que cando unha persoa ou un animal sufriu un dano nunha situación perigosa, teme volver sufrilo e desconfía. // **Gato montés.** Especie de gato pouco maior que o doméstico, máis alto e forte, coa pelaxe gris vermella ou parda, raiado con bandas negras e cola con varios aneis de colores negras e grises e punta roma. Pode alcanzar o metro de lonxitude (*Felis silvestris*). // **Gato *parrín*.** V. moucho 1ª acep. (Eilao, Ibias). // **Gato rabón.** Pinchacarneiro (Doiras). V. pinchacarneiro. // **Andar a gatas.** Aplícase cando un neno ou unha persoa andan cos brazos ou mans e as pernas ou xeonllos á vez polo chan. // **Buscar os tres pés al gato.** Empeñarse en cousas imposibles. // **Dar uha *puñada* al gato.** Facer un milagre (Boal). // **El gato que *lo llambeu*, inda *nun* morreu.** Refrán que aconsella non andarse con exquisiteces. // **Houbo gato con choca.** Expresión que indica que se produciu unha boa lea (Boal). // **Lavarse (*llavarse*) como os gatos.** Lavarse pouco. // **Morra (el, o, a) gato (cocho, Marta, cocha), morra farto (farta).** Refrán que se utiliza contra as persoas que non poñen límites á satisfacción dos seus desexos (Tapia de Casarego, Taramundi, Boal). // **Nas orellas del gato nunca fixo *nío* el rato.** Refrán que alude a que unha cousa é imposible. // **Pensa el gato *lambión* que todos son da súa condición.** Refrán que denota a facilidade con que pensamos ou sospeitamos que outros son ou actúan coma nós, especialmente cando se trata de malas accións. // **Por *unde suben* os gatos, *baxan* as gatas.** Refrán que alude figuradamente a que unha persoa pode facer unha cousa que xa fixo outra. // **Se é gato ou é gata, por *debaxo* del rabo se lle cata.** Refrán que alude a que se pode saber se é gato ou gata palpándoo por abaixo. // ***Tar puéndose* el gato na *llumeira*.** Vir mal tempo (Boal). // **Ter a *xira* dun gato.** Ter pouca forza. // **Ter gatos na garganta.** Falar facendo ruído coa gorxa, como cando se ten catarreira.

gatorrabón. V. pinchacarneiro (Boal).

gatuña. s. f. Planta subarbustiva da familia das papilionáceas, de talos pubescentes, máis ou menos espiñentos, de quince a cincuenta centímetros de altura,

normalmente rastreiros. As follas son trifoliadas e as flores rosadas e legume curta con pucas sementes (*Ononis spinosa*). **2.** Planta anual da familia das rubiáceas, que pode acadar un metro de lonxitude, que se engancha nas plantas veciñas xa que posúe pelos ganchudos no talo, follas e froitos. As súas flores son brancas e pequenas (*Galium aparine*), (Santalla de Ozcos).

gavaleiro* → gaveleiro.

gavela. s. f. Feixe ou montón pequeno de herba, palla, toxos, *gancela* etc. // **Arrimar a gavela.** Pasar a outra persoa un traballo ou carga que non agradan.

gavelar. v. Facer gavelas.

gaveleiro. s. m. Montón de gavelas de trigo, centeo ou millo que se fai despois de cortalo para despois facer os colmos. Recóllense de esquerda á dereita. **2.** Suco que se fai ao cortar a herba coa gadaña.

gavella. V. gavela.

gavellar. V. gavelar.

gavellada. s. f. Moita xente (Boal). **2.** V. gavela (Boal).

gavelleiro. V. gaveleiro 1ª e 2ª acep. **2.** Figuradamente, montón de algo (*Un verdadeiro gavelleiro de oficios*).

gavia. s. f. Vela que se coloca no pau central de certos tipos de embarcacións.

gaviar. v. Entre os mariñeiros, subir a gavia.

gavilán. s. m. Parte curva e longa dun *fouzo*, dun *podón* etc.

gavileiro* → gaveleiro.

gavión. V. peta 1ª acep.

gaviota. s. f. Nome común de varias aves lariformes da familia dos láridos. O seu tamaño oscila, segundo a especie, entre os trinta e os oitenta centímetros de lonxitude. Son aves mariñas de longas e fortes ás, patas altas e peteiro máis ou menos curvo. A súa cabeza é oval, o tronco esvelto e os tarsos de mediana lonxitude. Os pés presentan catro dedos, os tres anteriores unidos por unha membrana e o cuarto situado máis alto. A cola é cadrada ou redondeada e a plumaxe abundante, na maior parte branca e ás negras ou grises (*Larus sp.*). // **Cagádelo *gaviotas*!** Expresión que se utiliza cando alguén esaxera contando algunha cousa. // **Cando (*condo*) a *gaviota* vai *pral* mar, colle (xonce) os bois i *vei* (vai) arar.** Refrán que indica que vai facer bo tempo. // **Cando (*condo*) a *gaviota* vén (vai) *prá* terra, colle a brosa i *vei* (vai) por (*prá*) leña (*lleña*).** Refrán que indica que vai facer mal tempo. // ***Condo* as *gaviotas* van al mar, colle a vara e vai pescar.** Refrán que se refire a que cando as gaivotas se dirixen ao mar é sinal que se pode pescar. // ***Condo* as *gaviotas* van *prá* terra, colle os bois e vai arar.** Refrán que indica que vai facer bo tempo. // ***Cuando* a *gaviota* vai *pral* mar, colle a *eixada* i vai cavar.** Refrán que indica que vai facer bo tempo. // ***Cuando* a *gaviota* vai *pral* mar, colle os bois i vai arar.** Refrán que indica que vai facer bo tempo. // ***Cuando* a *gaviota* vén *prá* terra, colle a brosa i fai estelas.** Refrán que indica que vai facer bo tempo. // ***Gaviota (s)* na ribeira, mariñeiros á merda.** Refrán que indica que cando hai mal tempo as gaivotas refúxianse na ribeira e os mariñeiros non poden pescar. // ***Si* a *gaviota* vai *prá* terra, pilla a brosa i vai por leña. *Si* a *gaviota* vai *pral* mar, pilla os bois i vai arar.** Refrán meteorolóxico que indica que vai facer mal ou bo tempo. // **Vén a *gaviota prá* terra, colle a brosa i fai a estela. Vai a *gaviota pral* mar, *xunce* os bois i vai arar.** Refrán meteorolóxico que indica que vai facer mal ou bo tempo (Castropol).

gavioteiro. s. m. Percebe de pé duro (Tapia de Casarego).

gaviotía. V. gavioto 2ª e 3ª acep. (El Franco).

gaviotín. s. m. Cría da gaivota (As Figueiras, Coaña, El Franco).

gavioto. s. m. Cría da gaivota (Coaña, Tapia de Casarego, El Franco). **2.** Ave da familia dos láridos, duns trinta e oito centímetros de lonxitude, co bordo anterior das ás de color branca pura, e o peteiro e as patas vermellas (*Larus ridibundus*), (As Figueiras). **3.** Ave da familia dos láridos, de tamaño pequeno, duns vinte e oito centímetros de lonxitude, coas ás redondeadas, de color tirando a negra por embaixo (*Larus minutus*), (As Figueiras).

gazapo. s. m. Varredoiro. **2.** V. azor (Tapia de Casarego, Navia, Boal). **3.** adx. Dise da persoa ou animal astutos.

gaznato. s. m. Parte superior da gorxa.

gaznir. v. Respirar con dificultade.

gazofia. s. f. Conxunto de nenos pequenos.

gazoupa. s. f. Man do gato. **2.** Por extensión, man grande dunha persoa. **3.** Pouta dunha ave, normalmente rapaz. // **Botarlle a *gazoupa*.** Coller algo ou a alguén coas mans ou as uñas (As Figueiras, Tapia de Casarego).

gazpeto. s. m. Estaca pequena (Allande).

gazuncha. V. garrucha 1ª acep. (Grandas de Salime).
gaxarte. s. m. Pau con punta de ferro que serve a unha embarcación para coller certos peixes, especialmente os grandes (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira). **2.** V. bicheiro (El Franco).
gaxe. s. m. Diñeiro que se cobra á parte do salario.
gaxo. s. m. Rama dunha árbore cando non está no tronco. **2.** Cada unha das partes nas que están divididas algunhas froitas como a laranxa, o limón etc.
Obs. Trátase dun castelanismo.
gaxola. s. f. Navalla vella, con folla gastada e pouco corte. **2.** Navalla pequena. **3.** Por extensión, navalla.
gaza. s. f. Cacho de cabo forrado que serve para reforzar e suspender un *motón* ou un cadernal nunha embarcación. **2.** Lazada que ata o anzol ao nailon na arte da cacea. **3.** Lazada que se fai ao extremo dun cabo dobrando o chicote e uníndoos cunha costura.
gazapar. v. Coller algo de xeito rápido. **2.** Quedar con algo dun xeito rápido e non moi legal.
gazapiar. V. gazapar.
gazapín. s. m. Diminutivo de gazapo 2ª acep. **2.** V. peneireiro 2ª acep. (Navia).
gazapo. s. m. Obxecto artesanal de madeira para achicar unha embarcación. **2.** Persoa con capacidade de reacción rápida, astuta. **3.** V. azor 1ª acep. **4.** V. bixato 2ª acep. (Navia).
gazmiar. v. Andar ulindo ou comendo algo do que se cociña.
gazmión, -úa. adx. O que *gazmia*.
gazmoño, -a. s. m. e f. e adx. Persoa que aparenta ter devoción, escrúpulos, modestia ou certas virtudes (A Veiga).
gaznear. v. Respirar mal (Castropol, Santalla de Ozcos).
gaznir. v. Tusir (Boal, Tapia de Casarego).
gazofia. s. f. Comida mal feita. **2.** Comida feita con restos doutros días.
gazofiada. V. gazofia 1ª acep. (Navia).
gazoto. s. m. Talo de determinadas algas como os *oucois* (El Franco); cazote 1ª acep.
gazoupa. s. f. Pouta, gadoupa. **2.** Man dunha persoa, en sentido despectivo.
gazoupar. v. Coller, normalmente de xeito rápido e por sorpresa. **2.** Quedar con cousas dun xeito pouco legal; gazapar, gazapiar.
gladíolo. s. m. Nome común das plantas monocotiledóneas do xénero *Gladiolus*, da familia das iridáceas, de carácter vivaz, bulbosas, de follas dísticas e flores irregulares de moitas colores, dispostas en espigas e froito en cápsula (*Gladiolus sp.*).
glaio. V. gaio 1ª acep.
glallar. V. grallar.
globo. s. m. Corpo esférico ou esferoidal. **2.** Vexiga elástica que está chea de aire ou outro gas. **3.** Burbulla de auga.
gloria. s. f. Situación de pracer. // **A gloria bendita.** Moi ben (*Saben a gloria bendita*). // **Dar gloria.** Dar gusto, estar encantado. // **De gloria.** Moi ben, excelentemente (*Facía as navallas de gloria*), (Taramundi). // **Irse as glorias entre as (polas) memorias.** Esquecerse de algo (Boal, Tapia de Casarego). **2.** Gastar tanto como se gaña.
gloriar. v. Encher de gloria, honrar (Navia).
gobelo. s. m. Nobelo de la.
gobello, -a. adx. Dise da persoa con chepa. **2.** V. gobelo.
gobelúa. adx. Dise da vaca con chepa.
gobernar. v. Exercer o goberno. **2.** Dirixir, conducir, administrar, mandar. **3.** Sentirse cómodo con algo. **4.** Funcionar. **5.** Manipular, manexar. **6.** Resolver, conseguir. **7.** Pilotar, dirixir o temón dunha embarcación. **8.** prnl. Amañarse. // **Gobernar a ferramenta.** Amañar a ferramenta (Boal).
goberneiro, -a. adx. Aplícase á persoa que manda moito. **2.** Dise da persoa que fai as cousas sen consultar con ninguén. **3.** Aplícase á persoa que administra ben as cousas. **4**. Dise da persoa que se mete onde non a chaman, entremetida.
gobernín. V. goberno 2ª acep. // **Ter un *gobernín*.** Valer para gobernar unha casa (San Martín de Ozcos).
goberno. s. m. Amaño. **2.** Mando, dominio. **3.** Acción e efecto de gobernar. **3.** Temón dunha embarcación. **4.** Conxunto dos que teñen a dirección política de algo. // ***Fer* goberno.** Valer.
gobernón, -úa. V. goberneiro 1ª acep.
gocha. s. f. Personaxe sen máscara, que é o responsable do grupo de máscaras (El Valledor). **2.** Personaxe masculino dos *Reises* do concello de Ibias, que non leva máscara, acompaña a toda a mascarada, e vai nun burro para arrear o aguinaldo que gañaban e un *pelello* para o viño.
gochada. V. cochada (Navia, Allande).
gocheiro, -a. V. cocheiro (Villaión).
gochelo. s. m. Cocho pequeno (Ibias).
gochín. s. m. (pl. gochíos). Cocho pequeno.
gocho, -a. V. cocho 1ª acep. (Allande, Navia). **2.** V. cocho 2ª e 10ª acep. (Navia,

Allande). // **Do *gocho* gústanme *asta* os andares.** Expresión que se refire cando a unha persoa lle gustan todas as partes do cocho. // **El que a *llavar* un *gocho* se pon, perde el tempo i el xabón.** Refrán que alude, figuradamente, á inutilidade dunha acción que se pretende facer. // **Ir mamar a *gocha* moura.** Mancharse moito.

gociar. v. Sentir pracer, desfrutar de algo (Tapia de Casarego).

godallo, -a. adx. Aplícase á persoa que lle gusta a festa. **2.** Persoa sucia. **3.** s. m. Castrón en celo.

godoiro, -a. adx. Aplícase á persoa que lle gusta comer moito. **2.** Dise do Entroido no que se come moito.

golaio. s. m. Peixe condroíctico da familia dos gálidos, de corpo alongado e delgado, que pode acadar os oitenta centímetros de lonxitude, cabeza aplanada e fociño agudo e deprimido. O interior da boca é negro e ten unha serie de manchas pardas máis ou menos escuras no dorso e flancos, dispostas lonxitudinalmente, rodeadas dun círculo máis pálido (*Galeus melastomus*), (Tapia de Casarego).

goldrada. s. f. Caída forte.

goleta. s. f. Tipo de embarcación que facían os carpinteiros de ribeira, caracterizada por ter dous ou tres paus, vela e as varandas superiores de cada lado do barco pouco elevadas.

golfarada. s. f. Bafarada de aire que ole mal.

golfarida. V. golfarada.

golfiar. v. Non querer traballar.

golfín. s. m. Mamífero cetáceo odontoceto, da familia dos delfínidos, con corpo esvelto, de gran capacidade para a natación. A parte anterior presenta un fociño moi prominente e a boca ten fortes dentes. A súa coloración é variable, normalmente co dorso escuro, ventre case branco e bandas grises ou pardo amarelas nos laterais (*Delphinus delphis*). **2.** Mamífero cetáceo odontoceto, da familia dos delfínidos, de corpo alongado, esvelto e de color negra brillante moi intensa. Destaca sobre a garganta unha mancha branca que continúa até o ventre. A cabeza ten forma de globo, cunha bolsa frontal moi desenvolvida. A boca ten un peteiro incipiente. Sobre o dorso ten unha aleta dorsal non moi grande e curvada cara a atrás, situada nunha posición algo interior á metade do corpo. As aletas peitorais son moito máis longas que na xeneralidade destes animais (*Globicephalus melas*).

golfo. s. m. Porción grande de mar que entra na terra.

golfón. s. m. (pl. golfois). Parte da bisagra feita artesanalmente que vai cravada nun marco dunha porta ou ventá. **2.** Parte metálica articulada como unha bisagra que leva cravada a roda do carro (O Viñal). **3.** V. gonzo 3ª acep. **4.** Pillo, vago. **5.** Nunha forxa, peza metálica que articula a vara de *tanxer* coa *gancha*. **6.** Parte por onde pasa a asa dunha caldeira.

golforada. V. golfarada (Abres).

golga. s. f. Pegada ou camiño estreito que se fai o pisar a neve (Allande); derrota 2ª acep.

goliada. s. f. Meter moitos goles nun deporte.

golín-gole (al). V. alingó-lingole.

golir* → ulir.

golitrar. V. gulitrar.

golitrón, -úa, -oa. (pl. golitrois, golitrúas, golitroas). V. gulitrón.

golluada. s. f. Fartura (Serandías).

golondría* → andolía.

golondrino. s. m. Vulto que sae no sobaco (Navia).
Obs. Trátase dun castelanismo.

golondro. s. m. Peixe tríglido que pode acadar os setenta e cinco centímetros de lonxitude, de color rosada, vermella amarela, violácea ou agrisada verdeal. O peitoral normalmente ten a cara externa rosa violácea máis ou menos manchada de branco e a cara interna marcada por unha mancha negra azulada con puntos brancos azulados (*Trigla sp.*), (Tapia de Casarego). **2.** V. pirlón 2ª, 3ª e 4ª acep. (Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira).

golpazo. s. m. Golpe forte.

golpe. s. m. Choque violento de dous corpos. **2.** Acción ou efecto de golpear. **3.** Efecto dunha contusión. **4.** Xogo de nenos (Abres). // **Dar un golpe.** Traballar (Ibias). // **De golpe.** De súpeto. **2.** Dunha soa vez. // **Golpe de mar.** Embate violento dunha onda. // **Golpe grande.** Onda grande no mar.

golpear. v. Dar golpes repetidamente.

golpete. s. m. Golpe que dá repetidamente un golfiño coa cola na auga para xuntar os peixes que quere comer (As Figueiras).

golpiar. V. golpear.

golpísimo. s. m. Golpe moi forte (Santalla de Ozcos).

goltrón, -úa. adx. Lambón.

goma. s. f. Xogo de nenas, que se xoga cunha goma elástica que está suxeita nos extremos ás pernas doutras dúas, e outra no medio fai varias piruetas coa goma até que perde. Neste momento cámbiase por unha das que está nos extremos. **2.** Peza de caucho que serve para borrar. **3.** Caucho.

goma-laca. V. laca.

gomeiro. V. tirafonda (Navia, Boal, Castropol, Coaña).

gomelo. s. m. Espiga do trigo ou do millo que non medra suficientemente.

gomelón. V. gomelo.

gomero* → gomeiro.

gomitar. v. Botar pola boca o que está no estómago. // ***Tar* como *gomitado* dos gatos.** Estar moi delgado. **2.** Non ter bo aspecto físico.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

gómito. s. m. Feito de *gomitar*. **2.** Materia que se *gomita*.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

gonio. s. m. Aparello radiorreceptor que permite determinar a dirección das emisoras que capta.

gonzalbeiro, -a. adx. Aplícase á persoa pouco fiable.

gonzo. s. m. Peza de ferro ou madeira que serve de eixe de xiro para abrir e pechar portas e ventás. **2.** Peza do banco do galocheiro formada por unha argola na que se engancha un coitelo para redondear as galochas. **3.** V. cuitelo do/del gonzo. **4.** V. golfón 6ª acep.

goña. V. gouña (Navia). **2.** Burla.

goñar. v. Saír brotes ás patacas (Villaión).

goño. V. gouño. **2.** Brote da pataca (Villaión).

goñón, -a. adx. Rosmón, que protesta moito.

gorado, -a. adx. Incubado.

gorar. v. Devecer, desexar. **2.** Incubar. **3.** Por extensión, incubar unha enfermidade. **4.** Tramar, maquinar, urdir. **5.** Nacer (*El neno tá gorando os dentes*). **6.** Berrar os cochos cando teñen fame (Santalla de Ozcos).

gorbiozo, -a. adx. Dise da persoa pequena en idade, neno (A Veiga). **2.** V. gorgoleiro 3ª acep. (Pezós).

gorbizo. V. argueiro 2ª, 3ª, 4ª, 5ª e 6ª acep. **2.** Conxunto de restos que quedan despois de escoller os chichos. **3.** V. uz (Eilao, Grandas de Salime). **4.** Neno pequeno.

gordeto, -a. adx. Tirando a gordo.

gordimán. s. m. Dobrez na roupa. **2.** Vulto (*Teño un gordimán nel dido*).

gordo, -a. adx. Que ten gordura. **2.** Tradicionalmente dise do neno ben mantido que se pensa de xeito falso que é sinal de boa saúde. **3.** Dise do luns de Entroido. **4.** Aplícase á tripa do cocho do intestino groso. **5.** Dise da gadaña ou doutro instrumento cortante cando xa non corta ben e hai que afialos. **6.** Importante (*Un asunto gordo*). **7.** Pouco limpo. **8.** Dise da palla grande, que non é miúda (Santalla de Ozcos). **9.** Aplícase ao terreo con moito fondo (San Martín de Ozcos). **10.** Dise do gran poco miúdo. **11.** Esta palabra en sentido figurado e utilizado no Entroido está referido ao chourizo. **12.** s. m. Graxa da carne. **13.** Dise do fío de pesca que é mal transmisor da mordedura do peixe no anzol (Tapia de Casarego). **14.** Dise do caldo con moita carne e graxa. **15.** Dise da voz forte nunha persoa. **16.** Importante en caklidade, cantidade ou intensidade. **17.** Espeso. // **Ás gordas i ás fracas.** Con todas as consecuencias. // **Coller en gordo.** Coller algo, como a la, en bruto. // **Facer ou armar(se) unha gorda.** Discutir de xeito forte. // **Non a vin máis gorda que menos *pesara*.** Dito que manifesta asombro ao ver algo. // **Ter que ser gorda (gordo).** Expresión que alude a un acontecemento que foi moi importante e manifestando á vez certo asombro. // **Voz gorda.** Voz forte e baixa. // **Falar gordo.** Rifar.

gordor. s. m. Grosor. **2.** V. gordura 2ª acep.

gordura. s. f. Exceso de carnes en persoas e animais. **2.** Ancheamento de calquera xeito. **3.** Sucidade.

gorgola. s. f. Burbulla que se fai na auga, especialmente a que fan os peixes como as sardiñas na zona costeira (Castropol, San Martín de Ozcos, Ortigueira).

górgola. V. gorgola.

gorgolear. v. Facer gargarexos. **2.** Facer algo burbullas. **3.** Respirar mal por ter flegmas.

gorgoleiro. s. m. Parte superior da traquea dunha persoa. **2.** Esófago dunha vaca. **3.** Traquea do cocho.

gorgolexar. v. Facer gargarexos; gorgolear, esgorgolexar. **2.** Producir ruído como se fose unha forte ebulición cunha vasilla ou outro obxecto.

gorgoliar. V. gorgolexar 1ª acep.

gorgollo* → gurgullo.

gorgolo. s. m. Parte superior da traquea.

gorgolume. V. gorgola.

górgora. V. gorgola.

gorgorín. s. m. (pl. gorgoríos). Canto melodioso dun paxaro.

gorgoto. s. m. Nó na gorxa.

gorgozar. v. Orballar (Santalla de Ozcos).
gorgueiro. s. m. Parte superior da gorxa.
gorgullo* → gurgullo.
gorgutar* → gurgutar.
gorigori. s. m. Canto fúnebre que se usa nos enterros.
gorín. s. m. (pl. goríos). Cría do cocho (Boal, Santalla de Ozcos, Villaión, Allande). // **Por San Martín mata el *gorín*.** Por San Martín (11 de novembro) débese matar o cocho.
gorín, gorín! interx. Voz que se emprega para chamar os cochos pequenos.
gorlar. v. Gruñir baixo os cochos pequenos cando teñen fame (San Martín de Ozcos). **2.** Gruñir os xabarís (Ibias).
gorlido. s. m. Gruñido baixo que fan os cochos pequenos cando teñen fame (San Martín de Ozcos).
gormiozo. V. gorgoleiro 1ª acep. (As Figueiras).
gorniozo. V. gorgoleiro 1ª acep.
goro. adx. Aplícase ao que aparenta moito pero que realmente o que ten é pouco (A Veiga). **2.** Dise do ovo que non resoltou fecundado.
gorollo. s. m. Grumo.
gorolo. s. m. Brote das árbores e plantas (Abres). **2.** Comprimido esférico de calquera cousa (Abres).
gorra. s. f. Peza de tea, con ou sen viseira, de forma normalmente redonda, que se utiliza para cubrir a cabeza. **2.** Boina.
gorrafo. s. m. Cocho de curta idade (Allande).
gorrinín. s. m. Cocho pequeno (Villaión).
gorriolo, -a. s. m. e f. De pequeno tamaño (Ibias).
gorrión[1], -úa. s. m. e f. (pl. gorriois). Ave paseriforme da familia dos ploceidos, granívora, de tamaño pequeno, peteiro groso e forma grosa, polo común de colores pouco vistosas como gris escura, caluga de color castaña e pescozo negro (*Passer domesticus*). // **Chámame gorrión i bótame alpiste (trigo).** Refrán que se emprega cunha intención xustificadora para referirse a quen recibe beneficios sen importarlle as críticas, se a recompensa paga a pena. // **Chámenme gorrión i tírenme trigo.** V. Chámame gorrión i bótame alpiste (trigo).
gorrión[2]. s. m. (pl. gorriois). Cada unha das dúas pezas laterais do mazo onde está encaixada a *boga* e dotadas dunhas cepas unidas por un *durmiente* e suxeitas polo *cabezal*. **2.** Cada unha das dúas pezas que sosteñen unha roda de afiar, que descansan sobre un *durmiente* e suxeitas polo *cabezal* (Santalla de Ozcos). **3.** Cada un dos eixes de xiro dun batán (Vilanova de Ozcos).
gorrispo. s. m. Cantidade pequena dun líquido (Allande); gurrispo.
gorro. s. m. Peza de roupa para cubrir a cabeza, que pode ser de formas moi variadas. // ***Condo* eu trato en gorros nacen os nenos *sin* cabeza.** Refrán que indica que por moito que se vaia na contra, a mala sorte se chega maniféstase inevitablemente (Boal).
gorrollín. s. m. Cría do cocho (Boal).
gorrollo. s. m. Cocho pequeno ou novo (Boal). **2.** adx. Neno descarado. **3.** Persoa pequena. **4.** Cocho máis pequeno dunha camada.
gorrón[1]. s. m. Semental da cocha.
gorrón[2], -úa. adx. Aplícase á persoa que se aproveita dos demais.
gorrovello, -a. adx. Aplícase ao neno revoltoso, inquedo.
gorrumbo, -a. Dise da persoa con chepa (Navia).
gorullo. s. m. Técnica téxtil consistente en resaltar debuxos en relevo que se obteñen quitando a trama a intervalos cun punzón ou agulla.
gorxa. s. f. Rexión situada ao fondo da boca, á entrada da farinxe, garganta. **2.** Por extensión, cada unha das partes dianteira e laterais do pescozo na súa parte externa. // **Inchar as gorxas.** Irritarse, anoxarse.
gorxear. v. Facer ruído coa gorxa. **2.** Piar.
gorxipo. s. m. Traquea.
gorxo. s. m. Traquea do cocho (Abres).
gorzón. s. m. (pl. gorzois). Gonzo dunha cancela sobre o que xira.
gosto. V. gusto.
gota. s. f. Porción pequena dun líquido. **2.** Porción pequena de bebida que se bota ao café. Normalmente úsase en plural. **3.** Por extensión, cantidade mínima de algo. **4.** Enfermidade que produce unha inchazón dolorosa en certas articulacións ás persoas ou ao gando vacún. Na medicina tradicional curábase fervendo as flores de bieiteiro durante tres horas e metendo os pés na auga resultante. **5.** Epilepsia. **6.** Pequena porción de sangue que se acumula na vea safena interior e que se quita para que o xamón cure ben (Grandas de Salime). // **Caer (*caier*) gotas (*gotías*).** Comezar a chover.
goteira. s. f. Caída continua de gotas de auga no interior dun edificio ou outro espazo teitado. **2.** Fendedura no teito por onde cae auga. **3.** pl. Beirado da casa (San Martín de Ozcos). // **Ter goteiras na cabeza.** Non razoar.

goteiral. s. m. Espazo pequeno onde cae a auga de chuvia dos *augueiros* do lousado e que daba dereitos de propiedade. **2.** Conxunto de goteiras. **3.** Beirado (Castropol).

gotexa. V. gota 1ª acep. (Villaión).

gotiar. v. Caer gotas.

gotín. s. m. Pequena cantidade dunha cousa, normalmente referido a líquidos. // **Ter un *gotín* de máis.** Estar borracho.

goto. s. m. Cantidade pequena dun líquido; gotín. **2.** Trago.

goullo. V. gouño (Navia).

gouña. s. f. Pebida de certos froitos.

gouñazo. s. m. Lanzamento dun *gouño* con forza (Navia). **2.** Golpe que se dá cun *gouño*.

gouñego, -a. adx. e s. Alcume popular que reciben os habitantes de Salcido (Santiso de Abres).

gouñeira. s. f. Lugar onde abundan os *gouños*.

gouño. s. m. Canto rodado ou cuarcita que se pon enriba das lousas para que non as leve o vento; penedo. **2.** Pedra grande, de forma redondeada e normalmente procedente dun río ou do mar. // ***Gouño ferreal*.** *Gouño* dunha variedade de cuarzo ou de cuarcita (Santalla de Ozcos).

goxa. V. goxo 1ª acep.

goxada. s. f. Cestada grande. **2.** Capacidade dunha goxa (As Figueiras).

goxado. s. m. Cantidade que leva un goxo. **2.** Carga de ouca que se pon na dobra.

goxeiro. s. m. Persoa que facía ou vendía goxos ou goxas.

goxo. s. m. Tipo de cesta grande e forte con asas que se usa para a colleita, levar herba, toxo, castañas, grans, peixes, para a construción etc., feito con madeira de castiñeiro ou abeleira. Algunhas variedades non teñen asas. **2.** V. goxado 2ª acep. **3.** Gancho na punta dunha vara longa que servía para coller a ouca e depositala no *poleadoiro* (Tapia de Casarego).

gozar. v. Sentir pracer, pasalo ben, desfrutar. // **Gozar como un burro nun pataqueiro.** Desfrutar moito dunha cousa.

gra. s. f. Conxunto de grans dunha planta. **2.** Semente do liño, dunha herba, dunha cebola, do perexil, do centeo etc. **3.** Grade. // **Gra de herba.** Semente de herba.

gracia. s. f. Calidade de agradable. **2.** Xeito ou disposición. **3.** Canción, cántico. **4.** Amabilidade. **5.** Axuste, conformidade, acomodo. **6.** Monada, xesto cariñoso. **7.** Broma, chiste. // **Facer (*fer*) *gracia*.** Facer sorrir. // ***Gracias*.** Expresión que se utiliza para manifestar agradecemento (*Gracias por faláresme*). // ***Gracias* a.** Por medio de. // ***Muitas gracias*.** Grazas. // ***Nun* se perde a *gracia* de *Dios*.** Que un mal foi pequeno. // ***Nun* (non) ter *gracia*.** Estar triste. **2.** Non ter humor para facer algunha cousa. // ***Nun tar* de *gracia*.** Ter poucas ganas de facer nada. // **Poñer *gracia*.** Atender de xeito amable. **2.** Poñer boa intención para facer algo. // **Poucas i malas *gracias*.** Faltaría máis. // ***Tar* de *gracia*.** Estar unha persoa de bo humor. // **Ter *gracia*.** Estar alegre.

gracioso, -a. adx. Agradable. **2.** Referido a mobles, zocos, ferramentas etc., que quedan ou funcionan ben, cómodos. **3.** Dise do animal dócil (Os Ozcos). **4.** Axeitado (El Franco). **5.** Que fai bromas.

grada. s. f. Estrutura con xeito de plano inclinado que serve para reparar ou botar á auga as embarcacións. **2.** V. grade 1ª acep.

gradado, -a. adx. Dise da terra ou terreo nos que se utilizou a grade despois de arar.

gradadura. s. f. Acción e efecto de pasar a grade pola terra despois de arala.

gradar. v. Pasar a grade pola terra despois de arala. **2.** Pasar unha rede de pescar polo fondo do río con dúas chalanas a cada beira cando as augas están revoltas (Abres). **3.** Andar moito para buscar algo necesario. **4.** Ir introducíndose un *pión* na terra (Tapia de Casarego).

grade. s. f. Apeiro de labranza que consiste nunha armazón de madeira formada por *largueiros* onde se atopan os dentes, de madeira ou de ferro, que serven para remexer a terra despois de arala, para preparala para sementar. Poden ser de xeito cuadrangular ou trapezoidal, no primeiro caso normalmente é para as vacas e no segundo para o burro. **2.** Pequena reixa que se coloca sobre o presebe suxeita á parede, onde se pon a herba seca para que o gando vaia coméndoa pouco a pouco. **3.** Peza do tear. **4.** Insecto redondo, con patas longas que anda por enriba da auga (Tapia de Casarego). **4.** Reixa na presa dun muíño para que non pase a sucidade (Castropol). **5.** Reixa que se pon na parte de atrás do carro para apartar a palla ou as cousas miúdas (Vilanova de Ozcos). **6.** Armazón que forman os madeiros que atravesan entre os *largueiros* das portas para formar os cuarteirón sen os entrepanos (San Martín de Ozcos). **7.**

Conxunto de madeiros entrecruzados que servía de base ao cepo da incre nalgúns mazos. **8.** V. cabralola 2ª acep. (Castropol). // **Grade de ferro.** Tipo de grade moderna feita con metal, deseñada de xeito diferente á tradicional, que serve para facer labores máis especializados (A Veiga). // **Hai que erguer a grade.** Expresión que significa que pola vida hai que pasar por moitas cousas, aínda que non gusten.

gradiar. V. gradar 1ª acep.

graeiro. s. m. Lugar onde se garda o gran.

graio. V. gaio 1ª acep. (Villaión, Tapia de Casarego, San Martín de Ozcos).

graiudo, -a. adx. Áspero, con grans (Santalla de Ozcos).

graizada. s. f. Caída de sarabia.

graízo. V. grinza.

gralla. V. corvo[1] 2ª acep. (Navia).

grallar. v. Piar con forza. **2.** Berrar os corvos, as pegas etc. **3.** Laiarse. **4.** Balbucir, barullar os nenos cando están ledos. **5.** Por extensión, berrar as persoas ou nenos. **6.** Falar alto de xeito molesto para os demais.

gralle. V. grallo (San Martín de Ozcos).

gralliar. v. Berrar os corvos ou os grallos.

grallo. s. m. Ave paseriforme da familia dos córvidos, duns corenta e cinco centímetros de lonxitude e plumaxe negra con manchas brillantes irisadas, con peteiro afiado, de color gris escura, con cara calva tirando a branca (*Corvus frugileus*).

grama. s. f. Planta herbácea da familia das gramíneas, perenne e rastreira, de moita raíz, follas planas e espigas violáceas que saen en número de tres ou cinco (*Cynodon dactylon*).

gramado, -a. adx. Amasado por segunda vez. **2.** Dise da voz ronca.

gramallada. s. f. Conxunto de ramallos.

gramalleira. V. gamalleira.

gramar. v. Amasar e estirar a masa do pan ou da empanada para facela máis fina nunha segunda man que se lle dá. **2.** Remexer a zorza dos chourizos e os ósos botándolle un pouco de auga para que corran mellor (Os Ozcos).

gramil. s. m. Instrumento dos carpinteiros, ferreiros e outros oficios, que serve para facer liñas paralelas ao bordo dun escuadro ou marcar a anchura de algo.

gramo. s. m. Unidade de masa, igual á milésima parte dun quilogramo.

gramón. V. algaramón 1ª acep. (Tapia de Casarego, Coaña).

grampín. s. m. Anzol con tres arpóns (Abres). **2.** Barra longa que se utiliza para recuperar o aparello perdido.

gran. adx. Apócope de grande (*É un gran home*).

granado, -a. adx. Dise do cereal coa espiga con moitos grans (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos, Allande).

granar. v. Saír o gran aos vexetais (Castropol, El Franco, Allande).

granda. s. f. Terra de uso comunal, normalmente chea de bouza. **2.** Monte queimado.

grandal. adx. Referido a un tipo de trigo coa palla moi desenvolvida, que se sementa en outubro. **2.** Dise do centeo que se sementa en setembro, outubro ou novembro.

grandalés, -a. adx. e s. m. e f. Natural de Grandas de Salime. **2.** Pertencente ou relativo ao concello de Grandas de Salime.

grande. adx. Que excede en medida ou tamaño, capacidade, cantidade, intensidade. **2.** Que excede en idade. **3.** Que excede en altura. // **Ser *más* grande que as casas da Coruña.** Que é moi alto. // **Pasalo en grande.** Pasalo moi ben.

grandeiro[1]. V. brandeiro 1ª acep.

grandeiro[2], -a. adx. Non moi grande.

grandela. s. f. Granda pequena.

grandelo. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes da Grandela (Castropol).

grandete, -a. adx. Entre pequeno e grande.

grandexo, -a. adx. Abondo grande.

grandeza. s. f. Calidade de grande.

grandía. s. f. Granda pequena.

grandín, -ía. adx. (pl. grandíos). Dise da persoa ou cousa de tamaño algo inferior a grande. // ***Más grandín*.** Dedo anular.

grandolés. V. grandalés.

grandolocín. s. m. Dedo anular (Boal).

grandolozón. s. m. Dedo máis grande da man (Boal).

grandón, -úa. adx. (pl. grandois). Aumentativo de grande. **2.** Polgar. // ***Más* grandón.** Dedo do corazón, dedo medio, pai de todos.

grandor. s. m. Tamaño.

grándula. s. f. Célula ou conxunto de células que teñen a propiedade de producir un ou máis líquidos de tipo hormonal ou encimático que actúan fóra delas. **2.** s. f. pl. V. anxinas.

grandullal. s. m. Certa especie de raia (Tapia de Casarego). **2.** Lugar no fondo do mar con area gorda e croios (Tapia de Casarego).

grandura. s. f. Calidade de grande.
graneiro. s. m. Tipo de construción tradicional semellante a un cabazo, pero de dimensións máis grandes, onde se gardan os grans das colleitas (Navia). **2.** Lugar dentro dun edificio onde se gardan os grans (Boal, Tapia de Casarego).
granel (a). loc. Sen envase, cando se refire a cousas que se venden.
granía. V. gra 1ª acep. (Santalla de Ozcos).
grañola. s. f. Palla de trigo entrelazada que forma unha especie de corda e coa que se ataba o colmo.
grañón* → garañón.
grao. s. m. Semente ou froito dos cereais. **2.** Porción ou parte pequena doutras cousas. **3.** Protuberancia que se forma na derme da pel (Santalla de Ozcos, Abres). **4.** Acne, pequena protuberancia na pel da cara. **5.** Sarabia. **6.** Cada unha das trescentas sesenta divisións que compoñen a circunferencia dunha rosa dos ventos (Coaña). // ***Tar*** **el** ***grao nun*** **fai graneiro pero (*pro*) axuda al compañeiro.** Refrán que advirte da importancia da economía continuada ou do aforro, aínda que se trate de cousas pequenas (Boal, Tapia de Casarego).
grapa. s. f. Peza de metal cos extremos dobrados que se cravan para unir e asegurar. **2.** Instrumento das embarcacións que serve para apertar por medio de roscas ou parafusos.
Obs. Trátase dun castelanismo.
grasa. s. f. Unto ou sebo dun animal. **2.** Substancia lipídica, de orixe animal ou vexetal, que nos seres vivos protexe da perda de enerxía. **3.** Aceite. // **El que** ***nun*** **ten** ***grasa*****, come pan** ***sin tasa*****.** Refrán que alude ás persoas que poden comer moito e non engordan. // ***Grasa*** **da cordela.** Graxa que está pegada ás tripas dos animais, especialmente no cocho. // ***Grasa*** **das tripas.** A graxa que envolve o intestino.
grasada. V. grasoiro (Coaña).
grasallada. s. f. Comida con moita graxa.
grasoiro. s. m. Mancha de graxa sobre a superficie da auga do mar.
grasoumada. V. grasumada.
grasumada. s. f. Comida ou obxectos con moita graxa.
gratil. s. m. Nunha embarcación, bordo que orienta o vento e que vai suxeito á verga.
gratis. adv. De balde, sen pagar.
gratitú. s. f. Agradecemento.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
grau* → grao.
grava. s. f. Pedra miúda que serve para facer formigón ou para asegurar o firme das estradas.
gravado, -a. adx. Impresionado (*Vai aí gravado*), (Santiso de Abres).
gravanzo* → garavanzo.
grave. adx. Orgulloso, soberbio.
gravoso, -a. adx. Moi molesto. **2.** Que ocasiona gastos, que custa moito.
greiz. s. m. Tormenta de neve.
greiza. V. greiz. **2.** Sarabia (Boal).
greizar. v. Sarabiar (Boal).
greizo. s. m. Sarabia (Boal).
grelo. s. m. Brote da nabiza.
greña. s. f. Guedella enredada e desamañada.
gresca. s. f. Pelexa, liorta, barullo.
greta. s. f. Fendedura nunha parede, rocha etc. (Os Ozcos, Boal). **2.** Engurra que aparece nas mans, beizos, pel etc., polo frío ou a humidade.
gretado, -a. V. agretado.
grila. s. f. Órgano xenital feminino (A Veiga).
grilada. adx. adx. Dise do tubérculo da pataca cando xa ten brotes.
griladoira. s. f. Ruído que fan os grilos.
grilar. v. Cantar o grilo (San Martín de Ozcos). **2.** Botar o gromo o nabo (*Despois de gradar se chove grilan os nabos en poucos días*), (San Martín de Ozcos). **3.** Botar o brote os tubérculos das patacas.
grileira. s. f. Gaiola para grilos. **2.** Barullo, alboroto, reunión na que falan todos á vez.
grilla. s. f. Insecto ortóptero da familia dos tetigónidos, de antenas longas e filamentosas (*Tettigonia viridissima*), (Boal, Allande); langosta 1ª acep.
grillado, -a. adx. Tolo, aparvado. **2.** Dise do prado que lle sae a herba.
grillar. v. Emitir ruído un cocho, gruñir. **2.** Tolear. **3.** V. grilar 3ª acep. **4.** Saír a herba dun prado (Allande).
grilleira* → grileira.
grillo, -a. V. grilo 1ª e 2ª acep. **2.** Saltón (Serandías, Allande). **3.** V. grilla; langosta 1ª acep.
grillón, -úa. adx. Que fai un ruído agudo (Coaña).
grilo, -a. s. m. Nome común de diversas especies de insectos ortópteros da familia dos grílidos. De quince a trinta milímetros de lonxitude, presentan cabeza grande e dorsos aplanados. Os machos teñen as ás máis longas que a femia, coas que producen un son característico de canto. Diferéncianse tamén das femias na presenza de dous

rabos fronte a estas que teñen tres, sendo o do centro o que lles serve para depositar os ovos (*Gryllus campestris* ou *Gryllus domesticus*). **2.** Brote das plantas, especialmente da pataca ou do nabo. **3.** Cría da lagosta (Tapia de Casarego). // **Grilo ceboleiro.** V. alacrán 2ª acep. (Grandas de Salime). // **Ter *muitos* grilos (*grillos*) na cabeza.** Ter pouco xuízo. **2.** Ter moita imaxinación.

grima. s. f. Sensación desagrable que producen certas cousas.

gringo, -a. s. m. e f. Indiano. **2.** Estadounidense.

gringuada. s. f. Acción propia dun indiano ou un estadounidense (Tapia de Casarego).

grinza. s. f. Auga conxelada que cae violentamente das nubes en forma de gran (Boal); graízo, greiza 2ª acep., greizo, salabreo.

grinzar. v. Caer *grinza* (Boal); salabrear, sarabear.

grinzo. V. grinza (Boal).

gripada. s. f. Gripe forte. **2.** Andazo de gripe.

gripe. s. f. Enfermidade infecciosa viral, contaxiosa, caracterizada por un decaemento xeral. Na medicina tradicional curábase con viño branco con azucre ou leite ben quente con mel e un pouco de coñac. **2.** Enfermidade do gando que produce febre alta e orixina a aparición de pequenas úlceras de color branca na boca e no medio dos pezuños. Obs. Nalgúns concellos eonaviegos é de xénero masculino.

gris. adx. e s. Color cincenta, que resulta da mestura de branco e negro.

grixo. s. m. Grava, pedra triturada que se emprega para facer o chan de camiños e estradas. **2.** Pedregal de río con moitos seixos (Eilao). **3.** Canto de río (Abres).

groba. s. f. Lugar con moitas xógaras (Navia); xógaral. **2.** Barranco, precipicio (El Valledor).

grobo. s. m. Terreo con forma cóncava; groba 2ª acep. (San Martín de Ozcos).

grobo* → globo.

grolar. v. Gruñir. **2.** Emitir a súa voz un pombo para atraer a unha pomba.

grollo. V. grolo 1ª e 2ª acep.

grolludo, -a. V. groludo.

grolo. s. m. Parte dun líquido que se coagula. **2.** Grumo que se forma nunha masa; gorollo, grollo. **3.** Faba redonda de color escura cunha mancha branca (Tapia de Casarego).

groludo, -a. adx. Cheo de *grolos*, como nunha masa.

groma. s. f. Broma.

gromar. v. Botar os gromos as árbores ou as plantas. **2.** Comezar a aparecer algo (El Franco).

gromiar. v. Facer bromas.

gromista. s. m. Bromista.

gromo. s. m. Brote das árbores e das plantas. **2.** V. grolo 2ª acep. **3.** Parte do lombo entre as patas de diante do cabalo (San Martín de Ozcos). **4.** Enxerto.

groña. V. gouña (Boal, Allande, Villaión).

groria* → gloria.

groriar* → gloriar.

groselleira. s. f. Arbusto con ramas da familia das saxifragáceas, dun metro a metro e medio de altura, con follas lobadas, flores pequenas verdes e brancas e con froito vermello ou raramente branco de sabor agridoce (*Ribes rubrum*), (Boal).

groumo. V. gromo 1ª acep.

grouña. V. gouña.

grúa. s. f. Máquina, fixa ou móbil, para erguer cargas.

grueira. s. f. Furado para que pase a auga nas lanchas (As Figueiras).

gruma[1]. V. bruma.

gruma[2]. V. bicho 6ª acep. (As Figueiras).

grumado, -a. adx. Que brotou.

grumar. V. gromar.

grumín. s. m. (pl. grumíos). Diminutivo de grumo.

grumo. V. grolo 2ª acep. **2.** V. gromo 1ª acep. **3.** Zume que teñen as árbores na primavera.

gruña. V. gouña (Pezós, Tapia de Casarego, Eilao, Castropol, Allande, A Veiga, Grandas de Salime, Coaña).

gruñido. s. m. Berro do cocho.

gruñir. v. Dar berros ou emitir sons o cocho.

gruñón, -a. adx. Rosmón, que protesta.

grupa. s. f. Cabo que se emprega para recuperar risóns ou poutadas no mar.

grupo. s. m. Conxunto de persoas ou cousas. **2.** Potaxe mesturada con fariña de millo (Allande).

grupín. s. m. (pl. grupíos). Diminutivo de grupo.

gua. s. m. Xogo de nenos, variedade da *bolicha*. Xogábase con abelás grandes ou bólas, sendo o gañador o que máis bólas metía nun furado. **2.** Furado deste xogo. **3.** Sexto golpe que se dá á bóla para metela no furado (A Veiga).

gua, gua! interx. Voz que se emprega para espantar os paxaros.

guadaña. V. gadaña.

guano. s. m. Fertilizante artificial químico.

guantada. s. f. Golpe dado na cara coa man.

guante. s. m. Peza de roupa que serve, axustada na man e nos dedos, para protexerse do frío ou doutra cousa.

guapín, -ía, -iña. adx. Diminutivo de guapo.

guapo, -a. adx. Aplícase ao que é fermoso. **2.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de El Mazo Novo (Santalla de Ozcos). // **El que é guapo, con pouco que se *cuide* basta.** Refrán que alude a que a persoa que é guapa non precisa de moitos coidados. // **Guapas (as).** s. f. pl. Personaxes das máscaras dos *Reises* do concello de Ibias, que son as madamas, o valenciano, o soldado, o maragato e a muller. Tamén se chaman os da roupa boa. // ***Táche* guapo!** Expresión que indica admiración, sorpresa etc.

guapura. s. f. Beleza.

guaracha. s. f. Alpargata (Coaña).

guarda. V. escote 1ª acep. (Taramundi).

guardacabo. s. m. Calquera dos ollais que se abren nas velas dunha embarcación para que pasen por eles os cabos (El Franco). **2.** Na arte da cacea, aro por onde pasa o andarivel.

guardacalor. s. m. Forro con que se reforzan as chemineas e tubos de escape das embarcacións. **2.** Construción metálica que alberga o motor dunha embarcación.

guardado, -a. adx. Protexido, defendido.

guárdala ben que non cha vexan. loc. Xogo de nenas onde ten unha que adiviñar quen das nenas, que están sentadas en fileira, ten unha pedra, que lla deu outra das que queda. Se a primeira nena atinaba íase con ela, se non formaba outro grupo. Ao final gaña quen teña o grupo máis grande (Boal).

guardamares. s. m. pl. Nun mazo, táboas verticais que van cravadas ao *chifrón* pola parte dianteira, e ao *maseirón* nos laterais do rodicio, servindo para aproveitar ao máximo a auga nos xiros do rodicio.

guardamonte. s. m. M*edia luna* da roda do carro (Vilarmeirín, Os Coutos).

guardamontes. s. m. Persoa encargada de vixiar e protexer os montes. **2.** V. sapalingresa (Navia).

guardarríos. s. m. Persoa encargada de vixiar a pesca e protexer os ríos.

guardado, -a. V. gardado.

guardar. V. gardar. // ***Dios* (*San Antonio*) chas *guarde*.** Forma de saúdo a unha persoa cando está coidando as vacas. // **El que *guarda* da noite *pral* día, ten alegría.** Refrán que alude a que se deben respectar as horas da noite para durmir e as horas do día para traballar.

guardarríos. s. m. Persoa encargada de vixiar os ríos e a pesca neles.

guardia. s. m. Persoa encargada de preservar a seguridade pública nas zonas rurais. // ***Guardia* civil.** Arenque salgado.

guardián, -a. s. m. e adx. (pl. guardiais). Persoa que garda ou vixía algo.

guardias i lladrois (aos). s. m. pl. Xogo de nenos onde o que importaba era correr. Os que facían de *guardias* tiñan que coller os ladróns e perseguilos para que non se escondesen e poder collelos.

guardilla. s. f. Nun mazo, cada un dos dous puntais verticais de madeira que se sitúan na parte central da *caxa* do banzado.

guarecerse. v. prnl. Protexerse da chuvia (Navia).

guarnición. s. f. Ferraxe das rodas do carro. // **Guarnición enteira.** Ferraxe que cobre toda a madeira da roda do carro (Vilar de Cendias).

guarnir. v. Encaixar as pezas dalgunha cousa ou moble, reparar. **2.** Tramar, urdir (Tapia de Casarego, Navia).

guau, guau! interx. Voz que imita o ladrido dun can.

gubernín* → gobernín.

gubia. s. f. Ferramenta de media cana e *boca* curva que usan os carpinteiros, galocheiros e zoqueiros para facer furados na madeira. // **Gubia de *trobar*.** Gubia longa e de *boca* máis ancha que as normais, que se empregaba para baleirar os troncos para facer trobos.

gubio. s. m. Ferramenta cun mango gordo de madeira e un gancho metálico disposto en zigzag.

guchumeiro, -a. adx. e s. Lugar escuro. **2.** Persoa que ve onde está escuro (Santalla de Ozcos).

gue. s. m. Nome da letra g.

gueba. s. f. Estela (Serandías, Eilao, Coaña). **2.** Cacho grande de pan (Castropol).

guebo. s. m. Cacho de pan (Coaña); gueba 2ª acep.

guebón. s. m. Cacho de leña partido dun tronco dunha árbore cunha brosa, normalmente dun castiñeiro vello (Boal).

guedelleira. s. f. Conxunto de cabelos longos da cabeza.

guedelludo, -a. V. gadelloso.

güei! interx. Expresa sorpresa ou admiración, por suposto que, claro que si, claro que non etc. (Allande, Tapia de Casarego).

gueima. s. f. Bolo ou bola de pan (Castropol).
gueimola. s. f. Bolo ou bola de pan branco (Castropol).
gueimolo. V. gueimola (Castropol).
gueireña. V. queirota 1ª acep. (Allande).
gueirota. V. queirota 1ª acep. (Villaión).
gueiteiro*, -a → gaiteiro.
gueldo. s. m. Engado que empregan os pescadores para coller *múxeles* ou pequenos crustáceos (Castropol). **2.** Traballo excesivo. **3.** Chusma. **4.** Cousa pequena, de pouco proveito (Boal). **5.** Conxunto de xente miúda. **6.** Plancto vexetal ou conxunto de elementos vexetais do plancto.
gueldiar. v. Pescar con gueldo (Castropol).
güeldo. V. gueldo 1ª e 3ª acep.
guelfo, -a. adx. Aplícase á persoa ou besta coa mandíbula inferior que lle sobresae máis que a superior. **2.** Por extensión, dise da mandíbula inferior que sobresae máis que a superior. **3.** s. m. Beizo das cabalerías (Boal). **4.** Dise da persoa que lle sobresae máis o beizo de baixo que o de enriba.
guenalas. s. f. pl. Ovas de peixe (Castropol).
guerindola. V. guirindola.
guerra. s. f. Loita a man armada entre países, partidos, terras etc. // **Dar guerra.** Molestar. // ***Llevar* a guerra na cara.** Estar anoxado (Boal).
guerrear. v. Pegarse. **2.** Contrapoñer unha cousa contra outra. **3.** Rifar, discutir. **4.** Molestar, enfastiar (*El neno nun para de guerrear*).
guerreiro, -a. adx. Que ten mal carácter e gusta das pelexas; guerrieiro.
guerriar. V. guerrear.
guerrieiro, -a. adx. Aplícase á persoa que lle gustan as pelexas ou os enredos.
güeva* → ova.
gufar. v. Facer o amor (Castropol).
guía. s. f. Rama dunha árbore que sae directamente do tronco. **2.** Rama dunha planta (Vilanova de Ozcos). **3.** Abella que dirixe un enxame (San Martín de Ozcos). **4.** Peza dunha máquina ou aparello que dirixe o movemento doutras pezas do mecanismo. **5.** V. pico 24ª acep. **6.** Peixe perciforme da familia dos caránxidos, duns trinta e cinco centímetros de lonxitude, co dorso azul, os lados prateados e cinco anchas bandas transversais de color azul escura (*Naucrates ductor*), (Tapia de Casarego, Ortigueira). **7.** Rumbo.
guiada* → aguillada 1ª acep.
guiador, -a. adx. Que guía.
guiar. v. Acompañar a alguén. **2.** Conducir (*Guiar un coche*). **3.** Aconsellar, gobernar. **4.** Dirixir un carro de vacas ou bois (Abres).
guiarego, -a. adx. e s. m. e f. Natural de Guiar (A Veiga). **2.** Pertencente ou relativo a Guiar (A Veiga).
guiceiro. s. m. Extremo ou poste sobre o que xira unha porta que non ten bisagras (Boal, San Martín de Ozcos, Navia). // **Porta de guiceiro.** Porta que ten este sistema.
guichada. adx. Dise da pataca atacada por un verme (San Martín de Ozcos).
guichar. v. Espiar, vixiar. **2.** Atacar as patacas o *guiche* (San Martín de Ozcos).
guiche. s. m. Verme longo, de color amarela, que ataca as patacas (San Martín de Ozcos). **2.** Neno pequeno (Santalla de Ozcos). **3.** Neno revoltoso, inquedo (Santalla de Ozcos).
guicheiro. s. m. Furado pequeno por onde se pode espiar.
guichueiro. s. m. Cabanón pequeno. **2.** V. guicheiro.
guilfa. s. f. Vento forte e frío.
guilfo. s. m. Mandíbula inferior que está máis adiantada que a superior (Castropol); guelfo 2ª acep.
guillada* → aguillada 1ª acep.
guillado, -a. adx. Tolo, aparvado.
guillar. V. aguillar (Os Coutos).
guilopo. s. m. Rapaz con agudeza, vivo, listo (Allande).
guímaro, a. adx. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Sena (Ibias).
guinaldeiro. s. m. Máscara de Nadal (El Valledor). **2.** Persoa ou neno que piden o aguinaldo cantando.
guinaldo. s. m. Canción que se cantaba en Nadal, que podía ser de carácter relixioso, sobre as ánimas, dos vivos, de temas tradicionais ou picantes. **2.** Regalo que se facía á xente polo Nadal (antes do día de Reis) que ía cantando e pedindo polas portas das casas ou no Entroido. **3.** Esmola que se daba aos pobres no Nadal. **4.** Axuda económica que se pedía aos veciños cantando polas casas unha poesía ou canción pola morte dun animal, especialmente polos burros (Seares). // ***Guinaldo* das ánimas.** Sobre as ánimas. // ***Guinaldo* dos vivos.** Sobre as persoas que viven.
guinche. s. m. Conxunto de poleas independentes, unhas fixas e outras móbiles, a través das que vai unha mesma corda ou cadea e que serven para erguer pesos (Coaña). **2.** Torno con eixe horizontal para erguer pesos ou

varar as embarcacións (Castropol, Tapia de Casarego, El Franco).

guincho. s. m. Aparello para subir as colleitas nas zonas inclinadas, feito na década dos anos 1940 (Taramundi). **2.** Pau onde se pode colgar algo como roupa ou unha zamarra.

guinda. s. f. Froito da guindeira.

guindal. V. guindeira (Ibias, El Franco, Navia).

guindar. v. Subir a un lugar alto. **2.** Colgar (Seares). **3.** prnl. *Abalanciarse*. **4.** prnl. Aforcarse (Abres).

guindaste. s. m. Armazón de madeira xiratoria da que colga a gamalleira. **2.** Peza do muíño que é unha especie de pequena grúa que se move lateralmente, con dous brazos de madeira ou ferro para erguer as pedras sen rompelas para poder picalas.

guindaster. V. guindaste (Eilao).

guindastre. V. guindaste.

guindeira. s. f. Árbore caducifolia da familia das rosáceas, de follas pecioladas e con forma de ovo, flores brancas e froito doce, de color rosada e sabor entre doce e agre. O seu froito é a guinda (*Prunus cerasus*), (Tapia de Casarego, Villaión, Os Ozcos, A Veiga, Castropol, Boal).

guindeiro. V. guindeira (El Franco, San Martín de Ozcos, Navia).

guindilla. s. m. Garda civil (Os Ozcos).

guindo. V. guindeira (El Franco).

guindola. s. f. Táboa colgada de dúas cordas que se usa para traballar ou pintar.

guindón. s. m. Trampa para paxaros (Ortigueira, Navia). **2.** V. guindaste (Serandías).

guinguirindainas. s. m. pl. Xogo de nenos, que se xoga entre dous con fabas. Un deles ten varias nas mans que pon por detrás de si e o outro ten que acertar cantas ten. É unha variedade do *alduño*.

guiñada. s. f. Desvío da proa dunha embarcación cara a un lado e a outro do rumbo no que se navega, producido por un mal goberno da mesma, descoido, marusía etc. **2.** Tirón, en varias veces. **3.** Movemento de xeito rápido con intención de cambiar a dirección que se leva, desvío (*El gato daba muitas guiñadas despois de ver os cais tras del*). // **De guiñada.** Dunha vez (*Despois veis de guiñada*).

guiñapo. s. m. Desastre, calamidade (*Deixáronlo feito un guiñapo*).

guiñar. v. Pechar un dos ollos. **2.** Morrer. **3.** Desviarse ou xirar arredor da áncora unha embarcación fondeada, polo vento, a marea, a corrente etc. **4.** V. ensillar (Allande). // ***Guiñar* el ollo.** Morrer.

guiñazo. s. m. Golpe (Boal).

guiñuada. V. guiñada.

guipar. v. No xogo da baralla, comer unha carta. **2.** Roubar (Tapia de Casarego). **3.** Sorprender, coller. **4.** Escoitar, vixiar ás escondidas.

guirigai. s. m. Alboroto, conxunto de moita xente que falan e berran ao mesmo tempo.

guirigolo. s. m. Garavanzo (A Veiga).

guirindola. s. f. Adorno dunha cinta, un colgante etc., normalmente de pouco valor e que se colga no pescozo. **2.** Por extensión, cousa de pouco valor.

guirnalda. s. f. Tipo de nó mariñeiro que se utiliza para ter recollida a caída dun cabo.

guisa. s. f. Maneira, modo. // **Nas guisas.** Con rapidez e sorpresivamente. // **Nas guisas del demo.** No momento, de xeito rápido.

guisado, -a. adx. Cocido ou frito. **2.** s. m. V. guiso.

guisar. v. Preparar unha comida cocéndoa ou fritíndoa con diversos condimentos.

guiso. s. m. Prato feito con fabas, ervellos, garavanzos etc., carne e unto.

guisopo. s. m. Instrumento que serve para espallar o *perbinxe* nun enxerto (San Martín de Ozcos); hisopo.

guisote. s. m. Guiso.

guita. s. f. Especie de corda (Os Coutos).

guiteria. s. f. Enfermidade infecciosa transmitida por un bacilo que se atopa nas mucosas nasais, farínxeas, larínxeas e traqueais, en feridas infectadas, no nariz e farinxe das persoas.

guitón, -úa. adx. Que ten curiosidade por coñecer, ver etc.

guixa. s. f. Forza. **2.** adx. Dise da muller que lle gusta sementar discordia.

guixo. s. m. Cría da troita (Boal). **2.** Triunfo pequeno (Villaión).

guixón. s. m. Vara gorda e longa que se usa para quitar as troitas dos furados onde se meten e que caian nas nasas.

guixueiro. V. guichueiro.

guldrido, -a. adx. Golpeado de xeito forte, mallado.

guldrir. v. Golpear fortemente a unha persoa, maltratar. **2.** Molestar (Coaña). **3.** Absorber, consumir. **4.** Esmagar, estragar.

gulisma. s. f. Ansia, desexo.

gulitrar. v. Comer moito (Castropol).

gulitrón, -úa, -oa. adx. (pl. gulitrois). Lambón, dise da persoa que lle gusta comer moito; enchentón.

gulla* → agulla.
gullarapo. V. cullarapo (Castropol).
gumitar* → gomitar.
gurbizo. V. gorbizo 1ª acep.
gurgullo. s. m. Nome común de diversos insectos coleópteros, de corpo oval e rostro longo e curvado, no que se atopa a boca. As especies máis coñecidas son as que atacan a diversos vexetais, especialmente aos cereais (*Bruchus sp.*, *Acanthoscelides sp.*, *Calandra sp.*, *Balaninus sp.*, *Anthonomus sp.* etc.). **2.** Couza que ataca a madeira.
gurgutar. v. Tentar falar sen poder facelo, normalmente por algo negativo. **2.** Falar facendo ruído coa gorxa. **3.** Protestar.
gurín. (pl. guríos). V. gorín.
gurín, gurín! V. gorín, gorín!
guripo. V. rato[1] (Boal).
gurismar. v. Gustar moito, especialmente referido á comida (Vilanova de Ozcos).
gurnición. V. guarnición.
gurrafo. V. gorrafo.
gurria. s. f. Algo de mal aspecto (*Parece unha gurria*).
gurrias. s. f. pl. Restos da placenta cando pare unha vaca.
gurrías. V. gurrias.
gurrión*, -úa → gorrión[1]; gorrión[2].
gurrispo. V. gorrispo.
gurrufeiro. s. m. Tipo de cabalo que antigamente era parecido ao *asturcón* (Boal).
gurullo. V. gorullo (Ibias). **2.** V. grolo 2ª acep.
gurrumba. s. f. Chepa.
gurrumbio. s. m. Líquido que botan as morcillas cando están embutidas.
gurrumbo, -a. adx. Con chepa.
gusarapa. s. f. Larva dos plecópteros que se utiliza como engado para pescar e que vive debaixo das pedras dos ríos.
gustar. v. Sentir o sabor na boca. **2.** Agradar. **3.** Desexar.
gusto. s. m. Sentido que permite percibir e distinguir o sabor das cousas. **2.** Sabor. **3.** Cousa que produce pracer. // **A gusto.** De xeito agradable. **2.** Con comodidade. // **Dar gusto.** Lograr un algo como o quería (*Deste xeito a nena dá gusto tela*). **2.** Gustar, agradar (*Daba gusto velas*). // **Non *tar* a gusto.** Estar incómodo. // **Perder o gusto por algo.** Agradar, alegrar (Santiso de Abres). // ***Tar* a gusto.** Estar cómodo. // ***Tou* gusto, meu contento.** Dito que expresa unha situación de acordo (Boal, Tapia de Casarego).
guteira* → goteira.
guteiral* → goteiral.
gutín* → gotín.
guxarapa. V. gusarapa (Boal).
guzmar. v. Fungar, rosmar, protestar (Eilao).

H

h. s. m. Oitava letra do alfabeto galego. Non representa fonema ningún, polo tanto non se pronuncia. O seu nome é *hache*.
habaneira. s. f. Canción e danza orixinarias de Cuba.
habaneiro. s. m. Persoa que volvía da Habana; americano.
habelidá* → habilidá.
habelidoso*, -a → habilidoso.
haber. v. Estar presente (*Hai muita xente no enterro*). **2.** Pasar certo tempo (*Hai sete anos daquelo*). **3.** Ir (*Había muita calor no vrao*). // **Haber mar.** Estar o mar moi axitado polo efecto do vento. // **Haber + (a) + infinitivo.** Perífrase verbal que expresa unha acción futura (*El martes hei a ir á feria*, *Has a mirar tamén a del outeiro*), obrigatoriedade (*Hei a pedircho*), intencionalidade (*Hei a darllo*), significación que algo estivo a piques de acontecer (*Houbiche a castigalo, Houben a ir*). // **Haber + (de) + infinitivo.** Perífrase verbal con idea de futuro ou recomendación (*Has de calar agora*, *Hai de comer*). // **Haber + infinitivo.** Perífrase verbal que expresa intencionalidade ou que algo estivo a piques de acontecer (*Había ir*, *Hanme matar*). // **Haber + que + infinitivo.** Perífrase verbal co sentido de obrigatoriedade (*Hai que acabar xa*).
habilidá. s. f. Maña, destreza.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
habilidoso, -a. adx. Que ten maña.
habilitado, -a. adx. e s. m. e f. Persoa que é apta para facer unha cousa, como o que manexa unha máquina dunha embarcación sen ser maquinista (El Franco).
habilitarse. v. prnl. Facerse hábil para determinadas cousas (Santalla de Ozcos).
habitación. (pl. habitaciois). V. cuarto[1] 1ª acep.
habitar. v. Residir ou vivir nalgún sitio.
hacenda* → facenda.
hache. s. m. Nome da letra h.
hacia. prep. En dirección a.
Obs. Trátase dun castelanismo.
haiga. s. m. Automóbil moi grande e de aspecto luxoso que traían os indianos de América.

halador. s. m. Instrumento de madeira con roldana que serve para tirar dos cabos ou dos aparellos nunha embarcación (Ortigueira).

halar. v. Tirar de algo, como dun cabo nunha embarcación ou dun fío de pescar. **2.** Recoller un aparello de pesca do mar, como o palangre. **3.** V. cobrar 7ª acep. **4.** V. levar 17ª acep.

hanguano. V. hougano (El Franco, Villaión).

harmonía. s. f. Boa correspondencia nas relacións entre dúas e máis persoas. **2.** Combinación equilibrada de sons, voces, colores etc.

harmónica. V. solfa.

harmonio. s. m. Instrumento musical como un pequeno órgano que se accionaba con pedal e se tocaba na igrexa en certos actos solemnes como nos enterros.

hasta* → asta.

hazaña. s. f. Mala acción.

hebilla* → febilla.

hechiceiro. s. m. Persoa que fai feitizos.
Obs. Trátase dun castelanismo.

hedra. s. f. Planta leñosa rubideira, da familia das araliáceas, de talos con moitas ramas e grosos, que se fixan nas árbores, rochas, paredes etc. As follas son perennes, pecioladas, coriáceas e de color verde escura. As flores son pouco vistosas, de color verde amarelas e o froito é negro (*Hedera helix*). **2.** Variz (Castropol).

héliz. s. m. Peza que propulsa a unha lancha, un barco etc.

hemorraxa. s. f. Perda de sangue abundante en calquera parte do corpo.

henchizar* → encantar.

henchizo* → feitizo.

henguano. V. hougano (Tapia de Casarego, Boal).

herba. s. f. Pequena planta fanerógama, con talo débil, que morre cada ano e se usa normalmente como alimento para o gando. **2.** Pasto. **3.** Feo. **4.** Conxunto de plantas herbáceas. // **Ano de *muita* herba, ano de *muita* merda.** Refrán que indica que cando medra moita herba é unha sorte para a alimentación do gando. **2.** Indica que cando hai moita herba non hai moi boas colleitas. // **(A) mala herba nunca morre.** Expresión que se utiliza para indicar que o malo é moi resistente e perdura (Castropol). **2.** Expresión que se aplica a unha persoa á que se atribúe algo malo (Castropol). // **Herba abelleira.** Herba vivaz da familia das labiadas, de talo cuadrangular, follas ovais e festonadas, opostas e flores irregulares, brancas ou rosadas. Esta planta ten un aroma agradable que recorda ao limón, é medicinal e recibe este nome pola atracción que produce ás abellas, polo que se utiliza para capturar enxames (*Melissa officinalis*). // **Herba *belleira*.** V. Herba abelleira (Boal, Eilao). // **Herba branca.** Planta vivaz da familia das gramíneas, pubescente e branca, de corenta a oitenta centímetros de altura, pequenas espigas brancas ou algo rosadas e flores con aresta curta e curvada (*Holcus lanatus*). // **Herba *carola*.** V. carola. // **Herba *cheirúa* (*cheiroa*).** Planta anual da familia das amarantáceas, de talo verde ou vermello, follas ovais e flores verdes (*Amaranthus sp.*). // **Herba da *colobra* (*culobra*).** Planta que se utilizaba para curar as picaduras de cobra (A Veiga, Allande). // **Herba da maldición.** Planta da familia das oxalidáceas, duns quince centímetros, con bulbo, debilmente velenosa polo seu contido de ácido oxálico e que medra na sombra. As súas follas son trifoliadas e os pétalos teñen veas vermellas (*Oxalis acetosella*). // **Herba da *mota*.** Herba de follas longas e estreitas que ten unha raíz con forma de abelá (Tapia de Casarego). // **Herba das abellas.** V. menta (Allande). // **Herba das rosas.** Pequena planta vivaz da familia das droseráceas, de talo curto, con raíces negras e fibrosas, follas dispostas en roseta e flores brancas (*Drosera rotundifolia*), (Grandas de Salime). // **Herba de *corrá* (*corrás*).** V. corriola 1ª e 2ª acep. (Os Ozcos). // **Herba de *nubre*.** Trevo. // **Herba de *grillo*.** Planta vivaz de pequenas follas carnosas, que vive en muros e lousados soleados (Boal). // **Herba de *herbar*.** Calquera tipo de herba medicinal. // **Herba de *pallal*.** Herba que sae despois de limpala. // **Herba de *sultoxo*.** V. sutoxo. (Os Ozcos). // **Herba del (do) cego.** Ortiga. // **Herba del cuco.** Planta de color encarnada que medra no monte (Boal). // **Herba del *érrado*.** Planta que cura esta enfermidade (San Martín de Ozcos). // **Herba del *garrotillo*.** Herba anual ou bienal da familia das cariofiláceas, de talos ascendentes, follas ovais opostas, flores brancas e pequenas e froito en cápsula con numerosas sementes. Ten varias propiedades medicinais e dáse aos paxaros (*Stellaria media*). // **Herba del mel.** Planta herbácea da familia das escrofulariáceas, de talos erguidos, ramalludos, que pode acadar os oitenta centímetros de altura,

follas lanceoladas e flores grandes amarelas (*Linaria sp.*). // **Herba del pano.** Nome común das especies do xénero *Trifolium*, da familia das papilionáceas. Son plantas vivaces ou anuais, de follas trifoliadas e flores vermellas, rosadas, brancas, amarelas etc., xuntas en espigas. Hai numerosas especies silvestres, algunhas empregadas como forraxe (Boal). // **Herba del ramo.** V. calzois de cuco (Eilao). // **Herba moura.** Planta anual da familia das solanáceas, de talos negros, de dez a setenta centímetros de altura, follas simples, ovatolanceoladas, dentadas ou angulosas, flores pequenas e brancas e froito en pequena bóla de color negra (*Solanum nigrum*), (Eilao, Grandas de Salime, Tapia de Casarego). // **Herba *pallaría*.** Herba frecuente nos campos sementados (Eilao). // **Herba *salada*.** V. aceda 1ª acep. // **Herba seca.** Herba curada que se lle dá ao gando como alimento. // **Herba *sedeña* (*sereña*, *serreña*).** Planta herbácea da familia das gramíneas, duns trinta a oitenta centímetros de altura, con follas moi longas e cortantes e espiga alongada (*Brachypodium rupestre*). // **Herba trigal.** Herba semellante ao trigo (Eilao). // **Herba verde.** A que se sega verde nos prados de regadío e serve como alimento para o gando. **2.** Ás veces identifícase coa *nocella*. // **Herbas da *porretancha*.** Tipo de planta (Vilanova de Ozcos).

herbaca. s. f. Herba en sentido despectivo.

herbado. s. m. Monte ou terreo cheo de herba (Allande).

herbanzolo. s. m. Planta da familia das compostas, perenne, con talos entre trinta e cen centímetros, follas ovadas a lanceoladas dentadas ou lixeiramente lobuladas, flores de color púrpura (*Centaurea nigra*), (Eilao).

herbar. v. Medicar con herbas (San Martín de Ozcos).

herbaxe. s. f. Pasto. **2.** Cantidade que cobraban antigamente os *brañeiros* por coidar o gando e os donos do monte por permitir pacer alí os animais (Os Ozcos).

herbaza. V. herbazón (Ibias).

herbazón. s. m. Herba silvestre que medra en terreos sen cultivar, secos e mal fertilizados, que non come o gando.

herbeiro. adx. Aplícase ao ano en que medran moitas herbas nos prados.

herbía. s. f. Herba pequena.

heredar. v. Recibir as propiedades doutra persoa despois da súa morte.

heredeiro, -a. s. m. e f. Persoa que herda.

heredencia. s. f. Conxunto de propiedades que recibe unha persoa ao morrer outra (Navia).

herencia. s. f. Aquilo que se herda, patrimonio, legado.
Obs. Trátase dun castelanismo.

herexe. s. m. Persoa que profesa unha doutrina contraria á oficialmente establecida nos dogmas ou principios da relixión.

herexía. s. f. Doutrina contraria aos dogmas da relixión.

hernia. s. f. Saída dun órgano ou de parte del da cavidade onde estaba, producíndose un vulto no corpo.

herniado, -a. adx. Que ten unha hernia.

hespiciano*, -a → hospiciano.

hespicio* → hospicio.

hespital* → hospital.

hestoria* → historia.

hibilla* → febilla.

higrómetro. s. m. Aparato que mide a humidade atmosférica. No mundo tradicional usouse moito un higrómetro de cartón coa figura dun monxe que marcaba cun pequeno pau o tempo que facía: chuvia, nubes, calor etc.

hinchar* → inchar.

hinchiceiro* → hechiceiro.

hinchizo* → feitizo.

hinguano. V. hougano (Allande).

hipar. v. Ter impo (*hipo*).

hipio. V. hipo.

hipo. s. m. Efecto de respirar con dificultade e con movementos que se repiten de xeito seguido, pero que dura pouco. // **Quitar el *hipo*.** Causar admiración, sorprender.

hisopada. s. f. Acción de botar auga cun hisopo.

hisopo. s. m. Pau cun trapo enrolado no extremo para repartir o aceite na tixela cando se fan as filloas (Taramundi). **2.** Pincel grande usado polos calafates para poñer brea nas embarcacións (Tapia de Casarego). **3.** Utensilio para botar auga con aceite na superficie do mar conseguindo unha maior visibilidade do fondo. **4.** Instrumento para botar auga bendita.

historia. s. f. Conto inventado.

ho! interx. Indica chamada de atención, reafirmación, incredulidade, dúbida etc. (*Si, ho!*).

hoe* → hoi.

hogano. adv. e s. m. Este ano (Boal, San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos); hougano.

hoi. adv. Neste día presente; hoxe. **2.** No tempo presente. // **De *hoi* en fóra,**

***cualquer* día.** En calquera momento (Boal). **2.** A partir de agora. // **De *hoi* nun ano.** Dise cando se desexa que un acontecemento se volva celebrar o ano seguinte (Boal). // **De *hoi* nun mes i *cadaldía* tres.** Dise cando se agarda que un acontecemento se repita (Boal). // **De *hoi pra* mañá.** Deseguida, con toda rapidez. // ***Hoi* en día.** Actualmente. // ***Hoi* por min, mañá por ti.** Refrán que alude á necesidade de axudarse unhas persoas ás outras e que se correspondan de xeito mutuo.

homaco. s. m. Home en sentido despectivo.

homada. s. f. Acción que se pretende propia dun home, pero con falsa presunción.

homaxo. s. m. Home en sentido despectivo.

homazo. s. m. Home grande (Allande).

home. s. m. (pl. homes). Individuo macho da raza humana. **2.** Marido. **3.** Persoa adulta. // **Al home de máis saber, pode *botallo* a muller a perder.** Refrán que alude a que un home por amor pode facer calquera cousa por unha muller. // **Al home *polla* palabra, al boi *polla* corda.** Refrán que mostra a obrigación que ten o home de cumprir a súa palabra e o boi de tirar ou arar. // **Al home *probe*, *nun* lle *salen* os *ladrois*.** Refrán que alude a que á xente pobre non lle rouban os ladróns. // **Al home pola palabra, i al boi pola corda.** Refrán que indica a obrigación que ten o home de cumprir a súa palabra e o boi xunguido de tirar ou arar. **2.** Indica que se coñece o home e o boi polas súas calidades. // **El home *asta* os setenta i a muller *mentras* alenta.** V. El home *mentras* pode, a muller asta que morre. // **El home *mentras* pode, a muller *asta* que morre.** Refrán que alude ao dominio da muller nunha parella ou a actividade sexual. // **El home que ten experiencia, tamén ten *cencia*.** Refrán que explica que o home con experiencia tamén ten sabedoría. // **Home ben nacido mal querido.** Refrán que alude a que se estiman mal as persoas boas. // **Home casado, home *estropeado*.** Refrán que dá a entender que cando un home casa, a súa muller é a que manda. // **Home casado, muller é.** V. Home casado nin muller é. // **Home casado nin muller é.** Refrán que se emprega cando se quere dicir a un home casado que non vale para nada. // **Home cazador e *truiteiro*, nin meda nin palleiro.** V. Home truiteiro nun lle medra el palleiro (Santiso de Abres). // **Home de palla.** Muller con características masculinas. // **Home de pedra, home de merda.** Refrán que recrimina ao home que é insensible. // **Home del saco.** Ser mitolóxico caracterizado por levar un saco, onde presuntamente leva os nenos que se portan mal. // **Home del unto.** V. sacaúntos. // **Home do sábado e boi de *lunes*.** Refrán que alude a que o home traballa o sábado e o boi o luns e ningún o domingo (Santiso de Abres). // **Home escarmentado vale por dous.** Refrán que alude á vantaxe de obrar con prevención para non ser enganado de novo. // **Home falangueiro, *mullerego*, *trapaceiro*.** Refrán que alude a que non se debe fiar un deste tipo de home, especialmente as mulleres. // **Home fraque, i non de fame, *Ilibrete Dios* que te agarre.** V. Home *fraque*, i non de fame, mira (ben) que non te agarre. // **Home *fraque*, i non (*nun*) de fame, mira (ben) que *nun* te agarre.** Refrán que recomenda non meterse coas persoas fracas que comen moito, pero como non engordan, considérase que están áxiles. // adx. e s. **Home *ia* medio.** Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Pousadoiro (Ibias), porque son altos. // **Home lobo.** V. sacaúntos (A Veiga). // **Home madrugador, ben que aproveita el frescor.** Refrán que alude que se se madruga se aproveita ben o día. // **Home *marín*.** Ser fantástico que asusta os nenos dos mariñeiros. Vive nunha cova, ten ollos verdeais e corpo cuberto de escamas, metade home e metade peixe. Tamén vai pola costa desfacendo redes e lanchas. **2.** Muller ou nena con características masculinas. // **Home narigudo, mil veces cornudo.** Refrán que alude a que se pensa que un home con moito nariz, ao ser temido ou demasiado respectado, no amor adoita ser bastantes veces enganado. // **Home *pequenín*, embusteiro i bailarín.** Refrán que alude a que as persoas de pequeno tamaño adoitan contar mentiras e que lles gusta a diversión. // **Home pequeno, fol de veleno.** Refrán que alude a que o home de pequena estatura adoita ter mal xenio. // **O home e o can van onde lles dan.** Refrán que alude a que tanto o home como o can onde lles dan de comer alí van (Santiso de Abres). // **Os homes *rañois fain* as mulleres *aldromeiras*.** Refrán que recomenda que o home non sexa agarrado porque se non a muller lle roubará diñeiro ás

escondidas (Boal). // **Un home é un home *anque* a muller lle pegue!** Un home non deixa de ser un home porque lle pegue a muller, considerando que a muller o fai en defensa propia. **2.** Expresa ás veces, ironicamente, que un home non ten autoridade. // **Un home é un home *anque sea debaxo* da cama.** Un home é un home estea onde estea.

home! interx. Indica sorpresa, protesta etc. // **Home ben!** Expresa aprobación, rexeitamento ou dúbida. // **Home non!** Por suposto que non. // **Home si!** Expresa aprobación, rexeitamento ou dúbida. // **Home xa!** Expresa aprobación, rexeitamento ou dúbida.

homecallo. s. m. Home de pouco espírito.

homecón. s. m. Home grande. // ***Homecón* mouro.** s. m. Nubeiro (Villaión).

homega. s. f. Muller á que lle gustan moito os homes.

homelo. s. m. Home pequeno (Allande).

homenexado, -a. adx. Persoa homenaxeada.

homenaxar. v. Celebrar un acto en honra dunha persoa ou institución.

homequín. s. m. Home pequeno.

homilde* → humilde.

homildín*, -ía → humildín.

homín. s. m. (pl. homíos). Home pequeno.

homón. s. m. (pl. homois). Home grande.

homúa. s. f. Muller amiga dos homes. **2.** Muller con características de home.

hon! V. home!

honestidá. s. f. Decencia na conduta moral e social. **2.** Honradez.

honesto, -a. adx. De conduta decente e decorosa. **2.** Honrado.

honrado, -a. adx. Aplícase á persoa incapaz de enganar, roubar ou estafar. **2.** Decente.

honra. s. f. Calidade e actitude dunha persoa, dos seus ditos, do seu xeito de comportarse etc., que a fan ser digna de estima e respecto ante os demais e ante si mesma.

honrar. v. Mostrar respecto a unha persoa.

hora. s. f. Espazo de tempo das vinte e catro partes en que se divide un día. // **A boas horas.** Tarde. // **A cada hora i condo.** En calquera momento. // **Al hora.** Neste momento. // **Chegar a hora.** Morrer. // **Hora de *camín*.** Medida itineraria, incerta, de lonxitude variable. // ***Nun* ser *sin* hora.** Ser xa tarde para facer algunha cousa.

horizonte. s. m. Liña que limita a visión desde un punto calquera. **2.** Liña onde parece que se xuntan o mar e o ceo.

horrio. V. horro (Tamagordas, Illaso, Allande).
Obs. Noutras áreas como Abres trátase dun castelanismo por cabazo.

horro. s. m. Graneiro de tipo asturiano, de planta cuadrangular, formado por unha cámara de pezas de madeira encaixadas, con cuberta piramidal de lousa, vexetal ou mixta, e sustentado normalmente por catro pés rematados con rateiras. Esténdese pola maior parte do Eo-Navia, quitado os concellos de Castropol, Santiso de Abres, Tapia de Casarego e A Veiga, sendo escaso en El Franco; en Ibias é a única tipoloxía de graneiro existente. Os de cuberta vexetal aparecen hoxe en día nos concellos de Ibias, Grandas de Salime, Santalla de Ozcos, Vilanova de Ozcos e San Martín de Ozcos. Destacan polas súas tallas na madeira os dos concellos de Ibias e Allande. Nalgúns puntos teñen características dos cabazos con presenza de doelas como nos concellos de Boal ou Taramundi. A súa función é gardar moitos dos produtos agrícolas e da matanza do cocho.

horror. s. m. Sensación anímica por algo que dá espanto e medo.

horta. s. f. Terreo dedicado ao cultivo de legumes, hortalizas e árbores froiteiras.

hortensa. V. hortensia (Ortigueira).

hortensia. s. f. Arbusto da familia das saxifragáceas, de talos grosos e ramalludos, que pode superar o metro de altura, con follas opostas, elípticas ou ovais, de bordo dentado e con flores de diversas colores (*Hydrangea hortensia*).

hortía. s. f. Horta pequena.

hortín. s. m. Horto pequeno.

hortiquín. s. m. Horto pequeno.

horto. s. m. Terreo pequeno, próximo á casa, polo xeral cercado e dedicado ao cultivo de legumes e hortalizas. **2.** Horta pequena. // **El horto, nel mes morto.** Dito que recomenda plantar o horto nos meses de decembro e xaneiro cando a natureza está durmida, pero non sachalo. // **Nel mes morto, pon (planta) el horto**. V. El horto, nel mes morto (Castropol). // ***Puer* el horto.** Plantar as verzas. // **Se *ques* ter *bon* horto, *plántalo* nel mes morto, *sáchalo* cada mes e *cúitalo* cada tres.** Refrán que recomenda como coidar un horto. // ***Tar* no horto e *nun* ver as verzas!** Non decatarse das cousas.

hortoa. s. f. Horta grande (Os Coutos).

hortúa. V. hortoa.

hospeciano*, -a → hospiciano.

hospiciano, -a. adx. Persoa que está nun hospicio ou procede del.
hospicio. s. m. Albergue para xente sen recursos económicos. **2.** Asilo de nenos que non tiñan pais ou eran pobres.
hospital. s. m. Edificio ou establecemento onde se curan e coidan enfermos.
hospitaleiro, -a. s. m. e f. Persoa que se encargaba antigamente dun hospital ou albergue de peregrinos.
hou, hou! interx. Voz para chamar as galiñas.
houcha. V. hucha 1ª e 3ª acep. (Tapia de Casarego, Castropol, A Veiga).
hougano. adv. e s. m. Este ano; hogano.
houguano. V. hogano (Coaña).
hoxe. V. hoi (Taramundi).
hucha. s. f. Caixa rectangular que ten tapa e que serve para gardar cereais, pan, roupa ou diversas cousas. Algunhas delas poden ter motivos tallados (como nos Ozcos ou Ibias), aínda que a maioría no Eo-Navia son lisas. **2.** Dolmen (Ibias). **3.** V. mexillón (El Franco). **4.** Ataúde, sepulcro (Santalla de Ozcos).
huchón. s. m. Hucha grande.
hueveda* → ova.
hugano* → hogano.
humedá. s. f. Calidade ou estado de húmido.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
humedanza. V. humedá.
húmedo*, -a → húmido.
humidanza. V. humedá.
húmido, -a. adx. Aplícase ao que está impregnado de auga ou outro líquido.
humildá. s. f. Modestia. **2.** Pobreza.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
humilde. adx. Que manifesta modestia. **2.** Pobre. **3.** Suave, brando (Taramundi, San Martín de Ozcos).
humildín, -ía. adx. Moi humilde.
humor* → tumor.
humorento, -a. adx. Húmido (San Martín de Ozcos).
hurrio. V. horro (El Franco, Eilao, Boal, Coaña, Villaión, Navia).
hurro. V. horro (El Valledor, Ponticella, El Franco, Boal, Eilao, Villaión, Navia, Allande).

I

i[1]. s. m. Novena letra do alfabeto galego.
i[2]. conx. copulativa. V. e.
ia. conx. copulativa. V. e (Allande, Ibias, Villaión).
ibiano. V. ibiense.
ibiense. adx. e s. Natural de Ibias. **2.** Pertencente ou relativo ao concello de Ibias.
Obs. Trátase dun castelanismo.
icida. s. f. Subida ou baixada dun acantilado (Navia).
ictericia. s. f. Enfermidade do fígado caracterizada pola presenza de materia colorante da bile no sangue, e que se manifesta exteriormente por unha certa color amarela na pel. Na medicina tradicional de Vilanova de Ozcos críase que se curaba tragando nove piollos.
ida. s. f. Acción e efecto de ir. // **Ir ida por volta.** Ir a un lugar e volver sen parar.
idea. s. f. Noción, concepción xeral dunha cousa. **2.** Pensamento de facer algo. **3.** Intención. // ***Nun* (non) *darse* idea.** Non lembrar. // ***Nun* (non) ter idea.** Non saber.
ideático, -a. V. idiático.
idiático, -a. adx. Aplícase á persoa con manías, raro.
idioso, -a. adx. Aplícase á persoa que ten zunas.
idiota. adx. Dise da persoa que non ten intelixencia. **2.** Parvo, imbécil, ignorante.
ido, -a. adx. Tolo.
ie. conx. copulativa. V. e.
ielo. s. m. Auga en estado sólido.
ielso. s. m. Material branco composto de sulfato cálcico hidratado, que se mestura con auga e se utiliza normalmente na construción.
iema. s. f. Brote dunha planta.
ienro* → xenro.
ieso* → ielso.
iesca. s. f. Materia moi seca e inflamable para a combustión. **2.** Parte do chisqueiro por onde se prende, que nos tradicionais normalmente era un trapo enrolado.
iesqueiro. V. chisqueiro.
ieuga* → euga.
ieugua* → euga.
iglexia. V. igresia (Navia).
ignorancia. s. f. Estado de quen non sabe nada ou sabe pouco.
ignorantada. s. f. Acción ou dito dunha persoa bruta ou ignorante.
ignorante. adx. O que non sabe, bruto.
ignorantiar. v. Dicir cousas propias de xente ignorante.
ignorar. v. Non saber unha cousa. **2.** Facer que non se sabe unha cousa.
igresario. s. m. Conxunto de terras que pertencen a unha igrexa (San Martín de Ozcos).
igresia. s. f. Edificio consagrado ao culto relixioso. **2.** Institución social que abrangue os fieis dalgunhas relixións.

iguada. s. f. Cabra dun ano.
iguadar. v. Botar engado para atraer os peixes (El Franco); engadar 1ª e 2ª acep.
iguado. s. m. Cebo que se bota no mar para atraer os peixes (El Franco); engado 1ª acep.
igual[1]. adx. Parecido, semellante. **2.** Do mesmo tempo ou idade. **3.** adv. Igualmente. **4.** adv. De xeito probable.
igual![2] interx. Indica asombro.
igualado, -a. adx. Cortado de xeito idéntico. **2.** Nivelado.
igualar. v. Facer igual. **2.** Nivelar, alisar. **3.** Corresponderse ou entenderse ben dúas persoas (*Igualan ben*), (Castropol). **4.** Xuntar e atar leña, herba etc., dun xeito parecido para facer un feixe (Allande).
igualdá. s. f. Situación na que non hai privilexios. **2.** Calidade do que é igual.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
iguar. V. igualar.
ilesia* → igresia.
illarga. s. f. Calquera das dúas partes do corpo humano situadas entre as costelas e as cadeiras (San Martín de Ozcos). **2.** V. ingua.
illolo. s. m. Furado grande na terra con auga (Ortigueira). **2.** Furado pequeno que se fai na terra para sementar o gran de millo.
iluminación. s. f. (pl. iluminaciois). Acción e efecto de iluminar. **2.** Sensación mística interior.
ilusión. s. f. (pl. ilusiois). Esperanza sen fundamento real. **2.** Erro de percepción provocado por unha falsa aparencia.
imada. s. f. Conxunto de traveseiros de madeira que se fan aos dous lados dunha embarcación para construíla.
imaxen. s. f. Figura ou representación sagrada.
Obs. Trátase dun castelanismo.
imaxinación. s. f. (pl. imaxinaciois). Facultade de formar imaxes mentais de cousas reais ou ideais.
imaxinar. v. Formar a imaxe mental dunha cousa.
imaxinario, -a. adx. Que só existe na imaxinación, non real.
imbécil. adx. Dise da persoa que ten pouca intelixencia, parvo.
imbo cachimbo. V. caramañola 1ª acep.
imbornal. s. m. Sumidoiro por onde sae a auga dunha embarcación (Navia, Castropol, Tapia de Casarego, El Franco, Coaña). **2.** *Escobén* sen función e só decorativo nunha embarcación (Ortigueira).
imía. V. emía.
imina. s. f. Madeira grosa e forte que suxeita a parte superior dun batán. **2.** V. emía (Navia, Allande).
imitante. adx. Semellante, parecido (Castropol).
imo. s. m. Cada un dos traveseiros que forma a *imada*. **2.** Pau que serve para deixar ou situar unha embarcación en terra (Coaña).
impedimento. s. m. Cousa que impide ou dificulta algo.
impedir. v. Dificultar.
impermeable. s. m. Peza de vestir que serve para protexerse da chuvia.
impermiable* → impermeable.
impertinente. adx. Que molesta, pesado. **2.** Inoportuno, improcedente.
imperpexido, -a. V. emperpexido.
impoer. V. impoñer.
impoñer. v. Poñer carga, obrigar. **2.** Causar respecto ou medo.
importar. v. Interesar, ser de moita importancia.
imposibre. adx. Non posible, dise do que non se pode facer ou conseguir (Navia).
imposición. s. f. (pl. imposicíois). Feito e resultado de impoñer. **2.** Obriga.
imposto, -a. adx. Obrigado, forzado.
impremeable* → impermeable.
imprentar. v. Facer unha copla ou canción. **2.** Inventar. **3.** Armar unha disputa (Boal).
imprimir. v. Marcar letras ou outros signos nun papel ou noutra materia, por medio da presión.
imprir. v. Completar, suplir.
impuer. V. impoñer.
ina. s. f. Peza do muíño, de ferro, que encaixa na parte central e inferior da moa *voandeira* e faina erguerse, baixar ou xirar cando se move o eixe ou xira o rodicio.
inagurar* → inaugurar.
inantes. V. antes.
inantias. V. antes.
inaugurar. v. Abrir ao público un edificio, un monumento etc. **2.** Poñer en marcha algo por vez primeira.
incapacidá. s. f. Estado de quen non ten capacidade para realizar algunha cousa. **2.** Estado dunha persoa por un accidente, enfermidade etc.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
incenso. s. m. Resina aromática que se emprega en actos relixiosos para purificar o ambiente.
incerto, -a. adx. Que non ten certeza dunha cousa.
inceso, -a. adx. Prendido.

inchación. s. f. Avultamento ou efecto de incharse, normalmente unha parte dun corpo.
inchado, -a. adx. Que inchou. **2.** Avultado.
inchar. v. Aumentar o volume dunha cousa. **2.** Producirse unha onda alta no mar (Tapia de Casarego). **3.** Curvarse unha onda no mar (Tapia de Casarego).
inchazón. V. inchación.
inchentada* → enchentada.
inchente* → enchente 1ª e 5ª acep.
inchentuada* → enchentuada.
inchón. s. m. Resultado de aumentar o volume algunha cousa.
inciar. v. Mercar un animal para procrear. **2.** Poboarse un lugar de xeito natural dunha determinada especie animal ou vexetal. **3.** V. iniciar 2ª acep. **4.** Reproducir, procrear. **5.** Sementar algo por primeira vez (Allande).
incio* → indicio.
incla. V. incre.
incle. V. incre.
inclemencia. s. f. Falta de clemencia.
inclinación. s. f. (pl. inclinaciois). Disposición natural ou adquirida do ánimo.
inclusive. adv. Incluído.
incominiente* → inconveniente.
incomodar. v. Enfadar, anoxar. **2.** Causar incomodidade.
incomodidá. s. f. Carácter do que resulta incómodo, molesto.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
incomodo. s. m. Desgusto, enfado.
inconveniente. adx. Pouco ou nada conveniente. **2.** s. m. Obstáculo.
inconvenente* → inconveniente.
incordiar. v. Molestar, amolar.
incra. V. incre.
incre. s. f. Peza de aceiro para afiar a gadaña. **2.** Peza de aceiro do ferreiro na que se forxan os metais. **3.** Peza de madeira que está situada, de xeito horizontal, na parte de enriba dun batán. **4.** Peza de ferro con forma de cravo grande sobre a que se forxan as pezas nun mazo. // **Incre de cravuñar.** Ferramenta composta por unha barra de ferro ou aceiro que remata en punta e con dous saíntes case no medio, que se utiliza no momento de cravuñar a gadaña. // **Ollo da incre.** Nun mazo, furado rectangular situado cerca da punta da incre polo que se introducía a chave cando se calzaba.
incremencia* → inclemencia.
incrinación* → inclinación.
incrustación. s. f. (pl. incrustaciois). Acción de incrustar. **2.** Adorno, cousa incrustada.
incrustar. v. Adornar algo poñendo sobre unha superficie pedras, metais etc.
inda. V. aínda. // **Inda ben.** Ademais de. // **Inda non ben.** Expresa temporalidade. // **Inda ora!** Agora mesmo, hai un momento, hai pouco tempo (Boal). // **Inda que.** Aínda que.
independente. adx. O que non depende de nada. **2.** Que é libre.
indiano, -a. V. americano.
indicio. s. m. Sinal que indica a posibilidade que algo existise, existe ou existirá.
indición* → inxección.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
indignado, -a. adx. Con ira, anoxado.
indignar. v. Producir enfado, ira etc. **2.** Insultar.
indigorriado, -a. adx. Moi frío (Coaña).
indinado*, -a → indignado.
indinar* → indignar.
indispoer. V. indispoñer.
indispoñer. v. Enfadar. **2.** prnl. Anoxarse con alguén.
indisposto, -a. adx. Enfadado.
indispuer. V. indispoñer.
individo* → individuo.
individuo. s. m. Persoa.
indixestión. s. f. Alteración das funcións dixestivas por inxerir unha cantidade excesiva de alimentos.
indixesto, -a. adx. Que non se dixire de xeito doado.
indizgar. v. Divisar (San Martín de Ozcos).
indora. adv. Aínda non (Castropol).
induluxencia* → indulxencia.
indulxencia. s. f. Absolución eclesiástica das penas debidas polos pecados.
inera* → ina.
infancia. s. f. Primeiro período da vida do home.
infante. s. m. Enxame que bota outro enxame o mesmo ano (Allande, Grandas de Salime). **2.** Planta herbácea da familia das labiadas, duns trinta a oitenta centímetros de altura, con talos erectos e ramificados, e abundantes pelos brancos, con follas ovais, festonadas, verdes por un lado e tirando a branco polo outro e flores pequenas. Ten olor forte e aromático e utilízase en medicina tradicional (*Mentha rotundifolia*), (Taramundi, Tapia de Casarego).
infección. s. f. Transmisión dunha enfermidade.
infeción* → infección.
infectado, -a. adx. Dise do que ten unha infección.
infectar. v. Contaxiar unha enfermidade. **2.** prnl. Contaxiarse.

infeliz. s. m. Neno. **2.** adx. Aplícase á persoa que non é mala. **3.** Desgraciado, que non é feliz.
inferno. s. m. Segundo a relixión cristiá, lugar de castigo eterno para os que morren en pecado. **2.** Parte baixa do muíño. // **Meter a un nel inferno.** Criticar a unha persoa con falsidades.
inferior. adx. Que ten pouca calidade ou importancia.
infestado, -a. V. infectado.
infestar. V. infectar.
infetar* → infectar.
infistalar* → infectar.
inflado, -a. adx. Cheo de aire.
inflamado, -a. adx. Que ten unha inflamación.
inflar. v. Encher con aire, gas ou líquido.
influenza. s. f. Acción e resultado de influír (Castropol).
influír. v. Producir unhas cousas efectos sobre outras. **2.** Exercer influencia sobre unha cousa ou persoa.
informadeiro. s. m. Peza do torno que é un dos dous pés que sostén o cabalete da mesa.
infrado*, -a → inflado.
inframado*, -a → inflamado.
infrar* → inflar.
infruencia* → influenza.
infuncia. s. f. Conxunto de nenos (Allande).
infurmadeiro. s. m. No torno, pé pequeno que sostén a mesa e a súa cabeza sobresae un pouco.
ingla. V. ingua (Allande).
ingol-ingole. V. alingó-lingole.
ingol-ingoli. V. alingó-lingole.
ingole (al). V. alingó-lingole. **2.** Levar coas mans cruzadas entre dous a unha persoa sentada sen que toque o chan.
íngole (al). V. alingó-lingole.
ingori (al). V. alingó-lingole.
ingre. V. incre 2ª e 4ª acep.
ingrido, -a. adx. Dise da pataca que está chea de manchas (San Martín de Ozcos).
ingrir. v. Estenderse, ocupar unha cousa abundante un espazo (*A hedra ingre muito nas paredes*), (San Martín de Ozcos).
ingua. s. f. Punto de unión das coxas co ventre (Ibias).
inguilacho. s. m. Congro pequeno (As Figueiras).
inguilo. s. m. Congro pequeno (As Figueiras). **2.** Congro mediano (As Figueiras).
iniciar. v. Comezar. **2.** Nacer, aparecer unha planta.
inimigo, -a. s. m. e f. e adx. Non amigo, hostil. // ***Si ques* inimigo, presta *cuartos* al amigo.** Refrán que alude a que se pode perder un amigo cando se lle presta diñeiro.
inlatre. s. m. Momento (Santalla de Ozcos).
ino, ino! interx. Voz usada para chamar os cochos (Os Coutos).
inocente. adx. Que non fai mal. **2.** Sen malicia, infeliz. **3.** Aplícase aos nenos pequenos.
inorancia* → ignorancia.
inorantada* → ignorantada.
inorante* → ignorante.
inorantiar* → ignorantiar.
inorar* → ignorar.
inquivocar* → equivocar.
inquivoco* → equivoco.
inquiz. s. m. Dificultade, problema (Villaión).
inriquitado, -a. V. enrequitado.
inritación. s. f. Indignación, ira. **2.** Inflamación, dolor nunha parte do corpo.
inritado, -a. adx. Anoxado. **2.** Inflamado, que ten dolor.
inritar. v. Provocar un sentimento de ira, indignación etc. **2.** Causar inflamación e dolor nunha parte do corpo.
insento, -a. adx. Intacto, ileso, enteiro, libre de culpa (Abres).
insignia. s. f. Sinal que pode indicar o grao dunha persoa ou mesmo utilizarse como adorno.
insinanza* → ensinanza.
insinia* → insignia.
insiñar* → ensinar.
inspección. s. f. (pl. inspecciois). Control ou revisión dunha obra, edificio etc.
inspector, -a. s. m. e f. Persoa que ten ao seu cargo o labor de examinar, controlar ou revisar un servizo, departamento etc.
inspirar. v. Aspirar o aire para o interior dos pulmóns no movemento respiratorio. **2.** Estimular diversos aspectos noutra persoa.
instalación. s. f. (pl. instalaciois). Acción de poñer ou colocar algo nun lugar.
instalado, -a. adx. Posto, colocado.
instante. s. m. Espazo de tempo moi breve.
institución. s. f. (pl. institucioís). Organismo que desempeña unha función dentro do Estado ou da sociedade.
instituto. s. m. Centro público de ensino secundario.
instrución. s. f. (pl. instruciois). Acción e efecto de instruír ou instruírse. **2.** Exercicios prácticos que fan os soldados.

instruído. adx. Formado, con coñecementos sobre un asunto. **2.** Que estudou.
instrumento. s. m. Aparato fabricado para producir sons musicais.
insultadoira. s. f. Acto de insultar (Negueira de Muñiz).
insultar. v. Ofender a unha persoa ou institución con palabras ou accións.
insulto. s. m. Ofensa, afronta, agravio.
intachada. s. f. No torno, peza encaixada no *aguichón* do *cabizón* e que repousa sobre o *pao de atrás*.
intacto, -a. adx. Que non foi tocado. **2.** Enteiro.
intato*, -a → intacto.
intauto*, -a → intacto.
intemperie (á). loc. Ao descuberto, exposto ás inclemencias do tempo.
intención. s. f. (pl. intenciois). Vontade de facer unha cousa.
interés. s. m. Circunstancia pola que algo cobra importancia para alguén.
interesar. v. Espertar interese. **2.** Ter interese unha cousa para algo ou alguén.
intermedio. V. entremedio.
interpoer. V. interpoñer.
interpoñer. v. Colocar entre dúas cousas.
interposto, -a. adx. Colocado entre dúas cousas.
intérprete. s. m. Persoa que interpreta. **2.** Músico que executa unha composición musical.
interpuer. V. interpoñer.
interro* → enterro.
intervención. s. f. (pl. intervenciois). Acción e efecto de intervir.
intimidá. s. f. Calidade de íntimo.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
íntimo, -a. adx. Dise da relación de amizade estreita. **2.** Reservado, propio.
intranquilo, -a. adx. Sen tranquilidade, inquedo. **2.** Nervioso.
intrépete* → intérprete.
intrigarse. v. prnl. Pelexar con alguén.
intrillado*, -a → entrillado.
intrillar* → entrillar.
intringanado. adx. No xogo da *patefa*, cando a *patefa* toca directamente ao *tasco* ou cando, sen tocalo hai conexión entre *patefa* e *tasco* a través das posturas.
intringanar. v. Situar no lanzamento a *patefa* en contacto co *tasco*, ben directamente, ben por medio das posturas.
intringuinado. V. intriganado.
introito. s. m. Comezo, como o que recita o cura ao principio da misa.
inundar. v. Cubrir a auga un terreo, unha localidade etc.
inválido, -a. adx. Que non é válido. **2.** Aplícase á persoa que non pode traballar.
invernada. s. f. Inverno longo. **2.** Período curto de tempo frío e con chuvia, propio do inverno. **3.** Estancia ou permanencia nun sitio durante o inverno. // **Invernada del *burrín*.** Nevada no mes de abril. // **Invernada del cuco.** Nevada no mes de abril.
invernar. v. Ir un tempo frío e con chuvia, propio do inverno. **2.** Soster o gando durante o inverno.
invernía. s. f. Inverno duro.
invernín. s. m. Diminutivo de inverno.
invernizar. v. Facer un tempo propio do inverno.
invernizo, -a. adx. Aplícase ao tempo con propiedades do inverno.
inverno. s. m. Estación do ano que vai despois do outono, a máis fría e con máis chuvia normalmente, que transcorre entre o 22 de decembro e o 21 de marzo. // **El inverno de *verdá* quince días antes i quince *despós* de *Navidá*.** Refrán meteorolóxico. // **Faltar parte dun inverno.** Non ser moi listo. // **Por *San Martín*, el inverno vén de *camín*.** Refrán que alude a que nesa data (11 de novembro) xa empeza a chegar o inverno; V. neve. // **Sol de inverno, amor de vello.** Refrán que se aplica ao que é tardío e de curta duración.
invernoso, -a. adx. Que ten as características do inverno.
invertir. v. Empregar capitais ou diñeiro nunha empresa ou nunha obra para quitar deles un proveito. **2.** prnl. Entreterse, distraerse.
invidia* → envidia.
invidiar* → envidiar.
invidioso*, -a → envidioso.
invirtir* → divertir.
invirtir* → invertir 2ª acep.
invitado, -a. adx. Convidado.
invitación. s. f. (pl. invitacios). Convite.
invitar. v. Convidar.
inxame* → enxame.
inxección. s. f. Acción de inxectar un líquido ou gas nun corpo cunha xiringa. **2.** Líquido que se inxecta.
inxemplo. s. m. Neno revoltoso; inximprillo.
inxeo. s. m. Tipo de pano de forma cuadrangular, feito de saco ou doutro material semellante, con catro nós (*nougos*) nas puntas das que saen cordas e que se usaba para atar herba, *mulido* etc. (Boal).

inxerido, -a. adx. Dise do que foi enxertado.
inxerir. v. Introducir alimentos nas vías dixestivas a través da boca.
inxertado*, -a → enxertado.
inxertar* → enxertar.
inxerto* → enxerto.
inximprillo, -a. adx. Revoltoso, traveso.
inxinias* → almídolas.
inxirir. v. Meter un brote dunha árbore entre a casca doutro para que prenda.
inxoria* → enxoria.
inxorrar. V. enxorrar.
inxuria. s. f. Ofensa grave contra alguén. **2.** Insulto.
inxuriador, -a. adx. O que ofende.
inxuriar. v. Ofender de xeito grave. **2.** Insultar.
inxurioso, -a. adx. Que ofende ou insulta.
inxusticia. s. f. Falta de xustiza.
inxusto, -a. adx. Non xusto, contrario á xustiza.
iñantes. V. enantias (Abres). **2.** No momento inmediatamente anterior (Taramundi).
io-ió. s. m. No falar mariñeiro, cabo groso para diversos usos (Tapia de Casarego).
iodo. s. m. Elemento químico halóxeno, de color violeta escura, con brillo metálico que se emprega como desinfectante.
iou. V. eu (Villaión, Navia, Bustantigo, Castrillón).
ipá. Forma reducida de pai.
ir. v. Moverse dun lado a outro (*Os tabaos van ás vacas*). **2.** Haber frío, calor, vento etc. (*Hoi vai calor*). **3.** Conducir, dirixir, levar (*Este camín vai a Castropol*). **4.** Ser conveniente ou acomodarse a (*Esos pantalois vanche ben*). **5.** Desenvolverse (*Vai ben na escola*). **6.** Comparecer, estar (*Nun fuches á misa*). **7.** Funcionar (*El coche vai ben*). **8.** prnl. Marchar, largar. **9.** prnl. Morrer. **10.** prnl. Saírse un líquido do seu recipiente. **11.** prnl. Comer unha cousa pouco a pouco até que se comeu de máis. // **Como che (vos) vai?** Forma de saúdo. // **El que se *vei sin* que lle manden, volve *sin* que *lo* chamen.** Refrán que alude a que unha persoa que se vai por propia vontade, posiblemente por propia vontade regresará. // **Ir a.** Estar temporalmente ocupado nalgúns traballos dunha terra ou horta (*Ir ás patacas*, *ir aos nabos*, *ir ás peras*, *ir aos figos*). **2.** Estar temporalmente nun lugar determinado ou camiño del (*Ir á escola*). // **Ir a *meco*.** Ir inutilmente (Santalla de Ozcos). // **Ir a mellor.** Mellorar. // **Ir a peor.** Empeorar. // **Ir a vistas.** Ver o pai da moza casadeira as propiedades da casa do pretendente. // **Ir a xeito.** Amodiño. // **Ir á rebusca (al rebusco).** Buscar na terra os restos despois de recoller o máis importante. // **Ir al (ao) mar.** Saír a pescar. // **Ir ás mozas (aos mozos).** Namorar, cortexar. // **Ir ben.** Sentar, caer ben (*Esa chaqueta vaille ben*). **2.** Encontrarse ben unha amizade, un matrimonio, un asunto etc. // **Ir da Ceca *prá* Meca.** Andar dunha parte a outra buscando algo. // **Ir de carallada.** Divertirse. // **Ir de *rucha*.** Saír pola noite para cortexar. // **Ir en.** Estar temporalmente ocupado nalgúns traballos dunha terra ou horta (*Ir nas patacas*, *ir nos nabos*, *ir nas peras*, *ir nos figos*). **2.** Estar temporalmente nun lugar determinado ou camiño del (*Ir na escola*). // **Ir en *bolina*.** Que xa pasou no tempo (*Vai en bolina*). // **Ir indo.** Ir pouco a pouco. // **Ir i vir chámanlle *acarriar*.** Refrán que alude a que ás veces se pode traer máis en dúas viaxes que nunha soa e con menos traballo. // **Ir mal.** Sentar mal. **2.** Encontrarse mal unha amizade, un matrimonio, un asunto etc. // **Ir mamar a teta.** Volver unha persoa á casa familiar con frecuencia aínda vivindo fóra dela (Boal). // **Ir *pra* fóra.** Ir pescar unha embarcación. // **Ir *pra Millorado*.** Morrer (Boal). // **Ir *pra* terra.** Regresar unha embarcación do mar ao porto. // **Ir *pral Coucipel*.** Morrer (Boal). // **Ir *pral* mar.** Ir pescar unha embarcación. // **Ir vello (vella).** Estar na vellez. // **Ir vento.** Soprar o vento. // **Irse a un.** Agredir. // **Irse en *pompa*.** Inclinarse unha especie vexetal (El Franco). // ***Mentras* vou i veño, *vereda* teño.** Refrán que alude a que a actividade é sinal de vida. // **Que che (vos) vaia ben?** Forma de saúdo. // **Que *fora* nin veña.** Pouca cousa (Boal). // **Vai anos.** Hai anos. // **Vaiche a misa.** Expresión que se utiliza cando un animal pode ser perigoso. // **Vaiche na Veiga!** Que xa pasou hai tempo. // **Vai na casa de xudas.** Expresión que se utiliza cando unha cousa se perde (Vilanova de Ozcos). // **Vai sol.** Que hai tempo solleiro (Santalla de Ozcos). // ***Vei* Marica en Ribadeo!** Hai tempo que aconteceu (Boal). // ***Vei* por *ei* mirar *si* mexan as pitas!** Expresión que se utiliza para mostrar enfado, desagrado ou rexeitamento. // **Ir + infinitivo.** Perífrase verbal que indica intencionalidade ou disposición cara a algo que se vai realizar (*Vou amañar a cocía*). // **Ir + a.** Perífrase verbal que indica intención ou comezo dunha actividade (*Ir á sardía*, *Ir al*

bocarte). // **Ir + participio.** Construción verbal que serve para matizar. // **Ir + xerundio.** Perífrase verbal que indica movemento (*Vou marchando*, *Ir retirando el vento*).

irio. s. m. Pedra sobre a que se pon a billarda. **2.** V. billarda. **3.** V. lirio 1ª acep.

irmanar. v. Conseguir que os cochos pequenos de distintas camadas non pelexen, untándoos con graxa (Tapia de Casarego).

irmao, -á. s. m. e f. Fillo ou filla dos mesmos pais. **2.** adx. Parecido, semellante. // **El *irmao más* grande.** Dedo maior, pai de todos (Eilao).

irmau, -á. V. irmao.

irritación. s. f. Resultado da inflamación ou dolor nunha parte do corpo. **2.** Enfado.

irritado, -a. adx. Enfadado. **2.** Inflamado.

irritar. v. Enfadar. **2.** Causar inflamación ou dolor nunha parte do corpo.

isa, isa! interx. Voz que se emprega para acerriquitar a un can (Boal, San Martín de Ozcos).

isado, -a. adx. Dise do que se sobe tirando dunha corda da que está pendurado (*Isada a vela*).

ísalo! interx. Voz que se emprega para acirrar a un can (Eilao).

isar. v. Acerriquitar a un can para que persiga ou trabe a alguén. **2.** Atizar, pegar, golpear. **3.** V. izar (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Coaña).

isca, isca! interx. Úsase para escorrentar os animais.

iscar. v. Irse, largar, marchar, escapar. **2.** Espantar, asustar (*Mal demo as isque!*), (Boal).

iscariote. adx. Áspero.

isco. s. m. Fermento para facer o pan que quedou dunha fornada anterior (Abres).

isgueira* (de) → esgueira (de).

isla. s. f. Porción de terra rodeada de auga por todas partes.

islabón* → eslabón.

islado, -a. adx. Dise do que está rodeado de auga.

islote. s. m. Illa pequena.

ispeción* → inspección.

ispetor*, -a → inspector.

ispía* → espía 1ª acep.

ispir* → espir 1ª acep.

ispirar* → inspirar.

ispoñer* → expoñer.

isqueiro. V. chisqueiro.

isquerdo*, -a → esquerdo.

isquilín. adx. Moi pouco.

istalación* → instalación.

istalado*, -a → instalado.

istante* → instante.

istituto* → instituto.

iste, -a. V. este (Boal).

isto. V. esto (Boal).

istrución* → instrución.

istruído* → instruído.

istrumento* → instrumento.

ivio. V. irio (Tapia de Casarego).

ixaduada. s. f. Golpe dado en calquera das dúas partes do corpo entre as costelas e os ósos das cadeiras (Boal).

izar. v. Erguer algo tirando dunha corda; isar.

izquerdista* → esquerdista.

J

j. s. m. Letra allea ao alfabeto galego, usada unicamente en certas palabras tomadas doutros idiomas. O seu nome é *iota*.

jaca. V. jaco.
Obs. Trátase dun castelanismo.

jaco. s. m. Cabalo pequeno e ruín.
Obs. Trátase dun castelanismo.

jaiba. s. f. Palabra despectiva sen significado preciso, animal, bicho etc.
Obs. Trátase dun americanismo.

jalapa. s. f. Purgante antigo en forma de po.
Obs. Trátase dun americanismo.

jaque. adx. Ben vestido.
Obs. Trátase dun arabismo.

jaramandia. s. f. Parvada, estupidez.

jarca. s. f. Grupo de persoas que fan ruído.
Obs. Trátase dun arabismo.

jautarse* → xactarse.

jersé* → xersei.

jesús!* → santíos!

jíbaro, -a. adx. Salvaxe.

jipiar. v. Saír correndo.

jota. s. f. Baile tradicional, especialmente nos concellos da Veiga, Taramundi, Boal, Santiso de Abres e Ibias. // **Ter (boa) *jota.*** Enganar.
Obs. Trátase dun castelanismo.

K

k. s. m. Letra allea ao alfabeto galego, usada unicamente en certas palabras tomadas doutros idiomas. O seu nome é ka.

kiweira. s. f. Planta da familia *Actinidiaceae*, que pode acadar os nove metros de altura, orixinaria do sur de China, de follas alternas, simples, longas redondas e caducas, flores con pétalos brancos, e froito de tamaño grande e elipsoidal, de color verde apardazada,

con superficie peluda e interior verde con sementes negras e corazón branco (*Actinidia sp.*), (A Veiga).

kyrie. s. m. Invocación que se fai a Deus, ao principio da misa, despois do introito.

L

l[1]. s. m. Décima letra do alfabeto galego. O seu nome é *ele*.

l[2]. Alomorfo ou variante combinatoria do pronome persoal átono de terceira persoa (*Colleul*, *Meu padre mandoul*).

la[1]. (pl. las). Artigo determinado feminino singular (Navia).

la[2]. (pl. las). Pronome persoal átono de terceira persoa, feminino, singular (*Nun la vin*, *conózola*).

la[3]. (pl. las). Alomorfo ou variante combinatoria do pronome persoal átono de terceira persoa, feminino, singular (*Hai que segala*).

la[4]. s. f. Pelo das ovellas, carneiros e outros animais que se utiliza para facer tecidos. **2.** En sentido figurado, mofo (*Este pan xa criou la*), (Vilanova de Ozcos). **3.** Po que se forma debaixo dos mobles (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).

labastra. s. f. Pedra grande e plana que se desprendeu dunha pena (Tapia de Casarego).

labaza. s. f. Planta herbácea da familia das umbelíferas, de follas con segmentos lanceolados e flores brancas. Nace nas beiras dos regueiros e pozas (*Apium nodiflorum*), (Tapia de Casarego).

labazada. s. f. Golpe dado na cara coa man aberta.

labia. s. f. Facilidade de palabra.

labio. s. m. Cada unha das dúas partes carnosas, externas, que contornan a entrada da cavidade bucal.

labor. s. m. Traballo. **2.** Encargo, recado. // **Facer labor.** Quitar proveito dunha persoa (*Nun hai quen faga labor de ellos*). // **Ter labor.** Quitarlle a un traballo.

laborar. V. traballar (A Veiga).

laboría. s. f. Faena de labrar unha terra, para preparala para sementar e fertilizar. **2.** Traballo. **3.** Cultivo da terra. **4.** Por extensión, terra de labor. **5.** Traballo de sementar, limpar, recoller os froitos etc., nunha terra.

laborín. s. m. Traballo sen moita importancia.

laboriosidá. s. f. Aplicación ou inclinación ao traballo.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

laborioso, -a. adx. Traballador.

laboroso, -a. V. laborioso.

labra. s. f. Acción de labrar a madeira, que consiste normalmente en transformar a madeira dunha árbore nun prisma cuadrangular de caras paralelas.

labradeira. s. f. Ferramenta que consiste nunha coitela de dobre empuñadura que empregan os cesteiros (Santiso de Abres).

labradío, -a. s. m. e f. Terra de labor.

labrado, -a. adx. O que se labra. // **Por San Marcos, nin todo labrado nin todo nel saco.** Por San Marcos (25 de abril) o millo aínda non se sementou.

labrador, -a. adx. e s. m. e f. Persoa que traballa na terra; labrego. **2.** Persoa que ten leiras e as cultiva pola súa conta.

labradura. s. f. Labor.

labrante. s. m. Persoa que traballa cortando madeira cunha brosa (San Martín de Ozcos).

labranza. s. f. Terras de labor. **2.** Cultivo dos campos. **3.** Nunha ferrería, tempo que duran as operacións nunha tempada. **4.** Nunha forxa, conxunto de operacións que fai un ferreiro para dar forma ao metal.

labrar. v. Arar a terra. **2.** Traballar a terra. **3.** Sementar, plantar (*Labrar nabos*). **4.** Traballar certos materiais como a pedra ou a madeira. **5.** Facer labores en coiro, tea etc. **6.** Mariscar na ría. **7.** Encuadrar con golpes de brosa a madeira para facer vigas. **8.** Enfraquecer, debilitar. **9.** Ir formando o seu corpo un neno pequeno cando vai medrando. **10.** Obter o ferro nunha ferrería mediante a redución do mineral nun forno. **11.** Cultivar (*Labrar o trigo*), (Taramundi). // **Labrar a *esfenda*.** Sementar millo ou patacas despois de recoller os nabos, sen preparar a terra previamente (San Martín de Ozcos). // **Labrar al risco.** V. risco. // **Labrar de envorco.** V. envorcar 4ª acep.

labrega. s. f. Acción e efecto de labrar. **2.** Época de labrar, normalmente no mes de decembro. **3.** Acción de sementar.

labrego, -a. s. m. e f. e adx. Persoa que se dedica a cultivar a terra.

laburía* → laboría 4ª acep.

laca. s. f. Verniz duro e brillante feito con resina.

lacazán, -a. adx. (pl. lacazais). Aplícase á persoa que non quere traballar. **2.** Dise da persoa tramposa. **3.** Aplícase á persoa que come de todo e en todas partes. **4.** Aproveitado. **5.** Dise da persoa que lle apetece comer de todo e despois non come nada (San Martín de Ozcos).

laceira. s. f. Miseria, nun estado lamentable. **2.** Lepra (Taramundi).
lacena. s. f. Armario con portas de madeira feito normalmente nun furado da parede da cociña para gardar algunhas cousas; lacía.
laceno. V. lacena (Grandas de Salime).
laceria. V. laceira 1ª acep. **2.** Persoa agarrada, avara.
lacha. V. trancha (El Franco).
lacía. V. lacena.
lacio, -a. adx. Frouxo, murcho.
lacón. s. m. (pl. lacois). Pata dianteira do cocho, normalmente salgada e curada.
lacre. s. m. Pasta sólida composta de laca, trementina e unha materia colorante que, derretida, serve para selar cartas, paquetes etc.
lacuada. s. f. Comida abundante, especialmente de lacóns.
lacueiro, -a. adx. Que lle gusta comer moito.
ladear. v. Torcer cara a un lado. **2.** Camiñar por unha ladeira.
ladeira. s. f. Pendente dun monte ou dunha altura polos lados.
ladeiro, -a. s. m. e f. Terreo costo dun monte ou terra de labor.
ladeño, -a. adx. Referido ao que está en ladeira (Abres).
ladiado, -a. adx. Inclinado ou torto cara a un lado.
ladiar. V. ladear.
ladilla. s. f. Insecto anopluro da familia dos pedicúlidos, duns dous milímetros de lonxitude e color amarela, semellante ao piollo, pero máis redondeado, coas patas anteriores máis curtas que os outros dous pares. É ectoparasito do home (*Phthirus pubis*).
Obs. Trátase dun castelanismo.
ladín. s. m. Diminutivo de lado.
ladino, -a. adx. Persoa que ten astucia ou sagacidade para conseguir algo (Castropol).
lado. s. m. Costado ou parte dun corpo que queda á dereita ou a esquerda. **2.** Sitio, lugar. **3.** Cada un dos costados dunha galocha. // **Al lado (*llado*).** Xunto a.
ladoiro, -a. adx. Dise do que está en costa (Os Ozcos).
ladrador, -a. adx. Que ladra.
ladral. s. m. (pl. ladrais, ladrales). Táboa dos laterais da caixa do carro do país. **2.** Conxunto de estacas e canas *entresebadas* que se utiliza para levar os peixes cara a unha *masoira* para pescalos.
ladrar. v. Berrar o can. **2.** Falar unha persoa berrando. // **Quedar ladrando unha consumición.** Quedar sen pagar. // **Ladrar a cuza.** Ter sede, normalmente polo efecto dunha resaca; lladrar a cuza. // **Ladrar de fame.** Ter moita fame.
ladrido. s. m. Voz ou berro do can.
ladrillazo. s. m. Golpe dado cun ladrillo.
ladrillo. s. m. Masa de barro, normalmente de xeito prismático, que despois de cocido se utiliza na construción.
ladrois (os). s. m. pl. Xogo de nenos que consistía na existencia de dous bandos: un, o dos ladróns que se escondían, e o outro que os buscaba. Se os collían ou vían eran feitos prisioneiros, que só podían ser ceibes se mataban o que os coidaba. Remataba o xogo cando un bando mataba ao outro ou facía prisioneiros a todos os contrarios.
ladroízo. s. m. Acto de roubar.
ladrón, -a, -úa, -oa. s. m. e adx. (pl. ladrois). Persoa que rouba. **2.** s. m. Rama que sae salvaxe da raíz da vide. **3.** s. m. Xogo de nenos; ladrois (os). **4.** s. m. Cana que se poda porque non deixa medrar unha planta. **5.** adx. Dise da cabeza de gando vacún que acostuma saltar leiras zarradas (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos). **6.** s. m. Anzol complementario máis pequeno que o principal (As Figueiras). **7.** s. m. V. orinque 2ª acep. (Ortigueira). // **El que rouba a un ladrón, ten cen anos de perdón.** Refrán que desculpa a quen comete unha mala acción contra unha mala persoa.
ladronazo, -a. adx. Aplícase á persoa que rouba moito.
ladroneira. s. f. Lugar onde se ocultan os ladróns.
ladronicio. V. ladronizo.
ladronizo. s. m. Roubo ou costume de roubar.
lafarada. s. f. Golpe dado coa man na cara.
lafatada. V. lafouzada (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos).
lafazada. V. lafouzada (As Figueiras, Tapia de Casarego, Castropol).
lafouzada. s. f. Golpe dado coa man.
lagaña. s. f. Humor dos ollos que se acumula e seca nos seus bordos.
lagar. s. m. Lugar onde se prensa a mazá ou a uva. **2.** Por extensión, edificio onde se prensa a mazá ou a uva. // **Lagar de cera.** Lugar onde se prensa a cera. No Eo-Navia houbo algúns nos concellos de Grandas de Salime, Ibias e Allande.
lagareta. s. f. Prensa do lagar.
lagarta. V. largatixa 1ª acep.
lagartixa de auga. V. sapalingresa (Taramundi).

lagartiza. V. largatixa 1ª acep.
lagarto, -a. V. largato 1ª acep. **2.** adx. Pillabán (Abres). **3.** Congro mediano (Tapia de Casarego). // **Moverse máis que o rabo dun lagarto.** Moverse moito.
lagartón. V. largatón.
lago. s. m. Gran extensión de auga que ocupa unha depresión de terreo.
lagoa. V. lagúa (Taramundi).
lagón. s. m. Lago grande.
lagosta. V. langosta 1ª e 2ª acep. **2.** Nome xenérico que se lles dá aos vermes de diferentes especies que comen os cultivos. // ***Lagosta* de *alambre*.** Verme amarelo, dun centímetro e medio de lonxitude que parasita a planta do millo (*Spodoptera spp.*), (Tapia de Casarego).
lagostado, -a. s. m. e adx. Terreo cheo de lagostas. **2.** Dise do cultivo desfeito por lagostas.
lagosto. V. langosta 2ª acep. (Tapia de Casarego).
lágrima. s. f. Pinga de auga que cae dos ollos.
lagrimeira. s. f. Pequeno arbusto con follas con forma de ovo de color verde escura e flores que penduran de finos talos, grandes e vistosas (*Fuchsia magellanica*).
lagrimexar. v. Botar lágrimas.
lagrimón, -úa. s. m. e f. Lágrima grande.
lagrimoso, -a. adx. Que ten lágrimas.
lagúa. s. f. Lago pequeno. **2.** Lameiro.
lagüeira. s. f. Terreo cheo de lagoas.
lagüela. s. f. Lagoa pequena (Os Coutos).
laia. s. f. Preocupación, ansia. **2.** Incumbencia, coidado. **3.** Tempo libre. **4.** Paciencia (*Hai que ter laia*). **5.** Queixa (Castropol, Boal). **6.** Interese por saber. **7.** Molestia. **8.** Preguiza (*Dáme laia de faer tal traballo*), (Castropol). **9.** Carga, obriga (*Ten muitas laias*), (San Martín de Ozcos).
laiar. v. Xemer, lamentar. **2.** Chorar. **3.** Xemer de pracer cando se está facendo o acto sexual (A Veiga). **4.** prnl. Queixarse, doerse.
laica. s. f. Mestra que daba antigamente clase polas casas (Taramundi).
laído. s. m. Lamento.
laión, -a. adx. Dise da persoa que se queixa sempre. **2.** V. moucho 1ª acep. (Santalla de Ozcos).
laioso, -a. adx. O que se queixa. **2.** Preocupado.
laira. s. f. Tipo de saba para a cama, tecida con algodón ou liño e la branca (Taramundi, Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).
lama. s. f. Barro, lodo. **2.** Prado verde (Tormaleo). **3.** Terra chea de auga.
lamaceira. s. f. Terreo cheo de lama; lameira 1ª acep.
lamacento. adx. Aplícase ao terreo que ten lama constantemente.
lamallada. V. lameira 1ª acep.
lamazada. V. paredón 4ª acep. (Tapia de Casarego).
lamazal. V. lameira 1ª acep.
lambaio. s. m. Baba.
lambeconas. s. m. Can pequeno (Ibias).
lambecules. adx. Dise da persoa excesivamente aduladora.
lambedura. s. f. Acción e efecto de lamber. **2.** Resto de comida que queda no prato.
lambeirúo, -a. adx. Lambón (Eilao).
lambepratos. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes do barrio da Praza, en Cecos (Ibias). **2.** Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Santo Antolín (Ibias).
lamber. v. Pasar a lingua por unha cousa. **2.** Recibir un golpe nunha pelexa. **3.** Conseguir unha cousa por métodos non moi correctos (*Lambeulle a herencia*). **4.** Eloxiar, louvar. **5.** Comer lambonadas. // **Lamber el *cul*.** Louvar de xeito excesivo. // ***Tar* un que non (*nun*) se lambe.** Estar cansado.
lamberco, -a. adx. Aplícase á persoa revoltosa, inqueda. **2.** Dise do animal frouxo. **3.** s. f. pl. Varicela (Abres, San Martín de Ozcos, Castropol). **4.** Dise da persoa descarada, que molesta.
lamberetada. s. f. Proba dalgunha cousa antes de comer. **2.** Acción de meter os dedos no mel para probalo.
lamberote. s. m. Lambetada, doce ou manxar exquisito; lambuada.
lambiada. s. f. Doce ou manxar exquisito. **2.** Proba dun manxar exquisito.
lambiar. V. lamber 1ª acep.
lambicada. s. f. Pequena cantidade de comida.
lambicar. v. Andar comendo en pequenas cantidades o que máis lle gusta a alguén.
lambido, -a. adx. Que lle pasaron a lingua. **2.** Dise da persoa que leva o pelo recollido, liso e mollado para atrás (Taramundi). **3.** Moi frío. **4.** Sen graza.
lambilleiro, -a. adx. Lambón.
lambío. s. m. Vento frío e penetrante.
lambión, -a, -úa, -oa. adx. (pl. lambiois). Aplícase á persoa que come moito ou só o que lle gusta, especialmente doces ou lambetadas. **2.** Dise do pelo liso.
lambionada. V. lambuada.

lambiscada. s. f. Comida en pequena cantidade que se toma nalgún momento do día. **2.** Lambetada, doce.
lambiscar. v. Lamber de xeito frecuente. **2.** V. lambicar.
lambisque. s. m. Pequena lambetada.
lambisqueiro, -a. adx. Que lle gusta lambiscar. **2.** Lambón.
lamboada. V. lambuada 1ª acep.
lambuada. s. f. Manxar de gusto doce e exquisito. **2.** Acción de lamber algo.
lambueiro, -a. adx. Lambón.
lamego. V. bixato 1ª acep. (Santalla de Ozcos, Taramundi).
lameira. s. m. Terreo cheo de lama; llameira, lameiro, llameiro, lamaceira, llamaceira, lamallada, lamazal. **2.** Charco no camiño (Abres). **3.** Árbore caducifolia da familia das ulmáceas, de até trinta metros de altura, co tronco con casca engurrada; follas pecioladas, ovais e dentadas, ásperas por un lado e asimétricas na base. As súas flores son pequenas, de color tirando a vermella ou verde (*Ulmus campestris*), (San Martín de Ozcos).
lameiriña. s. f. Lameira pequena (Os Coutos).
lameiro. V. lameira 1ª acep.
lameirón. s. m. Terra chea de auga, con lama e con xunqueiras (Os Ozcos). **2.** Terra chea de barro.
lamela. s. f. Prado pequeno, normalmente cheo de lama e auga.
lameplatos* → lambepratos 2ª acep.
lamiscar. v. Comer lambetadas.
lamizada. V. lameira 1ª acep.
lamizal. V. lameira 1ª acep.
lampantín. adx. Trangalleiro, mequetrefe, pouco formal (Abres). **2.** Pillabán, astuto.
lampaño. s. m. Cacho de algunha cousa que queda colgando por unha cortadura (Taramundi).
lampar. V. lampiar 1ª acep. (San Martín de Ozcos).
lámpara. s. f. Aparello que fai de soporte a unha luz artificial. **2.** Nome común de diversas especies de moluscos gasterópodos prosobranquios da familia dos patélidos, de dous a sete centímetros de lonxitude, que teñen a cuncha cónica e aplanada e viven sobre as rochas do mar. A súa coloración é variable, sendo normalmente amarela (*Patella vulgata*, *Patella intermedia*, *Patella aspera*, *Patella lusitanica*), (As Figueiras, Tapia de Casarego).
lamparada. V. laparada (Abres).
lampareirada. s. f. Parvada, cousa de pouca sensatez (Seares).
lampareiro, -a. adx. e s. Alcume popular que reciben os habitantes da zona baixa de Abres (A Veiga), dedicados á pesca, polo motivo dun roubo na igrexa parroquial dunha gran lámpada que viñera de México. **2.** s. m. Ave caradriforme da familia dos hematopódidos, de peteiro moi longo de color laranxa, cabeza e partes superiores de color negra, partes inferiores brancas, moño branco, cola branca e negra e ás alongadas (*Haematopus ostralegus*), (Castropol, As Figueiras). **3.** adx. Dise da persoa que di mentiras ou esaxera moito.
lamparilla. s. f. Lámpada pequena. **2.** V. lámpara 2ª acep. (As Figueiras). **3.** V. cabriola (As Figueiras).
Obs. Trátase dun castelanismo.
lamparón. s. m. (pl. lamparois). Mancha, normalmente na roupa e de graxa. **2.** Pedazo de tea que colga dunha peza de roupa. **3.** pl. Escrófulas e sinais que estas deixan polo efecto dos tumores que se forman ao obstruírse as glándulas do pescozo. **4.** pl. Mocos do nariz. **5.** pl. Ganglios no pescozo (Santalla de Ozcos).
lampazo. s. m. Cacho de *arpilleira* que se usa para secar o interior das embarcacións máis pequenas (As Figueiras). **2.** Estropallo de fregar moi vello (Tapia de Casarego, Castropol). **3.** Conxunto de redes vellas que se utiliza para a pesca dos ourizos de mar.
lampiar. v. Desexar moito unha cousa, especialmente referido á comida ou bebida. **2.** Comer moito.
lampión, -úa. adx. Dise da persoa que lle gusta comer moito.
lampiño. adx. Dise do home que ten pouca barba. **2.** Aplícase ao home que ten pouco pelo polo corpo.
lampo, -a. adx. Aplícase aos zocos e as galochas desgastadas na sola. **2.** s. m. Cacho grande da casca dun castiñeiro. **3.** s. f. Fouce especial para segar o xunco (Abres). **4.** adx. Dise da muller con pouco peito. **5.** adx. Liso (*Ventoso tá lampo*), (Santalla de Ozcos).
lampra* → lámpara.
lamprazo. s. m. Golpe dado na cara coa man aberta; lampreazo, lampriada, lampriazo.
lamprea. s. f. Peixe da familia dos petromizóntidos, que mide uns trinta e dous centímetros de lonxitude, sendo as femias maiores que os machos. As dúas aletas dorsais, separadas nos exemplares novos, chegan a tocarse nos adultos. Ten escasos dentes e unha

cavidade bucal en xeito de ventosa e o dorso azul verdeal escuro, os laterais prateados brillantes e o ventre tirando a branco. A súa carne é moi apreciada. (*Lampetra fluviatilis*). Outro exemplar da mesma especie é a lamprea de mar (*Petromyzon marinus*), de maior lonxitude.

lampreazo. s. m. Golpe forte coa man, cun cinto ou cun látego.

lampriada. s. m. Golpe dado na cara coa man aberta.

lampriazo. V. lampreazo.

lancar. s. m. Cada unha das dúas pedras que hai nos lados da boca dun forno ou dun caleiro; laricar, llancar.

lancazo. s. m. *Lanco* grande.

lance. s. m. Acto e resultado de lanzar unha arte de pesca ao mar; largada. **2.** Pesca capturada despois de lanzar un palangre.

lancear. v. Dar lances co *borxel* á vara. **2.** Botar unha arte de pesca ao mar para capturar peixes; largar 9ª acep.

lanceo. s. m. Acción de botar e recoller unha arte de pesca ao mar para capturar peixes (Tapia de Casarego).

lancha. s. f. Pequena embarcación para pesca costeira, transporte de persoas e cousas etc. // **Lancha de altura.** Tipo de embarcación cunha eslora de 10 a 16 metros, unha manga de 2,50 a 3,20 metros e un puntal que rondaba os 1,50 metros. Tiña dous paus desmontables e orientados mediante cuñas, as velas eran de lona e a estrutura de madeira. Os remos só se utilizaban para entrar e saír do porto. // **Lancha bizcaína.** Vella embarcación con ou sen cuberta que se utilizou a principios do século XX (Castropol). // **Lancha de pesca.** Lancha de varias medidas dedicada á pesca. // **Lanchas *sin* cuberta, sepultura aberta.** Refrán que alude a que os barcos sen cuberta non son seguros (A Veiga).

lancheiro. s. m. Persoa dedicada ao transporte en lancha de viaxeiros ou mercancías.

lanco. s. m. Porción pequena de terra seca endurecida (Castropol).

landa. V. lande (Abres).

lande. s. f. Froito do carballo ou doutras árbores da mesma especie; landa, landre, landia, landria, landrillón.

landia. V. lande.

landio. adx. Dise do fío coas febras dobradas e pouco tortas (San Martín de Ozcos).

landre. V. lande (Boal, San Martín de Ozcos).

landreado, -a. adx. Medio desfeito.

landria. V. lande.

landrillón. V. lande (Castropol).

landrón. s. m. Tumor que se produce no pescozo, detrás da orella naqueles nenos que teñen unha doenza nos sistemas tegumentario, linfático e óseo, con localización e modalidade patoxénica variables.

langaña. V. lagaña.

langañoso, -a. adx. Que ten lagañas (*langañas*) nas beiras dos ollos.

langosta. s. f. Nome común de diversos insectos saltadores da orde dos ortópteros, como a lagosta verde (*Tettigonia viridissima*), insecto ortóptero da familia dos tetigónidos, de antenas longas e filamentosas. **2.** Nome común de diversos crustáceos decápodos da familia dos palinúridos. Un deles é a lagosta común, de gran tamaño, de até uns cincuenta centímetros de lonxitude, de corpo cilindroide e provisto de espiñas. As antenas son moi longas e fortes e as patas anteriores rematan nunha forte uña ganchuda sen pinzas. Vive en fondos rochosos e cavernosos e a súa carne é moi apreciada (*Palinurus elephas*).

langostino. V. ermitaño (As Figueiras). **2.** V. cigala (As Figueiras). **3.** Crustáceo decápodo, da familia dos peneidos, de até vinte centímetros de lonxitude, co corpo alongado e lateralmente comprimido, con antenas moi curtas e próximas entre si. A súa coloración é rosada con algúns tons violáceos ou tirando a laranxa (*Penaeus kerathurus*).

langrán. adx. Folgazán (A Veiga, Santiso de Abres).

langrear. V. langriar (Castropol).

langriar. v. Ter moita fame. **2.** Desexar moito unha cousa.

langrista. adx. Aplícase á muller delgada e consumida polo tempo. **2.** Persoa alta e sen graza. **3.** Listo, astuto. **4.** Sabichón, que presume de saber moito. **5.** Dise da muller con xeito de falar desvergonzado e molesto. **6.** Aplícase á persoa que fala moito e con pouca cabeza.

lanudo, -a. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Seroiro (Ibias). **2.** Aplícase ao que ten moito pelo ou la. // **Lanudo del vale.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes das localidades do val da parroquia de Seroiro (Ibias).

lanxido. s. m. Laio, queixa.

lanxir. v. Laiarse, queixarse, normalmente en voz baixa. **2.** Respirar con forza e

axitadamente. **3.** Dar xemidos, suspirar. **4.** Oulear o can de dolor.

lanza. V. cabezoalla; pino, pinoalla.

lanzada. s. f. Medida de lonxitude para táboas que equivalía a nove palmos.

lanzadeira. V. *nezcla*.

lanzar. v. Tirar con forza, guindar.

lanzola. V. curriola.

lañada. s. f. Ferida.

lañar. v. Limpar as tripas do cocho para facer chourizos ou morcillas. **2.** Limpar o peixe quitándolle as tripas e cortándolle a cabeza. **3.** Rascar. **4.** prnl. Pegarse, rifar.

lapa. s. f. Chama de lume. **2.** V. lámpara 2ª acep.

lapada. s. f. Chama alta.

lapado, -a. adx. Borracho (Allande).

lapar. v. Tragar con présa a comida ou a bebida, normalmente facendo ruído. **2.** Facer ruído un can ou un gato ao comer ou beber, especialmente coa lingua ou ás veces as persoas. **3.** Apropiarse do que non é dun (*Lapoume el viño*). **4.** Beber con gula.

laparada. s. f. Chama alta.

lapariar. v. Botar chamas unha cousa que arde.

laparida. s. f. Chama alta; laparada.

lapasinza. s. f. Ser mitolóxico que desordenaba a cociña e espallaba as cinzas (Grandas de Salime).

lapear. v. Andar comendo a deshora (Seares). **2.** Quentar moito o lume con chamas altas.

lapexar. v. Beber como fan os cans ou os gatos nun río, poza etc. (Santalla de Ozcos).

lápez* → lapiceiro.

lapiceiro. s. m. Utensilio cilíndrico ou prismático, que envolve unha delgada barra de grafito que serve para debuxar, escribir ou pintar.

lápida. s. f. Pedra sobre a que se grava unha inscrición conmemorativa ou en honra de alguén.

lapote. s. m. Golpe dado coa man.

lapramada. s. f. Golpe dado coa man (Abres).

lar. s. m. Lugar onde se prende o lume na cociña, fogar. **2.** Lugar onde se prende o lume nun forno de pan (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos). **3.** Tipo especial de barro encarnado, con consistencia de pedra, que se utilizaba nos fornos abrandándoo con auga fervendo (San Martín de Ozcos).

larada. s. f. Montón de cousas pequenas. **2.** Camada de cochos, coellos, gatos etc., que nacen do mesmo parto. **3.** Conxunto de polos que dunha vez quitan as aves, particularmente as galiñas. **4.** Moita cantidade de algo. **5.** Prole.

larafouza. V. larafouce (Abres).

larafouce. s. f. Barullo grande, alboroto (Castropol).

laragotado, -a. adx. Dise do que ten coágulos.

laragoto. s. m. Coágulo que se forma da mestura dun líquido coa fariña.

larán. s. m. Barullo.

larapallo. s. m. Café augado (Castropol).

larapitoso, -a. adx. Aplícase ao ollo cando se irrita. **2.** Aplícase ao ollo cando ten lagañas. **3.** Por extensión, dise da persoa que ten os ollos irritados.

larapotear. v. Andar revolvendo e destapando potas na cociña (Castropol).

larbear. v. Rachar a madeira.

larchán. V. larapallo (Castropol).

lardeiro, -a. adx. Aplícase ao que ten graxa ou manteiga. **2.** Dise do domingo, sábado, luns ou martes de Entroido, segundo distintas zonas do Eo-Navia, cando xa se pode comer carne segundo a relixión católica.

lardo. s. m. Parte de graxa que ten o touciño. **2.** Parte dura de debaixo dun pan.

larear. v. Falar ou pedir unha cousa con insistencia. **2.** Traer e levar chismes molestando (Abres). **3.** Falar só e sen parar. **4**. Protestar.

larega. s. f. Espazo, normalmente nun campelo, que hai diante da *corripa*, onde unha persoa pisa os ourizos das castañas coas galochas ou zocas e outra cun angazo separa as castañas dos ourizos. **2.** Conxunto de castañas ou carbón despois de asar ou queimar. **3.** V. lareira 1ª acep. (Tormaleo).

lareira. s. f. Cociña tradicional onde se prendía o lume, formada por un cadrado de pedras máis altas, e outras pedras e lousas formando o piso, xunto á cheminea. **2.** Por extensión, toda a cociña tradicional, incluída a cheminea, o lugar do pote etc. **3.** Pedra do forno que sobresae e onde se asentan os *canteiros*.

lareirada. s. f. Conxunto de familiares que forman unha casa; casarada.

lareta. adx. Dise da muller que fala de máis (Tapia de Casarego).

laretar. v. Falar de máis, descubrindo segredos. **2.** Contar un segredo.

largada. s. f. Acto e resultado de lanzar unha arte de pesca ao mar desde unha embarcación en movemento; lance.

lárgala. s. f. Tira que se usa no Entroido. **2.** Cada un dos dous dentes situados entre

as moas e os incisivos, cairo (Tapia de Casarego).

lárgala! interx. Expresión que se utiliza no Entroido.

largancia. s. f. Longura, lonxitude (Tapia de Casarego).

larganza. V. largancia (A Veiga).

largar. v. Soltar, librar, afrouxar pouco a pouco. **2.** Irse ou marchar. **3.** Soltar as redes ou os amarres ao saír as embarcacións. **4.** Ceder unha cousa a outra persoa cun prezo normal. **5.** Golpear. **6.** Falar de xeito inoportuno e indiscreto. **7.** Reprender, corrixir (*Largoulle un discurso*). **8.** Falar, dar unha charla. **9.** Botar un aparello no mar para pescar.

largata. adx. Muller mala e que se mete en asuntos alleos. **2.** V. *largatixa* 1ª acep. **3.** s. f. Persoa descarada, normalmente muller. **4.** Dise da muller faladora.

largatiño. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Piñeiro (Taramundi).

largarito, -a. V. longarito.

largatexar. v. Falar moito sen sentido.

largatixa. s. f. Nome común de diversas especies de réptiles escamosos, sendo a máis abundante a *Lacerta muralis*, duns vinte centímetros de lonxitude, platicéfala e con escamas dorsais pequenas, grandes placas ventrais en seis series lonxitudinais e a cola moi longa. A súa color é variable: agrisada, parda, negra, verdeal ou con manchas brancas. Vive entre as pedras e precisa temperaturas elevadas, aletargándose no inverno. **2.** adx. Aplícase á muller que lle gusta criticar ou que lle gustan os chismes. **3.** adx. Dise da muller astuta e maliciosa. **4.** V. sapalingresa (Tapia de Casarego).

largato. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Piñeiro (Taramundi), por ser un lugar de solaina e seco. **2.** s. m. Nome de varias especies de réptiles escamosos saurios, de tamaño variable e cola longa. O máis común pode ter até sesenta centímetros de lonxitude e corenta de cola. Ten o corpo groso, as extremidades curtas e a cola, que é ancha na base, remata en punta. A color do corpo varía segundo a idade e a estación (*Lacerta lepida*). Outras dúas especies presentes no Eo-Navia son o verde (*Lacerta viridis*) e o verde negro (*Lacerta schreiberi*). **3.** s. m. En cachotería, pedra de forma alongada (Abres). **4.** Tumor branco e doloroso que sae ás vacas entre os pezuños (Tapia de Casarego). // **Largato arnal.** V. arnal 1ª acep.

largatois. s. m. pl. Dolor forte que lle dá ao gando cando crava os pezuños na carne.

largatón. s. m. (pl. largatois). Réptil escamoso saurio da familia dos lacértidos, con cabeza moi alta e de coloración variable, aínda que normalmente verde (*Lacerta viridis*).

largo, -a. V. longo. **2.** adx. Aplícase á persoa rápida, dilixente, hábil. **3.** Alto. **4.** Dise da persoa que rende moito no traballo. **5.** Grande (*É un cocho largo*), (Castropol). // **Dar *largas* (*llargas*).** Pedir máis tempo, aprazar. // **De largo en largo.** De vez en cando. // ***Esto* é máis largo que un día *sin* pan.** Refrán que alude ao pesado que se está facendo algo pola súa longa duración. // **Largo como maio.** Moi longo. // **Largo como un día de maio.** Moi longo. // **Largo como un día *sin* pan.** Moi longo. // **Ser largo das *maos*.** Ter propensión a roubar. // **Ser largo no (nel) traballo.** Ser moi traballador.

Obs. Trátase dun castelanismo nalgunhas acepcións.

largometraxe. s. f. Película cinematográfica cunha duración superior aos sesenta minutos.

Obs. Trátase dun castelanismo.

largor. s. m. Lonxitude; largura. **2.** Duración.

Obs. Trátase dun castelanismo.

largotín. V. longo.

Obs. Trátase dun castelanismo.

largueiro. s. m. Peza de madeira que se pon nunha obra de carpintería ao longo dunha armazón, como nas camas, ventás etc. **2.** Cada un dos catro paus da grade. **3.** Cada un dos paus que se poñen de xeito horizontal para pechar unha cancela. **4.** adx. Non moi longo. **5.** adx. Alongado. **6.** adx. Dise da persoa alta e delgada. **7.** Listón de madeira disposto de xeito vertical que serve para soster os cristais das ventás.

largueirolo, -a. V. largueirucho.

largueirucho, -a. adx. Aplícase á persoa moi alta e delgada.

largura. V. longura.

lariar. V. larear.

larica. adx. Dise da persoa que lle gusta meterse en asuntos alleos. **2.** Aplícase á persoa que lle gusta revolver en traballos propios da cociña.

laricada. s. f. Traballo de pouca importancia ou mal feito.

laricar[1]. s. m. Pedra que fai de xamba da porta do forno; lancar.

laricar[2]. v. Meterse en asuntos alleos. **2.** Revolver, normalmente na cociña. **3.** Sobar, tocar unha cousa coas mans reiteradamente (Castropol). **4.** Facer labores de pouca importancia dun lado para outro (Abres). **5.** Facer traballos mal feitos. **6.** Meterse en labores propios da cociña, revolver na cociña.

laricos. s. pl. Traballos pequenos da casa.

larieiro, -a. adx. Que fai barullo. **2.** Molesto.

larión, -úa. V. larieiro 1ª acep.

lariqueiro, -a. adx. Aplícase á persoa que lle gusta meterse en todos os asuntos. **2.** Persoa que traballa en cousas domésticas de pouca importancia. **3.** Dise do home efeminado. **4.** Aplícase á persoa, normalmente home, que lle gusta revolver na cociña.

larlarlar! interx. Úsase para imitar a voz do que fala moito e sen xuízo.

larpadela. s. f. Enchente, chea.

larpar. v. Comer todo (Abres).

larpeiro, -a. adx. Tragón, que come moito (Castropol). **2.** Lambón.

larpiar. v. Andar buscando algo para comer ou beber. **2.** Ter moita sede, desexar un líquido para beber. **3.** Comer moito. **4.** Comer cousas doces.

larpieiro, -a. V. larpeiro.

lascamento. s. m. Corda grosa da liña dunha cacea.

lascar. v. Afrouxar ou arriar moi pouco a pouco o cabo dunha embarcación. **2.** Afrouxar o fío de pescar cando un peixe forte e grande morde o engado do anzol para cansalo.

lástico* → camiseta.

lástima. s. f. Compaixón que producen os males doutra persoa. // **Lástima (*llástima*) *fora*.** Faltaría máis.

lastimeiro, -a. adx. Que ten *lástima*.

lastimoso, -a. adx. Que se queixa moito.

lastra. s. f. Pedra grande e plana, que se empregou normalmente para o peche e deslinde de leiras, para cubrir o chan das lareiras ou para o xogo dos *bólos*.

lastrar. v. Poñer peso ou lastre a unha embarcación para darlle estabilidade. **2.** Afirmar unha cousa cargándoa de peso (A Veiga).

lastre. s. m. Peso con que carga unha embarcación para somerxela até a liña conveniente. // **A lastre.** Nunha embarcación, poñer a pesca na cuberta sen medida nin orde (Tapia de Casarego); a plan. // **En lastre.** Con prudencia.

lastría. s. f. Lastra pequena.

lastrón, -úa. s. m. e f. Pedra grande e lisa.

lata. adx. e s. f. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Boiro (Ibias), porque eran considerados oportunistas. **2.** Pau longo que dirixe o arado ou o *vasadoiro*. **3.** Pau vertical que se pon no palleiro ou na meda, arredor do que se pon a herba seca. **4.** Bandexa ou molde metálico que se emprega para facer empanadas, tortas, doces etc. **5.** Bote de material metálico. **6.** Pau transversal que se sostén nos pés do *cabezal* traseiro dun *serradeiro*. **7.** *Vasadoiro* que non ten *rodelas* e que engancha no xugo (Tapia de Casarego). **8.** Pau que colga do teito das salas e faiados das casas para poñer a secar as restras de millo naquelas onde non hai cabazo. **9.** Por extensión, pau longo, groso e recto. **10.** Molestia. **11.** Nun mazo, cada un dos dous paus verticais aos que está fixa a táboa do medio do barquín, grazas aos dous *gorriois* (Santalla de Ozcos). **12.** Envase metálico onde hai unha conserva. **13.** Pau vertical que se pon no medio da leña do *torco* e que despois se quita cando se fai carbón. // **Dar (a) lata.** Molestar, amolar. // ***Tar* de mala (*búa*) lata.** Estar de mal (bo) humor.

latada. s. f. *Lata* chea de restras de millo. **2.** V. lata 4ª e 5ª acep. (Boal). **3.** Contido dunha lata.

latarego. adx. e s. Alcume popular dos habitantes de Abres (A Veiga), pola madeira que baixaban polo río.

lategazo. s. m. Golpe dado cun látego.

látego. s. m. Correa longa para pegar ás cabalerías ou ás persoas.

laterago. V. latarego.

lateral. adx. O que está ao lado dunha cousa.

latigazo. V. lategazo.

látigo. V. látego. **2.** Congro pequeno (Tapia de Casarego, Ortigueira). **3.** Congro mediano (Tapia de Casarego).

latín. s. m. Lingua do Lazio falada polos antigos romanos, da que derivan as actuais linguas romances.

latina. s. f. Forma de vela dunha embarcación lixeira, caracterizada por ser triangular.

latido. s. m. Cada un dos golpes que dá o corazón contra o peito. **2.** Sensación dolorosa no peito.

latir. v. Dar latexos o corazón e as arterias. **2.** Berrar o can, especialmente cando dá cunha presa.

lato. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de San Martín del Valledor (Allande). **2.** Alcume popular que

lles dan os habitantes de Villaión aos de Boal.

latonero* → fontaneiro; cerrolleiro.

latoso, -a. adx. Molesto.

latrinada. V. lameira 1ª acep. **2.** Resultado de pisar algo brando e mollado. **3.** Sucidade.

laudar. v. Eloxiar, louvar.

laureiro* → loureiro.

lavación. V. maluco 1ª acep.

lavadeiro. V. lavadoiro 1ª e 2ª acep.

lavado[1]. s. m. Moble onde encaixaba unha *palancana* e na parte inferior colocábase unha xarra.

lavado[2], -a. adx. Aseado. **2.** Limpo.

lavadoiro. s. m. Lugar colectivo onde se lavaba a roupa, formado por unha canle de auga onde se situaban varias pedras inclinadas para lavar. Normalmente son estruturas con cuberta a dúas augas de lousa, moitos deles feitos nas décadas entre 1920 a 1950 polos concellos ou polos veciños. **2.** Pedra ou madeira onde se lavaba a roupa. Nas Campas (Castropol) a pedra non tiña propietaria, había varias xunto ao regato porque non coincidían máis de tres ou catro mulleres.

lavadora. s. f. Máquina automática que fai o lavado da roupa.

lavadura. s. f. Restos de comida que se lles dá aos cochos. **2.** Auga na que se lavaron os cacharros da cociña.

lavanco, -a. s. m. e f. Pato bravo acuático. O macho recoñécese polo seu peteiro amarelo e a súa cabeza verde, o seu peito ferruxento e unha mancha violeta verdeal na metade de cada á. A femia é acastañada con pintas máis escuras (*Anas sp.*). **2.** Ave da familia dos falacrocorácidos, que mide uns noventa centímetros, coa plumaxe negra e meixelas e barbadela brancas (*Phalacrocorax carbo*), (As Figueiras).

lavandeira. s. f. Nome xenérico de diversas aves paseriformes do xénero *Motacilla*, da familia dos motacílidos, de pequenas dimensións, tronco alongado e delgado, cabeza pequena con peteiro recto e agudo, cola estreita, tarsos longos e patas finas (Taramundi); alindador, andarríos 2ª acep., avelía 3ª acep., llavandeira, margarita 1ª acep., maría-garcía, paxaría 4ª acep., paxarín da barbía marella, páxaro del gando, puntalouxa. **2.** Ave paseriforme, da familia dos motacílidos, de tamaño pequeno e plumaxe branca, negra e gris (*Motacilla alba*). **3.** Ave paseriforme, da familia dos motacílidos, de color agrisada na parte superior e amarela na inferior (*Motacilla cinerea*). **4.** Ave paseriforme, da familia dos motacílidos, co ventre amarelo e o dorso verde oliva (*Motacilla flava*). **5.** Muller que ten por oficio ou labor doméstico lavar a roupa.

lavar. v. Limpar con auga ou outro líquido. // **Cara lavada.** Desvergonzado.

lavar* → levar.

lavativa. s. f. Líquido que se introduce polo ano no intestino para provocar a defecación ou con outro fin curativo. **2.** Instrumento que se emprega para esta operación.

lavaza. s. f. Comida para os cochos, normalmente con abundante líquido (San Martín de Ozcos).

laxa. s. f. Rebanda de pan. **2.** Pedra que se presenta en follas planas. **3.** Lousa, pedra grande e plana. **4.** V. costelón (Tapia de Casarego). **5.** Rocha plana que non cobre o mar (As Figueiras).

laxe. s. f. Pedra que se presenta en follas grandes (Pezós); laxa.

lazada. s. f. Corda á que se lle pon nun extremo un aro de madeira para facilitar o labor ao atar. **2.** Articulación das patas traseiras do gando vacún ou doutro animal. **3.** Lazo. **4.** V. sela 4ª acep.

lazadón. V. lazada 2ª acep.

lazcuada. s. f. Golpe dado cunha man.

lazo. s. m. Na galocha, adorno moi común feito na parte dianteira de madeira. **2.** Nó que se fai con varias cintas ou cordas. **3.** Cada unha das cordas que suxeitan a carga antes de atala dun xeito definitivo. **4.** Unión de táboas ou pezas de madeira por incrustación (As Figueiras). // **Cazar a lazo.** Apresar un animal cun nó de varias cintas ou cordas.

lazpazo. s. m. Golpe que se dá coa man aberta.

lea. s. f. Corda de esparto, tecida como unha trenza, que serve para atar e asegurar fardos, sacos, xatos, vacas etc.

leal. adx. Que garda a fidelidade debida.

lebrato. s. m. Lebre de pouco tempo.

lebratón, -úa. s. m. e f. Lebre grande de pouco tempo.

lebre. s. f. Nome común de diversas especies de mamíferos lagomorfos pertencentes ao xénero *Lepus*, familia dos lepóridos, de orellas moi longas, extremidades tamén longas, coas plantas cubertas de pelo e cola pequena. Teñen a vista, o oído e o olfacto abondo desenvolvidos. A súa carne é comestible e moi apreciada, ademais da súa pel. **2.** Persoa astuta pero que non é fiable. **3.** Persoa áxil e rápida en movementos. // **Ás lebres.** Sen nada nunha herdanza. **2.**

Sen facer nada. // ***Condo* chove i *sale* el sol cantan as lebres na porta maior.** Refrán meteorolóxico.

lebrel. s. m. Tipo de can de talla alta, cabeza longa e estreita, fociño alongado e extremidades longas, que non ten moi desenvolvido o olfacto pero si a vista e o oído. A súa característica máis destacada é a súa extraordinaria velocidade, polo que é moi utilizado para a caza de lebres (*Canis sp.*). **2.** adx. Dise da persoa astuta, lista.

lebritía. s. f. Lebre pequena (Allande).

lección. s. f. (pl. leccíois). Interpretación dun texto. **2.** Cada unha das partes dedicadas a un tema en que está dividido un libro que se emprega no ensino. **3.** Castigo.

lechería* → leitería.

lechiga. s. f. Caixa con varas, na que se levaba a enterrar os mortos.

lechuga* → leituga.

leción* → lección.

lectura. s. f. Acción de ler. **2.** Obra lida ou destinada a selo.

ledicia. s. f. Alegría.

ledo, -a. adx. Alegre, contento.

legado, -a. adx. Enredado. **2.** s. m. Cousa ou conxunto de cousas dadas nun testamento.

legal. adx. Dise do que é conforme á lei. **2.** Aplícase á persoa digna de confianza.

legalmente. adv. De xeito legal. **2.** Segundo a lei.

legar. v. Enredar (*Légase el fío*), (Santalla de Ozcos).

légara. V. legra (Tapia de Casarego).

legra. s. f. Ferramenta de ferro con mango de madeira e cun extremo cortante onde o fío está dobrado. Serve para facer a parte interior dunha galocha, dun trobo, concos etc. Existe de varias clases: de aplanar ou *plantilla*, do/del lado ou de polo lado, do/del pico, a do/del calcaño, del ombro, de por *baxo* etc. (Os Ozcos, Tapia de Casarego, Navia).

legrado, -a. adx. Afuracado. **2.** s. m. Na galocha, parte furada pola legra onde se mete o pé.

legrar. v. Traballar a madeira cunha legra.

legua. s. f. Medida de lonxitude que no antigo concello de Castropol equivalía a 5673 metros e que nos de Grandas de Salime, Ibias, Eilao, Pezós e os tres Ozcos era de 5573 metros.

legueiro, -a. adx. O que se queixa moito. **2.** Lento, que fai as cousas sen présa (A Veiga).

lei. (pl. leis, leises). s. f. Norma xurídica de carácter xeral e obrigatorio ditada polos órganos de poder lexislativo. **2.** Cariño, lealdade, fidelidade (*El can ten lei al amo*).

leición* → lección.

leira. s. f. Terra labrada na que se sementan varios produtos. **2.** Porción de terra cultivada normalmente de forma longa e estreita. **3.** Por extensión, terra no monte. // **Ter uha leira (*lleira*) en Toledo.** Estar algo tolo ou ter mal humor.

leirado. s. m. Lugar situado na parte de debaixo do *torco*, onde se estendía o carbón de leña, para que arrefriase.

leirar. v. Traballar con dificultades.

leiría. s. f. Leira pequena.

leirías. s. f. pl. Xogo de nenos como o "tres en raia", que se xogaba con fabas de distintas colores. Outra variedade deste xogo consiste en facer na terra ou nunha lousa unha figura e en colocar cada xogador tres bólas. O que as pon nunha fileira gaña e o que entra ou *mao*, pon a primeira no centro, que chama *pote*; lleirías, leiriñas.

leirín. s. m. Leiro pequeno.

leiriñas. V. leirías (Abres).

leiro. s. m. Leira pequena.

leirolo. s. m. Leira pequena que se dedica normalmente para sementeiro.

leirón, -oa, -úa. s. m. e f. (pl. leirois). Leira grande. **2.** Terreo nas montañas, con pedra solta, que normalmente vai caendo cara ao chan.

leirosa. s. f. Lugar onde hai moitas pedras (Allande).

leirucho. s. m. Leiro de mala calidade.

leises (de). loc. De varias clases especiais, distintas das autóctonas (*Castañas de leises*, *Patacas de leises*), (Os Ozcos).

leitada. s. f. Gran cantidade de leite (A Veiga).

leite. s. m. Líquido branco e opaco que se forma nas glándulas mamarias das femias dos mamíferos. **2.** Solución acuosa, de composición variable, que circula polo interior das plantas e as árbores, especialmente da leituga e da figueira. **3.** Seme, esperma. // **El leite da rama éche *prá* súa ama**. Refrán que se refire a que en outubro as vacas dan pouco leite (Castropol). // **Leite acabado de *mecer*.** Leite fresco. // **Leite achegado.** Leite acedo. // **Leite *cuallado*.** Leite xa solidificado. // **Leite *cuestro*.** *Calostro* (Vilanova de Ozcos). // **Leite delgado.** O que ten pouca manteiga. // **Leite estonado.** O leite que non ten nata. // **Leite gordo.** O que ten moita manteiga. // **Leite mazado.** Leite que queda despois de separar a

manteiga da nata na ola. // **Leite *picón*.** Leite *xipreiro*. // **Leite tenreiro.** *Calostro* (Seares, Vilanova de Ozcos). // **Leite *testo*.** Leite callado. // **Leite *tollido*.** Leite callado. // **Leite *xipreiro*.** Leite que se volve acedo antes de callar. // **Leite *xiprón*.** Leite *xipreiro*. // **Leite *xirón*.** Dise do leite callado ou que comeza a callarse. // ***Tar* el grao en leite.** Estar o gran verde (Tapia de Casarego).

leitego, -a. V. leiteiro 2ª acep.

leiteira. s. f. Cacharro para transportar ou conter leite, podendo ser de diferentes materiais como plástico ou metal. **2.** Muller que vende e reparte leite. **3.** Ama de cría. **4.** adx. Aplícase á vaca que dá moito leite. **5.** V. leituga 2ª acep. (A Veiga).

leitería. s. f. Sitio onde se vende leite. **2.** Lugar onde se recolle o leite para envasalo, para facer queixo ou outros produtos lácteos.

leiterina. s. f. Pedra con propiedades supostamente máxicas que se colgaba ao pescozo da mai lactante. Cando a pedra colgaba para diante o neno podía mamar e para atrás non (San Martín de Ozcos).

leiteiro, -a. s. m. e f. Persoa que vende ou reparte leite. **2.** adx. Que dá moito leite, produce ou ten algunha das súas propiedades.

leito. s. m. Parte plana do carro sobre a que se coloca a carga (Taramundi); leto.

leitón. V. leituga 2ª acep. (Eilao).

leitoso, -a. adx. Que se parece ao leite.

leituada. V. leitada. **2.** Seme, esperma.

leituga. s. f. Planta herbácea da familia das compostas, de follas grandes, brandas, enteiras ou dentadas e as inferiores agrupadas en roseta. Do centro desta roseta nace un talo cilíndrico, ramificado, de corenta a sesenta centímetros de altura (*Lactuca sativa*). **2.** Por extensión, ás veces esta palabra refírese ao mexacán 1ª acep. **3.** Herba bienal da familia das compostas, que pode acadar até os dous metros de altura. As súas follas son algo coriáceas, lanceoladas ou elípticas, con bordos sinuados e dentados e o nervio medio cuberto de aguillóns. É moi apreciada polos coellos domésticos e o gando e ten propiedades medicinais no zume que ten aspecto de leite (*Lactuca virosa*). // **Leituga brava.** V. leituga 2ª acep. // **Leituga tarrela.** V. mexacán 1ª acep. (Santiso de Abres).

leldado, -a. adx. Fermentado.

leldar. v. Fermentar a masa do pan.

leldo. s. m. Fermento para a masa do pan.

lembrar. v. Recordar.

lenceiría. V. lencería.

lenceiro. s. m. Persoa que vende lenzos. **2.** Persoa que fai roupa interior.

lencería. s. f. Conxunto de pezas de roupa interior.

lenda. s. f. Relato fantástico, normalmente con certa base histórica que se foi elaborando co tempo e a tradición (Os Ozcos).

lendia. s. f. Abundancia de palabras superfluas e frívolas. **2.** Parcela de terra (Taramundi). **3.** V. lenda.

lendioso, -a. adx. Dise do que está cheo de piollos.

lendreira. s. f. Peite ancho coas pugas moi xuntas polos dous lados que servía para quitar os piollos (Tapia de Casarego).

lene. adx. Suave.

lengoa* → lingua.

lenguado. V. linguado (As Figueiras).

lenguaxe. s. f. Lingua (Tapia de Casarego, Castropol).

lentella. s. f. Ovario da cocha.

lentelloso, -a. adx. Aplícase ao cocho que ao abrilo ten o fígado con vexigas. **2.** Dise da carne de cocho con vexigas.

lentes. s. f. pl. Instrumento óptico con dous cristais e unha armazón metálica ou doutro material que serve para ver mellor ou máis grande; gafas, quevedos.

lentilloso*, -a → lentelloso.

lento, -a. adx. Aplícase ao cereal ou legume que aínda están verdes. **2.** Dise da fariña de millo e derivados ou de centeo, das abelás etc., que están sen torrar. **3.** Húmido. **4.** Que se move, actúa ou se fai amodo.

lenzo. s. m. Tecido basto de algodón, liño (*lin*) etc. // **Lenzo *pulgueiro*.** Con manchas mouras.

leña. s. f. Nome xenérico que se dá á madeira que se emprega para o lume. **2.** Madeira. // **Botar leña (*lleña*) encima.** Discutir, entremeter. // **Dar leña.** Pegar, golpear. // **Facer (*fer*) leña (*lleña*).** Partir leña. // **Fender leña (*lleña*).** Partir leña.

leñeiro. s. m. Lugar inmediato á casa onde se garda ou pon a leña. **2.** Lugar onde se corta a leña. **3.** Persoa que vende leña.

león. s. m. (pl. leois). Mamífero carniceiro da familia dos félidos, que pode acadar os tres metros de lonxitude, con cabeza grande e orellas pequenas, boca ancha e dentes moi desenvolvidos, corpo forte, rabo delgado e pelaxe parda (*Panthera leo*).

lepanto. s. m. Pucha que levan algúns mariñeiros da armada.

lepra. s. f. Doenza crónica e contaxiosa, caracterizada por producir lesións cutáneas típicas, manchas etc.
leproso, -a. adx. Que está afectado de lepra.
ler. v. Seguir cos ollos os signos da escritura identificándoos e entendéndoos.
lercho, -a. adx. Dise da persoa mala que fala de máis (Castropol, Tapia de Casarego).
lercia. s. f. Picardía (Os Ozcos). **2.** Medo (Os Ozcos, Negueira de Muñiz).
lercioso, -a. adx. O que dá medo (Os Ozcos). **2.** Dise do lugar de difícil acceso, que dá medo para pasar pola noite ou o que produce vertixe (Taramundi).
lerdo, -a. adx. Parvo. **2.** Torpe.
leria. s. f. Impertinencia (Tapia de Casarego). **2.** Conversa, ás veces molesta (*Que leria teis!*).
leriar. v. Rifar, fungar (Boal). **2.** Discutir.
lerio. s. m. Lea, enredo (Os Coutos, Grandas de Salime).
lernia. s. f. Táboa que cruza unha embarcación de lado a lado durante a súa construción (As Figueiras).
lerque. s. m. Rabia, ira.
lesna. V. lezna 1ª acep.
les-nordeste. V. nordés 1ª acep. **2.** Punto intermedio ou rumbo equidistante do leste e do nordeste.
lestazo. s. m. Vento do leste moi forte.
leste. s. m. Punto cardinal por onde sae o sol. **2.** Vento que procede desa parte.
lestín. s. m. Vento do leste moi frouxo.
lestra. V. lestre (Vilanova de Ozcos, Santalla de Ozcos).
lestre. s. m. Planta da familia das gramíneas, con pequenas canas de trinta centímetros de longo, con dúas ou tres follas verdes de color intensa, máis curtas que as vaíñas, flores amarelas e brillantes en forma de espiga oval (*Anthoxantum odoratum*), (Eilao).
lesueste. V. sueste 1ª acep. **2.** Punto intermedio ou rumbo equidistante do leste e do sueste.
letanía. s. f. Serie de rezos á Virxe ou aos santos que se din no rosario. **2.** Reprimenda. **3.** Lista seguida de moitos nomes, frases ou locucións.
leterol. adx. e s. Alcume popular que lle daban os habitantes de Lloza aos de Cartavio (Coaña).
Obs. Trátase dunha palabra estraña nunha área palatalizadora.
leto. s. m. Fondo da caixa do carro do país ou do carreto.
letra. s. f. Signo gráfico, que só ou con outros, representa na lingua escrita a un fonema ou un grupo de fonemas. **2.** Documento mercantil. // **Ter *muita* letra.** Ser difícil de enganar nun asunto. // ***Unde* letras (*lletras*) falan, barbas calan (*callan*).** Refrán que alude ao respecto que se ten que ter á xente instruída.
letrado, -a. adx. Culto, instruído.
letrecedá* → electricidá.
letrecidá* → electricidá.
letrecista* → electricista.
letreiro. s. m. Cartel. **2.** Sinal de tráfico co nome de localidades, aldeas, concellos etc.
letricidá* → electricidá.
letricista* → electricista.
leución* → lección.
leudar. V. leldar.
leuga. V. legua.
leutura* → lectura.
leva. V. manubreiro 1ª acep.
levadeiro, -a. adx. Que se pode soportar.
levador. s. m. Persoa que axuda a levar o santo nas procesións. **2.** Persoa encargada dunha casa, leira, terra ou prado (Seares).
levantadoiro. s. m. Peza de roupa interior feminina que sostén o peito.
levantada. s. f. Acción de coller crustáceos erguendo as nasas onde quedaron presos por parte dos pescadores (As Figueiras).
levantar. v. Mover algo para arriba, erguer. **2.** Erguer da cama. **3.** Recoller unha colleita. **4.** Imputar, culpar a alguén maliciosamente dunha cousa falsa. **5.** Recoller unha arte de pesca do mar. // **Levantar (*llevantar*) el día.** Saír o sol despois de chover.
levar. v. Trasladar unha cousa dun sitio a outro (*Levou todas as cousas pró cuarto*). **2.** Acompañar (*Ten que levar a avola á súa casa*). **3.** Vestir unha peza de roupa (*Leva uha blusa branca*). **4.** Usar determinado tempo para facer algo (*Leva dúas horas chegar a Ibias*). **5.** Quitar, roubar (*A raposa levoulle uha pita*). **6.** Guiar as panxoliñas de Nadal, como fan os aguinaldeiros. **7.** Ter en arrendamento unha propiedade (*Leva esas terras*). **8.** Prender unha planta. **9.** Soportar, sufrir (*Nun leva tar enfermo*). **10.** Ter algo consigo na man, no peto etc. (*Que levas na mao?*). **11.** Producir, dar (*Se nun levan somente hai que comprala*), (San Martín de Ozcos). **12.** Cantar unha copla entre varias persoas, para ser contestada despois por outras (*Levan el cántico entre tres ou cuatro*), (San Martín de Ozcos). **13.** Facer (*Leva as cousas con rectitú*). **14.** Comprar (*Levou esos libros*). **15.** Merecer unha malleira (*Vas levar*

uha). **16.** Pegar, golpear (*Levoulas porque nun para*). **17.** Erguer, levantar, como as áncoras. **18.** prnl. Ter amizade con unha ou varias persoas (*Lévase ben coel vecín*). // **Así leva el demo as cruces.** Expresión que se di cando unha persoa trata unha cousa con golpes. // **Levar a cabeza.** Marearse. // **Levar *amistá*.** Ser amigos desde hai moitos anos. // **Levar a porta con un.** Expresión que se utiliza cando alguén pecha a porta ao saír. // **Levar a súa por riba.** Conseguir, facer prevalecer a súa opinión. // **Levar *camín* con.** Ser capaz de controlar a unha persoa (*Nun leva camín cos fillos*). // **Levar *camín* de.** Ter un traballo, unha persoa, unha construción etc., trazas de algo (*Ese neno leva camín de ser estudioso*). // **Levar + participio.** Perífrase verbal no que o verbo levar actúa como auxiliar e con aspecto perfectivo ou durativo (*Leva dito muitas mentiras*). // **Levar + xerundio.** Perífrase verbal que expresa a acción como non acabada (*Levaba andando un bon cacho*).

levedar. v. Fermentar, espelir (Abres).

levita. s. f. Peza de roupa masculina con mangas, cinguida no corpo e de faldróns cruzados até os xeonllos.

lexía. V. líxia.

lexítima. s. f. Parte da herdanza que a lei reserva aos herdeiros forzosos, como os fillos.

lexítimo, -a. adx. Legal. **2.** Auténtico.

lezna. s. f. Instrumento do zapateiro para furar e coser. **2.** Cacho de pau con punta no extremo que serve para esfollar as espigas de millo ou para facer furados aos *cinchos*. **3.** Pequena estela de madeira que se crava na pel ao pasar a man por unha superficie irregular. **4.** Punta metálica ou pequena estela en pico saídas para fóra.

lía. V. lea.

liado, -a. adx. Con moito traballo. **2.** s. m. Enredo importante feito cun anzol (As Figueiras). **3.** Enredado, enmarañado.

liante. adx. Que enreda ou mete en leas a outra persoa. **2.** Que sempre anda metido en leas.

liar. v. Envolver o tabaco picado en papel de fumar. **2.** Enganar. **3.** prnl. Ter moito que facer. **4.** prnl. Pelexar. **5.** prnl. Entreterse, deterse (*Liouse a falar*). **6.** prnl. Ter relacións un home e unha muller, normalmente fóra do matrimonio. **7.** prnl. Enmarañarse, enredarse unha cousa con outra.

liaza. s. f. Semente do liño (As Figueiras). **2.** Conxunto de cordas, *vimias* etc., para atar ou envolver algo (Vilanova de Ozcos).

libate. s. m. No xogo da billarda, que un dos dous xogadores poida de novo lanzar a billarda procurando que esta quede o máis lonxe da cruz que se fai no chan cando se empeza a xogar.

libertá. s. f. Facultade pola que unha persoa decide o seu modo de actuar, sen atender ou obedecer determinacións exteriores e dentro das normas establecidas. // ***Nun* se pode ter *libertá si nun* se lles dá aos *demás*.** Refrán que alude a que para ter a propia liberdade hai que darlla tamén aos demais.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

libra. s. f. Medida de peso de 20 onzas que nos concellos de Grandas de Salime, o antigo de Castropol, Allande, Ibias, Eilao e Pezós equivalía a 0,57 quilos. No antigo concello de Castropol e no de Navia a libra de 24 onzas era de 0,69 quilos. **2.** Conxunto de dúas pastillas grandes de chocolate que antes adoitaban pesar media libra cada unha e estaban divididas en oito porcións ou onzas. // **Libra galega.** Medida de peso que equivalía a 20 onzas, é dicir, 575 gramos. // **Libra vintecuatrena.** Libra de 24 onzas.

libraduras. s. f. pl. Placenta das femias que se bota no parto.

librar. v. Gardar algo ou alguén dun traballo, mal ou perigo. **2.** Liberarse unha persoa dun compromiso contraído. **3.** Antigamente, quedar exento de facer o servizo militar, fóra de cota. **4.** Botar as *libraduras* as femias no parto. **5.** Evitar un castigo. **6.** prnl. Evitar un perigo.

libre. adx. Que goza de liberdade. **2.** Dispoñible. **3.** Privilexiado, dispensado (*Tá libre de impostos*). **4.** Exento de dano ou risco. // **Al libre valer.** Ceibes. // ***Tar* ben libre (*llibre*).** Que non vai acontecer unha cousa, que non se pense en conseguila.

libreiro, -a. s. m. e f. O que vende libros.

librería. s. f. Establecemento onde se venden libros.

libreta. s. f. Porción de follas agrupadas que serve para escribir normalmente na escola ou na casa.

libreto. s. m. Texto dunha obra de teatro para ser musicado.

librito. s. m. Pequeno caderno de papel de fumar.
Obs. Trátase dun castelanismo.

libro. s. m. Agrupamento de follas, normalmente impresas, cosidas e suxeitas todas por un dos lados e protexidas con cubertas, destinado á lectura. **2.** Terceira parte das catro en que se divide o estómago dos ruminantes. **3.** Por extensión, barriga ou estómago da vaca.

licenciar. v. Dar a licenza militar aos soldados.

liceo. s. m. Instituto (A Veiga).

licor. s. m. Bebida doce e aromática que ten por base a augardente ou o alcohol. **2.** Calquera tipo de líquido alcohólico.

lido, -a. adx. O que se leu. **2.** Aplícase á persoa que le moito, instruído, culto.

lieira. s. f. Terreo sementado de liño (*lin*).

liga. s. f. Sistema para cazar paxaros, consistente nunha substancia que pega e onde quedan atrapados. Esta substancia procede da cerna do acevo ou do *escornaprudo*. **2.** Mestura, como a da fariña coa auga (Vilanova de Ozcos).

ligación. s. f. (pl. ligaciois). Pedra que forma parte dunha parede interior e non se ve. // **A *ligación.*** Poñendo unha pedra no interior dunha parede.

ligada. s. f. Atadura, como a que se fai con dous cabos, chicotes etc.

ligar. v. Mesturar. **2.** Estar ben unida a masa do pan. **3.** Atar dous cabos cunha *ligada*. **4.** Coincidir, entenderse (*Sei eu que hemos a ligar ben*), (Boal).

ligazón. s. f. Calquera dos madeiros que se unen para compoñer as cadernas dunha embarcación (As Figueiras).

lilo, lilo! interx. Voz usada para dirixirse aos cans (Eilao).

lima. s. f. Instrumento de aceiro e mango de madeira que serve para pulir metais ou madeiras e que pode ser plana (de punta e paralela), cadrada, redonda, triangular, mediacana, en forma de coitelo etc.

limaco. s. f. Nome común que se aplica aos moluscos gasterópodos das familias dos ariónidos e limácidos, que non teñen cuncha, con corpo alongado, con dous pares de tentáculos, os inferiores e os superiores que levan os ollos. Escorregan por ondas e baixo unha capa de baba segregada por eles. A color é negra, parda ou mesmo tirando a vermella. Entre eles, destaca o *Arion ater* e o *Limax maximus*.

limaqueira. s. f. Arte de pesca fixa, consistente nunha especie de nasa en forma de embude, montada sobre tres aros de distinto diámetro. Na súa aresta leva o engado e empregábase para a pesca da troita no río Eo. **2.** Por extensión, pequena nasa coas características anteriores.

limaqueiro. adx. Relativo ao limaco. // **Ano *mui limaqueiro* (*llimaqueiro*), ano *mui herbeiro*.** Refrán que alude que cando hai moitos limacos hai moita herba.

limada. adx. Aplícase á vaca que bota limo. **2.** s. f. Porción de limo que bota unha vaca.

limado. s. m. Acción de limar nunha forxa o ferro.

limadura. s. f. Acción e efecto de limar. **2.** Cada unha das partículas que se desprenden ao limar.

limar[1]. v. Fregar cunha lima un obxecto para pulilo.

limar[2]. v. Botar limo unha vaca ou outro animal.

limitación. s. f. (pl. limitaciois). Acción e efecto de limitar ou limitarse.

límite. s. m. Liña que divide superficies. **2.** Fin.

límitre* → límite.

limo. s. m. Vexetación que se forma nos sitios húmidos. **2.** Mucosidade que botan os animais polos órganos xenitais cando están en celo ou as súas femias cando están a piques de parir, especialmente as vacas. **3.** Mucosidade da pel dos peixes (Abres, As Figueiras). **4.** Líquido preseminal que bota o pene dun home (A Veiga). **5.** Lama, lodo.

limocán. s. m. Alga verde da orde das ulvais con talo laminar e cunhas ramas longas e outras en forma de espiña (*Enteromorpha clathrata*), (Tapia de Casarego).

limoeiro. s. m. Árbore da familia das rutáceas, de tres a cinco metros de altura, perennifolia, de tronco liso e copa aberta. As súas follas son coriáceas, ovais e dentadas, normalmente cunha espiña que nace xunto á base e flores olorosas, de color rosada ou mesmo moradas por fóra e brancas no interior. O seu froito é o limón (*Citrus limonum*).

limón. s. m. (pl. limois). Cada un dos dous madeiros curvos que forman a armazón dun carro (Tapia de Casarego, Navia). **2.** Froito do limoeiro. **3.** pl. Peitos da muller.

limoneiro. V. limoeiro (Boal, Navia).

limosna. s. f. O que se dá a unha persoa pobre por caridade.
Obs. Trátase dun castelanismo.

limosnía. s. f. Esmola pequena.
Obs. Trátase dun castelanismo.

limoso. V. alimoso (As Figueiras). **2.** V. esperlote 1ª acep. (As Figueiras). **3.** V. baballón 4ª acep.

limpado, -a. adx. Sen sucidade.

limpadora. s. f. Máquina para limpar os cereais.
limpadura. s. f. Limpeza.
limpar. v. Quitar a sucidade ou as manchas. **2.** Quitar as malas herbas que medran arredor de certas plantas como o trigo, as fabas etc.; mondar. **3.** Na matanza do cocho, quitarlle as sedas. **4.** Quitar, roubar algo a alguén. // **Limpar a vento.** Quitar a sucidade do trigo lanzándoo ao aire.
limpeira. V. limpadora (Taramundi).
limpeiro. s. m. *Arpilleira* de tamaño pequeno que se estendía no chan para limpar o trigo ou as fabas.
limpeza. s. f. Acción ou efecto de limpar. **2.** Calidade de limpo.
limpiadoiro. s. m. Lugar onde se limpa o gran dos cereais.
limpiadora* → limpadora.
limpiadura. s. f. Limpeza.
limpiar* → limpar.
límpido, -a. adx. Limpo (Eilao).
limpio*, -a → limpo.
limpión. s. m. Limpeza feita de xeito lixeiro.
limpo, -a. adx. Que non ten sucidade. **2.** Lavado.
limueiro* → limoeiro.
lin. s. m. Planta herbácea da familia das liáceas, de talo cilíndrico, de medio metro a un metro de altura, con pequenas ramas, follas lanceoladas e alternas, cubertas dunha especie de cera. As flores son azuis e o froito en cápsula que ten de cinco a sete sementes. Utilízase para facer fibras téxtiles (*Linum usitatissimum*). **2.** Materia téxtil que se obtén desta planta. // ***Lin* de (da) raposa.** Nome común de varias plantas do xénero *Cuscuta*, da familia das cuscutáceas, de talos en forma de fío que viven de xeito parasito sobre outras plantas como a alfalfa, o pemento etc. (Eilao, Santalla de Ozcos).
lindar. V. alindar 1ª acep. (Allande).
linde. s. m. Lindeiro.
lindeiro. s. m. Límite entre dúas leiras ou terras; xebro. **2.** Lugar de pasto para o gando.
línea. s. f. Itinerario dun vehículo ou autobús. **2.** Por extensión, servizo regular de autobús. **3.** Cada unha das liñas horizontais que teñen algúns papeis e que serven para escribir sen torcerse. **4.** Corda dunha sonda de medir a profundidade da auga. **5.** V. liña 1ª acep. **6.** V. maragoteiro. **7.** V. pancheiro.
Obs. Trátase dun castelanismo.
linear. v. Trazar sobre a madeira liñas para os cortes que se van facer.
lingó-lingole. V. alingó-lingole.
lingolin-gole. V. alingó-lingole.
lingua. s. f. Órgano musculoso e móbil, alongado, existente na cavidade bucal de moitos animais e das persoas. **2.** Idioma. // **Dicir algo coa lingua (*Ilingua*) pequena.** Non estar convencido dunha cousa. // **El que ten a lingua aguda ten que ter a costela dura.** Refrán que alude á persoa que di sen reparo o que pensa ou sente, o que lle pode causar moitos problemas (Tapia de Casarego). // **Lingua de ovella.** V. corriola 2ª acep. (Eilao). // ***Nun* caber a lingua (*Ilingua*) na boca.** Estar borracho. // **Ter a lingua (*Ilingua*) gorda.** Estar borracho. // **Ter *debaxo* da lingua.** Estar a piques de lembrar unha cousa. // **Ter *muita* lingua (*Ilingua*).** Falar de máis. **2.** Ser descarado. // **Tirar pola (*polla*) lingua (*Ilingua*).** Facer falar a unha persoa conseguindo descubrir con astucia o que sabe, pensa, fixo etc.
lingualarga. adx. e s. f. Dise da persoa que fala de máis de todo o mundo.
linguado. s. m. Peixe osteíctio pleuronectiforme, da familia dos soleidos, duns corenta e cinco centímetros de lonxitude e corpo moi aplanado. Ten os ollos no lado dereito da cabeza, que é redondeada. O corpo é oval e alongado de color parda ou gris tirando a verde. As aletas pares e a caudal son pequenas e a aleta dorsal iníciase diante do ollo superior (*Solea solea*), (Castropol). **2.** Peixe osteíctio pleuronectiforme, da familia dos soleidos, que pode acadar os corenta centímetros de lonxitude, con corpo oval moi comprimido, os dous ollos sobre o lado dereito, fociño redondeado e boca pequena con dentes diminutos. A súa coloración é pardo amarela ou rosácea, con manchas escuras e pequenos puntos brancos e unha mancha clara na aleta peitoral (*Solea lascaris*).
linguateiro, -a. adx. O que fala moito.
linguaxe. s. f. Idioma dun lugar. **2.** Estilo propio de cada falante.
linguaxeiro, -a. adx. O que fala moito; linguateiro. **2.** O que fala de máis, sen gardar ningún segredo.
lingueirada. s. f. Rumor, barullo (Seares).
lingüeta. s. f. Tira de pel dun calzado sobre o que van os cordóns. **2.** Parte metálica do coitelo que se encaixa no mango, rectangular ou con forma de lúa. **3.** Lámina vibratoria flexible de certos instrumentos como a carraca ou a *trompa*. **4.** V. costelón (As Figueiras).

lingüetazo. s. m. Acción de tomar unha cousa coa lingua ou de lambela con ela.
linia. V. liña 1ª, 2ª e 3ª acep. **2.** V. línea 3ª acep.
liniar. V. linear.
linio. V. liñolo (Verducedo). **2.** Liña de pequenos montóns de herba cortados que quedan despois de segar (Allande).
lintel. s. m. Peza de pedra ou madeira, que forma a parte superior horizontal dunha porta ou ventá (*El lintel da porta del forno*).
linterna. s. f. Caixa pequena con pilas eléctricas e lámpada que se emprega para proxectar luz.
Obs. Trátase dun castelanismo.
liña. s. f. Corda ou fío para pescar que utilizan os mariñeiros. **2.** Corda que se utiliza para envolver o *pión*. **3.** Autobús (*No coche de liña*), (Os Coutos). **4.** Fío que sae do liño (San Martín de Ozcos).
liñada. s. f. Porción de fío que se pon nunha agulla ou nun fuso dunha roca. **2.** Cabo que serve para unir ou reparar redes de pescar (As Figueiras).
liñeira. s. f. Terra sementada de liño (Os Coutos).
liño. s. m. Viga que vai por enriba das paredes da cámara do hórreo ou da *panera*; padia 2ª acep. **2.** V. linio.
liñolo. s. m. Viga de madeira que se pon por encima das *corondas* nos hórreos ou *paneras* (El Valledor); linio. **2.** Fío untado con brea e pez que se usaba para coser as albardas e as *molidas* e que usaban tamén os zapateiros (Tapia de Casarego). **3.** Corda coa que están amarrados os foguetes (San Martín de Ozcos). **4.** Corda para coser zapatos (San Martín de Ozcos).
liñón. V. liñada 2ª acep. (Tapia de Casarego, El Franco). **2.** Chicote para abrir o copo dunha rede de arrastre (El Franco).
lío. s. m. Enredo.
lioso, -a. adx. Aplícase á persoa que lle gusta armar leas.
lique. V. raña[2] 1ª acep. (Tapia de Casarego).
lira. s. f. Pequena úlcera de color branca que se forma na mucosa da boca, no tubo dixestivo ou nos xenitais, por efecto dalgunhas enfermidades.
liria. V. lira.
liriar. v. Loitar cos atrancos da vida (Boal).
lirio. s. m. Xogo de nenos, que se xoga cun pequeno pau duns vinte centímetros de longo, con puntas afiadas, que se emprega dicindo: "*Lirio, lario / vei burallo / a casa del boticario*"; irio 3ª acep. **2.** V. bacalada (El Franco). **3.** Planta herbácea, vivaz, da familia das iridáceas, con follas radicais, erguidas e duras, de entre trinta e corenta centímetros de longo, talo central con ramas e flores grandes de varias colores, da que existen diversas especies (*Lilium sp.*).
lirón. s. m. Mamífero roedor da familia dos micrótidos, duns dezaseis metros de lonxitude sen contar o rabo, pelaxe espesa de color parda ou agrisada e que vive cerca dos cursos de auga (*Arvicola terrestris*, *Arvicola sapidus*). **2.** adx. Astuto, aproveitado.
lirpio. s. m. Peixe da familia dos soleidos, que é o máis pequeno dos linguados, podendo acadar os trece centímetros de lonxitude e caracterizándose de xeito especial polos seus raios negros nas aletas dorsal e anal (*Buglossidium luteum*), (Abres).
lisado, -a. adx. Dise da persoa que se pasou de lista.
liscar. v. Marchar (Castropol).
liso, -a. adx. Dise dunha superficie toda igual e suave ao tacto.
lisor. s. m. Suavidade.
lista. s. f. Franxa, tira, faixa. **2.** Raia de color. **3.** Relación onde hai escrita unha serie de nomes. **3.** Veta nun cacho de madeira estreito e longo (San Martín de Ozcos).
listeza. s. f. Intelixencia, calidade de listo. **2.** Viveza. **3.** Ocorrencia de nenos.
Obs. Trátase dun castelanismo.
listo, -a. adx. Intelixente. **2.** Vivo, desperto. **3.** Disposto, preparado. **4.** Que xa está feito ou encamiñado para facelo (*El traballo tá listo*). // **Listo como as pulgas.** Moi listo. // **Listo como el neno de *Maraña*.** Expresión que se usa referida a unha persoa que se considera lista sendo parva (Tapia de Casarego). // ***Tar* listo.** Estar preparado para facer algo.
listón. s. m. Tira de terra. **2.** Franxa, raia de color.
listura. s. f. Intelixencia, agudeza.
litro. s. m. Unidade das medidas de capacidade equivalente a un decímetro cúbico.
lixa. s. f. Acción e efecto de lixar. **2.** Tipo de papel que serve para rascar ou pulir unha peza. Nos torneiros antigamente isto facíase coa pel dun peixe.
lixar. v. Usar o papel de lixa sobre unha superficie, pulir.
lixeireza. s. f. Axilidade.
lixeirín, -ía. adx. Diminutivo de lixeiro.

lixeiro -a. adx. Con pouco peso. **2.** Rápido, áxil. **3.** Aplícase á terra de cultivo que ten pouco fondo ou é doada de labrar. **4.** Dise do sono cando se dorme só por momentos. **5.** Aplícase á persoa con pouca cabeza. **6.** Dise do gando vacún que camiña ben (Os Ozcos).

lixía. s. f. Líquido resultante de lavar a roupa con cinza e auga quente. **2.** Preparado industrial líquido con hipoclorito cálcico que se emprega para branquear a roupa.

lixo. s. m. Partícula que se mete nun ollo (San Martín de Ozcos).

lixoria. s. f. Líquido que se bebe con pouca calidade (Tapia de Casarego).

liza. V. múxel (Tapia de Casarego). **2.** V. esperlote 1ª acep. (Tapia de Casarego).

lizado, -a. adx. Dise do utensilio ou ferramenta aos que se liman os dentes para igualalos.

lizador. s. m. Ferramenta que servía para dar aos dentes da serra a inclinación precisa, segundo a clase de madeira que se quixera serrar.

lizar. v. Poñer iguais os dentes da serra ou o serrón, despois de limalos, para que corten mellor (Tapia de Casarego, Navia). **2.** Apertar os fíos da tea co *lizo*. **3.** Torcer ou inclinar os dentes dunha serra a un lado e a outro; triscar 1ª acep.

lízcaro, -a. adx. Áxil, que se move con rapidez (Ibias).

lizo. s. m. Acción e efecto de lizar. **2.** Dispositivo existente no tear que permite subir e baixar os fíos da urdideira grazas a dous listóns de madeira horizontais provistos de múltiples cordas cun ollal na súa parte media polo que pasan os citados fíos. **3.** Abertura alterna dos dentes dunha serra. // **Lizo de *mao*.** *Lizo* que se emprega para facer cintas e que non forma parte do tear. É de madeira e pode estar decorado.

lizquente. adx. Morno, nin frío nin quente (Ibias, San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos); tépido.

lizquiente* → lizquente.

ll. Grupo de dúas letras. O seu nome é *ele dobre*.

lla[1]. Contracción das formas oblicuas do pronome persoal *lle* e *a*. **2.** Na área eonaviega palatalizadora, alomorfo ou variante combinatoria do pronome persoal átono de terceira persoa, feminino, singular (*Hai que segalla*).

lla[2]. V. la[4]. **2.** Guedella (Villaión).

llábana. s. f. Pedra delgada e plana.

llabanco. s. m. Cacho de terra compacta que o arado move cando a terra está dura (Serandías).

llabaza. s. f. Lasca para forrar pedras grandes nas paredes.

llabia. V. labia.

llabio. V. labio.

llabor. V. labor. // ***Llabor* (labor) feito ben parece, i el que *lo* fai algo merece.** Refrán que eloxia a calidade do que está ben realizado ou rematado. // ***Llabor* feito, *nun* corre *prisa*.** V. Traballo feito, ben parece. // **Os *bus llabores* honran aos *llabradores*.** Refrán que loa as faenas agrícolas ben feitas.

llaboría. V. laboría. // ***Fer* a *llaboría*.** Facer os labores propios do verán.

llaborín. V. laborín.

llaboriosidá. V. laboriosidá.

llaborioso, -a. V. laborioso.

llabra. V. labra.

llabradío. V. labradío.

llabrado, -a. V. labrado.

llabrador, -a. V. labrador.

llabradura. V. labradura.

llabranza. V. labranza.

llabrar. V. labrar 1ª, 2ª, 3ª e 4ª acep.

llabrega. V. labrega.

llabrego, -a. V. labrego.

llacaceiro, -a. V. lacazán.

llacazán. V. lacazán.

llacena. V. lacena.

llaceria. V. laceria.

llacía. V. lacena.

llacio, -a. V. lacio.

llacón. (pl. llacois). V. lacón.

llacra. s. f. Defecto. **2.** Mancha en certos froitos.

llacuada. V. lacuada.

llacueiro. V. lacazán.

lladaza. V. arcoxo.

lladear. V. ladear.

lladeira. V. ladeira.

lladera* → lladeira.

lladiado, -a. V. ladiado.

lladiar. V. ladear.

lladilla. V. ladilla.

llado. V. lado 1ª e 2ª acep.

lladrador, -a. V. ladrador.

lladral. V. ladral 1ª acep.

lladrar. V. ladrar. // ***Lladrar* a cuza.** Ter sede (Boal).

lladrido. V. ladrido.

lladrois. V. chupón 4ª acep.

lladrón, -úa. (pl. lladrois). V. ladrón.

lladronazo, -a. V. ladronazo.

lladroneira. V. ladroneira.

lladronicio. V. ladronicio.

lladronizo. V. ladronicio.

llafarada. V. lafarada.

llafazada. V. lafazada.
llaga. s. f. Ferida aberta no interior ou exterior do corpo, que normalmente bota pus.
Obs. Trátase dun castelanismo.
llagaña. V. lagaña.
llagar[1]. V. lagar.
llagar[2]. v. Ferir.
llagaroto. s. m. Grumo endurecido nas papas (El Franco).
llagartexa. V. largatixa (Navia, Coaña).
llagarto. V. largato.
llago. V. lago.
llagón. V. lagón.
llagosta. s. f. Verme que ataca as patacas (*Conoderus spp.*), (Boal). **2.** V. langosta 1ª e 2ª acep.
llágrima. V. lágrima. // ***Lo* que *nun vei* en *llágrimas vei* en suspiros.** Refrán que alude a que nesta vida unhas cousas se compensan con outras.
llagrimexar. V. lagrimexar.
llagrimón, -úa. V. lagrimón.
llagrimoso, -a. V. lagrimoso.
llagrois. V. chupón 4ª acep.
llagúa. V. lagúa.
llaguazal. s. m. Terreo cheo de lama e auga.
llagüeira. V. lagüeira.
llagute. s. m. Embarcación pequena de madeira con proa e popa redondas (Ortigueira); batel.
llaguti. V. llagute.
llal. V. lla[1] 1ª acep. (Os Coutos).
llama. V. lama 1ª acep.
llamaceira. V. lamaceira.
llamacento. V. lamacento.
llamariada. s. f. Chama alta e breve.
llamaza. s. f. Terra chea de lama e auga (Villaión); lamazal.
llambaia. V. lambaio.
llambaio. V. lambaio. **2.** V. limo.
llambaiúdo. V. baballón 4ª acep. (Ortigueira).
llambecules. V. lambecules.
llambeculos. V. lambecules.
llambedor, -a. adx. O que lambe. // **Gustar como a *llambedor*.** Gustar moito.
llambedura. V. lambedura.
llamber. V. lamber 1ª acep.
llamberetada. V. lamberetada.
llamberete. V. lamberote.
llaberca. adx. Dise da persoa que presume de saber de todo (Boal).
llamberco, -a. V. llamberga.
llamberga. adx. Dise da persoa descarada.
llamberote. V. lamberote.
llambiar. V. lamber 1ª acep.
llambicar. V. lambicar.
llambideiro, -a. adx. e s. Alcume popular que lles dan os de Santo Millao (Allande) aos habitantes do concello de Pezós.
llambido, -a. V. lambido.
llambío. V. lambío.
llambión, -a, -úa, -oa. (pl. llambiois). V. lambión.
llambionada. V. lambionada.
llambiscada. V. lambiscada.
llambiscar. V. lambiscar.
llambisque. V. lambisque.
llambisqueiro, -a. V. lambisqueiro.
llambiuada. V. lambuada.
llamboada. V. lambuada.
llambuada. V. lambuada.
llambueiro, -a. V. lambueiro.
llambusco. s. m. Lambonada (Coaña).
llameira. V. lameira 1ª acep. **2.** V. lameira 3ª acep. (Boal, Allande).
llameiro. V. lameira 1ª acep.
llamela. V. lamela.
llamicada. V. lama 1ª acep.
llamicento, -a. adx. Con lama (*llama*).
llamiscar. V. lamiscar.
llamizada. V. lamizada.
llamizo. adx. Dise do terreo cheo de lama.
llamorca. V. lameira 1ª acep.
llamorga. V. lameira 1ª acep.
llamorcoso, -a. V. llamorgoso.
llamorgal. V. lameira 1ª acep.
llamorgoso, -a. adx. Cheo de lama e auga.
llampar. V. lampiar.
llámpara. V. lámpara 1ª e 2ª acep. // ***Llámpara* francesa.** V. peneira 3ª acep. (Ortigueira).
llampareiro. V. lampareiro 2ª acep. (Coaña).
llamparilla. V. lamparilla.
llamparón. V. lamparón 1ª, 2ª, 3ª e 4ª.
llamparois. s. m. pl. Manchas ou sinais que deixan no corpo certas enfermidades (Boal).
llampaza. s. f. Cacho de terreo onde non medra a herba.
llampiar. V. lampiar.
llampiño. V. lampiño.
llampo, -a. V. lampo 1ª e 4ª acep.
llamprazo. V. lampreazo. **2.** Golpe producido no corpo ao caer alguén. **3.** Golpe en xeral.
llamprea. V. lamprea.
llamprear. V. lampiar 1ª acep.
llampriada. V. lampreazo.
llampriar. v. Coller. **2.** Comer moito.
llampriazo. V. lampreazo.
llampuriar. v. Queimarse algo moi rápido.
llanca. V. lanco.
llancal. s. m. Marco. **2.** Cada unha das pedras que se poñen no xogo do *lirio*.
llancar. V. llancal 1ª acep. **2.** V. lancar.

llancla. V. ántola (San Clemente).
llanco. V. lanco.
llanda. V. lande.
llande. V. lande.
llandia. V. lande.
llandra. V. lande.
llandre. V. lande.
llandria. V. lande.
llandrón. V. landrón.
llanfoleta. V. corriola 2ª acep. (Villaión).
llangaña. V. langaña.
llangañoso, -a. V. langañoso.
llangosta. V. langosta 1ª e 2ª acep.
llangrista. V. langrista 1ª, 2ª, 3ª, 4ª e 5ª acep.
llangristo. s. m. e adx. Delgado, fraco. **2.** Descarado.
llanta. s. f. Peza metálica exterior das rodas dos carros; palmelón, bandón, baldón, llantón. **2.** Peza metálica exterior das rodas dos coches, tractores etc.
llantón. s. m. *Palmelón* do carro (Vilarmeirín e Vilar de Cendias).
llanudo, -a. V. lanudo.
llanzadera. V. nezcla.
Obs. Trátase dun castelanismo.
llanzola. V. corriola 2ª acep. (Boal).
llanxido. V. lanxido.
llanxir. V. lanxir 1ª, 2ª, 3ª e 4ª acep.
llanzola. V. lanzola.
llanzoleta. V. lanzola.
llañada. adx. Dise da madeira roída polo caruncho (Coaña).
llañar. V. lañar 2ª acep. (Ortigueira).
llapa. V. lapa 1ª acep. **2.** Cousa que se pega (Villaión).
llapa (de). loc. Aproveitándose e vivindo dos demais (Abres).
llapada. V. lapada.
llapar. V. lapar 1ª, 2ª, 3ª e 4ª acep.
llaparada. V. laparada.
llapareda. V. laparada.
llapariar. V. lapariar.
llaparida. V. laparida.
llapazada. s. f. Porción pequena dun líquido (*Uha llapazada de caldo*), (El Franco).
llapiar. V. lapar 1ª acep.
llapote. V. lapote.
llapuada. V. lacuada.
llapuzada. s. f. Salpicadura, porción de auga que se bota con forza sobre alguén.
llar. V. lar.
llarada. V. larada 2ª, 3ª, 4ª e 5ª acep. **2.** Conxunto de castañas que hai dentro dun ourizo.
llaragoto. V. laragoto.
llarcioso, -a. adx. Que ten medo, especialmente aos lugares solitarios.
llardeiro. V. lardeiro.
llardo. V. lardo.
llarecos. s. m. pl. Cousas pequenas.
llareira. V. lareira 1ª, 2ª e 3ª acep.
llareirada. V. lareirada.
llargar. V. largar 2ª e 5ª acep.
llargareto, -a. V. longarito.
llargarito, -a. V. longarito.
llargata. V. largata 1ª, 2ª, 3ª e 4ª acep. **2.** V. largato 2ª acep. (Boal). **3.** V. largatixa 1ª acep.
llargatesa. V. largatixa 1ª acep. (Navia).
llargatexa. V. largatixa 1ª acep. (Coaña). **2.** V. largatixa 2ª acep. (Boal).
llargatexar. V. largatexar.
llargatixa. V. largatixa 1ª e 2ª acep.
llargato. V. largato 2ª acep. **2.** adx. Dise da persoa que presume do seu saber, resabido (Coaña). // ***Llargato* arnal.** V. arnal 1ª acep.
llargatón. (pl. llargatois). V. largatón. // ***Si* te morde un *llargatón* vas *pral* furacón.** Refrán que alude a que tradicionalmente se pensaba que estes animais eran velenosos.
llargo, -a. V. largo. // **Al *llargo*.** Indica duración no tempo (*Al llargo de tantos anos*). // ***Llargo*, *llargo*, maldito *lo* que *valo*.** Refrán que alude ás persoas altas e normalmente delgadas, que adoitan ser menos válidas cás máis pequenas.
llargometraxe. V. largometraxe.
llargor. V. largor.
llargueiro. V. largueiro 1ª, 3ª, 4ª e 5ª acep.
llargueirucho, -a. V. largueirucho.
llargura. V. largura.
llariar. V. larear.
llaricada. V. laricada.
llaricar. V. laricar[2] 2ª e 4ª acep.
llarico, -a. V. lariqueiro 3ª acep. (El Franco).
llaricos. V. laricos.
llarieiro, -a. V. larieiro.
llarión, -úa. V. larión.
llariqueiro, -a. V. lariqueiro 1ª, 2ª e 3ª acep.
llarpeiro, -a. V. larpeiro.
llarpiar. V. larpiar.
llarpieiro, -a. V. larpieiro.
llarpión, -a. (pl. llarpiois). V. larpeiro.
llas. Contracción das formas oblicuas do pronome persoal de terceira persoa *lle* e *as*. **2.** Alomorfo ou variante combinatoria do pronome persoal átono de terceira persoa, feminino, plural (*Hai que segallas*).
llasca. s. f. Cacho separado doutro maior (*Cortar uha llasca de pan*).
llaspiar. V. lampiar 1ª acep.
llástima. V. lástima.
llastimeiro, -a. V. lastimeiro.

llastimoso, -a. V. lastimoso.
llastra. V. lastra. **2.** V. laxa 5ª acep. (Coaña). // ***Llastra* da *Filadoira* (*Filandeira*).** Dolmen do concello de Eilao, unido á lenda en que unha muller xigante colocou alí a pedra da cuberta que levaba na cabeza mentres fiaba.
llastre. V. lastre.
llastría. V. lastría.
llastrón. V. lastrón. **2.** V. rateira 1ª acep. (Zadamoño).
llastrúa. s. f. Lousa grande (Villaión).
llata. V. lata 2ª, 3ª, 5ª, 7ª, 8ª, 9ª e 13ª acep. **2.** Conxunto de troncos altos dunha árbore.
llatada. V. latada 1ª acep.
llatigazo. V. lategazo.
llátigo. V. látego.
llatín. V. latín.
llatido. V. latido.
llatir. V. latir.
llato. adx. e s. Alcume popular que lles dan os habitantes de El Valledor (Allande) aos habitantes da área de Verducedo (Allande), por palatalizar o ele inicial das palabras. **2.** Alcume popular que lles dan os de Navia aos de Boal. **3.** Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Verducedo (Allande). **4.** Alcume popular que se lles dá aos habitantes das partes altas de Allande.
llatón. s. m. (pl. llatois). Tronco longo e groso dunha árbore (Allande).
llaúdo. adx. Con moito pelo.
llaureiro* → lloureiro.
llavadeiro. V. lavadoiro.
llavadoiro. V. lavadoiro 1ª e 2ª acep.
llavadura. V. lavadura 1ª e 2ª acep.
llavandeira. V. lavandeira 1ª acep. (Boal). **2.** V. lavandeira 5ª acep. (El Franco).
llavandera* → llavandeira.
llavar. V. lavar. // **Na semana dos Ramos, *llavarás* os panos, pois na da *Pasión*, ou os *llavarás* ou non.** V. Por Ramos llava os tous panos que na de Pasión os llavarás ou non. // **Por Ramos *llava* os *tous* panos que na de *Pasión* os *llavarás* ou non.** Refrán meteorolóxico que indica que se lave a roupa en certa época.
llavativa. V. lavativa.
llavaza. V. lavaza. **2.** Auga con que se lavan os cacharros da cociña.
llaxa. V. laxa 2ª, 3ª e 5ª acep.
llazada. V. lazada.
llazadía. V. lazada.
llazadón. V. corvexón.
llazarón. s. m. (pl. llazarois). V. corvexón.
llazo. V. lazada. **2.** V. lazo 2ª e 3ª acep.
lle. Forma oblicua do pronome persoal de terceira persoa singular.
llebrato. V. lebrato.
llebratón, -úa. V. lebratón.
llebre. V. lebre 1ª acep. // ***Fer* a *llebre*.** Non ir á escola (Coaña). // ***Llebre* escondida (a).** s. f. Xogo de nenos que consiste en esconderse todos, agás un ou unha que quedaban tapados, sen ver onde se escondían os demais, nun lugar que era o *llibradeiro*. Unha vez todos estaban xa escondidos, o que quedaba daba a voz de "*a la mar!*" e saía a descubrir os escondidos, tendo coidado de non separarse moito do *llibradeiro*, xa que ao descubrilo algún tiña que correr ao *llibradeiro* e tocalo antes de que chegase o que estaba escondido, se non perdía. É dicir, debía librarse de todos os que puidese e o primeiro que non se librase dos escondidos era o que debía quedar para a seguinte vez; escondidas (ás).
llebrego. V. labrego.
llebrel. V. lebrel 1ª e 2ª acep.
llección. (pl. llecciois). V. lección.
lleción* → llección.
llegal. V. legal.
llegalmente. V. legalmente.
llégara. V. legra.
llegarada. s. f. Niñada (Allande).
llegra. V. legra (Taramundi, Abres, Allande, Villaión).
llegrar. V. legrar.
llegua. V. legua.
llei. V. lei 1ª e 2ª acep. // ***Nun* ter *llei* a algo.** Non ter amor, fidelidade a algo (*Nunca lle tuvo llei al traballo*).
lleición* → llección.
lleira. V. leira. **2.** V. lira. **3.** V. leirón 2ª acep. (Allande).
lleirado. s. m. Pequeno lugar xunto aos ríos onde se fan, conservan e reparan as embarcacións. **2.** Franxa do leito do río ou arredores onde non hai auga (Boal). **3.** Zona que queda con area ou pedras cando baixa a marea. **4.** V. leirado (Boal).
lleirías. V. leirías.
lleiro. V. leiro.
lleirolín. s. m. (pl. lleirolíos). Diminutivo de *lleirolo* (Navia).
lleirolo. V. leirolo. **2.** Conxunto de plantas (Coaña). **3.** Horta (Coaña).
lleirón, -úa. V. leirón 1ª e 2ª acep.
lleiroso. s. m. Terreo cuberto de pedras soltas.
lleiruada. s. f. Furia, enfado violento. **2.** Malleira, tunda.
lleitaría. adx. Aplícase á vaca que dá moito leite.
lleite. V. leite.

lleiteira. V. leiteira 1ª e 2ª acep. **2.** adx. Dise da planta que ten o zume semellante ao leite (Coaña).
lleiteiro, -a. V. leiteiro.
lleito. adx. e s. Alcume que se dá aos habitantes de Villaión que palatalizan.
lleitón. V. leitón.
lleitugada. s. f. Conxunto de crías dunha cocha, unha gata etc. (Serandías).
llela. (pl. llelas). Contracción das formas oblicuas do pronome persoal de terceira persoa *lles* e *a*; a eles, a elas (*Nun llela deu*).
lleldado, -a. V. leldado.
lleldar. V. leldar.
lleldo. V. leldo.
llelo. (p. llelos). Contracción das formas oblicuas do pronome persoal de terceira persoa *lles* e *o*; a eles, a elas (*Nun llelo deu*).
llenceiría. V. lencería.
llenceiro. V. lenceiro.
llencería. V. lencería.
llenda. V. lenda.
llende. V. linde (Anlleo). **2.** V. lande.
llengua. V. legua.
llenguaíza* → longuinza.
llento, -a. V. lento 1ª, 2ª e 3ª acep.
llenzo. V. lenzo.
lleña. V. leña.
lleñeiro. V. leñeiro 1ª, 2ª e 3ª acep.
lleproso, -a. V. leproso.
ller. V. ler.
llerdo, -a. V. lerdo 1ª e 2ª acep.
llergas. V. celergas (Coaña).
lles. Forma oblicua do pronome persoal de terceira persoa plural.
lletanía. V. letanía.
lleto. V. leto. **2.** adx. e s. Alcume popular que lles dan os habitantes de Ponticella (Villaión) aos de Illaso (Villaión); follarío, lleito. **3.** Escada de madeira (Allande).
lletra. V. letra 1ª acep. // ***Unde lletras* falan, barbas *callan*.** Refrán que recrimina aos que falan cando existen documentos que proban o contrario (Boal).
lletreiro. V. letreiro.
lletricidá* → electricidá.
lleuga. V. legua.
llevadeiro, -a. V. levadeiro.
llevantar. V. levantar. **2.** V. levar 17ª acep. (Ortigueira).
llevar. V. levar. // ***Llevar* ben.** Ter amizade, entenderse, conxeniar (*Llevar ben con todos os vecíos*, *El matrimonio nunca llevou ben*), (El Franco, Allande). **2.** Estar ben colocado algo (*As colmeas tán apretuxadas i así nun llevan ben*), (Allande).
llexía. V. lixía.
llía. s. f. Peza de ferro colocada en cruz que no muíño está enriba do varón e que move a roda superior. **2.** V. lea.
lliar. V. liar 2ª e 3ª acep.
lliaza. V. liaza.
llibertá. V. libertá.
llibra. V. libra.
llibradeiro. s. m. No xogo da *llebre escondida*, lugar onde se pon o que apanda.
llibraduras. V. libraduras.
llibrar. V. librar 1ª, 4ª, 5ª e 6ª acep.
llibre. V. libre.
llibreiro, -a. V. libreiro.
llibrería. V. librería.
llibreta. V. libreta.
llibreto. V. libreto.
llibro. V. libro 1ª, 2ª e 3ª acep.
llibrito. V. librito.
llibro. V. libro 1ª acep.
llición* → llección.
llido, -a. V. lido.
lligar. V. ligar 1ª e 4ª acep.
llima. V. lima.
llimacada. s. f. Baba, viscosidade, normalmente a que botan os limacos.
llimaco. V. limaco.
llimacuada. V. llimacada.
llimada. V. limada.
llimadura. V. limadura.
llimaqueiro, -a. adx. Dise do que está cheo de limacos (*llimacos*) como unha terra, un prado etc. (Tapia de Casarego). **2.** Dise do ano no que hai moitos *llimacos*.
llimar. V. limar[1]. **2.** V. limar[2].
llimo. V. limo 1ª e 2ª acep.
llimoeiro. V. limoeiro.
llimón. (pl. llimois). V. limón 2ª acep.
llimosnía. V. limosnía.
llimpadura. V. limpadura.
llimpar. V. limpar 1ª, 2ª e 4ª acep.
llimpeza. V. limpeza.
llimpiadura. V. limpiadura.
llimpiar* → limpar 1ª acep.
llimpio*, -a → limpo.
llimpión. V. limpión.
llimpo. V. limpo (El Franco, Tapia de Casarego). **2.** Que non ten mestura doutra cousa, como os grans dos cereais (Villaión). **3.** Que non ten cousa que o infecte.
llimueiro* → llimoeiro.
llin. V. lin.
llin, llin! interx. Voz que se emprega para chamar o cocho (Allande).
llindar. V. alindar 1ª e 6ª acep.
llindeiro. V. lindeiro 1ª e 2ª acep.
llingua. V. lingua. // **Botar a *llingua* a pacer.** Falar sen tino, non conterse en

falar mal dos demais. // **Engordar a *llingua*.** Estar borracho. // ***Nun* ter pebidas na *llingua*.** Dicir o que se pensa. // **Sacar a *llingua* a pacer.** Prometer máis do que se pode. // **Ter a *llingua* larga.** Falar de máis.

llinguadeiro, -a. V. linguateiro.

llinguateiro, -a. V. linguateiro.

llingüeta. V. lingüeta 1ª acep.

llingüetazo. V. lingüetazo.

llinia. V. línea 3ª acep.

llinio. V. linio 2ª acep. (Allande).

llino, llino! V. chino, chino!

llintel. V. lintel.

llinzo. V. lenzo.

lliñada. V. liñada 1ª acep.

lliñolo. V. liñolo 2ª acep.

llira. V. lira (Navia).

llirar. v. Facer galerías as toupas ou os ratos.

llirón. V. lirón 1ª acep.

llisgo. V. resgo, birollo, rebirollo.

llitro. V. litro.

lliza. V. esperlote 1ª acep. (Ortigueira). **2.** V. alimoso (Ortigueira).

llizado, -a. V. lizado.

llizador. V. lizador.

llizar. V. lizar.

llizo. V. lizo 2ª e 3ª acep.

llixeiro, -a. V. lixeiro.

llo. Contracción das formas oblicuas do pronome persoal de terceira persoa *lle* e *o*. **2.** Na área eonaviega palatalizadora, alomorfo ou variante combinatoria do pronome persoal átono de terceira persoa, masculino, singular (*Hai que segallo*).

lloba. s. f. Bouza que non pode arrincar o arado (Boal).

llobeco. V. lobeco.

llobeira. V. lobeira.

llobeto. V. lobeco.

llobo, -a. V. lobo 1ª acep. // **Del *llobo*, un pelo!** Expresión que se usa en situacións onde se obtén menos do que se agardaba, algo é algo. // **En *xineiro*, sete *llobos* en cada carreiro.** Refrán que alude a que polo frío os lobos se achegan máis ás aldeas na busca de presas (Villaión). // ***Nun* sabe el *llobo* das cabras que *durmen* fóra.** Refrán que alude a que unha persoa descoñece certas opcións favorables que pode ter arredor dela (Tapia de Casarego). // **Ser malo como un *llobo*.** Ser moi malo. // **Ter uha boca como un *llobo*.** Comer moito. **2.** Falar mal dos demais.

llobocerval. V. lobo-cerval (Boal).

llobo-llobín. s. m. Xogo de nenos que consiste en collerse uns a outros pola chaqueta, formando unha fileira, que na súa fronte se pon o máis alto e forte de todos, que fai de pastor ou mai. Un deles queda fóra desa fileira para facer de lobo e perseguir os cordeiros que defende a mai. Cando o lobo colleu todos, fai el de mai e a mai anterior de lobo (Boal).

lloco, -a. V. tolo 1ª acep. (Coaña). **2.** Obsesionado (*Tá lloco por esa muller*), (Allande).

llocura. V. locura.

llograr. V. lograr.

llolla. V. lola. **2.** s. f. Embarcación pequena de madeira ou fibra con remos e vela (Ortigueira).

llol. V. llo 1ª acep. (Os Coutos).

llollo, -a. V. lolo 1ª, 3ª, 4ª e 5ª acep. // ***Tar* como un figo *llollo*.** Estar vello.

llolo, -a. V. lolo 1ª acep.

llomba. V. lomba 2ª acep.

llombada. V. lombada.

llombeirada. V. lombeirada 1ª, 2ª e 3ª acep.

llombiar. v. Cargar algo nos ombros.

llombo. V. lombo 1ª, 2ª, 3ª, 4ª, 5ª e 8ª acep.

llombriga. V. lombriga 1ª e 2ª acep.

llombrigante. V. lubrigante (El Franco).

llombriz. (pl. llombrizas, llombrices). V. lombriz.

llombriza. V. lombriz (Allande).

llóndrega. V. lóndriga.

llóndriga. V. lóndriga (Boal, Coaña, Allande).

llondrigón. s. m. Tumor na pel, de pequena extensión, pero moi doloroso, furúnculo (Coaña).

llongaínza. V. longuinza.

llongaíza. V. longuinza.

llongán. V. longao 1ª, 2ª e 3ª acep.

llongarito, -a. V. longarito.

llongaviza. V. longuinza.

llongo, -a. V. longo. **2.** s. f. Variedade de pataca.

llongueinza. V. longuinza.

llongueiza. V. longuinza.

llonguinza. V. longuinza.

llóntriga. V. lóndriga (Boal).

llonxe. V. lonxe.

llorame. s. f. Conxunto de cousas moi pequenas (Boal). **2.** Conxunto de ingredientes que se botan no caldo (orella, fociño, costelas, espiñazo, longaínza, cachola etc.) no tempo inmediato á matanza do cocho.

lloramen. V. lorame.

llorbaga. V. lorbaga.

lloriga. s. f. Parte áspera da coda da fogaza por onde se deu un corte á masa

antes de cocela. **2.** V. loriga 1ª acep. (Boal).
llorma. s. f. Forma.
llorza. s. f. Engurra que se forma nas extremidades dos nenos.
llos. Contracción das formas oblicuas do pronome persoal de terceira persoa *lle* e *os*. **2.** Na área eonaviega palatalizadora, alomorfo ou variante combinatoria do pronome persoal átono de terceira persoa, masculino, plural (*Hai que segallos*).
llota. s. f. Conxunto de feixes de cereal amontoados (Boal, Allande, Villaión). **2.** Montón de leña.
llote. V. lote.
llou. V. lou.
llouca. V. ouca. // ***Tar* como *llouca*.** Dise da froita que non curou, que está verde (Boal).
lloufeiro. adx. e s. Alcume que se lles dá aos habitantes do concello de Villaión.
lloufo. V. lloufeiro. **2.** adx. e s. Alcume popular que lles dan os habitantes de Boal aos de Villaión.
llouf ín. V. golfín 2ª acep. (Ortigueira).
llougo. V. logo.
llounguei za. V. longuinza.
lloureiro. V. loureiro.
llouria. s. f. Mareo (Coaña). **2.** Tolería (Coaña).
llouriga. V. loriga 1ª acep.
llousa. V. lousa 1ª acep. **2.** V. rateira 1ª acep. (Sarzol).
llousado. V. lousado.
llouxa. V. lousa 1ª acep. **2.** V. rateira 1ª acep. (Villartorei).
llouxadín. s. m. Lousado pequeno (Allande).
llouxado. V. lousado 1ª e 2ª acep. // ***Tar* mal del *llouxado*.** Estar mal da cabeza (Boal).
llouxar. V. lousar.
llouxeira. V. louseira.
llouxeiro. V. louseiro.
llúa. V. lúa.
lluar. V. luar.
lluarega. s. f. Pedra para poñer o carbón para derreter os cachos de ferro (Villaión).
llubrigante. V. lubrigante (Ortigueira).
lluceiro. V. luceiro 1ª e 2ª acep.
llucia. s. f. Capa de xeo nun charco (Allande).
llucía. V. lucía.
llucido, -a. V. lucido[2] 1ª, 2ª e 3ª acep.
llucio, -a. V. lucio.
llucir. V. lucir 1ª, 2ª e 4ª acep.
llufín. V. golfín 1ª acep.
llugar. V. lugar 1ª, 2ª e 3ª acep.
llugarexo. V. lugarexo.
llugarín. V. lugarín.
lluis. V. luis.
lluita. s. f. Baile tradicional de Boal, onde as parellas bailan pero representando unha agarrada entre o home e a muller, ao son dunha *trompa* e unha canaveira. **2.** V. luita.
lluitar. V. luitar 1ª e 2ª acep.
lluitia. V. lluita.
lluitía. V. lluita.
lluitiar. V. luitar.
lluito. V. luito 1ª e 2ª acep. // **Ter as uñas de *lluito*.** Ter as uñas sucias, con terra ou porcalladas.
llumaco. V. limaco (Allande, Coaña, Navia, Villaión).
llume. V. lume 1ª e 3ª acep. // **El *llume* xunto á estopa, vén el demo i sopra.** Refrán que alude a dúas cousas que son incompatibles.
llumeira. s. f. Lastra grande que sostén o lume rodeado de lousas dereitas. **2.** V. lumieira 1ª, 2ª e 3ª acep. **3.** Lume grande.
llumen* → llume.
llumia. V. lumia.
llumieira. V. lumieira 1ª acep.
llumieiría. V. lumieira 1ª acep.
lluminaria. s. f. Claridade.
lluna* → llúa.
llunada. s. f. Tolada.
llunar* → lluar.
llunático, -a. adx. Que ten zunas, rarezas ou trastornos psíquicos.
llunes* → lluis.
llungaiza. V. longuinza.
llungueiza. V. longuinza. // **Hai *más* días que *llungueizas*.** Refrán que recomenda saber agardar a situación axeitada para actuar, porque haberá algunha máis favorable que a situación actual. **2.** Aconsella reservar provisións no gasto diario. // **Quedan *más* días que *llungueizas*.** V. Hai más días que llungueizas.
llustrar. v. Dar brillo.
llustre. V. lustre 1ª e 2ª acep. **2.** Bo aspecto (*A vaca póxose de bon llustre*).
llustro. V. lustro.
llustroso, -a. V. lustroso.
lluz. V. luz.
lo[1]. Forma neutra do artigo (*Dixo lo que quixo*, *conózovos como se lo fora eu*).
Obs. Deberíase substituír por *el* ou *o* como artigos neutros autóctonos.
lo[2]. (pl. los). Pronome persoal átono de terceira persoa, masculino, singular (*Conózolo*).
lo[3]. (pl. los). Alomorfo ou variante combinatoria do pronome persoal átono

de terceira persoa, masculino, singular (*Hai que segalo*, *Meu padre mandoulo*).

loba. V. lobatón (O Viñal).

lobarga. V. lorbaga.

lobatón. V. coucillón 1ª acep. (Ibias).

lobeco. s. m. Lobo pequeno.

lobeira. s. f. Refuxio dos lobos.

lobeto. V. lobeco (Grandas de Salime).

lobishome. s. m. Figura mitolóxica en que un home se transforma en lobo; sacaúntos.

lobo, -a. s. m. e f. Mamífero carnívoro da familia dos cánidos, de aspecto forte e áxil, cun fociño alongado, os ollos medianos, as orellas abondo curtas e erectas, as patas altas e a cola abondo longa e colgante (*Canis lupus*). **2.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Villapedre (Navia). // **El que che *tá pró* lobo, *nun* cho leva a raposa.** O que está destinado para unha persoa non se pode evitar. // **Lobos (*llobos*) da *misma* camada.** Dito que se refire a persoas que se defenden e apoian fronte aos demais porque teñen intereses comúns. // **Ser un lobo con pel de cordeiro.** Dise das persoas que cunha apariencia humilde ou inocente, ocultan verdadeiramente malas intencións.

lobo cerval. s. m. Esta palabra parece referirse ao lince, animal xa extinguido no Eo-Navia, pero do que temos constancia da súa antiga existencia nos Ozcos e en Boal. Trátase dun mamífero carnívoro fisípedo da familia dos félidos, corpulento, con orellas agudas, patas longas, cola curta, ollos grandes de pupila grande e fortes caninos. A pelaxe é densa, suave e bastante longa en inverno (*Lynx sp.*).

lobo mouro. s. m. Xogo infantil onde un neno fai de pegureiro e outro de lobo. A conversa entre os dous é: "*Que fais aí, lobo mouro? / Busco uha agulla ferruxenta. / Axúdoche a buscala? / Anda pra tou camín e cala.*". E o pegureiro vai preguntando: "*É esta? / Ou esta?* (sinalando aos dedos) / *Ou é esta?* (sinalando á fileira de nenos)". O lobo di que si e trata de coller a un dos nenos, e o pegureiro de defendelo (San Martín de Ozcos); llobo-llobín.

lobo roxo. V. lobo mouro.

locura. s. f. Trastorno mental grave nunha persoa ou nun animal.

lodo. s. m. Lama, barro.

logo. adv. Indica proximidade temporal, deseguida, pronto, axiña. **2.** Despois. **3.** conx. Entón. **4.** Certamente, con conformidade. **5.** Con matiz interrogativo: *E logo?* (Abres). **6.** Case (*Esa leira logo debe ter dez ferrados*). // **Agora logo (*lougo*)**. Rapidamente. // **Logo (*lougo*, *llougo*) que.** Así que.

logrado, -a. adx. Conseguido, alcanzado.

lograr. v. Conseguir, alcanzar. **2.** prnl. En sentido figurado, medrar.

loiro, -a. adx. Que ten unha color intermedia entre o dourado e o castaño claro (As Figueiras).

loisa. V. lousa.

loitar. V. luitar.

loixa. s. f. Lousa que se pon encima dos pés dos hórreos ou *paneras* (El Valledor); tondia, rateira.

lolén. V. loulén 1ª e 2ª acep.

lolién. V. loulén 2ª acep. (Grandas de Salime).

lollo, -a. V. lolo 1ª acep.

lolo, -a. adx. Dise da persoa ou animal mareados ou aparvados. **2.** s. m. Enfermidade semellante á vertixe que ataca o gando ovino. **3.** adx. Dise do que está oco, baleiro, como algúns froitos como as castañas, os allos, a avea, as abelás etc. **4.** adx. Dise do figo vello e engurrado. **5.** adx. De pouco sentido. **6.** adx. V. avía lola. **7.** Tolo.

loma. s. f. Parte sobresaínte que queda ao arar, contraria ao rego.
Obs. Trátase dun castelanismo.

lomba. s. f. Leira de forma convexa (Os Ozcos). **2.** V. lombo 1ª acep.

lombada. s. f. Golpe recibido no lombo.

lombeira. s. f. Vulto.

lombeirada. s. f. Golpe dado ou recibido no lombo. **2.** Tunda, malleira. **3.** Caída.

lombeto. s. m. Lombo pequeno (Taramundi).

lombo. s. m. Altura pequena e prolongada do terreo. **2.** Parte posterior do corpo humano que vai desde os ombreiros até o van. **3.** Avultamento nunha superficie lisa. **4.** Avultamento na pel (Castropol). **5.** Espiñazo dos animais cuadrúpedes. **6.** Parte que avulta no mango dunha navalla. **7.** Parte do mango de madeira dun coitelo, que está a continuación da parte metálica da cota. **8.** V. espiazo 3ª acep. (Tapia de Casarego). // **A lombo.** Levar algo ás costas. // **Dobrar el lombo (*llombo*).** Traballar. // **Meter el lombo (*llombo*).** Traballar. // **Ter *bon* lombo (*llombo*).** Estar forte unha persoa.

lombriga. s. f. Verme parasito do intestino groso do home e doutros vertebrados, de corpo alongado e cilíndrico (*Ascaris lumbricoides*). A do cabalo é a *Parascaris equorum*, a do cocho *Ascaris suum* e a

do boi *Neoascaris vitulorum*. **2.** Delgadeza.

lombrigante. V. lubrigante (As Figueiras).

lombriz. V. lombriga 1ª acep.
Obs. Trátase dun castelanismo.

lombriza. V. lombriga 1ª acep. (Os Ozcos, Allande).

lombro* → lombo.

lona. s. f. Tea moi forte e resistente que se emprega en velas de barcos, toldos, pantalóns etc.

lóndrega. V. lóndriga (Eilao, Allande, Ibias, Grandas de Salime).

lóndriga. s. f. Mamífero carnívoro da familia dos mustélidos, de sesenta a oitenta centímetros de lonxitude, cunha cola que pode chegar até máis de cincuenta centímetros. De forma esvelta e alongada, coas patas curtas, máis ou menos palmadas e con uñas ben desenvolvidas. As orellas son pequenas, a cabeza é ancha e aplanada, co fociño ancho e os beizos grosos, con pelos ríxidos moi sensibles e que lles dan unha color parda escura nas partes superiores e tirando a branca nas inferiores (*Lutra lutra*).

londrois. s. m. pl. Conxunto de avultamentos situados no traxecto dos vasos linfáticos ou dos nervios, ganglios; lamparón 5ª acep.

longaínza. V. longuinza. // **Longaínza de corada.** Embutido feito co pulmón, corazón e outras vísceras do cocho (Santalla de Ozcos).

longán. V. longao 1ª, 2ª e 3ª acep. (Tapia de Casarego).

longaniza. V. longuinza.

longao. s. m. Peixe osteíctio perciforme, da familia dos ammodítidos, duns dezaoito centímetros de lonxitude, que ten unha mancha a cada lado do rostro que é moi alongado (*Ammodytes lanceolatus*), (As Figueiras). **2.** Peixe da familia dos ammodítidos, que pode alcanzar os vinte centímetros de lonxitude, cun corpo alongado e cilíndrico, cabeza coa mandíbula superior máis curta que a inferior e lixeiramente proctátil. A súa coloración no dorso e flancos é verde azulada ou parda, mentres que o ventre é prateado (*Ammodytes tobianus*), (As Figueiras). **3.** Peixe osteíctio perciforme da familia dos ammodítidos, duns dezaoito centímetros de lonxitude, coa aleta dorsal ondulante e sen escamas. O dorso é verde oliváceo cunha banda prateada lonxitudinal a cada lado (*Ammodytes cicerellus*), (As Figueiras). **4.** adx. Dise do peixe que ten moita lonxitude (As Figueiras).

longarina. s. f. Travesa que se utilizaba para os cruces das vías no ferrocarril Vilaoudriz-Ribadeo e que medía dous metros e medio (Abres).

longarito, -a. adx. Aplícase á persoa alta e delgada.

longo, -a. adx. Que ten moita lonxitude.

longura. s. f. Lonxitude, extensión.

longueiro, -a. adx. Dise do que é longo (*As pedras longueiras i alisadas*).

longueirolo, -a. adx. Dise da persoa alta e delgada.

longueiza. V. longuinza.

longuinza. s. f. Embutido parecido ao chourizo, que leva carne picada e as coradas do cocho tamén picadas.

lóntriga. V. lóndriga (Abres).

lonxano, -a. adx. Que está lonxe (Santiso de Abres).

lonxe. adv. Que está a distancia no espazo ou no tempo. // **El que de lonxe vén, *minte* como *quer*.** Refrán que recomenda prudencia diante dos descoñecidos que proceden doutras terras, por ser difícil de comprobar o que aseguran. // **Quen de lonxe vén, pode falar como *quer*.** Refrán que alude a que a persoa que vén de lonxe pode dicir o que queira con máis liberdade (Villaión). // **Vai lonxe que se foi.** Hai moito tempo que se foi (Santalla de Ozcos).

lorame. s. f. Conxunto de tiras anchas e delgadas de madeira flexible para facer cestas (*Fanse de lorame de carballo ou de castañeiro*), (Vilanova de Ozcos); orame. **2.** Calidade (*É de búa lorame*), (Vilanova de Ozcos).

lorbaga. s. f. Froito do loureiro.

lorbagueira. V. loureiro (Santalla de Ozcos). **2.** V. loureira (Santalla de Ozcos).

lorcha. V. barbada 5ª acep. (As Figueiras). **2.** V. barbada de fóra (As Figueiras, El Franco, Ortigueira).

lorcho. s. m. Punta da billarda (As Figueiras).

lorico. V. alolico 1ª acep. (Taramundi).

lorida. V. loriga.

loriga. s. f. Variedade de castaña; castaña de loriga. **2.** Espazo recto entre o chan e a curvatura da bóveda dun forno (San Martín de Ozcos). **3.** Bordo que forma a mesa do *lar* entre o chan e a parede dun forno (Santalla de Ozcos).

lorlorlor! V. larlarlar.

loro. s. m. Correa de coiro para amarrar a carga do carro ao xugo; dobra.

lorza. s. f. Dobrez para acurtar unha peza de vestir.
lotado. V. feixe 1ª acep. (*Un bon lotado de leña*), (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos).
lote. s. m. Grupo de cousas ou obxectos. **2.** Montón de algo. **3.** Cada unha das partes en que se divide algo, como as propiedades.
loteiría. V. lotería.
lotería. s. f. Xogo con cartóns, que consistía nunha bolsa con 90 bólas, cada unha cun número do un ao noventa, e seis cartóns con 15 números cada un repartidos en tres ringleiras de cinco cifras. Un dos xogadores quitaba as bólas da bolsa e cantaba o número. Os números tiñan un significado: o 15 a nena bonita, o 22 os dous patos na auga, o 55 a garda civil, o 69 arriba e ao ombro, o 14 caga o can e ti retorce etc.
lou. adv. e conx. Forma reducida de *lougo* (Allande).
loubisón. adx. Aplícase á persoa grande e forte. **2.** V. lobishome.
louco, -a. adx. Tolo.
loufo. adx. e s. Alcume que se lles dá aos habitantes da zona de Bustantigo (Allande).
lougo. V. logo.
loulén. s. f. Dolor ou mareo de cabeza. **2.** Somnolencia, preguiza, tanto en persoas como en animais, especialmente nas ovellas (San Martín de Ozcos).
loulién. V. loulén 1ª e 2ª acep.
loura. s. m. e adx. Variedade de castaña de forma elíptica triangular, de color marrón clara e dourada e fácil de pelar (Santalla de Ozcos); castaña de louro.
louredo. s. m. Lugar onde abundan os loureiros (Pezós).
louregado. adx. Trigo dourado.
louregar. v. Empezar a madurar un froito.
loureira. s. f. Árbore perennifolia da familia das rosáceas, de tres a sete metros de altura, follas coriáceas, de color verde e negra por un lado e pálidas polo outro, flores brancas e froito de color negra. É de carácter ornamental (*Prunus laurocerasus*), (Santalla de Ozcos, Ibias, Grandas de Salime).
loureiro. s. m. Árbore perennifolia da familia das lauráceas, de até dez metros de altura, con tronco liso e agrisado, ramas ascendentes, follas alternas e lanceoladas. As súas flores son tirando a branco e froito en forma de ovo, de color negra cando madura. As follas desta árbore utilízanse como condimento, aromatizante e para algúns produtos farmaceúticos (*Laurus nobilis*). // **Loureiro *castellano*.** V. loureira. // **Loureiro bendito.** Loureiro común. // **Loureiro del país.** Loureiro.
lourel* → loureiro.
louro, -a. adx. Dourado. **2.** Variedade de castaña.
lousa. s. f. Pedra sedimentaria de color gris, negra ou azulada, que se desfai en follas e que se emprega para as cubricións de moitas construcións (casas, cabanóns, pozos, hórreos, *paneras* etc.) ou para a base (eiras) ou valados. Era famosa a de Armal (Boal). **2.** Pedra que se pon enriba dos pés dos hórreos (Os Coutos, Santalla de Ozcos); rateira 1ª acep. **3.** Pedra que se utiliza no xogo dos *bólos* para colocalos en ringleira, de metro e medio de longo aproximadamente, e setenta e cinco centímetros de ancho, cun grosor de setenta milímetros. **4.** Pedra que se poñía no cume dun hórreo de cuberta de palla, por enriba do *tazo* (Vilanova de Ozcos). **5.** Pedra que se utiliza para cubrir o banzado dun batán (Vilanova de Ozcos).
lousado. s. m. e adx. Cuberto de lousas. **2.** Cubrición do teito de varias construcións como as casas, hórreos etc., feito con lousas, ou do chan cuberto co mesmo material (piso dunha casa, dunha eira etc.). **3.** Por extensión, calquera tipo de teito. // **Lousado de *ala* morta (*ala* quebrada).** Lousado con remate en chafrán na parte do espigo.
lousar. v. Cubrir con lousas o teito dunha construción ou o chan.
louseira. s. f. Canteira onde se extraen lousas.
louseiro. s. m. Canteiro que traballa colocando lousas (Abres).
lousón. s. m. (pl. lousois). Lousa grande.
louzos. s. m. pl. Conxunto de cacharros (Seares).
louxa. V. lousa.
louxado. V. lousado.
louxar. V. lousar.
louxeira. V. louseira. // **Día de *louxeira*.** Día en que se ía buscar lousa para unha obra con máis de vinte carros (San Martín de Ozcos).
louxeiro. V. louseiro.
louxía. s. f. Lousa pequena (Tapia de Casarego).
louxón. (pl. louxois). V. lousón.
louzado. s. m. Lote de obxectos.
louzao. s. m. Conxunto de árbores e terras sementadas (Os Coutos).
lóuzaro. s. m. Montón pequeno (Castropol).

loza. s. f. Produtos de cerámica que se utilizan para a mesa ou a cociña. **2.** Conxunto de pratos e cuncas da cociña. Obs. Trátase dun castelanismo.

lúa. s. f. Satélite da Terra que recibe a súa luz do sol (San Martín de Ozcos, Tapia de Casarego, Castropol, Santalla de Ozcos). // **A lúa de *xeneiro* aluma en *cualquer* regueiro.** Refrán que indica que nese mes a lúa brilla moito de noite. // **Lúa (*llúa*) chea (*chía*).** Cando se ve todo o disco da lúa. // **Lúa (*llúa*) nova.** Cando o sol ilumina a parte da lúa oposta á terra e a fai invisible. // **Lúa *sabadía*, nin ela nin a *vecía*.** Refrán meteorolóxico que indica que cando a lúa nova cae en sábado vai haber mal tempo nese mes e no seguinte. // **Media lúa (*luna*).** Reforzo de ferro en forma de curva no *miolo* dunha roda dun carro (Santalla de Ozcos, Ibias). **2.** Peza do muíño, feita de madeira, con forma alongada e semicircular que se coloca aos lados da moa para que non se caia a fariña polos lados ao xirar as pedras e ir moendo o gran. // **Poñerse (*poerse*, *puerse*) nos cornos da lúa (*llúa*).** Anoxarse. // ***Tar* de lúa (*llúa*).** Estar anoxado. **2.** Ter unha persoa un comportamento raro, maniático.

luar. s. m. e adx. Luz da lúa. **2.** Relativo á lúa.

lubía. s. f. Peixe osteíctio perciforme, da familia dos serránidos, de até un metro de lonxitude, que presenta dúas aletas dorsais moi próximas, as ventrais en posición torácica, a boca moi fendida e dous aguillóns. O dorso e os lados dos xoves teñen manchas negras (*Morone labrax*). **2.** Fame.

lubina. V. lubía (As Figueiras).

lubrigante. s. m. Crustáceo decápodo da familia dos homáridos, que se caracteriza por presentar unha forte parte externa dura de color azul escura con manchas amarelas na parte inferior. As antenas son tan longas como o resto do corpo, tendo ademais un primeiro par de patas fortes e un segundo e terceiro con patas que rematan nunhas pequenas pinzas (*Homarus gammarus*).

luceiro. s. m. Astro brillante que loce intensamente. **2.** O planeta Venus. **3.** V. verme carpinteiro (Grandas de Salime).

lucense. V. lugués.

lucía. s. f. Luz pequena (Eilao).

lucido[1]. s. m. Acción e efecto de lucir 3ª acep.

lucido[2], -a. adx. Aplícase ao que ten bo aspecto. **2.** Dise da persoa moi presumida e contenta de si mesma. **3.** Aplícase ao que destaca, brilla etc. // ***Tar* lucido (*llucido*).** Estar gordo.

lucio, -a. adx. Aplícase ao que ten color agrisada ou violácea e brillante, normalmente referídonse á pel ou ao día. **2.** Dise do que é permeable á luz. **3.** Dise do día ou ceo grises.

lucir. v. Emitir luz, brillar. **2.** Destacar, sobresaír. **3.** Cubrir unha parede con cal, pintar. **4.** Exhibir. **5.** Ter bo aspecto unha persoa.

lúes. V. luis (A Veiga).

lugar. s. m. Sitio. **2.** Aldea, localidade pequena. **3.** Espazo que ocupa un corpo. **4.** Tempo, ocasión. // **En lugar de.** En vez de.

lugarexo. s. m. Lugar pobre, de pouca importancia e escasos veciños.

lugarín. s. m. Diminutivo de lugar.

lugre. s. m. Pequena embarcación con tres paus, velas ao terzo e volantes.

lugués, -a. adx. e s. m. e f. Natural de Lugo. **2.** Pertencente ou relativo ao territorio de Lugo.

luis. s. m. Segundo día da semana, despois do domingo (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos); lus, lluis, lúes.

luita. s. f. Enfrontamento corpo a corpo.

luitar. v. Empezar un enfrontamento ou combate. **2.** Esforzarse, traballar por algo ou alguén.

luito. s. m. Vestimenta negra que levaban as mulleres por un morto ou os homes un brazalete da mesma color que se levaba na manga ou unha cinta na lapela da chaqueta. **2.** Tempo en que se leva esta vestimenta. Antigamente eran tres anos pola morte da mai, dous polo pai ou os fillos, un polos irmáns ou os avós, seis meses polos tíos, tres meses polos curmáns e se era viúva normalmente toda a vida.

lula. s. f. Nome común que reciben varios moluscos cefalópodos decápodos, co corpo alongado e dúas aletas triangulares abondo grandes que se estenden desde o extremo final até a metade do corpo. Teñen dez brazos con ventosas e a súa coloración é branca rosada (*Loligo sp.*).

luleira. s. f. Aparello para pescar luras ou xibas feito cunha serie de ganchos dispostos de xeito circular (As Figueiras, Tapia de Casarego).

lumaco. V. limaco (Ibias).

lumbración. s. f. Resplandor (Navia).

lumbrigante. V. lubrigante (As Figueiras, El Franco).

lumbriza. V. lombriga 1ª acep. (Vilanova de Ozcos, San Martín de Ozcos).
lume. s. m. Chama de calquera substancia en combustión. **2.** s. m. pl. Parte curva superior dunha ferradura. **3.** Fogón da cociña. // **Al lume.** V. faz (Da faz). // **Dar lume (*Ilume*).** Prender, incendiar (*Fuxir como se che deran Ilume*). // **El lume baxo.** Lareira (Santalla de Ozcos).
lumeira. V. lumieira.
lumia. s. f. Muller maleducada e de pouco fiar. **2.** Prostituta. **3.** Bruxa.
lumieira. s. f. Furado ou ventá pequena no lousado dunha edificación por onde entra a luz nas cociñas. Pola inclinación da luz que entra por este furado se podía saber a hora do día. **2.** Por extensión, lareira. **3.** Pequena ventá nalgúns cuartos, cortes, mazos etc., para que entre a luz.
luna. V. lúa 1ª acep. (Vilar de Cendias).
Obs. Trátase dun castelanismo.
lunar. s. m. Mancha na pel producida pola acumulación de pigmentos, de xeito especial melanina, nun grupo de células da pel.
lupa. s. f. Sistema de pesca que consiste nun soporte normalmente de madeira cun cristal para ver o fondo do mar e axudado por un *francado*.
lupanda. s. f. Tunda, malleira (Castropol). **2.** Fartura, enchente (Castropol).
luria. s. f. Pequeno po de fariña fina que cobre os muíños e que se daba ás vacas que estaban en celo. **2.** V. adival 1ª acep. **3.** Sucidade, po que se pega en algo, como na roupa (Santalla de Ozcos).
lurpia. s. f. Quiste sebáceo ou ganglio non situado no pescozo (Santalla de Ozcos). **2.** Muller de mala vida (Taramundi).
lus. s. m. Segundo día da semana, despois do domingo (Taramundi, Os Ozcos); luis, lluis.
lusco e fusco (entre). loc. Entre o día e a noite (Abres).
lustre. s. m. Brillo que teñen as cousas brunidas. **2.** Betume para limpar o calzado.
lustriado. s. m. Pulido.
lustriar. v. Pulir.
lustro. s. m. Período de tempo que dura cinco anos.
lustroso, -a. adx. Limpo e brillante. **2.** San e forte.
luto. V. luito.
luxar. v. Manchar.
luxestar. v. Enxertar árbores froiteiras silvestres.
luz. s. f. Enerxía radiante que permite a visión dos obxectos. **2.** Furado por onde pasa a claridade. **3.** Aparello que aluma. **4.** Enerxía eléctrica. // **Luz de guía.** Luz branca que está situada na popa dunha embarcación. // **Luz de popa.** V. luz de guía. // **Nin luz nin *fuz*.** Que non hai ninguén nunha casa (Tapia de Casarego).
lúzara. s. f. Sarabullo que sae en calquera parte do corpo, con abondo comechón.

M

m. s. m. Décimo primeira letra do alfabeto galego. O seu nome é *eme*.
ma[1]. Contracción das formas oblicuas do pronome persoal *me*, de primeira persoa, e *a* de terceira.
ma[2]. s. f. Apócope de mai.
macana. s. f. Pau de certo grosor que serve para matar algúns peixes como o bonito ou o congro (Castropol, Tapia de Casarego, El Franco). **2.** Broma. **3.** En sentido figurado, mecanismo, operación para facer algo (*Entendían aquella macana muito ben*), (El Franco).
macanazo. s. m. Golpe dado coa *macana*.
macaneiro, -a. adx. e s. m. e f. Parvo.
macanudo, -a. adx. Moi bo, excelente.
macaqueiro, -a. adx. Dise do neno repugnante para comer.
macarrón. s. m. (pl. macarrois). Pasta alimenticia feita con fariña de trigo moldeada en diversas formas e lonxitudes.
macear. v. Esmagar.
maceira. v. mazaneiro (Tapia de Casarego, Eilao, Ibias, Grandas de Salime).
maceiro. V. mazaneiro (Boal, Negueira de Muñiz, El Franco, Coaña, Castropol, Tapia de Casarego, Ibias, Allande).
maceta[1]. s. f. Mazo con dúas cabezas iguais e mango curto, usado polos canteiros para traballar a pedra.
maceta[2]. s. f. Vaso de barro ou outro material que normalmente se utiliza para poñer plantas ou flores.
macetar. v. Golpear co martelo sobre o ferro, especialmente cunha maza pequena (Taramundi).
macexado, -a. adx. Mazado.
macexar. v. Mazar.
machacado, -a. adx. Golpeado até deformalo, esmagado. **2.** Moi cansado.
machacar. v. Golpear unha cousa até deformala. **2.** Destruír, esmagar. **3.** Cansar. **4.** Causar dano.
machacón. s. m. Mazadura, golpe, normalmente nunha man ou nun pé. **2.** adx. Dise do pan pouco ou mal cocido

(San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos).

machada[1]. s. f. Valentía. **2.** Chapuza. **3.** Acción irracional ou torpe propia dun home.

machada[2]. s. f. Ferramenta cortante con mango, máis pequena que o machado.

machado. s. m. Ferramenta cortante con mango longo, de tamaño maior que a machada e que se usa normalmente para cortar a leña.

machar. v. Abrir e pechar a boca, como as burras cando están en celo (Abres). **2.** V. machear 1ª acep. **3.** Mastigar os animais sen ter nada na boca (Santalla de Ozcos).

machear. v. Facer ruído coa lingua contra o padal como sinal de molestia. **2.** Mover os dentes con forza dentro da boca (San Martín de Ozcos).

machembrado, -a. adx. Aplícase á peza que está encaixada noutra.
Obs. Trátase dun castelanismo.

machembrar. v. Encaixar unha peza de madeira dentro doutra.
Obs. Trátase dun castelanismo.

macheta. s. f. Ángulo externo que forma a parede contigua a unha porta ou ventá. **2.** Remate dunha parede onde se poñen as bisagras das portas, ventás ou cancelas (Tapia de Casarego). **3.** Coitelo grande de folla ancha e forte.

machete. s. m. Coitelo grande con folla ancha; macheta 3ª acep.

machiar. V. machear 1ª acep. **2.** Utilizar a interxección ch...! con alguén.

machinal. s. m. Furado que se fai na parede dunha construción para colocar un andamio ou darlle máis luz. **2.** Pau do andamio que se mete nese furado (El Franco).

macho[1]. s. m. Calquera animal de sexo masculino. **2.** Varón. **3.** Peza de madeira ou metal que entra dentro doutra. **2.** Peza metálica con cabeza cilíndrica que xunto á femia asegura a rella do arado. **3.** Peza usada para enroscar tubos.

macho[2]. s. m. Animal híbrido de sexo masculino, fillo de egua e burro ou de burra e cabalo. // **Non (*nun*) se sabe de quen é el macho, *asta* que non (*nun*) morre el arrieiro.** Até o final non se sabe nada (Boal).

machón. s. m. (pl. machois). Piar que se pon nunha parede ou se coloca pegado a ela para reforzala ou sostela (Ibias).

machorra. s. f. Femia estéril, normalmente referido ás vacas ou ás eguas; manío 2ª acep.

machuca. s. f. Tunda, malleira.

machucar. v. Dar golpes a algo ou a alguén. **2.** Esmagar algo polo peso ou dureza doutra cousa. **3.** Triturar. **4.** Furar.

machucho, -a. adx. Aplícase ao pan ou á fogaza que non medra ao fermentar.

machuco. V. mazo. **2.** Mazo pequeno de madeira para esmagar o millo; mazuco 3ª acep. **3.** Mazo grande para apertar as rodas dun carro.

macizado, -a. adx. Apertado ben sen que teña ningún furado, moi compacto. **2.** V. ababeirado (As Figueiras).

macizar. v. Botar engado ao mar para atraer a pesca. **2.** Facer algo compacto apertándoo ben sen deixar furados.

macizo. s. m. Conxunto de materiais para facer algo compacto sen deixar furados. **2.** V. engado 1ª acep. // **A (al) macizo.** Xeito de pescar chicharros co boliche de capturar sardiñas.

macolada. s. f. Tumor doloroso que supura ou vai supurar. **2.** Argucia, artimaña, mala acción. **3.** Cousa que cheira por estar podre. **4.** Lugar moi pisado onde sae a auga e se converte nunha lameira (Tapia de Casarego).

maculada. V. macolada.

macuto. s. m. Fardel que se leva colgado ao lombo para transportar cousas.

madama. s. f. Personaxe das máscaras que acompaña ao valenciano e ao soldado (El Valledor). **2.** Personaxe dos *Reises* do concello de Ibias, caracterizado por ser a muller do valenciano ou do soldado, con cellas moi amañadas, ollos pintados, e ás veces pelucas de pelo de millo. A vestimenta consiste nun vestido de muller, como o que levan as mozas ás festas, con guantes brancos, colares, reloxos etc.

madaño. V. maraño 1ª acep.

madécaras! V. madeus!

madécoras! V. madeus!

madéicaras! V. madeus!

madeira. s. f. Substancia leñosa, sólida e compacta das árbores, por debaixo da cortiza. **2.** Cada un dos traveseiros que forman a grade (O Viñal). **3.** Malleira.

madeirada. s. f. Conxunto de táboas e madeira que ten unha casa na súa estrutura.

madeirame. V. madeirada.

madeiro. s. m. Peza de madeira longa e preparada para ser traballada (Ibias). **2.** Tronco.

madeixa. s. f. Fío enrolado de xeito regular e ordenado, normalmente de la. // **Como unha madeixa.** De bo carácter. **2.** Suave ao tacto.

madella. V. madeixa (Allande).

madeos! V. madeus! (Eilao, Tapia de Casarego).
madeumas! V. madeus!
madera* → madeira.
madereiro. s. m. Persoa que trata ou vende a madeira.
maderista* → madereiro.
madero* → madeiro.
madeumas! V. madeus!
madeus! interx. Expresa incredulidade, sorpresa ou dúbida, ou utilízase como reforzo dunha afirmación ou negación, con blasfemias etc. (A Veiga, Tapia de Casarego, Abres, Boal, San Martín de Ozcos).
madexa. V. madeixa.
madezas! V. madeus!
madorecer. V. madurecer.
madorentar. v. Abrandar algo (Vilanova de Ozcos).
madorna. s. f. Mámoa, túmulo (Os Ozcos).
madrasta. s. f. Nova muller do pai con respecto aos fillos de anteriores matrimonios.
madre. s. f. Forma respectuosa de mai. **2.** Matriz, útero, referido normalmente ás vacas ou ás mulleres. **3.** Viga de madeira que serve para sustentar a cámara do hórreo ou *panera* (El Valledor). **4.** Pedazo de masa dunha fornada que se garda para outra como fermento (Tapia de Casarego). **5.** No xogo da *remonta* ou no *chinchirrinchín-chinchirrinchón*, neno onde se apoian os que teñen dobrado o corpo. **6.** Noutros xogos, nena que leva a voz cantante. **7.** Pataca con brote. **8.** Pouso de calquera bebida. **9.** No xogo das *escondidas*, lugar onde está o neno que apanda. **10.** Dolor da matriz (Vilanova de Ozcos). **11.** Enxame principal (San Martín de Ozcos). **12.** Corda de pesca da que colgan varios cabos máis finos onde se poñen os anzois. // ***Madres* (as).** Xogo de nenas, onde unha representaba a mai e as outras eran as fillas nunha especie de cociña que facían con xoguetes e cousas, nas que desenvolvían todos os labores que observaban nas súas casas. **2.** Conxunto de órganos internos femininos (El Franco).
madrenada. V. madreñada.
madreña. s. f. Zapato de madeira dunha soa peza, con sola con talón e dous tacos dianteiros. Non se pode considerar como autóctona do Eo-Navia, chegando doutras zonas de Asturias. V. galocha.
madreñada. s. f. Golpe dado cunha madreña.
madreñeiro. V. galocheiro.
madreñón. s. m. Cravo usado para ferrar as madreñas de tres tacos e os zancos.
madría. s. f. Muller que é testemuña do estado que se adquire nun bautizo, nun casamento etc.
madrigueira. s. f. Refuxio ou escondedoiro subterráneo usado por diversas especies de animais.
Obs. Trátase dun castelanismo.
madriña. V. madría (Santalla de Ozcos, Taramundi).
madriñeiro* → madreñeiro.
madrío. s. m. Acumulación de gases nunha muller que se cre consecuencia dunha enfermidade da matriz (San Martín de Ozcos). **2.** Acto de abrir a boca.
madriu* → madrío.
madriosa. adx. Aplícase á muller que arrota moito e con ruído, que se cre que é consecuencia dunha enfermidade da matriz.
madroña. s. f. Pataca engurrada e de mal sabor polos efectos da xeada. **2.** Madreña ou zoco (Ortigueira).
madroñeira. V. érbido (Villaión).
madroñeiro. V. galocheiro. **2.** V. érbido (Villaión, Boal).
madroño. s. m. Froito do *érbido* (Allande). **2.** V. érbido.
madrugada. s. f. Período comprendido entre a medianoite e as primeiras horas da mañá.
madrugador, -a. adx. Que madruga.
madrugar. v. Erguerse da cama moi cedo. **2.** Saír o sol moi cedo (*Madrugou muito el sol*), (Boal). // **Non por *muito* madrugar, *amaece* máis *temprano* (primeiro).** Refrán que alude a que non convén precipitarse nas cousas que queiramos conseguir. // **Por *muito* madrugar, *nun ameice* máis *axina*.** V. Non por muito madrugar, amaece máis temprano.
madrugón, -a. adx. Dise da persoa que madruga moito. // **Home madrugón, (ou) *probe* ou ladrón.** Refrán que alude a que ao que madruga moito só pode ser pobre para pedir esmola ou ladrón.
madruguín. adx. O que madruga (*Solín madruguín*).
madura. s. f. Acto e resultado de madurecer (Santalla de Ozcos).
madurar. V. madurecer.
madurecer. v. Madurar un froito, unha persoa, un furúnculo etc.
madureiro. s. m. Lugar no faiado onde se coloca a froita a madurar, normalmente entre herba seca.
madurén. s. f. Poder fertilizante dunha cousa (*A madurén das uvas*), (Ibias).

maduro, -a. adx. Froito que xa se desenvolveu completamente. **2.** Que se pode recoller, que está en sazón. // **Vir a maduro.** Madurar.

maes* → máis.

maestra. s. f. Femia única fecunda do *abázcaro* e mai das abellas que fabrican o mel e a cera dun trobo.

Obs. Trátase dun castelanismo.

maestro*, -a → mestre.

mafa. s. f. Sucidade ou viscosidade que ten algo (Santalla de Ozcos, Allande).

mafalla. s. f. Baba que solta un cocho semental pola boca; baballa. **2.** Escuma que se forma na superficie dos líquidos estancados e na comisura dos beizos. **3.** Pastosidade.

magaio. adx. Relativo a maio (Castropol).

magalla. s. f. Augardente. **2.** V. magallo. **3.** Desperdicio, resto que non serve para nada. **4.** Sequidade na boca cando se fala moito (Navia). **5.** V. enallada. **7.** Pastosidade que se forma na boca (Villaión).

magallada. s. f. Conxunto de substancias en descomposición. **2.** Conxunto de cousas brandas esmagadas e revoltas.

magallo. s. m. Conxunto de restos que queda despois de pisar as uvas coa pel e os *táramos* ou ás veces as mazas; bullo.

magarzo. adx. Relativo a marzo (Castropol).

magaxón. s. m. Faragulla de pan.

magoar. v. Causar sufrimento moral.

magollo. V. mollo.

magor. s. m. Capa de color verde e con peluxe que aparece no pan, alimentos vellos, coiro, roupa etc., por atoparense nun lugar húmido ou pechado.

magorecer. v. Encherse de mofo (*magor*), especialmente o pan e outros alimentos.

magorento, -a. adx. Que ten mofo (*magor*); mourento.

magostada. s. f. Acción e resultado de *amagostar* (Navia).

magostar. V. amagostar.

magosto. s. m. Festa que se celebra en outono, con castañas asadas, chourizos e viño. Tamén é celebrada polos varexadores despois de varexar as castañas. **2.** Acción de asar as castañas.

magoto. s. m. Cocho novo que se vai cebando para que medre. **2.** Cocho de gran peso.

magra. s. f. Tallada de carne con moita freba (Boal).

magrear. v. Palpar a unha persoa, sobar.

magreo. s. m. Acción e efecto de sobar.

maguer. conx. Aínda que (*Maguer mo ofreza, miánicas nun llo quero*), (El Franco).

magullado, -a. adx. Mancado, mazado.

magullar. v. Esmagar, mazar, machucar.

magullo (a). loc. En moita cantidade (Navia, Boal).

magurecer. V. magorecer.

magurento, -a. V. magorento.

mahón. s. m. Tea forte coa que se fan os pantalóns e os traxes de traballo dos homes para certos traballos.

mai. s. f. Muller que pariu ou ten ao seu cargo fillos (Abres, Tapia de Casarego, Vilanova de Ozcos, Allande). **2.** En varios xogos de nenas, a que está á fronte do xogo. **3.** Animal femia con respecto aos seus fillos. // **A mai do cordeiro.** Expresión que significa sorpresa ou estrañeza (Abres).

maia. s. f. Variedade de castaña.

maiar. V. maiear (*Cuando marzo maía, maio marcía*), (San Martín de Ozcos).

maicego, -a. adx. e s. Alcume que lles dan os habitantes da Montaña do Eo-Navia aos da Mariña eonaviega. **2.** Alcume popular que lles dan os habitantes de San Martín de Ozcos aos da Mariña eonaviega.

maiceira. s. f. Parte superior da cana de millo que se corta verde para os animais (Villaión). **2.** V. meiceira 1ª e 3ª acep.

maiceiro, -a. V. maicego. **2.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes do concello da Veiga.

maiear. v. Facer un tempo propio do mes de maio (*Condo marzo maiea, maio marcea*).

maiestro*, -a → mestre.

maimón. s. m. Torta de biscoito (Castropol).

mainel. s. m. Ventá que ten a súa maior dimensión en sentido horizontal (San Martín de Ozcos).

mainelo. s. m. Furado que se fai na parede (Taramundi).

maino, -a. adx. Suave. **2.** Tranquilo, calmado.

maíña. s. f. Diminutivo de man (Santiso de Abres, Abres).

maio. s. m. Quinto mes do ano. // ***Asta* el vinte (corenta) de maio *nun* pouses (quites) el saio.** Advirte que o frío pode reaparecer en calquera momento até ben entrado o mes de xuño. // ***Augua* en maio, pan *pra* todo el ano.** Refrán que alude a que a chuvia neste mes é beneficiosa para as colleitas. // **Detrás de maio vén San *Xuan* i al que *nun lo* amolaron, xa *lo* amolarán.** Refrán que

alude figuradamente a que unha persoa non se vai librar dun asunto faga o que faga. // **En maio inda bebe o boi no prado**. Refrán relativo ao tempo e á agricultura (Santiso de Abres). // **En maio queimou a vella el saio.** Refrán que se refire a que xa pasou o frío do inverno. // ***Guardar* pan *pra* maio.** Aforrar. // **Maio longo (llongo).** Expresión que se refire á diferente duración do tempo segundo as circunstancias de cada un, de xeito especial se é difícil de pasar (*Más llargo que maio llongo*), (Boal, Coaña). // **Maio me molla, maio me enxuga, maio me trae a *calentura*.** V. Maio molla, maio enxuga i maio púxome a cara vermella. // **Maio molla, maio enxuga, maio dá (trae) a *calentura*.** V. Maio molla, maio enxuga i maio púxome a cara vermella. // **Maio molla, maio enxuga i maio púxome a cara vermella.** Refrán que indica que neste mes os días son xa grandes, pode facer todo tipo de tempo e hai tempo para facer moitas cousas. // **Maio molla, maio enxuga, maio *trai* a *calentura*.** V. Maio molla, maio enxuga i maio púxome a cara vermella. // **Maio, os días máis grandes del ano.** Refrán que indica que os días máis grandes do ano son no mes de maio. // **Nel mes de maio, pesca a *truita debaxo* del ramallo.** Refrán que alude a que ese mes é axeitado para pescar troitas. // **Por maio colga o saio.** Refrán que alude a que despois de maio xa vén o bo tempo. // **Tras de maio, vén San *Xuan*.** Refrán que alude a que despois de maio vén xuño.

maiola. s. f. Celebración do un de maio, no que había que comer castañas segundo a tradición para non desmaiarse o resto do ano. **2.** adx. Dise da castaña tardía que chegaba ao mes de maio que queda seca e despois gárdase todo o ano (Allande, Santalla de Ozcos). **3.** Canción de aguinaldo que recitaba un grupo de nenos que ían de casa en casa cunha caixa de madeira cuberta de flores e cun boneco enriba (Navia).

maiolo. adx. Relativo ao mes de maio (Castropol).

maior. adx. Que é máis grande que outro. **2.** Con máis idade. // **A maiores.** Ademais (Ibias, A Veiga). **2.** Máis (*Nun pasou a maiores*).

maioral. s. m. O encargado maior nos labores agrícolas.

maiorazo, -a. V. mairazo 1ª e 2ª acep.

maiordomo. s. m. Persoa á que lle corresponde a organización da festa dunha localidade. **2.** Persoa responsable dos víveres dunha embarcación.

maiormente. adv. Principalmente, sobre todo.

maiouca. s. f. Castaña que se daba aos nenos o primeiro de maio; amaiola, maiuca.

mairande* → meirande.

mairazgo. V. mairazo 1ª e 2ª acep.

mairazo, -a. s. m. e f. Vínculo indivisible polo que o primoxénito herda todas as propiedades. **2.** Varón ou muller primoxénitos dunha familia.

mairolo* → meirolo 4ª acep.

mais. conx. adversativa que significa pero. **2.** conx. copulativa e (*El porto de Tapia mais el de Navia sonche os importantes*). // **E mais.** Reforzo de *e* (*E maila barriga*), (Seares).

máis. adv. Expresa aumento, exceso, ampliación ou superioridade en número e cantidade (*Tá máis lonxe*). **2.** Nunca (*Nun tevo máis en Castropol?*). // **A máis de.** A maioría (*A máis da xente vai comprar alí*). // **As máis.** A maioría (*As máis das veces*). // **De máis.** Demasiado. // **Máis que.** Senón. **2.** Aínda que. // **Non faltaría máis.** Expresión usada para rexeitar unha proposición por absurda ou inadmisible. // **Os máis.** Os demais, os outros, a maioría. // **Por de máis.** Demasiado. // **Por máis que.** Expresión que se usa para sopesar a dificultade de conseguir ou executar unha cousa. // ***Pra* máis da xente.** Para a maioría da xente (Tapia de Casarego).

maís. V. millo 1ª acep. (Os Coutos, Ibias).

maismente. adv. Sobre todo, máis ben (Taramundi).

maiuca. adx. Dise da castaña seca e tardía (Eilao, San Martín de Ozcos). **2.** Aplícase á persoa vella e engurrada.

maiuco, -a. adx. Aplícase á persoa, castaña etc., que están vellas e engurradas. **2.** V. maiouca.

maiz. V. millo 1ª acep. // **Por San *Xuan* el *maiz* tapa el can.** Refrán que alude a que o millo nesa época (mes de xuño) xa medrou (Eilao).
Obs. Trátase dun castelanismo.

maíz* → millo 1ª acep.

maizal. s. m. Terreo sementado de millo.
Obs. Trátase dun castelanismo.

maizón. s. m. Millo que se sementa xunto e se usa para forraxe.
Obs. Trátase dun castelanismo.

mal. s. m. O que non é bo. **2.** Apócope de malo. **3.** Enfermidade. **4.** Dano. **5.** adv. De xeito contrario a como debe ser. // **Cada *cual* ten por grande al seu mal.** Refrán que indica que cada persoa se

preocupa das súas desgrazas. // **Dar(lle) (el) mal.** Perder o sentido. // **De mal mes e mal ano.** Mala, pouca (*Uha cousa de mal mes e mal ano*). // **El ben i el mal, al rostro *sal*.** V. El mal i el ben al rostro vein (vén). // **El ben i el mal, *nun* vén dun *solo*.** Refrán que alude a que con frecuencia problemas e desgrazas veñen xuntos. // **El mal i el ben á cara vén.** V. El mal i el ben al rostro vein (vén). // **El mal i el ben al rostro *vein (vén)*.** Refrán que indica que na cara dunha persoa se manifesta o seu estado de saúde ou ánimo, ou mesmo pódese referir á situación económica desta. // **Facer (*faer*, *fer*) mal.** Facer dano algo. // **Mal a gusto.** Á forza. // **Mal año!** Maldición. Obs. Trátase dun castelanismo. // **Mal da *espinilla*.** V. espinilla (Ter a espinilla caída). // **Mal de fóra.** Feitizo (Pezós, San Martín de Ozcos). // **Mal de ollo.** Efecto maléfico producido por unha persoa que quere facer mal a outra ou a algúns animais, mirándoos de certo xeito. Para combatelo, as mulleres levaban pedras de San Pedro na faltriqueira, aos nenos atábaselles no brazo unha moeda e un corno pequeno de acibeche, ás vacas colgábaselles do pescozo un *corno marín* e ao pasar ao lado da bruxa apertábase o puño quedando o dedo matapiollos debaixo do dedo furabolos formando unha cruz. // **Mal del *filo*.** Estado de desnutrición forte, característica das fases finais dalgunhas enfermidades que producen un profundo desequilibrio metabólico. // **Mal del cuarto.** Enfermidade normalmente do gando vacún, infecciosa e contaxiosa tanto para o home como para outros animais e que se manifesta con pústulas malignas, pneumonía ou enterite. // **Mal del monte.** Enfermidade das vacas, mamite. **2.** Tumor que aparece nun brazo, unha perna ou outra parte do corpo dunha persoa e que produce unha gran dolor. Na medicina tradicional curábase con cicuta, oracións e castañas verdes en vinagre (San Martín de Ozcos). // **Mal ollo**. Mal de ollo. // **Mal del *orizo*.** Enfermidade infecciosa aguda, febril, moi contaxiosa, producida por diversos tipos de virus, que afecta a bóvidos, óvidos e porcinos. Caracterízase pola formación de vesículas en mucosas, pel, lingua, bicos do peito, ubre, boca e pezuños (Ibias). // **Mal era!** claro! // **Mal *haia*!** Maldición (Boal). // **Mal i ben *asta* os bichos a cara lles ven.** Refrán que alude a que por moito que se esconda unha persoa se ven as súas intencións (Villaión). // **Mal prolongado, morte no cabo.** Refrán que explica que unha enfermidade demasiado longa conduce á morte. // **Mal que *lo* diga.** Aínda que non sexa correcto dicilo. // **Mal *roxo*.** Enfermidade dos cochos, que se manifesta con febre alta e ronchas por todo o corpo. // ***Nun* hai mal que cen anos dure.** Refrán que trata de consolar a quen padece unha desgraza, coa esperanza que non sexa duradeira (Boal, Tapia de Casarego); non hai ben nin mal que cen anos dure. // ***Nun* hai que lle *fer* al mal *condo romedio nun* ten.** Refrán que alude a que hai que ter resignación nas cousas da vida. // ***Nun* te alegres del mal del *vecín*, que vén el *tou* de *camín*.** Refrán que recomenda prudencia nas burlas que se fan aos demais, pois poden recaer sobre un mesmo. // **Polas malas.** Á forza, oprimido. // **Quen canta os *sous* males espanta.** Refrán que explica que para aliviar os males, convén buscar algunha diversión. // **Quen *escuita* el mal oe.** Refrán que recrimina as persoas curiosas que queren sempre escoitar o que outros din. // **Quen *nun* fai mal fai ben abondo.** Refrán que explica que hai que felicitarse pola persoa que fai ben. // ***Tar* de mal mes e mal ano.** Ter a muller a menstruación (San Martín de Ozcos).

malacate. s. m. Máquina que transmite o movemento á *trilladora*.

malada. s. f. Enfermidade.

malamañado, -a. adx. Descoidado, desleixado.

malamente. adv. Dificilmente.

malancólico*, -a → melancólico.

malandancia. s. f. Cousa mala (Villaión).

malano! interx. Fórmula de maldición ou xuramento, de desexar un "mal ano" a alguén (Boal).

malcomedor, -a. adx. Dise da persoa ou normalmente do neno que teñen unha alimentación incompleta ou desequilibrada.

malcontento, -a. adx. Aplícase á persoa que non está contenta.

malcriado, -a. adx. Dise do que ten pouca educación.

malcrianza. s. f. Pouca educación.

malcurioso, -a. adx. Aplícase á persoa que non pon especial coidado en facer as cousas. **2.** Desamañado, mal vestido.

maldá. s. f. Acción mala e daniña. **2.** Trasnada (*Este neno nun fai máis que maldades*).
Obs. Trátase dun vulgarismo.

maldecir* → maldicir.

maldía. s. m. Moito traballo (Allande).
maldición. s. f. (pl. maldiciois). Acto e efecto de maldicir. // **Pedir *maldiciois.*** Pedir para alguén ou para algo unha desgraza, un mal.
maldicir. v. Pedir o mal para unha persoa ou para algo. **2.** Falar mal dunha persoa ou cousa. **3.** Botar maldicións contra alguén.
maldito, -a. adx. Malo. **2.** Dise do que recibiu unha maldición. **3.** Nada, ningún. **4.** Dise da persoa moi desagradable ou que causa molestias. // **Maldito conto.** Nada. // **Maldito un.** Nada.
maleciñeira* → melecieiro 2ª acep.
malecón. s. m. Muro de tamaño grande construído para defender un porto das ondas do mar.
maleducado, -a. adx. Que non ten educación. **2.** Malcriado.
malencarado, -a. adx. Aplícase á persoa de expresión repulsiva. **2.** Dise da persoa que non mira de fronte. **3.** Anoxado.
malencolía* → melancolía.
malencólico*, -a → melancólico.
malenconía* → melancolía.
malenseñado, -a. adx. Sen educación.
Obs. Trátase dun castelanismo.
malestar. s. m. Indisposición ou desasosego físico ou espiritual de carácter transitorio.
maleta. s. f. Caixa de coiro, lona ou outro material, con asas que serve para gardar ou transportar obxectos persoais ou roupa.
maleto. s. m. Maleta pequena.
maleza. s. f. Vexetación abundante de silvas, plantas etc. que é prexudicial para os cultivos. **2.** Vexetación abundante.
malfalado, -a. adx. Aplícase á persoa que utiliza normalmente palabras malsoantes. // **Vello malfalado, fai al neno desvergonzado.** Refrán que recrimina ás persoas que din groserías ou blasfemias diante dos nenos, que as collen como exemplo.
malfeito, -a. adx. Aplícase á persoa ou animal deforme. // ***Fer* un malfeito.** Abortar.
malgastar. v. Gastar o diñeiro en cousas inútiles.
malgracioso, -a. adx. Dise do que é incómodo (Tapia de Casarego).
malicia. s. f. Maldade. **2.** Astucia. **3.** Inclinación, sospeita.
maliciado, -a. adx. Malo, prexudicial (*Vén un vento do sur maliciado*), (Ibias).
maliciar. v. Perverter. **2.** Sospeitar. **3.** prnl. Pensar mal.
malicioso, -a. adx. Aplícase á persoa que actúa con malicia ou astucia.
malla[1]. s. f. Tecido metálico feito con argolas entrelazadas entre si. **2.** Cada unha das argolas dese tecido metálico. **3.** Tecido dunha rede. **4.** Rede. **5.** V. cadea 6ª acep. **6.** Cada unha das voltas ou nós que forman unha rede. **7.** Cada unha das aberturas cuadrangulares que estas voltas ou nós deixan entre si.
malla[2]. V. mallega 1ª e 2ª acep. // **Malla (a).** Escachar a madeira. // **Malla (á).** s. f. Xogo de nenos onde un apanda cos ollos tapados e os outros escóndense, até que os atopa e ten que ir xunto a unha pedra, turnándose entón no xogo con outro xogador que xa foi descuberto.
mallada. s. f. Tunda, zurra. **2.** O que pode collerse cunha man.
malladiza. s. f. Rotura dunha rede de pescar (Tapia de Casarego).
mallado, -a. adx. Cansado, fatigado. **2.** O que se mallou. **3.** Dise do peixe que queda preso nunha rede de pescar; colchado 3ª acep.
mallador, -a. s. m. e f. Persoa que mallaba cereais ou que tiña unha máquina de mallar, que deixaba e cobraba por horas por usala.
malladora. s. f. Máquina que se utilizaba para mallar cereais.
malladura. s. f. Acto e resultado de mallar[1].
mallar[1]. v. Separar a palla dos cereais golpeándoos co mallo ou trillándoos coa malladora. **2.** Mazar o ferro na incre. **3.** Pegar, golpear (Taramundi, Tapia de Casarego, Abres, A Veiga, Navia, Villaión). **4.** Burlarse dun. **5.** Golpear fabas, nabos etc., para quitarlles a semente. **6.** Golpear a la. **7.** Causarlle gran cansazo a alguén. **8.** Vaguear. // **Mallar al colmo.** Golpear a espiga contra unha lastra inclinada. // **Mallar al mallo.** Golpear a espiga cun mallo. // **Mallar *más* que un gato nel palleiro.** Vaguear.
mallar[2]. v. Enredarse os peixes nas mallas dunha rede (Abres, As Figueiras, Tapia de Casarego, Ortigueira).
malle. s. m. Mazo para o ferro. **2.** V. mallo 1ª acep.
mallega. s. f. Acción e efecto de mallar os cereais. **2.** Tempo no que se malla. **3.** Burla de xeito colectivo. **4.** Tunda, malleira. // **Mallega a máquina de brazo.** Cun aparello movido cunha manivela que facía dar voltas a un cilindro que se ía cebando por unha boca. // **Mallega á vella.** Feita co mallo. // **Mallega á *zumba*.** Facíase collendo o colmo polo couce e dábase coas espigas contra un

penedo posto enriba dunha *arpilleira*. // **Mallega al *malacate*.** Cunha parella de vacas ou bois. // **Mallega al mallo.** Feita co mallo.

mallegada. s. f. Reunión de persoas nun lugar con barullo (Seares).

malleira. s. f. Rede con malla grande (Boal).

malleiro. s. m. Pano de malla de fío groso que se emprega nalgunhas artes de pesca como reforzo de determinadas partes da rede (As Figueiras).

malleta. s. f. Cabo que se utiliza na pesca de arrastre.

mallo. s. m. Utensilio agrícola composto por un mango longo de madeira (moca) e outra peza máis curta tamén de madeira (pértego), unidas por unha correa de coiro (xugo), que se usa para mallar cereais ou fabas, chícharos etc. **2.** V. pisador.

mallogrado, -a. V. malogrado.

mallograr. V. malograr.

mallolo. s. m. Cordón que se emprega para atar o calzado. **2.** Cada unha das correas que se poñen nos extremos dos dous paus do mallo e que serven para unilos (Eilao). **3.** Cordón de coiro que se usaba para pechar os balóns de fútbol despois de inchalos (Tapia de Casarego).

mallón. s. m. Rede de grandes dimensións que soporta un maior peso de peixes capturados (As Figueiras). **2.** V. pisador (Ortigueira). **3.** V. malleiro (Tapia de Casarego, Ortigueira). // **A *mallón*.** Moi cheo (*Nun carro cargado a mallón*), (Andés).

mallucar. v. Furar (Boal).

malluco. V. mazuco 2ª acep. **2.** V. maza 1ª acep.

malluzo. V. mañuzo 1ª acep.

malmeter. v. Inducir a alguén a facer cousas malas.

malo, -a. adx. Que non ten bondade. **2.** Que non é de boa calidade. **3.** Enfermo. **4.** Difícil (*É malo de aguantar*). **5.** Ruín. // **Ás malas.** De xeito enfadado (Vilanova de Ozcos). // **Mala *fociñeira*.** V. mal carís. // **Malo *fora*!** Expresión que se utiliza para dicir que algo sería inadmisible ou como exclamación de alivio. // **Malo será!** Expresión que se utiliza para indicar que aínda con dificultades na vida se pode seguir para adiante. **2.** Manifesta a dificultade ou pouca probabilidade de que aconteza algo que non se desexa. // **Que malo *tou* i que pouco me queixo.** Refrán que alude á conformidade con que se leva unha situación. // **Ser *más* malo que as mulas.** Ser moi malo. // ***Tar* de malas.** Estar anoxado. // ***Tar* malo.** Estar enfermo. // ***Tar* malo de manter.** Queixarse de vicio.

malobreiro. V. manubreiro 1ª acep.

malogrado, -a. adx. Perdido, non aproveitado.

malograr. v. Perder, non aproveitar algo.

malogreiro. V. manubreiro 1ª acep.

malparado, -a. adx. Prexudicado.

malparir. v. Ter mal parto. **2.** Abortar.

malpocado, -a. adx. Desgraciado.

malubreiro. V. manubreiro 1ª acep.

maluco. s. m. Gran malo na pel; queimón. **2.** Tumor inflamatorio, pequeno, agudo e doloroso, que se forma na derme e remata cunha supuración seguida dun desprendemento dunha pequena masa branda, podendo ser maligno ou benigno, furúnculo. Na medicina tradicional curábase quentando follas de celidonia cunha gota de aceite, que se poñían sobre a parte afectada. // ***Maluco* queimador.** Gran de carácter maligno na pel que proe (San Martín de Ozcos).

malugreiro. V. manubreiro 1ª acep.

maluxada. s. f. Calquera enfermidade leve.

malva. s. f. Planta herbácea bienal da familia das malváceas, que alcanza até os oitenta centímetros de altura, con follas palmadas divididas en lóbulos, flores con pétalos escotados e de color rosada violácea e froito envolto nunha especie de cáliz. Úsase como planta medicinal para tumores (*Malva silvestris*). // **Como unha malva.** Pacífico, dócil, amable. // ***Si* te curas con malvas, mal vas.** Refrán que alude a que se pensaba popularmente que se se estaba usando a malva para curar algunha enfermidade, esa era a sífilis. // ***Tar* criando malvas.** Morrer. // ***Tar* dando malvas.** Estar morto.

malva-rosa. s. f. Planta vivaz da familia das malváceas, de até dous metros de altura, de follas divididas moi grandes con pelos, e flores moi grandes de color rosada, vermella negra ou púrpura (*Athaea rosea*).

malvar. v. Perverter. **2.** Enfermar unha persoa ou un animal. **3.** prnl. Estragarse algo, botarse a perder, como un alimento.

malvarisco. s. m. Planta herbácea, vivaz, da familia das malváceas, que alcanza unha altura entre os 0,60 a 1,50 centímetros de altura, con follas ovais e tirando a brancas. As flores dispóñense en grupos de tres e son de color rosada pálida e froito peludo. Trátase dunha planta medicinal que se usa contra as

catarreiras e para facer caramelos (*Althaea officinalis*).

malvavisco. V. malvarisco.

malvela. s. f. Herba vivaz, aromática, da familia das labiadas, de talos rastreiros que teñen ramas floríferas erectas, de cinco a vinte e cinco centímetros de altura, follas opostas e pecioladas, acorazonadas ou en forma de ril e de bordo festonado e flores azuis ou violáceas relativamente grandes. É de carácter medicinal como expectorante e diurética (*Glechoma hederaceum*), (Os Ozcos, Grandas de Salime, Tapia de Casarego).

malvella. V. malvela (Tapia de Casarego).

malvís. s. m. Ave paseriforme da familia dos muscicápidos, duns 23 centímetros de lonxitude. Ten o dorso pardo co peito con pequenas manchas e as plumas de color ocre. En inverno emigra ao norte de África e Irán e caracterízase por ter un bo canto (*Turdus philomelos*). **2.** Aplícase tamén á ave paseriforme da familia dos muscicápidos, duns 21 centímetros de lonxitude, que ten unha lista de color crema, flancos de color castaña e peito e flancos listados (*Turdus iliacus*).

mamá. s. f. Palabra afectuosa ou familiar de mai ou ás veces da avoa (*avola*).

mamachosa. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Lagüeiro (Ibias).

mamada. s. f. Borracheira. **2.** Acción de mamar.

mamado, -a. adx. Dise da parte do pan ou fogaza que se unen ao cocer. **2.** Que se mamou.

mamagocha. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Lagüeiro (Ibias).

mamallo. s. m. Conxunto de fíos (Castropol). **2.** Peza intermedia entre o fío e o anzol que se emprega na pesca de determinadas especies como o congro.

mamalón, -a. adx. Folgazán. **2.** Torpe. **3.** Malicioso. **4.** Parvo, inxenuo.

mamanía. s. f. Diminutivo de mamá.

mamar. v. Chupar cos labios e a lingua o leite das mamas. **2.** Coller un hábito, un sentimento xa desde a infancia. **3.** V. escalar 1ª acep. **4.** Beber moito alcohol (*Tuvo mamando da botella toda a noite*), (Santiso de Abres). **5.** Recibir un golpe.

mambrú. s. m. Cheminea do fogón nas embarcacións de vapor.

mamela. V. mamelo.

mamelar. v. Mastigar sen ter dentes. **2.** Comer con xestos como o que mama (San Martín de Ozcos).

mamella. V. mamelo.

mamello, -a. adx. Sen dentes. **2.** V. mamelo. // **De *mamello*.** Comer algo sen acompañalo con nada, como os cachelos, o xamón, a carne etc.

mamellón. s. m. Moita cantidade de diñeiro (Boal).

mamelo. s. m. Castaña cocida coa pel. // **De mamelo.** Dise do que se come sen ningún acompañamento (*Comer de mamelo un bolo de pan*). // **Patacas de *mamelo*.** Patacas cocidas sen pelar.

mamites. s. f. Inflamación do teto ou o ubre da vaca.

Obs. Trátase dun castelanismo.

mámoa. s. f. Túmulo (Tapia de Casarego, Os Ozcos).

mamois. s. m. pl. Dentes de leite.

mamón, -a. adx. Xato ou outro animal que aínda mama. **2.** s. m. Vara que non dá froito e envellece a cepa (Eilao).

mamona. s. f. Utensilio para dar o leite aos nenos ou a algunhas crías de animais.

mamonía. s. f. *Mamona* pequena.

mamonúa. s. f. *Mamona* grande (Villaión); mamona.

mamparo. s. m. Botón da *ferra* que impide que esta se meta no corpo do *pión* (As Figueiras). **2.** Tabique interior dunha embarcación.

mamparra. s. f. Embarcación con luces que se utiliza de noite (As Figueiras, Tapia de Casarego). // **Á mamparra.** Xeito de pesca de cerco que se practica de noite cunha embarcación no mar utilizando a luz eléctrica para atraer os peixes (Tapia de Casarego).

mamposteiría. s. f. Técnica construtiva onde se utilizan cachos de pedra irregulares e barro.

mamposteiro. s. m. Persoa que fai construcións con *mamposteiría*. Ás veces é sinónimo de pedreiro.

mamprés. V. bauprés.

mamucar. v. Mamar sen moita gana, deixando o peito e despois volvendo a mamar.

manada. s. f. Porción de algo que se pode recoller na man. **2.** Rabaño de gando ao coidado dun pastor. **3.** Grupo de animais dunha mesma especie (*Uha manada de lobos*). **4.** Conxunto de rabizas ou verzas que se poden levar nunha man.

manaia (sea)! interx. Expresa loanza ou rexeitamento (Abres, San Martín de Ozcos).

manal. V. mallo 1ª acep.

manancornear. v. Atar, no gando vacún, unha pata cun corno (Os Ozcos).
manar[1]. V. mallo 1ª acep.
manar[2]. v. Sentir inclinación por algo. **2.** Supurar (*Mánalle un oído*). **3.** Gotear. **4.** Brotar, saír un líquido correndo de xeito abundante. **5.** Botar.
manca! interx. Expresa a atención ou importancia que se lle dá a unha cousa.
mancadura. s. f. Ferida leve. **2.** Sinal que deixa un golpe no corpo.
mancado, -a. adx. Ferido.
mancar. v. Ferir. **2.** Molestar.
mancha. s. f. Sinal deixado por un corpo ou substancia que ensucia. **2.** Enfermidade producida por un fungo que afecta a algunhas colleitas como a da pataca ou do trigo, caracterizada polo ennegrecemento das follas máis novas e pola peor calidade dos froitos debido normalmente a adversas condicións meteorolóxicas. **3.** Nun conxunto, parte que destaca pola súa color diferente. **4.** Deshonor. **5.** Terreo de menor calidade con relación aos lindeiros. **6.** Cantidade de graxa sobre a superficie da auga do mar (El Franco). **7.** Grupo grande de peixes que se trasladan xuntos (As Figueiras, Tapia de Casarego).
manchadizo, -a. adx. Que se mancha facilmente.
manchado, -a. adx. Ensuciado.
manchar. v. Ensuciar. **2.** prnl. Verse afectadas certas colleitas por un fungo.
manchía. s. f. Banco pequeno de peixes (Tapia de Casarego).
manco, -a. adx. Aplícase á persoa ou animal que lle falta un brazo ou unha man. **2.** Dise da vaca que non dá leite por unha mama.
mancornar. v. Atravesar unha cousa.
mancornio. adx. Dise da árbore mal feita.
manda. s. f. Testamento coa última vontade. **2.** Legado dun testamento. **3.** V. mairazo 1ª acep.
mandadeiro. s. m. Persoa que fai recados ou encargos.
mandado, -a. adx. Aplícase á persoa que recibiu ordes doutra. **2.** s. m. Recado, encargo. **3.** adx. Obediente. // **Como *tá* mandado.** Como se pensa que debe ser o correcto á hora de actuar nun asunto.
mandamais. adx. e s. Xefe ou persoa que ten mando. **2.** adx. Aplícase á persoa que lle gusta mandar.
mandamás* → mandamais.
mandamento. s. m. Precepto da Igrexa. **2.** Acción de mandar.
mandanga. s. f. Acción de estimular a alguén (Navia).
mandar. v. Ordenar, obrigar. **2.** Facer o testamento. **3.** Enviar. **4.** Ofrecer diñeiro nun trato, normalmente por unha res (Negueira de Muñiz, Navia). **5.** Gobernar unha embarcación (As Figueiras). **6.** Exercer autoridade sobre alguén. **7.** Usar pouco (*Téñolo eí pouco lle mando*, *El cabazo pode que nun lle manden muito, pero tá ben conservado*). **8.** Defenderse, desenvolverse, manexarse (*Tou algo impedida, pero aínda mando na cama*), (A Veiga). **9.** Deixar en testamento. // **Mandar el tempo.** Non facer nada. // **Mandar tempo.** Precisar tempo para facer unha cousa. // ***Unde* todos mandan, *naide* obedece.** Refrán que alude á inexistencia dunha autoridade e polo tanto o resultado sería un caos.
mandarria. s. f. *Maza* de ferro ou de aceiro, que pode pesar normalmente desde uns seis a uns nove quilos.
mandarriar. v. Golpear cunha *mandarria*.
mandarriazo. s. m. Golpe dado cunha *mandarria*. **2.** Golpe forte.
mande! interx. Voz usada de resposta cando unha persoa, normalmente maior, chama a outra.
mandil. s. m. Peza de vestir, que atada á cintura, protexe a parte dianteira do corpo e que se utiliza normalmente na cociña. Nos tradicionais os de festa eran máis curtos, con petos aos lados, feitos con percal, liño ou algodón. Eran de color moura, quitado os de servir que eran brancos. **2.** Pedra de cantería, que se pon debaixo das ventás nas casas tradicionais. **3.** Conxunto de táboas que se poñen para reforzar o corredor nos hórreos de tipo asturiano contra os axentes atmosféricos (Navia). **4.** Peza do batán (Vilanova de Ozcos). **5.** Peza do mazo, que serve para que non se erga o *gorrión* (Santalla de Ozcos). **6.** Peza de vestir, como unha especie de capa curta, normalmente de la negra, que cubría a cabeza e servía para ir ao monte e protexerse da chuvia e do frío (Santalla de Ozcos). **7.** Tipo de pantalón impermeable que utilizan os mariñeiros para certos traballos (Tapia de Casarego). // **Mandil de *baxo*.** Nun mazo, taco de madeira situado debaixo dunha *andabarra* para apertala. // **Mandil de candil.** Mandil feito de candil e que tiña distintos usos: para traballar e protexerse do frío e da auga, poñéndose na cabeza atado, ou para abrigarse posto sobre os ombros como capa para ir á misa e tapar a cabeza e a cara. // **Mandil de riba.** Nun mazo, taco de madeira

situado encima da *andabarra* para apertala. // **Ser de remanga mandil.** Ser unha persoa mala (Tapia de Casarego).
mandilada. s. f. Contido dun mandil.
mandilado. V. mandilada.
mandileta. s. f. Abertura do calzón.
mandilón. adx. Aplícase ao home sen espírito que se deixa dominar pola muller. **2.** s. m. Mandil que cobre o corpo enteiro.
mando. s. m. Acto ou poder de mandar.
mandón, -a. adx. Aplícase á persoa que lle gusta mandar. **2.** s. m. Xefe.
manducar. v. Comer.
mandurrio. s. m. Home de pouco carácter e de pouca personalidade, que se deixa dominar por calquera.
maneira. s. f. Xeito, modo. // **De maneira que.** De xeito que.
manela. s. f. Porción de estopa, la ou liño que se pon na roca para fiala; rocada.
manelo. V. facha[2] 3ª acep. (Ibias).
manella. s. f. Fachuzo feito cun feixe de palla (Allande, Villaión).
manello, -a. adx. Aplícase á persoa que non se esforza e quere obter beneficios (El Franco).
manera* → maneira.
maneto, -a. adx. Dise da persoa que lle falta unha man (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).
manexar. v. Facer funcionar. **2.** Dirixir. **3.** Usar, empregar, mover, ter (*Quen nun manexa cuartos nesa casa?*), (Boal).
manexo. s. m. Acción de manexar algo ou a alguén.
manferlán. s. m. Abrigo grande de mal aspecto. **2.** Especie de levita que usaban antigamente os homes e que chegaba até os pés (Tapia de Casarego, Navia).
manflorita. adx. Dise do home efeminado (Coaña, Navia).
manfrón, -úa. adx. Aplícase á persoa que vive con outra sen casar. **2.** Amante. **3.** Dise do home que lle gusta vivir ben sen facer nada a expensas dunha muller e con aspecto desamañado.
manga. s. f. Pucho para coar o café. **2.** Anchura máxima dunha embarcación. **3.** Peza do vestido que cobre un brazo ou parte del. **4.** Influencia, influxo. **5.** Peza do mazo (Santalla de Ozcos). **6.** Parte central dunha rede de arrastre (El Franco). // **A *manga* de.** Moito. // **A *manga* del demo.** Moito. // **A *manga* de xudas.** Moito (*Hai pan a manga de xudas*), (Santalla de Ozcos).
mangada. s. f. Conxunto de valados rústicos onde se colle ao lazo e se marca o gando cabalar (Verducedo). **2.** Borracheira.
mangado, -a. adx. Borracho. **2.** Colocado, normalmente nun sitio alto (*Taba mangado nun pau*). **3.** Dise do obxecto ao que se lle pon un mango.
mangadoiro. s. m. Peza do mazo (Santalla de Ozcos).
mangalla. s. f. Folganza.
mangallán. s. m. Folgazán.
mangalleiro, -a. adx. Folgazán.
mangallón. s. m. Persoa grande e mal vestida.
mangante, -a. adx. Folgazán. **2.** Pillo.
mangar[1]. v. Poñer o mango a unha ferramenta. **2.** Vestir unha peza de roupa con mangas. **3.** Colocar unha cousa nun sitio non moi axeitado, alto, sen coidado etc. **4.** Colocar, cargar, poñer (*Mangoulle mui ben a carga nel tractor*). **5.** Golpear, pegar, zoscar. **6.** *Eneixar* un carro (San Martín de Ozcos). **7.** prnl. Emborracharse.
mangar[2]. v. Roubar. **2.** Folgar (*Nun fai más que mangala*). // **Mangala ben mangada.** Estafar (*Coa compra da vaca mangouma ben mangada*). // **Mangar el cazo.** Non facer nada. // **Mangar el tempo.** Non facer nada.
mángara. s. f. Enfermidade da planta da pataca ou ás veces do millo ou de certas árbores, caracterizada por murchar o talo e as follas e producida polo fungo ficomiceto *Phitophtora infestans*.
mangle. s. m. Fungo do xénero *Tilletia*, que ataca os cereais como o centeo e que afecta fundamentalmente á espiga (San Martín de Ozcos).
mango. s. m. Madeiro do mazo onde se fixa o martelo con cuñas de madeira chamadas *cuñón*. **2.** Parte dunha ferramenta ou utensilio por onde se colle coa man. Nas navallas pode ser de madeira, corno, cornos de vacaloura, metal etc., e é a peza que entra na *virola* até o tope. Nos coitelos tradicionalmente era de madeira de buxo ou uz. **3.** *Rabizo* (Ibias). **4.** Parte da parafusa. **5.** Parte da legra. **6.** Cada un dos madeiros dos mazos dun batán (Vilanova de Ozcos). **7.** Órgano xenital masculino. **8.** V. asa 5ª acep. // **Zúmballe el mango!** Expresa sorpresa ou indignación.
mangonear. v. Manexar un asunto co ánimo de exercer autoridade ou influencia sobre el ou sobre unha persoa.
mangoneiro, -a. V. mangonieiro.
mangoniada. s. f. Acto de mangonear.
mangoniar. V. mangonear.
mangonieiro, -a. adx. Aplícase á persoa que lle gusta mangonear.

mangre. s. m. Secreción doce dalgúns insectos que botan sobre as follas dalgunhas árbores como os carballos e castiñeiros no verán e que é aproveitada polas abellas para fabricar mel (Allande, Ibias).

manguán, -a. adx. Aplícase á persoa sen traballo nin oficio. **2.** Folgazán, inútil.

mangudo, -a. adx. Dise do barco que é ancho.

mangueira. s. f. Manga para extraer ou conducir líquidos. **2.** Tromba de auga. **3.** Tubo metálico que serve para a ventilación dunha embarcación (Castropol, Coaña).

manguello. V. manguelo 1ª acep.

manguelo, -a. adx. Aplícase á persoa folgazana, inútil, vividora, non digna de confianza. **2.** Parvo. **3.** Dise da persoa mal vestida (Coaña). **4.** Aplícase á persoa mal alimentada (Coaña).

mangüín, -ía. adx. Folgazán.

manguzada. s. f. Golpe que se dá na cara coa man aberta, losqueada, lapote.

manía. s. f. Teima, zuna.

manín, -ía. V. maníu 2ª acep.

maníu, -a. adx. Estéril (Abres). **2.** Dise da vaca que non está preñada ou non pode quedar preñada. **3.** Aplícase á vaca que actúa como un touro.

maniobra. s. f. Conxunto de movementos cos que a man fai funcionar un instrumento, un mecanismo, unha embarcación etc.
Obs. Trátase dun castelanismo.

maniobrar. v. Facer unha manobra.
Obs. Trátase dun castelanismo.

maniota. s. f. Dolor muscular debida a un exercicio corporal violento (San Martín de Ozcos); agulleta 2ª acep.

manigota. V. maniota (Ibias).

manigüela. V. manivela.

manigueta. V. manivela.

manilla. s. f. Pequeno mango que teñen algúns apeiros como a gadaña.

manivela. s. f. Peza en forma de asa que teñen algunhas ferramentas e outros mecanismos; manigueta, manigüela, manivella.

manivella. V. manivela.

maniza. s. f. Medida pola que se medía a herba (Vilanova de Ozcos).

manobreiro. V. manubreiro 1ª acep.

manoprada. s. f. Golpe dado coa man aberta.

manosiado, -a. adx. Sobado.

manosiar. V. sobar.

manotiar. V. pastoirar 1ª acep.

manougo. V. mañuzo 1ª acep.

manoxo. s. m. Conxunto de cousas que colocadas xuntas se poden coller coa man.
Obs. Trátase dun castelanismo.

manqueira. V. mancadura.

manquetelo, -a. adx. Manco, inútil (Boal).

manquexar. v. Ter pouca saúde. **2.** Queixarse a miúdo.

mansalva (a). loc. Un montón, moito (Navia).

manseirín, -ía. V. manso 1ª acep.

mansín, -ía. adx. Hipócrita.

mansío. V. manxúa (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira, Navia). **2.** V. mancha 7ª acep. (El Franco). // **A (al) mansío.** Xeito de pesca que se efectúa cun aparello de cerco aproveitando a persecución que fan algúns cetáceos doutros peixes que están xuntos (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira, Navia).

manso, -a. adx. Pacífico, dócil, normalmente referido ao animal que non é bravo. **2.** Aplícase á persoa que finxe que non fixo nada malo. **3.** s. m. e adx. Dise do terreo ou monte cavados e deforestados para cultivalos despois. **4.** Pouco, miúdo (*Chove manso*). **5.** Suave, brando. **6.** Dise da árbore ou planta cultivados (*Toxo manso*). **7.** Aplícase ao terreo cultivado de xeito continuo (Santalla de Ozcos, Villaión). **8.** Dise da árbore enxertada.

mansoño, -a. adx. Aplícase á persoa que actúa con disimulo, sen expresar as súas verdadeiras intencións.

mansuñar. v. Sobar, tocar.

manta. s. f. Cobertor dunha cama. **2.** Peza de tea gorda que serve para abrigar ás cabalerías. **3.** Diafragma e peritoneo dun cocho. **4.** Xeada grande. // **A mantas.** Con abundancia. **5.** Despiste, falta de atención. **6.** V. negror 2ª acep. (Tapia de Casarego). // **Caer unha boa manta.** Xear. // **Manta de oito puntas.** Manta que chegaba até os pés, con dúas dobreces que facían as oito puntas ou picos. De tamaño grande servía para abrigarse do frío. // **Ser un manta (mollada).** Ser un incompetente.

mantarego, -a. adx. e s. m. e f. Natural de Mántaras (Tapia de Casarego). **2.** Pertencente ou relativo a Mántaras (Tapia de Casarego).

mantear. v. Poñer unha manta entre dúas persoas cando baixan mallando o último eirado ou nas marxes sobre o chan na primeira pertegada en todos os eirados (Vilanova de Ozcos).

mantedor, -a. s. m. e f. Persoa que mantén a outra. **2.** Persoa que arrenda propiedades súas a outra que non as ten e por este trato recibía as tres cuartas partes da produción se a colleita era boa ou a metade se era escasa. No trato normalmente tamén entraban as crías que se tiveran do gando ou o que producían as vacas. **3.** Persoa que mantén ben o seu gando.

manteiga. s. f. Substancia graxa, sólida que se obtén do leite despois de batelo. **2.** Graxa de porco. // **Non busques a manteiga no *fucín* del gato.** Refrán que figuradamente indica que o que se vai facer é un esforzo inútil. // ***Nun* se lle *ocurre* nin al que asou a manteiga.** Non estar moi atinado. Obs. Trátase dun castelanismo. // ***Tar* como uha mazadura de manteiga.** Ter bo aspecto físico. Antigamente referíase a estar gordo e pouco moreno (Boal).

manteigado, -a. adx. Condimentado con manteiga (Allande). **2.** Dise do que ten moita graxa, como un caldo, unha sopa etc. (Tapia de Casarego). **3.** V. manteigoso.

manteigar. v. Botar graxa ao pote ou no pote. **2.** Botar manteiga de cocho aos guisos.

manteigas. adx. Dise da persoa débil de carácter e demasiado boa.

manteigón, -a. adx. Adulador. **2.** Brando, fofo. **3.** Dise da persoa con pouco espírito.

manteigoso, -a. adx. Que ten moita manteiga.

manteigueiro, -a. s. m. e f. Persoa que facía, vendía ou mercaba manteiga. As mantegueiras desprazábanse de noite para que non se fundise a manteiga, que se transportaba en sacos de lenzo en mulas e deixábase arrefriar nas fontes públicas ao atardecer. **2.** adx. Aplícase á persoa que quere quedar ben con todo o mundo con malas intencións. **3.** s. f. Dise da vaca que dá leite rico en manteiga.

manteitueiro. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Paradas (Allande) por facer manteiga.

mantel. s. m. (pl. mantés). Lenzo co que se cobre a mesa para comer.

mantela. s. f. Pequena manta para envolver os nenos. **2.** Manta grande que se dobraba pola metade, cun floco arredor dela. Era como un mantón que tapaba os ombros e os cóbados. **3.** Mandil que se colocaba a muller sobre a saia. // **Mantelas *rodadas*.** Especie de faldra curta que se poñía sobre outra para andar a cabalo, abrigarse etc. (Santalla de Ozcos); V. rodada 2ª acep. // ***Tar* en *mantelas* (*mantellas*).** Non saber moitas cousas dun asunto.

mantelada. V. mantelado.

mantelado. s. m. O contido dun mantelo.

mantelear. v. Nevar (Santalla de Ozcos).

manteleira. adx. Dise da muller que vende cousas da casa sen sabelo o seu home (San Martín de Ozcos); almetrueiro 1ª acep.

manteleiro. s. m. Persoa que vendía ou cambiaba tecidos por outros produtos.

mantella. V. mantela 1ª e 2ª acep. **2.** Manta que se poñía ás vacas recén paridas para sacalas a pacer.

mantellas. adx. Home de pouco carácter e de pouca personalidade, que se deixa dominar por calquera.

mantelo. s. m. Pano ou peza de roupa de abrigo que cobre a cabeza e o lombo das mulleres. **2.** Manta de peluxe, gorda e luxosa, que se poñía enriba do vestido de bautizo do neno (San Martín de Ozcos). **3.** Peza de vestir en forma de capa, que se ata á cintura e protexe a parte dianteira de medio corpo para baixo. // **Mantelo de neve.** Folerpa grande (Santalla de Ozcos).

mantello. s. m. Toldo de saco (Ortigueira). **2.** V. mantelo 1ª acep.

mantención. s. f. Acción e efecto de manter, dar de comer. **2.** Parte dun pagamento que se fai por traballos feitos a domicilio.

mantenza. V. mantención 1ª e 2ª acep.

manteo. s. m. Capa longa que levan os eclesiásticos sobre a sotana.

manter. v. Alimentar, cebar. **2.** Conservar no mesmo estado. **3.** Soster. **4.** Defender unha idea ou dereito propio. **5.** prnl. Alimentarse. // **Ser *bon* de manter.** Que come de todo ou pouco. // **Ser malo de manter.** Que non come de todo ou moito.

mantiar. v. Facer saltar a alguén nunha manta agarrándoa e tirando dela polas catro puntas (Boal).

mantido, -a. adx. Alimentado. **2.** Gordo. **3.** Dise da persoa que traballa por conta allea e recibe a cambio a comida. // **A mantidas.** V. a mantido (Santalla de Ozcos). // **A mantido.** Dise do traballo polo que ademais do salario, hai que lle dar de comer ao obreiro ou xornaleiro. // ***Tar* ben mantido.** Estar gordo.

manto. s. m. Especie de *mantela* longa e sen mangas, normalmente de la (Allande). // **Perder el manto rezando.** Expresión que se utiliza para criticar as

persoas que se perden en formas e dogmas (As Figueiras).

mantón. s. m. Peza de roupa de la, floreada, que consistía nunha peza de abrigo de forma cadrada que se dobraba en pico e se colocaba nos ombros cruzándose por diante e atado por detrás e por diante. Existía un mantón de oito puntas, moi grande e rectangular, que se chamaba así porque ao dobralo quedaban oito puntas. Os homes usaban mantóns de batán sobre os ombros e outras veces facíanlle un furado para meter a cabeza.

manúa. s. f. Man grande (El Franco).

manubreiro. s. m. Peza do mazo situada no raio exterior do eixe, encargada de levantar o mazo e así facer o traballo útil do mecanismo hidráulico. **2.** Peza do batán (Vilanova de Ozcos).

manubrio. s. m. Manivela. **2.** Mango de certos mecanismos que se fan virar a man. // **Darlle al manubrio.** Masturbarse o home.

manuco. s. m. Furúnculo.

manuzo. V. mañuzo 1ª acep.

manxadeira. V. manxoira (San Martín de Ozcos).

manxeira. V. manxoira.

manxoira. s. f. Pequena ventá ou furado nos tabiques interiores de madeira que había antigamente nas casas tradicionais e que servía para que o gando puidese meter a cabeza para comer (Os Coutos).

manxopeiro, -a. adx. Que fai as cousas silenciosamente, sen que o saiba ninguén (Tapia de Casarego).

manxopo, -a. adx. Parvo.

manxorra. s. f. Tipo de *xorra* gorda e pouco longa (El Franco). **2.** V. carallón 1ª acep. (Ortigueira).

manxúa. s. f. Conxunto grande de peixes pequenos como sardiñas ou bocartes (Tapia de Casarego).

manzá. V. mazá (Vilanova de Ozcos, Boal, Allande, Villaión).

manzaeiro. V. mazaneiro (Villaión).

manzán. s. m. Sinal que fai unha embarcación cando está avariada (Tapia de Casarego).

manzaneiro. V. mazaneiro (Boal, Villaión, El Franco, Allande, Tapia de Casarego, Castropol, Coaña, Navia).

manzaneta. s. f. Parte que sobresae na parte de enriba dun *pión* onde se engancha a corda; pirulla.
Obs. Trátase dun castelanismo.

manzanía. V. manzanilla 1ª e 2ª acep.

manzanilla. s. f. Planta herbácea da familia das compostas, con talos débiles e moi ramificados, de até cincuenta centímetros de longo, follas divididas en segmentos lineais e flores con botón amarelo e coroa de color branca, que se utiliza como planta medicinal preparando infusións (*Matricaria chamomilla*). **2.** Infusión desta planta.
Obs. Trátase dun castelanismo.

manzanillón. s. m. Planta herbácea da familia das compostas, de talos débiles con moitas ramas, con flores amarelas con pétalos brancos, de olor forte e coa que se fai unha infusión de sabor amargo (*Matricaria sp.*).
Obs. Trátase dun castelanismo.

maña. s. f. Habilidade, destreza. **2.** Astucia. // **Quen malas mañas ha, tarde ou nunca as perderá.** Refrán que alude a que con gran dificultade desaparecen os malos costumes.

mañá. s. f. Tempo comprendido entre a saída do sol e o mediodía. **2.** As primeiras horas do día. **3.** Almorzo con *caña* (Tapia de Casarego). **4.** adv. No día seguinte ao de hoxe. // ***Asta* mañá.** Fórmula de saúdo, até o día seguinte. // **De (á) mañá.** Cedo. // **El (o) día de mañá.** O futuro. // **Nel pico da mañá.** Moi cedo. // **Pola (*polla*) mañá.** Durante a mañá, nas primeiras horas da mañá. // **Sobre a mañá.** De madrugada.

mañanada. s. f. Espazo de tempo que comprende as primeiras horas do día (Boal, Allande).

mañaniña. s. f. Período de tempo que comprende as primeiras horas da mañá, inmediatamente despois do amencer (Castropol).

mañanita. s. f. Composición musical que se facía para tocar ao amencer, é dicir, nas primeiras horas do día. Son famosas as do concello de Ibias e as de Rao (Navia de Suarna). Entre algúns exemplos temos: "*Mañanita de San Juan / cuando la zona madruga / el que no ha comido bien / con agua se desayuna*".
Obs. Trátase dun castelanismo.

mañeiro, -a. adx. Que ten maña. **2.** Astuto.

mañoso, -a. adx. Que ten maña. **2.** Axeitado.

mañuzo. s. m. Montón de herba, leña, cánabo ou doutras cousas que cabe nas mans. **2.** Por extensión, montón de cereixas, mazás etc. (El Franco).

mao. s. f. Parte do corpo humano, correspondente á extremidade do brazo, onde está o carpo, o metacarpo e os dedos. **2.** Gran cantidade ou multitude dunha cousa. **3.** Capa, normalmente nova, de pintura, verniz, masa de pan etc. **4.** Peza de madeira con forma de

mango que se usa para pisar cousas no morteiro, sendo máis grosa na parte inferior. **5.** Cultivo que se sementa e recolle á vez e que alterna un con outro, como unha *mao* de patacas e millo e outra de trigo e centeo. **6.** Cada un dos mangos superior e inferior dunha gadaña (O Viñal, Vilanova de Ozcos). **7.** No xogo das *leirías*, o primeiro xogador que pon unha bóla no centro. **8.** No xogo dos *bólos*, o primeiro xogador que tira. **9.** Dirección, orientación (*Tá a mao dereita*). **10.** Nos cuadrúpedes, calquera das dúas patas de diante. **11.** Lado dereito ou esquerdo. **12.** Habilidade (*Ten boa mao prós nenos*). **13.** En certos xogos, partida ou xogo. **14.** O xogador que empeza a partida ou tira primeiro. **15.** Tres unidades de froita, ovos, papel etc. (Tapia de Casarego). **16.** Cacho dunha terra (El Franco). **17.** Mango dunha garlopa, unha fouce, un cepillo etc. (Os Ozcos). **18.** Faixa de terreo de labor sinalada polos labregos chantando ou tirando ramallos, para facer a distribución da sementeira de xeito uniforme sobre toda a superficie cultivada (Santalla de Ozcos, Allande). **19.** Medida de cantidade que se utilizaba na venda de sardiñas e que equivalía a un número de catro ou cinco sardiñas (As Figueiras). // **A *mao*.** Sen máquinas. **2.** Cerca. // **A *mao calente*.** Xogo de nenos que consiste en poñer unha man enriba da outra facendo unha torre. Logo, o neno que a ten debaixo de todo a pon enriba, continuando despois o resto dos xogadores a facer o mesmo. // **A *mao* chea.** Coa man aberta (*Deulle un lapote a mao chea*). // **A *mao purrida*.** Con toda seguridade. // **A *maos* ambas.** Coas dúas mans. // **A uha *mao* i a outra.** Dise dos cultivos que se sementan e se recollen nas mesmas datas, como as patacas e o millo (unha *mao*) ou o trigo e o centeo (a outra *mao*). // **Botar a *mao*.** Coller (Negueira de Muñiz). // **Botar unha (a) *mao*.** Axudar. // **Chegarlle a *mao* al *cul*.** Ser xeneroso. // **Coller a *mao*.** Expresión que se utiliza cando un animal non sae ben ao mercalo e que segundo a tradición hai que ir á corte da que veu, coller unhas pallas e levalas á nova corte (Boal). // **Como os *didos* da *mao*.** Todo moi xunto. // **Da *mao* á boca, pérdese a sopa.** Refrán que explica que a maior das esperanzas pode perderse en calquera instante, polo que algo non é seguro até que se ten. // **Dar a *mao*.** Protexer, axudar. **2.** Dar sorte ao dar algo ou vendelo. // **Dar unha *mao*.** Pintar dunha soa vez. // **De mala *mao*.** Expresión que se utiliza cando se merca algo que non medra como é debido, especialmente referido a animais. // **El que as *maos nun* pode, aos dentes acode.** Refrán que explica que unha persoa se defende como pode. // **Falarlle na *mao*.** Aparecer unha persoa cando se está falando dela (Tapia de Casarego). // **Ir á *mao*.** Algo distante, indefinido, hai moito tempo (*Vai á mao que me dixeron, Vai á mao que se foi*), (Abres, San Martín de Ozcos). // ***Mao* a *mao*.** No xogo dos *bólos*, cando os partidos se celebraban con dous xogadores nada máis. // ***Mao* de *abaxo*.** Mango inferior dunha gadaña (Vilanova de Ozcos). // ***Mao* de arriba.** Mango superior dunha gadaña (Vilanova de Ozcos). // ***Mao* i *mao*.** Sen vantaxe. // **Nas *maos* ou nos pés has a dicir de quen es.** V. (Ou) nas uñas ou nos pés has a tirar a quen es. // **Non move pé nin *mao*.** Está morto. // ***Nun* saber *unde* ten a *mao dereta*.** Non estar ben. **2.** Estar parvo. // **Nunca as *maos* al *cul* che cheguen.** Maldición que se botaba cando unha persoa era agarrada, avara (As Figueiras). // **Perder a *mao*.** Dar a mao 2ª acep. // ***Poer* (*puer*) as *maos*.** Sinalar con ramas o terreo para saber onde chega a semente cando se sementa a presadas. // **Poñer á *mao* de todos.** Difundir, estender. // **Quedar a (de) *mao purrida* (*apurrida*).** Quedar en algo con toda certeza, contraer un compromiso (Boal). **2.** Tentar quedar ben en facer algo. // **Ser da *mao*.** Ser capaz de algo. // **Ser de (*muita*) *mao*.** Render moito no traballo. // **Ser *mao*.** Ser o primeiro en tirar en certos xogos. // ***Tar* da *mao*.** Estar algo posto nun lugar determinado por certa persoa. // **Tar deixado da *mao* de *Dios*.** Abandonado. // **Ter a *mao*.** Cerca. // **Ter boa (*búa*) *mao*.** Ter acerto, tino. // **Ter mala *mao*.** Desacerto. **2.** Falta de habilidade. // **Ter *mao*.** Ter influencia. // **Ter *mao* de.** Soster, suxeitar. // **Ter *mao* el *camín*.** Ser camiño para todos. // **Ter *mao pra* algo.** Ter maña para certos traballos ou asuntos. // **Ter uha terra a dúas *maos*.** Ter unha terra con dous cultivos. // **Traer entre *maos*.** Maquinar. // **Uha *mao llava* outra, i as dúas *llavan* a cara.** Refrán que alude á necesidade de axudarse uns a outros para conseguir cousas. // **Virlle á *mao*.** Que é axeitada unha cousa.

maollo. V. mollo.

mapola. s. f. Planta anual da familia das papaveráceas, de vinte a sesenta

centímetros de altura, cuberta de pelos, coas follas máis ou menos divididas. As flores son de color vermella, de catro pétalos e froito en cápsula. Na medicina tradicional, cocíase e tomábase en infusión contra a depresión (*Papaver rhoeas*).

máquena* → máquina.

maquía. V. maquila.

maquiar. V. maquilar 2ª acep. (Abres).

maquila. s. f. Porción de gran ou fariña que lle corresponde ao muiñeiro por moer. **2.** Medida con que se *maquila*. **3.** Caixa de madeira coa que o muiñeiro medía o gran que tomaba polo seu traballo.

maquilar. v. Medir e cobrar a *maquila* o muiñeiro. **2.** Coller coa medida o gran correspondente á cantidade posta na moxega.

maquileiro. s. m. Persoa que cobra a *maquila*. **2.** adx. Dise do muíño no que o muiñeiro cobra unha parte do que se moe en gran ou diñeiro.

maquiniar* → maquinar.

máquina. s. f. Conxunto máis ou menos complexo de pezas dispostas nun mecanismo que se emprega para moitas funcións. // **Máquina de *azufrar*.** Máquina para sulfatar a terra con xofre (*azufre*). // **Máquina de brazo.** Máquina que se empregaba para a mallega movéndoa cun brazo. // **Máquina de coser.** Máquina que empregan as costureiras ou as mulleres da casa para coser. // **Máquina de mallar.** V. trilladora. // **Máquina de sulfatar.** Máquina de xofrar (*azufrar*).

maquinar. v. Pensar insistentemente nalgún asunto. **2.** Tramar.

maquinista. s. m. Persoa que manexa a máquina dun tren ou dun barco.

mar. s. m. Masa de auga salgada que cobre a maior parte da superficie terrestre. **2.** Abundancia dunha cousa. // **Alta mar.** Mar adentro. // **Cando *sona* o mar, colle os bois e vai arar.** Refrán que indica que vai facer bo tempo (Santiso de Abres). // ***Condo ruxe* el mar en Santa *Gadía*, auga segura al outro día.** Refrán meteorolóxico (Tapia de Casarego). // ***Condo ruxe* el mar en Santa *Gadía*, hai *augua* al outro día.** V. Condo ruxe el mar en Santa Gadía, auga segura al outro día. // **El que ve el mar desde el monte, ve unha fonte.** Refrán que alude a que até unha cousa grande, mírandoa desde outra dimensión, pode mesmo parecer pequena. // **Mar a regueiros, *augua* a carreiras.** Refrán que predí que cando o mar fai unha especie de sucos vai chover abundantemente despois. // **Mar *acarreirado* ou vento ou mallado.** Refrán que predí que con mar axitado vai facer mal tempo. // **Mar adentro.** Parte do mar que está a moita distancia da costa. // **Mar *chen*.** Cando a marea está alta. // **Mar de fondo.** Mar axitado de ondas moi altas que presaxia tormenta. **2.** Ambiente tenso normalmente inicio dun conflito. // **Mar del vento.** Mar axitado polo efecto do vento con altas e curtas ondas (As Figueiras). // **Mar *escolado*.** Marea moi baixa (Coaña). // **Mar manso.** Mar sen ondas, apracible e tranquilo. // **Mar mouro.** Mar de color escura que presaxia tormenta. // **Mar picado.** Que se empeza a alterar. // **Mar revolto.** Mar axitado. // **Mar rizado.** Que se empeza a alterar. // **Mar *vazo*.** Cando a marea está baixa. // ***Nun* tocar el mar as pedras.** Estar o mar calmo (Tapia de Casarego). // ***Ruxe* el mar en Santa *Gadía*, *augua* al outro día.** Refrán meteorolóxico (Tapia de Casarego). // **Se el mar *fora vino*, todo el mundo sería *marino*.** Refrán que alude ao gusto que senten os homes por beber viño, e polo tanto, traballarían no mar para estar cerca desa bebida. // ***Tar* el mar como un prato.** Estar o mar tranquilo, sen ondas. // **Traer (*muito*) mar.** Estar o mar moi axitado.

maraballo. s. m. Festa, foliada, diversión. **2.** Ruído, barullo. **3.** Larva dos insectos tricópteros, de color tirando a amarela, que vive debaixo das pedras dos ríos facendo un tubo de area onde se refuxia. Úsase como engado para pescar troitas e peixes de río (Eilao).

marabedí. s. m. Moeda antiga, de cobre, prata ou ouro, que estivo vixente desde época medieval até o ano 1854 en que se substituíu polo céntimo.

marabía. V. marabilla (Allande).

marabilla. s. f. Cousa, persoa ou acontecemento que provoca admiración. **2.** Planta herbácea da familia das compostas, de trinta a cincuenta centímetros de altura, con follas lanceoladas, flores de color tirando a laranxa e con froitos cunha crista de espiñas sen punta no dorso (*Calendula arvensis*). **3.** Herba perenne da familia das primuláceas, de dez a trinta centímetros de altura, con follas en roseta basal, pecioladas e enrugadas e flores de color branca e amarela intensa (*Primula acaulis*). // **De marabilla.** Perfectamente.

marabunta. s. f. Gran cantidade de xente, que normalmente fai moito ruído.

maragata. s. f. Tipo de baile, que é semellante a unha *xiraldilla*. Entoábase con algún vello romance chamado cántiga de volta ao son dun acordeón e bailábase no centro por parellas.

maragato. s. m. Personaxe das máscaras que leva unha balanza e un nabo grande e pesa queixo (El Valledor). **2.** Personaxe dos *Reises* do concello de Ibias, caracterizado por levar unha careta moi extravagante coa boca torta e os narices moi grandes. A roupa era cun traxe de color rubia con calzón bombacho, polainas e sombreiro de ala ancha. Levaba, ademais, unha pistola moi grande no cinto e unha romana da que lle colgaba un nabo grande. **3.** Pequeno boneco feito con masa de pan para os nenos (Santiso de Abres, Seares, Boal). **4.** Debuxo mal feito (Navia). **5.** adx. Dise da persoa pouco aseada. **6.** Natural da comarca leonesa da Maragatería. // **A muller del maragato presume duha galocha i un zapato.** Refrán que alude a que o pobre tamén presume á súa maneira.

maragota. s. f. Peixe osteíctio perciforme, da familia dos lábridos, duns sesenta centímetros de lonxitude e corpo oblongo, cilindroide, cuberto de escamas grandes. Presenta espiñas nas aletas dorsal, anal e vertebral, beizos carnosos e moi desenvolvidos e poderosos dentes. Na coloración, moi variada, predomina o verde ou o vermello intenso no ventre reticulado. É comestible, aínda que pouco apreciado (*Labrus bergylta*), (Tapia de Casarego, As Figueiras). **2.** Peixe osteíctio da familia dos lábridos, menos costeiro que a especie anterior e máis pequeno, non superando os trinta e cinco centímetros. O macho ten manchas de color azul eléctrica distribuídas polo dorso, cabeza, lados e aletas, sobre unha tonalidade xeral do corpo amarela. As femias teñen tres manchas escuras na rexión posterior e o seu corpo é de tonalidade vermella laranxa (*Labrus bimaculatus*), (El Franco). **3.** Peixe osteíctio perciforme, da familia dos lábridos, de até corenta e cinco centímetros de lonxitude coas escamas cicloideas e os beizos carnosos. A súa coloración é variable, normalmente verde ou tirando a vermella (*Labrus turdus*), (El Franco). // **Ter cara de maragota.** Con boca moi grande e en pico (Tapia de Casarego).

maragoteiro. s. m. Aparello de pesca consistente nunha corda con varios anzois colgados dela e un chumbo ou unha pedra no final e que serve para coller maragotas, cabras etc. (As Figueiras).

maragouto. V. maragouzo (Tapia de Casarego).

maragouzo. s. m. Conxunto de colmos amontoados en forma cónica, coa espiga cara ao interior; morena[1], morea.

maranfaño. s. m. Trapo roto (Ibias).

maranfoño, -a. adx. Dise da persoa pouco aseada.

maraña. s. f. Calzado vello (Ortigueira). **2.** Enredo, asunto intricado.

marañada. s. f. Conxunto de mentiras sobre un mesmo asunto. **2.** Enredo, trampa. **3.** Conxunto de moitas cousas. **4.** Cousa mal feita. **5.** Conxunto de cousas enmarañadas.

marañeiro, -a. adx. Aplícase á persoa que lle gustan os enredos ou as mentiras.

maraño. s. m. Ringleira de herba ou espazo, que servíndose dunha gadaña, vai deixando o segador tras de si. **2.** Chancleta ou calzado vellos e rotos. **3.** V. liado 2ª acep. (Ortigueira). **4.** Anchura de cada golpe ou corte que se dá coa gadaña ao segar (Villaión).

marañón. s. m. Raqueta para andar pola neve.

maraxa. s. m. Home efeminado.

marca. s. f. Sinal das navallas ou coitelos, que se fai cun molde de metal. En Taramundi antigamente aparecía o "A" rodeado de puntos que significaba Taramundi e se non a marca do navalleiro. **2.** Cuño de aceiro para facer os sinais nas navallas. **3.** Punto fixo na costa, poboación, baixo etc., que serve a bordo de sinal para saber a situación dunha embarcación. **4.** Sinal que se pon nas árbores para distinguir a propiedade (Allande). // **De marca maior.** Expresa o máis alto grao de algo (*É un fato dos de marca maior*). // **Marca de altura.** V. marca de fóra. // **Marca de costa.** V. marca de través. // **Marca de fóra.** No mar, marca de situación norte-sur. // **Marca de través.** No mar, marca de situación leste-oeste.

marcación. s. f. (pl. marcaciois). Marco onde se asentan as portas ou as ventás. **2.** Ángulo que a visual dirixida a unha marca ou a un astro forma co rumbo que leva unha embarcación ou con outro determinado.

marcado, -a. adx. Sinalado, indicado.

marcar. v. Sinalar, indicar, deixar unha marca. **2.** Bordar na roupa as iniciais. **3.** Facer un sinal ao gando propio ou quitarlle un cacho de carne para saber que é da túa propiedade. **4.** Poñer unha marca a unha navalla (Taramundi).

marcear. V. marcexar 1ª acep.

marceiro. adx. Relativo ao mes de marzo.

marcelía. adx. Relativa ao mes de marzo.

marcelina. s. f. Marea viva da primavera.

marcexada. s. f. Tempo propio do mes de marzo, caracterizado pola chuvia e o mal tempo.

marcexar. v. Facer un tempo propio do mes de marzo. **2.** Poñerse o trigo amarelo, pouco resistente e de escasa calidade. // **El que en marzo non *marcexa*, en abril non *espedrexa*.** Refrán que alude a que o cereal que é pouco resistente en marzo, en abril non terá grans (Abres).

marcexo. adx. Relativo ao mes de marzo (Castropol).

marcha. s. f. Acción de marchar. **2.** Peza musical de ritmo moi marcado (El Franco).

marcha! interx. Voz que se emprega normalmente para escorrentar os cans.

marchandería. s. f. Mercancía.

marchar. v. Ir dun lugar a outro. **2.** Perder (*Marchoulle el pelo*). **3.** Roubar (*Marchou coel carro*). **4.** Morrer (*Xa muitos marcharon*), (A Veiga).

marcía. V. marcelía.

marciada. V. marcexada (San Martín de Ozcos).

marcial. adx. Relativo ao mes de marzo.

marcián. adx. Relativo ao mes de marzo.

marciar. V. marcexar 1ª acep.

marco. s. m. Pedra chantada na terra que divide dúas leiras, dous concellos etc. Normalmente ía acompañada doutras dúas pedras chamadas *testigos* para diferenciar o marco doutras pedras. **2.** Parte onde encaixa unha porta, ventá etc. **3.** Conxunto formado polas dúas xambas e o lintel que delimitan a porta do forno. **4.** Armazón que rodea unha pintura, fotografía etc. **5.** Cada unha das dúas pedras laterais nas que apoia unha cancela (Vilanova de Ozcos). **6.** Cada unha das pedras laterais nas que apoia a comporta dunha presa (Os Ozcos). // **De marco a marco *nun* hai arco.** Refrán que alude a que o suco lindeiro debe ir recto para non meterse na leira do veciño (Tapia de Casarego).

marcorial* → mercurial.

marcurial* → mercurial.

marea. s. f. Movemento periódico de ascenso e descenso das augas do mar, producido pola atracción da lúa e o sol. **2.** Cantidade de peixe que se colle. **3.** V. rancho 4ª acep. (El Franco). // **Marea *chía*.** Preamar. // **Marea de *baxante*.** Marea baixa. // **Marea de *vazante*.** Marea baixa. // **Marea de enchente.** Marea alta. // **Marea escorada.** Marea moi baixa. // **Marea grande.** Marea moi alta. **2.** Preamar, fluxo. // **Marea morta.** Marea que case non cambia. // **Marea *vaza*.** Marea baixa. // **Marea viva.** Preamar, fluxo. // **Media marea.** Punto intermedio entre a preamar e a baixamar.

mareado, -a. adx. Dise do que ten un mareo.

mareante. adx. Dise do que molesta.

marear. v. Molestar. **2.** Moverse a auga coa marea e con ela certos crustáceos. **3.** Gobernar unha embarcación. **4.** prnl. Padecer mareo por algunha turbación na cabeza debida a un vehículo, unha embarcación etc. **5.** prnl. Emborracharse.

mareaxe. s. f. Arte ou profesión de navegar. **2.** Rumbo que levan as embarcacións na súa navegación. **3.** Aparello dun veleiro. **4.** Pesca. **5.** Festa, troula (Castropol).

mareiro. s. m. Cerzo que vén do mar (Villaión).

marela. adx. Dise do home efeminado.

marelear. v. Coller unha cousa color amarela. **2.** Madurar as colleitas como a do trigo nos campos. **3.** Enfermar as plantas polo fungo da *mancha*.

mareliar. V. marelear.

marelín, -ía. adx. Amarelo.

marellar. V. marelear (El Valledor, Eilao, Villaión).

marellecer. V. marelear.

marellento, -a. V. amarelado.

marelliar. V. marelear.

marello, -a. V. amarelo.

marellón. V. marelón (Coaña).

marelo, -a. V. amarelo.

marelón. s. m. Ave paseriforme da familia dos oriólidos, duns vinte e catro centímetros de lonxitude, dos que nove corresponden á cola. A súa forma é esvelta e elegante, con ás longas, a cola case cadrada e as patas máis ben curtas, con fortes uñas. O macho é amarelo brillante, coas ás e a cola negras, aínda que está última tamén é amarela. A femia é verdeal por enriba e branca por debaixo (*Oriolus oriolus*).

mareo. s. m. Trastorno cerebral que produce náuseas ou desmaios.

maretón. s. m. Onda longa no mar. **2.** Mar de fondo.

marexada. s. f. Movemento axitado do mar con ondas grandes.

marfollo. s. m. Nome común das algas pardas, que teñen un longo estípite, ramas laminares a xeito de follas e vesículas aeríferas que lle serven de flotadores. Viven pegadas aos fondos mariños por medio de rizoides basais ou ben flotan na auga (*Fucus vesiculosus*, *Fucus spiralis*, *Fucus serratus*). **2.** Enfermidade da planta do millo. **3.** Restos de algas en descomposición que se acumulan nun porto (Navia, El Franco). **4.** V. raña[2] 1ª acep. (Coaña). **5.** Alga clorofícea da orde das utricais, de talo laminar foliáceo, moi delgado, engurrado ou rizado, e de color verde (*Ulva lactuta*), (Coaña). **6.** Alga da familia das *Fucaceae*, de color parda, con ramificación irregular, nervio central groso, marxe serrada e pequenos pelos brancos (*Fucus serratus*), (As Figueiras). **7.** V. gancela 3ª acep. (Castropol). // **Marfollo de xorra.** Alga da familia *Furcellariaceae*, caracterizada por ter un talo vermello duns trinta centímetros de lonxitude, fixado ao substrato con rizoides (*Furcellaria fastigiata*), (As Figueiras). **2.** V. gancela 4ª acep. (As Figueiras). // **Marfollo rastreiro.** V. marfollo 6ª acep. (As Figueiras).

margarita. s. f. V. lavandeira 1ª, 2ª, 3ª e 4ª acep. (Tapia de Casarego). **2.** Planta herbácea da familia das compostas, de dez centímetros até un metro de altura, con follas dentadas e fendidas. No disco central ten pequenas flores regulares de color amarela e unha coroa de flores brancas (*Chrysanthemun leucanthenum*). **3.** Flor desta planta. **4.** Tipo de nó mariñeiro que se fai dando tres voltas ao cabo na parte anoada. // ***Margarita* del inverno.** V. lavandeira 3ª acep. (Tapia de Casarego). // ***Margarita* del *vrao*.** V. lavandeira 2ª acep. (Tapia de Casarego).

maría. V. marea 1ª acep.

maría hai lume. s. m. Xogo de nenos parecido ás catro esquinas, onde un dos xogadores di "*María hai un lume?*" ao que outro responde: "*naquela casa hai fume*". Deste xeito o que apanda mira para outro lado e os outros xogadores que están nas esquinas cambian de posición (Abres).

maría-garcía. V. lavandeira 1ª acep. (A Veiga, Navia).

mariada. s. f. Cantidade grande de ouca que chega á costa pola forza do mar (Tapia de Casarego, Castropol).

mariado, -a. V. mareado.

mariano. s. m. Armazón de listóns de madeira onde se poñían os chicharros para que pingasen antes de enlatalos (Ortigueira, El Franco); secadeiro 2ª acep. **2.** pl. V. calzoncillos.

mariar. V. marear.

mariaxar. v. Conversar os mariñeiros entre eles.

mariaxe. s. f. Axitación entre persoas (Coaña). **2.** Feito arriscado que lle aconteceu a un mariñeiro, aventura (El Franco). **3.** Conversa de carácter profesional entre mariñeiros.

marica. s. f. Pega. **2.** No xogo das cartas, sota de ouros. **3.** Raposa. **4.** s. m. e adx. Home efeminado.

maricar. v. Facer un home labores propios da muller. **2.** Meterse en asuntos alleos. **3.** Revolver, enredar. **4.** Andar un home investigando o que pasa na cociña. **5.** Estar un home sempre entre mulleres.

maricas. adx. Aplícase á persoa que lle gusta *maricar*.

maricón. s. m. e adx. (pl. maricois). V. marica 4ª acep.

marido. s. m. Varón casado, home. // **Entre marido i muller, *naide* se ten que meter.** Refrán que alude a que nas cuestións de parella non se debe meter ninguén.

marieiro. V. mariñeiro.

marimacho. adx. Dise da muller con xeitos propios dun home.

marín. adx. Relativo ao mar.

marina. s. f. Área da zona costeira caracterizada por ser bastante chá. **2.** Conxunto dos barcos dun país, civís e militares. // ***Condo* na *marina* neva, que *feirá* na serra?** Refrán que indica que hai moi mal tempo, xa que se na mariña neva, na serra o tempo aínda estará peor por estar máis alta. // **Xente de *marina*, xente de gran caldeirada, día de *muito*, *víspera* de nada.** Refrán que se utiliza para aconsellar moderación no gasto económico, xa que a boas épocas económicas adoitan seguir períodos de escaseza (El Franco).

marineirar. V. mariñeirar.

marineiro. V. mariñeiro.

mariña. V. marina 1ª acep. (Santalla de Ozcos).

mariñán. adx. e s. (pl. mariñais). Alcume popular que lles dan os habitantes do concello de Villaión aos que viven na zona costeira, especialmente aos do

concello de Navia. **2.** Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Veiga (Navia).

mariñano. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Villapedre (Navia).

mariñao, -á. adx. e s. Natural da Mariña Luguesa. **2.** Pertencente ou relativo á Mariña Luguesa. **3.** Natural da Mariña eonaviega (Os Ozcos). **4.** Pertencente ou relativo á Mariña eonaviega. **5.** Variante do galego falado na Mariña eonaviega (San Martín de Ozcos). **6.** Alcume popular que se lles dá aos habitantes da Devesa (Ribadeo).

mariñeirar. v. Andar embarcado de mariñeiro.

mariñeiro, -a. s. m. e f. e adx. Pertencente ou relativo ao mar. **2.** Persoa que traballa nun barco ou goberna nel (As Figueiras). **3.** Persoa que fai o servizo militar nun barco.

mariñola. adx. Tipo de pataca.

mariola. s. f. Xogo de nenos, que consiste en saltar, por enriba cun pé e co outro no aire, uns cadrados salteados e unidos entre si empuxando unha lousa pequena até o cadro seguinte. Se cae no cadrado faino ben, se non perde.

marión, -úa. adx. Dise da persoa molesta.

mariposa. V. pión 2ª acep. (Boal).

mariqueiro. adx. Aplícase ao home que fai labores de muller.

mariquita. s. f. Arenque moi pequeno que se conserva salgado nun tabal.

mariscar. v. Apañar mariscos nas praias ou nos penedos batidos polo mar.

marisco. s. m. Denominación xenérica que abrangue os crustáceos e moluscos mariños comestibles.

marisma. V. xunqueira 3ª acep. (Coaña).

marisquear. V. mariscar.

marisqueiro, -a. s. m. e f. Persoa que colle ou vende marisco. **2.** Persoa que colle ou vende polbos.

marisqueo. s. m. Acto de apañar mariscos nas praias ou nos cons batidos polo mar.

marmalar. v. Mastigar algo de xeito lento.

marmelar. v. Falar entre dentes. **2.** Falar polo baixo. **3.** Mastigar coas enxivas os bebés e os vellos. // ***Marmelar*** **el cortello.** Aproveitarse dunha persoa (Castropol).

marmellar. V. marmelar.

marmilar. V. marmelar 1ª e 3ª acep. (Abres).

marmita. V. caldeirada 2ª acep. (El Franco). **2.** V. marmitaco (Ortigueira).

marmitaco. s. m. Guiso feito co ventre ou outras partes do bonito, patacas, cebola e pemento verde.

marmitón. s. m. Axundante do cociñeiro dunha embarcación.

mármole. V. mármore.

marmoleiro, -a. s. m. e f. Persoa que traballa o mármore.

mármor. V. mármore.

mármore. s. m. Rocha calcaria, metamórfica, granular e cristalina, de textura compacta e doada de pulir. // **Deixar a cara mármore.** Sorprender, deixar a un sen sentido.

marmorecer. v. Quedar sen sentido por mala circulación sanguínea un membro do corpo.

marmorecido, -a. adx. Dise do membro do corpo que está sen sentido pola mala circulación sanguínea.

marmota. s. f. Tipo de pucha de *estambre* ou la que usaban os nenos. **2.** Pucha que se pon aos nenos cando se levan a bautizar (Santalla de Ozcos).

marmucar. v. Orballar (Navia).

marmuco. s. m. Orballo (Navia).

marmurar. v. Falar en voz baixa. **2.** Criticar, falar mal.

marola. V. mariola.

marón. adx. e s. m. Animal sen castrar (Os Ozcos). **2.** Carneiro semental (Allande, Santalla de Ozcos).

maroto, -a. adx. Groseiro, vulgar.

marra. s. f. *Maza* grande de ferro con mango longo, que serve para partir leña, romper os canteiros pedras grandes etc. **2.** *Maza* de ferro dunha forxa.

marraxeira. s. f. Aparello de pesca cun anzol grande unido a unha corda resistente cun cable ou unha cadea, e como engado a cabeza dun bonito.

marraxo. s. m. Peixe escualiforme, da familia dos isúridos, que pode alcanzar os catro metros de lonxitude e con mandíbulas armadas de fortes dentes. A súa coloración é gris azulada (*Lamna nasus*), (As Figueiras, Tapia de Casarego). **2.** Peixe escualiforme, da familia dos isúridos, que pode medir até catro metros de lonxitude, co rostro prolongado cun nariz agudo e dentes longos e triangulares. O dorso é de color gris escura ou azul tirando a negra, e o ventre branco (*Isurus oxyrhynchus*), (As Figueiras, Tapia de Casarego, Ortigueira).

marrega. V. amarrega (El Franco).

marrio. V. marro.

marro. s. m. Xogo de nenos, que consiste en que un equipo ten que coller a outro

contrario e este rescatar os que están presos e que quedan ceibes cando son tocados por un compañeiro. Tamén se chama *marrio* ou *pío campo*, pola frase que din os nenos: "*un, dous, tres, marro, pido campo*" ou "*un, dous, tres, marro, pío campo*". **2.** Neste xogo, lugar para gardar ou ter os xogadores que están presos.

marrón. adx. e s. Da color da castaña.

marroto. s. m. Pequeno montón cónico de feixes de centeo ou trigo (El Valledor, Ibias); moreneiro.

marrubio. s. m. Planta herbácea da familia das labiais, de talos erguidos, cuadrangulares, de catro a seis centímetros de altura, de follas ovais con engurras e onduladas na marxe. As súas flores son pequenas, de color branca, e úsanse na medicina tradicional (*Marrubium vulgare*), (Grandas de Salime, Os Ozcos).

martabela. s. f. Persoa que fala sen parar e sen sentido. **2.** s. f. Xoguete que empregaban os nenos, substituíndo á carraca no xoves santo. Consiste nunha pequena táboa rectangular, cun ancho dunha cuartilla de papel e un pouco máis longa, que cara á metade ten dúas pugas nos extremos do seu ancho, sobre os que xira un eixe que leva no seu centro un martelo, todo isto de madeira. Ao mover coas mans a táboa, o martelo golpea con ruído a un e a outro lado do eixe. **3.** Instrumento que se colocaba nas terras para espantar os paxaros ou os xabarís, parecido a un pequeno muíño de vento. **4.** Campá (Piñeira-Castropol). **5.** Persoa que cambia de criterio sen motivo ningún. **6.** Pequena táboa de madeira que está colgada dunha corda sobre a pedra do muíño, pola que se sabe cando para o muíño e cando deixa de golpear (Santalla de Ozcos).

martabeliar. v. Falar moito sen parar e sen sentido.

martabella. V. martabela 2ª acep.

martadela. V. martabela 2ª acep.

martadella. V. martabela 2ª e 3ª acep.

martelada. s. f. Golpe dado cun martelo.

martellada. V. martelada.

martelar. v. Dar golpes cun martelo.

martelazo. s. m. Golpe dado cun martelo.

marteliar. V. martelar.

martelín. s. m. Martelo de tamaño pequeno que utilizan os zapateiros.

martellada. V. martelada.

martellar. V. martelar.

martellazo. V. martelazo.

martellín. V. martelín.

martello. V. martelo 1ª acep. // **A *trocha martello*.** Sen coidado, especialmente en traballos de carpintería ou albanelería.

martelo. s. m. Ferramenta composta por un mango de madeira e unha peza de metal maciza incrustada nel. Serve para petar, esmagar ferro, cravar cravos etc. **2.** V. mazo 1ª acep. **3.** Nun bote autóctono, parte que se xunta á vela para que esta sexa trapezoidal, chamada *mística* e non triangular como a latina. **4.** Peza de ferro ou outro metal que se pon nas portas para chamar petando con ela, chamador (San Martín de Ozcos). **5.** Órgano xenital masculino (Vilanova de Ozcos). // **Martelo da porta.** V. chamador. // **Martelo das legras.** Martelo cun ollo no centro da cabeza e dúas seccións, unha recta e outra en arco, rematando nunha *boca* estreita a cada banda. // **Martelo de aplanar.** Martelo coa *boca* perfectamente plana. // **Martelo de *copar*.** Martelo cunha cabeza que forma un lixeiro arco respecto ao mango. // **Martelo de cravuñar.** Martelo que serve para cravuñar a gadaña, normalmente cunha *boca* fina en aresta e outra de sección cadrada. // **Martelo de cubrir.** Martelo con dous picos para cravar e picar as lousas da cubrición dunha casa. // **Martelo de ferrar.** Martelo que se emprega para ferrar animais, con cabeza de ferro ou aceiro e unha *boca* cadrada coas esquinas biseladas. // **Martelo de *garfias*.** Martelo cun gancho de punta aguda. // **Martelo de paredar.** Martelo que se usa para facer paredes. // **Martelo de pico.** Martelo de tamaño pequeno cun pico por un lado e a parte que golpea polo outro, que se utiliza para traballar a pedra. // **Martelo (*martello*) de presa.** Martelo cunha *boca* acanalada para arrincar cravos e puntas. // **Martelo (*martello*) de punta.** V. martelo de pico.

martes. s. m. Día da semana que vén despois do *luis* (luns). // **Al martes nin te cases nin te embarques, nin da túa muller te apartes.** V. En martes *nun* te cases nin te embarques. // **En martes *nun* (nin) te cases nin te embarques.** Recomenda non casar nin comezar ningunha empresa con dificultade nese día. // **Non todos os días son martes de Antroido.** Refrán que se refire a que todos os días non son festa, e polo tanto hai días que hai que traballar.

martín pescador. s. m. Ave coraciforme da familia dos alcedínidos, de pequeno tamaño, cabeza voluminosa, peteiro longo e agudo, pescozo curto e ás e cola

tamén curtas. Mide uns dezaseis centímetros de lonxitude e ten o corpo bazuncho. As partes superiores son de color verde azulada e verde esmeralda brillantes, as partes inferiores e as meixelas son de color parda, o pescozo é branco e as patas son de color vermella viva. Vive preto dos ríos, regatos, lagoas e mesmo da costa. Aliméntase de insectos, e peixes que colle mergullándose na auga (*Alcedo atthis*).

martinete. s. m. Martelo ou mazo grande e pesado.

mártir. V. mártire.

mártire. s. m. e f. Persoa que sofre padecementos ou inxustizas (Boal, Navia).

martirizar. v. Padecer tormento ou dolor. **2.** prnl. Entristecerse, mortificarse.

maruca. s. f. Peixe osteíctio gadiforme, da familia dos gádidos, que mide dous metros de lonxitude, con corpo case cilíndrico, fociño agudo e ollos grandes. As aletas dorsais, peitorais e abdominais ben desenvolvidas e a caudal é pequena e redondeada. A súa coloración é negra con listas escuras e claras no dorso, e tirando a branco no ventre (*Molva macrophthalma*), (As Figueiras, Ortigueira). **2.** Peixe osteíctio gadiforme da familia dos gádidos, que pode acadar os dous metros de lonxitude, con corpo case cilíndrico, fociño agudo, ollos grandes e unha barba curta no queixo. A súa color é negra con listas escuras e claras no dorso e abrancazada no ventre. Ten dúas aletas dorsais, as peitorais e abdominais ben desenvolvidas e a caudal é pequena e redondeada (*Molva molva*), (Ortigueira).

marulla. adx. e s. Alcume que se daba á persoa que baixaba da montaña a tomar baños no mar.

maruxa. s. f. Muller que lle gustan os chismes.

maruxo. adx. Amullerado, efeminado.

marzagal. V. marzagán.

marzagán. adx. Relativo ao mes de marzo.

marzaguear. v. Estragarse o trigo ou a herba dos prados polo mal tempo no mes de marzo, impedindo que medren (Abres).

marzal. adx. Relativo ao mes de marzo. // **Pascua marzal, ou por *muito* ben ou por *muito* mal.** Refrán meteorolóxico. // **Pascuas *marzales*, pestes i *mortandades*.** Refrán meteorolóxico.

marzán. adx. Relativo ao mes de marzo.

marzo. s. m. Terceiro mes do ano. // **A abella e a vaca en marzo estiran a pata.** Refrán que indica que o mes de marzo é moi frío e polo tanto hai máis posibilidades que morran as abellas e as vacas (Taramundi). // **A *naide* ten que estrañar que en marzo se poña a nevar.** Refrán meteorolóxico. // ***Condo* en marzo vén *maín*, en maio vén *marcín*.** Refrán que sinala que, se en marzo hai bo tempo, haberá mal tempo en maio. // ***Condo* (cando) marzo maiea, maio *marcea*.** Refrán que indica que cando en marzo vai calor, en maio irá o frío propio de marzo. // **Entre marzo e (i) abril, *sale* el cuco del cubil.** Refrán que indica que entre marzo e abril se oe o cuco anunciar a primavera. // **Entre marzo i abril tres aves cruzan el mar: el cuco i a *rola* i el *pazpallal*.** Refrán que indica que neses dous meses estas tres aves son migratorias. // **Marzo *marceiro*, cada ovella coel *sou* cordeiro.** Refrán que alude a que marzo é un bo mes para que cada ovella teña un cordeiro. // **Marzo *marzagán*, pola mañá teis cara de can, al mediodía *enxama* a abella i a noite mata a ovella.** Refrán meteorolóxico. // **Marzo *marzagán*, *polla* mañá *enxama* a abella i *polla* tarde, morre a ovella.** Refrán meteorolóxico. // **Marzo *marzal*, cara de can, pola mañá, *ruxe* a abella i a noite morre a ovella.** Refrán meteorolóxico (Castropol). // **Marzo *marzal*, pola mañaniña cariña de risa i pola noite cariña de can.** Refrán que se refire a que o mes de marzo ten moitos cambios de tempo. // **Marzo *marzán* (*marzagán*), cara de can, pola mañá morre uha (a) ovella i pola tarde *enxama* uha abella.** Refrán que se refire a que o mes de marzo ten moitos cambios de tempo. // **Marzo *marzagán*, pola mañá *caría* de rosa, pola tarde cara de can.** Refrán meteorolóxico. // **Marzo, *marzán*, (ten) cara de can.** Refrán meteorolóxico. // **Marzo, *marzola*, *turbón* i raiola.** Refrán meteorolóxico que alude á irregularidade do tempo no mes de marzo, onde pode haber tormentas ou momentos de sol. // **Marzo ventoso, abril chuvioso, *fain* a maio florido i fermoso.** Refrán meteorolóxico. // **Sol de marzo, médico na casa.** Refrán que alude a que o sol de marzo é enfermizo se non te abrigas. // **(Marzo, *marzán*, cara de can) Pola mañá morre a ovella i a mediodía *enxama* a abella.** Refrán relacionado co mal tempo de marzo (Vilanova de Ozcos).

marzulín. V. orizolo.

mas. V. mais. // ***Mas* que.** Senón.

más. V. máis. // **As *más.*** A maioría. // **De *más.*** V. máis. // ***Más pra* detrás.** Máis atrás. // ***Nun* ten *más.*** Non pode ser peor (Boal). // ***Sin más* nin *más.*** Sen motivo ningún.

masa. s. f. Mestura de fariña e auga para facer o pan, poñendo despois o fermento. **2.** Mestura de auga, area e cemento. // **Masa sobada.** Dise da masa de pan que a muller facía coas súas mans cando amasaba. // **Tapa a masa *mentras* el *ferrulleiro* pasa.** Refrán que se di cando se fura unha pota e se tapa provisionalmente con masa até que veña o cerralleiro para que a repare.

masada. s. f. Porción grande de masa de fariña (Ibias).

mascar. v. Accionar as mandíbulas para triturar os alimentos cos dentes.

máscara. s. f. Careta feita con diversos materiais, que cobre a cara, e se emprega especialmente no Entroido. Na zona alta do concello da Veiga, as máscaras ataban unha cincha de cabalo á cintura, da que colgaban unhas chocas que soaban ao bailar. **2.** Persoa disfrazada. **3.** Disfrace. // **As máscaras.** Entroido. // **Como uha máscara.** Dise da muller moi maquillada.

mascumias. adx. Trapalleiro.

maseira. s. f. Artesa grande con catro pés que serve para amasar ou gardar a fariña e o pan ou ás veces como mesa. Pode ter unha parte inferior con portas onde se gardan utensilios de cociña. **2.** Recipiente de pedra ou madeira onde comen os cochos. **3.** Baño, cando se refire ao viño (Ibias). **4.** V. maseirón 1ª e 2ª acep. **5.** Recipiente onde se amasan os chourizos (Santalla de Ozcos). **6.** Cuberta dura do ventre dunha centola ou doutros crustáceos (As Figueiras).

maseirada. s. f. Contido que cabe nunha artesa. **2.** Maseira chea dalgunha cousa.

maseiro. V. maseira 2ª acep. **2.** Maseira pequena onde comen as galiñas (Vilanova de Ozcos). **3.** Recipiente de madeira con auga onde xira a moa de afiar.

maseirón. s. m. Recipiente rectangular de madeira onde se fai a matanza do cocho e tamén onde se salga a carne. **2.** Nun mazo, tronco escavado situado de xeito horizontal debaixo do rodicio coa función de servir de apoio e atadura do *chifrón* e permitir que a auga seguise empuxando as pelas para dar maior forza de xiro ao rodicio.

masilla. s. f. Pasta aglutinante e impermeable feita de xiz e aceite de liñaza que se emprega para tapar furados, suxeitar cristais, recubrir xuntas etc.

masillar. v. Poñer masilla a algo.

masoira. s. f. Arte de pesca consistente nunha nasa grande, protexida por caínzos ou caneiros, que se empregaba para a pesca do salmón, troita, reo, lamprea etc. (Abres). **2.** Por extensión, a nasa que se utilizaba nesta arte de pesca.

masoireiro. s. m. Salmón pequeno que veu do mar no seu primeiro ano, pescado coa *masoira* ou con *rede cega*.

masoiro. s. m. Lugar onde se amasaba o pan de millo ou de trigo. **2.** Conco grande de madeira que se emprega para amasar e dar forma ás fogazas de millo, centeo ou trigo (Eilao, Boal, Tapia de Casarego, San Martín de Ozcos, Taramundi, Villaión); copete, bacito. **3.** V. maseira 1ª e 2ª acep. **4.** Recipiente pequeno e redondo que serve para amasar os chourizos (Santalla de Ozcos). **5.** Recipiente con auga que se utiliza nas bodegas dos ferreiros para dar o tempero axeitado aos cachos de metal, mollar o martelo ou arrefriar as ferramentas.

masoureiro. V. masoireiro.

mastigar. v. Accionar as mandíbulas para triturar os alimentos cos dentes.

mástil. s. m. Pau vertical, normalmente de madeira, onde se suxeitan as velas dunha embarcación.

mastorzo. s. m. Planta herbácea da familia das crucíferas, de vinte a cincuenta centímetros de altura, de talos erectos e con ramas, follas inferiores moi divididas e as superiores simples, flores de color branca ou ás veces rosadas (*Lepidium sativum*), (Vilanova de Ozcos).

mastragada. s. f. Conxunto de substancias que ensucian o chan ou outra cousa (*Vaia mastragada que fixiche nel terrén*). **2.** Conxunto de cousas brandas esmagadas.

mastragueira. s. f. Comida mal feita; pastramada. **2.** Desorde, estrago, desfeita.

masuñado, -a. adx. Sobado, apalpado (Villaión).

masuñar. V. amasullar.

masuñón, -a. adx. Que anda *amasullando* todo.

mata[1]. V. mato (Allande, Navia).

mata[2]. s. f. Matanza do cocho (Navia).

matabolo. V. pasabolo (Tapia de Casarego).

matacán. s. m. Lebre que corre moito, difícil de cazar.
matachín. s. m. (pl. matachíos). Persoa que mata os cochos.
matadeiro. s. m. Lugar destinado á matanza de reses. **2.** Traballo duro.
matado, -a. adx. Que lle quitaron a vida.
matadoira. s. f. Vaca ou xata que se engordan para levar ao matadoiro ou que se sacrifican polo San Martín.
matadoiro. s. m. Cantidade de diñeiro que daba o administrador aos oficiais para mercar unha ou dúas vacas para salgar como pagamento por coidar e compoñer as ferramentas dunha ferrería. **2.** Animal que se engorda para matar un día de festa.
matador, -a. adx. Aplícase a un labor cando é traballoso e fatigoso.
matadura. V. amata.
matahomes. V. mexacán 3ª acep. (As Figueiras).
matalobos. V. matapiollos (Santalla de Ozcos).
matalote. s. m. Mariñeiro encargado de tirar da liña da cacea (El Franco).
matanza. s. f. Labor de matar os cochos e salgar a carne e o touciño, facer chourizos, botelos etc. **2.** Período de tempo en que se fai este labor. **3.** Acción de matar.
matapiollos. s. m. Dedo gordo da man ou dedo polgar.
matapollos. V. matapiollos (Abres, Ibias, San Martín de Ozcos).
matapulga. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Seroiro (Ibias).
matapulgas. V. matapiollos (Villaión).
mataquinto. s. m. Cigarro malo e barato.
matar. v. Quitar a vida. **2.** Apagar a luz, o lume, a cociña de leña ou gas, un candil etc. (*Matar el lume*, *Matar el candil*). **3.** Facer dano ou trastornar. **4.** Facer desaparecer unha aresta ou unha punta. **5.** No xogo das cartas, gañar unha xogada cunha carta que teña máis valor. **6.** Tapar a xunta de dúas lousas, táboas, pedras etc. **7.** Cansar moito. **8.** Apagar o cal ou o xeso botándolles auga. **9.** Molestar, incomodar. **10.** prnl. Suicidarse. **11.** prnl. Morrer. **12.** prnl. Afanarse, traballar ou preocuparse moito por algo ou alguén. // **A matar.** V. balón tiro. // ***Lo* que *nun* mata, engorda.** Refrán que se emprega cando se está comendo algo de calidade dubidosa, pero cómese de todos os xeitos. // **Matar a fame.** Quitar a fame. // **Matar a sede.** Quitar a sede. // **Matar dous *palombos* dun tiro.** Lograr dous obxectivos ao mesmo tempo. // **Matar el lume.** Apagar o lume. // **Matar el tempo.** Perder o tempo sen facer nada ou en cousas de pouca importancia.
matarife. s. m. Persoa que mata o gando.
matarile. s. m. Xogo de nenas, que ten unha raíña e unha *madre* que falan entre elas, mentres o resto de coro de nenas canta e aplaude cunha estrofa repetida que di: "*matarile-rile-rile, mate-rile-rile-rón*".
matarrasa (a). loc. Corta de todas as árbores dunha parcela ao mesmo tempo.
matatarrón (a). loc. Acción de cortar todas as árbores dunha parcela ao mesmo tempo.
mataxato (a). loc. De xeito forte (*Déronlle a mataxato*), (Navia).
mataxunta (a). loc. Tapar as xuntas de lousas, pedras de muros, táboas etc.; matar 6ª acep.
matazón. s. f. V. matanza 1ª acep. (Andés).
mateigarse. v. prnl. Esconderse.
mátenme! interx. Expresa a seguridade en algo.
materia. V. posteuma (Castropol, Tapia de Casarego, Allande, Villaión).
maternidá. s. f. Condición ou calidade de mai.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
matias (a). loc. Nunha porción concentrada e ampla de algo (*Salíronlle a matias*), (San Martín de Ozcos).
mato. s. m. Terreo inculto cheo de plantas silvestres. **2.** Bouza de toxos, xestas etc.
matón. (pl. matois). V. matachín. **2.** Xato que se sacrifica na matanza.
matorral* → bouza.
matraca. s. f. Instrumento para facer ruído que se utilizaba despois de rezar os matíns na igrexa. **2.** Cabalería torpe, lenta e incómoda para o xinete. **3.** Cousa molesta para facer. **4.** Carromato vello que produce ruído.
matruque. s. m. No xogo do *gua*, terceiro golpe que se dá á bóla do xogador contrario.
matúa. adx. Dise da vaca que só serve para matala (San Martín de Ozcos).
matulanga. V. maturranga.
maturral* → bouza.
maturranga. s. f. Trampa, enredo.
maturrangada. s. f. Mal, feitizo. **2.** Trampa, enredo.
matute. s. m. Operación de introducir xéneros sen pagar impostos (*Este sal vén de matute*, *Licor de matute*), (Castropol); estraperlo, contrabando. **2.** Viño de mala calidade.

matutiar. v. Introducir xéneros sen pagar impostos (Os Ozcos).
matuxo. s. m. Conxunto de algo (*Un matuxo de pelos*, *Un matuxo de castañeiros*), (Allande).
mau. V. mao.
maula. s. m. e adx. Persoa inútil. **2.** Folgazán. **3.** Dise da persoa que sempre se queixa de ter algunha enfermidade.
mauleiro, -a. adx. Dise da persoa que engana con mentiras.
maumarolo! interx. calquera!
maumiar. v. Falar sen dentes, cecear (A Veiga).
maúño. V. sanguño 1ª acep. (Allande).
mauriza. s. f. Ave paseriforme da familia dos túrdidos, caracterizada polo seu pequeno tamaño, aproximadamente duns quince centímetros, coa cola e o moño vermello. Presenta dimorfismo sexual, o macho é de color negra, cunha mancha branca nas ás. A femia e os novos son de color parda agrisada por enriba e ocre por debaixo. É insectívora e vive nas fragas, parques, edificios etc., facendo os seus niños nos furados das árbores, muros e rochas (*Phoenicurus ochruros*). **2.** Aplícase tamén á ave da mesma especie caracterizada por presentar ambos sexos a cola vermella que axitan constantemente e o moño tamén é sa mesma color. O macho ten a cara e o pescozo negros, a fronte branca, as partes superiores do corpo gris azulado e o peito e os flancos de color castaña. A femia é de color parda agrisada por enriba e ocre por debaixo. O peteiro é fino e curto (*Phoenicurus phoenicurus*).
mavea. s. f. Nome común das aves gaviformes do xénero *Gavia*. Son aves nadadoras, de gran tamaño, peteiro forte e agudo, pescozo longo e corpo liso e esvelto, ás estreitas e patas palmadas, situadas moi cerca da cola (*Gavia sp.*), (As Figueiras).
maxaranga. V. maturranga (Taramundi).
maxín. s. m. (pl. maxinos). Pensamento (Villaión).
maxinado, -a. adx. Preocupado.
maza. s. f. Martelo de madeira ou ferro que serve para diferentes usos. **2.** V. bandarria. **3.** V. mazo 1ª e 4ª acep. **4.** V. cota 3ª acep. **5.** Peza que nunha roda de afiar regula a auga que vén pola canle do *chifrón*, e que ao quitala coa man permite que a auga caia sobre a roda (Santalla de Ozcos). **6.** Válvula reguladora do paso da auga na *caxa* do banzado dun mazo. // **A *maza*.** En abundancia. // ***Maza* grande.** A que serve nun mazo para mazar (Santalla de Ozcos). // ***Maza* pequena.** A *maza* de *tanxer* nun mazo (Santalla de Ozcos). // **Ser unha maza.** Ser unha persoa que atura de todo.
mazá. s. f. Froito comestible da maceira. **2.** Óso da cadeira (Castropol, Abres, Os Ozcos, Tapia de Casarego). **3.** Cada un dos ósos que sobresaen nos cadrís dunha vaca. **4.** pl. Peitos da muller. // **Da mazá *prá* rebola, veña el demo i escolla.** Refírese a que calquera de dúas cousas que se escollan, as dúas van ser malas. // **Mazá *carballega*.** V. mazá del (de) carballo. **2.** Mazá pequena verde. // **Mazá da rosada.** Mazá grande, de color rosada ou colorada. // **Mazá de *aceituna*.** Mazá verde con moito zume. // **Mazá de (del) carballo.** Mazá pequena e verde. // **Mazá de ollo.** Variedade de mazá. // **Mazá de *picón*.** Variedade de mazá. // **Mazá de rabo de can.** Mazá de tamaño grande, de color verde e manchas vermellas. // **Mazá de *ramonín*.** Mazá pequena e amarela con manchas coloradas. // **Mazá de repinaldo branco.** Mazá pequena, alongada e con foma de campá. // **Mazá de repinaldo de *mingán*.** Mazá grande, alongada, de color clara e con forma de campá. // **Mazá de San Miguel.** V. Papo colorado. // **Mazá de San *Xuan*.** Mazá verde con partes coloradas propia do mes de xuño. // **Mazá de carballo.** V. mazá carballega 2ª acep. // **Mazá del (de) carballo.** V. cascarela 1ª acep. // **Mazá del carme.** Mazá tirando a branca, con pico. // **Mazá del *cuadril*.** Articulación que sobresae cara a arriba do cadril (Os Ozcos). // **Mazá *reinal*.** Variedade de mazá. // **Mazá reineta.** Mazá de pel verde escura ou verde agrisada, con moito zume, de carne branca e sabor agridoce.
mazabalocos. V. rolete.
mazaco. V. mazá. // ***Mazaco* de *cuquelo*.** V. curuxa[2] (Ibias).
mazadeira. s. f. Ola de madeira, case cilíndrica, con paredes de perfil sinuoso, con boca e pé estreitos e de grosos perfís. Consta dunha tapa cun furado por onde se mete un pau (*fuso*) que remata en forma de disco (*prato*). Movendo verticalmente o pau bátese o leite que está no recipiente para facer a manteiga. Outras tipoloxías son as feitas con barro, as de forma troncocónica típicas do concello de San Martín de Ozcos, en forma de prisma, de veo e aspas, de metal ou as semindustriais.
mazadera* → mazadeira.

mazado, -a. adx. Batido cun mazo ou unha *maza*. **2.** Golpeado, con mazaduras. **3.** Cansado o corpo por un esforzo ou unha enfermidade. **4.** Aplícase ao leite despois de separado da manteiga. **5.** Afeito, acostumado, con trato (*Tá un tan pouco mazado das nenas*), (Santalla de Ozcos). **6.** V. revolto 8ª acep.

mazadoira. V. mazadeira.

mazadoirada. s. f. Contido nunha *mazadoira* (Boal).

mazadura. s. f. Acto e efecto de mazar. **2.** Contusión ou golpe que deixa marca na pel do corpo. **3.** Peza grande e pesada de manteiga. **4.** Cantidade que se quita dunha vez dunha peza de manteiga. **5.** Cantidade de manteiga que se obtén cando se maza o leite (Tapia de Casarego, Boal).

mazaeiro. V. mazaneiro (Abres, Taramundi, Allande, Villaión).

mazagote. s. m. Cebo composto de raba e farelo para pescar sardiñas.

mazaguatas. s. m. e f. Adulador.

mazagüeiro. V. mazaneiro (Ibias).

mazaleite. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Busante (Ibias).

mazamoleñas. adx. Aplícase á persoa lenta no traballo ou nas súas decisións.

mazamolidas. adx. Dise da persoa curta e de reflexos tardíos (Abres).

mazaneiro. s. m. Árbore caducifolia da familia das rosáceas, de raíces abondo superficiais, tronco liso, ramas grosas e moita copa. As súas follas son simples, ovais, enteiras e dentadas, verdes e agrisadas. As flores son de color branca rosada é o froito é a mazá (*Malus communis*).

mazanía. s. f. Parte máis redonda dunha pataca.

mazapán. s. m. Doce feito de azucre e améndoas moídas.

mazapila. V. mazón 2ª acep.

mazapilas. V. mazón 2ª acep.

mazado, -a. adx. Golpeado. // ***Sangre* mazado.** Hematoma, mazadura.

mazaqueiro. V. mazaneiro (Ibias).

mazar. v. Golpear, esmagar. **2.** Bater o leite para separar a manteiga. **3.** Golpear o liño sobre unha máquina ou outra cousa para espadelalo. **4.** Golpear unha porta (Grandas de Salime). **5.** Botar a sidra a certa altura desde unha botella a un vaso (Navia). **6.** Golpear o ferro, normalmente cun martelo, nunha forxa (Os Ozcos). **7.** Zurrar. **8.** Desfacer os terróns co gadaño. **9.** Nun mazo, golpear o mazo sobre a incre (Santalla de Ozcos). **10.** Golpear cun mazo ou unha *maza*. **11.** Golpear a la (Tapia de Casarego). **12.** Insistir de xeito molesto sobre un asunto (*I veña mazando i mazando*). // **Mazar en ferro frío.** Non obter ningún resultado dunha persoa pola súa obstinación (Tapia de Casarego).

mazarico. s. m. Nome común de diversas aves caradriformes do xénero *Numenius*, da familia dos escolopácidos, de corenta ou sesenta centímetros de lonxitude, moi esveltas, cun longo peteiro arqueado, plumaxe de colores neutras e longas patas. **2.** Nome común de diversas aves caradriformes da familia dos carádridos, pertencentes ao xénero *Charadrius*, de tamaño case sempre inferior ás aves dos xéneros *Pluvialis* e *Vanellus*. **3.** Nome común aplicado a diversas especies dos xéneros *Tringa* e *Xenus*, aves da familia dos escolopácidos ou caradriformes. **4.** Ave caradrifrorme da familia dos carádridos, duns quince centímetros, con patas de color carne ou amarelas, así como unha lista branca sobre unha franxa negra na fronte. Vive nas marxes de augas doces, areais e illotes fluviais. Inverna no litoral (*Charadrius dubius*).

mazaricón. s. m. (pl. mazaricois). Velorio.

mazariquín. s. m. (pl. mazariquíos). V. mazarico.

mazaroca. s. f. Espiga de millo. **2.** Cantidade de la torcida que cabe nun fuso. **3.** Parte máis ancha dun mango dun martelo de ferrar; moca 3ª acep. **4.** Verruga no tronco dunha árbore (Abres, San Martín de Ozcos). **5.** Cacho de masa compacta (Boal). **6.** Bóla no extremo dun bastón (San Martín de Ozcos). **7.** V. touca 3ª acep.

mazaroco, -a. s. e adx. m. e f. Persoa pequena e gorda. **2.** s. m. Tronco pequeno e ancho. **3.** s. m. V. mazaroca 2ª acep. **4.** s. m. Envoltorio (Coaña). **5.** s. m. Bóla de madeira que teñen algunhas navallas na culata. **6.** s. m. Bóla de cera apertada (Allande). **7.** s. m. V. grolo 2ª acep. **8.** s. m. Terrón.

mazarouca. V. mazaroca 1ª acep.

mazarouco. s. m. Montón de algo (Coaña). **2.** V. mazaroca 1ª acep.

mazazo. s. m. Golpe dado cun mazo ou unha *maza*.

mazcada. s. f. Golpe dado coa man aberta (Coaña).

mazcallo, -a. adx. Parvo, paiolo, imbécil.

mazcar. v. Mastigar sen engulir. **2.** Fungar, rosmar.

mázcara. V. máscara 1ª, 2ª e 3ª acep.

mazcarada. s. f. Festa con máscaras, como nos *Reises* do concello de Ibias.

mazcararse. v. prnl. Poñer unha careta, disfrazarse.

mazcato. s. m. Ave pelicaniforme da familia dos súlidos, duns noventa centímetros de lonxitude e de color branca e algunhas partes poden ser negras e ocres. Ten o pescozo longo, o peteiro agudo e as ás moi longas e estreitas coa punta negra (*Sula bassana*). **2.** adx. Imbécil.

mazcuntarse. v. prnl. Trabucarse contando algo (Tapia de Casarego).

mazo. s. m. Martelo groso e pesado de ferro que se utiliza nos mazos ou nas ferrerías. Ás veces utilizábase para facer ruído despois de tocar os matíns na igrexa simbolizando a morte de Cristo e tamén o terremoto que daba fin ao mundo; martelo 2ª acep., porro. **2.** Por extensión, edificio ou construción que ten este martelo no seu interior. É máis pequeno que unha ferrería e está formado por un sistema hidráulico integrado por unha presa, canle e banzado, e o edificio no que está o mazo propiamente dito e as máquinas de dar aire. Normalmente ten un cuarto pequeno para gardar o carbón vexetal. Nos séculos XVIII e XIX estendíase polos concellos de Castropol, El Franco, Navia, Taramundi, Boal, Eilao, Grandas de Salime, Allande, Vilanova de Ozcos e Santalla de Ozcos. Actualmente os máis destacados son os dos Teixois (Taramundi), Aguillón (Taramundi), Meredo (A Veiga) e El Mazo Novo (Santalla de Ozcos). **3.** Ferramenta que utilizan os torneiros composta por un mango de madeira e un cacho de ferro macizo. **4.** Instrumento de pau para mazar o liño. **5.** Parte do rodo (Os Coutos). **6.** V. maza 1ª acep. **7.** Conxunto dalgunha cousa. **8.** Ferramenta composta por un mango e un cacho de madeira que serve para golpear algo (Allande). // **A dar cun mazo.** Con abundancia (Allande).

mazoiro. V. masoiro 2ª acep. (A Veiga, Boal).

mazón. s. m. (pl. mazois). Mazo grande como ferramenta. **2.** Aparello para espantar xabarís, osos e outros animais salvaxes. **3.** Aparato para mazar o liño (Santalla de Ozcos).

mazorca. V. zamborca (El Franco).

mazorga. s. f. Especie de canela na que se debanda a la ou o fío que vai metido dentro da *nezcla* do tear.

mazorgueiro. s. m. Instrumento que se usa para facer as *mazorgas* de la ou fío que se van utilizar no tear.

mazorqueira. V. mazorgueiro.

mazucar. v. Nivelar e limpar os prados para que se poidan labrar.

mazuco. s. m. Mazo ou *maza* pequenos, que se utiliza para golpear cuñas, trinchas etc. **2.** Apeiro de labranza que consta dun mango que nun dos cabos ten unha *maza* e que se utiliza para desfacer terróns; pisón 1ª acep., calcón. **3.** Mazo de madeira que se emprega, entre outras cousas, para quitar o gran ao millo. **4.** V. machuco 3ª acep.

mazueiro. V. mazaneiro (As Figueiras, Tapia de Casarego, Castropol, Ibias).

mazuño. V. mañuzo 1ª acep. (Navia).

mazurca. s. f. Danza polaca a tres tempos, semellante á polca, de ritmo acentuado e menos rápido que o valse.

mazurgueiro* → mazorgueiro.

mazurico. V. mazarico.

me. Pronome persoal de primeira persoa, singular, átono, que funciona como complemento directo ou indirecto.

mecánico, -a. s. m. e f. Persoa dedicada a construír, manexar ou amañar máquinas.

mecar. v. Chiscar un ollo, como no xogo da brisca.

mecedor, -a. adx. Dise da persoa que *mece* unha vaca, unha ovella etc.

mecedora. s. f. Máquina que serve para quitar o leite ás vacas.

mecedura. s. f. Acto de *mecer*.

mecer[1]. v. Quitar o leite do ubre das vacas, ovellas ou cabras; mocer, moncer, catar, muxir.

mecer[2]. v. Arrolar, abalar (Os Coutos, Navia).

mecer[3]. V. amecer 1ª acep.

mecha. s. f. Fío, que impregnado de combustible, se prende con lume para alumar algo, como unha candea, un candil, un chisqueiro etc. **2.** Broca intercambiable dun berbequí ou dun trade (Abres, Taramundi). **3.** Trapo ou tira de algodón. // **Prender a mecha.** En sentido figurado, empezar unha cousa (El Franco).

mechado, -a. adx. Apertado, moi xunto (Grandas de Salime).

mechar. v. Mentir (Boal).

mecheiro. V. chisqueiro.

mecido, -a. adx. Unido, xunto. **2.** Dise da vaca, ovella etc., que lles quitaron o leite. **3.** Aplícase ao leite quitado dunha vaca, ovella etc.

meciña. s. f. Medicamento (Os Coutos).

meco, -a. adx. Aplícase á persoa que lle falta a visión nun ollo; torto. **2.** Dise da persoa que ten un ollo menos aberto que o outro. **3.** Aplícase á persoa que padece de estrabismo.

meco (a). loc. Inutilmente (*Fun a meco*), (Santalla de Ozcos).

meda. s. f. Construción cónica que se fai na eira cos mollos de cereal, colocados en círculo coa espiga para dentro, para despois mallalos. O tamaño e o seu número mostraba a riqueza da casa. En Grandas de Salime equivalía a unha media de 480 mollos ou 12 *faces*. **2.** Palleiro, montón de palla, que ás veces se mesturaba con toxo, uz etc. **3.** Por extensión, montón de gancela.

medal. s. m. Eira ou leira onde se colocaban as medas.

medado, -a. adx. Feito en medas.

medar. v. Facer medas.

medarrazo. s. m. Medo grande (Ibias).

medecía* → medicina.

medeciña* → meciña.

médeco* → médico.

medeiro. s. m. Conxunto de mollos, dispostos coa espiga cara ao centro e reducindo o diámetro progresivamente até formar un cono.

medello. s. m. Meda pequena (Allande).

media. s. f. Peza de vestir que cobre a perna, feita de la gorda con color moura ou clara. Algunhas eran de liño para os días de festa. As das mulleres eran máis altas que as dos homes e ambas suxeitábanse con *atadeiras*, feitas tamén de la ou liño ou tecidas no tear. // **A medias.** Dise de alguén, persoa ou casa, que ten un animal ou que traballa unha propiedade que non é súa, dándolle ao dono cada ano a metade da produción (San Martín de Ozcos, Allande). **2.** A partes iguais. // **Media de nabiza.** Recipiente cilíndrico, de madeira, con tapa que encaixa ao xirar e asa, que serve para gardar a semente dos nabos.

mediación. s. f. Acción e efecto de mediar.

mediado, -a. adx. Dise do que só contén a metade, pouco máis ou menos, do seu contido. // **A mediados.** Cara á metade dalgún período de tempo: semana, mes etc.

medianeiro, -a. s. m. e f. Parede compartida entre dúas construcións.

medianil. s. m. Parede común a dúas casas ou leiras; medianeiro, medianeira. **2.** Tabique entre dúas dependencias da mesma casa.

medianín. s. m. Dedo cuarto da man, empezando a contar polo polgar, anular (Ibias).

mediano, -a. adx. e s. m. e f. Que non é grande nin pequeno. **2.** Fillo que naceu no medio dos outros.

mediante. prep. Por medio de.

mediar. v. Interceder.

medicar. v. Receitar ou dar medicamentos. **2.** prnl. Tomar medicamentos.

medicina. s. f. Medicamento.

medicinal. adx. Que pode usarse como medicina.

medicinar. v. Dar medicamentos a un enfermo.

médico, -a. s. m. e f. Licenciado en medicina, doutor.

medida. s. f. Dimensión dunha cousa. **2.** Unidade que se emprega para medir lonxitudes, áreas ou volumes. **3.** Recipiente feito de madeira para medir grans, chícharos etc. **4.** Unidade de medida para o gran, que equivalía á oitava parte dunha fanega, ou ás veces para as fabas, as castañas, os chícharos etc. En Eilao e Villaión equivalía a 7 quilos ou 16 cuartillos que dan 8 litros; nos concellos de Castropol e El Franco correspondía a 2 cuartas (ou 7 quilos) e nos Ozcos era maior que en Eilao (de 8 de Ozcos daban 7 de Eilao). En Tapia de Casarego unha medida de fabas equivalía a 7 quilos. No concello de Boal e en Freal (Navia) a medida de trigo ou fabas equivalía a 5 ou 7 quilos ou 6 a de millo.

medio, -a. adx. A metade dunha cousa. **2.** s. m. Aquilo que se atopa no centro de algo. **3.** s. m. pl. Propiedades, cartos. // **En medio.** O que está situado entre dous extremos. // **Medio día.** Medida de superficie equivalente a 9,5 áreas. // **Medio *pao* (a).** Dar no centro dos *bólos* coa bóla. // **No (nel) medio.** Na metade. // **Nos medios.** En medio de (A Veiga). // **Por medio de.** A través de.

mediodía. s. m. Momento do día en que o sol se atopa no punto máis alto; meiodía. **2.** As doce.

mediomundo. s. m. Arte de pesca na que se utiliza unha rede en forma de bolsa que está suxeita a unha roldana (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira, Navia).

medir. v. Comparar unha magnitude cunha unidade de medida para ver cantas veces contén a primeira á segunda. // **Medir a cheas (*chías*).** Medir sen nivelar, superando a medida.

mediudía* → mediodía.

medo. s. m. Temor ante un perigo real ou imaxinario. // ***Bon* é el medo *condo nun* hai vergonza.** V. É bon el medo unde nun hai vergonza. // **Dar medo.** Impresionar. // **De medo.** Excelente. **2.** Moito (*Levantouse un vento de medo*). // **É *bon* el medo *unde nun* hai vergonza.** Refrán que indica que a persoa que non ten vergonza tampouco ten medo. // **El medo, *guarda* a viña.** Refrán que alude a que o temor do castigo é máis eficaz para que non haxa actos que atenten contra a propiedade allea. // **Meter el medo nel corpo.** Asustar. // **Mete medo.** Asusta, impresiona. **2.** Que non impresiona, con ironía. // **Mete medo, el medo que mete.** V. Mete medo. // **Mira que medo ten, nun lle colle unha palla nel cu.** Ter moito medo. // **Que *bon* é el medo onde non hai vergonza.** Refrán que alude a que unha persoa debe ter prudencia á hora de facer ou dicir as cousas. // **Ter medo de (que).** Supoñer, intuír. // **Ter máis medo que vergonza.** Ser moi covarde unha persoa. // **Tomar medo.** Asustarse (*Os guardias tomaron medo*), (Taramundi).

medodía* → mediodía.

medorra. V. mámoa (Ibias).

medoso, -a. adx. Aplícase á persoa que ten medo, normalmente sen razón ningunha.

medouco. V. medeiro. **2.** Meda pequena de mollos de trigo ou centeo (Os Ozcos).

medra. s. f. Progreso dunha cousa (Castropol).

medradizo, -a. adx. Dise do que medra ben.

medrana. V. medoso. **2.** s. f. Medo (*Tein uha medrana*).

medrar. v. Crecer, desenvolverse fisicamente as persoas, animais ou plantas. **2.** Esponxar o pan dentro do forno. **3.** Mellorar un a súa fortuna aumentándoa. **4.** Estar a lúa no cuarto crecente. **5.** Subir as augas dun río sobre o seu nivel normal (*Medrou el río muito*), (Castropol, San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos). // **Medrar como as verzas nel horto.** Medrar ben (Tapia de Casarego). // **Medrar os días.** Aumentar as horas de luz diúrna. // **Medrar os dentes.** Sentir rabia por algo. // **Medrar unha (uha) cuarta.** Encherse de orgullo unha persoa. // **Que che medre!** Expresión que se utiliza para desprezar, desafiar, rexeitar etc., que adoita responderse con "*i a ti que nun che encolla*", "*pero que nun che arrastre*", "*condo menos que nun che mengüe*" etc.

medría. s. f. Fase de crecemento. **2.** Trastorno no crecemento dun neno, como cando lle saen grans na cara ou ten certas dolores. **3.** Brote novo dunha planta. // **Facer *prás medrías*.** Expresión que se utiliza cando se fai unha roupa que queda grande ao poñela (*Fixéchema prás medrías*), (Os Ozcos).

medroso, -a. adx. Covarde, que ten medo.

medrucar. v. Medrar.

meduco. V. medouco 2ª acep.

medusa. s. f. Animal acuático, do grupo dos celentéreos, que ten o corpo composto dunha parte globosa chamada umbrela e uns longos tentáculos con células urticantes (*Chrysaora hyoscella*). **2.** Animal acuático, do grupo dos celentéreos, cun tamaño de trinta centímetros de lonxitude por dez de anchura, que ten na parte superior unha especie de vela en forma de crista. Na parte inferior encóntranse colgados dun curto pedúnculo unha serie de tentáculos, entre eles algúns velenosos (*Physalia physalis*).

mee, mee! interx. Voz que se emprega para chamar as ovellas.

meiceira. s. f. Leira onde se sementa ou sementou millo. **2.** Cantidade de millo sementado nunha leira. **3.** Colleita de millo moi espesa, dedicada a forraxe.

meiceiro. s. m. Estado en que queda unha leira despois de recoller o millo. **2.** V. calandra.

meicía. V. medicina (Santalla de Ozcos).

meiciñeiro, -a. adx. Curandeiro (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).

meiciñar. v. Curar con certos remedios medicinais (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).

meiga. s. f. Muller que se supón ten poderes máxicos. En Boal, é unha muller vella, de raro xeito de vivir, que produce mal de ollo aos nenos, pon tísicas as vacas e converte en espectro á moza montañesa máis fermosa. Espántase cun corno de cabra queimado, con auga bendita, coa figa e outros amuletos; bruxa.

meigallo. s. m. Encantamento maligno que fan as meigas para conseguir algunhas cousas.

meinelo. s. m. Ventá do faiado (San Martín de Ozcos).

meio, -a. V. medio 1ª acep. (Os Ozcos).

meiodía. s. m. Momento en que o sol está na parte máis alta, é dicir, ás doce; mediodía.

meioeiro. adx. e s. Alcume popular que reciben os habitantes da costa e da

montaña baixa da Mariña eonaviega, por parte dos habitantes dos Ozcos e concellos veciños, porque comían pan de millo.

meirande. adx. Máis grande ou de maior tamaño (*Ben meirande que un gato*). **2.** Moito máis (*Ter meirande comida*).

meirazgo. V. mairazo 1ª e 2ª acep. (Abres, Taramundi, Santalla de Ozcos).

meirazo, -a. V. mairazo 1ª e 2ª acep.

meirazguío, -ía. s. m. e f. Conxunto de bens dun *mairazo* (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos).

meirazguiu* → meirazguío.

meirín, -ía. adx. Tipo de cordeiros e ovellas co corpo cuberto de la moi fina, curta e rizada.

meirolada. s. f. Mentira, conto; meirolo. **2**. Aloumiño. **3.** Enredo, zarapallada, lea.

meirolar. v. Facer aloumiños. **2.** Mentir (Castropol). **3.** V. aldromeirar 2ª acep. **4.** Esconder disimuladamente comida ou cartos a muller da casa.

meiroleiro, -a. adx. Aplícase á persoa esaxerada ou mentireira. **2.** Dise da persoa que fai moitos aloumiños. **3.** Adulador. **4.** Dise da muller que esconde disimuladamente comida ou cartos da casa.

meirolo. s. m. Mentira. **2.** Chisme, conto. **3.** Conxunto de cousas, como cereixas, abelás etc. **4.** Trato cariñoso. **5.** Grupo que tocaba con gaita, bombo e caixa (El Franco); quirolo 2ª acep.

meis. V. millo 1ª acep.

meistre. V. mestre (Castropol).

meixela. s. f. Parte da cara dunha persoa que sobresae por debaixo dos ollos. **2.** Parte do eixe que sobresae da roda do carro (San Martín de Ozcos). **3.** Queixada do gando.

meixella. V. meixela.

meixelo. Maxilar, mandíbula (Abres). // **Dar ao meixelo.** Non parar de comer.

meixón. s. m. (pl. meixois). Rede fixa, curta, que se colocaba pola noite onde non houbese corrente para a pesca do salmón (Abres). **2.** Por extensión, arte de pesca onde se emprega esta rede fixa.

meiz. V. millo 1ª acep. // ***Meiz* de *alcacel*.** Millo utilizado como forraxe para o gando e que se planta moi xunto. // ***Meiz* de cuña grande.** Variedade de millo de tamaño pequeno con espiga longa (Tapia de Casarego). // ***Meiz* de cuña pequeno.** Variedade de millo con espiga delgada (Tapia de Casarego). // ***Meiz* de gado.** Millo sementado a presadas e para cortar en verde (El Franco). // ***Meiz* de leirón.** Millo de mala calidade que se sementa moi espeso para forraxe verde. // ***Meiz* de nabal.** Millo que se dá nun ano nunha leira. // ***Meiz* de seco.** Variedade de millo que se deixaba secar e despois se esfollaba. // ***Meiz palancón*.** Variedade de millo con espiga grande. // ***Meiz pallelín* (*pallalín*, de *pallal*).** Variedade de millo que se utiliza como forraxe, que se sementa despois da colleita dos cereais e ten o gran branco. // ***Meiz sorodo*.** *Meiz* pallelín.

meíz. V. millo 1ª acep. (Castropol). // **Por *San Antonio*, el *meíz cubre* al corvo, i por *San Xuan* al can.** Refrán que alude ao crecemento do millo neses meses. // **Por San Isidro, *meíz* nacido.** Refrán agrícola (Villaión). // **Por *San Xuan*, el *meíz cubre* al can.** V. Por San Antonio, el meíz cubre al corvo, i por San Xuan al can.

meiza. V. palloza 2ª acep. **2.** V. meiceira 3ª acep.

meizal. s. m. Terreo plantado de millo.

meizón. V. meiceira 3ª acep.

mel. s. m. Substancia doce, viscosa, de diferentes colores como amarela ou parda, que as abellas e outros insectos preparan co zume das flores. // **Al que se fai de mel, *cómenlo* as moscas.** Refrán que alude a que se abusa con facilidade da persoa de carácter débil. // **Ano de mel, sete *sin* el.** Refrán que pode aludir a que dun ano con abundancia de mel, veñen outros máis con escaseza del. // **Faite de mel i comeránte as moscas.** Refrán que recrimina que certas persoas sexan demasiado bondadosas porque outras abusarán delas. // **Mel i manteiga que é *bon prá* cegueira.** Refrán que recomenda, segundo a tradición, tomar mel e manteiga para non quedar cegos. // **Probar o mel.** Facer o amor (Taramundi).

mela. s. f. Falta dunha peza na dentadura. **2.** Boca (Castropol). **3.** Marca deixada pola ruptura no bordo dunha ferramenta. **4.** Enxiva, carne que cobre a raíz dos dentes e maxilares.

melado, -a. adx. Dise da pescada estragada por un pequeno crustáceo ou mordida por outros peixes (Tapia de Casarego, El Franco). **2.** adx. f. Dise da colmea que ten moito mel.

melancolía. s. f. Estado de ánimo que se caracteriza por unha tristura profunda e duradeira.

melancólico, -a. adx. Que ten melancolía.

melandraina. s. f. Golpe que se dá coa man aberta na cara (Santalla de Ozcos).

melandreira. s. f. Cova do *melandro* (Pezós, Villaión).

melandro[1]. V. porco teixo (Eilao, Boal, Grandas de Salime, Ibias, San Martín de Ozcos, Villaión, Coaña, Navia, Allande).

melandro[2], -a. adx. Aparvado (Coaña). **2.** Dise da persoa desamañada, descoidada no seu aspecto (Boal, Navia). **3.** Astuto, revoltoso. **4.** s. m. Calquera roupa ruín (San Martín de Ozcos); paxelo 1ª acep. **5.** Cordeiro ruín e fraco (San Martín de Ozcos).

melás. s. m. Xogo de nenos no que un dos xogadores se sortea e queda como *burro* para apandar. Este ponse co corpo dobrado e os outros xogadores saltan enriba del. Pasaba a apandar outro xogador cando pasaba un xogador a raia trazada xunto ao *burro* ou quedaba enriba del sen saltalo. Despois de saltar os xogadores sobre o *burro*, este desprazábase un paso da raia e volvíase repetir o salto. // ***Melás* con *cusculeto*.** Variedade do xogo anterior no que é obrigatorio saltar coas pernas xuntas por enriba da cabeza e non con elas abertas.
Obs. Nalgún concello como Castropol esta palabra utilizábase con xénero feminino plural (*as melás*).

melastrio. V. melás.

melaxo. s. m. Troita pequena (Ibias).

melecía. V. medicina.

melecieiro, -a. s. m. e f. Persoa que usa remedios caseiros para curar a xente. **2.** adx. Que cura, medicinal.

melecina* → medicina.

melecinal* → medicinal.

melecinar* → medicinar.

meleciñeiro, -a. V. melecieiro 1ª acep.

meleiro, -a. s. m. e f. Persoa que vende ou produce mel. **2.** adx. Aplícase á persoa de carácter agradable, que convence coa súa conversación. **3.** adx. Dise da persoa cariñosa. **4.** s. m. Lugar onde hai mel, *cortín*. **5.** adx. Dise da persoa falsa, que convence á xente con aloumiños esaxerados.

melendro. s. m. Cabalo fraco e de mal carácter. **2.** Cabalo da baralla.

melendrona. adx. Dise da muller de mal carácter (Castropol).

melfo. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Centeais (Ibias), por ter os beizos gordos. **2.** Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Pradias (Ibias).

melga. s. f. Greta que lle sae a un cabalo ou un burro na lingua. **2.** Orballo da mañá (Santalla de Ozcos). **3.** Peixe condroíctio escualiforme, da familia dos escuálidos, dun metro de lonxitude, co corpo moi esvelto, a cabeza alongada e os ollos grandes. As dúas aletas dorsais teñen un forte aguillón no seu bordo anterior, e as peitorais son maiores que as abdominais. O dorso é azul agrisado, con algunhas manchas lenticulares brancas, que poden faltar nos exemplares adultos. A súa carne é de pouca calidade (*Squalus acanthias*), (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira).

melgacho. V. rilón 1ª acep. (As Figueiras). **2.** Peixe condroíctio escualiforme da familia dos escuálidos, que pode acadar os setenta centímetros de lonxitude, co corpo algo groso e cinco aberturas branquiais. A súa coloración é gris co ventre abrancazado (*Squalus blainvillei*), (As Figueiras, Tapia de Casarego).

melicía* → medicina.

melicieiro*, -a → melecieiro.

meliciar* → medicinar.

melicina* → medicina.

melindro. s. m. Trato agarimoso, cariño. **2.** Pastel ou bolo feito con fariña e mel. **3.** Parvada, estupidez, adulación en exceso (Tapia de Casarego).

melindre. V. melindroso.

melindroso, -a. adx. Que quere que o acariñen.

melitar* → militar.

mella. V. mela 3ª e 4ª acep.

mellón. V. melón 1ª e 2ª acep.

mellor. adx. Comparativo de *bon* (bo). **2.** adv. Máis que, máis ben. **3.** loc. Antes que. // **Al (ao, a *lo*) mellor.** Quizais, probablemente. // **Querer mellor.** Preferir.

mellora. s. f. Manda. **2.** V. mairazo 1ª acep. **3.** Amaño, cambio. **4.** Porción de bens hereditarios que un pai deixa ao *mellorado* (morgado), ademais da lexítima, para manter a unidade da casa e das súas propiedades. **5.** Aumento, progreso.

mellorada. s. f. Momento, ocasión máis axeitada (*Xa seguiremos amañando el mundo noutra mellorada*).

mellorado. adx. Primoxénito ou fillo ao que quedan todas as propiedades dun casarío, ademais da lexítima.

mellorar. v. Deixar no testamento as propiedades da casa a un fillo ou familiar. **2.** Recuperar a saúde. **3.** Progresar. **4.** Reformar, amañar. **5.** Poñerse o tempo máis favorable. **6.** Volver mellor.

melloría. s. f. Alivio dunha doenza. **2.** Cambio para mellor estado ou condición. // **Melloría da morte.** Tradicionalmente, espazo curto de tempo antes da morte, onde se mellora un pouco para despois

volver empeorar e morrer (Taramundi). // **Melloría por melloría, a *mía* casa deixaría.** V. Por melloría, a *mía* casa deixaría. // **Por melloría, a *mía* casa deixaría.** Expresión que se utiliza para mostrar insatisfacción ou desexo de prosperar (Tapia de Casarego).

melo, -a. adx. Dise da ferramenta, arma etc., que romperon no fío por un golpe ou outra causa (Castropol).

melón. s. m. Enfermidade cutánea do gando vacún, caracterizada pola formación de bostela e caída do pelo na zona da mandíbula e ás veces nas partes próximas. **2.** Cada unha das manchas rosáceas que lle saen a unha vaca polo corpo. **3.** Epiderme do cocho (Grandas de Salime). **4.** adx. e s. m. (pl. melois). Estúpido. **5.** Froita de casca grosa e dura, de forma elipsoidal, e carne brande e saborosa. **6.** (pl. melois). Peitos da muller.

melopea. s. f. Borracheira.

meloso, -a. adx. Doce, cariñoso.

melsa. s. f. Bazo do cocho (San Martín de Ozcos).

membro. s. m. Calquera extremidade do corpo humano ou animal articulado co tronco. **2.** Órgano xenital masculino (Abres).

memoria. s. f. Facultade de recordar algo. **2.** pl. Saúdos, expresión de afecto (*Dálle memorias a tou padre*: *Darei parte dos favores*), (Santalla de Ozcos). // **El que non (*nun*) ten memoria ten que ter pernas.** Refrán que advirte ás persoas que se esquecen das cousas que deben recordalas. **2.** Aconsella remediar os defectos que pode ter unha persoa.

mena. s. f. Tipo, clase, tamaño (Tapia de Casarego).

menaia! V. manaia (sea)!

menar. v. Apetecer (*Se lle mena failo*), (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).

mencía. s. f. Variedade de uva de color negra (Eilao, Ibias).

menciña. s. f. Remedio, medicamento (Santiso de Abres).

menciñar. v. Curar con remedios caseiros.

menciñeiro. s. m. Curandeiro.

menda. s. m. e f. A persoa mesma que fala. // ***Menda lerenda*.** V. menda.

mendar. v. Remendar (Abres).

mendello. s. m. Trapo vello (Villaión, Allande). **2.** Roupa desfeita.

mendigo, -a. s. m. e f. Persoa que vive de pedir esmola.

mendín. s. m. Remendo (Taramundi).

mendo. s. m. Remendo (Santiso de Abres).

mendongo* → mondongo.

mendrallado, -a. adx. Farrapento.

mendrallo. s. m. Farrapo.

mendrello. s. m. Cacho pequeno dunha cousa (Tapia de Casarego).

mendrugo, -a. s. m. Cacho de pan duro. **2.** adx. Parvo, pouco delicado, basto. **3.** Cacho pequeno de pan.

menear. v. Masturbarse o home. **2.** Mover, sacudir.

meneiro (de). loc. Dise do que é ruín. **2.** Dise do neno traste.

mengano, -a. s. m. e f. Voz que se emprega para referirse a unha terceira persoa existente ou imaxinaria.

mengo, -a. adx. Aplícase ao gando vacún cos cornos arqueados cara á cabeza do animal (Eilao). **2.** Dise do gando vacún cun corno para enriba e outro para abaixo (Boal). **3.** Birollo (Coaña).

menguante* → minguante.

menguar* → minguar.

meniar. V. menear 2ª acep. **2.** Lacazanear, vaguear.

menín. V. nenín 1ª acep. (Castropol).

menistro* → ministro.

menos. adv. Expresa unha diminución ou inferioridade cuantitativa ou cualitativa. **2.** prep. Salvo, agás, excepto (*Vendémoslo todo menos a casa*). // **A menos que.** A non ser que. // **De menos.** O que falta nunha cantidade. // **Menos que.** A non ser que (Santalla de Ozcos). // **Poder ter a menos.** Polo menos. // **Polo menos.** Expresión que destaca a única proposición que non foi excluída entre outras varias.

mensaxeiro, -a. s. m. e f. A persoa que leva ou dá mensaxes.

menta. s. f. Herba vivaz da familia das labiadas, de raíces rastreiras e talos erectos, de até cincuenta centímetros de altura, con follas opostas, con pelos e elípticas e flores rosadas. Ten valor medicinal (*Mentha sativa*).

mentar. v. Mencionar, nomear.

mentes* → mentres.

mentir. v. Dicir algo que non é verdade. **2.** Tardar unha vaca en parir despois de cumprir xa o prazo de preñez (Os Ozcos). **3.** Non sosterse algo (*Mentir el pé*). // **El que *minte* ou come *pescado*, ten que ter *muito cuidado*.** Refrán que advirte aos mentireiros e á vez do coidado ao comer peixe polo perigo das espiñas.

mentira. s. f. Expresión dun xuízo que non corresponde á verdade. // **O que mentira leva, mentira trae.** Refrán que recrimina

a aqueles que se cren ou din mentiras (Santiso de Abres).

mentiroso, -a. adx. O que di mentiras. // **Antes *cai* un *mentiroso* que un coxo.** V. Cóllese antes a un mentiroso que a un coxo. // **Cóllese antes a un *mentiroso* que a un coxo.** Refrán que indica que se descobre axiña e con facilidade ao que mente porque adoita caer en contradicións. // **Píllase antes a un *mentiroso* que a un coxo.** V. Cóllese antes a un mentiroso que a un coxo.

mentón. V. amentón.

mentramentes. V. mentres 1ª e 2ª acep. (Boal, Tapia de Casarego, Castropol).

mentras. V. mentres.

mentres. adv. Durante o tempo que. **2.** conx. Expresa temporalidade. // **Mentres que.** Expresa oposición entre dúas accións. // **Mentres tanto.** Entre tanto.

menudancia. s. f. Insignificancia. **2.** Resto de algo.

menudanza. V. menudancia.

menuqueiro, -a. adx. Dise da persoa moi delgada (Boal).

menuto* → minuto.

meñaro, -a. adx. Indeciso, lento.

meñín. s. m. Quinto dedo da man; belleco, minín, miniquín, monín, muñeco, nenín, ñicle, pequenín, pequenolín.

meo. V. meu.

meolla. V. miola 1ª e 3ª acep.

meolo. V. miolo 2ª acep. (Vilarmeirín).

meón. V. miolo 2ª acep. (Vilarmeirín e Vilar de Cendias).

merba. V. merlo (Villaión).

merbo. V. merlo (Castropol, Coaña, Tapia de Casarego, El Franco).

mercadeiría. s. f. Aquilo que é obxecto de compra e venda, mercancía (Navia).

mercadel. s. m. Persoa que vende ou compra cousas para despois vendelas (Boal).

mercadexar. v. Vender e comprar cousas.

mercado. s. m. Comercio público que se fai nun lugar. **2.** Lugar onde se fai este comercio. **3.** Día no que se fai este comercio.

mercadoría. V. mercadeiría (Abres).

mercadón. s. m. Mercado que se celebraba o último domingo de cada mes (Boal).

mercante. s. m. Navío destinado ao transporte de pasaxeiros e mercancías.

mercar. v. Comprar cousas, como se facía antes nas feiras normalmente.

mercé. s. f. Favor, beneficio. // **A *mercé* de.** Ao capricho de.

mercelía* → marcelía.

mércoles. V. mércores.

mércores. s. m. Día da semana que segue ao martes.

mercurial. s. m. Planta herbácea anual, da familia das euforbiáceas, cun talo de tres a cinco centímetros de altura. As follas son de color verde amarela con pecíolo curto, lanceoladas e de marxe dentada. As flores son verdeais. O seu zume empregouse como purgante (*Mercurialis annea*).

merda. s. f. Excremento humano ou animal. **2.** Calquera sucidade que se xunta a algo. **3.** Persoa insignificante (*É un merda*). **4.** Conxunto de malas herbas que nacen e medran cando chove moito, especialmente na primavera (San Martín de Ozcos). **5.** Cousa de baixa calidade. // **A merda *conto más* se revolve *más* cheira.** Refrán que recomenda non afondar en asuntos espiñosos porque se poden producir despois sorpresas desagradables. // **A merda *cuanto* máis se escarva máis cheira.** V. A merda conto más se revolve más cheira. // **Gústalle (che) *más* que a merda aos cochos.** Refrán que alude a que unha cousa lle gusta moito a unha persoa, neno etc. // **Nada che debo con merda che pago.** Non che debo nada así que non che pago con nada (Boal). // **Nada me *diche* con merda che pago.** V. Nada che debo con merda che pago. // ***Nun* dá nin a merda que caga.** Expresa que unha persoa é moi agarrada, avara. // **Sempre fala de merda el *más* cagado.** Refrán que alude a que certas persoas son as menos indicadas para aconsellar ou dar exemplo nun determinado asunto.

merda! interx. Exclamación de enfado, noxo, desesperación etc.

merdallada. s. f. O que non serve para nada. **2.** Porcallada, sucidade.

merdán. adx. Dise da persoa da que non se pode fiar un, de pouca importancia (Boal, A Veiga, Villaión).

merdeiro, -a. adx. Aplícase ao neno desobediente, rebelde. **2.** Dise da persoa desprezable. **3.** s. m. Algo moi mal feito. **4.** s. m. Excremento, merda.

merdequía. s. f. Cousa sen importancia, de pouco valor (Coaña).

merdolada. s. f. Cousa de pouco valor. **2.** Sucidade, porcallada.

merdoso, -a. V. merdeiro 1ª e 2ª acep.

merecemento. s. m. Acción e efecto de merecer.

merecer. v. Ter dereito a unha cousa ou ser digno dela.

merecimento* → merecemento.

meredense. adx. e s. m. e f. Natural de Meredo (A Veiga). **2.** Pertencente ou relativo a Meredo (A Veiga).
Obs. Trátase dun castelanismo.

merenda. s. f. Comida lixeira que se fai entre o xantar e a cea. // **Merenda de negros.** Desorde. // ***Tar* nel medio da merenda.** Entorpecer.

merendada. s. f. Merenda que se fai en grupo.

merendeira. V. tollemerendas 3ª acep. (Ibias).

merendeiro. s. m. Establecemento público ou lugar no campo onde se pode tomar bebidas ou cousas de comer.

merendín. s. m. Comida que se toma despois da merenda (Allande, Villaión). **2.** V. tollemerendas 3ª acep. (Allande).

merendar. v. Tomar a merenda.

merendolada. V. merenda (Navia, Villaión).

merexa. s. f. Pouca cousa (Coaña).

merguillón. s. m. Órgano xenital feminino.

meriquixo. s. Neno moi delgado, de constitución débil (Coaña).

mérito. s. m. Algo que fai a un digno dunha recompensa. **2.** Cousa que ten valor. **3.** Valor. // **Ter mérito.** Ser apropiado.

merla. V. merlo.

merlo. s. m. Ave paseriforme que mide uns vinte e cinco centímetros de lonxitude. O macho é totalmente negro, co peteiro e o anel ocular de color amarela e laranxa viva. A femia é de color parda escura nas partes superiores, co queixo branco e o peteiro pardo. É insectívora e vive nas árbores, xardíns, bouza e mesmo en áreas urbanas. Destaca polo seu fermoso canto (*Turdus merula*); cochosa, merba, merbo, merla, merma, mermo.

merlopea. s. f. Borracheira.

merluceira. s. f. Embarcación que se utilizaba para a pesca da pescada (As Figueiras).

merluza. s. f. Borracheira. **2.** V. pescada (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira).
Obs. Trátase dun castelanismo.

merma[1]. V. merlo (Boal, Eilao, Navia, San Martín de Ozcos, Allande). **2.** V. tordo 1ª acep. (Allande).

merma[2]. s. f. Diminución.

mermar. v. Diminuír, minguar.

mermo. V. merlo (Boal, San Martín de Ozcos). // **Gozar como un *mermo*.** Estar contento. **2.** Pasalo ben (Boal).

mero[1]. adx. Dise do que non se gastou nada, completo (*Tá entero e mero*), (San Martín de Ozcos).

mero[2]. s. m. Peixe osteíctio perciforme, da familia dos serránidos, que pode alcanzar cerca dun metro de lonxitude e pasar dos cincuenta quilos de peso. Os exemplares adultos son normalmente de color parda agrisada uniforme, e os novos presentan manchas tirando a branco (*Polyprion americanum*), (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Coaña). **2.** Peixe osteíctio perciforme, da familia dos serránidos, de máis dun metro de lonxitude, co corpo comprimido e tirando algo a gordo, cuberto de pequenas escamas. O opérculo ten tres aguillóns no seu bordo posterior, e a longa aleta dorsal leva na súa parte anterior fortes raios espiñosos. O fociño é tan ancho como longo, os ollos son grandes e a boca é ampla, coa mandíbula inferior prominente. A aleta anal é pequena e ten tres raios espiñosos; as aletas peitorais son anchas, redondeadas por atrás, con marxe branca e bordo en forma dentada; as abdominais son de mediano tamaño, e a caudal ten o bordo posterior redondeado. A color é parda encarnada, con manchas claras de dimensións variables e dúas listas oblicuas no opérculo. A súa carne é moi apreciada (*Serranus guaza*), (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Coaña). **3.** Mero grande.

meruca. s. f. V. mioca (El Franco, Boal, Villaión, Navia, Coaña). **2.** Órgano xenital masculino (Coaña, Tapia de Casarego, Navia, Allande). **3.** V. maruca 2ª acep. (As Figueiras, Tapia de Casarego).

meruco. V. mioca (Boal, Navia). **2.** Por extensión, engado de mioca.

meruxa. s. f. Planta herbácea anual da familia das papaveráceas, que alcanza entre os vinte e corenta centímetros de altura, de color verde e follas divididas. As flores están dispostas en acios e coa corola de color rosada ou púrpura cunha mancha negra no seu extremo. Atópase na beira dos camiños, campos e ao pé dos muros. Empregouse tradicionalmente como depurativa e para as afeccións da pel (*Fumaria officinalis*). **2.** Alga vermella da familia *Rhodomelaceae*, de pequena altura podendo acadar os cinco centímetros, caracterizada polo seu aspecto algodonoso con filamentos finos (*Falkembergia rufolanosa*), (Tapia de Casarego). **3.** V. Herba del garrotillo (Allande).

meruxe. s. f. Frío da xeada.

mes. s. m. Cada unha das doce partes en que se divide o ano. **2.** Período de menstruación dunha muller (*Andar de mes*). // **Mes da herba.** Mes de xullo

cando se segaba e curaba a herba. // **Mes del pan.** Mes de agosto cando se segaba, recollía e trillaba o trigo e o centeo. // **Mes dos mortos.** Novembro. // **Mes morto.** Mes de decembro ou de xaneiro principalmente, cando a natureza parece que está durmida.

mesa. s. f. Moble feito normalmente de madeira, como as máis tradicionais, que consiste nunha serie de táboas dispostas horizontalmente sostidas con pés verticais, que serve para comer, escribir, traballar etc. Ás veces teñen caixóns e poden ser de moitos tamaños. **2.** Base que soporta o rodicio do muíño e que vai metida dentro da auga. **3.** Parte da gaita onde se enganchan o bordón e o soprete. **4.** Pequeno moble cunha peza metálica en forma de curva que serve para picar os toxos. **5.** Pequena superficie rectangular que ten a cabezoalla do carro, cerca do punto onde se unen as pértegas, tendo no centro unha fura para poñer o *cadeixo*. **6.** No torno, cabalete formado por un groso madeiro horizontal, onde se encaixaban dous pés verticais. **7.** Nunha asemblea ou reunión, conxunto de persoas que a dirixen ou presiden. **8.** Taboleiro abatible que ten unha *trilladora* para colocar os colmos. **9.** Taboleiro con dous paus para levar os ataúdes ao camposanto. **10.** Parte central do xugo por abaixo (San Martín de Ozcos). **11.** Pau gordo que se atravesaba na boca dun caleiro e que servía de punto de apoio para introducir dentro o *reidoiro*. **12.** Na *barquiñeira* ou no barquín dun mazo, taboleiro con patas curtas onde se asenta a parte traseira de cada un dos dous barquíns. // **Mesa de *faer* os chourizos.** Moble que consta dun embude de folla de lata no que entra un garabullo gordo colgado dunha panca coa que se empuxaba a zorza e recollíase por baixo na tripa do cocho. // **Mesa de levante (*llevante*).** Mesa que se pode pregar, e que por extensión ás veces equivale ao escano; mesa-escano.

mesa-escano. s. f. Moble formado por un escano con mesa unida que se pode mover e pregar.

mesada. s. f. Conxunto numeroso de persoas que se poñen arredor dunha mesa. **2.** Cantidade grande de comida que se pon nunha mesa. **3.** V. castaña de veiga mesada.

mesado, -a. adx. Unido, amontoado. **2.** s. m. V. castaña de veiga mesada.

mesador. s. m. Gancho en forma de arpón que serve para cortar a herba (Allande).

mesamanteles. s. m. Lenzo con que se cobre a mesa para comer (San Martín de Ozcos).

mesana. s. f. Mastro máis próximo a popa nunha embarcación de vela de tres paus.

mesanteles* → mesamanteles.

mesar. v. Quitar a herba seca dun lugar onde está amontoada (Os Ozcos, Allande). **2.** Cortar a herba en cachos coas mans ou co *mesador* (Allande).

mesclar* → mesturar.

mesía. s. f. Diminutivo de mesa. // **Mesía de noite.** Pequena mesa que se pon ao lado dunha cama.

mesilla. s. f. Vagoneta plana que se utilizaba de xeito manual antigamente para levar materiais que se descargaban das lanchas nos peiraos (Abres).
Obs. Trátase dun castelanismo.

mesmamente. adv. Case exactamente; mesmo. **2.** Certamente. **3.** Case.

mesmo, -a. adx. e pron. indef. Igual. **2.** Parecido. **3.** adv. Case exactamente. **4.** adv. Tamén. // **Coa mesma.** Indica remate dunha conversa ou acto.

meso. s. m. Banqueta de tres pés, sen respaldo.

mesoa. s. f. Mesa grande (Ibias).

mesoirada. s. f. Contido dun *mesoiro*.

mesoiro. V. masoiro 2ª acep.

mesón. s. m. Casa de hospedaxe, pousada. **2.** Establecemento que serve comidas.

mester. s. m. Necesidade, falta. **2.** Traballo, ocupación.

mestizo, -a. adx. Cheo, espeso.

mesto, -a. adx. Espeso, denso, moi xunto. **2.** Sucio, aplicado normalmente á muller. **3.** Abundante. **4.** V. testo 6ª acep. **5.** Cheo de malas herbas (Allande).

mestranzo. s. m. Conxunto de restos de algo, como dun animal morto.

mestre, -a. s. m. e f. Persoa que aprende aos nenos ou rapaces leccións, a escribir, ler etc. Despois da guerra civil, no Eo-Navia era frecuente que fosen galegos.

mestro, -a. V. mestre.

mestura. s. f. Masa de trigo, centeo e millo que se xunta para facer pan. **2.** Unión de dúas ou varias cousas.

mesturado, -a. adx. Xunto, unido.

mesturanza. V. mestura 2ª acep. (Villaión).

mesturar. v. Xuntar ou unir cousas diferentes. **2.** Xuntar a masa de fariña de trigo coa de millo, para ter un pan de mellor calidade. Normalmente xuntábase unha fanega de millo (56 quilogramos) e unha medida de centeo (7 quilogramos). Tamén pode ser trigo con centeo, trigo

con cebada, millo con centeo etc.; amesturar.

metá. s. f. (pl. metades, metás). Cada unha das dúas partes iguais en que se divide un todo. **2.** Dobre. // **A *metá* das veces.** Moitas veces. // **A *metá* de ellos.** Figuradamente, a maioría deles (El Franco). // **A *metá* del (do) tempo.** Case sempre. // **A *metá* máis.** O dobre. // **A *metá* menos.** A metade.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

metal. s. m. Nome xenérico de gran número de substancias sólidas que son boas condutoras da calor e da electricidade e que presentan unha color brillante. // **Metal branco.** Alpaca. // **Metal marelo.** Latón.

metálico. s. m. Somier da cama.

metate. s. m. Pedra sobre a que se moía o chocolate (Grandas de Salime).

metementodo. adx. Aplícase á persoa que se mete en asuntos alleos.

meter. v. Introducir algo ou a alguén nun sitio. **2.** Poñer. **3.** Mover o temón dunha embarcación. **4.** Enganar (*Meteucha!*). **5.** prnl. Molestar. (*Meteuse con el*). **6.** prnl. Ocultarse o sol. // **Meter *mao.*** Tocar o órgano xenital doutra persoa. // **Meter medo.** Impresionar (*Mete medo el medo que mete*). **2.** Agradar (*Mete medo lo que se agradecía aquella visita*), (El Franco). // **Meterse el mar.** Comezar unha tempestade no mar. // ***Tar* metido en algo.** Traballar, ter interese en algo.

metesentodo. V. metementodo.

metido, -a. adx. Introducido algo ou alguén nun sitio. **2.** Posto. // **Metido en *augua.*** Que chove moito (Allande). // **Metido en si.** Convencido.

metomentodo. V. metementodo.

metón. s. m. (pl. metois). Pau horizontal dun andamio que se introduce no machinal da parede.

metralla. s. f. Conxunto de cachos pequenos de ferro, cravos etc., con que se cargan certas armas. **2.** Conxunto de cousas inútiles.

metro. s. m. Instrumento utilizado en varios oficios como os serradores composto por unha peza de madeira ou metal que mide un metro. **2.** Unidade fundamental das medias actuais de lonxitude, base do sistema métrico decimal.

meu. adx. e pron. Posesivo de primeira persoa, que determina a propiedade e pertenza de algo á persoa que fala; meo. // **De meu.** Propio (*Porque é a de meu*). // **El (o, *lo*) meu.** Da miña propiedade. // **Meu (meo) dito meu (meo) feito.** Dito e feito. // **Os meus.** A miña familia.
Obs. Os adxectivos posesivos levan artigo diante, quitado cando acompañan a nomes de parentesco que poden levalo ou non (*Meu padre*, *A casa de meus irmaos*).

meu! interx. Úsase nas lonxas cando o ofertante acepta o prezo da mercancía que se poxa (Tapia de Casarego).

mexacán. s. m. (pl. mexacais). Planta herbácea, baixa, con raíces fondas que nace nos prados e nas beiras das leiras e que se utiliza como alimento para o gando. Ten as follas lobuladas e cando se parte ten un zume semellante ao leite. É característica e inconfundible a súa flor de color amarela viva que se converte máis tarde nunha esfera branca plumosa que usan os nenos para xogar soprando (*Taraxacum officinale*); tarrelo. **2.** Inflamación na planta do pé, que se cre orixinada por pisar o mexo dun can. **3.** (pl. mexacais). Crustáceo decápodo, de corpo curto e pequeno tamaño, coa parte externa dura e plana e patas moi peludas cun par de pinzas. A súa coloración é parda ou moura (*Eriphia verrucosa*), (Castropol, Tapia de Casarego). **4.** De pouco valor. **5.** Cacho de herba nunha bosta que non comen as vacas (Castropol). **6.** V. Perexil de can (Allande).

mexada. s. f. Acción ou resultado de mexar.

mexadeira. s. f. Porción de líquido que sae con forza por un cano (Villaión). **2.** V. seimeira 1ª acep. (Castropol). **3.** Órgano xenital feminino (Abres, Castropol); cona. **4.** Órgano xenital masculino (Abres).

mexadeiro. s. m. Furado da vexiga por onde sae o mexo. **2.** Órgano xenital masculino. **3.** Órgano xenital feminino (*O amor verdadeiro entra polo mexadeiro*).

mexado, -a. adx. O que se mexou. **2.** O que xa mexou (*Hai que ir mexado da casa*).

mexadoira. V. seimeira 1ª acep. (El Franco).

mexadura. s. f. Acción ou efecto de mexar; mexada.

mexagutíos. s. m. e adx. Home covarde, falto de ánimo.

mexamedallas. adx. Beato, aplícase á persoa cunha estrita devoción relixiosa. **2.** Dise da persoa con pouco espírito.

mexamolle. adx. Dise da persoa parada, con pouco espírito, tímido (Coaña).

mexamorna. adx. e s. Persoa hipócrita. **2.** Dise da persoa sen inciativa.

mexanacama. adx. Covarde.

mexaqueira. V. mexacán 5ª acep. (Castropol).

mexar. v. Botar do corpo, por medio dos condutos urinarios o mexo. **2.** prnl. Saírlle a un involuntariamente o mexo. // ***Condo*** **mexen as *galías*.** Nunca (Tapia de Casarego). // ***Esto*** **é *pra*** **mexar i *nun*** **botar gota.** Expresa sorpresa diante de algo que se ve, escoita etc. // **Mexan por un i hai que dicir que chove.** V. Hai que vellas vir, deixallas pasar i, se mexan por un, dicir que chove (Boal). // **Mexar a alguén nos ollos.** Atraer, conquistar. // **Mexar *augua*** **bendita.** Ser un beato. // **Mexar de pé.** Expresión que se usa cando unha muller non é feminina. // ***Mexarse*** **de risa.** Rir moito. // **Mexar fóra da pota.** Referirse a cousas que non veñen a conto. // **Mexar fóra del caldeiro.** Dicir cousas pouco axeitadas. // **Mexar fóra del ouriñal.** Dicir cousas pouco axeitadas. **2.** Actuar a destempo. // ***Nun*** **mexar al *dereto*.** Estar sempre en desacordo (Boal). // ***Nun*** **mexar nun sitio.** Non ser ben recibido nun lugar. // ***Pra*** **mexar e *nun*** **botar gota.** Dito que se emprega cando algo causa sorpresa, estupefacción, incredulidade etc. // **Ter cara de mexar na cama.** Estar pálido ou enfermizo. // **Todos mexan á parede.** Todos os homes son iguais. // ***Vei*** **mirar si mexaron as pitas.** Expresión de desagrado ou rexeitamento.

mexe. V. mexo (Abres, A Veiga).

mexillón. s. m. Molusco bivalvo, da familia dos mitílidos, con valva de color escura, entre pardo e azul negro, aguzadas por un extremo e redondeadas polo outro, cun dos bordos recto e o outro curvo. A parte interna é dun azul intenso e o seu tamaño pode chegar aos oito centímetros. É moi apreciada a súa carne (*Mytilus edulis*, *Mytilus galloprovincialis*).

mexo. s. m. Excremento líquido segregado polos riles que se bota do corpo polos condutos urinarios. // **Como mexo.** Dise da auga ou outro líquido que están quentes. // **Cortar el mexo a alguén.** Asustar.

mexón, -a, -úa. adx. Aplícase á persoa, normalmente neno, que mexa moito ou moitas veces ao día. **2.** s. f. Nena (*Xa naceu uha mexúa*), (Coaña, Navia). **3.** s. m. e f. (f. mexúa). V. ortiga de mar (Tapia de Casarego). **4.** adx. Dise da persoa que ten medo. **5.** s. f. Abadexo novo (Tapia de Casarego). **6.** Abadexo pequeno (Tapia de Casarego).

mezclar* → mesturar.

mezcra* → mestura.

mezcrar* → mesturar.

mezcrilla* → mestura.

mezcrillo* → mestura.

mezquín, -a. adx. Avaro.

mezquindá. s. f. Falta de xenerosidade.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

mi* → me.

mía. adx. e pron. posesivo feminino de meu. // **Das *mías*.** Do que fago normalmente. // **Poñerse en vida *mía*.** Independizarse, marchar da casa familiar.

miadura. s. f. Acción e efecto de miar.

miagadura. V. miadura (Navia).

miagar. V. miar (Eilao, Boal, Navia, Allande); minar, miar.

miagón, -úa. adx. Dise do gato que berra moito.

miaguido. s. m. Berro do gato (Eilao, Navia).

mialma. adx. Aplícase á muller que fala e se queixa.

mialma! interx. Expresa sorpresa, admiración, incredulidade etc., significando por certo. **2.** Reforza unha afirmación, negación etc. **3.** Xuramento.

miálmaras! interx. Expresa sorpresa.

miánecas!* → miánicas!

miango. V. bixato 1ª acep. (Taramundi).

miánicas! interx. Certamente. **2.** Expresa sorpresa, incredulidade, admiración, alegría etc. **3.** Palabra que se emprega como fórmula de xuramento. **4.** Por certo.

miar. v. Berrar o gato: miagar, minar. **2.** s. m. Berrido do gato. **3.** Figuradamente, berrar unha persoa en voz baixa.

miato. s. m. Cacho de roupa, farrapo (Os Ozcos). // **Cortar ben os miatos.** Criticar (Os Ozcos).

miau! interx. Expresa sorpresa, admiración.

miaxa. s. f. Porción pequena dunha cousa (Castropol).
Obs. Trátase dun castelanismo.

miaxón. s. m. Parte branda do pan.
Obs. Trátase dun castelanismo.

micar. v. Coller unha pequena parte dun todo (As Figueiras). **2.** V. mecar.

mícara, mícara! V. mícaro, mícaro!

micarín, micarín! V. mícaro, mícaro!

mícaro, mícaro! interx. Voz que se usa para chamar o gato.

micho. s. m. Trapo que poñían os segadores nas mans para non cortar os dedos cando ataban os colmos cunha baraza (Vilanova de Ozcos).

mico, -a. s. m. Cariño, agarimo. **2.** adx. Dise do neno repugnante para comer. **3.** adx. Dise da persoa moi escrupulosa para comer. **4.** Neno moi pequeno. // **Ter *muito*** **mico.** Gustar moito o trato cariñoso.

micoso, -a. adx. Que ten unha actitude caprichosa.
midida* → medida.
midir* → medir.
midudía* → mediodía.
miga. s. f. Parte branda do pan. **2.** adx. indef. Nada (*Nun lle fía miga de gracia*). **3.** Ninguén (*Nun había miga de xente*). // **Miga de mal.** Nada mal (*Nun lle fía miga de mal*). // **Nin miga.** Nada.
migalla. s. f. Madeixa grande de algodón, estopa, liño ou la. **2.** Cacho pequeno que se desprende do pan; faragulla. **3.** Resto, sobra, desperdicio. **4.** Porción pequena dunha cousa.
migallón. s. m. Faragulla.
migaxa. V. migalla 2ª e 3ª acep.
Obs. Trátase dun castelanismo.
migaxón. s. m. Faragulla.
Obs. Trátase dun castelanismo.
miguelín. V. figo miguelín.
mil. adx. Dez veces cento.
milagre. s. m. Feito ou acontecemento sobrenatural. **2.** Acontecemento atribuído á intervención divina. **3.** Acontecemento marabilloso ou excepcional. **4.** Cantidade grande dunha cousa. // **Facer (*fer*) milagres.** Lograr algo con escasos medios. **2.** Asombrarse.
milagreiro, -a. adx. Que cre en milagres. **2.** Que fai milagres.
milagro. V. milagre. // **Cambiar un *milagro*.** Cambiar moito (El Franco).
milagroso, -a. adx. Marabilloso, excepcional.
milandro* → melandro.
milango. V. bixato 1ª acep. (Serandías). **2.** V. bixato 2ª acep. (Tapia de Casarego).
mile. s. m. Antigo servizo militar obrigatorio.
milenta. indef. Mil ou máis de mil, moito (Navia); millenta.
mili. V. mile.
milicía* → medicina.
milindro* → melindro.
milindroso*, -a → melindroso.
militar. adx. e s. m. Relativo ao exercicio da milicia ou a guerra. **2.** Persoa que traballa no exército.
milixo, -a. V. mixirico 2ª acep.
milla. s. f. Pequena porción dunha cousa. **2.** Conxunto de ovos dun peixe; míllara. **3.** Bolsa que contén os pequenos ovos dun peixe; bragada. **4.** Medida de lonxitude usada polos mariñeiros que equivale a 1.852 metros. **5.** pl. Conxunto de ovos dunha centola femia.
millaca. s. f. Planta gramínea, de canas dun a cinco metros de alto, follas planas e flores normalmente tirando a violeta. Florece de xullo a setembro e medra entre os cultivos de millo e patacas para os que é nociva (*Phragmites communis*).
millado. V. millarado (Tapia de Casarego, El Franco).
millán. s. m. Planta anual da familia das gramíneas, de talo pouco forte, con follas anchas e planas e con espigas violáceas. Medra nos camiños, areas pouco húmidas e cultivos, preferentemente sobre substrato silíceo (*Digitaria sanguinalis*).
millar. s. m. Conxunto de mil unidades.
míllara. s. f. Conxunto de ovos dun peixe (As Figueiras). **2.** pl. Conxunto de ovos dunha centola femia (As Figueiras).
millarado. adx. Dise do crustáceo con ovas (As Figueiras).
milleiro, -a. adx. e s. Alcume popular que lles dan os de Boal e Armal aos habitantes de Miñagón (Boal) por sementar millo. **2.** Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Serandías (Boal). **3.** Alcume popular que lles dan os habitantes de Boal aos de Villaión.
millenta. indef. Miles, moitos; milenta.
millo. s. m. Planta herbácea, anual, da familia das gramíneas, de talo erecto e groso, de altura variable entre 0,60 a tres metros, con raíces profundas e abundantes. As follas son lanceoladas, con nervio central moi manifesto, con tamaño e color dependendo da variedade e as condicións ambientais. As flores son unisexuais, estando as femininas agrupadas nunha espiga envolta nunha especie de vaíña da que saen unha especie de pelos e os grans son amarelos ou vermellos. É un dos cereais máis cultivados polo seu aprecio como alimento humano e para o gando, procedendo de América e sendo o Eo-Navia (Tapia de Casarego) un dos primeiros focos de cultivo na Península Ibérica (*Zea mais*), (Taramundi, Boal, A Veiga, Eilao, Castropol, Villaión). **2.** Planta herbácea, anual, da familia das gramíneas, forte, de sesenta centímetros a un metro e cincuenta centímetros de altura, con talos erectos, follas planas con pelo e espigas delgadas con dúas flores (*Panicum miliaceum*). **3.** V. miño (Tapia de Casarego).
millón. s. m. (pl. millois). Mil veces mil.
millor* → mellor.
millora* → mellora.
millorada* → mellorada.
millorado* → mellorado.
millorar* → mellorar.
milloría* → melloría.
milopea* → melopea.

mimado, -a. adx. Consentido.
mimar. v. Expresar afecto con agarimos, caricias.
mimo. s. m. Agarimo, caricia.
mimosa. s. f. Nome común de varias especies de árbores ou arbustos do xénero *Acacia*, da familia das mimosáceas, de pouca altura, con follas pequenas e flores esféricas de color amarela e olor intenso. Son orixinarias de Australia e das illas de Oceanía. Entre elas, no Eo-Navia, temos a *Acacia dealbata* e a *Acacia melanoxylon*. // **Mimosa branca.** Árbore da familia das mimosáceas, perennifolia, recta, con copa densa, que pode acadar os dez ou quince metros de altura, con casca gris escura, ramas horizontais, follas verdes escuras e flores amarelas (*Acacia melanoxylon*). // **Mimosa marela.** Árbore da familia das mimosáceas, que pode ter once ou doce metros de altura, con copa ancha e tronco de casca lisa, gris parda. As follas son prateadas e as flores de color amarela brillante (*Acacia dealbata*).
mimoseira. V. mimosa.
mimoso, -a. adx. e s. Persoa á que lle gusta o trato cariñoso.
min. Pronome persoal tónico de primeira persoa, forma oblicua (*A min non me avisou*, *Por min non esperes*, *Tá falando de min*, *Pra min é baxo*).
mina. s. f. Instalación baixo terra con galerías para quitar minerais ou metais. **2.** Negocio que produce riqueza.
minar[1]. v. Facer galerías subterráneas as toupas.
minar[2]. v. Berrar o gato, emitir a súa voz (Santalla de Ozcos); miar, miagar.
mincha. V. bígaro (*Monodonta lineata*), (Ortigueira).
mineiría. s. f. Actividade consistente en explotar unha mina.
mineiro, -a. adx. e s. m. e f. O que traballa nunha mina.
minero* → mineiro.
minga. s. f. Órgano xenital masculino. // **Minga del gato.** No xogo da lotería, o número un.
mingoleiro. s. m. Órgano xenital masculino dun home ou dun animal macho (A Veiga).
minguante. s. m. Cuarta fase do período lunar.
minguar. v. Diminuír algo no seu tamaño.
minía. s. f. Pupila do ollo (Vilanova de Ozcos, San Martín de Ozcos).
minín. s. m. Quinto dedo da man (Allande); miñiquín.
minio. s. m. Óxido de chumbo, de color encarnada, que se emprega, entre outras cousas, para a preparación de esmaltes e vernices.
ministro. s. m. Membro do goberno dun país que normalmente dirixe un ministerio.
minoca. V. mioca.
minoqueiro, -a. adx. Dise do neno repugnante para comer.
mintir* → mentir.
mintira* → mentira.
mintiroso* → mentiroso.
minudanza. V. miudanza (San Martín de Ozcos).
minuto. s. m. A sesaxésima parte dunha hora. **2.** Pequeno espazo de tempo (*Tou nun minuto*).
miña. adx. e pron. posesivo feminino de meu (Taramundi, Santiso de Abres, Abres). // **Das miñas.** Do que fago normalmente.
miñazola. V. molexa[1].
miñiquín. s. m. Quinto dedo da man (Santalla de Ozcos, Castropol); minín.
miño. s. m. Rede de pesca, semellante ao trasmallo, de tres panos, usada para pescar *centolos*, outros crustáceos e certos peixes (As Figueiras, El Franco, Ortigueira, Navia).
miñoca. V. mioca. **2.** Órgano xenital masculino.
miñuelo. V. muñuelo.
mioca. s. f. Nome común de calquera oligoqueto terrícola, en especial os da familia dos lumbrícidos, con corpo cilíndrico, segmentado, de varias colores, tirando a vermello pálido, rosado ou mesmo pardo. Alcanzan unha lonxitude de poucos centímetros e viven en lugares húmidos que teñan materia orgánica meténdose na terra con considerable rapidez. Entre eles o máis común é a *Lumbricus terrestris* (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos, Taramundi, Santiso de Abres, A Veiga).
mioco. s. m. Trato cariñoso; bioco.
miol. V. miolo 2ª acep.
miola. s. f. Tecido orgánico no interior dalgúns ósos do corpo; meolla, miollo, miolla, miolo. **2.** Medula do bieiteiro (As Figueiras, Santalla de Ozcos); molo. **3.** Masa encefálica. **4.** Medula espiñal do cocho. **5.** Parte branda interior dunha planta ou unha árbore.
mioleira. s. f. Parte máis alta da cabeza. **2.** Por extensión, cabeza. **3.** Óso da cabeza (Castropol). **4.** V. fontanela. **4.** V. miola 1ª e 5ª acep.

miolla. V. miola 1ª, 2ª e 3ª acep. **2.** V. miolo 1ª, 2ª e 3ª acep.
miolleira. V. mioleira 1ª acep.
miollo. V. miolo 1ª, 2ª e 3ª acep. **2.** V. miola 1ª acep.
miolo. s. m. Parte interior dunha fogaza de pan; miolla, miollo, molo. **2.** Peza de madeira da roda do carro do país, onde encaixa o eixe; miolla, miollo, molo. **3.** A parte máis esencial de algo (*El miolo del asunto*); miolla, miollo. **4.** V. miola 1ª acep. **5.** Parte interior dunha rama (San Martín de Ozcos). **6.** Peza central da roda dun rodicio.
mirado, -a. adx. Que se mira. **2.** s. f. Acción de mirar. **3.** adx. Dise do neno mimado. 4. Susceptible, puntilloso (*A xente é mui mirada*), (Taramundi). // **Ser *mui* mirado.** Non aceptar calquera cousa, ser susceptible (Boal).
miramento. s. m. Consideración, respecto.
mirandés, -a. adx. e s. m. e f. Natural da comarca de Miranda (A Pontenova, Riotorto e parte de Trabada). Ás veces tamén inclúe aos naturais dos concellos de Taramundi e Santiso de Abres. **2.** Pertencente ou relativo á comarca de Miranda.
mirar. v. Fixar a vista en algo ou alguén. **2.** Observar. **3.** Estar situado. (*A casa mira al río*). **4.** s. m. Mirada. // ***Conto más* se mira, menos se ve.** Refrán que recrimina cando non se quere ver a realidade. // ***Nun* mirar nin *roso* nin *veloso*.** Non reparar en nada (Tapia de Casarego). // **Tanto mirar, tanto tentar, i mira a *unde viche* dar.** Refrán que recrimina a unha persoa que sexa delicada con certas cousas.
mirloto. V. xuelo 2ª acep. (El Franco).
mirmilo, -a. adx. Dise da persoa moi delgada (Tapia de Casarego).
miroca. V. mioca (Grandas de Salime).
mirón, -úa. adx. (pl. mirois). Dise da persoa que lle gusta mirar.
miruca. V. mioca (Allande, Navia).
mirunflí. adx. Dise da persoa delicada (Boal).
miruxa. V. meruxa 1ª acep. (San Martín de Ozcos, Tapia de Casarego).
mis, mis! interx. Voz que se emprega para chamar os gatos.
misa. s. f. Acto litúrxico no que se expresa o sacrificio do corpo e sangue de Xesucristo, baixo as especies do pan e viño e que preside un relixioso. // **Á misa e ao *molín*, de cada casa o máis ruín.** V. Aos enterros i al molín, sempre vai (de cada casa) el máis ruín; V. enterro (Taramundi). // **Por oír (*ouguir*) misa i dar cebada, nunca se perdeu xornada.** Refrán que expresa moralidade. // **Nunca (*Nun*) se pode *tar* en misa i repicando.** Refrán que alude a que non se poden facer dúas cousas moi diferentes ao mesmo tempo con certa perfección, por ser incompatibles a maioría das veces.
misar. v. Dar unha misa.
miserable. adx. Agarrado, avaro.
mísere. adx. Miserable, desgraciado. **2.** Agarrado, avaro. **3.** Pobre.
miseré. adx. Tipo de cólico, cun cadro clínico moi grave, caracterizado por unha oclusión intestinal aguda de longa duración. O síntoma máis característico é a aparición de vómitos fecaloideos.
miserere. V. miseré. **2.** Apendicite.
miseria. s. f. Pobreza. // **A miseria vense de *sou*.** Non serve ser miserable (Boal).
mísero, -a. adx. V. mísere. **2.** Dise da terra que lle falta fertilizante.
misín, misín! interx. Voz que se emprega para chamar os gatos.
misión. s. f. (pl. misiois). Traballo que se encarga a alguén para que o cumpra. // **Misiois.** Conxunto de sermóns que predicaban os misioneiros nas parroquias en determinadas épocas do ano. **2.** Lugar onde predican os misioneiros.
mismamente. adv. Precisamente.
mismo, -a. V. mesmo. // ***Lo mismo* dá *morir* de rabia que del *tarazón*.** Refrán que alude á que despois de morrer xa dá igual cal fose a causa (Boal).
míspero* → niso.
miste, miste! interx. Voz que se emprega para asustar os gatos.
místico, -a. adx. Dise da persoa con aspecto bondadoso pero de carácter falso. **2.** Aplícase á persoa impertinente, que non lle vale nada do que lle fagas. **3.** s. f. Tipo de vela trapezoidal, non latina, propia do bote autóctono eonaviego.
misto. s. m. Pequena vara moi pequena de madeira con cabeza infamable que serve para prender lume. // **El que *nun* aforra un misto, *nun* aforra un cristo.** Refrán que recrimina a aqueles que non aforran nunca.
mistura* → mestura.
misturar* → mesturar.
mitá* → metá.
mitón. s. m. (pl. mitois). Especie de luva de punto, que só cobre desde o pulso até a metade do polgar e o nacemento do resto dos dedos. **2.** Por extensión, luva.
miudanza. s. f. Cousa ou conxunto de cousas de pouca importancia. **2.** Cousa pequena e de baixa calidade.

miúdo, -a. adx. Pequeno, delgado. **2.** Diñeiro solto. **3.** Dise do gando caprino e ovino. **4.** s. f. Cría do piollo (Grandas de Salime). **5.** s. m. pl. Porcións pequenas de carne quitadas de pelar ósos. **6.** s. m. pl. Partes pequenas das vísceras dun animal. // **A miúdo.** Con frecuencia. // **Palla miúda.** A máis pequena, a que se mete polo centro do palleiro (Vilanova de Ozcos).

miúrda! V. merda! (Castropol).
Obs. Trátase dun castelanismo.

mixar* → mexar.

mixigón. V. mexillón (As Figueiras, Tapia de Casarego).

mixiricas. V. mixirico (Navia).

mixirico, -a. adx. Insignificante (Coaña). **2.** Dise do neno moi delgado.

mixiriqueiro, -a. adx. Dise da persoa que se queixa por todo. **2.** V. mixirico 2ª acep.

mixto* → misto.

mizco. s. m. Parte mínima de algo (*Quedou un mizco por sachar*).

mo. Contracción das formas oblicuas do pronome persoal *me* da primeira persoa e o da terceira.

moa. s. f. Roda de *arenisca* que xira sobre un eixe de ferro apoiado polas puntas nunha armazón de madeira. Ten debaixo un recipiente que a molla constantemente; mola[1] 2ª acep. **2.** Por extensión, caseto onde está instalada a moa. **3.** V. mola[1] 3ª acep. (Os Coutos, Abres). **4.** V. mola[1] 1ª acep. (Abres). // **Moa de afiar (*afilar*).** V. moa 1ª acep. // **Moa de *mao*.** V. pedra de afiar. // **Moa de rego.** Moa de afiar que aproveita a enerxía hidráulica para o seu funcionamento. // **Moa de regueiro.** V. moa de rego.

mobilidá. s. f. Facilidade de movementos.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

moblar. V. amoblar (Tapia de Casarego).

moble. s. m. Obxecto ou obra, normalmente de carpintería, que ten diversos usos.

moca[1]. s. f. Mango do mallo. **2.** Pau cun avultamento no extremo e que se usa como caxato. **3.** Parte máis ancha dun mango dun martelo de ferrar; mazaroca 3ª acep. **4.** Cordón de fío que leva no medio unha candea (Santalla de Ozcos). // ***Nun* ser moca de.** Non ser pouco (*Nun foi moca de candil*).
Obs. Trátase dun castelanismo.

moca[2] (de). loc. De balde (Taramundi, San Martín de Ozcos).

mocada. s. f. Golpe dado coa man na cara. **2**. Conxunto de mocos.

mocallada. s. f. Gran cantidade de mocos. **2.** Catarreira forte. **3.** Baba do intestino do cocho.

mocallón. V. baballón 4ª acep. (El Franco).

mócaro, mócaro! V. múcaro, múcaro!

mocarrada. V. mocallada 1ª e 2ª acep.

mocarte. V. bocarte (As Figueiras, Navia).

mocedá. s. f. Conxunto de mozos, de xente nova. **2.** Período da vida en que se é mozo; xuventude.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

mocego, -a. adx. Muller ou home que lle gusta moito o sexo oposto. **2.** Muller que quere relacionarse con mozos. **3.** Muller que lle gusta cambiar de mozo.

moceiro, -a. V. mocego 1ª e 3 ª acep.

mocer. v. Extraer leite dos ubres de certos animais como vacas, ovellas ou cabras: moncer, mecer, catar, muxir. // ***Mocer lin*.** Quitar liño da rocada.

mocete, -a. s. m. e f. Mozo.

mocetón, -úa, -oa. s. m. e f. Mozo. **2.** V. mozón.

mocexo, -a. s. m. e f. Mozo.

mocheta. s. f. Rebaixe nos marcos de portas e ventás (Allande).

mochica. V. muchica.

mochicar. V. muchicar 1ª e 3ª acep.

mochiquedo. s. m. Pequeno movemento involuntario dos músculos, tic.

mocho, -a. adx. Dise do animal sen cornos, como unha cabra, un carneiro ou unha vaca. **2.** Aplícase á árbore que se lle corta a parte de enriba. **3.** Pelado. **4.** Dise da navalla sen punta. **5.** Dise de algo que lle quitaron a punta.

mochuada. s. f. Enchente, chea (Boal).

mocida. s. f. Acción de *mocer*. **2.** adx. Dise da vaca que lle quitaron o leite.

mocín, -ía, -iña. s. m. e f. Rapaz.

moco. s. m. Líquido viscoso que segregan os fociños. **2.** Parte queimada do cordón dunha candea (Santalla de Ozcos). **3.** Parte derretida das candeas que vai caendo por elas (Allande). **4.** Parte carbonizada da mecha dun candil.

mocoso, -a. adx. Que ten mocos. **2.** s. m. Neno, normalmente atrevido. **3.** s. m. Rapaz pouco experimentado.

mocuada. s. f. Gran cantidade de mocos no nariz. **2.** Golpe que se dá no nariz.

moda. s. f. Estilo ou xeito determinado de vivir, espresarse, vestir etc. **2.** Estilo particular de vestimenta, calzado etc. // **Nun hai moda como a vella.** Expresión que se usa para criticar algo moderno que funciona mal. // **Sendo moda, *asta* un corno.** Refrán que alude ás persoas que se poñen calquera cousa, aínda que lles quede mal, por seguir unha moda.

moderar. v. Ir unha embarcación sen motor ou máquina cun temporal en popa (Tapia de Casarego).

modista. s. f. Persoa que confecciona vestidos.

modo. s. m. Xeito ou maneira de ser, facer ou estar.

modorna. V. modorra (Taramundi).

modorra. s. f. Túmulo (Os Ozcos).

moedeiro. s. m. Bolsa de diferentes tamaños e materiais que serve para gardar os cuartos.

moenda. V. molenda.

moer. V. moler 1ª acep. (Santiso de Abres).

mofar. v. No banzado dun mazo, poñer mofo nas xuntas e furados dos banzos, para que non escapase a auga. **2.** prnl. Encherse de mofo algo. **3.** prnl. Facer burla de alguén.

mofear. V. mofar 1ª acep.

mofento, -a. adx. Con mofo (Villaión).

mofo. s. m. Nome xenérico de varias plantas criptógamas, herbáceas que medran en lugares húmidos e escuros. **2.** Balor. **3.** Limo das penas que están xunto ao mar. **4.** Lique, que vive sobre o carballo, as penas etc. (Os Ozcos). **5.** Alga verde da orde das ulvais, de talo aplanado en forma de lámina alongada, ramificada desde a base (*Enteromorpha compressa*). // **Mofo de (del) carballo.** Planta hemiparasita da familia das lorantáceas, de talo leñoso e curto, con ramas de até un metro de altura, cilíndricas e con nós; follas grosas, coriáceas, de color verde amarela, lanceoladas e elípticas; flores amarelas e froito de color branca rosada (*Viscum album*), (San Martín de Ozcos). // **Pedra *movedía*, nunca mofo cría.** Refrán que indica que nas pedras que se moven moito non medra o mofo. // **Pedra movediza, *nun* cría mofo.** V. Pedra movedía, nunca mofo cría.

mofoso. V. busgoso (Ibias).

mógaro. s. m. Nome xenérico que se dá a varias especies de peixes (*Blennius sp.* e *Gobius sp.*). As primeiras están caracterizadas por non ter escamas, producindo abundante mucosidade protectora e atopándose nas pozas que se forman cando baixa a marea ou entre as penas da costa. Poden superar os quince centímetros de lonxitude, pero normalmente son de menor tamaño. Un dos máis frecuentes é o *Blennius pholis*. As segundas, teñen unha robusta cola e presentan fortes escamas no seu corpo. Entre eles temos o *Gobius niger*, o *Pomatoschistus minutus* e o *Gobiusculus flavenscens* (Castropol, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira). **2.** Voz de alerta usada polos pescadores (*Hai mógaros na costa!*). // ***Mógaro baballón*.** Peixe osteíctio, da familia dos blénidos, duns dezanove centímetros de lonxitude, con perfil cefálico oblicuo, fociño romo, tentáculos en forma de man, aletas dorsal e anal moi longas e aletas ventrais cun raio espiñoso. A súa coloración é parda, verdeal ou amarela, con manchas irregulares escuras (*Blennius sanguinolentus*), (As Figueiras, Tapia de Casarego). **2.** V. mona 1ª acep. **3.** Peixe osteíctio perciforme da familia dos blénidos, que pode acadar os dezasete centímetros de lonxitude, co corpo forte e a cabeza provista de tentáculos. A súa aleta dorsal ten dúas partes: a anterior espiñenta e a posterior branda, e nela ten unha mancha grande negro azulada bordeada de branco. O dorso e os lados son vermellos pálidos ou verde agrisados con anchas bandas transversais pardas (*Blennius ocellaris*), (As Figueiras, Tapia de Casarego). **4.** Peixe osteíctio, da familia dos blénidos, que pode acadar os quince centímetros de lonxitude, co corpo alongado, ollos saltóns, aleta dorsal longa e cola redondeada. A súa coloración é variable, pero normalmente verdeal con varias manchas polo corpo (*Blennius pholis*). // ***Mógaro* de escama.** Peixe gobiforme, duns quince a dezasete centímetros de lonxitude, con cabeza grande e os ollos situados na parte de arriba desta. Ten dúas aletas dorsais separadas. A súa color é escura normalmente, agrisada escura ou parda con manchas claras, especialmente nos flancos, e o ventre pálido, sendo característico desta especie unha mancha escura na parte superior anterior de cada aleta dorsal. Os machos son máis escuros que as femias e con tons azulados (*Gobius niger*), (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira). **2.** Peixe osteíctio perciforme da familia dos blénidos, que acada os quince centímetros de lonxitude, coa pel viscosa sen escamas e unha aleta dorsal case tan longa como o tronco. A súa coloración de fondo é gris rosácea a pardo agrisada (*Blennius tentacularis*). **3.** Peixe gobiforme, que pode acadar os quince centímetros de lonxitude, con cabeza grande e cola redondeada. A súa coloración é variable, podendo ser desde escura a amarela con manchas (*Gobius paganellus*). // ***Mógaro llamballón*.** V.

mona 1ª acep. (Ortigueira). **2.** V. mógaro baballón 1ª, 3ª e 4ª acep. (Ortigueira). // ***Mógaro mocallón*.** V. mona 1ª acep. (El Franco). **2.** V. mógaro baballón 1ª, 3ª e 4ª acep. (El Franco).

mogor. s. m. Sucidade da la, vestidos etc. (Ibias); bahor. **2.** Mofo (Ibias).

mogote. s. m. Cantidade de ferro, pedra, cemento etc., mesturada e informe.

moi. V. mui (Santiso de Abres).

moil. V. múxel.

moíl. V. múxel (Navia).

moín. s. m. (pl. moíños). V. molín (Taramundi, Os Coutos).

moiñada. s. f. Reunión de rapaces dos dous sexos para ir ao muíño; muiñada.

moiñeira. V. muiñeira (Santiso de Abres).

moíño. V. molín (Os Coutos, Taramundi).

moisés. s. m. Berce lixeiro, sen pés e con asas (Abres).

moito, -a. V. muito 1ª e 2ª acep.

mola[1]. s. f. Peza do muíño que consiste nunha gran roda de pedra que xira sobre outra que está fixa. Normalmente eran pedras traídas de Boal, Mondoñedo ou Cantabria (tamén chamadas francesas). **2.** Pedra de moer, repasar ou afiar (*mola de afilar*). **3.** Peza dental situada na parte posterior da mandíbula, detrás dos caninos. **4.** Dente que ten o polbo na boca (El Franco). // **Al que lle *dol* a *mola*, é el quen a ten que sacar.** Refrán que recomenda que ten que ser a propia persoa a que resolva os seus asuntos. // **Entre dúas *molas cordales*, non (*nun*) metas os *tous* polgares.** Refrán que indica que non se deben introducir os polgares entre as últimas moas da dentadura porque poden trabarte. // ***Mola* cordal.** A última moa da arcada dentaria. // ***Mola* de *baxo* (*abaxo*).** V. pé 7ª acep. // ***Mola* del *xuício*.** Cada unha das catro que saen, polo xeral en idade adulta, en cada extremo da dentadura. // ***Mola* de riba.** V. capa 1ª acep. // **Ser *más* (máis) tranquilo (tranquila) que a mola de *baxo*.** Ser moi tranquilo.

mola[2]. V. miola 3ª acep. (Santalla de Ozcos, Abres). **2.** V. miola 1ª acep. (Abres, Santiso de Abres). // **Ten pouca *mola*.** É torpe (Santalla de Ozcos).

molar[1]. adx. Brando, suave. // **Óso molar (*mollar*).** Cartilaxe (Abres, San Martín de Ozcos, Tapia de Casarego).

molar[2]. adx. Dise do muíño que ten un xogo de moas ou dous (San Martín de Ozcos).

molaría. s. f. Variedade de cereixa.

molde. s. m. Obxecto oco que serve para facer a copia doutro.

moldear. v. Facer algo cun molde.

mole. adx. Brando. **2.** Pausado, calmoso (Eilao). **3.** Suave (*Vén así un airín mole*), (Santalla de Ozcos).

moledo, -a. adx. Dise do terreo ou terra moi húmidos. **2.** s. f. Terra moi húmida.

moledón. s. m. Terreo cheo de auga por ter moita arxila.

moleira. V. mioleira 1ª, 2ª, 3ª e 4ª acep. **2.** s. f. pl. Papeiras.

molello, -a. adx. Manso, cariñoso, normalmente referido a animais. **2.** Folgazán.

molenda. s. f. Acción e efecto de moer. **2.** Cantidade de gran que se leva ao muíño para moer dunha soa vez. **3.** Cantidade de gran xa moído.

moler. v. Converter principalmente os cereais en fariña no muíño. **2.** Triturar algo para convertelo en máis fino (café, cacao etc.). **3.** Importunar. // ***Moler* a *palos*.** Pegar (Eilao).

molesta* → molestia.

molestar. v. Producir molestia.

molestia. s. f. Perturbación da saúde ou do estado de ánimo. **2.** Malestar.

molestón, -úa. adx. Dise da persoa que molesta.

moleta. s. f. Bastón (Allande). **2.** Variña curvada.

molete. s. m. Bolo de pan branco e esponxoso.

moletón. V. mantelo 2ª acep.

molexa[1]. s. f. Estómago muscular das aves, de paredes grosas onde esmagan os alimentos; buche das pedras, miñazola, morzola 2ª acep., munizola, moñezola, morizola, mourizola, murizola. Obs. Trátase dun castelanismo.

molexa[2]. adx. Covarde (Castropol).

molexa[3]. V. molida 1ª acep. (Castropol).

molexón. s. m. Primeira comida do día (Castropol).

molíada (ir de). loc. Cortexar (*Van de molíada*), (Boal).

molida. s. f. Trapo para limpar a cociña. **2.** Peza de coiro e tea que se pon na cabeza dos bois ou as vacas para que non rocen ou se manquen co xugo. **3.** Trapo que se leva na cabeza enrolado para levar cántaros ou outras cousas; corra 3ª acep., rodete 1ª acep., rodela 4ª acep. **4.** Animal sen espírito, como aquel que é demasiado cariñoso para ser un can ou un gato (Seares).

molido[1]. V. estrume.

molido[2], -a. adx. Dise da persoa cansada e dolorida. **2.** Aplícase á persoa sufrida, pasiva. **3.** Triturado. **4.** Dise da sardiña ou

doutras especies que perderon a súa frescura natural (As Figueiras).

molieiro, -a. V. muiñeiro 1ª acep. // **Cambiarás de *molieiro*, pero de *lladrón nun* cambias.** Refrán que expresa que se vai seguir na mesma situación aínda cambiando de persoa porque os muiñeiros tiñan fama de ladróns por roubaren nas maquías.

moligar. v. Moverse, remexerse (San Martín de Ozcos).

molín. s. m. (pl. molíos, molíns, moliños). Edificio onde está a máquina para moer o gran dun cereal para producir fariña, normalmente movido pola auga dun río ou regato. **2.** Máquina de moer propiamente dita. **3.** Máquina que serve para moer outras cousas. **4.** Aeroxerador. // ***Más* vale amo de *molín* que criado de convento.** Refrán que alude a que é preferible ser dono dunha cousa que criado ou subordinado noutra. // ***Molín acalendado*.** Muíño de carácter comunal onde os veciños repartíanse o uso do edificio polo sistema das *calendas*. // ***Molín* de (del) café.** Pequeno aparato composto por unha caixa de madeira e unha parte de metal que ten unha manivela para xirar e co movemento produce a trituración dos grans de café. // ***Molín* de *calenda*.** Muíño acalendado. // ***Molín* de chocolate.** Aparello para moer os grans de cacao, composto por unha pedra chá onde se poñen os grans para esmagalos cun *rodillo*. // ***Molín* de heredeiros.** Muíño compartido por varias casas. // ***Molín* de *mao*.** Pequeno muíño feito por dúas pezas de pedra que serve para moer o gran, sendo movido pola man, é un dos sistemas máis antigos. // ***Molín* de *maquila* (*maquileiro*).** Muíño que moía para os veciños a cambio dunha parte da moenda, a *maquila*. Tamén se coñecen como de *moliñeiro*, sendo de propiedade particular e situados á beira dunha casa. // ***Molín* de mar.** Edificio con máquina para moer que aproveita a forza da corrente das mareas do mar. Entre os que houbo, destacar o das Acías (nas Figueiras no concello de Castropol), dous en Abres (A Veiga) e referencias na toponimia en Las Acenias (Navia) e Folgueiras (Coaña). // ***Molín* de rego.** Muíño movido pola forza da auga. // ***Molín* de vento.** Muíño accionado polo vento, aínda que actualmente non temos constancia da existencia deste tipo de muíños no Eo-Navia, un exemplar foi trasladado ao concello de Navia desde A Pontenova (Lugo) entre os anos 1978 e 1980. **2.** Pequeno muíño movido polo vento, que serve para espantar os paxaros, de adorno, xoguete etc. // ***Molín* parado, *maquila* perde.** Refrán que alude a que sen traballar non se obtén diñeiro. // ***Molín* parado *nun gana maquila*.** V. Molín parado, maquila perde.

molineira. V. muiñeira.

molineiro, -a. V. muiñeiro 1ª acep.

molinete. s. m. Peza do muíño de madeira de carballo que xira solidaria ao varón con apoio na moxega e que fai vibrar á *canaleta* polo súa rozadura con esta. **2.** Peza da carraca que é un cilindro que acciona unha manivela para facela funcionar. **3.** Torno de madeira atravesado por dos paus para poder xiralo e así desenvolver e envolver a corda do caldeiro nun pozo. **4.** Cilindro cun veo manual que se utiliza para enrolar cables de certas artes de pesca de arrastre (As Figueiras).

molinín. s. m. Muíño pequeno.

moliñeira. V. muiñeira.

moliñeiro, -a. s. m. e adx. Relativo ao muíño. **2.** V. muiñeiro 1ª acep. // **Cambiarás de *moliñeiro*, *peró* non de ladrón.** Refrán que alude a que se vai estar na mesma situación aínda que se cambie de persoa (Castropol).

moliño. s. m. (pl. moliños). Denominación antiga do muíño en Vilanova de Ozcos e Taramundi e nalgunhas cantigas da Veiga e Castropol; molín.

molión. s. m. (pl. moliois). Muíño grande (Villaión).

mollabobos. s. m. Chuvia miúda (Allande).

molladeira. V. molladura.

molladeiro, -a. adx. Con moita auga (*É un prado mui molladeiro*), (El Franco).

molladín. adx. Diminutivo de mollado.

mollado, -a. adx. Húmido, impregnado de auga ou doutro líquido. **2.** Dise do prado con moita auga (El Franco). // ***Val más lo* mollado chovido que *lo* regado.** Refrán meteorolóxico relativo ás colleitas.

molladura. s. f. Acto e efecto de mollar ou mollarse.

mollar[1]. V. molar[1].

mollar[2]. v. Humedecer cun líquido. **2.** Facer o amor. **3.** Untar pan nunha salsa, leite etc., para probalos. **4.** prnl. Comprometerse. **5.** prnl. Nun xogo, arriscar. // **De molla i corre.** Referido á comida que sae mal (Tapia de Casarego).

molle[1]. V. mole 1ª acep. **2.** Aplícase á vaca que ten os pezuños brandos.

molle[2]. s. m. (pl. molles). Pinza para coller un cravo quente (Boal).

mollecada. s. f. Corpo brando e de mal aspecto.
molleda. V. moledo 2ª acep.
molledón. V. moledón.
molleira. V. mioleira 1ª e 2ª acep. (Navia, Coaña, Allande).
mollete. V. molete.
mollido* → mullido.
mollo (a). loc. Empapado en auga. **2.** Debaixo da chuvia. // ***Nun* poñerse de a mollo.** Non decatarse que se refiren a un con indirectas (*Nun te poñas xa de a mollo*).
mollo. s. m. Feixe de plantas de cereais, que se forman normalmente para a malla.
mollón. s. m. (pl. mollois). Pedra ou poste que serve para delimitar os lindeiros dunha propiedade; marco. **2.** Molladura.
molo. V. miolo 1ª e 2ª acep. **2.** V. miola 2ª acep. (Abres, Santalla de Ozcos). **3.** Parte interior do tronco dunha árbore.
molura. s. f. Brandura.
moma. s. f. Peixe escualiforme da familia dos cetorrínidos, que ten unha lonxitude máxima de quince metros. O seu corpo é alongado cun pedúnculo caudal deprimido, aberturas branquiais moi amplas, dentes pequenos e pel engurrada e grosa, de color gris azulada a parda negra (*Cetorhinus maximus*), (As Figueiras).
momentín. V. momento.
momentiño. V. momento (Os Coutos).
momento. s. m. Espazo de tempo mínimo. // **Al momento.** Ao instante.
momia. V. moma (As Figueiras).
momo. s. m. *Chopa* macho adulta (Tapia de Casarego).
mona. s. f. Peixe osteíctio, da familia dos blénidos, duns trinta centímetros de lonxitude, de corpo redondeado por diante e diminuído na cola. A súa cabeza é curta e grosa, con ollos prominentes que teñen un apéndice movible sobre cada un deles. Ten unha soa aleta dorsal que percorre todo o corpo e aletas peitorais ovais e grandes. A súa coloración é olivácea, agrisada ou algo tirando a vermello (*Blennius gattorugine*), (As Figueiras). **2.** Borracheira. **3.** Mareo. **4.** Catarreira.
monada. s. f. Xesto que pretende ser gracioso.
moncer. V. mocer (Ibias).
monda. s. f. Pela dos froitos.
mondar. v. Quitar as malas herbas dunha leira. **2.** Quitar a pela aos froitos.
mondeira. s. f. Acto de pedir explicacións rifando.
mondo, -a. adx. Pelado.
mondongada. s. f. Conxunto de embutidos que se fan co *mondongo*.
mondongar. V. esmondongar.
mondongo. s. m. Carne picada, amasada con allo, pemento e outras especias. **2.** V. mondongada. **3.** Órgano xenital feminino. **4.** Órgano xenital masculino.
mondongueiro, -a. s. m. e f. Persoa que vende *mondongo*. **2.** s. f. Muller que se dedica a facer o *mondongo* polas casas no tempo da matanza do cocho. **3.** s. m. e f. Persoa que fai ou axuda a facer o *mondongo*.
mondrego, -a. adx. Malo, descarado.
monear. v. Facer o parvo. **2.** Facer burla. **3.** Torcer a cabeza como xesto de desagrado ou contrariedade.
monecada. s. f. Tolada.
monestación. (pl. monestaciois). V. amonestación.
monía[1]. s. f. Dedo máis pequeno do pé.
monía[2]. s. f. Vaca de media costela.
moniar. V. monear.
monicaco, -a. adx. Dise da persoa que produce pouca confianza, con pouca personalidade.
monín. s. m. Quinto dedo da man. **2.** adx. Mono. **3.** adx. Pequeno. // **Monín!** Expresión de burla.
mono[1], -a. adx. Dise do animal, como a vaca, sen un ou dous cornos (Abres).
mono[2], -a. adx. Fermoso. **2.** s. f. Boneca de trapo (Boal). **2.** s. f. Borracheira. **3.** s. f. Constipado. **4.** s. m. Bonito mediano (As Figueiras). **5.** Bonito pequeno (As Figueiras, Tapia de Casarego), Ortigueira).
monserga. s. f. Conto.
Obs. Trátase dun castelanismo.
monstro. s. m. Persoa repugnante e moi fea. **2.** Persoa de boas calidades, fenómeno. **3.** Na mitoloxía, ser fabuloso grande e poderoso, normalmente con aspectos animais.
montado, -a. adx. Poñerse enriba dun animal, normalmente dun cabalo. **2.** Arranxado, amañado. **3.** Armado.
montalaburra. s. f. Xogo de nenos (Abres).
montaña. s. f. Elevación natural no terreo, monte. **2.** Zona do interior con respecto á zona costeira. // **Montaña (os da).** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes das Veigas (Taramundi). **2.** Alcume popular que se lles dá no concello da Veiga aos habitantes dos Ozcos. **3.** Alcume popular que se lles dá en Abres (A Veiga) aos habitantes dos Ozcos, A Fonsagrada, A Augaxosa (Riotorto) etc. **4.** Alcume popular que se

lles dá na Mariña eonaviega aos habitantes do interior do Eo-Navia.

montañeiro, -a. adx. Dise da persoa que lle gusta o montañismo.

montañés, a. adx. Natural da montaña. **2.** Pertencente ou relativo a esta. **3.** adx. e s. Alcume que lles dan os habitantes do concello de Navia aos de Villaión. **4.** Atrasado, bruto. **5.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes do concello de San Martín de Ozcos. **6.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes do concello de Vilanova de Ozcos.

montañoso, -a. adx. Cheo de montañas.

montar. v. Subir ou poñerse encima. **2.** Cabalgar. **3.** Cubrir o macho á femia. **4.** Establecer un negocio, unha industria etc. **5.** Facer o acto sexual. **6.** V. abicornar 2ª acep. (As Figueiras). // ***Nun* hai quen me monte.** Non estar suxeito a ninguén (A Veiga).

montaraz. adx. Dise da persoa de difícil trato cos demais.

monte. s. m. Montaña, elevación do terreo. **2.** Conxunto de plantas nocivas que medran nas terras de labranza. **3.** Bosque, fraga. **4.** Terreo non cultivado. **5.** *Gancela* que se utiliza para estrar. // **De monte a monte.** Dise do río que aumentou moito o seu caudal. // **Dicir montes i *morenas*.** Esaxerar. // ***Fer* montes i *morenas*.** Facer moito. // **Monte (os del).** adx. e s. Alcume popular que se lles dá na Mariña eonaviega aos habitantes do interior do Eo-Navia. // **Monte abertal.** Monte comunal. // **Monte bravo.** De difícil acceso e de terra de mala calidade, que se utiliza normalmente para recoller leña os veciños. // **Monte de comuña.** Monte comunal (Villaión). // **Monte maior.** Produto bruto da pesca que reparten entre si, proporcionalmente, os armadores e pescadores contratados á parte, unha vez deducidas as cargas comúns de gastos e seguros sociais. // **Monte manso.** Monte máis accesible, con terras de máis calidade e onde normalmente se amplían as leiras. // **Montes i (e) *morenas* (moreas).** Expresa unha cantidade grande e esaxerada. // ***Nun* se dá nel monte.** Que se precisa dun esforzo para facer unha cousa. // **Ofrecer montes i *morenas*.** Esaxerar o que se promete. // **Ser *más* de monte que as *amapolas*.** Ser moi bruto, salvaxe, rudo. // ***Tar* de monte.** Dise do terreo que está sen cultivar.

montea. s. f. Peza de ferro con asa nun extremo, con forma alongada e curvada, que utilizaban os ferreiros para conseguir a curvatura do *bandón* da roda dun carro.

monteira. s. f. Peza de roupa de abrigo da cabeza, que normalmente se facía de pano ou la. A tradicional de muller era de diferentes formas e estaba moi adornada. Debaixo da monteira podían levar un pano de seda en ocasións especiais. **2.** Tipo de sombreiro masculino (Allande, Navia).

monteiría. s. f. Acto de cazar animais.

monteiro, -a. s. m. e f. Persoa que toma parte nunha montería. **2.** adx. e s. Alcume que se lles dá aos habitantes da montaña con respecto aos que viven na zona costeira. **3.** Persoa que convocaba e dirixía monterías, podendo ser *monteiro simple* ou *monteiro maior* (Boal).

montequín. s. m. Monte pequeno (El Franco, Castropol).

montés, -a. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Sarceda (Santalla de Ozcos). **2.** adx. Que vive, está ou se cría no monte. **3.** adx. Dise do animal salvaxe. **4.** adx. e s. Alcume popular que lles dan os habitantes de Boal aos de Eilao; cabanés. **5.** Dise do olor e sabor da carne dos animais salvaxes.

montesía. s. f. Montaña alta e solitaria.

montón. s. m. (pl. montois). Conxunto de cousas sen orde unhas encima doutras. **2.** Cantidade abundante dunha cousa. **3.** V. toleira 1ª acep. // **A montón (A *montois*).** De xeito abundante. **2.** Forte (*Deulle un golpe a montón*). // **A montón i a feixes.** Moito, de xeito abundante. // **Al montón que é *muito* i *bon*.** Expresión que convida a aproveitar cando hai moito de algo. // **El que gasta i *nun* pon, *axina baxa* el montón.** V. Unde se quita i nun se pon, gran montón se descompón. // ***Unde* se quita i *nun* se pon, *baxa* el montón.** V. Unde se quita i nun se pon, gran montón se descompón. // ***Unde* se quita i *nun* se pon, gran montón se descompón.** Refrán que alude a que non se pode estar toda a vida gastando sen obter ingresos (Boal). // **Un montón de.** Gran cantidade.

montuada. s. f. Montón (Boal).

montueira. s. f. Montón (Tapia de Casarego, Boal, El Franco).

montuno, -a. adx. e s. m. e f. Alcume popular que lles dan os habitantes de Navia aos de Boal. **2.** Alcume que se lles daba aos habitantes de Abres (A Veiga) polos da zona costeira. **3.** Persoa

procedente da parte da montaña en contraposición cos que viven na zona costeira. **4.** Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Nadou (Coaña). **5.** Alcume popular que se lles dá aos habitantes das Mestas (Coaña). **6.** Alcume popular que se lles dá aos habitantes de El Villar (Coaña).

montura. s. f. Animal axeitado para cabalgar sobre el. **2.** Conxunto formado pola sela e o resto de arreos que se lle poñen a un animal para poder montar nel.

monxa. s. f. Relixiosa. // **Monxa *boba*.** Persoa hipócrita, cínica.

monxe. s. m. Individuo dunha orde relixiosa que vive nun mosteiro; fraire, flaire. // ***Tar mui monxín*.** Estar un neno facendo unha trasnada.

monxo. adx. Tímido, apoucado. **2.** V. monxe (El Franco).

moña. s. f. Borracheira. **2.** V. carapucho 4ª acep. (As Figueiras). **3.** Enredo que se fai cun anzol (As Figueiras).

moñarse. v. prnl. Emborracharse.

moñeca. s. f. Parte do corpo no que se articula a man co antebrazo.
Obs. Trátase dun castelanismo.

moñeco. V. monín 1ª acep.

moñezola. V. molexa[1].

moñico. s. m. Cesto pequeno (Abres).

moñín. V. monín 1ª acep.

moño. s. m. Atado que se fai co pelo enrolado e suxeito enriba, atrás ou aos lados da cabeza. **2.** V. pico 8ª acep. (Ibias). // **Ter algo *debaxo* del moño.** Estar maquinando algo.

moñoelo. V. muñuelo.

moñuelo. V. muñuelo.

moqueiro. s. m. Pano dos mocos.

moquete. s. m. Golpe dado cos dedos no nariz (As Figueiras, A Veiga).

mor. s. m. Causa, motivo. // **Por (pola) mor de.** A causa de.

mora. V. amora.

morada. s. f. Merenda de campo (El Franco). **2.** Broma. **3.** Comida extraordinaria nun día de festa (*Tán de morada*), (San Martín de Ozcos). **4.** Residencia, casa. fogar. **5.** Boa comida (Navia).

morado, -a. adx. e s. Da color da amora. // **Poñerse morado (morada).** Fartarse de comer.

morapio. s. m. Viño tinto.

moratón. s. m. Mancadura.
Obs. Trátase dun castelanismo.

morcégano. V. morcego (Allande).

morcego. s. m. Nome común de numerosas especies de mamíferos quirópteros, pertencentes a varias familias, capacitadas para o voo grazas a un esqueleto leve e fráxil e á posesión dunha membrana que se estende aos lados do tronco desde o ombro e que fai de á. As mans presentan fortes e longas falanxes, tendo ademais potentes caninos e molares cónicos. Entre as especies existentes no Eo-Navia están a *Rhinolophus*, *Myotis*, *Plecotus*, *Pipistrellus*, *Eptesicus*, *Miniopterus* e *Tadarida*. O máis abundante é o morcego común (*Pipistrellus pipistrellus*), de tamaño pequeno, con orellas curtas e redondeadas e fociño cónico e curto. O pelo é negro ou tirando a vermello.

morcella. V. morcilla.

morcía. V. morcilla.

morcilla. s. f. Embutido feito de sangue cocido con cebola, graxa, sangue, pan, especias etc., ou outros ingredientes, podendo ser doce ou picante. // **Morcilla de ano.** Morcilla que se fai no intestino coas tripas gordas do cocho e non leva azucre. // **Morcilla de cocido.** Morcilla típica do Eo-Navia, que se facía antigamente con cebola, arroz cocido, pan, unto, manteiga de vaca, mel, pemento e sal. // **Morcilla *dulce*.** Morcilla que se fai no intestino cego do cocho e leva pan, azucre e canela. // **Morcilla *sabrosa*, picante i *sosa*.** Refrán que alude a como deben ser as características dunha morcilla.

mordaces. s. f. pl. Pinzas de ferro que se utilizaban nos mazos para retirar as escouras.

mordaza. V. mordaces.

mordazas. s. f. pl. Pinzas dunha soa peza de madeira que se usan para recoller as castañas e os ourizos destas sen picarse, ou para abrir estes últimos.

mordedor, -a. adx. Que traba.

mordedura. s. f. Acción e efecto de morder.

morder. v. Coller algo entre os dentes, trabar. **2.** V. trabar 1ª e 6ª acep. **3.** Atar un cabo dunha embarcación, como un chicote. // **Morder nel *cul*.** Expresión de burla que se utiliza cando os nenos molestan por ter fame.

mordido, -a. adx. Collido entre os dentes. // **Volta mordida.** Tipo de nó mariñeiro que se fai atando de xeito forte o chicote.

mordingancho. V. mordaces.

mordiscón. s. m. (pl. mordiscois). Dentada, trabada.

morea. s. f. Montón de herba seca ou de feixes de cereal que se fai nos prados, despois de cortalos ou segalos.

moreira. s. f. Árbore da familia das moráceas, duns catro a quince metros de altura, con tronco liso, follas cordiformes na base, dentadas, ovais e ás veces lobuladas. O froito pode ser branco, vermello ou mesmo negro (*Morus alba*). **2.** pl. V. silva 1ª acep. (Boal).

morena[1]. V. morea.

morena[2]. s. f. Peixe osteíctio anguiliforme, da familia dos murénidos, que pode alcanzar un metro e medio de lonxitude. Ten o corpo alongado e cilíndrico, agás no extremo posterior, onde se comprime lateralmente. A cabeza é alongada, co fociño agudo e prominente, e a boca ancha e forte, con dentes agudos algo curvados. Presenta unha aleta impar que percorre o dorso, a cola e gran parte da rexión ventral. Non ten aletas peitorais nin abdominais. Os furados nasais anteriores ábrense no extremo do fociño, mentres que os posteriores atópanse cerca dos ollos. A abertura branquial é oval e case invisible porque a tapa unha mancha escura. A pel, grosa e resistente, é de color apardazada con manchas amarelas xaspeadas. A súa trabada é perigosa e vive nos furados das rochas golpeadas polo mar. A súa carne é moi apreciada (*Muraena helena*), (As Figueiras, Tapia de Casarego).

morenal. s. m. Cada un dos dous estreitamentos do eixe do carro nos que, despois de armalo, encaixan as treitoiras (Eilao).

morenar. v. Facer moreas.

moreneira. V. moreneiro.

moreneiro. s. m. Montón de feixes de herba, trigo ou centeo, postos dereitos coa espiga para enriba; maragouzo.

moreniar. v. Poñerse moreno.

morenillo. s. m. Variña de xeito vertical que existe nos muíños de auga máis modernos que vai desde o varón á moxega e que ten unha roda dentada á altura da *calexa*, que facilita a caída do gran. **2.** Obxecto de madeira cun mango rematado nunha rodela dentada que xirándoo coas palmas das mans serve para espesar o chocolate.
Obs. Trátase dun castelanismo.

morenito. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de San Salvador del Valledor (Allande).

moreno, -a. adx. De color escura, bronceado.

morfollo. V. marfollo 5ª acep. (Navia).

morgallón, -úa. adx. Dise da persoa que viste mal ou con farrapos.

moría. V. morea.

moría* → muria 2ª acep.

morica. adx. Negra, escura.
Obs. Trátase dun castelanismo.

moricego. V. morcego (Taramundi).

morilego. V. morcego (Castropol).

morico. s. m. Montón cónico de herba seca (A Veiga).

morir* → morrer.
Obs. Adoita empregarse de xeito único para as persoas pero incorrectamente, xa que é un castelanismo.

morizola. V. molexa[1].

moroleira. V. érbedo (Tapia de Casarego).

mormada. s. f. Mormeira; mormeirada.

mormeira. s. f. Catarreira nasal, que se combatía tradicionalmente con leite fervido con manteiga de cocho.

mormeirada. s. f. Catarreira nasal forte. **2.** Mormeira.

mormera* → mormeira.

mormiada. V. mormeirada 1ª acep.

mormo. s. m. Enfermidade das cabalerías, contaxiosa e virulenta, que consiste na ulceración das mucosas do nariz e da inflamación dos ganglios próximos. Tradicionalmente curábase con grans de *carvés*. **2.** Malestar producido por unha catarreira (Castropol). **3.** Papeiras, parotidite (Abres).

mormoso, -a. adx. Con mocos, con catarreira.

mormota. V. marmota 1ª acep. (San Martín de Ozcos).

mormurar. V. marmurar.

morollo, -a. adx. Gordo. **2.** Dise da muller pouco disposta a traballar. **3.** s. m. Vulto engurrado (*Fixo un morollo coel papel*).

morondaina (de). V. morondanga.

morondanga (de, a). loc. De xeito pouco serio, de xeito provisional.

morondonga (de). V. morondanga (de, a). // **Tomar a *morondonga*.** Despreocuparse de todo.

morrada. s. f. Golpe dado nos fociños coa man aberta.

morral. s. m. Saco que usaban os cazadores e os labregos, que colgado ao lombo, era para levar a caza ou transportar cousas como provisións ou roupa. **2.** Mozo sen xuízo ou sensatez. **3.** Neno que fai unha trasnada. **4.** Neno descarado. **5.** Saco con penso, millo, cebada etc., que se ata ao pescozo das cabalerías para que coman. **6.** Saco que se colga do pescozo e se utiliza para recoller castañas.

morrer. v. Deixar de vivir; finar. **2.** Apagar (*Morreu el lume*). **3.** Rematar, perderse ou desaparecer o curso ou trazado de algo (*Alí morre el río*). // **Chupa que che morre!** Expresión que se utiliza para

enfastiar a alguén. // ***Cuando* eu morra, morreume o mellor amigo.** Dito que alude a que o mellor amigo dun é un mesmo. // **Morre corre corre i queda queixa queixa.** Refrán que alude a que as persoas máis sas son as que primeiro poden morrer.

morría. s. f. Cera de trobo morto, negra e de mala calidade (Eilao, Boal, San Martín de Ozcos, Allande). **2.** Morte. **3.** Pouca cousa. // **Mala *morría* te lleve!** Expresión que expresa molestia, anoxo.

morrín, -ía. s. m. e f. Pouca cousa.

morrinoso, -a. adx. Triste. **2.** Enfermizo, débil, decaído.

morriña. s. f. Nostalxia. **2.** Tristeza.

morriñada. s. f. Cousa de pouca importancia (A Veiga).

morriñento, -a. adx. Que está morrendo (Santiso de Abres). **2.** Triste (Santalla de Ozcos).

morrión. s. m. Fungo da clase dos basidiomicetes que afecta ao millo, trigo, centeo etc., e deixa a espiga do cereal cun po de color negra (*Ustilago sp.*), (Tapia de Casarego, El Franco, Boal, Castropol). **2.** Enfermidade provocada por este fungo. // **Ano de *morrión* (*murrión*), ano de montón.** Refrán que explica que o ano que a colleita está afectada por este fungo é mala colleita. // **Ano de *muito morrión*, ano de *muito* montón.** V. Ano de morrión, ano de montón. // ***Si* chove el día da Ascensión, el trigo todo *morrión* (*murrión*).** Refrán que alude a que se chove ese día, o trigo pérdese; V. chover.

morro. s. m. Boca do gando. **2.** Por extensión, boca das persoas. **3.** Fociño avultado. **4.** Desvergonza. **5.** Parte máis sobresaínte dun monte, penedo etc. // **Andar de morros.** Estar anoxado. // **Beber a morro.** Sen vaso. // ***Tar* de morros.** Estar anoxado.

morroada. s. f. Losqueada ou golpe nos morros.

morrón. s. m. Peza de ferro onde se amarran as embarcacións no peirao dun porto (Navia, Coaña, Castropol, Tapia de Casarego, El Franco). **2.** (pl. morrois). Variedade de pemento, caracterizada por ter sabor doce, non picante (*Capsicum sp.*).

morronga. adx. Aplícase á galiña de varias colores, como a gris, negra e branca. **2.** s. m. Órgano xenital masculino (Allande).

morruada. V. morroada.

morrudo, -a. adx. Aplícase á persoa ou animal que ten o morro avultado. **2.** Anoxado (A Veiga, Allande, Villaión). // **Poñerse *morrudo*.** Anoxarse. // ***Tar morrudo*.** Anoxarse.

morruño. s. m. Molusco lamelibranquio heterodonto, bivalvo, con charneira con catro dentes, dous cardinais e dous laterais, por valva (*Phacoides borealis*), (As Figueiras).

morse. s. m. Sinal luminoso intermitente que emite unha embarcación cando está avariada.

mortaldá. V. mortandá.

mortalidá. s. f. Número ou estatística das persoas que morren.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

mortandá. s. f. Moitas mortes xuntas causadas por un andazo, cataclismo, peste ou guerra.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

mortaxa. s. f. Saba ou tea na que se envolve un defunto.
Obs. Trátase dun castelanismo.

morte. s. f. Terminación da vida. **2.** Asasinato. **3.** Remate dunha cousa ou asunto (*Foi a morte del negocio*). // **Coller a morte.** Enfermar. // **De mala morte.** Sen importancia. // **É *bon pra* ir buscar a morte.** Dise da persoa que tarda moito en facer cousas que precisaban rapidez (Boal). **2.** Tardar moito en volver. // **Morte de home.** Desgraza. // ***Nun* é morte de home.** Ten pouca importancia. // ***Nun* ser a morte dun home.** Que non ten tanta importancia. // **Parecer a morte pelada.** Desmellorar moito unha persoa ou un animal. // ***Tar* chorando a morte al demo.** Dise dunha persoa moi pesimista. // ***Tar* de morte.** Recibir dunha persoa unha cousa que non se esperaba. // **Ter a morte na cara.** Estar para morrer.

morteiro. s. m. Recipiente de madeira de paredes e bordo grosos, que serve para pisar cousas no seu interior. Os de *tornería* normalmente eran de madeira de pradairo ou castiñeiro.

mortel. V. bortel.

mortificar. v. Molestar, amolar.

morto, -a. adx. Que deixou de vivir. **2.** Apagado (*El lume tá morto*). **3.** Baleiro. **4.** s. m. Pedra ou bloque de cemento que se fixa no chan para suxeitar as embarcacións nos portos. **5.** Dise dos meses de decembro e xaneiro. **6.** Cansado de esperar (*Teño as vacas na corte mortas*). // **Desenterrar os mortos.** Murmurar. // **Morto de fame.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes da Cova (Allande). **2.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de El Valledor (Allande). **3.** adx. Que ten moita fame. // **Quen cha**

***dera* morta de quince días.** Refrán que alude ao rexeitamento dun home a unha muller aínda cando se considera esta que é de abonda beleza.

mortorio* → mortuorio.

mortuorio, -a. adx. Referido ao defunto ou ás honras que se fan por el.

moruca. V. mioca (Ibias).

moruxa. V. meruxa 1ª acep.

morzola. s. f. Porción compacta de excremento humano que se bota dunha soa vez. **2.** V. molexa[1]. **3.** Lingua (Castropol).

mosaico. s. m. Terrazo de baldosas.

mosca. s. f. Insecto díptero, ciclorrafo, da familia dos múscidos, duns seis a oito milímetros de lonxitude, con antenas curtas, ollos grandes e aparello bucal chupador. As patas teñen uñas con ventosas adhesivas que lle permiten fixarse tanto a superficies rugosas como lisas (*Musca domestica*). **2.** Aplícase a todos os insectos da familia dos múscidos (*Calliphora sp.*, *Sarcophaga sp.*, *Stomoxys sp.* etc.). **3.** Punta con rosca das brocas de man. **4.** Marca, como dunha corda na carne. **5.** Curva que describen as *alas* da cabeza dun tarabelo. **6.** Aparello de pesca da cacea, normalmente situado no centro dunha embarcación. **7.** V. ruxura. **8.** Furado que hai ou se fai nunha cousa para encaixar outra. // **Andar coa mosca detrás da orella.** Ter sospeita ou desconfianza de algo. // **Como moscas.** En gran multitude. // **Mosca das vacas.** V. raxada. // **Mosca del carme.** V. moscón del carme. // **Mosca dos *bérragos*.** Insecto díptero pertencente á familia *Hypodermatidae*, semellante a un abellón, de color escura, caracterizado porque as súas larvas parasitan o gando (*Hypoderma bovis*). // **Mosca *beira*.** Mosca de corpo aplanado e ancho, dura e pesada, que normalmente ataca as cabalerías (*Hippobosca sp.*). // **Mosca *caía* (*caiña, caína*).** Mosca beira. **2.** V. moscaquía. // **Mosca morta.** Ser pouca cousa ou aparentar selo, actuando con hipocresía. // **Poñer a mosca detrás da orella.** Estar atento a algo. // **Por *San Agustín* pasa a mosca da vaca al *rocín*.** Por Santo Agostiño (28 de agosto) trabállase con cabalo e non coa vaca; V. boi. // **San Fernando abre as portas ás moscas, i San Miguel pechállela.** Refrán que alude a que no mes de maio aparecen xa as moscas e desaparecen en setembro (Castropol). // ***Tar* papando moscas.** Despistarse.

moscacaía. V. moscaquía (Villaión).

moscancia. V. moscancio.

moscancín. V. moscancio.

moscancio. s. m. Embutido con sangue de cordeiro (Villaión).

moscaquía. s. f. (pl. moscasquías). Mosca brava de monte, máis plana que a común, de color marrón escura, que resulta moi pesada para o home e especialmente ao gando e ás cabalerías pola súa picadura e por ser moi pegañenta (*Tabanus bovinus*, *Hippobosca equina*).

moscar. v. Botar a correr as vacas cando lles pica unha mosca, un moscón, un tabán etc. **2.** Escapar, marchar. **3.** Descansar as vacas á sombra nos días de calor (Os Ozcos, Boal). **4.** Escorrentar as moscas. **5.** Enfadarse (San Martín de Ozcos). **6.** Protexerse as vacas das moscas nun lugar (Allande).

moscasquía. V. moscaquía.

mosco. s. m. Insecto lepidóptero, de pequeno tamaño e de color escura, que as súas larvas atacan os chícharos (*Laspeygresia nigricana*), (Grandas de Salime). **2.** V. moscón 3ª acep. (Castropol).

moscón. s. m. (pl. moscois). Mosca grande, normalmente con ás manchadas de vermello. **2.** V. moscaquía. **3.** Insecto díptero, de color azulada escura, e de tamaño máis grande que a mosca común (*Calliphora vomitoria*). **4.** V. abellón 4ª acep. (Grandas de Salime). **5.** V. careixeira. // **Moscón da carne.** V. moscón 3ª acep. // **Moscón del carme.** Mosca grande e de color amarela (Tapia de Casarego).

mosconio. V. moscancio (Villaión).

moscúa. adx. Dise da vaca que escapa (El Franco).

moseta. adx. Dise da vaca que non dá leite (Allande).

mosqueado, -a. adx. Ofendido. **2.** Receoso, con desconfianza. **3.** Preocupado. **4.** s. m. Operación de facer a *mosca* dun tarabelo. **5.** Dise da cabeza do tarabelo que ten a forma de mosca (*A cabeza do tarabelo tá ben mosqueada*).

mosquear. v. Ofender. **2.** Facer a *mosca* dun tarabelo. **3.** prnl. Estar en alerta ou con preocupación por algo. **4.** prnl. Anoxarse, enfadarse.

mosqueira. s. f. Herba grande que medra normalmente entre a semente de centeo en anos húmidos (San Martín de Ozcos); rabo 3ª acep.

mosqueiras. s. f. pl. Flocos feitos normalmente con correas que se unen ás

molidas das cabalerías ou vacas para espantar as moscas da cabeza.

mosqueiro. s. m. Lugar onde se protexe o gando das moscas e da calor. **2.** Conxunto numeroso de moscas que no verán molesta o gando (Eilao, Allande). **3.** s. m. pl. V. mosqueiras (Santalla de Ozcos). **4.** Conxunto numeroso de moscas (Os Ozcos).

mosquiado, -a. V. mosqueado.

mosquiar. V. mosquear 1ª e 3ª acep.

mosquilón. V. piollín 2ª acep.

mosquiteira. s. f. Certo tipo de tea metálica, que se usa por exemplo nos coadoiros.

mosquitín. s. m. (pl. mosquitíos). Mosquito pequeno.

mosquito. s. m. Nome común de diversos insectos dípteros nematóceros da familia dos culícidos e afíns. Teñen o corpo cilíndrico e dimensións reducidas, con dúas antenas e unha trompa para chupar o sangue. **2.** adx. e s. Alcume popular que lles dan os habitantes de Ponticella (Villaión) aos da Serra (Allande). **3.** Tipo de bicicleta antiga (El Franco).

mostachón. s. m. Bigote.

mosto. V. xema 1ª acep.

mostra. s. f. Acto e efecto de mostrar.

mostrar. v. Poñer á vista. **2.** Deixar ver.

mostrenco, -a. adx. Ignorante.

mostro* → monstro.

mota. V. mazanía. **2.** Pompón (Santalla de Ozcos, Navia). **3.** V. antena 2ª acep. (Ortigueira).

mote. V. alcuño.

motete. s. m. Composición musical de diversas épocas.

motexar. v. Poñer alcuños.

motón. s. m. Nunha embarcación, peza de madeira ou metal con forma de caixa ovada, na que xira unha roldana pola que escorrega un cabo. **2.** Polea.

motor. s. m. Aparato que coa súa potencia ou forza dá movemento a unha máquina.

motora. s. f. Triciclo feito de madeira co que xogaban os nenos (Boal). **2.** Tipo de embarcación pequena provista de motor (A Veiga, Castropol, Tapia de Casarego, El Franco).

motorista. s. m. Persoa que manexa o motor dunha embarcación.

motrollo, -a. adx. Aplícase á persoa moi gorda en relación coa súa estatura.

mouca. s. f. Cabeza do home e dos animais.

moucada. V. morrada.

moucha. s. f. Cabeza dos animais. **2.** Por extensión, cabeza dunha persoa.

moucho[1]. s. m. Ave estrixiforme da familia dos estríxidos, duns vinte centímetros de lonxitude, con aspecto bazuncho, cabeza e cara aplanadas, ollos amarelos, dirixidos cara a adiante, peteiro con forma de gancho e fortes gadoupas. As partes superiores son de color parda escura, con pequenas manchas e listadas de branco. As inferiores tiran a branco, con listas lonxitudinais de color parda escura. Aliméntase de insectos, roedores e outras aves (*Athene noctua*). **2.** Aplícase tamén á ave estrixiforme, da familia dos estríxidos, que mide preto de corenta centímetros de lonxitude, dos que case a metade pertencen á cola. Ten a cabeza grande, cuberta dunha plumaxe extensa, ollos grandes e escuros e pálpebras de color vermella. A plumaxe do corpo é de color parda tirando a vermello ou gris nas partes superiores e nas inferiores é pardo amarela con franxas escuras (*Strix aluco*).

moucho[2], -a. adx. Sen nada na cabeza. **2.** s. f. Cabeza.

mouciada. s. f. Golpe que dá unha vaca cos cornos.

mouciar. v. Golpear unha vaca cos cornos.

mouco, -a. adx. Dise do gando vacún ou caprino que lle falta un corno ou os dous.

moucuada. V. morrada. **2.** Golpe nos fuciños por mor dunha caída.

moula. s. f. Enfermidade das abellas que produce unha especie de borracheira por inxerir flores de xesta ao que lles leva a ter constantes pelexas entre elas (Allande).

moulín. V. molín (Villaión).

moulloada. s. f. Cantidade importante de cartos e propiedades, normalmente obtida sen esforzo.

moulluada. V. moulloada. // **Ter uha *búa moulluada*.** Ter moito diñeiro (Tapia de Casarego).

moumear. v. Falar entre dentes sen que se entenda. **2.** Comer de pé sen sentar na mesa. **3.** Mastigar coas enxivas codelos de pan duro.

moumiar. V. moumear.

mouquelar. V. esmouquelar.

moural. adx. Dise dunha variedade de mazá ou de cereixa, por ser de color escura. **2.** Variedade de uz. **3.** Variedade de nabo tardío. **4.** Variedade de toxo.

mourán, -a. adx. Aplícase á persoa moi morena. **2.** Folgazán. **3.** Malvado, canalla.

moureal. V. moural 2ª acep. (Boal).

mourear. v. Poñerse mouro, negro. **2.** Coller color as castañas. **3.** Poñerse morena a pel.
mouregar. V. mourear 1ª acep.
mourén. s. m. ou f. Escuridade do ceo cando se achega unha tormenta ou chuvia. **2.** Mancha de color negra na pel ou en algo.
mourento, -a. adx. Que ten mofo (*magor*); magorento.
mouriallo. s. m. Calquera cousa de color negra (San Martín de Ozcos).
mouriar. V. mourear 1ª acep.
mourién. V. mourén.
mourín. s. m. Lenzo branco con impurezas que é máis escuro e de menos calidade. **2.** adx. (pl. mouríos). Variedade de nabo tardío. **3.** Tea de algodón moreno que se impermeabilizaba para facer a roupa dos mariñeiros (Navia).
mourisco, -a. adx. Aplícase á persoa ou animal de color escura. **2.** Variedade de castaña (Allande).
mourizola. V. molexa[1].
mouro, -a. adx. Escuro, negro. **2.** Moreno. **3.** Sucio. **4.** Anoxado (*Tá mouro coa filla*). **5.** s. f. Variedade de pataca. **6.** Dise do día escuro, que presaxia tormenta. **7.** s. f. Ser mitolóxico representado normalmente por unha rapaza que garda tesouros escondidos na terra, e só unha vez ao ano sae a peitear os seus cabelos cun peite de ouro á beira de fontes solitarias, nos ríos ou nas covas abrigadas, normalmente a noite de San Xoán. Vive normalmente nunha cova e cando a mira un home este convértese nun penedo. **8.** s. m. e f. Ser mitolóxico ao que se lle atribúe a construción de lugares con restos arqueolóxicos como castros, antas etc., ou vive neles, e que aparece en moitos contos e lendas. **9.** adx. Dise da variedade de cereixa de color escura (Santalla de Ozcos). **10.** V. bulleiro 2ª acep. **11.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Cabanella (Navia). **12.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Talarén (Navia). // **Duha ovella moura *sale* un cordeiro branco.** Refrán que alude a que aínda sendo dúas persoas da mesma familia non teñen por que ser iguais. // **Ser el *demonio* i a moura.** Moito (Boal). // ***Tar* mouro.** Estar enrabechado por algo.
mourón[1]. s. m. (pl. mourois). Peza metálica ou pasador que se move cunha chave, formando parte da pechadura dunha porta. **2.** Pau vertical que serve de soporte das táboas dunha cancela (Allande).
mourón[2], -úa. adx. Aplícase á persoa que vai sempre coa vista baixa e non mira ás outras persoas ao falar.
movedía. adx. Que se move.
movemento. s. m. Acción de cambiar de posición ou lugar un corpo. **2.** Xesto que fai unha persoa.
mover. v. Cambiar un corpo de lugar. **2.** Axitar. **3.** Abortar (*Deulle un auga de teixo pra mover*), (San Martín de Ozcos). **4.** prnl. Botar a andar por algo que interesa, buscando o xeito de conseguilo. **5.** prnl. V. correr 12ª acep.
movido, -a. adx. Cambiado. **2.** Axitado.
moxega. s. f. Caixa de madeira, con forma de pirámide invertida e cun furado no vértice, desde onde cae o gran para a moa do muíño.
moxegueiro. s. m. Persoa que facía moxegas de muíño.
moxeguín. V. pechadoira.
moxena. V. muchica (San Martín de Ozcos).
moxiganga. s. f. Festa que se facía con roupas de xeito ridículo.
moxigangueiro, -a. adx. Dise da persoa á que lle gustan as *moxigangas*.
moxillón. s. m. (pl. moxillois). V. mexillón.
moxo. s. m. Viño mesturado con mel.
mozaco, -a. s. m. e f. Mozo.
mozca. s. f. Fendedura pola que se mete a la no fuso para fiar.
mozcada. V. amozcadura.
mozcado, -a. adx. Dise do prato, cunca etc., que lles falta un cacho pequeno no bordo. **2.** Dise da ovella á que se lle fixo unha fendedura na orella por un lado.
mozcadura. V. amozcadura.
mozcar. v. Facer unha fendedura a un froito como as castañas para evitar que salten cando se asan, ou as noces etc.; amozcar. **2.** Facer unha fendedura a un recipiente de barro ou louza. **3.** Facer unha fendedura ás orellas dunha ovella por un lado para marcala (San Martín de Ozcos). **4.** Arrincar un cacho a algo.
mozcasquía. V. moscaquía.
mozcazquía. V. moscaquía.
mozcón. s. m. Fendedura que se fai ás orellas dunha ovella por un lado para marcala (San Martín de Ozcos).
mozo[1]. s. m. Pau que colga da pértega do carro, que non deixa que caia cara a adiante ou se manche na corte ou *corrada* e no que se apoia. **2.** Barra de ferro que serve para o mesmo nos carros e remolques. **3.** Taller de madeira; serra. **4.** Poio feito cun madeiro vertical e unha

táboa horizontal na parte de enriba que utilizan os obreiros. **5.** Aparello que consiste nunha táboa, a xeito de pedestal, na que se fixa un pau en sentido vertical e cheo de furados, onde se engancha o candil. **6.** Pedra do cume do lousado (Allande).

mozo[2], -a. adx. e s. m. e f. Novo, rapaz. **2.** Solteiro. **3.** Home novo, que se conserva ben. **4.** Noivo. **5.** Muller nova, rapaza. **6.** Axudante de pouca idade nunha embarcación, que pinta, limpa etc. // **A moza de contado, el dote de prometido.** Refrán que alude á persoa que acepta facer un traballo duro coa promesa de recibir a cambio importantes ganancias. // **Amañar moza.** Atopar noiva. // ***Bon* mozo.** De boa presenza. // **Botarse de mozo.** Atopar un noivo. // **El mozo que canta os *sous* medos espanta.** Refrán que recomenda enfrontarse co bo humor ás adversidades. // **Moza de cesto.** Moza encargada de levar o *cantelo* detrás do padriño nas vodas (Grandas de Salime). // **Mozo novo, pan i ovo.** Refrán que recomenda tratar ben os criados novos. // ***Tar* un mozo feito.** Conservarse ben.

mozón, -úa. s. f. Rapaz ou rapaza grandes. **2.** s. f. Muller de mala conduta.

mozote, -a. V. mozo[2].

mozquellar. V. mozcar 1ª acep.

mozuco, -a. s. m. e f. Mozo.

mucarios! V. múcaro!

mucarín! V. múcaro!

múcaro, múcaro! interx. Voz que se emprega para chamar os gatos.

muchica. s. f. Partícula de lume que se desprende das chamas; chamuza, charamuza.

muchicar. v. Mover as pálpebras de xeito continuo un ollo irritado por choro ou dolor. **2.** Quitar a parte xa queimada do cordón de fío dunha candea, para avivar a súa luz (Castropol). **3.** Iluminar as estrelas de xeito intermitente (Tapia de Casarego).

muchico (ao). loc. Xeito de queimar o monte cavado para sementar trigo sen facer *borreiras*.

muchiqueiro, -a. adx. Dise do ollo irritado que move as pálpebras de xeito continuo por choro ou dolor (Castropol). **2.** s. m. Conxunto de *muchicas*.

muda. s. f. Conxunto de roupa que unha persoa cambia dun golpe ou dunha vez.

mudado, -a. adx. Trasladado dun lugar a outro ou de data. **2.** Cambiado de roupa.

mudar. v. Cambiar, alterar, transformar. **2.** Substituír unha cousa por outra. **3.** Trasladar, cambiar de lugar ou data. **4.** Cambiar un crustáceo a súa cuberta dura. **5.** Cambiar a roupa. **6.** prnl. Quitar a roupa que se leva posta para vestir outra.

mudo, -a. adx. Privado do uso da palabra.

mugor. s. m. Mofo; magor.

mui. adv. En grao considerable, moito. // **Mui ben.** Abondo, moito (*Este ano hai mui ben de patacas*, *Fixen mui ben de cousas esta tarde*).

muil. V. múxel 1ª e 2ª acep. (Tapia de Casarego, Navia, Ortigueira, El Franco). **2.** V. esperlote 1ª acep. (El Franco). **3.** Muxe mediano. **4.** Muxe pequeno. **5.** V. alimoso (El Franco). **6.** V. múxel alimoso (El Franco, Ortigueira).

muíl. V. múxel (Navia).

muín. (pl. muíños). V. molín (Taramundi, Os Coutos, Santiso de Abres).

muíno, -a. s. m. e f. Burro co fociño de color moi negra (Tapia de Casarego).

muiñada. s. f. Reunión nocturna que se facía no muíño, especialmente a mocidade, para ver a moenda (Os Coutos); moiñada.

muiñeira. s. f. Baile tradicional galego que se executa con unha ou máis parellas soltas que fan diversos movementos (Os Coutos, Vilanova de Ozcos).

muiñeiro, -a. s. m. e f. Home ou muller que teñen ou se encargan dun muíño. **2.** Relativo ou pertencente ao muíño.

muíño. V. molín (Santiso de Abres, Vilanova de Ozcos).

Obs. Trátase dunha palabra non autóctona da comarca pero que aparece nalgúns refráns e cántigas.

muitín. adv. e adx. Diminutivo de *muito*.

muitio. V. muito (Ibias).

muitío, -a. adx. Diminitivo de muito (El Franco).

muito, -a. adx. indef. Abundante, en cantidade. **2.** adv. En cantidade. **3.** adv. Moi (*Eu tou muito debaxo de ti*). // ***Muito bon* (boa, *búa*).** Moi ben. // ***Muito bon* (boa, *búa*).** Moi bo. // ***Muito* e (i) ben, *nun* hai (sei) quen.** Refrán que alude a que quen anda en moitas cousas ao mesmo tempo é difícil que as faga todas correctamente. // **Por *muito* que.** Por máis que. // **Querer el *muito* i el pouco.** Querer todo.

muleira. s. f. Esterco. **2.** Excremento seco da vaca.

muleiro. V. arrieiro.

mulero* → arrieiro.

muleta. s. f. Bastón alto cun traveseiro na parte superior e que serve de apoio para andar. **2.** Pau portátil que serve para cambiar o cabo de dirección cara a fóra, reducindo en gran maneira o esforzo sobre este (Tapia de Casarego).

muletón. s. m. Tecido de algodón, forte, resistente e de pouca densidade, que serve para soster unha trama máis grosa, e que se emprega para confeccionar mantas de baixa calidade, pezas de roupa de abrigo, forros, baetas, *zagalexos* etc.

mulida. V. molida. // **Sacudir a mulida.** Pegar.

mulido. s. m. Conxunto de plantas, follas e palla con que se fai a cama ao gando; estrume, estro, molido, mullido.

mulieiro, -a. V. muiñeiro.

mulieiros. s. m. pl. V. cangrexo 2ª acep.

mulín. V. molín.

mulinera* → muiñeira.

muliñeira. V. muiñeira.

muliñeiro, -a. V. muiñeiro 1ª acep.

mulir. v. Facer a cama ao gando con pallas, toxos, folgueiras etc.; estrar, mullir. **2.** Cubrir con toxos, xestas etc., o chan dunha *corrada*, camiño etc.

mulitorio. s. m. Recheo da albarda dunha cabalería (San Martín de Ozcos).

mulleira. V. muleira 2ª acep. (Boal).

mulleireiro. V. mullerego.

muller. s. f. Persoa do sexo feminino. **2.** Esposa. **3.** Persoa de sexo feminino xa adulta. // **Á muller como al *eiro*, *pra semala* hai que *fer* rego.** Refrán sexual (Villaión). // **A muller composta, saca al home doutra porta.** Refrán que aconsella á muller estar sempre limpa e amañada para evitar que o home se interese por outras mulleres. // **A muller i a *galía*, na casa sempre de día.** V. A muller i a *gallía* (*galía*), á (prá) casa de (con) día. // **A muller i a *gallía* (*galía*), á (*prá*) casa de (con) día.** Refrán que recomenda que tanto a muller como a galiña teñen que recollerse axiña. // **A muller i a *sardía*, *pequenía*.** Refrán que se usa para mostrar predilección pola muller de pequena estatura (Castropol, Tapia de Casarego). // **A muller i a *sartén*, na *cocía tán* ben.** Refrán que recomenda que a muller debe estar na casa, especialmente na cociña. // **A muller i a sementeira, da montaña *prá* ribeira.** Refrán que alude á conveniencia de sementar mellor nas veigas dos ríos por ser máis fértiles. // **A muller que come a nata *nun* ten *suerte* coa manteiga.** Refrán que recrimina a aquelas persoas que non son conscientes das consecuencias dos seus actos no futuro; V. Santa Marta de Ortigueira, a muller que come a nata, nun ten sorte coa manteiga. // **A muller que pega al home, fai ben *si* pode.** Refrán irónico sobre a muller dominante. // **Ano *bisiesto*, *tein* as mulleres un día máis *pra* falar.** Refrán que critica o gusto das mulleres polos contos ou os rumores. // **As mulleres como os fornos, *solo* uha en cada casa.** Refrán que alude á que en cada casa debe haber só unha muller. // **As mulleres, de solteiras, *tein* sete *maos* i uha *llingua*, i de casadas, sete *llinguas* i uha *mao*.** Dito que se refire aos defectos que teñen certas mulleres. // ***Condo* a muller *tá* parindo, el home anda de parto.** Refrán que explica figuradamente o diferente que son as mulleres dos homes, expresando que elas sempre van por diante nas cousas. // **De San Miguel a San Miguel, nin rosario nin muller.** Refrán que indica que as noites son xa curtas a finais de setembro. // **El que fai un fillo na muller doutro perde el fillo i a feitura.** Refrán que alude a que o home que ten un fillo con outra muller perde a dignidade e o fillo quedará sempre coa mai (A Veiga). // **En cousas de muller i follas nin quites nin te esmolas.** Refrán que se refire a que en cousas de mulleres é mellor non meterse (Villaión). // **Muller barbuda i ovella cornuda, *nun* as cambies por ninguha.** Refrán pastoril que alude á importancia do que se posúe e non debe cambiarse por nada. // **Muller del maragato.** Personaxe dos *Reises* do concello de Ibias, caracterizado por unha careta parecida á das *madamas*, levando un mantelo e medias de la rubias, e ademais cunha bolsa na que gardaba espetas e fío, e un neno de trapo. // **Muller *esmelada*, muller mal casada.** Refrán que indica que unha muller sen dentes é un sinal da falta de sorte no seu casamento. // **Muller morta, cen (sete) á porta.** Refrán que se refire a que un viúvo axiña encontra unha nova muller ou alude á brevidade da dolor que senten algúns cando quedan viúvos (Santiso de Abres). // **Muller parideira, filla a primeira.** Refrán que alude a que unha muller antes de parir a outra foi filla doutra muller. // **Muller *sin* dote e prado *sin* fonte a *calquer* momento.** Refrán que alude a que hai poucas mulleres ricas (Santiso de Abres). // **Muller *xipreira*, ou bruxa ou meiga.** Refrán que alude ás mulleres de carácter desagradable (Boal). // **Mulleres en casa, tantas como fornos.** Refrán que alude a que só se debe de ter unha muller. // ***Nun* hai muller *más desbarrigada* que de tres meses**

preñada. V. Nun hai muller más eslavazada que a de tres meses embarazada. // ***Nun* hai muller *más eslavazada* que a de tres meses embarazada.** Refrán que alude ao mal aspecto físico que teñen as mulleres embarazadas de tres meses. // ***Nun* ser muller.** Non ser capaz unha muller de facer unha cousa. // **O que fai fillos na muller doutro perde o tempo e a feitura.** V. El que fai un fillo na muller doutro perde el fillo i a feitura (Santiso de Abres). // **Santa Marta de Ortigueira, a muller que come a nata, *nun* ten sorte coa manteiga.** Refrán que alude á muller lambona.

muller! interx. Indica sorpresa, protesta etc.

mulleraca. s. f. Muller, con sentido despectivo.

mulleranga. s. f. Muller, con sentido despectivo (Eilao).

mullerego. adx. Aplícase ao home que lle gustan moito as mulleres.

mullería. s. f. Muller pequena, ou de idade avanzada.

mullerío. s. m. Conxunto de mulleres.

mullerón, -úa, -oa. s. f. Muller grande, aínda que se utiliza con ton despectivo. **2.** Muller de mala reputación.

mulleruca. s. f. Muller, con carácter despectivo.

mullida* → molida.

mullido. V. mulido.

mullir. V. mulir 1ª acep.

mulo, -a. s. m. e f. Animal híbrido de sexo masculino ou feminino, fillo de egua e burro ou de burra e cabalo, que normalmente é estéril e moi apreciado pola súa forza e resistencia. // **Mula *burrena*.** Animal híbrido de burro e egua. // **Mula cabalar.** Animal híbrido de cabalo e egua.

multar. v. Sancionar economicamente unha autoridade por infrinxir a lei.

multitú. s. f. Gran cantidade de algo.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

mulura* → molura.

mundeira. s. f. Reprimenda enérxica que se fai a unha persoa (Tapia de Casarego).

mundicia. s. f. Sucidade.

mundo. s. m. Parte do Universo habitado polos homes. **2.** A Terra. // **Todo el (o) mundo.** Todas as persoas. // ***Tar* el mundo amañado.** Que as cousas non van ben.

municipal. adx. e s. Relativo ao concello. **2.** Garda municipal.

municipio. s. m. Concello.

munín* → monín 1ª acep.

munizola. V. molexa[1].

muntón* → montón.

muñau! interx. Voz que se emprega para imitar o son característico do gato.

muñeco. s. m. Pé de madeira ou pedra dos catro que ten o horro (El Franco). **2.** Quinto dedo da man (Ibias).
Obs. Trátase dun castelanismo.

muñeira* → muiñeira.

muñizola. V. munizola.

muñón. s. m. Poste de madeira para asegurar os cabos que amarran unha embarcación (Tapia de Casarego, El Franco).

muñuelo. s. m. Bóla de comida que se fai con masa de fariña e auga, podendo levar ademais outras substancias como ovos, leite, pan relado, azucre ou limón, que se bate ben, frítise en aceite na tixela e énchese con produtos diversos.
Obs. Trátase dun castelanismo.

mura. V. amura 1ª e 2ª acep.

murador, -a. adx. Aplícase ao gato que colle moitos ratos (Coaña, Eilao, Navia). **2.** O que mira moito. **3.** s. m. Bigote do gato.

muraqueira. s. f. Parte dunha parede de pedra que se derrubou. **2.** Furado nunha parede de pedra. **3.** Montón de pedras mal colocadas ou soltas.

murar[1]. v. Cazar ratos o gato (Boal, Coaña, Eilao, Navia, Allande, Villaión). **2.** Comezar a cortexar (Tapia de Casarego). **3.** Vixiar, mirar, observar (Vilanova de Ozcos, Navia).

murar[2]. v. Facer un muro (Ibias).

murcego. V. morcego (Tapia de Casarego, A Veiga, Coaña).

murcilla* → morcilla.

murgueiro, -a. adx. Decaído, sen ánimo. **2.** Astuto, que fai as cousas sen que se saiba.

muria. s. f. Montón de herba de xeito cónico. **2.** Muro.

muría. V. morea.

muricego. V. morcego (Grandas de Salime, Ibias, Taramundi, Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).

murilego. V. morcego.

murizola. V. molexa[1] (San Martín de Ozcos).

murir* → morrer.

murmia. s. f. Chuvia fina (Castropol).

murmiar. v. Chuviscar, caer unha chuvia fina (Castropol). **2.** Falar entre dentes, baixo e confuso (San Martín de Ozcos).

muro. s. m. Parede normalmente grosa feita de pedra. **2.** Parte do batán (Vilanova de Ozcos). **3.** V. dique.

muroca. s. f. Montón de herba (Os Ozcos). **2.** Montón de croios soltos nunha terra de labor ou nunha división de leiras (San Martín de Ozcos).
muracal. V. muroca 2ª acep. (Allande).
muroco. V. muroca.
murón, -a. adx. Aplícase á persoa indiscreta, entremetida. **2.** Dise da persoa de mal carácter, insociable.
murria. s. f. Tristura. **2.** V. murriaco.
murriaco. s. m. Animal fraco, escuálido.
murrión. V. morrión.
murrir* → morrer.
murruñau. interx. Palabra que se emprega para imitar o son característico do gato.
murteiro* → morteiro.
muruxa. V. meruxa 1ª acep. (Grandas de Salime, Santalla de Ozcos).
mus[1]. s. m. Tipo de xogo de cartas, que se xoga normalmente entre catro xogadores agrupados por parellas cunha baralla de 40 cartas.
mus, mus![2] interx. Voz que se emprega para chamar os gatos.
musarín, musarín! interx. Voz que se emprega para chamar os gatos.
muscaquía* → moscaquía.
musgar. v. Gardar as cousas que se saben sen dicilas aos demais.
musgo[1]. V. mofo.
musgo[2], -a. adx. De mal xenio. **2.** Esquivo (Boal). **3.** Acovardado. **4.** Triste, abatido, preocupado.
musgón, -úa. adx. Dise da persoa reservada, calada.
musgoso. V. busgoso.
musgueiro, -a. V. musgón.
musguiar. v. Engurrar a fronte e as cellas en sinal de enfado. **2.** Disimular; azorrar.
música. s. f. Arte de combinar os sons de acordo coas leis da melodía, harmonía e ritmo. // **Deixarse de músicas.** Non andar con impertinencias.
músico. s. m. e adx. Persoa que compón ou toca pezas musicais. // **De músico, poeta i *loco* todos temos un pouco.** Refrán que alude a que ninguén actúa sempre racionalmente.
musín, musín! interx. Voz que se emprega para chamar os gatos.
muslo* → coxa.
mustio, -a. adx. Nubrado, escuro. **2.** Falto de enerxía, triste.
mutil. s. m. Mozo, que nas embarcacións de vela, limpa o fogón e fai os guisos.
mutio, -a. V. muito (Ibias).
muto, -a. V. muito (Ibias).
mux, mux! interx. Voz que se emprega para chamar os gatos.
muxacán. V. cangrexo 2ª acep. (Castropol).
muxe. V. múxel (Tapia de Casarego).
muxe, muxe! interx. Voz que se emprega para espantar os gatos.
muxega. V. moxega.
múxel. s. m. Nome común de diversas especies de peixes osteícticos perciformes pertencentes ao xénero *Mugil*, familia dos muxílidos, de aspecto forte, dunha lonxitude de cincuenta a setenta centímetros, con escamas grandes, dúas aletas abondo separadas, aletas peitorais en posición erguida e sen dentes (*Mugil sp.*). **2.** Peixe osteíctio da familia dos muxílidos ou muxiliformes, de trinta a cincuenta centímetros de lonxitude, co fociño longo e deprimido lateralmente, sen pálpebra adiposa e co dorso de color parda con reflexos prateados (*Mugil capito*), (As Figueiras, Tapia de Casarego). **3.** Muxe mediano (As Figueiras, Tapia de Casarego). **4.** V. alimoso (As Figueiras, Tapia de Casarego). **5.** V. múxel alimoso (As Figueiras, Tapia de Casarego). // ***Múxel* alimoso.** Peixe osteíctio muxiliforme, da familia dos muxílidos, duns corenta centímetros de lonxitude, co rostro agudo e o opérculo cuberto de gran número de manchas douradas. O seu dorso é gris escuro e os flancos presentan listas lonxitudinais azuladas e o ventre é prateado (*Mugil saliens*), (As Figueiras). // ***Múxel* dorado.** V. alimoso (Tapia de Casarego). // ***Múxel* vaqueiro.** Nome xenérico que se lles dá a varios peixes da familia dos muxílidos, que poden alcanzar de vinte a trinta centímetros de lonxitude, caracterizados pola súa color azul prateada co lombo azulado e o ventre claro. Teñen varias liñas lonxitudinais finas e escuras. Os seus beizos son grosos nunha cara aplanada pola parte inferior. Son frecuentes nas desembocaduras dos ríos e nos portos (*Mugil sp.*).
muxida. V. molida (parte occidental do concello de Navia).
muxido. s. m. Berro que dá o gando vacún.
muxiganga. s. f. Festa, diversión.
múxil. V. múxel (As Figueiras, Tapia de Casarego).
muxillón. V. mexillón (As Figueiras).
muxir. v. Berrar o gando vacún. **2.** V. mulir (parte occidental do concello de Navia) 1ª acep. **3.** Extraer leite das femias de certos animais como vacas e cabras (Boal, Abres, Santiso de Abres). **4.** Quitar

a unha persoa beneficios, regalos ou vantaxes pouco a pouco (Abres).
múxol. V. múxel (A Veiga).

N

n. s. m. Décimo segunda letra do alfabeto galego. O seu nome é *ene*.
na. (pl. nas). Alomorfo ou variante combinatoria de *a*, pronome persoal átono de terceira persoa (*Tocouna bastante ben*).
na, na! interx. Úsase para durmir os nenos.
nabada. s. f. Colleita grande de nabos.
nabal. V. nabeiro.
nabanillo. s. m. Tumor indoloro que se forma baixo da pel.
nabeiro. s. m. Terreo no que se plantan ou plantaron nabos.
nabelego. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de El Probo (Allande), porque cultivan nabos.
nabía. s. f. Semente do nabo. **2.** Por extensión, calquera outra semente, como a do toxo, verza, *arvellaca*, xesta, hortalizas etc. // ***Nabía* brava.** Especie de baixa calidade.
nabiar. v. Florecer os nabos ou as verzas (Boal).
nabieiro. s. m. Sementeiro de nabos (Santalla de Ozcos).
nabiña. V. nabía 1ª acep. (Abres). **2.** Nabo adulto que se garda para coller a semente (Abres).
nabiza. s. f. Folla do nabo cando empeza a medrar; rabiza, raba.
nabo. s. m. Planta herbácea da familia das crucíferas, de raíz grosa e talo entre os cincuenta e sesenta centímetros de altura, con follas inferiores partidas e ásperas e follas superiores lanceoladas e enteiras. As flores son amarelas e de tamaño mediano, dispostas nun acio alongado. É comestible tanto para o gando como para as persoas (*Brassica napus*). **2.** s. m. pl. Xogo infantil que consiste en que un grupo de nenos ten a outros entre as pernas como se fosen nabos, entón un deles é o comprador dos nabos e ten que arrincalo das pernas deste grupo. Se o fai, o comprador pasa a ser nabo e o outro, comprador. **3.** Órgano xenital masculino. // **El que *nun* ten nada que *fer*, sacha os nabos antes de nacer.** V. El que nun ten que faer (fer), (os) sous nabos sacha; V. faer. // **Nabo bravo.** Planta herbácea, anual ou perenne, da familia das crucíferas, de corenta a setenta centímetros de altura, con follas peludas e ásperas (*Raphanus raphanistrum*). // **Nabo de *pallal*.** O que se sementa sen seguir ningunha orde entre o millo e as fabas. // **Polo Pilar, os nabos no *polvo* e o viño a envasar.** Refírese a que no Pilar (12 de outubro) xa teñen que estar os nabos labrados na terra e o viño preparado para envasalo. // **Por San Lucas, un nabo en cada punta.** Por San Lucas (18 de outubro) algunhas variedades de nabo xa medraron. // **Por San Vicente chanta os nabos da semente.** V. Que nun pase San Vicente, sin poñer os nabos de somente (Villaión). // **Por San Vicente planta el nabo de semente.** V. Que nun pase San Vicente, sin poñer os nabos de somente (Anlleo). // **Que *nun* pase San *Vicente*, *sin* poñer os nabos de *somente*.** Refrán que alude a que por San Vicente (22 de xaneiro) xa teñen que estar sementados os nabos.
nabolena. s. f. Prostituta. **2.** Tola. **3.** Muller á que lle gustan os contos.
nacemento. s. m. Acción e resultado de nacer. **2.** Conxunto de figuras que se poñen no Nadal para conmemorar o nacemento de Xesucristo; belén.
nacencia. s. f. Nacemento. **2.** Comezo, orixe. **3.** Tumor quístico subcutáneo, indoloro e de formación lenta.
nacer. v. Vir ao mundo. **2.** Xermolar, saír. **3.** Manar, brotar. **4.** s. m. Nacemento. // **Nacer os dentes.** Desexar algo moito. // ***Si* tardas máis en nacer, *sales* aparellado.** Refrán que recrimina as persoas que fan as cousas con moita lentitude. // **Volverse por *unde* naceu.** Enfraquecer, desmellorar (Tapia de Casarego, Navia, Boal).
nacho, -a. adx. Que ten o nariz aplanado e ancho.
nacida. s. f. Enfermidade do cocho, do gando vacún ou das persoas, que se manifesta con grans negros na boca que impiden comer.
nacido, -a. adx. Que veu ao mundo. **2.** Que saíu, brotou.
nacimento* → nacemento.
nación. s. f. Acción e efecto de nacer; nacemento. **2.** (pl. naciois). Cría dos animais. **3.** Estado no que un neno está desmellorado (*Ese neno tá feito uha nación*).
nacre. s. m. Substancia branca con varias colores que aparece no fondo dalgunhas cunchas.
nada. pron. indef. Ningunha cousa. **2.** Pouco, moi pouco. **3.** adv. De ningún xeito. // **Al que nada ten, nada lle**

rouban. Refrán referido á pobreza. // ***De lo* que hai, *nun* falta nada.** Dito que invita a conformarse co pouco que se ten. // **Nada *cuase*.** Un pouco. // **Nada máis (*más*).** Máis nada. // **Os días *nun tein* nada.** Que son curtos.

nadar. v. Sosterse nunha superficie dun líquido movendo os brazos e as pernas. **2.** Sosterse un obxecto ou un tipo de material nun líquido (*A bidureira nada mui ben*), (Boal). // **Nadar á braza.** Estilo de natación no que todo o corpo queda baixo a auga quitando a cabeza. // **Nadar de costado.** Nadar lateralmente. // **Nadar de *espalda*.** Estilo de natación no que o corpo está estendido sobre a auga e de costas ao fondo móvese pola acción das pernas e a rotación lateral dos brazos que se fai dentro e fóra da auga. // **Nadar pra atrás.** V. nadar de espalda.

nadizo. s. m. Humidade, mofo (Tapia de Casarego).

nai. s. f. Denominación antiga de mai nalgúns concellos eonaviegos como Taramundi e El Franco.

nailon. V. nilón 1ª e 4ª acep.

nainai. s. m. Berce (San Martín de Ozcos).

naide. pron. indef. Indica a inexistencia de persoas. // ***Tu nun* es *naide*!** Expresión de ameaza.

Obs. Trátase dun castelanismo.

nainas. adx. Dise da persoa tímida, indecisa. **2.** Aplícase á persoa que non ten valor, apoucado. **3.** Dise da persoa que non se preocupa polo seu aspecto, desamañado (A Veiga).

náldamo! V. déldamo!

nalgúa. s. f. Nádega grande.

nalgún. (f. nalguha, nalgunha; pl. nalgús, nalguhos, nalgúis, nalgunhos, nalguhas, nalgunhas). Contracción da preposición *en* e o indefinido masculino singular algún.

nallundes. adv. A ningún sitio, de ningún sitio, a ningunha parte, de ningunha parte, en ningunha parte. // **Nada que *vei pra nallundes*.** Que non ten ningunha importancia (Boal). **2.** Calquera.

namais. adv. Nada máis.

namás. V. namais.

namoradeiro, -a. adx. Que namora, namorador.

namoradizo, -a. adx. Que se deixa namorar.

namorado[1], -a. s. m. Planta herbácea, anual, da familia das compostas, de talo erecto e provisto de espiñas longas tripartitas de color amarela. As follas son brancas por un lado e os froitos están cubertos de pugas con ganchos (*Xanthium spinosum*). **2.** s. m. Planta da familia das compostas, de follas basais moi grandes, onduladas, cordiformes e con pelos por un lado. Talo groso e flores purpúreas con espiñas (*Arctium minus*). **3.** s. m. Por extensión, cada unha das plantas caracterizadas por ter froitos ou flores secas que se pegan na roupa. **4.** Flor destas plantas. **5.** adx. m. e f. Persoa que se sente atraída por outra por amor.

namorar. v. Despertar nunha persoa a paixón do amor. **2.** prnl. Sentir amor ou unha forte atracción por alguén.

namoricado, -a. adx. Namorado no comezo da paixón.

namoricar. v. Comezar a namorar ou namorarse. **2.** prnl. Namorarse pero só dun xeito superficial.

namoriscar. V. namoricar 1ª acep.

nanai. s. m. Berce; nainai.

nano*, -a → anano.

napias. s. f. pl. Nariz, aplicado ao home ou ao gando vacún.

naquel. (f. naquela, naquella, pl. naqueles, naquelos, naquelas, naquellos, naquellas). Contracción da preposición *en* e o demostrativo masculino singular *aquel*.

naquello. V. naquelo 1ª e 2ª acep.

naquelo. Contracción da preposición *en* e o demostrativo *aquelo*. **2.** Mentres, nese momento (*Naquelo chegou el fillo*).

naranxa. s. f. Froito da *naranxeira*, comestible e de sabor acedo e doce. **2.** adx. e s. Color cunha tonalidade entre a color vermella e a amarela.

naranxal. V. naranxeira.

naranxeira. s. f. Árbore perennefolia da familia das auranciáceas, de tres ou seis até doce metros de altura, co tronco recto e a cortiza lisa, de color gris verdeal. As follas son elípticas, relucentes, enteiras ou algo dentadas. As flores están agrupadas, sendo de color branca ou rosada e moi aromáticas. O seu froito é a *naranxa* (laranxa), doce e agre, con moitas variedades (*Citrus aurantium*).

naranxeiro. V. naranxeira (Boal, Navia, Villaión).

naranxo. V. naranxeira (Boal, Tapia de Casarego).

narcho. s. m. No gando vacún, conxunto do morro e os beizos (Os Ozcos).

naricete. s. m. Ferro en forma de nariz, onde encaixa un picaporte.

narigón. s. m. Aro que se pon no fociño aos cochos, touros, bois, xatos e outros animais para poder suxeitalos. **2.** Gancho de ferro situado na proa dunha embarcación que se utiliza para sacala á

terra ou para fondeala (Tapia de Casarego).

narigudo, -a. adx. Que ten moito nariz.

nariz. s. f. Parte saínte da cara entre a fronte e a boca con dous orificios, onde reside o sentido do olfacto. // **Correr *as* narices.** Ter moitos mocos líquidos.
Obs. No Eo-Navia esta palabra é feminina.

narizudo, -a. V. narigudo.

narnear. v. Coller unha vaca polos beizos e o comezo do nariz para suxeitarlle a cabeza.

narnexar. v. Falar entre os dentes ou polo nariz sen que se entenda o que se di. **2.** Tatexar.

narnexo, -a. s. m. Beizo superior cando está fendido e recorda unha forma semellante ao da lebre (Castropol). **2.** Ás veces, aplícase ao beizo inferior. **3.** adx. Dise da persoa que *narnexa*.

narniada. s. f. Golpe dado na boca, beizos ou no nariz; morrada. **2.** Golpe que se dá coa man aberta.

narniado, -a. adx. O que está suxeito polo nariz. **2.** Dise da vaca que se colle polos beizos e o comezo do nariz para suxeitarlle a cabeza. **3.** Dise do home dominado pola súa muller.

narniar. V. narnear.

narnio. s. m. Beizo groso e comezo do nariz no gando vacún. **2.** Morro, fociño avultado.

narnión. V. narnexo 1ª acep. (Castropol).

narración. s. f. (pl. narraciois). Acción e resultado de narrar. **2.** Relato.

nasa. s. f. Aparello de pesca feito con xuncos, tiras de ferro, madeira ou plástico, cunha especie de embude nunha das súas bases, por onde entra o peixe ou o marisco. Existen moitas variedades segundo as formas e a función, dependendo do peixe ou marisco que se queira capturar. // **Nasa de barril.** Nasa cilíndrica, feita con varas e aros de madeira, que se emprega para a captura da lagosta. // **Nasa de pouso.** Nasa que se emprega de noite. // **Ter a boca como uha nasa.** Falar con desvergonza (San Martín de Ozcos).

nascapula. s. f. Forma de cosido á beira dunha tea, que se desprende facilmente.

nascapulla. V. nascapula.

nasín. s. m. Parte final da nasa por onde entran os peixes e non saen.

naso. V. nasa (Grandas de Salime).

naspa. V. sarelo.

nata. s. f. Tona con graxa que cobre a superficie do leite; tona.

natudo, -a. adx. Que ten moita nata (Tapia de Casarego).

natura. s. f. Órgano xenital de calquera femia de animal doméstico ou dos mamíferos, especialmente o das vacas.

naturuda. adx. Dise da vaca co órgano xenital inchado, porque está en celo.

navalla. s. f. Especie de coitelo de folla fina que se dobra no mango. No Eo-Navia son de importancia as feitas en Taramundi, aínda que se fixeron tamén nos Ozcos e en Santiso de Abres. **2.** Molusco bivalvo, lamelibranquio, cunhas valvas de tres a catro centímetros de lonxitude, ovais, finas e moi aplanadas (*Donax anatinus*), (As Figueiras). **3.** V. aguillolo (Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira). **4.** V. aguillolo negro (Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira). // **Navalla da barba.** Navalla que se utiliza para barbearse. // **Navalla de metal.** Navalla co mango de madeira recuberto enteiramente de metal. // **Navalla de *tenedor*.** Navalla con dúas *virolas* curtas, unha suxeita a folla de punta recta e a outra un estreito garfo de tres pugas. // ***Tá* (che) *búa* (boa) a navalla, que *nun* corta el queixo**. Refrán que alude a cando unha persoa está nunha situación comprometida da que non sabe saír.

navallada. s. f. Golpe dado cunha navalla. **2.** Ferida producida por este golpe.

navallazo. V. navallada.

navalleiro, -a. s. m. e f. Persoa que fai ou vende navallas. **2.** Persoa que colle ou vende navallas de mar.

navallía. s. f. Navalla pequena.

navalliña. s. f. Navalla pequena (Taramundi).

navallíos. adx. e s. pl. Alcume popular que se lles dá aos habitantes do concello de Santalla de Ozcos.

navallón, -úa. s. m. e f. Navalla grande.

navalluada. V. navallada.

nave. s. f. Vertente dun hórreo ou *panera* (Verducedo); augua.

navegación. s. f. Acción de navegar.

navegante. s. m. e adx. Que navega, mariñeiro.

navegar. v. Viaxar pola auga dun lugar a outro. **2.** Andar unha embarcación pola auga. **3.** Traballar nun barco.

naveta. s. m. Caixón pequeno dun moble.

naviano, -a. V. naviego.

navidá. s. f. Solemnidade do ano litúrxico cristián que conmemora o nacemento de Cristo (25 de decembro). **2.** pl. Conxunto de días festivos de decembro e xaneiro no que se celebra o Nadal. // **Tal día *Navidá*, tal día ano novo.** Dito que se refire a que se o día de Nadal cadra un

sábado, o sábado seguinte será o día de Aninovo.
Obs. Trátase dun castelanismo e vulgarismo.

naviego, -a. adx. e s. m. e f. Natural de Navia. **2.** Pertencente ou relativo ao concello de Navia. **3.** Natural de Navia de Suarna. **4.** Pertencente ou relativo ao concello de Navia de Suarna. **5.** Por extensión, esta palabra ás veces úsase referido a un espazo maior que o concello de Navia, nunha idea de inclusión de varios dos concellos lindeiros ou mesmo do Eo-Navia costeiro no seu conxunto como espazo xeográfico ou en relación á fala deses concellos.

naviego-ovense* → eonaviego.

navieira. s. f. Compañía propietaria dun barco.

navieiro. s. m. Persoa propietaria dun navío.

navilla. s. f. Peza de madeira horizontal que se pon atravesada no extremo da lata do arado (Vilarmeirín e Vilar de Cendias).

názcaro, -a. adx. Aplícase á persoa, animal, planta, froito ou cousa pequenos; anázcaro.

nébeda. s. f. Planta herbácea da familia das labiadas, de vinte a sesenta centímetros de altura, follas opostas ovais e redondeadas e flores rosadas, con propiedades medicinais (*Calamintha nepeta*), (Grandas de Salime).

nebla. s. f. Condensación de vapor de auga na atmosfera.

nebra. V. nebla (Santiso de Abres, Vilanova de Ozcos, Santalla de Ozcos).

nebrina. s. f. Néboa espesa.

nécara. s. f. Boneca que se fai con trapos.

necedá. s. f. Ignorancia, torpeza. **2.** Obstinación.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

necer* → nacer.

necesidá. s. f. Aquilo do que non se pode prescindir. // ***Enseña* máis a *necesidá* que a *universidá*.** Refrán que alude á importancia da experiencia na vida. // **Facer as necesidades.** Cagar.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

necesitado, -a. adx. Que ten necesidade ou carece de algo.

necio, -a. adx. Testán. // **Ser necio como os *gochos*.** Ser moi testán.

nécora. s. f. Crustáceo malacostráceo, decádopo da familia dos portúnidos, que presenta o último par de patas axeitado á natación. A súa coloración é castaña escura, con liñas azuis nas patas. Gastronomicamente é moi apreciado (*Macropipus puber*).

negar. v. Declarar que non é verdade unha cousa. **2.** Dicir que non. **3.** Non recoñecer a unha persoa ou cousa. **4.** Prohibir.

negrear. v. Coller os campos unha color verde escura cando en maio o trigo lle sae a espiga. **2.** Deixar escura unha cousa.

negreiro, -a. adx. Explotador, asoballador.

negrén. V. mourén (Boal).

negrién. V. mourén.

negrita. V. cheirón 3ª acep. (Tapia de Casarego).

negrizo, -a. adx. Morado, especialmente despois de sufrir un golpe.

negro, -a. adx. e s. m. e f. De color moi escura, sen luz; mouro. **2.** V. tene 2ª acep. (Tapia de Casarego). **3.** Peixe osteíctio da familia dos gádidos, que pode acadar máis dun metro de lonxitude, con tres aletas dorsais moi próximas e coloración verdeal negra cunha lista clara no lado e o ventre abrancazado (*Gadus virens*), (As Figueiras). // **Ter a negra encima.** Ter mala sorte.

negror. V. xarabal (Ortigueira). **2.** Banco de peixes de color parda ou escura.

negrume. s. m. Substancia de color negra que cobre unha cousa.

negrura. s. f. Escuridade que se produce cando o ceo se pon de color gris antes da chegada dunha tormenta.

negueirao, á. V. negueirés.

negueirés, -a. adx. e s. m. e f. Natural de Negueira de Muñiz. **2.** Pertencente ou relativo ao concello de Negueira de Muñiz.

nel[1]. (f. na; pl. nos, nas). Contracción da preposición *en* e o artigo masculino singular *el* (*Taba nel caxón*); no.

nel[2]. (f. nela, nella; pl. neles, nelos, nellos, nelas, nellas). Contracción da preposición *en* e o pronome persoal singular masculino *el* (*Nel iba teu irmau*).

nel[3]. Contracción da preposición *en* e o artigo neutro *el* (*Pensaron nel que era mellor pró fillo*).

nelda. s. f. Herba anual da familia das umbelíferas, de talo estriado, que pode superar o metro de altura, con flores de color amarela e froito con tres resaltes dorsais e outros dous laterais ensanchados en forma de á (*Anethum graveolens*), (Vilanova de Ozcos).

nello. V. nelo.
Obs. Trátase dun castelanismo.

nelo. Contracción da preposición *en* e o pronome persoal de terceira persoa neutro *elo*.
Obs. Trátase dun castelanismo.

nembrarse. v. prnl. Traer á memoria unha cousa, recordar.
nembro. s. m. Calquera extremidade do corpo humano ou dun animal.
nembrudo, -a. adx. Aplícase á persoa ou animal con músculos anchos e avultados. **2.** Que ten forza.
nen. V. nin (Ibias).
nena. V. pirlón 2ª, 4ª e 5ª acep. (As Figueiras).
nenada. s. f. Acción propia de nenos. **2.** Parvada.
nenallo, -a. adx. Neno pequeno.
nenazo, -a. adx. Neno que medrou máis do que lle corresponde en idade.
nenego, -a. adx. Que lle gustan os nenos; neneiro.
neneiro, -a. adx. Aplícase á persoa que lle gustan os nenos.
nengún*, -a → ningún.
nenín, -ía. s. m. (pl. neníos, nenías). Neno pequeno. Normalmente utilízase cun sentido afectivo. **2.** Quinto dedo da man; minín, miñiquín. // ***Nenía* del ollo.** Pupila; niña.
neniña. s. f. Diminutivo de nena (Santalla de Ozcos).
neníο, -a. V. nenín. // **El que ten *neníos*, folga a *bocadíos*.** Refrán que alude a que quen ten nenos pequenos só pode descansar en espazos curtos de tempo. // **Quen ten *neníos*, *durme* a *pedacíos*.** V. El que ten neníos, folga a bocadíos.
neno, -a. s. m. e f. Persoa de pouca idade. **2.** Xove, novo. **3.** Fillo. **4.** Palabra que se emprega para despedirse dunha persoa independentemente da súa idade (*Asta logo neno*). **5.** Nalgunhas circunstancias equivale a home e muller. // ***Condo* un neno nace *trai* un pan *debaxo* del brazo.** Refrán que alude a que a providencia coida das súas criaturas. // **De neno rei, de mozo capitán, e de vello can.** Refrán que alude ao paso do tempo nunha persoa. // **De neno rei, de mozo galán i de vello can.** Refrán que alude ao paso do tempo nunha persoa. // **El neno i el borracho *dice lo* que ten (*tein*) nel papo.** Refrán referido a que se cre que o neno e o borracho sempre din a verdade. // **El neno i el can van a *unde* lle dan.** Refrán que alude a que tanto un como outro se achegan alí onde se lles ofrecen coidados. // **Neno gordo.** Ave caradriforme, da familia dos álcidos, duns trinta centímetros de lonxitude, co pescozo e tronco curtos; cabeza grande con pico triangular, percorrido por varios sucos, de color vermella, azul, amarela no verán, e cola e patas curtas. A plumaxe estival é branca e negra cos pés de color laranxa viva (*Fratercula arctica*), (Tapia de Casarego). // **Ser un gran neno (nena).** Ser unha persoa á que se lle ten moito afecto (Boal).
nenón, -úa, -oa. s. f. (pl. nenois). Neno que medrou, grande.
nervial. s. m. Lugar cuberto de *nervias*.
nervia. s. f. Planta herbácea da familia das gramíneas, perenne e rastreira, de follas planas e espigas violáceas. É difícil de exterminar pola súa facilidade de reprodución (*Cynodon dactylon*). **2.** Por extensión, calquera herba que medra de xeito espontáneo entre o que se sementou. **3.** Raíz longa dunha planta.
nervio. s. m. Cada un dos órganos filiformes, que parten dos centros nerviosos e se ramifican por todo o organismo, transmitindo impulsos motores e sensitivos. **2.** Por extensión, filamento branquecino que ten a carne que se come. **3.** Músculo. **4.** Persoa inqueda (*É un nervio*). **5.** Forza, vigor.
nerviosidá. s. f. Estado no que se é ou está nervioso.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
nervudo, -a. adx. Con nervios, musculado (Eilao).
nese. (f. nesa; pl. neses, nesos, nesas). Contracción da preposición *en* e o demostrativo *ese*.
nesecidá* → necesidá.
nesga. s. f. Peza con forma de triángulo que se cose aos vestidos para que teñan voo. **2.** Tipo de nó de forma triangular que se fai nos extremos do chambaril para suxeitar o cocho na matanza (Pezós).
nesgado, -a. adx. Peza de roupa con voo. **2.** Torto.
nesgar. v. Cortar ou facer cortes en oblicuo.
nesgo. s. m. Corte oblicuo.
neso. Contracción da preposición *en* e o demostrativo *eso*.
nesoutro, -a. (pl. nesoutros, nesoutras). Contracción da preposición *en* e a contracción de demostrativo e indefinido *esoutro*.
neste. (f. nesta; pl. nestes, nestos, nestas). Contracción da preposición *en* e o demostrativo singular masculino *este*.
nesto. Contracción da preposición *en* e o demostrativo *esto*. **2.** adv. Mentres, en tanto, en aquel mesmo instante.
nestora. adv. Neste momento, agora (Tapia de Casarego).
nestoutro, -a. (pl. nestoutros, nestoutras). Contracción da preposición *en* e o

demostrativo *este* ou *esto* co indefinido *outro*.

netequín. s. m. (pl. netequíos). Diminutivo de neto[2].

neto[1], -a. s. m. Medida de capacidade de menos dun litro (como medio litro), que se utilizaba para líquidos, normalmente para o viño. Ás veces era sinónimo de cuartillo. **2.** adx. Aplícase á planta, árbore, cultivo ou campo que están louzáns, que medraron (*Este trigo tá mui neto*). **3.** adx. Puro, limpo, transparente, claro. **4.** s. m. Medida de superficie equivalente a 21,86 metros cadrados. **5.** adx. Dise do animal ou da persoa fortes ou gordos (Boal, San Martín de Ozcos). **6.** adx. Aplícase á persoa de bo aspecto, con boa saúde (Coaña, Boal, San Martín de Ozcos). **7.** adx. Dise da persoa que chama a atención pola súa beleza. // ***Tá* neta i branca como uha mazadura de manteiga.** Dise cando unha muller é fermosa.

neto[2], -a. s. m. e f. Fillo dun fillo ou dunha filla con respecto aos pais.

neura. s. f. Estado repentino de cólera ou irritación provocado normalmente polos nervios.

nevada. s. f. Feito de nevar. **2.** Cantidade de neve caída dunha vez. // **Ano de *búa* nevada, ano de *búa* airada.** Refrán que indica que o ano no que hai boas nevadas, hai boas colleitas. // **Ano de nevada, ano de anada.** Refrán que indica que o ano no que hai boas nevadas, hai boas colleitas. // **Ano de *búa* nevada, ano de *búa* anada.** V. Ano de nevada, ano de anada. // ***Si* faltan nevadas, faltan fornadas.** Refrán que se refire que se non hai nevadas non haberá boas colleitas. // **Uha nevada en abril, matei el *gocho* no cubil.** Refrán que alude á necesidade de comer nesta situación excepcional (Villaión).

nevadoa. V. nevadúa.

nevadúa. s. f. Nevada grande (Boal).

nevalla. s. f. Neve miúda e desagradable (Allande).

nevar. v. Caer neve. **2.** Sarabiar (El Franco, Coaña).

nevarada. s. f. Nevada moi grande.

nevaradoa. s. f. Aumentativo de nevarada (Ibias).

nevarento. adx. Dise do mes no que neva moito.

nevarida. s. f. Vento frío mesturado con neve (Eilao).

nevarido. s. m. Tormenta de neve ou sarabia. **2.** Cantidade de neve ou sarabia que cae dunha vez e sen interrupción (Boal). **3.** Bóla de neve (Villaión).

nevarío* → nevarido.

neve. s. f. Auga conxelada en pequenos cristais hexagonais procedentes da conxelación lenta do vapor de auga nas capas altas da troposfera e que, en certas ocasións, precipítase sobre a superfice terrestre en forma de *falopos* (folerpas). **2.** Período de tempo en que neva moito. **3.** Por extensión, sarabia. // **A neve de *xeneiro* é igual que cuito de carneiro.** Refrán que alude a que nese mes a neve é pouco consistente. // **Ano de neves, ano de *bienes*.** Refrán que indica que o ano con moita neve é favorable para ter boas colleitas. Obs. Trátase dun castelanismo. // **Dixo a neve á *xelada*, vaite (*tu*) *hoi* que eu vou mañá.** Refírese que despois dunha xeada pode chegar a neve. // **Neve *marcelía*.** Neve no mes de marzo. // **Neve *marcía*.** Neve marcelía. // **Neve que *nun* se *vei*, outra espera.** Refrán que alude a que cando unha nevada permanece, virá outra pronto. // **Por San Martín, neve nel (no) *camín*.** Por San Martín (11 de novembro) comeza xa a nevar; V. inverno. // **Por todos os Santos, neve nos altos.** Refrán meteorolóxico que nos indica que no mes de novembro xa empeza a aparecer a neve nos altos.

neveira. s. f. Lugar moi frío.

nevía. s. f. Neve débil (Allande).

neviscar. v. Nevar pouco.

nevuscar. V. neviscar.

nezcla. s. f. Lanzadeira de madeira en forma de barca que se usa no tear, onde vai metida a *mazorga* do fío.

nezcro. s. m. Compartimento dentro dunha hucha que se utiliza para gardar cousas pequenas ou para separar unha semente (San Martín de Ozcos).

nía! interx. Utilízase para dirixirse ou chamar a unha nena ou a unha muller (Eilao, Boal, Vilanova de Ozcos).

niada. s. f. Conxunto de paxaros dun *nío* (niño). **2.** Conxunto de ovos que pon unha galiña nun niño. **3.** Conxunto de animais tidos nun mesmo parto. **4.** Conxunto de pitos que ten unha galiña choca. **5.** Conxunto de animais (*Encontrou unha niada de ratos*), (Castropol). **6.** Conxunto de ovos postos por unha ave nun *nío* (niño). **7.** Conxunto de crías de calquera animal. // **En toda niada hai un pito coxo.** Refrán que alude a que nunha familia sempre hai unha ovella negra.

nial. V. nío 1ª acep. (Castropol).

niar. v. Facer o *nío* (niño) as aves ou vivir nel.
niarada. V. niada 4ª acep.
nibía. s. f. Nube pequena (Allande).
nicho. s. m. Cavidade que se abre nunha parede para poñer unha estatua, unha imaxe etc. **2.** Cavidade que se fai para poñer os mortos. **3.** Furado.
nicio. s. m. Cacho de fermento que se deixaba para facer a próxima fornada.
nicrolo. s. m. Neno moi pequeno. **2.** Home que non medrou.
nidal* → nial.
nidio, -a. adx. Claro, limpo, transparente. **2.** Cheo de algo dun xeito abundante (*Tá todo nidio de castañas*). **3.** Espeso (Castropol). **4.** Alisado, pulido (Santalla de Ozcos).
nido* → nío.
nieirín. s. m. Diminutivo de nieiro.
nieiro. s. m. Lugar dentro do galiñeiro onde as pitas poñen os ovos. **2.** adx. Dise do ovo ou pedra redonda que se deixan como sinal para que as galiñas poñan máis ou nun lugar determinado. **3.** s. m. Lugar onde se esconde algo que non se quere que se descubra (*El nieiro dos cuartos*). **4.** V. nío 1ª acep. **5.** s. m. Lugar onde nacen ou viven algúns animais (*Un nieiro de ratos*).
nillundes. V. niúndes.
nilón. s. m. Fibra téxtil sintética. **2.** Sedal. **3.** V. tanza 1ª acep. **4.** Parte última da liña dunha cacea.
nin[1]. conx. E non, tamén non. // **Nin que.** Como si (*Nin que fose rico*). // **Nin vou nin veño.** Dise cando unha persoa non di nada sobre certo asunto.
nin[2], nía. s. m. e f. Diminutivo de neno.
ningún. (f. ningunha, ninguha; pl. ningús, ninguhos, ningúis, ningunhos, ninguhas, ningunhas). adx. e pronome indef. Nin unha soa persoa ou cousa. **2.** V. naide.
ninín*, -a → nenín.
niña. s. f. Pupila; nenía del ollo.
nío. s. m. Especie de leito que fan os paxaros para poñer os seus ovos. **2.** Por extensión, cova da raposa ou do porco teixo. **3.** Fogar familiar. // **Andar aos *níos*.** Coller, normalmente os nenos, os niños dos paxaros. // **Nos *níos* de antano, *nun* busques *páxaros* este ano.** V. Os níos de antano, non dan páxaros hougano. // **Os *níos* de antano, non dan *páxaros hougano*.** Refrán que se refire á morriña de tempos pasados, á inestabilidade das cousas terreas e a diferenza entre o xeito de recibirnos nunha casa cando hai outro dono ou este sufriu cambios de fortuna. **2.** Refírese á resposta que se dá a quen se trata de convidar a facer algo, pero xa non ten a idade ou a ilusión de antes. // **Os *níos* del ano pasado *nun* dan *páxaros henguano* (este ano).** V. Os níos de antano, non dan páxaros hougano (Boal, Tapia de Casarego). // ***Tar* aos *níos*.** V. Andar aos níos (Castropol).
niolo. V. miolo 2ª acep.
niquillo. s. m. Persoa moi fraca e estreita de corpo (Tapia de Casarego).
nirvia* → nervia.
nisa. s. f. Cirola pequena, alongada e escura, normalmente silvestre. **2.** Froito da pataca con forma de pequena bóla. // ***Nisa* de pataqueiro.** Cirola de color vermella.
nisal. V. niseiro 1ª acep.
nisco. s. m. Un pouco de algo (Castropol).
nise. s. m. Cirola de color verde.
niseira. V. niseiro 1ª acep. (Boal, Eilao, Villaión).
niseiro. s. m. Árbore caducifolia da familia das rosáceas, de dous a cinco metros de altura, co tronco tortuoso e a copa aberta. As súas follas son grandes, elípticas e enteiras, de color verde brillante por un lado e pubescentes polo outro. As flores son grandes, brancas e solitarias (*Mespilus germanica*), (El Franco, Tapia de Casarego, Eilao, Boal, Navia). **2.** Ás veces esta palabra úsase para a ameixeira (*Prunus domestica*). V. ameixeira.
niso. s. m. Froito do *niseiro*, que é unha cirola pequena, normalmente da color do viño; nisa. **2.** *Nisa* pequena.
niu* → nío.
niúndes. adv. En ningún lugar, a ningunha parte, a ningún sitio, de ningún sitio; nallundes, nillundes.
nivel. s. m. Instrumento que se utiliza para comprobar a diferenza de altura que existe entre dúas partes ou para comprobar a horizontalidade dun plano ou unha liña.
nixo. V. niso.
no[1]. (f. na; pl. nos, nas). Contracción da preposición *en* e o artigo masculino singular *o* (Taramundi, Santiso de Abres, A Veiga, Vilanova de Ozcos, San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos, Eilao, Villaión).
no[2]. (pl. nos). Alomorfo ou variante combinatoria de *o*, pronome persoal átono de terceira persoa (*Colleuno polo brazo*).
no[3]. Contracción da preposición *en* e o artigo neutro *o* (*Pensaron no que era mellor pró fillo*).

nó. V. nougo (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos).
noada. s. f. Tormenta (Os Ozcos, Taramundi). **2.** Tempo de chuvia. **3.** Período de varios días de mal tempo.
nobanillo. V. nabanillo.
nobeiro* → nubeiro 2ª acep.
nobelo. s. m. Bóla de fío enrolado. **2.** Bóla de cánabo para as redes.
nobello. V. nobelo 1ª acep.
nobre. s. m. Ilustre, aristócrata. **2.** Honrado, xeneroso.
nobreza. s. f. Calidade de nobre. **2.** Honradez, xenerosidade.
noca. V. nocro 4ª acep.
noceira. V. nogueira (Tapia de Casarego, Eilao, Coaña).
noceiro. V. nogueira (El Franco, Navia).
nocella. s. f. Herba vivaz da familia das gramíneas, con bulbo de moitas raíces, que medra entre os cereais, especialmente entre o millo e o trigo, polo que se considera como maligna e entre a bouza (*Arrhenatherum elatius sp.*). **2.** Planta herbácea, da familia das gramíneas, moi presente entre a bouza e os piñeirais (*Pseudarrhenatherum longifolium*). **3.** Por extensión, semente destas plantas. **4.** s. f. pl. Ovarios das cochas, que normalmente extrae o capador.
nocía. s. m. Diminutivo de noz.
noco, -a. adx. Dise da persoa moi fea. **2.** V. nocro 4ª acep. (Tapia de Casarego). **3.** s. m. Cacho grande de algo (*Un noco de xamón*), (El Franco). // **Noco galo.** V. nocro francés (Tapia de Casarego). // **Noco peludo.** V. mexacán 3ª acep. (Tapia de Casarego).
nocro. s. m. Toco dunha árbore cortada polo pé. **2.** Nécora. **3.** Vulto. **4.** Crustáceo decápodo con corpo oval e liso, máis ancho que longo, de gran tamaño, podendo medir entre dez e vinte e cinco centímetros de lonxitude. A súa coloración é marrón vermella e ten dúas fortes pinzas con pequenos dentes no seu primeiro par de patas. O abdome do macho é menos avultado que o da femia e as súas pinzas son máis grandes (*Cancer pagurus*). // ***Nocro* de altura.** V. cangrexo 3ª acep. (As Figueiras). // ***Nocro* francés.** Crustáceo decápodo braquiúro, da familia dos calápidos, de cacho convexo, redondeado por diante e provisto de dúas expansións posteriores, que mide uns setenta milímetros de lonxitude por noventa de anchura. Na rexión dorsal do cacho destacan unhas protuberancias aplanadas de color vermella. O primeiro par de patas está moi desenvolvido, mentres que os restantes son máis ben reducidos e están ocultos en parte polas expansións posteriores do cacho (*Calappa granulata*), (As Figueiras). // ***Nocro* pequeno.** V. nocro francés (Ortigueira).
nodo. V. nougo.
nogal. V. nogueira (Villaión, Ibias, Allande).
nogueira. s. f. Árbore caducifolia da familia das xuglandáceas, de fortes raíces, tronco recto coa cortiza branca e copa extensa. O seu froito é a noz, que é comestible, e a súa madeira é moi apreciada en ebanistería (*Juglans regia*); noceira, noceiro.
nogueiriña. s. f. Diminutivo de nogueira (Os Coutos).
nogueiro. V. nubeiro (Vilanova de Ozcos). **2.** V. nogueira (As Figueiras).
noi. V. nougo 1ª acep. (Pezós).
noirín. s. m. Noiro pequeno (Castropol).
noiro. s. m. Elevación da terra que sobresae sobre as leiras próximas. **2.** Costa vertical entre dúas terras de nivel desigual. **3.** Valado. **4.** Vulto. **5.** Persoa grande e mal feita (Tapia de Casarego). **6.** Montón de pedras, terra etc. **7.** V. folla 11ª acep. (El Franco). // **Poñerse noiro.** Poñerse altivo, presuntuoso (Seares). // ***Tar* como un noiro.** Aplícase ao neno que medrou e está alto. **2.** Non decatarse de nada.
noitada. s. f. Imsomnio, mala noite. **2.** Traballo que se fai nunha noite. **3.** Noite de festa. **4.** Conxunto de pesca collida de noite. **5.** O que sucede nunha noite.
noite. s. f. Espazo comprendido entre a posta e a saída do sol. // **Á noite (ás noites).** Pola noite // **De noite.** Pola noite, na noite. // **Día por noite.** Todo o tempo. // **El día de Santa *Llucía*, abate a noite i medra el día, uha pasada de *gallía*.** V. Por Santa Lucía (Llucía) *mengua* a noite e medra el (o) día. // **El día de Santa *Llucía*, *baxa* a noite i medra el día, a *pasuada* da *gallía*.** V. Por Santa Lucía (Llucía) *mengua* a noite e medra el (o) día. // **El que *guarda* da noite *pral* día ten *muita* alegría.** Refrán que indica que se debe aforrar. // **Esta noite.** A noite pasada. // **Facerse (*ferse*) noite.** Anoitecer. // ***Hoi* á noite.** A noite que vén. // **Noite de San *Xuan*.** Noite do 23 de xuño, a máis curta do ano, na que tradicionalmente facíanse fogueiras, poñíanse unha vella ou vello, enramábanse as fontes, adornábanse portas e ventás, roubábanse carros e grades e apeiros, íase coller a flor da

auga, poñíanse nas casas ramos de bieiteiro ou de *estoupois*, collíase a orballada etc. Tamén é chamada dos *albeiros* ou dos *debeiros*. Nalgúns concellos críase que ao poñer ás doce da noite (*víspora* de San Xoán) unha clara de ovo nun vaso de auga, pola mañá tería a forma dun barco. // **Noite *estrellada*, mañá cagada.** Refrán meteorolóxico que indica que se na noite hai moitas estrelas, a mañá vai ser fría e seca. // **Noite pechada.** Cando xa é completamente de noite. // **Noites alegres, mañás tristes.** Refrán que alude aos efectos da resaca dunha borracheira pola mañá. // **O que perde a noite, perde o día.** Refrán que alude a que non é bo trasnoitar (Santiso de Abres). // **Por Santa *Llucía baxa* a noite i medra el día a *pasuada* (pisada) duha (da) *galía* (*gallía*).** V. Por Santa Lucía (Llucía) *mengua* a noite e medra el (o) día. // **Por Santa *Llucía*, medra el día, á pasada duha *gallía*.** V. Por Santa Lucía (Llucía) *mengua* a noite e medra el (o) día. // **Por Santa Lucía, *baxan* as noites i medran os días, á *pasuada* dunha galía.** V. Por Santa Lucía (Llucía) *mengua* a noite e medra el (o) día. // **Por Santa Lucía medran os días al pé duha *galía*.** V. Por Santa Lucía (Llucía) *mengua* a noite e medra el (o) día. // **Por Santa Lucía (*Llucía*) *mengua* a noite e medra el (o) día.** Refrán que indica que por Santa Lucía (13 de decembro) comezan a medrar os días. // **Por Santa Lucía *mengua* a noite i crece el día, á pasada da *gallía*.** V. Por Santa Lucía (Llucía) *mengua* a noite e medra el (o) día. // **Por Santa Lucía *mengua* a noite i medra el día, al paso duha *galía*.** V. Por Santa Lucía (Llucía) *mengua* a noite e medra el (o) día. // ***Tar* sendo noite.** Escurecer, anoitecer.

noitecer. V. anoitecer. // **Al *noitecer*.** Cando escurece.

noitía (á). loc. Ao anoitecer.

noitiña (á). loc. Ao anoitecer (Abres).

noitiquía (á). loc. Ao anoitecer.

nollo. V. nougo 1ª acep. (Ibias).

nolo, -a. Formas resultantes da unión do pronome persoal átono de primeira persoa *nos* e os pronomes persoais de terceira persoa *o*, *a* (*Xa nolo trouxo*).

nomáis* → nada máis.

nombrado, -a. adx. Famoso.
Obs. Trátase dun castelanismo.

nombrar. v. Chamar polo nome. **2.** Dicir, citar.
Obs. Trátase dun castelanismo.

nombre. s. m. Palabra coa que se coñece ou designa unha persoa, un animal ou unha cousa.
Obs. Trátase dun castelanismo.

nome. V. nombre (Villaión).

nómina. s. f. Bolsa con amuletos para protexerse dos males.

non. adv. Expresa negación. // **Non pois (*pos*) el!** Expresa desgusto, contrariedade ou ameaza. // **Non xa!** De ningún xeito. **2.** Non soamente. **3.** Xa o creo!

nora. s. f. Muller dun fillo, con respecto aos pais del.

noraboa. s. f. Felicitación que se dá con ocasión dun feliz acontecemento.

nordés. s. m. Vento fresco e húmido que sopra entre o norte e o leste. **2.** Lugar do horizonte entre o norte e o leste. // **Nordés que ha soprar, de noite a *escuitar*.** Refrán meteorolóxico que alude a que cando vai soprar vento do norte se escoita moito de noite.

nordesía. s. f. Vento fresco do norte.

nordestada. V. nordestazo.

nordestazo. s. m. Nordés moi forte.

nordeste. V. nordés 1ª e 2ª acep.

nordestón. V. nordestazo.

nor-nordeste. s. m. Punto intermedio ou rumbo equidistante do norte e do nordeste.

nor-noroeste. s. m. Vento que vén do norte e do noroeste. **2.** Punto intermedio ou rumbo equidistante do norte e do noroeste.

nor-norueste. V. nor-noroeste 2ª acep.

noroestada. s. f. Vento do noroeste forte.

noroestazo. V. noroestada.

noroeste. s. m. Vento que vén do norte e do oeste. **2.** Punto do horizonte entre o norte e o oeste.

noroestín. s. m. Vento do noroeste débil.

norueste. V. noroeste 2ª acep.

nortada. s. f. Vento fresco do norte que vén de xeito seguido e con auga. **2.** Borrasca, temporal.

norte. s. m. Punto cardinal que está fronte a un observador que ten á súa dereita o oriente. **2.** Vento que sopra do norte, que adoita vir acompañado de borrascas; nordesía. // **Norte escuro, vendaval seguro.** Refrán meteorolóxico. // ***Tar* de norte.** Estar anoxado.

nortear. V. nortiar (Allande).

nortín. s. m. Vento frouxo do norte (Coaña).

nortiada. V. nortada. // ***Tar* de *nortiada*.** Cambiarlle o carácter a unha persoa varias veces durante o día.

nortiar. v. Soprar o vento frío do norte acompañado de néboa. **2.** Orballar (Allande).

nos. Pronome persoal átono de primeira persoa plural, que se emprega como complemento directo ou indirecto sen preposición.

nós. Pronome persoal tónico de primeira persoa plural, que se emprega como suxeito ou complemento con preposición (Allande, Eilao, Ibias).

noso, -a. (pl. nosos, nosas). adx. e pron. posesivo de primeira persoa, referido a dous ou máis posuidores. // **De noso.** Propio, da nosa propiedade.

nosoutros, -as. Pronome persoal tónico de primeira persoa do plural, que se emprega como suxeito ou complemento con preposición.

nostramo. V. contramestre.

nota. s. f. Apuntamento. // **De mala nota.** Con mala fama, falso, aplicado tanto a homes como a mulleres.

notado*, -a → anotado.

notar. v. Percibir, decatarse.

nougo. s. m. Atadura de cordas, fíos etc., lazo; ñudo, nollo, noi, nó, nodo. **2.** Parte avultada no talo das plantas ou do tronco das árbores. **3.** V. nouguelo 1ª acep. (Castropol). // ***Nougo* cego.** Tipo de nó mariñeiro difícil de desfacer (Tapia de Casarego). // ***Nougo* de *envergue*.** Tipo de nó mariñeiro dobre. // ***Nougo* de zapateiro.** V. nougo cego. // **Ter un *nougo* no *gorgoleiro*.** Estar preocupado por algo.

nougoso, -a. adx. Que ten *nougos*.

nougueira. V. nogueira (Villaión).

nouguello. V. nouguelo 1ª acep.

nouguelo. s. m. Avultamento que forman a tibia e o peroné na unión da perna co pé; nuelo. **2.** Avultamento do óso da articulación do brazo coa man. **3.** V. cotomelo 1ª acep. **4.** Nó (*nougo*) que se fai na la.

noutro, -a. (pl. noutros, noutras). Contracción da preposición *en* e o indefinido *outro* e *outra*.

nova. s. f. Noticia, novidade. // **Facerse de novas.** Dar un a entender que non sabe nada do que lle preguntan ou din.

novamente. adv. De novo.

nove. adx. e s. m. Oito máis un.

novecentos, -as. adx. e s. m. e f. Nove veces cen.

novecito, -a. adx. Diminutivo de novo.
Obs. Trátase dun castelanismo.

novedá. s. f. Calidade de novo.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

novela. s. f. Obra literaria en prosa que narra unha acción finxida ou real de certa longura.

noveleiro, -a. adx. Aplícase á persoa que lle gustan as fantasías. **2.** Dise da persoa que lle gustan as novelas.

novembre. s. m. Undécimo mes do ano. // ***Novembre* bendito mes, que empeza por todos os Santos i acaba por *San Andrés*.** Refrán de carácter relixioso. // **Novembre, mes de morte.** Refrán que alude a que neste mes a natureza parece que está durmida.

novena. s. f. Práctica devota durante nove días seguidos. Iniciábase o mesmo día do enterro, e os familiares máis achegados ao morto, durante nove noites seguidas reuníanse para rezar polo defunto e consolar a familia.

noveno, -a. adx. O que ocupa o lugar nove nunha serie.

noventa. adx. e s. m. Nove veces dez.

novín, -a. s. m. Xove.

novio, -a. s. m. e f. Persoa que está a piques de casar. **2.** Mozo, rapaz.
Obs. Trátase dun castelanismo.

novo, -a. adx. Recentemente feito. **2.** Dise da persoa ou animal de pouca idade. **3.** Recentemente chegado. **4.** Que se ve ou oe por primeira vez. // **Algo de novo.** Algunha novidade. // **De novo.** Outra vez. // **El novo pode *morir*, pero el vello *nun* pode vivir.** Refrán que expresa que aínda que a morte pode vir a calquera idade, na vellez ninguén pode escapar dela. // **El que de novo *nun quer* andar, de vello ten que trotar.** Refrán que alude a que o que de novo non fixo certas cousas, terá que facelas de vello. // **El que de novo *nun* traballa, de vello *durme* en palla.** V. O que de novo non traballa, de vello durme na palla. // ***Ferse* de novas.** Amosar sorpresa de algo que xa se sabía (Boal). // **Nada de novo.** Ningunha novidade. // **Nin de nova nin de vella, nin te sentes na pedra.** V. Nin de novo nin de vello, te sentes nun penedo. // **Nin de novo nin de vello, *te* sentes nun penedo.** Refrán que alude ao que non se debe facer. // **Novos morren *muitos*, *pro* vellos *nun* queda ningún.** Refrán que se refire a que a vellez dista pouco da morte. // ***Nun* dar *búas* novas.** Non dar ánimos. // **O que de novo non traballa, de vello *durme* na palla.** Refrán que alude que quen non traballa de novo, de vello terá que durmir na palla das cortes como os pobres (Santiso de Abres). // **Os novos.** A xente máis nova con respecto a unha idade

determinada (*Os tous tíos aínda son novos*). // **Que traes de novo?** Que contas? // **Quen de mozo (novo) *nun* traballa, de vello *durme* na palla.** V. O que de novo non traballa, de vello durme na palla. // **Saber a nova i a vella.** Sabelo todo.

noxarse* → anoxarse.

noxento, -a. adx. Que dá noxo, repugnante.

noxo. s. m. Repugnancia por algo desagradable (*Que noxo me dá das sapagueiras*). **2.** Herpes (Castropol, A Veiga). // **Ser un noxo.** Producir algo repugnancia.

noxoso, -a. Aplícase á persoa que ten noxo a outras persoas ou a certas cousas. **2.** O que dá noxo. **3.** Dise da persoa que ten noxo a todo.

noz. s. f. Froito comestible da nogueira, con casca dura e semente aceitosa. **2.** Saínte da larinxe na gorxa.

nu* → nun[1]; no[1].

nuada. V. noada 1ª e 2ª acep.

núas (á) loc. Quedar en branco, non recordar. **2.** Espido, sen vestir (*Déronlle búas cachuadas á núas*).

nuascapulla. s. f. Espazo curto de tempo no que se realiza algo.

nubarrón. s. m. (pl. nubarrois). Conxunto de nubes coa superficie inferior plana, semellantes na parte superior a grandes folerpas de algodón, cúmulo. **2.** pl. Nube baixa, espesa, escura de contornos vagos, nimbo.

nube. s. f. Condensación de vapor de auga no aire por diminución da temperatura atmosférica. **2.** Tormenta. // **De nube.** Estar o tempo tormentoso. // **Se as nubes van *pral* mar, colle el arado i ponte a arar.** Refrán que indica que vai facer bo tempo. // **Se as nubes van *pral* porto, colle el arado i ponte a *techo*.** Refrán que indica que vai facer mal tempo. // ***Tar* de nube.** Estar unha persoa anoxada.

nubeiro. s. m. Especie de trasno ou espírito maligno que vive no aire e que ten o poder de producir tronadas e dirixir os raios. En Tapia de Casarego para defenderse da tronada tocábanse as campás das capelas. En Ibias, tamén se facía tocando as campás das igrexas ou capelas, pero ademais nalgunhas parroquias e localidades (Alguerdo, Taladriz, Vilaouril etc.) existe un seguro contra o nubeiro formado polo esconxuro dun rezador ou intermediario, que ten un vello libro con oracións. Este ponse fronte ás nubes facendo que reza e bendí para esconxurar a tronada que chega polo demo. Se a forza do esconxurador é moi grande, o nubeiro marcha, e se é ao revés, permanece. Cando a forza do esconxurador é moi grande, manda dous homes que lle agarren os vestidos, tirando deles, xa que as oracións o levarían ao aire, podéndose golpear ao caer na terra. En Boal, son xigantes negros e deformes, que visten un saial pardo escuro, e son os xenios das tormentas, ademais de bruxos que lían libros máxicos. En El Franco, o nubeiro é o señor do relustro, do orballo, das augas e das tormentas. En Grandas de Salime van montados nunha nube cargada de auga. Noutros concellos combátense facendo fogueiras con ramas de loureiro bendito do domingo de Ramos, para que se calmen. **2.** Nube cumuliforme, con bordos brillantes e de color tirando a negra (Os Ozcos). **3.** Nube grande e baixa (Tapia de Casarego).

nubello* → nobelo.

nubelo* → nobelo.

nublado* → nubrado.

nuble* → nubre.

nublía* → nubría.

nublo* → nubro.

nubosidá. s. f. Tempo con moitas nubes.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

nubraceiro. s. m. Néboa baixa (Ibias).

nubrado, -a. adx. Cuberto de nubes. **2.** s. m. Conxunto de nubes, que normalmente ameazan tormenta.

nubrar. v. Cubrir de nubes, escurecer; anubrar. **2.** prnl. V. toldar 6ª acep.

nubre. V. nube. // **Ter uha *nubre* nun ollo.** Ter unha catarata (Boal).

nubreiro. V. nubeiro. **2.** adx. Dise da persoa desamañada, de mal aspecto e que viste mal ou de escuro. // **Cara de nubreiro.** Enfadado.

nubrén. s. f. Ceo cuberto de moitas nubes (San Martín de Ozcos).

nubría. s. f. Brétema (Villaión).

nubro. adx. Nubrado, cuberto de nubes. **2.** s. m. Néboa no monte.

nuca. s. f. Parte superior e posterior do pescozo; covacha, cova.
Obs. Trátase dun castelanismo.

nudello. V. cotomelo 1ª acep.

nudo. V. nougo. **2.** Unidade de velocidade empregada na mariña, equivalente a unha milla por hora.
Obs. Trátase dun castelanismo.

nuello. V. nuelo.

nuelo. s. m. Avultamento que forman a tibia e o peroné na unión da perna co pé; nouguelo.

nugueiriña* → nogueiriña.

nuha. (pl. nuhas). Contracción da preposición *en* e o indefinido feminino singular *uha*.
númaro* → número.
número. s. m. Concepto matemático que indica cantidade. **2.** Cifra. **3.** Grupo, cantidade. **4.** Talla.
nun[1]. adv. Expresa negación, que se emprega proclítico a un verbo ou a un pronome átono e que equivale a non (*Nun lle vexo nada*).
nun[2]. (f. nuha, nunha; pl. nunhos, nus, nuhos, nuis, nunhas, nuhas). Contracción da preposición *en* e do indefinido *un*.
nunca. adv. En ningún tempo. **2.** Ningunha vez. // **Nunca (outra) tal vin!** Expresión que indica sorpresa ou asombro diante de algo que se oe ou se ve.
nuncias. s. f. pl. Casamento, esponsais.
nunha. Contracción da preposición *en* e o indefinido feminino singular *unha*.
nun-sei-que. s. m. Algo agradable ou indefinido que ten unha persoa.
nuvela* → novela.

Ñ

ñ. s. m. Décimo terceira letra do alfabeto galego. O seu nome é *eñe*.
ñafar. v. Coller algo roubado ás agachadas.
ñáñara. V. ñáñaras.
ñáñaras. adx. Aplícase á persoa pouco decidida ou que rende pouco no traballo.
ñáñaro, -a. V. ñáñaras.
ñapias. V. napias.
ñío! interx. cona! (Negueira de Muñiz).
Obs. Trátase dun castelanismo.
ñicle. s. m. Quinto dedo da man. **2.** Na baralla, triunfo pequeno (Allande).
ñique-ñaque. s. m. Conxunto de cousas sen importancia. **2.** adx. Dise do que fai pouca cousa. **3.** adx. Aplícase ao que come pouco. **4.** loc. Expresión que se usa cando hai un cambio simultáneo de cousas ou servizos ou cando se fai un favor, agardando a reciprocidade inmediata.
ñu! interx. Expresa sorpresa, enfado etc.
ñudo* → nougo.

O

o[1]. s. m. Décimo cuarta letra do alfabeto galego.
o[2]. (pl. os). Artigo masculino singular. Circunscríbese normalmente aos concellos de Santiso de Abres, Taramundi, á parroquia dos Coutos en Ibias, ás parroquias de Abres e Guiar na Veiga, e alterna con *el* en boa parte dos Ozcos, Allande, outras partes de Ibias, Tapia de Casarego etc., estando aínda especialmente presente na toponimia menor e na tradición oral destas zonas.
o[3]. Forma neutra do artigo (*Dixo o que quixo*).
o[4]. (pl. os). Pronome persoal átono de terceira persoa, masculino singular (*Conózoo*).
o[5]. V. uha (*Heiche dar o cousa*), (San Martín de Ozcos).
ó[1]. Contracción da preposición *a* e o artigo masculino *o*; ao.
ó[2]. Contracción entre a preposición *a* e o artigo neutro *o* (*Nun lle chamamos nada ó que falamos*).
o! interx. Úsase para parar o gando vacún (Allande).
oa[1]. V. uha (*Heiche dar oa cousa*), (San Martín de Ozcos, Ibias, Castropol).
oa![2] interx. Úsase para facer camiñar ou deterse ao gando vacún (Eilao).
oá! interx. Úsase como saúdo.
oa, oa! V. ea, ea, ea!
obedecer. v. Facer o que manda outro. **2.** Ceder un animal á dirección que se lle dá dun xeito dócil.
obedencia. s. f. Acción e efecto de obedecer.
obediente. adx. O que obedece.
obenque. s. m. Cabo groso que se ata na cabeza do mastro dunha embarcación para reforzalo.
obispo. s. m. Prelado que goberna unha diocese. **2.** V. bispo 1ª e 2ª acep. **3.** V. escacho[2] 2ª acep. **4.** V. obispo venenoso (El Franco, Ortigueira). // ***Obispo venenoso.*** Peixe escorpeniforme da familia *Cottidae*, duns quince centímetros de lonxitude, co corpo alongado, cabeza ancha sen escamas e ollos saíntes, provisto de espiñas velenosas e con coloración parda clara con bandas e manchas escuras (*Cottus bubalis*), (As Figueiras).
Obs. Trátase dun castelanismo.
obispado. s. m. Territorio eclesiástico sobre o que ten xurisdición un bispo.
Obs. Trátase dun castelanismo.
oblea. V. obrea.
obliga. V. obriga (Santalla de Ozcos).
obligación* → obrigación.
obligar* → obrigar.
obra. s. f. Labor que ten que facer un artesán, un ferreiro etc. **2.** Edificio en construción. **3.** Amaño dun edificio, estrada etc. (*Aquí hai que facer muita obra*). **4.** Cousa feita ou producida por

alguén ou por algo. **5.** Traballo, tarefa. // **Facer (*fer*) obra.** Construír unha casa ou mellorar a que se ten. // **Obra morta.** Parte do casco dunha embarcación que está por riba da liña de flutuación. // **Obra viva.** A que queda por baixo da liña de flutuación dunha embarcación.

obradoiro. s. m. Lugar onde se traballa, sendo normalmente referido aos artesáns.

obrar. v. Facer unha obra.

obrea. s. f. Pasta delgada de masa para facer hostias e tamén para rodear certos doces, como a *venera*.

obreiriza. s. f. Grupo de traballadores que se xuntan para un determinado labor no campo. **2.** Grupo de xornaleiros que se traen para facer determinados labores agrícolas.

obreiro, -a. s. m. e f. Persoa que emprega o seu traballo por un salario. **2.** Persoa que mallaba; mallador. **3.** Xornaleiro. // **O que ten obreiros e non os vai ver que poña os leiros a vender.** Refrán que alude a que se tes persoas traballando para ti debes vixialas (Santiso de Abres).

obriga. s. f. Lugar onde se vendía carne (Taramundi, Castropol, Tapia de Casarego). // **Comer carne de *obriga* i pan de *tahona*.** Expresión que se utilizaba para dicir que unha persoa estaba ben economicamente (As Figueiras).

obrigación. s. f. (pl. obrigaciois). Acto ou efecto de obrigar. **2.** Gratitude que se debe polo favor recibido. **3.** Deber, imposición. **4.** Título amortizable e cun interese fixo.

obrigado[1]. V. carniceiro.

obrigado[2], -a. adx. Ao que se obriga ou oprime. **2.** Necesario.

obrigar. v. Facer que alguén realice unha cousa empregando a autoridade ou a forza.

obrigatorio, -a. adx. De necesario cumprimento.

obsequio. s. m. Acto ou efecto de obsequiar. **2.** Regalo, presente.

observar. v. Mirar algo con atención.

obsesión. s. f. Manía, teima, zuna.

obstáculo. s. m. Impedimento que estorba o paso ou a realización dun propósito.

obxecto. s. m. Cousa material. **2.** Todo o que é ou pode ser coñecido polos sentidos ou pola intelixencia.

ocalito* → eucalipto.

ocálito* → eucalipto.

ocalitro* → eucalipto.

ocálitro* → eucalipto.

ócaro. s. m. Ollo.

ocasión. s. f. (pl. ocasiois). Oportunidade ou momento axeitado para facer algo. // **Nalgunha (nalguha) ocasión.** Algunha vez.

ochava. s. f. Cada unha das oito partes iguais nas que se divide algo (Navia).
Obs. Trátase dun castelanismo.

ochavo. s. m. Moeda antiga de cobre de dous marabedís.

ochenta* → oitenta.

ocioso, -a. adx. Que non fai nada.

ocla. V. ouca 5ª acep.

ocra. V. ouca 5ª acep.

oculista. s. m. e f. Médico especialista en doenzas dos ollos.

ocupación. s. f. (pl. ocupaciois). Traballo, tarefa.

ocupado, -a. adx. Que non está baleiro. **2.** Dedicado a algo.

ocupar. v. Encher un espazo. **2.** Molestar, atrancar (*As vacas non ocupan para pasar*). **3.** prnl. Dedicarse con atención a un asunto.

ocurrencia. s. f. Pensamento axeitado á unha situación ou momento. **2.** Madeira.

ocurrente. adx. Dise da persoa que ten ocorrencias ou graza para contar as cousas.

ocurrir. v. Suceder unha cousa, acontecer. **2.** Vir de súpeto unha idea á mente.

odiado, -a. adx. Detestado, aborrecido.

odiar. v. Sentir odio por algo ou alguén.

odio. s. m. Aversión a algo ou a alguén.

odre. s. m. Especie de bolsa de coiro que se emprega para ter ou transportar líquidos; pelello 4ª acep.

oe! V. oi!

oesnoroeste. s. m. Punto intermedio ou rumbo equidistante do oeste e do noroeste.

oesnorueste. V. oesnoroeste.

oeste. s. m. Punto do horizonte por onde se pon o sol. **2.** Vento que procede do oeste.

oesudoeste. s. m. Punto intermedio ou rumbo equidistante do oeste e do sudoeste.

oesudueste. V. oesudoeste.

oferta. s. f. O que se lle presenta a alguén para que o acepte.

ofertado, -a. adx. O que se dá en oferta.
Obs. Trátase dun castelanismo.

ofertar. v. Vender unha cousa a un prezo máis baixo. **2.** Presentar algo a alguén para que o acepte.
Obs. Trátase dun castelanismo.

oficial. s. m. Persoa que se ocupa ou traballa nun oficio. // ***Unde* hai *oficiales, nun* faltan *folgazais*.** Refrán que alude que onde existen oficiais, os

subordinados non adoitan moito cumprir as súas ordes.

oficina. s. f. Local de traballo administrativo.

oficio. s. m. Traballo, labor, non necesariamente pagado (A Veiga). **2.** Comunicado oficial sobre un servizo público. // ***Muitos* oficios ten *Peirón* i (e) ningún *bon*.** Refrán que alude a que non se poden ter moitos oficios porque se considera que entón non se fará ben ningún deles.

ofrecemento. s. m. Compromiso que se fai a unha virxe ou a un santo por pedirlle un favor. **2.** Acción e efecto de ofrecer ou ofrecerse a alguén.

ofrecer. v. Poñer algo a disposición de alguén. **2.** prnl. Facer unha promesa a Deus, á virxe ou a un santo. // **Ofrecer i *nun* dar *nun* desfai casa.** Refrán que recrimina a falta de xenerosidade.

ofrecido, -a. adx. Dise da persoa que se ofrece a Deus, a virxe ou a un santo para solicitarlle un favor.

ofrenda. s. f. Algo que se ofrece. **2.** Promesa que se fai a Deus ou a un santo para pedirlle un favor. **3.** V. responso.

ofrer. v. Facer unha ofrenda.

oh! interx. Voz que se emprega para chamar ou que indica sorpresa, insistencia, desdén ou desprezo.

oi! interx. Úsase para chamar as persoas ou pode expresar sorpresa, ironía, contrariedade, admiración, chamada de atención etc.

oiada. V. ollada[1].
Obs. Trátase dunha palabra só propia da área palatalizadora para diferenciala de ollada[2].

oído. s. m. Sentido polo que se perciben os sons; ouguido 3ª acep. **2.** Órgano de audición composto polas orellas e varios órganos do interior da cabeza. **3.** Nun mazo, furado que ten o *chifrón* na parte superior para facilitar a circulación da auga no seu interior. // **De oídas.** Só por oír falar de alguén ou de algo. // **Por oídas.** Coñecido así, sen confirmación escrita (*Teño por oídas que foi deste xeito*), (Os Ozcos).

oidoiro. s. m. No carro, furado cadrado no *miolo* polo que pasa o extremo do eixe (San Martín de Ozcos).

oiguir. V. oír.

ointe. V. onte (Boal).

oír. v. Percibir os sons polo oído. **2.** Prestar atención. **3.** Escoitar; oiguir, ouguir, agüír, augüír, ougüír, ozcar.

oitavada. adx. Dise da navalla que aparenta exteriormente ter varias caras; outavada.

oitavo, -a. adx. O que ocupa o lugar oito nunha serie. **2.** s. m. Cada un dos planos resultantes de limar unha navalla para que aparente exteriormente que ten varias caras (*A argola facíalle oitavos*); outavo.

oite. V. onte (Grandas de Salime).

oitenta. adx. e s. m. Oito veces dez.

oito. adx. e s. m. Sete máis un.

oitocentos, -as. adx. e s. m. e f. Oito veces cen.

ol. Forma neutra do artigo (*Dille que ol poña*), (Os Coutos).

ola[1]. s. f. Utensilio de cociña, de forma redonda, con dúas asas, que pode ser de madeira ou barro. Tamén se utiliza como coadoiro para o mel furándoa no fondo. **2.** Catarreira forte de peito; famagueira 1ª acep. // **I agora? papas nel ola.** Dito que se emprega para indicar que unha cousa xa non ten remedio, que non vale arrepentirse. // **Ola de mazar el (o) leite (a manteiga).** V. mazadeira. // **Ser da ola pasada.** Estar anticuado. // **Ter a ola.** Estar agonizando.

ola[2]. s. f. Movemento ascendente ou descendente da auga do mar.
Obs. Trátase dun castelanismo.

ola![3] interx. Indica saúdo.

olada. s. f. Contido dunha ola chea. **2.** Cantidade abundante de algo que se pon nunha ola.

olaio. V. golaio (Tapia de Casarego).

olecer. v. Mellorar, medrar, cando se refire á saúde dunha persoa, á situación económica, ao xeito de vestir etc. (Coaña, Navia, El Franco). **2.** Mellorar unha planta.

oledeiras* → ulideiras.

oleiro. s. m. Persoa que facía ou vendía olas.

olén. V. alén.

oler* → ulir.

olexar. v. Andar ulindo nas cousas (El Franco).

olfatiar. v. Ulir con insistencia. **2.** Indagar, investigar.

olga. s. f. Paso da costa ás rochas próximas sen ter que mollarse, onde normalmente hai ouca. **2.** Ás veces, polo contrario, pozo na area do mar. **3.** Areal. **4.** Entrante do mar na terra, enseada pequena. **5.** Camiño que se vai facendo ao ir deixando as pegadas pola neve. **6.** Lugar con profundidade e abrigado onde queda auga rodeado de area cando baixa o mar. **7.** Canle á beira dun río (Abres).

olgón. s. m. Aumentativo de olga.

olideiras* → ulideiras.

olido* → ulido.

olir* → ulir.
oliscar* → uliscar.
oliva. s. f. Froito da oliveira. **2.** Oliveira.
oliveira. s. f. Árbore perenne da familia das oléaceas, de catro ou cinco metros de altura, con tronco groso e copa ancha e con moitas ramas. As follas son moi verdes e brillantes pola parte de atrás e as flores pequenas de color crema. O seu froito é a oliva (*Olea europaea*), (Tapia de Casarego, Villaión, A Veiga, El Franco, Boal, Coaña).
oliveiro. V. oliveira (El Franco).
olixar* → ulixar.
olla. V. ola[1] 1ª acep. **2.** V. ola[1] (Ola de mazar el leite). // ***Olla* de *muitos* é ben comida i mal guisada.** Refrán que advirte que non adoitan facerse ben as tarefas das que non se responsabiliza unha soa persoa (Boal). // ***Unde ollas* quebran, cachos quedan.** Refrán que sinala que as persoas boas adoitan ter fillos bos (Boal).
ollada[1]. s. f. Mirada rápida a algo ou alguén.
ollada[2]. V. olada 1ª e 2ª acep.
ollado. s. m. Furado na vela dunha embarcación que serve para diminuír o tamaño desta nos momentos en que hai moito vento. Tamén se denomina ollado para rizos.
ollal. s. m. Furado feito nas pezas de vestir para poñer os botóns (Taramundi).
ollazo. s. m. Aumentativo de ollo.
olleirada. V. ollada[1].
olleiras. s. f. pl. Manchas escuras que saen nas pálpebras inferiores por sufrimento ou cansazo.
olleiro. s. m. Furado na area da praia onde se pode afundir unha persoa. **2.** Furado con auga. **3.** V. oleiro. **4.** Lugar do monte onde cede o terreo (Castropol). // ***Tar* feito un olleiro.** Estar mal de saúde.
olleiroso. s. m. Lugar onde hai moitas pedras.
ollín. s. m. Xogo de nenos e nenas, que consiste en facer unha circunferencia no chan e a certa distancia (de catro a seis metros), unha raia, desde a que se tira un *tello*, que debe de caer dentro da circunferencia, da que se quita marchando á pata coxa desde a raia. **2.** s. m. (pl. ollíos). Ollo pequeno.
ollo. s. m. Órgano da vista no home e nos animais. **2.** Abertura normalmente cun arco que ten o muíño e por onde sae a auga. **3.** Furado ou parte da ferramenta por onde se mete o mango, como nos martelos, brosas, aixadas, gadaños, cabeza dun mazo, tarabelos, legras etc. **4.** Parte das tesoiras para poñer os dedos. **5.** Furado da agulla. **6.** Furado da pechadura por onde se mete a chave. **7.** Xema das patacas, as verzas, os nabos etc. **8.** Círculo de graxa que se forma ao botala sobre un líquido. **9.** Cada un dos furados que ten un pan, un queixo etc. **10.** Burbulla que sae da auga no ritual da *prinda* (Villaión). **11.** Furado da moa do muíño por onde entra o gran; ollo da capa. // **Abrir os ollos.** Sacar a un do erro no que estaba, desenganarse. // **Arrasarlle a un os ollos.** Enchelos de auga, chorar. // **Botar el ollo encima.** Desexar unha cousa. // **Botarlle os ollos.** Mirar para alguén. // **Cada *verdá* que *dice*, *caille* un ollo i aínda ten os dous.** Dise cando unha persoa é moi mentireira. // **Cambiar os ollos polo rabo.** Decidir mal, facer un mal negocio. // ***Chingar* (chiscar) un ollo.** Pechar un ollo tan só, con disimulo, para chamar a atención. // **Comer *más* polos ollos que pola boca.** Desexar a comida cando ten un bo aspecto externo. // ***Costar* un ollo da cara.** Ser algo moi caro. // **Cravar os ollos nunha cousa (nunha persoa).** Mirala con especial atención. // **Dar del ollo.** Chiscar un ollo. // **El que *nun quira* mirar, que peche os ollos.** Ao que non lle guste unha cousa que aguante. // **Encher el ollo.** Gustar algo ou alguén. // **Entrar polo ollo.** Agradar a alguén ou algo. // ***Fer* os ollos chirimías.** Quedar seducido por algo ou alguén. // **Mal de ollo.** Encantamento, feitizo. // **Mazá de ollo.** Variedade de mazá (Boal). // **Meter polos (*pollos*) ollos.** Ofrecer de xeito insistente. // **Mirar con bos (*bus*) ou malos ollos.** Mostrar afecto ou antipatía. // **Nun abrir e (i) pechar de ollos.** Nun intre. // ***Nun* encher abondo el ollo.** Non gustar a alguén o suficiente (Boal). // ***Nun* erguer el ollo.** Sentir medo, vergonza, humildade, modestia etc. // ***Nun* erguer el ollo da terra.** Non parar de traballar (Tapia de Casarego). // ***Nun* pegar ollo.** Non poder durmir en toda a noite. // ***Nun* quitar el ollo.** Non parar de mirar algo ou alguén. // **Ollo cego.** Ollo das patacas que non produce xema. **2.** Ano. // **Ollo da capa.** No muíño, furado que ten no medio a moa de enriba. // **Ollo de *grasa*.** Mancha de graxa que flota sobre un líquido quente. // **Ollo del (do) cu (*cul*).** Ano. // **Ollo del pé.** No muíño, furado que ten no medio a moa de baixo. // **Ollo duha verza.** O conxunto de follas centrais, máis pequenas e tenras, dunha verza. // **Ollo por ollo e dente por**

dente. Ofensa por ofensa, pago coa mesma moeda. // **Ollos que non ven, corazón que non *sinte*.** Non se sofre polo que non se sabe ou non se ve. // **Ollos *saltois*.** Ollos que sobresaen. // **Pechar os ollos.** Morrer. // **Querer como os ollos da cara.** Querer moito. // **Regalar os ollos.** Abrir os ollos con admiración. // **Revirar os ollos.** Torcer a vista. // **Ter *bon* ollo *pra* algo.** Ter bo tino para algunhas cousas. // **Ter de ollo a un.** Vixiar a alguén ou algo. // **Ter ollo de algo.** Agardar por algo. // **Ter ollo por algo.** Desexar algo. // **Vale máis ollo de galocheiro que metro de carpinteiro.** Refrán que se utiliza para indicar que serve máis a experiencia nunha actividade que a técnica.

olliquín. s. m. (pl. olliquíos). Diminutivo de ollo (Navia).

ollón. s. m. (pl. ollois). Ollo grande.

olluada. V. ollada[1].

olmo, -a. adx. Suave, esponxoso (Santalla de Ozcos). **2.** Húmido (San Martín de Ozcos, Allande).

olona. s. f. Tecido forte tirando a color branca, como o que se usaba para facer as velas das embarcacións (Tapia de Casarego).

olvidar* → esqueicer, esquencer.

omallo. s. m. Corda en desuso nunha embarcación e que pode servir despois para calquera utilidade (Tapia de Casarego).

omballo. V. ombalo 1ª acep. (El Franco, Ortigueira).

ombalo. s. m. Rede dun pano, de malla variable, que serve para a pesca de peixe de penedo, agullas, salmonetes, bogas etc. (As Figueiras, Tapia de Casarego). **2**. Arte de pesca de tiro cunha rede moi longa que se utiliza para capturar sargos, robalizas, agullas etc. (As Figueiras).

ombeligo. V. embeligo 1ª e 2ª acep.

ombreira. s. f. Peza que se coloca nos ombros dos traxes para marcalos ben. **2.** Peza formada por unha pequena almofada que se pon debaixo de certas pezas de vestir na parte dos ombros. **3.** Tirante ancho das camisas, camisetas ou vestidos de muller (Tapia de Casarego).

ombro. s. m. Parte do corpo humano de onde parten os brazos. **2.** Parte do rodo ou da aixada (Os Coutos). // **Arrimar o (el) ombro.** Axudar.

omeiro. V. amieiro (Villaión).

once. adx. e s. m. Dez máis un. **2.** s. f. pl. Comida que se daba antes de xantar aos que traballaban na terra, acompañada dalgunha bebida como o ron ou a cana, sobre ás dez ou once da mañá. Tamén aos curas que se desprazaban doutras parroquias para os funerais. // **Ás once.** Comida que se tomaba a media mañá. // **Ser algo as once menos cuarto.** Non ser moi listo.

onda[1]. s. f. Movemento ascendente ou descendente da auga do mar, dun río etc.; ola[2]. **2.** Idea fixa e aloucada que se lle mete a unha persoa na cabeza.

onda[2]. prep. Xunto a (Santiso de Abres).

onde. adv. No lugar en que. **2.** En que lugar, a que lugar. **3.** V. onda. // **Onde hai *Ilume*.** Xogo de nenas, onde se facía un círculo de nenas que teñen unha prenda que van pasando entre elas. No medio hai outra que ten que atinar a nena que ten esa prenda. // **Onde se viu.** Indica oposición ao asunto que se está tratando. // **Onde vai.** Hai moito tempo.

ondequera. adv. En calquera sitio.

ontaza* → untaza.

ontanoite. adv. Na noite de onte (Santalla de Ozcos).

onte. adv. O día inmediatamente anterior ao de hoxe (Taramundi, San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos, Vilanova de Ozcos, Abres). **2.** Antonte (Navia).

ontes. V. onte (Abres, Santiso de Abres).

onza. s. f. Medida de peso que en Grandas de Salime equivalía a 0,028 quilos ou a 28,76 gramos. **2.** Porción en que se divide unha pastilla de chocolate. **3.** Antiga moeda. // ***Val* máis onza de trato que arroba de traballo.** Refrán que alude a que a persoa que ten maior ganancia é a que trafica máis que aquela que ten un oficio mecánico.

ooa. interx. Voz para parar as vacas (Allande).

opción. s. f. (pl. opciois). Posibilidade de escoller. **2.** Elección feita.

opellar. v. Producirse ondas altas (Coaña).

operación. s. f. Acción cirúrxica sobre unha parte do corpo.

operar. v. Practicar unha operación cirúrxica.

opinar. v. Formar, ter ou expresar opinión sobre alguén ou algunha cousa.

opinión. s. f. (pl. opiniois). Parecer ou concepto que se ten ou se forma sobre algo ou alguén. **2.** Maneira de pensar sobre unha cuestión.

opoer. V. opoñer.

opoñer. v. Enfrontar unha cousa con outra. **2.** prnl. Manifestar o desacordo con algo.

oportunidá. s. f. Circunstancia axeitada.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

oposto, -a. adx. Contrario.

oprobio. s. m. Ofensa (Navia).

opuer. V. opoñer.
ora. conx. Por suposto que. **2.** Agora. // ***Nun* vaia ser ora.** Non vaia ser agora que quedes atrás (A Veiga). // **Ora, cata!** Expresa sorpresa. // **Ora que.** Agora que.
oración. s. f. (pl. oraciois). Rezo.
orame. s. m. Conxunto de tiras de castañeiro ou abeleira con que se fan os cestos (Grandas de Salime).
orballada. s. f. Acción e efecto de orballar.
orballado, -a. adx. Cheo de orballo.
orballar. v. Caer unha chuvia fina. **2.** Caer sobre a terra o orballo da noite.
orballeda. V. orballada.
orballo. s. m. Chuvia fina e suave de carácter persistente. **2.** Auga miúda que cae pola noite sobre a terra. // **El orballo de *San Xuan* quita el viño i *nun* dá pan.** Refrán meteorolóxico que alude a que a chuvia desas datas non axuda a mellorar os cultivos.
orca. V. pexón 1ª acep. (Ortigueira).
orde. s. f. Disposición das cousas no seu lugar. **2.** Mandato (A Veiga).
orden* → orde.
orégano* → ourego.
orela. s. f. Beira, bordo (Ibias, Os Ozcos); ourela 1ª acep.
orella[1]. s. f. Parte externa do órgano do oído. **2.** Peza do zapato que sae por enriba. **3.** Sobremesa en forma de orella, que se fai con fariña, ovos, anís, e despois de frita engádeselle azucre. É típica do tempo do Entroido (Taramundi). **4.** pl. V. orelleira 1ª acep. **5.** pl. Pezas do carro (Allande). **6.** pl. Cada unha das pezas saíntes dunha incre (Allande). // **Agachar as orellas.** Obedecer, ceder. // **Andar coas orellas *gachas*.** Ceder, obedecer. // **Darlle a un na orella.** Intuír. // ***Enseñar* a orella.** Coñecer algo interior dunha persoa. // **Ferver as orellas.** Ter remordementos de conciencia. // **Nas orellas del gato, nunca *nío fexo* el rato.** Refrán que alude a que o gato e o rato son inimigos por natureza ou en sentido figurado á inimizade entre certas persoas. // ***Según* orellas, cebada.** Refrán que se aplica ao burro para darlle de comer dun xeito proporcional ás súas orellas (Santiso de Abres). // ***Tar* coa orella *espeta*.** Estar escoitando. // **Verlle as orellas ao (al) lobo (*llobo*).** Estar en perigo. **2.** Ter medo.
orella[2]. V. ourela 1ª acep. (Boal, Allande).
orellán, -á. V. orelludo.
orellar. v. Facer caso dun consello ou aviso. **2.** Interesar ou interesarse por algo.
orelleira. s. f. Cada unha das dúas pezas do arado ou do *vasadoiro* que serve de asa para ir facendo os regos na terra. **2.** Peza que non deixa mirar aos lados aos animais de carga.
Obs. A primeira acepción adoita usarse en plural.
orelleiro. s. m. Bordo dunha leira.
orelliña. s. f. Diminutivo de orella (Os Coutos).
orellón. (pl. orellois). V. orelludo.
orelludo, -a. adx. Que ten as orellas grandes.
origa. V. doriga.
orilleiro. V. orelleiro.
orinal* → ouriñal.
orinque. s. m. Cabo que nunha veta vai desde as pedras até as boias de sinalización (As Figueiras). **2.** Cabo que se amarra por un extremo a unha áncora e polo outro a unha boia.
orfaguento, -a. adx. Dise da persoa que respira con dificultade (Tapia de Casarego).
orfo, -a. adx. Abandonado, desamparado.
orgallo. s. m. Fendedura con lama, chea de auga, de tamaño pequeno e estreito.
organón. adx. e s. (pl. organois). Alcume popular que se lles dá aos habitantes da Serra (Ibias), porque dan moitas voces.
orgullo. s. m. Exceso de estima dos propios méritos. **2.** Sentimento de dignidade.
orgulloso, -a. adx. Que ten estima polos seus propios méritos.
oriceira. V. ouriceira.
Obs. Trátase dun castelanismo.
orillo* → beira 7ª acep.
orino. s. m. Mexo.
orixe. s. f. Principio ou causa de algo. **2.** Ascendencia, familia. **3.** Procedencia.
orizo. V. razcacheiro. **2.** V. arizo 1ª e 2ª acep. **3.** Vulto entre as uñas dunha res, que se corta cunha corda; carnillón (San Martín de Ozcos). // **Orizo Cacho.** V. razcacheiro (Santiso de Abres).
Obs. Trátase dun castelanismo.
orizolo. s. m. Inflamación nunha glándula das pálpebras; ourizolo, rizolo.
Obs. Trátase dun castelanismo.
ormar. v. Emitir o burro a súa voz ou berros. **2.** Dicir disparates.
ornear. V. orniar (Santalla de Ozcos).
orniar. v. Emitir a súa voz ou berrar un burro ou unha burra (San Martín de Ozcos, A Veiga). // **Na serra *cuando* un burro *ornia*, os outros *escuitan*.** Refrán que alude a que cando unha persoa berra, outros calan.
ornido. s. m. Berro dun burro ou dunha burra (Santalla de Ozcos).

orón. s. m. Na baralla, ás de ouros.
Obs. Trátase dun castelanismo.
orquesta. s. f. Conxunto musical formado por varias persoas e con distintos instrumentos.
orquestina. s. f. Orquestra que utilizaba moitos instrumentos como a batería, contrabaixo, saxofóns, trompetas e outros.
Obs. Trátase dun castelanismo.
ortiga. s. f. Planta herbácea vivaz da familia das urticáceas, de talos prismáticos que pode alcanzar o metro de altura. As follas son ovais ou lanceoladas e serradas nos bordos. As flores son verdeais. Os talos e as follas están cubertos por pelos urticantes que botan un líquido que contén ácido fórmico e produce un sarabullo moi molesto. Na medicina tradicional emprégase para os problemas de circulación do sangue, hemorraxias nasais, tensión etc. (*Urtica dioica*). // **Criar ortigas.** Morrer. // **Dar ortigas.** Morrer. // **Ortiga de mar.** Nome común que se aplica á maior parte dos antozoos da orde dos actiniarios, e en particular aos organismos dos xéneros *Actinia* e semellantes. A especie *Actinia equina*, frecuente nas costas do Eo-Navia, pode ser de varias colores: vermella, parda etc. (As Figueiras). // **Ortiga del mar.** V. apegón 1ª acep. (As Figueiras). // **Ortiga mansa.** V. polego. // **Ortiga morta.** V. xenxebre 2ª acep. (Ibias). // ***Tar* dando ortigas.** Estar xa enterrado.
ortigal. s. m. Lugar onde abundan as ortigas.
ortigarse. v. prnl. Picarse cunha ortiga.
ortiguerense. adx. Natural de Ortigueira (Coaña). **2.** Pertencente ou relativo a Ortigueira (Coaña).
Obs. Trátase dun castelanismo.
ortigón. s. m. Herba vivaz da familia das labiadas, con talo erguido, cadrado, con follas elípticas, opostas e moi dentadas, e flores violáceas. Ten propiedades medicinais (*Lycopus europaeus*), (Grandas de Salime, Eilao).
ortumisón. V. asento 2ª acep.
oruxo* → aguardente.
orxo. V. cebada (Os Coutos). **2.** Cebada que se sega verde e que se utiliza como forraxe (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).
orza. s. f. Peza de forma trapezoidal unida á quilla, que serve para estabilizar e conter a deriva dunha embarcación. // **Á orza.** Navegar unha embarcación contra o vento.
orzar. v. Navegar unha embarcación contra o vento (Tapia de Casarego).
orzolín. V. rizolo. **2.** V. reichín.
orzolo. V. rizolo.
osa. s. f. *Perrón* antigo de cobre.
osamenta. s. f. Esqueleto. **2.** Conxunto de ósos que compoñen un esqueleto.
osca. V. ozca.
oscense. adx. Natural dos Ozcos. **2.** Pertencente ou relativo aos concellos dos Ozcos.
Obs. Trátase dun castelanismo.
oscorecer* → escurecer.
oscurecer* → escurecer.
oscurecerín* → escurecerín (al).
oscuridá* → escuridá.
oscuras* (ás) → escuras (ás).
oscuro*, -a → escuro.
oseira[1]. s. f. No camposanto, lugar onde se gardan os ósos ou restos dos mortos.
oseira[2]. s. f. Cova do oso ou lugar onde habita este animal.
oservar* → observar.
osesión* → obsesión.
osín. s. m. Cría do oso. **2.** V. colluada (Tapia de Casarego).
osmar. v. Presentir, rastrexar, sospeitar. **2.** Andar indagando, querer saber o que acontece. **3.** Intuír. **4.** Olfatear.
osmiar. V. osmar.
oso, -a. s. m. e f. Mamífero omnívoro, fisípedo da familia dos úrsidos, de cabeza ancha, fociño abondo agudo, orellas pequenas, pescozo breve e ancho, e mans e patas con fortes uñas. O pelo vai do pardo claro ao escuro. No Eo-Navia é escaso, aparecendo de cando en vez nos concellos de Allande e Ibias, pero existiu antigamente noutros como nos Ozcos (*Ursus arctos*). // **Osa maior.** V. carrín 2ª acep. // **Osa menor.** V. carrín 1ª acep.
óso. s. m. Peza ríxida e dura que forma o esqueleto dos vertebrados. **2.** Semente dalgunhas froitas. // **Dar en óso duro.** Atopar resistencia para facer algo. // **Dobrar el óso.** Traballar. // **Duro como óso de can.** Moi duro. // ***Fer* el óso.** Medrar, normalmente referido ao cocho (El Franco). // ***Nun* dobrar el óso.** Lacazanear. // **Óso da braga.** V. xunta del canado (Santalla de Ozcos). // **Óso *feridor*.** Persoa que di cousas para ferir ou amolar a outra (Tapia de Casarego). // **Óso *molar*.** Cartilaxe. // **Quedar nos ósos.** Adelgazar moito. // ***Tar* os ósos *molles*.** Que hai tempo que unha persoa morreu (Boal). // **Ter el óso *mui dereto*.** Ser un folgazán (Ortigueira).
osqueño*, -a → oscense.

osquia. V. ozca.
ostáculo* → obstáculo.
ostaga. s. f. Cabo que serve para izar as vergas coa vela nunha embarcación.
osté* → vosté.
ostede* → vosté.
ostra. s. f. Nome común de diversos moluscos lamelibranquios da orde filibranquios, familia dos ostreidos, pertencentes ao xénero *Ostrea*, especialmente *Ostrea edulis*. // **Ostra velenosa.** Molusco bivalvo filibranquio anisomario da familia dos ostreidos, moi semellante á ostra común, comestible pero de inferior calidade (*Gryphaea angulata*), (As Figueiras).
ostreira. s. f. Lugar onde abundan as ostras.
ostroloxo* → estroloxo.
osudo, -a. adx. Aplícase á persoa ou animal moi delgados que se lles ven os ósos. **2.** Dise da persoa ou animal con ósos fortes e grandes.
osureiro*, -a → usureiro.
osús!* → xesús!
otavada* → oitavada.
otavo*, -a → oitavo 1ª e 2ª acep.
otono* → outono.
otoñada* → outonada 1ª acep.
otubre* → outubre.
ou. conx. Expresa unha alternativa ou contraposición (*Abres ou Guiar*).
ou! interx. Úsase para que se deteña o gando vacún (Allande, El Franco). **2.** Utilízase para confirmar unha dúbida (Tapia de Casarego).
ou, ho! interx. Úsase para chamar a atención.
ouá! interx. Úsase para expresar admiración ante o que lle din a un, sorpresa ante unha nova etc.
ouá, ho! V. ouá!
ouba. s. f. Calor sufocante (Taramundi, Santalla de Ozcos). // **Día de *ouba*.** Día con moita calor (Santalla de Ozcos).
oubello. V. nobelo 1ª acep. (El Franco).
oubelo. V. nobelo 1ª acep. (A Veiga).
oubriga. s. f. Carnicería (Castropol, San Martín de Ozcos); obriga.
ouca. s. f. Alga mariña de color vermella escura ou parda e consistencia cartilaxinosa, con filamentos longos e que se recolle para fertilizante (*Gelidium sesquipedale*). **2.** Esta palabra tamén se aplica a algunhas algas mariñas da especie *Laminariacea* ou laminarias. **3.** Por extensión, planta acuática de follas pequenas e flores brancas (*Lemna sp.*), (Abres). **4.** Fertilizante que producen estas algas (Castropol). **5.** Denominación común de calquera tipo de alga. **6.** V. cincho 3ª acep. // **Ouca rubia.** Alga da familia das *Plocamiaceae*, de color vermella rosada ou vermella parda, que ten unha lonxitude entre quince e trinta centímetros e que se caracteriza por ter multitude de pequenas ramas (*Plocamium coccineum*), (Castropol). **2.** Alga da familia das *Cladophoraceae*, de color verde, con filamentos con ramificación irregular que se fixan ao substrato por unha serie de rizoides, podendo acadar os doce metros de lonxitude (*Cladophora rupestris*), (As Figueiras). **3.** Alga da familia *Polysiphonia*, con talos rastreiros e erectos, de color violácea (*Polysiphonia violacea*), (As Figueiras). // **Verde como el ouca.** Dise da froita amarga, aínda verde.
oucalitro* → eucalipto.
oucasión* → ocasión.
oución* → opción.
oucioso*, -a → ocioso.
oucois. s. m. pl. Palabra que se aplica a determinadas tipos de algas da familia das laminareas (*Laminaria sp.*), (El Franco).
oucurrir* → ocurrir.
ougá! interx. Expresa sorpresa, incredulidade, desconfianza etc.
ougrelleiro. V. oreleiro.
ouguá! V. ougá!
ougueiro* → augueiro.
ougüeiro* → augueiro.
ouguido, -a. s. m. Oído. **2.** adx. Escoitado. **3.** s. m. Sentido corporal co que se perciben os sons.
ougüído. V. ouguido.
ouguidoiro. s. m. Na roda do carro, furado que se fai no *miolo* onde vai inscrustado o eixe (Eilao).
ouguir. V. oír.
ougüír. V. oír. // **Ben hai que *ougüír*!** Moito hai que oír (Boal). // ***Conto* hai que *ougüír* por *nun* ser xordo!** Que hai que aturar moito ou oír (Boal).
ouh! interx. Voz que serve para mandar os bois ou as vacas. **2.** Voz que se emprega para chamar ou para que unha persoa veña ou atenda (*Ouh, ho!*).
ouír. V. oír (As Figueiras, San Martín de Ozcos).
oular. v. Berrar o can ou o lobo. **2.** Por extensión, berrar.
oulido. s. m. Berro do can ou do lobo.
oullada. V. ollada[1].
oullar. V. oular.
oulluada. V. ollada[1].
oumentar* → aumentar.

oumento* → aumento.
ounde. V. onde.
oupar. v. Erguer, elevar.
ouqueiro, -a. s. m. e f. e adx. Persoa que se dedica a recoller ouca.
ourégano* → ourego.
ourego. s. m. Planta herbácea vivaz da familia das labiadas, que pode alcanzar entre os vinte e sesenta centímetros de altura. Os talos son erguidos, de sección cadrada, peludos e ás veces de color vermella. As follas son ovais e dentadas e as flores brancas ou rosadas con espigas. Trátase dunha planta aromática, que se usa como condimento e en medicina tradicional como tónico e estomacal (*Origanum vulgare*).
ourela. s. f. Beira. **2.** Remate dunha tea para que non perda os fíos. **3.** Beira do eirado que non queda ben mallada e que hai que volver mallar.
oureleiro. s. m. Lindeiro dunha terra labrada. **2.** Beira amañada dunha terra para diferenciala da lindeira; caldullo, caldulleiro.
ourella. s. f. Peza unida aos lados da cabezoalla do arado para ensanchar o suco (Boal). **2.** V. ourelo 2ª acep. **3.** V. orella 1ª acep. **4.** V. ourela 1ª acep. (Boal, Allande, Villaión).
ourelleira. V. orelleira 1ª acep.
ourelleiro. V. oureleiro.
ourello. V. ourelo.
ourelo. s. m. Cinta longa de tea coa que se suxeitaba o neno no berce para que non caera e deste xeito os pais o anainaran desde a cama. **2.** Marxe segundo a dirección da *urdime*, que limita os dous lados dun tecido e que normalmente ten unha contextura e composición distintas ás do xénero limitado. **3.** Cinta de tea que se usaba para suxeitar a roupa. **4.** Beira dunha tea con costura.
ouriceira. V. corripa 1ª acep. **2.** Montón de ourizos separados das castañas ao mazalas (Santalla de Ozcos).
ouril. s. m. Orelleira (Eilao). V. orelleira 1ª acep.
ourilleira. s. f. Orelleira (Vilarmeirín e Vilar de Cendias). V. orelleira.
ourinal. V. ouriñal.
ourinalada. s. f. Cantidade de mexo dun ouriñal que se botaba fóra da casa.
ouriñal. s. m. Obxecto de forma circular, cunha asa, que pode ser de louza, metal e plástico, e que serve para mexar, vomitar etc.
ouríos. s. m. pl. Excremento líquido segregado polos riles, mexos.
ourizo. V. arizo 1ª e 2ª acep. (A Veiga). **2.** V. razcacheiro. // **Ourizo *cacheiro*.** V. razcacheiro. // **Ourizo *gacheiro*.** V. razcacheiro. // **Ourizo *recacheiro*.** V. razcacheiro.
ourizolo. V. orizolo (Abres, San Martín de Ozcos).
ouro. s. m. Metal amarelo, brillante, que non pode ser atacado polos ácidos e bo condutor da calor e da electricidade. É moi usado en xoiería, electrónica etc. // **El ouro corre *pral* tesouro.** Refrán que alude ao poder do ouro. // ***Nun* é ouro todo *lo* que *relluce*.** Refrán que recomenda desconfiar das aparencias, pois non todo o que parece bo o é realmente.
ouropeso. s. m. Planta da familia das liliáceas, de raíces tuberosas, con talos ramificados na cima, follas estreitas e flores de color rosa violeta ao exterior e brancas no interior. Medra nos hortos e ten moitas propiedades medicinais (*Pubilaria bicolor*), (Grandas de Salime, San Martín de Ozcos).
ourreleiro. s. m. Cabeceira dunha leira (Abres); V. oureleiro 1ª acep.
ousequio* → obsequio.
ouservar* → observar.
oustáculo* → obstáculo.
outavada. V. oitavada.
outavo, -a. adx. e s. Que vai despois do sétimo e antes do noveno. **2.** Dise de cada unha das oito partes iguais nas que se divide algo. **3.** V. oitavo 2ª acep.
outear. v. Mirar desde arriba ao que está lonxe (Abres). **2.** Mirar con atención, vixiar, investigar.
outeiro. s. m. Pequena elevación do terreo.
outelo. s. m. Outeiro pequeno (Ibias).
outéntico*, -a → auténtico.
outente. adx. Atolado (Boal).
outiado, -a. adx. Mirado, vixiado.
outiar. V. outear.
outieiro, -a. adx. Dise do que outea (*Lobo outieiro*). **2.** s. m. Lugar desde onde se outea.
outión, -a. adx. Dise da persoa que mira ou investiga unha cousa con disimulo (Coaña).
outonada. s. f. Herba que nace en outono nos prados despois de segalos e serve de alimento aos animais. **2.** Tempo de outono.
outonar. v. Sementar o trigo ou o centeo nos primeiros días do outono. **2.** Medrar de novo a herba, as patacas etc., como acontece na primavera.
outonía. V. outonada 1ª acep. (Santalla de Ozcos).

outonizo. adx. Propio do outono. **2.** Relativo a froitos, tardío, serodio.

outono. s. m. Estación do ano que segue ao verán, que transcorre entre o 23 de setembro e o 23 de decembro. **2.** V. outonada 1ª acep. // **Flores en outono, fame en ano novo.** Refrán que indica que se hai demasiadas flores en outono, quere dicir que a estación foi moi cálida, e que polo tanto, a terra non dará bos froitos.

outor* → outro.

outorizar* → autorizar.

outramente. adv. Doutro xeito. // **De outramente.** Doutra maneira.

outro, -a. adx. e pron. indef. Distinto do mencionado antes. **2.** Unha vez máis, un máis (*Fízolo outra vez*). **3.** s. f. No xogo da *patefa*, raia que traza o segundo xogador para que se tire desde aí, como fixo o primeiro xogador na tirada que se chama *unha*, pero non pasando a liña de *prisme*. // **Al outro día.** Un día calquera dos pasados con respecto á data da que se fala. **2.** Ao día seguinte. // **Del outro día.** Referido a un día pasado. // **El outro día.** Del outro día. ***Noloutro* día.** Relativo a un día pasado. // **Outro tal.** Expresa semellanza entre dúas cousas ou dous aspectos. // ***Pró* (*pral*) outro día.** Ao día seguinte.

outrora. adv. Noutro tempo, noutra época (Vilanova de Ozcos, San Martín de Ozcos).

outubre. s. m. Décimo mes do ano. // ***Si* neva na *llúa* de *outubre*, sete *llúas cubre*.** Refrán meteorolóxico.

outur* → outro.

ouvella. V. ovella. // ***Ouvella*, *gocha* i mula a cual *más* cabezuda.** Refrán que alude á obstinación destes tres animais (Villaión).

ouviar. v. Desexar unha cousa de comer que se atopa á vista. **2.** Desexar algo con moita ansia. **3.** Axexar, vixiar (San Martín de Ozcos).

ouvión, -úa. adx. (pl. ouviois, ouviúas). Ao que lle falta de comer, famento. **2.** O que desexa unha cousa de comer.

ouxar. V. oxar.

ouxeto* → obxecto.

ova. s. f. Masa formada polos ovos de certos peixes, como as troitas ou os salmóns.

oveiro, -a. s. m. e f. Persoa, que acompañada dun burro, ía polas aldeas mercando ovos, polos e galiñas ou cambiando estes por outros produtos como aceite, azucre, carburo, café, chocolate etc. Tamén vendían manteiga na Veiga ou en Lugo; piteiro.

ovella. s. f. Femia do carneiro, mamífero artiodáctilo ruminante da familia dos bóvidos. Presenta un corpo basto, con cornos reducidos ou que faltan e membros curtos e delgados (*Ovis aries*). // **A ovella é de *unde* pace i non de *unde* nace.** Refrán que no que se refire aos costumes, fan máis as compañías que a liñaxe e a crianza; V. pacer. // **Al (el) que ten ovellas, *rúxenlle* as orellas.** Refrán que advirte que as ovellas bean moito. // ***Condo* che *día* a ovella, colle a corda i vai (*vei*) por *ella*.** Refrán que recomenda aproveitar as oportunidades na vida e non perdelas. // ***Condo* che *día* a ovella, pilla a corda i vai por *ella*.** V. Condo che día a ovella, colle a corda i vai por ella. // **Duha (de) ovella branca *sale* un cordeiro mouro.** Refrán que alude a que dunha persoa boa pode saír un fillo malo. // **En ovellas e abellas, nunca gastes o que teñas.** V. Non metas o que teñas nin en ovellas nin en abellas. // **En ovellas i en abellas *nun* metas el que teñas.** V. Non metas o que teñas nin en ovellas nin en abellas. // **En ovellas i en abellas, nunca metas *lo* que teñas.** V. Non metas o que teñas nin en ovellas nin en abellas. // **Fala a ovella *pra* que nun falen *della*.** V. Fala a pega *pra* que *nun* falen della; V. pega. // **Non metas o que teñas nin en ovellas nin en abellas.** Refrán que alude a que tanto ovellas como abellas non producen moito nunha economía familiar (Santiso de Abres). // **Ovella que berra, bocado que perde.** Refrán que critica a quen fala moito durante as comidas ou a quen perde o tempo en cousas sen importancia. // ***Si* che dan a (uha) ovella, colle a (uha) corda i *vei* (vai) por *ella*.** V. Condo che día a ovella, colle a corda i vai por ella. // **Ser como *uha* ovella.** Ser indeciso. **2.** Ser covarde, apoucado. // ***Si* che dan a ovella, pilla a corda i vai por ela.** V. Condo che día a ovella, colle a corda i vai por ella (Tapia de Casarego).

ovelleiro. s. m. Persoa que vende ovellas.

ovellía. s. f. Ovella pequena (Boal).

ovelliña. s. f. Ovella pequena (Santalla de Ozcos).

ovello. s. m. Cría da ovella (Tapia de Casarego).

ovo. s. m. Embrión de certos animais, como aves, peixes, réptiles, anfibios e insectos, recuberto por unha casca ou unha membrana, con forma máis ou menos de esfera. **2.** Testículo. **3.** No

muíño, pedra de xeito ovoidal encaixada no extremo inferior do varón que permite o movemento de rotación deste ao xirar o rodicio. Tradicionalmente era unha pedra de mar ou de cuarzo e despois foi de metal. **4.** Pedra redonda que ten o *gorzón* dunha cancela no extremo inferior sobre o que apoia e xira. // **Mirarlle el ovo ás pitas.** Meter o dedo no cu a unha galiña para saber se vai poñer ese día (Boal). // **Ovo *estrellado*.** Ovo frito (El Franco). // **Ovo *nieiro*.** O que se deixa no niño para que a galiña choque o resto dos ovos ou para que poña alí. // **Ovo *sin* sal.** Dise da persoa que non ten graza. // **Quedar en auga (*augua*) de ovos.** Fracasar un proxecto.

oxalá! interx. Expresa o desexo de que algo aconteza.

oxar. v. Espantar as galiñas ou as aves dun sitio onde non deben de estar.

oxear. V. tornar 1ª e 2ª acep.

ozca. s. f. Fendedura por onde se mete o fío no fuso (Boal, San Martín de Ozcos, Allande). **2.** Paso estreito entre montañas ou penas (Os Ozcos, Abres, Taramundi). **3.** Fendedura dun penedo (San Martín de Ozcos, Abres).

ozcar. v. Oír (El Penedo-Castropol).

ozcúa. s. f. Aumentativo de ozca 2ª acep. (Os Ozcos).

ozmar. V. osmar 1ª acep.

ozquia. V. ozca.

P

p. s. m. Décimo quinta letra do alfabeto galego. O seu nome é *pe*.

pa* → pra.

pa[1]. s. m. Apócope de pai.

pa[2]. V. pala 1ª acep. (O Viñal, Santalla de Ozcos).

pá* → prá.

paadeiro. V. panadeiro (Villaión).

pabilo. s. m. Cordón de fío que está no centro dunha candea, para que se poida acender.

pábilo. V. pabilo.

paca. s. f. Fardo de herba seca empaquetado que serve de alimento ao gando.

pácara! V. pócaro! (Navia).

pacedor, -a. adx. Dise da res que pace con facilidade (Boal).

pacencia. s. f. Virtude ou calidade de quen sabe soportar os males ou incomodidades sen queixarse. **2.** Capacidade para agardar por algo que tarda. // ***Dios* me *día pacencia* i un pano que atalla.** Refrán que denota que resulta conveniente tratar só con persoas educadas certos asuntos (Boal).

pacenciudamente. adv. Con paciencia.

pacenciudo, -a. adx. O que ten paciencia; pacente.

pacente. adx. Dise do que ten paciencia.

pacer. v. Comer a herba dos prados os animais. **2.** Comer os peixes no mar (Ortigueira). // **Non é un de onde (*unde*) nace, *sinón* de onde (*unde*) pace.** Refrán que no que se refire aos costumes, fan máis as compañías que a liñaxe e a crianza. // ***Nun* se é de *unde* se nace, *sinón* de *unde* se pace.** V. Non é un de onde (unde) nace, sinón de onde (unde) pace. // **Ter pacido.** Coñecer moi ben unha cousa porque se fixo antes moitas veces (Tapia de Casarego).

pachorra. s. f. Lentitude, excesiva calma.

pacido, -a. adx. Que se comeu a herba dun prado por parte dun animal.

pacio. s. m. Casa señorial antiga con moitas propiedades e xurisdicións (Santiso de Abres).

pación. s. f. Herba que pace o gando.

padaina. V. espadana 1ª acep. (Coaña).

pádana. s. f. Cada unha das vigas que descansan nas paredes e onde se apoian os *aguilois* e outros madeiros do tellado (Allande).

padaza. s. f. División do tronco dalgunha árbore en láminas (Ortigueira).

pádea. V. padia 1ª acep. (Abres).

padecemento. s. m. Acción de padecer ou sufrir dano, enfermidade etc.

padecer. v. Soportar algo que causa dano, dolor, ofensa etc. **2.** Sufrir ou sentir molestias.

padeira. s. m. Muller que facía e vendía pan; panadeiro.

padescanse* → paz.

padexar. V. panadexar.

padia. s. f. Viga de madeira alongada, que remata a parede dunha casa, na que se apoian e cravan os cangos. **2.** Peza das mesmas características no hórreo (El Franco, Vilanova de Ozcos, San Martín de Ozcos).

padrasto. s. m. Novo marido dunha muller con respecto aos fillos doutros matrimonios. **2.** Pel levantada da carne que rodea as uñas das mans.

padrastro. V. padrasto.

padre. s. m. Pai, como tratamento de maior respecto. // **Nin padre, nin madre, nin can que lle ladre.** V. Nun ten padre nin madre nin can que lle lladre. // ***Nun* ten padre, nin madre, nin can que lle ladre (*lladre*).** Refrán que alude a que unha

persoa está completamente soa na vida (Boal, Tapia de Casarego). **2.** Indica pobreza. **3.** Alude a unha persoa que está libre de cargas familiares. // **Padre de todos.** O maior dos dedos da man. // **Padres cochos, fillos *marraos*.** Refrán que alude a que os fillos imitan o que fan os pais. // **Vas *enseñarlle* a *tou* padre a *fer* fillos.** Expresión que se usa para indicar a alguén que non pretenda ensinarnos algo que coñecemos mellor cá el.

padrenoso. s. m. Oración ensinada por Cristo aos seus discípulos.

padrín. s. m. (pl. padríos, padriños). Persoa que presenta a quen recibe o sacramento do bautismo, da confirmación ou do matrimonio. **2.** Dedo anular. **3.** Nome que dan os netos ao avó da familia. **4.** Protector. // **El que ten *padrín* (*padríos*), bautízase.** Refrán que se utiliza para indicar cando unha persoa ten recomendación nun asunto (Castropol, Tapia de Casarego). // **Ter bos (*bus*) *padríos*.** Estar ben recomendado.

pae* → pai 1ª acep.

paeira. V. pala del forno (Boal).

paeque. V. peme.

paga. s. f. Acción e efecto de pagar. **2.** Contribución estatal que se impón aos propietarios de leiras rústicas e urbanas. // **Pagas (as).** s. f. pl. Xogo de nenos que consiste en correr un detrás doutro, de tal xeito que o neno que tocaba a outro coa man era o que quedaba, tendo, á súa vez, que tocar a outro neno para non seguir perdendo.

pagá. s. f. Castiñeiro novo sen enxertar (Abres).

pagadías (as). s. f. pl. Xogo de nenos. V. paga.

pagador, -a. adx. Aplícase á persoa que paga as súas débedas e con rapidez. // **Al mal pagador nunca lle faltan *disculpas*.** Refrán que alude á que á xente morosa sempre ten escusas para non pagar.

pagana. adx. Dise dunha variedade de castaña.

pagano. s. m. Persoa que paga sempre en reunións ou xogos. **2.** adx. Dise do castiñeiro que dá a variedade de castañas *paganas*.

paganón. s. m. Variedade de castaña.

pagao. s. m. Árbore caducifolia, da familia das aceráceas, que pode chegar até os corenta metros de altura, de copa ampla, tronco duro, ramas opostas, follas simples e lobuladas e casca lisa. É moi común nos parques e xardíns (*Acer pseudoplatanus*), (Vilavedelle).

pagado, -a. adx. Que se deu o que se debía.

pagar. v. Dar, satisfacer o que se debe. **2.** Satisfacer un mal feito cunha pena correspondente. **3.** Corresponder a un beneficio. // **El que paga descansa, i el que cobra, *muito* máis.** V. Quen paga descansa e quen cobra muito máis. // **Quen paga descansa e quen cobra *muito* máis.** Refrán que incita a saldar as débedas o antes posible (Santiso de Abres). // ***Nun* pagar nada.** Non valer.

pago, -a. adx. Pagado. **2.** s. m. Acción de pagar.

pagolla. V. paolla.

pagoreiro* → pegoreiro.

pai. s. m. Varón ou macho con respecto dos seus fillos (Abres, Tapia de Casarego, Taramundi, Allande). **2.** No xogo da *remonta de parede*, o xogador que se pon xunto á parede.

páiceme. V. peime (que).

paiela. s. f. Pau de revolver a caldeira da graxa (Santalla de Ozcos); cazapelo 1ª acep.

paila. s. f. Mecanismo de ferro de xeito circular, co fondo e os lados con variñas, que serve para fritir chicharros.

pailabán, -á, -a. adx. Astuto, pillo.

pailebote. s. m. Tipo de embarcación como unha goleta pequena, sen velas superiores á grande, moi plana e fina.

paime (que). loc. Paréceme que.

paín. V. paíño (As Figueiras, Tapia de Casarego). **2.** Ave procelariforme da familia dos hidrobátidos, duns vinte centímetros de lonxitude, de plumaxe parda escura e ás longas e angulosas (*Oceanodroma leucorrhoa*), (As Figueiras, Tapia de Casarego).

paíño. s. m. Ave procelariforme da familia dos hidrobátidos, de pequeno tamaño, oceánica e de voo irregular e rápido. Mide uns quince centímetros de lonxitude e é a ave mariña máis pequena de Europa. Ten color tirando a negra, ás alongadas e cola negra e cadrada cunha parte por enriba de color branca (*Hydrobates pelagicus*), (As Figueiras).

paio, -a. adx. Aparvado (A Veiga).

paioleiro, -a. adx. Parvo.

paiolo, -a. adx. Parvo. **2.** Inxenuo.

paión. adx. Parvo (Grandas de Salime).

paira. V. pala del forno (Pezós, Grandas de Salime, Allande, Boal, Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).

pais. V. país.

país. s. m. Augardente. **2.** Viño da terra. // **Del (do) país.** Autóctono (*Mel del país*).
paisanamente. adv. De xeito familiar.
paisano, -a. s. m. e f. Home ou muller da zona. **2.** Persoa de aspecto e formas rústicas. **3.** s. f. Esposa (Navia).
paisaxe. s. f. Terreo que se divisa desde un punto.
paíza. s. f. Palla do paínzo (Serandías).
pal* → pral[1], pral[2].
pala. s. f. Ferramenta composta por un mango de madeira e unha folla metálica que pode ser redondeada ou cadrada. **2.** Parte ancha dun remo. **3.** Parte do temón dunha embarcación que queda cuberta pola auga. **4.** Parte chá dunha aixada, brosa, tixela, escumadeira etc. **5.** Parte ancha e plana dos dentes, especialmente dos incisivos no gando vacún. **6.** V. forcado 2ª acep. **7.** Moa do gando vacún (Allande). **8.** Cada un dos madeiros dunha *trilladora* que levan a palla cara a adiante e ao mesmo tempo a peneiran. **9.** Parte metálica e plana dunha legra que remata nun gancho. **10.** V. pala de dentes. **11.** Cada unha das aspas que compoñen a roda que move o mazo dunha ferrería (Taramundi). **12.** Parte de ferro e aceiro que ten corte nunha fouce, *fouzo*, *podón*, brosa etc. **13.** Parte das tesoiras onde se encontra o corte. **14.** Aspa da hélice dunha embarcación. **15.** Especie de caixa de madeira, aberta por unha banda e con asa na outra, que servía para descargar o peixe das lanchas pequenas (Tapia de Casarego). // ***Pala*** **chá.** Pa de ferro con mango de madeira, que se utiliza para amasar o cemento, mover a terra etc. (Tapia de Casarego, El Franco, Allande). // ***Pala*** **de cavar.** Ferramenta con mango de madeira e unha folla de metal que pode ser rectangular ou oval. Tamén se chama *pala* chá. // ***Pala*** **de dentes.** Apeiro de labranza, composto por un mango de madeira que acaba en tres, catro ou oito dentes de ferro e que serve para coller a herba, o cuito, a *gancela* etc. // ***Pala*** **de enfornar.** V. pala del forno. // ***Pala*** **de teitar.** Pequena ferramenta de madeira con forma de coitelo grande que se utiliza para teitar hórreos, pallozas ou outras construcións de cuberta vexetal. // ***Pala*** **de terra.** V. pala de cavar. // ***Pala*** **del batán.** Cada unha das pezas pequenas de madeira que forman parte da roda do batán. // ***Pala*** **del forno.** Ferramenta de madeira con mango e folla para recoller e meter o pan no forno, tamén chamada *pala* ou *peira*. No concello de Ibias poñíase xunto ao *rodalo* en cruz no curral das casas para que parase de *tronar* ou de sarabiar. No concello de Boal para que o pan saíse ben facíase con ela unha cruz na porta do forno dicindo: "*Dios aumente el pan nel forno, el gado na corte i el ben polo mundo todo*". // ***Pala*** **gancha.** V. pala de dentes (Castropol); forqueta.
palabra. s. f. Promesa que se fai pola propia honra. // **A *bon* entendedor poucas palabras.** Refrán que alude a que unha persoa intelixente rapidamente capta o que se lle di. // **A palabras necias, ouguidos xordos.** Refrán que aconsella non ter en conta as opinións ou consellos pouco intelixentes. // ***Nun*** **hai palabra mal dita, *si nun* é mal entendida.** Refrán que recrimina a quen por maldade ou mala intención dá unha interpretación moi distinta a algo que se dixo con boa intención ou sen malicia.
palabreiría. s. f. Abundancia de palabras sen importancia.
palabreiro, -a. adx. Que fala moito. **2.** Que promete moitas cousas pero non as compre. **3.** s. m. Conxunto de palabras (Navia).
palabría. s. f. Diminutivo de palabra.
palada. s. f. Contido que leva unha *pala*. **2.** Contido que leva un forcado. **3.** Golpe que se dá co remo na auga para vogar e remar cara a atrás. // **Faltar uha *palada*.** Non ser moi listo.
paladar. s. m. Parte superior da boca.
Obs. Trátase dun castelanismo.
palafustrán, -a. adx. Aplícase á persoa descoidada vestindo e facendo as cousas.
palambrear. V. apalambrear 2ª acep.
palanca. s. f. Instrumento para suxeitar o carro para que non dea a volta cando está cargado. **2.** Peza para tapar un pozo ou un estanque.
palancaina. V. palancana.
palancainada. V. palancanada.
palancana. s. f. Recipiente en forma de prato grande que se usa para lavarse.
palancanada. s. f. Contido ou o que cabe nunha *palancana*.
palancaneiro. s. m. Moble composto normalmente por un corpo inferior onde hai unha *palancana* e unha xarra debaixo, e outro superior cun espello.
palancanero* → palancaneiro.
palancate. s. m. Armazón de madeira para poñer cousas (Seares).
palancatón. V. palanqueta.
palanciar. v. Perder o tempo, lacazanear (Serandías).

palancieiro, -a. adx. Dise da persoa que lacazanea, que non fai nada.
palanco. s. m. Pau de pouca utilidade (Navia).
palancón. s. m. Pau grande (Boal, Allande).
palancote. s. m. Casa grande en malas condicións (Navia).
palandarte. adx. Aplícase ao home ou á muller sen graza.
palandraque. s. m. Edificio desfeito. **2.** adx. Dise do home ou muller altos e desamañados.
palangrada. s. f. Conxunto de palangres (As Figueiras).
palangrar. v. Pescar con palangre.
palangre. s. m. Arte de pesca constituído por unha corda longa que leva colgados, cada certa distancia, outros cachos máis curtos con varios anzois.
palangreira. s. f. Forquita longa de madeira que serve para recoller o palangre (Ortigueira).
palangreiro. s. m. Barco que emprega como arte de pesca o palangre.
palangrillo. s. m. Palangre con máis de cen anzois que se pon cerca do fondo do mar para capturar cabalas, rodaballos, pescadas etc.
Obs. Trátase dun castelanismo.
palanqueta. s. f. Especie de atizador, que serve para remexer o lume. **2.** Tranca. **3.** Peza do muíño que serve para parar a auga.
palanquete. s. m. Armazón de madeira que se facía no monte para *falquear* os madeiros.
palanquín. s. m. Pau pequeno (Ibias, Boal, Allande).
palear. v. Tirar o peixe capturado ao mar por non poder vendelo (As Figueiras).
páledo*, -a → pálido.
paleira. s. f. Cova dunha raposa ou doutro mamífero. **2.** Lugar onde se esconden os peixes podendo ser un furado, pedras, algas, raíces etc. **3.** Tunda. **4.** Por extensión, ás veces, guarida de calquera animal.
palenque. s. m. Pau que se utilizaba para colgar e secar as mazarocas de millo (Taramundi).
paleta. s. f. Prancha de aceiro con mango de forma triangular que empregan os obreiros nas construcións para dar a masa. **2.** Escumadeira (Villauril). **3.** Omoplata do home ou do cocho. **4.** Ferramenta de madeira con forma de pa plana con cinco dentes de ferro rectangulares e mango redondo, que servía para desfacer a terra máis dura. Tamén chamada paleta de *picar* o *cebolo* (Taramundi). **5.** V. pala 14ª acep. **6.** Pa pequena que serve para coller algo, como a fariña no muíño. // **Paleta (a).** V. facha (a).
paletada. s. f. Cantidade que leva unha paleta. **2.** Golpe que se dá cunha pa. // **Faltar uha paletada.** Non ser moi listo. // ***Nun* saber uha paletada.** Non saber nada (El Franco, Tapia de Casarego).
paleteiro. s. m. Home que se dedicaba a facer ou renovar os teitos de palla das casas, hórreos e outras construcións (Ibias).
paletía. s. f. Omoplata do cocho. // ***Tar* como uha *paletía*.** Estar tolo (El Franco).
paletilla. s. f. Cada un dos ósos planos que articulan o brazo co lombo, referíndose normalmente ao cocho. **2.** Cartilaxe en que remata o esterno e que corresponde coa boca do estómago.
Obs. Trátase dun castelanismo.
paleto, -a. adx. Persoa rústica. **2.** s. m. e f. pl. Dentes superiores da parte de diante (Navia, Tapia de Casarego, Castropol). **3.** Dente ancho (Allande).
paletón. s. m. Rella do arado de ferro.
palferro. s. m. Barra de ferro cun extremo agudo para facer furados na terra e outro plano para empregalo como panca; pau de ferro.
paliar. v. Traballar cunha *pala*.
palicar. v. Falar, conversar.
pálido, -a. adx. Sen a súa color natural, tirando a branco.
palillo. s. m. Vara delgada e pequena de madeira que se utiliza para facer encaixes, ou suxeitar unha das agullas de tecer. **2.** Vara pequena para escarvar nos dentes despois de comer; escarvadentes. **3.** Cada unha das dúas varas redondas que serven para tocar o tambor. // **El palillo i el tambor.** No xogo da lotería, o número dez. // **Os dous palillos.** No xogo da lotería, o número once.
palimocas. adx. Dise da persoa apampada por calquera cousa.
palindarcas. adx. Pillo, astuto (A Veiga).
palinoque, -a. adx. Aparvado (A Veiga).
palio. s. m. Especie de teito portátil baixo o que camiña o sacerdote co Santísimo Sacramento, nunha procesión.
paliota. V. abadexo (Tapia de Casarego). **2.** Abadexo grande (Tapia de Casarego).
palioteira. V. badeixeira (Tapia de Casarego).
palique. s. m. Conversa sobre temas pouco importantes.
paliqueiro, -a. adx. Que fala moito.

paliquiar. v. Falar moito. **2.** Criticar.

palistroque. V. palitroque.

paliteiro. s. m. Persoa que se dedicaba a teitar construcións de cuberta vexetal como as pallozas, sendo normalmente ancareses.

palitronque. V. palitroque (Navia).

palitroque. s. m. Pau pequeno e basto.

palla. s. f. Talo das plantas gramíneas, despois de seco e separado do froito. **2.** Conxunto destes talos secos. **3.** Órgano xenital masculino (Os Coutos). **4.** Teito dunha palloza (Ibias). // **Facerse (*ferse*) unha (uha) palla.** Masturbarse o home. // ***Nun* mover (uha) palla.** Non facer nada por non ter forzas ou por desgana. // **Palla a palla, faise palleiro.** Refrán que alude a que todo aquilo que se fai con algo, precisa dese algo para construílo. // **Palla da serra.** Palla que procede de cereais sementados no monte. // **Xunta a palla i *esparce* el trigo.** Refrán que se utiliza cando un home e unha muller fan o amor.

pallal. s. e. adx. m. Leira tal como queda despois de segar o trigo. **2.** Conxunto de pallas ou canas que quedan estradas polo chan da leira despois da sega. **3.** Variedade de millo caracterizado pola súa espiga curta e grosa, gran moi redondo e planta que poucas veces supera o metro e medio de altura (Eilao, Villaión). **4.** Dise do nabo que se sementa a presadas en agosto e serve de forraxe para o gando a principios de novembro (Boal). **5.** V. pallar 1ª acep. (Allande).

pallalín. adx. Dise do millo de ciclo curto e gran branco.

pallar. s. m. Construción adxectiva á casa que serve para gardar a palla. No Eo-Navia existen varias tipoloxías, desde as que presentan un perímetro de muros de cachotería e unha porta e caracterizados polos seus *respiros* como no concello de Santiso de Abres, a aqueles cun portón para meter o carro e o tractor, con muros de pedra, armazón de madeira visible na fachada e parreiro na zona de enriba como nos concellos de Ibias e Grandas de Salime. Outra tipoloxía alterna muros de cachotería cun bo número de pequenas táboas dispostas de xeito vertical nos laterais. **2.** Terreo onde se cultivou trigo despois de segado (Abres). **3.** Restrollo que queda despois de cortar o centeo ou o trigo (Vilanova de Ozcos); pallal 2ª acep.

pallarego, -a. adx. Referido á palla (*Un mes pallarego*).

pallarín. V. pallalín. **2.** V. meiz pallelín. **3.** adx. Dise do millo sementado nun *pallar* (Vilanova de Ozcos).

pallarón. s. m. Pallar grande.

pallasada. s. f. Parvada, estupidez.

pallaso, -a. adx. Dise da persoa informal. **2.** s. m. Pau para soster o *gamuzo* (Ibias).

pallaza. V. palloza.

pallega. V. carvés 1ª acep. (Verducedo). **2.** Herba nociva.

palleira. s. f. Montón cónico de herba seca (Os Ozcos, A Veiga, Tapia de Casarego); palleiro 1ª acep. **2.** V. pallar 1ª acep. (Abres, Os Coutos).

palleireiro. s. m. Persoa que se dedicaba a facer palleiros de palla.

palleiro. s. m. Montón de palla ou herba seca agrupada arredor dun pau chantado no chan, e que ás veces no cume se lle pon unha lata ou un cacharro. Antigamente os palleiros facíanse sobre unha plataforma con pés de madeira que o protexía da humidade do chan. **2.** Construción tradicional con características de palloza, pero coa diferenza de non ter lareira e ser máis pequena en tamaño. Os seus muros son de cachotería e apenas ten ventás. A cuberta é vexetal, e úsase como pallar, graneiro e de xeito excepcional como dormitorio cando non hai habitacións na casa principal. **3.** V. pallar 1ª acep. // **El palleiro *nun* se fai (*fae*) *sin* palla (e o cubil *sin* merda).** Refrán que alude a que todo aquilo que se fai con algo, precisa dese algo para construílo. **2.** Dise da persoa pouco curiosa no seu traballo. // **El que dixo palla, dixo palleiro.** Refrán que se emprega para rectificar unha afirmación ou desdicirse.

pallela. s. f. Cada un dos ósos planos que articulan o brazo co lombo ou omoplata, especialmente o dos cochos (Abres).

palleta. s. f. Lingüeta do bordón da gaita por onde se bota o aire. **2.** Pequena frauta feita con *alcacel*. **3.** Lámina de metal que leva colocada na boca unha frauta. // **Ter boa palleta.** Dise cando un neno pequeno berra ou chora con forza (Taramundi).

pallete. s. m. Tecido que se fai a bordo con fíos e cordóns de cabos e serve de defensa contra o rozamento ou golpe sobre certas partes dunha embarcación.

pallimocas. V. palimocas.

palliza[1]. s. f. Tunda, malleira.

palliza[2]. s. f. Restrollo.

pallón. s. m. (pl. pallois). Tubo situado no roncón da gaita.

palloza. s. f. Construción tradicional de planta elipsoidal e muros de cachotería, con pequenas ventás e teito de palla con estrutura interior de madeira. Facíanse normalmente en lugares inclinados para poder evacuar os residuos dos animais, constando a planta dun espazo para corte e outro para vivenda, coa lareira, forno e cuartos, separados por tabiques de madeira ou de caínzo. **2.** Millo sen mazaroca; cana, canoto, cazote, meiza. **3.** Naipe que nin é trunfo nin punto (Tapia de Casarego). **4.** Palla miúda. **5.** Cana seca do millo.

palluzo. s. m. Palla seca que se empregaba para facer unha cama (Castropol).

palma. s. f. Parte interior da man. **2.** Folla da palmeira. **3.** Parte plana que se prepara nunha forxa da que despois se elaborará a parte semiesférica dunha garfela ou un cazo. **4.** Acción de bater repetidamente unha man contra a outra.

palmada. s. f. Golpe dado coa palma da man.

palmar. v. Morrer.

palmatoria. s. f. Candil pequeno con mango onde se pon unha candea.

palmear. V. aferrar 3ª acep. (El Franco). **2.** Tirar dun cabo e avanzar valéndose de collelo coas mans.

palmeira. s. f. Árbore da familia das palmáceas, de até vinte metros de altura, con tronco áspero, cilíndrico, que alcanza uns trinta centímetros de diámetro. A copa está formada por follas de dous a catro metros de longo, co eixe central forte, coriáceas e agudas. As súas flores son amarelas e o froito preséntase en grandes acios (*Phoenix dactylifera*).

palmela. s. f. Peza de ferro ou madeira que é parte do arado e serve para romper e remexer a terra. **2.** Na roda do carro, lámina con furados para aloxar a vara ou espiga do cravo; palmelón.

palmelín. s. m. Parte de ferro do sacho con forma triangular.

palmella. V. palmelón. **2.** V. palmela 1ª e 2ª acep.

palmello, -a. V. palmelo 1ª e 2ª acep.

palmellón. V. palmelón.

palmelo, -a. adx. Aplanado. **2.** Dise da persoa que ten os pés planos.

palmelón. s. m. Tira de ferro que se fixa con cravos no canto da roda do carro.

palmeso, -a. adx. Dise do cabalo, burro ou egua que pousan o casco para adiante (San Martín de Ozcos).

palmetada. s. f. Golpe dado coa palma da man; palmada.

palmetiada. V. palmetada.

palmetiar. v. Dar ou pegar coa palma da man.

palmetuada. V. palmetada.

palmiado, -a. adx. Palpado coa man.

palmiar. v. Tocar coas palmas das mans. **2.** Coñecer ben un camiño despois de pasar moitas veces por el. **3.** Dar coa palma da man.

palmo. s. m. Medida de lonxitude equivalente ao longo da man dun home ou 21 centímetros. No concello de El Franco equivalía a doce *didos*. **2.** Xogo de nenos, no que se tiran unhas moedas contra unha parede e o que a tira máis ou menos a un palmo doutro gaña a moeda. **3.** Medida de superficie das madeiras serradas que equivalía a 648 polgadas cadradas. // ***Nun* ver palmo de terra.** Non ver nada pola escuridade existente.

palmuada. V. palmada.

palo. V. pao. // **A *bon palo* foi rascarse.** En sentido irónico, a bo sitio foi. // **A dar cun *palo*.** Moitos, con abundancia. // **De tal *palo* son as castañolas.** Indica que un fillo saíu como o seu pai (Boal). // **De tal *palo*, tal *gueba*.** Refrán que se utiliza para dicir que un fillo saíu como o seu pai (Ortigueira). // **Duro como un *palo*.** Dise cando un home está excitado sexualmente. // ***Llevar* un *palo*.** Golpear (El Franco).

paloma* → palomba.

palomba. s. f. Ave doméstica columbiforme da familia dos colúmbidos, que mide uns trinta centímetros, coa cabeza pequena, o corpo gordo, forte e macizo e o peteiro curto. A súa cola é ampla e a plumaxe densa, existindo moitas variedades na color: brancas, mouras, agrisadas etc. (*Columba sp.*). // ***Palomba torcaza*.** V. palombo bravo (Tapia de Casarego).

palombal. V. palombar (Castropol).

palombar. s. m. Construción de muros de cachotería, de planta cilíndrica, cuadrangular ou poligonal, cunha porta e unha serie de pequenos furados por onde entran as pombas e cunha lousa para que se pousen. O interior está formado por varios furados feitos na parede para que fagan alí o niño.

palombeira. s. f. Lugar onde abundan as *palombas* (pombas).

palombela. s. f. Parte da vaca onde lle nace o rabo (Os Ozcos).

palombín, -ía. s. m. e f. (pl. palombíos). Pomba pequena.

palombo. s. m. Cría da *palomba*. **2.** Ave columbiforme, duns corenta centímetros de lonxitude, moi forte e de ás agudas.

As partes superiores son de color cinza escura algo azuladas. Leva unha ancha faixa branca a través da á e ten a parte baixa do pescozo e o peito de color vermella e os lados do pescozo verde brillante cunha gran mancha branca. A cola ten no final unha ancha faixa negra (*Columba palumbus*). // ***Palombo* bravo.** Palombo.

palometa. V. carnaval 1ª acep. (El Franco). **2.** V. carnaval 2ª acep. (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira).

Obs. Trátase dun castelanismo.

palón. V. varón.

palotada. s. f. Nada ou pouco (*Nun sei palotada*).

palote. adx. Dise cando un home está excitado sexualmente.

palótica. s. f. Enfermidade das vacas, caracterizada por un tumor nas queixadas (Serandías).

palpar. v. Tocar algo coas palmas das mans para recoñecelo ou examinalo; apalpar 1ª acep., palpiar, palmiar.

palpiar. V. palpar; palmiar.

palpitar. v. Contraerse ou dilatarse o corazón, latexar.

pálpito. s. m. Movemento rítmico de contracción ou dilatación do corazón.

palpo (a). loc. Ás escuras ou guiándose polo tacto.

palpuñar. V. apalpuñar.

palurdio, -a. V. palurdo.

palurdo, -a. adx. Rústico, pouco delicado. **2.** Parvo.

pampainas. V. cabruxas.

pámpana. adx. Dise da herba cando está seca ou murcha antes de segala.

pámpano, -a. adx. Parvo.

pampaneira. adx. Dise da terra furada polas toupas, sapos etc. (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos); asapiado, sapiado. **2.** Dise da terra que se afunde (Santalla de Ozcos). // **En *pampaneira*.** Dise cando un vulto no corpo afúndese ao tocalo como se tivese auga por debaixo (*Tá en pampaneira*), (Santalla de Ozcos).

pampaneiro (en). loc. Levar a un en alto, erguido do chan. **2.** Levantada, sen apertar ou comprimir (*A herba tá en pampaneiro*).

pampaniar. v. Secar a herba nos prados antes de segala (Eilao).

pámpano, -a. adx. Aparvado.

pampeiro. adx. Aplícase ao sol moi quente e enfermizo.

pampeneiro (en). V. pampaneiro (en).

pampillo. s. m. Nome que se aplica a varias especies de plantas pertencentes á familia das compostas, con talos ramalludos, follas serradas e flores amarelas, que medran nos camiños e nos cultivos (*Chrysanthemum myconis*, *Chrysanthemum segetum*). **2.** Aplícase tamén á planta herbácea, semellante ás anteriores, de dez centímetros até un metro de altura, con follas dentadas e oblongas, con flores cunha parte central amarela e rodeada dunha coroa de pétalos brancos, frecuente nos prados e ás veces nas beiras dos ríos e regos (*Chrysanthemum leucanthemum*).

pampirolo, -a. adx. Parvo (Grandas de Salime). **2.** s. m. Aparato que se usaba para suxeitar unha rama de uz coa que se iluminaba (Grandas de Salime). **3.** adx. Trapalleiro.

pamplina. s. f. Dito ou cousa sen importancia. **2.** adx. Dise da persoa que presume de méritos que non ten.

pamplineiro, -a. adx. Aplícase á persoa que di *pamplinas*. **2.** V. pamplina 2ª acep.

pampón, -a. adx. Aplícase á persoa parva.

pan. s. m. (pl. pais). Masa de fariña e auga que fermentada e cocida no forno serve de alimento e feita con cereais como o trigo, o millo ou o centeo. **2.** Peza cocida desa masa. **3.** Cereal en xeral. **4.** Colleita de cereais. // **A falta de pan *búas* son tortas.** Refrán que recomenda conformarse co que se ten, se non se conseguiu algo mellor. // **Al pan, pan i al viño, *augua*.** V. Al pan, pan i al viño, viño. // **Al pan, pan i al viño, viño.** Refrán que se refire a que cando se fala ou se debe falar con sinceridade, dicindo o que sexa sen indirectas. // **A pan duro, dente agudo.** Refrán que aconsella ter unha boa dentadura para poder comer todo tipo de alimentos. **2.** Recomenda decisión e esforzo para superar atrancos. // ***Augua* fría i pan *calente*, *calentura(s)* de repente.** V. Pan calente i augua fría, calentura(s) cada día (cadaldía). // ***Condo nun* hai pan, *búas* son tortas.** V. A falta de pan búas son tortas. // **Dáme pan i chámame can**. Refrán que se utiliza para criticar a persoa que non lle importa que a insulten se finalmente consegue un beneficio (Castropol). // **Dura el pan a quen *nun lo* come.** Refrán que explica que non é moito que un aforre nunha cousa, cando para o seu sustento pode ter opción a outras. // **El pan con ollos, el queixo cego i el viño ben vello.** Refrán que alude a que unha cousa ten que ser perfecta, sen faltarlle

nada. // **El que corta el pan *nun* vai al *cielo*.** Refrán que considera que o que corta o pan, corta para el o mellor cacho. // **El que dá pan a can *allén*, perde el pan i perde el can.** V. O que lle dá pan ao can alleo perde o pan e perde o can. // **Facer (*fer*) polo pan.** Traballar pouco para que un traballo dure máis tempo. // **Faltar el pan.** Faltar o máis indispensable. // ***Ganar* el pan.** Gañar para ter que vivir. // **Hai que dar pan al can *pra* que *nun* morda.** Refrán que alude ao poder do interés, que leva facer algo por algún beneficio. // ***Nun* cocerlle el pan nel *pelello*.** Non ter a conciencia tranquila por algunha cousa (Tapia de Casarego). // ***Nun* faltar el pan.** Non faltar o máis indispensable. // ***Nun* hai pan *sin* afán.** Refrán que alude ao esforzo, a que é preciso traballar para conseguir algo bo. // ***Nun* lle para el pan nel *pelello*.** Que ten sempre moita présa. // ***Nun* pedir pan.** Que non dá gastos. **2.** Que non molesta. **3.** Que non ocupa lugar. // **O que lle dá pan ao can alleo perde o pan e perde o can.** Refrán que alude a que quen obtén beneficios por interese polo común os perde (Santiso de Abres). // **Pan *amesturado*.** Pan feito con tres partes de fariña de millo ou centeo e unha de trigo para mellorar a calidade do pan. // **Pan branco.** O feito de fariña de trigo, de color branca. // **Pan *calente* i *augua* fría, *calentura* al outro día.** V. Pan calente i augua fría, calentura(s) cada día (cadaldía). // **Pan *calente* i *augua* fría, *calentura(s)* cada día (*cadaldía*).** Refrán que indica que os alimentos de diferente temperatura son indixestos e poden producir febre. // **Pan *calente* i auga fría, faille mal á barriga.** Refrán que indica que os alimentos de diferente temperatura son indixestos e poden producir febre. // **Pan cocido, comida espera.** Refrán que indica que se hai pan, hai comida tamén. // **Pan cocido, *venta* espera.** Refrán que alude ao que está determinado para algo en concreto. // **Pan con pan, comida de bobos (*tontos*).** Refrán que se di para quen come moito pan. // **Pan de Astorga, *muito* na *mao* i pouco na *andorga*.** Refrán que explica que o pan da Maragatería tiña bo aspecto, pero logo cando se comía non fartaba. // **Pan de cinza.** Pan feito dunha colleita nunha terra de monte. // **Pan de *colobra*.** Cogomelo. **2.** Pan de sapo. **3.** Planta herbácea da familia das aráceas, que produce un tubérculo deprimido. As súas follas son grandes e as flores están pechadas na base dunha gran folla branca de onde sae unha especie de apéndice amarelo. Cando cae todo estas flores dan lugar ao nacemento dunhas pequenas bólas vermellas velenosas (*Arum maculatum*). // **Pan de *estivo*.** Pan feito dunha colleita procedente dunha estivada, que pode ser *grandal* ou serodio (*serodo*). // **Pan de *ferraxe*.** Pan mesturado de trigo e centeo. // **Pan de *llagosta*.** V. pan de raposa 2ª acep. (Ortigueira). // **Pan de manso.** Pan procedente da colleita dunha terra situada nun monte manso. // **Pan de *meiz*.** Boroa (*borona*). // **Pan de *meiz amesturado*.** Pan de millo con algo de trigo ou centeo. // **Pan de mestura.** Pan feito con fariña de centeo e millo. // **Pan de raposa.** V. pan de sapo (Tapia de Casarego, Navia). **2.** Esponxiario porífero, con forma irregular, esqueleto composto por finas mallas e fibra córnea e con coloración variable (*Halichondria panicea*), (As Figueiras). // **Pan de restreba.** Pan procedente dun segundo ano de cultivo dunha terra situada nun monte. // **Pan de San Pantaleón.** Pan pequeno que se facía cando se amasaba e dábase ao primeiro pobre que chegaba á porta (Grandas de Salime). // **Pan de sapo.** Nome común de diversos fungos gasteromicetes do xénero *Lycoperdon* e *Bovista*, da familia das licoperdáceas, que teñen aparencia globosa ou piriforme e cando maduran botan po de esporas; bufón, fumión (Castropol, Boal, Eilao, Villaión). // **Pan de raposa.** Cogomelo (Castropol). // **Pan de seara.** Pan procedente da colleita dunha seara. // **Pan de vedro.** Pan ou gran da primeira colleita de cereal. Normalmente procedente dunha terra de monte. // **Pan del choro.** Cantelo. // **Pan encetado, *lougo* acabado.** Refrán que se refire a que o pan empezado pronto se acaba (Villaión). // **Pan *machacón*.** Pan mal cocido (Santalla de Ozcos). // **Pan *pra hoi* i fame *pra* mañá.** Refrán que alude a que convén ser precavidos no momento actual e polo futuro. **2.** Unha cousa pode ser beneficiosa a curto prazo, non pensando no futuro, pero logo non se sabe que vai pasar. // **Pan seco.** Pan só. // **Pan *sin* sal.** Dise da persoa sen graza. // **Poñer a pan pedir.** Ofender ou maltratar verbalmente a alguén. // **Ser como un pan *sin* sal.** Non ter graza. // **Ser pan comido.** Ser unha cousa moi fácil de facer. // **Ser (un) pan prestado.**

Dise cando se recibe un regalo ou un favor aos que hai que corresponder (Boal). // **Ser un pedazo de pan.** Ser unha boa persoa. // **Un cacho de pan.** Dise da persoa boa. // **Un pedazo de pan.** Un cacho de pan.

pan e (i) queixo. s. m. Xogo de nenos, que consiste en que un dos xogadores pasa ou simula entregar unha pedra ao resto, dicindo: "Toma pan e queixo e gárdao ben, e adiviñen quen o ten". O neno que apanda ten que adiviñar quen ten a pedra escondida nas mans.

pana. s. f. Tea grosa de algodón de textura semellante ao veludo. **2.** Capa marcada que se saca do tronco dunha *sofreira*. // **Ser de pana raiada.** Dise da persoa que ten forzas e determinación para emprender asuntos arriscados (Boal).

panada. s. f. Saco feito cun pano grande atado polas catro puntas.

panadeiría. s. m. Lugar onde se fan ou venden o pan, as empanadas etc.

panadeira. s. f. Tunda, malleira.

panadeiro, -a. s. m. e f. Persoa que ten como oficio facer e vender pan.

panadera* → panadeira.

panadería. V. panadeiría.

panadexar. v. Facer e vender pan, sen ter que ser panadeiro necesariamente.

panado. s. m. Contido dun pano.

panal. s. m. Conxunto de celas dun trobo. **2.** Peza de unto de cocho. **3.** V. sobrecarga.

panarizo. s. m. Infección aguda localizada nun dedo ou arredor dunha uña, con calor local e dolor intensa (El Franco).

panarra. s. f. Tipo de *pión*, gordo e feito coa brosa (Tapia de Casarego).

panarria. s. f. Persoa ou animal torpes.

panarro, -a. adx. Parvo (El Franco).

panasco. V. panascón (Eilao). **2.** Terreo costo de pouca calidade.

panascón. s. m. Herba silvestre que nace en terreos sen cultivar, que normalmente se usa para facer a cama ao gando; herbazón.

panasquedo. V. panasco 2ª acep. (Allande).

panazco. V. panascón 1ª acep.

panazcón. V. panascón 1ª acep.

pancego, -a. adx. Dise da persoa que come pan en cantidade ou lle gusta moito. **2.** Dise do terreo que dá moito cereal.

panceira. V. panceiro 3ª acep.

panceiro, -a. adx. Persoa que lle gusta moito o pan; pancego. **2.** adx. Muller que tanto vai co home como con outro que lle dea sustento. **3.** s. m. Moble que colgado do lousado se emprega para colocar o pan e protexelo de ratos e gatos.

pancha (de). loc. Coa barriga para arriba (Santalla de Ozcos).

pancheiro. s. m. Aparello de man consistente nun cordel, que se mantén tirante cun chumbo e que ten tres ramais con anzois (As Figueiras).

pancheta. V. besuguete (Ortigueira, El Franco).

panchín. s. m. Cría do ollomol (Tapia de Casarego); pancho 1ª acep.

pancho. s. m. Cría do ollomol (Tapia de Casarego, As Figueiras, El Franco, Coaña). **2.** Cría do *pancho picudo* (El Franco). // **Pancho *picudo*.** Peixe osteíctio perciforme, da familia dos espáridos, semellante ao ollomol, aínda que máis alongado e pequeno. Ten color de nácara e presenta unha mancha negra cerca das aletas peitorais. A súa carne é moi apreciada (*Pagellus acarne*), (As Figueiras). **2.** Breca nova.

pancholeta. s. f. Cría do ollomol (Tapia de Casarego); panchín, pancho 1ª acep., rangoña.

pancín. s. m. Pan pequeno.

panclias* → páncreas.

páncreas. s. m. Glándula situada no abdome que produce unha secreción que actúa na dixestión dos alimentos.

pancrias* → páncreas.

panda. adx. Curvada (*Unha conca panda*).

pandar. V. apandar.

pandear. v. Curvarse unha peza de madeira, como unha viga, ou de ferro polo peso que soporta.

pandeira. V. pandeiro (Taladriz, Vilarmeirín).

pandeirada. s. f. Golpe no lombo (Castropol).

pandeireta. s. f. Instrumento musical de percusión composto por unha armazón circular ríxida cuberta por un lado por un parche de pel. No aro ou armazón leva unhas aberturas onde van colocados uns discos de latón.

pandeiro. s. m. Instrumento musical de percusión composto por unha estrutura ríxida de forma cadrada ou cilíndrica cuberta por parches de pel tensada, que soa ao golpeala. **2.** Cu, cachas. // **En *búas maos tá* el pandeiro.** Refrán que alude ironicamente a quen se ocupa de algo sen estar capacitado para iso. // **Facer (*fer*, *faer*) (dun) un pandeiro.** Facer de alguén ou de algo o que lle dá a gana unha persoa. **2.** Mostrar falta de interese por algo ou alguén. // ***Sona* mellor el pandeiro se anda por medio**

el *dieiro*. Refrán que expresa que as cousas van mellor cando se ten unha situación económica boa. // **Tomar a un como un pandeiro.** Tratar mal a unha persoa (Tapia de Casarego). **2.** Pegar.

pandella. s. f. Cesta plana totalmente por abaixo con pouco bordo (Coaña).

pandello, -a. adx. Dise do animal co lombo dobrado ou curvado para abaixo (Boal).

pandereiteiro, -a. s. m. e f. Persoa que toca a pandeireta.

pandereta* → pandeireta.

panderetazo. V. pantocazo (Coaña).
Obs. Trátase dun castelanismo.

pandereteiro*, -a → pandereiteiro.

panderetiar. v. Navegar un barco inclinado cara á parte dianteira (Coaña).
Obs. Trátase dun castelanismo.

pandiado, -a. adx. Curvado.

pandiar. V. pandear.

pandín, -ía. adx. Dise do animal co espiñazo dobrado.

pandio, -a. adx. Dise da vaca en celo, que monta sobre outra (Vilanova de Ozcos). **2.** V. pandín. **3.** s. m. Rochedo ou grande cantidade de area a pouca profundidade da superficie do mar que son perigosos para a navegación (Coaña).

pando, -a. adx. Zambro, que torce as pernas ao andar.

pandoirada. s. f. Malleira, tunda. **2.** Caída forte (Abres). **3.** Golpe na cara coa man aberta.

pandorca. s. f. Muller de aspecto desastrado e torpe.

pandorga. s. f. Rexión exterior do corpo que corresponde ao ventre. **2.** Festa, diversión (San Martín de Ozcos). **3.** Dise da persoa folgazana.

pandorgada. s. f. Enchente, fartura. **2.** Comida campestre.

pandosco, -a. adx. Parvo (Navia).

panear. v. Morrer (*Fulano tá paneando*), (Santalla de Ozcos).

paneira. s. f. Lugar onde se almacena o gran nun edificio. **2.** V. panera 2ª acep. (A Veiga). **3.** V. panera 1ª acep. (Navia). **4**. Pa do forno (Tapia de Casarego); pala del forno.

panel. s. m. Táboa que fai de piso dunha embarcación.

panera. s. f. Graneiro de planta rectangular, coas características dun hórreo asturiano pero cun tamaño maior, sustentado por máis de catro pés e con dous vértices no lousado. **2.** Parte inferior do cabazo, que está pechada con pedra e que se usa para gardar os apeiros de labranza. **3.** Zurra, malleira. **4.** Caixa ou cesta para gardar o pan ou o gran.
Obs. Trátase dun castelanismo ou asturianismo.

pánfilo, -a. adx. Que ten pouca intelixencia e pouca malicia.

pangar. v. Curvar, torcer (Allande).

paniar. V. panear.

panín. s. m. Diminutivo de pan.

panizo. s. m. Uñeiro (Allande).

pano. s. m. Cacho de tea que se utiliza para varias cousas, como na cociña, revestir algo, cubrir a cabeza etc. **2.** Malla dunha rede de pesca, como na *limaqueira*. **3.** Parte branca que cobre a pupila do ollo da vaca deixándoa cega. **3.** Tipo de tecido. **4.** Tea que serve para envolver un neno (San Martín de Ozcos). // **El que viste de mal pano, viste dúas veces al ano.** Refrán que alude a que é mellor gastar algo máis en cousas de calidade que optar por outras máis baratas, e polo tanto, menos duradeiras. // **Pano á barba.** Anoado debaixo da queixada. // **Pano al pico.** Anoado na parte superior da cabeza. // **Pano de herbas.** Pano usado polos homes para levar a parva. // **Pano de la (*lla*).** Pano feito con la. // **Pano da cabeza.** Peza de roupa usada polas mulleres para cubrir a súa cabeza, era de distintos materiais e diferentes colores. Había dúas formas de facer o nó, por enriba, ou por abaixo. Normalmente era de la quitado os días de festa que era de seda. Tamén se levaba colgado do pescozo dobrado de xeito triangular e atado na parte dianteira. // **Pano das ánimas.** Pano negro con que se cubría os mortos. // **Pano das *maos*.** Pano para limpar, o nariz, os ollos etc. // **Pano de mesa.** Pano utilizado para limpar as mans e a boca ao xantar. // **Pano de *ortigosa*.** Pano con que facían os mandís para festas especiais. // **Pano do pescozo.** Peza de roupa feminina que se poñía no pescozo (Abres). // **Pano sedán.** Pano feito con seda.

panoio, -a. adx. e s. m. e f. Parvo, inxenuo.

panolín. s. m. Pano pequeno para limpar os mocos.

panolla. s. f. Órgano xenital masculino. **2.** V. mazaroca 1ª acep.

panollada. s. f. Golpe dado cunha *panolla*.

panollar. v. Comezar a formarse a *panolla* na planta do millo.

panqueixa. s. f. Planta herbácea da familia das crucíferas, de dez a cincuenta centímetros de altura, follas lanceoladas, as basais dispostas en roseta, dentadas ou recortadas, e as outras abrazadoras. As flores brancas, pequenas e o seu froito é triangular, disposto en celas con forma de corazón. Ten propiedades

medicinais (*Capsella bursa-pastoris*). **2.** Froito da *ribileira*. **3.** Froito da carqueixa que se come (Coaña).

panqueixo. V. panqueixa (Santalla de Ozcos, Ibias, El Valledor).

pantaino. s. m. Lugar no que, por causas naturais, queda a auga estancada. **2.** Depósito formado con auga dun río que se retén mediante unha presa. **3.** Espazo de tempo con moito traballo e présa, apuro. // **Quitar del *pantaino*.** Non estorbar (Boal). // **Sacar (meter) nun (del) *pantaino***. Sacar (ou meter) nun apuro.

pantalla. s. f. Lámina que cobre parcialmente os raios de luz. // **Ter *muita* pantalla.** Ser unha persoa vistosa fisicamente.

pantalón. s. m. Peza de roupa de vestir que cobre cada unha das pernas desde a cintura aos pés. // **Tirar el (o) pantalón.** Cagar.

pantasma. s. m. Ser imaxinario que se cre que aparece ás veces e que tamén serve para meter medo aos nenos.

pantasmón, -a. adx. Aplícase á persoa que presume moito.

panteinada. V. chea 2ª acep. (Castropol).

pantocazo. s. m. Golpe que dá unha embarcación coa parte curva da quilla na auga.

pantoque. s. m. Parte curva da quilla dunha embarcación.

pantoquear. v. Dar golpes unha embarcación coa parte curva da quilla na auga.

panturrilla. s. f. Masa muscular que produce prominencia na parte posterior da perna.
Obs. Trátase dun castelanismo.

panxelo. V. paxelo.

panxolía. V. panxoliña.

panxoliña. s. f. Canto de Nadal (Abres). **2.** Conto.

panxolo, -a. adx. Parvo.

panxulía. V. panxoliña.

panxuliña. V. panxoliña.

panza. s. f. Parte convexa e que máis sobresae dunha vasilla ou doutras cousas. **2.** Barriga ou ventre moi avultado. // **Da *panza sale* a danza.** Refrán que indica que cando se quita a fame, o ánimo está alegre.

panzada. s. f. Golpe na barriga, especialmente o que se recibe contra a auga. **2.** Fartura, exceso de calquera cousa.

panzudo, -a. adx. Que ten barriga.

panzurriada. s. f. Golpe recibido no ventre ao caer boca abaixo (Boal).

paña. V. corta 1ª acep.

pañadeira. s. f. Acto de apañar (*pañar*).

pañado, -a. adx. Collido. **2.** Recollido, segado. **3.** s. f. Acción de coller a unha persoa facendo algo ou estando nalgún lugar no que non debería estar (Navia). **4.** s. f. Peza (Allande).

pañadura. s. f. Acción e efecto de apañar.

pañar. V. apañar 1ª, 2ª, 3ª, 4ª e 6ª acep.

pañascón. V. herba sedeña.

pañega. V. liado 2ª acep. (Tapia de Casarego). **2.** Acción de enredarse un aparello de pescar (Tapia de Casarego).

pañeiro, -a. s. m. e f. Persoa que vende panos.
Obs. Trátase dun castelanismo.

paño (a). loc. Ao mesmo nivel, xunto a.

pañol. s. m. Compartimento do fondo dunha embarcación que se emprega para gardar víveres, municións etc.; bodega 11ª acep.

pañoleta* → pano 7ª acep.

pañoletúa* → pano 7ª acep.

pao. s. m. Cacho de madeira, normalmente cilíndrico e dunha certa longura. **2.** Nunha embarcación, peza onde van suxeitas as velas. **3.** Cada unha das catro series das cartas da baralla. **4.** Golpe que se dá cun pau. **5.** Barreira nos pasos a nivel dun ferrocarril. **6.** Trazo recto de certas letras. // ***Pao* de atrás.** No torno, pau sostido por unha ou dúas *forquetas* e onde repousa a *intachada*. // ***Pao* (*palo*) de ferro.** Panca cunha *boca* chá e outra de pico que serve para facer furados na terra. // ***Pao*-ferro.** Xogo de nenos, parecido á billarda ou ao *pincho en Roma*. // **Tirar al *pao* (*palo*).** Xogo no que dúas persoas sentadas e agarradas a un pau, tentan erguer á outra.

paoferro. V. pao-ferro. **2.** V. pao de ferro.

paolla. V. mazaroca 1ª acep. // ***Paolla* pega.** V. pouña pega. // ***Paolla reina*.** V. reina.

paollar. v. Botar mazarocas o millo (Allande).

paopido. s. m. Xogador que na billarda calcula a distancia que hai desde a raia até onde cae esta (Grandas de Salime).

papa. s. f. Alimento feito con leite e fariña de millo ou trigo, cocido con auga e sal. // **Comerlle as papas a alguén na cabeza.** Ser máis alto que a outra persoa (Boal). // ***Nun* ter papas na boca.** Dicilo todo, falar moito. **2.** Expresarse ben. // **Papa de arroz.** Arroz con leite. // **Papa de *meiz*.** Papa feita con millo, podendo ser torrada ou sen torrar. // **Papa de trigo.** Papa feita con fariña branca e leite. // **Papa *lenta* (*llenta*).** Feita con fariña de millo sen

torrar. // **Papa torrada.** Feita con fariña de millo torrado. // **Ser un *probe chen* de papas.** Ser altivo, soberbio.

papá. s. f. Término cariñoso ou familiar para referirse ao pai.

papada. s. f. Avultamento carnoso que se forma debaixo da mandíbula inferior. **2.** Bocio. **3.** adx. Delgada (San Martín de Ozcos). // **Papadas (as).** Abertura da boca cando se está morrendo.

papadín. s. m. Papado pequeno.

papado, -a. adx. Tragado. **2.** s. m. Porción de líquido que cabe na boca. **3.** s. m. Porción pequena dunha bebida. **4.** s. m. Trago, grolo. // **Dar os papados.** V. papadas (as). **2.** Estar morrendo. // **Dar os últimos papados.** Estar morrendo. // **Dun papado.** Dun só trago.

papagaio, -a. s. m. e f. Dise da persoa que fala moito.

papaleisón. s. m. Parvo, estúpido.

papalín. s. m. Diminutivo de papá.

papamoscas. adx. e s. Parvo. **2.** Persoa distraída.

papar. v. Tragar un alimento de xeito rápido. **2.** Crer o que se di a un. **3.** Quitar, roubar. **4.** Comer, normalmente moito. **5.** Sufrir frío ou calor. **6.** Encherse de algo (*Papei muito polvo*). **7.** Padecer, recibir (*Na vida papei muitas, El susto que papou*). **8.** Coller a alguén nalgún asunto (*Papeilo roubando*). **9.** Matar, acabar (*Ese mal papoulo en poucos días*). // **Papalo de dous bocados.** Comelo rapidamente. // **Papar (lle) el bolo a alguén.** Ser máis alto que outra persoa. **2.** Superar, ser máis listo.

paparachín. V. reichín (Villaión).

paparado. s. m. Trago (Allande).

paparda. s. f. Peixe osteíctio beloniforme, da familia dos escomberesócidos, de até corenta e cinco centímetros de lonxitude, corpo alongado e comprimido, semellante á agulla de mar, co dorso gris azulado e os lados e o ventre prateados (*Scomberexos saurus*), (As Figueiras, Tapia de Casarego, Coaña, El Franco).

paparellos. s. m. pl. Papas de fariña de millo feitas en caldo de verduras. **2.** Papas mal feitas (San Martín de Ozcos).

paparelludo, -a. adx. Que ten moito papo.

paparico. s. m. Lambetada (Villaión).

paparote[1]. s. m. Peza onde se colocaba a *cádava* ou *garabulla* de alumar.

paparote[2]. adx. Aplícase á persoa aparvada por pequenas cousas.

paparote[3], -a. adx. e s. Alcume que lles daban os habitantes de Cartavio aos de Lloza (Coaña), porque dicían que comían moitas papas.

paparracho. s. m. Calquera insecto (Allande).

papascalentes. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Marentes (Ibias).

papasello. s. m. Papa feita co caldo do cocido; paparello.

papasol. V. reichín (Grandas de Salime).

papatorio. s. m. Acción e resultado de comer moito (Navia).

papaxornales. s. f. Prostituta (Coaña). **2.** Órgano xenital feminino.

papear. v. Comer.

papeiras. s. f. pl. Inflamación das glándulas parótidas. **2.** Por extensión, enfermidade contaxiosa debida a esta inflamación.

papeiro[1]. V. escornaprudo (Grandas de Salime).

papeiro[2], -a. adx. e s. Alcume que se lles dá aos habitantes de Piñeira (Ribadeo). **2.** Alcume que se lles dá aos habitantes de Lloza (Coaña); paparote.

papel. s. m. Materia feita con vexetais onde se pode escribir ou facer outras cousas. **2.** Cacho deste material. **3.** Documento. // ***Muito* papel i pouco cocho.** Moito envase e pouco contido. // **Papel de *estraza*.** Papel moi basto, áspero, sen cola e sen branquear. Na medicina tradicional eonaviega usábase cando estaba moi quente poñéndoo no ventre contra a diarrea. // **Papel de fumar.** Papel que se empregaba para lear os cigarros.

papelada. s. f. Conxunto de papeis.

papeleo. s. m. Conxunto de trámites burocráticos que ten que facer unha persoa para resolver un asunto.

papella. s. f. Papada, avultamento debaixo da mandíbula inferior (El Franco).

papellar. v. Avultar a espiga do trigo na punta da planta cando está a piques de saír.

papexar. v. Falar moito e de xeito pouco claro. **2.** Comezar a ferver as papas ou o leite.

papiar. v. Quedar abraiado por algo que non se agardaba. **2.** Parar, quedar aparvado. **3.** V. papar 1ª acep.

papín. s. m. Diminutivo de papá. // ***Papín* colorado.** V. paporrubio (Taramundi).

papizo. s. m. Acción de abrir a boca cando se está morrendo. // **Dar os *papizos*.** Estar morrendo.

papo. s. m. Avultamento que se forma baixo a mandíbula inferior nalgunhas persoas. **2**. Bocio. **3.** Parte da cara que sobresae por debaixo dos ollos. **4.** Boca. **5.** Peito. **6.** Bolsa que teñen as aves baixo o pescozo, como as galiñas. **7.** V.

piqueira 3ª acep.; testa 1ª acep. **8.** Músculo par, voluminoso, situado na rexión posterior e superficial da perna, que serve para erguer o talón e estender o pé (El Franco). **9.** Cabeza do polbo. // **Beber a papo *chen*.** Beber moito. // **Comer a papo *chen*.** Comer moito. // **De papo.** Sen vergonza ningunha. **2.** De balde. // ***Nun* dicir todo *lo* que se ten nel papo.** Non dicir o que se pensa (Boal). // **Papo arriba.** Deitado coa barriga para enriba. // **Papo colorado.** Expresión utilizada para dicir que unha rapaza, un neno etc. teñen a meixela colorada. // **Papo da perna.** Masa muscular que produce prominencia na parte posterior da perna (Boal). // **Papo de ola.** Cada unha das partes ao lado da boca cun tamaño grande e caída. // **Poñer papos.** Engordar, coller peso. // ***Rirse* a papo *chen*.** Rir moito (Tapia de Casarego).

papocolorado. s. m. Ave paseriforme da familia dos frinxílidos, que mide uns quince centímetros. O macho ten unha plumaxe de color rosa ou vermella intensa nas partes inferiores e gris azulada nas superiores. As ás e a cola son de color negra, aínda que as primeiras están atravesadas por unha franxa branca. A femia é de color parda agrisada no dorso e parda rosada por debaixo. O peteiro é groso e de color negra (*Pyrrhula pyrrhula*).

papolada. s. f. Comida moi espesa (Boal). **2.** adx. Dise da persoa moi descoidada, que fai as cousas sen xeito ningún (Coaña).

papolla. s. f. Agulla pequena ou cría da agulla *(Belone sp.* ou *Syngnathus sp.*).

papolleiro. s. m. Rede semellante á veta, pero máis pequena e fina, que se utiliza para a pesca de agullas pequenas (Tapia de Casarego).

papomarelo. V. paporrubio (Tapia de Casarego).

papón. s. m. (pl. papois). Ser mitolóxico co que se mete medo aos nenos que choran e non dormen, dicindo ás veces: "*Era si, era non / que te comerá el papón / que túa madre vai na misa / i tou padre no sermón"* ou "*Ora si, ora non / que te ha comer un papón / que teu padre vai na misa / e túa madre no sermón*". **2.** Calquera tipo de insecto ou verme, normalmente de forma aplanada. **3.** adx. Parvo. **4.** Cousa minúscula. **5.** Mosca grande e molesta (Castropol). **6.** Mosquito (A Veiga).

paponcín. s. m. Insecto pequeno.

paponcío. V. paponcín.

paporrubio. s. m. Ave paseriforme da familia dos muscicápidos, duns catorce centímetros de lonxitude e corpo gordo, co dorso pardo oliváceo uniforme, peito e fronte de viva color tirando a laranxa e cola parda escura (*Erithacus rubecula*).

papoxa. V. barbeiro[2] (Navia).

papuda. s. f. Nome común de diversas especies de aves paseriformes da familia dos muscicápidos, pertencentes ao xénero *Sylvia*, de pequeno tamaño, coa plumaxe máis ou menos escura nas partes superiores e branco ou pálido nas inferiores e peteiro recto e delgado (*Sylvia borin*, *Sylvia communis*, *Sylvia hortensis*, *Sylvia cantillans*). **2.** Ás veces esta palabra aplícase tamén á ave que mide uns trece centímetros de lonxitude, coa plumaxe verde e parda nas partes superiores e amarelo verdeal nas inferiores, con patas pardas (*Hippolais polyglotta*).

papudo, -a. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Santo Estevo (Ibias). **2.** Dise da persoa que ten bocio. **3.** Coa parte carnosa de cada un dos lados da cara moi pronunciada.

papullo. s. m. Parte carnosa dun membro pequeno do corpo humano e de xeito máis común, parte da palma da man, da que sae o dedo polgar. **2.** V. papo da perna. **3.** Papo dunha ave. // ***Papullo* del pé.** Parte carnosa do pé da que sae o dedo gordo.

papuzo. V. barbeiro[2] (El Franco).

papuxa. V. barbeiro[2]. **2.** V. papuda 1ª acep.

papuxo. V. barbeiro[2] (El Franco).

paquetado. s. m. Conxunto de paquetes (Os Ozcos).

paquete. s. m. Conxunto de cousas envoltas xuntas. **2.** Envoltorio non moi grande.

par. s. m. Parella, conxunto de dúas persoas, animais, obxectos etc. // **A par (de).** Xunto a (*A par del río*). **2.** Xunto con. // **A par de min.** Comigo. // **Al par.** Xuntamente. **2.** Ao lado. // **De par en *calella*.** De par en par (Boal).

para! interx. Berro que botan os rapaces cando empezan a pescar, para avisar ao patrón que colleu un bonito a cacea (Tapia de Casarego).

parabrisas. s. m. Cristal dianteiro dos automóbiles.

parada. s. f. Acción de parar, detención. **2.** Lugar onde alguén se detén normalmente. **3.** Lugar onde hai un semental (Taramundi, Os Ozcos). // **As paradas grandes *fain* os días**

pequenos. Refrán que recomenda ir pouco a pouco e non deseguido. // ***Nun* ter (uha) parada.** Traballar moito. **2.** Ser inquedo.

paradeira. V. paredeira.

paradeiro. s. m. Tope que no carro leva o coucillón e o eixe, para que non se vaia o *leto* para os lados. **2.** Parte de ferro do *pión* que non lle deixa entrar máis no chan cando se bota para que baile. **3.** Lugar onde se vive ou vai parar unha persoa. **4.** Acougo, calma. **5.** Lugar onde acaba unha persoa, un animal etc. (Castropol). **6.** Lugar onde vai parar unha cousa. // ***Destos muitos* i gordos veñan a ese paradeiro.** Refrán que se refire á matanza dos cochos (As Figueiras).

paradello. s. m. Rede sen chumbo nin cortizas, montada sobre dúas estelas separadas uns dous metros e medio, e que se utiliza para pescar zamborcas (Abres).

paradelo. s. m. Pano de rede.

parado, -a. adx. Que non se move. **2.** Aplícase á persoa ou animal con pouco espírito ou tímido. // ***Nun* ter parado.** Estar movéndose deseguido.

paradoira. V. pechadoira.

paradoiro. s. m. Fondeadoiro (As Figueiras).

parafusa. s. f. Instrumento como un fuso grande ou torno, que no extremo superior leva un gancho e serve para tocer e enrolar a la, o liño, o cánabo etc., xa fiados. **2.** Aparello de madeira para mazar o leite na *mazadeira*. **3.** Ferramenta ou trade que serve para colocar os remaches metálicos nas navallas. **4.** Fuso grande cun punzón de aceiro na parte inferior que utilizan os paraugueiros e os que traballan con latas, para furar obxectos de louza ou porcelana, para poñerlles grampas de cintas metálicas que xuntan os cachos.

parafusada. s. f. Cantidade de la que se pode torcer dunha vez nunha parafusa.

parafusiar. v. Facer algo con desorde por atoparse unha persoa nerviosa.

parafuso. V. parafusa 2ª acep.

paraguas* → paraugas.

paragüeiro. V. paraugüeiro 1ª e 2ª acep.

paralis. s. m. Imposibilidade de moverse. **2.** Deficiencia ou perda de función motriz dunha parte do corpo.

paralís. V. paralis.

paralizar. v. Deter, inmobilizar.

parandeiro. V. parandueiro (Ibias).

parandoiro. V. parandueiro (Ibias).

parandueiro. s. m. Terreo inclinado, escabroso e de mala calidade (Ibias).

paranguas* → paraugas.

parapallegar. V. pazpallal (Villaión).

parar. v. Deter ou impedir algo. **2.** Deterse algo. **3.** Quedar algo ben ou mal (*Paraban mal ferradas*). **4.** Deterse a auga nun lugar. **5.** Terminar unha cousa, unha persoa etc., nun determinado lugar. **6.** Hospedarse nunha casa, pensión etc. **7.** Cesar, escampar (*Parou de chover*). **8.** Ir repetidamente a un sitio (*Para muito polo bar*). **9.** Permanecer, durar (*Aquí para pouco a neve*). // **Parar contra algo.** Tropezar. // **Parar + de + infinitivo.** Perífrase verbal de carácter perfectivo (*Parou de funcionar a radio*).

paraugua. V. paraugas (Navia).

paraugas. s. m. Obxecto portátil composto por un bastón e unha tea sobre unhas variñas metálicas, que se usa para cando chove.

parauguas. V. paraugas (Boal, Villaión).

paraugueiro. V. paraugüeiro 1ª e 2ª acep.

paraugüeiro. s. m. Moble que serve para poñer os paraugas. **2.** Persoa que amañaba paraugas e cazos da cociña.

paraxe. s. f. Lugar, sitio.

paraxisma. s. f. Necidade (Taramundi); paraxismada. **2.** Conto esaxerado e non moi fiable, lenda (Abres).

paraxismada. s. f. Adulación por contos e chismes. **2.** Necidade; paraxisma.

paraxismar. v. Esaxerar. **2.** Falar con xestos, acenar.

paraxismeiro, -a. adx. Aplícase á persoa que anda con paioladas ou chismes. **2.** Dise da persoa que fai xestos esaxerados de espanto, admiración etc. **3.** Aplícase á persoa aduladora (Coaña).

paraxismo. V. paraxismada.

paraza. s. f. Pela, monda. **2.** Casca ou monda dalgúns froitos como a pataca, castaña etc., e dalgunhas cousas. **3.** Casca dunha árbore ou de certos arbustos.

parceirar. v. Ter terras ou gando en réxime de parcería. **2.** Xuntar un animal propio con outro do veciño para arar a terra.

parceiría. s. f. Contrato de explotación agrícola ou agropecuaria, polo que o propietario cede en uso temporal a terra a outro, e este dálle, en compensación, unha parte dos produtos que colleita. **2.** Compaña. **3.** Contrato entre pescadores para pescar o salmón (Abres).

parceiro, -a. s. m. e f. Persoa que ten terras ou gando en parcería. **2.** Compañeiro, referido a persoas e cousas (*Unde tá a parceira desta galocha?*), (San Martín de Ozcos). **3.** Persoa que

comparte por quendas un muíño con outros individuos (El Franco).

parcelaria. s. f. Agrupación dentro do mesmo linde de diversas leiras para unificalas e facilitar o seu cultivo.

parcería. V. parceiría 1ª acep.

parche. s. m. Remendo. **2.** Cacho que se pega sobre un obxecto para reparalo. **3.** Peza que se aplica sobre unha ferida ou unha parte do corpo enferma.

parchear. v. Remendar.

parchís. s. m. Xogo que se fai sobre un taboleiro no que os xogadores van facendo avanzar as fichas desde a saída até a meta final, segundo os puntos que logren en cada tirada do dado. Gaña o primeiro que poña todas as súas fichas na meta.

parcial. adx. Aplícase á persoa familiar no trato. **2.** Dise da persoa natural ou sinxela. **3.** Aplícase á persoa legal, responsable, xusta.

parcionero* → parceiro.

parco teixo* → porco teixo.

parco texo* → porco teixo.

parda. s. f. Variedade de pera.

pardal. V. pardelo. **2.** s. m. Ave paseriforme, da familia dos frinxílidos, que mide uns trece centímetros de lonxitude e con peteiro curto, groso e cónico. O macho ten o dorso castaño, a fronte e o peito vermellos, e os bordos das ás e a cola brancos. A femia é listada, coa cabeza gris (*Acanthis cannabina*), (Navia).

pardalego. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Centeais (Ibias), pola color parda.

pardaleiro. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Centeais (Ibias), pola color parda.

pardela. s. f. Ave procelariforme da familia dos proceláridos, de color pardo agrisada, grosa e con ás anchas (*Procellaria diomedea*), (As Figueiras, Tapia de Casarego). **2.** Ave procelariforme da familia dos proceláridos, duns corenta centímetros de lonxitude e coa plumaxe negra uniforme (*Puffinus griseus*), (As Figueiras). **3.** Ave procelariforme da familia dos proceláridos, que mide uns corenta e cinco centímetros de lonxitude, coa parte de enriba da cabeza de color negra e a cara e unha mancha na base da cola brancas e o peteiro escuro e fino. As partes superiores son de color parda escura e as inferiores brancas (*Puffinus gravis*), (As Figueiras, Tapia de Casarego). **4.** Ave procelariforme da familia dos proceláridos, que mide uns trinta e cinco centímetros de lonxitude, co dorso negro e a parte ventral branca (*Puffinus puffinus*), (As Figueiras).

pardelía. V. pardela 2ª e 4ª acep. (Tapia de Casarego).

pardella. V. pardela 1ª, 2ª, 3ª e 4ª acep. (El Franco, Coaña).

pardello. V. pardelo.

pardelo. adx. Aplícase ao home astuto, aproveitado ou perigoso.

pardillo* → pardal 2ª acep.

pardiola! interx. Voz que expresa sorpresa ou enfado.

pardiós! V. pardiola!

pardo, -a. adx. De color escura con algo de amarelo e rubio. **2.** De color gris. **3.** Dise do día nubrado e escuro. // **Gramática parda.** Expresión que describe a intelixencia natural ou aprendida que posúen algunhas persoas que non teñen estudos.

parear. v. Poñer xuntas dúas cousas (Boal).

parecer. v. Ter certa semellanza con algo. **2.** Opinar, crer. **3.** Aparecer. **4.** prnl. Ter semellanza. **5.** s. m. Opinión, xuízo. // **Parecer (*asta*) mal.** Dar mala impresión. // **Parecer + infinitivo.** Perífrase verbal que indica percepción (*Parece tar contento*).

parecencia. s. f. Semellanza. **2.** Presenza, aspecto.

parecido, -a. adx. Que ten certa semellanza con outro. // **Ben (mal) parecido.** De boa ou mala presenza física.

paredado, -a. adx. Amontoado. moi xunto.

paredar. v. Facer ou erguer paredes. **2.** Amontoar unha cousa facendo como unha parede. // **Pedra de paredar.** A que serve para facer paredes.

parede. s. f. Muro feito de pedra para pechar ou soster algo. **2.** Variedade de castaña plana considerada de boa calidade. // ***Paña*, que son paredes!** Expresión que se usa cando algo é bo. // **Tirar unha parede.** Mexar.

paredeira. s. f. Variedade de castaña de mala calidade.

paredeiro, -a. s. m. e f. Ave paseriforme da familia dos páridos, que mide uns once centímetros de lonxitude e é de coloración menos viva que a especie común. A cabeza e o pescozo son negros, as partes superiores de color gris olivácea e as inferiores tirando a branco con marxes ocres, as ás teñen unha dobre franxa de color branca e o peteiro tira a negro (*Parus ater*), (Tapia de

Casarego). **2.** V. ferreirín (Tapia de Casarego, Boal).

paredía. s. f. Parte de pedra ou cachotería por debaixo dos cumes das *paneras* (Verducedo). **2.** Parede pequena.

paredón, -úa. s. m. e f. Parede que queda en pé, como ruína dun edificio. **2.** Parede grande. **3.** Pedra que se pon detrás do lume para apoiar nela os *tizois*. **4.** Conxunto de nubes moi cargadas de auga no horizonte mariño.

pareira. s. f. Comparación de dúas cousas (Seares).

parella. s. f. Conxunto formado por dúas persoas ou cousas da mesma especie (*Parella de bois*). **2.** Matrimonio. **3.** Compañeiro.

parente, -a. s. m. e f. Persoa que é da mesma familia. **2.** O marido con respecto da muller. **3.** A muller con respecto do marido. // **Ser parente del que vendeu el xato *prá* voda.** Poder estar nunha celebración.

parentesco. V. parentexo.

parentexo. s. m. Relación que teñen unhas persoas con outras da mesma familia.

pares-nones. V. alduño.

parexa. V. parella.
Obs. Trátase dun castelanismo.

parexo, -a. adx. Semellante, igual. **2.** Chan, liso.
Obs. Trátase dun castelanismo.

parida. adx. e s. f. Femia que pariu. **2.** s. f. Dito sen sentido.

parideira. adx. Dise da femia que está en idade de parir. **2.** Dise da femia que está a piques de parir. **3.** Dise da femia fecunda de calquera especie. **4.** Dise da femia que xa pariu algunha vez.

parideiro, -a. s. m. Capacidade boa para parir, referida normalmente ao gando vacún (*Ten bon parideiro*). **2.** s. m. Lugar para parir.

parido, -a. adx. Que naceu.

parigüela* → angareña 1ª acep.

parihuela* → angareña 1ª acep.

parir. v. Botar fóra o feto a femia no parto. // **El que pariu que arrole i se non, que *lo* meta nel fole.** Refrán que se emprega cando non se quere aturar máis a alguén. // **Nin parir nin empreñar.** Ser indeciso.

parixuela* → angareña 1ª acep.

parlanchín, -a. adx. Que lle gusta falar.

parlar. v. Falar (Santalla de Ozcos).

parleiro, -a. adx. Que lle gusta moito falar. **2.** O que pía (*Os parleiros paxaríos*). **3.** Dise da persoa que leva chismes dun lugar a outro.

parlexar. v. Falar (Seares); parlar. **2.** En sentido figurado, cantar os paxaros.

parllanchín, -a. V. parlanchín.

parllar. V. parlar.

parllatán. V. parleiro 1ª acep.

parlleiro, -a. V. parleiro.

parola. s. f. Conversación pouco importante. // ***Muita* parola, i pote al lume con auga *sola*.** Dise da persoa que presume do que non ten. // ***Tar* de parola.** Estar de conversa. // **Ter ganas de parola.** Ter ganas de festa, de diversión.

parolada. s. f. Dito inútil. **2.** Frase inoportuna. **3.** Conversación. **4.** Cumprimento sen interese.

parolar. v. Conversar de cousas sen importancia. **2.** Falar moito e sen xeito.

parolear. V. parolar.

paroleiro, -a. adx. Aplícase á persoa que lle gusta falar de cousas pouco importantes. **2.** Dise da persoa que fala moito. // **Parecer unha *putía* paroleira.** Meterse en asuntos alleos con chismes, contos etc. // **Ser como unha *monxía* paroleira.** Expresión que alude a unha muller que non cala nunca.

paroliar. V. parolar.

parolo, -a. V. paroleiro.

paroxisma. V. paraxismada.

párpado. s. m. Membrana móbil dividida en dúas partes que serve de protección aos ollos.

parpagalleira. V. pazpallal.

párpago. V. párpado (Tapia de Casarego, Villaión).

parpallagar. V. pazpallal.

parpallal. V. pazpallal (Tapia de Casarego, Eilao).

parpallar. V. pazpallal (Tapia de Casarego).

parpallear. V. pazpallal.

parpallega. V. pazpallal (Villaión, Tapia de Casarego, Boal, El Franco, Coaña, Allande, Castropol). **2.** Aplícase ás veces á muller que ten monotonía e constancia no seu canto. **3.** Barullo.

parpallegal. V. pazpallal (Villaión).

parpallegar. V. pazpallal (Tapia de Casarego, Navia, El Franco).

parpallego. V. pazpallal (Tapia de Casarego).

parpalleguía. s. f. Diminutivo de *parpallega*.

parpallelín. s. m. Canto do *pazpallal*.

parque. s. m. Terreo con plantas, árbores etc. para desfrute das persoas.

parquear. v. Ir a un parque.

parra. s. f. Vide que se coloca de xeito artificial sobre uns soportes formando unha especie de cuberto.

párraco* → cura.

parrafada. s. f. Conversación longa, normalmente informal.
parrafello. V. parrafada.
parragueto, -a. s. m. e f. Persoa pequena e mal formada.
parrancas (a). loc. Montado ou sentado sobre algo ou alguén cunha perna aberta para un lado e a outra para o outro.
parranco, -a. V. parrelo.
parranda. s. f. Festa, diversión.
parrandiar. v. Divertirse (Boal).
parranqueto, -a. adx. Aplícase á persoa de pernas curtas e gorda. **2.** Torto.
parrar. v. Estenderse e medrar as plantas cubrindo a superficie do chan. **2.** Xermolar o trigo ou o centeo ás tres semanas máis ou menos. **3.** Brotar varias canas dun só gran (El Franco).
parrata. s. f. Órgano xenital feminino.
parreira. s. f. Parreiro pequeno.
parreiro. s. m. Espazo superior entre o lousado e as dependencias de toda a casa, onde se almacenan a herba, a madeira, as patacas, os nabos, as castañas etc., e que ás veces se utilizou como cuarto de durmir. **2.** Tipo de comedeiro, xunto á parede, no que se botaba a comida ao gando. **3.** Espazo baixo o lousado dun cabanón empregado para poñer paus e apeiros de labranza. // **A mediados de *xineiro*, a mediados de parreiro.** Refrán que alude a que en xaneiro se ten pouca herba almacenada.
parrello, -a. V. parrelo.
parrelo, -a. adx. Aplícase á persoa ou animal de estatura baixa que ten as pernas tortas e abertas. **2.** Dise da planta ou da árbore de pouca altura que se van estendendo polo chan.
parreto, -a. adx. Dise da persoa que ten as pernas curtas (Coaña). **2.** V. parrúo. **3.** Aplícase á persoa que ten as pernas moi separadas (Navia, Allande).
parricato. s. m. Casa de mala calidade (Allande). **2.** Cabana para gardar apeiros.
parrilla. V. trébedes.
parro. s. m. Variedade de pera pequena.
parrocha. s. f. Sardiña pequena (Navia, As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Coaña). **2.** Sardiña mediana. **3.** Órgano xenital feminino.
parrolo, -a. V. parrulo 1ª acep. (Santiso de Abres).
parromeira. V. peteiro 3ª e 4ª acep. (Abres).
parrón, -úa, -oa. adx. Aplícase ao boi ou á vaca cos cornos moi abertos e longos. **2.** V. parrelo. **3.** Dise da árbore coas ramas moi separadas.
parrondo, -a. adx. Ancho, que medrou moito (*As carqueixas tán recias e parrondas*), (Eilao).
parroquia. s. f. Conxunto de aldeas e localidades cunha xurisdición eclesiástica dun párroco. **2.** Igrexa principal dun territorio. **3.** Clientes dunha taberna, bar etc.
parrugueira. s. f. Banco que estaba debaixo da campá da cheminea nunha lareira.
parrulo, -a. adx. Aplícase á persoa de pequena estatura. **2.** s. m. e f. V. curro 1ª acep. **3.** Dise da persoa que anda como un pato; patoxo. **4.** V. parrelo 1ª acep.
parrúo, -a. adx. Dise da vaca ou touro que teñen os cornos moi abertos ou separados entre si (Os Ozcos).
parrusa. s. f. Órgano xenital feminino (Coaña, Navia).
parsimonia. s. f. Lentitude nos movementos, calma.
partar* → apartar.
parte. s. f. Porción dun todo ou dunha cantidade. **2.** Data (*De dous anos a esta parte*). **3.** s. m. Noticiario de radio. **4**. s. m. Comunicación metereolóxica transmitida pola radio. **5.** pl. Órganos xenitais. **6.** V. unión 3ª acep. // **A esta parte.** Deste lado. // **Á parte.** Excepto, a non ser que. **2.** Convenio polo que se dá a cada pescador unha parte determinada sobre o importe da pesca capturada. // **Á parte de.** En compaña. // **Dar parte.** Denunciar ou dar conta de algo. // **Parte *coel* demo.** Pauto diabólico. // **Por parte i parte.** Polo lado do pai e da mai.
Obs. Ás veces esta palabra pode adoptar o xénero masculino nalgún concello como San Martín de Ozcos (*El parte de dentro*).
parteiro, -a. s. m. e f. Persoa que atende á unha muller nun parto. **2.** Persoa que axuda a parir a un animal.
partexar. v. Auxiliar como parteira ou parteiro, tanto a persoas como a animais.
partexeira. s. f. Muller que axuda nun parto.
partición. s. f. (pl. particiois). Acto ou efecto de partir. **2.** Reparto que se fai dunha herdanza entre os distintos herdeiros.
partida. s. f. Rexistro de nacemento, bautismo, confirmación, matrimonio ou defunción. **2.** Cada unha das mans dun xogo ou conxunto delas. **3.** Conxunto de persoas armadas. **4.** Cantidade grande de algo, como persoas, gando etc.
partidín. s. m. Diminutivo de partido.
partido. s. m. Tempo que dura nos deportes unha competición.
partido, -a. adx. Dividido.

partiliceira. V. parteiro (Ibias).
partilla. V. partixa 1ª acep.
partir. v. Dividir algo en partes. **2.** Repartir, distribuír (*Imos partir os cuartos*). **3.** Dividir as partes do cocho despois da matanza ou a carne dun xato, coello etc.; escuartizar, escortizar. **4.** Romper algun óso. **5.** Cortar leña. **6.** Romper a continuidade de algo inmaterial (*Aquelo partiulle a fe nel*). **7.** Nos xogos, finalizar unha partida. **8.** V. calendar. **9.** Fender, romper. **10.** Desfacer unha amizade. **11.** Separar dúas rapazas para bailar cunha delas; xebrar 8ª acep. (Tapia de Casarego). **12.** Dividir unha herdanza (Santalla de Ozcos, Navia). // **Pártame nunca un xarro!** Expresión que significa asombro ou susto.
partixa. s. f. Reparto da parte dunha herdanza que lle corresponde a cada un dos herdeiros. **2.** Reparto do produto dunha parcería. **3.** Reparto do produto da pesca entre os *bogadores* (Abres).
Obs. Trátase dun castelanismo.
parto. s. m. Acción de parir.
parva. s. f. Entre os labregos, primeira comida do día ou comida a media mañá. Nos Ozcos eran cachelos con leite, sopa de pan ou papas. **2.** Copa de augardente de anís que se tomaba pola mañá antes do almorzo. **3.** *Rastrillo* (Villauril). // **Tomar a parva.** Comer pola mañá.
parvar. v. Recoller os restos de gran e palla dos cereais que quedaron na terra ao facer a sega (Navia).
parvear. v. Tomar a parva.
parvia. V. parva 3ª acep. (Navia).
parviar. V. parvear.
parvo, -a. adx. Abobado. **2.** Infantil.
parvolín* → parvulín 1ª acep.
parvulín, -a, -iña. s. m. Neno pequeno morto. **2.** Por extensión, enterro dun neno pequeno. **3.** adx. Aplícase ao neno ou mozo infeliz. **4.** adx. Dise do neno ou persoa inxenuos, inocentes. **5.** Neno que está na primeira etapa escolar.
parvurín* → parvulín.
parzamicar. v. Conversar.
parzamique. s. m. Oración aos defuntos. **2.** Conversación longa; parrafada. **3.** Reprimenda.
parzaría. V. parceiría 3ª acep.
pasabola. s. f. Quinto golpe do xogo do *gua*.
pasabolo. s. m. Xeito de xogar os *bólos* pasándoos sobre algún atranco nos concellos de Navia, El Franco, Coaña, Tapia de Casarego, Boal, Eilao, Ibias, Villaión e Allande.
pasada. s. f. Malleira, tunda. **2.** Mal comportamento dunha persoa cara a outra. **3.** Puntada longa que se dá á roupa. **4.** Marca do paso dunha persoa ou un animal (*Uha pasada de gallía*). **5.** Lugar ou sitio por onde se pasa. **6.** Lugar por onde adoitan pasar determinadas especies, axeitado para os cazadores (San Martín de Ozcos, Allande). **7.** Pedra que serve para atravesar un río (San Martín de Ozcos). **8.** Zancada, paso longo. **9.** Lugar ou sitio por onde se entra ou accede a algo. **10.** Acción de rozar algo contra outra cousa (*Amañaban a gadaña dándolle uha pasada de pedra*). **11.** Xeito de medir a malla dunha rede de pescar. // **Á pasada do (del) sol.** Ao anoitecer.
pasadeira. V. pasadía.
pasadía. s. f. Paso para cruzar un río (Pezós).
pasadizo. s. m. Ponte de madeira entre o cabazo e a casa (Castropol). **2.** Estancia primeira da entrada da casa. **3.** Paso estreito entre as casas.
pasado, -a. adx. Atravesado, cruzado. **2.** Tragado. **3.** Tolerado, consentido. **4.** Gastado, fóra da moda. **5.** Que xa está cumprido. **6.** Aplícase á persoa que lle falla a memoria. **7.** Tolo. **8.** Moi maduro ou podre. **9.** s. m. Tempo pasado. **10.** Acontecido.
pasadoiro. s. m. Pedra que se pon nunha corrente de auga para atravesala; pasada 7ª acep. **2.** Pedra saínte nunha parede ou nun valado que serve para acceder a unha leira ou a un carreiro interior da mesma. **3.** Lugar de paso. **4.** Pequena ponte que cruza un regueiro (Taramundi).
pasadomañá. adv. No día que segue a mañá. // **Ser como pasadomañá.** Estar falto de xuízo e sensatez (Tapia de Casarego).
pasador. s. m. Pequena cuña de madeira que está posta sobre a *cabrita* nun batán. **2.** Barra metálica que ao correla serve para pechar portas, ventás, contras etc. **3.** No carro, peza que encaixa no centro da roda. **4.** Peza metálica que une a folla co mango dun coitelo (Taramundi); remache 6ª acep. **5.** Nunha embarcación, instrumento de ferro ou madeira, a xeito de punzón, que serve para abrir os cordóns dos cabos cando se xuntan uns cos outros.
pasadura. s. f. Malleira, tunda.
pasamanería. s. f. Xénero, galón ou pequena trenza, cordóns, borlas, flocos, e demais adornos de ouro, prata, seda,

algodón etc., que se fan e serven para adornar vestidos e outras cousas.

pasamao. s. m. Peza de madeira na parte exterior dos corredores de hórreos e *paneras*, que serve para apoiarse.

pasamaos. s. m. Barra que se pon nunha escaleira para apoiar as mans ao subir ou baixar.

pasa-montañas. s. m. Peza de roupa de abrigo que cobre toda a cabeza quitado os ollos.

pasante. adx. Dise do *espigo* dun coitelo que ocupa totalmente o interior do mango, polo que é visible nos dous cantos. Tamén chamado pasante total. // **Medio pasante.** Dise do *espigo* dun coitelo que só é visible polo lombo do mango pero non polo lado oposto, véndose unicamente a metade.

pasantía. s. f. Pasadizo entre a casa e a parte superior do cabazo, quedando como unha ponte sobre o camiño (Naraío). **2.** Dereito de paso a través dunha leira ou prado. **3.** Clase particular. **4.** Calquera tipo de paso, como un para salvar un río por un lugar determinado.

pasar. v. Ir dun lugar a outro (*De Boal pasou a Navia*). **2.** Atravesar (*Pasou el río*). **3.** Acontecer algo (*Esa noite pasaron cousas raras*). **4.** Cesar, acabar (*Xa pasou a tormenta*). **5.** Disimular (*Pásanlle todo*). **6.** Non facer nada (*Pasa de facer as cousas*). **7.** Tragar, engulir (*Pasar a comida*). **8.** Consentir, tolerar (*Pasan de levarlle a contraria*). **9.** Calar (*Pasa de dicir algo*). **10.** Transportar (*Pasou todas as cousas da casa vella prá nova*). **12.** Dar (*Pásame ese prato*). **13.** Volver lavar a roupa con auga até quitarlle o xabón (*Pasar a roupa*). **14.** Transcorrer (*Xa pasaron días*). **15.** Aprobar (*Pasou el curso*). **16.** Facer algo determinado (*Pasaron sin comer*). **17.** prnl. Avantaxar, adiantar (*Pasoume na curva*). **18.** prnl. Perderse un produto, un alimento (*Pasouse el caldo*). **19.** prnl. Excederse (*Pasouse dicindo aquelo de min*). **20.** prnl. Esquecerse de algo (*Pasóuseme a hora da misa*). // **Pasa *tu* que *nun pasache*.** Dito de aceptación sobre algo que fai unha persoa aínda sendo consciente que non sabe nada (Boal, Tapia de Casarego). // **Pasalas *canutas*.** Pasalo mal. // **Pasalas negras.** Pasalo mal. // **Pasar a mellor vida.** Morrer. // **Pasar a palla.** Na malla, desfacer as gavelas, desatándoas e cortándoas. // **Pasar a terra.** Pasarlle a grade á terra. // **Pasar a vao.** Vadear un río. // **Pasar con *cualquera* cousa.** Comer de todo. // **Pasar de todo.** Non facer nada. // **Pasar el *eiro*.** Pasar a terra. // **Pasar os vencellos.** Na malla, trillar as ataduras. // **Pasar por un.** Acontecerlle a unha persoa certas cousas, soportar.

pasarela. s. f. Ponte estreita de estrutura pouco consistente. **2.** Táboa provisional que se emprega para embarcar ou desembarcar nunha embarcación (Coaña).

pasatempo. s. m. Diversión.

pasaxe. s. f. Camiño ou ramal que serve para comunicar ou acceder a unha leira. **2.** Lugar determinado por onde se pasa para cruzar un río ou ría (Abres, Castropol).

pasaxeiro, -a. adx. De non moi boa calidade. **2.** Que pasa pronto. **3.** s. m. e f. Viaxeiro.

pascasio, -a. V. pascaxo.

pascaxo, -a. adx. Dise da persoa que fala sen saber o que di (Ibias, Santiso de Abres, Navia). **2.** Parvo (Allande).

pascoa* → pascua.

pascua. s. f. Entre os católicos, festividade da Resurrección de Cristo. // **Como uhas pascuas.** Contento. // **Pascua florida.** Pascua de Resurrección. // **De Pascuas en Ramos.** De vez en cando. // ***Más* contentos que as (uhas) pascuas.** Moi contentos (El Franco, Allande).

pascualín. s. m. Tractor pequeno (Coaña).

pascueiro. s. m. e adx. Cocho engordado para matar; cebón.

pase. s. m. No xogo do *rapeludo*, golpe que se dá na cabeza ao penitente cando sae unha figura da baralla. **2.** Acción e efecto de pasar nun xogo. **3.** Permiso, autorización. // **Pase misí.** s. m. Xogo de nenas, onde hai dúas *madres*, que se poñen cada unha un nome. As demais xogadoras irán en ringleira pasando por debaixo do arco que forman as mans das dúas *madres*, mentres cantan aquilo de: "*Pase misí, pase misá, por la puerta de Alcalá...*". Á última da ringleira preguntáranlle que prefire dos nomes das dúas *madres* e así irán formando un grupo.

pasear. v. Andar de xeito tranquilo por diversión, para facer exercicio ou por saír. **2.** Non facer nada.

pasiante. adx. O que pasea.

pasiantón, -úa. adx. O que lle gusta pasear e saír.

pasiar. V. pasear.

pasiega. adx. Dise da vaca de color amarela e moitas manchas brancas, orixinaria de Cantabria.

pasillo* → corredor.

pasimonia* → parsimonia.

pasín. s. m. (pl. pasíos). Diminutivo de paso. // **A *pasín*.** Pouco a pouco. **2.** De xeito silencioso.

pasinza. V. nubeiro (El Valledor). Servía para meter medo aos nenos e entraba de noite na lareira e sentaba sobre a cinza de embaixo da gramalleira para comer as fogazas de pan.

pasión. s. f. Expresión emotiva de moita intensidade. **2.** Sufrimento e suplicio de Cristo. **3.** Parte do Evanxeo que narra estes feitos. **4.** Amor incontrolado.
Obs. Trátase dun castelanismo.

pasionaria. s. f. Planta que pode acadar de quince a vinte metros de altura, xa que sobe por árbores e outros soportes. Ten follas alternas, pentalobuladas como unha man aberta. A flor é complexa con cerca de dez centímetros de diámetro, de color azul ou violácea e cinco estames verde amarelos. Trátase dunha especie procedente de América do Sur (*Passiflora caerulea*).
Obs. Trátase dun castelanismo.

paslamenta. s. f. Conxunto de obxectos postos nunha *forqueta* dunha embarcación (Tapia de Casarego).

pasmado, -a. adx. Impresionado. **2.** Dise do cultivo, monte etc. que non se desenvolveu ben.

pasmar. v. Causar impresión, quedar aparvado con algo. **2.** Comezar a podrecer. **3.** prnl. Abrirse a madeira (Castropol).

pasmarolo, -a. V. pasmón[2] (Navia).

pasmarote. V. pasmón[2].

pasmo. s. m. Impresión, asombro, admiración.

pasmón[1]. s. m. Soporte de metal ou madeira onde se pon enriba un pau (*ganzo*) que se prende para alumar ou unha candea (Santalla de Ozcos).

pasmón[2], -a. adx. Parvo. **2.** Aparvado.

paso[1]. s. m. Movemento que se fai ao andar. **2.** Espazo comprendido entre os pés ao andar. **3.** Parte na que se apoia o pé nunha escaleira. **4.** Lugar por onde se pasa dunha parte a outra. **5.** Nalgúns xogos deixar pasar a quenda e non querer xogar. **6.** Corredor, entrada dunha casa (Villaión). // **Andar en malos pasos.** Observar mala conduta. **2.** Formar parte de asuntos ilegais ou estraños. // **Dar el paso.** Tomar unha determinación. // **Dar paso.** Andar (*Con estas galochas nun dou paso*), (A Veiga). // **De paso.** Á vez. // ***Salir* al paso.** Atoparse.

paso[2], -a. adx. Dise da froita desecada ao sol ou por calquera outro procedemento (*Figo paso*, *uva pasa*).

pasobóla. s. f. No xogo do *gua*, quinto golpe que se dá á bóla do xogador contrario para mandala o máis lonxe posible.

pasodoble. s. m. Tipo de baile moi tradicional, de compás binario e movemento moderado.
Obs. Trátase dun castelanismo.

paspallal. V. pazpallal.

paspallar. V. pazpallal (Ibias, A Veiga, Grandas de Salime).

paspán. adx. Dise da persoa con pouca intelixencia, parvo.

pasta. s. f. Preparado feito a base dunha substancia sólida, que mesturado con auga ou outro líquido, adquire brandura. **2.** Cuberta dun libro. **3.** Diñeiro.

pasteca. s. f. Nunha embarcación, polea pola que se sobe a vela, normalmente é de madeira ou de plástico.

pasteiro. s. m. Lugar onde pace o gando.

pasteleiro, -a. adx. Aplícase á persoa que quere quedar ben con todo o mundo.

pastizal. s. m. Terreo con abundante pasto, normalmente antigo monte.

pasto. s. m. Terreo que se dedica para pacer o gando. **2.** Herba que pace o gando. **3.** V. pastón 2ª acep.

pastoira. s. f. Corda coa que se atan as patas do gando para que non escape.

pastoirar. v. Atar as patas do gando coa *pastoira*. **2.** Coidar o gando cando pace.

pastón. s. m. (pl. pastois). Cacho de terra de mala calidade, que se deixa para pasto. **2.** Lugar para pacer o gando, normalmente de carácter comunal; pasto.

pastor, -a. s. m. e f. Persoa que leva o gando para pacer e coidalo, de xeito especial as ovellas e as cabras. **2.** Aparello que ten un cable conectado a unha batería, que se instala arredor dun prado para que o gando non fuxa.

pastoso, -a. adx. Que forma unha pasta.

pastrallada. s. f. Cousa que sae mal (San Martín de Ozcos). **2.** Mestura de cousas feas, sucias, que olen mal etc. (Santalla de Ozcos); pastramada 1ª acep.

pastramada. s. f. Masa de aspecto desagradable que queda despois de pisar ovos, figos etc. (Boal, Coaña, Abres). **2.** Comida mal feita; mastragueira. **3.** Masa branda de cousas sucias e desagradables. **4.** Especie de cataplasma (Tapia de Casarego).

pastrán. adx. Aplícase ao home sucio e que non se amaña.

pastrana. s. f. Ave paseriforme da familia dos frinxílidos, que mide até dezaoito centímetros, de complexión forte, color parda con liñas enriba e abaixo (*Emberiza sp.*), (Ibias).

pastrón. V. pastrán.

pasuada. s. f. Paso dunha escaleira. **2.** Movemento que se fai ao andar; paso. **3.** Paso longo que dá co pé unha persoa. **4.** Paso curto que dá unha galiña coas patas.

pata. s. f. Pé dun animal. **2.** Pé dun moble ou dun utensilio (*As patas del pote*). **3.** Parte do anzol onde se pon o sedal. **3.** Parte curva superior dunha ferradura; lume 2ª acep. **4.** Pico que ten na parte de atrás a folla dunha gadaña. **5.** Cuarteirón dunha laranxa, limón etc. **6.** Corda delgada que forma parte dun rello (Tapia de Casarego). **7.** Parte piramidal que teñen nun lateral algunhas incres. **8.** V. barra 5ª acep. **9.** V. empata 3ª e 4ª acep. **10.** Perna dunha persoa. // **Ás *cuatro* patas.** A gatas. // **Estirar a pata.** Morrer. // **Meter a pata.** Intervir nun asunto de xeito inoportuno. // **Non estires a pata *más alló* da manta.** V. Nun sirve estirar a pata más que cubre a manta. // ***Nun sirve* estirar a pata *más* que *cubre* a manta.** Refrán que alude a que hai que conformarse co que un ten e non facer gastos innecesarios. // **Pata chá (á).** De calquera xeito. // **Pata coxa (á).** Xogo de nenos; cimpilimpé, couxiquín (al), couzapín (al). // **Pata de boi.** Planta herbácea, vivaz, da familia das umbelíferas, de talos ramalludos, con pelos e ocos, que pode acadar o metro de altura, follas grandes de color verde clara e ás veces con manchas brancas, partidas en lóbulos ovais, agudos e dentados, flores brancas e froitos alongados e brillantes, negros cando madurecen. Ten olor a anís (*Myrrhis odorata*), (Eilao). // **Pata de cabra.** Barra de ferro con forma de pata de animal que serve como panca para erguer pedras grandes, erguer pesos etc.; pau de ferro. // **Pata maría.** (pl. patamarías). V. corvo marín (Castropol, As Figueiras). **2.** Ave da familia dos falacrocorácidos, que mide uns setenta e seis centímetros, coa plumaxe negra verdeal e con ausencia de color branca na cara (*Phalacrocorax aristotelis*), (As Figueiras). // ***Tar* máis liada que a pata dun romano.** Estar unha persoa moi liada. // ***Tar* pata.** Ter todas as contas saldadas (San Martín de Ozcos). // **Ter mala pata.** Ter mala sorte.

pataca. s. f. Planta herbácea da familia das solanáceas, provista de tubérculos subterráneos, co talo entre corenta e oitenta centímetros de altura, ramificado, anguloso e groso nos nós. As follas teñen segmentos ovais, flores brancas ou moradas e o froito é amarelo e pequeno. É moi importante para a alimentación humana (*Solanum tuberosum*). **2.** O tubérculo desta planta. // **Pataca baloca.** Pataca de color branca ou rosada pálida e de xeito alongado. // **Pataca *baraca*.** Variedade de pataca estranxeira de forma oval, de pel semilisa, de color amarela clara e carne da mesma color. // **Pataca branca.** Cachelo. **2.** Pataca de tamaño mediano, de pel tirando a branca. // **Pataca casoa.** Variedade de pataca (Grandas de Salime). // **Pataca colorada.** Pataca con pel de color rosácea forte e carne branca. // **Pataca con sal.** Cachelo. // **Pataca da terra.** Pataca que queda no terreo cando se recollen. // **Pataca de cedo.** Pataca temperá, nova. // **Pataca de comer.** Pataca de gran tamaño e boa calidade. // **Pataca de *riñón*.** Variedade de pataca, que ten forma de ril. // **Pataca de semente.** De tamaño mediano e boa calidade. // **Pataca del cocho.** Pataca pequena e mala calidade. // **Pataca del ollo mouro.** Variedade de pataca coa pel branca e con ollos escuros. // **Pataca lisa**. Variedade de pataca coa pel lisa, forma alongada, color amarela e carne entre branca e amarela. // **Pataca moura.** Variedade de pataca coa pel escura, de color marrón clara. // **Pataca nova.** A que nace cedo. // **Pataca *rancheira*.** Variedade de pataca coa pel colorada pálida. // **Pataca tardía.** A que nace tarde. // **Pataca vella.** A que nace tarde. // **Pola mañá pataquiñas, a mediodía *patacolas* i á noite patacas *solas*.** Dito que se di dos galegos nalgúns concellos do Eo-Navia. // **Se *ques* patacas por San *Xuan*, *semalas pra* San Bastián.** Refrán agrícola (Villaión). // **Ser *más* raro que as patacas sin ollos.** Ser moi raro.

patacada. s. f. Comida feita con moita pataca.

patache. s. m. Tipo de embarcación pequena, de vela e con dos paus desiguais, feita polos carpinteiros de ribeira, que antigamente era de guerra e se destinaba nas escuadras para levar avisos, recoñecer as costas e gardar as entradas dos portos. Algunhas veces tamén foi utilizada nos portos para levar

ou transportar cargas e foi moi frecuente no mar Cantábrico.

pataco. s. m. Pataca pequena. **2.** Persoa pequena. **3.** Antiga moeda de cobre que valía dez céntimos de peseta.

patacola. s. f. Pataca grande (Tapia de Casarego).

patacolo. s. m. Pataca pequena (Villaión).

patacón. s. m. Moeda antiga de pouco valor, normalmente de dez céntimos de peseta.

patada. s. f. Golpe dado cun pé ou unha pata. // **A patadas.** Abundantemente. // **Patada de egua nunca matou garañón.** Refrán que alude a que na vida hai situacións difíciles pero temos que seguir adiante porque nos fan máis fortes.

patadón. s. f. Patada forte.

pataleixar. V. espatexar 2ª acep.

patalexar. V. espatexar 2ª acep.

pataqueira. V. pataqueiro 1ª acep. **2.** V. pataca 1ª acep.

pataqueirada. s. f. Parvada, burrada. **2.** V. pataqueiro 3ª acep. **3.** V. pataca 1ª acep.

pataqueiro. s. m. Terreo sementado de patacas ou que o estivo anteriormente con estas plantas. **2.** adx. e s. Alcume popular que reciben os habitantes dos Ozcos, Pezós, Grandas de Salime e A Fonsagrada, por parte dos habitantes da costa e da Mariña eonaviega, porque se alimentaban especialmente de patacas. **3.** Montón de patacas. **4.** V. parreiro 1ª acep. (San Martín de Ozcos).

pataquiar. v. Non desenvolverse os tubérculos das patacas. **2.** Morrer. **3.** Brotar de novo as patacas por estar moito na terra (Boal). **4**. Fracasar nun empeño. **5.** Nacer moitas patacas pequenas pegadas ao xermolo da planta.

pataquín. s. m. (pl. pataquíos). Pataca moi pequena.

pataquiña. s. f. Diminutivo de pataca (Taramundi, Santiso de Abres).

pataquito. s. m. Pataca pequena e de mala calidade.

patarego. adx. Dise do muíño de rego, é dicir, movido pola forza da auga.

patarico. s. m. Ser mitolóxico con forma de xigante cun só ollo no medio da fronte e un bo olfacto para ulir os náufragos que chegan as beiras do mar e devoralos crus e que non coñecen o lume e gardan tesouros. **2.** V. pezuño. **3.** adx. Dise do neno inquedo.

patarigado, -a. adx. Dise do que está pisado polas patas dun animal (Coaña).

patarigar. v. Pisar un animal algo coas patas deixando pegadas (*Os llobos patarigaron na neve*), (Coaña).

patarroxa. s. f. Peixe condroíctio da familia dos esciliorrínidos, de aspecto forte, coloración escura con manchas pardas e vermellas, que mide uns sesenta centímetros de lonxitude, sendo a súa carne comestible (*Scylliorhinus stellaris*), (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira). **3.** V. rilón 1ª acep.

patefa. s. f. Xogo tradicional infantil que consiste en saltar dándolle a unha pedra seguindo unhas liñas que están marcadas no chan: a liña de tirada e a de *prisme*. **2.** Peza con que se xoga á *patefa*, que pode ser de lousa, *pedra ferreal*, pedra de río, de canteira ou de ferro. Esta última só se utilizaba de xeito ocasional. Tiña aproximadamente un tamaño de catro a seis centímetros de grosor, forma redondeada e uns quince centímetros de diámetro. **3.** Xogo tradicional da Veiga e dos Ozcos, no que se utiliza unha pedra plana máis ou menos cadrada, que se lanza contra un obxectivo. Os participantes teñen que elixir a orde de tirada, facendo que a *patefa* quede o máis cerca posible dunha liña debuxada no centro pero sen pasala. Establecida a orde dos xogadores, estes desde certa distancia teñen que golpear o *tasco*, que é outra pedra sobre a que hai varias moedas. O obxectivo é tumbar o *tasco* e que as moedas (antigamente tamén podían ser botóns) queden máis cerca da *patefa* que do propio *tasco*.

patefada. s. f. Reunión de xente que se fai para xogar á *patefa*. **2.** Xogada de *patefa* (A Veiga).

patela. V. espicha 1ª acep. **2.** Parte plana superior da *pata* dunha incre.

patelexo, -a. adx. e s. Dise da persoa baixa e tirando a gorda.

patelía. s. f. Pata pequena (Os Ozcos).

patella. s. f. Cesta pequena e aplanada (Coaña).

patello[1]. V. patelo[1] 1ª acep. (El Franco, Ortigueira).

patello[2], -a. V. patelo[2] 1ª e 4ª acep. **2.** Dise da pataca aplanada.

patelo[1]. s. m. Crustáceo decápodo braquiúro da familia dos portúnidos, de dimensións pequenas, cunha cuncha máis ancha que longa, de corpo brando e color rosácea, bo nadador, que se pesca con redes ou se usa como engado para pescar certos peixes (*Polybius henslowi leach*). **2.** Peixe espárido semellante á dourada (*Sparus sp.*).

patelo[2], -a. adx. Aplícase á persoa coa cara aplanada. **2.** Dise do obxecto que ten a superficie aplanada. **3.** Aplícase ao

home pequeno. **4.** Dise da persoa con cara redonda e nariz chato (Boal). **5.** Aplícase ao pé plano (Castropol). **6.** Dise da planta pequena con follas planas (Vilanova de Ozcos).

patente. s. m. Pintura que se emprega na parte do casco dunha embarcación que está en contacto coa auga.

paternidá. s. f. Condición ou calidade de pai.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

paternoste. V. cataldo (Tapia de Casarego).

patexar. v. Mover unha persoa as pernas ou os pés de xeito violento ou un animal as patas. **2.** Referido especialmente aos nenos, dar patadas no chan de xeito violento e rápido por causa dun enfado. **3.** Pisar. **4.** Dar patadas de alegría os nenos no berce (Abres).

pateza. V. patefa 1ª acep. (El Franco).

patía. s. f. Diminutivo de pata.

patiar. V. patexar 1ª, 2ª, 3ª e 4ª acep. (Boal, Tapia de Casarego, Villaión). **2.** V. palmiar 2ª acep. (Navia).

paticar. v. Andar dando pasos moi curtos. **2.** Referido aos nenos pequenos, mover os pés no aire cando están deitados. **3.** Comezar a dar os primeiros pasos os nenos.

patín. s. m. Escaleira exterior de cantería que teñen algúns edificios tradicionais. **2.** Descanso da escaleira (Tapia de Casarego). **3.** Parte da gadaña, de ferro, que une a folla co *estil* (Eilao). **4.** Pé do hórreo ou da *panera* (Villartorei).

patinar. v. Esvarar.

patio. s. m. Antesala da cociña da casa, onde se almacenan os alimentos e outros útiles (Os Ozcos). **2.** Espazo interior que funciona como distribuidor na entrada dun edificio (Os Ozcos).

pato, -a. V. curro 1ª acep. **2.** Ave anseriforme da familia dos anátidos, que se caracteriza por ter unha prominencia sobre o peteiro e unha lonxitude duns corenta e oito centímetros. A femia ten a plumaxe de color parda escura e o macho totalmente negra (*Melanitta nigra*), (As Figueiras). // **Pato *marín.*** V. corvo marín (Tapia de Casarego).

patoso, -a. adx. Aplícase á persoa pouco hábil e lenta. **2.** Dise da persoa que anda como un pato.

patoxada. s. f. Disparate.

patoxo, -a. adx. Aplícase á persoa que anda mal por ter as pernas ou os pés tortos ou desproporcionados.

patraña. s. f. Mentira, trola.

patrañada. s. f. Conxunto de mentiras.

patrañeiro, -a. adx. Aplícase á persoa que lle gustan os embustes.

patrón, -oa, -a. s. m. e f. (pl. patrois). Santo titular dunha igrexa, parroquia, vila etc. **2.** Amo dunha casa, dun equipo etc. **3.** Persoa que manda nunha embarcación. **4.** Amo, dono. **5.** Dono dunha casa de hóspedes, dunha taberna etc. **6.** Persoa que está ao fronte dunha confradía de pescadores.

patronal. V. patrucio 3ª acep.

patrucial. adx. Dise da casa onde ten a orixe unha familia. **2.** Referido ou pertencente ao patrucio.

patrucio, -a. s. m. e f. e adx. Patrón ou patroa dunha casa. **2.** A persoa máis vella da casa, amo da casa que dispón de todas as propiedades. **3.** Casa principal ou matriz, referida normalmente á paterna. **4.** Dise da persoa nacida nunha casa (Tapia de Casarego). **4.** Muller que ao quedar viúva colle a tutela dos seus fillos e a administración das súas propiedades. Cando o concello se reunía na praza, asistía a patrucia levando ao seu fillo maior da man (A Veiga).

patuco. s. m. Calcetín dos nenos pequenos.

paturrita. s. f. Pata (Os Ozcos).

patuxada. s. f. Parvada.

patuxar. V. espatexar 2ª acep.

pau. V. pao. **2.** Peza dun arcoxo que impide que este saia (Os Ozcos). **3.** Golpe (*Andar a paus*). // **Pau de abalar.** V. tirador 3ª acep. // **Pau de ferro.** Barra de ferro que se usa para erguer pedras grandes, servindo como panca; palferro. // **Pau de prado.** Madeira de pradairo (San Martín de Ozcos). // **Ser do pau.** Ser da mesma opinión (Abres).

pauferro. V. pao de ferro.

pauta. s. f. Idade da lúa o día primeiro de xaneiro, convindo en asignar o valor cero á idade correspondente ao día novilunio.

pautado, -a. adx. Aceptado, acordado.

pautar. v. Aceptar unha serie de condicións entre dúas ou varias partes para que sexan cumpridas (Os Ozcos).

pauto. s. m. Pacto ou convenio que se supón feito co demo para indagar cousas ocultas.

pava. s. f. Permiso que pide un rapaz a unha rapaza para poder bailar con ela (*Hai pava?*), (Allande).

pavana. s. f. Descanso que se fai despois da comida e sono que se dorme; sesta.

pavanada. V. pavana. // **Botar uha *pavanada*.** Botar unha sesta.

pavea. V. pavía.

paveiro, -a. s. m. e f. Persoa que coida ou vende pavos.

pavía. s. f. Variedade de pexego, de carne branca e moi apegada ao carozo, que é de color encarnada ou amarela.

pavisa. s. f. Partícula lixeira que salta dunha materia inflamada ou dunha candea acendida.

pavo, -a. s. m. e f. Ave galiforme da familia dos fasiánidos, de gran tamaño e de estrutura áxil e forte. Na cabeza e no pescozo non ten plumas, tendo na base do peteiro unha verruga alongada eréctil. As ás son breves, a cola ten mediana lonxitude e a plumaxe pode ser negra ou branca. As femias son máis pequenas e de colores máis sobrias (*Meleagris gallopavo*). // **Darse el pavo.** Presumir.

pavolo, -a. adx. Parvo (Boal).

pavor. s. m. Terror, moito medo.

paxa. s. f. Cesta pequena ou mediana, con dúas asas, que se usaba para levar a merenda ou a comida ao campo, ao mercado, levar grans etc. (Boal).

paxar* → pallar.

páxara. s. f. Avelaíña da noite; bruxa. **2.** Órgano xenital feminino. **3.** Femia do paxaro. **4.** Bolboreta (Eilao). **5.** Bolboreta que vive de xeito parasito no gran do millo e das fabas (Eilao, Navia). **6.** V. paxarela 2ª acep. (Allande, Villaión).

paxarada. s. f. Ruído feito por moitos paxaros xuntos. **2.** Por extensión, ruído molesto que fan varias persoas xuntas, especialmente os nenos. **3.** Gran cantidade de paxaros. **4.** Cousa sen importancia, parvada (*Déixate de paxaradas*), (Castropol).

paxareira. s. f. Gaiola onde se teñen presos os paxaros.

paxareiro, -a. adx. Aplícase á tea ou pintura de colores vistosas ou non axeitadas. **2.** Dise da persoa que viste con roupa moi vistosa. **3.** Aplícase ao obxecto con colores vistosas. **4.** Dise da persoa alegre (Navia).

paxarela. s. f. Avelaíña da noite; bruxa. **2.** Bazo dun animal, especialmente do cocho. **3.** Páncreas, especialmente do cocho (Navia, As Figueiras). **4.** Bolboreta (A Veiga, Ibias). **5.** Órgano xenital feminino (Castropol). **6.** Home con trazos femininos (Castropol).

paxarella. V. paxarela 2ª e 4ª acep.

paxaría. s. f. Bolboreta (Ibias). **2.** Bazo (Navia). **3.** V. páxara 1ª acep. (Boal). **4.** V. lavandeira 1ª acep. (Tapia de Casarego). // ***Paxaría* de *Dios*.** Reirrei (Eilao). // ***Paxaría* del mar.** V. mauriza 1ª acep. (Coaña). // ***Paxaría* (*páxara*) del *meiz*.** Bolboreta que sae dos vermes brancos que parasitan o millo. // ***Paxaría* del trigo.** Bolboreta parasitaria que pon os ovos nos grans de trigo, onde nacen as súas larvas. // ***Paxaría* marela.** V. lavandeira 2ª acep. (Tapia de Casarego). **2.** V. lavandeira 4ª acep. (Tapia de Casarego).

paxarín, -ía. s. m. e f. (pl. paxaríos, paxariños). Cría de paxaro. **2.** Paxaro pequeno. **3.** s. f. *Páxara* pequena. **4.** s. m. Aparello manual consistente nun cordel cun peixe de plástico con cola de varias pugas curvas que serve para pescar luras (Ortigueira). **5.** s. m. Órgano xenital masculino. // ***Paxarín* da *barbía marella*.** V. lavandeira 3ª acep. // ***Paxarín* da *nevía*.** Zaconela. // ***Paxarín* del papo marelo.** V. paporrubio. // **Díxomo un *paxarín* del papo marelo.** Díxomo alguén pero non che vou dicir quen.

paxariña. s. f. Bolboreta.

paxaro. V. páxaro (Vilanova de Ozcos).

páxaro, -a. s. m. Nome xenérico das aves de tamaño pequeno e medio. **2.** adx. Persoa astuta (*É un bon páxaro*). // **Desde *condo* se volveron os *páxaros* ás escopetas!** Refrán que indica unha idea de recriminación para aquelas persoas que se rebelan por algo ou por situacións que sorprenden por inusuais ou sen sentido ningún. // **El páxaro *volandeiro nun* fai *nieiro*.** Refrán que explica que a persoa que non se instala nun lugar estable nunca aspirará a ter un fogar ou unha familia. // ***Más* vale *páxaro* en *mao*, que cento *volando*.** Refrán que se aplica a quen deixa situacións ou cousas seguras, agardando outras mellores pero incertas. // ***Páxaro* del *agua*.** V. andarríos (Allande). // ***Páxaro* del *augua*.** V. mazarico 1ª acep. (Tapia de Casarego). // ***Páxaro* del gado.** V. lavandeira 1ª acep. // ***Páxaro* nabiego.** Paxaro que vive en grupos e desfai a semente dos nabos e outros vexetais (Eilao, Grandas de Salime, Ibias). // ***Páxaro truiteiro*.** V. martín pescador (San Martín de Ozcos). // **Ter *muitos páxaros* na cabeza.** Ter pouco xuízo. // ***Val* máis *páxaro* en *mao*, que cento voando.** V. Más vale páxaro en mao, que cento volando.

paxarola. s. f. Órgano xenital feminino.

paxarón, -úa, -a. s. m. e f. Paxaro grande. **2.** s. f. *Páxara* grande. **3.** adx. e s. Dise do home grande e raro.

paxarraco. s. m. Paxaro grande e normalmente descoñecido. **2.** adx. Aplícase ao home astuto.

paxelín. s. m. Paxelo pequeno.
paxello. V. paxelo 1ª, 2ª e 3ª acep. **2.** adx. Aplícase á persoa astuta.
paxelo. s. m. Calquera roupa miúda, normalmente un pano ou trapo vello que se emprega para protexerse do sol, da chuvia, limpar etc.; melandro 4ª acep. **2.** Roupa interior como unha blusa, pano, mantelo etc. **3.** Roupa para protexer os nenos (Castropol, Abres).
paxo. s. m. Cesto grande de vimbio, máis alto que ancho e con asas.
paxolo, -a. adx. Aparvado. **2.** Que non lle dá importancia ás cousas (Coaña).
paz. s. f. Estado de tranquilidade. // **En paz descanse.** Expresión que se usa cando morren os pais. // ***Tar* en paz.** Estar tranquilo. **2.** Ter a conciencia tranquila.
pazguato, -a. adx. Dise da persoa simple, con pouca intelixencia.
pazpallal. s. m. Ave da familia dos faisánidos, que é unha das galiformes de menor tamaño. O macho mide de 17 a 20 centímetros, gordecho, coa cola moi curta e de color parda con listas ocres e negras. A femia é dunha color máis apagada, con manchas negras no peito. A súa carne é moi apreciada (*Coturnix coturnix*), (A Veiga, Castropol).
pazpallar. V. pazpallal (Vilanova de Ozcos, San Martín de Ozcos, Abres, Grandas de Salime, Ibias, Santalla de Ozcos).
pazpallega. V. pazpallal (Eilao).
pazpallola. s. f. Órgano xenital feminino (A Veiga).
pazugado, -a. V. apazugado.
pazugar. V. apazugar.
pe. s. m. Nome da letra p. // **De pe a pa.** Totalmente, desde o comezo até o final.
pé. s. m. Parte final das pernas do ser humano. **2.** Por extensión, parte final das patas dos animais. **3.** Columna onde se apoian certas construcións. **4.** Parte do mobiliario (mesa, cadeira, banco etc.). **5.** Parte oposta ao *cabeceiro* da cama. **6.** Base de táboas onde se coloca o palleiro. **7.** Pedra de abaixo do muíño, que permanece fixa sobre un soporte de madeira. **8.** Viño que se obtén despois de prensar o bullo. **9.** Parte sustentadora do hórreo e a *panera* (Santalla de Ozcos, Eilao, Taramundi). **10.** Parte da navalla que é a primeira da folla que está unida ao mango por un remache. **11.** Parte do *serradeiro*, composta por un pau que ten os extremos en forma de *forqueta* sostendo a *lata*. **12.** Medida de lonxitude que se usaba normalmente para a madeira ou para medir leiras ou embarcacións e que equivalía ao longo dun pé, considerado normalmente como equivalente a 0,27 metros. Nos concellos de Navia e Grandas de Salime a vara era dividida en tres pés. No concello de El Franco equivalía a vinte e sete centímetros ou doce polgadas. **13.** No carro, *rodal* formado por eixe e rodas. **14.** Parte inferior dunha planta. **15.** Parte inferior ou base na que se apoian algunhas cousas. **16.** Motivo, razón, orixe. **17.** V. pata de cabra. **18.** Unidade dun vexetal que se planta (*Nun teño plantado nin un pé de cebola*). **19.** Parte onde se crava a craveira sobre o cepo de madeira (Santalla de Ozcos). **20.** Parte da gadaña (Vilanova de Ozcos). **21.** Base que serve para soster un trobo, naqueles que non tiñan *dala*. **22.** No xogo do *arráncate-nabo*, o neno primeiro que trata de arrincar o que queda e que está retido pola forza do resto (San Martín de Ozcos). **23.** Pata de atrás dunha vaca. **24.** Parte sustentadora do cabazo (Castropol). **25.** Estrofa dun canto de aguinaldeiros (San Martín de Ozcos). **26.** No xogo do *gua*, cuarto golpe que se dá á bóla do xogador contrario, procurando que quede a distancia dun pé (A Veiga). // **A *cuatro* (catro) pés.** A gatas. // **A dar *coel* pé.** Con abundancia (Allande). // **Al (ao) pé (de).** Xunto a. **2.** Empregando o pé. // **Al pé coxo.** Andando cun só pé. // **Andarlle *coel* pé *dereto*.** Tratar a alguén con prudencia, coidado. // **Bailar nun pé.** Estar contento. // **Buscarlle os tres pés al gato.** Empeñarse de xeito imprudente en cousas que poden ocasionar algún dano. // **Crer a pé xunto.** Crer unha persoa todo o que se lle di. // **De pé de banco.** Sen sentido. // **De *sou* pé.** De xeito espontáneo, como o nacemento dunha árbore (Os Ozcos). // **En pé.** En posición vertical. // **Medir por pés.** Medir poñendo un pé diante do outro. // ***Nun* facer (*fer*, *faer*) pé.** Non atopar o fondo dun río, do mar etc. // ***Nun* poder poñerlle el pé na beira.** Ter coidado cunha persoa polo seu carácter. **2.** Ser unha persoa mellor nun aspecto determinado sobre as demais. // ***Nun* se pode estirar *más* el pé que tapa a manta.** Refrán que recomenda non excederse nos gastos. // ***Nun* ter pés nin cabeza.** Dise dunha cousa disparatada. // ***Nun* volver *a* poñer os pés.** Non ir máis a un lugar, casa etc. // **Pé da bóla.** Pé en bolo. // **Pé de cabra.** Barra aceirada cun extremo fendido, formando dous dentes, que serve para arrincar puntas ou cravos grandes. // **Pé de lavanco.** Pé grande. //

Pé de *paxarín*. Planta vivaz da familia das rosáceas, de talos rastreiros, follas compostas e flores amarelas solitarias. É adstrinxente (*Potentilla reptans*), (El Franco). // **Pé de *páxaro*.** V. pé de paxarín (Tapia de Casarego). // **Pé dereito do *potro*.** Viga de madeira posta dun xeito vertical na parte superior dun batán. // **Pé en *bólo*.** No xogo dos *bólos*, lugar onde se para a bóla, para tirala despois e non desde o *queixo*. // **Pescozo del pé.** Parte inferior da perna. // **Poñer pés al *camín*.** Andar. // **Saber de que pé *coxía*.** Coñecer as súas debilidades, os seus vicios. // **Sacar a un al pé.** Sacar a unha persoa dun apuro (*Usté me sacou al pé*), (Boal). // ***Salir* cos pés por diante.** Morrer. // **Ser del pé del pereiro.** Ser unha boa peza. // ***Sin* pés nin cabeza.** De xeito disparatado. // ***Tar* que *nun* se lle pode pisar a *dida* del pé.** Estar de moi mal humor (Tapia de Casarego). // **Ter mal pé.** Ter pouca sorte. // **Ter un pé aquí i outro aló.** Estar morrendo. **2.** Estar moi vello. // **Vaia tres pés *pra* un pote!** Alude a cando varias persoas demostran ser moi inútiles para facer algo. **2.** Dise de cando hai un grupo de xente moi curiosa.

pea. V. pía (Navia, Villaión).

peada. V. piada.

peana. s. f. Pedal do tear (Serandías). **2.** V. peaña 1ª acep. // **Hai que adorar o santo pola *peana*.** Expresión que se usa figuradamente para indicar que en ocasións é mellor non tomar o camiño máis curto para resolver un asunto. // **Impórtalle máis a *peana* có santo.** Expresión que se usa figuradamente para indicar que en ocasións é mellor non tomar o camiño máis curto para resolver un asunto. **2.** Critica aquelas persoas que dan máis valor ás cousas secundarias. **3.** Aconsella que se debe chegar a un obxectivo principal a través doutros secundarios.

peaña. s. f. Pedestal para soster algo, como un santo (San Martín de Ozcos). **2.** Soporte sobre o que se pon un candil, unha chave etc. **3.** Piar ou parede lateral do portón dunha casa (Eilao).

pear. V. piar[3]. (Navia, Villaión).

peata. s. f. Pedra que sobresae dun muro e serve para pousar cousas (Ibias).

pebida. s. f. Semente dalgúns froitos, especialmente da cabaza, mazá, pera etc. **2.** Extremo dun madeiro que se fai máis delgado para que encaixe no furado doutro. **3.** No eixe do carro, extremo que sobresae, atravesado por dúas caravillas que impiden que a roda saia. **4.** Parte rectangular da parte baixa do *cadeixo* dun carro. **5.** Enfermidade das galiñas que afecta á lingua. **6.** Parte onde se sitúa a argola dunha navalla. **7.** Parte con chafrán do mango de madeira dun coitelo no extremo do encaixe coa folla (Taramundi). **8.** Freo da lingua. // ***Nun* ter a pebida.** Expresión que se emprega cando unha persoa fala moito. // **Ter a pebida moura.** Estar a froita xa madura (Vilanova de Ozcos).

pebidal. s. m. Lugar onde nacen xuntas moitas plantas; pebideiro 1ª acep.

pebideiro. s. m. Sementeiro de tomates, pementos, nabos ou outras plantas. **2.** Pequena parte dunha terra onde se cultivan hortalizas (Eilao). **3.** No carro, furado por onde pasa a pebida (Santalla de Ozcos).

pecado. s. m. Acto consciente polo que unha persoa transgrede a lei divina ou outros aspectos relixiosos. **2.** Demo. // **El que come ben, pecado é el allo que lle *den*.** Refrán que alude á que se unha persoa come de todo non precisa de comidas delicadas ou apetitosas. // **Uha por outra *nun* é pecado.** Tratar dun mesmo xeito a unha persoa como esta tratouna antes a ela non se pode considerar unha falta.

pecador, -a. adx. O que peca.

pecar. v. Cometer unha falta contra unha lei divina ou un precepto relixioso. **2.** Obrar mal. // **Tanto peca el que capa, como el que ten pola pata.** Refrán que alude á maldade e á culpabilidade de dúas persoas, sexan cómplice ou executor.

peceira. s. f. Recipiente que se enche de auga para ter un ou varios peixes (Tapia de Casarego).
Obs. Trátase dun castelanismo.

pecepín (al). V. cimpilimpé (El Franco).

pecerbú. V. pecerbún.

pecerbún. s. m. Ulceración da pel, que se pode estender a outras partes do corpo como os ósos (Grandas de Salime). **2.** Erisipela, que tradicionalmente se pensaba que se curaba cunha folla de freixo, outra de silva e un xunco metidos nun prato de madeira con auga e chiscábase ao enfermo con ela recitando unha oración durante tres días até nove veces (Os Ozcos, Allande).

pechadeira. s. f. Acto e resultado de pechar.

pechado, -a. adx. Zarrado. **2.** Dise da persoa ou do animal que ten todos os

dentes. **3.** Dise da mazaroca cos grans moi xuntos ata a punta.

pechadoira. s. f. Peza do muíño que se acciona desde o seu interior para abrir ou pechar o *peito*.

pechadura. s. f. Peza de metal que se emprega para pechar algo.

pechadureiro. s. m. Persoa que facía pechaduras.

pechar. v. Zarrar unha cousa que estaba aberta. **2.** No *vasadoiro*, regular a profundidade do labor do arado coa axuda dos pechos. **3.** Encaixar a ventá ou a porta no marco. **4.** Encerrar a alguén onde non poida saír. **5.** prnl. Encerrarse voluntariamente.

peche. s. m. Muro, táboas ou material vexetal etc., que serve para zarrar unha leira ou un prado. **2.** Cada un dos ganchos de madeira que se colocan no hórreo ou *panera* para colgar a carne ou as restras de millo.

pécheme (que). V. peime (que).

pecheira. V. pechadura.

pecheiro. s. m. Ferreiro que fabricaba pechaduras e chaves (Taramundi).

pechigois. s. m. pl. Parte anterior e superior dunha chaqueta con voltas para fóra.
Obs. Trátase dun castelanismo.

pecho. s. m. Peza do *vasadoiro* ou do arado que é unha cuña de madeira das dúas que serven para apertar o *ápago* coa cabeza e coa treitoira. **2.** Cuña de madeira. **3.** Prancha de madeira que se pon no muíño para pechar ou abrir a boca de saída. **4.** Peza do tear. **5.** Peza de madeira do mazo nunha forxa (Santalla de Ozcos). **6.** Veta seguida dunha canteira (San Martín de Ozcos). **7.** Pasador que pecha unha porta (Santiso de Abres). **8.** V. pechadura.

pechopetral. s. m. Correa ou faixa que suxeita polos lados a silla de montar e rodea a barriga dunha cabalería.

pechuga. s. f. Peito dunha ave. **2.** Peitos da muller.
Obs. Trátase dun castelanismo.

pechugada. s. f. Indixestión. **2.** Por extensión, dolor producida por esta. **3.** Desexo de dicir unha cousa que molesta a un mesmo.
Obs. Trátase dun castelanismo.

pechugois. V. cabezois.

pecía. s. f. Peza pequena.

peciña. s. f. Peza pequena.

pecirigún. V. pecerbún.

pécora. s. f. Persoa, normalmente muller, que se comporta lixeiramente.

pedacín. s. m. (pl. pedacíos). Momento, pequeno espazo de tempo (*Hai un pedacín*).

pedal. s. m. Peza ou mando de transmisión que pisándoo co pé, permite accionar, poñer en movemento etc., un mecanismo.

pedalear. v. Poñer en movemento un pedal.

pedaliar. V. pedalear.

pedanía. Palabra que se utiliza na expresión ***Tán* na *misma* pedanía**, é dicir, son a mesma cousa aproximadamente (Santalla de Ozcos).

pedazo. s. m. Parte dunha cousa. **2.** Porción. **3.** Espazo de tempo. **4.** Distancia (*Hai un pedazo pra chegar asta alí*).

pedeluvio. V. pediluvio.

pedemia. V. *andacio*. **2.** adx. Aplícase ao home molesto.

pedernal. s. m. Variedade de cuarzo, de color gris amarela, máis ou menos escura, composta por sílice, auga e alúmina, e que produce muxicas cando se roza co ferro do chisqueiro.

pedida. s. f. Petición de man. **2.** Muller que se pide para o matrimonio.

pedido[1]. s. m. Acto de pedir. **2.** Encargo.

pedido[2], -a. adx. O que se pide.

pedigaña. s. f. Petición insistente.

pedigañar. v. Pedir con insistencia.

pedigañeiro, -a. V. pedigueiro.

pedigañón, -úa. V. pedigueiro.

pedigón, úa. V. pedigueiro.

pedigueiro, -a. adx. Aplícase á persoa que pide moitas cousas e con insistencia.

pediluvio. s. m. Baño de pés como tratamento medicinal.

pedir. v. Solicitar algo a alguén. **2.** Poñer prezo. **3.** Mendigar. **4.** Solicitar unha muller para matrimonio. **5.** Poñer prezo. **6.** Apetecer, querer (*Que nun pide andar*), (Castropol). // **El que *muito* dá, a pedir vén.** Refrán que indica que a persoa demasiado xenerosa, logo tamén ten que pedir. // ***Nun* hai que lle pedir.** Que está ben. // ***Nun* pedir pan.** Que non molesta algo. // ***Nun* pidas a quen pediu, nin sirvas a quen serviu.** Refrán que alude ao cambio de ánimo dunha persoa que sufriu un cambio de estado ou fortuna; V. servir.

pedollobo. V. bufón (Allande).

pedra. s. f. Material mineral duro ou brando, que forma penas e se emprega para facer moitas construcións. **2.** Fragmento deste material mineral. **3.** Moa do muíño. **4.** Auga conxelada que cae de xeito violento das nubes en forma de

gran de gran tamaño; pedrisco. **5.** Peza que se emprega para afiar a gadaña. **6.** Base do pé dun hórreo (Vilanova de Ozcos). **7.** Substancia calcaria que forma unha capa dura sobre o esmalte dos dentes, sarrio. **8.** Rocha que non cobre o mar. **9.** Cálculo que se forma nos riles, na vexiga, nas vías urinarias etc. **10.** Cacho pequeno e compacto de azucre. **11.** Cacho de xeo, que se pon nunha bebida. **12.** V. cuberto 6ª acep. **13.** V. sotronca (El Franco). **14.** V. pendulleira 2ª acep. **15.** V. poutada 5ª acep. (Ortigueira). 16. Peza que produce chispas para acender algo, como un chisqueiro. // **Abrandan *asta* as pedras.** Todo o mundo ten un punto débil. // **Asentar as primeiras pedras.** Cortexar, para despois facer o amor (Os Coutos). // **Caer (*caier*) pedra.** Sarabiar de xeito forte. // **Dar a pedra cuha gadaña.** Indica semellanza moral entre dúas persoas. // **Duro como unha (uha) pedra.** Moi duro. // **Menos dá uha pedra (pedrada).** Frase que se di para aconsellar a un que se conforme co que se poida obter, aínda que sexa moi pouco. // **Pedra *aballadoira*.** Pedra de abalar. // **Pedra da *cocía*.** Pedra pómez que servía para limpar a prancha das cociñas de leña. // **Pedra da (de) *culobra*.** Pedra que segundo a tradición tiña a propiedade de absorber o veleno das picaduras das cobras e curar as feridas. Despois de usala, limpábase meténdoa nun recipiente con leite (Boal). // **Pedra da lareira.** Pedra onde se facía o lume na lareira. // **Pedras das *culobras*.** V. Pedra da (de) culobra. // **Pedra de abalar (*aballar*).** Pedra oscilante, normalmente granítica, asociada a varias lendas. No Eo-Navia é famoso El Penedo Aballón en Penouta (Boal). Existiron outras como unha en Prelo (Boal) xunto á ermida de San Roque ou a que había na vertente oriental de Llaviada (Boal) fronte a Peirois. // **Pedra de afiar (*afilar*).** Utilizada para afiar varios utensilios: gadañas, coitelos, fouciños etc. // **Pedra de *baxo* (*abaxo*).** Moa fixa do muíño situada embaixo. // **Pedra de canteira.** *Arenisca*. // **Pedra de *encaliar*.** *Pedra del trigo*. // **Pedra de *grao* (mouro).** Pedra granítica. // **Pedra de San Pedro.** Quiastolita, variedade de andalucita, que se usa como amuleto contra o mal de ollo, para propiciar a boa sorte, contra as cobras, para ter máis leite as mulleres. etc. Chámase de San Pedro porque ao cortala aparece unha forma de cruz. Recibe moitas denominacións: pedra da sorte, pedra da cruz, *pedra del raio*, *pedra da culobra*, pedra de Santiago, *pedra del Camín de Santiago*, pedra de *San Andrés*, pedra de *San Antón*, pedra da Virxe de Pastur e pedra de San Xoán. Atópase nos concellos de Allande, Boal e Eilao. // **Pedra de tiro.** V. poia. // **Pedra del leite.** Pedra redonda e branca que se poñía ás vacas para que non lles picasen as cobras ou as levaban as mulleres no peito para dar máis leite aos nenos. // **Pedra del *molín*.** Moa do muíño. // **Pedra del trigo.** Sulfato de cobre que se utiliza mollando a semente do trigo antes de sementalo. // **Pedra dos *bólos*.** Lousa que se emprega para poñer os *bólos* neste xogo. // **Pedra dos dentes.** Sarrio. // **Pedra estanca-*sangre*.** Pedra que se colgaba ás vacas, cando botaban sangue ao mexar. // **Pedra *ferreal* (*ferrial*).** Cuarcita, rocha silícea moi dura, constituída por grans de cuarzo. // **Pedra imán.** Pedra con propiedades magnéticas, con ferro. // **Pedra libre.** Xogo do *esconderite* (Villaión). // **Pedra *lípez*.** Cal e sulfato de cobre con que se lavaba o que se ía sementar como o trigo. // **Pedra *lleitaría*.** Amuleto (Serandías). // **Pedra *mola*.** V. rateira 1ª acep. (A Veiga). // **Pedra *molar*.** Pedra branda (San Martín de Ozcos). // **Pedra *mollar*.** Pedra branda de escoura situada cerca da boca do forno para saber a temperatura axeitada para meter o pan no forno. // **Pedra perdida.** Pedra utilizada para desaugar terras moi molladas. // **Pedra seca.** Para cimentar, sen barro. // **Pedra solta, non ten volta.** Refrán que recomenda ser prudentes cando se trata de facer xuízos que poden afectar a outras persoas. // ***Pra baxo* corre a pedra i a vella.** Refrán que alude a vellez. // **Quedar de pedra.** Sentir asombro por algo, paralizarse.

pedrada. s. f. Golpe que se dá cunha pedra. // **A pedradas.** Tirando pedras. // **Matar dous *páxaros* duha pedrada.** Expresión que indica que cunha soa acción podemos conseguir más dun resultado.

pedragal. V. pedregal.

pedragoso, -a. adx. Dise do terreo cuberto de pedras.

pedragueira. V. pedregueira (San Martín de Ozcos).

pedralipe. V. pedra lípez.

pedrar. V. apedrar.

pedrazo. s. m. Tormenta con moita sarabia. **2.** Estrago. **3.** Calquera cousa

usada ou estragada de xeito prematuro (*É un pedrazo coller as patacas verdes*). **4.** Neno que desfai todo.

pedrecoa. s. f. Pedra grande (Allande).

pedrecúa. s. f. Pedra grande (El Franco).

pedredo. s. m. Lugar onde hai moitas pedras (Pezós).

pedregal. s. m. Lugar cheo de pedras. **2.** V. ribeiro 3ª acep.

pedregalón. s. m. Aumentativo de pedregal (Villaión).

pedregueira. s. f. Lugar ou terreo onde hai moitas pedras (Abres).

pedregullo. s. m. Pedra pequena.

pedreguño. V. pedregullo.

pedreira. s. f. Terreo cheo de moitas pedras. **2.** Lugar onde se collen pedras para facer certas construcións. **3.** Por extensión, canteira que se deixou de utilizar e se converte nun lugar onde se deposita lixo (Navia).

pedreiro. s. m. Persoa que fai paredes ou arrinca pedras no monte para que despois as labren os canteiros.

pedrento, -a. adx. Cheo de pedras. **2.** En sentido figurado, dise do ceo cheo de nubes en forma de algodón. // ***Cielo* pedrento, ou auga ou vento.** Refrán meteorolóxico que presaxia que o ceo cheo de nubes en forma de algodón vai traer chuvia ou vento (Tapia de Casarego).

pedrequía. s. f. Pedra pequena. // ***Pedrequías* (as).** s. f. pl. Xogo infantil no que se utilizan pedras e cinco bólas.

pedrería. s. f. Conxunto de pedras preciosas que poden servir como adorno nunha vestimenta.

pedrés, -a. adx. Aplícase á persoa coa pel morena e curtida polo aire. **2.** Dise dun tipo de cereixa de color escura, algo dura e de bo sabor.

pedresa. s. f. Variedade de cereixa, de color encarnada (Santalla de Ozcos).

pedría. s. f. Pedra pequena.

pedricador* → predicador.

pedricanzaina* → predicanzaina.

pedricar* → predicar.

pedriquía* → pedrequía.

pedriscada. s. f. Cantidade de sarabia forte e grosa.

pedrisco. s. m. Sarabia forte e con pedras grandes.
Obs. Trátase dun castelanismo.

pedro. V. grilo 1ª acep. (Coaña, Navia). // **Pedro cego.** s. m. Sono.

pedroiro. s. m. Lugar onde hai moitas pedras (Castropol).

pedrón. s. m. (pl. pedrois). Pedra grande.

pedruca. s. f. Pedra pequena.

pedruño. s. m. Ceo cuberto de pequenas nubes (Coaña). **2.** V. pedrisco.

pega[1]. s. f. Ave paseriforme da familia dos córvidos, duns corenta e seis centímetros de lonxitude, que ten longa cola e plumaxe branca e negra, aínda que con manchas brillantes azuis, verdes e moradas. Aliméntase de insectos, moluscos, sementes, froitos e pequenos vertebrados (*Pica pica*). // **Cantar a pega.** Ter sorte. // **Fala a pega *pra* que *nun* falen della.** Dito que recrimina a quen debe estar calado e fala dos demais. // ***Nun* hai pega *sin* mancha moura (negra).** Refrán que indica que todo o mundo ten algún defecto. // ***Nun* hai pega *sin* mancha negra, i a que *nun* a ten xa *nun* é pega.** V. Nun hai pega sin mancha moura. // ***Nun* hai pega *sin* mancha negra, *si nun* a *tuvera nun* fora pega.** V. Nun hai pega sin mancha moura. // **Pega *apegarada* (uha).** s. f. Xogo de nenas onde se mira quen aguanta máis sen respirar dicindo: *"uha pega apegarada, puxo un ovo nuha llarda, puxo un, pegarou, puxo dous, pegarou, puxo tres, pegarou..."*.

pega[2]. s. f. Atranco, obstáculo, dificultade.

pegamento. V. pegamín.

pegamín. s. m. Pasta preparada para pegar.

pegañoso, -a. adx. Que pega.

pegar. v. Unir unha cousa con outra mediante unha substancia adhesiva. **2.** Arrimar, xuntar. **3.** Dar un berro, un salto, un tiro, un susto etc. **4.** Contaxiar. **5.** Golpear. **6.** Atopar (*Pegou cuha pena*). **7.** Caer ben, ir ben, ser oportuno. **8.** Ir dar con violencia unha cousa contra outra. **9.** Chegar con forza á superficie a luz, o sol, o vento etc. **10.** Dar contra alguén. **11.** prnl. Pelexar. // ***Nun* pegar ollo.** Non poder durmir.

pegarado, -a. V. apegarado 3ª acep. **2.** s. f. V. penca 2ª acep. (Santalla de Ozcos).

pégaro, -a. adx. Aplícase ao que ten máis dunha color; apegarado 3ª acep. **2.** s. f. Mazaroca de grans dourados en medio dos de color normal. **3.** adx. Dise da galiña ou galo con plumas con manchas pequenas grises ou negras e brancas (As Figueiras, Eilao, Boal). **4.** adx. Dise da galiña coa plumaxe de moitas colores (Navia). **5.** adx. Dise da persoa con manchas na pel.

pegaxoso, -a. adx. Que se pega facilmente.
Obs. Trátase dun castelanismo.

pego. s. m. Cría da pega.

pegollo. s. m. Pé do hórreo (Allande, El Villar de Bullaso, Sarceda-Boal).
Obs. Trátase dun asturianismo.

pegón, -a. adx. O que se pega con facilidade. **2.** Aplícase ao neno que acostuma a pegar.

pegoreiro, -a. V. pegureiro. **2.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes do concello de Villaión. **3.** Dise da persoa que fala moito e sen sentido.

pegote. s. m. Cousa, que posta xunto a outra, resulta antiestética e innecesaria.

peguexar. v. Falar moito, como unha pega; pexegar. **2.** Comezar a falar un neno con palabras pouco intelixibles.

peguín. s. m. Pé dun obxecto (Taramundi).

pegureiro, -a. s. m. e f. Pastor, persoa que coida o gando, normalmente ovellas e cabras.

peicada. s. f. Pegada que deixan os malladores no arado ao pisar o trigo. **2.** Pisada, pegada do pé. // **Erguer as *peicadas*.** Levantar as espigas que pisaron os malladores.

péiceme. V. peime (que).

peidar. v. Botar peidos.

peidarrazo. s. m. Peido grande.

peidear. V. peidar.

peideiro, -a. adx. O que bota peidos.

peidiar. V. peidar.

peido. s. m. Gas intestinal evacuado polo ano, normalmente con ruído. // **Despois de botar o peido *nun val apretar* as cachas.** Expresión que alude a que despois de facer ou dicir unha cousa, hai que asumila. // **Peido de lobo (*llobo*).** V. pan de sapo.

peilabán*, -a → pailabán.

peilabote* → pailebote.

peime (que). adv. Paréceme (Grandas de Salime, Allande, Boal); peme (que), pécheme (que).

peinado. s. m. Xeito de dispoñer os cabelos da cabeza. A mediados do século XVIII no home o pelo levábase solto, coa raia no medio e en ocasións recollíano cunha pequena trenza. A finais do século XIX a moda impuxo o pelo curto por detrás pero con dúas guedellas aos lados. Xa no século XX o home levaba o pelo curto, sen patillas e ben barbeado. A muller recollía o pelo con dúas trenzas, levando a raia no medio, que acababan xuntándose nunha soa. Outra posibilidade era unha única trenza. A finais do século XIX e principios do XX, impuxéronse os moños alto e baixo.
Obs. Trátase dun castelanismo.

peinar. V. peñar. **2.** Quitar a herba ou a palla solta que queda por enriba dun palleiro coa garabata.
Obs. Trátase dun castelanismo.

peine. s. m. No tear, armazón formada por dúas regras horizontais unidas por varias canas pequenas ou tiras de ferro verticais coa función de ir apertando a trama. **2.** V. peñe. **3.** V. agulleiro 5ª acep. (Tapia de Casarego). **4.** Instrumento manual semellante a un peite que se utiliza para facer máis fina a folla dunha cacea.
Obs. Trátase dun castelanismo.

peique. adv. Parece que (Grandas de Salime, Eilao, San Martín de Ozcos).

peiquín. s. m. Pé pequeno.

peira. V. pala del forno (Tapia de Casarego, El Valledor, Boal, Castropol, Eilao). **2.** Pé da planta do feixón (*fabeira*).

peirate. s. m. Baixo de area ou terra formado nos ríos polas correntes (Navia). **2.** Saínte dunha rocha de mar que forma un pequeno abeiro. **3.** V. peirato 1ª acep.

peirato. s. m. Estante de madeira que existía na entrada das cortes e no que o labrador colocaba a comida do gando (Eilao). **2.** Lugar alto de pedra ou madeira onde se poñían cousas.

peiría. s. f. Compaña, amizade.

peiro. s. m. Paínzo. **2.** Xuntoiro.

peirolo, -a. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Sarzol (Eilao).

peisanamente* → paisanamente.

peisano*, -a → paisano.

peitín. s. m. Diminutivo de peito 1ª e 2ª acep.

peito. s. m. Parte do corpo humano comprendida entre o pescozo e o abdome, especialmente a parte anterior do tórax. **2.** Nos cuadrúpedes, parte anterior do corpo comprendida entre o pescozo e as patas dianteiras. **3.** Especie de comporta que se acciona desde o interior do muíño e que controla e abre o paso da auga ao rodicio; pecho. **4.** Conxunto das dúas mamas da muller, ou cada unha delas.

peixe. s. m. Animal vertebrado, acuático, de sangue frío, respiración branquial, co corpo recuberto de escamas que remata nunha aleta vertical ou caudal. **2.** Peixe pescado para comer. **3.** Peixe pescado que está á venda. **4.** adx. Pillo, astuto. // **Peixe *ánxel*.** Peixe condroíctio, selacio, da familia dos escuatínidos, que se caracteriza por ter un gran desenvolvemento das aletas peitorais e abdominais. O seu aspecto lembra ás raias, porque o seu corpo está deprimido no dorso e no ventre e remata nunha cola delgada, pero diferéncianse destas nas fendeduras branquiais que teñen a ambos lados da cabeza e a boca

terminal. A pel está cuberta de pequenas escamas que lles dan un tacto áspero (*Squatina squatina*), (As Figueiras). // **Peixe (*pexe*) espada.** Peixe perciforme, da familia dos xífidos, duns catro metros de lonxitude. Ten unha prolongación no premaxilar e maxilar superior, que pode medir un terzo da lonxitude total do corpo. O seu dorso é azul, e o ventre prateado. A súa carne é moi apreciada (*Xiphias gladius*), (As Figueiras). // **Peixe sapo.** Peixe osteíctio lofiforme, da familia dos lófidos, duns corenta a sesenta centímetros de lonxitude, de corpo moi estreito na parte posterior e deprimido na anterior e cabeza moi grande, aplanada, con grandes ollos na parte alta. Pode reptar por medio das aletas peitorais, alongadas en forma de brazos (*Lophius piscatorius*). // **Peixe *volador*.** V. pexe volador (Castropol).

peixota. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Ortigueira (Coaña).

peixotín. V. peixe sapo (As Figueiras).

peizme. V. peime (que), (Tapia de Casarego).

peizoco, -a. adx. Aplícase á persoa pouco lista, pouco esperta, inculta.

pel. s. f. Membrana exterior que cobre o corpo de persoas e animais. // ***Poer* a pel de pita.** Espantar, asustar.

pela. s. f. No muíño, cada unha das paletas que compoñen o rodicio, e que se encaixaban de tres en tres no varón. Antigamente eran de madeira de *umeiro*, despois fixéronse de ferro. **2.** Aspa dun ventilador, hélice etc. **3.** Bacallau salgado e curado (Abres). **4.** Cada unha das paletas do rodicio dun batán (Vilanova de Ozcos). **5.** Cada unha das paletas do rodicio dun mazo (Taramundi, Os Ozcos).

pelado, -a. adx. Sen pelo. **2.** Sen vexetación un terreo, un monte etc. **3.** Moi pobre, que o deixaron sen cartos. **4.** Dise da galiña á que lle quitaron as plumas. **5.** s. m. Acción de quitar a casca ao tronco dunha árbore (Abres). // **Parecer a morte pelada.** Ter moi pouca saúde.

pelamangos. V. pelandrexo (Boal, Allande).

pelandrexo, -a. adx. Dise da persoa sen posición económica nin social e ás veces desprezable. **2.** Dise da persoa informal e irresponsable.

pelandrusca. adx. Dise da muller de mala vida.

pelandusca. V. pelandrusca.

pelar. v. Quitar as sedas a un cocho na matanza. **2.** Quitar a pel a un froito ou a unha planta. **3.** Deixar a unha persoa sen cartos. **4.** Quitar a casca ao tronco dunha árbore. **5.** Cortar o pelo. **6.** Acondicionar unha leira quitando as malas herbas para sementar patacas co gadaño (Abres). **7.** Quitar as escamas, a cabeza etc., a unha sardiña para poñela en conserva (As Figueiras).

pelargón. s. m. Leite comercial para lactantes que aparece na década de 1940.

pelaxe. s. f. Aspecto, normalmente malo (Boal, Allande). **2.** Clase social. **3.** Pelo dun animal. // ***Pescado* de pelaxe.** O de pel forte, sen escamas, como a raia.

pelea. s. f. Combate, disputa.
Obs. Trátase dun castelanismo.

pelear. v. Discutir. **2.** Disputar. **3.** Traballar ou esforzarse por algo. **4.** Combater dúas o máis persoas.
Obs. Trátase dun castelanismo.

pelegrín, -ía. s. m. e f. (pl. pelegríos). Persoa que vai en peregrinación a un santuario, igrexa etc., como os que facían o Camiño de Santiago ou os que van aos santuarios de Pastur (Eilao), El Monte (Tapia de Casarego) ou Villauril (Navia) especialmente. **2.** Garabullo que arrastra un río e vai xuntando nas beiras. **2.** adx. Dise da persoa pobre, desamparada.

pelegrinación. s. f. (pl. pelegrinaciois). Acto de peregrinar.

pelegrinar. v. Ir en romaría a lugares santos, especialmente a Santiago de Compostela.

pelegrino. V. pelegrín.

peleira. V. peleirada (Castropol).

peleirada. s. f. Enfermidade leve; treixuada.

pelella. s. f. Pel, normalmente referido a un cacho grande desta. **2.** Aplícase á muller de mala vida. **3.** Dise da muller fea, con pouco atractivo. **4.** Aplícase á persoa folgazana. // ***Nun* sei como ten *pelella*.** Dise da persoa que superou adversidades. // **Ter *pelella* de sapo.** Ser forte.

pelellado. s. m. Cantidade de viño que leva un *pelello* (San Martín de Ozcos).

pelelleiro. s. m. Persoa que comercia con peles ou normalmente con odres de viño.

pelellín. s. m. *Pelello* pequeno.

pelello. s. m. Cachos do cocho que adobados se utilizan na elaboración de morcillas e longaínzas. **2.** Pel dunha persoa ou un animal. **3.** adx. Dise da persoa de mal vivir. **4.** Especie de bolsa de coiro que se emprega para conter e transportar líquidos: odre. **5.** Borracho. **6.**

Pel delgada que cobre algunhas froitas como a uva (San Martín de Ozcos). **7.** Pel áspera de certos peixes (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco). **8.** Pel dun animal separada do corpo. **9.** adx. Dise da persoa folgazana. **10.** Monda dunha pataca. **11.** Cortiza dalgúnhas árbores ou arbustos, como a vimbieira; casca 1ª acep. // ***Nun*** **caber nel** ***pelello*****.** Estar nervioso. // ***Pelello*** **de castaña.** Cousa sen importancia (Tapia de Casarego). // ***Pelello*** **de** ***galía*****.** *Pelello* de pita. // ***Pelello*** **de pita.** Sensación de frío ou terror que se manifesta na pel. // ***Pelello*** **de viño.** Saco de coiro, normalmente de cabra que, cosido por todas partes quitado o pescozo, serve para conter líquidos como o viño, o aceite etc.

pelellón, -úa. s. m. *Pelello* grande. **2.** adx. Dise da persoa folgazana e sucia. **3.** adx. Aplícase ao legume ou froita coa pel dura. **4.** adx. Dise da muller de mala vida; pelella 2ª acep. **5.** adx. Dise do home libertino sexualmente.

pelelluada. s. f. Borracheira por tomar moito viño. **2.** Enchente, fartada (Coaña).

pelengrín. V. pelegrín.

pelexa. adx. Dise da muller mala.
Obs. Trátase dun castelanismo.

pelexado. V. pelellado (Vilanova de Ozcos).
Obs. Trátase dun castelanismo.

pelexo. V. pelello 2ª, 4ª e 5ª acep. **2.** pl. V. badana 3ª acep.
Obs. Trátase dun castelanismo.

pelga. s. f. Aparello de madeira, que se pon na parte dianteira dunha cabalería para que ande máis lentamente e impedir que salte; perga. **2.** Lindeiro. **3.** adx. Pesado, molesto.

pelgar[1]. v. Colocar a *pelga* ás cabalerías.

pelgar[2]. adx. Astuto, pillo (Navia). **2.** adx. Desprezable, ruín, indesexable (Allande). **3.** adx. Folgazán (Villaión).

pelgón. s. m. Parche de coiro con pez, que se utilizaba normalmente para suxeitar a rotura dunha articulación de dous ósos (Santalla de Ozcos, Vilanova de Ozcos).

pelgorello. s. m. Extremo dun viorto que se retorce e se voltea para atar un feixe (Santalla de Ozcos).

peliar. V. pelear.
Obs. Trátase dun castelanismo.

pelica. s. f. Capa que se forma sobre algúns líquidos cando están quentes. **2.** V. pelico 2ª acep.

pelico. s. m. Funda de pel para protexer as mans ou os pés (Abres). **2.** Pel de cabra ou cabrito.

pelila. s. f. Órgano xenital masculino.

pelín. s. f. Alga rodofícea da familia das xigartináceas, de talo brando, de dez a corenta centímetros de lonxitude, laminar e ramificada, de color purpúrea ou violácea. Ten aplicación farmacéutica (*Chrondrus crispus*), (Coaña, El Franco, Tapia de Casarego). **2.** V. ouca rubia 3ª acep. (As Figueiras). **3.** V. ouca 1ª acep.

pelitrón. adx. Dise da persoa convalecente que mellora pouco (Santalla de Ozcos).

pelizcar. v. Apertar entre os dedos unha porción de pel, carne ou de calquera outra cousa; pizcar. **2.** Quitar un cacho dunha cousa. **3.** Coller (*Pelizquei a mao*).

pelizco. s. m. Cantidade pequena de algo. **2.** V. pelizcón. // **Un** ***pelizco*** **de.** Pouco.

pelizcón. s. m. Acción de apertar entre os dedos unha porción de pel, de carne ou doutra cousa.

pella. s. f. Bóla ou pelota de la para fiar. **2.** V. pela 1ª acep. **3.** Montón redondeado de algo (*Hai que estender ben el cuito pra que nun queden pellas*).

pelleca. s. f. Pel de ovella ou carneiro, despois de curtida (El Franco); pellica.

pellegrín. V. pelegrín.

pellella. v. pelella 1ª acep.

pellica. s. f. Pel de ovella que se poñía debaixo dos cueiros dos nenos para que non mollasen o colchón. **2.** Pel curtida de ovella.

pellisquín. s. m. Cacho pequeno de algo.

pellizcar. V. pelizcar.

pellizco. V. pelizco 1ª e 2ª acep.

pellizcón. V. pelizcón.

pellizquín. s. m. Cacho pequeno de algo (Boal); pellisquín.

pellouteiro. V. piouteiro 2ª acep.

pellozo. s. m. Pináculo do lousado dos hórreos ou *paneras* (El Valledor); queiso, cruceiro.

pelma. s. m. Persoa molesta.

pelmazo. V. pelma.

pelo. s. m. Cada un dos filamentos que nacen na epiderme dos mamíferos e que lles cobren o corpo en parte ou na súa totalidade. **2.** Apéndice filamentoso de certas plantas, tecidos etc. (*No pelo da roupa*). // **A pelo.** Montar unha cabalería sen ningún aparello. **2.** Sen nada máis a cambio (*Cambiou el burro a pelo por uha vaca*). // **A pelos i pecados, chégase sempre.** Refrán que alude a que os dous medran sempre. // **El que repara en pelos** ***nun*** **come carne.** V. Quen repara en pelos, non (nun) come carne. // **Pelo de cocho.** Planta de pequeno tamaño, con talo delgado, sen folla, que vive nas pozas secas ou regos parados (Tapia de Casarego). // **Pelo de gato.** V. tanza 1ª

acep. // **Pelo de pino.** Folla do piñeiro que se recolle para combustible, estrume etc. // **Quen repara en pelos, non (*nun*) come carne.** Quen é moi escrupuloso pode perder algunhas oportunidades (A Veiga). // ***Tar* xuntos como os pelos dun can.** Estar as cousas moi xuntas. // ***Tar* xuntos como os pelos del rato.** Estar moi xuntos.

pelón. s. m. Cría do *centolo* (Tapia de Casarego). **2.** V. peludo (Tapia de Casarego)

pelona. s. f. Xeada forte (Allande).

pelota. s. f. Corpo esférico co que xogan os nenos cos pés; balón. **2.** Xogo de nenas que consistía en lanzar unha pelota contra unha parede. **3.** pl. Testículos. // **En pelota (pelotas).** Espido. // **Facer (*faer*, fer) a pelota.** Adular.

pelotada. s. f. Golpe dado cunha pelota.

peloteira. s. f. Discusión violenta, rifa.

peludo. s. m. *Centolo* con algas pegadas (As Figueiras, El Franco).

peluqueiro, -a. s. m. e f. Persoa que corta o pelo.
Obs. Trátase dun castelanismo.

peluquería. s. f. Establecemento onde cortan o pelo.
Obs. Trátase dun castelanismo.

pelurcia. s. f. e adx. Muller que non coida o seu aspecto.

peluxe. s. f. Conxunto de pelos curtos, finos e suaves.

peme (que). adv. Penso que, paréceme que (Tapia de Casarego); peime (que), paeque, paime (que).

pementa. V. pimenta.

pemento. V. pimento.

pena[1]. s. f. Pedra grande que está adherida ao terreo de xeito natural; penedo. **2.** Rocha que sobresae no mar ou na costa. // **El corvo nace na pena i tira *pra ella*.** V. Nace el corvo na pena i tira pra ela (ella). // **Nace el corvo na pena i tira *pra* ela (*ella*).** Refrán que alude a que é imposible cambiar a natureza dunha persoa cando herda algo polos xenes. // **Pena cega.** Rocha que está unida de xeito natural ao terreo (San Martín de Ozcos).

pena[2]. s. f. Aflición, tristura. **2.** Dolor. // **A pena del morto, chega al horto.** V. A pena del morto nun chega máis que al horto. // **A pena del morto *nun* chega máis que al horto.** Refrán que recrimina a quen se esquece demasiado axiña dun finado (Castropol). // **As penas con mel son *búas* de roer.** Refrán que alude a que as penas pequenas son fáciles de soportar. // **As penas con pan son menos penas.** Refrán que se refire a que tendo que comer, os atrancos da vida son máis soportables. // **Dar pena.** Producir dano. **2.** Dar compaixón. **3.** Que non é habitual (*Aquí el vento dá pouca pena*), (Santalla de Ozcos). **4.** Secar (*Deulle muita pena el sol*), (Os Ozcos). // **Ser pena.** Sentir que (*Éche pena que hoi nun poda falar con vosoutros*).

pena[3]. s. f. No arado ou *vasadoiro*, orelleira. **2.** V. pela 1ª acep. (Navia).

penallón. s. m. Pena grande (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).

penar. v. Castigar. **2.** Padecer unha pena, un traballo etc.

penca. s. f. Pequena mancha que sae na cara ou en calquera parte do corpo. **2.** Mancha escura que sae nas pernas por estar xunto ao lume (Santalla de Ozcos).

pencio, -a. V. penzo (Ibias, Santalla de Ozcos).

penco, -a. adx. Torpe. **2.** Dise da cabalería que está fraca, débil.

pencón. s. m. (pl. pencois). Pé grande (El Franco, A Veiga).

pencoso, -a. adx. O que ten moitas pencas.

pendanga. s. f. Muller de mala vida.

pendelexo. adx. Que colga como os pendentes.

pendente. s. m. Aro para adornar as orellas. **2.** s. m. Terreo en baixada. **3.** adx. Inclinado.

penderexo. V. pendelexo.

pendexo, -a. s. m. e f. Persoa de vida desordenada. **2.** Farrapo.

pendiente* → pendente.

péndola. s. f. Pluma de escribir.

pendolón. s. m. Pé dereito central na armazón dun tellado, que sostén as catro vigas nos tellados a catro augas (Navia, El Franco).

pendón. s. m. (pl. pendois). Bandeira ou estandarte que se leva nas procesións, desfiles e enterros. **2.** adx. Dise da persoa que lle gusta saír e andar por todas partes.

pendonguiar. v. Andar frecuentemente e sen necesidade polos camiños, rúas etc.

péndula. s. f. Peza metálica dos reloxos de parede que regula o movemento da maquinaria. **2.** Reloxo de péndulo.

pendulleira. s. f. Pedra que vai coa boia (Castropol). **2.** Pedra que se pon nunha rede de pescar para que se afunda na auga, como se fai no palangre ou na volanta (As Figueiras, Tapia de Casarego).

pendullo. V. rendal.

péndulo. V. péndula 1ª acep.

penedín. s. m. Diminutivo de penedo. // **A cada *paxarín* el sou *penedín*.** Refrán que alude a que cada paxaro ten o seu sitio para poñerse (Villaión).

penedo. s. m. Pedra grande, normalmente illada, que emerxe á superficie. **2.** Pedra que se pon nos lousados dos hórreos ou cabazos para que o vento non leve as lousas (Taramundi). **3.** Pedra que se pon nos lousados de varias construcións como as casas para que o vento non leve as lousas (Obanza). **4.** Terreo onde hai moitas rochas. **5.** Cacho de pedra, de calquera tamaño, arredondado pola erosión das augas normalmente. **6.** Pedra grande no fondo do mar (El Franco, Castropol). **7.** Rocha grande que sobresae por enriba das augas do mar; islote. // **Duro como un penedo.** Moi duro (Taramundi, A Veiga, Castropol, Navia).

penedón. s. m. (pl. penedois). Aumentativo de penedo.

peneira. s. f. Utensilio como o cribo, pero cun fondo de tea metálica máis fino. **2.** Mecanismo dos muíños máis modernos que separa a fariña do farelo. **3.** Molusco gasterópodo prosobranquio, con cuncha plana e ancha e só lixeiramente espiralada na súa parte superior. A cara interna é moi nacarada e no bordo externo ten unha serie de orificios. A súa coloración exterior é vermella, parda ou verdeal (*Haliotis tuberculata*), (Tapia de Casarego). // **Ser raro como unha (uha) peneira.** Ser moi raro.

peneirado, -a. adx. Cribado. **2.** Sacudido. **3.** s. m. Acción de peneirar.

peneirar. v. Separar o cereal do farelo cunha peneira; cribar. **2.** Mover con violencia unha cousa ou unha persoa. **3.** Mover as ás de xeito axitado o peneireiro ou outra ave. **4.** Criticar con desvergonza. **5.** Abalar un neno no berce ou no colo para que durma.

peneirego. V. peneireiro 2ª e 3 ª acep. **2.** Peixe osteíctio lofiforme, da familia dos lófidos, de corpo estreito na parte posterior e deprimido na anterior e cabeza moi grande, aplanada, con grandes ollos na parte alta. É a especie común do peixe sapo (*Lophius budegassa*), (Castropol, Tapia de Casarego).

peneireiro. s. m. Persoa que facía ou vendía peneiras. **2.** Ave falconiforme, da familia dos falcónidos, con ás e dedos máis pequenos que un falcón e cola maior. Ten as partes superiores de color castaña, con manchas negras e as inferiores de color ocre. A cabeza e o moño son de color gris, o mesmo que a cola, que ten unha franxa negra e o bordo branco. Voa batendo moito as ás (*Falco tinnunculus*). **3.** Ás veces esta palabra aplícase a outras especies como *Milvus migrans* e *Accipiter sp.* (azor). **4.** Aplícase á persoa de carácter variable (Seares).

penela. s. f. Pena pequena.

penelo. s. m. Punta da cana dunha árbore (A Veiga).

peneque. adx. Borracho.

peneregо. V. peneirego 2ª acep. (Tapia de Casarego).

penino, -a. adx. Referido a galos e galiñas, pequeno. **2.** Quico.

peniña. s. f. Diminutivo de pena[1] (Os Coutos).

penitencia. s. f. Castigo, sufrimento. **2.** Sacramento da confesión polo que son perdoados os pecados. **3.** Pena imposta polo confesor ao penitente.

penitenciar. v. Sufrir, padecer (Boal). **2.** Impoñer penitencia.

penitente. s. m. Persoa que nun grupo paga a consumición de todos.

penitenza. V. penitencia (Villaión).

peno. s. m. Pena[1] (Allande, Pezós, Eilao).

penol. s. m. Nunha embarcación, extremidade da verga. **2.** Liña da cacea situada no pau de popa dunha embarcación.

penón, -úa. s. m. e f. Pena[1] grande e alta (Pezós, Villaión, Eilao).

penquín. s. m. (pl. penquíos). Diminutivo de pé (As Figueiras, El Franco, A Veiga).

pensamento. s. m. Acción e resultado de pensar. **2.** Facultade de pensar. **3.** Idea.

pensar. v. Exercitar a facultade do cerebro combinando ideas e xuízos, razoar. **2.** Meditar. **3.** Ter intención de facer unha cousa. **4.** Considerar. **5.** Ocuparse de. // **Pensar + infinitivo.** Perífrase verbal que indica intencionalidade (*Pensamos facer eso*).

pensativo, -a. adx. Ensimesmado en pensamentos, preocupado.

pensión. s. f. (pl. pensiois). Renda que paga o arrendatario dunha leira ao propietario da mesma (*El señor renunciou a cobrarlles a pensión*). **2.** Casa de hóspedes. **3.** Cantidade que o Estado ou outras institucións pagan a unha persoa polos servizos prestados.

penzo, -a. adx. Desigual, torto, inclinado, como as faldras das mulleres, a madeira que curva, o moble que non ten as patas á mesma altura etc.

peñado, -a. adx. Alisado o pelo.

peñar. v. Alisar ou limpar os cabelos cun peite (*peñe*).

peñascal. s. m. Sitio cuberto de penedos. Obs. Trátase dun castelanismo.

peñe. s. m. Instrumento para colocar, alisar ou limpar os pelos da cabeza; peine.

peñón. V. bispo 1ª acep. (Tapia de Casarego). **2.** V. escacho[2] 2ª acep. (Tapia de Casarego).

peollo. s. m. Pé do hórreo ou da *panera* (Villaión, Allande).

peón. s. m. (pl. peois). Pé do hórreo ou da *panera* (Illaso, Sarzol, Ponticella, Torga). **2.** V. pión 2ª acep. (Abres, Tapia de Casarego, Grandas de Salime). **3.** Nun muíño, eixe vertical onde vai encaixado o rodicio, cunha fendedura para meter o varón e que antigamente era de madeira de carballo ou castiñeiro (El Franco). **4.** Obreiro non especializado, axudante; pión 3ª acep. **5.** V. xuelo 2ª acep. (El Franco). // **Nel tempo del cimón, el peón.** Refrán que alude á necesidade de xente para traballar na recolleita dos cimos.

peonada. s. f. Traballo que un peón fai nun día. **2.** Traballo que fai un veciño a outro sen que lle pague (Navia).

peonza. V. pión 2ª acep.

peor. adx. De calidade inferior ou moi mala. **2.** adv. Comparativo de mal.

pepa. V. moma (Ortigueira).

pepellín. V. pipelo.

pepereite. s. m. Lambonada, comida pouco nutritiva.

pepida. V. pebida 1ª acep.

pequenallo, -a. adx. Pequeno (Os Coutos, Boal, Allande; Villaión).

pequenarro, -a. adx. Pequeno (Allande).

pequenaxo, -a. adx. Pequeno (Tapia de Casarego, Abres, Boal).

pequeneiro, -a. adx. Tirando a pequeno.

pequenello, -a. adx. Pequeno.

pequenez. s. f. Calidade de pequeno. **2.** Cousa sen importancia.

pequenín, -ía, -a. adx. (pl. pequeníos). Neno moi pequeno. **2.** Cousa moi pequena. **3.** s. m. Quinto dedo da man; meñín. **4.** s. m. O máis novo dos irmáns ou dun grupo. // **Home *pequenín*, embusteiro i bailarín.** Refrán que alude a que as persoas pequenas adoitan ser mentireiras e que lles gusta moito a diversión.

pequeno, -a. adx. De pouca idade. **2.** De escasas dimensións. **3.** Neno. **4.** Fillo máis novo. **5.** Fillo. **6.** De pouca importancia ou valor. **7.** De pouca duración. // **De pequeno (pequena).** Con pouca idade.

pequenolín. s. m. Quinto dedo da man (Boal).

pequerrenchín, -ía. adx. (pl. pequerrenchíos, pequerrenchías). Moi pequeno (Navia).

pequirrichín, -a, -ía. adx. Moi pequeno.

pera. s. f. Peza de plástico con forma de pequena campá que se pon xunto á cama para acender a luz. **2.** Froito da pereira. **3.** Pequena barba dun chibo (Vilanova de Ozcos). **4.** Obxecto de goma semellante a unha pera, que se usa para lanzar aire ou líquidos. **5.** Parte da roca de fiar. **6.** pl. Peitos da muller. // ***Llevar pra* peras.** Darlle unha malleira (Boal, Tapia de Casarego). // **Pera de auga (*augua*).** Variedade de pera, de carne fina e con moito zume, manteigosa, que se recolle nos meses de xullo e agosto. // **Pera de *espín*.** Variedade de pera. // **Pera de San *Xuan*.** Variedade de pera, de tamaño pequeno, pel verde e fina, carne dura e que se recolle no mes de xuño. // **Pera urraca.** Variedade de pera, de tamaño mediano, colorada e fina, de pel algo dura, con sabor agridoce e moi apreciada.

peral. (pl. perais). V. pereira (Villaión, Ibias, Allande).

perbinxe. s. m. Substancia que se pón nos enxertos das árbores para que faga masa co gromo (San Martín de Ozcos).

percal. s. m. Tea de algodón moi fina. **2.** Asunto. **3.** Negocio, normalmente non fiable. **4.** Conxunto de persoas de pouco fiar.

percalina. s. f. Percal lixeiro que se utiliza para forros de vestidos.

percebe. s. m. Crustáceo cirrípedo da familia dos policípidos, con seis pares de patas torácicas bífidas, utilizadas para crear unha corrente de auga e así alimentarse e respirar. Vive fixo ás rochas por un pedúnculo carnoso, comestible e moi apreciado (*Pollicipes cornucopia*). // **Percebe da madeira.** Crustáceo da familia *Lepadidae*, semellante ao percebe común, con pedúnculo contráctil e flexible, que pode acadar os quince centímetros de lonxitude, de color parda agrisada. A parte externa dura ten uns cinco centímetros de lonxitude con cinco placas calcarias grandes, brancas ou algo grises, con tegumento negro entre elas (*Lepas anatifera*), (As Figueiras).

percebeiro, -a. s. m. e f. Persoa que colle ou vende percebes.

percebún. V. pecerbún.

percegueira. s. f. Denteira, grima.

percha. s. f. Peza de madeira ou de metal para colgar algo. **2.** Presenza, aspecto. **3.** Madeiro que vai flotando no mar (Tapia de Casarego).

percherón, -a. s. m. e f. e adx. Dise da cabalería de raza francesa axeitada para levar pesos grazas á súa forza e corpulencia.

percupar* → preocupar.

perder. v. Deixar de ter unha cousa. **2.** Estragar, desperdiciar. **3.** Deixar de ter uso ou costume. **4.** prnl. Podrecer, derramarse. **5.** prnl. Desaparecer, extraviarse (*Perdeuse un barco*). // **Perder(se) + de + infinitivo.** Perífrase verbal de tipo perfectivo (*Perdeu de ver el programa*).

perdicar* → predicar.

pérdida. s. f. Acción e resultado de perder. **2.** Dano, desgraza.
Obs. Trátase dun castelanismo.

perdido, -a. adx. Extraviado, sen destino ou dirección determinados. **2.** Gastador. **3.** Irritado, molesto (*Tá perdido coa filla*). **4.** Cheo de algo ou de algo malo (*Púxose perdido de terra*). **5.** Desesperado. // **Ser perdido.** Estar perdido (*Son perdido*), (Os Ozcos). // **Tras del perdido, *nun* hai que correr.** Refrán que alude a que non paga a pena preocuparse por algo que xa non está ao noso alcance.

perdigón. s. m. (pl. perdigois). Cría da perdiz. **2.** Gran de chumbo que se emprega como munición de caza.

perdigoteiro, -a. V. perdigouteiro.

perdigouteiro, -a. s. m. e f. Cazador.

perdigueira. s. f. Variedade vermella de vide (Ibias).

perdigueiro, -a. adx. Aplícase ao can ou cadela que se empregan para cazar perdices.

perdín. V. lampareiro 2ª acep. (Tapia de Casarego).

perdiz. s. f. Ave galiforme da familia dos fasiánidos, duns trinta e cinco centímetros de lonxitude, coa cabeza pequena e oval e o peteiro vermello, forte e curvo na punta. As ás son curtas e redondeadas e a cola breve. As patas curtas e fortes, de color vermella. Presenta unha longa lista branca sobre o ollo, pescozo branco e negro e lados listados de castaño, branco e negro. A súa carne é moi apreciada (*Alutoris rufa*).

perdois. s. m. pl. Recordos dunha romaría como abelás, *rosquías* etc.

perdonar. v. Renunciar a impoñer un castigo. **2.** Renunciar a unha débeda que se tiña con outra persoa. **3.** Non gardar rancor por ofensas recibidas.
Obs. Trátase dun castelanismo.

perdulario, -a. adx. Aplícase á persoa que perde todo o que colle.

peré. V. solla 2ª acep. (Tapia de Casarego).

peredar* → paredar.

peregrina. s. f. Molusco bivalvo, lamelibranquio da familia dos pectínidos, de valvas desiguais, unha plana e outra convexa, duns doce centímetros de lonxitude, percorridas por dobreces radiais (*Pecten maximus*), (As Figueiras).

peregrinación. s. f. (pl. peregrinacios). Acto de peregrinar. **2.** Romaría.

peregrinaxe. s. f. Acto de ir dun lugar a outro.

pereira. s. f. Árbore froiteira caducifolia da familia das rosáceas, de copa oval, tronco recto e raíces penetrantes. As súas follas son ovais, brillantes e finamente dentadas. As flores brancas e o froito é de forma cónica (*Pyrus communis*).

pereirín. s. m. Diminutivo de pereiro.

pereiro. s. m. Pereira pequena, sen que fose enxertada. **2.** V. pereira. **3.** Primeiro paso que dan os nenos ao andar. **4.** Pereira silvestre, brava; perulleiro. **5.** Por extensión, calquera árbore brava. **6.** Esforzo fóra do normal dunha persoa débil ou enferma. // ***Fer* un pereiro.** Facer un esforzo fóra do normal. // **Pereiro bravo.** Pereira silvestre. **2.** Espiño negro que se pode enxertar cunha pereira.

perendengue. s. m. Adorno, normalmente colgante.

perexeleiro, -a. adx. Aplícase á persoa que quere quedar ben con todo o mundo.

perexil. s. m. Herba anual ou bienal da familia das umbelíferas, de color verde escura e olor característico. As flores son de color amarela verdeal. Cultívase para empregarse como condimento, aínda que pode aparecer de xeito silvestre (*Petroselinum crispum*). **2.** V. ciollo. **3.** Nome xenérico que se dá a varias plantas que medran en lugares húmidos e sombríos (Boal, Allande). // **Perexil bravo.** V. perexil de can 2ª acep. // **Perexil de can.** Herba bienal da familia das umbelíferas, de olor desagradable, co talo acanalado, con follas grandes e moi divididas e flores brancas. É tóxica (*Conium maculatum*). **2.** Aplícase tamén á planta dicotiledónea semellante ao perexil, de follas alongadas (*Oenanthe crocata*). // **Se *ques* perexil todo el ano, *sémalo* en maio.** Refrán que recomenda plantar perexil en maio para telo todo o ano. // **Ser un perexil.** Ser unha persoa

que ten pouca saúde (Tapia de Casarego). // ***Tar* dando perexil.** Morrer.

perexileira. adx. Dise da muller que se amaña moito especialmente no vestir (Coaña, Navia).

perexilón. s. m. (pl. perexilois). V. Perexil de can (Allande).

perfecto, -a. adx. Completo, que non lle falta nada. **2.** Que está ben feito.

perfeto*, -a → perfecto.

perfetua*, -a → perfecto.

perfeuto*, -a → perfecto.

perfía* → porfía.

perfiado* → porfiado.

perfiar* → porfiar.

perfillar. v. Adoptar un fillo (Boal); prefillar.

perga. V. pelga.

perguero* → pegoreiro.

pergunta* → pregunta.

perguntador* → preguntador.

perguntar* → preguntar.

perguntón*, -úa → preguntón.

perica! interx. Voz que se emprega para chamar as ovellas (Eilao).

perico, -a. adx. Aplícase aos nenos argalleiros que lles gusta subir a lugares altos e difíciles. **2.** V. deventre (Villaión, Navia). **3.** Folgazán. **4.** Dise da nena que lle gustan os xogos de nenos. **5.** s. m. Intestino cego do cocho; periquín, xanín. **6.** s. m. Moño no pelo (San Martín de Ozcos). **7.** Dise da persoa que se mete nalgunha lea. **8.** Dise da muller masculina. // ***Tar* de *perico*.** Ter a muller a menstruación.

pericón, -a. V. perico 1ª acep. **2.** s. m. Tipo de baile que se danzaba nas festas pero que non era autóctono do Eo-Navia (Boal). **2.** adx. m. Dise da muller que está sempre con homes.

pericote. s. m. Pequeno promontorio (Tapia de Casarego).

pericoto. V. picaroto.

pericueto. s. m. Lugar ou sitio accidentado, por onde non se pode andar se non é con dificultade.
Obs. Trátase dun castelanismo.

perifoles. s. m. pl. Adornos nunha peza de roupa feminina.

perifuelles* → perifoles.

perigote. V. pericote.

periqueira. adx. Aplícase á muller con maneiras e comportamentos de home.

perillán, -a. adx. Pillo, astuto. **2.** Folgazán.

perillón. V. pirlón 1ª acep.

perindolo, -a. V. peringallo 3ª acep.

peringallo. adx. Aplícase á persoa maior que aínda conserva na súa complexión física características de neno. **2.** Dise do rapaz ou rapaza moi delgados e crecidos, de poucos anos, que parecen nenos e non teñen ganas de traballar (*Andas de peringallo*). **3.** Aplícase á persoa moi alta e delgada. **4.** s. m. Farrapo, cacho de tea que colga dunha peza de roupa. // ***Fer* el peringallo.** Levar mala vida (Tapia de Casarego).

peringallón, -úa. V. peringallo 1ª, 2ª e 3ª acep.

peringola. s. f. Órgano xenital masculino.

periñola. s. f. Órgano xenital masculino. **2.** V. pión 2ª acep.

periposto, -a. adx. Que se amaña e viste con demasiado esmero.

periqueiro, -a. V. perico 7ª acep.

periquete. s. f. Trenza do pelo. // **Nun periquete.** Nun momento.

periquín. s. m. Intestino cego do cocho.

périto, -a. s. m. e f. Experto. **2.** Enxeñeiro técnico.

perixeleiro*, -a → perexeleiro.

perixil* → perexil 1ª acep.

perla. s. f. Corpo duro con nácara e redondo que forman os moluscos.

perlesía. V. pleure. **2.** Enfermidade da función motora, caracterizada pola debilidade dos movementos voluntarios, rixidez, tremor de repouso e amimia, párkinson.

perlín (al). loc. Nos xogos de nenos como o *salto*, xeito de saltar cunha soa perna, tendo apoiada a outra no chan (Boal).

perlo. s. m. Bisagra de ferro que se pon ás portas e ventás para que xiren as follas destas. Ás veces só está referido ás bisagras de debaixo (San Martín de Ozcos).

perlón. V. crego 3ª acep. (El Franco).

perlosía. V. perlesía.

permanganato. s. m. Composto de manganeso que se usa como desinfectante. De xeito tradicional poñíase ao vergallo dos touros despois de cubrir as vacas.

permediar* → promediar.

permiso. s. m. Autorización oral ou escrita para dicir ou facer algo.

permitir. v. Autorizar, considerar, deixar facer.

perna. s. f. Parte dunha persoa ou animal entre o pé e os xeonllos. **2.** Coxa dos cuadrúpedes e aves. **3.** Corda das máis delgadas dun rello. **4.** Cuarteirón dunha laranxa. **5.** Parte da vaca desde o xeonllo para arriba (Os Ozcos). **6.** Parte do pantalón ou calzón por onde vai a perna. **7.** pl. Parte comestible das noces (Santalla de Ozcos). **8.** Cada unha das dúas bandas dunha rede de varios aparellos de pesca (El Franco). // ***Condo***

a perna rompe, *nun* é *pra* ben curar. Refrán que alude a que a perna é unha parte do corpo moi sensible e mala de curar. // **En pernas.** Sen medias ou calcetíns. // **Perna torta.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes das Cabanas (Boal). // **Ter boas (*búas*) pernas.** Dise da persoa que anda moito e sen fatigarse. // **Uha perna tapa outra.** Refrán que aconsella facer as cousas malia as críticas dos demais.

pernada. s. f. Distracción, lecer. **2.** Atadura de tres ramais atada a un cordel que se emprega nalgunhas redes de pescar (Ortigueira). **3.** Cada unha das partes laterais dun *bogo* (As Figueiras). **4.** Baile (Villaión).

pernal. adx. Dise da fonte que nunca seca; prial, premial.

pernas-tortas. adx. Persoa ou neno que ten os pés tortos cara a dentro. **2.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes das Cabanas (Boal).

perneira. s. f. Parte do pantalón ou do calzón que corresponde a cada perna.

pernelo, -a. adx. Dise da persoa coas pernas moi abertas.

pernexar. v. Mover con violencia as pernas; espernexar.

pernía. s. f. Diminutivo de perna.

pernil. s. m. Coxa de certos animais, como o cocho, a vaca, o cordeiro etc., que cortado serve para comer. **2.** Xamón.

perniña. V. pernía (Abres, Os Coutos).

perno. s. m. Peza metálica cilíndrica con cabeza nun extremo e caravilla noutro, e que serve para fixar dúas pezas.

pernón, -úa. s. m. e f. Perna grande.

pero[1]. conx. Marca de oposición co que se opoñen dous conceptos; peró, pro. **2.** Dificultade, defecto.

pero[2]. s. m. Froito do espiñeiro (*espieira*). **2.** Variedade de pera de tamaño pequeno (Abres).

peró. V. pero[1] 1ª e 2ª acep.

perocoteixo. V. porco teixo.

perola. s. f. Vasilla, pota grande de metal e semiesférica. **2.** pl. Tetas dunha muller.

perolo. s. m. *Perola* pequena. **2.** adx. Parvo.

perpasar. v. Pasar máis alto do debido.

perpellegal. V. pazpallal (Navia).

perpiñeiro. V. pizpilleiro (Santalla de Ozcos).

perra. s. f. Antiga moeda de cinco céntimos de peseta. **2.** Moeda de escasísimo valor. **3.** pl. Diñeiro.

perrador. s. m. Persoa que fai cabronadas.

perralleiro, -a. adx. Malo.

perrecha. s. f. Órgano xenital feminino.

perrequechín, -a. V. perriquichín.

perrexil. V. perexil 3ª acep.

perrín, -ía. s. m. e f. Antiga moeda que equivalía a cinco céntimos de peseta. **2.** Persoa ou cousa que non vale nada. // **Nin un *perrín*.** Nada, sen diñeiro.

perrincha. s. f. Rebinxe dun neno pequeno, mal humor.

perriquichín, -ía. adx. Moi pequeno.

perrón, -a, -úa, -oa. s. m. e f. (pl. perrois). Antiga moeda que equivalía a dez céntimos de peseta. **2.** Aplícase ao que non ten valor. // **A *perrón* i sempre toca.** Que é moi barato. // **Nin un *perrón*.** Nada. // ***Nun* ten un *perrón pra* mandar tocar a un cego.** Refrán que alude á pobreza. // **Ter cousas de a *perrón*.** Facer algunha cousa extravagante, fóra do normal. // **Un *perrón* partido polo medio.** Nada.

perseverar. v. Manterse unha persoa firme e constante nunha idea, sentimento etc.

persignarse. v. prnl. Facer o sinal da cruz, con sentido relixioso ou de sorpresa. // **Pensei que me persignaba i saquei os ollos.** Dito que manifesta sorpresa ou estrañeza.

persilla* → presilla.

persinarse* → persignarse.

persona. s. f. Individuo da especie humana. **2.** Calquera home ou muller.
Obs. Trátase dun castelanismo.

personalidá. s. f. Carácter dunha persoa, identidade.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

personaxe. s. m. Persoa.

persumir* → presumir.

pértago* → pértego.

pertega. s. f. Variedade de cereixa.

pértega. s. f. Peza de madeira, lixeiramente curvada, que conflúe na cabezoalla do carro e forma parte da armazón lateral do *leto*.

pertegada. s. f. Golpe dado cun pértego. **2.** Tempo que se precisa para mallar nunha eira indo dun extremo a outro da mesma.

pertegal. V. pértega.

pértego. s. m. Pau longo que forma parte do mallo e serve para golpear os cereais.

pertegón. s. m. (pl. pertegois). Tirante feito de ramas que serve para soster un palleiro (Allande).

pertegueiro. V. foliqueiro.

pértiga. V. pértega. **2.** V. pértego. **3.** Vara longa e flexible que serve para varexar as castañas da árbore (Villaión). **4.** V. vara 17ª acep.

pertigada. V. pertegada 1ª acep.

pértigo. V. pértega. **2.** V. pértego.

pertiguada. V. pertegada 1ª acep.

pertigueiro. V. foliqueiro.

pertuxo* → portuxo.
peruchín. V. perullo 1ª acep.
peruleira. s. f. Vasilla de barro, estreita de boca e base e ancha de barriga.
perulla. s. f. *Pión* pequeno e estreito. **2.** Adorno con forma de *pión* que teñen algúns *cabeceiros* de cama. **3.** Parte saínte de enriba do *pión*; manzaneta.
perulleira. V. perulleiro.
perulleiro. s. m. Variedade de pereira que dá peras moi pequenas (*Pyrus pyraster*). **2.** Pereira silvestre.
perullo. s. m. Froito do *perulleiro*, pequeno e silvestre. **2.** Remate de forma esférica que teñen algunhas cousas. **3.** Pera pequena e redonda.
peruna. V. sonda (Coaña).
pervinxe. s. m. Tipo de pegamento.
perxudicado*, -a → prexudicado.
perxudicar* → prexudicar.
perxurar. v. Xurar en falso. **2.** Xurar de xeito insistente. **3.** Blasfemar.
perxurio. V. perxuro.
perxuro. s. m. Falso testemuño. **2.** adx. O que xura en falso.
pesa. s. f. Parte do lagar de viño que posta nun extremo da viga serve para prensar as uvas. **2.** Peza de peso dunha romana. **3.** V. romana 1ª acep.
pesado, -a. adx. De moito peso. **2.** Molesto. **3.** Referido ao tempo, húmido e caloroso. **4.** Duro, áspero. **5.** Cargado de humor, vapor ou outras cousas semellantes. **6.** Dise do gando vacún que anda amodo (Os Ozcos). **7.** Aplícase á persoa que está incómoda e con moito sono, normalmente despois dunha difícil dixestión (*Tá pesada*), (Boal). // **Ser máis pesado (pesada) que uha vaca en brazos.** Ser unha persoa moi pesada.
pésago. V. pésigo (Ibias, San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos).
pesagueiro. V. pesegueiro (Ibias, Santalla de Ozcos).
pésame. s. m. Expresión de pesar pola morte dunha persoa.
pesar. v. Ter peso. **2.** Medir o peso dunha cousa. **3.** Causar dolor ou arrepentimento algunha cousa. // **A pesar de que.** Non obstante, así e todo.
pesca. s. f. Acción e resultado de pescar. **2.** Cantidade de peixe que se pesca.
pescada. s. f. Peixe osteíctio gadiforme, da familia dos gádidos, de trinta a oitenta centímetros de lonxitude. O seu corpo é alongado, pouco comprimido nos lados, coa cabeza forte e aguda e a boca negra, grande e moi fendida, con fortes dentes. O dorso é gris apardazada, normalmente punteado de negro e os flancos e o ventre son prateados. Ten dúas dorsais, a primeira breve e alta e a segunda moi longa e baixa. A súa carne é moi apreciada (*Merluccius merluccius*).
pescadeiro, -a. s. m. e f. Persoa que vende peixe.
pescadería. s. f. Lugar onde se vende peixe.
pescadilla. s. f. Pescada pequena (Tapia de Casarego).
Obs. Trátase dun castelanismo.
pescado. s. m. Peixe pescado. **2.** Conxunto de peixes. **3.** Peixe. // ***Pescado* de orella.** Dise do tipo de peixe sen escamas.
Obs. Trátase dun castelanismo.
pescadoira. V. pescante (Coaña).
pescador, -a. s. m. e f. Persoa que pesca. **2.** V. antena 2ª acep. (Ortigueira). **3.** V. pescante (Ortigueira).
pescadorín. s. m. (pl. pescadoríos). Diminutivo de pescador (Navia).
pescal. V. pesegueiro.
pescante. s. m. Corda ou arame onde se coloca o engado dentro dunha nasa de pescar (Tapia de Casarego).
pescantina. s. f. Muller que fala en exceso sobre cuestións que non debe. **2.** V. pescadeiro.
pescar. v. Coller peixe ou outros animais acuáticos da auga. **2.** Coller, agarrar. **3.** Obter algo. **4.** Pillar, sorprender. **5.** Coller unha doenza ou enfermidade. **6.** Dar golpes coa cabeza cando se dorme. **7.** Coller ouca do mar (Castropol). // **El que *quira* pescar, pola fortuna non deixe, *conto más* burro *más pexe*.** Dito que alude a que a sorte é cega. // **Pescar á corrida.** Pescar con cacea (Tapia de Casarego). // **Pescalas *axina*.** Comprender unha cousa rapidamente. // **Pescar ouca.** Traer as algas do mar á terra cun angazo.
pescardo. V. biscardo.
pesco. V. pésigo (Boal, Coaña, Navia, Villaión). // ***Pescos* en flor i *pescos* maduros, días i noites todos son *us*.** Refrán que expresa que tanto en marzo como en setembro, os días duran o mesmo que as noites.
pescocín. s. m. Diminutivo de pescozo.
pescozada. s. f. Golpe dado no pescozo. **2.** Golpe recibido no pescozo.
pescozo. s. m. Parte do corpo entre a cabeza e o tronco, tanto dunha persoa como dun animal. **2.** Parte intermedia dun alambique, que comunica o *capucho* coa caldeira. **3.** Parte estreita dun obxecto calquera. // **Pescozo da perna.** Nocello (*nouguelo*).

pesebre. s. m. Recipiente fixo ou móbil onde se bota á comida aos animais. **2.** Lugar onde come o gando ou as cabalerías. // ***Tar* de bon *pesebre.*** Dise da muller coa cara de pel brillante, tersa, limpa.

pésego. V. pésigo (Allande, Eilao, San Martín de Ozcos).

pesego. V. peselo. **2.** V. pésigo (Abres).

pesegueiro. s. m. Árbore da familia das rosáceas, de escaso desenvolvemento, de dous a cinco metros de altura, con tronco moi engurrado, cortiza de color parda vermella. A raíz é grosa e penetrante e as súas follas lanceoladas, lisas, onduladas e de color verde clara. As flores son brancas ou tirando a vermellas e o froito en drupa (*Prunus persica*). // **Ir plantar *pesegueiros.*** Non molestar (*Vai plantar pesegueiros*). // ***Pesegueiro* bravo.** Planta herbácea da familia das poligonáceas, de talo con nós, con follas lanceoladas cunha mancha negra cara ao centro. As súas flores son pequenas, de color rosada, formando apertadas espigas, e froitos de dous a tres milímetros, lisos e relucentes (*Polygonum persicaria*), (Tapia de Casarego).

pesela. s. f. Cesta de varas de madeira que se utiliza para levar a carga ao lombo, sendo máis pequena que o *peselo*, e que servía para transportar os ourizos das castañas, o gran, terra, uvas, cuito etc. **2.** Faiado (Pezós).

peseleiro. s. m. Persoa que facía *peselos* ou *peselas*.

pesella. V. pesela 1ª acep.

pesellada. s. f. O que cabe nunha pesela.

peselo. s. m. Cesta de bringas, que se usa para transportar acios de uvas, castañas, patacas, grans etc.

peserbe* → pesebre.

peseta. s. f. Antiga moeda. **2.** Órgano xenital feminino. // **Ser *mui* mirador da peseta.** Ser aforrador.

peseteiro, -a. adx. Agarrado, avaro. **2.** Aplícase ao bebé de xénero feminino por ter peseta.

pesetero*, -a → peseteiro.

pesetía. s. f. Diminutivo de peseta.

pesigal. V. pesegueiro.

pésico. V. pésigo.

pesigo. V. pésigo.

pésigo. s. m. Froito do *pesegueiro* (Tapia de Casarego, Vilanova de Ozcos, El Franco, Allande).

pesigueiro. V. pesegueiro (El Franco, Eilao, Allande).

peso. s. m. Carga. **2.** Antiga moeda que equivalía a cinco pesetas, que inicialmente era de prata. **3.** Cousa de pouco valor (*Nun val máis dun peso*). **4.** V. peselo. **5.** Balanza (Navia). **6.** Contrapeso da balanza (Navia). // **De peso.** Dise da persoa legal, na que se pode confiar. // ***Naide* dá os pesos a *cuatro* pesetas.** Refrán a que alude a que ninguén te regala nada. // **Peso bruto.** Peso total, coa tara. // **Peso neto.** Peso bruto menos a tara. // **Ser de pouco peso.** Non dar confianza unha persoa por non ter moita cabeza. // **Ter menos peso que a pega nel rabo.** Non ser unha persoa fiable.

pesocense. adx. e s. Natural de Pezós. **2.** Pertencente ou relativo ao concello de Pezós.
Obs. Trátase dun castelanismo.

pesor. s. m. Carga. **2.** Forza coa que a terra atrae os corpos, peso.

pesorellos. V. pesourellos.

pesourellos. s. m. pl. Inflamación dolorosa dos nenos que se produce detrás das orellas, preto do pescozo. Na medicina tradicional curábanse con cataplasmas de verza relada con mel. **2.** Papeiras.

pespunteado, -a. V. pispunteado.

pespunte. V. pispunte.

pesque (al). loc. Atentamente, vixiando.

pesqueimados. adx. e s. Alcume popular que reciben os habitantes de Vilargondurfe (A Pontenova).

pesqueiro. V. pesegueiro (Villaión, Taramundi, Boal, Navia, Eilao). // **Pesqueiro bravo.** V. Pesegueiro bravo (Villaión).

pesquerido, -a. adx. Dise do neno delgado e enfermizo (Eilao).

pesquín. s. m. Pescador sobresaínte (Tapia de Casarego).

pesquizar. v. Percibir algo; pezquizar.

pestanexar. v. Estar vivo. **2.** Mover as pestanas abrindo e pechando os ollos rapidamente.

pestaña. s. f. Pelo no bordo das pálpebras que serve para defender os ollos. **2.** Por extensión, cella. **3.** Pedra saínte sobre a porta do forno que impide que as muxicas cheguen ao teito.
Obs. Trátase dun castelanismo.

pestañar. V. pestanexar 2ª acep.
Obs. Trátase dun castelanismo.

pestañexar. V. pestanexar 2ª acep.
Obs. Trátase dun castelanismo.

peste. s. f. Enfermidade epidémica producida por unha bacteria e que causa moitas mortes. No Eo-Navia normalmente identíficase esta palabra coa epidemia de gripe de 1918. **2.** Mal

olor. **3.** Enfermidade non contaxiosa que produce tamén moitas mortes. **4.** Abundancia excesiva dalgunha cousa (*Neste ano hai tal peste de patacas que nun se venden*). **5.** Cousa perniciosa (*Esta peste de tempo que temos*). // **Botar pestes.** Falar mal dunha persoa.

pestilencia. s. f. Cheiro desagradable.

pestillo* → pasador 2ª acep.

pesugo. s. m. Trampa pequena para paxaros, normalmente de base cadrada, con forma de pirámide e que se fai normalmente con ramas de salgueiro. Antigamente, como afirma Pascual Madoz, puido estar referido a unha trampa máis grande para cazar animais, como se aprecia na toponimia (El Penedo del Pesugo en Pastur-Eilao). **2.** Trampa para osos, feita con muros de pedra e unha colmea dentro para atraelos (Allande).

pesuño. V. pezuño.

peta. s. f. Ferramenta para cavar, cun extremo en pico e outro estreito e con corte. **2.** Parte do fol que corresponde ás patas do animal con que está feito. **3.** Parte que se corresponde coas extremidades dun animal con que se fixo o coiro dun odre. **4.** Cebo que se emprega para pescar meros (Tapia de Casarego).

petaca. s. f. Estoxo para levar e gardar o tabaco picado.
Obs. Trátase dun castelanismo.

petacada. s. f. Contido dunha *petaca*.
Obs. Trátase dun castelanismo.

petache* → patache.

petado[1]. s. m. Pequeno saco dunha fornada (Abres). **2.** O que cabe nun peto.

petado[2], -a. adx. Golpeado. **2.** Fendido.

petador. s. m. Peza metálica cravada na porta, que serve para chamar; chamador, martelo da porta, picador.

petar. v. Golpear. **2.** Chamar golpeando algo, como a porta (Taramundi, Os Ozcos). **3.** Ter gana de algo, desexar. **4.** Insistir nalgunha cousa teimando (*Pétalle de labrar chovendo*). **5.** Facer ruído ao andar (*Nun petes que tá durmindo*). **6.** Figuradamente, facer o acto sexual (Ibias). **7.** Cravar algo cun martelo, mazo etc. **8.** Golpear unha pedra contra outra para atraer a un enxame (Allande). **9.** Abrir ou fender algo, como unha pedra, a madeira etc.

petardos. s. m. pl. Figuradamente lea (*Nun vaia haber petardos*).

petego, -a. adx. Duro, forte (Boal).

petegudo, -a. adx. Aplícase á persoa que ten valor en calquera situación ou diante de calquera persoa. **2.** Moi bo. **3.** En sentido figurado, duro, difícil (*Esta invernada foi peteguda*).

peteirín. s. m. Diminutivo de peteiro.

peteiro. s. m. Montón de herba. **2.** Conxunto de herbas que quedaron sen rozar nun prado. **3.** Conxunto de plantas especialmente da mesma especie ou natureza. **4.** Conxunto de cousas, persoas ou animais. **5.** No xogo dos *bólos* rodados, o círculo onde se arman os *bólos* (Coaña). **5.** Lugar para esconder algo (Castropol). **6.** Porción de terra dentro dunha leira grande plantada cunha mesma especie de cultivo (San Martín de Ozcos). **7.** Parte máis espesa dun mesmo cultivo. **8.** Porción de cousas dentro doutras distintas. **9.** Montón de froitos.

petelar. V. petar 2ª acep.

petelín. s. m. Órgano xenital masculino.

petelo. s. m. Órgano xenital masculino.

peterriar. v. Facer o testán, insistir; peturriar.

petiagudo. V. petegudo 2ª acep.

petición. s. f. (pl. peticiois). Acción de pedir. **2.** Favor que se pide.

petido. s. m. Acción e efecto de petar.

petido* → pitido.

petifoque. s. m. Vela triangular dunha embarcación, moito máis pequena que a principal, de lona máis delgada, e que se orienta por fóra dela.

petigueiro, -a. V. pedigueiro.

petillo* → pito[2].

peto[1]. s. m. Hucha pequena para gardar os cartos. **2.** Peza do vestido para levar nela o máis esencial: cartos, panos etc. // **Peto de ánimas.** Pequena construción de pedra, coa representación das ánimas do purgatorio (ou doutros santos) situada á beira ou cruce dos camiños, onde se rezaba e se botaba diñeiro nunha pequena hucha que tiñan. No Eo-Navia existen varios exemplos en Aguillón (Taramundi), San Andrés (Santiso de Abres), A Corredoira (A Veiga), Louteiro (A Veiga), El Cruceiro (Moldes-Castropol), As Figueiras (Castropol), Bustantigo (Allande), Llago (Allande), Talarén (Navia), Pastur (Eilao), A Roda (Tapia de Casarego) etc. Outros existiron en Lantoira (Moldes-Castropol), na Lieira (Barres-Castropol), Piñeira (Castropol), Salías (Castropol), Quintalonga (Castropol) etc. // **Peto do cura.** Caixa na que se introducen esmolas (Abres). **2.** Bandexa que pasaba o sancristán aos fregueses para recoller cartos para a igrexa, especialmente nos enterros (Abres).

peto[2]. s. m. Ave piciforme da familia dos pícidos, duns trinta e dous centímetros de lonxitude, coa cabeza grande, o tronco alongado e forte, as ás anchas coa punta roma e a cola graduada. O peteiro, grande, ten as partes superiores de color verde mate e as inferiores de color verde agrisada clara. O dorso é verdeal, o moño amarelo e a cara escura, con anchas bigoteiras agudas (*Picus viridis*). **2.** Ave piciforme da familia dos pícidos, de dorso negro, con grandes manchas brancas en varias partes do corpo e cabeza con parte vermella no macho e debaixo da cola (*Dendrocopus major*). **3.** Ave piciforme da familia dos pícidos, coa plumaxe negra, peteiro tirando a branco, patas grises e iris branco. O moño é vermello no macho e a caluga da mesma color na femia (*Drycopus martius*).

peto[3]. V. peito 1ª acep. (Allande, Tapia de Casarego, San Martín de Ozcos, Grandas de Salime).

peto (a). loc. Na posición correcta (*Tirar a peto, subir a peto*).

petón. s. m. Lugar fondo no mar con rochas onde se pesca ben (Castropol, Tapia de Casarego, Ortigueira); cuberto 6ª acep. **2.** V. peto[2] 1ª e 2ª acep. (Eilao). **3.** Parte máis alta dunha rocha somerxida na auga do mar.

petoncín. V. cuberto 6ª acep.

petouto, -a. adx. Dise de algo moi apertado e duro (Allande).

petral. s. m. Correa ou faixa que collida polos dous lados á parte dianteira da sela de montar, rodea o peito das cabalerías.

petreiro. s. m. Franxa de terreo que delimita dúas leiras (San Martín de Ozcos); derrego.

petril. s. m. Muro pequeno que se pon nas pontes ou noutros lugares para evitar caídas.

petrina. s. f. Abertura dianteira no pantalón, bragueta.

petrol. V. petróleo.

petróleo. s. m. Aceite mineral que existe no interior da terra e que ten moitas aplicacións, entre elas a de combustible, para limpar as pezas engraxadas nos talleres mecánicos etc.

petromán. s. m. Lámpada que se utiliza para iluminar o mar e deste xeito poder pescar (As Figueiras).

petromás. V. petromán.

petrucial* → patrucial.

petrucio*, -a → patrucio 1ª e 2ª acep.

petuño. s. m. Conxunto de cousas, plantas ou froitas moi xuntas.

peturriar. v. Insistir con obstinación; peterriar.

petuxo, -a. adx. Pequeno.

pexadoira. V. pechadoira.

pexadoria* → pechadoira.

pexal. s. m. Grupo numeroso de peixes nun punto concreto do mar (Ortigueira).

pexar. v. Soltar a *pechadoira* para cortar a auga ao muíño.

pexarín* → paxarín.

pexe. V. peixe 1ª, 2ª e 4ª acep. // ***Pexe palo.*** V. maruca 1ª acep. (Tapia de Casarego). // ***Pexe bobo.*** V. moma (Tapia de Casarego). // ***Pexe* cravo.** Peixe condroíctio escualiforme, da familia *Echinorhinidae*, que pode acadar os tres metros de lonxitude, co corpo alongado, pel áspera e dúas aletas dorsais. A súa coloración é violácea escura co ventre amarelo (*Echinorhinus spinosus*), (Tapia de Casarego). // ***Pexe* de *barría.*** Peixe que anda en grupo. // ***Pexe* de *recalada.*** Peixe que aparece en grupo en certa época do ano, como a sardiña, o bocarte e o bonito. // ***Pexe* de *recalo.*** V. pexe de recalada. // ***Pexe* martelo.** Peixe condroíctio escualiforme, da familia dos esfímidos, que pode ter unha lonxitude dun metro e medio a cinco, co corpo ancho e forte, cabeza en forma de martelo, ollos e orificios nasais localizados nos extremos da cabeza, aleta dorsal dobre e cola alongada. A súa coloración é agrisada azulada co ventre abrancazado (*Sphyrna zygaena*), (As Figueiras). // ***Pexe momo.*** V. moma (El Franco). // ***Pexe* piloto.** V. guía 6ª acep. (As Figueiras). // ***Pexe volador.*** Peixe osteíctio beloniforme, que pode acadar os vinte e cinco centímetros de lonxitude, con grandes aletas peitorais que lle axudan a saír fóra da auga a grande velocidade como se voase. A súa coloración é agrisada azulada con flancos prateados (*Cypselurus heterurus*), (As Figueiras). // ***Pexe volante.*** Peixe que se adapta a varios ambientes, como a pescada (As Figueiras, Tapia de Casarego). // **Ser un *bon pexe.*** Ser atravesado, pícaro.

pexegar. V. peguexar.

pexegueiro. V. pesegueiro (Ibias, Allande).

pexela* → pesela.

pexigo. V. pésigo (Ibias).

pexigueiro. V. pesegueiro (Os Ozcos).

pexín. V. peixe sapo (Tapia de Casarego).

pexón. s. m. Mamífero cetáceo odontoceto, da familia dos delfínidos, de até nove metros e medio de lonxitude, co fociño obtuso e redondeado, a aleta dorsal moi

alta e os dentes cónicos, fortes e agudos. Ten o dorso negro e o ventre branco, e presenta manchas brancas e claras de forma bastante constante (*Orcinus orca*), (As Figueiras, Tapia de Casarego). **2.** Peixe grande (Ortigueira).

pez. s. m. Substancia resinosa, negra e sólida, residuo da destilación do alcatrán ou extraída do piñeiro. **2.** Nome de varias substancias resinosas ou minerais.

pez sapo* → peixe sapo.

peza. s. f. Cacho ou parte que forma un obxecto. **2.** Cada un dos obxectos dun conxunto. **3.** Obxecto en si, sen divisións. **4.** Leira, terra de labranza (Pezós, Os Ozcos, Eilao, Allande). **5.** Tira de tea. **6.** Estivada. **7.** Composición musical. **8.** Tira de madeira dun cesto, bringa (Pezós). **9.** Persoa de conduta dubidosa (*É unha boa peza*). **10.** Cacho que se xunta a outro. **11.** Porción de pan, manteiga etc. **12.** Tea (*Unha peza de lenzo*). **13.** Cada unidade de certas cousas ou produtos dunha mesma especie (*Cinco pezas de fruta*). // **Deixar dunha peza.** Sorprender. // **Quedar dunha peza.** Sorprenderse.

pezanca. s. f. Pezuño (Castropol).

pezanco. s. m. Pé grande e mal feito (Tapia de Casarego).

pezapos. s. m. pl. Restos dun festín.

pezarbú. V. pecerbún.

pézaro, -a. adx. Dise do que ten máis dunha color.

pezgolo. s. m. Parte grosa dun viorto.

pezón. s. m. Corazón dalgunha froita como a pera, mazá etc. **2.** Talo da col vella, da verza, do repolo etc. (Tapia de Casarego). **3.** Prominencia dunha pebida (El Franco). **4.** Corazón dalgunhas plantas como a verza, o repolo etc. **5.** Punta da cabezoalla do carro (Allande).

pezorellos. s. m. pl. Papeiras.

pezorra. s. f. Especie de frauta (Allande).

pezoto. s. m. Cacho dun talo de millo, verza etc.; cazote 2ª acep. **2.** Parte central dunha mazá (Coaña).

pezoupín. V. cimpilimpé.

pezouquín. V. cimpilimpé.

pezpelleiro. V. pipelo.

pezpeneiro. s. m. Peza de madeira que atravesando a cabeza une as orelleiras do *vasadoiro*.

pezpineiro. V. pizpineiro 1ª acep. (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).

pezponeiro. V. pezpeneiro 1ª acep. (Navia).

pezquerido, -a. V. pesquerido.

pezquitar. V. apezquitar.

pezquizar. V. apezquitar. **2.** V. pesquizar.

pezúa. s. f. Leira ou terra de labranza grande (Pezós).

pezugo. s. m. Trampa para osos, que consistía nunha longa viga apoiada nun trobo e cuberta de ramaxe espesa, que formaba unha especie de pequena casa cunha soa entrada, e por onde o oso descubría o trobo. Ao collelo caían a viga e a pequena casa, quedando o oso nas mans do cazador (Armenande); couso.

pezunera. s. f. Parte dianteira do carro (Vilar de Cendias).
Obs. Trátase dun asturianismo.

pezuña. s. f. Especie de uña nas patas e mans dos cuadrúpedes.

pezuño. s. m. Cada un dos dedos cubertos, xuntamente coa súa uña, nos animais de pata fendida.

pezurellos. V. pesourellos 2ª acep.

pi, pi! interx. Voz que se emprega para chamar os pitos.

pía. s. f. Corda, cadea ou vara retorta que formando un lazo suxeita a pata dianteira coa traseira das cabalerías ou un corno coa pata dianteira do mesmo lado do gando vacún, e así deste xeito non poidan andar moito cando pacen ou cando se queren muxir.

piada. s. f. Conxunto de cochos. **2.** Por extensión, conxunto doutros animais, como de vacas, mulas etc. **3.** Conxunto de nenos.

piado, -a. adx. Débil, con pouca saúde. **2.** Encollido, dobrado (*Condo traballa parece que tá piado*).

piadoira. V. pechadoira.

piaina. s. f. Pedal do tear.

pianto. s. m. Ampola que lle nace a unha ovella entre a unlla da pata e a pel (Castropol).

piantón. s. m. Lugar onde se mete a xente (Castropol).

piantonés, -a. adx. e s. m. e f. Natural da parroquia de Piantón (A Veiga). **2.** Pertencente ou relativo á parroquia de Piantón (A Veiga).

piaña. s. f. Lousa que vai por enriba dos pés do hórreo (Eilao).

piar[1]. v. Facer soar a voz as aves repetidas veces. **2.** Falar, emitir unha opinión. // **Tarde *piache*.** Acordarse a deshora (Abres, Boal, Tapia de Casarego).

piar[2]. V. pillar 1ª acep. (Allande, Coaña).

piar[3]. v. Poñer a *pía* aos animais; enratar 1ª acep.

pibardos. s. m. pl. Seres mitolóxicos e imaxinarios que serven para gastar bromas á xente.

pibida* → pebida.

pibidal* → pebidal.

pibideiro* → pebideiro.

pica. s. f. Pequena aixada rematada en punta, con dous dentes pequenos por un lado, que serve para quitar cebolas ou outras plantas. **2.** Martelo con pico nas dúas puntas que serve para picar as moas do muíño ou as de afiar. **3.** Martelo cun pico nunha punta que se usa para traballar a pedra cando se fan paredes. **4.** Barrote de ferro ou remo que levaban as traiñeiras na proa para poder manobrar (As Figueiras, Tapia de Casarego, Ortigueira). **5.** V. pancho picudo 1ª acep. (Ortigueira). **6.** V. tene 2ª acep. (Tapia de Casarego). // **De pica.** Xeito de navegar, de proa (Tapia de Casarego). // **Pica a mula.** Xogo de nenos. // **Pica *eixola*.** Aixola. // **Pica do (del) toxo.** Coitela que serve para cortar o toxo. // **Pica en Roma (a).** V. pincho en Roma. // **Pica rei.** s. f. Especie de torta branda feita con *calostro*, fariña, ovos, un pouco de unto e manteiga fina.

pica el vrao. V. marelón (Grandas de Salime).

picachón. V. peta 1ª acep. **2.** V. pico 9ª acep.

picada. s. f. Mordedura que fai no engado dun anzol un peixe.

picadeira. s. f. Peza de ferro curvada e dentada que se lles pon ás cabalerías no fociño para suxeitalas. **2.** Coitela para cortar o toxo (Ibias, Villaión).

picadeiro. s. m. Madeiro groso que se utiliza para partir ou cortar leña, ou labrar as galochas. **2.** Madeiro sobre o que se pica a carne. **3.** Por extensión, lugar onde se partía a leña dentro dunha *corrada* (Villaión). **4.** Espazo con madeiros cravados no chan que se utilizan para soster as embarcacións de madeira cando se están construíndo (As Figueiras). // **Picadeiro del toxo.** Madeiro usado para cortar o toxo antes de darllo ás cabalerías.

picado, -a. adx. Anoxado, enfadado. **2.** Mordido por unha ave, insecto, réptil, peixe etc. **3.** Partido en cachos máis pequenos. **4.** Labrada a pedra de enriba do muíño. **5.** Estragado un alimento. **6.** Cariado un dente ou unha moa. **7.** s. m. Fendedura que ten unha lima. **8.** Dise da vaca afectada de tuberculose. **9.** Dise do muíño no que foi labrada a pedra de enriba (*El molín tá ben picado*).

picadoiro. s. m. Lugar onde se parte a leña (Navia).

picador. s. m. Pequena serra. **2.** Freo de boca para as cabalerías. **3.** V. chamador. // ***Picador* de ventá.** V. fiador 2ª acep.

picadura. s. f. Acción ou resultado de picar ou cortar. Na medicina tradicional as picaduras de abella e avespa curábanse con amoníaco ou allo. **2.** Tabaco picado en cachos.

picalapolila. s. f. Xogo de nenos no que a persoa que apanda debe adiviñar quen a tocou cos dedos da man (Abres).

picantela. s. f. Provocación.

picaña. s. f. Ferramenta con peza tubular metálica para inserir o mango, semellante ao *garabato*, con dous dentes e que serve para labrar e cavar terras duras.

picañada. s. f. Cousa de pouco valor, asunto sen importancia (*Nun te preocupes foi uha picañada*).

picaporte. s. m. Peza de ferro colocada na parte superior dunha porta que serve para chamar. **2.** Aparello polo que se abren e pechan as portas.

picar. v. Morder unha ave, un insecto, un réptil etc. **2.** Morder un peixe o engado dun anzol. **3.** Proer a pel. **4.** Partir en cachos pequenos. **5.** Labrar no muíño a pedra de enriba para que moa mellor, erguéndoa co *guindaste*. **6.** Usar o *picachón*, o pico ou outra ferramenta semellante. **7.** Chamar para a misa cunha soa campá ou varias. **8.** Facer un furado ou romper un billete de tren ou autobús para invalidalo por parte do revisor. **9.** Falar medianamente unha lingua (*Picaba o castellano*), (Taramundi). **10.** Na malla, partir os colmos en partes máis pequenas (Boal). **11.** Chamar á porta (Navia, Taramundi). **12.** Desmiuzar en cachos pequenos o tabaco para facer un cigarro. **13.** Pasar, atravesar (*Desque se pica de Labiarou pra aló xa todos dicen gado*), (San Martín de Ozcos). **14.** Cortar leña, toxo etc. **15.** Quentar moito o sol (San Martín de Ozcos, Tapia de Casarego). **16.** Caer nun engano. **17.** Provocar. **18.** Ir comendo en pouca cantidade. **19.** Golpear unha ave algo co peteiro. **20.** Desfacer a terra dura dunha leira cunha ferramenta (Taramundi). **21.** Cortar brazoladas. **22.** Cortar unha rede de pescar para reparala nunha parte rota. **23.** prnl. Anoxarse, enfadarse. **24.** prnl. Estragarse un alimento ou unha bebida. **25.** prnl. Cariarse os dentes ou as moas. **26.** prnl. Ferirse. **27.** prnl. Axitarse o mar.

picaracho. V. picaroto.

picarada. s. f. Picardía, broma.

picaraña. s. f. Aixada con *boca* apuntada.

picardía. s. f. Astucia, malicia. **2.** Acción mala. **3.** Trasnada.

picardioso, -a. adx. Aplícase á persoa que fai picardías.

picarín, -iña. s. m. Neno (Abres).
pícaro, -a. s. m. Neno (Taramundi, A Veiga). // **Ser pícaro como a raposa.** Ser moi astuto.
picarón, -a. s. m. e f. (pl. picarois). Neno (Taramundi).
picaroto. s. m. Punta aguda, a xeito de pico, que teñen algúns montes e montañas (Allande).
picatoro. V. peto[2] 1ª, 2ª e 3ª acep. (Allande, Villaión, Coaña, Eilao).
picatoros. V. picatoro.
picazón. s. m. Molestia que causa unha cousa que pica nalgunha parte do corpo.
picha. s. f. Órgano xenital masculino.
piche. V. galipote.
pichi. V. galipote.
picho. V. pincho en Roma.
pichoco. s. m. Foxo.
pichón. s. m. Cría da pomba. **2.** Ás veces, macho da pomba.
picio. Nome propio que se emprega para indicar fealdade (*É máis fea que Picio*).
picipín (al). V. pincipín (al).
pico. s. m. Parte da cabeza das aves que comprende as mandíbulas superior e inferior, sendo córnea e dura. **2.** Monte alto que remata en bico. **3.** Parte máis alta dun monte ou montaña. **4.** Parte máis alta dunha superficie inclinada. **5.** Resto pequeno que excede dunha cantidade (*Mide dous metros e pico*). **6.** Parte de enriba dalgunha cousa, como unha escaleira, un campanario, un *eiro*, un prado, unha eira etc. **7.** Atadura do cume dun teito de palla (Ibias). **8.** Vértice do cume do teito dun hórreo (San Martín de Ozcos, Ibias). **9.** Ferramenta con dúas puntas e un mango de madeira. **10.** Punta da galocha. **11.** Parte da cana de millo que está por enriba da mazaroca e que se utiliza como forraxe (Castropol, Allande). **12.** V. peta 1ª acep.; gavión. **13.** Lingua mordaz, boca (*Taba mellor coel pico zarradín*). **14.** Parte máis alta dunha planta ou da rama dunha árbore, como da nabiza, o trigo, o centeo, o salgueiro etc. (Pezós, Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos). **15.** Cada unha das partes agudas dunhas tesoiras (Negueira de Muñiz). **16.** Parte da navalla, que está ao final onde remata o corte; punta 5ª acep. (Santalla de Ozcos). **17.** Parte aguda do *rego* dunha *dala* por onde sae a auga (San Martín de Ozcos). **18.** Punta da gadaña (Vilanova de Ozcos). **19.** Brote tenro dunha árbore, como o salgueiro (Vilanova de Ozcos). **20.** Xesto do xogo infantil *churro-pico-taina*, que consiste en poñer os dedos furabolos estendidos e xuntos. **21.** Facilidade de palabra. **22.** Parte aguda que sobresae na superficie ou no bordo dalgunha cousa. **23.** Parte comprendida entre o ollo e a *boca* dun martelo. **24.** Parte aguda dun tarabelo por onde fura. **25.** V. algaraván 1ª e 2ª acep. (Coaña). **26.** V. pincho[1] 6ª acep. **27.** Punta do anzol. **28.** Cueiro (Castropol). // **A pico *dereto*.** De xeito abundante, sen medir (*Enchía os cestos a pico dereto*), (El Franco). // **A picos.** Sen medir (*Tá a picos a cantarada de mel*), (Boal). // **Chea *asta* el pico.** Até enriba, completamente (*Unha colmea chea de mel asta el pico*). // **De pico de *didas*.** Andar ou sosterse pisando coas puntas dos pés e erguendo os talóns (San Martín de Ozcos). // **Del pico al fondo.** Desde o comezo até o remate. // **Ir *pral* pico da Ronda.** Morrer (Boal). // **Nel pico (de).** Arriba de todo. // **Nel pico da mañá.** Moi cedo. // **Pico con couce.** Poñer de volta encontrada unha cousa sobre outra, como os alfinetes cando se poñen punta con cabeza. // **Pico da cabeza.** Parte superior do cranio. // **Pico en Roma.** Xogo de nenos. V. pincho en Roma. // **Ser picos i alas.** Dise da persoa que come pouco. // **Ter *muito* pico.** Falar de máis.
picofurón. s. e adx. Dise da persoa con cara triste e nariz agudo. **2.** V. peto[2].
picón, -úa. adx. e s. m. Cabalo ao que lle sobresaen os dentes de enriba; guelfo 1ª acep. **2.** V. peta 1ª acep. **3.** s. m. Pico grande dunha montaña (Pezós). **4.** adx. e s. m. Dise do leite acedo. **5.** adx. Aplícase ao sol cando quenta moito. **6.** adx. Dise do que lle sobresae máis a mandíbula superior que a inferior. **7.** s. m. Peixe condroíctio raiforme, caracterizado por ter franxas estreitas e irregulares e unha coloración parda no dorso, a cola e as ás (*Raja fullonica*), (As Figueiras). **8.** s. m. Peixe condroíctio raiforme, dun metro e medio de lonxitude, que presenta a cara dorsal de color gris lousa e a ventral tirando a branco (*Raja oxyrhynchus*), (As Figueiras, Ortigueira). **9.** adx. Dise da mosca que molesta coa súa picadura. **10.** V. pico 9ª acep. (Allande, Villaión).
picón (de). loc. Variedade de mazá.
piconza. V. maragota (Castropol).
picota. s. f. Vara pequena que se usa para varexar as castañas.
picotazo. s. m. Golpe que dá unha ave co seu peteiro. **2.** Ferida que produce unha ave, un insecto etc.
picotear. V. picotiar 1ª e 2ª acep.

picoteiro, -a. adx. O que anda golpeando algo.
picotiar. v. Golpear ou ferir as aves co peteiro. **2.** Picar algo para comer. **3.** Facer rabiar.
picuada. s. f. Acción de picar un insecto ou outro animal (Eilao). **2.** Dito agudo e corrosivo (Boal).
picuda. V. raia 2ª acep. (Tapia de Casarego).
picudo, -a. adx. Que ten peteiro. **2.** Que ten forma de peteiro.
pidigaña* → pedigaña.
pidigañeiro*, -a → pedigañeiro.
pidigón*, -úa → pedigón.
pidir* → pedir.
pidría* → pedría.
piedá. s. f. Consideración, lástima. **2.** Devoción.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
pienso. s. m. Alimento que se lle dá ao gando.
Obs. Trátase dun castelanismo.
pígaro. s. m. Peza do temón do arado que vai na lata (Grandas de Salime, Eilao, Os Ozcos).
pigarzar. v. Adormecer; apigarzar.
pigarzo. s. m. Sono curto e lixeiro; sonada, cabezada. // **En marzo, *pigarzo*; en abril, déixame durmir; en maio de sono me caio.** V. apigarzar. // **En marzo, *pigarzo*, i en abril, encima del cadril.** V. apigarzar.
pigarzón. adx. Dise do rapaz pouco formal, preguizoso. **2.** Aplícase ao home ou neno que non son listos (San Martín de Ozcos). **3.** s. m. V. pigarzo.
pigazar. V. pigarzar.
pigazo. V. pigarzo.
pigoreiro*, -a → pegureiro.
pigureiro*, -a → pegureiro.
pila. s. f. Montón de cousas, animais etc. (*Uha pila de arañas*). **2.** Dispositivo que produce corrente eléctrica continua, sen axuda de forzas mecánicas. **3.** V. carlinga. **4.** Aparello movido por auga que serve para espantar os animais. // **A *pila* de tempo.** Moito tempo. // **A *pilas*.** En gran cantidade, moito (A Veiga).
pilanco. s. m. Dificultade, atranco.
pilango. V. pilanco.
pilar[1]. s. m. Pé de pedra dun hórreo ou *panera* (Ibias).
pilar[2]. v. Balancear, randear.
píldora. s. f. Frase dita de xeito indirecto. // **Botarlle uha píldora.** Reprender dunha maneira disimulada. // ***Dorar* a píldora.** Louvar en exceso a alguén, adular.
pildorada. V. píldora.
pileira. s. f. Cantidade de algo.
pilía, pilía! interx. Voz usada para chamar as galiñas (Eilao).
pilila. s. f. Órgano xenital masculino.
pilizcar* → pelizcar.
pilizco* → pelizco.
pilizcón* → pelizcón.
pilla. V. A pillar (Grandas de Salime).
pilla-pilla (a). loc. Xeito de coller unha cousa á présa que varias persoas queren para si.
pilla-pillota (a, á). loc. Xogo de nenos, que consiste en lanzar unha cousa ao aire e a ver quen a colle. **2.** Dise da muller libre en costumes sexuais.
pillabán, -a. adx. (pl. pillabais). Folgazán. **2.** Pillo, astuto.
pillabanada. s. f. Falcatrúa, trasnada (Abres).
pilladoira. s. f. Pequena cesta de forma oval con bringas máis separadas do normal e cun mango longo de catro ou cinco metros, que serve para quitar os ourizos das castañas da auga.
pillar. v. Atrapar, coller, alcanzar, agarrar. **2.** Atopar, sorprender. **3.** Enfermar. **4.** Coller a un nunha mentira. **5.** Penetrar sexualmente (A Veiga). **6.** Pescar (*Pillar truitas*). **7.** Descubrir. // **A pillar.** Xogo de nenos que consiste en alcanzar ao resto que xoga. // **Pillar a porta.** Saír ou marchar dunha casa. // **Pillar castañas.** Coller castañas. // **Pillar comida *pral* gado.** Cortar forraxe para o gando (El Franco). // **Pillar *terrois*.** Desfacer terróns recolléndoos e queimándoos.
pillastre. adx. Pillo.
pillastro. adx. Pillo.
pillín, -a. adx. Diminutivo de pillo.
pillizcar* → **pellizcar.**
pillo, -a. adx. Que actúa con malicia. **2.** Astuto. // ***Conocer* al pillo *nun* é tan fácil.** Refrán que indica que non é tan fácil coñecer as persoas astutas ou malas.
pillota (á). V. pilla-pillota (á).
pilo. V. pío[1] 3ª acep. (Tapia de Casarego).
pilón. s. m. Pía de pedra para tirar a auga sobrante, que estaba situada debaixo do *selleiro*. **2.** Peza metálica que vai dentro dunha campá para facela soar. **3.** Peso que colga dunha balanza (Tapia de Casarego, Ortigueira). **4.** Baño xunto a unha fonte. **5.** Recipiente para recoller a auga que caía do trobo de lavar a roupa, que cando se enchía a muller volvía botar a auga ao trobo enriba da roupa até que consideraba que se lavara. **6.** Tronco cravado no chan onde se xuntan as dúas cancelas ao pecharse. **7.** V. pío[1] 2ª acep.

(Ortigueira). // **Beber del *pilón*.** Facer caso de rumores (Castropol).

pilonga. s. f. Variedade de castaña, branda e doce, que se come crúa despois de secala no caínzo.

pilongo. s. m. Crego que exercía na mesma freguesía na que nacera.

pilordo. s. m. Ave caradriforme da familia dos carádridos, duns trinta centímetros de lonxitude, coas partes superiores escuras, pardas e outras douradas. As partes inferiores da á son brancas. Atópase en pradeiras e en inverno en praias, estuarios e zonas sementadas (*Pluvialis apricaria*).

pilota* → pelota 1ª e 2ª acep.

piloto. s. m. Persoa que dirixe unha nave ou un vehículo.

pimenta. s. f. Froito da pementeira, que é aromático, picante e moi usado como condimento.

pimenteira. V. pimento 1ª acep.

pimenteiro. s. m. Persoa que vende pementos.

pimento. s. m. Planta anual da familia das solanáceas, de até un metro de altura, de talos erectos e con moitas ramas. As súas follas son ovais ou lanceoladas, enteiras. As flores brancas e o froito primeiro verde e despois vermello, violáceo ou amarelo (*Capsicum annuum*). **2.** Froito desta planta, moi usado como alimento polo seu sabor, picante nalgunhas variedades. **3.** V. pimentón. // ***Pimento dulce*.** O que non pica. // ***Pimento* picón.** O que pica.

pimentón. s. m. Po que se obtén moendo pementos encarnados secos.

pímpano* → tímpano.

pimpante. adx. Presumido (Abres).

pimpanudo, -a. adx. Estupendo, marabilloso.

pimpín. V. pinzón (Eilao, Ibias, Grandas de Salime).

pimpirimpé (al). loc. *Á pata coxa*, cun pé erguido e o outro no chan.

pimplado, -a. adx. Borracho.

pimplar. v. Emborrachar.

pina. s. f. Froito do piñeiro (A Veiga, Castropol). **2.** Madeira vertical situada xunto ao *porro* nun batán. **2.** No carro, camba. **3.** Cuña de madeira ou de ferro que se utiliza en obxectos ou apeiros como o carro. **4.** Conxunto de uvas ou cereixas (Eilao, San Martín de Ozcos). **5.** Conxunto apertado de cousas homoxéneas (Abres). **6.** Cada unha das pezas de madeira que forman a roda dun carro de raios (Coaña). **7.** V. pena[3] 2ª acep. (Navia). **8.** Cuña (Allande). // **Meter pina!** Aplicar forza a algo.

pinacho. s. m. Conxunto de cereixas, uvas etc. **2.** Floco que levan as *molidas* na parte dianteira para adorno e para que as moscas non molesten ao gando nos ollos (San Martín de Ozcos). **3.** Adorno en forma de borla, feito de fío, pompón; mota 2ª acep. (Santalla de Ozcos).

pinal. s. m. Terreo cuberto de piñeiros (San Martín de Ozcos).

pinalín. s. m. Diminutivo de *pinal*.

pinaza. s. f. Barco lixeiro e estreito de vela e remo, moi frecuente no mar Cantábrico, que se dedicaba normalmente á cabotaxe.

pincha. V. pinchacarneiro (Alguerdo).

pinchacarneira. V. pinchacarneiro (A Veiga, Grandas de Salime, Allande).

pinchacarneiro. s. m. Volta que normalmente dan os nenos con todo o corpo no aire (Boal, San Martín de Ozcos, Tapia de Casarego, Villaión, Navia).

pinchacarneiros. V. pinchacarneiro (A Veiguía).

pinchada. s. f. Dolor forte. **2.** Acto de tirarse á auga.

pinchar. v. Ferir cunha cousa punzante, punzar. **2.** Picar, estimular. **3.** Molestar, provocar. **4.** Cortarse cun obxecto punzante ou por outra causa a cámara pneumática dunha roda. **5.** Poñer inxeccións. **6.** Cravar un coitelo a un cocho no pescozo; espetar. **7.** Tirarse á auga. **8.** Cortar unha árbore (San Martín de Ozcos). **9.** Cortarse a superficie dunha pelota. **10.** prnl. Ferirse (*Pincheime cos toxos*).

pinchazo. s. m. Acto e efecto de *pinchar*.

pinche. s. m. Peso que ten a auga do muíño ao caer pola canle desde certa altura (Castropol, A Veiga). **2.** Movemento que fai un nadador cando se tira á auga, normalmente de cabeza cos brazos estirados cara a adiante. **3.** Persoa que fai servizos auxiliares en determinadas profesións. **4.** Desnivel nun rego, río, carreiro etc.

pinchecarneiro. V. pinchacarneiro (Tapia de Casarego, Taramundi, Abres, Boal, A Veiga).

pincheiro. V. pincho en Roma (Navia). **2.** Embarcación de pesca a vapor con cuberta que se utilizaba para capturar pescadas, congros ou ollomoles (Castropol).

pincho[1]. s. m. Punta aguda de ferro ou doutro material. **2.** Pau agudo nos extremos para xogar ao *pincho en Roma*.

3. Arte ou aparello de pesca, que tamén se chama palangre e que se usa para a captura da pescada (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira). **4.** V. pincho en Roma (Villaión). **5.** Punta de ferro do *pión* (Navia). **6.** Aguillón dun peixe. **7.** Cada un dos dentes dunha fisga (El Franco). **8.** Aguillón dun insecto (Ibias). **9.** Espiña dunha planta. // ***Pincho* en Roma**. Xogo de nenos que se xogaba cuns picos de madeira de toxo de medio metro. O primeiro en xogar cravaba o seu *pincho* na terra e o outro tiña que intentar derrubalo ao cravar o seu. O primeiro en caer era tocado polo outro coa estaca e mandado a Roma (é dicir, lonxe) dun golpe. Mentres o perdedor ía buscar o seu *pincho*, o gañador (ou os outros xogadores) debían cravar tres veces o seu, se non o facían antes de que viñese, perderían.

pincho[2], -a. adx. Elegante.

pinchocarneiro. V. pinchacarneiro (Ortigueira, Castropol, Tapia de Casarego).

pinchorromo. V. pincho en Roma.

pinchuada. s. f. Sensación de ferir cun obxecto punzante. **2.** Acción e efecto de picar un insecto, un réptil, unha ave etc.

pincipín (al). loc. Xogo de nenos que consiste en saltar cun só pé levando o outro erguido; cimpilimpé.

pinelo. s. m. Conxunto de cereixas, uvas, *arizos* etc.; pinacho.

pineira* → peneira 1ª acep.

pineirar* → peneirar 1ª acep.

pineireiro* → peneireiro 2ª acep.

pinga. s. f. Gota.

pingado, -a. adx. Salpicado.

pingallada. s. f. Sono breve.

pingallo. s. m. Persoa desprezable.

pingallón, -úa. adx. Aplícase ao rapaz que xa medrou que non quere traballar. **2.** Dise do día escuro que só invita a durmir. **3.** Somnolento.

pingando. xer. Cheo de auga, especialmente cando chove. **2.** Caendo gotas. // **Poñer pingando.** Rifar.

pingar. v. Gotear. **2.** Colgar. **3.** Adormecer (Abres). **4.** Chover pouco.

pingarata. V. pinga. **2.** Gota de alcohol que se bota nalgunha bebida como o café.

pingaraxa. V. pinga.

pingarela. s. f. Pinga pequena (Ibias).

pingo[1]. s. m. Graxa derretida de cocho que serve para conservar os chourizos. **2.** V. pinga (*Á vaca nun lle queda un pingo de leite*).

pingo[2], -a. adx. Dise da persoa folgazana ou de vida libertina (Castropol, Navia). // **Correr el pingo.** Lacazanear andando dun lado para outro. // **De pingo.** Andar lacazaneando.

pingoada. V. pinguada.

pingolar. v. Adormecer.

pingón, -a, -úa. adx. Aplícase a aquilo que colga, como unha faldra ou un vestido. **2.** Desanimado, abatido. **3.** O que adormece con facilidade. **4.** Dise do día no que chove pouco. // **El óso pingón.** Órgano xenital masculino. **2.** Óso do cu (A Veiga).

pinguada. s. f. Pinga, gota, chorriño.

pingue. V. pingo[1] 1ª acep.

pingueira. s. f. Goteira (A Veiga, Allande).

pingueiro. s. m. Gota de auga (Os Ozcos).

pinguenexar. v. Pingar de xeito escaso ou irregular.

pinguía. s. f. Pinga pequena.

pinín. s. m. (pl. piníos). Piñeiro pequeno (Vilanova de Ozcos).

pino. s. m. Árbore da familia das pináceas, de tronco recto e copa cónica, casca da parte superior do tronco e das ramas de color tirando a vermella, follas curtas, duns tres a sete centímetros e pinas pequenas. Medra nas partes baixas (*Pinus silvestris*). **2.** Árbore da familia das pináceas, con copa moi regular e porte elegante, follas moi longas, en grupos de tres e pinas grandes (*Pinus radiata*). **3.** Árbore da familia das pináceas, de casca áspera, parda e a cachos tirando a vermella, con follas longas e fortes e pinas grandes (*Pinus pinaster*). **4.** Madeira desta árbore. **5.** Temón do carro (Taramundi); pinoalla, cabezoalla, lanza. **6.** No torno, pequena peza onde encaixa o pau do torno. **7.** Cada unha das dúas pezas de madeira que se encaixan na *taleirúa* (Vilar de Cendias, Vilarmeirín).

pinoalla. V. cabezoalla (Abres).

pinocho. adx. Dise cando un home está excitado sexualmente.

pinoso, -a. adx. Costo, alto, montañoso.

pinquín* → penquín.

pinualla* → pinoalla.

pinta. s. f. Aspecto dunha persoa. **2.** Sinal exterior que indica a calidade dunha persoa. **3.** Semellanza que pode ter unha persoa con outra. **4.** adx. Desvergonzado, folgazán. **5.** Nada, ningún ou ningunha (*Nun teis pinta de ter patacas*, *Nun sei pinta*, *Aire non iba case pinta*). **6.** Sinal de identidade (*Se é como pinta*). **7.** Mancha. // **Pinta mentira!** Non é certo!

pintado, -a. adx. Con color. **2.** Parecido. // **Al máis pintado.** A calquera. // **El demo**

pintado. Aplícase normalmente á persoa pilla.

pintar. v. Dar unha capa de color. **2.** Importar, significar. **3.** Agradar (*Pra pintar mellor al parente*, *Pintáralle a rapaza*). **4.** Sentar ben. **5.** Mostrar ben ou mal aspecto. **6.** Resultar ben ou mal algo. **7.** Parecer. **8.** Trunfar nas cartas (*Pintan copas*). **9.** Debuxar. // **Pintar ben (ou mal).** Resultar unha cousa favorable ou adversa. **2.** Afacerse ou non a un lugar ou situación. // ***Si* pinta como ten pinta, nunca ben pinta.** Refrán que alude a como nos pode parecer unha cousa.

pintarada. s. f. V. penca 2ª acep. (Santalla de Ozcos).

pintarraxar. V. espintarraxar.

pintas de pita. V. tabaela (Eilao).

pinteiro. V. bieiteiro.

pintía. s. f. Diminutivo de pinta 1ª acep.

pintín, -ía. s. m. e f. Pequena cantidade de algo, como dun líquido.

pinto[1]. s. m. Pequena cantidade; pintín. // **Tomar el *pinto*.** Tomar algo antes da primeira comida do día.

pinto[2], -a. adx. Aplícase aos animais ou cousas de diversas colores. **2.** Dise da vaca negra con manchas brancas. **3.** Dise da faba coloreada con manchas brancas. **4.** s. m. Peixe osteíctio perciforme, da familia dos lábridos, que mide uns corenta e cinco centímetros de lonxitude, co corpo de altura case igual á lonxitude da cabeza. A color é verde oliva ou pardo olivácea, e todas as aletas, agás as peitorais que son transparentes, teñen os bordos azuis (*Labrus merula*), (As Figueiras). **5.** V. maragota 1ª acep. (Tapia de Casarego). **6.** No gando vacún, certo tipo de seme que se lle pon ás vacas para que saian de varias colores. // **Pinto de vexigas.** Marca que deixan algunhas enfermidades. // **Pinto grande.** V. chileno (El Franco).

pintón. s. m. Enfermidade do millo. **2.** Por extensión, aplícase a algún tipo de insecto que provoca esta enfermidade.

pintura. s. f. Obra pintada. No Eo-Navia tradicionalmente empregouse moito a pintura como adorno estético, como nos beirados das casas á hora de lucilas, ou seguindo os marcos das ventás ou nos linteis das portas. Nos marcos de madeira empregábase a pintura, destacando a color denominada *azulete* moi característica, e que aparece en moitas paredes dos cuartos interiores. Tamén en hórreos, *paneras* e cabazos existen motivos pintados como tetrasqueis, inscricións, cruces, ou debuxos, principalmente en exemplares das primeiras décadas do século XX. Máis raramente aparecen motivos pintados nos mobles. Nas casas mariñeiras do concello de Castropol e Tapia de Casarego utilizábase moito a color branca nas partes feitas de madeira. Outros motivos pintados son as cruces nas portas das casas e cortes. Os carros tamén se pintaban de color colorada, moura de *galipote* ou verde e as embarcacións con colores normalmente vistosas. **2.** Materia que serve para pintar. **3.** Maquillaxe (*Enche a cara de pinturas*).

pintureiro, -a. adx. Aplícase á persoa que presume de elegante e fina sen selo.

pinza. s. f. Especie de pequenas tenaces que serven para agarrar cousas. **2.** V. chave 10ª acep.

pinzón. s. m. (pl. pinzois). Ave paseriforme da familia dos frinxílidos, duns quince centímetros de lonxitude, ás agudas, peteiro groso e cónico e dedos de mediana lonxitude, con uñas pouco ganchudas. O macho ten manchas brancas, sendo pardo rosado por debaixo, castaño polo dorso, con moño verdeal e caluga azul lousa. A femia é de color parda olivácea máis escura por enriba (*Fringilla coelebs*).

piña. s. f. Montón de cousas; pina. **2.** Golpe que se dá coa man pechada. **3.** Froito do piñeiro; pina. **4.** Grupo de percebes pegados ás rochas. **5.** Tipo de nó mariñeiro, normalmente redondeado, que se tece cos chicotes dun cabo cos cordóns desunidos.

piñado. adx. Pan moi tostado na coda.

piñar. v. Cocer moito o pan, formándose unha coda tostada e debaixo un baleiro.

piñata. s. f. Baile do primeiro domingo de coresma. // **Domingo de piñata.** Primeiro domingo de coresma.

piñeira. V. peneira. **2.** adx. Dise da vaca que ten os cornos para arriba (Taramundi).

piñeiral. s. m. Lugar onde abundan os piñeiros.

piñeiro. V. pino (Pezós). **2.** Persoa que facía ou vendía peneiras (Boal).

piño. s. m. Conxunto de algo. // **A *piños*.** Moitos.

piñoa. s. f. Aumentativo de piña 3ª acep. (Villaión).

piñolo. s. m. Montón de cereixas, mazás, pinas, uvas etc. **2.** Conxunto de persoas ou cousas moi xuntas.

piñón[1]. s. m. (pl. piñois). Semente do piñeiro.

piñón[2]. s. m. (pl. piñois). Roda dentada que engrena con outra maior.

pío[1]. s. m. Pozo que se utilizaba para curtir as peles (A Veiga). **2.** Estanque das fábricas conserveiras onde se poñía de xeito provisional o peixe con sal para conservalo (As Figueiras, Tapia de Casarego). **3.** Recipiente onde se poñían as redes de pescar para tinguilas (As Figueiras).

pío[2]. s. m. Voz das crías das aves. // **Nin pío.** Que non dixo nada.

pío, pío! interx. Voz que se usa para chamar os pitos.

pío campo. V. marro.

piola. s. f. Cordel fino e resistente; cánabo.

piollada. s. f. Conxunto de piollos.

piolleira. s. f. Abundancia de piollos. **2.** Miseria, pobreza.

piollento, -a. adx. Que ten piollos. **2.** Piolloso.

piollín. s. m. Cría do piollo. **2.** Plancto animal ou conxunto de elementos animais do plancto.

piollo. s. m. Nome común de diversos insectos anopluros ou malófagos, ectoparasitos de aves e mamíferos. Na medicina tradicional matábanse con petróleo. **2.** Pé do hórreo ou da *panera* (Verducedo). **3.** V. piollín 2ª acep. // **Hai que ter a cabeza *más* que *pra* piollos.** Refrán que indica que unha persoa debe ter xuízo. // **Parecer un piollo entre a *sinza*.** Ser moi lenta unha persoa. // **Piollo de mar.** Crustáceo malacostráceo anfípodo da familia dos ciámidos, que vive parasito sobre os cetáceos (*Cyanus globicipites*). // **Piollo resucitado en camisa lavada vólvese tolo i *nun* sabe que faga.** Refrán que alude aos que presumen de ser novos ricos. // **Ser un piollo resucitado.** Facerse presumido por mellorar economicamente.

piolloso, -a. adx. Aplícase á persoa miserable, mesquiña. **2.** s. m. Trunfo pequeno nas cartas. **3.** Dise do que está cheo de piollos.

pión. (pl. pios). V. xornaleiro. **2.** Xoguete de madeira que se fai bailar cun cordel, tendo forma cónica e redonda, que leva unha punta de ferro no extremo sobre a que baila máis ou menos tempo. Para xogar con el facíase un círculo no chan de metro e medio de diámetro, máis ou menos, e xogaban dous nenos; un deles lanzaba o *pión* dentro do círculo, logo lanzábao o outro, procurando, ao tiralo, sacar co seu do círculo o do contrario, que estaba rodando. Se non o facía, o outro neno debía coller o seu *pión* por debaixo da *ferra* coa palma da man e lanzalo rodando sobre o do seu compañeiro para intentar sacalo do círculo, se non o conseguía, intentábao o outro e así até que un dos dous lograse quitar o do contrario e se o *pión* non paraba de rodar, perdía. **3.** V. peón 4ª acep. **4.** s. m. pl. Pés da *panera* (Villaión). **5.** Órgano xenital masculino (As Figueiras). // ***Cáiache* el *pión*.** Expresión de desprezo ou reprobación, a paseo (As Figueiras). // ***Pión* del *augua*.** V. peto[2] (Boal).

pionza. V. pión 2ª acep.

pionzo. s. m. *Pión* pequeno (Navia).

pior* → peor.

piorna. V. piorno 1ª acep. (Ibias).

piornal. s. m. Lugar onde abundan os piornos.

piorno. s. m. Arbusto da familia das papilionáceas, de corenta a oitenta centímetros de alto, cos talos estriados, follas simples, escasas e caducas. As flores son pequenas, brancas ou amarelas, de olor moi intensa e froito en legume curto (*Cytisus multiflorus*). **2.** Pé do hórreo (Allande).

piote. V. mandil de candil.

pioteiro. V. piouteiro 2ª acep.

pioula. s. f. Cabeza (Ibias).

piouteiro. s. m. Pau máis alto do galiñeiro (Castropol). **2.** Lugar máis alto con respecto aos terreos que están arredor. **3.** Parte máis alta dunha parede, muro, valado etc.

pipa. s. f. Tonel para gardar líquidos. **2.** Especie de chifre que se fai con talos verdes de trigo ou centeo. **3.** Medida de capacidade, que no concello de Navia se utilizaba para a sidra, equivalendo a 450 litros. **4.** Utensilio para fumar tabaco picado. // **Pipa de *colar*.** Cuba onde se lavaba a roupa. // ***Tar* cheo como unha pipa.** Estar farto de comer.

pipar. v. Facer sons coa pipa.

pipelo. s. m. Tubo cónico por onde sae un líquido dunha fonte, un recipiente ou un bocoi. **2.** Tubo por onde cae para fóra a auga dun trobo de *colar*. **3.** Herba que cobre a espiga dos cereais (Tapia de Casarego). // **A *pipelo*.** Cando un líquido sae con forza por unha abertura ou cano. **2.** Con moita intensidade (*Caía el sol a pipelo*). // **Correr a *pipelo*.** Gotear de xeito continuo. **2.** Moito.

pipello. V. pipelo 1ª acep.

piperete. s. m. Comida apetitosa con doces, fritos etc. **2.** Lambonada.

pipio. s. m. Brazolada do *palangrillo* que antigamente era de cánabo e hoxe en día é de nailon.
pipiritaña. s. f. Instrumento musical feito cun talo de *alcacel*.
pipo. s. m. Chifre de talos vexetais, chumbo ou outro material. **2.** Conduto que une a boca co estómago (Allande).
piporra. s. f. Especie de frauta que se fai coa paraza dun castiñeiro.
pipote. s. m. Trobo dunha *dala* (Abres). **2.** V. pipa 1ª acep. (Castropol, Navia).
pique. s. m. Acto de picar a pedra dun muíño. **2.** Discusión, resentimento. **3.** Corte dado cunha brosa a unha árbore; talla[2] 2ª acep. // **Andar al pique.** Loitar, competir. // **Ir(se) a pique.** Afundirse unha embarcación. // ***Pique (a).*** Xeito de lanzar no xogo da *patefa*, consistente en non arrastrar a *patefa*. **2.** A punto de, estar próximo a.
piqueira. s. f. Abertura na parte inferior do trobo que serve para que entren e saian as abellas. **2.** Punteira do calzado ou do calcetín. **3.** Parte da punta da galocha. **4.** Parte alta e dianteira dunha albarda. **5.** Picaporte (Boal). **6.** Abertura na parte inferior do trobo dunha *dala* que servía para que saíse a lixivia. **7.** Parte da carga dun carro que sobresae máis pola parte de diante que por atrás (Moldes).
piqueirada. s. f. Golpe dado coa punta do pé (San Martín de Ozcos).
piqueiro. s. m. Trapo que envolve a metade dianteira do pé. **2.** V. piqueira 2ª acep. **3.** Golpe dado coa punta do pé. **4.** Escarpín roto (Boal).
piquelo. s. m. Cano.
piqueno*, -a → pequeno.
piquera* → piqueira.
piquete. V. pico 9ª acep. **2.** Vara mediana que se usaba para varexar castañas.
piquilla. s. f. Rivalidade entre os que aspiran ao mesmo, competencia.
Obs. Trátase dun castelanismo.
piquín. V. pico 5ª acep.
piquinín*, -a → pequenín.
piquirrichín*, -a, -ía → pequerrichín.
pir-pir* → pis-pis.
pirabán. V. pillabán (Navia, Allande).
pirar. v. Non ir á escola.
pirata. s. m. Persoa malvada. **2.** V. contrabandista (Coaña).
pireira* → pereira.
pireirín* → pereirín.
pirica!* → perica!
pirindola. s. f. Órgano xenital masculino. **2.** V. pión 2ª acep.
pirindolo. s. m. Órgano xenital masculino.
piringallo. V. peringallo 2ª, 3ª e 4ª acep. **2.** adx. Dise da muller desprezable. **3.** adx. Aplícase á persoa que se sobe a lugares altos (Navia).
piringola. s. f. Órgano xenital masculino.
piriñola. V. periñola.
piriqueiro. adx. Aplícase ao neno inquedo que lle gusta subir a lugares altos e difíciles; perico.
piriquitos. V. garabitos (Coaña).
pirixeleiro*, -a → perexeleiro.
pirixil* → perexil.
pirlar. v. Queixarse a miúdo unha persoa por cousas sen importancia. **2.** V. piar 1ª acep.
pirlido. s. m. Voz das aves emitida repetidas veces (San Martín de Ozcos).
pirlisía* → perlesía.
pirllar. V. piar 1ª e 2ª acep.; pirlar.
pirlón. s. m. Nome común que se dá a varios peixes osteíctios perciformes, da familia dos tríglidos, caracterizados por ter amplas aletas peitorais que lles serven para desprazarse polo fondo do mar, con cabeza forte con espiñas no opérculo e detrás del, corpo alongado e coloración vermella máis ou menos parda (As Figueiras, Tapia de Casarego). **2.** Peixe osteíctio perciforme, da familia dos tríglidos, que pode alcanzar os cincuenta centímetros de lonxitude, con corpo cónico, cabeza de perfil agudo, fociño aplanado e bilobulado, e escama preorbital cun ángulo agudo cun dente agudo na parte anterior. A súa coloración é rosada, máis pálida na zona interior (*Trigla cuculus*), (As Figueiras). **3.** Peixe osteíctio perciforme, da familia dos tríglidos, duns trinta e cinco centímetros de lonxitude, con corpo cónico, que se estreita cara á parte posterior. A cabeza é grande e ten un perfil agudo, cuberta de escamas óseas e varias espiñas. A súa coloración é parda tirando a vermella cunhas listas verdeais, laterais con reflexos amarelos e ventre pálido. As aletas peitorais son azuladas ou violetas e ás veces están manchadas de vermello cunha marxe azul clara (*Trigla hirundo*), (As Figueiras). **4.** Peixe osteíctio perciforme, da familia dos tríglidos, de até trinta centímetros de lonxitude, con perfil cefálico oblicuo, tronco raiado de finas liñas irregulares e aletas peitorais de color violeta máis ou menos intensa e salpicadas de manchas escuras. Os tres raios anteriores das peitorais son libres e flexibles, a xeito de patas (*Trigla lastovitza*), (As Figueiras). **5.** Peixe osteíctio perciforme, da familia dos

tríglidos, co corpo comprimido e a cabeza cun perfil moi oblicuo. O dorso é de color vermella que diminúe de xeito gradual cara aos flancos e o ventre. Utiliza os tres raios libres das súas aletas peitorais para remexer a area e o barro na busca de presas. A súa carne é moi apreciada (*Trigla lucerna*), (As Figueiras, Tapia de Casarego). **6.** V. escacho[2] 1ª acep. **7.** V. perlo (San Martín de Ozcos). **8.** V. tordo (San Martín de Ozcos).

Obs. Os peixes da familia dos tríglidos presentan no Eo-Navia unha nomenclatura confusa segundo as localidades e informantes, xa que se aplican as mesmas palabras para especies diferentes.

pirmeiro* → primeiro.

pirola. s. f. Órgano xenital masculino.

piroleiro. s. m. Montón de algo posto de tal xeito que pode caer (Coaña).

pirolo. s. m. Órgano xenital masculino.

piropiar. v. Louvar.

pirtiñola. s. f. Petrina do pantalón (Boal).

pirula. s. f. Órgano xenital masculino.

piruleiro, -a. adx. Dise do que é alongado e estreito á vez.

piruleta. s. f. Órgano xenital masculino.

pirulía. s. f. Órgano xenital masculino.

pirulín. s. m. Órgano xenital masculino.

pirulla. s. f. Parte do *pión* onde se pon o cordel; manzaneta.

pirulleiro* → perulleiro.

pirulo. s. m. Peza de forma cónica que se pon no cume dalgunhas construcións como os pozos. **2.** Órgano xenital masculino.

pis. s. m. Mexo. // **Facer (*fer*) pis.** Mexar.

pis-pis. s. m. Tipo de baile da Mariña eonaviega que se bailaba agarrado, e que estaba estendido polos concellos de Castropol, Tapia de Casarego e El Franco.

pisa. s. f. Batán. **2.** Acto de cubrir o macho dun paxaro á femia (San Martín de Ozcos).

pisada. s. f. Acto de pisar. **2.** Pegada do pé.

pisadiel. s. m. Ser mitolóxico que metía medo aos nenos (Navia).

pisador. s. m. Pau forte con coitelas que serve para triturar o engado para pescar (As Figueiras).

pisar. v. Poñer o pé enriba de algo. **2.** Apertar algo co pé ou cun obxecto. **3.** Poñer os pés ou as botas encima dos acios de uvas para obter o viño. **4.** Nos edificios, poñer o chan sobre outra superficie. **5.** Golpear o liño cun *pisón* ou mazo para romper a cortiza que envolve as fibras aproveitables das plantas. **6.** Poñer o piso a algo. **7.** Aplanar a terra. **8.** Cubrir o macho dun paxaro á femia (San Martín de Ozcos). // **Pisar el sapo.** Erguerse tarde.

piscardo. V. biscardo.

piscozo* → pescozo.

pisiglás* → plexiglás.

piso. s. m. Chan dos cuartos, camiños, rúas etc. **2.** Cada unha das vivendas que hai nun mesmo edificio. **3.** Chan do carro. // **Piso de *embaxo*.** Piso que na casa tradicional está en contacto co chan, e onde normalmente está a cociña, a bodega, a corte e o *entrado*. // **Piso de enriba.** Piso máis alto da casa tradicional, onde normalmente están os cuartos de durmir. // **Piso del carro.** Táboas que forman a caixa do carro.

pisoa. s. f. Táboa de madeira que se poñía no pé dereito, con regos por baixo coa finalidade de quitarlle os ourizos ás castañas, e unhas bringas de carballo, polos catro lados para atala ao pé (Ibias).

pisón. s. m. (pl. pisois). Instrumento de madeira, pesado e gordo, con forma de cono truncado e con mango, que serve para apertar a terra, as pedras etc. **2.** Batán. **3.** Mazo que se emprega para mazar o liño ou o cánabo. **4.** Mazo en forma de T que se utiliza para pisar os *alolicos* (Villaión). **5.** Mazo dun batán (Vilanova de Ozcos). **6.** V. pisador.

pisorellos. V. pesourellos.

pisorga. s. f. Cantidade grande, especialmente ao comer. // **Comes a *pisorga*.** Que come moito.

pisotón. s. m. Pisada sobre o pé doutra persoa.

pisourellos. V. pesourellos.

pispante. adx. Pillabán, astuto.

pispiñeiro. V. pizpilleiro (O Viñal).

pispunteado, -a. adx. Dise da argola á que se lle imprime un debuxo cun *pispunte*.

pispunte. s. m. Punzón pequeno que utilizan os ferreiros cunha *boca* na que ten un negativo do debuxo que se imprime na argola (Taramundi).

pisqueira. s. f. Salto de auga que ten debaixo un muíño (Os Coutos).

pisqueiro. s. m. Paso estreito entre dúas cousas (Ibias).

pisquela. adx. Dise da muller delgada (Os Ozcos).

pista. s. f. Camiño sen asfaltar que une as localidades coas vías máis importantes ou con outras aldeas.

pistana. s. f. Parte saínte dunha rocha. **2.** V. pestaña 1ª acep.

pistaña* → pestaña 1ª acep.

pisto. s. m. Comida con olor forte e agradable. // **Darse *pisto*.** Darse importancia.

pistola. s. f. Arma pequena de diversas formas e calibres. **2.** Órgano xenital masculino. // **Quédalle como uha pistola a un santo.** Refrán que alude a algo que non queda ben a unha persoa (Boal).

pistolete. s. m. Punzón curto utilizado para partir a man as pedras.

pistolo. s. m. Órgano xenital masculino. **2.** Rapaz (Allande).

pistoluco. s. m. Pistola pequena.

pistón. s. m. (pl. pistois). Válvula que é propia dos instrumentos musicais de vento da familia do metal, que permite regular a entrada do aire, e así poder modificar os tons (El Franco).

pistonudo, -a. adx. Moi bo.

pisuada. s. f. Pisada.

pisugo. V. pesugo (Piñeira-Navia).

pita[1]. s. f. Femia do galo; galiña, *galía*. **2.** Galiña que empeza a poñer ovos. // **Cago nas pitas!** Expresión que indica enfado ou contrariedade. // **Ir *prá* cama *condo* as pitas.** Ir durmir cedo. // **Nin pita nin cacarexo.** Nin unha cousa nin a outra (Os Ozcos). // **Pita choca (*choza*).** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Lourido (Taramundi). // **Por *San Antón*, toda pita pon.** Refrán que alude a que despois do inverno máis duro, as galiñas xa poñen ovos por esta data (17 de xaneiro).

pita[2]. s. f. Planta da familia das amarelidáceas, de follas longas, lanceoladas e de sección triangular, con espiñas piramidais na marxe e unha espiña terminal de color escura, moi dura, e de flores amarelas dispostas en acios (*Agave americana*). **2.** Fío feito coas fibras desta planta e co que se fan cordas, redes, tecidos etc. **3.** V. gamota 2ª acep. (Allande).

pita brava. V. faisán (Allande).

pita cega. s. f. Xogo de nenos no que un dos xogadores, cos ollos tapados, trata de coller os outros que corren arredor del. **2.** Persoa que apanda no xogo da pita cega. **3.** Mosca agrisada, de corpo longo e estreito, que abunda no verán entre o gando e a súa picadura é moi dolorosa (Eilao). **4.** V. gamota 2ª acep. (Eilao). **5.** Tabán (A Veiga); tabao 1ª acep.

pita copa. s. f. Ave ralliforme da familia dos rálidos, duns trinta e tres centímetros de lonxitude, co corpo forte, a cabeza pequena e os dedos longos, axeitados para andar pola vexetación acuática. A color da plumaxe é tirando a negra na cabeza e pescozo, verde na rexión dorsal e agrisada na parte ventral, con listas brancas nos laterais. O peteiro é vermello coa punta amarela e as patas son verdes cunha banda vermella na parte superior (*Gallinula chloropus*).

pita montesa. V. faisán.

pita polaina (a). s. f. Xogo infantil no que un grupo de nenos beliscan nas cachas a outro que apanda, tendo este que adiviñar quen foi, se non o fai volve apandar mirando para unha parede e se o fai o descuberto ten que substituílo (Grandas de Salime).

pita, pita! interx. Voz que se usa para chamar as galiñas.

pitaco. s. m. Pito pequeno.

pitada. s. f. Conxunto de pitas. **2.** Conxunto de polos.

pitanza. s. f. Estipendio extraordinario de comida que se daba antigamente en festas e romarías aos curas que realizaban a función relixiosa.

pitañoso, -a. adx. Dise da persoa cos ollos con lagañas e enfermos.

pitar. v. Tocar o pito ou outro instrumento que soe. **2.** Facer soar a buguina dun automóbil. **3.** Ter unha situación privilexiada (*É el que más pita nesa casa*). // ***Salir* pitando.** Saír con présa.

pitarría. s. f. Variedade de faba pequena e aplanada (Boal).

pitarronsoña. V. pitarrousoña.

pitarrousoña. s. f. Instrumento musical ou xoguete que se fai con media casca de noz, cuberta por un cacho de pel de carneiro que leva no centro un pelo sedoso e longo e nos seus extremos xúntase a un pequeno pau con tea. Ao movela, describindo un círculo, produce un ruído algo parecido a un abellón.

piteiro, -a. s. m. e f. Persoa que compra e vende galiñas, polos etc.; oveiro, galleiro.

pitía. s. f. Galiña nova.

pitido. s. m. Acción de pitar.

pitifoque* → petifoque.

pitilleira. s. f. Caixa para gardar os pitos de fumar.
Obs. Trátase dun castelanismo.

pitillo* → pito[2].

pitín. s. m. (pl. pitíos). Polo pequeno dunha galiña.

pitíos. V. calzón de pazpallar (Villaión).

pitisa. s. f. Cacho de pedra ou óso onde se poñen os alfinetes, botóns ou cartos no xogo da *patefa*; *tasco*. **2.** Por extensión, *patefa*.

pito[1]. s. m. Polo da galiña ou doutra ave. **2.** *Tasco* do xogo da *patefa*, cun tamaño de cinco a sete centímetros de altura (Abres). **3.** Pequena gota de moco e auga que cae do nariz dunha persoa, especialmente dos vellos co efecto do frío. **4.** Galo. **5.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de El Villar de Castaedo (Allande). **6.** Pedra pequena que se usa no xogo da *tángana* (Villaión). // **Caer (*caier*) el pito.** V. pingar el pito. // **Comer como un pito.** Comer pouco. // **Como un pito.** Moi mollado. // **Pingar el pito.** Colgar os mocos do nariz (Castropol). // **Pito *carrión*.** O último pito da niñada (Castropol). // **Pito de engorde.** Pito que se ceba para que engorde. // **Pitos morren *muitos*, *gallos nun* queda ningún.** Refrán que alude a que todo o mundo morre. // **Ter un pito que pelar.** Ter que resolver unha cousa (Tapia de Casarego). // **Vas criar pitos.** Dise da persoa que está moito na cama (Boal).

pito[2]. s. m. Cigarro de pequeno tamaño.

pito[3]. s. m. Chifre. **2.** Órgano xenital masculino. **3.** Dispositivo mecánico que emite un son, como o das embarcacións ou o dos trens. // ***Nun* tocar pito.** Non ter parte nunha situación.

pitón. s. m. (pl. pitois). Eixe dunha bisagra. **2.** Pito[1] grande.

pitorro. V. pipelo. **2.** Ave caradriforme da familia dos álcidos, con corpo tirando a gordo e peteiro curto e groso, que mide uns vinte centímetros de lonxitude e ten as partes superiores negras e as inferiores brancas (*Plautus alle*), (As Figueiras). **3.** V. neno gordo (As Figueiras). **4.** V. pardela 2ª e 4ª acep. (Tapia de Casarego).

pitriol* → petróleo.

pitrol* → petróleo.

pitúa. s. f. Galiña grande.

pixa. s. f. Órgano xenital masculino. **2.** Órgano xenital feminino (El Franco). **3.** Sifón dun *aguillolo* negro (As Figueiras).

pixacán. V. cangrexo 2ª acep. (Castropol).

pixadoira. V. pechadoira.

pixarrato. V. chucho (As Figueiras).

pixelín. V. longao 1ª, 2ª e 3ª acep. (Coaña).

pixiglás* → plexiglás.

pixilín. V. pixelín. **2.** V. rumia 2ª acep.

pixín. V. peixe sapo (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco).

pixo. s. m. Órgano xenital masculino. // **Ter un *pixo* que parte noces.** Ter un bo órgano xenital masculino.

pixota. s. f. Pescada pequena (Tapia de Casarego).

pixotín. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes das Figueiras (Castropol). **2.** V. peixe sapo (As Figueiras, Tapia de Casarego).

pixoto, -a. adx. e s. Persoa natural ou muller de porto de mar. **2.** Alcume popular que lles dan os de Boal aos de Navia. **3.** Alcume popular que se lles dá aos habitantes das Figueiras (Castropol). **4.** Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Veiga (Navia). **5.** Alcume popular que se lles dá aos habitantes de El Porto (El Franco). **6.** Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Ortigueira (Coaña). **7.** Alcume popular que lles dan os habitantes de Boal aos de Coaña.

pixutín. V. peixe sapo (Ortigueira). **2.** V. peneirego 2ª acep. (Ortigueira).

pizarra. s. f. Cacho de lousa que se utilizaba nas escolas para escribir. **2.** Pedra sedimentaria, xistosa, de color negra azulada, que se parte en laxas planas e delgadas que se emprega para varias funcións. **3.** Encerado.
Obs. Trátase dun castelanismo.

pizarrín. s. m. (pl. pizarríos). Especie de lapis cilíndrico, de lousa, que serve para escribir nunha prancha dese material. **2.** Órgano xenital masculino. // ***Pizarrín* da festa.** Órgano xenital masculino.

pizarro. s. m. Órgano xenital masculino. **2.** V. pizarra. **3.** Pequena barra de pedra coa que se escribía no encerado; pizarrín.

pizca. s. f. Porción pequena ou mínima dunha cousa. **2.** Nada. **3.** Nun mazo, cada un dos cachos soltos resultantes de quitar ferro polos lados á *boca* do martelo e á da incre para que queden despois curvadas de novo. // **Nin pizca nin faragulla.** Nada de nada. // ***Nun* ter pizca de.** Non ter nada que ver.

pizcar. v. Andar probando un cacho dunha cousa e despois doutra. **2.** Apertar entre os dedos unha porción de pel, carne ou de calquera outra cousa; pelizcar.

pizco. V. pizca 1ª acep. **2.** V. pelizcón (Vilanova de Ozcos).

pizcozo* → pescozo.

pizpilleiro. s. m. Pau transversal que suxeita as orelleiras do arado (Vilar de Cendias, Vilarmeirín).

pizpineiro. s. m. Parte superior dunha botella ou doutros recipientes como xarros, xarras e vasillas. **2.** V. pipelo 1ª acep. **3.** V. pizpilleiro. **4.** V. pizpiñeiro 2ª acep.

pizpiñeiro. s. m. Especie de *pipelo* do candil. **2.** Traveseiro do *vasadoiro*. **3.** V. pipelo 1ª acep. **4.** V. pizpilleiro (San Martín de Ozcos). **5.** V. pipelo 2ª acep. (Santalla de Ozcos). **6.** V. pizpineiro 1ª acep.
pixarolín. s. m. Órgano xenital masculino.
pixarratos. V. galo 3ª acep. (As Figueiras).
pixo. s. m. Órgano xenital masculino. // ***Pixo dereto* nun cre en *Dios*.** Refrán que alude a que cando un home se excita sexualmente, a relixión sobra. **2.** Figuradamente, refírese aos homes lacazáns.
placa. s. f. Lámina, prancha de metal ou plástico que se aplica normalmente sobre unha superficie.
placio. s. m. Período de nove meses no que unha vaca tarda en parir (Os Ozcos); pracio. // ***Salir* el *placio*.** Cumprirse o período que tarda unha vaca en parir.
plado* → prado.
plaga* → praga.
plaia* → praia.
plan[1]. s. m. Intento, proxecto, idea. **2.** Actitude.
plan[2]. s. m. Fondo dunha embarcación (As Figueiras, El Franco). // **A plan.** Nunha embarcación, poñer a pesca na cuberta sen medida nin orde (As Figueiras); a lastre.
plana. s. f. Folla de papel.
plancha* → prancha.
planchada* → pranchada.
planchar* → pranchar.
planchón* → pranchón.
planear. v. Sustentarse no aire unha ave coas ás estendidas.
planiar. v. Trazar o plan de algo.
plano[1]. s. m. Parte ancha dunha táboa (Tapia de Casarego).
plano[2], -a. adx. Chan.
planta. s. f. Vexetal, normalmente de tamaño pequeno e talo non leñoso. **2.** Parte inferior do pé, coa que se pisa. **3.** Plano dun edificio, un obxecto etc. // **Planta da luz.** Pequena central hidroeléctrica (Taramundi, Os Ozcos).
plantación. s. f. (pl. plantaciois). Terreo plantado de árbores e plantas. **2.** Conxunto de vexetais plantados.
plantado, -a. adx. Metido na terra para que medre.
plantar. v. Meter na terra un vexetal para que bote raíces e medre. **2.** Poñer, colocar. **3.** prnl. Chegar a un sitio con moita rapidez. **4.** prnl. Poñerse diante dunha persoa ou enfrontarse a ela.
plante. s. m. Figura, altura.
plantear. v. Presentar, expoñer, suscitar.
Obs. Trátase dun castelanismo.
planteira. s. f. Planta.
plantía. s. f. Planta pequena.
plantiar. V. plantear.
Obs. Trátase dun castelanismo.
plantón. s. m. Espera longa e inútil.
plañideira. s. f. Muller chamada e pagada que ía chorando nos enterros.
Obs. Trátase dun castelanismo.
plasmar* → pasmar.
plastamada. s. f. Cousa branda, esmagada e pegañenta.
plata* → prata.
platado* → pratado.
platadín* → pratadín.
plateado*, -a → prateado.
plática. s. f. Sermón curto e superficial na misa. **2.** Conversación. // ***Tar* de *plática*.** Conversar, falar.
platicar. v. Conversar, falar.
plático*, -a → práctico.
platieiro*, -a → pratieiro.
platillo. s. m. No muíño, enganche da peneira.
Obs. Trátase dun castelanismo.
platina. s. f. Peza ou soporte de ferro planos.
plato* → prato.
plaza* → praza.
plega* → prega.
pleitiar. V. preitiar.
pleito. V. preito.
plesa* → presa.
plexiglás. s. m. Peza de vestir impermeable.
plimo*, -a → primo.
plomo* → chombo 1ª acep.
pleure. s. f. Inflamación da pleura.
plizca* → pizca 1ª acep.
pluma. s. f. Excrecencia córnea da pel que cobre o corpo das aves. **2.** Instrumento para escribir sobre o papel, antigamente de pluma dun paxaro e hoxe en día cun mango e unha lámina metálica. **3.** Grúa que serve para erguer vultos (Tapia de Casarego, El Franco). **4.** Parte interior calcaria dunha lura (As Figueiras). **5.** Cacea que se utiliza para pescar robalizas. // **A pluma.** Cunha grúa. // **Pluma del pino.** Folla do piñeiro.
plumada. s. f. Conxunto de plumas. **2.** Acción de facer algo dunha soa vez con rapidez cunha pluma de escribir.
plumar. v. Botar plumas as aves.
plumaxe. s. f. Conxunto de plumas dunha ave.
plumeiro. s. m. Obxecto con mango e plumas que serve para limpar o po. **2.** Conxunto de ás salgadas e curadas que se usan para limpar (Allande).

plumín. s. m. Punta metálica da pluma. **2.** Lixo, po, peluxe.
po* → pro.
po! interx. Expresa dúbida, incredulidade, menosprezo, indiferenza.
po-pá! V. po!
po-pa-raia! V. po!
po-poro-pó! interx. Indica desprezo, indiferenza e adoita utilizarse para rematar unha discusión.
pobín. s. m. Viga traseira dunha *rabona*. **2.** Pequena viga de madeira de forma curva, que se axeitaba entre as treitoiras dun carro (enriba das pértegas) e suxeita cun pau á parte anterior da cabezoalla, servía para que se puidese transportar leña ou madeira ou soster unha cuba.
poblado, -a. adx. O que está habitado. **2.** s. m. Lugar habitado.
poblema* → problema.
poblo. s. m. Conxunto de casas, máis grande que unha aldea pero máis pequeno que unha vila. **2.** Colectividade de homes e mulleres unidos por un territorio, lingua, cultura ou historia. **3.** Xente corrente.
pobre. adx. e s. m. e f. Que non ten o necesario para vivir. **2.** Mendigo. **3.** Infeliz, triste. **4.** Escaso. // **Meu pobre.** Expresión cariñosa. // **O (el) pobre e o (el) muíño (molín) andando *ganan*.** Refrán que indica que movéndose o pobre e o muíño gañan para vivir (Santiso de Abres). // **Pobre das portas.** Persoa que vai pedindo de porta en porta. // ***Pral* pobre sempre é noite.** Refrán que alude a que o pobre sempre seguerá sendo pobre. // **Ser *más* pobre que as arañas.** Ser moi pobre.
pobre! interx. Expresa lástima (*Pobre da muller agora que quedou sin home!*).
pobreza. s. f. Calidade de pobre. **2.** Necesidade. **3.** Escaseza. **4.** Pequenez.
pobro. V. poblo (Castropol).
pócaro, pócaro! interx. Voz que se emprega para chamar os cochos.
poceira. s. f. Charco formado por auga detida; poza 1ª acep. **2.** V. cama 3ª acep. **3.** V. xunqueira 3ª acep. **4.** Pozo nunha praia. **5.** Furado para plantar unha árbore. // ***Salir* duha poceira i meterse nuha *llagúa*.** Ir de mal en peor (Boal).
poceiría. s. f. Poza pequena.
poceiro. s. m. Persoa que tiña como oficio facer pozos. **2.** V. cama 3ª acep.
poceirón. s. m. (pl. poceirois). Poza grande.
poceirúa. s. f. Poceira grande.
pocha. s. f. Sargo novo (Tapia de Casarego). **2.** Cría do sargo (Tapia de Casarego).
pocillado. s. m. Contido que cabe nun *pocillo*.
pocillo. s. m. Cunca moi pequena, cunha asa, que normalmente utilízase para tomar café.
Obs. Trátase dun castelanismo.
pociar. v. Facer pozas.
pocín. s. m. Pozo pequeno.
poda. s. f. Acción de podar. **2.** Tempo no que se fai a poda. **3.** Cacho que se obtén ao golpear ou cortar a madeira e que se usa normalmente para leña. **3.** Estela que sae de labrar a madeira cando se alisa.
podadeira. s. f. Instrumento cortante que se emprega para podar as árbores e as vides, estando formada por unha folla curvada con mango.
podadura. V. poda.
podar. v. Cortar as ramas das árbores ou das plantas para que estas medren.
podencia. s. f. Poder, capacidade económica.
podenco. s. m. Can de tamaño máis pequeno e forte que o lebrel, moi apto para a caza.
poder. v. Ser capaz física ou mentalmente de facer algo. **2.** s. m. Dominio, autoridade (*Ela quería el poder pra xebrarse del home*). **3.** s. m. Autorización xurídica para actuar no nome doutra persoa. **4.** s. m. Facultade ou capacidade para facer algo (*A bruxa da Brañavara tía muitos poderes*). // **A poder de.** A forza de (*A poder de tempo*). // ***Fer* un poder.** Facer un esforzo. // ***Nun* poder consigo.** Estar sen forzas ou ánimos. // ***Nun* poder parar.** Non acougar. // ***Nun* poder ver a alguén.** Aborrecer a unha persoa. // ***Poda* que.** Se cadra. // **Pode que.** Se cadra. // **Pode (ser).** Quizais. // **Poder + infinitivo.** Perífrase verbal que expresa certo consello ou obrigación (*Podes poñer alí el prato*).
podía. s. f. Poda pequena.
podín. V. fiador 2ª acep.
podo. s. m. Conxunto de pequenos cachos de ramas podadas (Navia).
podón. s. m. (pl. podois). Ferramenta cortante de mango longo que no extremo ten unha folla grande e curvada, que se utiliza para rozar, especialmente toxo, podar ou cortar leña (Ibias, Os Ozcos, Taramundi).
podre. adx. Que está en descomposición.
podrecer. v. Converterse en podre. **2.** Descompoñerse.

podrén. s. f. Descomposición dunha materia orgánica.
podrico. s. m. Madeira de mala calidade (Allande).
podrido, -a → podre.
podrir → podrecer.
poer. V. poñer.
poes* → pois.
poia. s. f. No xogo dos *bólos*, pedra desde onde tira o xogador.
poiada. V. poiato.
poiar. V. poxar.
poiata. s. f. Parede baixa que serve para sentar. **2.** Banzo na entrada dunha porta. **3.** V. poio 1ª e 4ª acep. **4.** Táboa que se pon ao rematar a escaleira dun hórreo ou dunha *panera* para subirse (Villaión).
poiato. s. m. Banzo dunha escaleira (Villaión).
poio. s. m. Asento de pedra arrimado á parede. **2.** Repisa interior dunha ventá que hai nas casas tradicionais. **3**. Pedra ou lugar planos onde se pode pousar algo. **4.** Especie de portal diante da porta das *paneras* (El Valledor). **5.** V. tineiro. **6.** Repisa para colocar a comida do gando (San Martín de Ozcos). **7.** Lugar alto para subir.
pois. conx. causal, porque. **2.** Causalidade, por conseguinte, conque. **3.** Polo tanto. // **I pois?** Voz de saúdo e pregunta.
pol* → polo.
pola[1]. (pl. polas). Contracción da preposición *por* e o artigo feminino singular *a*.
pola[2]. s. f. Galiña nova.
póla. s. f. Rama dunha árbore ou unha planta (Abres). // **Andar de póla en póla.** Ter relacións amorosas ou sexuais pasaxeiras.
polacra. s. f. Buque de cruz, de dous ou tres paus enteirizos, que navegaba antigamente pola ría de Ribadeo.
polaina. s. f. Especie de calza ou media que cobre a perna e que se abrocha externamente. Usábase tamén de coiro para montar a cabalo e protexer así os calzóns.
polavila. s. f. Reunión de xente de varias casas ou familias arredor do lume para falar pola noite, fiar nas noites de inverno, comer, cantar, bailar etc., como acontecía en moitos concellos do Eo-Navia. **2.** Visita nocturna en inverno (San Martín de Ozcos).
polavilla. V. polavila 1ª acep.
polca. s. f. Danza de compás binario, orixinaria de Centroeuropa, que se estendeu no século XIX. Entre elas destaca a polca dos Ozcos.
polea. s. f. Roda acanalada e móbil, colocada nun eixe e pola que corre unha corda que ergue pesos, como nun pozo, nunha máquina de mallar etc.
poleadoiro. s. m. Polea que se utilizaba para erguer os montóns de algas.
poleano. adx. e s. Alcume popular que reciben os de San Paio (A Pontenova).
polear. v. apoliar.
polego. s. m. Planta herbácea, anual, da familia das labiadas, de dez a trinta metros de altura, con talos rastreiros, follas opostas e dentadas, e flores pequenas, de color rosada, violácea ou branca (*Mentha pulegium*), (Abres).
poleiro. s. m. Pau que se pon para que se coloquen as pitas para durmir. **2.** Por extensión, lugar onde se colocan as pitas. **3.** Peito da muller (Tapia de Casarego). // ***Nun* chega al poleiro.** Dise cando alguén non ten boa saúde e pode morrer. // ***Nun sube* al poleiro.** V. nun chega al poleiro.
polenta. s. f. Papas.
polgada. s. f. Medida de lonxitude que equivale aproximadamente a dous centímetros e medio.
polgar. s. m. Dedo primeiro e máis groso da man que pode adoptar unha posición oposta aos demais; matapiollos.
polí, polí, polí! interx. Voz que se usa para chamar os pitos pequenos (Santalla de Ozcos).
polía. V. polea.
poliar. V. apoliar.
polieiro. V. poleiro. // **Subir al poleiro.** Estar enfermo.
polilla. s. f. Nome común de diversos insectos lepidópteros de pequeno tamaño, pertencentes ás familias tineidos, hiponoméutidos, xeléquidos e pirálidos (*Tinea sp.*, *Gelleria sp.*, *Ephestia sp.*, *Asopia sp.* etc.), que producen dano na roupa, madeira etc. **2.** Larva destes insectos. **3.** Xogo de nenos, variedade da pita cega, no que se belisca a un xogador cos ollos pechados e débese acertar quen o fixo (Abres).
Obs. Trátase dun castelanismo.
políteca* → política.
política. s. f. Práctica do goberno das sociedades humanas.
político, -a. adx. e s. Parentesco creado polo vínculo do matrimonio. **2.** Aplícase á persoa con habilidade. // ***Tar* político (política) con.** Non ter boas relacións cunha persoa.
póliza. s. f. Documento acreditativo de formalización dun contrato.
polla[1]. V. pola[1].

polla[2]. V. pola[2].
polla[3]. s. f. Órgano xenital masculino.
Obs. Trátase dun castelanismo.
polla[4]. V. poxa 3ª acep.
pollacasa. s. f. Vestíbulo, entrada á cociña dunha casa (Allande).
pollavilla. V. polavila.
polleiro. V. poleiro 1ª e 2ª acep. **2.** adx. Aplícase ao rapaz débil e enfermizo. // ***Nun* chegar al *polleiro*.** Non alcanzar un determinado obxectivo ou un éxito.
pollín[1]. s. m. Diminutivo de *pollo*[1] (polo).
pollín[2], -ina. s. m. e f. Burro. **2.** adx. Parvo.
pollinada. s. f. Parvada.
pollo[1]. V. polo[1].
pollo[2]. V. polo[2].
pollo[3]. V. piollo. // **Pollo pato.** Insecto anopluro ectoparasito dos seres humanos, de entre un e tres milímetros de lonxitude, case redondo, aplanado e de color amarelado (*Pthirus pubis*), (Grandas de Salime). // ***Si* saltan os pollos, que farán as pulgas.** Refrán que indica en sentido figurado que cando se rebelan certas persoas, que farán outras.
polmón* → pulmón.
polmonía* → pulmonía.
polmueira. s. f. Terreo de fondo, que non recibe ben a auga, xa que a súa terra é moi esponxosa (San Martín de Ozcos).
polo[1]. (pl. polos). Contracción da preposición *por* e o artigo masculino singular *o*.
polo[2]. Contracción da preposición *por* e o artigo neutro *o* (*Polo que se viu tan xuntos*).
polo[3]. s. m. Cría dunha ave, especialmente a da galiña. **2.** Galo novo. // **Queres asar o polo e inda non *faciche* el forno.** Refrán que alude a facer as cousas nunha orde contraria á lóxica.
polpa. s. f. Parte carnosa e branda da perna ou do pé. **2.** Carne.
poltraco. s. m. *Poltro*.
poltrín. s. m. Cría do cabalo recentemente nacida.
poltro, -a. s. m. e f. Cabalo ou egua novos, de menos de catro ou cinco anos. **2.** V. poltrín. // **Poltro quinceno.** O de máis dun ano e menos de ano e medio.
poltrón, -úa. adx. Folgazán.
poltrúa. s. f. Cadeira de brazos baixos, ancha e cómoda.
polvo. s. m. Masa de partículas de terra seca que cobren o chan ou se elevan polo aire. **2.** Acto sexual. **3.** Restos de trigo sen gran antes de limpalo.
Obs. Trátase dun castelanismo.
pólvora. s. f. Mestura inflamable e explosiva, composta de salitre, carbón e xofre. // ***Nun* ser dos que inventaron a pólvora.** Ser pouco traballador. **2.** Non ser moi listo.
polvoreda. s. f. Cantidade de po (*polvo*) que se ergue da terra, movida polo vento ou por outra causa calquera.
Obs. Trátase dun castelanismo.
polvoriar. v. Nevar con vento (San Martín de Ozcos).
Obs. Trátase dun castelanismo.
polvorín. s. m. Xistra con neve (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos, Allande).
Obs. Trátase dun castelanismo.
pomar. s. m. Terreo onde hai plantadas maceiras (Villaión). **2.** V. mazaneiro (Ibias).
pomarada. s. f. Terreo cheo de maceiras.
pomba. V. palomba (Os Coutos).
pombela. V. palombela (Santalla de Ozcos).
pombo. s. m. Peixe raiforme da familia dos dasiátidos, de até dous metros de lonxitude, con corpo elíptico, aletas peitorais redondeadas que se unen por diante do rostro, e cola moi longa e delgada, que presenta cara á metade un longo aguillón velenoso con bordos serrados. A súa coloración é amarela ou gris verdeal na cara dorsal (*Dasyatis pastinaca*), (As Figueiras). **2.** Peixe raiforme da familia dos dasiátidos, que pode acadar os dous metros e medio de lonxitude, co corpo comprimido, pel lisa con partes espiñentas e aguillóns velenosos. O seu dorso é escuro e o ventre abrancazado (*Dasyatis aspera*), (As Figueiras).
pomo. s. m. Óso da meixela (Castropol).
pompurrullainas. V. pumpurrullainas.
ponche. s. m. Bebida alcohólica elaborada con licores diversos, auga, limón e azucre. **2.** Mestura de leite fervido con augardente, coñac, mel ou ovo, que se emprega como menciña caseira.
poncho. s. m. Peza de roupa de abrigo de forma cadrada e sen mangas cun furado no centro para meter a cabeza.
ponderar. v. Destacar o bo de algo.
poniente. s. m. Occidente. **2.** Vento que sopra da parte occidental.
Obs. Trátase dun castelanismo.
ponte. s. f. Construción que xunta dous lugares separados por un accidente do terreo (río, val etc.), podendo ser de diferentes materiais (pedra, madeira, metálico etc.). **2.** Parte da sola da galocha situada entre o calcaño e a punta. **3.** Parte central do xugo que xunta as dúas *camelas*. **4.** Peza do muíño onde descansa o eixe. **5.** Cada unha das táboas que ten un *chalano* dun costado ao outro para sentar. **6.** Travesa da que

está suspendidos os *lizos* no tear. **7.** pl. Partes do batán (Vilanova de Ozcos). **8.** Cada unha das vigas paralelas dunha grade; traveseiro 1ª acep. // **Mal pola (*polla*) ponte, (i) peor polo río.** Refrán que indica que nun asunto non se ten elección. // **Ou pasas a ponte, ou pasas el río.** Refrán que indica que hai que facer unha cousa sen remedio.

pontello. s. m. Ponte estreita.

pontenovés, -a. adx. e s. m. e f. Natural da Pontenova. **2.** Pertencente ou relativo ao concello da Pontenova.

pontezola. s. f. No muíño, madeiro onde apoia o *sapo* e nel o rodicio (Allande).

pontica. V. pontigo 1ª acep.

pontiga. V. pontigo 1ª acep.

pontigo. s. m. Ponte pequena e estreita. **2.** Ponte de táboas que comunica unha casa coa entrada dunha *panera*.

pontigueira. V. pontigo 1ª acep. (Pezós).

pontín. s. m. Ponte pequena.

pontón. s. m. (pl. pontois). Viga de madeira para soster o lousado ou un piso dunha casa. **2.** Viga de madeira que forma a armazón do piso dun hórreo ou dunha *panera*. **3.** Embarcación que, amarrada nos portos, ten diversos usos, como o de almacén.

pontrón, -úa. V. poltrón.

pontuco. s. m. Ponte pequeno (Eilao).

poñedeiro. s. f. Lugar onde as aves poñen os seus ovos. **2.** Niño.

poñedora. adx. Aplícase á galiña que pon moitos ovos.

poñer. v. Colocar nun lugar ou situación unha persoa ou cousa. **2.** Depositar unha ave os seus ovos. **3.** Vestir (*Puxen aquela chaqueta*). **4.** Plantar (*Este ano puxemos patacas*). **5.** Cambiar (*El papel púxose amarelo*, *El día póxose escuro*). **6.** Escribir (*Púxenllo na carta*). **7.** Dar (*Conto vas poñer prá festa*?) **8.** Calzar (*Poñer os zapatos*). **9.** Impoñer (*Púxolle un castigo*). **10.** Indicar o camiño a alguén (*Poñelo no camín*). **11.** Prender un aparello (*Pon a televisión*). **12.** Dar nome (*Púxolle Xan ao neno*). **13.** Atender nun establecemento (*Póñolle alguhas mazás?*). **14.** Saír (*Esta galía tarda en poñer a pluma*). **15.** prnl. Amosar un carácter, unha disposición etc. (*Púxolle mala cara*). **16.** Inseminar (Tapia de Casarego). **17.** prnl. Facer algo (*Púxose a amañar a cama*). **18.** prnl. Aparecer (*Póxose el arco da vella*). **19.** prnl. Ocultarse un astro, normalmente o sol. // **Poñer a caer (*caier*) dun burro.** Insultar, rifar. // **Poñer a parir.** Falar moi mal dun. // **Poñer boca arriba.** Facer o acto sexual. // **Poñer de mal.** Anoxar a alguén. // **Poñer (*poer*) el santo.** Ofrecerse a un santo onde normalmente existe unha igrexa con reliquias dalgún. Asístese a unha misa e despois unha persoa coa figura do santo pona na cabeza ao que se ofrece e este bica o santo. // **Poñer en *bulina*.** Poñer a alguén en movemento (A Veiga). // **Poñer pingando.** Falar moi mal dun. // **Poñer por.** Dar por (*Ir a un médico que te poña por tolo*), (San Martín de Ozcos). // **Poñerse ben.** Recobrar a saúde. // **Poñerse encima.** Facer o acto sexual. // **Poñerse mal.** Enfermar. // **Poñerse pingando.** Mollarse. // **Poñerse rubio.** Poñerse a cara colorada de vergonza. // **Poñerse + a + infinitivo.** Perífrase verbal que expresa comezo dunha acción (*Púxose a facer a comida*).

poñesquero, -a. adx. Gracioso. **2.** Revoltoso, inquedo.

popa[1]. s. f. Parte traseira dunha embarcación. **2.** Cachas.

popa![2] V. poupa!

popá! V. poupa!

popel. s. m. Remeiro situado cerca da popa nunha embarcación.

popizo* → pupizo 1ª, 2ª e 3ª acep.

por. prep. Indica lugar onde (*Púxolos pola casa*). **2.** Por onde, a través de (*Pasou pola porta, Foi polo camín de Tol*). **3.** Tempo pouco preciso (*Polo mes de agosto tuveron el neno*). **4.** Medio ou modo (*Veu polo camín*). **5.** Duración (*Por un día nun lles deu tempo*). **6.** Finalidade (*Por facelo antes madrugou*). **7.** Causa (*Por nun comer, leváronche a comida*). **8.** Prezo, valor (*Deumo por cinco perras*). **9.** Opinión, consideración (*Tense por bon*). // **Al (a) por de.** En comparación de. // **Por + infinitivo.** Perífrase verbal que ten valor causal (*Por berrar, agora nun che toca*).

poravilla* → polavila.

porcallada. s. f. Conxunto de cousas sucias ou de aspecto desagradable.

porcebe. V. percebe.

porcelana. s. f. Substancia transparente e impermeable con caolín e feldespato que se usa na cerámica fina, normalmente na louza. **2.** Obxecto deste material.

porcelano. s. m. Obxecto de porcelana (Os Coutos).

porcesión* → procesión.

porción. s. f. (pl. porciois). Número indeterminado e de certa consideración de persoas ou cousas.

porco, -a. adx. Sucio (Navia). **2.** s. m. Cocho (Santalla de Ozcos, Abres, Ibias, Villaión).
porco bravo. V. xabaril (Boal, Ibias).
porco espín. V. razcacheiro (Coaña).
porco teixo. s. m. Mamífero carnívoro da familia dos mustélidos, duns trinta centímetros de altura e oitenta de lonxitude. A súa cabeza é aplanada, o fociño algo agudo, as orellas pequenas e redondeadas, os ollos medianos, o tronco macizo e as patas curtas e fortes con uñas longas e algo curvadas. A pelaxe é áspera e pouco espesa, de color gris no dorso e negra no ventre, as extremidades e o pescozo. A cabeza, de color branca, leva dúas anchas listas negras que empezan diante dos ollos (*Meles meles*), (Boal, Taramundi, Tapia de Casarego, Abres, Eilao, Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos, Santiso de Abres).
porco texo. V. porco teixo.
porcón, -a, -úa. adx. Moi sucio.
porconzón, -a. adx. Moi sucio.
pordioseiro, -a. adx. Que pide esmola.
Obs. Trátase dun castelanismo.
porfía. s. f. Discusión obsesiva. // ***Fer* a porfía.** Molestar adrede (Navia).
porfiado, -a. adx. Discutido, insistido.
porfiar. v. Disputar, insistir con obsesión.
porfillar. V. prefillar.
porfión, -a. adx. Aplícase á persoa que lle gusta porfiar.
porla. s. f. Punto onde se cruzan dúas raias de adorno dunha galocha (San Martín de Ozcos).
porondado, -a. adx. Aplícase á persoa que ten as orellas grandes e cara a adiante.
porondar. v. Colgar.
porondeiro. s. m. Lugar para colgar algunha cousa; colgadoiro, colgadeiro. **2.** Lugar alto de difícil acceso. **3.** Obxecto que colga dalgún lugar.
porondico. s. m. Lugar alto con respecto ao que hai arredor, outeiro (El Franco, Tapia de Casarego).
porondio (de). loc. De xeito razoable (*Non é de porondio*). **2.** De broma, sen seriedade ningunha.
porondón. s. m. (pl. porondois). Testículo (Castropol). // **Al porondón.** A rastras. **2.** Colgando.
poronduxo. s. m. Cada un dos fíos que colgan dunha peza de roupa usada (Serandías).
po-poro-pó! interx. Expresa indiferenza, desprezo, incredulidade.
porque. conx. Introduce unha oración subordinada que indica a causa ou a finalidade da acción expresada na proposición principal.
porqueiría. s. m. Sucidade. **2.** Cousa de escaso valor.
porquería. V. porqueiría 1ª acep. (Navia).
porquín. s. m. Diminutivo de porco.
porra. s. f. *Maza* de madeira dura con forma cilíndrica cun ollo no centro para o mango, que utilizaban os ferreiros para facer garfelas e cazos.
porrada. s. f. Cantidade considerable de cousas. // **A porradas.** De xeito abundante.
porrela. V. purrela 1ª acep. ***2.*** Porcallada (*Fuma muita porrela*). **3.** Conxunto de restos de tabaco de escaso valor.
porreluda. adx. Dise da planta que nace con moito vigor (Seares).
porreta. s. f. Parte alta do talo do millo que permanece máis verde que o resto da planta. **2.** Talo de allos e cebolas; porreto 2ª acep. // **En porreta.** Espido.
porretego. V. porreto 4ª acep.
porreteiro. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Tremado (Allande).
porretiar. v. Agromar unha cebola.
porreto. s. m. Herba anual ou bienal, da familia das liliáceas, cunha aparencia grande de allo. Ten un bulbo delgado, un talo de 60-115 centímetros de altura, follas planas e macizas e flores brancas ou rosadas (*Allium porrum*). **2.** Talo da cebola ou do allo; porreta 2ª acep. **3.** Folla recente da cebola ou do porro. **4.** Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Coea (Navia de Suarna), porque plantaban moitos porros e vendíanos nas feiras.
porrica (en). loc. Espido.
porricas (en). loc. Espido.
porrilla. s. f. *Maza* pequena de ferro.
porro. s. m. Madeira de xeito horizontal que está metida na *imina* e que forma parte dun batán. **2.** V. porrón 1ª acep. **3.** Nos xogos ou na orde de colocación, o último (Coaña, Navia). **4.** Planta pequena da cebola. **5.** V. mazo 1ª acep.
porrón. s. m. (pl. porrois). Vasilla de barro ou cristal, máis avultada no medio, con asa e cunha boca ou dúas, que serve para levar líquidos. **2.** Gran cantidade de algo (*Un porrón de xente*). **3.** Nun mazo, *maza* grande de madeira para apertar os pechos, axustar as cuñas etc. (Santalla de Ozcos).
porta. s. f. Abertura feita nunha parede, nun muro etc., dunha construción (casa, *cortín*, pallar, hórreo, cabazo etc.), para entrar e saír. As antigas constaban de

dúas follas, deixando normalmente aberta a de encima. **2.** Peza ou pezas de diversos materiais que, axeitados a esta abertura, permiten ou impiden o paso. **3.** Entrada, abertura de acceso a un lugar. **4.** Media folla inferior das portas que teñen dúas partes de madeira. **5.** Entrada ou comezo de algo (*Tá ás portas de caer*). **6.** Peza que abre ou pecha en mobles e outros obxectos. **7.** Entrada dun trobo (Santalla de Ozcos). **8.** Peza pequena de metal, que abre ou pecha a abertura que está na parte central dun tambor de asar castañas e que serve para introducilas dentro ou sacalas. **9.** Peza que abre ou pecha a boca do forno. **10.** Noutros concellos do Eo-Navia, media folla superior das portas que teñen dúas partes de madeira. // **Á porta do rezador non poñas o trigo ao sol.** Refrán que se refire a que non se pode fiar un de ninguén, nin do que reza nin do que non reza (Santiso de Abres). // **Ao (al) pé da porta.** Veciño, xunto a. // **Da porta pechada, el demo se volve.** Refrán que explica que hai que evitar as situacións perigosas e non dar facilidades a quen nos pode facer mal. // **Dar gado á porta.** Entregar cabras e ovellas a outra persoa para que as coide, repartíndose logo a produción a partes iguais. // **Na porta del rezador *nun* (non) poñas el trigo al sol, na (i) del que *nun* (non) reza nada, nin (el) trigo nin (a) cebada.** V. Á porta do rezador non poñas o trigo ao sol (Boal). // **Pasar el Sol pola (*polla*) porta.** Non casar. // **Pasar pola porta.** Darse unha condición favorable (*Nun lle pasaba outra igual pola porta en muito tempo*). // **Pecha a porta, que escapa el gato.** Refrán que indica que hai que pechar a porta, para que non entre o frío. // **Por *San Andrés*, á porta a ves.** Por Santo André (30 de novembro) ves xa na porta da casa a neve. // **Porta carreteira.** Porta por onde entra un carro. // **Porta con porta.** Veciño. // **Porta das abellas.** Furado pequeno que teñen os trobos para que entren as abellas; aldiadeiro. // **Porta de *baxo*.** Parte de abaixo dunha porta de dúas follas. // **Porta de riba.** Parte de enriba dunha porta de dúas follas. // **Porta del forno.** Lugar do forno por onde se atiza e se recolle o pan, as empanadas etc. // **Porta del *horro*.** Pequena porta pola que se accede ao interior da cámara do hórreo. // ***Probe* das portas.** Vagabundo; pobre das portas. // **Vivir porta con porta.** Ser veciño.

portada. s. f. Porta grande que, normalmente, pecha o curral ou o muro de certas casas, como as señoriais, que presentan un ou máis ocos. **2.** Porta grande con dúas follas, unha fixa e outra móbil.

porta-ferramentas. s. m. pl. Estrutura de madeira, normalmente moi basta, onde os ferreiros poñen as ferramentas.

portalada* → portada.

portalón. s. m. Abertura nun lateral dun barco mercante que serve para embarcar e desembarcar persoas e cousas.

portar. v. Estirar un cabo ou un cable.

portavultos. s. m. Parte dun vehículo destinada a levar a equipaxe.

portazo. s. m. Golpe que se dá cunha porta ou cando esta se move polo vento.

porteiría. s. f. Lugar dun edificio onde está o porteiro. **2.** No xogo do fútbol e outros semellantes, marco rectangular formado por dous postes e un *largueiro*, polo que ten que entrar o balón para marcar puntos.

porteiro, -a. s. m. e f. Persoa que levaba os recados dun concello. **2.** Persoa que vixía a porta ou entrada dunha casa, oficina etc. **3.** Nalgúns deportes, xogador que defende a portería.

portela. s. f. Porta pequena á que se accede a unha leira, horto etc., e que normalmente é para unha soa persoa ou un animal; portelo 2ª acep. **2.** V. portelo 1ª acep.

portelada* → portada.

porteleira. s. f. Porta que se coloca na parte traseira do carro para zarrar a caixa.

porteleiro. s. m. Abertura que dá paso a unha terra ou a un prado pechada con un ou dous chantos. **2.** Porta da *corripa* que se fai derrubando ou erguendo un cacho de parede ou excepcionalmente con *ántolas* e baldóns.

portella. V. portela 1ª e 2ª acep.

portelleira. V. porteleira.

portelleiro. V. porteleiro 1ª e 2ª acep.

portello. s. m. Lacena. **2.** V. portelo 1ª e 2ª acep.

portelo. s. m. Media folla superior das portas que teñen dúas partes. **2.** V. portela 1ª acep. **3.** Por extensión, porta de dúas follas (Castropol). **4.** Nunha bodega de ferreiro, porta pequena sobre unha folla de madeira (Taramundi).
Obs. Na primeira acepción, dependendo do concello do Eo-Navia pode ser a folla inferior ou a superior da porta.

portexo, -a. adx. e s. m. e f. Natural de El Porto (El Franco). **2.** Pertencente ou

relativo á localidade de El Porto (El Franco).

portía. s. f. Porta pequena.

portilleira* → portelleira.

portilleiro* → portelleiro.

portiquín. s. m. Porto pequeno.

porto. s. m. Abrigo natural ou artificial para refuxio de embarcacións ou para operacións de carga e descarga destas. **2.** Paso estreito entre montañas. **3.** No xogo das *escondidas*, lugar onde está o neno que apanda; madre 9ª acep.

portón. s. m. (pl. portois). Porta grande de madeira ou outro material que dá acceso á *corrada* da casa ou a outras dependencias.

portúa. s. f. Porta grande.

portuario, -a. adx. Relativo ou pertencente a un porto de mar. **2.** s. m. Persoa encargada nun porto de mar de diversos labores.

portugués, -a. adx. e s. m. e f. Natural de Portugal. No Eo-Navia viñeron de xeito especial a traballar na madeira serrándoa a man ou nas obras do camiño de ferro. **2.** Pertencente ou relativo a Portugal. **3.** Lingua románica que forma parte da familia galego-portuguesa, onde se inclúe o Eo-Navia, Galicia, O Bierzo occidental, As Portelas, puntos de Estremadura, e que se fala en Portugal, Brasil, Angola, Guiné-Bissau, Moçambique, Cabo Verde, São Tomé e Príncipe, Timor-Leste, Macau, Goa, Damão e Diu. **4.** s. f. Castaña pequena (Os Coutos). **5.** adx. Dise da mazaroca que ten algunha fileira con grans mouros (San Martín de Ozcos).

portuxo. s. m. Media folla inferior das portas que teñen dúas partes (A Veiga). **2.** V. portela 1ª acep. (San Martín de Ozcos).
Obs. Dependendo do concello do Eo-Navia pode ser a folla inferior ou a superior da porta.

porundar* → porondar.

porundón* (al) → porondón (al) 2ª acep.

porvenir* → porvir.

porvir. s. m. Futuro.

pos. V. pois. // **Non *pos*!** Indica advertencia ou desafío.

pos...! interx. Indica sorpresa.

poseído, -a. adx. Dise do que está dominado por algo (Castropol).
Obs. Trátase dun castelanismo.

posguerra. s. f. Despois da guerra.

posibilidá. s. f. Calidade do posible.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

posible. adx. Que pode ser. **2.** s. m. pl. Bens que posúe unha persoa. // **Facer os posibles.** Esforzarse por lograr algo.

posibre* → posible.

pósito. s. m. Tipo de asociación formada para a cooperación entre xente humilde, como os pescadores para a venda de produtos de pesca, cooperativa de efectos pesqueiros, fundación de caixas de préstamos, socorros mutuos etc. (Abres, Tapia de Casarego, As Figueiras).

pospoer. V. pospoñer.

pospoñer. v. Deixar para máis tarde. **2.** Poñer despois de.

pospuer. V. pospoñer.

posta[1]. s. f. Acción de poñer, como os ovos unha ave. **2.** Lugar axeitado para pescar (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira).

posta[2]. s. f. Munición de calibre máis groso que o perdigón. // **Como uha posta.** De xeito moi rápido (*Cruzou como uha posta*).

postal. s. m. Lugar axeitado no río para pescar (San Martín de Ozcos).

postalella. s. f. Aparello montado nos regos para capturar troitas que soben a desovar ou que baixan despois de facelo.

poste. s. m. Soporte vertical de madeira, ferro, cemento etc., chantado no chan.

postear. v. Cubrir o macho á femia.

postella. V. caspola 1ª acep.

postema. V. posteuma.

posteuma. s. f. Líquido espeso amarelo formado por leucocitos que botan os tecidos inflamados, as feridas etc.; materia, pus.

postiar. v. Nas cabalerías, cubrir o macho á femia (Boal, Villaión).

postigo. s. m. Ventá para meter a herba nun pallar (Allande).

posto, -a. adx. Colocado, disposto. // **Posto que.** Porque, dado que. // **Telos (*tellos*) ben postos.** Dise da persoa firme, decidida. **2.** Dise da persoa sen vergonza ningunha.

postoiro. s. m. Lugar onde se amontoan as algas despois de recollelas. **2.** Lugar para pescar (Castropol, Tapia de Casarego). **3.** Tempo que se emprega para pescar (As Figueiras).

postrarse. v. prnl. Perder o ánimo ou as forzas por debilidade, cansazo etc.

postre. s. m. No xogo dos *bólos*, o último xogador que tira.
Obs. Trátase dun castelanismo.

postreiro, -a. adx. Último (Allande, Navia).

postura. s. f. Actitude, situación. **2.** Doenza dunha parte do corpo. **3.** Acción de poñerse unha peza de vestir. **4.** No xogo da *patefa*, aposta de diñeiro ou outra prenda que se pon enriba do *tasco*.

pota[1]. s. f. Recipiente redondo, de barro ou metal, con unha ou dúas asas, que se utiliza para cociñar. **2.** Automóbil vello.

pota[2]. s. f. Molusco cefalópodo semellante á lura, que pode chegar a medir até sesenta centímetros de lonxitude, con corpo con forma de torpedo e con dúas aletas de case un terzo da lonxitude total. Ademais conta con dous tentáculos longos que non son retráctiles e sempre visibles. A súa coloración é parda ou violácea (*Ommatostrephes sagittatus*).

potada. s. f. Contido que cabe nunha pota. **2.** Pota chea de algo. **3.** No xogo da *bolicha* ou da *patefa*, cantidade de moedas que hai nunha *postura*.

potado. s. m. Contido que cabe nun pote ou pota. **2.** Pote ou pota cheos até o bordo.

potarro. V. pota[2] (El Franco, Ortigueira). **2.** Pota[2] grande. **3.** Molusco cefalópodo, da familia *Ommastrephidae*, duns trinta e cinco centímetros de lonxitude, co corpo alongado, dez tentáculos e aletas romboidais. A súa coloración é amarela vermella con tons violáceos (*Illex coindeti*), (El Franco).

potaxada. s. f. Mestura de comida.

potaxe. s. f. Comida que se fai no pote. **2.** Caldo feito con diferentes ingredientes, especialmente patacas, rabizas, fabas, touciño, compango e embutidos.

potaxeiro, -a. adx. O que se afai a calquera comida. **2.** O que lle gusta a potaxe. **3.** V. compangueiro.

pote. s. m. Recipiente cilíndrico de ferro ou bronce, con barriga e dúas asas laterais pequenas unidas por outra para collelo e tres pés. Na parte de enriba ten unha tapa con asa para colgalo da gramalleira e usábase antigamente para cocer a comida, ou para conter ou quentar a brea que empregaban os calafates nas embarcacións. **2.** Por extensión, olas ou potas onde se prepara a comida. **3.** O contido que se come dentro destes recipientes. **4.** Parte dun alambique. **5.** No xogo da *bolicha*, conxunto de *bolichas* que se reservaban para xogar despois. **6.** No xogo das *leirías*, bóla primeira que se pon no centro. **7.** Cocido de patacas, verduras e carne de cocho. **8.** Por extensión, xogo das *leirías*. **9.** No xogo dos *chichos guapos*, conxunto destes que hai no chan (Boal). **10.** Prominencia arredondada dunha árbore, que ten uns pequenos cornos; cascarela. **11.** Golpe na cabeza. **12.** Vulto que sae por un golpe na cabeza. **13.** No xogo do *tres en raia*, gran ou pedra que se pon no medio (Villaión). // **Caber todo nel pote.** Valer todo (Tapia de Casarego). // **Dixo el pote á tixela, tente pra aló non me *enxobes*.** Refrán que se utiliza para censurar as persoas que critican un vicio ou un defecto que elas mesmas teñen (Tapia de Casarego, Castropol). // **Díxolle el pote á tixela, ponte *pra* aló que me ensucias.** V. Díxolle o pote á tixela, saca de aí non me tiñas. // **Díxolle a *tixella* al pote, ponte pra *alló* que me *dexobas*.** V. Díxolle o pote á tixela, saca de aí non me tiñas (Boal). // **Díxolle el pote á *tixella* (tixela), quítate de *eí* que me *dexobas*.** V. Díxolle o pote á tixela, saca de aí non me tiñas. // **Díxolle o pote á tixela, saca de aí non me *tiñas*.** Refrán que se utiliza para censurar as persoas que critican un vicio ou un defecto que elas mesmas teñen (Santiso de Abres). // ***Fer* pote.** Poder aproveitar unha cousa. // **Festa de pote.** Festa principal dunha localidade (El Franco).

potecada. s. f. Cantidade que cabe nun pote; potecado.

potecado. s. m. Contido dun pote ou unha pota.

potecón. s. m. Pote grande.

poteira. s. f. Aparello para pescar potas ou luras feito cunha serie de ganchos dispostos de xeito circular.

poteiro. s. m. Persoa ambulante que vendía potas, alambiques etc.

potera* → poteira.

potes. V. leirías.

potiquín. V. Tres en raia (Boal).

potín. s. m. Pote pequeno, que normalmente se usaba para o café.

potis. V. leirías.

potón. s. m. (pl. potois). Pota grande (San Martín de Ozcos).

potra. s. f. Sorte, casualidade.

potro. s. m. Aparato de madeira con varias táboas e ferros que serve para ferrar as cabalerías ou o gando vacún, ou para suxeitar a vaca para que a cubra o touro. **2.** Cabalo novo, de menos de catro ou cinco anos; poltro.

Obs. Trátase dun castelanismo.

pou! V. po!

pouchín. adx. Diminutivo de pouco (Boal).

pouco, -a. adx. e s. Escaso, en pequena cantidade. **2.** adv. Lentamente, en pequena cantidade. **3.** s. m. Breve período de tempo (*Hai pouco*). // **A (de) cada pouco.** En pouco tempo. // **A pouco i a pouco.** Lentamente. // **A pouco máis.** Case (*A pouco máis alagamos*), (Santalla de Ozcos). // **A pouco que.** Indica unha condición que se

ten que cumprir. // **Á pouco.** Hai pouco (Negueira de Muñiz). // **Al pouco.** En pouco tempo. // **Cada pouco.** Con frecuencia. // **De alí (*eilí*) a pouco.** En pouco tempo. // **De aquí (*eiquí*) a pouco.** En pouco tempo. // **De pouco.** Desde hai escaso tempo. **2.** Apenas. // **Poucas *gracias* i a ti que el digas.** Refrán que se utiliza para indicar que non é de admirarse que un faga unha cousa ou estea contento coa vida (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos). // **Pouco a pouco.** Lentamente. // **Pouco foi abondo.** Abondo pouco. // **Pouco i (a) pouco.** Lentamente. // **Pouco mal i ben queixado.** Refrán que se di cando o mal é pequeno. // **Pouco *más* dá, *toucín* que solá.** Refrán que indica que tanto dá unha cousa como outra. // ***Si* é *bon*, pouco basta, i *si* é ruín, *muito* sobra.** Refrán que alude a que é preferible a calidade que a cantidade. // **Un pouco (de).** Unha pequena cantidade de algo. // ***Val más* pouco i *bon*, que *muito* i ruín.** Refrán que alude a que é preferible a calidade que a cantidade.

poulla. V. mazaroca 1ª acep. (Coaña). // ***Poulla* pega.** V. pouña pega. // ***Poulla reina.*** V. pouña reina.

poullón, -úa. adx. Desanimado, apoucado.

pouña. V. mazaroca 1ª acep. (Coaña). // ***Pouña* pega.** Espiga de dúas colores, con grans brancos e negros ou brancos e colorados. // ***Pouña reina.*** Espiga con grans colorados.

poupa! interx. Voz que expresa admiración, sorpresa, desprezo, indiferenza etc.

poupia. adx. Idiota, parvo (Tapia de Casarego).

poupiar. v. Andar mal, palpando o terreo.

poupiúa. adx. Coxa (Castropol).

pouquenín* → pouquinín.

pouquín, -ía. adx. Moi pouco. **2.** Moi pouca cousa.

pouquinín, -ía. adx. (pl. pouquiníos). Moi pouco. // ***Pouquinín* a *pouquinín*.** Pouco a pouco.

pouquiño, -a. adx. Moi pouco (Taramundi, Os Coutos).

pouquitín, -ía. adx. Moi pouco.

pouquíos (a). loc. Lentamente, a cachos, pouco a pouco. **2.** En pequenos sorbos.

pousa. s. f. Tempo no que se descansa entre faena e faena. **2.** Saínte plano e amplo que sae dunha parede sobre o que se pode poñer a carga para descansar. **3.** Sorbo, grolo. **4.** Lugar onde se pode repousar. // **Duha pousa.** Dunha vez, dun trago. // **Pousa de andas.** Lugar nun cruce de camiños onde paraba o féretro nos enterros e o cura rezaba un responso polo eterno descanso do defunto. Diante do féretro ía unha muller portando na cabeza unha mesa negra, propiedade da Igrexa, que despois se poñía sobre o féretro, rezábase e a muller volvía collela para colocala de novo na cabeza. Esta operación volvíase repetir varias veces nos cruces de camiños. // **Pousa dos defuntos (*difuntos*).** Lugar onde se paraban os enterros para rezar un responso; pousa de andas.

pousa, pousa! interx. Voz que se utiliza para que se pouse un enxame de abellas, tirándolle ao mesmo tempo terra ou auga ou petando dúas pedras. Tamén pousa, abella, pousa!

pousada. s. f. Casa ou establecemento onde se pode comer ou durmir. **2.** Aloxamento que se dá a unha persoa. **3.** V. postoiro (Tapia de Casarego). // **Dar pousada.** Aloxar.

pousadeiras. s. f. pl. Nádegas.

pousadeiro, -a. s. m. e f. Persoa que ten ou rexenta unha pousada. **2.** Persoa que vive nunha pousada. **3.** V. pousadoiro.

pousado, -a. adx. Tranquilo. **2.** Posto nun lugar.

pousadoiro. s. m. Lugar onde se pon a carga para descansar.

pousafoles. s. m. pl. Casa ou familia disposta a atender necesidades alleas. **2.** Lousas que sobresaían da parede e que servían para pousar os sacos de fariña ou gran (Os Ozcos).

pousafolles. V. pousafoles. **2.** adx. Aplícase á persoa lenta e con preguiza. **3.** adx. Dise da persoa que conta chismes.

pousoma. adx. Dise da persoa apoucada, covarde (Boal); pousameaxeito.

pousamaxeito* → pousameaxeito.

pousameaxeito. s. m. Persoa moi tranquila. **2.** Persoa folgazana, preguiceira. **3.** Persoa delicada. **4.** Indeciso, tímido, apoucado. **5.** Parte posterior da planta do pé (Grandas de Salime, Castropol). **6.** Persoa que tarda moito en facer un traballo.

pousapotes. s. m. Utensilio de cociña para separar as potas da mesa.

pousar. v. Deixar ou soltar unha carga para descansar. **2.** Deixar, colocar, poñer unha cousa nun lugar determinado. **3.** Deterse unha ave, un insecto, un enxame etc., nun lugar ou obxecto determinados. **4.** Soportar ou asumir unha responsabilidade nun asunto (*Nese*

asunto todo pousa sobre min). **5.** Parir (Allande).

pousento. V. carboeiro 2ª acep.

pouso. s. m. Sedimento dun líquido envasado. **2.** Lugar onde se amontoaba a ouca. **3.** Muro onde senta a xente (Tapia de Casarego). **4.** Residuos do café, borra. **5.** Restos de algo. **6.** Lugar axeitado para pousar algo, como mineral nun porto. // ***Pouso* del pé.** Parte interior dunha galocha que se corresponde coa zona onde asenta o pé (San Martín de Ozcos).

pousoso, -a. adx. Aplícase á persoa lenta.

pouta. s. f. Pata dun animal de uñas fortes, especialmente a do gato ou das aves rapaces. **2.** Por extensión, man das persoas. **3.** V. pota[2] (Tapia de Casarego). **4.** V. poutada 1ª acep. (Castropol). // **Pouta loba (*lloba*).** s. f. Herba vivaz ou anual, de follas divididas en tres partes e flores regulares, brancas ou amarelas (*Rannunculus repens*). // **Pouta lobo.** V. pouta loba (Taramundi).

poutada. s. f. Pedra atada a dous paus de toxo ou madeira dispostos en forma de cruz que serve de áncora para algunhas embarcacións. **2.** Golpe que dá o gato coa pouta. **3.** Conxunto de útiles para pescar luras (*lulas*). **4.** Acción de pescar a man cun sedal ou cun anzol sen cana. **5.** Cada unha das pedras que se corresponden cos *cabeceiros* do palangre. **6.** Cada unha das dúas pedras que serven para afundir no mar unha volanta (Tapia de Casarego).

poutado, -a. adx. Moi tranquilo.

poutiar. v. Golpear unha embarcación co fondo do mar (Coaña).

pouxido, -a. adx. Mimado, coidado (Abres).

poval. s. m. Tipo de ferro que servía para facer cravos que se obtiña da refundición de chatarra.

povisa. V. puvisa 1ª, 2ª, 3ª e 4ª acep.

povisada. V. puvisada.

povisar. V. puvisar.

poviso. V. puviso 1ª e 2ª acep. **2.** V. puvisa 3ª e 4ª acep.

povixa. V. puvisa 1ª, 2ª, 3ª e 4ª acep.

poxa. s. f. Restos de palla, po ou espigas que quedan ao limpar o trigo, centeo, liño etc., ou ao cribar o gran. **2.** Doazón que ofrecen os fieis a un santo ou a unha santa, con xamóns, lacóns, galos, carne etc. **3.** Acto público no que se vende a quen dea máis por un produto ou normalmente polo gando. **4.** Cousa que non ten valor. **5.** Folla do piñeiro (Coaña). **6.** Peluxe que queda nos teares ao tecer liño ou la (San Martín de Ozcos). // **Ano de *poxa*, ano de *goxa*.** Refrán que alude ao ano no que hai moita palla para recoller en cestos.

poxador, -a. adx. O que poxa.

poxar. v. Aumentar o prezo dun obxecto en competencia con outros posibles compradores, nun acto público no que aquel se puxo á venda.

poza. s. f. Pequena cantidade de auga estancada nunha depresión ou concavidade no chan. **2.** Depresión ou concavidade formada pola acción da marea do mar nunha praia ou na area onde queda auga estancada. **3.** Furado no terreo ou en calquera superficie. **4.** Pozo nun río. **5.** V. poceira 5ª acep.

pozo. s. m. Construción tradicional que se escava verticalmente no terreo para obter auga. Ás veces é de planta cuadrangular ou rectangular cun pequeno lousado a dúas augas, porta para sacar o caldeiro e unha repisa para pousalo. Outras veces son de estrutura cilíndrica e tellado cónico. **2.** Presa do muíño. **3.** Estanque que se fai nas cabeceiras dos prados para regar. **4.** Lugar onde os ríos teñen maior profundidade. **5.** Furado profundo, aínda que estea seco. **6.** Lugar profundo no mar. **7.** V. pozón. // **Pozo da neve.** V. caseto da neve. // **Pozo de *heredeiros*.** Pozo compartido por varias casas.

pozó. adx. Dise da persoa torpe. **2.** Tímido, apoucado.

pozón. s. m. Poza grande no mar ou na terra. **2.** Pozo profundo e grande nun río.

pra. prep. Indica fin ou utilidade (*Necesitaba pedras pra faer el muro*, *Vai pra rico*). **2.** Punto de vista, opinión (*Pra el nun tá ben*). **3.** Dirección ou aproximación no espazo ou no tempo (*Vou pra Grandas*). **4.** Indica unha acción que se vai producir de inmediato (*Tá pra nacer*). // ***Pra* que.** A fin de que. // ***Pra* + infinitivo.** Perífrase verbal que expresa un valor final ou unha intención (*Pra saber hai que estudiar*, *Taban pra chegar os familiares*).

prá. (pl. prás). Contracción da preposición *pra* e o artigo feminino singular *a*.

praca* → placa.

pracenteiro, -a. adx. Que causa pracer, agradable.

pracer. s. m. Sensación agradable dos sentidos ou do ánimo.

pracio. V. placio (Santalla de Ozcos).

práctica. s. f. Destreza no exercicio de algo.

practicamente. adv. En realidade.

practicante. s. m. Axudante de médico, que normalmente era o que poñía as inxeccións.
practicar. v. Poñer en práctica unha cousa, exercitar.
práctico, -a. adx. Experimentado, que ten práctica. **2.** s. m. Persoa que polo seu coñecemento da zona por onde navega dirixe o rumbo dunha embarcación, podendo ser de costa ou de porto. // ***Tar mui* práctico.** Ter moita experiencia xa en algo (Taramundi).
prada. s. f. V. garabata 1ª acep. **2.** V. cañadeira.
pradaira. V. pradairo.
pradairo. s. m. Nome común de varias especies arbóreas, caducifolias, da familia das aceráceas. O seu tronco é duro e salpicado con manchas negras. As ramas son opostas, as follas simples e lobuladas e as flores de color amarela verdeal (*Acer sp.*).
prádano. V. pradairo (Tapia de Casarego, Ibias, Allande, Villaión).
pradear. V. pradiar.
pradeira. s. f. Prado de extensión considerable.
pradeiría. s. f. Gran extensión de terreo dedicada a prado ou a pastos naturais.
pradeo. s. m. Acción e efecto de pradear.
pradería. V. pradeiría.
pradiar. v. Recoller dun prado os restos de herba segada usando o *garabato*. **2.** Transformar en prado un terreo antes cultivado.
pradieira. V. garabata 1ª acep. (Navia).
pradín. s. m. (pl. pradíos, pradiños). Diminutivo de prado.
prado. s. m. Terreo onde se deixa medrar a herba para pasto do gando ou para forraxe. **2.** V. pradairo (San Martín de Ozcos). **3.** V. pagao (Tapia de Casarego). **4.** Árbore da familia das platanáceas, con grandes dimensións, copa frondosa e tronco recto (*Platanus hybrida*), (Tapia de Casarego).
pradón. s. m. (pl. pradois). Aumentativo de prado.
praduco. s. m. Prado pequeno (Santalla de Ozcos).
prael. V. pral.
praga. s. f. Abundancia de cousas nocivas para a agricultura, persoas, animais etc. **2.** Persoa molesta ou impertinente. **3.** Maldición.
prago. s. m. Peixe osteíctio da familia dos espáridos, duns vinte e cinco centímetros de lonxitude, con corpo oval e abondo alto, fociño curto e redondeado, aleta dorsal moi longa, peitorais longas e caudal bilobulada. A súa coloración é rosada, con reflexos prateados, listas de color amarela e ventre branco prateado. As aletas son rosas e os ollos tirando a vermello. A súa carne é apreciada (*Sparus pagrus*), (As Figueiras). **2.** V. dentón 4ª acep. (Tapia de Casarego).
praguiar. v. Molestar, dar a lata. **2.** Pregar de xeito insistente.
praia. s. f. Ribeira case plana do mar ou dun río cuberta de area. **2.** V. grandullal 2ª acep. (Coaña). **3.** Enseada pequena. **4.** V. praión.
praión. s. m. Lugar no mar aberto que ten o fondo de area (Tapia de Casarego).
pral[1]. (pl. praos). Contracción da preposición *pra* e o artigo masculino singular *el* (*Comproullo pral neno*).
pral[2]. Contracción da preposición *pra* e o artigo neutro *el* (*Pral que lle valeu fer eso*).
pran* → plan.
prancha. s. f. Lámina de metal, madeira etc., delgada e lisa. **2.** Utensilio metálico con base lisa, de forma máis ou menos triangular, que polo peso e a calor serve para alisar a roupa. **3.** Peza lisa de ferro que cobre as cociñas de carbón ou leña. **4.** Cada un dos madeiros que forman parte do taller de serrar. // ***Fer* a prancha.** V. aboiar[2].
pranchada. s. f. Conxunto de táboas de madeira que serven para subir a un andamio.
pranchado, -a. adx. Alisado despois de pasarlle a prancha.
pranchador, -a. s. m. e f. Persoa que prancha.
pranchar. v. Alisar a roupa pasando a prancha quente por enriba. **2.** Louvar, dar a razón.
pranchón. s. m. Ferra que rodea a roda do carro (Ibias). **2.** V. prancha 3ª acep.
prano*, -a → plano[2].
pranta* → planta.
prantación* → plantación.
prantado*, -a → plantado.
prantar* → plantar.
pranteira* → planteira.
prantiar* → plantear.
prantida. s. f. Mesa ben provista de alimentos (As Figueiras).
prantón* → plantón.
prata. s. f. Metal precioso de color branca, brillante, maleable e dúctil, bo condutor da calor e da electricidade. **2.** Diñeiro. // **Non hai *ral* de prata que contente a todos.** Refrán que indica que non se pode compracer a todo o mundo.

pratadín. s. m. Pratado pequeno. **2.** Pratado ben cheo.
pratado. s. m. Contido dun prato cheo. **2.** Prato cheo de algo.
prateado, -a. adx. Recuberto de prata.
prateiro, -a. s. m. e f. Persoa que vende ou traballa con obxectos feitos con prata.
pratiado, -a. V. prateado.
pratiar. v. Recubrir con prata un obxecto.
prática* → plática.
prática* → práctica.
praticamente* → practicamente.
praticante* → practicante.
praticar* → platicar.
praticar* → practicar.
pratieiro, -a. V. prateiro.
prato. s. m. Recipiente de madeira de castiñeiro ou pradairo nos casos máis tradicionais, e posteriormente de barro, louza, metal etc., no que se come ou serve a comida, con forma redonda e de pouco ou moito fondo. **2.** Disco en que remata o fuso da *mazadeira*. **3.** Bandexa circular metálica dunha balanza. // ***Muitas maos*** **nun prato é unha** ***limpieza.*** Refrán que alude a que cando hai moitas persoas metidas nun asunto poden existir problemas. // **Prato** ***chao.*** Prato que na *tornería* ten un gran diámetro e pouco fondo, e ás veces con pé. // **Prato de mazar.** Tapadeira cóncava de madeira da *mazadeira* cun furado no medio (El Franco). // **Prato del mel.** Prato pequeno de *tornería*, usado para tomar o mel. // **Prato foco.** Prato fondo. // **Prato fondo.** Prato de *tornería* con fondo, pé, e perfil quebrado. // ***Tar*** **el mar como un prato.** Estar o mar calmo (Coaña). // ***Tar*** **al prato i ás talladas.** Estar en todo.
praza. s. f. Lugar aberto dunha vila onde conflúen varias rúas e onde de xeito tradicional se celebraban as feiras e os mercados. **2.** Lugar ou posto de traballo, emprego. // **Matar a praza.** Dito que se emprega cando algo ou alguén pode substituír a outra cousa (*Outro vestido mataba a praza*).
prazo. s. m. Tempo determinado para a realización dunha cousa.
pre. V. pra.
pre (a). loc. En igualdade de condicións, coa débeda saldada.
preamar. s. f. O nivel máis alto a que sobe a marea.
prebe. s. m. Condimento líquido, normalmente feito con ingredientes picantes e mesturados (As Figueiras, Tapia de Casarego). **2.** Zume dos pexegos en xarope. // **Inda é mellor a prebe que a perdiz.** Refrán que se utiliza cando se fai un favor pequeno e se recibe outro maior (San Martín de Ozcos).
Obs. Ás veces utilízase con xénero feminino.
precalado, -a. adx. Dise da persoa da que se ten coñecemento das súas calidades ou defectos.
precalar. v. Ter coñecemento das calidades ou defectos dunha persoa.
precar. V. Suplicar, pedir (El Franco).
precatarse. v. prnl. Darse conta.
precaución. s. f. (pl. precauciois). Prevención para evitar un mal, un perigo ou diminuír os seus efectos.
preceto* → precepto.
preceuto. s. m. Antiga obriga dos fregueses dunha parroquia de oír misa os domingos e festas de gardar, confesándose e comungando, de xeito especial pola Pascua. **2.** Norma.
preciar. v. Poñer prezo a algo que se pode vender.
precio. s. m. Valor económico dunha cousa.
preciosidá. s. f. Fermosura. **2.** Resultado de ter gran valor ou estima.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
precisar. v. Necesitar. **2.** Ser necesario.
precurar* → procurar.
precuro* → procuro.
precutarse. v. prnl. Decatarse.
predicador. s. m. O que bota un sermón. **2.** Cura.
predicanzaina. s. f. Sermón. **2.** Reprensión ou escusa inútil. **3.** Desculpa, escusa (*Déixate de predicanzainas*).
predicar. v. Pronunciar un sermón. **2.** Discutir. // **Predícame cura, predícame** ***fraile*****, (que) por un** ***ougüido*** **(oído) me entra i polo outro me** ***sale.*** Refrán que alude a que por moito que diga unha persoa algo non se lle vai facer caso nin crela.
predispoñer. v. Dispoñer por anticipado o ánimo para un obxectivo.
preferir. v. Considerar mellor algo ou alguén.
prefeuto*, -a → perfecto.
prefillado, -a. s. m. e f. Neno adoptado como un fillo (Castropol).
prefillar. v. Adoptar a un neno como fillo (Castropol, Villaión); perfillar, porfillar.
prefirir* → preferir.
prega. s. f. Dobrez nun tecido ou cousa flexible.
pregar[1]. v. Dobrar un papel, unha roupa etc. **2.** Remachar.
pregar[2]. v. Pedir respectuosamente, suplicar; preguiar (Boal).
pregaria. s. f. Maldición. **2.** Rezo, oración.

prego. s. m. Tipo de cravo con vara curta, de sección case cadrada e cabeza non moi grande, máis ou menos redonda e plana, que serve, entre outras cousas, para remachar os caldeiros ou as caldeiras.

pregois. V. proclamas.

pregonar. v. Facer público o que estaba oculto ou o que se debería calar. **2.** prnl. Facer as amoestacións na igrexa antes do matrimonio (Navia).
Obs. Trátase dun castelanismo.

pregoneiro. s. m. Persoa que le un pregón publicamente (Navia). **2.** Persoa á que lle gusta contar novas e chismes.
Obs. Trátase dun castelanismo.

preganza. V. gamalleira.

preguiar. v. Suplicar, pedir con insistencia.

pregunta. s. f. Acción de preguntar. // ***Tar* á quinta pregunta.** Sen cartos (Allande).

preguntador, -a. adx. Que pregunta.

preguntar. v. Pedir información sobre algo que se quere saber ou para solucionar unha dúbida.

preguntón, -úa. adx. Aplícase á persoa que é impertinente ou molesta por preguntar moito.

preiro* → pereiro.

preitiar. v. Litigar xudicialmente.

preito. s. m. Disputa xudicial.

premedeira. s. f. Pedal no tear atado aos *lizos* que se atopan colgados por un sistema de poleas. **2.** Pedal da roda de afiar (Santalla de Ozcos).

premediar. v. Repartir unha cousa en partes iguais. **2.** Poñer algo no medio.

premedio. s. m. Descanso entre dúas tarefas. // **Nun *premedio*.** Nun espazo de tempo determinado.

premial. V. pernal (Grandas de Salime).

premiso* → permiso.

premitir* → permitir.

prencipal* → principal.

prenda. s. f. Calquera parte do vestido dunha persoa. **2.** Nos xogos de nenos, o que se paga. **3.** Xoia con pedras ou metais de valor. **4.** V. prinda (Allande).

prendado, -a. adx. Seducido, atraído. **2.** Namorado.
Obs. Trátase dun castelanismo.

prendar. v. Seducir, atraer, enfeitizar.
Obs. Trátase dun castelanismo.

prendedeira. s. f. Planta que medra entre os trigais, de flores pequenas e azuis e que se agarra á roupa.

prendedeiro. s. m. Lugar onde se atan os animais.

prendedor. s. m. Obxecto que prende. **2.** Pasador, alfinete.

prender. v. Agarrar, coller. **2.** Deter, privar de liberdade. **3.** Acender lume, luz etc. **4.** Coser unha peza de roupa de xeito superficial. **5.** Quedar fecundada a femia. **6.** Botar raíces as plantas. **7.** Engancharse. **8.** Atar a vaca ao presebe cunha cadea polo pescozo ou cunha corda que a suxeita polos cornos. **9.** Querer durmir (*Quixo prender el sono*). **10.** Tatabexar, falar con dificultade. **11.** Unir, xuntar dúas cousas. **12.** Dar traballo (*Prende ter nenos*). **13.** Atar o pelo. **14.** Incendiar. **15.** Ser válida unha vacina. **16.** Entreterse, distraerse con outra persoa. **17.** Medrar un enxerto. **18.** Atar un animal.

prendido, -a. adx. Dise do animal atado.

prensa. s. f. Máquina para prensar. // **Prensa de cera.** Prensa formada por dúas táboas alongadas de madeira de castiñeiro, máis estreitas na empuñadura e unidas por unha bisagra, que servían para apertar a cera para que saíse limpa e despois poder facer bolas ou tortas desta substancia (Boal, Grandas de Salime). // **Prensa de mel.** Prensa de tamaño máis pequeno que a usada para o viño e que serve para quitar o mel dos panais do trobo. // **Prensa del viño.** Prensa para o viño composta por un fuso de ferro e unha *tina* de táboas debaixo, dentro todo dunha armazón de madeira.

prensar. v. Apertar nunha prensa unha cousa. **2.** Apertar unha cousa contra outra.

prenunciar* → pronunciar.

preñada. adx. Dise da femia fecundada co feto no ventre.

preñado. s. m. Período de xestación das femias.

preñar. v. Fecundar a femia. **2.** Quedar preñada.

preocupación. s. f. Aquilo que preocupa. // **El que ten *preocupaciois nun durme*.** Dito que alude a que aquelas persoas que teñen inquietude lles costa conciliar o sono.

preocupar. v. Intranquilizar por algunha razón.

prepa. adx. Prostituta. **2.** En sentido figurado, despectivo e aplicado a persoas, xoia.

preparación. s. f. (pl. preparaciois). Coñecementos ou formación que se teñen dunha materia.

preparado, -a. adx. Disposto. **2.** Previdо.

preparar. v. Dispoñer algo ou alguén para un fin determinado. **2.** Previr. **3.** prnl. Producirse, armarse (*Preparouse uha búa*).

prepás. s. m. Parte dunha camisa de home que cobre o peito (San Martín de Ozcos).

prepasa. V. prepás.
presa. s. f. Dique para deter a auga nun prado para despois regar, que normalmente se amañaba en xaneiro e febreiro. **2.** Dique de pedra para deter a auga que serve despois para mover o muíño. **3.** Encoro (*A presa de Doiras*). **4.** Cada un dos dous saíntes metálicos que ten un tipo de martelo no lado contrario á *boca*. **5.** Peza de caza. **6.** V. rabo 14ª acep. **7.** Apéndice para suxeitar en forma de asa dunha tixela. // **Presa *maestra.*** Canle que leva a auga desde o río até o prado.
présa. s. f. Rapidez con que sucede algo, apuro. // ***Conta* máis présa, máis vagar.** Refrán que indica que non é aconsellable precipitarnos nas nosas accións. // ***Conto más* présa, *más* vagar.** V. Conta máis présa, máis vagar. // **El vagar non *quer* présa.** Refrán que recomenda actuar con calma.
présa (de, á). loc. Con prontitude.
presada. s. f. Cantidade de auga que ten unha presa. // **A presadas.** Coller unha cousa coa man pechada en gran cantidade (*El neno colle as cereixas a presadas*). // ***Moler* a presadas.** V. moler a banzanadas.
presencia. s. f. Feito ou circunstancia de estar presente.
presentar. v. Mostrar, poñer á vista, deixar ver. **2.** Facer unha instalación de xeito provisional (Tapia de Casarego). **3.** Conducir a unha persoa á presenza doutra para que a coñeza. **4.** prnl. Comparecer, acudir.
presente. adx. Que está no lugar no que se fala ou á vista dunha persoa ou acontecemento. **2.** Que existe no momento actual. **3.** s. m. Tempo actual.
presentir. v. Prever o que vai acontecer.
presexa. s. f. Calquera recipiente, como unha xarra, un caldeiro etc. (Santalla de Ozcos).
presía (de). loc. Con prontitude.
presilás* → plexiglás.
presilla. s. f. Cordón ou fío que serve de ollal e prende algo. **2.** Pequena argola que teñen algunhas navallas pequenas para colgalas dalgún lugar e evitar que se abran.
présimo, -a. adx. Nervioso, inquedo, con pouca paciencia.
presinarse* → persignarse.
preso, -a. adx. Atado, collido. **2.** Privado de liberdade. **3.** Enganchado. **4.** Fixo, suxeito. **5.** Tolleito nalgunha parte do corpo de xeito ocasional. **6.** Prendida unha luz.
presoa. s. f. Presa grande (Os Coutos).
presoira. s. f. Planta anual da familia das rubiáceas, con talos que poden acadar un metro de lonxitude e que abrazan as plantas veciñas con pelos ganchudos. As flores son brancas e pequenas e préndese fortemente á roupa (*Galium aparine*), (Ibias, Santalla de Ozcos).
presón (de). loc. Con moita prontitude (*Volvede de presón*), (Boal).
presona* → persona.
prestación. s. f. Traballo veciñal de axuda para amañar camiños ou facer obras de interese xeral (*A escola fízose a prestación*).
prestado, -a. adx. Entregado algo a alguén durante un tempo para que o utilice e logo o devolva. // **De prestado.** Sen seguridade ou dereito, de xeito precario.
préstamo. s. m. Feito e resultado de prestar.
prestar. v. Dar diñeiro ou outra cousa a alguén coa condición de que os devolva. **2.** Gustar, agradar, sentar ben. **3.** Axudar, asistir. **4.** prnl. Ser axeitado ou útil. **5.** prnl. Ofrecerse, mostrarse disposto a facer unha cousa.
prestoso, -a. adx. Agradable. **2.** Simpático, gracioso.
presumido, -a. adx. Presuntuoso, farruco.
presumir. v. Ostentar. // **Presumes *más* que un burro nun pataqueiro.** Dise cando unha persoa presume de máis. // **Presumes (presume) *más* (máis) que un (unha) rato (rata) encima dun queixo.** Dise cando unha persoa presume de máis.
presunción. s. f. (pl. presunciois). Acción e resultado de presumir.
presura. s. f. Fermento que se botaba ao leite para facer o queixo.
pretender. v. Intentar conquistar a unha muller ou a un home.
pretendiente. adx. O que intenta conquistar unha muller ou un home.
Obs. Trátase dun castelanismo.
preto, -a. adx. Escuro, negro. **2.** Apertado.
pretuñado, -a. V. apretuñado.
previlexo* → privilexio.
previr. v. Tratar de evitar un perigo, un dano etc. (Allande).
previsión. s. f. (pl. previsiois). Acción e resultado de ver con anticipación.
prevocar* → provocar.
préxemo, -a. V. préximo 1ª acep.
préximo, -a. adx. Que ten ansiedade ou inquietude por algo, impaciente. **2.** V. próximo 1ª acep. (Santalla de Ozcos).
prexudicado, -a. adx. Danado.

prexudicar. v. Causar prexuízo a alguén, ocasionar dano material ou moral.
prial. V. pernal (Grandas de Salime, Ibias).
prida. s. f. Cume (Allande).
prigar. V. pregar[2].
priguicia. s. f. Aversión ao traballo.
prima. s. f. Malla que xunto aos *engatos* forma parte dun *borxel* (Abres). **2.** adx. Dise da fariña que se obtía por primeira vez no muíño (Abres).
primaveira* → primavera.
primavera. s. f. Estación do ano que sucede ao inverno e que vai do 21 de marzo ao 21 de xuño.
primeira (á). loc. Ao principio.
primeiramente. adv. En primeiro lugar.
primeiras (de). loc. Ao principio.
primeiría (á). loc. Ao principio (Coaña). **2.** s. f. Primeira colleita (Tapia de Casarego).
primeirizo, -a. adx. Dise da persoa que fai unha cousa por primeira vez. **2.** Aplícase á femia que pare por primeira vez.
primeiro, -a. adx. Que precede a todos nunha serie. **2.** O máis importante de todos, o mellor, superior. **3.** adv. Primeiramente. **4.** s. f. No xogo do *gua*, primeiro golpe que se dá á bóla do xogador contrario. // **Primeiro de.** Antes de.
primer. V. primeiro 1ª acep.
primideira* → premedeira 1ª e 2ª acep.
primo, -a. s. m. e f. Fillo dun tío ou dunha tía. // **Primo carnal, -a.** (pl. carnais). V. primo irmao. // **Primo carneiro.** V. primo carnal (Navia). // **Primo *irmao* (*ermao*, -*á*), -á.** Fillo dun tío ou dunha tía na primeira orde de liña familiar.
principal. adx. O primeiro en importancia. **2.** Fundamental.
principiar. v. Comezar (Eilao, Tapia de Casarego, Navia, Allande, Villaión).
principio. s. m. Comezo, inicio. // **Dun principio.** Nun primeiro momento. // **Principios de nacer.** Xerminación dun vexetal.
prinda. s. f. Especie de amuleto feito de cristal cun marco de prata, que se movía facendo a figura dunha cruz sobre unha cunca de auga, dicindo certas palabras que servían para quitar os *embruxos*. A continuación botábase dentro da auga e agardábase a que saísen burbullas, chamadas *ollos*. Se estas eran moitas quería dicir que a cousa ía mal. Entón enchíase unha botella coa auga para a persoa interesada, que a levaba á casa e a botaba na prancha da cociña, no lume para queimar os *ollos*, tomaba un trago dela ou dáballa á vaca ou ao cocho tres días seguidos etc. (Villaión).
prindengas. s. f. pl. Parte que lle colga a unha cabra da queixada.
pringar. v. Tocarlle a un un traballo ou acción desagradables.
prisa* → présa.
prisa* (de) → présa (de, a).
prisión. s. m. Atadura fixa para as cabalerías. **2.** Lugar onde se encerra a alguén privándoo de liberdade.
prisioneiro, -a. s. m. e f. e adx. O que está preso ou foi capturado.
prismáticos. s. m. pl. Instrumento óptico que permite ver os obxectos distantes con claridade.
prisme. s. m. No xogo da *patefa*, círculo onde se pon o *tasco*.
prisunción* → presunción.
privado, -a. adx. Dise da persoa sen coñecemento ou sen sentido (Castropol).
privar. v. Quitar o dereito a alguén de gozar de algo, prohibir.
privilexio. s. m. Graza que se concede a unha persoa ou colectividade.
pro. V. pero[1].
pró[1]. (pl. prós). Contracción da preposición *pra* e o artigo masculino singular *o* (*Comproullo pró neno*).
pró[2]. Contracción da preposición *pra* e o artigo neutro *o* (*Pró que lle valeu fer eso*).
proa. s. f. Parte dianteira dun barco. **2.** Primeiro rego dunha leira (Seares). // **De proa.** Xeito de navegar (Tapia de Casarego).
proba. s. f. Pequena cantidade de algo que se destina para examinar a súa calidade. **2.** Experiencia, ensaio. **3.** Parte da comida do Entroido como un cacho de fígado, costelar, lombo etc., que se daba por costume e como regalo aos pobres ou se intercambiaba entre as familias. **4.** Efecto e acción de probar.
probabilidá. s. f. Posibilidade, circunstancia que fai probable unha cousa.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
probar. v. Facer unha experiencia a unha persoa ou cousa para apreciar nelas algunha calidade. **2.** Demostrar con razóns, feitos etc. **3.** Gustar unha pequena cantidade de comida ou bebida. **4.** Intentar.
probe. V. pobre. **2.** Menstruación (Coaña). // ***Condo* un *probe* chega a unha libra de carne, é vixilia.** Refrán que alude a que o que é pobre aínda conseguindo algo sempre permanecerá pobre. // **El *probe* i el *molín*, andando *ganan*.** Refrán que alude a que a persoa que

vive do seu traballo non pode deixar de traballar. // **Na casa del *probe* sempre é (de) noite.** Refrán que alude á vida desastrosa das persoas que non teñen medios económicos. // **Pouco dura el pan na casa del *probe*.** Refrán que alude á pobreza. // **Sempre é vixilia na casa del *probe*.** Refrán que alude á escaseza de alimentos na casa do pobre.

probecer. V. emprobecer.

probestá. V. pobreza.

probetallo, -a. adx. Diminutivo despectivo de *probe*. **2.** Infeliz, que ten pouco ánimo.

probetín, -ía. adx. Diminutivo de *probe*. **2.** V. probetallo 2ª acep.

probetón, -úa. adx. Aumentativo de *probe*.

probeza. V. pobreza.

probín, -ía. adx. Diminutivo de *probe*. **2.** Parvo.

probitín*, -ía → probetín.

problema. s. m. Dificultade que hai que resolver ou aclarar. **2.** Asunto delicado.

probón, -úa. adx. Aumentativo de *probe*.

procamas* → proclamas.

procebe* → percebe.

procesión. s. f. (pl. procesiois). Conxunto de xente que vai en ringleira, rezando e acompañando a un santo en actos relixiosos. // **A procesión *vei* por dentro.** Experimentar temor, sufrimento, dolor etc. e non aparentalo. // ***Nun* se acaba a procesión *asta* que *nun* pasa el último cura.** Refrán que alude a que non nos debemos fiar dunha cousa até que estea resolta.

procisión* → procesión.

proclamas. s. f. pl. Amoestacións que le o cura na misa maior, anunciando as persoas que queren contraer matrimonio, por se alguén coñece algún impedimento.

procramas* → proclamas.

procura. s. f. Busca (Grandas de Salime).

procuro. s. m. Coidado que recibe unha persoa.

prodiosar. v. Pedir esmola (San Martín de Ozcos).

producir. v. Crear. **2.** Orixinar. **3.** Ocasionar. **4.** Suceder.

proel. s. m. Remeiro de proa nunha traiñeira.

profundidá. s. f. Fondura.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

progonar* → pregonar.

prohibido, -a. adx. O que está vetado pola lei ou por unha autoridade.

prohibir. v. Negar a liberdade ou o permiso para facer algo.

proieuto* → proxecto.

proíz. s. m. Cabo groso que serve para amarrar unha embarcación a unha áncora, un poste, unha pedra etc.

prole. s. f. Conxunto de fillos, descendencia.

prolongado, -a. adx. Que dura de máis.

prolongar. v. Facer máis longo no espazo ou no tempo.

promediar. v. Igualar ou repartir unha cousa en dúas partes iguais.

promesa. s. f. Acción e efecto de prometer. **2.** Ofrecemento que se fai a un santo, á Virxe ou a Deus de facer algo piadoso.

prometer. v. Obrigarse a facer algunha cousa. // **El que promete i *nun* dá, al inferno irá, con sete *cadías*, *allí* arderá.** Refrán que recrimina as persoas que prometen e non axudan. // **Prometer *asta* meter, *despós* de metido, nada del prometido.** Refrán que advirte contra dos que non dubidan en facer promesas para conseguir os seus fins aínda que logo non teñan intención de cumprilas.

prometido, -a. s. m e f. Persoa que lle fixo a outra promesa de matrimonio.

promín. s. m. Resto de liño que sacaban as tecedeiras, que tiña usos medicinais para o gando.

promo* → chombo 1ª acep.

prontín. adv. Pronto (Navia).

pronto. s. m. Decisión rápida, arranque, arroutada. **2.** adv. Rapidamente.

pronunciar. v. Producir e emitir sons para falar, dicir.

propiciar. v. Favorecer activamente unha persoa a realización de algo (*A situación que tás propiciando*), (A Veiga).

propiedá. s. f. Conxunto de posesións ou dominios pertencentes a unha persoa, empresa etc., sen máis limitacións que as impostas pola lei para dispoñer delas ou empregalas con total exclusividade.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

propina. s. f. Gratificación que se ofrece por un servizo independente do prezo ou do soldo. **2.** Gratificación en especie que dá un vendedor de peixe a un comprador (Ortigueira).

propio, -a. s. m. e f. Persoa cun encargo doutra (*Mandoume por un propio*), (San Martín de Ozcos, Allande).

propoer. V. propoñer.

propoñer. v. Suxerir, expresar. **2.** Facer unha proposta. **3.** prnl. Tomar a determinación de facer algo.

proposición. s. f. (pl. proposiciois). Acción e efecto de propoñer. **2.** Aquilo que se propón.

propósito. s. m. Intención de facer ou non unha cousa. // **A propósito.** Adrede,

intencionadamente. **2.** Axeitado ou oportuno para un determinado fin.
proposta. s. f. Proposición dun negocio, proxecto etc. **2.** Ofrecemento.
propuer. v. propoñer.
prósimo* → próximo[1].
prospecto. s. m. Impreso explicativo sobre a composición e o uso dun produto farmaceútico.
prosperidá. s. f. Abundancia, florecemento.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
prospeuto* → prospecto.
protector, -a. s. m. e adx. Que protexe.
protestar. v. Manifestar oposición, desacordo etc. **2.** Manifestar descontento, desconformidade etc.
protestón, -a. adx. Aplícase á persoa que protesta moito.
protetor* → protector.
protexer. v. Defender, amparar.
protexido, -a. adx. Defendido, amparado, favorecido. **2.** Resgardado.
proveito. s. m. Beneficio, mellora do estado ou da situación. // **Bon proveito (*proveto*).** Dise normalmente cando se come ou bebe, para expresar o desexo de que unha cousa sexa beneficiosa para a saúde do que está comendo.
proveitoso, -a. adx. Beneficioso.
proverbio. s. m. Frase, dito ou parecer que alguén ten ou segue (*Cuando tabamos discutindo botoume muitos proverbios*), (A Veiga).
proveto. V. proveito. // **Meu *proveto*.** Expresión que indica cariño cara a unha persoa, meu ben. // ***Sou proveto*.** Alá el.
provetoso, -a. V. proveitoso.
provisión. s. f. (pl. provisiois). Reserva de alimentos ou outras cousas necesarias.
provocar. v. Irritar, enfadar. **2.** Incitar a facer algo. **3.** Vomitar.
proxamada. s. f. Conversa con frases feitas. **2.** Estupidez.
proxamar. v. Manter unha conversa con ditos repetidos, sen importancia, con frases feitas (Tapia de Casarego).
proxecto. s. m. Idea e disposición detallados que se forman para a execución dunha cousa de importancia.
proximada. s. f. Simpleza, necidade.
Obs. Pronúnciase con "xe" (son prepalatal fricativo xordo).
próximo[1], -a. adx. Achegado.
Obs. Pronúnciase con son fricativo apical xordo.
próximo[2], -a. adx. Parvo, simple. **2.** Apoucado, tímido. **3.** Dise da persoa que di parvadas (Coaña). **4.** Dise da persoa pouco intelixente, pouco maliciosa ou demasiado pesimista (Coaña).
Obs. Pronúnciase con "xe" (son prepalatal fricativo xordo).
prúa. s. f. Chuvia miúda.
prudente. adx. Sensato, con xuízo. **2.** Moderado, precavido. **3.** Tímido.
pruhibido*, -a → prohibido.
pruhibir* → prohibir.
pruia. V. prúa. **2.** V. bruma.
pruiar. v. Chover pouco. **2.** Orballar (Tapia de Casarego).
pruicio. V. comezón 1ª acep. (Allande).
pruida. V. pruída.
pruída. s. f. Monte de pouca altura. **2.** Cume. **3.** Penedo alto (Os Ozcos). **4.** Punto onde cambia a liña do cume (Os Ozcos).
pruma* → pluma.
prumada* → plumada 1ª e 2ª acep.
prumar* → plumar.
pu! interx. Caca, referida normalmente aos nenos.
púa. s. f. Brote que se emprega como enxerto. **2.** Corpo delgado e ríxido rematado en punta. **3.** Pequena lámina con forma de triángulo para pulsar as cordas dalgúns instrumentos musicais. **4.** Cada un dos dentes dun peite.
pubín. V. pobín 2ª acep.
publicar. v. Divulgar, facer público.
púcaro. s. m. Pucheiro pequeno de barro con cuberta e asa.
pucha. s. f. Peza de roupa que se utiliza para cubrir a cabeza. **2.** Puta. **3.** Capa de neve que hai no cume dunha montaña. // **Calcar a pucha.** Golpear na cabeza. // ***Puchacarneira*.** V. pinchacarneiro (Luíña). // **Pucha cega (a).** Xogo que consiste en darlle paus a algo que está colgado.
pucha! interx. Voz que expresa sorpresa, desgusto.
puchada. s. f. Contido dunha pucha ou o que cabe nela.
puchar. v. Golpear cunha pucha.
pucheira. s. f. Muller que fai puchas ou puchos.
pucheirada. s. f. Contido dun pucheiro.
pucheiro. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Oumente (Ibias). **2.** s. m. Vasilla pequena de barriga ancha e unha soa asa; púcaro. **3.** s. m. Caldo que se fai con pito cando a xente está enferma.
puchera. s. f. Medida de capacidade que no concello de Navia equivalía á doceava parte dun choupín. No concello de Vilanova de Ozcos era un cuartillo, coa equivalencia de medio litro.
Obs. Trátase dun castelanismo.
puchero* → pucheiro.

pucho. s. m. Sombreiro, normalmente de la e ás veces máis redondo que a pucha. **2.** Parte superior do teito de palla dun hórreo, que se recolle cunha lousa que ten un furado no centro (Morlongo, Ibias). **3.** Cada un dos pináculos ou remates que se poñen enriba do lousado dos cabazos (Taramundi). **4.** adx. e s. Alcume popular que lles dan os habitantes de Trabada (Villaión) aos de Valle (Villaión). // ***Condo* eu trato en puchos nacen os nenos *sin* cabeza.** Refrán que advirte que adoita faltar algunha cousa nun lugar onde é natural ou doada facela ou conseguila. **2.** Refírese a cando os fillos non seguen un oficio familiar. // **Pucho del café.** Manga do café con forma de embude que serve para filtralo.

pucillo* → pocillo.

pudía* → podía.

pudín. V. pobín 2ª acep. (Allande).

pudrecer* → podrecer.

pudrido*, -a → podre.

pudrir* → podrecer.

puer. V. poñer.

pufo. s. m. Débeda, cantidade que se debe. // **A *pufo*.** Sen ser convidado, de balde (San Martín de Ozcos).

pula* → pola[1].

pulavila* → polavila.

puleiro* → poleiro.

pulga. s. f. Nome común dos insectos da orde dos afanípteros, de pequeno tamaño, co corpo comprimido, sen ás e cun aparato bucal picador. Son parasitos do home, de aves e mamíferos (*Pulex sp.*, *Ctenocephalides sp.*). **2.** Mancha moura, que sae normalmente nas patacas (Os Ozcos). **3.** Crustáceo co corpo de color gris, aplanado de enriba a abaixo, con patas que teñen ganchos que lle permiten apegarse e parasitar peixes, especialmente os da familia dos lábridos. Os machos miden dous e tres centímetros e as femias até cinco (*Anilocra mediterranea*), (As Figueiras). **4.** V. pulga de mar. **5.** Crustáceo artrópodo da familia *Talitridae*, de corpo lateralmente comprimido, con sete pares de patas e de color clara (*Orchestia gammarella*). **6.** Crustáceo anfípodo da familia *Talitridae*, de pequeno tamaño e coloración verdeal brillante ou violácea clara, cos ollos negros ou vermellos (*Hyale nilssoni*). **7.** Crustáceo anfípodo, de moi pequeno tamaño, coas características das pulgas de mar e con ollos de color vermella (*Scopelocheirus hopei*). **8.** V. piollín 2ª acep. // **As pulgas van sempre al *mismo* can.** Refrán que di figuradamente que as desgrazas sempre caen nas mesmas persoas. // ***Cuando* a semana *tá* de pulgas, non *sirve* lavar a camisa.** V. Condo a semana tá de piollos, nun sirve mudar a camisa; V. semana. // ***Fer* duha pulga un cabalo.** Esaxerar (Tapia de Casarego). // **Pulga da (de) praia.** V. pulga de mar (As Figueiras). // **Pulga de altura.** V. pulga 6ª acep. (As Figueiras). // **Pulga de mar.** Crustáceo anfípodo da familia dos talítridos, de corpo lateralmente comprimido, con sete pares de patas e normalmente de color branca, moi abundante nas praias xunto ao límite superior das mareas (*Talitrus saltator*). // **Ser como as pulgas.** Ser listo. // **Ter malas pulgas.** Ter mal carácter.

pulgacía. s. f. Monda pequena de patacas, hortalizas etc. (Os Ozcos).

pulgada. V. polgada.

pulgado, -a. adx. Dise da pataca, froito etc., aos que se lles quitou a monda. **2.** s. f. Conxunto de pulgas (Boal).

pulgar. v. Quitar a casca ás árbores ou a certos froitos, como as castañas para cocelas con sal. **2.** Mondar patacas, hortalizas e outros froitos.

pulgar* → polgar.

pulgarada. V. polgada.

pulgastel. V. lenzo (As Figueiras).

pulgaza. s. f. Monda dun froito, casca (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos). **2.** Acción e resultado de *pulgar*. **3.** Monda dunha pataca.

pulgazo. s. m. Monda delgada que teñen as castañas despois da casca. **2.** V. pulgaza 3ª acep.

pulgo. s. m. Monda da pataca, casca da castaña, pel dunha froita etc. // **Dar el *pulgo*.** Non madurar o suficiente, normalmente referido á pataca.

pulgueira. V. pesegueiro bravo.

pulgueiro, -a. adx. Dise da tea ou lenzo con manchas negras.

pulguía. s. f. Pulga pequena. **2.** Parasito en xeral (*Os salmois tein pulguías*), (Boal).

pulía* → polía.

puliar* → poliar.

pulido, -a. adx. Alisado. **2.** Limpo. **3.** Dise da persoa que posúe certo atractivo ou encanto (Os Ozcos).

pulidoiro. s. m. Trapo que se poñía entre os dedos, onde quedaba moita sucidade e o fío máis limpo, cando se debandaban as madeixas para facer os nobelos (Santalla de Ozcos). // ***Nun* ter un *pulidoiro*.** Non ter nada (Boal).

pulilla* → polilla 1ª e 2ª acep.

pulín, pulín! interx. Voz que se usa para chamar os pitos pequenos (San Martín de Ozcos).
pulir. v. Non ir á escola (Castropol, Tapia de Casarego). **2.** Alisar.
pulla. s. f. Xogo de nenos, que se fai insultándose uns aos outros (Boal). **2.** Dito ofensivo.
pullacasa* → pollacasa.
pullata. V. solarega 2ª acep. (Ibias).
pulleiro* → poleiro.
pullín*, -a → pollín[2].
pullinada* → pollinada.
pullino*, -a → pollín[2].
pulmega. s. f. Masa de carne coa que se fan as longaínzas, normalmente composta por corazón, pulmóns, cachos de cocho, sal, allo e pemento.
pulmón. s. m. (pl. pulmois). Cada unha das vísceras situadas no tórax e que son os órganos da respiración. **2.** Valor, valentía, coraxe.
pulmona. V. longuinza.
pulmonada. V. longuinza.
pulmonega. V. longuinza.
pulmonera* → pulmueira 3ª acep.
pulmonía. s. f. Inflamación do pulmón.
pulmueira. s. f. Mamite (Santalla de Ozcos). **2.** Pulmonía, catarro forte. **3.** Doenza pulmonar das vacas.
pulpada. s. f. Xantar con *pulpo* (polbo).
Obs. Trátase dun castelanismo.
pulpeira. s. f. Molladura. **2.** Malleira.
Obs. Trátase dun castelanismo.
pulpeiro, -a. s. m. e f. Persoa que colle ou vende polbo (*pulpo*) ou ten unha *pulpería*.
Obs. Trátase dun castelanismo.
pulpería. s. f. Tenda onde se vende polbo (*pulpo*).
Obs. Trátase dun castelanismo.
púlpeto* → púlpito.
púlpito. s. m. Tribuna que tiñan as igrexas, con forma de balcón elevado, onde se subía o cura para predicar.
pulpo. s. m. Nome común de diversos moluscos cefalópodos dibranquios da orde octópodos. Están provistos de oito tentáculos prensores e locomotores. O seu corpo é redondeado e non ten cuncha interna. O seu aparato dixestivo leva unha bolsa que bota tinta, usada polo animal para esconderse e fuxir dos seus inimigos (*Octopus sp.* e *Eledone sp.*). // **Coller un *pulpo*.** Mollarse, empaparse de auga.
Obs. Trátase dun castelanismo.
pulsear. V. palmear 2ª acep.
pulseira. s. f. Xoia en forma de aro que se pon no pulso.
pulsiana (andar á). loc. Camiñar cos pés para fóra (Boal).
pulsiar. v. Probar dúas persoas, unida mutuamente a man dereita, e postos os cóbados nun lugar firme, quen delas ten máis forza e consegue abater o brazo da outra.
pulso. s. m. Latexo intermitente das arterias. **2.** Parte onde se une a man co antebrazo. **3.** Seguridade ou firmeza na man para executar unha acción con acerto. **4.** Movemento que se fai cos brazos dereitos de dúas persoas, collidos e apoiados cos cóbados nun lugar firme, para medir as súas forzas. // **A pulso.** Facendo forza coa man sen apoiar o brazo.
pulular. v. Moverse, axitarse.
pulveirada. s. f. Auganeve.
Obs. Trátase dun castelanismo.
pulvorina. s. f. Néboa mesturada con neve.
Obs. Trátase dun castelanismo.
pumar. V. pomar 1ª acep.
pumarada. V. pomarada.
pumarega. V. pomar 1ª acep. (Tapia de Casarego). **2.** Bolboreta (Allande).
pumarela. s. f. Bolboreta (Allande).
pumarella. V. pumarela (Allande).
pumba* → pomba.
pumba! interx. Expresión que indica algún aspecto no que se fai ruído.
pumín. V. pobín 2ª acep. **2.** Peluxe do liño. **3.** Po que se forma debaixo das camas.
pumpurrullainas. s. f. pl. Xogo infantil que consiste en adiviñar as fabas ou os grans que un xogador ten escondidos nas mans.
pun! interx. Utilízase cando alguén bota un peido.
punta. s. f. Extremo agudo. **2.** Extremo de calquera cousa. **3.** Cravo de tamaño medio ou pequeno. **4.** Parte dianteira dun zapato. **5.** Parte do coitelo, das tesoiras, da navalla etc., que está ao final onde remata o corte. **6.** Lingua de terra que se introduce no mar. **7.** Órgano xenital masculino. **8.** Nun mazo, ferramenta que serve para golpear a *andabarra* cando hai que movela porque o martelo non cae ben sobre a incre (Santalla de Ozcos). **9.** Extremo dos dedos. **10.** V. puño 4ª acep. **11.** V. pico 27ª acep. **12.** Extremo máis delgado dunha cana de pescar, do que colga o fío. // **De punta a cabo.** Desde o principio até o remate. // ***Nun* hai onde chantar unha (uha) punta.** Non hai con quen contar. // **Pola punta del cuarto.** Con diñeiro. // **Punta da *cabezoalla*.** Parte dianteira do carro que ten dous furados para meter a chavella; punteira. // **Punta de *alfiler*.** Punta con cabeza pequena como a dun alfinete. // **Punta da**

***andabarra*.** V. punta 8ª acep. // **Sacar punta a uha cousa.** Darlle un significado que non ten.

puntada. s. f. Dolor penetrante. **2.** Furado feito coa agulla. // ***Nun* dar (uha) puntada *sin filo*.** Non facer nada que non traia beneficio propio. // ***Sin* perder puntada.** Estar atenta unha persoa a todo o que pasa ao seu arredor.

puntal. s. m. Madeiro que se usa para soster paredes, muros en ruína, embarcacións etc. **2.** Altura dunha embarcación medida desde a parte baixa da quilla até a cuberta superior. **3.** Madeiro delgado. **4.** Apoio.

puntalouxa. V. lavandeira 1ª acep. (Eilao, Grandas de Salime).

puntaludo, -a. adx. Dise do barco alto.

punteira. s. f. Extremo da cana de pescar. **2.** Remendo de reforzo da parte do calzado que cobre a punta do pé. **3.** Golpe dado coa punta do pé. **4.** V. punta 3ª e 4ª acep. **5.** V. taolla (Ibias).

punteirazo. s. m. Acción de darlle ao balón no fútbol coa punta do pé o máis forte posible.

punteiría. s. f. Acción de acertar cun obxecto nun branco.

punteiro. s. m. Cana da gaita que serve para dar as notas musicais. **2.** Boi ou vaca que ten tendencia a poñerse diante da parella no tiro do arado. **3.** Instrumento de aceiro co que se abren, nas ferraduras, os furados para os cravos. **4.** Instrumento que usa un ferreiro para marcar os lugares onde vai facer furados. **5.** Pau ou vara que serve para sinalar nun mapa, encerado etc.

punterola. s. f. Punteiro de ferreiro de dimensións máis pequenas.

puntía. s. f. Órgano xenital masculino.

puntiar. v. Marcar con puntos. **2.** Sacar punta a unha ferramenta (Ibias). **3.** Afiar.

puntigo* → pontigo.

puntirrelía. s. f. Órgano xenital masculino (Santalla de Ozcos).

punto. s. m. Sitio, lugar, parte, situación. **2.** Labor de tecido. **3.** Dolor aguda que normalmente se nota no lombo. **4.** Pequena rotura nas medias. // ***Díxolo Bras*, punto redondo.** Refrán con que se replica ao que presume de levar sempre a razón. // **En punto.** Sen sobra nin falta (*Á unha en punto*). // **Punto de lado.** Augardente de pouca graduación (San Martín de Ozcos, Ibias). // **Punto en boca.** Silencio (Coaña).

puntón* → pontón.

puntoncillo. s. m. Viga pequena de madeira que se usa para cravar sobre ela as táboas do lousado.
Obs. Trátase dun castelanismo.

puntual. adx. Que fai as cousas ao seu tempo, exacto, preciso.

puntualidá. s. f. Calidade de puntual.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

punzón. s. m. Ferramenta con punta, que normalmente serve para furar ou gravar. **2.** Punta de ferro para fixar a rella do *vasadoiro* ao *dental* (Tapia de Casarego). **3.** V. pasador 5ª acep. (Ortigueira). **4.** V. buril (Ortigueira). // **Punzón de marcas.** Punzón de ferro que serve para poñer marcas nas navallas.

puñadín. s. m. Puñado pequeno.

puñada. s. f. Golpe dado co puño (Boal).

puñado. s. m. Porción de algo que cabe nun puño. **2.** Cantidade indeterminada de algo, podendo ser pequena ou grande (*Había un puñado de xente*, *Había un bon puñado*). // **A puñados.** En moita candidade.

puñafrero, -a. V. puñeflero.

puñal. s. m. Arma curta, de aceiro, que soamente fere de punta.

puñalada. s. f. Ferida producida cun puñal.

puñatero* → puñetero.

puñeflero, -a. adx. Gracioso, burlón.

puñer* → poñer.

puñesa! interx. Indica enfado.

puñeta. s. f. Molestia. // **Facer (*fer*) a *puñeta*.** Molestar, enfastiar. // **Máis (*más*) que a *puñeta*.** Moito.

puñetazo. s. m. Golpe que se dá a algo ou alguén co puño (*Deo un puñetazo na mesa*).

puñetero, -a. adx. Que fastidia ou molesta.
Obs. Trátase dun castelanismo.

puñín-puñín. s. m. Xogo infantil que consiste en que todos os rapaces van poñendo os seus puños uns enriba doutros, mentres din "*puñín-puñín*". Logo establécese un diálogo entre un deles e o resto dicindo: "*Puñín, puñín... / Que hai eiquí arriba? / masa, amasada / Quen a amasou? / el rabo da eixada / Quen comeu el meu pan e as mías sardías / que taban alí na trabeiría? / Fomos eu e a mía cucia / comelos á tardiquía. / Dixo el rei ia reina / que el primeiro que se rise / un estirón de orella. / Debanar, debanar...".* Como remate todos moven os seus brazos dun xeito xiratorio, mentres din *"debanar, debanar..."*, até que un se ri e os demais lle tiran das orellas (Ibias).

puño. s. m. Man pechada. **2.** Nunha embarcación, tea reforzada que suxeita a vela, cun furado por onde pasa a driza. **3.**

Peza de ferro ou bronce que se pon nas portas para chamar. **4.** Calquera dos ángulos da vela dunha embarcación (Tapia de Casarego). **5.** Parte do remo por onde se agarra para vogar (Tapia de Casarego). // **Al puño.** Xeito de segar cando se colle cunha man o trigo e coa outra córtase. // **Dicir verdades como puños.** Dicir o que se pensa ou a realidade. // **Meter os puños *polla* boca.** Ameazar. // **Meter os puños polos ollos.** Ameazar. // **Puño (a).** Xeito de lanzar a bóla no xogo dos *bólos* (Villaión); cachete (a). // **Puño de amura.** Suxeita a vela á amura. // **Puño de escota.** Puño situado no extremo inferior da vela. // **Puño de pena.** Puño que se atopa na parte máis elevada da vela. // **Ser como a *Virxen* del puño.** Ser moi agarrado, avaro. // **Ser del puño zarrado.** Ser agarrado, avaro.

puño! interx. Voz que expresa enfado.

pu-pa! V. pu-pá!

pu-pá! interx. Voz que se emprega para dicir que se acode xa rapidamente. **2.** Expresa indiferenza ou menosprezo.

pu-pa-rra-chá! V. pu-pá!

pu-pa-rra-iá! V. pu-pá!

pupila. s. f. Parte redonda no centro do iris do ollo, por onde entran os raios de luz.

pupio, -a. adx. Dise do que non ten desperdicio. **2.** Aplícase á carne de gando vacún ou porcino sen óso. **3.** s. f. Carne sen óso. **4.** Cheo (*El caserío tá pupio de artos*).

pupitre. s. m. Moble de madeira ou outro material, con tapa para escribir sobre el. Ás veces nas escolas tradicionais estaba formado por un banco unido a unha mesa inclinada cuns furados para os tinteiros de louza.

pupizo. s. m. Resto dunha substancia que cae na comida ou bebida; argueiro 3ª acep., topizo. **2.** Porción pequena de la para fiar. **3.** Porción de la que non se desfai cando se está fiando.

pur* → por.

pureza. s. f. Perfección, sen mestura. **2.** Castidade.

purga. s. f. Menciña que favorece a evacuación do ventre.

purgación. s. f. (pl. purgaciois). Enfermidade contaxiosa de tipo sexual, que se caracteriza por un fluxo supurante da vaxina e da uretra. // **Ir pillar as *purgaciois.*** Ir de putas.

puro, -a. adx. Dise dun lugar moi pendente (*É uha subida mui pura*), (Ibias). **2.** Aplícase ao gando vacún que ten moito carácter, vivo, forte, especialmente para traballar (Santalla de Ozcos). **3.** Nervioso, inquedo (San Martín de Ozcos). **4.** Acedo. **5.** Desagradable ao gusto, amargo (*El café puro é sin azucre*). **6.** O mellor dunha cousa (Navia). // **De puro.** De xeito excesivo, por causa de algo (*Os dentes faltáranlle de puro gastados*).

purín. s. m. Mexo e esterco dos animais que se utiliza para fertilizar as terras; surrio.
Obs. Trátase dun castelanismo.

purísima. s. f. Alforxa de poñer na cabeza coa faltriqueira por diante e outra por detrás (Boal).

purque* → porque.

purrela. s. f. Conxunto de cousas ou cousa de pouco valor ou mala calidade. **2.** Restos dunha froita que xa non serven. **3.** Xente ruín, desprezable.

purrelada. s. f. Cousa de pouco valor.

purriola. s. f. Resto podre ou estragado dunha mercancía (Navia).

purricas (en)* → porricas (en).

purrir. V. apurrir.

pursiano, -a. adx. O que pon os pés para fóra ao camiñar. // **Á *pursiana.*** Cos pés postos para fóra ao andar.

purtisión* → procesión.

pus. s. m. Líquido espeso amarelo fomado por leucocitos que aparece en feridas, tecidos inflamados etc.; materia, posteuma.

pustura* → postura.

puta. s. f. Muller que presta servizos sexuais a homes por diñeiro. // ***Pra* ser puta i *nun ganar* nada, *val más* ser muller honrada.** Refrán que alude a que se unha persoa non vai ser capaz de dar todo en algo que elixe, é mellor que se dedique a outra cousa. // ***Tar* como putas en coresma.** Estar sen traballo e diñeiro.

putada. s. f. Acción feita con maldade.

putañego. V. putañeiro.

putañeiro. adx. Aplícase ao home que vai con moitas mulleres.

putiar. v. Enfastiar, amolar.

puvín. s. m. Sucidade que se quitaba co *pulidoiro* cando se debandaba o liño (Santalla de Ozcos). **2.** Po que se forma debaixo dos mobles (Santalla de Ozcos).

puvisa. s. f. Parte de color branca que cae despois de apagarse unha *muchica*. **2.** Por extensión, *muchica*. **3.** Resto en forma de po que desprende o millo, o trigo, as fabas e outras sementes cando se limpan. **4.** Po. **5.** Folerpa (Grandas de Salime); falopo. **6.** Nevada curta con folerpas pequenas (Allande).

puvisada. s. f. Neve que cae con pouca intensidade.
puvisar. v. Nevar, normalmente con pouca intensidade (Boal, Grandas de Salime, Allande).
puviso. s. m. Partícula pequena. **2.** Partícula de neve que cae; falopo.
puvixa. V. puvisa 1ª, 2ª, 3ª e 4ª acep. **2.** Cinza branca que queda despois de queimar pinas (Castropol); puvisa 1ª acep.
puvixo. s. m. Po. **2.** V. puvisa 3ª acep. **3.** Partícula molesta que se mete nun ollo.
puxa. V. poxa 1ª, 3ª e 6ª acep. **2.** Mango do *estil* da gadaña (Ibias).
puxado, -a. adx. Empuxado.
puxador, -a. V. poxador.
puxamen. s. m. Parte inferior da vela dunha embarcación.
puxante. adx. Forte, que ten puxanza.
puxanza. s. f. Forza grande para impulsar ou executar unha acción, ou con que medra ou se desenvolve algo.
puxar. V. empuxar 1ª acep. **2.** V. poxar. **3.** Traballar abondo para facer algo. **4.** Remar de pé (Tapia de Casarego).
puxarra. s. f. Cousa de pouco valor.
puxavante. s. m. Ferramenta de ferreiro, formada por unha paleta rectangular de ferro con aceiro e unha figura en forma de sete metida nun mango de madeira, que serve para cortar os cascos das cabalerías antes de ferralos.
puxo. s. m. Necesidade, gana, ansia. **2.** Sensación moi incómoda que consiste no desexo de defecar e mexar de xeito frecuente, con gran dificultade para conseguilo e con fortes dolores. **3.** Contracción antes dun parto.
puxón. (pl. puxois). V. empuxón 1ª acep.

Q

q. s. m. Décimo sexta letra do alfabeto galego. O seu nome é *que*.
que[1]. pron. relativo. Forma invariable que non admite ningunha modificación formal e que se substitúe no discurso a un elemento anterior chamado antecedente. **2.** pron. e adx. interrogativo. Significa que cousa? Canto? **3.** interx. *Que ques*? Emprégase con sentido negativo, de advertencia, para pedir explicacións etc. (*Que! como che foi?*). **4.** Cantos? (*Que anos teis?*).
que[2]. conx. Introduce unha oración substantiva. **2.** Con valor disxuntivo. **3.** Con valor causal. **4.** Segundo elemento da comparación (*Fizo máis que nosoutros*). **5.** Expresa relación de exclusión mutua entre dúas ou máis proposicións (*Que fillo, que nora, que padre, todos son iguales*).
quebra. s. f. Fendedura, abertura.
quebrada. V. furado[2] 3ª acep. **2.** Paso estratéxico para os animais de caza.
quebradeiro. s. m. Alteración do ánimo, preocupación. // ***Quebradeiro* de cabeza.** Problema.
quebrado[1]. s. m. Vertente menor dun lousado que está feito a dúas augas e a dous quebrados. **2.** Lugar resgardado do vento.
quebrado[2], -a. adx. Herniado. **2.** Roto. **3.** Dilatado.
quebradura. s. f. Hernia.
quebramento. s. m. Acción e efecto de quebrar.
quebranoces. s. m. Instrumento de ferro ou de madeira, de xeito de tenaces, que serve para partir noces ou outros froitos secos. Este instrumento serve para enganar os nenos dicíndolles: "*Un quebranoces, un salta paredes, un correverás i un cascabelín detrás*".
quebrar. v. Romper, partir. **2.** Herniar. // **Quebrar el sono.** Despertar e non volver poder durmir. // **Québreche os ollos!** V. Québrenche(lle) os ollos (*ócaros*)! // **Québrenche (québreche, québrelles) a *furcia*!** Expresión que indica incredulidade, despropósito, tolada, chiste, broma etc. // **Québrenche(lle) os ollos (*ócaros*)!** Expresión para maldicir ou expresa sorpresa, admiración, negación do que di a outra persoa, demostrar que o que se di é unha parvada etc. // **Québrenche!** Quedar sen algo, por exemplo sen forza, sen vista etc. // **QuébrenIle os ollos!** V. Québrenche os ollos! (Castropol).
québreche! interx. Parvo! (Boal).
quecer. V. quencer (Os Coutos).
queche. V. cachemarín.
quechemarín. V. cachemarín.
queda. s. f. Xogo de nenos, onde un ten que coller fisicamente a un ou a todos os outros. **2.** Dito que se di neste xogo polo que o que apandaba queda libre e ao que tocou pasa a perseguir o resto.
quedache. V. queda 2ª acep.
quedada. s. f. Período de calma no mar entre dúas series de ondas (Navia, El Franco). // **Ir de quedada.** Estar o mar calmo (As Figueiras).
quedado, -a. adx. Dise da persoa que non sabe que dicir.
quedar. v. Deterse ou permanecer nun lugar determinado (*Quedou en*

Castropol). **2.** Restar parte dunha cousa (*Aínda quedan tres sacos*). **3.** Nos xogos dos nenos, apandar. **4.** Esquecer (*Quedaron os libros alí*). **5.** Citarse (*Quedou coel irmao*). **6.** Apropiarse (*Quedou coa casa*). **7.** Permanecer algo ou alguén nun estado determinado (*Esa cama queda mui estreta nese cuarto*). **8.** Empreñar (*As mías vacas quedan sempre á primeira*). **9.** prnl. Caer ben, sentar (*Esa roupa quédache ben*). **10.** prnl. Debilitarse o vento, unha tempestade, as ondas do mar etc. **11.** prnl. Morrer. // **Quedar en.** Acordar, decidir. // **Quedar + de + infinitivo.** Perífrase verbal que indica compromiso (*Quedei de ir velo*). // **Quedar + participio.** Construción verbal que serve para matizar.

quedeichas. V. queda 2ª acep. (Boal).

quedín, -ía. adx. Inmóbil. // ***Mui quedín*.** Amodo.

quedo, -a. adx. Inmóbil (*Contesta quedo*).

quedón. s. m. Xogo infantil (Boal).

queer. V. caer.

quefer. s. m. Traballo.

queicer. V. quencer.

queima. s. f. Acción de prenderlle lume aos residuos que quedan de plantas nun terreo para limpalo ou para despois labralo. **2.** Incendio. **3.** Pelexa (Negueira de Muñiz). **4.** Acto e resultado de queimar algo (*A queima da lleña*).

queimada. s. f. Bebida feita con augardente e azucre, á que se lle prende lume. Pódeselle engadir café, limón, laranxa etc. **2.** Parte de monte que se queima para despois sementar cereais. **3.** Ferida producida por queimarse con algo. **4.** V. queima 1ª acep.

queimado[1]. s. m. Técnica que consiste en facer no mango da madeira dunha navalla ou coitelo unha especie de raias ou motivos decorativos marcados con lume, en sentido transversal. **2.** V. queimada 1ª acep.

queimado[2], -a. adx. Incendiado, ardido. **2.** Persoa cansada. **3.** Persoa que está anoxada. **4.** Dise da navalla á que se lle fan certos motivos decorativos no mango empregando lume.

queimadura. s. f. Ferida feita polo lume ou a calor forte. Na medicina tradicional curábanse con pataca rallada, tinta, borra de café ou clara de ovo con aceite. **2.** Acción e efecto de queimar.

queimar. v. Arder, incendiar. **2.** Quentar moito o sol ou o lume. **3.** Estar moi quente unha cousa. **4.** Gastar. **5.** Estragar por culpa do frío, deteriorar (*Vén uha xistra que queima a un*), (San Martín de Ozcos). **6.** No xogo dos *bólos*, que estes queden enriba das raias. **7.** Empregar lume para facer certos motivos decorativos ao mango dunha navalla. **8.** Secar algo o nordés, como as árbores. **9.** Abrasar, tostar. **10.** Rachar os fíos un fusible, lámpada etc. por exceso de corrente. **11.** prnl. Cansarse. **12.** prnl. Anoxarse. // **Quéimame a casa e déixame el ollo!** Expresión que se utiliza contra o *orizolo* (Santalla de Ozcos). // **Queimar el *sangre*.** Provocar enfado. // **Queimar as bruxas.** O día despois da noite de San Xoán pasar toda a familia e o gando por enriba das cinzas da fogueira.

queimazón. s. f. Caída da pel por diversos motivos (San Martín de Ozcos).

queimois. s. m. pl. Mazaroca de millo baleira por dentro, deixando só as follas que a cobren.

queimón, -úa. adx. e s. Aplícase á persoa que di as cousas ferindo. **2.** Dise da bebida alcohólica que cando se toma produce un forte ardor na gorxa ou na boca. **3.** O que queima, como o sol. **4**. s. m. (pl. queimois). Gran na pel de tamaño pequeno e carácter maligno. **5.** s. m. Xogo de nenos. V. escondidas (ás). **6.** s. m. Broma que se facía nas esfolladas a alguén, deixando as follas do talo do millo pero sen a mazaroca dentro (Villaión).

queimura. s. f. Acidez de estómago.

queiral. V. cairel 2ª acep.

queirel. V. cairel 2ª acep.

queiro. s. m. Dente agudo entre os incisivos e os molares. **2.** Pau ou gancho, posto na parte baixa da pértega, que serve para suxeitar a atadura nos carros ou nas albardas. **3.** De xeito pouco frecuente, camiño (Castropol).

queirota. s. f. Nome xenérico que se dá a varias especies de uces, sen pétalos, con follas perennes, aciculares e con pequenos pelos. As flores son rosadas e pode alcanzar case un metro de altura (*Erica sp.*). Normalmente esta palabra está referida á especie *Erica umbellata*. **2.** *Cádava* que queda despois de queimar un monte. **3.** Rama de arbusto seca (Eilao). // **Queirota brancal.** V. uz brancal. // **Queirota *moural*.** V. uz moural.

queiso. s. m. Pináculo do lousado dos hórreos ou *paneras* (El Valledor); pellozo, cruceiro.

queixa. s. f. Acto e efecto de queixarse. **2.** Expresión de dolor. **3.** Protesta. **4.** Resentimento. **5.** V. queixo 3ª acep. //

Non (*nun*) hai queixa. Menos mal. // ***Nun* haber *muita* queixa.** Non moi mal. // **Raia de *queixa*.** V. queixo 3ª acep. // ***Tar* queixa-queixa.** Estar queixándose continuamente de dolor (Navia).

queixada. s. f. Mandíbula inferior do home e dos animais na que están encaixadas as moas e os dentes. **2.** Parte da cara que está por debaixo da boca.

queixado, -a. adx. Dise da persoa que laia moito.

queixaportodos. adx. Dise da persoa que se queixa por todo.

queixar. v. No xogo dos *bólos*, non traspasar a primeira raia. **2.** prnl. Expresar dolor. **3.** prnl. Protestar. **4.** prnl. Manifestar resentimento.

queixeiro, -a. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Busvidal (Allande). **2.** s. m. e f. Persoa que fai ou comercia con queixo. **3.** s. f. Recipiente, polo común de cerámica ou metal, preparado para conservar e gardar o queixo.

queixela. s. f. Trobo que serve para transportar un enxame.

queixía. V. ave queixía.

queixica. adx. Que se queixa con frecuencia; queixón.

queixida. V. queixido.

queixido. s. m. Voz lastimosa orixinada por unha pena ou unha dolor.

queixo. s. m. Produto lácteo sólido salgado e curado, despois de quitarlle a auga. No Eo-Navia é un produto tradicional desde sempre, sendo de especial importancia o que se facía nos Ozcos ou en Romelle (El Franco). **2.** Sobremesa feita con leite callado ao que se lle pon azucre. **3.** No xogo dos *bólos*, primeira raia que se pon no chan; raia del dez. **4.** Conxunto de varas entretecidas que se poñen sobre a lareira para curar as abelás, castañas ou noces (Coaña); caínzo, cainzo, caízo, quinzo. // **Queixo *mole* (*molle*).** *Requeixón*.

queixón, -a, -úa, -oa. adx. Aplícase á persoa que se queixa moito sen motivo aparente ou por costume. **2.** Folgazán.

queixón* → caxón.

queixoso, -a. adx. Que se queixa moito. **2.** Aplícase á persoa que se queixa doutra.

queiza. V. queizo 2ª acep.

queizada. s. f. Carro cargado até o bordo. **2.** Feixe, cantidade grande de algo.

queizar. V. aqueizar.

queizo. s. m. Táboa para a parte traseira dos carros do país. **2.** Trenzado de varas que se pon substituíndo aos *ladrais* do carro. **3.** Plataforma de entretecido que serve de andamio. **4.** Entretecido de varas que se pon enriba do lume para secar castañas, leña etc. **5.** Conxunto de táboas que serve para desfacer terróns e aplanar a terra (El Franco). **6.** Táboa onde vai cravado o eixe e se chantan as treitoiras do carro (Tapia de Casarego). // **Erguerse dos *queizos*.** Desfrutar da vida. **2.** Levantar as pernas.

quello. s. m. Camiño pequeno (Os Coutos).

quelo* → aquelo.

quen. pron. relativo que se refire normalmente a persoas. **2.** pron. interrogativo que se aplica a persoas (*Quen son esos que reñen?*). **3.** pron. indef. Calquera persoa. **4.** interx. Aplícase cando se quere saber que persoa foi a que fixo algo, dixo algo etc. **5.** pron. exclamativo. Úsase en frases exclamativas (*Quen veu!*). // ***Nun* ser quen.** Non poder. // **Quen me (lle) dera.** Expresión de desexo. // **Quen *tá*?** Forma de saúdo. // **Quen vive?** Forma de saúdo. // **Ser quen a.** Ser capaz de (*Nun sou quen a amañalo*). // **Ser quen de.** Conseguir. // **Ser quen *pra*.** Ser capaz de.

Obs. A forma tanto para o singular como o plural é quen, **quenes* é un castelanismo.

quencer. v. Entrar en calor (Santiso de Abres).

quenda. V. calenda.

quendeiro, -a. adx. Dise do que se usa por quendas.

quenes* → quen.

quenquera. Indef. Calquera persoa.

quenquira. V. quenquera.

quentar. V. calentar 1ª acep. (Abres, Santiso de Abres).

quente. V. calente (Os Coutos).

quentura. V. calentura (Taramundi).

quer. V. caer (Boal).

querencia. s. f. Hábito, costume (Castropol). **2.** Propensión, inclinación.

querer. v. Amar, ter cariño. **2.** Desexar algo. **3.** Úsase cando parece que vai acontecer algo (*Seique quería chover*). **4.** Ter a vontade ou a intención de facer algo. **5.** Preferir. **6.** prnl. Manter relacións cordiais cunha persoa (*Quérome mellor coa mai que coa filla*). **7.** s. m. Amor. (*El meu querer*). // **A querer.** Adrede. // **Como *quera* que.** Dado que, xa que, porque. // **El que algo *quer*, algo lle costa.** Refrán que se refire a que para conseguir algo, é preciso loitar bastante para superar as dificultades que poidan presentarse. // **Fai máis el que *quer*, que el que pode.** Refrán que alude á forza de vontade para facer as cousas. //

***Nun* se fai como se *quer*, *sino* como se pode.** Refrán que describe que ás veces se fan as cousas como se poden e non como desexaría un. // ***Pra* quen *nun quer* teño (eu, *eo*) abondo (de sobro).** Refrán que indica que a persoa que te trata con indiferenza hai que ignorala. **2.** Refrán que recrimina con retranca os excesos ou esixencias de certas persoas. // **Quen *dice lo* que *quer*, *escuita lo* que *nun quer*.** Refrán que recrimina a quen fala sen pensar. // **Quéroche dicir.** É dicir. // ***Querse* dicir.** É dicir. // **Querer + infinitivo.** Perífrase verbal con significado de desexo (*Nun quero darlle un susto*). // ***Sin* querer.** Involuntariamente, sen intención.

queridango, -a. s. m. e f. Amante en sentido despectivo.

queridín, ía. s. m. e f. (pl. queridíos, queridías). Amado, expresión utilizada para mostrar cariño.

querqueixa. V. carqueixa.

quevedos. V. lentes.

quezabes* → quizabes.

qui* → que.

quía! V. quia!

quia! interx. Expresa negación, dúbida ou incredulidade, de ningún xeito; ca![3]

quica, -o. s. f. e m. Galiña ou galo de raza moi pequena. A femia é boa para incubar ovos (*Gallus sp.*). **2.** s. f. Con carácter afectivo, nena (Taramundi).

quícaro. s. m. Galo pequeno; quico.

quiciabes. V. quizais.

quiciás. V. quizais.

quicio. s. m. Parte onde se move e xira unha cancela (Allande). // **Sacar de *quicio*.** Desesperar.

quielme. V. gata 2ª acep. (As Figueiras).
Obs. Trátase dun castelanismo e dunha acepción confusa por *caella* (*Prionace glauca*).

quietú. s. f. Tranquilidade, sosego. **2.** Inmobilidade, carencia de movemento.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

quilla. s. f. Peza de madeira ou de ferro que vai de proa a popa e que serve de sostén a toda a armazón do barco. Cando é de madeira normalmente é de carballo ou mesmo eucalipto.

quilma. s. f. Montón de cousas dunha mesma clase ou varias, normalmente colocadas de xeito desordenado. **2.** Cantidade grande de algo.

quilmada. V. quilma 2ª acep.

quilmerista. s. m. Persoa que provoca problemas ou disputas.

quilo. s. m. Unidade de masa do sistema métrico decimal que equivale a mil gramos.

quilometraxe. s. f. Distancia medida en quilómetros.

quilómetro. s. m. Unidade de lonxitude do sistema métrico decimal que equivale a mil metros.

quimera. s. f. Disputa, pelexa. **2.** Golpe ou ferida producidos nunha pelexa (Os Ozcos).
Obs. Trátase dun castelanismo.

quina. s. f. Punta metálica do *pión*; ferra. **2.** Líquido medicinal que se saca da casca da árbore da quina. **3.** Cocha.

quina, quina! interx. Voz usada para chamar a unha cocha.

quinado. adx. Dise do viño que ten quina.

quincalla. V. quincallada.

quincallada. s. f. Conxunto de cousas de pouco valor.

quincalleiro, -a. s. m. e f. Persoa que vendía quincalla, é dicir, cousas de pouco valor.

quince. adx. e s. m. Dez máis cinco.

quincena. s. f. Nena de quince anos. **2.** Período de quince días.

quinceno. adx. Que ten quince meses. **2.** Dise do poldro de máis dun ano e menos de ano e medio.

quindaste. V. guindaste 1ª acep. (Villaión).

quinientos* → cincocentos.

quinín, quinín! V. quino, quino!

quino. V. quina 1ª acep. (Boal); ferra. **2.** Cocho.

quino, quino! interx. Voz usada para chamar os cochos.

quinqué. s. m. Lámpada formada por un depósito para o combustible e un tubo de cristal para protexer a luz e que usa como carburante aceite de petróleo.

quintada. s. f. Broma pesada que se facía aos soldados no servizo militar (Villaión).

quintal. s. m. Medida de peso que en Grandas de Salime equivalía a 57,5 quilos, en Eilao a 50 e en Abres a 46. **2.** Medida de peso do sistema métrico que equivale a cen quilos. // **Quintal galego.** Medida de peso que foi utilizada nalgunhas ferrerías como a de Froseira (Boal) e que equivalía a 46 quilos. Nos Ozcos correspondía a 57,6 quilos ou 4 arrobas. // **Quintal macho.** Medida de peso que se empregou nas ferrerías e nos portos de mar para o ferro e que equivalía a 70,8 quilos.

quintanal. s. m. *Vago* dunha casa (San Martín de Ozcos).

quintas. s. f. pl. Antigo servizo militar. // **Ter as quintas pasadas.** Ser vello (Boal).

quinteiro, a. s. m. e f. Arrendatario que pagaba como renda ao dono a quinta

parte da colleita obtida, aplicándose normalmente ás uvas.

quinto, -a. adx. O que está colocado no número cinco dunha serie. **2.** s. m. Antigamente, mozo que estaba en idade militar. **3.** s. m. Cada unha das cinco partes iguais en que foi dividida unha cousa.

quinzo. V. caínzo (Eilao, Boal).

quiñe. s. m. Golpe que se dá co *pión*; conco 1ª acep.

quiñón. s. m. Parte, proporción. **2.** Fondo de onde saía media onza para gastos médicos, enterro e cera de enterro de cada afiliado, arrendándose e saíndo a poxa (As Figueiras). **3.** Parte da herdanza que se adxudica a cada un dos herdeiros (Navia). **4.** Parte que recibe un pescador como salario, despois de dividir a ganancia segundo o réxime de participación e unha vez deducidos os gastos xerais. // **Al quiñón.** Quinta parte do que se gañaba ou repartía en terras arrendadas. Utilizábase nas ganancias da pesca sacada polas lanchas e tamén tivo un sentido relixioso ou de *regalía*.

quiñúa. V. quiñuada.

quiñuada. s. f. Pouca cousa. **2.** Golpe que se dá a un *pión* do xogador contrario cando se tira o dun para que baile (Tapia de Casarego).

quiosco. s. m. Construción pequena, aberta normalmente por todos os lados, feita nos parques e utilizada para tocar as bandas de música ou facer outro tipo de espectáculos.

quiquiriquí! interx. Voz dos galos.

quirincolaia. s. f. Pinchacarneiro (Castropol). V. pinchacarneiro.

quiro, quiro! interx. Voz usada para chamar os cochos.

quirolada. s. f. Conxunto de gaiteiros que tocan nunha formación musical (Coaña, Boal). **2.** Peza musical típica.

quirolo. s. m. Gaiteiro, por extensión do grupo de Castropol chamado Os Quirolos (Coaña). **2.** Grupo que tocaba con gaita, bombo e caixa (El Franco); meirolo 5ª acep.

quirula. V. terula.

quis, quis! interx. Voz usada para chamar os cans. **2.** Voz para chamar as ovellas.

quis-quis-quis! interx. Voz que se emprega para excitar o touro para que cubra a vaca (Allande).

quisquilla. s. f. Crustáceo decápodo, parecido á gamba, con rostro longo e con dentes na parte superior e inferior (*Palaemon serratus*). Outras especies presentes no Eo-Navia son a *quisquilla* de area (*Crangon crangon*), que vive na area e a *Upogebia pusilla* utilizada como engado por parte dos pescadores.
Obs. Trátase dun castelanismo.

quisquillón. V. piollín 2ª acep.

quitadeiro. s. m. Corte na presa principal, nun sistema de rego.

quitando. adv. Excepto, agás. // **Quitando que.** Expresa unha condición.

quitar. v. Coller unha cousa apartándoa. **2.** Roubar. **3.** Sacar (*Quiteille un cachín*), (A Veiga, Castropol, Santiso de Abres, Taramundi, Tapia de Casarego). **4.** Facer, realizar (*Quitar el carné*). **5.** Impedir, estorbar (*Nun lle quitei de faelo*). **6.** prnl. Apartarse. // **Quita de *ei*!** Emprégase para rexeitar a alguén ou para denotar incredulidade polo que se di (Boal).

quite. s. m. Agudeza, frase oportuna. // **Dun quite.** Cun movemento brusco (*A vella apartouna dun quite*), (Castropol).

quivocar* → equivocar.

quivoco* → equívoco.

quizá* → quizais.

quizabes. V. quizais.

quizaes* → quizais.

quizais. adv. Expresa dúbida ou posibilidade.

quizás* → quizais.

quizquilloso, -a. adx. Dise da persoa que é especialmente meticulosa (San Martín de Ozcos).

R

r. s. m. Décimo sétima letra do alfabeto galego. O seu nome é *erre*.

ra. s. f. Anfibio anuro da familia dos ránidos, duns nove metros de lonxitude, cabeza tan ancha como longa, fociño redondeado, ollos saltóns e grandes, tronco oval e esvelto, membros anteriores curtos e os posteriores fortes e longos, cos dedos unidos por membranas. A súa pel é lisa ou levemente granulosa. A color é variable, podendo ser verde, parda ou tirando a negra (*Rana sp.*). **2.** Tumor brando que se forma debaixo da lingua do gando vacún e nos cans. **3.** Dise dun coleóptero que vive nos cultivos forraxeiros de primavera que se é enxerido polo gando vacún ou ovino produce a inchazón do ventre e dos ollos e é preciso facerlles unha cura (Boal, Allande). **4.** Enfermidade que provoca este insecto (Allande). // ***Condo* a ra teña pelos i el sapo gadellas.** Refrán que advirte dunha

cousa que nunca vai acontecer. // **Ra de veleno.** Insecto alongado, de color marrón escura, que se considera velenoso (Grandas de Salime).

raba. s. f. Primeira folla do nabo; nabiza, rabiza. **2.** Cebo para a pesca da sardiña feito das ovas do bacallau.

rabaada. V. rabuada 2ª acep. (Serandías).

rabada. s. f. Papa con azucre, mel e *requeixón* (requeixo). **2.** Rebanda de pan, con ovo, frita en aceite moi quente e despois acompañada de azucre.

rabadela. s. f. Extremo inferior do espiñazo. **2.** Carne das coxas da vaca ou do boi ao lado do espiñazo e cerca do rabo.

rabadella. V. rabadela.

rabanada. V. rabuada 2ª acep.

rabaneiro, -a. adx. Aplícase á muller que fala máis do debido. **2.** Indecente. **3.** Descarado, atrevido.

rabañada. s. f. Cantidade grande de persoas, de gando ou de animais; rabaño. // **Uha *rabañada* de.** Moitos.

rabañado. s. m. Conxunto numeroso de reses ou persoas; rabaño.

rabañar. V. rañar 2ª acep. (*Rabañar cos dentes os ósos*).

rabaño. s. m. Conxunto de reses que pacen xuntas. **2.** Por extensión, conxunto numeroso de persoas.

rabeado, -a. V. rabiado.

rabear. V. rabiar 2ª acep. (Santalla de Ozcos).

rabeira. s. f. Parte traseira do carro. **2.** Peza do arado por onde se colle para arar.

rabeiro. V. rabeira 1ª acep.

rabela. s. f. Peza corva e traseira do arado, sobre a que leva a man o que ara para dirixir a rella e apertala contra a terra; cabezada 2ª acep., rabella. **2.** V. ribileira (Allande, Os Ozcos). **3.** Temón que teñen algunhas grades para manexalas pola terra. **4.** Pedra do segundo cabeceiro dunha veta (Tapia de Casarego).

rabeleira. s. f. Planta rastreira con flores vermellas, semellante á queirota (*Erica sp.*), (San Martín de Ozcos).

rabelín. V. rabo 14ª acep.

rabella. V. rabela 1ª acep.

rabellada. s. f. Golpe dado cun rabo.

rabellín. V. rabo 1ª acep. (Allande).

rabelo, -a. adx. Dise do animal ao que se lle cortou o rabo.

rabeludo, -a. adx. Persoa con mal carácter.

rabenar. v. Recortar.

rabeno, -a. adx. Aplícase ao que queda curto, escaso ou que non medra, como as plantas, os galos etc. **2.** V. rabelo.

rabentado*, -a → rebentado.

rabentar* → rebentar.

rabentón* → rebentón.

rabeta. V. rabia 1ª acep. (Navia).

rabexada. V. rabexo 1ª acep. (San Martín de Ozcos).

rabexar. v. Facer cousas de pouca importancia. **2.** Revolver. **3.** Mover o rabo. **4.** Non parar de moverse nun sitio.

rabexo. s. m. Traballo pouco importante. **2.** Axuda de pouca importancia (Castropol).

rabexuada. V. rabexo 1ª acep. **2.** Cousa de pouca importancia, breve e feita con pouco esforzo. **3.** Paseo.

rabia. s. f. Irritación intensa do ánimo. **2.** Descontento. **3.** Enfermidade contaxiosa que afecta a algúns animais, de xeito especial aos cans. **4.** Enfado. **5.** Odio, aversión. // **Dar *muitas* rabias.** Parecer mal (El Franco). // **Dar rabia.** Parecer mal. // **Facer rabias.** Anoxar a unha persoa (San Martín de Ozcos). // ***Tar* como a rabia.** Estar a froita verde. // **Ter rabia (s).** Odiar a unha persoa.

rabiado, -a. adx. Cheo de rabia. **2.** Cunha dolor intensa. **3.** Anoxado, irritado. **4.** Aplícase á froita cando está verde. **5.** Desexoso. **6.** Que ten a enfermidade da rabia.

rabiar. v. Estar rabioso. **2.** Desexar algo con moita intensidade. **3.** Ter unha forte dolor. **4.** Estar unha cousa moi boa. **5.** Estar verde un cereal, unha froita etc. **6.** Estar unha comida demasiado salgada ou quente e con sabor desagradable. **7.** prnl. Anoxarse. // **Facer (*faer*, *fer*) rabiar.** Anoxar a unha persoa.

rabico. s. m. Folla do nabo pequeno (Grandas de Salime).

rabil. s. m. Táboa pequena cun furado polo que corren os paus da *limaqueira*, que permiten que este tipo de nasa poida pregarse e despregarse (Abres). **2.** V. rabeira 2ª acep. (Allande).

rabileiro, -a. adx. Dise da persoa que lle gustan os chismes.

rabilón. s. m. Animal ou persoa que segue a outra a todas partes.

rabincar. v. Brincar. **2.** Xogar.

rabinqueiro, -a. adx. O que brinca.

rabión, -a, -úa, -oa. adx. Anoxado. **2.** Dise da froita poco madura e con sabor acedo. **3.** Aplícase á persoa con mal carácter. **4.** s. m. Sitio pouco fondo dun río por onde se pode pasar sen dificultade (Boal). **5.** Dise do sol moi forte.

rabiuras. adx. Dise da persoa irritable, que se anoxa facilmente.
rabixa. s. f. Remuíño no pelo (Coaña).
rabixeiro, -a. adx. Dise da persoa inqueda.
rabiza. s. f. Rabo do arado. **2.** V. raba. **3.** V. nabiza. **4.** Entre os mariñeiros, cordel ou corda.
rabizo. s. m. Parte do arado por onde se colle para arar (Ibias); rabiza, mango.
rabo. s. m. Cola de moitos animais. **2.** Mango dunha ferramenta ou utensilio como o dun varredoiro, unha brosa, unha tixela, un cazo, unha garfela, o calcaño dunha gadaña etc. **3.** Planta anual da familia das gramíneas, con talo ríxido de até un metro de altura, con inflorescencia en espiga con grans de color violácea e arestas agudas, de carácter nocivo que medra entre os cereais (*Lolium perenne*). **4.** Semente desta planta. **5.** Pedúnculo que une a froita á rama. **6.** Talo dunha planta. **7.** Pau dun varredoiro. **8.** Órgano xenital masculino. **9.** Calquera cousa que colga na parte posterior. **10.** Mango metálico rematado nun pequeno aro que sobresae dun tambor de asar castañas e que serve para voltealas. **11.** Pau da parafusa dunha *mazadeira*. **12.** Aleta caudal dun peixe (As Figueiras). **13.** Parte pequena que sobresae na traseira do barquín dun mazo. **14.** Nun mazo, asa que se pon a unha *agoa*. **15.** Parte final do mango dunha navalla; culata 1ª acep. **16.** V. barra 6ª acep. (Ortigueira). // **Agarrar a un polo rabo.** Dificultade para coller ao que xa fuxiu. // **Andar al rabo dun.** Estar sempre xunto a un. // **A rabo estalar.** Cheo de traballo. **2.** Moi cargado (Tapia de Casarego). **3.** Ter moita présa (*Andas a rabo estalar!*, *comer a rabo estalar*). // **El que teña el rabo de palla *polla cocía nun* vaia.** Refrán que alude a unha acusación a quen se sente responsable de algo que aconteceu, sen recibir explicitamente o cargo. // **Meter el (o) rabo entre as pernas.** Quedar humillado. // **O que ten o rabo de palla, ten medo a que lle arda.** Refrán que alude a que o que ten un defecto ou un vicio sempre se dá por aludido se non se fala del en concreto. **2.** Desconfiar sen motivo. // **Polo rabo da *garfella vei* el rato *al olla*.** Refrán que alude a que para un determinado fin se precisa algo para conseguilo. // **Ter el rabo de palla.** Ocultar algo. // **Rabo de gato.** Herba vivaz da familia das compostas, con talos erectos, de trinta a sesenta centímetros de altura, con follas lanceoladas e flores brancas ou rosadas, que medra nos prados e nos bosques claros. A infusión das súas flores utilízase para curar chagas e feridas (*Achillea millefolium*). // **Rabo torto.** Variedade de pera.
rabón, -úa. adx. Aplícase ao animal que non ten rabo porque o perdeu ou naceu sen el. // **Can rabón, *nun* hai ningún *bon*.** Refrán que alude a que o can que perdeu o rabo adoita ser de mal carácter.
rabona. V. rabúa.
rabonar. v. Cortar as follas aos nabos.
rabúa. s. f. Aparello semellante a un carro, normalmente de madeira de bidueiro, que se empregaba para arrastrar madeiros con vacas ou bois.
rabuada. s. f. Cacho de pan mollado en leite, rebozado en ovo, tostado e con azucre por enriba. **2.** Tallada de pan. **3.** Golpe que dá o rabo dun animal (El Franco).
rabuar. V. arrabuar.
rabucar. v. Cortar os rabos ás plantas (Navia). **2.** Cortar o rabo a un animal (Navia).
rabuco, -a. adx. Sen rabo, aplicándose normalmente ao gando vacún ou porcino. **2.** Con rabo curto.
rabudo, -a. adx. Dise da persoa con mal humor, que se anoxa con facilidade.
rabuñada. V. rabuñón 1ª acep.
rabuñar. v. Ferir a pel coas uñas ou cun obxecto punzante; arrabuñar 1ª acep. **2.** Coller cousas de pouca importancia; arrabuñar 3ª acep. **3.** Aproveitar os restos que quedan de algo. **4.** Ferir a pel cunha silva, toxo etc. **5.** Causar rabuñadas en algo, como nunha porta, madeira etc.
rabuñeiro, -a. adx. Dise da persoa que rouba cousas a outra (As Figueiras).
rabuño. V. rabuñón 1ª acep.
rabuñón. s. m. (pl. rabuñois). Ferida na pel feita coas uñas ou cun obxecto punzante. **2.** adx. Aplícase á persoa que rouba cousas de pouca importancia. **3.** Acción e efecto de rabuñar.
raca. s. f. Anel que abraza nunha embarcación o pau da vela e que serve para subila ou baixala
racacheiro. V. razcacheiro (A Veiga).
racanear. v. Tratar de conseguir unha cousa a un prezo máis baixo. **2.** Non querer facer algo nun momento determinado. **3.** Obstaculizar unha decisión sen razón ningunha.
rácano, -a. adx. Agarrado, avaro, egoísta. **2.** Aplícase á persoa con mal carácter.
racataplán. s. m. Son que fai o tambor.
racha[1]**.** s. f. Período de tempo bo ou malo (*Vein unhas rachas de vento*). **2.** V. refolón.

racha[2]. s. f. Fenda; rachadura, raxa 1ª acep. **2.** Estela que se corta dunha árbore ou dun tronco (Navia). **3.** Recheo para asentar as pedras dunha parede ou dun muro (Allande).

racha[3]. s. f. Insecto díptero, especie de mosca con abdome agrisado e peludo, de tamaño semellante a un tabán novo e que produce picaduras moi dolorosas ao gando. De costumes solitarios, o seu voo é rápido e abondo silencioso (Os Ozcos).

rachado, -a. adx. Fendido. **2.** Atrevido. **3.** Dise da parede, muro etc. nos que se cobren ou tapan os furados para asentalos.

rachadura. s. f. Fenda. **2.** Acción e efecto de rachar.

rachar[1]. v. Fender, cortar. **2.** Manchar a braga (Coaña). **3.** prnl. Romper un acordo.

rachar[2]. v. Cubrir os furados entre as pedras para asentar un muro (Allande).

racheado, -a. adx. Dise da nube que se separa doutra (Coaña).

rachear. v. Facer un vento forte (Coaña).

racimo. s. m. Porción de uvas ou grans que produce a vide. **2.** Por extensión, grupo de froitos agrupados do mesmo xeito que os da vide.

Obs. Trátase dun castelanismo.

radiar. v. Falar soa unha persoa que está enfadada (Seares).

radio[1]. s. m. Aparello receptor de radiotelefonía ou radiodifusión.

radio[2]. V. raio 4ª acep.

radiola. s. f. Aparello constituído por un tocadiscos con amplificador.

raer. v. Estender as brasas no forno cun pau para que non quede a cinza debaixo (A Veiga). **2.** Roer lixeiramente, raspar. // **A raer.** A feito, todo canto había.

rafaela. s. f. Sucidade que se pega na roupa interior.

raguado. s. m. Primeira cocción á que se somete o ferro nunha forxa.

raguar. v. Someter á acción do lume por primeira vez o ferro.

raia[1]. s. f. Liña trazada con diversos materiais nunha superficie. **2.** Liña que se traza en varios xogos de nenos ou adultos como na *bolicha*, no *melás* ou nos *bólos* para delimitar certos espazos da zona de xogo. **3.** Lindeiro entre dous territorios. **4.** Marca que deixa un obxecto punzante nunha superficie. **5.** Liña que resulta de separar porcións de cabelo co peite. **6.** Enfermidade do gando vacún. **7.** Liña que forma no horizonte unha serra, unha montaña etc. co ceo ou as nubes. // **A raia.** Manter unha persoa controlada. // **Cruz i raia!** Expresión que se utiliza para non tratar máis con alguén ou non intervir nun asunto determinado. // **Pasarse da raia.** Abusar. // **Raia de tirada.** V. tiro 7ª acep. // **Raia del *cuatro*.** V. raia del dez. // **Raia del dez.** V. queixo 3ª acep. (Coaña). // **Raia dos nenos.** No xogo dos *bólos*, raia anterior á dos homes. // **Raia dos homes.** No xogo dos *bólos*, a primeira raia. // **Tres en raia.** Xogo que se practica sobre un cadrado cruzado por catro liñas que converxen no centro, e que consiste en situar tres pedras ou outros obxectos seguidos nos puntos de intersección dunha liña calquera.

raia[2]. s. f. Nome común de varios peixes raiformes, selacios, cartilaxinosos, de corpo plano, aletas peitorais triangulares moi desenvolvidas e unidas á cabeza e cola longa e delgada (*Raja sp.*, *Rhinobatus sp.*, *Dasyatis sp.*, *Torpedo sp.* e *Myliobatis sp.*). **2.** Peixe condroíctio da familia dos raidos, que pode acadar un metro de lonxitude e ten o corpo en forma de disco romboidal de máis de sesenta centímetros de ancho. A cara dorsal está cuberta de espiñas, entre as que hai algúns curtos aguillóns (*Raja clavata*), (As Figueiras). **3.** Peixe condroíctio raiforme, da familia dos rinobátidos, que pode acadar un metro de lonxitude, co corpo plano, cabeza ancha de forma triangular, pel algo áspera e dúas aletas dorsais. A súa coloración é gris amarela ou verdeal e ventre abrancazado (*Rhinobatus rhinobatus*), (As Figueiras). **4.** Peixe condroíctio da familia dos raidos, que pode acadar os dous metros e medio de lonxitude, co corpo comprimido e pel con aguillóns. Dorso escuro ou negro con puntos escuros e ventre gris ou escuro con puntos (*Raja batis*). **5.** V. picón 8ª acep. (El Franco). **6.** V. santiaga (El Franco). // **Dálle raia al *probe*, que de todo come.** Refrán que alude a que cando se é pobre calquera alimento é agradecido aínda que non sexa de moita calidade. // **Raia de aguillón.** A que ten un aguillón de picadura velenosa. // **Raia de pintas.** V. santiaga (Tapia de Casarego). // **Raia eléctrica.** V. estrinxe (El Franco). // **Raia *estrinca*.** V. estrinxe (Tapia de Casarego). // **Raia *estrinque*.** V. estrinxe (Tapia de Casarego). // **Raia *estrinxa*.** V. estrinxe (As Figueiras). // **Raia *estrinxe*.** V. estrinxe (As Figueiras). // **Raia francesa.** V. santiaga (Ortigueira). // **Raia *parañúa*.** V. raia 4ª acep. (Tapia de Casarego). // **Raia *picuda*.** V. picón 8ª acep. (As Figueiras). // **Raia**

santiaguesa. V. santiaga (As Figueiras). // **Raia *trémora*.** A que dá descargas eléctricas.

raía. V. raia[1] 2ª acep. **2.** V. tres en raia. **3.** V. leirías.

raiado, -a. adx. Con listas. **2.** s. m. V. albacora 1ª acep. (Tapia de Casarego). **3.** s. f. V. raiola 1ª acep. (Coaña, Navia, Allande, Villaión). // **Faltarlle uha raiada.** Ser parvo.

raiador. s. m. Gubia en forma de T (Allande).

raiante. adx. Dise da persoa molesta.

raiar. v. Facer raias. **2.** Marcar cunha raia, como as castañas antes de botalas na auga fervendo. // **Raiar el día.** Abrir o día, amencer.

raiceiro. s. m. Terra de cultivo que non ten máis que raíces.

raichín. V. barbeiro[2].

raicía. s. f. Raíz pequena.

raído, -a. adx. Aplícase á persoa descarada, mala. **2.** Dise da peza de vestir que está moi deteriorada.

raidoiro. V. reidoiro.

raiente (a). V. rentes (a) 1ª acep.

raientes (a). V. rentes (a) 1ª acep.

raiga. s. f. Conxunto de plantas herbáceas que se lle dan como alimento ao gando (Boal).

raigada. s. f. Conxunto de raíces (San Martín de Ozcos). **2.** Toco dunha árbore (San Martín de Ozcos).

raigañas. s. f. pl. Raíces dunha árbore (Os Ozcos).

raigaño. s. m. Raíz fonda como as que quedan ao cortar unha árbore ou unha planta. **2.** Raíz dunha moa ou dun dente. **3.** Raíz grosa que queda na terra despois de rozar un terreo inculto. **4.** Tronco pequeno con raíz na canle dun río (Castropol).

raigón. V. padrastro 2ª acep.

raíl. V. forqueto 1ª acep.

raineta. V. reineta.

raio. s. m. Liña de luz ou calor. **2.** Descarga eléctrica producida entre dúas nubes ou unha nube e a terra. **3.** Persoa moi áxil e eficaz. **4.** No carro de raios, barra de madeira ou ferro que na roda vai desde o aro até o centro da mesma. **5.** Cada unha das pezas que atravesan o *miolo* da roda do carro (Eilao). **6.** Cada unha das variñas ou barras de distintos materiais que van do aro dunha roda ao seu eixe. **7.** Resplandor do sol entre as nubes. // **Como un raio.** Rapidamente. **2.** Moito (*Cheira como un raio*, *corre como un raio*). // **Mal raio te parta (coma, *escentelle*, fenda, *partia*)!** Maldición que se lle bota a alguén. // **Malo como un raio.** Moi malo. // **Pártame nunca un raio!** Dito que se usa para expresar que un mesmo teña sorte en diversas circunstancias (Taramundi). // **Ser listo como un raio.** Ser un neno listo, astuto. // ***Tás* un raio!** Expresa incredulidade (Boal). // **Un raio me fenda!** Expresión que se utiliza cando se pensa que unha cousa era certa.

raiola. s. f. Raio de sol. **2.** Tempo breve de sol despois de chover, entre dúas tormentas ou entre nubrado e nubrado. **3.** Xogo de nenos (Villaión, Boal). V. tres en raia.

raiolada. V. raiola.

raiolía. s. f. Diminutivo de raiola.

raiolo. s. m. Raio débil de sol.

raión. V. raia 4ª acep. (As Figueiras, Tapia de Casarego). // **Raión picón.** V. picón 7ª e 8ª acep. (As Figueiras).

raixa. V. raxa.

raiz. V. raíz.

raíz. s. f. Parte inferior dunha planta que lle serve para suxeitarse na terra e proporcionarlle as substancias necesarias para o seu crecemento.

raizón. s. m. Raíz grande (Grandas de Salime, Os Ozcos, Navia). **2.** Toco (Allande).

ral. (pl. rales). V. real.

rallador. s. m. Instrumento punzante e acanalado para debuxar as galochas.

rallé. V. ralea.

rallea. V. ralea.

ralleiro* → relleiro; rilleiro 2ª acep.

ralar. v. Medrar unha planta moi separada das outras, como un nabo (*Os nabos que ralan*), (San Martín de Ozcos).

ralea. s. f. Raza, casta, dunha persoa ou un animal.

ralía. V. ralea.

ralo, -a. adx. Aplícase a aquilo que está máis separado do normal. **2.** Raro. **3.** Superficial, pouco espeso. **4.** Claro (*As papas tan mui ralas*). **5.** Dise do peixe que está separado do seu grupo (Tapia de Casarego). // **Coel *meíz ralo*, canta el carro.** Refrán que alude que cando o froito é gordo, este pesa (As Figueiras). // **De *ralo* en *ralo*.** Espazadamente. **2.** De cando en vez. **3.** De tarde en tarde. // **El *meíz ralo* enche el carro.** V. Coel meíz ralo, canta el carro. // ***Meíz* espeso i *centén ralo*, meten o seu amo no mercado.** Refrán que explica que se debe sementar o millo xunto e o centeo separado (Castropol). // **Os nabos i el señor, *conto más ralos* mellor.** Refrán que recomenda separar os nabos dos

señores, porque se considera que a estes últimos lles gustan moito para comer.

ralura. s. f. Espazo que queda entre dúas cousas. **2.** V. raiola 2ª acep.

rama. s. f. Cada unha das partes en que se divide o talo das plantas ou o tronco das árbores. **2.** Póla seca do piñeiro que se recolle para combustible ou para estrar (El Franco). **3.** Folla do piñeiro seca (El Franco, Tapia de Casarego). **4.** Conxunto de ramas e canas dunha árbore (Eilao).

ramada. s. f. Cachos de pan rebozados con ovo e fritos na tixela, que se comen despois con azucre (Eilao, San Martín de Ozcos). **2.** Cacho de pan cortado (San Martín de Ozcos); rabuada 2ª acep.

ramal. s. m. Corda para atar ou guiar un cabalo ou outro animal. **2.** Ramificación dunha estrada, ferrocarril, camiño, río, corda etc.

ramalada. V. ramalazo 2ª acep.

ramalazo. s. m. Loucura. **2.** Pensamento feito sen reflexión ningunha.

ramalín. s. m. Diminutivo de ramal 2ª acep.

ramallada. s. f. Conxunto de ramas. **2.** Golpe na cara cunha rama. **3.** V. ramalazo 2ª acep.

ramalleira. s. f. Conxunto de ramas; ramallada. **2.** Parte aérea de diversas plantas como as patacas, nabos, alfalfa etc. (El Franco).

ramallo. s. m. Rama pequena e normalmente delgada. **2.** Parte dunha rama. **3.** Conxunto de ramas novas de árbores e arbustos. **4.** Rama dunha árbore con follas (Eilao, Ibias, Grandas de Salime, Tapia de Casarego). **5.** Ouca unida ao talo, normalmente grande e longa (Navia).

ramalludo, -a. adx. Dise da árbore ou a planta que teñen moita ramaxe. **2.** s. f. Tipo de alga de tamaño grande e de color parda (Andés).

ramanada. s. f. Cacho de pan cortado (San Martín de Ozcos). **2.** V. ramada 1ª acep.

ramaneda. V. ramanada 1ª acep.

ramasca. s. f. Cana de árbore con follas (Allande).

ramaxe. s. f. Conxunto de ramas e follas dunha árbore.

rambla. V. rampla.

rameira. s. f. Ramallada. **2.** Conxunto de ramas da planta da pataca.

rameiral. V. rameira 2ª acep.

ramín. s. m. Diminutivo de ramo.

ramo. s. m. Rama pequena. **2.** Feixe de ramas, flores ou follas que nalgúns lugares se entrega o día da festa, normalmente no domingo de ramos. **2.** Festa campestre como as mallegas (Abres). **3.** Mamite das vacas (San Martín de Ozcos, Boal). **4.** Inflamación dos peitos dunha muller normalmente por falta de leite (Villaión, San Martín de Ozcos). **5.** Feixe de ramas e follas que se poñen cando se remata algo, como unha casa, unha *mallega*, unha cousa etc. **6.** V. ramo de (del) mar. **7.** Nome co que se designa o xénero de algas feofíceas da familia das dictiotáceas, de talo con cintas e ramificadas, sendo a especie máis común a *Dictyota dichotoma*, de color parda e que pode acadar os vinte centímetros de altura. **8.** Alga verde da familia das *Codiaceae*, que pode acadar os vinte e cinco centímetros de altura, de estrutura tubular e ramas de color verde escura ou clara e que se fixa ás rochas mediante un disco esponxoso (*Codium tomentosum*). **9.** Alga parda da familia *Cystoseiraceae*, que pode acadar os trinta centímetros de altura, caracterizada por ter un conxunto de eixes cilíndricos de color parda fixados con discos ás rochas (*Bifurcaria bifurcata*). **10.** Alga vermella da familia *Dumontiaceae*, que pode acadar os cincuenta centímetros de altura, con frondes cilíndricas e ramificación irregular (*Dumontia contorta*). **11.** Alga vermella da familia *Corallinacea*, que pode acadar os quince centímetros de altura, caracterizada por estar densamente ramificada e podendo adoptar tamén no seu aspecto as colores rosada e púrpura (*Corallina officinalis*). **12.** Alga vermella da familia *Dasyaceae*, duns vinte centímetros de altura, moi ramificada, aspecto de pluma e de color vermella escura ou brillante (*Dasya coccinea*). **13.** Festa que se celebra cando se remata unha construción ou un traballo importante. // **Poñer el ramo.** Colocar un ramo na parte alta dunha construción despois de rematala. // **Celebrar (comer) el ramo.** Comida de celebración que ofrece o dono dunha construción aos obreiros cando a rematan. // **Ramo de (del) mar.** Nome común de diversas especies de cnidarios antozoos octocolarios pertencentes á orde dos gorgonarios. Entre elas destaca a *Gorgonia verrucosa*, especie colonial de aspecto arbustivo, que pode acadar até os corenta centímetros de altura e ten unha color tirando a branca. Posúe ramificacións cilíndricas que teñen aproximadamente tres milímetros de diámetro. É propia de lugares escuros e augas tranquilas (As Figueiras). // **Ramo**

del monte. Enfermidade da vaca na que se inflama e se pon duro o ubre (Os Ozcos). **2.** Enfermidade da muller na que se inflaman os peitos (San Martín de Ozcos). Dise que se cura pisando un conxunto de raíces de folgueiras cun pequeno manto e despois póñense frías sobre os peitos da muller ao deitarse. **3.** Inflamación da cara da muller en período de lactancia (San Martín de Ozcos). // **Ter el ramo.** Tocar organizar a festa da localidade.

ramón. s. m. Pequena rama dunha árbore que se usa para plantala (San Martín de Ozcos).

ramonín (de). loc. Variedade de mazá.

rampeño, -a. adx. De pouca estatura. **2.** s. f. e adx. Mula que nace do cruzamento entre unha burra e un cabalo.

rampla. s. f. Terreo pendente. **2.** V. grada 1ª acep.

rampra* → rampla.

ramudo, -a. adx. Con ramas.

ran. s. m. Pequeno berce de madeira que se utilizaba cando os nenos eran moi pequenos (El Valledor, Ibias). // **Volverse al *ran*.** Quitar anos de idade unha persoa.

ranadeiro. s. m. Prado que paceron moito os animais (Serandías).

rancada. s. f. Movemento feito de xeito repentino.

rancaniar. v. Andar abalándose dun lado a outro. **2.** Non decidirse nun asunto.

rancaño, -a. adx. Avaro, agarrado.

rancheiro. s. m. Tratante de cochos.

rancheira. s. f. Variedade de pataca. V. pataca.

ranchera* → rancheira.

ranchía. V. reichín (Grandas de Salime, San Martín de Ozcos). // ***Ranchía* de *Dios*.** V. reichín (San Martín de Ozcos).

ranchín[1]. (pl. ranchíos). V. reichín (Allande, San Martín de Ozcos, Castropol).

ranchín[2], -ía. (pl. ranchíos). V. rancho[1] 1ª acep.

rancho[1], -a. s. m. e f. Cría do cocho. **2.** Cocho. **3.** adx. e s. m. e f. Sucio (Ibias).

rancho[2]. s. m. Comida que se fai para moitas persoas en común: presos, soldados, mariñeiros etc. **2.** V. pañol (Ortigueira). **3.** Camarote. **4.** Volume total de peixe que pode levar unha embarcación (Tapia de Casarego).

ranchote. V. rancho[1] 1ª acep.

ranciar. v. Perderse, podrecer. **2.** Cansar, amolar (Navia).

ranciedá. s. f. Cousa desagradable (El Franco).
Obs. Trátase dun vulgarismo.

rancio, -a. adx. Aplícase a unha persoa desagradable. **2.** Dise dalgúns alimentos con graxa que co tempo se perden. **3.** Aplícase á carne salgada, curada, de color amarela e de mal sabor. **4.** Dise da palabra ou falar máis arcaicos (*Esa palabra xa é rancia*). **5.** Vello, antigo.

rancollo. adx. Aplícase ao home ou animal macho que ten un só testículo; razcollo, rezcollo, roncollo.

rancúa. s. f. No muíño, peza para paralo.

randa. s. m. e adx. Descarado. **2.** Folgazán. **3.** Dise da persoa con poucos principios.

randea. V. canigueiro (Abres, Santiso de Abres).

randear. v. Facer que alguén ou algo que está nunha *randea* se balancee (Santiso de Abres). **2.** prnl. Moverse cara a adiante e cara a atrás, ou arriba e abaixo na *randea* (Abres, Santiso de Abres).

raneta. s. f. Variedade de mazá, de sabor acedo e pel castaña.

ranfañas. s. m. Agarrado, avaro.

ranfañoso, -a. adx. Aplícase á persoa agarrada, avara. **2.** Dise da persoa con aspecto sucio.

ranfeño, -a. adx. Folgazán. **2.** De pouca calidade, ruín.

ranfón. adx. Aplícase ao cocho máis pequeno da camada.

ranfuñas. adx. Agarrado, avaro; ranfañas.

ranga. s. f. Peza do muíño, de ferro ou de madeira, onde se asenta o *sapo* e que serve para regular o grosor da moenda.

rangaño, -a. adx. Agarrado, avarento (Coaña).

rangoña. s. f. Cría pequena do ollomol; panchín, pancho 1ª acep., pancholeta. **2.** adx. Chorón, fungón.

rangoñar. v. Fungar. **2.** Choromicar. **3.** Andar en amoríos (*Andan rangoñando xa hai muito tempo*), (Santalla de Ozcos).

rangua. V. ranga (Abres, Taramundi).

rangueiro. V. ranqueiro.

ranguiar. V. ranquear 1ª acep.

ranguión. V. ranqueiro.

ranguñar. V. rangoñar.

ranilla. s. f. Rebaixe en forma de uve no pezuño das cabalerías polo interior do casco (San Martín de Ozcos).

ranquear. v. Andar con dificultade; ranguiar, renquear 1ª acep., renguiar, renquiar. **2.** Estar indeciso. **3.** Seguir vivindo a pesar das dificultades, tirar. // **Andar ranqueando.** Non superar unha enfermidade dunha vez por todas.

ranqueirar. v. Utilizar un angazo (Ibias); angazar.

ranqueiro. s. m. Forcado do carro (Abres, A Veiga); cadeixa 3ª acep., cadeixo 2ª acep., cadexo, forcada 1ª acep., forqueto 3ª acep., gallado 4ª acep., rangueiro. **2.** V. angazo (San Clemente).
ranquiar. V. ranquear 1ª acep.
ransido, -a. adx. Cansado.
ransir. v. Arrastrar con traballo un peso grande (Serandías). **2.** Cansar. **3.** Avanzar, abrirse paso entre a vexetación (Coaña). **4.** Convencerse (Santalla de Ozcos).
ransolla. s. f. Asma (Allande).
ransoño. s. m. Ser mitolóxico ou imaxinario que serve para facer burla á xente, especialmente aos nenos (Abres). **2.** Coco, pantasma para meter medo aos nenos (Castropol).
ranura. s. f. Fenda.
Obs. Trátase dun castelanismo.
ranuría. s. f. Fenda pequena.
Obs. Trátase dun castelanismo.
ranxer. v. Facer ruído os ósos (San Martín de Ozcos). **2.** Facer ruído a madeira (Santalla de Ozcos).
ranxir. v. Estar indeciso. **2.** V. lanxir 2ª e 3ª acep. (Allande). **3.** V. ransir 2ª e 3ª acep. (Tapia de Casarego). **4.** Choricar.
raña[1]. s. f. Avaricia, falta de xenerosidade. **2.** Sarna. **3.** Choro ruidoso dos nenos por capricho ou sen motivo aparente. **4.** Lixo, cotra, sucidade. **5.** O que queda pegado nas penas do mar (Coaña). // **A raña *unde quera* se *paña*.** Refrán que alude a que a sucidade pode estar en calquera sitio.
raña[2]. s. f. Alga mariña de color vermella granate que pode acadar os vinte centímetros de lonxitude, con talo que consta dunha parte basal que se ramifica a certa distancia da base. As súas ramas poden ser anchas ou estreitas (*Chondrus crispus*), (El Franco). **2.** Palabra que se aplica a varias algas mariñas de color vermella escura con moitas ramificacións e de textura cartilaxinosa e elástica (*Gigartina sp.*).
rañado, -a. adx. Trabado. **2.** Comido polo gando. **3.** Desgastado, roído.
rañadoiro. s. m. Lugar montañoso con escasa vexetación (Santalla de Ozcos).
rañar. v. Pacer o gando até deixar un prado sen pasto. **2.** Trabar quitando pequenas porcións a unha cousa como un óso, unha mazá, unha pataca etc. **3.** Choromicar, especialmente os nenos sen ningún motivo ou por capricho (Taramundi, Abres). **4.** Romper, agretarse o chan pola calor ou polo frío. **5.** Raspar, raer. **6.** Roer, rillar. **7.** En sentido sexual, refregar o órgano xenital (*A rañar a peseta*), (Santiso de Abres). **8.** Cortar a rentes. **9.** Comer por comer.
raño. s. m. Aixada de tres dentes.
rañón, -a, -úa. (pl. rañois, rañonas, rañúas). adx. Agarrado, avaro. **2.** Dise do neno que chora moito por capricho ou sen motivo ningún.
rañoso, -a. adx. Agarrado, avaro. **2.** Sucio.
raopa. V. ra 1ª acep. (Villaión).
rapa. V. rapón 1ª acep. (El Valledor, Boal, Eilao, Boal, Coaña, Navia, Villaión). **2.** Instrumento de pesca con mango curto e forma rectangular, circular etc., semellante ao *esquileiro* (Ortigueira, Navia). **3.** Restos de comida que quedan pegados no fondo dunha pota; raspa 3ª acep. **4.** V. rastro 5ª acep. // **A *rapa nun* quita el *bollo*.** Refrán que alude a que unha cousa non quita a outra. // **A *rapa nun* quita *rapón*.** V. A rapa nun quita el bollo. // **Rapa das bestias.** Xuntanza que se celebraba cando se rapaban os cabalos bravos, como acontecía no porto da Garganta (Vilanova de Ozcos).
rapacarón (a). loc. Ao cero, referido ao cabelo (Villaión).
rapacega. s. m. Conxunto de rapaces (Tapia de Casarego).
rapacete. s. m. Rapaz.
rapacexo, -a. s. m. e f. Rapaz duns catorce ou quince anos de idade.
rapacín, -ía, -iña. s. m. e f. Neno próximo á puberdade.
rapacodelas. V. cempés.
rapacortellos. s. m. Verme que ataca os piñeiros.
rapadas. s. f. pl. V. rapón 1ª acep.
rapadas (ás). loc. Até o bordo.
rapadeira. V. rapadoira 1ª acep. (Navia).
rapadoira. s. f. Ferramenta con forma de espátula composta por unha pa fina de forma trapezoidal e un curto mango plano, que se utilizaba para limpar a masa que quedaba na maseira ou cortala cando se facían as fogazas. **2.** Pau cilíndrico que se utiliza para nivelar as medidas agrarias, normalmente dos cereais. **3.** V. rastro 5ª acep.
rapadoiro. V. rapadoira 1ª acep.
rapador. s. m. Persoa que rapaba as ovellas.
rapamaseiras. V. rapadoira 1ª acep. **2.** Verme con pelos.
rapapelo. V. tapaconas (Ortigueira). **2.** V. rapapelos 2ª acep.
rapapelos. V. tapaconas (As Figueiras). **2.** Nome común dos peixes osteíctios pleuronectiformes, da familia dos escoftálmidos, que poden medir até sesenta centímetros de lonxitude. Son de

color amarela apardazada e presentan normalmente pequenas manchas escuras de xeito irregular (*Lepidorhombus boscii*, *Lepidorhombus whiffiagonis*), (As Figueiras).

rapar. v. Cortar. **2.** Usar a *rapadoira* para quitar os restos da masa que quedaron na maseira. **2.** Nivelar as medidas agrarias cunha rapadoira, medir. **3.** Cortar o pelo ou a la a certos animais como as cabras ou as ovellas, ou as crinas ás cabalerías. **4.** Segar a eira, a herba ou os cereais pola raíz. **5.** Pelar as patacas e outros froitos (*Rapando as patacas*), (Eilao, Boal, El Franco). **6.** Cortar o pelo unha persoa. **7.** Comer o pasto o gando vacún (Os Ozcos).

raparado*, -a → reparado.

rapatalón (a). V. matatarrón (a).

rapatarrón (a). loc. Arrasando con todo (*Levou a colleta a rapatarrón*). **2.** A rentes, ao nivel, á mesma altura (Coaña). **3.** V. matatarrón (a).

rapaz, -a. s. m. e f. Adolescente de curta idade, normalmente entre os dez e os catorce anos. **2.** Mozo. **3.** Persoa nova. **4.** Axudante nunha embarcación.

rapazada. s. f. Conxunto de rapaces. **2.** Acción propia de rapaces.

rapazolo, -a. s. m. e f. Rapaz.

rapazón, -úa. s. m. e f. (pl. rapazois). Rapaz forte ou grande.

rapazuco, -a. s. m. e f. Rapaz.

rape (al). loc. A rentes de, á mesma altura (Tapia de Casarego).

rape* → peixe sapo.

rápedo*, -a → rápido.

rapega. V. rapón 1ª acep. (Castropol).

rapeiro. V. rapón 1ª acep.

rapela. s. f. Cousa esmagada (*Tá como uha rapela*). **2.** V. rapón 1ª acep. (Castropol). **3.** V. rapadoira 1ª acep.

rapelo. s. m. Home de pequena estatura. **2.** V. rapón 1ª acep.

rapeludo. s. m. Xogo de cartas, no que existía un penitente, un xuíz e un executor. O segundo collía a baralla e empezaba quitando cartas. Se saía un as, o executor estiráballe dunha orella ao penitente, un dous poñíalle os cornos diante dos ollos, un tres dáballe tres coques na cabeza e unha figura, un golpe sobre a cabeza.

rapenado, -a. adx. Cortado en exceso.

rapenar. v. Cortar algo en exceso.

rapeña. adx. Dise da planta moi comida polo gando (San Martín de Ozcos).

rapeta. s. f. Arte de pesca de arrastre onde se utiliza unha rede *varredeira*, normalmente utilizada para a pesca da sardiña (Abres). **2.** V. rede de cega. **3.** V. rapón 1ª acep. **4.** Aparello de pesca cun fío de varios anzois, que se empregou para pescar chicharros, panchos, fanecas, cabalas etc. **5.** V. rastro 5ª acep.

rapetar. v. Pescar con rapeta ou con traíña. **2.** Tirar dunha rede de pescar en terra.

rapía. s. f. Operación que se fai cada primavera, consistente en cortarlle o pelo aos cabalos bravos, marcándoos, ademais, coa marca dos seus propietarios respectivos. **2.** Tempo de cortarlle a la ás ovellas (San Martín de Ozcos).

rapidez. s. f. Acción de moverse, obrar ou actuar á présa.

rápido, -a. adx. Que actúa á présa. **2.** adv. Rapidamente.

rapiñar. v. Roubar cousas de pouco valor.

rapiñeiro, -a. adx. Dise do ladrón de cousas de pouco valor.

rapoa. V. rapón 2ª acep.

rapollo* → repolo.

rapolludo* → repoludo.

rapolo* → repolo.

rapoludo* → repoludo.

rapón. s. m. (pl. rapois). Torta de fariña de millo feita con cebola picada, touciño, chourizo en cachos, auga, sal, fermento, que se coce no forno, e despois cóbrese o molde cunha verza. Pode ser tamén feita con pan de trigo ou centeo e chourizo, de *torreznos* con verzas, con arenques etc. Hai variedades doces, con azucre e canela; rapa, rapadas, rapeiro, rapega, rapela. **2.** *Raseiro* que se pasa sobre unha medida agraria para nivelala. **3.** Instrumento de ferro para recoller a masa pegada á artesa cando se amasou; raseiro. **4.** Masa dunha fornada fritida despois na tixela. // **Al *rapón.*** Ás rapadas. // ***Rapón* de arenques.** *Rapón* feito con arenques.

raponada. s. f. Comida a base de *rapón* (Navia).

raposego, -a. adx. Dise do día ou do tempo nos que barruza, considerado bo para as raposas. **2.** Dise das toxeiras baixas. **3.** Listo, astuto.

raposeira. s. f. Cova de raposas.

raposeiro. s. m. Cazador que se dedica á coller raposos con trampas. **2.** V. raposego 1ª acep. (*A tarde debía tar raposeira*).

raposo, -a. s. m. e f. Mamífero carnívoro fisípedo da familia dos cánidos. É un animal de dimensións medias, cabeza non moi grande, con dentadura forte e cortante provista de caninos longos e

finos, fociño moi prolongado e agudo, ollos de pupila elíptica e orellas altas e apuntadas de lonxitude variable. O tronco é longo, fino e esvelto e as patas curtas e fortes. A cola tena moi desenvolvida, cuberta de pelo abundante e longo. O dorso é pardo vermello, algunhas partes agrisadas e a parte inferior tirando a branca. (*Vulpes vulpes*). **2.** V. comadre 3ª acep. **3.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes da Veiga de Llan (Taramundi), utilizado tamén co xénero feminino. **4.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes do concello de Coaña. **5.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Piñeira (Ibias). **6.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Rozadas (Boal). **7.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Vilarín (Ibias). **8.** adx. Dise da persoa de conduta astuta, hipócrita e que actúa con malicia. **9.** Cría da raposa. **10.** Cría do *centolo* (Tapia de Casarego). **11.** V. cura 4ª acep. **12.** Catro de ouros na baralla (Tapia de Casarego, Allande). **13.** Macho da raposa, que se distingue tradicionalmente porque non ten a punta do rabo branca. // **Raposa dos *morganzos*.** Ser mitolóxico en forma de raposa demoníaca que cando oulea na noite bota lume pola boca. // ***Nun* hai raposa con dous rabos.** Refrán que explica que hai cousas imposibles de atopar. **2.** Aplícase a quen quere convencernos de algo inexistente. // ***Tar más chía della* que a raposa de rabo.** Non aturar máis a unha persoa (Boal).

rapúa. V. rapón 1ª acep. (Coaña). **2.** Aixada curta, co triángulo máis marcado, boca máis ancha e pouco curvada, que serve para coller especies vexetais de monte baixo, cavar nos prados etc. (San Martín de Ozcos).

rapuco, -a. adx. Curto, sen rabo (*Deixar el táramo ben rapuco*), (Ibias). **2.** Variedade de castaña de tamaño grande. **3.** Curto. **4.** Pequeno.

rapuñar. v. Arrebatar, quitar unha cousa con forza.

rapuxón. s. m. Empuxón (San Martín de Ozcos).

raque. s. m. Paseo polo mar cunha lancha de alugueiro (Castropol).

raquín. s. m. (pl. raquíos). Ave caradriforme da familia dos láridos, que ten no verán o peteiro vermello alanxarado coa punta negra, e en inverno, tirando a negro coa base vermella. As patas son vermellas e a cola non sobresae das ás pregadas. A fronte é branca e a parte de enriba de cabeza negra incompleta (*Sterna hirundo*), (As Figueiras). **2.** V. gavioto 2ª e 3ª acep. (Tapia de Casarego).

rareza. s. f. Cousa rara ou extravagante. **2.** Calidade de raro.

raro, -a. adx. Estraño, pouco frecuente. **2.** Extravagante. **3.** Pouco común, escaso. // **Ser máis raro que cagar nuha botella.** Ser moi raro. // **Ser *más* raro que as patacas *sin* ollos.** Ser moi raro. // **Ser raro como as pedras.** Ser moi raro.

ras (a). loc. Ao nivel, á mesma altura.
Obs. Trátase dun castelanismo.

rasar. v. Pasar o rapón. // ***Rasar* el día.** Amencer (Allande).

rascacheiro. V. razcacheiro (Boal, Eilao, Allande).

rascador. s. m. Ferramenta composta por dous mangos pequenos de madeira e unha folla central cortante, que serve para limar as varas (Morlongo); raseiro. **2.** V. riscador.

rascar. v. Fregar algo contra unha cousa, especialmente coas uñas. **2.** Limpar algunha cousa cun *rascador*. **3.** Causar sensación de ardor unha bebida alcohólica na boca ou na gorxa polo seu sabor ou graduación. **4.** Quedar case sen diñeiro por mor dunha compra (*Rascáronlle el bolso*). // **Rasca el *cul*.** Expresión que expresa desprezo ou reprobación.

rascazo. s. m. Acción de quitarlle a unha cousa parte da superficie.

rasco. s. m. Rede de fondo, dun pano e coa malla grande, que serve para pescar peixes de area, lagostas, *centolos*, raias etc. (Coaña, Tapia de Casarego, As Figueiras, El Franco); rasgo. **2.** Arte de pesca onde se utiliza esta rede.

rascón, -úa. s. m. (pl. rascois). Instrumento con dentes de ferro para limpar de bosta a pel das vacas ou o pelo das cabalerías; rasqueta 1ª acep. **2.** adx. Dise da persoa que presume de ter moito diñeiro cando non o ten. **3.** Rabuño.

raseiro. V. rapón 2ª e 3ª acep. **2.** V. riscador.

rasel. s. m. Cada unha das partes dos extremos de popa e de proa dunha embarcación nas que se estreita o pantoque (Tapia de Casarego).

rasgado, -a. adx. Rachado, fendido. **2.** Partido.
Obs. Trátase dun castelanismo.

rasgar. v. Rachar, fender, normalmente con forza; resgar.
Obs. Trátase dun castelanismo.

rasgo. s. m. Rede fina para pescar lagostas e outros crustáceos (Tapia de Casarego, Navia); rasco.
Obs. Trátase dun castelanismo.
rasgón. s. m. Rachón, esgazadura; resgón.
Obs. Trátase dun castelanismo.
rasguñado, -a. adx. Ferido levemente.
rasguñar. v. Sufrir rabuños. **2.** Causar rabuños.
Obs. Trátase dun castelanismo.
rasguñón. s. m. Ferida producida cun obxecto.
Obs. Trátase dun castelanismo.
raso, -a. adx. Plano, liso. **2.** Teito. **3.** Aplícase ao monte de pouca altura. **4.** Dise dunha terra chá e alta situada nun monte. **5.** s. m. V. cuberto 6ª acep. **6.** s. m. V. grandullal 2ª acep. (As Figueiras). **7.** s. m. V. sable 2ª acep. **8.** Dise do barco baixo (As Figueiras). // **Al raso.** Ata o bordo. // **Ceo raso.** Sen nubes. **2.** Revestimento dun teito para tapar os elementos da estrutura.
rasoira. s. f. Pau para rasar as medidas. **2.** Faiado (As Figueiras). **3.** Recanto onde se pode gardar algo (Tapia de Casarego).
raspa. s. f. Baile tradicional que se bailaba colléndose uns a outros polas mans. **2.** Certo tipo de xogo de nenos (Villaión). **3.** s. f. pl. Restos de papas pegadas e torradas que quedan no fondo dunha vasilla onde se coceron. **4.** s. f. pl. Sobras. **5.** Zuna (*Empezou a collerlle a nena algo de raspa*).
raspadela. V. rapadoira 1ª acep.
raspadoira. V. riscador. **2.** V. rapadoira 1ª acep. (San Martín de Ozcos).
raspadura. s. f. Acción de quitarlle a unha cousa parte da superficie; rascazo.
raspar. v. Raer algo quitándolle parte da superficie. **2.** Pulir unha superficie, normalmente de madeira, como facían os galocheiros. **3.** Romper unha cousa en cachos. **4.** Pasar rozando lixeiramente un corpo con outro. **5.** Sentir certo comechón ao tomar un viño ou outro licor (Navia). **6.** Rascar algo dun xeito superficial. **7.** Rabuñar (*Rascou el brazo*). **8.** Quitar a monda fina dunha pataca. **9.** Limpar o interior da tripa dun cocho. **10.** Quitar ou limpar ben algo dun lugar (*Rascou el cuito da corte*), (Allande).
raspiado, -a. adx. Xusto, pouco en cantidade ou tamaño.
raspiadura. v. Acción e efecto de pasar rozando lixeiramente un corpo con outro.
raspiar. V. raspar 4ª e 6ª acep.; rispiar.
raspón. s. m. Ferida producida na pel. **2.** V. riscador (San Martín de Ozcos).
raspuazo. V. raspón 1ª acep.
rasqueta. s. f. Chapa dentada para limpar o pelo das cabalerías ou do gando; rascón 1ª acep. **2.** Pa formada por unha prancha de ferro ou aceiro, con ou sen picos e cun mango, que serve para pulir madeira, arrincar pintura etc. (Os Ozcos, Castropol, El Franco).
rasquiado, -a. adx. Xusto (*Pasa el coche raspiado*). **2.** Con pouco tempo (*Imos coa hora rasquiada*).
rastellar. V. restrelar.
rastello. V. restrelo 1ª acep.
rastra. s. f. Taboleiro con pedras pesadas que se usaba para desfacer os terróns na terra de labor arrastrándoo sobre a mesma. **2.** V. rabona (Navia). **3.** V. rastro 5ª acep. **4.** adx. Dise da persoa pesada. **5.** Gamallo grande onde se carga herba seca ou gancela, que ás veces se ataba ao carro para frealo ou que non empuxase as vacas. **6.** Lugar por onde se tira a madeira desde o monte até o *cargadeiro*. // **A *rastras*.** Polo chan.
rastrear. V. repeñar. **2.** Virse unha parede un pouco cara a dentro cando se fai. **3.** Cortar unha montaña ou un terreo poñéndoos nun plano moi inclinado (San Martín de Ozcos). **4.** Levar arrastrando polo fondo do mar un risón, unha corda, unha arte de pesca etc. **5.** Seguir ou buscar o rastro de alguén ou algo.
rastreira. s. f. No val del Eo, rampla próxima ao río onde se concentraban os madeiros cortados do monte para tiralos e transportalos pola auga. **2.** Por extensión, camiño por onde se levaba a madeira en rastros. **3.** V. calandra (Ibias). **4.** Canle que se facía nun monte para tirar o mineral de ferro desde arriba para despois collelo máis abaixo (Taramundi).
rastreiro, -a. adx. Que se estende ou arrastra polo chan. **2.** Ruín.
rastrel. s. m. Cada unha das vigas da armazón do lousado que se apoian ao longo da parede (Eilao).
rastrelo. V. restrelo 1ª acep.
rastrén. s. m. Cepillo de dúas mans para cepillar as galochas.
rastreo. s. m. Inclinación leve dunha parede ao facela. **2.** Plano moi inclinado que serve para soster as terras (San Martín de Ozcos).
rastrexar. v. Seguir un rastro (San Martín de Ozcos, Villaión).
rastrexo (al). loc. Arrastrándose polo chan.
rastria. V. rastro 5ª acep.
rastriado, -a. adx. Con pendente, escarpado (San Martín de Ozcos).
rastriar. v. Seguir un rastro. **2.** V. rastrear 2ª acep. **3.** V. rastrexar. **4.** Voar unha ave

moi cerca da superficie da auga para coller peixes (Castropol). **5.** V. rapetar 2ª acep. (El Franco).

rastrilla. V. rastrillo.
Obs. Trátase dun castelanismo.

rastrillar. v. Pasar o *rastrillo* por eiras e prados. **2.** Limpar o liño.
Obs. Trátase dun castelanismo.

rastrillo. s. m. Instrumento composto por un mango, normalmente de madeira, e un *largueiro* de ferro con dentes, que serve para varrer as pedras de pouco tamaño, recoller herba, palla etc. **2.** Arte de pesca que consiste en dúas pezas, normalmente, unha longa de madeira e outra perpendicular a esta que con varios dentes se vai arrastrando pola area para extraer os mariscos.
Obs. Trátase dun castelanismo.

rastro. s. m. Sinal que deixa algo ou alguén por onde pasa. **2.** Parte da galocha que está en contacto co chan. **3.** Especie de grade que servía para transportar pedras para a construción das casas, madeira ou terra do fondo dunha leira para a parte de enriba desta. **4.** Parte do arado ou do *vasadoiro* onde vai axustada a rella. **5.** Arte de pesca, formada por unha peza triangular, rectangular ou semicilíndrica, que leva unida un saco co que se rastrea o fondo do mar. **6.** Pezuño. **7.** Especie de angazo con dous dentes (San Martín de Ozcos). **8.** V. casco 11ª acep. (El Franco). // **Calzar os rastros.** Poñer rellas aos arados de *vertedeira*.

rastro (a, de). loc. Arrastrándose polo chan. **2.** Que ten máis traballo do normal (*A muller desa casa anda de a rastro porque el sou home non a axuda*). // **A rastro.** Método no xogo do *gua* no que o xogador pousa a bóla no chan e dálle coa falanxe do furabolos lanzándoa. // **Andar a rastro.** Traballar de xeito duro. **2.** Facer o que manda outra persoa. **3.** Estar enfermo e ter que seguir traballando. // **Andar coas tripas a rastro.** Estar aflixido. **2.** Traballar cando unha persoa está enferma. // **De a rastro.** Que está a nivel do chan (Ibias).

rastrollar. v. Recoller castañas do chan (Castropol).

rastrollo. V. restrollo 1ª acep.

rata. s. f. Mamífero roedor da familia dos múridos, duns vinte centímetros de lonxitude, co pelo pardo tirando a negro ou gris vermello e as orellas pregadas cara a adiante, até tocar case os ollos (*Rattus rattus*, *Rattus norvegicus*, *Arvicola sapidus*, *Arvicola terrestris*). **2.** No torno, peza de madeira que une a mesa co *pao de atrás*. // **Rata de cuberto.** V. cuberto 6ª acep. (Tapia de Casarego).

ratada. s. f. Moita cantidade de ratos.

ratado. s. m. Espazo curto de tempo.

rateira. s. f. Lousa que separa os pés da cámara do cabazo ou do hórreo, para que non entren os ratos (Taramundi); tondia, loixa, soleira. **2.** Trampa para coller ratos, que poden ser de diferentes formas ou feitas de madeira ou metálicas, de resorte ou garduñeiras. **3.** Lugar onde abundan os ratos (Pezós).

ratiado. V. entrecanto.

ratín. s. m. Rato pequeno. Normalmente aplícase aos que viven nas casas.

ratina. s. f. Raza de vaca asturiana de color agrisada, forte e musculada.
Obs. Trátase dun asturianismo.

rato[1]. s. m. Mamífero roedor da familia dos múridos, duns catorce a vinte centímetros de lonxitude, dos que máis da metade pertencen á cola. A súa cabeza é estreita, o fociño relativamente agudo, orellas grandes e delgadas, case transparentes. As patas son curtas, con cinco calosidades nas anteriores e seis nas posteriores. A cola é peluda e anelada. Vive no campo, nas fragas e nas vivendas. É omnívoro, máis activo durante a noite que no día e sexualmente moi prolífico (*Mus domesticus*, *Apodemus sylvaticus*). **2.** Aplícase tamén ao mamífero insectívoro da familia dos sorícidos, que mide de seis a nove centímetros de lonxitude, cunha cola duns catro centímetros e fociño longo. Ten a pelaxe densa, parda escura nas partes superiores e agrisada clara nas inferiores. Presenta longos pelos espallados entre a pelaxe, especialmente na cola (*Crocidura russula*). **3.** Nome común que se dá a diversos tipos de peixes gadiformes, da familia dos macrúridos, caracterizados polo seu corpo groso na parte anterior e que se vai adelgazando até rematar nunha cola filiforme. A aleta dorsal anterior ten un desenvolvemento variable, e a posterior, moi baixa, fóndese coa anal e a caudal rodeando superior e inferiormente a parte traseira do corpo. A coloración é moi variable: agrisada, parda, violácea etc. (*Coryphaenoides rupestris*, *Trachyrhynchus scabrus*, *Coelorhynchus coelorhynchos*, *Malacrocephalus laevis*), (As Figueiras, Tapia de Casarego). **4.** Peixe condroíctio quimeriforme, da familia dos quiméridos, que pode acadar até un metro de lonxitude, co corpo

comprimido lateralmente, cola prolongada nun longo filamento, primeira aleta dorsal con aguillón velenoso. A súa coloración é prateada con partes pardas, aletas impares bordeadas de negro e ventre branco (*Chimaera monstrosa*), (As Figueiras, Tapia de Casarego). // **El rato que *nun* sabe *más* dun furaco é *pral* gato.** Refrán que recomenda ter variedade de medios para gañar a vida. // ***Probe* del rato que *nun* sabe *más* (máis) que un furaco.** Refrán que alude á dificultade de fuxir dun perigo se só se dispón dunha única saída.

rato[2]. s. m. Espazo curto de tempo.

ratois. s. m. pl. Pequenos ósos das articulacións, que poden saírse pero que non producen dolor.

ratueira. V. rateira 2ª acep.

ratume. s. f. Conxunto de ratos que hai nunha leira (Ibias).

rauga. s. f. Forno de calcinar mineral nunha ferrería (San Martín de Ozcos). **2.** Fogueira grande para quentar pezas de metal nunha ferrería (San Martín de Ozcos).

raxa. s. f. Fenda. **2.** Tallada, rebanda. **3.** Tira de varias colores. **4.** Órgano xenital feminino.

raxada. s. f. Insecto díptero dun centímetro de longo con abdome de color castaña con manchas negras nas ás e un punto amarelo no extremo. Trátase dunha mosca que ataca o gando vacún e as cabalerías (*Hippobosca equina*), (Boal, Os Ozcos).

raxado, -a. adx. Aberto en dous, fendido. **2.** De dúas colores, como o caravel branco e vermello. **3.** Reixa (Abres). **4.** Dise da mazá de color amarela e vermella e de sabor doce. **5.** Aplícase ao animal de varias colores (Santalla de Ozcos). **6.** De color castaña (Allande).

raxadura. s. f. Fenda.

raxar. v. Fender, abrir. **2.** Cortar. **3.** prnl. Volverse atrás.

raxo[1]. s. m. Carne do lombo do porco. **2.** Pedazo de carne fresca de porco. **3.** Cuarteirón, cada unha das partes nas que están divididas naturalmente algunhas froitas como a laranxa (Tapia de Casarego).

raxo[2]. s. m. Tentáculo do polbo, lura ou xiba (Coaña, El Franco, Tapia de Casarego, Castropol, Navia). **2.** pl. Nube que se separa doutra.

raxoa. s. f. Mosca que molesta moito o gando.

raxón. adx. De color moi viva, que chama a atención. **2.** Dise do animal con raias.

raza. s. f. Conxunto de individuos que teñen unha ascendencia común. **2.** Liñaxe, casta. **3.** Cada un dos grupos en que se subdividen animais ou plantas. **4.** Orixe.

raza-lobo. adx. Raza de can.

razcacheiro. s. m. Mamífero insectívoro da familia dos erinaceidos, que mide trinta centímetros de lonxitude total e quince centímetros de altura. A cabeza é de base ancha, co fociño agudo, ollos pequenos e orellas anchas. A cola é moi curta e queda agachada entre as pugas. É de color máis ou menos amarela, cunha banda pardo negra. As patas son curtas e fortes, rematadas en cinco dedos con fortes uñas. Sae a cazar pola noite (*Erinaceus europaeus*).

razcollo. V. rancollo. **2.** V. rezcollo 3ª e 5ª acep.

razón. s. f. (pl. razois). Facultade de razoar. **2.** Aviso, recado.

razonamento. s. m. Acto de facer uso da razón, pensamento.

razonar. v. Facer uso da razón, pensar. **2.** Conversar, falar.

razpadoira. V. raspadoira.

razpador. s. m. Instrumento para raspar a madeira.

razpadura. V. raspadura.

razpar. V. raspar.

razpiadura. V. raspiadura.

razpiar. V. raspiar 1ª e 2ª acep.

razpión. s. m. Ferida superficial que se produce na pel por un rozamento con algo.

razpón. s. m. Coitelo ou garlopa dun só mango.

rea[1]. s. f. Fileira, ringleira.

rea[2]. V. rella 1ª acep. (Allande).

reacia. s. f. Greta que se produce nos cascos das cabalerías.

real. s. m. (pl. reais, reás, ras). Antiga moeda que equivalía a 25 céntimos de peseta.

realidá. s. f. Feito de ser real. **2.** Certeza.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

reasca. V. rellasca (Allande).

reata. s. f. Corda que suxeita a carga do carro (O Viñal). **2.** Conxunto de animais (Navia).

reazo. s. m. Espiñazo.

reba. s. f. Gabia de cimentación dun mazo.

rebaada. s. f. Pan rebozado con ovo e frito na tixela (Villaión).

rebada. s. f. Cacho de pan torrado na tixela.

rebagado, -a. adx. Dise do cravo coa punta saínte dobrada.

rebaixa. s. f. Desconto no prezo dun obxecto. **2.** Humillación.
rebaixado, -a. adx. Descontado, baixado de prezo.
rebaixamento. s. m. Acción e efecto de rebaixar.
rebaixar. v. Facer máis baixo o nivel, o prezo, a altura, a forza, o grosor etc., de algo. **2.** Traballar a terra aos poucos días de sementar patacas, para que saian as plantas máis facilmente. **3.** Humillar, desprezar.
rebaixe. s. m. Lugar onde se xuntan as dúas parte dunhas tesoiras, sobresaíndo unha sobre a outra. **2.** Diminución do grosor nunha peza de madeira ou en calquera outro obxecto, especialmente cando se tenta que dita peza encaixe noutra.
rebalbado, -a. adx. Manchado no fociño.
rebambaramba. s. f. Barullo, alboroto (Tapia de Casarego).
rebanada. s. f. Tallada delgada e ancha de pan, queixo, xamón etc.
Obs. Trátase dun castelanismo.
rebanal. s. m. Parte posterior do espiñazo do cocho unida ao rabo.
rebañada* → rabaño.
rebañado* → rabañado.
rebañar. V. repañar.
rebaño* → rabaño.
rebar. v. Quitar o *rebe*. **2.** Rascar cun rodo residuos dalgunha cousa (Abres). **3.** Quitar cuito cun rodo dunha corte para limpala (San Martín de Ozcos). **4.** Limpar unha canle, unha presa etc. (Santalla de Ozcos). **5.** Facer o furado para os cimentos dunha casa ou dunha construción (Santalla de Ozcos). **6.** Quitar terra do chan dunha corte para aplanala (Santalla de Ozcos).
rebarba. s. f. Baba. **2.** V. barba 6ª acep. **3.** Rebordo que sobresae irregularmente na superficie dun obxecto calquera (*Aquel caxón tía uha rebarba*), (A Veiga).
rebarbar. V. esbarbar 2ª acep. (Taramundi).
rebas. s. f. pl. Cuito que se xunta co rodo (San Martín de Ozcos).
rebater. v. Deter o balón con forza (Navia).
rebatín. s. m. Acto de recoller rápido e con precipitación algunha cousa entre moitos que tentan apoderarse dela. // **Tirar al *rebatín*.** Tirar unha cousa para que varias persoas a collan rapidamente.
rebatir. v. Discutir.
Obs. Trátase dun castelanismo.
rebato. s. m. Chamada que se fai aos veciños dunha parroquia tocando as campás da igrexa. // **Tocar a rebato.** Anunciar un perigo inmediato.
rebaxa. V. rebaixa.
rebaxado, -a. V. rebaixado.
rebaxamento. V. rebaixamento.
rebaxar. V. rebaixar. **2.** V. revenir 1ª acep.
rebaxe. s. f. Modalidade de pagamento que se facía en diñeiro ou en especie aos brañeiros por coidar o gando. **2.** s. m. V. rebaixe 2ª acep. **3.** s. f. V. cota 2ª acep. (San Martín de Ozcos).
rebaxete. adx. Pequeno.
rebe. s. m. Tipo de fertilizante, composto por cal e barro, que arrastraba a auga polos camiños e quedaba depositado en pozas feitas adrede. **2.** Residuos de cal, barro, po etc., que quedan ao desfacer unha casa ou unha parede. **3.** Conxunto de cachos irregulares de pedra e outros materiais que serve para cubrir os furados na construción dunha parede.
rebeco. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Llanelo (Ibias), por consideralos *montunos*; rebezo[2] 1ª acep. **2.** V. rebezo[2] 2ª acep.
rebegar. v. Brillar algo con moita intensidade (Vilanova de Ozcos).
rebeirado, -a. adx. Atravesado, rebelde, de mal carácter (*Taba todo rebeirado*), (San Martín de Ozcos).
rebeirar. v. Argallar, enredar, xogar sexualmente (Santalla de Ozcos). **2.** Revolver, buscar, enredar (Os Ozcos). **3.** Facer traballos de pouca importancia; rabexar.
rebeirego, -a. adx. O que revolve. **2.** Dise do neno atravesado.
rebeiro. s. m. Parte posterior de calquera cousa.
rebeizado, -a. adx. Dise do que torce os beizos e o fociño (Taramundi).
rebeizar. v. Torcer os beizos e o fociño (Taramundi).
rebelaxe. s. f. Chuvia, neve ou sarabia con vento forte. **2.** Mal tempo, irregularidade no tempo climático. // **De *rebelaxe*.** De lado (*Choveu de rebelaxe*). **2.** Cando o vento vén con chuvia, neve ou sarabia (*Vén el aire de rebelaxe*).
rebeldón. adx. Rebelde (Os Coutos).
rebelgado, -a. adx. Con mala intención, retorto (San Martín de Ozcos).
rebelguado, -a. adx. Rebelde.
rebelisco. V. ribiliscoque (Santalla de Ozcos).
rebeliscoque. V. ribiliscoque.
rebellón. s. m. Variedade de uz con flores vermellas (*Erica sp.* ou *Calluna sp.*).
rebelón, -úa. adx. Dise do gando vacún que non quere andar (Os Ozcos).
rebencazo. s. m. Golpe dado co rebenque.

rebengueita. s. f. Competencia, rivalidade (Abres).

rebenque. s. m. Pau seco e retorto que se usa para darlle golpes ao cabalo para que ande. **2.** Cacho de coiro con tiras utilizado como látego para montar a cabalo. **3.** Entre os mariñeiros, corda ou cabo curtos. // **Necesita enterrar el rebenque.** Dise cando un home está excitado sexualmente.

rebentado, -a. adx. Canso, fatigado. **2.** Dise do peixe capturado con restos da vexiga na boca.

rebentar. v. Abrirse algo por unha presión interior. **2.** Fatigar, cansar moito. **3.** Empezar a saír auga dunha fonte. **4.** Esmagar un froito ou unha froita. **5.** Facer estalar unha cousa por presión interior (*El neno rebentou el globo*). // **Se *lo* comín que rebente.** Expresión que se usa para indicar unha persoa que non fixo algo do que se lle culpa.

rebentón. s. m. Acción e efecto de rebentar.

reber. v. Diminuír, enfraquecer, encoller. **2.** Murchar, como as patacas cando se sachan molladas (San Martín de Ozcos).

reberiscoque. V. ribiliscoque.

rebete. V. ribete 2ª acep.

rebexada. V. rabexo 1ª e 2ª acep. (*Bótalles uha rebexada i vente*), (Castropol).

rebexado, -a. adx. Enredado, retorto; enrebexado.

rebexar. v. Traballar en cousas de pouca importancia; rabexar 1ª acep., enrebexar. **2.** Enredar, revolver; rabexar 2ª acep.

rebexido. s. m. Sensación áspera que producen nos dentes e enxivas certas cousas, denteira.

rebexirse. v. prnl. Sufrir denteira ao saborear unha froita moi verde ou unha bebida alcohólica forte.

rebexo. V. rabexo 1ª e 2ª acep. (Castropol).

rebezo[1]. s. m. Mamífero artiodáctilo ruminante da familia dos bóvidos, de máis dun metro de lonxitude total, catro centímetros de cola, con cabeza pequena, tronco áxil e elegante e patas lixeiras e longas. Os dous sexos teñen cornos. Sobre a cara presentan manchas moi marcadas e os seus cornos son lisos, case rectos e coas puntas dobradas cara a atrás en forma de gancho. A súa color é de pelaxe parda amarela no verán e parda negra no inverno (*Rupicapra rupicapra*).

rebezo[2], -a. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Llanelo (Ibias). **2.** Aplícase á persoa ou animal testáns ou rebeldes. **3.** Dise da persoa de carácter difícil ou de malas intencións, retorto.

rebiela. V. ribileira (San Martín de Ozcos).

rebilisco. s. m. Raia pintada ou escrita con desorde; ribiliscoque 1ª acep. (Santalla de Ozcos).

rebiliscoque. V. ribiliscoque 1ª e 3ª acep.

rebilleira. V. gancela 1ª acep.

rebincar. v. Saltar, brincar. **2.** Xogar. **3.** Facer parvadas.

rebinquexo. s. m. Salto, brinco.

rebintiar. v. Poñer unha cinta ou cousa semellante con que se reforza unha beira dun vestido, calzado etc.

rebinxa. V. rebinxe 1ª acep.

rebinxado, -a. adx. Dise da persoa que pon mala cara ou a revira por un enfado.

rebinxar. v. Poñer mala cara: rebinxir, rebixir. **2.** Estar anoxado.

rebinxe. s. m. Remuíño natural que se produce no pelo. **2.** adx. Dise da persoa que protesta e de mal carácter (Castropol). **3.** Perrencha de nenos. **4.** s. f. Mal aspecto nunha persoa (*Parece que teis a rebinxe*).

rebinxido, -a. V. rebixido 2ª acep.

rebinxir. V. rebixir.

rebiriscoque. V. ribiliscoque 1ª e 3ª acep.

rebirollo, -a. adx. Aplícase á persoa que ten os ollos tortos; resgo.

rebitado, -a. adx. Dise do ollo cos bordos irritados (*Ten os ollos rebitados de colorado*), (Tapia de Casarego). **2.** Que lle puxeron un *rebite*.

rebitar. v. Poñer un *rebite*.

rebite. s. m. Ourela dun tecido. **2.** Tira de tea cosida rematando a beira doutra. **3.** V. beira 7ª acep.

rebixar. V. rebixir (El Franco).

rebixido, -a. adx. Aplícase á persoa con cara de ruín. **2.** Dise da persoa que pon mala cara. **3.** Pálido, engurrado.

rebixir. v. Poñer mala cara. **2.** Engurrar a cara cando se mira o sol etc. (San Martín de Ozcos).

reblar. V. rebar 5ª acep. **2.** Arrastrar, normalmente, area, terra etc.

reble. V. rebe. **2.** Barro e esterco mesturados.

reblinco. s. m. Salto, brinco.

rebo. s. m. Fertilizante que se quita do fondo das cortes. **2.** Fertilizante arrastrado cando chove nos camiños; rebe. **3.** Restos de algo que non se aproveita, residuos, como en canles, canos, augas sucias, pozas etc. **4.** O que se reba.

rebocar. v. Encherse ou mancharse con algo (*Reboquei asta a cabeza*), (Negueira de Muñiz).
rebola. V. forma 1ª acep. (El Valledor). **2.** V. pinchacarneiro (Tapia de Casarego). **3.** Carreira que fan os nenos dando voltas sobre si mesmos por unha pendente. **4.** Pau (Ibias).
rebolada. s. f. Sitio poboado de rebolos.
reboladas (a). loc. Dando tombos, dando voltas polo chan.
reboladoiro. V. arreboladoiro.
rebolar. s. m. Lugar onde abundan os rebolos.
rebolizo, -a. adx. Aplícase a un tronco de madeira cando é pequeno e gordo. **2.** Dise do cango feito cun tronco delgado. **3.** Aplícase a unha peza de madeira dun tronco ou dunha rama que se utiliza sen que estea serrada nin fendida.
rebollada. V. rebolada.
rebolladeiro. V. arreboladoiro.
rebollal. V. rebolar.
rebollo. V. rebolo 1ª e 2ª acep. **2.** Bóla grande de neve (Boal).
rebollón (al). V. rebolón (al, ao).
rebolludo, -a. adx. Gordo, forte.
rebolo. s. m. Árbore da familia das fagáceas, que pode alcanzar até os trinta metros de altura, de cortiza parda que se enche de fendeduras coa idade. As follas permanecen moito tempo na árbore despois de secas e están cubertas de pelos (*Quercus pyrenaica*). **2.** Tronco de árbore sen ramas, normalmente curto e groso e de carballo (Ibias, San Martín de Ozcos). **3.** Raíz grande. **4.** Rama forte que se usa para lanzala contra as ramas do castiñeiro para que caian as castañas. **5.** adx. Dise da persoa baixa e gorda (Castropol). // **Rebolo de tras el lume.** Tronco seco e groso que se pon arrimado á parede na lareira, para conservar o lume (San Martín de Ozcos).
rebolón (al, ao). loc. Dando voltas polo chan.
reborde. s. m. Parte da navalla onde se xuntan mango e *virola*, que é lisa e fai un resalte que pode ser *xarrapo*, simple, debuxado ou natural. **2.** Bordo, beira.
rebordillo* → beira 7ª acep.
rebotar. v. Botar contra unha cousa despois de golpearse con outra.
rebote. V. resaca (Coaña).
rebouco. s. m. Sitio pendente e de mal acceso.
rebouquedo. s. m. Terreo costo e malo (Coaña).
reboutallo. s. m. Desperdicio, resto.
rebozado, -a. adx. Bañado en ovo, pan relado ou fariña un alimento antes de tostalo.
rebozar. v. Dobrarse o fío dun obxecto cortante, como o da gadaña, coitelo etc. (Os Ozcos, Taramundi, Villaión). **2.** Bañar en ovo, pan relado ou fariña un alimento antes de tostalo. **3.** Cubrir con algo (*Rebozoulo en terra*).
rebrar. v. Quitar a capa vexetal a un terreo cheo de pedras. **2.** Quitar restos pequenos que quedan despois de tirar unha construción ou unha parede. **3.** Acondicionar un terreo para facer unha construción ou un camiño. **4.** Quitar dun lugar restos vexetais, pedras, restos de construcións etc.
rebre. V. rebe.
rebrincar. V. rebincar.
rebro. s. m. Conxunto de pedras empregadas nos cimentos dunha construción.
rebuldeiro, -a. adx. O que lle gusta brincar.
rebulicego, -a. adx. Que se move moito.
rebuliceiro, -a. adx. Que se move moito.
rebulicio. s. m. Barullo.
rebulir. v. Empezar a moverse moito o que estaba quedo.
rebullecemento. s. m. Acto e efecto de rebulir (El Franco).
rebullente. adx. Que se move moito dun lugar a outro (Villaión).
rebullicego, -a. V. rebulicego.
rebullicer. v. Moverse (*Nun rebullicen*), (San Martín de Ozcos).
rebulliceiro, -a. V. rebuliceiro.
rebullicio. V. rebulicio.
rebullir. V. rebulir.
rebumbio. s. m. Barullo, ruído. **2.** Festa.
rebundamente. adv. De xeito completo (Os Coutos).
rebuñón. V. rabuñón 1ª acep.
reburdiar. v. Emitir berros fortes o gando vacún (Serandías, Allande, Villaión).
rebuscar. v. Buscar con coidado.
rebusco. s. m. Acción de ir a unha terra a buscar os restos que quedaron despois de coller o máis gordo. **2.** Froito que queda nas leiras despois das colleitas. **3.** V. soutexo.
rebustez* → robustez.
rebusto*, -a → robusto.
rebuxar. v. Amontoar ou pregar de xeito desordenado unha cousa flexible. **2.** V. arrebuxar.
rebuxo. s. m. Conxunto de cousas que se levan atadas nun pano (Tapia de Casarego).
recachado, -a. adx. Teso, erguido. **2.** Erguido por un extremo, como cando se

levan as faldras ou os pantalóns arremangados. **3.** Aplícase cando o pan se abre ao cocelo. **4.** Dise da persoa elegante, de boa figura e saúde. **5.** Aplícase ao animal que ergue o rabo. **6.** Aplícase ao cocho que ten o fociño curvo para enriba. **7.** Dise da persoa decidida. **8.** Aplícase á persoa presumida. **9.** Animado.

recachar. v. Abrirse o pan cando se coce. **2.** Levantar o rabo ou as orellas un animal. **3.** Erguer unha persoa o cu ou a roupa. **4.** Sacar moito as nádegas. **5.** Mover moito as nádegas ao camiñar. **6.** Abrir moito as pernas unha persoa ou caer abríndoas. **7.** Dobrar cara a arriba os bordos de calquera cousa. **8.** Retorcerse algo pola calor (Coaña). **9.** Pregar, arremangar, erguer. **10.** Facer sobresaír, erguer. **11.** Abrir cara a un lado (*El ollo da axada ten que recachar un pouquín pra arriba*), (Santalla de Ozcos). **12.** Levantar, como un cultivo (*El trigo recachou*). **13.** prnl. Acicalarse, poñerse guapo. **14.** prnl. Formar co lombo e as nádegas un arco pronunciado. **15.** prnl. Acomodarse nun asento.

recacheira. adx. Aplícase á muller con graza e de carácter alegre.

recacheiro. V. razcacheiro (Eilao, Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos). **2.** V. rechaceiro.

recadeiro, -a. s. e adx. m. e f. Persoa que fai recados.

recado. s. m. Aviso, encargo.

recaer. v. Volver caer enfermo da mesma doenza que se tiña. **2.** Herdar algo, corresponder (*El caseirío recaeulle a el*).

recaiar. V. recaer.

recaier. V. recaer.

recalar. v. e s. m. Chegar a un lugar, facer unha parada e continuar a viaxe. **2.** Chegar un barco a un punto da costa para despois continuar a súa navegación. **3.** V. atracar 4ª acep. (Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira). **4.** Erguer o engado cando se está pescando.

recalcar. v. Facer un ferro máis curto e máis groso. **2.** Pisar apertando para que algo se poña duro; repisar 2ª acep. **3.** Facer insistencia en algo.

recalcón. s. m. Inflamación da pata dun animal. **2.** Torcedura dun pé. **3.** V. sutripón.

recalentado, -a. adx. Dise do que se quentou de novo (*Este café tá recalentado*).

recallar. v. Inflamarse o ubre da vaca, padecer mamite.

recallo. s. m. Mamite, inflamación do ubre da vaca.

recambriado, -a. adx. Retorto (Taramundi).

recáncamo, -a. adx. Moi vello.

recandear. v. Florecer o castiñeiro ou o millo (Santiso de Abres).

recandeo. s. m. Flor do castiñeiro ou do millo.

recandeu* → recandeo.

recanto. s. m. Esquina.

recarga. s. f. Inchazón nos pezuños, especialmente nas ovellas e cabras.

recargado. adx. Aplícase ao cabalo ao que se lle inchan as patas por enriba dos cascos.

recascar. v. Agretar. **2.** Engurrarse moito unha roupa.

recastado, -a. adx. Aplícase ao animal ou persoa resultado do cruzamento de dúas razas.

recastar. v. Cruzar animais para mellorar a raza. **2.** Cruzar tipos de sementes.

recatiar. v. Regatear.

recatieiro, -a. adx. O que regatea.

recatón. s. m. Remate metálico que se pon no extremo inferior dun paraugas, dun bastón etc. **2.** Pico dunha *garrucha* (Boal).

recaudo. s. m. Acción de gardar algo. // **Tela a *bon recaudo*.** Tela ben gardada.

recavar. v. Cavar con máis profundidade unha terra.

recebar. v. Engordar os animais dándolles abonda comida. **2.** Botar masa ou cemento entre as pedras dunha parede ou sobre a superficie total das mesmas; cebar. **3.** Tapar as fochas con grava dun camiño, unha estrada etc.

recello. s. m. Ovella que se mata para algunhas comidas especiais.

recelar. v. Desconfiar.

recelo. s. m. Desconfianza.

recelón, -úa. adx. Que ten receo, desconfianza.

recender. v. Ulir ben; arrecender.

receptor. s. m. Escribán comisionado por un tribunal para facer cobros, recibir probas ou outros actos xudiciais.

receta. s. f. Nota que fai o médico sobre as menciñas que ten que tomar un enfermo.
Obs. Trátase dun castelanismo.

recetar. v. Dar receitas o médico.
Obs. Trátase dun castelanismo.

recetor* → receptor.

rechabe. s. m. Parte dunha leira que entra noutra (Santalla de Ozcos).

rechaceiro, -a. adx. Dise da persoa elegante, presumida, ben vestida (Os Ozcos).

rechamante. adx. Aplícase as cousas que destacan pola súa color viva.

rechegar. v. Achegar.
rechinar. v. Estar molesto con algo ou alguien.
rechinchar. v. Protestar (A Veiga).
rechistar. v. Protestar, responder.
recho, -a. adx. Rexo, forte. **2.** V. rello 1ª acep.
rechoer. v. Achegar a porta (Santalla de Ozcos); arrechoer, arruchuír, ruchuír.
rechozar. v. Comezar a poñerse murchas as plantas ou as flores. **2.** Queimarse as patacas por quedar sen auga (San Martín de Ozcos). **3.** Secar o millo por falta de auga.
rechozo, -a. adx. Dise da planta ou a flor que comezan a poñerse murchas. **2.** V. rechozón (Castropol). **3.** Dise do pan cando está de máis cocido (Castropol).
rechozón. adx. Dise do millo que seca (Taramundi).
rechifla. s. f. Burla.
recibido, -a. adx. Aceptado, admitido.
recibidor. s. m. Peza situada á entrada das casas onde se recibe a xente.
recibimento. s. m. Acción e efecto de recibir.
recibir. v. Aceptar algo que dan a un. **2.** Admitir visitas.
recibo. s. m. Xustificación ou declaración escrita de ter recibido algunha cousa.
recidame. s. f. Vigor, forza (*Coa recidame dun carballo*), (Eilao).
recién. adv. Hai pouco, agora (*Tá recién parida*).
Obs. Trátase dun castelanismo.
recimo* → racimo.
recinto, -a. adx. Dise do tipo de raza de cocho con pintas escuras ou brancas segundo se é branco ou negro.
recio, -a. adx. Forte. **2.** Difícil de aturar.
recitado. s. m. Acto de recitar.
recitar. v. Dicir en voz alta versos, estrofas etc.
reclamado, -a. adx. Esixido. **2.** Chamado.
reclamar. v. Esixir, reivindicar unha cousa. **2.** Chamar a alguén para que veña.
reclamo. s. m. Chamada, anuncio.
reclinatorio. s. m. Moble en forma de cadeira ou asento baixo, con respaldo alto, usado nos lugares relixiosos para reclinarse e rezar.
recobaxada. s. f. Conxunto ou grupo de nenos ou de pitos.
recobaxe. V. recobaxada.
recocer. v. Cocer de novo. **2.** Meter os ferreiros por segunda vez no lume as follas das navallas ou dos coitelos para que abranden (Taramundi).
recocido, -a. adx. Cocido de novo. **2.** s. m. Proceso que fan os ferreiros nas forxas coas follas das navallas e os coitelos para que abranden meténdoas de novo entre o lume. **3.** Dise da navalla ou do coitelo que se introduce no lume por segunda vez para que abrande (Taramundi). **4.** Quente, suado (*Tía os pés recocidos*). **5.** Molesto, con remordemento.
recochar. v. Cocer pouco as morcillas, colgándoas da súa propia corda e meténdoas en auga fervendo (Tapia de Casarego); entoirar 1ª acep., salcochar 1ª acep. **2.** Pasarse algo que se está cociñando do seu punto (Navia, Coaña). **3.** Dar un fervor na pota a unha comida (Boal, Castropol, Ortigueira); salcochar 1ª acep. **4.** Secar o calzado cerca da cociña.
recoda. s. f. Ángulo ou revolta que fai un río torcendo notablemente a dirección que tiña (*Barcela taba nuha recoda*), (Negueira de Muñiz).
recodado, -a. adx. Apoiado; recoldado.
recodarse. v. prnl. Apoiarse; recoldarse.
recodo. s. m. Aparello de pesca da cacea, especialmente o situado na popa dunha embarcación (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco). // ***Recodo* de babor.** O que está posto no lado esquerdo dunha embarcación. // ***Recodo* de estribor.** O que está posto no lado dereito dunha embarcación.
recoiro! V. coiro!
recoirola! V. coiro!
recoldado, -a. adx. Apoiado cos cóbados en algo.
recoldarse. v. prnl. Apoiarse cos cóbados en algo.
recolledor. s. m. Utensilio normalmente con mango e unha especie de pa que serve para recoller o lixo.
recolleita. s. f. Colleita dos froitos.
recoller. v. Xuntar cousas dispersas. **2.** Coller os froitos, a colleita. **3.** Gardar unha cousa. **4.** Ordenar. **5.** Retirarse a algún sitio. **6.** Apañar, coller. **7.** Dar protección ou asilo.
recollida. s. f. Acción e efecto de recoller. **2.** V. recollida.
recollido, -a. adx. Collido. **2.** Gardado. **3.** Ordenado. **4.** Retirado.
recomeco. s. m. Recanto que forma algo disposto de xeito irregular (Santalla de Ozcos).
recomendación. s. f. (pl. recomendaciois). Acción e resultado de recomendar. **2.** Consello.
recomendado, -a. adx. Aplícase á persoa que se fixo unha recomendación.
recomendar. v. Presentar a alguén para que se lle acepte, axude, se coide etc.

recompensar. v. Dar algo como pagamento ou premio por un servizo prestado.
recompoer. V. recompoñer.
recompoñer. v. Compoñer de novo.
recomposto, -a. adx. Composto de novo. **2.** Reparado, amañado. **3.** Adornado.
recompuer. V. recompoñer.
reconcar. v. Repetir nunha comida o mesmo prato ou a bebida; reconquiar. **2.** Repetir as mesmas accións.
reconchegarse. V. arreconchegarse.
reconcho! V. concho!
reconocemento. s. m. Acción e efecto de recoñocer (*reconocer*). **2.** Gratitude.
reconocer. v. Volver coñecer. **2.** Distinguir, identificar. **3.** Declararse, confesarse.
reconquiar. v. Segar de novo. **2.** Volver xantar (Seares).
reconquillo. s. m. Recanto dun río.
reconsonar. v. Durmir de novo despois de despertar.
recontar. v. Volver contar, contar moitas veces.
reconto. s. m. Acción e resultado de recontar. **2.** Conta que se fai por segunda vez.
recorcovo. s. m. Recanto, esquina (Boal).
recordado, -a. adx. Dise da persoa ou animal que reteñen unha cousa na mente, normalmente mala para que non lles volva acontecer (Boal).
recordancia. s. f. Acto de recordar.
recordanza. V. recordancia.
recordar. v. Traer á memoria. **2.** Volver recobrar unha persoa o sentido despois de desmaiarse.
recordatorio. s. m. Tarxeta con que se recorda unha primeira comuñón, unha morte etc., dunha persoa. **2.** Responso.
recordo. s. m. Memoria de feitos ou cousas xa pasadas.
recorrer. v. Andar dun lado para outro. **2.** Atravesar a través de.
recorrido. s. m. Espazo que percorre ou ha de percorrer unha persoa ou cousa.
recortado. s. m. Operación que realizan os ferreiros nas forxas cando rematan con esmero unha peza ou unha prancha. **2.** Bonito mediano (Tapia de Casarego).
recortar. v. Cortar o que sobra.
recortiar. V. recortar.
recostado, -a. adx. Apoiado nun sitio para estar cómodo e descansar.
recostedo. V. recosto.
recosto, -a. adx. Inclinado, pendente.
recotomeneo. s. m. Movemento esaxerado da cadeira ao andar.
recotrollar. v. Mellorar fisicamente (Boal).
recoveiro. s. m. Persoa que vai mercando xamóns polas aldeas.
recramado*, -a → reclamado.
recramar* → reclamar.
recramo* → reclamo.
recravado. s. m. Nunha forxa, acto de dobrar sobre si o extremo en punta dunha peza para metelo na madeira ou o ferrador no casco dun animal.
recría. s. f. Cocho de cría que se ceba para unha segunda matanza.
recruar. v. Cocer mal unha comida por interromperse a cocción. **2.** Estragarse unha comida, poñerse aceda.
recta. s. f. Parte sen curvas dunha estrada ou un camiño.
rectitú. s. f. Integridade, rigor.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
recto, -a. adx. Dereito. **2.** Aplícase á persoa xusta, legal. **3.** Dise da persoa nerviosa (Santalla de Ozcos). **4.** Inflexible, severo, ríxido.
rectoral. s. f. Casa onde vive o cura.
recua. s. f. Conxunto de animais de carga. **2.** Por extensión, conxunto de nenos, persoas ou cousas. **3.** Conxunto de vacas, bois ou touros. // **É tan grande como a recua de Vixande.** Expresión que indica que unha cousa é moi longa.
recuar. v. Retroceder; recular (Abres).
recúas (de). loc. Cara a atrás (Abres).
recuberto, -a. adx. Cuberto con algo.
recubrir. v. Volver poñer as lousas que faltan ou están rotas no lousado. **2.** Poñer de novo algo por riba doutra cousa.
recudido, -a. adx. Pouco húmido.
recudidura. s. f. Acción de quitar a auga ou a humidade a algo. **2.** Conxunto de restos de mel que deixa unha bóla de cera cando se espreme.
recudir. v. Deixar que se quite a auga ou a humidade de algo. **2.** Espremer algo para quitarlle a auga.
recudos. s. m. pl. Conxunto de restos que quedan despois de quitarlle o líquido a algo, escorreduras. **2.** Restos de esterco que saen dunha corte co xurro. **3.** Restos de mel que caen por fóra dun recipiente.
recul (de). loc. Para atrás; reculas (de).
recular. v. Retroceder, ir para atrás; recuar.
reculas (de). loc. Para atrás; recúas (de).
recuncar. v. Repetir ou volver facer algo con gusto.
recuncho. s. m. Sitio escondido, recanto (Abres).
recuntar* → recontar.
recuperar. v. Volver ter algo que se tiña perdido. **2.** prnl. Restablecerse.
recurrir. v. Dirixirse a alguén para pedir a súa axuda (San Martín de Ozcos).

recurso. s. m. Medio de subsistencia.
redar. v. Botar unha rede.
redargüír. v. Impugnar unha cousa por algún defecto que contén.
rede. s. f. Aparello de mallas que serve para pescar. **2.** Malla para recoller o pelo. // **Rede de bogar (de bogo).** V. meixón. // **Rede de cega (rede cega).** Rede de malla fina coa que se captura toda clase de peixes. // **Rede de cerco.** Rede que se usa na ría, cun cabo suxeito en terra por *trempador* e o outro, no bote. A embarcación forma un círculo até xuntarse co pescador de terra. // **Rede de meixón.** Rede que se utiliza para coller salmóns. V. meixón. // **Rede de mocas.** Arte manual de pescar troitas con rede armada en dous paus.
redeira. s. f. Muller que fai ou amaña redes.
redén. V. rapeta 4ª acep. (Ortigueira).
rediela! V. rediola!
redimir. V. revenir 1ª acep.
rediola! interx. Expresa sorpresa, susto, desgusto, alegría etc.
rediós! V. rediola!
redito, -a. adx. Aplícase á persoa que fala pronunciando as palabras cunha perfección pedante.
redoblante* → redobrante.
redobrante. s. m. Músico que toca o tambor de caixa prolongada.
redoidoiro. V. redondoiro.
redolada. s. f. Espazo xeográfico que está arredor dalgunha aldea ou vila.
redolo. s. m. Montón de cousas postas de xeito circular.
redoma. s. f. Montón moi xunto de algo, como herbas, patacas, pinas, folgueiras etc.
redomeira. s. f. Conxunto de talos ou follas dunha planta todos revoltos (Os Ozcos). **2.** Círculo formado polas plantas que ao medrar se estenden. **3.** Círculo que ten unha muller gorda na barriga ou unha embarazada (*Xa ten búa redomeira*), (San Martín de Ozcos).
redón. V. trabuquete (Ortigueira).
redonda. s. f. Pequena zona arredor de onde un vive. // **Á redonda.** Arredores, aforas.
redondada. V. redolada.
redondel. s. m. Círculo.
redondiado, -a. adx. Con forma redonda.
redondo, -a. adx. Aplícase a aquilo que é cilíndrico, circular ou esférico.
redondoiro. s. m. Pau longo sen desbastar, duns tres metros, que serve para mover as brasas do forno (San Martín de Ozcos).
redor (al, ao). loc. Acerca de. **2.** Lugares próximos.
redova. s. f. Danza polonesa en tres tempos, menos viva que a mazurca (El Franco). **2.** Música desta danza.
redrella. s. f. Graxa que cobre a cavidade abdominal dos intestinos dos cochos (Grandas de Salime).
redrollo. s. m. Cocho que se engorda para matalo. **2.** adx. Aplícase á persoa baixa e gorda. **3.** adx. Atravesado, revirado. **4.** Cousa pequena e ruín. **5.** Cría mal nacida (Santalla de Ozcos). **6.** Froito que dan tarde as plantas que non adoita madurar (San Martín de Ozcos); verdiallo 1ª acep. **7.** V. verdiallo 3ª acep.
redromeira. V. redomeira 1ª e 2ª acep.
reenganchar. v. Continuar por vontade propia no exercicio dunha actividade.
reez, reto! interx. Voz para conducir o gando (Allande).
refacer. v. Volver facer. **2.** prnl. Animarse, recuperar as forzas perdidas. **3.** prnl. Madurar un froito despois de ser recollido.
refacho. s. m. Golpe de vento (Castropol).
refaixo. s. m. Saia que usaban as mulleres como peza de roupa interior de abrigo ou como peza de roupa exterior. A tradicional era de la, baeta, estopa ou candil.
refanxo. V. refaixo (El Franco, Eilao, Boal, Navia).
refaxo. V. refaixo.
refecer. v. Poñerse fría unha cousa; temprar 1ª acep.
refeito, -a. adx. Que se volveu facer. **2.** Demasiado cocido.
refelón. V. refolón.
refender. v. Abrir en dous unha peza de madeira, con serra ou con brosa. **2.** Abrir un rego ao millo entre dous xa existentes para que quede no suco.
refer. V. refacer. // ***Referse*** **na meda.** Agardar un tempo para mallar os cereais noutro momento máis axeitado.
referrar. v. Volver poñer a mesma ferradura ás cabalerías para poder rebaixar o casco cambiándolle só os cravos.
referver. v. Volver ferver. **2.** Fermentar a herba segada, o trigo e outros froitos por non estar ben maduros ou secos. **3.** Rifar.
refestelado, -a. adx. Aplícase á muller satisfeita, que se presenta moi coidada no seu aspecto. **2.** Dise da persoa con boa saúde e de bo trato. **3.** Aplícase á persoa moi descarada. **4.** Dise da persoa

moi aberta con outras persoas, espontánea (Coaña). **5.** Alegre.

refestelarse. v. prnl. Amañarse un de xeito presumido.

refestellado, -a. V. refestelado 1ª, 2ª, 3ª e 4ª acep.

refestellarse. V. refestelarse. **2.** Encolerizarse.

refestexar. v. Festexar de novo, normalmente un día despois da festa do patrón parroquial. **2.** prnl. Amañarse, prepararse coidadamente.

refestexeiro, -a. adx. Dise da persoa amiga das festas.

refilón. s. m. Pequena ferida ou corte feito coas uñas ou cun instrumento cortante. // **De *refilón*.** Tocando lixeiramente unha cousa con outra.

reflexar. v. Reproducir a imaxe dunha cousa.

reflexo. s. m. Acto no que a auga de chuvia entra en dúas lousas superpostas pola acción do vento.

reflís. s. m. Reflexo producido sobre a superficie do mar pola brisa ou por correntes (Coaña).

refocilamento. s. m. Acto e efecto de levar unha boa vida.

refocilarse. v. prnl. Levar boa vida (El Franco).

refol. V. refolle (Santalla de Ozcos).

refole. s. m. Arte de pesca cunha rede pequena en forma de bolsa.

refolear. v. Arremuiñarse o vento ou a auga (Abres, Os Ozcos).

refoleo. s. m. Acción de *refolear* (*Un refoleo del aire*), (Os Ozcos).

refolgar. v. Cambiar de xeito brusco a dirección do vento, do fume ou da chuvia. **2.** Facer remuíños o vento.

refolgo. s. m. Ánimo, alento, forza. **2.** Cambio de xeito brusco da dirección do vento, do fume ou da chuvia.

refolío. V. refoleo.

refolle. s. m. Aparello para pescar sambesugas cunha rede moi espesa feita por un lenzo con forma de pucho invertido e cun mango. O xeito de pescalas é abalando un *chalano* e os vermes saen do fondo á superficie onde se recollen con este tipo de rede. **2.** V. refole.

refollón. V. refolón.

refolón. s. m. (pl. refolois). Golpe inesperado de vento forte.

refontada. s. f. Reprimenda (Allande).

reforma. s. f. Modificación, mellora.

reformar. v. Restaurar, reparar. **2.** Cambiar, mellorar.

refougar. v. Perderse os cereais por facer moito sol (Serandías).

refrán. s. m. (pl. refrais). Dito, sentenza tradicional.

refraneiro. s. m. Conxunto ou colección de refráns.

refrecer. v. Arrefriar. **2.** prnl. Arrefriarse.

refrega. s. f. Acción e resultado de refregar. **2.** Rozadura. **3.** Pelexa.

refregado, -a. adx. Rozado.

refregar. v. Rozar unha cousa contra outra. **2.** Dicir abertamente a unha persoa algo que a ofende. **3.** Tocar os ollos repetidamente coas mans. **4.** Sobar. **5.** Limpar moito algo.

refriado. s. m. Catarro, constipado.

refriarse. v. prnl. Empezar a ir frío. **2.** Coller frío unha persoa.

refrito. s. m. Prebe feito con aceite, allo etc.

refugalla. V. refugallo 1ª acep.

refugallo. s. m. Restos pequenos das cousas, que quedan despois de quitar o máis válido, desperdicios. **2.** V. gandallada 3ª acep. **3.** Conxunto de patacas pequenas e de pouca calidade (El Franco).

refugar. v. Rexeitar algo por inútil.

refugo. s. m. Mazaroca de millo pequena e de mala calidade que non se desenvolveu e serve de alimento para o gando (El Franco, Navia). **2.** V. refugallo 1ª acep.

refunfuñar. v. Rosmar (*rozmar*), fungar. **2.** Rifar.
Obs. Trátase dun castelanismo.

refutar. v. Contradicir con razóns e argumentos.

refungar. v. Fungar.

refuxiar. v. Dar refuxio, acoller, axudar.

rega. s. f. Acción de regar. **2.** Época de regar.

regacho. s. m. Furado nunha pena (Castropol). **2.** V. carreiro 7ª acep. (As Figueiras).

regadeira. s. f. Ferramenta que serve para abrir canles de rego nos prados, formada por unha machada por un lado e un aixada polo outro, para cortar e cavar. **2.** Recipiente para regar.

regadío. adx. Dise do terreo con auga de rega (*Prados regadíos*), (Vilanova de Ozcos).

regado, -a. adx. Aplícase ao que se lle bota auga.

regadío. s. m. Terreo que se pode regar.

regalado. adx. Aplícase ao que se dá como mostra de afecto. **2.** Dise da persoa que ten os ollos de saltón. **3.** Aplícase á persoa que se lle regala algo. **4.**

Agradable á vista, de boa aparencia (*É unha muller regalada*), (Ibias). **5.** Dise do bebé cos ollos moi abertos.

regalar. v. Dar algo como mostra de afecto. **2.** Abrir moito os ollos por unha sorpresa, un pasmo, por facer un xesto etc. **3.** Mover aos lados os ollos na órbita como as persoas moribundas. **4.** Poñer en branco os ollos. // **El que regala ben vende, se el que recibe *lo* entende.** Refrán que ensina que un agasallo ou unha atención facilita a venda de algo ou axuda á reacción favorable doutra persoa, pero non todo o mundo decátase desta acción, quizais porque poden ver un fin interesado.

regalía. s. f. Regalo. **2.** Ben, aspecto satisfactorio (*Esta colleta é uha regalía*).

regalín. s. m. Regalo pequeno.

regallado. V. regalado 2ª e 5ª acep.

regallar. V. regalar 2ª e 3ª acep. **2.** Saír o sol, amencer (Allande).

regallón, -úa. adx. e s. (pl. regallois). Alcume popular que se lles dá aos habitantes da Pilella (Boal). **2.** Aplícase á persoa que ten os ollos moi abertos.

regalo. s. m. Obsequio, presente.

regandixa. s. f. Fendedura. **2.** Raia entre as dúas nádegas do cu. **3.** Abertura que queda entre un marco lateral e unha porta.

regandixo. s. m. Fendedura.

regaña. s. f. Fendedura que divide as dúas nádegas. **2.** Fendedura de xeito lonxitudinal. **3.** Fendedura que ten normalmente a coda dunha fogaza. **4.** Malentendido, pelexa (Vilanova de Ozcos).

regañadentes (a). loc. Contra a propia vontade dunha persoa, sen querer facer unha cousa.

regañado, -a. adx. Apertado. **2.** Cos ollos moi abertos (Allande, Villaión). **3.** Fendido, con gretas. **4.** Dise do ourizo cando xa se lle ven as castañas de dentro (Allande).

regañadura. s. f. Fendedura.

regañar. v. Abrir ou fender, como a madeira. **2.** Abrirse o pan cando se coce. **3.** Abrirse a casca dalgúns froitos como a castaña. **4.** Ensinar os dentes de xeito ameazador unha persoa ou un animal (*Esta rapaza regaña muito os dentes*). **5.** V. regalar 2ª acep. (Allande). **6.** Sorrir (*Regañar el dente*), (Boal). **7.** Abrirse un ourizo ensinando as castañas. **8.** Pelexar, reprender. **9.** Torcer a boca como sinal de enfado. **10.** Abrirse a terra (Santalla de Ozcos). **11.** Abrirse as paredes dun forno de pan polos efectos da calor (Santalla de Ozcos). **12.** Non simpatizar unha persoa con outra (Vilanova de Ozcos). **13.** Abrir os beizos cun xesto, deixando ver os dentes. **14.** Agretarse as mans polo frío ou outras causas.

regañón. s. m. Figa. **2.** Sinal de mal agoiro. // **Botar el *regañón*.** Poñer o polgar entre o maior e o furabolos, sinalando á vez que se xira a man e se pronuncia o mal desexado ao que se quere botar un feitizo.

regar. v. Botar auga sobre algunha cousa. **2.** Facer sucos nunha terra. **3.** Andar arrastrando as patas. **4.** Ter unha vaca dobrada a parte de atrás na *mazá del cuadril* (Os Ozcos). **5.** Cruzar as patas traseiras o gando vacún ao camiñar (Boal).

regatear. v. Tratar de conseguir algo a un prezo máis baixo.

regateiro, -a. V. recatieiro.

regatexa. s. f. Fendedura, greta, regaña.

regatiar. V. regatear. **2.** No fútbol e noutros deportes, burlar el acoso dun xogador contrario enganándoo cun movemento e avanzando coa pelota.

regato. V. regueiro 2ª acep. **2.** Fendedura nunha pena. **3.** V. carreiro 7ª acep. (El Franco, Coaña). **4.** Val pequeno por onde vai unha corrente de auga de xeito provisional, especialmente cando chove moito (Villaión).

regatón. s. m. Ferro con figura de áncora, ou de gancho ou punta, que ten un pau nun dos extremos e que serve para pescar. **2.** V. recatón.

regazada. s. f. Contido que pode levar un mandil, unha faldra etc., ou o que se pode levar no regazo.

regazal. s. m. Lugar onde o ferreiro quenta o ferro para o seu traballo posterior. Pode ser un recipiente de madeira, ferro ou obra, asentado sobre catro patas para darlle altura. Ten forma de bandexa cadrada, pouco profunda, onde se deposita o carbón que xera o seu poder calorífico. **2.** Parte inferior dunha *foiada* cando se fai carbón vexetal.

regazo. s. m. Concavidade que se forma entre os xeonllos e a cintura, cando unha persoa está sentada. **2.** V. regazal (Taramundi).

regla* → regra.

rego. s. m. Suco que se fai co arado ou o *vasadoiro* na terra. **2.** Suco que se fai de xeito natural por efecto da auga. **3.** Estría da moa do muíño por onde sae a fariña para o *brandeiro*. **4.** Regueiro. **5.** Furado que teñen as vacas que están dobradas pola parte de atrás na *mazá del cuadril*

(Os Ozcos). **6.** Estría que se fai nun determinado obxecto. **7.** Suco circular que ten unha *dala* para que corra a auga (San Martín de Ozcos). **8.** Raia do pelo; xebre 1ª acep. **9.** Suco que teñen algunhas persoas no medio do lombo coincidindo co espiñazo (A Veiga). **10.** Pequena canle que se fai nas cortes pola que van os mexos do gando. **11.** Pequena canle que se fai arredor dunha construción como un hórreo, unha *panera*, un portón etc. para conducir a auga. // **Alza cego, que hai un rego.** Refrán que alerta a unha persoa da existencia dunha dificultade ou perigo. // **A rego.** Forma de conducir as vacas ou bois na arada para que a terra volteada forme picos entre os sucos. **2.** Endereitado, controlado, dirixido (*Tían posta a facenda a rego*), (El Franco). // **A rego cheo.** Fluíndo de xeito abundante e con forza. // **A regos.** V. A rego. // **Levar ao rego.** Convencer, dominar. // **Rego traveso.** Suco transversal para desaugar que se fai nunha terra de labor (El Franco). // **Meter al rego.** Facer a unha persoa traballar, controlar, corrixir (A Veiga). // **Poñer a rego.** Facer razoar. // **Traer (*trer*) al rego.** Facer razoar (Boal, Tapia de Casarego).

regodón. V. pendulleira 2ª acep. (El Franco).

regolfo. s. m. Retroceso da auga contra a súa corrente, facendo un remanso (San Martín de Ozcos).

regondixo. s. m. Tipo de baile da zona de Boal.

regordete, -a. adx. Dise da persoa tirando a gorda.

regordeto, -a. V. regordete.

regoufeira.

regra. s. f. Instrumento co que se fan liñas rectas. **2.** Norma.

regrecha. s. f. Fendedura, greta.

reguardardo, -a. adx. Abrigado, protexido (El Franco).

regueifa. s. f. Fogaza. **2.** Pan grande. **3.** Bolo de pan. **4.** Nádega.

regueifo. s. m. Primeiro bolo de tamaño pequeno que sae dunha fornada e se quita antes que os outros (Coaña, Navia).

regueira. V. regueiro 2ª acep. **2.** Parte baixa dun val por onde vai un regueiro.

regueiría. s. m. Regueiro pequeno.

regueirín. s. m. Regueiro pequeno.

regueiro. s. m. Canle que distribúe a auga aos prados. **2.** Pequena corrente de auga. **3.** Rastro que queda dunha cousa que vai vertendo. **4.** Por extensión, terreo sombrío. **5.** Estría na madeira. // **Facer un regueiro.** Mexar.

regueirón, -oa. s. f. Aumentativo de regueiro.

regudixeiro, -a. adx. Dise da persoa que ten graza (Boal).

reguilar. v. Torcer os ollos ao mirar (Castropol).

reguilete. V. riguilete 2ª e 3ª acep. (Eilao, Boal).

reguilón, -a. adx. Dise do ollo birollo, torto (Castropol). **2.** Cego, sen un ollo. **3.** Estrábico, birollo.

reguir. v. No xogo da *patefa*, medir a distancia entre as posturas caídas do *tasco* e as distintas *patefas* cunha palla ou vara axeitadas.

regular. adv. Nin ben nin mal, nun término medio.

reguñido, -a. adx. Aplícase á persoa descarada. **2.** Dise da persoa de mal carácter.

regusto*, -a → robusto.

rei. s. m. (pl. reis, reises). Variedade de mazá. **2.** Monarca. **3.** Peixe osteíctio bericiforme da familia dos berícidos, que pode acadar corenta centímetros de lonxitude, co corpo oval, alongado e comprimido, coa cabeza grosa e ollos grandes e redondos. A súa coloración é vermella clara con lados prateados (*Beryx splendens*), (As Figueiras). // **A quen *nun* pode, *failo* el rei *llibre*.** V. El que nun ten, failo el rei llibre. // **El que *nun* ten, *failo* el rei *llibre*.** Refrán que alude a que ser pobre e ser insolvente non é a mesma cousa; o pobre malvive e o insolvente, líbrase. // **Rei de todos.** O dedo máis longo de todos (Ibias).

reicha. V. paporrubio (Abres).

reichín. s. m. Nome común de diversas especies de insectos coleópteros da familia dos coccinélidos. Teñen o corpo globuloso, normalmente negro, cos élitros vermellos ou amarelos punteados en escuro. Son insectos carnívoros, que se alimentan de pulgóns. A especie máis coñecida é a *Coccinella septempunctata* (*Reichín, reichín, vai decir a tou padrín, que mañá Dios traiga, un bon día de solín*).

reicoirola! interx. Coiro!

reidoiro. s. m. Pau longo que serve para remexer a leña no forno cando se está roxando ou nun caleiro cando se está cocendo o cal; raidoiro, roidoiro.

reigaño. V. raigaño.

reigás. V. reigrás (El Franco).

reigón. (pl. reigois). V. raigaño 1ª e 2ª acep.

reigoto. s. m. Raíz dunha planta coa parte do talo. **2.** Cacho de raíz dun dente.

reigrás. s. m. Planta gramínea forraxeira do xénero Lolium, duns corenta a cincuenta centímetros de altura, coas follas xoves pregadas de xeito lonxitudinal polo nervio medio. Seméntase en primavera e prefire os chans arxilosos húmidos (*Lolium perenne*, *Lolium multiflorum*), (Boal).

reigueña. adx. Aplícase á madeira que se obtén do pé dunha árbore. **2.** Variedade de abeleira caracterizada por ter as ramas flexibles.

reina. adx. Dise da espiga do millo con grans colorados ou escuros. // s. f. ***Reina* luísa.** Arbusto da familia das verbenáceas, de talos estriados, follas elípticas, agudas e ásperas. As súas flores son pequenas, violáceas ou de color lila pálida e o froito seco con sementes pequenas e negras. Na medicina tradicional utilizábase como infusión contra a menopausa (*Lippia triphylla*).
Obs. Trátase dun castelanismo.

reinal. adx. Variedade de mazá.

reinar. v. Atopar unha espiga de millo con grans colorados ou escuros ao esfollar (*Cuantas veces reinache?*). **2.** Ter inclinación por algo, desexar.

reinchín. V. reichín (Boal).

reineta. adx. e s. f. Variedade de mazá.

reinía. V. reichín (Eilao). // ***Reinía* de *Dios*.** V. reichín (San Martín de Ozcos).

reinín. V. reichín (El Franco, Navia, Santalla de Ozcos, Tapia de Casarego, Taramundi, Eilao, Allande, Villaión).

reíos. s. m. pl. Conxunto de máscaras que pedían o aguinaldo polas localidades como nos *Reises* do concello de Ibias, sendo as personaxes as parellas de *reíos i novios*, o da *gocha* (ou dos cartos), o da *chocarúa*, o do *moscancio*, o do *reidoiro*, un que facía de crego e outro de director de todo o asunto (Villaión).

reirrei. V. reichín (Taramundi, A Veiga).

reis. s. m. pl. Día de Nadal que se celebra despois de darlles regalos aos nenos. **2.** Por extensión, os regalos que se dan na mañá dese día. **3.** V. reises 1ª acep. (Ibias).

reisada. s. f. Festa dos *Reises* do concello de Ibias; reises.

reise. s. m. Personaxe que participa nos *Reises*.

reiseñor. s. m. Ave paseriforme da familia dos muscicápidos, duns dezaseis centímetros de lonxitude, coas partes superiores de tonalidade parda uniforme e a cola ancha e de color castaña apardazada. Vive nos bosques e as bouzas e destaca polo seu canto moi melodioso e sostido (*Luscinia megarhynchos*).

reises. s. m. pl. Festa tradicional do concello de Ibias (agás a zona da Estierna), que consiste en que varios personaxes con máscaras piden o aguinaldo o día de *Reises* indo por todas as parroquias ou polas lindeiras. Esta festa estendíase tamén ao Valledor (Allande) e ao concello de Navia de Suarna. **2.** V. reis 1ª acep.

reitán. V. paporrubio (Navia).

reito. s. m. Renda, beneficio ou interese que produce un capital (*Os reitos que me cobrou*).

reiz. s. f. (pl. reices). Parte inferior dunha planta normalmente situada baixo terra. **2.** Parte onde se xunta a perna co corpo. **3.** Parte dun órgano implantada nun tecido ou noutro órgano (*A reiz del pelo*). // **Por San *Xuan* québralle a primeira *reiz* al pan, por San Pedro a del medio i por Santa *Isabel* a del *queirel*.** Refrán meteorolóxico referido ao medre do cereal.

reizulín. V. reichín.

relación. s. f. (pl. relaciois). Trato entre persoas.

reladeira. s. f. Coitela para picar o tabaco ou outra cousa (Vilanova de Ozcos).

relallar. v. Facer que o carro xire sobre unha roda para cambiar a súa dirección. **2.** Cambiar de dirección os bois.

relallo. s. m. Acción e efecto de *relallar*.

relamber. v. Volver lamber. **2.** prnl. Amañarse de máis. **3.** prnl. Lamber os beizos frecuentemente. **4.** prnl. Saborear algo por anticipado.

relambido, -a. adx. Volto a lamber. **2.** Amañado de máis, limpo. **3.** Descarado, que protesta. **4.** Dise da persoa simpática e aberta. **5.** Presumido. **6.** Resabido.

relámpago* → relustro.

relampaguear* → relustrar.

relampaguiar* → relustrar.

relampar. V. relustrar (Allande).

relampido. s. m. Relustro (Navia).

relancear. V. guiñar 3ª acep.

relanceo. V. guiñada 1ª acep. (Tapia de Casarego).

relado, -a. adx. Desfeito en cachos moi pequenos.

relar. v. Desfacer en cachos moi pequenos, como as verzas, nabos, patacas, pan etc. (Abres, Taramundi, Os Ozcos, Santiso de Abres). **2.** Picar o tabaco ou outra cousa (Vilanova de Ozcos). **3.** Esmigallar pan

no leite (San Martín de Ozcos); entrillar 1ª acep.

relatar. v. Rifar. **2.** Falar entre dentes. **3.** Falar unha persoa consigo mesma en voz alta. **4.** Protestar. **5.** Fungar, rosmar.

relatiar. v. Protestar. **2.** Contar, narrar. **3.** Murmurar.

relaxado, -a. adx. Cínico, de malos costumes. **2.** Herniado.

relaxarse. v. prnl. Herniarse. **2.** Corromperse, perverterse.

releiro. s. m. Palla que quedou da malla, que se pon en feixes e se dá ao gando no inverno. **2.** Conxunto de cachos pequenos dunha cousa, como madeira, leña, palla etc. (Os Ozcos). **3.** Conxunto de restos que deixan os ratos cando roen unha cousa (Os Ozcos).

relente. s. m. Orballo, humidade atmosférica na noite (Castropol, Navia).

relicario. adx. e s. Alcume popular que reciben os habitantes do concello de Santiso de Abres.

relinchar* → rinchar.

relinchos. s. m. pl. Secuela dunha enfermidade.

relinga. s. f. Cabo con que se reforzan as velas dunha embarcación.

relingar. v. Coser a *relinga* á vela dunha embarcación.

relixoso, -a. adx. e s. m. e f. Relativo á relixión ou ao que a profesa. **2.** Devoto. **3.** Que profesa nunha orde relixiosa.

rella. s. f. Peza de ferro cortante que forma parte do arado ou do *vasadoiro*, que serve para levantar a terra e abrir os regos. Nos Ozcos tamén as había de madeira de quitar e poñer. **2.** No carro, pequeno listón de madeira que se usa para xuntar o *miolo* ás cambas.

rellamber. V. relamber 1ª, 2ª e 3ª acep.

rellambido, -a. V. relambido 1ª, 2ª, 3ª, 4ª e 5ª acep.

rellamer* → relamber 3ª acep.

rellamido*, -a → relambido 5ª acep.

rellampado, -a. V. relambido 3ª acep. (Boal).

rellasca. s. f. Corda de esparto trenzada.

rellé. V. ralea (El Franco).

relleira. s. f. Cabeceira da cama. **2.** Táboa das dúas máis longas da cama que van desde a cabeceira aos pés (Tapia de Casarego, Boal). **3.** Traseira da cama (Seares). **4.** Viga na corte para suxeitar as vacas (Coaña). **5.** Varanda dunha cama, un alzadeiro etc. (San Martín de Ozcos).

relleiro, -a. s. m. e f. Persoa que facía e vendía rellos ou cordas. Normalmente eran galegos (do territorio ourensán) que ían polas aldeas facendo rellos con sedas de burras na época da matanza do cocho ou no inverno. Tamén facían as varas dos carros que tiñan o corpo deste material. **2.** V. releiro. **3.** V. relleira 2ª acep. (Abres). **4.** V. rilleiro 2ª acep. // **Parecer un *relleiro*.** Levar a roupa rota e sucia. // ***Relleiro* na porta, tempo de volta.** Refrán referido a que en inverno os *relleiros* galegos viñan ao Eo-Navia a traballar.

rellía. s. f. No carro, pau pequeno que atravesa os extremos do eixe. **2.** Liñaxe, raza, clase, casta; ralea.

rellisto. V. relustro.

rello. s. m. Corda longa, feita de sedas e de estopa, que serve para atar a carga do carro ou do tractor. **2.** Suco (Allande). **3.** Ímpeto, enerxía (Coaña). **4.** Corda que serve para prender o gando. **5.** V. rella 2ª acep. (A Veiga).

rellón. s. m. Órgano xenital masculino. **2.** Rella do arado.

relloucado, -a. adx. Entristecido, preocupado.

relloucar. v. Tolear de pena ou de alegría. **2.** Entristecerse. **3.** Coller vicios, empeñarse en conseguir un capricho. **4.** V. reloucar 1ª acep.

rellucir. V. relucir 1ª e 2ª acep.

rellumada (á). loc. Arte prohibida de pesca con luz (Allande).

rellumado, -a. adx. Nervioso, alterado.

rellumar. V. relumar. **2.** V. arrellumar 2ª acep.

rellumbrar. V. relumar.

rellumbro. V. relustro.

rellustrar. V. relustrar 1ª e 2ª acep. **2.** Moverse unha estrela no firmamento.

rellustro. V. relustro 1ª e 2ª acep.

reló. s. m. Aparato para medir a hora e indicar o tempo. **2.** Sargo pequeno (Tapia de Casarego). // **Como un *reló*.** Moi ben de saúde. **2.** Puntual. // ***Pra* dar, *asta* el *reló tremba*.** Dito que alude á avaricia ou falta de xenerosidade. // ***Reló* de sol.** O que indica a hora mediante unha agulla cos raios do sol e a sombra.

relón. s. m. Restos orgánicos que deixa a marea nas beiras e que servían como fertilizante (Abres).

reloucado, -a. adx. Irritado, enfurecido.

reloucar. v. Estar irritado, rabioso, enfurecido. **2.** Sentir unha dolor moi intensa (San Martín de Ozcos). **3.** Fungar, rosmar (*Que reloucas ei?*), (Castropol).

reloxeiro. s. m. Persoa que facía, amañaba ou vendía reloxos. Foron famosos os da familia Lombardero de

Santalla de Ozcos e da Ribeira de Piquín, e un apelidado González no concello de Allande.

relucente. adx. Que brilla moito.

relucir. v. Brillar moito. **2.** Quitar dunha persoa ou de algo unha información que era descoñecida á opinión pública.

relumar. v. Brillar, resplandecer. **2.** Botar luz algo.

relume. s. m. Gusto, satisfacción (Santiso de Abres).

relumiar. V. relumar.

relumo. s. m. Acción de brillar algo, como os ollos (Tapia de Casarego).

reluscar. V. relustrar (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).

relusco. V. relustro (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).

relustrar. v. Haber *relustros*. **2.** Estar moi anoxado.

relustro. s. m. Chispa eléctrica que descarga entre unha nube e o chan ou entre partes dunha mesma nube. **2.** Luz que se produce nas tormentas.

relustre. V. relustro.

remachado, -a. adx. Asegurado, suxeitado con remaches. **2.** s. m. Proceso que fan os ferreiros nas forxas unindo dúas ou máis pezas con outras a través dun furado cun remache.

remachar. v. Golpear a cabeza dun cravo ou dunha punta. **2.** Repetir algo que se dixo. **3.** Suxeitar, asegurar con remaches.

remache. s. m. Acción e efecto de remachar. **2.** Cravo que despois de pasado se remata para facerlle unha nova cabeza. **3.** Especie de pasador con cabeza para remachar. **4.** Parte da navalla onde se xunta mango e folla, normalmente cun cravo. **5.** Peza de unión entre a folla e a *anga* nunhas tesoiras. **6.** Pequena peza metálica dun coitelo que serve para fixar a folla ao mango de madeira; pasador 4ª acep.

remaecer. v. Brotar.

remanecer. v. Quedar, permanecer. **2.** Volver ter unha dolor. **3.** Aparecer de novo.

remaner. V. remanecer.

remanido, -a. adx. Aplícase á froita ou ao pan cando están medios podres (Boal).

remangamandil. adx. Dise da muller que manda moito na casa.

remangado, -a. adx. Coas mangas ou a roupa erguida. **2.** Disposto.

remangar. v. Erguer as mangas ou a roupa. **2.** Pegar coa man.

remango. s. m. Disposición para facer as cousas.

remansa. s. f. Remanso de auga.

remansar. v. Deter, parar.

remanso. s. m. Detención dunha corrente de auga. **2.** Lentitude, calma.

remaquear. v. Tratar de conseguir un prezo máis baixo con moita insistencia; recatiar.

remaquiar. V. remaquear.

remaquicivo, -a. V. remaquión.

remaquión, -a, -úa. adx. Aplícase á persoa que acostuma a *remaquear*; recatieiro, regateiro. **2.** Dise, ás veces, da persoa que vende cousas de pouco valor (San Martín de Ozcos). **3.** Dise da persoa insistente ou obsesiva con algo.

remar. v. Mover os remos para facer andar unha embarcación. **2.** Traballar de xeito forte. // **Remar de *puxe*.** Remar dereito mirando para a proa, botando o peso do corpo sobre o remo, coa perna do costado onde se rema do lado da popa do banco e a outra polo de proa (As Figueiras); puxar 4ª acep. // **Tanto remar, tanto remar, *pra* morrer na orela.** Refrán que alude a un fatal desenlace tras un gran esforzo, cando se está cerca de lograr un obxectivo.

remasar. v. Amasar de novo.

rematar. v. Dar fin a unha cousa. **2.** Poñer fin a a un negocio, tratado etc. **3.** Facer a última puntada cun fío. **4.** Acabar coa paciencia dun. **5.** Fartar. **6.** Poñer un peche a unha leira.

remate. s. m. Acto ou efecto de rematar, fin. **2.** V. onda 2ª acep. **3.** Acto de poñer fin a un tema, asunto etc., despois dun enfado (*Tuviche un remate*), (A Veiga).

remecer. v. Mesturar. **2.** Remover.

remedar. v. Repetir e imitar o que dixo outra persoa cun ton despectivo e ridículo (Taramundi, Tapia de Casarego); remendar 2ª acep.

remediar. v. Reparar un dano.

remedio. s. m. Solución. **2.** Medicamento que serve para curar uhna enfermidade.

remeiro, -a. s. m. e f. Persoa que rema.

remelgado, -a. adx. Delicado, que ten certos escrúpulos.

remelguado, -a. adx. Dise da persoa inqueda ou retorta no carácter.

remellido, -a. adx. Envellecido.

remembrar. v. Acordarse (Seares).

remendado, -a. adx. Con remendos.

remendar. v. Poñer remendos. **2.** Facer burla de alguén.

remendo. s. m. Cacho de tea, coiro etc., que cosido serve para poñer sobre algo desfeito ou vello. **2.** Reparación, parche. **3.** Apaño feito de xeito provisional. // **Ser un remendo mal botado.** Non ter

importancia dentro dunha casa (Tapia de Casarego).

remendón. adx. Que ten por oficio remendar. Dise especialmente dos xastres e zapateiros vellos.

remexar. v. Caer gotas. **2.** Caer un líquido cara a atrás cando se traslada ou se verte. **3.** Perder líquido un recipiente.

remexer. v. Revolver, enredar (Abres). **2.** Moverse unha persoa deseguido. **3.** Remover.

remiar. v. Berrar o gato, especialmente cando está en celo (Boal).

remilgado, -a. adx. Presumido. **2.** Delicado coas cousas.

remilgo. s. m. Trato cariñoso, agarimo; bioco, mioco.

remilgón, -úa. adx. Dise da persoa que lle gusta facer as cousas con delicadeza, con cariño. **2.** Dise da persoa que protesta por todo.

remilgoso, -a. adx. Presumido (Castropol).

remingo. s. m. Capricho, idea que unha persoa se forma sen razón aparente (A Veiga).

reminto. s. m. Escopeta dun só canón que levaban os arrieiros escondida entre as mantas das cabalerías para defenderse.

remirar. v. Volver mirar.

remo. s. m. Pau longo e estreito, de madeira, en forma de pa, que serve para mover as embarcacións. **2.** Brazo ou perna nos homes e animais. **3.** Cordón umbilical (Allande).

remocicar. v. Rexuvenecer. **2.** Mellorar dunha enfermidade. **3.** prnl. Burlarse de alguén (San Martín de Ozcos).

remoer. v. Mastigar por segunda vez os alimentos que volven do estómago á boca (Abres).

remolacha. s. f. Planta bienal da familia das quenopodiáceas, que ten un nabo groso e carnoso que pode corresponder á raíz, ao talo ou a ambos órganos. É moi variable en canto á forma, tamaño e coloración (vermella, amarela, rosada, tirando a branco etc.). segundo as variedades e razas de cultivo. Cultívase como planta de horta para a alimentación do home ou do gando (*Beta vulgaris*).

remolado. s. m. Brasas e cinza que se arrastran co rodo até boca do forno, para poder meter despois o pan; braseiro 2ª acep. **2.** Brasas miúdas con cinza na cociña (Santalla de Ozcos).

remolcado, -a. adx. Dise da embarcación, vehículo etc., que se arrastra normalmente cunha corda.

remolcar. v. Arrastrar unha embarcación, un vehículo, unha carga etc., cunha corda normalmente.

remole. s. m. Brasa miúda.

remolear. v. Cambiar a dirección do vento.

remoleo. s. m. Remuíño da auga do mar (As Figueiras). **2.** Auga do mar con moita escuma (As Figueiras, Tapia de Casarego).

remoler. v. Facer remuíños a auga do mar coa area do fondo (As Figueiras).

remolicar. v. Moer o gran moi delgado.

remolín. s. m. (pl. remolíos). Espiral natural dunha parte do pelo; rebinxa 1ª acep., rebinxe. **2.** Movemento espiral rápido na auga, no aire, de vento etc. **3.** Xoguete de nenos, feito con madeira con dúas aspas que xiran co vento. **4.** adx. Neno revoltoso, inquedo. **5.** Barullo, enredo. **6.** V. auguaxe.

remollada. s. f. Ubre da vaca cando está moi cheo de leite. **2.** Cantidade de leite que a vaca ten no ubre. **3.** Acumulación de malas ideas (Abres).

remollado, -a. adx. Que volveu mollarse.

remollar. v. Volver mollar. **2.** Medrar o ubre da vaca cando se aproxima o parto; arremollar 1ª acep. **3.** Empapar en auga.

remolle. V. remole.

remollecer. v. Abrandar (Allande).

remollo[1]. s. m. Ubre da vaca, cabra ou ovella. **2.** Por extensión, peitos da muller. // **Tócalle el remollo!** Expresión que indica molestia.

remollo[2]. s. m. Acto e efecto de volver mollar. // **A (de) remollo.** Volta a mollar. // **De a remollo.** En espera.

remolón, -úa. adx. Que escapa do traballo de xeito malicioso (*Nun te fagas el remolón*). **2.** Folgazán, preguizoso, lento.

remolque. s. m. Cousa que se leva remolcada por mar ou terra. **2.** Cabo ou corda con que se remolca unha embarcación.

remolquiar. V. remolcar.

remonta. s. f. Xogo de nenos no que un equipo salta sobre o lombo dos xogadores doutro equipo, postos en fileira e agachados. O xefe dos que apandan deberá adiviñar onde ou como pon a man o xefe do outro bando. // **Remonta de parede.** Xogábase con catro xogadores como mínimo en dous grupos. Se eran catro, un se poñía de *pai* arrimado á parede e outro de *burro* apoiado no anterior e sobre este último montábanse os outros dous xogadores, que se caían pasaban a ser *burros*. // **Remonta corrida.** Formábase unha fileira na que os xogadores se agachaban

e o primeiro saltaba sobre os outros. Ao final este agachábase tamén e seguía deste xeito de contino o xogo.

remontado, -a. adx. Remendado.

remontar. v. Remendar pantalóns ou outras pezas de roupa. **2.** Amañar botas poñéndolles reforzos. **3.** prnl. Revirarse, enfrontarse.

remonte. s. m. Reforzo de tea que se pon aos pantalóns na parte dianteira, a unhas botas ou a outras pezas de roupa.

remontoiro. s. m. Outeiro, montaña (Morlongo).

remordemento. s. m. Estado de conciencia da persoa a quen lle aflixe algunha acción.

remor. V. remordemento.

remordido, -a. adx. Con remordemento.

remosquete. s. m. No xogo do *pión*, varrido que facía o *pión* ao deixar de bailar en posición vertical. **2.** Movemento brusco. **3.** Actitude de protesta por algo. **4.** Fuxida de súpeto dos animais ou das persoas. **5.** Anoxo.

remostio, -a. adx. Murcho.

remoto, -a. adx. Que está moi lonxe.

remouchar. v. Romper.

remoufado, -a. adx. Sucio, manchado (Boal).

remoufar. v. Mancharse cerca da boca cando se come (Boal).

remover. v. Revolver, alterar. **2.** Volver mover.

removido, -a. adx. Revolto, alterado.

remoxar. V. remollar 1ª acep. (Navia).

remozmeiro. V. remozmoiro.

remozmoiro. s. m. Murmurio, normalmente de protesta. **2.** Ruído.

remoznoiro. s. m. Dolor aguda e breve no ventre.

rempuxar. v. Empuxar de novo, normalmente de xeito violento.

remulín* → remolín 1ª e 2ª acep.

remungar. v. Responder falando entre dentes. **2.** Rosmar un can ou outro animal.

ren. s. m. Xogo de nenos, que se xoga cun pau e un *lirio*, impedindo a entrada deste en dous círculos que se poñen no chan.

renacuajo. adx. e s. Alcume popular para os habitantes de Vale, en Barres (Castropol). **2.** V. renacuallo 1ª e 2ª acep.
Obs. Trátase dun castelanismo.

renacuallo, -a. adx. Pequeno. **2.** Ruín. **3.** Cría da ra.
Obs. Trátase dun castelanismo.

renaz. s. m. Parte baixa do espiñazo cerca dos riles (Boal, Tapia de Casarego).

renazo. V. renaz.

rencher. v. Volver encher (San Martín de Ozcos).

renco, -a. adx. Que arrastra a perna, normalmente por unha lesión nas cadeiras (Tapia de Casarego, El Franco, Navia); escoxapado, rengo.

rencolera* → ringleira 1ª acep.

renda. s. f. Correa ou corda das dúas que, suxeitas a un e outro lado do freo dos cabalos, serven para conducilos. // **A renda solta.** Sen control. **2.** Sen medida nin orde.

rendal. s. m. Cacho de corda ou *tanza* do que colgan os anzois, cun chumbo para que se afunda no mar e ás veces se sinala na superficie cunha boia (Castropol, Tapia de Casarego, El Franco, Navia).

rendar. v. Sachar por segunda vez unha leira.

rendeira. s. f. Rendemento.

rendedeira. s. f. Acción e efecto de render.

rendedeiro, -a. adx. Que rende moito.

rendeiro. s. m. Colono, persoa que leva arrendada unha propiedade; renteiro.

rendemento. s. m. Proveito, beneficio que produce alguén ou algunha cousa.

render. v. Producir un beneficio ou unha utilidade. **2.** Dar de si, dar abasto. **3.** Cansar, fatigar, vencer. **4.** Facerse longo o tempo ou o camiño.

rendido, -a. adx. Cansado, fatigado.

rendimento. V. rendemento.

rendir. V. render 1ª, 3ª e 4ª acep.
Obs. Trátase dun castelanismo.

rendixa. s. f. Fendedura.
Obs. Trátase dun castelanismo.

renegado, -a. adx. O que renega; arrenegado 1ª acep.

renegar. v. Negar repetidamente; arrenegar 3ª acep. **2.** Abandonar uns principios, unha relixión etc.

renegón, -a. adx. Aplícase á persoa que acostuma a arrenegar. **2.** V. arrenegado 4ª acep.

renegrido, -a. adx. Aplícase á pel cando está de color escura, especialmente polo frío ou por unha mancadura. **2.** Dise da cousa dunha color determinada que pola sucidade se volve case negra (*El pote tá renegrido del lume*).

renegrón. s. m. (pl. renegrois). Mancha de color escura que sae na pel por un golpe.

renembranza. s. f. Recordo.

renembrarse. v. prnl. Recordar. **2.** Imaxinar, parecer. **3.** Alporizarse, perder a serenidade (Castropol).

renganchar* → reenganchar.

rengleiro. s. m. Cada unha das liñas rectas escritas nun papel para que aprendan a escribir os nenos.

renglón. s. m. Serie de palabras ou caracteres escritos ou impresos en liña recta.
rengloncio. V. renglón.
rengo, -a. adx. V. renco (Castropol, Navia).
rengrón* → renglón.
renguiar. v. Coxear; ranquear 1ª acep.
renguileira* → ringleira 1ª acep.
renilla. V. ranilla.
reno. V. rezno 1ª acep. (Allande).
renobeiro. V. renubeiro.
renollo, -a. adx. O que non medrou e quedou pequeno (Ibias). **2.** s. m. Madeiro moi torto.
renombrar. v. Lembrar, recordar.
renovo. s. m. Brote que bota unha árbore despois de que fose podada.
renque (en). loc. En ringleira (Santalla de Ozcos).
renquear. v. Coxear; ranquear 1ª acep. **2.** Ter dificultade nalgún asunto. **3.** Moverse algo dun lado para outro porque non está centrado.
renquiar. V. renquear 1ª e 2ª acep.
renta. s. f. Rendemento en diñeiro ou en especie que se obtén dunha cousa. **2.** Cantidade que pagaba en diñeiro ou froitos un arrendatario. Adoitaba ser con fanegas de trigo e se non chegaba dábase o resto en diñeiro.
Obs. Trátase dun castelanismo.
rentar. v. Dar ou tomar en renda (*renta*) algunha cousa. **2.** Producir un beneficio, dar rendemento unha cousa.
Obs. Trátase dun castelanismo.
renteiro. V. rendeiro.
Obs. Trátase dun castelanismo.
rententella (a). loc. Cheo.
rentes (a). loc. Ao nivel de, á mesma altura. **2.** Próximo, ao lado. **3.** Xunto a (*Ponse a camiseta a rentes al corpo*).
rentiquías (a). loc. V. rentes (a).
rento, -a. adx. Arrendado.
renubeiro. V. nubeiro.
renubleiro* → nubeiro.
renubreiro. V. nubeiro.
renuncio. s. m. Menira, contradición.
renxer. v. Rifar (Boal). **2.** Facer certo ruído estridente unha cousa ao rozar con outra (Santiso de Abres). **3.** Choromicar. **4.** Rosmar.
renxir. v. Remar vencendo a corrente (Castropol).
reñer. V. reñir (Allande, San Martín de Ozcos).
reñido, -a. adx. Reprendido. **2.** Anoxado, desamigado.
reñir. v. Discutir unha persoa con outra. **2.** Reprender. **3.** Desamigarse.
Obs. Trátase dun castelanismo.
reñón* → ril.
reo. s. m. Troita asalmoada, máis forte que a troita común e cun pedúnculo caudal moito máis ancho, podendo superar os noventa centímetros de lonxitude e chegar aos quince quilos de peso. Vive no tramo final dos ríos (*Salmo trutta trutta*). **2.** Ás veces esta palabra referíase ao salmón pequeno (Boal).
reollo (de). loc. Con disimulo. **2.** Con enfado.
repalear. v. Remar con habilidade.
repanchado, -a. adx. Teso.
repanchigado, -a. adx. Sentado comodamente. **2.** Sentado cara a atrás e coa barriga para arriba. **3.** Con moita barriga. **4.** Con chulería.
repanchigar. v. Erguer para enriba un vestido. **2.** prnl. Sentar comodamente. **3.** prnl. Botar para atrás o peito cara a adiante, cando se sente orgullosa unha persoa de algo.
repantigado, -a. V. repanchigado 1ª acep.
repantigarse. V. repanchigar 3ª acep.
repañar. v. Quitar algo con violencia. **2.** Roubar. **3.** Recoller o que sexa sen deixar que quede nada.
reparación. s. f. (pl. reparaciois). Acción e efecto de reparar, arranxo.
reparado, -a. adx. Amañado. **2.** Aplícase á persoa susceptible. **3.** Egoísta.
reparar. v. Mirar con coidado, observar. **2.** Dar igual, non preocuparse (*Non repara en gastar os cuartos*). **3.** Arranxar, compoñer. **4.** Restaurar. **5.** Apreciar, fixarse.
reparo. s. m. Vergonza, timidez. **2.** Obxección que alguén fai a unha cousa.
reparón, -úa, -oa, -a. adx. Aplícase á persoa curiosa e escrupulosa.
repartimento. s. m. Compartimento, parte dividida de algo, como nunha hucha (*É un repartimento que ten a hucha*), (San Martín de Ozcos).
repartir. v. Facer partes dunha cousa e distribuílas.
repasar. v. Coser, poñer remendos á roupa ou a unha rede de pescar. **2.** Volver examinar. **3.** Volver estudar unha lección. **4.** Humillar a unha persoa nalgún asunto.
repasón. s. m. Repaso. // **Dar un *repasón*.** Repasar unha lección.
repasquiado, -a. adx. Dise da persoa que vai moi guapa (Eilao).
repasquiero, -a. adx. Dise da persoa viva, inqueda (Boal).
repelarse. v. prnl. Erguerse o pelo por medo, frío etc.
repelgo. s. m. Parche de coiro con pez, que se pon no peito para curar a caída do espiñazo. **2.** Cataplasma.

repellón. V. repelón.
repelón, -úa, -a. adx. Aplícase ao animal que ten erguido o pelo, ás veces pola súa fraqueza. **2.** Dise da persoa con carne de galiña.
repelús. s. m. Noxo ou medo a algo.
repeluxado, -a. adx. Dise do pelo desordenado.
repeluxarse. v. prnl. Poñerse a pel granulada polo frío ou por outra sensación. **2.** Poñerse o pelo desordenado.
repenar. v. Pasar o angazo para recoller todos os restos de herba nun prado (Santalla de Ozcos); repeñar.
repenicar. v. Tocar as campás.
repeñar. v. Xuntar palla, herba etc., co angazo; rastrear 1ª acep. (Taramundi).
repente (de). loc. De súpeto.
repentino, -a. adx. Que se produce de xeito brusco e inesperado ou sen aviso previo. **2.** Imprevisto (*Anda dun repentino*).
repetir. v. Volver facer ou dicir algo que xa se dixo ou fixo. **2.** Vir á boca a comida ou a bebida despois de comer ou beber.
repicado, -a. adx. Erguido.
repicar. v. Volver picar. **2.** Tocar as campás de xeito continuo.
repilarse. v. repelarse.
repilo. s. m. Calafrío. **2.** V. repelús. **3.** Grima.
repilón, -úa. V. repelón.
repinaldo. s. m. e adx. Variedade de mazá, grande, de color clara e con forma de campá.
repincharse. v. prnl. Amañarse o pelo de xeito que quede un resalte sobre a fronte.
repinche. s. m. Resalte de pelo que queda sobre a fronte despois de amañalo.
repinicado, -a. adx. Adornado.
repinicante. adx. Que toca ben.
repinicar. v. Oír un son como os das campás, paxaros, música etc. **2.** Poñer moitos adornos a unha peza de roupa ou a outra cousa. **3.** Falar de xeito afectado. **4.** Tocar a gaita ou o tambor facendo floreos. **5.** Tocar unha campá de xeito rápido e alegre ou outros instrumentos.
repiniqueiro, -a. adx. Que toca ben.
repisa. s. f. Elemento arquitectónico que sobresae dun muro e que serve para soportar un peso.
repisar. v. Volver poñer o piso a un edificio. **2.** V. recalcar 2ª acep. **3.** Ceder ou afundir algo como unha casa, unha parede co peso, unha meda etc. (Os Ozcos, El Franco, Villaión).
replantar. v. Plantar de novo, cambiar de lugar unha planta.
repoblar. v. Volver plantar árbores nun monte, poboar de animais un territorio, de peixes un río etc.
repoer. V. repoñer.
repolgar. v. Poñer un *repolgo*. **2.** Facer unha dobrez no bordo dun tecido, dunha empanada etc. (San Martín de Ozcos). **3.** Dobrarse unha cousa no bordo por estar vella (San Martín de Ozcos). **4.** Ter dobreces a carne cando un neno está moi gordo (*Repólgalle a carne a un neno*), (San Martín de Ozcos).
repolgo. s. m. Bordo basto dunha tea enrolado e cosido. **2.** Bordo, normalmente avultado, dunha cicatriz, ferida etc. **3.** Bordo que se forma na casca dunha árbore onde sufriu un corte ou unha rozadura. **4.** Entrante na costa. **5.** Bordo dobrado que teñen os pantalóns, un vestido etc., pola parte de abaixo.
repollo. V. repolo.
repolludo, -a. V. repoludo.
repolo. s. m. Variedade de col, de follas grosas e coriáceas, estreitamente apertadas unhas coas outras. Cultívase nas hortas xa que é moi apreciado como alimento (*Brassica sp.*).
repoludo, -a. adx. Aplícase á persoa ou neno gordos, anchos e baixos.
repompa. s. f. Cantidade grande de auga que cabe nun banzado ou nunha presa. **2.** Depósito elevado de auga nunha ferrería. **3.** Onda de auga que se produce nun río cando se atopa cun atranco (Santalla de Ozcos). **4.** Remuíño que forma a auga do mar na superficie cando tropeza con rochas que están por debaixo (Coaña).
repompar. v. Parar unha corrente de auga nunha presa ou banzado, podendo saír por enriba ou polos lados. **2.** Parar a auga volvendo para atrás cando se atopa cun atranco.
repoñer. v. Volver poñer. **2.** Substituír. **3.** Poñer de novo máis viño na cuba, porque co tempo vai baixando e esta ten que estar chea e sen aire. **4.** prnl. Recuperar a saúde despois dunha enfermidade. **5.** prnl. Tranquilizarse, serenarse.
reportorio. s. m. Calendario ou libriño pequeno onde se marcan as principais datas relativas ás actividades agrarias e gandeiras. No Eo-Navia era moi común que nas feiras se mercasen os repertorios galegos como *O Gaiteiro de Lugo* (de Ourense) e *O mintireiro verdadeiro* (de Palas de Rei, Lugo). Nos concellos de Taramundi e Santiso de Abres tamén se difundiu o *Almanaque*

agrícola Zeltia ou *Zeneca* (do Porriño, Pontevedra). De fóra de Galicia destacaba *El Calendario Zaragozano*. **2.** Relación de contos, novas, palabras etc. **3.** Capacidade dunha persoa para falar moito e de moitos temas. **4.** Cavilación, suposición (Castropol). **5.** Todo aquilo que se quere dicir, normalmente reñindo (*Soltoulle todo el reportorio*), (Castropol). // **Facer *reportorios*.** Botar contas, meditar con intensidade.

reposto, -a. adx. Volto a poñer. **2.** Recuperado dunha enfermidade. // **De reposto.** Dise dunha cousa que se ten en reserva para substituír outra vella ou avariada en caso de necesidade.

repousado, -a. adx. Descansado. **2.** Pousado.

repousar. v. Descansar. **2.** Tratándose de líquidos, pousar.

repouso. s. m. Descanso.

reprantar* → replantar.

reprender. v. Rifar, corrixir.

reprendido, -a. adx. Castigado.

represada. V. repompa 1ª acep.

represar. v. Deter o curso dunha corrente de auga.

reprimenda. s. f. Acción de reprender ou palabras coas que se reprende.

repuchar. v. Botar na cara, reprochar. **2.** V. respingar.

repuer. V. repoñer 1ª e 4ª acep.

repugnancia. s. f. Aversión a unha persoa ou a algo.

repugnantada. s. f. Aspecto que causa desagrado.

repugnante. adx. Aplícase á persoa molesta ou antipática. **2.** Dise da persoa que ten un xeito de ser ou unha conversa pesada. **3.** Pesado, desagradable. **4.** Que repugna. **5.** V. reparón.

repugnar. v. Sentir noxo ou aversión por algo, especialmente pola comida. **2.** Vir á boca a comida ou a bebida despois de comer. **3.** Perder o apetito, normalmente por unha enfermidade. **4.** Resultar pesado ou forte algo.

repulgo. s. m. Delicadeza esaxerada, finura. **2.** Cicatriz con engurras (Abres). **3.** Fibrose.

repulido, -a. adx. e s. Alcume popular que lles dan os habitantes de Villaión aos de Navia.

repuluxado, -a. adx. Encollido polo frío (Castropol).

repunancia* → repugnancia.

repunantada* → repugnantada.

repunante* → repugnante.

repunanza* → repugnancia.

repunar* → repugnar.

repunta. V. repunte.

repuntar. v. Empezar a subir a marea.

repunte. s. m. Primeiro avance da marea.

repunto. V. repunte (Navia).

repuxón. s. m. (pl. repuxois). Empuxón violento. // **A *repuxois*.** Dando empuxóns violentos (San Martín de Ozcos).

requebrar. v. Adular, louvar a unha muller polo seu atractivo (Tapia de Casarego).

requebro. s. m. Acción e efecto de volver quebrar unha cousa.

requeimado, -a. adx. Moi queimado.

requeimar. v. Queimar moito na lingua algo, especialmente os alimentos quentes ou con condimentos ou as bebidas fortes; resqueimar 1ª acep. **2.** Torrar algo en exceso, especialmente os alimentos. **3.** Causar molestia (*A medicina requeima na ferida*).

requeiso. V. requeixo (Allande).

requeixo. s. m. Recanto, esquina (Tapia de Casarego, Allande). **2.** Lugar para gardar a leña na cociña (San Martín de Ozcos).

requeixón. s. m. Produto sólido de aspecto e textura branda que se obtén do leite callado; queixo mole.

requerir. v. Avisar ou facer saber algo con autoridade.

requerimento. s. m. Acto polo que se avisa que se faga ou se deixe de facer unha cousa.

requesón* → requeixón, requexón.

requexón. V. requeixón (Coaña).

requixo. s. m. Lombo (Vilanova de Ozcos).

requiloncio. s. m. Parvada, estupidez, impertinencia.

requilorios. s. m. pl. Formalidades inútiles en que se pasa o tempo sen abordar o esencial, impertinencias.

requinto. s. m. Instrumento musical semellante ao clarinete, pequeno e con ton agudo. Ten certa tradición de fabricación no concello de El Franco.

requisiteiro, -a. adx. Aplícase á persoa que fai moitos cumprimentos. **2.** Dise da persoa que pon reparos a todo.

rer. V. raer 2ª acep. (Eilao).

res. s. f. Cabeza de gando, especialmente de vacún. **2.** Nada. // **Al ruín res solo el rabo lle crece.** Refrán que alude a que ao gando de mala calidade só lle medra o rabo. // **Quedar *sin* un res.** Quedar sen nada (Boal). // ***Si ruía* é a res, *solo* cornos lle ves.** Refrán que alude a cando o gando é de mala calidade.

Obs. Nos Ozcos e noutros concellos como Tapia de Casarego ou Boal emprégase ás veces con xénero masculino (*Un res que non é gracioso*).

resabido, -a. adx. Dise da persoa que presume de saber de todo.

resaca. s. f. Movemento de retroceso das ondas despois de bater contra unha rocha, dique etc.
resalado, -a. adx. Gracioso, agradable.
Obs. Trátase dun castelanismo.
resalbo. s. m. Brote novo de certas árbores ou arbustos.
resalsa. s. f. Reprimenda.
rescacheiro. V. razcacheiro (Tapia de Casarego, Coaña, Boal, Navia, Allande, Villaión).
rescalda. V. rescaldo 1ª acep. (Santiso de Abres).
rescaldear. v. Introducir de máis unha cousa en auga fervendo queimándoa.
rescaldo. s. m. Xeada suave, propia da primavera ou de principios do outono. **2.** Conxunto de brasas do lume (Serandías).
rescender. v. Proceder, ter orixe. **2.** Ulir ben.
resclavo. s. m. Pegada (Allande).
rescoldarse. V. recoldarse.
reseco, -a. adx. Seco en exceso.
resegar. v. Segar de novo. **2.** Cortar a punta dunha planta que medra de máis (Tapia de Casarego).
resela. s. f. Espazo de campo aberto en medio dun mato (Santalla de Ozcos).
resentido, -a. adx. Aplícase á persoa que está ofendida, con resentimento.
resentimento. s. m. Acción ou efecto de estar resentido ou resentirse. **2.** Odio, aversión.
reseso, -a. adx. Dise do pan que se endureceu co paso do tempo (Santalla de Ozcos).
resfilón (de). loc. De pasada.
resgado, -a. V. rasgado.
Obs. Trátase dun castelanismo.
resgar. v. Cortar coas *tiseiras* (tesoiras) *al resgo*. **2.** Rachar, facer farrapos unha cousa. **3.** V. rasgar.
Obs. Trátase dun castelanismo.
resgo, -a. adx. Aplícase á persoa que ten os ollos tortos. // **Al resgo.** De xeito que nunha tea queden os fíos nunha posición oblicua.
Obs. Trátase dun castelanismo.
resgón. V. rasgón.
Obs. Trátase dun castelanismo.
resguardado, -a. adx. Protexido.
resguardarse. v. prnl. Protexerse.
resguilón. s. m. Esvarón.
resia. s. f. Líquido pegañento que botan polos tetos as vacas novas cando están preñadas.
residencia. s. f. Lugar onde se vive habitualmente. **2.** Asilo.
resigado, -a. adx. Dise do que está agretado, como unha man.
resigar. v. Agretar a pel polo frío, a xeada, o traballo etc. (Villaión).
resignadamente. adv. Con conformidade.
resignación. s. f. Actitude de ánimo con que se soporta ou acepta unha cousa desagradable ou sen remedio, sen protestar nin reaccionar en contra.
resignado, -a. adx. Conforme.
resignarse. v. prnl. Conformarse.
resinación* → resignación.
resinadamente* → resignadamente.
resinado*, -a → resignado.
resinarse* → resignarse.
resío. s. m. Frío da noite.
resistencia. s. f. Acción e efecto de resistir ou resistirse.
resistente. adx. Dise da persoa ou material fortes.
resistir. v. Soportar. **2.** Opoñerse un corpo á presión ou forza producida por outro. **3.** Nadar debaixo da auga.
resoira. V. rasoira 3ª acep.
resoiro. V. rasoira 1ª acep.
resollar. v. Rexurdir. **2.** Respirar, normalmente con dificultade.
resollo. s. m. Alento ou respiración, especialmente a violenta.
resolto, -a. adx. Que xa está solucionado ou decidido.
resolver. v. Solucionar, decidir.
resonar. v. Aumentar o son en intensidade ou duración.
respaldear. v. Facer un cuarto de xiro o remo para quitalo da auga sen salpicar.
respecto. s. m. Relación dunha cousa con outra. // **Con respecto a.** Con relación a.
respeluxarse. V. repeluxarse.
respetado, -a. adx. Dise da persoa que se ten en consideración.
respetar. v. Ter consideración ou respecto coas persoas ou cousas. **2.** Cumprir as normas establecidas.
respetive (a, al). loc. En comparación.
respeto. s. m. Actitude de consideración cara a unha persoa ou unha cousa.
respetuoso, -a. adx. Que garda e se comporta con respecto e consideración cara ás persoas ou cousas.
respeutive* → respetive.
respeuto* → respecto, respeto.
respeutoso* → respetuoso.
respigar. v. Dar grima algo. **2.** prnl. Poñerse emocionado por algunha cousa, feito ou relato.
respigo. s. m. Pel que se levanta ao lado das uñas dos dedos da man. **2.** Acción e efecto de *respigarse*. **3.** Calafrío. **4.** Grima.
respigón, -a. adx. Con medo. **3.** Que ten calafríos.

respingar. v. Protestar contra algo que foi mandado.
respingón, -a, -oa. V. respingueiro 1ª e 2ª acep. **2.** Dise do rabo erguido dalgúns animais.
respingueiro, -a. adx. Que protesta. **2.** Dise do nariz erguido para enriba.
respiración. s. f. Feito e resultado de respirar.
respiradeiro. s. m. Abertura ou furado nunha construción ou noutra cousa que serve para que entre o aire.
respirar. v. Expulsar o aire dos pulmóns os seres vivos. **2.** Descansar.
respiro. s. m. Furado que se fai nun lugar pechado para que entre o aire. **2.** Nos cabazos de tipo *mariñao oriental*, feitos de pedra, furado que hai nas paredes que son máis anchos polo exterior que polo interior.
resplandecente. adx. Dise do que brilla con moita intensidade.
resplandor. s. m. Luz intensa que despide algo.
responder. v. Contestar a unha pregunta ou chamada.
respondón, -a. adx. Dise do que responde ou protesta por todo.
responsabilidá. s. f. Capacidade ou compromiso dunha persoa diante das súas obrigas.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
responsar. v. Dar cartos para que o cura bote un responso nun enterro (San Martín de Ozcos). **2.** Dar esmola para que canten os curas nun enterro (San Martín de Ozcos).
responso. s. m. Oración que se reza polos defuntos. **2.** Reprensión.
responsorio. s. m. Serie de oracións que se din despois dos matíns e das horas canónicas.
resposta. s. f. Contestación, réplica.
resprandecente* → resplandecente.
resqueimar. v. Causar algúns alimentos ou bebidas na lingua e no padal unha calor picante e forte. **2.** Proer unha ferida, picar.
resqueimor. s. m. Comechón, normalmente nunha ferida.
resquicio. s. m. Resto de algo.
restar. v. Quedar, faltar.
restaurán. s. m. Establecemento hostaleiro onde se serven comidas.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
restelar. V. restrelar.
restellar. V. restrelar. **2.** V. destelar, arrestelar 2ª acep.
restello. V. restrelo 1ª acep.
restelo. V. restrelo 1ª e 2ª acep. // **Cara de restelo.** Cara de mal humor.
restinga. s. f. Faixa de rochas somerxidas que penetra no mar a pouca profundidade (Coaña).
resto. s. m. O que sobra.
restra. s. f. Especie de trenza de diversas cousas como cebolas, allos, espigas de millo, chourizos etc. **2.** Conxunto de obxectos colocados uns detrás doutros.
restrada. s. f. Conxunto de restras (Os Ozcos).
restreba. s. f. Terra que se deixa un ano en descanso. **2.** Terra labrada nun monte comunal (Os Ozcos). **3.** V. restrebo.
restrebar. v. Labrar por segunda vez.
restrebo. s. m. Segunda colleita que dá unha roza. // **Trigo de restrebo.** Trigo labrado por segunda vez, de mala calidade.
restregar. v. Rozar.
restreiro*, -a → rastreiro.
restrelar. v. Limpar o liño ou o cánabo da estopa pasándoos polo restrelo; arrestelar, arrestrelar, rastellar, restelar, restellar.
restrello. V. restrelo 1ª acep.
restrelo. s. m. Carda do liño, que serve para peitealo, consistente nunha táboa cunha parte de picos de ferro polos que se vai pasando o liño antes do fiado; rastelo, rastrelo, restello, restelo, restrello. **2.** Castaña que cae soa sen o ourizo.
restrello. V. restrelo 1ª acep.
restrincar. v. Producir ruído rozando os dentes (Abres); rilar.
restrincón. s. m. Tirón da corda que suxeita unha embarcación polo efecto das ondas do mar.
restringa. V. restinga.
restrollo. s. m. Restos que quedan das canas dun cereal despois de segalo; pallal 2ª acep. **2.** Por extensión, leira seca despois de segar o trigo. **3.** Conxunto de froitas caídas dunha árbore. **4.** Cada unha das froitas máis pequenas que quedan nunha árbore despois de coller as máis grandes.
restrueldo. s. m. Abundancia.
restruído. adx. Dise do aceite preparado con allo, graxa, manteiga, cebola e perexil (Santalla de Ozcos).
resucitado, -a. adx. Restablecido. **2.** Que volveu á vida.
resucitar. v. Restablecerse, repoñerse. **2.** Volver á vida.
resultar. v. Producirse algo como consecuencia dunha acción.
resultas (de). loc. Como consecuencia de.

resura. s. f. Primeira molestia ou dolor que aparece diante da proximidade dun parto (Boal).
resurdir. V. rexurdir.
resurxir* → rexurdir.
resvaladoiro. s. m. Lugar pendente onde é fácil esvarar.
Obs. Trátase dun castelanismo.
resvalar. v. Escorregar, caer.
Obs. Trátase dun castelanismo.
resvalén. V. resvaladoiro. // **De *resvalén*.** Rozando.
Obs. Trátase dun castelanismo.
resvalizo, -a. adx. Que esvara.
Obs. Trátase dun castelanismo.
resvalón. s. m. Acción e efecto de escorregar, de caer. **2.** adx. Que esvara.
Obs. Trátase dun castelanismo.
resvarar. V. esvarar (Santiso de Abres).
resxistrar* → rexistrar 4ª acep.
reta* → recta.
retacar. v. Facer máis compacta unha cousa ou apertar o contido de algo para que caiba máis (*Retacaban con palla os sacos pra logo atalos*).
retaco. s. m. Neno. **2.** Persoa tirando a gorda. **3.** Persoa de estatura pequena.
retafila. s. f. Sucesión de cousas ou ditos. **2.** Fileira. **3.** Reprimenda.
retafilar. v. Protestar. **2.** Falar entre dentes.
retellar. v. Colocar as tellas que faltan nun tellado.
retén. s. m. (pl. reteis). Pau de tamaño pequeno posto de xeito horizontal con respecto á cabezoalla do carro na parte dianteira. **2.** Pau que se pon para soster un palleiro. **3.** Pedra que se pon ao lado dunha parede para protexela de carros, coches etc. **4.** Pau que se pon para que algo estea dereito e suxeitalo.
retentación. s. f. Tentación; retento.
retentar. v. Tentar, incitar. **2.** Traer á memoria, volver recordar (Navia).
retentello (al). V. restestello (al), (Villaión).
retento. s. m. Tentación, impulso ou desexo para facer algo.
reter. v. Conservar algo. **2.** Recordar.
retestello (al). loc. A pleno sol (Boal).
retexar. v. Reparar un tellado, poñendo novas tellas onde faltan.
Obs. Trátase dun castelanismo.
retintín. s. m. Ton e xeito de falar que indica burla, ironía ou censura.
retirado, -a. adx. Levado a outro lugar. **2.** adx. e s. Xubilado. **3.** Que está lonxe.
retirar. v. Apartar. **2.** prnl. Xubilarse.
retiro. s. m. Pensión.
retixar. V. estixar (A Veiga).
reto*, -a → recto.
retonar. v. Brotar, xermolar.
retono. s. m. Brote.
retoñar. V. retonar.
Obs. Trátase dun castelanismo.
retoral* → rectoral.
retorcedura. s. f. Acción e efecto de torcer un pé ou unha man.
retorcer. v. Torcer moito unha cousa dándolle voltas arredor de si mesma. **2.** Descolocar un óso ou unha articulación do seu sitio.
retorcido, -a. adx. Torto. **2.** Descolocado un óso o unha articulación. **3.** Aplícase á persoa con mala intención. **4.** Rebelde, desobediente. **5.** De difícil comprensión.
retorcillar. v. Retorcer.
retorcillón. s. m. Torcedura dunha articulación. **2.** Dolor de ventre agudo e rápido.
retorción. V. retorcillón 1ª e 2ª acep. (Allande).
retorno. s. m. Carga ou pasaxeiros para o camiño de volta de camioneiros e taxistas.
retorteiro. V. retortoiro.
retortixón. V. retorcillón 1ª e 2ª acep.
retorto, -a. adx. Dise do que ten moitas voltas. **2.** Aplícase á persoa de carácter atravesado, retorto. **3.** Dise do pensamento, idea etc., malvados. **4.** Testán.
retortoiro. s. m. Volta arredor.
retouzo. s. m. Parte do terreo que queda no prado despois de comer o gando a punta das herbas (Eilao). **2.** Herba que queda sen cortar pola gadaña.
retovato. V. retrovato.
retozar. v. Brincar de xeito alegre (*Os nenos retozaban polas escaleiras*), (A Veiga).
retranca. s. f. Segunda intención, ironía. **2.** Habilidade para dicir o que un quere e non o que os outros queren que diga. **3.** Correa que vai por debaixo do rabo dunha cabalería. **4.** Corda que serve para tirar de algo. **5.** Malicia ao comportarse. **7.** Graza intencionada do dicir. **8.** Barra de madeira ou de ferro que serve para asegurar portás e ventás (Santalla de Ozcos); tabasa 1ª acep., tranca 1ª acep.
retranquear. v. Tirar de algo cunha corda. **2.** Facer forza contra unha das rodas do carro para que vire sobre ela. **3.** Poñer unha parede dereita cando vai caendo.
retranquiar. V. retranquear.
retratar. v. Facer fotografías.
retratista. s. m. Persoa que facía fotografías, especialmente polas feiras e mercados.
retrato. s. m. Fotografía.
retrapeña. adx. Dise da persoa ancha de cadeiras e pequena.

retremer. v. Tremer o piso de algo (Os Ozcos).
retrepo, -a. adx. Dise da persoa pequena e gorda, normalmente referido ao home.
retrete. s. m. Cuarto da casa onde está a latrina. **2.** Construción cunha latrina. Cabe citar como retrete público a construción existente en San Martín del Valledor (Allande) que servía para os peregrinos. **3.** Lugar onde está a latrina nunha embarcación.
retrincada. s. f. Impulso, forza, estímulo. **2.** Carreira forte.
retrincón. s. m. Acto de tirar de xeito forte, tirón. **2.** V. restrincón.
retrón. s. m. Eco (Villaión).
retronar. v. Volver tronar.
retropello. s. m. Persoa pequena e delgada.
retrouzo. V. trouzo.
retrovatar. v. Arar dun xeito profundo (Boal).
retrovatear. V. retrovatar.
retrovato. s. m. Peza metálica que se axusta á parte traseira dun tractor, composta por varias rellas que serven para arar a terra.
retrovator. V. retrovato.
retrucar. v. Replicar con forza.
retumbar. v. Aumentar a intensidade do son polas características dun lugar.
reuma. s. f. Nome xenérico que se dá a varias doenzas musculares ou das articulacións que afectan o aparato locomotor. Na medicina tradicional eonaviega curábase cunha infusión de flores secas de bieiteiro e un litro de auga. // **El reuma *nun quer folgazais*.** Indica que a unha persoa folgazana lle dá igual ter reuma (Boal).
Obs. Tamén aparece na fala con xénero masculino (*el reuma*).
reúma. V. reuma.
reumatismo. V. reuma.
reunión. s. f. (pl. reuniois). Acción e efecto de reunir ou reunirse. **2.** Grupo de persoas reunidas.
reuto*, -a → recto.
revecer. v. Substituír a outro, alternar (*A xente revecía*), (Seares).
reveirado, -a. V. revirado 2ª acep.
reveirar. V. revirar 2ª acep.
reveitoiro. s. m. Terreo costo, con pedras e de mala calidade.
revellecer. v. Poñerse vellas as plantas ou as froitas. **2.** Caer as follas das árbores cando secan. **3.** Facerse un vello antes de tempo.
revelleco, -a. adx. Moi vello e cheo de engurras, referido a persoas, froitas, pataças etc. **2.** s. m. Especie de trasno que aparece ás mulleres cando se desvestían ou sentado sobre elas dándolles unha sensación de asfixia (Allande, Grandas de Salime, Boal). **3.** Dise da cousa vella (El Franco). **4.** Moi engurrado. **5.** Dise da persoa xove que parece vella de aspecto.
revellido, -a. adx. Aplícase á persoa, parte do corpo ou froito que están engurrados. **2.** Vello, rancio, arcaico (Castropol). **3.** Murcho.
revello. s. m. Cousa mala de pouco valor (Castropol).
revellueco, -a. adx. Dise da froita vella e seca. **2.** Retorto. **3.** Aplícase á persoa coa pel engurrada.
revelluego, -a. adx. Vello. **2.** Dise da persoa que é vella para a idade real que ten.
revellungo, -a. adx. Vello (Villaión).
revender. v. Vender de novo algo adquirido.
revenido, -a. adx. Dise do que se pon vello, que está pasado, estragado. **2.** s. m. Acción de temperar de novo unha navalla, un coitelo etc.
Obs. Trátase dun castelanismo.
revenir. v. Temperar de novo unha navalla, un coitelo, unha brosa etc., para que non sexan tan fráxiles e teñan unha dureza axeitada. **2.** prnl. Poñerse vello o pan ou outro alimento, estragarse.
Obs. Trátase dun castelanismo.
reverdecer. v. Recuperar o verdor un prado, unha planta etc.
reverquedeiro. V. reverquedoiro.
reverquedoiro. s. m. Pequena canle que actúa como saída para quitar auga do banzado dun mazo ou dunha ferrería cando esta sobra (Taramundi).
reverquer. v. Facer saír o contido dun recipiente por estar cheo, derramar. // **A *reverquer*.** Cheo completamente.
revés. s. m. Parte dunha cousa que se opón ao dereito ou ao anverso. **2.** Desgraza, adversidade. **3.** Cicatriz. **4.** Parte que non se ve dunha folla dunha planta ou árbore. // **Al revés.** Ao contrario. **2.** Dun xeito diferente. **3.** Desviado (*Bótame al revés*), (San Martín de Ozcos). // **Al revés i al *dereto*.** No xogo da lotería, o número sesenta e nove.
revesgado, -a. adx. Sinuoso. **2.** Rebelde, desobediente. **3.** s. f. Parte traseira de algo.
revestido, -a. adx. Dise da persoa que ten posta unha roupa por enriba doutra.
revestir. v. Poñer unha roupa por enriba doutra, especialmente nunha cerimonia.

2. prnl. Colocar os ornamentos o cura para algunha celebración litúrxica.

reviciado, -a. adx. Dise da persoa que é escrupulosa cando come ou pon reparos a todo.

reviciar. v. Adquirir vicios. **2.** Brincar por estar sen facer nada. **3.** Mellorar un home nas súas condicións de vida. **4.** Medrar as plantas cando se cambian de lugar. **5.** Poñer reparos á comida, á indumentaria etc. **6.** Queixarse sen motivo. **7.** Medrar unha planta de xeito esaxerado e antes de tempo (Tapia de Casarego). **8.** Malcriar.

revillecer* → revellecer.

revilleco*, -a → revelleco.

revillido*, -a → revellido.

revillueco*, -a → revellueco.

revioco, -a. adx. Engurrado.

revirado, -a. adx. Torto. **2.** Dado a volta. **3.** Remangado. **4.** Enfrontado. **5.** Sublevado, rebelde, atravesado, de mal carácter. **6.** Aplícase á persoa que padece de estrabismo nos ollos.

revirar. v. Torcer algo. **2.** Darlle a volta. **3.** Remangar. **4.** Torcer os ollos e darlles voltas. **5.** Poñer mala cara. **6.** prnl. Enfrontarse, opoñerse. **7.** prnl. Sublevarse, rebelarse.

reviravolta. V. pinchacarneiro. **2.** Rodeo para dicir unha cousa sinxela.

revirón. s. m. Banco grande de sardiñas (Tapia de Casarego).

revistir* → revestir.

revivir. v. Volver á vida. **2.** Brotar de novo unha especie vexetal.

revolar. v. Dar voltas arredor de algo.

revolcar. v. Remover un animal unha terra, un prado etc. (*El xabaril revolcou a terra*). **2.** prnl. Tirarse no chan (*El burro revolcouse*).

revolotiar. v. Moverse unha persoa dun lado para outro.

revolta. s. f. Rebelión contra a autoridade establecida. **2.** Curva ou volta nun camiño, río, estrada etc.

revoltaina. s. f. Acción de revolver, como unha comida na pota.

revoltallo. s. m. Mar axitado (As Figueiras).

revoltixo. s. m. Mestura de cousas sen orde (Navia, El Franco).
Obs. Trátase dun castelanismo.

revolto, -a. adx. Movido, remexido. **2.** Desordenado. **3.** Aplícase ao tempo pouco estable. **4.** Mareado. **5.** Dise do ovo que se come na tortilla francesa. **6.** Mesturado. **7.** Dado a volta. **8.** Dise da auga escura, sen claridade, por ter barro ou outros compoñentes. **9.** Inquedo, nun estado de ansiedade.

revoltoso, -a. adx. Que anda revolvendo en todo, atravesado, rebelde, inquedo. // **El pequeno revoltoso.** Órgano xenital masculino.

revoltuallo. s. m. Conxunto de cousas xuntas e desordenadas.

revoltura. s. f. Acción e efecto de ter o estómago revolto. **2.** Acción de revolverse unha cousa con certa desorde (*Aquellas cuqueiras que tanta revoltura pillaban coel vento das castañas*), (El Franco).

revolvedeira. s. f. Instrumento de madeira que serve para revolver ou abalar o viño (San Martín de Ozcos). **2.** Acto e resultado de revolver.

revolvedeiro. s. m. Máquina para estender a herba.

revolvedoira. s. m. Pau cunha paleta na punta que serve para remexer os roxóns. **2.** Escumadeira.

revolvedoiro. V. revolvedoira.

revolver. v. Mover unha cousa, remexer. **2.** Desordenar. **3.** Preitear. **4.** Mesturar. **5.** Dar a volta unha cousa, revirar. **6.** Ter sensación de vomitar, marearse. **7.** prnl. Revirarse, enfrontarse a alguén. **8.** prnl. Empeorar o tempo. // **Quen revolva, nunca falta.** Refrán que explica que sempre hai xente para enredar as cousas (Tapia de Casarego).

revolvido, -a. V. revolto.

revolvín. adx. Dise do neno que non para, trasno.

rexa. s. f. Peza feita con barras metálicas que serve para pechar ventás, muros etc. Ás veces tamén se refire ás de madeira. **2.** Parte do muíño con barras metálicas ou paus verticais que protexe as canles da entrada de follas, ramas e outras cousas que podían atascala.

rexado. adx. e s. m. Que ten *rexas*. **2.** Reixa (*rexa*). **3.** V. rexa 2ª acep.

rexaldeiro, -a. adx. Aplícase á persoa que ten graza ou lle gusta a festa. **2.** Dise da persoa ben vestida e curiosa (*Vai ben rexaldeira*). **3.** Alegre, gracioso. **4.** V. cascabeleiro.

rexarada. adx. Dise da galiña que ten plumas brancas e mouras (Santalla de Ozcos); raxado 5ª acep.

rexeiro. V. rixeiro.

rexido, -a. adx. Gobernado, administrado. **2.** Dirixido, guiado.

rexigado. adx. Dise do beizo reseco.

rexigar. v. Resecar os beizos.

réxime. s. m. Xeito ou método de vivir ao que un se somete para adelgazar, mellorar a saúde etc.

rexio. V. rixeiro 1ª acep.

rexión. s. f. Extensión xeográfica caracterizada por certas peculiaridades climáticas, administrativas, económicas etc.

rexir. v. Ser capaz de. **2.** Dirixir, guiar. **3.** Gobernar, administrar.
Obs. Trátase dun castelanismo.

rexistrador. s. m. Que rexistra. **2.** Persoa encargada dun rexistro público.

rexistrar. v. Examinar detalladamente. **2.** Cachear. **3.** Buscar. **4.** Examinar o gando antes de mercalo.

rexistro. s. m. Acción e efecto de rexistrar. **2.** No muíño, abertura con tapa que serve para examinar, conservar ou reparar o seu mecanismo. **3.** Lista, libro etc., onde se anotan diversos datos, feitos etc. **4.** Lugar ou edificio onde se rexistra. // **Rexistro civil.** Lugar onde constan os datos persoais dos cidadáns.

rexoto. s. m. Brote de certas árbores ou arbustos (Abres, Eilao).

rexurdir. v. Renacer. **2.** Xurdir ou aparecer de novo.

rezadeiro, -a. adx. Que reza moito. **2.** Aplícase á persoa que rosma.

rezador. s. m. Dise da persoa que reza oracións para resolver problemas aos seus veciños. // **Na (Á) porta del (do) rezador *nun* poñas el (o) trigo al (ao) sol.** Refrán que indica que hai que ter precaución; V. porta.

rezagal. V. regazal.

rezagán. V. regazal.

rezar. v. Dicir oracións. **2.** s. m. Oración. **3.** Mencionar, referir. **4.** Falar polo baixo, rosmar. **5.** Dicir algo, ser o máis importante (*Ten dous nombres, pero el primeiro é el que reza*), (A Veiga).

rezcacheiro. V. razcacheiro (Villaión, Tapia de Casarego).

rezcollo, -a. s. m. Home ou animal que teñen un só testículo, especialmente o cordeiro; rancollo, razcollo, rozcollo, roncollo. **2.** Cocho mal capado (Tapia de Casarego). **3.** adx. Dise da persoa pequena (Coaña). **4.** adx. Aplícase ao que non vale para nada (Navia). **5.** adx. Dise do froito pequeno (Tapia de Casarego). **6.** Débil (Navia).

rezmello. s. m. Especie de marca que se deixa ao tosquiar as ovellas e carneiros, para distinguir os de cada casa (Serandías).

rezmo. V. rezno 2ª acep. (San Martín de Ozcos).

rezno. s. m. Larva de diversos insectos dípteros da familia dos califóridos e éstridos, que se desenvolven nas paredes dos estómagos dos ruminantes cando tragan os seus ovos (Eilao). **2.** Carracha grande (Boal).

rezo. s. m. Acto de rezar. **2.** Oración.

rezón. s. m. Home encargado nas paradas que fan co ferétro nos enterros de rezar unhas oracións e recoller ofrendas para o sufraxio do defunto (Ibias). **2.** V. risón[1].

rezongar. v. Protestar, facer algo con mala gana.

rezumar. v. Deixar pasar a través dos poros dun corpo gotas dalgún líquido. **2.** Saír auga de algo como un prado, unha terra, unha parede etc.

rezumiar. V. rezumar 2ª acep.

rezusmiar. V. rezumar 2ª acep.

ría[1]. s. f. Tramo final dun río que forma un esteiro de marismas onde se xuntan as augas fluviais coas mariñas. // ***Cuando* a ría *tá* a *rigueiras*, auga a caldeiras.** Refrán meteorolóxico (A Veiga). // ***Cuando* vexas as casas de Ribadeo na ría, auga al outro día.** Refrán meteorolóxico (Castropol).

ría[2]. s. f. Ringleira, fileira (Os Ozcos). **2.** Ringleira de espigas dispostas para a malla nun eirado (Santalla de Ozcos). // **En *ría*.** En ringleira (*Poñer en ría*), (San Martín de Ozcos).

riada. s. f. Curso forte de auga que produce inundacións. **2.** Auga no mar de color marrón polo efecto do desbordamento dun río.

rial. V. ral.

riba. adv. Arriba, encima. // **Por riba de.** Encima.

ribada. s. f. Acantilado sobre o mar (Navia, Tapia de Casarego, El Franco, Castropol). **2.** Desprendemento de terra; fana, freita. **3.** Desprendemento dunha parede (San Martín de Ozcos). **4.** Lugar onde rompen as ondas.

ribadense. adx. e s. Natural de Ribadeo. **2.** Pertencente ou relativo ao concello de Ribadeo.
Obs. Trátase dun castelanismo.

ribadía. V. ribada 1ª acep.

ribado. s. m. Terraplén.

riballo. s. m. Terraplén.

ribazo. s. m. Terreo lindante coa beira dun río. **2.** V. ribón 3ª acep. **3.** Terra cortada de xeito perpendicular á beira do mar, acantilado (Castropol). **4.** Precipicio, barranco.

ribazón. s. m. Cantidade grande de ouca que trae o mar á terra.

ribeira. s. f. Marxe e beira dun río, ría ou mar. **2.** Zona costeira. **3.** Terra baixa, próxima a un río, aínda que non estea na súa beira. **4.** V. ribeiro[1] 3ª acep. // **Ribeira**

(os da). adx. e s. Alcume popular que lles dan os de Boal aos de Serandías.

ribeirar. v. Rebuscar, osmar para atopar algo (Abres).

ribeirego, -a. adx. e s. m. e f. Natural da Ribeira de Piquín. **2.** Pertencente ou relativo ao concello da Ribeira de Piquín. **3.** Dise dos habitantes que viven xunto á ribeira dun río.

ribeireño, -a. adx. Aplícase ao pescador que é das proximidades. **2.** Dise da persoa que vive nas proximidades do mar (Navia). **3.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Vilavedelle (Castropol).

Obs. Trátase dun castelanismo.

ribeireo, -a. adx. Dise dos habitantes que viven na ribeira do río Navia por parte dos que residen nalgunhas localidades da Fonsagrada.

ribeiro[1]. s. m. Beira dun río navegable. **2.** Terreo cerca dun río (Os Coutos). **3.** Entrante na costa con praia ou pedras. **4.** Areal (Tapia de Casarego). **5.** Fondeadoiro (Coaña).

ribeiro[2]. s. m. Viño orixinario da comarca do Ribeiro (Galicia).

ribella. s. f. Uz de talo baixo (Allande).

ribete. s. m. Adorno. **2.** Tira cosida na beira dun vestido, calzado etc.; rebete, rebite 2ª acep.

ribileira. s. f. Planta da familia da uz, baixa e con ramas leñosas (*Erica sp.* ou *Calluna sp.*), (Boal); rubiela.

ribiliscar. v. Debuxar a galocha, tallándoa (A Pumarega-A Veiga). **2.** Facer *ribiliscos* (Eilao). **3.** Adiantarse na adolescencia (Abres). **4.** Debuxar a madeira (Abres).

ribilisco. s. m. Garabato que fan os nenos cando non saben escribir (Eilao).

ribiliscoque. s. m. Debuxo ou adorno moi complicado nos seus trazos. **2.** Cada unha das curvas que vai facendo unha persoa borracha. **3.** Xesto coa cara.

ribilliscar. V. ribiliscar 2ª acep.

ribiriscoque. V. ribiliscoque 1ª acep.

ribite* → rebite.

ribitiar* → rebintiar.

ribixir* → rebixir.

ribón. s. m. Leira en costa que é produto de desprendementos do terreo (Os Ozcos, Navia). **2.** Desprendemento de terras que, ás veces, serve de lindeiro. **3.** Terra cortada perpendicularmente sobre un camiño (Tapia de Casarego).

ricachón, -oa. s. m. e f. e adx. (pl. ricachois). Que ten moito diñeiro ou patrimonio.

ricas (a). loc. A ombros (Allande).

riceiro. s. m. Conxunto de aparellos ou nasas que se botan xuntos na auga (Castropol). **2.** Serie de redes de pescar unidas (As Figueiras, Tapia de Casarego).

richar. v. Facer renxer ou rillar os dentes apertándoos.

riche. s. m. Bolo de pan dunha ración (Eilao, Boal).

rico, -a. adx. Que ten moitos cartos ou bens. **2.** Que ten bo sabor. // **Ao rico *nun* lle debas, e ao pobre *nun* lle ofrezas.** Refrán que indica que non convén comprometerse con débedas nin ser moi xeneroso en dar esmolas. // **Os ricos i os avaros da súa facenda son escravos.** Refrán que recrimina ás persoas que só pensan en conseguir diñeiro e propiedades na vida. // ***Tá* tan rico como as arañas nel inverno.** Que é moi pobre. // **Ten *más* el rico *condo* empobrece que el pobre *condo* enriquece.** Refrán que indica que por moito que perda un rico sempre terá máis que un pobre que se enriqueza.

rieira. s. f. Aparello moderno de rasco feito con fío sintético (Tapia de Casarego).

rién. s. m. Círculo que se marca na terra para xogar co *pión*. **2.** V. ren.

rifa. s. f. Sorteo dunha cousa entre varias persoas. **2.** Parte dunha chalana.

rifar. v. Sortear unha cousa entre varias persoas. **2.** Rifar (Tapia de Casarego). **3.** Tratar de saber se unha egua está en celo cun cabalo rifón. **4.** Partirse unha rede de pescar (As Figueiras).

riferrafe* → rifirrafe.

rifirrafe. s. m. Pelexa pequena de escasa importancia. **2.** Reprimenda.

rifle. s. m. Fusil co cano estriado para que o proxectil colla un movemento de rotación.

rifón, -úa. adx. Aplícase ao cabalo que se alborota coa presenza dunha egua. **2.** Dise dunha persoa, luxuriosa, quente, saída. **3.** Aplícase ao cabalo máis pequeno que se ten na parada para probar se a egua está en celo. **4.** Dise da cabalería mal castrada.

rifriado* → refriado.

rifriarse* → refriarse.

riguir. V. reguir.

rigueira* → regueira.

rigueiría* → regueiría.

rigueiro* → regueiro.

rigueirón*, -oa → regueirón.

riguilete. s. m. e adx. O que anda rápido. **2.** Neno alegre e listo. **3.** Dise da persoa que trema. **4.** Escorregadizo. // **Nun *riguilete*.** Rapidamente.

riguileto, -a. adx. Fraco. **2.** Áxil, lixeiro.
riguir. v. No xogo da *patefa*, medir a distancia de dúas pedras.
ril. s. m. (pl. riles, rinles). Cada unha das dúas glándulas, situadas na rexión lumbar do corpo, que teñen a función de filtrar o sangue e segregar o mexo.
rilado, -a. adx. Triturado, esmagado (*A palla taba rilada*), (Os Ozcos).
riladeira. V. trilladeira.
rilar. V. rillar 1ª, 3ª, 4ª, 6ª, 7ª e 8ª acep.
rilea. V. ralea. // **Ser de mala *rilea*.** Ser de mala raza.
rileirada. V. rileiro 1ª acep.
rileiro. s. m. Restos miúdos que quedan despois de recoller os froitos. **2.** Rastro que queda ao caer algo (*Un rileiro de sangre*), (Tapia de Casarego). **3.** Rastro que queda despois de rillar algo (*Os ratos deixaron un rileiro*).
rilladura. s. f. Acción e resultado de moer algo de xeito fino (*A rilladura de limón*).
rillar. v. Moer de xeito fino unha materia sólida. **2.** Triturar o sal gordo normalmente cunha botella. **3.** Facer ruído cos dentes, especialmente os roedores ou os nenos. **4.** Facer un ruído desagradable. **5.** Esmiuzar, relar. **6.** Trabar pouco a pouco unha cousa. **7.** Rascar a monda dun froito quitándolle cachos moi pequenos. **8.** Facer ruído cos dentes pequenas pedras atopadas cando se come pan.
rilleira. s. f. Cada unha das catro pezas de madeira de certa tipoloxía de roda do carro, que van entre o *miolo* e as cambas (Vilarmeirín, Vilar de Cendias). **2.** V. relleira 1ª e 2ª acep. // ***Nun* saltar a rilleira da cama.** Ser unha persoa formal nas súas relacións amorosas (San Martín de Ozcos).
rilleiro. s. m. Conxunto de cousas esmiuzadas ou pequenas. **2.** Relación grande de débedas nunha tenda ou noutro establecemento (Tapia de Casarego). **3.** Conxunto de patacas pequenas e de pouca calidade (El Franco); refugallo 3ª acep.
rillía. V. rellía 2ª acep.
rillo. s. m. Conxunto de residuos que quedan despois de moer o trigo (El Franco).
rillón. V. rilón 1ª acep. (Ortigueira).
rilón. s. m. Peixe condroíctio escualiforme, da familia dos esciliorrínidos, que acada os oitenta centímetros de lonxitude, de corpo alongado e relativamente delgado, cabeza aguda e roma e con cinco pares de aberturas branquiais. A súa color é gris vermella ou parda, co dorso e as aletas cubertos de manchas negras ou pardo escuras. Vive nos fondos mariños de area e lama (*Scylliorhinus canicula*), (Castropol, Tapia de Casarego). **2.** V. ouca rubia (Castropol).
rima. s. f. Conxunto de cousas ben ordenadas unhas enriba das outras.
rin, -ía. V. ruín.
rin-rán. s. m. Xoguete infantil feito con dúas noces, un garabullo e un cánabo (Abres).
rincar* → arrincar.
rinchadoiro. s. m. Ruído de algo que rincha, como un carro, un banco etc. (San Martín de Ozcos). **2.** V. cantadoiro (San Martín de Ozcos).
rinchar. v. Facer un ruído desagradable as portas, ventás, botas novas, as solas dos zapatos, as camas etc. **2.** Facer ruído o eixe ou as treitoiras do carro cando leva este moita carga. Para evitalo poñíase unto ou *gas* (petróleo). **3.** Emitir a súa voz o cabalo, a egua, un macho, un burro etc. **4.** Facer ruído algunha cousa ao refregala contra outra. **5.** Facer ruído cos dentes apertándoos. **6.** Facer ruído unha lagosta rozando as antenas (As Figueiras, Ortigueira).
rinche. s. m. Bolo de pan pequeno; riche.
rinchido. s. m. Ruído (Navia, Tapia de Casarego, El Franco, A Veiga). **2.** Berro dun cabalo, egua, macho, burro etc. **3.** Asento que fai ruído ao sentar.
rinchín. V. reichín (Castropol, Navia, Boal, Villaión, El Franco, Tapia de Casarego, Eilao, Coaña). **2.** V. paporrubio (Boal).
rincho. V. roxón.
rinchón, úa, -a. adx. Dise do cabalo ou a egua que rinchan moito. **2.** (pl. rinchois, rinchos). V. roxón. **3.** V. peto[2] 1ª e 2ª acep. (Ibias, Eilao, Grandas de Salime). **4.** V. cabala (As Figueiras). **5.** Dise de algo que fai moito ruído (*Eixe rinchón*). **6.** V. rinchón apintarado (As Figueiras). // **Rinchón *apintarado*.** Peixe osteíctio perciforme da familia dos escómbridos, que pode acadar até trinta e cinco centímetros de lonxitude. Ten o dorso con finas liñas irregulares de color verde azulada e negra e os laterais presentan dúas claras series de puntos e debaixo un debuxo xaspeado. É unha especie semellante á cabala (*Scomber colias*), (As Figueiras).
rincoeira. s. f. Lacena de base triangular que se coloca nun recuncho.
rincoleira. V. ringleira 1ª acep.
rincor. s. m. Resentimento, sentimento de hostilidade contra unha persoa.

rincón. s. m. Pedra que fai esquina pola parte interior dunha parede. // ***Lo* que *nun llevó* el *lladrón* aparece nun rincón.** Refrán que se di cando finalmente se atopa algo que se buscou durante moito tempo.
rincoroso, -a. adx. Que ten *rincor*.
rincueira. s. f. Recanto, currúncho. **2.** V. rincoeira.
rindir* → rendir.
ringleira. s. f. Fileira de cousas ou persoas postas unhas detrás das outras. **2.** Restra. **3.** Serie de palabras ou caracteres escritos ou impresos en liña recta; renglón.
ringlón* → renglón.
ringoleira. V. ringleira 1ª acep.
ringo-rango. V. pitarrousoña. **2.** Adorno, normalmente de carácter extravagante nalgunhas pezas de vestir.
ringuileira. V. ringleira 1ª acep.
ringuilete. V. riguilete.
rinlego, -a. adx. e s. m. e f. Natural de Rinlo (Ribadeo). **2.** Pertencente ou relativo a Rinlo (Ribadeo).
rinles. V. ril.
rinsir. V. ransir 3ª acep.
rinxir. v. Resistir, avanzar, loitar (Tapia de Casarego). **2.** V. ransir 2ª e 3ª acep. **3.** V. ranxir 2ª acep. **4.** Respirar con asma. **5.** Facer certo ruído algunhas cousas ou partes dunha cousa ao rozaren.
riña. s. f. Disputa.
riñir. V. reñir.
riñón, -úa. adx. Aplícase á persoa que lle gusta rifar (*reñir*). **2.** s. m. V. rilón 1ª acep. (El Franco).
río. s. m. Corrente natural de auga que desemboca no mar, nun lago ou noutro río. // **A río revolto, ganancia de pescadores.** Constata que sempre existen persoas que quitan proveito dos momentos de confusión. // ***Condo* el río *sona*, *augua lleva*.** Refrán que alude a que de calquera sinal se pode deducir un feito. // **Correr solo *pral* río.** Estar moi sucio. // **De mil en mil volve el río al *sou* carril.** Refrán que sinala que no percorrido do tempo se volve facer ou actualizar o que xa estaba en desuso, como moitos costumes. // **Ir polo río abaxo.** Arruinarse. // **Ir *solo pral* río.** Estar moi sucio.
riollo* (de) → reollo (de).
riostra. s. f. Viga que se coloca nunha armazón para evitar que esta ceda para os lados.
ripar. v. *Aventar* o trigo, as fabas, a alfalfa etc. **2.** Quitar cun angazo do palleiro as pallas mal colocadas ou soltas. **3.** Quitar a cápsula que contén a semente do liño.
ripazo. V. ripo.
ripia[1]. s. m. Conxunto de vigas dispostas horizontalmente no lousado ou na cubrición de diversas construcións como pallozas, casas, hórreos, *paneras* etc., sobre as que se poñen as lousas. **2.** Táboa de non moi boa calidade (Allande).
ripia[2]. adx. Agarrado, avaro, mal pagador (Tapia de Casarego).
ripiar. v. Quitar a graxa das tripas do cocho apertándoas cos dedos. **2.** V. ripar 1ª e 2ª acep. **3.** Colocar a *ripia* nunha construción.
ripo. s. m. Aparello para quitar a semente do liño, consistente nun banco de madeira que leva colocado no seu centro, perpendicularmente ao seu lado menor, un peite tamén de madeira; debagadoiro.
riquerraque. V. riqui-raque.
riqueixo* → requeixo 1ª acep.
riquexo* → requeixo 1ª acep.
riqueza. s. f. Abundancia de cousas de valor ou bens.
riqui-raque. s. m. Xoguete feito con dúas cascas de noz, atravesadas por un pau e un fío, que se pode utilizar como instrumento musical, como acontece na zona de Boal ou en Ponticella (Villaión), ou nos Ozcos onde pode estar rematado por un cacho de lousa.
riquirraque. V. riqui-raque.
rir. v. Demostrar alegría coa boca e outras partes do corpo. **2.** Celebrar con risa algo. **3.** Facer burla de alguén. **4.** Non tomar en serio. // **O que ri o último, ri dúas veces.** Refrán que recomenda non cantar vitoria antes de tempo (Santiso de Abres).
ris. V. vencello[2] (Abres).
risa. s. f. Acto e efecto de rir, que se fai con movementos da boca e como sinal de alegría, nerviosismo etc. // **Escagallarse de (da) risa.** Rir moito. // **Escarallarse de (da) risa.** Rir moito. // ***Mexarse* de risa.** Rir moitísimo. // ***Nun* se puido ter a risa.** Non puido conter a risa (Santalla de Ozcos).
risada. s. f. Manifestación sonora da risa.
riscadeiro. s. m. Lugar onde se refrega a cabeza do misto para prendelo.
riscado, -a. adx. Dise do cabalo ou egua cunha mancha branca que vai desde o espazo que hai entre as cellas até o fociño. **2.** s. m. Conxunto de adornos da galocha feitos con incisións na madeira da parte dianteira. **3.** adx. Dise do terreo ou terra arados superficialmente (Tapia de Casarego).

riscador. s. m. Ferramenta de galocheiro que ten tres *bocas*: dúas de gubia e unha de *sacabocados* (Vilanova de Ozcos); rascador, raspadoira, raseiro, cexola.
riscadura. V. riscado 2ª acep.
riscar. v. Rascar os mistos ou o chisqueiro contra unha superficie áspera para prendelos, acender. **2.** Fender lixeiramente algo cun obxecto punzante como un *riscador*. **3.** Facer adornos nas galochas; escribir. **4.** Facer sinais nas madeiras ou paredes cun obxecto que rasca ou pinta. **5.** Rozar, rascar. **6.** Raiar o chan ou outra superficie cunha pedra ou un punzón. **7.** Arar superficialmente un terreo (Tapia de Casarego). **8.** Amencer. // **Al riscar.** Amencer. // **Al riscar el alba.** Amencer. // **Al riscar el día.** Amencer. // **Riscar el día.** Amencer.
riscas (as). s. f. pl. Xogo de nenos. V. tres en raia (San Martín de Ozcos).
risco. s. m. Rego pequeno para fabas, cebolas etc. **2.** Cerco dun metro máis ou menos onde teñen que facer bailar o *pión* os xogadores deste xogo. **3.** Debuxo oval ou zona marcada onde se colocan as moedas ou as bólas no xogo da *bolicha*. **4.** Raiado, acción e efecto de raiar. **5.** Raia. **6.** Suco pouco profundo. // **Al risco.** Xeito de labrar facendo regos pouco fondos co *vasadoiro* de madeira. // **Risco da cabeza.** A raia do pelo (Vilanova de Ozcos).
riscón. s. m. Raia feita cun instrumento cortante.
riseiro. V. rixeiro 1ª acep.
risieiro. V. rixeiro 1ª acep.
risgar. v. Romper unha cousa en cachos. **2.** Rachar.
risía. s. f. Diminutivo de risa.
risión. s. f. Burla con que se provoca a risa a expensas de alguén ou algo.
riso. V. rizo 3ª acep.
risón[1]. s. m. Áncora de ferro, con tres ou catro ganchos, que se utiliza nas embarcacións de pouco calado para suxeitalas ao fondo; rezón 2ª acep.
risón[2]. adx. Que ri moito.
rispiar. V. riscar 5ª acep.
rispio. s. m. Resto (*Nun queda nin rispio*).
risquilis (de). loc. Rozando (*Pasou de risquilis*), (Grandas de Salime).
risquín. s. m. (pl. risquíos). Gran dunha espiga (*A espiga ten risquíos negros*), (San Martín de Ozcos).
risuada. V. risada.
riu* → río.
rivillido*, -a → revellido.
rivistir* → revestir.
rixeiro. s. m. Frío e humidade na noite. **2.** Vento frío.
rixo. s. m. Forza, vitalidade. **2.** Inquietude producida por un aspecto sexual (Os Ozcos). **3.** Bo humor (*Teis muito rixo hoi*), (Santalla de Ozcos, Navia).
rixoso, -a. adx. Que ten forza. **2.** Que ten bo humor. **3.** Que está nervioso por un aspecto sexual.
rizar. v. Facer rizos.
rizcacheiro. V. razcacheiro (Navia).
rizo. s. m. Onda que forma o pelo. **2.** Persoa que ten o pelo crecho. **3.** Cada un dos cachos de cabo branco, de dúas *pernadas*, que pasando polos *ollados* abertos en liña horizontal nas velas das embarcacións, serven como de cabos delgados para a parte daquelas que se deixa orientada e de trenzas de cánabo para a que se recolle ou aferra, sempre que por calquera motivo conveña diminuír a súa superficie.
rizolo. s. m. Inflamación das glándulas das pálpebras; orzolo.
rizosín, -ía. adx. Dise da persoa co pelo rizo (Navia).
rizoso, -a. adx. Aplícase á persoa que ten o pelo con rizos. **2.** V. rizo 2ª acep.
rizpia. s. f. Cantidade insignificante dunha cousa.
roán, -a. V. ruán[1].
robaliza. s. f. Femia do robalo, de tamaño maior e de color máis clara que o macho. A color é gris prateada, máis escura polo lombo e branca no ventre, que pode chegar a medir un metro de lonxitude. A súa carne é moi apreciada. **2.** V. lubía (As Figueiras, Tapia de Casarego). **3.** Cría do robalo. **4.** V. róbalo. **5.** Robalo grande (As Figueiras).
roballiza. V. robaliza (Navia, El Franco).
roballo. V. lubía (Tapia de Casarego, El Franco). **2.** Robalo grande.
robalo. V. lubía (As Figueiras, Tapia de Casarego). **2.** Robalo grande.
róbalo. V. lubía.
robanada. V. rebanada.
robegar. v. Poñerse un ferro moi quente, de color encarnada (Santalla de Ozcos).
robeño, -a. V. rabeno.
robezo. V. rebezo[1].
robla. V. robra.
robra. s. f. Convite que se fai ao pechar un trato cando se merca gando (Taramundi, Abres, Boal). **2.** Convite que se fai cando se remata unha obra, se acaba un traballo etc. // **Tomar a robra (*robla*).** Ir beber despois de pechar un trato.
robustez. s. f. Forza, vigor.
robusto, -a. adx. Que ten forza.

roca[1]. s. f. Instrumento que serve para fiar, composto por unha vara delgada que envolve nun extremo a la ou o liño que se queren fiar. // ***Mía* roca, meu fuso!** Expresión de sorpresa ou indignación. // **Sábado pola noite, colle a roca María.** Refrán que alude ás persoas que se acordan de facer todo no último momento (Tapia de Casarego).

roca[2]. s. f. Pena, penedo.

rocada. s. f. Cantidade de liño ou la que se pon na roca para fialos. **2.** Cantidade de la que se fía nunha roca dunha soa vez (San Martín de Ozcos).

roce. s. m. Acción e efecto de rozar. // **Al *roce*.** Xeito de tirar no xogo dos *bólos*, tratando de darlle aos tres que están no medio e aos dous que están nun lado.
Obs. Trátase dun castelanismo.

rocea. s. f. Desconfianza. **2.** Odio, mal pensamento. **3.** Rivalidade.

rocello, -a. s. m. e adx. Cada unha das ovellas, carneiros ou años dun rabaño. **2.** Piollo. **3.** Home a quen polas súas condicións ou pola súa valía hai que tratar con cautela e respecto. **4.** Neno revoltoso, inquedo (Coaña).

rocelo, -a. adx. Dise da persoa polémica (Seares).

rochel. V. cuberto 6ª acep. (Coaña). **2.** V. esguerzo.

rocheleiro, -a. adx. e s. m. e f. Natural da Rochela (Ribadeo). **2.** Pertencente ou relativo á localidade da Rochela (Ribadeo).

rocho. s. m. Trasteiro dunha casa (A Veiga). **2.** Pequeno cuarto onde se gardan trastes, ferramentas etc. **3.** Faiado (As Figueiras).

rociano, -a. V. roncieiro.

rocín. s. m. Cabalo delgado e de pouca raza que se emprega para traballar.

roda. s. f. Peza circular que pode virar sobre un eixe. **2.** Parte dianteira da quilla dunha embarcación, feita de madeira de carballo e unida a esta con pasadores de ferro galvanizado (Tapia de Casarego). **3.** Peza do mazo, que é un rodicio vertical que está unido ao *árbol*. **4.** Peixe tetraodontiforme, da familia dos mólidos, que pode acadar os dous metros e medio de lonxitude. O seu corpo, comprendidas as aletas, é máis alto que longo, e ten color parda escura ou gris. A pel é áspera e con frecuencia flota á deriva tumbado de lado (*Mola mola*), (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira). **5.** Porción redonda cortada dunha cousa. **6.** Peza circular de tamaño pequeno dun fuso, que está próxima a un dos seus extremos (San Martín de Ozcos). **7.** Peza do batán (Vilanova de Ozcos). **8.** V. branque (El Franco). **9.** Nunha embarcación, máquina con manivela que serve para enrolar cabos. **10.** V. rolda (As Figueiras). **11.** V. rodo[1] 2ª acep. (San Clemente). // **Roda (á).** Xogo de nenas; corro. // **Roda da *barquiñeira*.** Nun mazo, roda de madeira, semellante a máis grande dun mazo pero con menos pelas. // **Roda das canelas.** V. canaleiro. // **Roda de *afilar*.** Aparello que se compón dunha roda de pedra que se move coa forza da auga e que serve para afiar distintas ferramentas. // **Roda de cravos.** Roda de carro feita con dous arcos de madeira rodeados por unha coroa de ferro con cravos e fixa nun eixe, que ao rozar coas treitoiras da caixa, facía moito ruído. Ás veces chámase tamén roda de cambas. // **Roda de *cambín*.** Roda de carro formada por varias cambas, dúas rellas e traveseiros que cruzan todo o furado da roda. // **Roda de cruz.** Roda do carro do país con forma de cruz. // **Roda del fuso.** Disco do fuso. // **Roda del *timón*.** Parte circular de madeira ou metálica con forma de volante do temón dunha embarcación. // **Roda do mazo.** Eixe motriz do mazo instalado de xeito perpendicular ao mango do martelo. // **Rodas (as).** Xogo de nenos.

rodaballo. s. m. Peixe osteíctio pleuronectiforme, que chega a medir uns oitenta centímetros de lonxitude. É de forma case circular, cos ollos no lado esquerdo, o corpo non ten escamas e a súa color é gris, parda ou tirando a amarelo, con manchas (*Scophthalmus maximus*), (As Figueiras, El Franco, Ortigueira). **2.** V. sollo[3] (El Franco, Ortigueira).

rodabalo. V. rodaballo 1ª acep. (As Figueiras, Tapia de Casarego). **2.** V. sollo[3] (As Figueiras).

rodada. s. f. Furado que fan as rodas do carro no chan polo peso da carga. **2.** *Mantela* de la con voo (San Martín de Ozcos).

rodado, -a. adx. Dise da peza de roupa con voo, como certas *mantelas*.

rodal. s. m. Conxunto de rodas e eixe do carro (O Viñal).

rodalín. V. (el del) rodalo (El Valledor).

rodallo. V. rodalo 1ª e 2ª acep.

rodalo. s. m. Utensilio de madeira que serve para arrastrar as brasas do forno e remexer o pan para que non se xunte ao cocelo. Pode ser de ferro cunha chapiña

rectangular na punta e na outra unha argola de ferro para poder agarralo ben, ou ben de madeira e moito máis grande composto por un pau que ten na punta unha pa redondeada por enriba e recta por baixo; rodo[1] 1ª acep. **2.** Ferramenta máis ancha que a aixada, que se emprega para cargar a terra nos cestos, para limpar a corte, desfacer terróns etc.; rodo[1] 2ª acep. // **(el del) *rodalo*.** Personaxe das máscaras en El Valledor (Allande), caracterizado por levar un *rodalo*. // **(el del) *rodalo*.** Personaxe dos *Reises* do concello de Ibias, que leva unha careta feita dun fol ou un boto de mazar o leite, con cellas de la moura ou branca, bigote, patillas e axóuxeres das ovellas nos dous petos do fol. A roupa era unha colcha de tear á que se lle facía un furado para meter a cabeza, calzóns vellos e polainas de tiras de colcha. Cruzáballe o peito unha restra de millo sen *paollas*. E ademais levaba un *rodalo* do forno que usaba para apartar á xente e facerlle correr. Ás veces podía levar tamén chocas.

rodapé. s. m. Peza de madeira do corredor exterior dos hórreos e *paneras*, situada entre os *balustres* e a viga soleira.

rodar. v. Dar voltas un corpo arredor do seu eixe. **2.** Ir dun lado a outro sen quedar nun sitio determinado. **3.** Cortar unha tallada circular de carne, peixe ou froita de xeito transversal. **4.** Caer dando voltas.

rodaxa. s. f. Tallada de xeito máis ou menos circular dalgúns alimentos.
Obs. Trátase dun castelanismo.

rodeada. s. f. Zona que está arredor doutra. **2.** Espazo que comprende as propiedades dunha localidade.

rodeado, -a. adx. Cercado, circundado.

rodear. v. Andar arredor. **2.** Cercar, circundar.

rodecio. V. rodicio.

rodeira. s. f. Rastro que van deixando as rodas dun carro nun camiño. **2.** Por extensión, rastro que deixa unha roda de calquera vehículo. // **De rodeira en rodeira.** Facendo curvas (Tapia de Casarego).

rodela. s. f. Roldana que se colga das pontes dun tear e da que pendura un fío ou cordel moi delgado feito de cánabo que é o que sostén os *lizos*. **2.** V. carreta 1ª acep. **3.** Roda pequena. **4.** Molida en forma de roda que se pon na cabeza para levar un peso (Abres).

rodella. V. carreta 1ª acep. **2.** V. rodela 1ª acep. **3.** Maraña de fíos ou de cousas envoltas e mesturadas que son moi difíciles de separar.

rodellas. adx. Dise da persoa que enreda (Allande).

rodelo. V. rodo[1] 1ª acep. (Boal).

rodeno. V. rodicio.

rodense. adx. e s. m. e f. Natural da Roda (Tapia de Casarego). **2.** Pertencente ou relativo a esta localidade.
Obs. Trátase dun castelanismo.

rodeo. s. m. Acción e efecto de rodear.

rodete. V. corra 3ª acep. **2.** V. rodicio (Castropol).

rodez. (pl. rodeces). V. rodicio. **2.** Voo dunha saia (San Martín de Ozcos). **3.** V. rodeada 1ª acep.

rodezno. s. m. Cilindro de madeira que se usaba nos teares antigos para envolver o fío e a tea. **2.** V. rodicio.

rodía. s. f. Roda pequena.

rodiada. V. rodeada.

rodiado, -a. V. rodeado.

rodiar. V. rodear 1ª e 2ª acep.

rodicio. s. m. Peza do muíño de auga ou doutros enxeños hidráulicos como o batán, a forxa etc., que consta dunha roda de madeira ou metal que leva axustadas unhas pas cóncavas que ao caer o chorro de auga fan mover o eixe e polo tanto a moa do muíño. As de madeira son de piñeiro, castiñeiro ou carballo.

rodilla. s. f. Rexión anatómica formada pola unión da coxa coa perna e integrada por partes duras e brandas, como ósos, ligamentos e tecidos. // **Os da *rodilla* moura.** adx. e s. Alcume popular que se lle dá no concello de Tapia de Casarego á xente que vén da montaña.
Obs. Trátase dun castelanismo.

rodilleira. s. f. Reforzo de tea que se pon nos pantalóns para que non se gasten tanto.
Obs. Trátase dun castelanismo.

rodillo. s. m. Cilindro de madeira que serve para amasar. **2.** Pano da cociña.
Obs. Trátase dun castelanismo.

rodín. s. m. Especie de batedeira pequena de ferro que server para recoller a cinza (Villaión, A Veiga).

rodo[1]. s. m. Utensilio de madeira que serve para arrastrar o gran, a fariña, a cinza etc.; rodalo 1ª acep. **2.** Aixada, apeiro que se usa para traballar os campos, abrir e limpar presas, amasar o barro nas obras, limpar cortes etc.; batedeira. **3.** Documento polo que se aforaban as terras aos veciños fixando os seus dereitos e deberes e determinando os lindeiros destas (Os Ozcos). // **Rodo de**

ferro. Rodo coa pa de ferro que se usa para limpar as cortes.
rodo[2]. s. m. Dobrez pola parte de embaixo dun vestido, uns calzóns, unha saia etc.
rodoiro. adx. Dise do personaxe de Entroido que leva unha bota de viño na man (Allande).
rodón. V. gadaño 2ª acep.
rodor* (al) → redor (al, ao).
rodriga. s. f. Escaleira artesanal para recoller froita.
rodrollo. s. m. Último fillo dun matrimonio (Boal, San Martín de Ozcos).
roedor. s. m. Ferramenta de ferreiro composta por unha especie de coitelo de aceiro, que pode ter silueta trapezoidal ou triangular, cun extremo aguzado e outro introducido nun mango de madeira torneado, que se utiliza para facer uniformes as *serraduras* do mango nunha navalla.
roeiseñor* → reiseñor.
roer. v. Triturar cos dentes. **2.** Desgastar. **3.** Admitir un feito contra a propia vontade. **4.** prnl. Moer sen gran as moas do muíño. // **Hai que roelo.** Hai que sufrilo, aturalo.
rofaxo* → refaixo.
rogación. s. m. Acción e efecto de rogar.
rogar. v. Pedir por favor, suplicar.
rogo. s. m. Petición, súplica.
roidoiro. s. m. Pau para remexer as brasas no forno (San Martín de Ozcos, Villaión); reidoiro.
roio (a). loc. En moita cantidade.
rol. s. m. Lista de mariñeiros dunha embarcación.
rola[1]. s. f. Cacho de madeira grosa que se emprega para serrar. **2.** V. rolo 1ª acep.
rola[2]. V. rula[1].
rolar[1]. v. Moverse algo dando voltas sobre si mesmo, rodar (Boal).
rolar[2]. V. rular[1].
rolda. s. f. Tallada circular de peixe (Ortigueira); roda 10ª acep.
roldaina. V. roldana (Tapia de Casarego).
roldana. s. f. Polea para subir pesos, especialmente nos pozos ou en actividades náuticas. **2.** V. arandela 2ª acep. (Villaión).
roldar. v. Cortar en talladas circulares un peixe. **2.** Cortexar.
roleiro. s. m. Lindeiro, porción de terra que separa unha propiedade doutra.
rolete. s. m. Instrumento de labranza, formado por un gordo cilindro de ferro que cando vai pasando vai machacando a terra; mazabalocos, pisón 1ª acep.
rolín. V. halador (As Figueiras, Tapia de Casarego).
rolla[1]. V. rula[1] (El Franco).
rolla[2]. s. f. V. rolo 1ª acep. (El Franco). **2.** V. rola[1] 1ª acep.; falca. **3.** Montón comprimido de oucas que se acumulaban despois de recollelas do mar (El Franco).
rollete. V. imo 1ª acep.
rollo. V. halador (El Franco). **2.** Toro dunha árbore (Allande).
rolo. s. m. Montón de colmos deitados de trigo (Castropol). **2.** Montón cilíndrico de herba para ensilar (Tapia de Casarego, Pezós). **3.** Peza cilíndrica moi pesada que serve para aplanar a terra. **4.** Peza cilíndrica na que se envolve fío, papel, arame etc. **5.** Onda mariña. **6.** Faba redonda (Tapia de Casarego). // ***Rolo* del carme.** Variedade de faba con manchas rosas e granates (Tapia de Casarego).
romana. s. f. Instrumento que ten un eixe central e dous pratos aos lados que serve para pesar obxectos ou outras cousas. **2.** V. ruda (Eilao).
romance. s. m. Combinación métrica tradicional, con rima asonante nos versos pares, quedando libres os impares. **2.** Narración longa.
romanía. s. f. Romana pequena (El Franco).
romatismo* → reumatismo.
romedio* → remedio.
romeiría. s. f. Festa tradicional arredor dunha capela ou santuario. **2.** Peregrinación a un santuario. // **El que vai á (de) *romeiría*, pésalle al outro día.** Refrán que alude ao arrepentimento polos excesos cometidos o día anterior cando alguén vai de festa. // **El que *vei* de *romeiría*, pésalle *pral* outro día.** V. El que vai á (de) romeiría, pésalle al outro día. // ***Naide vei* de *romeiría* que *nun* lle pese al outro día.** V. El que vai á (de) romeiría, pésalle al outro día. // **Quen *vei* de (á) *romeiría* arrepíntese (arrepéntese) al outro día.** V. El que vai á (de) romeiría, pésalle al outro día.
romeiro[1]. s. m. Planta da familia das labiadas, de medio metro a un metro e medio de altura, con talos leñosos e erectos, follas verdes e vivas no reverso e tirando a branco polo envés, con abundantes glándulas de esencia. As flores son tubuladas, azuladas e o froito seco con sementes miúdas. É unha planta aromatizante e medicinal (*Rosmarinus officinalis*).
romeiro[2], -a. s. m. e f. Persoa que vai en romaría. **2.** Peregrino.
romendar* → remendar.
romendo* → remendo.
romendón* → remendón.

romería* → romeiría.
romero* → romeiro[1].
romo, -a. adx. Dise do que non ten punta ou fío.
romollo. V. remollo.
rompente. s. m. Lugar onde rompen as ondas. **2.** Amencer.
romper. v. Separar de xeito violento dúas ou máis cousas que estaban unidas. **2.** Partir, dividir en anacos algo. **3.** Esnaquizar, estragar. **4.** Rachar. **5.** Axitarse fortemente o mar polo efecto do vento (Tapia de Casarego). **6.** Desfacerse unha onda de mar. // **Romper a ferver.** Comezar a ferver. // **Romper + a + infinitivo.** Perífrase verbal que expresa o comezo dunha acción (*El neno rompeu a falar*).
rompido, -a. adx. Roto.
ron. s. m. Bebida alcohólica de moitos graos que nace da destilación de melaza e cana de azucre.
roncar. v. Facer ruído ronco ao respirar, especialmente cando se dorme. **2.** Presumir, alardear (San Martín de Ozcos). // **Ronca a caravilla da porta vella!** Expresión que indica sorpresa. // **Róncalle a *pionza*!** Expresión que indica sorpresa ou indignación. // **Róncalle *el* alma!** Expresión que indica sorpresa ou admiración. // **Róncalle el pistón!** Expresión que indica sorpresa.
ronceiro[1]. s. m. Corda que se ata ao pescozo ou á cabeza das cabalerías para suxeitalas ou para conducilas andando; ronzal.
ronceiro[2], -a. adx. Preguiceiro, folgazán. **2.** V. roncieiro.
roncexar. v. Producir ruído o alento cando se inspira ou expira.
roncha. s. f. Mancha na pel por un golpe, a picadura dun animal, unha planta etc. **2.** Mal *roxo*, enfermidade dos porcos. **3.** V. ortiga de mar (*Actinia equina*), (Tapia de Casarego). **4.** V. apegón 1ª acep. (Tapia de Casarego). // **Facerse (*ferse*) el roncha.** Non querer facer unha cousa.
ronchín. V. reichín.
ronciar. v. Gardar unha persoa o que pensa para si.
roncieiro, -a. adx. Reservado, pouco falador. **2.** Dise da persoa de carácter falso. **3.** Indeciso, tímido. **4.** Aplícase ao cultivo tardío (Tapia de Casarego).
ronco[1], -a. adx. De mala calidade. **2.** V. rouco. // **De *ronco*.** Moito e de pouca calidade (Morlongo).
ronco[2]. s. m. Tubo da gaita; roncón.
ronco[3]. s. m. Verme que ataca ás patacas, mazás, castañas, outras froitas etc. (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos, Grandas de Salime).
roncollo. adx. Dise do animal que só ten un único testículo (San Martín de Ozcos); rancollo, razcollo, rezcollo, rozcollo.
roncón. s. m. Cano ou tubo da gaita, que está unido ao fol pola parte superior, que forma o baixo do instrumento. **2.** V. pitarrousoña (As Figueiras). **3.** V. bufo (As Figueiras). **4.** Corno de mar que se usaba nas cinzarradas ou nos barcos para avisar a outros cando había néboa.
ronda. s. f. Nos xogos, quenda que lle corresponde aos xogadores. **2.** Percorrido, normalmente nocturno, que fan os mozos en lugares onde hai mozas. **3.** Convite a beber que fai un dos participantes nunha xuntanza (*Imos tomar outra ronda de viño*). // **Ronda das ánimas.** s. f. Acto no que os veciños se achegaban á casa rectoral ou ao campo da igrexa. O cura diríxiase ao grupo e rezaba uns responsos e despois iniciábase a ronda propiamente dita. Os veciños con paus e farois peregrinaban pola noite polos arredores. Estaba presidida pola persoa máis vella e esta tocaba unha pequena campá.
rondaina. V. roldana.
rondar. v. Cortexar, namorar. **2.** Dar voltas arredor dunha cousa ou dunha persoa (*Róndache uha avelía*). **3.** Cambiar de dirección o vento. **4.** Estar a piques de enfermar, durmir ou outra cousa. // **Rondar a morte.** Estar a piques de morrer.
rondín. s. m. Parte máis fina do farelo do trigo. **2.** Variedade de pera.
ronqueira. V. rouquén.
ronquido. s. m. Ruído que se fai ao roncar.
ronrón. s. f. Ruído monótono.
ronsoño, -a. adx. Aplícase á persoa astuta e disimulada.
ronzal. s. m. Corda que se ata á cabeza ou pescozo das cabalerías e que se usa para suxeitalas ou conducilas; ronceiro.
ronzón. V. riceiro 1ª acep. (As Figueiras).
roña. s. f. Sucidade pegada á pel ou a unha superficie. **2.** V. ferruxe 1ª acep. **3.** Zuna.
roñar. v. Chorar de xeito continuo un neno. **2.** Fungar unha persoa, rosmar. **3.** Gruñir un animal, especialmente o cocho. **4.** Falar entre dentes. **4.** Rifar. **5.** Protestar falando en voz baixa e para un mesmo. **6.** V. rinchar 6ª acep. (Tapia de Casarego).
roñido. s. m. Berrido do cocho.
roño. V. rouño.

roñón, -a, -úa, -oa. (pl. roñois). adx. Aplícase ao neno que acostuma a fungar ou chorar. **2.** Dise do neno ou persoa que protestan moito, fungando e falando en voz baixa. **3.** Agarrado, avaro. **4.** Dise da persoa que rifa moito (Vilanova de Ozcos).

roñoso, -a. adx. Aplícase á persoa que vai sucia. **2.** Dise da persoa agarrada, avara. **3.** Aplícase ao que está sucio (*Esta roupa tá roñosa*), (Allande).

ropa. V. ra (Allande).

roque. s. m. Trago, sorbo.

roqueiro. s. m. Carapucha da roca, que pode ser de papel ou tea e que sostén a rocada de liño.

roquil. s. m. Parte máis ancha da roca de fiar, situada na parte de enriba e que ás veces está gravada con motivos decorativos.

rosa. s. f. Flor da roseira. **2.** Por extensión, calquera flor. **3.** Mancha rosácea que sae na pel. **4.** adx. e s. Color vermella pálida. **5.** pl. Enfermidade do gando vacún, na que saen manchas rosadas na pel e que se curaba antigamente con nabos asados (San Martín de Ozcos). **5.** Figura en forma de estrela, que sinala as 32 direccións do horizonte. // **Rosa del compás.** V. rosa 5ª acep. // **Rosa náutica.** V. rosa 5ª acep.

rosada. s. f. Orballo que aparece sobre a terra e as plantas pola mañá. **2.** Orballo da noite de San Xoán.

rosal. V. roseira. // **Rosal de raposa.** Arbusto caducifolio da familia das rosáceas, de talo forte, dun metro a tres de altura, con aguillóns curvados, de flores solitarias brancas ou rosadas (*Rosa canina*).

rosar. v. Orballar.

rosario. s. m. Restra de pequenas bólas ou outros obxectos que unidas entre si por un fío serve para rezar o rosario. Ás veces estaban feitos de corais ou acibeche. **2.** Oración á Virxe composta de cinco ou quince partes onde se vai citando a vida de Cristo. **3.** Acto de rezar o rosario. **4.** Espiñazo dos vertebrados.

rosca. s. f. Pan ou bolo cun furado no medio. **2.** Masa doce redonda que se tosta e se lle pon azucre. **3.** V. rosco. **4.** Estría dun parafuso. // **Facer a rosca.** Facerse querer.

rosco. s. m. Rosca grande feita con fariña, azucre, leite e ovos, repartida antigamente polos asistentes nas vodas onde se recitaba un cantar; roscón. // **Cantar el *rosco*.** Recitar un cantar nunha voda.

roscón. V. cantelo. **2.** V. rosco.

roseira. s. f. Nome común das especies do xénero *Rosa*, da familia das rosáceas. Son arbustos de talos erectos, provistos de picos, con follas dentadas ou serradas e flores de distintas colores como brancas, amarelas, rosadas ou vermellas (*Rosa sp.*).

roseta. s. f. Adorno que se pon nas orellas (Boal, Allande).

rosetón. s. m. Motivo xeométrico tallado ou pintado, que aparece normalmente, en hórreos e *paneras*.

rosía. s. f. Diminutivo de rosa.

rosmar. v. Fungar, protestar (Boal, Tapia de Casarego).

rosmón. adx. O que rosma.

rosquía. s. f. Pastel en forma de rosca de pequeno tamaño.

rosquilla. V. rosquía. **2.** Insecto en forma de praga nun horto.

rosquilleiro, -a. s. m. e f. O que vende ou fai *rosquillas*. **2.** s. f. No xogo das cartas, ás de ouros (Taramundi).

rostrada. s. f. Golpe dado coa man aberta (Navia, Villaión).

rostrido* → rustrido.

rostruada. V. rostrada (Tapia de Casarego).

rotar. v. Dar voltas a algo (*Ir rotando a grasa dos roxois*).

rotazo. s. m. Golpe de mar.

rotén. s. m. Rotura (San Martín de Ozcos).

rotina* → rutina.

roto, -a. adx. Rompido, rachado, separado en partes. **2.** s. m. Rotura nalgunha cousa. // **Nunca faltou (falta) un roto *pra* un descosido, nin un corno *pra* un atrevido**. Refrán que indica que a persoa pobre pode encontrar consolo en quen padece unha situación semellante. **2.** Alude á unión de persoas de igual natureza ou categoría.

rotor. s. m. Nunha forxa, *cabezal* do *torno a sangre*.

roubado, -a. adx. Furtado, apropiado. **2.** Dise do peixe capturado con anzol pero non pola boca.

roubar. v. Apropiarse por medios ilegais do que é propiedade doutro. **2.** Nalgúns xogos, coller unha carta ou unha ficha do montón. // **Andan os *ladrois* detrás dos que rouban.** V. Van os *lladrois* tras dos que rouban. // **El que rouba a un *lladrón* (ladrón), ten cen anos de perdón.** Refrán que se emprega para desculpar a quen comete unha mala acción contra unha mala persoa. // **Van os *lladrois* (*ladrois*) tras dos que rouban.** Refrán que se refire ás críticas que alguén fai

sobre os actos doutra persoa, cando ela ten un comportamento semellante.

roubo. s. m. Acción e efecto de roubar. **2.** Estafa.

roubón, -úa. adx. Ladrón. **2.** s. m. Terceiro enxame que sae dun trobo (Ibias).

roucar. v. Facer un ruído áspero ou rouco, especialmente ao durmir.

rouco, -a. adx. Que ten ou padece afonía. **2.** Dise do ruído xordo. **3.** Que ten o ton de voz baixo.

roumento. s. m. Dolor no estómago.

rouña. V. rouñeira.

rouñal. s. m. Lugar no monte onde se poñen as cascas das árbores para despois levalas aos curtidoiros.

rouño. s. m. Pedra redonda de cuarzo.

rouñeda. V. rouñeira 1ª acep.

rouñeira. s. f. Terreo cuberto de pedras soltas e normalmente improdutivo (Eilao, Boal, Os Ozcos). **2.** Conxunto de patacas de mala calidade, con moita pel (*Hai uha rouñeira de patacas*), (San Martín de Ozcos).

roupa. s. f. Designación xenérica de calquera tea ou tecido, que serve para vestir ou para a cama. // **Hai roupa tendida.** Que non se pode falar libremente nun determinado momento. // **Roupa a *aguas*.** Traxe impermeable con pucha, chaqueta e pantalón que usan os mariñeiros. // **Roupa de *cadaldía*.** Roupa que se usaba a diario.

roupeiro. s. m. Armario para gardar a roupa.

roupois. s. m. pl. Vestimenta que utiliza un sacerdote.

rouqueira. V. rouquén.

rouquén. s. f. Afección da larinxe, afonía (Boal).

rouqueño, -a. V. rouco 1ª e 3ª acep.

rouquera* → rouqueira.

rousada. V. rosada.

rousar. V. rosar.

rouso. s. m. Orballo.

rousoña. V. pitarrousoña.

rousoño. s. m. Ser mitolóxico co que se mete medo aos nenos; papón.

rovellido* → revellido.

rovés* → revés.

rovés* (al) → revés (al).

rovoltoso*, -a → revoltoso.

roxadeira. s. f. Acto e resultado de quentarse o forno.

roxado, -a. adx. Quentado no forno. **2.** Aplícase ao forno cando está quente. **3.** Queimado, demasiado quente.

roxar. v. Quentar o forno a unha temperatura elevada para cocer o pan ou outra cousa. **2.** Poñerse vermello algo. **3.** prnl. Sentirse molesto unha persoa polo que dixo outra (Villaión). // **Un roxa i outro enforna.** Unha persoa traballa e outra colle as ganancias.

Obs. Na segunda acepción trátase dun castelanismo.

roxén. s. m. Calidade dunha cousa que tira a vermello (San Martín de Ozcos).

roxo, -a. adx. De color entre amarela e vermella, tirando a laranxa. **2.** Ocre, marrón pálido. **3.** Quente ou moi quente. **4.** Aplícase á persoa ou animal con pelo louro ou tirando a encarnado ou marrón. **5.** Dise do militante no bando republicano durante a guerra civil de 1936. **6.** Abrancazado, cano (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos). // ***Roxo prá* Lugo, sol seguro.** Refrán meteorolóxico.

Obs. Non se debe confundir con encarnado ou colorado.

roxón. s. m. (pl. roxois). Residuos das distintas partes e da graxa do cocho despois de sacar a manteiga, que se come frito ou en empanada. Pódese poñer con azucre, ovos, nata e limón. **2.** Por extensión, festa que se celebra despois da matanza do cocho (Boal). // **Andar *más* quente que un roxón.** Estar excitado sexualmente. // **Comer os *roxois*.** Ir de *roxois*. // **Ir de *roxois*.** Festexar con familiares e amigos a matanza do cocho convidándoos a comer produtos desta (Vilanova de Ozcos). // ***Tar* como un roxón.** Ter moita calor. // ***Tar* feito un roxón.** Estar moi engurrado.

roza. s. f. Terra rozada e cavada con aixada longa, que normalmente é un monte comunal, no que despois de deixar coa raíz para enriba os terróns e queimalos, a súa cinza bótase como fertilizante. Por último seméntase trigo ou outro cereal. **2.** Monte cavado e queimado, normalmente para convertilo en prado. **3.** Acto e resultado de rozar algo.

rozada. V. roza.

rozado, -a. adx. Cavado. **2.** Tocado lixeiramente. **3.** Collido o *rozo*.

rozadura. V. roce.

rozar. v. Cortar ou segar o *rozo* ou os peteiros. **2.** Pasar unha cousa tocando lixeiramente a outra. **3.** Limpar de herbas e arbustos as beiras dos camiños, das terras, *cunetas* etc. **4.** Desgastar, consumir.

rozcollo. adx. Aplícase ao cabalo ao que non lle baixan os testículos ás bolsas testiculares. **2.** Dise do cocho que ten unicamente un testículo. **3.** Aplícase ao cocho sen castrar (Tapia de Casarego).

4. Dise do animal que só ten un único testículo (San Martín de Ozcos).

rozmar. v. Falar entre dentes e con voz baixa sen que se entenda en sinal de protesta. **2.** Fungar. **3.** Emitir un ruído o can antes de ladrar ou oulear. **4.** Estar descontento con algo ou alguén sen manifestalo abertamente. **5.** Murmurar. **6.** prnl. Correr unha noticia de boca en boca.

rozmieiro, -a. adx. Dise da persoa anoxada que non o manifesta exteriormente.

roznar. V. rozmar 2ª acep.

rozo. s. m. Conxunto de herbas e bouza que se obtén ao rozar o monte; estrume. **2.** V. rozón[1].

rozón[1]. s. m. (pl. rozois). Gadaña para cortar os toxos, máis pequena e forte, que se usa para cortar a gancela. Tamén se chama nalgúns concellos eonaviegos gadaño ou *rozo*.

rozón[2], -úa. s. m. e f. Aumentativo de roza (Villaión).

ruada. s. f. Festa ou diversión nocturna que fai a mocidade cantando e bailando polas rúas dunha vila ou polos camiños dunha aldea.

ruán[1], -a. adx. (pl. ruais). Aplícase ao cabalo ou burro con pelo branco, branco amarelo ou gris e con franxas escuras e redondas (Castropol, Ibias, Allande). **2.** Dise do cabalo con pelo acastañado (Navia).

ruán[2], -a. adx. Dise da persoa trapalleira, informal.

ruano. V. ruán[1] 1ª acep. (Boal).

rubegar. V. robegar (San Martín de Ozcos).

rubela. s. f. Planta arbustiva, que pode acadar os trinta centímetros de altura, de follas pequenas e coriáceas e flores de color rosa clara (*Erica tetralix*), (Os Ozcos, Grandas de Salime, Allande). **2.** Flor desta planta ou da xesta (Eilao, Grandas de Salime). **3.** V. rubión (Santalla de Ozcos).
Obs. No concello de Santalla de Ozcos ás veces identifícase erroneamente coa *carpanza*.

rubelía. V. rubela 1ª acep. (San Martín de Ozcos).

rubeliar. v. Poñerse un obxecto de color encarnada ou amarela.

rubelín, -ía. adx. Rubio[2] (Eilao).

rubellar. V. rubeliar (Eilao).

rubén. s. m. ou f. Color vermella que se ve nas nubes ao saír o sol polo oriente ou ao poñerse polo occidente.

rubial. adx. Variedade de castaña de colleita tardía, tamaño mediano e boa para asar (Eilao).

rubica de maio. s. f. Uz con flores de color tirando a violeta que florece en abril e maio (*Erica sp.* ou *Calluna sp.*), (Boal).

rubiela. s. f. Uz con flores de color malva pouco intensa (*Erica sp.* ou *Calluna sp.*). V. uz. **2.** V. rubión (Pezós, Eilao, San Martín de Ozcos). **3.** Flor do *rubión* (San Martín de Ozcos).

rubién. V. rubén. // ***Rubién* de *cena, bon* día espera.** Refrán meteorolóxico que alude a que cando hai nubes vermellas ao anoitecer, ao día seguinte vai haber bo tempo. // ***Rubién* de *cena, bon* día espera, *si* chovendo *nun* se queda, *rubién* de mañá ou vento ou *augua*.** Refrán meteorolóxico. // ***Rubién* de mañá, (ou) vento ou auga (*augua*).** Refrán meteorolóxico que alude a que cando hai nubes vermellas pola mañá axiña traerán chuvia e vento.

rubilón. s. m. Uz con flores de color rosa forte, que florece en xuño e xullo (*Erica sp.* ou *Calluna sp.*), (Boal).

rubio[1]. s. f. Variedade de pera de tamaño pequeno. **2.** adx. Conto de carácter picante (Os Coutos).

rubio[2], -a. adx. Colorado ou vermello, que pode ir desde a color do sangue ata un ton case rosa (Seares, Os Ozcos, Grandas de Salime, Allande, Villaión, Eilao). **2.** Figuradamente, moi quente.
Obs. Ás veces confúndese con *roxo*, pero adoita ser máis escuro que este último.

rubión. s. m. (pl. rubiois). Arbusto da familia das ericáceas, de tamaño pequeno e ramificado, con follas pequenas e características flores purpúreas ou rosadas (*Erica cinerea*).

ruca. s. f. Ovella (Navia).

rucar. v. Comer lambetadas (Coaña). **2.** Comer pequenas cantidades de comida a deshora. **3.** Comer por comer; rañar 9ª acep.

rucha. s. f. Festa, diversión. // **Ir de *rucha*.** Saír de noite a cortexar. **2.** Ir a outra casa pola noite (Castropol). **3.** Ir roubar peras pola noite.

ruchada. s. f. Enchente (Villaión).

ruchuír. V. arruchuír.

ruciar* → orballar 2ª acep.

ruda. s. f. Planta herbácea, vivaz, da familia das rutáceas, de talo erguido e con ramas, de trinta a oitenta centímetros de altura. As follas son de color verde agrisada, divididas en segmentos ovais. As flores son amarelas, cos pétalos dentados e froito en cápsula. Está provista de glándulas oleaxinosas que

despiden un olor desagradable. Trátase dunha planta medicinal que se emprega para problemas da vista ou como infusión para as dolores de estómago (*Ruta graveolens*).

rudo, -a. adx. Difícil de comprender. **2.** Dise da persoa sen educación, ruda, sen delicadeza. **3.** Aplícase á persoa pouco lista.

rueca. s. f. Recua (Tapia de Casarego).

ruer* → roer 1ª, 3ª e 4ª acep.

rufo, -a. adx. Robusto, ben conservado. **2.** Orgulloso, presuntuoso.

rugar. V. engurriar (Navia).

rugosidá. s. f. Efecto de ter engurras, de ser áspero.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

rugoso. s. m. Certa especie de escacho (*Trigla sp.*), (Tapia de Casarego).

ruído. s. m. Son inarticulado e confuso máis ou menos forte ou conxunto deles. // **Amañar ruído.** Facer ruído. // ***Muito* ruído i poucas noces.** Refrán que recomenda non concederlle demasiada importancia a algo que non a ten. **2.** Alude tamén a cando se fai moita propaganda de algo insignificante. // **Ser *más* el ruído que as noces.** Ser menos do que parecía ao comezo de algo; muito ruído i pocas noces.

ruidoso, -a. adx. Que fai ruído.

ruín, -ía, -iña. (pl. ruíos, ruías, ruíños, ruíñas). adx. Aplícase á persoa vil, perversa. **2.** De mala calidade. **3.** De mal sabor. **4.** Dise do animal ou neno desmedrados, débiles. **5.** Aplícase ao terreo improdutivo. **6.** Dise do mal tempo (Eilao). **7.** Pequeno, frouxo. **8.** Malo, nocivo. // **El *más* ruín, a por *augua* i al *molín*.** Refrán que explica que o que menos traballa na casa fai eses mesteres. // **Ir de ruín a *rocín*.** De mal en peor. // **Ser ruín como a fame.** Ser mala persoa. // **Ser ruín como un *llobo*.** Ser mala persoa.

ruinaco, -a. adx. Tirando a ruín.

ruindá. s. f. Calidade do que é ruín. **2.** Cantidade pequena de algo que se dá ou se ofrece. **3.** Persoa pequena, débil, con pouca forza.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

ruiseñor* → reiseñor.

rula[1]. s. f. Ave columbiforme da familia dos colúmbidos, duns vinte e oito centímetros de lonxitude. Ten o dorso vermello pardo con algunhas plumas negras, pescozo e peito rosados e algunhas manchas brancas e negras aos lados do pescozo. A cola é negra con bordo branco. A femia é menor e ten a plumaxe de tons máis pálidos que o macho (*Streptopelia turtur*).

rula[2]. s. f. Lugar ou edificio onde se rula. **2.** Por extensión, acto público no que se vende o peixe ao mellor ofertante na lonxa.

rular[1]. v. Emitir a súa voz as rulas, as pombas (*palombas*) e os pombos (*palombos*).

rular[2]. v. Poxar o peixe na rula. **2.** Vivir sen preocupacións, folgadamente. **3.** Funcionar. **4.** Ir tendo máis ou menos saúde (Abres). **5.** Darlle voltas na cabeza a unha idea, cousa etc.

ruleta. s. f. Peza dun mazo ou dunha forxa que serve de apoio e xiro á *vara de tanxer*.

rulín* → rolín.

rulo[1]. V. rula[1] (Navia, Villaión).

rulo[2]. s. m. Rizo no pelo (El Franco). **2.** Obxecto de forma cilíndrica, de plástico ou calquera outro material, utilizado para ondular o cabelo e darlle forma. **3.** V. rolo 2ª acep. (Pezós).

rumba. s. f. Composición musical de posible orixe cubana, que se pode tocar con gaita. **2.** Instrumento musical, feito con cordas de la. **3.** Festa con moito ruído.

rumbacho. V. rumbo 2ª acep. (As Figueiras).

rumbadeiro. s. m. Son continuo e desagradable.

rumbadoiro. V. rumbadeiro.

rumbar. v. Producir un ruído xordo, monótono e continuado, como o de certos insectos, algúns paxaros, o mar, os oídos, o vento etc. **2.** Rifar de xeito continuado. **3.** Facer ostentación. **4.** Lacazanear, vaguear. **5.** Facer moito ruído un motor. **6.** Falar entre dentes (Abres).

rumbeiro, -a. adx. Divertido, festeiro.

rumbo. s. m. Dirección. **2.** Onda grande ou longa que rompe no mar (Castropol); mar de fondo. **3.** Abertura practicada no casco dunha embarcación e na táboa do costado. **4.** Ostentación, pompa. **5.** Lugar onde se atopa algo. **6.** Rota ou dirección que leva unha embarcación. **7.** Raio da rosa dos ventos. **8.** Cacho de táboa que serve para substituír a outra no lateral dunha embarcación.

rumbón. s. m. Xoguete infantil que se facía con media casca de noz grande, un cacho de badana e unha seda de rabo de cabalo e un garabullo de toxo (Abres).

rumboso, -a. adx. Con moito ruído. **2.** Xeneroso.

rumia. s. f. Ollomol novo que vive cerca da superficie (As Figueiras); rangoña. **2.** Conxunto de peixes pequenos,

especialmente referido aos panchos (Castropol, Tapia de Casarego).

rumiallo. s. m. Cantidade de comida que ten a vaca na boca ao rumiar. **2.** Vulto que lles sae ás ovellas ao lado da boca.

rumiar. v. Mastigar por segunda vez os alimentos que volven do estómago á boca, como fan as vacas. **2.** Tramar, cavilar. **3.** Considerar, pensar con reflexión algo. **4.** Facer un esforzo (*Pra subir toda a costa hai muito que rumiar*), (Allande).

rumor. s. m. Noticia que corre de boca en boca.

run. s. m. Onda grande ou longa no mar; mar de fondo.

runfreiro, -a. adx. Orgulloso, presuntuoso.

runroniar. v. Rosmar, normalmente aplicado ao gato.

runrún. s. m. Rumor, murmurio.

ruquil. V. roquil.

rusca. s. f. Festa, diversión; rucha. // **Andar de *rusca*.** Saír a divertirse pola noite (Santalla de Ozcos).

rustrido[1]. s. m. Preparado de aceite, manteiga ou graxa con allo, cebola, perexil e pemento que serve para condimentar as comidas.

rustrido[2], -a. adx. Frito.

rustrir. v. Fritir. **2.** Xuntar cebola con aceite ou graxa e despois botala sobre algunha comida. **3.** Refregar, rozar. **4.** Botar o rustrido a unha comida. **5.** Facer o rustrido.

rutina. s. f. Hábito de actuar ou pensar sempre do mesmo xeito.

ruvillido* → revellido.

ruxerruxe. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Caraduxe (Santalla de Ozcos). **2.** Xoguete para entreter os nenos, que fai ruído ao movelo. **3.** Rumor, voz que corre entre a xente. **4.** Malestar no estómago. **5.** Ruído que fan as tripas.

ruxida. s. f. Ruído.

ruxideiro. V. ruxerruxe 2ª acep.

ruxido. s. m. Ruído. **2.** Son que fan as tripas cando non se está ben do ventre. **3.** Son desagradable ao rozaren dúas cousas.

ruxidoiro. s. m. Ruído, normalmente molesto. **2.** Ruído que fai a auga dun río cando vén moita (Os Ozcos).

ruxir. v. Facer ruído as tripas dunha persoa ou dun animal. **2.** Facer ruído algúns corpos ao arder. **3.** Facer certo ruído algúns corpos cando se rozan, refregan, caen, rinchan etc., con ou sobre outros. **4.** Facer ruído as ondas do mar. **5.** Facer ruído un animal (*As abellas roxen*). **6.** Facer ruído o vento. **7.** Facer ruído a auga do río (Os Ozcos, Allande). // **Ruxir as *concas* (cuncas).** Rifar nunha casa (San Martín de Ozcos).

Obs. En concellos como San Martín de Ozcos, este verbo pode presentar alternancia nas vogais u/o do presente de indicativo (*El río ruxe*, *Roxen as concas*).

ruxura. s. f. Síntoma de parto nunha vaca.

ruzmiar. V. rozmar 1ª, 4ª, 5ª e 6ª acep.

ruzmieiro, -a. V. rozmieiro.

S

s. s. m. Décimo oitava letra do alfabeto galego. O seu nome é *ese*.

sa, sa! interx. Voz que se emprega para acirrar ou espantar un can.

saba. s. f. Cada unha das pezas de tea que cobre a cama para colocar o corpo entre elas.

sabadego, -a. adx. Relativo ao sábado.

sabadía. adx. Dise da lúa nova que cae en sábado, que segundo a tradición trae mal tempo nese mes e no seguinte (*Lúa sabadía, nin ela nin a vecía*).

sábado. s. m. Sétimo día da semana. // ***Nun* hai sábado *sin* sol, nin moza *sin* amor.** Refrán que alude ao que acontece de xeito regular e frecuente en períodos determinados, como o bo tempo en sábado, o descanso neste día, o amor na mocidade etc.

sabandixa. s. f. Calquera insecto pequeno que dá noxo. **2.** Persoa desprezable. **3.** Muller descarada, desvergonzada. **4.** Muller que se estima pouco.

Obs. Trátase dun castelanismo.

sabantismas (ás). V. sabatismas (ás).

sabañón. s. m. (pl. sabañois). Inflamación na pel das mans, orellas etc., producida polo frío e acompañada de comechón. Na medicina tradicional eonaviega curábase coa polpa do nabo cocida. // **Comer como un *sabañón*.** Comer moito.

Obs. Trátase dun castelanismo.

sabatina. s. f. Oficio litúrxico que se fai un sábado, especialmente por unha persoa enterrada durante a semana. **2.** Castigo.

sabatismas (ás). loc. Sen dirección ningunha. **2.** Sen decatarse de nada. (*Quedou ás sabatismas*). **3.** Ao que traia a sorte (*Ir ás sabatismas*).

sabedor, -a. adx. Instruído, que sabe ou coñece unha cousa.

sabela. V. zamborca (Abres).

sabelotodo. s. m. e adx. Persoa que cre que ten a razón en todo.

sabendas (a). loc. A propósito, adrede.

saber. v. Ter noticia, coñecer (*Hai anos que sabemos*). **2.** Ser instruído. **3.** Gustar o sabor das cousas. **4.** s. m. Coñecemento, sabedoría. // **Cada un sabe as súas.** Cada persoa sabe mellor que ninguén o que lle pasa. // **El que *nun* sabe, fai como el que *nun* ve.** Refrán que advirte da importancia de ter unha persoa prudencia e sabedoría. **2.** Refírese a que a ignorancia pode illar o home apartándoo de desfrutar a vida. // **El que todo *quer* saber, merda se lle dá a entender.** Refrán que recomenda non dicir as cousas ao que se mostra demasiado interesado nelas. // **El que todo *quer* saber, nada se lle dá a entender.** V. El que todo quer saber, merda se lle dá a entender. // **Quen *nun* sabe fai como (el) que *nun* ve.** V. El que *nun* sabe fai como el que *nun* ve. // **Sabe *muito* i anda al cuito.** Que o que sabe pouco lle vale (Boal). // **Saber a pouco.** Quedar aínda con ganas de algo. // **Saber ben (mal).** Gustar ou non gustar unha comida. // **Saber + infinitivo.** Perífrase verbal que indica coñecemento (*Sabe labrar a madeira*). // **Sei que si.** Estou seguro (Santalla de Ozcos).

sabichar. v. Intentar saber ou investigar todo sobre algo ou alguén.

sabichas. V. sabicheiro 1ª acep. (Eilao).

sabichego, -a. adx. Aplícase á persoa amiga de saber o que non lle importa; sabicheiro, sabichas.

sabicheirar. V. sabichar (San Martín de Ozcos).

sabicheiro, -a. adx. Dise da persoa amiga de saber ou investigar. **2.** Que presume de saber.

sabicheo. s. m. Acción e efecto de sabichar.

sabidamente. adv. Con coñecemento. **2.** Dun modo certo. **3.** Adrede.

sabido, -a. adx. Sabio, listo. **2.** Sabichón, que presume de listo.

sable. s. m. Area (Tapia de Casarego, Coaña). **2.** Area a pouca profundidade no fondo do mar. **3.** Peixe osteíctio perciforme, da familia dos triquiúridos, que pode acadar os dous metros de lonxitude, co corpo longo e comprimido, rematado nunha aleta caudal diferenciada e fociño apuntado. A súa coloración é prateada (*Lepidopus caudatus*).

saboga. s. f. Peixe osteíctio perciforme, da familia dos espáridos, que pode alcanzar os corenta e cinco centímetros de lonxitude. O seu corpo é oval, moi alto, de color gris azulada no dorso e prateada nos costados, co ventre percorrido por listas lonxitudinais amarelo douradas e unha mancha escura na base das peitorais (*Sarpa salpa*), (As Figueiras, Tapia de Casarego).

sabor. s. m. Sensación que se percibe polo sentido do gusto.

saborear. v. Dar sabor ás cousas. **2.** Gustar unha comida.

saboriar. V. saborear.

sabre. s. m. Area (Oneta).

sabruñar. v. Facer a muller algo (Boal).

sabugo. s. m. Parte interior e branda dos cornos do gando vacún. **2.** Liña entre a uña e a pel (Abres).

saca. s. f. Saco grande.

sacabeira. V. sapagueira (Ibias).

sacabocados. s. m. Instrumento de pequeno tamaño que serve para facer furados no coiro, nun pano, na madeira como na das galochas, nas orellas das ovellas para marcalas, decoracións en navallas e coitelos etc.

sacada. s. f. Segundo tiro no xogo dos *bólos*. **2.** Contido dun saco. **3.** Porción grande de monte delimitado con marcos (Os Ozcos).

sacado[1]. s. m. Contido que cabe nun saco cheo. // **A sacados.** En grandes cantidades (Taramundi).

sacado[2], -a. adx. Quitado. **2.** Dise do cocho pequeno que xa medrou algo.

sacadoira. s. f. Peza das *carretas* dun *vasadoiro* que encaixa na *cubela* en forma de T. No cabo leva un furado para enganchar o estrobo que a une ao *cambón*. **2.** Peza onde se engancha a gabita (Castropol).

sacamanteigas. V. sacaúntos (Santiso de Abre, A Veiga).

sacamenteigas* → sacamanteigas.

sacamolas. adx. Dentista.

sacaollos. V. cabalo del demo.

sacar. v. Quitar unha persoa ou unha cousa dun lugar. **2.** Parecerse (*Sacoute pola túa tía*). **3.** Tirar á forza, arrincar. **4.** Avantaxar en anos (*Sácache a ti tres anos*). **5.** Facer a primeira xogada nos xogos. **6.** Inventar (*Sacou uhas copras*). **7.** Facer (*Saco el suco*), (Allande). **8.** Recoñecer, descubrir (*Nun saco quen é*). **9.** Conseguir, gañar, obter (*Sacou muito dese negocio*, *Pra sacar pra comer*). **10.** Recoller (*Sacar nas patacas*), (San Martín de Ozcos). **11.** Nun mazo ou nunha forxa, obter a forma aproximada dun obxecto despois de estiralo, *esmaltalo* e espalmalo; estirar 1ª acep. **12.** prnl. Saírse dun lugar. // **Saca de *ei*!** Expresión que indica sorpresa ou

incredulidade. // **Sacar pitos uha *galía*.** Criar polos unha galiña. // **Sacar un fío (*filo*).** Quitar cos dedos polgar e furabolos da man esquerda unha freba de la da rocada (Os Ozcos).

sacatripas. adx. Dise da persoa que quita a outra todo o diñeiro que poida.

sacaúntos. s. m. Ser mitolóxico representado por un home que mata os nenos para quitarlles o unto. Así se asustaban os nenos para que non fosen con persoas descoñecidas. A súa fama estendeuse coas coplas de cegos que narraban a historia do crime do sacaúntos de Allariz (Galicia).

sacha. s. f. Época de sachar as patacas ou o millo. **2.** Acción de sachar.

sachada. s. f. Acción de dar unha patada a unha persoa nas pernas para que caia ao chan (Navia).

sachadora. s. f. Máquina con dous mangos e varias paletas, que se engancha a un cabalo ou a un macho e remove a terra sementada para quitarlle as malas herbas.

sachadura. V. sacha.

sachado, -a. adx. Cavado, escarvado co sacho.

sachador, -a. s. m. e f. Xornaleiro.

sachar. v. Cavar co sacho ou o gadaño a terra sementada para quitar as malas herbas e os terróns.

sachega. s. f. Época de sachar a terra sementada e quitar as malas herbas e os terróns; sachadura, sacha, sacho. **2.** Acción de sachar.

sacho. s. m. Instrumento de labranza, de diferentes tamaños, que consta dunha pa metálica e un mango de madeira. **2.** Acción e efecto de sachar; sacha, sachadura, sachega. **3.** Por extensión, calquera elemento que se usa para escarvar a terra (Navia). **4.** Conxunto de táboa e paus dunha poutada (Tapia de Casarego).

sachucar. v. Sachar moi lentamente.

saco. s. m. Receptáculo de tea, coiro, papel etc., que serve para conter cousas. **2.** Peza de roupa moi rudimentaria feita cun saco, ao que se abre deixando nada máis un dos extremos, que serve para poñerse polo corpo cando chove ou vaise recoller por exemplo castañas; saco de carapucho. **3.** Nun aparello de arrastre, rede de forma cónica onde se recolle a pesca (El Franco). // **Por *San Isidro*, nin nel saco nin nacido.** V. Por San Isidro, nin nel (no) folle nin nacido (Boal). // **Por San Marcos, nin nacido nin nel saco.** Refrán que alude a que por San Marcos (25 de abril) o millo ou o liño aínda non naceron. // **Por San Marcos, nin na terra, nin nel saco.** Refrán que se refire ao millo cando aínda nin naceu (Castropol). // **Que non che caia en saco roto.** Non esquecelo, telo en conta. // **Saco de carapucho.** V. saco 2ª acep.

sacramental. adx. Dise da festa maior relativa aos sacramentos, como o Corpus.

sacramentos. s. m. pl. Os que se administran en perigo de morte.

sacreficio* → sacrificio.

sacreto* → secreto.

sacrificado, -a. adx. Matado.

sacrificar. v. Matar.

sacrificio. s. m. Matanza do cocho. **2.** Privación, abandono voluntario de algo que se desexa.

sacristía. V. sancristía.

sacudida. s. f. Movemento brusco, golpe.

sacudido, -a. adx. Aplícase á persoa que soluciona as cousas. **2.** Zurrado. **3.** Abalado. **4.** Dise da persoa superficial, frívola (Abres).

sacudidor, -a. s. m. e f. Persoa que sacudía os castiñeiros para coller as castañas.

sacudidura. s. f. En sentido figurado, realizar o acto sexual (*Deulle uha sacudidura*).

sacudillón. s. m. Abaneo, golpe. **2.** Golpe que o xato dá contra o ubre da vaca para axudar a que o leite baixe ao teto. **3.** Golpe forte que se dá a unha árbore para que lle caia a froita madura.

sacudión. V. sacudillón 1ª acep. (Villaión).

sacudir. v. Abalar. **2.** Zurrar. **3.** Golpear algo. **4.** Mover violentamente algo dun lado ao outro. **5.** Varexar as ramas dunha árbore para que caian os froitos. **6.** prnl. Moverse, quitarse algo de encima, como auga, po etc. (*Sacúdese como uha pita mollada*).

saeta. s. f. Nos traballos con ferro, cuña redondeada.

safado, -a. adx. Que mente de xeito descarado.

safar. V. desarrisar. **2.** V. desenronchar. **3.** Desenredar varios cabos dunha embarcación que estaban unidos. **4.** prnl. V. zafarse.

saia. s. f. Peza de vestir de muller que cobre desde a cintura até embaixo. Nas tradicionais podía levar uns reforzos chamados de *cepillo* para defendela do desgaste. Eran diferentes en función da época do ano e do traxe (diario, de festa etc.). Pechaban por un lado cunha abertura simple. // **Saia *baixeira*.**

Poñíase por encima do refaixo e era de baeta. // **Saia *encimeira*.** Poñíase por encima da baixeira e era de mellor tecido, feitura e adornos porque se vía.

saial. s. m. Tea basta labrada con la basta. **2.** Peza de roupa feminina de la negra.

saimeira. V. seimeira 1ª acep. (Santalla de Ozcos).

saín. s. m. Graxa de peixe, normalmente de sardiña, que se utilizaba antigamente como combustible para alumar os candís. // **Pingar saín.** Queixarse unha persoa continuamente.

saio. s. m. Vestido longo (Negueira de Muñiz). **2.** Calquera vestido. **3.** Chaqueta de saial, que usaban na montaña (Os Ozcos, Allande, Eilao). **4.** Xersei (Villaión). // ***Asta* el *cuarenta* de maio, *nun* te quites el saio.** V. Asta el veinte de maio, nun pouses (quites) el saio. // ***Asta* el *veinte* de maio, *nun* pouses (quites) el saio.** Refrán que recomenda estar abrigado até que desapareza o frío. // **En maio *nun* te quites el saio.** Refrán que recomenda no mes de maio estar abrigado polo frío que vai.

saión. adx. e s. (pl. saiois). Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Santiso (Ibias). **2.** Saia grande.

sal. s. m. Cloruro de sodio usado para condimentar e dar gusto ás comidas. // **Como sal.** Expresión que se utiliza para dicir que os froitos son pequenos (*Este ano as castañas son como sal*). // ***Nun* chega el sal al *agua*.** Dito que alude a que en certas situacións conflitivas non se chegan a producir consecuencias graves. // ***Nun* chega el *agua* al sal.** V. Nun chega el sal al agua.

sala. s. f. Peza principal da casa, que se utiliza nas festas como comedor ou noutras reunións como os *esfollois*. **2.** Cuarto grande onde durmían antigamente todas as persoas da casa sen tabique ningún.

salabrada. s. f. Auga conxelada en forma de gran que cae das nubes (San Martín de Ozcos). // **A *salabrada* de abril mata al cocho nel cubil, a *salabrada* de maio *mátalo aunque* teña un ano.** Refrán que indica que a sarabia é prexudicial para a crianza dos cochos (San Martín de Ozcos).

salabre. s. m. Terreo improdutivo e pedregoso (Allande).

salabrear. v. Caer auga conxelada de xeito violento das nubes en forma de gran (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos, Eilao); grinzar, sarabear.

salabreo. s. m. Caída de auga conxelada en forma de gran das nubes, sarabia (San Martín de Ozcos).

salabriada. V. salabreo (Eilao). // **A *salabriada* de abril mete el *gocho* nel cubil.** Refrán meteorolóxico.

salabriar. V. salabrear (San Martín de Ozcos).

sálabro. s. m. Terra brava que ergue o arado sen ter que quitala (San Martín de Ozcos, Allande). **2.** Parte interior e máis dura da madeira. **3.** Parte interior e mol de calquera cousa.

salagre. adx. Dise da vaca que non é doada de muxir porque dá couces (Os Ozcos). **2.** V. salabre (Eilao). **3.** De difícil carácter, arisco. **4.** Áspero, duro (*As lairas sonlle un pouco salagres*), (San Martín de Ozcos). **5.** Malo, con pedras (*Camín salagre*), (San Martín de Ozcos).

salaiar. v. Suspirar, queixarse.

salamanquesa. V. sapalingresa. **2.** Anfibio urodelo, co corpo moi alongado, delgado e case cilíndrico, que mide entre doce e catorce centímetros de lonxitude, con cabeza pequena e deprimida e fociño redondeado. Os ollos son grandes, escuros e prominentes, as patas pequenas e curtas con catro dedos cada unha, e longo rabo de sección redondeada. A pel é lisa, escura e brillante, o lombo de color parda escura e con dúas bandas lonxitudinais claras de color dourada e o ventre de color gris (*Chioglossa lusitanica*).

salameira. V. seimeira 1ª acep.

salamina. adx. Dise da persoa que fala moito. **2.** Desperta, viva.

salanceira. V. seimeira 1ª acep. (Pezós).

salar* → salgar.

salavego, -a. adx. e s. m. e f. Natural de Salave (Tapia de Casarego). **2.** Pertencente ou relativo á localidade de Salave (Tapia de Casarego).

salazón. s. m. (pl. salazois). Industria que se fai con conservas metidas en sal. **2.** Produto conservado grazas ao sal.
Obs. Trátase dun castelanismo.

salcochado, -a. adx. Cocido en auga e sal a carne, os pelellos, as morcillas, o polbo etc. (Boal).

salce. V. sarza.

salcochar. v. Cocer con auga e sal a carne, o peixe, o polbo, as morcillas ou os legumes. **2.** V. entoirar 1ª acep.

salear. v. Pasear en barca por unha ría ou polo mar; zalear.

saleiro. s. m. Recipiente de madeira con perfil oval, con paredes, bases e boca grosas, que se tapa cunha peza cónica, e

ás veces con molduras en relevo. Serve para gardar o sal, especialmente o da matanza, sendo os máis modernos de louza. **2.** Graza, donaire.

salero* → saleiro.

saleroso, -a. adx. Aplícase á persoa que ten graza.

salga. s. f. Carne ou touciño conservado en sal.

salgado, -a. adx. Que está conservado con sal. **2.** Dise do que ten sal.

salgar. v. Poñer sal ás pezas de carne para que se conserven. **2.** Botar sal a unha cousa.

salgueira. V. salgueiro (Eilao).

salgueiral. s. m. Lugar onde abundan os salgueiros.

salgueirín. s. m. (pl. salgueiríos). Salgueiro pequeno.

salgueiro. s. m. Árbore salicácea, caducifolia, de ramas erguidas e follas lanceoladas e sedosas. Úsase para facer cestos, tabiques etc., grazas á longura e flexibilidade da súas ramas (*Salix sp.*).

saliada. V. zalea (Coaña).

saliar. V. salear.

salida. s. f. Acción ou efecto de saír. **2.** Ocorrencia, orixinalidade. **3.** adx. Femia en celo, especialmente a vaca. // ***Á salida.*** Ás aforas.

salido, -a. adx. Excitado sexualmente. **2.** Dise do animal que está en celo. **3.** s. m. Terreo pechado próximo a unha casa (Castropol). **4.** V. tufo[1] 3ª acep. (Allande).

salieiro* → saleiro.

salieiro, -a. adx. Dise da persoa que lle gosta moito saír.

salimeira. V. seimeira 1ª acep. (Boal).

salir. v. Pasar de dentro para fóra. **2.** Marchar, partir. **3.** Desaparecer unha mancha en algo. **4.** Estar ben feita unha conta. **5.** Nacer, agromar. **6.** Aparecer, como o sol, a lúa, o arco da vella, a alba etc. **7.** Dicir algo de maneira imprevista. **8.** Comezar un xogo. **9.** Custar. **10.** Poñerse en celo as femias. **11.** Obter un resultado. **12.** Poñerse en celo unha femia, especialmente unha vaca. **13.** Erguer a áncora unha embarcación para ir ao mar, partir. // ***Salir* al *toro.*** Sacar unha vaca da corte para xuntala cun touro para que quede preñada (*Ás outras dúas vacas tócalles salir al toro prá semana*), (El Franco). // ***Salir* de algo.** Desfacerse de (Tapia de Casarego). // ***Salir* furado (furada).** Saír mal as cousas. // ***Salir* por *peteneras.*** Dicir ou facer algunha cousa fóra de lugar. // ***Salir pral* mar.** Ir pescar unha embarcación. // ***Salirlle* feitas.** Ser gracioso.

salitre. s. m. Substancia que contén sal e que aparece nos terreos e lugares húmidos e no mar.

saliva. s. f. Líquido que segregan as glándulas salivares da boca para abrandar os alimentos e preparalos para a dixestión.

salladora. s. f. Máquina metálica semellante ao arado que se emprega para quitar as malas herbas dos sucos (Navia, Villaión).

sallar[1]. V. sachar (Coaña, Villaión, Navia).

sallar[2]. v. Facer rodar ou escorregar unha cousa no sentido da súa lonxitude e cara á parte exterior dunha embarcación.

sallavego, -a. V. salavego.

salmistra. adx. Dise da persoa que parece que todo o sabe (Navia).

salmodia. s. f. Cantar ou cántiga monótonos.

salmodiar. v. Cantar monotonamente (Eilao).

salmoira. s. f. Auga saturada de sal, sendo usada polos habitantes da costa para amasar o pan, meter a carne do cocho antes de salgala para que collese mellor o sal ou remollar o bocarte. **2.** Sal que queda despois de salgar a carne de cocho, utilizada para curar as mancaduras. **3.** Auga salgada do mar. **4.** Comida moi salgada.

salmoirado, -a. adx. Salgado.

salmoirar. v. Poñer en salmoira, salgar.

salmón. s. m. (pl. salmois). Peixe osteíctio, de corpo alongado e sección oval, con cabeza relativamente pequena e fociño agudo. Alterna a color segundo a idade, deste xeito pode ser pardo, cunhas manchas azuis alongadas e outras circulares vermellas, ou azul prateado nos laterais e ventre cando se achega ao mar. Este peixe é fluvial e mariño e inicia unha emigración do mar aos ríos, ocasión aproveitada polas femias para poñer os ovos. A súa carne é moi apreciada, tendo unha color rosada característica (*Salmo salar*). É especialmente abundante no río Eo e excepcional no Navia polo efecto da instalación das presas de Arbón, Doiras e Salime.

salmonete. s. m. Peixe osteíctio perciforme, da familia dos múlidos, que mide uns vinte e cinco centímetros de lonxitude, co dorso tirando a encarnado e os flancos e o ventre prateados e non ten listas lonxitudinais amarelas (*Mullus barbatus*), (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Coaña). **2.** Peixe osteíctio perciforme, da familia dos

múlidos, duns corenta centímetros de lonxitude e con gran capacidade para o cambio de coloración. Leva unha banda lonxitudinal vermella que vai desde o ollo até o inicio da cola, e por debaixo desta hai outras tres bandas paralelas, pouco acentuadas e amarelas. Cando se alporiza os flancos adoptan un ton nacarado recuberto de manchas dun vermello moi intenso (*Mullus surmuletus*), (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Coaña).

salmueira. V. salmoira.

salobre. V. salabre.

salón. s. m. (pl. salois). Sala espazosa. **2.** Local onde se fan certas actividades, como o salón de baile.

salouco. s. m. Choro entrecortado.

salpesar. v. Salgar.

salpicar. v. Saltar un líquido. **2.** Mollar ou manchar cun líquido pingando.

salsa. V. prebe 1ª acep.

salseira. s. f. Lugar na costa onde rompen as ondas do mar producindo escuma e deixando sal.

salseiro. s. m. Escuma que se produce ao romper as ondas do mar contra unha embarcación ou as rochas da costa. **2.** Golpe de mar que molla unha embarcación.

salsiar. v. Poñer sal a algo.

salta i arrouba (el). s. m. Xogo de nenos que consiste en que un dos nenos dobrado facía de burro mentres os outros saltaban desde unha raia trazada, cada vez que remataban de saltar todos, o burro andaba un paso. Perdía quen non puidese saltar o burro e pasaba a ser o que apandaba.

saltadeira. V. saltadoiro 1ª acep.

saltadeiro. V. saltadoiro 1ª acep.

saltadoiro. s. m. Paso de acceso a unha leira por medio de pedras saíntes dunha parede que serven de escaleira para subir ou baixar; saltadeiro. **2.** V. pasadoiro 1ª acep.

saltamontes. V. saltón 1ª acep. (Eilao).

saltapallales. V. saltón 1ª acep. (A Veiga).

saltapallares. V. saltón 1ª acep. (Castropol, A Veiga).

saltapavona. s. f. Xogo de nenos, en que un deles está agachado e os demais saltar por enriba del (San Martín de Ozcos).

saltaprados. V. saltón 1ª acep. (Navia).

saltar. v. Brincar. **2.** Lanzarse desde unha altura para caer de pé. **3.** Saír un líquido para enriba. **4.** Responder, protestar, reaccionar nerviosamente. **5.** Cubrir o macho á femia (San Martín de Ozcos). **6.** Moverse unha estrela no firmamento; rellustrar, bailar 5ª acep. **7.** V. rondar 3ª acep. // **Á que salta.** De xeito inesperado, nervioso. // **Saltar a terra.** Desembarcar. // **Saltar un *filo*.** Dar unha cambra (Castropol).

saltaricar. v. Saltar, normalmente de pedra en pedra.

saltarucar. V. saltaricar.

saltasebe. V. saltasebes.

saltasebes. s. f. Planta herbácea da familia das papaveráceas, de color verde e follas divididas, con flores de color rosada ou púrpura, que ten propiedades medicinais (*Fumaria sp.*).

salte. V. salto 1ª acep. (Abres).

salteiro. s. m. Obreiro que na década de 1930 traballaba na construción do salto de Doiras (Boal), procedente doutras comunidades e de Portugal.

saltido. s. m. Acción de saltar os peixes sobre a superficie da auga (Tapia de Casarego).

salto. s. m. Acción e resultado de saltar. **2.** Presa onde se retén auga. **3.** Caída de auga desde certa altura, especialmente nas instalacións hidroeléctricas. **4.** Lugar alto que non se pode pasar se non é brincando. **5.** Instalación hidroeléctrica. **6.** Xogo de nenos, no que un neno fai de poldro e os outros saltan sobre el. Tamén se chama salta i arrouba, salto i arroba ou salto i arrouba (Boal). V. salta i arrouba. // **Inda por Santa *Llucía*, el salto duha pulga *mengua* el día.** Refrán que alude a que por esa data (13 de decembro) os días comezan a medrar un pouco. // **Salto da corda.** Dislocación.

salto i arroba (el). V. salta i arrouba.

salto i arrouba (el). V. salta i arrouba.

saltón. s. m. (pl. saltois). Insecto ortóptero, de pequeno tamaño, con antenas curtas e grosas, ollos prominentes, patas traseiras fortes e saltadoras e ás de varias colores. Emite sons co ventre e as patas e vive preferentemente na herba, nos prados, nos bosques e na bouza. A coloración pode ser pardo agrisada, verde, vermella, amarela, cruzados con manchas negras e con ás azuis (*Acridioidea sp.*, *Caelifera sp.*, *Tettigonia sp.* etc.). **2.** Verme do xamón, touciño ou da carne, normalmente da especie *Pilophila casei*. **3.** adx. (pl. saltois). Que sobresae, como os ollos, os dentes etc. (*Ten os ollos saltois*). **4.** Enfermidade con úlceras por todo o corpo, producida segundo a crenza tradicional, por un veleno que teñen os sapos (boal).

saltos al tiro castelo. s. m. pl. Xogo no que os nenos van saltando todo o que teñan por diante.
saltupar. v. Andar ou saltar dun lado para outro.
saltupeiro, -a. adx. Aplícase á persoa que anda dun lado para outro.
salú. s. f. Estado no que se atopa un ben sen ningunha doenza. // **A *salú quer* comer.** Dito que expresa que para ter boa saúde hai que comer. // ***Dios* che dea *salú*!** Expresión de agradecemento (Allande). // **Haxa *salú*.** Forma de saúdo.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
saludar. v. Expresar ledicia ou educación ao atopar ou despedir a outra persoa. **2.** Ser educado ou cortés con fórmulas de respecto.
saludo. s. m. Acción e efecto de saudar.
saluga. s. f. Dente de allo.
salugueiro. s. m. Variedade de castiñeiro que dá unhas determinadas castañas (Eilao).
saluxa. s. f. Restos de fariña que voa polos muíños ou polas panaderías.
salvadeira. V. saltupeiro. **2.** s. f. Recipiente pequeno de louza de xeito cilíndrico con furadiños na parte superior que tiña pos para secar a tinta dos escritos (Tapia de Casarego).
salvado* → farelo.
salvaxada. s. f. Acción propia dun salvaxe, animalada.
salvaxe. adx. e s. Dise do animal sen domesticar. **2.** Aplícase á planta silvestre. **3.** Bruto, intratable. **4.** Cruel, inhumano. **5.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes da Pereira (Taramundi).
salvar. v. Librar dun mal. **2.** Vencer un obstáculo. **3.** Ter sorte.
salvavidas. V. aro 10ª acep.
salve. s. f. Certa oración que se fai á Virxe. // **Salve mariñeira (*marineira*).** Canto dos mariñeiros á Virxe do Carme.
salvo, -a. adx. Librado dun mal. // **En salva parte.** Expresión que se usa para referise a unha zona do corpo que se prefire non mencionar.
sama. V. dentón 4ª acep. (As Figueiras).
sámago. s. m. Madeira branda que rodea á cerna e que está recuberta pola cortiza, como no carballo, nogueira, castiñeiro etc. **2.** Substancia que se dobra e estende sen romper, de color amarela e sabor amargo, que fan as abellas e está nalgunhas celas dos panais (San Martín de Ozcos). // **Sacarlle el sámago a alguén.** Aproveitarse dunha persoa.
samargo. V. nabo bravo (Ibias).
samartiego*, -a → sanmartiego.
samartín* → San Martín, sanmartín.
samartío* → San Martín, sanmartín.
samba. s. f. Danza afrobrasileira de movementos rápidos.
sambeiro. adx. Relativo á samba.
sambenito. s. m. Descrédito. // **Colgarlle el (o) sambenito.** Achacarlle unha culpa ou un mal comportamento que non ten a alguén.
Obs. Trátase dun castelanismo.
sampedra. s. f. Quiastolita. V. Pedra de San Pedro.
sampolo. adx. Natural de Sampol (Castrillón, Boal). **2.** Pertencente ou relativo á localidade de Sampol.
samporrontainas. V. samporrotainas.
samporrotainas. s. f. pl. Xogo de nenos que ten como obxecto adiviñar o que o compañeiro ten nos puños dicindo ao mesmo tempo as frases de: "*Ás samporrotainas. / Arriba dainas. / Sobre de cantas? / De (tantas) e dámas*"; dinguirindainas.
san. adx. Apócope de santo.
San Martín. s. m. Época da matanza do cocho, próxima ao once de novembro.
San Xuan. s. m. Mes de xuño. **2.** V. millán.
sanapismo. s. m. Tratamento médico que se basea na aplicación de cataplasmas feitas a base de fariña de mostaza.
sanar. v. Recuperar a saúde.
sancionar. v. Autorizar ou aprobar calquera acto, uso ou costume (A Veiga).
sancristán. s. m. Persoa que coida da igrexa e axuda ao cura nos servizos litúrxicos.
sancristía. s. f. Dependencia dunha igrexa onde se gardan os obxectos de culto, adorno ou a roupa coa que se viste o cura.
sandalia. s. f. Calzado cunha sola suxeitada ao pé con cordóns, tiras de coiro etc.
sandiela! interx. Expresa sorpresa, susto, desgusto, alegría etc.
sandiós! V. sandiela!
sanfronada. s. f. Resposta brusca.
sangobín. V. sanguño (Taramundi).
sangoño. V. sanguño (Villaión).
sangradeira. V. sangradeiro 1ª e 2ª acep. **2.** V. reverquedoiro.
sangradeiro. s. m. Canle que se abre nun río, regato ou presa para desviar a auga para regar, para un muíño ou unha ferrería. **2.** s. m. pl. Pequenas canles que atravesan camiños para desviar a auga cara aos lados. **3.** Lugar do pescozo do cocho ou doutro animal onde se lle crava o coitelo para matalo.

sangrado, -a. adx. Dise do animal, especialmente do cocho na matanza, que se lle extraeu o sangue. **2.** s. m. Acción de *sangrar* nunha forxa.

sangradoiro. V. sangradeiro 3ª acep. (Santalla de Ozcos).

sangrar. v. Botar sangue. **2.** Abrirlle unha vea a unha persoa ou animal para extraerlle sangue. **3.** Estar verdes as froitas, cereais etc.; rabiar. **4.** Na matanza, cravar o coitelo ao cocho para quitarlle o sangue. **5.** Nunha forxa, verter ao exterior as escouras líquidas fundidas.

sangre. s. m. Líquido vermello que circula polas veas e arterias das persoas e de boa parte dos animais. // **Como *sangre* en pan.** A desgusto. // **Ter *sangre* de nabo.** Ser apoucado. **2.** Ser frioleiro.
Obs. Esta palabra cando aparece con xénero feminino é un castelanismo.

sangría. V. sangradeiro 1ª acep. **2.** V. sangrado 2ª acep.

sangrón. V. coitelo (*cuitelo*) de sangrar (Taramundi).

sangrumada. s. f. Cantidade de sangue que se quita ao cocho na matanza.

sangubín. V. sanguño (Abres).

sangue. V. sangre (Abres).

sangueira. s. f. Enfermidade da vaca ou doutro animal na que se produce unha hemorraxia ao mexar.

sangüeira. s. f. Enfermidade do gando lanar. **2.** V. sangueira. // **Sacudir a *sangüeira*.** Pegar nas orellas.

sanguixuela. V. zumezuga (El Franco).
Obs. Trátase dun castelanismo.

sangumio. V. sanguño (Grandas de Salime, Ibias).

sangumín. V. sanguño (A Veiga).

sanguño. s. m. Arbusto da familia das cornáceas, que alcanza entre dous e catro metros de altura, con ramas pubescentes, vermellas en outono e inverno. As follas son ovais e agudas, as flores brancas e o froito vermello. Trátase dun arbusto tóxico que ao inxerir os seus froitos produce gastroenterite e que as súas ramas se utilizaban para facer cestas, ademais pensábase na medicina tradicional que tiña propiedades contra o mal de ollo e servía para facer círculos máxicos (*Cornus sanguinea*). **2.** Aplícase tamén ao arbusto da familia das ramnáceas, de tres ou catro metros de altura, coas ramas de cortiza negra manchada de branco, follas ovais, alternas e enteiras, e flores pequenas de color verde e froitos vermellos (*Rhamnus frangula*).

sanidá. s. f. Dise cando nun trato, o vendedor do animal responsabilízase deste se resulta enfermo.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

saniar. v. Dar condicións de salubridade a un terreo ou a un edificio.

sanmartiego, -a. adx. e s. m. e f. Natural de San Martín de Ozcos. **2.** Pertencente ou relativo ao concello de San Martín de Ozcos.

sanmartín. s. m. (pl. sanmartíos). Referido ás persoas, escarmento, castigo. **2.** V. San Martín. **3.** Peixe zeiforme da familia dos zeidos, duns sesenta centímetros de lonxitude, co corpo moi alto e comprimido, e boca moi protráctil. A súa coloración é agrisada e amarela cunha mancha negra nos dous lados do corpo (*Zeus faber*), (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira). **4.** V. martín pescador (As Figueiras). // **A cada cocho chégalle el *sou sanmartín*.** Refrán que alude a que a toda persoa lle chega o momento de render contas, de ser castigado, de sufrir as consecuencias dos seus actos etc. // **A todo *gochín*, chégalle el sou *sanmartín*.** V. A cada cocho chégalle el sou sanmartín (Villaión). // **A todo *porquín* (*cochín*) chégalle o (el) seu (*sou*) *sanmartín*.** V. A cada cocho chégalle el sou sanmartín. // **Non hai cocho *bon* nin ruín que non lle chegue el *sou sanmartín*.** V. A cada cocho chégalle el sou sanmartín. // ***Nun* hai *cochín* que *nun* lle chegue el *sanmartín*.** V. A cada cocho chégalle el sou sanmartín. // ***Nun* hai mal *sanmartín* con bon *gorrinín*.** Refrán que alude a que é época da matanza do cocho (Villaión).

sano*, -a → sau, sá.

sanscristía. V. sacristía.

santa. s. f. e adx. Virxe. **2.** Ilustración dun libro; santo 3ª acep. **3.** Figura relixiosa con aparencia de muller. **4.** Persoa que se dedica ou consagra a Deus.

santa compaña. s. f. Procesión de ánimas do purgatorio que levan velas acendidas e van pola noite polos camiños pedindo, rezando polos mortos e recordando aos vivos as obrigacións esquecidas ou para pedirlles remedios. Normalmente tamén aparece nos lugares onde hai petos de ánimas. Cando alguén se atopaba con ela debía rezar, para non ser arrastrado, trazar unha estrela de cinco puntas debuxada con cinco trazos rectos, un círculo e meterse nel, tirarse polo chan ou invocar algún elemento da cristianización.

santa compañía. V. santa compaña.
santalleiro, -a. adx. e s. m. e f. Forma popular de chamar aos habitantes de Santalla de Ozcos nos concellos veciños. **2.** Natural de Santalla de Ozcos. **3.** Pertencente ou relativo ao concello de Santalla de Ozcos.
santallés, -a. adx. e s. m. e f. Natural de Santalla de Ozcos. **2.** Pertencente ou relativo ao concello de Santalla de Ozcos; santalleiro. **3.** Galego falado neste concello.
santamente. adv. De xeito sinxelo.
santego, -a. adx. e s. m. e f. Natural de Sante (Trabada). **2.** Pertencente ou relativo á localidade de Sante (Trabada).
santeiro. s. m. Persoa que fabrica ou vende imaxes de santos. No Eo-Navia foron famosos os de Piantón (A Veiga). **2.** Curandeiro (Allande).
santía. s. f. Diminutivo de santa.
santiaga. s. f. Peixe condroíctio raiforme, de tamaño mediano, co corpo comprimido e que ten grandes ollos negros con manchas brancas presentes nas expansións das aletas peitorais e moi frecuente na costa (*Raja naevus*).
santiago. s. m. Mes de xullo. **2.** Crustáceo da orde dos decápodos, cao parte externa dura rectangular, máis longo que ancho, abondo convexo no centro e truncado por diante. O seu rostro é pequeno ou inexistente, e leva os ollos aloxados en órbitas ben definidas, situadas nos ángulos anterolaterais da parte externa dura (*Scyllarus arctus*), (As Figueiras). **3.** V. santiaga (Tapia de Casarego). // ***Si* nel mes de Santiago chove, nace el herba i el trigo morre.** Refrán meteorolóxico que di que se chove no mes de xullo, nace a herba pero é malo para os cereais.
santiamén (nun). loc. Nun instante.
santiguar. v. Facer o sinal da cruz coa man, invocando a Santísima Trindade.
santiagués. V. santiago 2ª acep. (As Figueiras).
santiaguesa. V. santiaga (As Figueiras, Tapia de Casarego).
santiaguín. V. santiago 2ª acep. (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira). **2.** Mes de xullo (Castropol).
santín, -ía. adx. Dise da persoa ou especialmente do neno, moi bos, sen malicia ningunha (A Veiga). **2.** s. m. Pupila do ollo (Vilanova de Ozcos, San Martín de Ozcos).
santíos! interx. Voz que se di despois de que unha persoa esbirra.
santirseño*, -a → santiseiro.
santiseiro, -a. adx. e s. m. e f. Natural de Santiso de Abres. **2.** Pertencente ou relativo ao concello de Santiso de Abres.
santísema* → santísima.
santísemo* → santísimo.
santísima. adx. Na relixión católica, superlativo de santo (*María Santísima*).
santísimo. s. m. Na relixión católica, a eucarístía, a hostia consagrada.
santo. s. m. e adx. Persoa que se dedica ou consagra a Deus. **2.** Imaxe relixiosa. **3.** Fotografía, gravado ou estampa que aparece nos libros; santa 2ª acep. **4.** Boa persoa. **5.** Pupila do ollo (Santalla de Ozcos). **6.** Figura de madeira que levan na fronte algunhas embarcacións. **7.** Mamífero cetáceo odontoceto, da familia dos delfinaptéridos, que mide uns cinco metros de lonxitude e ten coloración gris azulada que palidece coa idade, presentando ademais unha grosa capa de graxa (*Delphinapterus leucas*), (As Figueiras). **8.** Mamífero cetáceo fiseteroideo, da familia dos hiperodóntidos, que pode medir até nove metros de lonxitude, co fociño curto e a fronte pouco pronunciada. A súa coloración é normalmente negro azulada no dorso e branca por abaixo (*Ziphius cavirostris*), (As Figueiras). **9.** Mamífero cetáceo fiseteroideo, da familia dos hiperodóntidos, que pode acadar os nove metros de lonxitude, con fronte avultada e coloración agrisada ou case branca nos exemplares adultos (*Hyperoodon ampullatus*), (As Figueiras). // **Costa abaixo todos os santos axudan.** Refrán que indica que unha cousa é fácil (Abres). // **Del santo me espanto, del pillo non tanto.** Refrán que indica que debemos desconfiar das persoas que aparentan bondade. // **Desvestir un santo *pra* vestir outro.** Quitar unha cousa dun sitio ou a alguén, que aínda a precisa, para poñela noutro sitio ou darlla a outra persoa (Tapia de Casarego). // **Ese adórache al santo pola *peana*.** Dise da persoa que obra por comenencia. // **Mirar os santos.** Ver só as ilustracións nun libro, sen ler o resto. // **Pasou el santo, pasou a procesión.** Refrán que se refire a que xa é demasiado tarde para facer algunha cousa. // ***Pra abaxo* todos os santos axudan.** V. Costa abaixo todos os santos axudan. // **Uha vez al ano fáiselle a festa al santo.** Refrán que alude a que hai que aproveitar certas oportunidades nalgúns momentos.

santón. s. m. Santo de dimensións grandes.

santoral. s. m. Lista dos santos que se conmemoran en cada día do ano.

santos. s. m. pl. Novembro (*Polos santos matábanse os cochos*), (Eilao). // **El día de todos os Santos, neve polos campos.** Por Santos (1 de novembro) comeza a nevar. // **Por (todos os, polos) Santos, (a) neve nos (polos) campos.** Por Santos (1 de novembro) comeza a nevar. // **Por todos os Santos ou queima de *más* el sol ou neva polos altos.** Refrán que indica que polo 1 de novembro ou quenta o sol moito ou hai neve polos cumes.

santuario. s. m. Templo no que se venera a imaxe dun santo. No Eo-Navia destacan de xeito especial o de Pastur (Eilao), El Monte (Tapia de Casarego) e o de Villauril (Navia).

santuco, -a. adx. Dise da boa persoa.

santurrón, -úa. adx. e s. m. e f. (pl. santurrois, santurrúas). Dise da persoa moi dada aos actos de devoción.

sanxubín. V. sanguño (Taramundi).

saña. s. f. Furor, cólera, violencia. **2.** Odio, resentimento.

sapa. s. f. Vexiga que lle sae aos cabalos e ás vacas na boca. **2.** V. sapo 3ª acep.

sapada. V. sapoada (Navia); zapoada, zapada.

sapagueira. s. f. Anfibio urodelo, duns dezaoito centímetros de lonxitude normalmente, corpo negro con manchas amarelas ou laranxas, cabeza tan longa como ancha, fociño redondeado e ollos grandes e saltóns. Ten rabo cilíndrico e catro patas con cinco dedos nas dianteiras e catro nas traseiras. A pel é lisa ou verrugosa. Vive en lugares húmidos ou de vexetación espesa, debaixo das pedras ou da madeira (*Salamandra salamandra*), (Eilao, Boal, Ibias, Castropol, Coaña, Villaión, Tapia de Casarego, Grandas de Salime, San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos, A Veiga, El Franco, Allande).

sapalingresa. s. f. Nome común de varias especies de anfibios urodelos do xénero *Triturus*, da familia dos salamándridos. Caracterízanse por ter unha cola aplanada lateralmente, e cos bordos superior e inferior máis ou menos afiados. No período de celo os machos teñen unha crista moi desenvolvida. Son animais de tamaño reducido, cabeza pequena e membros medianos, os anteriores con catro dedos e os posteriores con cinco. Entre as especies presentes no Eo-Navia temos o *Triturus boscai*, *Triturus marmoratus* e *Triturus helveticus* (Eilao).

sapalixa. s. f. Cría do sapo.

sape, sape! interx. Voz que se emprega para escorrentar os gatos.

sapego. s. m. Tumor ou inchazón propios do gando.

sapeira. s. f. Tumor que presenta o gando na queixada. **2.** V. sapieira 1ª acep. // **Matar a *sapeira*.** Quitar a fame.

sapiar. v. Lanzar un sapo polo aire.

sapiado, -a. V. asapiado.

sapieira. s. f. Lugar onde hai sapos. **2.** Necesidade de comer ou durmir. **3.** Mal na boca de cabalos e vacas (Tapia de Casarego). // **Matar a *sapieira*.** Quitar a fame.

sapío. V. muñuelo.

sapo, -a. s. m. e f. Anfibio anuro da familia dos bufónidos, que pode alcanzar os vinte centímetros de lonxitude, de corpo pesado, cabeza ancha e chá, co fociño obtuso e ollos grandes e prominentes. A pel é grosa e forte, verrugosa. A súa coloración é variable: amarela olivácea, agrisada, pardo vermello e ás veces con manchas escuras. Escóndese debaixo das pedras, vive na terra, e nos sitios húmidos especialmente cando quere reproducirse (*Bufo bufo*). **2.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Santiso (Ibias). **3.** s. m. Peza do muíño onde se encaixa a moa de abaixo e que consiste nun canto rodado que descansa sobre a *mesa*. Outras veces é de metal. **4.** s. m. Fío gordo que nun tecido sobresae dos outros. **5.** Candil antigo de mineiro. **6.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Aguillón (Taramundi). // **Condo nace un sapo, nace uha sapa.** Refrán que alude ás persoas que parece que foron predestinadas para casar. // ***Cuando* cantan os sapos antes de abril, a *mitá* del inverno *tá* por vir.** Refrán meteorolóxico (San Martín de Ozcos). // **Sapos cantando, *bon* tempo barruntando.** Refrán meteorolóxico que explica que cando croan os sapos, vai facer bo tempo. // ***Según* a terra, é o sapo.** Refrán que alude a condicionantes xeográficos. // **Ser (algo) del sapo.** Que ten unha substancia velenosa. // **Sapo concho.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Aguillón (Taramundi). Referido ás tartarugas, ou ao sapo e ao concho, que é a casca da noz.

sapoada. s. f. Golpe forte que se dá unha persoa ao caer (A Veiga, Abres). // **Caer de *sapoada*.** Caer coa cara contra o chan (San Martín de Ozcos).
sapogueira. V. sapagueira (Boal).
saporral. s. m. Lugar onde vive un sapo.
sapuada. V. sapoada.
saque. s. m. Acción de sacar. **2.** Capacidade de beber ou comer moito dunha soa vez. // **Saque da pedra.** Operación de extraer pedra (Castropol). // **Ter *bon* saque.** Comer moito.
saquetadín. s. m. Saco.
saquetado. s. m. Saco.
saqueto. s. m. Saco pequeno.
saquetuada. V. sapoada.
sarabear. V. salabrear (Taramundi).
sarabullo. V. sarabullada.
sarabullada. s. f. Erupción cutánea leve e pasaxeira, que consiste en manchas e grans na pel.
saramina. s. f. Muller que conta mentiras (As Figueiras).
saramollar. V. xermolar (Navia).
saramollo. V. xermolo.
sarampín. V. xarampín 1ª acep.
saramullo. V. xermolo.
sarapico. V. xarampín 1ª acep. (Coaña, El Franco, Navia).
sarapullada. V. sarabullada.
sarapullo. V. sarabullada.
sarapulludo, -a. adx. Áspero.
sarasa. s. m. Home efeminado.
sardía. V. sardiña (As Figueiras, Tapia de Casarego). // **Por San *Xuan*, a *sardía* molla el pan.** Refrán que explica que por San Xoán (23-24 de xuño) a sardiña está no seu mellor momento para comela como xa é tradición nesta data.
sardina* → sardiña.
sardiña. s. f. Peixe osteíctio da familia dos clupeidos, duns vinte e cinco centímetros de lonxitude, co corpo algo comprimido, especialmente na parte do ventre, aleta dorsal situada cara a adiante do corpo e aleta anal na parte traseira. Ten unha coloración verde olivácea, lombo azul e ventre prateado. É un peixe gregario e peláxico que se achega ás costas na primavera e verán, e no outono e inverno permanece en augas profundas (*Sardina pilchardus*). // **Sardiña que el gato leva, sardiña vai.** O que está feito e non ten remedio, hai que dalo por perdido (As Figueiras).
sardiñada. s. f. Conxunto de sardiñas para comer (A Veiga).
sardiñeiro, -a. s. m. e f. Persoa que vende peixe; pescadeiro. **2.** adx. Dise da persoa descarada e sen vergonza.
sarear. v. Recoller o cable cos brazos na arte da cacea do bonito (As Figueiras).
sarello. s. m. Persoa inqueda, especialmente referido aos nenos. **2.** V. sarelo. **3.** Táboa pequena que serve para enrolar e recoller o fío de pescar (Tapia de Casarego).
sarelo. s. m. Instrumento de madeira, con catro brazos e unha manivela para facelo xirar, apoiándose o seu eixe en dous pés. Usábase para torcer as sedas coas que se facían cordas gordas ou rellos, para preparar as sedas con que se facían os colchóns ou para converter as mazarocas en madeixas.
sarga. s. f. Tea dun tecido que forma liñas diagonais, feita con la e algodón.
sargo. s. m. Peixe osteíctio, da familia dos espáridos, que pode alcanzar uns cincuenta centímetros de lonxitude, co corpo alto, moi oval, con escamas grandes e rugosas. A boca ten unha forte dentadura e a aleta dorsal é longa. A color é prateada con sete ou oito bandas verticais escuras sobre os costados e outra máis ancha e negra sobre o pedúnculo caudal (*Diplodus sargus*), (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira). **2.** Peixe osteíctio perciforme da familia dos espáridos, que pode acadar os corenta e cinco centímetros de lonxitude, co corpo comprimido e elíptico, tronco con bandas transversais negras, alternativamente débiles e intensas e coloración gris prateada (*Puntazzo puntazzo*), (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira). **4.** Peixe osteíctio perciforme da familia dos espáridos, que pode acadar os vinte centímetros de lonxitude, co corpo ovado e alongado, ollos grandes e redondeados e coloración gris amarela, con reflexos prateados e unha mancha negra na base da cola (*Diplodus annularis*), (Tapia de Casarego, Ortigueira).
sargón. (pl. sargois). V. xergón.
sarguín. V. tene 2ª acep. (Ortigueira).
sarmento. s. m. Gromo da vide, de onde brotan as follas e os acios. **2.** Rama da vide.
sarmón* → sermón.
sarmoniar* → sermoniar.
sarna. s. f. Enfermidade parasitaria da pel do home e dos animais, caracterizada por vexigas e feridas que producen comechón. Combatíase tradicionalmente botándolle xofre (*azufre*) e aceite ás zonas afectadas. // **Ruín como a sarna.** Moi ruín. // **Sarna con gusto *nun* pica.** Refrán que alude a que quen vai detrás

de algo de xeito voluntario, non ten molestias polas posibles incomodidades. // **Xuntarse a sarna coas ganas de rascar.** Refrán que indica igualdade ou semellanza moral entre dúas persoas, normalmente con sentido negativo.

sarnoso, -a. adx. Que ten sarna ou parece que a teña. **2.** Aplícase á persoa agarrada, avara.

sarreta. s. f. Abadeixo pequeno (Navia).

sarrio. s. m. Substancia negra e graxa que forma o fume cando se pega nas paredes ou obxectos. Utilizábase para aliviar os cólicos de barriga, inchazóns, edemas etc. **2.** Cousa vella (Abres). **3.** Substancia de natureza calcaria que forma unha capa dura sobre o esmalte dos dentes.

sarro. V. sarrio 1ª acep. (San Martín de Ozcos).

sarteirada. s. f. Serie de cousas (San Martín de Ozcos).

sartén* → tixela.

sarza. s. f. Planta da familia das labiadas, de vinte a setenta centímetros de altura, follas lanceoladas e elípticas, con pelo e tirando a branco pola parte de atrás, e flores violetas ou azuis, con espigas terminais (*Salvia officinalis*), (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).

sastifacer* → satisfacer.

satín. s. m. Tecido de seda, algodón, liño ou fibras artificiais, que presenta un aspecto brillante e unha parte posterior mate.

sátira. s. f. Dito mordaz.

satisfacer. v. Saciar un apetito. **2.** Compensar.

satisfeito, -a. adx. Contento, compracido.

satisfer. V. satisfacer.

sau, sá. adx. Que goza de boa saúde.

saxar. V. sachar (parte occidental do concello de Navia).

saxofón. s. m. (pl. saxofois). Instrumento musical de vento formado por un tubo de metal en forma de cono, curvado coma un u.

sazón. s. m. Sabor dado ás cousas de comer cos diversos ingredientes que serven para facelas gustosas ao padal. **2.** Tempo oportuno para algo (Castropol).

sazonar. v. Dar sabor e gusto a un alimento.

se[1]. pron. Forma átona do pronome persoal de terceira persoa, reflexiva, tanto para singular como para plural.

se[2]. conx. Expresa unha condición. // **Se *cuadra* (cadra)**. Quizais.

seara. s. f. Campo sementado de cereais, polo común en lugar chan, dividido entre varios propietarios. **2.** Monte cavado onde se sementa centeo e trigo durante un ou máis anos; vedro (Os Ozcos). **3.** Propiedade comunal dos veciños que non se pode dividir, separada por marcos ou *suqueiros*. **4.** Parte que lle corresponde a cada veciño para sementar nun monte (Os Ozcos). **5.** Por extensión, primeira colleita de cereal que se recollía neste campo sementado de cereais. // **Seara de *torrón*.** Terreo onde se queimaban os terróns durante tres ou catro días para despois convertelo en cultivable.

searense* → searilo.

searía. s. f. Seara pequena (Ibias).

searilo, -a. adx. e s. m. e f. Natural da parroquia de Seares (Castropol). **2.** Pertencente ou relativo á parroquia de Seares (Castropol).

seariña. s. f. Seara pequena (Os Coutos).

searúa. s. f. Seara grande (Ibias).

sebe. s. f. Paredes da cámara do hórreo (Ibias). **2.** Valado formado con materiais vexetais, ás veces entretecidos, que serve para cercar unha leira. **3.** Tecido de varas recuberto con barro que se usaba nos tabiques das casas vellas.

sebeiro. V. sebe 2ª acep. (Allande, Taramundi).

sebo. s. m. Graxa sólida e dura que se obtén dalgúns animais.

seca. s. f. No xogo da *patefa*, facerse coa totalidade das posturas do *tasco* dun só golpe, o que fai que finalice a partida. **2.** Período de tempo seco. **3.** Falta de humidade (*El meíz ten seca*).

secadeiro, -a. adx. Dise do que está seco. **2.** s. m. Taboleiro onde se poñen os chicharros para que sequen antes de fritilos ou cocelos e envasalos en aceite ou escabeche (As Figueiras). **3.** s. m. V. viñal 2ª acep.

secador. V. secadeiro 2ª acep. (Ortigueira).

secano. V. secura. **2.** Terreo de cultivo moi seco, que non é regado.
Obs. Trátase dun castelanismo.

secaño. V. secura.

secar. v. Extraer a humidade ou quitar a auga. **2.** Perder o verdor as plantas ao morrer. **3.** Nos torneiros, deixar as pezas enterradas en serraduras, no interior dun hórreo ou con gran de centeo, para evitar a humidade. **4.** Deixar a vaca de dar leite.

secimbra. V. sicimbre (Os Ozcos).

secimbre. V. sicimbre (Boal).

seco, -a. adx. Falto de auga, zume ou humidade. **2.** Fraco. **3.** Pouco afectuoso. **4.** Pouco vivo, con pouca forza. **5.** Dise da vaca que deixou de dar leite. **6.** Dise

da vaca que pola súa constitución ten dobrados os cadrís (Os Ozcos). **7.** s. m. Conxunto de herba seca, palla e cana de millo. // **Ir a seco (a secas).** Ir traballar a unha casa comendo por conta propia. // **Prado de seco.** Prado sen auga (Vilanova de Ozcos).

sécola (s). s. f. Dito sen sentido, desculpa. **2.** Por extensión, persoa que di cousas sen sentido. **3.** Conto sen importancia. // **Dar *sécolas*.** Contar penas.

secoleirada. V. sécola 1ª e 3ª acep.

secoleiro, -a. adx. O que di *sécolas*.

secoloro. s. m. Pau que se pon nos ombros para levar pesos como se fose unha balanza (Allande).

secor. V. seca 2ª acep. **2.** V. secura. **3.** Sede.

secorento, -a. Que ten sede.

secretaría. s. f. Cargo de secretario ou secretaria. **2.** Oficina, normalmente de carácter público, onde se levan cuestións administrativas.

secretario, -a. s. m. e f. Persoa encargada nunha corporación de estender as actas, dar fe dos acordos etc. **2.** Persoa que fai traballos auxiliares nun despacho ou oficina.

secreto. s. m. adx. Oculto. **2.** s. m. Cousa que non se debe dicir ou non debe ser do coñecemento doutros.
Obs. Na segunda acepción trátase dun castelanismo.

secudida* → sacudida.

secudir* → sacudir.

secudillón* → sacudillón.

secudión* → sacudillón.

sécula (s). V. sécola (s) 1ª acep. (Seares, Boal). **2.** V. sécola 3ª acep. (Tapia de Casarego).

seculeirada* → secoleirada.

seculeiro*, -a → secoleiro.

secura. s. f. Sensación forte de sede na boca e na gorxa.

seda. s. f. Tea que se utiliza para facer pezas de roupa que procede dunha substancia segregada por certos vermes. **2.** Pequena fendedura que se abre na folla da gadaña ou do fouciño a partir do corte. **3.** Pelo das cabalerías ou dos cochos, que se empregaba para facer rellos e colchóns. Antes de facer os colchóns había que enroscalas, lavalas e secalas no forno e despois *escarpuñalas*. **4.** Ferida que aparece na pel das mans polo frío ou a humidade. **5.** Pelo do gando vacún e doutros animais. **6.** Ferida no beizo.

sedado, -a. adx. De mala calidade, fendido (Grandas de Salime, Allande); fruxento. **2.** Con engurras nas mans, nos beizos ou na pel polo frío ou a humidade.

sedal. s. m. Fío da cana de pescar ao que se ata o anzol.

sedar. v. Fender a folla dunha ferramenta como a gadaña, o fouciño, a brosa etc. **2.** Saír a unha persoa feridas nas mans, na pel ou nos beizos polo frío ou a humidade. **3.** prnl. Aparecer unha fenda nunha peza de cristal, cerámica etc. (Abres).

sedazo. V. esquileiro 2ª acep. (Ortigueira, Navia). **2.** Cinta que se pon a un cabalo (San Martín de Ozcos).

sede. s. f. Necesidade ou desexo de beber. // ***Llevar* sede de can.** Ter moita sede (El Franco). // ***Nun* ten que ver a sede con que el viño *valia* caro.** Refrán que alude a que unha cousa non ten que ver con outra distinta.

sedeiro. s. m. Punta do rabo da vaca cuberto de sedas (Os Ozcos).

sedela. s. f. Conxunto de fíos que servían para pescar luras e que se quitaban aos pelos dos cabalos (Castropol).

sedelo. s. m. Fío feito da crina dos cabalos (Santalla de Ozcos).

sedento, -a. adx. Que ten sede.

sedeña. s. f. Fío de pescar feito con pelo de cola de cabalo; sedela.

sedeñón. V. sedón.

sedón. s. m. Herba forte e dura que non comen os animais, que é abundante nas sebes (*Sedum sp.*).

sefocación* → sufocación.

sefocarse* → sufocarse.

sega. s. f. Acción de segar. **2.** Temporada en que se sega.

segadeira. V. sega 1ª acep.

segado, -a. adx. Dise do que foi cortado, especialmente herbas e cereais. **2.** Aplícase ao espazo no que se cortaron as herbas ou os cereais. // ***Val más* un mal segado que un *bon* pacido.** Refrán que alude ás condicións que se poden facer para ter un bo prado.

segador. s. m. Persoa que sega. Foron famosos os do concello de El Franco que ían segar a Castela nos anos trinta do século XX e levaban ademais o lenzo que se facía nos batáns.

segadora. s. f. Muller que sega. **2.** Máquina que se utiliza para segar.

segar. v. Cortar as herbas ou os cereais (*Segar el pan*, *Segar no pan*). **2.** Facer curvas ao andar as vacas ou os bois (Serandías). // **Segar al golpe.** Segar cun *fouzo* o cereal sen suxeitar os talos coa outra man. // **Segar al puño.** Segar cun

fouzo o cereal collendo os talos coa outra man.

segorgullo. s. m. Acto de tirarse a nadar de cabeza (San Martín de Ozcos). // **Tomar *segorgullo*.** Tirarse a nadar de cabeza.

segote. V. serrucho (Allande, Villaión).

segueta. s. f. Serra para cortar ferro.

seguido, -a. adx. Continuo, sen interrupción.

seguir. v. Ir detrás. **2.** Continuar, proseguir, herdar. // **Seguir + xerundio.** Perífrase verbal que expresa continuidade da acción (*Sigue bailando*).

según. prep. Conforme a. **2.** conx. De tipo consecutivo. **3.** conx. De tipo temporal, en tanto.

segundar. v. Dar un segundo labor á terra (Boal, Navia).

segundo, -a. adx. Seguinte ao primeiro. **2.** Dise da fariña de trigo que se peneiraba nun bortel con rede ancha e usábase para mesturar o millo e separala da *prima*. **3.** s. m. V. sotapesca.

seguranza. s. f. Seguridade.

seguridá. s. f. Estado de seguro, firmeza. **2.** Certeza.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

seguro, -a. adx. Que non ten perigo, protexido. **2.** Firme. **3.** s. m. Contrato, póliza. **4.** adv. Sen dúbida. // **De seguro.** Seguramente.

seimeira. s. f. Caída de auga desde certa altura. No Eo-Navia son famosas as de Oneta (Villaión), El Ciollo (Castropol), Murias (Santalla de Ozcos), Morlongo (Vilanova de Ozcos), O Encanto (Salcido, Santiso de Abres), entre outras. **2.** Por extensión, ruído da auga nun río producida por unha fervenza, que segundo a sabedoría tradicional era sinal de cambio de tempo, pois facía máis ruído cando ía chover (San Martín de Ozcos).

seique. adv. Expresa dúbida: quizais, acaso, penso que, oíno algunha vez. // ***Seique* si.** Pode ser, paréceme que si, penso que si.

seirúa. s. f. Seara grande (Os Coutos).

seis. adx. e. s. m. Cinco máis un.

seiscentos, -as. adx. e s. m. e f. Seis veces cen.

seixebla. V. xenxebre 1ª acep. (Vilanova de Ozcos).

seixebra. V. xenxebre 1ª acep. (Eilao, Grandas de Salime).

seixo. s. m. Pedra normalmente lisa, dura, de pequeno tamaño, e normalmente abrancazada. **2.** Pedra que se pon nos lousados dalgunhas construcións para suxeitar as lousas (Vilarquille).

sela. s. f. Breve extensión de terreo sen vexetación situada entre a bouza (Os Ozcos). **2.** Paso estreito entre dúas pequenas montañas (Abres, Vilanova de Ozcos). **3.** Chaira moi pequena situada a media costa (San Martín de Ozcos). **4.** Fibela de madeira que serve para atar cunha corda un feixe ou unha carga de leña (Vilanova de Ozcos); lazada.

sella[1]. s. f. Recipiente de forma troncocónica con dúas asas, feito con táboas de madeira e aros metálicos de ferro ou latón, con tapa, e que servía para transportar auga ou como medida para o peixe nos portos (A Veiga, Boal, Santiso de Abres, Castropol, Taramundi, Eilao); ferrada, canada.

sella[2]. V. sela.

sellada. s. f. Cantidade de auga que cabe nunha sella.

sellar. v. Poñer un selo a algo.

sellar* → sillar.

selleiro. s. m. Pedra que había na cociña para colocar a sella (San Martín de Ozcos).

sello. s. m. No carro, peza pequena de ferro, en número de catro, que se colocaba nas zonas máis delicadas do *miolo* da roda para que non abrise a madeira. **2.** Nun mazo, peza de ferro que vai no *árbol*. **3.** Cada un dos aros de ferro do trobo de lavar a roupa (Santalla de Ozcos). **4.** Cinta de ferro que se poñía a un eixe cando ameazaba rotura. **5.** Cacho de papel gravado que se pega nas cartas como timbre oficial. **6.** pl. Pezas de ferro do batán (Vilanova de Ozcos). **7.** pl. Pezas de ferro que reforzan varias pezas dun mazo, como na *trompa* ou no *árbol*. **8.** V. marca 1ª e 2ª acep. **9.** Peza metálica formada por unha prancha de ferro que reforza as esquinas dunha grade.
Obs. Trátase dun castelanismo.

sema[1]. s. f. Acción de sementar; sementeira.

sema[2]. s. f. Enfermidade cutánea que produce bostela ou caída da pel (Abres).

semá. (pl. semás). V. semana (*Pasan semás*), (Llandequintá).

semado, -a. adx. Plantado na terra para que se reproduza.

semadora. s. f. Máquina de tracción animal que se emprega para sementar terras, consistente nunha pequena carreta cun depósito troncopiramidal de dous compartimentos. Na base posúe un tambor cun diámetro suficiente para virar

en contacto co chan cando se avanza con ela e con estrías e furados dispostos para recoller os grans de millo e fabas e depositalos na terra con certa distancia (El Franco, Navia).

semáforo. s. m. Dispositivo de sinais luminosos para distintos usos, especialmente para regular o tráfico en cidades e estradas. **2.** Telégrafo de bandeiras ou luces que serve para facer sinais ás embarcacións.

semana. s. f. Período de sete días seguidos. // ***Condo* a semana *tá* de piollos, *nun sirve* mudar a camisa.** Refrán que recomenda non gastar o tempo e as enerxías en cousas poco importantes ou facer algo inutilmente. **2.** Alude á mala fortuna dunha persoa. // ***Condo* a semana *tá* de piollos, *nun* vale cambiar a camisa.** V. Condo a semana tá de piollos, nun sirve mudar a camisa. // **Faltar uha semana.** Non ter xuízo. // ***Prá* semana.** Dentro dunha semana. // **Semana Santa.** A comprendida entre o Domingo de Ramos e o de Resurrección, onde se conmemora a paixón de Cristo.

semaniña. s. f. Diminutivo de semana (Os Coutos).

semado, -a. V. sementado.

semadora. V. sembradora.

semar. V. sementar. // ***Condo* ten, *sema*.** Que unha persoa cando ten o dá. // **El que *nun sema*, *nun* colle.** Refrán que advirte que non se pode conseguir beneficio ningún se non se poñen os medios precisos. // **El que *sema*, (sempre) algo recolle (colle).** Refrán que dá a entender que os resultados ou beneficios corresponden coas obras feitas. // **El que *sema*, *daqué* recolle.** V. El que sema algo recolle. // **El que *sema* i cría, *gana* tanto de noite como de día.** Refrán que loa a vida labrega. // **El que *sema*, sempre colle.** V. El que sema, algo recolle. // ***Semar* a terrón envolto.** Sementar botando ao suco a gancela que hai na superficie para que sirva de fertilizante.

semblante. s. m. Aspecto do ceo (Ortigueira). **2.** Estado ou condición de nubrado. **3.** Nube extensa, lixeira, agrisada, que se presenta en forma de faixa no horizonte, estrato. **4.** Nube grande e espesa. // **Mal semblante.** V. mal carís.

sembrador. s. m. Serrón de dentes moi finos, con folla uniformemente ancha.
Obs. Trátase dun castelanismo.

sembradora. s. f. Máquina de tipo industrial que se utiliza para sementar trigo.
Obs. Trátase dun castelanismo.

sembrante. s. m. Aspecto do rostro dunha persoa que é síntoma do seu estado de ánimo (Tapia de Casarego).

seme. s. m. Secreción líquida dos órganos sexuais masculinos portadora dos espermatozoides.

semellabre. adx. Parecido, igual (Boal).

sementado, -a. adx. Aplícase ao terreo no que está plantada a semente.

sementar. v. Plantar a semente na terra para que se reproduza.

semente. s. f. Parte do froito que contén o embrión da planta que vai nacer (Os Ozcos, Eilao, Abres, Boal, Allande, El Franco, Navia, Villaión, Tapia de Casarego). // ***Nun* quedar nin a semente.** Non quedar ninguén.

sementeira. s. f. Conxunto de labores que se fan para sementar os froitos. **2.** Época na que se fan estes labores. **3.** Acción e efecto de sementar. **4.** Semente (Boal).

semergullar. v. Nadar por debaixo da auga (Abres).

semergullo. s. m. Acto de nadar por debaixo da auga (Abres).

semexante. adx. Parecido.
Obs. Trátase dun castelanismo.

semexanza. s. f. Parecido entre dous seres ou cousas.
Obs. Trátase dun castelanismo.

semilleiro. s. m. Terreo nas que están as plantas das que se quitan as sementes para logo sementalas.
Obs. Trátase dun castelanismo.

seminar. v. Facer que o seme dun macho acceda ao óvulo dunha femia mediante procedementos artificiais.

seminario. s. m. Institución de ensino relixioso onde se instrúen os futuros curas.

seminarista. s. m. Persoa que estuda nun seminario.

semolir* → semulir.

sempre. adv. En todo o tempo. // **Sempre que.** A condición de que.

semulido, -a. adx. Dise da persoa ou neno que durmiron nunha cama ou berce cun colchón de follas por baixo.

semulir. v. Estrar a cama das vacas; sumulir 1ª acep., sumullir 1ª acep. **2.** Poñer roupa por debaixo a unha persoa que está deitada para que estea máis cómoda. **3.** Poñer roupa debaixo das sabas cando os nenos mexan na cama. **4.** Preparar o colchón dunha cama para que se poida deitar unha persoa. **5.** Poñer algo debaixo dun asento para que

unha persoa estea máis cómoda. **6.** Sacudir unha almofada para poñela máis branda.

sen[1]. s. m. Colo. **2.** Espazo que queda entre os peitos dunha muller e a roupa que os cobre; farraca 1ª acep. **3.** Peito da muller. // **Cada un que meta a *mao* nel *sou sen*.** Refrán que recomenda que cada persoa se preocupe dos seus propios asuntos e non xulgar os alleos. // **Quedar nel *sen* da manta.** Escapar do traballo. **2.** Non dicir todo o que se sabe. **3.** Non cumprir unha obrigación. **4.** Quedar nunha situación privilexiada para obter un beneficio máis tarde. // ***Tar* nel *sen* de manta.** Estar cómodo nunha situación de xeito disimulado.

sen[2]. prep. Expresa falta. **2.** Excepto, agás.

senagua. V. senauga.

senauga. s. f. Saia que se pode poñer por enriba ou abaixo do vestido e que tradicionalmente era branca.

sencias. adx. Que ten maña.

senda de sacramentos. s. f. Dereito que tiña un cura para atravesar unha leira para administrar urxentemente os sacramentos.

sendeiro. s. m. Camiño estreito.

sendeirego. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Folgoso (Ibias). **2.** Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Folgueiras de Boiro (Ibias), por andar moito.

sendra. s. f. Zona chá sen árbores (Castropol).

senón. conx. Contrapón un concepto ou oración a outro. // **Senón que.** A non ser que.

senra. V. seara (Coaña, Boal, Tapia de Casarego, Navia, Villaión).

senreira* → xenreira.

senría. s. f. Diminutivo de senra.

sensación. s. f. (pl. sensacios). Impresión producida nos sentidos por un estímulo exterior. **2.** Emoción.

sensato, -a. adx. Persoa que actúa con xuízo. **2.** Prudente.

sentada. s. f. Tempo que deseguido está sentada unha persoa. // **Dunha (duha) sentada.** Dunha vez; duha asentada.

sentadeiro. s. m. Asento; senteiro.

sentado, -a. adx. Que está nun asento ou pousado nun lugar. **2.** Fixo, seguro.

sentar. v. Colocar as nádegas nun lugar para descansar o corpo ou realizar algún tipo de traballo. **2.** Caer ben unha comida ou bebida ao estómago despois de inxerila. **3.** Colocar unha cousa de xeito seguro e fixo. **4.** Quedar ben unha peza de roupa, uns pendentes etc.

senteiro. s. m. Lugar para sentar, asento; sentadeiro.

sentemento* → sentimento.

sentenciar. v. Condenar a unha persoa por medio dunha sentenza xudicial. **2.** Dicir frases sentenciosas.

sentencieiro, -a. adx. Aplícase á persoa que pon sempre obxeccións a todo. **2.** Dise da persoa que critica e opina de todo.

sentido[1]. s. m. Facultade para percibir sensacións por determinados órganos. **2.** Dirección. **3.** Sensatez, cordura. **4.** Sensibilidade. // ***Costar* un sentido.** Ser algo excesivamente caro (Castropol).

sentido[2], -a. adx. Aplícase á persoa que se ofende con facilidade. **2.** Notado, percibido. **3.** Lamentado. **4.** Oído.

sentimento. s. m. Disposición emocional respecto de algo. **2.** Pena[2].

sentina. s. f. Parte máis baixa do casco dunha embarcación onde se recolle a auga, a graxa etc., que entra nela.

sentir. v. Percibir sensacións a través dos sentidos. **2.** Oír, escoitar. **3.** Lamentar. **4.** Experimentar unha sensación espiritual, pracer ou dolor. **5.** prnl. Ter conciencia do propio estado ou situación. // **Sentir + infinitivo.** Perífrase verbal que indica queixa, percepción etc.

sentoiro. V. sentadeiro.

senún. V. senón.

seña. s. f. Nota ou indicio para que se entenda unha cousa. **2.** Sinal.

señal. s. f. Marca, especialmente a que se fai no mes de maio ás ovellas para diferencialas de propietario. **2.** V. chamada 4ª acep. **3.** s. m. Cousa que é usada para indicar algo ou que por si soa indica algo (*Traballa nesto das señales de tráfico*), (A Veiga).

Obs. Trátase dun castelanismo. Nalgúns concellos como San Martín de Ozcos ou A Veiga aparece con xénero masculino (*el señal*).

señaldá. V. señardá.

señardá. s. f. Morriña das persoas queridas, constante e sen motivo aparente.

Obs. Trátase dun vulgarismo.

señardio, -a. adx. Aplícase á persoa que ten señardade (*Tá señardio*).

señardoso, -a. V. señardio (Eilao, Boal, Tapia de Casarego, Santalla de Ozcos, Allande). **2.** Dise do animal que ten señardade.

señeiro, -a. adx. Dise da persoa ou cousa que se distingue individualmente por algunha actividade (Navia). **2.** Aplícase á castaña que está soa nun ourizo e que

por tradición se daba ás cabras ou ovellas para que parisen femias.

señerdoso*, -a → señardoso.

señor, -a. s. m. e f. e adx. Amo, dono. **2.** Individuo de condición social alta. **3.** Amo que posúe unha casa, un casarío etc. // **É unha señora de fóra que vén vender os cochos á vila.** Dise cando unha muller presume moito.

señorío. s. m. Conxunto de persoas distinguidas.

señoríos. adx. e s. pl. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de San Martín del Valledor (Allande).

señoritango, -a. adx. e s. Denominación despectiva da persoa que fai ostentación da súa condición social ou aparenta esta condición sen tela.

señoriteiro, -a. V. señorito 1ª acep.

señorito, -a. adx. e s. m. e f. Mozo de familia acomodada. **2.** Aplícase á persoa pouco amiga de traballar e que se dá máis importancia da que ten.

señorón. adx. e s. (pl. señorois). Alcume popular que se lles dá aos habitantes de San Martín del Valledor (Allande). **2.** Aumentativo de señor.

seo[1]. s. m. Peito da muller (Abres). **2.** V. sen[1] 2ª acep. (Santiso de Abres).

seo[2]. V. seu.

separar. v. Aumentar ou establecer unha distancia. **2.** Dividir a dúas persoas que están pelexando. **3.** prnl. Divorciarse.

sepultar. v. Enterrar un morto.

sepultura. s. f. Lugar no que se enterran os mortos. **2.** Lugar onde está enterrado un cadáver. **3.** Acción e efecto de sepultar.

sequeiro. s. m. Terreo seco, sen auga. **2.** Cousa moi seca.

sequera. adv. Polo menos.

sequía. V. seca 2ª acep.

sequío. V. pandio 3ª acep. (Tapia de Casarego).

ser. v. Existir. **2.** Pertencer (*Esta casa é súa*). **3.** Formar parte dun grupo (*Ese é dos nosos*). **4.** Estar (*Cuando a despensa é calente*, *É casado?*, *El can cuando tá atado é rabiado*, *Desdeixouse i nun é conocida*), (San Martín de Ozcos, Tapia de Casarego, Allande). // **A *nun* ser que.** Introduce unha condición. // ***Condo* ha ser, xeito ha ter.** Refrán que indica que cando sexa preciso unha persoa terá sensatez (Boal). **2.** Ensina que tarde ou cedo o que teña que acontecer, acontecerá. // ***Lo* que ha ser, xeito ha ter.** V. Condo ha ser, xeito ha ter. // **Ser ben.** Gustar ou querer saber algo (*Era ben saber a aldea*). // **Ser de rompe i chove.** Ser moi traballador. // **Ser dos da uña.** Afeccionado a roubar. // **Ser + a + infinitivo.** Perífrase verbal de obrigatoriedade (*Todos eran a dicirme que me fose*). // **Ser + participio.** Perífrase verbal que fai que o participio funcione como un adxectivo (*Este neno é calado*).

serantego, -a. adx. e s. m. e f. Natural de Serantes (Tapia de Casarego). **2.** Pertencente ou relativo a Serantes (Tapia de Casarego).

serantín, -ía. (pl. serantíos). V. serantego.

serao. s. m. Parte do día que comprende desde as cinco da tarde até as nove cando xa entra a noite.

serda. s. f. Pelo duro dalgúns animais (Navia, Allande); crina 1ª acep.

serea. V. serena.

serello. V. sarelo (Santalla de Ozcos).

serena. s. f. Ser mitolóxico que vive no mar, formado na parte superior por un corpo de muller e na parte inferior pola parte de atrás dun peixe. Os pescadores rezábanlle normalmente antes de embarcar, porque o seu canto producía sono e a tripulación remataba por naufragar ao chocar contra os penedos da costa. **2.** Bucina que emite un son prolongado de ton agudo, que se utiliza para indicar a finalización da xornada de traballo, para ambulancias, bombeiros, barcos, faros etc. (As Figueiras).
Obs. Trátase dun castelanismo.

serenar. v. Repousar ao aire libre a carne e outros alimentos. **2.** Deixar a terra ao aire libre pola noite para despois cavala o día seguinte. **3.** prnl. Tranquilizarse, acougar.

sereno, -a. adx. Dito dunha comida, no seu punto xusto (Eilao). // **Al sereno.** Ao aire libre pola noite.

sereñón. V. herba sedeña.

serga. s. f. Saba feita de la e liño.

sergón. V. xergón.

seriedá. s. f. Calidade do que é ou se fai serio.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

serín. s. m. Ave paseriforme da familia dos frinxílidos, de tamaño pequeno, que mide uns once centímetros, de color amarela con raias lonxitudinais o macho e agrisada con máis raias a femia. Ten un particular canto que emite movendo a cabeza cara á dereita e á esquerda como un péndulo e que se parece ao son que fan as rodas dos carros vellos (*Serinus serinus*).

serio, -a. adx. Dise da persoa pouco dada á alegría. // **Serios (serias) como potes.** Moi serios.

serís. V. serín (A Veiga).

sermón. s. m. (pl. sermois). Predicación, discurso de carácter moral ou relixioso. // ***Nun* é *lo mismo* dar *sermois* que dar trigo.** Refrán que alude a que resulta máis doado dar consellos que practicar o que se aconsella.

sermonear. v. Botar un sermón.

serodo, -a. adx. Froito que se sementa ou se recolle tarde; tardío. **2.** Ás veces aplícase á planta de rápido desenvolvemento. **3.** Aplícase ao asunto ou negocio que se tardarán en facer (Tapia de Casarego). **4.** Dise do castiñeiro de froito tardío e madeira moi apreciada para facer trobos (Boal). **5.** Aplícase á planta con moito zume. **6.** Dise do centeo que se sementaba en febreiro ou marzo.

serón. s. m. (pl. serois). Especie de cesta que se pon ás cabalerías para levar carbón, esterco etc.

seronda. s. f. Outono (Allande).

serondo, -a. V. serodo. **2.** Dise do animal que naceu tarde (Allande).

serordo, -a. V. serodo.

serpe. s. f. Cobra, serpente (Villaión).

serpente. s. f. Cobra de tamaño mediano ou grande.

serra. s. f. Conxunto de montañas. **2.** Instrumento cortante formado por unha folla metálica con dentes e unha parte de madeira, que se emprega para cortar madeira ou materiais duros. **3.** Lugar onde se serra; aserradeiro. **4.** Acción de serrar. **5.** Parte do monte con pradería (Os Ozcos). **6.** V. bonito[2] 1ª acep. (Castropol, Tapia de Casarego, El Franco). **7.** V. restinga. // **Mala serra te arrole!** Mal raio te parta! // **Serra de (del) aire.** Consta dunha folla duns dous metros de longo e dous mangos nos seus extremos. // **Serra portuguesa.** Consta dunha folla que vai montada nun cadro de madeira. // **Serra de volta (*voltiar*).** Serra de folla moi estreita coa que se pode seguir unha liña curva.

serradeiro. s. m. Especie de trípode, formado por dous cabaletes e unhas táboas sobre as que se colocan as madeiras para ser serradas. **2.** V. aserradeiro (Tapia de Casarego).

serradío. s. m. (pl. serradíos). Armazón de madeira que se facía no monte para serrar os madeiros; palanquete.

serrado, -a. adx. Cortado cunha serra. **2.** Estrinxido, que non pode evacuar doadamente. **3.** Aplícase á boca cando se toma un adstrinxente ou se come froita verde ou aceda.

serradoiro. V. serradeiro (Allande).

serrador. s. m. Persoa que serra madeira. No Eo-Navia tiñan fama os portugueses, os galegos, os cántabros e os do concello de Castropol (As Figueiras, Seares, Piñeira, El Teso de Lois, Barres e Lois).

serradura. s. f. Acción e efecto de serrar. **2.** Lugar onde se fai o corte coa serra. **3.** Fendedura onde axusta a folla ao pecharse a navalla (Santalla de Ozcos).

serranito. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Salcedo (Allande).

serrar. v. Cortar un cacho de madeira cunha serra. Isto faise, por exemplo, no proceso de fabricación das galochas. **2.** Tocar mal un instrumento de música até que se aprende. // **Serrar as curvas.** Dar mal as curvas cando se conduce por unha estrada. // **Serrar os *talois*.** Raspar os talóns das galochas.

serredo. s. m. Acidez propia das patacas de mala calidade.

serreidoiro. s. m. Pau longo unido a outro con forma de media lúa que se emprega para remexer as brasas do forno (Verducedo).

serreñón. V. herba sedeña.

serrín. s. m. Conxunto de partículas que se desprenden da madeira cando se serra. Obs. Trátase dun castelanismo.

serro. s. m. Ferramenta con forma de serra pequena con fío dentado de aceiro e mango de madeira que utilizan os ferreiros.

serrón. s. m. (pl. serrois). Serra con folla ancha e curta con dentes e un só mango. **2.** Espiñazo (Boal). **3.** V. serrucho. **4.** V. esparón (As Figueiras). **5.** Precipicio con penedos afiados, difíciles de pasar (Allande).

serruchar. v. Serrar. **2.** En sentido figurado, estender e contraer un acordeón cando se tentaba tocar sen ter moita idea (El Valledor).

serrucho. s. m. Serra pequena. // ***Serrucho* de volta.** Serrón de folla fina no que se pode seguir unha liña curva.

serrulleiro. s. m. Persoa que vendía folla de lata de xeito ambulante (Ibias); cerrolleiro.

sertén* → tixela.

seruga. s. f. Dente de allo (Villaión).

serventía. s. f. Servidume de paso por unha leira.

servicial. adx. Persoa sempre disposta a axudar e colaborar cos demais.

servicio. s. m. Uso, utilidade, proveito. **2.** Cuarto de aseo. **3.** Tempo que un mozo

considerado apto estaba obrigado a pasar no exército baixo mando militar. // ***Servicio* militar.** Tempo no que unha persoa está como soldado. V. servicio 3ª acep.

servido, -a. adx. Dise do que está ao servizo de alguén (*Porque os veciños taban mui servidos de min*), (Santiso de Abres).

servieta* → pano de mesa.

servilleta* → pano de mesa.

servir. v. Ser útil para algo. **2.** Estar ao servizo de alguén. **3.** Valer para algo (*Xosé sirve pra carpinteiro*). **4.** Utilizar ou quentar o forno da cociña. **5.** Cubrir o touro á vaca, ou o cabalo á egua. **6.** Por extensión, xuntarse o macho coa femia para fecundala. **7.** Exercer un emprego ou cargo propio ou no lugar doutro. **8.** Facer ás veces doutro nun oficio ou ocupación. **9.** Ser soldado en activo. **10.** Poñer a mesa e presentar a comida, a bebida, o café etc. aos comensais. **11.** Valerse dunha cousa para o uso propio dela. // ***Nun* (nin) sirvas a quen serviu, nin pidas a quen pediu.** Refrán que alude ao cambio de ánimo da persoa que sufriu un cambio de estado ou fortuna. // **Servir al rei.** Facer o servizo militar. // **Servir de *engorro*.** Molestar. // **Servir de harmonía.** Amenizar (Os Ozcos).

servizo. V. servicio 3ª acep. (Allande).

servus. s. m. pl. Betume (Navia).

serzo. s. m. Mestura de néboa espesa e chuvia miúda propia da serra (Eilao, San Martín de Ozcos, Allande); cerzo.

sesega. V. solarega 2ª acep. (Allande, Eilao).

sésega. V. sésiga 2ª acep. (San Martín de Ozcos, Ibias).

seseira. s. f. Parte da cabeza onde está ubicado o cerebro. **2.** Por extensión, cabeza ou sentido común.

sesenta. adx. e s. m. Seis veces dez.

sesentecatro. adx. e s. m. Sesenta e catro (Santiso de Abres).

sesentecinco. adx. e s. m. Setenta e cinco.

sesentedous, sesentedúas. adx. e s. m. e f. Setenta e dous.

sesentenove. adx. e s. m. Sesenta e nove.

sesenteoito. adx. e s. m. Sesenta e oito.

sesenteseis. adx. e s. m. Sesenta e seis.

sesentesete. adx. e s. m. Sesenta e sete.

sesentetrés. adx. e s. m. Sesenta e tres.

sesenteún, sesenteunha. adx. e s. m. e f. Setenta e un.

sesentón, -a. s. m. e f. e adx. Persoa que ten ou aparenta ter sesenta anos.

sesga. V. nesga 1ª acep. (Navia).

sesgo. s. m. Corte oblicuo.

sesguiado, -a. adx. Cortar ou facer cortes en oblicuo. **2.** En oblicuo.

sésiga. s. f. Fendedura de pouca profundidade. **2.** Sinal que deixa unha ligadura forte nun membro do corpo. **3.** Corte pouco profundo que se forma na pel. **4.** Marca natural nun pau (Os Ozcos).

sesión. s. f. (pl. sesiois). Reunión, xuntanza.

sesos* → miola 3ª acep.

sesta. s. f. Descanso que se fai durmindo despois de xantar (El Franco, Tapia de Casarego, Eilao, San Martín de Ozcos).

sestante* → sextante.

sesto. s. m. Lomba, montículo. **2.** Divisoria entre dúas vertentes dunha montaña (Allande).

sesto*, -a → sexto.

seta. s. f. Cacho de terra en resalte entre dous sucos. **2.** Fungo. **3.** Odio, malquerenza (Serandías). **4.** Gana (*Tíame setas de collerme*), (Os Ozcos). **5.** Lique.

Obs. Trátase dun castelanismo na 2ª acep.

setar. v. Arar a terra deixándoa en forma de *setas*.

sete. adx. e s. m. Seis máis un. **2.** Rotura nunha tea. // **Andar as sete *privadas*.** Percorrer moitos lugares (Tapia de Casarego, Boal). // **Sete i medio (media).** s. m. Xogo de baralla, consistente en que cada carta ten o valor que representan os seus puntos, agás as figuras, que valen media. Dáse unha carta a cada xogador, podendo pedir outras. Gaña o primeiro que fai sete puntos e medio ou o que máis se achegue por debaixo deste número.

setecentos, -as. adx. e s. m. e f. Sete veces cen.

setembra. s. f. Período de setembro (San Martín de Ozcos). **2.** V. setembría.

setembrada. s. f. Período de outono (Allande).

setembre. s. m. Noveno mes do ano. // **En *setembre* coel dente i *despós* xa verás como te rende.** Refrán referido ao cultivo do trigo (Castropol). // **En *setembre* come e vende, e non *sea* que de tanto vender non teñas que comer.** Refrán que fala do cultivo do trigo (Santiso de Abres). // **En *setembre*, mira como ascende.** Refírese a que setembro é un mes de recolleita de certos produtos agrícolas que tiveron boa colleita. // **En *setembre*, ou secan as fontes ou marchan as pontes.** V. Setembre, (ou) leva (lleva) pontes ou seca fontes. //

***Setembre*, (ou) leva (*lleva*) pontes ou seca fontes.** Refrán que indica que o mes de setembro pode ser de fortes chuvias ou de escaseza de auga. // ***Setembre*, ou seca (as) fontes ou leva (as) pontes.** V. Setembre, (ou) leva (lleva) pontes ou seca fontes.

setembría. s. f. Pequeno arbusto da familia das ericáceas, que pode acadar os setenta centímetros de altura, de ramas tortas, follas pequenas e opostas e flores rosadas ou tirando a violeta (*Calluna vulgaris*). **2.** V. queirota brancal (Allande).

setemesín, -ía. adx. Dise do que naceu no sétimo mes de xestación.

setenta. adx. e s. m. Sete veces dez.

setentecatro. adx. e s. m. Setenta e catro (Santiso de Abres, Ibias).

setentecinco. adx. e s. m. Setenta e cinco.

setentedous, setentedúas. adx. e s. m. e f. Sesenta e dous.

setentenove. adx. e s. m. Setenta e nove.

setenteoito. adx. e s. m. Setenta e oito.

setenteseis. adx. e s. m. Setenta e seis.

setentesete. adx. e s. m. Setenta e sete.

setentetrés. adx. e s. m. Setenta e tres.

setenteún, setenteunha. adx. e s. m. e f. Setenta e un.

sétimo, -a. adx. O que ocupa o lugar sete nunha serie.

seu. adx. e pron. Posesivo referido ao masculino que indica posesión respecto da terceira persoa ou de formas de cortesía da segunda. // **De seu.** Propio. // **El (o) seu.** O que lle é propio, caracteriza, corresponde etc.

sextante. s. m. Instrumento de navegación formado por un sector de sesenta graos que se emprega para determinar a posición dunha embarcación mediante a medición de distancias angulares.

sexto, -a. adx. O que ocupa o lugar seis nunha serie.

sexualidá. s. f. Conxunto de condicións anatómicas e fisiolóxicas que caracterizan a cada sexo.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

si[1]**.** Pronome, forma oblicua tónica do reflexivo que se emprega con preposición. // **En por si.** Por si mesmo. // **Facelo por si.** Cagar ou mexar por un mesmo sen querer. // ***Nun fer* nada por si.** Non coidarse.

si[2]**.** adv. Expresa afirmación.

si* → se[2].

siara* → seara.

siaría* → searía.

siariña* → seariña.

sibia* → xibia.

sicasí. adv. De todos os xeitos.

sicimbre. s. m. Nome común de diversas árbores da familia das santaláceas, pertencentes ao xénero *Santalum*, de follas opostas e flores en panícula, propias do sur de Asia e dalgunhas illas de Oceanía. A súa madeira emprégase en ebanistería e dela obtense a súa esencia, que ten aplicación en medicina e perfumería.

sideña. V. sedela.

sieiro. s. m. Aire frío como de xeada (Santalla de Ozcos). // **Sieiro da noite.** Frío da noite (San Martín de Ozcos).

sierra* → serra.

siesnoés. s. m. Pouca cousa (*Faltoulle un siesnoés*). // **Nun *siesnoés*.** Nun momento.
Obs. Trátase dun castelanismo.

siesnués* (nun) → siesnoés (nun).

sifá. s. f. Válvula que indica a presión dunha caldeira nunha embarcación de vapor.

siflar. V. chifrar 2ª acep.

sifón. s. m. Botella que posúe un tubo en forma de cóbado que se emprega para conter e servir a presión a auga carbónica que contén. **2.** Auga carbónica. **3.** Conduto dos polbos e das luras que serve para botar tinta ou para desprazarse cara a atrás (El Franco).

sifonazo. s. m. Chorro de vapor que botan os cetáceos.

significancia. s. f. Algo sen importancia. **2.** Significado.

significar. v. Representar ou querer dicir algo determinado.

signo. s. m. Acio antes de ter a flor (Eilao). **2.** Calquera cousa que representa ou indica outra.

siguido* → seguido.

siguir* → seguir.

sigún* → según.

siguro*, -a → seguro.

silabario. s. m. Libro para aprender a ler que contén palabras divididas en sílabas e tamén sílabas soltas. // **Me cago nel silabario!** Expresión de enfado.

silbado, -a. adx. Tolo (Castropol). **2.** Fendido (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos, Castropol).

silbadura. s. f. Fendedura.

silbar. v. Producir un son agudo ao expulsar o aire pola boca cos beizos comprimidos ou a través dos dedos. **2.** Abrirse o metal cando se fan as navallas ou coitelos, para ver se isto ocorre pásaselle un cacho de xabón. **3.** Fender un obxecto de cristal por un golpe sen que caia en cachos. **4.** prnl. Rachar,

fender. // **Andar *silbando*.** Non ter cartos.

silencio. s. m. Feito de estar calado. **2.** Ausencia de ruído.

silencioso, -a. adx. Que non fai barullo.

silguero* → xilgueiro.

silla. s. f. Moble con patas e respaldo que serve para sentar. **2.** Aparello para montar a cabalo. // **El que foi a *Castilla perdeo* a silla.** Refrán que indica advertencia para os que abandonan de xeito provisional ou voluntariamente un cargo ou un lugar, non reclamen nada despois ao seu regreso se o atopan ocupado por outro.
Obs. Trátase dun castelanismo.

silla* → sella[1].

sillar. s. m. Pedra labrada con forma de paralelepípedo rectangular que se utiliza nalgunhas construcións, poñéndose tradicionalmente nos marcos de portas e ventás e nas esquinas. **2.** V. mandil 2ª acep.

silleiro. s. m. Persoa que facía ou vendía cadeiras (*sillas*).
Obs. Trátase dun castelanismo.

sillín. s. m. Lugar para sentar que teñen as motocicletas e as bicicletas.
Obs. Trátase dun castelanismo.

sillón. s. m. Cadeira grande con respaldo e brazos.
Obs. Trátase dun castelanismo.

silo. s. m. Depósito onde se garda o trigo, os grans ou outras forraxes. **2.** Por extensión, forraxe (*Nun lle des más silo que tan chías abondo*).

silva. s. f. Planta da familia das rosáceas, de talos longos, delgados e con espiñas, follas redondas e pequenas e que dá amoras (*Rubus sp.*, normalmente *Rubus fruticosus*), (Os Ozcos, Taramundi, A Veiga, Grandas de Salime, Ibias, Castropol). **2.** V. silveira 1ª acep. // **Prendes en cada silva que encontras!** Falar unha persoa con toda a xente que atopa.

silvadeira. V. silveira 1ª acep. (Ibias).

silval. V. silveira 1ª acep. (Santalla de Ozcos, Boal).

silvamar. V. rosal de raposa (Grandas de Salime).

silvar. V. silveira 1ª acep. (Grandas de Salime, Allande).

silveira. s. f. Lugar onde abundan as silvas. **2.** V. silva 1ª acep.

silveiral. V. silveira 1ª acep.

silveiro. s. m. Peche feito con silvas. **2.** Lugar onde abundan as silvas; silveira 1ª acep.

silvela. s. f. Silva pequena (A Veiga).

siminario* → seminario.

siminarista* → seminarista.

simple. adx. Parvo. **2.** Sinxelo.

simplemente. adv. De xeito simple. **2.** Soamente.

simpre. V. cimpre.

simpremente* → simplemente.

sin. V. sen[2]. // ***Sin* que.** Expresa un matiz modal.

sinal. s. m. Xesto, movemento expresivo do brazo, man ou cabeza (Boal, Navia).

sinalar. v. Facer un sinal ás ovellas e cabras na orella.

sinar. v. Botar o millo o gran e a mazaroca (Allande).

sinceiro[1]. s. m. Fronte do forno onde se poñen as cinzas. **2.** V. cinceiro 1ª acep.

sinceiro[2], -a. adx. Auténtico, nobre.

sincento, -a. adx. Da color da cinza (Os Ozcos).

singrado, -a. adx. Dise da cousa ou asunto que promete vinganza (*Téñocha singrada!*).

singrador, -a. s. m. e f. Persoa que promete vinganza. **2.** Can que anuncia algunha morte (Coaña).

singrar. v. Prometer vinganza por algo (San Martín de Ozcos). **2.** Ladrar un can anunciando unha morte (Coaña).

singularidá. s. f. Característica rara ou extraordinaria que distingue algo ou a alguén.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

sinificancia* → significancia.

sinificar* → significar.

sino. s. m. Destino, fado. **2.** Brote da mazaroca do millo (Allande).

sinolio. s. m. Aceite que poñen os curas na fronte aos enfermos ou moribundos.

sinón* → senón.

sinor* → señor.

sinsustanza. s. m. e f. Persoa fata, parva.

sintido* → sentido[1].

sintimento* → sentimento.

sintir* → sentir.

sinvergonza. adx. Descarado.

sinxelo, -a. adx. Aplícase aos animais domésticos débiles. **2.** Sen complicación, simple. **3.** Dise da persoa ou cousas delgadas. **4.** Aplícase á persoa con pouca disposición. **5.** Dise da vaca ou boi que axudan á parella. // **Á sinxela.** Sen complicacións (San Martín de Ozcos). // **Al sinxelo.** Sen complicacións (Santalla de Ozcos). // **Andar al sinxelo.** Andar unha persoa soa por aí sen facer nada. // **Arar á sinxela.** Arar cun só par de animais (San Martín de Ozcos). // **Subir uha costa al sinxelo.** Cunha parella de bois soa, sen *bordelo*.

sinza. V. cinza.

siñalado, -a. adx. Significativo, distinguido.
siñalar. v. Marcar unha cousa para distinguila doutras (Os Ozcos).
siñardá* → señardá.
siñor* → señor.
siñoritango*, -a → señoritango.
siñorito*, -a → señorito.
sipela* → erisipela.
sípola* → erisipela.
siquera*. V. sequera.
sirena* → serena.
siringar* → xiringar.
sirís* → serín.
sirvicio* → servicio.
sirvir* → servir.
sisa. s. f. Acción e efecto de roubar.
sisal. s. m. Fibra para facer redes e cabos, forte e pouco pesada.
sisar. v. Roubar.
sisga. s. f. Cabo de cánabo, delgado e resistente, que se emprega para levar as embarcacións desde terra, tirar as redes etc.
siso. s. m. Xuízo, sensatez, sentido común.
sito. s. m. Lugar, paraxe. // **Deixar a un no (nel) *sito*.** Matalo.
situado, -a. adx. Dise da persoa que ten un bo emprego ou unha boa posición económica.
situar. v. Poñer algo nun lugar ou situación determinada. **2.** prnl. Ter alguén unha posición ou emprego que lle permite vivir máis ou menos comodamente.
so[1]. prep. Baixo de, debaixo de (Boal). **2.** Xunto a (Os Ozcos).
so![2] interx. Voz que se emprega para parar as cabalerías.
soa. V. súa (Coaña).
soá. s. f. Parte do corpo do porco que se corresponde co espiñazo e o rabo (Abres, Taramundi); solá.
soalleiro. s. m. Lugar orientado ao sur, menos frío e con sol.
soar. V. sonar 1ª acep. (Ibias, Santalla de Ozcos, Santiso de Abres, Taramundi, Allande).
soba. s. f. Tunda, zurra.
sobado. V. sudadeiro 2ª acep.
soballar. v. Mover con forza unha árbore para que caian as froitas, un home etc. (Boal).
soballón. s. m. Sacudida.
sobar. v. Palpar repetidamente a unha persoa. **2.** Adular, louvar.
sobeiro. s. m. Baixo teito do corredor, do hórreo etc. (Ibias).
sobeixo. s. m. Peixe pequeno (Coaña).
sobela. V. subela 2ª acep. (Taramundi).
sobeo. V. sobexo 3ª acep. (Navia).
sober* → subir.
soberbia. s. f. Calidade e actitude de quen se cre superior aos demais. **2.** Desprezo. // **As soberbias *nun* se van aos toxos.** Refrán que alude a que non se deben ter en conta os desprezos de certas persoas.
soberbio, -a. adx. Orgulloso, arrogante. // ***Tar mui* soberbio.** Desprezar a comida.
sobexo. s. m. Pequena cesta para coller froita. **2.** Pano que se utiliza para recoller froita como as castañas. **3.** Correa que serve para unir o xugo co carro. **4.** s. m. e adx. Sobrante (Ortigueira).
sobir* → subir.
sobocarga. V. sobrecarga.
soboga. V. saboga (El Franco, Ortigueira).
sobón, -úa. adx. Adulador.
soborcama. V. sobrecama.
soborcarga. V. sobrecarga.
sobordar. v. Quitar unha embarcación do mar (Coaña).
soborrellas. V. sobrerrellas.
sobra. s. f. Resto de algo. // **De sobra.** Con abundancia. // **Saber de sobra.** Saber de máis. // ***Tar* de sobra.** Estar de máis.
sobrado. s. m. Cuarto no piso de enriba dunha casa. **2.** Espazo alto dentro da casa ou da *corrada* onde se colocan os apeiros ou trastos. **3.** Faiado.
sobrante. s. m. e adx. O que sobra.
sobrar. v. Exceder. **2.** Haber de máis. **3.** Estar de máis. // ***Val más* que sobre que non que falte.** Refrán que alude a que é preferible a abundancia que a escaseza.
sobrasar. v. Remexer as brasas no forno cunha vara (Taramundi).
sobre[1]. prep. Indica localización espacial enriba ou encima dun obxecto ou en contacto con el ou non. **2.** Expresa valor temporal (*Marchou sobre el día dez*). **3.** Indica un movemento por encima do que recae a acción do verbo (*Cae sobre min*).
sobre[2]. s. m. Cousa que sobra.
sobrebeira. s. f. Lousa que está por encima da beira nos lousados dos hórreos e *paneras*.
sobrecama. V. colcha 1ª acep.
sobrecañas. s. f. pl. Enfermidade das patas de diante das burras (San Martín de Ozcos).
sobrecarga. s. f. Especie de cincha con gancho nun extremo e corda noutro, que se usa para asegurar a carga nas cabalerías; panal 3ª acep. **2.** Corda con cincha que se usa só para cargar sacos con albardón (Villaión).
sobrecargado, -a. adx. Dise do que leva exceso de carga.
sobrecella. s. f. Conduto de madeira do muíño que leva a fariña desde as moas

até o *pilón* (Eilao). **2.** Conxunto de pelo por encima dos ollos, cella.
sobrecello. s. m. Espazo que hai entre as cellas.
sobrecelludo, -a. adx. Con moito pelo nas cellas.
sobrecena. s. f. Segunda cea, que se fai despois de dúas ou tres horas despois de cear.
Obs. Trátase dun castelanismo.
sobrecenar. V. sobreciar (Seares).
Obs. Trátase dun castelanismo.
sobrecexa. V. sobrecello. **2.** V. sobrecella 2ª acep.
Obs. Trátase dun castelanismo.
sobreciar. v. Tomar algo despois de cear (Serandías, Boal).
sobredella. s. f. No muíño, peza de ferro que une o *fuselo* á pedra de enriba (San Martín de Ozcos).
sobredente. s. m. Dente que nace por enriba doutro.
sobrelliño. s. m. Táboa que nos hórreos vai por encima das *padias* (Serandías).
sobrellombado. s. m. Medida para certos froitos como abelás, patacas, castañas etc. **2.** adx. Cheo un caixón, un cesto etc., seguindo unha medida determinada.
sobremao. s. m. Gangrena parcial de certos tecidos da ranilla dos pezuños das cabalerías (San Martín de Ozcos).
sobremango. s. m. Forza e maña con que un traballador manexa unha ferramenta con mango. **2.** Brazo do que traballa cunha ferramenta con mango. **3.** Forza que ten unha persoa que leva unha vara para dar xostradas.
sobreplomar. v. Inclinarse unha parede para fóra ao facela.
sobrepoer. V. sobrepoñer.
sobrepoñer. v. Colocar unha cousa por enriba doutra. **2.** prnl. Superar unha situación difícil.
sobreporta. s. f. Peza alongada e labrada, que fai de lintel da porta.
sobrepresa. s. f. Ramal que sae dunha presa xeral e reparte a auga con pequenas canles (Allande).
sobrepuer. V. sobrepoñer.
sobrepuxado, -a. adx. Pasado, superado.
sobrepuxar. v. Superar unha cousa ou persoa a outra na liña ou calidade que se expresa.
sobrequilla. s. f. Peza ou conxunto de pezas de madeira ou ferro que van desde a popa á proa dunha embarcación, reforzando as cadernas e a quilla.
sobrerella. V. sobredella.
sobrerrellas. s. f. Pezas de ferro metidas nas rodas do carro na unión das cambas co *miolo* (O Viñal).
sobresaliente. adx. Aplícase á persoa pouco humilde. **2.** Que sobresae.
sobresalir. v. Destacar. **2.** Ter algo unha disposición máis destacada que o resto (*Esas louxas sobresalen un pouco*).
sobresalto. s. m. Susto.
sobretarde. s. f. No anoitecer.
sobrevigo. s. m. Viga pequena do cabazo ou do hórreo que está no interior do lousado.
sobrexugo. s. m. Argola por onde pasa o temón do arado no xugo. **2.** Correa de corda que suxeita o arado ao xugo.
sobrín, -ía, -iña. s. m. e f. Fillo dun irmán ou irmá. **2.** Cuarto dedo da man, que é o que normalmente leva o anel.
sobro* → sobre.
sobro (de). loc. Abondo.
sobrocama* → sobrecama.
sobrocañas* → sobrecañas.
sobrocarga* → sobrecarga.
sobrocena* → sobrecena.
sobrocenar* → sobrecenar.
sobrocexa* → sobrecella 2ª acep.
sobrodella* → sobredella.
sobromango* → sobremango 1ª, 2ª e 3ª acep.
sobromau* → sobremao.
sobronal. s. m. Encargo que trae un vendedor ambulante, ademais da súa propia carga (Os Ozcos). **2.** O que se bota ás cabalerías despois de cargadas (San Martín de Ozcos).
sobropoñer* → sobrepoñer.
sobrorella* → sobrerella.
sobrosaliente* → sobresaliente.
sobrosalir* → sobresalir.
sobrosalto* → sobresalto.
sobrotarde* → sobretarde.
sobrozo. s. m. Dobrez avultada de parte dunha tea. **2.** Costura mal feita nunha peza de roupa ou nun escarpín. **3.** Parte que sobresae nun metal por onde foi soldado.
sobrucexa* → sobrecella 2ª acep.
socaire (al). loc. Ao abrigo.
socala. s. f. Corda delgada da liña dunha cacea. **2.** Corda moi fina que está unida á corda delgada da liña dunha cacea.
socale. V. línea 4ª acep. (As Figueiras). **2.** Corda ou fío de calquera tipo que se botan a auga para pescar (As Figueiras).
socalilla. s. f. Cabo moi fino que está unido á *socala* fina na liña dunha cacea.
Obs. Trátase dun castelanismo.
socaliña. s. f. Artimaña para conseguir algo difícil (Santiso de Abres).
socate (de). loc. adv. De improviso, de repente (Boal, Coaña, Allande). // **Chegar de *socate*.** Sen avisar (Ortigueira). //

Coller de *socate*. Coller desprevido a alguén (Ortigueira).

socavar. v. Escavar algo por debaixo.

sociedá. s. f. Conxunto de individuos que teñen unha relación duradeira e organizada.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

socio, -a. s. m. e f. Persoa que se asocia con outra para constituír unha asociación ou empresa.

socollazo. V. tirón 5ª acep. (Ortigueira).

socoloiro. s. m. Pau ou ferramenta que apoiado nun ombro e pasándoo por detrás da cabeza serve para axudar a soportar o peso que se leva no ombro oposto.

sofocación* → sufocación.

sofocarse* → sufocarse.

sofraxe. V. sufraxe 1ª acep. (A Veiga).

sofreira. s. f. Árbore perennifolia da familia das fagáceas, duns dez a quince metros de altura, coa copa ancha e o tronco e as ramas cubertos dunha grosa capa de cortiza. As follas son de forma variable, enteiras e dentadas, de color verde escura por un lado e tirando a branca polo outro. O froito é a landra (*lande*). No Eo-Navia forma pequenas manchas en Boxo (Allande), Seira (Negueira de Muñiz), Río de Porcos (Ibias), Zadamoño, Santo Estevo (Eilao), Tamagordas, Vallías, Pelorde, Vilarpedre, Is, A Solá, Vilamañe, Soutelo etc. (*Quercus suber*). // ***Sofreira* brancal.** A que produce unha cortiza máis maciza. // ***Sofreira moural*.** A que produce unha cortiza máis porosa.

sofrido*, -a → sufrido.

sofrimento* → sufrimento.

sofrir* → sufrir.

sofrito. s. m. Alimento que se fritiu ou que está fritido só superficialmente.

sofronada. s. f. Rifa, reprensión.

sofronazo. s. m. Reacción de enfado. **2.** Contestación brusca.

soga. s. f. Correa, normalmente de coiro, con que se ata o xugo e as *molidas* á cornamenta de vacas e bois (Os Ozcos, El Franco, Tapia de Casarego, Castropol). **2.** Corda forte. **3.** Listura, astucia (Eilao).

sogro, -a. s. m. e f. Os pais da esposa en relación co home ou os pais do home con relación á muller.

soguelleiro. s. m. Persoa que facía cordas; cordeleiro.

soira. s. f. Calor sufocante que non permite nin respirar ben (Villaión); souria 3ª acep.

sol. s. m. Estrela principal do noso sistema planetario, arredor do que xiran os demais planetas deste sistema. **2.** Calor e luz que proporciona esta estrela. // **Pasarlle el sol *polla* porta.** Pasar a idade de facer algo como casar (Boal). // **Sol da porta *nun calenta*.** Refrán que explica que antigamente nas casas tradicionais o sol que entraba pola porta non daba moita calor. **2.** Figuradamente alude a que nos parecen mellores sempre as cousas que veñen de lonxe. // **Sol das vellas.** Cando o sol vai desaparecendo pola tarde e xa hai pouca luz. // **Sol madrugador, muller zalameira i home cortés, cargue el demo cos tres.** Refrán que explica que hai que desconfiar dos tres casos. // **Sol que *muito* madruga, pouco dura.** Refrán meteorolóxico. // **Vai el sol alto.** Está o sol no mediodía. // ***Val más lo* que el sol deixa que *lo* que el *augua trai*.** Refrán meteorolóxico relativo ás colleitas no que o sol se considera máis nocivo que a auga. // **Xa me pasou el sol pola porta.** Dito que alude que xa é tarde para lamentarse por unha cousa que non se fixo.

sola. s. f. Peza de coiro que se coloca na parte inferior do calzado.

solá. s. f. Espiñazo dos cochos, normalmente salgado; soá.

solado. s. m. Ladeira con sol, orientada ao sur ou leste.

solamente. adv. Unicamente.

solamentre* → solamente.

solano, -a. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Oumente (Ibias). **2.** s. m. e f. Lugar onde dá moito o sol. **3.** s. f. Corredor da casa que lle dá o sol. **4.** s. f. Parte da casa orientada ao sur onde dá o sol. **5.** Pequena sala dunha casa, adxacente a unha habitación (Allande).

solapa. s. f. Dobrez que teñen certas pezas de vestir no peito.

solarega. s. f. Pedra na entrada da porta ou da ventá. **2.** Pedra sobre a que se asenta un trobo (Eilao, Allande, Villaión). **3.** Lousa ampla e rectangular que constitúe a entrada do forno. **4.** Pedra grande que antigamente servía de lareira nas cociñas. **5.** V. soleira 5ª acep.

solarego, -a. adx. Orixinario, nativo. **2.** Nobiliario. **3.** Que lle dá moito o sol.

solasmentes* → solamente.

solasmentres* → solamente.

solazo. s. m. Sol forte que quenta moito. **2.** Insolación.

solda. s. f. Remendo nas latas (Os Ozcos). **2.** Carbuncho, enfermidade infecciosa do gando caracterizada por botar moitas

babas e incharse a lingua (Santalla de Ozcos).

soldada. s. f. Soldo, salario. **2.** V. quiñón 4ª acep.

soldadíos. s. m. pl. Herba da familia das boraxináceas, de trinta a oitenta centímetros de altura, con pelos ríxidos e talo erecto, follas lanceoladas, flores primeiro rosadas e despois azuis ou moradas, e froito seco (*Echium vulgare*).

soldado. s. m. Personaxe das máscaras en El Valledor (Allande). **2.** Personaxe dos *Reises* do concello de Ibias, caracterizado por levar bigote, perilla, patillas mouras, roupa de militar, escopeta e sabre. **3.** Militar sen graduación. **4.** Bolboreta de color negra, con antenas longas e características manchas vermellas, normalmente en número de cinco, que lle dan un aspecto moi vistoso (*Zyganea sp.*), (El Franco, Tapia de Casarego).

soldadura. s. f. Acción e resultado de soldar. // **Soldadura á calda.** Soldadura que se facía nos mazos con moita calor para unir dúas pezas.

soldar. v. Nun mazo, unir dúas pezas metálicas; caldar.

soledá. s. f. Falta de compaña.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

sóledo*, -a → sólido.

soleado, -a. adx. Que lle dá o sol.

soleira. s. f. Lousa que separa o trobo do terreo para evitar a humidade. **2.** Pedra chá ou madeira que había nas portas contraria ao cargadeiro. **3.** Lousa que se pon nos cabazos para que non entren os ratos (A Veiga); rateira. **4.** Parte da ventá da casa tradicional consistente nunha pequena pedra que vai debaixo dos *mandís* e onde ás veces se colocan os trobos. **5.** Pedra chá e algo inclinada pola parte de atrás onde se poñen os *bólos*. **6.** Lousa que se pon nos hórreos para que non suban os ratos (Morlongo, Ibias); rateira, tondia. **7.** V. solarega 1ª acep. **8.** Conxunto de pedras que serven de chumbada á unha rede (Boal). **9.** Parte de baixo do marco dunha ventá. **10.** Primeira pedra da porta dun forno. **11.** Peza de madeira que serve de base ao cepo da incre nun mazo. **12.** Cada unha das vigas paralelas dispostas lonxitudinalmente enriba do muro exterior do banzado dun mazo. **13.** Madeira cravada no chan que serve de apoio ao puntal na construción dunha embarcación (As Figueiras).

soleiro. s. m. Terreo que lle dá moito o sol. **2.** Conxunto de paus e ramas que serven de base aos palleiros (Allande).

solellar. v. Poñer algo ao sol (Allande). **2.** Orientarse as abellas novas (Allande).

solelleira. s. f. Espazo de tempo no que se ten unha cousa ao sol.

solelleiro. s. m. e adx. Pequeno espazo de sol nun día chuvioso ou nubrado; caldelo. **2.** Dise do lugar iluminado e quente polo sol; soalleiro. // **Faltar un *solelleiro*.** Non ser moi listo.

solellón. s. m. Momento do mediodía cando dá moito o sol.

solemnidá. s. f. Acto celebrado con pompa.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

solenidá* → solemnidá.

soleta. adx. Dise da persoa descarada, con pouca vergonza (Castropol).

soletrear. v. Descifrar. **2.** Deletrear.

soletriar. V. soletrear.

solidaridá. s. f. Acto e resultado de ser solidario. **2.** Relación de axuda entre persoas por unha comunidade de intereses e obrigacións.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

sólido, -a. adx. Que ten consistencia.

solfa. s. f. Instrumento musical de vento formado por unha serie de palletas libres, colocadas en pequenos condutos dentro dunha caixa con abertura; harmónica.

solfatar* → sulfatar.

solfiar. v. Cantar marcando o compás e pronunciando os nomes das notas (El Franco).

soliazo. s. m. Espazo de tempo no que fai moito sol. **2.** Insolación; solazo 2ª acep.

solilleiro. V. solelleiro 2ª acep.

solín. s. m. Corda ou pau que serve para xuntar dúas xugadas no mesmo carro. **2.** Diminutivo de sol. // ***Solín* (de sol) *madruguín*, muller que *sepa* latín (llatín) e (i) mula que faga (diga) ín nunca che traerán *bon* fin (libre *Dios* a nós i a noso *vecín*).** Refrán que recrimina ás mulleres que perden o seu tempo en asuntos que non lles corresponde (Santiso de Abres).

solingua. s. f. Enfermidade do gando vacún caracterizada pola aparición dunha vexiga de color amarela escura debaixo da lingua, con inchazón dos ollos, da lingua e da natura, facendo tremer e suar á res (Os Ozcos).

soliño, -a. adx. Diminutivo de *solo* (Santalla de Ozcos).

solitaria. s. f. Especie de dengue branco, de lenzo caseiro (Boal, Eilao). **2.** Verme parasito, platihelminto, da familia dos ténidos, coa cabeza do tamaño dun

alfinete con catro ventosas circulares e corpo longo con forma de cinta, composto por moitos aneis e unha serie de segmentos (*Taenia solium*). // **Parece que ten a solitaria.** Dise da persoa que ten ganas de comer continuamente.

solitario. s. m. Xogo de cartas que executa unha soa persoa. **2.** adx. Que está ou vive só. **3.** Que non está habitado. // ***Fer* un solitario.** Masturbarse o home.

solla. s. f. Peixe osteíctio, da familia dos pleuronéctidos, que chega alcanzar até os cincuenta centímetros de lonxitude, con corpo chan, ollos no lado dereito, liña lateral case recta e unha serie de formacións óseas no centro da cabeza. O lado dos ollos e as aletas presentan manchas redondas vermellas e o lado cego é branco e azulado. É comestible e ten certo parecido co linguado (*Pleuronectes platessa*), (As Figueiras, Navia, Tapia de Casarego, El Franco, Ortigueira). **2.** Peixe osteíctio pleuronectiforme, da familia dos pleuronéctidos, que alcanza os corenta centímetros de lonxitude, coa pel engurrada, ollos situados normalmente no lado dereito. O lado ocular é apardazado, verdeal ou tirando a amarelo con manchas pálidas tirando a laranxa. A súa carne é moi apreciada (*Platichthys flesus*), (As Figueiras, A Veiga, El Franco, Ortigueira). **3.** V. tapaconas (Tapia de Casarego, El Franco). **4.** Peixe osteíctio, da familia dos pleuronéctidos, que pode acadar unha lonxitude de quince centímetros, co corpo oval, boca grande, ollos no lado esquerdo, aleta dorsal única e cola redondeada. A súa coloración é apardazada con manchas polo corpo e polas aletas (*Phrynorhombus unimaculatus*), (Tapia de Casarego). // **Solla *areneira*.** V. solla 4ª acep. (As Figueiras). // **Solla de ría.** V. solla 2ª acep. (As Figueiras).

sollado. s. m. Piso de madeira ou outro material dun cuarto, unha sala, un faiado etc. **2.** Chan. **3.** Sobrado. **4.** adx. Dise do carro que está ben tillado (Allande). **5.** adx. Dise cando o chan dun espazo está cheo de algo en abundancia (*El souto taba sollado de castañas*).

sollar[1]. v. Poñer o piso de madeira a un cuarto da casa, ao faiado, a un parreiro etc. **2.** Poñer un piso de lousa a unha construción (Santalla de Ozcos). **3.** Tillar.

sollar[2]. v. Botar o *sollo* (Santalla de Ozcos). **2.** Encher unha cousa de algo (*Sollaba el lavabo de pelos xa que lle cai muito al ducharse*), (Coaña).

sollarego. adx. e s. Alcume popular dos habitantes de Alguerdo (Ibias), debido a que esta localidade ten moito sol.

solleira. V. estiada.

solletriar. V. soletrear.

sollío, -a. adx. Dise do lado que lle dá o sol (Santalla de Ozcos).

sollo[1]. s. m. Chan de madeira nalgunhas construcións; sollado. **2.** Chan ou piso do carro (Abres, San Martín de Ozcos, Taramundi). **3.** Piso do hórreo (Vilanova de Ozcos).

sollo[2]. s. m. Ferida producida nun animal pola trabada dun lobo ou doutro animal salvaxe, que na medicina tradicional se curaba botando ouriños nas chagas (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).

sollo[3]. s. m. Peixe osteíctio pleuronectiforme, da familia dos escoftálmidos, semellante ao rodaballo, que mide até setenta centímetros de lonxitude. O seu corpo está cuberto de escamas sen tubérculos óseos, e ten os raios anteriores da aleta dorsal moi ramificados. Os ollos están no lado esquerdo. É de color parda agrisada con pequenas manchas máis ou menos escuras (*Scophthalmus rhombus*), (As Figueiras, Tapia de Casarego).

sollombo. V. solombo.

solmenar. v. Zurrar, pegar. **2.** Golpear de repente. **3.** Sacudir.

solo, -a. adx. Sen compaña, solitario. **2.** Único. **3.** adv. Soamente. // **Máis vale *tar solo*, que mal acompañado.** Refrán que alude a que é preferible a soidade a unha mala compañía. // **Ser *solo*.** Ser fillo único. **2.** Non ter ningún parente. **2.** Non ter compaña.

solombo. s. m. Lombo do cocho adobado. **2.** Lombo baixo do gando vacún entre as costelas e o lombo propiamente dito (Os Ozcos). **3.** Lombo do cocho (Allande).

solombra. s. f. Imaxe escura que proxecta un obxecto, unha persoa, un animal etc., que se interpoñen nos raios de luz. **2.** Escuridade que forman as árbores por debaixo das súas ramas. **3.** Escuridade, falta de luz.

solomo. V. solombo (Boal).
Obs. Trátase dun castelanismo.

solta. s. f. Cadea ou táboa de corda ou de pau que se coloca atando as patas dun animal para que non escape. **2.** Conxunto de dous estrobos que se facían con viortos retortos, longos e que se dobraban no medio, servindo de enganche ao xugo (Abres, Santiso de

Abres). **3.** Liberdade, confianza (*Hoi a xuventú ten muita solta*).

soltar. v. Ceibar algo que estaba atado, liberar. **2.** Dar (*Soltoulle uha cachetada*). **3.** Difundir unha noticia, un comportamento etc., de algo ou alguén. **4.** Deixar o traballo para xantar ou porque rematou a xornada (Tapia de Casarego, Navia). **5.** Quitar o xato de xeito transitorio á vaca para que este deixe de mamar (Os Ozcos). **6.** prnl. Conseguir axiña axilidade para algo (*Soltouse a falar*). // **Soltar os cabos da terra.** Deixar as obrigacións, o traballo, as cousas materiais etc. (Tapia de Casarego). // **Soltarse + a + infinitivo.** Perífrase verbal que expresa comezo dunha acción (*Soltouse a cantar*).

solteiría. s. f. Estado de solteiro.

solteiro, -a. adx. e s. Persoa que non casou nunca. **2.** Persoa que aínda non casou. // **A solteiro i a crego *nun* lles choran nenos.** Refrán que alude aos que non teñen nenos (Villaión). // **Al solteiro, *naide* lle pon cornos.** Refrán que alude ao que o solteiro é libre de facer o que quere.

solteirón, -úa, -a. adx. e s. m. e f. Dise da persoa solteira de idade madura.

solto, -a. adx. Libre. **2.** Desatado. **3.** Áxil. **4.** Pouco compacto, case líquido. **5.** Sen parella. **6.** adx. e s. Cartos en moeda fraccionaria. **7.** Dise do baile no que as parellas non se moven collidas. // (**El) boi solto, ben se lambe (*llambe*).** Refrán que alude á liberdade como aspecto apreciable ou á persoa solteira que non ten compromisos por non estar casada. **2.** Refírese á persoa que non serve a ninguén e fai o que quere sen ter que depender dos demais.

soltura. s. f. Calidade de quen se desenvolve ben, de quen actúa ou fala con moita facilidade.

soluciar. v. Arrotar (Vilanova de Ozcos). **2.** Ter impo (San Martín de Ozcos).

solucio. s. m. Impo (San Martín de Ozcos).

solución. s. f. Remedio.

soma. s. f. Lado do rego. // **Á soma.** Xeito polo que a parella de bois ou vacas fai un suco ao arar a terra.

somanta. s. f. Zurra, malleira.

somar. v. Levar as vacas ou os bois ao arar polo lado do rego.

sombreirada. s. f. Golpe dado cun sombreiro.

sombreireiro. s. m. Persoa que facía ou vendía sombreiros.

sombreiro. s. m. Peza de roupa para cubrir a cabeza, composta por copa e ala, que pode ser de distintas formas; chapelo, capelo. // **Sombreiro de *colobra*.** Nome común dos fungos do xénero *Morchella*, con corpo constituído por un pé branco, con grans e oco, que teñen un sombreiro alveolado que recorda ás celas dun trobo. // **Sombreiro de palla.** Sombreiro que levaba a muller ou o home (este con menos frecuencia) nos días de traballo. // **Sombreiro *pallarés*.** Sombreiro de palla. // **Sombreiro de sapo.** Cogomelo (Eilao, Ibias, Grandas de Salime, San Martín de Ozcos).

sombrilla. s. m. Utensilio en forma de paraugas que serve para protexerse do sol.
Obs. Trátase dun castelanismo.

sombrizo, -a. adx. Que lle dá a sombra.

someiramente. adv. Con disimulo.

someiro, -a. adx. Aplícase á persoa silenciosa ou astuta. **2.** Acovardado. **3.** Dise da persoa que fai cousas sen dicir nada a ninguén. // **Andar *mui someiro*.** Estar calado, acovardado, normalmente despois de recibir unha reprimenda ou un escarmento (As Figueiras).

someirín. V. someiro 1ª acep.

somellar* → asemellar.

somenar. v. Golpear. **2.** Dar couces. **3.** Soltar (Navia).

somentar. v. Pegar, golpear.

somentar* → sementar.

somente* → semente.

somenteira* → sementeira.

someñado*, -a → asemeñado.

someñanza* → semexanza.

someñar* → asemeñar.

someter. v. Meter a roupa da cama entre o colchón e o somier, ou unha saba entre o colchón e unha manta. **2.** Pegar (Allande).

somier. s. m. *Bastidor* flexible metálico sobre o que se colocan os colchóns.

somorgullar. v. Tirarse a nadar de cabeza; semergullar.

somorgullo. s. m. Acto de andar por debaixo da auga (Santalla de Ozcos). // **De somorgullo.** Por debaixo da auga.

somulir. V. semulir 4ª acep.

somullir. V. semulir 1ª acep.

son. s. m. Sensación acústica producida polo movemento vibratorio dos corpos. **2.** Nota ou aire musical. **3.** Dirección, sentido. **4.** Estilo (*Con outro son*). **5.** Cantar (Tapia de Casarego, Villaión). **6.** Ritmo, movemento (*Dalgún coel mallo perdía el son*), (El Franco). **7.** Xeito, razón. // **A (al) son (de).** loc. Xunto con, en compaña de. **2.** Xunto a (*Al son das casas*). **3.** A continuación unhas cousas

doutras. **4.** Ao amparo de (Tapia de Casarego). **5.** Ao mesmo tempo que. // **A que son?** Con que motivo? // ***Teis* un *bon* son.** Repetir sempre o mesmo (As Figueiras). // **Volverse al son de.** Actuar igual que outra persoa, crendo polos demais que se fai dunha forma non axeitada (Boal).

sonada. s. f. Sesta de pouca duración. **2.** Acción de moita resonancia.

sonadía. s. f. Fama.

sonado, -a. adx. O que tivo moita relevancia. **2.** Famoso.

sonagar. v. Meter un obxecto debaixo da auga (Serandías).

sonar. v. Producir un son ou un ruído. **2.** Recordar algo ou a alguén. **3.** Limpar os mocos. **4.** Oírse, facer ruído (*El avolo de noite sonaba roncar*). **5.** prnl. Limpar os mocos un mesmo. // ***Lo* que *sía* xa *sonará*.** Refrán que alude a que non hai que preocuparse das cousas futuras que xa estas acontecerán.
Obs. Trátase dun castelanismo.

sonaxeiro. s. m. Xoguete de nenos que consiste nun aparello que fai ruído cando se abala por ter varias bólas dentro e que serve para durmilos ou entretelos.
Obs. Trátase dun castelanismo.

sonda. s. f. Instrumento para medir a profundidade do mar ou detectar a pesca.

sondar. v. Medir a profundidade da auga e determinar a natureza do fondo cunha sonda.

sonido. s. m. Sensación acústica producida polo movemento vibratorio dos corpos. **2.** Emisión de voz.
Obs. Trátase dun castelanismo.

soniquete. s. m. Xeito especial de dicir varias palabras en conxunto, nas que se advirte certo desprezo ou ironía (*Vén co soniquete de sempre*), (Taramundi).

sono. s. m. Necesidade ou gana de durmir. **2.** Acto de durmir. // **Coel mal doutro todo el mundo *durme* un sono.** Refrán que denota a indiferenza que se sente por algo que non nos afecta directamente.

sonrir. v. Rir con moderación.

sonsacar. v. Conseguir con maña que unha persoa diga ou descubra o que sabe e tiña en segredo.

sonso, -a. adx. Aplícase á persoa sen graza, inactivo.

soñar. v. Desexar moito facer algunhas cousas nun futuro, facerse ilusións. **2.** Ter soños. // **Quen ten a roña, sempre a soña.** Refrán que recomenda non ter zuna ou envexa de alguén sen razón ningunha.

soño. s. m. Desexo, esperanza. **2.** Imaxe ou pensamento que aparece cando se soña. **3.** Castaña que non se desenvolveu e só ten a casca.

sopa. s. f. Alimento ou prato composto de caldo con algunha substancia sólida. **2.** Cacho de pan empapado nun líquido. **3.** pl. Rebandas de pan que se cortan para botalas no caldo ou noutro alimento líquido. // **Caer (*caier*) a sopa no (nel) mel.** Enfastiarse un plan a alguén. **2.** Estarlle ben empregado algo a un. **3.** Acontecer a unha persoa o que tanto criticou aos demais. // **Comer sopas i sorber, *nun* pode ser.** Refrán que alude a que non se poden realizar dúas cousas á vez. **2.** Nun sentido figurado, refírese a que é recomendable non comprometerse en realizar cousas simultaneamente. // **Feito (feita) unha sopa.** Estar mollado. // **Nunha (nuha) sopa.** Moi mollado. // ***Tar* nuha sopa.** Estar mollado.

sopapo. s. m. Golpe dado na cara coa man aberta.

sopeira. s. f. Gran conco de madeira con paredes moi abertas e con tapa, usada para levar a sopa á mesa. As máis modernas son de louza.

sopeiro, -a. adx. Aplícase ao que lle gusta tomar sopa. **2.** Dise da persoa ou animal que comen pero non traballan.

sopeneirar. v. Dar golpes o xato co fociño no remollo da vaca para que lle dea máis leite (Villaión).

sopesar. v. Erguer unha cousa para ver o peso que ten.

sopetón (de). loc. Repentinamente, de repente.

sopexar. V. soupexar.

soplar* → soprar.

soplete* → soprete.

soplida* → soprida.

soplido* → soprido.

soplo* → sopro.

soplón* → soprón.

sopoñer* → supoñer.

soportal. s. m. Espazo cuberto que algúns edificios teñen nas fachadas.

soporte. s. m. Peza do torno que sostén a *intachada* e o *pao de atrás*. **2.** Peza do torno encaixada en dúas *bases* e próxima á *forqueta*.

soprar. v. Botar aire pola boca estreitando os beizos e facendo forza. **2.** Correr o vento. **3.** Beber moito. **4.** Apartar unha cousa cun sopro.

soprete. s. m. Tubo delgado da gaita, cunha válvula na base polo que se sopra até encher o fol de aire. **2.** Instrumento para fundir, cortar, soldar, botar gas etc.

soprida. V. soprido.
soprido. s. m. Acción e efecto de soprar.
sopro. s. m. Acción e resultado de soprar. // **Nun sopro.** Rapidamente.
soprón. s. m. Tubo de madeira sen nada por dentro que se usaba para soprar o lume.
soprón, -úa. adx. Persoa que acusa ou delata de xeito secreto.
sorba. V. escornaprudo (Taramundi, Santalla de Ozcos). **2.** Froito desta árbore (Taramundi, Santiso de Abres).
sorbeira. V. escornaprudo (Os Ozcos).
sorber. v. Beber aspirando.
sorbo. s. m. Trago. **2.** Cantidade pequena que se sorbe dunha vez.
sorellada. s. f. Golpe dado coa man na cara, nas orellas ou no cocote; sourellada 1ª acep.
sorellar. v. Golpearse no cocote (Castropol).
sorna. s. f. Retranca, ironía.
sornar. v. Absorber os propios mocos.
sorneón, -a. adx. Aplícase á persoa que fala polos narices.
sornia. adx. Aplícase á persoa que fai trasnadas sen que os demais se enteren. **2.** s. f. Burla.
sorniar. v. Presentir algo; barruntar.
soro. s. m. Líquido que se separa da parte coagulada do leite.
sorodo, -a. V. serodo 1ª acep.
soroso, -a. adx. e s. Alcume que se lles dá aos habitantes de Rinlo (Ribadeo).
sorpresa. s. f. Acción e resultado de sorprender. **2.** Suceso inesperado.
sorpreso, -a. adx. Dise da persoa que recibiu unha sorpresa.
sorradoiro. s. m. Pau longo que se usa para mover os tizóns (Allande).
sorrallar. v. Mover as brasas (Allande).
sorriada. s. f. Chuvia con vento.
sorte. s. f. Circunstancia favorable ou adversa que acontece a unha persoa ou unha cousa (Boal, El Franco, Tapia de Casarego). **2.** Azar. **3.** Parcela de terreo comunal que corresponde a cada veciño.
sortiar. v. Rifar, someter algo á decisión da sorte. **2.** Evitar un atranco.
sortilla. s. f. Aro metálico que se leva como adorno nos dedos.
sosega. s. f. O que se toma ao deitarse. **2.** V. sosego.
sósega. s. f. Marca na carne ou nun corpo brando que deixa unha cinta, un cordel etc.; sésega, ségiga.
sosegado, -a. adx. Tranquilo, calmado.
sosegar. v. Tranquilizar, acougar, calmar.
sosego. s. m. Tranquilidade, acougo, paz, descanso.
soseira. s. f. Tranquilidade. **2.** Falta de viveza e de graza.
soseirada. V. soseira 2ª acep.
sosmeiro, -a. adx. Que lle gusta osmar (Castropol). **2.** Tranquilo (El Franco). **3.** V. someiro 1ª, 2ª e 3ª acep. (Castropol).
sosa. s. f. Substancia química sólida, de color branca tirando a amarela, moi cáustica, que se empregaba para facer xabón.
soso, -a. adx. Sen sabor, sen sal. **2.** Aplícase á persoa con pouca graza.
Obs. Trátase dun castelanismo.
sospirar* → suspirar.
sospiro* → suspiro.
sospresa* → sorpresa.
sostar. v. Conterse, reprimirse, aturar, soportar. **2.** Resistir a calor (Santalla de Ozcos). **3.** Aguantar algo quente (San Martín de Ozcos). **4.** Aguantar algo que pesa (Castropol).
sostén. V. apretador.
soster. v. Soportar un peso, aguantar. **2.** Manter, alimentar a alguén.
sosto. s. m. Capacidade económica. **2.** Capacidade de aturar algo ou a alguén, paciencia.
sotapesca. s. m. Axudante do patrón dunha embarcación.
sotaque (de). loc. adv. De repente, de improviso; *de socate*. **2.** Sen que se entere ninguén (*Sacoula de sotaque*).
sotavento. s. m. Lado dunha embarcación oposto a aquel onde sopra o vento.
sotexo* → soutexo 1ª acep.
sotripar. v. Ter a unha persoa debaixo dos pés e pisala con rabia. **2.** Sacudir a unha persoa de xeito violento.
sotripón. V. sutripón.
sotronca. s. f. Mecanismo que serve para recuperar os anzois que quedaron suxeitos no fondo do mar (As Figueiras, Tapia de Casarego).
sou. V. seu. // **De *sou*.** Indica propiedade, tanto referido a un posuidor como a varios. **2.** Fácil (*Eso faise de sou*). **3.** Por si mesmo (*Cada un ten abondo que rascar de sou, A cousa era xa difícil de sou*). // **De *sou* e de *lou*.** Expresión que se utiliza para reforzar aínda máis que unha cousa é propiedade de alguén (Seares). // **De *sou* pé.** Dise cando unha árbore nace nun lugar de xeito natural (Os Ozcos). **2.** De xeito espontáneo (Os Ozcos). // **De *sou* por si.** Por si mesmo. // **El *sou*.** Da súa propiedade. // **En *sou*.** No del, no seu (*Fixo a casa esfoutado en sou padre*), (Boal). // **Os *sous*.** A súa familia. // **Poñerse en vida de *sou*.** Marchar da casa familiar, independizarse.

// **Por *sou*.** Por si mesmo (*Asta que cai por sou*), (Santalla de Ozcos). // **Ser moi *sou*.** Ser calado, reservado.

soupexar. v. Dar golpes co fociño o xato no ubre da vaca (Allande); sopexar.

sourellada. s. f. Golpe dado coa man aberta nas orellas. **2.** Tirón de orellas.

souria. s. f. Sol forte e molesto. **2.** Vento cálido, calor. **3.** Bochorno. // **Día de *souria*.** Día con moita calor (Castropol). **2.** Día de calor con vento seco (Castropol, San Martín de Ozcos).

sourillada* → sourellada 1ª acep.

soutar. v. Recoller do chan as castañas nos soutos. **2.** Por extensión, recoller abelás do chan.

soutear. V. soutar 1ª acep.

souteiro, -a. s. m. e f. Persoa que recollía as castañas nos soutos.

soutelo. s. m. Souto pequeno.

soutexar. V. soutar 1ª acep.

soutexo. s. m. Recollida da terra de castañas e abelás. Por dereito tradicional as castañas que tiraba o vento pola noite eran de quen pola mañá as recollía. **2.** Cantidade de castañas e abelás recollidas.

soutín. s. m. Souto pequeno.

souto. s. m. Terreo onde hai moitos castiñeiros. Podía ser particular, propio dunha casa, ou ben comunal. Os castiñeiros particulares marcábanse cunha brosa facendo cruces gregas ou de Santo André ou liñas horizontais ou cruzadas para diferencialos dos demais. **2.** Lugar de mal andar (Abres). **3.** Por extensión, lugar poboado por árbores e bouza. // **Vale *más tar* fraco nel souto que gordo na barriga doutro.** V. Vale *más tar* fraco nel souto que gordo nel *cul* doutro. // **Vale *más tar* fraco nel souto que gordo nel *cul* doutro.** Refrán que alude a que é mellor conformarse coa situación dun, que buscar outras que poden resultar ser un perigo.

soutón. s. m. Souto grande.

soxeito* → suxeito.

su. V. so[1] (*Tá su a casa*, *Tá su a ponte*), (Boal, Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos, Eilao).

súa. adx. e pron. Posesivo referido ao feminino que indica posesión respecto da terceira persoa ou de formas de cortesía da segunda. // **Cada un sabe as súas.** Cada persoa sabe o que lle ocorre. // **Das súas.** Das cousas que fai normalmente.

suado, -a. adx. Que dá moito que falar.

sualleiro. V. soalleiro.

suar. V. sonar 1ª acep. (Boal, Eilao, Tapia de Casarego, Villaión). **2.** V. sonar 2ª acep. (Tapia de Casarego, Villaión). **3.** prnl. V. sonar 4ª acep. **4.** prnl. Limpar os mocos do nariz; sonar 3ª acep. **5.** s. m. Son.

suave. adx. Brando, mol.

suavidá. s. f. Calidade de suave.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

suaxe. V. soldadíos (Santalla de Ozcos).

suba. s. f. Aumento do custe dunha cousa. **2.** Aumento do salario. **3.** Aumento do prezo dalgún produto.

subanda. V. subarda.

subarba. V. subarda. **2.** Barbadela, queixo.

subarda. s. f. Cuña inferior de madeira que se pon na cabeza do martelo do mazo para suxeitalo (Os Ozcos).

subarbo. V. subarda.

subasta. s. f. Acto público no que se vende algún produto ao mellor ofertante, como o peixe.
Obs. Trátase dun castelanismo.

subastado. s. m. Xogo de cartas que é unha variedade do tute, onde se precisa conseguir o total de puntos declarado na poxa do xogo. Estes puntos conséguense sumando o valor das cartas das bazas gañadas e o premio por gañar a última baza. O xogo consta de trinta e seis cartas (retíranse os dous de cada pau) e tres xogadores. As distintas cartas teñen cada unha un valor en puntos: o ás 11, o tres 10, o rei 4, a sota 2 e o resto cero.

subastar. v. Vender un produto ao mellor ofertante.
Obs. Trátase dun castelanismo.

subela. s. f. Instrumento do zapateiro para furar e coser (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos). **2.** Ferramenta composta dunha barra moi fina de aceiro e cun mango de madeira que empregan os ferreiros para facer uniformes os furados de argola, mango e folla, que atravesará o eixe dunha navalla.

subelo. V. subela 2ª acep. (Taramundi).

subexo. V. sobexo.

subida. s. f. Ascenso, acto de subir. **2.** Costa. **3.** V. suba.

subido, -a. adx. Elevado, aumentado (*El precio taba subido*). **2.** Dise do que vai de abaixo para arriba.

subidoira. s. f. Escaleira de pedra para acceder ao hórreo ou *panera*. Ás veces esta denominación só se circunscribe á pedra de máis arriba da escaleira que dá acceso á porta do hórreo ou *panera*.

subir. v. Ir de abaixo para arriba. **2.** Elevar, aumentar (*Subiu muito a carne*). **3.** Medrar (*Subiulle a calor*). **4.** Fermentar (Os Ozcos). **5.** Engordar.

subrasar. v. Mover as brasas para que o forno se quente todo (San Martín de Ozcos).
subrazada. s. f. Brazada (Santalla de Ozcos).
subrín*, -ía → sobrín.
subsidio. s. m. Axuda económica oficial para determinadas situacións: vellez, xubilación, paro etc.
suca. s. f. Tecido groso feito de liño e tapado con la (Santalla de Ozcos).
sucada. s. f. Suco que se fai facendo coa aixada ao cavar.
sucar. v. Facer sucos co arado na terra.
sucate* (de) → socate (de).
sucavar. V. socavar.
suchapa (de). loc. De improviso, de repente (Ibias).
suciedá. s. f. Calidade de sucio.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
sucio, -a. adx. Porco, manchado. **2.** Que se mancha con facilidade. **3.** Maleducado. **4.** Obsceno, impúdico. // **Ser sucio como un *gocho*.** Ser moi sucio.
suco. s. m. Rego que fai o arado na terra. **2.** Porción máis alta que queda entre os regos. **3.** Lindeiro. **4.** Marco dunha leira. **5.** Montón de herba que vai deixando o segador detrás del. // **A sucos.** Xeito de sementar en cachos de terra marcados cun *garrucho*, abrindo os regos cunha parella de animais, limpándoos varias persoas que van detrás e que estenden a terra dos sucos (El Franco).
suco! interx. Voz que se emprega para chamar os cabritos (El Franco).
sucre. V. azucre (San Martín de Ozcos).
sucro* → suco.
sudada. s. f. Acción e efecto de suar.
sudadeiro. s. m. Lenzo con que se limpa a suor. **2.** Manta pequena que se pon ás cabalerías debaixo da sela.
sudador. V. sudadeiro 2ª acep. (San Martín de Ozcos).
sudar. v. Botar suor polos poros da pel. **2.** Esforzarse por conseguir algo. // **El que outro *suda*, a min pouco me dura.** Refrán que alude a que a roupa usada dura pouco. **2.** Refírese, nun sentido figurado, á recomendación de traballar para manter o que foi herdado. // ***Sudar* a camisa.** Traballar forte.
sudoeste. V. vendaval. **2.** Punto do horizonte situado entre o sur e o oeste.
sudor. s. m. Líquido que segregan as glándulas da pel, que sae ao exterior a través dos poros, especialmente cando vai calor ou cansazo, se mete medo, se fai un forte esforzo físico, se ten febre etc.
sudueste. V. sudoeste 2ª acep.
sueldo. s. m. Salario, cantidade de cartos que se reciben por un traballo.
Obs. Trátase dun castelanismo.
suelo. s. m. Pezuño.
Obs. Trátase dun castelanismo.
suerte* → sorte.
suesta. s. f. Pucho de roupa usado polos mariñeiros para protexerse da auga (Ortigueira).
sueste. s. m. Vento que vén do sur e do leste. **2.** Punto do horizonte situado entre o sur e o leste. **3.** V. suesta.
sufica. s. f. Pau ou viga que serve para poñer puntais a algo; puntal 1ª acep. (Santalla de Ozcos).
suficar. v. Poñer puntais a algo, soster (San Martín de Ozcos).
suficiente. adx. Que basta. **2.** Pedante, arrogante.
sufícón. s. m. Pau grande que serve para poñer puntais a algo (San Martín de Ozcos).
sufocación. s. f. Asfixia, dificultade de respirar.
sufocarse. v. prnl. Dificultar a respiración. **2.** Fatigarse.
sufraxe. s. f. Baixo ventre da muller. **2.** Nos animais, parte do ventre próxima ao ubre. **3.** Parte oposta ao xeonllo. **4.** Punto de unión das coxas co ventre; ingua.
sufre* → azufre.
sufreira. V. sofreira.
sufreiro. V. sofreira.
sufrideira. s. f. Nunha forxa, peza de metal ou arandela para facerlle ao ferro un furado ou as curvaturas das *virolas* nas navallas, que se coloca sobre a incre ou cravándoa no banco de traballo para facer firme.
sufrido, -a. adx. Que padece.
sufrimento. s. m. Acción e resultado de sufrir. **2.** Dolor.
sufrir. v. Experimentar dolores físicas ou morais. **2.** Soportar, padecer (*Non se sufría de fóra el cheiror*).
sufrito* → sofrito.
sugueiro. s. m. Argola do arado que serve para atar a corda que suxeita as vacas (Taramundi).
sulagar. V. asolagar 3ª acep.
sulano* → solano 2ª acep.
suleira* → soleira 10ª acep.
sulengua* → solingua.
sulingua. V. solingua.
sulfatadora. s. f. Máquina para tratar as plantas con sulfato.
sulfatar. v. Tratar as plantas con sulfato.

sulfato. s. m. Sal ou éter de ácido sulfúrico empregado na agricultura, industria etc.
sulfuroso, -a. adx. Enfadado, enfurecido.
sullagar. v. Mergullar na auga (Coaña, El Franco).
sulombo* → solombo 1ª acep.
sultoxo. V. sutoxo (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).
sumeiro*, -a → someiro.
sumeirín* → someirín.
sumelgo, -a. adx. Dise da persoa astuta, traidora, falsa (Os Ozcos).
sumentar* → sementar.
sumicio. s. m. Ser mitolóxico, especie de trasno invisible, que fai desaparecer as cousas ou afecta a saúde de persoas e animais (*Entroulle el sumicio*). **2.** V. sumideiro. **3.** Gasto elevado (*Esto é un sumicio de dieiro*). **4.** Lugar onde desaparece algo. **5.** Desaparición. // ***Comeulo* el sumicio.** Que unha persoa desapareceu da vista.
sumideiro. s. m. Abertura por onde vai ou se introduce un líquido. **2.** Abertura dunha presa por onde escapa a auga.
sumier* → somier.
sumido, -a. adx. Debilitado, desmellorado.
suministro. s. m. Conxunto de cousas que son precisas para algo, como os víveres.
sumir. v. Irse a auga baixo a terra. **2.** prnl. Debilitarse, aflixirse. **3.** prnl. Secar unha planta. **4.** prnl. Desaparecer sen deixar rastro. **5.** prnl. Enfraquecer, volverse delgado.
sumiso, -a. adx. Débil, tranquilo, fácil de dominar.
sumulir. v. *Mulir* co propio estrume que o gando ten na cama; semulir 1ª acep. **2.** V. semulir 3ª acep. (San Martín de Ozcos).
sumullir. V. sumulir 1ª acep. **2.** Sacudir o colchón, a almofada etc. (*Sumúllame a almoada que tá dura*).
sumurgullo. s. m. Ave acuática da familia dos podicipítidos, de peteiro agudo, pescozo erguido e dedos lobulados. Mal voador, pero excelente nadador e mergullador. Presenta diversas colores como o gris pálido, o negro, castaño vivo, pardo agrisado, branco e amarelo, dependendo da estación ou da especie (*Podiceps sp.*). **2.** Acto ou efecto de somerxerse.
sumurmullo (al). loc. Ás escondidas, en segredo.
sunoconicio. s. m. Persoa que lle gusta moito dirixir ou gobernar.
supalado, -a. adx. Erguido (*Debe ter a reiz algo supalada*), (San Martín de Ozcos).
supalar. v. Erguer. **2.** Alcanzar algunha cousa a unha persoa que está enferma na cama e non se pode mover (San Martín de Ozcos).
supana. s. f. Popa dunha chalana (Abres).
supé (al). loc. Cando algo está un pouco pendente (*Hai que subir al supé*), (Os Ozcos).
superior. s. m. e adx. Que está máis alto. **2.** Que é mellor. **3.** Persoa con certa distinción ou posto máis alto que outras.
superioridá. s. f. Calidade de superior. **2.** Persoa ou persoas que exercen de autoridade superior.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
superstición. s. f. (pl. supersticiois). Crenza de carácter relixioso ou non, con poderes máxicos ou coa influencia de poderes inexplicables pola razón.
supesar* → sopesar.
supestición* → superstición.
supetón* (de) → sopetón (de).
supiaina. s. f. Cada un dos pedais que serven para mover o torno e que están unidos por unha correa de pel de vaca.
suplir. v. Substituír, ocupar o lugar doutra persoa. **2.** Remediar cunha cousa a ausencia doutra. **2.** Render.
supoer. V. supoñer.
supoñer. v. Sospeitar, imaxinar. **2.** Dar falsamente como auténtico unha cousa.
suportal. V. soportal.
suposición. s. f. (pl. suposiciois). Acción de supoñer, hipótese.
suposto, -a. adx. Imaxinado, sospeitado.
suprior* → superior.
suprir* → suplir.
supuer. V. supoñer. **2.** Poñer unha cría recén nacida a mamar (Villaión).
suqueiro. s. m. Franxa que se deixa de campo ás beiras das terras de labor, onde normalmente pace o gando e que ás veces serve de lindeiro entre dous campos de labranza. **2.** adx. e s. (os del). Alcume popular que se lles dá aos habitantes de El Franco, en Valdepares (El Franco), manifestando que se dedican á labranza fronte aos mariñeiros. **3.** adx. e s. (os del). Alcume que lles dan os naturais de El Porto (El Franco) ao resto de habitantes do concello que se dedican á labranza.
suqueirón. s. m. Aumentativo de *suqueiro*.
suquín. s. m. Marco pequeno.
sur. s. m. Punto cardinal diametralmente oposto ao norte. **2.** Vento que procede do sur.
surada. s. f. Vento do sur forte e persistente.
surazo. V. surada.

surbia. s. f. Planta herbácea que acada os catro a quince centímetros de altura e con numerosas raíces. As follas son alternas, agudas e con nervios. As flores de color branca amarela e o froito en casula (*Veratrum album*), (Eilao).
surcir. V. zurcir.
surdir. V. xurdir. **2.** V. cabecear 3ª acep. (Coaña). **3.** Saír un banco de peixes á superficie da auga.
surpión, -úa. adx. Dise da persoa que come moito.
surpir. v. Sospeitar (Boal).
surria. V. surrio. **2.** Graxa, sucidade. **3.** Graxa do pelo da ovella.
surriar. v. Regar con *surrio*.
surrio. s. m. Líquido cheirento que bota o cuito das cortes e serve como fertilizante e para regar.
surrir. v. Rir con moderación, sen facer ruído (San Martín de Ozcos).
sur-sudoeste. s. m. Punto intermedio ou rumbo equidistante do sur e do sudoeste.
sur-sudueste. V. sur-sudoeste.
sur-sueste. V. sueste 1ª acep. **2.** Punto intermedio ou rumbo equidistante do sur e do sueste.
surtir. v. Brotar, saír a auga cara a arriba.
susacar. V. almetruar 1ª acep.
susidio* → subsidio.
susmeiro, -a. adx. Reservado (Castropol).
suspenso, -a. adx. Dise do día que está en calma (Allande).
suspirar. v. Dar suspiros. **2.** Queixarse.
suspiro. s. m. Aspiración máis ou menos profunda seguida de expiración que indica fatiga, dolor etc. **2.** Lamento.
sustanza. s. f. Caldo de galiña que se daba ás mulleres que acababan de parir. **2.** Importancia, valor (Castropol). **3.** Parte nutritiva dun alimento.
sustento. s. m. Alimento, manutención.
sustillo* → xustillo.
susto. s. m. Impresión de espanto ou medo.
sutaque* (de) → sotaque (de).
sutexo* → soutexo 1ª acep.
sutoxo. s. m. Herba que medra debaixo dos toxos (Eilao, Ibias, Grandas de Salime).
sutripar. v. Sacudir, como a unha árbore para que caian os froitos. **2.** Pegar, golpear.
sutripón. s. m. Golpe que se dá unha persoa ao caer de pé.
sutrumión. s. m. Golpe, caída.
sutrumirse. v. prnl. Moverse algo, tremer (*Sutrumiu a terra*).
suxa, suxa! interx. Voz que se emprega para facer andar cara a atrás os bois ou as vacas dun carro (Santalla de Ozcos).
suxar. v. Facer andar para atrás aos bois ou as vacas dun carro (Santalla de Ozcos); estuxar 1ª acep., estixar, retixar.
suxeiro. s. m. Correa que asegura o arado co xugo (San Martín de Ozcos).
suxeitar. v. Enterrar un bacelo sen cortalo da vide para que bote raíz e produza unha nova planta (San Martín de Ozcos).
suxeito. s. m. Cepa vella que se enterra deixando fóra un bacelo para que rexuveneza (Eilao, San Martín de Ozcos).

T

t. s. m. Décimo novena letra do alfabeto galego. O seu nome é *te*.
ta! interx. Voz que se emprega co gando vacún para que se deteña. **2.** Pouco a pouco!
tabaco. s. m. Planta herbácea dun metro a tres de alto, con follas finas e flores de color crema. As follas empréganse, despois dun proceso de preparación, para fumar (*Nicotiana tabacum*). **2.** Produto obtido das follas do tabaco empregado para fumar ou mascar. **3.** Por extensión, cigarro. // **Tabaco, *vino* i muller, botan al home a perder.** Refrán que alude aos vicios do home.
tabadela. V. tabao 1ª acep. (San Martín de Ozcos).
tabadella. V. tabao 1ª acep. (Boal).
tabaela. s. f. Mosca de tamaño pequeno, moi alongada, de color agrisada, activa soamente no verán e que molesta o gando vacún e equino (*Tabanus sp.*), (Os Ozcos, Grandas de Salime).
tabago. V. tabao 1ª acep. (Os Coutos, Sena).
tabaiela. V. tabaela (Os Ozcos).
tabal. s. m. Envase de madeira para gardar sardiñas ou arenques salgados.
tabanada. s. f. Golpe dado na cara coa man aberta (Abres, San Martín de Ozcos); tambanada.
tábano* → tabao 1ª acep.
tabaqueira. s. f. Caixa ou estoxo para gardar o tabaco.
tabaqueiro. V. tabaqueira.
tabao. s. m. Insecto díptero, parecido á mosca, con trompa picadora que utiliza a femia para extraer sangue daqueles corpos nos que se pousa, normalmente das vacas e cabalos, ou mesmo nas persoas sendo a súa picadura moi dolorosa (*Tabanus sp.*). **2.** adx. e s.

Alcume popular que lles dan os habitantes de Ponticella (Villaión) aos da parte da Serra (Allande).

tábao. V. tabao 1ª acep.

tabardo. s. m. Peza de roupa de abrigo, ancha e longa, de material basto. **2.** V. tabao 1ª acep. (Grandas de Salime).

tabasa. s. f. Tranca de madeira ou de ferro que se pon ás portas ou contraventás para aseguralas. **2.** Barra de ferro que asegura o mecanismo da *báscula* dun carro.

tabau* → tabao 1ª acep.

taberna. s. f. Lugar público onde se vende viño ou outras bebidas, e nalgúns casos poden dar tamén comidas. // **En taberna.** Na taberna (San Martín de Ozcos).

taberneiro, -a. s. m. e f. Persoa que ten ou rexenta unha taberna. **2.** Muller do taberneiro.

taberniar. v. Andar polas tabernas. // **El que *muito tabernía*, pouco traballa na súa *caseiría*.** Refrán que expresa que quen anda polas tabernas pouco traballa nas súas propiedades (Tapia de Casarego).

tabica. s. f. Táboa alongada que vai dereita no paso dunha escaleira (Tapia de Casarego).

tabla* → tabra.

tablada. s. f. Leira de forma rectangular, máis longa que ancha.
Obs. Trátase dun castelanismo.

tablado. s. m. Conxunto de paredes dun hórreo (Santalla de Ozcos).
Obs. Trátase dun castelanismo.

tableiro. s. m. Conxunto de táboas que se utiliza para diversos usos. **2.** V. trabeiro 2ª acep.
Obs. Trátase dun castelanismo.

tablía. s. f. Táboa pequena.
Obs. Trátase dun castelanismo.

tablón, -úa. s. m. e f. (pl. tablois). Táboa grande ou grosa. // **Ter un *tablón*.** Estar borracho.
Obs. Trátase dun castelanismo.

tabluca. s. f. Táboa pequena (Allande).
Obs. Trátase dun castelanismo.

taboado. s. m. Tabique de táboas de castiñeiro que separa a entrada da casa doutras dependencias (Grandas de Salime).

tabona. V. tahona (Coaña).

taborete* → tallolo 1ª acep.

tabourete* → tallolo 1ª acep.

tabra. s. f. Peza, normalmente de madeira, chá e delgada. **2.** Parte do escano movible que cando se baixa se usa para poñer a comida.

tabuado. V. taboado (San Martín de Ozcos).

taburete* → tallolo 1ª acep.

taca. s. f. Xogo de nenos que consiste en quitar a parte branda da cana dun bieiteiro e substituíla por un cacho de papel que empuxándoo cun pau sae este a presión e prodúcese unha pequena explosión (Coaña).

tacada. s. f. Golpe dado cun taco.

tacaño, -a. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes da zona da ribeira de Boal formada por Serandías, Miñagón e outras pequenas localidades. **2.** Aplícase á persoa ruín e que normalmente é moi agarrada cos cartos.
Obs. Trátase dun castelanismo.

tacha. s. f. Defecto moral. **2.** Crítica. // **Dar tachas.** Criticar. // **Non ter tacha.** Ser perfecto.

tachadeira. V. trilladeira.

tachadura. s. f. Acción e resultado de raiar, borrón.

tachar. v. Reprender, censurar. **2.** Raiar, borrar.

tachola. s. f. Cravo curto con cabeza grande.

taco. s. m. Cacho de madeira curto e groso. **2.** Cilindro de goma con que se ferran as galochas. **3.** Palabra malsoante, ordinaria. **4.** Pedazo de calquera materia (*Un taco de terra*), (El Franco). **5.** Tacón. **6.** Confusión, lea. **7.** Táboa pequena para curvar anzois (Ortigueira). **8.** Cacho de xamón (A Veiga). **9.** Cacho curto do tronco que queda despois de cortar unha árbore.

tacoado, -a. adx. Remendado (San Martín de Ozcos).

tacoar. v. Poñer remendos á roupa (Castropol); atacoar. **2.** Poñer remendos a unha peza de cerámica que está rota (Vilanova de Ozcos, San Martín de Ozcos).

tacón. s. m. (pl. tacois). Remendo que se pon á roupa. **2.** Peza máis ou menos alta que vai unida á sola do zapato. **3.** Peza de metal que serve para unir unha cousa que está rota.

taconazo. s. m. Golpe dado cun tacón.

tacuado, -a. V. tacoado.

tacuar. V. tacoar 1ª e 2ª acep.

tacuño, -a. adx. Agarrado, avaro (Boal).

tadoncho. s. m. Fueiro do carro (Vilar de Cendias).

tafarada. V. tafarido. **2.** Fumareda.

tafarido. s. m. Cheiro forte.

tafarrilla. s. f. Cinta de coiro que sostén o *atafal*, e que pasando dun lado ao outro sobre as ancas da cabalería, impide que o *atafal* caia ou se descolgue; atafarrilla.

2. Dolor de riles ou músculos do corpo despois de facer algún esforzo.

tafido. V. tafarido.

tafo. s. m. Olor desagradable e forte (Pezós).

taforro. V. bixato 2ª acep. (Villaión).

tafuro. s. m. Participante nun xogo, normalmente de cartas. **2.** adx. Aplícase á persoa que todo o quere e chea de ambición. **3.** adx. Agarrado, avaro.

tagarnina. s. f. Cigarro de mala calidade.

taguía. s. f. Rede de estacas de piñeiro verde chantadas na auga, con tea metálica por dentro, que se enchen de formigón para facer algunhas construcións como as pontes.

tahona. s. f. Casa na que se coce pan e se vende ao público.
Obs. Trátase dun castelanismo.

taiar. V. tallar 2ª e 7ª acep.
Obs. Só constatable na área palatalizadora eonaviega para diferenciar o seu significado de tallar 1ª acep.

taiquete. s. m. Barrote ou caravilla para atar o cabo forte dunha embarcación (As Figueiras).

tairón. V. teirón.

tal. adx. Igual, semellante. **2.** Determina unha cousa non especificada ou descoñecida. **3.** De boa calidade. **4.** adv. De tal xeito, así. // **Algo que tal.** Algo que paga a pena. // **Con tal que.** Expresión conxuntiva condicional. // **Tal i como sei eu (*eo*) que.** Deste ou dese xeito. // **Tales terras, tales nabos, padres *cochinos*, fillos *marranos*.** Refrán que alude a que os fillos imitan o que fan os pais.

tala. V. billarda.

talabarteiro. s. m. Persoa que facía correas de coiro ou cintos. **2.** V. albardeiro.

talabeirada. s. f. *Caldeirada* de restos de comida que se lles dá aos cochos (Barres).

talabartero* → talabarteiro.

taladro* → trade.

talaia* → atalaia.

talameira. s. f. Faiado dos hórreos e *paneras* (Verducedo). **2.** Nunha embarcación, peza de madeira de forma trapezoidal sobre a que vai metido o tolete, que serve para apoiar ou soportar a rozadura do remo.

talameiro. s. m. Construción cunha pequena torre, de planta cadrada entre catro ou cinco metros de altura, sobre a que descansaban unha serie de táboas que sobresaían da torre. Nestas táboas colocábanse os trobos. Trátase dunha construción practicamente desaparecida que existiu nas parroquias de Seroiro (Ibias) e nas de El Valledor e A Serra (Allande). **2.** Montón de madeira serrada ou cortada disposta en forma de torre para que seque. **3.** Conxunto de madeiros e ramas secas que nas medas e palleiros serven para separar a herba do chan (Os Ozcos).

tálamo. s. m. Acio con poucas uvas ou ningunha (Eilao). **2.** V. táramo 1ª acep.

talanca. s. f. Táboa pouco traballada feita cunha brosa (Allande).

talancueira. V. taleirúa (Eilao).

talangueira. s. f. Especie de *tapial* que se pon ao carro na parte media feito con dúas madeiras verticais e outras dúas, máis grosas, horizontais (Vilarmeirín e Vilar de Cendias).

talangueirada. V. talanqueirada.

talanqueira. s. f. Borracheira.

talanqueirada. s. f. Gran cantidade de algo, especialmente de comer ou beber.

talanquera* → talanqueira.

talar. v. Cortar unha árbore.
Obs. Trátase dun castelanismo.

talaveira. s. f. Louza.

talco. s. m. Mineral moi brando, suave ao tacto que se emprega en farmacia e para hixiene persoal.

talear. V. taliar.

talega. V. fardela 1ª acep.

talego. V. fardela 1ª acep. // ***Nun* quero, *nun* quero, métemo nel *talego*.** Refrán que alude á indecisión nalgún asunto.

taleiroa. V. taleirúa (Vilarmeirín, Allande).

taleirúa. s. f. Traveseiro de madeira que suxeita o *ápago* á *cabezada* do arado ou do *vasadoiro* e serve para graduar a inclinación da rella e a profundidade do labor.

taleiruga. V. taleirúa.

talentear. v. Sondar, experimentar, tentar, como fan os ferreiros co tipo de aceiro que van utilizar na fabricación de coitelos, navallas etc. (Taramundi).

taliar. v. Observar, espiar.

taliza. s. f. Táboa que se utilizaba para entaboar dislocacións de ósos (Santiso de Abres).

talizar. v. Pelexar.

talla[1]. s. f. Vasilla para conservar o mel (Serandías).

talla[2]. s. f. Acto ou efecto de tallar ou cortar. **2.** Corte dado cunha brosa a unha árbore.

tallada. s. f. Porción dunha cousa, normalmente para comer. **2.** Cortadura. **3.** Semente da pataca. **4.** Ferida. **5.** Borracheira.

talladeira. s. f. Ferramenta dos ferreiros para tallar e cortar o ferro ou o aceiro, e que se utiliza especialmente para facer cravos.
tallador. s. m. Persoa que talla.
tallar. v. Labrar a madeira ou a pedra. **2.** Gravar, debuxar. **3.** Cortar algo. **4.** Cortar as patacas á metade de xeito que quede un ollo para sementalas. **5.** Medir a estatura dunha persoa. **6.** Tomar medidas (*Talláronlle a albarda ao burro*). **7.** prnl. Cortarse. // **A rabos tallar.** Á présa.
talleira. s. f. Laparada, lume grande con moitas chamas (Villaión).
taller. s. m. Lugar onde se traballa nunha actividade feita coas mans.
tallín. s. m. Leira pequena. **2.** V. tallo 1ª acep.
tallo. s. m. Leira de terra de forma alongada e en costa. **2.** Asento pequeno para sentar xunto ao lume (Taramundi); tallolo 1ª e 2ª acep. **3.** Cortadura. **4.** Cada unha das franxas alongadas en que se divide unha cubrición de palla dun hórreo para teitala de arriba a abaixo (Cuantas). **5.** Tronco tallado dunha árbore, ás veces con tres pés, usado para diferentes fins, como cortar herba, carne, picar leña etc. // **Monte de tallo.** Monte alto con castiñeiros e carballos.
tallola. V. tallolo 1ª acep.
tallolín. s. m. *Tallolo* pequeno.
tallolo. s. m. Asento de tres ou catro pés, que se utilizaba para *mocer*, poñer unha cesta de comida mentres se traballaba no campo, servir de apoio para colocar unha cesta de herba sobre o ombro ou a cabeza, sentar xunto ao lume etc. **2.** Tronco con tres pés sobre o que se fan zocos ou galochas.
tallolón. s. m. *Tallolo* grande; senteiro.
tallón. s. m. (pl. tallois). Tallo grande. V. tallo 1ª acep.
talluada. V. tallada 1ª, 2ª e 4ª acep.
talma. s. f. Peza de vestir que poñen as mulleres sobre os ombros e o pescozo para abrigarse (Coaña).
talmente. adv. De tal xeito, así.
talón. s. m. (pl. talois). Parte do calzado que cobre o calcaño. **2.** Cada un dos tacos das galochas, un diante e outro atrás. **3.** Resalte que se fai na primeira parte da folla metálica da navalla na zona do pé. // **Talón de diante.** Na galocha talón situado na parte dianteira.
talourúa. V. taleirúa (Verducedo).
tamaño, -a. adx. Tan grande, tal ou semellante. **2.** s. m. Referido ao volume, (maior, menor ou igual), talla ou importancia de algo.
tambaliar. v. Andar ou moverse alguén ou algo irregularmente dun lado a outro, como se fose caer.
tambanada. s. f. Golpe dado coa man (San Martín de Ozcos); tabanada.
también. V. tamén (Santalla de Ozcos).
tambor. s. m. Instrumento musical de percusión, composto por unha caixa cilíndrica, cuberta polas bases con pel estirada, sobre a que se golpea con dous paus manexados polas mans. **2.** Parte do muíño cuberto de madeira con tapa que protexe as pedras, evitando que a fariña saia por entre as xuntas das moas centrándoa no furado que dá ao *brandeiro*. **3.** Asador de castañas de forma cilíndrica cunha manivela para facelo xirar. **4.** Peza da *trilladora* que ten dentes para separar os grans.
tamborazo. s. m. Asador de castañas de tamaño grande (Ibias).
tamboreteiro. s. m. Persoa que toca o tambor, normalmente acompañando a un gaiteiro (Taramundi).
tamboril. s. m. Tambor pequeno que acompaña á gaita. **2.** adx. Con moita barriga. **3.** adx. Dise da persoa que non é de fiar. **4.** adx. Ruidoso.
tamborileiro, -a. s. m. e f. Persoa que toca o tambor ou o tamboril.
tamboriteiro* → tamboreteiro.
tambucho. s. m. Pequena abertura cadrada na proa dunha embarcación que dá acceso aos camarotes da tripulación.
tamburileiro* → tamborileiro.
tamén. adv. Igualmente. **2.** Ademais. // **E (ie) tamén?** Forma de resposta a fórmulas de saúdo: “Como che vai? / Ben, e tamén? / Tamén ben” (Santalla de Ozcos).
támpano. s. m. Precipicio cheo de rochas.
tampouco. adv. Tamén non. Expresa negación cando se fala.
tan. adv. Apócope de tanto. Emprégase en situacións comparativas e ás veces en exclamacións. // **Tan sequera.** Polo menos.
tancada. V. tancado.
tancado. s. m. Contido ou capacidade dun tanque cheo. **2.** Contido abundante que pode levar un recipiente. **3.** Tanque cheo até o bordo.
tancarolo. V. caxirolo.
tanda. s. f. Número indeterminado de cousas dun mesmo xénero. **2.** Cada un dos grupos de persoas ou animais que se empregan nun determinado traballo. **3.** Grupo de pescadores asociados para a

pesca do salmón, que traballaban un día e descansaban dous (Abres).
Obs. Trátase dun castelanismo.

tandada. V. tanda 1ª acep.
Obs. Trátase dun castelanismo.

tangaleirán, -a. adx. Aplícase ao home alto e feo (Abres).

tángana. s. f. Pedra que se usa para xogar ao *cascallo* (Boal). **2.** Xogo cun furado onde se poñen chícharos, moedas etc., e diante ponse unha pedra pequena (*pito*) que desde unha raia marcada, tírase outra pedra (*tángana*) para quitar a pedra pequena e tapar o furado (Villaión). **3.** Pedra que se usa para xogar ao xogo homónimo.

tanganado. V. intringanado (San Martín de Ozcos).

tanganear. v. Moverse inclinándose alternativamente dun lado a outro, balancearse (Santalla de Ozcos).

tángano. s. m. Peza de madeira ou pedra sobre a que se poñen os cartos ou botóns no xogo da *patefa* (Boal, San Martín de Ozcos). **2.** Xogo de nenos (Os Ozcos).

tangarte. s. m. Cazo de madeira que utilizan os mariñeiros para quitar a auga das embarcacións.

tango. s. m. Baile de parella, de orixe arxentina, que ten un ritmo lento e cadencioso.

tangón. V. charango 1ª acep. (Ortigueira).

tangoño, -a. V. chaparreto (El Franco).

tanguer. v. Tocar unha cousa cos dedos. **2.** Tocar as campás. **3.** Lacazanear. **4.** Falar dun asunto de xeito superficial, sen ter moita idea (Boal). **5.** Balancear algo. // **Tanguer as mallas.** Pasalo ben (Boal).

tanguir. V. tanguer 2ª acep. **2.** Moverse de xeito coqueto (*Esa rapaza vai tanguindo as mallas*), (El Franco). // ***Tanguir* a malla.** Presumir.

taniga. V. canigueiro (Coaña, Navia, Boal).

tanigar. V. abanicar 1ª acep. (Boal, Navia).

tanigueiro. V. canigueiro (Boal).

tanque. s. m. Cazo ou bote cunha asa para sacar auga dun caldeiro ou da caldeira da cociña, ou collela da billa, medir leite etc., sendo normalmente metálico, de barro ou porcelana. **2.** Depósito grande onde se almacena un líquido. **3.** Depósito pequeno que está nalgunhas cociñas e serve para quentar a auga. **4.** Cabeza. **5.** Especie de cunca con maior altura que diámetro (Eilao). **6.** Pesca con engado vivo (Tapia de Casarego). // **Barcos del tanque.** Embarcacións que utilizan engado vivo para pescar (Tapia de Casarego). // ***Tar* del *tanque*.** Estar un pouco tolo. // ***Tar* mal del *tanque*.** Estar un pouco tolo.

tanquedo. s. m. Acción de pescar a man co fío e sen cana; poutada 4ª acep. **2.** Xeito de pescar con aparello de liña e anzol manual, con engado vivo, que serve para capturar bonitos.

tanqueirada. s. m. Cantidade grande de algo, normalmente referida a líquidos.

tanqueirado. s. m. Capacidade dun tanque; tancado 1ª acep. **2.** Tanque cheo até o bordo; tancado 3ª acep.

tanreira* → tenreira.

tanreiro* → tenreiro.

tansa. V. tanza 1ª e 2ª acep.

tanseiro. s. m. Vendedor ambulante de *tanzas* (Tapia de Casarego).

tantarantada. s. f. Golpe.

tantarantán. s. m. Golpe forte. **2.** adx. Dise da persoa con pouco xuízo.

tantear. v. Mirar polo ánimo ou a intención dun sobre certo asunto ou situación. **2.** Poñer en equilibrio algo. **3.** Andar con precaución coas mans, cunha cachaba etc. **4.** Calcular aproximadamente algo. **5.** Tentar recoñecer algo tocándoo coas mans.

tantiar. V. tantear.

tanto, -a. s. m. e adx. Emprégase dun xeito indeterminado para referirse a un número ou cantidade que pode ser calquera. **2.** adv. Establece comparacións de igualdade. **3.** Cada unidade que se apunta a favor dun xogador nos xogos, como nos *bólos*. **4.** conx. De carácter consecutivo. // **Ás tantas.** Emprégase para referirse a unha hora tardía do día ou normalmente xa entrada a noite. // **Ir al tanto.** Estar ao coidado de algo, mirando, vixiando. // **Polo tanto.** En consecuencia. // **Tanto me *diche*, tanto *perdiche*.** Refrán que alude a que o que se dá non se recupera. **2.** Refírese á unha persoa desagradecida.

tanxedoira. s. f. Nun mazo, pedal que serve para dar aire ao fol.

tanxedor. V. abalador.

tanxer. v. Dar aire á forxa ou ao barquín.

tanza. s. f. Sedal da cana de pescar que sostén o anzol, que antigamente se obtiña dos vermes de seda e hoxe en día é normalmente sintético. **2.** Corda fina que se utiliza en varias artes de pesca como o palangre (Castropol).

tanzo. V. tanza 1ª acep.

taolla. s. f. Peza de madeira formada por unha táboa colgada de tarranchas de madeira cravadas ao hórreo ou *panera*, separada un pouco da escaleira de pedra para que non suban os roedores e que

serve para acceder á porta (Vilanova de Ozcos, San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos).

tapa. s. f. Peza que zarra pola parte superior caixas, vasillas ou outras cousas. **2.** Cada unha das capas das que se compón o tacón dun zapato. **3.** Parte dianteira da galocha entre a testa e a cruz; cuberta 2ª acep. **4.** Táboa alongada de xeito horizontal no paso dunha escaleira. **5.** Carne da parte media da perna traseira dunha xata. **6.** V. rateira (El Villar de Bullaso). **7.** V. casqueirón. **8.** Cada unha das dúas táboas de madeira dunha soa peza, unidas por un coiro e que forman o barquín dun mazo, sendo fixa a inferior e móbil a superior. Nalgunhas forxas o barquín cómponse de tres táboas ou tapas (*tapa de riba*, *tapa do medio* e *tapa de baxo*). **9.** Cada unha das pezas laterais que forman un libro, caderno etc., normalmente feitas de material duro. // **Tapas de *regala*.** V. taparregala (Tapia de Casarego).

tapabica. V. bica 3ª acep.

tapabocas. s. f. pl. Especie de bufanda.

tapacega (á). loc. En segredo, ocultamente.

tapacona. s. f. Peixe osteíctio pleuronectiforme da familia dos escoftálmidos, duns vinte e cinco centímetros de lonxitude, co corpo oval, aleta dorsal única, cola redondeada e coloración parda con manchas escuras (*Zeugopterus punctatus*), (As Figueiras, Tapia de Casarego).

tapaconas. s. m. Peixe osteíctico pleuronectiforme da familia dos *Bothidae*, caracterizado por ser plano, con coloración parda ou gris clara, amarela ou rosada e con manchas irregulares frecuentemente. Os seus ollos están moi próximos e separados por unha fina crista (*Arnoglossus laterna*), (As Figueiras, Tapia de Casarego).

tapacuña. s. f. Presa no curso dun río para levar a auga a un muíño, a un mazo, a unha ferrería ou a un prado; chapacuña. **2.** Empedrada de pedras pequenas. **3.** Parede feita de pedras planas colocadas de canto.

tapadeira. s. f. Peza que tapa un recipiente; cobertoira. **2.** Cousa ou asunto que serve para encubrir ou disimular algo.

tapadoira. V. tapadeira 1ª acep.

tapagoteiras. s. m. Persoa que amaña lousados (A Veiga).

tapado, -a. adx. Cuberto. **2.** Dise do ceo con nubes. **3.** adx. Dise da marca deixada atrás por unha embarcación que xa non serve para orientarse.

tapar. v. Cubrir algo que estaba aberto (*Tapou a pota*). **2.** Abrigar, arroupar (*Tápate que vei frío*). **3.** Obstruír unha entrada (*Tapamos a cova cuha traba*). **4.** Satisfacer ou cubrir unha necesidade, valer (*Con esos cuartos pouco vou tapar*). **5.** Encubrir a alguén (*Tapoulo nalquel asunto*). **6.** prnl. V. toldar 6ª acep.

taparregala. s. f. Táboa que cobre todas as cabezas das unións no seu extremo superior, e forma o bordo dunha embarcación (Tapia de Casarego).

tapear. V. tapiar.

tapella. s. f. Feixe de canas de millo que se ataba con palla de centeo (Coaña).

tapete. s. m. Peza de tecido, que se usa como adorno para cubrir mesas ou outras cousas.

tapia. s. f. Parede. // ***Tar* como unha (uha) tapia.** Estar moi xordo; tá más xordo que unha tapia.

tapial. s. m. (pl. tapiales). Peza de madeira compacta situada nos laterais dos carros para soster a carga, especialmente nos que teñen rodas de raios (Balmonte, El Franco).

tapiar. v. Facer unha parede para pechar algo.

tapiegada. s. f. Aspecto referido ao concello de Tapia de Casarego.

tapiego, -a. adx. e s. m. e f. Natural de Tapia de Casarego. **2.** Pertencente ou relativo ao concello de Tapia de Casarego. **3.** Variante de galego que se fala no concello de Tapia de Casarego.

tapín. V. tepe.

tapizar. v. Atragoarse.

tapizo. s. m. *Tepe* pequeno.

tapón. s. m. (pl. tapois). Peza que tapa varios utensilios como as botellas. **2.** Persoa baixa e gorda. **3.** Fío que levado pola lanzadeira dun tear cruza a *urdime*. **4.** adx. Dise da persoa pequena e gorda. **5.** Peza que tapa diversos furados, como o do fondo das embarcacións.

taponar. v. Obstruír un orificio cun tapón ou outra cousa.

tapoxo, -a. adx. Dise da persoa gorda e de baixa estatura (Boal, Tapia de Casarego).

tapuxo. s. m. Engano, pretexto.
Obs. Trátase dun castelanismo.

taqueira. s. f. Xoguete feito con dous paus, un de bieiteiro que está furado e outro de abeleira que se mete dentro para empuxar. En cada punta ponse un taco e co pau, ao empuxar, sae disparado o da punta (Allande, Villaión).

taquilla. s. f. Moble vertical con diversos departamentos que se emprega para gardar diversos obxectos.

taquín. s. m. Taco pequeno; taco 1ª acep.

tar. v. Atoparse unha persoa, unha cousa ou algo en determinado lugar (*Tá en Verducedo*). **2.** Existir. **3**. Permanecer (*Tá aínda na casa*). **4.** Asistir (*Tán na festa*). **5.** Pensar (*Tou en que mo fixo a vecía*). **6.** Atoparse unha persoa en certa situación (*Tá triste*). **7.** Rematar unha cousa (*Xa tá feito*). **8.** Ser (*Tás un bon neno!*), (Boal). // ***Nun* lle *tar* dado.** Non ser o máis axeitado para dicir ou facer algo (Tapia de Casarego). // **Que tal *tades* (*tás*)?** Forma de saúdo. // ***Tá* ben!** Expresa aceptación, sorpresa etc. // ***Tar azarrapiñado.*** Haber bruma densa (Tapia de Casarego). // ***Tar* ben *despacio.*** Non ter nada que facer (Tapia de Casarego). // ***Tar* en ascuas.** Estar nunha situación de nerviosismo ou espera. // ***Tar* de ben.** Levarse ben dúas ou máis persoas. // ***Tar* de *cuatro* palas.** Dise cando o gando vacún muda os dentes centrais e os dous primeiros medianos. // ***Tar* de dúas palas.** Dise cando o gando vacún muda os dentes centrais. // ***Tar* de *fungueira.*** Ter catarreira. // ***Tar* de *gracia.*** Estar unha persoa de bo humor. // ***Tar degarido* (*degarida*).** Desexar, ansiar cun apetito moi particular unha cousa concreta. // ***Tar* de mal.** Levarse mal dúas ou máis persoas. // ***Tar* de medio tempo.** Dise das vacas cando botan o *cerón*. // ***Tar* de volta.** Cambiar o tempo. // ***Tar* en.** Estar ocupado nos traballos dunha terra ou horta (*Tar no eiro*, *tar nas patacas*, *tar nos nabos*, *tar nas peras*). **2.** Encontrarse temporalmente nun lugar determinado (*Tar na escola*). // ***Tar* na fe.** Pensar. // ***Tar pra delantre.*** Estar embarazada unha muller (Os Ozcos). // ***Tar* + a + infinitivo.** Perífrase verbal que indica futuridade inmediata (*Tá al chegar*). // ***Tar* + de + infinitivo.** Estar afeito a (*Taban de comer muito*). // ***Tar* + participio.** Perífrase verbal que indica carácter perfectivo dunha acción (*El rodo xa tá amañado*). // ***Tar* + *pra* (por) + infinitivo.** Perífrase verbal que indica o comezo dunha acción (*Tuven por pegarlle*). // ***Tar* + *sin* + infinitivo.** Perífrase verbal que indica privación ou carencia (*Tou sin facer nada*). // ***Tar* + xerundio.** Indica continuidade da acción (*Tá comendo*).

tara. s. f. Parte do peso que se rebaixa na mercancía pola embalaxe.

tarabeco. s. m. Utensilio, chisme (Castropol).

tarabela. s. f. Vara fina que repousa sobre a pedra superior do muíño. Ao xirar esta a variña vibra e move a boca pola que cae o gran. **2.** Caravilla de madeira para pechar as ventás ou as portas por dentro. **3.** Persoa de pouco xuízo. // **Á tarabela.** Ao tolo. // **Andar á tarabela.** Actuar de xeito irreflexivo.

tarabelear. v. Comportarse sen xuízo ningún (Santalla de Ozcos).

tarabelín. s. m. Persoa ou animal inquedos (Taramundi). **2.** Tarabelo pequeno.

tarabella. V. tarabela 1ª acep.

tarabelleiro, -a. V. tarabelo 4ª acep.

tarabellín. V. tarabelín 2ª acep.

tarabello. V. tarabelo 1ª, 3ª e 4ª acep.

tarabelo, -a. s. m. Berbequí pequeno. **2.** s. m. Peza de madeira que ao xirar pecha a porta (Taramundi). **3.** s. m. Coitela de aceiro cun extremo libre de xeito curvado e cortante, con mango de madeira, que serve para labrar as galochas. **4.** adx. m. e f. Dise da persoa pouco seria ou que fala de máis. **5.** adx. m. e f. Aplícase ao neno revoltoso, inquedo.

tarabica. s. f. Caravilla de madeira con que se pechan as portas (Navia, Allande). // **Dar á *tarabica*.** Falar moito, normalmente cando se fai de xeito insubstancial.

tarabicarse. v. prnl. Equivocarse, contradicirse (Abres).

taragoxo. s. m. Cacho grande de algo (Ibias).

taralou. adx. Dise da persoa que fai as cousas sen pensar (*Nun hai mellor taralou que ter de sou*), (Castropol).

tarambaina. adx. e s. m. Persoa con pouca formalidade.

tarambán. adx. e s. m. Persoa con pouco xuízo.

tarambeco. V. tarabela 1ª acep.

tarambeliar. v. Abalarse unha persoa.

tarambello, -a. V. tarambaina.

tarambica. adx. Dise da persoa con cáracter variable.

tarambicar. v. Ir a tropezóns. **2.** Andar ou moverse alguén irregularmente dun lado a outro, como se fose caer.

tarambollo. adx. Aplícase á persoa pequena, gorda e torpe; tapón.

tarameixo, -a. adx. Dise da persoa moi gorda; tarambollo, motrollo.

táramo. s. m. Pedúnculo e conxunto de rabos pequenos dun acio despois de quitarlles as uvas. **2.** Acio (Ibias).

taramundense* → taramundés.

taramundés, -a. adx. e s. m. e f. Natural de Taramundi. **2.** Pertencente ou relativo ao concello de Taramundi.
tarandolo, -a. s. m. e f. e adx. Persoa con pouco xuízo.
tarapico. s. m. Pasador rectangular de madeira para pechar as portas.
tarariar. v. Cantar unha melodía sen pronunciar palabras.
tarasca. adx. Dise da muller pouco ordenada facendo as cousas (Allande).
tarascada. s. f. Golpe dado coa man aberta na cara. **2.** Parvada, estupidez (Santiso de Abres).
tarasco. adx. Dise da persoa simple.
tarazar. v. Callar (Allande).
tarazo. s. m. Grumo, coágulo (San Martín de Ozcos).
tarazón. s. m. Cólico que lle dá aos animais, especialmente aos cabalos ou aos burros, cunha dolor forte nos intestinos. **2.** Por extensión, cólico ou dolor intensa que lle dá ás persoas.
tardanza. s. f. Retraso en chegar a un lugar.
tardar. v. Retrasarse, non chegar a tempo. **2.** Empregar un tempo determinado en facer algo. // **Ao (al)** ***más*** **tardar.** Como máximo.
tarde. s. f. Parte do día entre o mediodía e o anoitecer. **2.** adv. Despois de pasar certo tempo. **3.** adv. Con retraso, fóra de tempo. **4.** adv. A horas avanzadas da noite. // **Á tarde.** Pola tarde. // **De tarde.** Pola tarde.
tardego, -a. adx. Dise do froito que se colleita máis tarde que o resto.
tardeiro, -a. V. tardego.
tardequía (á). V. tardiquía (á).
tardía. s. f. Variedade de pera. **2.** Último período da tarde. // **Á** ***tardía.*** Ao anoitecer.
tardín, -ía. adx. Dise da árbore ou planta que tardan en dar froito. **2.** Aplícase á femia que tarda en quedar preñada.
tardiquía (á). s. f. Ao anoitecer.
tardiña. s. f. Último período da tarde (Santiso de Abres). // **Á tardiña.** Ao anoitecer (Os Coutos).
tardón, -a. adx. (pl. tardois). Dise do que tarda moito.
tarebello* → tarabello.
tarecos. s. m. pl. Cousas de pouco valor, trastos; alfaremes. **2.** Conxunto de ferramentas (normalmente pequenas), apeiros ou instrumentos materiais en xeral.
taro. V. tesón 1ª acep.
tarrafa. s. f. Arte de pesca de cerco na que se utiliza unha rede con boias, chumbos e xareta (Navia). **2.** Embarcación de tipo galego que se utilizaba para a pesca de noite (As Figueiras, El Franco, Coaña).
tarrafín. V. tarrafa 1ª acep. (Ortigueira). **2.** Tarrafa de pequeno tamaño (Ortigueira).
tarrafinar. V. zalabardear.
tárrago. s. m. Punta dun furúnculo (Boal).
tarralla. s. f. Rede de pesca redonda que se lanza á man nos ríos e no mar en zonas de pouca profundidade.
tarrancha. s. f. Cacho ou pequena táboa de madeira que se utiliza para reforzar ou suxeitar calquera peza de madeira; zarrancha. **2.** V. garrancha 1ª, 2ª e 3ª acep.
tarrañego, -a. adx. Dise da vexetación que medra a rentes do chan (San Martín de Ozcos).
tarrañola. s. f. Instrumento formado por dúas pezas independentes, normalmente de madeira, con forma rectangular, e delgadas que se poñen entre os dedos e ao golpealas soan. Son características as do concello de El Franco. Ás veces é sinónimo de castañola.
tarraplén* → terraplén.
tarraxido* → terrexido.
tarregar. v. Golpear a punta ou a cabeza do cravo para movela a outra posición, remachar (Os Ozcos); terregar 2ª acep.
tarrela. V. mexacán 1ª acep.
tarrello. V. tarrelo 1ª e 2ª acep. (Boal, Tapia de Casarego, Allande).
tarrelo. V. mexacán 1ª acep. (Tapia de Casarego). **2.** Persoa pequena.
Obs. Nalgunhas localidades eonaviegas esta palabra relacionase coa leituga brava. V. leituga 2ª acep.
tarrén. V. terreo. // **De** ***tarrén.*** Co chan de terra. // ***Puer*** **os pés nel** ***tarrén.*** Pisar de xeito firme (Boal).
tarreña. V. tarreño (Navia).
tarreño. s. m. Pucheiro de barro con dúas asas (Allande, Navia).
tarreo. V. terreo.
tarrexido, -a. adx. Que ten medo (Boal).
tarricón. s. m. (pl. tarricois). Golpe de tose.
tarriñado. s. m. Cantidade que cabe nun *tarreño* (Allande).
tarro. s. m. Recipiente cilíndrico de boca ancha, normalmente feito de arxila cocida. **2.** V. tesón 1ª acep.
tarrón. (pl. tarrois). V. terrón. **2.** adx. Dise da persoa pequena. // **A** ***tarrón*** **envolto.** De calquera xeito (Boal).
tarruada. V. terroada.
tarrueira. V. terroeira.
tartabellar. V. tatexar.
tartabello, -a. V. tatexo.
tártago. s. m. Planta herbácea da familia das euforbiáceas, que pode alcanzar

duns vinte a uns cincuenta centímetros de altura. É perenne e medra sobre terras cultivadas e ermas sobre terreo fértil. As súas follas son amplas, ovais e finamente dentadas e as flores teñen unha color verde amarela presentándose agrupadas. O froito está dentro dunha cápsula redonda e no interior do talo ten látex. Posúe propiedades purgativas (*Euphorbia helioscopia*). **2.** Insecto himenóptero semellante á avespa pero de tamaño máis grande, duns tres a catro centímetros de tamaño, de carácter agresivo e picadura moi dolorosa que produce unha forte inchazón na pel. Adoita vivir na madeira podre, especialmente na de carballo, ou fai niños. As antenas do macho teñen trece segmentos e as da femia doce. O abdome é de color castaña con marcas amarelas ou laranxas e ás tirando a vermellas (*Vespa crabro*), (Boal, Os Coutos, Eilao, Allande, Ibias, Grandas de Salime). **3.** Enfermidade do gando ovino que produce vertixe e mareos (Abres). **4.** Somnolencia, preguiza (Taramundi). // **Había que darlle *tártagos*.** Expresión que se utiliza para os que comen moito (Tapia de Casarego).

tartagueira. V. tartagueiro (San Martín de Ozcos). **2.** Cousa ou asunto que molestan moito ou que producen certo resultado negativo (*Esa muller é como uha tartagueira*). **3.** Barullo, rebumbio de xente. **4.** V. tártago 2ª acep.

tartagueiro. s. m. Niño de tártagos nun tronco de árbore (Eilao, Grandas de Salime).

tartamudiar* → tatexar 1ª acep.

tartaravolo*, -a → tataravolo.

tártaro. V. tártago 1ª acep. (Navia).

tartaxar. V. tatexar 1ª acep. (Allande).

tarteira. s. f. Pota, normalmente máis ancha que alta con dúas asas a cada lado. **2.** Por extensión, *fiambreira*. **3.** V. barcal 3ª acep.

tartera* → tarteira.

tarteirada. s. f. Contido dunha tarteira. **2.** Tarteira completamente chea.

tartexar. V. tatexar 1ª acep.

tartexo. V. tatexo 1ª acep.

tartir. v. Decidir, resolver. **2.** Deixar liberdade.

taruco. V. tarugo 1ª, 2ª e 4ª acep. **2.** adx. Dise da persoa pequena.

tarugar. v. Encaixar as pezas que forman unha estrutura de madeira con tarugos (Tapia de Casarego).

tarugo, -a. s. m. e f. Taco gordo de madeira, que ás veces se usa para picar a carne. **2.** Taco de madeira sobre o que está erguido unha galocha. **3.** Peza alongada de madeira que usan os carpinteiros para xuntar dúas pezas e que vai metida por dentro delas. **4.** Cacho de madeira, pequeno e gordo, que queda de cortar unha peza maior. **5.** Persoa moi torpe, que non entende as cousas.

tarula. V. terula.

tarulla. V. terula (Boal).

taruño, -a. adx. Agarrado, avarento.

tarxa. s. m. Punto que se fai ao ganar no xogo do *billardín*.

tasa. s. f. Prezo fixado. **2.** Imposto.
Obs. Trátase castelanismo.

tasar. v. Fixar o prezo ou custo dun obxecto ou servizo. **2.** Valorar, regular, medir.
Obs. Trátase dun castelanismo.

tasca. V. espadela.

tascar. v. Golpear as febras do liño para separar as boas das defectuosas. **2.** Romper.

tasco. s. m. No xogo da *patefa*, pedra sobre a que se poñen as apostas ou moedas. Ten unha dimensión normalmente de dez por seis centímetros. **2.** pl. Pequenas pallas que solta a estopa cando é fiada. **3.** Casca da palla que cobre as febras do liño (Santalla de Ozcos).

tasista* → taxista.

tasque. V. tasco 1ª acep. (Navia).

tasquillar* → tosquilar.

tastaravolo* → tataravolo.

tatabellar. V. tatexar.

tatabello, -a. V. tatexo.

tatabexar. V. tatexar.

tatabexo, -a. V. tatexo.

tataraneto, -a. s. m. e f. Fillo ou filla dun bisneto.

tataravolo, -a. s. m. e f. Pai ou mai dun bisavolo.

tatarexar. V. tatexar (Navia, Villaión).

tatarexo, -a. V. tatexo (Navia).

táte! interx. Expresa o que antes non se pensaba ou non se puidera comprender.

tatexar. v. Falar con dificultade por un defecto físico ou por unha situación de inseguridade ou nerviosismo. **2.** Falar moito (Boal).

tatexo, -a. adx. Aplícase á persoa que fala con dificultade. **2.** Dise da persoa que fala moito (Boal).

tato. V. tatexo.

taulía. V. toulía 1ª e 4ª acep. (As Figueiras, Tapia de Casarego). **2.** V. golfín 1ª acep. (Tapia de Casarego).

taxadeira. s. m. Tipo de coitelo grande con forma de media lúa.
Obs. Trátase dun castelanismo.

taxante. adx. Contundente.
Obs. Trátase dun castelanismo.
taxi. s. m. Automóbil de servizo público de viaxeiros.
taxista. s. m. Persoa que conduce un taxi.
taza. V. cunca.
tazada. V. cuncada.
tazador. s. m. Operario ou oficial nas ferrerías antigas, que trituraba o mineral, deixándoo en cachos e que axudaba aos demais nos ratos que tiña libres.
tazar. v. Desbastar a madeira para facer galochas. **2.** Cortar un tronco de madeira en cachos máis pequenos. **3.** Rachar a roupa polas dobreces.
tazo. s. m. Cacho de madeira labrado e disposto para facer galochas. **2.** Medida de lonxitude que equivalía a vinte e oito centímetros. É un cacho dunha cuarta e un furco de longo. **3.** V. cepo 1ª acep. **4.** Cada un dos cachos de madeira que se utilizan para facer carbón vexetal. **5.** Peza de madeira que se poñía no cume dun hórreo de cuberta de palla, onde encaixaban os *viguetos* atados con vencellos. Enriba del ía unha louxa normalmente redonda (Vilanova de Ozcos). **6.** V. taco 9ª acep.
te[1]. s. m. Nome da letra t.
te[2]. Pronome persoal, forma átona do pronome de segunda persoa que realiza a función de obxecto directo.
té. s. m. Arbusto da familia das teáceas, que pode acadar de dez a quince metros de altura, con follas persistentes, finamente serradas, flores brancas e froito en cápsula con semente de color castaña (*Thea sinensis*). **2.** Infusión preparada coas follas deste arbusto.
tea. s. f. Tecido feito con fíos entrecruzados. **2.** Reunión de persoas para tecer (Abres). **3.** Acción de tecer. // **Tea metálica.** Feita con materiais metálicos.
tear. s. m. Máquina para tecer teas, panos etc., formada por unha estrutura de catro vigas de madeira que van unidas entre si por uns traveseiros horizontais, nas partes superior e inferior, e por outros traveseiros transversais. Este tipo de tear chámase tamén tear horizontal ou de baixo *lizo*.
teberneiro*, -a → taberneiro.
tecedor, -a. s. m. e f. Persoa que se dedica a tecer.
tecer. v. Facer teas ou tecidos entrelazando fíos. **2.** Entrelazar as *costelas* das cestas os cesteiros. **3.** Revolver, non estar parado. // ***Tar* tece que tece.** Expresión referida a obstinarse en algo ou aos movementos que fan os nenos no berce. **2.** Moverse, enredar.
techume* → teitume.
tecido, -a. adx. Que se teceu. **2.** s. m. Tea, produto do tear.
tega. s. f. Medida de superficie. **2.** Medida de capacidade para áridos. Nos Ozcos equivalía a 6,5 quilos, é dicir, a oitava parte dunha fanega; tego 1ª acep.
tego. s. m. Medida de capacidade para áridos, normalmente de centeo. En San Martín de Ozcos equivalía a 6,5 quilos (ou 10 libras e unha onza), en Grandas de Salime a 6 (ou 10 libras e 6 onzas), en Ibias a 6 (ou 9 libras e 12 onzas), en Pezós a 9 libras e 19 onzas, en Santalla de Ozcos a 9 libras e 5 onzas, en Vilanova de Ozcos a 9 libras e 14 onzas e en Abres (A Veiga) a 5,5 quilos. **2.** Medida para navallas (*Un tego de navallas*), (Taramundi).
teico. s. m. Terreo cadrado que se dedica a cultivo (Allande, Eilao).
teiga. V. tega.
teimado, -a. adx. Obstinado, que insiste.
teiquello. V. teiquelo.
teiquelo. s. m. Cacho de tea de xeito cadrado que se poñía nas mangas da camisa por debaixo dos brazos para darlles máis ensanche ou na cruz que formaban os calzóns.
teima. s. f. Manía, obsesión; zuna.
teirón. s. m. *Tepe* con moita terra.
teirúa. V. taleirúa (Vixande, Santalla de Ozcos, Vilanova de Ozcos).
teiruga. V. taleirúa (Guiar, Abres, Santalla de Ozcos).
teitado. s. m. Cuberta feita con material vexetal, especialmente palla de centeo. **2.** Acción de teitar.
teitador. s. m. Home que poñía cubertas vexetais a certas construcións.
teitar. v. Poñer unha cubrición, normalmente vexetal.
teiteiro. s. m. O que teita.
teito. s. m. Cubrición dunha construción. **2.** Por extensión, cuberta vexetal de certas construcións, como os hórreos. **3.** Parte alta dunha casa antes do lousado.
teitume. s. m. Cubrición dunha construción, normalmente con elementos vexetais; teito.
teixeda. s. f. Lugar onde abundan os teixos.
teixedal. s. m. (pl. teixedais). Lugar onde abundan os teixos (Ibias).
teixeira. V. teixeda.
teixela. V. tixela 1ª acep. (San Martín de Ozcos).

teixo[1]. s. m. Árbore do xénero das coníferas taxáceas, con tronco groso, cortiza parda escura, follas miúdas e brillantes e froitos velenosos de color vermella. Esta árbore medra nos bosques relativamente húmidos e nos lugares sombríos. Desde sempre estivo relacionado coa mitoloxía tradicional (*Taxus baccata*). **2.** adx. Dise da persoa testana (Abres). **3.** adx. Dise do neno forte (Navia).

teixo[2]. s. m. Porco teixo (Taramundi).

teixois. s. m. pl. Pequenas pezas de madeira verticais ou tornos que van por debaixo do leto do carro (Vilarmeirín e Vilar de Cendias).

tela. V. tea 1ª acep. // ***Tela* de araña.** Tea que forma a araña con elementos segregados dela.

tela, tela! interx. Voz que se emprega para animar o gando vacún ou para que este retroceda.

telar[1]. V. tear. **2.** Adiviñanza. **3.** Asunto incómodo (*Vaia telar que tein*). **4.** Traballo. **5.** Lea, enredo, confusión (*Armoulle un telar!*), (As Figueiras, Navia).

telar[2]. v. Tirar cara a atrás calquera vehículo arrastrado de animais (*Hai que telar el carro*). **2.** Tirar cara a atrás o gando vacún. **3.** Retroceder.

telaraña. V. telarañas.

telarañas. s. f. pl. Tea que fai a araña.

telaxa. s. f. Membrana fina que cobre as vísceras (Boal). **2.** Restos da placenta (Allande).

telaxe. s. f. Membrana dun ovo de galiña.

teléfano* → teléfono.

telefonear. v. Chamar por teléfono.

telefoniar. V. telefonear.

teléfono. s. m. Aparello desde o que se efectúa e no que se recibe a transmisión a distancia de mensaxes de persoa a persoa.

teleirúa. V. taleirúa (San Martín de Ozcos, Navia).

telergas. V. celergas (Os Ozcos, As Figueiras, Castropol, Eilao, Tapia de Casarego).

telergoso, -a. V. celergoso.

televisión. s. f. (pl. televisiois). Sistema de transmisión e reprodución de imaxes en movemento mediante ondas hertzianas. **2.** Televisor.

televisor. s. m. Aparello receptor de imaxes de televisión, proxectándoas nunha pantalla.

telexa. s. f. Pel ou membrana moi fina, tea (San Martín de Ozcos).

telexía. s. f. *Telexa* pequena.

telía. s. f. Tea pequena.

telilla. s. f. Membrana que recobre algunhas cousas como o leite.
Obs. Trátase dun castelanismo.

tella. V. texa (San Martín de Ozcos).

tellado. V. texado (Castropol).

telleirúa. V. taleirúa.

tellergas. V. celergas (Tapia de Casarego, Eilao).

tellergoso, -a. V. celergoso.

tello. s. m. Peza de certo material ou pedra que serve para xogar nalgúns xogos de nenos, como á *mariola* ou ao *ollín*.

telo. s. m. Tipo de fatiga que collían os bois por exceso de traballo ou pola calor (Boal).

teloa. s. f. Tea forte e basta (Allande).

tema. V. teima.

tema (á). loc. Competindo unha persoa con outra (Allande).

temblar* → tembrar.

temblón. s. m. Congro grande (As Figueiras, Tapia de Casarego).
Obs. Trátase dun castelanismo.

tembrar. v. Axitarse continua e involuntariamente por unha causa: frío, medo etc. **2.** Dar medo. **3.** Estar nervioso. **4.** V. retremer. // ***Tembra Dios*!** Expresión empregada para darlle máis forza ao que se está afirmando. // ***Tembrar* como uha folla verde.** Tremer, aterecer.

tembrido. s. m. Acción e resultado de *tembrar* algo.

tembror. s. m. Acto ou efecto de *tembrar*, ter medo etc.

temible. adx. Moi ben, admirable (*El cura tuvo temible nel sermón*), (Castropol).

temoso, -a. adx. Testán, cabezón (Seares).

tempero. V. estornela.

tempestá. s. f. Perturbación axitada de varios elementos da atmosfera que normalmente vén acompañada de vento e chuvia, referíndose tanto ás tronadas en terra como a esta perturbación do tempo producida no mar.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

templa* → tempre.

templa* → trempa.

templadín*, -ía → tempradín.

templado*, -a → temprado.

templanza* → tempranza.

templar* → temprar.

temple* → tempre.

tempo. s. m. Duración ou sucesión de cousas ou acontecementos. **2.** Idade. **3.** Oportunidade. **4.** Estado da atmosfera. **5.** Época, período. **6.** Ocio, vagar. // **A tempo.** No momento oportuno. // **A un tempo.** Á vez. // ***Al* mal tempo *búa* cara.**

Refrán que alude a que hai que manter o ánimo diante de situacións con dificultade. // ***Condo* el tempo *nun tá* tempo, *nun* dá *más* perder el tempo.** Refrán que recomenda que se non se dá unha oportunidade favorable, mellor é non darlle máis voltas. **2.** Se o clima non é axeitado, mellor non plantar nada. // **De tempo en tempo.** Con interrupción de tempo. // **Dun tempo.** Coetáneo. // **En tempo.** Con anticipación. // **Éralle tempo!** Xa era hora! // **Facer un tempo que *rabea*.** Facer moi mal tempo (San Martín de Ozcos). // **Meterse el tempo en *augua*.** Comezar a chover (Boal). // ***Nun* é *sin* tempo!** Indica que algo agardado chega tarde de máis. // ***Nun tar* todo el *bon* tempo.** Que o tempo está inestable. // **Nun tempo.** Noutra época. // **Perder o tempo.** Gastalo inutilmente. // **Ser del tempo de *condo* reinaba *Carolo*.** Ser moi antigo. // **Somos amigos nel tempo dos figos.** Somos amigos de conveniencia. // ***Tar bon* (mal) tempo.** Facer bo (mal) tempo. // ***Tar* el tempo *criador*.** Facer o tempo máis axeitado para as colleitas. // **Un pouco do tempo.** Ter un momento de ocio, de tempo libre (Ibias).

temporada. s. f. Período indeterminado de tempo.

temporadía. s. f. Temporada, relacionada ás veces con pequenos espazos de tempo.

temporal. s. m. Mal estado do tempo, tanto na terra como no mar.

temporalazo. V. temporal.

temporeiro. adx. e s. Que está empregado ou dedicado a un traballo temporal.

temprado, -a. adx. Quentado lixeiramente. **2.** Que non está nin frío nin quente, morno. **3.** Aplícase á persoa que é tranquila. **4.** Dise da persoa que pensa as cousas antes de facelas. **5.** Valente, sereno. **6.** Dise do tempo cando arrefría.

tempradín, -ía. adx. Diminutivo de *temprado*.

tempranza. s. f. Benignidade do tempo ou do clima. **2.** Humidade nas terras de labor.

temprar. v. Quitar o frío dunha cousa. **2.** Arrefriar lixeiramente o tempo, os alimentos etc. **3.** Meter en auga o metal dunha navalla, coitelo etc., para que a folla se volva branda. **4.** Calmar, acougar. **5.** Meter na auga o trasmallo para pescar (Abres). **6.** Poñer un metal no punto axeitado de dureza e elasticidade. **7.** Poñer a punto un instrumento musical para que soe ben (Villaión).

tempre. s. m. Acción ou efecto de *temprar*.

tenaces. V. tenazas (Boal, Os Ozcos, Taramundi). // **Tenaces chás.** Tenaces coas *bocas* planas que se empregaban para pezas pequenas. // **Tenaces curvas.** V. tenaces de volta. // **Tenaces de *encaxe*.** V. tenaces de gancho. // **Tenaces de gancho.** Tenaces cun extremo angulado cara á parte superior chegando a cubrir a outra *boca*. // **Tenaces de *garra*.** V. tenaces de gancho. // **Tenaces de punta.** Tenaces rectas coas *bocas* na prolongación das asas. // **Tenaces *deretas*.** V. tenaces de punta. // **Tenaces de volta.** Tenaces coas *bocas* prolongadas lateralmente en curva ou en ángulo máis ou menos recto. // **Tenaces do lume.** Tenaces en forma de pinza que servían para sacar os tizóns do lume.

tenaz. V. tenazas.

tenazas. s. f. pl. Ferramenta para agarrar obxectos, con dous brazos que se moven suxeitos a un eixe fixo e rematados en forma de *boca*. **2.** Ferramenta dos ferreiros, composta por dous elementos de aceiro suave, cruzados e xuntos por un eixe remachado, que serven para suxeitar as pezas a alta temperatura e poder manipulalas no lume ou sobre a incre.

tencontén. s. m. Equilibrio, moderación.

tenda. s. f. Establecemento para vender produtos polo miúdo (El Franco, Tapia de Casarego, Navia). // **El que teña tenda, que a atenda, i se non que a venda.** Refrán que advirte da necesidade dunha persoa de atender con seriedade un negocio ou un asunto. // **En *tenda*.** Espallado, desordenado.

tendada. V. tendalada 1ª acep. (Abres).

tendal. s. m. Lugar onde se tende a roupa ou as redes de pescar para secar. **2.** Mesa ou taboleiro na que se colocan as pezas de masa, como as fogazas ou os bolos, cubertas cun pano antes de metelas no forno. **3.** V. regazal 2ª acep. **4.** Conxunto de mantas, sacos etc., que se poñen no chan para limpar o gran cun cribo ao vento ou cando se utiliza a malladora (Vilanova de Ozcos, El Franco). **5.** Nun mazo, gran pedra metida no chan sobre a que cae a *xemela* (Santalla de Ozcos). **6.** pl. Algodóns dun tinteiro (San Martín de Ozcos). **7.** Pau chantado no chan e cunha roldana na parte de enriba que serve para secar peixe ou redes de pescar (As Figueiras).

tendalada. s. f. Cantidade de roupa tendida nun tendal. **2.** Conxunto de cousas ou

froitos estendidos. **3.** Conxunto de pan colocado nun tendal. **4.** Conxunto de cousas desordenadas ou espalladas. **5.** Conxunto de persoas.

tendedeiro. s. m. Lugar onde se tende a roupa ou as redes de pescar, formado normalmente por dous paus de madeira ou barras de ferro verticais e un cordón que as une posto de xeito horizontal; tendal 1ª acep.

tendeiro, -a. s. m. e f. Persoa que ten ou rexenta unha tenda. **2.** Vendedor ambulante que pon á venda a súa mercancía en festas e feiras. **3.** adx. De xeito rectangular como unha cesta para ir pescar ou para levar cousas nun burro. **4.** Outras veces aplícase á cesta de xeito oval (*Cesta tendeira*) ou á *tina* con fondo algo cónico.

tendelada* → tendalada.

tendencia. s. f. Propensión dunha persoa, animal ou cousa a algo ou alguén.

tender. v. Estender unha cousa polo chan. **2.** Estender ao aire ou ao sol a roupa mollada para que seque. **3.** Mostrar unha tendencia ou propensión por algo ou alguén. **4.** Estender a herba verde nun prado para que seque. **5.** Colgar o peixe para que cure ao aire ou ao sol. **6.** Deformarse un anzol. **7.** Estender o cuito para labrar.

tenderete. s. m. Armazón de madeira que se coloca ao aire libre e que se utiliza para poñer moitas cousas.

tendexón* → cobertizo.

tendido, -a. adx. Estendido. **2.** Dise do anzol que se deforma. // **A *faloupo* (*zaloupo*) tendido.** Cando neva con folerpas grandes. // **Hai roupa tendida.** Expresión que indica ao noso interlocutor que teña coidado co que se di, xa que alguén pode estar escoitando.

tendón. s. m. Conxunto de febras que unen os músculos cos ósos.

tene. s. m. Peixe osteíctio perciforme da familia dos espáridos, duns corenta e cinco centímetros de lonxitude, con forma esvelta, dorso de color gris a parda clara, laterais prateados con varias bandas transversais pardo escuras intensas que alternan con outras máis débiles (*Pagellus mormyrus*), (As Figueiras). **2.** Peixe osteíctio perciforme da familia dos espáridos, duns trinta centímetros de lonxitude, co corpo oval, algo alongado e comprimido, ollos grandes e unha aleta dorsal cos primeiros raios espiñentos. A súa coloración é gris parda no dorso e máis clara nos lados e no ventre e no tronco leva liñas lonxitudinais grises (*Oblada melanura*), (As Figueiras). **3.** V. sargo 4ª acep. (As Figueiras).

tenebroso, -a. adx. Tremendo, excesivo. **2.** Referido a algo que hai que terlle medo.

tenedor. s. m. Instrumento de dous ou máis dentes que se usa para comer. Os máis tradicionais eran de madeira ou de ferro, sendo estes segundos de maior tamaño que os actuais; trinchante 1ª acep. // **Ter un *tenedor* cravado.** Ser un folgazán.
Obs. Trátase dun castelanismo.

teneiro. s. m. Lugar onde se gardaba a ouca ao aire libre, que podía ser comprado ou herdado (Coaña, Navia).

tenes* → tenis.

tenis. s. m. Tipo de calzado deportivo.

tenque. s. m. Puntal para soster un palleiro (Allande).

tenral. s. m. Xato novo (Allande).

tenreiro, -a. adx. Aplícase ao xato de poucos días. **2.** Dise do leite da vaca recentemente parida. **3.** Aplícase á vaca que acaba de parir.

tenro, -a. adx. Dise cando algo está recentemente feito como o pan ou é novo como a carne. **2.** s. m. No xogo da lotería, cando un xogador ten xa tres números do cartón.

tenrura. s. f. Calidade do que é ou se manifesta tenro. **2.** Afecto, afabilidade no trato.

tensar. v. Estirar, poñer algo en tensión.

tensión. s. f. Estado ou actitude da persoa que se atopa en situación de expectativa. **2.** Presión que exerce o sangue contra as paredes das arterias.

tenso, -a. adx. Que está en tensión.

tensor. s. m. e adx. Obxecto ou material que se emprega para tensar algo, como o que se utiliza nas embarcacións.

tentación. s. f. (pl. tentacios). Impulso cara ao mal.

tentar. v. Palpar mediante o tacto o que non se ve. **2.** Experimentar, probar. **3.** Pretender, intentar. **4.** Probar ou provocar a un na súa fortaleza ou constancia. **5.** Sondar. **6.** Inducir ao mal ou provocar unha tentación. **7.** Nos xogos infantís, facer proba (*A tentar ou a valer?*), (Abres). **8.** Mirar, observar. // **Tentar de.** Tratar. // **Tentar en.** Mirar detidamente.

tentas (a). loc. Guiándose polo tacto ou pola intuición.

tente bonete (a). loc. Como un cura.

tentemozo. V. mozo 1ª acep.

tentenelaire. s. m. Persoa con carácter cambiante.

tento. s. m. Sentido do tacto. **2.** Habilidade. **3.** Prudencia. **4.** Esforzo, acción (*Déronlle un tento entre todos pra erguelo*).

teñir* → tinguir.

teo. V. teu.

tepe. s. m. Cacho máis ou menos de xeito rectangular de terra de tamaños diversos que, invertidos se airean, se secan e se queiman, e as súas cinzas esténdense.

tepido, -a. V. tépido.

tépido, -a. adx. Tibio, morno; lizquente.

ter. v. Posuír (*Nun te queixes que tu teis casa*). **2.** Soster, suxeitar (*Ten da corda!*, *As pernas nun tein abondo ben por min*). **3.** Manter en determinado estado ou situación (*Como teis hoi á túa sogra?*). **4.** Dar lugar á existencia de algo (*A cocha tuvo muitos ranchos*). **5.** Enfermar, padecer (*Ten a gripe*). **6.** prnl. Apartar, poñerse nun lugar (*Tente alí*). **7.** prnl. Considerarse (*Tense por mui bon*). **8.** prnl. Conservarse as froitas ou outros alimentos durante un espazo de tempo máis ou menos longo. **9.** prnl. Sosterse (*Como se tein as louxas coel vento*). // ***Conto más* (máis) temos *más (máis)* queremos.** Refrán que critica a ambición desproporcionada e o non conformarse co que se ten. // **El que *nun* ten pan xa cenou.** V. Quen ten, ten, o que non ten xa cenou (Boal). // **I *ei* che me *teis*, *eso* éche todo.** Non busques máis que non hai máis (As Figueiras). // **Quen ten, ten, o que non ten xa cenou.** Refrán que alude a que as persoas que non teñen nada nin teñen para cear (Santiso de Abres). // **Ter con.** Ser parentes ou ter unha relación de amizade. **2.** Ter problemas con algo ou alguén. // **Tanto *teis*, tanto vales.** Refrán que alude a que se adoita tratar a unha persoa en función da súa riqueza. // ***Tein* medo *asta* as cabras.** Ter moito medo. // **Ter conta.** Considerar. **2.** Soster. // **Ter *deslegue*.** Ter habilidade para empezar un discurso. // **Ter desquite.** Ter habilidade para finalizar un discurso. // **Ter máis conta.** Interesar. // **Ter *mao*.** Soster. **2.** Saber dirixir as situacións. **3.** Ter coidado. // **Ter *mao* da gamalla.** Soportar a unha persoa. // **Ter *mao pra* algo.** Ser bo nalgunha cousa, ter autoridade. // **Ter *muito*.** Ter moitos cartos. // **Ter *muito* pico.** Falar de máis. // **Ter que ir.** Axudar (*Que temos que irlle a Luciano*). // **Ter + por + infinitivo.** Perífrase verbal que indica carencia (*Inda teño por cocer as patacas*). // **Ter + que + infinitivo.** Perífrase verbal que indica obrigatoriedade ou necesidade (*Temos que amañar a casa*, *Ten que tar guardado*). // **Ter + *sin* + infinitivo.** Perífrase verbal que indica carencia (*El vecín tuvo sin traballar muito tempo porque taba enfermo*). // **Ter + participio.** Perífrase verbal que fai que o verbo ter actúe como auxiliar ou indique un aspecto reiterativo ou perfectivo (*Teño feito eso outras veces*, *Teño andado todas*).

terbellar. v. Enredar, revolver, remexer (Taramundi).

terbello, -a. adx. Aplícase ao neno inquedo (Taramundi).

terceiro, -a. adx. e s. Que nunha serie de tres é o último ou o que segue ao segundo. **2.** Aplícase á persoa que actúa de mediadora entre outras dúas. // **Á terceira vei a vencida.** Refrán que alude a que con ánimo e varios intentos se poden conseguir as cousas.

tercia. s. f. Medida de lonxitude que se empregaba para a madeira. **2.** V. lazo 3ª acep.

terciado, -a. adx. Equilibrado, especialmente referido a unha carga. **2.** Dise do que ten color morena. **3.** Dividido en tres partes. **4.** Mediado, negociado. **5.** De tamaño mediano.

terciar. v. Equilibrar unha carga. **2.** Mediar nalgunha discordia, asunto, trato, transacción etc. **3.** Vir ou cadrar ben ou mal (*Tercioulle mal ir por alí*).

tercio. s. m. Cada unha das tres partes iguais en que foi dividida unha cousa.

terecido, -a. V. aterecido.

terecer. V. aterecer.

teredo. s. m. Capa de terra non arable situada por debaixo da que se labra (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).

tergal. s. m. Tea de fibra sintética que pode ser brillante ou mate.

tericia* → ictericia.

teriz* → ictericia.

teriza* → ictericia.

terlesío. V. terrexido 1ª e 2ª acep. (San Martín de Ozcos).

terlesiu* → terlesío.

terlucir. V. torlucir (San Martín de Ozcos).

ternideira. V. cernideira.

tero. s. m. Xeada moi forte (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).

terondia. s. f. Variedade de castaña.

terque. adx. Testán.

terquedá. s. f. Insistencia, obstinación.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

terra. s. f. Terreo dedicado a cultivo ou axeitado para el (*A nosa terra*). **2.** Planeta do sistema solar onde vivimos. **3.** Parte

superficial deste planeta non ocupada polo mar. **4.** Chan, piso por onde se anda. **5.** Capa de materia inorgánica. **6.** Lugar, comarca, país etc., onde nacimos ou vivimos. // **A terra que dá a ortiga, é *prá mía fía*; a que *nun* a cría, é *prá mía vecía*.** Refrán que alude á calidade da terra. // **Botarlle terra de *toupo*.** Aceptar que unha cousa xa non ten remedio (Boal), (*Bótalle terra de toupo!*). // **Como terra.** En moita cantidade. // **Na terra do (del) meu home o (el) que non (*nun*) traballa non (nun) come.** Advirte da obriga de traballar para poder comer. // **Na terra mollada nun día *paletada*.** Dito que se refire que cando a terra se molla hai que traballala. // **Na terra *unde* vivires fai *lo* que vires.** Refrán que explica que unha persoa se ten que adaptar ao lugar onde vive. // **Non había terra que lles chegase.** Expresión que se utiliza cando unha persoa ou un animal marchan rapidamente, foxen (Ibias). // **Por terra de.** Expresión que se utiliza cando se refire a unha parte que está situada entre outras dúas. // **Terra de folga.** Terra que queda sen cultivar varios anos (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos). // **Terra de manso.** Terra cultivada. // **Terra de bravo.** Terra sen cultivar varios anos (Santalla de Ozcos).

terrafa. s. f. Rede espesa con moitos aparellos; tarrafa 1ª acep. **2.** V. tarrafa 2ª acep. (Tapia de Casarego).

terrafín. s. m. Aire suave (Castropol). **2.** V. tarrafín 1ª e 2ª acep.

terral. s. m. Vento que sopra desde a terra cara ao mar (As Figueiras, Coaña). **2.** V. sueste 1ª acep. (Coaña).

terralla. V. tarralla.

terraplén. s. m. Conxunto de pedras e terra con que se enche unha depresión no terreo. **2.** Plataforma que serve de contención a un muro, a un camiño etc. **3.** Barranco.

terrar. v. Subir a terra, cada un ou dous anos, aos *eiros* que están costos e pedregosos desde a parte de embaixo á parte de enriba. Facíase con cestas que as mulleres levaban na cabeza e os homes ao ombro ou con cabalos. **2.** Transportar terra para tapar algo (*Hai que terrar el banzado del molín*).

terregar. v. Nunha forxa, remachar as agullas da roda do carro (Santalla de Ozcos). **2.** Dobrar a punta dun cravo (San Martín de Ozcos), tarregar.

terreiro, -a. s. m. Chan terroso, con moita terra. **2.** Vento que procede do sur; sur 2ª acep. **3.** V. terral 1ª acep. **4.** adx. Dise da casa máis baixa que o terreo.

terrén. V. terreo (San Martín de Ozcos).

terreno* → terreo.

terreo. s. m. Chan. **2.** Piso dun cuarto ou vivenda. **3.** Espazo ou extensión de terra. **4.** Leira.

terreplén. s. m. Talude, terreo con pendente pronunciada.

terrexido. s. m. Grima, denteira. **2.** Tremor, calafrío (Eilao, Boal). **3.** Tose forte.

terrexío* → terrexido 1ª e 2ª acep.

terrexiu* → terrexido 1ª e 2ª acep.

terrexo. s. m. Acción e efecto de *terrar*, que normalmente se facía de xeito colectivo.

terría. s. f. Terra pequena. **2.** Ás veces, con sentido afectivo, esta palabra está referida ao lugar onde se nace.

terrible. adx. Excesivo en alto grao. // **Terrible de bon.** Moi bo.

terriña. s. f. Diminutivo de terra (Taramundi).

terrio, -a. adx. Duro, forte (Allande).

terro. V. terrexo (Abres).

terroada. s. f. Conxunto de terróns.

terroeira. s. f. Terreo con moitos terróns.

terrón. s. m. (pl. terrois). Cacho de herba, terra e raíces. **2.** Por extensión, bouza que medra nas terras de labor. **3.** Masa de terra compacta e pequena. **4.** Masa de terra que se cava e despois se queima para empregala como fertilizante. **5.** Cacho pequeno e compacto de azucre.

terroso, -a. adx. De color da terra.

terula. s. f. Parede que cruza o río para erguer a canle e derivar a auga cara a un dos lados, onde unha comporta regula o paso como se queira cara á presa, a un rego, a un muíño, un mazo, un batán, ás leiras etc. (Taramundi, Vilanova de Ozcos); tarula, tarulla, tirula, torula, turula.

tesado, -a. adx. Estirado, tensado.

tesante. V. tesado (Navia).

tesar. v. Tirar ou estirar, especialmente na fala dos mariñeiros e galocheiros. **2.** Poñer ríxido algo. **3.** Poñer tirante ou tenso algo.

teso[1]. s. m. Monte alto e bravo.

teso[2], -a. adx. Firme, ríxido. **2.** Estirado. **3.** Que goza de boa saúde. **4.** Tirante, tenso. **5.** Erguido, duro. **5.** Testán, inflexible, duro no carácter.

tesón. s. m. (pl. tesois). Extensión de area que queda ao descuberto cando baixa a marea; taro, tarro. **2.** Aumentativo de teso[1].

tesoureiro, -a. s. m. e f. Persoa que se dedicaba en épocas antigas a buscar tesouros (Villaión).

tesouro. s. m. Cantidade de cuartos, xoias e obxectos de moito valor.

testa. s. f. Parte dianteira dunha galocha. **2.** Parte bicuda da castaña. **3.** Fronte da cabeza dunha persoa ou un animal. **4.** Por extensión, cabeza dunha persoa o un animal. **5.** Linde dunha propiedade; testeira 2ª acep. // **(De) por *testa* (*testo*).** Dunha vez, un a un.

testada. s. f. Golpe na testa. **2.** V. testeira 2ª acep. **3.** Cada unha das dúas vigas perpendiculares aos traveseiros dunha grade. **4.** Parte superior dunha leira que é pendente. **5.** Extremo dun tronco de madeira que foi cortado ou serrado. **6.** Turrada dun animal, especialmente aqueles que teñen cornos.

testamento. s. m. Documento no que unha persoa dispón das súas propiedades para despois da morte. No folclore tradicional eonaviego como no galego, existen cántigas e romances referidos a testamentos de animais, como ao gato nas Figueiras (Castropol).

testar[1]. v. Limitar, lindar.

testar[2]. v. Facer testamento.

testeira. s. f. Cabeceira da cama. **2.** Lindeiro dunha leira. **3.** Lateral curto do cabazo por onde non hai porta.

testeiro. s. m. *Ladral* traseiro do carro (Eilao). **2.** V. testeira 1ª e 2ª acep. // ***Testeiro* de sol.** Cando fai un sol forte con efectos molestos na cabeza (As Figueiras).

testelán, -a. adx. Testán (A Veiga).

testellazo. s. m. Golpe na testa (Coaña).

testelleiro. V. testeira 1ª acep.

testellón, -a. V. testelán (Allande).

testelluada. V. testeluada.

testeluada. s. f. Golpe que se dá unha persoa ou un neno na cabeza ou na fronte.

testía (por). V. (De) por testa.

testiar. v. Ser testán.

testigo. s. m. Pedra que se pon ao lado dos marcos. Normalmente son dúas máis pequenas, para diferenciar o marco doutras pedras. **2.** s. m. e f. Persoa que ten coñecemento dun feito por telo presenciado ou comprobado.
Obs. Na segunda acepción trátase dun castelanismo.

testimonio. s. m. Algo que serve de proba de certeza dunha cousa.
Obs. Trátase dun castelanismo.

testo, -a. adx. Espeso, denso. **2.** Cheo. **3.** Aplícase á persoa, especialmente referido aos novos, cando xa é madura mentalmente. **4.** Intenso, ao máximo (*Uha xolda testa*). **5.** Dise do leite callado. **6.** Dise do peixe cando está moi xunto no mar.

testón, -úa. adx. Testán, cabezudo.

teta. s. f. Peito da muller. **2.** Por extensión, glándula mamaria de calquera femia. **3.** Mama dunha cocha ou doutra femia. **4.** Extremo metálico en que remata a *boga* do mazo dunha ferrería (Taramundi); teta da *boga*. **5.** V. ortiga de mar (*Actinia equina*), (As Figueiras). **6.** V. apegón 1ª acep. (As Figueiras). // **Teta de mar.** V. carallo marín (As Figueiras, Tapia de Casarego). // **Teta del mar.** V. ortiga de mar (As Figueiras).

tétano. s. m. Enfermidade infecciosa grave, provocada por un bacilo e que se caracteriza pola contracción persistente e dolorosa dos músculos.

tétanos. V. tétano.

teto. s. m. Cada unha das mamas do ubre dun animal mamífero. **2.** Vulto de graxa que sae en calquera parte do corpo. **3.** Vulto producido como consecuencia dun golpe, especialmente na cabeza ou na fronte. // **Teto de vaca.** Variedade de cereixa.

tetuda. s. f. e adx. Muller que ten os peitos grandes.

teu. adx. e pron. Posesivo que fai referencia á segunda persoa do singular masculina.

teuma. V. teima.

teumoso, -a. adx. Aplícase á persoa que ten manías ou zunas.

texa. s. f. Peza de barro cocido de diferentes formas e tamaños que se emprega nas cubricións de distintas construcións.
Obs. Trátase dun castelanismo.

texado. s. m. Parte superior dunha construción; lousado.
Obs. Trátase dun castelanismo.

texar. v. Poñer tellas a un edificio, normalmente na parte superior deste.
Obs. Trátase dun castelanismo.

texedor, -a. V. tecedor.
Obs. Trátase dun castelanismo.

texelán, -a. V. tecedor (Boal).
Obs. Trátase dun castelanismo.

texer. V. tecer.
Obs. Trátase dun castelanismo.

texido. V. tecido.
Obs. Trátase dun castelanismo.

texileiro* → tixileiro.

texo. V. teixo.

tez. s. f. Membrana fina que recobre o unto (Santalla de Ozcos).

ti. Forma reflexiva do pronome persoal de segunda persoa do singular, que se

utiliza con preposición (*Por ti*). // ***Tar* en ti.** Estar ben da cabeza (*Tu, tás en ti?*).

tía. s. f. Asento de proa e popa en embarcacións menores (Ortigueira). **2.** V. tilla 3ª acep. (Ortigueira).

tiberio. s. m. Confusión, alboroto, boureo.

tibertuloso* → tuberculoso.

tibio, -a. adx. Morno, temperado (*A noite tá tibia*).

Obs. Trátase dun castelanismo.

tiburón. s. m. (pl. tiburois). Nome común de numerosos peixes escualiformes, de cabeza grande e corpo fusiforme e de sección máis ou menos triangular, rematado cunha potente cola, normalmente de grandes dimensións. Presentan ademais unha boca ventral con tres ou catro fileiras de dentes moi afiados e con forma triangular (*Hexanchus sp.*, *Heptranchias sp.* etc.).

ticeira. V. tiseiras 1ª acep.

tifus. s. m. Enfermidade contaxiosa e grave, con febre continua, acompañada de prostración e desordes cerebrais. En Vilanova de Ozcos, segundo a medicina tradicional, críase que se curaba con caldo de ratos.

tila. s. f. Flor do tileiro. **2.** Infusión que se fai con esta flor.

tileira. s. f. Árbore caducifolia da familia das tiliáceas, de até quince metros de alto e gran lonxevidade, cortiza agrisada e copa frondosa, follas irregularmente dentadas, verdes e negras, lisas e con pelo dependendo do lado, flores brancas e froito en forma de ovo e con pelos (*Tilia platyphylos*), (San Martín de Ozcos).

tileiro. V. tileira (Eilao, Grandas de Salime).

tilla. s. f. Conxunto de táboas que cobre unha parte das embarcacións menores. **2.** Cuña que se mete na cabeza do eixe do carro cando este está desaxustado. **3.** Pequena cuberta angular de proa en embarcacións pequenas que serve para gardar roupa e outras cousas (As Figueiras).

tillado, -a. adx. Táboa á que se lle poñen cuñas para reforzala, como as dos pisos de hórreos e *paneras*.

tillar. v. Poñer cuñas as táboas de madeira. **2.** Poñer a tilla a un carro.

timón. s. m. Peza chá, de madeira ou metálica, articulada verticalmente á popa dunha embarcación que pode facer virala á dereita ou á esquerda e permite gobernala. **2.** No carro, peza dianteira onde se enganchan os bois ou vacas; vara.

timonear. v. Dirixir unha embarcación.

tímpano. s. m. Membrana que separa o conduto auditivo externo e o oído medio.

tina. s. f. Barreño alto para pisar as uvas. **2.** Recipiente grande en forma de pipa ou cuba cortada polo medio. **3.** Por extensión, calquera recipiente grande para conter líquidos, levar roupa etc. **4.** Caldeiro con dúas asas máis ancho que alto. **5.** V. barreñón 2ª acep. (As Figueiras). **6.** V. barreñón 3ª acep. (Tapia de Casarego, El Franco). **7.** V. pío[1] 3ª acep. (Ortigueira). **8.** Compartimento grande de madeira cunha pequena porta ao fondo para quitar o gran de dentro (Villaión).

tinaces* → tenazas.

tinada. s. f. Contido dunha *tina*. **2.** *Tina* chea.

tinaxo. s. m. Bocoi con tres pés para poñer as uvas para despois pisalas (Pezós).

tinazas* → tenazas.

tineiro. s. m. No xogo dos birlos ou dos *bólos*, lugar desde onde se tira, sendo normalmente unha pedra rectangular; poio 5ª acep., tiro 6ª acep. **2.** V. tino 2ª acep.

tinglado. s. m. Enredo, argallada. **2.** Armatoste sen consistencia.

tingrado* → tinglado.

tinguilindainas. V. tinquilintainas.

tinguir. v. Cambiar de color unha cousa con substancias colorantes. **2.** Mancharse de negro cos restos do fume.

tino. s. m. Acerto, seguridade, tacto, xuízo. **2.** Lugar onde está algo que non se atopa. // **Con *bon* tino.** Con moito coidado. // **Ter tino.** Acertar, actuar con prudencia.

tinón. s. m. *Tina* grande.

tinquilintainas. s. m. Xogo con castañas, moedas, fabas etc., que consiste en atinar as que ten o contrario entre as mans (Boal).

tinta. s. f. Líquido de diferentes colores que se emprega para escribir. **2.** Líquido que botan algunhas especies mariñas como os cefálopodos. **3.** Substancia que se embrega para tinguir. Tradicionalmente as mulleres obtiñan algunha destas substancias da cortiza dos castiñeiros.

tintazo. s. m. Chorro de tinta que bota a lura (Tapia de Casarego).

tinteiro. s. m. Recipiente para a tinta. Eran moi característicos os de louza que se empregaban nos pupitres das escolas. **2.** Furado onde encaixa unha barra, como o *candeleiro*, un mastro etc., dunha embarcación (As Figueiras).

tinto, -a. adx. Dise da uva ou do viño de color escura.

tintoria. s. f. Variedade tinta de vide (Ibias).

tiña. s. f. Enfermidade producida por un fungo que produce a caída do pelo. // **Ser como a tiña.** Ser agarrado, avaro. **2.** Ser malo.

tiñir* → tinguir.

tiñoso, -a. adx. Agarrado, avaro. **2.** Malo. **3.** Que ten tiña. **4.** V. bispo 1ª acep. (Tapia de Casarego, Navia).

tío, -a. s. m. e f. Irmán do pai ou da mai. **2.** Tratamento de respecto que se lles daba ás persoas maiores aínda que non houbese parentesco. **3.** Tratamento de respecto que se lles daba aos sogros por parte das noras e os xenros. // **Ter un tío na Habana.** Expresión que se utiliza para referirse a unha persoa que presume dunha cousa e non se pode comprobar se é verdade.

tipexo. s. m. Persoa ridícula e desprezable. Obs. Trátase dun castelanismo.

tipo. s. m. Persoa cun xeito especial de ser.

tira. s. f. Acción de extraer a madeira dos montes para despois transportala polos ríos. **2.** Cacho estreito e longo de papel, tea ou outro material. **3.** V. tiro 7ª acep. **4.** Corda longa. **5.** Corda que serve para pechar unha rede de pescar. // **A tira.** Moito, en grande cantidade. // **A tira de veces.** Moitas veces. // **A tira de tempo.** Moito tempo. // **A tira ramal.** Cando na venda dunha res non pode derivarse da operación unha reclamación posterior por parte do comprador. // **A tira vira.** Sistema no que se tira dun cable e se recolle dándolle voltas.

tirabalas. V. tirafonda (A Veiga).

tirabeque. s. m. Variedade de chícharo, de casulas moi tenras, que se come cando as sementes son aínda pequenas (*Pisum arvense*), (Boal).

tirabragueiro. s. m. Bragueiro.

tiracantos. V. tirafonda (Allande).

tirada. s. f. Acción de tirar. **2.** Distancia que hai dun lugar a outro. **3.** V. bolada 1ª acep.

tirado, -a. adx. Que está polo chan, desordenado. **2.** Que caeu. **3.** Abandonado.

tirador. s. m. Persoa que traballaba nas ferrerías estirando o ferro. **2.** Nun hórreo ou nunha casa, trabe grande que sostén o lousado (Santalla de Ozcos). **3.** Pau longo que ten un pequeno madeiro introducido horizontalmente e un furado na punta, que servía para axudar unha persoa a un ferreiro a mover a moa de afiar (Os Ozcos). **4.** Peza metálica que serve para abrir as portas coa man. **5.** Nunha embarcación, cabo que serve para mandar lonxe a outro cabo.

tirafonda. s. f. Pequena arma ou xoguete que empregan os nenos consistente nun pau con dúas ramas en forma de i grego, ao que se lle pon un coiro ou unha goma, e que serve para tirar co impulso pedras, papeis e outros obxectos pequenos. Nun dos extremos o neno dáballe varias voltas no aire para coller forza e lanzar a pedra cara ao seu obxectivo; fonda 2ª acep., fondas, forqueta 6ª acep., frecha 1ª acep., gomeiro, tirabalas, tiracantos, tirafondas, tirafontes, tirapedras.

tirafondas. V. tirafonda.

tirafondo. s. m. Parafuso para suxeitar unha peza de ferro en madeira (Abres, Castropol).

tirafontes. V. tirafonda.

tirante. s. m. Elástico que serve para soster os pantalóns. **2.** adx. Aquilo que tira. **3.** adx. O que se parece a outra cousa. **4.** No muíño, pau que baixa até a mesa do rodicio, que se acciona desde o interior subindo ou baixando por un dos seus extremos a mesa, e deste xeito sobe e baixa o rodicio e con el a moa de enriba, que así moe máis fino ou máis gordo (Castropol). **5.** V. calamento 1ª acep. (As Figueiras, Tapia de Casarego). // **Tirante a.** Que tende a (A Veiga, Villaión).

tirapé. s. m. Correa unida polos seus extremos que os zapateiros pasan polo pé e a perna para ter suxeito o zapato para poder coselo.

tirapedras. V. tirafonda.

tirar. v. Lanzar, arrastrar ou mover unha cousa ou obxecto (*Tiroulle uha pedra*). **2.** Aguantar certo tempo (*Taba malo pero aínda tirou muitos anos máis*). **3.** Facer caer a unha persoa, animal ou cousa (*El neno tiroulo da silla*). **4.** Dirixirse a un lugar (*Tiramos prá Veiga*). **5.** Facer forza cara a si mesmo ou arrastrando (*Os bois tiran muito*). **6.** Moverse, poñerse a andar (*Tiraron polo camín*). **7.** Soprar o vento (*El aire tira muito hoi*). **8.** Parecerse a alguén ou algo (*Tira á súa familia na cara*). **9.** Coller unha dirección determinada (*Tirou pola pista del monte*). **10.** Funcionar co aire a cheminea da cociña (*Xa tira a cocía*). **11.** Deitarse os cereais polo vento, chuvia etc. (*El vento tirou el trigo*). **12.** Botar, poñer (*Unde tiras eso?*). **13.** Cortar unha árbore (*Tirou a cereixeira*). **14.** Funcionar algo, durar (*Ese coche xa nun tira*). **15.** Arder ben. **16.** Disparar unha arma de fogo ou outros mecanismos (*Tiroulle coa escopeta*). **17.**

Sentir inclinación por algo, tender a (*Tíranlle as motos*). **18.** Botar, berrar (*Tirou un rinchido*). **19.** Saír, botar (*Tirou muito sangre pola boca*). **20.** Ir en contra de (*Tirou contra a nora*). **21.** Torcer, curvarse a madeira (San Martín de Ozcos). **22.** Nun mazo ou nunha forxa, estirar o ferro; estirar 1ª acep. **23.** Facer o acto sexual (*Anda tirando a muller del ferreiro*). **24.** V. enmendar. **25.** Malgastar. **26.** prnl. V. chumbar 3ª acep. (Tapia de Casarego). // **Tirar a casa pola ventá.** Malgastar. // **Tirar a mal.** Infectarse unha ferida. // **Tirar a *pique*.** No xogo da *patefa*, lanzar directamente a *patefa* á base do *tasco* sen arrastrala. // **Tirar(se) al alto.** Malgastar. **2.** Anoxarse. // **Tirar al monte.** Ser de trato difícil, insociable. // **Tirar al *palo*.** Facer forza dúas persoas sentadas, unha diante da outra e collidas a un pau, para ver quen das dúas consegue erguer ao rival. // **Tirar al peso.** Engordar. // **Tirar arrastrando.** No xogo da *patefa*, cando a *patefa* percorre sobre a pista parte do percorrido arrastrándose cara á base do *tasco*. // **Tirar de.** Quitar (*Tirou de navalla*). // **Tirar el pelo.** Cambiar de pelo os animais. // **Tirar os *cuartos*.** Malgastar. // **Tirar polas *corrías*.** Facer falar a alguén, tirarlle da lingua (*Dálle gusto tirarme polas corrías a min!*), (San Martín de Ozcos). // **Tirar pra Carondio.** Torcer un cravo. // **Tirarse al *torrete*.** Saltar, dar brincos, xogar. // **Tirarse da cama.** Saír da cama. // **Tirarse dos couces.** V. erguerse dos couces. // **Tirarse na cama.** Deitarse.

tiratacos. V. ciquita. **2.** V. taqueira (Allande, Villaión).

tiratexo. s. m. Acto de tirar dunha corda (Coaña).

tira-vira (a). V. rebolón (al, ao).

tireta. s. f. Tira estreita.

tiricia* → ictericia.

tirifilo. s. m. e f. Persoa moi delgada.

tiriñón, -úa, -oa. adx. Aplícase á persoa covarde. **2.** Agarrado, avaro. **3.** Lento no traballo. **4.** Indeciso.

tiritar. v. Tremer de frío.

tiriteira. s. f. Acción de tremer de frío.

tiritía. s. f. Tira pequena de algo.

tirixo, -a. adx. Dise da persoa moi sensible ao frío. **2.** Que ten medo ou que é propenso a ter medo (Allande).

tiriz* → ictericia.

tiriza* → ictericia.

tiro. s. m. Disparo. **2.** Acción e efecto de tirar. **3.** Prancha de ferro para controlar a saída do fume da cheminea. **4.** Espazo que queda entre as perneiras dun pantalón. **5.** Acción de tirar, facendo forza, para mover ou arrastrar algo utilizando algúns animais como vacas, bois, cabalos etc. **6.** No xogo dos *bólos* ou dos birlos, pedra onde se pon o xogador para facer o lanzamento e poder derrubalos; tineiro, poio 5ª acep. **7.** Por extensión, lanzamento que se fai no xogo dos *bólos*. // **A tiro de pedra.** Cerca. // **Como un tiro.** A toda velocidade. // **Tiro de corda.** Xogo de adultos no que dous equipos tiran ao mesmo tempo dunha corda, aquel que tire ou arrastre ao outro gaña.

tirocastello. V. pinchacarneiro (Boal).

tirocastelo. V. pinchacarneiro.

tirois. s. m. pl. Cadeas ou cordas en número de catro, que serven para enganchar os madeiros e arrastralos cos bois.

tirón. s. m. No xogo dos *bólos*, lugar desde onde se tira. **2.** Acto de visitar a noiva (As Figueiras). **3.** (pl. tirois). Acción e efecto de tirar con violencia. **4.** V. restrincón. **5.** Sacudida que fai un peixe cando morde o engado dun anzol, especialmente cando queda enganchado. // **Dun tirón.** Dunha vez.

tirrio, -a. adx. Dise do que está frouxo, como unha corda, un fío etc. (San Martín de Ozcos).

tirula. V. terula (Taramundi, Santalla de Ozcos, Vilanova de Ozcos).

tis. adx. Que padece ou ten tise. **2.** Moi fraco (Coaña).

tisbar* → atisbar.

tiseira. V. tiseiras 1ª e 2ª acep.

tiseirada. s. f. Corte coas *tiseiras* (tesoiras). **2.** Corte feito no pelo ao rapalo, de xeito que queda desigual.

tiseiras. s. f. pl. Utensilio para cortar feito por dúas follas de aceiro unidas por un eixe, que eran utilizadas para cortar o polbo, para rapar as ovellas, por xastres, modistas etc. **2.** Cada unha das vigas de madeira para armar o lousado das casas, que van desde o cume ao beirado, rematando enriba dos muros. **3.** Cada unha das vigas de madeira, dispostas de xeito vertical, entre os *liñolos* e o cume nos hórreos e *paneras*. **4.** Peza do tear. // ***Tiseiras* fixas.** Ferramenta composta por dúas partes, unha delas dobrada e que se fixa sobre a mesa da forxa ou dun cepo, que serve para recortar chapas metálicas.

tiseiriña. s. f. Tesoira pequena (Abres).

tiseiriñas (as). s. f. pl. Modo de poñer dúas persoas as mans cruzadas para levar

sentada a outra como se fose un asento (Abres).

tiseiruada. s. f. Corte feito cunhas *tiseiras* (tesoiras).

tisella* → tixela.

tisis. s. m. Tuberculose pulmonar (Vilanova de Ozcos).
Obs. Trátase dun castelanismo.

tisoiras. V. tiseiras 1ª acep. (Pezós).

tisoirada. V. tiseirada.

titiritar. V. tiritar.

titubear. v. Vacilar, dubidar.

titubiar. V. titubear.

título. s. m. Designacón honorífica. **2.** Certificación académica.

tiu* → tío.

tixeira. V. tiseiras 1ª, 2ª e 3ª acep.

tixeirada. V. tiseirada.

tixeiras. s. f. V. tiseiras 1ª e 2ª acep. // ***Tixeiras* de *tosquilar*.** Tesoiras para cortar a la ás ovellas.

tixeirazo. s. m. Corte feito cun golpe de tesoiras.

tixeiruada. V. tiseirada.

tixela. s. f. Recipiente circular de pouco fondo e cun mango que se usa na cociña para fritir. **2.** Instrumento musical formado por dito recipiente.

tixelada. s. f. Contido ou capacidade dunha tixela. **2.** Tixela chea.

tixelazo. s. m. Golpe dado cunha tixela.

tixella. V. tixela 1ª acep.

tixellada. V. tixelada 1ª e 2ª acep.

tixellazo. V. tixelazo.

tixelo. s. m. Cazo pequeno (Taramundi). **2.** Tixela pequena.

tixileiro, -a. adx. e s. m. e f. Alcume popular que se lles dá aos cunqueiros de Il Vau e A Estierna (Ibias) e Trabáu (Degaña). Os homes destas localidades torneaban recipientes de madeira, cun torno primitivo de pedal e varias ferramentas de corte: brosas, aixolas e gubias. Viaxaban en grupos a Castela, Estremadura e Andalucía. **2.** Natural ou pertencente ás parroquias da Estierna (Ibias) e Trabáu (Degaña). **3.** Fala propia dos vales de Il Vau e A Estierna (Ibias) e Trabáu (Degaña), caracterizada pola fusión de trazos do asturiano occidental e algúns galegos. Destaca a presenza nesta fala dun fonema cacuminal prepalatal, oclusivo sonoro. **4.** Xerga que empregaban os cunqueiros.

tixoiras. V. tiseiras 1ª e 4ª.

tizar. V. atizar 1ª acep.

tiznar. v. Manchar de carbón.

tizoada. s. f. Golpe dado cun tizón ou co lume da lareira. **2.** Mancha feita cun tizón.

tizón. s. m. (pl. tizois). Pau a medio queimar. **2.** Pedra das que forman a cara de fóra dalgún dos dous lados dunha parede (Tapia de Casarego, El Franco). **3.** Pedra longa que atravesa unha parede. **4.** Cada unha das pedras que cobren a bóveda dun forno (El Franco). **5.** V. mauriza 1ª acep. (Tapia de Casarego). // **A *tizón*.** Atravesando unha parede. // **Café de *tizón*.** Café feito nunha cociña de leña.

tizuada* → tizoada.

to! interx. Voz que se emprega para chamar o gando vacún ou facerlle retroceder.

toa. s. f. Relación contractual que se establecía entre o práctico e o navieiro polos servizos que o primeiro presta ao segundo pola dirección de entrada e saída dos portos e baseada no interese público.

toalla. s. f. Peza de lenzo que serve para secar.

toballa. V. toalla (Navia).

tobeira* → tubeira.

tobillo* → nuelo, nouguelo.

tobo* → tubo.

toca. s. f. Pano que levaban as mulleres nas cerimonias, como cando se ía á misa, de color moura e adornos de veludo. **2.** Cavidade nun tronco dunha árbore, normalmente producida pola auga.
Obs. Trátase dun castelanismo na 1ª acep.

toca* → touca 1ª acep.

tocado, -a. adx. Algo tolo. **2.** Dise do barco varado.

tocaio, -a. s. m. e f. Que ten o mesmo nome.

tocante (no). loc. No que se refire a.

tocar. v. Entrar en contacto con algo a través do sentido do tacto. **2.** Facer soar un instrumento. **3.** Caer en sorte. **4.** Soar unha campá. **5.** Palpar as zonas sexuais do corpo humano (*Tocoulle a teta*). **6.** No xogo da *patefa*, cando entre as pezas non cabe o grosor dunha postura. // **Tocar a arrebato.** Dar o sinal de alarma diante de calquera perigo, facéndose normalmente cunha campá. // **Tocar el *pendín*.** Molestar (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos). // ***Tocoulas*!** Marchou! (Os Ozcos).

tocata. s. f. Zurra, tunda (Coaña, Navia).

tocho. s. m. Barra ou lingote de ferro.

toco. s. m. Cacho de madeira, normalmente curto e de certo grosor. **2.** Cacho de carne. **3.** Cacho de lamprea atacada pola lontra (*lóndriga*). **4.** Parte do tronco dunha árbore cortada que queda

pegada ao chan; cepo 6ª acep., tuco 2ª acep. **5.** Cacho pequeno de algo. **6.** Talo dunha planta. **7.** Cacho de pan de millo.

tocón. s. m. Cepo. **2.** V. toco 4ª acep.

todillo* → nuelo, nouguelo.

todo, -a. adx. ou pron. indef. Enteiro, completo. **2.** s. m. e f. Conxunto, suma. **3.** adv. Enteiramente. **4.** adv. Moi. (*Todo cheo de razón*). **5.** Figuradamente, órganos sexuais (*Tía todo al aire*). // **De todo.** Sen excepción nin límite. // **Del todo.** Completamente. // **El que todo *lo quer*, todo *lo* perde.** Refrán que ensina que, en ocasións, por querer gañalo todo, pode quedar un sen nada. **2.** Recrimina á persoa ambiciosa, que perde o que ten seguro por desexarlo todo. // **Todo *Dios*.** Todo o mundo.

toira. s. f. Capa dunha cousa que alterna con outra, como nunha caixa de ovos, a herba coa gancela, os chourizos co pingo etc. **2.** Capa compacta de terra. // ***Toira* de ovos, *toira* de herba.** Refrán que se refire que para colocar ovos é bo facelo con capas de herba (El Franco).

tola. V. mauriza 1ª acep. (Tapia de Casarego).

tolabarto. adx. Tolo (Ibias).

tolada. V. tolura.

tolapeirado, -a. adx. Tolo (As Figueiras).

tolapeiro, -a. adx. Tolo.

tolapón, -úa. adx. Tolo. **2.** Presumido.

tolairía. V. toleiría.

tolaría. V. toleiría.

tolas (as). s. f. pl. Personaxes dos *Reises* do concello de Ibias, que levan caretas feitas de peles que asustan a xente, especialmente nenos e mulleres. Tamén se chaman os da roupa *ruía* ou *ría*, e son o *folecón* ou choqueiro, a vasoira, o *rodalo* e a *cardadoira*.

tolda. s. f. Espazo de canle que hai debaixo dun muíño onde xira o rodicio (San Martín de Ozcos).

toldado, -a. adx. Nubrado. **2.** Dise da auga sucia que antes estaba clara (Os Ozcos). **3.** Dise dunha superficie cuberta con vapor (*Os cristales tán toldados*).

toldar. v. Empanarse con vapor os cristais, as lentes etc. **2.** Ensuciarse a auga que antes estaba clara; turbiar 1ª acep. **3.** prnl. Nubrarse o ceo. **4.** prnl. Ver mal. **5.** prnl. Estar afónico. **6.** prnl. Ocultarse a lúa detrás dunha nube.

tolear. v. Volverse tolo. **2.** Alegrarse con moito alboroto. **3.** Lacazanear, folgar.

toleira. s. f. Montón de area redondo que se forma pola acción do vento nunha praia (Castropol). **2.** V. poceira 4ª acep.

toleiría. s. f. Calidade de tolo, demencia. **2.** Parvada.

toleirón, -úa. adx. Tolo. **2.** Atrevido. **3.** Simpático, gracioso.

tolén. s. f. Tolada (San Martín de Ozcos).

tolena. V. torena (Os Ozcos, Villaión, Navia, Allande).

tolete. s. m. Peza de madeira ou ferro, fixo no bordo dunha embarcación, que serve para apoiar e suxeitar o remo mediante un estrobo. **2.** V. pica 4ª acep. (As Figueiras, Tapia de Casarego).

toliar. V. tolear.

toliña. s. f. Nome común de diversas especies de maníferos cetáceos odontocetos da familia dos delfínidos, caracterizados polo seu fociño obtuso e corpo tirando máis a gordo (*Phocoena sp.*); toulía 3ª acep. **2.** V. golfín 1ª acep. (Tapia de Casarego). **3.** V. toulía 1ª e 4ª acep. (Tapia de Casarego).

toliñal. V. manxúa.

tollada. V. tolura.

tollapada. V. tolura.

tollapeiro, -a. V. tolapeiro.

tollapo, -a. adx. Parvo.

tollapón, -úa. V. tolapón.

tollear. V. tolear 1ª, 2ª e 3ª acep.

tolledura. s. f. Acción e efecto de tollerse algo.

tolleiría. V. toleiría.

tolleito, -a. adx. Que non pode mover o corpo ou algún dos seus membros. **2.** Dise da planta que non medrou, como o millo, o trigo etc.

tollemerendas. adx. Aplícase á persoa que desfai unha reunión, un acordo ou un grupo. **2.** s. f. Planta vivaz da familia das liliáceas, bulbosa, de follas canaliculadas e flores rosadas (*Crocus modiflorus*), (Boal). **3.** s. f. Herba vivaz da familia das liliáceas, con bulbo, de follas canaliculadas, flores rosadas, moi semellante á anterior (*Merendera pyrenaica*), (Eilao).

tollerse. v. prnl. Estragarse, botarse a perder, como a terra, o leite, o viño, un viñedo, a comida, unha cousa etc. **2.** Callarse o leite ou o sangue do cocho na matanza. **3.** Perverterse unha persoa. **4.** Paralizarse, perder o movemento do corpo ou dalgún dos seus membros.

tollería. V. tolura.

tolleto, -a. V. tolleito. // ***Tar tolleto* de frío.** Ter moito frío.

tolliar. V. tolear.

tollido, -a. adx. Estragado, botado a perder. **2.** Dise do leite callado (Coaña). **3.** Dise da terra que non produce. **4.** Acedo.

tollo[1]. s. m. Lodo, lama.

tollo[2], -a. V. tolo. **2.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Villacondide (Coaña). // **El tolo (*tollo*) i el borracho, *dicen lo* que *tein* nel papo.** V. O tolo e o borracho dicen o que teñen no papo. // **El *tollo* (tolo) pola pena é cordo.** Refrán que alude a que o castigo corrixe os vicios e os malos actos, mesmo nas persoas carentes de razón. // ***Nun* hai ningún *tollo sin* a súa idea.** Refrán que explica que non hai ningunha persoa que non pense en algo.

tollura. V. tolura. // **A *tollura nun* ten cura, i *si* a ten pouco (lle) dura.** Refrán que alude que pouco bo se pode agardar de quen non ten xuízo nin discreción.

tolo, -a. adx. Dise da persoa que perdeu a razón. **2.** Imprudente. **3.** Ansioso, con desexo por algo, emocionado (*Tá tolo por ir*). **4.** Aparvado. **5.** Parvo. // **Facerse el tolo.** Non querer decatarse da realidade. // **O tolo e o borracho *dicen* o que teñen no papo.** Refrán referido a que se cre que o tolo e o borracho sempre din a verdade (Santiso de Abres). // **Vou dar en tola.** Dise cando unha muller ten pánico ou medo por algo.

toloa. adx. Parva (Allande).

tolondro, -a. adx. Dise da persoa con pouca cabeza. **2.** Aparvado, apampado.

tolura. s. f. Demencia, calidade de tolo. **2.** Imprudencia. **3.** Parvada.

toma. s. m. Cantidade que se come ou bebe dunha vez. // ***Más* vale uha toma, que dous che darei.** Refrán que alude á seguridade fronte a situacións incertas.

toma, toma! interx. Voz que se emprega para chamar os cans ou o gando vacún.

tomadeira. s. f. Bebida.

tomado, -a. adx. Borracho. // **Ser mal tomado.** Ofenderse moi facilmente.

tomar. v. Coller, agarrar. **2.** Comer ou beber. **3.** Emborracharse. **4.** Coller, pillar (*Tomoulle medo*). **5.** Recoller a unha persoa que está lonxe no mar. **6.** Cubrir un touro a unha vaca. **7.** prnl. Encherse de mofo un obxecto.

tomate. s. m. Froito da tomateira, redondo, con pel lisa e de color vermella, comestible e rico en vitaminas. **2.** Por extensión, úsase tamén para chamar á planta que dá estes froitos; tomateira. // **Poñer o (el) cu como un tomate.** Pegar.

tomateira. s. f. Planta solanácea, que dá tomates como froito. Pode alcanzar os dous metros de altura, con talos verdes, follas divididas en segmentos triangulares e dentadas nos marxes, e flores amarelas. É orixinaria de América. (*Solanum lycopersicum*). // **Tomateira brava.** V. herba moura (Eilao, Tapia de Casarego).

tombal. s. m. Dise da gaita de son baixo.

tombín. s. m. Diminutivo de *tombo*.

tombo. s. m. Elevación suave da terra ou do terreo. **2.** Montón de terra. **3.** Volta que dá unha cousa ao caer (Abres).

tomillo. s. m. Planta da familia das labiadas, de dez a trinta centímetros de altura, con follas opostas e lanceoladas e de moitos pelos. As súas flores son moi pequenas de color rosada ou tirando a brancas e ten propiedades aromáticas (*Thymus vulgaris*).

ton. s. m. Grao de elevación do son. // ***Sin* ton nin son.** Sen sentido.

tona. s. f. Nata do leite. **2.** Capa sólida que produce calquera líquido na parte de enriba, normalmente cando este se arrefría (*A tona del/do caldo*). **3.** Superficie dun líquido ou do mar (*Manuel nadaba pola tona da auga*), (Abres).

tonada. s. f. Composición poética destinada ao canto.

tonalidá. s. f. Sistema de ordenación musical no que un son prevalece sobre os demais, cos que establece relacións harmónicas, dentro da escala.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

tóndea. V. tondia (Boal).

tondia. s. f. Lousa que se pon na parte superior dos muros dos *cortíos*, para protexer a estes da chuvia e dificultar a entrada aos osos. **2.** Lousa que se pon nos hórreos e *paneras* encima dos pés para que non suban os ratos (Verducedo, Boal, Eilao, El Franco, Villaión); rateira, loixa. **3.** Lousa que se pon por enriba da *caldulla* dun trobo. **4.** Pedra grande. **5.** Pedra dos *bólos*.

tonel. s. m. Cuba grande para viños. Tradicionalmente eran de madeira de carballo e os aros de paus de loureiro ou metálicos; bocoi, pipa, barrica, cuba.

tonelada. s. f. Unidade de peso ou capacidade equivalente a mil quilogramos.

toneleiro. s. m. Persoa que facía toneis.

tonga. s. f. Capa de herba que está por encima doutra. **2.** Montón.

tonsura. s. f. Pequeno círculo rasurado que tiñan os curas no curuto da cabeza.

tontear. v. Facer ou dicir parvadas.

tontiar. V. tontear.

tonto, -a. adx. De pouca intelixencia, parvo. **2.** Inxenuo.
Obs. Trátase dun castelanismo.

tontón, -a. V. tonto.
Obs. Trátase dun castelanismo.

tontorolo, -a. V. tonto.

Obs. Trátase dun castelanismo.

topar. V. atopar.

tope. s. m. Peza que se pon para deter un mecanismo. **2.** Parte da navalla onde limita o mango coa *virola*. **3.** Luz branca que vai no pau de proa nunha embarcación. // **Tope (de).** Sistema utilizado para facer embarcacións, que consiste en xuntar as táboas ao máximo sen montar unhas sobre outras, conformando o casco mediante un forrado perfectamente armado para que non existan fendeduras. // ***Asta* os topes.** Até o final, completamente.

topeado. s. m. Liña onde se xuntan dúas táboas contiguas (As Figueiras).

topear. v. Facer tope. **2.** Chegar á parte máis profunda cando un home penetra sexualmente a outra persoa xa sexa vaxinal ou analmente (A Veiga).

topiar. V. topear.

topizo. s. m. Partícula pequena que se mete nun ollo, cae na comida etc.; argueiro, gorbizo, pupizo 1ª acep.

toque. s. m. Advertencia, indicación. **2.** Suborno. **3.** Acción e efecto de tocar algo (*Os toques da campá*).

toquear. V. toquenear.

toquenear. v. Dar cabezadas por ter sono (Taramundi, Os Coutos).

toquiar. V. toquenear.

toquido. s. m. Toque de campá ou dun instrumento musical. **2.** Acción e efecto de tocar.

toquilla. s. f. Pano que se poñía por enriba dos ombros, sendo de la ou pelo de cabra para o inverno e de fío para o verán. **2.** Capa de graxa que envolve o bazo e o bandullo do cocho Os Ozcos).
Obs. Trátase dun castelanismo na 1ª acep.

tora. s. f. Cacho cilíndrico que se obtén ao cortar o tronco dunha árbore. **2.** Tronco dunha árbore; toro[2] 3ª acep.

torada. s. f. Cacho de árbore serrada, sen ramas. **2.** Cacho de comida, de peixe ou carne, cortada de xeito transversal.

torar. v. Cortar o peixe en talladas circulares (As Figueiras).

torbello* → trobello.

torbo. s. m. Raíz da uz; torgo.

torbón. s. m. (pl. torbois). Tormenta forte con chuvia, vento, tronos, temperatura alta e húmida, normalmente repentina e curta. **2.** Tempo que ameaza tormenta (Navia, Coaña). **3.** Calor moi forte e abafante; bochorno 1ª acep. (Coaña).

torbonada. V. torbón 1ª acep.

torbuada. V. torbón 1ª acep.

torca. s. f. Peza de metal, cun furado circular no centro e un bordo normalmente poligonal, que se enrosca e serve para suxeitar outras pezas.

torcedura. s. f. Acción e resultado de torcer.

torcer. v. Deformar unha cousa facendo virar un dos extremos cara a un lado e outro cara ao contrario. **2.** Cambiar de dirección. **3.** Unir varios fíos de la para facer un máis gordo e resistente. **4.** Malograrse (*Torcéronse as cousas*). **5.** Curvarse a madeira (San Martín de Ozcos). // **Torcer a cara.** Non saudar. // **Torcer el (o) *fucín*.** Anoxarse.

torcida. s. f. Mecha dun candil ou dunha candea. **2.** Tea que antigamente untada de aceite se utilizaba para alumar.

torco. s. m. Terreo afundido con forma de círculo onde se amontoaba a leña que se queimaba para facer carbón.

torcueira. V. torco.

torda. adx. Aplícase á persoa pouco astuta, aparvada. **2.** Dise da egua ou burra de pelo con canas. **3.** s. f. Femia do tordo.

tordear. v. Ir dun lado a outro dun camiño unha persoa abalándose polo efecto dunha borracheira ou cando un animal camiña facendo curvas. **2.** Comezar a branquear o pelo. **3.** Turrar, atacar o gando.

tordiar. V. tordear.

tordión, -úa. adx. Dise do gando que turra.

tordo, -a. s. m. e f. Ave paseriforme da familia dos muscicápidos, duns 23 centímetros de lonxitude. Ten o dorso pardo co peito con manchas e as plumas ocres (*Turdus philomelos*). **2.** adx. Aplícase ao cabalo de color tirando a vermella. **3.** Dise do cabalo entre branco e negro.

toreado, -a. adx. Burlada.
Obs. Trátase dun castelanismo.

torear. v. Facer burla de alguén.
Obs. Trátase dun castelanismo.

torena. s. f. Zurra, malleira.

torga. s. f. Vara verde de bringa coa que se tece un valado. **2.** Peza de ferro con xeito de letra omega, no extremo dunha cadea para enganchala na argola do outro extremo (Tapia de Casarego). **3.** Especie de colar de madeira ou pau atravesado que se pon aos cochos no pescozo. **4.** Atranco, dificultade, impedimento. **5.** Traveseiro que une os marcos de portas e ventás pola súa parte superior. // **Quédalle (séntache) como a torga al cocho.** Refrán que alude a algo que non lle queda ben a unha persoa (Boal).

torgada. adx. Aplícase á vaca que ten os cornos longos e abertos; parrúa.

torgado, -a. adx. Obstaculizado, que estorba. **2.** Que é grande, aparatoso (Navia). **3.** Duro, pouco flexible (Boal, Allande). **4.** Cheo de trastos. **5.** Bruto, con pouca delicadeza (Villaión).

torgadura. s. f. Acto de atravesarse algo na gorxa dunha persoa ou dun animal (Os Ozcos).

torgar. v. Poñer a *torga* a un animal. **2.** Obstaculizar, atrancar, impedir. **3.** prnl. Atrancarse, obstruírse o paso dun conduto ou dun camiño. **4.** prnl. Atravesarse, atragoarse como coa comida.

torgo. s. m. Raíz seca da uz que se usa para o lume ou para facer carbón vexetal. **2.** Por extensión, uz.

toriar. v. Molestar, provocar, desafiar.
Obs. Trátase dun castelanismo.

torlucir. v. Transparentar (San Martín de Ozcos); terlucir.

torluz (a). loc. Expresión referida ao xeito de ver unha cousa transparente, colocada entre a luz e o ollo (Santalla de Ozcos); V. trasluz (Al trasluz).

tormenta. s. f. Tronada, con chuvia, vento e lóstregos.

tormento. s. m. Sufrimento, dolor. **2.** Desgraza.

torna. s. f. Conxunto de pedras ou madeira que serven para desviar ou represar a auga dun rego (Os Ozcos).

torna-ratos. s. m. Peza do cabazo feita cunha lousa que serve para evitar a subida dos roedores (As Figueiras, Navia).

torna-rodas. s. m. Poste de pedra que serve para que os carros non rocen as esquinas dos edificios (San Martín de Ozcos).

torna-voda. s. f. Festexo do día despois dunha voda que normalmente é o domingo seguinte a este acontecemento.

tornadeiro. s. m. Lugar onde se corta o paso aos animais.

tornadizo, -a. adx. Que cambia ou varía facilmente.

tornar. v. Cortar o paso aos animais para que vaian polo camiño ou para afastalos dun lugar. **2.** Coidar o gando para que non pase a outras propiedades. **3.** Espantar un animal, as moscas, os paxaros etc. **4.** Cambiar de dirección os regos de auga dun prado (Os Coutos). **5.** Cubrirse dos raios do sol. **6.** Protexerse do frío, da chuvia, do vento, da calor etc. (*Esta roupa nun me torna el frío*, *Pra tornar el vento*). **7.** Espantar o gando ou as cabalerías as moscas, tabáns etc. **8.** Represar a auga dun rego. **9.** Apartar, separar. **10.** Impedir. // **Tornar cuha palla.** Non crer que unha persoa realice unha ameaza (Boal).

torneado, -a. adx. Labrado ou tallado.

tornear. v. Labrar ou tallar en madeira para facer certos utensilios.

torneiría. s. f. Traballo ou arte de tornear.

torneiro. s. m. Persoa que traballa a madeira co torno.

torniado, -a. V. torneado.

torniar. V. tornear.

tornieiro* → torneiro.

tornicló. adx. Dise da persoa alta, gorda e sen graza (Boal).

tornillo. s. m. Peza metálica, cilíndrica ou cónica destinada a asegurar dúas pezas.
Obs. Trátase dun castelanismo.

tornio* → torno.

torniscada. s. f. Golpe leve dado na cabeza. **2.** Temporal de vento e auga. **3.** Golpe que dá un animal coa cabeza, como os touros ou os carneiros. **4.** Golpe dado na cara coa man aberta.

torniscar. v. Dar a unha persoa ou neno un golpe leve na cabeza.

torniscazo. V. torniscada 1ª acep.

torniscuada. V. torniscada.

torno. s. m. Máquina que mediante un movemento de rotación axuda a facer utensilios de madeira (cuncas, copetes, arameñas etc.). **2.** Peza de madeira con forma de cravo que serve para suxeitar as lousas coas vigas de madeira, de xeito especial en hórreos e *paneras*. **3.** Peza cilíndrica de madeira cun extremo aguzado que se emprega para atar os colmos. **4.** Peza de madeira cun soporte, unha roda e varias pezas metálicas que serve para facer fíos. **5.** Pau cravado na parede que serve para colgar cousas. **6.** Pau de toxo dos que atravesan a polea e que serven de paso para subir a ela e chegar até a punta (Tapia de Casarego). **7.** Peza que colga del *guindaste* do muíño (Eilao). **8.** Pau cilíndrico do trobo sobre o que as abellas colgan os panais. Colócanse de xeito horizontal, de lado a lado en forma de cruz, nun primeiro piso a vinte centímetros da base e máis enriba os outros dous, a dez centímetros da tapa e en distinta dirección. Debaixo deles está a cámara de cría e enriba a cámara do mel (As Figueiras). **9.** Pasador de madeira que une varias pezas do arado ou do carro: o eixe contra o *miolo* da roda, cada un dos dous que aseguran o coucillón á pértega e outro cada treitoira ao coucillón. **10.** Ferro saínte dunha polea. **11.** Nome de diferentes aparatos ou máquinas que traballan

mediante un movemento de rotación onde se fai virar a peza de metal, madeira etc., que se quere traballar. **12.** Pau cilíndrico de madeira onde se colga o cocho na matanza. **13.** Pasador cilíndrico de madeira, alongado e estreito, que suxeita unha pela ao *curvatón* dun mazo. **14.** V. hospicio 2ª acep. // **Torno a *sangre*.** Nunha forxa, torno con dous cabezais, rotor e *contrapunto*, entre os que se afirma polos extremos a madeira do mango. // **Torno de *ballestas*.** Tipo de torno máis evolucionado con respecto ao de vara horizontal e que utilizaban por exemplo os carpinteiros de El Sellón (Allande) para facer os balaústres dos hórreos e *paneras*. No seu mecanismo, os pés son independentes dos *aguichois*, que están cravados en dúas pezas móbiles encaixadas na rañura da mesa. O pau do torno e a *intachada* desaparecen e a súa función cúmprea unha táboa pequena axustada nas pezas que sosteñen os *aguichois*. Tamén non existe o *pao de atrás* e no seu lugar hai un banco. É o torno utilizado polos torneiros galegos. // **Torno de *atalar*.** Instrumento que se utiliza coas galochas para apertar nun sitio de xeito que non se mova a peza (San Martín de Ozcos). // **Torno de *filar*.** Instrumento para fiar dun xeito máis rápido, que se utilizou normalmente nas casas acomodadas. // **Torno de media volta.** Tipo de torno accionado con pedal, con *mesa*, *soporte* e *pao de atrás*. // **Torno del *gamo*.** Peza do temón do arado.

toro[1]. s. m. Semental da vaca. **2.** Xogo de nenos, no que os xogadores saltan sobre un deles que está dobrado, dicindo, ao tempo que saltan, unha palabra que comence pola mesma letra que a que dixo o primeiro en saltar. Despois de saltar todos, o último pronuncia a palabra "*toro*" e teñen que saír correndo a un punto determinado sen que os alcance o xogador que apandaba. Existe unha variación cun castelanismo: "*a la primera como quieras*" onde os xogadores teñen que dicir unhas frases que van acordes con algunhas posturas, cambiando de *burro* constantemente.

Obs. Trátase dun castelanismo. Nalgúns concellos como en El Franco chámase boi.

toro[2]. s. m. Cacho de comida como peixe ou carne, cortado de xeito transversal; torada 2ª acep., roda 10ª acep., rolda. **2.** Tronco de árbore serrado polos extremos e sen ramas (Abres). **3.** Parte dunha árbore ou dun arbusto que está entre a raíz e as ramas (Allande, Eilao).

torolo. s. m. Algo que está gordo, como o gran despois de moelo (*Ten muito torolo*), (San Martín de Ozcos) // **Ir a *torolo*.** Moer o gran gordo.

torondia. s. f. *Tondia* do hórreo (El Franco).

torondiallo. V. torondio.

torondio. adx. Dise dunha variedade de castiñeiro que dá unhas castañas determinadas.

torpe. adx. Con pouca habilidade. **2.** De movemento atrasado. **3.** Basto, apampado. // ***Tar* torpe el mar.** Axitarse o mar (Tapia de Casarego).

torpón, -a, -úa. adx. Moi torpe.

torqueiro. V. torco.

torrada. s. f. Papa de millo con fariña de grans previamente torrados. **2.** Rebanda de pan frito.

torrado, -a. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Bustelo (Ibias). **2.** Tostado. **3.** Dise da persoa que se pon morena polo efecto do sol.

torrar. v. Tostar ao lume. **2.** Tostar os paus os cesteiros.

torreiro. s. m. Persoa que traballa ou vive nun faro. **2.** V. cargadeiro 2ª acep.

torrezada. s. f. Fritada de *torreznos*.

torrezno. s. m. Cacho de touciño salgado e frito. **2.** Proba da matanza do cocho que se daba aos pobres no Entroido ou na noiteboa.

torrezo. V. torrezno.

torrexa. V. rabada.

torricón. s. m. (pl. torricois). Golpe de tose.

torrión, -úa. adx. (pl. torriois). Dise da vaca, boi ou carneiro que atacan; arremetón.

torrollo. V. roxón.

torrón. s. m. (pl. torrois). Terreo cuberto de herba, onde se erguen os terróns, se amontoan e se queiman durante tres ou catro días, para facelo axeitado para a labranza. **2.** V. terrón 1ª e 5ª acep. **3.** Especie de tambor con furados para torrar castañas (Allande).

torronada. s. f. Conxunto de *torreznos* ou merenda de Entroido (Coaña).

torrullo. V. roxón.

torruxo. V. roxón (Allande).

torta. s. f. Masa de fariña na que se botan varios produtos como fariña, ovos, azucre, doces etc., e cócese co lume baixo. **2.** Lapote, golpe dado na cara coa man aberta. // **Torta de *roxois*.** Torta feita con roxóns.

tortía. V. tortilla.

tortilla. s. f. Frito de ovos batido só ou con outros ingredientes como patacas, pemento, peixe etc. // ***Pra fer* tortillas,**

hai que romper ovos. Refrán que alude que para obter o que desexamos hai que facer sacrificios. // **Tortilla de patacas.** Tortilla con patacas e ovo. // **Tortilla francesa.** Tortilla con ovos soamente.

torto, -a. adx. Falto de vista nun ollo. **2.** Inclinado, desviado. **3.** Que non é ou está dereito. **4.** Dise da persoa que torce os ollos ao mirar, birollo. **5.** De pés ou ombros tortos. **6.** Especie de torta frita feita con touciño e chourizo. // ***Anque sea* torta, a de xunto á túa porta.** Refrán que recomenda procurar unha muller cerca e non lonxe. // **Del rabo torto.** Variedade de pera. // **Que torto que *dereto*.** Dun xeito ou doutro (Tapia de Casarego).

tortuga. s. f. Réptil quelonio da familia dos dermoquélidos, que pode acadar máis dos dous metros de lonxitude, co lombo alongado, con sete cristas lonxitudinais e cuberto dunha pel coriácea. A parte inferior é branda e flexible e as extremidades anteriores son fortes aletas, moi planas. A súa coloración é escura (*Dermochelys coriacea*).
Obs. Trátase dun castelanismo.

tortullo. V. moña 3ª acep. (Tapia de Casarego).

torturón. s. m. Enfermidade das ovellas pola que se poñen tortas cara a un lado (Vilanova de Ozcos).

torula. V. terula.

torva. V. corripa 1ª acep. (Ibias).

torvo, -a. adx. Que mete medo (*Nin ave torva*).

torzón. s. m. Cólico abdominal en persoas e animais (Abres).

tose. s. f. Expulsión ruidosa e violenta do aire do peito. // **Tose ferina.** s. f. Tose violenta que produce asfixia. Na medicina tradicional eonaviega combatíase con raíces de nabo cocidas e mesturadas cun pouco de xarope de azucre.

toser* → tusir.

tosferina* → tose ferina.

tosir* → tusir.

tosquilado, -a. adx. Que lle cortaron o pelo. **2.** Que lle cortaron a la.

tosquilar. v. Cortar a la ás ovellas. **2.** Cortar o pelo dunha persoa de xeito desigual ou a rentes.

tostado, -a. adx. De color escura. **2.** Queimado. **3.** Frito.

tostar. v. Quentar algo no lume até que colla color. **2.** Fritir. **3.** Queimar.

total. adv. En conclusión.

tou. V. teu. // **De *tou*.** Estrutura posesiva que expresa unha relación de propiedade exclusiva (*Ese xato de tou*). // **El *tou*.** O da túa propiedade (*Leva el tou*). // **Os de *tou*.** Os teus, a túa familia.

touca. s. f. Nos hórreos e *paneras*, viga de madeira que vai por enriba dos *liñolos*. **2.** Contrapeso que sobresaía na parte oposta ao fío dunha brosa (Taramundi). **3.** Parte máis estreita dun martelo de forxa que serve normalmente para estirar o ferro.

toucieira. s. f. Especie de plataforma de madeira que se colga da estrutura interior do teito para poñer os embutidos, o touciño e a carne.

toucieiro, -a. s. m. e f. Persoa que compra ou vende touciño. **2.** adx. Dise da persoa que lle gusta moito o touciño. **3.** adx. Aplícase á persoa que cala a todo. **4.** adx. Dise da persoa aduladora, que quere quedar ben con todo o mundo.

toucín. s. m. (pl. toucíos). Carne graxa do cocho. // **Ser *toucín* de todas as olas.** Meterse unha persoa en moitos asuntos á vez (Tapia de Casarego). // ***Unde* pensan que hai *toucíos*, hai tornos.** Refrán que alude aos desenganos ou a aquelas persoas que cren que o rico é pobre (Boal). // ***Unde* pensas que hai *toucíos*, *nun* hai nin ganchos *pra colgallos*.** V. Unde pensan que hai toucíos, hai tornos.

toucinudo, -a. adx. Dise do animal ou da carne que ten máis graxa que freba.

touciñada. s. f. Comida con touciño e carne de porco (Tapia de Casarego).

touciñeiro, -a. V. toucieiro.

toulía. s. f. Delfín femia. **2.** V. golfín 1ª acep. (As Figueiras). **3.** Mamífero cetáceo odontoceto, da familia dos delfínidos, que pode acadar até os dous metros de lonxitude e ten a cabeza máis ben pequena, fociño obtuso e tronco máis ancho que os golfiños. A aleta dorsal é baixa e triangular e as peitorais son pequenas e ovais. A coloración é negra nas partes superiores e aletas, gris metálica nos laterais e tirando a branca no ventre. Pode ter máis de cen dentes de aspecto lobulado (*Phocoena phocoena*), (As Figueiras); toliña 1ª acep. **4.** Nome común que se dá a varias especies de mamíferos cetáceos odontocetos, da familia dos delfínidos, caracterizados por ter un corpo esvelto, un fociño prominente, unha boca con fortes dentes e unha coloración variable: azul agrisada, gris ou tirando a negra (*Stenella coeruleoalba*, *Grampus griseus*, *Tursiops truncatus*).

touliña. V. toulía 1ª acep. (Navia).

toupa. V. toupo (Navia, Abres). **2.** Furúnculo de carácter maligno (Ibias, Allande).

toupar. V. atopar (Navia, Villaión).

toupeira. s. f. Pequeno montículo de terra que fan as toupas nos prados ao escavar as súas galerías por debaixo dela. **2.** Galería que fan as toupas por onde vai a auga dos prados. **3.** Pequena cova na terra onde vive e se refuxia a toupa. **4.** Furado que fan as toupas nos prados. **5.** Figuradamente, desprendemento de terras; fana.

toupiado, -a. adx. Dise da terra, leira, terreo etc., cheo de galerías de toupas (Os Ozcos).

toupiar. v. Facer galerías as toupas (Os Ozcos, Boal, Navia).

toupieira. V. toupeira 1ª, 2ª, 3ª, 4ª e 5ª acep.

toupiñeira. V. toupeira 1ª e 4ª acep. (Ibias).

toupo. s. m. Mamífero pequeno que vive debaixo da terra, con corpo alongado e cilíndrico, fociño agudo, ollos atrofiados e patas dianteiras axeitadas para escavar. Ten pelo de color negra, gris, parda e azul segundo os reflexos da luz e aliméntase de insectos e miñocas (*Talpa europaea*). // **Botar terra de *toupo*.** Dar unha cousa por perdida. // **Facer como el *toupo*.** Dise cando unha persoa fai malos cambios. // ***Tar más* (máis) cego que un *toupo*.** Non ver nada.

toutoroutou. adx. e s. m. Persoa de rostro inexpresivo e de xeitos pouco finos, groseiro. // ***Nun* hai *toutoroutou*, como ter de *sou*.** Refrán que alude á excesiva presunción por parte dunha persoa pouco fina (Boal).

touzar. v. Ladrar (Serandías). **2.** Encirrar.

tóuzaro, -a. adx. Desconfiado, arisco, insociable. **2.** Testán; túzaro. **3.** Torpe.

touzo. s. m. Parte da palla contraria á mazaroca. **2.** V. toco 4ª acep.

toxada. V. toxeira 1ª acep. (Navia).

toxal. V. toxeira 1ª acep.

toxalón. s. m. Aumentativo de toxal.

toxedo. V. toxeira 1ª acep. (Villaión, Eilao).

toxeira. s. f. Terreo cheo de toxos. **2.** V. toxo 1ª acep.

toxeiro. s. m. Toxo que se dá como alimento aos cabalos. **2.** V. toxeira 1ª acep. **3.** Toxo grande (Villaión). // ***Toxeiro* brancal.** Lugar onde abunda o toxo brancal.

toxo. s. m. Arbusto da familia das papilionáceas, que medra nas bouzas, podendo ter unha altura que vai desde un metro a catro, moi ramificado, sen follas e armado de longas espiñas, con flores amarelas e froito en legume curto (*Ulex sp.*). O máis frecuente é o *Ulex europaeus*. Na medicina tradicional utilizábase a súa flor como diurética. **2.** Persoa arisca e brusca (*María é un toxo*). (Taramundi). // **Ser un toxo arnal.** Actuar con pouca sensibilidade (Boal). // **Ser un toxo bravo.** Dise da persoa de mal carácter. // **Ter boca de toxo bravo.** Ser malfalado. // **Toxo arnal.** Variedade de toxo bravo de gran tamaño e picos moi fortes (Boal). // **Toxo brancal.** Variedade de toxo baixo, que é bo como alimento para as bestas e para cuito. // **Toxo bravo.** Toxo común. **2.** O que nace sen sementar. // **Toxo labrado.** Toxo manso. // **Toxo manso.** Toxo que se sementou. // **Toxo mariñao.** Toxo *moural*. // **Toxo *moural*.** Variedade de toxo alto, que é bo para queimar e cocer o pan (*Ulex gallii*).

traba. s. f. V. tabra. **2.** Parte final dunha *boleira* para que non escape a bóla e tire os *bólos*. **3.** Peza de madeira que sostén a cámara do hórreo (Morlongo); trabe. **4.** V. trabe. **5.** Atranco, impedimento. // **Dar *traba*.** Triscar os dentes dunha serra. // ***Traba* del piso.** Madeira que forma parte do piso do hórreo ou a *panera* (El Valledor).

trabada. s. f. Mordedura.

trabadense* → trabadés.

trabadés, -a. adx. e s. m. e f. Natural de Trabada. **2.** Pertencente ou relativo ao concello de Trabada.

trabado, -a. adx. Xunto, unido. **2.** Forte, robusto.

trabadura. s. f. Mordedura. **2.** Picadura (*A trabadura del alacrán*).

trabalinguas. s. m. Palabras ou frases difíciles de pronunciar empregadas, ás veces, como xogo.

traballado, -a. adx. Feito. **2.** Cultivado. **3.** Pensado. **4.** Dise do que lle deron unha forma determinada (*Louxa traballada*). **4.** Cansado de traballar moito na vida (*Ese home tá mui traballado*).

traballador, -a. adx. Amigo de traballar. **2.** s. m. e f. Persoa que traballa a cambio dun xornal. // **Padre traballador, fillo señorito, neto *pordioseiro*.** Refrán que expresa que os bens adquiridos por unha xeración non sempre se manteñen na seguinte. **2.** Significa que normalmente a xeración seguinte ten unha actitude contraria á anterior. // **Traballa, traballador, *pra* quen *tá* durmindo al sol.** Refrán que di que mentres uns traballan outros folgan.

traballar. v. Facer unha cousa. **2.** Exercer unha profesión. **3.** Labrar a terra. **4.** Facer unha cousa seguindo un método (*Traballar a pedra*). **5.** Pensar. **6.** Cubrir o touro á vaca (Os Ozcos). **7.** Cultivar (*Nun hai quen traballe as patacas*). **8.** En sentido figurado, xogar un neno (*Muito traballa ese neno!*), (Taramundi). **9.** En sentido figurado, foder (A Veiga). // **El que *más* traballa, *más* mal come.** Refrán que advirte que o que se preocupa moito polas cousas non adoita despois ter moita fame. // **El que traballa é que non ten nada que facer.** Refrán que alude a que hai que estar ocupado sempre en algo. // ***Nun* haberá quen traballe, pero quen coma *vei* haber abondo.** Refrán que se refire a que xente para traballar non hai pero si para comer. // **Traballar el mar.** Estar o mar moi axitado polo efecto do vento (El Franco).

traballo. s. m. Acción e resultado de traballar. **2.** Profesión, ocupación. **3.** Esforzo. **4.** Dificultade. // (**Se se enfada) Ten dous traballos i se *nun* come tres.** Dise da persoa que se enfada facilmente (Boal). // **Ter *bon* traballo.** Ter unha carga, peso ou preocupación. // **Traballo feito, ben parece.** Refrán que eloxia a calidade do que está ben realizado con tempo. // **Traballo ben feito, nunca *tá* mal visto.** V. Traballo feito, ben parece.

traballoso, -a. adx. Laborioso, que dá moito traballo.

trabalucar. v. Traballar (*El que nun trabaluca nun manduca*), (San Martín de Ozcos).

trabanca. V. tranca 1ª acep. (Navia, Os Ozcos).

trabanco. V. trabanca.

trabar. v. Morder. **2.** Quedar atrancado entre dúas cousas. **3.** Suxeitar, atrancar (*A vaca tá trabada*). **4.** Picar (*As moscas tamén traban*), (Santalla de Ozcos). **5.** Xuntar, unir, ensamblar. **6.** Morder un cangrexo ou outro crustáceo (As Figueiras, Tapia de Casarego). **7.** Atascar (*Trabache a pechadura da porta*). **8.** Triscar os dentes dunha serra.

trabatel. s. m. Peza de madeira ou lousa que se pon enriba das ventás para evitar a auga; ceixa. **2.** Ventá pequena sobre unha porta (Santalla de Ozcos).

trabe. s. f. Madeiro groso e longo que atravesa o teito dunha edificación. **2.** Cada unha das catro vigas do hórreo que sustentan a cámara. Ás veces só está referido a dúas das vigas, sendo as outras as *madres*. **3.** Montón de neve que xunta o vento (Allande).

Obs. Ás veces esta palabra utilízase con xénero masculino.

trabeira. s. f. Estante onde se poden poñer varios obxectos (Grandas de Salime, Ibias). **2.** Conxunto de táboas que dividen o interior dun hórreo (Ibias).

trabeiro. V. trabeira 1ª acep. **2.** Especie de mesa formada por varias táboas, situada normalmente xunto a unha ventá nas bodegas onde o ferreiro axusta e fai máis finas as pezas (Taramundi).

trabela. V. tarabela 1ª acep. (Santalla de Ozcos).

trabía. s. f. Táboa pequena.

trabico. V. tallolo 1ª acep.

trabita. s. f. Correa que une entre si, dous a dous, os paus da canga por debaixo do pescozo do animal (Abres). **2.** Corda que une os fueiros do carro para evitar que os laterais e a carga saian fóra.

trabizo. V. tallo 2ª acep. (Taramundi, Santalla de Ozcos).

traboada. s. f. Trabada; trabón 2ª acep.

trabón, -a. adx. Dise da persoa que morde. **2.** s. m. Acción de morder, trabada ou ferida feita cos dentes.

trabouzo. s. m. Táboa sen labrar, feita coa brosa.

trabuada. V. traboada.

trabucar. v. Equivocar, errar. **2.** prnl. Confundirse, equivocarse.

trabuco. s. m. Arma antiga de fogo, máis curta que unha escopeta, coa boca do cano ancheada.

trabuna* → tribuna.

trabuquete. s. m. Arte de pesca na que se utiliza unha rede de ampla lonxitude, forte na parte superior e máis fina na inferior, e que se utiliza especialmente para a captura da agulla (As Figueiras, Tapia de Casarego, El Franco, Navia).

traca. s. f. Ringleira de táboas no forro dunha embarcación (As Figueiras).

tracafía. V. trancafiadura.

tracafiar. V. trancafiar 1ª e 2ª acep.

tracafullada. s. f. Lea, enredo, mentira.

tracafulleiro, -a. adx. Zarapalleiro, mentireiro.

tracamundiar. v. Revolver, cambiar as cousas de lugar.

tracatear. v. Andar moito dun lado para outro (Allande).

tracoma. s. f. Enfermidade crónica que produce a inflamación da córnea e a conxuntiva dos ollos.

tractor. s. m. Vehículo para labores agrícolas que consta de catro rodas, as traseiras máis grandes que as dianteiras, cabina e motor.

tractorada. s. f. Manifestación con tractores.

tractorado. s. m. Capacidade que pode levar un tractor.
tractoriar. v. Conducir un tractor (A Veiga).
tractorista. s. m. e f. Persoa que conduce un tractor.
trade. s. m. Instrumento para facer furados na parede, na madeira, no ferro etc. Un dos tipos é chamado romano. **2.** Instrumento utilizado polos zoqueiros para facer o interior das zocas (Abres). **3.** V. trabe 1ª acep.
tradición. s. f. (pl. tradiciois). Costume. **2.** Conxunto de coñecementos, crenzas, usos e valores culturais e morais transmitidos de xeración en xeración.
trado. V. trade (Ibias); tarabelo 1ª acep.
traer. v. Levar algo dun lugar a outro onde se está. **2.** Levar unha cousa posta. **3.** Ocasionar, causar. // **Traer a prado.** Convertir en prado unha terra situada no monte. // **Traer (*trer*) al rego.** Facer que unha persoa razoe.
tráfago. V. maragouzo.
trafegar. v. Cambiar o viño dunha barrica a outra no minguante da lúa de marzo (Pezós, Grandas de Salime). **2.** Transportar cousas dun lugar a outro (San Martín de Ozcos).
trafego. s. m. Traballo intenso. **2.** Cambio de lugar das cousas.
tráfego. s. m. Comercio, intercambio de mercancías. **2.** Circulación, de xeito especial a referida a vehículos.
trafulca. s. f. Barullo, confusión.
trafulcada. s. f. Trapallada, trato pouco limpo; trafullada.
trafullada. s. f. Trapallada, enredo. **2.** Mentira, engano.
trafullado, -a. adx. Dise de algo feito con pouco coidado (Castropol).
trafullar. v. Facer algo con pouco coidado.
trafullas. adx. Trapalleiro. **2.** Mentireiro, o que engana nun asunto.
trafulleiro, -a. adx. Trapalleiro. **2.** Mentireiro.
trafurcas. adx. Trapalleiro (Taramundi).
tragadeira. s. f. Furado por onde se introduce algo.
tragadeiras. s. f. pl. Facilidade para crer calquera asunto. **2.** Farinxe. **3.** adx. Dise da persoa que non ten escrúpulos para certos asuntos.
tragadeiro. s. m. Farinxe. **2.** Furado por onde se traga ou se vai unha cousa como a auga. **3.** Figuradamente, estómago (*Tes un bon tragadeiro*).
tragar. v. Facer pasar algo da boca ao estómago. **2.** Pasar unha cousa polo *tragadeiro*. **3.** Comer moito. **4.** Admitir a alguén ou algo.
trago. s. m. Acción de tragar. **2.** Cantidade que se bebe dun golpe ou dunha vez (*Un trago de viño*).
tragón, -a, -oa. adx. Dise da persoa que come moito.
traguer. V. traer (A Veiga, Eilao, Tapia de Casarego, Castropol).
traía. s. f. Acción que consistía en agardar as embarcacións á entrada da ría de Ribadeo para metelas no porto. O primeiro que chegase gañaba un frete.
traición. s. f. (pl. traiciois). Acción e resultado de traizoar. **2.** Falsidade.
traicionado, -a. adx. Que sufriu unha traizón.
traicionar. v. Ser desleal, falso.
traicioneiro, -a. adx. Que fai unha traizón.
traída. s. f. Acción de traer. **2.** Condución de auga.
traído, -a. adx. Trasladado, conducido a un sitio.
traidor, -a. adx. e. s. m. e f. Falso, desleal.
traineira. s. f. Tipo de barco de pesca, feita polos carpinteiros de ribeira, longa e estreita, usada para a pesca da sardiña, que normalmente leva catorce remos e que ten a posibilidade de propulsarse con dúas velas en paus que se poden quitar.
trainera* → traineira.
traíña. s. f. Arte de pesca de tiro, con rede moi longa con cortizas e chumbos, que se utiliza para a captura de sargos, robalizas, muxes, panchos etc. **2.** Rede duns trinta e cinco a corenta metros de lonxitude por catro de altura, que na parte superior se cubría con cortizas e na inferior tiña chumbos.
traitoira* → treitoira.
tralla. s. f. Vara pequena para afalar as vacas. // **Dar tralla.** Actuar duramente.
trallazo. s. m. Golpe dado cunha tralla. **2**. Sacudida violenta producida por unha descarga eléctrica.
trama. s. f. Conxunto de fíos que se cruzan uns con outros cunha dirección transversal formando un tecido.
tramallo. s. m. Aparello para a pesca con varias mallas que van de maior a menor para que caia a pesca nalgunha delas (As Figueiras).
tramar. v. Maquinar, enredar.
tramollada. s. f. Engano.
tramollas. s. m. Persoa de pouco fiar nos acordos.
tramolleiro, -a. adx. Dise da persoa que engana.
trampa. s. f. Aparello para cazar. **2.** Burla. **3.** No muíño, lingüeta de madeira basculante e unida mediante un fío á *paradoira*. Ao xirar esta abríase o paso á

auga, que non se pechaba até que o peso do pau da *paradoira* vencía o do gran que había enriba da lingüeta.

trampalandrainas. adx. Dise da persoa mentireira.

trampalantrán. adx. Dise da persoa con pouco xuízo (Boal).

trampallón, -a. adx. Dise da persoa que lle gusta facer trampas ou dicir trolas (Ibias).

trampas. adx. Mentireiro.

trampear. V. trampiar.

trampela. V. trapela.

trampella. V. trapela.

trampiar. v. Facer trampas. **2.** Superar con enganos as dificultades.

tramposo, -a. adx. O que fai trampas.

tramuella. s. f. Aparello rudimentario para a pesca da anguía. Consta dun fío no que se enfiaban miñocas, que se envolvía arredor da man formando un nobelo e se ataba cun cordel, e para que fose para o fondo poñíase un chumbo (Abres).

tramullada* → tramollada.

tranca. s. f. Táboa gorda ou barra de ferro que se pon atravesada detrás dunha porta ou ventá zarradas. **2.** Borracheira. **3.** Pau forte. **4.** Órgano xenital masculino.

trancafía. V. trancafiadura.

trancafiadura. s. f. Conxunto de voltas de fío que se dan a un chicote para que non se desfaga (As Figueiras).

trancafiar. v. Atar as puntas dos cordóns dun chicote na costura dun *calabrote*. **2.** Forrar un chicote dun cabo ou dun cordón.

trancadeiro. s. m. Aquilo que atranca, obstáculo.

trancanil. s. m. Serie de madeiros fortes tendidos tope a tope e desde a proa á popa, para unir os *baos* ás cadernas e ao forro exterior dunha embarcación.

trancar. v. Pechar cunha tranca. **2.** Atrancar, impedir.

trancazo. s. m. Golpe que se dá cunha tranca. **2.** Enfermidade, padecemento. **3.** Gripe. // **Dar el trancazo.** Coller a gripe.

trancha. s. f. Peixe osteíctio da orde dos clupeiformes, da familia dos clupeidos, que mide uns quince centímetros e é semellante á sardiña, aínda que o opérculo é liso e as escamas son máis pequenas. Ten color azulada no dorso e prateada no ventre e nos flancos (*Clupea sprattus*), (As Figueiras, Tapia de Casarego, Ortigueira).

trancos i barrancos (a). loc. Á présa e sen maña.

trangallada. s. f. Farsa, conxunto de mentiras, enredo. **2.** Festa improvisada e desordenada, baile. **3.** Trapallada. **4.** Acción ou obxecto mal feito, chapuza. **5.** Cousa sen valor. **6.** Conxunto de cousas desordenadas; argallada 7ª acep. **7.** Barullo, alboroto. **8.** Desastre.

trangalleiro, -a. adx. Embusteiro. **2.** O que fai trangalladas. **3.** O que fai chapuzas.

tranganillo. s. m. Instrumento pequeno de música, parecido a un órgano ou piano, que se fai soar por medio dun cilindro con pugas movido por unha manivela e pechado nun caixón portátil. **2.** Aparato pouco útil. // **Coller el tranganillo.** Aprender o xeito de facer algo que require certa habilidade.

tranqueiro. s. m. Pedra sobre a que descansan os marcos de portas e ventás (Castropol). **2.** V. trabouzo.

tranquilidá. s. f. Acougo.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

tranquilo, -a. adx. Calmado, acougado.

tranquilón, -úa. adx. Moi tranquilo.

transcantiado, -a. adx. Revolto, descolocado (*Esas fotos tán transcantiadas*), (Castropol).

transformador. s. m. Aparato para transformar unha corrente eléctrica de alta e baixa tensión ou viceversa.

transformar. v. Dar nova forma. **2.** Modificar.

transfusión. s. f. Acción de facer pasar un líquido dun recipiente a outro, especialmente o sangue dunha persoa a outra.

transitante. adx. Dise do camiño, lugar etc., polo que se pode transitar (San Martín de Ozcos).

transo. s. m. Momento crítico, próximo á morte dunha persoa. // ***Tar* en transo.** Estar morrendo (Os Ozcos).

transparencia. s. f. Calidade de transparente.

transparentar. v. Volver transparente ou claro.

transparente. s. m. Que deixa pasar a luz e permite ver os obxectos que están detrás.

transplantar. v. Cambiar un vexetal dun sitio para outro. **2.** Substituír un órgano enfermo por outro san nos seres vivos.

transportar. v. Levar dun lugar a outro persoas, produtos etc.

transporte. s. m. Feito de levar algo dun lugar a outro. **2.** Medio utilizado para trasladar persoas, produtos etc.

transtornado, -a. adx. Aplícase á persoa que ten alteradas as súas facultades mentais.

transtornar. v. Alterar as facultades mentais.

transtorno. s. m. Alteración. **2.** Contrariedade.
trapaceirada. s. f. Engano.
trapaceiro, -a. V. trangalleiro 1ª acep. **2.** Dise da noite na que caen moitas folerpas.
trápala. V. trangalleiro 1ª acep.
trapalandrán, -a. adx. Mentireiro.
trapallada. s. f. Trangallada, mentira. **2.** V. mar del vento (El Franco). **3.** V. saltido (Ortigueira). **4.** Moita cantidade de neve (Allande).
trapalleiro, -a. adx. Trangalleiro. **2.** Desordenado.
trapallido. s. m. Ruído forte (*El trapallido dos cuetes*), (Navia).
trapallón. V. xarabal (Ortigueira).
trapaxo. s. m. Farrapo, roupa vella e rota. Obs. Trátase dun castelanismo.
trapear. V. trapiar.
trapeiro, -a. s. m. e f. Persoa que mercaba ou vendía trapos, que cambiaba por xarras, pratos, cerámica etc. **2.** Dise da persoa mal vestida. // **Andar feito un trapeiro.** Ir mal vestido e sen asear.
trapela. s. f. Porta abatible no chan ou no teito. **2.** Trampa para coller perdices, paspallás ou outros animais. **3.** No muíño, porta abatible que se poñía no fondo da moxega e que se mantiña baixada co peso do gran. **4.** Nun mazo, abertura inferior da *trompa* que dá saída á auga. **5.** Porta abatible no chan que se utiliza como trampa. **6.** Nunha forxa, cada unha das dúas pequenas táboas abatibles cunha correa que fan de bisagra e deixan entrar o aire no barquín (Santalla de Ozcos).
trapelada. s. f. Chisme, conto (Castropol). // ***Cáiache* todo nuha *trapelada*.** Nun montón desordenado (As Figueiras).
trapella. V. trapela 1ª, 2ª e 5ª acep.
trapello, -a. V. trapelo.
trapelo, -a. adx. Aplícase á persoa gorda.
trapiar. v. Caer folerpas grandes.
trapichar. v. Traficar, facer negocios fraudulentos.
trapicheiro, -a. adx. O que *trapicha*. **2.** Dise da persoa con pouca formalidade.
trapicheo. s. m. Acción e efecto de *trapichar*.
trapín. s. m. (pl. trapíos, trapiños). Trapo pequeno.
trapo. s. m. Cacho de tea. **2.** Folerpa. **3.** Tea vella e desfeita. // **Poñer (*poer*, *puer*) como un trapo.** Reprender a alguén con dureza.
trapolas. adx. Aplícase á persoa que di mentiras. **2.** Persoa que fala moito e de cousas sen importancia.
trapoleiro, -a. adx. Mentireiro.
trapulleiro, -a. adx. Que conta mentiras.
traqueteo. s. m. Ruído producido ao mover algo.
tras. prep. Detrás de. **2.** Despois de. **3.** En busca del.
trasacordo. s. m. Revisión ou cambio dun acordo pactado anteriormente.
trasbardiar. v. Volverse tolo.
trasbimbar. v. Desvariar.
trasbiñar. v. Producir unha sensación áspera algo nos dentes; ferir 4ª acep.
trasbolar. v. Estar medio durmido.
trascantiado, -a. adx. Ladeado.
trascanto. s. m. Pedra que vai montada noutra que forma un recanto; esgonzo. **2.** Carga de cemento que se lle dá a unha parede sen lucir (Villaión).
trascordar. v. Perder a noticia puntual dunha cousa, por esquecemento ou por confusión con outra.
trascordiado, -a. adx. Confundido (Boal).
trascortía. s. f. Terra, monte ou prados que están máis aló da cortiña dunha casa (Tapia de Casarego).
trasegar. V. trafegar.
traseiro, -a. adx. Que está ou vén detrás. **2.** s. f. Parte posterior dunha cousa ou obxecto, como no carro. **3.** adx. Dise do carro que leva a carga mal repartida, con máis peso na parte traseira. **4.** s. m. Nádegas, cu. **5.** adx. Último (*Quen foi el traseiro?*), (Boal).
trasformador. V. transformador.
trasformar. V. transformar.
trasfusión. V. transfusión.
trasgo. V. trasno 1ª e 2ª acep.
trasladar. v. Mover ou levar algo ou alguén dun lugar a outro.
traslado. s. m. Acción e efecto de trasladar ou trasladarse, mudanza.
traslazado. adx. Aplícase ao día no que tanto fai sol como chove.
traslazar. v. Cambiar de tempo.
trasliar. v. Volverse tolo.
trasllazado. V. traslazado.
trasllazón. adx. Aplícase ao día con tormenta (Tapia de Casarego).
traslleitado, -a. adx. Aplícase ao neno ou ao animal pequenos que non se lles deixou mamar antes de tempo (Boal).
trasllucirse. v. prnl. Presentir, sospeitar, entrever, conxecturar (Tapia de Casarego).
traslluz. V. trasluz.
trasluz. s. m. Luz que pasa a través dun corpo translúcido. // **Al *trasluz* (*traslluz*).** Expresión referida ao xeito de ver unha cousa transparente, colocada entre a luz e o ollo.

trasmalle. V. trasmallo (Abres).

trasmallo. s. m. Arte de pesca formado por tres redes, que se mergulla con pedras ou chumbos.

trasmudado, -a. adx. Cambiado (Os Ozcos).

trasmudar. v. Cambiar (Villaión).

trasmular. adx. Relativo ao macho ou á mula. **2.** Dise da cabalería na que a mai tivo un macho no parto anterior e que se consideran normalmente máis falsos (Boal).

trasmundar. v. Perder algo, desaparecer. **2.** prnl. Desmellorar, estragarse.

trasnada. s. f. Acción propia dun trasno, como as dos nenos travesos. **2.** Cantidade grande de algo (Eilao, Allande). **3.** Torpeza, barbaridade (Abres).

trasnexo. V. trasno.

trasno, -a. s. m. e f. Nome de certos espíritos nocturnos mitolóxicos que viven e aparecen nas casas, producindo ruídos e facendo falcatruadas ás persoas que viven nelas, especialmente ás mulleres cuando fan os *fillolos* no tempo do Entroido. No concello de Ibias, para evitar a súa entrada nas casas ponse detrás das portas un recipiente de auga durante a noite. A súa chegada a unha aldea sábese polo gran ruído que produce ao abrir e pechar portas, ao revolver as olas etc. Nos camiños aparece en forma de cabalo, cabra ou cordeiro. Se a forma é de carneiro, ás veces é denominado *renubeiro*. No concello de Boal, é un anano, con pucha colorada e unha man cun furado. Espántase cunha cunca de millo, pois ao tomala, vérquese o contido polo furado da man, non podendo recollelo, e como ten que deixar todo como o atopa, marcha con vergonza e non volve. **2.** Demo. **3.** adx. Dise do neno inquedo, argalleiro.

trasnoitado, -a. adx. Que se deitou tarde. **2.** Que non durmiu pola noite.

trasnoitar. v. Deitarse tarde. **2.** Pasar a noite sen durmir.

trasnuada. s. f. Acción dun trasno, trasnada.

traspapelar. v. Perder un papel entre outros.

trasparencia. V. transparencia.

trasparentar. V. transparentar.

trasparente. V. transparente.

traspasar. v. Levar dun sitio a outro. **2.** Pasar a outra parte. **3.** Ceder algún dereito ou obrigación a outra persoa mantendo a súa propiedade.

traspaso. s. m. Acción de traspasar, especialmente un negocio.

traspés. s. m. Calquera incidente sufrido ao andar.

traspintado, -a. adx. Que cambiou de aspecto.

traspintar. v. Roubar. **2.** Cambiar unha cousa de lugar sen que outra persoa o saiba. **3.** prnl. Desfigurarse. **4.** prnl. Erguerse os pelos dos costados das reses. **5.** prnl. Cambiar de aspecto. **6.** prnl. Borrarse o que estaba pintado.

trasplantar. V. transplantar.

traspoer. V. traspoñer 1ª acep.

traspoñer. v. Cambiar de lugar unha cousa. **2.** prnl. Adormecer.

trasportar. V. transportar.

traspruida (a). loc. A outro lado (San Martín de Ozcos).

traspruidar. v. Cambiar nun lugar a liña dun cume (San Martín de Ozcos).

traspruidecer. V. traspruidar.

traspuidar. V. traspruidar. **2.** Pasar un monte dun lado a outro, subindo e baixando (Eilao).

trasquilado, -a. adx. Dise do animal ao que quitaron o pelo ou a la. // **Ovella *trasquilada*, aos tres meses igualada.** Refrán que alude a que despois de tosquiar as ovellas axiña lles medra o pelo outra vez.
Obs. Trátase dun castelanismo.

trasquilar. V. tosquilar.
Obs. Trátase dun castelanismo.

trastada. s. f. Trasnada.

trastallado, -a. adx. Moi sorprendido ou afectado por unha mala noticia ou acontecemento.

trastarabás. adx. e s. Dise da persoa con pouco xuízo.

traste. s. m. Trasto. **2.** Mal sabor da comida que está estragada (San Martín de Ozcos). **3.** adx. Dise da persoa, especialmente o neno argalleiro, inquedo. **4.** Caixón que hai na cuberta dunha embarcación de baixura que serve para poñer o peixe (Tapia de Casarego). **5.** Sabor indeterminado que deixa unha comida (Santalla de Ozcos). **6.** Utensilio (*Levaba os trastes da pesca*). **7.** Cu da muller. **8.** Táboa que separa nunha embarcación o espazo onde se pon a pesca do resto. // **Ir al *traste*.** Arruinar, desbaratar. // **Ter *traste*.** Ter mofo, normalmente referido ao viño (Boal).

trastear. v. Revolver, perder cousas por cambialas de lugar. **2.** Usar algo moito que se chega a poñer vello. **3.** Darse golpes.

trastenda. s. f. Local situado detrás dunha tenda.

trastiar. V. trastear.
trasto. s. m. Calquera moble ou utensilio da casa. **2.** Moble ou utensilio inservible. **3.** Neno argalleiro. // **Tirarse os trastos.** Rifar, discutir de xeito violento.
trastornado, -a. V. transtornado.
trastornar. V. transtornar.
trasverquedoiro. s. m. Vertedeiro, lugar onde se tira a auga.
trasverquer. v. Volver verter o que sobra. // **Al *trasverquer*.** Expresión que se utiliza cando unha cousa vaise derramar.
tratado, -a. adx. Acordado. **2.** s. m. Acordo, trato, pacto.
tratante, -a. s. m. e f. Persoa que se dedica á compra e venda de gando. **2.** Muller que se dedicaba a vender pitas nos mercados.
tratar. v. Relacionarse con certas persoas. **2.** Acordar algo cunha persoa. **3.** Falar ou escribir sobre un asunto. **4.** Pensar nun asunto. **5.** Portarse ben ou mal con alguén. **6.** Coidar. **7.** Comerciar con certos produtos.
trato. s. m. Tipo de convenio que se facía antigamente para aqueles que se querían casar, sendo previo á voda e onde se estipulaba o custo do dote e as achegas e obrigacións a que estaban sometidos os que se ían casar mentres vivisen os seus pais. Tamén se denominaban capitulacións matrimoniais. **2.** Pacto que se fai nunha venda cos tratantes de gando. **3.** Acción e efecto de tratarse. **4.** Por extensión, acordo, contrato. // **Trato feito, nunca desfeito.** Refrán que indica que un trato é algo sagrado (Tapia de Casarego). // **Trato feito *pra* cento i un días.** Refrán que indica que un trato é algo sagrado (Eilao).
trator* → tractor.
traval. V. ladral (As Figueiras).
través. s. m. Medida caseira para medir teas. Denomínanse tamén *traveses de dedos*. // **A través de.** Por medio de.
travesa. s. f. Barra ou listón de madeira que serve para unir dúas partes opostas dunha cousa.
travesal. V. traveseiro.
travesar. V. atravesar.
traveseira (os de). adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Santa Mariña (Taramundi).
traveseiro. s. m. *Largueiro* dunha cama, dunha ventá, dunha grade, dunha porta, dunha *silla* etc., que atravesa dunha parte a outra. **2.** Terreo en costa que se enchía de terra para poder facer unha superficie plana onde plantar vides. **3.** No carro, cada unha das táboas que forman parte do *leto* do carro onde se enganchan os fueiros. **4.** Madeiro que vai atravesado nunha armazón. **5.** Madeiro delgado dos que se cruzan xunto aos cristais das ventás para sostelos. **6.** Peza do arado ou do *vasadoiro* que atravesa a parte de atrás, a *cabezada* e as orelleiras. **7.** Almofada longa que ocupa todo o ancho da cama (San Martín de Ozcos). **8.** Cada un dos paus horizontais dunha cancela (Vilanova de Ozcos). **9.** Barra de ferro de forma rectangular e alongada, cun gancho en cada extremo, que serve para apertar as contraventás.
travesía. s. f. Camiño ou rúa transversal. **2.** Vento do norte (Navia, Tapia de Casarego, El Franco, Coaña, Castropol). **3.** V. salseiro 1ª e 2ª acep. (El Franco).
traveso, -a. adx. Revoltoso, inquedo.
traveso (al). loc. Dun lado a outro (*Pilloume a peza al traveso*), (Santalla de Ozcos).
traviesa. s. f. Cada un dos madeiros que se atravesan no camiño de ferro para poñer as vías. **2**. Coitelo das armaduras que serven para soster un lousado.
Obs. Trátase dun castelanismo.
traxe. s. m. Vestido exterior completo. O traxe tradicional é o considerado desde o principio do século XVIII até comezos do século XX, tendo que diferenciar as pezas de roupa e o xeito de vestilas en cada época. É de especial importancia a funcionalidade da peza da roupa, para que serve no momento en que se poñía, non era o mesmo a roupa de diario que a de festa. Esta última era máis complexa na súa realización e era tamén a máis coidada. As colores das pezas eran vivas, pero non tan vistosas porque os tinturas que usaban non daban isto. As tonalidades máis frecuentes eran o negro, pardo, amarelo, morado, azul mariño, marrón e colorado. Sobre os materiais de que estaba feito sobresaía o liño e a la, e despois excepcionalmente a seda, o algodón ou o cánabo. Despois importáronse tecidos de Castela e lougo chegaron os industriais: flanela, *mahón*, *dril*, *villela* etc.
traxín. s. m. Acción de traxinar. **2.** Moito movemento ou actividade.
Obs. Trátase dun castelanismo.
traxinar. v. Moverse moito dun lado a outro. **2.** Sexualmente, facer o amor a unha muller.
Obs. Trátase dun castelanismo.
traza. s. f. Aparencia, aspecto. **2.** Deseño, esquema. **3.** Plano, medio. **4.** Cada un dos dous cortes horizontais que se fan no tronco dunha *sofreira* para quitarlle a

cortiza. // **Non ter trazas.** Non chegar a nada. // **Levar trazas.** Levar camiño de algo. // **Poñer trazas.** Presentar habilidade para algo. // **Ter trazas de.** Parecer.

trazado. adx. Dise do leite que se corta (Abres).

trazar. v. Intentar, tratar (*Trazou de mercarme dous ranchíos*), (San Martín de Ozcos). **2.** Facer dous cortes horizontais no perímetro dunha *sofreira* para delimitar a capa que se vai sacar do seu tronco. **3.** Facer sobre unha superficie as liñas ou trazos que compoñen algo. **4.** Pensar, idear.

trébedes. s. f. pl. Soporte de ferro con tres patas, de xeito circular e mango sobre o que se coloca unha vasilla no lume (Boal, Navia).

Obs. Nalgúns falantes presenta xénero masculino: os trébedes.

trebellos. s. m. pl. Ferramentas para un oficio ou traballo (Tapia de Casarego).

trebogar. v. Ferver algo a cachón (El Valledor).

trebosía. s. f. Tremor, especialmente o que teñen as persoas maiores. **2.** Sensación simultánea de calor e frío.

trebusía* → trebosía.

trece. adx. e s. m. Dez máis tres. // ***Puerse* nas súas treces.** Manter unha persoa a súa opinión con tenacidade.

trécola. s. m. Persoa que fala moito pero con pouco sentido e sen xeito, charlatán (Ibias).

trefulca* → trifulca.

treicionado*, -a → traicionado.

treito. s. m. Camiño (Villaión). **2.** Distancia, traxecto (Os Ozcos, Tapia de Casarego). **3.** Costa (Boal). **4.** Porción pequena de algo (*Toma un treitín de leite*), (San Martín de Ozcos). // **A *treitíos*.** A cachos pequenos. // **A treitos.** Pouco a pouco, cada certo tempo ou distancia. // **Andar a treitos.** Andar parándose cada certo tempo ou distancia.

treitoira. s. f. Cada unha das catro pezas de madeira que suxeitan o eixe do carro para que o *leto* non se vaia para atrás ou para adiante. **2.** pl. Pernas en forma de arco. // ***Tar* como uha treitoira.** Non estar ben da cabeza.

treixa. V. cereixa 1ª acep. (El Valledor).

treixada. V. treixuada (Navia). **2.** Temporal de vento e auga.

treixal. V. cerdeira (El Valledor).

treixuada. s. f. Enfermidade leve. **2.** Golpe. **3.** Esforzo físico forte.

treixuiciada. adx. Aplícase á persoa sen xuízo.

trembar. V. tembrar. // ***Trembarlle* a *paxarella*.** Estar asustado. // ***Trembar* como el *centén* verde.** Estar moi nervioso (Boal).

trembido. V. trembor.

tremblar. V. tembrar.

trembón, -úa. adx. O que treme.

trembor. s. m. Acto ou efecto de tremer, de ter medo. **2.** Acto de tremer o corpo por cambios de temperatura.

trémboras. adx. Borracho (*Iban trémboras*).

trembosía* → trebosía.

trembusía* → trebosía.

treme. s. m. Mesa do lagar, sobre a que se prensa o viño (Boal).

tremendo, -a. adx. Moi grande. **2.** Estupendo, moi bo.

trémola. s. m. Terreo pantanoso, que se move cando se anda por el (Santalla de Ozcos).

tremolar. v. Facer mover algo o aire, como as follas dunha árbore (Pezós).

trémora. V. trémola.

trempa. s. f. Acción de meter en auga o metal dunha navalla, coitelo etc., para que a folla se volva branda; trempe, trempado.

trempado, -a. V. temprado. **2.** V. trempa.

trempador. s. m. Tripulante dun batel de pesca que desde a terra suxeita un dos cabos da rapeta, o cabón de *trempar*.

trempanza. V. tempranza.

trempar. v. Tirar desde a terra dun dos cabos da rede. **2.** V. temprar 1ª, 2ª, 3ª e 4ª acep.

trempe. V. tempre. **2.** V. trempa.

trémulo, -a. adx. Que treme.

tren. s. m. (pl. treis). Conxunto dunha locomotora e os vagóns arrastrados por ela.

trenta. V. trinta.

trenza. s. f. Tecido feito con varios fíos cruzando uns cos outros. **2.** Particularmente, a feita cando se entrecruzan os pelos da cabeza, formando unha especie de tecido. **3.** Cada unha das cintas entrecruzadas que levaban antigamente os zocos para atalos ás pernas das persoas, ou dos nenos para que non lles caesen (San Martín de Ozcos).

trenzar. v. Unir ou tecer algo con trenzas.

trepia. s. f. Castigo que se dá a un con azoutes, patadas etc. (San Martín de Ozcos).

trepias. V. trébedes. **2.** V. estrepia (s).

trer. V. traer (Boal, Tapia de Casarego, Coaña, Navia, El Franco, Villaión).

tres. adx. e s. m. Dous máis un. // **As tres (avemarías) marías.** s. f. pl. Estrelas perfectamente aliñadas da constelación de Orión, situadas no centro dun rectángulo case regular formado por outras estrelas. Esta constelación só é visible en inverno e é unha das máis fermosas do firmamento. // **Os tres navíos.** s. m. pl. Xogo infantil parecido ás *escondidas*, en que un ou máis xogadores teñen que atinar onde están escondidos os outros ao dicir uns "*tres navíos al anoitecer*" e os outros contestar con "*tres navíos a navegar*". Grazas a oílos podían atopalos. Xogábase cando xa se achegaba a noite ou cando había moita ramallada para ocultarse. // **Os tres pés.** Xogo de adultos no que un participante leva atada a perna a outra dun compañeiro, correndo deste xeito en parella até acadar a raia de chegada. // **Tres en raia.** s. m. Xogo de nenos para dous participantes, cada xogador ten tres fichas e vai colocando as súas nos vértices ou no medio dun cadro do que parten diagonais que se cruzan no centro. Para gañar a partida os contrincantes buscarán poñer en raia as súas tres fichas. Existen moitas variedades.
tres* → tras.
tresbimbar* → trasbimbar.
tresbiñar* → trasbiñar.
trescantiado*, -a → trascantiado.
trescanto* → trascanto.
trescentos, -as. adx. e. s. m. e f. Tres veces cen.
trescordar* → trascordar.
treseiro*, -a → traseiro.
tresformar* → transformar.
tresfusión* → transfusión.
tresladar* → trasladar.
treslear* → trasliar.
tresliar* → trasliar.
treslleitado*, -a → traslleitado.
treslluz* → trasluz.
tresluz* → trasluz.
tresmallo* → trasmallo.
tresmudado*, -a → trasmudado.
tresmudar* → trasmudar.
tresmundar* → trasmundar.
tresnoitar* → trasnoitar.
tresparencia* → transparencia.
tresparentar* → transparentar.
tresparente* → trasparente.
trespasar* → traspasar.
trespaso* → traspaso.
trespés. V. cabalete 1ª acep.
trespintado*, -a → traspintado.
trespintar* → traspintar.
tresplantar* → transplantar.
tresportar* → transportar.
tresporte* → transporte.
tresprantar* → transplantar.
trespruida* (a) → traspruida (a).
trespruidar* → traspruidar.
trespuidar* → traspruidar.
tresquilar* → tosquilar.
trestallado*, -a → trastallado.
trestornado*, -a → transtornado.
trestornar* → transtornar.
trestorno* → transtorno.
tresverquedoiro* → trasverquedoiro.
tresverquer* → trasverquer.
treve. V. trévol (Tapia de Casarego). **2.** V. algaramón 1ª acep. (Tapia de Casarego).
trévol. s. m. Nome común das especies do xénero *Trifolium*, da familia das papilionáceas. Son plantas vivaces ou anuais, de follas trifolioladas e flores vermellas, rosadas, brancas, amarelas etc., unidas en espigas. Existen numerosas especies silvestres, sendo algunhas cultivadas como plantas forraxeiras e outras para céspedes (*Trifolium sp.*).
trexelán. s. m. Movemento intenso dun sitio para outro ou grande actividade de alguén (El Franco). **2.** Acto de andar dun lugar a outro con calquera ocupación.
tribo. s. f. Conxunto de familias que proceden dun tronco común (Allande).
tribuna. s. f. Coro da igrexa.
tribusía* → trebosía.
trido, -a. V. traído.
trifulca. s. f. Pelexa, rifa.
trigal. s. m. Lugar onde se sementa trigo.
trigo. s. m. Planta gramínea de carácter anual, con talo delgado e normalmente oco, que dá espigas con grans. Os grans moénse e da casca sae o farelo e do interior a fariña que servirá despois para fabricar o pan (*Triticum sp.*). **2.** Pan. // **Desde el trigo ás cereixas son as queixas.** Refrán que alude a que desde que se sementa o trigo a finais de outono até que hai cereixas no mes de maio (considerado un mes de fartura) hai un período de tempo de fame que é o inverno. // **El trigo nel lodo i el nabo nel *polvo*.** V. O trigo no lodo e os nabos no polvo. // **Nin trigo enriba, nin *farello* (*farina*) *embaxo*.** Refrán que sinala que nin unha cousa nin a outra (Boal). // **Nunca por *muito* trigo foi peor ano.** V. Por muito trigo nun é mal ano. // **O trigo no lodo e os nabos no *polvo*.** Refrán que expresa onde se teñen que sementar estes cultivos. // **Por *muito* trigo *nun* é mal ano.** Refrán que alude a que a

abundancia de cousas útiles non causa dano ningún. // ***Pra*** **labrar trigo, nel lodo.** ***Pra*** **labrar nabos, nel** ***polvo*****.** V. O trigo no lodo e os nabos no polvo. // **Trigo cego.** Trigo afectado polo fungo chamado *morrión* (El Franco). // **Trigo de** ***meiceira*****.** Trigo cultivado nunha terra sementada dous anos antes de millo. // **Trigo de nabal.** Trigo que se labraba despois do millo, de peor calidade. // **Trigo de vedro.** Trigo procedente dunha colleita feita nunha terra de monte.

trigueiro, -a. adx. Da color do trigo maduro, entre louro e moreno. **2.** adx. e s. Alcume popular que lles dan os habitantes de Villaión aos de Trelles (Coaña). // **Ovo trigueiro.** Ovo de color morena.

triguela. s. f. Terreo pequeno sementado de trigo (Os Coutos).

trigüeño, -a. adx. Da color do trigo maduro, entre louro e moreno (San Martín de Ozcos).

Obs. Trátase dun castelanismo.

trilladeira. s. f. Peza de *tornería* de madeira, con forma de fonte grande e base chá, con paredes de perfil xebrado, tendo no interior un forte taco de madeira. Utilízase para picar carne e hortalizas, caendo logo dentro do recipiente e normalmente faise de madeira de castiñeiro ou de freixo.

trillado, -a. adx. Debullado co trillo ou o mallo. **2.** Aplícase á vaca que ten os pezuños brandos. **3.** Dise do animal que lle doen os pezuños por andar moito ou por estar o camiño en mal estado. **4.** Pisado. **5.** Aplícase á persoa que lle doen os pés polo calzado que leva ou por andar moito.

trilladora. s. f. Máquina que serve para trillar cereais. Normalmente eran fabricadas en Gasteiz pola empresa Aguría.

trillar. v. Debullar os cereais co trillo ou o mallo. **2.** Abrirse os cascos das vacas ou dos cabalos por camiñar moito (El Franco). **3.** Pisar.

trillo. s. m. Acción de quitar a casca do liño no *pisón*.

trillón. s. m. Cuba que se utiliza para fermentar os *alolicos* (Villaión). **2.** *Tina* grande onde se pisa a uva e fermenta o viño (Eilao).

trinar. v. Cantar con trilos. **2.** Estar anoxado por algo.

trinca. s. f. Trenza que se fai co pelo, un fío, un cabo etc.; trenza. **2.** Cabo que serve para amarrar fortemente algunha peza dunha embarcación.

trincaciar. V. trancafiar 2ª acep.

trincado[1]. s. m. Tipo de embarcación que tiña unha eslora de quince a dezaoito metros cunha manga e un puntal de dous. A proa era rectangular rematando o casco nun codaste rectilíneo, que levaba un temón sobresaíndo por debaixo da quilla máis dun metro. Tiña un só pau e unha vela. Podía levar entre cinco e oito tripulantes.

trincado[2], -a. adx. Suxeito, amarrado con cordas.

trincaciadura. V. trancafiadura.

trincafilos. s. m. Remate lateral dunha rede de pescar (Boal).

trincar. v. Facer unha *trinca*. **2.** Trabar. **3.** En sentido figurado, comer. **4.** Suxeitar ou atar con forza cabos ou cordas a algo (Castropol, Tapia de Casarego, El Franco, Boal). **5.** Foder (Castropol). **6.** Beber ou gustar de bebidas alcohólicas. **7.** Suxeitar cos brazos algo. **8.** Cortar algo cos dentes (*El can trincou os ósos*).

trincha. s. f. Ferramenta cortante de carpintería, de aceiro, con mango de madeira e *boca* formada por un bisel, que entre outras cousas, servía para facer carros.

trinchante. s. m. Instrumento de varios dentes que se utiliza para comer (Ortigueira); tenedor. **2.** Coitelo de tamaño grande, con folla de punta volta.

trinchar. v. Partir, cortar.

trincheira. s. f. Rede fixa con chumbos, que se coloca unha despois doutra na pesca do salmón.

trincho. V. sembrador.

trincón. s. m. Tirón forte e violento (Boal).

tringuilintainas. s. m. pl. Xogo de nenos, que consiste en atinar o número de pedras ou fabas de colores que outro ten na súa man zarrada, con só abrila unha vez e dicindo varias frases: "*Tringuilintainas, abre las ainas, Sobre de cuantas? (Tantas)*"; samporrotainas.

trinque (do, del). loc. Novo, moi novo. // **Darlle ao (al)** ***trinque*****.** Beber alcohol. // **Gustarlle el** ***trinque*****.** Gustarlle beber alcohol.

trinqueta. V. trinquete.

trinquete. s. m. Pau de proa nunha embarcación de vela.

trinquilintainas. V. tringuilintainas.

trinta. adx. e s. m. Tres veces dez. // **Trinta e seis.** Tres veces dez máis seis.

trintecatro. adx. e s. m. Trinta e catro.

trinteseis. adx. e s. m. Trinta e seis.

tripa. s. f. Intestino ou parte deste. **2.** pl. Conxunto das tripas dun peixe (As Figueiras); ventrisca. // **Das tripas ao**

salto. Moito (Santiso de Abres). // **Facer (*fer*) de tripas corazón.** Sobrepoñerse para facer algo que custa moito esforzo ou noxo. // **Sacar (a un) *asta* as tripas.** Aproveitarse dunha persoa. **2.** Pedirlle ou facerlle gastar moito diñeiro a un. // **Tripa *culeira*.** Recto do cocho.

tripapé. s. m. Asento de tres pés (Taramundi).

tripar. v. Pisar o que está sementado. **2.** Pisar co pé (Boal, Abres, Santalla de Ozcos, Taramundi). **3.** V. tripear.

tripaxe. s. f. Conxunto de tripas dun animal. **2.** Estrutura interior de algo, como a dunha casa.

tripear. v. Comer moito e ben (Allande).

tripeiro, -a. s. m. e f. Persoa que vende tripas. **2.** adx. Que lle gusta comer moito.

triple. adx. e s. Que contén tres veces a outro número. **2.** Dise dunha cousa formada por tres unidades iguais ou semellantes entre si.

tripulación. s. f. (pl. tripulaciois). Conxunto de persoas encargadas do goberno e mantemento dunha embarcación.

tris. s. m. Distancia pequena ou tempo breve.

triscanto. s. m. Nunha parede, pedra que se apoia sobre outras tres (El Franco).

triscar. v. Facer ruído cos dentes cando se parte algo con eles. **2.** Torcer os dentes dunha serra a un lado e a outro. **3.** Facer ruído unha cousa que rompe ao caer. **4.** Partir, romper.

trisque. s. m. Xeito de poñer os dentes da serra que van inclinados de dereita á esquerda.

trisquilado, -a. adx. Que lle quitaron a la como ás ovellas.
Obs. Trátase dun castelanismo.

trisquilar* → tosquilar.

triste. adx. Falto de alegría, aflixido, deprimido. // **Triste como a noite.** Moi triste (Tapia de Casarego).

tristeza. s. f. Tristura.

tristura. s. f. Estado de ánimo da persoa que é ou está triste.

triunfar. V. trunfar.

triunfo. s. m. Éxito. **2.** V. trunfo. // ***Costar* un triunfo.** Aplícase cando un asunto leva moito sacrificio.

trizarse. v. prnl. Amarrarse, agarrarse, tanto persoas como animais. **2.** Enredarse. **3.** Discutir.

tróbano. V. trobo (Navia, Villaión).

trobar[1]. v. Beber (El Franco). **2.** Cantar en verso.

trobar[2]. v. Baleirar un tronco de árbore cunha gubia para facer un trobo.

trobello. s. m. Aparato feito cunha táboa e un ferro con resorte que se utiliza para cazar animais como raposas, ratos ou paxaros. **2.** adx. Dise da persoa gorda e de pequena estatura, especialmente das mulleres (San Martín de Ozcos).

trobelo. V. trobello 1ª acep.

trobo. s. m. Recipiente de madeira de *sofreira*, castiñeiro, freixo, carballo ou pradairo, ou tronco de árbore que serve para acoller as abellas, recubríndose normalmente cunha lousa ou pedra. Póñense en *cortíos*, xunto ás casas, en cabazos, hórreos etc. **2.** Por extensión, colmea onde vive un enxame. **3.** Por extensión, depósito de auga feito de madeira de forma parecida ás colmeas. **4.** Parte da *trompa* dun mazo onde se almacena auga. // **A *unde* vai el trobo vai a *adala*.** Refrán que indica que onde van dúas cousas ou persoas que se precisan, estas teñen que ir xuntas. // **Trobo da *colada*.** Trobo de *colar*. // **Trobo de *colar*.** Utensilio de madeira con forma de tronco de árbore que se utilizaba para lavar a roupa; dala 2ª acep. // **Trobo del *grao*.** Madeiro furado onde se almacenaba o centeo ou o trigo. // **Trobo del mel.** Tronco furado con tapa onde se gardaba o mel.

trocado. adx. Aplícase ao calzado que se pon no pé que non lle corresponde.

trocar. v. Cambiar (Boal).

trochada. s. f. Golpe.

trochazo. s. m. Golpe.

trocho. s. m. Pau curto e gordo, que utilizaban os nenos para facer caer a froita das árbores. **2.** Cacho groso de carne. **3.** Tronco pequeno e groso. **3.** Tronco da verza e doutros vexetais (Eilao, Allande, Villaión). **4.** Cacho de pau. **5.** Pértego do mallo (San Martín de Ozcos). **6.** Pau mediano e groso (San Martín de Ozcos).

trochuada. s. f. Golpe dado cun trocho.

troco. s. m. Cambio.

trócola. s. f. Roldana (Eilao).

trócula* → trócola.

troel. V. truel (Tapia de Casarego).

troia. s. f. Conxunto de nenos e rapaces.

troita. V. truita.

troitoira. V. treitoira.

trola. s. f. Mentira, embuste. **2.** Festa, xoldra.

trollado, -a. adx. Tolo.

trollar. v. Acondicionar a superficie dun suco, despois de sementado o trigo, para que quede lisa, eliminando terróns e *balocos*. **2.** Partir ou esmiuzar a leña en cachos (San Martín de Ozcos). **3.**

Golpear a palla até facela máis miúda (Vilanova de Ozcos).

trollo. s. m. Especie de aixada que se utiliza para *trollar* (Abres). **2.** Conxunto de restos de calquera cousa, especialmente vexetais ou dunha obra (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos). **3.** Palla miúda (Vilanova de Ozcos). **4.** V. sarello 3ª acep. // **De trollo.** Dise dos froitos obtidos nunha superficie lisa, onde se eliminaron antes os terróns cun trollo (*Patacas de trollo*).

tromba. V. trompa 1ª acep.

trombón. s. m. (pl. trombois). Instrumento musical de vento semellante á trompeta pero de maior tamaño.

trompa. s. f. Nunha forxa ou nun mazo, tubo de madeira por onde baixa a auga do banzado. **2.** Instrumento musical de ferro en forma de ferradura cunha lingüeta de aceiro no medio, aínda que antigamente existiron exemplares de madeira dura de carballo. Consta de dous elementos: un marco e unha lingüeta, o primeiro fíxase nos beizos e a segunda tócase cos dedos e acompaña a percusión ás veces con cascas de noz e serve para tocar xotas, muiñeiras e valses ou entenderse a distancia con ela como facían os homes no concello de Boal. O seu uso estendíase polos concellos de Boal, Taramundi, Castropol, Grandas de Salime ou Os Ozcos. **3.** Borracheira. **4.** Nariz grande.

trompada. s. f. Caída. **2.** Golpe dado coa man nos narices. **3.** Trompazo. **4.** Golpe forte que se dá unha persoa con outra ou ás veces un animal, chocando cos narices.

trompas i talegas (a). loc. Con dificultade. **2.** Tropezando (Tapia de Casarego).

trompazo. s. m. Golpe forte.

trompeiro. s. m. Home que tocaba a *trompa*.

trompeta. s. f. Instrumento musical de vento que consiste nun tubo metálico, polo xeral dobrado dúas veces sobre si mesmo, que se vai facendo máis groso pouco a pouco até rematar nunha boca parecida a un embude e que está dotado de tres válvulas que se premen para conseguir diferentes notas.

trompetista. s. m. e f. Músico que toca a trompeta.

trompicón. s. m. (pl. trompicois). Acto ou efecto de tropezar. // **A *trompicois*.** Con discontinuidade, con dificultades. **2.** Dando golpes.

trompo. V. trompa 1ª acep. (Taramundi). **2.** V. pión 2ª acep.

trompón (a). loc. En abundancia (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos, Allande).

tronada. s. f. Gran tormenta acompañada de tronos, vento e chuvia.

tronado, -a. adx. Tolo.

tronar. v. Producirse tronos. // **Vai tronar *pra* que chova.** Refrán que se utiliza para non querer escoitar a unha persoa.

tronca. s. f. Tronco vello escachado (*A tronca dun castañeiro vello*), (San Martín de Ozcos, Allande, Eilao).

troncario, -a. V. mairazo 2ª acep. **2.** s. m. Orixe, procedencia.

troncha martelo (a). loc. Expresión referida a unha cousa feita de xeito pouco fino, basto.

tronchar. v. Cortar algo a rentes, tronzar. **2.** Romper.

tronco. s. m. Talo dunha planta cando é leñoso, especialmente dunha árbore ou arbusto. // ***Unde* hai troncos *fainse estellas*.** Refrán que xustifica a evidencia dun asunto (Boal).

troncón, -a, -úa. adx. Aplícase á persoa torpe e envellecida, debido á idade, enfermidade ou a súa gordura.

troneira. s. f. Ventá estreita e pequena por onde entra pouca luz.

tronido. s. m. Ruído dun trono. **2.** Trono.

trono. s. m. Ruído producido por un raio ou descarga eléctrica na atmosfera tras un choque de nubes.

tronqueiro, -a. s. m. Herdeiro.

tronqueirón, -úa. adx. Dise da persoa grande e bruta. **2.** V. troncón (Coaña).

tronza. s. f. Corte transversal feito cunha serra a unha árbore ou a un madeiro. **2.** Tronco serrado polos extremos (San Martín de Ozcos).

tronzado. s. m. Acción de serrar cun tronzador (Abres).

tronzador. s. m. Serra con mango en cada un dos extremos para dúas persoas, que normalmente mide un metro con sesenta centímetros aproximadamente e que serve para serrar troncos de árbores; tronzón.

tronzar. v. Serrar cun tronzador. **2.** Tumbar unha árbore cun tronzador. **3.** Cortar.

tronzón. V. tronzador.

tropa. s. f. Xente de pouca importancia. **2.** Conxunto de persoas.

trópago. s. m. Cría da ra (Ibias).

tropel (a). loc. En multitude e desordenadamente.

tropello* → atropello.

tropezado, -a. adx. Dise do que se atopa cun atranco.

tropezar. v. Atoparse cunha persoa. **2.** Atopar un obstáculo.
tropezo. s. m. Dificultade nun traballo ou nun asunto. **2.** Culpa, erro.
tropezón. s. m. (pl. tropezois). Feito e resultado de tropezar.
troquel. s. m. Debuxo na argola dunha navalla.
Obs. Trátase dun castelanismo.
trosquilado*, -a → tosquilado.
trosquilar* → tosquilar.
trotar. V. trotiar.
trote. s. m. Traballo fatigoso (*Xa non tou pra estos trotes*). **2.** Xeito acelerado de andar as cabalerías.
trotiar. v. Andar as cabalerías con paso lixeiro.
trouguer. V. traer (Castropol).
troula. s. f. Diversión, festa (Abres).
troulear. v. Facer ruído molesto e persistente. **2.** Divertirse, emborracharse.
troulello. V. trouleo 1ª acep.
trouleo. s. m. Diversión, festa. **2.** Alboroto, barullo.
trousa. s. f. Valado de parede onde se zarra o gando na braña (Ibias). **2.** Cantidade de neve amontoada polo aire nun recuncho ou camiño (Os Coutos, Boal, Santalla de Ozcos).
trousar. v. Pasar todas as abellas a outra colmea (Allande).
trouso. V. trousa 2ª acep. **2.** Lugar onde se amontoa a neve a causa do vento por certo tempo (San Martín de Ozcos).
trouzo. s. m. Conxunto de restos de talos dunha planta, restrollo (Allande).
troxe. s. m. Hucha para gardar os grans de trigo (San Martín de Ozcos).
troza. s. f. Parte resultante de dividir unha árbore cun tronzador. **2.** Tronco cortado dunha árbore.
trucar. v. Petar (Tapia de Casarego).
truco. s. m. Trampa. **2.** Maña ou habilidade para unha determinada profesión. // ***Cáianche* os trucos.** Expresión de desprezo ou reprobación, a paseo (As Figueiras). // **Manda truco!** Expresión que indica sorpresa ou admiración. // **Ter truco el asunto.** Supoñer que algo ten trampa.
truel. s. m. Arte de pesca onde se utiliza unha rede en forma de funil, que vai suxeita a un mango. **2.** V. esquileiro 1ª acep.
truelar. v. Quitar os peixes capturados dun aparello de pesca de cerco cun *truel*.
trufo* → tufo.
truguer. V. traer (Eilao).
truita. s. f. Peixe salmónido de tamaño variado, entre oitenta e cen centímetros de lonxitude, co corpo oval, abondo alongado, fociño obtuso e boca ancha, con dentes na mandíbula, o padal e a lingua. A color é agrisada ou verdeal no corpo; branca, amarela e prateada no ventre, aínda que cambia coa idade, estación e medio no que se atope. Pode ter manchas negras e vermellas. É moi voraz e de carne estimada e vive nos ríos de auga doce (*Salmo trutta fario*). // **A *truitas*.** Con moito líquido ou sangue callados. // ***Nun* hai *truitas* a bragas *enxuitas*, a bragas molladas, poucas i *ralas*.** V. Nun se pillan as truitas a bragas enxuitas, a bragas molladas, poucas i ralas. // ***Nun* se pillan (collen) as *truitas* a bragas *enxuitas*, a bragas molladas, poucas i *ralas*.** Refrán que alude a que o que é valioso require esforzo, do mesmo xeito que se se queren pescar troitas hai que mollarse. // ***Truita asalmonada*.** Reo (As Figueiras). // ***Truita* de mar.** Reo. // ***Truita* moura.** Troita de color escura que vive nos regos (Vilanova de Ozcos). // ***Truita* pinta.** Troita con manchas de varias colores e de carne máis apreciada (Vilanova de Ozcos).
truitaca. s. f. Troita (*truita*) en sentido despectivo.
truiteiro, -a. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de El Cornollo (Allande). **2.** Pescador que colle moitas troitas. **3.** Dise do río onde crían moitas troitas. **4.** Abundante en troitas. **5.** Que lle gustan as troitas. **6.** V. martín pescador (San Martín de Ozcos). // **Cazador i *truiteiro* nunca levantaron palleiro.** V. Home truiteiro nun lle medra el palleiro. // **El home *truiteiro* nunca ten palleiro.** V. Home truiteiro nun lle medra el palleiro. // **Home truiteiro, nin meda nin palleiro.** V. Home truiteiro nun lle medra el palleiro. // **Home *truiteiro nun* fai palleiro.** V. Home truiteiro nun lle medra el palleiro. // **Home *truiteiro nun* lle medra el palleiro.** No mundo tradicional considerábase que un home pescador non axudaba nos labores agrícolas, xa que a pesca era considerada como algo que se facía sen esforzo, que moitas veces non tiña os resultados agardados e que os recursos alimenticios procedentes desta eran residuais para a economía doméstica.
truitía. s. f. Cría da troita.
truitín. s. m. Troita pequena.
truito. s. m. Cría da troita (Santalla de Ozcos).
trulla. s. f. Acción e resultado de *trullar*.
trullada. s. f. Diversión nocturna.

trullar. V. trollar.

trullo. s. m. Instrumento para golpear os ourizos e sacar as castañas (Tapia de Casarego). **2.** Batedeira de madeira para remexer e recoller as brasas despois de roxar o forno (Tapia de Casarego); rodo[1] 1ª acep, rodalo 1ª acep., rodallo. **3.** Ferramenta de madeira para desfacer *balocos*, formado por un mango atravesado por un cilindro. **4.** V. sarello 3ª acep.

trunfar. v. Vencer, gañar nun xogo. **2.** No xogo das cartas, xogar co pau do trunfo. **3.** Ter éxito.

trunfín. s. m. Trunfo pequeno no xogo das cartas.

trunfo. s. m. En certos xogos de cartas, naipe que vale máis que os outros.

truque. s. m. No xogo do *gua*, segundo golpe que se dá á bóla do xogador contrario. **2.** V. truquemelés.

truquemelés. s. m. Xogo de nenos, variedade da *mariola* no que o cadro non está dividido en raias perpendiculares senón diagonais aos ángulos e rematado por un semicírculo.

trusgo, -a. adx. Birollo (Abres, San Martín de Ozcos). **2.** Cos ollos tortos (Santalla de Ozcos).

trusto. V. trusgo 2ª acep.

trutia. V. truita (Ibias).

tu. Pronome persoal de segunda persoa do singular, que se emprega en forma de suxeito.

túa. adx. e pron. Posesivo que fai referencia á segunda persoa do singular feminina.

tualla* → toalla.

tubeira. s. f. Tubo ancho e resistente de forma cónica que protexe o *cañón* do barquín dun mazo ou dunha forxa das altas temperaturas do fogón e por onde sae o aire.

tuberculosis. s. f. Enfermidade infecciosa producida polo bacilo de Koch.
Obs. Trátase dun castelanismo.

tuberculoso, -a. adx. Que ten tuberculose.

tubo. s. m. Peza cilíndrica, aberta polos dous cabos, que se emprega para a condución de líquidos, gases etc. // **Por un tubo.** Abondo.

tuco. V. toco 2ª acep. (*Un tuco de llacón ou de xamón*). **2.** V. toco 4ª acep. (Ibias). **3.** Parte que queda despois de amputar un dedo, un membro ou parte deles.

tudillo* → nuelo, nouguelo.

tufar. v. Cheirar o aire (Allande).

tufarada. s. f. Sopro de aire, normalmente con mal olor.

tufarido. V. tufarada.

tufeira. s. f. Parte ou extremo inferior da canle do muíño por onde sae a auga para mover o rodicio.

tufo[1]. s. m. Cacho de madeira que axusta o ollo da moa inferior do muíño cun furado no medio por onde pasa o varón. Hainos diferentes segundo sexa moita ou pouca a auga de que se dispoña. **2.** Molde ou peza, que adoita ser un cilindro macizo de sección redonda u oval, que utilizan as ferrerías para facer o furado por onde se mangan algúns apeiros. **3.** Estreitamento da canle por onde sae a auga utilizada para moer; boquil 4ª acep., tufeira. **4.** pl. Barras de metal, ferramentas varias etc. (San Martín de Ozcos). **5.** V. tubeira.

tufo[2]. s. m. Mal olor.

tufo[3], -a. adx. Dise da persoa arrogante, orgullosa, valente.

tul. s. m. Tea de seda, algodón ou fío, en forma de malla.

tulete* → tolete.

tuliar* → tolear 3ª acep.

tulibán. s. m. Inchazón húmida (Anlleo). **2.** adx. Tolo (Ibias).

tuliña. V. golfín 1ª acep. (El Franco, Ortigueira). **2.** V. toulía 1ª e 4ª acep. (El Franco, Ortigueira).

tulla. s. f. Arca de tamaño grande que serve para gardar os cereais; tuña 2ª acep.

tullear* → tolear 3ª acep.

tullido*, -a → tollido 2ª acep.; tolleito 1ª acep.

tullura* → toleiría.

tulura* → tolura.

tumbado, -a. adx. Derrubado, tirado. **2.** Posto en posición horizontal. **3.** Deitado.

tumbar. v. Derrubar, tirar algo. **2.** Alterar o sentido (*Hai olores que tumban*). **3.** Cortar árbores. **4.** Envorcar unha embarcación. **5.** prnl. Deitarse. // **Que tumba i *tamba*.** Isto e o outro (Boal). // **Que tumba i vira.** Isto e o outro.

tumbón, -a. adx. Dise da persoa desamañada.

tumburuludo, -a. adx. Dise da persoa ou cousa gordas.

tumio, -a. adx. Entumecido.

tumor. v. Avultamento na pel (Vilanova de Ozcos).

tunda. s. f. Zurra, malleira.

tuña. s. f. Espazo limitado por tabiques, para gardar froitos ou grans dos cereais, existentes en varias construcións: casas, cabazos, hórreos ou *paneras* etc. **2.** Hucha de madeira utilizada para conter o gran protexido de ratos e sucidade. **3.** Peza do batán (Vilanova de Ozcos). **4.**

Nun mazo, conxunto de todas as táboas que forman a *caxa* do banzado (Santalla de Ozcos). // ***Tuña* del pan.** Cada un dos lugares divididos por táboas dentro dun hórreo, onde se gardan os grans de cada cereal (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).

tupiar. v. Atascar, taponar.

tupido, -a. adx. Atascado, tapado, obstruído.

tupir. v. Atascar.

tupizo. s. m. Terrón pequeno de terra. **2.** Bóla que sae aos tecidos de la. **3.** Montón pequeno de herbas malas. **4.** Especie de bóla que sae cando se carda, fía ou escarpea a la (Os Ozcos, Allande). **5.** Cacho de madeira (Allande).

tuquiar* → toquiar.

tuquido* → toquido 1ª acep.

turbia. s. f. Momento en que as augas dun río están revoltas (*En días de turbia*), (Abres).

turbiar. v. Volverse sucia unha cousa, como o fondo da auga; toldar 2ª acep. **2.** V. tordear 1ª acep.

turbina. V. rodicio.

turbio, -a. adx. Mesturado con algo que quita a súa claridade. **2.** Escuro. **3.** Dise do tempo revolto.

turbonada. V. torbón 1ª acep.

turboada. V. torbón 1ª acep.

turbón. V. torbón 1ª acep.

turbuada. V. torbón 1ª acep.

turcaza* → palomba.

turco. V. chileno (Tapia de Casarego).

turdiar* → tordear.

turdión*, -úa → tordión.

turniscada. s. f. Golpe que dá un animal que ten cornos, cornada (Os Ozcos); torniscada.

turón. V. furón[1] 1ª acep. (Ibias, Grandas de Salime, Eilao, Allande).

turrada* → torrada.

turrado*, -a → torrado.

turrar. v. Dar cornadas un animal, normalmente o boi, a vaca ou o carneiro. **2.** Dar coa cabeza contra algo. **3.** Obstinarse, porfiar, poñerse testán. **4.** Insistir. **5.** Bater ou golpear contra algo, como a chuvia ou o vento (As Figueiras).

turrar* → torrar.

turriada. s. f. Golpe que dá o carneiro ou o gando vacún coa cabeza e os cornos.

turriar. V. turrar 1ª e 3ª acep. **2.** Tirar con moita forza de algo (Navia).

turrio. s. m. Montón de terra compacta (Allande).

turrión, -a, -úa. V. turrón[2]. // **Ter os ollos de vaca *turriúa*.** Ter os ollos saíntes.

turro (de). loc. Cun golpe de cheo (*Dar de turro*), (San Martín de Ozcos).

turrón[1]. s. m. Doce feito con masa dura de estrutura compacta elaborada con azucre, mel e froitos secos mesturados, propio do Nadal.

turrón[2], -a, -úa. adx. Dise do animal vacún, ovino ou caprino que acostuma a dar cornadas. **2.** Aplícase á persoa que repite un erro.

turrullo. s. m. Instrumento musical feito cun corno. Tamén poden facelo os nenos coa cortiza dunha rama de castiñeiro verde. **2.** V. roxón (Ibias, Allande).

turrumbeiro. s. m. Talude.

turruxo. s. m. Festa familiar despois da matanza do cocho (Boal). **2.** V. roxón.

turtía* → tortía.

turtuxo. adx. Muller que non se desenvolve ben para traballar.

turula. V. terula (Os Ozcos).

turulla. V. turrullo 1ª acep.

turullo. V. turrullo.

turuñas. V. tiriñón 3ª acep.

tusida. V. tusido.

tusido. s. m. Golpe de tose.

tusir. v. Expulsar o aire dos pulmóns de xeito violento por unha inflamación da farinxe ou das vías respiratorias. // ***Nun* haber quen lle tusa.** Terlle medo ou respecto a alguén. // ***Nun* ter quen lle tusa.** O que manda.

tute. s. m. Xogo de cartas, parecido á brisca, no que se pode cantar vinte puntos o que ten o rei e o cabalo do mesmo pau, ou 40 se son do trunfo, e de gañar a partida o que reúne os catro reis ou os catro cabalos. // **Tute del medio.** V. subastado.

tutiar. v. Falar a un empregando o pronome de segunda persoa, tratar de ti (tu) a unha persoa (Boal).
Obs. Trátase dun castelanismo.

tutiplé (a). loc. Moito, en moita cantidade.

tuxa. s. f. Ovella (Ibias).

tuxa, tuxa! interx. Voz que se emprega para chamar os xatos.

tuxello. s. m. Xato.

tuxo. s. m. Xato.

tuxo, tuxo! V. tuxa, tuxa!

túzaro, -a. adx. Testán. **2.** Insociable (Navia). **3.** Dise do neno alegre, revoltoso, que lle gusta brincar, xogar e correr (Taramundi).

U

u. s. m. Vixésima letra do alfabeto galego.

úa. V. uha.

ubre. s. m. Órgano mamario das femias dos mamíferos, de onde colgan os tetos que serven para que as crías mamen o leite.
ubreiro* → obreiro.
uceira. s. f. Lugar onde abundan as uces. **2.** V. uz. // **Uceira *moural*.** Lugar onde abunda a uz *moural*.
uceiro. V. uceira 1ª acep.
uchavo* → ochavo.
uesa* → oseira.
uf! interx. Expresa repugnancia, cansazo, molestia etc.
ufano, -a. adx. Orgulloso. **2.** Satisfeito, contento de si mesmo.
uferta* → oferta.
uficina* → oficina.
uha. (pl. uhas). Artigo indeterminado feminino singular de un. **2.** Indefinido feminino de un. **3.** adx. Numeral cardinal feminino de un. **4.** Pronome indefinido feminino de un. // ***Fer* uha que *valia* por dúas.** Facer unha trasnada (Boal).
uho. V. un.
uhos. Forma plural de un.
ui! interx. Indica sorpresa.
uír. V. oír.
uis. Forma plural de un (Ibias).
uler* → ulir.
ulideiras. s. f. pl. Olfacto, sensación e capacidade de ulir.
ulido. s. m. Cheiro. **2.** Sentido do olfacto.
ulir. v. Percibir un olor polo nariz. **2.** Emitir algúns olores. **3.** Cheirar con insistencia. // **Non ulir ben unha (uha) cousa.** Non fiarse dun asunto ou aspecto. // **Ulir a *chamusquina*.** Sospeitar que algo non vai saír ben ou como se quere.
uliscar. v. Ulir algo varias veces.
ulixar. v. Andar ulindo nas cousas (El Franco).
ulixear. V. ulixar (A Veiga).
ultimamente. adv. No tempo máis recente.
último, -a. adx. ou s. m. Aquilo que nunha serie ou grupo non ten nada despois. **2.** No xogo da *patefa*, quenda que un xogador pide e que é a máis favorable para xogar. // **Por último.** Para acabar, ultimamente. // ***Tar* nas últimas.** Estar morrendo. **2.** Estar unha cousa acabándose polo uso do tempo.
um. V. un (*Um poltro*).
Obs. Recollido por Dámaso Alonso no concello de Santalla de Ozcos.
umbeligo. V. embeligo 1ª e 2ª acep.
umbelligo. V. embeligo 1ª e 2ª acep.
umbiligo. V. embeligo 1ª e 2ª acep.
umeiro. V. amieiro.
umieiro. V. amieiro.
un. (pl. us, uhos, unhos, uis, uns). Artigo indeterminado masculino, que aparece como presentador inconcreto dun nome (*Un home taba alí*). **2.** adx. (f. uha, unha). Numeral cardinal (*Deu un millón pola leira*). **3.** Pronome indefinido masculino (*Taba aló un*). **4.** Unha persoa (*Un ten os sous caprichos*). **5.** Con valor impersoal (*E vai un fer eso*). **6.** Indica unha cantidade aproximada (*Entre todos nun farán un ferrado*). **7.** Ás veces nalgúns falares substitúe o artigo feminino singular diante de vogal inicial (*Un eira*). // **A Roma por un, a Roma por cento un.** Refrán que alude a que cando se fai unha cousa hai que facela completa e con todas as súas consecuencias.
unde. V. onde. Para precisar a dirección ou o movemento esta palabra pode ir precedida das preposicións a, contra, de, por, *pra* e *asta*. // **A unde irás que *más* valas.** Refrán que advirte que por cambiar de profesión ou lugar non se van evitar os traballos e as dificultades que hai que soportar na vida. // **De *unde nun* hai mata, *nun* se saca pataca.** Refrán que se adoita empregar para aludir a alguén pouco intelixente. // **De *unde nun* hai, *nun* se pode sacar.** Refrán que se adoita empregar para aludir a alguén pouco intelixente. // **Máis *nun* hai *pra unde*.** Todo o posible. // ***Unde* se quita i *nun* se pon, enseguida se desfai el montón.** Do que non se restitúe despois non vai quedar nada. // **Unde se quita i *nun* se pon, gran montón se descompón.** V. Unde se quita i nun se pon, enseguida se desfai el montón. // **Volver por *unde* naceu.** Desmellorar.
undequera. V. ondequera.
undi* → onde.
unha. (pl. unhas). V. uha (Taramundi, Santiso de Abres, A Veiga, Castropol, Tapia de Casarego, Ibias, Vilanova de Ozcos, Santalla de Ozcos). **2.** s. f. No xogo da *patefa*, cando o xogador fai unha raia no chan cambiando a liña de tirada para que o segundo xogador tire desde esa raia, pero inicialmente o primeiro xogador non debeu tocar nin o *tasco* nin o *prisme*.
unhos. Forma plural de un (Taramundi, Santiso de Abres, A Veiga e nalgúns núcleos dos Ozcos e Castropol).
único, -a. adx. Que é só, non acompañado por outros seres da mesma especie. **2.** adv. Soamente.
unicornio. s. m. Ser mitolóxico con corpo de cabalo e un corno dereito na testa, que no concello de Ibias ten a virtude de sanear as augas contaminadas. **2.** Cacho de corno dun animal que se utiliza contra

o mal de ollo, as bruxas, os encantamentos ou para pasar a auga nun recipiente.

unillar. v. Sortear para xogar *ás escondidas*, dicindo a fórmula de "unilla, dorilla etc.". **2.** Por extensión, sortear en varios xogos.

unión. s. f. Acción e efecto de unir ou unirse. **2.** Relación que existe entre dúas ou máis persoas. **3.** Acordo entre dúas embarcacións para pescar no mesmo banco de peixes.

unir. v. Xuntar.

unque* → anque.

uns. Forma plural de un. Subsiste de xeito fósil nalgunhas cantigas (Os Ozcos).

untado, -a. adx. Manchado, sucio (Boal).

untar. v. Aplicar unha materia graxa sobre algo. **2.** Pegar, golpear (Navia, Villaión). **3.** Subornar. **4.** Estender algo por encima doutra cousa. **5.** prnl. Mancharse.

untaza. s. f. Graxa que envolve os riles dos cochos, que despois de salgada se enrola e se deixa curar. Normalmente bótase no caldo de rabizas. **2.** pl. Gordura interior do corpo de certos peixes, como a sardiña, o atún, a anguía etc. (Tapia de Casarego).

unto. s. m. Graxa dos animais, especialmente a do cocho, que serve para varios pratos ou para conservar os chourizos; untaza. **2.** Graxa que recobre os riles. // **Sacar ben el unto.** Aproveitarse do traballo dunha persoa. // **Ter *bon* unto.** Estar gordo.

untón. s. m. Unto rancio.

unzón. s. m. Cantidade mínima dunha cousa.

uña. s. f. Parte córnea que nace no extremo dos dedos das persoas e dalgúns animais. **2.** Pezuño dos animais. **3.** Parte da navalla consistente nunha pequena fendedura na parte do metal para poder abrila coa uña. **4.** Brazo dunha áncora ou dun risón. **5.** Punzón de forma troncopiramidal, que ten un extremo cun fío biselado e outro plano, que serve para facer a uña das follas das navallas. **6.** Punta das pinzas dun crustáceo. **7.** Instrumento para quitar puntas (Villaión). // **Nas uñas ou nos pés *asemeñas* a quen es.** V. (Ou) nas uñas ou nos pés has a tirar a quen es. // (**Ou) nas uñas ou nos pés has a tirar a quen es.** Refrán que fai referencia a que os fillos non resultan moi diferentes dos seus pais ou que todo se herda (Boal). // **Ou nas *maos* ou nos pés has a tirar (tirarás) a quen es.** V. (Ou) nas uñas ou nos pés has a tirar a quen es. // **Pegarse nas uñas.** Roubar. // **Ser dos da uña (ser da uña, ser del uña).** Ser rateiro ou ter inclinación por roubar. // **Uña de lobo.** Uña deste animal que se utilizaba como amuleto contra os males de ollo das bruxas.

uñaco. s. m. Pezuño do cocho; uñanco 2ª acep. (Abres).

uñada. s. f. Ferramenta con que se fan as uñas das navallas.

uñagata. s. f. Planta da familia das papilionáceas, que pode acadar até un metro de altura, con espiñas, follas simples e agudas e flores amarelas moi vistosas e froitos en legume curvados nos extremos (*Genista anglica*), (Os Ozcos). **2.** Planta vivaz da familia das fabáceas, de talo fino, redondeado na base e cuadrangular na zona de crecemento, follas redondeadas e ovais, flores amarelas ou laranxas e semente pequena de color verde, marrón ou negra, dentro dunha vaíña cilíndrica e alongada (*Lotus corniculatus*), (Eilao, Ibias, Grandas de Salime).

uñanco. s. m. Uña de pequeno tamaño que nace detrás do pezuño das vacas. **2.** Pezuño traseiro do cocho. Ás veces por extensión aplícase a todas os pezuños deste animal.

uñar. v. Cravar con forza os pés o gando cando tira dunha carga moi pesada.

uñeiro. s. m. Inflamación da uña, normalmente cando esta penetra na carne. Na medicina tradicional eonaviega combatíase con cebola en aceite moi quente.

uñín. s. m. Uña pequena. **2.** V. pezuño.

uño. s. m. Pezuño dos animais, especialmente o dos cochos.

uñuada. s. f. Rabuñada que se fai coas uñas (Boal).

úos* → uhos.

upa! interx. Voz que se emprega para expresar ánimo ou para acompañar o esforzo que se realiza ao erguer unha cousa de certo peso. **2.** Voz que se emprega para coller a un neno no colo. **3.** Voz que se emprega para que os nenos se ergan.

upar. v. Erguer algo pesado. **2.** Coller no colo a un neno.

urballar* → orballar.

urballo* → orballo.

urca. s. f. Antiga embarcación de gran tamaño, ancha no centro, que se empregaba para o transporte de grans e outros xéneros.

urdideira. s. f. Armazón de listóns de madeira, que xira arredor dun eixe

vertical e fixo nun pé, para que, colocadas as madeixas de fío, poidan debandar con facilidade e estar preparadas para o tear. **2.** Parte do tear, entre as vigas superiores, onde hai un cilindro sobre o que se enrola unha serie de fíos paralelos entre si, preparados fóra do tear. Outro cilindro rotativo, instalado nas vigas dianteiras, permite ir enrolando a tea xa tecida. **3.** s. f. pl. Astucias para tramar algo contra alguén.

urdidoira. V. urdideira 1ª acep.

urdidoiro. V. urdideira 1ª acep.

urdimbre* → urdime.

urdime. s. f. Conxunto de fíos que se están tecendo dun xeito lonxitudinal nun tear.

urdir. v. Preparar os fíos para tecer. **2.** Tramar, maquinar algo. **3.** Organizar, preparar (*Tían que ir urdindo el traballo*), (El Franco).

urela* → ourela 1ª acep.

urella* → orella 1ª acep. **2.** V. ourela 1ª acep.

urelludo* → orelludo.

urilleira* → orelleira.

urilleiro* → orelleiro.

urillo* → beira 7ª acep.

urizo* → arizo 1ª acep.; orizo.

urizol* → ourizolo.

urizolo* → ourizolo.

urnia. s. f. Hucha pequena de madeira, cristal ou outro material que serve para gardar obxectos, normalmente de valor.

urniar* → orniar.

urtiga* → ortiga.

urxir. v. Ser urxente. **2.** Non permitir ningunha demora.

us. Forma plural de un.

usar. v. Facer uso de algo ou alguén.

uscorecer* → escurecer.

uscurecer* → escurecer.

uscurecerín* → escurecerín (al).

uscuridá* → escuridá.

uscuro*, -a → escuro.

usmiar. V. osmar.

usmión. adx. Que lle gusta osmar.

usofruto. s. m. Dereito real que permite o uso e a exploración en beneficio propio dunha cousa que non se ten en propiedade. **2.** Utilidade que se saca de calquera cousa.

usté*. (pl. ustedes) → vosté.

usureiro, -a. adx. Dise da persoa que obtén ganancias excesivas con transaccións comerciais. **2.** Dise da persoa que todo quere para ela, avaro.

utilidá. s. f. Calidade do que é útil. **2.** Proveito ou beneficio que se obtén dunha cousa.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

utilizar. v. Empregar, usar.

uva. s. f. Froito de forma redonda da vide que serve para comer ou para facer viño. // **Por San Miguel, madurecen as uvas.** Refrán que indica que por San Miguel (29 de setembro) as uvas xa están maduras e hai que collelas. // **San *Miguelín* das uvas, *muito* me tardas i pouco me duras.** Refrán que alude á época da vendima, no mes de setembro. // **Uva de raposa.** Herba perenne da familia das liliáceas, de talo simple, con catro follas, flor de color verde e froito negro tóxico (*Paris quadrifolia*), (Os Ozcos).

uve. s. m. Nome da letra v.

uvella* → ovella.

uviar* → ouviar.

uvión*, -úa → ouvión.

uxar. v. Espantar (El Franco); oxar, oxear.

uz. s. f. (pl. uces). Arbusto que pode alcanzar até os tres metros de altura, de follas e flores pequenas, con colores brancas, encarnadas ou violáceas, de madeira moi dura. As súas raíces empregábanse para obter o carbón vexetal e as ramas para facer varredoiros. Na medicina tradicional a súa infusión con ortigas servía para curar as dolores de próstata (*Erica sp.* e *Calluna sp.*). // **Uz brancal.** A que dá flores brancas (*Erica arborea*). // **Uz *moural*.** A que dá flores violáceas (*Erica australis*). Ás veces identifícase coa uz con flores encarnadas. // **Uz negral.** Uz *moural* (Os Ozcos).

uzal. V. uceira 1ª acep. (Villaión, Eilao, Grandas de Salime, Ibias, San Martín de Ozcos).

úzara. s. f. Ferida de difícil cicatrización (Santalla de Ozcos).

uzarelo. V. úzara (Santalla de Ozcos).

V

v. s. m. Vixésimo primeira letra do alfabeto galego. O seu nome é *uve*.

va! interx. Berro que se bota para avisar ao patrón que colleu un bonito a cacea (Tapia de Casarego).

vaca. s. f. Femia do boi ou do touro. **2.** adx. Dise da muller gorda e desamañada. **3.** Arte de pesca de arrastre. **4.** Embarcación de pesca de baixura. **5.** V. carallo marín (Tapia de Casarego). **6.** V. santo 8ª e 9ª acep. (Tapia de Casarego). // **A vaca da *mía vecía* dá mellor leite que a (cá) *mía*.** Refrán que recrimina aos que teñen envexa, por considerar que son mellores que os demais. // **A vaca da**

***vecía*, dá máis *lleite* que a mía.** V. A vaca da mía vecía dá mellor leite que a mía. // **A vaca marela i el leite que dá!** Dise cando algo produce sorpresa. // **A vaca que *nun* paceu xa *nun* pace.** Refrán que alude figuradamente a que hai que aproveitar as oportunidades na vida. // **De Villanova, nin vaca nin nora.** Dito referido a que desa localidade do concello de Boal, é preferible nin ter unha vaca nin unha nora (Boal). // **El que *mece* a vaca que segue el herba.** Refrán que alude á responsabilidade dunha persoa nun asunto ou acción. // **Mete medo, a vaca pequena e el leite que dá.** Expresión de sorpresa. // **Que *barbaridá*, a vaca marela i el leite que dá!** Expresión de sorpresa. // **Que *barbaridá*, a vaca pequena i el leite que dá!** Expresión de sorpresa. // **Ter uha vaca á porta.** Criar unha vaca para outra persoa (Boal). // **Vaca de vida.** Vaca para criar (Tapia de Casarego). // **Vaca machorra.** Vaca estéril. // **Vaca mansa.** Vaca que é tranquila. // **Vaca *marella*.** Tipo de faba que tira a amarelo (Boal). // **Vaca *turroa*.** Aquela vaca que acostuma a encornar.

vacaca. s. f. Vaca mala (Allande).

vacación. s. f. (pl. vacaciois). Deixar de traballar por un tempo, normalmente para descansar.

vacalla. s. f. Vaca de mala calidade (Allande).

vacalloira. V. vacaloura (Villaión).

vacallolla. V. vacaloura (Eilao).

vacallouria. V. vacaloura (Boal, Coaña, Navia, El Franco, Tapia de Casarego).

vacalloura. V. vacaloura (Eilao, Boal, Villaión, Allande).

vacaloira. V. vacaloura (Eilao).

vacalola. V. vacaloura.

vacaloula. V. vacaloura (Grandas de Salime).

vacaloura. s. f. Insecto coleóptero, voador, de color negra brillante con algúns reflexos violáceos, con dous cornos encarnados con forma de pinza nos machos (*Lucanus cervus*). A femia é máis pequena e non ten os dous cornos. Estes cornos usábanse como amuleto protector (Eilao, A Veiga, El Valledor, Santiso de Abres, Santalla de Ozcos, Taramundi, Castropol, Ibias, Tapia de Casarego).

vacalouria. V. vacaloura (Eilao).

vacamoura. V. vacaloura.

vacanoura. V. vacaloura (Ibias).

vacente. s. m. Movemento de descenso da marea; vazante. **2.** Minguante da lúa. **3.** Diminución da fama dunha persoa (Abres).

vaciar. v. Baleirar. **2.** V. vazar 1ª acep.

vacío, -a. adx. Baleiro.

vacíos. s. m. pl. Calquera das dúas cavidades simetricamente colocadas entre as costelas falsas e os ósos das cadeiras, tanto no home como nos animais. **2.** Fosas do ilio, óso que forma a porción ancha superior e posterior do óso ilíaco, na pelve ósea.

vaco (de). loc. Referido a unha terra sen cultivar. **2.** Sen facer nada.

vacoa. s. f. Vaca grande (Allande).

vacún. adx. Relativo á vaca, boi ou touro (Allande).

vacuna. s. f. Substancia que se introduce no corpo dunha persoa ou dun animal para inmunizalos contra certas enfermidades.
Obs. Trátase dun castelanismo.

vacunar. v. Poñer unha *vacuna*.
Obs. Trátase dun castelanismo.

vadameco. s. m. Libro ou manual de medicina que contén os coñecementos básicos desta ciencia (Castropol).

vado* → vao 3ª acep.

vaga. s. f. Onda alta que se produce no mar debido a fortes ventos e tempestades. **2.** Parte dunha zona montañosa onde descende un pouco o nivel de altura. **3.** Tempestade no mar (Navia). // **Ir feito uha *vaga* de mar.** Ir ben vestido e amañado (Tapia de Casarego).

vagamundiar. v. Andar dun lugar para outro.

vagamundo, -a. s. m. e f. e adx. Que anda dun lugar para outro. **2.** Persoa sen domicilio fixo e sen recursos que anda errante.

vagancia. s. f. Acción de estar desocupado, folganza (Abres).

vagante. adx. Lacazán (Allande).

vagar. s. m. Tempo libre. **2.** v. Ir dun sitio para outro sen destino fixo. **3.** Descanso nunha acción determinada (*Eu nun teño vagar*), (San Martín de Ozcos). // ***Cuanto* (*conto*, *conta*, *cuanta*) máis (*más*) *prisa* (présa) máis (*más*) vagar.** Dise cando todo sae ao revés (As Figueiras). **2.** Canto máis se apura é peor (Boal). // **Hai que ter vagar.** Hai que ter tempo libre e posibilidades de facer algo (As Figueiras).

vágara. s. f. Peza lonxitudinal que se coloca no casco dunha embarcación, para xuntar as cadernas (Tapia de Casarego, Navia, As Figueiras).

vagarín. V. vágara (Ortigueira).

vago. s. m. Terreo sen cultivo que se destina a outras construcións agrícolas como cabanóns, eiras etc. (A Veiga).
vagón. s. m. (pl. vagois). Vehículo para o transporte por ferrocarril.
vaguada. s. f. Parte máis fonda dun terreo, val etc.
vaguear. v. Facer o vago.
vaia! interx. Expresa admiración. // **Vaia tamén!** Expresión que indica molestia, preocupación, contrariedade etc.
vaina[1]. s. m. Persoa desprezable. **2.** Persoa con pouca credibilidade. **3.** Lacazán. **4.** Persoa con pouca formalidade.
vaina[2]. s. f. Envoltorio formado por dúas láminas alongadas, onde están as sementes dalgunhas plantas.
Obs. Trátase dun castelanismo.
vainica. s. f. Punto ou xeito de desfacer os fíos que se practica no bordo interior das dobraduras como adorno.
val. s. m. Depresión xeográfica entre montañas. **2.** Canle do muíño (El Valledor). **3.** Terra que se sitúa entre dúas vertentes.
valadarse. v. prnl. Ter forza física para moverse e gañar a vida, valerse.
valado. s. m. Peche de pedras, madeiras ou vexetais, que se fai nos lindeiros das propiedades. **2.** Desnivel do terreo (Abres).
valar. v. Poñer un valado a unha leira.
valdeba. s. f. Calquera parte dunha parra (Serandías). **2.** Nome común das plantas do xénero *Lonicera*, da familia das caprifoliáceas, arbustivas, con follas opostas, simples e normalmente enteiras, e flores brancas, amarelas ou tirando a vermellas, de moito arrecendo e froito pequeno en forma de baga (*Lonicera sp.*), (Os Ozcos).
valdeparego, -a. adx. e s. m. e f. Natural de Valdepares (El Franco). **2.** Pertencente ou relativo a Valdepares (El Franco).
vale. V. val.
valedeiro, -a. adx. Que vale por certo tempo, que debe valer.
valegato. V. valicato.
valego, -a. adx. e s. m. e f. Natural do val de Lourenzá formado polas parroquias de San Tomé, San Xurxo e Santo Adrao. **2.** Pertencente ou relativo a este val.
valenciano. s. m. Personaxe das máscaras en El Valledor (Allande), que é sinónimo de galán. **2.** Personaxe dos *Reises* do concello de Ibias, cunha careta de señorito, con bigote, vai vestido de branco con camisa, chaleco, calzón, zapatos, guantes e un sombreiro de palla fino, e leva un bastón moi fino e un reloxo de cadea. Este personaxe recorda aos danzantes das danzas de paus.
valentía. s. f. Calidade de ser valente.
valer. v. Servir para algo. **2.** Ter valor unha cousa ou un ser. **3.** Axudar, amparar. **4.** Ser instrumento ou cousa para un determinado fin. **5.** No xogo, estar permitido. **6.** prnl. Poder facer algo por un mesmo. // ***Val* canto (*conto*) pesa.** Ser moi traballador. // ***Val más lo* que el sol deixa, que *lo* que el *augua* arrastra.** Refrán meteorolóxico relativo ás colleitas no que o sol se considera máis nocivo que a auga (Boal). // ***Válate* el demo!** Maldición. // **Valer *pra* ver.** Que merece aprecio e estimación.
valía[1]. s. f. Valor dunha persoa ou cousa.
valía[2]. V. valiña.
valicato. s. m. Val pequeno e abrupto.
valedarse. v. prnl. Poder facer algo por un mesmo.
valideiro, -a. adx. O que ten validez.
validor. s. m. Valor, estimación.
valín. s. m. Val pequeno.
valiña. s. f. Val pequeno que se une a outro (Os Coutos, Allande); valía, vallía.
valir. V. valer.
valixa. s. f. Maleta.
valixar. v. Andar polos camiños sen facer nada (Navia).
vallado. V. valado 1ª e 2ª acep.
valle. V. val.
vallegado. s. m. Viga que en construcións con espazos unidos en ángulo recto e con lousados a dúas augas forma a aresta do diedro cóncavo marcado polas augas que verten ao interior do ángulo (El Franco).
vallegato. V. valicato.
vallía. V. valiña.
vallicato. V. valicato.
valligato. V. valicato.
vallín. s. m. (pl. vallíos). V. valín.
valluco. s. m. Prado con desnivel (Navia).
vallume. V. volume.
valor. s. m. Calidade que fai que unha persoa ou cousa teñan importancia, utilidade ou aptitude para satisfacer certas necesidades. // **Amañar valor.** Prepararse unha persoa para facer fronte a un asunto (*Teis que amañar valor*), (Boal).
valorta. V. viorto.
valorto. V. viorto (Castropol).
valovento, -a. adx. Que arde de xeito intenso (Coaña, El Franco).
valse. s. m. Baile con parellas que se moven dando voltas.

valsear. v. Bailar.
valsiar. V. valsear.
valumbo, -a. s. m. e f. Vulto que fan varias cousas xuntas. **2.** adx. Dise do carro cargado até enriba (Navia).
valumar. v. Avultar (Allande); avalumar.
valume. s. m. Extensión, tamaño dun corpo. **2.** O que avulta moito.
válvula. s. f. Folla cadrada de ferro para pecharlle ou abrirlle o tiro á cociña de carbón.
vamos! interx. Expresa obrigación.
vanagrorias. adx. Aplícase á persoa que lle gustan os contos e os chismes.
vanidá. s. f. Presunción ridícula.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
vanganiar. v. Lacazanear.
vango. adx. Baleiro. // **En *vango*.** Golpe en falso (San Martín de Ozcos).
vanguear. v. Curvarse algo, como o tellado dun edificio, e como consecuencia que se vaia movendo (Castropol).
vao. s. m. Lugar onde o terreo é chan. **2.** Corrente dun río (Abres). **3.** Sitio pouco fondo dun río por onde se pode pasar a pé; rabión. // **Pasar a vao el río.** Vadear (Villaión, Santalla de Ozcos).
vapor. s. m. Embarcación impulsada por vapor de auga.
vapora. s. f. Tipo de buque que navega polo impulso dunha ou máis máquinas de vapor (A Veiga, Navia, Tapia de Casarego, Coaña, Castropol).
vaporada. s. f. Alento, vapor que sae da boca.
vaporarse. v. prnl. Transformarse un líquido en vapor (Ibias).
vaqueirada. s. f. Palabra propia dos vaqueiros (Allande).
vaqueiro, -a. s. m. e f. Persoa que vive nas brañas; brañego. **2.** Pastor. **3.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá a parte dos habitantes do concello de Villaión que non son *xaldos*. **4.** s. f. Variedade de castaña. **5.** Fala propia dos vaqueiros (Villaión). **6.** V. antroiro 2ª acep. (Villaión). **7.** adx. e s. Alcume popular que lles dan os habitantes de Boal aos de Villaión. **8.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Montefurado (Allande). **9.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Busmente, Masenga, El Sel.lón, Eirías e Brañúas no concello de Villaión.
vaquexa. s. f. Vaca moi mala (Allande).
vaquía. V. golaio (As Figueiras).
vaquilla* → golaio.
vara. s. f. Rama delgada e estreita, que se usa normalmente como bastón, aguillada ou para pescar. **2.** No torno, vara verde de castiñeiro que está unida pola correa cos pedais. **3.** Medida de lonxitude que equivalía desde uns 80 a 85 centímetros, usada por exemplo para medir teas, terras ou o que cobre a neve. No concello de El Franco equivalía a catro palmos e no de Allande a 83 centímetros. **4.** Peza do carro que vai diante á que se enganchan os bois (Grandas de Salime, Tapia de Casarego); timón, cabezoalla. **5.** Parte alongada dun cravo. **6.** Pau longo dos dous que ten o carro de rodas de raios para enganchar neles o cabalo. **7.** Pau dun foguete. **8.** Medida de superficie, que no concello de Castropol equivalía a 5.673 metros, nos de Ibias, Eilao, Pezós, Grandas de Salime e os tres Ozcos a 5.573 metros. **9.** V. pao de atrás. **10.** Montaña (*Cerzo na Vara, augua na cara*). **11.** Palleiro, montón de herba de xeito cónico. **12.** Pau dunha parafusa (Santalla de Ozcos). **13.** Parte da legra. **14.** Nun muíño, eixe do rodicio. **15.** Nunha forxa, pau curvado coa forma do barquín, que con cravos suxeita a parte de pel ás táboas (Santalla de Ozcos). **16.** Cada unha das dúas canas grandes que están á altura da *caseta* dunha embarcación na pesca a cacea (Tapia de Casarego). **17.** Nun mazo, pau longo situado na parte exterior cun extremo gordo que caía sobre o banzado e outro máis estreito que coincidía cunha pequena abertura no lousado. **18.** V. rabo 2ª acep. **19.** Parte metálica alongada dun tarabelo que vai desde o ollo até a cabeza. **20.** Parte alongada metálica de certos picaportes. **21.** Porción de terreo que corresponde a cada un dos partícipes en propiedades comunais. // **Vara *cuadrada*.** Medida de superficie que en Grandas de Salime equivalía a 0,73 metros. // **Vara da *barquiñeira*.** Nun mazo, vara que se accionaba desde dentro do mazo para que funcionase a *barquiñeira*. // **Vara de abalar.** V. tirador 3ª acep. // **Vara de auga.** Chuvia miúda que a empuxa o vento (Os Ozcos). // **Vara de beira.** Vara moi longa que se usa para varexar as castañas. // **Vara de *tanxer*.** Vara que serve para dar presión ao fol dunha forxa. // **Vara de tirar.** V. tirador 3ª acep. // **Vara del medio *castañeiro*.** De cinco ou seis metros, para varexar as canas intermedias do castiñeiro. // **Vara del carro.** Cabezoalla. // **Vara del pico.** De catro ou cinco metros, servía para varexar as canas do castiñeiro que estaban no cume. // **Vara *faldeira*.** De

sete ou oito metros, para varexar as canas máis baixas e longas do castiñeiro.

varación* → variación.

varada. s. f. Cantidade de cousas que se colgan nunha vara horizontal. **2.** Golpe que se dá cunha vara.

varadeiro. s. m. Táboa que protexe o fondo dunha embarcación actuando como reforzo do casco e feita normalmente con madeira de piñeiro. **2.** Lugar onde se gardan ou reparan as embarcacións.

varado, -a. adx. Entumecido polo frío. **2.** Atónito, sorprendido. **3.** Dise cando un tipo de embarcación está parada en terra.

varal. s. m. Vara longa que se pon no carro para que non caia a carga. **2.** Pau horizontal sobre a lareira onde se colgan certos produtos como os chourizos. **3.** Conxunto de herba seca ou feo. **4.** Lado curto dunha eira. **5.** Pau central dun palleiro; lata. **6.** Vara longa que serve de mango a ganchos, *esquileiros* etc. **7.** Persoa moi alta. **8.** Pau moi longo. // ***Varal* de *meiza*.** Moreas xuntas formando un palleiro e cun pau no centro.

varalar. v. Facer varais.

varanda. s. f. Balaústre de madeira, ferro etc., dun balcón, corredor, embarcación etc.

varandal. s. m. Especie de tendal de madeira.

varaneante* → veraneante.

varangollo. s. m. Pau de forma irregular (Allande).

varapao. s. m. Pau longo e forte.

varar. v. Encallar unha embarcación. **2.** Deixar ou situar unha embarcación nun lugar fóra da auga onde se repara ou garda.

varaxar* → varexar.

vardasca. s. f. Vara ou ramo delgados, normalmente verdes e flexibles. **2.** adx. Dise da vaca de color clara con manchas alongadas escuras (Os Ozcos). **3.** adx. Dise da vaca con moitas colores mesturadas. **4.** Dise da muller con mal xenio.

vardascada. s. f. Golpe dado cunha *vardasca*. **2.** Acción de chover de xeito intenso e pouco duradeiro; xalabriada, batascada. **3.** Pequena capa de neve (Boal).

vardascuada. V. vardascada 1ª acep. **2.** Mazadura que deixou o golpe dunha *vardasca*.

vardascazo. s. m. Golpe dado cunha *vardasca*; vardascada 1ª acep.

vareada. V. varoada.

varear. v. Sacudir un colchón de la cunha vara. **2.** V. varexar 1ª acep. **3.** Mover os pescadores no mar o anzol dun lado a outro.

vareiro. s. m. Pau que se poñía dunha estaca a outra para formar o cabalete dos *serradeiros*. **2.** Pau auxiliar que se utiliza para varios servizos como para facer ramplas desde os camións até o chan, pola que subían rodando os troncos grosos.

vareixar. V. varexar 1ª acep.

varenga. s. f. Parte inferior da caderna dunha embarcación.

varexa. s. f. Acción de varexar. **2.** Vara, normalmente longa e flexible, que se utiliza para tirar as castañas das árbores.

varexador. s. m. Persoa que varexa, podendo ser da casa ou traballador por xornal en especie (por exemplo en castañas) ou en cartos.

varexar. v. Facer caer os froitos das árbores, como as castañas, noces ou as pinas. **2.** Golpear a la con paus ao sol para esponxala. **3.** V. varexo 1ª acep. **4.** Facer o acto sexual (Ibias).

varexo. s. m. Pau longo, cun gancho na punta, para quitar os froitos das árbores ou as pinas dos piñeiros. **2.** V. varexa 1ª acep.

varexón. (pl. varexois). V. varexador 1ª acep. **2.** V. varexo 1ª acep.

várgano. V. vargo 1ª e 2ª acep.

vargaxe. s. f. Tipo de peche feito con paus macizos verticais e corpo de xestas, uces, canas de carballo etc. (San Martín de Ozcos).

vargo. s. m. Valado feito con materiais vexetais (Ibias, San Martín de Ozcos, Allande, Eilao). **2.** Pau con punta para cravalo na terra (San Martín de Ozcos, Allande).

varía. s. f. Vara pequena. // ***Varía* das festas.** Órgano xenital masculino.

variabilidá. s. f. Acción de variar, cambiar.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

variación. s. f. (pl. variaciois). Acción e efecto de variar, cambiar.

variado, -a. adx. Que ten variedade.

variar[1]. v. Cambiar.

variar[2]. V. varear 1ª e 2ª acep.

variedá. s. f. Calidade do que é vario, diversidade.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

varilla. s. f. Moldura para os marcos dos cadros. **2.** Pequena vara dun barquín de forxa, disposta de xeito vertical e unida á táboa de abaixo e á panca da *cruz*, e que transmite á táboa o movemento iniciado na *vara de tanxer* (Santalla de Ozcos).
Obs. Trátase dun castelanismo.

variz. s. f. Dilatación dunha vea, dándose especialmente nas pernas. Na medicina tradicional combatíanse con cataplasmas de fécula de pataca.
variza. V. variz (San Martín de Ozcos).
varoada. s. f. Golpe dado cunha vara.
varón. s. m. (pl. varois). Peza do muíño, consistente nunha barra de ferro ou madeira de castiñeiro nos máis antigos, que conecta a turbina á moa. Ao xirar o rodicio, xira esta peza e deste xeito a moa móvese. **2.** Boi sen castrar. **3.** Brote da pataca (Abres). **4.** Persoa de sexo masculino.
varredallo. s. m. Conxunto de restos que quedan despois do varrido completo dunha eira para que poida ser utilizada de novo para limpar o cereal. **2.** Conxunto de restos varridos que xa non son aproveitables (Vilanova de Ozcos).
varredeiro. V. varredoiro 1ª acep.
varredoira. s. f. Cada unha das uces e ramas de folgueiras que forman un *vascallo* (Coaña).
varredoiro. s. m. Pau longo que na punta leva atado un feixe de folgueiras, xestas, uces ou loureiro, que serve para varrer o forno do pan arrastrando as cinzas cara á boca do mesmo, as dependencias da casa ou unha eira etc. **2.** Último fillo. **3.** Persoa mal vestida e sucia (Navia).
varredura. s. f. Restos que se xuntan co varredoiro cando se varre.
varrendeiro, -a. s. m. e f. Persoa que varre cun varredoiro.
varrer. v. Limpar o chan cun varredoiro. **2.** No xogo da *patefa*, conseguir quitar todas as posturas que hai enriba do *tasco*. // **A varrer.** Con abundancia. // ***Condo tá sin* varrer a *cocía*, sempre chega alguha visita.** Refrán que alude ao inoportuno dalgunhas visitas. // **Hai que varrer i *nun* vai ser cotra.** V. Vai haber muito que varrer i nun vai ser cotra. // ***Us* por outros a casa *sin* varrer.** Refrán que alude á situación na que ningún asume o traballo e un fala do incumprimento do outro. // **Vai haber *muito* que varrer i *nun* vai ser cotra.** Refrán que se utiliza cando se pensa que hai que parar a unha persoa porque é moi decidida pero sin pensar as cousas (Tapia de Casarego). // **Varrer a festa.** Varrer el baile. // **Varrer el baile.** Quedar os últimos en marchar dunha festa.
varrido, -a. adx. Limpado cun varredoiro.
varrón. V. varón 1ª acep. (Boal).
varuada. V. varoada.
várvora* → válvula.
várvula* → válvula.
vasa. s. f. Limo ou sedimento que queda nas pozas producidas por aluvión.
vasado. s. m. Contido dun vaso.
vasadoiro. s. m. Arado de madeira con dúas orelleiras, unha rella de ferro e *rodelas* (A Veiga, Castropol, Boal, Eilao, Tapia de Casarego, El Franco, Coaña, Navia, Villalión). **2.** Por extensión, arado de *vertedeira* que voltea a terra. // ***Vasadoiro* de ferro.** Arado de ferro con rella que remove a terra, sendo máis moderno que o de madeira (El Franco).
vasadorado. s. m. Cantidade grande de algo (Eilao).
vasal. s. m. Saínte na parede das cociñas, de madeira ou pedra, que serve para poñer vasos, pratos etc.
vasallo. V. vascallo.
vasaxe. s. f. Varredoiro de xesta, folgueira, uz etc., que serve para varrer o forno de cocer pan, o chan etc. (Santalla de Ozcos, Pezós). // ***Vasaxe* (el del).** Personaxe das máscaras en El Valledor (Allande), caracterizado por levar un varredoiro feito con uces.
vascallo. s. m. Varredoiro para varrer o forno, separar o gran da *poxa* etc., feito de follas de folgueiras ou loureiro, atados a un pau; varredoiro.
vasín. s. m. (pl. vasíos). Vaso pequeno.
vaso. s. m. Recipiente de madeira (o máis tradicional), cristal ou metal, de xeito circular, que se usa para beber ou conter líquidos. **2.** V. pela 1ª acep. // **Vaso da sella.** Cazo que serve para sacar a auga da sella (San Martín de Ozcos).
vasoira. s. f. Personaxe dos *Reises* do concello de Ibias, muller do *folecón*, que levaba unha máscara de ovella branca con cellas de la moura e na boca dous dentes enriba e un debaixo (no medio dos outros). A vestimenta era a típica dunha vella, con pano na cabeza, chaqueta, touca, saia longa até os pés e medias de la. Ademais levaba unha vasoira. **2.** V. varredoiro (Abres).
vasoiro. V. varredoiro. **2.** Personaxe dos *Reises* que levaba unha vasoira (Vilarmeirín).
vasura. s. f. Desperdicios, lixo.
Obs. Trátase dun castelanismo.
vasureiro. s. m. Lugar onde se deposita ou hai lixo.
Obs. Trátase dun castelanismo.
vau* → vao.
vauguada. s. f. Pequena depresión nun terreo.
vaxase. V. vasaxe (Eilao, Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).
vaxaxe. V. vasaxe (Boal).
vaxinca. V. vaxinga (Villalión, Boal).

vaxinco. V. vaxinga (Allande, Villaión). **2.** *Chicheira* despois de mallada (Villaión).
vaxinga. s. f. Vaíña da faba despois de baleirala, que se utiliza como forraxe para as ovellas (Villaión).
vaxingo. V. vaxinga (Boal).
vaza. s. f. Marea en baixamar.
vazamar. s. f. Altura mínima da marea.
vazante. s. m. Marea baixa.
vazar. v. Baixar a marea. **2.** Baleirar.
vazcallar. v. Verter un líquido. **2.** Mollar cun líquido estendéndose en pingas.
vazcallo. adx. Aplícase á persoa que anda mal vestida, desamañada. **2.** V. vascallo. **3.** Dise da persoa que lle gusta facer chapuzas.
vazo. adx. Aplícase ao mar cando está baixa a marea.
vear. v. Poñer varas a un palleiro para protexelo do vento.
veceiría. s. f. Quenda para pastorear as cabras e as ovellas de acordo co gando que se ten. **2.** Rabaño de ovellas; viceira 1ª acep.
veceiro, -a. adx. Aplicado ao que dá un ano e outro non, como algunhas terras ou árbores. **2.** Que ten vezo ou costume, habituado, caprichoso. **3.** Que ten que agardar quenda para facer algo. **4.** Que ten costume de volver ao mesmo sitio. **5.** s. m. Quenda que ten cada veciño no muíño.
vecera* → veceiría 2ª acep.
vecín, -ía. s. m. e f. (pl. vecíos, veciños). Persoa que vive cerca ou ao lado dun. **2.** Lindeiro, próximo. **3.** En sentido figurado, dedo anular (*Miñiquín, sou vecín, furabolos, matalobos e padre deles todos*), (Santalla de Ozcos). // **Coa axuda del *vecín*, matou mía madre el *cochín*.** Refrán que explica que en ocasións resulta preciso contar cos demais para facer certas cousas. // **Dura máis a mala *vecía* que a neve *marcelía*.** Refrán que explica que unha veciña mala dura máis que a neve en marzo que axiña se derrete e desaparece. // **Fun á casa del *vecín* i avergonceime, volvín á *mía* (vin *prá mía*) i remedieime.** Refrán que se refire a que se foi á casa dun veciño que non prestou o que se precisaba e se regresou á casa onde se amañou a persoa sen axuda ningunha. // **Se vas á misa ou al *molín nun* esperes polo *vecín*.** Refrán que indica que hai que facer as cousas con prontitude.
vecindá. s. f. Circunstancia de ser veciño dun lugar. **2.** Conxunto das persoas que viven nunha mesma poboación.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
veciño, -a. V. vecín (Santiso de Abres).
veda. s. f. Período de tempo en que non se pode pescar ou cazar.
vedado, -a. adx. Dise do lugar, período, práctica, arte etc., que están prohibidos mediante unha lei, especialmente aqueles referidos á caza e á pesca.
vedar. v. Prohibir mediante unha lei, un mandato ou un estatuto.
vedor. s. m. Antigo inspector de camiños (Boal).
vedro. s. m. Terreo de monte rozado ou cavado onde se sementan os cereais un ano ou uns poucos anos e despois abandónase; seara 2ª acep., estivada. // **De vedro.** Non ser consciente do que se facía, como unha rapaza solteira cando ten un fillo (*Tevo un fillo de vedro*), (Os Ozcos). **2.** Cultivo roubado (San Martín de Ozcos). **3.** Cultivo feito nunha terra de monte (Abres).
vegada. s. f. Paseo, volta. **2.** Espazo de tempo.
veiga. s. f. Terreo situado á beira dun río. **2.** Terreo baixo e fértil. // **Arado da veiga.** Tipo de arado (El Franco).
veigadense* → veigués.
veigota. s. f. Veiga de certa altura que sobresae sobre o resto do terreo (El Franco, Allande).
veigoto. V. veigota (Eilao).
veigúa. s. f. Veiga grande.
veiguela. s. f. Veiga pequena.
veiguelía. V. veiguela.
veiguelo. V. veiguela.
veiguense* → veigués.
veigueño*, -a → veigués.
veigués, -a. adx. e s. m. e f. Natural da Veiga. **2.** Pertencente ou relativo ao concello da Veiga.
veiguía. s. f. Terra de boa calidade e ben regada (Os Ozcos). **2.** Veiga pequena; veiguela.
veiguiña. V. veiguela (Os Coutos).
veinte* → vinte.
veintidous*, veintidúas → vintedous.
veintitrés* → vintetrés.
veintiún*, veintiunha → vinteún.
vela[1]. s. f. Rolo cilindríco de cera, sebo etc., que serve para alumar. En Moldes (Castropol), mantíñase na casa prendida unha candea durante todo o tempo que estivese un rapaz cumprindo o servizo militar, para que lle servise de axuda. En El Valledor facíanse con sebo de ovella. **2.** Moco que colga do nariz dun neno. **3.** s. m. Persoa que levan os cazadores para observar a caza ou espantala con berros (San Martín de Ozcos). // **A vela al pé del santo.** Refrán que alude a que

cada cousa hai que poñela no seu lugar. // **En vela.** Quedar desperto, sen poder durmir. // **Ter as velas colgando.** Ter mocos. // **Ter *polla* vela.** Vixiar (Boal).
Obs. Trátase dun castelanismo na 1ª acep.

vela[2]. s. f. Peza de tea forte que amarrada aos paus dunha embarcación serve para propulsala. **2.** Pau vertical dun andamio (El Franco).

veladuz. V. velaluz (Os Ozcos).

velaíña. adx. e s. Alcume popular dos habitantes de Llan (Taramundi), relacionado coas bolboretas da noite.

velaluz. s. f. Planta vivaz da familia das crasuláceas, de raíz tuberosa, talos erectos, de trinta a setenta centímetros de altura, con follas opostas, ovais e máis ou menos dentadas, e flores verdes brancas. Ten propiedades medicinais (*Sedum fabaria*), (Boal, Eilao, Ibias).

velame. s. f. Conxunto de velas dun barco (El Franco).

velatorio* → velorio.

velar. v. Acompañar pola noite a un defunto ou a un enfermo. **2.** Vixiar, observar, coidar. **3.** Estar desperto de noite. **4.** Observar e vixiar a caza. **5.** Axexar, espiar. // **Velar os ratos.** Cazar o gato os ratos.

vélaro. V. gadello 1ª acep.

velaúde. s. f. Variedade de castaña. V. castaña de *velude*.

veldrellos. s. m. pl. Trapos vellos que xa non serven.

veleiro. s. m. Soporte de madeira para poñer as velas. **2.** Barco de vela.

velendio, -a. adx. Que teñen veleno.

veleno. s. m. Substancia nociva que pode causar a morte.

velenoso, -a. adx. O que contén veleno. **2.** Moi malo.

veleruz. V. velaluz (Grandas de Salime).

velestro. V. viorto (Eilao).

veleta. s. f. Bandeira, manga de tea ou lámina metálica que se coloca nunha vara ou nun pau e que serve para sinalar a dirección do vento.

velía. s. f. Quenda referida normalmente ao coidado do gando lanar (Castropol); viceira 2ª acep.

vellao. s. m. Filloa ou comida feitas con *calostro* (Villaión).

velleca. s. f. Pataca pequena. **2.** Castaña oca, sen nada por dentro.

velleco. V. velleca 1ª e 2ª acep.

velleira. V. vellez 1ª acep.

velleiría. V. vellez 1ª acep.

vellera* → velleira.

vellez. s. f. Característica de vello, tanto para persoas como para obxectos. **2.** Idade maior.

vellín, -ía. s. m. e f. Diminutivo de vello.

vello, -a. adx. Que ten moita idade. **2.** s. m. e f. Persoa de moita idade. **3.** Antigo, doutro tempo. **4.** Gastado polo tempo. **5.** Membro de máis idade dun grupo. **6.** s. m. e f. Tipo de espantullo con forma de vella ou vello, que se poñía nas terras cun *garduño* facendo que sachaba. **7.** s. f. Residuo de palla ou gran que queda dos cereais despois de cribalos. **8.** s. f. Palla curta. **9.** s. f. Denominación que se daba ao salmón que xa desovara no río (Boal); zancado. **10.** s. f. Barba das espigas dos cereais. **11.** s. m. V. farro. **12.** s. f. Cápsula do trigo (Coaña). **13.** s. f. V. zamborca (Ortigueira). // ***Conto más* vella, *más lleva*.** Refrán que alude a que coa vellez se ten máis astucia e picardía. // ***Conto más* vello, *más* neno.** Refrán que alude a que as persoas maiores moitas veces actúan como nenos. // ***Conto más* (máis) vello, *más* (máis) pelello.** Dise do vello mullereiro. // ***Despós* (*depois*) *nun* digas que era vella i *nun* coceu.** Despois non digas que non te avisei a tempo. // **De vello.** Antigamente. // **De vello pra arriba, pásase mal.** Refrán que fala das dificultades da vellez. // **Era vella i *nun* coceu.** Agora xa non ten remedio. // **Ir vello.** Envellecer. // **O que de vello queira folgar de novo ten que traballar.** Refrán que indica que para desfrutar da vida sendo vello hai que traballar de novo (Taramundi). // ***Pra* unha vella que morreu, cen anos de pestilencia.** Refrán que alude a cando se comete un erro pequeno e non se para de falar del (Tapia de Casarego). // ***Si nun* miran *prá* vella que miren *pral* que *ella lleva*.** Refrán que alude á vellez e recrimina os curiosos (Boal). // ***Si ques* chegar a vello, *guarda* el aceite nel pelello.** Refrán que aconsella ser moderado en todo se se quere ter unha longa vida. // **Serás vello, *Cocolín*, i terás vexigas i *xarampín*.** Refrán que alude á crenza que todas as persoas deben pasar por estas dúas enfermidades na vida. // **Ser (*más*) vello como (que) os *camíos*.** Ser moi vello. // ***Tá* un (sendo) vello i aprendendo.** Expresión que indica que sempre se está aprendendo algo novo (Boal, Tapia de Casarego). // **Vella cocendo.** V. verme carpinteiro (Eilao). // **Vella *fendo* a cena.** V. verme carpinteiro (Boal, Villaión). // **Vello del saco.** Home

do saco. // **Vello mudado, vello enterrado.** Refrán que alude a que as persoas maiores están afeitas a un clima, á súa casa e aos seus costumes, polo que cambialos de lugar pode mesmo costarlles a vida.

velloiro, -a. adx. Vello que quere pasar por novo. **2.** Dise da persoa que vai para vello.

vellón, -úa. s. m. e f. Aumentativo de vello.

vellouco, -a. adx. Aplícase á persoa de idade que fai cousas propias dos máis novos. **2.** Relativo á vellez.

vellouzo, -a. V. velluzo.

velluco, -a. adx. Vello (Os Coutos).

vellura. s. f. Velleira.

velluzo, -a. adx. Vello (A Veiga).

velo. s. m. Tecido máis ou menos transparente con que se cubría a cabeza, especialmente as mulleres ao acudir á misa noutros tempos.

velocidá. s. f. Rapidez no movemento.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

velorio. s. m. Acto de velar a un morto. // **Ser un velorio.** Ser unha celebración ou acto aburridos.

velorta. V. viorto (San Martín de Ozcos).

velorto. V. viorto (Eilao, Boal, San Martín de Ozcos, Negueira de Muñiz, Allande).

velude. s. m. Variedade de castaña.

veludo. s. m. Tecido de seda, la, algodón etc., con pelo curto nunha das súas caras.

vena. s. f. Vaso sanguíneo que conduce o sangue dos capilares ao corazón. // ***Tar* de *vena*.** Estar inspirado en algo.
Obs. Trátase dun castelanismo.

venada. s. f. Toleada.

venatada. V. venada.

vencello[1]. s. m. Mañuzo de palla de centeo, trigo ou herbas, que servía para atar colmos ou outras cousas, ou para limpar; garañola.

vencello[2]. s. m. Paxaro insectívoro, migratorio, semellante á andoriña, con ás en forma de gadaña, cabeza pequena e esmagada, peteiro curto, boca grande e patas cortísimas, que aniñan normalmente nos furados ou beirados das construcións (*Apus apus*).

vencer. v. Inclinar, torcer. **2.** Cumprirse un prazo. **3.** Gañar. **4.** Cansar (*El neno quedou vencido de tanto xogar*). **5.** Desencaixar, desamañar (*A porta venceuse*).

venda. s. f. Tira de tea para suxeitar un membro ferido ou protexer unha ferida.

vendado, -a. adx. Cuberto cunha venda.

vendar. v. Tapar, cubrir cunha venda.

vendaval. s. m. Vento forte do sudoeste, quente e seco, que vén acompañado normalmente de tronos e chuvia. // ***Cielo* barbudo, vendaval duro.** Refrán meteorolóxico que presaxia que con ceo de moitas nubes grises e verticais vai vir vento e chuvia.

vendavalada. V. vendaval.

vendavalazo. s. m. Vendaval moi forte.

vendavalín. s. m. Vendaval débil.

vendedeiro, -a. adx. Dise do obxecto que se vende ben (Taramundi).

vendedor, -a. s. m. e f. e adx. Persoa que vende ou ofrece un produto. Tradicionalmente había moitos nas feiras como tratantes de gando, ferreiros, galocheiros, os que ofrecían calendarios, animais, froita, verduras etc.

vender. v. Dar algo a cambio de cartos. **2.** Ofrecer. **3.** Subornar. // **Fía i vende ben, que el *llargo* prazo pronto vén.** Refrán que explica que hai que aproveitar as oportunidades económicas, porque despois poden vir malos momentos. // ***Mentras* eu venda, *nun* fenda.** Refrán que alude á boa marcha dun negocio.

vendima. s. f. Recolleita da uva. **2.** Tempo en que se fai a recolleita da uva.

vendimar. v. Recoller as uvas das cepas. // ***Podache* en *xineiro*, *vendimache* nun caldeiro.** Refrán que alude á importancia de podar as vides en xaneiro para ter logo unha boa colleita.

vendimego, -a. adx. Referido á vendima. **2.** Aplícase a un tipo de cesta para recoller as uvas.

vendimia* → vendima.

veneiro. s. m. Carreteiro que transportaba a vea de ferro ás ferreirías.

veneno. V. veleno.

venenoso, -a. V. velenoso.

venera. s. f. Sobremesa típica feito con ovos, azucre, noces ou abelás ou ás veces améndoas, unha clara, cereixas e obleas (Navia, Boal, Coaña, Villaión).

venetada. s. f. Tolada.

vengación. s. f. Represalia, desquite por unha ofensa ou dano.

venganza. s. f. Represalia.
Obs. Trátase dun castelanismo.

vengatible. V. vengatibre (Navia).

vengatibre. adx. Feito por vinganza (Coaña, Tapia de Casarego).

venia. s. f. Saúdo, cortesía que se fai coa cabeza (*Fain uhas venias al santo*). **2.** Acto de inclinar unha persoa o pendón case até o chan e movéndoo dun lado para o outro nas procesións relixiosas. // ***Faer* a venia.** Axexar.

venres. s. m. Sexto día da semana.

venta. s. f. Acción e resultado de vender.
Obs. Trátase dun castelanismo.

ventá. s. f. Abertura na parede para ventilar ou iluminar. **2.** Estrutura de carpintería con cristais. **3.** Orificio do nariz (Os Ozcos, Tapia de Casarego).
ventadora* → aventadora.
ventalla. V. ventaxa.
ventanida. s. f. Golpe forte de aire (Villaión).
ventano. s. m. Ventá pequena. **2.** Ventá circular dos camarotes das embarcacións (El Franco).
Obs. Trátase dun castelanismo.
ventanuco. s. m. Ventá pequena no alto dunha parede ou no teito para que entre a claridade; ventano.
Obs. Trátase dun castelanismo.
ventanuxo. V. ventanuco.
Obs. Trátase dun castelanismo.
ventao. V. ventano (Abres).
ventar. v. Soprar o vento.
ventarada. s. f. Golpe forte de vento (Eilao, San Martín de Ozcos).
ventarida. V. ventarada.
ventas. s. f. pl. Fosas nasais.
ventaxa. s. f. Condición ou situación favorable dunha persoa ou cousa respecto doutras.
Obs. Trátase dun castelanismo.
ventaxoso, -a. adx. Que ten *ventaxa*.
Obs. Trátase dun castelanismo.
vente. V. vinte.
venteiro. adx. Relativo ao vento.
ventiar. v. Soprar o vento ou facer aire forte (Boal).
venticuatro* → vintecuatro.
ventilador. V. mangueira 3ª acep. (Tapia de Casarego).
ventín. s. m. Vento pequeno.
vento. s. m. Movemento do aire polos cambios de temperatura na atmosfera. // **Castañas do vento.** Cousas que non costan traballo nin diñeiro (Abres). // **Haber vento.** Soprar o vento. // **Ter a cabeza chea de vento.** Fantasiar. **2.** Ser un presumido. // **Ter *muito* vento na cabeza.** Facerse ilusións, non ter siso. // **Vento atravesado.** V. vento de través. // **Vento das capelas.** V. vento das castañas. // **Vento das castañas.** Vento forte e quente, propio do mes de outubro ou comezos de novembro, e procedente do sur. // **Vento de aleta.** O que dá na parte lateral traseira dunha embarcación. // **Vento de amura.** O que dá na parte lateral de diante dunha embarcación. // **Vento de costado.** V. vento de través. // **Vento de mura.** V. vento de amura. // **Vento de proa.** O que dá na parte dianteira dunha embarcación. // **Vento de través.** O que dá de xeito transversal nunha embarcación. // **Vento duro.** Vento forte. // **Vento en popa.** O que dá na parte posterior dunha embarcación. // **Vento galego, nin abelleiro nin coelleiro.** Refrán meteorolóxico que alude a que o vento procedente de Galicia non é bo para as abellas e os animais de caza. // **Vento fresco.** Vento forte.
ventolear. v. Expoñer algo ao vento, airear. **2.** Facer que o aire corra dun sitio a outro.
ventoleira. s. f. Tolada. **2.** Golpe de vento forte e de pouca duración.
ventoleiro, -a. adx. Dise do tempo, día, noite ou lugar con moito vento. **2.** Aplícase ao home pouco serio. **3.** Dise da persoa atolada.
ventolera* → ventoleira.
ventoliado, -a. adx. Aireado.
ventoliar. V. ventolear 1ª e 2ª acep.
ventolín. s. m. Ser mitolóxico asociado á noite de San Xoán, que leva os suspiros dos amantes polo aire e axuda a durmir os nenos.
ventón. s. m. Vento forte.
ventorrón. s. m. Vento quente do sur.
ventosa. adx. Dise da femia en celo, normalmente de gando equino. **2.** s. f. Órgano do polbo, en forma de disco, que lle serve para adherirse ou fixarse a algún lugar (As Figueiras). **3.** s. f. Boca da lamprea (As Figueiras).
ventosiar. v. Botar peidos.
ventoso, -a. adx. Dise do día, mes, lugar etc. no que hai moito vento.
ventrada. s. f. Conxunto de animais que nacen nun parto. **2.** Abundancia de cousas que veñen xuntas dunha soa vez.
ventre. s. m. Cavidade no corpo dos vertebrados que contén o aparato dixestivo, xenital e urinario. **2.** Barriga. **3.** Bandullo. // **Facer (*fer*) de ventre.** Cagar.
ventregada. s. f. Preñez dunha res con parto múltiple (Abres).
ventregúa. adx. Aplícase á vaca que ten o ventre grande.
ventrisca. s. f. Ventre dos peixes; tripa 2ª acep.
ventura. s. f. Sorte. **2.** Felicidade.
ventureiro, -a. adx. Casual, espontáneo. **2.** Aplícase á planta ou á árbore que nacen sen plantalos o home. **3.** Aplícase ao que aparece nun lugar e non se sabe a súa procedencia. **4.** Dise da persoa que lle gusta ter aventuras. **5.** Irregular, variable.
veña! interx. Expresa obrigación.
veo. s. m. Manivela dunha máquina ou mecanismo, como a que teñen as *estruxadoras* do viño para mover os cilindros, as *limpiadoras*, as rodas ou

moas de afiar, o *árbol* da *barquiñeira* dun mazo etc. **2.** No muíño, eixe do rodicio. **3.** Peza dunha forxa (Santalla de Ozcos). **4.** Cada unha das varas trenzadas de uz que se colocan arredor da cubrición de palla dun hórreo para suxeitala. **5.** Trenzado de varas de abeleira que une a parte superior dos chantos dunha sebe. // **Darlle al veo.** Insistir, reiterar. **2.** Non facer nada. **3.** Falar moito. // **Veo (a, ao).** Sistema de teitar unha construción con capas de colmo tendidas sobre unha base, máis ou menos espesa, de palla, reforzada cunha serie de varas delgadas trenzadas normalmente de uz. Esta capa suxéitase ás vigas con pequenas correas.

veorta. V. viorto (Ibias).

ver. v. Mirar, percibir co sentido da vista. **2.** Observar. **3.** Visitar a alguén. **4.** Sospeitar, deducir. **5.** Recoñecer, como un médico. **6.** s. m. Aparencia ou sentido das cousas materiais ou inmateriais. // ***Lo* que se ve *nun* se esconde.** Refrán que explica que aquilo que non se aprecia non fai falta escondelo. // ***Nun* poder ver.** Odiar. // ***Nun* ver tres nun burro.** Non ver nada. // **Se te vin, *nun* te *conocín*.** Refrán que critica os desagradecidos que esquecen de xeito fácil os favores recibidos (Boal). // **Ver *bon* día.** Ter sorte. // **Ver *candelías*.** Nubrarse a vista pola intensidade da luz. // **Verse i acontecerse.** Atoparse nunha situación con dificultades (Boal). // **Ver vir.** Darse conta do que tenta unha persoa (*Xa te vexo vir*). // ***Viche, viche*!** Mira, mira!

veracidá. s. f. Fidelidade á verdade.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

veraneante, -a. adx. e s. Persoa que pasa as vacacións de verán nalgún lugar.

veranear. v. Ter vacacións durante o verán.

veranego, -a. adx. Pertencente ou relativo ao verán.

veraniante* → veraneante.

veranín. s. m. Espazo de tempo con características do verán que coincide con San Martín que é o 11 de novembro. // ***Veranín* de San Martín, que grande que *pequenín*.** Refrán meteorolóxico que alude a que nesa data varían os días de sol podendo ser moitos ou poucos (Tapia de Casarego).

verao. V. vrao (Boal, Allande, Tapia de Casarego, Castropol, Villaión). // **Faltar un verao.** Non ser moi listo.

veras (de). loc. De verdade, realmente.

verau* → verao.

verba. s. f. Labia, locuacidade (*Home de muita verba, home de muita merda*). **2.** Palabra. // **Home de *muita* verba, home de *muita* merda.** Refrán que alude a que o home que ten moita labia non é recomendable.

verbena. s. f. Festa tradicional nocturna.

vérbene. V. verme. **2.** V. viermo 2ª acep. (Ortigueira). // **Ter a cabeza al *vérbene* carpinteiro.** Tolear. // ***Vérbene* carpinteiro.** V. verme carpinteiro (Coaña).

verbo. s. m. Palabra, locución. // ***Nun* dicir verbo.** Non dicir nin unha soa palabra.

verceira. V. verza 1ª acep.

verceiro. s. m. Lugar onde se sementan verzas (Villaión, Eilao).

verdá. s. f. (pl. verdades, verdás). Realidade, certeza. **2.** Relación afirmativa que se expresa despois de confirmala na realidade. // **É verdá!** Así é.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

verdade. V. verdá.
Obs. Palabra recollida na década de 1940 por Dámaso Alonso en persoas anciás de Santalla de Ozcos.

verdadeiro, -a. adx. Que é verdade, auéntico. **2.** Real.

verdasca. V. vardasca 1ª acep.

verdascada. V. vardascada.

verde. adx. e s. Da color da herba fresca. **2.** Que non está seco. **3.** Que non está maduro. **4.** Aplícase aos vellos cando son obscenos. **5.** s. m. Herba, forraxe. // **Al verde.** Expresión que se utiliza cando se pon a roupa lavada sobre a herba para que seque (*Pon a roupa al verde*). // **En verde.** Cando certo cultivo non está maduro (*Collimos a cebada en verde*). // **Verde en *cigua* (*cisgua*).** Moi verde. // **Verde rabia.** Moi verde.

verdeallo. s. m. Calquera froita que está verde (Os Ozcos); verdiallo 1ª acep.

verdear. v. Poñerse verdes os campos ao medrar as plantas ou encherse as árbores de follas; verdegar, verdexar, verdeguear.

verdegar. V. verdear.

verdeguear. V. verdear (Abres).

verdeirón. V. verderolo.

verdel. V. rinchón apintarado (Tapia de Casarego, El Franco, Navia).

verdello. s. m. Variedade de uva tinta (Eilao).

verdeña. s. f. Bouza de toxos novos, verdes e de pouca altura. **2.** Por extensión, toxo novo. **3.** Conxunto de toxos que se sementan (Castropol).

verderolo. s. m. Ave paseriforme da familia dos frinxílidos, que mide uns quince centímetros, dos que boa parte

corresponden á cola. O seu peteiro é cónico, gordo e bastante curto. O macho é verde oliváceo con grandes manchas amarelas nas ás e a cola. A femia é de color máis apagada (*Chloris chloris*).

verderín. (pl. verderíos). V. verderolo.

verderón. V. verderolo. // **Gozar como un *verderón*.** Pasalo moi ben.

verdexar. v. Mostrar color verde, presentarse de color verde. **2.** Xurdir as plantas nos campos e cubrirse as árbores de follas.

verdía. s. f. Variedade de castaña, grande, de pel fina, de escasa calidade e que madura a mediados de outubro (Eilao, Os Ozcos).

verdial. adx. Variedade de castaña.

verdiallada. V. verdiallo 1ª acep.

verdiallo. s. m. Froita que non madurou, con sabor acedo; verdeallo, redrollo 6ª acep. **2.** Mazaroca de millo pouco desenvolvida. **3.** Flor tardía.

verdín. s. m. Mancha de color verde que deixa a herba na roupa. **2.** Alga verde filamentosa que se pega ás rochas (*Pleurococus sp.*), (Tapia de Casarego). **3.** Sabor das papas feitas con millo verde (Villaión). **4.** Capa vexetal que nace en lugares sombríos.

verdiña. s. f. Castaña tardía (Os Coutos).

verdor. s. m. Color moi verde, especialmente o das plantas.

verdoso, -a. adx. Que tira a verde.

verduallo. V. verdiallo 1ª acep. **2.** Parte máis verde dunha nabiza, de sabor moi acedo (Ibias).

verdullada. s. f. Comida feita con verdura. **2.** V. verdiallo 1ª acep.

vereda. s. f. Cantidade de tabaco que un arrieiro conducía nunha viaxe. **2.** Camiño (Allande). // ***Llevar* mala vereda.** Cansar moito, fatigarse.

veredeiro. s. m. Arrieiro que levaba tabaco, entre outras cousas, para vender.

veres. s. m. pl. Aspectos, pareceres. // ***Tar* en *veres*.** Estar indeciso.

verga. s. f. Ferro de xeito alongado e estreito que usan os ferreiros para facer cravos, sendo normalmente dunha lonxitude aproximada duns dez centímetros. **2.** Pau longo que agarra a vela nunha embarcación. **3.** Órgano xenital dun animal macho, especialmente do touro; vergallo.

vergalleira. s. m. Órgano xenital dos mamíferos. **2.** Por extensión, órgano xenital do home. **3.** Pel que envolve o órgano xenital dos mamíferos (Villaión).

vergallo. s. m. Látego que se usa para montar a cabalo. **2.** Órgano xenital dun animal macho, especialmente do touro, boi, xato ou cocho. **3.** adx. Folgazán. **4.** Home moi alto e delgado. **5.** Por extensión, órgano xenital do home. **6.** Correa de coiro para unir algo (Os Ozcos).

vergallón[1]. s. m. Barreta.

vergallón[2]. adx. Aplícase á persoa grande e non moi lista (Navia).

vergante. adx. Folgazán (Abres).

vergoncillo, -a. adx. V. vergoncillón 1ª acep. **2.** s. m. Lea.

vergoncillón, -úa. adx. Con pouca vergonza. **2.** Aplícase á persoa que non ten vergonza para dicir cousas simples que saben até os nenos.

vergonza. s. f. Turbación do ánimo por algo cometido. **2.** Deshonra, que dá lugar a repugnancia ou mala opinión. **3.** Timidez. // **A vergonza era verde i *comeula* un burro (uha vaca).** Refrán que se usa para criticar, con humor, a falta de vergonza de alguén para facer algo pouco aceptable (Boal, Tapia de Casarego). // **El da vergonza.** Último cacho que queda dunha comida nun recipiente e que ninguén se atreve a collelo. // **Quen ten vergonza nin come nin almorza.** Refrán que alude á persoa vergonzosa, que por faltarlle firmeza perde moitos beneficios.

verigüeto. V. morruño (As Figueiras).

verme. s. m. Animal alongado, brando, sen esqueleto, normalmente é a larva de moitos insectos. **2.** Larva. // **Verme alumón.** (pl. alumois). V. verme carpinteiro (Abres). // **Verme carpinteiro.** Insecto coleóptero da familia dos lampíridos, con importantes diferenzas segundo o sexo: o macho ten ás pardo escuras, mentres que as femias teñen forma de larva e non dispoñen de ás. Os machos emiten unha débil luz intermitente e as femias producen unha luz intensa como reclamo sexual (*Lampyris noctiluca*). // ***Allumar* como un verme.** Alumar pouco (Boal). // **Verme *alumón*.** V. verme carpinteiro (Abres). // **Verme *ciando*.** V. verme carpinteiro (Boal). // **Verme da *lluz*.** V. verme carpinteiro (Boal).

vermello, -a. adx. Da color do sangue, encarnado (Villaión, Castropol).

vermellón. V. vermello.

vérmene. V. verme (Navia).

vérmino. V. verme (El Porto).

vermioso, -a. adx. Que está cheo de vermes.

vermosa. adx. Aplícase á froita que ten verme.

vernes* → venres.
vero. adx. Verdadeiro, exacto (*Véndocho entero e vero*), (Santalla de Ozcos).
verquedoira. V. reverquedoiro.
verquer. v. Facer saír o contido dun recipiente; verter. **2.** Inclinar un recipiente para baleiralo. // ***Verquer auguas.*** Mexar.
verraco. s. m. Cocho semental.
verrión, -oa. adx. Dise da froita verde. **2.** Dise do animal en celo.
verruga. s. f. Vulto na pel. Na medicina tradicional curábanse botando leite de figos, zume de celidonia ou auga da chuvia que quedara nos charcos. **2.** Vulto que a acumulación de zume produce nalgún punto da superficie dunha planta.
verrugueiro, -a. V. verruguento 1ª acep.
verruguento, -a. adx. Que ten verrugas. **2.** Aplicado a aquilo que non é liso nin está dereito.
verruguete. s. m. Peixe osteíctio perciforme da familia dos esciénidos, que pode acadar os setenta centímetros de lonxitude, con mandíbula inferior breve, apéndice curto e groso no queixo. A color é gris cincenta escura no dorso e máis clara no ventre, con moitas liñas oblicuas onduladas de ton dourado (*Umbrina cirrosa*), (Ortigueira). **2.** Peixe osteíctio perciforme da familia dos esciénidos, semellante ao anterior, pero coa color de fondo gris verdeal, con bandas transversais pardas e vermellas e tons azulados e prateados nas partes interiores (*Umbrina ronchus*), (Ortigueira).
versar. v. Saber, tratar, coñecer, ter experiencia (*Nas pitas nun verso eu nada*).
versatilidá. s. f. Calidade de versátil.
Obs. Trátase dun vulgarismo.
versión. s. f. (pl. versiois). Obra artística, literaria, musical etc., que presenta modificacións con respecto á orixinal na que se basea.
vertedeira. s. f. Especie de orelleira que serve para voltear e estender a terra erguida por un arado de ferro.
vertedeiro. s. m. Cano que había en moitas cociñas por onde saía a auga sucia para o exterior da casa.
verter. v. Facer de xeito involuntario que saia e caia o contido dun recipiente (*Vertiche el leite al tropezar*); verquer. **2.** Saír o líquido dun recipiente (*Verteu a sopa*).
vertú* → virtú.
verulla. V. verruga.
verxa. s. f. Especie de armazón de barras de ferro ou outro metal empregada como ornamentación ou protección en ventás, portas etc.
Obs. Trátase dun castelanismo.
verxón. s. m. Tronco do toxo (Tapia de Casarego). **2.** Mato, bouza.
verza. s. f. Nome vulgar de dúas variedades de col, con follas grandes e carnosas, que se empregan para a alimentación humana e como forraxe (*Brassica oleracea*). **2.** Folla da col. **3.** No xogo do *rapeludo*, estirarlle ao penitente da orella cando sae un as. **4.** V. marfollo 5ª acep. (Tapia de Casarego). // **Medrar como as verzas del horto.** Medrar moito. // ***Tar*** **como uha verza.** Estar despistado ou confundido. // **Verza verde.** V. marfollo 5ª acep.
verzada. s. f. Conxunto de algas que leva o mar até a terra.
verzal. s. m. Lugar onde se cultivan verzas.
verzón. s. m. Verza grande que se conserva ou transplanta para obter sementes.
vesadoiro. V. vasadoiro (A Veiga).
vesgo, -a. adx. Coa vista torta, birollo (Allande).
vespido* → vestido.
vespir* → espir.
vestido, -a. adx. Revestido de parede, como nos pozos (El Franco). **2.** s. m. Peza ou conxunto de pezas de roupa para vestir.
vestimenta. s. f. Vestido, vestidura.
vestir. v. Cubrir o corpo con roupa. **2.** Axudar a alguén a poñerlle roupa, calzado etc. **3.** Poñerse ou poñer unha determinada roupa nun momento especial, como nas festas ou visitas. **4.** Mercar a roupa a alguén. **5.** Ir rodeando o pau central dun palleiro coa herba. // **Quedar *pra* vestir santos.** Quedar solteiro. // **Vísteme *despacio* que teño présa.** Refrán que aconsella non apresurarse cando un ten moita présa por facer algo.
veta. s. f. Franxa ou lista de distinta color ou material que se distingue da masa onde se atopa. **2.** Filón. **3.** Corda de esparto, como a que se usa para tirar das redes de pesca ou para subir as oucas cunha polea. **4.** Arte de pesca litoral con rede grande, pedras e chumbos, que se utiliza especialmente para a captura da agulla (As Figueiras). **5.** Rede que se utiliza nesta arte de pesca (As Figueiras).
veteiro. s. m. Árbore que dá froita en anos alternos.
veterinario, -a. s. m. e f. Persoa que remedia e controla aos animais.
vetiado, -a. adx. Con vetas.

veu* (a) → veo (a, ao).
vexetación. s. f. Conxunto de árbores e plantas.
vexiga. s. f. Bolsa que está debaixo do ventre e que serve para mexar. A vexiga do cocho era utilizada para moitas cousas, como globo, para lavativas de vacas e nenos, para facer o *deventre* etc. **2.** Ampola que sae na pel. **3.** s. f. pl. Enfermidade contaxiosa caracterizada por unha erupción de pústulas que, ao desapareceren, deixan marcas na pel. **4.** s. f. pl. Enfermidade equina. // **Vexiga de (del) auga.** Vexiga que bota a vaca antes de parir. // **Vexigas *lolas*.** Enfermidade contaxiosa que afecta aos rapaces con erupcións semellantes ás vexigas, pero máis benignas, varicela (Abres); lambercas.
vexiguento, -a. adx. Que ten vexigas. **2.** Marcado pola enfermidade das vexigas.
vexilar* → vixilar.
vexilia* → vixilia.
vexo-vexo. s. m. Xogo de nenas que consiste en que se adiviñe a color dunha cousa que ve unha nena e que as outras teñen que descubrir, recitando: "Vexo vexo / Que ves? / Uha cousía. / De que color é? / De color (azul, verde etc.)".
vez. s. f. Tempo determinado. **2.** Ocasión. **3.** Quenda. // **Á vez.** Ao mesmo tempo. // **Ás veces.** Nalgunhas ocasións. // **De vez.** Xa, dunha vez (*Medrar de vez*), (Boal, Villaión). **2.** Definitivamente, de feito. // **De vez en cando (*cuando*, *condo*).** De cando en cando. // **Duha vez en fóra.** Polo menos unha vez (Tapia de Casarego). // **En vez de.** En lugar de. // ***Fer* as veces.** Facer o que se cre preciso para conseguir algo (Boal).
vezo. s. m. Costume, hábito. **2.** Vicio, enfermidade.
vía. s. f. Peido sen ruído. // **Á vía.** Xeito de navegar coa dirección do temón cando non está orientado nin a babor nin a estribor, é dicir, oriéntase no mesmo plano que o fai a quilla. // **Vía de *augua*.** Furado no casco dunha embarcación por onde entra a auga.
viar. s. m. Tipo de arado (El Franco).
viático. s. m. Sacramento da eucaristía que se administra a un enfermo en perigo de morte.
viaxar. v. Facer unha viaxe. **2.** Andar de viaxe.
viaxe. s. f. Acción de trasladarse a outro lugar. **2.** Carga que se leva dun lugar a outro. **3.** Xornada que se fai por mar ou terra. **4.** Vez.
viaxeiro, -a. adx. Que viaxa ou lle gusta viaxar. **2.** s. m. e f. Persoa que fai unha viaxe.
víbora. s. f. Cobra velenosa, vivípara e con cabeza de xeito triangular (*Viperidae sp.*). **2.** Persoa mala. **3.** V. pión 2ª acep. (As Figueiras). // **Se as víboras *viran* i el *alacarán augüira*, nin alma nacida del *eiro salira*.** Refrán que alude ao perigo que representan estes dous animais (Villaión).
víbura* → víbora.
viceira. s. f. Conxunto de ovellas que coidan os pastores por quendas (San Martín de Ozcos). **2.** Período de tempo no que un veciño, mediante quendas, tiña por obrigación gardar as vacas dos outros nas cabanas das brañas (Ibias).
viceirego, -a. adx. Dise da árbore que dá froita un ano e pouca ou ningunha ao outro (Allande).
vicín, -ía. V. vecín.
vicio. s. m. Hábito, costume de obrar mal. **2.** Trato cariñoso, consentimento. **3.** Crecemento forte dunha planta para que despois non dea case froito.
vicioso, -a. adx. Dise do froito ou da planta que medraron moito. **2.** Afeito aos vicios, depravado. **3.** Que ten vicios ou defectos. **4.** Dise da carne que sae nova nas feridas ao lado da que aínda ten pus (Villaión).
vida. s. f. Duración da existencia do ser vivo. **2.** Duración das cousas. **3.** Xeito de vivir. **4.** O traballo da agricultura. // **Facer (*fer*) vida de *sou*.** Independizarse. // **Hai que buscar a vida que a morte vén ela *sola*.** Refrán que alude a que hai que vivir o mellor que se poida. // **Na vida.** Nunca. // ***Nun* facer vida.** Non servir (*Nun se fai vida delas*). // ***Tar* na súa vida.** Vivir de xeito independente (Boal). // **Ter a vida *ganada*.** Expresión que se utiliza cando unha persoa non pode facer nada porque algo ou alguén llo impide (Tapia de Casarego).
vidalexo, -a. adx. e s. m. e f. Natural de Vidal (Trabada). **2.** Pertencente ou relativo á localidade de Vidal (Trabada).
vidalla. s. f. Cada unha das partes laterais da cabeza que se corresponde co óso parietal.
vidarego, -a. adx. Dise da persoa que traballa, que se ocupa con esmero das cousas da vida (Os Ozcos).
vide. s. f. Planta vivaz, da familia das vitáceas, de tronco retorto e longas ramas, follas grandes e pecioladas e flores opostas ás follas. O seu froito é a uva (*Vitis vinifera*), (Eilao).

vidego, -a. adx. Aplícase á persoa traballadora. **2.** Dise da persoa aforradora.

vido, -a. adx. Que vén. **2.** Chegado, aparecido. **3.** Aplícase á masa ou pan fermentados (Eilao).

vidrado, -a. adx. Que ten vidro.

vidreira. s. f. Conxunto de ventás e portas con cristais que aparecen en moitas galerías das casas con corredor. **2.** Ventá con vidros dividida en dúas partes, unha das cales pódese mover.

vidreiro. s. m. Persoa que traballa ou vende o vidro.

vidrera* → vidreira.

vidriado, -a. adx. Dise da persoa sensible que se anoxa con calquera cousa; vidrioso.

vidrio. s. m. Cacho de cuarzo (Allande).
Obs. Trátase dun castelanismo.

vidrioso, -a. adx. Dise da persoa que se caracteriza por ter un carácter cambiante ou se anoxa de xeito fácil; vidriado.

vidro. s. m. Material duro e transparente con que se fan botellas, vasos, lentes, pratos etc. **2.** Lámina deste material que se pon nas ventás das construcións, cristal. **3.** Persoa susceptible, con mal xenio.

vidualla. V. vidalla.

vieira. V. peregrina (Ortigueira).

vierben. V. verme (El Franco).

vierme. V. verme (Boal, Villaión). // ***Vierme* carpinteiro.** V. verme carpinteiro (Boal).

viermo. V. verme (El Franco, Tapia de Casarego). **2.** Verme branco, dun centímetro de lonxitude, que vive entre as algas podres e que se utiliza como engado para a pesca do muxe. // ***Viermo* carpinteiro.** V. verme carpinteiro.

viermosa. adx. Aplícase á castaña con verme.

viga. s. f. Madeira grosa e longa que se usa en varias construcións, como casas, hórreos, cabanóns etc. **2.** Madeira principal da estrutura do lousado do cabazo. **3.** Parte do lagar de viño consistente nun gran tronco de árbore tallado que no seu extremo ten unha *pesa* para pisar as uvas. **4.** Madeira forte sobre a que se apoia o mecanismo do batán, tamén chamada viga de apoio. Outra das vigas que soporta esta estrutura é a chamada viga *riostra* inferior, ademais das vigas transversal e do *bastidor* superior, postas de xeito horizontal na parte de enriba dun batán. **5.** Madeira posta de xeito horizontal e no bordo dun acantilado que forma parte da polea coa que se soben as oucas (El Franco). // **Non (*nun*) ve uha viga nel *sou* ollo, i ve uha palla nel *allén* (alleo).** Refrán que indica que con moita facilidade nos decatamos das eivas alleas, cando as nosas poden ser maiores. // ***Tar* de viga *dereta***. Non facer nada e mirar como traballan os demais (Boal). // **Viga *barquiñeira*.** Viga longa de madeira, feita con un ou dous troncos e que forma parte do mecanismo de funcionamento da *barquiñeira* dun mazo. // **Viga de aire.** Viga de madeira que sustenta a estrutura do corredor dun hórreo ou *panera* pola parte de enriba e é transversal ao *liñolo* (El Valledor). // **Viga de aire.** Viga suxeita só nos extremos (A Veiga). // **Viga do carro.** Cabezoalla (O Viñal). // **Viga *maestra*.** Viga principal dunha estrutura reticulada. // **Viga soleira.** Viga de madeira que se pon enriba da madre e sustenta o corredor dun hórreo ou *panera* (El Valledor).

vigueta. s. f. Pequena viga de madeira que está apoiada sobre o *liñolo* e serve para soster a estrutura interior do lousado dun hórreo ou dunha *panera* (El Valledor). **2.** V. vigueto (Vilanova de Ozcos).

vigueto. s. m. Cada unha das vigas pequenas de madeira, dispostas de xeito vertical e inclinado, que serven para soster o teito dun hórreo (Vilanova de Ozcos); angulote 2ª acep. **2.** Cada unha das vigas que se apoian dun muro a outro nas *soleiras* dun banzado.

vigüeto. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de La Veigancima (Navia).

vila. s. f. Conxunto de casas, maior que unha aldea, pero máis pequena que unha cidade. **2.** Capital dun concello.

vilallo. s. m. Rapaz.

vilango. adx. Dise do animal ou res delgados. **2.** Aplícase á persoa ou ao gato que non valen nada (Tapia de Casarego).

vilanovense* → vilanovés.

vilanovés, -a. adx. e s. m. e f. Natural de Vilanova de Ozcos. **2.** Pertencente ou relativo ao concello de Vilanova de Ozcos.

vilapenego, -a. adx. e s. m. e f. Natural da Vilapena (Trabada). **2.** Pertencente ou relativo á localidade da Vilapena (Trabada).

vilar. s. m. Conxunto de terras explotadas con varios cultivos simultáneos e intensivos. É de propiedade colectiva e aínda pertencendo un cacho a cada casa é sempre da localidade á que pertence e

as servidumes son comúns (Os Ozcos, Grandas de Salime, Pezós).

vilego, -a. adx. Habitante dunha vila.

vilivai. s. m. Xogo de nenos, onde se coloca un pau de vinte centímetros de longo e aguzado nas puntas, sobre unha pedra, deixando ao aire a metade. Despois un dos xogadores di: "*Vilivai*" feríndolle cun pau para lanzalo ao aire. O outro contesta: "*Xuan cai*", correndo a buscar o primeiro pau. É unha modalidade da billarda (Serandías).

villa. V. vila.

villaionense. adx. e s. m. e f. Natural de Villaión. **2.** Pertencente ou relativo ao concello de Villaión.
Obs. Trátase dun castelanismo.

villar. s. m. Denominación de vilar nalgúns concellos da Mariña eonaviega; vilar.

villeca* → velleca 2ª acep.

villeco* → velleca 2ª acep.

villela. s. f. Tipo de tea de la ou algodón, feita de xeito industrial.

vilo (en). loc. Con inquietude, preocupación.

vilo-vilo. s. m. Efecto de tirar algo lanzándoo ao aire (*Tiroulo al vilo-vilo*).

vilorto. V. viorto (San Martín de Ozcos).

vima. s. f. Rama de *vimbieiro* (Allande).

vimba. V. vimbieiro (El Franco).

vimbe. V. vimbieiro (Boal).

vimbieiro. s. m. Arbusto de ramas longas, delgadas e flexibles que se utiliza para facer caínzos, cestos, tabiques etc. (*Salix fragilis*), (Boal).

vimbria. V. vima (San Martín de Ozcos).

vimia. V. vima (Santalla de Ozcos, Ibias, Grandas de Salime, San Martín de Ozcos).

vimieira. V. vimbieiro (San Martín de Ozcos).

vimieiro. V. vimbieiro (Vilanova de Ozcos).

vinagre. s. m. Líquido que se obtén da fermentación acética do viño ou doutras substancias alcohólicas. Na medicina tradicional xunto co sal utilizábase para combater a dolor de moas.

vinagreira. s. f. Recipiente que serve para gardar o vinagre.

vinagreta. s. f. Planta herbácea perenne, da familia das oxalidáceas, cun bulbo profundamente enterrado e talo ascendente con pequenos bulbos do que xorde unha roseta basal de follas. As flores son amarelas e o froito é unha cápsula curta (*Oxalis pes-caprae*), (Castropol).

vinagrorias* → vanagrorias.

vinaxeira. s. f. Recipiente que contén a auga e o viño empregados na celebración da misa.
Obs. Trátase dun castelanismo.

vincallo. s. m. Ligadura para atar a palla nas cubricións das construcións de teito. **2.** Cacho de tea ou cordel que serve para atar algunhas cousas. **3.** Ligadura que se fai con palla para atar os mollos (Ibias).

vincoleiro* → vinculeiro.

vinculeiro. V. mairazo 2ª acep. (Abres).

vínculo. V. manda 1ª acep.

vindima* → vendima.

vindimar* → vendimar.

vindimega* → vendimego.

vinte. adx. e s. m. Dúas veces dez.

vintecatro. V. vintecuatro (Santiso de Abres).

vintecinco. adx. e s. m. Vinte máis cinco.

vintecuatro. adx. e s. m. Vinte e tres máis un (Os Coutos).

vintedous, vintedúas. adx. m. e f. Vinte máis dous.

vintenove. adx. e s. m. Vinte máis nove.

vinteoito. adx. e s. m. Vinte máis oito.

vinteseis. adx. e s. m. Vinte máis seis.

vintesete. adx. e s. m. Vinte máis sete.

vintetrés. adx. e s. m. Vinte máis tres.

vinteún, vinteuha, vinteunha. adx. e s. m. e f. Vinte máis un.

vintincordia (dar a). loc. Expresión que se utiliza cando se quere facer unha cousa de repente (Boal).

vintureiro*, -a → ventureiro 3ª e 4ª acep.

vinuco. s. m. Diminutivo de viño.

viña. s. f. Terreo plantado de vides. **2.** Conxunto de vides dun terreo.

viñal. V. viñedo 1ª acep. **2.** Tendedeiro para as redes de pescar (Ortigueira).

viñateiro, -a. s. m. e f. Persoa que trata con viño (A Veiga).

viñedo. s. m. Terreo plantado de vides. **2.** Viña.

viño. s. m. Bebida alcohólica que se saca da fermentación da uva. No Eo-Navia a súa elaboración aínda se produce en Ibias, Pezós, Allande, Os Ozcos, Grandas de Salime, Boal, Eilao e Negueira de Muñiz. Antigamente cultivouse en Taramundi e Santiso de Abres. **2.** Zume da amora. **3**. Figuradamente, viñedo (*Tán no viño*). // **El viño *nun* é *augua*.** Expresión que se utiliza para advertir a unha persoa que pode coller unha borracheira. // **Gustar *más* el viño que el leite aos cabritos.** Gustar moito o viño. // **O que con viño se deita con auga *desaiuna***. Refrán que alude a que non convén confiar o manexo dos negocios a persoas

incapaces, pois seguramente non se terá beneficio ningún (Santiso de Abres). // **Por San *Andrés* el viño novo, vello é.** Refrán que alude a que o 30 de novembro o viño novo xa é vello e pode ser embotellado. // **Viño da terra.** Viño da zona. // **Viño de *augüeira*.** Viño da zona de Boal. // **Viño de pé.** Viño que sae cando se prensan os restos das uvas no lagar. // **Viño de xema.** Viño que sae voluntariamente, despois de pisado no *trillón*. // **Viño dos *Vallois*.** Viño de Doiras (Boal). // **Viño duro.** Viño que está acedo. // **Viño tinto *espuma* branca, trampa.** Refrán que alude á mala calidade dun viño. // **Viño *zombudo*.** Viño denso e escuro (Marcellá).

viñoa. s. f. Viña grande (Os Coutos).

viñón, -a. adx. Variedade de castaña escura que ten un forte ourizo e moito pelo (Allande, Eilao).

violar. v. Forzar a alguén a un acto sexual en contra da súa vontade.

violeta. adx. e s. De color morada clara. **2.** s. f. Planta herbácea da familia das violáceas, con follas en forma de corazón e flores de color morada clara ou branca e moi olorosas (*Viola sp.*). **3.** s. f. Flor desta planta.

violín. s. m. (pl. violíos). Instrumento musical de madeira dotado de catro cordas, que se toca fretando estas cun arco e que se coloca entre o ombreiro esquerdo e o queixo.

viorto. s. m. Ligadura feita con material vexetal flexible, que serve para atar feixes, colmos, leña, erba etc., ou suxeitar cancelas, os remos aos toletes nas embarcacións, o gando etc.; valorta, valorto, velorta, velorto, veorta, vilorta, vilorto, volorto, vorta, vorto, vestrego.

vir. v. Andar ou moverse cara ao lugar onde está un (*Veño dos nabos*). **2.** Chegar (*Veu el tou home?*). **3.** Acadar unha cousa un determinado estado (*Con tanto sol el meiz veu a maduro*), (Eilao). **4.** Fermentar a masa do pan; leldar. **5.** Acontecer, chegar (*A primavera tá por vir*). **6.** Proceder (*A súa familia vén da Veiga*). **7.** Axustarse, resultar. // **Hai que ir vindo i andando.** Refrán que alude a que hai que ter paciencia nas cousas. // **Hai que *vellas* vir, *deixallas* pasar i, se mexan por un, dicir que chove.** Refrán que indica que non hai que resignarse diante das situacións adversas (Boal). // **Entre que *veis* i volves, *nun tá* el *camín sin* xente.** Expresión que indica que sempre hai xente por fóra. // **Vir chovendo.** Ameazar chuvia (*Vén ei chovendo*). // **Vir tarde as patacas (*meiz* etc.).** Retrasarse unha colleita. // **Vir + de + infinitivo.** Perífrase verbal terminativa (*Veño de sachar*). // **Vir + infinitivo.** Perífrase verbal que indica comezo dunha acción (*Veño tomar un viño*). // **Vir + xerundio.** Perífrase verbal que expresa movemento, modo, duración etc. (*Veu cantando*).

virachaquetas. adx. e s. Persoa que cambia de opinión segundo o momento ou a situación. **2.** Persoa pouco fiable.

viradeira. s. f. Escumadeira. **2.** Veso do arado ou do *vasadoiro* de ferro. **3.** Arado de ferro (Eilao, Boal). // **Ser *más* bruto que un arado de viradeira.** Ser moi bruto.

viradeiro. s. m. Parte ancha dun camiño onde se pode dar a volta.

viradera* → viradeira 3ª acep.

virado, -a. adx. Costo, pendente.

virador. V. halador (As Figueiras). **2.** V. tirador 5ª acep. (As Figueiras).

virar. v. Darlle a volta a algo. **2.** Cambiar de dirección, torcer. **3.** Voltear as terras co arado ou o *vasadoiro*. **4.** Cambiar de opinión, de ideas. **5.** Dar a volta a unha peza de roupa. **6.** Anoxar. **7.** Xirar (*Viraba a cabeza*). **8.** V. meter 3ª acep. (Tapia de Casarego). **9.** Erguer do mar un aparello de pescar e poñelo a bordo da embarcación. **10.** V. levar 17ª acep. // **Virar a chaqueta.** Traizoar, cambiar de ideas.

viravolta. s. f. Volta rápida e completa que normalmente fan os nenos co seu corpo.

viraxe. s. f. Volta, cambio de dirección.

virazón. V. contraste 2ª acep. (Castropol).

vircha! interx. ou s. f. Eufemismo que se utiliza en expresións que indican enfado, irritación, sorpresa etc. (*Me cago na vircha*, *Na vircha!*).

virgo. s. m. No xogo da lotería, cando un xogador ten xa dous números do cartón.

virgueira. s. f. Muller virxe.

virillo. s. m. Órgano xenital masculino.

virola. s. f. Parte metálica da navalla, de forma cilíndrica, situada na parte intermedia ou última, que serve para enganchar o mango á folla da navalla e soporta o eixe e serve de apoio ao talón. Pode ser lisa ou estar decorada.

virrei. V. carnaval 1ª acep. (Tapia de Casarego). **2.** V. rei 3ª acep. (Tapia de Casarego).

virtú. s. f. Facultade ou calidade boa dunha persoa.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

virullas. s. f. pl. Conxunto de grans na pel por unha alerxia (Navia).

viruta. s. f. Restos de madeira resultantes de tallar e cortar a madeira.
virxe. s. f. Na relixión católica, mai de Xesucristo (Tapia de Casarego).
virxen. s. f. Cada unha das madeiras por entre as que sobe e baixa a viga do lagar, que están enganchadas nos *dormentes* (Eilao). **2.** V. virxe. // **Fíate da *virxen* i *nun* corras.** Refrán que indica a inutilidade de recorrer ao auxilio divino se antes non se fixo o esforzo para conseguir algo. **2.** Indica que hai que evitar os excesos de confianza fronte a algo, pois o resultado pode ser fatal para os nosos intereses.
Obs. Trátase dun castelanismo.
virxiña. s. f. Diminutivo de virxe (Abres).
visadoiro. V. vasadoiro (Navia).
visaxe. s. f. Movemento estraño da cara (Tapia de Casarego).
viseira. s. f. Pucha pequena que ten diante unha parte máis dura, que serve para protexerse do sol.
visgo, -a. V. vesgo.
visión. s. f. (pl. visiois). Feito ilusorio ou fantástico que se toma como real. **2.** Reflexo. **3.** Persoa superficial e ridícula. **4.** Xesto (Villaión).
visita. s. f. Acción de visitar. **2.** Persoa ou persoas que visitan.
visitar. v. Ir ver a alguén á súa casa ou a outro lugar onde estea.
viso. s. m. Reflexo dalgunha cousa.
víspera. V. víspora.
víspora. s. m. Día que antecede inmediatamente a outro determinado.
víspura* → víspora.
vista. s. f. Sentido corporal localizado nos ollos. **2.** Capacidade física de ver. **3.** pl. Campo ou paisaxe que se ve desde un sitio. // **Ás vistas.** De xeito que pode ser visto, visible (A Veiga). // **De vista.** Coñecer alguén sen tratalo. // **En vistas de que.** En consideración dalgunha cousa. // **Facer (*fer*) a vista gorda.** Disimular, tapar. // **Ir a vistas.** Ir os pais dos noivos á casa dos outros antes da voda (Villaión).
vistame. s. m. Conxunto de roupa que se leva (Ibias).
vistido* → vestido.
vistidura* → vestido.
vistir* → vestir.
visto, -a. adx. Mirado, observado. // **Visto que.** Posto que, unha vez que.
vistor. s. m. Representante elixido polos veciños nalgunhas localidades, que tiña como funcións convocar xuntas para tratar temas comúns, facer de testemuña en certas cuestións como vendas de casas ou sinaturas de documentos etc. (Ibias, Allande, Eilao).
vistoso, -a. adx. Que chama a atención.
visueño, -a. adx. Que ten medo (Boal).
vitirinario* → veterinario.
vitrola. s. f. Gramófono.
vitulata. adx. Aplícase á vaca parida (El Franco).
viudedá. s. f. Estado de viúvo (*viúdo*).
Obs. Trátase dun vulgarismo.
viúdo, -a. s. m. e f. Persoa á que lle morreu a muller ou o home.
viva. s. f. Larva dos piollos dos animais ou das persoas.
vivaracho, -a. adx. Desperto, astuto, rebuldeiro. **2.** Cheo de vitalidade.
viveiro. s. m. Criadeiro cuberto para cultivar plantas ou ter animais. **2.** Recipiente con auga de mar que se empregaba para transportar o engado vivo nalgunhas embarcacións (Castropol, Tapia de Casarego). // **Viveiro da *esquila*.** Caixón somerxible de forma triangular con pequenos furados onde se teñen as *esquilas* (As Figueiras).
víveres. s. m. pl. Provisións de alimentos.
viveza. s. f. Prontitude en actuar ou proceder, rapidez.
vividor, -a. adx. s. e f. Dise da persoa que aforra.
vivir. v. Ter vida, existir. **2.** Residir. **3.** Pasar e manter a vida. **4.** Axeitarse ás circunstancias. // **El que *nun sepa* vivir que peche.** Refrán que explica que hai que desfrutar da vida. // **Vivir debaxo dunha pedra.** Vivir superando as peores condicións. // **Vivir dos padres *asta* que poidas vivir dos fillos.** Refrán que alude a vivir sen facer nada.
vivo, -a. adx. e s. m. e f. Persoa que ten vida. **2.** Persoa astuta, lista. **3.** Decidido, útil. **4.** Dise da aresta ou ángulo moi agudos.
vixiga* (s) → vexiga.
vixiguento*, -a → vexiguento.
vixilante. adx. e s. O que vixía (*vixila*).
vixilar. v. Coidar dunha persoa, cousa, edificio etc. **2.** Gardar.
vixilia. s. f. Período de tempo de carácter relixioso no que non se come carne.
vixín. s. m. (pl. vixíos). Peido sen ruído.
vixuliar. v. Ver todo cando se sae da casa, ruar (Coaña, Villaión).
vlima. V. vima (Allande).
vlincallo. V. vincallo (Allande).
voante. s. m. Manivela de ferro do muíño con forma circular, que move a roda de enriba e que se usa para que a moenda saia máis gorda ou máis fina.

vocación. s. f. (pl. vocaciois). Inclinación dunha persoa cara a unha determinada actividade ou modo de vida, en especial a profesional ou a relixiosa.
vocear. V. vociar 3ª acep.
voceiría. s. f. Barullo, ruído.
voceiro, -a. adx. Aplícase á persoa que fala moito.
vocía. s. f. Resultado de ter impo.
vociar. v. Dar voces, berrar. **2.** Chamar a voces. **3.** Abrir a boca en sinal de fame, sono, aburrimento etc. **3.** Arrotar (San Martín de Ozcos).
vocifeirar. v. Dar voces, berrar (Boal).
voción. adx. Dise do que bocexa moito por non durmir, por estar enfermo, por saír de festa etc. (Boal).
Obs. Adoita empregarse co verbo *tar*.
voda. s. f. Celebración onde casan dúas persoas; casamento, casoiro.
voga. s. f. Acción e resultado de remar.
vogada. s. f. Golpe dado co remo na auga para que ande unha embarcación (Navia).
vogar. v. Remar, avanzar a forza de remos (Abres). // **Vogar a *cobreos*.** Vogar con remos dobres (As Figueiras).
voitre. V. vruite.
volada. s. f. Paseo. // **Dar *uha volada*.** Dar unha volta.
volado[1]. s. m. Parte dun edificio que sobresae do muro ou da parede que os sosteñen sen ter ningún outro soporte. **2.** Nas casas tradicionais, parede de táboas de madeira que separaba a entrada da cociña.
volado[2], -a. adx. s. e f. Impaciente. // **Andar *volado* (*volada*).** Estar impaciente. // **Ir *volado*.** Rapidamente.
volador. V. pexe volador (As Figueiras).
volanchín. s. m. Pedra de afiar impulsada por un pedal de pé.
volandeira. s. f. Pedra de enriba do muíño que se move para moer o gran.
volandeiro, -a. adx. Dise da persoa que non se instala en ningún lugar.
volanta. s. f. Aparello dun só pano moi alto que se emprega para pescar pescada ou outras especies.
volante. adx. Dise da pesca feita con volanta (As Figueiras).
volantiado, -a. adx. Dise do vestido con volantes na cintura.
volar. v. Moverse ou ir polo aire. **2.** Desaparecer unha persoa ou unha cousa. // ***Volar* afondada.** Non verse nada (Boal).
volcar. v. Caer unha cousa despois de torcer.
Obs. Trátase dun castelanismo.
voleo. s. m. No xogo da billarda, acción de coller esta no aire despois de lanzala o tirador e darlle de novo impulso coa man (Grandas de Salime). // **A *voleo*.** Sistema no que se bota a semente coa man tirándoa ao aire, e que se emprega cos nabos, trigo, centeo etc.
voliada. s. f. Volta ou paseo de curta duración (Boal).
volín, -ía. s. m. e f. Diminutivo de avolo.
volitín*, -ía → volín.
volito*, -a → volín.
volleca. s. f. Castaña pequena e ruín, destinada aos animais; velleca 2ª acep.
volo, -a. V. avolo. // ***Alábome sola*, porque non (*nun*) teño *vola*.** Refrán que alude á persoa que se louva moito a si mesma. // ***Pra* quen é meu *volo* (*avolo*), é abondo *tallolo*.** V. Pra quen é meu volo, tá abondo ben el tallolo (Tapia de Casarego). // ***Pra* quen é meu *volo*, é *bon* abondo este *tallolo*.** V. Pra quen é meu volo, tá abondo ben el tallolo. // ***Pra* quen é meu *volo*, é abondo *bon* un *tallolo*.** V. Pra quen é meu volo, tá abondo ben el tallolo. // ***Pra* quen é meu *volo*, *tá* abondo ben el *tallolo*.** Refrán que alude á necesidade de conformarse co que hai ou se fai (Boal).
volorto. s. m. V. viorto (Eilao, Boal, Tapia de Casarego). **2.** Lea grande (Coaña). **3.** Conxunto de cousas enredadas entre si. // **El *volortín* dóbrase de *pequenín*.** Refrán que indica que os nenos se deben educar desde moi pequenos (Tapia de Casarego). // **El *volorto* hai que retorcelo de pequeno.** V. El volortín dóbrase de pequenín.
volorto, -a. adx. Dise da persoa gorda. **2.** Aplícase á persoa bruta, ordinaria (Boal).
volpe. V. raposo (Tapia de Casarego).
volquete. s. m. Carro formado por unha caixa cun mecanismo que xirando sobre o seu eixe permite baleirar a carga.
volquiar. V. volcar (El Franco, Navia).
volta. s. f. Movemento arredor dun punto ou de si mesmo. **2.** Parte superior non cortante do *fouzo* (O Viñal). **3.** Regreso. **4.** Curva. **5.** Rodeo. **6.** Revés (*Tempo de volta*). **7.** Paseo curto. **8.** Traballo (*Muitas voltas hai que dar!*). **9.** Vez. **10.** Repetición. **11.** Diñeiro que sobra dun pagamento. **12.** Estrofa que se repite nun cantar, como no *guinaldo* das ánimas. **13.** Asa de certos picaportes. **14.** Operación, traballo (*Facer uha navalla dá muitas voltas*). **15.** Parte curva dun anzol. **16.** Restra de embutidos (Villaión). // **Á volta de.** Pasado o tempo que se expresa. // **A voltas.** Dando voltas polo chan, a cama,

un lugar etc.; rebolón (al, ao). // **Ás voltas con.** Insistir nunha cousa. // **Cantar a volta.** V. volver 5ª acep. (San Martín de Ozcos). // ***Costar muitas* voltas.** Ocasionar algo moito traballo ou ter que facer numerosos trámites para conseguilo. // **Dar uha *búa* volta.** Cambiar de aspecto algo ou alguén. // **Dar (a) volta.** Xirar. // ***Ganar* a volta.** Dar volta (Tapia de Casarego). // **Marchar a voltas.** Rodar por algún sitio (Allande). // ***Tar* de volta.** Cambiar o tempo (Eilao). // **Volta a.** De novo a, outra vez a. // **Volta al (del) gato.** Pinchacarneiro (Boal, Grandas de Salime, Navia). V. pinchacarneiro. // **Volta *mangueira*.** Rodeo ao falar de algo. **2.** Pensamento atravesado.

voltar. v. Regresar ao punto de partida (El Franco).

volteadeiro. s. m. Lugar onde se pode dar a volta, como nun camín, nunha estrada etc. (Boal).

volteado, -a. adx. Que lle deron a volta.

voltear. v. Dar a volta a algo ou a alguén, como á herba nos prados, a terra etc. **2.** Facer curva, dobrar, como as ramas dos vexetais. **3.** Dar a curvatura axeitada á caderna dunha embarcación (As Figueiras).

voltexar. V. voltear. **2.** V. barloventiar (Tapia de Casarego).

voltiadeiro. V. volteadeiro.

voltiado, -a. V. volteado.

voltiar. V. voltear.

volto, -a. adx. Xirado, cambiado de posición (Boal). **2.** s. m. V. volta 11ª acep.

voluntá. s. f. Facultade das persoas de poder gobernar os seus actos. **2.** Ánimo de facer unha cousa.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

volvedeira. s. f. Prato plano de madeira, con pé alto, usado para darlle volta ás tortillas, de madeira de freixo ou castiñeiro.

volver. v. Dirixirse a un sitio cambiando a dirección. **2.** Dar volta. **3.** Regresar. **4.** Cambiar unha persoa ou cousa de estado ou aspecto. **5.** Dicir os aguinaldeiros ou varias persoas só unha estrofa repetida cando cantan panxoliñas no Nadal ou cánticos (*Volven a copla entre dous*). **6.** Facer un segundo tiro no xogo dos *bólos*. **7.** Devolver. **8.** V. revenir 1ª acep. **9.** prnl. Cambiar (*El inverno volveuse muito bon*). **10.** prnl. Opoñerse, enfrontarse (*Volveuse a el*). // **Volve por outra**! Expresión que se emprega cando se incita a unha persoa a que se atreva a facer de novo unha cousa pero como unha chamada de atención para que non a faga. // **Volver aló (alló).** Reincidir. // **Volverse en *augua* de ovos.** Quedar en nada (Tapia de Casarego). // **Volverse por *unde* naceu.** Encoller (Boal). // **Volverse tolo.** Perder a razón. // **Volverse un por onde naceu.** Desmellorar. // **Volver + infinitivo.** Perífrase verbal de tipo reiterativo (*Volveu ganar*).

vorrola. adx. Dise da cocha cando está excitada sexualmente.

vorrón. s. m. Porco semental, cocho sen capar (Navia, Os Ozcos, Boal, Allande, Villaión).

vorrúa. V. vorrola.

vorruga* → verruga 1ª acep.

vorta. V. viorto (Santalla de Ozcos).

vorto. V. viorto (Abres, Santalla de Ozcos, Vilanova de Ozcos).

vos. Pronome persoal átono da segunda persoa do plural que se emprega como complemento directo ou indirecto sen preposición.

vós. Pronome persoal tónico de segunda persoa de plural que funciona como suxeito ou como complemento con preposición (Allande, Ibias).

voso, -a. adx. ou pron. m. e f. da segunda persoa referido a dous ou máis posuidores. // **De voso.** Propio (*Os nenos de voso*). **2.** Relacionado con (*É xente de voso*).

vosoutros, -as. Pronome persoal da segunda persoa do plural.

vosté. (pl. vostedes). pron. persoal tónico de segunda persoa. Emprégase como fórmula de cortesía cando falamos cunha persoa que nos merece un tratamento de respecto.

votar. v. Emitir o voto nunha elección, asemblea, reunión etc. **2.** Exercer o dereito de sufraxio.

voto. s. m. Manifestación expresa da vontade, opinión ou parecer nunha elección, asemblea, reunión etc. **4.** Acción coa que se exerce o dereito de sufraxio.

vouciar. V. vociar 3ª acep.

vougán. adx. Dise da res con moita barriga (San Martín de Ozcos).

vougo. adx. Famento. **2.** s. m. Calquera das dúas cavidades simetricamente colocadas entre as costelas falsas e os ósos das cadeiras. **3.** s. m. Ventre dunha res, cocho, besta ou boi.

voz. s. f. Son que emiten as persoas coa larinxe ao pasar o aire polos pulmóns e atravesar as cordas vocais.

vozcallo* → vascallo.

vraiego, -a. V. veranego.
vranear. V. veranear (El Franco).
vranego, -a. V. veranego (Tapia de Casarego, Pezós).
vraneo. V. vraniada (El Franco).
vraniada. s. f. Período de vacacións de verán.
vraniante. V. veraneante.
vraniar. V. veranear.
vrao. s. m. Estación máis calorosa do ano que vai desde o 22 de xuño ao 23 de setembro. // **El *vrao* é a capa dos *probes*.** Refrán que alude que no verán os pobres non precisan roupa e ademais é un tempo que facilita a existencia. // **Faltar un *vrao*.** Non ser moi listo. // **Faltar un *vrao* de *muito* sol.** Non ser moi listo. // **Faltar *unhos vraos*.** V. faltar un vrao.
vrau. V. vrao.
vrincallo. V. vincallo.
vroite. V. vruite (Vilanova de Ozcos).
vruita. V. vruite.
vruite. s. f. Ave falconiforme, coa cabeza e pescozo cubertos dunha fina plumaxe branca que forma na base deste un ancho colar. As súas ás son grandes, podendo medir máis de setenta centímetros. Aliméntase preferentemente de cadáveres (*Gyps fulvus*).
Obs. Aínda que esta palabra varía ás veces entre o xénero masculino e o feminino, é máis frecuente o segundo.
vruiteira. s. f. Pena onde se poñen os voitres (*vruites*).
vrute. V. vruite.
vuciar* → vociar.
vuelo. s. m. Extensión dun vestido na parte que non se axusta ao corpo. // **Nun *vuelo*.** Nun momento.
Obs. Trátase dun castelanismo.
vuitra. V. vruite (A Veiga).
vuitre. V. vruite (Allande).
vulito*, -a → avolo.
vultiar* → voltear.
vulto. s. m. Fardo, paquete. **2.** Protuberancia. **3.** Inchazón. **4.** Volume de algo. // **Ser máis fato que facer (*fer*) de vulto.** Ser moi fato.
vulvedeira* → volvedeira.
vulver* → volver.
vurulla. s. f. Gran que sae na pel.
vurullo. V. baloco 6ª acep. **2.** Vulto que fan moitas cousas xuntas e desordenadas.
vurullón. s. m. (pl. vurullois). Vulto pequeno que se forma uníndose e apertándose unhas partes con outras que estaban ou debían estar soltas, como na la, na masa etc. **2.** Conxunto de mantas e faixas coas que se envolve a un neno pequeno. **3.** Vulto mal feito. **4.** Amontoamento de cousas.
vuruxo. V. vurullo.
vusté* → vosté.

X

x. s. m. Vixésimo segunda letra do alfabeto galego. O seu nome é *xe*.
xa. adv. Mostra o comezo ou o final dunha acción. Outras veces certa énfase ou un cambio na intención do falante. **2.** En cambio, non obstante (*As legras son xa as de labrar as galochas*). **3.** Marca a idea que algo vai acontecer nun futuro próximo (*Lougo xa pasaban al molín*). **4.** conx. Aplícase de xeito distributivo a dúas palabras. **5.** Si. **6.** Agora. // **Xa, xa!** interx. Indica que o falante se decata de algo ou afirma unha cousa xa dita anteriormente. // **Xa agora!** Por suposto. // **Xa *fora*!** Oxalá fose así. // **Xa que.** Expresión de significado causal ou consecutivo. // **Xa *tá*!** Expresa o remate dunha acción, que algo molesta etc.
xa, xa, xa! interx. Voz onomatopeica que se atribúe á pega (Seares).
xabanco. s. m. Animal indeterminado con uñas duras (Coaña).
xabardear. v. Saír un segundo enxame de abellas dun trobo nun ano.
xabardiar. V. xabardear.
xabardín. s. m. Xabardo pequeno ou frouxo. **2.** Pouca xente (Boal).
xabardo. s. m. Segundo enxame que sae dun trobo nun ano. **2.** Enxame pequeno.
xabaril, -a. s. m. e f. Mamífero suíno salvaxe, omnívoro, parecido ao cocho, con abundante pelo ríxido, de color pardo negra ou gris amarela e dous fortes caninos (*Sus scropha*); cocho bravo.
xabón. s. m. Produto para lavar feito con graxa ou sebo. // **Dar xabón a un.** Eloxiar a unha persoa. // **Saber, sabe a xabón, pero ser é queixo.** Refrán que alude a que ás veces as aparencias enganan.
xabonada. s. f. Aplicación de xabón a algunha cousa para lavala.
xabonado, -a. adx. Cheo de xabón.
xabonadura. s. f. Acción e efecto de xaboar.
xabonar. v. Lavar con xabón e auga; enxabonar, enxabuar.
xaboneiro, -a. adx. Dise da persoa que adula a outra.
xabre. s. m. Rebaixe que se fai na madeira onde encaixan as cabeceiras da tapa dun bocoi (San Martín de Ozcos).

xabrón. V. correntada 1ª acep. (Coaña). **2.** V. fileiro 3ª acep. **3.** Grupo grande de bonitos no mar. **4.** Corrente que se forma cando hai axitación da auga no interior e o vento sopra nun sentido contrario. **5.** Grupo de peixes que se desprazan aproveitando axitacións interiores do mar.
xacalandrina. s. f. Trasnada (Abres).
xacando. V. xacuando (*Os vellos de xacando*), (Os Ozcos).
xacarandaina. s. f. Mentira, engano.
xacarandeirada. s. f. Mentira.
xacarandeiro, -a. adx. Aplícase á persoa mentireira. **2.** Dise da persoa que fai bromas.
xacarandina. s. f. Mentira. **2.** Romance ou conto alegres. **3.** Loanza.
xacarandoso, -a. adx. Alegre, divertido.
xacer. v. Estar deitado ou tendido. // **Ser de *bon* xacer.** Ser agradable unha persoa.
xácoma. s. f. Corda ou correa con que se prenden as cabalerías pola cabeza.
xacondo. V. xacuando.
xactarse. v. prnl. Louvarse excesivamente.
xacuando. adv. Noutro tempo, naquel tempo.
xaculatoria. s. f. Oración cristiá breve e fervorosa que se reza nas novenas e noutras devocións.
xada* → aixada.
xagardillo, -a. adx. Dise do neno que enreda moito, argalleiro (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).
xagollo. V. xaollo (San Martín de Ozcos); coxa 1ª acep.
xalabriada. s. f. Acción de chover ou nevar de xeito intenso e pouco duradeiro, acompañada de vento frío; batascada, vardascada.
xalandrada. s. f. Tolería, impulso repentino do ánimo (Coaña).
xalapa. s. f. Planta da familia das convolvuláceas, de talos herbáceos, con follas cordiformes, flores con forma de campá e case sempre solitarias, de color vermella e froito con varias sementes negras, engurradas e esferoidais. As súas raíces teñen unha resina de propiedades purgantes (*Ipomaea purga*).
xaldo, -a. adx. e s. Alcume que se lles dá aos habitantes dunha localidade que non son vaqueiros (Villaión).
xaleo. s. m. Barullo, boureo. **2.** Traballo.
xalmistra. adx. Delgada, con pouco corpo.
xalunde* → xalundes.
xalundes. adv. Indica un lugar indefinido, calquera outro sitio, outra parte, por aí diante, algunha parte (*Veño de xalundes*, *Vou pra xalundes*, *Vai en xalundes*, *Nun hai ningún camín que nun vaia dar a xalundes*), (San Martín de Ozcos).
xamais. adv. Nunca.
xamaril. V. xabaril.
xamarón, -a. adx. Bruto (Castropol).
xamás. V. xamais.
xamasca. s. f. Rama de árbore, normalmente con follas (Allande).
xamascada. s. f. Golpe cunha rama de árbore (Allande).
xamelgo. s. m. Cabalo fraco, por famento.
xamoa. s. f. Sela que se colocaba sobre o aparello das cabalerías, especialmente para as mulleres.
xamón. s. m. (pl. xamois). Perna posterior do cocho, que se salga e cura.
xamoneiro, -a. s. m. Persoa que compra e vende xamóns.
xamouco. s. m. Terceiro enxame que sae dun trobo nun mesmo ano (Boal).
xamúa. V. xamoa.
xamuga. V. xamoa.
xan. adx. Dise do home de pouco carácter, manexado por todos, especialmente pola muller. // **Tanto dá Xan como Beltrán.** Refrán que explica que unha cousa é igual que outra e polo tanto é o mesmo a elección de calquera das dúas (Tapia de Casarego). // **Xan de *riba*.** O sol. // **Xan dos *camíos*.** V. xuan.
xanapo, -a. adx. Aplícase á persoa apoucada, acovardada. **2.** Parvo.
xancia. V. xanza.
xanciar. v. Zarrar unha leira que estaba de monte cun valado feito con terra que se vai quitando do rego. **2.** Facer un rego ancho, longo e profundo, para construír algo, conducir auga etc.
xandra. s. f. Ataque de tose.
xanear. v. Facer o parvo indo dun lado a outro.
xaneiro. s. m. Primeiro mes do ano. // **En xaneiro (*xeneiro*), dá el sol en calquera regueiro.** Refrán que constata que en xaneiro o sol dá en calquera lugar. // **En xaneiro, lume na lareira e porco no *fumeiro*.** Refrán que nos indica que o mes de xaneiro é frío, que hai que ter lume na lareira para quentarse e gardadas as carnes do porco como provisións (Taramundi). // **Por xaneiro, entra el sol en todos os regueiros.** Que en xaneiro o sol dá en calquera lugar. // **Tantos días (pasan) de xaneiro (*xeneiro*), tantos allos (faltan) nel (perde el) alleiro.** Refrán que indica que no mes de xaneiro os allos comezan a podrecer ou a secar nas restras feitas do ano anterior. // **Tantos días pasen de *xeneiro*, tantos allos de menos nel**

alleiro. V. Tantos días pasan de xaneiro (xeneiro), tantos allos faltan nel (perde el) alleiro. // **Tantos días van de *xeneiro*, tantos allos faltan nel alleiro.** V. Tantos días pasan de xaneiro (xeneiro), tantos allos faltan nel (perde el) alleiro.

xanelo, -a. adx. Dise da persoa acovardada. **2.** Parvo.

xangada. s. f. Xogada mal feita e sen coñecemento do xogo. **2.** Parvada. **3.** Enredo. **4.** Chapuza, chafallada. **5.** Traballo de pouco valor, trangallada. **6.** Mentira, engano. **7.** Traballo ou negocio sospeitosos de non ser moi legais. **8.** Obxectos, apeiros etc. (*Nel pallar había dalguha xangada*).

xangado, -a. adx. Dise da persoa ou animal que están desarticulados.

xangaretada. s. f. Chapuza, chafallada.

xangaretar. v. Amañar algo de calquera xeito.

xangueiro, -a. adx. Dise da persoa que traballa sen esmero (Boal, Castropol). **2.** Aplícase á persoa que revolve moito (Coaña).

xanguiar. v. Facer un traballo sen importancia (Eilao).

xania. s. f. Persoa delgada.

xanín. s. m. Intestino cego do cocho.

xanta. s. f. Comida do mediodía, entre o almorzo e a cea. Normalmente era con caldo, potaxe de patacas cocidas con touciño, un pouco de unto, un chourizo de corada ou unha longaínza. Noutros casos era con rabizas, cimóns ou fabas. Ao final tomábase normalmente unha *cuncada* de leite.

xantar. v. Comer ao mediodía. // **El cura *unde* canta, xanta.** Refrán que alude a que cada un debe vivir do seu traballo ou que o traballo debe pagarse axeitadamente.

xantaxe. V. corriola 2ª acep. (El Franco).

xanto. V. xanta (Allande).

xanto* → chanto.

xanxarrín, -ía. adx. Dise da persoa que fai trasnadas sen que se saiba; manxopeiro. **2.** Aplícase á persoa que non aparenta o que é.

xanza. s. f. Rego ancho, longo e profundo, que serve para facer os cimentos dunha construción, conducir as augas etc.

xanzá. V. xenciana (Allande).

xanzón, -úa. s. f. *Xanza* grande.

xaollo. s. m. Parte da extremidade inferior que ten o esqueleto formado polo fémur (Os Ozcos, Grandas de Salime); coxa 1ª acep. **2.** Articulación media da perna (San Martín de Ozcos).

xaora. adv. Desde logo que si, claro que si, claro (San Martín de Ozcos, Tapia de Casarego, Santalla de Ozcos, A Veiga).

xapalandrán, -a. adx. Infeliz, inxenuo (Castropol).

xapreira. adx. Dise da muller que vende cousas en beneficio propio sen que se entere o marido, ás escondidas, para caprichos seus (Coaña).

xapucar. v. Meter a cabeza debaixo da auga (As Figueiras).

xaqueca. s. f. Dolor de cabeza ou cefalalxia que aparece de xeito periódico, asociado normalmente, a trastornos sensoriais e neurovexetativos.

xáquema. V. xáquima (San Martín de Ozcos).

xaqueta. s. f. Dolor de cabeza (San Martín de Ozcos).

xáquima. s. f. Correa que suxeita a cabeza das cabalerías, para atalas e poder levalas (Seares).

xara[1]. V. seara.

xara[2]. s. f. Arbusto pequeno da familia das cristáceas, dun a dous metros de altura, con ramas vermellas, follas opostas, lanceoladas e viscosas, de color verde escura por un lado e tirando a branca polo outro. As flores son brancas, cunha mancha vermella na base de cada un dos cinco pétalos e froito en forma de globo (*Cistus ladaniferus*).

xarabal. s. m. Grupo grande de bonitos no mar coa cabeza sobre a auga (As Figueiras, Tapia de Casarego).

xarabe. s. m. Medicamento líquido e viscoso, mestura de certos produtos con azucre.
Obs. Trátase dun castelanismo.

xaral. s. m. Terreo pouco produtivo pola súa sequidade (Eilao). **2.** Terreo cheo de xaras (Tapia de Casarego).

xaramago. s. m. Planta herbácea da familia das crucíferas, de talo erecto, que alcanza dos sesenta aos oitenta centímetros de altura, con moitas ramas, follas grandes e ásperas e algo dentadas. As súas flores son pequenas, amarelas, xuntas en longas espigas e o froito é de forma case cilíndrica (*Diplotoxis virgata*).

xaramelada. s. f. Parvada (Vilanova de Ozcos).

xaramolo. V. xermolo.

xaramollo. V. xermolo.

xarampel. s. m. Peza de roupa vella e rachada.

xarampín. s. m. Enfermidade contaxiosa que se manifesta con erupcións cutáneas encarnadas, febre e carraspeira. **2.**

Inclinación ou simpatía esaxeradas por algo.

xarana. s. f. Broma, burla. **2.** Diversión. // **De xarana.** Sen facer nada, divertíndose. Obs. Trátase dun castelanismo.

xaraneiro, -a. adx. Que lle gusta divertirse. **2.** Que lle gusta facer bromas. Obs. Trátase dun castelanismo.

xaranguiar. v. Divertirse (Allande).

xaraniar. v. Non facer nada, divertirse. Obs. Trátase dun castelanismo.

xarda. V. cabala.

xardesco. adx. Aplícase ao traballo duro e difícil. **2.** Dise da persoa ou do animal bruscos, difíciles no carácter e de tratar.

xardía. V. sardiña. // **A *xardía* i a *xardía* rebentou el burro.** Pouco a pouco (Boal). // **Por San *Xuan*, as *xardías* mollan el pan.** Refrán que alude a que no mes de xuño este peixe está no seu mellor momento para comelo xa que bota a graxa que o caracteriza. // ***Si* a *xardía tá* nel prato, *nun* é por falta de gato.** Refrán que alude a unha cousa tentadora á que non lle faltan pretendentes. // ***Xardía* que el gato *lleva*, *galdrida* vai (*vei*).** Refrán que alude a que algo xa non ten remedio e resulta inútil calquera esforzo.

xardieira. adx. Aplícase á muller lercha.

xardieiro, -a. V. sardiñeiro.

xardín. s. m. (pl. xardís). Terreo no que hai plantadas árbores, flores e outras plantas de adorno.

xardinada. V. sardiñada.

xardineiro, -a. s. m. e f. Persoa que coida un xardín.

xardiña. V. sardiña (Abres).

xardolo. s. m. Pau avultado nun extremo (Santiso de Abres).

xardón. V. acevro (Allande, Eilao, Navia, Villaión).

xarelo, -a. adx. Aplícase á persoa alegre, con pouco xuízo (Taramundi, Tapia de Casarego).

xareo. s. m. Festa, diversión. **2.** Pelexa, rifa, discusión.

xareta. s. f. Costura que se fai na roupa, dobrando a beira e conséndoa por un lado, de xeito que quede un furado para meter por el unha cinta ou un cordón, para encoller ou ensanchar a vestidura cando se ata ao corpo. **2.** Cabo forte que teñen algunhas redes de pescar como a do boliche.

xaretón. s. m. (pl. xaretois). Volta cosida no fondo dos calzóns, vestidos etc.

xargamollada. s. f. Conxunto de xermolos (Boal).

xargamollar. V. xermolar.

xargamollo. V. xermolo.

xargo. V. sargo (Ortigueira).

xargón. V. xergón.

xarmentar. v. Cortar as varas longas en cachos pequenos ao podar as viñas (Eilao).

xarmento. V. sarmento (Eilao).

xarmolar. V. xermolar.

xarmolada. V. xermolada.

xarmollar. V. xermolar.

xarmollada. V. xermolada. **2.** V. xermolado.

xarmollo. V. xermolo.

xarmolo. V. xermolo.

xarnela. s. f. Bisagra.

xarola. s. f. Festa, diversión (Coaña).

xarolada. s. f. Simpleza, parvada.

xaroleiro, -a. adx. Dise da persoa de pouco xuízo; xarelo. **2.** Aplícase á persoa que embarulla, produce confusións e é pouco crible. **3.** Dise da persoa que lle gusta a diversión (Coaña).

xaroliar. v. Divertirse.

xarolo, -a. adx. Aplícase á persoa de pouco espírito. **2.** Persoa que presume de lista sen selo. **3.** V. xarelo (Boal, Tapia de Casarego). **4.** V. xaroleiro 2ª acep.

xarra. s. f. Recipiente redondo con asa que pode ter diferentes tamaños, formas e materiais e que se usa para conter e servir líquidos.

xarrado, -a. s. m. e f. Porción de líquido que cabe nun xarro ou xarra. **2.** Xarro ou xarra cheos até o bordo. // **Chover a *xarrados*.** Chover moito.

xarrapa. s. f. Tipo de navalla que non ten decoración ningunha no mango, denominación que vén de "Casa do Xarrapo" do Valín (Taramundi), caracterizada polo seu bo corte, pola forma da folla, coa punta recta e por levar as marcas CC e C correspondentes á familia Castelao.

xarrapo. s. m. Tipo de bordo nas navallas chamadas *xarrapas*.

xarrazo. s. m. Golpe que se dá cunha xarra ou xarro. **2.** Xarro grande.

xarré. s. m. Coche de cabalos.

xarrear. v. Revolver ou xogar con auga. **2.** Beber moito viño. **3.** Facer curvas ao andar como os borrachos. **4.** Conducir un automóbil con movementos bruscos da dereita á esquerda, facendo curvas. **5.** Levar un líquido dun lugar a outro cun recipiente pequeno.

xarreira. s. f. Estante para poñer xarras (Coaña).

xarría. s. f. Xarra pequena.

xarriar. v. Facer un traballo duro. **2.** Facer pequenos traballos (Boal). **3.** V. xarrear

1ª, 2ª e 5ª acep. **4.** Revolver na cociña facendo ruído.

xarrio. V. sarrio 1ª acep.

xarro. s. m. Xarra, ás veces máis pequeno que a xarra, de barro, louza ou metálico. **2.** Xarra que se utilizaba nos *palanganeiros* para poñer a auga. **3.** Porrón de barro (Allande).

xarrón. s. m. Recipiente de cerámica que serve normalmente de adorno. **2.** Xarro grande; xarrazo.

xarrúa. s. f. Xarra grande.

xarsé* → xersei.

xarta. s. f. Cinta que se colga no pescozo como adorno. **2.** Conxunto formado por unha serie de cousas suxeitas unha tras doutra nun fío ou nunha corda. **3.** Serie de ditos que van un tras outro (*Uha xarta de mentiras*).

xartada. V. xarta 1ª e 2ª acep.

xaspe. s. m. Variedade de sílice opaca, de color rubia. Ás veces en colores en veta. **2.** Mármore veteado. // ***Tar*** **como el xaspe (*xazpe*).** Estar moi limpo.

xaspiado, -a. adx. Que ten pintas ou veas como o xaspe.

xaspiar. v. Pintar imitando as vetas e salpicaduras do xaspe.

xastre, -a. s. m. e f. Persoa que fai roupa e que antigamente era só para os homes. **2.** Muller do xastre.

xastrear. v. Restaurar un obxecto vello. **2.** Amañar ou facer algunha cousa ou traballo de pequena importancia. **3.** Andar sen parar, rebulir (Coaña).

xastreiría. V. xastrería.

xastrería. s. f. Local onde traballa o xastre.

xastriar. V. xastrear 1ª e 2ª acep. **2.** Entreterse con labores de pouca importancia (El Franco).

xatada. V. xatoada 2ª acep. **2.** Falta de sensatez ou xuízo nalgunha acción.

xateira. s. f. Preguiza, vagancia (Boal).

xateiro, -a. s. m. e f. Tratante que merca e vende xatos e gando vacún.

xatello. s. m. Xato de pouco peso (Allande).

xatín, -ía. s. m. e f. (pl. xatíos). Diminutivo de xato. **2.** Cariñosamente, neno de pouco tempo (San Martín de Ozcos). // **Al rabo *xatín*.** Detrás dun (Tapia de Casarego). // ***Inciar*** **dunha *xatía*.** Criar descendencia dunha xata (Santalla de Ozcos). // **Soltar el *xatín*** **a mamar.** Facer o amor.

xato, -a. s. m. e f. Cría da vaca e do touro. **2.** Touro semental. **3.** s. f. V. bochorno 1ª acep. // **Andar al xato.** Estar unha vaca en celo. // **El xato que *traiga hoi*** **el día *vei*** **ser mouro.** Dise cando o día xa pola mañá ameaza con tormenta (Boal). // **Ir al xato.** Levar a vaca para que sexa fecundada polo touro. // ***Nun lo*** **dan *sin*** **xato.** Que precisa dun esforzo. // ***Tar*** **como un xato.** Estar moi forte.

xatoada. s. f. Dito bruto e necio, burrada. **2.** Acción de traballar ao máximo durante algún tempo. **3.** Impulso sen control ningún. **4.** Esforzo rápido.

xatón, -oa. s. m. e f. Xato ou xata grandes.

xatuada. V. xatoada. // ***Vei*** **dar uha *xatuada*.** Vai facer moito traballo en pouco tempo (Boal).

xaucia. s. f. Lindeiro entre herdades (Coaña); xanza.

xaula. s. f. Caixa de barras metálicas ou de madeira que serve para zarrar os animais. // **(A) *Xaula*** **nova (feita), *páxaro*** **morto.** Refrán que indica a dificultade dalgunhas persoas para adaptarse aos cambios (Castropol).
Obs. Trátase dun castelanismo.

xaulía. s. f. Gaiola pequena.
Obs. Trátase dun castelanismo.

xaulón, -úa. s. m. e f. Gaiola grande.
Obs. Trátase dun castelanismo.

xáuxara. V. xóuxora (El Franco).

xavel. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Bres (Taramundi).

xáviga. s. f. Rede longa que se utiliza para pescar, entre outros peixes, os congros (Ortigueira).

xazmín. s. m. Arbusto da familia das oleáceas, de talos verdes, delgados, flexibles, duns catro a seis metros de lonxitude. As súas follas son alternas e lanceoladas e as flores brancas, olorosas e o froito negro con forma case esférica (*Jasminium officinale*).

xazpe. V. xaspe.

xazpiado, -a. V. xaspiado.

xe. s. m. Nome da letra x.

xeada. s. f. Estado do tempo en que se produce unha conxelación da auga debido ás baixas temperaturas (Taramundi, Santiso de Abres).

xeado, -a. adx. Cuberto pola xeada. **2.** Afectado pola xeada.

xear. v. Caer unha xeada. **2.** Ir moito frío.

xebe. V. sebe.

xebra[1]. s. f. Acción de separar.

xebra[2]. V. ceba[2] 2ª acep. (Tapia de Casarego). **2.** V. cebadal.

xebra, xebra! interx. Voz con que os pastores separan o gando, normalmente as ovellas para que cada unha vaia co seu amo.

xebrado, -a. adx. Roto. **2.** Separado.

xebradoiro. s. m. Lugar onde se separan as reses.

xebrar. v. Separar do rabaño as reses que pertencen a cada veciño. **2.** Separar as fabas do millo. **3.** Zarrar animais nun valado. **4.** Por extensión, separar ou estar separadas unhas cousas doutras, como as terras de labor, colleitas, monte, bouza etc. **5.** Establecer ou aumentar distancias. **6.** Separar dúas persoas ou animais que pelexan. **7.** Facer a raia ao peitearse, deixando o pelo a cada lado desta. **8.** Separar dous rapaces unha parella de rapazas que bailan para que o fagan con cada un deles (Boal). **9.** Separar o xato da vaca de xeito transitorio para que deixe de mamar (Os Ozcos). **10.** Separar os cordeiros das ovellas. **11.** prnl. Separarse unha parella de persoas, descasar.

xebre. s. m. Raia que se fai no peiteado. **2.** Separado. **3.** V. xebro. **4.** Valado, sebe (Santalla de Ozcos).

xebro. s. m. Separación entre unha leira e outra, lindeiro; xebre, xaucia.

xebrón. V. xabrón 3ª, 4ª e 5ª acep.

xeira. s. m. Tempo axeitado para facer un traballo, especialmente os labores relacionados co campo. **2.** Xornada de traballo. **3.** Parte dunha leira que se sementa ou labra dunha vez. **4.** Esforzo ou fatiga que produce unha tarefa pesada, cansazo. **5.** Traballo duro. **6.** Tunda (Castropol). **7.** Tempo (*Hai mala xeira*, *Non fai xeira pra sachar el meiz*). **8.** Terreo que unha *xunta* de bois pode labrar nun día, especialmente con nabos (*Botar uha búa xeira de nabos*), (San Martín de Ozcos). **9.** Apuro, dificultade (*Contaban a xeira que pasara sou tío cos llobos*). **10.** Mal tempo (Villaión). // ***Condo nun* fai xeira, *nun* pasa sazón.** Refrán que se emprega cando non existe o momento axeitado para facer unha cousa. // **Levar unha boa xeira.** Levar un apuro.

xeirar. v. Procrear (Os Coutos).

xeiro. s. m. Dificultade, problema, apuro (*Que nun ten xeiro*); xeira 9ª acep.

xeitín (a). loc. A xeito.

xeito. s. m. Modo, maneira. **2.** Maña, disposición (*A ver se vai feito con xeito*). **3.** Lugar, postura. **4.** Orde. **5.** Aspecto, forma (*Eso nun ten xeito ningún*). **6.** Formalidade, seriedade (*Hai que ter xeito*). **7.** Coidado, atención (*Ten xeito coel neno*). **8.** Sentido, dirección (*Púxolo neste xeito*). **9.** Lóxica, sentido. // **A xeito.** Amodiño, pouco a pouco. **2.** Con sentido. **3.** Con voz baixa. **4.** Apropiado, práctico. **5.** Con pouca forza. **6.** Furado do *pipelo* dun trobo de *colar*. // **Al (ao) xeito.** Adecuado, xeitoso. **2.** No momento axeitado. **3.** Formal. // **Al seu (*sou*) xeito.** Á súa maneira. // **Buscar el xeito.** Buscar a maneira de. // **Chamar a xeito.** Conducir amodo. // **Con xeito.** Con coidado. // **Darlle xeito.** Facer unha cousa ben, con maña. // **De tal xeito que.** De certa maneira. // **De xeito (que).** Adecuadamente, de modo que. **2.** Con coidado (*Facer unha cousa de xeito*). **3.** Con lóxica ou sentido (*Todos tedes as vosas razois de xeito*). **4.** Formal, serio (*A nena salío de xeito*). // **En xeito.** Amañado, arranxado. // **Ir de mal xeito.** Non ir polo bo camiño. // **Non llevar xeito.** Non ter sentido. // ***Nun* (non) ter xeito.** Ter pouco xuízo. **2.** Non ter sentido, non ter nin pés nin cabeza. // ***Nun* verlle xeito.** Non ver solución ou sentido a algo. // **Pillar xeito.** Ir conseguindo a maneira de que unha cousa vaia quedando adecuadamente. // **Rodar a todos os xeitos.** Ser unha persoa pequena e gorda (Tapia de Casarego). // **Ser del xeito cambiado.** Non actuar con normalidade. // ***Sin* modo nin xeito.** Ao tolo. // **Tan de xeito.** Axeitado. // **Ter mal xeito.** Ser difícil de facer.

xeitoso, -a. adx. Habilidoso. **2.** Apropiado. **3.** Agradable. **4.** Cómodo. **5.** Dise da persoa de boa figura, de bo aspecto.

xeixar. v. Sarabiar (Taramundi).

xeixebre. V. xenxebre 1ª acep.

xeixelga. V. xenxebre 1ª acep. (Os Ozcos).

xeixo. V. seixo (Villaión).

xelada. V. xeada. **2.** V. orballada. // ***Xelada* en abril, fame todo el ano.** Refrán meteorolóxico que indica que cando hai xeadas en abril as colleitas van ser malas ese ano (San Martín de Ozcos).

xeladeiro. s. m. Terreo ou lugar frío onde non entra o sol durante moitos días do inverno.

xelado, -a. adx. Que ten frío. **2.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Pradias (Ibias); axelado 3ª acep. **3.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Dou (Ibias). **4.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Andeo (Ibias). **5.** V. xeado 1ª e 2ª acep.

xelar. V. xear 1ª e 2ª acep. **2.** Faltar un día ao traballo (Vilanova de Ozcos, San Martín de Ozcos). **3.** Estragarse unha colleita pola xeada (*Xelaron al naceren*), (Santalla de Ozcos). // ***Xelar, xelar, asta* el *focico* regañar.** Refrán que se refire ás cabalerías.

xelarento, -a. adx. Dise do terreo que pola súa orientación sofre constantes xeadas. **2.** Aplícase ao mes no que xea moito.

xelepra. s. f. Tunda cunha correa (As Figueiras).

xelo. s. m. Auga en estado sólido. // **Por *San Andrés* el *xelo* nos pés.** Por Santo André (30 de novembro) xa empeza o frío.

xeluco, -a. adx. Aplícase á persoa que lle gusta meterse nos asuntos dos demais e que fala moito.

xema. s. f. Parte do viño que primeiro sae do bocoi e que máis calidade ten; mosto. **2.** Brote dunha planta ou dunha árbore. **3.** Variedade de castaña. **4.** Parte globosa central do ovo, que ten unha color amarela (Tapia de Casarego, San Martín de Ozcos). **5.** Lado da punta do dedo, oposto á uña.

xémaro, -a. adx. Dise do gando vacún que ten un cadril dobrado (Vilanova de Ozcos, Santalla de Ozcos). **2.** Aplícase á persoa, vaca ou cocho que teñen desviada a columna vertebral (Santalla de Ozcos).

xeme-xeme. adx. Dise da persoa que se queixa moito.

xemedoiro, -a. adx. Dise da persoa que se queixa moito.

xemelgar. v. Mover moito unha cousa ou unha persoa.

xemelgo, -a. V. xemelo 1ª acep.

xemelo, -a. s. m. e f. Cada unha das persoas ou crías nacidas dun mesmo parto. **2.** Igual, idéntico. **3.** s. f. Nun mazo, reforzo metálico que está na parte superior onde chocan os *manubreiros*.

xemer. v. Botar xemidos, suspirar. **2.** Respirar con forza. **3.** Choromicar, laiarse, normalmente sen motivo. **4.** Botar pequenos lamentos. **5.** Queixarse.

xemido. s. m. Acto de xemer, suspiro. **2.** Lamento doloroso. // **Pouco mal i ben xemido.** Expresión que censura á persoa que emprega medios desproporcionados para remediar un mal sen importancia (Castropol).

xemir. V. xemer.
Obs. Trátase dun castelanismo.

xenciana. s. f. Planta vivaz da familia das xencianáceas, de talos cilíndricos e ocos, que pode ter desde cincuenta até máis de cen centímetros de altura. As súas follas son grandes, elípticas ou ovais e as flores pedunculadas con cinco ou seis pétalos amarelos. Tradicionalmente dábase ás vacas que non rumiaban (*Gentiana sp.*).
Obs. Trátase dun castelanismo.

xenegar. v. Mover unha cousa ou unha persoa; axenegar 2ª acep. **2.** V. abalar 1ª acep. **3.** Non encaixar ben un elemento noutro facendo que se mova un deles (*Xenegar o mango no ollo do gadaño*), (Abres).

xeneiro. V. xaneiro. // **As noites de *xeneiro* van sete veces a concello.** Refrán que alude á dureza das noites de inverno. // ***Bon xeneiro* i *bon* San *Xuan*, os nacidos non verán.** Refrán que alude ao mal tempo que hai en xaneiro e á noite máis curta do ano que é en San Xoán (mes de xuño). // ***Bon xeneiro* i *bon San Xuan*, os *tous* ollos *nun* verán.** V. Bon xeneiro i bon San Xuan, os nacidos non verán. // ***Bon xeneiro*, mal febreiro.** Refrán meteorolóxico. // **De *xeneiro* a *xeneiro*, el *dieiro* é *pral* banqueiro.** Refrán que se utiliza normalmente entre xogadores querendo dicir que o banqueiro sempre gaña. // **El que en *xeneiro sema terrois*, en agosto rasca os *collois*.** Refrán que indica que o que non se preocupou de sementar en xaneiro, en agosto non vai ter ningunha colleita. // ***Xeneiro* cabriteiro, febreiro cordeireiro.** Refrán que alude a que en xaneiro se quitan as cabras das cortes e en febreiro as ovellas. // ***Xeneiro* mollado, *bon pral* campo i *pral* gado.** Refrán meteorolóxico.

xeneración. s. f. (pl. xeneraciois). Ascendencia, liñaxe. // **Uha *xeneración* fai, outra desfai.** Refrán que alude a que normalmente a segunda xeración non fai o que fixo a primeira.
Obs. Trátase dun castelanismo.

xeneral. adx. Común, aplicable a unha maioría. **2.** Frecuente. **3.** s. m. Xefe militar de máis alto grao no exército.
Obs. Trátase dun castelanismo nas acepcións 1ª e 2ª.

xénero. s. m. Calquera tipo de tea.

xeneta. V. xineta.

xenio. s. m. Carácter, temperamento dunha persoa ou un animal, especialmente cando é forte. **2.** Valor, atrevemento. **3.** Rabia, enfado. // **Dar xenio.** Agradar moito. // ***Fer* (*desfer*) el xenio.** Desafogarse. // **Ter *muito* xenio.** Ter moito carácter ou valor, ser moi vivo.

xeniudo, -a. adx. Aplícase á persoa que ten un carácter forte, con moito xenio.

xenízaro, -a. adx. Aplícase á persoa rebelde e que foxe do trato e a conversación coas demais.

xenol. s. m. Cada unha das *costelas* dunha embarcación da metade para abaixo (As Figueiras, Tapia de Casarego).

xenreira. s. f. Odio, aversión.

xenro. s. m. Marido dunha filla respecto dos pais desta.

xente. s. f. Conxunto de persoas. **2.** Pobo. // **Á xente de falar i aos *cais* de ladrar, *nun* se lles pode quitar.** Refrán que alude a que as persoas sempre critican (Castropol). // **Tal é a xente, tal é a voda.** Refrán que explica o poder económico da xente que casa e advirte tamén dos riscos que poden ter as persoas de vida desordenada. // **Xente de *cata* quen vén.** Xente de fóra da que non se sabe a súa orixe (Tapia de Casarego). // **Xente nova.** Os mozos. // **Xente nova i leña verde é todo fume.** V. Xente nova i leña verde, todo é fumo. // **Xente nova e leña verde, todo é fume.** V. Xente nova i leña verde, todo é fumo. // **Xente nova i leña verde, todo é *fumo*.** Refrán que se utiliza cando un asunto non ten consistencia ningunha (Castropol). // **Xente nova i *lleña* verde, todo é *fumo*.** V. Xente nova i leña verde, todo é fumo. // **Xente nova i leña verde, todo fume.** V. Xente nova i leña verde, todo é fumo. // **Xente nova i *lleña* verde, todo *fumo*.** V. Xente nova i leña verde, todo é fumo. // **Xente nova, leña verde, é todo *fumo*.** V. Xente nova i leña verde, todo é fumo.

xentido* → sentido.

xentil. adx. Educado, cortés.

xentío. s. m. Afluencia ou concorrencia dun número considerable de persoas nun lugar.

xentualla. V. xentuza.

xentuza. s. f. Mala xente.

xenxebre. s. m. Planta herbácea da familia das saxifragáceas, con pequenos bulbos na base do talo, de vinte a corenta centímetros de altura. As follas basais son redondeadas e reniformes, con flores brancas e froito en cápsula. Medra entre as silvas e empregouse na medicina tradicional para combater os cálculos de ril ou as lombrigas (*Saxifraga sp.*). **2.** Aplícase tamén á planta herbácea vivaz da familia das labiadas, de vinte a corenta centímetros de alto, de talos cadrados con pelos, follas máis ou menos con forma de corazón na base e irregularmente dentadas, e flores de color púrpura rosada ou violácea (*Lamium maculatum*).

xenxibre. V. xenxebre 1ª acep.

xenxiva. V. enxiva (San Martín de Ozcos).

xeranio. s. m. Nome común de diversas especies de plantas herbáceas do xénero *Geranium*, da familia das xeraniáceas, de carácter anual ou vivaz, de follas redondeadas e flores regulares, con cinco pétalos e dez estames (*Geranium sp.*).

xerarquía. s. f. Ordenación ou clasificación de persoas ou cousas atendendo a criterios de función ou importancia.

xerga[1]. s. f. Tea gorda e basta. **2.** V. xergón. **3.** Aplicado sexualmente, cama (Santalla de Ozcos).

xerga[2]. s. f. Instrumento de comunicación lingüística propio dun grupo social determinado. **2.** Linguaxe basta e pobre. **3.** Conversa, barullo. **4.** Conversa pouco importante.

xergar. v. Facer barullo (Os Ozcos).

xergón. s. m. (pl. xergois). Colchón de palla, cortiza, esparto, follas de millo ou herba.

xerigonza. s. f. Lingua mal falada e inintelixible. **2.** Acción ridícula. **3.** Broma. **4.** Parvada, estupidez.

xeringa. V. xiringa.

xeringada. V. xiringada 1ª acep.

xeringar. V. xiringar.

xeringazo. V. xiringazo 1ª acep.

xeringuilla* → xiringa.

xerir. v. Bramar a vaca de xeito suave para chamar á súa cría (Boal). **2.** V. ferir 1ª acep.

xermolada. s. f. Conxunto de xermolos.

xermolado, -a. adx. Aplícase á planta que brotou.

xermolar. v. Botar xermolos as plantas, especialmente as patacas. Para combatelos os labradores bótanlles cinza.

xermollo. V. xermolo.

xermolo. s. m. Brote das plantas ou das árbores, especialmente das patacas e cebolas. **2.** Parte da semente de que se forma a planta (San Martín de Ozcos).

xersé* → xersei.

xersei. s. m. Peza de roupa, que cobre dos ombros á cintura ou as cadeiras e se axusta máis ou menos á parte de enriba do corpo.

xesgo, -a. V. birollo (Santalla de Ozcos).

xesta. s. f. Planta leguminosa de talo leñoso, follas verdes e flores brancas ou amarelas que forma parte normalmente das bouzas (*Cytisus sp.* e *Genista sp.*). // **Verde como a xesta.** Amargo. // **Xesta brancal.** Arbusto da familia das papilionáceas, de até tres metros de altura, con ramas alongadas, angulosas e agrisadas, follas caducas, flores brancas e froito en legume (*Sarothamnus multiflorus*), (San Martín de Ozcos). // **Xesta *moural*.** Arbusto da familia das papilionáceas, de talos verdes e

estriados, follas pequenas e caducas, flores amarelas, grandes, solitarias ou en pequenos grupos e froito en legume aplanado (*Sarothamnus scoparius*), (San Martín de Ozcos).

xestal. V. xesteira.

xesteira. s. f. Lugar onde hai moitas xestas (Os Ozcos, Santiso de Abres).

xesteiro. V. xesteira (San Martín de Ozcos).

xestía. s. f. Xesta pequena.

xestra* → xesta.

xesús! interx. Expresa sorpresa, estrañeza.

xiba. s. f. Avultamento anormal no lombo ou no peito debido a unha malformación no corpo dunha persoa ou dun animal. **2.** Cansazo, debilidade.

xibado, -a. adx. Aplícase á persoa ou animal que ten unha xiba. **2.** Cansado (Seares).

xibar. v. Asustar, espantar.

xíbaro. adx. Bravo, salvaxe, normalmente aplicado a animais. **2.** Montaraz. **3.** Esquivo.

xibarte. s. m. Calquera tipo de peixe de mar de tamaño grande e de especie descoñecida. **2.** V. chibarte (Tapia de Casarego).

xibeira. s. f. Palabra que se emprega na expresión **día de *xibeira***, é dicir, día de moito traballo (Os Ozcos).

xibia. s. f. Molusco cefalópodo con dez tentáculos, dous deles máis longos que o resto que utiliza para nadar e unha cuncha interna de carácter calcario (*Sepia officinalis*).

xibón. s. m. Vestimenta que cobre desde os ombros á cintura, cinguíndose e axustándose moito ao corpo (Añides, San Martín de Ozcos, Navia); xubón.

xiboso, -a. adx. Que ten xiba.

xicar. v. Facer o acto sexual (Ibias).

xícara. s. f. Cunca pequena de louza, normalmente usada para botar aceite nos candís ou para tomar chocolate. **2.** Illante de louza ou cristal que se utilizaba nos postes dos tendidos eléctricos antigos (Navia, El Franco).

xicarada. s. f. Contido que leva unha *xícara*. **2.** Cantidade pequena.

xicarazo. s. m. Golpe dado cunha *xícara*.

xiesta* → xesta.

xigante. s. m. Persoa moi alta e corpulenta. **2.** adx. Moi grande.

xifrón. V. chifrón.

xilepra. V. xelepra.

xilgueirín. s. m. Diminutivo de xilgueiro.

xilgueiro. s. m. Ave paseriforme da familia dos frinxílidos, duns doce centímetros de lonxitude, con ás negras e amarelas, cola branca e negra, cara de color vermella, cabeza branca e negra e dorso pardo. É moi apreciado polo seu canto (*Carduelis carduelis*).

xilitrón. adx. Descarado, desvergonzado (Castropol).

ximbar. v. Vibrar, cimbrar (As Figueiras).

ximela* → xemelo 3ª acep.

ximelgo* → xemelgo.

ximir* → xemer.

ximprillo, -a. V. inximprillo (Castropol).

xinebra. s. f. Bebida alcohólica feita con augardente de sementes, aromatizada con froitos do cimbro (*Juniperus communis*).

xineiro. V. xaneiro. // **As noites de *xineiro* van sete veces a concello.** Refrán que alude ao frío que fai no mes de xaneiro. // ***Bon xineiro* i *bon* abril, nunca os verás vir.** Refrán meteorolóxico. // **Tantos días van de *xineiro*, tantas salugas perde el alleiro.** Refrán que alude a que o mes de xaneiro é a época límite para plantar allos.

xinestra. V. xesta (Villaión).

xineta. s. f. Mamífero carnívoro fisípedo da familia dos vivérridos, de corpo alongado e esvelto, duns corenta a sesenta centímetros de lonxitude, con fociño longo e agudo, cola moi longa e delgada no seu extremo, orellas redondeadas e patas curtas. Ten numerosas manchas escuras no seu pelo, ás veces dispostas dun xeito lonxitudinal. Caza de noite insectos, réptiles, roedores, paxaros e outros mamíferos pequenos (*Genetta genetta*).

xinete. s. m. Persoa que monta a cabalo.

xinetear. v. Andar moito a cabalo.

xinglar. v. Sortear nun xogo (Castropol).

xinitiar. V. xinetear.

xinxebra. V. xeixebre 1ª acep. (Os Ozcos).

xinxela. V. sinxelo. // **Arar á *xinxela*.** V. sinxelo (Arar á sinxela).

xinxello, -a. V. sinxelo 2ª acep.

xinxelo, -a. V. sinxelo 2ª, 3ª e 4ª acep.

xiollo. V. xaollo.

xipar. v. Escapar unha persoa ou animal que estaba preso.

xipla. V. chifro.

xiplar. V. chifrar 2ª acep.

xiplo. s. m. Furado polo que sae a auga con moita presión do cubo do muíño para mover o rodicio e facelo xirar (San Martín de Ozcos).

xipra. V. chifro 1ª e 2ª acep. // ***Tar* como uha *xipra*.** Estar delgado.

xiprada. V. chifrido.

xiprado. V. chifrido.

xiprar. V. chifrar 1ª e 2ª acep. // **Agora xípralle!** Expresión que se usa para dicir que xa non se pode lamentar unha persoa de algo que xa pasou. // ***Mentras* (que) se *xipra* (chifra), *nun* se capa.** Refrán que explica que non se poden facer ao mesmo tempo dúas cousas incompatibles.

xipreiro, -a. adx. Dise do leite que se volve acedo antes de callar; xiprón. **2.** Dise da muller de carácter desagradable.

xiprela. s. f. Cousa de pouco valor (San Martín de Ozcos).

xiprido. V. chifrido.

xipro. s. m. Cacho de cartilaxe de cocho (Os Ozcos). **2.** V. chifro. **3.** Terceiro enxame dunha colmea ou os seguintes, normalmente moi pequenos (Allande).

xiprón. adx. Dise do leite que está a piques de callar.

xira. s. f. Forza indeterminada, maña (*Que pouca xira teis!*). **2.** Romaría. **3.** Soro do leite (Allande). **4.** Disposición. **5.** Cacho longo que se rasga ou corta dunha tea (San Martín de Ozcos). // ***Nun* ter uha *xira*.** Non ter forza (El Franco). // **Ter a *xira* dun gato.** Ter pouca forza (Tapia de Casarego). // **Ter *xira*.** Ter astucia para facer algo en sentido negativo (Boal). // ***Xira* de forza.** Aplicado a persoas, que se ten brío (*Nun tes unha xira de forza*), (Seares).

xiraldilla. s. f. Xogo de nenas, variedade do *corro* onde as nenas movíanse en círculo e en liña, pasando por debaixo dos brazos entrelazados dunhas e doutras. **2.** Danza con coros, onde se fai un círculo e se baila collidos da man e cantando.

xirapo. V. xiprón.

xirar. v. Dar voltas algo arredor dun punto. **2.** Dar a volta.

xirardilla* → xiraldilla.

xirasol. s. m. Planta herbácea anual da familia das compostas, de raíz forte e profunda; talo cilíndrico, erguido e estriado, que pode acadar dun a catro metros de altura; follas en forma de corazón e dentadas, flores amarelas e sementes marróns no centro (*Helianthus annuus*).

xireta. V. xareta 1ª acep.

xirigonza. V. xerigonza.

xirigota. s. f. Broma.

xirimico. s. m. En sentido negativo, algo pequeno (Coaña).

xiringa. s. f. Instrumento cun tubo baleiro de cristal ou plástico, no que se move outro tubo que se emprega para absorber líquidos, para despois expulsalo ou inoculalo a presión. **2.** Órgano xenital masculino (Abres). **3.** V. ciquita.

xiringada. s. f. Acción e efecto de xiringar. **2.** V. tintazo (Ortigueira).

xiringar. v. Lanzar un líquido cunha xiringa ou un instrumento semellante. **2.** Mollar algo ou alguén con auga (Abres). **3.** Enfastiar, molestar. **4.** Mover.

xiringazo. s. m. Xiringada. **2.** V. tintazo (Ortigueira).

xiringolo, -a. adx. Dise do rapaz fraco, alto, feo e de mal tipo (Coaña).

xiringuada. V. xiringada 1ª acep.

xirir. v. Botar xemidos o gando vacún.

xiro. s. m. Resultado de xirar. **2.** Cambio que se toma nun asunto.

xirón[1]. s. m. Cacho dun vestido ou dunha roupa. **2.** Rotura na roupa.

xirón[2]. adx. Débil de forzas, covarde. **2.** Aplícase ao leite con sabor acedo. **3.** V. xiprón. **4.** Dise do leite callado ou que comeza a callarse.

xiropo. V. xiprón.

xiruego, -a. adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Xío (Eilao); faxico.

xispiar. v. Fuxir. **2.** Roubar.

xistra. s. f. Vento moi frío e forte que vén con auga, neve ou sarabia. **2.** Vara delgada e flexible; xostra[1] (Ibias).

xistrada. s. f. Tormenta con vento frío e auga que vén do norte ou do nordés.

xistrar. v. Golpear o vento con auga, neve ou sarabia a algo. **2.** Chover, tronar e facer moito vento ao mesmo tempo; xostrear.

xitano, -a. adx. e s. m. e f. Relativo ou pertencente a un pobo nómade que se estendeu por toda Europa. **2.** Individuo deste pobo, normalmente de pel morena.

xixa. s. f. Brío, forza (Navia, Allande).

xíxara. s. f. Órgano xenital feminino.

xiz. s. m. Arxila ou pedra branca (Navia).

xo, xo! interx. Emprégase para espantar os animais ou parar as cabalerías.

xobexo. s. m. Resto dunha venda de froitos ou mercancía (Navia).

xoelín. s. m. Xullo (*Por xoelín, dálle coel foucín*), (Santalla de Ozcos).

xoga. s. f. Tira de coiro coa que se xoncen as vacas ao xugo (Allande); cornal.

xogada. s. f. Acción de xogar. **2.** Acción molesta ou mala contra un. **3.** Arte de pesca que se fai a man para coller congros. **4.** Acción feita con astucia para beneficio propio, normalmente para prexudicar a outro.

xogado, -a. adx. Posto en xogo.

xogador, -a. s. m. e f. Persoa que xoga a algo. **2.** Persoa que ten a zuna de xogar, especialmente cartos.

xogar. v. Participar nun xogo ou deporte. **2.** Divertirse. **3.** Nalgúns xogos de cartas, entrar no xogo. **4.** Poñer en xogo. **5.** Facer o acto sexual (Castropol).

xógara. s. f. Pedra cos bordos redondeados, que pode normalmente proceder dun río ou do mar. Ás veces póñense nos lousados das casas, especialmente na Mariña eonaviega; canto. **2.** s. f. pl. V. xogarías 1ª acep. **3.** Pedra do mar (Castropol, Navia). **4.** Óso do xeonllo (Castropol).

xogaral. s. m. Lugar onde hai moitas xógaras.

xogarela. s. f. Articulación (A Veiga).

xogaría (s). s. f. Xogo de nenas onde se utilizan cinco bólas, lanzando unha ao alto coa man dereita e mentres baixa, coa mesma man se pasa outra por debaixo dunha ponte que forman o dedo pequeniño e o mediano da esquerda, e cando se pasan as catro seguidas gáñase. **2.** Xógara pequena con que xogan as nenas.

xogarreta. s. f. Mala acción que se fai a unha persoa.

xogo. s. m. Acción de xogar (Abres, Castropol). **2.** Pasatempo ou diversión normalmente dos nenos, nas cartas e nos deportes tradicionais. **3.** Órgano xenital feminino.

xoguete. s. m. Obxecto para xogar os nenos.

xoia. s. f. Obxecto, normalmente ornamental dunha persoa, feito de materiais preciosos. **2.** Persoa ou cousa de moito valor.

xoio. V. rabo 3ª acep. (Abres).

xola[1]. s. f. Ferramenta dos torneiros composta por un mango de madeira que sostén unha parte semellante a un martelo e outra cun fío curvo. **2.** V. aixola. // ***Xola* copa.** Ferramenta dos torneiros con dous fíos que se utiliza para baleirar a *boca* das pezas de torneiro. // ***Xola* das *bocas*.** Xola copa.

xola[2]. s. f. Diversión, festa. // **Ter pouca *xola*.** Ter pouco xuízo.

xolda. s. f. Festa, diversión (Coaña, El Franco, Eilao). // **Ser da xolda.** Gustar moito as festas e a diversión (*Estos nenos da montaña sempre foron da xolda*), (Eilao).

xoldra. s. f. Xeo que comeza a fundir.

xole. adx. Parvo, paiolo.

xolia. V. xole.

xoncedura. s. f. Unión feita cunha correa de coiro, como no mallo.

xoncer. v. Enganchar o gando ao carro; apoñer 2ª acep. **2.** Colocar o xugo ás vacas, aos bois ou a outras bestas. **3.** Unir. // **Correa de xoncer.** V. correa 3ª acep. // ***Tar pra* xoncer.** Estar tolo. // **Xa xonceron a outros máis listos.** Dise cando unha persoa non é tan lista como aparenta (Tapia de Casarego).

xoncido, -a. adx. Enganchado.

xonguer. V. xoncer (Navia).

xonllo. V. xaollo.

xontoiro* → xuntoiro.

xonza. s. f. Tecido que se obtén dunha especie de plantas, propias das xunqueiras e zonas húmidas, con que se facían os asentos das cadeiras. **2.** Planta herbácea de talo robusto, que pode superar o metro de altura, propia de zonas húmidas e das xunqueiras (*Cyperus sp.*).

xonzura. s. f. Conxunto de aparellos de xunguir.

xordeira. s. f. Perda total ou parcial da capacidade auditiva. **2.** Indiferenza.

xordo, -a. s. m. e f. e adx. Persoa que non oe ben por perda total ou parcial da capacidade auditiva. **2.** Persoa que non quere facer caso. // ***Nun* hai mellor xordo que el que *nun quer ouguir*.** Refrán que advirte que non se pode convencer a unha persoa que se obstina no contrario. // ***Nun* hai peor xordo que el que *nun quer ougüír*.** V. Nun hai mellor xordo que el que nun quer ouguir (Boal). // ***Tá más* xordo que uha tapia.** Estar moi xordo.

xordomudo, -a. adx. Dise da persoa xorda de nacemento que non aprendeu a falar.

xornada. s. f. Duración do traballo diario; xeira. // **En todas as xornadas hai uha hora de mal *camín*.** Refrán que alude a que sempre xorden dificultades ao facer un traballo. // ***Mentras vei* i vén xornada ten.** Refrán que alude a que a actividade é sinal de vida (Boal); V. *Mentras* vou i veño, vereda teño.

xornal. s. m. Paga ou salario que se percibe polo traballo dun día. **2.** Traballo diario. // **A xornal cambiado.** Traballando por un salario. // **Andar al xornal.** Estar de xornaleiro. // **Xornal de cara.** Medida de superficie do concello de Vilanova de Ozcos, que equivalía a vinte varas de fronte e corenta de longo. // **Xornal de viña.** Medida de superficie de viñedos, que no concello de Eilao equivalía á oitava parte da fanega, é dicir, cinco canadas de viño.

xornaleiro, -a. s. m. e f. Persoa que traballa por un tempo determinado, por xornadas, principalmente nos labores do campo.

xornalín. s. m. Xornal de pouca cantidade.

xoroba. s. f. Chepa, xiba.
Obs. Trátase dun castelanismo.

xorobado, -a. adx. Que ten chepa; xorobo. **2.** Fastidiado.
Obs. Trátase dun castelanismo.

xorobar. v. Molestar, enfastiar. **2.** Torcer, desfacer (*Al castañeiro xoroboulo el vento*).
Obs. Trátase dun castelanismo.

xorobo, -a. adx. Aplícase á persoa que ten chepa.
Obs. Trátase dun castelanismo.

xorra. s. f. Anélido de pequeno tamaño, normalmente non superior aos sete centímetros, con corpo semicilíndrico, moi delgado e abondo fráxil, de coloración variada entre verde amarelo e laranxa, pero cunha franxa vermella que o percorre lonxitudinalmente. Úsase como engado para pescar (*Nereis diversicolor*). // ***Caxa* da *xorra*.** Caixón rectangular onde se poñen as xorras para despois pescar con elas. // ***Xorra* brava.** A que vive entre as pedras, máis grande que a *xorra* común e con corpo de xeito tubular (As Figueiras). // ***Xorra* del penedo.** V. xorra brava (As Figueiras).

xorrecer. v. Medrar un neno.

xorreiro. s. m. Bote con tapa para levar a *xorra*.

xorrón. V. xorra brava (As Figueiras, Navia).

xosticia* → xusticia.

xostra[1]. s. f. Vara delgada e flexible; xistra 2ª acep. // **Como uha xostra.** En mal estado físico.

xostra[2]. adx. Aplícase á muller de mala vida. **2.** Dise da persoa aparvada (Coaña). **3.** Dise da persoa sucia, desamañada (Navia).

xostrada. s. f. Golpe dado cunha xostra. **2.** Golpe dado coa man aberta. **3.** Caída.

xostrapada. s. f. Caída co corpo cara a atrás (Boal, Navia); costrapada.

xostrazo. V. xostrada.

xostrear. v. Chover de xeito forte e con vento (Ibias); xistrar 2ª acep.

xostro[1]. V. mallo 1ª acep. (Castropol).

xostro[2], -a. adx. Aplícase ao home folgazán.

xostrón, -a, úa. adx. Aplícase á persoa folgazana, especialmente para vestir ou no traballo. **2.** Dise da muller de mala vida. **3.** Aplícase á persoa mal vestida. **3.** Dise do home malo.

xostruada. V. xostrada.

xosús!* → xesús!

xota. s. f. Brote ou rama dalgunhas plantas e árbores, como o toxo, o carballo, o loureiro, o salgueiro, a cerdeira etc. No caso das árbores nacen dun tronco que se cortou anteriormente (Abres, Boal, Eilao, Tapia de Casarego, Santalla de Ozcos, Navia).

xotar. v. Deixar libre, afrouxar, soltar (*Xótase esta corda*), (Boal). **2.** V. xotear.

xotear. v. Saír brotes ou ramas a unha planta ou a unha árbore.

xótega. V. xótiga (Allande).

xotegudo, -a. adx. Aplícase á persoa forte. **2.** Home ou muller varonís. **3.** Aplicado a cousas refírese a que son boas e grandes (*As peras son xotegudas*).

xoteirada. s. f. Cantidade grande de xotas (Abres).

xotia. V. xota.

xotía. s. f. Diminutivo de xota.

xotiar. V. xotear.

xótiga. s. f. Vara delgada e flexible (Allande).

xótigo, -a. adx. Dise da persoa testana. **2.** Aplícase á persoa forte, inqueda, animada, viva. **3.** Dise da persoa excitada sexualmente (Coaña). **4.** Bravo, fero (Coaña).

xoto. adx. Dise do boi pouco manso. **2.** V. xota.

xouba. s. f. Sardiña nova. **2.** Cría da zamborca ou *sabela* (Abres).

xouga. s. f. Cría da zamborca (A Veiga).

xougada. s. f. Pedra ou chumbo que serven para aguantar unha rede ou un anzol no fondo da auga (Castropol).

xóuxaro. s. m. Instrumento esférico metálico que ten dentro unha ou varias bólas, tamén metálicas, que cando se axita fai ruído (Abres).

xóuxola. V. xóuxara (Ortigueira).

xóuxora. s. f. Furado con tapón nas embarcacións para quitarlles a auga cando están na terra (As Figueiras).

xovenca. s. f. Xata, vaca nova. **2.** Mala persoa, pécora. **3.** Rapaza forte. **4.** Vaca débil e pequena.

xovenco, -a. adx. Forte.

xoves. s. m. Quinto día da semana. // **Na semana dos dous xoves.** Nunca (Boal).

xóxora. V. xóuxara (Tapia de Casarego).

xuan. s. m. Embutido feito co intestino cego do cocho, que se enche de zorza, como unha gran morcilla. **2.** adx. Home efeminado. **3.** adx. Dise do home sometido á unha muller. **4.** Intestino groso (Allande). // **En San *Xuan*, sécalle a primeira raíz ao pan.** Refrán meteorolóxico referido ao medre do

cereal (Santiso de Abres). // **Por San *Xuan*, québralle a primeira raíz al pan; por San Pedro a del medio; i por *Santiaguín* dálle coel *foucín*.** Refrán meteorolóxico referido ao medre do cereal (Castropol). // **Tan *bon* é *Xuan* como Pedro.** Que son iguais (Boal). // **Tanto me dá ir *pra Xuan* que *pra Pericán*.** Refrán que alude a que é igual ir a un lugar ou a outro. // ***Xuan* de riba.** O sol. // ***Xuan* (Xan) dos *camíos*.** V. trasno. // **Xuan Madruga.** O sol.
Obs. Trátase dun castelanismo.

xuanapo. V. xanapo 1ª acep.

xuanete. s. m. Proceso inflamatorio no tecido celular subcutáneo, acompañado de intensa dolor e da deformidade do dedo gordo do pé.

xuanín. s. m. Pequena torta de millo (As Figueiras).

xubilación. s. f. (pl. xubilaciois). Acto e efecto de xubilar. **2.** Retiro.

xubilado, -a. adx. Persoa que se xubila.

xubilar. v. Deixar un obreiro ou empregado de traballar por rematar a súa idade laboral. **2.** prnl. Retirarse da vida laboral.

xubón. V. xibón.

xúcaras. V. demo. **2.** Xudas. // **Érgala xúcaras!** Maldición. // **Érgate *xúcaras*!** Maldición. **2.** Expresa incredulidade sobre algo. // **Foi uha *búa* de *xúcaras*!** Expresión de desagrado diante dun contratempo. // ***Válache xúcaras*!** Vaia ocorrencia! (Allande).

xucarás. V. xúcaras.

xudas. s. m. Mala persoa, traidor. **2.** Demo. **3.** Rapaz traveso, inquedo. **4.** Animal malo. **5.** interx. Expresa sorpresa. // **Anda con xudas!** Xa estás aquí! // **Érgate xudas!** Maldición. **2.** Estás de broma! (Boal). // **Érgate xudas de Madrid!** Maldición. // **Érguete xudas!** Maldición. // **Lévete xudas!** Expresión que significa enfado ou malestar. // **Que xudas me leve.** Expresión que se utiliza para negar unha cousa da que se acusa a unha persoa (Santalla de Ozcos). // **Válache xudas!** Expresión que significa enfado ou malestar.

xudía. s. f. Planta da familia das papilionáceas, de talos débiles e erectos, follas compostas de folíolos ovais, flores brancas ou amarelas e froito en vaíña (*Phaseolus vulgaris*). **2.** Froito desta planta.

xudiada. s. f. Mala acción, traizón. **2.** Trasnada.

xudicial. adx. Relativo ou pertencente á administración de xustiza.

xudío. s. m. e adx. Aplícase á persoa con avaricia, agarrado. **2.** Cruel. **3.** Dise da persoa que non cre en nada relacionado coa relixión (*Tás feito un xudío*).
Obs. Trátase dun castelanismo.

xuega. s. f. Xornada dedicada á arada cando se sementa un froito. **2.** Parte dunha leira que se sementa ou labra dunha vez.

xuel. V. chicharro.

xuelo. V. chicharro (As Figueiras). **2.** Peixe osteíctio clupeiforme, da familia dos arxentínidos, de até cincuenta centímetros de lonxitude e fociño máis curto que o diámetro do ollo (*Argentina sp.*). **3.** Peixe osteíctio perciforme, da familia dos aterínidos, que pode chegar aos doce centímetros de lonxitude, con dúas aletas dorsais e flancos percorridos por unha ancha banda prateada (*Atherina hepsetus*), (As Figueiras, Tapia de Casarego). **4.** Peixe osteíctio da familia dos aterínidos, que pode chegar a alcanzar os quince centímetros de lonxitude, con cabeza curta máis ben lisa na caluga, con boca ampla e moi oblicua, ollos grandes e corpo fusiforme, redondeado na parte anterior e moi comprimido na posterior. A primeira aleta ten nove raios espiñosos e a segunda ten un primeiro raio espiñoso e un segundo brando. A súa coloración é verdeal, agrisada con reflexos metálicos. Todo o seu corpo ten un ton prateado e a parte baixa do ventre é transparente (*Atherina presbyter*), (As Figueiras, Tapia de Casarego). // **Rede del *xuelo*.** V. bareque (As Figueiras). // **Ter menos *sangre* que un *xuelo*.** Ser moi insensible. // ***Xuelo* de altura.** V. xuelo 4ª acep. (Tapia de Casarego). // ***Xuelo* moscón.** V. xuelo 4ª acep. (As Figueiras).

xuez. s. m. Persoa que ten capacidade legal para xulgar e ditar sentenza nun tribunal de xustiza.
Obs. Trátase dun castelanismo.

xugada. s. f. Parella de animais que serven de tiro a un carro ou a calquera apeiro de labranza. **2.** Cordel cun anzol grande que serve para pescar congros (Ortigueira). **3.** V. zátaro 9ª acep. (Tapia de Casarego). **4.** V. xogada 4ª acep.

xugada* → xogada.

xugador* → xogador.

xugar* → xogar.

xugaría* → xogaría 1ª acep.

xugarreta* → xogarreta.

xugo. s. m. Peza de madeira que se coloca sobre o pescozo ou nos cornos dos animais de tiro para enganchar o carro ou calquera tipo de apeiro de labranza.

Existe unha variedade de xugo que ten unha parte curva e outra triangular que servía para que tirasen del unha vaca e unha mula ou un cabalo. **2.** Enganche de coiro que xunta nun mallo o pértego coa moca. **3.** Cinta ou cadea que se poñen os que casan na misa de voda. **4.** V. torga 5ª acep. **5.** Parte de enriba do marco dunha porta ou dunha ventá (Castropol). **6.** Cada un dos madeiros que cruzan a *caxa* do banzado dun mazo por enriba, que serven para manter firme todo o conxunto. **7.** Nun mazo, conxunto formado polo *cabezal* e o *mandil* que serve para que non se desencaixe o *gorrión*. **8.** pl. V. cadea 4ª acep. // ***Mentras* que temos el xugo hai que sufrir os *pinchazos*.** Cando se ten o cargo dun asunto hai que asumir a responsabilidade que este implica. // **Xugo de arrendar.** Xugo feito de dúas pezas que se podía estirar ou encoller (El Franco). // **Xugo de *mulida*.** Xugo con *molidas*, posto nos cornos do animal. // **Xugo del país.** Xugo colocado nos cornos do animal. **2.** Noutros lugares do Eo-Navia, xugo que se pon no pescozo dos animais.

xugueiro. s. m. Corda que suxeita o xugo á lanza do carro (Allande); dobra.

xuguete* → xoguete.

xuício. s. m. Sensatez, prudencia. **2.** Razón, entendemento. **3.** Acto xudicial. // ***Nun* ter *xuício*.** Estar tolo. // **Volverse al *xuício*.** Seguirlle as parvadas a outro. // **Volverse al *xuício* dos nenos.** Actuar como un neno (Boal).

xuicioso, -a. adx. Aplícase á persoa que obra con xuízo, con prudencia.

xuilín. V. xulio.

xuio[1]. V. xunio (Castropol, Ibias, Os Ozcos, Taramundi, Abres, Seares).

Obs. Non confundir con xulio, xa que no Eo-Navia diferénciase xunio (=xuio, xullo, xuño) de xulio (=xuilín, xuillín, xulín, xullín, xoelín).

xuio[2]. V. rabo 3ª acep. (Boal, Villaión); xoio.

xulepe. s. m. Xogo de cartas no que se pon un fondo e móstrase un trunfo volvendo unha carta, despois de repartir tres a cada xogador. Por cada baza que se fai se gaña a terceira parte do fondo, e quen non fai ningunha queda obrigado a repoñer o fondo.

xulia. s. f. Peixe osteíctio labriforme, de rocha, de color vermella, moi apreciado pola súa carne fina (*Coris julis*), (As Figueiras, Tapia de Casarego, Navia, El Franco, Ortigueira).

xulín. V. xulio. // **En *xulín*, dálle co *foucín*.** Neste mes comézase a recoller o cereal.

xulio. s. m. Sétimo mes do ano.

xullín. V. xulio.

xullo. V. xuio (Santalla de Ozcos).

xumentar. v. Sementar.

xumento. s. m. Asno, burro. **2.** adx. Parvo.

xunca. s. f. Planta con talo en forma de prisma triangular que abunda nos prados e terreos húmidos (*Juncus sp.*).

xuncal. V. xunqueira.

xuncedura. V. xoncedura.

xuncer. V. xoncer.

xuncido. V. xoncido.

xuncir. V. xoncer. // ***Tar pra xuncir*.** Estar tolo.

xunco. s. m. Planta con cana delgada, lisa, cilíndrica e flexible, que medra en lugares húmidos. Utilízase para facer restras de cebolas, allos etc. (*Juncus sp.*).

xuncoso. V. xunqueira.

xunga. V. xunca. **2.** Planta herbácea da familia das ciperáceas, de talo forte e triangular, de até metro e medio de altura, follas alternas e flores en acio. É medicinal e olorosa (*Cyperus longus*).

xungal. V. xunqueira.

xungo. V. xunco.

xungoso. V. xunqueira.

xungueira. V. xunqueira.

xungueiral. V. xunqueira.

xungueiro. V. xunqueira.

xunguir. v. Enganchar o gando ao carro ou a outro aparello para arrastralo. **2.** Colocar o xugo (Castropol).

xunillín. V. xulio (Coaña).

xunín. V. xulio.

xunio. s. m. Sexto mes do ano. // **En *xunio* a *foucía* nel puño.** Refrán que alude a que neste mes hai que segar. // **Por *xunio*, sécalle a primeira raíz al trigo; por *xoelín*, dálle coel *foucín*; por agosto dálle coel trocho; por *setembre*, mira como *rinde* (rende); por *outubre*, a *somente* xa cubre.** Dito que alude ao que facer co trigo segundo os meses.

xuno. V. xunio.

xunqueira. s. f. Terreo cheo de xuncos. **2.** Conxunto de xuncos. **3.** Terreo próximo ao mar que se inunda cando sobe a marea.

xunrio* → xunio.

xunta[1]. s. f. Reunión de veciños, na que se fixaban os días para limpar camiños, fontes, bebedeiros etc. **2.** Parte das *tiseiras* (tesoiras) onde se une o ollo co pescozo. **3.** Parella de vacas ou bois de tiro. **4.** Unión ou ensamblaxe de dúas pezas, táboas, pedras etc. **5.** Espazo que queda entre dúas cousas. **6.** Articulación de dous ósos. // ***Xunta* del *canado*.**

Articulación do gando vacún que vai da *lazada* ao cadril á altura do ubre (Os Ozcos).

xunta[2]. prep. Xunto a, ao lado de (*Taban xunta min*, *A cortía tá xunta á casa*, *Vou xunta el*).

xuntapulpa. s. f. Planta herbácea da familia das crasuláceas, de follas carnosas, e propiedades medicinais xa que cura as feridas cortantes (*Sedum sp.*), (Vilanova de Ozcos).

xuntar. v. Poñer a *xunta* ás vacas ou aos bois. **2.** Unir. **3.** Reunir, axuntar, achegar. **4.** Apañar os restos da comida que quedan nun prato, untándoos con pan. **5.** Amontoar. **6.** prnl. Amancebarse, vivir dúas persoas xuntas sen casar. // **Xuntar os *vecíos*.** Coser os furados dunha peza de roupa. // **Xuntarse a fame coas *ganas* de comer.** Vir un mal cando xa a situación é mala (Tapia de Casarego). // **Xuntouse con topouse.** Dito que se usa para indicar que dúas persoas son iguais en caracteres, afeccións, necesidades etc.

xunteira. s. f. Ferramenta de carpinteiro, semellante á garlopa, que serve para facer as xuntas das táboas.

xunteirar. v. Amañar coa xunteira os cantos dunha táboa.

xunto[1]. prep. Ao lado de, moi cerca. // **Xunto a.** Ao pé.

xunto[2], -a. adx. Unido, próximo.

xuntoiro. s. m. Unión de dúas persoas sen casar. **2.** Reunión de persoas. **3.** Unión de animais ou cousas semellantes. **4.** Parella de persoas con boa relación. // ***Fer bon* xuntoiro.** Levarse ben dúas persoas. // ***Nun* facer *bon* xuntoiro.** Non levarse ben dúas persoas.

xuntura. s. f. Unión de dúas pezas de madeira ou de dúas cousas. **2.** V. xuntoiro 1ª e 3ª acep.

xuño. V. xunio.

xuradiez! interx. Expresa desafío.
Obs. Trátase dun castelanismo.

xuradiós! V. xuradiez!
Obs. Trátase dun castelanismo.

xurador. adx. Aplícase á persoa que acostuma a xurar.

xuramento. s. m. Compromiso ou promesa na que se pon a Deus como testemuña ou a un familiar ou a alguén importante. **2.** Blasfemia.

xurar. v. Prometer. **2.** Poñer a Deus por testemuña ou a algún santo. **3.** Blasfemar.

xurcir. V. zurcir (Navia).

xurdir. v. Brotar, aparecer de súpeto. **2.** Erguerse con forza. **3.** Producir, render no traballo. **4.** Mellorar, repoñerse dunha enfermidade. **5.** Saír de debaixo da auga despois de mergullarse nela (Castropol). **6.** Pasar sobre as ondas do mar (Coaña). **7.** Aparecer. **8.** Medrar. **9.** Prosperar, mellorar. **10.** Resultar (Tapia de Casarego).

xurel. V. chicharro (As Figueiras). **2.** Cría do salmón (Boal).

xurelín. s. m. Xurel pequeno.

xurelo. V. chicharro (Coaña). **2.** V. xuelo 2ª acep. (Ortigueira). **3.** V. xuelo 4ª acep. (El Franco).

xurria. V. surrio (Navia, Villaión).

xurriar. V. surriar (Navia).

xustamente. adv. De xeito xusto. **2.** Exactamente.

xustes. s. m. pl. Tenaces pequenas de madeira para recoller as castañas dos ourizos.

xusticia. s. f. Xusta apreciación, recoñecemento e respecto aos dereitos e méritos de cada un.

xusticias i lladrois. s. m. Xogo infantil (Tapia de Casarego).

xusticieiro, -a. adx. Que observa e fai observar de xeito estrito a xustiza.

xustificar. v. Dar probas de algo.

xustillo. s. m. Peza de roupa feminina interior para apertar o corpo e sen mangas. // **Xustillo de *xireta*.** Xustillo con xareta.

xusto, -a. adx. Recto, imparcial. **2.** Apertado, que se axusta ben. **3.** Axustado, exacto. **4.** adv. Exactamente.

xuvenca. V. xovenca 1ª acep.

xuventú. s. f. Período da vida do home e a muller entre a infancia e a madurez. **2.** Conxunto de xente nova.
Obs. Trátase dun vulgarismo.

xuxa, xuxa! interx. Voz que se emprega berrando para facer retroceder as vacas co carro (Santalla de Ozcos).

xuzgado, -a. adx. Sentenciado. **2.** s. m. Sala onde se celebran os xuízos.
Obs. Trátase dun castelanismo.

xuzgo. s. m. Xuízo, acto de xulgar.
Obs. Trátase dun castelanismo.

Z

z. s. m. Vixésimo terceira letra do alfabeto galego. Úsase ante *a*, *o* e *u*; sendo complementaria co *c*, ante *e* e *i*. Chámase *ceta*, *zeta* ou *ceda* en San Martín de Ozcos.

zaballada. s. f. Sucidade. **2.** Acción e resultado de mancharse coa comida ou a bebida.

zaballar. v. Mancharse coa comida ou a bebida; enzoufar, enfarnar. **2.**

Desordenar. **3.** Estragar. **4.** Tocar unha cousa coas mans de xeito reiterado.

zaballo, -a. adx. Aplícase á persoa pouco limpa cando come, traballa, viste etc. **2.** Dise da persoa que non coida o seu aspecto.

zaballón, -úa, -a. V. zaballo.

zabatar. V. acebatar (Navia).

zaconela. s. f. Ave con patas longas de color branca e verde escura, moño de plumas na cabeza e ás e peteiro negros que se ve nos outonos e invernos nas áreas húmidas ou marismas (*Vanellus vanellus*); paxarín da nevía. **2.** Nena pequena (As Figueiras).

zaconelas. adx. Dise da persoa que anda mal.

zaconella. V. zaconela 1ª acep. (El Franco, Coaña).

zafalandrán. adx. Sucio, mal aseado (Allande).

zafallada. s. f. Losqueada nas meixelas.

zafarrancho. s. m. Pelexa, desorde. **2.** Desorde de cousas.

zafarrillas. s. f. pl. Maniotas.

zafarse. v. prnl. Escapar para non facer unha cousa. **2.** Librarse dunha molestia. **3.** Librarse dunha atadura (*El xato zafouse del nougo*). **4.** Soltarse (*Zafouse el aparello*). **5.** Librarse de algo, como dun contratempo, un dano etc.

zafra. s. f. Estrago, desfeita. **2.** Peza prismática de aceiro sobre a que os ferreiros baten o ferro para moldealo e forxalo. **3.** Pesca moi abundante (Abres).

zaga. s. f. Parte traseira de algo. // ***Nun* quedar á zaga.** Non quedar atrasado.

zagal. s. m. Rapaz (Allande).

zagaleixo. V. zagalexo 1ª acep.

zagalexo. s. m. Refaixo de corpo enteiro, de baeta colorada, tea verde ou de color terra, que se poñía debaixo da saia ou encima do biso. Era de pano, la, estameña forte ou flanela de inverno. Podía estar decorado con motivos florais nos remates. Antigamente utilizábase tamén para os nenos e nenas como peza rectangular que levaba unhas cintas nos extremos que se enrolaban na cintura. **2.** Rapaz. **3.** pl. Roupa de mala calidade (Allande).

zágaro, -a. adx. Dise da persoa que separa as puntas dos pés ao camiñar (Allande).

zaino. V. abázcaro (Vilarmeirín).

zalabardear. v. Quitar os peixes capturados dun aparello de pesca de cerco cun salabardo (*zalabardo*) ou unha tarrafa.

zalabardo. s. m. Rede pequena en forma de manga atada a un aro de ferro para sacar peixes.

zalaburdiada. s. f. Montón de algo revolto, sucio, mal feito. **2.** Pouca cousa.

zalameirada. s. f. Loanza ou trato cariñoso esaxerados.

zalameiría. s. f. Caricia esaxerada. **2.** Caricia interesada para conseguir algo.

zalameiro, -a. adx. Aplícase á persoa que fai moitas caricias, nomalmente para conseguir algo.

zalameirón, -úa. adx. Dise da persoa falsa, que convence con aloumiños esaxerados.

zalamín* → celemín.

zalapastro. adx. Torpe, pouco hábil (Allande).

zalea. s. f. Paseo polo mar nunha embarcación pequena (Castropol).

zalear. v. Pasear polo mar nunha embarcación pequena (Castropol).

zallouria. s. f. Ruído de insectos en días de moita calor como mosquitos, abellóns, tabáns etc. (Villaión).

zaloupo (a). loc. Cando neva con folerpas grandes (Allande). // ***Si* neva fino, pica palla *pral pullino*, *si* neva a *zaloupos*, neva pouco.** Refrán meteorolóxico (Allande).

zaloura. V. abellón (Boal).

zamarra. s. f. Especie de chaqueta feita de pel, la, coiro ou tea. **2.** V. agoa (Vilanova de Ozcos).

zamarrear. v. Nunha ferrería, soldar dúas pezas (Vilanova de Ozcos).

zamarro. V. zamarra 1ª acep. **2.** Home rústico, torpe e de xestos bastos.

zamarrón. s. m. Máscara de Entroido (Villaión). **2.** V. zamarra 1ª acep.

zamballudo, -a. adx. Moi bo (*Nuhas condiciois zamballudas pra ser cliente*).

zambexar. v. Caer líquido dun recipiente cando se move dun xeito forte (Villaión).

zambombada. s. f. Golpe forte.

zambombazo. s. m. Golpe forte.

zamborca. s. f. Peixe osteíctio da familia dos clupeidos, de aspecto semellante á sardiña, aínda que de tamaño maior, podendo chegar até os sesenta centímetros de lonxitude. O corpo é máis ben alto e comprimido. É de color azul e vive no mar, pero chegando a primavera penetra nos ríos para desovar adoptando un ton case verde (*Si ques ver a muller morta, dálle zamborca*), (*Alosa alosa*), (Abres, As Figueiras, Tapia de Casarego). // ***Si ques* ver a muller morta, dálle *zamborca*.** Refrán que

recomenda non dar de comer este tipo de peixe por ter moitas espiñas finas.

zambrear. v. Andar xuntando os xeonllos e separando as pernas (Seares).

zambriar. V. zambrear.

zambro, -a. adx. Aplícase á persoa que ao andar xunta os xeonllos e separa as pernas.

zambrón, -a. adx. Torpe; zamprón.

zambucho. s. m. Parte da proa nas embarcacións (Castropol, Tapia de Casarego).

zambullar. V. afondar 4ª acep. (As Figueiras).

zamburiña. s. f. Molusco lamelibranquio anisomiario da familia dos pectínidos, de cinco a oito centímetros de diámetro, que ten dúas valvas convexas e desiguais, con un dos aleróns laterais moito máis desenvolvido que o outro. A coloración é branca amarela, pardo vermella e negra (*Chlamys varia*), (As Figueiras).

zamellar. v. Falar mal, cecear (Boal).

zamelo, -a. adx. Aplícase á persoa que fala mal, que sesea ou cecea. **2.** Tatexo. **3.** s. m. Castaña cocida sen pelar (Abres).

zamello, -a. V. zamelo 1ª e 2ª acep.

zamouco. s. m. Cacho de algo ou substancia que se tira contra alguén (Grandas de Salime). **2.** Cacho de pan (Allande).

zampabollos. V. zampabolos 1ª e 2ª acep. **2.** Dise da persoa que se mete en asuntos alleos (Villaión).

zampabolos. adx. Lambón, tragón. **2.** Dise da persoa un pouco parva, torpe.

zampada. s. f. Caída (Navia, Allande).

zampado, -a. adx. Tirado, derrubado.

zampalluada. V. zampullada (Castropol).

zampar. v. Engulir ou comer con moita rapidez ou excesivamente. **2.** Meterse nun sitio con rapidez para non ser visto (*Zampouse nun escano*), (A Veiga, Santiso de Abres). **3.** Golpear ou tirar a alguén un obxecto coa intención de agredilo (Eilao, Boal). **4.** Poñer unha cousa enriba ou debaixo de algo sen coidado (Navia). **5.** Lanzar, tirar (*De nun zampar a pelota ao río*).

zamparrampa. s. f. Ser mitolóxico que desordenaba a casa (Grandas de Salime). **2.** Ser imaxinario para meter medo aos nenos (Allande).

zamparrampiñas. adx. Mequetrefe, trangalleiro (Abres).

zampataranca. s. f. Ser mitolóxico representado por unha muller fea e grande que leva os nenos que non queren durmir.

zampatarranca. V. zancabarranca.

zampeirada. s. f. Golpe dado na cara coa man aberta (Os Ozcos).

zampeiro, -a. adx. Torpe, especialmente unha persoa ao andar (Boal, San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos). **2.** Dise da persoa que non se coida (El Franco). **3.** Dise da vaca que torce os pés e é branda de patas (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).

zampeña. V. cangrexo 1ª acep. (Tapia de Casarego, Ortigueira). **2.** V. mexacán 3ª acep. (Tapia de Casarego, El Franco).

zampoada. V. zapoada 1ª e 2ª acep.

zampollada. s. f. Golpe forte que se dá unha persoa cando cae.

zampón, -a. adx. Torpe.

zamporrada. s. f. Caída (Tapia de Casarego).

zamprón, -úa. adx. Desamañado, pouco curioso. **2.** Torpe.

zampuada. V. zapoada 1ª e 2ª acep.

zampullada. s. f. Golpe grande dunha cousa que cae no chan (San Martín de Ozcos).

zampurrada. V. zapoada 1ª e 2ª acep.

zampurriada. s. f. Caída co corpo cara a adiante (Boal).

zamurgo, -a. adx. Testán. **2.** Ruín, que fai cousas malas sen que se saiba.

zanca. s. f. Viga da armazón do lousado que vai desde a parede ao cume e forma a *tiseira*. **2.** Peza de madeira onde van chantadas as *tabicas* e as tapas que forman os pasos dunha escaleira (Tapia de Casarego). **3.** Pata dunha ave. **4.** V. tiseiras 2ª acep. **5.** Perna forte e delgada dunha persoa. **6.** V. capadoira 3ª acep. (Tapia de Casarego, Ortigueira). **7.** Pata do gando. **8.** *Pelga* feita con táboa (Villaión).
Obs. Trátase dun castelanismo na 3ª, 5ª e 7ª acep.

zancabarranca. s. f. Ser mitolóxico que segundo a tradición levaba un coitelo na man para matar as persoas (El Valledor).

zancabarrancas. V. zancabarranca (Ibias).

zancada. V. zancuada 2ª acep.
Obs. Trátase dun castelanismo.

zancadilla* → zancanilla.

zancado. adx. Aplícase ao salmón femia que está delgado despois de desovar no río (Santiso de Abres, Santalla de Ozcos). **2.** Dise do salmón vello (Boal).

zancanilla. s. f. Acción de cruzar un a súa perna por detrás da do outro, e apertar ao mesmo tempo con ela para derrubalo.
Obs. Trátase dun castelanismo.

zancaño. s. m. Zanca (Allande).

zancar. v. Andar con pasos longos.

zancaxo. s. m. Pata de polo (As Figueiras).
Obs. Trátase dun castelanismo.

zancazo. V. zancuada 2ª acep. (Navia).
Obs. Trátase dun castelanismo.
zancerro. V. choca.
zanco. s. m. Calzado de coiro co piso de madeira e cordóns tamén de coiro. **2.** Cada un dos dous paus altos e con tacos para os pés que empregaban os nenos para xogar.
zancón. s. m. Viga principal dunha *panera* (Villaión).
zancuada. s. f. Rastro do zoco no barro ou na neve. **2.** Paso longo.
Obs. Trátase dun castelanismo.
zanfoina. V. zanfoña.
zanfoino, -a. adx. Torpe.
zanfoña. s. f. Instrumento musical de cordas que soan ao rozalas grazas a unha manivela que move unha man, mentres que coa outra se modulan as notas mediante unhas teclas que inciden nelas. **2.** adx. Dise da persoa que fala moito sen pensar no que di.
zangalamángala. s. m. e f. Persoa folgazana e descoidada. **2.** Persoa lenta no traballo.
zangaletoa. s. f. e adx. Persoa con pouco espírito, infantil (Allande).
zangallón. adx. Dise do rapaz forte que anda dun lado para outro sen traballar (San Martín de Ozcos).
zanganiar. v. Lacazanear.
zángano, -a. s. m. Macho da abella raíña que non traballa. **2.** s. m. e f. Home ou muller folgazáns que viven a costa allea. **3.** s. m. Parasito. **4.** adx. m. e f. Dise do gando vacún que non quere andar (Santalla de Ozcos).
zanguano, -a. V. zángano 4ª acep. (Santalla de Ozcos).
zanza. s. f. Danza (Allande).
zanzarrada* → cinzarrada.
zapada. V. zapoada.
zapado, -a. adx. Dise da persoa curiosa (Allande, Villaión). **2.** Atrevido (Allande). **3.** Inquedo.
zapar. v. Investigar, pescudar (Allande).
zapata. s. f. Leira pequena zarrada por paredes onde se cultivan viñas. **2.** Cacho de coiro dun tiracroios onde se pon a pedra. **3.** Parede baixa que se fai en lugares costos para soster o terreo. **4.** Resalte de pedra na parte baixa do muro dun peirao. **5.** Reforzo interior da proa á popa sobre o corredor dunha embarcación (As Figueiras). **6.** Tipo de cultivo en ladeira disposto en socalcos (Eilao). **7.** Soporte de cimentación dunha construción sobre o que van apoiados os muros, os tabiques ou as columnas.
zapatazo. s. m. Golpe que se dá cun zapato. **2.** Desilusión. **3.** Golpe que dan as velas dunha embarcación contra algo (As Figueiras). **4.** V. golpete.
zapatear. v. Golpear a vela dunha embarcación contra algo (As Figueiras). **2.** Facer unha zapata para apoiar un muro, un tabique ou unha columna.
zapatiado. s. m. Acto de golpear o chan cuns zapatos.
zapateira. s. f. Clase de faba de color, grande e plana. **2.** Partida gañada con moita diferenza ao contrario (Abres).
zapateiro, -a. s. m. e f. Persoa que fai, amaña ou vende zapatos. **2.** Insecto hemíptero de patas grandes ou máis pequenas segundo a especie, que se move con facilidade pola superficie da auga (*Gerris sp.* e *Velia sp.*). **3.** *Farro* grande (Tapia de Casarego). **4.** V. cabralola 2ª acep. (A Veiga, Eilao). // ***Quedarse*** **zapateiro (zapateira).** Persoa que queda sen bazas nun xogo.
zapatilla. s. f. Calzado lixeiro e de sola moi delgada. // ***Zapatilla*** **(á).** Xogo de nenos que colocados nun círculo, consiste en que un deles teña unha *zapatilla* agachada, pero non se sabe quen é até que lle dá un *zapatillazo* ao que ten á súa beira. O outro ten que saír correndo arredor do círculo, mentres o da *zapatilla* ía detrás dándolle *zapatillazos*, até que o perseguido se mete no círculo xunto a outro neno que, á súa vez, debía saír rapidamente, se non quere que o golpeen. Cando cansaba o que levaba a *zapatilla*, entraba dentro do círculo dando a *zapatilla* ao que estaba ao seu lado, tendo que saír o neno seguinte se non quería levar un *zapatillazo*.
zapatillazo. s. m. Golpe dado cunha *zapatilla*.
zapato. s. m. Calzado de pel que cobre o pé. // **Zapato *abotinado*.** V. botina. // **Zapato de *charol*.** Zapato lacado que levaban normalmente os indianos.
zapatón. s. m. Socalco; zapata 3ª acep. **2.** (pl. zapatois). Ourizo grande e sen castaña (Allande).
zape. s. m. Cacho de raia ou cabala que se utiliza como cebo para pescar abadexos. **2.** Na arte da cacea, conxunto de cintas coloreadas que se poñen no anzol para pescar bonitos. **3.** Desaire (*Pañar un bon zape*).
zape, zape! interx. Voz que se usa para espantar o gato. // **Ir al *zape-zape*.** Andar moi á présa.
zápele, zápele! interx. Palabra que serve para imitar o movemento das persoas coxas ou o ruído que fan as galochas ao

andar. // **Ir al *zápele-zápele*.** Andar moi á présa.

zapelexar. v. Andar con dificultade (Tapia de Casarego). **2.** Moverse deseguido.

zapelexo, -a. adx. Dise do que anda con dificultade. **2.** Aplícase ao que non para quieto.

zapexar. v. Mover a auga cos pés (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos).

zapexo, -a. V. zambro (El Franco).

zapicado, -a. adx. Mollado, salpicado (Coaña).

zapicar. v. Molestar unha persoa a outra con pequenos golpes. **2.** Andar tocando todo. **3.** Molestar, entremeterse con simplezas e malicia. **4.** Pegar sen facer dano. **5.** Salpicar, mollar (Coaña, Navia). **6.** Xogar coa comida nun prato sen comela. **7.** Escoller moito a comida que hai nun prato. **8.** Beliscar, tirar do pelo. **9.** Golpear na auga de xeito que salte (Navia, Coaña).

zapico. s. m. Corno onde se mete a pedra de afiar (Navia); zarapico, caxapo.

zapicuar. V. zapicar 1ª acep. (El Franco).

zapiqueiro, -a. adx. Relativo á persoa ou neno que lles gusta molestar con pequenos golpes. **2.** Dise do neno que lle gusta beliscar ou tirar do pelo dos outros. **3.** Aplícase ao neno ou persoa que lles gusta molestar.

zapoada. s. f. Golpe ruidoso que se dá un ao caer. **2.** Caída. **3.** Golpe dado co puño (Navia).

zapuada. V. zapoada 1ª e 2ª acep.

zapucar. v. Salpicar (Navia).

zaque-zaque. adv. Moi á présa (*Fun zaque-zaque pola costa arriba*). **2.** A pé (Santalla de Ozcos). **3.** s. m. Movemento rápido (El Franco).

zaraballada. s. f. Acción e resultado de *enzaraballarse*.

zaraballar. V. enzaraballar (Navia).

zaraballas. V. zaraballeiro 1ª acep.

zaraballeiro, -a. adx. Aplícase á persoa pouco curiosa nas súas cousas; zarapalleiro. **2.** Mentireiro.

zaraballo, -a. V. zaballo 1ª acep. **2.** Resto, desperdicio. **3.** V. zaraballeiro 1ª acep.

zaraballón, -a. V. zaballo 1ª acep.

zarabetear. v. Tatexar (Ibias).

zarabeto, -a. adx. Tatexo.

zaragata. s. f. Barullo; zaragatada 3ª acep. (Boal).

zaragatada. s. f. Disputa ou enredo de cousas pouco importantes (Abres). **2.** Mentira. **3.** Barullo, ruído, alboroto (El Franco). **4.** Trasnada.

zaragatas. V. zaragateiro 1ª acep.

zaragatear. v. Falar de máis con alboroto (Allande). **2.** Revolver.

zaragateiro, -a. adx. Dise da persoa que conta moitas mentiras, sen xuízo e con pouca formalidade. **2.** Revoltoso, inquedo, bulicioso (Castropol, El Franco).

zaragato[1]. s. m. Bóla de la enredada.

zaragato[2], -a. V. zaragateiro 1ª acep.

zaragolada. s. f. Conxunto de cousas enredadas (Tapia de Casarego).

zaragolas. s. f. pl. Tipo de calzóns longos até os pés que se usaban antigamente, sen petrina e que se ataban cunha corda ou un cinto á cintura.

zarallo, -a. adx. Chafalleiro, pouco hábil realizando unha actividade ou traballo (Castropol, Tapia de Casarego).

zarambelear. v. Tropezar, esvarar. **2.** Acanear, abalar.

zarameño, -a. adx. Inepto (Allande).

zaramicar. v. Mover as pestanas abrindo e pechando os ollos rapidamente (Navia).

zaramico, -a. adx. Dise da persoa que pestanexa de xeito continuo (Navia).

zaramisco. s. m. Cantidade pequena dunha cousa.

zaramonear. v. Sacudir a cabeza os animais. **2.** Mover algo dun lado a outro con enerxía, sacudir (Castropol).

zarampallada. s. f. Zarapallada 1ª acep. (Coaña). **2.** V. zaraballada (Navia).

zarampallado, -a. adx. Sucio e revolto.

zarampallar. V. enzaraballar (Navia).

zarampalleiro, -a. V. zaraballeiro.

zarampallo, -a. adx. e s. Aplícase á persoa que anda con roupas rotas e vellas (Boal, Coaña). **2.** Descoidado, desamañado. **3.** s. m. Trapo vello.

zarampelada. s. f. Capa pequena de neve sobre a terra (Eilao).

zarampello. s. m. Roupa desgastada.

zarampelo. V. falopo (Grandas de Salime).

zaranceira. V. seimeira 1ª acep. (Villaión, Boal, Eilao).

zaranceiro. s. m. Terreo costo e con precipicios (Allande, Villaión).

zaranda. s. f. Especie de rede colocada nun aro de ferro, unida a un chumbo, con forma de embude que se utiliza para a pesca de especies costeiras. **2.** Criba grande posta en rampla na que se botaban áridos para refregalos desde abaixo a arriba co gallo de separar as areas das pedras para que as primeiras servisen para facer obras (Abres).

zarandalla. s. f. Cousa pequena sen valor nin importancia.

zarandanga. s. f. Barullo (*Armouse uha zarandanga*), (Coaña).

zarandear. v. Mover, sacudir.

zarandolo, -a. adx. Aplícase á persoa con pouca formalidade.
zarangallada. V. zaraballada.
zarapallada. s. f. Mestura desordenada de cousas. **2.** Algo sen valor. **3.** Cousa sucia. **4.** Mentira, engano. **5.** Lea, confusión. **6.** Parvada, estupidez. **7.** Chapuza. **8.** Conxunto variado de peixes capturados de pequeno tamaño e de pouco valor comercial (Ortigueira).
zarapallado, -a. adx. Desordenado.
zarapallar. v. Desordenar algo. **2.** Estragar. **3.** Facer algo de calquera xeito, con présa e sen coidado ningún. **4.** Enredar ou enlear un asunto.
zarapallas. V. zarapalleiro.
zarapalleiro, -a. adx. Desordenado, pero de xeito habitual. **2.** Chapuceiro. **3.** Dise da muller que fala moito. **4.** Mentireiro, esaxerado.
zarapallo, -a. adx. Desordenado de xeito casual. **2.** V. zarampallo 1ª, 2ª e 3ª acep. **3.** V. zarallo. **4.** s. m. Conxunto de restos de comida tanto de persoas como de animais (Villaión).
zarapallón, -úa. V. zarapalleiro 1ª, 2ª e 4ª acep. **2.** Dise do tempo revolto. **3.** Aplícase ao día escuro e con orballo. **4.** Sucio, desamañado. **5.** Torpe.
zarapalloso, -a. adx. Desamañado no aspecto, sucio (Ibias). **2.** Desordenado.
zarapastras. V. zarapastrón.
zarapastreiro, -a. V. zarapastrón.
zarapastrón, -úa. adx. Aplícase á persoa desamañada.
zarapastroso, -a. V. zarapastrón.
zarapelada. V. zarampelada (Taramundi).
zarapelleiro*, -a → zarapalleiro.
zarapello, -a. adx. Aplícase ao neno ou cordeiro de máis idade do que aparenta. **2.** s. m. Rexión triangular do baixo ventre, pube (Tapia de Casarego). **3.** s. m. Porción pequena de la (Tapia de Casarego). **4.** pl. Roupa abundante de mala calidade (*A vella vei sempre con zarapellos*).
zarapica. s. f. Pinchacarneiro (Torga). V. pinchacarneiro.
zarapicar. v. Salpicar. **2.** Caer.
zarapico. s. m. Pequena cantidade de algo. **2.** Recipiente de madeira ou de corno que atado á cintura servía para levar a pedra de cravuñar a gadaña (Navia); corno 4ª acep., caxapo, zapico.
zarato. s. m. Cacho de nata na superficie do leite (Eilao). **2.** V. zátaro 8ª acep. (Navia).
zaraza. s. f. Percal barato.
zarcial* → silveira.
zarra. s. f. Peche, valado (Santalla de Ozcos).
zarradín. s. m. Monte de pouca extensión e pechado con valados; zarrado.
zarrado, -a. adx. Pechado. **2.** s. m. Monte pequeno con leiras pechadas con valados. **3.** s. m. Terreo inculto con toxos e piñeiros que está pechado cun valado ou unha parede. **4.** adx. Dise da res que cambiou toda a dentadura de leite. **5.** V. zarro 1ª acep. **6.** adx. Dise do falar máis difícil de comprender (*Pra aló é galego máis zarrado*). **7.** adx. Dise do home que xa ten pelo polo que se considera que xa é maduro sexualmente (*Ese home ten a barba zarrada*). **8.** adx. Dise da noite de todo, cando xa non hai nada de luz.
zarradura. s. f. Cerrume (Villaión).
zarramandín. s. Persoa pequena e mal vestida.
zarramicar. v. Ter os ollos medio pechados por malicia, polo efecto da luz, polo sono etc. **2.** Abrir e pechar os ollos de xeito moi rápido (Tapia de Casarego, Villaión).
zarramico. adx. Dise do ollo pequeno (Villaión).
zarramisco. s. m. Cacho moi pequeno de algo.
zarrancha. s. f. Táboa horizontal nos cabazos e hórreos que suxeita con cravos as doelas. **2.** Táboa que suxeita a *taolla* nos hórreos e *paneras*.
zarrapastrán, -a. adx. V. zarapalleiro 1ª acep.
zarrapastro, -a. V. zarrapastrón.
zarrapastrón, -úa. adx. Aplícase á persoa sucia.
zarrapear. v. Caer folerpas.
zarrapiado, -a. adx. Cheo de folerpas.
zarrapiar. V. zarrapear.
zarrapicar. v. Salpicar con auga (Santalla de Ozcos). **2.** Chuviscar (Castropol). **3.** Lambiscar, comer de xeito desordenado (Castropol).
zarrapo. V. farrapo 1ª e 3ª acep.
zarrar. v. Pechar. **2.** Saír todos os dentes ao gando vacún ou ás cabalerías. **3.** Cortar o paso. **4.** Cercar un terreo, unha casa etc. **5.** Tapar calquera abertura. **6.** Saír todos os grans a unha espiga. **7.** Apagar unha luz. **8.** Dar por concluído (*Zarrar un trato*).
zarrazón. s. f. Obstinación, obcecación. **2.** Escuridade.
zarreta. V. abadexo (As Figueiras, Tapia de Casarego, A Veiga). **2.** Abadexo pequeno. **3.** Abadexo mediano (As Figueiras). **4.** Abadexo novo (Tapia de Casarego).

zarreteiro. s. m. Pescador de *zarretas* (As Figueiras).
zarrica. V. carrizo 1ª acep. (Villaión, Navia).
zarrín. s. m. Zarro pequeno.
zarriqueiro, -a. adx. Aplícase á persoa que lle gusta provocar, molestar.
zarriquía. V. carrizo 1ª acep. (Villaión).
zarro. s. m. Leira zarrada, normalmente no monte; zarrado. **2.** Leira formada por dúas partes, unha de prado e outra de monte. **3.** Leira con bouza e bosque (Villaión). **4.** Peche, valado (San Martín de Ozcos).
zarrón. s. m. Zarro grande.
zarronca. V. coca (Castropol, Tapia de Casarego).
zarronco[1]. s. m. Ser mitolóxico que é unha especie de coco que leva os nenos (Navia, Villaión); farronco.
zarronco[2], -a. adx. Aplícase á persoa pequena.
zarrume. s. m. Conxunto das catro caras da cámara dun hórreo composta por táboas de xeito vertical (Morlongo, San Martín de Ozcos). **2.** Peche, valado dunha terra (Os Ozcos). **3.** Conxunto de materiais con que se fai unha sebe (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).
zas! interx. Indica un golpe ou a impresión producida polo mesmo.
zascancandil. s. m. Persoa que lle gusta enredar en asuntos alleos.
zascar. v. Romperse en moitos cachos algo.
zátara. s. f. Órgano xenital feminino (Navia). **2.** V. zátaro 8ª acep.
zátaro, -a. adx. Dise da persoa que cecea; zamelo 1ª acep. **2.** s. m. Cacho pequeno de la enrolada, normalmente sucia. **3.** s. m. Corda con anzol que serve para pescar o congro desde terra (Castropol). **4.** s. m. Cancro. **5.** s. m. Cacho de pelo sucio e enredado. **6.** s. m. Calquera cousa que cae rodando por unha pendente (Navia). **7.** s. m. Coágulo (Boal). **8.** s. m. Conxunto de excrementos pegados na pel dun animal (Navia, Allande). **9.** s. m. Palangre de tamaño pequeno que serve para a pesca do congro e da robaliza (As Figueiras).
zataroso, -a. adx. Sucio, con excrementos, como o gando. **2.** Dise da persoa sucia.
zazamelar. v. Tatexar con ceceo.
zazamellar. V. zazamelar.
zazamello, -a. adx. O que tatexa con ceceo.
zinc. V. cinc.
zoca. s. f. Zoco grande, que ten un só tacón pronunciado na parte traseira e feito normalmente dunha soa peza. // **Zoca de *chapín*.** A que se poñía sobre un *chapín*. // **Zoca de sete *brinques* (montañesa).** A que tiña un tacón dianteiro incipiente (Abres). // **Zoca de *zapatilla*.** A que se poñía sobre as *zapatillas*, con tres *tazos* e *boca* moi aberta.
zocalampa. adx. e s. Alcume popular que reciben os do Vilar (A Pontenova). **2.** Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Aldeguer (A Pontenova).
zocar. v. Escapar. **2.** Ter que ceder ou dar algo. **3.** Apertar ou estirar algo, como un nó (*nougo*), atadura etc.; azocar.
zocho. s. m. Cuarto pequeno sen luz (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos); fachicovo.
zoco. s. m. Calzado de sola de madeira, coa parte de enriba de coiro e cordóns para atar, podendo ter ou non tacón. Nunca se calzaban con *zapatilla*, sendo moi utilizado antigamente polos mariñeiros. Esta palabra ás veces significa o mesmo que zoca e espallouse preferentemente polos concellos da Veiga, El Franco, Boal, Eilao, Allande, Taramundi e Santiso de Abres. **2.** Estómago do cocho (El Franco). **3.** Peza oca de madeira de bidueiro, que servía para protexer o fío das ferramentas ou evitar accidentes con elas. // **Zoco de coiro.** Bota de coiro coa sola de madeira.
zola. V. xola[1].
zoldra. s. f. Lama, terra con auga. **2.** Neve mesturada con auga e barro antes do desxeo (Boal, San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos).
zolegas. V. celergas.
zollar. v. Engurrar, manchar apertando (Boal, El Franco). **2.** prnl. Mancharse (Navia).
zon. V. chis.
zomba. s. f. Golpe na cabeza.
zombar. v. Golpear, mallar. // ***Zómballe* el alma**! V. Zúmballe el alma.
zombudo. s. m. Viño denso e escuro (Marcellá).
zonzo, -a. adx. Parvo.
zoña. V. zuna 4ª acep. (Moldes).
zopiar. v. Andar cos pés tortos cara a dentro.
zopo, -a. adx. Dise da persoa ou neno que teñen os pés tortos cara a dentro; zoupo. **2.** Aplícase ao pé ou man torta cara a dentro.
zoquear. v. Facer ruído cos zocos ao andar.
zoqueiro, -a. s. m. e f. Persoa que facía ou vendía zocos ou zocas. Ás veces por

extensión tamén se refería aos que facían ou vendían galochas.

zoquete. adx. e s. m. Parvo. **2.** Cacho de pan (Navia). **3.** Cacho de madeira curto e groso, taco (Navia).

zoquiar. V. zoquear.

zorollo. s. m. Excremento humano de forma alongada (Eilao). **2.** Especie de cirola negra pequena de pouco valor (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos). **3.** Dise da persoa de difícil trato, arisca (Taramundi).

zorollón, -a. adx. Dise da persoa que fai as cousas de calquera xeito, sen coidado ningún (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).

zoroñas. adx. Agarrado, avaro, pouco xeneroso (San Martín de Ozcos).

zorra. s. f. Carro de catro rodas, que normalmente se usou para o transporte de bocois de viño e travesas de tren (A Veiga). **2.** Carro baixo e forte para transportar pesos grandes, como embarcacións en terra (Tapia de Casarego, Navia).

zorramplo, -a. V. zorramplón.

zorramplón, -a. adx. Dise do home ou animal falsos e astutos; zorro 1ª acep

zorramprón, -úa. V. zorramplón.

zorrapeiro, -a. V. zorramplón.

zorrapón, -a. V. zorramplón.

zorrear. v. Non darse por aludido. **2.** Traballar sen ganas. **3.** Facerse o raposo o morto. **4.** Ser astuto. **5.** Facerse o folgazán ou o tardo. **6.** Facer que se traballa. **7.** Disimular.

zorrega. s. f. Tunda, malleira (Boal). **2.** V. zórrega.

zórrega. s. f. Correa para zurrar (Boal).

zorregada. s. f. Acción e efecto de zorregar, golpe dado coa zorrega. **2.** Tunda, malleira.

zorregar. v. Zoscar, pegar, normalmente con cordas ou correas.

zorregazo. s. m. Golpe dado cunha correa ou corda.

zorreiría. s. f. Astucia dunha persoa que busca un beneficio ou proveito propios.

zorriapada. V. zorreiría (A Veiga).

zorriar. V. zorrear.

zorro, -a. adx. Aplícase á persoa astuta; zorramplón. **2.** V. zángano 4ª acep. (Santalla de Ozcos). **3.** adx. e s. Alcume popular que se lles dá aos habitantes de Trelles (Coaña). // ***Tar* (vir) el ano zorro**. Vir o ano malo desde o punto de vista material.

zorrolleiro. V. cerrolleiro (Abres).

zorza. s. f. Carne picada e sazonada para facer chourizos, outros embutidos ou comela frita.

zoscar. v. Pegar, zorregar.

zote. adx. Parvo, ignorante, torpe.

zoupa. s. f. Man dalgúns animais. **2.** Por extensión, man grande.

zoupada. s. f. Caída estrepitosa, golpe sonoro (Abres). **2.** Trompazo.

zoupear. v. Andar cos pés tortos cara a dentro (A Veiga).

zoupiar. V. zoupear.

zoupo, -a. adx. O que anda cos pés tortos cara a dentro. **2.** Torpe (As Figueiras).

zoupón, -a. V. zoupo 1ª acep. **2.** Torpe.

zouquiar. v. Pegar (San Martín de Ozcos).

zreixa* → cereixa.

zreixal* → cereixal.

zreixalía* → cereixalía.

zreixedo* → cereixedo.

zubada. adx. Dise da vaca da que mama moito un xato (Os Ozcos).

zubar. v. Seguir mamando o xato aínda que o ubre non teña leite. **2.** Mamar moito un xato ou un neno (Os Ozcos).

zubato. s. m. Carne do xato que está cerca das costelas pero sen estar pegada a elas (Tapia de Casarego).

zubón. s. m. Herba vivaz da familia das escrofulariáceas, que pode chegar a un metro de altura, de talo cuadrangular e follas ovais e pecioladas. Ten propiedades medicinais nas súas follas, que quentadas e untadas con aceite se usan como supurante, ademais de utilizarse para envelenar as augas dos ríos para coller os peixes (*Scrophularia aquatica*), (Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos).

zúcare* → azucre.

zucre* → azucre.

zufre* → azufre.

zufreira. V. sofreira (Boal).

zulano. V. fulano.

zúmara. adx. Dise da leña húmida, que non arde ben (San Martín de Ozcos); zúmbana, zumba, zumbeira.

zumba. s. f. Tunda, malleira. **2.** adx. Húmida. // **Mallar á *zumba*.** Mallar cun mallo (Navia); mallega á zumba.

zumbado, -a. adx. Dise da persoa que está un pouco tola.

zúmbano, -a. adx. Húmido, como están ás veces as fabas, a herba seca, a madeira ou a roupa.

zumbar. v. Facer ruído o vento. **2.** Golpear, mallar. **3.** Facer ruído algún animal como as abellas, moscas etc. **4.** Facer o acto sexual, foder. // **Zúmballe el alma!** Expresión que manifesta sorpresa por

algo fóra do normal ou indignación. // **Zúmballe el *perrengue*!** Expresión que denota enfado, sorpresa, indignación etc.

zumbeira. adx. Húmida (*A leña táche zumbeira*).

zumbón, -a. adx. Burlón.

zumbudo, -a. adx. Moi bo, estupendo (Boal, Villaión).

zume. s. m. Líquido que teñen as froitas e outros vexetais (Boal, Coaña).

zumezuga. s. f. Nome común de numerosas especies de anélidos hirudíneos de dimensións abondo pequenas, con corpo deprimido, segmentación superficial e ventosas. Fíxanse como parasitos temporalmente en diversos animais chupando o sangue e líquidos orgánicos. Foron moi utilizadas na medicina tradicional para disolver os coágulos de sangue (*Hirudo medicinalis*, *Haemopsis sanguisuga*, *Helobdella stagnalis*). **2.** Persoa que se aproveita doutra (Taramundi).

zumo. V. zume.

zuna. s. f. Mal costume. **2.** Manía. **3.** Capricho, enfado. **4.** Teima, obstinación. **5.** Actitude traidora dunha cabalería (Eilao, Os Ozcos).

zunado, -a. adx. Empeñado en conseguir un capricho, obstinado. **2.** Falso. **3.** Dise da cabalería ou do gando vacún con actitude traidora ou con malos costumes (Boal, Os Ozcos).

zunar. v. Coller manías ou malos costumes. **2.** prnl. Ter as cabalerías ou o gando vacún actitudes traidoras ou malos costumes.

zuncho. s. m. Abrazadeira de ferro ou doutro material que serve para suxeitar ou unir pezas, como na roda dun carro, nunha grade, nas *rodelas* dun *vasadoiro*, no pau dunha embarcación etc. **2.** Aro metálico dunha sella. **3.** V. corriola 3ª acep. (Tapia de Casarego).

zuniego, -a. adx. Dise da persoa que ten zunas.

zupar. v. Chupar (Coaña).

zurcir. v. Coser algunha cousa rota cubrindo a rotura; remendar. **2.** Liar, complicar unha situación (Allande). // **Vai que te zurzan!** Expresión que indica enfado ou molestia ou para desatenderse do que outro fai, di, ou lle ocorre.

zurdeiro, -a. adx. Que usa a man esquerda con máis habilidade que a dereita.

zurdo, -a. adx. V. zurdeiro. **2.** s. m. V. atún (As Figueiras, Tapia de Casarego).

zurra. s. f. Malleira dada coas mans, unha vara ou un pau.

zurrabamba. s. f. Malleira grande.

zurraco. s. m. Pau groso e forte (Allande).

zurrado, -a. adx. Golpeado.

zurralleiro. V. cerrolleiro.

zurrar. v. Mallar, pegar; calcar, zorregar. **2.** prnl. Deixar de cortar ben a gadaña polo seu desgaste (Eilao).

zurrega* → zorrega.

zurregar* → zorregar.

zurriada. V. salseiro 1ª e 2ª acep. (El Franco).

zurribamba. s. f. Tunda, malleira.

zurrón. s. m. Bolsa grande de *pelello*, que usaban normalmente os pastores para gardar e levar a súa comida e outras cousas.

zurrulleiro. V. cerrolleiro.

zurullo. s. m. Cacho de materia branda máis groso que o resto (Allande).

zuta. s. f. Extremo groso, romo, oposto á parte punzante ou cortante de certas ferramentas como a brosa (Allande).

zute. s. m. Parte do martelo coa que se golpea.

zutre. V. zute.

zutrón. s. m. *Maza* de ferro que se emprega para romper pedras.

Apéndice gramatical

ARTIGO DETERMINADO

	Masculino	Feminino	Neutro
Singular	el, o	a, la[1]	el, lo, o
Plural	os, los[1]	as, las[1]	

[1] Na marxe dereita do concello de Navia.

CONTRACCIÓNS DO ARTIGO

	EL, O	A	OS	AS	EL, O (neutro)
A	al, ao, ó	á	aos, ós	ás	al, ao, ó
CON	coel, co	coa, cola[1]	cos, colos[1]	coas, colas[1]	coel, co, colo
DE	del, do	da	dos	das	del, do
EN	no, nel	na	nos	nas	no, nel
POR	polo, pollo	pola, polla	polos, pollos	polas, pollas	polo, pollo
PRA	pró, pral	prá	prós, praos	prás	pró, pral

[1] Na marxe dereita do concello de Navia.

ARTIGO INDETERMINADO

	Masculino	Feminino
Singular	un, uho, um[5]	uha, unha, oa[3], o[4]
Plural	us, unhos, uns[1], uhos, uis[2]	uhas, unhas

[1] Forma recollida de xeito excepcional nos Ozcos.

[2] No concello de Ibias.

[3] Forma reducida de uha nos Ozcos, Ibias e Castropol.

[4] Forma reducida de uha nos Ozcos.

[5] Forma recollida por Dámaso Alonso en Santalla de Ozcos.

CONTRACCIÓNS

	UN	UHA, UNHA	US, UNHOS, UIS	UHAS, UNHAS
CON	cun	cuha, cunha	cus, cunhos, cuis	cuhas, cunhas
DE	dun	duha, dunha	dus, dunhos, duis	duhas, dunhas
EN	nun	nuha, nunha	nus, nunhos, nuis	nuhas, nunhas

DEMOSTRATIVOS

	Masculino	Feminino	Neutro
Singular	este	esta	esto
	ese	esa	eso
	aquel	aquela, aquella	aquelo, aquello
Plural	estos, estes	estas	
	esos, eses	esas	
	aquelos, aquellos, aqueles	aquelas, aquellas	

CONTRACCIÓNS DOS DEMOSTRATIVOS

	Masculino	Feminino	Neutro
DE	deste	desta	desto
	dese	desa	deso
	daquel	daquela, daquella	daquelo, daquello
	destos, destes	destas	
	desos, deses	desas	
	daquelos, daquellos, daqueles	daquelas, daquellas	
	Masculino	Feminino	Neutro
EN	neste	nesta	nesto
	nese	nesa	neso
	naquel	naquela, naquella	naquelo, naquello
	nestos, nestes	nestas	
	nesos, neses	nesas	
	naquelos, naquellos, naqueles	naquelas, naquellas	

DEMOSTRATIVO + INDEFINIDO

	Masculino	Feminino
Singular	estoutro	estoutra
	esoutro	esoutra
Plural	estoutros	estoutras
	esoutros	esoutras

POSESIVOS (Un posuidor)

	Singular	Plural
Referido ao masculino	meu, meo teu, teo, tou / seu, seo, sou (de vostede) seu, seo, sou	meus, meos teus, teos, tous / seus, seos, sous (de vostedes) seus, seos, sous
Referido ao feminino	miña, mía túa / súa (de vostede) súa	miñas, mías túas / súas (de vostede) súas
Variables	de meu de teu, de teo, de tou / de seu, de seo, de sou de seu, de seo, de sou	

POSESIVOS (Varios posuidores)

	Singular	Plural
Referido ao masculino	noso voso / seu, seo, sou (de vostede) seu, seo, sou	nosos vosos / seus, seos, sous (de vostedes) seus, seos, sous
Referido ao feminino	nosa vosa / súa (de vostede) súa	nosas vosas súas
Variables	de noso de voso / de seu, seo, sou de seu, seo, sou	

POSESIVOS DISTRIBUTIVOS

Masculino	cadaseu, cadaseo, cadasou	cadaseus, cadaseos, cadasous
Feminino	cadasúa	cadasúas

PARTITIVO

	Masculino	Feminino	Neutro
Singular	del	dela, della	delo, dello
Plural	delos, dellos	delas, dellas	

PRONOMES PERSOAIS (Serie tónica)

Número	Persoa e xénero	Suxeito	Formas oblicuas	
		Libres	Ligadas	
Singular	1ª	eu, eo, iou[1]	min	comigo
	2ª	tu	ti	contigo
	Forma cortés	vosté		
	3ª	el, ela, ella		
	Neutro	elo, ello		
Plural	1ª	nosoutros, nós, nosoutras		
	2ª	vosoutros, vós, vosoutras		
	Forma cortés	vostedes		
	3ª	elos, eles, ellos, elas, ellas		
	Reflexivo	si, consigo		

[1] Na marxe dereita do río Navia nos concellos de Navia e Villaión e na parroquia allandesa de Bustantigo.

CONTRACCIÓNS DO PRONOME PERSOAL DE 3ª PERSOA

	EL	ELA, ELLA	ELES, ELOS, ELLOS	ELAS, ELLAS
DE	del	dela, della	deles, delos, dellos	delas, dellas
EN	nel	nela, nella	neles, nelos, nellos	nelas, nellas

PRONOMES PERSOAIS (Serie átona)

Número	Persoa e xénero		Non reflexivo		Reflexivo
	Dativo		**Acusativo**		
Singular	1ª		me		
	2ª		che	te	
	3ª	masculino	lle	lo, o, l	se
		feminino		la, a, al[1]	
		neutro		lo, o, ol[1]	
Plural	1ª		nos		
	2ª		vos		
	3ª	masculino	lles	los, os	se
		feminino		las, as	

[1] Na parroquia dos Coutos (Ibias).

[2] Por exemplo no singular 3ª persoa: comeulo-comeuno-comeul; comeula-comeuna-coméual; comeulo-comeuno-coméuol.

[3] Nas formas verbais rematadas en ditongo, cando se solda un pronome persoal pode aparecer intercalado un "n", un "l" ou nada: faina-faila-faia; fainos-failos-faios (Santalla de Ozcos).

[4] No concello de Santalla de Ozcos aparecen formas como "*matóulel*" por "matouno" ou "*"matóulela*" por "matouna".

CONGLOMERADOS DE FORMAS OBLICUAS DO PRONOME PERSOAL

	o, lo	a, la	os, los	as, las
me	mo	ma	mos	mas
che	cho	cha	chos	chas
lle	llo	lla	llos	llas
nos[1]	nolo	nola	nolos	nolas
vos[1]	volo	vola	volos	volas
lles[1]	llelo	llela	llelos	llelas

[1] Nestes casos ás veces non se produce a contracción: noslo, voslo, lleslo...

CONXUGACIÓN DOS VERBOS

AMAR

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	**Infinitivo Persoal**
amo	amara	ame	amar
amas	amaras	ames	amares
ama	amara	ame	amar
amamos	amáramos	amemos	amáremos / amar-mos
amades / amaides / amaes / amais	amárades / amárais	amedes / ameis	amáredes / amardes
aman	amaran	amen	amaren
Imperfecto	**Futuro**	**Imperfecto de Subx.**	**Xerundio**
amaba	amarei	amase	amando
amabas	amarás	amases	
amaba	amará	amase	
amábamos	amaremos	amásemos	
amábades / amábais	amaredes / amareis	amásedes / amáseis	
amaban	amarán	amasen	
Pretérito Perfecto	**Futuro Hipotético**	**Imperativo**	**Participio**
amei / amein / amén	amaría	ama	amado
amache	amarías	amaide / amae / amade / amai	amada
amou	amaría		amados
amamos	amaríamos		amadas
amastes / amásteis	amaríades / amaríais		
amaron	amarían		

TEMER

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	Infinitivo Persoal
temo temes teme tememos temedes / temeis temen	temera temeras temera teméramos temérades / temérais temeran	tema temas tema temamos / témamos temades / témades / temaes / temais / témais teman	temer temeres temer teméremos / temermos teméredes / temerdes temeren
Imperfecto	**Futuro**	**Imperfecto de Subx.**	**Xerundio**
temía temías temía temíamos temíades / temíais temían	temerei temerás temerá temeremos temeredes / temereis temerán	temese temeses temese temésemos temésedes / teméseis temesen	temendo
Pretérito Perfecto	**Futuro Hipotético**	**Imperativo**	**Participio**
temín temiche / temeche temeu / temeo tememos temestes / temes- teis temeron	temería temerías temería temeríamos temeríades / teme- ríais temerían	teme temede / temei	temido temida temidos temidas

PARTIR*

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	Infinitivo Persoal
parto / partio partes parte partimos partides / partís parten	partira partiras partira partíramos partírades / partírais partiran	parta, partia partas, partias parta, partia partamos, partiamos partades, partiades / partais partan, partian	partir partires partir partíremos / partirmos partíredes / partirdes partiren
Imperfecto	**Futuro**	**Imperfecto de Subx.**	**Xerundio**
partía partías partía partíamos partíades / partíais partían	partirei partirás partirá partiremos partiredes / partireis partirán	partise partises partise partísemos partísedes / partíseis partisen	partindo
Pretérito Perfecto	**Futuro Hipotético**	**Imperativo**	**Participio**
partín partiche / parteche partío / partiu partimos partistes / partísteis partiron	partiría partirías partiría partiríamos partiríades / partiríais partirían	parte partide / partíi	partido partida partidos partidas

***** Conxúgase así tamén o seu derivado espartir (espartio).

ANDAR

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	**Infinitivo** Persoal
ando andas anda andamos andades andan	andara / anduvera / andivera andaras / anduveras / andiveras andara / anduvera / andivera andáramos / anduvéramos / andivéramos andárades / anduvérades / andivérades andaran / anduveran / andiveran	ande andes ande andemos andedes anden	andar andares andar andáremos andáredes andaren
Imperfecto	**Futuro**	**Imperfecto de Subx.**	**Xerundio**
andaba andabas andaba andábamos andábades andaban	andarei andarás andará andaremos andaredes andarán	andase / anduvese / andivese / andevese andases / anduveses / andiveses / andeveses andase / anduvese / andivese / andevese andásemos / anduvésemos / andivésemos / andevésemos andásedes / anduvésedes / andivésedes / andevésedes andasen / anduvesen / andivesen / andevesen	andando
Pretérito Perfecto	**Futuro Hipotético**	**Imperativo**	**Participio**
anduven / andiven / andei / andín anduviche / andiviche / andache andou / andevo / anduvo / andivo / andovo andamos / andevemos / andivemos / andovemos / anduvemos andastes / andevestes / andivestes / andovestes / anduvestes andaron / anduveron / andeveron / andiveron / andoveron / anduveron	andaría andarías andaría andaríamos andaríades andarían	anda andade / andai	andado andada andados andadas

ARDER

Presente	Presente de Subx.
ardio / ardo	ardia
ardes	ardias
arde	ardia
ardemos	ardiamos
ardedes	ardiades
arden	ardian

BATER

Presente	Presente de Subx.
batio	batia
bates	batias
bate	batia
batemos	batiamos
batedes	batiades
baten	batian

CABER

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	Infinitivo Persoal
cabo / caibo / cabio cabes cabe cabemos cabedes caben	coubera / coupera / cabera couberas / couperas / caberas coubera / coupera / cabera coubéramos / coupéramos / cabéramos coubérades / coupérades / cabérades couberan / couperan / caberan	caiba / cabia / queipa / coupa caibas / cabias / queipas / coupas caiba / cabia / queipa / coupa cáibamos / cabiamos / queipamos / coupamos cáibades / cabiades / queipades / coupades caiban / cabian / queipan / coupan	caber caberes caber cabéremos cabéredes caberen
Imperfecto	**Futuro**	**Imperfecto de Subx.**	**Xerundio**
cabía cabías cabía cabíamos cabíades cabían	caberei caberás caberá caberemos caberedes caberán	coubese / coupese / cabese coubeses / coupeses / cabeses coubese / coupese / cabese coubésemos / coupésemos / cabésemos coubésedes / coupésedes / cabésedes coubesen / coupesen / cabesen	cabendo
Pretérito Perfecto	**Futuro Hipotético**	**Imperativo**	**Participio**
couben / coupen / cabín coubiche / coupiche / cabiche coubo / coupo / cabeo / cabeu coubemos / coupemos / cabemos coubestes / coupestes / cabestes couberon / couperon / caberon / cuperon	cabería caberías cabería caberíamos caberíades caberían		cabido cabida cabidos cabidas

CAER*, CAIER, QUEER, QUER

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	**Infinitivo Persoal**
caio / caigo	caiera	caia / caiga	caier
caes / cais	caieras	caias / caigas	caieres
cai / cae	caiera	caia / caiga	caier
caemos / caiemos	caiéramos	caiamos / caigamos	caiéremos
caedes / caiedes	caiérades	caiades / caigades	caiéredes
cain / caen / can	caieran	caian / caigan	caieren
Imperfecto	**Futuro**	**Imperfecto de Subx.**	**Xerundio**
caía / quía	cairei / queirei / caierei	caiese	caiendo
caías / quías	cairás / queirás / caierás	caieses	
caía / quía	cairá / queirá / caierá	caiese	
caíamos / quíamos	cairamos / queiramos / caieramos	caiésemos	
caíades / quíades	cairades / queirades / caierades	caiésedes	
caían / quían	cairán / queirán / caierán	caiesen	
Pretérito Perfecto	**Futuro Hipotético**	**Imperativo**	**Participio**
caín	cairía / queiría / caiería	cai	caído
caíche	cairías / queirías / caierías	caiede	caída
caieo / queo / caeo	cairía / queiría / caiería		caídos
/ caieu	cairíamos / queiríamos / caieríamos		caídas
caiemos	cairíades / queiríades / caieríades		
caiestes	cairían / queirían / caierían		
caieron			

* Conxúganse así os seus derivados decaer, recaer.

CALECER

Presente	Presente de Subx.
calezo	caleza
caleces	calezas
calece	caleza
calecemos	calezamos
calecedes	calezades
calecen	calezan

COCER

Presente	Presente de Subx.
cozo	coza
coces	cozas
coce	coza
cocemos	cozamos
cocedes	cozades
cocen	cozan

COMPADECER

Presente	Presente de Subx.
compadezo	compadeza
compadeces	compadezas
compadece	compadeza
compadecemos	compadezamos
compadecedes	compadezades
compadecen	compadezan

COXIAR

Imperfecto
coxía
coxías
coxía
coxíamos
coxíades
coxían

CRER

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	Infinitivo Persoal
creo / creu	crera	crea / cría	crer
cres	creras	creas / crías	creres
cre	crera	crea / cría	crer
cremos	créramos	creamos / créamos / críamos	créremos
credes	créredes	creades / créades / creaes / críades	créredes
cren	creran	crean / crían	creren
Imperfecto	**Futuro**	**Imperfecto de Subx.**	**Xerundio**
cría	crerei	crese	crendo
crías	crerás	creses	
cría	crerá	crese	
críamos	creremos	crésemos	
críades	creredes	crésedes	
crían	crerán	cresen	
Pretérito Perfecto	**Futuro Hipotético**	**Imperativo**	**Participio**
crin	cregría / criría	cre	crido
criche	cregrías / criías	crede	crida
creo	cregría / criría		cridos
cremos	cregríamos / criríamos		cridas
crestes	cregríades / criríades		
creron	cregrían / crirían		

DAR

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	**Infinitivo Persoal**
dou	dera	día / dea / deña	dar
dás	deras	días / deas / des / deñas	dares
dá	dera	día / dea / deña	dar
damos	déramos	díamos / diamos / deamos / déamos / déñamos	dáremos
dades / daides / daes	dérades	díades / diaes / dedes / deades / deaes / déñades	dáredes
dan	deran	día / dean / deñan	daren
Imperfecto	**Futuro**	**Imperfecto de Subx.**	**Xerundio**
daba	darei	dese	dando
dabas	darás	deses	
daba	dará	dese	
dábamos	daremos	désemos	
dábades	daredes	désedes	
daban	darán	desen	
Pretérito Perfecto	**Futuro Hipotético**	**Imperativo**	**Participio**
din	daría	dá	dado
diche	darías	dade / daide / dai	dada
deo / deu	daría		dados
demos	daríamos		dadas
destes	daríades		
deron	darían		

DEVECER

Presente	Presente de Subx.
devezo	deveza
deveces	devezas
devece	deveza
devecemos	devezamos
devecedes	devezades
devecen	devezan

DICIR

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	Infinitivo Persoal
digo	dixera	diga	dicir
dices	dixeras	digas	dicires
dice / diz[1] / di[3]	dixera	diga	dicir
dicimos / decimos	dixéramos	digamos / dígamos	dicíremos
dicides / decides	dixérades	digades / dígades / digaes	dicíredes
dicen	dixeran	digan	diciren
Imperfecto	**Futuro**	**Imperfecto de Subx.**	**Xerundio**
dicía / decía	direi	dixese	
dicías / decías	dirás	dixeses	
dicía / decía	dirá	dixese	dicindo / dicendo /
dicíamos / decíamos	diremos	dixésemos	decindo
dicíades / decíades	diredes	dixésedes	
dicían / decían	dirán	dixesen	
Pretérito Perfecto	**Futuro Hipotético**	**Imperativo**	**Participio**
dixen[2] / dixe	diría		
dixiche / diciche / de-ciche	dirías		dito
dixo	diría	di	dita
dixemos	diríamos	dicide / decide	ditos
dixestes	diríades		ditas
dixeron	dirían		

[1] En Santalla de Ozcos, existe a forma “dise” con ese alongado (*Dise que ten muito torolo*) pola habitual “dícese”.

[2] En Negueira de Muñiz, existen formas abreviadas deste verbo cando se fala á présa como “iñe” por “díxenlle”.

[3] Esta forma está constatada en varios concellos como o de Navia (*Nun di cousa con cousa*).

DOLER

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	**Infinitivo Persoal**
dole / dol	dolera	dola	doler
doles	doleras	dolas	doleres
dole	dolera	dola	doler
dolemos	doléramos	dolamos	doléremos
doledes	dolérades	dolades	doléredes
dolen	doleran	dolan	doleren
Imperfecto	**Futuro**	**Imperfecto de Subx.**	**Xerundio**
dolía	dolerei	dolese	dolendo
dolías	dolerás	doleses	
dolía	dolerá	dolese	
dolíamos	doleremos	dolésemos	
dolíades	doleredes	dolésedes	
dolían	dolerán	dolesen	
Pretérito Perfecto	**Futuro Hipotético**	**Imperativo**	**Participio**
dolín	dolería	dole	dolido
doliche	dolerías	dolede / dolei	dolida
dolío / doliu	dolería		dolidos
dolemos	doleríamos		dolidas
dolestes	doleríades		
doleron	dolerían		

DURMIR*

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	**Infinitivo Persoal**
durmo	durmira	durma	durmir / dormir
durmes / dormes	durmiras	durmas	durmires
durme / dorme	durmira	durma	durmir
durmimos / dormimos	durmíramos	durmamos	durmíremos
durmides / dormides	durmírades	durmades	durmíredes
durmen / dormen	durmiran	durman	durmiren
Imperfecto	**Futuro**	**Imperfecto de Subx.**	**Xerundio**
durmía	durmirei	durmise	durmindo / dormindo
durmías	durmirás	durmises	
durmía	durmirá	durmise	
durmíamos	durmiremos	durmísemos	
durmíades	durmiredes	durmísedes	
durmían	durmirán	durmisen	
Pretérito Perfecto	**Futuro Hipotético**	**Imperativo**	**Participio**
durmín	durmiría	durme / dorme	durmido
durmiche / dormiche	durmirías	durmide / dormide	durmida
durmiu / durmío	durmiría		durmidos
durmimos	durmiríamos		durmidas
durmistes	durmiríades		
durmiron / dormiron	durmirían		

* Nalgúns falantes dáse alternancia o/u neste verbo: durmir/dormir.

ESPIR

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	Infinitivo Persoal
ispo	espira	ispa	espir
ispes	espiras	ispas	espires
ispe	espira	ispa	espir
espimos	espíramos	íspamos	espíremos
espides	espírades	íspades	espíredes
ispen	espiran	ispan	espiren
Imperfecto	**Futuro**	**Imperfecto de Subx.**	**Xerundio**
espía / ispía	espirei	espise	espindo
espías / ispías	espirás	espises	
espía / ispía	espirá	espise	
espíamos / ispíamos	espiremos	espísemos	
espíades / ispíades	espiredes	espísedes	
espían / ispían	espirán	espisen	
Pretérito Perfecto	**Futuro Hipotético**	**Imperativo**	**Participio**
espín	espiría	ispe	espido
espiche	espirías	espide	espida
espío / ispiu	espiría		espidos
espimos	espiríamos		espidas
espistes	espiríades		
espiron	espirían		

ESQUEICER

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	Infinitivo Persoal
esqueizo	esqueicera	esqueiza / esquiza	esqueicer
esqueices	esqueiceras	esqueizas / esquizas	esqueiceres
esqueice	esqueicera	esqueiza / esquiza	esqueicer
esqueicemos	esqueicéramos	esqueizamos / esquizamos	esqueicéremos
esqueicedes	esqueicérades	esqueizades / esquizades	esqueicéredes
esqueicen	esqueiceran	esqueizan / esquizan	esqueiceren
Imperfecto	**Futuro**	**Imperfecto de Subx.**	**Xerundio**
esqueicía	esqueicerei	esqueicese	esqueicendo
esqueicías	esqueicerás	esqueiceses	
esqueicía	esqueicerá	esqueicese	
esqueicíamos	esqueiceremos	esqueicésemos	
esqueicíades	esqueiceredes	esqueicésedes	
esqueicían	esqueicerán	esqueicesen	
Pretérito Perfecto	**Futuro Hipotético**	**Imperativo**	**Participio**
esqueicín	esqueiciría	esqueice	esqueicido
esqueiciche	esqueicirías	esqueicede	esqueicida
esqueiceo	esqueiciría		esqueicidos
esqueicimos	esqueiciríamos		esqueicidas
esqueicides	esqueiciríades		
esqueiceron	esqueicirían		

FACER*, FADER, FAER, FAGUER, FEIR, FER

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	Infinitivo Persoal
fago / faigo fais / faes fai / fae femos / faemos / facemos fedes / facedes / feis fan / faien / fain / fecen / faen / facen	fixera / ficera / fera / fadera / faera / facera / fecera fixeras / ficeras / feras / faderas / faeras / faceras / feceras fixera / ficera / fera / fadera / faera / fecera fixéramos / ficéramos / féramos / fadéramos / faéramos / facéramos / fecéramos fixérades / ficérades / férades / fadérades / faérades / facérades / fecérades / fixérais fixeran / ficeran / feran / faderan / faeran / faceran / feceran	faga / faiga / feña fagas / faigas / feñas faga / faiga / feña fagamos / faigamos / feñamos fagades / faigades / feñades / faigais fagan / faigan / feñan	facer / fer / faer faceres / feres / faeres facer / fer / faer facéremos / féremos / faéremos facéredes / féredes / faéredes faceren / feren / faeren
Imperfecto	**Futuro**	**Imperfecto de Subx.**	**Xerundio**
fía / faguía / faía / fadía / facía fías / faguías / faías / fadías / facías fía / faguía / faía / fadía / facía fíamos / faguíamos / faíamos / fadíamos / facíamos fíades / faguíades / faíades / fadíades / facíades / fíais fían / faguían / faían / fadían / facían	feirei / fairei / ferei / faerei feirás / fairás / ferás / faerás feirá / fairá / ferá / faerá feiramos / fairemos / feremos / faeremos feirades / fairades / feredes / faeredes / faireis / faríais feirán / fairán / ferán / faerán	fixese / ficese / fese / faese / fecese / facese fixeses / ficeses / feses / faeses / feceses / faceses fixese / ficese / fese / faese / fecese / facese fixésemos / ficésemos / fésemos / faésemos / fecésemos / facésemos fixésedes / ficésedes / fésedes / faésedes / fecésedes / facésedes / fixéseis fixesen / ficesen / fesen / faesen / fecesen / facesen	fendo / faendo / feindo / fadendo / facendo
Pretérito Perfecto	**Futuro Hipotético**	**Imperativo**	**Participio**
fixen / ficen / fice / fixe / fexen fixiche / ficeche / faíche / faciche / fadiche / fixeche / feceche / fiche / fixiche fexo / fizo / fezo / feixo / fixo fexemos / ficimos / faemos / femos / fixemos / fecemos / facemos fixestes / festes / faestes / facestes / fixésteis fixeron / feron / faeron / faceron / ficeron / fecen / feceron	feiría / fairía / firía / fería / faería feirías / fairías / firías / ferías / faerías feiría / fairía / firía / fería / faería feiríamos / fairíamos / firíamos / feríamos / faeríamos feiríades / fairíades / firíades / feríades / faeríades feirían / fairían / firían / ferían / faerían	fai fede / faguede / fei / faede / facede / faigais	feito feita feitos feitas

* Conxúganse así os seus derivados desfacer, refacer, afacer.

FERVER

Presente
fervo
ferves
ferve
fervemos
fervedes
ferven

FRIR, FRITIR

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	Infinitivo Persoal
frío	friera	fría	frir
fris	frieras	frías / fritas	frires
fri / frite	friera	fría / frita	frir
frimos / fretimos	friéramos	friamos / frítamos	friremos
frides / fretides	friérades	friades / frítades	friredes
frin / friten	frieran	frían / fritan	friren
Imperfecto	**Futuro**	**Imperfecto de Subx.**	**Xerundio**
fría	frirei	friese	frindo
frías	frirás	frieses	
fría	frirá	friese	
fríamos	friremos	friésemos	
fríades	friredes	friésedes	
frían	frirán	friesen	
Pretérito Perfecto	**Futuro Hipotético**	**Imperativo**	**Participio**
frin	friría	fri / frite	frito, fritido
friche	frirías	fride / fretide	frita, fritida
friu	friría		fritos, fritidos
frimos	friríamos		fritas, fritidas
fristes	friríades		
friron	frirían		

HABER

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	**Infinitivo Persoal**
hei / hein	houbera / houbira	haxa / haia / haiga	haber
has	houberas / houbiras	haxas	haberes
ha / hai / hae	houbera / houbira	haxa	haber
habemos / hamos / hemos	houbéramos / houbíramos	haxamos	habéremos
habedes / hedes	houbérades / houbírades	haxades	habéredes
han	houberan / houbiran	haxan	haberen
Imperfecto	**Futuro**	**Imperfecto de Subx.**	**Xerundio**
había	haberei	houbese	habendo
habías	haberás	houbeses	
había	haberá	houbese	
habíamos	haberemos	houbésemos	
habíades	haberedes	houbésedes	
habían	haberán	houbesen	
Pretérito Perfecto	**Futuro Hipotético**	**Imperativo**	**Participio**
houben / houbin	habería / habiría		habido
houbiche / houbeche	haberías / habirías		habida
hoube / houbo	habería / habiría		habidos
houbemos	haberíamos / habiríamos		habidas
houbestes	haberíades / habiríades		
houberon	haberían / habirían		

IR

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	**Infinitivo Persoal**
vou	fora	vaia / vaiga	ir
vas	foras	vaias / vaigas	ires
vai / vei	fora	vaia / vaiga	ir
imos / vamos	fóramos	vaiamos / váiamos / vaigamos	íremos
ides / vais / vades / vaides / veis	fórades / fórais	vaiades / váiades / vaiaes / vaigades / váiais	íredes / ireis
van / vain	foran	vaian / vaigan	iren
Imperfecto	**Futuro**	**Imperfecto de Subx.**	**Xerundio**
iba	irei	fose	indo
ibas	irás	foses	
iba	irá	fose	
íbamos	iremos	fósemos	
íbades / íbais	iredes	fósedes / fóseis	
iban	irán	fosen	
Pretérito Perfecto	**Futuro Hipotético**	**Imperativo**	**Participio**
fun / fuin	iría	vai / vei / vein	ido
fuche / fuiche	irías	vamos / vaiamos	ida
foi	iría	ide / vade / ídevos	idos
fomos / fumos	iríamos		idas
fostes / fósteis	iríades / iríais		
foron	irían		

ISCAR

Imperativo
isca
iscade / iscai

LER, LLER

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	**Infinitivo Persoal**
leo / lleo	lira / llira	lea / llea	ler / ller
les / lles	liras / lliras	leas / lleas	leres / lleres
le / lle	lira / llira	lea / llea	ler / ller
lemos / llemos	líramos / lliramos	leamos / lleamos	léremos / lléremos
ledes / lledes	lírades / llírades	leades / lleades	léredes / lléredes
len / llen	liran / lliran	lean / llean	leren / lleren
Imperfecto	**Futuro**	**Imperfecto de Subx.**	**Xerundio**
lía / llía	lerei / llerei	lese / llese	lendo / llendo
lías / llías	lerás / llerás	leses / lleses	
lía / llía	lerá / llerá	lese / llese	
líamos / lliamos	leremos / lleremos	lésemos / llésemos	
líades / llíades	leredes / lleredes	lésedes / llésedes	
lían / llían	lerán / llerán	lesen / llesen	
Pretérito Perfecto	**Futuro Hipotético**	**Imperativo**	**Participio**
lin / llin	lería / llería	le / lle	lido / llido
liche / lliche	lerías / llerías	lede / llede	lida / llida
leo / leu / lleo / lleu	lería / llería		lidos / llidos
lemos / llemos	leríamos / lleríamos		lidas / llidas
lestes / llestes	leríades / lleríades		
leron / lleron	lerían / llerían		

MECER

Presente	Presente de Subx.	**Imperativo**
mezo	meza	meza
meces	mezas	mezade
mece	meza	
mecemos	mezamos	
mecedes	mezades	
mecen	mezan	
Pretérito Perfecto		
mecín		
meciche		
meceu		
mecemos		
mecestes		
meceron		

MOCER

Presente	Presente de Subx.	Imperativo
mozo	mocia	mocia
moces	mocias	mociade
moce	mocia	
mocemos	mociamos	
mocedes	mociades	
mocen	mocian	
Pretérito Perfecto		
mocín		
mociche		
moceu		
mocemos		
mocestes		
moceron		

OÍR

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	Infinitivo Persoal
oio / oigo	oíra	oia / oiga	oír
ois / oes / oies / oigues	oíras	oias / oigas	oíres
oi / oe	oíra	oia / oiga	oír
oímos	oíramos	oiamos / oigamos	oíremos
oídes	oírades	oiades / oigades	oíredes
oin / oen	oíran	oian / oigan	oíren
Imperfecto	**Futuro**	**Imperfecto de Subx.**	**Xerundio**
oía	oirei	oíse	oíndo
oías	oirás	oíses	
oía	oirá	oíse	
oíamos	oiremos	oísemos	
oíades	oiredes	oísedes	
oían	oirán	oísen	
Pretérito Perfecto	**Futuro Hipotético**	**Imperativo**	**Participio**
oín	oiría	oi / oe / oie	oído
oíche	oirías	oíde	oída
oíu / oío / ouío	oiría		oídos
oímos	oiríamos		oídas
oídes	oiríades		
oíron	oirían		

OUGUIR, AGÜÍR, AUGUIR, AUGÜÍR, AUÍR, OUGÜÍR, OZCAR, OIGUIR

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	**Infinitivo Persoal**
ougo / ouzco / auzco / uzco / ozco / osco ougas / ouzcas / ozcas / oscas ouga / ouzca / ozca / osca ougamos / ouzcamos / ouguimos / ozcamos / oscamos ougades / ouzcades / ouguides / ozcades / oscades ougan / ouzcan / ozcan / oscan	ouguira ouguiras ouguira ouguíramos ouguírades ouguiran	ouga / ouzca / auzca / uzca / ozca ougas / ouzcas / auzcas / uzcas / ozcas ouga / ouzca / auzca / uzca / ozca ougamos / ouzcamos / auzcamos / uzcamos / ozcamos ougades / ouzcades / auzcades / uzcades / ozcades ougan / ouzcan / auzcan / uzcan / ozcan	ouguir ouguires ouguir ouguíremos ouguíredes ouguiren
Imperfecto	Futuro	Imperfecto de Subx.	Xerundio
ouguía ouguías ouguía ouguíamos ouguíades ouguían	ouguirei ouguirás ouguirá ouguiremos ouguiredes ouguirán	ouguise ouguises ouguise ouguísemos ouguísedes ouguisen	ouguindo
Pretérito Perfecto	Futuro Hipotético	**Imperativo**	Participio
ouguín / augüín ouguiche / agüíche ouguío / ouguiu ouguimos ouguistes / oiguistes ouguiron / auíron	ouguiría ouguirías ouguiría ouguiríamos ouguiríades ouguirían	oi ouguide	ouguido ouguida ouguidos ouguidas

PACER

Presente
pacío paces pace pacemos pacedes pacen

PARECER

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	Infinitivo Persoal
parezo	parecera	pareza	parecer
pareces	pareceras	parezas	pareceres
parece / parez	parecera	pareza	parecer
parecemos	parecéramos	parezamos	parecéremos
parecedes	parecérades	parezades	parecéredes
parecen	pareceran	parezan	pareceren
Imperfecto	**Futuro**	**Imperfecto de Subx.**	**Xerundio**
parecía	parecerei	parecese	parecendo
parecías	parecerás	pareceses	
parecía	parecerá	parecese	
parecíamos	pareceremos	parecésemos	
parecíades	pareceredes	parecésedes	
parecían	parecerán	parecesen	
Pretérito Perfecto	**Futuro Hipotético**	**Imperativo**	**Participio**
parecín	parecería	parece	parecido
pareciche	parecerías	parecede	parecida
pareceo	parecería		parecidos
parecimos	pareceríamos		parecidas
parecides	pareceríades		
pareceron	parecerían		

PARIR

Presente	Presente de Subx.	Imperativo
paro	paria / para	paria
pares	parias / paras	pariade
pare	paria / para	
parimos	pariamos / paramos	
parides	pariades / parades	
paren	parian / paran	
Pretérito Perfecto		
parín		
pariche		
pariu, pareu, parío		
paremos		
parestes		
pariron		

PERTENECER

Presente
pertenezo perteneces pertenece pertenecemos pertenecedes pertenecen

PODER

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	**Infinitivo Persoal**
podo podes pode podemos podedes poden	podera / puidera / pudera poderas / puideras / puderas podera / puidera / pudera podéramos / puidéramos / pudéramos podérades / puidérades / pudérades poderan / puideran / puderan	poda / podia podas / podias poda / podia podamos / podiamos / pódamos podades / podais / podiades / pódades podan / podian	poder poderes poder podéremos podéredes poderen
Imperfecto	Futuro	Imperfecto de Subx.	Xerundio
podía podías podía podíamos podíades podían	poderei poderás poderá poderemos poderedes poderán	podese / poidese / puidese / pudese podeses / poideses / puideses / pudeses podese / poidese / puidese / pudese podésemos / poidésemos / puidésemos / pudésemos podésedes / poidésedes / puidésedes / pudésedes podesen / poidesen / puidesen / pudesen	podendo
Pretérito Perfecto	Futuro Hipotético	**Imperativo**	Participio
puiden / puden podiche / pudiche / puidiche / puideche puido / pudo podemos / puidemos / pudemos podestes / puidestes / pudestes poderon / puideron / puderon	podería / pudería poderías / puderías podería / pudería poderíamos / puderíamos poderíades / puderíades poderían / puderían	pode podede	podido podida podidos podidas

POER*, PUER

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	Infinitivo Persoal
poño poes / pois pon / poi puemos / poemos puedes / poedes / pueis poen / poin	puera / poera / puxera pueras / poeras / puxeras puera / poera / puxera puéramos / poéramos / puxéramos puérades / poérades / puxérais pueran / poeran / puxeran	poña poñas poña poñamos / póñamos poñades / póñades / póñais poñan	poer / puer poeres / pueres poer / puer poéremos / puéremos poéredes / puéredes poeren / pueren
Imperfecto	**Futuro**	**Imperfecto de Subx.**	**Xerundio**
puia / puía / poía puias / puías / poías puia / puía / poía puiamos / puíamos / poíamos puiades / puíades / poíades / puíais puian / puían / poían	puerei / poerei puerás / poerás puerá / poerá pueremos / poeremos pueredes / poeredes puerán / poerán	puese / poese / puxese pueses / poeses / puxeses puese / poese / puxese puésemos / poésemos / puxésemos puésedes / poésedes / puxéseis puesen / poesen / puxesen	puendo / poendo
Pretérito Perfecto	**Futuro Hipotético**	**Imperativo**	**Participio**
puxen puxiche / puiche puxo / poxo puxemos / puemos / poemos puxestes / puestes / poestes / puxésteis puxeron / pueron / poeron	puería / puiría / poería puerías / puirías / poerías puería / puiría / poería pueríamos / puiríamos / poeríamos pueríades / puiríades / poeríades puerían / puirían / poerían	pon poede / puede / puei	posto / puído posta / puída postos / puídos postas / puídas

* Conxúganse así os seus derivados compoer, impoer, indispoer, interpoer etc.

POÑER*

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	Infinitivo Persoal
poño pois / pos pon / poi / poe poñemos poñedes poin / poñen	poñera / puxera poñeras / puxeras poñera / puxera poñéramos / puxéramos poñérades / puxérades poñeran / puxeran	poña poñas poña poñamos poñades poñan	poñer poñeres poñer poñéremos poñéredes poñeren
Imperfecto	**Futuro**	**Imperfecto de Subx.**	**Xerundio**
poñía poñías poñía poñíamos poñíades poñían	poñerei poñerás poñerá poñeremos poñeredes poñerán	poñese / puxese / poxese poñeses / puxeses / poxeses poñese / puxese / poxese poñésemos / puxésemos / poxésemos poñésedes / puxésedes / poxésedes poñesen / puxesen / poxesen	poñendo
Pretérito Perfecto	**Futuro Hipotético**	**Imperativo**	**Participio**
puxen / poñín / pusen / puxe puxiche / puñeche / poniche / poxiche / puñiche / poñiche puxo / poxo / poñeo puxemos / poñemos / poxemos / puñemos puxestes / poñestes puxeron / poñeron / puñeron	poñería poñerías poñería poñeríamos poñeríades poñerían	pon poñede / poñei	posto posta postos postas

* Conxúganse así os seus derivados antepoñer, compoñer, contrapoñer, depoñer, desapoñer, descompoñer, dispoñer, expoñer, impoñer, indispoñer, interpoñer, opoñer, pospoñer, recompoñer, repoñer, sobrepoñer, supoñer, traspoñer.

* Nos concellos de Navia e Villaión conxúgase deste xeito nestes tempos:

—Futuro: pondrei, pondrás, pondrá, pondremos, pondreis, pondrán.

—Futuro hipotético: pondría, pondrías, pondría, pondríamos, pondríais, pondrían.

QUERER

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	**Infinitivo Persoal**
quero ques / queres quer / quere queremos queredes queren	quixera quixeras quixera quixéramos quixérades quixeran	quira / quiera / quera / queira quiras / quieras / queras / queiras quira / quiera / quera / queira quiramos / quiéramos / queramos / quíramos / queriamos / queiramos quirades / quiérades / querades / quírades / quiraes / queraes / queriades / quérgades / queirades / queiraes quiran / quieran / queran / queiran	querer quereres quere queréremos queréredes quereren
Imperfecto	**Futuro**	**Imperfecto de Subx.**	**Xerundio**
quería / quiría querías / quirías quería / quiría queríamos / quiríamos queríades / quiríades querían / quirían	quererei quererás quererá quereremos quereredes quererán	quixese quixeses quixese quixésemos quixésedes quixesen	querendo
Pretérito Perfecto	**Futuro Hipotético**	**Imperativo**	**Participio**
quixen quixiche quixo quixemos quixestes quixeron	querería / quiriría quererías / quiriríias querería / quiriría quereríamos / quiriría-mos quereríades / quiriríades quererían / quiririan	quer / quere querede / querei	querido querida queridos queridas

RIR

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	**Infinitivo Persoal**
río	rira	ría	rir
ris	riras	rías	rires
ri	rira	ría	rir
rimos	ríramos	ríamos	ríremos
rides	rírades	ríades	ríredes
rin	riran	rían	riren
Imperfecto	**Futuro**	**Imperfecto de Subx.**	**Xerundio**
ría	rirei	rise	rindo
rías	rirás	rises	
ría	rirá	rise	
ríamos / riamos	riremos	rísemos	
ríades / riades	riredes	rísedes	
rían	rirán	risen	
Pretérito Perfecto	**Futuro Hipotético**	**Imperativo**	**Participio**
rin	riría	ri	rido
riche	rirías	ride	rida
riu / río	riría		ridos
rimos	riríamos		ridas
ristes	riríades		
riron	rirían		

SABER

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	**Infinitivo Persoal**
sei / sein	soupera / soubera	sepa / seipa / sepia	saber
sabes	souperas / souberas	sepas / seipas / sepias	saberes
sabe	soupera / soubera	sepa / seipa / sepia	saber
sabemos	soupéramos / soubé-ramos	sepamos / seipamos / sépamos / sepiamos	sabéremos
sabedes	soupérades / soubé-rades	sepades / seipades / sépades / sepiades	sabéredes
saben	souperan / souberan	sepan / seipan / sepian	saberen
Imperfecto	**Futuro**	**Imperfecto de Subx.**	**Xerundio**
sabía	saberei	soupese / soubese	sabendo
sabías	saberás	soupeses / soubeses	
sabía	saberá	soupese / soubese	
sabíamos	saberemos	soupésemos / soubé-semos	
sabíades	saberedes	soupésedes / soubé-sedes	
sabían	saberán	soupesen / soubesen	
Pretérito Perfecto	**Futuro Hipotético**	**Imperativo**	**Participio**
soupen / souben / soube / soupe	sabería / sabiría	sabe	sabido
soupiche / soubiche / sabiche / soupeche	saberías / sabirías	sabede / sabei	sabida
soupo / soubo	sabería / sabiría		sabidos
soupemos / soubemos	saberíamos / sabiría-mos		sabidas
soupestes / soubestes	saberíades / sabíriades		
souperon / souberon / saberon	saberían / sabirían		

SALIR

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	Infinitivo Persoal
salo / salio	salira	sala / salia	salir
sales	saliras	salas / salias	salires
sale / sal	salira	sala / salia	salir
salimos	salíramos	salamos / saliamos	salíremos
salides	salírades	salades / salais / saliades	salíredes
salen	saliran	salan / salian	saliren
Imperfecto	**Futuro**	**Imperfecto de Subx.**	**Xerundio**
salía	salirei	salise	salindo
salías	salirás	salises	
salía	salirá	salise	
salíamos	saliremos	salísemos	
salíades	saliredes	salísedes	
salían	salirán	salisen	
Pretérito Perfecto	**Futuro Hipotético**	**Imperativo**	**Participio**
salín	saliría	sal / sale	salido
saliche	saliríias	salide / salíi	salida
salío	saliría		salidos
salimos	saliríamos		salidas
salistes	saliríades		
saliron	salirían		

SEGAR

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	Infinitivo Persoal
sego	segara	segue	segar
segas	segaras	segues	segares
sega	segara	segue	segar
segamos	segáramos	seguemos	segáremos
segades	segárades	seguedes	segáredes
segan	segaran	seguen	segaren
Imperfecto	**Futuro**	**Imperfecto de Subx.**	**Xerundio**
segaba	segarei	segase	segando
segabas	segarás	segases	
segaba	segará	segase	
segábamos	segaremos	segásemos	
segábades	segaredes	segásedes	
segaban	segarán	segasen	
Pretérito Perfecto	**Futuro Hipotético**	**Imperativo**	**Participio**
seguein	segaría	sega	segado
segache	segarías	segaide	segada
segou	segaría		segados
segamos	segaríamos		segadas
segades	segaríades		
segaron	segarían		

SENTIR

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	**Infinitivo Persoal**
sinto	sintira	sinta	sentir
sintes	sintiras	sintas	sentires
sinte	sintira	sinta	sentir
sintimos	sintíramos	sintamos	sentíremos
sintides	sintírades	sintades	sentíredes
sinten	sintiran	sintan	sentiren
Imperfecto	**Futuro**	**Imperfecto de Subx.**	**Xerundio**
sintía	sintirei	sintise	sintindo
sintías	sintirás	sintises	
sintía	sintirá	sintise	
sintíamos	sintiremos	sintísemos	
sintíades	sintiredes	sintísedes	
sintían	sintirán	sintisen	
Pretérito Perfecto	**Futuro Hipotético**	**Imperativo**	**Participio**
sintín	sintiría	sinte	sintido
sintiche	sintirías	sintide	sintida
sintío	sintiría		sintidos
sintimos	sintiríamos		sintidas
sintistes	sintiríades		
sintiron	sintirían		

SER

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	**Infinitivo Persoal**
sou / son / soi / seño / soe	fora	seña / sía / sea	ser
es	foras	señas / sías / seas	seres
é	fora	seña / sía / sea	ser
somos / semos	fóramos	señamos / síamos / seamos / séamos / siamos / séñamos	séremos
sodes / soides / sedes / sois	fórades / fórais	señades / síades / séades / seaes / siaes / señaes / seais	séredes
son	foran	señan / sían / sean	seren
Imperfecto	**Futuro**	**Imperfecto de Subx.**	**Xerundio**
era	serei	fose	sendo
eras	serás	foses	
era	será	fose	
éramos	seremos	fósemos	
érades / érais	seredes / sereis	fósedes / fóseis	
eran	serán	fosen	
Pretérito Perfecto	**Futuro Hipotético**	**Imperativo**	**Participio**
fun	sería / siría	se	sido
fuche / fuiche	serías / sirías	sede / sei	sida
foi / foe	sería / siría		sidos
fomos / fumos	seríamos / siríamos		sidas
fostes / fósteis	seríades / siríades / seríais		
foron	serían / sirían		

TAR (=ESTAR)

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	**Infinitivo Persoal**
tou tás tá tamos taides / taes / táis tán	tuvera / tuvira tuveras tuvera tuvéramos tuvérades / tuvérais tuveran	tía / té / tea / teña tías / tés / teas / teñas tía / té / tea / teña tíamos / temos / téa- mos / teamos / tiamos / téñamos tíades / tedes / téades / teaes / tiaes / téñades / teis tían / tén / tean / teñan	tar tares tar táremos táredes taren
Imperfecto	Futuro	Imperfecto de Subx.	Xerundio
taba tabas taba tábamos tábades / tábais taban	tarei tarás tará taremos taredes / taréis tarán	tuvese tuveses tuvese tuvésemos tuvésedes / tuvéseis tuvesen	tando
Pretérito Perfecto	Futuro Hipotético	**Imperativo**	Participio
tuven / tiven tuviche / tuveche / tiviche tuvo / tivo / tevo / tovo / touvo tuvemos / tivemos / tevemos / tovemos / touvemos tuvestes / tivestes / tevestes / tovestes / touvestes / tuvésteis tuveron / tiveron / teve- ron / toveron / touveron	taría tarías taría taríamos taríades / taríais tarían	tá / tate taide / táidevos / tade / tai / teis	tado

TER

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	Infinitivo Persoal
teño teis / tes ten temos tedes tein / teñen / tenen	tuvera / tovera / touvera / tivera / tevera tuveras / toveras / touveras / tiveras / teveras tuvera / tovera / touvera / tivera / tevera tuvéramos / tovéramos / touvéramos / tivéramos / tevéramos tuvérades / tovérades / touvérades / tivérades / tevérades / tuvérais tuveran / toveran / touveran / tiveran / teveran	teña teñas teña teñamos / téñamos teñades / téñades / téñais teñan	ter teres ter téremos téredes teren
Imperfecto	**Futuro**	**Imperfecto de Subx.**	**Xerundio**
tía / tiña tías / tiñas tía / tiña tíamos / tíñamos tíades / tíñades / tíais tían / tiñan	terei terás terás teremos teredes terán	tuvese / tovese / touvese / tivese / tevese tuveses / toveses / touveses / tiveses / teveses tuvese / tovese / touvese / tivese / tevese tuvésemos / tovésemos / touvésemos / tivésemos / tevésemos tuvésedes / tovésedes / touvésedes / tivésedes / tevésedes tuvesen / tovesen / touvesen / tivesen / tevesen	tendo
Pretérito Perfecto	**Futuro Hipotético**	**Imperativo**	**Participio**
tuven / tevi / tiven / teven tuviche / tiviche / teviche / toviche / tuveche tuvo / tevo / tovo / tivo / touvo tuvemos / tovemos / tivemos / touvemos / tevemos tuvestes / tovestes / tivestes / touvestes / tevestes / tuvésteis tuveron / toveron / tiveron / touveron / teveron	tería / tiría terías / tirías tería / tiría teríamos / tiríamos teríades / tiríades terían / tirían	ten tede	tido tida tidos tidas

TRAER, TRAGUER, TRER, TROUGUER

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	**Infinitivo Persoal**
traigo trais / traes trai / trei / trae tremos / traemos tredes / traedes train / traen / tran	troxera / trouxera / trera / trouguera / traguera troxeras / trouxeras / treras / trougueras / tragueras troxera / trouxera / trera / trouguera / traguera troxéramos / trouxéramos / tréramos / trouguéramos / traguéramos troxérades / trouxérades / trérades / trouguéra-des / traguérades troxeran / trouxeran / treran / trougueran / tragueran	traiga traigas traiga traigamos / tráigamos traigades / tráigades traigan	traer / trer traeres / treres traer / trer traéremos / tréremos traéredes / tréredes traeren / treren
Imperfecto	**Futuro**	**Imperfecto de Subx.**	**Xerundio**
tría / traguía / traía trías / traguías / traías tría / traguía / traía tríamos / traguíamos / traíamos tríades / traguíades / traíades trían / traguían / traían	treirei / traerei / trairei treirás / traerás / trairás treirá / traerá / trairá treiremos / traeremos / trairemos treiredes / traeredes / trairedes treirán / traerán / trairán	troxese / trouxese / trese / trouguese troxeses / trouxeses / treses / trougueses troxese / trouxese / trese / trouguese troxésemos / trouxésemos / trésemos / trouguésemos troxésedes / trouxésedes / trésedes / trougésedes troxesen / trouxesen / tresen / trouguesen	trendo / traendo
Pretérito Perfecto	**Futuro Hipotético**	**Imperativo**	**Participio**
trouxen / troxen / trin / trouxe trouxiche / traíche / triche / traguiche / trouxeche trouxo / trouvo trouxemos / traemos / tremos troxestes / trouxestes / traestes / trestes troxeron / trouxeron / trougueron / traeron / treron	treiría / trairía / trouguería treirías / trairía / trouguerías treiría / trairía / trouguería treiríamos / trairíamos / trougueríamos treiríades / trairíades / trougueríades treirían / trairían / trouguerían	trai / trae trede / trouguede / traede	trido / traído trida / traída tridos / traídos tridas / traídas

VALER, VALIR

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	**Infinitivo Persoal**
valo / valio / valeo	valira	vala / valia / valla	valer
vales	valiras	valas / valias / vallas	valeres
vale / val	valira	vala / valia / valla	valer
valemos	valíramos	valamos / vallamos	valéremos
valedes	valírades	valades / vallades	valéredes
valen	valiran	valan / valian / vallan	valeren
Imperfecto	**Futuro**	**Imperfecto de Subx.**	**Xerundio**
valía	valirei	valise	valindo
valías	valirás	valises	
valía	valirá	valise	
valíamos	valiremos	valísemos	
valíades	valiredes	valísedes	
valían	valirán	valisen	
Pretérito Perfecto	**Futuro Hipotético**	**Imperativo**	**Participio**
valín	valiría	vale	valido
valiche	valirías	valide	valida
valío / valiu	valiría		validos
valimos	valiríamos		validas
valistes	valiríades		
valiron	valirían		

VER

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	**Infinitivo Persoal**
vexo	vira / vera	vexa	ver
ves	viras / veras	vexas	veres
ve	vira / vera	vexa	ver
vemos	víramos / véramos	vexamos / véxamos	véremos
vedes	vírades / vérades	vexades / véxades /	véredes
ven	viran / veran	vexaes	veren
		vexan	
Imperfecto	**Futuro**	**Imperfecto de Subx.**	**Xerundio**
vía	verei	vise / vese	vendo / vindo
vías	verás	vises / veses	
vía	verá	vise / vese	
víamos	veremos	vísemos / vésemos	
víades	veredes	vísedes / vésedes	
vían	verán	visen / vesen	
Pretérito Perfecto	**Futuro Hipotético**	**Imperativo**	**Participio**
vin	vería / viría	ve	visto
viche / veche	verías / virías	vede	vista
vío / viu	vería / viría		vistos
vimos	veríamos / viríamos		vistas
vistes	veríades / viríades		
viron	verían / virían		

VIR*

Presente	Pluscuamperfecto	Presente de Subx.	Infinitivo Persoal
veño	vera / viñera	veña	vir
veis / vés	veras / viñeras	veñas	vires
vén	vera / viñera	veña	vir
vimos	véramos / viñéramos	veñamos / véñamos	víremos
vides	vérades / viñérades	veñades / véñades /	víredes
vein / veñen / vain	veran / viñeran	veñaes	viren
		veñan	
Imperfecto	**Futuro**	**Imperfecto de Subx.**	**Xerundio**
vía / viña	virei	vese / viñese	vindo
vías / viñas	virás	veses / viñeses	
vía / viña	virá	vese / viñese	
víamos / víñamos	viremos	vésemos / viñésemos	
víades / víñades	viredes	vésedes / viñésedes	
vían / viñan	virán	vesen / viñesen	
Pretérito Perfecto	**Futuro Hipotético**	**Imperativo**	**Participio**
vin	viría	ven	vido
viche / veche / viñeche	virías	vide	vida
veo / veu	viría		vidos
vemos / viñemos	viríamos		vidas
vestes / viñestes	viríades		
veron / viñeron	virían		

* No concello de Navia:

—Futuro: vendrei, vendrás, vendrá, vendremos, vendreis, vendrán.

—Futuro hipotético: vendría, vendrías, vendría, vendríamos, vendríais, vendrían.

XONCER

Presente
xonzo
xonces
xonce
xoncemos
xoncedes
xoncen

Observacións sobre algúns verbos e tempos verbais:

Algúns poden presentar alternancia vocálica no presente de indicativo segundo o falante como no galego estándar:

— acudir: acudo, acodes, acode, acudimos, acudides, acoden (Boal).

— durmir: durmo, dormes, dorme, durminos, durmides, dormen (Ibias, Castropol, Eilao, El Valledor, El Franco, Taramundi, Boal, Santiso de Abres).

— fundir: fundo, fonde, fondes, fundimos, fundides, fonden (San Martín de Ozcos).

— mentir: minto, mentes, mente, mentimos, mentides, menten (Taramundi, Santiso de Abres).

— fuxir: fuxo, foxes, foxe, fuximos, fuxides, foxen (Santalla de Ozcos).

— muxir: muxo, moxes, moxe, muximos, muxides, moxen (San Martín de Ozcos).

— ruxir: ruxo, roxe, roxes, ruximos, ruxides, roxen (San Martín de Ozcos).

— sentir: sinto, sentes, sente, sentimos, sentides, senten (Eilao, San Martín de Ozcos).

— servir: sirvo, serves, serve, servimos, servides, serven (Os Ozcos).

— subir: subo, sobes, sobe, subimos, subides, soben (Ibias, El Valledor, Santiso de Abres, Taramundi).

— ulir: ulo, ole, oles, ulimos, ulides, olen (El Franco, Allande).

Moitos dos verbos presentan alternancia no remate da 3ª persoa do pretérito perfecto en -o e -u:

— seguiu-seguío, caeu-caeo, leu-leo etc.

Os verbos rematados en -iar poden presentar distinto tratamento acentual segundo o tempo:

— acortiar: acortío, acortías, acortía...

— adiviar: adivío, adivías...

— aniar: anío, anías, anía, aniamos, aniades, anían; aníe, aníes, aníe, aniemos, aniedes, aníen; anía, aniade.

— anxoniar: anxonío, anxoníe...

— arriar: arrío, arrías, arría...

- cambiar: cambio, cambío, cambía, cambeo, cambien, cambíen, cambeen...
- chanciar: chancío, chancías, chancíe, chancíes...
- craviar: cravío, cravías...
- cruciar: crucío, crucías...
- escasiar: escasíe...
- fumiar: fumío, fumías, fumía...
- gansiar: gansío, gansías, gansíe...
- pasiar: pasío, pasíe...
- ripiar: ripío, ripíe...
- rodiar: rodía, rodías...
- toquiar: toquío, toquías...
- xotiar: xotía, xotíe...

Nalgúns verbos rematados en -ir temos as seguintes formas irregulares (V. sentir):

- divertir: divirto, divirta...
- medir: mido, mida...
- mentir: mintes, minte, minte, minta...
- pedir: pido, pides, pida...
- repetir: repito, repites, repita...
- servir: sirvo, sirva...
- vestir: visto, vistes, vista...

No concello de Navia e parte do de Villaión recóllense formas como:

- tenes, tenemos, tenedes/teneis (presente de indicativo).
- venes, venimos, venides/venís (presente de Indicativo).
- venen (vein), tenen (tein), fainen (faen), trainen (train), ponen (poin).
- poidemos (podemos -presente de indicativo-).

O xerundio pode admitir un diminutivo: "*Vaite correndín!*", "*Entra callandín".*

O futuro de subxuntivo está practicamente desaparecido na fala coloquial e só se conserva en ditos e refráns: *"Por San Miguel, come figos quen quixer"* (As Figueiras), "Na terra *unde* vivires fai *lo* que vires" (A Roda, Tapia de Casarego).

Nos Ozcos, nos verbos rematados en -ir como mentir, sentir, despir, vestir, servir, reñir, rendir, medir, ferir etc., existen fortes vacilacións na súa conxugación entre formas con -e ou con -i: *reñe/riñe*, sente/sinte etc.

Verbos con alternancia vocálica nalgunhas formas verbais: 817

- gruñir: groñen (San Martín de Ozcos).
- refolear: refoleu (Santalla de Ozcos), refoliu (San Martín de Ozcos).
- rendir: rende (San Martín de Ozcos, Castropol), rendeu (Castropol).
- *reñir: reñen* (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos), *reñiron* (Vilanova de Ozcos).

AGRADECEMENTOS

Héctor Acebo Bello (Robaín, Santiso de Abres)
Xosé Carlos Álvarez Blanco (Pezós)
Julia Amor Martínez (Cobre, A Veiga, †)
Ramiro Xavier Barcia López (Eilao)
Jesús Barrero Ron (Carboeiro, Ibias)
Covadonga Colubi Cervero (Carboeiro, Ibias)
Manuel Enríquez Fernández ("Casa Nela", Bres, Taramundi)
Clemente Díaz López (Ferreira, Ibias, †)
Fermín Díaz Prieto ("Firme", Batribán, Vilanova de Ozcos, †)
Benigno Fernández Braña (Eilao)
Javier Fernández-Catuxo García (As Figueiras, Castropol)
Faustino Gerardo Freije Carbajales (A Sela de Obanza, Castropol)
María del Carmen García García (A Veiga dos Molíos, Castropol)
Ángel García González (Seares, Castropol)
Sofía García González (Seares, Castropol)
Leopoldo Pastur García (Xestoso, Vilanova de Ozcos)
Manuel García Rodríguez (Paramios, A Veiga)
Lidia García Salgado (A Grandela, Santiso de Abres)

Enrique González Álvarez (Roxíos, Boal)
Amelia González Méndez (Torce, Coaña)
Juan Carlos González Méndez (Cobre, A Veiga)
Elvira González Suárez (Seares, Castropol)
Carlos González Vijande (El Esquilo, Castropol)
José González Vijande (El Esquilo, Castropol)
Jesús Gutiérrez Álvarez (Nafaría, A Veiga, †)
Manuel Lombardía Pastur (Os Esquíos, Taramundi)
María Josefa López Arias (Tol, Castropol)
Pilar López Rodríguez (Eilao)
José Naveiras Escanlar (Grandas de Salime, †)
Luis Niño Molejón (San Paio, San Martín de Ozcos)
Emilio Xosé Pérez Cuesta (Lloza, Coaña)
Fernando Victoriano Pérez Fernández ("A Casúa", Folgueiras, Coaña, †)
Gabino Pérez García (Santalla de Presno, Castropol)
Daniel Pérez González (Folgueiras, Coaña)
Antonio Pérez Pérez ("Casa da Silvela", Trasmonte, San Martín de Ozcos)
Ángel Prieto Souto (Salcido, Santiso de Abres)
Juan Carlos Quintana López (Pardiñas, Taramundi)
Pablo Quintana López (Vilanova de Ozcos)
Xosé Rico Martínez (Boal)
Xosé Antonio Ron Tejedo (Santo Antolín, Ibias)
Xosé Louguís Ron Uría (Ibias)
José Celerino Salgado Lombardero (San Andrés, Santiso de Abres, †)
Isidoro Vaquero Piñeiro (Doiras, Boal)
Manuel Veiga Ron (Taramundi, †)
Crisanto Veiguela Martins (A Veiga)
Edita Villamea López ("Casa Emeterio", Morlongo, Vilanova de Ozcos)
Mercedes Vior Fernández (Lantoira, Castropol)

A todos os informantes antes nomeados e a outros moitos anónimos, e tamén as persoas que me brindaron a súa axuda, apoio e achegas como Xoán Babarro González (A Coruña), Eneko Barrutia Etxebarria (Bilbo), Santi Bernárdez "O Caramuxo" (Cangas), José Luis Carnota Fernández (Grandas de Salime/Uviéu), Xesús Fernández Acevedo (Ribadeo), Anxo Fernández Ocampo (Vilaeimil, A Pontenova), Francisco Xavier Frías Conde (Madrid, con familia orixinaria de Allande), Antonio Molexón Domínguez (A Coruña) e Ramón Pais Pazos (Brión).

E entre as institucións, o meu agradecemento ao importante apoio da Real Academia Galega na persoa do seu Ex-Presidente Xosé Ramón Barreiro Fernández, da Real Academia Española na persoa de Guillermo Rojo Sánchez, do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo na persoa de Xosé Henrique Costas González, xerme deste dicionario a través da miña tese *Contribución ao dicionario galego: o léxico do Galego de Asturias*, en cuxo tribunal participaron como presidente Francisco Fernández Rei, como secretario Aquilino Alonso Núñez e como vogal María Dolores Sánchez Palomino, e polo forte alento para que esta obra fose editada do Ex-Presidente da Real Academia Galega Xosé Luís Méndez Ferrín.



9 7 8 8 4 8 1 5 8 8 9 7 2

Dicionario do Galego de Asturias

DGA

O Dicionario do Galego de Asturias (DGA), naceu da necesidade imperiosa de recoller a riqueza léxica da área lingüística dialectal da comarca do Eo-Navia, formada por dezanove concellos, seguindo as directrices do catedrático Francisco Fernández Rei. O xermolo procede dun proxecto concibido polo insigne filólogo Dámaso Alonso e recollido posteriormente pola Mesa prá Defensa del Galego de Asturias (MDGA). Ata hoxe en día só existía unha serie de vocabularios dalgúns concellos ou lugares, pero ningún proxecto comarcal no seu conxunto.

O Dicionario é a suma da análise desas fontes publicadas e da fundamental recolleita feita a un bo feixe de informantes. A obra estrutúrase en entradas, frases feitas, refráns e lugares de recollida do termo. En conclusión, é unha contribución precisa ao corpus lingüístico galego, e un agradecemento inmenso aos eonaviegos, polo seu amor na conservación da lingua galega século tras século, malia os numerosos atrancos, aínda sendo conscientes que se trata dun proceso aberto a novas incorporacións.

Carlos Xesús Varela Aenlle (Castroverde, 1965). Doutor en Filoloxía Galega pola Universidade de Vigo, licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Uviéu, con estudos filolóxicos nas universidades de Uviéu e Compostela. Máster en Desenvolvemento Local pola Universidade de Uviéu, onde foi investigador durante varios anos e representante da Real Academia Galega pola comarca asturiana do Eo-Navia. Socio e colaborador de varias asociacións culturais e membro de honra da Apatrigal. Activista e militante da lingua galega desde moi rapaz, vivindo parte da súa adolescencia na vila de Castropol, onde o seu pai foi mestre once anos. Participa en numerosos proxectos relacionados coa historia, lingüística, xeografía, turismo, etnografía, sendeirismo, patrimonio, arqueoloxía, toponimia, desenvolvemento local etc., en Galicia, Asturias e Romanía. Posúe varias publicacións relacionadas coas citadas temáticas e numerosos artigos en revistas e libros, sendo relator e organizador de varios cursos e Primeiro Premio de Investigación Etnográfica Raigame da Deputación de Ourense.

Carlos Xesús Varela Aenlle

Servizo de Publicacións
Universidade Vigo